Informe de Literatura
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

A literatura galega no ano 2012 e a súa recepción

Directora e Coordinadora: Blanca-Ana Roig Rechou
Bolseira do proxecto: Cristina Fernández Santomé

Equipo redactor

Rafael Adán Rodríguez
Eulalia Agrelo Costas
Mónica Álvarez Pérez
Pilar Bendoiro Mariño
Laura Blanco Casás
María José Canedo Souto (L. Medieval)
Alba Cid Fernández
Berta Dávila Fernández
Cristina Fernández Santomé
Mar Fernández Vázquez
Mª del Carmen Ferreira Boo
Carmen Franco Vázquez (Ilustración)
Isabel Mociño González
Marta Neira Rodríguez
Iria Pérez Mariño (L. Medieval)
Miguel A. Pousada Cruz (L. Medieval)
Inés Rodo Montes
Blanca-Ana Roig Rechou
Lourdes Erea Salgado Viñal
María Vanesa Solís Cortizas
Mª Isabel Soto López

Colaboradores

María Jesús Agra Pardiñas (Ilustración)
Francisco Javier Cabo Villaverde (Ilustración)
Silvia Capelo Álvarez (Ilustración)
Paloma Cons de la Fuente
María Crespo Vázquez
Ticiana Domínguez Rodríguez
Vanessa Regina Ferreira da Silva
Rebeca Ferrín Castro
Sara Filgueira Lorenzo
Geovana Gentili Santos
Marta González Porto
Iria Míguez Seoane
Xavier Senín Fernández
Natalia Vázquez García
Tania Vázquez García
Alfredo Vázquez Pérez
Raquel Vila Amado

Edita:
XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES

Coordinador Científico
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura
ANXO TARRÍO VARELA

ISBN: 978-453-5126-0

Dep. Legal: C 2354-2013

Índice Xeral

Nota revia.....7

Estatísticas.....

***I. Narrativa*.....10**

I. 1. Narradores galegos.....10
I. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....73
I. 3. Traducións, versións e reedicións.....76
I. 4. Antoloxías.....94

***II. Poesía*.....96**

II. 1. Poetas galegos.....96
II. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....126
II. 3. Traducións e versións.....129
II. 4. Antoloxías.....133

***III. Teatro*.....139**

III. 1. Dramaturgos galegos.....139
III. 2. Reedicións comentadas e facsímiles.....143
III. 3. Antoloxías.....144
III. 4. Postas en escena.....146
III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, salas alternativas e semanas.....146
III. 4. 2. Estreas:.....200
III. 4. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....200
III. 4. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias.....238
III. 4. 3. Postas en escena que continúan en cartel.....266
III. 4. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....266
III. 4. 3. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias.....306

***IV. Día das Letras Galegas: Valentín Paz Andrade*.....319**

IV. 1. Creación: Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....319
IV. 2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos. Antoloxías.....328
IV. 3. Publicacións en revistas.....341
IV. 4. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....347
IV. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....348
IV. 6. Publicacións en xornais: entrevistas.....364

IV. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....365

***V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica*.....405**

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....405
V. 2. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....469
V. 3. Antoloxías.....476
V. 4. Publicacións en revistas.....477
V. 5. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....540
V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....581
V. 7. Publicacións en xornais: entrevistas.....644
V. 8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....658

***VI. Clásicos greco-latinos traducidos*.....784**

***VII. Literatura Infantil e Xuvenil*.....785**

VII. 1. Narrativa.....785
VII. 1. 1. Narradores galegos.....785
VII. 1. 2. Reedicións e textos recuperados.....844
VII. 1. 3. Adaptacións.....852
VII. 1. 4. Traducións, versións e reedicións.....857

VII. 2. Poesía.....901
VII. 2. 1. Poetas galegos.....901
VII. 2. 2. Reedicións e adaptacións. Textos recuperados.....910
VII. 2. 3. Traducións.....912
VII. 2. 4. Antoloxías.....914

VII. 3. Teatro.....921
VII. 3. 1. Dramaturgos galegos.....921
VII. 3. 2. Traducións e versións.....925
VII. 3. 3. Postas en escena.....926
VII. 3. 3. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, salas alternativas e semanas.....926
VII. 3. 3. 2. Estreas:.....943
VII. 3. 3. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....943
VII. 3. 3. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias.....961
VII. 3. 3. 3. Postas en escena que continúan en cartel:.....975
VII. 3. 3. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....975
VII. 3. 3. 3. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias.....995

VII. 4. Cómic.....996
VII. 4. 1.Galegos.....996
VII. 4. 2. Cómics traducidos ou versionados.....1003

VII. 5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.....1010
VII. 5. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....1010
VII. 5. 2. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....1017

VII. 5. 3. Publicacións en revistas.....1020
VII. 5. 4. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....1035
VII. 5. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas..1067
VII. 5. 6. Publicacións en xornais: entrevistas.....1068
VII. 5. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....1073

***VIII. Literatura de transmisión oral*.....1138**

VIII. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos.....1138
VIII. 2. Reedicións e textos recuperados.....1147
VIII. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....1149
VIII. 4. Publicacións en revistas.....1151
VIII. 5. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....1153
VIII. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....1154
VIII. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....1155

***IX. Revistas*.....1159**

***X. Premios*.....1187**

X. 1. Narrativa.....1187
X. 2. Poesía.....1219
X. 3. Teatro.....1238
X. 4. Investigación.....1252
X. 5. Mixtos (varias modalidades).....1259
X. 6. Premios a unha vida.....1284
X. 7. Literatura infantil e xuvenil.....1300
X. 8. Premios escolares e xuvenís.....1317

***XI. Literatura medieval*.....1341**

XI. 1. Monografías e libros colectivos.....1341
XI. 2. Reedicións e textos recuperados.....1346
XI. 3. Actas.....1348
XI. 4. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....1351
XI. 5. Publicacións en revistas.....1353
XI. 6. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....1360
XI. 7. Publicacións en xornais: entrevistas.....1361
XI. 8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....1362

***XII. Apéndice: entradas non recollidas en Informes anteriores*.....1363**

XII.1. Narrativa.....1363
XII. 1. 1. Narradores galegos.....1363
XII. 1. 2. Reedicións e textos recuperados.....1369
XII. 1. 3. Traducións, versións e reedicións.....1372
XII. 1. 4. Antoloxías.....1375

XII. 2. Poesía.....1377

XII. 2. 1. Poetas galegos.....1377
XII. 2. 2. Traducións, versións e reedicións.....1390
XII. 2. 3. Antoloxías.....1392

XII. 3. Teatro.....1395
XII. 3. 1. Dramaturgos galegos.....1395

XII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.....1397
XII. 4. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....1397
XII. 4. 2. Reedicións comentadas e facsímiles.....1405
XII. 4. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....1406
XII. 4. 4. Publicacións en revistas.....1408

XII. 5. A literatura infantil e xuvenil.....1418
XII. 5. 1. Narrativa.....1418
XII. 5. 1. 1. Narradores galegos.....1418
XII. 5. 1. 2. Traducións, versións e reedicións.....1422
XII. 5. 2. Teatro.....1424
XII. 5. 2 .1. Dramaturgos galegos.....1424
XII. 5. 2. 2. Reedicións.....1425
XII. 5. 3. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.....1426
XII. 5. 3. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....1426
XII. 5. 3. 2. Publicacións en revistas.....1427

XII. 6. Literatura de transmisión oral.....1428
XII. 6. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos.....1428
XII. 6. 2. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....1431
XII. 6. 3. Publicacións en revistas.....1432

XII. 7. Revistas.....1433

XII. 8. Literatura medieval.....1434
XII. 8. 1. Actas.....1434

Nota previa

Un ano máis, e van xa dezaoito, achegamos aos interesados en coñecer cómo se desenvolveu a Literatura galega en Galicia e fóra dela, o *Informe de literatura* correspondente ao ano 2012, o primeiro observatorio literario galego con características que van máis alá dunha base bibliográfica, xa que non só achega a creación senón tamén a recepción de todo tipo de obras literarias, así como doutros elementos sistémicos, acompañados todos eles dunha descrición do seu contido, e mesmo da súa historia cando de revistas e premios se fala. Este *Informe* poderase consultar no CD-ROM, como en anos anteriores, e tamén na web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (http://www.cirp.es) en recursos en liña, en formato PDF, ou ben directamente no buscador Google: Informes de Literatura, onde ademais se poden consultar todos os Informes dende o ano 1995.

Como é habitual, no traballo acollemos todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da Literatura galega, apareceron por unha parte en soporte impreso durante o ano 2012 e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais etc.

Ofrecemos un comentario descritivo, non valorativo nin crítico, de cada unha das entradas rexistradas, é dicir, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano 2012 (e tan só deses) coma das recensións que sobre eles apareceron nas revistas e nos xornais durante ese mesmo período de tempo. Con estes comentarios tratamos tan só de informar o lectorado do contido das diferentes publicacións, sen entrar en análises minuciosas, cousa que sería de todo punto imposíbel, nin en excesivos tecnicismos que puidesen obstaculizar a comprensión a un lectorado non suficientemente especializado.

Respecto dos xornais, os consultados seguen a ser, fundamentalmente, de ámbito galego, aínda que cada vez máis son obxecto de atención aqueloutros foráneos que moi esporadicamente conceden algunha atención á Literatura galega. Así, poderán atoparse ao longo deste *Informe* algunhas entradas de *ABC*, *El Mundo* e *El País*, neste *Informe* tamén dende a edición galega. Doutra banda, apreciarase que, polo que se refire a este tipo de publicacións, diferenciamos entre "Recensións" e "Referencias varias", por considerar que estas últimas, de importancia menor, evidentemente, achegan xa algunha alusión ou información secundaria respecto do obxecto principal do escrito (artigos de opinión, entrevistas), xa simples nótulas que non alcanzan o rango de recensións nin de análises críticas con pronunciamentos valorativos de interese, na maioría dos casos. Se decidimos mantelas foi por considerar que proporcionan unha información colateral valedoira, cando menos, para sabermos o grao relativo de atención que prestan ao ámbito literario, en xeral, os diferentes xornais consultados, cousa que se reflicte elocuentemente nos gráficos estatísticos que presentamos.

Polo que atinxe ás revistas, cómpre ter en conta que as consultadas son case todas galegas, por máis que apreciamos e rexistramos a atención que lle prestan a esta literatura outras como *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *eHumanista*, *Estudios Románicos*, *El invisible anillo. Poesía, arte y literatura*, *Leer*, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, *Medioevo Romanzo*, *Revista de Cancioneros Impresos y Manuscritos*, *Revista de Literatura Medieval*, *Revista do Centro de Estudos Portugueses* e *Revista Educação&Realidade*. Tamén nesta orde de

cousas, queremos avisar o lectorado de que, case exclusivamente, nos temos dedicado a consultar as revistas de maior difusión, pero que somos conscientes da existencia de gran cantidade de publicacións por parte de Centros de ensino, Agrupacións e Asociacións culturais e outros Centros, de dentro e de fóra de Galicia, que poden ter interese para os nosos fins pero que non nos foron asequíbeis na súa maior parte. Neste sentido queremos manifestar a nosa vontade de apertura e o noso interese cara a todas aquelas contribucións que o lectorado desexe facernos chegar ao Centro para paliar o noso descoñecemento, nalgúns casos, e noutros a escasa difusión de certos materiais.

No apartado IX Revistas, no que se fai unha biografía da publicación, non dos traballos que contén, a non ser as achegas de creación, dado que se describen no apartado anterior, só biografaremos aquelas que teñen ISSN, as demais que chegan ás nosas mans, como xa dixemos, serán descritas por medio dos seus traballos en Publicacións en Revistas. Os *Anuarios* que non teñan ISSN e si ISBN serán descritos como monografías (Apartado V.1). Tamén neste apartado acollemos as revistas que se ofrecen en edición facsimilar.

Noutra orde de cousas, cómpre salientar que, como xa se ten feito en edicións anteriores, dedicamos un apartado especial (IV) a todo o que se publicou arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, neste caso, Paz Andrade. Entre outras cousas, esa decisión serviunos para que a bibliografía que se produciu no ano 2012 sobre esta figura non repercutise, desvirtuándoos, nos parámetros relativos ao reconto estatístico da produción literaria total do ano.

Doutra banda, o lectorado apreciará que a Literatura Infantil e Xuvenil é obxecto, así mesmo, de atención diferenciada (Apartado VII), respecto da que podemos denominar institucionalizada, ou dirixida aos adultos. Incorporamos a este apartado a sección denominada "Cómic" polas súas características gráficas e narrativas, aínda que somos conscientes de que hai distintos tipos de cómic, con intencións diferentes e lectorado ideal non infantil e xuvenil. Polo mesmo, coidamos que os traballos rexistrados sobre a Literatura de transmisión oral, pola especial metodoloxía que o obxecto de estudo impón, debían considerarse á parte (Apartado VIII), tal e como se fai asemade coa Literatura medieval (Apartado XI), por constituír esta un corpus con perfil de seu, practicamente xa pechado, e dispoñer, así mesmo, dunha metodoloxía de investigación ben diferenciada respecto do resto da literatura.

Para unha mellor matización na análise dos aspectos que definen o sistema literario galego seguimos a consignar a porcentaxe de obras que se beneficiaron dunha subvención pública para a súa edición (marcadas no texto con ▪), así como a daquelas que foron directamente editadas por institucións oficiais, xa sexan de ámbito local, provincial ou autonómico (marcadas no texto con ◆), para contribuír a unha mellor interpretación da realidade cultural galega.

Neste *Informe* seguimos a matizar os marbetes de apartados, así engadimos en cada un, os denominados "Apéndices", de habelos. Estes cambios responden a suxestións dos usuarios en prol dunha mellora do Proxecto. Tamén, debido á implantación das novas tecnoloxías, sobre todo ao uso da internet, decidimos non describir os folletos editoriais dado que se poden consultar nas páxinas web das editoras, información que consideramos suficiente. Pola mesma razón eliminamos o apartado de Páxinas web, dada a proliferación de buscadores potentes, portais e blogs englobadores.

Finalmente, queremos manifestar como sempre o noso agradecemento a Mercedes Brea pola axuda e a información que nos prestou sobre Literatura medieval, e a todas aquelas persoas que ou ben realizaron a descrición dalgunha entrada ou ben colaboraron neste proxecto nalgún momento do proceso de elaboración ou nalgún aspecto puntual, como é o caso de Yessica Vidal Outeiral.

Blanca-Ana Roig Rechou

Informe de Literatura

2012

I. NARRATIVA

I.1. NARRADORES GALEGOS

Alcalá, Xavier, *Verde oliva*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 311, 2012, 412 pp. (ISBN: 978-84-9865-447-9).

Xavier Alcalá (Miguelturra, Cidade Real, 1947) abre esta novela con dous paratextos significativos: no primeiro deles, dedica o libro a dous homes (Sindo Seixido e Manuel Fraga), por canto lle contaron da "Illa Feiticeira" dende diferentes perspectivas; no segundo, "Nota do redactor ao lector", infórmase da intrahistoria e da prehistoria dos aconteceres da novela. A señora Fe Rodríguez Rocha, logo dunha palestra do autor, relátalle a historia da súa amiga Juana Maseda, metida na revolución contra Batista. Á propia Juana Maseda Sanmartín, así como a outros galegos que viviron o "batistato" entre 1952 e 1958 agradécense as lembranzas e a documentación, e as atentas lecturas e correccións a outras persoas. Serve esta parte para resumir o contexto familiar e a prehistoria de Mariana, dende o nacemento o 20 de xullo de 1936 na Mariña até desembarcar do *Marqués de Comillas* no porto da Habana, momento no que comeza a descubrir esa cidade vibrante e diferente, cunha tiranía –instaurada o 10 de marzo de 1952– que a fará medrar ás présas. A partir de aquí, se temos en conta a voz da narradora, en primeira persoa, coa que o lectorado entra en contacto neste momento, inicia propiamente a novela, facéndoo con "A fin da historia". Mariana fala neste momento como galega repatriada para quen "xa rematou a historia", quen xa na súa aldea da costa lucense, recibe o 1 de xaneiro de 1959 a noticia de que Batista fuxiu. Cun ton confesional e directo, resúmese a historia da vida escollida en Galicia e perfílase a vida revolucionaria anterior. Dende este momento, a novela puntéase cronolóxica e axilmente, en once capítulos. Se en "Golpe e contraataque" nos aproximamos ao contexto familiar, as ocupacións escolares de Mariana, a presenza do Centro Galego e as conversas de tema político (Batista, Fidel Castro, etc.), ao tempo que se describe, inserido no día a día, o momento do golpe de estado, a narración non deixa de camiñar cara a un dos puntos tensionais, aquel en que a Mariana lle preguntan se está disposta a "colaborar". De modo gradual e realista, veremos nos seguintes capítulos como a rapaza abraza a causa, e con que normas funciona o movemento 26J. Entrefebrando reflexións e rumores, atendemos á vida de Mariana e ao traballo na sombra dunha organización potente, que sabe da centralidade do sixilo nas operacións, da memorizacións de contactos e recados ou da necesidade de desdobrar a identidade. Asiste o lectorado á decisión de marchar á Sierra (Maestra), onde están boa parte dos reforzos atrincheirados e ao debuxo de tipos sociais. Mariana será interceptada e terá que curar unha ferida de bala nun brazo, polo que regresará á Península, fuxindo dunha fin certa. Alén da vivencia trepidante e afouta, ou dos intersticios e as terras de ninguén das historias recreadas sobre feitos reais, este documentado artefacto, coidado esteticamente, pode lerse con vontade de alcance histórico, xa que reescribe as orixes do castrismo. O "Epílogo necesario" que pecha a novela, carta de Mariana a "Titín, Alejandro ou Fidel" inscríbese, precisamente, nunha liña crítica.

Recensións:

- Xesús Fraga, “Xavier Alcalá novela a guerra secreta da revolución cubana”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 xuño 2012, p. 27.

Amosa que X. Alcalá novela neste volume a intrahistoria da revolución cubana a través da experiencia da galega Mariana dentro do movemento secreto 26-J. Comenta que o 26-J foi debilitando a ditadura de Batista e que loitou contra ela ao mesmo tempo que o facía Fidel Castro.

- Vicente Araguas, “A camisa verde oliva”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, “Página literaria”, “Libros”, p. 23/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 738, “Libros”, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 738, “Páxina literaria”, “Libros”, p. 30, 19 agosto 2012.

Coméntase que Xavier Alcalá fai uso dunha “documentación intrahistórica” para abordar a historia nas súas narracións, como é o caso da novela que nos ocupa, cuxa primeira edición foi realizada en lingua española, na Editorial Nowtilus. Fálase de que a trama se ambienta na Cuba prefidelista, a cal combatía contra un réxime de carácter corrupto e represivo, e da testemuña dunha muller galega, Mariana, quen participou activamente no Movemento 26 de xullo e, finalmente, dunha carta de Mariana coa que se pecha o libro. Remátase facendo fincapé en que esta novela é “tan realista e documentada como a vida mesma”.

- Ramón Nicolás, “Ao pé da serra maestra”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 484, “Letras en galego”, 15 setembro 2012, p. 8.

Indícase que no limiar desta novela o autor pon de manifesto “o xermolo da ficción” da obra, baseado nas confesións dunha muller chamada Mariana, cuxo nome real é o de Juana Maseda Sanmartín, quen nos achegará, en primeira persoa, ao día a día na resistencia política contra o ditador Batista. Menciónanse diversos personaxes abxectos que figuran no transcurso da novela e sublíñase que Xavier Alcalá incorpora a documentación na ficción sen que o lectorado perciba “sutura” algunha.

- Xosé Carlos Caneiro, “Marabilla”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, “A outra mirada”, n.º 496, “Club dandi”, 8 decembro 2012, p. 11.

Considera que o autor desta novela, Xavier Alcalá, é “o novelista de todos os novelistas” e critica que na historia literaria actual non se lle dea o lugar que lle corresponde. Tamén recomenda vehementemente a lectura desta obra.

- Francisco Martínez Bouzas, “Perder a Revolución”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 429, “Libros”, 11 outubro 2012, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 380, “Letras galegas”, 13 outubro 2012, p. 6.

En primeiro lugar, indica que o autor desta obra é o responsábel dalgúns dos *bestsellers* da narrativa galega e, asemade, un experto á hora de transformar “a intrahistoria en historia”. A seguir, di que nesta novela Xavier Alcalá versa sobre a Revolución cubana “poñéndose ao lado dos perdedores”, os compañeiros dos castristas que combateron contra o ditador Batista. Tamén informa do personaxe “real” de Mariana, quen no “Epílogo necesario” co que remata a novela reprocha a Fidel a súa deslealdade aos

ideais dos revolucionarios que morreron pola causa, e enfatiza a súa decepción polos acontecementos que se sucederon.

Referencias varias:

- M. G. M., "La Feira do Libro presentará treinta novedades en sus diez días de vida", *El Ideal Gallego*, "A Coruña" 26 xullo 2012, p. 15.

Detállanse as actividades a celebrar durante a Feira do Libro, entre as que se destaca a presentación desta obra.

- Fran P. Lorenzo, "Xavier Alcalá novela a cara máis descoñecida da Revolución cubana", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 xuño 2012, p. 43.

Comenta que esta novela se publica en galego na editorial Galaxia e en español da man da editorial Nowtilus, en papel e en formato electrónico ePub.

- Carmen Naranjo, "Xavier Alcalá novela la historia de Juana Maseda, agente de Fidel Castro", *La Opinión*, "Cultura", 26 xuño 2012, p. 47.

Apunta que esta novela se centra na historia de Juana Maseda que vive en Lugo e que participou na revolución cubana.

- Carmen Naranjo, "Xavier Alcalá novela la vida de una espía cubana que reside en una aldea gallega", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 26 xuño 2012, p. 60/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 26 xuño 2012, p. 72.

Afirma que Xavier Alcalá se baseou no diario persoal de Juana Maseda, a personaxe real na que está inspirada a protagonista desta novela.

- Lourdes Varela, "Hai moitísimas semellanzas entre Fidel Castro e Franco", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 434, 15 novembro 2012, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 386, 24 novembro 2012, p. 6.

Entrevista na que Xavier Alcalá responde, entre outras cuestións, sobre a súa relación con Juana Maseda, trasunto da protagonista de *Verde oliva*, Mariana, sobre textos anteriores relacionados tamén co réxime castrista e sobre a presentación da novela en Miami.

Álvarez Cáccamo, Alfonso, *O destino de Clarescura Lens*, Cesuras: Biblos Clube de lectores, 2012, 88 pp. (ISBN: 978-84-15086-21-5).

Novela de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) que narra a historia dunha nena chamada Clarescura Lens, que naceu no seo dunha familia cuxos proxenitores descenden de dúas castas enfrontadas: os socrutos e os inemriáns. O conflito de ambas as familias é o resultado da invasión dos socrutos do territorio da República de Inmeria, na derradeira década do século XIX, conseguindo implantar deste xeito unha dura ditadura. Será no ano 1909 cando naza en Oñimot a nena protagonista, co nome de

Clarescura. A novela relata como a influencia do destino conseguirá que a protagonista acade a felicidade a pesar das feridas abertas e os enfrontamentos das dúas familias.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Oficios do destino", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 424, "Libros", 6 setembro 2012, p. VI.

Dáse conta da publicación desta novela breve pertencente á colección "Mandaio" da Editorial Libros. Ofrécese un resumo do argumento, que toma como eixo a temática da forza do destino, o cal pode conlevar "consecuencias tráxicas" ou sentar os piares da "felicidade presente ou futura". Saliéntase o humor e a ironía que emprega o autor, así como a "entretida trama".

- Ramón Nicolás, "Ferrados de imaxinación", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 485, "Letras en galego", 22 setembro 2012, p. 8.

Primeiramente reflexiona sobre os motivos polos que as obras de Alfonso Álvarez Cáccamo carecen dunha repercusión máis notábel. A continuación recalca que o enxeño, a ironía e a sátira conforman os ingredientes principais desta novela e felicita o autor polo seu bo facer.

Referencias varias:

- Jorge Lamas, "Véxome máis dentro da retranca que da comicidade simplona", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 493, "O escritor do mes", 17 novembro 2012, p. 10.

Entrevista na que se tratan temas como o uso de mundos imaxinarios nas novelas de Álvarez Cáccamo, o pouso ideolóxico nas súas obras, o tipo de humor que prefire o escritor e como influíu na súa aproximación á cultura o feito de ser fillo de Álvarez Blázquez.

Ameixeiras, Diego, *Todo OK*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 2012, 136 pp. (ISBN: 978-84-9914-452-8).

Novela curta de Diego Ameixeiras (Lausanne, 1976) que parte dun acontecemento real explicado na cita inicial que abre o volume, na que se conta como unha organización de narcotraficantes colombianos pretendeu introducir en Galicia un cargamento de cocaína empregando un submarino. Reprodúcese tamén nesta cita parte das conversas policiais gravadas nas que os colombianos comunicaban aos cómplices galegos, xa no final do plan frustrado, que non existía ningún problema, empregando a expresión "Todo OK", que dá título ao libro. Dividida en breves secuencias e con abundancia de diálogos, a narración sitúase anos despois do intento frustrado descrito na cita. Protagonizada por Inés Landeira, alcumada "A Coxa", e por Jairo, ambos os dous participantes colaterais do intento de desembarco que se atopan en risco de iren ao cárcere (no caso de Inés) ou baixo a ameaza dobre da xustiza e da organización de narcotraficantes (no de Jairo), a trama desenvólvese a partir dos intentos da protagonista para solventar os seus problemas económicos para pagar o alugueiro, os problemas de saúde da súa nai e os

seus propios (derivados da súa eiva), así como a súa negociación co tenente Gutiérrez, con quen trata de chegar a un acordo para non ir ao cárcere, que consiste en delatar a outros membros da organización. Pola súa banda, Jairo, amigo de Inés, trata de marchar do país mentres a súa dona, María, tenta convencelo de que non o faga, e é detido finalmente no aeroporto ao empregar un pasaporte falso como consecuencia da delación de Inés Landeira, quen non é consciente das implicacións do seu testemuño. A novela remata cunha disputa entre Inés Landeira e María, despois do funeral da nai de Inés, na que esta última é acusada de ser a causante da entrada no cárcere de Jairo e que se converte nun enfrontamento físico no que María remata perdendo a vida. O suicidio de Inés pecha a obra.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Derrotas sen compracencia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 499, "Letras en galego", 29 decembro 2012, p. 8.

Coméntase que nesta obra se retrata o tempo e a sociedade deste momento. Explícase que Inés Landeira é a protagonista encargada de achegar ao lectorado o mundo das mafias que trafican con cocaína, cun pano de fondo dominado pola violencia e polas brechas dun sistema xudicial e policial que, en múltiples ocasións, bota man de procedementos ilícitos. Sinálase que *Todo OK* se caracteriza por un ritmo narrativo áxil que axuda a tensionar o argumento, e por unha "gran altura expresiva".

Aneiros, Alberto G., *A última viaxe e outros relatos*, A Coruña: Baía Edicións, col. Narrativa, xuño 2012, 159 pp. (ISBN: 978-84-9995-040-2).

Conxunto de oito relatos de Alberto G. Aneiros. O que lle dá nome ao volume é o derradeiro e máis extenso, "A última viaxe", onde un home conta, a modo de diario, unha viaxe coa súa parella. O que semella ser un lugar propicio para o fortalecemento do seu amor acaba converténdose en traxedia. O resto dos relatos son os seguintes: "Choídos", relato premiado na VII Edición (2008) do Certame Literario Ramón del Valle Inclán; "Amores non correspondidos"; "Unha voda aciaga"; "Presuntos convidados"; "Insubmiso"; "Desafinado"; "O que un vello sepultureiro dixo ao seu fillo" e "Fermín o Señorito". A maioría deles teñen, polo xeral, o ton tráxico nas súas historias e a voz narrativa preséntase en primeira persoa, ben porque é protagonista ou ben porque é testemuña dos feitos. O estilo destes relatos caracterízase polo uso dunha linguaxe sinxela e directa, onde tamén hai espazo para algunhas doses de humor e ironía, mais fundamentalmente destaca o contido moral ao redor do drama que envolve ás relacións humanas no día a día. Deste xeito, as historias tratan os abusos sexuais dun pai á súa filla contados polo gato da familia; a declaración dunha muller,ante os axentes policiais, que deixan entrever as leas de amor; os casos de malos tratos dun home á súa muller o día mesmo da voda; o que un home conta que lle ocorreu á súa moza cando deciden ir con máis amigos a visitar á unha amiga común; as palabras dun pai ao seu fillo, a quen lle ofrece o seu posto de emprego como sepultureiro; un recruta que quere ser cantante e a quen se lle realiza un esaxerado castigo militar; e un home rico condenado ao illamento social.

Angueira, Anxo, *Iria*, ilust. cuberta Miguel Vigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 319, 2012, 327 pp. (ISBN: 978-84-9914-362-0)

Novela de Anxo Angueira (Manselle, Dodro, 1961) que segue o ronsel de *Pensa nao*, obra coa que o autor gañou o Premio Xerais en 1999, e que traslada ao lectorado a finais dos anos sesenta do século XX, momento no que se organiza en Galicia a primeira resistencia activa antifranquista. Conta con dúas dedicatorias e dúas citas de Afonso X e Rosalía de Castro. Ao longo de catro capítulos e por medio de diferentes voces narrativas, coñécese a historia dun vello galeón a vela que navega polo Ulla e que lle dá nome á obra, Iria, así como da súa tripulación: Lens, o patrón; Miguéns, o mariñeiro, e o rapaz que os acompaña e a quen alcuman Matapitos. Esta embarcación vese implicada na loita nacionalista contra a ditadura por causa de María, a barqueira de Catoira, membro da Resistencia antifranquista. O protagonismo dese mundo mariñeiro, evidenciado no abondoso vocabulario mariñeiro ou no tratamento da náutica tradicional, é neutralizado polo mundo labrego e obreiro representado por moitos personaxes vinculados á construción dun canal de regadío, obra sen sentido do Instituto Nacional de Colonización, que preparan unha folga para defender os seus dereitos. Paralelas a estas historias están as de moitos homes e mulleres de diferentes idades que afogaron no mar.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "A súa intacta forma comunal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 416, "Libros", 24 maio 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 369, "Letras Galegas", 26 maio 2012, p. 6.

Considera que estamos perante unha "novela poderosa" con tres fíos narrativos: a narración da navegación do vello galeón Iria, os traballos dos canais de regadío na marxes do Ulla e mais a folga de obreiros. Asemade apunta que conforma un inmenso friso literario das comarcas do Ulla e da Arousa no que xorde a súa autenticidade labrega ou mariñeira.

- Manuel Lorenzo Baleirón, "Anxo Angueira: *Iria*, Edicións Xerais, Vigo, 2012", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 91, tomo III, ano XXIII, "Publicacións", xullo-agosto-setembro 2012, pp. 131-136.

Sinala como piares fundamentais da obra de Anxo Angueira a Rosalía, Otero Pedrayo, Castelao, Manuel Antonio e Méndez Ferrín. Eloxia a produción do autor, destacando, ademais de *Iria*, a obra *Pensa nao*, considerada por Baleirón "unha das grandes obras da nosa literatura". Gaba a lingua empregada, por ser "lingua de labregos e mariñeiros" e augúrase un bo futuro para o galego e a súa literatura. Cara ao final do artigo, salienta á auga coma un elemento importante en toda a produción de Anxo Angueira.

- Soraya Domínguez Portela, "O último galeón", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 86-87.

Saliéntase a presenza neste texto de paradigmas como a conciencia de clase, o compromiso nacional, a homenaxe á terra de Iria e o esmero na súa lingüística. Desenvólvese o duplo fío argumental e destácase o léxico mariñeiro culto, a presenza da natureza e o ton ateigado de negatividade e tristeza correspondente a un gremio de personaxes.

- Armando Requeixo, “O río que nos leva”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 743, “Letras atlánticas”, p. 36/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 743, “Letras atlánticas”, p. 33, 23 setembro 2012.

Comézase indicando que esta novela é o resultado dun proceso longo por parte do seu autor. Saliéntase que as liñas temáticas de carácter constante na escrita de Anxo Angueira e nesta novela son: o interese polo mundo labrego e mariñeiro, a empatía coas posturas antifranquistas e republicanas e a admiración pola Terra de Iria. Ofrécese un resumo do argumento e faise fincapé na reivindicación subxacente ao volume sobre “a dignificación do noso mundo naútico”. Para rematar, opínase que *Iria* entraña unha complexidade notábel e, por conseguinte, non se recomenda a súa lectura para aqueles que se inicien no eido literario.

- Ramón Nicolás, “A gran novela do Ulla”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 408, “Letras en galego”, 13 outubro 2012, p. 8.

Dáse conta da saída do prelo desta novela, na cal Anxo Angueira retrata a realidade política, social e laboral das terras de Iria nos anos sesenta do pasado século. Coméntase o argumento e faise eco da interrelación visíbel que subxace á trama entre os eidos da memoria e da ficción.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012”, *La Opinión*, “Cultura”, 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia *Iria*, de Anxo Angueira.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 414, “Libros”, 10 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Letras galegas”, n.º 367, 12 maio 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que continúa no ronsel de *Pensa nao* (2002), do mesmo autor. Tamén se describen *Ecos da néboa* (2012), de Ricardo Martínez-Conde; *A Torre das Lavercas* (2012), de Daniel Ameixeiro e o número cento setenta e nove da revista *Tempos Novos*.

- Uxía López, “A terra de Iria é tan rica que dá para escribir historias infinitas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Comarcas”, 20 maio 2012, p. L12.

Conversa na que Anxo Angueira reflexiona sobre a súa novela da que subliña que está marcada pola paisaxe da infancia e asemade comenta que é un reto novelar a fin da ditadura.

- Xosé Carlos Caneiro, “Engalanadas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 468, “A outra mirada”, “Club dandi”, 26 maio 2012, p. 11.

Indica que nesta obra vemos o mundo náutico tradicional e mais que nela o seu autor regala palabras engalanadas.

- U. L., "Anxo Angueira reivindica a Iria mariñeira", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Comarcas", 16 xuño 2012, p. L11.

Infórmase de que esta novela se presentou no Auditorio de Padrón e que contou coa presenza do seu autor e mais dunha dorneira da Arousa.

- Iago Martínez, "A nosa literatura vai por diante da nosa historia", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 29 xuño 2012, p. 6.

Comenta que esta obra de Anxo Angueira relata a resistencia antifranquista e entrevista o autor, quen reflexiona sobre ela indicando que "é unha novela de ritmo e de música".

Arbusto, *Fragmentos e comentarios do diario íntimo de Cristina F*, Santiago de Compostela: Estaleiro Editora, 2012, 96 pp. (DL: C-1064-2012).

Diario estruturado como un conxunto de reflexións enigmáticas, a xeito de siloxismos monologados, caracterizados pola crítica e a retranca, sobre a vida cotiá da autora, Cristina F. (Cristina Ferreirós, Salamanca, 1962), quen asina co pseudónimo literario "xerezano" de Arbusto, como explica na contracuberta, a xeito de "pequena homenaxe a todas aquelas Mulheres que ao longo dos séculos se viron obrigadas a falar con 'voz de home". Iníciase cunhas citas, dedicatorias e agradecementos e unha introdución na que se indica que os fragmentos e comentarios pertencen a un caderno de verán "do ano 2000EXACHOVEU" e que os escribiu en castelán, se ben remata apuntando que "o diario de Cristina F. xamais existiu" (p. 13). Abórdanse distintas temáticas entre as que salientan as referencias a Deus, ao sexo, á morte do pai, á falta de memoria da nai, ao fillo da autora, aos soños, ao amor, á dor, ao tedio, as diferenzas home/muller, á Nada e ao proceso da escrita, así como intertextualidades coa Biblia, Óscar Wilde, Immanuel Kant, os personaxes de Tristán e Peter Pan, e xogos lingüísticos en galego e inglés.

Armada, Alfonso, *Mar Atlántico. Diario dunha travesía*, Madrid: Editorial Alento, n.º 3, 2012, 115 pp. (ISBN: 978-84-939267-2-4).

Novela de Alfonso Armada (Vigo, 1958) que adopta a forma dun"diario de abordo" no que o protagonista transcribe as súas experiencias durante unha viaxe en barco que tivo lugar entre o 4 e o 16 de Agosto de 2005. Este libro xorde da viaxe emprendida pola fotógrafa Corina Arranz (Vellado, 1961) e o xornalista Alfonso Armada, cando tras regresar a Manhattan, colleron un tren bordeando o Hudson que lles levou á fronteira norte do país, até embarcar no cargueiro Can Mar Pride, en Montreal. O texto recolle a modo de diario de travesía e en primeira persoa, o traxecto de doce días que lles levou a súa viaxe, atravesando o océano até Europa polo porto de Amberes. Recóllense finalmente dez poemas que comparten eixos temáticos, entre outros, o mar e a viaxe.

Recensións:

- Laura Caveiro, “Con alta sensibilidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 424, “Libros”, 6 setembro 2012, p. VI.

Faise eco de que Alfonso Armada dedica esta obra ao seu pai, vinculado co mundo acuático, e de que o termo navegar pode considerarse como “metáfora de vida”. Tamén se alude á inclusión de múltiples descricións no relato e ao estilo sensíbel que caracteriza a escrita do seu autor, de alta calidade literaria.

Caamaño, Begoña, *Morgana en Esmelle*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 308, febreiro 2012, 220 pp. (ISBN: 978-84-9865-412-7).

Novela de Begoña Caamaño (Vigo, 1964) que se inicia cunha dedicatoria persoal “ás múltiples Morganas que nos habitan”, á que lle seguen dúas citas: unha, de Florbela Espanca, e outra, de Ana Romaní. Distribúese a historia en dezaseis capítulos, cada un deles con título e un subtítulo, en cursiva e en letra maiúscula, respectivamente. Distínguense diferentes voces narrativas, que van en correlación cos subtítulos de cada capítulo: “Das memorias de Felipe de Amancia”, “Das crónicas de Avalon” (narrador en terceira persoa) e “Da conciencia do señor Merlín”. Tamén hai un capítulo no que é Morgana quen fala, como protagonista absoluta dos feitos. Xa que logo, é unha revisitación ao mundo artúrico e á terra de Miranda no que se destaca o protagonismo da medio irmá e amante do propio Artur. Ponse de relevo o mito dende un punto de vista feminista para pór luz ás ruínas de Avalon e á caída de Camelot, ofrecendo certas reflexións sobre sentimentos como a culpa, a felicidade, o sacrificio, a razón ou o desexo. Tamén outras personaxes femininas están presentes, como a maga Viviana e Xenebra. A ilustración da capa é un fragmento de *A sedución de Merlín,* de Edward Burne-Jones. Ao final, engade uns “Agradecementos” , onde sinala que aprendeu de Álvaro Cunqueiro que “os mitos están vivos e temos o dereito de facelos nosos”.

Recensións:

- Manuel Forcadela, “Re-construción das fábulas herdadas”, *Festa da palabra silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 28, “Actualidade”, 2012, pp. 87-89.

Sinala que *Morgana en Esmelle* é “unha novela importante, destinada a ser obxecto de análise e reflexión por parte da crítica durante moitos anos”. Salienta que ensina e actualiza as fábulas herdadas dende unha perspectiva actual.

- Marga Romero, “Emocionante narración”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 403, “Libros”, 5 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 362, “Letras Galegas”, 6 abril 2012, p. 7.

Comenta que *Morgana en Esmelle* eleva a materia de Bretaña á categoría de sublime e que conforma unha magnífica novela que emociona a través das memorias do rescatado Felipe de Amancia.

- Ramón Nicolás, “A dor dunha culpa desenterrada”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 463, “Letras en Galego”, 21 abril 2012, p. 10.

Indícase que esta obra é unha interesante novela que afonda sobre a condición humana a través da revisión dalgúns mitos da materia de Bretaña e mais que estamos perante unha proposta narrativa "magnética e intensa" que é cualificada como "epifanía literaria".

- Armando Requeixo, "Ruína de Ávalon", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 722, "Letras Atlánticas", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería!*", n.º 722, "Letras Atlánticas", p. 33, 29 abril 2012.

Coida que *Morgana en Esmelle* é unha "atractiva proposta" de reescrita mítica asemade considéraa como unha estimábel narración que nos propón revisitar os mitos da materia de Bretaña dende unha perspectiva feminina.

- María Xesús Nogueira, "En Esmelle", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Un falar", 2 xuño 2012, p. 27/ *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 2 xuño 2012, p. 31.

Explica como *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro non se axustaba aos canons vixentes cando se publicou, para considerar que en *Morgana en Esmelle* a súa autora bebe do universo de ficción artúrico onde as figuras femininas brillan grazas "á luz que nelas proxecta a súa autora". Finalmente considera que é unha novela complexa que conta a súa propia historia.

- Dolores Vilavedra, "Retorno a Britania e nazis a Vigo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 29 xuño 2012, p. 5.

Faise un repaso por numerosas obras publicadas recentemente en Galicia, entre as que cita a *Morgana en Esmelle*. Subliña que se caracteriza pola súa prosa, con ritmo propio, por combinar tres fontes e puntos de vista diversos e complementarios e por unha intelixente desenvoltura da materia de Bretaña.

- María Xesús Lama, "Contar de novo a mesma historia e abrir os ollos", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 84-85.

Desenvólvese o fío argumental, a caracterización da personaxe principal, Morgana, e conclúese cunha mención á calidade do ritmo da súa escrita.

Referencias varias:

- Begoña Caamaño, "Morgana en Esmelle", *Festa da palabra silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 28, "Actualidade", 2012, pp. 40-46.

Presentación da obra *Morgana en Esmelle* pola propia autora, na que confesa que lle gusta contar historias e que nas dúas novelas que ten publicadas botou man de personaxes xa inventados.

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia en Galaxia esta obra de Begoña Caamaño.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 410, “Libros”, 12 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Letras galegas”, n.º 363, 14 abril 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que reescribe o mito cunha ollada contemporánea e que fai unha reflexión sobre a responsabilidade de asumir as consecuencias non desexadas dos actos. Tamén se describen *Os megatoxos e o aprendiz de druída* (2012), de Anxo Fariña; o número cento noventa e dous da revista *Grial* (2011) e *Catro amigos pillabáns* (2012), de Ramón Caride.

Caride, Ramón, *Sarou/Louzós*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria Narrativa, xullo 2012, 183 pp. (ISBN: 978-84-9914-400-9).

Obra de Ramón Caride Ogando (Cea, 1957), que se compón de tres partes: a novela *Sarou* (reedición da obra publicada en 1997, e recollida no *Informe 1997*), “Sarou-Louzós (N-541)” e “Louzós”. Estes dous últimos apartados conteñen doce relatos. O primeiro composto por: “Estación do Norte”, “Seguridade”, “Unha dorna vella” e “R. P. M”. O segundo por: “1. Louzós Xeada”, “Dilixencias practicadas”, “Cara ao fin”, “O venta na corredoira” e “II. Louzós/Seattle blues”, “Por Eve”, “L. H.” e “Lume de memoria”. A novela breve *Sarou* conta a historia dun home que, á saída do cárcere por problemas co narcotráfico, comeza a tentar resolver as contas pendentes con quen lle prometeu cartos a cambio do seu silencio. Con respecto ao resto dos relatos, malia seren independentes, conforman un gran relato negro, ao redor de crónicas de sucesos, nos que se exploran os límites da condición humana. Os espazos xeográficos son os mesmos que aparecen en *Sarou,* ampliados aos lugares que conforman as Rías Baixas. Todos eles defínense pola súa intriga e suspense: as voltas ao presente dos fantasmas do pasado; o finximento dun home agochado baixo unha aparente submisión ante o seu xefe; e as consecuencias dun ambiente hostil de prostitución e drogas. No último conxunto de relatos continúase a liña negra nas tramas, mais os espazos xeográficos céntranse en espazos da Galicia interior, que lonxe de ser lugares idílicos, caracterízanse igualmente pola expresión máxima da degradación humana ante certos acontecementos e por seguir mantendo a tensión argumental nos relatos.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Negras historias”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 427, “Libros”, 27 setembro 2012, p. VII.

Infórmase da publicación desta escolma narrativa, na que se recolle a novela *Sarou* e doce relatos máis. Saliéntase a escrita “criminal” de Ramón Caride e a recreación axeitada de ambientes e personaxes vinculados coa “mala vida”. Tamén se fai eco de que estas narracións entrañan unha crítica notábel á sociedade e varias doses cargadas de introspección psicolóxica.

- Ramón Nicolás, “Mundos pouco compracentes”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 494, “Letras en galego”, 24 novembro 2012, p. 8.

Dáse conta das tres partes que compoñen esta obra narrativa: *Sarou*, unha novela curta vinculada co xénero negro e gañadora do premio Café Dublin de Vigo a finais dos anos noventa; *Sarou-Louzós (N-541)*, catro relatos breves que supoñen unha "transformación entre dous universos"; e *Louzós*, historias breves cuxa trama se define pola violencia "horizontal". Engádese que Ramón Caride fai uso dunha variedade notábel de perspectivas e estruturas narrativas.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "A narrativa curta domina o outono literario en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 setembro 2012, p. 27.

Dáse conta das novidades narrativas do outono, entre as que se atopa *Sarou/Louzós*, de Ramón Caride.

- Xosé Carlos Caneiro, "Relatando", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 490, 27 outubro 2012, p. 9.

Despois de opinar que o galego é "unha lingua idónea" para "a narrativa curta" e de nomear algúns escritores galegos como bos exemplos do sinalado, detense en *Sarou/Louzós*, de Ramón Caride, do que salienta que se achega "á actualidade encardinada no descarnado presente" e afirma que esta obra é "un chanzo máis na prolífica carreira deste ourensán das Rías Baixas".

Constela, Xesús, *15.724*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 321, 2012, 241 pp. (ISBN: 978-84-9914-363-7).

Novela metafórica de Xesús Constela Doce (Ferrol, 1963) dedicada "Para Alfredo, meu pai. E tamén para Lela e Chichota, enchoupados de mar os corazóns…" e que se inicia cunha cita de Francisco Quevedo. A obra está estruturada en seis partes: "Retrato en branco e negro", "Aquela noite do armadillo", "Emendas, addendas e correccións", "Coreografías", "Bromuro de pancuronio" e "Terra incógnita". Narrada en terceira e primeira persoa, desenvólvese nun período extenso de tempo, arredor duns vinte anos, e transcorre na Patria, principalmente entre Vila Estrelecida e Val Vitoria. Mamá Monte coidou con agarimo dos seus netos, Nube, Gordo e Samuel R., pero o pasamento dun deles marcará traxicamente a existencia dos demais e, en especial, a do menor, Samuel R., que terá que afrontar como pode a sucesión de duros acontecementos. Ao longo dos quince capítulos é recorrente o recordatorio das palabras do seu finado avó Marcial: "na vida ás veces as cousas tórcense. E fano xusto nos momentos máis inesperados". O eixo da historia é o Libro dos Protocolos, do que se reproducen continuamente leis, e o Festival do Armadillo, onde terá lugar o asasinato de tres membros dunha das familias máis importantes do lugar. O protagonista deberá enfrontarse á sociedade, guiada pola figura do Gran Mariscal e representada polos artigos de opinión de León K., para defender o que cre xusto e o que queda da súa familia.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Alegación contra as oligarquías”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 467, “Letras en Galego”, 19 maio 2012, p. 9.

Salienta que nesta obra o seu autor constrúe un discurso narrativo celmoso e poliédrico, cun interesante xogo de voces narrativas e mais cunha diáfana alegación contra a sociedade oligárquica e controladora da vida dos cidadáns.

- Dolores Martínez Torres, “Retrato da opresión”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 422, “Libros”, 5 xullo 2012, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 375, “Letras Galegas”, 7 xullo 2012, p. 7.

Apunta que esta historia está inserida na atemporalidade irreal e que conforma un manifesto contra a pena de morte centrándose na defensa do preso 15.724.

- Vicente Araguas, “Tan lonxe, tan perto”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella!*”, “Páxina literaria”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 732, “Libros”, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 732, “Libros”, p. 30, 8 xullo 2012.

Explica o enorme poder metafórico desta obra, que nos fala dun país imaxinario e resalta que presenta unha clara habelencia estilística. Tamén recalca que o seu autor é un dos narradores máis convincentes da literatura galega actual.

- Armando Requeixo, “A implacable máquina do poder”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 737, “Letras atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 737, “Páxina literaria”, “Letras atlánticas”, p. 33, 12 agosto 2012.

Dá conta da saída do prelo desta novela, na que se incita a unha reflexión profunda sobre os conceptos de liberdade, ben social e xustiza. Comenta brevemente o argumento da obra, salienta a combinación de fragmentos narrativos con reprodución de textos xornalísticos e menciona algúns autores cuxa influencia se fai patente no libro. Tamén opina que esta novela constitúe a mellor de Xesús Constela debido á súa ampla análise sobre o funcionamento das democracias e á recreación de espazos que conxugan o elemento real co fantástico.

- Ramón Rozas, “A patria no lombo dunha ave”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Libros”, 8 setembro 2012, p. 64.

Indícase que a situación política e social que se describe nesta novela correspóndese con realidades actuais. Ofrécese un resumo do argumento e cualifícase este volume como “un libro de límites”, no que se cuestiona a dimensión da marxe de acción do goberno, do sistema xudicial, da prensa e do propio ser humano. Para rematar, alúdese a que a xustificación da elección do título desta novela atópase no seu transcurso e permite comprender múltiples detalles do relato.

- Xosé Carlos Caneiro, “Impresións”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 484, “Club dandi”, 15 setembro 2012, p. 11.

Despois de declararse devoto de *As humanas proporcións* e de *Shakespeare destilado*, de Xesús Constela, Xosé Carlos Caneiro manifesta a súa decepción coa novela *15.724*.

Opina que a temática tratada non é orixinal, mais que tampouco o é "o recendo da novela, o contexto, a carencia de urdime do fío que transcorre".

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia esta novela para o segundo trimestre.

- Nicolás Vidal, "Xesús Constela provoca a admiración do crítico coa súa última obra, '15724", *Diario de Ferrol*, 20 agosto 2012, p. 5.

Entrevista a Xesús Constela por mor da publicación de *15724* na que o escritor ferrolán se amosa contento pola reacción da crítica; comenta que levou a cabo un traballo de documentación maior que en obras anteriores; fala dos temas da novela (pena de morte, papel da familia e as súas relacións, poder dos medios de comunicación, etc.).

- Belén López, "Na cultura galega seguimos sachando mentres os demais usan maquinaria", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Vivir aquí", 26 setembro 2012, p. 59.

Con motivo da presentación de *15724* no Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra, Belén López entrevista ao mestre de inglés no IES de Poio, o ferrolán Xesús Constela. Na conversa o escritor comenta que o significado do título terá que ser descuberto polo lector e anuncia parte da trama, da que afirma que "a parte máis tráxica do libro está calcada da realidade".

Eiré, Afonso, *O penalti de Fuco*, A Coruña: Baía Edicións, marzo 2012, 187 pp. (ISBN: 978-84-92630-57-8).

Novela de Afonso Eiré (Chantada- Lugo, 1955) sobre fútbol, que comeza cunha cita da Pantera Rosa: "Para os medios, o mundo tíñase detido/ Para min era o momento do triunfo". A historia iníciase no instante en que o árbitro sinala un penalti cando o partido da final da Copa do Rei está a piques de rematar. O porteiro suplente do Real Madrid, Fuco, deberá deter o balón enviado por un xogador do Barcelona. Ao longo da meirande parte dos dezanove capítulos, antes de que o penalti se tire, un narrador omnisciente en terceira persoa conta todo aquilo que pasa pola mente de Paco, pai de Fuco, tamén porteiro e espectador do evento no estadio Santiago Bernabéu. Os pensamentos de Paco xiran arredor do fútbol e de datos históricos e citas relacionadas con este deporte. Paco tamén reflexiona sobre a vida, sobre as lembranzas do pasado e a expectación ante un instante que pode decidir a carreira de Fuco. Pechan o libro uns versos en letra itálica e unha anotación entre paréntese: "Ningúen se esquece, Fuco/ non, ninguén/ oso rubio da Galiza. (Parodiando a Rafael Alberti)".

Recensións:

- Xosé Manuel Pereiro, “A vida a 11 metros”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 27 abril 2012, p. 5.

Detense nos diferentes títulos que se centran no mundo do fútbol dentro da literatura galega dende *Todo ben* (1984), de Manuel Rivas; *Lume de biqueira* (1999), de Xosé Vázquez Pintor; *Déixao medrar* (2000), de Silvestre Gómez; *Tarxeta vermella* (2003) e remata co volume *O penalti de Fuco*, de Afonso Eiré. Deste libro comenta que nel se conta historia de Paco Rodríguez, un porteiro de aldea, e a do seu fillo, Fuco, porteiro do Real Madrid, e que está inzado de reflexións de Afonso Eiré sobre o mundo do fútbol.

- Alexandre Centeno, “Unha reflexión tomando o fútbol como escusa”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 464, “Letras en Galego”, 28 abril 2012, p. 10.

Alude a que este volume é unha historia de desmitificación e de reflexión sobre o fútbol, con mestura de personaxes reais e de ficción e mais cunha trama na que se emprega o fútbol como escusa para repasar a sociedade actual.

- Mario Álvarez, “Afonso Eiré aborda o universo futbolístico en *O penalti de Fuco*”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/Breves”, 29 abril 2012, p. 52.

Explica que neste ensaio literario se analiza o mundo do fútbol e todo o que se move ao seu redor mediante un exhaustivo repaso pola historia deste deporte asentado na visión sociolóxica que estudara o seu autor en *O fútbol na sociedade galega*.

Referencias varias:

- C. Franco, “Intento desmontar os tópicos do fútbol”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 marzo 2012, p. 39.

Breve entrevista na que A. Eyré fala da súa obra e reflexiona sobre a dimensión pública do fútbol e sobre o seu emprego como argumento literario.

Fariña, Goretti, *Orlando pendurado*, III Premio Novela Curta Cidade Centenaria de Riveira 2011, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria, n.º 316, marzo 2012, 78 pp. (ISBN: 978-84-9914-345-3). ■

Novela de Goretti Fariña (San Xoán de Baión, Vilagarcía de Arousa, 1965) xebrada en sete capítulos con numeración romana. Nela vemos como o seu protagonista, o operario Orlando Valiña, escorrega mentres está traballar no estaleiro e fica pendurado no ar por un cable. Dende este intre repasa toda a súa vida centrándose nos seus últimos tres anos e asemade formula varias promesas se sae con vida deste accidente. Así, detalla que non tivo suficiente vocación no Seminario para ser cura e describe os seus comezos como traballador no estaleiro. A súa compañeira, Alexandra, ocupa un lugar central nestes pensamentos, comenta as súas grandes diferenzas dende que comezaron a vivir xuntos e fala do seu posíbel embarazo. As promesas de Orlando son que se ordenará sacerdote mais, se Alexandra está realmente embaraza, casarán polo civil. Finalmente os bombeiros liberan a Orlando e Alexandra, que non está embarazada, déixao, e como consecuencia disto Orlando agrede a Alexandra na rúa.

Recensións:

- Armando Requeixo, "A vida na corda frouxa", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 726, 27 maio 2012, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería!*", n.º 726, "Letras Atlánticas", 27 maio 2012, p. 33.

Indica que esta novela curta é un exercicio de hipertextualidade paródica cunha historia que sorprende pola súa orixinal formulación e asemade sostén que presenta unha prosa cun ritmo precioso e períodos depurados de áxil adxectivación.

- Laura Caveiro, "A viña do Señor", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 419, "Libros", 14 xuño 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 372, "Letras Galegas", 16 xuño 2012, p. 7.

Asegura que esta obra presenta un tempo e un espazo pechados onde vemos pasar a vida de Orlando cun salto atrás no tempo e cun humor negro característico dos cadros de costumes dos nosos días.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anúnciase a publicación desta obra de Goretti Fariña.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 416, "Libros", 14 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 369, 26 maio 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase o argumento. Tamén se describen *As rapazas de Xan* (2012), de Manuel Iglesias Turnes e *A nena de auga e o príncipe de lume* (2012), de Xabier P. Docampo.

Feijoo, Pedro, *Os fillos do mar*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 317, marzo 2012, 427 pp. (ISBN: 978-84-9914-346-0).

Iníciase cunha dedicatoria e uns epígrafes que acenan cara á temática e despois dunha entrada a modo de limiar sucédense os cinco actos que acollen os corenta e cinco capítulos que compoñen esta novela de Pedro Feijoo (Vigo, 1975). Na obra, Simón Varela, un arquitecto vigués sen traballo, recibe unha chamada de Isabel Llobet, unha muller da alta sociedade que requiría dos seus servizos para arranxar unha vella fonte da súa propiedade. Ao comezar a reforma, Simón encontra unha caixa na cova que estaba baixo a fonte, pero ao mesmo tempo que desexaba compartir o seu achado con ela, esta falece de forma misteriosa. O arquitecto recibe como herdanza da muller os papeis que contiña aquel cofre e a partir deles descubrirá o verdadeiro pasado e identidade dos seus avós xunto á filla da falecida, Mariña. Entre os dous serán quen de advertir que os

pasados das súas familias estiveran relacionados a partir do descubrimento conxunto de parte do ouro español roubado por un pirata inglés na batalla de Rande de 1702 e posto ao cuberto no Buraco do Inferno. Os seus antepasados aproveitaran parte dese tesouro para salvar a moitas persoas perseguidas polo réxime franquista e loitaran para impedir que con el se costease a toma de Polonia por Hitler, levando por diante as vidas de moitos alemáns. Anos despois, un dos fillos daqueles falecidos ten ánimos de vinganza e quere recuperar o ouro restante mediante a persecución de Simón e Mariña. Afortunadamente, a parella consegue esquivar os seus ataques e encontrar finalmente o prezado metal baixo a fonte.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Cóctel narrativo para gobernar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 462, "Letras en Galego", 14 abril 2012, p. 9.

Comenta que esta novela supón a primeira incursión do seu autor no xénero, cualificándoa de "afortunada" e indicando que conforma un "cóctel literario ganduxado con inequívoca soltura". Finalmente destaca que a súa lectura non defraudará e subliña que flúe con amenidade.

- Francisco Martínez Bouzas, "Venturoso debut", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 412, "Libros", 28 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras Galegas", 28 abril 2012, p. 6.

Afirma que esta obra é unha amálgama de elementos tirados de diferentes subxéneros e núcleos temáticos e que presenta unha trama habilmente construída. Destaca o emprego do galego coloquial e recalca que "gañaría enteiros cun mesurado enfraquecemento da súa longura"

- Armando Requeixo, "A narrativa trepidante de Pedro Feijoo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 733, "Letras atlánticas", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 733, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", p. 33, 15 xullo 2012.

En primeiro lugar, informa de que esta novela supón o primeiro achegamento ao xénero de Manuel Feijoo e de que resultou finalista do Premio Xerais no pasado ano. A seguir, salienta que este volume se presta a dúas modalidades de lector: ao que le por lecer, quen gozará co enigma que entraña a trama, e ao lector "máis informado", quen se decatará do "coctelizado de licores literarios previos" dos que se nutriu o autor e percibirá unha falta de verosimilitude notábel no argumento. Tamén salienta a existencia de certos problemas estruturais e de referencias históricas innecesarias no transcurso da novela. Para rematar, alude ao posíbel vencellamento desta obra co eido cinematográfico e recomenda a súa lectura.

- Ramón Rozas, "Os fillos de Pedro Feijoo", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 622, "Lecturas", 10 xuño 2012, p. 12/ *El Progreso*, "Vivir", 16 xuño 2012, p. 76.

Asegura que a aparición de *Os fillos do mar* é o "feito máis relevante da nosa literatura nos últimos tempos" e recalca o éxito nas súas vendas. Coida que esta novela está feita para engaiolar ao lector, presentando unha paisaxe urbana enfrontada a unha paisaxe

mariña, exemplificadas na cidade de Vigo e nas rías galegas. Informa de que este relato xoga coa aventura, coa intriga e co amor.

- Inma Otero Varela, "Xogando a quen é quen", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 87-89.

Coméntanse primeiramente o fío argumental e as claves do éxito desta novela. Saliéntase asemade a recreación histórica, a axilidade do ritmo narrativo, as descricións pormenorizadas de certos lugares e critícanse a fabulación histórica, a coherencia interna, as transicións dun narrador a outro e a armazón da trama nalgúns puntos.

- Ramón Nicolás, "Misterio e intriga no Vigo de hoxe", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 473, "Letras en Galego", 30 xullo 2012, p. 8.

Volve recomendar a lectura desta novela e agora destaca dela que integra con habilidade a novela histórica, a de intriga e a de aventura con Vigo como pano de fondo.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia esta novela, que foi finalista do Premio Xerais 2011.

- Ana Baena, "Querría facer con Vigo o que Woody Allen con Manhatan ou Montalbán con Barcelona", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 3 abril 2012, p. 13.

Conversa na que Pedro Feijoo fala do argumento desta novela e dos seus vencellos co escritor Domingo Villar.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 5 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 362, 6 abril 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase o argumento. Tamén se describen *Da máquina* (2012), de Alberto Lema; o número cento setenta e oito da revista *Tempos Novos* (2012) e *Haberá primavera* (2011), de César Morán.

- Lourdes Varela, "Para min, o humor é un recurso tan necesario como respirar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 411, "Entrevista", 19 abril 2012, p. V.

Entrevista a Pedro Feijoo Barreiro na que repasa a súa traxectoria literaria e onde se centra na descrición de *Os fillos do mar*, á que cualifica como unha historia de aventuras.

- Xosé Carlos Caneiro, "Tesouro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 463, "A outra mirada", "Club dandi", 21 abril 2012, p. 11.

Valórase moi positivamente *Os fillos do mar*, novela de Pedro Feijoo.

- A. Baena, "Exposiciones, cafés y cuentacuentos a favor de la lectura", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Día Internacional del Libro", 24 abril 2012, p. 13.

Comenta os diferentes actos que terán lugar en Vigo co gallo do Día do Libro e subliña que *Os fillos do mar* é o libro máis demandado da literatura galega.

- Xan Carballa, "Quero usar a ficción para reflexionar sobre a historia", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 maio 2012, p. 6.

Conversa con Pedro Feijoo na que comenta que nesta obra emprega mecanismos das novelas de aventuras combinando a investigación histórica e o espazo urbano de Vigo.

- María L. Viñas, "A música de sete escolas porá a nota á trixésima Feira do Libro de Lugo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 12 maio 2012, p. 63.

Fala da Feira do Libro de Lugo que celebra o seu 30º aniversario e destaca a presentación dalgunhas obras, entre elas, *Os fillos do mar*, de Pedro Feijoo.

- Jorge Lamas, "Hai moitas historias en Vigo que che deixan coa boca aberta", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Medio século de Letras Galegas", 14 maio 2012, p. 27.

Pedro Feijoo fala nesta entrevista de *Os fillos do mar* e afirma que non foi unha novela con proxecto editorial até que recibiu a chamada de Manuel Bragado.

- S. J., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 17 maio 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na Feira do Libro de Lugo.

- María Varela, "Busco que nos fixemos no que temos ó lado", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 619, "Entrevista", 20 maio 2012, pp. 4-5.

Conversa co autor na que fala da boa acollida que a obra está tendo por parte do lectorado e tamén do proceso de creación desta novela, da investigación realizada e de cuestións como a localización ou o protagonista.

- Salvador Rodríguez, "Una ciudad de tesoros", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 521, "Reportaje", 20 maio 2012, pp. 2-3.

Da man de Pedro Feijoo faise un percorrido literario polos espazos urbanos do Vigo de *Os fillos do mar*, que ten como punto inicial o Sireno e que remata co desaparecido café Goya da rúa Urzáiz.

- Dolores Vilavedra, "Retorno a Britania e nazis a Vigo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 29 xuño 2012, p. 5.

Faise un repaso por numerosas obras publicadas recentemente en Galicia entre as que comenta esta novela finalista do Premio Xerais que define como "novela de aventuras", salientando o seu protagonista "debuxado con sutileza e humor".

- Beatriz Costas, "Las ventas cayeron cerca del 15% en la Feria del Libro", *Atlántico Diario*, 11 xullo 2012, p. 8.

Recóllense as palabras de Xurxo Patiño, expresidente da Federación de Libreiros de Galicia, nas que fai balance da Feira do Libro celebrada en Vigo e sinala que en canto á literatura en galego, as obras máis vendidas foron *Os fillos do mar*, de Pedro Feijóo, e *Non hai noite tan longa*, de Agustín Fernández Paz.

- I. V., "Los libreros de la feria de Monforte destacan la gran acogida del público local", *El Progreso*, 23 agosto 2012, p. 12.

Coméntase que a XV Feira do Libro de Monforte está tendo boa acollida entre os veciños da localidade. Infórmase das librarías que participan e dos libros máis vendidos, entre os que se destaca *Os fillos do mar*, de Pedro Feijóo.

Fernández Mallo, Marcelino, *Pallarega*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2012, 345 pp. (ISBN: 978-84-15400-09-7).

Novela realista de Marcelino Fernández Mallo (A Coruña, 1961) na que se tratan as temáticas da guerra, a posguerra, a emigración e a forma de vida e mentalidade do século XX. Ábrese cun paratexto en forma de dedicatoria ao pai do autor. Consta de catro capítulos, nos que Nicolás Traseira, o protagonista da obra -nacido en Pallarega, un lugar da montaña luguesa-, conta en primeira persoa as peripecias da súa vida nos anos da contenda civil. Desta maneira, vai relatando os sucesos máis inesquecíbeis do seu percorrido vital, partindo dos seus anos mozos e facendo unha clara análise social do influxo da guerra civil nunha vila galega. A novela vai avanzando a medida que vai medrando o seu personaxe principal e retrata a sociedade do momento a través das experiencias vitais do protagonista: o coñecemento da España franquista en Madrid ou a vida da emigración en La Habana, da que consegue fuxir despois dunha estraña aventura. Finalmente Nicolás regresa a Morgade para estabelecerse na Coruña. A ironía, o humor e a intriga son os elementos principais sobre os que se erixe a obra.

Recensións:

- Pilar Ponte, "Os anos da emoción", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 5 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 362, "Letras Galegas", 6 abril 2012, p. 6.

Explica que nesta historia o seu protagonista nos leva de paseo pola vida de Nicolás Traseira a través de diferentes paisaxes xeográficas e vitais e indica que presenta un remate abrupto. Tamén se manifesta que con ela o seu autor tentou facer o retrato da xeración dos nados entre os anos 20 e 40 do século XX.

- Ramón Nicolás, “Tránsitos dunha vida”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 459, “Letras en Galego”, 17 marzo 2012, p. 10.

Asegura que esta densa novela presenta un esquema de “xinea clásica”, un discurso memorialístico, mais indica que ten unha inadecuada presenza de fragmentos discursivos en español “en aras dunha pretendida verosimilitude”.

Fernández Naval, Francisco X., *A noite branca*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, novembro 2012, 415 pp. (ISBN: 978-84-9914-460-3).

Novela de Francisco Fernández Naval (Ourense, 1956), precedida dunha cita de Ramiro Fonte e un paratexto en forma de dedicatoria “A miña nai, memoria de estirpe, pola súa complicidade”. Estrutúrase en vinte e un capítulos precedidos doutras tantas cartas que relatan a historia dunha familia ourensá na que un membro da mesma forma parte da División Azul. As cartas, atopadas nunha antiga caixa de doce de marmelo, son escritas por Alfredo Rodríguez Naval entre xullo de 1941 e xuño de 1942 e nelas conta en castelán unha serie de anécdotas acaecidas dende que marcha da súa cidade até que remata a súa estadía na fronte do Leste, aínda que nelas non hai ningunha referencia á batalla. O relato dos capítulos repártese entre unha voz narrativa en terceira persoa omnisciente que segue as vicisitudes do destacamento de soldados ourensáns, entre os cales está o propio Alfredo; a voz da súa nai, que relata seguindo a técnica do monólogo interior a tráxica historia do seu matrimonios e dos seus fillos; e a voz en primeira persoa do narrador, de oficio escritor, quen trata de reconstruír dende o presente os ocos no relato da memoria familiar, apoiándose nos testemuños históricos e nos recordos do resto de familiares que coñeceron a Alfredo e a súa nai. Os temas que predominan na novela son a reescrita da memoria histórica e familiar, as relacións persoais, o amor, a crítica da guerra e defensa da paz. Tamén poden sinalarse como subtemas a denuncia da represión ideolóxica e social durante o franquismo, así como a crítica ao proceso de substitución lingüística do galego.

Recensións:

- Víctor Campio Pereira, “Francisco Xosé Fernández Naval: *A noite branca*”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 92, tomo IV, ano XXIII, “Publicacións”, outubro-novembro-decembro 2012, pp.133-136..

Descríbese esta obra ambientada nos anos da posguerra que trata sobre os costumes e a vida desa época, amosando as terríbeis condicións que soportaba o pobo. Indícase que, grazas ao protagonista, pódense descubrir as desfeitas provocadas na Europa de metade de século. Por último, faise unha descrición dos personaxes e do narrador, así como do simbolismo presente neles.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Non hai que perseguir historias, están á nosa beira”, *La Voz de Galicia,* , “Cultura”, 14 decembro 2012, p. 40.

Entrevístase a Francisco X. Fernández Naval co motivo da publicación desta obra. O autor, entre cuestións xerais relacionadas coa Segunda Guerra Mundial, comenta o valor da memoria na súa obra; o porqué do itinerario histórico da novela, como afectaron na novela as súas viaxes para documentarse e a participación galega na fronte rusa.

Galván, Francisco, *As crendas de San Porfirio: Diario terapéutico dun esquizofrénico*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, col. Papilosante, 2012, 213 pp. (ISBN: 978-84-15166-37-5).

Novela negra de Francisco Galván (Madrid, 1958) que reproduce o diario dun esquizofrénico, empregando un narrador en primeira persoa que non é outro que o protagonista da historia, a quen un psiquiatra lle recomenda exercitar a mente escribindo para que non exista relaxación neuronal, ademais de continuar coa súa medicación habitual. Asiste o lectorado á historia da morte de Don Onofre , o pai de Marcial, que faleceu nun accidente a causa dun infarto. Trátase dunha morte que acarrea problemas, pois coñécese que Don Onofre tiña uns décimos de lotería premiados que ninguén sabe onde se atopan. Alternan nesta novela dúas historias: a da morte deste home e as consecuencias que esta trae, e a propia historia do protagonista, que vai transmitindo ao lectorado paulatinamente a evolución da súa enfermidade.

Recensións:

- Estro Montaña, "Convite ao riso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 413, "Libros", 3 maio 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 366, "Letras Galegas", 5 maio 2012, p. 6.

Destaca que esta novela convida a rir e que nela se mesturan a novela policial, a folletinesca, a rosa e a existencial, que presenta unha acción centrada nos anos 80 do século pasado e que todo isto está contado con "humor e ironía".

Iglesias Turnes, Manuel, *As rapazas de Xan*, limiar de Suso de Toro, prólogo de Pablo Vaamonde García, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 318, maio 2012, 291 pp. (ISBN: 978-84-9914-367-5).

Novela de amor e de descrición da vida cotiá no rural de Manuel Iglesias Turnes (Cabanas- A Baña, 1950) dedicada a varios familiares, algúns dos cales se nomean, e aos amigos de sempre. Suso de Toro asina o limiar, no que expresa a súa opinión sobre a obra e fai referencia ao que vai atopar o lector: a vida nunha aldea galega nos anos cincuenta e sesenta da posguerra. Fala de *Memorias dun neno labrego*, que presenta o mundo rural "cunha claridade e unha profundidade que poucas veces se consegue". Pablo Vaamonde García fai no prólogo unha biografía de Manuel Iglesias Turnes, resalta a "autenticidade" do libro debido a que o autor viviu o que transmite, analiza a obra de maneira breve, e estabelece unha comparación con *Memorias dun neno labrego*. O texto estrutúrase en corenta e sete capítulos intitulados, ao longo dos que un narrador omnisciente e en terceira persoa conta con detalle a vida cotiá da xente de Cabanelas no transcurso dun ano: de malla a malla. Céntrase no que lles acontece a Carmela e a Sabela (as rapazas de Xan), así como a aqueles coas que elas teñen maior relación, entre

os que destacan o propio Xan (pai e avó, respectivamente), os do Roque, ou o seu mozo Manuel. É de salientar a presenza da emigración, fenómeno que afecta a moitos dos habitantes do lugar, que deciden atravesar o Atlántico para fuxir da pobreza e procurar un futuro mellor.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Retorno ao costumismo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 419, "Libros", 14 xuño 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 372, "Letras Galegas", 16 xuño 2012, p. 6.

Asegura que estamos perante unha obra con gran valor etnográfico e costumista e mais que presenta unha sutil crítica sobre o cinismo das sociedades coas súas mulleres. Ademais apunta que o costumista acentúase pola temática da descrición coidadosa de elementos autóctonos propios da cultura popular.

Referencias varias:

- M. Manteiga, "Libro en Negreira de Iglesias Turnes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 maio 2012, p. 30.

Anúnciase que a presentación deste volume no auditorio da Casa da Cultura de Negreira terá lugar o 18 de maio de 2012.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 416, "Libros", 14 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 369, 26 maio 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntanse as principais liñas temáticas. Tamén se describen *Orlando pendurado* (2012), de Goretti Fariña e *A nena de auga e o príncipe de lume* (2012), de Xabier P. Docampo.

- Xosé Carlos Caneiro, "Literatura seria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 470, "Club dandi", 9 xuño 2012, p. 11.

Cualifica esta obra como unha novela ruralista mais que rural e remata indicando que "precisamos máis literatura seria".

- M. M., "Iglesias Turnes lleva su obra a Ler Xallas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 xuño 2012, p. 24.

Breve nota onde se informa de que o venres pasado se presentou na libraría Ler de Santa Comba esta obra.

- Dolores Vilavedra, "Retorno a Britania e nazis a Vigo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 29 xuño 2012, p. 5.

Faise un repaso por numerosas obras publicadas recentemente en Galicia entre as que cita esta novela de Manuel Iglesias Turnes que considera mestura de conto popular, de fadas, "un chisco de apólogo moralizante e un moito de costumismo antropolóxico".

Ledo Santiso, José Manuel, *As pontes do Ego Sum*, pról. Moncho Borrajo, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, n.º 52, 2012, 155 pp. (ISBN: 978-84-7680-693-7).

Conxunto de relatos de José Manuel Ledo Santiso (Sabadell, Barcelona, 1968) sobre as dificultades que as persoas atopan para descubrir e seguir o seu propio camiño vital. O libro comeza cunha dedicatoria múltiple: á nai, ao fillo, a Mon, aos fotógrafos Fernando Barreiro Búa e Silvia Bernárdez de Acebedo, á modelo Cristina María López Figueroa, a Moncho Borrajo Domarco e ao Universo, indicando motivos de agradecemento na meirande parte dos casos. A estes elementos paratextuais segue o prólogo de Moncho Borrajo, no que realiza unha gabanza da obra, así como unha comparación dos relatos con "pequenas estrelas nun ceo mouro" e salienta que conteñen acontecementos da vida cotiá. O texto componse de vinte e seis relatos intitulados, independentes, pero relacionados pola súa temática. Un narrador omnisciente conta historias que xiran, principalmente, arredor da vida, a morte, a importancia das decisións, a avaricia, os sacrificios, a violencia de quen precisa sentirse superior, a riqueza do saber, o respecto, a superación das adversidades, a loita para acadar o que se persegue, o amor, o desamor, a busca da felicidade, a incomprensión, o medo, a madurez e a liberdade. Varios dos relatos compleméntanse con fotografías e/ou unhas liñas a xeito de conclusión.

Lema, Alberto, *Da máquina*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 309, marzo 2012, 216 pp. (ISBN: 978-84-9865-419-6).

Novela de Alberto Lema (Bamiro, Vimianzo, 1975) que se abre cunha cita de Francisco Sampedro. A través de diferentes voces narrativas e de capítulos non moi extensos, esta obra transita entre o xénero da ciencia-ficción e o policíaco. Consta de oito apartados, cada un deles compostos á súa vez de diversos capítulos (non máis de oito). Son os que seguen: "Rúas de Compostela", "Descrición da fatiga", "Os *Curator*", "Principios de xeometría", "Campos de Vigo", "Outubro", "Thermidor" e "A versión de Chisco". O nome da Máquina coñéceselle inicialmente como Deep Blue, por ser esta a supercomputadora contra a que loitou Garry Kasparov ao xadrez. As intencións da Máquina con conciencia de seu ligará a diversos personaxes sen aparente relación entre si que configurarán dous bandos ben diferenciados (uns seguidores, aqueloutros adversarios do aparello): usuarios das redes sociais, persoas con identidades falsas, homes e mulleres que padecen a precariedade laboral, empresarios do sector téxtil e a brigada policial. Caracterizada por un ritmo áxil, a historia é quen de artellar un mecanismo de proposta para unha determinada acción política con vista a un futuro incerto. Ambiéntase a novela en lugares de Galicia facilmente recoñecíbeis como son a cidade de Santiago de Compostela e Vigo.

Recensións:

- Francisco Sampedro, “A prosa que pensa”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 91, tomo III, ano XXIII, “Publicacións”, xullo-agosto-setembro 2012, pp. 143--146.

Afírmase que con esta obra Alberto Lema conseguiu acadar un bo lugar na narrativa galega. Coméntase a técnica e o estilo do autor, destacando o rexeitamento da reiteración e a economía á hora de narrar os feitos e describir os ambientes. Indícase que non se trata dunha novela de política-ficción e sinálase que a obra trata varios conceptos e dialécticas fundamentais no ámbito da psicoloxía, entre os que se destaca a dialéctica da alienación como estrañamento necesario para a construción da identidade, a dialéctica entre libertade psicolóxica e determinismo, o amor e o denominado trazo unario. Remátase agradecéndolle ao autor que conseguise conxugar nesta obra reflexión e gozo.

- Rocío Moar Quintela, “Subversiva computadora”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 416, “Libros”, 24 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 369, “Letras Galegas”, 26 maio 2012, p. 7.

Indica que *Da máquina* é unha novela heteroxénea e pouco definida na que sobresaen as numerosas reflexións sobre a complexidade das relacións de parella cuns personaxes que se moven arredor das cidade de Santiago de Compostela e de Vigo.

- Armando Requeixo, “O destino da metáfora”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 740, “Letras atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 740, “Páxina literaria”, “Letras atlánticas”, p. 33, 2 setembro 2012.

Cualifica esta novela como “unha parábola social con tinturas ciberpunk”, na cal se afonda sobre a dimensionalidade da realidade. Salienta a aguda “disección da psique” dos personaxes e as múltiples herdanzas das que se nutre o autor. Tamén apunta que a lectura desta novela convida á reflexión sobre diversas cuestións de carácter transcedental.

- Moncha Fuentes, “Literatura e política”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 431, “Libros”, 25 outubro 2012, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 383, “Letras galegas”, 3 novembro 2012, p. 7.

Infórmase de que con esta novela Alberto Lema tenta propiciar no lectorado unha reflexión sobre algunhas das dificultades máis notábeis ás que se enfronta a mocidade galega. Focalízase a atención na caracterización dos personaxes, os cales se describen como “intelectuais maquiavelicamente expulsados do banquete social” que perseguirán unha solución para mudar esa realidade na que viven. Recalca que, tras rematar esta obra, de estrutura moi traballada, xorden no lectorado múltiples cuestións sobre a marxe de acción que posuímos.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012”, *La Opinión*, “Cultura”, 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia en Galaxia esta obra de Alberto Lema.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 5 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 362, 6 abril 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que presenta elementos do xénero policial, da novela psicolóxica e do *ciberpunk*. Tamén se describen *Os fillos do mar* (2012), de Pedro Feijoo; o número cento setenta e oito da revista *Tempos Novos* (2012) e *Haberá primavera* (2011), de César Morán.

- Óscar Iglesias, "A cultura da normalidade rematou", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 1 xuño 2012, p. 6.

Conversa na que Alberto Lema reflexiona sobre esta obra e sinala que nela vemos a cooperación entre un neohumano e os revolucionarios.

López Mourelle, Quinito, *Orquestra Volland. Oito pezas europeas*, Santiago de Compostela: Ézaro Ediciones/ Radio Galega, 2012, 139 pp. (ISBN: 978-84-939098-4-0). Inclúe CD.

Novela de Quinito López Mourelle en edición bilingüe galego e castelán: *Orquestra Volland. Oito pezas europeas* (pp. 11-63), e, *Orquestra Volland. Ocho piezas europeas* (pp. 65-121), que recolle o periplo dun grupo de músicos durante unha xira estival por Europa. Componse de oito capítulos que coinciden co conxunto de composicións musicais de Roberto Somozas para unha formación que inclúe: saxofón, contrabaixo, acordeón, violín, cuarteto de clarinetes, guitarra e percusión. A música do compositor bebe do folclore de Bulgaria, Romanía, Moldavia, Ucrania, Polonia, Alemaña, Francia e España. Neste senso, López Mourelle concibe unha obra literaria pensada como un itinerario musical imaxinario que parte de Bulgaria até enlazar con España.As pezas, a modo de contos, representan unha xira imaxinaria da Orquestra Volland, dando conta das culturas e folclores das diferentes paradas que constitúen dito viaxe. A novela remata cun último apartado intitulado "Orquestra Volland: Música e Literatura" (pp. 125-139) que explica a concepción desta obra. O volume inclúe un CD que contén as pezas musicais de Somoza, e un DVD, que recolle un documental da gravación do CD e entrevistas dos músicos, do director e do novelista.

Referencias varias:

- Ana L. Oliver, "Roberto Somoza y Quinito L. Mourelle. Cruce artístico", *Galegos*, n.º 16, "Crónicas", I trimestre 2011, pp. 88-91.

Realiza un percorrido pola traxectoria artística de dous músicos, Roberto Somoza e Quinito López Mourelle, dende o comezo da súa amizade en 2004. Destaca por último a saída ao prelo deste volume en formato bilingüe galego-castelán.

- Pablo López, “Una novela con origen musical”, *La Opinión*, “A Coruña”, 26 maio 2012, p. 11.

Afirma que esta obra se publica en edición bilingüe e que inclúe un disco CD.

- Fran P. Lorenzo, “Orquestra Voland’: banda sonora para unha viaxe literaria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 xuño 2012, p. 43.

Comenta que esta obra se presentou na libraría Couceiro de Santiago e que esta novela se escoitará o 3 de xuño de 2012 no Teatro Principal.

- Óscar Losada, “A orquestra Voland fai unha viaxe musical por oito países europeos”, *La Opinión*, “Cultura”, 10 xullo 2012, p. 46.

Indica que o autor desta novela se inspirou nas pezas musicais compostas por Roberto Somoza.

López Sandez, María, *A forma das nubes*, VI Premio Narrativa Breve Repsol, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 314, novembro 2012, 95 pp. (ISBN: 978-84-9865-469-1).

Nesta novela curta de María López Sández (Lugo, 1973) reprodúcense as reflexións de C. sobre a súa vida, as cales xorden dende o desamor. Estes pensamentos sobre o amor e as lembranzas sobre a súa vida e sobre M., a súa nai, están feitos cando C. é adulta. Así, vemos como coñece, de nena, á súa actriz favorita nun cruceiro e como participa nunha película; tamén como non se quere namorar, se ben acaba facéndoo (feito que remata cun fracaso amoroso), ou como consegue ter unha filla chamada Cloé, grazas a Paul. Cómpre sinalar que algúns dos personaxes principais denomínanse cunha inicial: M. é a nai, O. é o irmán, D. é a súa actriz favorita etc.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “A forza da metáfora”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 498, “Letras en galego”, 22 decembro 2012, p. 8.

Sinálase que esta novela resultou galardoada na última convocatoria do premio de narrativa breve Repsol. Sublíñase que se trata dun texto moi coidado no que se refire ao ritmo, á estrutura, á lingua e ás mensaxes que tenta transmitir. Asemade, indícase que a protagonista fará ao lectorado partícipe das situacións límite que afectan tanto ao seu ámbito profesional como sentimental, e que o relato, no seu conxunto, convida a unha reflexión sobre a propia felicidade ou infelicidade.

López Silva, Inma, *Tinta*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 310, 2012, 153 pp: (ISBN: 978-84-9865-442-4).

Libro de relatos de Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1978) constituído por un conxunto de narracións que abarcan un ciclo literario da autora (2000-2010). Ditas

narracións son de temática variada: criminais encantadores, soñadoras de toda clase, actrices tristes, caricaturas de ditadores, peregrinos louros e fotógrafos do vento. Inclúese unha nota da autora que explica que todos os textos foron publicados en antoloxías e revistas ou foron premiados en certames literarios. O primeiro deles, intitulado "Daltons de segunda xeración" (pp. 11-31), conta a historia de Avelino Ríos e a súa esposa Celsa, até a súa emigración a Xenebra para converterse en anticuario. O seguinte, "Aqueles que retratan o vento", (pp. 33-75), sitúase en Bos Aires durante a Ditadura de Videla e conta a historia de Dora e do seu fillo Ernesto, na procura dos seus soños. Outro dos textos, "Trae os mistos, arriba España", (pp. 77-95), conta a historia de Eva Reinante cando é levada ante o xuíz Gonzalo Gándara para aclarar o afundimento dun barco no ano 1937, durante a ditadura. Continúa o volume co texto "Buscar as ninfas" (pp. 97-112), que explica a historia de Molly tras recibir na súa vellez unha carta de Cambridge na que se lle outorgaba o título de licenciada en Xeografía e Historia. De seguido aparece o texto intitulado, "O Despacho de Molly Bloom" (pp. 113-129) no que López Silva narra a historia do decano da facultade de Pedagoxía no Condado de Kent, Naddelford, tras mandar un correo no que explicaba que non volvería despois de pasar quince días desaparecido. Por último e pechando a obra está o texto "Caso Torneiro: 1808-1975" (pp. 131-153), onde a través dun manuscrito atopado chamado "Informe nº 1443. Setembro de 1976, Caso Torneiro 1808-1875. Alto segredo", explícase a historia deste personaxe.

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, "Tinta de Inma López Silva", *Festa da palabra silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 28, "Actualidade", 2012, p. 97.

Comenta a obra *Tinta*, de Inma López Silva, de quen sinala que foi o seu profesor na Universidade de Santiago de Compostela. Afirma que o relato que máis o engaiolou foi "Daltons de segunda xeración".

- Olivia Rodríguez González, "A procura dun mundo propio", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 85-86.

Analízase este conxunto de contos de Inma López Silva publicados entre 2000 e 2010. Destácase o tema da muller, a voz narrativa fundamentalmente feminina, o comezo frecuente in media res, así como a procura de causar sorpresa ao lector. Afírmase que a autora busca a definición do seu "mundo propio" no eido creativo.

- Montse Pena Presas, "Recuperar a palabra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 428, "Libros", 4 outubro 2012, p. VI.

Indica que esta obra non consiste só nunha "colectánea de textos publicados aquí e alá" e recomenda a súa lectura tanto para o novo lectorado de Inma López Silva como para aquel que xa coñece o seu labor literario. Recalca que os alicerces deste volume son a caracterización dos personaxes, a presenza do cosmopolitismo, o uso do parágrafo longo, as referencias ao eido teatral, a inclusión de certas doses de humor irónico e unha aguda poeticidade.

- Ramón Nicolás, “Dez anos en forma de tinta”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, n.º 478, “Letras en galego”, 4 agosto 2012, p. 9.

Coméntase que Inma López Silva afirma, nunha nota prologal desta compilación, que os relatos foron escritos empregando “a tinta que me correu polas veas ao longo dos dez últimos anos”. Apúntase que tanto o novo como o antigo lectorado desta autora atopará en *Tinta* “unha esencia orientativa” e unha abordaxe de asuntos heteroxéneos caracterizada por unha multiplicidade de pinceladas de humor irónico e de retranca.

- Vicente Araguas, “Este senso do humor defensivo e de ataque”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, “Libros”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 750, “Libros”, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 750, “Libros”, p. 30, 11 novembro 2012.

Informa de que, na nota inicial desta obra, a autora pon de manifesto que os seis relatos incluídos xa foron publicados ou galardoados en concursos literarios. Subliña que Inma López Silva fai uso do humor como unha “arma defensiva” e, asemade, “de ataque”. Tamén comenta brevemente as liñas temáticas dos relatos e sinala que, neles, a autora tenta evitar a inclusión de estereotipos.

Referencias varias:

- A. Baena, “Descubrín nestes contos temas recurrentes na miña obra como a memoria”, *Atlántico Diario*, 12 xullo 2012, p. 10.

Entrevista a Inma López Silva por mor da presentación de *Tinta* na libraría viguesa Librouro. Nela explica as razóns que a levaron a escoller ese título, así como os criterios que tivo en conta á hora de seleccionar os diferentes relatos, escritos e publicados moitos deles con anterioridade.

- Sara Ledo, “Moitos relatos son a raíz dalgunhas novelas miñas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 xullo 2012, p. 40.

Con motivo da presentación de *Tinta* na cidade de Vigo e logo de nomear algunhas das súas obras anteriores, Sara Ledo entrevista a Inma López Silva. Na conversa a autora explica as razóns polas que reuniu nun só volume relatos publicados entre o ano 2000 e o 2010 e nomea algúns dos puntos de unión entre as historias.

- Lourdes Varela, “Estáse a tratar o relato curto como se fora o fillo parvo do mundo editorial”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 424, 6 setembro de 2012, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 377, “Letras galegas”, 15 setembro 2012, p. 7.

Entrevista a Inma López Silva con motivo da publicación de *Tinta* na que a escritora comenta como mudou a súa mirada sobre a literatura dende a súa primeira obra até a publicación deste conxunto de relatos. A seguir, comenta os fios condutores que estes teñen, así como que os concibiu como relatos malia algúns dos personaxes neles presentes pasar a integrar posteriormente algunha das súas novelas.

- Xosé Carlos Caneiro, “Relatando”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 490, 27 outubro 2012, p. 9.

Despois de opinar que o galego é "unha lingua idónea" para "a narrativa curta" e de nomear algúns escritores galegos como bos exemplos do sinalado, detense en *Tinta*, de Inma López Silva, e sinala que se trata dunha escritora de "sólida vocación" e salienta que os personaxes destes relatos deambulen "polo fío da navalla", a "prosa rítmica, coidada", así como que sexan "contos de memoria e con memoria", algúns ideolóxicos e outros máis literarios.

Lopo, Santiago, *Hora Zulú*, XXIV Premio Manuel García Barros, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 312, outubro 2012, 227 pp. (ISBN: 978-84-9865-461-5). ■

Terceira novela de Santiago Lopo (Vigo, 1974) dedicada a Pai Ferrero, "a quen espero encontrar no próximo universo que nos toque vivir". Nela nárrase a vida dun home de identidade descoñecida que ingresa nun hospital psiquiátrico, ao ser atopado ferido ao pé dun acantilado; sofre amnesia e o único que pregunta constantemente é a hora. A súa biografía reconstrúese uns anos despois, logo da súa morte, a través da combinación de diversos rexistros literarios. Por un lado, está a investigación que comeza a súa antiga psiquiatra (Ana), quen lle escribe correos a un antigo compañeiro e por outro os informes médicos, as entrevistas a outros internos do hospital (que trataron co "Profesor", que é así como se coñece posteriormente), os poemas e os relatos do propio protagonista (estes últimos posibelmente os máis determinantes para coñecer a súa verdade identidade). A novela funciona, xa que logo, como un crebacabezas no que a dimensión espazo-temporal se combina en sintonía coas reflexións filosóficas e científicas que se suscitan a raíz dos escritos deste home que, máis alá da obsesión e do misterio, ofrecen outros pensamentos ao redor da cuestión ética e do compromiso coa natureza.

Lorenzo Miguéns, María e Manuel **Lorenzo Baleirón**, *Tonas de laranxa*, Premio Xerais de Novela 2012, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, 2012, 168 pp. (ISBN: 978-84-9914-439-9). ■

Novela da autoría compartida de María Lorenzo Miguéns (Dodro, 1986) e Manuel Lorenzo Baleirón (Dodro, 1957). Está composta por doce capítulos que toman nome da forma latina de indicar as horas do día. Nela relátase a historia dos habitantes da fantástica vila mariñeira de Moreira. A narración está centrada en dúas historias de amor, a dos avós da familia Moreira (Aurora dos Santos e Amaro) e a do seu neto Uxío con Oriana Alfarat, filla do mercader Amir que retorna á vila tras a súa marcha a India. Por unha banda, achamos o relato da visita da avoa, xa morta, ao seu neto, para advertilo da chegada dos Alfarat á mañá seguinte -o que dará lugar a sucesos extraordinarios que afectarán ao normal transcorrer do tempo- e por outra, a noite antes de que Uxío se declare a Oriana, reaparecerá o avó Amaro, desaparecido dende moitos anos atrás nunha mañá de San Xoán, quen, ao descubrir a morte da súa dona, decide quitarse a vida para reencontrarse con ela. Co fío condutor do papel dos reloxos e dos xogos temporais, intercálanse tamén pequenas historias paralelas dende unha perspectiva coral nunha novela que acolle unha mestura de elementos reais e marabillosos.

Recensións:

-Ramón Nicolás, “Un víndeoler”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 489, “Letras en galego”, 20 outubro 2012, p. 8.

Apúntase que esta novela foi galardoada co Premio Xerais 2012 e que é o resultado dun tándem entre María Lorenzo e Manuel Lorenzo, filla e pai. Sublíñase a reflexión que subxace na obra sobre o paso do tempo, que logra converterse no “protagonista hexemónico”, influíndo sobre a estrutura da novela e o devir dos personaxes. Destácase que está composta por un mosaico de “numerosas micro-historias”, adobiadas pola evocación e perdurabilidade do rexistro lingüístico empregado e polo ritmo e a eufonía, que lembran a fabulación cunqueiriana. Refírese que hai influencia das cidades de Italo Calvino, recreadas por Xavier P. Docampo, e resonancias da literatura popular e culta, caso do mito de Ulises.

- Montse Pena Presas, “Moreira era un mundo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 432, “Libros”, 1 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 384, “Letras galegas”, 10 novembro 2012, p. 7.

Comézase sinalando que a lectura da novela *Tonas de laranxa*, gañadora do Premio Xerais 2012, convida a imaxinar un mundo diferente ao actual, o cal atópase dominado polos bens de consumo rápido. Indícase que se nutre do realismo cunqueiriano e do concepto temporal manuelantoniano e saliéntase o estilo empregado, cun “período longo e intenso” e un galego “fermoseado”.

Referencias varias:

- Sol Elvira, “Padrón acolle a presentación de *Tonas de laranxa*”, *El Correo gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 379, 15 novembro 2012, p. 6.

Indícase que a obra se presentará no auditorio municipal de Padrón e que no acto, organizado polo concello e a editorial Xerais, participarán ademais dos autores da novela Anxo Angueira e Manuel Bragado.

Lourenzo González, Manuel, *Atl*, Premio Blanco Amor de Novela 2011, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, xuño 2012, 535 pp. (ISBN: 978-84-9914-381-1). ■

Novela de acción de Manuel Lourenzo González (Vilaboa, Pontevedra, 1955) estruturada en sesenta e tres capítulos e que se insire na temática da terra lendaria coñecida como a Atlántida ou Atlantis. O autor experimenta co cambio de perspectiva do narrador ao longo de toda a novela; a un capítulo con narrador omnisciente en terceira persoa séguelle outro en primeira persoa, que reproduce os pensamentos do personaxe chamado Anxonubes. A historia desenvólvese nun período de tempo descoñecido para o lectorado, diversos días non consecutivos do 3º e 4º ciclo do ano 147 de Mun e finalmente o día 1, 1º ciclo, ano 148 de Mun, e transcorre no continente chamado Atl e, na súa maior parte, na cidade de Medburg. O fío condutor é o doutor Heriberto CP 173H12, reputado biólogo especialista en Neuromecánica con destino categorial no programa Emim, de xeración de enerxía motriz a partir de impulsos mentais. Ao seu carón están outros personaxes, como o doutormax Leonardio BQ

141T04 (delegado estatal director da comisión fundadora do Museo Nacional de Historia de Medburg e membro da Orde do Triángulo Cósmico), Zaradia CL 185R61 (vicedirectora de peiraos e muller de Heriberto) e Anxonubes (suxeito principal do estudo que dirixe o doutor Heriberto). O lectorado atópase cun relato de tensións e intrigas artellado arredor do posíbel impacto do meteorito Hipercang contra Atl e o retrato dunha sociedade marcada pola política, o desenvolvemento tecnolóxico, o pensamento e as rutinas da vida cotiá.

Recensións:

- Xosé Carlos Caneiro, "Acto estético", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 476, 21 xullo 2012, p. 11.

Indica que na súa mesa no últimos días figuran Xerardo Quintiá, con *Hotel Cidade Sur*, e Manuel Lourenzo González, con *Atl*. De *Atl* afirma que é un "ciencia ficción de alta escola" e que "cumpre os requisitos das boas novelas"; unha obra que "engancha', resulta verosímil e a pesar do tema (a Atlántida, tan tratada na literatura) aporta matices orixinais".

- Inma Otero Varela, "Un mundo feliz?", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 84-85.

Indícase que esta novela gañadora do Premio Blanco Amor 2011 trata dunha obra de intriga policíaca e explica os discursos narrativo e descritivo. Coméntase que a acción se desenvolve en Atl, a civilización das pantallas, no futuro, e que se produce a loita entre a máquina e o ser humano nun tempo no que a tecnoloxía o goberna todo, caracterizado pola manipulación e a desaparición da vida privada.

- Laura Blanco Casás, "Complexa e extraordinaria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 433, "Libros", 8 novembro 2012, p. VII/ *La Opinión*, *"Saberes"*, nº 385, "Letras galegas", 17 novembro 2012, p. 7.

Sinálase que esta novela foi publicada tras acadar o XXIX Premio Blanco Amor de Novela Longa 2011 e que é o resultado dun proceso longo e laborioso. Fálase do argumento da obra, na que ten lugar a confrontación entre os intereses dun goberno e dun biólogo especialista en Neuromecánica. Saliéntase a meticulosidade de Manuel Lourenzo González e convídase á reflexión sobre o que podería ser "a deriva da nosa sociedade".

Referencias varias:

- Marcos Zavala, "Una feria con carácter gallego", *La Opinión*, "A Coruña", 27 xullo 2012, p. 9.

Infórmase da celebración da feira do libro da Coruña, da que se di que ten un patrón continuísta con respecto a outros anos e que contará coa presenza de figuras ilustres da literatura como Manuel Rivas, Xosé Neira Vilas ou Agustín Fernández Paz. Faise referencia, entre os actos previstos, á presentación desta obra.

Momán, Alberte, *Vattene!*, Vigo: A Porta Verde do Sétimo Andar, col. Q de Vián Cadernos, n.º 12, 2012, 74 pp. (ISBN: 978-84-15164-78-4).

Relato longo de Alberte Momán (Ferrol, 1976) artellado a partir da circunspección dun interlocutor co que se atopa o narrador mentres viaxa en *jeep* por un deserto descoñecido. En varios capítulos alternos mestúranse dúas historias: a do narrador, de Coristanco, fuxindo do "Innomeable" e loitando por sobrevivir, e a do seu copiloto no deserto, que fora contratado en 1968 por un departamento secreto do goberno para comprobar se unha luz sospeitosa que se vía nese deserto tiña relación cunha facción reconstituída da antiga R. A. F. alemá. Ao longo da narración critícanse, entre outros aspectos, a guerra e o maltrato animal, así como normas absurdas que imperan na vida cotiá e nos conflitos armados, por medio de expresións como "Unha norma será sempre unha norma, polo que aínda que sexa errada, debería ser sempre respectada como alicerce fundamental da civilización" (p. 34) e "Interferindo no funcionamento do sistema, estaba a converterme eu mesmo nun renegado, o que me posicionaba fóra dos alicerces que sustentaban a estrutura" (pp. 34-35). Así mesmo reflexiónase sobre distintas actitudes e comportamentos do ser humano en relación coas normas estabelecidas, a fuxida, as mentiras dos outros, a soidade, a apatía, o sexo, a aparencia externa, a tenrura, as vítimas, a vida na cidade, o sentimento de culpa asociado ao pecado e á redención, os soños, a dobre moral e a necesidade de dar cunha saída aos problemas, entre outros.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, "O baile irredento", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 496, "Letras en galego", 8 decembro 2012, p. 10.

Primeiramente realízase un percorrido polas diversas publicacións do autor desta obra.. A continuación indícase que a súa publicación narrativa máis recente, *Vattene!*, é unha novela curta que versa sobre as "mentiras mil veces repetidas do presunto Estado de benestar".

Monteagudo, Xosé, *O curioso mundo das persoas normais*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 313, outubro 2012, 131 pp. (ISBN: 978-84-9865-459-2).

Novela na que Xosé Monteagudo (Moraña, 1965) describe en doce capítulos con título a vida de Tomás Fernández Expósito dende que é abandonado, con dous anos, ás portas do hospital até que falece nese mesmo centro hospitalario. Coñece o lectorado a historia da súa vida, de máis de setenta anos, na que Tomás viviu no hospital, agás unha fin de semana na que o enfermeiro Arturo o leva nunha ambulancia fóra deste. Na narración detállanse as súas reflexións, as súas vivencias, as súas conversas con outros enfermos e cos seus familiares, as súas relacións cos doutores Regueiro ou Valiño así como con numerosas enfermeiras -nomeadamente co enfermeiro Arturo e mais con coa enfermeira sor Natalia, a quen lle conta como foi abandonado ao pé do hospital-. Neste ambiente, Arturo imaxina como é o mundo fóra do seu hábitat e ao final do relato vemos como despois dunha entrevista cun xornalista o alcalde lle pon unha medalla e como morre sendo un personaxe querido. Despois destes doce capítulos temos unha "Nota do autor",

datada en setembro de 2012, na que Monteagudo comenta que esta historia está baseada na vida de Agapito Pazos, que viviu toda a súa vida no Hospital de Pontevedra e que faleceu en abril de 2010.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Cando o corrente é unha sorpresa", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 495, "Letras en galego", 1 decembro 2012, p. 8.

Dáse conta de que Xosé Monteagudo inspirouse nunha noticia xornalista para fixar o núcleo temático desta novela, que aborda a vida dun home internado nun hospital. Coméntase a crítica que subxace ao relato sobre o que é considerado normal na sociedade e, por conseguinte, practicamente inamovíbel.

- Ramón Rozas, "As cousas de fóra dende dentro", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 648, "Anaquel dos libros", 9 decembro 2012, p. 10/ "Cousas de fóra dende dentro", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Libros", 15 decembro 2012, p. 62.

Coméntase que o autor desta novela atopou nunha nova xornalística o motor para "atallar unha trama literaria". Faise fincapé na perspectiva do protagonista, marcada polo seu illamento social, e na descrición da relación deste co persoal sanitario, que supón a única oportunidade para romper "certas barreiras".

Referencias varias:

- Belén López, "Asumir o punto de vista de Agapito Pazos para esta novela foi un reto como escritor", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 4 decembro 2012, p. 77.

Entrevista a Xosé Monteagudo na que comenta como o coñecemento dun feito real o inspirou para escribir a súa novela. Destaca que utiliza o protagonista para facer un repaso a boa parte dos feitos históricos do século XX e que usar o punto de vista de Agapito non supuxo empregar a primeira persoa na narración.

- Belén López, "Agapito inspira a última novela de Xosé Monteagudo", *Diario de Pontevedra*, "Contraportada", 4 decembro 2012, contracuberta.

Faise eco da presentación da obra no Cultural. Recóllese que o autor gardou recortes de prensa sobre a vida e morte de Agapito Pazos para construír a partir deles o personaxe e que o resultado foi "unha novela luminosa e con humor". Remite a unha entrevista que aparece na páxina 77 dese mesmo xornal.

- Cuca M. Gómez, "El escritor Xosé Monteagudo protagoniza un acto de firma de libros", *Diario de Pontevedra*, "Gente", "A diario", 12 decembro 2012, p. 78.

Dise que o autor estivo asinando exemplares da obra o día anterior na libraría Cronopios.

Mosquera Paans, Miguel, *Viaxe a Lánsbrica*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaián, 2012, 202 pp. (ISBN: 978-84-15699-14-9).

Novela de Miguel Mosquera Paans que mestura a ficción histórica coas características propias da novela de aventuras. Os seus protagonistas, o pequeno Brais e o seu amigo Nemeto, convidan ao lector a unha viaxe a través do tempo na que se poderá asistir, dende a perspectiva do pequeno Brais, ás pasaxes máis relevantes da Historia da provincia de Ourense. Desta maneira o lectorado, avanzando en saltos cronolóxicos, coñecerá de primeira man acontecementos históricos como, entre outros, a invasión romana, os reinos xermanos, as revoltas irmandiñas ou as loitas antinapolenónicas.

Naz Fernández, Xosé Alfredo, *O sorriso de Hitler*, XI Certame Literario de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2012, 90 pp. (ISBN: 978-84-15400-54-7). ■

Novela curta de Xosé Alfredo Naz Fernández (Vigo, 1972) que se abre cun paratexto en forma de dedicatoria: "A Mara e Mencía, por suposto... e coma sempre", ao que seguen dúas citas, a primeira de Henry Miller ("Cada guerra é unha destrución do espírito humano") e a segunda de Adolf Hitler, momentos antes de suicidarse no seu búnker berlinés ("Mañá moitos maldicirán o meu nome"). A historia, narrada dende unha terceira persoa omnisciente, está protagonizada por Smith, un home en estado ebrio que se atopa nun apartamento cheo de fotografías en branco e negro que semellan ser da Segunda Guerra Mundial. Os xogos duns nenos na rúa provocan que os pensamentos que o apisoan cada día dende 1945 regresen á súa mente e que comece a lembrar episodios do conflito armado, no que tamén participara como reporteiro e cámara: experimentos científicos, campos de traballo e de exterminio e líderes fanáticos. Descríbese a barbarie nazi cun obxectivo: reflexionar sobre os límites da crueldade do ser humano. Smith prometera aos compañeiros copia de todas as fotografías, aquelas que o rodeaban no apartamento e non o deixaban continuar coa súa vida. O sorriso de Hitler producíalle arrepío e perseguíao a todas partes.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Aquel andazo da intolerancia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 477, "Letras en galego", 28 xullo 2012, p. 7.

Infórmase de que esta novela ficou galardoada na undécima convocatoria do certame de relato de aventuras Antón Avilés de Taramancos. Ofrécese un breve resumo do argumento e saliéntase que o autor tenta propiciar no lectorado unha reflexión sobre as consecuencias irreversíbeis que calquera conflito bélico entraña.

Neira Vilas, Xosé, *Esperando o leiteiro*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Neira Vilas, n.º 4, marzo 2012, 108 pp. (ISBN: 978-84-9865-421-9)

Novela de Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928) que se abre coa dedicatoria: "En memoria de Alejo Carpentier e Nicolás Guillén, mestres e amigos". Ten como protagonista un mozo campesiño que quere emigrar a Arxentina e o día que debe partir,

perde o coche de liña e decide agardar polo camión do leiteiro para que este o leve até Vigo, onde se atopa o barco que o deixará no seu destino, Bos Aires. Durante a espera, o mozo encóntrase con Emilia, unha muller que vai vender froita na praza de Santiago, e que, ao igual que el, agarda a chegada do camión. A eles únenselles Manuel e Antolín, o seu fillo miope, que van á cidade na procura dun médico que sande a súa doenza. Todos eles comezan a falar e a narrar recordos das súas vidas: a presenza do irmán de Manuel na guerra civil, os contos sobre Carlitos, o señorito da vila, os sentimentos do protagonista cara a Aurora, a súa namorada, e os medos que este ten ao abandonar a súa casa e marchar á cidade. Ademais, son continuas as referencias aos costumes da aldea e ao mundo labrego, sustento económico das familias. Así, o mozo campesiño protagonista da obra, mentres agarda a chegada do leiteiro, fai un percorrido polas vivencias da nenez, e manifesta a súa ilusión ao saber que chegou a hora de partir cara as Américas na procura dun futuro próspero, mais, ao mesmo tempo, reflicte o seu medo por afastarse da aldea que o viu nacer.

Recensións:

- Marga Romero, "Relato vivo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 412, "Libros", 26 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras Galegas", 28 abril 2012, p. 7.

Indica que esta obra carece de parágrafos, que emprega a técnica do monólogo en segunda persoa, que está ambientada nos anos 40 do século XX e subliña que é "un relato vivo que nos atrapa".

- Denís Vicente, "Realismo social comprometido", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "O espello das letras", abril, maio e xuño 2012, pp. 74-75.

Descríbese o fío argumental, trátanse as cuestións do estilo, a narración de carácter autobiográfico e os personaxes.

- Ramón Nicolás, "No remuíño da memoria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 471, "Letras en Galego", 16 xuño 2012, p. 10.

Subliña que esta novela contemporánea de Neira Vilas é un remuíño da memoria centrado no feito migratorio e onde o seu protagonista, mediante un monólogo, rescata as preocupacións presentes dende *Memorias dun neno labrego*.

- Vicente Araguas, "Neira Vilas tan axeitado", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina literaria", "Libros", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 733, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 733, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 15 xullo 2012.

Coméntase que esta novela é contada a través dun "ti autorreflexivo" e recoñécese a calidade, limpeza e compromiso que definen a escrita do seu autor. Indícase que a Galicia da posguerra conforma o escenario no que transcorre unha trama dependente do feito migratorio.

- Francisco Martínez Bouzas, "Esperando o leiteiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 24 agosto 2012, p. 50.

Dáse conta do argumento desta novela, na que Xosé Neira Vilas aborda, de novo, a materia migratoria. Saliéntase que o autor se serve de referencias autobiográficas e históricas, ademais dun humor axeitado, para retratar a realidade social que se viviu na Galicia de posguerra. Finalmente, alúdese ao coñecemento fundamentado sobre a temática elixida por parte do autor debido á súa condición de testemuña durante anos.

- Montse Pena Presas, "Antes de marchar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 424, "Libros", 6 setembro 2012, p. VI.

Fálase do argumento desta obra, na que o seu autor nos fai partícipes, novamente, da "dolorosa espiral da emigración".

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia en Galaxia esta obra de Xosé Neira Vilas.

- Ana Baena, "Neira Vilas: Se a tinta entra no sangue, non sae", *Atlántico Diario*, "Vigo", 12 abril 2012, p. 9.

Comenta a presentación desta obra na biblioteca Neira Vilas de Vigo da que se destaca o seu ton humorístico.

- N. V., "Neira Vilas inaugura a Feira do Libro de Ferrol que comezará o próximo día 19", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 12 abril 2012, p. 15.

Comenta que o 19 de abril de 2012 Neira Vilas lerá o pregón da Feira do Libro de Ferrol e que a seguir falará da súa obra *Esperando o leiteiro*.

- Jorge Lamas, "Esta novela evoca días feos, pero está narrada con humor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 abril 2012, p. 37.

Entrevista na que Neira Vilas, con motivo da presentación da súa novela *Esperando o leiteiro*, fala do seu argumento, da similitude do protagonista con Balbino e dos seus novos proxectos.

- Dolores Vilavedra, "Cara un novo Ano Rosalía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Día das Letras", "Rolda das letras", 17 maio 2012, p. 9.

Tras falar de cómo a crise está a afectar ao panorama cultural galego, menciónase a saída do prelo desta obra.

- C. V., "Neira Vilas define a súa novela como unha 'estravagancia' que espera repetir", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 43/ *La Opinión*, "Cultura", p. 54, 6 xuño 2012.

Indica que esta novela de Neira Vilas evoca as vivencias dun mozo antes de partir para a emigración a América.

- Lourdes Varela, "Xa non hai Lelos nin Balbinos, pero eu enténdome ben cos nenos de hoxe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 418, "Entrevista", 7 xuño 2012, p. V.

Conversa onde Neira Vilas fala de *Esperando o leiteiro* e subliña que nela retoma o fío da emigración que comezara con *Memorias dun neno labrego*.

- M. G. M., "La Feira do Libro presentará treinta novedades en sus diez días de vida", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 26 xullo 2012, p. 15.

Detállanse as actividades a celebrar durante a Feira do Libro, entre as que se destaca a presentación desta obra.

- Marcos Zavala, "Una feria con carácter gallego", *La Opinión*, "A Coruña", 27 xullo 2012, p. 9.

Infórmase da celebración da feira do libro da Coruña, da que se di que ten un patrón continuísta con respecto a outros anos e que contará coa presenza de figuras ilustres da literatura como Manuel Rivas, Xosé Neira Vilas ou Agustín Fernández Paz. Faise referencia, entre os actos previstos, á presentación desta obra.

- Víctor Freixanes, "Igual que corren os bicos", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 5 agosto 2012, p. 19.

Entre outros asuntos, recomenda a lectura de *Esperando o leiteiro*, de Xosé Neira Vilas, e comenta a celebración da Feira do Libro da Coruña.

- Charo Alonso, "Cen anos de lembranzas", *La Opinión*, "A Coruña", 8 agosto 2012, p. 11.

Con motivo da presentación na Feira do Libro da Coruña de *Esperando ao leiteiro*, fálase desta obra e destácase o tema que trata, a emigración, e relaciónase o argumento da obra con outras do autor. Saliéntase a presenza do humor, ausente da produción anterior.

- Marcos Zavala, "Mil y un libros para combatir el calor", *La Opinión*, "A Coruña", 9 agosto 2012, p. 8.

Coméntase o que poden atopar os asistentes á cuadraxésimo primeira edición da Feira do Libro da Coruña. Destácase a presenza, entre outros, de escritores galegos como Xosé Neira Vilas e a presentación de obras como *Esperando o leiteiro*.

- Olalla González, "Verán ou inverno, domingo ou luns, eu escribo todo o ano", *El Progreso*, "*De verano*", "Entrevista", 11 agosto 2012, p. 66.

Con motivo da publicación de *Esperando o leiteiro*, Ollalla González entrevista a Xosé Neira Vilas. O autor comenta a súa relación coas novas tecnoloxías e recomenda *Esperando o leiteiro* como lectura para un día de calor.

- J. M. Ramos, “Neira Vilas llevó a la praza dos Libros de Carballo su obra ‘Esperando o leiteiro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 28 agosto 2012, p. 31.

Coméntase que un dos actos centrais da Praza dos Libros de Carballo estivo protagonizado por Xosé Neira Vilas, que presentou e firmou exemplares de *Esperando o leiteiro*.

Novo, Isidro, *Sinistra deixa*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2012, 240 pp. (ISBN: 978-84-15400-53-0).

Novela de Isidro Novo (Lugo, 1951) de misterio e fantasía, que xira arredor dos estraños acontecementos que sufriu Delio Freixeiro tras herdar inesperadamente o Pazo de Valroibén e que lle supuxeron o seu ingreso nunha clínica médica. A historia ten dous tipos de narradores, un en primeira persoa, correspondente ás vivencias de Delio Freixeiro baixo a influencia dos devanditos acontecementos e outro en terceira persoa omnisciente, presente no resto da obra, que conta principalmente a maneira en que Procopio Conceição, Flaviana e Bieito investigan a orixe dos feitos e como evoluciona a situación despois de conseguir remediar os problemas de Delio, nun contexto en que os rituais máxicos son fundamentais.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Máis alá da razón”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 472, “Letras en Galego”, 23 xuño 2012, p. 9.

Afirma que esta obra presenta un argumento con acontecementos paranormais, que daría un inmellorábel “guión cinematográfico” e destaca a presenza de vivencias, conversas e relacións sentimentais.

- Armando Requeixo, “Escritura orixá”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 424, “Libros”, 13 setembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 378, “Letras galegas”, 22 setembro 2012, p. 7.

Comenta brevemente o argumento desta novela, que nos fai partícipes da transformación dun emigrante galego ao Brasil, a través do “candomblé orixá”, nun mestre espiritual de toda unha comunidade. Critica, entre outros aspectos, a previsibilidade que entraña a trama da obra e a caracterización dos seus personaxes, mais comenta que a pesar disto a obra é “orixinal e intensa”, por tratar temas inexplorados.

Referencias varias:

- Xoán A. García, “Ao son da gaita, no couto”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La Ventana”, 12 xuño 2012, p. 10.

Comenta que vén de ler esta novela e indica que merece ser lida dun tirón e mais cualifícaa como "una boa novela" dun autor "que se pode considerar cos importantes de España".

- Rodri García, "Considero a poesía un pouco escindida da literatura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 484, "O escritor do mes", 15 setembro 2012, p. 12.

Comeza botando man das palabras referidas por Ramón Nicolás a Isidro Novo escritas no mesmo suplemento días atrás. A seguir, reprodúcese a entrevista na que Novo explica as razóns polas que escolleu o mundo paranormal para a súa última novela, *Sinistra deixa*, e fai comentarios sobre obras escritas con anterioridade.

Pena, Xosé Ramón, *Como en Alxeria*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, 2012, 232 pp. (ISBN: 978-84-9914-435-1).

Novela de corte histórico de Xosé Ramón Pena (Betanzos, 1956), que recrea un acontecemento real de finais dos cincuenta e principios dos sesenta protagonizado por un grupo de mozos que tratan de estabelecer un movemento de liberación nacional a imitación de levado a cabo en Cuba e Alxeria, a pesar da desaprobación do seu mentor, Vicente de Santiago, membro da xeración que fundara Galaxia. A aparición dunha actriz mexicana na vida dun deles, Xosé Ánxel Viana, levaraos a pasar da discusión e o debate político á acción. A narración mestura tres discursos para construír a historia. Iníciase o relato cunha conversa na que Vicente de Santiago intercede polos mozos diante dun mando da Garda Civil, excompañeiro seu durante a guerra de 1936. Este diálogo dá paso aos outros dous tipos de discurso: unha narración en terceira persoa, que debulla a evolución do grupo de mozos, e unha entrevista realizada na actualidade a Xosé Ánxel Viana, quen fai memoria sobre o sucedido.

Recensións:

- Dolores Martínez Torres, "Esclarecedora revisión", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 430, "Libros", 18 outubro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 381, "Letras galegas", 20 outubro 2012, p. 6.

Faise eco do "innegable espírito cinematográfico" da novela *Como en Alxeria*, a cal comeza cunha escena de suma importancia para os acontecementos que proseguirán a través de dúas liñas: o relato dun narrador externo e a conversa entre un mozo investigador e o protagonista, quen xa é ancián e perdeu a súa empatía polas ideoloxías, mais non polos ideais. Tamén se engade que a inclusión de datos históricos non resta nin un ápice de "vivacidade" ao transcurso da trama.

- Francisco Martínez Bouzas, "Como en Alxeria", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 19 outubro 2012, p. 42.

Dáse conta da saída do prelo desta novela, na que Xosé Ramón Pena reflicte "o horizonte de esperanza liberadora" que supoñían os movementos revolucionarios, como era o caso de Alxeria, para a mocidade galega da década dos anos cincuenta e comezos dos sesenta que tentaba fuxir da ditadura franquista. Indícase que o autor se inspira en

acontecementos reais para idear un relato protagonizado por un grupo galeguista e, asemade, para plasmar as diversas formas de entender o galeguismo.

- Armando Requeixo, "Canción de Alxer", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 747, "Letras Atlánticas", p. 27/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 747, "Letras Atlánticas", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 747, "Letras Atlánticas", p. 33, 21 outubro 2012.

Comeza falando do "oficialismo" que subxace á documentación histórica, o cal fai invisíbeis a moitos dos acontecementos que tiveron lugar. A seguir, refire que esta novela constitúe a mostra "dunha falla na placa tectónica da historia de noso" e ofrece un resumo do argumento. Tamén salienta a inclusión dunha historia de amor na trama e a caracterización do personaxe de Paloma. Finalmente, afirma que esta novela achegará moito "a quen queira ollar con novos óculos".

- Ramón Nicolás, "Ficción e historia no galeguismo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 497, "Letras en galego", 15 decembro 2012, p. 10.

Indica que Xosé Luís Méndez Ferrín puxo de manifesto, recentemente, a cantidade notábel de ensaios e libros de ficción que versan sobre a historia do galeguismo na época da ditadura franquista e opina que esta novela podería ser incluída baixo esta epígrafe. Cualifica o labor de documentación por parte do autor como "excelente" e salienta que a novela posúa como eixe "a recreación dun capítulo do noso pasado" no que se tentou cambiar o transcurso dos acontecementos.

- Vicente Araguas, "Como en Alxeria", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", nº 755, "Libros", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 755, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 755, "Libros", p. 34, 16 decembro 2012

Coméntase que con esta novela o autor tenta "que a historia non sexa fin senón medio" e alúdese á interrelación entre o eido real e fantástico, a cal conforma unha constante no transcurso da trama. Dálle os parabéns a Xosé Ramón Pena por ser quen de mesturar, axeitadamente, descricións e diálogos cheos de reflexións e citas literarias e musicais. Para rematar, subliña a relevancia que entraña a lectura das páxinas 185 e 186 por conter "a clave da cuestión".

Pérez Rei, Mariña, *Contrapicados*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa, 2012, 207 pp. (ISBN: 978-84-7824-622-9).

Novela coral de Mariña Pérez Rei (Ames, 1966), dedicada a Pilar Sánchez Rey, na que se relatan as horas que pasan diversos personaxes pola sala de Preingresos dun hospital. Non se distribúe en capítulos, malia poder distinguir certas partes ben delimitadas. En primeiro lugar, os titulares dos xornais, que ben poderían estar incluídos na sección de sociedade e que ofrecen, a maior parte deles, estatísticas ao redor de diversos aspectos do día a día. En segundo lugar, unha voz narrativa omnisciente que, a través da angulación da cámara, con planos en contrapicados, presenta os dispares personaxes, os máis deles pacientes (e acompañantes, ás veces), como é o caso do adolescente Fiz, acompañado polo seu inseguro pai Estevo; Avelina, unha muller desilusionada que viviu a emigración, a quen acompaña o seu esposo, Ernesto; María Luísa, que se sente

culpábel por deixar só ao seu recén nacido na casa da nai,.... Con todo, tamén a cámara se dirixe, por veces, ao persoal sanitario. Dentro dese amplo conxunto da masa coral distínguense personaxes principais e outros secundarios, pois non é casual que nalgúns casos sexan tratados como simples "cameos". Xa que logo, a voz narrativa omnisciente ofrece con detalle as circunstancias clínicas e persoais dos enfermos do hospital roubándolles a súa intimidade, pois o obxectivo da cámara vai máis alá do que se ofrece a simple vista. Como complemento ao que amosa o enfoque da cámara, están as partes da novela escritas en cursiva que, ademais de supor un afastamento con respecto aos personaxes (non se mencionan en ningún momento), son reflexións diversas sobre o tempo vivido, os sentidos, a soidade, o corpo, as emocións, a indignación, os ruídos, a escuridade, o transcorrer das horas ou o silencio.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Vidas hospitalarias", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 427, "Libros", 27 setembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 379, "Letras galegas", 6 outubro 2012, p. 7.

Explica que nesta novela se mesturan novas de prensa, reflexións filosóficas e teselas de vidas, a música e o cinema. Indica que as vidas paralelas de múltiples e diversos personaxes internados nun centro médico son a cerna da trama desta novela, na que Mariña Pérez Roi convida a reflexionar sobre "as luces e sombras das diferentes idades vitais".

Referencias varias:

- C. B., "La escritora amiense Mariña Pérez presentó ante cien personas su novela *Contrapicados*", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 xullo 2012, p. 35.

Anúnciase a presentación deste volume no Pazo da Peregrina de Bertamiráns dentro do programa municipal de Ames de apoio e promoción de autores deste concello.

Piñeiro, Ariza, *Contos de soños e sombras*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaián, 2012, 207 pp. (ISBN: 978-84-15699-16-3).

Libro de relatos de Ariza Piñeiro composto por trece contos breves de terror psicolóxico onde os soños son un dos elementos principais. O primeiro dos textos, intitulado "Xamais voltarei ao pazo" (pp. 9-78), conta a historia dun grupo de amigos que deciden pasar a fin de semana no pazo do seu pobo convidados por dous mestres, onde pasarán cousas moi estrañas. O segundo, intitulado "Coutelle" (pp. 81-92), narra o que lle acontece a un mozo que esperta nunha paraxe estraña e descoñecida ao lado dunha moza chamada Coco. Ambos, desmemoriados, sufriron un accidente de tráfico. O terceiro, "Frío asfalto de noite e néboa" (pp. 95-99), relata o traxecto por carreteira do seu protagonista, na noite, asediado polo sono. O cuarto relato, intitulado "A rapaza do meu soño" (pp. 103-106), narra o secuestro de catro rapazas louras de ollos azuis e pel branca, iguais á muller do soño da secuestradora. "Os soños da loucura" (pp. 109-110) é o quinto, que afonda no pesadelo do seu protagonista no vagón dun tren. O sexto relato, "A lenda do pequeno trasno" (pp. 113-123), conta a historia dun pequeno trasno que

anda na procura da resposta a dúas cuestión transcendentais para el. O sétimo, "Naraia" (pp. 127-136,) está protagonizado por un home que se traslada a vivir a unha casa onde perdera a vida unha muller chamada Naraia, que se lle aparece todas as noites. "Noite de Blues" (pp. 139-149) é o seguinte, que se detén na historia dun camareiro que lle conta a traxedia da súa vida a un cliente: a morte da súa amada. O noveno, "A daga e o pergamiño" (pp. 153-160), conta como un home que viviu parte da súa vida como o Conde de Aral tras matar ao verdadeiro Conde, posto que posuía un daga que podía transmutar as almas. O décimo relato é"Lenda urbana número 90" (pp. 163-166), onde o autor reflexiona sobre as relación estabelecidas por internet. "Crime non moi perfecto" (pp. 169-184) acolle a historia de Feli e Martina cando planean asasinar aos Van der Horst. Tras a primeira noite xuntos como parella, a desgraza recae sobre un mozo: a súa muller falece repentinamente. Isto é o que ocorre en "Prometinche amor eterno" (pp. 187-193). O mozo, triste, decide encerrarse na súa casa e tras a visita do pantasma da súa muller, aparece morto el tamén. O relato número trece, intitulado "Que o diaño me leve" (pp. 197-205) relata historia dun grupo de homes que aparecen mortos tras ver a unha muller moi fermosa a que tan só poden ver eles.

Quintiá, Xerardo, *Hotel Cidade Sur*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 307, 2012, 159 pp. (ISBN: 978-84-9865-413-4).

Esta novela fragmentaria ou compilación de oito relatos de Xerardo Quintiá (Friol, 1970), concíbese como un proxecto cuxa unidade e coherencia supera o feito de que un Hotel Cidade Sur, dun ou outro xeito, apareza citado en cada un dos relatos. O primeiro deles, "A cidade infinda", é un relato escrito dende a interioridade e a memoria, dividido en tres partes: a primeira, unha extensa descrición dunha visita que mamá realiza ao hospital, os medos do neno (o seu fillo) e a sensación de que algo se lle oculta; a segunda, unha visita no mesmo día á casa de tía Xenoveva na propia cidade, en Lugo; e a terceira, a aprendizaxe da vida xa como estudante, cunha nai finada logo daquel verán de consultas, enfiada co recordo de anécdotas da infancia. "The Paporrubio's Band" é xa un relato de xuventude e madurez, no que se describe como a ligazón do protagonista a un proxecto e unha escolla vital (unha banda de rock adolescente) se ve truncado ante a oposición de Laura, a súa parella e despois esposa… "A excursión, un segredo", atende, dende a tenrura e o realismo, á historia dun neno e o seu primeiro bico cunha rapaza. O cuarto dos relatos, "Un abrazo entre a néboa", é un relato de xuventude, expresado a partir dunha cita de Sam Wollinsky e centrado na enteireza do xesto de Dj Machukito, que debuxa en *graffiti* o nome da moza que lle gusta no paredón do Hotel Cidade Sur. Outro adolescente a descubrir a vida e con problemas académicos, é o protagonista de "Un libro de John Berryman", cuxa pulsión poética non é ben entendida na casa. "Romeu & Xulieta, unha historia" volve vadear nas augas adultas das decisión e as coincidencias. Romeu atropela a unha muller chamada Xulieta que vén a funcionar como contraposición e catalizador da situación de parálise e rifas no seu matrimonio. En "Un prado cheo de galiñas", cuxo título remite ao simbólico soño dunha das dúas protagonistas, debúxase a complexa, paciente e tenra relación entre unha nai con alzhéimer, Ramona, e a súa filla Rita. En "A derradeira propina", o relato de peche, ficcionalízase unha viaxe do escritor Raymond Carver a Lugo, e apoiándose narrativamente nalgún dos poemas do autor (que o lectorado máis poético será quen de descubrir), debúxanse os últimos anos da vida deste, o momento no que coñeceu a Tess Gallagher e o proceso de escrita dun poema "definitivo". Sendo un relato sobre o paso do tempo, a revisión memorística da vida e o agradecemento ante

aquilo que nos é dado, encerra e condensa de modo sutil a aura temática de todos os contos anteriores. Estilisticamente, a prosa de *Hotel Cidade Sur* aposta pola claridade, a credibilidade e frescura nos diálogos, o coidado poético das descricións e o manexo do ritmo.

Recensións:

- Dolores Vilavedra, "De memoria e memorias", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 marzo 2012, p. 10.

Repasa varias publicacións que viron a luz en 2012 e con respecto a esta que agora nos ocupa indica que se trata dun conxunto coherente de relatos de sólida estrutura que xiran ao redor do sentido da vida e do papel da arte. Salienta que a ollada tenra sobre os personaxes vese matizada pola presenza do humor e que é, ademais, unha narración metaliteraria pola que pasea Raymond Carver.

- Armando Requeixo, "Xerardo Quintiá, animal melancólico", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 717, "Letras Atlánticas", "Libros", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 717, "Páxina literaria", "Letras Atlánticas", p. 33, 25 marzo 2012.

Comeza facendo un repaso pola produción narrativa de Xerardo Quintiá e manifesta que este libro de contos está composto por oito historias "ben características do modus scribendi do friolés". Asemade explica que o fondo de todas as historias de *Hotel cidade sur* e incluso os seus personaxes conectan directamente coa narrativa xa publicada por Xerardo Quintiá.

- Laura Caveiro, "Grandeza das pequenas cousas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 410, "Libros", 12 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras Galegas", 14 abril 2012, p. 6.

Indica que estes oito contos se asentan no imaxinario hotel construído a finais dos setenta do século XX nunha vila trasunto de Lugo. Comenta que en *Hotel cidade sur* todo soa ben e que nel o seu autor domina con habelencia a arte de manter, con elipses, descricións e saltos atrás, o interese do lector.

- Vicente Araguas, "Contos de paixón", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella!*", "Páxina literaria", "Libros", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 720, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería!*", n.º 720, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 15 abril 2012.

Comenta os vencellos desta obra con Raymond Carver e con Chekhov e asemade apunta que as súas oito historias condensan o seu mundo.

- Jaureguizar, "Xerardo Quintiá narra un Lugo 'rururbano' en dous tempos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 25 maio 2012, p. 68.

Considera que esta novela está protagonizada por persoas que emigran do rural ao urbano buscando continuar a súa vida e que a unidade destes oito relatos radica no tránsito dos personaxes polo hotel que lle dá título ao volume.

- Ramón Nicolás, “Nas almas, sopridos de recordos”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 474, “Letras en Galego”, 7 xullo 2012, p. 9.

Comenta que esta obra presenta o recurso literario inspirado na práctica da evocación e da lembranza e mais que nela vemos historias en que os protagonistas buscan un elemento que os axude a entenderse a si mesmos.

- Xosé Carlos Caneiro, “Acto estético”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 476, 21 xullo 2012, p. 11.

Xosé Carlos Caneiro indica que na súa mesa no últimos días figuran Xerardo Quintiá, con *Hotel Cidade Sur*, e Manuel Lourenzo González, con *Atl*. Do primeiro afirma que se trata dun libro de “obrigada lectura” do que ofrece algún trazo argumental e no que hai “xogos metaliterarios de altísimo nivel”.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *La Opinión*, “*Saberes*”, “Letras galegas”, n.º 359, 17 marzo 2012, p. 7.

Nesta sección fixa descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntanse as liñas temáticas fundamentais. Tamén se describen *De Xente Nova a Brais Pinto* (2012), de Xosé Fernández Ferreiro; *Diario de inverno* (2012), de Paul Auster e *A Illa do Tesouro* (2012), de Robert Louis Stevenson.

- Lourdes Varela, “Escribir sobre o *lado escuro* non é máis doado, pero si máis interesante”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 403, “Entrevista”, 22 marzo 2012, p. V.

Entrevista na que o autor reflexiona sobre este libro de relatos así como a súa faceta como poeta e como autor de literatura infantil.

- María L. Viñas, “A música de sete escolas porá a nota á trixésima Feira do Libro de Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 12 maio 2012, p. 63.

Fálase, entre outras cousas, da Feira do Libro de Lugo que celebra o seu 30º aniversario e destácase a presentación dalgunhas obras presentadas en dito recinto como: *Hotel cidade Sur*, de Xerardo Quintá.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 18 maio 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na Feira do Libro de Lugo.

Regueira, Mario, *Outono aquí*, Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2011, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa, 2012, 179 pp. (ISBN: 978-84-7824-616-8). ■

Novela realista de Mario Regueira (Ferrol, 1979) que trata da vida no rural galego e na cidade, de emigración, de amor e de malos tratos e xenreira. Preséntase dividida en doce capítulos. Á súa vez, cada un dos pares subdivídese en seis subcapítulos. Os primeiros levan o título de cancións, "Les feuilles mortes", "Gloomy Sunday", "I Heard It Trough The Grapevine", "So long Marianne", "Strangers in the night", "La mer", "Let´s Face The Music and Dance" e "Cherich" e o derradeiro o de "Outono aquí". A voz narradora combínase coa dos personaxes e os saltos no tempo son unha constante ao longo de todo o relato. Cóntase a historia de dous irmáns dunha pequeña vila galega, Guillerme e Xoán. O máis xove, Guillerme, quedara na vila despois da morte dos seus pais mentres que Xoán, que era cantante, marchara a Compostela, logo a Barcelona e a París, para rematar finalmente en Gante, Bélxica, gozando dun considerábel recoñecemento no mundo da música. Guillerme, aínda cativo, sentírase naquel momento abandonado e foi xerando até a súa madurez unha profunda xenreira cara ao seu irmán. Despois de moitos anos sen saber del, Xoán, que está morrendo de cancro, reclama a presenza do seu irmán en Gante. Guillerme, desconcertado, acode alí, coñece a unha muller galega e descobre a realidade da historia familiar, chea de enganos, maltrato e abusos. Comprende tamén que todo iso fora o detonante da marcha do irmán maior. Todo aclarado, os dous irmáns, Irene e Axel, o mozo de Xoán, comparten as derradeiras semanas de vida deste último. A través dos personaxes descritos por Regueira, o lector pode apreciar os contrastes entre unha vida marcada polo éxito e outra abocada ao desacougo e ao fracaso social.

Recensións:

- Dolores Martínez Torres, "Logrado retrato", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 15 marzo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 360, "Letras Galegas", 24 marzo 2012, p. 6.

Repasa o argumento desta narración subliñando que é un logrado retrato de personaxes que avanza mentres se reconstrúen feitos pasados.

- Dolores Vilavedra, "De memoria e memorias", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 marzo 2012, p. 10.

Repasa varias publicacións que viron a luz en 2012 e con respecto a esta que agora nos ocupa salienta que vertebra de xeito fluído temas como a memoria e a loita por atopar a propia identidade e que ten como transfondo a alienación por mor da desvertebración da formas tradicionais de vida. Comenta que o comezo fortemente climático permite albiscar a potencia narrativa do texto.

- Gabriel Pérez Durán, "Seres á procura de sentido ao que se amarrar", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "O espello das letras", abril, maio e xuño 2012, pp. 73-74.

Tras indicar o tema e fío argumental, menciónase unha novela anterior do autor, *L'affiche rouge* (2007), e saliéntase o equilibrio existente entre as diferentes ficcións.

- Manolo do Río, “Outono aquí”, *ABC*, “*Artes&Letras*”, n.º 41, “Galicia”, “Libros”, “As follas vivas”, 26 maio 2012, p. 5.

Sinala que en *Outono aquí* realízase un percorrido pola música, pola memoria e polas identidades. Asemade apunta que estamos perante unha auténtica “pièce de résistance” cun maxistral emprego da técnica literaria e cunha grande habelencia na elaboración dos retratos.

- Ramón Nicolás, “Ferida aberta”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 409, “Letras en galego”, 8 setembro 2012, p. 8.

Primeiramente, apúntase que esta novela resultou galardoada na última edición do Premio de Novela Curta Lueiro Rey. A continuación, saliéntase a importancia do capítulo inicial, que leva por título *Un espertar tras unha intervención cirúrxica,* e ofrécese un resumo do argumento. Para rematar, faise fincapé no brillante deseño dos personaxes e cualifícase a novela como “case un estado de ánimo”.

Referencias varias:

- A. Baena, “Exposiciones, cafés y cuentacuentos a favor de la lectura”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Día Internacional del Libro”, 24 abril 2012, p. 13.

Comenta os diferentes actos que terán lugar en Vigo co gallo do Día do Libro e subliña que un dos libros máis demandados dentro da literatura galega é *Outono aquí*.

Reigosa, Carlos G., *Tras da Corda*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria, n.º 315, febreiro 2012, 317 pp. (ISBN: 978-84-9914-337-8).

Este libro recolle todos os relatos que Carlos González Reigosa (A Pastoriza, 1948) publicou nos volumes *Homes Tras da Corda* (1982) e *As pucharcas da lembranza* (1986). Cómpre sinalar que os textos desta reedición conservan a mesma estrutura e presentacións orixinais, están lingüisticamente normativizados e asemade o propio Reigosa comenta nunha “Nota previa” que Tras da Corda é un topónimo sociolóxico que logo aparecería noutras obras como *Intramundi* (2002). A reedición de *Homes Tras da Corda* presenta un prólogo de Ánxel Fole, datado en Lugo en 1982, mais unha presentación intitulada “Malicia literaria” de Alfredo Bryce Echenique, datada en Perú en 2001, que aparecera na edición en español desta obra publicada en 2001. A seguir temos o limiar de Carlos G. Reigosa, datado en Santiago de Compostela en 1982, no que describe a terra que o viu nacer e explica a xénese e as características desta obra de oito relatos titulados dos que sete deles se desenvolven en *Tras da Corda* e que presentan grande influencia da literatura popular de transmisión oral con lendas, crenzas ou anécdotas que lles acontecen a personaxes imaxinarios de *Tras da Corda*. Os oitos relatos de *Homes Tras da Corda* son: “O tesouro de Petro Xesto”, “O milagre que lle pasou ó Eladio”, “O párroco don Manoliño”, “A xustiza da madriña”, “O Ramiro de Braña (ou A maldición do cacique)”, “As moitas paixóns do Cholas”, “Cando o Nilo se foi” e “A noite dos cans doentes”. A seguir reprodúcese o outro libro de relatos de Reigosa, intitulado *As pucharcas da lembranza* e que conta cun limiar obra de Valentín Paz Andrade, datado en 1984, e titulado “A Serra ó fondo” onde debulla as fortes afinidades entre este libro e *Homes Tras da Corda* (1982) e onde explica a posición

senlleira da narrativa montañesa de C. Reigosa. Tamén conta cun texto titulado "As pucharcas", no que o autor se centra na importancia das pucharcas. Finalmente reprodúcense os sete relatos que compoñen *As pucharcas da lembranza* e que levan por título: "A medalla de Xeneroso Lamas", "Os talentos do Mourán", "A triste fin de Xácome Las", "Os testemuños do Milios (chistada popular)", "Os poderes do Revinxe", "O trato de Xan do Miúdo" e mais "A secreta aventura do Feitío".

Recensións:

- Xosé Carlos Caneiro, "Primaverando", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 461, "Letras en Galego", 31 marzo 2012, p. 11.

Explica que esta obra amosa o Carlos G. Reigosa máis xenuíno e que con ela lle ofrece ao lector a "cartografía do seu territorio mítico, particular Macondo" no que se desenvolven as creativas aventuras e desventuras de *Tras da Corda*.

- Rocío Moar Quintela, "Espazo mítico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 411, "Libros", 19 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras Galegas", 21 abril 2012, p. 7.

Resalta que as historias e os protagonistas de *Tras da Corda* son sempre coherentes e verosímiles e que coa súa publicación Xerais celebra o trinta aniversario de Carlos G. Reigosa como narrador.

- Armando Requeixo, "Obsolescencia programada", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella!*", "Páxina literaria", "Letras Atlánticas", p. 25/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 721, "Letras Atlánticas", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 721, "Páxina literaria", "Letras Atlánticas", p. 33, 22 abril 2012.

Asegura que"hai libros que avellentan mal" e que *Tras da Corda* xa estaba debuxada no esencial en Fole e Cunqueiro e que conforma unha reescrita en homenaxe "que non supera o modelo que imita, máis nada". Recalca que despois de telo lido cando era estudante, despois en 2006 e agora en 2012 o resultado é que as eivas da súa escrita "facíanseme aínda máis visibles".

- Vicente Araguas, "Ao día de hoxe", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella!*", n.º 654, "Páxina literaria", "Libros", p. 26/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería!*", n.º 727, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 3 xuño 2012.

Coida que o mundo de Reigosa é debedor de si mesmo e que despois da lectura de *Tras da Corda*, que recolle os relatos *Homes de tras da Corda* (1982) e *As pucharcas da lembranza* (1986), considera que ten a sensación de estar ante unha "literatura grande" e cualifica ao seu autor como un "mestre do relato". Finalmente recomenda a lectura do prólogo de V. Paz Andrade como excelente mostra da súa faceta como crítico literario.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia *Tras da Corda*.

- C. Franco, "O libro conta a Galicia de onde vimos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 marzo 2012, p. 46.

Entrevista na que Carlos G. Reigosa se detén na súa faceta como escritor e comenta algunhas das características de *Tras da Corda*.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 22 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 361, 31 marzo 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase a tensión narrativa e a prosa fluída. Tamén se describen *As tortillas do Xeneral* (2012), de Xosé Lois Ripalda; *2044* (2011), de Eduardo Santiago e *Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía* (2012), de Charo Portela Yáñez.

Reimóndez, María, *En vías de extinción*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, xuño 2012, 400 pp. (ISBN: 978-84-9914-382-8).

Novela de aprendizaxe de María Reimóndez (Lugo, 1975) que se abre co paratexto en forma de cita: "Á miña avoa Marina, a Celia e a Manuel e ao meu pai, por deixarme a lingua e as montañas. Á miña nai, a árbore máis rexa. Ás persoas que traballan dende as raíces propias e colectivas". Conta cunha orixinal estrutura cuxos oito capítulos -de extensión diversa- se organizan por nomes de árbores artellados arredor dunha "cerna": "Toxo", "Abeleira", "Uz", "Carballo", "Acivro", "Pradairo", "Cerna", "Castiñeiro". Os cinco primeiros divídense da seguinte maneira: "Veta III", "Veta II", "Veta I", "Cerna", "Veta I", "Veta II", "Veta III"; e os tres últimos tan só en tres subapartados como os anteriores que van alternando. Esta novela está protagonizada por Gaia, unha forte e solitaria muller grazas a que o lectorado percorre dous mundos opostos aínda que complementarios, o da natureza e o da cidade. O proceso de formación e aprendizaxe de Gaia -antes Mariña- ten lugar nestas páxinas, dende o seu nacemento até aproximadamente os trinta e cinco anos. As súas aventuras dan pé á autora para reflexionar sobre a intimidade das persoas, o papel das mulleres, a sociedade contemporánea, a diversidade cultural, o ecoloxismo ou a defensa do galego, entre outras cousas. Transcéndese, por tanto, a historia de Gaia -narrada dunha forma non lineal por un narrador en terceira persoa-, para deixar paso a todo tipo de análises que esixen un posicionamento. Neste senso, a autora é quen de combinar ficción literaria e discurso ideolóxico. Pecha a obra un apartado de agradecementos no que Reimóndez se lembra de todos os que a apoiaron, dalgunha maneira, na creación desta novela.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Rebeldía e heterodoxia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 475, "Letras en galego", 14 xullo 2012, p. 9.

Coméntase que o eixe ao redor do que xira esta novela consiste na defensa das convicciónns tanto individuais como de proxección colectiva. Saliéntase que este volume, no seu conxunto, supón un retrato do momento actual e que, entre outras, o respecto polo propio idioma e a situación ecolóxica galega se abandeiran como temáticas de suma importancia no transcurso do argumento. Tamén se indica que o feito de que cada epígrafe se corresponda co nome dunha árbore non responde á explicacións fortuítas e que a narración dos acontecementos se inicia "*in media res*".

- Montse Pena Presas, "Contra a indiferencia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 426, "Libros", 20 setembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 378, "Letras galegas", 29 setembro 2012, p. 7.

Primeiramente, menciónanse obras anteriores de María Reimóndez facendo fincapé na súa escrita de carácter reivindicativo. A continuación, focalízase a atención na obra que nos ocupa e explícase que Mariña/ Gaia será a protagonista encargada de achegarnos a dous micromundos diferentes: o universo natural, no que se preserva a seguridade e os valores, e o universo urbano, no que figuran elementos como o medo ou a falsidade. Tamén se fai eco de que o feminismo, o ecoloxismo e a defensa da lingua conforman os piares da trama, na cal a autora aposta por combinar a ficción co propio discurso ideolóxico.

- Lorena López López, "O posicionamento crítico como motor de liberdade", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 86-87.

Explícase que nesta novela de María Reimóndez se mesturan diferentes tempos e lugares e se desenvolve a historia de Gaia, a protagonista. Destácase a crítica que se realiza sobre as actitudes non respectuosas coas liberdades individuais, as inxustizas cometidas contra os que non teñen poder ou a destrución do medio. Salienta a boa construción dos personaxes.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia *En vías de extinción*, de María Reimóndez.

- Sara Vila, "María Reimóndez. Busco o cambio dende a rebeldía", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 632, "Entrevista", 19 agosto 2012, p. 4.

Entrevista a María Reimóndez na que entre outras cuestións fala da novela que aínda está a presentar, *En vías de extinción*. Reimóndez afirma que esta obra non é autobiográfica e sinala que é a primeira entrega dunha serie de historias que aínda está a completar.

- L. F. B., "Que sexa noticia o feito de que unha muller protagonice un libro é triste", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 3 outubro 2012, contracuberta.

Dáse conta da presentación na libraría Lila de Lilith desta obra de María Reimóndez. Recóllense as palabras da escritora nas que comenta as razóns da escolla da protagonista e nas que tamén advirte o que o lectorado vai atopar nesta súa novela que invita a ler.

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 29 novembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na Biblioteca municipal Ágora da Coruña.

Ripalda, Xosé Lois, *As tortillas do Xeneral,* Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, 2012, 188 pp. (ISBN: 978-84-7680-687-6).

Novela realista do escritor Xosé Lois Ripalda (Erbedeiro, Carballedo, Lugo, 1940) na que por medio dun narrador en terceira persoa e a voz dos personaxes se relata a vida de Adrián, protagonista da historia, dende os seus orixes até a súa tráxica morte. Comeza cun paratexto en forma de dedicatoria ("En lembranza do avó…") seguido dun limiar no que o autor presenta o contexto histórico e social no que se encadra a obra, que vai dende as derradeiras décadas do século XIX ata mediados do século XX, concretamente o ano 1939. O argumento desenvólvese en trece capítulos nos que Adrián, fillo dunha estudante de maxisterio de Ourense e dun tenente do exército, tras pasar a súa infancia no pobo coa súa avoa, onde aprende a amar a natureza, e nun colexio eclesiástico, do que é expulsado, múdase a Oviedo por mor do traslado do seu pai. Alí trúncase a súa carreira de estudante debido á inesperada morte dos seus proxenitores e remata traballando nun mesón grazas ás súas mañas para facer tortillas. É esta habilidade a que fai que o seu destino quede ligado á do "Comandantiño", famoso heroe de guerra (trasunto literario do Xeneral Franco) que tras probar as súas deliciosas tortillas decide levar a Adrián como cociñeiro e persoa de confianza á lexión na guerra de África. O protagonista pronto descubrirá a ambición desmesurada, a vaidade e as ansias de poder do seu superior o que, xunto á crueldade amosada nas prácticas bélicas e a total carencia de emoción, lle permiten vaticinar o que efectivamente sucederá ao final do libro: a sublevación armada contra a República na que Adrián perderá a súa amada Benilda e a súa propia vida.

Recensións:

- Lucía Seoane, "Mágoa do tempo", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 359, "Letras Galegas", 17 marzo 2012, p. 6.

Indica que nesta obra a través do personaxe romántico Adrián imos coñecendo a súa traxectoria vital e mais as vicisitudes da historia de Galiza e de España.

Referencias varias:

- N. Álvarez, "Xosé Lois Ripalda publica su primera novela, 'As tortillas do Xeneral", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 costados*", 17 xaneiro 2012, p. 8.

Dáse conta da publicación desta obra que presenta un relato que comeza a finais do século XIX e se prolonga até 1939.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 22 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 361, 31 marzo 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase o argumento. Tamén se describen *Tras da Corda* (2012), de Carlos G. Reigosa; *2044* (2011), de Eduardo Santiago e *Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía* (2012), de Charo Portela Yáñez.

Rivas, Manuel, *As voces baixas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, outubro 2012, 207 pp. (ISBN: 978-84-9914-440-5).

Novela de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) estruturada en vinte e dous capítulos intitulados ao longo dos que se van enfiando lembranzas da infancia e mocidade, mesturadas con outras vivencias persoais do autor. Estes recordos configuran un percorrido vital e emocionado, no que salienta o ton irónico, o emprego do humor e tamén as pegadas da dor, nunha mirada nostálxica sobre o pasado, que abrangue dende a máis tenra infancia até as primeiras experiencias laborais no mundo do xornalismo. En cada capítulo o autor vai mesturando a memoria persoal coa colectiva, apoiada en moitos casos en fotografías do álbum familiar, para configurar o retrato dunha época e dunha xente, a da cidade da Coruña, fundamentalmente dos barrios de Monte Alto, Castro de Elviña ou o Corpo Santo, nos que medrou e se abriu ao mundo e á vida, aínda que tamén aparecen alusións á etapa de formación en Madrid ou despois en Santiago de Compostela. A ollada persoal do narrador en primeira persoa semella adoptar un ton confesional e de complicidade co lectorado, ao que convida a participar dun espazo íntimo, que se proxecta cara ao colectivo e se converte nunha descuberta da vida a través da xente do común, de familiares, amigos e veciños que comparten un microcosmos no que o cotián se converte, dende a distancia temporal, nun camiño cara á imaxinación e o marabilloso, pero tamén nunha viaxe ao corazón das tebras, onde fica a dor pola perda dos pais e da irmá, María.

Recensións:

- Antón Patiño, "As voces baixas' de Manuel Rivas. O libro da vida", *Galegos*, n.º 17, "Artigos", II trimestre 2012, pp. 102-107.

Repasa a traxectoria literaria de Manuel Rivas co gallo da saída ao prelo desta obra. Destaca, ao longo de varias seccións, a súa mestría no eido das sinestesias, a súa ollada perceptiva e áxil, a presenza da memoria na temática das súas escritas, a diversidade de emocións que imprime na linguaxe dos seus textos e a calidade do seu léxico.

- Ramón Nicolás, "¡Que rebenten as marabillas do mundo!", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 490, "Letras en galego", 27 outubro 2012, p. 8.

Comeza cunha indicación do que entende Manuel Rivas por *As voces baixa*s, título desta novela. Salienta a recordación como "materia inspiradora" e a tonalidade lírica que empapa o volume. Informa de que é un "libro conmovedor" que permite aos lectores, en maior ou menor medida, atopar similitudes entre algúns dos episodios que se relatan e as súas propias experiencias.

- Montse Pena Presas, "A vida é un conto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 434, "Libros", 15 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 386, "Letras galegas", 24 novembro 2012, p. 7.

Menciónanse publicacións anteriores do autor desta novela, na que Manuel Rivas desempeña o papel de "invocador da nosa memoria". Tamén faise eco da mostra de emocións "tan xenial" que agroma no lectorado a raíz das historias narradas.

- Vicente Araguas, "A voz baixa de Manuel Rivas", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 751, p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 751, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 751, p. 30, 18 novembro 2012.

Apunta que Manuel Rivas aposta por un rexistro novo na súa traxectoria literaria ao escribir esta novela, cuxo fío condutor é a recordación. Subliña que o autor se serve da súa árbore xenealóxica, á que engade matices de carácter fantástico, co obxectivo de facer patente "de onde ven e onde vai".

- Armando Requeixo, "As voces da memoria", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 754, "Letras atlánticas", p. 32/ *El Ideal gallego*, "*La Galería*", n.º 754, "Letras atlánticas", p. 37, 9 decembro 2012.

Realízase un percorrido pola traxectoria vital do autor. Sinálase que *As voces baixas* é o resultado das múltiples vivencias que definen este percorrido, o cal decide plasmar Rivas na súa escrita.

Referencias varias:

- Alberto Martínez, "A Feira do Libro de Coruña repunta con máis editoriais", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 agosto 2012, p. 42.

Fálase da inauguración da 41ª edición da Feira do Libro da Coruña e indícase que contou coa presenza de Manuel Rivas, quen presentou a súa narración *As voces baixas*.

- Iago Martínez, "Manuel Rivas recrea su 'psicogeografía' máis íntima", *El País*, "*Galicia*", 2 agosto 2012, p. 5.

Informa da presentación na feira do libro da Coruña da narración *As voces baixas*, de Manuel Rivas. Indica que o título é "metáfora" na súa escrita narrativa como xa sinalara o crítico Xesús González Gómez respecto a *Os libros arden mal* (2006). Apunta que aos asistentes se lles agasallou cunha separata do capítulo cuarto cunha fotografía do álbum familiar referido á memoria. A partir dese momento reproduce as palabras do autor explicando a xénese e estrutura da narración, facendo fincapé no seu primeiro medo infantil coa súa irmá María, un episodio co que xa se iniciara unha serie de artigos publicados baixo o título *Storyboard* no suplemento "*Luces*" de *El País*. Remata

indicando que reescribiu este material e que lle engadiu seis capítulos novos para conformar esta narración na que "el yo se va transformando en un nosotros que habla en presente recordado".

- Rodri García, "Rivas recolle os 'murmurios' de cativo en 'As voces baixas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 agosto 2012, p. 34.

Dáse conta da presenza na Feira do Libro da Coruña de Manuel Rivas, quen leu un par de capítulos pertencentes a súa próxima novela que levará por titulo *As voces baixas* e que supón un percorrido pola súa infancia e adolescencia. Recóllese unha breve entrevista na que Rivas expresa a relevancia que posúe para el a escrita do primeiro texto da obra e na que alude tanto aos diversos lugares nos que transcorre a acción como aos seus protagonistas.

- Camilo Franco, "A narrativa curta domina o outono literario en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 setembro 2012, p. 27.

Dáse conta das novidades narrativas do outono, entre as que se atopa *As voces baixas*, de Manuel Rivas, quen "volverá á infancia como territorio literario".

- Rodri García, "Necesitaba facer este libro e fíxeno como se fose o último", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 outubro 2012, p. 3.

Reprodúcese unha entrevista con Manuel Rivas na que se tratan cuestións como o obxectivo desta narración, que consiste en retratar unha época concreta a través da memoria tanto individual como colectiva.

- V. Plaza, "Las voces bajas', nueva novela de Manuel Rivas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 13 outubro 2012, p. 41.

Fálase da novela *As voces baixas*, de Manuel Rivas, na que debulla os recordos da súa infancia e adolescencia na Coruña. Indícase que o autor comeza e remata este libro evocando a figura da súa irmá.

- Marta García Márquez, "Memoria dun tempo no que Rivas xogou a ser astronauta pilotando unha maleta", *Diario de Ferrol*, "Provincia", "Reportaxe", p. 27/ *El Ideal Gallego*, "A Coruña", p. 13, 18 outubro 2012.

Dáse conta de que Manuel Rivas falou sobre esta narración en Durán Loriga. Indícase que o autor rememorou as súas lembranzas da nenez e que o título correspóndese coas "voces baixas" dos nenos, das mulleres que falan soas, dos mortos e dos animais.

- Mar Mato, "Soy como un erizo porque me abro aunque tengo secretos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 46/ *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", p. 11, 18 outubro 2012.

Entrevístase ao escritor Manuel Rivas con motivo da publicación desta novela que define como "una historia familiar, individual y colectiva". Fálase, entre outras cousas, do seu labor profesional e da situación actual do xornalismo.

- Quique Alvarellos, “A crónica do ‘eu’ de Rivas”, *El Correo Gallego,* “Tendencias”, “Crónicas invisibles”, 23 outubro 2012, p. 41.

Informa da publicación desta novela e comenta que o seu autor leva tempo apostando pola interrelación entre os eidos da literatura e do xornalismo. Sinala que *As voces baixas* é o primeiro libro de Manuel Rivas pertencente ao xénero autobiográfico e enfatiza a escaseza de exemplares neste xénero no sistema literario galego. Remata aludindo ao tempo no que transcorren *As voces baixa*s, que Rivas definiu como “un presente lembrado”, e indicando a presenza notábel da interrelación Literatura/Xornalismo.

- María Xesús Nogueira, “Fotografías vellas”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, “Un falar”, 27 outubro 2012, p. 23/ *El Progreso*, “Opinión”, “Un falar”, 27 outubro 2012, p. 27.

Apunta que a fotografía da cuberta desta narración e outras que se atopan no seu interior pertencen ao arquivo familiar de Manuel Rivas. Refire que son retratos de dúas xeracións e que se localizan “na república de Castro de Elviña” e da súa contorna. Precisa que estas fotografías, unidas aos títulos dos capítulos, encerran “a historia dun tempo e dunha estirpe”. Comenta que nesta narración autobiográfica salientan a visibilidade e o emprego dunha linguaxe fotográfica, de carácter íntimo.

- Ramón Rozas, “A vida inscrita nunha espiral”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista*”, n.º 644, “Reportaxe”, 11 novembro 2012, p. 12/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Libros”, 10 novembro 2012, p. 6.

Sinala que con esta novela Manuel Rivas “regresa a ese refuxio que sempre é a cova da vida”. Comenta os diversos medos e múltiples experiencias que viviu o autor e que conforman a trama deste libro. Salienta o mérito de Rivas ao ser quen de propiciar nos lectores unha reflexión activa sobre as súas propias vidas. Remata recomendando a lectura desta obra e alude ao valor da palabra que perdura ao longo dos tempos.

- Ana López, “A literatura galega pecha o Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 3 decembro 2012, p. 58.

Infórmase de que, dentro dos múltiples actos que tiveron lugar na última xornada do Culturgal de Pontevedra, salienta a presentación de *As voces baixas*, de Manuel Rivas, de quen se reproducen palabras súas referidas á xénese da narración e á importancia da memoria na trama.

- Tereixa Constenla, “Rivas merodea por su memoria”, *El País*, “Vida & artes”, “Cultura”, 22 decembro 2012, p. 41.

Comenta que nesta novela de carácter autobiográfico Manuel Rivas recorre aos seus recordos da nenez e da adolescencia, entre os que salienta a descrición das características máis notábeis do seu pai e da súa nai. Tamén alude a unha multiplicidade de feitos recollidos nesta narración que tiveron unha repercusión acentuada na época que se produciron e, asemade, no proceso vital do autor.

Santiago Vázquez, Vanesa, *Ninguén lembra*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaián, 2012, 545 pp. (ISBN: 978-84-15699-15-6).

Novela fantástica de Vanesa Santiago Vázquez (Fontán, 1983), que se abre cun limiar no que a autora dá a coñecer a protagonista do relato, unha rapaza chamada Daia Dalúa. Estruturada en catro partes diferenciábeis ("Máer", "Luïn", "Áerin", e "Da viaxe heroica de Gabriela de Efnacare"), recrea a viaxe iniciática que Daia realiza por Europa en compaña dun libro. A acción sitúase nunha realidade semellante á nosa, mais na que as persoas que habitan nela caracterízanse por posuír unha serie de "dons" especiais. Neste mundo máxico, Daia e os demais personaxes viven unha multiplicidade de intensas aventuras e perseguirán un obxectivo en común: protexer a unha princesa que conforma o último ápice de esperanza para o bo funcionamento dun reino afastado. No transcurso desta novela abórdanse diversos temas como, por exemplo, a superación persoal, a liberdade, o poder, a traizón e a amizade verdadeira e saliéntase o protagonismo das mulleres no desenvolvemento da acción. Péchase cun "Epílogo" que permite ao lectorado comprender o xeito circular no que se narra.

Solleiro, Samuel, *Gran tiburón branco*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, n.º 326, 2012, 165 pp. (ISBN: 978-84-9914-401-6).

Volume que acolle cinco relatos narrados en primeira persoa, da autoría de Samuel Solleiro (Tui, 1982). No que dá título ao conxunto, "Gran tiburón branco", unha muller nova engana ao seu marido catedrático, que non se decata de nada, co guía turístico que os acompaña nas súas vacacións. En "Caída de Abraham Rosenblath", Serafín, un empregado de matadoiro cheo de teimas, prexuízos e paranoias, sospeita que o seu veciño é xudeu e que a súa muller o sabe polo seu pene circuncidado. A continuación inclúense "As putas motos", no que se narra a historia dunha escritora posmoderna que descobre a existencia dun mundo real en México, e "Soñou que era un cabalo", onde a modo de diario, un músico fracasado deixa entrever a súa triste vida, que vacila entre mulleres e psicólogos. No último relato, "Guerra Civil", un rapaz de Tui conta a súa adolescencia e aventuras cos seus compañeiros de 3º de BUP, nas que nada realmente importante estaba a suceder. Finalmente, o volume integra uns "Extras", que se compoñen dunha breve "Nota editorial" na que se explica que Samuel Solleiro se suicidou, pero que o que el quería era escribir *Gran tiburón branco* cos textos que sacaran por obscenos. Estes textos transcríbense no seguinte apartado, "Diálogos innecesarios", ao que segue "Como se fixo", onde se inclúen fotografías do autor ante o ordenador no proceso de creación da obra.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Escribir con bisturí", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 486, "Letras en galego", 29 setembro 2012, p. 9.

Dáse conta da saída do prelo desta volume narrativo, na cal os protagonistas de cinco historias diferentes farán partícipes dun episodio das súas vidas marcado pola violencia ou o fastío. Indícase que a obra engade unha sección denominada "Extras", na que se presenta unha biografía ficticia de Samuel Solleiro, uns "diálogos innecesarios" e un "como se fixo" fotográfico, do que o lectorado pode atopar máis material no *blog* do

autor e no que se amosa o punto de inicio dalgúns dos relatos incluídos. Saliéntase que o autor emprega unha linguaxe "allea a tabús" e que conxuga axeitadamente unha literatura propia do século XXI con liñas temáticas de constante permanencia no eido literario.

- Francisco Martínez Bouzas, "Cavorcos de desacougo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 430, "Libros", 18 outubro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 381, "Letras galegas", 20 outubro 2012, p. 6

Comeza apuntando que obras como este volume narrativo aseguran "a continuidade do galego como lingua literaria". Indica que consta de cinco relatos cuxo nexo é a ficción e salienta que o autor fai uso de temas de carácter atemporal no terreo literario e, asemade, dunha linguaxe propia da mocidade.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "A narrativa curta domina o outono literario en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 setembro 2012, p. 27.

Dáse conta das novidades narrativas do outono, entre as que se atopa *Gran tiburón branco*, de Samuel Solleiro.

- Xosé Carlos Caneiro, "Fisterras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 494, "A outra mirada", "Club dandi", 24 novembro 2012, p. 9.

Nesta sección fixa descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntanse as liñas temáticas fundamentais, a súa musicalidade e o carácter metaliterario. Tamén se describen *Paso a nivel sin barreras*, de Belén Fortes, e *Fisterras Atlánticas*, de Santiago Lamas.

Sucasas, José Luis, *Pena furada*, Cesuras: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, 2012, 104 pp. (ISBN: 978-84-15086-19-2).

Novela de José Luis Sucasas (Lalín, 1959) que relata os extraordinarios feitos acontecidos na ficticia poboación de Narahío. Dos catro capítulos que compoñen a narración o primeiro reproduce unha suposta declaración inacabada con data de 1824 dun veciño da contorna, Armando Pardemontes, realizada perante o arcipreste de Ventosa. Nela explica como durante o soterramento da familia Sualeiriña os cadaleitos son tragados terra adentro e como unha veciña, Florinda Fontela tamén cae polo buraco. Os tres capítulos restantes, narrados por unha terceira persoa externa, relatan os acontecementos previos ao funeral centrándose na historia da familia Quadróm que, segundo o avó, acaba de ter o seu derradeiro membro. O seu nacemento coincide cun tremor de terra que é interpretado pola vila como síntoma da chegada da Apocalipse. En relación a esta trama vanse tecendo historias doutros personaxes nas que se tratan os seguintes temas: a prevalencia da superstición sobre o coñecemento, a reivindicación do papel central na muller na sociedade rural e a envexa e xenreira silenciada nas relacións entre membros da comunidade.

Recensións:

- Dolores Martínez Torres, "Desigual conxunto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 413, "Libros", 3 maio 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 366, "Letras Galegas", 5 maio 2012, p. 6.

Comenta que esta obra se inicia coa suposta transcrición dunha acta de declaración de Amado Pardemontes e mais o seu fillo, que presenta un vocabulario amplo mais que conta con abondosos erros gramaticais na colocación do pronome, erros de puntuación e de significado.

Vega, Rexina, *Dark Butterfly*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, febreiro 2012, 175 pp. (ISBN: 978-84-9914-336-1).

Novela de Rexina Vega (Vigo, 1966) que se inicia con dúas citas, a primeira tirada da novela *Suite francesa*, de Irène Némirovsky, e a segunda tomada de *Roberto Zucco*, de Bernard-Marie Koltès. Está conformada por oito capítulos numerados e intitulados ("In hac lacrimarum valle", "Sombras e árbores altas", "Sol, brilla sobre min", "Dark butterfly", "A kite imprisoned", "Brasa que se extingue", "Hostage" e "Vésperas de Nadal"), mais unha especie de conclusión, intitulada "Anexo", ao longo dos cales se reflexiona sobre a esquizofrenia dende a posición dos sometidos. Unha narradora en primeira persoa, da que nunca se chega a saber o nome, presenta a súa vida e a de María e Elías, cuxas vidas se entrecruzan por causa da enfermidade mental que sofren. Dáse conta, a través de diarios, debuxos, fuga de ideas e historiais psiquiátricos, do lento devalar da protagonista cara á escisión e á exclusión. Sen apenas diálogos, constrúese unha narración na que predomina o eu, a subxectividade e a intimidade, conformando unha obra literaria marcada por un ritmo narrativo lento e dosificado. No que á linguaxe se refire o que a Rexina Vega lle interesa é ofrecer a través dela a visión metafórica que está na loucura, por iso se sitúa no gume entre a vontade de representar literalmente e o discurso racional que axuda a comunicar a experiencia. Busca unha fenda moi leve traballada por un deslizamento da linguaxe: a ecolalia e a torsión nos usos da sintaxe serven para manifestar esa desviación. A estraña e desolada lucidez tamén se aprecia no uso dunha linguaxe directa que tenta explicar os sentimentos e sensacións das persoas, así como no emprego do latín e do inglés por parte da protagonista para expresar o seu mundo interior. A narración complétase cunha ilustración na cuberta que presenta cun contraste de cores e en tons moi escuros a bolboreta que a protagonista tanto debuxaba durante a súa estadía no centro psiquiátrico e que tan importante era para ela.

Recensións:

- Rosa Enríquez, "Dark Butterfly de Rexina Vega. A estética framentaria en *Dark Butterfly*: neurose e pensamento puro", *Festa da palabra silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 28, "Actualidade", 2012, pp. 102-105.

Define a obra *Dark Butterfly*, de Rexina Vega, como "delirante" e "aparentemente sinxela, mais de construcción elaborada". Destaca a estética fragmentaria da novela e a súa pluraidade lingüística.

- Dolores Vilavedra, “De memoria e memorias”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 16 marzo 2012, p. 10.

Repasa varias publicacións que viron a luz en 2012 e con respecto a esta que agora nos ocupa indica que se asoma ao mundo da esquizofrenia e da escrita como terapia. Comenta que Rexina Vega opta polo *collage* de modelos discursivos para plasmar a alienación da protagonista. Finalmente, salienta que o conxunto resulta convincente, aínda que dá conta dalgunhas concesións ao tópico.

- Inma Otero Varela, “Diario último de dor e enfermidade”, *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2012, pp. 72-73.

Apúntase o cambio de rexistro fronte á súa primeira novela, *Cardume* (2007), e coméntanse cuestións da estrutura, orixinalidade argumental, temática, estética, dualidade entre a voz narradora e María, a personaxe principal, e diéxese.

- Armando Requeixo, “En corpo aberto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 414, “Libros”, 10 maio 2012, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 367, “Letras Galegas”, 12 maio 2012, p. 6.

Asegura que este volume é un exorcismo literario con que se relata o esfarelamento da propia identidade e onde se evidencia a fractura social. Asemade cualifica esta obra como “intensa, doída e radical”.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012”, *La Opinión*, “Cultura”, 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia *Dark butterfly*, de Rexina Vega.

- Óscar Iglesias, “Os que controlan o gusto literario reflicten a mentalidade posfranquista”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 10 febreiro 2012, p. 9.

Entrevista á escritora Rexina Vega na que comenta a súa obra *Dark butterfly* da que destaca que é un relato en primeira persoa sobre unha esquizofrenia e apunta as súas principais fontes literarias.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 403, “Libros”, 15 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Letras galegas”, n.º 360, 24 marzo 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntanse as liñas temáticas fundamentais. Tamén se describe *Morgana a dos ollos verdes*, de Pasqual Alapont.

Vidal, Adelaida, *Olladas*, Premio Risco de Creación Literaria 2011, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2012, 195 pp. (ISBN: 978-84-7824-621-2). ■

Novela coral de Adelaida Vidal (A Coruña, 1986) na que a través dun grupo de mozas e mozos (entre os que se atopan unha pintora, un escritor, unha directora de *videoclips* e un rapaz anónimo) a autora explora problemáticas da actualidade que estes personaxes non poden evitar, como por exemplo a constante busca de identidade e do lugar que ocupan no mundo. Así, dende a súa perspectiva individual e a través das relacións cos seus iguais, os lectores asisten ás diferentes formas de reflexionar e interpretar a sociedade. Entre as temáticas nas que a autora se centra atópanse, entre outras, o amor, a memoria dos avós, as influencias decisivas das amizades, a intensidade e a obstinación propia da xuventude

Recensións:

- Xosé Monteagudo, "Análise profunda dos sentimentos", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 85-86.

Menciónase primeiramente o premio Vicente Risco de Creación Literaria do que foi merecente en 2011 esta obra, para despois salientar a reflexión e intelectualidade inherentes á temática, a dicotomía entre orixinalidade e personalidade presente nos personaxes e desenvolver o fío argumental e as formulacións metafóricas ao longo do texto.

- Armando Requeixo, "Novas olladas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 426, "Libros", 20 setembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 378, "Letras galegas", 29 setembro 2012, p. 7.

Apunta que con esta novela Adelaida Vidal debuta no mundo da narrativa galega e que obtivo o galardón do Premio Vicente Risco de Creación Literaria. Explica que esta narración se nutre dunha cita de Milan Kundera, na que expresa que as persoas poderiamos ser clasificadas en categorías "segundo a ollada baixo a que queremos vivir".

Referencias varias:

- Víctor Freixanes, "Igual que corren os bicos", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 5 agosto 2012, p. 19.

Entre outros asuntos, trata o da relación do mundo editorial coas mulleres (lectoras, escritoras ou editoras) e destaca *Olladas*, de Adelaida Vidal, como una das "novas descubertas" literarias.

VV. AA., *Certame de narración breve Modesto R. Figueiredo. Premios Pedrón de Ouro. Edicións XXXVI e XXXVII*, eds. Xosé Ramón Fandiño e David G. Couso, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Esmorga, 2012, 247 pp. (ISBN: 978-84-15400-55-4).

Volume que se abre co limiar "Un percorrido polo Certame de Narración Breve Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro", asinado por David Otero Fernández e

Manuel Campos Sanmartín, secretario e membro do xurado, respectivamente. Nel, fan un percorrido pola historia do premio; ademais, apuntan que este libro ten un "carácter especial" e explican por que é a primeira vez que os relatos deste Certame non son publicados en Ediciós do Castro. Engádese tamén a relación de premios, xurados e concellos patrocinadores nas trinta edicións do concurso. As ilustracións da portada e do interior son de Isaac Díaz Pardo. A seguir, aparecen os relatos gañadores, diferenciando entre os da edición de 2010 e os de 2011 e recompilando un total de nove relatos:

- Xosé Alfredo Naz Fernández, "O mal", pp. 35-64.

Relata a historia, ambientada no século XIV, dunha flota xenovesa de dez naves que se botou ao mar Tirreno, capitaneada por Pietro Vugo. O que ía ser unha viaxe con volta chea de mercadorías, convértese nunha dramática experiencia na que terán que loitar pola súa supervivencia ante a terríbel doenza que comezan a sufrir, unha vez que atopan co pobo tártaro. Ao final do relato, engádense uns "Apuntamentos históricos" sobre a peste negra e sobre os tártaros que poden servir de guía de lectura.

- Xosé Alfredo Naz Fernández, "A sombra da curuxa", pp. 65-94.

Un narrador en terceira persoa cóntanos a historia ambientada no lugar de Nogueillón nunha época posterior á guerra civil, onde os principais protagonistas son directa e indirectamente vítimas da represión franquista. Os misterios, as traizóns e a morte que rodea ao relato líganse tamén co seu espazo natural, onde abundan as descricións do mesmo.

- Clara de Roxo, "Retallos da memoria perdida", pp. 95-112.

O relato ábrese cunha mensaxe urxente nun contestador automático, informando dos escasos progresos que un paciente tivo ao respecto dun caso psiquiátrico. A seguir, reprodúcense unha serie de correos electrónicos que supostamente se envían unha filla (a enferma) e a súa nai (a vítima da enfermidade da súa proxenitora). A sensatez, por un lado, e a fantasía, polo outro, das palabras, son as que darán as claves para o final.

- Francisco Castiñeira, "A mentira dos termómetros", pp. 113-137.

Relátase a historia de Helmo e dos seus compañeiros de traballo. A calor que vai nas oficinas revelará unha trama vencellada aos elementos climáticos de consecuencias para a saúde e vencellado cun Plan de Aforro Interno. Os resultados amosarán as consecuencias da necesidade de reestruturación da empresa.

- Alberte Momán, "Cangas", pp. 139-151.

Composto de dezasete pequenos capítulos, un rapaz relata en primeira persoa, entre a ironía, o humor e doses de melancolía, a súa vida. Fala de certas preocupacións que o afectan como ser humano: o amor non correspondido, o desemprego, as relacións sociais, etc.

- Francisco R. Lavandeira, "O camiño dos pradairos", pp. 159-167.

Un narrador omnisciente en terceira persoa conta a visita que fan dous irmáns á que fora a súa casa durante a nenez. Malia o vínculo, Víctor e Eduardo Muñiz manteñen unha relación fría e distante; con todo, o que parece ser un lugar propicio para recuperar o tempo perdido, convértese nun espazo ideal para clausurar o pasado familiar.

- Amancio Liñares Giraut, "Corografía Obama", pp. 173-200.

Escrito en primeira persoa, relátanse as visións que un gato ten sobre a súa ama, Dona Clío, consumista dos programas de máis audiencia da televisión, enferma de alzhéimer e con certa "obamanía". Refírese tamén a certos acontecementos vencelladas ás prácticas políticas e dereitos humanos. Neste senso, confróntanse especialmente o soño americano da reelección de Barack Obama como presidente dos EEUU e a situación galega nos tempos presentes.

- Ledicia Costas, "Frío azul", pp. 201-218.

Lela é a protagonista principal deste relato. Un narrador en terceira persoa conta a súa durísima vida, pois vítima de violencia de xénero e alcohólica, agora vive na rúa. O recordo da súa única amiga, Grabi, é o que lle permite seguir manténdose firme e axudar a outras mulleres, como Violeta, a ir en busca de oportunidades mellores e curarse das fisuras da alma.

- Xaime Toxo, "Eco de afasia", pp. 219-245.

Un narrador en terceira persoa ofrece un relato descritivo que conta a vida da única habitante dun territorio de grande extensión, tras a desaparición da súa irmá Dolores. A chegada dun home ao lugar (que presume de facer unha expedición polos territorios remotos do norte, comprobando se aínda queda xente viva que fale e que non perda a memoria) porá en descuberta o misterio.

Recensións:

- Román Raña, "Fiel á tradición", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 436, "Libros", 29 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 388, "Letras galegas", 8 decembro 2012, p. 6.

Infórmase sobre a publicación deste volume no que se recollen os contos premiados nas edicións do 2010 e do 2011 co Modesto R. Figueiredo. Saliéntase a existencia dunha variedade notábel de temas e de recursos expresivos.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "Máis voces, máis camiños", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 492, "Letras en galego", 10 novembro 2012, p. 8.

Destácase a colaboración entre a Fundación Pedrón de Ouro e a editorial Toxosoutos para publicar as narracións premiadas no concurso da citada fundación. Cítanse os autores e autoras galardoados e descríbense sucintamente os seus textos.

VV. AA., *Premio 2012 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Xunta de Galicia/Universidade de Vigo/Edicións Xerais de Galicia, 2012, 131 pp. (ISBN: 978-84-9914-444-3). ■

Volume que inclúe as obras gañadoras e os accésit dos premios concedidos pola Universidade de Vigo no ano 2012. A parte destinada ao "Relato Curto" (pp. 9-50) acolle as seguintes narracións:

- Xandra Táboas Martínez, "Navy Bar", Primeiro Premio, pp. 11-21.

Reproduce unha conversa nun bar entre un mariñeiro e a camareira, Marie, na que falan da vida no mar, dos convenios de pesca, dos mariñeiros partidos cara África etc., cun marcado ton nostálxico.

- Pedro Xoaquín Peón Estévez, "Desculpe Señor Darwin", Primeiro Accésit, pp. 23-40.

Relato de ficción científica dividido en tres partes nas que, a través dun narrador omnisciente, se aborda a historia de dous extraterrestres que, explorando diferentes galaxias, chegan á terra antes de ser esta poboada.

- María Lago González, "Tetraloxía do inexplicable", Terceiro Accésit, pp. 41-50.

Conta a historia de Uxío, un home que aparece no Booth Museum por arte de maxia cando ía camiñando cara o seu traballo.

Por último, o volume péchase co apartado referido as "Traducións" (pp. 119-130), que inclúe a obra que recibiu o primeiro premio, "O señor Lucifer Box recibe un invitado" (pp. 105-117), traducida por Guillermo González Rosales e que se corresponde co primeiro capítulo da obra *The Vesuvius Club* (2005), de Mark Gatiss Barnes; e a que foi merecedora do primeiro accésit, "As cousas que di Lila" (pp. 119-130), tradución de *Lila di ça* (1996), de Chimo, realizada por Martina Caral Aller.

Tamén está descrito no apartado II.1. Poesía deste *Informe*.

I.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Fernández, Miguel Anxo, *O sabre do francés*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 183, 2012, 223 pp. (ISBN: 978-84-9865-423-3).

Edición revisada e ampliada polo autor desta obra publicada por vez primeira en 2002 e recollida no *Informe 2002*. Inclúe unha "Nota a esta edición" onde Miguel Anxo Fernández (O Carballiño, 1955) sinala que engade dous relatos e introduce revisións relativas á toponimia. "A negativa do dragón Émeri Vendermot" trátase dunha narración inédita acollida agora neste volume na que Pascal Lannion Feval, un xeneral francés do exército de Napoleón, relata como se encarga de rastrexar os despoxos dos seus compatriotas guerreiros, un grupo de setenta e catro homes do seu rexemento comandados polo oficial Émeri Vendermot que desapareceran nunha vila costeira galega nunha tarde do mes de marzo de 1809. A outra narración que incorpora esta edición, "O sangue dos Cortiña", foi anteriormente publicada en volume exento e recrea a batalla de Ribadavia contra o exército napoleónico.

Fernández Paz, Agustín, *Aire negro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria, n.º 322, abril 2012, 198 pp. (ISBN: 978-84-9914-364-4).

Nova edición de *Aire negro* de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) que fóra publicada en 2000 dentro da colección "Fóra de Xogo" de Edicións Xerais de Galicia e que agora se publica dentro da colección narrativa "Literaria" da mesma editorial. Esta novela de misterio está estruturada en vinte e tres capítulos con numeración arábica nos que o doutor Víctor Moldes conta a súa historia dende que chegou ao Baixo Miño para traballar na clínica psiquiátrica Beira Verde e presenta moita descrición de vilas e lugares de Galicia (Goián, A Guarda, monte de Santa Tegra, Vilalba, Casa Grande de Lanzós) e mais de Portugal (Valença do Minho, Vilanova de Cerveira, Caminha, etc.). Neles relátase unha historia amorosa e outra fatídica dende que Víctor Moldes entra en contacto con Laura Novo, unha paciente moza que sofre un proceso de amnesia a causa dun raio, segundo figura nos informes médicos, e que escribe de xeito compulsivo o seu nome nuns folios en branco. O doutor comeza cunha terapia baseada na lectura de textos clásicos da literatura universal e galega e as melloras son considerábeis, até que Laura comeza a escribir a súa propia historia, relato que se nos transmite en primeira persoa a partir do capítulo quinto. A protagonista conta cómo chegou a vivir á Casa Grande de Lanzós, unha casa de turismo rural na Terra Chá e propiedade de Carlos Valcárcel, un profesor do que estivera namorada na adolescencia. Dende a súa chegada comezan a ocorrer fenómenos estraños e mortes violentas, que o caseiro, Moncho, relaciona con ela e coa Gran Besta, un ser misterioso e demoníaco que, segundo as crenzas populares, habitaría nas entrañas da terra. No capítulo quince retoma a narración o doutor Víctor Moldes para contar as investigacións que leva a cabo coa intención de probar a veracidade de todo o relatado por Laura, e por iso acode a Porto a entrevistarse con Carlos Valcárcel. Ao regresar atópase coa nova da fuxida de Laura e conta que, tres anos despois de acontecidos os feitos, mantén viva a crenza na existencia da Gran Besta.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Un lugar chamado interior”, *El Progreso*, “Vivir”, 15 setembro 2012, p. 72.

Centra o seu comentario en *Aire negro*, unha novela na que Agustín Fernández Paz muda de rexistro con esa facilidade que só amosan os mellores escritores para levarnos a unha historia, na que conflúen varias temáticas literarias, que van do *thriller* ao fantástico, ou do terror ao amor. Sinala que Fernández Pa “bótase de bruces” na mente humana a partir dos sucesos que ocorreron na mente dunha rapaza sometida a unha terapia, que, á súa vez, leva ao escritor a afundirse no imaxinario popular galego, ao que a protagonista chega por amor. Tamén sinala que na novela se tecen diferentes ingredientes: amor, lendas e terapias que van xerando unha atmosfera que é a grande achega de Fernández Paz. Por último, destaca que *Aire negro* é unha especie de delta até onde van chegando varios ríos que desembocan nun único mar, o da boa literatura.

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, “Retorno a Britania e nazis a Vigo”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 29 xuño 2012, p. 5.

Faise un repaso por numerosas obras publicadas recentemente en Galicia entre as que comenta a recuperación desta obra na colección de Narrativa.

Neira Vilas, Xosé, *Xente no rodicio*, limiar de Salvador de Lorenzana, ilust. Luís Seoane e Xohán Ledo, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Neira Vilas, n.º 5, abril 2012, 99 pp. (ISBN: 978-84-9865-437-0).

Reedición da primeira edición desta obra de Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928) publicada orixinariamente en 1965. Este volume de tapas brandas, como todos os da colección Biblioteca Neira Vilas de Galaxia, vai ilustrado na súa capa cunha obra de Luís Seoane (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979), neste caso co mural *As carretas* (1958). Asemade presenta no seu interior ilustracións, que reproducen as da primeira edición, obra de Xohán Ledo. Comeza co texto “Traxectoria destes contos”, asinado polo propio Xosé Neira Vilas e datado en Gres en abril de 2012, no que repasa as diferentes edicións de *Xente no rodicio*, así como as súas traducións ao portugués, español e ruso. Despois temos o “Limiar á primeira edición”, de Salvador de Lorenzana, no que teoriza sobre o conto e afirma que as súas características se deben concretar na súa brevidade, unidade, orixinalidade, e mais no estilo depurado e onde gaba a escrita de Neira Vilas e indica algunhas das características deste volume como que nel o seu autor presenta un estilo moderno e eficaz. A seguir temos a reprodución dos vinte contos que integran *Xente no rodicio* e que levan por título: “O muiñeiro”, “Suicidio”, “A ofrenda”, “Vidro e sol”, “María”, “A serra”, “Auga”, “Noxo”, “O delito de Tomás”, “O trebón”, “Corredoira”, “A sombra”, “Lucinda”, “A seca”, “Abel”, “¿Como é o mar?”, “A irmá de Susiño”, “Isaura”, “O Pesco” e mais “Todo para Carme”.

Reimóndez Portela, Manuel, *Un médico de aldea*, pról. Xosé Neira Vilas, coords. Marcelino Agís Villaverde e José Luís Reimóndez Fernández, A Estrada: Edicións Fervenza, 2012, 238 pp. (ISBN: 978-84-939167-5-6).

Reedición do conxunto de relatos breves *Un médico na aldea* (Ediciós do Castro, 1992; 1995) de Manuel Reimóndez Portela (A Estrada, Pontevedra, 1916-1994) á que se engaden tres relatos inéditos intitulados "Unha nova caída", "Chegaron novas armas" e "Vida doméstica do médico rural". Pese ao cambio de editorial, de Ediciós do Castro a Edicións Fervenza, mantense como ilustrador o da edición orixinal, Xosé Vizoso, quen realiza un novo deseño para a cuberta e se encarga tamén do resto de ilustracións. Inclúese un limiar de Xosé Neira Vilas en forma de carta ao seu amigo persoal ausente, así como dous traballos asinados por Marcelino Agís e Marcial Gondar Portasany a modo de acompañamento. Esta reedición componse de relatos breves baseados en acontecementos reais, segundo explica o propio autor, sendo unha reflexión sobre as condicións para o exercicio da medicina nun contexto rural a partires da década dos sesenta. Nela trátanse temas como a humanización do paciente e a falta de recursos en situacións carenciais, dende o humor e a reflexión autobiográfica dunha voz narrativa en primeira persoa.

Referencias varias:

- Juan Andrés Fernández Castro, "Manuel Reimóndez, o exemplo dunha vida", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, n.º 15, 2012, pp. 309-310.

Repasa a traxectoria literaria de Manuel Reimóndez Portela co gallo da presentación da reedición corrixida e aumentada do seu volume *Un médico na aldea*. Destaca o Libro Homenaxe de 1996 coa colaboración de Mariano Rajoy e Camilo José Cela, a biografía de Olimpio Arca, a creación da revista *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* e a elaboración do Proxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia en 1979.

- Emilio González Fernández, "Tropezóns dun médico na aldea", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, n.º 15, 2012, pp. 323-325.

Dá conta da segunda edición deste volume de Manuel Reimóndez Portela e destaca a introdución, "Xustificación" e un dos contos que o compoñen, "As Aspirinas".

- Ofelia Rey Castelao, "La memoria individual como fuente histórica. A propósito de la obra de Reimondez Portela", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, n.º 15, 2012, pp. 327-330.

Reflexiona brevemente sobre esta obra co gallo da vixésima conmemoración da súa saída ao prelo. Menciona tres variantes do texto: as grafadas por Alfonso Sánchez en 1729, Honoré de Balzac en 1833 –*Le Médecin de campagne*- e as experiencias biográficas en xeral.

- S. F., "Un médico na aldea' revive cunha nova edición ampliada", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 339, 6 outubro 2012, p. 7.

Dáse conta da presentación da reedición de *Un médico na aldea* nas Xornadas Manuel Reimóndez Portela organizadas en A Estrada. Apúntase a asistencia dos responsábeis da edición e de autoridades de distintas institucións. Indícase que nesta reedición se engaden tres novos relatos, imaxes, limiar e estudo antropolóxico.

I.3. TRADUCIÓNS, VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Auel, Jean M., *O clan do oso das cavernas* (*The clan of the cave bear*, Crown Publisher Inc., Nova York, 1980), trad. Xurxo Bértola Rodríguez, Teo: Punto G Edicións, col. Os fillos da terra, volume I, 2012, 504 pp. (ISBN: 978-84-615-7490-2).

Primeira novela da saga *Os fillos da terra* de Jean M. Auel (Chicago, 1936), ambientada na época paleolítica. Principia cun paratexto en forma de dedicatoria: "Para Ray, o meu crítico máis esixente... o meu mellor amigo", ao que seguen un mapa da Europa prehistórica durante a era glacial e a mesma obra, que se divide en vinte e oito capítulos nos que un narrador omnisciente en terceira persoa conta a historiad de Ayla, unha nena cromañón de cinco anos que queda soa no mundo debido a un gran terremoto que engule o campamento onde vivía. A rapaza deambula sen rumbo até que é atacada por un león cavernario e a atopan uns homes de Neanderthal, coñecidos coma o Clan do Oso Cavernario. Axúdanlle a vivir, e ven nela a marca dun espítitu tótem moi poderoso. Pero Ayla pertencía aos "outros", inimigos desta tribu, e non é fácil a súa aceptación no Clan, pois ela non acepta as normas que este estabelece. A súa intelixencia e capacidade de aprendizaxe é moito maior, e por iso Iza, a curandeira, e Mog-ur, adoptan á nena, que terá que loitar para sobrevivir. A obra amosa un amplo proceso de documentación, pois plantea teorías sobre a caza do mamut, a recolecta, cómo pasar os invernos ou a organización dos clans daquela era, entre outras cousas. Péchase cuns agradecementos e cun adianto dun fragmento do primeiro capítulo da segunda entrega.

Auster, Paul, *Diario de inverno* (*Winter Journal*), trad. Eva Almazán, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 306, 2012, 233 pp. (ISBN: 978-84-9865-410-3).

Paul Auster (Newark, Nova Jersey, 1947) é o autor desta novela considerada un autorretrato do mesmo autor. Empregando unha segunda persoa narrativa que se dirixe directamente ao lector, Auster, no momento en que os primeiros sinais da vellez chegan, decide rememorar certos episodios da súa vida, entre os que se atopan un accidente infantil xogando ao béisbol, o descubrimento do sexo, a vida en familia, o seu casamento, outro accidente -desta vez de coche- no que resultou ferida a súa muller, as súas viaxes, a súa estancia en París e nos vinte e un cuartos nos que vivíu até a súa residencia actual en Park Slope, os seus ataques de pánico, a morte dos seus pais e, por riba de todo, o paso do tempo, que todo o consume. Cunha creatividade literaria salientábel, Auster fai que o lectorado asista á historia da súa propia vida.

Recensións:

- Cristian Reino, "Auter se adentra en su propia historia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 febreiro 2012, p. 38.

Manifesta que nesta obra o seu autor evoca episodios da súa vida mediante sensacións, vivencias e lembranzas, explica que en *Diario de inverno* teñen cabida historia de todo tipo e remata afirmando que estamos perante a súa terceira novela autobiográfica.

- Dolores Vilavedra, “De memoria e memorias”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 16 marzo 2012, p. 10.

Repasa varias publicacións que viron a luz en 2012 e con respecto a esta entrega de Paul Auster indica que nela nos vende como diario unhas memorias con conforma un Auster diferente pero convincente.

- Dorinda Castro Soliño, “Viaxe cara ao interior”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 410, “Libros”, 12 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 363, “Letras galegas”, 14 abril 2012, p. 6.

Declara que en *Diario de inverno* Paul Auster volve os ollos cara si mesmo e que relata en segunda persoa as lembranzas que persisten na súa memoria e que “afloran con teimosía”.

- Ramón Rozas, “El invierno de Paul Auter”, *El Progreso*, “Vivir”, 23 xuño 2012, p. 62.

Destaca que *Diario de inverno* é unha profunda reflexión sobre o paso do tempo na que Paul Auster realiza un experimento executado con acerto e que non hai ningunha páxina desaproveitábel.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012”, *La Opinión*, “Cultura”, 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia en Galaxia esta obra de Paul Auster.

- Jaureguizar, “Un inverno asumido”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Libros”, 28 xaneiro 2012, p. 63.

Recalca que esta tradución sairá do prelo ao mesmo tempo en galego, coa Editorial Galaxia, e en español, con Anagrama.

- D. S., “La nueva obra de Paul Auster, en gallego en Galaxia”, *El País*, “*Galicia*”, 2 febreiro 2012, p. 6.

Indica que esta obra retorna á propia vida de Paul Auster e que se afasta da ficción azarosa e politizada.

- Xesús Fraga, “O catálogo de Paul Auster en Galaxia chega aos sete títulos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 febreiro 2012, p. 45.

Comenta que este volume se suma aos outros seis que ten Paul Auster na Editorial Galaxia e destaca a política de traducións desta editorial.

- Jaureguizar, “Desagradable”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, 6 febreiro 2012, p. 11.

Comenta que lendo unhas páxinas de *Diario de inverno*, de Paul Auster, se sentiu identificado coa anécdota que contaba o autor.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 359, 17 marzo 2012, p. 7.

Nesta sección fixa descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que se trata dunha narración chea de "incitacións sobre as feridas do tempo". Tamén se describen *De Xente Nova a Brais Pinto* (2012), de Xosé Fernández Ferreiro; *A Illa do Tesouro* (2012), de Robert Louis Stevenson e *Hotel Cidade Sur* (2012), de Xerardo Quintiá.

- Xosé Carlos Caneiro, "Clarividencia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 459, "A outra mirada", "Club dandi", 17 marzo 2012, p. 11.

Indica que volume representa o Paul Auster que lle interesa e considera que este libro é un dos máis recomendábeis do autor.

- Xurxo Fernández, "Auster", *El Correo Gallego*, "Crisol", 9 abril 2012, p. 56.

Comenta que en 2001 Paul Auster estivo en Santiago de Compostela para recibir o premio Arcebispo San Clemente e subliña que este autor nunca o defraudou.

- Luisa Castro, "Paul Auster", *El Progreso*, "Falar de máis", 15 abril 2012, p. 35.

Reflexiona sobre este libro e recomenda a súa lectura como unha menciña para "encarar os tempos que corren".

- Marta Otero, "Loyce e Auster tamén falan galego", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50.º aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 18.

Comenta que este libro é un dos últimos exemplos de normalización das traducións ao galego dado que aparece incluso antes que na súa versión orixinal.

- Ramón Blanco, "As ovellas de Joyce", *ABC*, "*Artes&Letras*", "Galicia", 26 maio 2012, p. 11.

Gaba a publicación de *Diario de inverno*, de Paul Auster, subliñando que a edición galega é anterior ao orixinal en inglés.

Baricco, Alessandro, *Mr Gwyn*, (*Mr Gwyn*, 2011), trad. Carlos Acevedo, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 32, novembro 2012, 185 pp. (ISBN: 978-84-9865-468-4).

Alessandro Barico (Turín, 1958) preséntanos a historia de Jasper Gwyn, un escritor de renome que toma a decisión de deixar de escribir a pesar da insistencia de Tom Bruce Shepperd, o seu representante e mellor amigo. No barullo da súa crise existencial e profesional, Mr. Gwyn coñece a unha anciá, que fora profesora, e que o anima a levar a cabo un novo proxecto que consiste en "copiar" persoas, ou sexa, facer retratos coa

escrita. Para levar a cabo isto Jasper Gwyn monta un estudio cunha ambientación moi coidada, con música composta para a ocasión, con lámpadas artesás que se apagan de xeito natural logo dun determinado tempo, con manchas de humidade nas paredes. A primeira persoa que se somete ao experimento é Rebecca, asistente persoal de Tom e que agora pasa a traballar como secretaria de Mr. Gwyn. Rebecca sente unha enorme conmoción cando le o seu retrato. O experimento funciona e Jasper Gwyn decide facer o mesmo con outros clientes. Así é como retrata, entre outros, a un millonario inglés chamado Mr. Trawley, a unha muller de cincuenta anos e a Tom, o seu mellor amigo, cando estaba no seu leito de morte. Pero esta aventura remata cando Mr. Gwyn retrata a unha moza cunha personalidade moi complexa, coa que rompe unha das normas fundamentais: o contacto físico. A moza decide contarlle á prensa que un escritor de renome, que é Jasper Gwyn, fai retratos a través da escrita. Daquela, Gwyn, que obrigaba aos seus clientes a un trato de confidencialidade, decide escapar para non regresar nunca máis e Rebecca búscao pero non o atopa. Co tempo descobre que Mr. Gwyn é en realidade un escritor co pseudónimo de Klarisa Rode e que morre cando estaba a rematar o seu último libro. En palabras de Tom, os retratos de Jasper Gwyn serven para "facer voltar ás persoas á súa casa". Gwyn, a través da narrativa era quen de captar a esencia da alma da persoa retratada, até o punto de que se recoñece nos personaxes que protagonizan a historia e así lle aconteceu a todos os que pasaron polo seu estudio.

Barnes, Julian, *O sentido dun final* (*The sense of an Ending*, Jonathan Cape, London, 2011), trad. do inglés Xesús Fraga, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 39, 2012, 161 pp.(ISBN: 978-84-92866-42-7).

Novela de Julian Barnes (Leicester, Reino Unido, 1946) na que o autor reflexiona, a través dunha narración en primeira persoa, sobre a memoria. O protagonista da historia, Tony Webster, é un home xa xubilado que vive un retiro sosegado na recta final da súa vida, até que un día recibe unha inesperada carta dun avogado que informa de que Sarah Ford, a nai dunha moza da súa xuventude, déixalle en herdanza cincocentas libras e un sobre que contén un manuscrito. Rota a monotonía da súa vida, decide retroceder no tempo para revisar o seu pasado e cuestionarse se o que el recorda é froito dunha memoria fiel ou imaxinativa. Para iso ten que remover absolutamente todo, lembrando un acontecemento que hai máis de corenta anos lle cambiou a vida: o suicidio do seu mellor amigo, Adrian Finn. Debe recordar, entón, toda a súa vida, dende os anos no colexio nos que entablara amizade con Adrian, onde quedou cativado, ao igual que os demais compañeiros, pola súa profundidade filosófica. Finn era un ser brillante, especial e extraordinario, un rapaz diferente aos demais que tiña a capacidade de embobalos a todos. Quizais sexa esta intelixencia precoz a que provocou o suicidio. O que Webster tenta aclarar son as motivacións e os porqués, nesa busca incesante que o atormentou sempre.

Behn, Aphra, *Oroonoko* (*Oroonoko, or, The Royal Slave*), trad. do inglés M.ª Fe González Fernández, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XVII, n.º 8, 2012, 100 pp. (ISBN: 978-84-939647-7-1).

Novela curta de Aphra Behn (Wye, Kent, 1640-Londres, 1689) considerada unha das primeiras novelas inglesas modernas. Baséase nun suceso real que conta unha testemuña

do ocorrido dende unha primeira persoa narrativa. A historia localízase en Surinam, colonia americana das Indias Occidentais, e ten como protagonista a un valente e intelixente príncipe escravo, Oroonoko. Iníciase comentando as duras condicións destas persoas sometidas que empregan para traballar nas plantacións de xofre. Aínda que Oroonoko falaba varios idiomas e fora ben educado polo seu titor francés, o rei, que ten varias mulleres, oponse a que ame a Imoinda, a filla do seu pai adoptivo. Contan con Aboan e Onahal como cómplices da súa relación, se ben o rei remata por mandar a Onahal e Imoinda para que fosen vendidas como escravas noutro país e condena a morte a Oroonoko. Os oficiais tentan animalo, sen éxito, até que un día son capturados tamén como escravos. Cando chegan a terra, Trefy, un mozo cornuallés, merca a Oroonoko ao se dar conta de que é unha persoa moi especial, de forma que a súa sorte cambia. Ese mesmo día, cando chega ás terras onde vai ser escravo, todos o recoñecen como rei e reencóntrase coa súa amada Imoinda, tamén escrava de Trefy. Finalmente casan e ela queda embarazada, mais Oroonoko, farto de permanecer inactivo, rebélase. Non quere que o seu futuro fillo sexa un escravo coma eles. A trama péchase cun final triste para a parella protagonista.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Exitoso precedente", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 431, "Libros", 25 outubro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 382, "Letras galegas", 27 outubro 2012, p. 6.

Sinálase que para a autora desta novela, Aphra Behn, foi complexo dar a coñecer o seu labor literario na época que viviu debido á súa condición de muller. Fálase do argumento desta narración, que versa sobre a fatídica relación entre unha parella de escravos no contexto do colonialismo. Saliéntase que autora racha coa idea que se tiña en Europa sobre os pobos non civilizados até o momento e, asemade, fai visíbel o "salvaxismo" propio da escravitude. Finalmente, afírmase que *Oroonoko* foi considerada como a primeira novela humanista inglesa, ademais de sentar un precedente na literatura europea.

Referencias varias:

- A. I. S., "Presentación del libro 'Ooronoko' en Lila de Lilith", *El Correo Gallego,* "Santiago", 22 novembro 2012, p. 29.

Infórmase da presentación, na compostelá Libraría Lila de Lilith, desta narración, da que refire que foi traducida ao galego por María Fe González Fernández.

Clarke, Arthur C., *Cita con Rama* (*Rendezvous with Rama*, 1972), trad. do inglés Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 3, 2012, 300 pp. (ISBN: 978-84-939647-2-6).

Novela de ficción científica de Arthur C. Clarke (Inglaterra, 1917-Sri Lanka, 2008) narrada en terceira persoa. A historia sitúase no ano 2077 na Terra, onde ten lugar o comezo do proxecto Vixilancia espacial, co obxectivo de detectar calquera tipo de ameaza sideral e evitar unha posíbel catástrofe. Cincuenta anos despois, no 2130, este

proxecto xustifica a súa existencia porque, de súpeto, interceptan a un xigante de proporcións descomunais e cunhas características especiais, ao que o doutor Stenton denomina Rama e que se achega a grande velocidade cara ao planeta Terra. Despois de reunirse un comité de expertos, decídese que deben interceptalo. A nave *Endeavour* será a encargada de facelo, tripulada polo comandante Norton, un home que liderará esta expedición inédita na historia da humanidade. Pero, cando todo marcha vento en popa, un garda do espazo informa dun vehículo de velocidade ultrarápida lanzado aparentemente dende Mercurio, que interceptará Rama. Teñen que irse; a Norton váiselle parte da súa vida, Rama. A obra está chea de descricións cargadas de léxico técnico, que se encadean con diálogos breves e constantes.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Dura ciencia ficción", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 414, "Libros", 10 maio 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 12 maio 2012, p. 6.

Indica que esta obra é de referencia dentro do xénero de ciencia ficción dura e que nela se constrúe un relato onde se gaban os progresos tecnolóxicos e que presenta un final aberto que deixa sen revelar a meirande parte dos segredos de Rama.

Escolar, Ignacio, *31 noites* (*31 noches*, Editorial Suma, 2012), Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, 2012, 136 pp. (ISBN: 978-84-15166-40-5).

Novela negra, opera prima do xornalista Ignacio Escolar (Burgos, 1975), composta por trinta e un capítulos na que se conta como un xornalista (protagonista á vez que narrador da historia) que aspira a mellorar a súa situación laboral no xornal en que traballa se ve envolto durante un mes de verán nunha historia relacionada cunha trama de crime e narcotráfico que o levará ao borde da morte. A súa confluencia na trama virá dada por frecuentar unha discoteca madrileña, a Premium, na compaña de Alek, un exdeportista polaco metido a porteiro de discoteca, e de Velasco, un policía corrupto, insensato e violento. O xornalista, que ao inicio da narración está a piques de ser asasinado polos seus compañeiros de xolda por telos delatado ante a policía, logra ser perdoado pola súa traizón a cambio de mudar a súa identidade e refacer a súa vida en Berlín.

Farkas, Péter, *Oito minutos* (*Nyolc perc*, Magveto, 2007), trad. do húngaro Sergio de la Ossa e Veronika Gergely, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 34, 2012, 91 pp. (ISBN: 978-84-92866-37-3).

Novela curta de Péter Farkas (Budapest, 1955) na que un narrador omnisciente en terceira persoa relata, a longo de trinta e cinco capítulos, a historia dunha parella de anciáns aos que lles queda pouco tempo de vida. A ela fállalle a memoria e aparece espida, ás veces durme no chan e precisa a axuda do seu marido para ser controlada. El, tamén moi maior, percibe cada día un pouco menos do seu entorno e coida dela á súa maneira. Fai xa moito tempo que non saen do piso e dormen a maior parte do día, sendo visitados unicamente polas mulleres que de cando en vez van pola casa para comprobar como está todo. Xa intentaran algunha vez sacalos do seu fogar, pero non o

conseguiran. O amor é o único que os mantén vivos, a pesares da decadencia dos corpos, que se detalla no relato. Esta tradución recibiu o apoio do Fondo Cultural Nacional húngaro.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Fin", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "De re varia", 9 xullo 2012, p. 15/ "Oito minutos' de Farkas", *El Progreso*, "Vivir", "Libros", 7 xullo 2012, p. 56.

Afirma que estamos perante un relato morboso sobre o derradeiro tempo dunha parella de vellos.

Griffith, George, *O anxo da revolución: un relato do terror que se aproxima* (*The Angel of the Revolution*, 1893), trad. Helena Bermúdez Sabel, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Ciencia Ficción, 2012, 467 pp. (ISBN: 978-84-15699-02-6).

Novela de ciencia ficción e fantasía de George Griffith (Inglaterra, 1857-1906), publicada orixinariamente en 1893. Distribuída en corenta e nove capítulos mais un epílogo, a historia sitúase inicialmente nun Londres socialmente convulso e futurista (principios do século XX). Neste senso, adquire un papel protagonista o inventor Richard Arnold, obsesionado con construír un obxecto voador con capacidade de transportar todo tipo de cousas e un poder destrutivo fóra do común. Ao sortear os riscos que ofrece o destino deste artefacto, o inventor coñece a Colston, membro dunha sociedade secreta e inimiga do goberno, que usa métodos terroristas para acabar cos males da sociedade a nivel mundial, onde a guerra é a única esperanza posíbel. Arnold entra na irmandade para desenvolver a versión do seu invento. Así, a fin será a conquista do anxo da revolución que é a musa de todos os terroristas, para que dean comezo novos períodos e xurda unha nova orde social. Os episodios sucédense ao longo de diversas aventuras, arriscadas misións, descubrimentos doutros mundos, batallas e bombardeos, etc, no que os implicados terán que loitar a favor dos seus intereses. Á marxe da imaxinación desta novela bélica e futurista, George Griffith deixa entrever os horrores que han de estar presentes nas posteriores guerras mundiais do século XX, dende un ideario socialista e revolucionario.

Haggard, H. Rider, *Eric ollos brillantes* (*Eric Brighteyes*, 1891), trad. Rodrigo Vizcaíno Bravo, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Fantasía, 2012, 413 pp. (ISBN: 978-84-15699-03-3).

Novela fantástica de Henry Rider Haggard (Bradenham, Norkfolk, 1856-Londres, 1925) publicada en 1891 e ambientada no século X, que narra en terceira persoa e ao longo de trinta e tres capítulos intitulados esta adaptación á literatura moderna dun antigo texto islandés. Cóntase a historia do guerreiro Eric, namorado de Gudruga (filla de Asmundo, o patriarca local) que, alertado polos ciúmes da bruxa Swanhild (irmá da moza), se verá forzado a separarse da súa amada, sabendo que o seu reencontro, tal e como foi profetizado, levará consigo a desgraza para todos. Deste xeito, o vikingo Eric, marcado xa ao principio polo destino e polos deuses para realizar certas fazañas, vivirá unha serie

de aventuras na que predominará a bruxería, a loita con espadas e a maxia. Alén de ser Eric o protagonista principal, tamén teñen presenza outros personaxes que afectarán igualmente ao decorrer das súas aventuras, como o tolo Skallagrim Lamstail, con características antitéticas comparadas co heroe. Á atmosfera épica da novela, engádese a forma lineal narrativa e o detalle descritivo.

Hope-Hodgson, William, *Os botes do Glen Carrig* (*The Boats of the Glen Carrig*), trad. Tuula Marjatta Ahola Rissanen, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Terror, 2012, 217 pp. (ISBN: 978-84-15699-12-5).

Novela de William Hope-Hogdson (Essex, Gran Bretaña, 1877-Francia, 1918), creador do xénero do terror cósmico. Organízase en dezasete capítulos, todos eles intitulados. Trátase dunha obra ambientada no século XVIII (1757) que conta a historia dos náufragos do "Glen Carrig", un barco que naufraga nos mares descoñecidos do sur, e que vagando polo océano procurando terra firme, cren avistar a costa, pero descobren que ese sitio non é a terra prometida, senón un páramo de terror e misterio, ateigado de seres con vida propia, animais devoradores, habitantes semi-humanos dos fondos mariños, etc. Deste xeito, terán que se enfrontar ao medo que supón o mal e a inmensidade do océano, que agocha segredos aparentemente insignificantes ante a grandeza do cosmos e ante monstros que presentan unha lóxica de carácter natural. A historia é narrada á maneira dos manuscritos, por un supervivente dos botes cuxo nome é John Winterstraw, quen lle relata o acontecido ao seu fillo James. Non segue a narración unha orde lineal dos feitos, posto que se comeza xa aludindo ás fazañas dos náufragos, no canto de se referir ao afundimento do barco. Así mesmo, o ambiente de terror constante e a presenza do horror deixa tamén espazo para a imaxinación e a intuición do lectorado.

Kawakami, Hiromi, *O maletín do mestre* (*Sensei no kaban*, Heibonsha, Tokyo, 2001), trad. Mona Imai, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 40, 2012, 193 pp. (ISBN: 978-84-92866-41-0).

Novela de Hiromi Kawakami (Tokyo, 1958) levada ao galego por Mona Imai, que emprega un narrador en primeira persoa, acolléndose á perspectiva da protagonista, Tsukiko, quen narra o que recorda coa súa estraña relación co seu mestre, Harutsuna Matsumoto, co que forma un tándem inseparábel. Kawakami dosifica a narración en 17 capítulos nos que Tsukiko conta a súa historia co mestre até o momento da morte deste. Son dous personaxes solitarios, Tsukiko de 38 anos e Harutsuna case o dobre, que, por azar, comezan unha relación tabernaria que se debate entre a cervexa, o sake e a gastronomía xaponesa, aínda que se coñecen de moito antes, da época en que o mestre lle dera clases de lingua xaponesa no instituto. Ás veces deciden romper a rutina na que se atopan e facer outro tipo de actividades, coma por exemplo ir a coller cogomelos ou a ver as cerdeiras en flor, aventuras que non sempre acaban ben ou, polo menos, do xeito esperado. Tsukiko, moito menor co mestre, parece sentir só unha fonda amizade con el, pero chega o día en que baixo os efectos do alcol confésalle o seu amor. É neste momento no que Harutsuna invítaa a pasar uns días nunha illa co único fin de ensinarlle a tumba da súa ex muller, xa defunta. Asiste o lectorado nesta narración ás dúbidas e aos medos da parella de protagonistas, que finalmente decide manter unha relación formal, truncada pola morte do mestre. A Tsukiko só lle quedará o maletín, así o ditaba

o testamento de Harutsuna, no que non hai nada. Kawakami emprega unha prosa fina e elegante, sen complicacións, mais sempre directa e emotiva. Esta obra recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro e Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011.

Koch, Herman, *A cea*, Premio Novela Europea Casino de Santiago 2011, trad. María Alonso Seisdedos e Antón Valle, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, 2012, 132 pp. (ISBN: 978-84-9865-463-9). ■

Novela de Herman Koch (Arnhem, 1953) composta por corenta e seis capítulos distribuídos en seis seccións intituladas ao xeito dun menú, que marcan o transcurso dunha cea nun restaurante. Nela dúas parellas, por unha banda o narrador e a súa muller e, por outra o irmán do narrador, candidato á presidencia do país, e a súa dona, tratan de buscar unha solución, moralmente satisfactoria para eles, ao problema en que se ven envoltos os seus respectivos fillos, Michel e Rick, tras queimaren a unha indixente que estaba a durmir nun caixeiro e seren, logo, extorsionados polo irmán adoptado deste último, Beau. No transcurso da cea, o narrador vai lembrando diferentes acontecementos na educación do seu fillo que explican o comportamento deste e tamén o xeito violento en que deciden resolver o asunto para protexelo: agredir ao irmán do narrador para que non faga público o feito e deixar que Michel, coa axuda do seu curmán, faga desaparecer a Beau.

London, Jack, *Antes de Adán* (*Before Adam*,1907), trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Ciencia Ficción, 2012, 241 pp. (ISBN: 978-84-15699-10-1).

Novela de aventuras de Jack London (California, 1870-1916), publicada orixinariamente en 1907, na que se introduce a ideoloxía do propio autor ao redor de cuestións tales como o concepto de loita de clases, a supervivencia e a memoria racial. Cóntase a historia, narrada pola voz do propio protagonista e ao longo de dezaoito capítulos, dun rapaz do século XX que logra converterse nun homínido do Pleistoceno porque é quen de lembrar os feitos do pasado e dos seus ancestros a través das imaxes dos seus ensoños. Envolto nunha sociedade pouco evoluída, están presentes os conflitos da convivencia entre as poboacións. O rapaz debe darlle orde aos acontecementos terríbeis que está a vivir para darlle cohesión entre a experiencia vivida e a dos seus recordos como un ser estadounidense na idade contemporánea. Así pois, ofrécese unha reflexión sobre a vida dende os perigos dos tempos remotos, axudando a observar con outra realidade certos comportamentos da especie ao longo da humanidade, en relación fundamentalmente ás condutas sociais.

London, Jack, *Contos de ciencia ficción I* (*Science fiction stories*), trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, 2012, 206 pp. (ISBN: 978-84-15699-08-8).

Escolma de relatos de Jack London (California, 1876-1916) que se inclúen na ficción científica publicada polo autor e que destacan polo forte compoñente descritivo dos mesmos. En liñas xerais, as historias elixidas para este volume reflexionan sobre o

futuro que lle espera á sociedade, como resultado do irrefreábel crecemento do capitalismo. Deste xeito, as distopías plasmadas nos seus relatos inciden na crítica social e política característica da sociedade contemporánea, adquirindo grande relevancia a loita de clases. O primeiro dos relatos, intitulado "O home da cicatriz" (pp. 9-33), versa sobre Jack Kent, un home avaricioso obsesionado con acumular grandes sumas de ouro, metal que obtiña dando acubillo arredor da súa caravana aos viaxeiros que transitaban polos camiños de arredor. A súa cobiza levábao a ter todo tipo de soños nos que lle roubaban o seu ouro. Produto dos seus pesadelos, temía a chegada do "Home da cicatriz". Dito pesadelo converteuse en realidade cando o home dos seus soños se lle apareceu na caravana en carne e óso.

Lovecraft, Howard Phillips, *A procura soñada de Kadath a descoñecida* (*The Dream quest of the Unknown Kadath*), trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Gótica. Biblioteca Lovecraft, n.º 8/vol. VIII, 2012, 269 pp. (ISBN: 978-84-15699-11-8).

Novela de Howard Phillips Lovecraft (Providence, Rhode Island, Estados Unidos,1890-1937) que recibiu unha axuda á tradución da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia. Pecha o chamado "ciclo do soño" e trátase dunha historia de aventuras protagonizadas por Randolph Carter, alter ego do autor, que destaca pola súa predisposición á fantasía e recolle elementos e referencias dos seus relatos anteriores. O protagonista soña constantemente cunha cidade alén dos picos de Kadath (a Cidade do Solpor) á que non se pode achegar porque esperta antes de facelo. Decide entón viaxar ao país dos soños para obter a axuda dos deuses. Neste percorrido o escritor vai coñecer a seres moi diversos (animais, amorfas divindades, bestas lunares,...) dos que obterá diferentes respostas: axuda, hostilidade, confusión... mais do mesmo xeito que coñecer estas inimaxinábeis figuras fóra dos esquemas normais de pensamento, terá ocasión de visitar sitios igualmente dispares, como é o caso, por exemplo, da Meseta do Leng. A única finalidade é soñar, mantendo a máxima da xuventude relacionada ademais coa recorrencia á fantasía. A obra non está dividida en capítulos.

Lovecraft, Howard Phillips, *Contos do ciclo do soño* (*The Dream Cycle*), trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Gótica. Biblioteca Lovecraft, n.º 7/vol. VII, 2012, 217 pp. (ISBN: 978-84-15699-07-1).

Conxunto de relatos de Howard Phillips Lovecraft (Providence, Rhode Island, Estados Unidos, 1890-1937) que recibiu unha axuda á tradución da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia. Influenciados polos contos de Lord Dunsany, son oito relatos ("Polaris", "A nave branca", "Os gatos de Ulthar", "Celephais", "A procura de Iranon", "Os outros deuses", "A chave de prata", "A través das portas da chave de prata"), os máis deles breves, que teñen como elemento común o terror cósmico. Na maioría dos contos é predominante a voz narrativa en primeira persoa, ben como protagonista, ben como testemuña dos feitos. Recréanse historias moi vencelladas ao mundo onírico dos soños, achegándose a unha realidade complexa e espesa. Deste xeito, o material do soño atéigase de imaxes horroríficas e na base de construcións destes relatos está tamén a desesperación ante o mundo físico e real. Outro elemento destacábel dos relatos é a recorrencia a nomes (personaxes e cidades, fundamentalmente) imaxinarios (Olathoë, Ulthar, Kuranes, Arkham, Sona-Nyl...). Os

dous últimos relatos recollidos neste volume teñen como principal protagonista a Randolph Carter, personaxe recorrente nas obras de Lovecraft, e no que novamente se exalta a importancia e a ilusión dos soños. "A través das portas da chave de prata" é unha secuela do anterior, escritos en colaboración con E. Hoffman Price.

Morand, Paul, *Venecias* (*Venises*), trad. do francés Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 4, 2012, 176 pp. (ISBN: 978-84-939647-3-3).

Novela na que, a modo de diario, Paul Morand (París, 1888-1976) fai, a través do personaxe protagonista, un repaso a toda a súa vida a través das súas continuas estancias en Venecia. Convértese esta obra nun guieiro da cidade dos canais, no que se describen moitos dos recantos polos que Morand pasou algunha vez. Ao longo das súas páxinas plásmase un modo de vida que xa non é o vixente na actualidade. Ao protagonista oféndeno as fronteiras e atopa na cidade de Venecia "o decorado final da grande ópera que vén sendo a vida dun artista", ao igual que Marcel Proust, Lord Byron ou Valéry Larbaud, amigos cos que comparte estancias na cidade italiana. O seu corazón fica sempre naquel lugar cando ten que marchar a outros sitios de Europa, que percorre incansabelmente. As góndolas, a illa de San Lazzaro ou o mercado de Rialto non desaparecen en ningún momento da súa cabeza. Pero mentres, a súa muller está en Trieste e iso provoca que pase longas tempadas fóra da súa amada cidade. Porén, sempre volve e Venecia segue sendo unha "cidade radiante de prosperidade". A prosa empregada é suxestiva e alambicada, cunha linguaxe culta, preciosista e retórica que introduce ao lectorado de cheo na época na que se ambienta a obra. O ritmo é sosegado, acompasándose ás descricións evocadoras e sentimentalistas.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "A Kamchatka literaria de Paul Morand", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 465, "Letras en galego", 5 maio 2012, p. 9.

Explica que o periplo vital de Paul Morand cadra exactamente co de Ramón Otero Pedrayo e que nesta publicación o seu autor ofrece un singular testemuño literario dunha vida mediante unha "ollada penetrante e fascinada de Venecia".

- Francisco Martínez Bouza, "Le soir sur la lagune", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 417, "Libros", 31 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 370, "Letras galegas", 2 xuño 2012, p. 7.

Comenta que esta obra foi escrita por Paul Morand en Suíza mentres estaba a ser depurado por ter sido diplomático do goberno de Vichy e sublíñase que nestes relatos se recrea o mundo veneciano dende as viaxes cos seus pais a comezos do século XX até "o seu adeus a comezos dos setenta".

Morris, William, *O clan dos Lupercos* (*The House of the Wolfings*), trad. Manuel del Río Rodríguez, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Fantasía, 2012, 319 pp. (ISBN: 978-84-15699-13-2).

Novela de William Morris (Inglaterra, 1834-1896) composta de trinta e un capítulos que se abre co subtítulo "O clan dos Lupercos, unha historia do clan dos Lupercos e de todos seus parentes na marca, escrita en prosa i en verso por William Morris" e unha presentación en verso que di: "Nos comezos da véspera de Inverno/ pasamos por diante nesta noite de reunións...". Caracterizada polo seu idealismo romántico, a obra combina narracións en prosa con intervalos longos en versos e mestura realidade con tempos míticos e lugares distantes. Cóntase a loita dos clan dos lupercos (o pobo xermánico, primitivo e con regras de seu que, por veces, se aproxima a unha sociedade utópica) contra as lexións romanas invasoras. Invértese, así, a percepción de ambos os pobos e coñécense a organización de ambas as sociedades contadas polos descendentes dos lupercos moitos anos despois. A dos xermanos destaca especialmente polo seu heroe, Thiodolf, líder do seu pobo con antecedentes misteriosos que centra algunhas pasaxes do libro, no que tamén ten cabida unha ampla presenza de deuses. Tanto esta novela como outras obras de William Morris teñen destacado pola influencia exercida na obra de Tolkien.

Pamuk, Orhan, *Chámome vermello* (*Benim Adin Kirmizi*, 1998), Premio Nobel 2006, trad. María Alonso Seisdedos e Bartug Aykam, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 30, outubro 2012, 633 pp. (ISBN: 978-84-9865-456-1). ■

Novela histórica de Orhan Pamuk (Istambul, 1952) na que diferentes voces, algunhas mesmo obxectos inanimados (moeda, cabalo, árbore) ou abstractos (morte, diaño), achegan a través da narración-testemuña elementos da trama e perspectivas subxectivas sobre a sociedade e a vida no Istambul do século XVI. Unha novela polifónica que comeza *in extrema res*, ao se abrir coa confesión dun miniaturista do sultán, o mestre Elegante, que vén de ser asasinado e que dende ultratumba explica que estaba a traballar para este na composición dun libro segredo, homenaxe á súa vida e ao imperio, no que interveñen os máis reputados miniaturistas do seu tempo baixo a dirección do Mestre Tío. Descoñecedor da identidade do asasino, a súa voz dá paso a outros miniaturistas implicados no proxecto que se refiren a este asasinato, proxectando as súas opinións e puntos de vista sobre o feito, á vez que introducen múltiples reflexións sobre a arte oriental, especialmente a pintura, e as diferenzas coas técnicas e usos propios en occidente, representados fundamentalmente polas tendencias que chegan dende a rica Venecia, e que propician un rico diálogo que deriva en discusións filosóficas sobre os conceptos da arte. Nestas reflexións introdúcense tamén relatos e historias sobre a antigüidade, lembranzas persoais, historias de amor e lendas, nas que se recolle o peso da tradición e dunha concepción particular sobre a sensibilidade, o amor pola palabra, a beleza e a harmonía. Todos estes elementos mestúranse co avance da intriga cara á descuberta da identidade do asasino do miniaturista e das causas do crime, que en lugar de se esclarecer semella que se complica a cada paso, dadas as múltiples sospeitas e pistas falsas que cada confesión abre para o lector e que son feitas polo Mestre Bolboreta, Cegoña, Oliva ou mesmo o secretario Negro ou a moza Shekure. Deste modo a intriga acentúase a medida que se suceden as confesións e tamén o número de asasinatos, entre eles tamén o do mestre Tío, introducíndose nun clima dominado pola tensión, as envexas, intereses e posturas persoais encontradas, que representan a loita por manter a tradición pictórica oriental fronte á innovación que chega de occidente.

Recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos na convocatoria de axudas a tradución 2011.

Pasolini, Pier Paolo, *Unha vida violenta* (*Una vita violenta*, 1959), trad. do italiano, Gonzalo Vázquez, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, 2012, 400 pp. (ISBN: 978-84-939647-6-4).

Novela de Pier Paolo Pasolini (Boloña, 1922-Roma, 1975) que narra dende unha óptica neorrealista a vida da mocidade da periferia de Roma nos anos sucesivos ao remate da Segunda Guerra Mundial. Ábrese cun paratexto en forma de dedicatoria ("A Carlo Bo e Guiuseppe Ungaretti, as miñas testemuñas no xuízo contra *Ragazzi di vita*") ao que seguen as dúas partes da obra, estruturadas respectivamente en 5 capítulos. Pasolini narra a historia de Tommaso, un rapaz que vive ás aforas de Roma nun ambiente marxinal e que, debido á vida que leva, vese obrigado a actuar de xeito violento para conseguir cartos e comida, incluso para ser aceptado dentro do seu grupo de amigos. Durante toda a primeira parte nárrase o período máis duro da vida deste rapaz, que incluso chega a entrar no cárcere. Logo, na segunda parte, narrase a súa vida despois da saída do centro penitenciario. Esta é unha nova etapa na que o protagonista coñecerá o amor e incluso se verá reformado nos seus hábitos. Durante este tempo, Tommaso tamén experimentará o que significa traballar e incluso sufrirá os efectos da tuberculose, tendo que ser internado nun centro para a súa recuperación. Estes feitos marcan notablemente o protagonista non só á hora de actuar, senón tamén modificando en certo sentido a súa conciencia política. Sempre dende unha perspectiva realista, o libro cóntanos, cunha linguaxe sen filtros e directa, esta historia de final tráxico. Péchase facendo unha "advertencia", na que o autor explica que tanto as personaxes coma os lugares e os feitos "son froito da invención" pero que o que se relata na novela aconteceu e pode volver acontecer. No último parágrafo desa advertencia, dá grazas aos "rapaces do regueiro", que lle axudaron a escribir este libro, concretamente a "Sergio Citti".

Recensións:

- Armando Requeixo, "Da vida neorrealista", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 745, "Letras atlánticas", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 745, "Letras atlánticas", p. 33, 7 outubro 2012.

Primeiramente faise unha achega á biografía de Pier Paolo Pasolini, autor da novela traducida ao galego por Gonzalo Vázquez. Sinálase que a vida nos suburbios romanos, a delincuencia organizada, a prostitución e os baixos fondos conforman o eixo de acción do relato. Saliéntase que *Unha vida violenta* entraña "unha agresividade burbullante" e, finalmente, felicítase a Alejandro Tobar, responsábel da editorial Hugin e Munin, pola súa publicación.

- Francisco Martínez Bouzas, "Orfos e humillados", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 433, "Libros", 8 novembro 2012, p.VI.

Infórmase da publicación desta obra traducida ao galego, situándoa "no cumio da narrativa" do seu autor. Explícase que, entre outras cousas, a delincuencia, a fame e a

violencia son a cerna da trama desta novela, na que tamén se pode ser partícipe do crecemento interior do protagonista. Saliéntase que o relato nútrese de datos autobiográficos e que o autor emprega unha linguaxe que se corresponde coa que "escoitan e falan os orfos e humillados do capitalismo de posguerra".

Quiroga, Horacio, *Contos de amor, loucura e morte* (*Cuentos de amor, locura y muerte*), trad. Rodrigo Vizcaíno Bravo, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Terror, 2012, 323 pp. (ISBN: 978-84-15699-01-9).

Conxunto de dezaoito relatos Horacio Quiroga (Salto, Uruguai, 1878–Bos Aires, 1937), de desigual extensión, traducidos ao galego por Rodrigo Vízcaíno. Son os seguintes: "Unha estación de amor", "Os ollos sombríos", "O solitario", "A morte de Isolda", "O inferno artificial", "A galiña degolada", "Os buques suicidantes", "O almofadón de plumas", "O can rabioso", "Á deriva", "A insolación", "O arame de púa", "Os mensú", "Yaguaí", "Os nosos pescadores de vigas", "O mel silvestre", "O noso primeiro cigarro" e "A meninxite e a súa sombra". A voz narrativa que predomina neles é a dun narrador omnisciente e o estilo descritivo combínase cunha narración próxima á cinematografía e unha ambientación misteriosa. Destaca o retrato psíquico dos personaxes asociados á enfermidade e ás alucinacións e a fantasía case sempre presente noutros elementos como a humanización de animais. Ademais, a tensión da trama aporta atmosferas estrañas moi vinculadas ao grotesco. Malia estar moi presente o amor en cada unha das historias, é a fatalidade quen adquire maior protagonismo, non só pola angustia que xeran certas relacións de namoramento, senón porque a historia se apoia en reflexións sobre o illamento, o desamparo ou o infortunio.

Roussel, Raymond, *Locus solus* (*Locus Solus*, 1914), trad. do francés Isabel Soto e Xavier Senín, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 5, 2012, 293 pp. (ISBN: 978-84-939647-4-0).

Novela do escritor francés Raymon Roussel (París, 1877-Palermo, 1933) publicada orixinalmente en 1914 e dedicada á súa irmá. Considerada unha estraña novela da literaria mundial, está dividida en sete capítulos sen título nos que se narra a visita nunha xornada á casa de Martial Canterel, *alter ego* do propio Roussel, quen recibe aos amigos na inmensa finca da súa propiedade denominada "Locus Solus", un parque situado ás aforas de París. A voz narrativa é testemuña dos feitos porque pertence ao grupo que vai a ese lugar, mais descoñécese o nome del e dos outros personaxes, pois resultan máis salientábeis os inventos que o anfitrión Canterel vai amosando aos seus convidados. Estes estraños artefactos están expostos polo xardín e destacan pola súa estrañeza e complexidade (mortos autómatas, un vehículo voador, un diamante xigante cheo de auga,...). De cada un destes dispositivos dáse explicación e argumentación, dando pé a toda unha inventiva de mundos imaxinarios, sendo destacábel o predominio das descricións e a ausencia de diálogos. Finalmente, o paseo por ese curioso lugar remata cunha cea festiva. Xa que logo, a novela amósase como un total quebracabezas onde hai unha técnica narrativa caracterizada polos xogos de palabras, homofonía, repeticións e descomposición de termos, entre outras características formais.

Šćepanović, Branimir, *A boca chea de terra* (*Usta puna zemlje*, Slovo Ljubev, Beograd,

1974), trad. do serbio Jairo Dorado Cadilla, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 35, 2012, pp. 72. (ISBN: 978-84-92866-38-0).

Novela de Branimir Šćepanović (Serbia, 1937) que relata unha vertixinosa e desacougante persecución, dende dúas ópticas diferentes e alternas -unha primeira persoa do plural, a dos perseguidores, e unha terceira persoa omnisciente, a do fuxido, en cursiva-. O encontro entre eles, nun bosque camiño de Montenegro, a terra natal do protagonista, é totalmente casual. Mentres que este home enfermo ao que lle veñen de diagnosticar unha enfermidade terminal decide volver á súa terra de orixe para pasar alí os seus últimos días, decidindo en último momento baixar do tren e penetrar no bosque para que a súa vida remate alí, alonxado do mundo, os perseguidores son cazadores que teñen por costume pasar uns días naquel recóndito paraxe. O bosque convértese en testigo da absurda persecución, pois non se coñece motivo ningún para a súa existencia, a non ser os medos dunha e doutra parte polo outro, polo que teñen enfrente. Mais o home enfermo tan só quere esgotar os seus días sen que ninguén o moleste, e alí, naquel bosque, é onde ten lugar o seu fin despois dun longo camiño escapando, coa boca chea de terra e a sorpresa dos perseguidores, que crían que pretendía burlarse deles ou facerlles algún tipo de dano. Esta novela, que relata un enfrontamento singular entre o individuo e a colectividade, permite ao lectorado reflexionar sobre o sentido da vida e da mesma morte.

Recensións:

- Dolores Martínez Torres, "Pequena xoia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 431, "Libros", 25 outubro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 382, "Letras galegas", 27 outubro 2012, p. 6.

Coméntase o argumento deste relato, traducido do serbio, no que un enfermo terminal, quen ten a intención de suicidarse, é perseguido por un par de cazadores. Destácase que esta narración se nutre da "implacable lóxica do absurdo" e que é narrado dende un dobre punto de vista: o do perseguido e o dos perseguidores. Para rematar indícase que, nesta narración, a busca do sentido da vida e outros aspectos "entrecrúzanse coas xustificacións do odio".

Scott Fizgerald, Francis, *Contos da era do jazz* (*Tales of the Jazz Age*, Charles Scribner's Sons, 1922), trad. Rafael Salgueiro, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Clásica, n.º 8, 2012, 304 pp. (ISBN: 978-84-92866-20-5).

Conxunto de relatos de Francis Scott Fitzgerald (Minnessota, 1896-Hollywood, 1940) que comeza cun índice dividido en varias partes no que o autor comenta un a un cada conto do volume. "As miñas últimas *flappers*" é a primeira e contén catro relatos. "O Gominola" (pp. 15-36), que narra a historia de Jim Powell, alcumado o Gominola, e a súa relación coa desexada Nancy Lamar; "O lombo do camelo" (pp. 37-68), onde se presenta a Perry Parkhurst, un avogado de vinte e nove anos, e a súa truculenta historia con Betty Medill; "Primeiro de maio" (pp. 69-126), onde se asiste ao enfrontamento de dous mundo irreconciliábeis, o luxo e o diñeiro e a desgraza e a pobreza. As cómicas intervencións dos personaxes contrastan co dramático desenlace desta historia protagonizada por Gordon e Dean; "Porcelana e rosa" (pp. 127-140), que, a modo de

obra teatral, conta a historia de Lois e Julie, uns irmáns que non deixan de discutir. Comeza neste punto a seguinte parte da obra, "Fantasías", que se abre co relato "O diamante tan grande coma o Ritz" (pp. 141-186), no que o seu protagonista, o mozo John T. Unger, coñece ao fillo do home máis rico do mundo, Percy, e ten a oportunidade de visitar a súa casa. Todo naquel lugar que nin tan sequera aparece nos mapas é impresionante. O problema virá no momento en que decida saír de alí. O seguinte é "O curioso caso de Benjamin Button" (pp. 187-216), que narra a historia dun bebé que nace vello, e que a medida que vai medrando vai facéndose máis pequeno até que os seus días rematan volvendo ao berce. En "Tarquinio de Cheapside" (pp. 217-226), un dos relatos máis poéticos do volume (como confirma Scott Fitzgerald nas pequenas consideracións que anteceden á obra), o narrador conta a historia de Zapatos Lixeiros, quen escapa até agocharse na casa dun tal Wessel Caster por violar a unha muller. O seguinte relato intitúlase "Ah, bruxa do pelo encarnado!" (pp. 227-264) e nel nárrase a historia de Merlin Grainger, empregado da librería Pluma do Luar que se debatía entre Olive e Caroline. Comeza aquí o último apartado da obra, "Obras mestras sen clasificar". "Os pousos da felicidade" (pp. 265-288) é o primeiro relato que se inclúe, o drama dunha parella, Jeffrey Curtain e Roxanne Milbank, que ten que loitar contra a enfermidade. "O señor Icky" e "Jemina, a moza montañesa", son os últimos relatos, moi breves, que pechan a obra, pero que continúan co estilo brillante de Fitzgerald.

Recensións:

- Estro Montaña, "Brillante e sedoso estilo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 410, "Libros", 12 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 14 abril 2012, p. 6.

Considera que as historias deste volume amosan o "brillante e sedoso estilo" de Francis Scott Fitzgerald e mais que moitas delas adoitan rematar nun final infortunado.

Takeshi, Kitano, *Kikujiro e Saki* (*Kikujiro to Saki*, Shinchosha, Tokyo, 2001), trad. do xaponés Mona Imai, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, 2012, 103 pp. (ISBN: 978-84-92866-40-3).

Biografía ficcional de Kitano Takeshi (Tokyo, 1947) onde o autor retoma parte das súas vivencia da infancia e da xuventude. Recupera ditas lembranzas a través de dúas figuras que foron determinantes na súa vida e que dan nome ao libro: a súa nai Saki e o seu pai Kikujiro. Takeshi decide explorar as dificultades de levar a cabo a profesión que un elixe na súa vida, enfrontándose aos desexos dos pais e indagando nas relacións interpersoais que se estabelecen entre pais e fillos, neste caso, no seo dunha familia humilde. Destaca polo ton satírico e humorístico da linguaxe empregada.

Thompson, Jim, *Pob. 1280* (*Pop. 1280*, Gold Medal, Greenwich, 1964), trad. Eva Almazán, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 36, 2012, 238 pp. (ISBN: 978-84-92866-39-7). ■

Novela negra de Jim Thompson (Oklahoma, 1906-California, 1977) cuxa acción ten lugar en Pottsville, un condado do sur de Estados Unidos no que o racismo, a corrupción e a morte están á orde do día. Mil duascentas oitenta son as almas que pululan por este lugar, pero o que fai e desfai é o shériff Nick Corey, que narra a historia dende unha primeira persoa, un tipo aparentemente inofensivo e moi preguiceiro pero que conta cunha intelixencia sobrenatural que lle permite argallar toda clase de situacións para saír reelixido nas eleccións fronte ao seu contrincante Tom Gaddis. A violencia é o seu sinal de identidade, levada até as máximas consecuencias: a morte. Nick convértese así nun psicópata do que é preciso fuxir. E non só é un miserábel por realizar actos deste tipo, senón tamén por inculpar a inocentes dos crimes cometidos por el mesmo e incluso pola súa vida privada, que comparte con tres mulleres ben distintas (Myra, Amy e Rose) dentro dun entorno puritano, hipócrita e marcadamente racista. O autor retrata nesta novela o sur profundo dos Estados Unidos de comezos do século XX, criticando de forma despiadada a América que describe, cruel e desagradábel, chea de miserias. Esta tradución recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Creación e Difusión da Cultura, na convocatoria para o ano 2011.

Recensións:

- Estro Montaña, "Deep South", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 427, "Libros", 27 setembro 2012, p.VII.

Sinálase que esta novela foi escollida por Gallimard para o número mil da súa coñecida "Série Noir". Sublíñase o seu estilo coloquial e a súa narración en primeira persoa, ademais da facilidade do autor para presentar "cun humor nihilista" un mundo hipócrita e para retratar personaxes que non son o que asemellan.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Un poni no baño", *El Progreso*, "Vivir", "Libros", 21 xullo 2012, p. 56.

Coméntase o vínculo existente en *Pob. 1280* entre Jim Thompson e o filósofo Immanuel Kant e ofrécese un breve resumo do argumento.

Thompson, Jim, *O asasino dentro de min* (*The Killer Inside Me*, Fawcett Publications, 1952), trad. Eva Almazán, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 41, 2012, 247 pp. (ISBN: 978-84-92866-43-4).

Novela negra de Jim Thompson (Oklahoma, 1906-California, 1977) cuxa acción desenvólvese en Central City, Texas, onde vive o protagonista da historia, o peculiar Lou Ford. É Lou un axente de shériff normal e traballador, aínda que un pouco pesado e pachorrento, pero baixo esa aparencia externa, agóchase un ser humano complexo e revirado. Mantén relacións estrañas con personaxes que non lle conveñen e élle infiel á súa moza de toda a vida, Amy, coa que non quere casar. Ademais, desenténdese dunha maneira sospeitosa da morte do seu irmán adoptivo e compórtase como unha besta coas mulleres coas que chega a manter relacións íntimas. Pero é o axente do shériff Maples, considerado un tipo corrente cunha boa reputación, e nada é como semella ser. Non

deixan de sucederse asasinatos que fan desconfiar de Ford, como a morte de Elmer e Joyce Lakeland ou a morte do grego Johnnie Pappas. Todo provocado, en último termo, pola doenza: *dementia praecox*, esquizofrenia paranoide. Unha doenza "aguda, recorrente e avanzada", que Lou non pode evitar. Cando pensa en abandonar a vila xa é tarde de máis. Só lle queda o cárcere, o manicomio e as consecuencias que isto leva consigo. A intriga, o estilo e as paisaxes debuxadas por Thompson son as características máis salientábeis desta novela.

Wallace, Edgar, *Angel Esquire* (*Angel Esquire*), trad. do inglés de Alejandro Tovar, Santiago de Compostela: editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 6, 2012, 172 pp. (ISBN: 978-84-939647-5-7).

Novela do escritor inglés Edgar Wallace (Greenwich, Reino Unido, 1875-Beverly Hills, Estados Unidos, 1932) publicada orixinariamente en 1908. Un narrador en terceira persoa relátanos ao longo de quince capítulos a historia de Angel Esquire, que conta cun relevante posto de emprego na Scotland Yard e que vai axudar ao criminal Stannard a resolver o caso que se abre unha vez que morre o defunto James Ryan Reale. Reale deixou á súa morte unha gran fortuna agochada baixo unha caixa forte cuxa combinación deixou cifrada por un criptograma, polo que nas lecturas das últimas vontades do millonario, sábese que catro son as persoas que se poden beneficiar da súa fortuna. Como non é casual que o vello rico tomase precaucións para agochar o seu capital, comeza así o enfrontamento entre os membros da familia, tendo como protagonista principal a Jimmy. O misterio e a tensión emocional da trama son as principais características desta novela.

Recensións:

- Armando Requeixo, "O Wallace de ´Angel Esquire", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 736, "Letras atlánticas", "Libros", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 736, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 33, 5 agosto 2012.

Realízase unha achega á biografía do autor desta obra, Edgar Wallace, e exprésase o seu descontento polo esquecemento, nos tempos actuais, desta relevante figura literaria. Fálase do argumento desta obra, que versa sobre a futura herdanza dun home millonario, quen estabelece unha competición entre catro candidatos na que o obxectivo consiste en resolver o criptograma da propia caixa forte. Asemade, indícase que a súa lectura anima á reflexión sobre o xeito de actuar das persoas en situacións límite. Para rematar, recoméndase a lectura de *Angel Esquire* e felicítase á editorial Hugin e Munin e ao tradutor Alejandro Tobar pola súa publicación.

I.4. ANTOLOXÍAS

Domínguez Alberte, Xoán Carlos (coord.), *Vieiros de palabra. Terra de Celanova-Baixa Limia en letras de autor*, Celanova: Libraría Conde, maio 2012, 153 pp. (ISBN: 978-84-695-3455-7). ◆

Comeza esta obra colectiva cos "Criterios de edición" onde se indican que se procurou respectar a fidelidade dos textos remitidos polos seus creadores e mais que o único que se fixo foi unha actualización normativa. Despois aparece o texto "Vieiros de palabra", asinado o 5 de abril de 2012 en Escudeiros, Ramirás, Ourense, no que se explica que neste volume se pretenden reunir todos os creadores con vencellos nas comarcas ourensáns de Terra de Celanova e mais na Baixa Limia. Tamén se sinala que estes autores e autoras deberían ter obra publicada en galego no ámbito das humanidades e mais vencellos directos (orixinarios ou vitais) con estas comarcas ourensás. Como complemento aos textos apúntase xunto ao nome do creador a data e lugar de nacemento mais un retrato fotográfico obra de Toni Álvarez. A seguir ofrécese unha relación dos nomes e apelidos dos diferentes autores e autoras e mais o título da súa achega nesta publicación colectiva en lingua galega. En prosa temos a José Abadín Gamucio, "Auga corrente non mata á xente"; Rafael Adán Rodríguez, "Desde Olelas…"; Bieito Alonso Fernández, "O fío da terra"; Martín Álvarez, "A culinaria nas letras"; Aser Álvarez González, "O poder das augas"; Enrique Bande; "O castelo ou torre de Sande"; Francisco Castro, "Inventario de todos os recordos da miña nai sobre Gomesende, agora que perdeu a memoria, para que queden escritos e daquela non se perdan de todo"; Felipe Castro Pérez, "Beizón"; Lola Gándara, "Onde a infancia se chama Celanova"; Lois Antón, "Si, Escudeiros"; Paco López Barxas, "Tu familia no te olvida"; Fernando Méndez, "Boas migas"; Xosé Luís Méndez Ferrín, "Vilanova soterraña"; Carlos Méndez Míguez, "Os bautizos dos canóns do río Arnoia"; Alejandro Mínguez González, "Celanova, terra de cogomelos"; Isabel Mociño González, "Hai lugares que marcan a nosa infancia"; Toño Monteiro, "O bosque máxico dos oestrimnios"; Benito Pereira Domínguez, "Ugeres, serra do Xurés"; Davide Pérez, "Xan e Jennifer"; Alberto Pérez Adán, "Panorama desde a fiestra"; Bieito Pérez Outeiriño, "Exeria e Celanova"; Luís Pérez Rodríguez, "O Quinteiro"; Antonio Piñeiro, "Hai dous mil anos que a palabra escrita non nos é allea"; Alba Quintáns, "Doutor Xoán Quintana"; Xosé Benito Reza, "O camiño de San Rosendo"; Noelia Rodríguez, "Xuresianos"; Xulio Rodríguez González, "Selo romano de panadeiro, de Baños de Río Caldo"; Fernando Román Alonso, "O soño"; Xurxo Sierra Veloso, "O contador de palabras"; Bieito Silva Valdivia, "Desde a atalaia do Xurés" e mais Xulio Sousa Fernández, "No monte escuro". A achega de Ramón Nicolás Rodríguez, "Destrución", mestura prosa e verso.

Tamén está descrito no apartado II. 4. Poesía deste *Informe*.

Recensións:

- Héitor Mera, "Defendendo a identidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 480, "Libros", 18 outubro 2012, p.VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", nº 381, "Letras galegas", 20 outubro 2012, p. 6.

Comeza indicando que esta antoloxía conta cunha introdución de X. C. Domínguez Alberte, quen explica os criterios elixidos para os autores e autoras participantes das comarcas de Celanova e a Baixa Limia. Critica que se use como criterio para a inclusión dos autores os "vínculos familiares ou creativos" coas comarcas ourensás. Indica que se inclúen relatos, poesía e mini artigos dos que afirma que posúen "calidades varias". Remata aludindo ao orgullo dos habitantes de Celanova e da Baixa Limia para os que se publica esta "coroa literaria".

II. POESÍA

II.1. POETAS GALEGOS

Abeleira, Xoán, *Pan de Ánimas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Poesía, n.º 28, 2012, 172 pp. (ISBN: 978-84-9914-351-4).

Libro de poemas de Xoán Abeleira (Maracay, Venezuela, 1963), que se presenta dividido en dúas partes intituladas: "I Fariña Viva" (pp. 9-76), que inclúe corenta e unha composicións; e "II Fariña Muda" (pp. 79-154), que contén, á súa vez, outros corenta e un poemas. Estes presentan unha extensión e unha estrutura variábeis. O tema central da obra afonda nunha reflexión sobre a morte e a existencia, empregando o símbolo da roda do muíño como analoxía do ciclo da vida. Como é indicado no título, que xa alude á morte, é esta o tema fundamental, nomeadamente o concepto de "boa morte" e a necesidade de vivir unha boa vida, plena e significativa.

Recensións:

- Dolores Vilavedra, "De memorias e memorias", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 marzo 2012, p. 10.

Repasa varias publicacións que viron a luz en 2012 e sinala que *Pan de ánimas* é un libro de poemas amplo e desigual no que conflúen materia e antimateria, vida e morte, luz e escuridade.

- Armando Requeixo, "Xoán Abeleira, ofrendando o verso", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", "Páxina literaria", p. 33, n.º 718, "Letras atlánticas", "Libros", 1 abril 2012.

Celébrase a publicación de *Pan de ánimas*, último libro de poemas de Xoán Abeleira. Indícase que é "votivo, unha ofrenda" espiritual que bebe das doutrinas budistas e de certas ensinanzas orientais. Indícase que Abeleira tenta recuperar a cultura clásica e que integra na súa obra referencias sánscritas e mesmo hebreas. Destácase o emprego dunha gran variedade de versos e estrofas. Sinálase que o volume recolle tamén textos reescritos e recuperados polo autor.

Álvarez Torneiro, Manuel, *Os ángulos da brasa*, Pontevedra: Factoría K de Libros, col. Tambo, marzo 2012, 106 pp. (ISBN: 978-84-15250-36-4).

Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) reúne nesta obra un conxunto de poemas estruturados en tres seccións: "Trama de vida", "Terreal e sagrado" e "Tapiz de cinsa". Ábrese o libro con dúas citas, unha de José Ángel Valente ("Porque es nuestro el exilio. No el reino") e outra de Carlos Marzal ("Saber que somos los inconsolables"). Ao longo do libro, algúns dos poemas son introducidos igualmente por citas de autores como: o Arcipreste de Hita, outra vez José Ángel Valente, Antón Avilés de Taramancos, Jorge Guillén ou Fray Luis de León. O tema principal é o tempo e o seu paso polas etapas da

vida, empregando simbólicamente as estacións e os meses do ano. Relacionado con este tema fica ligada a reflexión sobre a memoria, presente en numerosas composicións. O amor, a beleza, as palabras, a infancia, os mariñeiros, a educación, as emocións… son outros dos asuntos que Álvarez Torneiro trata nestes versos, nos que a voz poética vencella estas cuestións á reconstrución da memoria persoal. Moitos destes temas cobran presenza xa dende os títulos dos poemas: "Abril", "Caderno de gardería", "Amor", "Mariñeiros", "Mar da infancia", "Barcarola da beleza", "Tristeza", "Días"... O volume está inzado de referencias culturais, nomeadamente relativas á musica, á pintura e á literatura, como se observa nas alusións a Platero, William Shakespeare, Franz Shubert, Caravaggio ou Antonio Vivaldi.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Volve Tambo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 460, "Letras en galego", 24 marzo 2012, p. 9.

Fálase dos novos números que se engaden á colección Tambo, de Faktoría K de Libros. *Os ángulos da brasa*, de Manuel Álvarez Torneiro, é o primeiro, do cal se comentan pequenos detalles e motivos. *Alén da fronteira*, o segundo, é unha antoloxía poética bilingüe preparada por Isaac Xubín. Sinálanse os autores que aparecen e o denominador común de todos eles: a súa linguaxe simbólica e irónica e o seu compromiso social.

- Concepción Delgado Corral, "Entre a nostalxia e a procura do reino necesario", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "O espello das letras", abril, maio e xuño 2012, pp. 78-79.

Apúntase a estrutura tripartita da obra, salientando o seu carácter elexíaco e autobiográfico, a crítica que desprenden seus versos, a temática baseada no devir do tempo, a violencia vital e a sinxeleza da linguaxe.

- Xosé Carlos Caneiro, "Tesouro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 463, "A outra mirada", "Club dandi", 21 abril 2012, p. 11.

Celébrase a publicación da última obra de Manuel Álvarez Torneiro, *Os ángulos da brasa*, da que se di que non defrauda, ao igual que todas as deste autor. Destácase a compoñente musical dos seus poemas.

- Vicente Araguas, "Beleza contra do tempo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina literaria", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 721, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 721, "Páxina literaria", p. 30, "Libros", 22 abril 2012.

Reflexiónase sobre a literatura e sobre a importancia da obra de Manuel Álvarez Torneiro no panorama poético galego actual. Dáse conta da publicación do seu último libro, *Os ángulos da brasa*, nos que volve á posguerra que el viviu e que sempre está presente na súa obra.

- Armando Requeixo, "Vórtice de cinzas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 413, "Libros", 3 maio 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 366, "Letras galegas", 5 maio 2012, p. 6.

Infórmase da volta á escena poética actual de Álvarez Torneiro, con *Os ángulos da brasa*. Sinálanse os temas principais arredor dos que xiran as composicións, entre outros, os anos da posguerra, e as "presenzas evocadas" de José Ángel Valente, Walt Whitman, César Vallejo, Juan Ramón Jiménez, pero tamén de Wolfgang Amadeus Mozart e Antonio Vivaldi. Recoméndase vivamente a súa lectura.

- Fran P. Lorenzo, "Manuel Álvarez Torneiro reabre o esplendor da colección Tambo", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", "Poesía", 3 xuño 2012, p. 44.

Faise un percorrido pola traxectoria literaria de Manuel Álvarez Torneiro, dende a súa primeira obra, pasando polos premios recibidos e os seus últimos libros. Sinálase que a editora Faktoría K de Libros engade á colección Tambo, despois de seis anos de silencio, *Os ángulos da brasa*. Indícanse as liñas temáticas principais e a estrutura que o conforma.

- Ramón Rozas, "Toda a beleza da palabra", *El Progreso*, "Vivir", "Libros", 9 xuño 2012, p. 58.

Coméntase que *Os ángulos da brasa*, nova obra de Manuel Álvarez Torneiro, é unha metáfora continuada e chea de beleza. Analízase a obra atendendo aos "tres aneis" principais da súa estrutura: "Do Purgatorio de Dante", "Terreal e o sagrado" e "Tapiz de cinsa". Explícase que este autor é un dos maiores poetas galegos.

Referencias varias:

- D. Salgado, "La colección Tambo renace con poemas de Torneiro", *El País*, "*Galicia*", 22 marzo 2012, p. 6.

Entre outras cousas, infórmase da publicación desta obra, amais de facer un percorrido pola traxectoria literaria do autor.

- Ana López, "Está todo tan corrupto que, se non soñamos, isto acabará mal", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 22 maio 2012, p. 77.

Dáse conta da presentación en Pontevedra, na Casa das Campás, deste novo libro de poemas, á vez que se acolle unha entrevista ao autor.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 22 maio 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na Casa das Campás de Pontevedra.

Blanco, Ramón, *Emily on the road*, Noia: Acha Escrava Editora, 2012, 75 pp. (ISBN: 978-84-937986-2-8).

Libro de poemas en verso libre de Ramón Blanco (Outes, 1979) que comeza cun "Prólogo" (p. 7) no que se recolle unha cita de Emily Dickinson, seguido dun apartado intitulado "Conversas no adro" (p. 9), no que se reproducen diferentes citas de escritores (Virginia Woolf, William Blake, Chantal Maillard, Franz Kafka, Peter Handke, Cesare Pavese, Marguerite Duras, Jack Kerouac, e Carlos Oroza) que versan sobre a pulsión e a necesidade de escribir. A continuación principia a obra en si, que ten como asunto principal a historia dun escritor e a súa relación cunha muller chamada Emily que atopa nun traxecto na estrada. O volume divídese en tres partes: "I Partida" (pp. 11-18) onde o protagonista se dirixe á súa amada dende o peirao, con ton nostálxico, antes de iniciar a súa viaxe; "II Ruta" (pp. 19-63) na que se describe a ruta que o leva cara u oeste, onde recolle a unha rapaza chamada Emily e que o acompaña na travesía; e "III Arribada" (pp. 65-73) na que se narra o final do traxecto cando chegan á beira do mar.

Referencias varias:

- Iria Lago, "Escribir é un pouco como morrer, como estar ás escuras ou estar tolo", *La Voz de Galicia*, "*Barbantia*", n.º 73, 30 marzo 2012, p ?.

Acóllese unha entrevista a Ramón Blanco por estar na imprenta o seu último libro. Amais de comentar os inicios do autor, aludindo ao colectivo Sacou, comenta tamén o traballo que está a facer sobre a vida e obra de Francisco Añón.

- Ana Martínez, "Escribir es jugar a estar loco, las ideas vienen sin saber en lo que estás metido", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 756, p. 27/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 756, p. 27, "Entrevista", 23 decembro 2012.

Recóllese unha extensa entrevista a Ramón Blanco con motivo da presentación do longo poema narrativo que constitúe a súa última obra. Coméntase a elección do seu título e o estilo empregado, entre outras cousas.

Carballo, Juan e Ramón **Núñez**, *A máquina do tempo*, ilust. Nuria Díaz, Vigo: Juan Carballo e Ramón Núñez, 2012, 28pp. (ISBN: 978-84-615-9616-4). Inclúe CD editado e distribuído por Inquedanzas Sonoras.

Volume ilustrado e deseñado por Nuria Díaz que recolle composicións poéticas de Juan Carballo e Ramón Núñez, quen asina a letra de dúas pezas musicais. A súa temática é variada e vai dende a nostalxia ao amor, pasando pola cultura, os recordos, os segredos e o máis importante, a memoria. Inciden os autores en que sen memoria non existiría nada, pois todo o que se pode nomear desaparecería. Esta obra é unha especie de viaxe íntima que se completa co CD que inclúe, no que colaboran artistas como Alejandro Martínez, Guadi Galego, Guillerme Fernández, Maite Dono, Quim Farinha e Sito Suárez, entre outros. Para finalizar, pechando a obra, os autores engaden unha cita: "A metade do escrito unha arte aprendida / a outra metade un brinde pola viaxe vivida". Igualmente queren expresar o seu agradecemento "Á memoria de E. Urquijo e Antonio Vega", deixando tamén claro que os poemas, a dirección e a idea orixinal foi de Juan Carballo e a música e maila letra de dúas composicións de Ramón Núñez.

Referencias varias:

- P. CH., "Carballo y Núñez presentan en Becerreá el disco libro 'A máquina do tempo", *El Progreso*, "A Montaña", 16 novembro 2012, p. 21.

Dáse conta da presentación d'*A máquina do tempo*, en Becerreá. Dise que o acto contará cunha actuación musical acústica que acompañará o recitado dos textos. Coméntanse as composicións e ilustracións da obra.

Caride Ogando, Ramón, *A chuvia humana*, limiar Xosé Lois García, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Letra Inversa, 2012, 164 pp. (ISBN: 978-84-92792-69-6).

Libro de versos de Ramón Caride Ogando (Cea, 1957) que principia con dous paratextos en forma de cita, unha de Óscar Wilde e outra de Groucho Marx, sobre as cousas importantes da vida, o sublime, o ridículo e o humor. Contén un limiar intitulado "A poesía que chove", que asina Xosé Lois García, no que se reflexiona entre o creador e o creado, reparando nun estilo no que se amosan "as temperanzas e os estímulos desa choiva metafórica" ao redor de conceptos formais nos que se configuran os poemas sintéticos do libro. Ademais, obsérvase algunha composición que se achega ao "economicismo poético" de Uxío Novoneyra, entre outras cuestións. Componse de dúas partes: a primeira, "Arte de chover", e subtitulada como "micropoemas", ábrese tamén con citas literarias (Tao Te King e Rakao) e o texto poético "Con permiso de Monterroso", que pretende ser unha presentación do resto de composicións desta primeira parte. A seguir, aparecen as once epígrafes poéticas: "A chuvia do mundo", "A chuvia non é", "Non só chove", "Aos señoritos", "Sempre chove", "Mexan por nós", "En ningún sitio", "O Deus da Chuvia", "Chove", "A Chuvia é" e "Cando a chuvia". Cada unha delas (sen titular, pero numeradas), agás a última, contén máis dun poema, pero o primeiro distínguese do resto porque emprega distinta tipoloxía de letra. Todos eles destacan pola hiperbrevidade próxima ao estilo dos *haikus*: de aparente sinxeleza e temática diversa, predominando a ironía e certas reflexións filosóficas. O rexistro varía na segunda parte do libro, intitulado "Pegadas e ronseis", que principia cunha cita de Darío Xohán Cabana, e que vén sendo unha miscelánea de textos poéticos, moitos deles evocadores doutros tempos como "Ourense 1967" ou "Valencia 1980"; ou de relacións de amizade ou doutra índole persoal, algúns deles dedicados a destacados membros da intelectualidade galega, como "Bolboretas", para Manuel María, e "Irlanda!" para Ramón Cabanillas. O libro contén ilustracións da autoría de Serxio Suárez, Xoán Fariña, Saúl Otero, Lois Magariños.

Recensións:

- Armando Requeixo, "O 'hat trick' de Ramón Caride Ogando", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina literaria", p. 25/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 715, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 715, "Páxina literaria", p. 33, "Letras atlánticas", 11 marzo 2012.

Celébrase e valórase a publicación de tres obras de Ramón Caride Ogando "como novidades literarias da tempada". Estas son *A pomba dona Paz* e *Catro amigos*

pillabáns, destinados aos máis novos, e *A chuvia humana*, un libro de versos para adultos. Saliéntase que todas resultan enriquecedoramente complementarias, mais que o poemario é " a máis acabada das tres publicacións". Coméntanse polo miúdo as tres obras, nas que se apunta que Caride Ogando "amosa a súa versatilidade e bo facer".

- Román Raña, "Estraño e diverso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 410, "Libros", 12 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 14 abril 2012, p. 6.

Coméntase o libro de poemas de Ramón Caride Ogando *A chuvia humana*, no que o autor se achega á escrita aforística e ao *haiku*. Explícase que se trata dun volume breve que explora diversas temáticas, sempre tinguido de melancolía.

Castro, Amauta, *Nos muros do mundo*, Santiago de Compostela: Edizer Livros, 2012, 55 pp. (ISBN: 978-84-939527-9-2).

Poemario de Amauta Castro, heterónimo literario de Rafael Xoán Muñoz Castro (Barakaldo, 1981), que acolle parte das composicións publicadas polo autor en diferentes xornais e revistas como son *Dorna*, *Antoloxía poética da Diáspora Galega*, *Olláparo* ou *Andar 21*. O volume divídese en dúas partes. A primeira contén poemas de extensión ampla e verso longo, estruturados a súa vez en diferentes fragmentos, e intitulados "Cántiga de Eurídice" (pp. 9-16); "Acto Poético I: Lume" (pp. 17-24): "Palabras de Amauta" (pp. 25-30) e "Acto Poético III: Espellos" (pp. 31-37). A segunda acolle o resto das composicións de extensión e verso variado, que o propio autor intitula "As outras" (pp. 39-55). A obra de Amauta explora o local e o universal analizando nos seus versos a ameaza da desmemoria actual.

Chapela Bermúdez, Luis, *Sementeira de orballo: libro de poemas*, Vigo: Luís Chapela Bermúdez, 2012, 71 pp. (ISBN: 978-84-615-8490-2).

Ábrese esta breve obra de Luis Chapela Bermúdez cun paratexto en forma de cita que contén un dito popular: "Ata a folliña do millo / sabe tamén de picardía; / garda orballo pola noite / para beber polo día". Vén de seguido prologada por Cristina Chapela Lorenzo, quen resume que a obra é un "compendio de microhistorias" e que a pretensión do autor é "deixar para o recordo o seu afecto pola súa terra". Está dividido en catro partes principais. A primeira, "Poemas do mar", fala do mar e de vellos mariñeiros, dedicando unha gran parte dela a recordar a toponimia do Morrazo. Na segunda, "Poemas da Terra", o poeta rememora tempos pasados e paisaxes da súa terra. Mentres que na primeira parte a toponimia refírese a lugares costeiros (Cabo Home, Illas Cíes, Punta do Cabalo), agora instálase en sitios do interior, en montes e fragas (Monte dos Remedios, Pedra do Corveiro, San Martiño, Ameixoada). "Poemas da vida" é a terceira, un tanto diferente ás outras, na que se mesturan os recordos da súa nai cos da súa infancia. E por último, xa como breve colofón, "Poemas do amor", no que se alude igualmente a tempos pasados. Trátase dun libro sinxelo e intimista, sen máis pretensións, como xa afirmou a encargada do seu prólogo.

Referencias varias:

- Pablo Bueno, "O poemario 'Sementeira de Orballo' de Luis Chapela chega a Marín", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 210, "O Morrazo", "Marín", 21 xullo 2012, p. 3.

Infórmase da presentación desta obra no Multiusos da Praza de Abastos de Marín, organizada por Queremos Galego Marín. Sinálase que o autor recitou poemas e pasou a falar de como confeccionou a obra.

Conde, Xosé, *Ausencias, soños e rebeldías. Poesía en galego (1952-1990)*, selección de textos Víctor Campio Pereira e Edelmiro Vázquez Naval, limiar Víctor Campio Pereira, Santiago de Compostela: Centro PEN Galicia/Deputación Provincial de Ourense, col. Arte de Trobar, n.º 19, marzo 2012, 271 pp. (ISBN: 978-84-615-6570-2). ■

Grazas á escolma de textos poéticos de Xosé Conde Fernández (Barbantes, Ourense, 1918-O Porriño, 1990), levada a cabo por Víctor Campio Pereira (Garabás, Maside, 1928) e Edelmiro Vázquez Naval (Toubes, A Peroxa, 1949), sae do prelo este volume da autoría dun emigrante ourensán versado na pintura, amais da literatura e o xornalismo. Abre o volume un retrato do autor en lapis realizado por Marcos de Abeleda en 1977, seguido por un limiar de Víctor Campio Pereira intitulado "A dor emigrante: barca e río", estruturado de xeito tripartito. A primeira sección consiste nuns breves apuntamentos biográficos do autor dos que salienta o seu labor artístico, asinado sempre baixo o pseudónimo de Barqueiro, xunto ao literario en lingua castelá, con obras como *Penas son cantares* (1951), *Canto y grito* (1956), *Desde el tiempo* (1966), *Otoño en soliloquio* (1972) e *España en lonjas* (1975). Destaca asemade a súa condición de poeta da emigración a partir da súa mudanza a Arxentina, a súa audición radiofónica "Recordando a Galicia", a fundación da revista *Mundo gallego* en 1951 xunto a Eliseo Alonso e Teodoro Campos, a súa enfermidade e o regreso á terra que o viu nacer en 1980. A segunda sección estuda a súa obra poética e estabelece cinco apartados, que dedica aos catro libros de versos de onde foron escolmados os poemas que conforman este volume, e un a dous poemarios inéditos: *Nouturnio de soedades* (1952), *Muiñada noitébrega* (1955), *Terra aluciada* (1959), *Os meus cantiles* (1981), *Os penedos xunguidos* (1985) e *Abóndanme os paxaros* (1987). A última sección do limiar recolle os criterios de selección e edición. Comeza así pois a escolma cos poemas de *Nouturnio de soedades* (1952), dezasete composicións tituladas todas elas, compostas por cuartetas e pareados con rima asonante na súa maioría. As ideas temáticas xiran ao redor dos conceptos de soidade, nostalxia polo tempo pasado, a natureza e paisaxe galegas e a saudade. Os corenta poemas de *Muiñada noitébrega* (1955), dedicados á figura de seu pai xa falecido, Maruja Boga, Henry Benamor e Alfredo Aróstegui, comprenden temas como a nación e o patriotismo galego, ou a saudade. Percíbese neles o ton do bardo que interpreta as arelas do pobo galego. De cando en vez un pequeno poema en negriña separa as composicións. *Terra aluciada* (1959), con dezasete poemas con cadanseus títulos e un prólogo, trata a cuestión da emigración como drama humano a partir das nocións do pranto e a angustia de sentirse no desterro, xunto á idea do regreso á patria. Aparecen agora os vinte poemas de *Os meus cantiles* (1981), as máis das veces dedicados a persoeiros galegos e coñecidos do escritor, que veñen asociados ás cuestións da emigración e o antieuropeísmo. O poemario inédito *Os penedos xunguidos* (1985) comprende vinte e oito poemas que describen o abandono de Galicia e súas terras e vilas por causa da emigración forzosa. Por último, o outro poemario inédito,

Abóndanme os paxaros (1987), presenta un total de vinte e sete composicións que poñen de manifesto a dualidade resentimento-tenrura presentes na vida do poeta, isto é, o sentimento rebelde contra a emigración fronte ao de reconciliación coa terra-nai. Na cuberta pódese observar a reprodución dun óleo en tea do autor que leva por título "Figuración" (1982), mentres que as lapelas mostran os datos biobibliográficos do escritor e escolmadores. Pecha o volume un índice cos títulos dos poemas.

Recensións:

- Armando Requeixo, "O canto presentido", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 420, "Libros", 21 xuño 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 373, "Letras galegas", 23 xuño 2012, p. 6.

Lembra o seu primeiro achegamento á poesía de Xosé Conde e non se explica como puido pasar tan desapercibido. Alégrase pola publicación de *Ausencias, soños e rebeldías*, unha antoloxía poética que inclúe algúns poemas inéditos. Faise referencia ao estudo introdutorio realizado por Víctor Campio Pereira, que se considera moi informado e valioso.

-Román Raña, "Ausencias, soños e rebeldías", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 426, "Libros", 20 setembro 2012, p. VI/ *La Opinión,* "*Saberes*", n.º 378, "Letras galegas", 29 setembro 2012, p. 7.

Recensiónase este volume da obra poética de Xosé Conde, do que se di que é un autor esquecido de maneira inxusta. Saliéntase o seu intimismo, o compromiso con Galicia e coa República, e a "sinceridade expresiva" sobre a que construíu os seus poemas, amais da edición, a cargo de Víctor Campio Pereira e Edelmiro Vázquez Naval, do Pen Clube.

Referencias varias:

- X. A. R., "Un libro co poemario de Xosé Conde foi presentado en Cenlle", *La Región*, "Provincia", 21 maio 2012, p. 14.

Dáse conta da velada literaria na que se presentou este poemario, na Casa do Pobo de San Antonio da Barca, á que asistiron moitos veciños e amigos.

- Xavier Lima de Gardón, "Xosé Conde, poeta e pintor", *La Región*, "Ciudad", "Arte et alia", 25 xuño 2012, p. 8.

Lémbrase o epitafio poético do autor para dar conta da publicación desta escolma da súa obra poética en galego.

Cordal, Xabier, *transmuta*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Poesía, n.º 27, febreiro 2012, 80 pp. (ISBN: 978-84-9914-350-7).

Poemario de Xabier Cordal (A Coruña, 1965) no que debulla diferentes temáticas a partires da figura da nai e da súa morte, que é o inicio desde o que se introduce nas

evocacións da represión fascista e a historia da posguerra ou a perspectiva subxectiva dos obxectos que acompañan diferentes vivencias e paisaxes propias da voz poética, así como a denuncia e a crítica social. Dividido en catro partes, a primeira delas sen título, a segunda titulada "as eternas praias de Lindenbrock", a terceira "teorema de bell", e a cuarta "do íntimo", non existe índice que reflicta esta estrutura e os poemas enlánzanse nalgunhas seccións formando un continuo. A ruptura da linguaxe poética e do poema como tal achega unha dimensión íntima e de proximidade coa palabra como artefacto expresivo, coa mestura de usos da oralidade e de diferentes tipoloxías textuais, entre as que se inclúen recursos visuais como o organigrama, o poema visual ou o xogo tipográfico das cursivas e da disposición versal pouco convencional.

Recensións:

- Miguel Sande, "Canso de ler textos moi correctos", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 465, "Letras en galego", 5 maio 2012, p. 10.

Valórase positivamente a primeira composición do poemario e enuméranse os temas: a reforma laboral, o maltrato ou as folgas, entre outras críticas a determinadas construcións. Sinálase finalmente que Xabier Cordal rompeu o seu silencio de máis de dez anos, aínda que sexa para ser ignorado en pouco tempo.

- Francisco Sampedro, "Contra o tempo", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, nº 92, tomo IV, ano XXIII, "Publicacións", outubro-novembro-decembro 2012, pp. 617-620

Recensiónase esta obra, que se divide en tres partes: o dó, o reencontro co eu e o reencontro co mundo. O artigo céntrase na parte do dó, da que se destaca a súa gran dificultade. Elóxiase ao autor por fuxir da obsesión polo tempo habitual nos textos alusivos á perda. Coméntase o poema dedicado a Alberto Lema, que Sampedro considera que constitúe a verdadeira "transmuta" por ser o punto de inflexión onde se articula a fin do dó. Finalmente, afírmase que o libro amosa o que debemos facer con respecto ao dó, que o autor do artigo interpreta da seguinte maneira: "para combater a negritude da ausencia é necesario mutar en creación".

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, "De memoria e memorias", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 marzo 2012, p. 10.

Repasa varias publicacións que viron a luz en 2012 e con respecto a esta que agora nos ocupa informa da súa saída do prelo.

- Daniel Salgado, "Non hai nada externo á poesía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 22 xuño 2012, p. 6.

Acóllese unha entrevista ao autor con motivo da publicación desta obra, na que reflexiona sobre a mesma experiencia da escrita e sobre a función da poesía, entre outras cousas.

Costas, Xosé Daniel, *Monicreques*, Xº Premio de Poesía Novacaixagalicia, Santiago de Compostela: Centro PEN Galicia, col. Arte de Trobar, n.º 20, xullo 2012, 107 pp. (ISBN: 978-84-615-9768-0).

Poemario de Xosé Daniel Costas (Moaña, 1981) que se abre cun limiar de Xosé M. Millán Otero dividido en dez escenas -a modo dunha peza teatral- nas que vai presentando os personaxes do poema escénico, os monicreques, explicando asemade a súa construción. Segue a esta introdución a obra, precedida dunha cita de *Tics*, de Luis Brandán: "Procurando que as súas pernas estean simétricas. / Procurando que os seus cóbados estean simétricos / A miña nai di que sufro". Trátase dun poemario agochado nun formato de obra teatral, cunha estrutura orixinal na que se mesturan poesía e teatro, e polo que discorren todo tipo de monicreques -en concreto oito, algúns cun claro referente real: Frida (Khalo), Diego (Rivera), Luís (Seoane), Anne (Sexton) e Manuel (María)- que reflexionan sobre o amor, a memoria, a arte, o sexo ou a literatura, entre outros temas. Os monicreques descríbense a xeito de poema para, de seguido, aparecer en escena ao xeito dun texto teatral que se desenvolve noutro ciclo de poemas que axudan a completar cada escena. A paisaxe atlántica, pola que deambulan estes monicreques, convértese, en ocasións, na verdadeira protagonista deste experimento poético cargado de referencias culturais de todo tipo. Un índice final pecha o poemario.

Recensións:

-Román Raña, "Milagre creador", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 434, "Libros", 15 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión,* "*Saberes*", n.º 386, "Letras galegas", 24 novembro 2012, p. 7.

Saliéntase que este poemario é un libro dun elevado lirismo e dunha orixinalidade máxima, pola súa estrutura marcadamente teatral. Explícase que o poeta lle dá vida a diversos monifates e bonecos que padecen como persoas de carne e óso e que quizais teñan o seu referente real: Luís Seoane, Diego Rivera, Frida Khalo...

Domínguez Rey, Antonio, *Lúa Loura*, limiar do autor, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/Follas Novas Edicións, col. Os libros do loureiro, n.º 2, xaneiro 2012, 58 pp. (ISBN: 978-84-615-8028-6).

Dedicado a Antonio Álvarez Domínguez e á súa familia, aos membros do centro galego A Lareira de París e tras unha cita tirada de Ánxeles Penas sobre unha viaxe interior ao centro do mundo, dá comezo este volume de Antonio Domínguez Rey (Burés, Rianxo, 1945), que presenta un total de trinta e dúas composicións poéticas estruturadas ao redor de dous eixos, precedidas dun limiar grafado polo propio poeta. Nel explica os xermolos deste novo volume en 1984, nun caderno homónimo editado polos membros do centro galego parisiense antedito. Menciona a amizade que desenvolveu con algunhas desas persoas, como Dieste, Figueira Valverde, José Morente Torres, Manuel Cuña Novás e seu fillo Jorge Cuña Casasbellas entre outros e outras. Agradece, doutra banda, a supervisión normativa e lingüística de Xesús Portas Ferro e Manuel Rodríguez Alonso e apunta, finalmente, a publicación con certas variacións dos poemas "Paisaxe do corpo"

e “O sopro” en *Eidos da mirada* (1994) e *O segredo do monte* (2005), respectivamente. O primeiro eixo, titulado “Lúa Loura”, consta de vinte e nove composicións de temática centrada na paisaxe, a infancia, e as primeiras impresións do mundo que rodea o poeta. Dende “Xénese” até “O canto do canteiro”, dedicado a Benito Pérez Laíño, obsérvase certa pegada impresionista no tratamento dos temas á vez que unha descrición de tipo subxectiva da realidade mesma. Elementos da natureza como o mar, as pedras, as gaivotas, as dornas ou os ríos, dotan os poemas dun simbolismo sutil. A totalidade dos poemas posúen un título, escrito en maiúsculas, e algúns deles un destinatario, como “Caaveiro”, dedicado a Celso Emilio Ferreiro. Poemas como “Cumes da Coruña”, “Illa de Ons”, dividido en tres seccións, “Faf”, “Porto de Ribeira”, “Laña”,”Degoiro”, “Imaxe”ou “Na canceliña”, mostran unha tipografía caligramática por veces. O segundo eixo, intitulado “Noitebra e alborada”, comprende tan só tres poemas, “Porto Santo”, de oito estrofas numeradas con díxitos romanos, “Ave”, de tres estrofas igualmente numeradas, e “O poema”, tamén de tres estrofas, esta vez sen numerar. A maioría deles, de ritmo trocaico e verso heptasílabo, amosan certo fonosimbolismo nos seus contidos. A linguaxe poética comprende un léxico culto que parece intentar lembrar a fala do galego do medievo.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Lúa nada descolorida”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, “Páxina literaria”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 729, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 729, “Páxina literaria”, p. 30, “Libros”, 17 xuño 2012.

Coméntase o carácter “silandeiro” de Antonio Domínguez Rey e a orixe desta obra, publicada no ano 1984 en París nunha edición non venal que non tivera moito éxito. Aclárase que o volume ten moito que dicir no panorama poético da actualidade. Valórase a súa economía expresiva e o uso singular dos topónimos. Indícase tamén a importancia do prólogo, asinado polo mesmo autor.

-Laura Blanco Casás, “Percorrido impresionista”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 424, “Libros”, 13 setembro 2012, p. VII.

Infórmase da reedición ampliada de *Lúa Loura*, que vén de tirar do prelo Follas Novas Edicións. Explícase que o galego non era a lingua literaria empregada maiormente por Antonio Domínguez Rey, pero que chegara o momento en que as verbas comezaran a xurdir na lingua nai. Coméntanse as liñas principais do poemario, entre as que salienta o tratamento da paisaxe e “unha estética pasada que semella revivir con pulo”.

Enríquez, Rosa, *Atlas de Chaguán*, Vigo: A Porta Verde do Sétimo Andar, imaxe da portada Leandro Lamas, col. Q de Vián Cadernos, n.º 9, 2012, 63 pp. (ISBN: 978-84-15164-73-9).

Poemario de Rosa Enríquez (A Rúa, 1969) dedicado “A Rosalía Noya: miña nai. Por tecer comigo unha relación diferente”. Ábrese cunha poesía de Martinha do Eixo, de *Parasitas no inverno* e estrutúrase en dúas partes principais: “Zona de Chaguán” e “Zona de Naugahc”. A primeira componse de reflexións críticas sobre a sociedade actual, exemplificada no “pobo que esmorece silandeiro”. A autora fala aquí de sexo, de

caos, da friaxe da sociedade en xeral, pero céntrase na opresión sufrida por parte dos que mandan: "Coméronnos [...] Levaron por diante a casa, as fábricas, os montes, as fervenzas". A segunda instálase na reserva india de Naugahc para falar das grandes enfermidades deste século, entre as que se atopa a cobiza, instalada de forma permanente na civilización actual, que segundo a autora debe ser relevada con urxencia. Péchase esta parte cunha cita de Michael Foucault. Emprega a autora o galego, o francés e o español mesturados na creación dos seus versos, maioritariamente sen puntuar, e sempre tinguidos de críticas verbas.

Referencias varias:

- Lorena Franco Bouza, "Deberiamos ser feministas e sobre todo os homes", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 28 setembro 2012, p. L11.

Acóllese unha breve entrevista á autora con motivo da presentación deste seu segundo poemario na librería Lila de Lilith, en Santiago de Compostela.

Fernández Sanmartín, Celso e Carlos **Quintá Cagide**, *Pasaxeiras*, Lalín: Alvarellos Editora, 2012, 48 pp. (ISBN: 978-84-15045-10-6).

Breve reflexión poética de Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969) e Carlos Quintá Cagide sobre a alma, o corpo, os cazadores de imaxes e as sorprendentes capturas destes, que acompaña a unha serie de fotografías en branco e negro de pasaxeiras no tren ou na estación, instantáneas fugaces que veñen precedidas de citas literarias en español do *Cántico espiritual*, de San Juan de la Cruz e das *Poesías lírico-místicas*, de Santa Teresa de Jesús.

Fernández Teixeiro, Manuel María, *Os lonxes do solpor*, limiar Miguel Anxo Fernán Vello, A Coruña: Fundación Manuel María de Estudos Galegos, 2012, 51 pp. (ISBN: 978-84-616-0325-1). ◆

Poemario inédito de Manuel María Fernández Teixeiro (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004), máis coñecido polo heterónimo literario de Manuel María. Iníciase cun limiar de Miguel Anxo Fernán Vello intitulado "A patria incesante de Manuel María" (pp. 3-6), onde explica e comenta o ton nostálxico característico destas composicións e presenta e analiza as diferentes partes nas que se estrutura. Está formado por trinta e tres composicións que o poeta escribiu fundamentalmente a finais da década dos oitenta do século pasado e divídese en tres partes, de once poemas cada unha. Cada unha destas tres partes ábrese cun soneto que anticipa a temática fundamental sobre a que versa cada bloque de composicións. Así, a primeira parte (pp. 9-21) comeza co soneto "Quero ter a palabra máis sinceira..." (p. 11) e, a continuación, acolle composicións que afondan e versan sobre o poder e a necesidade da palabra; a segunda (pp. 23-35), con "Amo esta terra desnuda e luxuriosa..." (p. 25), que dá paso a composicións sobre a ligazón coa terra, onde a terra é identificada como a nai-natureza; e a última (pp. 37-49), con "Na noite moura, na incertidume,/ neste absurdo foscor do non saber..." (p. 39), a continuación do cal reproduce composicións onde se presenta o enigma do futuro, o tempo incerto, así como unha crítica a deshumanizada realidade do tempo presente.

Finalmente, cómpre indicar que parte destes poemas viron a luz en revistas como o *Boletín Galego de Literatura* e *Amararante* e o caderno *Homenaxe ao Regato do Cepelo*.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, "Manuel María protagoniza un fito editorial de versos, música e imaxe", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 17 outubro 2012, p. 39.

Dáse conta da presentación d'*Os lonxes do solpor* no Centro Galego de Arte Contemporánea, que inclúe un CD, *Andando a terra*, disco de Uxía e Sergio Tannus onde musican os poemas do chairego, e o DVD *De amor e cantería*.

- Jaureguizar, "Manuel María retoma actualidade cun libro, un disco de Uxía e un filme", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 17 outubro 2012, p. 58.

Infórmase da presentación en Santiago de *Os lonxes do solpor*, que vén acompañado dun CD e dun DVD, conformando así un produto multiformato moi interesante.

- M. Mato, "Uxía inicia gira con homenaje a Manuel María y dando a conocer poemas inéditos", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", 17 outubro 2012, p. 63.

Fálase da novidade musical *Andando a terra*, de Uxía, que musica poemas de Manuel María, entre eles os inéditos publicados en *Os lonxes do solpor*.

- Rodri García, "Publican 'Os lonxes do solpor', un libro inédito de Manuel María", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 setembro 2012.

Infórmase da publicación deste poemario inédito, e do CD, de Uxía, que o acompaña. Coméntanse algunhas das preocupacións do autor en referencia á súa obra, que se completa cun DVD que gañou un Mestre Mateo.

García, Xosé Lois, *Tedempo*, ilust. Héitor Picallo, prólogo de Alfonso Campos Pérez, Podente: Asociación Cultural Xermolos, col. As Foulas do Rañego, Irmandade Manuel María, n.º 10, agosto 2012, 105 pp. (DL:C 2174-2012). ◆

Xosé Lois García (Lugo, 1945) dá a coñecer a súa obra poética neste volume prologado por Alfonso Campos Pérez. Salienta, neste último, o obxectivo do poeta de reconstruír a historia do pobo galego ao través da súa poesía, a recollida de documentos que lle serviron de axuda na Colección Diplomática de Oseira, como por exemplo escrituras forais e notariais ou libros de defuncións, e comenta os núcleos temáticos que compoñen os poemas, así como os aspectos métricos. Así pois, estes vinte poemas de verso libre xiran ao redor da historia medieval, tribos e clases sociais diferenciadas, como a dos eclesiásticos no cumio do poder. O poeta toma partido polos máis desfavorecidos e humildes, enchéndoos de esperanza e valor. Cómpre salientar o labor ilustrativo de Héitor Picallo, quen engade un apartado visual a cada composición que

axuda a profundar na súa comprensión mediante o emprego de cores vivas e primeiros planos de elementos e personaxes centrais en cada unha delas.

Referencias varias:

- L. Gallardo, "O meu último libro fornécese de todos os matices que ten cada pobo do rural galego", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 6 novembro 2012, p. 16.

Acóllese unha pequena entrevista por mor da presentación desta obra do chantadino Xosé Lois García, na que se comenta como xorde a obra e as súas ilustracións, entre outras cousas.

- Marta Veiga, "Xosé Lois García constrúe a epopea lírica do seu no poemario 'Tedempo", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 16 novembro 2012, p. 63.

Dáse conta da presentación deste poemario na galería Sargadelos de Lugo, na que o seu autor estivo acompañado de diversos persoeiros da cultura. Desvélase que García documentou a escrita desta obra, en parte grazas ao seu traballo como arquiveiro en Cataluña.

García Salgado, Lino, *Malíflua Moradía,* Vigo: A Porta Verde do Sétimo Andar, col. Q de Vián cadernos, n.º 10, 2012, 50 pp. (ISBN: 978-84-15164-74-6).

Poemario de Lino García Salgado (Baltar, A Pastoriza, Lugo, 1967) introducido por dous textos en castelán pertencentes ás cancións "Dulce introducción al caos" e "Óleo de mujer con sombrero" do grupo Extremoduro e do autor Silvio Rodríguez respectivamente. Contén trinta e oito poemas, sen título, nos que o eu lírico trata a perda e a ausencia do ser e obxecto de amor. Neste senso, xa o primeiro poema constitúe unha declaración de intencións: "inservibles son as palabras/ elas todas/ que non te trouxeron/ a min". É característica a brevidade das composicións, así como a dos versos que, unidos a unha linguaxe depurada afastada das hipérboles e á ausencia de puntuación, logra un ton intimista de certa dozura.

González Tosar, Luís, *Por fin Santiago!*, ilust. Alfredo González, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Museo das Peregrinacións e de Santiago, 2012, 102 pp. (ISBN: 978-84-453-5057-7). ◆

Poemario en formato bilingüe galego-castelán de Luís González Tosar (Bos Aires, 1952) que recolle unha serie de composicións en verso sobre a cidade compostelá. Tras dous prólogos institucionais de Xesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e Mª Carmen Pardo López, secretaría xeral para o turismo, Bieito Pérez Outeiriño asina un limiar estruturado de xeito tripartito e en formato bilingüe -galego en tinta laranxa e castelán en tinta negra- no que salienta a decisión de Alfredo González, o ilustrador do volume, de recorrer o Camiño de Santiago, que daría lugar despois dun tempo a unha mostra, "Alfredo dibuja el Camino", exhibida no Museo das Peregrinacións e de Santiago. Fala asemade da relación entre o Camiño e a cidade compostelá. Aparece, despois de tres debuxos da cidade de Santiago, o poemario

propiamente dito. Consta dun total de corenta e un debuxos e vinte e tres composicións de entre unha e catro estrofas que actúan a xeito de crónicas do labor do ilustrador, describindo as andanzas do debuxante pola cidade santiaguesa. Os debuxos reflicten diferentes partes da cidade en tons crema e beige con golpes de cores vivas que resaltan elementos de cada debuxo. Pecha o volume unha listaxe das publicacións en papel e CD do Museo das Peregrinacións e de Santiago.

Graña, Bernardino e Xacobe **Meléndrez Fassbender**, *Berros no roncar das ondas*, limiar Xurxo Souto, [s. l.]: Ar Teu, 2012, 43 pp. (DL: C-902-2012).

Trátase dun proxecto fotográfico de Xacobe Meléndrez Fassbender inspirado nos versos de Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932). Ábrese cunha serie de agradecementos e recolle textos poéticos pertencentes aos seguintes libros de poemas: *Profecía do mar* (1966), *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975), *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen* (1980), *Sima-cima de voar do tolo* (1984), *Sen sombra e sen amor* (2004) e *Acendede as almenaras* (2008). Contén un breve prólogo de Xurxo Souto, que saúda o traballo conxunto do poeta e do fotógrafo reflexionando sobre o significado do mar e afirmando que non é de todos, senón que "todos, todos somos o mar". Engádense a continuación os quince poemas, cada un deles acompañado de cadansúa fotografía: "Mar", "Contra a inmundicia", "Circo", "Medre o mar", "Respete os sinais", "Apocalipse", "Letanía pra nos librar dos que a ninguén aman", "En lembranza de Manuel Curros ao pé do Miño", "Lázaro mariñeiro", "Carta a Tío Emilio e aos seus compañeiros, os mariñeiros de Cangas", "¿Quen sentirá sobre da costa ao pé dos límites?", "Cartas polo mar para un morto chamado Luis Pimentel", "Nocturnos", "Amor, ti mais eu os dous"; "Oh bandeira de ondas que te enrugas hoxe". As fotografías están enfocadas dende dentro da auga, mais deixan entrever o exterior (unha vila mariñeira, un home en barca, unha cidade, unha ponte, unha fábrica, un faro, unha caracola,...). O volume péchase cun epílogo de Xacobe Meléndrez, onde reflexiona ao redor do mar como sinal de identidade da xeografía galega, vencellado aos bramidos de paixón, esperanza e denuncia dos versos do poeta Bernardino Graña. Apunta que quixo pór imaxe "ás íconas líricas, adoptando o ponto de vista dese organismo vivo que é o Océano".

Lamas, Anxo, *Tebras*, pról. Xosé Otero Canto, Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos, 2012, 157 pp. (DL: C 1576-2012). ◆

Poemario de Anxo Lamas (Castro de Rei, 1943) que principia cunha "Solaina" de Xosé Otero, onde se amosan os detalles máis importantes da vida do autor, así como unha breve descrición da súa poesía: as correntes ás que pertence, as súas fontes literarias e mesmo a súa estilística. A seguir, reprodúcese o "Poemario", dividido en sesenta e seis poemas nos que Lamas fai un percorrido pola súa biografía, reflectindo os momentos máis significativos das diferentes etapas da súa vida. Salientan composicións que nos achegan testemuños da infancia de Lamas, como "Naquel septembro", "A fame" ou "Os orfos". Nos tres, o autor reflicte a desgraza que lle tocou vivir, marcada pola morte e os estragos que esta causou na súa vida. En "O liño" e "O millo", vemos a Galicia máis rural, sendo a colleita o tema principal. Ambos os dous poemas están ateigados de imaxes do mundo campesiño, eixo vertebral de gran parte da poesía de Lamas. Noutros poemas, como "A primavera", obsérvase a influencia do hilozoísmo, personificado

nunha natureza partícipe, e na complicidade que o autor sente cara a ela, reflectida en "O voso amigo". As aves teñen unha enorme importancia en toda a obra, chegando a ser protagonistas de diferentes creacións. Lamas dedícalles "As pegas rabilongas" ou "O merlo e o cuco". Mais o autor tamén amosa a súa preocupación social; é o caso de "Levo mil horas", onde expón as desfeitas provocadas no río Miño. A temática amorosa tamén ten cabida nesta obra, en poemas como "Recórdame", que reflicten a desgraza dun amor marcado pola traxedia, mentres que "Quero beber auga do teu pozo" manifesta o sentir do poeta ante unha paixón non correspondida. En "Tebras", o autor, cunha voz poética chea de vitalidade, adereza gran parte da obra con léxico do país, e amosa unha gran preocupación pola estilística. Amais, destaca a presenza das ilustracións ao carón de cada composición, en consonancia coa temática do poema. Pecha a obra un epílogo titulado "Recendos, sempre Recendos", onde Baldomero Iglesias, antigo compañeiro de escola de Lamas, describe, con enorme emoción, as súas vivencias co autor, facendo especial fincapé na súa traxectoria poética.

Referencias varias:

- Cristina Pérez, "Xermolos edita o primeiro poemario de Anxo Lamas", *El Progreso*, "A Chaira", 16 agosto 2012, p. 8.

Dáse conta da publicación da ópera prima do polifacético artista chairego, na que se recollen 60 poemas ilustrados con cadanseu debuxo.

Martínez-Conde, Ricardo, *Ecos da néboa*, limiar Anxo Tarrío Varela, Iñás-Oleiros (A Coruña): Editorial Trifolium, col. Litterae, marzo 2012, 61 pp. (ISBN: 978-84-938669-8-3).

O poeta Ricardo Martínez-Conde (Aldariz, Sanxenxo, 1951) preséntanos nesta obra unha serie de ecos ou microrrelatos, frases en verso, aforismos, que incitan á reflexión do sentido da vida e xiran ao redor de conceptos como o amor, a morte, a identidade, ou o esluír do tempo. Partindo dunha cita tirada de Remo Bedoi, o volume princípiase cun limiar de Anxo Tarrío Varela, precedido de oito aforismos sobre a néboa e a súa relación co paso do tempo e as sombras tirados de libros de poemas de Martínez-Conde e J.A. Valente, no que salienta o labor escriturario e creativo deste poeta dende recompilacións de poemas anteriores como os *haikai* de *Orballo nas camelias* (1993), ou *A núa lentitude* (2001). Destaca asemade a reflexión e a contención filosófica que presentan ao lectorado.O texto propón preguntas retóricas sobre conceptos como o mar, a dor, as estacións do ano, os espellos, o corazón, ou mesmo elementos metaliterarios. A linguaxe que emprega nestas construcións, cuxas extensións non superan as seis liñas, inclúe oxímoros, paradoxos, símiles, metonimias, metáforas, simbolismos e sinécdoques facendo uso dun léxico e rexistro cultos e expresada en terceira persoa ás veces.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, "Menos é máis", *La Opinión*, "Saberes", n.º 370, "Literatura", 2 xuño 2012, p. 6.

Incídese na máxima *less is more*, que emprega Anxo Tarrío Varela no prólogo a *Ecos da néboa*, de Ricardo Martínez Conde. Maniféstase o gusto do autor pola concisión e a brevidade. Fálase dos temas aos que recorre Martínez Conde, entre outros, a dor, a soidade, a literatura ou o destino.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 414, "Libros", 10 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 367, 12 maio 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa achégase unha breve nota biobibliográfica do seu autor. Tamén se describen *Iria* (2012), de Anxo Angueira; *A Torre das Lavercas* (2012), de Daniel Ameixeiro e o número cento setenta e nove da revista *Tempos Novos*.

- Margarito Flowers, "Ecos da néboa' con el sello de Ricardo Martínez-Conde", *El Correo Gallego*, "Gente", 15 agosto 2012, p. 56.

Infórmase da publicación deste libro de aforismos prologado por Anxo Tarrío Varela. Faise un breve repaso pola traxectoria do autor.

Martínez-Conde, Ricardo, *Música antiga*, limiar do autor, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/ Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 68, outubro 2012, 65 pp. (ISBN: 978-84-695-4757-1).

Libro de poemas de Ricardo Martínez-Conde (Aldariz, Sanxenxo, 1951) composto mediante *haikai*. Tras unha cita tirada dunha lenda guaraní comeza o limiar do autor baixo o título de "A poesía como razón común. O "haiku" e a lírica galaico-portuguesa", no que define o concepto de *haiku*, perfila a súa estrutura formal e cultural e contrástao co *hokku*. Salienta nunha nota a rodapé final que este mesmo limiar foi publicado no Boletín Galego de Literatura en 1998. A súa estrutura comprende cinco seccións encabezadas por senllos *haikai* tras dos cales aparecen catro *haikai* dispostos a xeito de cadrado e outro máis que vai na páxina seguinte, antecedendo unha ilustración de Xurxo Fernández, as cales mostran cores fortes e paisaxes ou elementos da natureza de inspiración nipona. A temática destes *haikai* afirma a unidade e equilibrio da natureza fronte ao home, con quen é capaz de unirse mediante un mesmo sentimento.

Martínez Delgado, Verónica, *Lusocuria*, Vigo: O Figurante Edicións, 2012, 81 pp. (ISBN: 978-84-15164753).

Poemario de Verónica Marínez Delgado (Valdoviño, 1976) que reúne case oitenta poemas de extensión breve nos que o tema principal é o amor e, máis nomeadamente, o erotismo, co emprego de léxico explícito en referencia ao acto sexual. A voz poética procura aquí o encontro co amante, sendo frecuente a mestura do doméstico co erótico e motivos recorrentes a espera do pracer e o desexo provocado polo propio acto de agardar, que determina a inquedanza sentida polo eu lírico, a busca do clímax, ou a transformación do suxeito ante o sexo como xeito de comunicación.

Recensións:

-Vicente Araguas, "Killing me softly with her song", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 753, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 753, 2 decembro 2012, p. 34.

Infórmase da publicación deste poemario de Verónica Martínez Delgado, salientando o carácter criptográfico do título e a coidada edición de O Figurante Edicións. Explícase que a linguaxe empregada pola autora é a reintegracionista e que o contido é altamente erótico, pero que non por iso perde a obra a súa elegancia.

Novoneyra, Branca, *Cristal escuro*, prólogo de Ana Gorría e "Coda" de Luís Cochón, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 67, maio 2012, 92 pp. (ISBN: 978-84-695-3574-5).

Poemario de Branca Novoneyra (Lugo, 1976) que conta con fotografías de Begoña Veiga e ilustracións de Anxo Pastor. Tras a cita "Descifrei fósiles na mutante memoria dos pobos", aparece un prólogo de Ana Gorría titulado "Danza de catástrofes. Xesto, voz e corpo no prisma de cristal escuro", no que defende que Novoneyra presenta nesta obra o seu universo persoal, ao mesmo tempo que trata de facerlle unha resistencia á dor e á morte. Estrutúrase en tres seccións: "O deserto", "A liña Ginza" e "A illa". A autora sérvese do verso libre, xeralmente curto, para describir imaxes que adoitan estar relacionadas coas liñas temáticas que se diferencian ao longo da obra: a importancia da luz e da palabra, os soños ou desexos de escapar a un país exótico, o silencio, os xestos e a posibilidade de superar os malos momentos. A composición dos versos caracterízase polo emprego dos espazos en branco para transmitir silencio e en menor medida, polo xogo co caligrama e con palabras en inglés. Remata cunha "Coda" de Luís Cochón na que compara esta obra coa de autores de diferentes sistemas literarios.

Referencias varias:

- Luis Cochón, "Branca Novoneyra", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 23 outubro 2012, p. 43.

Relaciónase a última obra desta escritora cunha anécdota do que asina o artigo co gran Cunqueiro, e desexa o mellor para este poemario de gran valía.

Otero Canto, Xosé, *Poética da viaxe (Doce horas de poesía)*, pról. do autor, Vilalba: Instituto de Estudos Chairegos, col. Biblioteca Chairega, n.º 20, novembro 2012, 46 pp. (ISBN: 978-84-940442-0-5). ◆

Libro de poemas de Xosé Otero Canto (Ponte de Outeiro, Castro de Rei, Lugo, 1951), dedicado "Para José-Luis Novo Cazón", que comeza co texto titulado "A modo de Prólogo", no que o propio autor se laia de que Bernardo García Cendán non puidese ter rematado o prólogo deste libro antes do seu falecemento, de aí que se reproduza o

escrito “Carta de felicitación de Bernardo García Cendán aos seus amigos no Nadal de 2012” na súa lembranza. A seguir, recóllense os seis poemas descritivos, xebrados en tres bloques integrados por dous poemas con numeración romana, que conforman este poemario. Nel o autor reflexiona sobre o que ve e sobre as súas experiencias en tres viaxes diferentes. Comeza co bloque “Viaxe en autobús Lugo-Madrid. 28-10-2010. Hora: 16.30. Noite de luz” que está formado polos poemas “Na estación de autobuses: Lugo” e mais por “Viaxe”, no que se describe esta viaxe dende Lugo, pasando polo Bierzo, até Madrid, con numerosas referencias toponímicas. A seguir, “Viaxe en tren Kraków-Warszawa. 31-10-2010. Hora: 18.00. Nas entrañas feras da noite”, integrado por dous poemas sen título, remata co apartado “Viaxe en avión Warszawa-Madrid. Aeroporto Frederic Chopin. 03-11-2010. Hora: 8.00. No branco silencio”, que consta dos poemas “Aeroporto Frederic Chopin” e mais “Viaxe. Hora: 10.00. No branco silencio”.

París, Samuel L., *Inflamable*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-Versos, n.º 37, 2012, 76 pp. (ISBN: 978-84-939812-2-8).

Conxunto de poemas de Samuel L. París (Muros, 1984) de estrutura e temática variable. Emprega o autor o verso libre de extensión dispar para tratar e afondar en cuestións de distinta índole sempre a través da ironía e a retranca: por unha banda o erotismo e o amor, a metaliteratura (con referencias literarias directas a autores coma Otero Pedrayo, Ferrín, Kafka, Rosalía, Reixa ou Celso Emilio e tamén referencias musicais -Xurxo Souto, Joaquín Sabina, The Sonics, Elvis etc.-), a crítica social e política e a crítica do sistema literario. Algún dos poemas aparece ilustrado ou conta cun esquema feito polo propio París. Na contracuberta sinálase : “a literatura pode debe arder” (onde o pode aparece riscado).

Recensións:

- Román Raña, “Romper a baralla”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 424, “Libros”, 6 setembro 2012, p. VI.

Coméntase a orixe do termo *infants terribles* e o que pasou a designar, explicando que Samuel L. París “pertence (...) a este tipo literario”. Indícase que en *Inflamable* quixo o autor burlarse de moitas cousas e que esta é unha actitude totalmente lexítima e que “entronca co noso esplendor medieval” e con autores como Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro.

Referencias varias:

- Diego Ameixeiras, “Incendia, que algo queda”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 490, “Letras en galego”, 27 outubro 2012, p. 8.

Indica que neste libro se verten sátiras moi inmediatas sobre “nomes preponderantes da cultura galega”.

Pedreira, Emma, *Libro das mentiras*, XIV Certame de Poesía Concello de Carral 2011, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 249, maio 2012, pp. 47 (ISBN: 978-84-92646-71-5).

Poemario de Emma Pedreira (A Coruña, 1978) encabezado por unhas citas que anticipan a temática da obra, que se conforma arredor dun diálogo e dunha reinterpretación de contos clásicos desde unha perspectiva crítica e contemporánea, que ás veces é trasunto para tratar outras cuestións. Os versos libres aparecen combinados coa prosa narrativa para crear novas historias protagonizadas na súa maioría por personaxes pertencentes aos contos clásicos como *A Sereíña*, *Carapuchiña*, *O traxe novo do emperador*… Moitos poemas están encabezados por epígrafes que apuntan cara o seu contido e/ou que sinalan o seu destinatario. As claves temáticas pasan pola desmitificación do soño recreado polos clásicos, que se amosa falso e daniño, e que forma parte da mentira, ademais da resignificación de éticas e arquetipos ofrecidos neles, para os que a autora ofrece novas consideracións, sendo estes o valor, a beleza, a hipocrisía e o amor, entre outras cuestións. Recibiu, como é sinalado nos paratextos, o XIV Certame de Poesía Concello de Carral.

Recensións:

- Antía Marante Arias, "Suma de detonacións a pequena escala", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 92-94.

Saliéntanse, entre outras cousas, a mestura entre os arquetipos do conto clásico e a realidade moderna na temática e o diálogo intertextual deste poemario.

Pérez Pérez, Lois Antón, *Vellos e novos cantares. Regueifas e desafíos*, limiar Xosé G. Duarte, Ramirás-Ourense: Asociación Cultural e Xuvenil de Ramirás, 2012, 91 pp. (ISBN: 978-84-615-8776-6). ◆

Poemario de Lois Antón Pérez Pérez (Escudeiros, Ramirás, 1931) no que se recollen 47 composicións poéticas desde os anos setenta até a actualidade, acompañadas dun limiar a cargo de Xosé G. Duarte no que se sinala a inspiración popular dos poemas e os principais eixos temáticos do libro. Antecedido dunha dedicatoria ás galegas e aos galegos sen complexos, os poemas adoptan fórmulas da poesía de transmisión oral e esquemas tradicionais como a regueifa, sendo a liña temática principal a denuncia de diferentes temáticas como a inxustiza social ou a defensa da lingua propia. Teñen cabida tamén composicións de temas máis intimistas nas que se acolle o amor, a emigración ou a dor pola ausencia sentida pola voz poética. O recurso á ironía ou as expresións que denotan a vontade de que as composicións sexan recitadas en voz alta son frecuentes nun amplo número das composicións que se ofrecen. A métrica dos poemas, predominantemente asonante, correspóndese con modelos estróficos e rítmicos de corte popular como, por exemplo, a copla.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Poesía estremeira”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 486, “Letras en galego”, 6 outubro 2012, p. 9.

Incídese na dificultade de adscrición dalgunhas voces poéticas a movementos ou xeracións, algo ao que a crítica sempre tende. Sinálanse dúas destas voces, a saber, Lois Antón e Xoan Xosé Fernández Abella. Coméntase que *Vellos e novos cantares*, asinado polo primeiro autor, é un poemario cheo de recursos da tradición oral que non se esquece das emocións nin da crítica. Por outra banda, dáse conta da publicación de *Poemas de amor, loanza, condena e outros*, de Fernández Abella, salientándose a voz experimentada do autor e as temáticas tratadas no poemario, afirmándose que se trata dun “poeta celebratorio”.

Ramos, Baldo e **Caxigueiro**, *Os ollos das palabras*, Santiago de Compostela: Fundación Cidade da Cultura, Xunta de Galicia, 2012, 94 pp. (ISBN: 978-84-453-5033-1). ◆

Conxunto de poemas e fotografías de diferentes obras plásticas resultado da colaboración de Baldo Ramos (Celanova, 1971) e Caxigueiro, na que se plasma o ofrecido na exposición “Os ollos das palabras”, como se sinala no limiar da obra, precedido de tres textos preliminares que asinan, respectivamene, Xesús Vázquez Abad, Antonio Garrido e Eduardo Estévez e que se ofrecen en versión bilingüe en galego e castelán. Indícase no primeiro deles a relevancia de que a Cidade da cultura sexa un lugar de acollemento para os libros e o interese do diálogo entre artes e da experimentación, sinalando a arte e a linguaxe como espazos de encontro entre persoas. No segundo coméntase a traxectoria dos autores do libro e destácase a relación establecida no traballo de ambos entre a arte e a literatura apuntanto que a obra é un traballo común e en equipo e non unha suma de producións. Eduardo Estévez comenta a concisión dos poemas de Caxigueiro e o valor metaliterario dos que corresponden a Baldo Ramos, incidindo na ruptura de límites do concepto libro nos tempos actuais. As dezaseis composicións de Baldo Ramos tratan o tema das ausencias e elaboran unha procura introspectiva no propio eu lírico, que se pon en relación coa escrita e coa palabra poética, así como coa conceptualización do poema. As composicións poéticas de Caxigueiro suman catorce en total e son de extensión, tanto versal como total, moi breve. Elabórase tamén un achegamento ao tema da ausencia e da memoria, e tamén da dor, da procura do verdadeiro.

Regueira Fernández, Mario, *O silencio*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Alternativas, marzo/abril 2012, 64 pp. (ISBN: 978-84-9914-361-3).

Libro de poemas de Mario Regueira Fernández (Ferrol, 1979) que se abre cunha cita de Leonard Cohen. Componse de vinte e dous poemas, todos eles intitulados con letra maiúscula, que ten como principal protagonista o silencio, presentado como os espazos de tempos que median entre o bombardeo. Deste xeito, xa o primeiro poema leva o mesmo título ca o libro, e esa ausencia de ruído abrangue outros silencios, como os titulados “O silencio (retardo)” e “O silencio (Constante)”. Reflexiona o eu poético sobre os mundos convulsos que afectan o ser humano dende un posicionamento crítico e dende diferentes xeografías (“La Habana”, “Hyde Park”,...): a guerra, o capitalismo, o amor, a soedade... envoltos en esquemas de pensamento que decorren entre a poesía e a

política, a historia ou a música, porque segundo se di a guerra "non acaba". Por outro lado, destaca a combinación de poemas longos, moitos deles poemas narrativos, con outros de curta extensión, como "E nunca" ou "Hai unha guerra". Ao final do volume, contén algunhas anotacións que aclaran certos versos aparecidos no poemario. Ademais, engade un apartado, a modo de agradecementos, no que nomea a algunhas das persoas que prestaron axuda ao autor na elaboración do libro.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, "Con ton épico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 416, "Libros", 24 maio 2012, p. VI/ "Loitar contra o esquecemento", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 369, "Literatura", 26 maio 2012, p. 6.

Destácase a Mario Regueira como unha das voces máis representativas da última poesía galega. Sinálase que a guerra é o gran tema tratado nos versos d'*O silencio*, que están cheos de vangardistas imaxes e metáforas impactantes. Indícase que un "ton épico" invade toda obra.

-Armando Requeixo, "O silencio debelador", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 27/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 731, p. 34/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 731, "Páxina literaria", p. 33, "Letras atlánticas", "Libros", 1 xullo 2012.

Sinálase que Mario Regueira é un autor de "moi amplo rexistro" e de notábel madurez. Destácanse os temas principais: a guerra, a orfandade, o desamparo, o amor, a soidade... Indícanse tamén as influencias do autor: Manuel Curros Enríquez, Jorge Luis Borges, Pablo Neruda ou Thomas Bernhard, e coméntase "a dimensión derrotada na que se moven" os seus poemas.

Regueiro, Arturo L., *Curriculum oculto*, Santa Comba (A Coruña): tresCtres Editores, col. Varilongo/ Poesía, abril 2012, 72 pp. (ISBN: 978-84-92727-23-0). Contén CD-Rom.

Poemario de Arturo López Regueiro (Caldas de Reis, 1961) que se abre cunhas dedicatorias persoais. Está composto de dúas partes: "Too far" e "Too furious". A primeira contén á súa vez dous apartados: "Estirpe tease" e "Higlands". A segunda distribúese en: "Vésperas de todo" (amor), "Kadish" (cita de Herbert Grönemeyer) e "Sweet Home Peisako". O eu poético constrúe un mundo con abundantes referencias espaciais (Arealonga, o val do Sarela, monte Xalo, mar de Arousa, alto do Pousadoiro, Bergantiños,...), entre as que destaca Irlanda na epígrafe "Higlands". Destaca o versolibrismo e o ton melancólico ligado ás poéticas amorosas (e tamén eróticas) onde está presente as múltiples interrogantes do ser humano ao longo da vida: a nenez, o sexo, a estirpe, o mundo que nos rodea,... En todas as reflexións amósanse xeitos de aturar a saudade cunha linguaxe ligada aos afectos, aos silencios e á experiencia. No CD hai doce cancións con textos de Arturo L. Regueiro, nos que se fusiona *jazz* e poesía, ligados á actividade performativa, algúns xa publicados no seu anterior poemario *Galiza Cajun* (2009). O propio autor é o que lle pon voz, xunto con Luís G. Cuntín. Os músicos son: Cabe García, Miguel Lamas, Víctor Sánchez, Fran Rey, Roberto Grandal, Fausto Escrigas e Carlos Marca.

Rivas, Paco, *Camiñante de ningures*, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/ Follas Novas Edicións, col. Os libros do loureiro, n.º 3, Agosto 2012, 89 pp. (ISBN: 978-84-695-4344-3)

Poemario de Paco Rivas (Cervo, Lugo) que consta de noventa e seis composicións caracterizadas pola súa brevidade na meirande parte dos casos, o uso verso curto, a rima libre e o xogo coas estuturas e grafías dos versos. Como se avanza no título do volume, o autor afonda nas diferentes etapas da vida polas que transitamos como "caminantes-vaixeiros", cun pesimismo existencial e ton nostálxico producidos polas inquedanzas do presente.

Riveiro Tobío, Elvira, *Carnia haikai*, VI Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas, Malpica de Bergantiños: Asociación Cultural Caldeirón, 2012, 68 pp. (ISBN: 978-84-616-0910-9). ■

Poemario de Elvira Riveiro Tobío (Pontevedra, 1971) que consta de 53 poemas breves que seguen a estrutura métrica do *haiku* distribuídos en catro seccións (almorzo, xantar, merenda, cea) agás os dous primeiros. Aos inicios das seccións dispóñense, acompañando o título, sendas ilustracións eróticas representando un corpo feminino espido. A temática do poemario é erótica e presenta un suxeito lírico feminino que se dirixe á amante. Son frecuentes os xogos lingüísticos nos que se combinan os campos léxicos do corpo e a erótica cos da gastronomía, os xogos de palabras con outros idiomas e as referencias intertextuais coa música tradicional galega e coa música contemporánea anglosaxona. Todos os poemas dispóñense na marxe inferior esquerda da páxina.

Rodríguez Barrio, Xavier, *Calado testamento*, XXVII Premio de Poesía Cidade de Ourense, pról. Darío Xohán Cabana, Culleredo: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 248, maio 2012, 83 pp. (ISBN: 978-84-92646-70-8). ■

Poemario de Xavier Rodríguez Barrio (Lugo, 1956) que principia cun prólogo escrito por Darío Xohán Cabana no que se sinala o regreso poético ao prelo do poeta de Lugo, despois de case vinte anos sen publicar. Tras destacar as obras máis relevantes do autor, Cabana cualifica *Calado testamento* como enorme metáfora da vida e da morte, así como sinfonía poderosa, entre moitos outros eloxios. Tamén se fai alusión á "lingua de ouro" de Rodríguez Barrio, á presenza do mar neste libro, á cadencia solemne da obra etc. A continuación, atópanse dúas citas de Pere Gimferrer e Jenaro Talens. Estruturado en tres seccións, o volume trata da poesía na súa vertente ontolóxica, cunha liña temática baseada no paso do tempo que unifica o poemario en si, e presenta poemas longos en versificación libre. A primeira sección intitúlase "En brazos da súa sombra", comeza cunha cita de José Bento e consta de once composicións. A segunda sección, "Tan inhóspita luz", iníciase cunha cita de Aquilino Iglesia Alvariño e contén un total de oito poemas. O último dos poemas deste apartado, "Acontece", inclúe unha cita de Luz Pozo Garza sobre a certeza da morte. A terceira sección leva por título "Ningún regreso" e arrinca cunha cita de Eugénio de Andrade. Forman parte dela nove composicións e a derradeira vén introducida por unha cita do propio autor, asinada X.

R. B. Os versos longos, case versiculares, recollidos neste poemario tocan os tres grandes temas por excelencia da literatura: o tempo, a morte e o amor. De seguido, no epílogo, "O pracer da melancolía", Rodríguez Barrio dá conta dos lugares e os meses do ano nos que tivo lugar a confección deste libro. Así mesmo, indica a quen van dedicados en sinal de agradecemento algúns dos poemas, concretamente doce, entre eles "Memoria do último novembro", para Darío Xohán Cabana, e dedica toda esta antoloxía a Esther Hevia, compañeira da vida. Despois ocúpase de "dúas débedas de melancolía", dedicando os poemas "Viaxe á cinza" (*Os aposentos silenciados*) e "Definitivo territorio" (*Antiga claridade*) a Basilio Losada Castro e a Manuel Cuña Novás, respectivamente. Finalmente aclara que este epílogo complementa o texto "Nomes meus preferentes (fragmento)".

Recensións:

- Vicente Araguas, "Retornos que dan xenio", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 20/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 741, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 741, "Libros", 9 setembro 2012, p. 30.

Salienta que o autor volve despois de moitos anos cun noveno poemario, prologado por Darío Xohán Cabana. Indica que a obra é excepcional en todos os aspectos (conceptos, estilo, léxico, lirismo...) e comenta as temáticas principias deste testamento poético.

-Armando Requeixo, "Memoria autumnal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 436, "Libros", 29 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión,* "*Saberes*", n.º 388, "Letras galegas", 8 decembro 2012, p. 6.

Saliéntase a cadencia da poesía de Xavier Rodríguez Barrio en *Calado testamento* e iguálase a súa calidade á das obras anteriores do autor, o "melloriño de décadas pasadas". Coméntanse as temáticas principais da obra e o prólogo, asinado por Darío Xohán Cabana, no que se fala das influencias da poesía de Rodríguez Barrio. Por último, indícase que esta obra foi gañadora do XXVII Premio de Poesía Cidade de Ourense, e que foi editada por Espiral Maior.

Referencias varias:

-Carolina A. Piñeiro, "Preocúpanme sobre todo o ritmo poético e a pulcritude da lingua", *La Región*, "Ourense", 6 xuño 2012, p. 6.

Acóllese unha entrevista ao autor, que vén de gañar o XXVII Premio de Poesía Cidade de Ourense, na que comenta, entre outras cousas, a súa adaptación á linguaxe poética e o significado dos premios na súa carreira.

Romero, Medos, *A ansia do lóstrego*, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 69, decembro 2012, 67 pp. (ISBN: 978-84-695-6528-5).

Libro de versos de Medos Romero (As Pontes, 1959) composto por corenta e un textos, que van dende a composición breve ao longo poema narrativo. Acompañan os poemas

cinco fotografías en branco e negro de Antonio López Fernández, que retratan escenas de extracción mineira. Predomina o uso do verso libre e, entre os temas do libro, cómpre sinalar a denuncia da pegada negativa da intervención do humanidade sobre a natureza e a reivindicación da paisaxe natural como casa do ser humano enfrontada á destrutiva presión da actividade industrial, pero tamén a denuncia das condicións de explotación laboral.

Salgado García, Daniel, *Ruído de fondo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, 2012, 44 pp. (ISBN: 978-84-9914-360-6).

Conxunto de poemas de Daniel Salgado (Monterroso, 1981) que abre cunha cita do canto IX do Inferno da *Divina Comedia,* de Dante, á que lle seguen uns versos do autor e unha dedicatoria "aos que nunca se confundiron de inimigo". Trátase dun conxunto de poemas caracterizados polo emprego do verso libre e a extensión dispar, que parecen estar desordenados, dando lugar a un discurso fragmentado. Xógase tamén coa disposición dos versos e elimínase o uso das maiúsculas. Esta desorde do texto é intencionada, tal como aparece reflectido no poema "materialismo", e está en consonancia coa desorde do mundo e o caos do tempo presente, dun tempo de crise, que son algúns dos temas que se tratan na obra. Nalgunha das composicións tamén se reflexiona sobre a lingua e a linguaxe. É importante sinalar o emprego de paratextos ao longo da obra, dende o fragmento da *Divina Comedia* de Dante do inicio, até os dous fragmentos tirados da obra de Friedrich Hölderlin que cerran o poemario, mesturados con citas doutros autores como Alain Badiou, Méndez Ferrín ou Terry Eagleton. Tamén hai alusións a numerosos personaxes do mundo da literatura ou da música, como William Faulkner, Mahmoud Darwix, John Coltrane, James Agee, Paul Celan ou Walter Benjamin, entre outros.

Recensións:

- Iago Martínez, "A época impón o poema", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 1 xuño 2012, p. 7.

Explícanse as temáticas ás que acudiu Daniel Salgado en *Ruído de fondo* e indícase que este poemario é "o caos e é tamén un síntoma de que o poema é insuficiente (...). Logo está a desorde do mundo, e a multitude de estímulos e contradicións, a barafunda". Compárase coa anterior obra do autor, *Os poemas de como se rompe todo* (2007).

- Armando Requeixo, "Ruído Salgado", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 423, "Libros", 12 xullo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 376, "Letras galegas", 14 xullo 2012, p. 6.

Indícase que, con *Ruído de fondo*, Daniel Salgado confirma xa a súa "sólida traxectoria neste último par de lustros". Explícase que o máis salientábel desta obra metaliteraria son as súas claras influencias e menciónase, entre outras, Dante, William Faulkner, Paul Celan, Xosé Luís Méndez Ferrín ou María do Cebreiro. Coméntanse, por último, as liñas temáticas principais.

- Miro Villar, “O poema non se atreve a dicir”, *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2012, pp. 94-95.

Coméntase a publicación deste poemario e asemade achegas anteriores deste autor, *Sucede* (2004) e *días no imperio* (2004), destacando a forte ligazón interna das composicións que dan vida ao poemario actual, a intertextualidade, a calidade da linguaxe poética empregada e a reflexión metaliteraria.

- Vicente Araguas, “Ven de treboada”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 747, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 747, “Libros”, p. 30, 21 outubro 2012.

Informa de que a poesía de Salgado é diferente, máis épica que lírica, e que conecta moi ben coa xente nova. Indica que o poeta gusta dos encabalgamentos abruptos que tanto empregaba Fray Luis de León, e de integrar na súa lírica referencias intertextuais, ademais de pretender conmover dun xeito diferente.

Salinas Portugal, Francisco, *Boca da cobra*, Mandaio-Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 2012, 60 pp. (ISBN: 978-84-15086-28-4).

Libro de poemas de Francisco Salinas Portugal (Limia Baixa, 1955) estruturado en sete partes. A primeira ábrese cun poema introdutorio intitulado “Mil palabras na boca da cobra” (pp. 6-7), e vén seguida da segunda, “Voz da escrita e Eros de metáfora” (pp. 9-19), constituída por sete composicións. A terceira parte, “1º interludio: da infancia do amor, á cobra” (pp. 21-16), configúrase a través de tres composicións.“Poemas da cobra” (pp. 27-41) consta, pola súa parte, de nove. Tres composicións conforman a seguinte, intitulada “2º Interludio: da cobra ao amor” (pp. 43-47). A penúltima, “Itinerario da carne” (pp. 49-56), inclúe sete, mentres que a última só unha “Poema do adeus & cobra” (pp. 59-66). Os temas sobre os que versan as presentes composicións son a pulsión de escribir dende a nostalxia, a soidade e a memoria, de onde xorden as historias, que supoñen un acto reflexivo sobre a propia escrita. Afonda tamén sobre a reconstrución, dende a escrita, das lembranzas da infancia e da memoria.

Sánchez Aríns, Susana, *A noiva e o navio*, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Através das Letras, 2012, 90 pp. (ISBN: 978-84-87305-54-2).

Libro de poemas de Susana Sánchez Aríns (Vilagarcía de Arousa, 1974) que se abre con paratextos en forma de citas de Manuel Rivas: “Meu amor entende-se com o mar, esse filho da puta, meu amor”; de Álvaro Cunqueiro: “Nao conheces o mar? / -Nao. / Nem o vento do mar? / -Nao. / Quem és, pois? / -Uma sombra novinha / recém nascida e nua, / terra adentro!”; e de Mia Couto: “Masculino de noiva é navio”. Empregando Sánchez Aríns o galego reintegracionista, estrutura a obra en seis partes principais co seu respectivo número romano no encabezamento, ao que seguen unhas liñas explicativas do que se poetiza nese apartado. Os poemas constitúen unha viaxe arredor do amor, do mar e das paixóns dunha voz poética que gusta de introducir referencias de todo tipo, enriquecendo os seus versos, nos que a linguaxe mariñeira é unha das verdadeiras protagonistas dos poemas. Péchase a obra cunha cita final, seguida do índice.

Referencias varias:

- J. R., "A escritora estradense Susana Sánchez presenta libro en Ouzande", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 356, 23 outubro 2012, p. 5.

Refírese a presentación deste poemario, que ten moito que ver co mundo do mar, no local social da parroquia de Ouzande.

Sánchez Aríns, Susana, *Aquiltadas*, Santiago de Compostela: Estaleiro Editora, 2012, [84] pp. (DL: C 1658-2012).

Poemario de Susana Sánchez Aríns (Vilagarcía de Arousa, 1974) composto por cincuenta e seis poemas onde predominan o uso do verso libre e se xoga coa disposición tipográfica do texto. Os textos aparecen acompañados por oito ilustracións cuxos títulos ("Ponto naturante", "Ponto costuroso", "Ponto historiado", "Ponto afamadeiro", "Ponto fabuleiro", "Ponto escondente", "Ponto laboriado", "Ponto sufridoso") son asumidos como nome das seccións organizadas de forma non continua, de xeito que cada poema presenta na marxe superior dereita a referencia que indica a que sección pertence. Asemade, o texto presenta un documento a modo de índice onde se recollen os títulos dos poemas agrupados de cada sección. Na parte final do libro disponse unha listaxe na que se detallan as referencias culturais presentes no texto. Os temas que predominan son o da identidade do suxeito lírico asociado á súa condición feminina, o sentimento de pertenza a unha estirpe feminina (na que teñen cabida figuras mitolóxicas e históricas) reivindicado en relación cos oficios manuais tradicionais asociados ás mulleres: costureira, lavandeira...

Souto, Lorena, *Fase de trema*, XXIV Premio de Poesía Xosemaría Pérez Parallé, Culleredo: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 247, 2012, 46 pp. (ISBN: 978-84-92646-68-5). ■

Libro de versos de Lorena Souto (O Páramo, 1983) que emprega como metáfora a enfermidade mental "Fase de Trema", descrita polo psiquiatra alemán Klaus Conrad no seu libro *La esquizofrenia incipiens* (1958), para abordar nas súas composicións o sentimento de illamento ao que se senten abocados moitos cidadáns. Seguindo as fases descritas por Conrad no padecemento da esquizofrenia, a autora divide o seu poemario, cun total de vinte composicións, en tres partes intituladas: "I Trema" (pp. 13-22), que contén seis composicións; "II Afonía" (pp. 23-33), que contén sete composicións; e, finalmente, "III Consolidación", (pp. 35-46), con sete composicións. Cada unha destas partes é iniciada cunha cita do libro de Klaus Conrad no que se describe a fase da esquizofrenia sobre a que versa a parte que segue. As temáticas abordadas xiran ao redor do sentimento de illamento e marxinación respecto aos patróns sociais preestabelecidos. Así, ofrécense poemas que se centran na anguria, a depresión, o medo, a falta de consonancia entre o mundo interior e o mundo exterior e a identificación con aqueles que se rebelaron fronte ao imposto.

Recensións:

-Montse Pena Presas, “Deixando pouso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 424, “Libros”, 13 setembro 2012, p. VI/ Mónica Pena Presas, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 378, “Letras galegas”, 22 setembro 2012, p. 7.

Infórmase de que Lorena Souto, a autora do poemario, encárgase de explicarlle ao lectorado que é unha *Fase de trema*. Indícase que emprega referencias intertextuais abundantes e que a súa poesía vén marcada por un feminismo que se traduce, entre outras cousas, na voz poética empregada (feminina e plural). Coméntase a estrutura do poemario: trema, apofanía e consolidación, as mesmas fases que as dun ataque esquizofrénico. Conclúese que é unha obra “das que deixan pouso [...]. Porque as mellores lecturas nunca foron as máis agradables”.

- Antía Marante Arias, “Suma de detonacións a pequena escala”, *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2012, pp. 92-94.

Sinálase a publicación do *Libro das mentiras* e de *Fase de* trema, ambas na mesma editorial. Desta destácase o seu carácter de diario, o fío argumental que une todas as composicións baixo unha temática de dor e sufrimento e a dualidade da voz poética.

Referencias varias:

- J. Matamoros, “Granell se descubre a través de la palabra”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 31 maio 2012, contracuberta.

Dáse conta da presentación deste poemario, gañador do Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parallé, na librería Couceiro de Santiago de Compostela.

- Dolores Vilavedra, “Retorno a Britania e nazis a Vigo”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 29 xuño 2012, p. 5.

Faise un repaso por numerosas obras publicadas recentemente en Galicia entre as que comenta este poemario do que salienta a linguaxe transparente.

Vidal Alvarinho, Ramiro, *Letras de Amor e Guerra*, Vigo: A Porta Verde do Sétimo Andar, col. Q de Vián Cadernos, n.º 8, 2012, 45 pp. (ISBN: 978-84-15164-71-5).

Poemario breve de Ramiro Vidal Alvarinho (Ferrol, 1973) estruturado en tres partes principais: “Ópera caníbal”, “Evocaçom da luita” e “Cançom corsaria para um albatros”. Alvarinho segue a norma do galego reintegracionista para reflexionar sobre a opresión da nación galega, sobre a dificultade da mesma existencia ou sobre a revolución, nunha crítica directa e dura á política e á administración galega e a ese organismo “infectado e deficiente” que as goberna. Detense a explicar ao lectorado que non deixe morrer a súa ideoloxía e que se instale nunha permanente revolución chea de resistencia e esperanza.

VV. AA., *Premio 2012 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Xunta de Galicia/Universidade de Vigo/Edicións Xerais de Galicia, 2012, 131 pp. (ISBN: 978-84-9914-444-3). ■

Volume que inclúe as obras gañadoras e os accésit dos premios concedidos pola Universidade de Vigo no ano 2012. A parte destinada á "Poesía" (pp. 51-102) acolle as seguintes composicións:

- Marisol Gándara Sánchez, "A cor dura da pel", Primeiro Premio, pp. 53-61.

Cinco composicións onde se afonda no amor dende a perda, a ausencia e a estrañeza.

- Xabier Xil Xardón "Vou falar da ruína", Primeiro Accésit, pp. 63-70.

Cinco composicións que supoñen un canto á terra, a lingua e a cultura galega.

- Xabier Xil Xardón, "Volvería ao frío!", Segundo Accésit, pp. 71-81.

Oito composicións onde afonda no tema do amor.

- Alba Domínguez Blanco, "Receptáculos brancos, animais campestres, obxectos mundanos", Mención de Honra, pp. 83-91.

A través de diferentes referencias (o Evanxelio, o Corán, o refraneiro popular e as revistas) faise un retrato da muller (María, Maryam, Maruxa e Marylyn, respectivamente) onde se fala da agresión, a escravitude, ou a desigualdade a que se ven sometidas.

- Aitor Toro Martínez, "Sonetos", Mención de Honra, pp. 93-102.

Oito sonetos que afondan no amor dende a dor, o desexo e o anhelo.

Por último, o volume péchase co apartado referido as "Traducións" (pp. 119-130), que inclúe a obra que recibiu o primeiro premio, "O señor Lucifer Box recibe un invitado" (pp. 105-117), traducida por Guillermo González Rosales, e que se corresponde co primeiro capítulo da obra *The Vesuvius Club* (2005), de Mark Gatiss Barnes; e, a que foi merecedora do primeiro accésit, "As cousas que di Lila" (pp. 119-130), tradución de *Lila di ça* (1996), de Chimo, realizada por Martina Caral Aller.

Tamén está descrito no apartado I.1. Narrativa deste *Informe*.

VV. AA., *XXV Aniversario Premio Eusebio Lorenzo*, Dodro: Concello de Dodro, 2012, 189 pp. (ISBN: 978-84-940366-1-3). ◆

Volume conmemorativo do XXV aniversario do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón que convoca o Concello de Dodro e que presenta uns textos institucionais asinados por Valentín Alfonsín Somoza, alcalde de Dodro, Xesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e Diego Calvo, presidente da Deputación da Coruña, nos que se explica o sentido conmemorativo da

edición e nos que se presenta a figura de Eusebio Baleirón como un poeta destacado da lírica galega. A seguir, aparece unha serie de textos asinados por persoeiros vencellados persoalmente ao poeta:

- Manuel Lorenzo Baleirón, "A sombra dos meus pasos", pp. 15-22.

Céntrase en reconstruír a biografía do poeta, centrándose nos primeiros anos na casa familiar e no desenvolvemento breve da súa traxectoria literaria e cultural.

- Anxo Angueira, "Cabalos de Corrubedo", pp. 25-26.

Dáse conta dunha viaxe ás dunas de Corrubedo na compaña de Eusebio Lorenzo Baleirón e incídese no seu modo de ser rexoubeiro como contrapunto á súa poesía.

- David Pérez Iglesias, "A casa da duna", pp. 29-33.

Céntrase na análise da poética do autor e no comentario de aspectos destacábeis dos seus libros de poemas, así como indica os seus referentes estéticos, nomeadamente Álvaro Cunqueiro.

- Paulino Vázquez, "Defensa da poesía", pp. 37-39.

Refírese a importancia da figura literaria de Eusebio Lorenzo Baleirón e a pervivencia da súa obra despois de ter finado.

Tras estes ensaios, reprodúcese unha escolma de textos poéticos de Eusebio Lorenzo Baleirón e unha cronoloxía biográfica. A seguir, aparecen dúas seccións centradas na celebración dos 25 premio de poesía: a primeira dedicada ás 25 persoas gañadoras do premio, na que se fai un breve repaso á súa traxectoria acompañando unha pequena escolma do texto galardoado; a segunda dedícase á composición dos xurados.

Xubín, Isaac, *Con gume de folla húmida*, XXIV Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, pról. Anxo Angueira, Santiago de Compostela: Sotelo Branco Edicións, col. Eusebio Lorenzo Baleirón, 2012, 53pp. (ISBN: 978-84-7824-619-9). ■

Poemario narrativo de Isaac Fernández Fernández, cuxo nome literario é Isaac Xubín (Oleiros, 1978), que percorre a traxectoria vital e emocional da voz poética relatando sucesos como as lembranzas dos xogos infantís na cidade da Coruña, a época estudantil en Vigo ou o Corcaigh de acollida. Neste senso a obra está escrita dende a melancolía e a saudade do presente. Os escenarios das súas composicións son Irlanda, Vigo, A Coruña e Coimbra, e, a través das lembranzas vividas nestes lugares, evoca a pulsión de escribir, a necesidade da lingua, a identidade e o sentido de pertenza á terra.

Recensións:

- Román Raña, "Pleno e incandescente", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 28 xuño 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 374, "Letras galegas", 30 xuño 2012, p. 6.

Fálase do poemario *Con gume de folla húmida*, de Isaac Xubín. Coméntase o deleite do autor cos topónimos e a insurrección á que animan os versos. Ademais, sinálase que esta obra, que conta cun prólogo de Anxo Angueira, gañou o XXIV premio Eusebio Lorenzo.

- Armando Requeixo, "Arpas como coitelos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 433, "Libros", 8 novembro 2012, p. VI.

Indica que Isaac Xubín é maiormente coñecido polo seu labor como tradutor e non como poeta, polo menos até que gañou o Premio Eusebio Lorenzo Baleirón con esta obra, *Gume de folla húmida*. Comenta que nos seus versos o poeta recorre a espazos e tempos pasados para "nos lembrar o inmorredoiro tanxido dos metais".

Referencias varias:

- Cristina Botrán, "Dodro lembra ao poeta de Laíño nos 25 anos do premio Eusebio Lorenzo Baleirón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 maio 2012, p. 29.

Con motivo do vinte e cinco aniversario da celebración do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, presentouse o libro do gañador da pasada edición, *Con gume de folla húmida*.

Yoldi Sanmartín, Montserrat, *Coas pálpebras baixas*, limiar Xavier Seoane, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/Follas Novas Edicións, col. Os libros do loureiro, n.º 4, decembro 2012, 76 pp. (ISBN: 978-84-695-6834-7).

Precedido dun limiar intitulado "A poesía amorosa de 'Coas pálpebras baixas", a cargo de Xavier Seoane, o poemario de Montserrat Yoldi Sanmartín (Monforte de Lemos, 1964) está composto por trinta e cinco poemas distribuídos en catro seccións numeradas. Os textos acompáñanse de fotografías realizadas por Alberte Oro Claro a esculturas de ManiMoretón. O libro bascula tematicamente entre dous asuntos principais: o amor de ton panteísta con primacía do espazo marítimo como lugar privilexiado da expresión da sensualidade erótica e a experiencia de vaciamento existencial, causada pola ausencia do ser amado, asociada ao sentimento da dor física.

II.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Añón, Francisco, *Poesías Galegas*, próls. Carlos L. Crespo e Xosé Luís Méndez Ferrín, Outes: Concello de Outes/Real Academia Galega/ Deputación da Coruña, 2012, 145 pp. (ISBN: 978-84-9812-182-7). ◆

Reedición facsimilar de 2.500 exemplares do orixinal publicado en 1966 co gallo da dedicatoria do día das Letras Galegas a Francisco Añón (Boel, 1812-Madrid, 1878). Editada polo Concello de Outes coa colaboración da Deputación da Coruña e a Real Academia Galega, contén dous breves prólogos institucionais, a cargo de Carlos L. Crespo, alcalde do Concello, quen saúda a publicación como posta en valor da cultura e da obra do poeta. O prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín, presidente da Real Academia Galega, afirma que o Concello de Outes demostra "o seu patriotismo" poñendo en marcha o Ano de Añón e celebra a reedición destas poesías "fermosas" sinalando que fan evidentes a súa "contemporaneidade básica" e a súa "vixencia". A obra ábrese cunha "Nota da Real Academia Gallega", na que se alude ao acordo de dedicarlle a festividade literaria anual de Galicia ao poeta de Boel. O poemario vai acompañado dun limiar de Xosé María Álvarez Blázquez, seguido dun retrato de Añón na súa mocidade. Contén trinta e unha composicións de variedade métrica clásica (oitavas italianas, décimas, quintillas,...), nas que a gran maioría son aquelas dirixidas, por motivos diversos, a alguén en particular: Antonio Mª de la Iglesia, Florencio Vaamonde, Eugenio Montero Ríos, Xan Bautista Neira, Emilia Calé... Por outro lado, tamén hai poesías vencelladas á mirada saudosa da terra e á infancia como son "O magosto", "Recordos d'a infancia", "A leiteira", "A pantasma"... Alén da tristura inmersa nos parámetros románticos da época, algunhas destas composicións tamén destacan polo recurso humorístico, como en "A una gallega renegada" ou "Un-a carta anónima". Para pechar o volume, inclúese o apartado "Apéndices", no que se recuperan nove textos de diferente autoría (Victoriano Novo y García, Uxío Carré Aldao, Vicente Risco, Antonio Villar Ponte, Fernando Martínez Morás, Ramón Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brey, José María Álvarez Blázquez e Ricardo Carballo Calero), que repasan a vida e obra do poeta. Estes traballos, tal e como se recolle no final de cada artigo, foran xa dados a coñecer anteriormente, como por exemplo, os prólogos dos libros de poesía publicados en vida do poeta e os textos que viron a luz en páxinas de xornais galegos como *Faro de Vigo* ou a revista *Nós*, de Ourense.

Referencias varias:

- Manuel Gil, "O poeta Añón, máis presente ca nunca no seu bicentenario", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 343, 10 outubro 2012, p. 7.

Infórmase da homenaxe a Francisco Añón na súa terra natal, Outes, con motivo do bicentenario do seu nacemento. Dáse conta de que este Concello remitirá a obra *Poesías Galegas* a todos os fogares deste municipio, para dala a coñecer.

Gómez, Lupe, *Pornografía*, limiar Fran P. Lorenzo, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, n.º 36, abril 2012, 112 pp. (ISBN: 978-84-939812-1-1).

Terceira edición desta obra publicada por primeira vez en 1995 en edición da autora e, posteriormente en 2005, na Editorial Compostela-Grupo Correo Gallego, na colección "Poeta en Compostela". Atópase descrita no *Informe 1995*. Edítase agora en Edicións Positivas, na colección Di-versos, cun limiar de Fran P. Lorenzo intitulado "Pornografía (1995-2012)", no que reflexiona sobre o impacto da publicación deste primeiro libro de poemas de Lupe Gómez (Fisteus, A Coruña, 1972) no panorama literario galego dos noventa e comenta algúns trazos da poética desta autora, entre os que destaca a súa poesía "punk" e "espida e telúrica".

Recensións:

- Daniel Salgado, "A parte de nós que non gusta", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 25 maio 2012, p. 6.

Dáse conta da terceira edición deste poemario, prologado agora por Fran P. Lorenzo, na Editorial Positivas, que se converteu en todo un obxecto de culto despois de ser rexeitado por diversas editoras. Indícase que esta obra abriu a posibilidade de palabras que semellaban prohibidas entraran a formar parte da literatura galega. Saliéntase que Uxío Novoneyra apoiou esta "poética incómoda e límite", que parte da crítica nunca chegou a comprender.

- Miguel Sande, "Tres poetas auténticas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 470, "Letras en galego", 9 xuño 2012, p. 10.

Faise referencia a publicación dos libros *Cráter* (Toxosoutos, 2011), de Olga Novo, *Pornografía*, de Lupe Gómez, e *Amantes* (Caldeirón, 2011), de María Lado. Indícase do primeiro a obtención do Premio da Crítica 2011, que consta de catro apartados; ademais o autor manifesta a súa preferencia polo terceiro. Do segundo menciónase que vai pola terceira edición e gábase a valentía da súa poesía. Da terceira obra sinálase a ausencia de pudor no texto e que obtivo quinto premio de poesía erótica Illas Sisargas.

- Román Raña, "Alén da irreverencia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 423, "Libros", 12 xullo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 376, 14 xullo 2012, p. 6.

Celebra a publicación, por parte de Edicións Positivas, deste poemario que supuxo un forte primeiro impacto que non agradou a moitos, pero que merece ser recordado, pois agocha "todo un caudal contundente de lírica extrema, de ferida que fala, de sentimentos que estouran". Saliéntase a súa linguaxe e sobre todo, a súa forza expresiva.

Referencias varias:

-L. F. B., "É unha emoción moi grande volver publicar o libro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 22 xuño 2012, contracuberta.

Informa da grande emoción que supuxo para a autora a reedición deste poemario que viu a luz por primeira vez no ano 1995.

Rodríguez Fer, Claudio, *Tigres de ternura. Tender Tigers*, trad. ao inglés Kathleen March, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2012, 78 pp. (ISBN:978-84-15400-56-1).

Edición bilingüe galego-inglés do poemario de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) que xa fora publicado en 1981. Todos os textos preséntanse en versión bilingüe, reservando as páxinas pares para o texto en galego e as impares para o inglés, traducidos por Kathleen March. Presenta unha nota á presente edición na que se aclara que o título do poemario, en castelán, é homenaxe á troquelación estabelecida por Rafael Cansinos Assens e citada por Borges. A seguir, disponse un limiar da tradutora no que se sinala a coherencia estética da traxectoria do poeta, a conexión co mundo celta do texto e as dificultades que lle supuxo realizar a tradución. Antes do poemario, preséntanse outros dous paratextos: unha dedicatoria e o limiar da primeira edición do libro. Os poemas vense acompañados de cinco ilustracións realizadas por Kimberleigh Martul-March. O libro presenta unha temática amorosa de expresión erótica con varias referencias directas ao espazo urbano de Santiago de Compostela. En varios poemas xógase coa disposición textual e cos espazos en branco.

Recensións:

- Román Raña, "Gozosa celebración", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 435, "Libros", 22 novembro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 387, "Letras galegas", 1 decembro 2012, p. 7.

Infórmase da reedición do segundo poemario de Rodríguez Fer, publicado por vez primeira no ano 81 e que supuxo unha gran mudanza con respecto ao seu anterior libro de poemas. Coméntase que o erotismo faise evidente e que a versión ao inglés correu a cargo de Kathleen March.

Referencias varias:

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 29 novembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da presentación deste volume na Libraría Biblos de Lugo.

- Jaureguizar, "Rodríguez Fer celebra os 30 anos dunha obra cunha versión en inglés", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 30 novembro 2012, p. 70.

Dáse conta da presentación na librería Biblos de Lugo desta nova edición bilingüe galego-inglés do poemario de Rodríguez Fer

II.3. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS

Cazalis, Anne-Marie, *Planh: 10 poemas de Anne-Marie Cazalis* (*Planh*, 1944), trad. para o galego-portugués, Edelmiro Moman Noval, trad. ao español e inglés, Vlasta Moman-Kováčová, Vigo: O Figurante Edicións, 2012, 33 pp. (ISBN: 978-84-15164-72-2).

Recompilación de dez poemas de Anne-Marie Cazalis (Boufarik, Arxelia, 1920-París, Francia, 1988) en edición cuadrilingüe en francés, galego-portugués, español e inglés. Ábrese cunha breve introdución na que se explica que se trata dunha obra descatalogada da poesía francesa, a súa única obra, unha rara xoia da que só se comercializou unha tirada de douscentos cincuenta exemplares. Así mesmo, coméntase que Cazalis era unha *enfant terrible*, unha persoa cunha vida problemática e movida que chegou a ser reporteira para a revista *Elle* e a participar en varios filmes. Saliéntase que a súa poesía está vixente aínda na actualidade.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, "Nace a editorial O Figurante como unha ponte literaria entre Galicia e a lusofonía", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 11 novembro 2012, p. 14.

Entrevista a Alberte Momán, editor e poeta ferrolán que pon en marcha esta iniciativa editorial que se abre cunha edición en catro idiomas da espléndida e moi difícil de conseguir obra de Cazalis.

Darwix, Mahmud, *Carné de identidade*, trad. do árabe Moncho Iglesias e Samar Sabat, Cangas do Morrazo: Barbantesa, 2012, 221 pp. (ISBN: 978-84-938859-9-1).

Poemario traducido do árabe de Mahmud Darwix (Galilea, 1941-Houston, 2008) nos que o eu poético repasa a historia de Palestina, ademais de falar dos seus amores e amizades e de lembrar que, malia ter un carné sen cifras, ten nacionalidade árabe e fame de liberdade, advertindo ao lectorado de que a súa paciencia ten un límite. A obra componse de corenta e oito poemas, escollidos polos tradutores, que percorren parte da vida e dos sentimentos do eu lírico, amante de Palestina, a súa terra. É un ser triste e corrompido polas dúbidas; séntese coma un morto en vida cheo de fame e ira, sen patria e sen enderezo, inmerso nunha interminábel agonía, mentres bota de menos a súa nai e escoita os bombardeos que o inundan todo. Pero o eu poético segue enxergando unha pequena esperanza e cre que Palestina será, de novo, unha nación.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Un filólogo vigués acerca Palestina a Galicia de la mano del poeta Darwix", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 2 xullo 2012, p. 18.

Dáse conta da tradución do árabe ao galego desta obra de Darwix, asinada por Moncho Iglesias e Samar Sabat e coméntase parte da vida deste poeta social.

- Ana Baena, “Eliximos a Darwik polos seus versos sociais, son auténticos berros”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 5 xullo 2012, p. 10.

Acóllese unha pequena entrevista ao vigués coautor da tradución deste poemario, Moncho Iglesias. Saliéntase que se trata da primeira tradución directa do árabe ao galego.

- A. M., “La literatura, la música y el cine centran el arranque del Festigal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Apóstolo 2012”, 25 xullo 2012, p. L2.

Saliéntase, dentro das actividades do Festigal, a presentación de certas obras entre as que se atopa este poemario de Darwix.

- Daniel Salgado, “48 poemas del palestino Mahmud Darwix, primer libro traducido del árabe al gallego”, *El País*, “*Galicia*”, 14 agosto 2012, p. 5.

Dáse conta do primeiro libro traducido directamente do árabe ao galego por Moncho Iglesias e Samar Sabat: unha antoloxía de 48 poemas do palestino.

- Margarito Flowers, “Carné de identidade’, de Darwix, en la Fundación Araguaney”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 9 agosto 2012, p. 56.

Infórmase da presentación deste poemario traducido na Fundación Araguaney.

- Sara Prieto, “Quería mostrar Palestina desde una perspectiva distinta”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 10 agosto 2012, p. L2.

Entrevístase ao tradutor Moncho Iglesias, que dá conta da súa nova publicación.

María, Antoni, *Tríptico* (*Tríptic des Jondal*, 2003), ed. bilingüe galego-catalán, trad. Xavier Rodríguez Baixeras, Pontevedra: Factoría K de Libros, col. Tambo, 2012, 60 pp. (ISBN: 978-84-15250-43-2). ■

Antoni Marí (Ibiza, 1944) constrúe este poemario en catalán que agora se publica en edición bilingüe catalán-galego, con tradución de Xavier Rodríguez Baixeras e subvencionado polo instituto Ramón Llull. Está dividido en tres partes, “Preludio”, “Unha viaxe de inverno” e “O deserto”, que comezan con citas de Carles Riba, Dante Aglieri e T. S. Eliot e J. V. Foix respectivamente. Pecha a obra outra cita de Mozart. Os versos tratan temas universais como o amor, o paso do tempo, a infancia, a morte ou os recordos. A “recuperación da experiencia vivida” é no que se basea principalmente a poesía de Marí, que xira en torno ao seu propio eu.

Referencias varias:

- D. Salgado, “La colección Tambo renace con poemas de Torneiro”, *El País*, “*Galicia*”, 22 marzo 2012, p. 6.

Entre outras cousas, infórmase da publicación desta obra.

VV. AA., *Alén da fronteira*, trad. do vasco Isaac Xubín, pról. José Ángel Irigaray, Pontevedra: Factoría K de Libros, col. Tambo, edición bilingüe galego-vasco, 2012, 145 pp. (ISBN: 978-84-15250-37-1).

Compilación poética en edición bilingüe galego-vasco que ten como obxectivo achegar ao lectorado esa poesía "insuficientemente divulgada alén das súas fronteiras". Contén un limiar asinado por José Ángel Irigaray no que repasa a historia da poesía vasca, dende as súas orixes até a actualidade, con esa pléiade de poetas novos que comezaba a xurdir nos anos sesenta, entre os que se atopan os da presente edición, de extracción e formación diferentes e de idades e estilos moi diversos entre si. As temáticas son, tamén, moi variadas, e van dende a paz, a esperanza, o amor, as lembranzas e a poesía até as fronteiras, o destino ou o tempo. A continuación, acóllese unha mostra da produción de cada autor, por orde alfabética. O primeiro é Luigi Anselmi, que colabora con "A paz", "O amor é cego", "Insomnio", "Esperanza", "Anarquía" e "Ulises". Bernardo Atxaga, pola súa parte, achega "O ourizo", "A vida segundo Adán", "La Pietà, pero ao revés", "As cebras e a morte" e "*Clementine*". De Jon Gerediaga recóllense "Un canto a pesar de Auschwitz", "Ocaso II", "A estirpe de Tántalo", "Monxe ante un mar de nubes", "Recollido no bosque", "A Idoia, dun centauro (pido a paz e a pataca)". Pola súa parte, Tere Irastortza, colabora con "Cando Hawking...", "Derradeira cláusula do testamento", "No principio a poesía...", "Non queda nos paralelos", "Do camiño e das súas cousas (I e II)". Pola súa banda, de Xabier Lete inclúese "E choraremos por aqueles", "Demórase o tempo", "Mireite, genitrix", "Pregúntome", "Só de noite recupera..." e "Cando vexo pasar os trens"; de Xabier Montoia, "Fraenkelufer", "Confesión", "Os amigos están para perdelos", "De copas", "Zeitung" e "Non fun ao teu funeral" e, por último, de Joseba Sarrionandia, "A poesía está morta pero eu non fun", "As cousas que non son", "Literatura e revolución", "O mundo é largo e alleo", "Outros lugares" e "Meditación na escuridade".

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Volve Tambo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 460, "Letras en galego", 24 marzo 2012, p. 9.

Fálase dos novos números que se engaden á colección Tambo de Faktoría K de Libros. *Os ángulos da brasa*, de Manuel Álvarez Torneiro, é o primeiro, do cal se comentan pequenos detalles e motivos. *Alén da fronteira*, o segundo, é unha antoloxía poética bilingüe preparada por Isaac Xubín. Sinálanse os autores que aparecen e o denominador común de todos eles: a súa linguaxe simbólica e irónica e o seu compromiso social.

- María Xesús Nogueira, "Poemas e fronteiras", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 25/ *El Progreso*, "Opinión", p. 27, "Un falar", 14 abril 2012.

Dáse conta da publicación deste poemario, na colección Tambo de Factoría K de Libros. Infórmase da oportunidade que brinda esta obra ao lectorado, que non é outra que coñecer poetas cuxa difusión é escasa, que proveñen duna autonomía con lingua propia, como a galega e a catalá, aos que, normalmente, o sistema educativo deixa de

lado. Lémbrase *A ponte das palabras. Poesía vasca 1990-2000*, escolma que á autora lle recorda á que ten agora entre mans.

- Armando Requeixo, "Setestrelo de poetas vascos", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 720, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 720 "Páxina literaria", "Letras atlánticas", p. 33, 15 abril 2012.

Dáse conta do rexurdimento da colección poética Tambo, agora da man de Factoría K, que bota a andar co novo poemario de Álvarez Torneiro e a antoloxía que nos ocupa. Sinálase o interesante que é que se dea a coñecer a literatura vasca, tan descoñecida, mediante sete autores e algunhas das súas composicións. Coméntase brevemente o prólogo da obra, asinado por Jose Angel Irigaray, e compárase a poesía dos diversos autores que participan nela. Por último, incídese na altísima calidade da edición.

- Román Raña, "Fermosa fondura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 413, 3 maio 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n. 366, 5 maio 2012, p. 6.

Saliéntase a "fermosura" e a "fondura" desta escolma poética que acolle diversidade de voces. Infórmase de que a poesía vasca é a gran descoñecida no estado español e de que posúe unhas calidades que a fan única. Dáse conta dos autores escollidos para esta antoloxía, das temáticas principias dos poemas e da "magnífica" tradución, a cargo de Isaac Xubín".

- Paulo Kortazar, "Poesía vasca en galego", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, p. 95.

Critícase o prólogo de José Ángel Irigaray en canto á súa falta de achegar transparencia ao volume. Analízase a temática dos poemas e apúntase a alta calidade da tradución de Xubín.

Referencias varias:

- D. Salgado, "La colección Tambo renace con poemas de Torneiro", *El País*, "*Galicia*", 22 marzo 2012, p. 6.

Entre outras cousas, infórmase da publicación desta obra.

II.4. ANTOLOXÍAS

Aid, *Rapoemas*, Vigo: Editorial Galaxia, 2012, 30 pp. (ISBN: 978-84-9865-441-7). Inclúe CD.

Libro-disco no que Aída Alonso Iglesias (Vigo, 1990), artisticamente coñecida como Aid, musica a grandes clásicos da poesía galega. Reproduce composicións de Rosalía de Castro, como as pertencentes a *Follas Novas* (1880) "A xustiza pola man" e "Unha vez tiven un cravo"; e a *Cantares Gallegos* (1863) "Lugar máis hermoso non houbo na terra...", "Adiós ríos, adiós fontes" e "Castellanos de Castilla". De Manuel Curros Enríquez inclúe os poemas de *Aires da miña terra* (1880), "O maio" e "A emigración"; e de Manuel Antonio "Os muíños" (p. 25) de *Foulas*. Finalmente, de Álvaro Cunqueiro inclúe o poema "O cabazo". Péchase o volume cun apartado intitulado "Unha convulsión musical", firmado por Pemón Bouzas, onde fai unha breve presentación da cantante.

Recensións:

-Román Raña, "Estimulante entrega", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 427, "Libros", 27 setembro 2012, p. VI/ *La Opinión,* "*Saberes*", n.º 379, "Letras galegas", 6 outubro 2012, p. 7.

Descríbese o estimulante que resultan as revisións dos clásicos da poesía galega e o emocionante das remusicacións, como a levada a cabo pola cantante e compositora de *hip hop* Aid. Coméntase a magnífica escolla de poemas, entre os que se atopan composicións de Rosalía, Curros ou Cunqueiro e o "moi ben parada" que sae a autora deste arriscado intento. Declárase que a edición é "un verdadeiro luxo, magnífica".

Alonso Montero, Xesús (ed., prólogo e notas), *A gaita, o gaiteiro e os gaiteiros na poesía galega (1853-2012). Antoloxía*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, 2012, 147 pp. (ISBN: 978-84-453-5051-5). ◆

Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) describe no "Prólogo" desta obra (pp. 5-10) os diferentes puntos de vista que os poetas escolleron para tratar o tema da gaita. Segundo este autor, escribiuse sobre a gaita dende unha óptica política, como instrumento que simboliza Galicia, sobre a personalidade artística dos gaiteiros en xeral, e sobre determinados gaiteiros que acadaron fama por algún motivo. O libro conta cos apartados: "Prólogo", "Escolma de poemas", "Sobre os poemas: referencias bibliográficas e algunhas notas", "Apéndice I" e "Apéndice II".Os poetas cuxos textos se inclúen na antoloxía son variados: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Ramón Cabanillas, Antonio Noriega Varela, Amado Carballo, Ramón Rey Baltar, Celso Emilio Ferreiro, Federico García Lorca, etc. Tamén se reproducen "Nove cántigas populares da tradición oral" (pp. 127-140). Os dous apéndices consisten en textos en castelán sobre a gaita galega: un soneto de Rubén Darío e outro de Samuel Eiján.

Clementson, Carlos, *Sinfonía atlántica. Antología general de la poesía gallega (Edición bilingüe)*, Madrid: Editorial Eneida, novembro 2012, 799 pp. (ISBN: 978-84-15458-16-6).

Iníciase este volume, realizado maioritariamente por Carlos Clementson, coa epígrafe "Trébol galaico" que consta de tres fragmentos tirados das seguintes obras: *Discurso de los Juegos Florales de Tui*, de Manuel Murguía; *Olladas no futuro*, de Ramón Piñeiro; e *Andanzas y visiones españolas*, de Miguel de Unamuno. A seguir reprodúcense os capítulos titulados "La lírica galaico-portuguesa y la recuperación de la conciencia cultural gallega", onde de forma divulgativa se repasa brevemente a situación social do galego dende os seus inicios; "*Follas Novas. El rexurdimento*. Poesía romántica y posromántica", organizado por autores onde se fala de autores como Nicomedes Pastor Díaz, Francisco Añón Paz, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez e Manuel Leiras Pulpeiro, de cada un inclúe un resumo da súa biografía e a súa obra (estilo e publicacións); "Sombra do aire na terra. Poetas gallegos contemporáneos" que comeza cunha "Carta sobre la actual poesía gallega", escrita por Álvaro Cunqueiro en 1954 para a revista *Cántico*, serve como introdución para esta epígrafe. A seguir, cítanse e coméntanse brevemente poetas como Antón Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Gonzalo López Abente, Ramón Otero Pedrayo, Luís Pimentel, Federico García Lorca, Manoel Antonio, Luís Amado Carballo, Fermín Bouza-Brey, Aquilino Iglesia Alvariño, Ricardo Carbalho Calero, Luís Seoane, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Moreiras, Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Díaz Castro, Xosé María Álvarez Blázquez, Miguel González Garcés, Lorenzo Varela, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, Manuel Cuña Novás, Carmen Kruckenberg, José Ángel Valente, Manuel María, Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Bernardino Graña, Manuel Álvarez Torneiro, Antón Avilés de Taramancos, Salvador García-Bodaño, Xosé Luís Méndez Ferrín, Arcadio López Casanova, Manuel Vilanova, Xavier Rodríguez Baixeras, Marica Campo, Xesús Rábade Paredes, Xosé María Álvarez Cáccamo, Cesáreo Sánchez Iglesias, César Antonio Molina, Luís González Tosar, Darío Xohán Cabana, Xulio López Valcarce, Xavier Seoane, María Xesús Pato, Claudio Rodríguez Fer, Ramiro Fonte, Luísa Villalta, Manuel Rivas, Pilar Pallarés, Lois Pereiro, Manuel Forcadela, Miguel Anxo Fernán-Vello. Esta parte introdutoria remata cunha "Nota a esta edición" e péchase cunha bibliografía selecta. Finaliza a antoloxía con cinco capítulos que acollen as manifestacións poéticas en galego e castelán da man dos tradutores Carlos Clementson, César A. Molina, Xavier Baixeras, Xoán Abeleira, Carmen Blanco, Luis Cochón, Ignacio Chao, F. López Barxas, Tareixa Roca, Luís G. Soto, Gonzalo Navaza e autores respectivos. O capítulo I titúlase "*Ondas do mar de Vigo*… La lírica medieval galaico-portuguesa". Os poemas aparecen na lingua orixinal na parte esquerda (páxinas pares) e traducidos ao castelán na dereita (páxinas impares); esta disposición é a mesma en todo o volume. Os autores dos que se inclúen composicións son: Sancho I o Fermoso, Bernal de Bonaval, Pero de Veer, Roi Paes de Ribela, Xohan Airas, Meendiño, Xulián Bolseiro, Roi Fernandiz de Santiago, Afonso X o Sabio, Pedro Gonçalves de Portocarreiro, Ayras Corpancho, Xohan Nuenes de Camanes, Fernando de Esquío, Martín de Xinzo, Pero da Ponte, Johan García de Guilhade, Nuno Fernandes Torneol, Pero Anes Solaz, Martin Codax, Don Dinis de Portugal, Pero Meogo, Paio Gómez Chariño, Xohan Zorro, Esteban Coello, Johan de Requeixo, João Soares Coelho; o último texto é anónimo. O capítulo II "*Cativo de miña tristura*… Trovadores de los siglos XIV y XV" contén composicións de Macías o

Namorado, Pero González de Mendoza, Garci Fernández de Xerena, Alfonso Álvarez de Villasandino, João Roiz de Castel-Branco. O capítulo III titúlase "*Alá en Monterrei*… Breves testimonios de la poesía gallega en los siglos XVI, XVII y XVIII" inclúe o anónimo "Soneto de Monterrey", e composicións de Isabel de Castro, Condesa de Altamira, Pedro Vázquez de Neira e José Cornide de Folgueira y Saavedra. O capítulo IV é "*Follas novas*. El Rexurdimento. Poesía romántica y posromántica" inclúe poemas dos autores que Clementson tratou na parte do estudo inicial dedicada a este período histórico, coa seguinte excepción de que non hai ningún texto de Manuel Leiras Pulpeiro, que aparecía na introdución, e recóllese a obra de Xoán Manuel Pintos Villar, que non estaba no estudo introdutorio. No capítulo V "*Sombra do aire na terra*. Poetas gallegos contemporáneos" aparecen poemas de todos autores citados arriba como tratados no estudo introdutorio dedicado a este período histórico e outros que non aparecían: Ramón María del Valle-Inclán, Antón Zapata e Antonio Tovar Bovillo.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos (coord.), *Vieiros de palabra. Terra de Celanova-Baixa Limia en letras de autor*, Celanova: Libraría Conde, maio 2012, 153 pp. (ISBN: 978-84-695-3455-7). ◆

Comeza esta obra colectiva cos "Criterios de edición", onde se indica que se procurou respectar a fidelidade dos textos remitidos polos seus creadores e mais que o único que se fixo foi unha actualización normativa. Despois aparece o texto "Vieiros de palabra", asinado o 5 de abril de 2012 en Escudeiros, Ramirás, Ourense; no que se explica que con este volume se pretende reunir todos os creadores con vencellos nas comarcas ourensás de Terra de Celanova e mais na Baixa Limia. Tamén se sinala que estes autores e autoras deberían ter obra publicada en galego no ámbito das humanidades e mais vencellos directos (orixinarios ou vitais) con estas comarcas ourensás. Como complemento aos textos apúntase xunto ao nome do creador a data e lugar de nacemento e mais un retrato fotográfico obra de Toni Álvarez. A seguir ofrécese unha relación dos nomes e apelidos dos diferentes autores e autoras e mais o título da súa achega nesta publicación colectiva en lingua galega. A achega de Ramón Nicolás Rodríguez, "Destrución", mestura prosa e verso mentres que as creacións en verso de *Vieiros de palabra. Terra de Celanova-Baixa Limia en letras de autor* son obra de Anxo Angueira, "Mané"; Susa Blanco Montecelos, "Ilduara"; X. M. del Caño, "O camión do Inocencio"; Natalia Corbillón, "Muíño arriba, muíño abaixo"; Suso Díaz, "A lareira"; Xoán Carlos Domínguez Alberte, "Patrimonio inmaterial"; Henrique Feixó, "Galiza"; Manuel Ferreiro Villar, "No Baño"; Xosé María Paz Gago, "Casa dos poetas"; Baldo Ramos, "Entre Vilanova e Sorga, a árbore que pronuncia o teu nome"; Manuel Rivero Pérez, "Percorrendo a miña terra"; Francisco Salinas Portugal, "Poema de amor con ausencia" e mais Paulino Vázquez, "Castromao". Finalmente indícase que este volume aparece en 2012, no vinte e cinco aniversario (1987-2012) da Libraría Conde de Celanova e cando se celebra o centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro.

Tamén está descrito no apartado I. 4. Narrativa deste *Informe*.

Recensións:

- Héitor Mera, "Defendendo a identidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 480,

"Libros", 18 outubro 2012, p.VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 381, "Letras galegas", 20 outubro 2012, p. 6.

Comeza indicando que esta antoloxía conta cunha introdución de X. C. Domínguez Alberte, quen explica os criterios elixidos para os autores e autoras participantes das comarcas de Celanova e a Baixa Limia. Critica que se use como criterio para a inclusión dos autores os "vínculos familiares ou creativos" coas comarcas ourensás. Indica que se inclúen relatos, poesía e mini artigos dos que afirma que posúen "calidades varias". Remata aludindo ao orgullo dos habitantes de Celanova e da Baixa Limia para os que se publica esta "coroa literaria".

Palacios, Manuela (ed.), *Forked tongues. Galician, Basque and Catalan women's in translations by Irish poets*, Bristol: Shearsman Books, 2012, 184 pp. (ISBN: 978-1-84861-241-9).

Escolma bilingüe éuscaro, catalán, galego-inglés de poetas éuscaras, catalás e galegas realizada por Manuela Palacios (1959) que principia con dúas citas: unha, de Eavan Boland, e outra, de Marilar Aleixandre. Séguelle a presentación baixo o título "Women Poets in Translation. An Introduction", da autoría da propia responsábel do volume. Nela afírmase, entre outras cuestións, que a antoloxía de mulleres-poetas creouse principalmente para suxerir a relación entre o orixe e o destino entre linguas vernáculas de Galicia, o País Vasco e Cataluña, por unha banda, e o Inglés como lingua franca, por outra. Porén, tamén as tradutoras (irlandesas) conviven nesa condición postcolonial, que en relación ao de "lingua bífida", contempla a convivencia de linguas poderosas (español e inglés) con aqueloutras (galegas, catalás e vascas). Neste senso, reflexiónase sobre a afirmación de que a tradución é un "tropo" apto para as relacións interculturais. Ademais, analízase a poesía das autoras que aparecen no volume ao redor do seu contexto social e cultural. A seguir, aparecen os tres principais apartados do libro: "Galician Poets", "Basque Poets" e "Catalan Poets". Con respecto ao primeiro deles, contén poemas de Pilar Pallarés (tradución de Maurice Harmon), Chus Pato (tradución de Lorna Shaughnessy), Lupe Gómez Arto (tradución de Anne Le Marquand Hartigan), Yolanda Castaño (tradución de Mái Ghréad Medbh) e María do Cebreiro (tradución de Mary O'Donnell). En moitos casos, son composicións que xa viron a luz nalgúns libros das poetas ou recollidos en volumes colectivos, mais é posíbel atopar algún texto inédito até a publicación presente. As autoras que compoñen o apartado "Basque Poets" fórmano as poetas Itxaro Borda, Miren Agur Meabe, Castillo Suárez, Leire Bilbao traducidas por Celina de Fréine, Catherine Phil MacCarthy, Susan Connolly e Paddy Bushe, respectivamente. Por outra banda, as poetas catalás son: Vinyet Panyella, Susanna Rafart, Gemma Gorga, Mireia Calafell, traducidas por Michael O'Loughlin, Paula Meehan, Keith Payne e Theo Dorgan, respectivamente. O volume péchase cos tres apartados "Notes"; "Authors and Translators" (bosquexos biográficos) e "Sources and Permissions" (fontes e licencias de poemas publicados anteriormente).

Recensións:

- Armando Requeixo, "Linguas galladas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 738, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 738, p. 33, 19 agosto 2012.

Dáse conta da publicación desta antoloxía de poetas galegas (Pilar Pallarés, Chus Pato, Lupe Gómez, Yolanda Castaño e María do Cebreiro), vascas e catalás traducidas ao inglés por escritores irlandeses. Sinálase que é unha iniciativa memorábel a de dar a coñecer a "nosa literatura fóra das nosas fronteiras lingüísticas". Indícase que a obra está prologada pola súa editora, a profesora Manuela Palacios e lóase o seu traballo.

- Ramón Nicolás, "Proxección exterior da poesía galega", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 481, "Letras en galego", 25 agosto 2012, p. 9.

Comenta que esta antoloxía poética conta con versións bilingües en galego e en inglés de poemas de Chus Pato, María do Cebreiro, Yolanda Castaño, Pilar Pallarés e mais Lupe Gómez xunto con versións en inglés e mais en éuscaro e en catalán catro poetisas vascas e catro catalás.

Quintáns, Xosé Ramón, *Bonifacio Suárez. Voz poética do agrarismo*, estudo David Otero, Santiago de Compostela: Fundación Amigos de Galicia, 2012, 116 pp. (ISBN: 978-84-615-8551-9). ◆

Compilación de poemas da autoría de Xosé Bonifacio Suárez Pereira (Santiago de Compostela, 1880-1951) elaborada por Xosé Ramón Quintáns, neto do poeta, que reúne nel un total de oitenta e nove poemas seleccionados entre a obra de Suárez, que vira a luz en distintas publicacións periódicas. Inclúe un estudo de David Otero sobre os textos antologados e a figura deste autor, mestre de profesión, onde se destaca o vencello deste e dos seus textos co movemento agrarista e a súa vontade de denuncia e de restabelecemento da orde xusta das cousas a través dos poemas.

Referencias varias:

- C. Botrán, "David Otero presentou en Teo 'Bonifacio Suárez, voz poética do agrarismo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 25 xullo 2012, p. 32.

Infórmase da presentación desta obra na escola de Francos, en Teo, na que se analizan as creacións poéticas de Xosé Bonifacio Suárez.

VV. AA., *Antoloxía de referencia. Etapa de implantación*, limiar Carlos Arias e Mariña Pérez Rei, Santiago de Compostela: Bubela Editorial, 2012, 85 pp. (ISBN: 978-84-939876-4-0).

Coa coordinación de Carlos Arias e Mariña Pérez Rei, esta antoloxía poética supón o segundo volume dunha serie de compilacións sobre o movemento literario do sentimentalismo, cuxos presupostos son mencionados no limiar asinado polos antólogos e que procura unha renovación da literatura galega coas súas bases na liberdade de pensamento e acción creativa. Anúnciase tamén a intención de elaborar novas antoloxías como un proxecto de continuidade do movemento. A obra reúne unha selección de textos de autores adscritos ou só simpatizantes, como fica recollido na introdución, do movemento sentimentalista, que son considerados mostra representativa

da renovación da poesía actual, como son Yolanda Castaño, Xulio Cid Neira, Olalla Cociña, Francisco X. Fernández Naval, Xabier López Marqués, Baldo Ramos e Eva Veiga. As temáticas dos poemas non teñen un fío condutor común e parten dunha escolla elaborada polos propios autores como mostra da súa obra.

Referencias varias:

- S. S., "Presentación literaria con lectura poética", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 xullo 2012, p. 34.

Dáse conta da presentación desta antoloxía no conservatorio de Ribeira, na que tres dos autores recitaron as súas composicións con acompañamento musical.

III. TEATRO

III.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Fernández, Julio, *O chapeu do indixente. Esgotar os ollos*, Santiago de Compostela: Estaleiro Editora, col. Teatro, 2012, 103 pp. (DL: C 1173-2012).

Conxunto de dúas pezas de teatro experimental de Julio Fernández (Zamora,1963), que principia cun índice ao que segue a primeira obra, *O chapeu do indixente* (pp. 7-43), que se abre cunhas consideracións para a lectura: "As vírgulas son pingas de ar para o falante, / medianas e secantes (que fan medrar as maiúsculas), / aspiradas e difusas (que deixan correr as minúsculas)". Comparten escenario unha muller cun vestido brando e un ramo de flores e un indixente cun chapeu e un libro na man, aínda que tan só ela fala, dirixíndose ás veces ao seu compañeiro de escena e noutras ocasións aos espectadores. As ideas van xurdindo na súa mente, e así é como ela as traslada ao público, reflexionando sobre a vida, o sexo, a enfermidade, o tempo e a arte, entre outros aspectos menos relevantes na peza. As acoutacións son escénicas, revelando os movementos dos personaxes. A continuación acóllese a segunda peza, *Esgotar os ollos* (pp. 45-103), que tamén inclúe unhas consideracións para a súa lectura: "Cada frase que non termina, desvela a suspensión indefinida do pensamento do actuante. / Cada frase que non termina orixina un silencio / a) que é ocupado de inmediato polo impulso de quen escoitariamos / b) que é froito duna interferencia de palabras / c) que se ofrece como cadea / d) que obriga a ser descifrado / e) que non é visible". Explica o autor que esta peza se estreou no Teatro Ensalle de Vigo o 22 de xuño de 2012 coa seguinte repartición: Eva Afonso, Manuel Dosouto, Areta Bolado e Cristal Lázare , como actores; Antón Ferreiro, como encargado da iluminación; e Julio Fernández Peláez, na dramaturxia e dirección. Os personaxes que interveñen son: Eu, "didascálico e múltiplo", Tipo sombrío, Ela, Médico e Muller galáctica. O Eu espera a morte no hospital, mentres Ela e o Tipo sombrío queren estabelecer unha relación, que non principia, de momento, debido á enfermidade deste doente, a súa parella até o momento; é dicir, unha historia de amor e morte, de esperanzas truncadas e novas posibilidades. Destaca o uso poético da linguaxe e unha expresión fluída e próxima ao pensamento contido do texto, de tal xeito que o lectorado ou espectador ten marxe para interpretar o texto de maneira libre.

Lourenzo, Manuel, *Novo teatro fantástico*, ilust. capa Iara Peres Lourenzo, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2012, col. Teatro, n.º 299, 151 pp. (ISBN:978-84-8487-228-3).

Conxunto de pezas dramáticas de Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, 1943) que principia coa cita: "A Iara Peres Lourenzo". As pezas son moi diversas en contido e data de publicación e continúan a tendencia da súa anterior peza *Forno de teatro fantástico* (1991). A selección responde á necesidade do autor por clasificar estas pezas atendendo ao destinatario, se ben son obras de fronteira, como explica o propio autor, pertencentes ao xénero fantástico e abertas a todo tipo de lectorado, dende a nenez ao público adulto. As pezas que se inclúen son *Candea branca* (2008, pp. 13-41), *Ramona e o sol* (2008, pp. 47-61), *Gretel e Bela* (2011, pp. 67-82), *O gato con botas* (1968-2011, pp. 83-112),

O mandarín Bien-Fu (1969, 2011, pp. 117-120), *Lobos de mentira*, (2007, pp. 125-132) e *Ratiña linda* (2009, pp. 137-149), escrita a partir dun conto infantil de Bernardino Graña. Indícase que as dúas últimas pezas acadaron case as trescentas representacións.

Sotelo, Vanesa, *Campo de covardes / Memoria do incendio*, VI Premio Abrente para Textos Teatrais, próls. Leopoldo Canizo Durán e Xosé Manuel Pazos, Ourense: Difusora de Letras, col. Teatro, n.º 6, 2012, 93 pp. (ISBN: 978-84-92958-15-3). ■

Volume da autoría de Vanesa Sotelo (Cangas do Morrazo, 1981) que contén as pezas dramáticas *Campo de covardes* (pp. 7-51) e *Memoria do incendio* (pp. 53-93). O primeiro dos textos está prologado por Leopoldo Canizo Durán quen achega algúns datos sobre os comezos e a traxectoria da autora e adianta parte dos elementos presentes na peza, que se divide en seis partes: "Zona de exclusión" (pp. 13-19), "Antigua" (pp. 21-26), "A inocencia" (pp. 27-32), "O Ruso" (pp. 33-40) e "O control" (p. 51). A través de catro personaxes (Vera, Iván, Anatoli e Vitoria) abórdanse cuestións como a violencia, a submisión, a incomunicación e o amor. A segunda peza, *Memoria do incendio*, aparece prologada por Xosé Manuel Pazos, quen novamente presenta a traxectoria de Vanesa Sotelo incidindo desta volta nos aspectos máis característicos da súa produción. A peza divídese en oito partes: "O desexo" (p. 61); "O método" (pp. 62-65); "O silencio" (pp. 66-70); "As cinzas" (pp. 71-80); "A ameaza" (pp. 81-86); "A ruptura e a renuncia" (pp. 87-89), "A vixilia e o sono" (p. 90) e "O retorno imposible" (pp. 91-93), que configuran unha reflexión sobre os incendios, partindo dun incendio real, o da casa dunha das protagonistas, até chegar aos metafóricos, os da alma (os que abrasan, os que abren feridas etc.). Ambas as dúas pezas se caracterizan pola presenza de diálogos breves que, ás veces, se converten en conversas inconexas entre os personaxes; a case total ausencia de didascalias e o emprego dunha linguaxe directa e crúa.

Recensións:

- MF Vieites, "Balbordos e silencios", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 417, "Teatro", 31 maio 2012, p. VIII.

Tras citar os antecedentes do drama posmoderno no que hai unha ruptura entre significante e significado, sitúa os textos de Vanesa Sotelo, *Campo de covardes* e *Memoria do incendio*, entre a "suxestiva indeterminación de Harold Pinter e o incómodo balbordo de Eúgene Ionesco". Da primeira peza salienta que "recrea un mundo pechado e hostil donde as palabras xa non significan". Nun á parte intitulado "Ruído e furia" menciona que os dous textos foron premiados nos ciclos de teatro de Ribadavia e Barcelona, que utilizan a palabra para "facer estourar a realidade" e "para expresar un desacougo".

- Pedro P. Riobó, "Bater nas palabras e esperar", *Revista Galega de Teatro*, n.º 72, "Libros", outono 2012, pp. 37-38.

Saliéntase que se trata dunha coidada edición que acolle dúas pezas: *Campo de covardes*, Premio Abrente de Textos Teatrais 2011, e *Memoria do incendio*. Indícase que a linguaxe empregada por Vanesa Sotelo aproxima máis as súas obras ao xénero

poético que ao dramático e que os seus personaxes quedan con frecuencia circunscritos á condición de "locutores", como ocorre con frecuencia en *Memoria do incendio*. Coméntase que as dúas pezas teñen dous elementos en común: o illamento e a espera e, relacionada con esta última, a disxuntiva entre actuar e non actuar.

VV. AA., *VI Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico*, limiar Evaristo Calvo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Alternativas. Teatro, 2012, 69 pp. (ISBN: 978-84-9914-380-4). Inclúe CD.

Este volume acolle varias pezas galardoadas ou finalistas no VI Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico: a obra galardoada co premio do xurado (*Poema sinestésico para tres voces e un can*), a galardoada co premio da audiencia (*Intercom-Baby*), e as dúas obras finalistas neste premio que organiza a Radio Galega en colaboración co Centro Dramático Galego. No limiar de Evaristo Calvo, intitulado "Se miras, non ves, e, se ves, é que non miras", este reflexiona sobre a importancia do teatro radiofónico e subliña que o volume contén catro pezas de teatro para ler e escoitar. Asemade no CD que complementa o volume reprodúcense gravacións das catro pezas recollidas no volume. Os textos que se reproducen descríbense a seguir:

- Eva F. Ferreira, "Poema sinestésico para tres voces e un can", pp. 11-26.

Distribuídas como sete estrofas, preséntanse as reflexións de tres voces poéticas que comparten espazo cun can chamado Sarko.

- Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, "Intercom-Baby", pp. 27-40.

Texto dramático no que se dá conta das experiencias dunha nai e dun pai co seu bebé e mais co intercomunicador de bebés co que os agasallara un amigo do pai no que se oen falar a persoas estrañas.

- Zé Paredes, "Quendas", pp. 41-52.

Peza na que tres personaxes (Laura, Breixo e mais Roi) conversan mentres comparten coche ao volveren do traballo.

- Carlos Losada Galiñáns, "Ironías", pp. 53-68.

Plásmase a entrevista dunha xornalista a un presidente nun gran complexo administrativo mentres se oe a radio de fondo e están presentes tamén un secretario e un recepcionista. Reflíctese que o presidente decide privatizar o servizo de recepción da Presidencia.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, "Teatro para as ondas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 428, "Libros", 4 outubro 2012, p. VI.

Tras comentar a posta en marcha do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico da Radio galega, apoiado polo Centro Dramático Galego, que publica Edicións Xerais de Galicia, salienta de *Poema sinestésico para tres voces e un can*, de Eva F. Ferreira, a unión de teatro e poesía e as referencias irónicas a través de diversas voces, se ben matiza que a peza "non engancha demasiado ao oínte"; de *Intercom-baby*, de Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, a carga de "realismo e suspense"; e de *Quendas e Ironías*, de Zé Paredes e Carlos Losada Galiñáns, a crítica e a ironía.

III.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

Ogando, Iolanda (ed. e notas) e Laura **Tato** (estudo introdutorio), *A. D. R. Castelao, G. Salinas, A. Nan de Allariz, E. Charlón & M. S. Hermida, E. Balás, X. M. López Castiñeiras, S. Cabeza de León, M. Posse, X. Ares, M. Vidal e M. Rei Pose. Textos recuperados. De Galo Salinas a Castelao*, A Coruña. Universidade da Coruña. Departamanto de Galego-Portugués, Francés e Lingüística, col. Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, serie azul, n.º 71, decembro 2012, 291 pp. (ISBN: 978-84-9749-533-2). ◆

Volume que inclúe dezanove textos datados entre 1903 e 1923 que poden axudar a "clarificar ou documentar algunhas zonas escuras da historia do teatro galego". Ábrese cunha nota das mesmas autoras, que sitúan a obra no marco do proxecto de investigación de I+D "Recuperación do Patrimonio Teatral Galego", da Universidade da Coruña. Nela xustifican os criterios empregados na edición, nomean os textos que ofrecen e agradecen aos que fixeron posible a súa publicación. De seguido vén un estudo introdutorio asinado por Laura Tato onde comenta, autor por autor, o texto (ou textos) que se achegan de cada un e achega datos relacionados coa actividade teatral dos mesmos. Afonso Daniel Rodríguez Castelao é o primeiro dos autores, cun texto incompleto composto por tres follas manuscritas a tinta negra; un documento catalogado no arquivo da Fundación Risco co título que aparece na primeira folla conservada, "Proieuto de teatro galego ô xeito do da "Chauve Souris" (pp. 41-46). Despois reprodúcese un programa teatral da época, unha descrición dos decorados e a presentación do espectáculo. A continuación, segue a carta que comezara nesa primeira folla perdida, da que se descoñece o seu destinatario, pero que permite afirmar que "Castelao tentou crear en Pontevedra un grupo de teatro que contribuíse á renovación dramática a que aspiraban as Irmandades da Fala". Galo Salinas é o segundo dos autores e del recóllense a comedia amorosa *Sabela, comedia nun acto* (pp. 47-70); *Entre dous mundos, poema dramático nun acto* (pp. 71-104), onde o autor incorpora ao seu teatro a clase media e alta urbana, o sainete *Copas e bastos* (pp. 105-126), de tema tradicional e humorístico, e o monólogo *Os meus amores* (pp. 127-136). De Alfredo Nan de Allariz recóllense dúas pezas, *Por mor do drama Minia ou Furto, xuízo e sentenza* (pp. 137-144), unha "recensión en forma de peza dramática" da obra *Minia*, de Manuel Lugrís Freire e a comedia sobre a emigración *¡Airiños... Levaime a ela!* (pp. 145-164). De Emiliano Balás Silva recupérase o *Monólogo* (pp. 165-168), *Estranxeiro na súa terra* (pp. 169-182) e *A noite de San Xoan* (pp. 183-188), todas pezas breves. De José M. López Castiñeiras acóllese a comedia de costumes galegas *O chufón, comedia dramática en dos actos* (pp. 189-218). De Salvador Cabeza de León recóllese a única peza que escribiu, *Camiño da vila*, moi breve e de caracter musical. De Manuel Posse Rodríguez, unha comedia breve, *¡Inda non quero ser mico!* (pp. 231-240), e de Euxenio Charlón Arias e Manuel Sánchez Hermida *Calquera entende este enredo* (pp. 241-252) e *Nocturno periodístico* (pp. 253-262), pezas breves que representan eles mesmos. Péchase o volume con catro autores cunha soa peza de curta extensión respectivamente: Xosé Ares Miramonte, con *Andacio* (pp. 263-276), sobre a emigración; Manuel Vidal Rodríguez, co conto dialogado *El "sí" de Grabiela* (pp. 277-282); Manuel Rei Pose, coa comedia *Un match internacional de fútbol* (pp. 283-286); e Nin Guén coa micropeza costumista *O Tornillo* (pp. 287-289).

III.3. ANTOLOXÍAS

Pillado Maior, Francisco (coord.), *Banqueiros*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col.Teatro, n.º 297, 2012, 262 pp. (ISBN: 978-84-8487-226-9).

Antoloxía de textos dramáticos coordinada por Francisco Pillado Maior (A Coruña, 1941), que se abre cun limiar do mesmo, asinado en febreiro, ("O porqué deste libro", pp. 9-20) no que se centra no significado da palabra crise, ademais de recordar artigos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e de criticar o atraso que está sufrindo a sociedade, actualizando a escena sexta de *Luces de bohemia* de Ramón Mª del Valle Inclán que, segundo el, non se podería publicar a día de hoxe por constituír unha apoloxía do terrorismo. Sinala igualmente que Galicia ten grandes autores de teatro "que poden ofrecer unha visión crítica do momento que padecemos", en pezas que sobrevivirán moitos anos. As obras achegadas, todas nesta liña, son: *Apartheid global*, de Marcos Abalde Covelo (pp. 21-27); *Farsa da banca macabra*, de Xosé María Álvarez Cáccamo (pp. 29-36); *Agora que todo vai a fume de carozo*, de Vicente Araguas (pp. 37-41;, *9999*, de Afonso Becerra de Becerreá (pp. 43-58); *Inverno occidental*, de Lino Braxe (pp. 59-66); *No psiquiatra: Farsa do banqueiro*, de Marica Campo (pp. 67-80); *Paus de cego*, de Santiago Cortegoso (pp. 81-92); *Febre*, de Ánxeles Cuña Bóveda (pp. 93-103); *Crises*, de Lois Diéguez (pp. 105-114); *Terror e miserias do Cuarto Reich*, de Manuel Lourenzo (pp. 115-132); *A síndrome de Macbeth*, de Zé Paredes (pp. 133-143); *Espellismo*, de Xosé Manuel Pazos (pp. 145-154); *A vida dollars*, de Olivia Pena (pp. 155-168); *A sucursal*, Gustavo Pernas Cora (pp. 169-189); *Lucros*, de María Xosé Queizán (pp. 191-205); *O Banco da Xente*, de Henrique Rabuñal (pp. 207-220); *Eurívoros*, de Vanesa Sotelo (pp. 221-232); *Lúa de mel. (Drama en tres actos)*, de Diana Varela Puñal (pp. 233-240); *Aprendendo dos clásicos. (O banquete)*, de Fidel Vidal (pp. 241-248); e *Canción triste de Wall Street*, de Roi Vidal (pp. 249-260).

Recensións:

- MF Vieites, "Banqueiros/Teatro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 439, "Teatro", 20 decembro 2012, p. VIII.

Salienta a vontade política deste volume que se deixa sentir no prólogo "denso e intenso" do coordinador, Francisco Pillado, quen reclama para o teatro o papel instrumental para concienciar e mobilizar. Comenta o carácter instrumental posto de manifesto ao longo dos tempos no teatro do oprimido de Augusto Boal e nos mimodramas de Nikolai Evreinov e reclama o teatro "que implique acción e compromiso por parte do espectador". Resalta o poder subversivo da palabra dramática que nesta obra se pón ao servizo da loita pola xustiza e pola dignidade e na que xorden voces co nexo común de "mostrar retallos desa crise brutal e global". Finalmente apunta que é mostra das tendencias actuais da creación dramática en Galicia, "desde a linearidade clásica á fragmentación posmoderna" no que hai textos de Vicente Araguas, Afonso Becerra, María Xosé Queizán, Santiago Cortegoso, Xosé Manuel Pazos, Vanesa Sotelo, Gustavo Pernas, Roi Vidal, entre outros.

Referencias varias:

- Alexandra Moledo, “Os galegos saben sufrir nas crises porque viviron nunha permanente”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 26 decembro 2012, p. 6.

Entrevista a Henrique Rabuñal, autor d'*O banco da xente*, recollida no volume colectivo *Banqueiros*. Apúntase que nesta peza dramática se amosa o punto de vista do autor sobre a crise actual. Fálase sobre a importancia desta peza que supón “un grito de protesta”, describe os personaxes e aproveita para facer comentarios sobre a crise actual.

III.4. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en "referencias varias".

III.4.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

Agustín Magán, XIº Festival de teatro afeccionado

Organizado por primeira vez en 2002 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA) para lembrar e homenaxear a Agustín Magán, ademais de servir de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. Na edición de 2012, celebrada entre os días 6 e 11 de decembro, participaron as compañías Trécola Teatro, con *A verdadeira historia do corazón reloxo*; Gargallada Teatro, con *Quimera*; Aturuxo de Melpómene, con *Café*; o Grupo de Teatro da Asociación de Mulleres de Moaña, con *A balada do cárcere de Circe* e a Asociación Teatral Paso de Valverde, con *Sánatos*. Representouse tamén a peza infantil *Pim, pam, clown*, de NNC Teatro.

Recensións:

- Gabriel Prada e Pedro P. Riobó, "X Festival Agustín Magán", *Revista Galega de Teatro*, n.º 70, "Festivais", primavera 2012, pp. 67-69.

Comézase indicando que o Festival Agustín Magán é o máximo referente do teatro amador en Galicia e que convoca cada ano en Santiago de Compostela aos mellores espectáculos das compañías asociadas á Federación Galega de Teatro Afeccionado. Faise referencia a que NNC Teatro abriu a edición de 2011 con *Esperando a Godot*, da que se sinala que se trata dunha proposta clara da obra de Samuel Beckett. De *Homes en escabeche*, de Hipócrita Teatro, destácase que se trata dunha comedia ácida e entretida, de humor áxil; e d'*As alegres comadres*, de Achádego Teatro, indícase que se trata da adaptación dunha peza de William Shakespeare chea de intrigas, enredos e seducións. Coméntase que Aturuxo de Melpómene puxo en escena *RR.HH. (O método)*, a adaptación dunha obra de Yashmina Reza sobre a competencia salvaxe da conquista do triunfo profesional. Infórmase de que Ut-Tópico Teatro presentou *Baile de sombras*, unha montaxe minimalista e conceptual sobre o alzhéimer. Finalmente, menciónase a posta en escena da peza *Ópera Pánica (Cabaret Tráxico)*, a cargo de Marañao Teatro, a partir dun texto de Alejandro Jodorowsky.

Referencias varias:

- A. I., "Seis producciones de compañías gallegas en el Festival Agustín Magán", *El Correo Gallego*, "Santiago", 5 decembro 2012, p. 30.

Anúnciase o comezo da XIª edición do Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán. Dise que se desenvolverá entre o seis e o once de decembro e que as seis actuacións previstas, que terán lugar no Teatro Principal de Santiago, son *Pim Pam Clown!*, por NNC Teatro; *A verdadeira historia do corazón reloxo*, por Trécola Teatro; *Quimera*, por Gargallada; *Café*, polo Aturuxo de Melpómene; *A balada do cárcere de Circe*, polo grupo Mulleres de Moaña, e *Sánatos*, por Paso de Valverde.

- A. I. S., "NNC Teatro inaugura hoy el Festival Agustín Magán", *El Correo Gallego*, "Santiago", 6 decembro 2012, p. 28.

Dise que a compañía NNC Teatro será a encargada de abrir a nova edición do Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán e saliéntase que desta vez os grupos participantes son un claro exemplo da evolución do teatro afeccionado moderno e que seguen as últimas tendencias.

- Ana Iglesias, "Seis grupos muestran el alto nivel del teatro aficionado", *El Correo Gallego*, "Santiago", 7 decembro 2012, p. 29.

Coméntase que a finalidade do Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán é render homenaxe ao creador da compañía de teatro Ditea e amosar a evolución dos grupos afeccionados de Galicia. A seguir, faise un repaso polas compañías que compoñen o cartel da presente edición.

- ECG, "O Aturuxo de Melpómene en el Teatro Principal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 9 decembro 2012, p. 27.

Anúncianse dúas representacións no marco do Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán: *Café*, polo Aturuxo de Melpómene, e *A balada do cárcere de Circe*, polo grupo Mulleres de Moaña.

ALT.12, XIº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

Iniciado no ano 2003, este festival está organizado pola Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural do concello de Vigo, e pola Asociación Cultural Noescafé Teatro. Patrocinado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conta ademais coa colaboración de entidades tanto públicas coma privadas, así como da Concellaría de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística. Os lugares de celebración dos diversos espectáculos teñen lugar tanto nas rúas de Vigo como en espazos cubertos, tales como o Auditorio Municipal ou a Casa das Artes. A edición de 2012 celebrouse dende o 7 até o 10 de marzo e contou coas actuacións de compañías galegas como Mónica Gª and Suelen Estar Quartet e a Compañía das Marías, ademais das foráneas Sacude Danza (Cataluña), Los Corderos (Cataluña), Guillermo Weickerd (Andalucía), La Cocina (Euskadi), La Fila de al Lado (Madrid), Guillem Mont de Palol (Cataluña) e La Tristura (Madrid).

Referencias varias:

- María Villar, "Nueve compañías nacionales de teatro físico y danza protagonizan el festival alternativo 'ALT.12", *Faro de Vigo*, "Vigo", 6 marzo 2012, p. 10.

Dá conta da apertura do festival alternativo de artes escénicas 'ALT.12'. Anúnciase que a presente edición se verá reducida a cinco días por mor dos recortes económicos. Finalmente, coméntase o programa, composto polos cataláns Sacude Danza, Los Corderos e Guillem Mont de Palol; a compañía de danza andaluza de Guillermo Weickerd; La Cocina, dende Euskadi; La Fila de al Lado e La Tristura, dende Madrid; e os galegos Compañía das Marías, con *Malena llena eres de gracia*; Programa Novas Creadoras, con *Mónica*, e a coreógrafa Mónica García.

- Teresa Cuíñas, "El Alt de Vigo repasa la creación escénica contemporánea con presupuesto menguado", *El País*, "*Galicia*", 7 marzo 2012, p. 6.

Comenta a apertura do festival alternativo ALT.12 por parte da compañía catalana Sacude Danza, tras o cal loa o labor de Noescafé Teatro por continuar a organizar o festival a pesar dos recortes económicos. Para rematar, fai un repaso pola programación, da que salienta a participación da coreógrafa galega Mónica García.

- Manuel Xestoso, "ALT de Vigo. Novo viño en odres vellos", *Revista Galega de Teatro*, n.º 71, "Festivais", verán 2012, pp. 43-45.

Reflexiónase, a partir das propostas presentes no ALT de Vigo, sobre o feito de que as fórmulas escollidas polos artistas semellan centrarse na actualización de recursos empregados polas vangardas teatrais do século XX, permitindo unha lectura innovadora dos problemas da sociedade actual. Logo dun breve repaso dalgúns espectáculos, saliéntase que a XIª edición do ALT conseguiu manter un nivel aceptábel malia o recorte do seu orzamento.

Ames, VIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Mostra de teatro afeccionado celebrada no concello de Ames dende o 5 até o 26 de outubro de 2012. Contou coas representacións das pezas *O médico a paus*, a cargo do Grupo de Teatro Municipal de Ames; *¡Vaia función!*, da Escola Municipal de Teatro de Negreira; *Allan*, de Aquelando Teatro e *Café*, do Aturuxo de Melpómene.

Referencias varias:

- S. E., "O grupo Aturuxo de Melpómene pecha a mostra de teatro en Ames", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 359, 26 outubro 2012, p. 7.

Dise que a mostra de teatro de Ames chega á súa fin da man de Aturuxo de Melpómene, que levarán a escena *Café*.

- M. M., "O Outono 2012 amiense encherá A Maía de teatro", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 330, 27 setembro 2012, p 5.

Coméntase que o concello de Ames organizou a VIIª Mostra de Teatro no marco do Outono 2012 Cultural, e dise que se representará *O médico*, polo grupo municipal de teatro de Ames.

Asociación de Mulleres **"Amistad"**, XVIIº Mes do Teatro da

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación de Mulleres "Amistad", de Santa Mariña e que tivo lugar ao longo do mes de outubro no Local do Río. Contou coa participación das compañías O Bordelo de Cervo, con *Fume de carozo* e Ti e máis eu Teatro, con *Para que serven os homes*. Tamén representaron as súas pezas o Grupo de Teatro A Adala e o Grupo de Teatro Donas de Amistad.

Armadiña Teatro, Ciclo

Ciclo de teatro organizado pola asociación Armadiña, coa colaboración da Concellería de Cultura de Poio. Formou parte do programa do cuadraxésimo aniversario da declaración de Combarro como Conxunto Histórico Artístico. Os espectáculos tiveron lugar o primeiro venres de cada mes no local da Comunidade de Montes de Combarro. Representáronse as obras: *O Arce no Xardín*, da compañía Os da Coviña; *A Taberna sen dono*, de Teatro Agarimo; *Casting Tour* e *O bufón do reino*, de Pinga Teatro.

Referencias varias:

- M. A. C., "El ciclo Armadiña Teatro seguirá este fin de semana con dos obras del grupo Pinga", *Diario de Pontevedra*, "Poio.Comarca", 11 decembro 2012, p. 12.

Refírese á celebración do ciclo teatral organizado pola asociación Armadiña coa colaboración da Concellería de Cultura de Poio, e dise que Pinga Teatro representará dúas obras no marco de tal evento: *Casting Tour* e *O bufón do reino*.

Arteixo, XIIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Organizada pola Concellería de Cultura de Arteixo, con emprazamento no Auditorio da localidade. Na edición de 2012 contou coa participación da Agrupación Teatral Mariñán, coa peza *Amor filial* e o Grupo de Teatro Xuvenil Pasapadentro, con *Historias tolas-Teatro en historietas*.

Arzúa, VIº Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono

Organizado pola Concellería de Cultura de Arzúa, celebrouse durante catro domingos en diferentes lugares do municipio. Na edición de 2012, celebrada os días 21 e 28 de outubro e 3 e 11 de novembro, representáronse as obras *Feirantes*, do Grupo de Teatro Artestudio; *Radio Torreiro*, de Dínamo Teatro e *O estrano velorio*, da Aula de Teatro Municipal de Arzúa Ánxel Casal. Tamén se puxo en escena a peza infantil *A bruxa do Magosto*, a cargo de Ti e máis eu Teatro.

Referencias varias:

- S. F., "El teatro será el rey del otoño en los municipios de Boqueixón y de Arzúa", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", 3 outubro 2012, p. 5.

Coméntase que a programación cultural dos concellos de Boqueixón e de Arzúa contempla o teatro por medio da celebración de ciclos ou xornadas. En Arzúa, o VI Ciclo de Teatro no Outono acolle as obras *Feirantes*, por Artestudio Teatro, e *Radio Torreiro*, por Dínamo Teatro.

- M. T., "Comeza en Arzúa o VI Ciclo de Teatro no Outono coa obra Feirantes", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 349, 16 outubro 2012, p. 7.

Anúnciase a apertura do VIº Ciclo de Teatro no Outono celebrado en Arzúa da man de Artestudio, coa obra *Feirantes*.

- M. Toledo, "A obra de teatro 'A bruxa do magosto' hoxe en Arzúa", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 367, 3 novembro 2012, p. 10.

Refírese a continuación do VI ciclo de Teatro no Outono celebrado en Arzúa e dise que acolle a representación *A bruxa do magosto*, por Ti e Máis Eu Teatro.

Atracción Teatral VI

Ciclo teatral organizado polo Concello de Lugo e a compañía Nova Escena Teatro, con emprazamento no Auditorio Municipal de Lugo. Ten lugar nos meses de outubro e novembro. Participaron na edición de 2012 Carfax Teatro, con *Troianas*, O Trasno Novo, con *De dous en dous, tres*; e Nova Escena Teatro, con *A herdanza da tía Constanza*.

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Se inicia el ciclo de teatro aficcionado 'Atracción Teatral VI", *El Progreso*, "Lugo", "El Despertador", 19 outubro 2012, pp. 10-11.

Anúncianse os días de celebración da VI edición do Ciclo de Teatro Atracción Teatral celebrado en Lugo e dise que participarán Carfax Teatro, con *Troianas*, e O Trasno Novo, con *De dous en dous, tres* e *A herdanza da tía Constanza*.

- K. A., "Buscamos difundir el teatro aficcionado", *El Progreso*, "Lugo", "Emergentes", 20 outubro 2012, p. 14.

Entrevista a Xoán Carlos Laxe, director da compañía Nova Escena Teatro, con motivo do ciclo teatral que organiza en Lugo, Atracción Teatral. Anúnciase a apertura do ciclo e menciónanse algunhas das compañías participantes.

- Marta Becerra, “Con ganas de escena”, *El Progreso*, “Lugo”, “El Despertador”, 21 outubro 2012, p. 11.

Ademais de anunciar algunhas das obras participantes na VI edición do ciclo Atracción Teatral, dise que desta vez pasou a celebrarse no Auditorio Municipal de Lugo e saliéntase que a súa finalidade é dar a coñecer os grupos de teatro afeccionado.

Betanzos, IIIº Encontro de Teatro Afeccionado de

Organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e o Concello de Betanzos ao longo do mes de febreiro, con emprazamento na Aula Municipal de Cultura do Edificio Liceo da localidade. Contou coa participación de Taller de Teatro Clámide, coa peza *Catro corazóns con freo e marcha atrás*; Aturuxo de Melpómene, con *RR.HH. (O método)*; Noite Bohemia, con *Electra* e Trécola Teatro, con *A verdadeira historia do corazón reloxo*.

Referencias varias:

- L. T., “Ciudad de los Caballeros... y del teatro”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Betanzos”, 30 xaneiro 2012, p 10.

Anúnciase para o mes de febreiro, concretamente entre os días catro e vinte e cinco, o III Encontro de Teatro Afeccionado de Betanzos, organizado pola Agrupación Teatral Mariñán, en colaboración co concello da localidade. A seguir alúdese á programación, na que salienta a inclusión dun taller de teatro da man do actor Carlos Sante e as representacións: *RR.HH. (O Método)*, por Aturuxo de Melpómene; *Electra*, por Noite Bohemia, e *A verdadeira historia do corazón reloxo*, por Trécola Teatro. Xa para rematar, achéganse datos sobre o grupo Mariñán.

- O. B., “Clámide participa en el Certame de Teatro de Betanzos con una comedia de Jardiel Poncela”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 5 febreiro 2012, p. 8.

Tras mencionar os grupos que participan no III Certame de Teatro Afeccionado de Betanzos, céntrase na obra que os vilagarciáns Clámide levarán a escena, *Catro corazóns con freo e marcha atrás*. Dise que se trata da adaptación ao galego dunha obra de Enrique Jardiel Poncela en clave cómica sobre “temas transcendentais como a inmortalidade, a felicidade, a amargura ou o aburrimento”. Conclúe dando conta dos compoñentes da agrupación teatral e mencionado brevemente a súa traxectoria profesional.

- L. T., “El grupo Aturuxo de Melpómene actuará en el III Encontro de Teatro Afeccionado”, *El Ideal Gallego*, “Área Metropolitana”, “Betanzos”, 11 febreiro 2012, p. 23.

Entre outras actividades de índole cultural celebradas en Betanzos, anúnciase a continuación do III Encontro de Teatro Afeccionado coa posta en escena de *RR.HH. (O método)*, por Aturuxo de Melpómene, e o obradoiro de recursos cómicos que o actor Carlos Sante imparte tamén durante os encontros.

- Víctor Castro, “La Agrupación Teatral Mariñana abre el plazo del Encontro de Teatro”, *El Ideal Gallego*, “Área Metropolitana”, “Atalaya Mariñana”, 14 outubro 2012, p. 20.

Anúnciase a apertura do prazo de inscricións no Encontro de Teatro Afeccionado celebrado en Betanzos.

- Víctor Castro, “La fidelidad a Betanzos de la ‘Agrupación Teatral Mariñán”, *El Ideal Gallego*, “Área Metropolitana”, “Atalaya Mariñana”, 28 outubro 2012, p. 20.

Tras facer un repaso pola composición e traxectoria profesional da Agrupación Teatral Mariñán, dise que organiza Os Encontros de Teatro Afeccionado de Betanzos e anúnciase o prazo de inscrición para participar.

Boqueixón, Ciclo de Teatro de Outono de

Ciclo de teatro organizado polo Concello de Boqueixón. Tiveron lugar tres representacións na Casa da Cultura de Camporrapado e no local social de Codeso durante o mes de decembro. Participaron os grupos Tira e afloxa, con *Donde vai o cabalo de Santiago*; A Mámoa, con *A casa dos líos*; e o grupo de maiores de Boqueixón, con *Caldo de galiña*.

Referencias varias:

- S. F., “El teatro será el rey del otoño en los municipios de Boqueixón y de Arzúa”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, 3 outubro 2012, p. 5.

Coméntase que a programación cultural dos concellos de Boqueixón e de Arzúa contempla o teatro por medio da celebración de ciclos ou xornadas. Sinala que en Boqueixón se celebran tres xornadas teatrais que acollen *Donde vai o cabalo de Santiago*, por Tira e Afloxa; *A casa dos líos*, polo grupo A Mámoa, e *Caldo de galiña*, polo grupo de maiores de Boqueixón.

- S. F., “Boqueixón inicia mañana su Ciclo de Teatro en Camporrapado”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 409, 15 decembro 2012, p. 7.

Anúnciase o comezo do Ciclo de Teatro de Camporrapado, en Boqueixón, e dise que A Mámoa participará con *A casa dos líos*.

Buxiganga, Circuítos 2012

Ciclo de teatro afeccionado organizado polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo, co obxectivo de achegar o teatro aos diversos concellos da provincia. A edición de 2012 contou coas representacións das obras *As alegres comadres de Windsor*, a cargo de Achádego Teatro; *Enredos*, do Grupo de Teatro A Adala; *Terra*, de Alentía Teatro; *Nécoras verdes*, de Ardora Teatro; *Véndese mula*/*A*

pousada, do Grupo Teatral Axóuxeres; *A forza dos soños*, de Batán; *Godot*, do Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas do Ulla; *Querencia*, do Bordelo de Cervo; *O método Grönholm*, da Escola de Teatro Os Falcatrueiros; *A familia. Unha doenza de transmisión sexual*, de Do Miolo e Cía; *Radio Universo*, de Nostrum Cai Teatro; *A herdanza da tía Constanza*, de Nova Escena Teatro; *O reo*, de Parápono Teatro; *Os perseguidores de soños*, do Grupo de Teatro Pinchacarneiro; *Noivos por Internet*, do Grupo de Teatro A Rabela; *O chufón*, do Grupo Teatral Raiolas; *O velorio*, de Rebuldeira Teatro; *Lisístrata*, do Grupo de Teatro de Ribadeo e *Os vellos non deben de namorarse*, de Zampalladas. Ademais puxéronse en escena as seguintes pezas destinadas a un público infantil: *Unha historia con pau*, de Hipócrita Teatro; *Bolboretas*, de Metátese Teatro; *O bosque da poesía*, de Alentía Teatro; *O anel máxico*, do Grupo de Teatro do HULA; *Kasi circo*, de Teatro Monart e *Os miserables*, de Palimoquiños.

Referencias varias:

- Pilar G. Cheda, "O teatro de Buxiganga levará 250 actores a 59 vilas", *El Progreso*, "Comarcas", 25 maio 2012, p. 15.

Lóase a actividade do programa cultural Buxiganga e o labor levado a cabo polos seus organizadores de cara a reforzar o teatro afeccionado. Saliéntase asemade o seu carácter didáctico e enriquecedor, para o que se mencionan os obradoiros incluídos, como un de cinema ou outro de dramaturxia.

- Pilar G. Cheda, "O teatro medra á sombra de Buxiganga", *El Progreso*, "Comarcas", 27 maio 2012, pp. 24-25.

Anuncia o inicio do programa Buxiganga e comenta que, a partir desta iniciativa da área de Cultura da Deputación de Lugo, se formalizaron moitos grupos de teatro da provincia. Salienta a evolución da participación de compañías teatrais nesta mostra, así como a promoción e a proxección que lles dá o circuíto. Ademais, fai fincapé na formación que acompaña este evento.

- MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 31 maio 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase de que dezasete grupos de teatro percorrerán as rúas de Lugo, dentro do Proxecto Teatral Buxiganga.

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 1 decembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Querencia*, do Bordelo de Cervo, na Casa da Cultura de Sarria, dentro das actividades programadas polo Proxecto Teatral Buxiganga.

- VMR, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 14 decembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia ás representacións e lecturas dramáticas que terán lugar no Museo Provincial de Lugo como peche do Proxecto Teatral Buxiganga 2012.

- Pablo Rodríguez, "Fin de curso sobre as táboas", *El Progreso*, "Comarcas", 15 decembro 2012, p. 14.

No marco da celebración do Proxecto Teatral Buxiganga dáse conta dos diversos obradoiros en torno ás artes escénicas que se celebraron e saliéntase a afluencia de público aos mesmos. A seguir, coméntase o número de obras e participantes involucrados nesta cuarta edición do proxecto e, para rematar, alúdese ao éxito do mesmo.

Cabaré, VIIº Festival Galego de

Celebrado na Coruña, dende o 23 até o 28 de outubro de 2012. Participaron as compañías Titita Producións, coa peza *Faraoas*; Cabaret de Titán, con *Capítulo 3*; Cabraret, con *CabRaret*; As Sircópatas, con *Polos Pelos* e Clara Gayo e Iria Pinheiro, con *Área de descanso*.

Referencias varias:

- Sonia Dapena, "Femme Fatale mantedrá a flote el Festival Galego de Cabaré pese al descenso de las subvenciones", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 13 outubro 2012, p. 17.

Anúnciase o comezo do Festival Galego de Cabaré, que se celebrará na Coruña entre os días vinte e tres e vinte e oito de outubro, e saliéntase a súa continuidade e éxito acadado nas diferentes edicións a pesar dos recortes económicos.

- J. A. Martínez Sevilla, "Oasis en el cabaré desierto", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La Columna", 25 outubro 2012, p. 24.

Abrindo a nova co popular dito "a mal tempo boa cara" o autor refírese á alegría e ánimo que se transmiten nas táboas do Teatro Rosalía da Coruña durante a exitosa celebración do Festival Galego de Cabaré. A seguir, coméntanse algúns dos espectáculos presentes.

- Pablo López, "Una lección sobre cabaré", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 29 outubro 2012, p. 6.

Tras achegar unha definición de cabaré, dáse conta do carácter dinámico e entretido que caracterizou o Festival Galego de Cabaré celebrado no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. A seguir menciónanse algunhas das compañías participantes e agradécese o éxito de audiencia.

- J. A. Martínez Sevilla, "Gala de cabaré intemporal", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La Columna", 30 outubro 2012, p. 24.

Lóase a calidade do Festival Galego de Cabaré que alberga A Coruña para achegar ao público actuacións diversas nas que reinan a canción, a música, o cabaré, o humor ou as acrobacias. Saliéntase asemade o éxito do festival.

Cambados, Ciclo de Teatro para adultos

Organizado polo departamento de Cultura do concello de Cambados. A edición de 2012 contou coa participación de Josito Porto, con *Laretadas*; Cándido Pazó, con *Decamerón*; Obras Públicas, con *O fútbol é así*; Lusco e Fusco, con *Encontros*; Redrum Producciones, con *Curriculum vitae* e Expresións Producións, con *Trío de ases*.

Referencias varias:

- L. R., "Seis domingos de funciones teatrales para adultos", *Diario de Arousa*, "Cambados", 12 outubro 2012, p. 11.

Tras anunciar a apertura do Ciclo de Teatro de Outono de Cambados co monólogo *Laretadas*, por Josito Porto, dáse conta doutras actuacións presentes: *Decamerón, historias para tempos críticos*, por Abrapalabra; *O fútbol é así*, por Obras Públicas; *Encontros*, por Lusco e Fusco; *Currículum Vitae*, por Redrum Producciones, e *Trío de ases*, por Expresión Producións.

- L. R., "Non vou contar chistes será unha laretada como indica o seu nome", *Diario de Arousa*, "Cambados", 3 novembro 2012, p. 13.

Entrevista ao actor Josito Porto con motivo da súa participación no Ciclo de Teatro de Outono do Concello de Cambados coa peza *Laretadas*. Trátase o contido do monólogo e o peso do aspecto 'improvisación' no mesmo.

Cangas, XXIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Organizada polo colectivo do Centro Recreativo Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Teatro de Ningures, baixo a dirección de Mª Xosé Mariño, conta co patrocinio da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), do Concello de Cangas, da Deputación Provincial de Pontevedra, Frigoríficos do Morrazo e o Cupón do Minusválido. Durante esta mostra entrégase anualmente o Premio "Xiria", co que se destaca o labor teatral dunha persoa. A edición de 2012, que deu comezo o día 30 de xuño rematou o 7 de xullo, contou coa participación de Elefante Elegante, coa peza *Iliria*; Obras Públicas, con *O fútbol é así*; César Cambeiro, "Montego", con *Estado crítico. Que sabemos do cariño*; Carlos Blanco e Xosé Manuel Budiño, con *iLalelo*; Teatro da Esmorga, con *Eu mataríame mais... non lle vexo futuro*; Cándido Pazó, con *Historias tricolores*; A Artística, con *Verde a tempo completo* e Pífano Teatro, con *Winnie son eu*. Representáronse tamén as pezas destinadas ao público infantil *Titiricircus* e *Os narigudos*, de Tanxarina Títeres. Ademais, participaron as compañías foráneas Pere Hosta (Cataluña), This Side Up Acrobatics (Australia), Mimirichi (Ucraína), Pikor Teatro (Euskadi), Yllana (Madrid), Peripécia Teatro (Portugal) e Histrión Teatro (Andalucía).

Referencias varias:

- JLMC, "Leo Bassi y 'Mecano', en el Auditorio de Cangas", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana/Morrazo", 25 marzo 2013, p. 17.

Entre outras actividades culturais que terán lugar en Cangas, saliéntanse as representacións *O fútbol é así*, por Obras Públicas; *Memoria das Memorias dun neno labrego*, por Cándido Pazó; *Oeste solitario*, por PT Excéntricas, ademais de dar conta da celebración da Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

- Camilo Franco, "Veronese encabeza o cartel da Mostra de Teatro de Cangas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 xuño 2012, p. 46.

Tras referir o cambio de emprazamento da maioría de actuacións por motivos económicos, dise que unha peza do arxentino Daniel Veronese será a encargada de dar comezo á XXIX edición da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, que durante oito días achega vinte e cinco representacións de carácter cómico. A seguir, fálase dalgúns dos participantes, como os australianos This Side Up Acrobatics, os vascos Pikor Teatro, os portugueses Peripécia Teatro, Elefante Elegante, con *Iliria*; Carlos Blanco, con *iLalelo*; Yllana Teatro e Pífano Teatro, con *Winnie son eu*.

- Cecilia Martínez, "Cangas inicia su maratón teatral", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 207, "O Morrazo", "Cangas", 30 xuño 2012, p. 6.

Tras anunciar o inicio da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas co pregón de Carlos Blanco, coméntase o argumento das tres representacións que se levarán a cabo tal día: Pere Hosta, dende Cataluña; Elefante Elegante, con *Iliria*, e Obras Públicas, con *O fútbol é así*.

- R. S., "Carlos Blanco da la salida a la Mostra de Teatro de Cangas", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Morrazo", 30 xuño 2012, p. 20.

Tras salientar a profesionalidade da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, xa na súa vinte e nove edición, dá conta da programación do día: Pere Hosta, dende Cataluña; Elefante Elegante, con *Iliria*, e Obras Públicas, con *O fútbol é así*. Achégase asemade o argumento de cada unha delas.

- Fernando Franco, "Una escapada a Cangas", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 3 xullo 2012, p. 10.

Recoméndase visitar Cangas, entre outros, pola celebración da XXIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo.

- B. C., "El grupo de teatro Yllana y el cómico Pepo Suevos, para hoy en la Mostra", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Morrazo", 4 xullo 2012, p. 14.

Anúnciase a representación *Action Man*, por Yllana Teatro, e o monólogo de Pepo

Suevos no marco da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, das que se salienta a versatilidade escénica e a comicidade, respectivamente.

- C. S., "Las 'Historias Tricolores', de Cándido Pazó, en Cangas", *Atlántico Diario*, p. 53/ *La Región*, "Sociedad", "Galicia: agenda cultural", "Teatro", 5 xullo 2012, p. 52.

Anúnciase a proximidade do remate da Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas ao tempo que se indican as actuacións dos vindeiros días,das que se asemade se achega brevemente o argumento. Trátase de *1325*, de Peripécia Teatro; *Historias Tricolores*, de Cándido Pazó; *Verde a tempo completo*, de A Artística; *Titiricircus*, por Tanxarina Títeres e *Winnie son eu*, de Pífano Teatro.

- Camilo Franco, "Sentido do humor e sensibilidade", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Galicia", "Fin de semana", 6 xullo 2012, p. 9.

Coméntase brevemente o argumento de varias das representacións que se levarán a cabo na Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas: *Winnie son eu* e *Titiricircus*, ademais de mencionar a presenza do Mago Teto, Cristina Cameselle e certas actividades non dramáticas.

- Manuel Xestoso, "XXIX MITCF de Cangas e XXVIII MIT Ribadavia. De Cangas a Rivadavia sen baixar do escenario", *Revista Galega de Teatro*, n.º 72, "Festivais", outono 2012, pp. 41-44.

Realízase un repaso polas principais propostas presentadas na Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas e na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Con respecto á primeira, saliéntase que se viu obrigada a saturar o programa con monólogos, aínda que tamén logrou exhibir espectáculos con conceptos diversos do humor. Fálase da proposta de Carlos Blanco, *iLalelo*, á que se cualifica de corrosiva e interesante. Infórmase tamén da participación de Elefante Elegante (de quen se celebra que os festivais apoien a súa liña artística fresca e estimulante), con *Iliria*, e de Cándido Pazó, con *Memoria das memorias dun neno labrego*.

Caranza, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol e a compañía ferrolá Teatro Ad Libitum dende o mes de novembro do ano 2000. Celebrado no Centro Cívico de Caranza e no auditorio FIMO, conta asemade coa colaboración da Asociación Max de Teatro e co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e da Fundación Caixa Galicia. Cada edición outórgase durante a súa celebración o Premio do Público, que na temporada 2011-2012 foi para *Rosenda, unha criada indecente*, do Grupo de Teatro A Pombiña. Nesta edición de 2012-2013 participaron as compañías Oquetiqueiras coas pezas *Campanas de Bastavales* e *Ernesto*, o Grupo de Teatro O Maxolo, con *Unha rosa é unha rosa*; Asociación Teatral Paso de Valverde, con *Un traballo é un traballo*; NNC Teatro, con *Esperando a Godot*; Tremoia Teatro, con *Hildegart*; o Grupo de Teatro A Pombiña, con *Rosenda, unha criada indecente*; Arruallo Teatro, con *Entre nós*; Grupo de Teatro da Asociación Cultural Xábrega, con *O indiano*; Devanceiro Teatro, con *Preguntas sobre o meu pai*; Ut-Tópico Teatro, con *Baile de sombras*; Pandemia Teatro, con *Dereita, esquerda*; a Escola de Teatro do Concello de Ares, con *A voda de*

Esganarello; Teruca Bouza, con *A muller do meu amigo engáname*; Quemaisten Teatro, con *As herdeiras do sol*; Crucia Teatro, con *Os profesionais* e Teatro Ad Libitum, con *Vaia tropa*. Tamén se representou a obra destinada ao público infantil *Conta o que queiras cos micros de madeira*, a cargo de Ti e máis eu Teatro.

Referencias varias:

- N. V., "Remata o ciclo Domingos a Escena cunha media dominical de 219 espectadores", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 17 abril 2012, p. 12.

Salienta a continuación do Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a Escena" e dá conta do éxito de audiencia que cada domingo enche o Centro Cívico de Caranza, emprazamento das representacións. A seguir, anúncianse os gañadores do Premio do público, que por terceiro ano consecutivo recaeu en A Pombiña, nesta edición coa comedia *Rosenda, unha criada indecente*. Para rematar, dise que o segundo posto foi para O Bordelo de Cervo, con *Quintana de vivos, auguria de mortos*, e o terceiro para Agarimo Teatro, con *Campás de Bastabales*.

Carballiño, XXIIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Organizado pola compañía Nove-Dous Teatro e Arteficción en colaboración co Concello do Carballiño e con subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), Novagalicia banco e Caja Madrid. Na edición de 2012 entregáronse os galardóns a mellor actor e actriz a Fran Paredes e Josi Lage, e ao espectáculo máis valorado polo público, *Atra Bile*, de Teatro de Ningures. Participaron Manquiña e Zahera, con *Monólogos inocentes*; IlMaquinario Teatro, con *O home almofada*; Teatro de Ningures, con *Atra Bile* e Sergio Pazos, con *Sé galego, my friend*.

Referencias varias:

- R. Méndez, "Festival de Teatro do Carballiño: monólogos, estreas e celebracións", *La Voz de Galicia*, *Fugas*, "Galicia", "Fin de Semana", 31 agosto 2012, p. 3.

A nova fai un repaso pola programación prevista para a presente edición do FETEGA, na que salienta o carácter cómico dos espectáculos.

- Cándida Andaluz, "Manquiña y Zahera abren hoy el Festival de Teatro Galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 setembro 2012, p. 33.

Anúnciase a apertura do FETEGA da man de Manuel Manquiña e Luis Zahera co seu espectáculo *Monólogos inocentes*, a seguir do cal se di que tamén participarán Il Maquinario Teatro, con *O home da almofada*; Teatro de Ningures, con *Atra Bile*, e Sergio Pazos, con *Sé galego my friend*. Para rematar, achéganse unhas verbas de ánimo da organizadora do festival ante a situación de crise e falta de apoio institucional.

- Cándida Andaluz, "Teatro de Ningures acapara los premios del Festival de O Carballiño", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 setembro 2012, p. 32.

A nova comenta os premios de teatro que se outorgan no marco do Festival Galego de Teatro celebrado en O Carballiño. Saliéntase que na presente edición recaeron na súa totalidade na peza *Atra Bile*, por Teatro de Ningures.

Cariño, XXXIVª Mostra de Teatro Galego de

Mostra de teatro celebrada no Auditorio Municipal do concello ferrolán que acolle actuacións para diversos tipos de público, tanto por parte de compañías profesionais como afeccionadas. Na edición de 2012 tiveron lugar nove representacións, cinco para o público infantil e catro para o adulto. Participaron Carrachanacacha coas obras *Comendo pementos de padrón con Tarantino* e *Gheidi (só para adultos)*; Ti e mais Eu Teatro con *Para que serven os homes?*; e Talía Teatro con *Pelos na lingua*.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, "A Mostra de Teatro Galego de Cariño recupera a cita máis veterana de Galicia", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 9 agosto 2012, p. 12.

Saliéntase que a cita escénica máis veterana de Galicia, a Mostra de Teatro de Cariño, vai xa pola súa XXXIV edición e dise que desta vez a compoñen nove representacións, cinco para o público infantil e catro para o adulto. A seguir, trátase a relación subvencións-calidade, e indícase que tanto compañías profesionais como afeccionadas participan no evento.

Catoira, Semana do Teatro Vikingo de

Veladas teatrais que se celebran nas vésperas da Romaría Vikinga de Catoira e que teñen lugar nas Torres do Oeste. Ademais de diversos espectáculos dirixidos ao público infantil, na edición de 2012 representouse a obra *Hendrik "O Cruel"*, da autoría de Xurxo Ferreirós, dirixida por Fátima Rey e cun elenco formado por preto de oitenta veciños e veciñas da vila.

Referencias varias:

- M. Angueira, "A viaxe de ida e volta de Hendrik 'O Cruel", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", 1 agosto 2012, p. 18.

Anúnciase que as representacións teatrais ao aire libre regresan a Catoira da man dos seus veciños para transformar a vila nun emprazamento medieval e revivir o desembarco viquingo no marco da Romería Vikinga. Dise que se representara *O Cruel*, con textos de Xurxo Ferreirós, e *¡Canto amor!*, para o público infantil.

Cee, XXVª Mostra de Teatro de

Organizada, xunto coa asociación cultural Domingo Antonio de Andrade, polo actor, director e fundador de Talía Teatro, Artur Trillo. A edición de 2012 celebrouse do 23 até o 26 de agosto e contou coa participación das compañías Talía Teatro, con *Pequena* e *Pelos na lingua*; Tres Globos, con *Pedro e o lobo*; Leidy Maharet, con *Zíngara*; Carrachanacacha, con *Cipriano de Bequelar*; Celso Fernández Sanmartín, con *Contos que non falten*; Traspediante, con *Baleadas*; Caramuxo Teatro, con *Zapatos*; Rubi Dudi, con *Clowntaminación*; Isla Le Triska, con *Le Triska Inmóbile*; Teterella Teatro, con *Un corazón perfecto*; Teatro do Lume, con *A que non podes dicir coca cola?*; Ghazafellos, con *Nana para un soldado*; Títeres Cachirulo, con *Alicia*; *Peter Punk*; Quico Cadaval, con *A vida dura*; Tirita producións, con *Faraoas*; Os contos de Pablísimo, con *Contos de sobremesa*; Os 7 magníficos +1, con *Dous pallasos en máis apuros*; e Assircopatas, con *Polos pelos*. A dirección da mostra anuncia que esta será a última edición.

Referencias varias:

- Iglesias, Óscar, "La compañía Lagarta Lagarta echa el cierre y la Mostra de Cee 'podría ser la última", *El País*, *Galicia*, 14 xuño 2012.

O autor da nova transmite as verbas de lamento de Ernesto Chao, compoñente de Lagarta Lagarta, sobre a imposibilidade de manter unha compañía teatral sen axudas institucionais e anuncia o cese de actividade coa representación *Unha hora na vida de Stefan Zweig*, da que se achega o argumento. Polo mesmo motivo, anúnciase a posibilidade de que a próxima Mostra de Teatro de Cee, que vai pola súa XXV edición, sexa a última.

- Jesús Trillo, "Cee podría celebrar este año su última Mostra de Teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 xullo 2012, p. 31.

Achéganse os comentarios de Toño Casais, compoñente de Talía Teatro, compañía encargada de organizar a Mostra de Teatro de Cee, sobre as dificultades económicas do evento, a redución orzamentaria e, como conseguinte, a posibilidade de cese da súa celebración.

- Alexandra Moledo, "La Mostra de Teatro de Cee bajará el telón después de 25 ediciones", *La Opinión*, "carballo/costa da morte", 10 agosto 2012, p. 17.

Tras comentar os aspectos que levaron á Mostra de Teatro de Cee ao seu peche, defínese a presente edición, celebrada do vinte e tres até o vinte e seis de agosto, como "de mínimos" debido á falta de apoio institucional e económico.

- E. Eiroa, "Cee pone fin a la Mostra de Teatro tras 25 años de funciones", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 agosto 2012, p. 29.

Anúnciase o comezo da vinte e cinco edición da Mostra de Teatro de Cee e relátanse os atrancos económicos que foi sufrindo ao longo da súa historia, feito que se salienta como detonante da súa clausura, dado que se di que a presente será a derradeira. Para rematar, coméntanse algunhas das actuacións presentes.

- José M. Ramos, “La Mostra de Teatro de Cee dice adiós en su 25 edición”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 agosto 2012, p. 36.

Transmítense as verbas de tristeza de Artur Trillo, director da Mostra de Teatro de Cee, por mor do peche definitivo da mesma, ao tempo que se anuncia a apertura da súa vinte e cinco edición. Para rematar, dáse conta da programación da mostra.

- José M. Ramos, “La Mostra de Teatro toma el relevo a las fiestas locales”, *El Correo Gallego*, “Galicia Verano”, 13 agosto 2012, p. 21.

Anúnciase o comezo da vinte e cinco edición da Mostra de Teatro de Cee, tras o que se comentan as diferentes seccións da mesma segundo o tipo de espectáculo e, para rematar, menciónanse algunhas das compañías participantes.

- Iria Ameixeiras, “Desaparece una de las más veteranas Mostras de Teatro”, *El País*, “*Galicia*”, 14 agosto 2012, p. 5.

Dise que a Mostra de Teatro de Cee se pecha definitivamente tras vinte e cinco anos loitando coa falta de apoio institucional e económico. A seguir, faise un repaso pola historia da Mostra en paralelo co da compañía que a creou, Talía Teatro, baixo a dirección de Artur Trillo.

- Roi Sebio, “Arranca en Cee la que será su última Mostra de Teatro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 agosto 2012, p. 28.

Laméntase o cese da Mostra de Teatro de Cee por mor de dificultades económicas, e dise que a XXV edición será a ultima. A seguir, dáse conta da organización da programación e logo refírense algunhas das compañías participantes: Talía Teatro, con *Pequena*; Tres Globos, con *Pedro e o lobo*; Leidy Maharet, con *Zíngara*; Carrachanacacha, con *Cipriano de Bequelar*; Celso Fernández Sanmartín, con *Contos que non falten*; Traspediante, con *Baleadas*; Caramuxo Teatro, con *Zapatos*; Rubi Dudi, con *Clowntaminación*; Isla Le Triska, con *Le Triska Inmóbile*; Teterella Teatro, con *Un corazón perfecto*, e Teatro do Lume, con *A que non podes dicir coca cola?*

- J. Trillo, “Actuación de la Escuela de Teatro de Cee mañana en el consistorio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 382, 18 novembro 2012, p. 4.

Anúnciase a representación *Mala hostia!*, pola Escola Municipal de Teatro, no marco da programación do Outono Cultural organizado polo Concello de Cee

Chámalle X 2012, IX^{as} Xornadas de Arte de Acción

Xornadas de *performance* organizadas pola Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo e que se veñen realizando anualmente dende 2004. A edición de 2012 tivo lugar e na Satre o 17 e o 22 de novembro na Sala X da Facultade e no Museo MARCO de Vigo e contou coa representación de *Cue & Review*, por Andrés Galeano; *A partir de un gruñido de letra*, por Bartolomé Ferrando; *Tomorrow never comes*, por Carme Viñas, e *Po é pó é pó*, por María Roja.

Referencias varias:

- Belén López, "Chámalle X segue facendo ruído", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí/Cultura", 16 novembro 2012, p. 76.

Tras referir os participantes desta novena edición das xornadas de arte "Chámalle X", dise que a presente edición tomou o son como fío condutor dos espectáculos e anúnciase a posibilidade de novidades para celebrar o décimo aniversario ao ano seguinte. Para rematar, dise que as xornadas se celebran entre os días dezasete e vinte e dous de novembro en Pontevedra.

- Belén López, "Deconstruíndo o fonema en Pontevedra", *Diario de Pontecedra*, "Vivir Aquí/Cultura", 23 novembro 2012, p. 68.

Ábrese a nova salientando o éxito das xornadas de *performance*, arte e acción "Chámalle X" acadado dende o seu comezo no ano 2004 en Pontevedra. A seguir, dáse conta dalgunhas das actuacións, como *A partir de un gruñido de letra*, por Bartolomé Ferrando; *Tomorrow never comes*, por Carme Viñas, e *Po é pó é pó*, por María Roja. E, finalmente, faise algún adianto do que será a décima edición para o ano seguinte.

Chantada, XXIIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Mostra de teatro celebrada en Chantada que organiza o colectivo teatral Faro-Miño deste concello. Na edición de 2012, celebrada os días 22, 23 e 24 de agosto, participaron as compañías Os Sete Magníficos+1, con *O gordo e o calvo van ao médico*; Faro Miño, con *Operación Voltarén* e Kambareteiros, con *Se Fernando e Isabel non acabaron con el*.

Referencias varias:

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 22 agosto 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da representación na Praza do Cantón de Chantada da peza *O gordo e o calvo van ao médico*, da compañía Os Sete Magníficos+1, dentro da XXIIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva.

- Olalla González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 23 agosto 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena na Praza do Cantón de Chantada da peza *Operación Voltarén*, de Faro Miño, dentro da XXIIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva.

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 24 agosto 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da representación na Praza do Cantón de Chantada da peza *Se Fernando e Isabel non acabaron con el*, de Kambareteiros, dentro da XXIIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva.

- A. L., "La función pendiente de teatro popular se hará en el nuevo auditorio", *El Progreso*, "Lemos-Chantada", 26 agosto 2012, p. 14.

Trátase a organización e disposición de escenarios para a nova edición da Mostra de Teatro Popular organizada pola Asociación Faro-Miño no marco do programa das festas chantadinas.

Córgomo, Xornadas Teatrais de

Xornadas teatrais recuperadas por Anxo Baranga no ano 2012, despois de catro anos sen celebrarse. Teñen lugar en Córgomo, na localidade de Vilamartín. As representacións desenvolvéronse durante a noite do 24 de xullo e participaron Arcos Teatro (Arcos), Asociación de Veciños de Vilamartín Xaime Prada, Pisabarros de Vergamuiños, Gargallada de O Barco de Valdeorras, A Rúada da Rúa e Córgomo Teatro.

Referencias varias:

- José Cruz, "El teatro revive en Córgomo", *La Región*, "Valdeorras", 21 xullo 2012, p. 16.

Coméntanse os recortes de presuposto que as Xornadas Teatrais de Córgomo tiveron que afrontar e trátanse os diversos cambios que por este motivo se levaron a cabo dende a organización.

Coruña, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da

Festival internacional de teatro universitario organizado pola Concellería de Cultura en colaboración coa Aula de Teatro e Danza da Universidade. Na edición de 2012 tivo lugar do 9 ao 31 de maio e representáronse as obras *Barcelona, mapa de sombras*, por Corifeo Teatro; *Un novo mundo feliz*, pola Aula de Teatro de Ourense; *Fanfarra*, pola Aula de Teatro de Ferrol, *Dentro do labirinto*, pola Aula de Teatro da Universidade de Vigo; *Comedia famosa do cabaleiro de Olmedo*, pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela; e *Nosa Señora das nubes*, pola Aula de Teatro Universitario da Coruña.

Referencias varias:

- M. G. M., "O festival de teatro universitario medra e diversifica a súa oferta escénica", El Ideal Gallego, "A Coruña", 9 maio 2012, p. 14.

Salienta a internacionalización deste festival universitario e dá a coñecer as obras que se representarán dentro do seu programa. Alude tamén ao carácter gratuíto dos espectáculos.

- Noelia Díaz, "A Universidade salta ás táboas", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 9 maio 2012, p. 12.

Comenta o progresivo éxito e aumento de Mostra Internacional de Teatro Universitario da Coruña, na que a danza xoga un importante papel. En canto ao teatro, menciona as representacións *Barcelona, mapa de sombras*, por Corifeo Teatro; *Un novo mundo feliz*, pola Aula de Teatro de Ourense; *Fanfarra*, pola Aula de Teatro de Ferrol, e *Nosa Señora das nubes*, pola Aula de Teatro Universitario da Coruña.

Couto, Mostra de Teatro Afeccionado do

Ciclo que se desenvolve na parroquia naronesa do Couto. No ano 2012 tivo lugar durante o mes de setembro e contou coa presenza de: Liceo de Noia, con *Smoking*; o Aturuxo de Melpómene, con *Café*; Devanceiro Teatro, con *Preguntas sobre o meu pai*, e Arruallo, con *Matrimoniadas*.

Referencias varias:

- M. J. R., "Teatro Liceo de Noia leva 'Smoking' á Mostra do Couto", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 20 setembro 2012, p. 14.

Indícase que o Liceo de Noia representará *Smoking* no marco da Mostra de Teatro Afeccionado do Couto. A seguir, refírese o argumento da peza, dirixida por Santiago Moncada, e finalmente indícanse outras compañías participantes: o Aturuxo de Melpómene, con *Café*; Devanceiro Teatro, con *Preguntas sobre o meu pai*, e Arruallo, con *Matrimoniadas*.

Daniel Cortezón, IXª Mostra de Teatro Afeccionado

Ciclo de teatro afeccionado levado a cabo no municipio de Ribadeo. Con duración durante unha fin de semana, a edición de 2012 tivo lugar entre os días 21 e 23 de setembro e contou coas postas en escena do Grupo Teatral Axóuxeres, coa peza *Véndese mula/A pousada*; o Grupo de Teatro de Ribadeo, con *Lisístrata* e Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón, con *Cipriano de Bequelar (Historia de amor e morte)*.

Referencias varias:

- Olalla González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 21 setembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Teatro de Ribadeo da obra

Véndese mula/A pousada, do Grupo de Teatro desta localidade, dentro da IXª Mostra de Teatro Afeccionado Daniel Cortezón.

Enrique Landesa, Ciclo de Teatro Afeccionado

Certame que dá continuación ao que organizaba o Centro Cultural Rueiro e que toma o nome dun dos compoñentes, recentemente falecido, de O Trasno Novo Teatro. No ano 2012 tivo lugar a primeira edición, que se desenvolveu durante o mes de outubro. Participaron os seguintes grupos: O Trasno Novo Teatro, con *Conversas na cuneta*; Agarimo Teatro, con *A taberna sen dono*, e Rueiro Teatro, con *A miña muller é o fontaneiro*

Referencias varias:

- A. Baena, "Coia toma el relevo en los ciclos de teatro del barrio", *Atlántico Diario*, "Vigo", 2 outubro 2012, p. 13.

Comeza a nova salientando o labor da Fegatea de cara a promover o teatro, no marco do cal se anuncia a primeira edición do ciclo de teatro afeccionado Enrique Landesa. A seguir, explícase que o nome fai honra a un dos compoñentes, recentemente falecido, d'O Trasno Novo Teatro, e finalmente dáse conta da programación.

- Ana Rodríguez, "Agarimo y Rueiro representan comedias en el ciclo de teatro Enrique Landesa", *Faro de Vigo*, "*Vigo [4] Costados*", 9 outubro 2012, p. 3.

Anúnciase a primeira edición do ciclo de teatro afeccionado "Enrique Landesa" e saliéntase a comicidade das representacións. A seguir, coméntase que participarán O Trasno Novo Teatro, con *Conversas na cuneta*; Agarimo Teatro, con *A taberna sen dono*, e Rueiro Teatro, con *A miña muller é o fontaneiro*.

Falabaratos. Monólogos, contos e outros shows

Ciclo organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Santiago de Compostela. A edición de 2012 tivo lugar no Teatro Principal e participaron, ao longo dos meses de febreiro, marzo, abril e xuño, Quico Cadaval, con *Zona portuaria* e Sergio Pazos, con *Sé galego, my friend*. Tamén puxeron en escena os seus espectáculos David Amor, Leo Bassi, Luis Piedrahita e Godoy.

Referencias varias:

- Ana Iglesias Santiago, "Sergio Pazos aborda con mucho humor la idiosincrasia de los gallegos", "*El Correo Gallego*, "Santiago", 21 marzo 2012, p. 26.

Anuncia a participación de Serxio Pazos no marco do ciclo Monólogos Falabaratos coa representación *Se galego, my friend*, do que se di que achega con humor e ironía a imaxe dos galegos noutras partes do mundo salientando a retranca da actuación. A

seguir comenta o éxito da representación en diversas salas de Galicia. E para rematar, fai un breve percorrido pola traxectoria profesional do actor.

Fegatea Móvete 2012, Festival Galego de Teatro Afeccionado

Festival de teatro afeccionado que se desenvolveu no mes de setembro de 2012 como preludio das festas de San Froilán de Lugo. As representacións tiveron lugar no auditorio Gustavo Freire e no centro de convivencia de Fingoi. Actuaron as seguintes compañías: Paso de Valverde, con *Sánatos*; Atrezzo Teatro, con *O eloxio da loucura*; e Carfax Teatro, con *Portus Veteris*.

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Representación de la obra 'Sánatos' en Fingoi", *El Progreso*, "Lugo", 23 setembro 2012, p. 7.

Anúnciase a representación *Sánatos*, por Paso de Valverde, no marco do Festival Galego de Teatro Afeccionado (Fegatea) e saliéntase a afluencia de público do evento.

FIOT, XXIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo, dende a edición de 2002 leva como título "FIOT". Acolle representacións teatrais, contacontos, actuacións musicais e *shows* de diversa índole. Na edición de 2012 celebrada dende o 4 até o 31 de outubro, concedeuse o galardón "Xograr de Outono", a título póstumo, a Alberto Gende. Asemade, tivo lugar dentro do festival o Ciclo OTNI, ciclo teatral destinado a proxectos de carácter máis contemporáneo no que participou Cándido Pazó, con *Decamerón*, Cía. La Cocina e Cía. Colectivo 96º. Dentro do FIOT participaron Talía Teatro, con *O método Gronhölm*; Teatro do Morcego, con *A función do tequila* e Sarabela Teatro, con *Viaxe a ningunha parte*. Representaron tamén as súas pezas as compañías foráneas Tantakka Teatro (País Vasco), La Machina Teatro (Cantabria), Animalario Teatro (Madrid), Kamikaze Producciones (Madrid), Grupo Actoral 80 (Venezuela) e Els Joglars (Cataluña).

Recensións:

- Camilo Franco, "Con distancia do convencional", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 5 outubro 2012, p. 8.

Ábrese a nova salientando o mes de outubro como época do ano clave para as artes escénicas en Galicia por mor da celebración de tres grandes festivais, os cales se van comentado. Do Festival de Carballo, anúnciase a apertura e dise que participará Talía Teatro, con *O método Gronhölm*, peza sobre "as ambicións laborais e o capitalismo salvaxe".

- Camilo Franco, “Os métodos para combatir ar mareas altas da historia”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Teatro”, 12 outubro 2012, p. 5.

O autor comenta brevemente o argumento de dúas pezas que se representarán no marco do FIOT de Carballo: *O método Gronhölm*, de Talía Teatro, e *En alta mar*, de La Machina Teatro. A primeira é unha posta en escena que xa conta con éxito comprobado sobre os escenarios,e a segunda unha peza merecente do Premio Max revelación de Teatro.

Referencias:

- Alexandra Moledo, “El teatro carballés sobrevive a la crisis”, *La Opinión*, “Carballo/Costa da morte”, 30 agosto 2012, p. 17.

Dise que o FIOT’12 dará comezo da man de Talía Teatro coa peza *O método Gronhölm*, e fálase da *Rúa dos contos*, actividade previa ás representacións teatrais organizada tamén polos responsábeis do festival.

- J. M. Ramos, “El FIOT coproduce con Talía Teatro un nuevo espectáculo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 30 agosto 2012, p. 30.

Anúnciase a estrea d’*O método Gronhölm* no marco do FIOT de Carballo, a segunda coprodución entre Talía Teatro e o propio festival. A seguir, trátanse aspectos como a formación da compañía ou a anterior coprodución entre os anteditos profesionais do teatro, *Un cranio furado*.

- M. Carmen Suárez, “Otoño teatral para reflexionar”, *La Opinión*, “Carballo/Costa da morte”, 23 setembro 2012, p. 23.

Anúnciase a vixésimo primeira edición do FIOT de Carballo, celebrada entre o sete e o trinta e un de outubro, e saliéntase a calidade dos espectáculos, máis de trinta nesta edición. A seguir, refírense algunhas das compañías participantes e fálase tamén das actividades celebradas en paralelo ás postas en escena.

- J. V. L., “Els Joglars y Carmen Machi encabezan el cartel con más calidad del FIOT de Carballo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 setembro 2012, p. 27.

No marco da programación da vixésimo primeira edición do FIOT de Carballo, composta, entre outros, polas compañías Animalario, Teatro do Morcego, Sarabela ou Tantakka, saliéntase a participación de Carmen Machi e da catalá Els Joglars.

- Iria Ameixeiras, “Carballo acoge a Els Joglars en su Festival de Outono”, *El País*, “Galicia”, 25 setembro 2012, p. 6.

Saliéntase a calidade dos espectáculos que compoñen a vixésimo primeira edición do FIOT de Carballo a pesar da crise. A seguir trátase o argumento da peza que a catalá Els Joglars porá en escena neste festival e, para rematar, fálase d’*O método Gronhölm*, peza que representará Talía Teatro.

- José M. Ramos, "El inicio de siglo inspira el FIOT'12 de Carballo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 328, 25 setembro 2012, p. 6.

Tras dar conta da temática xeral da presente edición do FIOT, cambios sociais, políticos, económicos e culturais propios da época actual, refírense algunhas das compañías participantes, como Els Joglars, La Machina Teatro, Animalario Teatro ou Talía Teatro.

- J. Trillo, "Talía presenta en el FIOT la obra 'O método Gronhölm", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 343, 10 outubro 2012, p. 6.

Dise que Talía Teatro poñerá en escena a obra *O método Gronhölm* en dobre función no marco do FIOT de Carballo.

- J. M. R., "Estreno en Galicia de 'Aprende a ser feliz' en el FIOT'12", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 344, 11 outubro 2012, p. 7.

Anúnciase a representación *Aprende a ser feliz*, de Producións Teatrais Excéntricas, no marco do FIOT de Carballo e achéganse datos sobre a venda de localidades.

- J. M. R., "El FIOT otorga el Xograr de Outono a Alberto Gende", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 346, 13 outubro 2012, p. 7.

Dise que no marco do FIOT de Carballo se outorgou a título póstumo o Xograr de Outono ao carballés Alberto Gende pola súa contribución como pintor e deseñador gráfico ao antedito festival de teatro.

- J. M. Ramos, "Animalario Teatro presenta el viernes en el FIOT su obra 'El montaplatos", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 349, 16 outubro 2012, p. 7.

Anúnciase para o seguinte venres unha función da man da madrileña Animalario Teatro no marco do FIOT de Carballo.

- José María De La Viña Varela, "O teatro galego pon o listón oi alto no FIOT de Carballo", *La Voz de Galicia*, "Ciudades", "Crítica Teatral", 22 outubro 2012, p. 4.

A nova xira en torno ao encontro *Café con*, actividade desenvolvida no marco do FIOT de Carballo na que ten lugar unha conversa cos membros da compañía teatral que a seguir levarán a cabo unha representación a noite en cuestión. Nesta ocasión na conversa tratouse o argumento d'*A función do tequila*.

- J. M. Ramos, "Camilo Franco invitará a quienes lo deseen a ser por un día un personaje teatral", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 359, 26 outubro 2012, p. 7.

Coméntase unha das actividades desenvolvidas no marco do FIOT de Carballo: a posibilidade de participar por un día nunha función teatral da man do periodista, escritor e crítico teatral Camilo Franco con *Queres ser ou non un personaxe teatral?*

- J. M. R., “Els Joglars cierra mañana el FIOT con ‘El Nacional”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 363, 30 outubro 2012, p. 7.

Anúnciase o peche do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo cunha posta en escena da compañía catalá Els Joglars.

FITEU, XVIIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Celebrado dende 1995, está dirixido por Roberto Salgueiro ao abeiro do Convenio Lugo Cultural, asinado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), o Concello de Lugo, a Deputación Provincial e a Fundación Caixa Galicia. Desenvólvese nos dous campus da Universidade de Santiago de Compostela e ten como coordinadores a Pablo Rodríguez no campus de Lugo e a Cecilia Carballido no de Santiago. A edición de 2012, celebrada entre os días 12 e 17 de marzo, contou coa representación da *Comedia famosa do cabaleiro de Olmedo (escrita por Francisco de Monteser e editada no ano 1651 en Alcalá, con algunha adición respectuosa para a súa posta en escena)*, a cargo da Aula de Teatro da USC; *Fantasía n.º 1 en mi menor (un proxecto case teatral)*, de Sther F. Carrodeguas e *Faraoas*, de Tirita Producións. Participaron tamén as compañías foráneas Teatrubi, da Universidade de Covilha (Portugal), a Aula de Teatre da Universitat de Barcelona, Palépé.Teatras Studija. Vilniaus Gedimino Technikos Universitetas, de Lituania; o Grupo de Teatro da Universidade de Granada e a Aula de Teatro da Universidad de Murcia.

FITO, Vº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Este festival naceu da man de Teatrauria, programa de accións para a xestión, produción e difusión das artes escénicas para as cidades. Está organizado pola compañía teatral ourensá Sarabela Teatro, co apoio institucional da Consellería de Cultura, a Deputación Provincial, o Concello de Ourense e o Teatro Principal e a Universidade de Vigo. A edición de 2012 tivo lugar dende o 5 até o 20 de outubro. Baixo a dirección de Ánxeles Cuña, contou coas representacións *Tokio 3*, a cargo de Voadora; *O home almofada*, de IlMaquinario Teatro; *Edison, ou dúas mil demostracións de cómo non facer unha lámpada eléctrica*, de Demolicións Ferreira&Cía; *A filla de Woody Allen*, de Ibuprofeno Teatro e *Kamouraska*, de Inversa Teatro. Participaron tamén as compañías foráneas Teatro Tascabile de Bérgamo (Italia), Julio Adrião Produções Artísticas (Brasil), Granhøj Dans (Dinamarca), Malayerba (Ecuador), Goliardos (Madrid), Kamikaze Producciones (Madrid), Teatro los lunes (Madrid) e Patrice Thibaud (Francia).

Recensións:

- Camilo Franco, “Con distancia do convencional”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Teatro”, 5 outubro 2012, p. 8.

Ábrese a nova salientando o mes de outubro como época do ano clave para as artes escénicas en Galicia por mor da celebración de tres grandes festivais, os cales se van comentado. O primeiro é o Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), que se

define como "independente das institucións". Nel dise que participan Voadora, con *Tokio 3*; Il Maquinario, con *O home almofada*; Demolicións Ferreira, con *Edisón ou as dúas mil demostracións de como non facer unha lámpada eléctrica*; Ibuprofeno Teatro, con *A filla de Woody Allen*, e Inversa Teatro, con *Kamouraska*.

- Camilo Franco, "Os métodos para combatir ar mareas altas da historia", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 12 outubro 2012, p. 5.

Pequena referencia a algunhas das compañías que se poderán ver no marco do FITO de Ourense: Demolicións Ferreira, con *Edison*; Ibuprofeno Teatro, con *A filla de Woody Allen*, e Inversa Teatro, con *Kamouraska*.

Referencias varias:

- I. Ramis, "La inmensa cantera artística de la USC", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 13 marzo 2012, contracuberta.

Anúnciase a apertura do Festival Internacional de Teatro Universitario pola Aula de Teatro Universitario da USC, con *Comedia famosa do Cabaleiro de Olmedo*.

- C. S., "La histórica compañía Goliardos estrena en el FITO", *Atlántico Diario*/ *La Región*, "Sociedad", "Galicia: Agenda Cultural", "Teatro", 11 outubro 2012, p. 61.

Anúnciase a presenza da compañía madrileña Goliardos no marco do FITO de Ourense e trátase o argumento da peza que poñerán en escena.

- S. N., "Cuña: 'Foi un festival moi equilibrado a nivel artístico", *La Región*, "Ourense", 20 outubro 2012, p. 6.

Achéganse as verbas de satisfacción ante os resultados acadados na quinta edición do FITO de Ourense por parte da súa directora, Ánxeles Cuña.

Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de

Mostra de teatro universitario celebrada na cidade de Santiago de Compostela que na edición de 2012, celebrada entre o 8 e o 31 de maio acolleu as representacións das pezas *Memoria de Helena e María*, de Artías Teatro; *TikeTak, unha historia de amor reloxil*, de Tiktak; *Na túa cara. In yer face*, da Aula de Teatro USC-Lugo; *Un novo mundo feliz*, da Aula de Teatro Universitaria de Ourense. Grupo Maricastaña; *Teatro: obras completas*, de Tolemia Teatro; *Aliza G*, d'Os sigillatos galaicos; *Falúa's Flying Circus*, de Teatro da Falúa; *Baixarse ó moro*, do Grupo de Teatro Pinchacarneiro; *(Comisaría) para mulleres*, de Artías Teatro; *Nosa Señora das nubes*, da Aula de Teatro da Universidade da Coruña; *Aforro ordinario*, de Arte Maior; *Turandot*, de Enlata Teatro; *Folie à trois: paranoia compartida*, de Mequetrefes Teatro e *Comedia famosa do cabaleiro de Olmedo (escrita por Francisco de Monteser e editada no ano 1651 en Alcalá, con algunha adición respectuosa para a súa posta en escena)*, da Aula de Teatro da USC. Representouse tamén a peza para público infantil *Pim, pam, clown*, de NNC Teatro.

Referencias varias:

- K. A., "La obra es dura, pero creemos en la vanguardia", *El Progreso*, "Lugo", "Emergentes", 22 marzo 2012, p. 10.

Pequena entrevista a Paloma Lugilde, directora da compañía de teatro da USC, sobre a estrea da obra *Na túa cara, In yer face*, coa que a antedita compañía participará na XIIIª Mostra de Teatro Universitario de Galicia. Saliéntase a peza como unha homenaxe a Sarak Kane na que aparecen múltiples intertextualidades con *Alicia no País das Marabillas*.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 15 maio 2012, p. 62.

Entre outras actividades, coméntase que se está a celebrar no Teatro Principal de Santiago de Compostela a XIIIª Mostra de Teatro Universitario de Galicia.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 22 maio 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Salón Teatro de Santiago de Compostela da peza *Aliza G*, a cargo d'Os sigillatos galaicos, dentro da XIIIª Mostra de Teatro Universitario de Galicia.

Itineranta, IIIª edición do Festival de Espectáculos Itinerantes de Rúa

Celebrado en Pontevedra os días 7, 8 e 9 de agosto, na edición de 2012 contou coa participación de compañías de animación de Vigo, Zaragoza, Lleida e de París.

Referencias varias:

- Sonia Baratas, "El Festival de Espectáculos Itinerantes de Rúa comienza sus rutas esta noche", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí/Cultura", 7 agosto 2012, p. 61.

Anúnciase a terceira edición do Festival de Espectáculos Itinerantes de Rúa, salientando a diversidade de espectáculos presentes e a interacción co público que se pretende acadar con eles. A seguir, achéganse datos sobre a historia do festival e coméntase a programación.

Laracha, Venres Teatrais 2012 da

Ciclo de teatro organizado polo Concello da Laracha en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2012 tivo lugar os días 9, 16 e 23 de novembro na Casa da Cultura da Localidade. Participaron as compañías Abrapalabra Creacións Escénicas, con *Memoria das memorias dun neno labrego* e Isi e Patricia Vázquez, con *Dous son*

parella... e o demais son calumnias. Tamén representou unha peza a compañía Teatro El Ruiseñor.

Laxe, VIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Laxe, ten lugar durante os domingos do mes de outubro. Na edición de 2012, ademais da participación das compañías de teatro afeccionado Teatro Solidario as Ínsuas de Muros, con *Ámote*; Metátase Teatro de Palas de Rei, con *Bolboretas*; e a Aula de Teatro de Vimianzo, con *Un asilo para mamá*; contou coa presenza da compañía profesional de *clown* Ringo Rango de Santiago de Compostela, que ofreceu o espectáculo "Ringo Rango".

Referencias varias:

- J. Trillo, "Mostra de Outono de Teatro do Concello de Laxe", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 342, 8 outubro 2012, p. 7.

Dise que a Concellería de Cultura do Concello de Laxe organiza para os domingos do mes de outubro a VI edición do Outono de Teatro.

Lugo, XIIª Mostra de Teatro Clásico de

Mostra organizada no marco dun convenio entre o Concello de Lugo e Caixanova destinada a rememorar as figuras de recoñecidos autores do século XX. As diferentes actuacións celébranse no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo. Na edición de 2012, que tivo lugar entre os días 5 e 12 de febreiro, contouse coas representacións das pezas *Shakespeare para ignorantes*, de Mofa e Befa e *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, de Sarabela Teatro. Participaron tamén as compañías foráneas Ur Teatro, Secuencia 3 e Nao d'Amores.

Referencias varias:

- Ramón González, "Macbeth' e 'La Celestina', clásicos do teatro en Lugo", *El Progreso*, "Cultura", 24 xaneiro 2012, p. 47.

Anúnciase o comezo da XII Mostra de Teatro Clásico de Lugo, celebrada entre o cinco e o catorce de febreiro, na que se salientan as representacións *Macbeth*, por Ur Teatro; *La Celestina*, por Secuencia 3; *Shakespeare para ignorantes*, por Mofa e Befa, acompañados de Quico Cadaval, e *O incerto señor Don Hamlet*, por Sarabela Teatro. Para rematar, coméntase o baixo prezo das localidades.

- A. Arnáiz, "Lugo será la capital del teatro clásico en febrero", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 25 xaneiro 2012, p. 41.

Dise que a Mostra de Teatro Clásico de Lugo dará comezo da man de Ur Teatro, que levan a escena *Macbeth*, e a seguir saliéntase a mostra como unha aposta cultural de

calidade por parte do concello. Para rematar, menciónanse outros grupos participantes e o presuposto destinado a esta actividade.

- Camilo Franco, "Todo o que os clásicos seguen dicindo sobre nós no festival de Lugo", *La Voz de Galicia*, *Fugas*, "Teatro", 3 febreiro 2012, p. 8.

Tras facer alusión á importancia e inmortalidade dos clásicos literarios, o autor salienta a orientación didáctica do *Shakespeare para ignorantes* de Mofa e Befa, o dinamismo dos diálogos de *La Celestina*, a lectura que Sarabela fai d'*O incerto señor Don Hamlet* de Cunqueiro, e a fabulosa interpretación de Tito Asorey en *Macbeth*, por Ur Teatro.

- Camilo Franco, "Macbeth, el dictador más nervioso", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Fin de semana", "Escenarios", "Teatro", 5 febreiro 2012, p. 51.

Anuncia o inicio da Mostra de Teatro Clásico de Lugo coa compañía Ur Teatro e a súa representación de *Macbeth*, de William Shakespeare. Menciona tamén outras compañías que participan na mostra.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 5 febreiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Macbeth*, de Nao d'Amores, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo, dentro da XIIª Mostra de Teatro Clásico de Lugo.

- Ramón González, "Mofa e Befa rescata en Lugo o Shakespeare máis cómico", *El Progreso*, "Cultura/Vivir", 7 febreiro 2012, p. 49.

Salienta a calidade da peza *Shakespeare para ignorantes*, por Mofa e Befa, como unha deconstrución maxistral do autor canónico, figura sobre a que se centra a Mostra de Teatro Clásico na presente edición.

- Jaureguizar, "Hago una celestina alegre y que está hablando permanentemente", *El Progreso*, "Vivir/Cultura", 8 febreiro 2012, p. 48.

Entrevista a Gemma Cuervo con motivo da representación de *La Celestina* na Mostra de Teatro Clásico de Lugo na que, entre outros, se analiza a personaxe principal da obra de Fernando de Rojas, interpretada pola actriz.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 8 febreiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á representación de *La Celestina*, a cargo de Secuencia 3, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo, dentro da XIIª Mostra de Teatro Clásico de Lugo.

- Jaureguizar, "Gemma Cuervo llena el Gustavo Freire con su Celestina alegre", *El Progreso*, "Cultura/Vivir", 9 febreiro 2012, p. 57.

O autor salienta non só a adaptabilidade escénica da Gemma Cuervo, se non tamén a excelente viraxe que fai do papel da Celestina mudándoa nunha personaxe alegre en *La*

Celestina, no marco da Mostra de Teatro Clásico de Lugo. A seguir fala de *O incerto señor Don Hamlet*, por Sarabela, do que salienta a súa innovación escénica.

- SJ, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 9 febreiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio Gustavo Freire de Lugo da peza *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, a cargo de Sarabela Teatro, dentro da XIIª Mostra de Teatro Clásico de Lugo.

Lugo, Festival Galego de Teatro Afeccionado de

Organizado pola Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo e a Federación Galega de Teatro Afeccionado co obxectivo de facilitar o intercambio de compañías lucenses con outras de diferentes localidades galegas. Tivo lugar os días 3, 4, 10 e 11 de marzo no Auditorio Gustavo Freire da localidade e contou coa participación da Asociación Teatral Paso de Valverde, que representou a peza *Adeus, kantor*; Escoitade Teatro, con *Longa vida a Martiño de Güimil*; Gargallada Teatro, con *A última cinta de Krapp* e Carrachanacacha, con *Gheidi, só para adult@s*.

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Cita con el teatro aficionado en el Gustavo Freire", *El Progreso*, "Lugo", "El Despertador", 4 marzo 2012, p. 9.

Informa dalgunhas das representacións que se acollen dentro do Festival Galego de Teatro Afeccionado, como *Adeus, Kantor*, da compañía Paso de Valverde ou *Longa vida a Martiño de Güimil*, de Teatro Escoitade. Sinala que as sesións son ás oito da tarde e gratuítas.

- Marta Becerra, "Fin de semana de teatro gallego aficionado", *El Progreso*, "Lugo", "El Despertador", 5 marzo 2012, p. 4.

Comenta a participación de varias compañías no marco do Festival Galego de Teatro Afeccionado: Teatro Escoitade, con *Longa vida a Martiño de Güimil*; Gargallada, con *A última cinta de Krapp*, e Carrachanacacha, con *Gheidi (só para adultos)*.

- Ramón González, "O Gustavo Freire vivirá un marzo teatral con dezanove representacións", *El Progreso*, "Cultura/Vivir", 21 marzo 2012, p. 63.

Anúnciase un mes repleto de representacións teatrais no auditorio Gustavo Freire de Lugo, comezando co Festival Galego de Teatro Afeccionado, e seguindo coa Mostra de Teatro Grecolatina e a Mostra de Teatro Universitario. No tocante ao primeiro, dise que durará dúas semanas nas que participarán a Asociación Teatral Paso de Valverde, con *Adeus Kantor*; Teatro Escoitade, con *Longa vida a Martiño de Güimil*; Gargallada, con *A última cinta de Krapp*, e Carrachanacacha, con *Gheidi (só para adultos)*. A seguir refírense as palabras de loanza sobre o festival de Tareixa Campo, de Achádego Teatro,

e os prezos económicos das entradas. Para rematar, coméntase outras iniciativas que o auditorio acolle durante o mes de marzo.

Lugo de medo

Actividade organizada pola asociación Cultura do País que consiste na posta en escena dunha serie de monólogos de terror. Desenvólvense no Clavicémbalo de Lugo. No ano 2012 tiveron lugar o 14 de setembro e participaron Isa Chao e Anxo Lamelo.

Referencias varias:

- Brais Iglesias, "Farei unha parodia sobre as películas americanas", *El Progreso*, "Lugo", "Emergentes", 14 setembro 2012, p. 12.

Entrevista a Isa Chao sobre o monólogo co que participará na presente edición da Mostra Lugo de Medo. Dise que a actuación versa sobre as películas norteamericanas de terror.

Mallos, Semana de Teatro dos

Organizada polo Centro Cívico do barrio dos Mallos da Coruña co obxectivo de conmemorar o Día Mundial do Teatro e achegar os espectáculos a unha maior audiencia. Participaron Ateaco Teatro, coa peza *Farsa das zocas* e Portasabertas Teatro, con *Carta ó meu fillo*. Tamén representou unha obra Saraiba Teatro.

Mámoa de Luou, Mes do Teatro da

Ciclo organizado pola Asociación Cultural A Mámoa de Luou, Teo. No ano 2012 tivo lugar, no mes de novembro, a XV edición desta mostra, que serviu para celebrar o XXX aniversario da fundación da asociación convocante. Participaron a Asociación Cultural A Mámoa de Luou, con *A casa dos líos*; Teruca Teatro, con *O día da muller embarazada*; Badius, con *Facer o sueco*; e Ad Libitum, con *¡Vaia tropa!*

Referencias varias:

- M. Manteiga, "Dúas pezas máis de teatro coa AC A Mámoa de Luou", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 380, 16 novembro 2012, p. 11.

Dáse conta das postas en escena *O día da muller embarazada*, por Teruca Teatro, e *A casa dos líos*, por A Mámoa, no marco do XV Mes do Teatro organizado por esta última compañía.

- M. M., "A Mámoa de Luou despide o seu mes do teatro o día 25", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 386, 22 novembro 2012, p. 6.

Dise que a asociación cultural A Mámoa de Luou, Teo, pon fin ao seu XV Mes do Teatro coa representación *A casa dos líos*.

Manicómicos, Festival Internacional de Teatro Cómico

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, coa colaboración do Concello da Coruña, da Deputación Provincial e de Gadis, acollía actuacións galegas e internacionais. No ano 2012, a Concellería de Cultura do Concello da Coruña decidiu eliminalo do programa das festas da cidade.

Referencias varias:

- Paola Obelleiro, " A Coruña elimina el festival Manicómicos y organiza otro doblando funciones y coste", *El País*, "*Galicia*", 28 xullo 2012, p. 5.

Critícase a actuación da Concelleira de Cultura por mor de eliminar do programa de festas da Coruña o Festival Internacional de Teatro Manicómicos, sen ánimo de lucro, e organizar no canto outro no que se duplicou o número de funcións e o custo.

- M. G. M., "Manicómicos critica a falta de respeto de Cultura ao non planificar con tempo", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 1 agosto 2012, p. 15.

Achéganse contidos do manifesto a xeito de denuncia que un dos representantes da Asociación Manicómicos leu ante o público por mor da repentina decisión da Concellería de Cultura de prescindir do festival que viñan organizando anualmente.

- Alexandra Moledo, "Manicómicos se queda sin festival", *La Opinión*, "A Coruña", 1 agosto 2012, p. 10.

Laméntase o cese da celebración do Festival Manicómicos e denúnciase a falta de legalidade no proceder das administracións e autoridades á hora de determinar o remate do festival.

- M. G. M., "Manicómicos reunirá o 4 de xaneiro á comunidade científica na súa Gala de Humor do teatro Rosalía", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 28 decembro 2012, p. 12.

Na nova trátase a Gala de Humor que Manicómicos leva ao Teatro Rosalía da Coruña o catro de xaneiro e achégase a temática xeral, que xira en torno ao campo das ciencias e tecnoloxías.

Meaño, Mes do Teatro de

Organizado pola Concellaría de Cultura e Educación e a Oficina Municipal de Información Xuvenil de Meaño, celebrouse no centro social de Dena os domingos do mes de marzo. Contou coa presenza da Escola de Teatro da Asociación Teatro do Mar, que representou a peza *Xoana sen medo* e do Grupo de Teatro da Asociación Cultural Pedro Madruga, con *A miña sogra*. Púxose en escena tamén a peza para público infantil

Ensalada de mosquito, a cargo do Grupo de Teatro da Asociación Cultural Vintureira.

MITEU, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións estabelécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración son sempre na segunda quincena de abril. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Dende 1999 celébrase tamén o "Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro", que na edición de 2011 engadiu a figura de Begoña Muñoz ao seu nome, para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. Nesa edición inclúese un novo premio, á mellor resolución técnica, denominado "Suso Díaz" Na de 2012 participaron as compañías galegas Rosaura, Aula de Teatro Universitaria de Ourense, coa peza *Enredados*; Cordelia, Aula Universitaria de Teatro de Ourense, con *Otelo 2012*; Quico Cadaval, Carlos Blanco e Sergio Tannus Trío, con *Carlos Blanco e Quico Cadaval*; Mofa e Befa, con *O pior de Mofa e Befa*; a Aula de Teatro da USC, con *Comedia famosa do cabaleiro de Olmedo (escrita por Francisco de Monteser e editada no ano 1651 en Alcalá, con algunha adición respectuosa para a súa posta en escena)*; a Aula de Teatro da USC-Lugo, con *Na túa cara. In yer face*; a Aula de Teatro da Universidade da Coruña, con *Nosa Señora das nubes*; a Aula de Teatro Universitaria de Vigo, con *Dentro do labirinto* e Maricastaña, Aula de Teatro Universitaria de Ourense, con *Un novo mundo feliz*. A mostra acolleu tamén as representacións das pezas infantís *O manuscrito*, a cargo de Geppetto, Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense; e *Peter Punk e o neno imperdible*, a cargo de Peter Punk. Así mesmo, contou coa participación das compañías foráneas Teatro Universitario da Universidade de Alicante, o Grupo de Teatro da Universidade de Granada, El Fénix Producciones (México), Et Ta Soeur (Francia), Fc Acto, da Faculdade de Ciências da Universidade de Lisboa; Citac (Coimbra, Portugal), Gruppo Limpido-Banda Kurenai (Italia), Theatro Il Trancce di le Besthia (Madrid), a Aula Universitaria de Teatro de Valencia, o Grupo de Teatro da UPNA (Navarra), Teatro Universitário do Porto, Joan Baixas (Cataluña), Teatr'Ubi (Coimbra, Portugal), Teatro La Polea (Nicaragua, Costa Rica) e Marco Canale (Guatemala, Arxentina).

Referencias varias:

- M. C., "Comienza en Ourense la Mostra Universitaria", *Atlántico Diario*, p. 60/ *La Región*, "Sociedad", "Teatro", p. 52, 12 abril 2012.

Comeza anunciando brevemente o inicio dunha nova edición da Mostra de Teatro Universitario de Ourense, a seguir do cal se dá conta da programación achegando unha

liña sobre o argumento de cada peza: *Escenas de Otelo*, por Cordelia Teatro; *O pior de Mofa e Befa*, por Producións Teatrais Excéntricas; *Na túa cara*, pola Compañía de Teatro Universitario da USC-Campus de Lugo; a representación infantil *O Manuscrito*, por Geppetto da Aula de Teatro Universitario de Ourense; a compañía de Teatro da Universidade de Alicante e participación de Quico Cadaval, Carlos Blanco e Os Sergio Tanús Trío. Para rematar, enuncia as exposicións que completan a mostra.

- C. A. Piñeiro, "Volve o teatro universitario", *La Región*, "Ourense", 13 abril 2012, p. 8.

Anúnciase a inauguración da dezaseteava edición da MITEU por parte de Rosaura coa peza *Enredados*. Dise que a mostra, que durará dezaseis días, achega a Ourense até vinte e nove compañías de once países. A seguir, menciónanse algúns dos participantes, como Leo Bassi, Quico Cadaval, Carlos Blanco ou Mofa e Befa, ao tempo que se comentan algúns dos preparativos previos ao inicio. Saliéntase, entre outros, o carácter internacional da mostra e achéganse algúns datos da súa historia.

- C. A. Piñeiro, "A Miteu: dose crítica e gargalladas", *La Región*, "Ciudad", 14 abril 2012, p. 13.

Iníciase a nova salientando a temática da peza inaugural da presente edición da Miteu, a crise económica e as súas consecuencias, que os grupos Maricastaña e Rosaura da Aula de Teatro do Campus de Ourense levaron ás rúas da cidade baixo o nome *Enredados*. A seguir, *Otelo*, por Cordelia, e a colaboración entre Carlos Blanco e Quico Cadaval, son motivo de mención sobre día inaugural da mostra. Para rematar, nun aparte coméntase a Gala de Festiclown Palestina e saliéntase a presenza galega en tal emprazamento.

- María Villar, "El teatro universitario se desdobla", *Faro de Vigo*, "Vigo", 17 abril 2012, p. 11.

Dise que a Miteu, que se celebrará até o vinte e seis de abril, acolle variadas temáticas que grupos de países como México, Valladolid ou outros de Galicia levarán a escena. Saliéntase asemade a ampliación de escenarios e menciónanse algúns dos grupos participantes, como a Aula de Teatro da Universidade da Coruña, con *Nosa Señora das Nubes*; *Un novo mundo feliz*, pola Aula de Teatro Universitario de Ourense; *Dentro do labirinto*, pola Aula de Teatro da Universidade de Vigo; Fénix Producciones, dende México; Teatro La Polea, dende Costa Rica; o Círculo de Iniciação da Academia de Coimbra ou a Aula de Teatro da Universidade Pública de Navarra. Para rematar, coméntase o argumento da peza levada a escena pola compañía mexicana, e anúnciase a programación para o seguinte día.

- M. C., "La Miteu muestra su cara más internacional", *Atlántico diario*, p. 61/ *La Región*, "Sociedad", "Teatro", p. 53, 19 abril 2012.

Saliéntase o carácter internacional da Miteu e sinálanse as participacións máis destacadas para os seguintes días: Fénix Producciones, dende México; Et ta Soeur, dende Francia; o grupo de Teatro da Facultade de Ciencias da Universidade de Lisboa; o grupo Citac, dende Portugal; o Grupo Limpido, dende Italia; o Grupo da Universidade Complutense de Madrid; o ourensán Miriam, co seu espectáculo de danza; a Aula

Universitaria de Vigo, con *Dentro del laberinto*, e a Aula de Teatro da Universidade da Coruña, con *Nosa señora das nubes*.

- Fernando Franco, "En el ecuador del Miteu", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 20 abril 2012, p. 10.

Saliéntase a labor da actriz galega Sonia Rúa como parte do equipo de organización da Miteu e coméntase que por vez primeira as representacións teñen lugar no centro da cidade, no canto de no campus universitario.

- Fernando Dacosta, "XVII MITEU de Ourense", *Revista Galega de Teatro*, n.º 71, "Festivais", verán 2012, pp. 35-38.

Comézase indicando que a MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario) é unha das mostras de teatro de máis longa duración (un mínimo de dúas semanas seguidas), con máis espectáculos e das de maior mestura de xéneros e procedencias. Realízase un breve repaso pola súa historia e indícase que, dende hai varios anos, a súa programación divídese en diversas frontes, denominadas "Comedia intelixente", "As voces caladas" (teatro social), "O teatro contemporáneo", "O teatro para nenos", "As actividades complementarias" (exposicións, documentais, concerto se música, cursos, charlas, ...); "O teatro na rúa" e "O núcleo do teatro universitario". Finalmente, con respecto aos patrocinios, destácase que a Axencia Galega das Industrias Culturais non precisou antes do comezo da Mostra canto ía aporta re que a Deputación de Ourense tampouco dera unha resposta clara e definitiva.

- Casilda García, "MITEU. Vigo 2012. Crónica dun encontro", *Revista Galega de Teatro*, n.º 71, "Festivais", verán 2012, pp. 39-42.

Coméntase que o Auditorio do concello de Vigo e o Auditorio da cidade universitaria acolleron ao longo do mes de abril a Mostra Internacional de Teatro Universitario e que as Aulas de Teatro das tres Universidades galegas conviviron con representantes de México, Costa Rica e Portugal. Con respecto ás propostas galegas, indícase que a Aula de Teatro da Universidade da Coruña puxo en escena o texto *Nosa Señora das nubes*; a Aula de Teatro Universitario de Ourense, *Un novo mundo feliz* e a Aula de Teatro da Universidade de Vigo, *Dentro do Labirinto*.

- C. R., "O teatro pisa con forza nas aulas universitarias", *Atlántico Diario*, p. 39/ *La Región*, "*Universitas*", p. 7, 18 outubro 2012.

Saliéntase a importancia do teatro no campus de Ourense, para o que se alude á MITEU e á MOTI, con respecto ás que se mencionan algunhas das persoas involucradas na súa organización, así como as datas de celebración.

Monólogos de serán

Iniciativa da Secretaría Xeral de Política Lingüística coa que pretende visibilizar e consolidar o galego. Consistiu en sesións de contos protagonizadas polo actor e monologuista Carlos Meixide que tiveron lugar nas prazas do centro de Ponteceso, O Grove, Castrelo de Miño, Foz, Burela, Ribadeo, Monforte de Lemos, Cangas e Ribeira.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, , "La villa de Pondal estrena los Monólogos de Serán", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 setembro 2012, p. 30.

Refírese que a Secretaría Xeral de Política Lingüística organizou a iniciativa Monólogos de Serán, celebrados na vila do poeta Eduardo Pondal, de cara a visibilizar e consolidar do galego.

- Suso Souto, "Monólogos do Serán' llega a Ribeira", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 330, 27 setembro 2012, p. 6.

Anúnciase a presenza do monologuista Carlos Meixide no marco do programa de *Monólogos do Serán*, celebrado en Compostela.

MOSTRA(TE), XIª Mostra de Teatro Afeccionado

Organizado por AC Solpor, coa colaboración do Concello de Salvaterra do Miño e a Deputación de Pontevedra. A edición de 2012 tivo lugar na Carballeira das Fraguiñas os días 28 e 29 de xullo.

Referencias varias:

- Roma Tébar, "Arpa y poesía de la mano, teatro y un ilustre visitante", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Condado/Louriña", 31 xullo 2012, p. 15.

Entre outras actividades culturais, menciónase a celebración da mostra de teatro Móstrate, celebrada en Fornelos de Ribeira.

Noites de conto

Ciclo de monólogos organizado polo Concello de Arzúa co obxectivo de concienciar ao público adulto sobre o uso do galego en contextos de ocio. Tivo lugar os días 9, 16 e 23 do mes de novembro na capela da Madalena. Participaron Antón Coucheiro, con *Veño do futuro*; Isabel Risco, con *Nabiza Girl e unha viaxe espacial* e Xan Veiga, con *Como cho conto!*

Referencias varias:

- S. F., "Monólogos, Día do Neno y teatro centran la oferta cultural de noviembre en Arzúa", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 365, 1 novembro 2012, p. 7.

Anúnciase a programación cultural do mes de novembro do concello de Arzúa. Entre outras actividades, saliéntase o ciclo de monólogos "Noites de conto", en cuxo marco se di que participarán Xan Veiga e Isabel Risco.

- C. G., "Xan Veiga pondrá el broche al ciclo de monólogos", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 387, 23 novembro 2012, p. 7.

Anúnciase o espectáculo *Como cho conto*, por Xan Veiga, e dise que será a actuación que poña punto e final á presente edición do ciclo de monólogos "Noites de conto".

OTNI, Obxecto Teatral Non Identificado

Ciclo teatral que se desenvolve na vila de Carballo. No ano 2012 tivo lugar a terceira edición e participaron Cándido Pazó, con *Decamerón, historias para tempos ruíns*; La Cocina, con *Calla y come*; e Colectivo 96º, con *Fingir*.

Referencias varias:

- J. M. R., "El ciclo OTNI abre su tercera edición con Cándido Pazó y su 'Decamerón", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 347, 14 outubro 2012, p. 5.

Dáse conta da apertura da terceira edición do ciclo Obxecto Teatral Non Identificado (OTNI) da man de Cándido Pazó e a súa obra *Decamerón, historias para tempos ruíns*.

Ourense, XVIª Mostra de Teatro de Rúa de

Mostra organizada pola produtora Boneca Lareta. Celebrouse entre o vinte e seis e o vinte e nove de xuño, no marco das festas patronais de Ourense. As representacións tiveron lugar en dous lugares diferentes da cidade de Ourense: nos xardíns do Padre Feijoo e na praza de San Martiño. Este ano todas as compañías que participaron eran galegas e, entre elas, estiveron: Femme Fatale, con *Brancas*; Lusco e Fusco, con *Encontros*; Ringorrango, con *Ringo Rango* e a Aula de Teatro Universitario Maricastaña, con *Un novo mundo feliz*. Representáronse ademais os espectáculos de títeres: *A rúa das pantasmas*, *O ferreiro e o diaño* e *Amor e crimes de Juan Pantera*.

Referencias varias:

- S. N., "No teatro na rúa sempre hai interacción", *La Región*, "*Fiestas de Ourense*", 28 xuño 2012, p. 10.

Saliéntase a Mostra de Teatro de Rúa, organizada pola produtora Boneca Lareta dende o vinte e seis até o vinte e nove de xuño, no marco das festas patronais de Ourense. A seguir, menciónanse algunhas das representacións presentes, como *Encontros*, por Femme Fatale; *Encontros*, por Lusco e Fusco; *Ringo Rango*, por Ringorrango, e os espectáculos de títeres *A rúa das pantasmas*, *O ferreiro e o diaño* e *Amor e crimes de*

Juan Pantera. Para rematar, dise que este ano a mostra acolle soamente representacións de compañías galegas e que se dirixe a todo tipo de público.

Outes, Outono Teatral de

Organizado polo Concello de Outes. As representacións tiveron lugar entre os meses de setembro, outubro e novembro na Casa da Cultura da localidade. Na edición de 2012 participaron 13 compañías.

Referencias varias:

- M. G., "13 Obras de teatro en el Outono Teatral", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 346, 13 outubro 2012, p. 7.

Saliéntase o espectáculo *Pío*, por Caramuxo Teatro, no marco da programación cultural de Outes. Dise que a peza teatral está chea de humor e tenrura.

Palas de Rei, XIIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural "Orden de donas e cabaleiros do priorado de Vilar de Donas: Os lobos". Levada a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra, que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos, conta asemade coa colaboración do Concello, a Concellería de Cultura e a Deputación. No ano 2012 celebrouse entre os días 23 de agosto e 9 de setembro e participaron o Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, con *Fantasías*; Batán, con *A forza dos soños*; Teatro Charamela, con *Almas sinxelas*; Gargallada Teatro, con *Quimera*; Folerpas Teatro, con *Paraíso Laranxa* e Elas Teatro, con *Entrenós*. Representáronse tamén a obra para público infantil *Bolboretas*, de Metátese Teatro, e dúas pezas das compañías foráneas Garnacha Teatro (Mérida) e Grupo de Teatro Ajidanha (Idanha a Nova, Portugal).

Referencias varias:

- Lucía Á. Gromaz, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 21 agosto 2012, p. 54.

Entre outras actividades, infórmase da presentación, no salón de plenos da Casa Consistorial de Palas de Rei, da décimo terceira edición da Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador da localidade.

- Olalla González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 23 agosto 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da representación na Casa da Cultura de Palas de Rei da obra *Fantasías*, a cargo do Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei,

dentro da XIIIª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador desta localidade.

- Olalla González, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 25 agosto 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena na Casa da Cultura de Palas de Rei da obra *La muralla*, de Garnacha Teatro, dentro da XIIIª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador desta localidade.

- Víctor Manuel Rivero, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 30 agosto 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena na Casa da Cultura de Palas de Rei da obra *Almas sinxelas*, de Teatro Charamela, dentro da XIIIª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador desta localidade.

- Víctor Manuel Rivero, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 31 agosto 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena na Casa da Cultura de Palas de Rei da obra *Efabulaáo*, do Grupo de Teatro Ajidanha, dentro da XIIIª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador desta localidade.

- Olalla González, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 1 setembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena na Casa da Cultura de Palas de Rei da obra *Quimera*, de Gargallada Teatro, dentro da XIIIª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador desta localidade.

- Víctor Manuel Rivero, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 6 setembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena na Casa da Cultura de Palas de Rei da obra *Almas sinxelas*, de Teatro Charamela, dentro da XIIIª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador desta localidade.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 9 setembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á representación de *Bolboretas*, a cargo de Metátese Teatro, na Casa da Cultura de Palas de Rei, dentro da XIIIª Mostra “Teatro no Camiño”de Teatro Amador desta localidade.

- Yanire D. Villaverde, “Palas celebra la XIII Mostra Internacional de Teatro Amador desde el jueves”, *El Progreso*, “Comarcas”, 22 agosto 2012, p. 10.

Dise que dará comezo nos vindeiros días a XIII edición da Mostra Internacional de Teatro Amador de Palas de Rei e dáse conta da organización de actividades, das que

salienta a participación de doce grupos de teatro e a entrega do Premio Máscara de Teatro.

- R. L., "Son d'aldea de Lugo y no lo niego", *El Progreso*, "*d finde*", "Agenda", 7 setembro 2012, p. 4.

Entre outras actividades culturais, anúnciase o inicio da Mostra Internacional de Teatro Amador de Palas de Rei e dáse conta dalgunhas actividades incluídas, alén das representacións teatrais.

Pastoriza, Iª Mostra de Teatro Municipal da

Mostra organizada polo Concello da Pastoriza que acolle unicamente representacións de escolas municipais ou de grupos de formación. Tivo lugar no salón de actos do consistorio dende o vinte e oito de xuño até o un de xullo. Participaron a escola municipal de teatro de Castro de Rei, con *Falamos de cartos*; a de Sarria, con *Farsa Plautina*; a de Vilalba, con *O enfermo imaxinario de Moliére*;e a de Bretoña, con *A proba*, para adultos, e *O escenario é feo*, para a infancia.

Referencias varias:

- María Roca, "Cuatro escuelas municipales, en la Muestra de Teatro de A Pastoriza", *El Progreso*, "A Chaira", 9 xuño 2012, p. 16.

Anúnciase a I Mostra de Teatro Municipal da Pastoriza, celebrada dende o vinte e oito de xuño até o un de xullo, salientando que acolle unicamente representacións de escolas municipais ou de grupos de formación. A seguir, dise que a escola municipal de teatro de Castro de Rei levará a escena *Falamos de cartos*; a de Sarria, *Farsa Plautina*; a de Vilalba, *O enfermo imaxinario de Moliére*, e a de Bretoña representará *A proba*, para adultos, e *O escenario é feo*, para a infancia.

- C. A., "A Pastoriza inaugura esta tarde la primera Mostra de Teatro Municipal", *El Progreso*, "A Chaira", "A Pastoriza", 28 xuño 2012, p. 29.

Anúnciase o comezo da I Mostra de Teatro Municipal da Pastoriza dando conta do emprazamento das representacións, a gratuidade das entradas, os horarios e algunhas das pezas que se levarán a escena.

Pedra do Moucho, VIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola asociación cultural e deportiva Pedra do Moucho que se celebra na parroquia brionesa de Ons. Conta coa colaboración do Concello de Brión, a Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) e a Dirección Xeral de Promoción e Difusión Cultural. As representacións teñen lugar na Casa da Cultura. A edición de 2012 tivo lugar os días 10, 23 e 24 de novembro e 1 e 15 de decembro, coas representacións das pezas *Facer o sueco*, a cargo de Badius Teatro; *O enfermo imaxinario*, de Trangalleiro Teatro; *A miña muller e o fontaneiro*, de Teatro

do Rueiro e *Acto imprevisto*, de Teatro de Cámara Ditea.

Referencias varias:

- Sol Elvira, "O Brión Cultural encherá de actividade e colorido o outono", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 358, 25 outubro 2012, contracuberta.

Entre outras actividades celebradas durante o Outono Cultural de Brión, dáse conta do VI Ciclo de Teatro Afeccionado Pedra do Moucho, no marco do cal se di que Verdeverás Expresións Artísticas poñerá en escena a peza *Tacóns na corda* e Teatro Badius, *Facer o sueco*.

- S. Elvira, "Trangalleiro leva hoxe a Brión 'O enfermo imaxinario", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", 23 novembro 2012, p. 6.

Ciméntase o argumento da peza *O enfermo imaxinario*, representación que o grupo brionés Trangalleiro Teatro levará a escena no marco da Mostra Pedra do Moucho de Brión. Achéganse asemade datos da formación do antedito grupo.

- S. E., "Teatro do Rueiro chega hoxe á mostra de Brión", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 388, 24 novembro 2012, p. 7.

Dise que o grupo Teatro do Rueiro levará á sexta edición da Mostra de Teatro Afeccionado Pedra do Moucho a peza *A miña muller é o fontaneiro*.

- S. E., "Teatro de cámara hoxe en Brión a cargo de Ditea", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 395, 1 decembro 2012, p. 7.

Dise que Teatro de Cámara Ditea levará o seu *Acto Imprevisto* á VI edición do Festival de Teatro Afeccionado Pedra do Moucho, celebrado en Brión.

Poio Escena, Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro afeccionado celebrado no centro cultural Xaime Illa Couto Raxó do concello de Poio. Na edición de 2012 participou a compañía madrileña Darek Teatro.

Referencias varias:

- M. A. C., "Poio ofrece teatro con descuentos para los desempleados", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Poio/Comarca", 16 novembro 2012, p. 12.

Lóase a iniciativa da organización de ciclo Poio Escena de conceder entradas con descontos aos desempregados. Entre as actuacións que se poderán ver a un prezo reducido atópase *Caso 315*. A seguir coméntanse os custes económicos da presente edición do ciclo teatral.

Pol, Outono de Escena de

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación Cultural Leña Verde de Pol. Na edición de 2012 representouse no Centro Sociocultural de Mosteiro, entre outras obras, *Cousas da maxia*, a cargo do Grupo de Teatro do HULA.

Ponteceso 2012, XIXº Ciclo de Teatro

Organizado pola Concellaría de Cultura de Ponteceso, en colaboración coa Asociación Cultural Monte Branco. A edición de 2012 tivo lugar os sábados do mes de novembro no local da Asociación. Representáronse *Ladrón e familia*, por Teatro do Astracán; *Novas tolemaxias*, polo mago Teto; *Pelos na lingua*, por Talía Teatro; e *Go on!*, por Malasombra.

Referencias varias:

- J. M. R., "Ladrón e familia' izará el telón del XIX Ciclo Teatral", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 363, 30 outubro 2012, p. 7.

Anúncianse as representacións *Ladrón e familia*, por Teatro do Astracán, e *Novas tolemaxias*, polo mago Teto, no marco XIX Ciclo de Teatro de Ponteceso.

- J. M. R., "Astracán abre hoy el ciclo teatral con 'Ladrón e familia", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 367, 3 novembro 2012, p. 11.

Anúncianse as representacións *Ladrón e familia*, por Teatro do Astracán, e *Novas tolemaxias*, polo mago Teto, no marco XIX Ciclo de Teatro de Ponteceso.

Ribadavia, XXVIIIª Mostra Internacional de Teatro de

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia, está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. A edición de 2012, celebrada entre os días 21 e 28 de xullo, contou coa participación das compañías Teatro do Vilar, coa peza *Fóra de si*; Producións Teatrais Excéntricas, con *Oeste solitario*; Elefante Elegante, con *In* e a Escola Superior de Arte Dramática de Vigo, coa peza *A tempestade*. Ademais representáronse as pezas dirixidas a un público infantil *Arrieir@s*, dos Quinquilláns; *O cego dos monifates*, de Títeres Seisdedos e *Historia dunha semente*, de Caramuxo Teatro. Tamén interviñeron as compañías foráneas Timbre 4 (Arxentina), Thêatre du Soleil (Francia), Drago Bianco e Cantiere Ikrea (Italia), Teatro en el Aire (México), Teatro do Chapitô (Portugal), Teatro de Marionetas do Porto (Portugal), Compañía Nacional de Teatro Clásico e Nao d'Amores (España), Xirriquiteula (Cataluña), Mefisto Teatro (Cuba), La Baldufa (Cataluña),

Théâtre du Sursaut (Bélxica), Truck Theater (España), Les Anachroniques (Francia) e T de Teatre (Cataluña).

Referencias varias:

- Sabela Pinal, "La Mostra Internacional de Teatro verá reducido su presupuesto en 80.0000 euros", *La Región*, "Ribeiro", 8 febreiro 2012, p. 20.

Informa da redución de 80.000 euros no orzamento da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que pasa a contar con 140.000 euros para a edición de 2012.

- Sabela Pinal, "Los recortes obligan a subir la entrada en la Mostra de Teatro", *La Región*, "Ribeiro", 6 xuño 2012, p. 21.

Coméntase a redución orzamentaria que sufriu a Mostra de Teatro Internacional de Ribadavia, celebrada entre os días vinte e un e vinte e oito de xullo, e o conseguinte aumento no prezo das entradas. A seguir, saliéntase a coprodución arxentino-francesa, por Timbre 4 e Théâtre du Soleil, respectivamente, que levarán a escena un texto de Jean Paul Sartre.

- Sabela Pinal, "PP y BNG evitan la subida de precios de la Mostra de Teatro", *La Región*, "Ribeiro", 8 xuño 2012, p. 17.

Reflexiónase sobre os problemas económicos e o conseguinte intento de subir os prezos das entradas da MIT, con respecto ao que se salienta a acción do PP e do BNG de cara a evitalo.

- Cándida Andaluz, "La Mostra de Ribadavia abre su cartel a compañías de ocho países", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 xuño 2012, p. 36.

Salienta o carácter internacional da mostra de Ribadavia coa presenza de compañías procedentes de Francia, Italia, Bélxica, Portugal, Cuba, Arxentina, México e España. Dende Galicia, anúnciase a participación de Os Quinquilláns, con *O mundo dos arrieiros*, e *Oeste solitario*, de Quico Cadaval.

- Xosé M. Piñeiro, "Teatro en Ribadavia", *La Región*, "Ourense", "Neurovisión", 20 xuño 2012, p. 10.

Lóase a calidade da Mostra de Teatro Internacional de Ribadavia e faise un pequeno percorrido pola súa historia, ao tempo que se agradece a oportunidade de dar cabida a grupos galegos.

- M. V., "La Mostra de Teatro de Ribadavia sube el telón", *Atlántico Diario*, p. 61/ *La Región*, p. 60, "Sociedade", "Galicia: Agenda Cultural", "Teatro", 19 xullo 2012.

Anúnciase o inicio da MIT de Ribadavia e faise un breve repaso polo cartel, do que se salienta que está composto por vinte e cinco funcións procedentes de oito países diferentes.

- Camilo Franco, “A Mostra aguanta o panorama”, *La Voz de Galicia*, *Fugas*, “Galicia, Fin de Semana”, “Teatro”, 20 xullo 2012, p. 12.

Lóase a continuidade da MIT de Ribadavia a pesar da situación de dificultade económica e saliéntase como un dos eventos teatrais máis importantes de Galicia. A seguir faise un breve repaso polo cartel no que se menciona a participación da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, coa representación *A tempestade*.

- Óscar Iglesias, “El ‘infierno’ sin salida de Sartre abre la Mostra Internacional de Ribadavia”, *El País*, “*Galicia*”, 21 xullo 2012, p. 5.

Anúnciase o inicio da vinte e oito edición da MIT de Ribadavia e coméntase o argumento dalgunhas das pezas foráneas a ser representadas. Refírese asemade a participación das compañías galegas Excéntricas, con *Oeste solitario*; Elefante Elegante, con *In*, e Os Quinquilláns, con *Arrieiros*.

- María Xesús Nogueira, “O pano dos soños”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”/ *El Progreso*, “Opinión”, 21 xullo 2012, p. 25.

A autora realiza unha reflexión sobre a situación da cultura en Galicia en xeral facendo especial fincapé no ámbito teatral e, con el, na continuación da MIT de Ribadavia, actividade que se loa pola súa continuidade e calidade.

- X. A. Reboiro, “Unha parte do público da mostra vén de fóra da provincia e elixe as obras que desexa ver”, *La Región*, “Ribeiro”, “Persoaxe do día”, 21 xullo 2012, p. 19.

Entrevista a Roberto Pascual, director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, na que se tratan temas como o seu labor como director da MIT, as dificultades financeiras que a Mostra sufriu ou as representacións que levarán a cabo nesta edición.

- Pinal, Sabela, “A oferta de compañías de teatro sempre é moi amplia e por iso hai que facer unha selección”, *La Región*, “Ribeiro”, “Personaje del día”, 22 xullo 2012, p. 19.

Entrevista a José Prieto Pérez, Concelleiro de Cultura de Ribadavia, na que se tratan temas como a súa implicación no desenvolvemento da MIT de Ribadavia ou a importancia desta mostra.

- Pinal Sabela, “La Mostra de Teatro espera vencer a la crisis y mantener su calidad”, *La Región*, “Provincia/Ribeiro”, 22 xullo 2012, p. 18.

A nova achega as verbas dalgúns dos encargados da cerimonia inaugural da presente edición da MIT de Ribadavia, das que se salienta a importancia de dar continuidade á mostra e manter a calidade das actuacións.

- M. V., “Últimos días para disfrutar del espectáculo de la MIT”, *Atlántico Diario*, p. 61/ *La Región*, “Sociedad”, “Galicia:Agenda Cultural”, p. 52, 26 xullo 2012.

Anúncianse as funcións dos últimos días de celebración da MIT de Ribadavia nos distintos emprazamentos nos que se celebran as representacións teatrais.

- Sabela Pinal, “O día de Francisco Pillado”, *La Región*, “Ribeiro”, “Crónica”, 27 xullo 2012, p. 19.

Tras anunciar a vindeira clausura da MIT de Ribadavia, fálase da concesión do Premio de Honra Abrente, entregado ao escritor de teatro Francisco Pillado no marco da mostra polo seu labor no teatro galego. A seguir faise un breve percorrido por algunhas das achegas deste coñecido dramaturgo.

- X. A. Reboiro, “A Mostra de Teatro resiste a crise con 9.000 espectadores”, *La Región*, “Ribeiro”, 29 de xullo, p. 19.

Tras a clausura da vinte e oito edición da MIT de Ribadavia, achéganse cifras que demostran o seu éxito e beneficios a pesar dos tempos de crise.

- Manuel Xestoso, “XXIX MITCF de Cangas e XXVIII MIT Ribadavia. De Cangas a Rivadavia sen baixar do escenario”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 72, “Festivais”, outono 2012, pp. 41-44.

Realízase un repaso polas principais propostas presentadas na Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas e na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. No tocante a Ribadavia, considérase que xustificou un ano máis a súa posición dominante no panorama dos festivais galegos e que logrou elaborar un programa que consolidou o seu papel de capital teatral de Galicia. Menciónase a presenza das compañías galegas Producións Teatrais Excéntricas, con *Oeste solitario*, e Elefante Elegante, con *In*.

Riveira, Mostra de Teatro de

Mostra de teatro organizada pola Concellería de Cultura e Festexos e coa colaboración da Deputación da Coruña que se celebra en Riveira. Na edición de 2012, que tivo lugar no auditorio da localidade dende o 27 de outubro até o 1 de decembro, representáronse as pezas *O método de Gronhölm*, de Talía Teatro; *Cociña económica*, de Mofa e Befa; *O achado do castro*, do Grupo Municipal Xuvenil de Teatro de Riveira; *Smoke City*, de Malasombra; *O fútbol é así*, de Obras Públicas; e *Se o sei... non volvo á casa*, de Charamela Teatro.

Referencias varias:

- S. S., “Arranca la Mostra de Teatro de Ribeira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 357, 24 outubro 2012, p. 7.

Anúnciase o inicio da Mostra de Teatro de Ribeira coa representación *O método de Gronhölm*.

- Chechu López, “La compañía Charamela de Melide cerró la muestra teatral que tuvo 1.441 espectadores”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, “Riveira”, 4 decembro 2012, p. 19.

Celébrase a afluencia de público da Mostra de Teatro de Riveira, e refírense algunhas das actuacións presentes: *Cociña económica*, de Mofa e Befa; *O achado do castro*, do Grupo Municipal Xuvenil de Teatro de Riveira, e *Se o sei... non volvo á casa*, de Charamela Teatro. Desta última achégase tamén o argumento.

Sada, Iº Maratón de Teatro Afeccionado

Organizado pola compañía Teatro Artesán, de Sada, baixo a dirección de Juan de Mondego. Celebrouse na Casa da Cultura Pintor Lloréns de Sada, dende o vinte e sete de xaneiro até o doce de febreiro. Representáronse as obras *La farsa del corregidor*, *Angelina y el honor de un brigadier*, *Melocotón en Almíbar*, *Cuatro corazones con freno* e *Cartas desde la Habana*, e o grupo Teatro Artesán levou a escena *Arsénico por compaixón*.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Buen teatro en Sada, y gratis para afrontar esta crisis", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 28 xaneiro 2012, p. 20.

Anuncia a primeira edición do Maratón de Teatro Afeccionado, organizado pola compañía Teatro Artesán, en Sada, baixo a dirección de Juan de Mondego. Dise que Kasserling Cappra levará a escena a peza *Arsénico por compasión* e que o evento durará até o doce de febreiro.

- D. R., "Arsénico por Compasión' da la salida al maratón que ofrece Teatro Artesán", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Sada", 28 xaneiro 2012, p. 22.

Anuncia a participación de Teatro Artesán con *Arsénico por compaixón* como representación inaugural do Maratón de Teatro celebrado en Sada até o doce de febreiro. A seguir, saliéntase o carácter cómico e humor negro da peza, coméntase o seu argumento e indícase que o evento é gratuíto. Para rematar, menciónanse outras postas en escena no maratón: *La farsa del corregidor*, *Angelina y el honor de un brigadier*, *Melocotón en Almíbar*, *Cuatro corazones con freno* e *Cartas desde la Habana*.

- Víctor Castro, "Teatro Artesán' vuelve esta noche al escenario", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 3 febreiro 2012, p. 20.

Coméntase a peza *Angelina o el honor de un brigadier*, por Teatro Artesán, no marco do I Maratón de Teatro Afeccionado que a devandita compañía organiza en Sada. A seguir, dise que a obra foi a primeira creación de Jardier Poncela coa que realizou unha achega innovadora do teatro e coméntase o argumento, salientando asemade a versión cinematográfica de Hollywood.

- Víctor Castro, "Melocotón en Almíbar' en el Maratón de Teatro", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 4 febreiro 2012, p. 18.

Tras referir a continuación do I Maratón de Teatro Afeccionado en Sada, coméntase o argumento da peza teatral *Melocotón en Almíbar*, que se cualifica de parodia das novelas policiais.

- Víctor Castro, "Melocotón en Almíbar', en el maratón teatral de Sada", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 5 febreiro 2012, p. 20.

Dá conta da celebración do I Maratón de Teatro Afeccionado, celebrado na Casa da Cultura Pintor Lloréns de Sada, dende o vinte e sete de xaneiro. Dise que está organizado por Teatro Artesán e, para rematar, coméntase a participación de Mihura con *Melocotón en Almíbar*.

- Víctor Castro, "Hoy, 'Cuatro corazones con freno y marcha atrás", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 10 febreiro 2012, p. 20.

Coméntase o argumento de *Cuatro corazones con freno y marcha atrás* con motivo da súa posta en escena no marco do I Maratón de Teatro Afeccionado, do que se salienta o seu carácter traxicómico.

- Víctor Castro, "Teatro: 'Cuatro corazones con freno y marcha atrás", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 11 febreiro 2012, p. 20.

Anúnciase a segunda representación en días consecutivos da peza *Cuatro corazones con freno y marcha atrás* no marco do I Maratón de Teatro Afeccionado.

- Víctor Castro, "Hoy se cierra el I Maratón de Teatro Artesán en Sada", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 12 febreiro 2012, p. 20.

Anúnciase a representación de *Cartas desde la Habana* como peche do Maratón de Teatro Afeccionado organizado por Teatro Artesán. A seguir, coméntase o argumento, que xira en torno á inmigración, desta obra escrita por Juan de Mondego. Para rematar, alúdese ás agrupacións musicais que contribúen a cerrar os encontros e congratúlase aos organizadores polo éxito acadado.

Sada, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Mostra de teatro afeccionado organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Sada que ademais das diversas representacións teatrais presenta outras actividades de xeito paralelo, tales como coloquios ou cursos monográficos. Concédese ademais o premio Lugrís Freire a aquelas obras mellor valoradas, podendo participar grupos de toda Galicia e norte de Portugal. Entre as representacións teatrais contouse nesta edición con Do Miolo e Cía, con *Barvarela. Almorzos e cubatas*; Aturuxo de Melpómene, con *RR.HH.* (*O método)*; Quemaisten Teatro, con *Cinema*; Axóuxere Teatro, con *Vodas de sangue*; Hipócrita Teatro, con *Homes en escabeche* e Malasombra Teatro, con *Non é tan fácil*.

San Andrés de Comesaña, VIª Mostra de Teatro Afeccionado

Mostra de Teatro afeccionado organizada pola compañía teatral O Trasno Novo Teatro que na edición de 2012 tivo lugar os días 14, 22, 29 e 30 de setembro e contou coa participación das compañías Navia Teatro Escola, coa peza *Madruga*; Aturuxo de Melpómene, con *RR.HH.* (*O método)* e O Trasno Novo Teatro, con *Consuelo*. Tamén representou a peza infantil *Pim, pam, clown* a compañía NNC Teatro.

Referencias varias:

- A. R., "Cuatro grupos suben al escenario del VI Encontro Teatral de San Andrés de Comesaña", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 Costados*", 11 setembro 2012, p. 4.

Anúnciase o comezo do VI Encontro Teatral de San Andrés de Comesaña de teatro afeccionado, organizado polo grupo teatral O Trasno Teatro, e reflíctense algúns dos grupos participantes: Navia Teatro, con *¿Quen é Madruga?*; NNC, con *Pim, Pam, Clown*; O Aturuxo de Melpómene, con *RRHH (O Método)*, e O Trasno Novo Teatro, con *Consuelo*.

Sen Numerar

Ciclo de teatro organizado pola Concellaría de Cultura da Coruña en colaboración coa Rede Galega de Teatros e Auditorios co obxectivo de reforzar a programación do Fórum Metropolitano e apoiar o traballo de compañías locais e galegas. Representáronse, entre febreiro e maio de 2012, as obras *O fidalgo*, a cargo de Casahamlet; *Citizen*, de Chévere; *O fútbol é así*, de Obras Públicas; *Tres no bambán*, de Espello Cóncavo; *Viva a crise*, de Fulano, Mengano e Citano e *Chamada desde o máis alá*, de Vilano Producións. Tamén participou a compañía Ultramarinos Lucas.

Teatrarte 2012

Certame organizado pola Concellería de Cultura de Redondela. A edición de 2012, que tivo lugar todos os sábados dende o 25 de febreiro até o 31 de marzo, contou coa presenza de Fulano, Mengano e Citano, con *Viva a crise*; Malasombra Teatro, con *GO ON!*; Talía Teatro, con *Pelos na lingua*; Elefante Elegante, con *Iliria* e Vilano Producións, con *Chamada desde o máis alá*.

Teatro Colón, I Mostra de Teatro Afeccionado do

Mostra organizada por Artestudio, baixo a dirección de Ramiro Neira, que se desenvolveu no Teatro Colón da Coruña entre o 15 e o 19 de outubro. Esta primeira edición serviu de homenaxe ao grupo Sardiña. Participaron Jueves Teatro, con *Galería 13*; Teatro Ruiseñor, con *Mucho ruído y pocas nueces*; Teatro Liceo, con *Mentiras*; e Noite Bohemia, con *El perro del hortelano.*

Referencias varias:

- Alexandra Moledo, “Los escolares salen a escena”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 16 outubro 2012, p. 12.

Dise que o Teatro Colón da Coruña acollerá a I Mostra de Teatro Afeccionado de Escolares, no marco da cal se comenta que participarán Jueves Teatro, con *Galería 13*; Teatro Ruiseñor, con *Mucho ruído y pocas nueces*, e Teatro Liceo, con *Mentiras*.

- Sonia Dapena, “El Colón abre su escenario al teatro aficcionado con los niños por delante”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 16 outubro 2012, p. 15.

Coméntase que a I Mostra de Teatro Afeccionado do Teatro Colón xurdiu coa finalidade de render homenaxe ao teatro afeccionado e saliéntase a resistencia á crise por parte deste sector teatral.

- Charo Alonso, “Artistas gallegos serán protagonistas de la programación otoñal del Colón”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 18 setembro 2012, p. 10.

Entre outras actividades culturais incluídas na programación de outono do Teatro Colón, a nova menciona a celebración da I Mostra de Teatro Afeccionado.

- M. G. M., “O teatro Colón apostará en outubro por empresas culturais da cidade”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 18 setembro 2012, p. 13.

Ábrese a nova salientando o importante pulo que o teatro afeccionado supón para o teatro dende un punto de vista empresarial e, a seguir, achéganse verbas do director da Mostra con respecto aos motivos da súa creación e faise asemade fincapé na aposta que esta mostra fai en prol de compañías locais.

Teatro&Danza

Mostra realizada en coprodución da compañía Contra2 e o Centro Coreográfico Galego. Tivo lugar en Santiago de Compostela entre os meses de outubro e o Nadal. Participaron, ademais de Animalario e Teatro Meridional, as compañías galegas Teatro do Morcego, con *A función do tequila*; Teatro Ensalle, con *Miniaturas*; a coprodución entre Mofa e Befa e Excéntricas *Románticos* e Teatro Proscrito, con *Rosa de dous aromas*.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Animalario y lo nuevo de Mofa e Befa en el Ciclo ‘Teatro&Danza”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 setembro 2012, p. 15.

A nova achega as seguintes representación que se poderán ver na Mostra Teatro&Danza celebrada en Santiago de Compostela: no apartado nacional, Teatro Meridional e Animalario; no tocante ao teatro galego, Teatro do Morcego, con *A función do tequila*; Teatro Ensalle, con *Miniaturas*; a coprodución entre Mofa e Befa e Excéntricas *Románticos* e Teatro Proscrito, con *Rosa de dous aromas*.

- Ana Iglesias, “Una agenda cultural para el disfrute de todos los públicos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 12 decembro 2012, p. 27.

Entre as actividades culturais programadas na cidade de Santiago de Compostela durante o Nadal, menciónase o ciclo Teatro&Danza, coprodución da compañía Contra2 e o Centro Coreográfico Galego, da que salienta o seu carácter familiar.

Teatrofilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Ullán Teatro. Na edición de 2012, celebrada dende o 2 até o 18 de marzo, participaron as compañías Do Miolo e Cía, con *Barvarela. Almorzos e cubatas*; Carrachanacacha, con *Gheidi, só para adult@s*; Volta e Dálle Teatro, con *Menciñeiros*; a Aula de Teatro da USC, con *Comedia famosa do cabaleiro de Olmedo (escrita por Francisco de Monteser e editada no ano 1651 en Alcalá, con algunha adición respectuosa para a súa posta en escena)*; Teatro no Aramio, con *Baile de sombras*; Chumpá Teatro, con *Maribel e a estraña familia*; Disfunción Continua Teatro, con *Cóncavo convexo* e a Asociación Teatral Paso de Valverde, con *Un día no circo*. Tamén se representaron as pezas destinadas a un público infantil *Os zapatos da nena* e *Mans libres*, a cargo dos Abrentiños do Foxo; *A consulta do doutor Xabi* e *A clase de ceboliño*, do Grupo de Teatro da A. C. Cotomanguelo; *Un heroe na fraga*, dos nenos de San Miguel de Sarandón; *Rúa dos soños*, da Aula de Teatro do CPI de Vedra; *Onde vai o cabalo de Santiago*, de Tira e Afloxa e *Pasarrúas: chou crítico*, de Andaravía Teatro.

Referencias varias:

- S. F., “E ciclo de artes escénicas Teatrofilia regresará el viernes a la capital vedresa”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 28 febreiro 2012, p. 32.

Anuncia o ciclo de teatro afeccionado Teatrofilia e sinala que terá lugar durante as tres primeiras fins de semana de marzo e dá conta das compañías que participan.

- M. Gil/ C. Boltrán, “Candelexas baja el telón definitivo por problemas económicos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 marzo 2012, p. 34.

Tras lamentar o cese da agrupación Candelexas por motivos económicos, anúnciase a participación de Disfunción Continua Teatro en Teatrofilia con *Cóncavo convexo*. A seguir, achéganse datos sobre o elenco e a formación da agrupación.

- Susana Formoso, “Teatrofilia baja el telón con un gran éxito de asistencia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 20 marzo 2012, p. 31.

A autora da nova salienta a calidade a afluencia de público do festival Teatrofila, do que ademais di que na presente edición aumentou o número de representacións destinadas aos máis pequenos.

- M. M., “Cartelería para la muestra Teatrofilia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 400, 6 decembro 2012, p. 7.

Anúnciase que a asociación cultural Papaventos de Vedra convoca o VIII concurso de carteis da X Mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatrofilia.

Tui, IVª Semana de Teatro Afeccionado de San Telmo

Xornada de teatro afeccionado que organiza a Concellería de Cultura de Tui, coincidindo coas festas de San Telmo do concello. Nesta edición de 2012, celebrada entre o 9 e o 14 de abril, participaron as compañías Atalaia, coa peza *Extraños hábitos*; Mesturanzas, con *A pousadeira*; Caldemiños, *Nin mortos nin ricos senón todo o contrario*; Aloia, con *A avoa volve casar* e San Fins, con *Ovellas negras*.

Referencias varias:

- E. G., “Tui mantiene el nivel de su programa cultural en el primer semestre pese al menor presupuesto”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 27 xaneiro 2012, p. 16.

Coméntase a programación prevista para o primeiro semestre do ano no concello de Tui, con respecto ao que se salienta a súa calidade independentemente da crise económica. Dise que se levarán a escena as seguintes representacións: *Citizen 1 (maioría silenciosa)*, por Chévere Teatro; *Tango*, por Sarabela Teatro; *Pío*, por Caramuxo Teatro, e *Tres no bambán*, por Espello Cóncavo. Anúnciase asemade a IV Semana do Teatro Afeccionado de Tui.

- Antón Ferreira, “Ocho espectáculos en seis meses para el Teatro de Tui”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana/Baixo Miño”, 27 xaneiro 2012, p. 18.

Anúnciase a programación cultural do concello de Tui para o primeiro semestre do ano, que inclúe as representacións teatrais *Citizen 1*, de Chévere Teatro; *Tango*, de Sarabela Teatro; *Pío*, de Caramuxo Teatro, e *Tres no bambán*, de Espello Cóncavo, estas dúas últimas destinadas ao público infantil. A seguir, saliéntase tamén a celebración da IV Semana do Teatro Afeccionado de Tui.

- E. G., “Crece el número de grupos en la muestra de teatro aficcionado de parroquias de Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, Área Metropolitana”, 5 abril 2012, p. 18.

Tras anunciar o comezo da IV Semana do Teatro Afeccionado de Tui, celebrada entre o nove e o catorce de abril, menciónanse algunhas das formacións participantes: Atalaia, con *Extraños hábitos*; Mesturanzas, con *A posadeira*; Caldemiños, con *Nin morto, nin rico senón todo o contrario*; Aloia, con *A avoa volve casar*; Garabullada Teatro, con *El cerdo de las escobas*, e San Fins, con *Ovellas negras*.

- F. D., “Vilamarín continúa sus ‘Noites de Teatro”, *Atlántico Diario*/ *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: Agenda Cultural”, 12 xullo 2012, p. 52.

Anúnciase a celebración da XXIV edición da Mostra de Teatro de Vilamarín, coméntase que desta vez acolle espectáculos cómicos e menciónanse os grupos participantes: Teatro da Zarabándula, Malasombra Producións, Espello Cóncavo e, dende Madrid, MDM Producciones.

Valadouro, XXVIIª Semana do Teatro

Xornadas de teatro afeccionado levadas a cabo no concello do Valadouro. A edición de 2012 contou coa representación das pezas *Fume de carozo*, a cargo do Bordelo de Cervo; *Atoados*, do Grupo de Teatro A Adala; *Véndese mula/A pousada*, do Grupo Teatral Axóuxeres e *O chufón*, do Grupo Teatral Raiolas.

Referencias varias:

- Olalla González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 3 setembro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena no Centro Sociocultural do Valadouro da obra *Fume de carozo*, do Bordelo de Cervo, dentro da XXVIIª Semana do Teatro desta localidade.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 5 setembro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena no Centro Sociocultural do Valadouro da obra *Véndese mula/A pousada*, do Grupo Teatral Axóuxeres, dentro da XXVIIª Semana do Teatro desta localidade.

Vente a ver teatro

Ciclo de teatro promovido pola Concellaría de Cultura da Laracha. Celébrase no centro sociocultural de Paiosaco. No ano 2012 tivo lugar a segunda edición e actuaron Carrachanacacha, con *Comendo pementos de Padrón con Tarantino*; Ghazafellos, con *Nana para un soldado*; e Astracán, con *Ladrón e familia*.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, "Carrachanacacha' abrirá el ciclo de teatro de Paiosaco", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 abril 2012, p. 39.

Anúnciase o comezo da segunda edición do ciclo de teatro Vente a Ver Teatro a cargo de Carrachanacacha, con *Comendo pementos de Padrón con Tarantino*.

Vigo, Xª Semana de Teatro Afeccionado de

Ciclo organizado pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo. As representacións tiveron lugar cada sábado do mes de novembro e o primeiro de decembro. Participaron o grupo Escoitade, con *A fatídica festa do ano da serpe*; Teatro do Rueiro, con *A miña muller e o fontaneiro*; Atlántida da Matamá, con *O amor de don Perlimplín con Belisa no xardín*, e Porta Aberta, con *O achado do castro*.

Referencias varias:

- A. B., "Cuatro actuaciones conforman la Semana do Teatro Afeccionado", *Atlántico Diario*, "Vigo", 31 outubro 2012, p. 10.

Anúnciase a celebración da Semana de Teatro Afecciondo de Vigo, tras o cal se achegan os grupos participantes.

- Ana Rodríguez, "Los sábados a las ocho, teatro", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 Costados*", 6 novembro 2012, p. 2.

Trátase a promoción do teatro afeccionado que se realiza na cidade de Vigo a través da Mostra Semana de Teatro Afeccionado, na que se di que nesta edición participan o grupo Escoitade, con *A fatídica festa do ano da serpe*; Teatro do Rueiro, con *A miña muller e o fontaneiro*; Atlántida da Matamá, con *O amor de don Perlimplín con Belisa no xardín*, e Porta Aberta, con *O achado do castro*. A seguir, coméntase o argumento dalgunhas destas representacións.

Vigo en bruto

Programa ideado polos responsábeis de Teatro Ensalle para dar saída ao traballo de novos creadores escénicos. A edición de 2012 contou coa participación de Anómico Teatro coa peza *Esgotar os ollos* e Demolicións Ferreira&Cía, con *Edison, ou dúas mil demostracións de cómo non facer unha lámpada eléctrica*. Tamén representaron as súas pezas as compañías Pie con cuerpo e Malvamos.

Vila de Sarria, IIª Semana de Teatro Cómico

Xornada teatral celebrada na vila de Sarria, na Casa da Cultura, que contou na súa segunda edición, celebrada os días 9, 10, 11 e 12 de agosto de 2012, coas representacións das pezas *Farsa plautina*, de Rebuldeira Teatro; *A forza dos soños*, de Batán; *Comendo pementos de Padrón con Tarantino*, de Aturuxo de Melpómene; *Cincenta on the rocks* e *Non me chames cariño se non o sintes*, de Gargallada Teatro. Tamén se puxo en escena a peza *As catro estacións*, de Teatro do Miolo, destinada a un público infantil.

Referencias varias:

- L. P., "Sarria acoge una muestra de teatro con la participación de cinco compañías gallegas", *El Progreso*, "Sarria", 4 agosto 2012, p. 16.

Coméntase a curta historia da Mostra de Teatro de Sarria salientando o seu carácter gratuíto e o ton cómico das representacións e, a continuación, dáse conta dalgúns dos grupos participantes: Rebuldeira Teatro, con *Farsa Pública*; O Batán de Cangas de Foz, con *A forza dos soños*; Teatro do Miolo, con *As catro estacións*, e Gargallada Teatro, con *Cincenta on the rock*.

Vilagarcía, Mostra de Teatro de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Vilagarcía, en colaboración coa Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), como parte da Rede Galega de Auditorios. Contou coa representación de *0,7 Molotov*, por Teatro de Ningures.

Referencias varias:

- O. B., "Cultura probará un precio 'anticrisis' de 4 euros para el ciclo teatral en gallego", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 24 outubro 2012, p. 10.

Tras tratar o novo prezo 'anticrise' que a Concellería de Cultura quere estabelecer para os espectáculos teatrais, anúnciase a apertura da Mostra de Teatro de Vilagarcía coa representación *0,7 Molotov*, por Teatro de Ningures, da que asemade se achega o argumento.

- C. V., "0,7% Molotov' inaugura con éxito de público el ciclo de teatro gallego en el Auditorio", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 27 outubro 2012, p. 12.

Anúnciase o comezo da Mostra de Teatro de Vilagarcía coa representación *0,7% Molotov*, a cargo da compañía Teatro de Ningures.

Vilalba, XIVª Mostra de Teatro de

Mostra de teatro organizada por Hipócrita Teatro coa colaboración da Concellería de Cultura que se celebra no auditorio municipal Carmen Estévez. A edición de 2012 contou coa participación da Escola Municipal de Teatro de Bretoña, que representou a peza *A proba*; a Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei, con *Falamos de cartos* e a Escola Municipal de Teatro de Vilalba, con *O enfermo imaxinario*.

Referencias varias:

- María Roca, "La muestra teatral de Vilalba cuenta con tres grupos municipales", *El Progreso*, "A Chaira", 24 outubro 2012, p. 14.

Coméntase que na XIV Mostra de Teatro de Vilalba serán escolas teatrais da comarca as que participarán. A seguir, anúncianse as representacións incluídas no cartel: *A proba*, pola Escola de Teatro de Bretoña; *Falamos de cartos*, pola Escola de Teatro de Castro de Rei, e *O enfermo imaxinario*, pola Escola de Teatro de Vilalba.

- María Roca, "La escuela teatral de Castro de Rei inicia el curso en noviembre", *El Progreso*, "A Chaira", 27 outubro 2012, p. 16.

Tras comentar certos aspectos da Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei, dise que a súa compañía teatral participará na Mostra de Teatro de Vilalba.

- M. R., "la escuela teatral de Castro de Rei representa la segunda obra de la Mostra de Vilalba", *El Progreso*, "A Chaira", 1 novembro 2012, p. 24.

Dise que continúa a XIV Mostra de Teatro de Vilalba coa segunda representación desta edición: *Falamos de cartos*, pola Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei.

Vilamarín, XXV^as^ Noites Teatrais de

Organizadas polo Concello de Vilamarín. A edición de 2012 tivo lugar no Auditorio Municipal da localidade entre os días 10 e 13 de xullo e contou coa participación de Teatro da Zarabanda, coa peza *Entre nós, mulleres*; Espello Cóncavo, con *Tres no bambán* e Malasombra Teatro, con *Non é tan fácil*. Representou tamén unha peza a compañía madrileña MDM Producciones.

Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

Organizado polo Concello de Vimianzo, desenvólvese no auditorio municipal da localidade durante os meses de outubro e novembro. No ano 2012 participaron as compañías Teatro do Morcego, con *A función do Tequila*; Mofa e Befa, con *Shakespeare para ignorantes*; Talía Teatro, con *O método de Grönholm*, e Teatro do Atlántico, con *E. R. Algún día traballaremos xuntas*.

Referencias varias:

- Ramos, J. M., "El otoño cultural aterriza en Vimianzo con un ciclo teatral y citas musicales", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 334, 1 outubro 2012, p. 3.

Dise que Teatro do Morcego deu comezo ao ciclo teatral de outono de Vimianzo coa posta en escena *A función do Tequila*. A seguir, refírense outras compañías participantes no ciclo teatral, como Mofa e Befa, con *Shakespeare para ignorantes*; Talía Teatro, con *O método de Grönholm*, e Teatro do Atlántico, con *E. R. Algún día traballaremos xuntas*. Para rematar, coméntanse outras actividades culturais a celebrar na vila.

III.4.2. ESTREAS

III.4.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

A Artística: *Verde a tempo completo*

Ver Cangas, XXIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Ainternacional: *Falando do noso*

Áncora Producións: *Snakizados*, texto Gustavo Pernas, dirección Ánxela G. Abalo

Recensións:

- Inma López Silva, "Verborrea deconstruída", *Tempos Novos*, n.º 185, "Crítica", "Teatro", outubro 2012, p. 94.

Comenta a representación da peza de teatro contemporáneo *Snakizados*, grafada e interpretada por Gustavo Pernas e ao cargo da compañía Áncora Producións. Menciona outras pezas anteriores do dramaturgo como *Colgados* ou *Pisados* e salienta a capacidade da linguaxe deste "logomono" de transportar os espectadores e espectadoras a un mundo pesimista, apocalíptico e absurdo, por medio dun rexistro posdramático.

Referencias varias:

- Olalla González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 28 setembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación de *Snakizados*, de Áncora Producións, no Teatro Rosalía da Coruña.

- Marta García Márquez, "Cando xa non respira ningún ser sobre a Terra e só quedan anacos do que foi", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Reportaxe", 26 setembro 2012, p. 12.

Achégase o argumento de *Snakizados*, peza teatral que compón a triloxía *Tres Logomonos* que Áncora Producións ten en cartel. A seguir, reflexiónase sobre a deconstrución, tema principal da peza, e como se trata tal fenómeno sobre o escenario.

- Charo Alonso, "O delirio do fin do mundo", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 26 setembro 2012, p. 8.

Achégase o argumento de *Snakizados*, peza teatral que compón a triloxía *Tres Logomonos* que Áncora Producións ten en cartel. A seguir, reflexiónase sobre a deconstrución, tema principal da peza, e como se trata tal fenómeno sobre o escenario.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Autor e actor en escena”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Caderno dos días”, 27 setembro 2012, p. 40.

O autor da nova reflexiona sobre a deconstrución que Gustavo Pernas leva a escena na terceira e definitiva parte da súa triloxía *Tres Logomonos*; trátase de *Snakizados*, que segue a *Colgados* e *Pisados*.

Teatro del **Andamio:** *En construción*

Referencias varias:

- M. G. M., “De los Rosales a la estepa rusa”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 2 xaneiro 2012, p. 07.

Dise que Teatro do Andamio viaxarán a Rusia para levar a escena a peza *A lingua das bolboretas*, unha historia en torno á Guerra Civil baseada no texto de Manuel Rivas. A seguir, coméntase a xira da compañía por Galicia unha vez de regreso e dise que representarán tamén *En construcción* en diversos auditorios. Para rematar, trátase a programación cultural de Los Rosales, na que se mencionan as representacións *Un corazón perfecto*, por Teterella Teatro, e *Historia dunha semente*, por Caramuxo, destinada ao público infantil.

Ankarellos: *Espermatozoides*

Anómico Teatro: *Esgotar os ollos*

Ver Vigo en bruto

Antón Coucheiro: *Veño do futuro*

Ver Noites do conto

Ardora Teatro (1): *Acernos*

Referencias varias:

- Lucía Á. Gromaz, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 12 xullo 2012, p. 60.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Acernos*, de Ardora Teatro, no Auditorio de San Cibrao (Lugo).

- VMR, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 14 decembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á representación de *Acernos*, de Ardora Teatro, na Casa da Cultura de Burela.

Ardora Teatro (2): *Nécoras verdes*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Referencias varias:

- Ramón González, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 9 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á representación de *Nécoras verdes*, de Ardora Teatro, na Casa da Cultura de San Cibrao (Lugo).

Arela das Artes: *Degoiro*, texto Sarah Kane, dirección Diana Mera

Ars Artis: *Será o meu propio paraíso*, texto Lucas Herrador

Referencias varias:

- C. M., “Corrixímonos ata conseguir a complicidade que require a obra”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 12 abril 2012, contracuberta.

Anúnciase a representación de *Será o meu paraíso*, por Ars Artis, e coméntase que os compoñentes, Olga Abad e Lucas Herrador, salientan a “importancia de escoitar” que a obra transmite mediante os soños, pensamentos e esperanzas dun home e unha muller.

- E. C. G., “Ars Artis aterriza en la Zona C con su nuevo montaje”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 abril 2012, p. 29.

Dise que Ars Artis leva á Zona C, de Santiago de Compostela, a súa nova montaxe *Será o meu paraíso*, e achéganse os horarios de vindeiras representacións da peza.

- Miguel Giráldez, “Lucas Herrador y Olga Abad, teatro en Zona C de Compostela”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 abril 2012, p. 24.

Tras comentar que o novo texto de Lucas Herrador, *Será o meu paraíso*, se leva a escena en diferentes auditorios de Galicia da man de Ars Artis, compañía composta por el máis Olga Abad, achégase a traxectoria profesional de Herrera. Para rematar,

cualifícase a obra de "absurdo lógico" e coméntase o seu argumento, da que se di que xira en torno aos desconcertos propios da natureza humana.

Teatro **Arte Livre**: *O retrato de Dorian Grey*, texto Oscar Wilde

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 20 abril 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Teatro Arte Livre de Vigo da obra *O retrato de Dorian Grey*, a cargo de Teatro Arte Livre.

As Sircópatas (1): *Montaxe*

As Sircópatas (2): *Polos Pelos*

Ver Cabaré, VIIº Festival Galego de
Ver Cee, XXVª Mostra de Teatro de

Teatro do **Astracán**: *Ladrón e Familia*, dirección Evaristo Calvo, baseada nunha obra de Darío Fó

Ver Ponteceso 2012, XIXº Ciclo de Teatro
Ver Vente a ver teatro

Referencias varias:

- Chus Gómez, "Primavera de libros e forcadas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 388, 11 abril 2012, contracuberta.

Fálase das actividades que organizou o Concello de Cuntis para os meses de abril e maio, entre outras, as seguintes obras de teatro: *O gordo e o calvo van ao médico*, *Ladrón e familia*, *Gofken e o libro máxico*, *A ruleta rusa* e *Entre nós, mulleres*. Xunta a estas representacións, figuraron outras actividades: concursos literarios, contacontos, maratón de lectura, charlas…

- A. P., "Teatro do Astracán ultima la puesta en escena de su primera obra", *Diario de Pontevedra*, "Caldas.Deza.Tabeirós", 20 abril 2012, p. 21.

Lóase a creación da compañía de teatro profesional Teatro do Astracán no concello de Cuntis coa colaboración da Aula de Teatro Municipal. Dise que comezarán a súa andaina coa peza *Ladrón e familia*, e finalmente dáse conta do elenco.

Avelino González: *Medos e camiños*

Bengala Producións: *39 veces chao (se algún día esta muller morta)*, texto Miguel Sande, dirección Xosé Manuel Rabón

Berrobambán: *Avestruz en terra allea*

Bonecas: *Bonecas*, texto e dirección José Luis Prieto

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, "Traxicomedia ou comedia, estrear sempre nos pon dos nervios", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 12 setembro 2012, p. 12.

Entrevista ás actrices Celia González e Paula Morado, compoñentes da compañía Bonecas, con motivo da súa homónima posta en escena, *Bonecas*. Trátanse aspectos como o argumento da peza ou o xénero traxicómico no que se inscribe.

O **Bordelo** de Cervo: *Fume de carozo*, texto e dirección Paco Piñeiro

Ver Asociación de mulleres "Amistad", XVIIº Mes do Teatro da
Ver Valadouro, XXVIIª Semana do Teatro

Referencias varias:

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 5 xaneiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á representación de *Fume de carozo*, do Bordelo de Cervo, no salón de actos da Casa do Concello de Cervo.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 29 xaneiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Fume de carozo*, do Bordelo de Cervo, no Centro social de Cangas de Foz.

- Lucía Á. Gromaz, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 21 agosto 2012, p. 54.

Entre outras actividades, infórmase da representación da obra Fume de carozo, a cargo do Bordelo de Cervo, no patio do Colexio n.º 1 de Foz.

- R. L., “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 11 xullo 2012, p. 54.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Auditorio de San Cibrao da peza *Fume de carozo*, a cargo da compañía O Bordelo de Cervo.

Cabaret de Titán: *Capítulo 3*

Ver Cabaré, VIIº Festival Galego de

Cabraret: *CabRaret*

Ver Cabaré, VIIº Festival Galego de

Cándido Pazó (1): *Decamerón*

Ver Cambados, Ciclo de Teatro para adultos
Ver OTNI, Obxecto Teatral Non Identificado

Referencias varias:

- Alfonso Loño, “Cándido Pazó representa el viernes en Lalín su ‘Decamerón”, *Faro de Vigo*, “Deza/Tabeirós”, 14 novembro 2012, p. 27.

Informa da estrea da representación da peza *Decamerón* a cargo do actor e dramaturgo Cándido Pazó e salienta o aspecto interactivo do espectáculo.

- C. G., “Cándido Pazó ofrece mañana su pieza ‘Decamerón’ en el Salón Teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 379, 15 novembro 2012, p. 7.

Anuncia a posta en escena da obra *Decamerón*, por Cándido Pazó e dá a coñecer o prezo das entradas.

Cándido Pazó (2): *Historias tricolores*

Ver Cangas, XXIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Cándido Pazó (3): *O espectáculo da palabra*

Cándido Pazó (4): *O falar non ten cancelas*

Carlos Blanco (1): *Carlos Blanco ao vivo (de momento)*

Referencias varias:

- E. P., "Carlos Blanco vuelve con sus monólogos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 8 decembro 2012, p. 43.

Anuncia a representación do espectáculo *Carlos Blanco ao vivo* e sinala que consiste nun repaso dos seus mellores monólogos dos últimos dez anos.

- M. G. M., "Carlos Blanco comprimirá no Colón dez anos de humor", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 8 decembro 2012, p. 15.

Relata algúns dos temas que Carlos Blanco tratará na representación do seu espectáculo *Carlos Blanco ao vivo* no Teatro Colón da Coruña.

- Miguel Rodríguez, "Carlos Blanco repasa dez anos de humor", *La Opinión*, "A Coruña", 8 decembro 2012, p. 12

Informa da representación no Teatro Colón do espectáculo de monólogos de Carlos Blanco no que repasa a súa traxectoria e indica que terá lugar catro pases, dous en galego e dous en castelán, e que van ser gravados para emitirse na canle de R, *Tolemias*.

Carlos Blanco (2): *De que se ri o conselleiro?*

Carlos Blanco (3): *Teño días*

Referencias varias:

- Gemma Malvido, "Comedia, títeres, monólogos, jazz y danza reinauguran el teatro Colón", *La Opinión*, "A Coruña", 30 maio 2012, p. 8.

Anúnciase o calendario para as novas actuacións no Teatro Colón despois do cambio de xestores. Entre as obras previstas atópanse: *El tipo de la tumba de al lado*, *Trogloditas*, *O día no que empecei a odiar os iogures* e *Teño días*.

- Noelia Díaz, "Nunca vacilo aos débiles, ese é humor de dereitas", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 6 xullo 2012, p. 11.

Entrevista a Carlos Blanco con motivo da súa actuación no Teatro Colón da Coruña co monólogo *Teño días*. Coméntanse temas como o concepto de comedia e a o carácter dinámico do monólogo.

- M. G. M., "Carlos Blanco salpicará o Colón de actualidade en 'Teño días", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 6 xullo 2012, p. 17.

Analízanse diversos temas de actualidade que o humorista Carlos Blanco tratará no seu monólogo *Teño días*. Coméntanse ademais certas técnicas empregadas polo arousán no escenario, como a improvisación, e finalmente refírense algunhas das localidades nas que actuará.

- R. L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 6 xullo 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en representación no Teatro Colón da Coruña da peza *Teño días*, de Carlos Blanco.

- C. G., "Tenho días…' llegará mañana a Lalín", *El Correo de Santiago*, "*Terras de Santiago*", 13 decembro 2012, p. 6.

Informa do lugar, a data, a hora e o prezo do espectáculo *Teño días*, de Carlos Blanco.

Carlos Blanco e Xosé Manuel Budiño: *iLalelo*

Ver Cangas, XXIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Referencias varias:

- Luis P. Ferreiro, "A retranca do novo milenio", *La Opinión*, "A Coruña", 7 marzo 2012, p. 10.

Saliéntase a colaboración entre Carlos Blanco e o gaiteiro Xosé Manuel Budiño no espectáculo *iLalelo*, no que os artistas unen as súas habilidades na representación escénica e na interpretación musical, respectivamente, para achegar ao público un monólogo a xeito de *rap*. A seguir, coméntase a orixe da idea e o seu proceso de creación.

- Marta García Márquez, "A actualidade pasa pola mesa de mezclas", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 7 marzo 2012, p. 15.

Ábrese a nova cunha descrición do espectáculo *iLalelo* que Carlos Blanco e Xosé Manuel Budiño comparten no escenario, definido como unha sesión de *hip-hop* da que o público tamén participa, monólogos cheos de retranca que poñen a xeito de *rap* a actualidade do momento. Para rematar, coméntase a orixe do proxecto.

- MVI, "La entente cordial de Budiño y Carlos Blanco, en Lugo", *El Progreso*, "*d_finde*", "Humor y música", 9 marzo 2012, p. 5.

Anúnciase a posta en escena en Lugo de *iLalelo*, por Carlos Blanco e o gaiteiro Xosé Manuel Budiño, un espectáculo que mestura monólogos cheos de humor e música rapeira. A seguir, explícase a orixe do proxecto e saliéntase a súa variabilidade debido á interacción co público que a representación contempla.

- Alfonso Pato, “Carlos Blanco se fusiona con Budiño”, *El País*, “*Galicia*”, 20 marzo 2012, p. 6.

Dise cómo a raíz dunha colaboración puntual e espontánea en Ortigueira, Carlos Blanco e Xosé Manuel Budiño idearon o espectáculo *iLalelo*, mestura dun monólogo humorístico con música rapeira caracterizado por sons electrónicos, novas tecnoloxías e comentarios sacados das redes sociais cuxo punto forte se di que é a improvisación e a interacción co público.

- RCG, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 10 marzo 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *iLalelo*, de Carlos Blanco e Xosé Manuel Budiño, no Club Clavicémbalo de Lugo.

- María L. Viñas, “Ilalelo’, humor 2.0 para o novo século”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Sei o que fixestes onte”, 3agosto 2012, p. 44.

Comenta o espectáculo *iLalelo*, de Carlos Blanco e Xosé Manuel Budiño, e salienta o carácter cómico dos monólogos e a súa relación coas redes socias.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 4 outubro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena de *iLalelo*, de Carlos Blanco e Xosé Manuel Budiño, no Auditorio de Burela.

- Ana Baena, “Una agenda con concentración de monologuistas en siete días”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 8 setembro 2012, p. 11.

Anuncia a representación do espectáculo iLalelo, de Carlos Blanco e Xosé Manuel Budiño, na sala Ensalle de Vigo.

Casahamlet: *Retallos*

Centro Dramático Galego: *O profesional*, texto Dusan Kovacevic, dirección Manuel Guede

Recensións:

- Inma López Silva, “A volta ao teatro da sinxeleza”, *Tempos Novos*, n.º 186, “Teatro”, novembro 2012, pp. 87.

Recensiona a posta en escena da peza *O profesional* (2007), de Manuel Guede, coa que inaugura o seu labor de dirección á fronte do CDG. Destaca o intento de recuperación do vínculo entre a produción cultural galega e a Lusofonía, a interpretación de Ernesto Chao e Miguel Pernas e a escenografía de José Carvalho Araújo.

- Camilo Franco, “Con distancia do convencional”, *La Voz de Galicia*, *Fugas*, “Teatro”, 5 outubro 2012, p. 8.

Ábrese a nova salientando o mes de outubro como época do ano clave para as artes escénicas en Galicia por mor da celebración de tres grandes festivais, os cales se van comentado. Finalmente, noutra sección da nova, coméntase o argumento da peza *O profesional*, de Dusan Kovacevic, posta en escena coa que o CDG abre a súa nova tempada. Dise asemade que o cartel vai encabezado por Ernesto Chao e Miguel Pernas.

- Camilo Franco, “O mariscal do texto”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 outubro 2012, p. 28.

Critica que na peza *O profesional*, representada polo Centro Dramático Galego, estea todo contado e que “quizais a enerxía que require o textual na obra asfixie outras posibilidades”.

Referencias varias:

- Xabier Sanmartín C., “Guede retoma ‘O profesional’ para abrir su nueva etapa como director del CDG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/Sociedad/Ciencia/Cultura/Ocio”, 16 maio 2012, p. 40.

Dise que o novo director do CDG, Manuel Guede, abre a segunda tempada da compañía retomando unha obra que xa tiveran en cartel anos atrás. Coméntase que *O profesional* foi un grande éxito no seu momento e, a seguir, refírense as verbas do director nunha rolda de prensa con respecto ao abaratamento de custos que implica o retomar a peza.

- Carmen Villar, “Manuel Guede dirigirá ‘O profesional’, la única producción del CDG para este año”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 16 maio 2012, p. 63.

Saliéntase o abaratamento de custos que Manuel Guede, novo directo do CDG, pretende acadar retomando unha obra representada anteriormente, *O profesional*. Coméntase que a obra, baseada en textos de Dusan Kovacevic, foi un grande éxito no seu momento. Finalmente, alúdese a contextualización da peza, o Belgrado de 1990.

- Iago Martínez Santiago, “Guede recicla una obra antigua dirigida por él para ‘salvar’ el teatro público”, *El País*, “*Galicia*”, 16 maio 2012, p. 6.

Dáse conta da recuperación dunha obra de teatro xa levada a escena anteriormente polo CDG, *O profesional*. Coméntanse certos cambios que están a ter lugar na organización do CDG e, finalmente, fálase da composición do elenco e da xira prevista para a obra en Galicia.

- Tamara Montero, “El CDG buscará optimizar los recursos en sus montajes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 maio 2012, p. 39.

Refírense algunhas estratexias de economización de recursos que o novo director do CDG, Manuel Guede, está a poñer en práctica. Entre elas atópase a recuperación dunha obra antiga, *O profesional*.

- Óscar Iglesias, “A pesar de la leyenda urbana, creo tener capacidad para el diálogo”, *El País*, “*Galicia*”, 24 maio 2012, p. 6.

Entrevista a Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego, na que conversan sobre a súa traxectoria como director desta compañía pública e a representación da obra *El profesional*.

- Inma López Silva, “O urxente é existir”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 71, “Entrevistas”, verán 2012, pp. 15-19.

Reprodúcese unha conversa con Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego, na que se fala das circunstancias da compañía pública e dos seus proxectos futuros. Reflexiónase sobre como se vai definir a galeguidade d’*O profesional*, que lle vai aportar a recuperación deste espectáculo ao teatro galego e que diferenzas vai haber entre o espectáculo portugués e o galego.

- Lorena Franco Bouza, “El Centro Dramático dedicará a Vidal Bolaño su nueva temporada”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 xullo 2012, p. 33.

Sinala que a montaxe O profesional inaugura a temporada escénica 2012-2013 do Centro Dramático Galego e informa doutras pezas que esta compañía levará á escena.

- Iago Martínez, “El teatro público quiere ahorrar escenificando obras con becarios”, *El País*, “*Galicia*”, 15 agosto 2012, pp. 1, 5.

Denuncia que a metade das obras previstas para ser representadas polo Centro Dramático Galego durante o ano 2013 van ser interpretadas por bolseiras e bolseiros da Escola Superior de Arte Dramática de Vigo e non por medio de contratos laborais.

- J. Arias, “El otoño llega cargado de teatro cien por cien gallego”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 agosto 2012, p. 11.

Informa da programación para o outono do centro cultural Novacaixagalicia, entre a que salienta a obra *O profesional*, do Centro Dramático Galego.

- V. Plaza, “El CDG inicia los ensayos en Santiago de ‘O profesional”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, Sociedad, Ciencia, Cultura, Ocio”, 5 setembro 2012, p. 41.

Informa de que o Centro Dramático Galego iniciou os ensaios da súa nova montaxe teatral.

- Óscar Iglesias, “El CDG comenzó los ensayos sin contratos de actores”, *El País*, “*Galicia*”, 6 setembro 2012, p. 6.

Comenta que o inicio dos ensaios da obra *O profesional*, do Centro Dramático Galego, comezaron sen os debidos contratos actorais.

- Lourdes Varela, “Non teño a sensación de volver ao CDG, senón a de chegar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 427, 27 setembro 2012/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 379, 6 outubro 2012, “Entrevista”.

Entrevista a Manuel Guede sobre a súa volta á dirección do Centro Dramático Galego.

- Camilo Franco, “O CDG estrea nova etapa cunha reflexión sobre o poder”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 outubro 2012, p. 36.

Sinala, entre outras cuestións, que a nova etapa do Centro Dramático Galego está marcada polas circunstancias de ter que axeitarse a un orzamento “necesariamente curto”.

- Camilo Franco, “Por quen ouvean as sirenas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Vai por aí”, 5 outubro 2012, p. L7.

Alude á visión que presenta a obra *O profesional*, do Centro Dramático Galego, do labor policial.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 5 outubro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *O profesional*, do Centro Dramático Galego, no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- RCG, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 21 outubro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Salón Teatro de Santiago de Compostela da obra *O profesional*, a cargo do Centro Dramático Galego.

- MF Vieites, “Teatro e capital humano”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 431, “Teatro”, 25 outubro 2012, p. VIII.

Comenta algunhas representacións teatrais que tiveron lugar nos últimos meses, entre as que destaca a posta en escena de *O profesional*, do Centro Dramático Galego.

- Mar Mato, “El CDG retrata la sociedad terminal de la antigua Yugoslavia en ‘O profesional”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 30 outubro 2012, p. 59.

Sinala que a peza *O profesional*, do Centro Dramático Galego, trata das relacións entre os seres humanos.

- S. J., “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 30 outubro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Centro Cultural Novacaixagalicia de Vigo da peza *O profesional*, do Centro Dramático Galego.

- C. S., “El Centro Dramático Galego representa ‘O profesional”, *Atlántico Diario*, p. 52/ *La Región*, “Galicia: agenda cultural”, “Sociedad”, “Teatro”, 1 novembro 2012, p. 52.

Dá conta da posta en escena da obra *O profesional* a cargo do Centro Dramático Galego no Teatro Principal de Ourense.

- Xosé Carlos Caneiro, “O profesional”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, “A outra mirada”, “Club dandi”, 10 novembro 2012, p. 11.

Comenta a satisfacción e o orgullo que como galego sente á hora de contemplar a obra *O profesional*, do Centro Dramático Galego, que caracteriza de “contundente” e “espléndida na dramaturxia”.

- Marta García Márquez, “Sobre chan de cortiza e nichos baleiros”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 4 decembro 2012, p. 12.

Anuncia a representación da obra *O profesional* a cargo do Centro Dramático Galego, no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e indica que trata dos temas universais.

- RCG, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 4 decembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da representación da peza *O profesional*, do Centro Dramático Galego, no Teatro Rosalía da Coruña.

- RCG, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 5 decembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena da peza *O profesional*, do Centro Dramático Galego, no Teatro Rosalía da Coruña.

- J. A. Martínez Sevilla, “El profesional”, *Diario de Arousa*, p. 23/ *El Ideal Gallego*, p. 24, “Opinión”, “La columna”, 6 decembro 2012,.

Critica a falta de conexión co público da representación da peza *O profesional*, do Centro Dramático Galego.

- R. L., “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 23 decembro 2012, p. 82.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Auditorio Hernán Naval, da peza *O profesional*, a cargo do Centro Dramático Galego.

César Cambeiro, “Montego”: *Estado crítico. Que sabemos do cariño*

Ver Cangas, XXIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Chévere Teatro (1): *I'll be watching you*

Referencias varias:

- S. E., "Teatro contra la violencia de género en Pontecesures", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 367, 3 novembro 2012, p. 11.

Informa de que a compañía de teatro Chévere está a levar a cabo unha serie de actuacións, baixo o título *I'll be watching you*, de carácter pedagóxico contra a violencia de xénero.

Chévere Teatro (2): *Ultranoite*

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Nada é sen parodia", *La Voz de Galicia*, *La Voz de Santiago*, "Área Metropolitana", 15 abril 2012, p. L7.

A nova xira en torno ás *Ultranoites*, espectáculos de índole satírica e humorística en torno á realidade social e política do momento en Galcia que Chévere Teatro organiza no concello de Teo.

- R. L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 5 xullo 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da representación nos xardíns do Pazo de San Marcos, en Lugo, da peza *Ultranoite*, a cargo de Chévere Teatro.

- Sonia Dapena, "O espírito da mítica sala Nasa achega á cidade o amor polo 'teatro do pincho", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 11 outubro 2012, p. 17.

Informa da representación do espectáculo *Ultranoite*, da compañía Chévere, no Fórum Metropolitano da Coruña.

Chévere Teatro (3): *Eurozone*

Referencias varias:

- S. C., "El Colegio de Arquitectos y Chévere unen fuerzas", *El Correo Gallego*, "Santiago", 16 outubro 2012, p. 25.

Dá a coñecer que a compañía de teatro Chévere e o Colexio de Arquitectos de Galicia convocan un concurso de ideas para seleccionar unha proposta de espazo escénico para a peza *Eurozoone*.

As **Churras**: *Triloxía Clitemnestra-Electra-As Furias*

Referencias varias:

- C. G., " Triloxía de As Churras na zona C de Bonaval", *El Correo Gallego*, "Santiago", 12 outubro 2012, p. 21.

Dise que o colectivo As Churras levará a escena en diferentes datas o seu novo traballo *A Triloxía: Clitemnestra-Electra-As Furias* no parque de Bonaval de Santiago de Compostela.

- S. C., " Trilogía basada en 'La Orestíada' en la zona C", *El Correo Gallego*, "Santiago", 13 outubro 2012, p. 25.

Dise que o colectivo As Churras levará a escena en diferentes datas o seu novo traballo *A Triloxía: Clitemnestra-Electra-As Furias* no parque de Bonaval de Santiago de Compostela. A seguir achégase brevemente o argumento.

- Camilo Franco, "As fillas de Helena", *La Voz de Galicia*, *La Voz de Santiago*, "Santiago", "Vai por aí", 11 outubro 2012, p. L6.

Reflexión sobre a desconfianza con motivo da triloxía que As Churras ten en cartel: *A Triloxía: Clitemnestra-Electra-As Furias*. Coméntase asemade que cada unha das pezas xira en torno un personaxe feminino que achega a súa historia ao público mediante unha fusión de videocreación e *performance*.

- L. F. B., "A nosa non é unha proposta teatral ao uso, é máis experimental", *La Voz de Galicia*, *La Voz de Santiago*, "A pie de calle", 10 outubro 2012.

Anúnciase a proposta experimental que As Churras representarán en diversas ocasión no parque de Bonaval de Compostela: *A Triloxía: Clitemnestra-Electra-As Furias*. Dise que os textos están baseados no clásico *A Orestíada* de Esquilo.

Clara Gayo, Rocío González e Rula Blanco: *Queda terminantemente prohibido sufrir nas paredes*, texto Clara Gayo

Confetti Brothers Productions: *Hospital de sangue*

Referencias varias:

- M. G. M., "Confetti Brothers Productions llevará el género del terror al Fórum", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 29 maio 2012, p. 13.

Anúnciase a preparación da nova posta en escena de Confetti Brothers, *Hospital de sangue*, e dise que a través de cinco personaxes encerradas nunha habitación de hospital

a compañía levará o pouco traballado xénero do terror aos escenarios. A seguir, refírese o argumento máis detalladamente e fálase das personaxes. E, finalmente, trátase a xira que a compañía ten prevista.

- Díaz, Noelia, "El teatro debe funcionar por éxito de público, no por subvenciones", *La Opinión*, "A Coruña", 6 xuño 2012, p. 11.

Entrevista a Willy Eter, actor e director de Confetti Brothers, con motivo da próxima estrea da compañía, *Hospital de sangue*. Nela fálase da viabilidade do xénero de terror nos escenarios, ao que pertence a antedita peza, e da creación da compañía.

Demolicións Ferreira&Cía: *Edison, ou dúas mil demostracións de cómo non facer unha lámpada eléctrica*, texto Gena Baamonde, Areta Bolado, María Roja e Eva F. Ferreira; dirección Eva F. Ferreira

Ver FITO, Vº Festival Internacional de Teatro de Ourense
Ver Vigo en bruto

Encena Producións Artísticas: *A gaivota*, texto Antón Chéjov

EscénaTe: *Mambo*, texto Juan Antonio Castillo, dirección Xoán Abreu

Recensións:

- Mar Mato, "Amor, poder y sexo confluyen en 'Mambo', una obra con 16 palabras", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", 10 febreiro 2012, p. 63.

Saliéntase a orixinalidade e intelixencia dunha obra que se constrúe ao redor de soamente dezaseis palabras: *Mambo*, peza con texto de Juan Antonio Castillo que Escena T representa. Dise que a temática xira en torno ao amor, sexo e poder transmitidos esencialmente por medio da linguaxe corporal nunha posta en escena caracterizada pola economía lingüística e de recursos. Para rematar, dá conta do argumento.

- M. V. García, "Emprender coa palabra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 405, "Teatro", 1 marzo 2012, p. VIII.

Tras reflexionar sobre o significado da palabra 'emprender' en relación á crise social, económica, ética e moral na que se sume o país, sobre o que se refire a necesidade de novos 'emprendedores' de cara a superar tal crise, salienta a posta en escena *Mambo* como unha proposta escénica de calidade que xurde a partir de elementos básicos e escasos pois é unha obra intelixente que saca partido da interacción co público, é teatro con recursos mínimos. Saliéntase que a obra se constrúe arredor de doce palabras a partir das cales se tratan diversas temáticas de forma enxeñosa, orixinal e significativa.

- Inma López Silva, “Delirante”, *Tempos Novos*, n.º 183, “Crítica”, “Teatro”, agosto 2012, p. 74.

Recensiona a peza de carácter experimental *Mambo*, grafada por Juan Antonio Castillo, dirixida por Xoán Abreu e representada por Escéna Te. Critica a desconsideración perante o público por parte do espectáculo, e salienta, ao contrario, a interpretación de Machi Salgado, Fran Peleteiro e Antela Cid. Remata cun apuntamento sobre a trama.

Referencias varias:

- Ana Baena, “Con 16 palabras una hora de teatro a base de ‘Mambo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 febreiro 2012, p. 10.

A nova achega nove das dezaseis palabras que se pronuncian na nova posta en escena de Escena T, *Mambo*, un espectáculo teatral cualificado de transgresor e minimalista do que ademais se comenta o argumento.

Escoitade Teatro: *A fatídica festa do ano da serpe*

Ver Vigo, Xª Semana de Teatro Afeccionado de

Referencias varias:

- Natalia Álvarez, “Escoitade, cuarenta años de pasión por el teatro”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 costados*”, 25 setembro 2012, p. 8.

Comenta a historia da compañía EscoitadeTeatro e dá conta da estrea da peza *A fatídica festa do ano da serpe.*

Teatro da **Esmorga**: *Eu mataríame mais... non lle vexo futuro*

Ver Cangas, XXIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Espello Cóncavo: *Tres no bambán*, texto Luigi Lunari, dirección Arturo López

Ver Sen Numerar
Ver Vilamarín, XXVas Noites Teatrais de

Referencias varias:

- E. G., “Tui mantiene el nivel de su programa cultural en el primer semestre pese al menor presupuesto”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 27 xaneiro 2012, p. 16.

Coméntase a programación prevista para o primeiro semestre do ano no concello de Tui, con respecto ao que se salienta a súa calidade independentemente da crise económica. Dise que se levarán a escena as seguintes representacións: *Citizen 1 (maioría silenciosa)*, por Chévere Teatro; *Tango*, por Sarabela Teatro; *Pío*, por Caramuxo Teatro, e *Tres no bambán*, por Espello Cóncavo. Anúnciase asemade a IV Semana do Teatro Afeccionado de Tui.

- J. Arias, "El otoño llega cargado de teatro cien por cien gallego", *Atlántico Diario*, "Vigo", 23 agosto 2012, p. 11.

Informa da programación para o outono do centro cultural Novacaixagalicia, entre a que salienta a obra *Tres no bambán*, de Espello Cóncavo.

- Adrián Amoedo, "La cultura gallega está sometida a un maltrato constante hoy en día", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 11 setembro 2012, p.59.

Entrevista ao director teatral da compañía Espello Cóncavo, Arturo López.

- Belén López, "Teatro co prezo xusto en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 setembro 2012, pp. 50-51.

Informa de que o Concello de Pontevedra manterá o prezo das entradas da súa programación escénica como en anos anteriores.

- D. R., "La Casa da Cultura acoge la obra 'Tres no Bambán", *El Ideal Gallego*, "Sada", 26 outubro 2012, p. 22.

Informa da representación da obra *Tres no bambán*, de Espello Cóncavo, na Casa da Cultura de Sada.

- Nuria Martínez, "A obra 'Tres no bambán' chega hoxe a Pontevedra da man de Espello Cóncavo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 3 novembro 2012, p. 61.

Anuncia a posta en escena da obra *Tres no bambán*, de Espello Cóncavo.

- Cuca M. Gómez, "Un día sin salir de casa y como nueva", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 5 novembro 2012, p. 62.

Entre outros asuntos, informa da representación da peza *Tres no bambán*, por Espello Cóncavo.

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 2 decembro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena da peza *Tres no bambán*, de Espello Cóncavo, no Auditorio Hernán Naval de Ribadeo.

Estíbaliz Veiga e Jose Losada: *Boas de máis*

Referencias varias:

- Luis P. Ferreiro, , "Los multicines llegan al teatro", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 11 abril 2012, p. 13.

Explícase en qué consiste o proxecto "microteatro" que se desenvolverá na sala coruñesa La Tuerka, unha proposta innovadora segundo a que se representarán até tres pezas teatrais a un tempo en diferentes salas, ao xeito do cinema. Dise que unhas das postas en escena será *Boas de máis*, por Estíbaliz Veiga e José Losada.

- Marta García Márquez, "Historias exprés para mentes cansadas", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 25 abril 2012, p. 15.

Tras explicar o concepto de microteatro e dicir que se está a poñer en práctica na sala coruñesa La Tuerka, dise que *Boas de máis* será unha das pezas participantes. A seguir, coméntase o argumento, do que salienta a comunicación co público.

Expresións Producións (1): *A miña sogra*

Expresións Producións (2): *Trío de ases*

Ver Cambados, Ciclo de Teatro para adultos

Farandoleiras Cabaré: *Apocacripse 2012*, dirección Clara Gayo

Femme Fatale: *Brancas*

Ver Ourense, XVIª Mostra de Teatro de Rúa de

Femme Fatale: *Unha cadeira para mover o mundo*, dirección Nelson Quinteiro

Referencias varias:

- Lucía Á. Gromaz, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 19 xullo 2012, p. 68.

Entre outras actividades, anúnciase a representación nos xardíns da Deputación de Lugo do espectáculo *Unha cadeira para mover o mundo*, de Femme Fatale.

- Víctor Manuel Riveiro, "Cinco mujeres fatales calientan Lugo con el cabaret", *El Progreso*, "*deVerano*", 20 xullo 2012, p. 2.

Comenta que a compañía Femme Fatale recuperou no espectáculo *Unha cadeira para mover o mundo* o ambiente decadente do París do Moulin Rouge e o Berlín dos anos 30.

Teatro **Galileo**: *Desfeitos*, texto Feve Chaves, dirección Pedro Rubín

Referencias varias:

- Belén López, "Teatro co prezo xusto en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 setembro 2012, pp. 50-51.

Informa de que o Concello de Pontevedra manterá o prezo das entradas da súa programación escénica como en anos anteriores.

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 5 decembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Teatro Principal de Ourense da peza *Desfeitos*, a cargo de Teatro Galileo.

IlMaquinario Teatro: *O home almofada*, texto Martin McDonagh, dirección Tito Asorey

Ver Carballiño, XXIIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)
Ver FITO, Vº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Recensións:

- MF Vieites, "Poética du desacougo atroz", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 426, "Teatro", 20 setembro 2012, p. VIII.

Reflexiona sobre diferentes perspectivas teóricas do teatro a partir da representación da obra *O home da almofada*, de Il Maquinario Teatro.

Isabel Risco: *Nabiza Girl e unha viaxe espacial*

Ver Noites do conto

Isi e Patricia Vázquez: *Dous son parella... e o demais son calumnias*

Ver Laracha, Venres Teatrais 2012

Isla Le Triska: *Le Triska Inmóbile*

Ver Cee, XXVª Mostra de Teatro de

IT-Eatro: *A túa tenrura. Molotov*, texto Gustavo Ott, dirección Alejandro Albaiceta

José Losada, Antía Otero e José Leis: *O corralón de comedias*, texto Jacobo Paz

Leda Eventos Teatrais: *Dependencias*

Referencias varias:

- M. R., "Unha obra de teatro abre o programa do magosto dos veciños de Lanzós", *El Progreso*, "A Chaira", "Vilalba", 18 novembro 2012, p. 13.

Informa da representación da peza Dependencias, de Leda Eventos Teatrais dentro do marco do magosto da parroquia vilalvesa de Lanzós.

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 24 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Dependencias*, de Leda Eventos Teatrais, en Lanzós (Vilalba).

Malasombra Teatro (1): *Non é tan fácil*, texto Paco Mir, dirección Marcos Orsi

Ver Sada, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado
Ver Vilamarín, XXVas Noites Teatrais de

Referencias varias:

- Cecilia Martínez, "Una adaptación de la obra 'No es tan fácil', de Paco Mir, llega al Auditorio de Cangas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 223, "O Morrazo", "Cangas", 20 outubro 2012, p. 5.

Anuncia a representación da peza *Non é tan fácil* a cargo de Malasombra Teatro no Auditorio de Cangas.

Malasombra Teatro (2): *Smoke city. A cidade do fume*, texto José Luis Prieto, dirección Marcos Orsi

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Manuel Manquiña e Luis Zahera: *Monólogos inocentes*, texto e dirección Etiqueta Negra

Ver Carballiño, XXIIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Referencias varias:

- M. G. M., "El teatro Colón programará hasta ocho espectáculos gallegos en diciembre", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 20 novembro 2012, p. 12.

Entre outras actividades culturais dise que se poderá ver no teatro Colón da Coruña a representación *75 puñaladas, un suicidio sospeitoso*, por Miro Magariños, e o monólogo de Manquiña.

- Alexandra Moledo, "A cultura galega é a protagonista da oferta do Teatro Colón para decembro", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 20 novembro 2012, p. 12.

Entre outras actividades culturais dise que se poderá asistir no teatro Colón da Coruña aos mellores monólogos de Manuel Manquiña.

Mariclown: *A vida de Rosa. Día tras día*, texto Lino Braxe e Marta Villar; dirección Mariclown

Mario Iglesias: *A terapia exposta*, texto e dirección Mario Iglesias

Recensións:

- Mónica Molanes Rial, "Mínimos máximos", *Revista Galega de Teatro*, n.º 72, "Espectáculos", outono 2012, pp. 23-26.

Coméntase que "Microteatro por casa" é unha proposta que puxeron en marcha en Cangas María Salgueiro, Vanesa Sotelo, Mighello Blanco e Sé Rial e que se suma a outras iniciativas deste tipo que se teñen levado a cabo noutras cidades españolas. Indícase que se compón de dúas pezas breves de quince minutos cada unha que se poñen en escena para un público reducido no interior dunha casa antiga do casco vello da localidade. Con respecto a *A terapia exposta*, sinálase que trata da loucura e das xenreiras persoais dende unha perspectiva cómica e que o máis salientábel é a interacción co público. Critícase que a forza coa que arranca a primeira parte da obra vai esmorecendo segundo avanza a representación e que o humor e os diálogos resultan, en ocasións, algo simples.

Referencias varias:

- Fernando Franco, "Al nanoteatro de Cangas", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 4 setembro 2012, p. 9.

Anúncianse as representacións *Paus de Cego* e *A Terapia Exposta* en Cangas, das que asemade se achega brevemente o argumento.

Miro Magariños: *75 puñaladas, un suicidio sospeitoso*

Referencias varias.

- M. G. M., "El teatro Colón programará hasta ocho espectáculos gallegos en diciembre", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 20 novembro 2012, p. 12.

Entre outras actividades culturais dise que se poderá ver no teatro Colón da Coruña a representación *75 puñaladas, un suicidio sospeitoso*, por Miro Magariños, e o monólogo de Manquiña.

- Alexandra Moledo, "A cultura galega é a protagonista da oferta do Teatro Colón para decembro", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 20 novembro 2012, p. 12.

Entre outras actividades culturais dise que se poderá ver no teatro Colón da Coruña a representación *75 puñaladas, un suicidio sospeitoso*, por Miro Magariños.

Mofa e Befa (1): *Románticos!*

Ver Teatro&Danza

Recensións:

- J. A. Martínez Sevilla, "Románticos", *Diario de Arousa/ El Ideal Gallego*, "Opinión", "La columna", 11 decembro 2012, p. 24.

Comenta o espectáculo *Románticos*, de Mofa e Befa, con diversas alusións culturais á musica e á literatura.

Referencias varias:

- Lara Eiré, "Lo nuevo de Mofa&Befa llega al teatro Principal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 27 outubro 2012, p. 25.

Sinala que no espectáculo Románticos, o dúo Mofa e Befa ironizan sobre o espírito romántico.

- Lara Eiré, "Música clásica y mucho humor para despedir octubre", *El Correo Gallego*, "Santiago", 29 outubro 2012, p. 16.

Anuncia diversos eventos culturais que van ter lugar na cidade de Santiago de Compostela, entre os que salienta a posta en escena da obra *Románticos*, a cargo de Mofa e Befa.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 31 outubro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Teatro Principal de Santiago de Compostela da peza *Románticos!*, de Mofa e Befa.

- A. Iglesias, “Produccións Excéntricas en el Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 1 novembro 2012, p. 29.

Anuncia o espectáculo *Románticos*, protagonizado por Mofa e Befa, no Teatro Pincipal de Santiago de Compostela.

- M. G. M., “Mofa & Befa noquean ao romanticismo”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 5 decembro 2012, p. 14.

Anuncia a representación do espectáculo de Mofa e Befa *Románticos* no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

- RCG, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 7 decembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da representación de *Románticos!*, de Mofa e Befa, no Teatro Rosalía da Coruña.

Mofa e Befa (2): *Sempre ao lonxe*

Teatro do **Morcego**: *A función do tequila*, texto Manuel Guede, dirección Antonio Simón

Ver FIOT, XXIº Festival Internacional “Outono de Teatro” de Carballo
Ver Teatro&Danza
Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

Recensións:

- Raquel Iglesias, “Chulería mexicana con doses de intriga”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 xullo 2012, p. 28.

Trata os temas da obra *A función do tequila*, de Teatro do Morcego, e salienta a importancia que adquire a alusión a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao na historia.

- Marta Villar, “La oleirense de la CIA que espió a Castelao”, *La Opinión*, “Oleiros”, 9 setembro 2012, pp. 16-17.

Comenta a historia na que se basea o espectáculo *A función do tequila*, de Teatro do Morcego.

- Inma López Silva, “O sabor dos tequilas ben asentados”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 72, “Espectáculos”, outono 2012, pp. 31-33.

Coméntase que o personaxe protagonista, Jalisco tamén atraeu a Euloxio R. Ruibal con *O son da buguina* e a Fernando Salgado con *O Jalisco* e que nesta ocasión lle valeu a Manuel Guede o premio Rafael Dieste 2011. Indícase que a peza esmiúza a vida de José García Peña, Jalisco, a través dunha conversa complexa na que o feminicida múltiple se presenta tamén coma un espía vítima, dalgún xeito dos avatares dun tempo convulso. Saliéntase que a peza consegue non caer no simplismo de mitificar unha das mulleres mortas pola súa vinculación con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e que presenta a dificultade de construír un mundo escénico cargado de lirismo. Afírmase que a opción escollida para representar a presenza das fantasmas do pasado obriga ao espectador a dubidar da credibilidade da acción dramática e que, malia iso, se trata dunha proposta efectiva, cun ritmo ben marcado. Conclúese que un dos grandes acertos da produción radica na oscilación entre un realismo case naturalista e un simbolismo onírico.

- Inma López Silva, “Tequílica”, *Tempos Novos*, n.º 184, “Crítica”, “Teatro”, setembro 2012, p. 95.

Dá conta da posta en escena da nova peza de Manuel Guede, *A función do tequila*, a cargo da compañía Teatro do Morcego, co gallo do vixésimo quinto aniversario da súa creación. Sinala primeiramente o Premio Rafael Dieste que lle foi outorgado en 2011, para despois gabar o labor de dirección de Antonio Simón. Describe a trama e destaca a interpretación de Elena Luaces fronte á de Luísa Merelas. Salienta por último o lirismo da linguaxe.

Referencias varias:

- ECG, “El teatro Colón contará con Manquiña y Quico Cadaval”, El Correo Gallego, “Tendencias/Esquelas”, 28 agosto 2012, p. 44.

Salienta que na programación do Teatro Colón da Coruña estará *A función do tequila*, a cargo de Teatro do Morcego.

- Charo Alonso, “La vuelta al ‘cole’ de la cultura”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 1 setembro 2012, p. 10.

Dá conta das actividades culturais que se van desenvolver durante o mes de setembro nos teatros Colón e Rosalía de Castro da Coruña, entre as que salienta *A función do tequila*, a cargo de Teatro do Morcego.

- M. G. M., “No sé qué mecanismo tiene el ser humano para aliarse siempre con el mal”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 6 setembro 2012, p. 13.

Entrevista a Manuel Manquiña co motivo da súa actuación na peza *A función do tequila*, de Teatro do Morcego.

- R. L., “Manquiña, como el asesino Jalisco, en el Colón coruñés”, *El Progreso*, “*d-finde*”, “Agenda”, 7 setembro 2012, p. 5.

Comenta que a obra *A función do tequila*, de Teatro do Morcego, se basea no crime de Arillo, no que morreu a secretaria de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

- Belén López, "Teatro co prezo xusto en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 setembro 2012, pp. 50-51.

Informa de que o Concello de Pontevedra manterá o prezo das entradas da súa programación escénica como en anos anteriores.

- M. R., "La obra ganadora del premio Rafael Dieste en 2011 llega el sábado al auditorio vilalbés", *El Progreso*, "A Chaira", 26 setembro 2012, p. 21.

Anuncia a representación da peza *A función do tequila*, a cargo de Teatro do Morcego no auditorio municipal de Vilalba.

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 29 setembro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Auditorio Carmen Estévez de Vilalba da obra *A función do tequila*, a cargo de Teatro do Morcego.

- MF Vieites, "Teatro e capital humano", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 431, "Teatro", 25 outubro 2012, p. VIII.

Comenta algunhas representacións teatrais que tiveron lugar nos últimos meses, entre as que destaca a posta en escena de *A función do tequila*, de Teatro do Morcego.

- Nuria Martínez, "Manquiña volve á cidade convertido nun psicópata con 'A función do tequila", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura",14 decembro 2012, p. 66.

Sinala que a peza *A función do tequila*, de Teatro do Morcego, porá fina á temporada teatral en galego na cidade de Pontevedra.

Moncho Borrajo: *Golfus Hispánicus*

Referencias varias:

- Vidal, Nicolás, "Moncho Borrajo: 'Os meus límites no humor son a vulgaridade e a pedantería", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 19 xaneiro 2012, p. 12.

Entrevista a Moncho Borrajo sobre o seu regreso aos escenarios coa obra *Golfus Hispánicus*, que se representará no Jofre de Ferrol, unha peza en clave cómica sobre o desexo dun emperador romano de retornar a Hispania.

Teatro do **Noroeste** (1): *A tixola polo mango (muller, non é para tanto)*, texto Lola Correa, dirección Eduardo Alonso

Referencias varias:

- AIS, "La nueva obra de Teatro Noroeste en la sala SGAE", *El Correo Gallego*, "Santiago", 26 setembro 2012, p. 29.

Informa da posta en escena da peza *A tixola polo mango (muller, non é para tanto)*, de Teatro do Noroeste na sede da SGAE.

Teatro do **Noroeste** (2): *Romeo e Xulieta*, texto e dirección Eduardo Alonso

Referencias varias:

- María Yáñez Anllo, "Shakespeare en 140 caracteres", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 46 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", 2012, pp. 319-332.

Fai un repaso polas distintas adaptacións, representacións e reescrituras dirixida a un público adolescente da obra *Romeo e Xulieta* de William Shakespeare reparando na posta de *Romeo e Xulieta* de Teatro do Noroeste, da que apunta o nome dos seus protagonistas e algunhas notas sobre a escenografía.

O Fantabuloso Cine Ambulante dos Irmáns Lumieira: *Sesión n.º 1*, dirección Víctor Mosqueira

Pífano Teatro: *Winnie son eu*, texto e dirección María Armesto

Ver Cangas, XXIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Recensións:

- Tamara Montero, "O medo ao cambio visto a través do teatro do absurdo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por Aí", "Teatro", 11 maio 2012, p. L9.

Comeza aludindo ao medo ao cambio como o fío condutor da peza teatral que Pífano Teatro ten en cartel, *Winnie son eu*. A seguir, achégase o argumento da historia e saliéntase o carácter absurdo da mesma e ademais dise que a peza se baseou no teatro do absurdo de Samuel Beckett para a delineación da personaxe principal.

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 11 maio 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da estrea no Salón Teatro de Santiago de Compostela da peza *Winnie son eu*, de Pífano Teatro.

Pinga Teatro (1): *Casting tour*

Ver Armadiña Teatro, Ciclo

Pinga Teatro (2): *O bufón do reino*

Ver Armadiña Teatro, Ciclo

Quico Cadaval (1): *A vida dura*

Ver Cee, XXV Mostra de Teatro de

Quico Cadaval (2): *O negro Ismael*

Referencias varias:

- Rodri García, "Quico Cadaval, a cabeza que non para", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Fin de semana", 21 setembro 2012, p. 7.

Co motivo da representación da peza *O negro Ismael*, de Quico Cadaval, no Teatro Colón da Coruña, repásase a traxectoria deste actor na cidade herculina.

- M. G. M., "Cando conto 'O Negro Ismael' teño a sensación de estar nun mar embravecido", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 22 de setembro, p. 13.

Dá a coñecer a historia sobre a que se constrúe a peza *O negro Ismael*, de Quico Cadaval.

- Charo Alonso, "Menos a crise económica, todo era moi diferente nos anos 70", *La Opinión*, "A Coruña", 22 setembro 2012, p. 11.

Entrevista a Quico Cadaval co motivo do espectáculo *O negro Ismael* no Teatro Colón da cidade da Coruña. Conversan sobre a historia que acolle o conto.

Quico Cadaval (3): *Zona portuaria*

Ver Falabaratos. Monólogos, contos e outros shows

Referencias varias:

- Ramón González, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 9 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Zona portuaria*, de Quico Cadaval, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

Quico Cadaval, Carlos Blanco e Sergio Tannus Trío: *Carlos Blanco e Quico Cadaval*

Ver MITEU, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Raiola Teatro: *A man da santiña*, texto Ramón Cabanillas

Redrum Producciones: *Curriculum vitae*, texto Álex Sampayo, Borja F. Caamaño, Diego Ameixeiras, Araceli Gonda, Avelino González, Manolo Cortés e José Prieto; dirección Álex Sampayo

Ver Cambados, Ciclo de Teatro para adultos

Referencias varias:

- M. G. M., “Cuando el curriculum vitae es algo más que una memoria”, El Ideal Gallego, “A Coruña”, 7 novembro 2012, p. 14.

Dá a coñecer o argumento das cinco historias que forman o espectáculo *Curriculum vitae*, de Redrum Producciones.

Rubén Riós e Estíbaliz Veiga: *Ámsterdam*, texto Jacobo Paz, dirección Lúa Testa

Santiago Cortegoso: *Paus de cego*, texto Santiago Cortegoso, dirección Mighello Blanco

Recensións:

- Mónica Molanes Rial, “Mínimos máximos”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 72, “Espectáculos”, outono 2012, pp. 23-26.

Coméntase que “Microteatro por casa” é unha proposta que puxeron en marcha en Cangas María Salgueiro, Vanesa Sotelo, Mighello Blanco e Sé Rial e que se suma a outras iniciativas deste tipo que se teñen levado a cabo noutras cidades españolas. Indícase que se compón de dúas pezas breves de quince minutos cada unha que se poñen en escena para un público reducido no interior dunha casa antiga do casco vello da localidade. Saliéntase que *Paus de cego* é a proposta que resulta máis complexa e

interesante para o espectador porque non se queda só nunha protesta superficial sobre dous tipos de crise, a económica e a amorosa, senón que profunda nunha reflexión autocrítica e sen maniqueísmo, chea de tensión dramática que alterna momentos de comicidade e ironía con episodios dramáticos.

Referencias varias:

- Fernando Franco, "Al nanoteatro de Cangas", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 4 setembro 2012, p. 9.

Anúncianse as representacións *Paus de Cego* e *A Terapia Exposta* en Cangas, das que asemade se achega brevemente o argumento.

Sarabela Teatro: *Viaxe a ningunha parte*, texto Fernando Fernán-Gómez, dirección Ánxeles Cuña Boveda

Ver FIOT, XXIº Festival Internacional "Outono de Teatro" de Carballo

Recensións:

- Lalo Pavón, "El oasis de Sarabela", *La Región*, "Ourense", 27 setembro 2012, p. 12.

Loa a calidade e o cálido da representación de *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro, e dedica frases de fonda admiración ao traballo desta compañía teatral. Comenta os temas que desenvolve a historia e relaciónaos coa situación social actual.

- Xosé Carlos Caneiro, "Sarabela", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 408, "A outra mirada", "Club dandi", 13 outubro 2012, p. 9.

Comeza reflexionando sobre o carácter transformador do teatro e pasa a realizar unha crítica ao esquecemento desta materia nos plans educativos. A continuación, pasa a comentar a peza *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro, e salienta a calidade da interpretación. Por último, posiciónase a favor do teatro e afirma que é moi necesario para a sociedade e o país.

Referencias varias:

- Olalla González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 21 setembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á representación no Auditorio de Ourense da peza *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro.

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 23 setembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio de Ourense da obra *Viaxe a ningunha parte*, a cargo de Sarabela Teatro.

- C. S., “El viaje a ninguna parte’, nuevo montaje de Sarabela”, *Atlántico Diario*, p. 69/ *La Región*, p. 60, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, “Teatro”, 27 setembro 2012.

Sinala que a nova montaxe de Sarabela Teatro, *Viaxe a ningunha parte*, trata dun grupo de actores durante o franquismo.

- Víctor Manuel Rivero, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 27 setembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena no Auditorio de Ourense da obra *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro.

- Olalla González, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 28 setembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Auditorio de Ourense da obra *Viaxe a ningunha parte*, a cargo de Sarabela Teatro.

- M. Mato, “Sarabela homenajea en Vigo a Fernán Gómez con ‘Viaxe a ningunha parte”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 novembro 2012, p. 43.

Anuncia a representación da obra *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro, en Vigo e comenta que esta peza lembra aos cómicos da posguerra española.

Sergio Pazos: *Sé galego, my friend*

Ver Carballiño, XXIIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)
Ver Falabaratos. Monólogos, contos e outros shows

Recensións:

- Franco, Camilo, “Serxio Pazos define os galegos”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Galicia Fin de Semana”, 23 marzo 2012, p. 8.

A nova achégase á condición de ser galegos mediante a actuación que Serxio Pazos ten en cartel, *Sé galego, my friend*. Dise que Serxio Pazos pretende afondar na identidade do galego e recuperar a tradición de contar historias. A seguir coméntase a orixe da idea para tal espectáculo e saliéntase que está especialmente destinado para un estudio de televisión e, finalmente, afóndase nas reflexións de Serxio Pazos sobre a perspectiva que dos galegos se ten dende outras olladas.

Referencias varias:

- ECG, “Monólogo de Sergio Pazos en el teatro Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 marzo 2012, p. 28.

Infórmase da representación *Sé galego, my friend*, por Serxio Pazos, no Teatro Principal de Santiago achegando datos sobre a venda de localidades.

- ECG, "Sergio Pazos en Correo TV antes de despedirse del Teatro Principal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 23 marzo 2012, p. 20.

Anúnciase a última representación de *Sé galego, my friend*, por Sergio Pazos, e tamén a súa participación en Correo TV para tratar o mesmo tema ademais dos seus vindeiros proxectos.

- J. M. R., "El espectáculo 'Sé galego, my friend' de Sergio Pazos, en el Sábado Cultural", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 25 abril 2012, p. 31.

Dise que Serxio Pazos representará o seo espectáculo *Sé galego, my friend* no marco do ciclo Sábados Culturais de Cee.

- De Santos, Ágatha, "Hoy, te tomas la política con humor o coges un kalashnikov y te lías a tiros", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", 18 maio 2012, p. 59.

Entrevista a Serxio Pazos con motivo do seu espectáculo *Sé galego, my friend* na que se trata a condición de ser galego que o actor trata no seu monólogo e se salienta o carácter politicamente incorrecto.

- Baena, Ana, "La pareja romántica de Abel Caballero y Carmela Silva es lo que más me gusta de Vigo", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 19 maio 2012, p. 13.

Tras referir brevemente a traxectoria profesional de Serxio Pazos, achégase unha entrevista co actor en torno ao seu monólogo *Sé galego, my friend* na que se fala da temática do monólogo, a interacción co público e a versatilidade do actor.

- L. P., "La Noite Meiga tendrá tres actuaciones musicales y un monólogo de Sergio Pazos", *El Progreso*, "Sarria", 10 agosto 2012, p. 10.

Dá conta da actuación de Sergio Pazos co espectáculo *Sé galego, my friend*, dentro dos actos da Noite Meiga de Sarria.

- María Celeiro, "A retranca, coma o idioma, vai tracando influída polos novos tempos", *El Progreso*, "deVerano", "Entrevista", 23 agosto 2012, p. 36.

Entrevista a Sergio Pazos co motivo da posta en escena de *Sé galego, my friend.*

- C. S., "Sergio Pazos y su retranca, en 'Se galego, my friend", *Atlántico Diario*, p. 53/ *La Región*, p. 52, "Sociedad", "Galicia: agenda cultural", "Teatro", 4 outubro 2012,.

Anuncia a actuación de Sergio Pazos no Teatro Pincipal de Ourense co espectáculo *Sé galego, my friend.*

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 6 outubro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Teatro Principal de Ourense da obra *Sé galego, my friend*, a cargo de Sergio Pazos.

- Lorena de la Torre, "Los monologuistas somos un poco aspiradoras, esponjas de lo que pasa en la calle", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 7 outubro 2012, p. 85.

Comenta o espectáculo *Sé galego, my friend*, de *Sé galego, my friend.*

- Ana Baena, "Circo, danza, ópera o humor, en el puente de Todos los Santos", *Atlántico Diario*, "Vigo", 2 novembro 2012, p. 10.

Entre as diversas actividades culturais programadas para a ponte de Todos os Santos, anuncia a actuación de Sergio Pazos no Galo do Vento con *Sé galego, my friend*.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 2 novembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Cine Alovi das Pontes da peza *Sé galego, my friend*, de Sergio Pazos.

- Fernando Franco, "Sergio Pazos, my friend", *Faro de Vigo*, "Vigo", 3 novembro 2012, p. 8.

Anuncia a actuación de Sergio Pazos no Galo do Vento con *Sé galego, my friend.*

- Fernando Franco, "La noche de Sergio en el Galo", *Faro de Vigo*, "Vigo", 8 novembro 2012, p. 10.

Dá conta da actuación de Sergio Pazos no Galo do Vento con *Sé galego, my friend*.

- P. F. E., "Sergio Pazos abre el programa de Navidad 2012 en Nigrán", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Val Miñor", 20 decembro 2012, p. 19.

Informa de que Sergio Pazos actuará en Nigrán co seu espectáculo *Sé galego, my friend*, dentro das actividades de Nadal que organiza o Concello.

- A. de Santos, "Fin de semana cultural y solidario", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 21 decembro 2012, p. 50.

Entre as actividades culturais da fin de semana, salienta o espectáculo *Sé galego, my friend*, de Sergio Pazos.

Sther F. Carrodeguas: *Fantasía n.º 1 en do menor (Un proxecto case teatral)*

Ver FITEU, XVIIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Talía Teatro: *O método Gronhölm*, texto Jordi Galcerán, adaptación Artur Trillo, dirección Xúlio Lago

Ver FIOT, XXIº Festival Internacional "Outono de Teatro" de Carballo
Ver Riveira, Mostra de Teatro de
Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

Recensións:

- Camilo Franco, "A este lado do absurdo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 outubro 2012, p. 41.

Comenta a representación da peza *O método Gronhölm* a cargo da compañía Talía Teatro.

Referencias varias:

- M. C. S., "Mercado laboral en clave teatral", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 10 outubro 2012, p. 18.

Anuncia o espectáculo *O método Gronhölm* da compañía Talía Teatro no marco do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT).

Ti e máis eu Teatro: *Para que serven os homes*

Ver Asociación de mulleres "Amistad", XVIIº Mes do Teatro da

Tirita Producións: *Faraoas*, texto e dirección Roi Vidal Ponte

Ver Cabaré, VIIº Festival Galego de
Ver Cee, XXVª Mostra de Teatro de
Ver FITEU, XVIIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Recensións:

- Franco, Camilo, "Non podes enganar a ninguén se non te enganas ti mesmo", *La Voz de Galicia*, *La Voz de Santiago*, "Santiago", "Vai por Aí", 16 marzo 2012, p. L8.

Nun aparte, e con motivo da posta en escena *Faraoas*, por Espello Cóncavo, o autor realiza unha reflexión sobre o papel da memoria na vida humana.

- Inma López Silva, "Cabareteiras no deserto", *Tempos Novos*, n.º 182, "Crítica", "Teatro", xullo 2012, p. 78.

Dá conta da posta en escena do espectáculo *Faraoas*, cuxo texto e dirección pertencen a Roi Vidal. Indica que a representación correu a cargo da compañía Tirita e describe a súa trama, destacando a nova visión que lle confire ao teatro, a mestura de linguaxes realistas e propios do cabaré, e a capacidade de manter de xeito constante a atención de espectadores e espectadoras. Salienta finalmente a interpretación das actrices, a escenografía e a iluminación.

Traspediante: *Baleadas*

Ver **Cee**, XXVª Mostra de Teatro de

Aula de Teatro da **USC**: *Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira a meu fillo*, texto Rodrigo García, adaptación literaria e dirección Roberto Salgueiro

Referencias varias:

- A. I. S., "Pruebas de selección para Teatro, Coro y Orquesta", *El Correo Gallego*, "Santiago", 18 setembro 2012, p. 26.

Entre outros anuncios, dise que a Aula de Teatro da USC está próxima a iniciar a selección do seu elenco para a vindeira posta en escena *Agamenón volve do supermercado e malla no fillo*.

- VMR, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 17 decembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira a meu fillo*, da Aula de Teatro da USC, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

Vilano Producións: *Chamada desde o máis alá*, texto Fusa Guillén, dirección Lúa Testa

Ver Sen Numerar
Ver Teatrarte 2012

Recensións:

- Franco, Camilo, "Comunicando", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por aí", 9 marzo 2012, p. L8.

Partindo dunha referencia á obra de John Le Carré, o autor realiza unha reflexión sobre o emprego do teléfono móbil con motivo do uso que Vilano Producións fai desta idea na súa posta en escena *Chamada desde o máis alá*, unha comedia negra da que se non se achegan máis que pequenas pistas sobre o argumento.

Referencias varias:

- ECG, "Vilano Producións en la cartelera del Principal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 10 marzo 2012, p. 30.

Anúnciase a posta en escena *Chamada desde o máis alá*, por Vilano Producións, no teatro Principal de Santiago. Achégase asemade o argumento, pois dise que a obra realiza unha crítica á alienación que a sociedade sufre por mor das novas tecnoloxías.

Voadora (1): *Happy end*, dirección Marta Pazos

Recensións:

- Inma López Silva, "O teatro en quince minutos", *Tempos Novos*, n.º 187, "Crítica", "Teatro", decembro 2012, p. 74.

Recensiona a posta en escena da peza *Happy End* (2012), dirixida por Marta Pazos e representada pola compañía Voadora. Salienta a temática desenvolvida na súa trama e critica o feito de non ter empregado a lingua galega no seu texto.

Voadora (2): *Joane*

Recensións:

- Afonso Becerra de Becerreá, "Festival Gil Vicente de Teatro Contemporáneo de Guimarães. Dramaturxias actualizadoras de textos clásicos", *Revista Galega de Teatro*, n.º 72, "Espectáculos", outono 2012, pp. 53-58.

Fálase das cinco estreas absolutas na programación do Festival Gil Vicente de Teatro Contemporáneo de Guimarães, entre as que se atopa *Joane*, de Voadora. Saliéntase que, baixo a dirección de Marta Pazos, toma como punto de partida a figura de Joane, o Parvo do *Auto da Barca do Inferno*. Coméntase que a dimensión física e coreográfica, cargada de espírito lúdico, volve ser un dos centros compositivos da compañía e que o espectáculo baséase no traballo corporal e xestual, nos obxectos de atrezzo e no vestiario, aos que saca proveito a iluminación transformando o escenario nun poema visual.

Voadora (3): *Tokio 3*, dirección Marta Pazos

Ver FITO, Vº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Recensións:

- Camilo Franco, “Unha fábula sobre o paraíso, nova produción de Voadora”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 xaneiro 2012, p. 38.

Anúnciase a estrea de *Tokio 3*, terceira parte dunha triloxía na que Voadora realiza unha reflexión sobre a localización do paraíso na sociedade moderna. Achéganse as verbas de Marta Pazos, directora da compañía, segundo as que comenta que cada actor participante aporta algo á posta en escena e que esta se compón dunha serie de elementos escenográficos apoiados por efectos musicais especiais.

- Camilo Franco, “Asalto ás praias interiores”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Teatro”, 13 xaneiro 2012, p. 5.

A nova trata da triloxía coa que Voadora “pretende explicar o mundo” e “darlles unha volta escénica aos lugares comúns” e, máis concretamente, trátase a terceira entrega, *Tokio 3*. Explícase que a compañía toma como referencia a Dante e os seus personaxes para achegar unha ollada sobre o futuro e o paraíso mediante o realismo máxico. Finalmente, fálase do elenco e do estilismo escénico.

- Camilo Franco, “O porvir é outro paraíso perdido”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Vai por aí”, 13 xaneiro 2012, p. L7.

Tras realizar unha reflexión sobre os conceptos de melancolía e esperanza en relación ao ‘autoengano’ no marco da situación de crise actual, fálase da idea de paraíso e de cómo esta se identifica cunha serie de condicións físicas ou elementos materiais cando en realidade debería ser una estado mental de tranquilidade. O motivo de tal reflexión é a posta en escena que Voadora ten en cartel, *Tokio 3*.

- Camilo Franco, “¿Qué hai debaixo dos paraísos?”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Fin de Semana/Cine”, “Crítica Teatral”, 4 febreiro 2012, p. 49.

Analiza a representación da obra *Tokio 3*, de Voadora, e salienta a fragmentación da proposta, en relación co significado do paraíso na actualidade e o espellismo que supón. Reflexiona sobre o que a sociedade moderna entende por paraíso e como a compañía se achega a este concepto por medio de elementos de representación tan variados como o espectáculo musical, a danza ou o xogo do absurdo.

- Inma López Silva, “Poscomedia”, *Tempos Novos*, n.º 177, “Crítica”, “Teatro”, febreiro 2012, p. 84.

Salienta a madurez da compañía Voadora na posta en escena da peza *Tokio 3*. Fai fincapé na herdanza da directora, Marta Pazos, do teatro de Ana Vallés en canto á elegancia, e sinala que constrúe “escenas fluídas que foxen do argumental `para ensinarnos que hai unha trama dos espazos, das emocións, das cousas visíbeis en escena e, sobre todo, das ideas do mundo”.

Referencias varias:

- M. Beceiro, “El Salón Teatro programará 16 jornadas de cine y actuaciones escénicas en el primer bimestre”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 3 xaneiro 2012, p. L5.

Anuncia a programación do Salón Teatro, na que se inclúen varias representacións escénicas, entre elas *Tokio 3*, por Voadora, e *Sempre quixen bailar un tango*, por Galileo Teatro. Achéganse datos da dirección e do elenco de ambas as dúas representacións.

- Xabier Sanmartín C., "Tokio 3' abre el vuelo del CDG", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 12 xaneiro 2012, p. 42.

A nova comenta a programación do Salón Teatro para o seguinte semestre e coméntase que o Centro Dramático Galego representará *Tokio 3*. Tamén se di que Teatro Galileo participará con *Sempre quixen bailar un tango* e Talía Teatro con *Pelos na lingua* e *Volpone*.

- MVI, "Voadora estrena en Santiago su 'Tokio 3", *El Progreso*, "*D_finde*", "Agenda", 13 xaneiro 2012, p. 4.

Entre outras actividades que terán lugar no Salón Teatro dentro da programación da nova tempada, coméntase a posta en escena de *Tokio 3*, por Voadora, e dáse conta do elenco e a dirección, a cargo de Marta Pazos.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 13 xaneiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da representación de *Tokio 3*, de Voadora, no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- Jaureguizar, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 14 xaneiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Salón Teatro de Santiago de Compostela de *Tokio 3*, de Voadora.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 9 outubro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación Teatro Principal de Ourense da peza *Tokio 3*, a cargo de Voadora.

Xan Veiga: *Como cho conto!*

Ver Noites do conto

III.4.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Grupo de Teatro **A Adala**: *Atoados*, texto Francisco Piñeiro

Ver Valadouro, XXVIIª Semana do Teatro

Referencias varias:

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 20 agosto 2012, p. 54.

Entre outras actividades, infórmase da representación no patio do Colexio n.º 1 de Foz da obra *Atoados*, a cargo do Grupo de Teatro A Adala.

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 4 setembro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena no Centro Sociocultural do Valadouro da obra *Atoados*, do Grupo de Teatro A Adala.

Teatro **Ad Libitum**: *Vaia tropa*, adaptación da obra de Hugo Daniel, dirección Yuyi Bastida

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"
Ver Mámoa de Luou, XVº Mes do Teatro da

Grupo de Teatro **Agarimo**: *A taberna sen dono*

Cadro Artístico **Airiños** (1): *Anacos de Castelao*, texto Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Sther F. Carrodeguas, dirección Sther F. Carrodeguas

Cadro Artístico **Airiños** (2): *Nin pobre nin rico, senón todo o contrario*, texto Miguel Mihura e Antonio Lara, "Tono"

Referencias varias:

- A. S., "Airiños' recorre la comarca con su nuevo espectáculo", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 16 novembro 2012, p. 21.

Dise que o grupo de teatro Airiños recorrerá a comarca do Barbanza coa súa posta en escena *Nin rico nin pobre (senón todo o contrario)* e a seguir coméntase o argumento da peza.

- Suso Souto, “Rianxo organiza un obradoiro sobre o ambiente no proceso creativo”, *El Correo Gallego*, *Terras de Santiago*, n.º 368, 4 novembro 2012, p. 7.

Entre outras actividades culturais anúnciase a estrea de *Nin rico nin pobre (senón todo o contrario)*, polo grupo de teatro Airiños.

- Suso Souto, “Rianxo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, p. 10.

Sinala que a compañía Airiños é a máis antiga formación de teatro afeccionado de Galicia e que para celebrar que leva oito décadas sobre os escenarios, realiza unha mostra na que repasa a súa historia.

- S. S., “Del negro al color: Airiños repasa sus 8 décadas de teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, p. 10.

Dá conta dalgúns aspectos relacionados coa historia da compañía Airiños.

Grupo de Teatro **Alecrín**: *O cacique*

Aloia: *A avoa volve casar*

Ver Tui, IVª Semana de Teatro Afeccionado de San Telmo

Amas de casa das Pontes: *A Cincenta que non quería comer perdices*

Referencias varias:

- C. A., “La biblioteca pontesa abre el jueves una muestra de literatura femenina”, *El Progreso*, “A Chaira”, “As Pontes”, 2 marzo 2012, p. 12.

Dise que no marco da exposición “A muller na literatura” se representará a peza *A Cincenta que non quería comer perdices*, polo grupo Amas de Casa de As Pontes.

Grupo de Teatro Xuvenil Alfoz-O Valadouro **A Maseira**: *Diñeiro negro*, texto Pepe Peinó

Referencias varias:

- Lucía Á. Gromaz, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 26 agosto 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación na Casa da Cultura de Alfoz da peza *Diñeiro negro*, do Grupo de Teatro Xuvenil Alfoz-O Valadouro A Maseira.

- Víctor Manuel Rivero, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 31 agosto 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena na Casa da Cultura do Valadouro da obra *Diñeiro negro*, do Grupo de Teatro Xuvenil Alfoz-O Valadouro A Maseira.

Grupo de Teatro Municipal de **Ames**: *O médico a paus*, texto Molière

Ver Ames, VIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Amicos, Compañía de teatro do colectivo de persoas con discapacidade intelectual de Ribeira: *Só ante a Perigos*, dirección de Lucas García Herrador

Referencias varias:

- Suso Souto, “Veinticinco usuarios de Amicos crean su propia compañía teatral en Ribeira”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 28 xuño 2012, p. 38.

Indícase que a compañía de teatro colectivo de persoas con discapacidade intelectual Amicos, proxecto levado a cabo pola rede de dinamización cultural, levou a escena a peza *Só ante a Perigos*.

Andamiaxe Innova: *A procura dos sentidos*, dirección e realización Ramón Torrente

Referencias varias:

- Sol Elvira, “A procura dos sentidos’, un xeito de narrar a violencia oculta”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 387, 23 novembro 2012, p. contracuberta.

Anúnciase a representación da obra *A procura dos sentidos*, creada a partir dun proxecto de colaboración co Centro de Información á Muller de Padrón.

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de **Antas do Ulla**: *Godot*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Referencias varias:

- S. J., “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 3 novembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Centro Sociocultural de Riotorto da peza *Godot*, do Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas do Ulla.

Ánxel Casal, Aula Municipal de Teatro de Arzúa: *O estrano velorio*

Ver Arzúa, VIº Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono

Aquelando Teatro: *Allan*, dirección Lucho Penabade

Ver Ames, VIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Teatro no **Aramio**: *Baile de sombras*

Ver Teatrofilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Escola de Teatro do Concello de **Ares**: *O médico a paus*, texto Molière, adaptación e dirección Manuel Basoa

Arruallo Teatro: *Entre nós*, dirección Luís Martínez

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Arte Maior: *Aforro ordinario*, texto Inma Antonio

Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de

Teatro **Artesán** (1): *A farsa do correxidor*, texto Alejandro Casona

Referencias varias:

- A. B., "Aficionados a escena", *La Opinión*, "la gran coruña", "Sada", 28 xaneiro 2012, p. 15.

Anúnciase un maratón de teatro que Teatro Artesán levará a cabo en Sada durante unha fin de semana coa representación de seis pezas, entre as que se inclúe *Arsénico por compasión* e *A farsa do correxidor*.

- Víctor Castro, "Teatro Artesán ofrece 'La farsa del corregidor", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 29 xaneiro 2012, p. 20.

Dise que o público poderá gozar d'*A farsa do correxidor*, por Teatro Artesán, no marco do I Maratón de Teatro Afeccionado celebrado en Sada, unha peza baseada en textos de Alejandro Casona e dirixida por Juan de Mondego.

Teatro **Artesán** (2): *Catro corazóns con freo e marcha atrás*, texto Enrique Jardiel Poncela

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Grupo de Teatro **Artestudio**: *Feirantes*, adaptación d'*Os outros feirantes*, de Álvaro Cunqueiro

Ver Arzúa, VIº Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono

Artías Teatro (1): *(Comisaría) para mulleres*, texto Albert Miralles

Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de

Artías Teatro (2): *Memoria de Helena e María*, texto Roberto Salgueiro

Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de

Teatro do **Asteleiro**: *Oé, oé, oé*, texto Maxi Rodríguez, dirección Luis Ramos

Atalaia: *Extraños hábitos*

Ver Tui, IVª Semana de Teatro Afeccionado de San Telmo

Ateaco Teatro: *Farsa das zocas*, dirección José Manuel Raso

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado
Ver Mallos, Semana de Teatro dos

Atrezzo Teatro (1): *O eloxio da locura*

Ver Fegatea Móvete 2012, Festival Galego de Teatro Afeccionado

Referencias varias:

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 16 setembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio Gustavo Freire de Lugo da obra *O eloxio da locura*, de Atrezzo Teatro.

Atrezzo Teatro (2): *Vaia familia*

Aturuxo de Baión: *A lotería*

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (1): *A Ratoeira*, texto de Ágatha Christie

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, "O Aturuxo de Melpómene estrea en Narón 'A Ratoeira' de Agatha Christie", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 28 setembro 2012, p. 17.

Dise que a compañía O Aturuxo de Melpómene leva aos escenarios galegos a aclamada peza *A Ratoeira*, de Agatha Christie, e, a seguir, coméntase o argumento salientando o seu carácter humorístico e de suspense.

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (2): *Cipriano de Bequelar (Historia de amor e morte)*, texto Leandro Lamas

Ver Daniel Cortezón, IXª Mostra de Teatro Afeccionado

Referencias varias:

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 23 setembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Cine Teatro de Ribadeo da obra *Cipriano de Bequelar (Historia de amor e morte)*, a cargo de Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón.

Grupo de Teatro das **Aulas da Terceira Idade de Lugo** (1): *Pementos de Padrón*

Grupo de Teatro das **Aulas da Terceira Idade de Lugo** (2): *Percebes*

Grupo de Teatro das **Aulas da Terceira Idade de Lugo** (3): *Pulpo á feira*

Grupo de Teatro das **Aulas da Terceira Idade de Lugo** (4): *Que traballiños dá el Señor*

Avelaíña Teatro: *María Castaña*, texto Manuel Ayán, dirección Antón Lamapereira

Axóuxere Teatro: *Historia do zoo*, dirección Alejandro Albaiceta

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Grupo Teatral **Axóuxeres**: *Véndese mula/A pousada*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012
Ver Daniel Cortezón, IXª Mostra de Teatro Afeccionado
Ver Valadouro, XXVIIª Semana do Teatro

Referencias varias:

- I. R. D. "El colectivo Rey Stolle lleva el teatro a Bazar tres décadas después", *El Progreso*, "A Chaira", "Castro de Rei", 25 outubro 2012, p. 24.

Lóase a recuperación das representacións teatrais no centro social parroquial de Bazar, que se di que dará comezo coas postas en escena *Véndese mula* e *A pousada*, por Axóuxere Teatro.

Badius Teatro: *Facer o sueco*, dirección Alberte Villar

Ver Pedra do Moucho, VIº Ciclo de Teatro Afeccionado
Ver Mámoa de Luou, XVº Mes do Teatro da

Escola Municipal de Teatro do **Barco:** *Rosiña Solteira*

Referencias varias:

- José Cruz, "Rosiña Solteira' reunió a 400 espectadores en A Guarda", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana/Baixo Miño", 12 xuño 2012, p. 16.

Dise que a Escola Municipal de Teatro do Barco representou a peza *Rosiña Solteira*, baseada en textos de Federico García Lorca. Saliéntase a afluencia de público e achéganse breves datos sobre a escola de teatro.

Boqueixón, Grupo de teatro de maiores de: *Caldo de galiña*

Ver Boqueixón, Ciclo de Teatro de Outono de

O **Bordelo** de Cervo: *As verbas do ramo*

Referencias varias:

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 2 setembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena no Local Social de Santa María Maior de Mondoñedo da obra *As verbas do ramo*, do Bordelo de Cervo, dentro dos actos conmemorativos do centenario do pasamento de Manuel Leiras Pulpeiro.

Escola Municipal de Teatro de **Bretoña**: *A proba*, dirección Guillermo Cancelo

Ver Pastoriza, Iª Mostra de Teatro Municipal da
Ver Vilalba, XIVª Mostra de Teatro de

Caldemiños: *Nin mortos nin ricos senón todo o contrario*

Ver Tui, IVª Semana de Teatro Afeccionado San Telmo

Asociación de Xubilados e Pensionistas **Caldenses:** *De atracos e de pestes*

Referencias varias:

- Chus Gómez, "O día das mulleres son os 366", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 304, "Vivir en Caldas", 7 marzo 2012, p. 5.

Entro outras actividades culturais celebradas con motivo do Día Internacional da Muller na zona Ulla-Umia mencionánse as representacións *De atracos e de pestes*, pola Asociación de Xubilados e Pensionistas Caldenses; *Entre nós, mulleres*, por Teatro da Zarabándula, e *As mulleres son cousas de mulleres, e os homes tamén*, pola Escola Municipal de Teatro de Cordeiro.

Escola Municipal de Artes Escénicas de **Cangas**: *Un home que se parecía a Orestes*, texto Álvaro Cunqueiro

Teatro **Carauta**: *Volare*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Carfax Teatro: *Troianas*, texto Manuel Lourenzo, dirección Paco Alvarellos e José León

Ver Atracción Teatral VI

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 20 outubro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Auditorio Gustavo Freire de Lugo da peza *Troianas*, de Carfax Teatro.

Carrachanacacha: *Cipriano de Bequelar (Historia de amor e morte)*, texto e dirección Leandro Lamas

Ver Cee, XXVª Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- M. J. Rico, "Carrachanacacha presenta 'Cipriano de Bequelar' no auditorio de Narón", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 20 setembro 2012, p. 14.

Co motivo da representación en Narón da peza *Cipriano de Bequelar*, de Carrachanacacha, coméntase o argumento e ofrécese información sobre a compañía.

Escola Municipal de Teatro de **Castro de Rei**: *Falamos de cartos*, texto e dirección Iria Acevedo

Ver Pastoriza, Iª Mostra de Teatro Municipal da
Ver Vilalba, XIVª Mostra de Teatro de

Catoira, Escola Municipal de Teatro de: *Hendrik o Cruel*, texto Xurxo Ferreirós, dirección Fátima Rey

Referencias varias:

- M. Angueira, "Casi ochenta catoirenses representarán la obra 'Hendrik, O Cruel", de Xurxo Ferreirós", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", "Catoira", 10 xullo 2012, p. 17.

Coméntase o argumento de *Hendrik o Cruel* como parte da programación da Romaría Vikinga de Catoira.

- M. Angueira, “Os periplos de Hendrik animaron as veladas”, *Diario de Arousa*, “*52 Edición Romaría Vikinga*”, 4 agosto 2012, p. 26.

Informa de que a representación da obra Hendrik o Cruel, na que participou o pobo de Catoira, deu inicio á semana da Romaría Vikinga.

Escola Municipal de Teatro de **Cee**: *Mala Hostia*

Referencias varias:

- J. M. R., “Teatro, música, juegos y regueifeiros animarán la Semana Cultural da Barca”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 29 agosto 2012, p. 30.

Dá conta das actividades da Semana Cultural da Barca de Muxía, entre as que salienta a posta en escena da peza *Mala Hostia* da Escola Municipal de Teatro de Cee.

Teatro **Charamela**: *Almas sinxelas*

Ver Palas de Rei, XIIIª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador

Chumpá Teatro: *Maribel e a estraña familia*, texto Miguel Mihura

Ver Teatrofilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Referencias varias:

- C. G., “O programa do Mes Cultural de Portas propón seis obras de teatro en 30 días”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 309, 18 abril 2012, p. 4.

Entre outras actividades das que se poderá gozar no Mes da Cultura do concello de Portas, menciónanse as representacións *2 son parella (e o demais son calumnias)*, por Acontrabutaca; *Entre nós, mulleres*, por Teatro da Zarabándula; *A ruleta rusa*, pola Escola Municipal de Teatro da Estrada, e *Maribel e a estraña familia*, pola Escola Artística Chumpá Teatro.

Taller de Teatro **Clámide**: *Catro corazóns con freo e marcha atrás*

Ver Betanzos, IIIº Encontro de Teatro Afeccionado

Grupo de Teatro do Centro Sociocultural de **Conxo** (1): *Aquí non paga nin Dios*

Cordelia, Aula de Teatro Universitaria de Ourense: *Otelo 2012*, dirección Elena Seijo e

Fina Calleja

Ver MITEU, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Aula de Teatro da Universidade da **Coruña**: *Nosa Señora das nubes*, tradución de Santiago Cortegoso do texto Arístides Vargas, dirección Rubén Ruibal

Ver Coruña, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da
Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de
Ver MITEU, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Corifeo Teatro: *Barcelona, mapa de sombras*

Ver Coruña, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da

Grupo de Teatro Os da **Coviña**: *O arce no xardín*, texto Roberto Salgueiro, dirección Efigenia Medal

Crucia Teatro: *Os profesionais*, adaptación da obra de Joan Rosquellas

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Diagonal Teatro: *Tres ratos cegos*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Referencias varias:

- M. A. C., "Xogos tradicionais, magostos e teatro animarán a fin de semana na Reiboa, o Sartal e Samieira", *Diario de Pontevedra*, "Poio. Comarca", 23 novembro 2012, p. 12.

Dentro das actividades culturais programadas en Poio para a fin de semana, salienta a posta en escena de *Tres Ratos Cegos*, de Diagonal Teatro.

Dínamo Teatro: *Radio Torreiro*

Ver Arzúa, VIº Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono

Disfunción Continua Teatro: *Cóncavo convexo*

Ver Teatrofilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Teatro de Cámara **Ditea**: *Acto imprevisto*

Ver Pedra do Moucho, VIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Do Miolo e Cía (1): *A familia. Unha doenza de transmisión sexual*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Do Miolo e Cía (2): *Barvarela. Almorzos e cubatas*

Ver Sada, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado
Ver Teatrofilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Elas Teatro: *Entrenós*

Ver Palas de Rei, XIIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Enlata Teatro: *Turandot*, texto Bertolt Brecht

Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de

Escola Superior de Arte Dramática de Vigo: *A tempestade*, texto William Shakespeare, dirección Dani Salgado

Ver Ribadavia, XXVIIIª Mostra Internacional de Teatro de

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Materia dos soños", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Vai por aí", 29 novembro 2012, p. L6.

Comenta que a Escola de Arte Dramática puxo en escena unha obra de William Shakespeare "na súa vea galaica".

Estrada, Grupo de Adultos da Escola Municipal de Teatro da (1): *A ruleta rusa*

Referencias varias:

- Chus Gómez, "Primavera de libros e forcadas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 388, 11 abril 2012, contracuberta.

Fálase das actividades que organizou o Concello de Cuntis para os meses de abril e maio, entre outras, as seguintes obras de teatro: *O gordo e o calvo van ao médico*, *Ladrón e familia*, *Gofken e o libro máxico*, *A ruleta rusa* e *Entre nós, mulleres*. Xunta a estas representacións, figuraron outras actividades: concursos literarios, contacontos, maratón de lectura, charlas…

- C. G., "O programa do Mes Cultural de Portas propón seis obras de teatro en 30 días", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 309, 18 abril 2012, p. 4.

Entre outras actividades das que se poderá gozar no Mes da Cultura do concello de Portas, menciónanse as representacións *2 son parella (e o demais son calumnias)*, por Acontrabutaca; *Entre nós, mulleres*, por Teatro da Zarabándula; *A ruleta rusa*, pola Escola Municipal de Teatro da Estrada, e *Maribel e a estraña familia*, pola Escola Artística Chumpá Teatro.

Escola de Teatro Os **Falcatrueiros** (1): *Cinema divertido*

Escola de Teatro Os **Falcatrueiros** (2): *O método Grönholm*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Referencias varias:

- F. G., "Falcatrueiros representa el sábado 'O método Grönholm", *El Progreso*, "Comarcas", 10 maio 2012, p. 14.

Anúnciase a representación *O método Grönholm*, polo colectivo Falcatrueiros, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas.

Teatro da **Falúa**: *Falua's Flying Circus*, creación colectiva

Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de

Faro Miño: *Operación Voltarén*

Ver Chantada, XXIIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Aula de Teatro de **Ferrol**: *Fanfarra*

Ver Coruña, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da

Grupo de Teatro de **Finisterrae**: *Aniversario de Chejov*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Folerpas Teatro: *Paraíso Laranxa*, adaptación de *Merlo branco*, de Cándido Pazó; dirección Afonso García Pernas

Ver Palas de Rei, XIIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Gargallada Teatro (1): *Cincenta on the rocks*

Ver Vila de Sarria, IIª Semana de Teatro Popular

Referencias varias:

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 12 agosto 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Cincenta on the rocks*, de Gargallada Teatro, na Praza da Vila de Sarria.

Gargallada Teatro (2): *Quimera*, texto Gabriel Prada, dirección Francisco González

Ver Agustín Magán, XIº Festival de teatro afeccionado
Ver Palas de Rei, XIIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Escola de Teatro de **Gondomar**: *Frankostinos con langostinos*, dirección Lola Correa

Grupo de Teatro do **HULA**: *Cousas da maxia*

Ver Pol, Outono de Escena de

Escola de Teatro da **Illa de Arousa**: *Historia dunha Praza*

Referencias varias:

- B. Y., "La escuela de teatro subre a niños y adultos al escenario en el estreno de su V Temporada", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "A Illa", 23 novembro 2012, p. 15.

Anuncia a representación da obra *Historia dunha Praza* pola escola de teatro da Illa de Arousa.

Kambareteiros: *Se Fernando e Isabel non acabaron con el*

Ver Chantada, XXIIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Liceo de Noia: *Smoking*

Ver Couto, Mostra de Teatro Afeccionado do

Grupo de Teatro **Lúa Chea**: *Como está o servizo!*, dirección Manuel Solla

Aula de Teatro da USC-**Lugo**: *Na túa cara. In yer face*, dramaturxia libre sobre textos de L. Carroll e Sarah Kane, dirección Paloma Lugilde

Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de
Ver MITEU, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 22 marzo 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena no Auditorio Gustavo Freire de Lugo da obra *Na túa cara. In yer face*, da Aula de Teatro da USC-Lugo.

- Marta Becerra, "La universidad levanta el telón", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 23 marzo 2012, p. 13.

Infórmase da representación no Auditorio Gustavo Freire de Lugo da obra *Na túa cara. In yer face*, a cargo da Aula de Teatro da USC-Lugo.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 23 maio 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio de Lugo da peza *Na túa cara. In yer face*, da Aula de Teatro da USC-Lugo.

Grupo de Teatro de **Mandrás**: *De leria co demo*

Asociación Cultural **Manicómicos**: *Circus Máximus*

Referencias varias:

- Luis P. Ferreiro, "El retorno del Imperio Romano", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 4 xaneiro 2012, p. 10.

Trátase a celebración do oitavo aniversario da compañía Manicómicos coa actuación *Circus Máximus*, da que se di que achega ao público o circo romano mediante un ton humorístico e familiar.

- Pablo López, "Sátira de romanos en el Rosalía", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 9 xaneiro 2012, p. 7.

Dise que máis de trinta artistas encarnan a diferentes figuras do mundo clásico romano para conmemorar o oitavo aniversario de Manicómicos coa posta en escena de *Circus Máximus*. Coméntase asemade que a raíz dun argumento simple se desenvolve unha historia cuxo obxectivo é arrincar o sorriso do público.

Escola de Teatro da Asociación Teatro do **Mar** (1): *O ciclo da violencia*

Escola de Teatro da Asociación Teatro do **Mar** (2): *Xoana sen medo*

Ver Meaño, Mes do Teatro de

Maricastaña, Aula de Teatro Universitaria de Ourense: *Un novo mundo feliz*, adaptación do texto de Aldous Huxley, dirección Fernando Dacosta

Ver Coruña, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da
Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de
Ver MITEU, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego
Ver Ourense, XVIª Mostra de Teatro de Rúa de

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 26 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio Gustavo Freire de Lugo da peza *Un novo mundo feliz*, de Maricastaña, Aula de Teatro Universitaria de Ourense.

Maruxía, Grupo Teatral do Clube de Xubilados e Pensionistas de Portonovo: *Os tratos do Sindo*

Menos dá unha pedra: *Á dereita do pai*

Referencias varias:

- K. A., “O espectáculo é apto para todo o que queira rir”, *El Progreso*, “Lugo”, “Emergentes”, 13 xaneiro 2012, p. 10.

Entrevista a Anxo Lamelo, membro do dúo Menos dá unha Pedra, sobre a estrea de *Á dereita do pai*, espectáculo humorístico sobre a actualidade galega.

Mequetrefes Teatro: *Folie à trois: paranoia compartida*, creación colectiva

Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de

Mesturanzas: *A pousadeira*, texto Carlos Goldoni, tradución Cándido Pazó

Ver Tui, IVª Semana de Teatro Afeccionado de San Telmo

Grupo de Teatro **Mico**: *As cuñadas*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Moaña, Grupo de Teatro da Asociación de Mulleres de: *A balada do cárcere de Circe*

Ver Agustín Magán, XIº Festival de teatro afeccionado

Obradoiro de Teatro na Igualdade de **Mos**: *Morre un amor, quebra una vida*

Referencias varias:

- G. Porto, “Teatro para romper barreras”, *Faro de Vigo*, “Louriña”, “Área metropolitana”, 25 novembro 2012, p. 17.

Dá a coñecer o proxecto do Obradoiro de Teatro na Igualdade de Mos, no que participaron trece mulleres coa representación da peza *Morre un amor, quebra una vida.*

Teatro do **Muíño**: *Por amor de Dios*

Referencias varias:

- ECG, “Teatro, baile y música para el barrio de Laraño”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 maio 2012, p. 28,

Dentro de programa cultural da fin de semana en Laraño, anúnciase a representación da peza *Por amor de Dios*, de Teatro do Muíño.

Asociación Cultural **Na Brétema** de Ribeira: *Retrato con muller ao fondo*, texto de Fran Godón

Referencias varias:

- S. Souto, "Na Brétema pone en escena 'Retrato con muller ao fondo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 358, 25 outubro 2012, p. 6.

Informa da representación da peza *Retrato con muller ao fondo* a cargo da Asociación Cultural Na Brétema de Ribeira.

Teatro Escola de **Narón**: *Bailando en verán*

Referencias varias:

- N. V., "Debuta no Pazo da Cultura unha nova xeración de actores locais", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 2 marzo 2012, p. 14.

Trátase a nova iniciativa de Teatro Escola de Narón segundo a que se pretende levar a escena clásicos que levan tempo sen ser representados. Nesta liña, anúnciase a posta en escena *Bailando en verán*, versión galega da obra de Bryan Friel. Finalmente refírese o argumento.

Navia Teatro Escola: *Madruga*

Ver San Andrés de Comesaña, VIª Mostra de

Negreira, Escola Municipal de Teatro de: *¡Vaia función!*, adaptación do texto *Noises Off*, de Michael Fryan; dirección Sandra Lesta

Ver Ames, VIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

No garaxe: *A boa persoa de Sezuán*, texto Bertolt Brecht

Non si? Teatro: *Transilvania*, texto e dirección Mónica Sueiro

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Nostrum Cai Teatro: *Radio Universo*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 30 setembro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio Gustavo Freire de Lugo da obra *Radio Universo*, a cargo de Nostrum Cai Teatro.

Obradoiro municipal de teatro do concello de **Oleiros**: *Baixo cuberta*

Grupo de Teatro **O Maxolo**: *Unha rosa é unha rosa*, texto Suso de Toro, dirección Helga Méndez

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

O mellor de cada casa: *Os novos celtíberos*

Metátase Teatro: *Bolboretas*

Ver Laxe, VIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Oquetiqueiras (1): *Campanas de Bastavales*, texto Jorge Díaz, dirección Luís G. Ramos

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado
Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Oquetiqueiras (2): *Ernesto*, versión libre da obra de Oscar Wilde *The Importance of Being Earnest*, dirección Luís G. Ramos

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Teatro **Orballo**: *Triste chegada*

Grupo de Teatro Afeccionado de **Ordes**: *Non é a típica obra clásica*

Referencias varias:

- M. T., "Éxito do grupo afeccionado de teatro ordense", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 422, 29 decembro 2012, p. 11.

Informa do grande éxito que obtivo a representación da peza *Non é a típica obra clásica*, do Grupo de Teatro Afeccionado de Ordes.

Aula de Teatro Universitario de **Ourense**: *Un mundo feliz*

Ver Coruña, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da

Obradoiro Municipal de Teatro de **Palas de Rei**: *Fantasías*

Ver Palas de Rei, XIIIª Mostras "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Pandemia Teatro: *Dereita, esquerda*, texto José L. Prieto, dirección Pe Pablo

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Grupo de Teatro Xuvenil **Pasapadentro**: *Historias tolas-Teatro en historietas*, texto Manuel Gómez Gil, dirección Marga Fernández

Ver Arteixo, XIIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Asociación Teatral **Paso de Valverde** (1): *Adeus Kantor*

Ver Lugo, Festival Galego de Teatro Afeccionado de

Asociación Teatral **Paso de Valverde** (2): *Sánatos*

Ver Agustín Magán, XIº Festival de teatro afeccionado
Ver Fegatea Móvete 2012, Festival Galego de Teatro Afeccionado

Referencias varias:

- Olalla González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 22 setembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Centro de convivencia de Fingoi (Lugo) da obra *Sánatos*, a cargo da Asociación Teatral Paso de Valverde.

Grupo de Teatro da Asociación Cultural **Pedro Madruga** (1): *A miña sogra*

Ver Meaño, Mes do Teatro de

Grupo de Teatro da Asociación Cultural **Pedro Madruga** (2): *Queremos casar ós fillos*

Referencias varias:

- Á Piñeiro, "Dos festivales amplían el programa navideño de Soutomaior", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Comarca", 8 novembro 2012, p. 12.

Entre as actividades culturais programadas polo Concello de Soutomaior para conmemorar o Nadal, anuncia a representación da peza *Queremos casar ós fillos*, a cargo do Grupo de Teatro da Asociación Cultural Pedro Madruga.

Grupo de Teatro **Pinchacarneiro** (1): *Baixarse ó moro*, adaptación do texto de J. L. Alonso de Santos

Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de

Grupo de Teatro **Pinchacarneiro** (2): *Totus valemus*

Aula de Teatro Municipal de **Pontevedra**: *Os suicidas*

Referencias varias:

- María Varela, "O da ATM si que é puro teatro", *Diario de Pontevedra*, 30 abril 2012, contracuberta.

A autora comenta os preparativos para a primeira representación que a Aula de Teatro Municipal de Pontevedra leva a escena. Trátase d'*Os suicidas*, unha obra baseada en textos de Manuel Rivas ou Suso de Toro, entre outros, que se salienta como "unha ollada sarcástica ante situacións máis ou menos habituais que se acaban convertendo en absurdas, como o suicidio".

Grupo de Teatro **Porta Aberta**: *O achado do castro*, texto de Manuel Núñez Singala

Ver Vigo, Xª Semana de Teatro Afeccionado de

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, "Porta Aberta estrena 'O achado do castro', obra ambientada en Roma", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 Costados*", 6 novembro 2012, p. 2.

Infórmase da representación teatral da peza *O achado do castro*, a cargo do grupo Porta Aberta, no cárcere da Lama e en Matamá e coméntase o argumento da obra.

Portasabertas Teatro (1): *Carta ó meu fillo*

Ver Mallos, Semana de Teatro dos

Portasabertas Teatro (2): *Comisaría 24 horas*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Quemaisten Teatro: *As herdeiras do sol*, texto Ricardo López Aranda, dirección Xosé Bonome

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Referencias varias:

- C. A., "Quemaisten Teatro presenta en el Alovi 'As herdeiras do sol", *El Progreso*, "A Chaira", 13 decembro 2012, p. 15.

Dá a coñecer o lugar e o horario da representación da peza *As herdeiras do sol*, por Quemaisten Teatro.

Rebuldeira Teatro: *Farsa plautina*

Ver Vila de Sarria, IIª Semana de Teatro Popular

Grupo de Teatro de **Ribadeo**: *Lisístrata*, dirección Toni Deaño

Ver Buxiganga, Circuítos 2012
Ver Daniel Cortezón, IXª Mostra de Teatro Afeccionado

Referencias varias:

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 23 setembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Cine Teatro de Ribadeo da obra *Lisístrata*, a cargo do Grupo de Teatro de Ribadeo.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 20 outubro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Teatro Pastor Díaz de Viveiro da peza *Lisístrata*, do Grupo de Teatro de Ribadeo.

- MVI, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 16 decembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Lisístrata*, do Grupo de Teatro de Ribadeo, no Auditorio desta localidade.

Rober Bodegas: *O día en que empecei a odiar os iogures*

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “El día en que Rober Bodegas empezó a detestar los yogures”, *El Correo Gallego*, 24 xullo 2012, p. contracuberta.

Informa da representación do espectáculo *O día en que empecei a odiar os iogures*, de Rober Bodegas, no Teatro Colón da Coruña e comenta que leva dous anos representándose en Madrid e nove meses en Barcelona.

Rosaura, Aula de Teatro Universitaria de Ourense: *Enredados*, dirección Sabela Gago

Ver MITEU, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Teatro do **Rueiro**: *A miña muller e o fontaneiro*, texto Hugo Daniel Marcos

Ver Pedra do Moucho, VIº Ciclo de Teatro Afeccionado
Ver Vigo, Xª Semana de Teatro Afeccionado de

Grupo **Runxe Runxe**-Servicios Sociales de Arteixo: *O merliño branco*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

San Fins: *Ovellas negras*

Ver Tui, IVª Semana de Teatro Afeccionado de San Telmo

Aula de Teatro de **Sarria**: *Falamos de cartos*

Residencia de Maiores Nosa Sra. do Carme de **Sarria**: *O Doutor Vinagreta*

Referencias varias:

- L. P., "Mayores, a escena", *El Progreso*, "Sarria", 9 xaneiro 2012, p. 9.

Dáse conta de cómo xurdiu a inciativa de organizar unha representación teatral que foi levada a escena polos internos da Residencia de Maiores Nosa Sra. Do Carme de Sarria, *O Doutor Vinagreta*. Tras esto, dáse conta do argumento, unha historia cómica sobre pacientes e os seus doutores.

Grupo de Teatro do **Seixo**: *O día da muller embarazada*

Os **sigillatos galaicos**: *Aliza G*, texto Jorge Moreno

Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de

Solpor: *Fobias*, texto José Luis Prieto

Teatro solidario As Ínsuas: Ámote

Ver Laxe, VIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Teruca Bouza: *O día da muller embarazada*

Ver Mámoa de Luou, XV Mes do Teatro da

Ti e mais Eu Teatro: Para que serven os homes?

Ver Cariño, XXXIVª Mostra de Teatro Galego de

Tik Teatro: *Sombra vermella*, dirección Laura G. Recio

TikTak: *TikeTak, unha historia de amor reloxil*, texto Mayra Fernández

Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de

Tira e Afloxa Teatro: *Donde vai o cabalo de Santiago*

Ver Boqueixón, Ciclo de Teatro de Outono de

Tolemia Teatro: *Teatro, obras completas*, creación colectiva

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado
Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de

Trangalleiro Teatro: *O enfermo imaxinario*, texto Molière

Ver Pedra do Moucho, VIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Referencias varias:

- C. G., "Trangalleiro Teatro reuniu a 250 veciños nas súas obras", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 393, 29 novembro 2012, p. 6.

Informa da representación da peza *O enfermo imaxinario*, a cargo do grupo de teatro afeccionado brionés Trangalleiro Teatro.

O **Trasno Novo** Teatro (1): *Consuelo*

Ver San Andrés de Comesaña, VIª Mostra de

O **Trasno Novo** Teatro (2): *De dous en dous, tres*

Ver Atracción Teatral VI

Trécola Teatro: *A verdadeira historia do corazón reloxo*, texto María Díaz a partir de "A mecánica do corazón", de Mathias Malzieu; dirección Fernando Dacosta

Ver Agustín Magán, XIº Festival de teatro afeccionado
Ver Betanzos, IIIº Encontro de Teatro Afeccionado de

Asociación Cultural **Triatreros** Teatro: *Aquí non pagha ninguén*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Vagalume Animación: *Vagalum City*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Asociación Municipal de Teatro de **Valga** (1): *As mulleres son cousas de mulleres e os homes tamén*

Referencias varias:

- Chus Gómez, "O día das mulleres son os 366", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 304, "Vivir en Caldas", 7 marzo 2012, p. 5.

Entro outras actividades culturais celebradas con motivo do Día Internacional da Muller na zona Ulla-Umia menciónanse as representacións *De atracos e de pestes*, pola Asociación de Xubilados e Pensionistas Caldenses; *Entre nós, mulleres*, por Teatro da Zarabándula, e *As mulleres son cousas de mulleres, e os homes tamén*, pola Escola Municipal de Teatro de Cordeiro.

Asociación Municipal de Teatro de **Valga** (2): *O levantamento dun pobo*

Referencias varias:

- Chus Gómez, "Y los franceses volvieron a caer en Valga", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Provincia", 21 maio 2012, p. 8.

Dise que un ano máis, e douscentos anos despois, recréase no concello de Valga a contenda contra os francesas durante a guerra da independencia. Entre as actividades a realizar con motivo de tal evento atópase a representación *O levantamento dun pobo*, pola Escola Municipal de Teatro.

Verdeverás Expresións Artísticas: *Tacóns na corda*

Referencias varias:

- M. Toledo, "Verdeverás abriu a temporada de teatro de Brión con monólogos", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 374, 10 novembro 2012, p. 5.

Informa da representación da obra *Tacóns na corda*, de Verdeverás expresións artísticas, no auditorio do centro social de Pedrouzos.

- J. Trillo, "Tacóns na corda' mañana por la noche en Cee", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 387, 23 novembro 2012, p. 6.

Anuncia a posta en escena da peza *Tacóns na corda*, a cargo de Verdeverás expresións artísticas.

Aula de Teatro Universitaria de **Vigo**: *Dentro do labirinto*, adaptación do texto *La tumba de Antígona*, de María Zambrano; dirección Pepa Barreiro

Ver Coruña, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da
Ver MITEU, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Escola Municipal de Teatro de **Vilalba**: *O enfermo imaxinario*, texto Molière, dirección Cristina Mariño

Ver Pastoriza, Iª Mostra de Teatro Municipal da
Ver Vilalba, XIVª Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 15 xuño 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio Carmen Estévez de Vilalba da peza *O enfermo imaxinario*, da Escola Municipal de Teatro desta localidade.

- MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 9 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á representación da peza *O enfermo imaxinario*, da Escola Municipal de Teatro de Vilalba, no Auditorio Carmen Estévez desta localidade.

Aula de Teatro de **Vimianzo**: *Un asilo para mamá*

Ver Laxe, VIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Grupo de Teatro da Asociación Cultural **Xábrega**: *O Indiano*, adaptación do texto de Olimpio Arca Caldas, dirección Javier Vilasánchez

Ver Caranza, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Grupo de Teatro **Xenio**: *A miña sogra*

Xerpo Cultural: *A voda*

Escola de Teatro **Xosé María Pérez Parallé**: *O cantar dos cantares*

Teatro da **Zarabanda**: *Entre nós, mulleres*

Ver Vilamarín, XXV[as] Noites Teatrais de

Referencias varias:

- Chus Gómez, "O día das mulleres son os 366", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 304, "Vivir en Caldas", 7 marzo 2012, p. 5.

Entro outras actividades culturais celebradas con motivo do Día Internacional da Muller na zona Ulla-Umia menciónanse as representacións *De atracos e de pestes*, pola Asociación de Xubilados e Pensionistas Caldenses; *Entre nós, mulleres*, por Teatro da Zarabándula, e *As mulleres son cousas de mulleres, e os homes tamén*, pola Escola Municipal de Teatro de Cordeiro.

- C. G., "Portas ergue o pano cunha parella de dous", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 310, 25 abril 2012, contracuberta.

Dise que *2 son parella (e o demais son calumnias)*, por Acontrabutaca, abriu o Mes Cultural do concello de Portas e foi acollida con grande éxito. Anúnciase asemade o seguinte espectáculo teatral, *Entre nós, mulleres*, por Teatro da Zarabándula.

III.4.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

III.4.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Abrapalabra Creacións Escénicas: *Memoria das memorias dun neno labrego*, texto Xosé Neira Vilas, adaptación, dirección e interpretación Cándido Pazó

Ver Laracha, Venres Teatrais 2012

Recensións:

- Ana Baena, "Cándido Pazó reinvéntase como produtor coa historia de Balbino", *Atlántico Diario*, "Vigo", 31 xaneiro, 2012, p. 12.

Comeza dando conta da segunda tempada de representacións de *Memoria das Memorias dun neno labrego* que Cándido Pazó leva a escena como actor, director e adaptador. Tras comentar algúns dos horarios dispoñíbeis, recorda o texto de Neira Vilas no que a peza se basea e fala dalgunhas das adaptacións textuais levadas a cabo de cara á representación, resaltando ademais outros aspectos da mesma, como o son ou a iluminación. A seguir, trátase a xira por Galicia, da que se di que nesta segunda ocasión se centrará máis en localidades pequenas ás que ás veces non chega o teatro profesional. Nun aparte, recórdase a primeira tempada de representacións ao tempo que se alude ao bo acoller que a obra de Neira Vilas recibiu en diferentes emprazamentos.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Memorias das Memorias dun neno labrego' regresa con un gesto solidario", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", 31 xaneiro 2012, p. 59.

Anúnciase a segunda tempada de representacións de *Memoria das Memorias dun neno labrego*, que Cándido Pazo leva aos escenarios galegos tras unha xira internacional. Logo, saliéntase que algúns dos cartos serán destinados a fondos benéficos e, finalmente, descríbese a representación escénica e fálase da xira por Sudamérica.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 1 febreiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Memoria das memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra Creacións Escénicas, no Centro cultural Novacaixagalicia de Vigo.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 3 febreiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación de *Memoria das memorias dun*

neno labrego, de Abrapalabra Creacións Escénicas, no Centro cultural Novacaixagalicia de Vigo.

- Alba Chao, "No mundo do teatro vale absolutamente todo, menos aburrir", *La Región*, "Ciudadanos", "La ciudad al detalle", 7 febreiro 2012, p. 13.

Entrevista a Cándido Pazó con motivo da segunda tempada de representacións de *Memoria das Memorias dun neno labrego* na que se fala brevemente da relación entre a peza e o texto de Neira Vilas, ademais de certos aspectos sobre a xira.

- Matilde, "La naranja y los dos zumos", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Escaparate", 8 febreiro 2012, p. 11.

Dise que Cándido Pazó regresa aos escenarios con *Memoria das Memorias dun neno labrego* e coméntanse os motivos que o actor, director e adaptador dá para este retorno.

- F. Frieiro, "Cándido Pazó trae ata a capital arousá a peza teatral 'Memorias dun neno labrego", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 8 febreiro 2012, p. 8.

A nova salienta a importancia do teatro como actividade de calidade cultural ao tempo que anuncia a presenza de *Memoria das Memorias dun neno labrego* en Vilagarcía, a cal cualifica de "monólogo narrado e teatralizado".

- JLMC, "Leo Bassi y 'Mecano', en el Auditorio de Cangas", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana/Morrazo", 25 marzo 2013, p. 17.

Entre outras actividades culturais que terán lugar en Cangas, saliéntanse as representacións *O fútbol é así*, por Obras Públicas; *Memoria das Memorias dun neno labrego*, por Cándido Pazó; *Oeste solitario*, por PT Excéntricas, ademais de dar conta da celebración da Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 26 maio 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Memoria das memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra Creacións Escénicas, no Auditorio de Lugo.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 11 outubro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Cine Alovi das Pontes da peza *Memoria das memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra Creacións Escénicas.

- J. M. Ramos, "Viernes teatrales con 'Memorias dun neno labrego' de Cándido Pazó", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 368, 4 novembro 2012, p. 5.

Anúnciase a apertura do ciclo teatral Venres Teatrais coa posta en escena *Memorias dun neno labrego*, de Cándido Pazó levada a escena por Abrapalabra.

- C. P. R., "Cándido Pazó leva ás Pontes 'Memorias dun neno labrego", *El Progreso*, "A Chaira", 11 outubro 2012, p. 23.

Dise que o público das Pontes poderá gozar nesa noite da representación *Memorias dun neno labrego*, por Abrapalabra.

- C. A., "El teatro abre el día 11 la programación cultural de otoño en As Pontes", *El Progreso*, "A Chaira", 3 outubro 2012, p. 21.

Anúncianse dentro da programación cultural das Pontes as representacións *Memorias dun neno labrego*, por Abrapalabra; *Shakespeare para ignorantes*, por Mofa e Befa; *Sé galego my friend*, por Sergio Pazos, e *A boneca viaxeira*, por Eme Dous Producións.

Producións **Acontrabutaca** (1): *2 son parella (e o demais son calumnias)*, dirección Xosé Lueiro

Referencias varias:

- C. G., "O programa do Mes Cultural de Portas propón seis obras de teatro en 30 días", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 309, 18 abril 2012, p. 4.

Entre outras actividades das que se poderá gozar no Mes da Cultura do concello de Portas, menciónanse as representacións *2 son parella (e o demais son calumnias)*, por Acontrabutaca; *Entre nós, mulleres*, por Teatro da Zarabándula; *A ruleta rusa*, pola Escola Municipal de Teatro da Estrada, e *Maribel e a estraña familia*, pola Escola Artística Chumpá Teatro.

- C. G., "Portas ergue o pano cunha parella de dous", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 310, 25 abril 2012, contracuberta.

Dise que *2 son parella (e o demais son calumnias)*, por Acontrabutaca, abriu o Mes Cultural do concello de Portas e foi acollida con grande éxito. Anúnciase asemade o seguinte espectáculo teatral, *Entre nós, mulleres*, por Teatro da Zarabándula.

Teatro do **Adro**: *Ai, Carmela!*, texto José Sanchis Sinisterra, dirección Tito Asorey

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, "Ai, Carmela!' es un viaje continuo por las emociones", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", 26 abril 2012, p. 67.

Entrevista a Josito Porto con motivo da posta en escena na que participa como parte do elenco de Teatro do Adro, *Ai, Carmela!* Na entrevista analízase a personaxe que o actor vilagarcián representa, ademais da súa relación con outras.

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 29

novembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Ai, Carmela!*, de Teatro do Adro, no Auditorio municipal de Ourense.

Ainternacional: *Hamlet. A work in progress sobre o orixinal de William Shakespeare*, dirección Jorge Rey

Recensións:

- Camilo Franco, "Non podes enganar a ninguén se non te enganas ti mesmo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por Aí", 16 marzo 2012, p. L8.

Con motivo da representación *Hamlet work in progress*, por A Internacional Teatro, o autor reflexiona sobre a personaxe Hamlet, creada por William Shakesperare, e salienta a súa actualidade a pesares de que a interpretación que lle conceden os críticos vaia cambiando época a época.

- Inma López Silva, "Tomadura de Hamlet", *Tempos Novos*, n.º 179, "Crítica", "Teatro", abril 2012, p. 83.

Nota sobre a representación da peza *Hamlet*, de Shakespeare, a cargo de A Internacional Teatro, dirixida por Jorge Rey. Critica a contemporaneidade do espazo e vestiario, a excesiva focalización dos significados e a dicción por parte do actor Alfredo Padilla, así como a posta en escena dun modo xeral.

Áncora Producións: *Pisados*, texto Gustavo Pernas, dirección Ánxela G. Abalo

Recensións:

- Inma López Silva, "Logomono bis", *Tempos Novos*, n.º 176, "Crítica", "Teatro", xaneiro 2012, p. 90.

Recomenda esta obra e indica que se caracteriza por un humor intelixente e "bo facer no escenario". Afirma que pertence a un novo xénero que reivindica o monólogo como modalidade escénica e, por último, repasa a tradición sobre a que se asenta o personaxe de Botamán.

Teatro del **Andamio**: *A lingua das bolboretas*

Referencias varias:

- M. G. M., "De los Rosales a la estepa rusa", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 2 xaneiro 2012, p. 07.

Dise que Teatro do Andamio viaxarán a Rusia para levar a escena a peza *A lingua das bolboretas*, unha historia en torno á Guerra Civil baseada no texto de Manuel Rivas. A seguir, coméntase a xira da compañía por Galicia unha vez de regreso e dise que representarán tamén *En construcción* en diversos auditorios. Para rematar, trátase a programación cultural de Los Rosales, na que se mencionan as representacións *Un corazón perfecto*, por Teterella Teatro, e *Historia dunha semente*, por Caramuxo, destinada ao público infantil.

Teatro **Arte Livre**: *Eva Perón, o espectáculo*

Teatro do **Atlántico** (1): *E. R. (algún día traballaremos xuntas)*, texto Josep María Beneti Jornet, dirección Xulio Lago

Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

Recensións:

- Inma López Silva, "Homenaxe ao teatro", *Tempos Novos*, n.º 178, "Crítica", "Teatro", marzo 2012, p. 76.

Comenta a posta en escena da peza *E.R. Algún día traballaremos xuntas*, de Josep M. Benet i Jornet, pola compañía Teatro do Atlántico. Salienta o labor de dirección de Xulio Lago, xunto ao das actrices María Barcala, Luísa Merelas e Susana Dans.

- Manuel Beceiro, "Visión desencantada del arte dramático"*La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por Aí", 27 xaneiro 2012, p. L8.

O autor dá conta da representación *E. R. (algún día traballaremos xuntas)*, por Teatro do Atlántico, unha obra baseada en textos do autor catalán Josep María Benet i Jornet. A seguir, faise un percorrido pola obra dramática do autor. Finalmente, refire o argumento dicindo que a obra se centra nos medos humanos en relación ao paso do tempo.

- Camilo Franco, "Os demos profesionais da escena", *La Voz de Galicia*, "Cultura", Fin de Semana/Escenarios", "Teatro", 5 febreiro 2012, p. 51.

O autor comenta que a obra que Teatro do Atlántico ten en cartel, *E. R. (algún día traballaremos xuntas)*, afonda nas dobreces das persoas ademais de tentar reconstruír un mito do teatro mediante unha historia que se centra máis na interioridade das relacións presentadas que na trama en si.

Referencias varias:

- Sandra Romero, "E. R habla del teatro y de la vida y llega al corazón", *El Correo Gallego*, "Santiago", 26 xaneiro 2012, p. 31.

Dise que Teatro do Atlántico será a compañía encargada de abrir a programación da concellería de Cultura de Santiago coa representación *E. R. (algún día traballaremos xuntas)*. A seguir, refírense as verbas de María Barcala, unha das actrices protagonistas, sobre o argumento da peza, entre o que se salienta a achega que a obra fai á visión do teatro e da vida mesma en xeral.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 26 xaneiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena de *E. R. (algún día traballaremos xuntas)*, de Teatro do Atlántico, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 27 xaneiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación da peza *E. R. (algún día traballaremos xuntas)*, de Teatro do Atlántico, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- M. C., "Teatro y mucho más en el Auditorio Municipal de Ourense", *La Región*, "*Press Club*", 27 xaneiro 2012.

Dáse conta daqueles espectáculos de índole cultural aos que subscritores do diario *La Región* conseguiron acceso gratuíto. Entre as representacións teatrais menciónanse *E. R. (algún día traballaremos xuntas)*, por Teatro do Atlántico, e *Cama e conto*, por Babaluva, esta última destinada ao público infantil.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 5 febreiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *E. R. (algún día traballaremos xuntas)*, de Teatro do Atlántico, no Teatro Principal de Ourense.

- F. Frieiro, "O Auditorio acolle este sábado a comedia 'E. R.', de Teatro do Atlántico", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 7 novembro 2012, p. 4.

Anúnciase a representación *E. R. Algún día traballaremos xuntas*, de Teatro do Atlántico, no Auditorio Municipal de Vilagarcía. A seguir, achéganse tanto datos técnicos da posta en escena como información sobre o contido que foi comunicado ao público na rolda de prensa de presentación da actuación.

- Montse Dopico, "Contra vento e marea", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 426, "Reportaxe", 20 setembro 2012, p. 4.

A autora da nova fai unha reflexión sobre as consecuencias da crise económica para as compañías teatrais galegas, no marco da cal trata a situación específica de Teatro do Atlántico, que ten cartel *E. R., Algún día traballaremos xuntas*; Teatro de Ningures, con *0,7 Molotov*; Talía Teatro *O método Grönholm*; Teatro do Noroeste, con *Linda and Freddy, ilusionistas*; Áncora Teatro, con *Snakizados*; Espello Cóncavo, con *Tres no*

Bambán; Teatro do Morcego, con *A función do tequila*; Excéntricas, con *Románticos*; Kukas, con *O Kikirijote*, e Teatro do Andamio, con *A verdadeira historia da cigarra*.

Bichakadela: *Soños*, texto Borja Fernández, Dolores Jiménez, Ignacio Sanz, Isa Bandín e Nuria Sanz, dirección Roberto Leal

Recensións:

- Camilo Franco, , "Esa materia da que din que estamos feitos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por aí", 10 febreiro 2012, p. L8.

O autor reflexiona sobre a realidade e irrealidade dos soños e a súa difícil interpretación con motivo da peza que Bichakadela ten en cartel, *Os soños, soños son*.

Blanca Cendán: *Lilí Berlín*

- Marcos Manteiga, "O cabaré está onde hai crítica social, pero cun senso de humor", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 379, 15 novembro 2012, p. contracuberta.

Entrevista á actriz Blanca Cendán con motivo da súa posta en escena enmarcada no xénero do cabaré *Lilí Berlín* na que se tratan aspectos varios como a súa traxectoria profesional, o xénero do cábaré ou a antedita posta en escena.

Bucanero Teatro (1): *Jánsel e Pónsel*, texto José Luís Prieto

Bucanero Teatro (2): *Kungfundidos*, adaptación de Xosé Bonome e Pedro Picos da obra homónima do cómico Gari

Referencias varias:

- M. J. R., "Exposición de pintura de Juan Luis Dopic e teatro en Ferreira", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 13 setembro 2012, p. 14.

Sinálase a representación da obra *Kungfundidos*, de Bucanero Teatro, no local social de Ferreira (A Seara).

Casahamlet (1): *O fidalgo*, texto Ramón Otero Pedrayo, dirección Manuel Lourenzo

Recensións:

- J. A. Martínez Sevilla, "O Fidalgo", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La Columna", 28 febreiro 2012, p. 25.

O autor da nova comeza salientando a oferta cultural que ofrece A Coruña a pesares da crise económica, a seguir do cal se centra na obra que Casahamlet ten en cartel *O Fidalgo*, unha peza baseada en textos de R. Otero Pedrayo que Manuel Lourenzo dirixiu e adaptou, ademais de formar parte do elenco. Coméntase que se representan as aventuras dun individuo pertencente a unha clase social en decadencia, a fidalguía, a pesares do cal se deixa constancia da vixencia actual dos textos.

Ver Sen Numerar

Referencias varias:

- Luis P. Ferreiro, "Una nueva sede para la programación", *La Opinión*, "A Coruña", 2 febreiro 2012, p. 11.

Coméntase que o Fórum Metropolitano da Coruña acollerá a representación da peza *O fidalgo*, de Casahamlet.

Casahamlet (2): *Se non queres casar, o mesmo dá*, texto Álvaro Cunqueiro, dirección Manuel Lourenzo

Referencias varias:

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 28 febreiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á representación de *Se non queres casar, o mesmo dá*, a cargo de Casahamlet, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 29 febreiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Se non queres casar, o mesmo dá*, de Casahamlet, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

Centro Dramático Galego (1): *As furias*, textos Neil LaBute, dirección Andrés Lima

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, "O CDG afrontará 2012 cunha produción propia única, 'As Furias' de Neil Labute", *El Correo Gallego*, "Tendencias, Sociedad, Ciencia, Cultura, Ocio", 9 marzo 2012, p. 40.

Tras comentar certas dificultades económicas, anúnciase a estrea de *As Furias*, polo Centro Dramático Galego, baixo a dirección de Andrés Lima. A seguir, fálase do proceso de selección do elenco e coméntase a programación do Salón Teatro, na que se inclúe *0,7% Molotov*, por Teatro de Ningures; *Oeste solitario*, por Producións Teatrais Excéntricas; *Sesión n.º1*, por O fabuloso cine ambulante dos irmáns Lumieira; *Winnie son eu*, por Pífano Teatro; *O fútbol é así*, por Obras Públicas, e *Área de descanso*, por Gayo Pinheiro.

- Camilo Franco, "El CDG estrenará en septiembre su nueva producción, 'As Furias", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 marzo 2012, p. 47.

Anúnciase a próxima produción do CDG, *As Furias*, e dise que será a única en cartel da compañía, da que ademais se di que é o primeiro texto de Neil LaBute representado en Galicia. A seguir, coméntanse aspectos económicos da produción e, nun aparte, trátase a programación do Salón Teatro da tempada, entre cuxas representacións se mencionan *Oeste solitario*, de Excéntricas; *Winnie son eu*, de Pífano Teatro, e *Sesión n.º 1*, de O fabuloso cine ambulante dos irmáns Lumieira.

- Óscar Iglesias, "O baleiro paira sobre o teatro público", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 30 marzo 2012, p. 9.

A nova cuestiona a crise que a Agadic e a dirección do Centro Dramático Galego están a sufrir, no marco do cal menciona a presente obra que a antedita compañía de teatro profesional ten en cartel no momento, *A furia*.

- Óscar Iglesias, "Cultura suspende la única producción del Centro Dramático Galego", *El País*, "*Galicia*", 14 abril 2012, p. 6.

Coméntase a situación de incerteza na que a nova produción do CDG, *As furias*, se atopa no referente a presuposto e solvencia económica. Cuestiónanse, deste xeito, as accións desenvolvidas pola anterior directora do CDG, Blanca Cendán, pola consellería de Cultura e pola Agadic.

- Amaia Mauleón, "Cultura suspende 'As Furias', la única producción del CDG para este año", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", p. 59/ *La Opinión*, "Cultura", p. 54, 17 abril 2012.

Dise que a única peza do CDG para a presente tempada, *As Furias*, acaba de ser suspendida tras un mes da súa presentación debido tanto a motivos económicos como de xestión.

Centro Dramático Galego (2): *Ópera dos tres reás*, texto Bertold Brecht, dirección

Referencias varias:

- Camilo Franco, "El coste de 'A ópera dos tres reás' se acerca ya al millón de euros", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 abril 2012, p. 44.

Coméntanse os problemas económicos da dirección e organización do Centro Dramático Galego cando Blanca Cendán se atopaba ao seu cargo e discútese o custe da peza *A ópera dos tres reás*.

Chévere Teatro (1): *Citizen*, texto Manuel Cortés, dirección Xesús Ron

Ver Sen Numerar

Recensións:

- Camilo Franco, "Conciencia de clase sexual", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por aí", 24 febreiro 2012, p. L8.

Este artigo analiza as connotacións de crítica social implícitas en dúas obras de Chévere Teatro: *Sexo, por qué non?* e *Citizen completo*. Con respecto á primeira, cuestiona a retórica que o título da peza expón suxerindo a súa naturalidade do sexo como fonte de produción na moderna sociedade capitalista. Con respecto á segunda obra, saliéntase que tamén se leva a cabo unha crítica da sociedade capitalista, aínda que dende outro punto de vista, aquel dunha persoa pertencente á inxusta clase obreira.

- Camilo Franco, "Os anos recentes de Galicia contados por Chévere", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Galicia Fin de Semana", 23 marzo 2012, p. 8.

A raíz da representación na Coruña da triloxía que Chévere ten en cartel, *Citizen Total*, coméntanse brevemente as tres partes que a compoñen repasando brevemente o fío argumental, co cal se achega unha pequena parte da historia contemporánea de Galicia. Para rematar, saliéntase o éxito do proxecto nos Premios María Casares.

- J. A. Martínez Sevilla, "Citizen Total", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La Columna", 27 marzo 2012, p. 25.

Dise que as tres representacións que Chévere Teatro levou a cabo do seu *Citizen completo*, con textos de Xesús Ron e dirección de Manuel Cortés, foron todo un éxito. A pesar do antedito, o autor critica a obra cualificándoa de "lacrimógena, sensiblera, irreal e sentimentaloide". Finalmente, dise que nesta posta en escena sobre a globalización e o capitalismo salienta en especial o papel da actriz Patricia de Lorenzo.

- Evaristo Amado, "De cine, economía e incertezas", *ABC*, "*artes&letras*", n.º 40, 28 abril 2012, p. 07.

Comeza a recensión anunciando os cinco premios María Casares cos que o proxecto *Citizen*, de Chévere Teatro, foi galardoado: ao mellor espectáculo, dirección, música, actriz protagonista e actriz secundaria. O autor comenta que *Citizen* se divide en tres postas en escena diferentes, cada unha ambientada nun momento histórico distinto, pero todos eles de importancia económica: a morte de Franco, o imperio Inditex e a actualidade. A seguir, fala da obra contextualizada na segunda destas épocas, da que di que a intención é "analizar o paralelo auxe empresarial dun magnate autóctono e o fracaso como sociedade da Galicia das últimas décadas", que ademais se inspira no

Citizen Kane de Orson Welles. Continúa salientando a proposta como unha escusa para satirizar e ironizar sobre a globalización e os seus efectos nos individuos, sobre o que ademais se deixa constancia de ser intencionado de cara a mobilizar e crear un efecto na sociedade, aínda que se lamenta de que proxecto non chega ser transgresor.

- Camilo Franco, , "Ser rico é sobrenatural", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por Aí", 25 maio 2012, p. L9.

Logo de facer unha pequena reflexión sobre certos cambios operados na sociedade actual, tanto a nivel local como global, o autor achégase ao contido da peza que Chévere teatro ten en cartel, *Citizen total*. Dise que a obra presenta a historia de como un home pasou de ser un individuo corrente a ser un dos homes máis ricos do mundo, Amancio Ortega. Finalmente, trátase a diferenza social que o nivel económico implica.

Referencias varias:

- C. V., "El teatro vuelve a Vilagarcía con Agadic", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 15 xaneiro 2012, p. 05.

Coméntase cómo se salda unha débeda da Agadic co concello de Vilagarcía por medio de catro representacións teatrais que terán lugar na vila. Son elas *Citizen 2 (made in Galicia)*, de Chévere Teatro; *Oeste Solitario*, de Producións Teatrais Excéntricas; *Viva a crise!*, de Fulano, Mengano e Citano, e *Último cowboy*, de Teatro do Noroeste.

- E. G., "Tui mantiene el nivel de su programa cultural en el primer semestre pese al menor presupuesto", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 27 xaneiro 2012, p. 16.

Coméntase a programación prevista para o primeiro semestre do ano no concello de Tui, con respecto ao que se salienta a súa calidade independentemente da crise económica. Dise que se levarán a escena as seguintes representacións: *Citizen 1 (maioría silenciosa)*, por Chévere Teatro; *Tango*, por Sarabela Teatro; *Pío*, por Caramuxo Teatro, e *Tres no bambán*, por Espello Cóncavo. Anúnciase asemade a IV Semana do Teatro Afeccionado de Tui.

- Antón Ferreira, "Ocho espectáculos en seis meses para el Teatro de Tui", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana/Baixo Miño", 27 xaneiro 2012, p. 18.

Anúnciase a programación cultural do concello de Tui para o primeiro semestre do ano, que inclúe as representacións teatrais *Citizen 1*, de Chévere Teatro; *Tango*, de Sarabela Teatro; *Pío*, de Caramuxo Teatro, e *Tres no bambán*, de Espello Cóncavo, estas dúas últimas destinadas ao público infantil. A seguir, saliéntase tamén a celebración da IV Semana do Teatro Afeccionado de Tui.

- Cristina Botrán, "Chévere sube el telón en Teo con el espíritu de la sala Nasa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 marzo 2012, p. 37.

Con motivo do recente convenio polo que Chévere pasa a ser compañía residente do concello de Teo, anúnciase o seu plan de actividades no que se inclúe danza, música e representacións teatrais. Neste último eido salienta a posta en escena de *Citizen*.

- Noelia Díaz, “Facemos con Amancio Ortega o mesmo que Orson Welles con Kane”, *La Opinión*, “Cultura”, 23 marzo 2012, p. 55.

Entrevista a Manuel Cortés, protagonista de *Citizen*, sobre o argumento e posta en escena desta obra. Coméntase, asemade, que a peza, dirixida por Xesús Ron, ven de recibir o premio da crítica máis cinco nominacións aos premios María Casares.

- Belén López, “Teatro co prezo xusto en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 20 setembro 2012, pp. 50-51.

Informa de que o Concello de Pontevedra manterá o prezo das entradas da súa programación escénica como en anos anteriores.

Chévere Teatro (2): *Amores prohibidos 2.0*

Recensións:

- Iago Martínez, “Y Romeo agregó a Julieta”, *El País*, “Galicia”, 11 febreiro 2012, p. 6.

O autor da nova remite ao lector a un Shakespeare inserido nas redes sociais e novas tecnoloxías, ambiente no que se desenvolve unha versión actual do clásico que Chévere Teatro prepara coa participación de até trinta estudantes dun instituto de Boiro. Dise que a peza en cartel, *Amores prohibidos 2.0*, non só se adapta á actualidade senón tamén á atmosfera galega pois a historia da comezo coa festa de Xulieta, coma no clásico, pero neste caso o motivo é a defensa do galego ambientada con música sacada da web e onde as redes sociais teñen unha importante presenza. Coméntase que a obra se basea nun proxecto dos británicos The Royal Shakespeare Company, aínda que se di que Chévere vai moito máis alá creando un espazo virtual relacionado coa historia da peza. Saliéntase tamén o seu carácter innovador.

Referencias varias:

- Raquel Iglesias, “Chévere traslada ‘Romeo y Julieta’ al escenario de las redes sociales”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 febreiro 2012, p. 40.

Anúnciase a innovadora proposta de Chévere na que leva a escena a un Shakespeare moderno rodeado de tecnoloxía e redes sociais por medio dunha representación que a compañía poñerá en escena coa colaboración de alumnos do instituto A Cachada, de Boiro. A peza é *Amores prohibidos 2.0* e versiona o clásico *Romeo e Xulieta*.

- Suso Souto, “La obra de teatro virtual de los alumnos de Boiro estará en la red en abril”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 febreiro 2012, p. 32.

Anúnciase o proxecto *Amores prohibidos 2.0* que Chévere organiza coa colaboración de alumnos do instituto A Cachada, de Boiro. Cualifícase de innovador a nivel nacional debido a que fusiona teatro e redes sociais, dando lugar a teatro virtual, mediante a versión dunha obra clásica de Shakespeare, *Romeo e Xulieta*.

- M. Beceiro, “Chévere achegará cincuenta actividades culturais a Teo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área Metropolitana”, 10 marzo 2012, p. L9.

Con motivo de pasar a formar parte do concello de Teo como compañía residente, anúncianse as diferentes actividades que Chévere Teatro ten previstas, entre as que se inclúe a posta en escena do innovador proxecto *Amores prohibidos 2.0*.

- Raquel Iglesias, “Chévere revive el flechazo entre Romeo y Julieta en un bar de Boiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Día del Libro”, 24 abril 2012, p. 39.

Comeza a nova dando algúns exemplos de como a clásica historia de Romeo e Xulieta se adaptaría á época moderna mediante o uso de *chats* e demais ferramentas das novas tecnoloxías. A seguir, salienta a orixinalidade e versatilidade da peza *Amores prohibidos 2.0* na que Chévere fusiona de xeito maxistral tradición e modernidade coa axuda de alumnos dun instituto de Boiro.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 12 maio 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio Gustavo Freire de Lugo de *Citizen*, a cargo de Chévere Teatro.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”,25 maio 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da representación de *Citizen*, de Chévere Teatro, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- RCG, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 27 maio 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da representación da obra *Citizen*, de Chévere Teatro, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 29 xuño 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Citizen*, de Chévere Teatro, no Auditorio de Monforte.

- María Yáñez Anllo, “Shakespeare en 140 caracteres”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 46 (2º semestre 2011), “Estudos/Studies”, 2012, pp. 319-332.

Fai un repaso polas distintas adaptacións, representacións e reescrituras dirixida a un público adolescente da obra *Romeo e Xulieta* de William Shakespeare reparando na posta de *Romeo e Xulieta* de Chévere, na súa versión interactiva.

Clara Gayo e Iria Pinheiro: *Área de descanso*, texto e dirección Clara Gayo e Iria Pinheiro

Ver Cabaré, VIIº Festival Galego de

Recensións:

- Camilo Franco, "On the road e máis alá", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por Aí", 1 xuño 2012, p. L8.

O autor realiza unha reflexión sobre o libre albedrío, as diferenzas sociais marcadas polo nivel económico e necesidade de liberdade e alivio dos individuos que compoñen a maioría obreira da sociedade actual con motivo da posta en escena de Gayo e Pinheiro, *Área de descanso*.

Referencias varias:

- MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 8 xuño 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da obra *Área de descanso*, de Clara Gayo e Iria Pinheiro, no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

EL Producións Artísticas: *Lorca e as flores de Venus*, texto Marga do Val, dirección Eisenhower Moreno

Referencias varias:

- A. F., "O teatro de 'Lorca e as flores de Venus' chega a Tomiño", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana/Baixo Miño", 24 marzo 2012, p. 23.

Anúnciase a representación *Lorca e as flores de Venus* en Tomiño, de Eisenhower Moreno, e dise que a peza, con textos de Marga do Val, leva a escena os últimos días de Federico García Lorca.

Elefante Elegante (1): *Iliria*, versión da *Noite de Reis* de William Shakespeare traducida por Miguel Pérez Romero

Ver Cangas, XXIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo
Ver Teatrarte 2012

Referencias varias:

- C. S., "Elefante Elegante estrena en Cangas la obra 'Iliria", *Atlántico Diario*, p. 61/ *La Región*, p. 68, "Sociedad", "Galicia: Agenda Cultural", "Teatro", 28 xuño 2012.

Anúnciase a representación *Iliria*, por Elefante Elegante, no marco da Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Dise que está baseada na obra *Noite de reis*, de William Shakespeare, e achégase o argumento.

Elefante Elegante (2): *In*, texto María Torres e Gonçalo Guerreiro, dirección María Torres

Ver Ribadavia, XXVIIIª Mostra Internacional de Teatro de

Eme2 Producións (1): *O florido pénsil*, axudante dirección Mireia Gabilondo e Fernando Bernués, texto Andrés Sopeña, adaptación Tanttaka Teatroa

Referencias varias:

- F. F., "El Auditorio acoge mañana la exitosa adaptación teatral 'O florido pénsil", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 3 febreiro 2012, p. 10.

Anúnciase a representación *O florido pénsil*, por Eme 2, no Auditorio Municipal de Vilagarcía.

- Fernando Franco, "¡Vuelve O florido pénsil!", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 8 febreiro 2012, p. 10.

Anúnciase a representación *O florido pénsil*, por Eme 2, no teatro Novacaixa de Vigo. Dise que se trata dunha obra sobre o sistema educativo durante o franquismo.

- Belén López, "Pico' e 'Morris' queren repetir curso en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 9 febreiro 2012, p. 60.

Refírense as verbas de Antonio Durán 'Morris' sobre o posta en escena d'*O florido pénsil* como parte do elenco. Comenta que é salientábel o poder representar en ocasións consecutivas na mesma cidade e remite o éxito de audiencia até o momento. Para rematar, dá conta do carácter humorístico da peza.

- Amaia Mauleón, "O florido pénsil', nueva lección en Vigo", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", 22 febreiro 2012, p. 63.

Anuncia o regreso á cidade de Vigo d'*O florido pénsil*, unha representación teatral que a autora da nova salienta polo seu elenco de calidade, formado por cinco dos actores máis recoñecidos do panorama galego, e pola temática, da que loa o carácter humorístico. A seguir, dáse conta do argumento, unha ollada atrás sobre a educación durante a época de Franco.

- María Villar, "Un actor sin trabajo no es nadie en la sociedad y se siente inútil", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", 24 febreiro 2012, p. 67.

Entrevista a Antonio Durán 'Morris' sobre a súa traxectoria profesional, a situación do teatro na actualidade e a representación que ten en cartel, *O florido pénsil*, da que se trata a temática

- Camilo Franco, "Hai que volver a escola antes de que ela volva a nós", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Agenda", "Vai por aí", 30 marzo 2012, p. L11.

No contexto da sociedade actual galega, da que fai unha crítica en relación ao nivel educativo, comenta a necesidade dunha política cultural que anime á xente a acudir a espectáculos teatrais, todo elo con motivo da posta en escena d'*O florido pénsil*, unha obra que trata a educación durante a época do franquismo.

- X. C., "A acollida do público de Santiago a 'O florido pénsil' foi magnífica", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 4 abril 2012, contracuberta.

Saliéntase a afluencia de público da que gozan as postas en escena d'*O florido pénsil* en Compostela, e dise que este proxecto sobre a escola franquista xurdiu de Mercedes Castro, unha das actrices.

- Roberto G. Méndez, "El tono cómico de 'El florido pénsil' ayuda a contar la posguerra quitándole un poco de hierro", *El Correo Gallego*, "Esta boca es mía", 6 abril 2012, contracuberta.

O autor reflexiona sobre a necesidade de recordar momentos duros con humor, para o que refire a posta en escena d'*O florido pénsil*, de Eme 2, unha obra baseada en textos de Andrés Sopeña na que se bota a vista atrás e se recrea a escola franquista dende un punto de vista cómico.

Eme2 Producións (2): *Sexo? Por que non?*, texto Dario e Jacobo Fo e Franca Rame, dirección Álvaro Lavín

Referencias varias:

- F. F., "La actriz Mercedes Castro rompe tabúes el viernes con la obra 'Sexo? por que non?", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 4 marzo 2012, p. 08.

Tras anunciar a representación de *Sexo? Por que non?*, de Eme2, en Vilagarcía, dáse conta do argumento. Coméntase que se trata dun monólogo dramático que reflexiona sobre o sexo como tabú na sociedade e, finalmente, alude o éxito de público.

- F. Frieiro., "De cando o sexo non entende de tabús", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 8 marzo 2012, p. 08.

Tras comentar os tabús que rodean o sexo aínda en plena actualidade, dise que a obra *Sexo? Porqué non?* tenta romper con eles por medio dun monólogo dramático que leva dous anos percorrendo escenarios con éxito de audiencia. A seguir, saliéntanse certos aspectos da posta en escena, como a interacción co público, o seu ritmo dinámico ou a permanencia en cartel.

- Camilo Franco, “O teatro galego busca un oco nos escenarios de Madrid”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 de agosto 2012, p. 31.

Informa da representación en Madrid, co título *Tengamos el sexo en paz*, da peza *Sexo? Por que non?*, de Eme2 Producións.

Eme2 Producións (3): *Kafka e a boneca viaxeira*, texto Jordi Sierra i Fabra

Recensións:

- M. G. M., “Da condición humana de fabular”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 19 xaneiro 2012, p. 15.

Ábrese a nova salientando as postas en escena de *Kafka e a boneca viaxeira* por distintas partes da xeografía española e nas diferentes linguas do estado, deixando así constancia do seu éxito. A seguir saliéntase que aínda que a peza se dirixe inicialmente á infancia, tamén os adultos gozan desta obra na que se recrean os últimos anos do escritor. A seguir, coméntase o argumento e, logo, dáse conta doutros horarios programados así como de certos aspectos escénicos. Para rematar, cualifícase a peza de real e emotiva centrada nunha figura sumamente influínte na literatura contemporánea.

Referencias varias:

- C. G., “A boneca de Kafka viaxa ata Cordeiro”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 297, “Vivir en Caldas”, 18 xaneiro 2012, p. 5.

Coméntase o emotivo argumento de *Kafka e a boneca viaxeira*, peza coa que Eme 2 leva a escena os últimos días da vida do escritor alemán. Dise que se trata dunha adaptación que Guillén J. Graells fixo de textos de Jordi Sierra i Fabra baixo a dirección de Cristina Domínguez e Fernando Bernués.

Encena Producións Artísticas: *A gaivota*, texto Antón Chejov

Recensións:

- M. C., “Arte Livre pone en escena en Vigo ‘A Gaivota’, de Chejov”, *Atlántico Diario*, p. 61/ *La Región*, p. 60, “Sociedad”, “Galicia: Agenda Cultural”, “Teatro”, 16 febreiro 2012.

Coméntase a temática da obra que Encena Producións Artísticas ten en cartel, *A Gaivota*. Dise que se trata dunha reflexión sobre a condición humana a raíz dos conflitos emocionais da protagonista, a filla dunha famosa actriz e aspirante a escritora.

Recensións:

- M. C., “Arte Livre pone en escena en Vigo ‘A Gaivota’, de Chejov”, *Atlántico Diario*, p. 61/ *La Región*, p. 60, “Sociedad”, “Galicia: Agenda Cultural”, “Teatro”, 16 febreiro 2012.

Coméntase a temática da obra que Encena Producións Artísticas ten en cartel, *A Gaivota*. Dise que se trata dunha reflexión sobre a condición humana a raíz dos conflitos emocionais da protagonista, a filla dunha famosa actriz e aspirante a escritora.

Producións Teatrais **Excéntricas** (1): *Oeste solitario*, texto Martin McDonagh, dirección Quico Cadaval

Ver Ribadavia, XXVIIIª Mostra Internacional de Teatro de

Recensións:

- M. C., “Oeste solitario’, un western doméstico”, *Atlántico Diario*, p. 68/ *La Región*, p. 60, “Sociedad”, “Galicia: Agenda Cultural”, “Teatro”, 17 maio 2012.

Coméntase o argumento da próxima proposta escénica de Producións Excéntricas, *Oeste solitario*, e dise que achega as disputas entre dous irmáns a raíz da herdanza dunha familia emprazada en Irlanda. A seguir, dáse conta dos diversos premios María Casares cos que a peza teatral foi galardoada

Referencias varias:

- C. V., “El teatro vuelve a Vilagarcía con Agadic”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 15 xaneiro 2012, p. 05.

Coméntase cómo se salda unha débeda da Agadic co concello de Vilagarcía por medio de catro representacións teatrais que terán lugar na vila. Son elas *Citizen 2 (made in Galicia)*, de Chévere Teatro; *Oeste Solitario*, de Producións Teatrais Excéntricas; *Viva a crise!*, de Fulano, Mengano e Citano, e *Último cowboy*, de Teatro do Noroeste.

- Belén López, “Pontevedra, suroeste solitario”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 18 xaneiro 2012, p. 56.

Dise que dá comezo a programación cultural do concello de Pontevedra da man de Quico Cadaval e a súa nova produción *Oeste solitario*, baseada en textos de Martin McDonagh, adaptación que Producións Excéntricas leva a escena. Saliéntanse os paralelismos que se poden apreciar entre a Irlanda representada por McDonagh e Galicia.

- JLMC, “Leo Bassi y ‘Mecano’, en el Auditorio de Cangas”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana/Morrazo”, 25 marzo 2013, p. 17.

Entre outras actividades culturais que terán lugar en Cangas, saliéntanse as representacións *O fútbol é así*, por Obras Públicas; *Memoria das Memorias dun neno*

labrego, por Cándido Pazó; *Oeste solitario*, por PT Excéntricas, ademais de dar conta da celebración da Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

- Lara Eiré, "Oeste Solitario' regresa al Salón Teatro después de tres María Casares", *El Correo Gallego*, "Santiago", 18 abril 2012, p. 27.

Coméntase que a representación *Oeste Solitario*, por Producións Excéntricas, se poderá ver de novo en Santiago de Compostela tras a súa estrea no mes de outubro e tras acadar tres premios María Casares. A seguir, dáse conta do argumento, unha historia de rancores familiares ambientada en Irlanda. Para rematar, refírese o elenco. Nun aparte dise que Ars Artis levará a escena en Santiago a peza *Será o meu propio paraíso*.

Producións Teatrais **Excéntricas** (2): *O turista madrileño*

Referencias varias:

- M. Gil, "La Machina y Evaristo Calvo recalan en Muros", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 420, 27 decembro 2012, p. 7.

Anuncia a representación da peza *O turista madrileño*, de Evaristo Calvo, dentro do ciclo de actividades organizadas polo Concello de Muros.

Producións Teatrais **Excéntricas** (3): *Un cranio furado*, autor Martin McDonagh, adaptación Avelino González, dirección Quico Cadaval

Fulano, Mengano e Citano: *Viva a crise*, dirección Manuel Pombal

Ver Sen Numerar
Ver Teatrarte 2012

Referencias varias:

- C. V., "El teatro vuelve a Vilagarcía con Agadic", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 15 xaneiro 2012, p. 05.

Coméntase cómo se salda unha débeda da Agadic co concello de Vilagarcía por medio de catro representacións teatrais que terán lugar na vila. Son elas *Citizen 2 (made in Galicia)*, de Chévere Teatro; *Oeste Solitario*, de Producións Teatrais Excéntricas; *Viva a crise!*, de Fulano, Mengano e Citano, e *Último cowboy*, de Teatro do Noroeste.

Teatro **Galileo**: *Sempre quixen bailar un tango*, texto Teresa González, dirección Fernando Morán

Referencias varias:

- Ramón González, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 20 xaneiro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á representación de *Sempre quixen bailar un tango*, de Teatro Galileo, no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- Ramón González, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 21 xaneiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Salón Teatro de Santiago de Compostela de *Sempre quixen bailar un tango*, de Teatro Galileo.

Ibuprofeno Teatro: *A filla de Woody Allen*, texto e dirección Santiago Cortegoso

Ver FITO, Vº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Referencias varias:

- Ramón González, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 8 febreiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á representación da peza *A filla de Woody Allen*, Ibuprofeno Teatro, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- C. G., “A filla de Woody Allen’ hoy en el Teatro Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 9 febreiro 2012, p. 26.

Anúnciase a representación *A filla de Woody Allen* no Teatro Principal de Santiago de Compostela e dise que está escrita e dirixida por Santiago Cortegoso.

- X. C. V., “El Auditorio tendrá 14 días de actividad en abril, con teatro, danza o música”, *El Progreso*, “Lugo”, 28 marzo 2012, p. 10.

Destácase a programación cultural que terá lugar no mes de abril no auditorio municipal de Lugo. No referente ao teatro dise que participarán Santiago Cortegoso, con *A filla de Woody Allen*; Volta e Dálle, con *Menciñeiros*, e a Aula de Teatro Universitario de Ourense, con *Gepeto*.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 14 abril 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio Gustavo Freire de Lugo da obra *A filla de Woody Allen*, de Ibuprofeno Teatro.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 16 outubro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Teatro Principal de Santiago de Compostela da peza *A filla de Woody Allen*, de Ibuprofeno Teatro.

Inversa Teatro (1): *Kamouraska*, texto e dirección Vanesa Sotelo a partir da peza *Le langue-à-langue des chiens de roche*, de Daniel Danis

Ver FITO, Vº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Recensións:

- Inma López Silva, "Libres e mulleres", *Revista Galega de Teatro*, n.º 71, "Espectáculos", verán 2012, pp. 47-48.

Coméntase que *Kamouraska* é unha obra misteriosa, tráxica e cómica, sobre o segredo do amor e a violencia como elementos consubstanciais á muller. Indícase que as tres actrices da peza representan todas as facianas das mulleres, co que se tenta conseguir un concepto universal da condición feminina. Saliéntase que a compañía Inversa Teatro procura respostas a cuestións ao redor deste tema pouco ou mal expresadas a través da linguaxe teatral, indagando sempre nas linguaxes fronteirizas de posdramáticas. Menciónase que *Kamouraska* divídese dúas partes diferenciadas por ritmos de escena distintos: na primeira convídase ao espectador a integrarse nunha extrema violencia a un ritmo "que require unha forte adaptación"; a segunda, máis fragmentaria e lixeira, procura a complicidade do público. Finalmente, faise referencia á presenza dunha escenografía versátil na que todo serve para xerar e suxerir significados.

Referencias varias:

- Mato, M., "La obra gallega 'Kamouraska' invitada en la Mostra de Teatro de Sao Paulo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 23 marzo 2012, p. 38.

Coméntase que a compañía Inversa Teatro, coa peza *Kamouraska*, será a única representante do país na Mostra de Teatro de Sao Paulo.

- Franco, Fernando, "Nos vamos a Kamouraska", *Faro de Vigo*, "Vigo", 24 marzo 2012, p. 10.

Anúnciase como parte da programación de Vigo a obra *Kamouraska*, de Inversa Teatro, e a seguir refírese o elenco.

- Belén López, "No Brasil gustan de Kamouraska", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 4 maio 2012, p. 67.

Infórmase da representación en Brasil de *Kamouraska*, obra de Vanesa Sotelo que leva a escena a compañía galega Inversa Teatro, e que vén de triunfar en Sao Paulo na VII Mostra Latinoamericana de Teatro de Grupo.

- Fernando Franco, “Las de Inversa Teatro”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 31 maio 2012, p. 12.

Informa da representación da obra *Kamouraska*, de Inversa Teatro, na SalaSon de Cangas e comenta que esta compañía actuou no Brasil e foi convidada ao Festival de Teatro de Santander en Colombia.

- Mar Mato, “Alén da Finis Terrae”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 419, “Teatro”, 14 xullo 2012, p. IV.

Fai fincapé no éxito da obra *Kamouraska*, de Inversa Teatro, en América e sinala que esta peza, en galego, conta con sete representacións no exterior e doce en Galicia.

- Ó. I., “Inversa Teatro lleva ‘Kamouraska’ a Colombia”, *El País*, “*Galicia*”, 19 xullo 2012, p. 6.

Informa da representación da peza *Kamouraska*, de Inversa Teatro, en Colombia.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 17 outubro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Teatro Principal de Ourense da peza *Kamouraska*, de Inversa Teatro.

Inversa Teatro (2): *Paper dolls*, dirección Lola Correa

Recensións:

- Franco, Camilo, “O K. O. como estratexia principal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Vai por aí”, 17 febreiro 2012, p. L8.

O autor fai unha reflexión sobre a desigualdade imperante na sociedade actual, de forma máis acentuada dende o comezo da crise económica, a raíz da cal comenta que na peza *K.O.*, de Inversa Teatro, as dúas protagonistas combaten o sistema a base de golpes, máis do que a sociedade en xeral fai.

Referencias varias:

- Ramón González, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 18 febreiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Salón Teatro de Santiago de Compostela de *Paper dolls*, de Inversa Teatro.

Josito Porto: *Laretadas*

Ver Cambados, Ciclo de Teatro para adultos

Referencias varias:

- P. F. E., "Josito Porto presenta sus 'Laretadas", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Val Miñor", 1 novembro 2012, p. 14.

Anuncia a actuación de Josito Porto no Auditorio Lois Tobío de Gondomar co espectáculo *Laretadas*.

Koilon Teatro: *Parella aberta*, texto Dario Fo e Franca Rame, adaptación Cándido Pazó

Lagarta Lagarta: *Unha hora na vida de Stefan Zweig*, texto Antonio Tabares, dirección Rosa Álvarez

Referencias varias:

- M. C., "La obra 'Una hora en la vida de Stefan Zweig', en Vigo", *Atlántico Diario*, p. 69/ *La Región*, p. 61, "Sociedad", "Galicia: Agenda Cultural", "Teatro", 15 marzo 2012.

Dise que se leva a Vigo a representación *Unha hora na vida de Stefan Zweig*, por Lagarta Lagarta, dáse conta do elenco e coméntase o argumento, que achega ao espectador unha hora decisiva na vida deste escritor.

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 4 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á representación da obra *Unha hora na vida de Stefan Zweig*, de Lagarta, Lagarta, no Auditorio Hernán Naval de Ribadeo.

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 16 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Centro Sociocultural Novacaixagalicia de Ourense da obra *Unha hora na vida de Stefan Zweig*, de Lagarta, Lagarta.

- Óscar Iglesias, "La compañía Lagarta Lagarta echa el cierre y la Mostra de Cee 'podría ser la última", *El País*, "*Galicia*", 14 xuño 2012.

O autor da nova transmite as verbas de lamento de Ernesto Chao, compoñente de Lagarta Lagarta, sobre a imposibilidade de manter unha compañía teatral sen axudas institucionais e anuncia o cese de actividade coa representación *Unha hora na vida de Stefan Zweig*, da que se achega o argumento. Polo mesmo motivo, anúnciase a posibilidade de que a próxima Mostra de Teatro de Cee, que vai pola súa XXV edición, sexa a última.

Teatro do **Lume**: *A que non podes dicir cocacola?*

Ver Cee, XXV Mostra de Teatro de

Lusco e Fusco: *Encontros*

Ver Ourense, XVIª Mostra de Teatro de Rúa de

Malasombra Teatro: *GO ON!*, texto Xosé Luis Prieto, dirección Marcos Orsi

Ver Ponteceso 2012, XIXº Ciclo de Teatro
Ver Teatrarte 2012

Referencias varias:

- Víctor Castro, "La obra teatral Go on! se representa hoy en Sada", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 26 febreiro 2012, p. 20.

Anúnciase a posta en escena de *Go on!*, por Malasombra, en Sada e, a seguir, dise que é unha das obras mais representadas no país e achégase brevemente o argumento.

Mariclown: *Sen Pecado Concebida*, texto e dirección Mariclown

Migallas Teatro: *O cantante e as mulleres*, texto e dirección María Campos e Carlos Yus

Mofa e Befa (1): *Cociña económica*

Ver Riveira, Mostra e Teatro de

Referencias varias:

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 18 febreiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Dado-Dadá de Santiago de Compostela de *Cociña económica*, de Mofa e Befa.

- S. C. R., "Mofa y Befa actúan hoy en el club Dado Dadá", *El Correo Gallego*, "Santiago", 18 febreiro 2012, p. 22.

Anúnciase a representación en Santiago de Compostela de *Cociña económica*, por Mofa e Befa, e salienta o seu carácter humorístico.

- Pereira, Lois, "Que Deus nos colla confesados", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 19 febreiro 2012, p. L5.

Entre outras actividades celebradas en Santiago de Compostela, anúnciase a posta en escena de *Cociña económica*, por Mofa e Befa.

- Ch. L., "Mofa e Befa presentarán en el auditorio su comedia 'Cociña económica", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Riveira", 23 novembro 2012, p. 22.

Anuncia a representación da obra *Cociña económica*, a cargo de Mofa e Befa no auditorio de Riveira dentro da Mostra de Teatro.

Mofa e Befa (2): *O pior de Mofa e Befa*

Ver MITEU, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Referencias varias:

- J. Arias, "El otoño llega cargado de teatro cien por cien gallego", *Atlántico Diario*, "Vigo", 23 agosto 2012, p. 11.

Informa da programación para o outono do centro cultural Novacaixagalicia, entre a que salienta a obra *O pior de Mofa e Befa*.

- Amaia Mauleón, "En estos tiempos nos hace falta mucho humor, rock y desfachatez", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 10 outubro 2012, p. 55.

Entrevista a Evaristo Calvo, membro de Mofa e Befa, co motivo da representación do espectáculo *O pior de Mofa e Befa.*

- Fernando Franco, "Con mucha mofa y befa", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 12 outubro 2012, p. 11.

Sinala que o espectáculo *O pior de Mofa e Befa* repasa algúns dos números máis memorábeis e outros raramente representados do dúo cómico.

- David Freire, "O pior de Mofa e Befa' hace parada en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 13 outubro 2012, p. 53.

Informa da representación do espectáculo *O pior de Mofa e Befa* en Pontevedra dentro da programación cultural de Novacaixagalicia.

- MF Vieites, "Teatro e capital humano", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 431, "Teatro", 25 outubro 2012, p. VIII.

Comenta algunhas representacións teatrais que tiveron lugar nos últimos meses, entre as que destaca a posta en escena de *O pior de Mofa e Befa*.

Mofa e Befa (3): *Shakespeare para ignorantes*, texto William Shakespeare e outros, dirección Quico Cadaval

Ver Lugo, XIIª Mostra de Teatro Clásico de
Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

Referencias varias:

- A. I. S., "Llega 'Shakespeare para ignorantes' al Principal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 25 maio 2012, p. 34.

Informa da posta en escena da peza *Shakespeare para ignorantes*, de Mofa e Befa, no Teatro Principal de Compostela e salienta algúns dos galardóns que recibiu.

- ECG, "Shakespeare para ignorantes' en el Principal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 29 maio 2012, p. 24.

Anúnciase a representación da comedia *Shakespeare para ignorantes*, por Mofa e Befa e dirixida por Quico Cadaval, no Teatro Principal de Compostela.

- MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 8 xuño 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Teatro Principal de Santiago de Compostela da peza *Shakespeare para ignorantes*, a cargo de Mofa e Befa.

- MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 31 maio 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da obra *Shakespeare para ignorantes*, de Mofa e Befa, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- Sangiao, "Shakespeare para ignorantes' chega mañán á Estrada", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 337, 4 outubro 2012, p. 7.

Anuncia a representación da obra *Shakespeare para ignorantes*, de Mofa e Befa, na Estrada.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 20 outubro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Cine Alovi das Pontes da peza *Shakespeare para ignorantes*, de Mofa e Befa.

Teatro do **Morcego** (1): *American café*, texto R. Mohamed, dirección Celso Parada

Referencias varias:

- Trillo, J., "Teatro, varios concursos y música, en los Sábados Culturais de Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 febreiro 2012, p. 32.

Coméntase a programación cultural que o concello de Cee ten prevista para os seguintes meses. No tocante ao teatro, dáse conta da participación de Teatro do Morcego, Fulano, Mengano e Citano, Caramuxo Teatro e Títeres Tres Globos.

- J. M. R., "Teatro do Morcego presenta el sábado 'American Café", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 marzo 2012, p. 32.

Dáse conta da participación de Teatro do Morcego coa posta en escena *American Café* no marco da programación cultural do concello de Cee.

Teatro do **Morcego** (2): *Os patios da memoria*

Teatro de **Ningures** (1): *Atra Bile*, texto Laila Ripoll, dirección Etelvino Vázquez

Ver Carballiño, XXIIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Teatro de **Ningures** (2): *0'7% molotov*, texto e dirección Santiago Cortegoso

Ver Vilagarcía, Mostra de Teatro de

Recensións:

- Camilo Franco, "Non podes enganar a ninguén se non te enganas ti mesmo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por Aí", 16 marzo 2012, p. L8.

Con motivo das postas en escena *0,7 Molotov* e *A que non podes dicir coca cola* no Salón Teatro e na Sala Santart de Santiago, respectivamente, o autor reflexiona sobre a vida vista como unha representación teatral e, en relación a isto, sobre o concepto de engano e cómo de presente está nas nosas vidas.

Teatro do **Noroeste**: *O último cowboy*, texto e dirección Eduardo Alonso

Recensións:

- Marta García Márquez, "Un alegato contra a barbarie", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 27 abril 2012, p. 14.

Realízase unha reflexión sobre a achega que Teatro do Noroeste fai das relacións persoais nun contexto de crise como o actual mediante a posta en escena *Último cowboy*. A seguir achéganse aspectos como o argumento, as personaxes ou a actualidade da temática pois saliéntase como o guión presenta temas controvertidos da sociedade destes tempos.

Referencias varias:

- C. V., "El teatro vuelve a Vilagarcía con Agadic", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 15 xaneiro 2012, p. 05.

Coméntase cómo se salda unha débeda da Agadic co concello de Vilagarcía por medio de catro representacións teatrais que terán lugar na vila. Son elas *Citizen 2 (made in Galicia)*, de Chévere Teatro; *Oeste Solitario*, de Producións Teatrais Excéntricas; *Viva a crise!*, de Fulano, Mengano e Citano, e *Último cowboy*, de Teatro do Noroeste.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 4 febreiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da obra *O último cowboy*, de Teatro do Noroeste, no Teatro Pastor Díaz de Viveiro.

- Camilo Franco, "Comedia solidaria", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Galicia Fin de Semana", 23 marzo 2012, p. 8.

Achégase brevemente o argumento da comedia *O último cowboy*, por Teatro do Noroeste.

- F. F., "Teatro do Noroeste recala en el Auditorio con la pieza dramática 'O último cowboy", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 8 abril 2012, p. 07.

Dise que Teatro do Noroeste retorna aos escenarios de Vilagarcía, nesta ocasión con *O último cowboy*. A seguir refírese o argumento da peza, a crise económica achegada por medio das relacións persoais das personaxes.

- F. Frieiro, "Teatro do Noroeste trae al Auditorio la comedia ácida 'O último cowboy", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 13 abril 2012, p. 08.

Salienta a afluencia de público d'*O último cowboy*, por Teatro do Noroeste, e indícase que a pesar dos recortes o concello de Cee levará tal representación aos seus escenarios. A seguir, coméntase que os dous actores que compoñen o elenco achegarán ao público problemas da sociedade actual como a crise económica.

- J. Arias, "El otoño llega cargado de teatro cien por cien gallego", *Atlántico Diario*, "Vigo", 23 agosto 2012, p. 11.

Informa da programación para o outono do centro cultural Novacaixagalicia, entre a que salienta a obra *O último cowboy*, por Teatro do Noroeste.

- Ana Baena, “Alicia en el país de las maravillas’, el show de estas Navidades”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 8 outubro 2012, p. 10.

Dentro da programación para o mes de decembro en Vigo, destaca a posta en escena de *O último cowboy*, por Teatro do Noroeste.

- A. de Santos, “Fin de semana cultural y solidario”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 decembro 2012, p. 50.

Entre as actividades culturais da fin de semana, salienta o espectáculo *O último cowboy*, por Teatro do Noroeste.

Obras Públicas: *Life is a paripé*, texto José Luis Prieto

Obras Públicas: *O fútbol é así*, texto e dirección Xosé Prieto

Ver Cambados, Ciclo de Teatro para adultos
Ver Cangas, XXIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo
Ver Riveira, Mostra de Teatro de
Ver Sen Numerar

Recensións:

- Inma López Silva, “Como unha misa cantada”, *Tempos Novos*, n.º 181, “Crítica”, “Teatro”, xuño 2012, p. 76.

Recensiona a opereta *O fútbol é así*, grafada e dirixida por José Prieto e representada pola compañía de teatro Obras Públicas. Tras describir o fío da trama, salienta a destreza vocal dos intérpretes, Vítor Mosqueira, “Mos” e Leandro Lamas, xunto ao ton surrealista que acompaña ao musical.

Referencias varias:

- JLMC, “Leo Bassi y ‘Mecano’, en el Auditorio de Cangas”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana/Morrazo”, 25 marzo 2013, p. 17.

Entre outras actividades culturais que terán lugar en Cangas, saliéntanse as representacións *O fútbol é así*, por Obras Públicas; *Memoria das Memorias dun neno labrego*, por Cándido Pazó; *Oeste solitario*, por PT Excéntricas, ademais de dar conta da celebración da Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 4 maio 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á representación da peza *O fútbol é así*, de Obras Públicas no Clavicémbalo de Lugo.

- MLV, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 8 xuño 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da obra *O fútbol é así*, de Obras Públicas, no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- F. D., “Cine infantil, teatro e deporte”, *La Región*, “*Extra Navidad en Valdeorras*”, “Navidad en O Barco”, 20 decembro 2012, p. 2.

Dentro do programa de actividades culturais do Concello do Barco de Valdeorras, salienta a representación de *O fútbol é así*, de Obras Públicas.

Teatro **Proscrito**: *Rosa de dous aromas*, texto Emilio Carballido, dirección Lino Braxe

Ver Teatro&Danza

Quico Cadaval: *Fantasmas familiares*

Referencias varias:

- Ramón González, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 13 marzo 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena na Sala Karma de Pontevedra de *Fantasmas familiares*, de Quico Cadaval.

Rababiero Producciones: *Noites de retranca*

Referencias varias:

- Ana Baena, “Non concibo o humor galego sen retranca, é unha condición obrigada”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 29 xaneiro 2012, p. 11.

Entrevista ao polifacético actor Carlos Blanco sobre o humor galego e as súas *Noites de Retranca*, espectáculo que comparte con outras personalidades importantes da escena galega e sobre a que salienta o factor improvisación.

- M. C., “Noites de Retranca’, con Blanco, Cadaval y Fábregas”, *Atlántico Diario*, p. 61/ *La Región*, n.º 57, “Sociedad”, “Galicia: Agenda Cultural”, “Monólogos”, 2 febreiro 2012.

Salienta a calidade de *Noites de Retranca* dicindo que se trata dun dos mellores espectáculos de humor realizado polos máis destacados monologuistas do panorama galego, Carlos Blanco e Quico Cadaval, acompañados de Víctor Fábregas.

- E. Ocampo, “Competir con los mejores enriquece”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 3 febreiro 2012, p. 67.

Entrevista a Víctor Fábregas con motivo da súa colaboración no espectáculo *Noites de Retranca* que Cadaval e Blanco levan a Vigo. Na entrevista trátanse temas tan diversos como a temática do antedito espectáculo, a achega de Fábregas e a súa traxectoria profesional.

- Ramón González, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 3 febreiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación de *Noites de retranca*, de Rababiero Producciones, no Centro cultural Novacaixagalicia de Vigo.

- M. R., “Víctor Fábregas y Quico Cadaval actuarán en el auditorio vilalbés el sábado”, *El Progreso*, “A Chaira”, 19 marzo 2012, p. 8.

Anúnciase o espectáculo humorístico *Noites de Retranca* no Auditorio Municipal de Vilalba e dise que nesta ocasión participarán Quico Cadaval e Víctor Fábregas.

- MVI, “Quico Cadaval achégase a Lugo por partida doble”, *El Progreso*, “*D_finde*”, “Artes Escénicas”, 23 marzo 2012, p. 5.

Dáse conta da participación de Quico Cadaval e Víctor Fábregas no espectáculo *Noites de Retranca*. Saliéntase o ton humorístico e a afluencia de público destes monólogos e achéganse datos técnicos da posta en escena.

- M. R., “Quico Cadaval y Víctor Fábregas actúan hoy en el auditorio de Vilalba”, *El progreso*, “A Chaira”, 24 marzo 2012, p. 14.

Anúnciase a segunda edición de *Noites de Retranca* que nesta ocasión leva a Vilalba a Quico Cadaval e Víctor Fábregas. Dise que o espectáculo se basea no humor e a retranca galegos e achéganse datos sobre a venda de localidades.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 24 marzo 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena de *Noites de retranca*, de Rababiero Producciones, no Auditorio de Vilalba.

- Luis P.Ferreiro, “A retranca é un xeito intelixente de estar no mundo”, *La Opinión*, “A Coruña”, 12 abril 2012, p. 13.

Achéganse as preguntas que Carlos Blanco respondeu nunha sesión de *chat* cos lectores da páxina web de *La Opinión*. Entre elas, de moi diversa índole, coméntase a súa participación nas *Noites de Retranca* xunto a Quico Cadaval e Víctor Fábregas.

- Marta García Márquez, “A cuestión é exercer o oficio”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 12 abril 2012, p. 15.

Tras dar conta da presenza de Carlos Blanco, Víctor Fábregas e Quico Cadaval no teatro Rosalía da Coruña como parte da programación de *Noites de Retranca*, explícase como cada un deles vai facendo a súa achega á retranca no escenario. Para rematar, coméntase brevemente a traxectoria profesional de Carlos Blanco.

- María Roca, "Siete cómicos actuarán en el ciclo de monólogos vilalbés", *El Progreso*, "A Chaira", 27 abril 2012, p. 16.

Coméntanse as diversas actuacións que se levarán a cabo en Vilalba no marco dun ciclo de monólogos organizado polo concello. Entre elas, Pepo Suevos, Oswaldo Digón e David Amor representan *HaiPOD*, unha posta en escena de carácter cómico sobre as novas tecnoloxías e internet, e Manuel Manquiña e Luis Zahera estarán presentes como parte das *Noites de Retranca*.

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 20 maio 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Auditorio Carmen Estévez de Vilalba do espectáculo *Noites de retranca*, de Rababiero Producciones.

- Amaia Mauleón, "Soy un famoso 'low cost' y dejaré que la gente se ría un rato de mí", Faro de Vigo, "Tv/Espectáculos", 27 outubro 2012, p. 71.

Entrevista a Fernando González "Gonzo" co motivo da súa actuación dentro do espectáculo de monólogos *Noites de Retranca*.

- Ana Baena, "Tengo pesadillas y es literal, desde que acepté hacer el monólogo", *Atlántico Diario*, "Vigo", 27 outubro 2012, p. 11.

Entrevista a Fernando González "Gonzo" na que se comentan varias cuestións relacionadas co monólogo que, xunto con Perdomo "El koruño", representa dentro do espectáculo *Noites de Retranca*.

- Ana Baena, "Circo, danza, ópera o humor, en el puente de Todos los Santos", *Atlántico Diario*, "Vigo", 2 novembro 2012, p. 10.

Entre as diversas actividades culturais programadas para a ponte de Todos os Santos, anuncia a actuación de Gonzo e Perdomo en *Noites de Retranca*.

Ringo Rango: *Ringorrango*, dirección Rolando San Martin Marcos Ors

Ver Laxe, VIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de
Ver Ourense, XVIª Mostra de Teatro de Rúa de

Sarabela Teatro (1): *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, texto Álvaro Cunqueiro, dirección Ánxeles Cuña

Ver Lugo, XIIª Mostra de Teatro Clásico de

Sarabela Teatro (2): *Tango*, texto Slawomir Mrózek, dirección Ánxeles Cuña

Recensións:

- Ramón González, "Sarabela Teatro executa en Lugo o 'Tango' da súa sátira ao totalitarismo", *El Progreso*, "Cultura/Vivir", 15 xaneiro 2012, p. 57.

Coméntase que Sarabela Teatro ten en cartel unha sátira da autoría de Slawomir Mrozek que Ánxeles Cuña adaptou para os escenarios. Dise que a peza é un referente en toda Europa, achégase o argumento, que trata a "estupidez e os réximes totalitarios", e finalmente fálase do elenco.

- Manuel Beceiro, "La urgencia de decir 'te quiero' antes del lecho de muerte", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por aí", 20 xaneiro 2012, p. L7.

Indícase que Teatro Galileo ten en cartel unha representación baseada na obra gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais do ano 2008, que é da autoría de Teresa González: *Sempre quixen bailar un tango*. A seguir, fálase da liña argumental, unha traxicomedia sobre as cousas que deixamos sen facer ao longo da nosa existencia. A continuación refírese o elenco e trátanse diversos elementos escénicos e, para rematar, explícase o desenvolvemento da historia.

- J. A. Martínez Sevilla, "Tango", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La Columna", 1 marzo 2012, p. 25.

Cualifica de esperpéntica, absurda e dialéctica a peza teatral que Sarabela Teatro ten en cartel, *Tango*. Comenta que se trata dunha obra de teatro baseada en textos de Slawomir Mrözch na que se realiza unha "disección tráxico-cómica da sociedade en xeral a través das interrelacións dos membros dunha familia". A seguir, realízase unha valoración da posta en escena, elementos escénicos, rol dos personaxes e dirección.

- José Torregrosa, "Sarabela Teatro presenta: 'Tango", *Diario de Arousa*, *O Salnés Siradella*, p. 28/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 715, p. 35/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 719, p. 34, "Teatro", 8 abril 2012.

Dividindo a nova en varias seccións, o autor realiza unha achega a diversos aspectos da obra teatral *Tango* que Sarabela Teatro ten en cartel. Para comezar, trátase a gran acollida desta peza teatral por parte de diversas compañías ao longo do territorio europeo, unha representación que se basea en textos de Slawomir Mrözch. A seguir, fálase da directora da adaptación galega, Ánxeles Cuña Bóveda, e da súa visión do argumento e posta en escena. A continuación trátanse diferentes personaxes e o seu rol na historia e, xa para rematar, coméntase o labor de Sarabela Teatro de cara a poñer en escena a antedita obra teatral.

- Inma López Silva, "Farsa estilo Sarabela", *Tempos Novos*, n.º 180, "Crítica", "Teatro", maio 2012, p. 85.

Dá conta da posta en escena da peza *Tango*, grafada por Slawomir Mrózec, dirixida por Ánxeles Cuña e representada por Sarabela Teatro. Salienta a linguaxe e rexistro empregados e a interpretación de Lino Braxe e Fernando Dacosta.

- Camilo Franco, "A familia é como un mundo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 4 maio 2012, p. 6.

Reflexiónase sobre o concepto de familia con motivo da representación que Sarabela Teatro ten en cartel, *Tango*. A seguir, coméntase que esta peza está baseada en textos de Slawomir Mrózeke e dise que a historia se centra na idea de que unha casa familiar é como unha sociedade en pequeno, na que se inclúen a diferenza de estratos xeracionais e as innovacións que as novas xeracións achegan.

Referencias varias:

- Ramón González, "Ángel Corella e Sarabela Teatro, apostas para dinamizar o Gustavo Freire", *EL Progreso*, "Vivir/Cultura", 13 xaneiro 2012, p. 50.

Tras comentar as actividades que se desenvolverán no Auditorio Gustavo Freire de Lugo de cara a dinamizar o espazo, dise que Sarabela contribuirá a tal efecto coa posta en escena de *Tango* e *Konrad*, esta última para os máis pequenos. Achégase brevemente o argumento, pois dise da primeira que é unha sátira sobre a crise económica e da segunda unha obra para toda a familia que trata certos aspectos sobre a educación.

- Jaureguizar, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 14 xaneiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio Gustavo Freire de Lugo de *Tango*, de Sarabela Teatro.

- E. G., "Tui mantiene el nivel de su programa cultural en el primer semestre pese al menor presupuesto", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 27 xaneiro 2012, p. 16.

Coméntase a programación prevista para o primeiro semestre do ano no concello de Tui, con respecto ao que se salienta a súa calidade independentemente da crise económica. Dise que se levarán a escena as seguintes representacións: *Citizen 1 (maioría silenciosa)*, por Chévere Teatro; *Tango*, por Sarabela Teatro; *Pío*, por Caramuxo Teatro, e *Tres no bambán*, por Espello Cóncavo. Anúnciase asemade a IV Semana do Teatro Afeccionado de Tui.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 24 febreiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á representación de *Tango*, de Sarabela Teatro, no Teatro Rosalía da Coruña.

- A. Ferreira, , "Sarabela Teatro representa el sábado en Tui la obra 'Tango", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana/Baixo Miño", 28 febreiro 2012, p. 20.

Anúnciase a posta en escena *Tango*, por Sarabela Teatro, en Vigo e saliéntase que é unha das obras máis relevantes do teatro polaco que segue viva tras corenta e sete anos representándose. A seguir coméntase o argumento, achegado mediante tres xeracións dunha familia a través de quen se mostra unha visión traxicómica da sociedade contemporánea.

- M. C., "Los ourensanos Sarabela estrenan 'Tango' en Vigo", *Atlántico Diario*, p. 61/ *La Región*, p. 60, "Sociedad", "Teatro", 3 maio 2012.

Dise que a peza *Tango* que Sarabela ten en cartel achega as relacións internas dunha familia de xeito traxicómico e saliéntase que novas lecturas da obra a relacionan co Hamlet shakesperiano e que parece reclamar a necesidade dunha nova comprensión da liberdade.

- Belén López, "Teatro co prezo xusto en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 setembro 2012, pp. 50-51.

Informa de que o Concello de Pontevedra manterá o prezo das entradas da súa programación escénica como en anos anteriores.

- Ana López, "Os coflitos xeracionais chegan a Pontevedra coa obra de teatro 'Tango", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 18 outubro 2012, p. 61.

Sinala que a obra Tango, de Sarabela Teatro, trata dos conflitos entre pais e fillos.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 19 outubro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Pazo da Cultura de Pontevedra da peza *Tango*, de Sarabela Teatro.

Os **Sete Magníficos+1**: *O gordo e o calvo van ao médico*

Ver Chantada, XXIIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Referencias varias:

- Chus Gómez, "Primavera de libros e forcadas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 388, 11 abril 2012, contracuberta.

Fálase das actividades que organizou o Concello de Cuntis para os meses de abril e maio, entre outras, as seguintes obras de teatro: *O gordo e o calvo van ao médico*, *Ladrón e familia*, *Gofken e o libro máxico*, *A ruleta rusa* e *Entre nós, mulleres*. Xunta a estas representacións, figuraron outras actividades: concursos literarios, contacontos, maratón de lectura, charlas…

Talía Teatro (1): *Bicos con lingua*, dirección Avelino González

Talía Teatro (2): *Pelos na lingua*, dirección Avelino González

Ver Cariño, XXXIVª Mostra de Teatro Galego de
Ver Cee, XXVª Mostra de Teatro de
Ver Ponteceso 2012, XIXº Ciclo de Teatro
Ver Teatrarte 2012

Recensións:

- Inma López Silva, "A lingua, con humor", *Revista Galega de Teatro*, n.º 70, "Espectáculos", primavera 2012, pp. 53-54.

Coméntase que *Pelos na lingua*, de Talía Teatro, esmiúza a cuestión da lingua dende unha perspectiva humorística e lúdica e a través dunha estrutura fragmentaria e sinxela. Saliéntase que o humor baséase nas fórmulas tradicionais da comedia que parten de situacións cotiás ridiculizadas ou absurdas. Finalmente, destácase que esta peza cumpre o sentido último da comedia: descubrir os absurdos que xera calquera sociedade e demostrar que a infelicidade colectiva pode resolverse coa aplicación do sentido común.

Referencias varias:

- Beceiro, Manuel, "Un nuevo enfoque teatral para hablar de los usos y abusos que viene sufriendo el idioma gallego"*La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por Aí", 27 xaneiro 2012, p. L8.

Dise que a que pode ser considerada a segunda parte de *Bicos con lingua*, *Pelos na lingua*, por Talía Teatro, trata tamén os usos da lingua galega con un ton cómico e dende un punto de vista irónico.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 28 xaneiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación da peza *Pelos na lingua*, de Talía Teatro, no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- C. Pichel, "A compañía Thalía Teatro chega a Santiago da man da comedia", *ABC*, "Galicia", 29 xaneiro 2012, p. 65.

Coméntase que Talía Teatro ten previstas até once funcións de dúas das súas obras máis aclamadas polo público, *Volpone* e *Pelos na lingua*, que terán lugar no Salón Teatro de Santiago. A seguir achéganse os horarios das representacións e coméntase que se destinan tanto ao público adulto como a escolares. Finalmente, dáse conta do argumento de ambas as pezas; dise que *Pelos na lingua* recrea os usos do galego de xeito cómico e que *Volpone* transmite as baixezas humanas dun modo satírico.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 29 xaneiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Pelos na lingua*, de Talía Teatro, no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- Camilo Franco, "Gags sobre o falar", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Galicia Fin de Semana", 23 marzo 2012, p. 8.

Coméntase que Talía Teatro reflexiona sobre o falar galego en *Pelos na lingua*.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 24 marzo 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Pelos na lingua*, de Talía Teatro, no Auditorio de Lugo.

Talía Teatro (3): *Volpone*, texto Ben Johnson, adaptación e dirección Roberto Salgueiro

Referencias varias:

- C. Pichel, "A compañía Thalía Teatro chega a Santiago da man da comedia", *ABC*, "Galicia", 29 xaneiro 2012, p. 65.

Coméntase que Talía Teatro ten previstas até once funcións de dúas das súas obras máis aclamadas polo público, *Volpone* e *Pelos na lingua*, que terán lugar no Salón Teatro de Santiago. A seguir achéganse os horarios das representacións e coméntase que se destinan tanto ao público adulto como a escolares. Finalmente, dáse conta do argumento de ambas as pezas; dise que *Pelos na lingua* recrea os usos do galego de xeito cómico e que *Volpone* transmite as baixezas humanas dun modo satírico.

- Camilo Franco, "Están moi mal repartidos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por Aí", 3 febreiro 2012, p. L8.

Con motivo da representación *Volpone* que Talía Teatro ten en cartel, o autor reflexiona sobre baixezas humanas como a avaricia e o cada vez meirande distanciamento entre ricos e pobres que tal sentimento conleva. O autor salienta como o antedito tema é atemporal e refírese á situación de crise económica para situalo na actualidade.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 3 febreiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación de *Volpone*, de Talía Teatro, no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 4 febreiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da obra *Volpone*, de Talía Teatro, no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Teterella Teatro: *Un corazón perfecto*, texto Carmen Blanco

Ver Cee, XXVª Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- M. G. M., "De los Rosales a la estepa rusa", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 2 xaneiro 2012, p. 07.

Dise que Teatro do Andamio viaxarán a Rusia para levar a escena a peza *A lingua das bolboretas*, unha historia en torno á Guerra Civil baseada no texto de Manuel Rivas. A seguir, coméntase a xira da compañía por Galicia unha vez de regreso e dise que representarán tamén *En construcción* en diversos auditorios. Para rematar, trátase a programación cultural de Los Rosales, na que se mencionan as representacións *Un corazón perfecto*, por Teterella Teatro, e *Historia dunha semente*, por Caramuxo, destinada ao público infantil.

- M. G. M., "Tatarella Teatro ofrece en Los Rosales la comedia 'Un corazón perfecto", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 26 xaneiro 2012, p. 15.

Explícase o argumento d'*Un corazón perfecto*, por Tatarella Teatro, unha comedia sobre o consumismo que parte dunha situación absurda. A seguir, achéganse as datas de diferentes representacións.

- L. T., "Teterella Teatro estará este sábado en el Liceo", *El Ideal Gallego*, "Betanzos", 25 outubro 2012, p. 22.

Anúnciase a representación da peza *Un corazón perfecto*, por Tatarella Teatro en Betanzos..

Escola de Teatro **Valle-Innova** (1): *A voz do mestre I. Comedia*

Escola de Teatro **Valle-Innova** (2): *Próxima estación*, texto Alberto Dosil

Referencias varias:

- N. Abellás, , "Ir al teatro a ver lo que sea es bueno para la salud", *La Región*, "Ourense", 18 abril 2012, p. 6.

Entrevista a Roberto Salgueiro, director da Aula de Teatro da USC, con motivo da representación que a antedita compañía presenta na Miteu, *Comedia Famosa do Cabaleiro de Olmedo*. Dise que a obra, baseada en textos de Francisco de Monteser, realiza unha parodia de arquetipos.

- S. C., “Proxecto Home asegura que la crisis provocó un aumento de las adicciones”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 xaneiro 2012, p. 22.

Con motivo do aumento no número de adiccións entre os cidadáns, anúnciase que a Escola de Teatro Valle-Innova representará *Próxima estación* como colaboración benéfica a Proxecto Home.

- B. Yáñez, “Dentro doutros 5 anos, coa que está caendo, agardamos contar con Auditorio”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 20 xaneiro 2012, p. 15.

Entrevista a Fátima Rey, directora da Escola de Teatro Valle-Innova, con motivo da obra que teñen en cartel, *Próxima estación*. Trátanse temas tan variados como o financiamento, a organización da Escola ou a visión de futuro da directora.

Volta e Dálle Teatro (1): *Menciñeiros*, texto Álvaro Cunqueiro, adaptación Lucho Penabade, dirección Lucho Penabade e Comba Campoy

Ver Teatrofilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Referencias varias:

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 17 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena de *Menciñeiros*, de Volta e Dálle Teatro, no Teatro Pastor Díaz de Viveiro.

- Camilo Franco, “Xente de Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Galicia Fin de Semana”, 23 marzo 2012, p. 8.

Dise que *Menciñeiros*, por Volta e Dálle, leva aos escenarios a personaxes de Cunqueiro retomando así clásicos da literatura galega.

- X. C. V., “El Auditorio tendrá 14 días de actividad en abril, con teatro, danza o música”, *El Progreso*, “Lugo”, 28 marzo 2012, p. 10.

Destácase a programación cultural que terá lugar no mes de abril no auditorio municipal de Lugo. No referente ao teatro dise que participarán Santiago Cortegoso, con *A filla de Woody Allen*; Volta e Dálle, con *Menciñeiros*, e a Aula de Teatro Universitario de Ourense, con *Gepeto*.

- RCG, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 13 maio 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Auditorio Hernán Naval de Ribadeo da peza *Menciñeiros*, a cargo de Volta e Dálle Teatro.

- J. M. R., “La compañía Volta e Dalle presenta la obra ‘Menciñeiros”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 8 maio 2012, p. 31.

Dise que Volta e Dalle leva á vila da Xunqueira unha obra baseada en textos de Álvaro Cunqueiro, *Menciñeiros*. Para rematar, achéganse datos sobre a venda das localidades.

- C. P. R., “Pepe Penabade ofrecerá un espectáculo el miércoles en la feria de Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 6 agosto 2012, p. 8.

Informa de que o actor Pepe Penabade ofrecerá un espectáculo de rúa para publicitar a posta en escena da peza *Menciñeiros*, de Volta e Dálle Teatro.

- Víctor Manuel Rivero, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 12 agosto 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena na Praza do Concello de Castro de Rei da obra *Menciñeiros*, de Volta e Dálle Teatro.

Volta e Dálle Teatro (2): *Rodesindo da Barrosa*, texto X. H. Rivadulla, dirección Pepe Penabade

Referencias varias:

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 12 outubro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da representación nas Escolas de Cedofeita (Ribadeo) da peza *Rodesindo da Barrosa*, de Volta e Dálle Teatro.

III.4.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Abran Paso: *Cantos contos*, dirección Esther Movilla-Castillo

Achádego Teatro: *As alegres comadres de Windsor*, texto William Shakespeare, dirección Antón Sampaio

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Referencias varias:

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 28 abril 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da representación da obra *As alegres comadres*, de Achádego Teatro, na Casa da Cultura de Riotorto.

- MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 10 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á representación da obra *As alegres comadres de Windsor*, de Achádego Teatro, na Casa da Cultura de Sober.

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 11 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *As alegres comadres de Windsor*, de Achádego Teatro, no Círculo Recreativo de Escairón (O Saviñao).

- A. C., "Gestos para llenar los platos", *El Progreso*, "Lugo", 14 decembro 2012, p. 14.

Dise que Teatro Achádego representará en Lugo a súa *As alegres comadres* como parte do programa solidario que se está a desenvolver na cidade.

- VMR, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 15 decembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *As alegres comadres de Windsor*, de Achádego Teatro, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

- Marta Becerra, "La risa también alimenta", *El Progreso*, "El Despertador", "Lugo", 16 decembro 2012, p. 11.

Dise que Teatro Achádego representará en Lugo a súa *As alegres comadres* como parte do programa solidario que se está a desenvolver na cidade.

Grupo de Teatro **A Adala**: *Enredos*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Referencias varias:

- R. I., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 3 agosto 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Enredos*, do Grupo de Teatro A Adala, na Praza do Souto de Cervo.

Cadro Artístico **Airiños** (1): *A bicicleta de Ana María*,

- Suso Souto, "La primavera arranca con música en Ribeira y teatro en Rianxo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 marzo 2012, p. 31.

Entre outras actividades de índole cultural previstas para os seguintes días en Ribeira, anúnciase a representación *A bicicleta de Ana María*, por Airiños, da que ademais se achegan os horarios para a fin de semana.

Cadro Artístico **Airiños** (2): *Ata que a morte nos separe*

Referencias varias:

- S. S., "Airiños pone en escena 'Ata que a morte nos separe", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 xaneiro 2012, p. 31.

Infórmase da representación *Ata que a morte nos separe*, por Airiños, en Rianxo.

- Margarito Flowers, "Teatro para luchar contra el alzhéimer", *El Correo Gallego*, "Gente", 17 abril 2012, contracuberta.

Dise que con motivo da recolleita de fondos para os enfermos de alzhéimer, o grupo Airiños levará a escena a peza *Ata que a morte nos separe*, da que ademais se di que está baseada na farsa *Cuatro corazones con freno y marcha atrás*, de Jardiel Poncela.

- J. G., "Actuar mañá no Teatro Principal será unha hora para o noso grupo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", "A pie de calle", 21 abril 2012, contracuberta.

Anúnciase a representación *Ata que a morte nos separe*, de Airiños, no Teatro Principal de Compostela salientando que se trata da compañía máis antiga do país. Achéganse asemade datos sobre os horarios dispoñíbeis.

Alentía Teatro: *Terra*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Grupo de Teatro **Alexandre Bóveda**: *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, adaptación do texto de Xerardo Álvarez Gallego, dirección Xoán Carlos Mexuto

Escola de Teatro do Concello de **Ares**: *A voda de Esganarello*, texto Molière, dirección Manuel Basoa

Ver Caranza, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Arruallo Teatro: *Matrimoniadas*, dirección Luis Martínez

Ver Couto, Mostra de Teatro Afeccionado do

Teatro **Artesán** (1): *Anxelina e o honor dun brigadier*, texto Enrique Jardiel Poncela

Teatro **Artesán** (2): *Arsénico por compasión*

Ver Sada, Iº Maratón de Teatro Afeccionado

Referencias varias:

- A. B., "Aficionados a escena", *La Opinión*, "la gran coruña", "Sada", 28 xaneiro 2012, p. 15.

Anúnciase un maratón de teatro que Teatro Artesán levará a cabo en Sada durante unha fin de semana coa representación de seis pezas, entre as que se inclúe *Arsénico por compasión* e *A farsa do correxidor*.

Grupo de Teatro **ASCM** (Asociación Sociocultural de Minusválidos): *Con premeditación e aleivosía*

Teatro **Atlántida**: *O amor de don Perlimpín con Belisa no xardín*

Ver Vigo, Xª Semana de Teatro Afeccionado de

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (1): *Café*, texto Susana Sánchez, Luís García Araus e Javier García Yagüe, dirección Iolanda Muíños

Ver Agustín Magán, XIº Festival de teatro afeccionado
Ver Ames, VIIª Mostra de Teatro Afeccionado de
Ver Couto, Mostra de Teatro Afeccionado do

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (2): *Comendo pementos de Padrón con Tarantino*

Ver Vila de Sarria, IIª Semana de Teatro Popular

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (3): *RR.HH.* (*O método)*, dirección José L. Prieto

Ver Betanzos, IIIº Encontro de Teatro Afeccionado de
Ver Sada, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado
Ver San Andrés de Comesaña, VIª Mostra de

Axóuxere Teatro (1): *A rúa do inferno*, adaptación do texto de Antonio Onetti, dirección Alejandro Albaiceta

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Referencias varias:

- M. G. M., "Axóuxere Teatro adaptará al gallego la comedia 'A rúa do inferno' en el teatro Colón", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 6 novembro 2012, p. 12.

Iníciase a nova achegando o argumento da comedia que Axóuxere Teatro adapta ao galego e aos tempos modernos, *A rúa do inferno*, de Antonio Onetti. A seguir, trátanse aspectos da programación das representacións e do proceso de adaptación.

- MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 13 novembro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *A rúa do inferno*, do Grupo Teatral Axóuxeres, no Teatro Colón da Coruña.

Axóuxere Teatro (2): *Vodas de sangue*, texto Federico García Lorca, dirección Alejandro Albaiceta

Ver Sada, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Batán: *A forza dos soños*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012
Ver Palas de Rei, XIIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador
Ver Vila de Sarria, IIª Semana de Teatro Popular

O **Bordelo** de Cervo: *Querencia*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Teatro de **Cadaquén**: *Jalisian Alternatif Sports*

Carfax Teatro: *Portus Veneris*, dirección José León e Paco Alvarellos

Ver Fegatea Móvete 2012, Festival Galego de Teatro Afeccionado

Referencias varias:

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 23 setembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Auditorio de Lugo da obra *Portus Veneris*, a cargo de Carfax Teatro.

Carrachanacacha (1): *Comendo pimentos de Padrón con Tarantino*, texto e dirección Leandro Lamas

Ver Cariño, XXXIVª Mostra de Teatro Galego de
Ver Vente a ver teatro

Carrachanacacha (2): *Gheidi, só para adult@s*, texto e dirección Leandro Lamas

Ver Cariño, XXXIVª Mostra de Teatro Galego de
Ver Lugo, Festival Galego de Teatro Afeccionado de
Ver Teatrofilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Referencias varias:

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 11 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da representación de *Gheidi, só para adult@s*, de Carrachanacacha, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

Teatro **Charamela**: *Se o sei... non volvo a casa*, texto Manuel Varela Buxán, dirección Jesús Gómez Lareo

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Taller de Teatro **Clámide**: *O achado do castro*, texto Manuel Núñez Singala, dirección Julio F. García Cores

Referencias varias:

- A. B., "Teatro Clamide representa 'O Achado do Castro' mañana en Vilalonga", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 10 novembro 2012, p. 24.

Anuncia a representación da obra *O achado do castro* a cargo do Taller de Teatro Clámide.

Devanceiro Teatro: *Preguntas sobre o meu pai*, texto e dirección Silvia Romaus

Ver Caranza, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"
Ver Couto, Mostra de Teatro Afeccionado do

Teatro de Cámara **Ditea**: *Farsa Plautina*, texto Agustín Magán

Referencias varias:

- ECG, "La compañía Ditea vuelve al Principal con 'Farsa Plautina", *El Correo Gallego*, "Santiago", 13 xuño 2012, p. 23.

Tras anunciar que Ditea Teatro regresa aos escenarios con *Farsa Plautina*, faise un breve percorrido pola traxectoria da compañía de teatro afeccionado.

- A. Iglesias, "Ditea presenta en el Principal su 'Farsa Plautina", *El Correo Gallego*, "Santiago", 14 xuño 2012, p. 27.

Coméntase que Ditea Teatro achega aos escenarios personaxes arquetípicas da Roma clásica por medio dunha peza baseada en textos de Plauto, *Farsa Plautina*.

Escoitade Teatro: *Longa vida a Martiño de Güimil*, texto e dirección Doro Piñeiro

Ver Lugo, Festival Galego de Teatro Afeccionado de

Referencias varias:

- MVI, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 4 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Longa vida a Martiño de Güimil*, de Escoitade Teatro, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

Teatro **Esmorga**: *O incorrumptíbel Helder Costa*

Gargallada Teatro (1): *A última cinta de Krapp*, texto Samuel Beckett

Ver Lugo, Festival Galego de Teatro Afeccionado de

Referencias varias:

- RCG, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 10 marzo 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *A última cinta de Krapp*, de Gargallada Teatro, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

Gargallada Teatro(2): *Non me chames cariño se non o sintes*

Ver Vila de Sarria, IIª Semana de Teatro Popular

Referencias varias:

- Víctor Manuel Rivero, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 12 agosto 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Non me chames cariño se non o sintes*, de Gargallada Teatro, na Praza da Vila de Sarria.

Hipócrita Teatro: *Homes en escabeche*, dirección Carlos Rebolo

Ver Sada, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Iliria Teatro (1): *A máis forte*, texto August Strindberg

Iliria Teatro (2): *O canto do cisne*, texto Antón Chékhov

Iliria Teatro (3): *Petición de man*, texto Antón Chékhov

A **Mámoa** Teatro: *A casa dos líos*

Ver Boqueixón, Ciclo de Teatro de Outono de
Ver Mámoa de Luou, XV Mes do Teatro da

Asociación Cultural **Manicómicos**: *Aparentemente*

Escola de teatro da Asociación Teatro do **Mar**: *Xoana sen medo*

Ver Meaño, Mes do Teatro de

Agrupación Teatral **Mariñán**: *Amor filial*, texto Angelo T. Malone

Ver Arteixo, XIIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Mequetrefes Teatro: *Do día que meus pais me plantaron nunha maceta*

Metátese Teatro: *O país da auga*, dirección Alfonso García Penas

Referencias varias:

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 13 maio 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Colexio Público de Paradela da obra *O país da auga*, de Metátese Teatro.

Teatro **Muxicas**: *Historia dunha banca privada*, adaptación da obra de Friedrich Dürrenmatt, dirección Tito Asorey

NNC Teatro: *Esperando a Godot*, texto Samuel Beckett, dirección Beatriz Méndez

Ver Caranza, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Noite Bohemia: *Electra*

Ver Betanzos, IIIº Encontro de Teatro Afeccionado de

Nova Escena Teatro (1): *A herdanza da tía Constanza*, texto Juan Carlos Hernández, dirección e adaptación Xoán Carlos Laxe

Ver Atracción Teatral VI
Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Referencias varias:

- S. J., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 3 novembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio Gustavo Freire de Lugo da peza *A herdanza da tía Constanza*, de Nova Escena Teatro.

Nova Escena Teatro (2): *2155. Unha utopía futurista*, texto e dirección Xoán Carlos Laxe González

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Teatro para los vecinos de Esperante", *El Progreso*, "Lugo", "El Despertador", 14 maio 2012, p. 4.

Coméntase que a asociación de mulleres A Caciña incluíu no marco da súa programación cultural anual a representación *2155*, por Novaescena Teatro, obra representada na parroquia lucense de Esperante.

- VMR, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 15 decembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *20155. Unha utopía futurista*, de Nova Escena Teatro, no Auditorio municipal do Saviñao (Escairón).

Parápono Teatro: *O reo*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Asociación Teatral **Paso de Valverde** (1): *Un día no circo*, texto Xavier Ramilo, dirección Paulo Serantes

Ver Teatrofilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Asociación Teatral **Paso de Valverde** (2): *Un traballo é un traballo*

Ver Caranza, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Grupo de Teatro **Pinchacarneiro** (1): *O médico a paus*

Referencias varias:

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 12 xaneiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Museo do Mar de Cervo d'*O médico a paus*, do Grupo de Teatro Pinchacarneiro.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 13 xaneiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Museo Etnográfico de San Paio de Narla da peza *O médico a paus*, do Grupo de Teatro Pinchacarneiro.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 18 xaneiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *O médico a paus*, do Grupo de Teatro Pinchacarneiro, no Pazo de Tor de Monforte de Lemos.

- Marta Becerra, "Pinchacarneiro actuó en el museo", *El Progreso*, "Lugo", "El Despertador", 20 xaneiro 2012, p. 11.

Salienta a afluencia de público da representación *O médico a paos*, por Pinchacarneiro, en Lugo.

- SJ, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 9 febreiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Pazo de Tor de Monforte de Lemos da peza *O médico a paus*, a cargo do Grupo de Teatro Pinchacarneiro.

Grupo de Teatro **Pinchacarneiro** (2): *Os perseguidores de soños*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Grupo de Teatro A **Pombiña**: *Rosenda, unha criada indecente*, texto e dirección Betty Couce

Ver Caranza, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Quemaisten Teatro: *Cinema*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado
Ver Sada, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Grupo de Teatro A **Rabela**: *Noivos por Internet*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Grupo Teatral **Raiolas** (1): *Non volvas, Salustio, non volvas*

Referencias varias:

- R. L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 5 xullo 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Hotel Vila do Val do Valadouro da peza *Non volvas, Salustio, non volvas*, a cargo do Grupo Teatral Raiolas.

Grupo Teatral **Raiolas** (2): *O chufón*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012
Ver Valadouro, XXVIIª Semana do Teatro

Referencias varias:

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 6 setembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena no salón de actos da Casa da Cultura do Valadouro da obra *O chufón*, do Grupo Teatral Raiolas.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 6 outubro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Teatro Pastor Díaz de Viveiro da obra *O chufón*, a cargo do Grupo Teatral Raiolas.

- MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 18 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á representación da peza *O chufón*, do Grupo Teatral Raiolas, na Casa da Cultura de Lourenzá.

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 24 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da obra *O chufón*, do Grupo Teatral Raiolas, no Centro polifuncional da Pobra de San Xiao (Láncara).

Rebuldeira Teatro: *O velorio*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Grupo Municipal Xuvenil de Teatro de **Riveira**: *O achado do castro*, texto Manuel Núñez Singala

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Teatro do **Rueiro**: *A lotería*

Grupo de Teatro **Tarantela**: *O cadáver do señor García*

Teruca Bouza: *A muller do meu amigo engáname*

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Tremoia Teatro: *Hildegart*, texto Borja Ortiz de Gondra, dirección Luis González Ramos

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado
Ver Caranza, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Aula de Teatro da **USC**: *Comedia famosa do cabaleiro de Olmedo (escrita por Francisco de Monteser e editada no ano 1651 en Alcalá, con algunha adición respectuosa para a súa posta en escena)*, texto Francisco de Monteser; adaptación, tradución e dirección Roberto Salgueiro

Ver Coruña, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da
Ver FITEU, XVIIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela
Ver Galicia, XIIIª Mostra de Teatro Universitario de
Ver MITEU, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego
Ver Teatrofilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Referencias varias:

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 23 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio de Lugo da peza *Comedia famosa do cabaleiro de Olmedo (escrita por Francisco de Monteser e editada no ano 1651 en Alcalá, con algunha adición respectuosa para a súa posta en escena)*, a cargo da Aula de Teatro da USC.

- N. Abellás, “Ir al teatro a ver lo que sea es bueno para la salud”, *La Región*, “Ourense”, 18 abril 2012, p. 6.

Entrevista a Roberto Salgueiro, director da Aula de Teatro da USC, con motivo da representación que a antedita compañía presenta na Miteu, *Comedia Famosa do Cabaleiro de Olmedo*. Dise que a obra, baseada en textos de Francisco de Monteser, realiza unha parodia de arquetipos.

Ut-Tópico Teatro *Baile de sombras*, dirección Fran Godón

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado
Ver Caranza, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Zampalladas: *Os vellos non deben de namorarse*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Referencias varias:

- I. R. D., “El grupo de teatro Zampalladas lleva a escena su nueva obra el 30 en A Pastoriza”, *El Progreso*, “A Chaira”, 25 abril 2012, p. 17.

Coméntase que Paloma Lugilde fixo unha adaptación d’*Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, que Zampallada Teatro poñerá en escena. Dise que a antedita será a cuarto peza representada pola compañía de teatro afeccionado e que se poderá ver tamén no marco do programa Buxiganga.

Teatro da **Zarabanda**: *Xenitais*, dirección Toño Pena

IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS: Valentín Paz Andrade

IV.1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Paz Andrade, Valentín, *Canto do pobo disperso*, ed. e introd. María Xesús Lama, limiar Ramón Villares, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2012, 65 pp. (ISBN: 978-84-92923-35-9). ◆

Reedición que inclúe a transcrición e a edición facsimilar deste poemario inédito de Valentín Paz-Andrade (Lérez-Pontevedra, 1898-Vigo, 1987). Ábrese cun limiar a cargo de Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, quen, tras explicar as orixes do título deste poemario, repasa as modificacións do texto co obxectivo de ser tirado do prelo no seu tempo e menciona as similitudes entre este e o poemario de Luís Seoane, *Fardel de eisilado* (1952), así como a emigración ás Américas de Valentín Paz-Andrade. A seguir aparece un estudo introdutorio de María Xesús Lama intitulado "Emigración e literatura", quen salienta, a través de catro breves seccións, as viaxes que o poeta realizou ao continente americano, os xermolos do título en *Os sete salmos da remigración*, a xénese do texto, por medio de dous grupos estabelecidos a partir das catro versións mecanografadas atopadas na casa do poeta e na Fundación Luís Seoane, e os criterios de edición, que se pecha coa relación da bibliografía citada. A continuación reprodúcese o poemario, formado por sete cantos, nos que se trata a noción de emigración e abandono da terra galega en busca dunha vida mellor, e un apéndice, conformado por un poema inconcluso, intitulado "Galicia, vigilium mare", no que se canta o mito das orixes do pobo galego, que se complemente con notas aclaratorias finais. Pecha a reedición a reprodución facsimilar do poemario e o apéndice. Conta co colofón "Este libro acabouse de imprimir o día 23 de abril, aniversario do nacemento de Valentín Paz-Andrade, a quen se lle dedica este ano 2012 o Día das Letras Galegas".

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 10 maio 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na biblioteca do Consello da Cultura Galega.

- M. M., "El Consello da Cultura Galega presenta una obra inédita de Paz-Andrade", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 10 maio 2012, p. 41.

Explica que, entre as diferentes actividades organizadas para celebrar o Día das Letras Galegas, terá lugar a presentación deste poemario no Consello da Cultura Galega.

- Fran P. Lorenzo, "O CCG rescata o mito migratorio de Galicia nos versos de Paz-Andrade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 11 maio 2012, p. 47.

Infórmase da presentación no Pazo de Raxoi deste poemario inédito de Valentín Paz Andrade (Lérez-Pontevedra, 1898-Vigo, 1987) e indícase que o acto contou coa participación de Ramón Villares, Rosario Álvarez e Alfonso Paz Andrade.

- Mar Mato, "Paz-Andrade, o escritor que pulía versos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Preparando o Día das Letras Galegas", 11 maio 2012, p. 47.

Coméntase a presentación no Consello da Cultura Galega do poemario inédito de Valentín Paz-Andrade (Lérez-Pontevedra, 1898-Vigo, 1987), *Canto do pobo disperso*. Indícase que a súa edición estivo a cargo de María Xesús Lama.

- Tamara Montero, "Publican o facsímile de 'Canto do pobo disperso", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Medio século de letras galegas", 11 maio 2012, p. 39.

Faise referencia á presentación no Consello da Cultura Galega deste poemario inédito de Valentín Paz-Andrade (Lérez-Pontevedra, 1898-Vigo, 1987), editado pola profesora da Universidade de Barcelona, María Xesús Lama.

- C. M., "Recuperan o poemario inédito 'Canto do pobo disperso", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Consello da Cultura Galega", "Poemario", 17 maio 2012, p. 18.

Comenta que o Consello da Cultura Galega conmemora a celebración do Día das Letras Galegas coa publicación dun texto inédito de Valentín Paz-Andrade (Lérez-Pontevedra, 1898-Vigo, 1987), *Canto do pobo disperso*, escrito polo autor en Bogotá en 1955.

Paz-Andrade, Valentín, *Castelao na luz e na sombra*, limiar Miguel Anxo Seixas Seoane, Vigo: Editorial Galaxia, col. Grandes biografías, n.º 2, maio 2012, 699 pp. (ISBN: 978-84-9865-434-9).

Reedición da vida e obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, A Coruña, 1886-Bos Aires, 1950) realizada en 1982 por Valentín Paz Andrade (Lérez-Pontevedra, 1898-Vigo, 1987). Ábrese cun limiar de Miguel Anxo Seixas Seoane intitulado "Inzo e maínzo", onde comeza reflexionando sobre o ensaio de carácter biográfico feito en Galicia e dá conta de todos os traballos que Paz Andrade foi publicando logo da morte de Castelao en 1950 e como se foi xestando a idea de redactar a biografía do intelectual rianxeiro, e sinala que se recolle integramente o texto de 1986 e que se adaptou á normativa actual do galego. Conta con catro amplos apartados. O primeiro deles, "Alborada do home" (pp. 33-163), distribúese ao longo de oito capítulos que van dende o nacemento, o vínculo dos avós, o tempo no que emigrou coa nai á Pampa para se reunir co pai e os primeiros contactos co mundo do debuxo e a pintura. Os capítulos da segunda parte, "A estrela comeza a raiolar" (pp. 167-318), ofrecen amplos detalles sobre a prexestación do movemento galeguista até a fundación das Irmandades da Fala, no que Castelao foi partícipe; a colaboración do xornal madrileño *El Sol*; as viaxes por Europa; a fundación da revista *Nós*; as luces e as sombras que andaron "en teimosa retesía" con Castelao, en referencia á saúde, á doenza e á morte de seu fillo en 1928; e

nos últimos capítulos desta segunda parte, alúdese á recuperación das loitas sociais na década dos anos trinta e ao papel de Castelao nas eleccións de 1931 e no Congreso. Na terceira parte, intitulada "Os anais da plenitude" (pp. 321-475), recupéranse pasaxes de xornadas como o xantar de La Bombilla ou o xantar popular de Lugo, a faceta de Castelao como conferenciante e a súa entrada na Real Academia Galega; e repásase o que hai de autobiográfico na súa narrativa (*As Memorias dun esqueleto*, *Cousas*, *Retrincos*, *Os dous de sempre*); o desterro en Badaxoz durante o Bienio Negro, a época previa á proclama de Guerra Civil (días en Madrid e Valencia) e o exilio (URSS, California, Bos Aires, A Habana). A última parte do libro, "Baixo o cruceiro do sur" (pp. 479-628), recolle a súa actuación política de líder entre o galeguismo do exilio, facendo un seguimento da súa actividade epistolar con outros intelectuais, a súa produción ensaística (*Sempre en Galiza*, *As cruces de pedra na Galiza*), e o seu discurso *Alba de Groria* en 1948. No último capítulo, "O tránsito da luz á sombra", aborda os últimos tempos vividos por Castelao antes da súa morte en xaneiro de 1950. Analiza a biografía con gran detalle, concedéndolle interese aos contextos sociais e históricos da época. En xeral respecta a orde cronóloxica dos feitos, se ben hai casos onde non, como acontece por exemplo cando se fala dos problemas de cegueira que aqueixaban ao intelectual dende unha idade temperá. Repara na relación entre Castelao e outros intelectuais do seu tempo: Rafael López de Haro, Carlos Sobrino, Vicente Risco, Xoán de Forcados, Antonio Palacios, Wenceslao Fernández Flórez, Teixeira de Pascoaes, Ramón Mª del Valle-Inclán, Carlos Maside. Compleméntase cunha "Cronoloxía" (pp. 629-645) que permite comparar a vida de Castelao con outros eventos coetáneos; un "Anexo fotográfico e documental" (pp. 647-687) e un apartado de agradecementos do autor (pp. 689-690).

Recensións:

- Vicente Araguas, "Luz, máis luz na vida de Castelao", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella!*", "Página literaria", "Libros", p. 22/ *Diario de Ferrol*", "*Nordesía*", n.º 735, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 735, "Página literaria", "Libros", p. 30, 29 xullo 2012.

Salienta a faceta de biógrafo de Valentín Paz Andrade (Lérez-Pontevedra, 1898-Vigo, 1987), a figura homenaxeada o Día das Letras Galegas, quen realizou esta biografía dunha das "personalidades máis significativas do galeguismo". Comenta a reedición de *Castelao na luz e na sombra*, onde se reflicten as circunstancias que viviu o rianxeiro, entre as que destaca a súa entrega nos momentos máis febles e a súa faceta viaxeira, que lle achegou multitude de coñecementos do mundo cultural. Indica que a obra non está exenta de polémica, xa que algúns estudosos afirman que non se afondou nas circunstancias clínicas da vida de Castelao, afectado por diferentes doenzas.

- Lucía Seoane, "Anais de Castelao", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 426, "Libros", 20 setembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 378, "Letras galegas", 29 setembro 2012, p. 7.

Coméntase polo miúdo o prefacio desta obra, que asina o mesmo Valentín Paz-Andrade (Lérez-Pontevedra, 1898-Vigo, 1987). Sinálase que queda aínda moito por descubrir do autor de *Sempre en Galiza*, que xa se elevou á categoría de mito e apúntase que tanto

Castelao como Paz-Andrade son grandes amantes de Galicia e así o plasman nos seus escritos.

Referencias varias:

- Ana Baena, "Só polo libro de Castelao, Paz Andrade merece o Día das Letras", *Atlántico Diario*, 18 xullo 2012, p. 12.

Infórmase da presentación desta obra, publicada por Galaxia e introducida por Seixas Seoane. Sinálase que se trata duna das grandes biografías galegas.

- E. OCampo, "Castelao baixo a reedición de Paz-Andrade", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 18 xullo 2012, p. 38.

Dá conta da reedición por parte do escritor Seixas Seoane da biografía *Castelao na luz e na sombra* que escribiu Valentín Paz-Andrade (Lérez-Pontevedra, 1898-Vigo, 1987) entre os anos 1980 e 1981. Comenta a presentación desta reedición que coincidiu co ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas ao xornalista e economista pontevedrés Paz-Andrade, motivo desta nova edición, que iniciou a colección "Grandes biografía".

- Elvira Coello, "A editorial Galaxia presentou a biografía de Castelao que escribiu Valentín Paz Andrade", *La Voz de Galicia*, "Cultura",18 xullo 2012, p. 34.

Infórmase da presentación desta biografía no Museo do Mar de Galicia, en Vigo e sinálase que houbo algunha corrección con respecto á versión de Valentín Paz Andrade (Lérez-Pontevedra, 1898-Vigo, 1987).

Paz Andrade, Valentín, *Galicia como tarea*, introd. Ramón Villares, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Alternativas, 2012, 172 pp. (ISBN: 978-84-9914-379-8).

Edición facsimilar desta obra de Valentín Paz Andrade (Pontevedra, 1898-Vigo, 1987), realizada a partir dun exemplar, cedido para a súa reprodución, pola Fundación Penzol, da edición de xuño de 1959 impresa en Bos Aires, ao coidado de Luís Seoane. Ábrese cun paratexto en forma de estudo introdutorio a cargo de Ramón Villares intitulado "Un libro singular e pioneiro" (pp. XI-XXIII), no que destaca o labor de Paz Andrade como xornalista, avogado e escritor e incide na importancia deste texto como unha obra pioneira no seu tempo pola revisión e reflexión entorno as claves da economía galega. Comenta tamén as influencias no seu pensamento económico das correntes económicas francesas e angloxasonas, e de autores especialistas en economía como John Maynard Keynes, Joseph Alois Schumpeter, Arthur Pigou, Gunnar Myrdal ou John Hicks, demógrafos como P. Fromont e Adolphe Landry ou de antropólogos como Melville Herskovits. A continuación reprodúcese a obra en si (pp. 3-172). Nela proponse, ao longo de quince capítulos, unha revisión da realidade galega dende a perspectiva cultural, social e económica. Achégase unha reflexión sobre a Galicia dos ano cincuenta que afonda en aspectos como a emigración, o impacto económico da mesma, a concentración urbana e a dispersión rural, a estrutura económica do campo galego, a industrialización ou o desenvolvemento cultura e problemática da lingua.

Recensións:

- Ramón Villares, "Un libro singular e pioneiro", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "O espello das letras", abril, maio e xuño 2012, pp. 86-93.

Apúntanse uns datos biobibliográficos sobre o escritor, coméntanse os contidos do volume caracterizándoos como singulares e pioneiros. Destácase primeiramente o enfoque asignado ao texto, a inclusión de datos estatísticos que reforzan o fío argumental e a firmeza escrituraria coa que os expresa. Trátase a seguir cada un dos argumentos: o feito de Galicia constituír aínda unha terra rica pero mal gobernada, a emigración galega, o horizonte económico que lle agarda a Galicia ou a cultura galega. Menciónase despois outro estudo do escritor, *La marginación de Galicia* (1970) e conclúese cunha descrición da favorábel recepción do estudo.

Referencias varias:

- Manuel Bragado, "Galicia como tarea", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de granada", 23 abril 2012, p. 14.

Explica que, coincidindo co Día Internacional do Libro e co aniversario do nacemento de Valentín Paz-Andrade, presentouse en Vigo a edición facsimilar de *Galicia como tarea*, obra á que define como o libro "alboral dos estudos socioeconómicos galegos".

- Amaia Mauleón, "Feijoó reinvindica la cultura y los sueños de Paz Andrade para el 'resurgir' de Galicia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Día Internacional del Libro", "Recuperación de una obra histórica", p. 38/ *La Opinión*, "Cultura", p. 46, 24 abril 2012.

Comenta que Alberto Núñez Feijoó presidiu en Vigo o acto de conmemoración do Día Internacional do Libro e a presentación da edición facsimilar da obra de Valentín Paz-Andrade *Galicia como tarea*.

- Ana Baena, "As claves para saír da crise, no libro de Paz Andrade de 1959", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Día Internacional do Libro", 24 abril 2012, p. 12.

Infórmase da presentación en Vigo, coincidindo cos actos conmemorativos do Día Internacional do Libro, de *Galicia como tarea*, de Valentín Paz Andrade.

- Jorge Lamas, "Feijoo reivindica a cultura na homenaxe a Paz-Andrade", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Día del Libro", 24 abril 2012, p. 39.

Fala da presentación da edición facsimilar do libro de Valentín Paz-Andrade *Galicia como tarea*. Explica que o acto tivo lugar en Vigo, coincidindo co Día Internacional do Libro e co cento catorce aniversario do nacemento do autor.

- Maite Gimeno, "Galicia rinde homenaje a la figura 'colosal' de Valentín Paz Andrade", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 24 abril 2012, p. 40.

Coméntase a presentación en Vigo da edición facsimilar desta obra e indícase que contou coa participación de Xosé Luís Méndez Ferrín e Alfonso Paz Andrade, entre outros.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 413, "Libros", 3 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 366, 5 maio 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que se trata da edición facsímile do libro alboral dos estudos socioeconómicos galegos. Tamén se describen *Os xogos olímpicos de Ningures* (2012), de Pinto&Chinto e *Contos para ir durmir* (2012), de Roi Méndez.

- Ramón Nicolás, "O país como tarefa literaria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50ª aniversario do Días das Letras Galegas", 12 abril 2012, pp. 12-13.

Destaca, de entre todos os volumes que acollen de novo en 2012 a obra de Valentín Paz Andrade, a saída do prelo da edición facsimilar de *Galicia como tarea*. Tamén se menciona a publicación de *Poesía completa*; *Valentín Paz Andrade. Antoloxía*, de Xan Carballa e *Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía*, de Charo Portela Yáñez.

- C. M., "Reedicións e publicacións novas sobre o homenaxeado", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2012, p. 15.

Saliéntanse as últimas publicacións e reedicións de e sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, Valentín Paz-Andrade: *Galicia como tarea*, de Valentín Paz Andrade; *Valentín Paz-Andrade. Biografía e antoloxía*, de Charo Portela Yáñez e *Biografía de Valentín Paz-Andrade* e *Valentín Paz Andrade. Antoloxía*, de Xan Carballa.

Paz Andrade, Valentín, *Poesía completa*, limiar, edición e notas Gregorio Ferreiro Fente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Clásicos, n.º 16, maio 2012, 748 pp. (ISBN: 978-84-9914-341-5).

Edición da obra completa de Valentín Paz-Andrade (Lérez-Pontevedra, 1898-Vigo, 1987) a cargo de Gregorio Ferreiro Fente que acolle, ademais dos poemarios *Pranto matricial* (1955), *Sementeira do vento* (1968) e *Cen chaves de sombra* (1977) e dun pequeno monllo de composicións publicados en vida, unha abondosa obra poética inédita e descoñecida. Ábrese cun limiar do editor, "O (re)nacemento dun poeta", no que dá conta da produción poética do autor pontevedrés, así como dunha explicación dos criterios de edición (ordenación, textos que compoñen o volume e intervencións realizadas neses textos) e, finalmente, dos agradecementos e referencias bibliográficas empregadas. A seguir, reprodúcense as composicións de "A Serra. Cantos do desterro branco" (1937), "Sangue na neve. Etopea da serra" (1937), "Cantos da aguia e do lobo" (1937), "Pranto matricial" (1955), "Canto do pobo disperso" (1955), "Sementeira do vento"(1968), "Cen chaves de sombra" (1979), "Canto reuncial de Galiza" (1980), "Áurea ora de Galiza" (1984), "Canto en catro ao conde de Andrade" (1985), "Poemas soltos" (1937-1984), "Canto do liño e da la" (1937-1939) e, finalmente, "Os sete salmos da remigración" (1955).

Recensións:

- Armando Requeixo, "Iceberg poético", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 370, 2 xuño 2012, p. 6.

Considera a esta publicación como a achega de meirande calado e transcendencia das que apareceron en 2012 arredor da figura de Valentín Paz Andrade. Indica que en *Poesía completa* están presentes tres poemarios éditos xunto con outros sete inéditos ou de circulación restrinxida e sublíñase que esta obra é esencial para o "coñecemento integral da lírica de Valentín Paz Andrade".

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia *Poesía gaelga completa*, de Valentín Paz Andrade.

- Ramón Nicolás, "O país como tarefa literaria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50ª aniversario do Días das Letras Galegas", 12 abril 2012, pp. 12-13.

Menciónanse varios dos volumes que viron a luz en 2012 con motivo do Día das Letras Galegas, entre os que se atopa a *Poesía completa*, de Valentín Paz Andrade.

- Xesús Alonso Montero, "Valentín Paz-Andrade: ¡poeta!", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50ª Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 24.

Fala da próxima publicación de *Poesía completa*, de Valentín Paz-Andrade, pola editorial Xerais. Explica que o volume acollerá títulos inéditos, ademais dos únicos publicados: *Pranto matricial* (1955), *Sementeira do vento* (1968) e *Cen chaves de sombra* (1979).

- Dolores Vilavedra, "Cara un novo Ano Rosalía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Día das Letras", "Rolda das letras", 17 maio 2012, p. 9.

Tras falar de cómo a crise está a afectar ao panorama cultural galego, menciónase, entre outras obras, a próxima publicación da *Poesía completa* de Valentín Paz Andrade.

- Gregorio Ferreiro Fente, "O renacemento dun poeta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 415, "Letras Galegas 2012", p. III/ *La Opinión*, "Cultura", "Día das Letras Galegas", "Valentín Paz-Andrade", p. 64, 17 maio 2012.

Faise mención a dous dos tres poemarios publicados en vida de Valentín Paz Andrade (*Pranto matricial* (1955), *Sementeira de vento* (1963)) e indícase que a *Poesía completa* inclúe outros sete libros de poemas completos, dous máis fragmentarios e varios poemas soltos.

- Xesús Alonso Montero, "O primeiro antólogo de Paz Andrade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 476, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 21 xullo 2012, p. 11.

Infórmase da publicación desta obra, *opera omnia* poética de Valentín Paz Andrade. Indícanse os poemas éditos e inéditos que contén a obra. Coméntase que os antólogos nunca foran xenerosos coa poesía deste autor.

- E. Ocampo, "La *Poesía completa* de Paz Andrade recopila nueve libros inéditos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 11 outubro 2012, p. 41/ "Reunida la poesía completa de Paz Andrade", *La Opinión*, "Cultura", 11 outubro 2012, p. 55.

Dá conta da presentación no Consello da Cultura Galega deste volume que recupera a obra inédita de Paz Andrade: sete libros datados polo autor máis dous poemarios incompletos.

- Mar Mato, "Valentín Paz-Andrade asina a obra máis extensa da poesía en galego na Guerra Civil española", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", 29 novembro 2012, p. 44.

Infórmase da presentación desta obra na Casa do Libro de Vigo. Explícase que nela se reúne toda a poesía de Paz Andrade, compilada por Gregorio Ferreiro Fene, que supón o "maior corpus individual coñecido ata a data de poesía en galego escrita durante a Guerra Civil".

Paz Andrade, Valentín, *Pranto matricial na voz do seu autor*, presentación Ramón Villares, introd. Afonso Vázquez-Monxardín, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. As nosas voces, n.º 23, 2012, 54+[49] pp. Inclúe CD (ISBN: 978-84-92923-37-3). ◆

Reedición por parte do Consello da Cultura Galega do volume de 1955 que agora presenta Ramón Villares tras unha dedicatoria "Para Pilar Rodríguez Prada, que con tanto agarimo gardou a memoria do seu home, Valentín Paz-Andrade". Nesta presentación intitulada "Pranto polo amigo Daniel" (pp. 6-18), Villares salienta a amizade entre Paz-Andrade e Castelao, o volume *Libro dos amigos* (1953), de Ramón Otero Pedrayo, as orixes do texto *Pranto matricial*, o poemario *Canto do pobo disperso* (1955), de Paz-Andrade, os volumes *Sempre en Galiza* (1944) e *As cruces de pedra na Galiza* (1950), de Castelao. Aparece a seguir unha introdución de Afonso Vázquez-Monxardín, "Paz-Andrade, os galeguistas, Bos Aires e *Pranto matricial*" (pp. 19-54), na que dá conta da traxectoria vital e literaria de Paz-Andrade ao través de varios apartados. Destaca, así pois, as visitas do poeta a Bos Aires, Arxentina, en 1950, 1952, 1957, 1966 e 1967, a saída ao prelo de *Galicia como tarea* (1959), *Sistema económico de la pesca en Galicia* (1958), *La Anunciación de Valle-Inclán* (1967), *La marginación de Galicia* (1970) e a amizade entre o poeta e Castelao. Remata cun apuntamento sobre a presente edición de *Pranto matricial*, no que salienta a súa primeira publicación en 1955 en Bos Aires e os xermolos do texto nun epistolario do poeta de 1954. Describe brevemente os poemas que conforman o volume e indica por último a edición de 1974 realizada por Ediciós do Castro cun limiar de Rafael Dieste, a versión vasca de 1986 titulada *Uma-oncitic negarra* e as reedicións de 1992 e 2002 na colección de *El Correo Gallego* e a de *La Voz de Galicia*, respectivamente. Pecha o volume a reprodución facsimilar do texto antedito, que inclúe unha versión do mesmo en lingua castelá por

María de Villarino. O CD que acompaña o poemario recolle a gravación do autor do seu programa *La hora iberoamericana* emitido na Radio del Pueblo de Bos Aires e dirixido por Manuel Núñez Búa en 1957.

Referencias varias:

- Lucía Á. Gromaz, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 12 xullo 2012, p. 60.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra no Auditorio de Rianxo.

IV.2. MONOGRAFÍAS, EDICIÓNS CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS. ANTOLOXÍAS

Carballa, Xan, *Biografía de Valentín Paz Andrade*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras Galegas, 2012, 189 pp (ISBN: 978-84-9865-411-0).

Monografía de Xan Carballa (Vigo, 1960) que afonda na biografía do homenaxeado no Día das Letras Galegas, Valentín Paz-Andrade. Iníciase cun "Limiar" (pp. 9-11), onde o autor fai fincapé na figura polifacética de Paz Andrade e destaca as verbas da súa muller Pilar Rodríguez Prada, de Alfonso Álvarez Gándara, de Manuel Rivas e Ramón Villares, quen destacan o seu compromiso con Galicia. O volume afonda capítulo a capítulo, nas diferentes facetas exercidas polo homenaxeado, dende o seu labor como xornalista, até as súas funcións como abogado, economista, empresario, intelectual, político ou investigador histórico, tendo sempre como fío común, a súa perspectiva galeguista. Respecto da súa contribución como creador e das súas influencias no ámbito literario, comenta que foi electo en 1964 numerario da Real Academia Galega, aínda que non tomou posesión até 1978. Explica que en 1968 decidiu agrupar os seus poemas nun volume titulado *Pranto matricial. Sementeira do vento* (Galaxia, 1968), de fonda raigame social. Ofrece información sobra a escrita destas composicións e sinala que boa parte delas foron escritas nos anos trinta, o que leva a consideralo como parte da Xeración de 1925. Incide ademais no seu compromiso coa lingua e na súa posición respecto da unidade do galego-portugués, o que queda patente nas súa obras: *Galicia como tarea*; *La marginación de Galicia* (1970); ou, en *Galicia lavra a súa imagen* (1985).

Recensións:

- Xosé Feixó, "Recomendable lectura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 412, "Libros", 26 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras galegas", 28 abril 2012, p. 6.

Recomenda a lectura desta obra por ser "lectura fácil e amena" e por manter abertas moitas portas para aqueles que queiran afondar na figura de Valentín Paz Andrade.

- Xosé Carlos Caneiro, "Aplaude Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 465, "A outra mirada", 5 maio 2012, p. 11.

Critica a "quietude" en torno a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas, Valentín Paz-Andrade, e destaca esta obra de Xan Carballa na que, explica, se afonda no compromiso político, humano, existencial e literario de Paz-Andrade.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia esta biografía realizada por Xan Carballa.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 411, "Libros", 19 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 364, 21 abril, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase a produción literaria do autor obxecto de estudo. Tamén se describen *A pomba dona Paz* (2012), de Ramón Caride e *Árbores no camiño* (2012), de Régine Raymond-García.

- Camilo Franco, "Valentín Paz Andrade, unha biografía intensa", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50º aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, pp. 10-11.

Afonda na conversa entre os tres biógrafos do homenaxeado no Día das Letras Galegas, Tucho Calvo, Charo Portela e Xan Carballa e destaca as súas verbas en torno as diferentes facetas do escritor: a xornalística, a empresarial, a literaria e a vital.

- C. M., "Reedicións e publicacións novas sobre o homenaxeado", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2012, p. 15.

Destaca as últimas publicacións e reedicións de e sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, Valentín Paz-Andrade: *Biografía de Valentín Paz-Andrade* e *Valentín Paz Andrade. Antoloxía*, de Xan Carballa; *Valentín Paz-Andrade. Biografía e antoloxía*, de Charo Portela Yáñez e *Galicia como tarea*, de Valentín Paz Andrade.

Carballa, Xan (ed. e limiar), *Valentín Paz Andrade. Antoloxía*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras Galegas, febreiro 2012, 164 pp. (ISBN: 978-84-9865-418-9).

Volume ensaístico de Xan Carballa (Vigo, 1960) que se inicia cunha fotografía de Valentín Paz Andrade (Lérez, 1898-Vigo, 1987). Divídese en dous apartados. No primeiro deles realízase un "Achegamento biográfico a Valentín Paz-Andrade" de quen se recoñen moitas outras facetas (home político, de leis, de ciencia, de reflexión intelectual etc.) alén da súa grande actividade a sobrancear, que foi a de escribir en galego. Relátanse os principais aspectos da vida do pontevedrés: os primeiros anos na vila natal, a etapa de estudante en Santiago de Compostela, a experiencia como soldado en Marrocos, os traballos xornalísticos como fundador do periódico vigués *Galicia* en 1922, o labor profesional como avogado nos anos da ditadura de Primo de Rivera, a actividade a prol do galeguismo nos anos previos á República, a candidatura ás eleccións constituíntes, o desterro en 1936 e a posguerra, as viaxes á América, a posta en práctica das ideas empresarias, os anos de produción intelectual, o cambio político na década dos anos setenta, a súa entrada na Real Academia Galega en 1978 e a actividade intensa a prol da cultura galega até o seu falecemento. O libro recolle ademais a bibliografía esencial das súas obras, en galego e en castelán. A segunda parte é a "Antoloxía", composta, por unha banda, de dezasete poemas de *Pranto matricial* (1955), *Sementeira do vento* (1968) e *Cen chaves de sombra* (1979) (obras das que se engaden unha breve introdución e contextualización), así como algunhas composicións soltas publicadas nos anos posteriores ao último poemario editado. Por outra banda, inclúense ademais cinco textos de temática diversa en prosa que non se recollen nos

libros editados e que foron tomados doutras tarefas de divulgación levadas a cabo polo autor, como é o caso de "Os libros, columna vertebral dunha cultura", pregón lido na Feira do Libro de Vigo en 1983.

Recensións:

- Lucía Seoane, "Home de acción", *Faro de Vigo, "Faro da Cultura"*, n.º 411, "Libros", 19 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 21 abril 2012, p. 6.

Explica que este volume repasa, con rigor e solvencia, a traxectoria vital do autor dende os seus tempos de estudante, soldado e xornalista até a súa andanza como empresario e escritor. Destaca que se trata dun volume esencial de obrigada lectura.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "O país como tarefa literaria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50ª aniversario do Días das Letras Galegas", 12 abril 2012, pp. 12-13.

Mencionánse varios dos volumes que viron a luz en 2012 con motivo do Día das Letras Galegas, entre os que se atopa a *Valentín Paz Andrade. Antoloxía*, de Xan Carballa.

- C. M., "Reedicións e publicacións novas sobre o homenaxeado", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2012, p. 15.

Destaca as últimas publicacións e reedicións de e sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, Valentín Paz-Andrade: *Biografía de Valentín Paz-Andrade* e *Valentín Paz Andrade. Antoloxía*, de Xan Carballa; *Valentín Paz-Andrade. Biografía e antoloxía*, de Charo Portela Yáñez e *Galicia como tarea*, de Valentín Paz Andrade.

Carballa, Xan, *Vida e obra de Valentín Paz Andrade*, Vigo: Editorial Galaxia/Deputación Provincial de Ourense/Concello de Ourense, maio 2012, 66 pp. (DL: VG: 343-2012). ◆

Obra institucional realizada por Xan Carballa (Vigo, 1960) que se inicia cun limiar no que salienta a ampla traxectoria do polifacético intelectual galeguista. Séguenlle doce breves capítulos nos que se fai un percorrido pola biografía de Valentín Paz Andrade. Son eles: "De Lérez para o mundo", "Soldado e xornalista. Etapa de Galicia", "Chega a República e medra o galeguismo político", "Andaina republicana e Estatuto de Autonomía", "Golpe militar, desterro e primeiros poemas", "Morte de Castelao e reconstrucción galeguista", "Os cursos da FAO e Galicia como tarea", "Nace o empresario", "Madurez e producción intelectual", "Esperanza económica e transición democrática", "En pé pola autonomía" e "Biógrafo de Castelao e escritor ata o fin".

Referencias varias:

- C. M., “Libro gratuito con el periódico”, *La Región*, “Día *das Letras Galegas*”, “Bibliografía sobre Paz Andrade”, 17 maio 2012, p. 12.

Da a coñecer os títulos publicados sobre a vida e obra do autor homenaxeado no Días das Letras Galegas, Valentín Paz-Andrade, e destaca a saída do prelo desta.

Monteagudo, Henrique e Denís **Vicente** (eds.), *Lume de vidas. Valentín Paz-Andrade-Ramón Otero Pedrayo: un diálogo epistolar (1925-1976). Día das Letras Galegas 2012*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Departamento de Filoloxía Galega. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, primavera 2012, 142 pp. (ISBN: 978-84-9887-866-0). ◆

Este volume iníciase cun limiar de Enrique Monteagudo titulado “Falando cun amigo’. Diario epistolar entre dous protagonistas da ‘Xeración do abrente” (pp. 11-21) no que se avisa que se recolle a correspondencia entre Valentín Paz Andrade (1898-1987) e Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), oitenta e seis cartas que abranguen dende 1925 a 1976. Dise que as cartas proceden dos arquivos persoais dos homenaxeados custodiados o primeiro polo Consello da Cultura Galega e o segundo pola Fundación Penzol. Describen a estrutura da obra que consta de cinco apartados: “Unha cousa verdadeiramente periodística” (1925-1929) (pp. 25-31); “Espertar caladamente a nosa inquedanza” (1930-1933) (pp. 35-43); “Embaixador da saudade” (1946-1950) (pp. 47-85); “o madurecer dos días” (1952-1969) (pp. 89-122); e “Apenas como un canso vento” (1970-1976) (pp. 127-136). Salientan as pezas que lles parecen máis relevantes e claves que axudan a situar as referencias concretas biográficas e históricas. En relación coa literatura fálase dos comezos de ambos como escritores e saliéntase publicacións periódicas do momento ademais da súa relación con escritores como Vicente Risco, Alfonso D. R. Castelao, Xaime Quintanilla e Roberto Blanco Torres. Remata cun “Índice onomástico” (pp. 137-139) e un “Índice de obras, acontecementos e institucións” (pp. 141-142).

Referencias varias:

- Iñaki Ramis, “Herdeiros de Valentín Paz Andrade”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 17 maio 2012, contracuberta.

Fala da presentación deste volume coordinado por Henrique Monteagudo e Denís Vicente e explica que recolle unha escolma de oitenta e seis epístolas dos autores.

Neira Vilas, Xosé (ed.), *Correspondencia de Xosé Neira Vilas con Valentín Paz-Andrade e Celso Emilio Ferreiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura), n.º XXII, maio 2012, 169 pp. (ISBN: 978-84-453-5046-1). ◆

Tras unha nota xustificativa por parte do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades na que aclara que o presente volume non inclúe a totalidade da correspondencia habida entre estes tres persoeiros galegos, principia a reprodución das

epístolas que se dirixiron Xosé Neira Vilas, Valentín Paz-Andrade, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, e Celso Emilio Ferreiro divididas en torno a dous capítulos. O primeiro comprende cincuenta e dous cartas intercambiadas entre Neira Vilas e Paz-Andrade e vén precedido dun "Testemuño dunha amizade" asinado por Neira Vilas, no que explica os xermolos da amizade entre Paz-Andrade e mais el. As epístolas tratan cuestións como lecturas de cadansúas publicacións, dos seus quefaceres culturais no eido da literatura galega, das traxectorias literarias de emigrantes contemporáneos seus, de transformacións políticas e mesmo de viaxes e pescudas varias. O segundo capítulo dá conta do epistolario entre Neira Vilas e Celso Emilio Ferreiro, precedido dun apuntamento de Neira Vilas titulado "O amigo a quen vin unha soa vez", no que salienta o momento en que coñeceu a Celso Emilio, en 1976, e como mantivo sempre viva esa amizade por medio de epístolas. Reproduce trinta e unha cartas nas que se poden ler asuntos referentes á cuestión galega, emigración, a decepción da diáspora, ou o Padroado da Cultura Galega, principalmente. Continúa o volume cun "Apéndice fotográfico" que comprende trece fotografiás en branco e negro dos tres persoeiros xunto a coñecidos seus coma Eduardo Blanco Amor, Isaac Díaz Pardo, Luís Seoane, Laxeiro, Mariluz Arias, Ramón Piñeiro, Lorenzo Varela, Victoriano Taibo, Manuel María e Xosé Luís Méndez Ferrín. Pecha o volume un "Índice onomástico".

Tamén está descrito no apartado V.1. Ensaio. Teoría xeral. Crítica deste *Informe*.

Referencias varias:

- Mar Mato, "Un libro con 90 cartas plasma a amizade de Neira Vilas con Paz-Andrade e Ferreiro", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Letras Galegas e Ano Celso Emilio Ferreiro", p. 38/ "Un libro plasma a amizade de Neira Vilas con Paz-Andrade e Celso Emilio", *La Opinión*, "Cultura", p. 54, 30 maio 2012.

Infórmase da presentación deste volume dos Cadernos Ramón Piñeiro no Museo do Mar de Vigo.

- Xosé Neira Vilas, "As cartas do poeta", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 15 xullo 2012, p. 2.

Faise referencia á saída do prelo do seu epistolario cruzado con Celso Emilio Ferreiro, con motivo do centenario do poeta celanovés, e repárase nesa correspondencia así como na relación que mantiveron, sinalando que só se viron en dúas ocasións.

Portela Yáñez, Charo, *Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía*, ilust. Jaime Asensi, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 218, xaneiro 2012, de 11 anos en diante, 96 pp. (ISBN: 978-84-9914-331-6).

Volume de Charo Portela Yáñez (Pontevedra, 1963) que acolle unha biografía, unha cronoloxía e unha antoloxía de Valentín Paz Andrade (Lérez, Pontevedra, 23 abril 1898-Vigo, 19 maio 1987), con motivo do Día das Letras Galegas 2012. Iníciase cunha biografía, dividida en dezaseis apartados: "Con Pontevedra ao fondo", "Os anos de Compostela", "Galicia. Diario de Vigo", "Vigo e o mar", "A guerra e os desterros", "Na década dos corenta", "A experiencia americana", "O mar que nos leva", "O porvir dos

galegos", "Volta inesperada a Pontevedra", "De Caracas a Río", "As horas de transición", "Loito nas letras", "Castelao na memoria", "A hora dos recoñecementos" e "Nos derradeiros tempos" nos que se desenvolven os primeiros anos da súa infancia en Pontevedra, os anos de estudante en Santiago, o seu activismo político, as súas actividades xornalísticas e empresariais e as achegas literarias e ensaísticas deste galeguista no seu labor como avogado, empresario, especialista en temas pesqueiros, político, poeta e xornalista. Acompáñase de materiais documentais e gráficos como caricaturas, fotografías persoais, debuxos, cubertas de obras e fragmentos de poemas, discursos e cartas. Despois ofrécese unha cronoloxía na que se recollen os acontecementos máis destacados da súa vida. Complétase cunha antoloxía na que se escollen seis composicións poéticas: "O que todo galego choraría", que fala do amor a Galicia, e "Cando ti volvas…", que chora a morte do seu amigo Castelao, pertencentes a *Pranto matricial* (1955); "Boas-vindas, Mariñeiros", tirado de *Sementeira do vento* (1968), no que canta a paisaxe e á xente galega, ademais de aparecer os temas do exilio e do amor ausente; "Catorce versos ao liño", de *Cen chaves de sombra* (1979) e "A outra Trasalva" e "Agora...", dedicados ao escritor ourensán, de *Cartafol de Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo* (1986). Tamén se reproducen un texto ensaístico, "O tesouro esquecido", tirado do ensaio bio-literario *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* (1978) no que reflexiona sobre a expansión ultramarina do galego e explica as claves para entender o autor nado en Minas Gerais; e o texto xornalístico "Sentimento e ideal" (*A Fouce*, Bos Aires, 1 abril 1931) no que fala de converter o sentimento de amor por Galicia en ideal e acción dinámica que atope na loita autonomista o seu cauce de actuación. Cada poema acompáñase dunha ilustración de Jaime Asensi (Vilagarcía de Arousa, 1957) e a cuberta amosa unha ilustración coa imaxe do escritor na borda dun barco. Na primeira parte do libro hai reproducións das cubertas dos seus libros e fotografías personais. Na parte final, na compaña da antoloxía da súa obra, hai debuxos a cor que ilustran os aspectos máis salientábeis dos poemas.

Tamén está descrito no apartado VII.5.1. Literatura Infantil e Xuvenil deste *Informe*.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Todo un home", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina Literaria", "Libros", p. 23/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 723, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 723, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 6 maio 2012.

Comeza destacando a importancia de relatar nun libro a vida dun galeguista como Valentín Paz Andrade, ao que se lle dedica o Días das Letras Galegas neste ano, e que viviu o seu galeguismo en tempo de guerra, lembrando algúns dos episodios que lle tocou vivir ao autor como o desterro, o cárcere ou atentados. En relación aos volumes que recollen a súa traxectoria vital, detense, principalmente, nesta obra de Charo Portela. Comenta que se dirixe ao lectorado máis novo, o que se apreza nas inclusión de ilustracións a cargo de Jaime Asensi, na distribución do conxunto en cadros e minidoses e na antoloxía final.

- Carmen Ferreira Boo, "Valentín Paz Andrade e o labor a prol do galeguismo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 17 maio 2012, p. 43.

Coméntase que se trata dunha obra "interesante e imprescindible" para dar a coñecer ao lectorado mozo o polifacético Valentín Paz Andrade, con motivo do Día das Letras Galegas 2012. Indícase que presenta unha "interesante biografía, unha ampla cronoloxía e unha pequena antoloxía" que permiten "construír unha ollada multidisciplinar" deste galeguista comprometido no seu labor como avogado, empresario, especialista en temas pesqueiros, político, poeta e xornalista. Saliéntase o interese dos materiais documentais e gráficos que presenta e a antoloxía que acolle seis composicións poéticas, un texto ensaístico, tirado do ensaio bio-literario *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* (1978); e un texto xornalístico publicado en *A Fouce* (Bos Aires, 1 abril 1931).

- María Navarro, "Un labor exemplar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 416, "Libros", 24 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 369, "Letras galegas", 26 maio 2012, p. 7.

Apunta que neste volume realízase un percorrido polos momentos máis significativos de Valentín Paz Andrade, que conta con oito mostras dos seus textos máis representativos e mais que contén imaxes de Jaime Asensi.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia esta biografía para nenos.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 22 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 361, 31 marzo 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que trata de forma amena e detallada a vida de Valentín Paz Andrade. Tamén se describen *As tortillas do Xeneral* (2012), de Xosé Lois Ripalda; *2044* (2011), de Eduardo Santiago e *Tras da Corda* (2012), de Carlos G. Reigosa.

- A. García, "Paz Andrade foi o protagonista do Día do Libro Infantil", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 3 abril 2012, p. 42.

Fala desta obra e explica que aporta unha completa cronoloxía e unha antoloxía de poemas e artigos ilustrados por Jaime Asensi.

- Ramón Nicolás, "O país como tarefa literaria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50ª aniversario do Días das Letras Galegas", 12 abril 2012, pp. 12-13.

Menciónanse varios dos volumes que viron a luz en 2012 con motivo do Día das Letras Galegas, entre os que se atopa a *Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía*, de Charo Portela Yáñez.

- Camilo Franco, "O aniversario de Paz Andrade marca a actividade do Día do Libro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 abril 2012, p. 28.

Dá conta das diferentes publicacións que sairán do prelo co motivo do Día do Libro e que afondarán na figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas. Entre eles destaca esta que agora nos ocupa.

- C. M., "Reedicións e publicacións novas sobre o homenaxeado", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2012, p. 15.

Destaca as últimas publicacións e reedicións de e sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, Valentín Paz-Andrade: *Valentín Paz-Andrade. Biografía e antoloxía*, de Charo Portela Yáñez; *Galicia como tarea*, de Valentín Paz Andrade e *Biografía de Valentín Paz-Andrade* e *Valentín Paz Andrade. Antoloxía*, de Xan Carballa.

Portela Yáñez, Charo, *Valentín Paz Andrade. Vida e obra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Obras de referencia. Letras galegas, abril 2012, 136 pp. (ISBN: 978-84-9914-340-8).

Monografía sobre Valentín Paz Andrade (Lérez, Pontevedra, 1899-Vigo, 1987) de Charo Portela Yáñez (Pontevedra, 1963) que consta de sete partes diferenzadas, nas que se leva a cabo un amplo percorrido pola vida e obra deste persoeiro. Ábrese coas dedicatorias a Isaac Díaz Pardo e a César e Jaime Asensi e unhas liñas da autora que versan sobre a historia do libro. A modo de presentación, Charo Portela aproveita ese espazo para lembrar a figura de Isaac Díaz Pardo, entusiasta de Valentín Paz Andrade, e amosar tanto á familia do xornalista e poeta como a Industrias Pesqueras, ao "Legado Valentín Paz Andrade", ao Consello de Cultura Galega e a Manuel Bragado o seu "profundo agradecemento" pola axuda prestada. O primeiro apartado, "Bibliografía", achega a crónica da traxectoria vital dese "home clave na historia do século XX en Galicia", e está dividido, á súa vez, en diferentes subapartados: "Con Pontevedra ao fondo", "O *Galicia*, Vigo e Mar", "Na xeira política", "A guerra e os desterros", "A experiencia americana", "O mar que nos leva", "Proxectos e realidades", "O tempo do escritor", "Nas augas da transición", "Castelao na memoria" e "A hora dos recoñecementos". A segunda parte, denominada "Obra literaria galega", está consagrada a comentar por separado as distintas obras do autor, "*Pranto Matricial*", "*Sementeira do vento*", "*Cen chaves de sombra*", "*A galecidade na obra de Guimarães Rosa*", "*Castelao na luz e na sombra*", "*Galiza lavra a sua imagen*" e "Outros estudos histórico-literarios", e as circunstancias que rodearon as súas publicacións. Séguelle un apartado, "Obra xornalística", no que se sinala que por estrita orde cronolóxica na obra de Paz Andrade esta debería ter sido analizada primeiro, xa que a súa andadura no mundo do xornalismo comeza sendo un rapaz. Como acontece na maioría do libro, este punto tamén está subdividido, "*Galicia. Diario de Vigo*", "*Industrias pesqueras*" e "Colaboracións", e leva adxunto unha explicación dos motivos que o levaron a colaborar con distintos medios escritos. No cuarto apartado, titulado "Ensaio económico e do sector pesqueiro", sublíñase a faceta economista de Paz Andrade, que foi un experto en economía pesqueira, e destínase un lugar especial a "*Galicia como tarea*" e "*La Marginación de Galicia*", obras que xiran en torno ao desenvolvemento das potencialidades galegas. Deseguido preséntase unha quinta parte dedicada a "O epistolario de Valentín Paz Andrade", que como sinala Charo Portela "constitúe a máis sinxela e veraz manifestación da profunda aventura humana do seu autor". Finalmente,

nos apartados “Bibliografía de Valentín Paz Andrade e “Bibliografía sobre Valentín Paz Andrade”ofrécense listaxes nas que se recollen os diferentes traballos do ou sobre o autor, clasificados segundo a súa tipoloxía; por unha banda, en “Libros”, “Limiares”, “Obra en antoloxías”, “Ensaios, colaboracións, discursos”, “Artigos en revistas” e “Artigos en periódicos e xornais”, e, por outra banda, en “Libros, homenaxes”, “Entrevistas” e “Artigos, reseñas, colaboracións”. Na cuberta deseñada por Miguel Vigo, aparece unha fotografía de Valentín Paz Andrade e no interior hai numerosas fotografías representativas de diferentes etapas vitais e profesionais e fragmentos puntuais do seu epistolario así como retratos e portadas de obras acompañando ao texto.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Memoria e actualidade de Paz Andrade”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 464, “Letras en galego”, 28 abril 2012, p. 9.

Destaca a publicación desta obra de Charo Portela Yáñez e comenta que nunha mesa redonda que reuniu aos biógrafos deste persoeiro, a autora do libro explicou a relevancia que supuxo poder acceder, na fase de documentación, ao epistolario conservado do homenaxeado. Posteriormente, fala da estrutura do libro e explica que nun primeiro momento a obra segue un esquema a través do cal aborda as vivenzas do autor dende a perspectiva laboral, vital, cultural, política e empresarial. Continúa sinalando que, a seguir, o volume afonda na produción literaria do autor, sen esquecer a súa obra xornalística ou os seus ensaios económicos. Finalmente, comenta que a autora remata a obra cunha conclusión na que explica a motivación desta obra.

- Armando Requeixo, “Para ler a Paz Andrade”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, “Páxina Literaria”, “Letras atlánticas”, “Libros”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 723, “Letras atlánticas”, “Libros”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 723, “Páxina literaria”, “Letras atlánticas”, “Libros”, p. 33, 6 maio 2012.

Afonda nesta obra de Charo Portela e destaca o coñecemento da autora da vida e obra do homenaxeado no Día das Letras Galegas. Comenta a exactitude e rigor documental ao abordar a figura deste persoeiro. Explica que o volume estuda con detalle a bibliografía de Valentín Paz Andrade e sinala que o lectorado poderá informarse sobre a súa obra publicada, os seus limiares, ensaios, xornais, homenaxes e monografías, e sobre todo tipo de referencias publicadas sobre o homenaxeado.

- Lucía Seoane, “Galicia, tarefa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 416, “Libros”, 24 maio 2012, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 369, “Literatura”, 26 maio 2012, p. 6.

Sinala que estamos perante un traballo rigoroso e ameno e a seguir indícanse e debúllanse os seus catro apartados: “Biografía”, “Obra literaria en galego”, “Obra xornalística” e mais “Ensaio económico e do sector pesqueiro”.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Valentín Paz Andrade, unha biografía intensa”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 466, “50º aniversario do Día das Letras Galegas”, 12 maio 2012, pp. 10-11.

Afonda na conversa entre os tres biógrafos do homenaxeado no Día das Letras Galegas, Tucho Calvo, Charo Portela e Xan Carballa e destaca as súas verbas en torno as diferentes facetas do escritor: a xornalística, a empresarial, a literaria e a vital.

Seixas Seoane, Miguel Anxo, *Valentín Paz-Andrade. Fotobiografía sonora*, Sarria: Editorial Ouvirmos, 2012, 144 pp. (ISBN: 978-84-938276-7-0).

Volume principalmente fotográfico que recolle un cento de instantáneas de distintas etapas da traxectoria vital de Valentín Paz Andrade, dende o contexto familiar até o profesional ou o político. Acompáñanse estas imaxes de breves textos da autoría de Miguel Anxo Seixas Seoane (Arzúa, 1960), nos que se concretan as circunstancias das fotografías e se traza un breve contexto do percorrido de Paz Andrade aportando datos de interese e informacións situacionais sobre o ofrecido na parte visual.

VV. AA., *Letras Galegas. Maio 2012. VIII Mostra colectiva das artes e as letras dos empregados da administración autonómica galega*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Escola Galega de Administración Pública, 2012, 78 pp. (D.L.: C-1530-2007). ◆

Logo dun prólogo institucional a cargo do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e un limiar de Lita Rivas no que agradece á FSP-UGT, EGAP e á Asociación Galega de Arte e Cultura a posibilidade de levar a cabo a oitava edición da mostra colectiva das artes e as letras dos empregados da administración autonómica galega, acóllense, xunto a traballos de pintura, colaxe, debuxo, escultura, deseño, maquetación e fotografía dixital; achegas de poesía e relato curto. Con respecto ás primeiras, inclúense as seguintes composicións:

- Mª del Carmen Álvaro López, "A canción dos alecríns", p. 66.

Canta a idea da primavera como creadora de vida e esperanza.

- Sagrario Rilo Mato, "15 M (Maio 2011)", p. 67.

Dende unha perspectiva de loito, describe o valor inherente da heroicidade e o soño dunha vida mellor.

- Lita Rivas, "Ese día", p. 68.

Canta á esperanza dun futuro optimista que peche a dor do pasado.

Con respecto á modalidade de relato curto, inclúense as seguintes achegas:

- Ana Díaz Alonso, "Praza maior 10", pp. 70-72.

Conta a historia de Luís, un limpabotas que adoitaba traballar na Praza Maior de Ourense.

- Javier Reiriz, “O coleccionista de palabras”, pp. 73-74.

Relata o soño de Gabriel de chegar a ser escritor algún día e da súa consecución.

- Lita Rivas, “De Cronos a Kairos”, pp. 75-76.

Relato lírico dunha “ela” e “dun” el ficticios que representan unha lectora e un escritor.

- Xulio Xiz, “Mirando a vida ao trasluz”, pp. 77-78.

Dedicado a Teté, refire un proceso de restauración dunha edificación labrega dende o punto de vista da nostalxia.

VV. AA., *Todas as Letras do Día das Letras Galegas. Cincuenta aniversario da maior festa cultural de Galicia*, limiar Xosé Luís Méndez Ferrín, A Coruña: Real Academia Galega, 2012, [109] pp. (DL: C 1047-2012). ◆

Recompilación de apuntamentos biobibliográficos de escritores e escritoras homenaxeados no Día das Letras Galegas dende 1963 até 2012. Abre o volume un limiar asinado por Xosé Luís Méndez Ferrín no que agradece a GADISA, Fundación Repsol e a Repsol Refinería A Coruña o tomar parte xunto á RAG na celebración do quincuaxésimo aniversario do Día das Letras Galegas. Aparece a seguir unha nota de agradecemento por parte de GADISA e un prólogo de Repsol. O volume recolle, precedidas de cadansúa fotografía en branco e negro pintadas dun ton rosado, as seguintes achegas: Luz Pozo Garza, “Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885)” (pp. 10-11); Xosé Neira Vilas, “A. Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950)” (pp. 12-13); X. L. Méndez Ferrín, “Eduardo Pondal (Ponteceso, 1935-A Coruña, 1917)” (pp. 14-15); Ana Isabel Boullón Agrelo, “Francisco Añón Paz (Boel, Outes, 1812-Madrid, 1878)” (pp. 16-17); Xesús Alonso Montero, “Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-A Habana, 1908)” (pp. 18-19); Carlos García Martínez, “Florentino López Cuevillas (Ourense, 1886-Ourense, 1958)” (pp. 20-21); Xosé Henrique Monteagudo, “Antonio Noriega Varela (Modoñedo, 1869-Viveiro, 1947)” (pp. 22-23); Antón Santamarina Fernández, “Marcial Valladares Núñez (A Estrada, 1821-A Estrada, 1903)” (pp. 24-25); Xosé María Lema Suárez, “Gonzalo López Abente (Muxía, 1878-Muxía, 1963)” (pp. 26-27); Víctor Fernández Freixanes, “Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-Ourense, 1906)” (pp.28-29); Andrés Torres Queiruga, “Manuel Lago González (Tui, 1865-Santiago, 1925)” (pp. 30-31); Francisco Cerviño González, “Xoán Vicente Viqueira (Madrid, 1886-Bergondo, 1924)” (pp. 32-33); Xosé Henrique Costas González, “Xoán Manuel Pintos Villar (Pontevedra, 1811-Vigo, 1876)” (pp. 34-35); Francisco Fernández Rei, “Ramón Cabanillas (Cambados, 1876- Cambados, 1959)” (pp. 36-37); Margarita Ledo Andión, “Antón Vilar Ponte (Viveiro, 1881-A Coruña, 1936)” (pp. 38-39); Pegerto Saavedra Fernández, “Antonio López Ferreiro (Santiago de Compostela, 1837-Vedra, 1910)” (pp. 40-41); Xosé Luís Axeitos, “Manuel Antonio (Rianxo, 1900-Asados, Rianxo, 1930)” (pp. 42-43); David Mackenzie, “Afonso X, o Sabio (Toledo, 1221-Sevilla, 1284)” (pp.44-45); John Rutherford, “Vicente Risco (Ourense, 1884-Ourense, 1963)” (pp.46-47); Xoán Babarro González, “Luís Amado Carballo (Pontevedra, 1901-Pontevedra, 1927)” (pp. 48-49); Xosé Luís Regueira Fernández, “Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854-Mondoñedo, 1912)” (pp. 50-51); Euloxio Rodríguez Ruibal, “Armando Cotarelo

Valledor (Vegadeo, 1879-Madrid, 1950)" (pp. 52-53); Manuel Caamaño Suárez, "Antón Losada Diéguez (Moldes, Boborás, 1884-Pontevedra, 1929)" (pp. 54-55); Gonzalo Navaza, "Aquilino Iglesia Alvariño (Seivane, Abadín, 1909-Santiago de Compostela, 1961)" (pp. 56-57); Andrés Fernández-Albalat Lois, "Francisca Herrera Garrido (A Coruña, 1869-A Coruña, 1950)" (pp. 58-59); Ramón Villares Paz, "Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-Ourense, 1976)" (pp. 60-61); Alba Nogueira, "Celso Emilio Ferreiro (Celanova 1912-Vigo 1979)" (pp. 62-63); Olivia Rodríguez González, "Luís Pimentel (Lugo, 1895-Lugo, 1958)", pp. 64-65; Manuel Rivas, "Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981)" (pp. 66-67); Fernando Acuña Castroviejo, "Fermín Bouza Brey (Ponteareas, 1901-Santiago de Compostela, 1973)" (pp. 68-69); Craig Patterson, "Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979)" (pp. 70-71); Xosé Fernández Ferreiro, "Luís Seoane (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979)" (pp. 72-73); Salvador García-Bodaño Zunzunegui, "Rafael Dieste (Rianxo, 1899-Santiago de Compostela, 1981)" (pp. 74-75); Francisco Cidrás, "Xesús Ferro Couselo (Valga, 1906-Ourense, 1975)" (pp. 76-77); Luís Manuel García Mañá, "Ánxel Fole (Lugo, 1903-Lugo, 1986)" (pp. 78-79); Ramón Lorenzo Vázquez, "Marín Codax, Mendiño e Xoán de Cangas (Século XIII)" (pp. 80-81); Fernando López-Acuña López, "Roberto Blanco Torres (Cuntis, 1891-Entrimo, 1936)" (pp. 82-83); Xosé R. Barreiro Fernández, "Manuel Murguía (Froxel, Arteixo, 1833-A Coruña, 1923)" (pp. 84-85); Manuel González González, "Eladio Rodríguez González (Leiro, Ourense, 1864-A Coruña, 1919)" (pp. 86-87); Héctor M. Silverio Fernández, "Frei Martín Sarmiento (Vilafranca do Bierzo, 1695-Madrid, 1772)" (pp. 88-89); Mª Dolores Sánchez Palomino, "Xosé Antón Avilés Vinagre (Taramacos, Noia, 1935-A Coruña, 1992)" (pp. 90-91); Xosé Manuel González Reboredo, "Xaquín Lorenzo Fernández (Ourense, 1907-Lobeira, 1989)" (pp. 92-93); Fausto Galdo, "Manuel Lorenzo Varela (A Habana, 1916-Madrid, 1978)" (pp. 94-95); Xesús Ferro Ruibal, "Manuel Lugrís Freire, (Sada, 1863-A Coruña, 1940)" (pp. 96-97); Rosario Álvarez Blanco, "María Mariño (Noia, 1907-O Courel, 1967)" (pp. 98-99); Darío Xohán Cabana, "Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985)" (pp. 100-101); Francisco Díaz-Fierros Viqueira, "Ramón Piñeiro (Láncara, 1915-Santiago de Compostela, 1990)", pp. 102-103; Augusto Pérez Alberti, "Uxío Novoneyra (Parada, O Courel, 1930-Santiago de Compostela, 1999)" (pp. 104-105); Xulio Ríos, "Lois Pereiro (Monforte de Lemos, 1958-A Coruña, 1996)" (pp. 106-107); Bernardino Graña Villar, "Valentín Paz Andrade (Lérez, 1898-Vigo, 1987)" (pp. 108-109).

VV. AA., *Valentín Paz-Andrade. Xornalista para un país*, A Coruña: La Voz de Galicia, ed. conmemorativa do Día das Letras Galegas 2012, serie Biblioteca Gallega, col. Letras Galegas, maio 2012, 126 pp. (ISBN: 978-84-9757-274-3).

Volume recompilatorio dos ensaios de varios autores e autoras sobre a vida e labor xornalístico de Valentín Paz-Andrade co gallo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas 2012. Os dous primeiros actúan a xeito de introdución preliminar:

-Tucho Calvo, "Un xornalista para o século XX", pp. 5-21.

Fai un percorrido pola vocación e traxectoria xornalísticas de Paz-Andrade salientando a fundación do xornal *Galicia* en 1922.

-Xosé Luís Axeitos, "A singradura periodística de Valentín Paz-Andrade", pp. 22-40.

Analiza o labor ensaístico e xornalístico de Paz-Andrade ao través de dúas seccións centradas no xornal *Galicia* e seu discurso periodístico.

A seguir aparece a escolma de artigos, dividida en dous eixos, constituíndo un deles os saídos ao prelo no xornal *La Voz de Galicia*. A maioría destes artigos aparecen grafados en lingua castelá e datados entre 1921 e 1982, con temáticas que van dende a crise pesqueira até o proceso autonómico, pasando pola cuestión da emigración ou o devir da lingua galega. Ao longo do volume pódense observar fotografías do escritor en branco e negro.

Referencias varias:

- Sandra Faginas, "O periodista que soñou Galicia a través da palabra escrita", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50º aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, pp. 14-15.

Presenta esta obra e explica que afonda na faceta xornalística de Valentín Paz Andrade a través de dezasete artigos da súa autoría.

IV.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 33, "Publicacións", primavera 2012, pp. 33-34.

Entre outras publicacións, cítase *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX* (1998, 2011), de Tucho Calvo como resultado dunha longa entrevista co persoeiro na que fai un repaso pola súa traxectoria vital.

Bernárdez Vilar, Xoán, "Galicia como labor", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 178, "Crónicas", "Rolda da cultura", maio-xuño 2012, pp. 92-101.

Dá conta dunha serie de novidades no seo da cultura galega ao longo de varios apartados. Entre elas comenta a traxectoria vital e literaria de Valentín Paz Andrade co gallo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas 2012. Destaca, así pois, a fundación do xornal *Galicia* en 1922; os seus desterros fóra de Galicia, os volumes que conseguiu publicar dende 1921 até 1985, os premios dos que foi merecente entre 1973 e 1986, o seu ingreso e labor na Real Academia Galega, a póstuma saída do prelo do seu poemario *Canto do pobo disperso*, atopado na Fundación Luís Seoane, e, finalmente, o acto de homenaxe celebrado en Vigo, do que sinala a presenza do presidente e algúns académicos da Real Academia Galega e de Pilar Rodríguez Prada, a súa viúva.

Calvo, Tucho, "A viaxe da solidariedade e o progreso", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 53-57.

Repasa algúns dos fitos da traxectoria vital de Valentín Paz Andrade. Comeza por sinalar a marca que lle deixou o pasamento da súa nai cando neno, para despois aludir ás diversas ocasións en que conseguiu zafar da morte. Destaca, doutra banda, a súa participación na política (candidato ás Cortes Constituíntes e fundador, entre outros, do Partido Galeguista¿), así como o artigo que escribiu sobre o falecemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao para o xornal *La Noche*, ilustrado por Bagaría, ou a posta en marcha dos proxectos de Pescanova, Petrogasa e o Banco Industrial de Galicia. Nalgúns epígrafes á parte salienta o seu volume *Pranto matricial* (1955) e o seu rol de director do diario *Galicia*. Conclúe con dúas referencias: unha ao seu labor directivo á fronte da revista *Industrias Pesqueras* dende 1941 e outra ao volume *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX* (1998), do asinante desta noticia.

Díaz Pardo, Isaac, "Carta a Valentín Paz-Andrade", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "Documentos", xaneiro, febreiro e marzo 2012, p. 57.

Transcrición dunha das epístolas que Isaac Díaz Pardo lle enviara a Valentín Paz-Andrade en 1959 dende Magdalena (América do Sur), co gallo do proxecto de fundación do Instituto Galego de Economía (IGE), que fomentaba a cultura galega deixando a un lado toda política.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, "A produción literaria ourensá de Valentín Paz-Andrade", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 59-63.

Recolle a produción literaria de Valentín Paz-Andrade durante a súa estadía en Ourense. Despois de sinalar o seu labor directivo á fronte do xornal Galicia e de secretario no seo do Partido Galeguista, enumera os volumes ensaísticos que foi quen de tirar do prelo entre 1921 e 1985. Deténse a seguir nos volumes *Pranto matricial* (1955), *Sementeira do vento* (1968), *Cen chaves de sombra* (1979), *Cartafol de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo* (1986) e nos dous poemarios inéditos, *Sangue na neve. Etopeia da Serra* e *A serra. Cantos do desterro branco*. Conclúe cunha loanza da súa poética e compromiso intelectual con Galicia.

Freixanes, Víctor F., "Emprendedores", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "Carta do editor", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 5-7.

Explica os obxectivos e a liña temática común nos artigos recollidos no número 193 da revista *Grial*, centrados nas traxectorias vitais de Valentín Paz-Andrade e Isaac Díaz Pardo co gallo da homenaxe ao primeiro no Día das Letras Galegas 2012 e, no caso do segundo, con motivo do seu pasamento. Tras apuntar algunhas definicións do que en xeral se entende polo concepto de "cultura" e os seus vínculos co concepto de "empresa", sinala a creación de Pescanova e de Sargadelos, no Laboratorio de Formas de Galicia, por parte dos dous escritores anteditos. Conclúe cunha referencia á colaboración de Luís Seoane no proxecto Sargadelos. Esta carta vén acompañada de tres fotografías, unha de Antonio Reimundo Ibáñez, primeiro marqués de Sargadelos, outra de Carlos Casares e Xaime Isla xunto ao equipo da editorial Galaxia a comezos de 1990 e outra dunha das figuras de cerámica de Sargadelos, un "capitán de pixotas".

González Pérez, Clodio, "*Galicia. Diario de Vigo* e Galicia", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 89-95.

Realiza un percorrido pola historia do xornal *Galicia. Diario de Vigo* (1922- 1926), a través de catro breves seccións. Indica primeiramente os lugares onde se poden consultar a maioría dos números (Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia [en liña] e a hemeroteca da Real Academia Galega), o formato e as seccións que contiña. Prosegue coa primeira sección, "A xestación", na que refire as orixes do xornal baixo a dirección conxunta de Valentín Paz Andrade e Felipe Lavandeira. En "Os redactores e colaboradores" menciona aquelas persoas que axudaron a sacar adiante o xornal, coas súas escritas en lingua galega e castelá. En "A lingua, a cultura e as novas cotiás", salienta a diginidade coa que o xornal tratou sempre a cultura galega, a saída do prelo do suplemento "Domingos literarios de Galicia" en 1923 e a inserción dos folletíns "O momento autual de Galicia e a futura división rexional", de Manuel Banet Díaz-Varela e "As novas décadas de Tito Livio y-a historia antiga de Galiza", de Florentino L. Cuevillas, xunto a varias traducións e á pequena obra de Ramón Cabanillas, "Estoria do Bendito San Amaro, abogoso do amor á terra e á fala de Galicia" (1925). Na derradeira sección, "A Ditadura: a morte anunciada", indica como o xornal se viu obrigado a

retirarse do prelo debido á ditadura de Primo de Rivera. Remata cunha listaxe da bibliografía empregada.

López Facal, Xoán, "Valentín Paz-Andrade como intelectual moderno en tempo adverso", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "Paz-Andrade e Díaz Pardo, emprendedores", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 18-25.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria vital de Valentín Paz-Andrade. Tras destacar o seu nacionalismo político, incide no seu carácter de intelectual moderno dacordo co concepto gramsciano. Comenta a seguir o seu labor empresarial a partir do nacemento de Pescanova en 1960, así como o de fundador e director do xornal *Galicia* (1922-1926). Salienta, doutra banda, a súa candidatura ás Cortes Constituíntes de 1931, a colaboración e ascenso a director da revista *Industrias Pesqueras* entre 1927 e 1942, a saída do prelo de *Galicia como tarea* (1958) e *La marginación de Galicia* (1970), *Pranto matricial* (1954), *Castelao na luz e na sombra* (1982) e *Sementeira do vento* (1968) e finalmente, o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* (1978).

Luca, Gustavo e Xan **Carballa**, "Valentín Paz Andrade, un corazón sen sospeita", *Tempos Novos*, n.º 180, "Entreculturas", "A derradeira entrevista", maio 2012, pp. 72-80.

Reproduce a conversa mantida con Valentín Paz Andrade e publicada na revista *A Nosa Terra* días despois do seu pasamento en 1987. A entrevista xirou en torno a cuestións como o proceso de xestación do xornal *Galicia*, os elementos centrais que o constituían e o seu labor de dirección, a influencia do galeguismo nese xornal, o seu volume *La marginación de Galicia* (1970), a confusión entre galeguistas e non galeguistas, as discrepancias con Ramón Piñeiro acerca do galeguismo e a súa intervención na entrega do premio Otero Pedrayo en Trasalba en 1986.

Mejía Ruiz, Carmen e Ricardo **Pichel Gotérrez**, "Día das Letras Galegas 2012 na Universidade Complutense. Uns actos inesquencibles dedicados a Valentín Paz-andrade, Isaac Díaz Pardo e Celso Emilio Ferreiro", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 15, 2012, pp. 171-182.

Apunta que o Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense de Madrid, en colaboración coa Universidade de Educación a Distancia de Madrid e o Espazo das Linguas Ibéricas da Universidade de Alcalá de Henares, celebrou o 16, 17 e 18 de maio a xornada conmemorativa do Día das Letras Galegas. Explica que as figuras homenaxeadas foron Valentín Paz Andrade, Celso Emilio Ferreiro e Isaac Díaz Pardo, así como detalla os actos celebrados e o nome dos participantes.

Neira Vilas, Xosé, "Lembranza de dous amigos senlleiros", *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 65-67.

Trae á memoria a súa amizade con Valentín Paz Andrade e Isaac Díaz Pardo. Comenta primeiramente como coñeceu a cada un deles, para despois sinalar a publicación de *Galicia como tarea* (1959), por parte de Paz Andrade e o intercambio de volumes que con el fixo: *Dende lonxe* (1960), *Memorias dun neno labrego* (1961) e a súa tradución ao galego do *Xornal de prisión* (1978) de Ho Chi Minh a cambio de *La anunciación* de Valle-Inclán (1967), *Cen chaves de sombra* (1979) e a súa biografía de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Destaca doutra banda o prólogo que Paz Andrade redactara para o seu volume *Encrucilladas* (1981), así como o labor que Díaz Pardo levou a cabo sendo o seu principal editor. Conclúe cunha referencia ao pasamento destes dous seus amigos.

Nicolás, Ramón, "Os encontros. Celso Emilio Ferreiro e Valentín Paz-Andrade", *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 47-51.

Recolle certos acontecementos que se deron na amizade entre Celso Emilio Ferreiro e Valentín Paz Andrade. Tras apuntar o artigo de Ferreiro sobre a chegada de Paz Andrade a Caracas, "Galicia: saldo desfavorable", saído ao prelo no xornal *ABC* en 1966, fai referencia a unha anécdota ocorrida en Lima a Paz Andrade que posteriormente Tucho Calvo incluiría na reedición do volume *Valentín Paz Andrade, a memoria do século* (1998). Alude despois á conferencia á que Paz Andrade asistira, convidado por Ferreiro, como parte do programa do Ateneo de Madrid daquel entón. Continúa coa concorrencia de ambos persoeiros na "Candidatura Democrática Galega" e comenta, doutra banda, a presenza de Paz Andrade na sección do *ABC* dirixida por Ferreiro, "Escrito en gallego", da que salienta as súas recensións dos volumes de Paz Andrade, *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* (1978) e *Cen chaves de sombra* (1979), as cales reproduce a seguir e das que destaca os prólogos de senllos volumes a cargo de Paulo Ronai e Lorenzo Varela respectivamente.

Pérez Rodríguez, Luís, "Valentín Paz-Andrade e Eduardo Blanco-Amor ou Galicia como tarefa", *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 69-73.

Repasa os puntos de encontro entre Eduardo Blanco Amor e Valentín Paz Andrade dende o momento en que comeza a súa amizade, en 1928. Salienta en primeiro lugar a saída do prelo de *Galicia como tarea* (1959), *Pranto matricial* (1955) e *Castelao na luz e na sombra* (1982), de Paz Andrade e *Castelao escritor* (1950), de Blanco Amor, para despois sinalar o afianzamento da amizade entre ambos escritores a partir de 1950. En dous epígrafes á parte reproduce dúas das cartas destes autores grafadas a máquina.

Portas Ferro, Xesús, "Unhas sondaxes en Valentín Paz Andrade", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 177, "Estudos", marzo-abril 2012, pp. 46-63.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria vital de Valentín Paz Andrade a partir de diferentes seccións. A primeira delas, "O home", aparece dividida en catro pequenos apartados nos que trata cuestións como as do seu alcume "o moinante de Lérez"; os dous tíos, Juan Bautista Andrade e Roque Paz, que o encamiñarían nos eidos da literatura e a política; as figuras dos familiares que máis influencia tiveron nel durante a súa nenez; a relixiosidade do escritor e os inicios da súa vocación artística. Na segunda

sección, “Dúas angueiras sociopolíticas”, dividida en dous apartados, céntrase na edición do xornal *Galicia* (do que subliña a colaboración de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas e Juan Bautista Andrade) e na época de militancia galeguista do propio Andrade. Na derradeira sección, estruturada en torno a dous apartados, comenta a extensión da obra literaria do autor, da que salienta o seu labor nos xéneros do artigo xornalístico, ensaio e oratoria e presta especial atención á súa escrita poética. Desta última salienta os seus volumes *Cen chaves de sombra* (1979) e *Anunciación* (1981). Pecha o artigo unha listaxe da bibliografía empregada.

Portela Yáñez, Charo, “Valentín Paz-Andrade e Lorenzo Varela. Crónica dunha amizade”, *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 75-79.

Fai unha viaxe pola amizade que uniu a Valentín Paz-Andrade e Xesús Lorenzo Varela. Tras unha cita tirada dunha carta que Paz Andrade lle escribe a Arturo Souto sobre a cuestión do regreso a terras galegas, reproduce outra da súa autoría na que refire como coñeceu a Varela. Comenta a seguir o feito de que este último lle conseguise traballo a Paz Andrade na revista *Industrias Pesqueras* e de que ambos colaborasen no proxecto do Instituto Galego de Información xunto a Isaac Díaz Pardo, Luís Seoane e Ramón Piñeiro. Salienta, doutra banda, o epílogo intitulado “Homenaxe cativo a Valentín Paz Andrade” que Varela lle regalara como broche de ouro a *Cen chaves de sombra* (1979), do que reproduce algunhas estrofas, así como a composición poética “Elexía Lourencina” que Paz Andrade declamou no funeral de seu amigo. Conclúe coa reprodución de dous poemas, “Efixie terminus” e “A voz de Perpetua”.

Rodríguez Portabales, Emilio, “Valentín Paz-Andrade e o coro De Ruada”, *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 81-87.

Relaciona o Coro de Ruada coa figura de Valentín Paz-Andrade. Nun primeiro apartado intitulado “Antecedentes”, sinala algunhas das actuacións de maior éxito do Coro en Pontevedra e Ourense en 1919 e 1920. En “Actuación en Santiago” destaca precisamente as funcións que o Coro levou a cabo no Teatro Principal compostelán e reproduce a noticia aparecida no *Faro de Vigo* en 1920 ao respecto, asinada por Jesús Rey Alvite, así como a ofrenda do Coro a Rosalía de Castro grafada por J. Posada Curros, inserida nun acto organizado pola Xuventude Nazonalista que Paz-Andrade dirixía e presidía. A seguir, recolle a intervención que Paz-Andrade realizou nese acto, intitulada “A mocedá d’estrelas”, saída do prelo na revista *Industrias Pesqueras*. Salienta, doutra banda, o volume de Tucho Calvo, *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século* [sic] (1998) e remata cunha referencia á función do Coro no Teatro Jofre de Ferrol.

Seixas Seoane, Miguel Anxo, “*Canto en catro ao Conde de Andrade*. Valentín Paz-Andrade”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 89, tomo I, ano XXIII, “Textos”, xaneiro-febreiro-marzo 2012, pp. 125-130.

Reproduce o poemario inédito *Canto en catro ao Conde de Andrade* de Valentín Paz-Andrade, estruturado en catro seccións, como seu propio título indica, tras un apuntamento da súa traxectoria vital, no que destaca unhas liñas do seu autor a Isaac Díaz Pardo en 1985 que parecen axudar á datación do *Canto* e no que agradece a axuda de Pilar Rodríguez de Prada, súa viúva, á hora de consultar o manuscrito.

Torres Regueiro, Xesús, "A etapa coruñesa do mozo Paz-Andrade", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 33, primavera 2012, pp. 24-25.

Breve percorrido pola traxectoria vital e xornalística de Valentín Paz-Andrade durante a súa estadía na Coruña, dende 1922 até 1926. Salienta primeiramente a súa colaboración como cronista no xornal *El Noroeste*, para despois aludir á súa amizade co caricaturista Álvaro Cebreiro. Destaca asemade *La anunciación* de Ramón María del Valle-Inclán (1967) (que recolle unha das caricaturas de Cebreiro na súa segunda edición de 1981) xunto á caricatura de Paz-Andrade saída do prelo na revista *Gráfica*. Fai referencia a seguir á amizade con Ernesto Cádiz Vargas e ao proxecto de fundación do xornal *Galicia* entre eles dous. Conclúe coa mención do peche do xornal en 1926 por mor da ditadura de Miguel Primo de Rivera.

Vázquez-Monxardín Fdz., Afonso, "Cronobiografía de Valentín Paz-Andrade", *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 96-102.

Listaxe das datas de maior relevancia na traxectoria vital de Valentín Paz-Andrade. Comeza co seu nacemento no ano 1899 e remata en 2011, ano en que a Real Academia Galega decide homenaxealo no Día das Letras Galegas. Cómpre salientar os anos de 1922, en que publica a súa primeira novela, *Soldado de morte*, e principia a dirección do xornal *Galicia*; 1950, en que publica en *La Noche* un artigo en memoria de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao; 1955, coa saída ao prelo de *Pranto matricial*; 1959, en que aparece publicado *Galicia como tarea*; 1968, cando a editorial Galaxia tira do prelo *Sementeira do vento*; 1978, ano do seu ingreso na Real Academia Galega cun discurso intitulado "A galecidade na obra de Guimarães Rosa"e 1982, en que publica *Castelao na luz e na sombra*. En varios epígrafes á parte reproduce citas tiradas de seus volumes, como por exemplo d'*As cinzas de marte* (1936), *Pranto matricial* (1955), *Ora na Hora* (1970) e *Á manifestación da autonomía* (1977).

IV.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Dacosta Paz, Andrés "Valentín Paz-Andrade e Combarro, 1920", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 428, "Reportaxe", 4 outubro 2012, p. II.

Céntrase no artigo "Por tierras de Galicia. Combarro", que publicou Paz Andrade no *Diario de Pontevedra* o 21 de setembro de 1920 e que, segundo Andrés Dacosta, pasou inadvertido para os biógrafos. Dise que o artigo en cuestión está dividido en dúas partes, unha primeira que trata sobre a arquitectura de Combarro e unha segunda centrada no patrimonio artístico desta vila. Coméntase cada unha das partes, ofrecendo ao mesmo tempo datos sobre a vida de Paz Andrade. Finalízase salientando a importancia que tivo esta vila na vida do autor e sinálanse dous artigos relacionados.

IV.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Acuña Castroviejo, Fernando, "Fermín Bouza Brey", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50.º Aniversario do Días das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 17.

Destaca a incidencia no panorama cultural e a faceta polifacética do homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 1992, Fermín Bouza Brey. Enfatiza o seu labor como Fundador do Seminario de Estudos Galegos e no Instituto Padre Sarmiento.

Agís Villaverde, Marcelino, "Memoria das Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "Opinión", 21 maio 2012, p. 2.

Explica como cada ano na Semana das Letras Galegas, celébrase en Raxó o certame literario "Xaime Isla Couto", onde se convida os escolares a participar cos seus traballos de poesía, prosa e ilustración.

Alonso, Julio, "Valentín Paz Andrade", *Atlántico Diario*, "Opinión", 17 maio 2012, p. 23.

Tras facer un breve repaso polos persoeiros homenaxeados no Día das Letras Galegas dende a súa primeira celebración no ano 1963, destaca a figura do homenaxeado neste ano, Valentín Paz Andrade.

Alonso, Julio, "No sólo es una fiesta", *Atlántico Diario*, "Opinión", Atlántico, 19 maio 2012, p. 15.

Co motivo do Días das Letras Galegas, o autor do artigo solicita máis implicación na defensa da lingua e cultura galegas por parte da Xunta de Galicia.

Alonso Montero, Xesús, "Manuel Curros Enríquez", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50.º Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 4.

Lembra o ilustre Manuel Curros Enríquez e destaca o seu labor como poeta civil na Europa do século XIX.

Álvarez Blázquez, Rosario, "María Mariño", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50.º Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 24.

Destaca brevemente a traxectoria vital e literaria da autora María Mariño Carou, incidindo na amizade decisiva con Uxío Novoneyra.

Araguas, Vicente, "Letras lagarteiras", *Diario de Arousa*, p. 27/ *Diario de Ferrol*, p. 31/ *El Ideal Gallego*, "Letras Galegas", "Valentín Paz-Andrade", p. 39, 17 maio 2012.

Destaca a figura polifacética do homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano, Valentín Paz Andrade, incidindo na súa faceta polifacética como economista, xornalista, industrial e escritor.

Axeitos, Xosé Luís, "Manuel Antonio", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50.º Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 10.

Destaca o labor literario de Manuel Antonio describíndoo como un "poeta do mar". Salienta tamén a obra principal do autor.

Baltar, Ramón, "Sementar contra os ventos", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Desde otra ventana", 22 maio 2012, p. 2.

Considera que a Real Academia Galega atinou ao lle dedicar o Día das Letras Galegas a Valentín Paz Andrade e detense na importancia deste persoeiro centrándose nos seus escritos literarios, técnicos e xornalísticos así como na súa prosa patriótica na defensa de Galicia.

Babarro González, Xoán, "Luís Amado Carballo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50.º Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 12.

Enfatiza o "imaxinismo" do poeta Luís Amado Carballo e invita a ler a súa obra a todos aqueles amantes da paisaxe.

Barreiro, Sara, "A festa", *El Correo Gallego*, "Opinión", 17 maio 2012, p. 4.

Comenta a través das lembranzas dunha personaxe, "Iria", a diferenza coa que se vive hoxe respecto dos anos anteriores o Día das Letras Galegas.

Barreiro Fernández, Xosé R., "Manuel Murguía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50.º Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 21.

Seguindo co repaso aos ilustres pensadores e artistas galegos, faise referencia á traxectoria de Manuel Murguía, destacando o seu labor como escritor e xornalista. Incide na súa influencia na rexeneración da identidade e patria galega.

Barreiro Rivas, Xosé Luís, "Falar galego en Rianxo", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 17 maio 2012, p. 20.

Explica os bos resultados da proposta do Instituto Félix Muriel, onde foi invitado a participar no programa "O galego serve para todos os actos" coa finalidade de dialogar sobre os acontecementos sociais actuais en galego.

Blanco Valdés, Juan L., "Letras galegas", *El Correo Gallego*, "Bágoas de crocodilo", 19 maio 2012, p. 50.

Partindo das lembranzas da súa nenez cando escoitou por primeira vez falar en galego, explica a súa posición perante a lingua galega e a castelán.

Blas, Ceferino de, "Paz Andrade e Vigo", *Faro de Vigo*, "Opinión", 15 maio 2012, p. 26.

Analiza o impacto da saída ao prelo do periódico *Galicia*, do que estaba á fronte Paz Andrade, e a súa ideoloxía galeguista na cidade de Vigo.

Boullón Agrelo, Ana Isabel, "Francisco Añón", *La Voz de Galicia*", "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 04.

Breve repaso pola traxectoria literaria deste autor que aínda que a califica de breve, incide na abordaxe de Galicia como tema constante nas súas composicións poéticas.

Caamaño Suárez, Manuel, "Antón Losada Diéguez", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 13.

Repaso pola traxectoria política e cultural do autor destacándoo como unha figura importante do nacionalismo galego.

Cabana, Darío Xohán, "Xosé María Álvarez Bláquez", *La Voz de Galicia*", "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 25.

Destaca o labor poético e a faceta como editor de Álvarez Blázquez, enfatizando a súa obra *Roseira do teu mencer* como o primeiro libro de poesía infantil.

Caneiro, Xosé Carlos, "Adlaterismo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 455, "A outra mirada", "Club dandi", 18 febreiro 2012, p. 11.

Fala da falta de publicidade e dedicación deste ano á celebración do Día das Letras Galegas criticando a labor dos académicos. Por outra banda, destaca o labor do homenaxeado no panorama cultural e económico galego.

Caramés, Luis, "En Samil con Paz Andrade", *El País*, "*Galicia*", 21 maio 2012, p. 2.

Fala do seu encontro con Valentín Paz Andrade en Samil no ano 1985 e explica como aquela charla co ilustre valeulle para analizar algúns perfís sociais e técnicos do país.

Cendán Fraga, Antonio, "A Galicia de Paz Andrade", *El Correo Gallego*, "Opinión", "A ventá", 21 maio 2012, p. 3.

Explica o impacto que supuxo para el o ensaio de Paz Andrade, *Galicia como tarea*, e destaca a necesidade de retomar dita filosofía por parte dos políticos.

Cerviño González, Francisco, "Xoán Vicente Viqueira", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 8.

Fala da relevancia deste autor na Institución Libre da Enseñanza, da súa defensa da lingua galega e da súa labor como presidente das Irmandades de Fala de A Coruña.

Cidrás, Francisco, "Xesús Ferro Couselo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 19.

Destaca a produción científica de Xesús Ferro Couselo en diversos eidos incidindo nos seus estudos filolóxicos centrados na historia do galego, a onomástica e a edición de textos galegos medievais.

Cochón, Luis, "Da mesma tarefa sempre", *Diario de Arousa*, p. 32/ *Diario de Ferrol*, p. 36/ *El Ideal Gallego*, "Letras Galegas", "Valentín Paz-Andrade", p. 42, 14 maio 2012.

Explica a primeira vez que coincidiu con Valentín Paz Andrade en Vigo, onde lle preguntou pola súa amizade con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e destaca a súa capacidade como orador cívico.

Costas González, Xosé Henrique, "Xoán Manuel Pintos Villar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 8.

Destaca a faceta polifavalente de Xoán Manuel Pintos, incidindo na súa relevancia no Rexurdimento, e comenta que a súa obra *A gaita gallega* (1853) foi o primeiro libro publicado en galego moderno.

Dacosta, Henrique, "Valentín Paz ou como se fa país", *Diario de Ferrol*, "Letras Galegas", "Valentín Paz-Andrade", 17 maio 2012, p. 39.

Comeza destacando o labor polifacético de Valentín Paz-Andrade como economista, político e ensaísta, subliñando algúns perfís e postos que ocupou. De seguido, detense na obra ensaística de *Galicia como tarea*.

Dacosta, Henrique, "Sumando letras, restando números", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 23 maio 2012, p. 13.

Reflexiona sobre a literatura e sobre Día das Letras Galegas onde recalca que esta celebración debe regresar ás súas orixes e ser un Día de Reivindicación e Combate.

Díaz-Fierros Viqueira, Francisco, "Ramón Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 25.

Destaca a loita galeguista cultural de Ramón Piñeiro, así como a súa obra ensaística, que reflicte os eixes fundamentais do seu pensamento. Entre os seus libros publicados destaca: *Olladas no Futuro*; *Galicia*; *A linguaxe e as linguas*; e *Lembrando a Castelao*.

Fernández-Albalat Lois, Andrés, "Francisca Herrera Garrido", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 14.

Explica brevemente a traxectoria poética de Francisca Herrera Garrido, destacando a súa "lírica ruralista", e comenta que a Galicia rural e as súas xentes son a temática principal da súa obra.

Fernández Ferreiro, Xosé, "Luís Seoane", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 18.

Destaca o labor polifacético de Luís Seoane como pintor, gravador, debuxante, muralista, ilustrador, editor, xornalista, poeta e autor teatral. E subliña a súa tarefa cultural ao carón de Isaac Díaz Pardo, xa no exilio, dando lugar a creación do Laboratorio de Formas de Galicia.

Fernández Rei, Francisco, "Ramón Cabanillas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 9.

Explica que Ramón Cabanillas é "símbolo" do movemento agrarista e das Irmandades da Fala, e comenta que a súa estética representa o nacionalismo galego en obras como: *Vento mareiro*; *Da terra asoballada*; e, *Na noite estrelecida*.

Ferro Ruibal, Xesús, "Manuel Lugrís Freire", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 24.

Destaca o labor de Manuel Lugrís Freire dentro do galeguismo e explica como creou o primeiro xornal en galego de América, que formou parte da Cova Céltiga e da Liga Gallega, que foi cofundador do sindicato Solidaridad Gallega, ou que redacctou unha gramática para ensinar en galego.

Freixanes, Víctor F., "Valentín Lamas Carvajal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 7.

Destaca o labor xornalístico en galego de Valentín Lamas Carvajal durante o século XIX, dirixindo algunha das cabeceiras máis significativas do Ourense daquela época.

Galdo, Fausto, "Manuel Lorenzo Varela", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 23.

Explica que Manuel Lorenzo Varela é a representación do republicanismo galego e destaca o seu labor no exilio como conferenciante, profesor, editor, crítico, tradutor e articulista.

García-Bodaño, Salvador, "Revivindo a V. Paz Andrade", *El Correo Gallego*, "Opinión", 5 febreiro 2012, p. 3.

Fala da presentación do libro *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX* (2011), de Tucho Calvo e reivindica a necesidade de recuperar a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas e de estudar a súa obra.

García-Bodaño, Salvador, "Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "Opinión", 13 maio 2012, p. 3.

Dá conta das diferentes actividades culturais que neses días terán lugar co motivo da celebración das Letras Galegas, destacando a mostra itinerante "Un canto e unha luz na noite" no Museo do Pobo Galego.

García-Bodaño, Salvador, "Compostela, 17 de maio de 1963", *El Correo Gallego*, "Opinión", 20 maio 2012, p. 3.

Lembra as diferentes actividades culturais celebradas no primeiro ano do Día das Letras Galegas, moitas delas organizadas polos universitarios integrados na Agrupación Cultural O Galo.

García-Bodaño Zunzunegui, Salvador, "Rafael Dieste", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 18.

Explica que Rafael Dieste foi coetáneo da chamada xeración 25, subliña a súa preocupación pola estilística da lingua galega, e sinala a súa innovación tanto na teoría como na creación literaria dende os seus contos, até o seu teatro.

García Iglesias, José Manuel, "No Día das Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "Opinión", 17 maio 2012, p. 2.

Tras lembrar que é o Día das Letras Galegas e distinguir ao homenaxeado deste ano, explica a necesidade de empregar o galego como unha ferramenta de comunicación e unión do pobo no mundo global actual.

García Mañá, Luís Manuel, "Ánxel Fole", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 19.

Destaca a Ánxel Fole como un dos grandes narradores xunto a Álvaro Cunqueiro, e subliña o dominio da tradición oral e os usos lingüísticos propios dos lugares retratados na súa obra.

García Martínez, Carlos, "Florentino López Alonso Cuevillas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 05.

Destaca a participación de Florentino López Alonso Cuevillas como membro do grupo Nós e do Seminario de Estudos Galegos, e explica que son os seus traballos sobre as orixes da formación histórica de Galicia o que o converten nun referente na investigación.

González González, Manuel, "Eladio Rodríguez González", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 21.

Comenta que Eladio Rodríguez González foi Académico da Real Academia Galega e membro da Irmandade de Amigos da Fala da Coruña, e destaca o deu labor na construción do seu *Dicionario enciclopédico*.

González de Macías, Fernando, "Cincuenta diecisietes de mayo", *La Opinión*, "Opinión", 17 maio 2012, p. 24.

Describe brevemente a evolución da conmemoración do Día das Letras Galegas dende os seus inicios, e detense na celebración dos últimos anos criticando as institucións, das que di que son as causantes de que"se ritualiza hasta convertirse en un mero ceremonial de ofrendas y discursos".

González Puente, Julio, "As letras e a lingua", *El Correo Gallego*, "Opinión", 18 maio 2012, p. 2.

Subliña a celebración do Día das Letras Galegas como o día da exaltación da lingua galega.

González Reboredo, Xosé Manuel, "Xaquín Lorenzo Fernández", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 23.

Destaca o papel de Xaquín Lorenzo Fernández como investigador membro da Real Academia Galega e da Xeración Nós e do Estudo de Seminarios Galegos, na produción sobre arqueoloxía prehistórica, clásica e medieval, e sobre todo de etnografía.

Graña Villar, Benardino, "Valentín Paz Andrade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 27.

Destaca a figura polifacética de Valentín Paz Andrade e a súa obra *Galicia como tarea*.

Henríquez Salido, Maria do Carmo, "O 'nosso' Valentim", *Faro de Vigo*, "Opinión", 27 maio 2012, p. 30.

Recalca que despois dos actos promovidos polos "poderes fácticos" no Día das Letras Galegas cómpre rescatar a Valentín Paz Andrade do esquecemento e pór en valor o seu legado en defensa da lingua galega e de Galicia.

Hernández, Julián, "O Día dos Números", *El País*, "*Galicia*", 18 maio 2012, p. 5.

Tomando como referente a celebración do Día das Letras Galegas, xa que é un día para poñer en valor a literatura galega, faise unha análise da situación económica de Galicia e comenta que debería celebrarse un Día dos Números para reivindicar dita situación.

Herminio Iglesias, Manuel, "O Día das Letras Galegas", *La Región*, "Opinión", 18 maio 2012, p. 28.

Lembra o xurdimento no ano 1963 da celebración do Día das Letras Galegas para homenaxear Cantares Gallegos de Rosalía de Castro, e chega aos nosos días subliñando os obxectivos de dita celebración: a dignificación da lingua e literatura galegas.

Ledo Andión, Margarita, "Antón Villar Ponte", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 09.

Perfila a Antón Villar Ponte como o arquetipo do "intelectual-organizador" no ano 1916, destacándoo como o impulsor da creación da Irmandade da Fala e do boletín *A Nosa Terra*.

Lema Suárez, Xosé María, "Gonzalo López Abente", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 06.

Destaca a Gonzalo López Abente como un dos grandes poetas galegos e subliña a súa participación como académico da Real Academia Galega, membro das Irmandades da Fala, a Asamblea Nacionalista e a Irmandade Nazionalista Galega.

Lorenzo Vázquez, Ramón, "Martín Codax, Xoán de Cangas e Mendiño", L*a Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 20.

Analiza brevemente as cantigas de amigo conservadas de Martín Codax, Xoán de Cangas e Mendiño, tres xograres do século XIII.

López-Acuña López, Fernando, "Roberto Blanco Torres", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 20.

Subliña a faceta como xornalista de Roberto Blanco Torres e destaca a recopilación publicada no ano 1930, *De esto y de lo otro*, que recolle unha selección dos seus escritos xornalísticos.

Mackenzie, David, "Alfonso X o Sabio", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 11.

Comenta que no reinado de Alfonso X o Sabio a lingua da lírica era o galego-portugués e explica que ditas composicións supoñen un corpus de 1700 poemas divididos en: cantigas de amigo, de amor, e de escarnio e maldecir.

Méndez Ferrín, X. L., "Evolución do concepto Paz Andrade", *Faro de Vigo*, "El Sábado", n.º 755, p. 4/ *La Opinión*, "Saberes", n.º 366, "No fondo dos espellos", 5 maio 2012, contracuberta.

Fai un percorrido pola traxectoria vital e profesional do homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano. Subliña o seu "patriotismo" e o seu compromiso co país destacando a súa faceta empresarial.

Méndez Ferrín, X. L., "Eduardo Pondal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 03.

Destaca as influencias de Eduardo Pondal na poética do século XX explicando que superou a estilística decimonónica da sensibilidade romántica e promoveu unha lingua literaria afastada do populismo.

Méndez Ferrín, X. L., "Leal Conselleiro", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 757, p. 4/ *La Opinión*, "Saberes", n.º 368, "No fondo dos espellos", 19 maio 2012, contracuberta.

Lembra algunhas das propostas que Valentín Paz-Andrade tiña como proxectos para o desenvolvemento do país e fai referencia a súa obra Galicia como tarea.

Nogueira, María Xesús, "As primeiras Letras", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", p. 25/ *El Progreso*, "Opinión", 19 maio 2012, p.27.

Lembra a celebración do Día das Letras Galegas na súa infancia vinculada ao ámbito escolar e a celebración da cultura galega. Fala tamén de como se viviu a introdución do galego nas escolas.

Mira, Jorge, "Paz Andrade na ciencia", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "O mirador da ciencia", 30 maio 2012, p. 18.

Co gallo da celebración do Días das Letras Galegas e a homenaxe a Valentín Paz-Andrade, fala sobre a súa sobriña, Inmaculada Paz Andrade, destacada catedrática en Física.

Monteagudo Romero, Xosé Henrique, "Antonio Noriega Varela", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 05.

Destaca os dous poemarios publicados de Antonio Noriega Varela: *Montañesas* (1904), e *Do ermo* (1920). Explica que a súa inspiración parte do costumismo e da poesía social do século XIX e comezos dos XX, e comenta que se caracteriza polo seu rigor formal.

Navaza, Gonzalo, "Aquilino Iglesia Alvariño", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 14.

Explica que Aquilino Iglesia Alvariño pertence aos poetas formados no Seminario de Mondoñedo e que a súa poesía se caracteriza por afondar no paisaxismo humanista. Destaca tamén as súas obras principais como *Señardá* (1930) ou *Corazón ao vento* (1933).

Neira Vilas, Xosé, "Alfonso Daniel Rodríguez Castelao", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 03.

Destaca a faceta polifacética de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao dende a súa obra plástica, literaria e doutrinaria. Destaca tamén a súa loita pola identidade e dignidade galegas.

Nogueira López, Alba, "Celso Emilio Ferreiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 15.

Afonda na vida e traxectoria de Celso Emilio Ferreiro, tanto laboral como cultural, e destaca a súa poesía de denuncia e defensa da liberdade, dos oprimidos e da lingua, como se ve na súa obra *Longa noite de pedra*.

Pardo Ciorraga de Santos, Segundo, "Un galego esquecido pola RAG", *La Opinión*, "Opinión", 17 maio 2012, p. 25.

Fai un breve percorrido pola traxectoria do homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano, e reivindica a necesidade de que a Real Academia Galega homenaxee nesta celebración a galegos ilustres non vinculados unicamente ao ámbito literario.

Patterson, Craig, "Eduardo Blanco Amor", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 17.

Destaca a traxectoria cultura de Eduardo Blanco Amor na Arxentina e fai unha breve análise dunha das súas obras máis representativas, *A Esmorga*.

Paz Andrade, Alfonso, "No día grandeiro das nosas letras", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 17 maio 2012, p. 43.

O fillo do homenaxeado no Día das Letras Galegas lembra neste artigo o compromiso ético do seu pai coa finalidade de axudar no desenvolvemento económico e social a Galicia.

Paz Andrade, Valente, "Memorias do neto Valente", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 16 maio 2012, p. 39.

Lembra a súa infancia xunto ao seu avó Valentín Paz-Andrade e recoñece o acerto de conmemorar a súa figura neste ano no que a economía e a cultura galegas se están resentindo.

Pedreira Ares, Lauro Xosé, "Diante da Proposta do Concello", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Betanzos", "Tribuna abierta", 17 maio 2012, p. 27.

Fai un percorrido pola traxectoria vital de Francisco Vales Villamarín, como proposta para ser homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Penedo, José Luis, "El Día das Letras Galegas", *La Región*, "Opinión", 17 maio 2012, p. 23.

Co motivo da celebración do Día das Letras Galegas por parte da Real Academia Galega, fai un breve percorrido histórico dende a creación até a actualidade desta institución.

Pérez Alberti, Augusto, "Uxío Novoneyra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 26.

Destaca a profundidade da obra *Os eidos*, de Uxío Novoneyra, na que podemos achegarnos ás paisaxes do Courel e a vida das xentes daquelas terras.

Piñeiro, Antonio, "Sobre a festividade do Día das Letras", *La Región*, "Opinión", 19 maio 2012, p. 24.

Reivindica a necesidade da celebración do Día das Letras Galegas e a súa festividade, mais como un día de celebración conxunta e de unión do pobo.

Pousa, Luis, "A marxinación de Galicia", *El Correo Gallego*, "Opinión", 17 maio 2012, p. 3.

Fala da entrevista que mantivo hai anos con Valentín Paz-Andrade e lembra que parte de dita conversa xirou en torno aos presupostos do seu libro *La Marginación de Galicia* (Siglo XXI, 1970).

Pozo Garza, Luz, "Rosalía de Castro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 02.

Afonda na análise do simbolismo da "sombra" no poema "Negra sombra", de Rosalía de Castro.

Ramos, Fernando, "O noso Valentín", *Atlántico*, "Vigo", 17 maio 2012, p. 6.

Subliña a figura de Valentín Paz-Andrade como defensor do pobo e dignidade galegos cando foi nomeado representante de Galicia na "Comisión de los 10", e detense na confrontación con Camilo Xosé Cela.

Regueira Fernández, Xosé Luís, "Manuel Leiras Pulpeiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 12.

Destaca a faceta poética do médico Manuel Leiras Pulpeiro e explica como a través dos seus versos soubo achegar os costumes e a lingua da xente común.

Reigosa, Carlos G., "Paz- Andrade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 464, "A outra mirada", 28 abril 2012, p. 11.

Co motivo do homenaxe a Valentín Paz-Andrade no Día das Letras Galegas, fala da influencia que recibiu de dita figura e destaca o seu "maxisterio político, cultural e humano".

Reigosa, Carlos G., "Político sobre todo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 469, "A outra mirada", "Vagalume", 2 xuño 2012, p. 11.

Comeza recalcando que a Real Academia Galega fixo xustiza ao lle dedicar o Día das Letras Galegas a Valentín Paz Andrade. Lémbrase das moitas conversas que tivo con el e indica que a súa vocación política galeguista se estendía ao xornalismo e á literatura.

Requeixo, Armando, "O indomable Paz-Andrade", *Diario de Arousa*, p. 30/ *Diario de Ferrol*, p. 34/ *El Ideal Gallego*, "Letras Galegas", "Valentín Paz-Andrade", 17 maio 2012, p. 40.

Lembra as vivencias do homenaxeado no Día das Letras e a súa implicación cultural, social e política a prol do desenvolvemento de Galicia. Destaca os episodios máis relevantes da súa traxectoria.

Ríos, Xulio, "Lois Pereiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 26.

Destaca o expresionismo, o lirismo "doente" e a rebeldía propia deste poeta que vai contracorrente do sentir da humanidade.

Rivas, Manuel, "Álvaro Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 15.

Fai un breve percorrido pola traxectoria de Álvaro Cunqueiro, destacando a súa obra de vangarda e diversa no eido da narrativa, o teatro, a poesía e mesmo o xornalismo.

Rivas, Manuel, "A outra prensa do corazón", *El País*, "*Galicia*", "Luces Día das letras", 17 maio 2012, p. 15.

Lembra dous dos acontecementos máis relevantes na vida de Valentín Paz-Andrade que foron obxecto de publicación nos xornais *Galicia* e *El pueblo Gallego*.

Rodríguez González, Olivia, "Luís Pimentel", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 16.

Comenta que Luís Pimentel, xunto con outros da xeración, renova a poesía a través do post-simbolismo e as vangardas.

Rodríguez Paz-Andrade, José Luis, "Valentín Paz-Andrade, o avogado completo", *Faro de Vigo*, "Opinión", 29 xuño 2012, p. 31.

Detense na vida de Valentín Paz Andrade e detalla a súa propia experiencia persoal e profesional no despacho deste persoeiro.

Rodríguez Ruibal, Euloxio, "Armando Cotarelo Valledor", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 13.

Destaca a Armando Cotarelo Valledor como o primeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos e como un dos estudosos da literatura medieval galega. Finalmente, destaca algunhas das súas obras máis relevantes.

Rutherford, John, "Vicente Risco", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 11.

Tras facer unha análise da obra *Teoría do nacionalismo galego* (1920), de Vicente Risco, detense na súa produción narrativa, onde busca unha alternativa ao realismo literario decimonónico.

Saavedra Fernández, Pegerto, "Antonio López Ferreiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 10.

Destaca a defensa de Antonio López Ferreiro da personalidade de Galicia, da súa Historia e Patrimonio, dende o rexionalismo tradicionalista, e como exemplo da súa literatura destaca parte das súas novelas.

Sánchez Palomino, María Dolores, "Xosé Antón Avilés Vinagre", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 22.

Defíne a Xosé Antón Avilés Vinagre como un referente da poesía galega contemporánea e analiza a progresión e a diferenciación nas súas etapas creativas. Explica que a nostalxia ou a saudade son temas constantes na súa obra.

Santamarina Fernández, Antón, "Marcial Valladares Núñez", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 06.

Destaca o labor a prol da cultura galega de Marcial Valladares Núñez, e a rexeneración da terra galega como tema principal da súa obra. Ademais de salientar o seu intenso labor cultural, defíneo como o fundador da prosa literaria galega.

Silveiro Fernández, Héctor M., "Frei Martín Sarmiento", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 22.

Comenta que Frei Martín Sarmiento foi o noso primeiro filólogo e o escritor que iniciou unha nova etapa na literatura galega, o Rexurdimento.

Toro, Suso de, "O país que se estende", *El País*, "*Galicia*", "Luces Día das Letras", 17 maio 2012, p. 14.

Fala da traxectoria literaria e cultural de Valentín Paz-Andrade e destaca a súa defensa da lingua, da cultura e da nación galegas.

Torres Queiruga, Andrés, "Manuel Lago González", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 07.

Explica que Manuel Lago González foi un Arcebispo defensor da terra, da lingua e cultura galegas. Fai un breve percorrido pola súa vida.

Tosar, Luís G., "Letras galegas en Bos Aires", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 24.

Co motivo da celebración do Día das Letras Galegas, destaca aquelas asociacións e institucións que fan un labor de defensa da lingua e literatura galegas.

Vázquez Gil, Lalo, "A lembranza de Don Valentín", *Atlántico*, "Opinión", 17 maio 2012, p. 22.

Destaca a figura polifacética do homenaxeado no Día das Letras Galegas e recomenda a exposición en torno á súa vida na Fundación Luis Seoane e Novacaixagalicia.

Vázquez Abad, Xesús, "Valentín Paz Andrade: 90 primaveiras de compromiso con Galicia", *El Correo Gallego*, "Día das Letras Galegas 2012", 17 maio 2012, p. 02.

Destaca a figura polifacética do homenaxeado e a súa entrega no desenvolvemento de Galicia. Subliña a súa obra *Galicia como tarea*.

Vázquez-Monxardín, Afonso, "Valentín Paz Andrade", *La Región*, "Opinión", 26 maio 2012, p. 27.

Comenta que Valentín Paz Andrade foi un home de grande éxito e que nunca renunciou ao galeguismo de aí que en 1932 estivese a punto de morrer nun atentado de raíz obreira.

Vence, Anxel, "Galegos de Letras", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Crónicas galantes", p. 25/ *La Opinión*, "Galicia", p. 20, 17 maio 2012.

Fai unha análise sobre se é convinte ou non outorgarlle a festividade ao Día das Letras Galegas.

Vidal Villaverde, Manuel, "Cantiga de berce pra ca morte non durma", *Atlántico Diario*, "Letras Galegas", p. 40/ *La Región*, "Día das Letras Galegas", "Opinión", p. 20, 17 maio 2012.

Destaca o seu labor na dignificación da nación galega e salienta parte das súas obras, sobre todo *Galicia como tarea*.

Villares, Ramón, "Ramón Otero Pedrayo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50. Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 15.

Destaca o gusto de Ramón Otero Pedrayo polo estudo da paisaxe galega e da historia, e destaca a súa obra literaria onde recrea a vidas nos pazos, dos señoríos, do tecido social e cultural galego.

Villar Janeiro, Helena, "Viaxe das lentras", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 11 maio 2012, p. 3.

Co motivo da inauguración da exposición "Palabras en imaxe" e a charla "50 anos das Letras Galegas: de Rosalía a Paz Andrade" en Bruselas, explícase a coexistencia de linguas e culturas nesta cidade europea.

Villar Janeiro, Helena, "Aí ven o maio", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 18 maio 2012, p. 3.

Destaca distintas festividades celebradas durante o mes de maio, pero sobre todo o Día das Letras Galegas lembrando a publicación de *Cantares Gallegos* no Séculos Escuros.

Xesteira, "O Esperanto Galego", *La Región*, "Opinión", 16 maio 2012, p. 28.

Crítica aos cambios na normativa da lingua galega e comenta que é empregada como unha arma política que busca semellarse ao portugués.

IV.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Graña, Lara, "Galicia tiene una autonomía insuficiente", *La Opinión*, "Cultura", "Día das Letras Galegas", 13 maio 2012, p. 68.

Alfonso Paz-Andrade, fillo do homenaxeado no Día das Letras Galegas, fala do significado da autonomía de Galicia e do idioma galego para o seu pai, así como das necesidades de reconceptualizar este territorio.

López, Belén, "O tipo de activismo de Paz Andrade está hoxe en declive", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Congreso Paz Andrade", 15 decembro 2012, p. 69.

Remite ás palabras de Manuel Rivas para describir a Valentín Paz Andrade. A continuación, entrevista a Xosé Luís Axeitos interesándose polos seguintes aspectos: a complexidade e personalidade do autor, o seu rescate do esquecemento no día das Letras Galegas e a proxección de Galicia cara o exterior.

Pousa, Luís "O Día das Letras Galegas nunca cesará de medrar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50º aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, pp. 26-27.

Revísase xunto con Xosé Luís Méndez Ferrín a historia da celebración do Día das Letras Galegas, a súa relevancia no panorama cultural galego, as controversias nas eleccións dos elixidos cada ano e a contribución desta festa na normalización da lingua, entre outros asuntos.

Pousa, Luis, "O 17 de maio converteuse xa no gran día da patria galega", *El Correo Gallego*, "P2. Galicia siglo XXI. Actores do cambio", 13 maio 2012, pp. 8-9.

Manuel González González, catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela, valora nesta conversa a institucionalización do Día das Letras Galegas e o seu papel ao longo da historia.

Salgado, Daniel, "Sempre hai queixas sobre as Letras, pero iso está ben, hai discusión", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Día das Letras", 17 maio 2012, p. 10.

Xosé Luís Méndez Ferrín fala do homenaxeado no Día das Letras Galegas, sobre a súa faceta poética e a súa dimensión política. Comenta ademais, entre outros asuntos a situación da lingua e da literatura galega.

IV.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A.B. , "Las bibliotecas salen a la calle", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 16 maio 2012, p. 17.

Comenta as diferentes actividades culturais en torno ao libro que están levando a cabo as bibliotecas de Sanxenxo co apoio do equipo de animación sociocultural, nos parques infantís.

Abellás, N., "A literatura infantil mandou na Feira aberta da cidade", *La Región*, "Día das Letras", 18 maio 2012, p. 12.

Recolle as verbas dalgúns dos libreiros que presentaron os seus postos na Feira do Libro que tivo lugar en Ourense co motivo do Día das Letras Galegas. Salienta o protagonismo da literatura infantil nesta feira.

Abelleira, C. , **Eiroa**, E. , "A Costa da Morte presume de lingua e rende homenaxe aos seus propios autores", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Medio século de Letras Galegas", 18 maio 2012, p. 38.

Fala das actividades culturais que tiveron lugar durante a celebración de "As Festiletras do Couto" no seu trixésimo aniversario.

Abilleira, M., **Gómez**, C., "Literatura, música e deporte no 17 de Maio", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", "Diario das Letras 2012", 18 maio 2012, p. 52.

Dá a coñecer as diferentes actividades culturais que tiveron lugar nos distintos concellos da provincia pontevedresa, co motivo do Día das Letras Galegas, para lembrar a Paz-Andrade e promover o uso do galego. Tamén informa dos gañadores dos diferentes premios literarios celebrados.

Agulla, A., "Unha tarde literaria e de xogos con motivo do Día das Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 15 maio 2012, p. 16.

Coméntase que co motivo da celebración do Día das Letras Galegas o Concello de Marín levará a cabo diversas actividades culturais que inclúen unha tarde literaria, xogos, entrega de premios e unha lectura de textos en galego.

Agulla, Álvaro, "Marusía cántalle ás Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 202, 26 maio 2012, contracuberta.

Indica que con motivo da celebración do Día das Letras Galegas a coral polifónica Marusía de Bueu actuou no Centro Social do Mar de Bueu.

Alonso Montero, Xesús, "Paz-Andrade e Alberto Míguez no TOP", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 461, "A outra mirada", 31 marzo 2012, p. 11.

Réndese homenaxe á polifacética figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas, Valentín Paz-Andrade, sobre todo na súa faceta de avogado e empresario.

Alonso Montero, Xesús, "Paz-Andrade, poeta do bou 'Eva", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 464, "A outra mirada", 28 abril 2012, p. 11.

Explícase unha pasaxe da vida de Valentín Paz-Andrade cando durante a Guerra Civil tratou de axudar a uns amigos a escapar no bou *Eva*, e de como ese tráxico suceso se viu reflectido na súa obra.

Álvarez, M., "Encontro sobre Paz Andrade organizado pola Real Academia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 5 decembro 2012, p. 43.

Dáse conta da celebración dun congreso organizado pola RAG no Pazo de Congresos de Pontevedra, para pechar o ano Paz Andrade, onde se reunirán numerosas figuras da cultura galega.

Álvarez, Mario, "Paz Andrade ve en Castelao e o seu pai os referentes do futuro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 abril 2012, p. 50.

Explícase que o fillo do homenaxeado no Día das Letras Galegas, Alfonso Paz Andrade, reivindica as figuras do seu pai e doutros ilustres galeguistas como Castelao, como un referente para a construción dun "novo futuro" para os galegos.

Álvarez, Mario, "Os empresarios galegos reclaman a internacionalización de Paz Andrade", *El Correo Gallego*, "Tendencias.Sociedad.Ciencia.Cultura.Ocio", 14 maio 2012, p. 42.

Explica que o empresariado galego puxo de relevo o compromiso e o proxecto ideolóxico de Valentín Paz-Andrade no desenvolvemento económico galego, un bo exemplo para os emprendedores galegos.

Álvarez, Mario, "A obra de Paz-Andrade, na TVG en poemas audiovisuais", *El Correo Gallego*, "Medios", 5 maio 2012, p. 61.

Infórmase da presentación do proxecto da Consellería de Cultura no que se emitirán na TVG versos de Paz Andrade en formato audiovisual.

A. M., "Cincuenta años a cielo abieto", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 3 xuño 2012, p. 54.

Detalla que a Real Academia Galega inaugurou nos xardíns de San Carlos da Coruña unha mostra con cincuenta carteis para conmemorar a todos os homenaxeados no Día das Letras Galegas.

Ameixeiras, Iria, "La aldea que soñaba con hacer país", *El País*, "*Galicia*", 16 maio 2012, p. 8.

Coméntase o transcurso da celebración das actividades culturais que durante trinta anos veñen realizándose no Couto, Ponteceso, no Día das Letras Galegas, onde escritores e asociacións dánse cita todos os anos.

Angueira, M., "Palabras feitas recordos no Día das letras", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", 18 maio 2012, p. 17.

Explica que se levou a cabo a proxección do vídeo "Recordos vivos" na Casa da Cultura de Cuntis co gallo da celebración do Días das Letras Galegas, e tamén dá conta da entrega de premios dos certames literarios "Roberto Blanco Torres" -de investigación e etnografía- e o concurso de poesía "Dez palabras".

Á. P., C. G., M. A. C., A. A., "O espírito das Letras inunda a provincia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 17 maio 2012, p. 59.

Informa de que co gallo da celebración do Día das Letras Galegas os municipios de Poio, Marín, Valga e Barr, celebraron numerosas actividades culturais destinadas a escolares coa finalidade de promover o uso do galego.

Araújo, E., **Forján**, E., "Intercambio de libros, música e cine centran os actos das Legras Galegas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Comarcas", 13 maio 2012, p. L11.

Dánse a coñecer as diferentes actividades culturais que se levarán a cabo nos concellos próximos a Santiago co gallo da celebración do Días das Letras Galegas.

Arca, A., "Touro programa talleres literarios, música y danza", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 maio 2012, p. 31.

Explica que na celebración do Día das Letras Galegas, o concello de Touro levará a cabo obradoiros literarios, música e danza para os máis xoves. Indica que se profundizará na vida e obra do ilustre Valentín Paz-Andrade.

A.S., "Paz Andrade y Díaz Pardo, empresarios de la cultura", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 maio 2012, p. 39.

Comenta que a revista *Grial* dedicou un monográfico á faceta emprendedora dos galeguistas Díaz Pardo e Paz Andrade afondando nas experiencias empresariais de ambos intelectuais.

Baena, A., "Seixas: 'A poesía de Paz Andrade vai a sorprender a máis dun", *Atlántico Diario*, "Vigo", 10 abril 2012, p. 11.

Informa que o coordinador do Ano Valentín Paz-Andrade moderará o debate "Tres biografías e unha longa entrevista", xunto con Xan Carballo, Charo Portela, e Tucho Calvo.

Baena, A., "Homenaxe no seu colexio", *Atlántico Diario*, "En portada", "Dia das Letras Galegas", 18 maio 2012, p. 4.

Explica que o centro Valentín Paz Andrade foi o lugar elixido para celebrar o acto institucional do Goberno galego no Día das Letras Galegas.

Baena, Ana, "Valentín Paz Andrade convirte á cidade en capital das Letras", *Atlántico Diario*, "Vigo", p. 10/ "Valentín Paz Andrade fará de Vigo a capital das Letras", *La Región*, "Sociedad", p. 60, 16 maio 2012.

Comenta as diferentes actividades que terán lugar en Vigo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas e destaca o descubrimento dunha placa en honor a Valentín Paz-Andrade e a celebración do plenario da RAG. Por último, subliña a celebración da exposición "Valentín Paz-Andrade Galiza como tarea".

Baena, Ana, "Galicia honrou en Vigo a entrega de Paz Andrade 'en corpo e alma", *Atlántico Diario*, "En Portada", "Día das Letras Galegas", p. 2/ *La Región*, "Sociedad", "Día das Letras", p. 55, 18 maio 2012.

Infórmase de que no plenario celebrado pola RAG o Día das Letras Galegas, os académicos salientaron as diferentes facetas de Valentín Paz-Andrade.

Becerra, Javier, "Méndez Ferrín reivindica o éxito do Día das Letras Galegas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 xuño 2012, p. 44.

Alúdese ao acto conmemorativo do cincuenta aniversario do Día das Letras Galegas que tivo lugar na Coruña e indícase que Xosé Luís Méndez Ferrín recalcou a importancia desta celebración.

Bermúdez, Teresa R., "Testigos de vidas llenas de talento", *El Progreso*, "*Revista*", "Lucenses", "Días das Letras Galegas", 12 maio 2012, pp. 2-3.

Dáse conta de que familiares dos autores galegos Lois Pereiro, Ramón Piñeiro, Lorenzo Varela e Ánxel Fole comparten as súas lembranzas e destacan partes da súa traxectoria literaria.

Bernárdez, Carlos L., "Galiza como tarefa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 416, "Artes e exposicións", 24 maio 2012, p. III.

Explica as características da exposición "Valentín Paz-Andrade. Galiza como tarefa" que estará no Centro Cultural Novacaixagalicia de Vigo do 15 de maio ao 8 de xullo de 2012.

Blanco, Nacho, "La Voz e a Academia, unha andaina común na defensa da cultura desde 1906", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50.º Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 15.

Faise un breve percorrido polas actividades que *La Voz de Galicia* levou a cabo nas súas páxinas en colaboración coa RAG en pro da defensa da lingua e culturas galegas.

Blanco, Patricia e Cristina **Abelleira**, "Festexaremos o día falando galego", *La Voz de Galicia*, *"Culturas*", n.º 466, "50.º Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, pp. 6-7

Un profesor e unha alumna explican a entrada da lingua galega na escola no ano 1978 seguindo a doutrina pedagóxica de Feinet e Paulo Freire.

Botrán, C., "O Serán da lingua reúne a más de catrocentas persoas en Rois en torno a música e o baile tradicional galego", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 maio 2012, p. 31.

Explica brevemente as actividades culturais levadas a cabo na terceira edición do Serán da lingua, celebrado en Rois con motivo do Día das Letras Galegas.

Botrán, C., "A Estrada avoga polo uso da lingua galega no eido das festas populares", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 maio 2012, p. 30.

Falase das diferentes ofrendas, rutas, entrega de premios e recitais levados a cabo nas comarcas próximas a Estrada e sublíñase a lectura do manifesto *100 festas máis para a lingua galega*, que promulga o uso do galego en todos os eidos vinculados coas festas populares.

Botrán, C., "Ofrenda diante do monolito de Marcial Valladares a ritmo de gaita", *El Correo Gallego*, 18 maio 2012, p. 10.

Comentas as diferentes actividades culturais en favor da lingua galega celebradas en Tabeirón, destacando a ofrenda floral diante do monolito de Marcial Valladares.

Botrán, C. e J. **Trillo**, "Nava Castro inaugura a mostra 'Torneiros' en Festiletras 2012", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 maio 2012, p. 34.

Dá conta das diferentes actividades culturais que terán lugar en Ponteceso na programación do trinta aniversario de *Festiletras* e destaca algunhas delas como a mostra "Torneiros" ou o programa de dinamización lingüística *FalaRedes*.

Botrán, Cristina, "Dodro lembra ao poeta de Laíño nos 25 anos do premio Eusebio Lorenzo Baleirón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 maio 2012, p. 29.

Con motivo do vinte e cinco aniversario da celebración do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, explícase que se fixo unha homenaxe ao poeta e que o Concello de Dodro prepara unha escolma do escritor e máis unha mostra. Por outra banda presentouse o libro do gañador da pasada edición, *Con gume de folla húmida* (2012), Isaac Xubín.

Botrán, Cristina, "A velada literaria-musical de A Ramallosa congregou a preto de 500 persoas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 maio 2012, p. 36.

Explica os diferentes actos que tiveron lugar durante a velada literaria-musical de Teo e destaca tamén a entrega dos 24 galardóns dos certames literarios e Intercentros no municipio de Ames.

C. A., "Teatro familiar con humor y magia para celebrar el Día das Letras Galegas en Salceda", *Faro de Vigo*, "*Baixo Miño/Louriña*", "Especial", 26 maio 2012, p. 8.

Explica que o concello de Salceda de Caselas celebrou o Día das Letras Galegas con varias actividades enmarcadas dentro do programa "Letras Vivas".

Camoira Vega, César, "A voltas coa súa vida", *Diario de Ferrol*, "*Letras Galegas*", "Valentín Paz-Andrade", 17 maio 2012, p. 32.

Resúmese a biografía de Valentín Paz Andrade no tocante á súa traxectoria persoal, cultural e política. Saliéntase a súa actividade no Seminario de Estudos Galegos como asesor xurídico da patronal viguesa, o seu compromiso político no exilio, a súa defensa da lingua e a súa produción literaria, entre outras cousas.

Capeáns, Juan, "Un gran acto cívido lembrará os 50 anos do Día das Letras Galegas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 abril 2012, p. 34.

Fala do acto que se levará a cabo no Día das Letras Galegas a cargo da RAG e destaca algunhas das actividades culturais que terán lugar, como actuacións de dinamización

social, difusión de poemas de Paz Andrade en formato audiovisual, ou o concurso *Lingua de namorar*.

Carbajo, Primitivo, "Un visionario de la marginación económica", *El País*, "*Galicia*", 18 maio 2012, pp. 2-3.

Comenta que na sesión plenaria da Real Academia Galega presentáronse diferentes relatorios dedicados a subliñar as diferentes facetas laborais, culturais e políticas do homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Carballa, Xan, "Un nacionalista na Transición", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 20 xaneiro 2012, p. 11.

Céntrase na actividade política de Paz Andrade como membro da "Comisión dos Dez" e explícase que representou a vertente republicana do galeguismo.

Carballa, Xan, "O presidente galego que non foi", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Dia das Letras", 17 maio 2012, pp 7-8

Comenta a figura de Paz Andrade e destaca o seu activismo nacionalista, a súa faceta xornalística e os seus proxecto empresariais. Informa de que modernizou a prensa galega, que foi asesor xurídico da patronal de Bouzas, tamén comenta o seu ingreso na Academia ou o seu galeguismo, oposto ao de Ramón Piñeiro.

Carballa, Xan, "Un corredor de fondo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 415, "Letras Galegas 2012", p. II/ *La Opinión*, "Cultura", "Día das Letras Galegas", p. 63., 17 maio 2012.

Céntrase en Paz Andrade destacando a súa relación con Castelao, o seu activismo político, a defensa da lingua e culturas galegas e o seu compromiso coa modernización de Galicia.

C. B., "Muestras, charlas y teatro para honrar el gallego", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 maio 2012, p. 31.

Explica que o Concello de A Estrada dá comezo o seu programa de actividades culturais con galo da celebración do Mes das Letras Galegas. Destaca o manifesto *Mil festas máis para a lingua galega*.

C. B., "Neira Vilas hablará sobre Paz Andrade en el Mome", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 maio 2012, p. 31.

Explica que dentro das actividades do Mes das Letras Galegas terá lugar no Mome a conferencia *Lembranzas de Valentín Paz Andrade*, a cargo de Neira Vilas.

C. B., "Dodro lembra a Eusebio Lorenzo na festa da cultura", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 maio 2012, p. 31.

Comenta que o Concello de Dodro preparou un acto institucional para conmemorar o vinte e cinco aniversario do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón.

Cenamor, X., "Motos y cásting para un día de fiesta", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 18 maio 2012, contracuberta.

Saliéntase que entre as diferentes actividades realizadas para conmemorar o Día das Letras Galegas, tivo lugar en Santiago a "Ruta Rosaliana de Motocicletas Clásicas".

C. F. , "O poeta que foi xornalista e defensor da galeguidade", *Diario de Pontevedra*, "Vivir", "Diario das Letras 2012", 17 maio 2012, pp. 54-55.

Destácase a personalidade polifacética de Valentín Paz Andrade subliñando a súa traxectoria como avogado, xornalista, escritor e economista.

C.G., "Quentando motores para as Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 312, 9 maio 2012, contracuberta.

Comenta que o Concello de Caldas acolleu a Terceira Festa da Lingua nun acto no que se entregaron os premios do concurso de microtextos Terras do Umia.

C.G., "O Fervedoiro expón no CPI Don Aurelio xoias da literatura galega", *Diario de Pontevedra*, "Caldas. Deza. Tabeirós", 15 maio 2012, p. 20.

Coméntanse as diferentes actividades culturais programadas para a celebración do Día das Letras Galegas e saliéntase a exposición "Un paseo por la literatura galega: entre as follas dos libros vellos", na Asociación Cultural O Fervedoiro.

C.G., "Pequenos e maiores estiran a celebración a toda a semana con múltiples actividades", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 313, "Vivir en Caldas", "Diario das Letras 2012", 16 maio 2012, p. 4.

Explica as diferentes actividades programadas para celebrar o Día das Letras Galegas, e destaca a actividade "Unha tarde con Paz Andrade na Biblioteca" ou a "II Carreira pola Lingua". Tamén explica que se entregarán os premios dos concursos literarios de Cuntis e Moaña.

Cheda, P.G., "A Fonsagrada celebrará el Día das Letras Galegas con teatro y música", *El Progreso*, "A Montaña", 12 maio 2012, p. 16.

Comenta que a Asociación Cultural Antaruxas e Sorteiros ten preparado un programa de actividades culturais para celebrar o Día das Letras Galegas en torno ao teatro e a música.

C. M., "Pilar Rodríguez: 'Era respetuoso cos demais, leal e tolerante", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Personalidade", 17 maio 2012, p. 10.

Dá a coñecer as verbas da viúva de Paz Andrade onde explica como se coñeceron e a verdadeira personalidade do seu home.

C. M., "Poeta, empresario e político", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Personalidade", 17 maio 2012, p. 10.

Destaca a personalidade de Valentín Paz Andrade dende a súa faceta xornalística, dende os seus proxectos empresariais e dende o seu papel na política e como asesor da FAO.

C. M., "Escribiu 18 libros en galego e en castelán", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Bibliografía", 17 maio 2012, p. 11.

Presenta unha bibliografía dos libros escritos en castelán e en galego de Paz Andrade onde se poden atopar ensaio literario, económico e histórico e tamén narrativa e poesía.

C. M., "Paz Andrade na rede", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Internet", 17 maio 2012, p. 15.

Dá a coñecer os distintos recursos en liña proporcionados polas diferentes institucións sobre Valentín Paz Andrade. Salienta os proxectos do Consello da Cultura Galega, a CRTVG e a Real Academia Galega.

C. M., "En maio, poemas audiovisuais", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Xunta de Galicia", 17 maio 2012, p. 18.

Destaca a iniciativa da Xunta de Galicia na celebración do Día das Letras Galegas, que consiste na emisión dos versos de Paz Andrade en formato audiovisual na TVG.

C. M., "Concursos e unha exposición", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Novacaixagalicia", 17 maio 2012, p. 21.

Dáa coñecer tres actividades culturais promovidas por Novacaixagalicia para conmemorar a Paz Andrade: o certame titulado "O mar de Paz-Andrade"; o concurso "Atopando a Paz-Andrade" e o certame "Gusto polo galego".

C. M. , "Unha festa que cumple 50 edicións", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas*", "Historia dunha data", p. 32/ *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Conmemoración", p. 2, 17 maio 2012.

Explica brevemente a historia da celebración do Días das Letras Galegas dende o seu inicio no ano 1963. Subliña que elixiuse a data da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro para conmemorar dita festa.

Conde, María, "Un congreso tocará todas as facetas de Paz Andrade", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 novembro 2012, p. 40.

Infórmase do simposio que se celebrará en Pontevedra que conclúe cun ano de actividades adicadas a Paz Andrade.

Conde, María, "O congreso da RAG destaca a proxección que Paz Andrade quería para Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 decembro 2012, p. 41.

Dáse conta da apertura do simposio da RAG sobre Paz Andrade, que abriu Ramón Villares, o presidente do Consello da Cultura. Coméntase esta intervención.

Conde, María e Camilo **Franco**, "Un inédito de Paz Andrade narra as súas viaxes a América", 15 decembro 2012, p. 40.

Dáse conta da vindeira publicación das trinta crónicas de viaxes escritas a mediados dos anos cincuenta por Paz Andrade, que tirará do prelo Alvarellos Editora.

C. P. R. , "La biblioteca de Xermade celebra las Letras Galegas con un concurso, juegos y cuentos", *El Progreso*, "A Chaira", 7 maio 2012, p. 11.

Fala das tres actividades que se levarán a cabo en Xermade para celebrar o Día das Letras Galegas: o "Gran Xogo das Letras Galegas"; os "Contos para bebés" de Pavís Pavós e a convocatoria do Certame de Narración e Debuxo Infantil Legras Galegas 2012.

Cuíñas, Teresa, "La mano derecha de Valentín Paz Andrade", *El País*, "*Galicia*", 20 maio 2012, pp. 5-6.

Fala do vínculo de Paz Andrade con Francisco Rodríguez Vidales dende que este último entrou a traballar como axudante no despacho de avogados. Explica que tanto artigos, como poemas ou ensaios eran convertidos en escritos por este home que era un dos estreitos colaboradores do homenaxeado.

Díaz, Noelia, "Ferrín pide colaboración para acabar coa situación de 'necesidade' da RAG", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 53/ *La Opinión*, "Cultura", p. 62, 28 abril 2012.

Explica que a Real Academia Galega celebra neste ano o 50 aniversario do Día das Letras Galegas a través dunha serie de actividades culturais como a edición de trinta mil exemplares dun libro cos homenaxeados neste día, a distribución dunha colección de cincuenta carteis conmemorativos e a promoción dun acto cívico que simulará un cultivo simbólico "da palabra".

Díaz, Noelia, , "Galicia', un xornal para reinventar o país", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 37/ "Un xornal para reinventar Galicia", *La Opinión*, "A Coruña", p. 13, 3 maio 2012.

Infórmase de que con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, a Fundación Barrié exhibe unha retrospectiva sobre o diario "Galicia" fundado por Paz Andrade no 1922.

Díaz, Noelia, "A Coruña conmemora o Día das Letras", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 16 maio 2012, p. 12.

Comenta que na cidade de Coruña, as fundacións e institucións públicas ofrecerán un amplo programa de actividades culturais que inclúe obradoiros, exposicións, contacontos e mesmo concertos, co obxectivo de celebrar o 50 aniversario Das Letras Galegas.

Dobarro, Xosé María, "Paz Andrade e Carvalho Calero, puntos de encontro", *Diario de Ferrol*, "*Letras Galegas*", "Valentín Paz-Andrade", 17 maio 2012, p. 38

Inicia o artigo coa transcrición dunha carta de Paz Andrade a Carvalho Calero sacada do libro *Epistolario. Valentín Paz-Andrade* (Charo Portela e Isaac Díaz Pardo, 1997). A partir dela analiza os encontros políticos entre ambos autores.

ECG, "Raxoi se suma a los actos del Día das Letras", *El Correo Gallego*, "Santiago", 26 abril de 2012, p. 23.

Explica que co motivo da celebración do Día das Letras Galegas, o Departamento de Lingua Galega de Raxoi prepara un programa de actividades culturais destinadas a infancia e a xuventude.

ECG, "La figura de Paz Andrade, en el ciclo Os Luns do Ateneo", *El Correo Gallego*, "Santiago", 15 maio 2012, p. 23.

Comenta que Valentín Paz Andrade é o protagonista da conferencia que Tucho Calvo dará no ciclo "Os Luns do Ateneo".

ECG, “Actívanse hoxe o Mercapoemas e Ceibar Poemas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 maio 2012, p. 31.

Explica que dentro do programa de actividades culturais para celebrar o Día das Letras Galegas, a concellería de Cultura de Silleda levará a cabo as seguintes actividades: Mercapoemas e Ceibar Poemas.

ECG, “La Libraría Couceiro se suma al Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 maio 2012, p. 23.

Infórmase de que a Libraría Couceiro súmase aos actos de celebración do Días das Letras, poñendo un posto na praza Cervantes con libros do establecemento.

ECG, “Mostra de dibuxos de nenos de dous a doce anos na biblioteca de Ordes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 maio 2012, p. 31.

Comenta que para celebrar o Día das Letras Galegas na biblioteca municipal de Ordes terá lugar unha exposición dunha serie de debuxos de nenos de 2 a 12 anos. Explica que o gañador recibirá un lote de contos.

ECG, “Valcárcel e o poeta Caneiro ensalzan a lingua en Lalín”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 maio 2012, p. 31.

Explica que en Lalín terán lugar as seguintes actividades co motivo do Día das Letras: a exposición *Valentín Paz-Andrade*, un recital poético a cargo de Carlos Caneiro e unha conferencia de Xosé Manuel Valcárcel.

ECG, “Alberto Núñez Feijóo: ‘Galicia está e estará no mundo tal como é... falando o que fala”, *El Correo Gallego*, “Primer Plano”, 17 maio 2012, p. 9.

Comenta que o presidente da Xunta de Galicia estivo na ofrenda floral na honra de Rosalía de Castro co motivo do Día das Letras Galegas; e tamén que o secretario xeral de Política Lingüística presentou o documental *Valentín Paz Andrade. Con chaves de luz.*

ECG, “Ronda de Femme Fatal en Compostela”, *El Correo Gallego*, “Primer Plano”, 17 maio 2012, p. 9.

Explica que con motivo do Día das Letras a Consellería de Cultura engade aos actos programados a Ronda Poética da Compañía Femme Fatale.

ECG, “Rosas para el Día das Letras en el Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 maio 2012, p. 28.

Infórmase de que con motivo do 80 aniversario da presenza de García Lorca no colexio Rosalía de Castro terá lugar unha homenaxe e unha exposición na honra do autor.

ECG, "El colegio La Salle conmemora el Día das Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "Santiago", 19 maio 2012, p. 26.

Conta que no colexio La Salle tivo lugar a entrega de premios do XXX certame literario das Letras Galegas e a ofrenda floral no Panteón de Galegos Ilustres.

E. G., "Desfile y baile folclórico en el Día das Letras guardés", *Faro de Vigo*, "*Baixo Miño/Louriña*", "Especial", 26 maio 2012, p. 7.

Refírese ás actividades que tiveron lugar na Guarda co gallo da celebración do Día das Letras Galegas e que serviu de homenaxe a Victoriano Rodríguez González.

Elvira, S., "O CPI de Boqueixón pecha cun festival a semana cultural das letras", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 maio 2012, p. 30.

Explícase que o Festival das Letras Galegas, dirixido ao alumnado de Infantil e Primaria de Boqueixón, pechou o seu programa con charlas, senderismo, obradoiros, teatro e proxeccións.

E. P., "Méndez Ferrín resalta a forza nerudiana da poesía de Valentín Paz-Andrade", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 6 maio 2012, p. 46.

Acóllense as verbas do presidente da RAG onde explica os motivos polos cales Paz-Andrade foi elixido como homenaxeado no día das Letras Galegas.

E. P., "Ferrín defiende que el Día das Letras sea festivo: 'No solo van a serlo citas religiosas y españolas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 7 maio 2012, p. 18.

Infórmase das verbas pronunciadas por Méndez Ferrín en defensa da festividade do Día das Letras Galegas e tamén dáse conta das diferentes actividades que terán lugar para celebrar dita data.

E. P., "La Xunta, en el acto central del Día das Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 13 maio 2012, p. 49.

Explica que o Presidente da Xunta de Galicia inaugurará unha mostra multimedia do autor no CIFP Valentín Paz Andrade e que tamén asistirá ao acto académico organizado pola Real Academia Galega.

E. P., “Miles de persoas reivindican na rúa ‘o orgullo de ser galegos”, *El Correo Gallego*, “Primer Plano”, 18 maio 2012, p. 9.

Comenta que miles de persoas manifestáronse no Día das Letras Galegas co obxectivo de proclamar o seu dereito a “vivir con normalidade en galego”, e subliña a presenza de Callón, Teresa Moure e Fernández Paz, na cabeceira da protesta “Queremos galego”.

Fernández, L., “Nuevo espacio teatral y libro sobre un clásico”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de Vecinos”, 2 febreiro 2012, contracuberta.

Explícase que con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, reeditarase o libro escrito por Tucho Calvo no ano 1998 que recolle a conversa que tivo con Paz Andrade no ano 1982.

Ferreira, A., “Feria del Libro de Tui y Tomiño el Día das Letras Galegas”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana/ Baixo Miño”, 15 maio 2012, p. 19.

Comenta a presentación da Feria del Libro de Tui e Tomiño que contará con 20 postos, e dá a coñecer o programa da mesma.

Ferreiro, Luis P., “A Fundación Luis Seoane homenaxea á figura de Valentín Paz-Andrade”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 8 febreiro 2012, p. 40.

Comenta as diferentes actividades celebradas pola Fundación Luis Seoane para homenaxear a Paz Andrade e a outros intelectuais galegos.

Ferreiro, Luis P., “Tres galeguistas na Seoane”, *La Opinión*, “A Coruña”, 8 febreiro 2012, p. 11.

Explica que a Fundación Seoane homenaxea a Paz Andrade, Díaz Pardo e a Seoane, con diferentes exposicións.

Ferreiro, M. e M. J. **Santalla**, “Un lugar alí onde moran os libros”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 466, “50º aniversario do Día das Letras Galegas”, 12 maio 2012, pp. 16-17.

Dáse conta dos ocos que se está a facer a literatura galega en bibliotecas desta comunidade, concretamente na do Concello da Illa de Arousa e na Xeral de Santiago de Compostela, que celebran o Día das Letras Galegas dun xeito especial.

Franco, F., “Méndez Ferrín: ‘Castelao falaba por boca de Paz Andrade cando traba temas económicos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Club Faro de Vigo”, 5 maio 2012, pp. 40-41.

Recolle as verbas de Xosé Luis Axeitos, Miguel Anxo Seixas e Manuel Bragado sobre Valentín Paz-Andrade nun acto presidido por Méndez Ferrín no Día das Letras Galegas.

Frieiro, F., "A biblioteca celebra as Letras Galegas cunha mostra sobre Paz Andrade e taller de lectura", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 13 maio 2012, p. 8.

Describe dúas das actividades que se levarán a cabo co motivo do Día das Letras Galegas na Biblioteca Rosalía de Castro: unha mostra sobre o homenaxeado e un obradoiro plástico de animación á lectura.

García, Andrés, "Vázquez apela á importancia da lingua galega como 'estratexia empresarial", *El Correo Gallego*, "Tendencias.Sociedad. Ciencia.Cultura.Ocio", 8 maio 2012, p. 40.

Destaca as verbas do Conselleiro de Educación e Cultura sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas, nun encontro en Barcelona coa Asociación de Empresarios Galegos en Cataluña (AEGA-CAT).

García, R., "Dos muestras y un filme reúnen a Paz-Andrade, Seoane y Díaz Pardo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 febreiro 2012, p. 39.

Dánse a coñecer as actividades levadas a cabo pola Fundación Seoane que teñen como protagonistas a Paz Andrade, Díaz Pardo e Seoane.

García, Rodri, "A Barrié Honra 'a irrepetible figura' de Valentín Paz-Andrade", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 maio 2012, p. 44.

Coméntase a presentación da mostra ofrecida pola Fundación Barrié na que se exhiben os fondos orixinais do xornal "Galicia" creado por Paz Andrade. Infórmase asemade de que a Fundación Seoane pechará a mostra *Valentín Paz-Andrade. Galiza como tarea*.

García Márquez, Marta, "A Fundación Seoane adícalle ao seu mentor a homenaxe que aínda lle debía", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 8 febreiro 2012, p. 17.

Comenta a presentación dos actos levados a cabo pola Fundación Seoane en torno ás figuras de Seoane e Valentín Paz-Andrade e Díaz Pardo.

García Márquez, Marta, "Os 50 anos do Día das Letras Galegas celebraranse cun acto cívico en A Coruña", *Diario de Ferrol*, "Galicia", p. 26/ *El Ideal Gallego*, "A Coruña", p. 18, 28 abril 2012.

Coméntase que co motivo dos cincuenta anos da celebración do Días das Letras Galegas distribuiranse 30000 exemplares de 112 páxinas nos que se dá conta dos perfís de todos os homenaxeados nestes anos.

García Márquez, Marta, "O corazón sospeitoso de Paz Andrade", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 3 maio 2012, p. 12.

Coméntase a inauguración da mostra "A Galicia do Galicia (1922-1926)" da Fundación Barrié.

García Márquez, Marta, "Feijóo valora na Academia o sentido da clarividencia de Valentín Paz-Andrade", *Diario de Ferrol*, "Galicia", p. 27/ *El Ideal Gallego*, "A Coruña", p. 13, 16 maio 2012.

Explica que a Real Academia Galega acolleu a presentación do libro de Tucho Calvo e Xosé Luís Axeitos, *Valentín Paz-Andrade. Xornalista para un país*, que recolle a andadura xornalística do homenaxeado.

García Márquez, Marta, "Preto de 50 artistas toman os bares para celebrar o Día das Letras Galegas", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 17 maio 2012, p. 18.

Explica que dado a falta de actos institucionais levados a cabo na celebración do Día das Letras Galegas, algunhas personalidades da cultura galega percorrerán os bares da cidade de Vigo realizando diferentes actividades como a lectura de poemas, a dramatización ou a interpretación.

Gimeno, Maite, "Poética de ideas', homenaje a Paz Andrade en Vigo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 26 maio 2012, p. 46.

Infórmase da prensentación dun espectáculo poético-musical centrado na figura de Valentín Paz Andrade, que terá lugar o 31 de maio en Vigo, e asemade indícase que se editará un CD con dúas entrevistas a Paz Andrade.

González, Ramón, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 7 febreiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da inauguración da exposición "Valentín Paz Andrade: Galicia como tarefa" na Fundación Luís Seoane da Coruña.

Gradín, Tere, "O *home de Galicia* na Transición", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 415, "Letras Galegas 2012", p. V/ *La Opinión*, "Cultura", "Día das Letras Galegas. Valentín Paz-Andrade", p. 66, 17 maio 2012.

Coméntase a relación entre Castelao e Paz-Andrade e a súa faceta política como fundadores do Partido Galeguista.

Iglesias, Óscar, "Que facer co rito", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Día das Letras", 17 maio 2012, p. 14.

Coméntase a falta de convencemento de editores e libreiros en torno a festividade do Día das Letras Galegas e sublíñase a idea deste día como un día de promoción da cultura e linguas galegas.

Jaureguizar, "Citas que son 'trending", *El Progreso*, "Vivir", 14 abril 2012, p. 54.

Critícase a falta de visibilidade e a orientación secundaria do Día das Letras Galegas nos centros escolares.

Jaureguizar, "Deputación e Concello alentan un relato colectivo polas Letras", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 16 maio 2012, p. 46.

Comenta as actividades que se levarán a cabo durante a Festa das Letras na cidade de Lugo. Entre elas destaca "O relato de Lugo", e mesmo os xogos tradicionais para nenos.

Jiménez, Irene, "Homenaxe da prensa a Valentín Paz-Andrade", *El Correo Gallego*, "Medios", 29 setembro 2012, p. 53.

Infórmase de que a Federación de Asociacións da Prensa de Galicia (FEGAPE) fixo entrega dunha gravación inédita dun discurso pronunciado por Paz Andrade no pazo de Fonseca –do ano 1984, con motivo da constitución da FEGAPE-, ao Consello da Cultura Galega.

J. M. R., "Humor, música, títires, artesanía y cine en la clausura de la Festiletras", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 maio 2012, p. 30.

Detalla as actividades do Festiletras e subliña que levan trinta anos promovendo e defendendo a lingua galega.

J. R., "Proyección y juegos populares para los vecinos de Arzúa ", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Programación", 25 maio 2012, p. 39.

Apunta que co gallo da celebración do Día das Letras Galegas se proxectará hoxe o documental "Lembranzas e reflexións de Isaac Díaz Pardo" no Telecentro de Arzúa.

K. A., "A figura de Paz Andrade divulgarase con carteis de docentes do Xoán Montes", *El Progreso*, "Lugo", 28 marzo 2012, p. 7.

Explica que oito profesores do instituto Xoán Montes realizaron unha serie de dez carteis para dar a coñecer a figura de Paz Andrade nos centros educativos.

L. R., "O Concello festexará as Letras Galegas con catro días de actos musicais e conmemorativos", *Diario de Arousa*, "Cambados", 12 maio 2012, p. 11.

Comenta o programa que levará a cabo o Concello de Cambados para festexar o Día das Letras Galegas. Explica que serán catro días conmemorativos que comezarán na véspera da festividade.

L. R., "Flores e poemas para Valentín Paz Andrade", *Diario de Arousa*, "Cambados", 17 maio 2012, p. 11.

Dáse conta dos diferentes actos escolares celebrados na cidade de Cambados con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Entre ditos actos destaca:a lectura de poemas, a ofrenda floral e a entrega do XI Premio Cabanillas.

L. T., "García aprovechará el Día das Letras para reforzar la candidatura de Vales Villamarín", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Betanzos", 29 abril 2012, p. 18.

Explica que nos diferentes plenos municipais e actos conmemorativos celebrados en Betanzos no Día das Letras Galegas, aproveitaron a oportunidade para promocionar a candidatura de Francisco Vales Villamarín como o próximo homenaxeado nesta festa.

L. T., "Cultura presenta un amplio programa con motivo del Día das Letras Galegas", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Betanzos", 15 maio 2012, p. 23.

Dánse a coñecer as diferentes actividades programadas polo concello de Betanzos na celebración do Día das Letras Galegas: talleres de creación literaria por Miguel Anxo Fernán Vello, a representación de "As andanzas de Elías" ou a proxección do documental "Betanzos xeográfico", entre outras.

Lamas, Jorge, "Grial' aborda a faceta emprendedora do persoeiro e Isaac Díaz Pardo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 maio 2012, p. 44.

Fala do monográfico correspondente ao número 193 da revista Grial sobre Valentín Paz Andrade e Isaac Díaz Pardo. Comenta que inclúe os ensaios de Xoán López Facal, Uxío Labarta, Fernando Salgado, Xosé A. Fraga, e, Ramón Villares. Sinala que tamén inclúe escritos de Paz Andrade e Díaz Pardo.

Lamas, Jorge, "A nosa industria editorial é un fenómeno destes últimos trinta anos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50.º Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, pp. 8-9.

Recóllense as reflexións de Víctor F. Freixanes e Manuel Bragado sobre a evolución do libro dende a instauración do 17 de maio como Día das Letras Galegas.

Lamas, Jorge e Luís **Pousa**, "A Real Academia Galega ensalza ao patriota Valentín Paz Andrade", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 maio 2012, p. 37.

Recolle as reflexións de Méndez Ferrín, Ramón Villares, Xesús Alonso Montero, Núñez Feijóo, Xavier Vence, e Manuel Rivas en torno a figura de Paz Andrade, destacando as diferentes facetas do homenaxeado, nun acto celebrado pola RAG.

Ledo Andión, Margarita, "Moderno por galego", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 415, "Letras Galegas 2012", cuberta/ *La Opinión*, "Cultura", "Días das Letras Galegas. Valentín Paz-Andrade", p. 63, 17 maio 2012.

Céntrase na faceta xornalística de Paz Andrade dende os seus artigos asinados no suplemento do xornal *El Miño* ata a fundación do xornal *Galicia*.

Leiro, Xaime, "La Filharmonía celebra el concierto del Día das Letras en Pontevedra", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 12 maio 2012, p. 51.

Comenta o anuncio do concerto do Día das Letras Galegas organizado polo Consello da Cultura coa Real Filharmonía de Galicia.

López, Ana, "Música, poesía e xadrez por Paz-Andrade", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", "Diario das Letras 2012", 18 maio 2012, p. 50.

Fala das actividades culturais celebradas en Pontevedra no Día das Letras Galegas: a ofrenda floral organizada pola Asociación Cultural O Burgo, o recital musical pola Banda de Música de Salcedo e o Torneo de Letras Galegas pola Escola de Xadrez, entre outras.

López, Belén, "Paz Andrade 2.0", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí!", 17 xaneiro 2012, contraportada.

Dáse a coñecer a páxina web sobre Paz Andrade da Xunta de Galicia en colaboración co Consello da Cultura Galega, a RAG, e as editoriais Galaxia, Xerais e Biblos.

López, Belén, "A propósito do Días das Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", 17 abril 2012, pp. 74-75.

Coméntase a inauguración da mostra organizada pola Xunta de Galicia sobre o homenaxeado no Día das Letras que circulará por diferentes centros educativos. Explícase que consta de textos e audiovisuais de carácter divulgativo sobre Paz Andrade.

López, Belén, "O Consello da Cultura celebrará o seu concerto do Día das Letras Galegas en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 20 abril 2012, p. 68.

Infórmase de que o concerto anual celebrado polo Consello da Cultura Galega con motivo do día das Letras Galegas será en Pontevedra e reunirá á Coral Polifónica, a Real Filharmónica de Galicia e o Coro do Conservatorio.

López, Belén, "Entre cantos de arrolo e unha competición escolar de billarda", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", 1 maio de 2012, p. 75.

Comenta as actividades culturais incluídas no programa "Maio, mes da lingua" na cidade de Pontevedra. Entre elas atópanse as conferencias e exposicións arredor da figura de Paz Andrade, o Concerto do Día das Letras Galegas e obradoiros de cantos de arrolos.

López, Belén, "Non é sen tempo que se lle adica un 17 de maio en Galicia a Valentín", *Dario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Diario das Letras 2012", 15 maio 2012, p. 75.

Comenta que a sobriña do homenaxeado no Día das Letras, Inmaculada Paz Andrade, eminencia na Física, visitou varios colexios para dar dúas conferencias en torno á figura do seu tío.

López, Belén, "Preparando o Día das letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Sociedad", "Diario das letras 2012", 16 maio 2012, p. 58.

Infórmase das diferentes actividades culturais organizadas en torno a figura de Paz Andrade no Día das Letras Galegas, entre as que se atopan exposicións, concertos, certames literarios, e recitais diversos.

López, Belén, "Levaba na alma posto a lume o nome de Galicia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", "Diario das Letras 2012", 17 maio 2012, p. 60-61.

Dá conta das diferentes actividades celebradas na cidade de Pontevedra no Día das Letras Galegas: homenaxe no cemiterio a Paz Andrade organizado polo PSdeG; Concerto pola Filharmónica de Galicia, a Polifónica de Pontevedra e o Coro do Conservatorio, entre outras.

López, Belén, "A RAG pechará o ano Paz-Andrade en decembro cun congreso en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", 8 novembro 2012, p. 60.

Dáse conta da celebración deste congreso, no que intervirán persoeiros como Ramón Villares, Darío Villanueva, Manuel Rivas, Alonso Montero e Camilo Nogueira, entre outros.

López, Belén, "Epílogo para un ano sobre Paz Andrade", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 14 decembro 2012, p. 64.

Refírese a celebración do congreso que pecha as actividades arredor do Día das Letras Galegas.

López, Chechu, "Diversión en nombre de las Letras Gallegas", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 18 maio 2012, p. 21.

Comenta a realización dunha serie de actividades lúdicas e culturais, principalmente dirixidas a un público infantil e adolescente, que tiveron lugar no atrio da igrexa de Aguiño para conmemorar o Día das Letras Galegas.

Lourido, Samuel, "A RAG quere revitalizar o 17 de maio no seu 50 aniversario", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 22 xaneiro 2012, p. 48.

Indica que se van celebrar publicacións e actos musicais por toda Galicia para celebrar o Día das Letras Galegas.

M. A. C., "Poio celebrará o Día das Letras Galegas con deporte e literatura", Diario de Pontevedra, "Poio", "Comarca", 16 maio 2012, p. 13.

Informa dos actos que se van realizar no Concello de Poio para conmemorar o Día das Letras Galegas.

Maira, Ángeles F., "A cultura... ¡de festa rachadas!, *El Progreso*, "*Pícaros*", 19 maio 2012, p. 4.

Dá conta dalgunhas das actividades realizadas por escolares de Lugo para conmemorar o Día das Letras Galegas.

Malvido, Gemma, "Medio século de festa e loita", *La Opinión*, "Cultura", 17 xuño 2012, p. 62.

Detalla que a Real Academia Galega reúne hoxe na praza María Pita da Coruña a voceiros de todos os concellos nos que naceron os homenaxeados no Día das Letras Galegas.

Manteiga, Marcos, "A Maía, Xallas e Barcala, no Día das Letras máis didáctico", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 maio 2012, p. 31.

Informa da programación que as comarcas do Xallas, A Barcala e A Maía realizan para celebrar o Día das Letras Galegas, e salienta a presenza do fillo de Valentín Paz Andrade no IES de Negreira para falar do seu pai.

Manteiga, Marcos, "Anécdotas y exposición de Paz Andrade en Negreira", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 maio 2012, p. 37.

Entre as actividades realizadas no IES de Negreira para conmemorar o Día das Letras Galegas, destaca que o fillo do homenaxeado relatou algunhas anécdotas relativas ao seu pai e que o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia inaugurou a mostra Colleita de 1898.

Martínez, Alberto, "Galiza como tarefa', completo retrato de Valentín Paz Andrade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 8 febreiro 2012, p. 42.

Anuncia a exposición que co título *Galiza como tarefa*, se pode visitar na Fundación Luis Seoane e a partir do mes de maio en Vigo.

Martínez, Alberto, "As Letras Galegas son a maior festa cultural de Europa", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 28 abril 2012, p. 43.

Comenta os actos conmemorativos levados a cabo polo cincuenta aniversario do Día das Letras Galegas. Explica tamén que se distribuirán 30000 exemplares dun libro no que se presentan os perfís dos 50 homenaxeados.

Martínez, Alberto, "O xornal 'Galicia', de Valentín Paz Andrade, referente da modernidade", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 3 maio 2012, p. 40.

Fala do acto inaugural da exposición *A Galicia do Galicia*, na Fundación Barrié e explica que acolle unha ampla variedade de exemplares orixinais sobre o xornal "Galicia" fundado por Paz Andrade.

Martínez, Alberto, "Medio século do Día da Lingua 'que está a florir nos beizos dos galegos", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 17 xuño 2012, p. 48.

Comenta que no acto de celebración do Día das Letras Galegas na Coruña estiveron presentes Xosé Luís Méndez Ferrín xunto co presidente da Xunta de Galicia e representantes de todos os concellos nos que naceron todos os homenaxeados no Día das Letras Galegas.

Martínez, Cecilia, "Primer Festival Poético do Morrazo Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 200, "O Morrazo", "Bueu", 12 maio 2012, p. 6.

Dá conta das diferentes actividades que se levarán a cabo no Concello de Bueu na celebración do Día das Letras Galegas: actividades musicais, teatros e romarías, salientando entre elas o Primeiro Festival Poético do Morrazo.

Martínez, Koro, "Tucho Calvo: 'Hoxe seguen presentes moitas das eivas de Valentín Paz-Andrade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 febreiro 2012, p. 50.

Fala da presentación da reedición do libro de Tucho Calvo, *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX* (Ed. Biblos), nun acto presidido por Xavier Castro.

Martínez, Nuria, "A Real Filharmonía protagoniza o concerto do Día das Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura" "Días das Letras Galegas 2012", 12 maio 2012, p. 60.

Explica que co gallo da celebración do Día das Letras Galegas terá lugar en Pontevedra o concerto da Real Filharmonía de Galicia, a Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra e o Coro Académico do Conservatorio Profesional Manuel Quiroga.

Matamoros, José, "La música entusiasma ya en la primaria", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 10 maio 2012, contracuberta.

Entre outras noticias, dáse conta da iniciativa do supermercado Gadis presentada por Antonio Cortés, José Luís Fernández, Alfonso Paz-Andrade e Tucho Calvo, na que se destacará a Paz Andrade en diferentes produtos.

Mato, Mar, "Vigo acollerá os actos centrais do Día das Letras Galegas adicado a Valentín Paz-Andrade", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 abril 2012, p. 40.

Informa de que o presidente da RAG anunciou que as festividades centrais do Día das Letras Galegas celebraranse en Vigo neste ano. Saliéntanse, entre outras, a celebración do pleno extraordinario da RAG, unha homenaxe institucional en Castrelos e exposicións.

Mato, Mar, "Biógrafos de Paz-Andrade destacan su 'colosal' figura como periodista y política", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 40/ *La Opinión*, "Cultura", p. 54, 11 abril 2012.

Comenta que na Casa Galega da Cultura reuníronse os biógrafos Charo Portela, Xan Carballa e Miguel Anxo Seixas, para reflexionar sobre a figura de Paz Andrade. Destaca a crítica feita ao descoñecemento da súa obra e aspectos da súa vida como a relación con Castelao.

Mauleón, Amaia, "Vigo acolle o emotivo recoñecemento de Galicia á figura de Valentín Paz-Andrade", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Día das Letras Galegas. Homenaxe a un galeguista polifacético", 18 maio 2012, pp. 36-37.

Explica que a Real Academia Galega decidiu trasladar á cidade de Vigo a sesión extraordinaria anual que celebra a organización e comenta que destacouse a loita por Galicia do homenaxeado no Día das Letras Galegas.

M. C., "Valentín Paz Andrade e o seu compromiso co país", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2012, p. 35.

Salienta a elección por unanimidade de Valentín Paz Andrade como homenaxeado das Letras Galegas 2012.

M. C., "Venta de libros, música, bailes e solta de globos", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2012, p. 5.

Informa de diversas actividades culturais levadas a cabo polos concellos da provincia de Ourense co motivo do Día das Letras Galegas.

M. C., "Placa na rúa viguesa Policarpo Sanz", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2012, p. 6.

Entre os actos oficias programados para homenaxear a Valentín Paz Andrade no Día das Letras Galegas, comenta que se vai colocar unha placa conmemorativa na rúa Policarpo Sanz de Vigo, onde viviu o autor.

M. C., "Valentín Paz Andrade, o elegido", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2012, p. 8.

Sinala que a elección de Valentín Paz Andrade como homenaxeado das Letras Galegas 2012 foi por unanimidade entre os vinte nomes que había como candidatos.

M. C. , "O congreso de Paz Andrade remata coa revisión do xornal 'Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 decembro 2012, p. 50.

Contén declaracións do secretario da Rag, Xosé Luís Axeitos, quen salientou, no peche do congreso sobre Paz Andrade, o xornal *Galicia* e o que supuso para o galeguismo.

M. C. S., "Música, teatro y regueifa copan la Semana das Letras en la comarca", La Opinión, "Carballo/Costa da Morte", 13 maio 2012, p. 22.

Informa dos actos que se van celebrar en Carballo, en Vimianze e en Cee co motivo do Día das Letras Galegas.

Menayo, Nagore, "La RAG resumee en 50 carteles medio siglo de historia de las Letras Galegas", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 2 xuño 2012, p. 14.

Alude a que a exposición que recolle cincuenta carteis para conmemorar a todos os homenaxeados no Día das Letras Galegas forma parte do proxecto "A volta as letras en 50 días".

Méndez Ferrín, X. L., "Despois do Congreso Paz Andrade", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 788, 22 decembro 2012, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 391, "No fondo dos espellos", 29 decembro 2012, contracuberta.

Informa de que os asistentes a este congreso aprenderon moito sobre a literatura de Paz Andrade, a "economía de Galicia que el analizou" e a acción política nacionalista que el impulsou" e pon exemplos, concluíndo que na páxina web da RAG se pode ler unha crónica deste simposio.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Con Paz-Andrade", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 390, "No fondo dos espellos", 22 decembro 2012, contracuberta.

Fai un balance sobre o Congreso Paz-Andrade e repasa episodios importantes da biografía deste persoeiro.

Montero, Eduardo e **E. P.**, "Feijóo: 'Paz Andrade é un dos pais da galeguidade moderna", *El Correo Gallego*, "Día das Letras Galegas", 18 maio 2012, pp. 8-9.

Comenta que a cidade de Vigo acolleu os actos realizados para a celebración do Día das Letras Galegas, entre eles, a sesión plenaria da Real Academia Galega presidida polo Presidente da Xunta.

M. L., "Letras escritas e cantadas", *El Progreso*,"Lugo", 19 maio 2012, p. 7.

Comenta algúns dos actos que tiveron lugar en Lugo para celebrar o Día das Letras Galegas, entre os que salienta obradoiros de danza e canto, graffitis, rap e regueifas e un relato colectivo.

M. M. O., "Paz Andrade recordará a su padre el día 11 en el IES negreirés", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 2 maio 2012, p. 30.

Relata que Alfonso Paz Andrade falará do seu pai no IES de Negreira entre os actos que o centro ten programados para conmemorar o Día das Letras Galegas.

M. N., “Grial’ adica a súa edición a Díaz Pardo e Paz Andrade”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 4 maio 2012, p. 13.

Anuncia que o número 193 da revista *Grial* está dedicado a Isaac Díaz Pardo e a Valentín Paz Andrade.

Montero, Luis, “Alvarellos publicará os diarios de viaxe de Paz Andrade inéditos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”,15 decembro 2012, p. 41.

Dáse conta do inédito de Paz-Andrade que se publicará proximamente, os seus diarios de viaxe, nunha edición a cargo da historiadora Emilia García que formará parte da colección Rescate da editora Alvarellos. Avánzase algún contido do volume.

Mosquera, Javier, “Atentado contra Paz-Andrade”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 23 novembro 2012, p. 6.

Recórdase unha nova publicada neste xornal no ano 1932 na que se explica que Paz-Andrade recibiu varios tiros no pistola na rúa Galán, actual Príncipe.

M. S./C. B., “Os nenos protagonizan o Día das Letras nos concellos do Sar e Deza”, *El Correo Gallego*, “Área de Compsotela”, 16 maio 2012, p. 31.

Comenta algunhas das actividades que van ter lugar nos concellos de Padrón, Silleda, Pontecesures e A Estrada para celebrar o Día das Letras Galegas.

M. V., “Infatigable e extensa vida literaria e política”, *La Región*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2012, p. 9.

Salienta a faceta de Valentín Paz Andrade dedicada á problemática socioeconómica de Galicia.

N. M., “La Universidad celebra el Día das Letras con la dedicación de un aula a Valentín Paz-Andrade”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 17 maio 2012, p. 11.

Explica que como acto conmemorativo do Día das Letras Galegas, a Universidade de A Coruña nomeou Aula de Valentín Paz-Andrade á aula 0.3 da facultade de Economía.

N. M., “Recitales y talleres infantiles cierran en los mercados el recuerdo a Paz-Andrade”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 20 maio 2012, p. 13.

Destaca entre as diferentes actividades desenvolvidas na cidade por mor da celebración do Día das Letras Galegas, os obradoiros e os contacontos adicados aos máis pequenos.

N. V., "Ferrol conmemora coa forza da palabra a xornada grande do Día das Letras Galegas", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 17 maio 2012, p. 13.

Dáse conta das actividades que se realizarán no Día das Letras Galegas na cidade de Ferrol, en concreto en Esmelle, entre as que salientan conferencias, actos musicais, sesións de teatro e o rally ciclista.

N. V., "A festa da lingua galega espallouse ao longa de toda a comarca", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 18 maio 2012, p. 13.

Comenta o homenaxe que O Círculo Unidade de Fene celebrou para homenaxear a Valentín Paz-Andrade. Tamén informa da actividade realizada en Pontedeume para celebrar o Día das Letras Galegas: a entrega de premios da XXII edición do certame de contos Villa de Pontedeume.

MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 20 maio 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da celebración no polideportivo municipal de Bóveda dun festival folclórico do Día das Letras Galegas, no que participarán dez colectivos de Monforte, Bóveda, Pantón e O Saviñao.

Obelleiro, Paola, "La tarea de Paz-Andrade", *El País*, "*Galicia*", 8 febreiro 2012, p. 6.

Explica que como homenaxe a Valentín Paz-Andrade, a Fundación Luís Seoane acolle unha mostra sobre a súa traxectoria vital e cultural.

Obelleiro, Paola, "La Academia celebra medio siglo de Letras Galegas", *El País*, "*Galicia*", 28 abril 2012, p. 6.

Comenta que a Real Academia Galega deu a coñecer o programa de actividades para celebrar o 50.º Aniversario de Día das Letras Galegas, destacando a publicación de 300.000 exemplares que recollen retratos dos homenaxeados nas diferentes edicións.

Obelleiro, Paola, "La memoria periodística de 'Galicia", *El País*, "*Galicia*", 3 maio 2012, p. 8.

Fala da exposición que recolle o ciclo de vida do xornal "Galicia", fundado por Valentín Paz-Andrade.

Obelleiro, Paola, "La Real Academia celebra medio siglo de Letras Galegas", *El País*, "Galicia", 22 maio 2012, p. 6.

Comenta que coa celebración do 50.º Aniversario do Día das Letras Galegas, a Real Academia aumentou o número de actos conmemorativos por toda a comunidade.

Obelleiro, Paola, "Florilegio por el idioma gallego", *El País*, "*Galicia*", 17 xuño 2012, p. 5.

Comenta o acto que tivo lugar na Coruña do gallo do Día das Letras Galegas e subliña que foi moi simbólico e que contou coa presenza dos concellos nos que naceron todos os homenaxeados durante a historia do Día das Letras Galegas.

Ocampo, E., "Milleiros de persoas esixen en Santiago o cese 'dos ataques contra o galego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Día das Letras Galegas. Actos e homenaxes", 18 maio 2012, p. 38.

Coméntase a concentración convocada pola plataforma "Queremos Galego" no Día das Letras Galegas na praza da Quintana, onde se leu un manifesto en favor da lingua galega.

Ocampo, E., "Las Letras Galegas homenajean a Valentín Paz Andrade en Vigo", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 554, "Resumen 2012", "Sociedad", 30 decembro 2012, p. 24.

Saliéntase que a sesión plenaria do Día das Letras Galegas, en Vigo, destacou todas as facetas de Paz Andrade. Tamén se di que este ano foi declarado polo Parlamento galego o ano Celso Emilio Ferreiro, por ser o centenario do nacemento do poeta.

Ocampo, Elena, "Cultura abre una web con inéditos de Paz Andrade para difundir al protagonista del Día das Letras", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 35/ "Cultura abre una web con inéditos de Paz Andrade para promocionar el 17 de mayo", *La Opinión*, "Cultura", p. 45, 28 abril 2012.

Entre as diferentes actividades celebradas para homenaxear a figura de Paz Andrade, saliéntase a web publicada pola Consellería de Cultura con poemas inéditos do autor, ou a exposición "Galicia como tarefa", na cidade de Vigo.

Pallas, Beatriz, "As librerías súmanse á festa da palabra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50.º Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, pp. 4-5.

Coméntase que os libreiros súmanse á celebración do Día das Letras Galegas lembrando a eclosión relativa as obras en galego nos anos da transición, e reivindicando tamén que dita data sexa lectiva como unha forma de dar pulo aos obxectivos desta festividade. Tamén se refire á obra de Agustín Fernández Paz, *Non hai noite tan longa* (2011).

Pallas, Beatriz, "Galicia festexa a súa lingua con múltiples encontros culturais", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Medio século de Letras Galegas", 17 maio 2012, p. 44.

Recóllese o calendario de actos centrais que se levarán a cabo nas diferentes cidades galegas co motivo da celebración do Día das Letras Galegas.

Paz-Andrade, Valentín, "Breve antoloxía. Textos de Valentín Paz-Andrade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 415, "Letras Galegas 2012", 17 maio 2012, p. VIII/ *La Opinión*, "Cultura", "Días das Letras Galegas. Valentín Paz-Andrade", 17 maio 2012, p. 68.

Acóllense fragmentos das obras *O porvir da lingua galega* (1968), *Castelao, hoxe e sempre* (1975), o artigo "O desenvolvemento económico de Galiza", publicado en *Vieiros*, 3 (1965); *Panto matriarcal* (1955), *Sementeira do vento* (1968) e *Cen chaves de sombra* (1979), de Valentín Paz-Andrade.

Pazos, Á., "El IES Illa de Tambo acoge conferencias sobre Valentín Paz Andrade y el Parlamento", *Diario de Pontevedra*, "Marín. O Morrazo*"*, 23 maio 2012, p. 16.

Comenta que no IES Illa de Tambo terá lugar este venres unha conferencia sobre Valentín Paz Andrade.

Pereiro, Xosé Manuel, "Galicia como... empresa?", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Día das Letras", 17 maio 2012, p. 8.

Dá conta das actividades empresariais do homenaxeado no Día das Letras Galegas e conxúgaas coa ideoloxía galeguista do autor.

Plaza, V., "Morea de actividades para salientar o traballo de Valentín Paz-Andrade", *El Correo Gallego*", "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 15 maio 2012, p. 40.

Coméntase o calendario de actividades que se celebrarán por toda Galicia no Día das Letras Galegas.

Plaza, V., "Núñez Feijóo resalta como herdanza de Paz Andrade 'a súa fe rotunda nos galegos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 16 maio 2012, p. 42.

Salienta as verbas do Presidente da Xunta respecto de Paz Andrade durante a presentación do libro *Valentín Paz Andrade. Xornalista para un país*, de Tucho Calvo e Xosé Luís Axeitos.

Plaza, Vicente, "Programación especial na CRTVG polo Día das Letras", *El Correo Gallego*, "Medios", 12 maio 2012, p. 61.

Acóllese a programación especial emitida polos medios galegos públicos para celebrar o 50º aniversario do Días das Letras e para conmemorar ao homenaxeado deste ano.

Plaza, Vicente, "Paz Andrade, todo un ejemplo en este contexto de crisis", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 13 maio 2012, p. 49.

Acóllese unha entrevista ao fillo de Paz Andrade, quen comenta o acerto na elección da data para conmemorar ao seu pai, e a forma en que analizaría seu pai a situación económica e social actual.

Plaza, Vicente, "Correo TV se suma a la celebración del Día das Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "Medios", 16 maio 2012, p. 53.

Comenta que Correo TV se suma á programación especial na celebración do Día das Letras a través do seu programa "Faladoiro" cunha tertulia con Alfonso Paz-Andrade, Anxo Lorenzo, Euloxio Ruíbal e Xan Carballa.

Portela Yáñez, Charo, "A experiencia americana", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 415, "Letras Galegas 2012"/ "A experiencia americana de Valentín Paz-Andrade", *La Opinión*, "Cultura", "Día das Letras Galegas. Valentín Paz-Andrade", p. 65, 17 maio 2012.

Breve percorrido pola traxectoria vital e laboral do homenaxeado no Día das Letras Galegas. Destaca o seu paso por Arxentina e comenta que foi en América onde confirmouse a súa labor como ensaísta e economista.

Pousa, L., "Vigo e Compostela acollerán os actos institucionais da Xunta polo 17 de maio", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Medio século de Letras Galegas", 13 maio 2012, p. 43.

Explica que os actos institucionais celebrados polo Día das Letras Galegas terán lugar nas cidades de Vigo e Compostela, e destaca a exposición multimedia que renderá homenaxe a Paz Andrade sobre a súa faceta literaria e xornalística.

Pousa, Luís, "La Voz e a Academia percorren os 50 anos de historia do Día das Letras", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 maio 2012, p. 38.

Comenta que para conmemorar o 50.º aniversario do día das Letras Galegas este xornal adicará o seu suplemento *Culturas*, a analizar a evolución do galego dende o primeiro 17 de maio de 1963.

Pousa, Luís, "A data que reinventou a literatura galega", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50.º Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, pp. 2-3.

Lémbrase a creación do Día das Letras Galegas por Francisco Fernández del Riego e comenta como nas actas daquela reunión se propoñía nomear como académico ao homenaxeado deste ano.

Pousa, Luís, "A arte tamén tivo o seu 17 de maio", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Medio século de Letras Galegas", 15 maio 2012, p. 38.

Acóllese un breve recoñecemento á actividade polifacética do homenaxeado no Día das Letras Galegas de 1994, Luís Seoane, lembrando que neste día non só se celebra a literatura senón a cultura galega.

Pousa, Luís, "Reunión de familia na rúa Tabernas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Medio século de Letras Galegas", 16 maio 2012, p. 37.

Coméntase o encontro entre a RAG e este xornal co motivo do festexo do Día das Letras Galegas, e infórmase da presentación do libro *Valentín Paz-Andrade, xornalista para un país*.

Pousa, Luís, "O soño de don Paco cumpre 50 anos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 maio 2012, p. 41.

Explica como un 17 de maio de 1963 coa homenaxe a Rosalía de Castro e a celebración da publicación de *Cantares Gallegos*, nace o equivalente ao 23 de abril cervantino, O Día das Letras Galegas.

Pousa, Luís, "As letras galegas soben ao bus", *La Voz de Galicia*, 18 maio 2012, contracuberta.

Dáse conta do itinerario da viaxe feita polos académicos o 17 de maio, dende A Coruña até Vigo, no bus que leva o nome do homenaxeado, Valentín Paz-Andrade.

Pousa, Luís, "O Día das Letras cae en 'Bloomsday", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 xuño 2012, p. 45.

Detalla que a Real Academia Galega celebrará este sábado na Coruña o acto central do cincuenta aniversario do Día das Letras Galegas cuxa data, 16 de xuño, coincide co "Bloomsday" dos irlandeses.

Ramírez, Cristóbal, "Os valedores das nosas letras", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 1027, "Cultura", 16 maio 2012, p. 6.

Saliéntase a publicación do suplemento "Culturas" onde se homenaxea aos cincuenta persoeiros aos que se lles adicou o Día das Letras Galegas.

Ramos, J. M. , "Valentín Paz Andrade será homenaxeado o 17 de maio", *El Correo Gallego*, "*Educación y Cultura*", "Libro y Formación", 29 abril 2012, p. 4.

Dáse a coñecer a axenda cultural programada dende a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria co gallo da celebración do Día das Letras Galegas e destácase a publicación dun epistolario do homenaxeado en *Cadernos Ramón Piñeiro*.

Ramos, J. M., "Lorenzo inaugurou a Festiletras de Ponteceso xunto con 500 nenos que recitaron a Pondal", *El Correo Gallego*, "Primer Plano", 17 maio 2012, p. 9.

Dá conta da inauguración do festival "Festiletras" de Ponteceso, que cumpre trinta anos difundindo a lingua e a literatura galegas.

Ramos, J. M. e S. **Souto**, "Unos 500 alumnos izarán el telón de la FestiLetras´12 con los poemas de Pondal", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 maio 2012, p. 36.

Infórmase de que este ano o "FestiLetras´12" contará con diferentes actividades culturais (literatura, teatro, cine e humor) e sinálase que se iniciará cunha lectura de poemas de Pondal.

Raña, Román, "Brasil e nós", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 415, "Letras Galegas 2012", p. VI/ *La Opinión*, "Cultura", "Días das Letras Galegas", p. 65, 17 maio 2012.

Fala de dúas obras de Valentín Paz-Andrade: a obra poética, *Pranto Matricial* (Buenos Aires, 1955); e un ensaio, *A galecidade na obra de Guimaraes Rosa* (1978).

Requeixo, Armando, "Xogos intertextuais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 415, "Letras Galegas 2012", p. VI/ *La Opinión*, "Cultura", "Días das Letras Galegas", p. 68, 17 maio 2012.

Analiza o poema "As ovellas de Joyce", inserido no poemario *Cen chaves de sombra* (1976), e explica as influencias na súa poética de tradicións literarias foráneas e a intertextualidade presente nel.

Río, Manolo do, "Nas verbas de Paz Andrade", *ABC*, "*Artes & letras*", "Galicia", n.º 40, "En Portada", 28 abril 2012, p. 3.

Repaso pola traxectoria vital, literaria, cultura e política do homenaxeado no Día das Letras Galegas e destaca a publicación do seu poemario *Pranto Matricial*.

R. L., "Pequenas xoias da literatura galega no colexio", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", 15 maio 2012, p. 20.

Coméntase que a asociación O Fervedoiro vén de por en marcha unha exposición no colexio Don Aurelio, onde os escolares poderán repasar sesenta anos da historia da literatura galega a través de documentos antigos como manuais, dicionarios, novelas ou pezas de teatro.

R. L., "Los pioneros del Día das Letras Galegas se reúnen para celebrar el primer medio siglo de la cita", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 17 xuño 2012, p. 13.

Informa de que a praza María Pita da Coruña acolleu o acto central da celebración dos cincuenta anos do Día das Letras Galegas.

Salgado, Daniel, "Miles de personas vuelven a exigir 'que paren los ataques al gallego", *El País*, "*Galicia*", "Día das Letras", 18 maio 2012, p. 3.

Faise eco da manifestación en prol do uso do galego indicando que colapsou o casco vello de Santiago de Compostela.

Salgado, Fernando, "Teatro, exposicións e actuacións musicais para celebrar a data en Vilagarcía, Cambados, Ribadumia e Meaño", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 17 maio 2012, p. 59.

Dáse conta das diferentes actividades culturais que se celebrarán na comarca de O Salnés, salientando o teatro e sobre todo o regreso da escultura "O Adeus" de César Lombera, ao parque Cavadelo.

Sanmartín C., X., "Unánime loanza a Paz Andrade, 'un xigante da cultura galega", *El Correo Gallego*, "P2", "O Día das Letras e do compromiso con Galicia", 17 maio 2012, p. 8.

Fálase dos diferentes actos institucionais celebrados en Galicia para homenaxear a Paz-Andrade, destacando a presentación do libro *Lume de Vidas. Valentín Paz Andrade - Ramón Otero Pedrayo: un diálogo epistolar (1925-1976),* coordinado polo profesor Henrique Monteagudo e Denis Vicente.

Santos, Ágatha de, "Unha exposición rememora a Paz.Andrade, testemuña e actor da historia de Galicia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Día das Letras Galegas", 16 maio 2012, p. 38.

Infórmase da exposición "Valentín Paz-Andrade, Galiza como tarefa" e explícase que conta con vinte e cinco seccións que recollen a traxectoria vital do homenaxeado.

Santos, Ágatha de, "Las joyas del legado artístico de Paz-Andrade", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 54/ *La Opinión*, "Cultura", p. 61, 20 maio 2012.

Recóllese a selección feita por Xosé Díaz, das dez pezas máis relevantes que os visitantes da exposición "Valentín Paz-Andrade. Galicia como tarefa", deben visitar.

S. E., "Concerto-recital a prol do galego mañá en O Pino", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 maio 2012, p. 30.

Explícase que con motivo do Día das Letras Galegas celebrarase un Concerto-recital dentro do Proxecto Mestura de Felipe Rea e Andrea García.

S. E., "Títerehop e xogos na cita coa cultura da capital arzuá", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 maio 2012, p. 31.

Comenta o programa de actividades organizado en Arzúa entre as que salientan as seguintes: o obradoiro Titerehop, ou a actuación do grupo de baile tradicional "O Bringuelo".

S. E., "Mil escolares percorren as rúas de Silleda a prol da nosa fala", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 maio 2012, p. 31.

Explica que centos de escolares de Primaria e Secundaria percorreron as rúas das comarcas de Deza e Tabeirós, participando no "Correlingua".

S. E., "Poemas na Ruta da Auga e teatro hoxe en Silleda", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 maio 2012, p. 30.

Explica que Silleda celebrará o Día das Letras colocando poemas ao longo da Ruta da Auga e coa obra de teatro *Lorca e as flores de Venus*, da compañía El Produccións.

S. E., "Dez láminas amosan a vida do homenaxeado no museo de Lalín", *El Correo Gallego*, 18 maio 2012, p. 10.

Dá conta dos actos conmemorativos do Concello de Lalín entre os que destaca a mostra adicada a Paz Andrade no museo municipal; a charla do catedrático Xesús Manuel Valcárcel e a obra de teatro, *Citizen 2* da compañía Chévere.

S. E., "Poesía e patrimonio mistúranse na Ruta da Auga de Parada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 maio 2012, p. 36.

Comenta que no percorrido da Ruta de Auga de Silleda pódense atopar contos, poemas e diferentes textos en galego.

S. J., “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 17 maio 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da celebración en Lugo dunha exhibición de baile tradicional e dun concerto da banda municipal da localidade dentro do programa da Festa das Letras. Ademais, dáse conta do relatorio de Bernardo Penabade sobre Valentín Paz Andrade que terá lugar na Casa da Cultura de Alfoz.

S. J., “As letras con baile entran”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2012, p. 50.

Dá conta dos diferentes festexos celebrados en Lugo no Día das Letras Galegas. Por un lado, destácase a xornada dos bailes tradicionais na Praza Maior e por outro o acto musical e poético, organizado pola Asociación Sarricanta.

Soto, Juan, “La misión de Paz Andrade”, *ABC*, “*ABC Cultural*”, n.º 1046, 19 maio 2012, p. 17.

Faise un percorrido pola traxectoria vital do homenaxeado no Día das Letras, destacando a súa figura polifacética e equiparándoo a outros persoeiros da cultura galega como Luís Seoane ou Isaac Díaz Pardo.

Souto, S., “El Maio Cultural incluye la Festa do Galego, el día 16 en el Cantón de Leña”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 4 maio 2012, p. 33.

Explica que se presentou o programa do “Maio Cultural” de A Pobra, no que se inclúen A Festa do Galego e un festival de música e baile tradicional.

Souto, Suso, “O Liceo de Noia acolle hoxe un concerto de dúas corais”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 17 maio 2012, p. 30.

Fala das diferentes actividades culturais programadas pola Sociedade Liceo de Noia para celebrar o Día das Letras Galegas. Explica que ditas actividades son de carácter literario, musical, e teatral, salientando a charla sobre Paz Andrade a cargo de Domingo Barreiros Lago.

Souto, Suso, “Literatura, gastronomía e música na II Romaría das Letras de Boiro”, *El Correo Gallego*, 18 maio 2012, p. 10.

Coméntanse as diferentes actividades da II Romaría das Letras de Boiro, de carácter gastronómico, musical e literario. Saliéntase o recital de textos de Paz Andrade.

S. R. , “Música para lembrar ó intelectual”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2012, p. 42.

Explica que para homenaxear a Paz Andrade no Día das Letras Galegas tivo lugar o concerto das “Letras” celebrado no Pazo da Cultura de Pontevedra, por parte da Real Filharmonía e a Polifónica.

S. S., “Leiro acogerá una romería tradiconal el Día das Letras”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 10 maio 2012, p. 31.

Dánse a coñecer algunhas das actividades que se celebraron en Rianxo no Día das Letras, entre elas unha degustación gastronómica e unha homenaxe institucional a Paz Andrade á que asistirá o seu fillo Alfonso Paz-Andrade.

S. S., “Homenaxe a Xosé Agrelo por parte da SCRD Esteirana”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 maio 2012, p. 36.

Cóntase que con motivo do Día das Letras Galegas a Sociedade Cultural Recreativa e Deportiva Esteirana, puxoun ramo no busto do escritor Xosé Agrelo Hermo.

S. S., “Muestra dedicada a las Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ribeira”, 13 xuño 2012, p. 31.

Comenta a que a biblioteca de Ribeira acollerá unha exposición sobre os cincuenta anos das Letras Galegas.

Tébar, Roma, “Os máis cativos foron protagonistas do Día das Letras”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado/ Louriña”, 18 maio 2012, p. 19.

Dá conta das actividades culturais en Ponteareas para celebrar o Día das Letras. Salientan os recitais de música e poesía en torno a Paz Andrade.

Tenreiro, Lucía, “La carrera de Vales Villamarín hacia el 17 de Maio de 2013 parte con ‘boas sensacións”, *El Ideal Gallego*, “Área Metropolitana”, “Betanzos”, 17 maio 2012, p. 27.

Comenta as diferentes actividades culturais programadas para celebrar o 17 de maio en Betanzos, e explica que ditas festividades serven como punto de partida para incentivar a candidatura de Vales Villamarín como o homenaxeado no 2013.

Timoneda, M., “A nova dimensión dixital dunha relevante figura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 marzo 2012, p. 46.

Dá conta da presentación da páxina web, iniciativa da Xunta de Galicia, sobre a figura de Paz Andrade.

Timoneda, Mariano, "O xenio de Valentín Paz-Andrade chega á web do Día das Letras 2012", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 marzo 2012, p. 46.

Descríbense os contidos da páxina web dedica a Valentín Paz Andrade e explícase que os visitantes poden atopar datos contrastados do autor e unha ampla panorámica da súa traxectoria vital.

T. M., "El Pazo de Goiáns acogerá el 17 mayo la 'II Romaría das Letras", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "A Pobra", 5 maio 2012, p. 21.

Coméntanse as diferentes actividades programadas na "II Romaría das Letras", dentro das que se salienta o recital de textos de Valentín Paz-Andrade.

T. M., "Libros, inchables e música para festexar o Día das Letras Galegas", *Diario de Arousa*, "O Grove", 18 maio 2012, p. 14.

Explica as diferentes actividades que teñen lugar co motivo do Días das Letras Galegas no O Grove, e destaca a Feira do Libro así como as diferentes actividades musicais e literarias que tiveron lugar.

Trillo, J., "Exposiciones, música, teatro, cine e premios no Mes das Letras de Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 maio 2012, p. 31.

Informa de que o Departamento de Cultura do Concello de Cee presentou a programación do "Mes das Letras".

Trillo, J., "Valentín García inaugurou unha mostra dentro de Festiletras", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 maio 2012, p. 36.

Dáse conta de que no marco do "Festiletras" en Ponteceso, tivo lugar a presentación da mostra *Querido Balbino, 1961-2011. Cincuenta anos de Memorias dun neno labrego*.

Uriza, A., "Reedicións da obra de Valentín Paz Andrade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 abril 2012, p. 41.

Entre todas as actividades programadas para o 17 de maio, infórmase de que a Xunta promoverá a publicación de obras do homenaxeado: a reedición de *Galicia como tarea*; unha recompilación poética do autor, o epistolario entre este e Díaz Pardo, a obra *Castelao na luz e na sombra* e a publicación do epistolario inédito do autor na colección Cadernos Ramón Piñeiro.

Uriza, André, "A RAG e a Xunta traballarán na difusión do 50 aniversario do Día das Letras", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 abril 2012, p. 41.

Coméntase o compromiso da Xunta de Galicia coa RAG na celebración do 50 aniversario do Día das Letras Galegas e dánse a coñecer algunhas das accións culturais que se levarán a cabo.

Valcárcel, Xulio, "O poeta", *Diario de Arousa*, p. 31/ *Diario de Ferrol*, p. 37/ *El Ideal Gallego*, p. 41, "*Valentín Paz-Andrade. Letras galegas*", 17 maio 2012.

Destaca a faceta poética de Paz Andrade e analiza algúns dos seus poemarios máis coñecidos: *Pranto Matricial* (1955); *Sementeira do vento* (Col. Salnés, Editorial Galaxia, 1968); e, *Cen chaves de sombra* (1979).

Vallejo Pousada, Rafael, "Valentín Paz Andrade, Carlos Maside e Combarro en 1952", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 15 abril 2012, p. 48.

Céntrase na relación de amizade entre Valentín Paz Andrade e o pintor Carlos Maside, que gozan da comarca de Combarro cando este chegou alí da man de Paz Andrade no ano 1952.

Ventura, Joaquim, "Soñando un país", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 415, "Letras Galegas 2012", p. VII/ *La Opinión*, "Cultura", "Día das Letras Galegas", "Valentín Paz-Andrade", p. 67, 17 maio 2012.

Faise un repaso da situación social, económica e cultural, especialmente no ámbito literario de principios do século XX en Galicia, e analízase dito contexto na época de Paz Andrade e a súa adscrición ao galeguismo.

Villar, Carmen, "Méndez Ferrín destaca o 'apoio sincero e efectivo' da Xunta para o Día das Letras Galegas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 37/ "Ferrín resalta o apoio 'sincero' da Xunta para o Día das Letras Galegas", *La Opinión*, "Cultura", p. 45, 10 abril 2012.

Infórmase dos diferentes actos conmemorativos do Día das Letras Galegas e explícase que o presidente da RAG destacou o apoio da Xunta.

Villar, Carmen, "Ferrín resalta a 'forza nerudiana' da poesía de Paz-Andrade e a Xunta, a súa 'lucidez", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Día das Letras Galegas", 17 maio 2012, p. 42.

Dáse conta do acto de homenaxe promovido pola RAG e a Xunta de Galicia para conmemorar o Día das Letras Galegas, e destácanse as verbas de Méndez Ferrín e Feijoo sobre o Paz Andrade.

Viñas, María L., "A música de sete escolas porá a nota á trixésima Feira do Libro de Lugo", *El Progreso*, "Cultura. Vivir", 12 maio 2012, p. 63.

Primeiramente fala da Feira do Libro de Lugo que celebra o seu 30º aniversario e destaca a presentación dalgunhas obras, entre outras: *Hotel cidade Sur*, de Xerardo Quintá; ou *Os fillos do mar*, de Pedro Feijoo.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 14 maio 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia ao acto de entrega no IES Xoán Montes de Lugo do premio do concurso e exposición Letras Galegas 2012 Valentín Paz Andrade.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 16 maio 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da lectura de textos de Valentín Paz Andrade dentro dos actos programados con motivo da Feira do Libro de Lugo.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 18 maio 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase propostas organizadas en Lugo con motivo do Día das Letras Galegas, entre as que se atopan unha exhibición de graffitis, talleres de canto e baile tradicionais e un concerto de rap e regueifa.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 4 outubro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á instalación na Biblioteca Provincial de Lugo de cinco paneis con textos explicativos sobre as diversas facetas de Valentín Paz Andrade, así como ás proxeccións audiovisuais sobre esta figura.

V. P. e **E. P.** , "García di que o autor estaría 'encantado' pero... 'botaría en falta moitas cousas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 15 maio 2012, p. 41.

Salienta as verbas de Valentín García sobre o homenaxeado no Día das Letras, nas que subliña a faceta empresarial de Paz Andrade e destaca a necesidade de impulsar a lingua como base do tecido socioeconómico galego.

X.M.R., "A Revista 'Raigame' repasa a relación do homenaxeado con Ourense", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 maio 2012, p. 44.

Explica que a revista *Raigame*, editada polo Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo, dedica o seu número 36 a Paz Andrade e salienta os artigos de Tucho Calvo, Carlos Domínguez Alberte e Neira Vilas.

Yáñez, B., "Biblioteca e CEIP elixen a palabra máis fermosa polo Día das Letras", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "A Illa", 16 maio 2012, p. 13.

Comenta a iniciativa "Louza Galega" da Biblioteca Municipal de A Illa de Arousa, a través da área de Cultura do Concello e o CEIP Torre-Illa.

Yáñez, B., "Dorna culmina a rehabilitación do Rei do Mar para celebrar o Día das Letras Galegas", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 18 maio 2012, p. 13.

Explica que entre as actividades lúdicas e culturais programadas pola Asociación Cultural Dorna para celebrar o 17 de maio, terá lugar a botadura oficial do galeón "O Rei do Mar".

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Alonso Montero, Xesús, *Castelao na Unión Soviética en 1938. Filocomunismo e prosovietismo de Castelao nos anos da Guerra Civil*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica. Memoria, maio 2012, 213 pp. (ISBN: 978-84-9914-384-2).

Neste ensaio Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) repasa a estadía de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, durante vinte e seis días ao longo do mes de maio de 1938, en distintas cidades (San Petersburgo, Moscova, Kiev e mais Bakú) de tres repúblicas da antiga Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS): Rusia, Ucraíña e Acerbaixán. Comeza cunha "Dedicatoria", datada en xullo de 2011 en Vigo, na que Alonso Montero lle dedica este traballo ao alumnado que tivo en Lugo entre os anos 1960 e 1968 (Celestino Fernández de la Vega, Anxo Guerreiro, Miguel Anxo Murado e Xesús Rábade Paredes, entre outros). Séguelle un "Prólogo" no que detalla as principais características do ensaio, xebrado en sete capítulos. O primeiro deles, titulado "Sobre a Unión Soviética. Fala Castelao (I): nove textos breves (12-6-1938)", é unha escolma das declaracións que Castelao escribiu para *Nueva Galicia* ao regreso desta viaxe. O segundo, que leva por título "Sobre a Unión Soviética, o comunismo, as eivas do capitalismo… Fala Castelao (II): sete textos escritos entre maio de 1938 e xaneiro de 1939", recolle as declaracións do intelectual rianxeiro arredor das súas actividades e pensamentos de ideoloxía "prosoviética" e "procomunista". O terceiro, "Un texto de Castelao do 12 de xuño de 1938 no que se cuestiona o capitalismo e no que se manifesta a súa admiración por aspectos importantes da realidade soviética", comenta algunhas das características e das circunstancias da publicación dos textos que escribiu para *Nueva Galicia*. O cuarto capítulo analiza dous textos de Castelao e o quinto, titulado "Viaxar á URSS nos anos da Guerra Civil: significado", fai referencia a que o escritor realizou esta viaxe como membro das delegacións que o goberno español enviaba á antiga URSS en datas de significado moi especial para os soviéticos. O sexto capítulo repasa a cronoloxía do seu periplo persoal e artístico durante esta viaxe e, xa finalmente, o sétimo, explica como, dende a Fronte Popular, se foi situando nas coordenadas do pensamento antiburgués. Este estudo conclúe cun "Anexo documental e gráfico", cunha "Bibliografía" (xebrada en "Obras de Castelao", "Sobre Castelao (I)", "Sobre Castelao (II): traballos de XAM"), cos "Agradecementos", co "Índice onomástico" e mais co "Índice".

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Máis sobre Castelao", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 480, "Letras en Galego", 18 agosto 2012, p. 9.

Afirma que neste "documentado e vibrante ensaio" se debulla a estadía de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao na URSS no ano 1938 afondando nas razóns que o levaron

alí, nas actividades que realizou e mais nas crónicas e nos ecos que tivo na prensa e nos documentos privados daquela altura.

- Xosé Ramón Pena, "Kommunizma vediot!", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 427, "Libros", 27 setembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 379, "Letras Galegas", 6 outubro 2012, p. 7.

Indica que Alonso Montero rescata "con brillantez" a viaxe que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao realizou á URSS en 1938 e recalca que o propio Castelao afirmou que a felicidade era moito máis posíbel en Moscova que nos Estados Unidos de América.

Referencias varias:

- Jorge Lamas, "Castelao foi á URSS a aplaudir", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 xuño 2012, p. 27.

Reprodúcese unha conversa con Xesús Alonso Montero, membro da Real Academia Galega, por mor da publicación deste estudo. Nela fálase do motivo da viaxe de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao á URSS e do que este contou da súa estadía en Rusia, entre outros asuntos.

- Ana Baena, "Castelao nunca foi comunista, pero viuno como o molde necesario para construir o futuro", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 26 xuño 2012, p. 10.

Dáse conta da presentación na Casa do Libro da última obra de Xesús Alonso Montero e sublíñase o descubrimento dunha faceta de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao pouco analizada.

- Iago Martínez, "Castelao, esa 'piltrafa' comunista", *El País*, "*Galicia*", 1 xullo 2012, p. 6.

Con motivo da publicación desta obra, coméntase a etapa prosoviética de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e apúntase a presenza dalgúns textos inéditos no libro.

- Xosé Neira Vilas, "Castelao na Unión Soviética", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 22 xullo 2012, p. 2.

Comenta que é un libro necesario, moi oportuno e de moita utilidade para os estudosos de Castelao.

- M. G. M., "La Feira do Libro presentará treinta novedades en sus diez días de vida", *El Ideal Gallego*, "A Coruña" 26 xullo 2012, p. 15.

Detállanse as actividades que se van celebrar durante a Feira do Libro, entre as que se destaca a presentación desta obra.

- Marcos Zavala, "Una feria con carácter gallego", *La Opinión*, "A Coruña", 27 xullo 2012, p. 9.

Infórmase da celebración da feira do libro da Coruña, da que se di que ten un patrón continuísta con respecto a outros anos e que contará coa presenza de figuras ilustres da literatura como Manuel Rivas, Xosé Neira Vilas ou Agustín Fernández Paz. Faise referencia, entre os actos previstos, á presentación desta obra.

- Olalla González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 26 setembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na galería Sargadelos de Lugo.

- Jaureguizar, "Alonso Montero di que Castelao foi un 'marxista intuitivo", *El Progreso*, "Cultura", 27 setembro 2012, p. 56.

Dá conta da presentación deste ensaio sobre a estadía de Castelao na URSS en 1938 na galería Sargadelos da cidade de Lugo.

Axeitos Agrelo, Xosé Luís (ed. e notas), *Manuel Antonio. Obra completa. Prosa*, A Coruña: Real Academia Galega e Fundación Barrié de la Maza, col. Clásicos da Academia, 2012, 352 pp. (ISBN: 978-84-9752-063-8). ◆

Este volume, o primeiro dunha serie de cinco, forma parte dun proxecto conxunto entre a Real Academia Galega e a Fundación Barrié de la Maza para publicar a obra completa de Manuel Antonio, inaugurando á súa vez unha nova colección, *Clásicos da Academia*. É precisamente este carácter auroral o que obriga á colocación dunha "Introdución xeral" logo do índice. Nela, alén de presentar a Manuel Antonio como un "gardador de papeis", defínese o proxecto en termos xerais (un primeiro tomo de prosa, un segundo e terceiro de epistolario, un cuarto de poesía e un quinto de biografía). Lémbranse os antecedentes deste plan de publicación da obra completa do rianxeiro (os textos narrativos publicados polo seu curmán Roxelio Pérez ou o tomo de Domingo García-Sabell). Nunha segunda parte da introdución, explícanse as escollas de edición deste traballo, como a aposta por un modelo filolóxico, que respecta as meditadas grafías de Manuel Antonio e é fiel en todos os aspectos aos manuscritos autógrafos do autor cuxo carácter (preparados para o prelo, en proceso de reescritura ou simplemente borradores) se detalla tamén aquí. Entre esta "Introdución xeral" e a "Cronobiobibliografía de Manuel Antonio", sitúanse os agradecementos, tanto ás institucións como a individuais (Ricardo Axeitos nas traducións, Dolores Sánchez no plano da norma) e ás investigadoras e investigadores da vida e obra de Manuel Antonio. A "Cronobibliografía" revisa esquemática e cronoloxicamente algún dos anos da súa vida, apuntando publicacións, obras e revistas chegadas á súa biblioteca ou acontecementos centrais no ámbito cultural galego. A partir de aquí colócase o volume de "Prosa" propiamente. Os textos organízanse en tres grandes epígrafes, con cadansúa introdución: "Prosa literaria", que recolle textos de creación, artísticos; "Prosa ensaística", que recolle escritos teóricos ou doutrinais e "Traducións". En "Prosa literaria" recóllense quince títulos de creación, narrativos, na súa maioría inéditos. Compílanse catro primeiros contos dos anos do bacharelato, moi breves, líricos e melancólicos, sen propiamente unha trama (o dietarístico "Xornadario", "A cidade d'os homes que non tiñan alma", "O que o sol-por calaba" e "As irremediabes merancorías"). Manuel Antonio móvese no ámbito da descrición realista, cotiá (esquemática "Novela vulgar")

que acolle trazos fantásticos, ficcionais, amalgamando ambos os mundos ("Terras d'afora" ou o "Conto d'o afogado") e recuncando nunha atmosfera sobrenatural e misteriosa, na temática da morte ("O neno e o vello"), etc. Os tres textos do "Diario romántico" son presentados como posíbeis versións dun relato inacabado, nos que se observa unha forte presenza marítima, e os fragmentos de "Singraduras" coinciden no protagonismo do mar e a navegación de altura. O segundo bloque, "Prosa ensaística", recolle vinte e tres colaboracións, artigos ou textos soltos de tema cultural ou político. A introdución a estes textos incide na eiva dunha presentación exenta deles, explicando que, por exemplo, o perfil erudito-costumista de determinado artigo se relaciona coa encomenda directa de Valentín Paz Andrade ou que circunstancias puntuais (como a negativa institucional a facer ondear unha bandeira galega) aguilloan prosas acendidas ("Terra ceibe", en *A Nosa Terra*). A sección "De tema literario e cultural" ábrese co manifesto "Máis alá!", belixerante e activo a prol dun cambio nos vicios literarios do momento; continúa con textos curtos de crítica e exposición de ideas, cun forte pouso irónico, agudamente humorístico, como "Os epígonos valleinclánicos", "[A Euxenio Montes]" ou "Ateneísmo", mesturados con textos máis longos e expositivos como "Gabanza d'o cantar" (o cantar tradicional, en contraposición aos *cuplés*) ou metaliterarios, como "Encol da metáfora. Lerias". Os intereses de Manuel Antonio, como a defensa da lingua e a Raza ou a oposición aos rumbos gastos do ruralismo e o paisaxismo ("Un poeta d'a nosa terra"), coa conseguinte afirmación da individualidade autorial ("Prólogo d'un libro de poemas que ninguén escrebeu"), son constantes. O apartado "De natureza política" non perde en ironía e variedade, compilando aquí, entre outros, tres textos xuvenís agraristas publicados en castelán nunha publicación rexionalista de Padrón. O terceiro e último bloque deste volume compóñeno unha serie de traducións, do francés e do inglés: as obras de ficción *O retrato oval*, de Edgar Allan Poe, e *Le maitre de la mer,* inicio dunha novela de Eugène Melchior; as obras de crítica e teoría literaria e artística *La poésie d'aujourd'hui*, de Jean Epstein, *Poética de Mallarmé*, de Henri Rambaud, e *Du cubisme*, de Albert Gleizes e Jean Metzinger; e vintecatro composicións poéticas de autores como Paul Verlaine, Arthur Rimbaud, Émile Verhaeren, Guillaume Apollinaire, Paul Éluard, Tristán Tzara ou Jack Judge, compositor da canción de marcha dun rexemento irlandés.

Recensións:

- Miro Villar, "A ligazón entre modernidade e nacionalismo", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "O espello das letras", abril, maio e xuño 2012, pp. 75-77.

Indícase que este volume é o encargado de inaugurar a colección "Clásicos da Academia". Menciónase o labor do editor literario, Xosé Luís Axeitos, e coméntase a súa introdución xeral ao volume. A seguir, analízase a estrutura tripartita da compilación describindo cada sección.

- Armando Requeixo, "A supernova Manuel Antonio", *Diario de Ferrol,* "*Nordesía*", n.º 724, "Letras atlánticas", "Libros", 13 maio 2012, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 724, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 33.

Logo de comparar as poucas ocasións en que a investigación literaria en Galicia sorprende co descubrimento de materiais inéditos, anuncia a recente publicación da nova *Obra completa* de Manuel Antonio. Explica que acaba de inaugurarse a colección

Clásicos da Academia da Real Academia Galega con este primeiro volume, dedicado á Prosa, de cinco que se teñen pensado editar "nunha moi coidada edición", recollendo a obra do escritor rianxeiro. Presenta o responsábel desta publicación de clásicos, Xosé Luís Axeitos, como unha "auténtica 'auctoritas' na bibliografía do poeta vangardista". Subliña o achado de arredor de corenta escritos en prosa e unhas trinta traducións de autoría manuelantoniana entre os fondos cedidos pola coeditora do volume, a Fundación Barrié de la Maza. A continuación, debulla as dúas seccións nas que os textos prosísticos están clasificados e dá conta das diferentes mostras que se poden atopar ao longo da obra. Fai fincapé nas traducións realizadas por Manuel Antonio, xa que deixan de manifesto tanto o coñecemento do poeta sobre a "revolución estética e poética" daquela época como as posíbeis influencias na súa obra.

- Xosé Ramón Pena, "Volver a Manuel Antonio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 412, "Libros", 7 xuño 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 371, "Letras galegas", 9 xuño 2012, p. 7.

Presenta este volume como o definitivo para "esvaer todas as dúbidas" sobre a preocupación de Manuel Antonio por coñecer e adaptar as fórmulas da vangarda á literatura galega. Finalmente, destaca o traballo de Xosé Luís Axeitos polo rescate desta parte da obra do autor rianxeiro, xa que non só se aprecia o seu labor de creación en verso senón tamén de tradución e de produción de artigos e ensaios.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, "A prosa de Manuel Antonio abre unha nova colección da Academia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 maio 2012, p. 43.

Coméntase a saída do prelo desta obra como primeiro chanzo dun proxecto dedicado ao escritor rianxeiro asumido pola Real Academia Galega.

- Marta García Márquez, "A Barrié e a RAG coeditan textos inéditos e manuscritos do poeta Manuel Antonio", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 24 maio 2012, p. 14.

Con motivo do acto de presentación desta obra, saliéntase a colaboración da Fundación Barrié de la Maza e da Real Academia Galega para dar a coñecer os escritos de Manuel Antonio. Así mesmo, sinálase que os seguintes volumes da colección "Clásicos da Academia" abordarán a poesía, correspondencia, biografía e documentación do escritor.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón, *Murguía*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Grandes biografías, n.º 1, 17 maio 2012, 983 pp. (ISBN: 978-84-9865-425-7).

Biografía de Manuel Murguía (Manuel Antonio Martínez Murguía, Arteixo, A Coruña, 1833-A Coruña, 1923) realizada por Xosé Ramón Barreiro Fernández (Ribeira, A Coruña, 1936) na que dá conta da intención de Murguía por preservar a imaxe que del e da súa dona, Rosalía de Castro, se conservaría na historia galega. Destaca que só escribiu sobre Galicia, onde exerceu a función de intelectual redentor da historia galega; que loitou pola identidade galega e pola unidade cos emigrantes galegos; que foi "un traballador obsesivo" (p. 21) e respectuoso coa Igrexa como institución; que viviu para glorificar a súa dona, ao falecer esta; e que foi un progresista, "o primeiro nacionalista

galego, aínda que tal denominación non se empregase ata as Irmandades da Fala" (p. 24). Esta biografía está estruturada en trece capítulos: "Infancia e mocidade" (pp. 29-103), onde resalta a súa atormentada infancia e a súa rebeldía sendo mozo; "O soño de Madrid" (pp. 105-180), onde refire a súa intención de ser farmacéutico, e os inicios da súa escrita; "Rosalía entra na vida de Murguía" (pp. 181-207), onde resalta o seu carácter "namoradeiro" e cando coñece a Rosalía de Castro, así como a vida de Rosalía en Madrid e o seu casamento; "O retorno a Galicia" (pp. 209-316), no que dá conta da marcha do matrimonio de Madrid cara a Galicia, a súa vida familiar e o labor de Murguía en Galicia; "A revolución de 1968 cambia a vida de Murguía. Por fin, funcionario" (pp. 317-379), onde o define como "fillo da revolución" (p. 317) e trata do seu labor como xefe do Arquivo de Simancas e do seu regreso a Galicia "pouco glorioso" (p. 351); "Director dunha gran revista: *La Ilustración Gallega y Asturiana*" (pp. 381-421), onde salienta a súa relación con Alejandro Chao e se centra no seu labor como director e colaborador da citada publicación, así como na súa familia; "O definitivo retorno a Galicia" (pp. 424-469), onde dá conta da súa nova penuria económica e a súa vida tras a morte de Rosalía de Castro; "O pontífice do rexionalismo" (pp. 471-545), onde incide na "construción teórica de Galicia como unha nación" (p. 471), na mobilización política para plasmar esa concepción teórica, no seu labor como director de *La Región Gallega*, no seu encontro con Alfredo Brañas, nas polémicas sobre o rexionalismo, nos Xogos Florais de Galicia, no traslado dos restos de Rosalía, nos Xogos Florais de Tui, nos enfrontamentos con Brañas e na crise do rexionalismo; "O período de plenitude" (pp. 547-649), onde refire a súa nova condición de funcionario, a súa vida familiar e dá conta das súas grandes obras e das súas polémicas; "A grande obra: A Real Academia Galega" (pp. 652-697), no que se detén na súa constitución e asentamento; "Os afáns de cada día" (pp. 699-792), onde refire a súa condición de xubilado sen pensión e de traballador incansábel, as súas crenzas, relixiosidade e últimas ideas políticas, así como a súa valoración de Cataluña, Euskadi e Portugal e dos movementos políticos; "O devalar dunha vida" (pp. 793-857), no que apunta a súa personalidade, a súa morte na loita, os seus últimos anos, os seus protectores e o seu falecemento; e "A biblioteca e o arquivo de Murguía" (pp. 860-871). Compleméntase cun anexo fotográfico e documental (pp. 873-889) e cunha bibliografía de Murguía (pp. 891-932), organizada cronoloxicamente; así como a relación de fontes e referencias bibliográficas (pp. 933-952), os agradecementos do autor e un índice onomástico (pp. 955-976).

Recensións:

- Henrique Rabuñal, "O legado de Murguía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 472, "Letras en galego", 23 xuño 2012, p. 9.

Faise eco da volta de Manuel Murguía á actualidade bibliográfica da man de Xosé Ramón Barreiro Fernández. En relación a esta obra, afírmase que "ilumina as non poucas zonas de penumbra" do biografado, do cal se amosa toda a "súa complexidade intelectual" e o rastro que deixou na súa vida a "fidelidade ao noso país". Faise fincapé no esclarecemento que supón este libro, por exemplo, sobre os devanceiros de Murguía, e na formulación de "hipóteses razoadas" acerca de aspectos persoais, como pode ser a pegada que os pais do escritor deixaron nel. Tamén se salienta a radiografía do intelectual cando mozo, o interese que esta biografía ten para o lectorado e os estudosos

de Rosalía de Castro e, por último, a xenerosa explicación das principais obras e do pensamento nacionalista do biografado.

- Armando Requeixo, "Murguía: a biografía definitiva", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 732, "Letras atlánticas", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 732, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", p. 33, 8 xullo 2012.

Comeza dando conta dunha frase do dramaturgo irlandés Bernard Shaw para advertir da frecuente "mutación" do xénero biográfico en "hiperbólica haxiografía" e ao mesmo tempo para facer fincapé no "monumental labor" realizado por Xosé Ramón Barreiro Fernández á hora de elaborar a biografía de Manuel Murguía. Prosigue remarcando o "abnegado traballo" de documentación de Barreiro, a exhaustividade lograda na crónica da traxectoria vital do intelectual e a dificultade que supoñía "desmontar por vía documental" o falso relato que o biografado creara arredor da súa propia vida. Achégase polo miúdo o contido da biografía e repárase no grande interese da "inxente cantidade de información" brindada acerca de "moitos outros personaxes da nosa historia cultural", principalmente de Rosalía de Castro. A continuación, ofrece unha visión persoal da figura de Murguía, desvelando que non lle "acaba de resultar loable" por diversas razóns que sinala, pero recoñece que "moito lle debemos". Remata denominando a Xosé Ramón Barreiro como "un dos nosos historiadores e intelectuais máis conspicuos" e desexando "contar con biografías tan rigorosas, amenas e completas de todas e cada unha das grandes figuras do noso pasado".

- Alfredo Iglesias Diéguez, "Servindo á nación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 423, "Libros", 12 xullo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 376, "Letras galegas", 14 xullo 2012, p. 6.

Comenta que semellaba que non se podía engadir moito máis sobre a vida de Manuel Murguía, ao mesmo tempo que subliña o papel que este xogou na conformación da nación galega e lembra que a el se dedicou o Día das Letras Galegas do ano 2000. De seguido, destaca as numerosas biografías e estudos existentes sobre este persoeiro e a súa obra, para facer referencia ao logro de Xosé Ramón Barreiro Fernández, que conseguiu "escribir algo novo e interesante" sobre o intelectual. Apunta que *Murguía* saíu do prelo como primeiro volume da serie "Grandes Biografías" e salienta o gran número de documentación manexada para poder tocar todos os aspectos da súa biografía, así como a análise en profundidade realizada no libro acerca de toda a produción xornalística, novelística e historiográfica de Murguía, o estudo da súa traxectoria política, o proceso de creación da Academia Galega e a súa xestión como director. Conclúe considerando "outro dos trazos que fan deste un libro de grande interese": a contextualización de Manuel Murguía nas circunstancias históricas que configuran a realidade experimentada por el.

- Henrique Rabuñal, "O Murguía de Barreiro", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 98-99.

Mencionánse algunhas das publicacións máis importantes do autor e premios dos que foi merecente. Sinálase a extensión do volume de case mil páxinas, o seu carácter enciclopédico e a calidade da documentación que recolle a biografía.

- Vicente Araguas, “A estatura de Manuel Murguía”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 739, 26 agosto 2012, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería!*”, n.º 739, 26 agosto 2012, p. 30.

Considera que este volume presenta un “espléndido apéndice gráfico”, que está tan documentado como ben escrito e mais que repasa a vida e obra de Manuel Murguía mediante unha “intelixente técnica que leva de adiante e atrás”.

Referencias varias:

- Xosé Manuel Pereiro, “O primeiro construtor do país”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 15 xuño 2012, p. 5.

Infórmase de que Xosé Ramón Barreiro publica esta obra, que caracteriza como a biografía máis completa de Manuel Murguía.

- Jaureguizar, “Hai lendas falsas sobre Murguía, como que maltrataba a Rosalía ou que tiña priapismo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 20 xuño 2012, p. 75/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 19 xuño 2012, p. 49.

Entrevista a Xosé Ramón Barreiro na que se fala da súa biografía de Manuel Murguía, das falsas lendas que existen arredor do que para el é o intelectual máis grande do século XIX e da faceta bohemia do personaxe, así como do motivo das súas críticas a Lugo.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 21 xuño 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra no salón de actos da Real Academia Galega.

- Isabel Bugallal, “El primer teórico de la nación gallega”, *La Opinión*, “Cultura”, 21 xuño 2012, p. 46.

Infórmase da presentación desta obra na Real Academia Galega, coa asistencia do presidente da institución, Xosé Luís Méndez Ferrín, e do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e saliéntase a opacidade da vida de Manuel Murguía, ao que se caracteriza e do que se dá conta tamén a través das súas accións máis relevantes.

- Elena Ocampo, “Murguía foi o primeiro nacionalista galego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 xuño 2012, p. 45.

Reprodúcese unha conversa con Xosé Ramón Barreiro Fernández por mor da presentación no salón de actos da Real Academia Galega da súa obra *Murguía*. Nela fálase do tempo dedicado á realización da biografía e do achado por parte do seu autor de material fotográfico inédito, entre outros asuntos.

- Irene Jiménez, “Todos os pobos non dispoñen dun legado como o de Murguía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 xuño 2012, p. 49.

Faise eco da presentación da biografía de Manuel Murguía e recóllense as verbas de Alberto Núñez Feijóo agradecendo a este persoeiro e ao autor da obra o seu legado a Galicia.

- Nagore Menayo, "Barreiro ensalza a Murguía como 'o intelectual máis grande do século XIX", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 22 xuño 2012, p. 17.

Dáse conta da presentación na Real Academia Galega desta obra e sublíñase o arduo traballo de documentación realizado por Xosé Ramón Barreiro.

- R. García, "Galaxia inicia as 'Grandes biografías' con Murguía, 'construtor da nosa identidade", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 xuño 2012, p. 44.

Con motivo do acto de presentación desta obra no salón de actos da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, presidente da institución, salienta que este libro non está dirixido soamente aos universitarios e aos profesores senón a toda a sociedade.

- Jaureguizar, "Rosalía, icona do noso pop", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Libros", 23 xuño 2012, p. 62.

Coméntase a saída ao prelo de *Murguía* como unha peza importante no descubrimento do personaxe fascinante que foi o home de Rosalía de Castro e destaca especialmente o seu talento para conseguir que a súa muller fora lembrada como a icona pop ideal.

- Dolores Vilavedra, "Retorno a Britania e nazis a Vigo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 29 xuño 2012, p. 5.

Faise un repaso por numerosas obras publicadas recentemente en Galicia entre as que comenta esta "magna biografía" na que se revisa a figura deste historiador e intelectual.

- Xurxo Fernández, "Solsticio", *El Correo Gallego*, "Crisol", 2 xullo 2012, p. 56.

Refírese á aparición na Editorial Galaxia desta obra de Xosé Ramón Barreiro Fernández, ao tempo que salienta a figura de Manuel Murguía como pai do rexionalismo galego e recomenda a lectura da biografía.

- Lourdes Varela, "A idea de Galicia é moi anterior á Idade Media; diso xa se decataron os romanos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 422, "Entrevista", 5 xullo 2012, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 376, "Entrevista", 14 xullo 2012, p. 7.

Entrevístase a Xosé Ramón Barreiro, que fala sobre a importancia de Manuel Murguía como historiador e como primeiro nacionalista galego e tamén sobre o devir histórico de Galicia.

- Xurxo Fernández, "Verano II", *El Correo Gallego*, "Crisol", 6 agosto 2012, p. 48.

Repasa diferentes aspectos da actualidade e destaca que a "biografía total" de Manuel Murguía vén de ser publicada na editorial Galaxia.

- Xosé Antonio López Teixeira, "Na forxa dunha nación", *Faro de Vigo*, "*Faro da*

Cultura", n.º 426, "Historia", 20 setembro 2012, p. II/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Biografía", n.º 378, 29 setembro 2012, p. 6.

Faise un repaso á traxectoria de Manuel Murguía e comenta que neste volume o historiador Xosé Ramón Barreiro aborda a vida e obra de Murguía.

- Vicente Araguas, "Pequeno grande home", *El Correo Gallego*, "Agora xa foi", 12 agosto 2012, p. 45.

Destaca que neste libro se afirma que Manuel Murguía foi quen de historiar Galicia alén da fabulación romántica.

- Roma Tébar, "Manuel Murguía 'Embajador de Honor' de la Villa Termal", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana. Condado", 12 decembro 2012, p. 19.

Apunta que este volume, centrado na figura de Manuel Murguía e na vila de Mondariz, está ilustrado con fotos inéditas e que presenta textos escollidos, artigos biográficos e históricos dedicados a Mondariz.

Becerra de Becerreá, Afonso, *Roberto Vidal Bolaño e o xogo do teatro*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 300, 2012, 191 pp. 2012, 191 pp. (ISBN: 978-84-8487-229-0).

Ensaio de Afonso Becerra de Becerreá (Lugo, 1973) que acolle unha antoloxía de textos dramáticos de Roberto Vidal Bolaño, dende unha perspectiva creativa. Así, partindo da premisa de que "a dramaturxia e os seus textos son manuais de instrucións para o xogo do teatro", o autor reformula os textos escolmados neste libro, poñendo en práctica as diferentes estratexias empregadas no teatro. O primeiro dos capítulos, intitulado "Xogo" (pp. 9-12), expón as premisas nas que se basea o teatro e as estratexias empregadas para crear a acción da que xorde toda obra teatral. Nos seguintes capítulos, o autor pon en práctica ditas estratexias sobre os textos dramáticos de Vidal Bolaño, afondando na intriga, no tempo, nos elementos ideolóxicos, nas influencias do cine e do teatro, ou temas universalmente tratados como o amor ou a morte. No segundo dos capítulos, "Xogos de intriga" (pp. 13- 59), Becerra explica que un dos elementos fundamentais do teatro é crear intriga espertando o interese dos espectadores. Como exemplificación da xénese da intriga na obra teatral, recorre a Vidal Bolaño, xa que a intriga é un factor fundamental no seu teatro. De seguido, comeza o terceiro capítulo, "Xogos co tempo" (pp. 61-76), onde explica que o tempo é unha das ferramentas fundamentais para representar historias e sucesos. En "Xogos ideolóxicos" (pp. 77-132) afonda nos valores humanos que garanten a convivencia e o respecto, e a súa representación nas pezas teatrais, destacando a obra de Vidal Bolaño como un exemplo de crítica social. Pola súa parte, "Xogos de cine e teatro" (pp. 133-149), analiza as estruturas cinematográficas empregadas polo dramaturgo no desenvolvemento das pezas teatrais. En "Xogos de amor e morte" (151-176) reflexiona sobre ambos os temas como temáticas universais tratadas pola literatura, analizando, concretamente, o amor erótico e as relación afectivo-sexuais. E, finalmente, pecha o volume "Un nariz de pallaso como punto vermello final" (pp. 177-187), onde o autor se detén na creación e caracterización dos personaxes.

Bermejo Barrera, José Carlos, *Os señores da mentira. Política e cultura en Galicia*, Santiago de Compostela: Edicións Lóstrego, col. Ex cáthedra, 2012, 175 pp. (ISBN: 978-84-939272-4-0).

Ensaio de José Carlos Bermejo Barrera que se abre e pecha con dúas cancións de Leonard Cohen, "O meu capitán" e "Corazón sen acompañante", respectivamente. Séguelle un "Prólogo" onde, ademais de facer mención ao contido de cada un dos capítulos, indica que este traballo enlaza con outro ensaio seu, *O final da Historia. Ensaio de Historia teórica,* publicado en 1986. Con todo, sinala que o mundo actual debe ser "pensado e analizado" de acordo con novos parámetros. Os capítulos, de diferente fasquía, son os seguintes: "Mentiras adecuadas: vinte anos despois da fin da historia", unha lectura da profecía Francis Fukuyama en termos históricos e filosóficos; "Pensar e narrar a historia das mulleres", ao redor da idea de xénero entorno ás nocións de identidade sexual, a orientación sexual e a construción histórica e social dos roles masculino e feminino; "A imposible memoria cívica", unha reflexión sobre a memoria colectiva en relación á historia contemporánea da segunda metade do século XX, máis concretamente na historia de España; "O descrédito da política e o descrédito da democracia", apuntamentos sobre a deslexitimación da democracia, a respecto de certos sentimentos políticos e movementos máis actuais como o 15-M. No capítulo quinto, "Os demos familiares da cultura galega", realiza Bermejo Barrera unha breve achega histórica á "idea de cultura" en Galicia e en galego. Considera que se estrutura política e ideoloxicamente, logo do paso da cultura subalterna á cultura oficial, en "a cultura como simulacro" (a), "a cultura é basicamente a lingua" (b), o gasto de diñeiro para "favorecer os estudos locais, rexionais ou nacionais" (c), as "camarillas intelectuais" (d) e o "vampirismo cultural" (e). Para rematar este capítulo, reflexiona sobre a conmemoración do Día das Letras galegas, os intelectuais de "nova fornada" e os "inimigos" da cultura galega de cara ao futuro. Na penúltima epígrafe, "*Et in Gallaecia ego.* Ideoloxía, identidade e turismo", achega algúns apuntamentos sobre a existencia de relación entre turismo e identidades nacionais, en termos xeralmente económicos. Por último, "A consagración da mentira", versa sobre o profesorado, a "fin do coñecemento" e a situación da universidade española en relación ao Plan Boloña. Todos os capítulos levan bibliografía. Péchase o volume cun "Apéndice" que contén nove artigos xornalísticos publicados en prensa (*La Voz de Galicia, El País, Faro de Vigo),* que tratan, a maior parte deles, sobre as propostas feitas ao redor do que debe e non debe ser a Cidade da Cultura.

Recensións:

- Juan Carlos Martínez, "Desmontando a mentira global", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 465, "Letras en galego", 5 maio 2012, p. 10.

Refírese á figura do catedrático José Carlos Bermejo Barrera como "outro trobador compostelán", equiparado con Airas Nunes, que "dá un paso máis na súa teimuda loita contra a falsidade que move o mundo". Sinala o salto presente neste libro con respecto aos seus últimos traballos, xa que pasa de centrarse na universidade a buscar a verdade universal. Fai fincapé en aspectos como a crítica que o autor realiza da idea de Francis Fukuyama e da forma de incorporar as mulleres á historia, así como a volta ao tratamento da reforma universitaria. Para finalizar co percorrido polos temas tratados no

libro, céntrase no caso da cultura galega e as súas contradicións, sinalando que pasou de ser reivindicativa a oficial e subvencionada.

Referencias varias:

- ECG, "Bermejo presenta 'Os señores da mentira' na libraría Couceiro", *El Correo Gallego*, "Galicia", "Santiago", 15 maio 2012, p. 16.

Infórmase da presentación na libraría Couceiro de Santiago de Compostela desta obra e indícase que o acto contará coa participación do autor, José Carlos Bermejo, e de Xosé Manuel Beiras e Teresa Táboas.

- ECG, "Bermejo presenta o seu último ensaio na Couceiro", *El Correo Gallego*, "Galicia", "Ensaio", 16 maio 2012, p. 9.

Dáse conta da presentación na libraría Couceiro de Santiago de Compostela desta obra.

Blanco, Ramón, *Vida e obra de Francisco Añón*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras Galegas, 2012, 153 pp. (ISBN: 978-84-9865-455-4). ■

Biografía asinada por Ramón Blanco (Outes, 1979), acompañada dunha escolma poética de boa parte da obra en galego e castelán de Francisco Añón. Blanco explica que Añón é un dos precursores do Rexurdimento galego, o patriarca das Letras Galegas e que comezou a escribir poemas nesta lingua cando aínda ninguén o facía e por iso agora se celebra o bicentenario do seu nacemento, con este e outros volumes. Fala do nacemento e infancia de Añón en Outes, do seu paso do seminario á universidade, da súa introdución nos faladoiros e no mundo da prensa, da súa época de libreiro en Lisboa e de profesor de idiomas en Sevilla, ademais das súas viaxes por Europa. Comenta as diversas etapas da súa vida, até que chega a enfermidade e a morte por un cancro de fígado. Antes da escolma poética en tres idiomas propiamente dita, fálase dos "Criterios para unha antoloxía". A continuación preséntanse os poemas en galego, que falan de lembranzas da infancia, de amor, de Galicia ou de enfermidade, entre outros asuntos. Logo aparecen os escritos en castelán, que son os maioritarios, algo entendíbel polo contexto sociolóxico do momento, como explica Blanco, e, por último, atópanse dous testemuños en portugués dos sete que se conservan de Añón nesta lingua. Este libro publicouse coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Cultura.

Recensións:

- Xosé Ramón Pena, "Relembranza dun clásico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 439, "Libros", 20 decembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 391, "Letras Galegas", 29 decembro 2012, p. 6.

Gaba esta publicación e destaca que é axeitada para o seu emprego nas aulas de secundaria e bacharelato tanto para a análise da obra de Añón como para a súa biografía.

- Vicente Araguas, “Unha vida de novela”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, n.º 754, 9 decembro 2012, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 754, 9 decembro 2012, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 754, 9 decembro 2012, p. 34.

Co gallo da publicación deste libro fala de Añón como abandeirado do Rexurdimento e cualifícao como “conspirador e poeta bohemio”. Asemade apunta que a súa vida ten moito de novela e mais que foi poeta en galego e en español.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, “Añón, poeta (tamén) anticlerical”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 490, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 27 outubro 2012, p. 9.

Recalca que este volume é o froito máis salientábel do congreso que vén de se celebrar en Santiago co gallo do bicentenario de Añón.

Botana Agra, Manuel e Henrique **Neira Pereira**, *Xosé Mosquera Pérez, o vello dos contos*, Santiago de Compostela: Asociación de Veciños Ruta Xacobea de San Paio da Sabugueira, 2012, 70 pp. (ISBN: 978-84-940055-4-1). ◆

Monografía de Manuel Botana Agra e Henrique Neira Pereira que está constituída por un conxunto de escritos de diferentes autores que versan sobre a figura de Xosé Mosquera Pérez, coñecido como “O vello dos contos” polo personaxe radiofónico creado por el. As achegas de interese para este *Informe* son as seguintes:

- Henrique Neira Pereira, “Un dos mundos máis transparentes e fidalgos corazóns da nosa terra”, pp. 7-29.

Breve biografía de carácter divulgativo que percorre a traxectoria vital de Xosé Mosquera Pérez deténdose naqueles aspectos máis significativos do seu labor como un dos promotores máis recoñecidos da cultura galega: impulsou en 1932, xunto con Manuel Beiras García, a celebración dunha misa e dunha ofrenda floral dedicadas a Rosalía de Castro que tería lugar anualmente na Igrexa de Santo Domingo de Bonaval; de 1933 a 1936 acadou unha gran sona en Galicia co personaxe de “O vello dos contos” na emisora santiaguesa Unión Radio Galicia, organizou actividades infantís de carácter cultural, realizou unha campaña a favor do Estatuto de Galicia de 1936 e estivo vinculado con Galaxia e a Real Academia Galega.

- Xosé Mosquera Pérez, “Como deu comezo miña actuación...”, pp. 30-31.

Discurso lido na homenaxe do 18 de xuño de 1933 celebrada no Hotel Compostela.

- Xosé Mosquera Pérez, “A ofrenda”, pp. 32-35.

Texto de ofrenda que fixo D. Manuel Mosquera Pérez o día 24 de xullo de 1959, véspera do Día de Galicia, ante a Estatua de Rosalía de Castro do Centro Galego de Bos Aires.

- Xosé Mosquera Pérez, “Sucedido. O pichón da casa grande”, pp. 36-39.

Narración que leu “O vello dos contos” en Unión Radio Galicia en 1933.

- Bernardo José Mosquera Souto, “Discurso na homenaxe a Xosé Mosquera Pérez no centenario do seu nacemento”, pp. 40-43.

Discurso pronunciado na homenaxe organizada polo Concello de Santiago de Compostela.

- Marcelino Agís Villarverde, “Lembrando a Rosalía de Castro”, pp. 44-45.

Texto publicado orixinariamente o 9 abril do 2012 en *El Correo Gallego*. Nel explícase que se cumpren oitenta anos da celebración da Misa de Rosalía en Santo Domingo de Bonaval, converténdose nunha tradición galeguista. Coincide co cento setenta e cinco aniversario do nacemento de Rosalía.

- Xesús Alonso Montero, “Paixóns e atafegos dun rosaliófilo singular: Xosé Mosquera Pérez (1895-1965)”, pp. 46-47.

Reprodución dun fragmento do capítulo que con este título publicou Xesús Alonso Montero no libro *Páxinas sobre Rosalía de Castro* (2004), no que se incluían documentos orixinais de Xosé Mosquera Pérez. Neste fragmento, preséntase o recibo entregado ao sacerdote Manuel de Torres Vilar pola misa celebrada o 25 de xullo de 1936.

- Anxo Angueira Viturro, “Dúas personalidades unidas para sempre”, pp. 48-49.

Afonda no compromiso de Xosé Mosquera Pérez na recuperación e reivindicación da cultura galega e a súa ligazón nese proxecto a Rosalía de Castro.

- Carlos Baíñas Fernández, “Flores para unha poeta (Homenaxe aos iniciadores da misa de Rosalía)”, pp. 50-56.

Texto lido na “Conmemoración do 80 aniversario da Misa de Rosalía de Castro (1932-2012). Homenaxe a D. Xosé Mosquera Pérez e D. Manuel Beiras García (iniciadores)” e no que se explica o proceso de realización da misa durante os oitenta anos da súa celebración.

- Manuel Beiras Torrado, “Peregrinaxe aos lugares rosalianos”, p. 57.

Texto publicado orixinalmente no volume *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras*, de Francisco Pillado Maior e Miguel Anxo Fernán-Vello (2000). Nel lémbrase a celebración dunha excursión organizada polo patronato de Rosalía de Castro, polos lugares emblemáticos rosalianos.

- Suso de Toro, “A radio”, pp. 58-69.

Texto publicado orixinalmente na terceira parte de *Conversa de Suso de Toro con Antonio Pedrós (fragmento)* (2002). Nel afóndase na traxectoria do personaxe na radio como “O vello dos contos”.

- Xerardo Estévez Fernández, “Mosquera Pérez. Aquela xeración”, pp. 60-61.

Afonda no contexto político e cultural dos anos corenta e nas figuras de Ángel Estévez, Manuel Beiras, Xosé Mosquera e Balbino Viña.

- Víctor F. Freixanes, “Primeiros pasos do galego na radiodifusión (1933-1936). A primeira radio galega”, pp. 62-64.

Fragmento do texto publicado co mesmo título no número vinte e nove da *Revista Galega de Ensino* (novembro 2000) e no que se explica a incorporación do galego nos medios de comunicación de Galicia, subliñando Unión Radio Galicia.

- Raimundo García Domínguez (Borobó), “A media irmá da casa grande”, pp. 65-66.

Fala da conversión da Casa Grande de Arretén nun lugar de encontro dos galegos ilustres máis inminentes.

- Manuel Villar, “A casa de Rosalía”, pp. 67-69.

Fala do proceso de adquisición da Casa da Matanza de Rosalía de Castro por Xosé Mosquera Pérez e José Villar Granjel.

Referencias varias:

- María Mosteiro, “Homenaje a Xosé Mosquera Pérez”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 27 setembro 2012, p. L6.

Infórmase de que a Asociación de Veciños Ruta Xacobea homenaxearán a figura de Xosé Mosquera Pérez nun acto no que se presentará este libro.

Cabrera Iglesias, María Dolores e María Dolores **Villanueva Gesteira** (eds.), *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*, Vigo: Editorial Galaxia/Fundación Penzol, xaneiro 2012, 133 pp. (ISBN: 978-84-9865-472-1). ■

Volume patrocinado polo Concello de Vigo en homenaxe a Francisco Fernández del Riego na data do centenario do seu nacemento, segundo recolle o colofón que figura ao final do libro. Está dividido en tres seccións: a primeira, “Sempre a pé de obra. Unha cronobiografía”, recolle unha cronoloxía dos feitos máis salientábeis da biografía do autor, alén dunha selección de fotografías de distintos feitos sobre acontecementos da súa traxectoria persoal e profesional; a segunda, “Volver sobre o camiño andado”, achega unha serie de artigos que distintos estudosos e figuras relevantes da cultura galega elaboran a propósito da figura de Fernández del Riego, nos que se relatan anécdotas e experiencias persoais compartidas con el ou perspectivas sobre o seu labor en distintos ámbitos; e a última das seccións, “Vigo nos textos de del Riego”, recolle artigos nos que o autor homenaxeado relata experiencias e vivencias persoais relacionadas coa cidade ou coa contorna. Os artigos de interese para este *Informe*, incluídos na segunda das sección mencionadas, son os seguintes:

- X. L. Méndez Ferrín, “Don Paco na Penzol”, pp. 42-44.

Relátase o papel destacado de Francisco Fernández del Riego no proceso de alicerzar a Fundación Penzol e asemade gábanse a xenerosidade e a dedicación deste na súa relación co autor do artigo, quen relata algunhas circunstancias do seu contacto persoal.

- X. L. Franco Grande, “Dende Policarpo Sanz, 24-1º”, pp. 45-48.

Reivindícase a condición de motor cultural do autor homenaxeado, apoiándose nunha serie de feitos que o sinalan como unha figura central do galeguismo nunha etapa na que se afirma que resultaba difícil facer visíbel tal natureza.

- Marián Vidal Fraile e Francisco Domínguez Martínez, “A Fundación Penzol na Casa Galega da Cultura”, pp. 48-53.

Relátase a historia e evolución da Fundación Penzol sinalando os acontecementos máis destacados da institución, nos que se resalta a importancia capital en todos eles de del Riego. Remátase enumerando os proxectos abertos na actualidade.

- Xurxo Martínez González, “A eternidade dos feitos”, pp. 53-56.

A partir da experiencia persoal en relación coa Fundación Penzol, reconstrúese a presenza influínte de del Riego no panorama cultural vigués.

- Víctor F. Freixanes, “Pulmón e músculo”, pp. 56-59.

Céntrase no labor desenvolvido por Fernández del Riego no proceso de creación da editorial Galaxia, reivindicando a importancia das enerxías coas que contribuíu e que foron, a xuízo do autor do texto, claves no éxito do proxecto cultural.

- Enrique Monteagudo, “Francisco Fernández del Riego e *Grial*”, p. 60.

Texto introdutorio do artigo seguinte, que se pecha cunha referencia ao primeiro contacto persoal do autor do texto co autor homenaxeado.

- Francisco Fernández del Riego, “Colección Grial e revista galega de cultura”, pp. 61-63.

Repasa, dende a súa condición de protagonista do relatado e coa distancia do tempo, os primeiros pasos do proxecto editorial de *Grial*, poñendo de relevo a lista de figuras da cultura que contribuíron coas súas colaboracións no fornecemento da colección.

- Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa, “O Alevín”, pp. 64-66.

Céntrase na faceta de del Riego asociada ao ámbito da industria mariñeira, promovida polo seu compañeiro Valentín Paz Andrade, por medio da publicación da revista *Industria conservera*.

- Camiño Noia Campos, “Fernández del Riego, universitario Honoris et Laboris Causa”, pp. 67-70.

Reconstrúese na biografía de del Riego a súa relación coa universidade, comezando coas súas experiencias na institución compostelá, continuando polas causas que o levaron a abandonala trala guerra civil española e rematando no outorgamento do título honorífico que lle concedeu a Universidade de Vigo, que, segundo a autora do artigo, supón unha simbólica reinserción ao seo da institución académica.

- José Elissetxe Lama, Benigno Fábregas Ferreiro, Antonio Lago Díaz e Rafael Lorenzo López, “Profesor do colexio Mezquita”, pp. 70-72.

Testemuño de exalumnos de Fernández del Riego que retratan a súa experiencia en relación co seu antigo mestre e na que se destaca que o seu maxisterio ía máis alá das aulas.

- Alfonso Álvarez Gándara, “Francisco Fernández del Riego, político”, pp. 73-77.

Reconstrúe as diferentes etapas na vida política de del Riego dende a súa participación no Partido Galeguista dos anos trinta até a restauración democrática, pasando polos anos da ditadura, resaltando o seu papel capital na reconstrución do PG e na construción dun galeguismo de base cultural.

- Xesús Alonso Montero, “Peregrinatio ad loca docta. Viaxar a Vigo, nos meus anos mozos, á procura de Francisco Fernández del Riego”, pp. 78-84.

Relátanse os diferentes encontros mantidos con Fernández del Riego durante os anos mozos de Xesús Alonso Montero describindo as circunstancias en que se produciron. Considérase valiosa a súa relación con del Riego, que xulga decisiva non só a nivel cultural.

- Ceferino de Blas, “Salvador de Lorenzana, periodista vigués”, pp. 84-87.

Faise repaso da traxectoria xornalística de del Riego baixo pseudónimo, e da importancia dos seus textos aparecidos no *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego*. Vencéllase este labor coa súa vocación de difusor da cultura galega.

- Rosa Aneiros, “Unha centola á saúde de don Paco”, pp. 88-90.

Explícase como debe ao estímulo suscitado pola figura de del Riego o terse presentado aos Premios Novacaixagalicia de Periodismo e como compartiu mesa con el e Víctor Freixanes na celebración da concesión do premio.

- Bieito Ledo, “Un anel de ouro”, pp. 90-91.

Relátanse experiencias persoais relacionadas con del Riego, centrándose na colaboración nas actividades culturais nas que ambos os dous coincidiron e reivindícase a condición de elo de conexión entre intelectuais de principios de século e as xeracións posteriores.

- Alfonso Paz-Andrade, “Paco del Riego na miña lembranza”, pp. 92-93.

Realízase un retrato da figura humana do intelectual homenaxeado, partindo das experiencias persoais do autor do texto dende a súa posición privilexiada ao ter del Riego formado parte da súa vida dende a nenez.

- María Xosé Queizán, “Lembrando a Paco del Riego”, pp. 94-97.

Ademais de reivindicar o seu lugar central, incide no carácter cotiá da figura de Fernández del Riego na vida social do Vigo da súa infancia e sinala a progresiva maior coincidencia derivada do seu crecente interese polos diferentes eventos culturais galeguista que se celebraban na cidade, nomeadamente a inauguración da Fundación Penzol.

- Gabriel Fernández Méndez, “Paco era para min un irmán. Era Breogán”, pp. 97-99.

Fala da súa relación persoal con del Riego e o modo en que entra en contacto tras ter trabado amizade co seu irmán, Xaquín. Reconstrúense unha serie de anécdotas persoais como, por exemplo, as derivadas da condición de paciente deste de del Riego.

- Salvador Cervantes de la Torre, “Ao entrañable amigo”, pp. 100-101.

Sinala que na súa relación co homenaxeado hai unha presenza constante do mar e afirma que moitos espazos cotiás para el están intimamente vencellados á figura de del Riego. Finaliza reivindicando a súa grandeza, bondade e carácter desprendido.

- Gerardo González Martín, “Unha familia numerosa moi unida”, pp. 102-105.

Faise un retrato da familia de Fernández del Riego centrándose na figura de varios dos seus irmáns. Sinálase o alto grao de apego entre os membros da familia e a pegada do catolicismo no seu seo.

- Ana María Fernández del Riego, “Paco e a familia”, pp. 106-107.

Faise un retrato da familia dende dentro, incidíndose no lugar predominante do homenaxeado a partir do falecemento do pai ao facerse responsábel do mantemento do resto de membros en calidade de fillo maior.

- María Dolores Villanueva Gesteira, “As amizades que fixeron latexar un corazón nacionalista”, pp. 108-111.

Faise repaso da traxectoria de del Riego no seo do galeguismo e das figuras coas que se relacionou nos diferentes momentos da súa vida. Entre estes sinálanse Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco na súa xuventude e os nomes de Xaime Isla, Ramón Piñeiro como compañeiros de viaxe, así como figuras destacadas do galeguismo político, entre as que se citan a Xosé Manuel Beiras e Camilo Nogueira, entre outros.

- Antón Vidal Andión, “Un capital cultural e humano para Vigo”, pp. 111-114.

Reivindícase o lugar central da figura de del Riego e a súa condición de autoridade no galeguismo cultural. Sinálanse como valores a súa entrega, traballo e xenerosidade en favor do galeguismo cultural, que quedan de manifesto no feito de ter doado a súa biblioteca particular ao Concello de Vigo (instalada na Casa Galega da Cultura), resaltando a singularidade e importancia das pezas conservadas.

Caseiro, Delfín, María Luísa **Malato** e María Celeste **Natário**, *Teixeira de Pascoaes-Vicente Risco (Epistolario)*, Ourense: Fundación Vicente Risco/Deputación Provincial de Ourense, 2012, 233 pp. (ISBN: 978-84-939378-2-9). ◆

Volume que contén un extenso "Estudo introdutorio e transcrição de María Luísa Malato e Maria Celeste Natário" (escrito en portugués). Comeza reparando nas primeiras memorias que ten Vicente Risco de Portugal e nos seus coñecementos iniciais sobre Teixeira de Pascoaes. Aténdese tamén a outras cuestións como os gustos comúns e a particularidade de dous espazos intimamente ligados a cada un deles (Ourense e Amarante), co fin de reconstituír e comprender as "finas malhas de simpatia intelectual" e as simetrías dos intereses entre ambos os países. Ademais, explícanse os criterios de transcrición, argumentando sobre as opcións ortográficas usadas por eles e, xa cara o final do estudo, faise fincapé na falta de política cultural que recoñeza mutuamente o potencial de ambos os intelectuais, alén das fronteiras. Engádese, finalmente, unha bibliografía. Os apartados principais do volume son as epístolas. Aparecen, en primeiro lugar, as dezasete cartas escritas por Risco a Teixeira de Pascoaes (entre 1920 e 1927) e, en segundo, as dezanove cartas que Teixeira de Pascoaes escribiu a Vicente Risco (entre 1920 e 1926). Alén delas, aparece ademais a folla autógrafa "Fala do Sol", con versos dedicados "Aos Jovens Poetas Galegos"; "De min. Aos grandes poetas da Galiza Cabanillas e Varela", publicados ambos na *Revista Nós* en 1920 e 1922, respectivamente. Cada unha das misivas recóllese en dúas versións: a autógrafa (carta facsimilada; escritas a man) e a textual reproducida. Nelas faise patente, fundamentalmente na correspondencia dos primeiros anos, e malia as diferenzas entre ambos, a construción dun proxecto común. Destacan ademais as continuas mostras de fraternidade cara aos seus lugares de residencia (interrelacionados como "povos de saudade"), o intercambio de libros etc., e que vai máis alá dunha simple complicidade entre os dous escritores. Cómpre reparar en que a correspondencia non é completa, como así o fan saber os seus editores, aínda que malia seren "incompletas, dispersas no tempo, simples no estilo, versando sobre coisas banais, é innegable o poder catalizador da afinidade".

Cochón, Luís (ed.), *Saiban cantos estas cartas viren... sobre o carteo que houbo entre Á. Cunqueiro e A. Casal (1955-1961) no septenio máis creador do gran mindoniense onde se dá conta certa das súas dúbidas, trasacordos e temores con outras especies de varia lección*, pról. César Cunqueiro, introd. Luís Cochón, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura), n.º XXIII, setembro 2012, 195 pp. (ISBN: 978-84-453-5060-7). ◆

Volume monográfico editado por Luís Cochón que comeza coa reprodución da única carta conservada de Eduardo Blanco Amor a Álvaro Cunqueiro e datada o trinta de xullo de 1949, acompañada de glosa e escolio. Na "Introdución", a cargo do editor do

volume, adxúntanse dúas citas, unha da obra *Agonia confutans*, de Juan Benet, e outra de *La bicicleta del panadero*, de Juan Carlos Mestre. Luís Cochón indica que entre a correspondencia dirixida a Álvaro Cunqueiro destaca "a remitida por Alberto Casal, tanto polo número de cartas, canto pola calidade, pola amizade e cariño que demostran" e que "as cartas trazan a biografía interior de Cunqueiro". Así mesmo, brinda datos sobre como chegaron as cartas ao seu poder, dá conta dos problemas cos que se atopou á hora de ordenalas cronoloxicamente e fai unha análise dos distintos temas que se tratan nelas: as obras, as inquedanzas... No "Prólogo de César Cunqueiro" que se inclúe a seguir, o fillo do autor mindoniense sinala que o desequilibrio existente entre as cartas de Cunqueiro (corenta e dúas) e as de Casal (dezaseis) se debe a "que Cunqueiro non se caracterizou precisamente por unha custodia dilixente das misivas a el enviadas". Ademais, César Cunqueiro outorga información sobre a estreita relación entre o seu pai e Casal, así como datos de interese sobre a biografía deste último. "Cartas", bloque principal deste volume, está constituído por cincuenta e seis misivas distribuídas por orde cronolóxica, encabezadas por números romanos e que contan con apuntamentos para facer comprensíbel o contido destas ao lectorado. A continuación, en "Posdata", recóllense dúas cartas, "Carta de Alberto Casal a Álvaro Cunqueiro (xaneiro de 1965)" e "Carta de Alberto Casal a César Cunqueiro (29 de novembro de 1966)", que amosan a "necesidade perentoria de Cunqueiro tocante a ánimo, confianza e aloumiño". Para rematar de exemplificar a súa amizade, no "Apéndice" acóllese o prólogo escrito por Paula Casal, afillada de Cunqueiro, para o libro *Jordán escondido y otros cuentos*, así como a dedicatoria que Cunqueiro fixo a Casal, e tres dos seis contos que conforman esa obra e que foron escritos por ambos os amigos con motivo do nacemento de cada un dos seis fillos deste último. Os tres relatos recollidos neste volume son "Daniela y la estrella", "Historia de una isla llamada Brenda" e "Historia del ángel Adriel, guardián de la puerta sur del Paraíso", que están acompañados de debuxos de Xulio García Rivas. O volume péchase cun "Índice onomástico" e máis cun "Índice cronolóxico" de todas as cartas recollidas nel.

Recensións:

- Ceferino de Blas, "El epistolario de Cunqueiro y Alberto Casal", *Faro de Vigo*, "*el sábado*", n.º 778, 13 outubro 2012, p. 1.

Detalla que esta publicación é un documento imprescindíbel para coñecer a época dourada do Vigo máis cultural mediante o epistolario de Álvaro Cunqueiro e o notario Alberto Casal entre os anos 1955 e 1961, ano no que Cunqueiro se traslada a Vigo para se incorporar á redacción de *Faro de Vigo*.

- Vicente Araguas, "Dous que escriben con estilo o contido", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 749, 4 novembro 2012, p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 749, 4 novembro 2012, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 749, 4 novembro 2012, p. 30.

Salienta que estamos perante un "libro fermosísimo" xa que conta con dúas plumas de "alto voltaxe" como son as de Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal e que a súa correspondencia epistolar resulta dun contido e estilo espectaculares.

- Dolores Vilavedra, "Sobre a amizade de Cunqueiro e Alberto Casal", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 93-94.

Indícase que *Saiban cantos estas cartas viren… Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal (1955-1961). Cadernos Ramón Piñeiro XXIII (2012)* é un espistolario entre Cunqueiro e o seu amigo Alberto Casal dende 1955 a 1961. Coméntase que, entre os temas tratados, figura o literario. Saliéntase a presenza dunha carta de Blanco Amor e tres contos escritos por Cunqueiro con motivo do nacemento de tres fillos de Alberto Casal. Destácase o prólogo de Paula Casal, tamén filla de Alberto e afillada de Cunqueiro, no que explica o proceso de creación dos contos. Coméntase a necesidade dunha edición algo máis coidada e que facilite a comprensión dos contidos das cartas.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, "Un epistolario revela al Cunqueiro más 'densamente humano", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 maio 2012, p. 26.

Anúnciase a vindeira publicación por parte do Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades dun libro que recollerá o epistolario entre Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal. Así mesmo, sublíñase que as cartas darán a coñecer aspectos descoñecidos da vida persoal e dos sentimentos do escritor mindoniense.

- Mar Mato, "La familia de Cunqueiro descubre nuevos escritos del autor y los donará a la Penzol", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 6 outubro 2012, p. 42.

Indica que este libro vén de ser presentado no Instituto de Estudos Miñoranos en Gondomar e que contou coa presenza de César Cunqueiro e X. L. Méndez Ferrín.

- X. L. Méndez Ferrín, "Alberto Casas e redes luguesas nun Vigo defunto", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", n.º 782, "No fondo dos espellos", 10 novembro 2012, p. 4.

Co gallo da publicación desta obra faise un repaso pola relación entre Álvaro Cunqueiro e mais Alberto Casal.

Cochón Touriño, X. L. (ed.), *Correspondencia habida entre Xosé Mª Álvarez Blázquez e Isidoro Millán González-Pardo*, pról. Xosé Mª Álvarez Cáccamo, exergo Rosario Álvarez, colab. Alejandra Cillero Prieto e Lorena Domínguez Mallo, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura), n.º XXI, abril 2012, 121 pp. (ISBN: 978-84-453-5039-3). ◆

Edición de X. L. Cochón Touriño que recompila a correspondencia epistolar entre Xosé Mª Álvarez Blázquez e Isidoro Millán González-Pardo. Abre o volume unha fotografía dos dous escritores que antecede unha táboa gratulatoria á Condesa de Quirós e aos fillos de Xosé Mª Álvarez Blázquez, por facilitaren ao editor o acceso aos arquivos familiares, a Xosé Mª Álvarez Cáccamo, polo seu prólogo, e a Rosario Álvarez Blanco polo seu estudo. A continuación, contempla unha nota de edición que expón os criterios

adoptados e un prólogo de Álvarez Cáccamo titulado "Unha longa conversa de amizade e cultura. Correspondencia entre Isidoro Millán González-Pardo e Xosé Mª Álvarez Blázquez", que destaca a temática presente nas cartas que se intercambiaron estes dous escritores entre 1961 e 1984, describindo con certo detalle cada unha delas e estruturándoas ao redor de varios capítulos. Comeza despois o epistolario propiamente dito, consistente en trinta e unha cartas, dous parrafeos e un comento, anotados por Xosé Mª Álvarez Blázquez e comentados por Rosario Álvarez Blanco, que inclúen as correspondentes reprodución facsimilares. As epístolas, raianas no discurso intelectual, tratan sobre achados no Romanceiro tradicional galego e nos séculos escuros da literatura galega, así como hipóteses etimolóxicas, investigacións de tipo histórico ou mesmo proxectos editoriais. A seguir aparece un exergo de Rosario Álvarez Blanco titulado "José Ramón Franco. Retallos de conversas en galego, Pontevedra 1849", no que explica como a partir da redacción e posterior saída do prelo do volume *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846* (2008), se procedeu a catalogar e estudar certos textos descubertos polo propio Álvarez Blázquez. Así, divide o estudo en catro apartados, nos que dá conta da figura do autor e da súa traxectoria literaria, os tres fragmentos en galego incluídos no volume, a súa caracterización lingüística e a edición destes, respectivamente. Por último, nun apéndice, atopamos unha carta de Álvarez Blázquez a Ramón Piñeiro e a resposta deste, sobre a renuncia de Millán González-Pardo á praza de numerario da Real Academia Galega. Pecha o libro un índice onomástico e outro cronolóxico das epístolas.

Fandiño, Xosé Ramón (ed.), *A luminosa mirada dos ollos de Isaac. Isaac Díaz Pardo. Obra dispersa*, pról. Xosé Ramón Fandiño, coda Luís Cochón, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura), n.º XXIV, decembro 2012, 206 pp. (ISBN: 978-84-453-5068-3). ◆

Volume recompilatorio que saíu do prelo con motivo do pasamento de Isaac Díaz Pardo, patrocinado polo padroado da Fundación do Pedrón de Ouro e o Museo do Pobo Galego. Recolle unha selección de artigos publicados por Díaz Pardo entre 1956 e 2011 en diferentes revistas e prólogos de libros co fin de, segundo se sinala na introdución, bosquexar a biografía do intelectual galego. Os textos agrúpanse en oito bloques. O primeiro, "Declaración de principio", está composto por un único artigo, no que se define como conservador e libertario. O segundo, "Infancia e Guerra Civil", acolle cinco textos nos que o autor relata lembranzas dos seus primeiros anos e os acontecementos traumáticos que marcaron esta etapa, como a morte do seu pai. O terceiro bloque intitúlase "Artes plásticas" e contén catro textos centrados no seu labor como artista plástico e nos motivos que o levaron a abandonar esa faceta. O cuarto, "Sargadelos", recolle tres ensaios relacionados con esta empresa artística e cultural. O quinto e sexto apartados, "Castelao" e "Luís Seoane", constan de tres e dous textos, respectivamente, nos que Díaz Pardo fala de estas dúas figuras da cultura galega, estabelecendo consideracións sobre a súa importancia capital no panorama cultural galego, onde as súas producións, asegura o propio Díaz Pardo, teñen un lugar destacado. O sétimo, "Relembros", está conformado por doce ensaios nos que o autor fai repaso de outras tantas figuras destacadas do exilio e de Ánxel Casal, quen sufriu o mesmo destino que o pai de Díaz Pardo. O oitavo, "De pinturas e fracasos", está composto por un único texto, aparecido como prólogo á súa última exposición pictórica. Esta recompilación de obra dispersa de Díaz Pardo vai acompañada dunha introdución a

cargo da persoa responsábel da selección, Xosé Ramón Fandiño, e dunha coda de Luís Cochón.

Fernández Carrera, Xan e Rosalía **Fernández Rial**, *Un mar de sensacións. Rutas e poemas para descubrir a Costa da Morte*, Vimianzo: Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte/Deputación da Coruña, 2012, 125 pp. (ISBN: 978-84-615-8379-9). ◆

Volume poético e turístico da dobre autoría de Xan Fernández Carrera e da súa filla Rosalía Fernández Rial (Carballo, 1988) sobre a Costa da Morte. Comeza cunha breve introdución na que principalmente se ofrecen datos xeográficos e históricos desa zona do occidente galego. Ao longo dos cinco primeiros capítulos, Xan Fernández Carrera describe cinco rutas que se poden percorrer nese territorio: "Ruta 1. Bergantiños Norte", "Ruta 2. Bergantiños Sur", "Ruta 3. Terra de Soneira", "Ruta 4. Comarca de Fisterra" e "Ruta 5. Tramo costeiro de Cee a Muxía". En todos os capítulos, diversas fotografías e mapas acompañan a información sobre os monumentos, a paisaxe, os persoeiros relacionados co lugar, as tradicións e o camiño a seguir. No derradeiro capítulo, Rosalía Fernández Rial insire vinte e tres composicións poéticas, en verso libre, intituladas cos nomes de localidades e oficios propios da Costa da Morte, que tamén se complementan con fotografías.

Referencias varias:

- J. Trillo, "Poemas para descubrir A Costa da Morte", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Muxía", 19 maio 2012, p. 36.

Faise eco da presentación na biblioteca de Muxía desta obra.

Fernández Castro, Xosé M. e Luciano **Rodríguez** (eds.), *VI Encontro de Escritores Galegos. Literatura e proxección exterior*, A Coruña: Deputación da Coruña, col. Cadernos de Mariñán, n.º 4, 2012, 170 pp. (ISBN: 978-84-9812-162-9). ◆

Volume que recolle as comunicacións e traballos que vertebraron o VI Encontro de Escritores Galegos, celebrado no Pazo de Mariñán os días 20, 21 e 22 de novembro de 2008, sobre o lema Literatura e proxección exterior. Estrutúrase en catro seccións: "Conferencia inaugural", "Comunicacións", "Caderno de creación" e "Caderno de crítica". A primeira delas acolle unha achega de Arcadio López-Casanova intitulada "Sobre a recepción da literatura galega" (pp. 19-30) na que trata a proxección/recepción da literatura galega moderna nos eidos culturais do castelán; salienta os "aparatos literarios de canonización", é dicir, os factores de mediación e recepción, entre eles os de recreación histórico-crítica; e describe cuestións metodolóxicas como a consideración da literatura como un sistema. Neste sentido, sinala que, no caso de Galicia, o sistema literario se configurou como modelo de cultura de resistencia cunhas características definitorias. A seguir, estuda en catro apartados ("A resistencia cultural", "Os signos de modernidade", "Ditadura e cultura de resistencia" e "Posmodernidade e cultura da crise") os trazos característicos do proceso de proxección/recepción dende o

rexurdimento até a actualidade. A segunda parte, “Comunicacións”, reúne os seguintes traballos:

- Rexina R. Vega, “Galicia e Cataluña. Un diálogo truncado”, pp. 39-46.

Achega datos sobre as relacións entre as literaturas galega e catalá, así como a súa relación co resto do territorio español.

- Manuel Lourenzo, “Teatro e desespero”, pp. 47-54.

Céntrase na traxectoria do teatro galego dos últimos corenta anos e nas dificultades ás que se enfrontou continuamente até a actualidade.

- Roberto Pascual, “A difusión exterior do teatro galego”, pp. 55-68.

Reflicte a escasa presenza do teatro galego fóra de Galicia e o porqué desa escasa vitalidade fóra das nosas fronteiras.

Na seguinte sección, “Caderno de creación”, acóllense poemas de Eva Veiga, Anxo Angueira, Cesáreo Sánchez Iglesias e Miro Villar, relatos de Rubén Ruibal e Agustín Fernández Paz e unha breve peza teatral de Manuel Lourenzo. Finalmente, “Caderno de crítica” presenta os seguintes traballos:

- Vicente Araguas, “Galicia fóra”, pp. 131-134.

Trata a escasa relevancia que se lle dá ás letras galegas fóra de Galicia e a algúns autores que deixaron a súa pegada alí, sobre todo na capital española.

- Miro Villar, “Estúrdiga materia de Luís González Tosar”, pp. 141-143.

Describe esta obra de Luís G. Tosar.

- Fidel Vidal, “Na capital do corpo”, pp. 144-150.

Trata a relación corpo/mente-eu/outro a partir de citas literarias.

- Manuel F. Vieites, “Who is afraid os George Steiner? Creación dramática e proxección exterior en Galicia”, 151-158.

Achégase a unha polémica xurdida por unhas palabras do investigador francés George Steiner e a situación da creación artística galega, sobre todo a dramática.

- Teresa Bermúdez, “No inicio do mar”, pp. 159-170.

Céntrase na visión de Galicia e a súa produción cultural dende fóra, así como nas mudanzas producidas nos últimos anos en relación a esta cuestión.

Recensións:

- Miro Villar, “Críticos, escritores e proxección exterior”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, “O espello das letras”, abril, maio e xuño 2012, pp. 80-81.

Sinala a relación deste volume coas xornadas celebradas na Coruña baixo o lema “Literatura e proxección exterior” e describe coidadosamente as cinco comunicacións nel reproducidas a cargo de Arcadio López-Casanova, Ramón Nicolás, Rexina R. Vega, Manuel Lourenzo e Roberto Pascual. Conclúese cunha referencia aos dous apartados que pechan o volume, “Caderno de creación” e “Caderno de crítica”.

Fernández Ferreiro, Xosé, *De Xente Nova a Brais Pinto. Memorias dun afiador rebelde*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica. Memoria, febreiro 2012, 172 pp. (ISBN: 978-84-9914-347-7).

Comézase indicando que este texto de Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, Ourense, 1931) foi escrito orixinariamente para ser lido nunha homenaxe que o Pen Clube de Galicia lle tributou ao propio Xosé Fernández Ferreiro en novembro de 2009, e posteriormente ampliado para ser publicado en libro. Neste texto, datado na Coruña en 2010, Xosé Fernández Ferreiro describe as súas experiencias vitais en Ourense, en Santiago de Compostela e dos dez anos que pasou en Madrid; tamén a súa relación con tres grandes mestres ourensáns: Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino L. Cuevillas, e mais o nacemento, na década dos anos cincuenta do século pasado, primeiro, do grupo Xente Nova, en Ourense, e despois, de Brais Pinto, en Madrid. Detalla a súa amizade con Víctor Campio, con X. L. Méndez Ferrín e mais con Manuel Álvarez Torneiro, persoas ás que fai numerosas referencias neste volume. Nun primeiro momento, fala da fundación, en Ourense e durante a posguerra, do grupo literario “Xente Nova” con Víctor Campio para despois se centrar na súa propia visión do grupo “Brais Pinto”. Para isto, Xosé F. Ferreiro describe as súa experiencias persoais cos integrantes de “Brais Pinto” e asemade con Luis García Blasco, Uxío Novoneyra, Xavier Costa Clavell e Ben-Cho-Shey. Tamén se detén nos seus traballos e colaboracións nos xornais *ABC*, *Pueblo*, *Arriba*, *Ya*, *Faro de Vigo*, *La Noche* e *La Voz de Galicia*. Unha parte importante deste libro está centrada na historia do grupo “Brais Pinto” dende a súa fundación en Madrid na primavera de 1958. Indica que foron oito os seus fundadores: X. L. Méndez Ferrín, Reimundo Patiño Mancebo, César Arias Rodríguez, Ramón Lorenzo, Bernardino Graña, Bautista Álvarez e mais o propio Xosé Fernández Ferreiro, xunto con Xosé Alberte Blanco Losada, este último o único que “fuxiu” e rematou traballando no “goberno de Franco”. Comenta os actos de rebeldía contra Manuel Fraga e contra os dirixentes do Centro Galego de Madrid, fala das dúas sedes do grupo Brais Pinto en Madrid (no Centro Galego de Madrid até 1962 e posteriormente na casa de César Arias), así como das publicacións do grupo Brais Pinto. Indica que entre 1958 e 1962 publicaron cinco poemarios e que na segunda etapa do grupo (cando Xosé Fernández Ferreiro xa non estaba en Madrid) editaron algo máis de media ducia de títulos. Finalmente, detense na súa relación con Ramón Cabanillas, con Manuel Álvarez, Torneiro, con quen foi redactor de *La Voz de Galicia*, e no seu traballo en Suevia Films. O libro conta con numeroso apoio fotográfico centrado na figura de Xosé Fernández Ferreiro e do grupo Brais Pinto.

Recensións:

- Armando Requeixo, " Memorias de Xosé Fernández Ferreiro", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 714, "Letras atlánticas", "Libros"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 714, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", 4 marzo 2012, p. 32.

Dá conta da escasa presenza do xénero memorialístico na literatura galega e do notábel aumento experimentado nos últimos anos para, a continuación, centrarse na obra en cuestión. Sinala que está asinada por Xosé Fernández Ferreiro e que se trata dunha ampliación da conferencia que este preparou para o acto de homenaxe que o Pen Clube de Galicia lle tributou en Santo Estevo de Ribas de Sil. A continuación, repara na estrutura da obra e, logo de brindar unhas pinceladas sobre o seu contido, debulla a detallada información que o libro achega sobre o grupo literario Xente Nova en Ourense e sobre o grupo Brais Pinto en Madrid. Advirte que o volume non só é de grande interese polos datos que se ofrecen sobre ambos os dous grupos senón tamén pola documentación sobre a biografía dos escritores e o "acabado retrato sociolóxico, xeracional e aínda epocal que reflicte", do que refire numerosos exemplos. Fai fincapé na narración dinámica e non convencional desta memoria e na morea de ensinanzas que se poden extraer dela.

- Dolores Vilavedra, "De memoria e memorias", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 marzo 2012, p. 10.

Repasa varias publicacións que viron a luz en 2012 e con respecto a esta que agora nos ocupa lamenta que proliferen as anécdotas insubstanciais e as hipóteses infundadas. Critica tamén a falta de pulo histórico, pero sinala que estas memorias poden ser lidas como metáfora da Galicia da segunda metade do século XX.

- Alfredo Iglesias Diéguez, "Un afiador rebelde", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 22 marzo 2012, p.VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 361, "Letras galegas", 31 marzo 2012, p. 6.

Comeza sinalando que o espazo vangardista, do que Xosé Fernández Ferreiro é "un dos seus promotores", é moi coñecido grazas a súa presenza nos manuais de literatura galega e nas enciclopedias. Non obstante, sinala que *De Xente Nova a Brais Pinto. Memorias dun afiador rebelde* se presenta como "unha necesaria obra memorialística", posto que nela se atopan "numerosas circunstancias de interese" sobre un tema do que parecía estar todo dito. Apunta que a obra parte dunha conferencia pronunciada polo autor nun acto de homenaxe que organizou o Pen Club en 2009. Enumera unha ampla listaxe dos aspectos máis relevantes relatados acerca do grupo Brais Pinto, dende a elección do nome do grupo até a incorporación de novos membros ás filas iniciais, da que o propio autor foi fundador xunto a outros seis persoeiros. De seguido, destaca o "acaído retrato sociolóxico" que se realiza dese grupo xeracional e que permite coñecer a vangarda cultural e política de Galicia na época franquista. Finalmente, repara na incorporación doutros episodios de grande interese histórico e de múltiples lembranzas da intrahistoria dunha historia coñecida.

- Xosé M. Salgado, "Xosé Fernández Ferreiro: *De Xente Nova a Brais Pinto. Memorias dun afiador rebelde*. Edicións Xerais, Vigo, col. Crónica, 2012", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 90, tomo II, ano XXIII, "Publicacións", abril-maio-xuño 2012, pp. 83-97.

Descríbese a estrutura deste volume emprestando especial atención ao contido temático de cada sección e conclúese cunha mención á novela de Méndez Ferrín, *No ventre do silencio* (1999).

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 359, "Letras galegas", 17 marzo 2012, p. 7.

Nesta sección fixa descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que dá conta das experiencias vitais do autor ao redor dos grupos Xente Nova e Brais Pinto. Tamén se describen *Diario de inverno* (2012), de Paul Auster; *A Illa do Tesouro* (2012), de Robert Louis Stevenson e *Hotel Cidade Sur* (2012), de Xerardo Quintiá.

- Concha Pino, "Son un romántico de aldea, un solitario", *Tempos Novos*, n.º 182, "Entreculturas", "Entrevista", xullo 2012, pp. 64-69.

Acóllese unha entrevista centrada nas cuestións do grupo Brais Pinto en Madrid xunto á relevancia que acadaría co devir do tempo, a súa vocación literaria e xornalística, a estrutura e contidos da súa crónica, a amizade con Vicente Risco, o seu labor no eido cinematográfico por medio de Suevia Films, o seu exitoso volume *Agosto do 36* (1991) e o seu ingreso na Real Academia Galega como substituto de Francisco Fernández del Riego.

Fernández Paz, Agustín, *O rastro que deixamos*, ed. Isabel Soto, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica. Memoria, outubro 2012, 239 pp. (ISBN: 978-84-9914-449-8).

Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947) recolle parte das súas memorias existenciais e do seu exercicio de escritor en *O rastro que deixamos*. Os traballos escolmados están datados entre 1994 e o ano 2011, e case todos eles, agás o titulado "O cesto do Beti", xa foran publicados ou presentados en medios e foros do máis diverso, aínda que na súa práctica totalidade se retocaron para a ocasión. No primeiro dos bloques, "As paisaxes da memoria", Fernández Paz regresa á patria da infancia e refírese ás vivencias da escola, aos xogos no Campo da Feira, ao recoñecemento de Álvaro Cunqueiro tras o boureo da Feira dos Capóns, ao trasfego de intercambio de cómics, ás inesquecíbeis proxeccións do Cine Villalbés, ás aprendizaxes do saber materno, á paixón pola lectura que seu pai lles inculcou con tanto entusiasmo aos fillos... Todos estes recordos enraizados na comunidade veciñal do barrio das Fontiñas e no propio núcleo familiar entrecrúzanse con outros que gurgullan no seu discurso de xubilación como docente, "Cambiar o mundo e cambiar a vida", no que incita a mocidade á necesaria rebeldía e enarbora o valor da literatura e das utopías. Malia ter avanzado algúns aspectos relacionados coa súa escrita, é no segundo bloque, "O oficio de escribir", onde se apoia nunha perspectiva reflexiva e se ampara nos seus autores e títulos de cabeceira para escudriñar na súa obra que, deliberadamente, decidiu encadrar no ámbito da literatura infantil e xuvenil. Esta práctica introspectiva compleméntase con outras consideracións sobre o libro e a lectura en Galicia. Cada un dos dous bloques

finaliza cun relato, nos que Fernández Paz retoma os fios da vida e da súa escrita para ficcionalizar cuestións previamente abordadas. Trátase de "Cando nacen as estrelas" e "Reflexións sobre a precariedade laboral". A modo de peche inclúese un "Final" que incorpora o texto "O tempo é coma o mar", que recolle a pretensión global do conxunto destas páxinas. Por último, a editora Isabel Soto, en "Apañando rastros", achega as claves para a mellor interpretación destes retallos da historia de Fernández Paz.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Agasallos da memoria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 437, "Libros", 6 decembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 389, 15 decembro 2012, p. 6.

Despois dunha serie de consideracións sobre o papel do crítico, sinala que *O rastro que deixamos* é un libro de natureza "híbrida". Apunta que a súa primeira parte é a máis engaiolante e que pode ser encadrada na literatura do eu, pois a prosa memorialística do escritor rememora sobre todo as súas vivencias de infancia e mocidade. Sinala que os seus textos se len co mesmo saibo dunha novela, xa que Fernández Paz adorna as súas acordanzas con vontade de estilo e coa claridade e naturalidade lingüística da súa obra de ficción. Explica que na segunda parte do libro, o autor achega un brazado de textos "ateigados de lucidez" e cuxa enfiada parte da lingua, a literatura, o oficio de escribir e a súa importancia. Engade que unhas pingas de ficción finalizan cada unha das partes, amosando a mestría narrativa de Fernández Paz.

- Ramón Nicolás, "Retallos de memoria e vida", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 496, "Letras en galego", 8 decembro 2012, p. 10.

Despois de referir os recoñecementos que acaba de recibir Agustín Fernández Paz, apunta que entende *O rastro que deixamos* como "un complemento, se se quere un chanzo máis nesa escaleira pola que o vilalbés vai subindo e deixando un rastro de afectos e devocións persoais e literarias". Considera que o persoal e literario se amalgaman baixo unha innegábel vontade literaria, que se plasma nunha prosa diáfana e transparente, que converte a lectura nun acto gozoso e sedutor. Esmiúza os contidos das dúas partes desta última entrega de Fernández Paz, que loa, e considera unha fortuna escribir unhas liñas sobre el.

Referencias varias:

- A. Méndez, "Fenómenos como 'Harry Potter' non son malos se nas librerías non desprazan aos bos libros galegos", *Faro de Vigo*, "Vigo", 14 novembro 2012, p. 10.

Entrevista a Agustín Fernández Paz, na que, entre outros asuntos, confesa que recibir o *honoris causa* da Universidade de Vigo estaba por riba das súas expectativas e anuncia a aparición da obra *O rastro que deixamos*.

- Sara Vila, "Daríame rabia que me leran só porque o libro entra no exame", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 645, "Entrevista", 18 novembro 2013, pp. 4-5/ *El Progreso*, "Cultura", "Literatura", 21 novembro 2012, p. 63.

Nesta conversa, Agustín Fernández Paz salienta a honra que lle supón recibir o doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo e refírese a como xurdiu *O rastro que deixamos*, que presenta unha liña común biográfica, tanto na parte da memoria como na da escrita.

- Ana Baena, "Cando miro atrás vexo as miñas dúas grandes paixóns: a docencia e a ansia por escribir", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 24 novembro 2012, p. 14.

Fai unha breve referencia biobibliográfica de Agustín Fenández Paz, quen nesta entrevista esclarece que *O rastro que deixamos* é un "híbrido", xa que contén traballos publicados e outros inéditos, "polo que algo de memorialístico ten". Apunta que tamén é un ensaio sobre o oficio de escribir e inclúe dous relatos de ficción.

- Lourdes Varela, "A ambición de escribir a mellor novela sempre está aí", *Faro de Vigo*, "*Faro de Cultura*", n.º 437, "Entrevista", 6 decembro 2012, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 389, 15 decembro 2012, p. 7.

Nesta entrevista Agustín Fernández Paz explica como os lectores deben entender *O rastro que deixamos*, no que destaca a memoria da vida e a importancia da literatura nela, como lector e como escritor.

- C. P. R., "Piden que Fernández Paz sea hijo predilecto de Vilalba", *El Progreso*, "A Chaira", 8 decembro 2012, p. 19.

Alude á repercusión que tivo nas redes sociais a petición de que Agustín Fernández Paz sexa nomeado fillo predilecto da súa terra natal, Vilalba. Recolle parte dos comentarios que avalan esta proposta, ademais de facerse eco da presentación de *O rastro que deixamos* e de apuntar que o Instituto de Estudos Chairegos aproveita a presenza de Fernández Paz en Vilalba para facerlle entrega do diploma que o acredita como Socio de Honra desa sociedade.

- I .R. D., "El Iescha entrega el 14 su diploma de socio de honor al escritor Agustín Fernández Paz", *El Progreso*, "A Chaira", 10 decembro 2012, p. 16.

Anuncia que el escritor vilalbés Agustín Fernández Paz recibirá o diploma que o acredita como socio de honra do Iescha, na Casa da Cultura de Vilalba, no transcurso da presentación da obra *O rastro que deixamos*.

- VMR, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 14 decembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na Casa da Cultura de Vilalba.

- Cristina Arias, "Verbas chairegas para a terra", *El Progreso*, "A Chaira", 16 decembro 2012, p. 17.

Refírese á presentación de dúas obras de autores chairegos. En primeiro lugar, fala de *O rastro que deixamos*, de Agustín Fernández Paz, unha obra "conformada por textos escritos por azares e non autobiográfica", que recolle a memoria da infancia e da

mocidade, así como revela a súa paixón pola lectura e escrita e fai un repaso polo seu oficio como mestre. Sinala que Fernández Paz estaba moi ocupado en cambiar o mundo dende a escola, pero que "escribir foi unha bola de neve". Por outra arte, alude á presentación de *Lousada, un berce de lecer*, de José Mouriño Cuba, de quen se mencionan as súas publicacións.

- Jaureguizar, "Fernández Paz volve a casa polo Nadal", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 75/ "Fernández Paz volve bañarse nas augas do río Madalena", *El Progreso*, "Vivir", pp. 54-55, 30 decembro 2012.

Con motivo da publicación desta obra, acompaña por Vilalba a Agustín Fernández Paz, quen dá conta das mudanzas producidas nese lugar dende a súa infancia.Tamén se refire ao seu paso pola escola da vila e pola Universidade Laboral, así como á súa estancia en Barcelona, na que Miro Casavella lle foi anfitrión para coñecer unha cultura máis de vangarda. Refírese á súa vocación docente e á súa querenza polo cinema, así como recorda outros episodios relativos á súa experiencia vital (a descuberta do mar, a morte do pai...).

Fidalgo Santamariña, Xosé Antonio, *Polas rutas do polbo e dos polbeiros tradicionais en Ourense*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2012, 399 pp. (ISBN: 978-84-92554-62-1). ◆

Estudo de Xosé Antonio Fidalgo Santamariña (Sobrado dos Monxes, 1946-Ourense, 2011) sobre o tema do polbo centrándose na morfoloxía e bioloxía deste animal mariño así como na súa captura e nas artes tradicionais da súa pesca, almacenaxe, transporte e distribución e rematando coa súa preparación e venda en feiras e festas: marcas de pratos, receitoloxía do polbo, os polbeiros tradicionais, etc. Este volume está xebrado en dez capítulos que comezan cunha introdución institucional, cun prólogo, a cargo de Jesús Simal Gándara no que afirma que esta obra nos permite "saborear o polbo en todas a súas dimensións", e mais coa introdución "Métodos e contidos do estudos". A seguir veñen os dez capítulos nos que hai variadas referencias á literatura galega, nomeadamente á figura de Álvaro Cunqueiro, se ben o capítulo VII, que leva por título "O polbo e o mundo imaxinario", se centra na presenza do polbo na literatura culta e popular. Nel afírmase que está presente na literatura universal como en *Vinte mil leguas baixo dos mares* ou *A Odisea* así como en escritores galegos como Álvaro Cunqueiro con *Fábulas y leyendas de la mar* (1983) ou Manuel María con *Cantigueiro do Orcellón* (1984) e finalmente apunta que tamén existen relatos lendarios e míticos, refráns, ditos populares e alcumes centrados neste cefalópodo. O derradeiro capítulo, "Bibliografía e fontes documentais e testemuños orais", detalla as fontes documentais, a bibliografía citada, as fontes orais (relación de informantes) e mais a relación de cadros e táboas deste estudo sobre o polbo.

Fraga Sánchez, Xesús (ed.), *Carlos Casares en La Voz de Galicia*, introd. Kristina Berg Casares, presentación do editor, A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega, 2012, 96 pp. (ISBN: 978-84-9757-272-9).

Volume que acolle unha escolma das columnas publicadas por Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941-Vigo, 2002) na súa sección "Á marxe" en *La Voz de Galicia* para

conmemorar os dez anos do seu pasamento. Van precedidos da introdución "Á marxe. Unha introdución persoal" (pp. 5-7), asinada pola súa viúva, Kristina Berg (Halmstad, 1948-Vigo, 2012), na que explica as variacións que tivo esa sección no transcurso do tempo, o proceso de creación e a veracidade das anécdotas recollidas nela, incluíndo un exemplo do que podía pensarse que era unha invención casariana; e da presentación do editor do volume, "A maxia do contar o cotián" (pp. 8-11), onde lembra que Casares aprendeu do seu avó e da súa avoa algúns dos trazos do seu xeito de contar historias; salienta a influencia de Miguel Torga, Albert Camus, Josep Pla e Vicente Risco nas súas columnas, das que refire a diversa procedencia dos materiais cotiáns dos que partía Casares e o pouso que lograba deixar nos lectores coas súas reflexións; apunta que estas columnas "aspiran a ser (e son) contos que manteñen intacta a súa capacidade de fascinación" (p. 10); afirma que seguen a lucir "aínda como a faísca que prende na imaxinación de quen a le" (p. 10); e remata indicando que a selección se compón de cincuenta e nove das columnas casarianas, sen repetir as escolmadas en *100 artigos* (2004), excepto *Carta aberta a un político galego*, que merecera o Premio Fernández Latorre no ano 1983. A seguir reprodúcense as columnas, que se organizan ao redor dos seguintes marbetes: "Onde o mundo se chama Xinzo" (pp. 12-19), "A infancia" (pp. 20-27), "Galicia: cultura, paisaxe, proxecto" (pp. 28-37), "Lecturas e faladoiros" (pp. 38-45), "O encontro con Suecia" (pp. 46-53), "Casares viaxeiro" (pp. 54-61); "Mesa e mantel" (pp. 62-69), "Artigos que son contos" (pp. 70-77), "Vidas estrañas" (pp. 78-85) e "O gato «Samuel» e outros animais" (pp. 86-93). Cada grupo de columnas vai encabezado por citas de Casares e por ilustracións de destacados artistas plásticos galegos. Péchase a escolma cun epílogo de Xosé Luís Barreiro Rivas, "O derradeiro eco de Vicente Risco" (pp. 94-96), no que refire que "sempre me estrañou que a literatura xornalística de Carlos Casares –de excelente feitura e envexábel delicadeza– fora concibida como un fin en si mesma, ou como unha especia de belísimo enredo que para min entraba naquela categoría de «luxo cultural» que descrita e criticada con forza inigualábel por Gabriel Celaya, enchera os escenarios da protesta da miña xuventude co canto monódico de Paco Ibáñez" (p. 95) e lembra que consideraba que no seu labor xornalístico Casares renunciara "de forma expresa e consciente a utilizar a literatura como unha ferramenta de acción social e política, para quedarse só coa condición de adorno estético que adoza e adorna o que xa está construído" (p. 95), algo que lle chegou a preguntar ao propio Casares e ao que el lle respondeu: "Eu non traballo, coma ti, nos eidos do poder. Eu só fabrico culturas e identidades para que os políticos lles deades formas e forza. E sentiríame ledo e satisfeito se, lonxe de terme por un líder, me vises como o derradeiro eco de Vicente Risco" (p. 96).

Franco, Camilo, *Dez obras na vida de Roberto Vidal Bolaño*, Cesuras: Biblos Clube de Lectores, 2012, 142 pp. (ISBN: 978-84-15086-30-7).

Monografía de Camilo Franco (Ourense, 1963) sobre a biobibliografía de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002), estruturado en doce capítulos. O primeiro, "Os anos revoltos", céntrase na vida e, sobre todo, na obra de Roberto Vidal Bolaño, realizando un percorrido polo seu traballo no eido teatral galego. No segundo capítulo, "Aproximación a dez obras de Roberto Vidal Bolaño", enuméranse as obras que se analizan nos vindeiros capítulos, intitulados igual ca as pezas dramáticas respectivas: "Bailadela da morte ditosa", "Agasallo de sombras", "Saxo Tenor", "Días sen gloria", "As actas escuras", "Doentes", "Anxeliños!", "Rastros", "Criaturas" e "Animaliños". En cada caso indícanse os premios recibidos, as postas en escena

(compañía, dirección, elenco), as publicacións dos textos, os traballos relacionados (como banda deseñada adaptada a partires do texto orixinal), o argumento, os personaxes, e un comentario da obra en relación co seu contexto, coa situación da literatura dramática e coa traxectoria de Roberto Vidal Bolaño.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Na obra de Vidal Bolaño hai un retrato do país", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 decembro 2012, p. 30.

Indica que esta obra, centrada en Roberto Vidal Bolaño, se presentou como peche do Culturgal.

García Negro, Pilar, *Outramente*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2012, 123 pp. (ISBN: 978-84-8487-223-8).

Esta recompilación de artigos de Pilar García Negro (Lugo, 1953) ábrese con dous textos contextualizadores. O primeiro, "Modelo de referencia", é da autoría de José Luis Gómez, director fundador de *Xornal de Galicia*, e nel refírese á presenza das mulleres nos medios de comunicación galegos e aos temas máis recorrentes tratados pola autora nas páxinas do citado xornal, como a defensa da lingua galega ante certos xiros da política lingüística contemporánea. A continuación, a propia Pilar García Negro explica que en "Outramente…" quixo recoller máis de medio cento de artigos publicados entre outubro de 2009 e agosto de 2011 en *Xornal de Galicia*, tentando dar outra visión sobre a realidade informativa; lamenta a desaparición do xornal e proclama a necesidade de debate. A continuación, sucédense 54 artigos. O primeiro dos recollidos, "A nena que berra", obtivo o V Premio para artigos normalizadores da lingua galega do Concello de Carballo en 2009, e presenta a estrutura dalgúns dos artigos da autora: repara nunha viñeta –neste caso, de Bagarría– e transcende o significado do alí exposto até interpretar variados aspectos da realidade lingüística galega actual: dialectalización, xustiza ecolingüística, autoestima, limitación de ámbitos ou funcións, etc. Noutros casos, como en "Historia de dous Eduardos" ou "A normalidade da autoestima", a anécdota ou os exemplos dos que a autora parte son próximos á súa biografía. Existe algún exemplo de artigo a modo de réplica, como a realizada a Henrique Monteagudo após o seu artigo do 18 de decembro de 2010 no mesmo xornal. Rosalía de Castro, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Manuel María, Ricardo Carvalho Calero, Miguel Delibes, unha homenaxe á cantante Uxía Senlle, o acto da Real Academia Galega dedicado a Uxío Novoneyra, polémicas declaracións de persoas do ámbito político (como Rosa Díaz), diferentes achegas analíticas ao "Decreto do Plurilingüismo", puntualizacións léxicas ou apreciacións sobre as necesidades do nacionalismo ou a cultura centran estas pílulas. A ironía, o recurso ás negras e ás cursivas, os xogos de palabras, o punteado rítmico con interrogacións retóricas ou a proverbialidade dalgúns peches conviven co esquematismo de certas enumeracións –como o empregado ao analizar e subliñar conclusións dalgúns dos debates da TVG– configuran unha voz coherente e recoñecíbel, atenta ao estilo, atrevida. Péchase o volume cun "Epílogo" de María M. Val, que presenta, tomando as palabras da propia autora, o seu exercicio como unha "mínima autoestima colectiva necesaria", incidindo na súa capacidade para avivar o diálogo e no carácter cohesivo da proposta.

Recensións:

- Vicente Araguas, "O peso da intelixencia", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 734, "Página Literaria", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 734, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 734, "Páxina literaria", p. 30, 22 xullo 2012.

Explica que esta recompilación de artigos de prensa de Pilar García Negro "colle polos cornos" á realidade política e social vivida en Galicia entre o 31 de maio de 2009 e o 2 de agosto de 2011.

- Laura Blanco Casás, "Compromiso e respecto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 437, "Libros", 6 decembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 389, "Letras Galegas", 13 decembro 2012, p. 6.

Coida que os artigos de opinión deste libro presentan tres liñas principais: a defensa da lingua galega e mais das mulleres, así como a condena dos actos realizados polo goberno da Xunta.

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 7 xuño 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na galería Sargadelos de Lugo.

- Jaureguizar, "Pilar García Negro defende Galicia como referente para informar", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 8 xuño 2012, p. 68.

Faise eco da presentación desta obra na galería Sargadelos de Lugo.

Gurriarán, Ricardo (coord.), *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*, pról. Ramón Villares, introd. Ricardo Gurriarán, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, abril 2012, 172 pp. (ISBN: 978-84-92923-33-5). ◆

Este volume é o catálogo da exposición "Un canto e unha luz na noite: Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)" organizada polo Consello da Cultura Galega. Contén un abondoso apoio fotográfico nos seus diferentes artigos e péchase coa reprodución dos vinte e dous paneis da dita exposición. Comeza co texto "Un abrente da cultura", de Ramón Villares, onde se refire ao proceso de recuperación dos valores culturais do pobo galego que se deron nos anos sesenta do século XX así como á importancia da elaboración do catálogo desta mostra. Tamén conta cunha "Introdución", de Ricardo Gurriarán, na que subliña que esta exposición ten como obxecto pór en valor o papel que desempeñaron as asociacións culturais en Galicia durante os últimos quince anos da ditadura franquista (1961-1975) e subliña que para a súa elaboración se recolleron máis de vinte mil documentos. Conta cos seguintes artigos:

- Manuel Caamaño Suárez, “O movemento asociativo galeguista no franquismo”, pp. 17-21.

Comenta que as novas xeracións na Galicia da posguerra, axudadas polo galeguismo histórico, crearon e desenvolveron as plataformas das agrupacións culturais que entre 1960 e 1975 tiveron un grande impacto na galeguización da sociedade galega. Para isto detense nas principais asociacións, como a Agrupación Cultural O Galo, en Santiago de Compostela, ou a Agrupación Cultural Auriense, en Ourense, na década dos sesenta, e xa nos setenta, cos Cigurros na Rúa de Valdeorras ou Avantar no Carballiño.

- Antón Santamarina, “O Galo, 1961”, pp. 22-29.

Repasa os comezos da actividade da Asociación Cultural O Galo, en Santiago de Compostela, e destaca que xurdiu nunha época aínda difícil da historia da comunidade. Detense na actividade teatral arredor do Facho, nas clases de galego que impartían ou nos seus seminarios sobre algún tema específico da cultura galega.

- Henrique Harguindey Banet, “Acender un facho”, pp. 30-33.

Detalla as súas experiencias nos anos sesenta na casa do seu avó na Coruña, onde puido ler a revista *Nós*, o teatro de Armando Cotarelo Valledor, a teoría política de Vicente Risco ou os debuxos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e como participou nos comezos da Agrupación Cultural O Facho.

- Manuel Lourenzo, “Desembarco”, pp. 34-37.

Describe como se iniciou no ambiente cultural galego na cidade da Coruña, nomeadamente no ámbito teatral, e refírese á estrea, en 1959, do *Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro no Teatro Colón da Coruña.

- Miguel Anxo Seixas Seoane, “Galicia fóra de Galicia: 1950-1975”, pp. 38-45.

Comenta que a colectividade galega de fóra de Galicia estaba inicialmente composta polos emigrantes en América, aos que se lle sumaron os exiliados. A seguir, céntrase na actividade en Arxentina, Uruguay, Chile, México e en Europa. Sobre Arxentina fala das representacións de obras teatrais galegas (como as de Eduardo Blanco Amor), das reedicións de libros en galego, das publicacións de novos libros (de Lorenzo Varela, Antonio Alonso Ríos, Eduardo Blanco Amor, Emilio Pita, etc.), dos diferentes premios (como o Castelao, o Valle-Inclán ou o Eduardo Pondal) e, sobre Europa, debulla a actividade en París, Londres, Portugal ou Suíza.

- María Dolores Villanueva Gesteira, “Asociacionismo cultural para reconstruír un país (1961-1975)”, pp. 46-53.

Esmiúza os vimbios do asociacionismo como peza fundamental na recuperación lingüística e cultural identitaria e o polifacetismo das actividades que poñían en marcha. Indica que estas asociacións se centraron en organizar cursos, conferencias, actividades lúdicas, e pretendían dinamizar a sociedade galega e asemade facer visíbeis os problemas reais de Galicia, así como a importancia de construíla tendo en conta a lingua

galega. Tamén fala da segunda andaina da revista *Grial*, do teatro en Ribadavia ou do grupo Voces Ceibes.

- Camilo Nogueira, "Da asociación cultural de Vigo", pp. 54-57.

Comenta que o xurdimento da Asociación Cultural de Vigo está inserida no espertar da consciencia nacional de Galicia no tempo da ditadura e rememora a súa participación nos inicios desta asociación. Indica que realizaron conferencias sobre cuestións económicas, políticas ou culturais e que se impartían clases de galego.

- Agustín Rodríguez Caamaño, "A loita polo rescate da cultura galega en Pontevedra", pp. 58-65.

Describe o dificultoso percorrido para asentar o asociacionismo ao comezo dos anos sesenta do século XX en Galicia e particularmente na cidade de Pontevedra. Detense no nacemento do cineclubismo galego en 1954, nas corais e nas asociacións culturais e tamén se refire ao grupo Brais Pinto e á celebración do primeiro Día das Letras Galegas.

- Afonso Vázquez-Monxardín "Aqueles anos do asociacionismo cultural", pp. 66-75.

Describe a historia das entidades societarias recreativas e culturais tradicionais na cidade Ourense, así como na súa provincia: cine, cineblubs (Miño e Padre Feijoo), teatro (coa Agrupación Teatral Valle Inclán ou o grupo Histrión 70 en Ourense e a Agrupación Cultural Abrente en Ribadavia), os grupos musicais e folclóricos, o movemento feminista, o movemento sociocultural, onde se centra na Agrupación Cultural Auriense, no Ateneo e, finalmente, na inauguración, no tardofranquismo, da Casa da Xuventude de Ourense.

- Xesús Alonso Montero, "Asociacionismo na cidade de Lugo: a tertulia do café Méndez Núñez (1960-1969)", pp. 76-85.

Penetra nos interiores dos parladoiros do café Méndez Núñez de Lugo, así como no asociacionismo local e nas súas realizacións culturais. Detalla os vinte e cinco integrantes da "peña" no ano 1960 (entre os que están Xesús Alonso Montero, Celestino Fernández de la Vega, Ánxel Fole, Avelino Pousa Antelo) xunto con outros que residían fóra de Lugo (Uxío Novoneyra, Ramón Piñeiro, Fermín Penzol, Domingo Carballo, Daniel Cortezón ou Tino Grandío). Tamén se refire ás súas actividades, como a mostra bibliográfica no salón rexio do Círculo das Artes: "Cen anos de literatura galega (1863-1963)", realizada en decembro de 1963, ou á homenaxe a Aníbal Otero en 1966.

- Antón Costa Rico, "O asociacionismo estudantil galego fóra de Compostela", pp. 86-89.

Describe que o asociacionismo de estudantes galegos tamén tivo presenza fóra de Galicia, nomeadamente en Salamanca coa súa Universidade Pontificia, e noutros lugares como en Madrid, en Barcelona, en Roma ou en Valladolid.

- Xosé C. Sierra Rodríguez "Lembranza de Abrente", pp. 90-95.

Realiza un percorrido polas orixes da Agrupación Cultural Abrente, dentro do puxante e dinámico movemento asociativo-cultural das cidades galegas daquela altura, e a seguir comenta que esta agrupación cultural convocou aos sectores máis dinámicos da mocidade ribadaviense. Tamén se detén no comezo das Mostras de teatro, na creación do Colexio Universitario de Ourense e mais no fenómeno cultural máis relevante de cantos promoveu Abrente: as Mostras de Teatro de Ribadavia e o Concurso de Textos Teatrais, entre 1973 e 1980.

- Elias J. Torres Feijó, "O problema da definição da cultura (nacional) galega, a legitimação dos seus componentes e o papel da língua durante a ditadura franquista: um mínimo contributo", pp. 96-103.

Detalla que o réxime franquista elaborou unha concepción de cultura popular galega como cultura baixa e recalca que se cualificou como cultura local, rexional e menor fronte á cultura dominante e superior: a española. Céntrase nos ataques á lingua galega e subliña o traballo feito por algunhas asociacións galegas para lexitimar elementos considerados culturalmente galegos e galeguizar outros produtos que tradicionalmente eran de expresión en lingua española.

- José-Martinho Montero Santalha, "O processo de incorporação do galego à liturgia", pp. 104-115.

Fala da lingua litúrxica en Galicia dende a Baixa Idade Media, sobre o Concilio Vaticano II e a súa aplicación nesta comunidade e mais da actividade do grupo de Roma "Os Irmandiños" a prol da lingua galega.

- Euloxio R. Ruibal, "Asociacionismo e teatro en Galicia", pp. 116-123.

Repasa a historia do teatro galego dende a estrea de *Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, de Álvaro Cunqueiro, en 1959, e resalta a potenciación da escrita de textos dramáticos en galego nesta altura. Subliña que o acontecemento de meirande transcendencia para o teatro galego foi o que propiciou a Agrupación Cultural Abrente de Ribadavia ao convocar en 1973 a primeira Mostra de Teatro en Galego e mais o primeiro concurso de obras teatrais. Finalmente comenta que outro feito capital foi que a Editorial Galaxia comezou a publicar textos teatrais en galego.

- Manuel F. Rodríguez, "Radio en galego: 1960-1975", pp. 124-131.

Indica que o idioma galego nunca tivo unha relación fácil e fluída coa radiodifusión. Informa da presenza do galego nas emisoras de radio entre 1960 e 1975 e repasa a presenza da radio nas principais cidades de Galicia. Comenta que dende primeiros dos cincuenta tamén hai algúns programas máis ou menos estábeis en galego en países de América, dirixidos á nosa emigración, e mais que a emisión máis antiga foi *Aló Galicia*, feita en Radio París polo catedrático de Literatura exiliado Xesús Nieto Pena entre 1954 e 1964.

- Luís Álvarez Pousa, "Aquel Ourense de cine", pp. 130-139.

Comeza facendo referencia a como o semanario satírico francés *Le Canard Enchaîné* fixera explícito un desfalco que existía na Caja Provincial de Ourense para despois

realizar un detallado artigo sobre a cinefilia ourensá e a súa relación coa contorna cultural da Cidade das Burgas. Fala do movemento de contestación existente en Ourense, do escenario asembleario de Bemposta e do cura Silva, ou da Asociación Cultural Auriense e céntrase a seguir no cinema en Ourense como fermento cívico e cultural.

- Eduardo Gutiérrez, "Retallos dun activismo cultural", pp. 140-143.

Céntrase en que as agrupacións culturais durante a ditadura realizaron un extraordinario labor humanístico e fala da historia da Agrupación Cultural Francisco Lanza de Ribadeo.

- Xosé María García Palmeiro, "Os medios de comunicación nunha década pioneira", pp. 144-147.

Trata das dificultades dos medios de comunicación na ditadura e das relacións destes coas asociacións culturais e recalca que as pioneiras asociacións culturais creadas en cidades e vilas galegas na década dos sesenta do século pasado serviron de núcleo aglutinante de xente disposta a coñecer e propagar a realidade e os valores culturais galegos.

Recensións:

- Víctor Manuel Santidrián Arias, "Un valioso labor de documentación", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 97-98.

Indícase que o volume é "máis ca o catálogo da mostra" e que se achega ao asociacionismo galego entre 1961 e 1975. Saliéntase o "valioso labor de recompilación de documentación" e o carácter polifacético dos autores das diferentes colaboracións (historiadores, filólogos, xornalistas etc). A seguir, faise unha breve relación dos autores e dos temas tratados nos diferentes artigos.

Lamas, Santiago, *Fisterras atlánticas. Lecturas dende o cabo do mundo*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, n.º 70, 2 maio 2012, 310 pp. (ISBN: 978-84-9865-433-2).

Monográfico sobre a construción e a identidade nacional de Santiago Lamas (Pontevedra, 1944) dedicado a A. M. D-L. Estrutúrase en cinco capítulos sen numerar, nos que atende ás nacións atlánticas que carecen de Estado propio dende diferentes ámbitos do coñecemento: Historia, Antropoloxía, Xenética, Xeografía… En relación con Galicia, destaca a súa correspondencia coas características dunha nación sen Estado cuxas xentes foron vítimas de invasións e maltrato externo ao longo do tempo. Salienta a presenza da literatura galega en varias citas que encabezan algúns dos capítulos (Castelao no segundo capítulo, e Uxío Novoneyra no segundo e no quinto), principalmente no cuarto capítulo ("Detectives: Galicia negra", en que se fai un percorrido pola historia do xénero policial, sempre en relación coa sociedade, con referencias a diferentes obras e autores de distinta procedencia xeográfica e analizando

con detalle o caso galego), e así mesmo no derradeiro capítulo, "Bibliografía", onde figuran obras literarias en galego.

Recensións:

- Camilo Franco, "Identidades, himnos, bandeiras e novelas negras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 470, "Letras en galego", 9 xuño 2012, p. 10.

Como punto de inicio reproduce unha serie de interrogantes sobre a identidade, para así adentrarse na análise deste volume de Santiago Lamas. Salienta o proceso de recapitulación de datos que o autor fai antes de iniciar a explicación das identidades atlánticas e da orixe do nacionalismo. Apunta así mesmo o tratamento basicamente histórico e non político que Lamas brinda aos nacionalismos, tentando explicalos "desde as súas orixes pero tamén desde os seus símbolos", así como o didactismo que marca a exposición do ensaísta sobre as bandeiras e os himnos como vía de explicación dos países máis que como medio de representación destes. Finalmente, sinala a elección da literatura, en concreto da novela negra, como indicador empregado en *Fisterras atlánticas* para "repetir ese modelo de análise que vai do xeral ao particular".

- Armando Requeixo, "Dende o cabo do mundo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 28 xuño 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 374, "Letras galegas", 30 xuño 2012, p. 6.

Logo de considerar que "deitar unha ollada diferente" é o gran mérito de Santiago Lamas, fai un percorrido pola traxectoria ensaística do autor. Apunta que *Fisterras atlánticas* é un "volume misceláneo", que continúa nesa "liña de ensaísmo interdisciplinar" e cuxo tema central volve ser a identidade, sexa colectiva ou individual. A través da alusión a varios aspectos que marcan a abordaxe do identitario nesta obra, ponse de manifesto a importancia que o autor outorga ás chamadas nacións celtas. A modo de peche refírese a Santiago Lamas como "caudaloso nas lecturas das que bebe, ameno na exposición das súas teses e, sobre todo, suxestivo por alternativo en moitos dos seus posicionamentos".

- Alfonso Mato, "A mirada curiosa dun lector impenitente", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 97-98.

Apúntanse uns datos biobibliográficos do ensaísta e coméntanse os catro ensaios que recolle, dos que achega cadansúas temáticas.

Referencias varias:

- Manuel Rivas, "A nación 'tabernícola", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Episodios galegos", 22 xuño 2012, p. 8.

Refírese á última obra de Santiago Lamas, *Fisterras atlánticas*, como un texto que non ten perda e no que se fala moito de poetas e do seu papel histórico.

- Dolores Vilavedra, "Retorno a Britania e nazis a Vigo", *El País*, "*Galicia*", "Luces",

29 xuño 2012, p. 5.

Faise un repaso por numerosas obras publicadas recentemente en Galicia entre as que comenta este ensaio do que salienta a súa "fluidez non exenta dunha certa distancia humorística".

Lema, Carlos, *Indeterminacións*, Rianxo: Editorial Axóuxere, col. Polimnia, n.º 5, 2012, 111 pp. (ISBN: 978-84-939107-7-8).

Volume breve de ensaios asinados por Carlos Lema (San Sadurnino, 1958) onde o autor critica todo tipo de determinacións tomadas no tocante a arte. Ábrese cun índice seguido dunha nota do autor ("As indeterminacións da orde", pp. 7-10) na que explica que se dispón a criticar a novela como relato, o libro como institución do saber, a música como arte mesma e a vida como simple cumprimento do tempo. Infórmase así mesmo nesta nota que os ensaios que contén xa foron publicados entre os anos 2008 e 2010 en diversas publicacións como *Grial*, *Revista das Letras* e *Galicia Hoxe*. O primeiro intitúlase "Contra a novela. Hipóteses sobre a narración como sentido" (pp. 11-38) e nel o autor fai afirmacións como que o novelista é "un *paranoico* da escritura", centrándose despois nunha crítica da obra *Os libros arden mal* de Manuel Rivas. A segunda contribución é "O libro perfecto" (pp. 39-60), na que Lema reflexiona sobre o libro electrónico e o papel que este debe representar na sociedade actual, para el de gran relevancia. "Progreso musical" (pp. 61-86) contén unha reflexión crítica a partir da obra de Elliott Carter e nel o autor teoriza sobre sistema, forma e arte musical, empregando termos específicos do eido da música. Pecha a obra co ensaio "Instrucións... Tempo, traballo e suxeito nas ruínas do capitalismo" (pp. 87-111), un texto especial e que se distancia dos seus compañeiros de volume ao afirmar que "Deus e o home están mortos" e de que comeza unha nova era. En páxinas salteadas inclúense algunhas imaxes con referencias na última páxina.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Ensaios xenuínos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 434, "Libros", 15 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 386, "Letras Galegas", 24 novembro 2012, p. 7.

Comenta que os temas dos catro breves ensaios deste volume son o rexeitamento da novela, a semiótica do libro e dous centrados na música e que en conxunto conforman "verdadeiros textos de ensaio xenuíno".

Mariño Paz, Ramón (ed.), *Papés d'emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Ensaio&investigación, 2012, 570 pp. (ISBN: 978-84-92923-29-8). ◆

Obra de Ramón Mariño Paz (Valbargos, Noia, 1962) que se divide en tres grandes bloques ("Os primeiros pasos do xornalismo no contexto galego e español nos inicios da Idade Contemporánea", "Lingua e literatura galegas nos inicios da Idade

Contemporánea" e "Máis *papés*"). Con respecto aos traballos que son de interese para o *Informe*, dentro do primeiro bloque, "Os primeiros pasos do xornalismo no contexto galego e español nos inicios da Idade Contemporánea", recóllense as seguintes achegas: abre o volume un limiar de Ramón Mariño Paz que fai referencia á celebración en Santiago de Compostela en 2009 do Simposio de Lingua Galega e Comunicación nos inicios da Idade Contemporánea, así como a un volume anterior titulado *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*, como orixes do presente volume e unha colección de ensaios sobre a produción escrita en galego na Idade Contemporánea. Continúa cunha descrición dos catro puntos de vista que engloban os diferentes temas de todos eses ensaios, como son o Antigo Réxime, a historia contemporánea de Galicia, as ciencias da comunicación, a historia literaria e a lingüística, con Xosé Ramón Barreiro Fernández, Víctor F. Freixanes, Anxo Tarrío e o persoal investigador do Instituto da Lingua Galega. Resume, a seguir, os contidos dos ensaios que compoñen o volume. A estrutura vén conformada por tres bloques: "Os primeiros pasos do xornalismo no contexto galego e español nos inicios da Idade Contemporánea", "Lingua e literatura galegas nos inicios da Idade Contemporánea" e "Máis *papés*" Cinco son os ensaios englobados no primeiro bloque que interesan para este Informe:

- Xosé R. Barreiro Fernández, "Galicia entre dúas revolucións (1789-1808). Pensamento e cultura", pp. 19-48.

Trata sobre os manuscritos empregados pola sociedade galega entre 1789 e 1808 a través dunha serie de apartados que explican como Galicia chegou a ser un modelo de sociedade tradicional, a influencia da Ilustración galega, as súas orixes e relación coa política, a Universidade de Santiago de Compostela no século XVIII e a literatura clandestina.

- Xosé Ramón Pousa Estévez, "A sociedade de principios do século XIX como receptora da primeira prensa galega", pp. 89-105.

Traza un panorama da prensa decimonónica dende o punto de vista profesional, político e social.

- Rosa Aneiros Díaz e Xosé López García, "*A loita do púlpito contra o periódico*: a presenza de modalidades expresivas dialogadas nos textos galegos de inicios do século XIX", pp. 107-179.

Reflexiona sobre a prensa periódica en lingua galega no século XIX a partir das fórmulas dialogadas, os faladoiros e a opinión pública.

O segundo bloque, "Lingua e literatura galegas nos inicios da Idade Contemporánea", inclúe os seguintes artigos:

- Anxo Tarrío, "A literatura galega anterior ao Rexurdimento", pp. 183-212.

Estuda a evolución da literatura galega no período do prerrexurdimento incluíndo exemplos dalgunhas composicións poéticas e pinturas desa época.

- Rosario Álvarez, “Achegamento ao perfil lingüístico dos autores dos inicios da Idade Contemporánea”, pp. 213-259.

Analiza a variación lingüística presente en varios autores de comezos da Idade Contemporánea a partires de varias seccións.

- Ernesto Xosé González Seoane, “Notas sobre a funcionalidade do popularismo léxico nos textos galegos do Prerrexurdimento”, pp. 261-286.

Realiza un percorrido pola presenza da lingua galega en textos de inicios do século XIX, introducindo exemplos varios de textos en prosa e un anexo sobre a distribución neles de -ción/-zón.

- Carme Hermida Gulías, “Contribución a unha análise da *Parola de Cacheiras*”, pp. 287-316.

Analiza o texto homónimo procedente do fondo Barreiro Fernández-López Morán atendendo á figura do autor, a unha descrición sociolingüística, á caracterización lingüística global e ao aspecto grafemático.

- Ramón Mariño Paz, “Análise lingüística da obra en galego de Antonio Benito Fandiño”, pp. 317-384.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria literaria de Antonio Benito Fandiño tendo en conta a súa biografía lingüística, o contexto sociolingüístico e cultural dos seus textos, a análise de certos fenómenos lingüísticos presentes neles e inclúe un apéndice de cantigas e adaxios galegos na súa obra en castelán, outro sobre galeguismos léxicos ou morfolóxicos e, por último, fai referencia a *Diálogos de los estercoleros* (1807).

- Damián Suárez Vázquez, “Algunhas notas sobre vocabularios e outros traballos lingüísticos da época pregaleguista”, pp. 385-425.

Estuda a situación lingüística do galego durante o período pregaleguista a partir dunha análise do seu léxico, do léxico de falas gremiais, notas descritivas, reflexións lingüísticas de Francisco Valle Inclán e inclúe dous anexos; un do *Latín dos canteiros* de Luis Usoz y Río (1843) e outro consistente nunha carta do párroco Nicolás Bezares datada en 1843.

O terceiro bloque, “Máis *papés*”, acolle os seguintes traballos:

- Ramón Mariño Paz e Damián Suárez Vázquez, “Novos textos e primeiras edicións de textos do Prerrexurdimento ata o de agora esquecidos ou ignorados”, pp. 429-512.

Estuda algúns textos inéditos dende o prerrexurdimento até o presente, como “Contra o cóengo D. Andrés Gil Villaverde, provisor da curia de Santiago e opositor á doutoralía do cabido” (1807); “Un labrador que foi sarxento aos soldados do novo alistamento” (ca. 1808-1809); “O tío Tremenda” (1813); *O Tangueiro* (Manuel Pardo de Andrade, 12/3/1814); “Os servís e os liberás, ou sexa os odinotes e os constitucionás”; “Categorías de la parte físico-moral con relacion al hombre público, o sea anatomía de los miembros, que componen el Ayuntamiento constitucional de la Habana, en el

presente año de 1821"; "Nicomedes Pastor Díaz: fragmentos dun poema galego" (ca. 1826-1828); "Carta do cura de San Xoán de Esmelle" (1827); "Carta liberal de Xan de Santa María de todo o mundo" (2/8/1835); "Fisonomía natural y política de los procuradores en las Córtes de 1834, 1835 y 1836"; "Mingos Mariño: Carta dun galego" (16/7/1839); "Las funciones y el papel que hace Tirabeque, Fr. Gerundio 185" (8/10/1839); "Lo que mas llena la boca, Fr. Gerundio 286" (25/9/1840); "Antonio de la Iglesia: Cand'un home ten moitismas" (1840) e "¡Ay, Espiñeyra, Espiñeyra!" (1840); "Juan Manuel Pintos: Meu querido pai" (1842); "Un gallego apasionado de Doña Catalina Mas-Porcell" (1843); "Juan Montero Telinga: Rosa e Pascual" (19/5/1844); "Frases, proverbios e versos soltos"; "Conto" (6/6/1814); "Glorias e traballos particulares" (18/9/1840); "Revista Nacional" (17/3/1842); "Variedades" (19/3/1842); "A. Neira: Unha noite en Camariñas" (2/7/1843) e "Carta en castrapo do segador Antonio Salgueiro Pouciños e Fray Gerundio" (18/6/1839).

- Gonzalo Navaza, "Un texto inédito de 1827: *A carta do cura de Esmelle*", pp. 513-554.

Analiza o texto homónimo por medio de varias cuestións como o estado do manuscrito, a data de composición e as circunstancias, as súas estruturas compositivas e a edición e notas do texto, que reproduce.

- Xurxo Martínez González, "Carta dun liberal galego no voceiro do progresismo español", pp. 555-570.

Analiza o xornal *Eco del Comercio* do século XIX en canto ao contido, á cuestión lingüística e á posíbel autoría de Vicente Álvarez Miranda.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Novos 'papés", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 730, "Letras atlánticas", "Libros", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 730, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 33, 24 xuño 2012.

Tras sinalar que no 2008 saía do prelo *Papés d'emprenta condenada*, exhaustiva compilación da escrita galega entre 1797 e 1846, dá conta da aparición deste novo volume, que recolle unha serie de artigos que analizan a produción aparecida en galego nese período. A continuación, menciona que eses estudos foran adiantados como relatorios no simposio Lingua Galega e Comunicación nos inicios da Idade Contemporánea, que tivo lugar en Compostela en novembro do 2009, que o editor da obra foi o profesor Ramón Mariño Paz e que os traballos reunidos nela presentan unha análise, "dende a óptica do xornalismo, da literatura ou da lingüística", desa escrita miscelánea aparecida entre finais do XVIII e mediados do XIX. Neste senso, indica os distintos aspectos tratados nos artigos, destacando por novidoso o intitulado "Máis papés", que recompila textos que non foran descubertos había catro anos e que foron recuperados por Ramón Mariño Paz e Damián Suárez Vázquez, Gonzalo Navaza ou Xurxo Martínez González. Para rematar comenta a importancia fundamental desta obra para o coñecemento dunha etapa da historia escrita en galego.

- Xurxo Martínez González, "Prensa e lingua galega no romper do XIX", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 103-104.

Menciónase o carácter complementario deste volume con respecto ao anterior de *Papés d'emprenta condenada (I)* (2008), descríbense os contidos da presente recompilación a partir das súas temáticas.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, "Un volume desdí o histórico silencio do galego na escrita", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 7 xuño 212, p. 48.

Infórmase da presentación desta compilación en Santiago de Compostela e saliéntase que a tese de que a lingua galega non ten apenas produción escrita dende a Idade Media até o Rexurdimento literario, no século XIX, está a ser cuestionada e resituada por obras coma esta.

Mariño Paz, Ramón, Margarita **Sánchez Yáñez** e Damián **Suárez Vázquez**, *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*, A Coruña: Fundación Barrié, col. Biblioteca Filolóxica Galega. Instituto da Lingua Galega, 2012, 170 pp. (ISBN: 978-84-9752-068-3). ◆

Volume que reproduce e analiza un romance en galego e en castelán no que se relatan os acontecementos reais que tiveron lugar ao longo dunha travesía dende La Habana até Ferrol ao bordo da urca Santo Antón no ano 1777 e mais unha función relixiosa votiva na igrexa ferrolá de San Xiao nese mesmo ano. Estrutúrase en tres capítulos que se describen a seguir:

- Ramón Mariño Paz e Damián Suárez Vázquez, "Edición do texto", pp. 7-61.

Ramón Mariño Paz (Noia, 1962) e Damián Suárez Vázquez (Vigo, 1977) describen en nove apartados o achado desta peza manuscrita en Madrid no ano 2009 así como o contido e mais a datación deste romance. Asemade, analizan o caderniño manuscrito que contén este romance no Archivo Histórico Nacional de Madrid, as características dos seus posíbeis creadores, a persoa a quen pertenceu, o erudito pontevedrés Eugenio Reguera Pardiñas, e indican os criterios desta edición. Finalmente reproducen, coas correspondentes notas de edición, o texto desta composición de carácter satírico de 668 versos, así como a súa reprodución facsímile, e pechan cunha bibliografía.

- Margarita Sánchez Yáñez, "Estudo histórico", pp. 63-118.

Estudo histórico en catro bloques. O primeiro, titulado "A realidade histórica no contido do romance da urca Santo Antón", céntrase no seu autor e na cronoloxía deste poema, así como en diferentes aspectos desta viaxe: as embarcacións do convoi, os perigos do mar, o voto á Virxe, os documentos da viaxe, etc. O segundo, "Os personaxes e o contexto", analiza os diferentes personaxes que aparecen no texto. Os tres bloques finais detéñense nos documentos e comentarios referentes ao estado das obras da igrexa de

San Xiao, nas fontes de arquivo e finalmente nas fontes secundarias: bibliografía e mais webgrafía.

- Ramón Mariño Paz, "Estudo lingüístico", pp. 121-170.

Analiza as condutas lingüísticas observábeis neste poema narrativo, as motivacións para o emprego do idioma galego, así como os trazos definitorios da lingua galega utilizada: dende os usos gráficos até a fraseoloxía. Finaliza con dous anexos mais a bibliografía. No primeiro refire as publicacións impresas no século XVIII con textos en galego, mentres que no segundo dá conta dos manuscritos en galego dese mesmo século.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Algo menos escuros", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 748, "letras Atlánticas", 28 setembro 2012, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 748, 28 setembro 2012, p. 33.

Informa de que esta publicación recolle os oito versos dun romance nos que se relata a accidentada travesía dunha embarcación dende La Habana até Ferrol en 1777 e que vén incrementar os textos impresos en galego no século XVIII.

Referencias varias:

- M. J. Rico, "Tirando dos fios sabemos que o que conta o romance da urca de Santo Antón foi verdade", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 22 novembro 2012, p. 17.

Considera que esta publicación é un texto con gran valor lingüístico, xa que é un dos escasos documentos en galego dos séculos escuros.

- M. J. R., "Mariño: calquera texto galego do XVIII é importante para a historia da lingua", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 29 novembro 2012, p. 12.

Sinala que este estudo foi presentado por Margarita Sánchez, Ramón Mariño e Damián Suárez no campus de Ferrol.

Martínez González, Xurxo e Armando **Requeixo**, *Vida e obra de Manuel Leiras Pulpeiro. Antoloxía poética*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Clásicos en galego, outubro 2012, 132 pp. (ISBN: 978-84-9865-462-2).

Monografía de Xurxo Martínez González (Coia-Vigo, 1984) e Armando Requeixo (Mondoñedo, 1971) que contén unha antoloxía de poesía de Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854-1912) pertencente a *Cantares Gallegos* (1911) e outras composicións recollidas noutros volumes sobre o autor: *Obras completas* (1930), editado por Antón Villar Ponte, e *Obra completa* (1970), a cargo de X. L. Franco Grande. Iníciase a obra coa rúbrica e a fotografía do escritor mindoniense, ás que segue un estudo introdutorio, asinado por Xurxo Martínez González e Armando Requeixo. Nel faise un percorrido biobibliográfico de Leiras Pulpeiro, no que se alude aos seus primeiros anos de vida; á formación académica; á importancia de Mondoñedo, a súa vila

natal, como lugar de vivencias e de traballo (médico); ás súas ideas afíns ao republicanismo, ao federalismo e ao anticlericalismo, alén da súa actividade propiamente intelectual. Tamén se lle dedica espazo á influencia *post-mortem,* que axudou a manter na memoria o seu legado creativo. Ofrécese, nun segundo apartado, unha análise da súa obra, maiormente a poética, por ser esta a máis relevante. Trátase dunha caracterización xeral que repasa os textos conservados, as principais liñas temáticas e o seu estilo. Malia seguir fundamentalmente a outros traballos sobre a vida e a obra de Manuel Leiras Pulpeiro, esta publicación preséntase como un "xeito de volver traer á actualidade a escrita e actitude dun home exemplar" co fin de que siga espertando "crecente interese", alén do amosado con motivo da conmemoración do centenario da súa morte (1912-2012). Ademais da propia antoloxía, engádese ao final un breve "Glosario" de termos, elaborado polo propio Manuel Leiras Pulpeiro.

Referencias varias:

- Armando Requeixo, "O poeta que amou a Verdade e practicou o Ben", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 752, "letras Atlánticas", 11 novembro 2012, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 752, "letras Atlánticas", 25 novembro 2012, p. 37.

Fala da figura de Manuel Leiras Pulpeiro e dá conta da publicación desta obra, que inclúe unha antoloxía poética, e que está destinada a todos os públicos.

Moure, Teresa, *Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*, XI Premio Ramón Piñeiro, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, n.º 71, maio 2012, 125 pp. (ISBN: 978-84-9865-435-6). ■

Ensaio de Teresa Moure (Monforte de Lemos, 1969) que se abre cunha dedicatoria e unha explicación ao redor do título do traballo. O libro invita á reflexión complexa sobre a inclusión do termo feminino no discurso, aínda apuntando que este uso non está presente en todos os contornos sociais, e tendo como punto de partida os chamados "post-feminismos" (teoría e activismo *queer*), presentes con máis forza paralelamente ás reinvindicacións clásicas do feminismo. Deste xeito, aténdese ás posibilidades de feminizar o discurso, a transformación do mundo a través da linguaxe, mais sen abocar os xéneros á heteronormatividade. Componse de cinco apartados: "Se non é boi, vaca é", "Literatura galega, literatura Queer", "Contra mitos e tabús. En defensa da gama de grises", "Xénero e linguaxe: unha cuestión estancada" e "Racharmos co binarismo: o baleiro baixo os pés". Unha última epígrafe engade as referencias bibliográficas. En relación coa literatura atópase o capítulo "Literatura galega, literatura Queer", que se abre cun texto ficcional baixo a epígrafe "Dando voz a unha personaxe atormentada". Séguelle "Revisitando os clásicos", onde Moure fai alusión á etiqueta "literatura homosexual" para rematar substituíndoa pola de "literatura queer", que en palabras da autora é "máis produtiva para cuestionarmos que unha nova cápsula veña atrapar o que parecía unha liberación". A este suposto relativo á teoría da cultura e á teoría literaria ao redor do concepto "queer" aplicado a textos da literatura feita en galego, engádese neste senso outra etiqueta: "literatura maronda", para definir a literatura galega como "subversiva por definición", ao ser unha literatura fóra das categorías de xénero e que racha coa normalidade. Para rematar este capítulo, engade un exemplo de literatura *queer* en galego e fala da súa experiencia como creadora literaria dende a posición desta

teoría, como se ve nos personaxes con sexualidades disidentes das súas obras *Benquerida catástrofe* e *Unha primavera para Aldara.*

Recensións:

- Armando Requeixo, "Por 'queer' ler a Teresa Moure", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 735, "letras atlánticas", "Libros", 29 xullo 2012, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 635, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", 29 xullo 2012, p. 33.

Explica que neste libro se aborda a realidade xenérica dende as dimensións filosóficas, lingüísticas, sociais e literarias.

- Alfredo Iglesias Diéguez, "Un mundo 'queer", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 424, "Libros", 13 setembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 378, "Letras Galegas", 29 setembro 2012, p. 7.

Afirma que neste ensaio de Teresa Moure se nega calquera intento de clasificación dos seres humanos e mais que nel se nos ensina a pensar a linguaxe alén do binarismo home e muller.

- Olga Castro, "Queremos feminismo", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2012, p. 93.

Sinala que este ensaio de Teresa Moure sobre o feminismo *Queer* gañou o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2011. Indica que defende a Teoría *Queer* para a eliminación de etiquetas que conforman socialmente os xéneros e que se aplica ao caso galego no que respecta ao sistema literario e ás categorías lingüísticas (defendendo as formas que non marquen a distinción entre feminino e masculino).

Referencias varias:

- Montse González, "Liberar a palabra", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 20 xaneiro 2012, p. 10.

Coméntase que a deconstrución da linguaxe como artefacto de poder se sitúa no cerne desta obra e indícase que foi merecedora do Premio de Ensaio Ramón Piñeiro.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 20 xuño 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na Libraría Pedreira de Santiago de Compostela.

- Laura Fernández, "Allariz une a escritores e lectores na Festa do Libro", *La Región*, "*Allariz*", 13 outubro 2012, p. 16.

Dáse conta das actividades que se desenvolverán na Festa do Libro de Allariz, entre as que se atopa a presentación desta obra.

- Lourdes Varela, "A linguaxe é a principal arma para cambiar a sociedade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 432, "Entrevista", 1 novembro 2012, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 386, "Entrevista", 10 novembro 2012, p. 6.

Conversa na que Teresa Moure reflexiona sobre este ensaio e sobre diferentes temas como o feminismo ou a literatura homosexual na sociedade actual.

Neira Vilas, Xosé, *100 anos do himno galego*, Ferrol: Edicións Embora, 2012, 64 pp. (ISBN: 978-84-92644-42-1).

Ábrese este ensaio co limiar asinado polo autor, Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, Pontevedra, 1928), no que sinala que o presente traballo non pretende ser a historia completa do himno galego, senón a achega de noticias arredor desta cuestión, incluíndo investigacións feitas por el mesmo na Habana e notas vencelladas ao contexto sociocultural no que se xerou este canto. Divídese a obra en vinte e oito epígrafes, acompañadas de fotografías e ilustracións. Repásase o nacemento do himno galego o 20 de decembro de 1907, coa letra do poema "Os pinos", da autoría de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga e faise alusión á noite da súa estrea no teatro Nacional, así como á vida dalgúns protagonistas da velada daquela noite, como Fontenla, o seu principal impulsor; o músico Chané; ou o poeta Manuel Curros Enríquez. Préstase atención aos outros himnos, entendidos como "antecedentes" do actual; aos proxectos da diáspora e ás asociacións galegas daqueles anos organizadas pola colectividade emigrante cubana. Do mesmo xeito, concédeselle importancia á prensa galega e á vida cultural galega na illa. Destácase o espallamento e uso do himno nos anos posteriores e achéganse testemuñas de certos persoeiros da cultura galega, transcribindo as palabras sobre as primeiras nocións que tiveran del. Da mesma maneira, inclúense outras valoracións, en tanto o himno galego foi quen de suscitar "contrapostos comentarios, aplausos e rexeitamentos". Nos últimos apartados do volume, faise fincapé nas actividades que houbo durante o centenario do himno galego no ano 2007.

Recensións:

- Xesús Fraga, "Xosé Neira Vilas documenta cen anos de historia do himno galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Medio século de Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 40.

Comeza sinalando que Xosé Neira Vilas recolle no libro *100 anos do himno galego* a "xénese e espallamento cheos de curiosidades" do himno de Galicia, creación artística cuxa historia pode acabar por agocharse pola "familiaridade e a repetición". Subliña que o autor non pretende realizar unha "historia completa" senón que o libro é o resultado das súas investigacións en Cuba sobre as circunstancias que rodearon o nacemento e estrea da composición, así como a súa difusión até o centenario celebrado no ano 2007. Así mesmo, pon de manifesto o fincapé que Neira Vilas fai na figura do emigrante ferrolán Xosé Fontenla Leal, que viu truncado o seu desexo de que Manuel Curros Enríquez e o mestre Chané compuxeran a letra e a música do himno. De seguido, repara no inicio da colaboración entre Eduardo Pondal e Pascual Veiga con motivo dun concurso musical celebrado na Coruña, na data da estrea do himno... Finalmente, en epígrafes á parte, destácase a asistencia de Curros á estrea do himno, a anécdota que o

celanovés protagonizou nesa velada e o proceso de consolidación do himno galego, así como os achegamentos da colectividade emigrante en Cuba e dos propios cubanos á cultura de Galicia e a relevancia do "himno como elemento identitario na diáspora".

- Vicente Araguas, "O que din os rumorosos", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina literaria", "Libros", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 725, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 725, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 20 maio 2012.

Considera o himno galego "como un dos menos marciais que teña escoitado nunca", en comparación con pezas como a italiana, a norteamericana... Defíneo como "cáseque unha balada" e amosa a súa estima tanto pola música como polo "poema que o sustenta". Logo de cualificar o libro de Xosé Neira Vilas como a mellor maneira de coñecer a fondo a historia do himno galego, dá conta dos principais contidos do volume: a composición do himno e a súa correspondente estrea, "o teimoso promotor de semellante efemérede" (Don Xosé Fontenla Leal)... Tamén eloxia a presentación, maquetaxe, fotografías e ilustracións en xeral do libro, así como a pluma e sabedoría da autor de *Memorias dun neno labrego*. Fai mención do importante papel que xoga "a Galicia do exterior" non só pola contribución do himno senón tamén porque "encheu Galicia de escolas, lavadoiros, asilos, mesmo fundacións", e remarca así as curiosidades que este volume pode satisfacer. Para rematar, apunta que Neira Vilas xa tiña hai trinta anos inquedanzas sobre a primeira vez que se escoitara o himno e recorda unha conferencia dada por este o Día das Letras de 1967, que comezou coas notas do himno.

Referencias varias:

- Patricia Hermida, "Ferrol inicia a primavera lírica con Neira Vilas: 'Os libros son remos contra a crise", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 20 abril 2012, p. 39.

Faise eco da presentación desta obra en Ferrol, aproveitando que Xosé Neira Vilas exercía de pregoeiro na Feira do Libro da cidade.

- N. V., "Despídese unha Feira do Libro que superou as previsións de venda e público", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 25 abril 2012, p. 14.

Dáse conta da presentación desta obra dentro das actividades que tiveron lugar con motivo da Feira do Libro de Ferrol.

- Fernando Franjo, "La crisis se conjuga con la Feria del Libro de mayor creatividad", *El Correo Gallego*, "Santiago", 29 abril 2012, p. 25.

Destácase o paso de Xosé Neira Vilas pola Feira do Libro de Santiago de Compostela para presentar esta obra.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 30 abril 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na Feira do Libro de Santiago de Compostela.

- Ángeles F. Maira, “Emigrei a Bos Aires para poder estudar e ter libros”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista*”, nº 621, “Entrevista”, 3 xuño 2012, p. 12/ *El Progreso*, “*Revista*”, “Entrevista”, 26 maio 2012, pp. 6-7.

Reprodúcese unha conversa con Xosé Neira Vilas con motivo da saída do prelo desta obra. Nela fálase do motivo da súa emigración e, en especial, da súa estadía en Cuba así como das novas achegas do seu libro á historia do himno galego, entre outros asuntos.

- M. G. M., “La Feira do Libro presentará treinta novedades en sus diez días de vida”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña” 26 xullo 2012, p. 15.

Detállanse as actividades a celebrar durante a Feira do Libro, entre as que se destaca a presentación desta obra.

- Marcos Zavala, “Una feria con carácter gallego”, *La Opinión*, “A Coruña”, 27 xullo 2012, p. 9.

Infórmase da celebración da feira do libro da Coruña, da que se di que ten un patrón continuísta con respecto a outros anos e que contará coa presenza de figuras ilustres da literatura como Manuel Rivas, Xosé Neira Vilas ou Agustín Fernández Paz. Faise referencia, entre os actos previstos, á presentación desta obra.

Neira Vilas, Xosé (ed.), *Correspondencia de Xosé Neira Vilas con Valentín Paz-Andrade e Celso Emilio Ferreiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura), n.º XXII, maio 2012, 169 pp. (ISBN: 978-84-453-5046-1). ◆

Tras unha nota xustificativa por parte do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades na que aclara que o presente volume non inclúe a totalidade da correspondencia habida entre estes tres persoeiros galegos, principia a reprodución das epístolas que se dirixiron Xosé Neira Vilas, Valentín Paz-Andrade e Celso Emilio Ferreiro divididas en torno a dous capítulos. O primeiro comprende cincuenta e dúas cartas intercambiadas entre Neira Vilas e Paz-Andrade e vén precedido dun “Testemuño dunha amizade” asinado por Neira Vilas, no que explica os xermolos da amizade entre Paz-Andrade e mais el. As epístolas tratan cuestións como lecturas das publicacións, dos seus quefaceres culturais no eido da literatura galega, das traxectorias literarias de emigrantes contemporáneos seus, de transformacións políticas e mesmo de viaxes e pescudas varias. O segundo capítulo dá conta do epistolario entre Neira Vilas e Celso Emilio Ferreiro, precedido dun apuntamento de Neira Vilas titulado “O amigo a quen vin unha soa vez”, no que salienta o momento en que coñeceu a Celso Emilio, en 1976, e como mantivo sempre viva esa amizade por medio de epístolas. Reproduce trinta e unha cartas nas que se poden ler asuntos referentes á cuestión galega, á emigración, á decepción da diáspora, ou ao Padroado da Cultura Galega, principalmente. Continúa o volume cun apéndice fotográfico que comprende trece fotografías en branco e negro dos tres persoeiros xunto a coñecidos seus como Eduardo Blanco Amor, Isaac Díaz Pardo, Luís Seoane, Laxeiro, Mariluz Arias, Ramón Piñeiro, Lorenzo Varela, Victoriano

Taibo, Manuel María e Xosé Luís Méndez Ferrín. Pecha o volume un índice onomástico.

Tamén está descrito no apartado IV.3. Día das Letras Galegas deste *Informe*.

Referencias varias:

- Mar Mato, "Un libro con 90 cartas plasma a amizade de Neira Vilas con Paz-Andrade e Ferreiro", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Letras Galegas e Ano Celso Emilio Ferreiro", p. 38/ "Un libro plasma a amizade de Neira Vilas con Paz-Andrade e Celso Emilio", *La Opinión*, "Cultura", p. 54, 30 maio 2012.

Infórmase da presentación deste volume dos Cadernos Ramón Piñeiro no Museo do Mar de Vigo.

- Xosé Neira Vilas, "As cartas do poeta", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 15 xullo 2012, p. 2.

Faise referencia á saída do prelo do seu epistolario cruzado con Celso Emilio Ferreiro, con motivo do centenario do poeta celanovés, e repárase nesa correspondencia así como na relación que mantiveron, sinalando que só se viron en dúas ocasións.

Nicolás, Ramón, *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica. Biografía, xullo 2012, 623 pp. (ISBN: 978-84-9914-402-3).

Monografía de Ramón Nicolás (Vigo, 1966) na que fai un percorrido pola traxectoria vital e literaria de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, Ourense, 1912- Vigo, 1979). Esta obra ve a luz cando se celebra o centenario do nacemento deste autor e os cincuenta anos da publicación da súa obra *Longa noite de pedra*. Tras unha escolma de oito citas que inciden sobre a figura do celanovés, aparece un "Limiar" no que se poñen de manifesto o obxectivo e o significado deste traballo: "entrar na figura de CEF" e "iluminar algúns dos camiños que non só percorreu o poeta senón tamén o home, o traballador, o político, o ensaísta, o narrador, o activista cultural, o conferenciante, o colaborador en prensa, o fundador ou cofundador de partidos políticos e de asociacións de carácter social e cultural...", respectivamente. Así mesmo, Nicolás subliña que esta é a primeira biografía publicada en lingua galega logo de trinta e tres anos da morte do biografado e sinala que no seu labor tivo en conta "aquilo que se escribiu sobre CEF", artigos e, sobre todo, o epistolario deste. Tamén advirte da existencia no volume dalgún texto que cualifica como "licenza narrativa" e que "está inspirado en datos, reais e verosímiles" e fai constar os seus agradecementos a todas aquelas persoas que contribuíron á existencia desta obra. A continuación distribúense dezaseis capítulos, estruturados cronoloxicamente e que, polo xeral, analizan conxuntamente os planos vital, literario e político: "Sete de sete", "Celanova", "O neno louro, entre a Callariba e Acevedo do Río", "Era tempo de grandes esperanzas", "Destrución", "Atila en Galicia", "Pontevedra", "Vigo", "Unha terra para vivir. O banquete do Hotel Roma", "Vésperas", "No Santa María", "Caracas", "Madrid. Supervivencia dun náufrago", "San Breixo", "As amizades" e "Non omnis moriar". Séguelle un apartado intitulado "Moraima", dedicado a María Luísa Moraima Loredo Fernández, muller de Celso Emilio Ferreiro,

para quen foi "un eixo para a navegación". Nestas páxinas o biógrafo relata a historia de amor que tivo lugar entre o celanovés e a ovetense e fai referencia a unha entrevista que esta última outorgou, da que se extraen datos de grande interese sobre o carácter do biografado, da relación matrimonial que os unía... Finalmente, no "Epílogo", Ramón Nicolás, axudado de declaracións de diversos autores, amigos e membros do "clan" Ferreiro, esboza a personalidade do autor de *Longa noite de pedra*. Como complemento ao tránsito polo universo de Celso Emilio, o volume acolle un "Apéndice fotográfico e documental" que, xunto á "Bibliografía" e ao "Índice", pechan esta biografía.

Recensións:

- Pilar Ponte, "Un grande ensaio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 426, "Libros", 20 setembro 2012, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 378, "Letras galegas", 29 setembro 2012, p. 7.

Refire que esta "biografía magnífica" centrada na figura de Celso Emilio Ferreiro se deixa ler como unha novela e que nunca perde un ápice de criterio científico.

- Xosé Carlos Caneiro, "Biografía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 486, "A outra mirada", "Club dandi", 29 setembro 2012, p. 11.

Aplaude a prosa empregada por Ramón Nicolás nesta biografía e subliña o "fervor" que lle provocou a súa lectura mais bota en falta un índice onomástico nesta publicación.

- Vicente Araguas, "Celso Emilio de Vagar", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 745, 7 outubro 2012, p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 745, 7 outubro 2012, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 745, 7 outubro 2012, p. 30.

Comenta que nas seiscentas páxinas desta biografía se conta a historia de Celso Emilio Ferreiro, que estivo marcada pola guerra civil, e cualifica a Ramón Nicolás como un traballador que realizou esta obra con "sabedoría, rigor e amenidade".

- Ramón Rozas, "Cando o mundo é poesía", *El Progreso*, "Vivir", "Libros", 13 outubro 2012, p. 60.

Indica que os diferente capítulos desta obra nos levan pola faceta máis íntima de Celso Emilio Ferreiro así como polas paisaxes que percorreu, centradas en Celanova, Pontevedra, Vigo, Caracas e mais en Madrid.

Referencias varias:

- Rodri García, "Na biografía de Celso Emilio que vai saír atrevinme coa ficción", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 469, "O escritor do mes", 2 xuño 2012, p. 10.

Entrevista a Ramón Nicolás Rodríguez na que se fala da próxima saída do prelo da súa biografía de Celso Emilio, do estado actual do ensaio na literatura galega e do seu labor como traductor e crítico, entre outros asuntos.

- Camilo Franco, “Celso Emilio Ferreiro é, indubidablemente un herdeiro do galeguismo do grupo Nós”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 agosto 2012, p. 32.

Co gallo da próxima saída do prelo desta obra Camilo Franco entrevista a Ramón Nicolás e este comenta que lle sorprendeu a timidez de Celso Emilio Ferreiro.

- Lourdes Varela, “O epistolario de Celso Emilio é un auténtico tesouro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 424, “Entrevista”, 13 setembro 2012, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 378, “Entrevista”, 22 setembro 2012, p. 6.

Conversa con Ramón Nicolás na que se comenta que a publicación desta obra é un dos acontecementos máis importantes de 2012 e na que se fala tamén doutros aspectos da vida e obra de Celso Emilio Ferreiro.

- Daniel Salgado, “Pezas para armar a vida de Celso Emilio Ferreiro”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 21 setembro 2012, p. 6.

Faise unha detallada descrición deste traballo biográfico centrado na figura de Celso Emilio Ferreiro e destácase que é o resultado de “dous anos de labor intensivo”.

- Marta Álvarez, “Las editoriales gallegas renuevan sus hojas este otoño”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 setembro 2012, pp. 46-47/ “Un otoño de novedades en gallego”, *La Opinión*, “Cultura”, 23 setembro 2012, pp. 60-61.

Dentro das próximas publicacións da editorial Galaxia subliña a saída do prelo de *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*.

- Camilo Franco, “Ramón Nicolás sinala que Celso Emilio foi ‘un símbolo para quen quería saír da longa noite”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 setembro 2012, p. 39.

Infórmase de que esta biografía de Celso Emilio Ferreiro se presentou o 28 de setembro de 2012 en Vigo.

- Ana Baena, “Sei que fixen un contrato de por vida con Celso Emilio”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 29 setembro 2012, p. 12.

Considera a Ramón Nicolás como o “biógrafo de Celso Emilio Ferreiro” e indica que esta obra se presentou en Vigo nun acto no que estiveron presentes os seus fillos Luis e Isabel.

- Carolina A. Piñeiro, “O aguillón crítico de Celso Emilio non ten parangón na literatura galega”, *La Región*, “Ourense”, 16 decembro 2012, p. 10.

Conversa centrada nesta publicación na que Ramón Nicolás destaca que o que máis lle sorprendeu de Celso Emilio Ferreiro foi o seu compromiso coas Mocidades Galeguistas de Celanova.

Piñeiro González, Francisco, *Historia do teatro afeccionado na Mariña lucense*, pról. Manuel Lourenzo, Lugo: Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, 2012, 248 pp. (ISBN: 978-84-8192-478-7). ◆

Francisco Piñeiro González (Mondoñedo, 1956) é o autor desta monografía na que compila exhaustivamente datos sobre representacións, autores e tanto colectivos como compañías teatrais que tiveron cabida na zona da Mariña Luguesa, así como tamén as relacións históricas das vilas da zona co xénero dramático. Principia coa dedicatoria: "En homenaxe a todas aquelas personas que co seu esforzo contribuíron a que o teatro afeccionado na Mariña de Lugo perdurase no tempo para que eternamente siga servindo de recurso expresivo dos nosos sentimentos...", á que segue un prólogo no que o autor dá pistas sobre a intención da obra, non sendo esta un simple dicionario ou compilación sobre esta temática. O texto está acompañado dunha gran multitude de fotos das representacións, das compañías, así como dos dramaturgos e dos autores relacionados con este xénero. Os apartados en que se divide esta monografía son os seguintes: "Cronoloxía e visión xeral", "Mondoñedo", "Ribadeo", "Viveiro", "Foz", "Vilanova de Lourenzá", "Ourol", "Alfoz", "A Pontenova", "Riotorto", "Burela", "Xove", "O Vicedo", "Ferreira do Valadouro", "Barreiros", "Trabada", "Cervo", "María Paz Rodríguez Silva", "Agrupación Teatral Francisco Piñeiro", "Buxiganga na Mariña", "Francisco Piñeiro González"e "Anexo". Achéganse datos das compañías e postas en escena das vilas mencionadas, sen esquecerse das figuras clave para o desenvolvemento desta actividade na zona, María Paz Rodríguez Silva e o propio Francisco Piñeiro González, dos que se nos achegan máis en detalle un rexistro das súas actividades e obras publicadas. Non falta tamén a referencia a Agrupación Teatral Francisco Piñeiro, que comezou a súa andadura no ano 2007 e ao chamado Proxecto Buxiganga, en marcha dende 2009, que promoveu o teatro afeccionado na Mariña Lucense

Referencias varias:

- Eduardo Gutiérrez, "Teatro afeccionado na Mariña", *La Opinión*, "Opinión", 21 novembro 2012, p. 31.

Comenta que este traballo repasa as orixes e antecedentes remotos do teatro da Mariña Luguesa e así como o activismo desta comarca.

Polín, Ricardo (ed., estudo e notas), *Manuel María González (Juan d'Hermida, 1924-1957). Verde terra miñota. Poesía completa, relato e xornalismo*, El Ejido, Almería: Editorial Círculo Rojo, col. Investigación, 2012, 550 pp. (ISBN: 978-84- 9991-841-9).

Reunión da obra completa de Manuel María González (San Cosme de Piñeiro, 1924-1957), cuxo nome literario é Juan d'Hermida. Conta cun estudo de Ricardo Polín, quen tamén elabora as notas, no que se destaca a relevancia da obra de Juan d'Hermida, a importancia da súa recuperación e traxectoria, a calidade e a variedade da produción deste autor. Recóllese a obra en castelán e en galego deste poeta pastoricense: a súa poesía completa, que consta de sete poemarios aos que se suman poemas soltos, unha vintena de relatos e varias pezas xornalísticas de distinta índole. Destacan como temáticas a pegada da súa orixe galega, coa escrita de textos dedicados a distintos lugares de Galicia, así como a súa perspectiva sobre cidades vividas por este autor.

Referencias varias:

- Cristina Arias, "Ricardo Polín recupera la obra de un poeta de A Pastoriza olvidado", *El Progreso*, "A Chaira", 9 agosto 2012, p. 11.

Faise un repaso pola vida e obra de Manuel María González e infórmase de que este estudo se presentará o 22 de agosto na Casa da Cultura da Pastoriza.

- C. P. R., "A Pastoriza recupera la figura del escritor Manuel María González", *El Progreso*, "A Chaira", 22 agosto 2012, p. 12.

Anuncia a presentación das obras completas de Manuel María González no salón da Casa da Cultura da Pastoriza

Rei Lema, Xosé María, *Dicionario de escritores e escritoras da Costa da Morte*, introd. do autor, Vimianzo: Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte/ Deputación da Coruña, 2012, 85 pp. (DL: C 1114-2011). ◆

Dicionario da autoría de Xosé María Rei Lema (Bamiro, Vimianzo, 1950) que comprende entradas por orde alfabética dos escritores e das escritoras da zona da Costa da Morte. Na introdución, o autor sinala a necesidade de sistematizar o gran número de persoeiros literarios co que contou dende o século XVIII esta comarca. Explica asemade a orde que seguen as entradas e menciona o total destas, que ascende a setenta e sete. Reprodúcense a seguir cada unha delas coa correspondente fotografía do escritor ou escritora, que consta dunha breve información biográfica, premios dos que foi merecente e unha listaxe das obras, das que sinala o título, lugar de edición, editorial e data de publicación. Nunha nota na contracuberta agradécese a realización do dicionario ao Proxecto Singular "Percorrendo Vieiros da Costa da Morte", aprobado pola Deputación da Coruña.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *Informe de literatura 2011*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2012, 1733 pp. (ISBN: 978-84-453-5069-0). ◆

Nova entrega do *Informe de Literatura* en formato CD-Rom correspondente ao ano 2011 e elaborado por un equipo de redactores e de colaboradores, tanto do Centro Ramón Piñeiro como externos a el, dirixido e coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, que contou coa axuda das bolseiras do proxecto Mar Fernández Vázquez, Cristina Fernández Santomé e Esther de León Viloria. Como en edicións anteriores, ábrese o volume cunha breve presentación, na que a coordinadora, ademais de salientar as pretensións da publicación e o afán de mellora que preside o proxecto ano tras ano, fai un repaso de cada un dos apartados que constitúen a obra, referíndose ás fontes consultadas e aos criterios que se empregan para facilitar unha máis produtiva achega á literatura galega recollida en cada entrega deste repertorio bibliográfico comentado. A continuación, reprodúcense unha serie de estatísticas nas que se reflicte a produción dos diferentes apartados segundo os xéneros e a presenza que tivo o feito literario galego

tanto nos xornais e revistas galegas como en medios foráneos. A seguir, están os apartados do volume estruturados en "Narrativa", "Poesía", "Teatro", "Día das Letras Galegas: Lois Pereiro", "Ensaio. Teoría Xeral. Crítica", "Clásicos greco-latinos traducidos", "A literatura infantil e xuvenil galega", "Literatura de transmisión oral", "Revistas", "Premios", "Literatura medieval" e "Apéndice. Entradas non recollidas en informes anteriores".

Romero Masiá, Ana e Carlos **Pereira Martínez**, *Xaime Quintanilla Martínez. Vida e obra dun socialista e galeguista ao servizo da República*, Premio Luís Tilve de Investigación e Divulgación Histórica 2011, Santiago de Compostela: Fundación Luís Tilve, 2012, 274 pp. (ISBN: 978-84-95773-22-7). ◆

O primeiro texto que abre este robusto volume é da autoría de Xesús Mosquera Sueiro, presidente da Fundación Luís Tilve. En dúas páxinas tituladas "Gratitude e satisfacción", celébrase a saída do prelo desta biografía de Xaime Quintanilla Martínez (A Coruña,1898-Ferrol, 1936), así como se celebra a traxectoria e traballo dos autores, o xurado do Premio de Investigación e Divulgación Histórica do 2011, a colaboración institucional recibida e a familia do propio Xaime Quintanilla Martínez, de cuxa detención e fusilamento por parte dos sublevados se cumpren 75 anos. A continuación, a autora, Ana Romero, e o autor, Carlos Pereira, presentan un texto introdutorio, asinado na Coruña en agosto de 2011, que achega certas notas biográficas sobre o médico, político e home do mundo da cultura a carón doutros aspectos de intencionalidade deste volume e metodoloxía. Móstrasenos este como un traballo destinado a "completar datos da vida e da obra" e sistematizalos na medida do posíbel, recoñecendo achegas anteriores (como a da publicación da súa neta, Blanca Quintanilla Rico) e saliéntase a dispersión e desaparición das fontes documentais, cos correspondentes agradecementos a particulares e á fundación que premiou a obra. O índice dá boa conta das estratexias de ordenamento seguidas polos autores: segue un fío diacrónico e vincula os datos biográficos coa localización en tres cidades galegas e a actividade en múltiplos campos de Xaime Quintanilla Martínez. Dividida en seis grandes bloques, só os catro primeiros son propiamente temáticos, até o terceiro atenden o percorrido biográfico, e o cuarto destínase á produción literaria. O primeiro deles, "1. Infancia e formación inicial. 1891-1908", trata, con brevidade, os anos coruñeses da infancia ao Bacharelato. No segundo bloque, "2. A formación do líder. 1908-1919", explícase o período universitario en Santiago de Compostela estudando Medicina, a súa participación no movemento das Xuventudes Socialistas como estudante en Madrid ou o inicio no mundo do xornalismo. O terceiro bloque é o máis extenso do volume, atendendo a un período rico e, en termos vitais, enormemente movementado de Xaime Quintanilla. "3. No exercicio da actividade pública e privada. 1917-1936. Polígrafo en Ferrol" parte da súa figura como médico xa asentado en Ferrol, percorre a súa actividade nas Irmandades da Fala (e o seu papel entusiasta con respecto ao teatro, vivíndoo dende todos os ángulos: autor, actor, director, crítico; con respecto ás agrupacións musicais da comarca: Toxos e Froles e Airiños d'a miña terra; con respecto ao labor editorial con *Céltiga*, etc.), a volta ás filas socialistas e o punto de inflexión marcado ao ser elixido democraticamente alcalde de Ferrol en 1931. A súa actividade á fronte da cidade é tamén revisada, tendo en conta a permanente crise da construción naval e as súas abnegadas viaxes aos Ministerios. Outro dos temas tratados nesta epígrafe é a súa vinculación co Estatuto de Autonomía de Galicia. Péchase esta parte coas visitas da policía en xullo de 1936, xa producido o levantamento militar, a

detención e a tráxica morte de Xaime Quintanilla en mans fascistas. A parte cuarta, destinada á produción literaria, toca a variedade de xéneros nos que o biografado experimentou: produción dramática con *Donosiña* (1920), *Alén* (1921), *A estrana*, *Creación* e *Alma*; novelística con *Saudade* (1922); tradutora coa obra de Roberto Nóvoa Santos, *A Santa Compaña*; poética, escasamente cultivada e localizábel en publicacións periódicas; e xornalística, na que os autores se deteñen. A pulsión científica desta investigación ofrécenos táboas, unha relación dos seus artigos, e esquematiza, por exemplo, os núcleos de interese dos artigos do médico e político: Ferrol, a saudade, a defensa do nacionalismo galego, a admiración e o recoñecemento a variadas personalidades, a crítica teatral, os temas médicos, o socialismo, a ironía ante a ditadura, etc. A quinta epígrafe recolle unha "Biocronoloxía" a modo de táboa, salientando simultánea e esquematicamente "anos", "vida" e "obra", seguida dunha sexta epígrafe de "bibliografía e fontes".

Recensións:

- Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 33, "Publicacións", primavera 2012, pp. 33-34.

Entre outras publicacións, menciónase a saída do prelo desta "ampla e documentada" biografía realizada por Ana Romero Masiá e Carlos Pereira Martínez na que reparan no traballo de Xaime Quintanilla como editor, autor e xornalista.

- Vicente Araguas, "Xaime Quintanilla segue vivo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 740, "Libros", 2 setembro 2012, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 740, "Páxina literaria", 2 setembro 2012, p. 30.

Cualifica esta publicación como unha "coidada edición", que está prologada por Ponte Far, e comenta que lle chama a atención que os artigos de Xaime Quintanilla, publicados en *El Correo Gallego*, presentan unha estrita modernidade.

Referencias varias:

- M. J. R., "Ana Romero: "Non é fácil atopar unha personalidade como a de Quintanilla", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 13 xaneiro 2012, p. 13.

Dáse conta da presentación na galería Sargadelos de Ferrol desta obra e realízase un sucinto repaso pola biografía de Xaime Quintanilla Martínez.

Sambade Soneira, Suso (ed.), *Gonzalo López Abente. A narrativa mariña*, introd. do editor, Vigo: Fundación Gonzalo López Abente/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, n.º 67, 2012, 246 pp. (ISBN: 978-84-9914-376-7). ◆

Cinco novelas curtas de Gonzalo López Abente son as que Suso Sambade Soneira (Muxía, 1961) recompila neste volume, que se abre cunha ampla introdución na que o editor se detén, en primeiro lugar, na biografía de López Abente, dentro da que se salienta, entre outras cuestións, a ilustre liñaxe muxiá da que descende o autor, a morte da súa amada esposa, que o marcou para sempre, o seu compromiso nacionalista, que

vén da man do seu amor por Galicia e polo galego, a represión fascista en Muxía, o recoñecemento da Real Academia Galega e os seus derradeiros anos. Continúa a introdución cun breve apartado no que Sambade Soneira se centra na prosa galega na época das Irmandades da Fala, para de seguido deterse na prosa de Gonzalo López Abente, analizando brevemente cada novela curta que se integra no volume, con fotografías das portadas das primeiras edicións. Péchase a introdución con breves consideracións sobre a lingua na época das Irmandades da Fala e, máis en concreto, sobre a lingua e o estilo de López Abente. Ademais, o editor engade os criterios de edición e unha bibliografía do autor, seguida dunha bibliografía selecta. Seguen á introdución as obras recompiladas: a primeira delas é *O diputado por Beiramar* (pp. 57-98), primeiro ensaio da novela moderna feita en Galicia, unha historia de política e amor na que se amosa o ambiente corrompido da política da época, na liña das novelas posteriores de Ramón Otero Pedrayo; a segunda é *O novo xuez* (pp. 99-130), o maior éxito editorial do autor, ambientada de novo nunha vila de beiramar onde Don Desiderio, o xuíz, chega de Madrid cunha superioridade manifesta, crendo que os galegos son inferiores e que as mozas caerán facilmente cun home coma el; a continuación acóllese *Buserana* (pp. 131-160), cuxa historia ten lugar na casa reitoral de Moraime, onde un narrador-protagonista conta o que lle aconteceu cando o invitaron ás festas de San Xulián, un bo exemplo para dar a coñecer as festas do rural galego e unha das máis fermosas lendas de Galicia: a da Furna da Buserana; *Fuxidos* (pp. 161-210), a máis lograda das que conforman esta selección, na opinión do editor, é unha historia de amor, pero este sentimento queda nun segundo plano para converterse en total protagonista o mar e a Costa da Morte. O Apéndice contén a segunda noveliña curta publicada de Abente, *O escándalo* (pp. 213-235), de novo, outra historia de amor. Péchase cun glosario con termos pouco usados, maiormente relacionados co campo semántico do mar e dos fenómenos atmosféricos, cun "Apéndice" e cun "Glosario".

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Rescate de López Abente", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 469, "Letras en galego", 2 xuño 2012, p. 9.

Chama a atención sobre a importancia que este volume ten para a proxección da figura e parte da obra, narrativa neste caso, de Gonzalo López Abente. Faise alusión á presentación do volume na biblioteca municipal de Muxía, á colaboración existente entre Edicións Xerais e a Fundación Gonzalo López Abente e ao "meritorio e intenso traballo" que esta última está levando a cabo. A seguir, céntrase na obra, que compila textos éditos até o momento "case inaccesibles mesmo para especialistas", e subliña o traballo rigoroso e apaixonado de Suso Sambade Soneira, autor da introdución e editor dos textos incluídos na edición. Salienta tamén que a lectura destas pezas narrativas revela o proxecto de López Abente: a construción dun corpus narrativo en lingua galega. Sinala que as cinco novelas curtas rescatadas están marcadas pola sinxeleza e a efectividade, así como por Muxía e os seus arredores, "pano de fondo característico da súa produción". Remata aludindo á contribución que a publicación recente do poemario inédito *Bretemada* (2011), xunto a *A narrativa mariña*, supón para dar a coñecer o papel que o escritor muxián ocupou na literatura galega do século XX.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “La Fundación Gonzalo López Abente prepara dos nuevas obras”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Muxía”, 31 xaneiro 2012, p. 32.

Infórmase de que a Fundación Gonzalo López Abente vai publicar proximamente esta obra.

- J. Trillo, “Muxía renderá homenaxe a López Abente”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Cultura”, 26 abril 2012, p. 35.

Anúnciase a presentación desta obra de Gonzalo López Abente como parte dunha homenaxe rendida ao escritor na súa vila natal.

- J. Trillo, “Presentan a ‘Narrativa Mariña’ de López Abente”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Muxía”, 25 maio 2012, p. 39.

Faise referencia á presentación deste volume na biblioteca municipal de Muxía, así como ás persoas que intervirán no acto, destacando ao alcalde Félix Porto, que é tamén o presidente da Fundación Gonzalo López Abente.

- Eduardo Eiroa, “Xerais incorpora la narrativa de López Abente a su biblioteca de clásicos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 maio 2012, p. 49.

Infórmase da presentación na biblioteca Santiago Rey Fernández-Latorre de Muxía desta obra e indícase que o acto contou coa participación do director de Xerais, Manuel Bragado, do director da colección, Ramón Nicolás, do encargado da edición, Suso Sambade, e dun membro da Fundación Gonzalo López Abente, Xosé Henrique Rivadulla Corcón.

Turnes García, Javier, *A Escarpadura*, Rianxo: Editorial Axóuxere, col. Polimnia, 2012, 89 pp. (ISBN: 978-84-939107-5-4).

Este volume, que pertence á colección “Polimnia” de pensamento contemporáneo, aberta a todo tipo de creadores galegos e non só galegos da editorial Axóuxere, conta con apoio fotográfico, obra de Marcos Casas e mais do propio autor, Javier Turnes García (Portomouro, 1976). Comeza cunha “Introdución”, datada en Fisterra en febreiro 2012, na que se subliña a importancia do mar, e co texto “A procura do poder”, no que se define o concepto de escarpadura como “declive áspero de calquera terreo”. Despois acolle vinte textos, con numeración romana, nos que se reflexiona sobre variados temas, sempre relacionados cos títulos dos textos, e que son: “Paisaxes incomprensibles pero necesarias”, “A Concordia entre a Potencia de Interrogar e a Potencia de Vivir”, “Inxenuidade”, “Derrota”, “Sagrado”, “Non_saber”, “Vacacións”, “O arsenal dos instantes eternos”, “Dúbida”, “Teoloxía e Política”, “Quebra”, “Tarxeta de Nadal (ou Christmas que é máis cool)”, “Habitar (Oscilacións sobre un texto do mesmo nome escrito por Martin Heidegger)”, “Aquilo que resta”, “Descontinuidade e recoñecemeneto”, “XVII”, “O pobo e a unidade perdida (daquilo que non se pode posuír)”, “O corroído corazón do home branco” e mais “Aniñar na escoita”. Este volume péchase coa “Coda: a salvo da mesmedade”, de Carlos Areán, e cos agradecementos.

Recensións:

- Héitor Mera, "Capacidade de síntese", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 429, "Libros", 11 outubro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 380, "Letras galegas", 13 outubro 2012, p. 6.

Indica que este libro expón en brevísimos capítulos diversas reflexións sobre a filosofía, tanto no eido epistemolóxico como no ontolóxico, e cualificao como "texto ensaístico con pretensións estéticas".

Referencias varias:

- J. M. Ramos, "Concha Blanco y María Canosa abren la Feira do Libro 12 en Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 agosto 2012, p. 37.

Comenta que dentro dos actos da Feira do Libro de Cee será presentado este libro será no Museo Fernando Blanco de Cee.

- José M. Ramos, "Seis días de disfrute con la literatura en la Feira do Libro en Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 agosto 2012, p. 30.

Indica que este libro foi presentado no Museo Fernando Blanco de Cee e que contou coa presenza de Roberto Abuín, Serxio Iglesias e mais Ignacio Castro.

Vidal, Nicolás e José **Gómez Fandiño**, *Ferroláns de seu. 43 entrevistas en Diario de Ferrol*, limiar Carlos Miragaya Casteleiro, Ferrol: Edicións Embora, col. Biblioteca de Ferrolterra, decembro 2012, 374 pp. (ISBN: 978-84-92644-57-5).

Monografía de Nicolás Vidal (Limodre, Fene, 1969) e José Mª Gómez Fandiño (Ferrol, 1980) na que se recuperan corenta e tres das entrevistas máis destacadas aparecidas no suplemento dominical "*Nordesía*", do *Diario de Ferrol*, ao longo de catro anos. Os perfís dos personaxes cos que se conversan teñen en común a súa vinculación coa cidade de Ferrol e a súa comarca. Entre eles atópanse escritores, artistas, autores, xornalistas, músicos e médicos. O volume iníciase cun "Limiar" (pp. 9-10), da man de Carlos Miragaya Casteleiro, Director-Xerente de Diario de Ferrol, no que se subliña a importancia desta recompilación de entrevistas de personaxes significativos da comarca de Ferrol, ás veces descoñecidas, pero de enorme relevancia no devir da cidade. Inclúe tamén unha "Presentación" (pp. 11-12), da man dos propios autores, no que explican que as entrevistas presentadas se incluíron no suplemento de cultura de *Diario de Ferrol* "*Nordesía*", dende marzo de 2004 até setembro de 2007 e apuntan ademais que dito suplemento naceu en 1999 por encargo do director daquel entón, Germán Castro. De seguido dá comezo a escolma de entrevistas, que inclúen as caricaturas feitas por Juan Veiga. A primeira que se recolle é a de Isaac Díaz Pardo, realizada tras as homenaxes celebradas na cidade de Ferrol pola Asociación Fuco Buxán, tras cumprirse 44 anos da creación do Laboratorio de Formas. Fala sobre a crise de Sargadelos (pp. 55-60). Con motivo da publicación do seu poemario *A seitura dos tristes* (Ed. Follas Novas), entrevístase a Medos Romero, quen comparte cos lectores parte das vivencias persoais que influíron na súa escrita, onde a infancia e a parroquia de Somede ocupan un papel

principal (pp. 69-75). Luis Alonso Girgado é o seguinte entrevistado (pp. 85-91), e comenta a súa faceta como crítico, a súa especialización na literatura hispanoamericana, e o seu papel como secretario do Centro Ramón Piñeiro. Carlos del Pulgar, pola súa parte, explica como comezou no mundo editorial e como xurdiu o seu proxecto "Nova Galicia Edicións", comentando as súas liñas de publicación (pp. 133-139). Por outra banda, Francisco Porrúa fala do seu papel como editor e dos seus criterios na escolla de libros (pp. 151-162). Cumprido un cuarto de século do seu debut literario, Vicente Araguas fala na entrevista da súa última publicación, *Maneiras de querer* (pp. 175-181). Lola Beccaria é entrevistada pola saída do prelo da súa novela *Una mujer desnuda*, aínda que tamén opina sobre literatura, cine, ou a mesma cidade de Ferrol. De Xosé Chao Rego, en cambio, recóllense as súas lembranzas, tras cumprirse dezasete anos do seu traballo para a parroquia de Santa Mariña (pp. 243-247). Ángel Loureiro comenta como chegou a dedicarse á literatura e o seu traballo na Universidade de Princeton, así como o papel da literatura española nos EUA (pp. 249-256). Para pechar o volume, inclúese unha entrevista a Guillermo Fernández, que se centra na súa novela *La piedad del invierno* e no papel da emigración na súa obra.

VV. AA., *Galegos de Ourense*, limiar Jesús de Juana López, Julio Prada Rodríguez e Domingo Rodríguez Teijeiro, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2012, 557 pp. (ISBN: 978-84-92554-63-8). ◆

Nesta obra recompílanse as biografías de vinte e seis ourensáns ilustres ao longo da historia, dende San Rosendo até José Ángel Valente. No limiar indícase que os profesores Jesús de Juana, Julio Prada e mais Domingo Rodríguez reuniron neste volume o traballo dos catro Cursos de Extensión Universitaria, promovidos pola Facultade de Historia de Ourense, que se desenvolveron entre os anos 2005 e 2008 en Celanova, baixo o título de "Galegos de Ourense". O presente volume contén textos biográficos que poñen o seu foco na actividade política destes persoeiros. Están escritos por diversos especialistas e asemade cada un deles conta cunha bibliografía dos persoeiros e intelectuais ourensáns. Acóllense as seguintes achegas de interese para este *Informe*:

- Jesús de Juana López, "Valentín Lamas Carvajal (1849-1906). O primeiro xornalista de Galicia" (pp. 105-120).

Realízase unha aproximación sintética á biobibliografía de Valentín Lamas Carvajal, con referencias á súa obra literaria e xornalística, nomeadamente en *O tío Marcos da Portela*, para despois centrarse na análise da súa evolución política e ideolóxica (republicana, populista, liberal e finalmente conservadora) deténdose e matizando os puntos que o vencellan co rexionalismo.

- José María Paz Gago, "Manuel Curros Enríquez (1851-1908). A vida e as ideas" (pp. 145-156).

Debulla a biografía de Manuel Curros Enríquez salientando que foi o poeta lírico e cívico máis importante na Galicia do Rexurdimento. Analiza a súa estadía no Madrid revolucionario, o seu republicanismo radical, a súa vocación literaria, a súa longa estadía en Cuba e mais o seu rexionalismo galeguista.

- Domingo Rodríguez Teijeiro, "Vicente Risco (1884-1963). O gran intelectual galego" (pp. 339-357).

Faise unha sucinta achega á biografía de Vicente Risco, á súa evolución política, á súa chegada ao galeguismo en 1917, así como a algunhas das ideas básicas nas que se alicerza a súa teoría nacionalista. Tamén se detén nas súas colaboracións con *A Nosa Terra* así como coas Irmandades da Fala ou co Partido Galeguista.

- Xosé Ramón Quintana Garrido, "Ramón Otero Pedrayo (1888-1976). O compromiso político dun intelectual católico-conservador" (pp. 383-410).

Comeza falando dos inicios de Ramón Otero Pedrayo dentro do cenáculo ourensán e como co paso do tempo se converteu nun dos piares fundamentais da Xeracións Nós. A seguir indica como defendeu politicamente as súas ideas durante a II República e como rematou manténdose á marxe da vida orgánica do Partido Galeguista.

- Ramón Nicolás Rodríguez, "Celso Emilio Ferreiro (1912-1979). O poeta da 'Longa noite de pedra" (pp. 433-454).

Trázanse os puntos máis salientábeis da traxectoria vital e literaria de Celso Emilio Ferreiro, centrándose na súa escrita e na súa actividade política. Destácase a súa defensa do galeguismo e das causas libertarias e xustas e faise un pormenorizado repaso pola súa produción literaria e xornalística.

Referencias varias:

- Miguel Ascón, "Un libro repasa la vida y obras de 26 ourensanos ilustres", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 11 decembro 2012, p. 5.

Descríbese a presentación deste volume no Centro Cultural "Marcos Valcárcel" da Deputación de Ourense.

- C. R., "Un libro para resaltar o labor de ourensáns ilustres", *La Región*, "Universitas", 13 decembro 2012, p. 7/ *Atlántico Diario*, "Universitas", 13 decembro 2012, p. 39.

Dá conta da presentación deste volume na cidade de Ourense e indica que se editaron 1.000 exemplares e que contará con máis volumes.

- José Luis Penedo, "Galegos de Ourense", *La Región*, "Opinión", 22 decembro 2012, p. 23.

Comenta, en español, que vén de ler esta obra da que subliña que é o resultado dun labor ímprobo.

VV. AA., *O Cemiterio de Santo Amaro. Memoria de dous séculos/El cementerio de San Amaro. Memoria de dos siglos/The San Amaro Cemetery. Memory of two centuries*, pról. Felipe-Senén López Gómez, A Coruña: Concello da Coruña/Fundación Emalcsa, 2012, 205 pp. (ISBN: 978-84-616-1077-8). Inclúe CD. ◆

Volume que se inicia cuns paratextos de carácter institucional aos que segue un "Prólogo" intitulado "O cemiterio municipal de San Amaro", a cargo do museólogo Felipe-Senén López Gómez, quen explica a localización do cemiterio e a lenda de Santo Amaro e presenta as primeiras pinceladas do seu deseño, partindo da capela neoclásica. Continúa co primeiro capítulo desta obra, intitulado "Historia" (pp. 18-65), que inclúe o texto: "Vida e morte máis alá de 200 anos" (pp. 20-65), da man da xornalista Doda M. Vázquez Iglesias, no que explica as circunstancias que levan á construción do cemiterio en 1812 e realiza cun percorrido histórico a través das diferentes reformas e construcións ao longo de douscentos anos, dende a construción da capela en 1834, até a construción de cemiterio inglés no ano 1836 ou a do cemiterio civil en 1903. O segundo capítulo, intitulado "Arquitectura" (pp. 66-127), inclúe o documento "O cemiterio de San Amaro. A cidade dos mortos como cidade análoga coruñesa" (pp. 68-127), por José Ramón Alonso Pereira (Catedrático de Historia da Arquitectura e do urbanismo da Universidade da Coruña) onde aborda dende a concepción dos cemiterios nas diferentes culturas, as necrópoles modernas, até a proxección arquitectónica do cemiterio de San Amaro como unha mestura de cemiterio mariño e necrópole moderna. O terceiro capítulo, intitulado "Sepulturas e panteóns sinalados" (pp. 128-189), inclúe á súa vez: o documento "Galería de ilustres na lanzadeira de ánimas" (pp. 30-171), de Jesús Martínez López (Historiador e Guía Oficial do Cemiterio de Santo Amaro), que se centra en dous dos catro itinerarios posíbeis no cemiterio, o "Itinerario dos creadores, historiadores e científicos" e o "Itinerario dos políticos, os militares e os soños da Coruña"; e, inclúe tamén, "Conchita, a irmá de Picasso: Luz sobre un misterio" (pp. 172-189), do xornalista Rubén Ventureira Novo e da profesora de Artes Plásticas e Deseño Elena Pardo Antequera, no que se refiren ao falecemento e ao enterro da irmá de Pablo Picasso. Finalmente remata cun "Epílogo" (pp. 190-204) que inclúe: o documento "O marmolista Molina no cemiterio mariño" (pp. 190-193), de César Antonio Molina (escritor e político), onde o bisneto do marmolista explica gran parte do labor do artista; e, para rematar, un apartado intitulado "Notas e Referencias bibliográficas" (pp. 194-204). Todo o volume está escrito en galego, castelán e inglés. A obra inclúe tamén un CD que contén a gravación do recital poético-musical "El ciclo de A Coruña" que se celebrou o 25 de agosto de 2012 no cemiterio de Santo Amaro.

Referencias varias:

- M. A., "La historia del cementerio de San Amaro, en un libro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "A Coruña", 16 xullo 2012, p. 34.

Faise eco da futura saída do prelo dun libro sobre a historia e arquitectura do cemiterio Santo Amaro, coincidindo coa celebración do seu douscentos aniversario.

- Alexandra Moledo, "San Amaro 'resucita' su historia", *La Opinión*, "A Coruña", 10 novembro 2012, p. 8.

Comenta que o Concello da Coruña presenta este volume no que se repasa a historia do cemiterio de Santo Amaro.

- Sonia Dapena, "Negreira presenta con orgullo la guía que recorre en tres lenguas San Amaro", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 10 novembro 2012, p. 5.

Sublíñase que este libro descobre os segredos do cemiterio de Santo Amaro co fin de o converter nun atractivo turístico.

Xestoso, Manuel e X. **Cid Cabido**, *Antón Reixa. Ghicho distinto*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2012, 312 pp. (ISBN: 978-84-9914-399-6).

Volume ensaístico que recolle as conversas mantidas por Manuel Xestoso (Santa Cruz de Tenerife, 1966) e X. Cid Cabido (A Limia, 1959) con Antón Reixa (Vigo, 1957). Como sinala o limiar do libro, o obxectivo do volume é reconstruír a biografía do creador vigués a partir das súas propias verbas e reivindicar a importancia do seu labor nos diferentes eidos da cultura galega, dende os seus inicios como poeta até o seu traballo no audiovisual, pasando pola súa experiencia no campo da música. O papel central que ocupa Antón Reixa na cultura galega fai que esta biografía dialogada supoña tamén un retrato da evolución da cultura galega do último medio século. Á parte dos dezaseis capítulos que transcriben as conversas, o volume presenta ao final un índice onomástico e un apartado de agradecementos. A organización das entrevistas segue unha orde cronolóxica, dende a infancia e adolescencia do autor no Vigo dos anos sesenta e setenta até o momento actual, no que a conversa se centra na situación que está a vivir a lingua e a cultura galegas.

Recensións:

- Alberte Valverde, "E quen vén sendo Hanna Schygulla?", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 99-100.

- Vicente Araguas, "Moito Antón Reixa, moito", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 742, 16 setembro 2012, p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 742, 16 setembro 2012, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 742, 16 setembro 2012, p. 30.

Comenta que este volume reflicte a imaxe que un agarda de Antón Reixa e subliña que todo o que lle interesou na lectura da primeira metade do libro deixou de facelo na segunda.

- Armando Requeixo, "Reixa, on the road", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 428, "Libros", 4 outubro 2012, p. VI.

Detense brevemente nos momentos máis salientábeis da vida de Antón Reixa co gallo da publicación deste volume centrado na súa figura.

Referencias varias:

- Iago Martínez, "Palabra de 'ghicho' distinto", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 agosto 2012, p. 5.

Indica que este libro recrea numerosas confidencias da vida de Antón Reixa como quen lle puxo o nome ao grupo Rompente ou os problemas de *Mareas Vivas* cun lingüista.

- Jaureguizar, “O multiartista multiinquedo”, *El Progreso*, “Cultura”, 1 setembro 2012, p. 50.

Co gallo desta publicación fala de diferentes aspectos da vida de Antón Reixa e entre os máis salientábeis comenta a importancia do nacemento da súa primeira filla.

- Mar Mato, “Un libro sobre Reixa desvela curiosidades do seu pasado”, *Faro de Vigo*, “Cultura”, 5 outubro 2012, p. 46/55.

Sinálase que este libro lembra aspectos familiares de Antón Reixa e que asemade conta as vivencias da súa etapa na TVG ou nos Resentidos.

V.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Fernández Rodríguez, Áurea; Iolanda **Galanes Santos**, Ana Luna **Alonso** e Silvia **Montero Küpper**, *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior*, Bern: Peter Lang, col. Relaciones literarias en el ámbito hispánico: traducción, literatura y cultura, vol. 7, 2012, 257 pp. (ISBN: 978-3-0343-0629-4).

Abre esta monografía un apartado de agradecementos ao que seguen dous índices, un deles das gráficas que se inclúen ao longo de toda a obra ("Evolución de las publicaciones en lengua gallega 1975-2010", "Las traducciones literarias al gallego 2000-2010", "Volumen total de importación y exportación de obra literaria gallega (monografías) y porcentaje de exportación hasta 2010", "Importación y exportación de literatura gallega por géneros hasta 2011", "Público destinatario de los géneros de la literatura gallega exportados", "Evolución de la exportación de literatura gallega: narrativa para adultos y LIJ", "Lenguas de traducción (importación y exportación) de la literatura gallega clasificadas por volumen", "Espacios de recepción de la literatura gallega traducida (I)", "Año de comienzo de las traducciones exteriores de obra gallega clasificadas por espacios culturales", "Espacios de recepción de la literatura traducida (II)", "Espacios de recepción de la literatura traducida (III). Minorías y mercados emergentes"). Conta cunha "Presentación" (pp. 11-15) asinada por Kathleen March, á que segue o apartado "Para alén de nós" (pp. 17-21), que asina o grupo de investigación da Universidade de Vigo BITRAGA (Biblioteca da Tradución Galega), cuxo traballo é o xermolo desta publicación, que ten un único obxectivo, analizar cuantitativa e cualitativamente a tradución literaria dende a lingua galega a outras linguas e culturas, no período 1980-2010. No primeiro artigo Ana Luna Alonso estuda o "Marco de referencia teórica. Conceptos clave" (pp. 23-42), para deixar paso a que Áurea Fernández Rodríguez fale de "Un modelo metodológico pluridisciplinar. Nuevas herramientas, nuevos enfoques" (pp. 44-59). Silvia Montero Küpper é a que asina "Contextualización histórico-cultural y apuntes sobre el sector editorial gallego" (pp. 61-86) e Iolanda Galanes Santos "La traducción literaria en Galicia a partir del Catálogo BITRAGA" (pp. 87-108). A continuación é de novo Montero Küpper a que se encarga "De la literatura gallega a la literatura mundial. Las obras literarias gallegas traducidas después de 1980" (pp.109-128). "La proyección de la literatura infantil y juvenil gallega a través de la traducción" (pp. 129-148) e "Traducir en nombre propio. De la Academia a la plaza pública" (pp. 149-175) son as seguintes contribucións, asinadas de novo por Ana Luna Alonso. Volve agora Áurea Fernández Santos con "La voz femenina traducida. Literatura feminista *versus* literatura de mujeres" (pp. 177-199) e pecha as contribucións individuais Iolanda Galanes Santos con "Minorías y mercados emergentes para la traducción de obra gallega" (pp. 201-222), sendo BITRAGA o encargado de poñer fin á monografía con "Internacionalización de la literatura gallega y perspectivas de futuro" (pp. 223-231). Inclúese finalmente unha listaxe de referencias bibliográficas.

Recensións:

- Iago Martínez, "A tradución, ás claras", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 28 setembro 2012, p. 5.

Co gallo da próxima saída do prelo da primeira monografía sobre a tradución, baixo o título de *Traducción de una cultura emergente*, faise unha análise da situación da lingua galega dentro das traducións. Comenta que Xosé Neira Vilas e Manuel Rivas son os que presentan máis versións en linguas estranxeiras ou que a literatura galega está presente en 37 idiomas do mundo.

- Paz Orois, "Cara á visibilidade da cultura galega", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2012, p. 96.

Sinálase que esta obra partiu do traballo realizado polo grupo de investigación BITRAGA (Biblioteca da Tradución Galega) da Universidade de Vigo. Indícase que o volume se estrutura en dez capítulos nos que se analiza a tradución dende o idioma galego: os procedementos que se seguen, o mercado editorial, a relación da tradución con outros eidos, etc.

Gamoneda, Antonio, *Estética e temporalización do Camiño Xacobeo*, trad. de Mª Fe González Fernández, Oleiros (A Coruña): Trifolium, col. Musa pedestris, 2012, 83 pp. (ISBN: 978-84-940297-4-5).

Volume de Antonio Gamoneda (Oviedo, 1931) que realiza unha exposición centrada no Camiño de Santiago, ligado a aspectos formais e iconográficos, á arquitectura, á escultura, á pintura e á escrita en función estética. Apunta ao inicio da obra que se trata dun traballo "moi incompleto", mais que acada un carácter representativo amplo e que pretende achegarse en "termos de hipótese" a feitos maiormente inverificábeis. Sinala neste senso a carencia en formación histórica e historiográfica. Non contén índice nin ningún tipo de distribución por apartados ou capítulos. Comeza referíndose a certas observacións orientadas a significar unha anterioridade na existencia do Camiño, cuxa orixe a maioría dos estudosos sitúa na primeira década do século XII, a partir da redacción do *Códex Calixtinus*. Neste senso, destaca escritos e relacións anteriores á época, como os *Beatus,* que explicarían que a temporalización do "xacobeísmo" é "inxustificadamente tardía" e vinculada "en exceso" a Xelmírez e ao *Codex.* Por outro lado, inclúe outro tipo de modalidades artísticas ademais da arte románica, que entende como xacobeos e que son o Ramirense e o Mozárabe. No que respecta á palabra en función estética tamén reflexiona sobre as pezas literarias que o autor entende "protoxacobeas", como é o himno "Ultreia". Ademais, refírese a outras pezas posteriores (do século XIII), de Airas Corpancho e Pai Gómez Charinho, mais tamén reproduce outras pezas contemporáneas, como o romance anónimo recollido por Manuel Murguía ("¿A dónde irá aquel romeiro...?") ou o poema de Federico García Lorca "Chove en Santiago". Remata cunha breve reflexión afirmando que hai serios indicadores de que o Camiño "foi Camiño moito antes" do Camiño "institucionalizado". Recóllense ao longo do libro diferentes ilustracións, así tamén fotografías de lugares (edificios históricos) vencelladas á iconografía e ás teorías explicadas.

Recensións:

- Estro Montaña, “Poético/Científico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 431, “Libros”, 25 outubro 2012, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 382, “Letras galegas”, 27 outubro 2012, p. 6.

Comenta que neste pequeno ensaio, cualificado polo recensionista como “texto arriscado”, o seu autor, Gamoneda, aventura a hipótese de que hai importantes presenzas xacobeas anteriores ao século XII e fala abertamente dunha cultura protoxacobea.

Referencias varias:

- Rodri García, “Gamoneda adelanta tres siglos el jacobeo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 outubro 2012, p. 28.

Fai referencia a que neste ensaio, publicado en galego por A. Gamoneda, se defende a teoría de que o fenómeno do Xacobeo xa existía antes do século XII, cando estaba plenamente institucionalizado.

Gamoneda, Antonio, *Fonación, palabra e escritura, pensamento poético*, trad. de Begoña Combo Castro, Oleiros (A Coruña): Trifolium, col. Musa Pedestris, n.º Ñ, 2012, 74 pp. (ISBN: 978-84-940297-5-2).

Ensaio de Antonio Gamoneda (Oviedo, 1931) traducido ao galego por Begoña Combo Castro. Estruturado en dúas partes, na primeira analízanse as orixes prehistóricas da poesía tomando como punto de partida a musicalidade e o ritmo presentes na configuración do pensamento do home neolítico. A un tempo, serve esta parte como pano de fondo para a expresión da propia poética ou do concepto de escrita, a relación entre pensamento e linguaxe e entre vida e pensamento a través da palabra. A segunda parte, incluída a modo de addenda, elabora un percorrido por distintos autores e correntes da poesía hispánica de todos os tempos a partir dos que explica o xeito de se configurar o discurso poético e as modificacións producidas no xeito de pensar a poesía dende o punto de vista da teoría literaria.

Rodríguez Fer, Claudio; Marta **Agudo** e Manuel **Fernández Rodríguez**, *Valente vital (Galicia, Madrid, Oxford)*, ed. e pról. Claudio Rodríguez Fer, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, col. Cátedra José Ángel Valente de Poesía y Estética, n.º 7, 2012, 495 pp. (ISBN: 9768-84-9887-916-2). ◆

Volume redactado en español no que se repasa a vida e obra de José Ángel Valente (Ourense, 1929-Xenebra, 2000) focalizando este percorrido nas súas estadías en Galicia, en Madrid e mais en Oxford. Comeza co prólogo intitulado “Aproximación al primer Valente”, a cargo de Claudio Rodríguez Fer, no que salienta que este libro se asenta nunha conversa que mantivo con José Ángel Valente e que se publicou 1998 na revista *Moenia*. A seguir veñen os tres bloques que conforman esta obra e que están centrados nas experiencias de Jose Ángel Valente en Galicia, en Madrid e mais en Oxford e contan coa bibliografía citada en cada etapa. No que atinxe á literatura galega descríbense a seguir estes tres capítulos:

- Claudio Rodríguez Fer, “Valente en Galicia: quedar para siempre”, pp. 13-168.

Céntrase nos vencellos de José Ángel Valente con Galicia, nomeadamente coa cidade de Ourense, dende o seu nacemento até a súa morte. Detalla a súa infancia en Ourense e comenta que de pequeno tivo acceso á biblioteca do agrarista Basilio Álvarez que custodiaba o seu pai, Emiliano Marcial Valente, así como os seus comezos literarios nos faladoiros do grupo Los Silenciosos. Tamén fala das súas simpatías co grupo Nós, nomeadamente con Vicente Risco, e co Partido Galeguista, e da súa estadía en Santiago de Compostela, onde comezou a carreira de Dereito e mais a colaborar asiduamente con *La Noche*, xornal no que publicou “Elegía a Manuel Antonio”. Indica que abandonou o galego como lingua literaria ao marchar de Galicia e que o retomou, na súa madureza, ao entrar en contacto coa comunidade galega de Xenebra. Finalmente detense na súa escrita en galego, na súa relación con autores galegos, nos “litixios” que mantivo con Ourense, na súa derradeira visita en vida a Galicia en 1999 co gallo da súa investidura como doutor Honoris Causa en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e, xa finalmente, no seu enterro no cemiterio ourensán de San Francisco o 27 de xullo de 2000.

- Marta Agudo, “Valente en Madrid: crónica de un aprendizaxe”, pp. 169-309.

Ocúpase dos oito anos que Valente pasou en Madrid onde se licenciou e casou. Asemade indica que colaborou con Manuel Fraga no Instituto de Cultura Hispánica, que publicou o seu primeiro libro e que comezou coas súas traducións literarias.

- Manuel Fernández Rodríguez, “Valente en Oxford: del rumor a la voz”, pp. 311-495.

Repasa a vida de Valente dende que no outono de 1955 comeza a residir en Oxford como docente. Indica que esta etapa supuxo unha continuación da madrileña e comenta que se conservan anotacións de Valente centradas no ámbito galego-portugués, sobre a peregrinación a Santiago e sobre diferentes romances galegos.

Thoreau, Henry David, *Camiñando* (*Walking*, 1861), trad. e notas Elva Souto, introd. Pablo Seoane, Rianxo: Editorial Axóuxere, col. Clío, 2012, 114 pp. (ISBN: 978-84-939107-6-1).

Tradución ao galego da obra *Walking*, de Henry David Thoreau (Concord, Massachussetts, 1817-1862) baixo o título de *Camiñando*. Comeza cunha introdución de Pablo Seoane, datada en abril de 2012 nas Brañas do Sar, co título “Waldo, que fas aí?”, na que reflexiona sobre a figura de Henry David Thoreau como poeta e naturalista e na que se detén no seu pensamento e na súa insubmisión fiscal. A seguir temos unha cronoloxía, centrada na historia de Europa e dos Estados Unidos, así como na literatura universal e na vida de Henry David Thoreau, que comeza en 1762 cando Jean-Jacques Rousseau publica *Do contrato social* e remata en 1900 cando Mahatma Gandhi le o volume *Desobediencia civil* (1849), de Henry David Thoreau. Despois temos a versión galega de *Walking*, con abondosa notas a pé de páxina, na que fala do concepto de *sauntering*, que deriva de *saunter* e ten o significado de “pasear, deambular”. Thoreau relaciónao coa Terra Santa e, a través dela, coa peregrinación e os peregrinos. O propio Henry David Thoreau considérase un “camiñante andante” e subliña que non pode

“ficar na casa un só día sen enferruxarme”. Nesta longa reflexión tamén fala do río Leteo co que un ten a oportunidade de esquecer o vello mundo e as súas institucións. Tamén se pregunta por onde está a literatura que dá expresión á Natureza e afirma que a Natureza é inmensa, salvaxe e omnipresente. Finalmente apunta que “vagamos cara á Terra Santa, até que un día o sol brille con tanta intensidade coma nunca o fixo; brille talvez nas nosas mentes e corazóns, e ilumine completamente as nosas vidas cunha inmensa luz que nos faga acordar, tan cálida, serena e dourada coma un outeiro no outono”.

Recensións:

- Lucía Seoane, “Procurando camiños”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 427, “Libros”, 27 setembro 2012, p. VII.

Co gallo da publicación en galego da obra *Walking* de Henry David Thoreau, baixo o título de *Camiñando*, faise un repaso pola vida e obra deste escritor estadounidense. Comenta que esta é unha das súas obras máis salientábeis e considera o seu autor como o “verdadeiro conceptualizador das prácticas do que hoxe coñecemos como a desobediencia civil”.

Referencias varias:

- Iago Martínez, “Desobedientes y heterodoxos”, *El País*, “*Galicia*”, 10 xullo 2012, p. 6.

Faise referencia á saída ao prelo de *Camiñando*, coincidindo coa conmemoración do primeiro aniversario da editorial Axóuxere Editora. Sinálase que Elva Souto foi a encargada de traducir esta obra concibida orixinariamente para a súa lectura en público.

- Iago Martínez, “Escribir en condiciones”, *El País*, “*Galicia*”, “Galicia”, 6 agosto 2012, p. 5.

Apunta que a editorial Axóuxere despois de ter publicado esta tradución está a preparar dous novos títulos: *Indeterminacións*, de Carlos Lema e mais *As portas da percepción*, de Aldous Huxley.

Tudela, Mariano, *Una vida de literatura, 1948-2000: obra periodística recuperada*, ed. e pról. Olivia Rodríguez-Tudela, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Rescate, n.º 16, 2012, 273 pp. (ISBN: 978-84-89323-79-7).

Volume da autoría de Mariano Tudela (A Coruña, 1925-Madrid, 2001) que se abre cun paratexto en forma de prólogo da autoría de Olivia Rodríguez-Tudela intitulado “De la fotografía íntima al retrato en grupo de un escritor del medio siglo” (pp. 13-36) e no que fai un percorrido pola traxectoria persoal e profesional do autor, destacando os seus inicios na literatura, a súa colaboración en diferentes medios de comunicación (sobre todo prensa escrita), a súa participación en faladoiros literarios e a súa estancia en Madrid. De seguido, achégase unha breve bibliografía (pp. 36-38) que recolle as súas obras narrativas, as súas biografías ficcionadas e os seus ensaios. A continuación (pp.

39-274) acóllese unha recompilación de artigos de Mariano Tudela que viron a luz na prensa galega e madrileña dende 1948 até o ano 2000. Preséntanse divididos en cinco partes en función da súa temática: "Raros, bohemios y generaciones literarias" (pp. 39-93), "La dignificación literaria de la prensa" (pp. 95-118), "Galicia artística y literaria" (pp. 119-198), "Noticias literarias de otros mundos" (pp. 199-233) e "Crítica literaria y crónica persoal" (pp. 235-274). Todos eles caracterízanse por afondar en temáticas literarias e artísticas, versando a súa meirande parte sobre lecturas, coñecementos e lembranzas de autores e artistas cos que coincidiu en vida, entre eles Álvaro Cunqueiro e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, "Vida e literatura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 419, "Libros", 14 xuño 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 372, "Letras galegas", 16 xuño 2012, p. 6.

Logo de considerar a "intensa carreira" de Mariano Tudela, repara na antoloxía de artigos escollidos por Olivia Rodríguez-Tudela, filla do autor, e publicada por Alvarellos Editora. A modo de peche refírese a *Una vida de literatura* como "un fermoso retrato da Galicia artística e literaria convertido nunha crónica persoal deste gran amante das letras".

Vales Vía, José Domingo, *No regazo da noite estrelecida. Biografía apaixonada de Francisco Vales Villamarín*, trad. ao galego Silvia Muíño Naveira, pról. Antón Costa Rico, Betanzos: Concello de Betanzos, 2012, 436 pp. (ISBN: 978-84-935022-2-5). ◆

Extensa biografía de Francisco Vales Villamarín (Betanzos, 1891-1982) realizada por José Domingo Vales Vía. Ábrese o volume cunha dedicatoria persoal e unha cita de Concepción Arenal. Antón Costa Rico asina o prólogo "Don Francisco Vales, educador entusiasta", onde repasa brevemente a vida do autor, apuntando a súa paixón "educativa, natural e racionalmente comedida, mais que marca a tonalidade dunha vida", ademais de se referir ao feito de que sexa o fillo quen faga esta "biografía apaixonada" do pai. Vales Vía comeza o relato biográfico do seu proxenitor reparando na primeira homenaxe que lle rendeu o seu alumnado, a sociedade dos Castros e demais veciñanza do lugar en 1952. Nos apartados seguintes refírese cronoloxicamente aos aspectos máis relevantes da vida do intelectual betanceiro, a medio camiño entre a memoria familiar e a historia: os seus primeiros mestres, a formación académica, os seus inicios no eido poético e as primeiras publicacións en revistas da contorna de Betanzos, as relacións con outros persoeiros intelectuais (Sofía Casanova, Juan García Naveira, Emilia Pardo Bazán...); os galardóns concedidos e a actividade como docente (mestre en diversas escolas, fundador do Museo Pedagóxico Rexional...); a participación nos Xogos Florais de 1918 como promotor a través das Irmandades da Fala; a súa faceta como Cronista Oficial de Betanzos, o seu traballo como académico na Real Academia Galega, etc. Alúdese con frecuencia a pasaxes de traballos asinados polo propio Vales Villamarín e reprodúcese, a modo de peche, un soneto acróstico en castelán, do propio Vales Vía, á memoria do pai. O "Epílogo" asínao o arquiveiro-bibliotecario do Concello de Betanzos, director do Museo das Mariñas e do *Anuario*

Brigantino, Alfredo Erias Martínez, quen lembra algúns momentos compartidos co ilustre homenaxeado. A este apartado séguelle o "Colofón", un breve texto que se refire aos resultados deste traballo e que asina o pedagogo Lauro X. Pedreira. Engádense ademais uns apéndices que conteñen documentación diversa, como a acta de nacemento e outros datos vencellados á cronobiografía de Vales Villamarín (diplomas, fotografías,...). Pechan o volume os seguintes apartados: a bibliografía; os "Ofrecementos" (onde se inclúen dúas composicións en galego en lembranza de Vales Villamarín, da autoría de Enrique Chao Espina), as referencias documentais e o índice onomástico.

Referencias varias:

- A. P., "Biografía dun pai e Fillo Predilecto", *La Opinión*, "Sada/Betanzos", 17 maio 2012, p. 17.

Faise referencia á presentación no Concello de Betanzos desta biografía. Sinálase a participación do autor, José Domingo Vales Vía, do alcalde, Ramón García, e do historiador Alfredo Erias.

V.3. ANTOLOXÍAS

Dunne, Jonathan (limiar, ed. e trad.), *Anthology of Galician Literature. Antoloxía da literatura galega (1981-2011)*, Vigo: Xunta de Galicia/Edicións Xerais de Galicia/Editorial Galaxia, 2012, 396 pp. (ISBN da Xunta de Galicia: 978-84-453-5063-8) (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9914-430-6) (ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9868-451-6). ■

Segundo volume da antoloxía bilingüe inglés-galego elaborada por Jonathan Dunne (Kingson, 1968), dedicada á produción literaria galega contemporánea. Este tomo, que se corresponde cos anos 1981 e 2011, acolle un limiar do antólogo, tamén bilingüe e unha nota de agradecemento. Explícase no limiar que os textos foron realizados polos seus autores ou por expertos na súa obra no caso de autores xa falecidos. Destaca a presenza das mulleres no conxunto e estabelece unha serie de notas históricas sobre a consolidación do sistema literario galego en relación ás conquistas democráticas e lingüísticas. Apunta tamén a importancia dos premios literarios en relación á visibilización dos autores galegos e o xurdimento de asociacións como a Asociación de Escritores en Lingua Galega, así como a calidade e puxanza da Literatura Infantil e Xuvenil. Trátase dunha selección de sesenta textos do mesmo número de autores, que abranguen todos os xéneros literarios: a poesía, a narrativa, o teatro, o ensaio e a Literatura Infantil e Xuvenil, da autoría de Xavier Alcalá, Marilar Aleixandre, Fran Alonso, Xosé María Álvarez Cáccamo, Manuel Álvarez Torneiro, Diego Ameixeiras, Rosa Aneiros, Antón Avilés de Taramancos, Justo Beramendi, Xurxo Borrazás, Darío Xohán Cabana, Marcos Calveiro, Xosé Carlos Caneiro, Fina Casalderrey, Yolanda Castaño, Francisco Castro, María do Cebreiro, Xosé Cid Cabio, Alfredo Conde, Xabier Cordal, Xabier P. Docampo, Miguel Anxo Fernán Vello, Agustín Fernán Vello, Agustín Fernández Paz, Ramiro Fonte, Víctor Freixanes, Marcial Gondar, Camilo Gonsar, Luís González Tosar, Bieito Iglesias, María Lado, Inma López Silva, Antón Lopo, Manuel Lourenzo, Oriana Méndez, Xosé Miranda, Xosé Monteagudo, Teresa Moure, Miguel Anxo Murado, Xosé A. Neira Cruz, Manuel Outeiriño, Chus Pato, Lois Pereiro, Luz Pozo Garza, Xavier Queipo, Anxo A. Rei Ballesteros, Carlos G. Reigosa, Antón Reixa, Manuel Rivas, Antón Riveiro Coello, Xavier Rodríguez Baixeras, Ana Romaní, Rubén Ruibal, Daniel Salgado, Anxos Sumai, Suso de Toro, Xohana Torres, Andrés Torres Queiruga, Paulino Vázquez, Roberto Vidal Bolaño, Domingo Villar. Péchase con tres apéndices: "Appendix I: Galician texts by genre/Apéndice I: textos galegos por xénero", "Appendix II: Editions for Galician texts/Apéndice II: edicións dos textos galegos", "Appendix III: Translations published in English/Apéndice III: traducións publicadas en inglés"

Recensións:

- Xesús Fraga, "Un volume escolma en inglés as letras galegas desde 1981", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 decembro 2012, p. 50.

Indica que esta edición galego-inglesa recolle unha escolma das letras galegas tanto en narrativa e poesía como en teatro e ensaio da man de sesenta autores e que presenta un marco temporal que abrangue entre os anos 1981 e 2011.

V.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Acuña, Ana, "Presenza de Novoneyra en Madrid", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 7-16.

Transcrición do discurso que Ana Acuña ofreceu na Real Academia Galega como parte do congreso organizado sobre a figura de Uxío Novoneyra en 2010. Tras sinalar as orixes do estudo que levou a cabo xunto a outros colegas sobre os grupos galegos no Madrid de entre 1950 e 2000 e os parámetros do estudo, destaca o emprego de arquivos persoais do propio Novoneyra e de varias amizades súas. Comeza cun apartado intitulado "Prehistoria", que cubre os anos de 1948 a 1952 e no que comenta a chegada de Novoneyra a Madrid e os espazos sociais que alí frecuentou. A seguir, acolle o texto "Todo bruído sen nome é un agoiro", que comprende o período de 1962 a 1966 e se corresponde coa segunda estadía do poeta na capital madrileña. Por último, analiza as derradeiras estadías do poeta nesa mesma cidade, das que destaca as saídas do prelo de *Poemas caligráficos* (1979), ou o disco *Sons nus. O reino do calado* (2009), entre outras. Conclúe cunha listaxe bibliográfica das consultas empregadas na redacción deste seu discurso.

Acuña, Ana, "O semanario pontevedrés *Litoral* e a autonomía do campo literario galego", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 15, 2012, pp. 13-22.

Despois de reivindicar a importancia de *Litoral* na autonomía do campo literario galego, refire a xénese deste semanario, que naceu o 16 de febreiro de 1953 en Pontevedra e durou até 1958. Para xustificar isto, reproduce a polémica sobre *Escolma de poesía galega* (1955), de Francisco Fernández del Riego, que mantiveron un descoñecido Leandro Crispín e o mozo Xosé Luís Méndez Ferrín, a partir da selección poética que se ofrece no citado volume, tendo en conta o criterio lingüístico. Por outra parte, recolle as respostas de Celso Emilio Ferreiro e Valentín Paz Andrade sobre "Tres preguntas sobre las condiciones culturales y económicas de Galicia".

Acuña, Ana, "Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro. Apuntamentos sobre a actividade asociativa e literaria de Celso Emilio Ferreiro en Madrid", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Varia", vol. 15, 2012, pp. 145-152.

Reprodúcese a intervención de Ana Acuña con motivo da celebración do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro na Universidade Complutense. Tras o seu regreso dende Venezuela, no ano 1973, sinala que se instalou en Madrid, onde traballou como redactor de *Tribuna Médica*, aínda que o seu fogar madrileño sempre actuaría de embaixada cultural de Galicia. A seguir, refire a actividade de Celso Emilio no Ateneo de Madrid, a través de conferencias, presentacións de libros, actuacións teatrais e lecturas poético-musicais, ademais do labor realizado dende a Aula de Cultura Galega, que el mesmo dirixía. Por outra parte, fala do seu quefacer na presidencia da Irmandade Galega, unha asociación de madrileños e galegos, así como da súa intervención noutros espazos vinculados ao seu labor como conferenciante (Sargadelos, colexios maiores...) e como participante en xuntanzas máis ou menos literarias (Gijón e Enxebre Orde da

Vieira). Tamén dá conta do seu labor literario durante esta etapa e da súa colaboración como crítico literario no *ABC*, así como dos continuadores de Celso Emilio nos anos 80, 90 e no novo século na cidade madrileña.

Alfaro, Casilda, "Fotoxenia e presenza (A incidencia do cine na interpretación teatral)", *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 14, "Teoría", maio 2012, pp. 11-13.

Trata a cuestión da influencia do cinema nos xéneros literarios da novela e o teatro a partir da segunda metade do século XX. Parte en primeiro lugar do volume de Rafael Morales Astola, *La presencia del cine en el teatro* (2003), para despois analizar os conceptos de personaxe, plano e montaxe.

Alonso Girgado, Luís, "Diversidade interno-externa e multiplicidade textual en Uxío Novoneyra", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 133-138.

Analiza unha serie de escritas pertencentes ao corpus literario de Uxío Novoneyra. Salienta primeiramente os precedentes da súa análise, a saber, o proceso de reelaboración persoal dos textos do poeta e as diferentes versións editoriais destes. Destaca asemade o estudo de Carme Silva Domínguez e a temática telúrica e cósmica das composicións novoneyrianas, así como os poemarios na que aparece, como *Muller pra lonxe* (1986); *Os Eidos* (1955) ou *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1999). Conclúe cun comentario detallado sobre o corpus epistolar dalgúns dos poemas que compuxo entre 1953 e 1972.

Alonso Montero, Xesús, "Seis cartas (tres inéditas) de Virxinia Pereira Renda (de Castelao) á familia de Ramón Otero Pedrayo (1948-1957)", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, n.º 15, 2012, pp. 127-150.

Reproduce seis epístolas enviadas por Virxinia Pereira Renda a Ramón Otero Pedrayo co gallo do centenario do casamento entre ela e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Tras unhas consideracións iniciais acerca do epistolario e da súa autora, nas que menciona a conservación daquel na Biblioteca Penzol en Vigo, así como os criterios de edición na presente publicación, transcribe as seis cartas, grafadas en lingua castelá, datadas entre 1948 e 1957.

Alonso Montero, Xesús, "Sobre o primeiro libro de Novoneyra (Abrojos, 1948) e outras páxinas súas", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 17-28.

Comenta a saída do prelo do volume de Uxío Novoneyra intitulado *Abrojos* (1948), a partir dunha "Explicación previa" na que indica que o presente comentario é a transcrición dun relatorio seu de 2011 sobre o antedito volume, que xa fora publicado na revista *Madrygal* en 2002. Comeza cunha breve sección que leva por título "O meu primeiro encontro con Novoneyra" e na que sinala precisamente as orixes da súa amizade co poeta en 1948 en Madrid. A continuación, acolle a sección

“Abrojos/Poemas cortos por E. Novoneyra”, na que indica a data de publicación do poemario, o 10 de outubro de 1948, e a coincidencia do seu título co doutro libro de Rubén Darío de 1887. Prosegue cun “Apéndice” no que destaca un agasallo que recibiu de José Luís Salgado Diéguez, un manuscrito de trece poemas en castelán do volume *Folerpiñas de neve* (2010), e no que reproduce algúns deles. Conclúe cunha reprodución facsimilar dos poemas escritos a man “A Galicia”, “Aquí mismo”, “Tierra”, “Ríos del Caurel” e “Yo/conmigo del brazo” (mecanografado).

Alonso Montero, Xesús, “Para un retrato cívico do intelectual Isaac Díaz Pardo”, *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, “O rego da cultura”, xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 14-17.

Co gallo do seu pasamento, realiza un percorrido pola traxectoria vital e profesional de Isaac Díaz Pardo. Comeza por sinalar a súa aprendizaxe de persoeiros como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ou Ánxel Casal no obradoiro do seu pai, Camilo Díaz Baliño, de quen indica a súa preferencia política, ao igual cá da súa tía Lolita Díaz Baliño. Fala a seguir da faceta de pintor e ceramista de Díaz Pardo, así como do seu labor empresarial á fronte do proxecto Sargadelos. Destaca, doutra banda, a colección “Documentos” de Ediciós do Castro; o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside; a súa colaboración coa editorial Ruedo Ibérico e a edición clandestina de *Galicia hoy* (1966). Conclúe cun agradecemento á colección “Biblioteca del Exilio”, por facer accesíbeis textos inéditos deste intelectual. Acompañan este artigo catro fotografías do persoeiro: unha individual, dúas xunto a Luís Seoane e Xesús Alonso Montero e unha do Museo Carlos Maside.

Alonso Montero, Xesús, “Dous capítulos das miñas memorias”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 15, “Varia”, 2012, pp. 139-144.

Recolle dous capítulos sobre as súas memorias de vida. O primeiro refírese ás conversas cun canteiro, comunista e ventureiro, o señor Antonio, máis coñecido coma “o Petouto”, que lle serviron para perfeccionar o seu galego, especialmente a parcela léxica sobre os estamentos da sociedade e certas dimensións económicas na vida das xentes. Por outra parte, recorda como o *Quixote* foi abordado no Instituto Masculino de Lugo cando exercía como docente, rompendo sempre unha lanza a favor de Sancho Panza. Tamén alude ás actividades feitas no Instituto con motivo dunha Exposición Didáctica de Lingüística Hispánica, na que se recolleu un fragmento da obra de Cervantes nas linguas hoxe cooficiais no Estado español, así como o conto de Castelao, “Chamábanlle a *Marquesiña*...”. Por último, comenta que entre as primeiras traducións do *Quixote* ao galego se realizaron nese instituto lugués.

Alonso Montero, Xesús, “Isaac Díaz Pardo, escritor antifranquista na clandestinidade”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 15, “Crónica”, “Apéndices”, 2012, pp. 176-177.

Refírese ás colaboración de Isaac Díaz Pardo na revista fundada por Luís Seoane en Bos Aires, *Galicia Emigrante*. Explica que nesta revista Díaz Pardo ofrece dous tipos de

colaboración: os artigos asinados co seu nome e apelidos e aqueloutros asinados co pseudónimo de Ollarnovo, nos que acentúa as tintas críticas.

Alonso Montero, Xesús, "Soñador, emprendedor e subversivo. Para un retrato de Díaz Pardo", *Tempos Novos*, n.º 176, "As claves", "Obituario", xaneiro 2012, pp. 71-73.

Con motivo do seu pasamento, realízase un repaso pola traxectoria vital e profesional de Isaac Díaz Pardo, facendo especial fincapé nos seus posicionamentos ideolóxicos.

Álvarez, Bautista, "Desde Brais Pinto á UPG", *Terra e tempo. Revista do pensamento nacionalista*, n.os 159-162, "Carta do presidente", xullo 2011-xuño 2012, pp. 3-5.

Comeza lembrando que hai anos Xosé Luís Méndez Ferrín afirmaba rotundamente: "Brais Pinto pasará á historia" (p. 3), se ben o articulista dubidaba das súas verbas xa que, por máis que os poemarios fosen "de acrisolada calidade" (p. 3), dado o seu reducido número, non pensaba que dese "para encher un capítulo da historia da literatura galega" (p. 3), a non ser pola cohesión que lle concedía ao grupo o nacionalismo. Repasa o labor de Ramón Piñeiro, salientando que lle estrañou que a resposta á idea do proxecto nacionalista fora "a creación dun grupo cultural, nucleado arredor dunha editorial" (p. 3), e afirmando que ao coñecelo "xa se adiviñaba nel o traidor que anos máis tarde votaría en contra da representación nacionalista no Primeiro Parlamento de Galiza, e a prol dun Presidente de Alianza Popular, traizoando así tamén ao partido que lle regalara escano" (p. 3). Refire que "Brais Pinto tivo unha existencia curta pero deixou pegada" e que a súa maior achega foi "terse convertido en embaixada e referente de Galiza en Madrid. Da Galiza cultural e política" (p. 3). Lembra que Ramón Otero Pedrayo foi "un dos homes máis honestos e consecuentes co seu compromiso nacionalista", así como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, e as actividades nas que participaron. Reitera que a memoria do grupo Brais Pinto permanece viva cincuenta anos despois, xa que foi considerado "o restaurador do nacionalismo na postguerra" (p. 5), é dicir, "o preludio do rexurdir nacionalista, que se consolidou coa creación da UPG no ano 1964" grazas a que os seus dez puntos programáticos "foron redactados nunha reunión celebrada en Madrid a principios do mes de xullo, e lixeiramente retocados no acto fundacional de Santiago" (p. 5) e que, ao estar en funcionamento ese proxecto nacionalista, "a colonia galega de Madrid participou activamente na creación de conciencia nacional, principal entre o sector estudiantil" (p. 5).

Álvarez, Rosario e Xosé Luís **Rodríguez Montederramo**, "Un novo testemuño da glosa a 'Adán non pudo pecar', do cura de Fruíme", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "III. Traballos de investigación e estudo", 2012, pp. 309-332.

Analizan o poema "Adán non pudo pecar", de Diego Antonio Cernadas e Castro, "Cura de Fruíme". Nun primeiro apartado, "Contexto documental", indican precisamente os datos de edición, encadernación e compilación do volume que recolle esta composición. A seguir, en "A glosa de Cernadas", dan conta do tipo de versificación empregada no poema, así como da presenza de dúas versións desta glosa nas dúas edicións das obras completas en galego do autor. No seguinte apartado, "As presentacións en prosa",

comentan os contidos e a estrutura das tres copias manuscritas coñecidas, para despois pasar a analizar, en "O transfondo da sátira", os antecedentes literarios que puideron conformar as orixes temáticas e de caracterización de personaxes da glosa. En "Edición do texto" reproducen a glosa en galego e informan dos criterios de edición e xustificación da lectura, levan a cabo un cotexo entre as variantes textuais do poema e desenvolven un comentario lingüístico no que detallan algunhas das diferenzas historiográficas e léxicas atopadas entre as variantes textuais. Conclúen cunha listaxe das referencias bibliográficas empregadas.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, Cesáreo **Sánchez Iglesias**, Xulio **López Valcárcel**, Darío Xohán **Cabana**, Claudio **Rodríguez Fer** e César Antonio **Molina**, "6 poetas gallegos del siglo XXI", *El invisible anillo. Poesía, arte y literatura*, "Érase unha vez... Galicia", n.º 16, 2012, pp. 80-91.

Reprodúcense as seguintes composicións poéticas en edición bilingüe galego-castelán: "Voltei a entrar na casa. Ti marcharas.../Volví a entrar en casa y tú te habías ido...", de Xosé María Álvarez Cáccamo; "Caderno do Nilo (fragmento)/Caderno do Nilo (fragmento)", de Césareo Sánchez Iglesias; "Filme/Film", de Xulio López Valcárcel; "Enchereite de min e do que teño,.../Te llenaré de mí y de cuanto tengo,..." e "O bardo na Ponte-ceso/El bardo en Ponte-ceso", de Darío Xohán Cabana e "Mar morto/Mar muerto", de César Antonio Molina; ademais dos poemas en galego "Pequeño país (*miss* perfumado)" e "Quédome contigo", de Claudio Rodríguez Fer.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "Os papeis de Xosé María Álvarez Blázquez", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 114-123.

Reproduce a conferencia impartida por Xosé María Álvarez Cáccamo na Casa Galega da Cultura-Fundación Penzol no acto alí celebrado con motivo da doazón dun fondo documental por parte da familia de Xosé María Álvarez Blázquez despois do seu pasamento. Abren o relatorio uns versos do autor, tirados dun dos poemas recollidos n'*Os documentos da sombra* (1986). Describe os seus primeiros contactos coa vida literaria do seu pai e como andando o tempo decide realizar unha edición das súas *Obras completas*. Cita a seguir uns versos do seu poemario *Luminoso lugar de abatimento* [sic] (1987), para facer referencia despois a obras do seu pai grafadas en galego como *Poesía galega completa* (1987), *Poemas de ti e de min* (1947), *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioeiro de Monfero* [sic] (1953), *Romance do pescador peleriño* (1954), *Canle segredo* [sic] (1976), *Os ruíns* (1936), ademais doutras escritas en castelán. Menciona asemade a biografía *Xosé María Álvarez Blázquez. Escritor, conferenciante, editor, arqueólogo, investigador, galeguista de aceiro e pedra fina* (1994), de Alfonso Álvarez Cáccamo, *Calendario biográfico de Xosé María Álvarez Blázquez* (inédito), *Fotobiografía* (2008), *Tempo do pai* (2008), o artigo de Manuel Xestoso, "Xosé María Álvarez Blázquez. Reconstrutor dun país en anacos" (2008), o de Celso Álvarez Cáccamo, "A cordura da cultura como tarefa colectiva" (2008) e a comunicación de Xosé María Álvarez Cáccamo, "Xosé María Álvarez Blázquez: a paixón das orixes" (2008), presentada nun congreso organizado pola Real Academia Galega en Tui. Conclúe cunha referencia aos contidos da doazón que vén de facer á Fundación Penzol.

Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria, "Micaela Mutuberría. Unha tradutora descoñecida de Rosalía de Castro", *Festa da palabra silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 28, "Actualidade", 2012, pp. 77-80.

Dá a coñecer a Micaela Mutuberría como tradutora de Rosalía de Castro. Relata que hai algúns anos comprou un manuscrito cunha tradución ao castelán inédita dos poemas de *Follas Novas*, asinada por Micaela Mutuberría e ofrece información biográfica desta autora e sobre o manuscrito.

Ameixeiras, Diego, "Lectura reconfortante", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro, febreiro e marzo 2012, p. 96.

Analiza o volume de relatos de Bieito Iglesias, *Contos da terra da tarde* (2011). Tras traer á memoria outra das súas recompilacións de relatos, *Aventura en Nassau* (1991), describe as liñas temáticas e argumentais e salienta os relatos "Fruta do tempo. Ourense circa 1960", "Comentario ao Apocalipse. Análise existencial do home galego enfermo", "O beneficio eclesiástico e outros problemas gravísimos", "Venatoria suíza", "Adversum galaicos", "Conto da terriña", "Catering. Un relato de avancarga" e "O bolero traballa como un soño". Remata cunha loanza á mestría do escritor á hora de retratar a decadencia social actual.

Angueira, Anxo, "O *coloquio* fonte, o *coloquio* río, océano Sarmiento (I parte)", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 89, tomo I, ano XXIII, "Cuestións", xaneiro-febreiro-marzo 2012, pp. 37-50.

Analiza a falta de estudos arredor do *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, da autoría do Padre Sarmiento, con respecto ao resto da súa obra. O traballo estrutúrase en tres seccións. Comeza con "O Coloquio como pretexto", na que sinala como o propio Sarmiento aludira á sinxeleza do escrito, cuxo obxectivo era servir de axuda ao "comento"que lle seguía, *Glosario en que se trata del origen antiguedad etimologías y esplendor de la Lengua Gallega*, así intitulado no seu manuscrito orixinal. Destaca asemade como algunhas historias da literatura deixan de lado este *Coloquio*, como por exemplo as da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (1996) ou Hércules Ediciones (2000). Na segunda sección, "Copras de estilo pueril y rústico, versos de Perico y Marica, romanzón", estuda as unidades estróficas que o compoñen, a copla ou coplilla. Sinala como na edición de X. L. Axeitos de 1982 o *Coloquio* é presentado como *As coplas galegas do Padre Sarmiento*, ou como *Coloquio en mil duascentas coplas galegas* na de H. Monteagudo. Continúa cunha análise da denominación "versos de Perico e Marica", xunto a certos títulos aos que deu orixe, como os anónimos *Coloquio de Perico e Marica* (1733), *Perico y Marica al rumor alegre de los felizes sucessos de la Monarquia, salen de los Escondites de sus Caramancheles y encontrandose donde gustare el curioso, hablan lo que sabrá el que tuviere paciencia para leerlo* (comezos do século XVIII), ou *Conversaciones de Perico y Marica* (1788). Na derradeira sección, "A galeguización do xénero", prosegue coa análise do romance anterior, situándoo nun contexto de galeguidade e reproducindo algúns versos. Estuda tamén a súa combinación rítmica, da que salienta o "touporroutou", "chascorraschás" ou "tróupele-tróupele"

presente nas coplas e conclúe cunha referencia ás variantes dos nomes destes dous personaxes.

Angueira, Anxo, "O *coloquio* fonte, o *coloquio* río, océano Sarmiento (II parte)", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 90, tomo II, ano XXIII, "Cuestións", abril-maio-xuño 2012, pp. 13-30.

Continúa o estudo sobre o impacto de Frei Martín Sarmiento no proceso do Rexurdimento dende a súa orixe até o século XIX. Así, a través de varios apartados, analiza a influencia do *Coloquio* na etapa antedita, os recursos presentes nas súas *Copras*, como a acumulación, o dialoxismo ou a musicalización, o rol pioneiro de Sarmiento na recollida da lírica popular galega e o das *Copras* como punto basal do sistema literario galego da actualidade.

Angueira, Anxo, "Terra e pobo en Novoneyra", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 29-40.

Leva a cabo unha análise da relación existente entre a paisaxe do Courel e a poesía de Uxío Novoneyra. Tras reproducir un poema que menciona as rías de Marín e Pontevedra, salienta o caso da presenza da Terra Cha n'*Os Eidos*. Comenta asemade a presenza da toponimia e a microtoponimia nas súas composicións, para despois aludir ao suxeito literario do volume antedito: a terra e o pobo. Conclúe cun breve comentario sobre a poesía política de Novoneyra.

Antuña Souto, Carlos Alberto, "Unha sinxela homenaxe a Francisco Fernández del Riego", *Seminario de Estudios Redondeláns (SEREN)*, n.º 6, 2009-2010-2011-2012, pp. 233-254.

Reproduce a conversa mantida en 1998 con Francisco Fernández del Riego, sobre a divulgación do patrimonio histórico de Redondela, que precede dun apuntamento sobre a traxectoria vital do persoeiro xunto a algunhas puntualizacións sobre a conversa en si. Trata de cuestións como o Partido Galeguista, o seu volume *O río do tempo. Unha historia vivida* (1990), o artigo de Carballo Calero "Xa somos esquerda", de 1934, a relación entre a Igrexa como institución e o PG, a revista *Logos*, a creación das Mocidades Galeguistas, o agrarismo, a difusión da prensa nacionalista, o volume de Xavier Castro *O galeguismo na encrucillada da II^a^ República* (1985), as figuras de Pío Baroja, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Miguel de Unamuno e o Grupo Galeguista de Pontevedra.

Araguas, Vicente, "O faladoiro galego do Comercial", *Galegos*, n.º 16, "Crónicas", I trimestre 2012, pp. 92-97.

Dá conta do faladoiro que ten lugar no madrileño café Comercial. Salienta primeiramente o iniciado polo grupo "Bilbao", composto por Fermín Bouza Álvarez, Vicente Araguas e Manuel Pereira Valcárcel entre outros e outras. Menciona a seguir os nomes dos poetas que formarían novos grupos no faladoiro, como Viki Veiguela,

Verónica Martínez, Rafa Yáñez, Miguel Barrera, Xosé Manuel Outeiro, Claudio Pato, Ana Cibeira, Yolanda Castaño, Emma Couceiro, Inma López Silva, Hartmut Heine ou Xavier Castro. Aproveita, doutra banda, para mencionar dous volumes seus, *O gato branco* (1996) e *Paisaxe de Glasgow* (1978), e conclúe engadindo os nomes dos novos asiduos e asiduas do faladoiro: Rudesindo Soutelo, Marga Vázquez, Pili Mera, Xosé Galán, Begoña Regueiro, Ana Acuña, Roberto Pascual, Miguel Louzao, Chuni Canal, Antonino Nieto, Pepa Nieto, Vila Coia ou Carme Lamela.

Anllo, Xoán, "Un inédito galego de Valente". *A Trabe de Ouro*. *Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 92, Tomo IV, "Textos", outubro-novembro-decembro 2012, pp. 133-136.

Conta que ao xubilarse como tradutor da Organización das Nacións Unidas (ONU), recibiu un "livre d'or" onde os seus compañeiros escribiron diversos textos a modo de despedida e agradecemento. Entre eles, localizábase un poema en galego escrito por José Ángel Valente. Este, segundo as pescudas de Anllo, era inédito, posto que non estaba en ningunha antoloxía poética do escritor. Finalmente, vendo a importancia da composición, o poema foi publicado.

Araguas, Vicente, "Celso Emilio: unha ollada persoal", *Galegos*, n.º 17, "Crónicas", II trimestre 2012, pp. 60-62.

Comenta en termos xerais a traxectoria poética de Celso Emilio Ferreiro a partir de poemas como "María Soliña", "Monólogo do vello traballador", "Romance incompleto"ou "Carta a Fuco Buxán".

Araguas**, Vicente, "Isaac, hóspede do tempo", *Madrygal..Revista de Estudios Gallegos*, vol. 15, "Crónica", "Apéndices", 2012, pp. 181-182.**

Nesta loanza á figura de Isaac Díaz Pardo, recorda os camiños percorridos ao pé deste "home primordial, de persoa atenta a Galicia como Cultura, ao Mundo como cerne do espírito e espora dun cabalo para todos.

Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 34, "Publicacións", outono 2012, pp. 33-34.

Dá conta do volume *Confesión de parte*, de Xulio López Varcálcel, do que destaca o seu subtítulo "Inventario de lecturas e poéticas" e os ensaios que contén.

Barreiro, Manuel M., "Un nómade mestizo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proTagonista", inverno 2012, p. 13.

Refírese á escrita de Fran Alonso, a quen cualifica de "escritor mestizo e aberto a toda raza da imaxinación ou como un nómade con raíces, pero sen medos, libre e sempre disposto a novos desafíos". Tamén apunta que a súa escrita, "iluminando realidades

invisibles ou silenciadas do noso tempo, revoluciona a vida dos lectores, faina mellor, máis sensible e máis esperta, como condición necesaria para cambiar o mundo".

Barreiro, Manuel M., "Unha reserva inesgotable de dignidade", *Tempos Novos*, n.º 182, "Noticias de ningures", xullo 2012, pp. 26-27.

Comenta a traxectoria de Agustín Fernández Paz ao respecto do nacionalismo galego. Destaca o ensaio *A derrota de Galicia* (2012), de Antón Baamonde, contemporáneo de Agustín Fernández Paz, sobre o proceso de transformación da sociedade galega e reproduce as verbas deste último sobre o chamado Rexurdimento literario na Literatura Infantil e Xuvenil. Remata cunha referencia á homenaxe que ProLingua lle rendeu ao poeta.

Basanta, Ángel, "A traxectoria narrativa de Carlos Casares", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "Carlos Casares nun país de palabras", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 17-27.

Dedicado a Fernando Valls, este artigo presentouse no curso "Carlos Casares, escritor e intelectual do seu tempo", organizado pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo, dirixido pola profesora Dolores Vilavedra Fernández, que se desenvolveu no Consello da Cultura Galega do 5 ao 7 de setembro de 2012. Analiza a narrativa de Carlos Casares dende o seu inicio, na segunda metade dos anos sesenta do século XX. Explica que se trata dunha traxectoria persoal de "maxisterio crecente", e estabelece dúas etapas nas que clasifica a produción narrativa do autor. Na primeira etapa, renovadora, inclúe *Vento ferido* (1967), *Cambio en tres* (1969), *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975) e *Os escuros soños de Clío* (1979). Na segunda etapa dáse unha busca da comunicación doada cos lectores ("Contar coa transparencia da fiestra"), e a ela pertencen: *Ilustrísima* (1980), *Os mortos daquel verán* (1987), *Deus sentado nun sillón azul* (1996) e *O sol do verán* (2002). O texto compleméntase con nove imaxes: unha fotografía do autor e oito portadas, correspondentes aos volumes estudados.

Beck, Carlos, "El mundo clásico en la poesía gallega", *El invisible anillo. Poesía, arte y literatura*, "Érase unha vez... Galicia", n.º 16, 2012, pp. 92-93.

Comeza salientando que as inquedanzas vitais e intelectuais de Álvaro Cunqueiro abarcan dende a materia de Bretaña até Oriente, o mundo do Renacemento italiano e a Antigüidade grega. Coméntase que o gusto polas humanidades clásicas tamén está presente noutros autores como Antonio Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, Ricardo Carballo Calero ou Ramón Cabanillas.

Beiras, Xosé Manuel, "Soñador, emprendedor e subversivo. Isaac e nós", *Tempos Novos*, n.º 176, "As claves", "Obituario", xaneiro 2012, pp. 74-75.

Lémbrase do reencontro con Isaac Díaz Pardo a comezos do ano 1982 e da proposta de reeditar en Ediciós do Castro *O atraso económico da Galicia* (1972) baixo o título d'*O atraso e Nós. Aportación para un debate encol o atraso económico*.

Bermúdez, Silvia, "Lexitimación da nación galega", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 101-102.

Analiza o volume de Gonzalo López Abente, *Bretemada 1917-1922* (2011), saído do prelo na colección Rescate de Alvarellos Editora. Destaca en primeiro lugar o preámbulo de Xosé Luís Méndez Ferrín e a introdución de Miro Villar, para despois sinalar o afán da editorial por recuperar textos inéditos no eido da cultura galega. Comenta a seguir o contido temático do poemario a partir da súa estrutura en torno a seis apartados e remata cunha referencia á construción do suxeito poético.

Bernárdez Vilar, Xoán, "Stat sua cuique dies; breve et irreparabile tempus", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 176, "Crónicas", "Rolda da cultura", xaneiro-febreiro 2012, pp. 92-100.

Informa de diversas novidades no seo da cultura galega. No tocante a congresos e comunicacións, destaca a homenaxe da Real Academia Galega a Nicomedes Pastor Díaz Corbelle; a celebración da nova edición de Culturgal no Pazo da Cultura de Pontevedra e o congreso de Lois Pereiro en Santiago de Compostela e na Coruña, organizado pola Real Academia Galega, a Concellería de Cultura e Turismo e a Universidade da Coruña. Sinala, doutra banda, o pasamento de Isaac Díaz Pardo e a elección de Xosé Luís Franco Grande como Fillo Predilecto de Tomiño.

Bernárdez Vilar, Xoán, "Sobre celtas e castrexos", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 177, "Crónicas", "Rolda da cultura", marzo-abril 2012, pp. 96-104.

Dá conta de diversos acontecementos na cultura galega, entre os que destaca a doazón do Arquivo Xosé María Álvarez Blázquez á Fundación Penzol en Vigo.

Bernárdez Vilar, Xoán, "Galicia como labor", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 178, "Crónicas", "Rolda da cultura", maio-xuño 2012, pp. 92-101.

Dá conta dunha serie de novidades no seo da cultura galega ao longo de varios apartados. Entre elas, comenta o pasamento de Xaime Isla Couto, de quen resume a súa traxectoria vital e literaria.

Bernárdez Vilar, Xoán, "Epítome para un longo soño de verán", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 179, "Crónicas", "Rolda da cultura", setembro-outubro 2012, pp. 98-108.

Destaca acontecementos varios clasificándoos en diferentes seccións. Así, na primeira delas, "Audiovisual", dá conta do V Premio Internacional Compostela de Álbumes Ilustrados do que foi merecente o escritor británico Rudyard Kipling por *Kipling*

Ilustrado (2011), e a celebración do primeiro centenario do pasamento de Celso Emilio Ferreiro. En "Banda deseñada", comenta o éxito da décimo quinta edición do certame "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña e dirixido por Miguelanxo Prado. A seguir, na sección "Decesos", menciona o de Avelino Pousa Antelo e a homenaxe que se lle rendeu no Centro Sociocultural da Ramallosa. En "As Letras", sinala a entrega do Premio Xerais de Novela e o Premio Merlín de Literatura Infantil, convocados ambos os dous por Edicións Xerais de Galicia, a María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón por *Tonas de laranxa* (2012), e a Marcos Calveiro por *Palabras de Auga* (2012), respectivamente. Indica, doutra banda, o achado de varios capítulos íntegros da *Novela de Pedro Madruga*, de Ramón Otero Pedrayo, así como de mil catrocentos versos inéditos de *Xeórxicas do Pan* (pendente de publicación) na Fundación Penzol de Vigo. En "Novas en xeral", indica a entrega da Medalla Castelao a Arsenio Iglesias, Michel Salgado, Manuela López Besteiro, Federico Martinón Sánchez e Román García Varela. Na sección "Premios", trata a décimo sétima edición dos Premios Antón Losada Diéguez nas categorías de creación literaria e investigación, con Agustín Fernández Paz e Xesús Alonso Montero como merecentes do galardón por *Non hai noite tan longa* (2011) e *Aníbal Otero. Lingüística e poética* (2011), respectivamente. Indica asemade o Premio de Ensaio Ramón Piñeiro outorgado a Teresa Moure Pereiro por *Queer-emos un mundo novo* (2011); o Premio Victoriano Taibo de Poesía convocado pola Entidade Menor de Morgadáns en Gondomar, concedido a Mª Concepción Álvarez Lebredo por *Distancias e simetrías* (2011) e a sexta edición do premio Ramón Piñeiro "Facer País" outorgado a Agustín Fernández Paz. Conclúe cunha sección intitulada "Varia", na que sinala a decisión de lle dedicar o Día das Letras Galegas 2013 a Roberto Vidal Bolaño.

Blanco, Carmen, "A liberdade das amadas mulleres", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 41-50.

Trata o tema do amor e as mulleres na poesía novoneyriana. A un primeiro apartado, "Liberdade, amor e mulleres", tras dúas citas tiradas deste poeta, séguelle o titulado "Amor en Madrid", no que cita unha composición do poeta de 1986, para despois continuar en "Amigas, bosques e paxaros", coa cuestión da presenza destes elementos na súa poesía e a relación existente entre eles e as cantigas populares medievais. A seguir, en "A alegría do amor", reproduce un poema sobre as fiandeiras do Courel e outro sobre as pastoras, mentres que en "A liberdade da vida" amosa algúns versos nos que aparecen os nomes de Rosalía de Castro, María Mariño ou mesmo María Peres. En "Amores familiares" comenta o lugar que ocupan a nai e a irmá do poeta nos seus versos, para despois mencionar en "Muller para lonxe" o tipo de muller que dá orixe ao ciclo erótico de *Muller pra lonxe*. Na seguinte epígrafe, "O esplendor da beleza da neve", salienta a composición intitulada "Ámeto mítico", da que reproduce algún verso e xa en "A forza revolucionaria do amor" trata a cuestión homónima en canto tema. Continúa con "A loita pola liberdade", no que indica a unión entre amor e liberdade na súa poesía e conclúe con "O amor atenua [sic] o mundo", no que reproduce o poema "Neva para atenuar o mundo". Pecha o artigo unha serie de referencias bibliográficas.

Blanco, Carmen, "En paz esperando por el alba del día: mujeres de Rosalía de Castro", *El invisible anillo. Poesía, arte y literatura*, "Érase unha vez... Galicia", n.º 16, 2012, pp. 21-30.

Analízase dende unha óptica feminista o poema "A xusticia pola man", de Rosalía de Castro. Sinálase que retrata un abuso de poder exercido sobre unha muller, denunciado dende o seu "profundo humanismo igualitario", aínda que se advirte de que non se trata dun manifesto feminista, senón dunha composición contra o poder. A continuación, reivindica as figuras femininas doutras obras rosalianas como *La hija del mar* (1859), *Flavio* (1861), *Ruinas* (1866), *El caballero de las botas azules* (1867), *La flor* (1857) e *A mi madre* (1863), así como aquelas que aparecen en distintos poemas de *Cantares gallegos* (1863), *Follas novas* (1880) e *En las orillas del Sar* (1884).

Blanco, Ramón, "Vida e obra do Poeta Añón (no seu centenario)", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 8, 2012, pp. 65-77.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria vital e literaria do poeta Francisco Añón co gallo do seu bicentenario. Refire a súa infancia en San Pedro de Outes, a saída ao prelo dos seus primeiros escritos, como o poema "El médico enamorado" (1840), en diferentes xornais da época, o seu labor de redacción na *Revista Peninsular* xunto a Luís Rivera, a súa participación nos Xogos Florais de Galicia de 1861, a composición dos seus poemas "A mi querida hija Eufrosina" e "Cantar" en 1861, o seu labor de presidencia do faladoiro "Galicia Literaria" en 1875, a tradución incompleta de *Los dos amigos* de M. J. Tourguenel en 1877, o soneto "Al Papa" e o poema "Á Galicia" en 1877. Conclúe cunha referencia á publicación póstuma de *Poesías varias. Colección debida a la inspirada pluma del eminente gallego D. Francisco Añón Paz. Precedidas de un artículo necrológico* (1878), e á edición de *Francisco Añón. Poesías* (1889), na colección "Biblioteca Gallega", dirixida por Andrés Martínez Salazar.

Borrazás, Xurxo, "O tema do noso tempo", *Tempos Novos*, n.º 185, "As claves", "Sociedade", outubro 2012, pp. 67-70.

Realiza unha crónica dos máis recentes eventos culturais galegos. Menciona primeiramente a elección de Roberto Vidal Bolaño como homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2013, a exposición *Gallaecia Pétrea* na Cidade da Cultura e a convocatoria dos premios da Cultura de Galicia. Remata cun apuntamento sobre o compromiso coa lingua galega.

Bragado, Manuel, "A feira dos lectores", *Tempos Novos*, n.º 176, "Entreculturas", "FIL de Guadalaxara 2011", xaneiro 2012, pp. 82-86.

Infórmase de que nove editoriais e tres autores (Marcos Calveiro, Rosa Aneiros e Agustín Fernández Paz) participaron na 25ª Feira Internacional de Guadalaxara (México). Saliéntase como o momento máis emocionante para a delegación galega o acto de entrega a Fernández Paz do Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil.

Brea Azcona, Irene, "Pereiro, Lois (2011): *Poesía completa* (ed. Ana Acuña, apéndices de Manuel Rivas e Manuel María)", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 281-282.

Refírese ao volume *Poesía completa* (2011), no que Ana Acuña organiza cronoloxicamente toda a produción poética de Lois Pereiro. Sinala que esta obra é como un único poema, pola recorrencia temática e lingüística que manifesta. Apunta que se repite todo un campo semántico significativo e léxico, movéndose todos os poemas entre os polos do amor, a morte e a literatura. Tamén considera que a poesía de Lois Pereiro é comprometida sen ostentación, rompéndose, ás veces, co referencial de toda aparencia, ademais de analizar outras cuestións relativas á persoa, ao performativo, os motivos, as influencias lingüísticas... presentes nos seus poemas.

Bulnes, Ana, "Culturgal 2011 a cultura máis viva ca nunca", *Tempos Novos*, n.º 176, "Todo é peixe", "Crónica", xaneiro 2012, pp. 8-10.

Destácase o éxito de convocatoria do Culturgal 2011 e infórmase de que estiveron presentes o mundo editorial, a industria audiovisual e a das novas tecnoloxías e as artes escénicas. Coméntase que unha das novidades desta cuarta edición foi o Foro, unha zona exclusiva para expositores que servía de punto de encontro entre os profesionais do sector.

Cabana Yanes, Darío Xohán, "Aspectos formais da poesía de Novoneyra", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 51-59.

Reproduce a intervención de Darío Xohán Cabana no congreso sobre Uxío Novoneyra organizado na Real Academia Galega en 2010. Tras mencionar a saída do prelo dalgúns fragmentos de *Abrojos* por parte de Xesús Alonso Montero, comenta o primeiro núcleo de poemas novoneyranos, conformados na súa maioría por *Os eidos* (1955). Analiza a seguir a versificación e adxectivación neles empregada e menciona a obsesión do poeta pola perfección formal dos seus versos. Remata cunha mención dos poemas "Letanía de Galicia", "Vietnam canto", "Elexías do Courel" e do poemario *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1999).

Cabana Yanes, Darío Xohán, "Día das Letras Galegas 2010", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "II. Alocucións académicas sobre Uxío Novoneyra no Día das Letras Galegas", 2012, pp. 297-300.

Reprodución do discurso que Darío Xohán Cabana deu na sé da Real Academia Galega en 2010 co gallo da homenaxe á obra do poeta courelao o Día das Letras Galegas. Tras apuntar algúns datos biográficos da súa xuventude, menciona o volume de Xosé Luís Méndez Ferrín *De Pondal a Novoneyra* (1984), a edición crítica de Eduardo Pondal levada a cabo por Manuel Ferreiro, a *Escolma de poesía galega, Escola medieval galego-portuguesa* (1953), de Xosé María Álvarez Blázquez e dúas obras do poeta como *Poemas caligráficos* (1979), ou a edición de 1988 d'*Os Eidos*.

Cabanillas, Ramón, Ramón **Otero Pedrayo**, Luís **Pimentel**, Uxío **Novoneyra** e Celso Emilio **Ferreiro**, "5 poetas gallegos del siglo XX", *El invisible anillo. Poesía, arte y literatura*, "Érase unha vez... Galicia", n.º 16, 2012, pp. 43-50.

Reprodúcense as seguintes composicións poéticas en edición bilingüe galego-castelán: "Vieiros da vida/Caminos de la vida", de Ramón Cabanillas; "Nocturno/Nocturno", de Ramón Otero Pedrayo; "Sala de visita/Sala de visita", de Luís Pimentel; "Terras outas e solas!.../¡Tierras altas y solas!", de Uxío Novoneyra e "O val/El valle" e "Longa noite de pedra/Larga noche de piedra", de Celso Emilio Ferreiro.

Campoy García, Comba, "Teatro na radio. Teatro dos sons", *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 14, "Teoría", maio 2012, pp. 17-21.

Analiza a radio como medio de comunicación de masas a partir dos conceptos do audiodrama ou drama sonoro, o radiodrama, os guións radiofónicos e a experimentación dende 1990 até a actualidade.

Canosa, Inés, "Lembranzas", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 15, "Crónica", "Apéndices", 2012, pp. 180-181.

Sinala que coñeceu a Isaac Díaz Pardo en Bos Aires no verán arxentino de 1966, nunha visita á fábrica de cerámicas Madalena que fundara en 1955. A seguir, refírese ao conxunto dos seus proxectos, entre os que están o Laboratorio de Formas de Galicia, Ediciós do Castro, Sargadelos e as súas posteriores galerías, o Museo Carlos Maside, o Seminario de Estudios Cerámicos e o Instituto Galego de Información. Refírese á súa forma de traballar e aos recoñecementos que lle outorgaron, así como á traizón daqueles que recibiron a súa xenerosidade.

Capelán, Antón, "Catro sonetos descoñecidos de Álvaro Cunqueiro", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 33, "Centenario Cunqueiro", primavera 2012, pp. 26-28.

Analiza brevemente, ao longo de tres apartados, a existencia de catro sonetos non coñecidos até o de agora de Álvaro Cunqueiro. A xeito de introdución, comenta a extensa colaboración do escritor nos xornais *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* e *La Noche*, así como as súas publicacións no eido da poesía, reeditadas na colección Libros da Frouma de Edicións Follas Novas baixo o título de *Elegías* (2011); *Soma de craridades* (2011), polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; na editorial Alento *Mar ao Norde* (2011) e na Biblioteca Álvaro Cunqueiro da editorial Galaxia *Poesía 1933-1981* (2011). No segundo apartado trata o labor de Cunqueiro como sonetista e describe a temática amorosa destes catro sonetos, que reproduce a seguir: "Algún día...?", dividido en dúas seccións e "Romanza y canción del buen recordar", tamén en dúas seccións e dedicado a Élida. Explica finalmente a falta de información sobre a publicación orixinaria destes.

Casalderrey, Fina, "Avelino Pousa Antelo (1914-2012). Da materia dos soños", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O rego da cultura", xullo, agosto e setembro 2012, p. 11.

Realiza un percorrido pola traxectoria literaria de Avelino Pousa Antelo co gallo do seu pasamento. Destaca a súa publicación de *Temas de Agricultura*, para despois mencionar o Grupo Escolar de Pontecesures, ao que a asinante desta noticia asistira no seu tempo.

Cebreiro Rábade, María do e Dolores **Vilavedra**, "Limiar", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.° 194, "Novas olladas sobre Rosalía de Castro", abril-maio-xuño 2012, pp. 13-15.

Prólogo que precede o monográfico sobre a figura rosaliana. Destaca a conveniencia de profundar aínda máis na obra da poeta pola ausencia dunha biografía rigorosa e dunha edición crítica e anotada. Sinala asemade a exigua base documental da que se dispón na actualidade, que inclúe a sección "Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro" na revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* dende 1944 até 1950 e a celebración do Congreso Internacional de 1985 organizado polo Consello da Cultura Galega, as achegas das investigadoras Camiño Noia, Carmen Blanco, Pilar García Negro -*O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo* (2010)-, María Xosé Agra, María Xosé Queizán –directora da revista *Festa da palabra silenciada*-, Helena González, María Reimóndez ou Olga Castro. Subliña, por último, o volume de Francisco Rodríguez, *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)* (2011), e a conmemoración do sexaxésimo centenario de *Cantares Gallegos* (1863).

Cendán Teijeiro, Noelia, "Do *Hipólito* de Eurípides á *Romería ás covas do demo* de Manuel Lourenzo: algunhas pasaxes de confluencia", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 15, 2012, pp. 23-33.

Sinala que a obra de teatro *Romería ás covas do demo*, de Manuel Lourenzo, evidencia unha amálgama de elementos que reflicten a conexión entre a traxedia grega orixinal (o *Hipólito*, de Eurípides) e compoñentes de índole variada relativas á tradición cristiá e ao ámbito literario galego e castelán. Puntualiza que o resultado é unha farsa de carácter multicultural que compaxina interesantes procesos de conexión literaria entre a traxedia grega e a versión galega, sempre aderezada por unha maxestosa recreación do ambiente popular galego. A seguir, examina o proceso de manipulación empregado polo dramaturgo galego para transformar o tema dunha traxedia grega nun produto xenuíno e actual, polo que se centra na análise daquelas pasaxes ou elementos dramáticos que *Romeria ás covas do demo* adapta procedentes da traxedia grega. Por último, propón unha serie de conclusións en relación aos aspectos analizados.

Cibeira, Ana, "Vicente Araguas", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Entrevista", vol. 15, 2012, pp. 257-262.

Extensa entrevista a Vicente Araguas, na que profunda no seu quefacer como escritor e explica que, de inicio, quixo ser poeta, logo viría todo o demais. Confesa que sempre ansiou ser lector e escritor e considera que a literatura é un oficio solitario, ademais de sinalar que se organiza con vontade estética e disciplina ética. Refírese á súa experiencia musical e á política e considera que os que escriben fóra de Galicia non existen. Sinala que chegou á Galicia literaria dende Madrid a través de *Leer*, cando esta revista tiña

sección galega. Achega a súa opinión sobre a crítica e indica que a universitaria non lle "presta nadiña", agás se é quen de combinarse coa de batalla, que é a que el practica. Fala sobre Neda, dos escritores novos e das voces que segue da poesía contemporánea e do seu labor como tradutor, así como do seu traballo creativo actual.

Clementson, Carlos, "Cinco imágenes de Cunqueiro", *El invisible anillo. Poesía, arte y literatura*, "Érase unha vez... Galicia", n.º 16, 2012, pp. 63-69.

Afírmase que Álvaro Cunqueiro é un clásico da literatura galega e que o neopopularismo, o intimismo, o vangardismo, a erudición e o culturalismo son os trazos fundamentais tanto da súa produción en prosa como na súa poesía. A continuación, ofrécense cinco retratos do autor realizados por Miguel González Garcés, Néstor Luján, Eugenio Montes e Josep Pla. Finalmente, ofrécense tres composicións poéticas de Carlos Clementson introducidas polo encabezamento "Retablo medieval para un deán de Mondoñedo (Homenaje con sus propias palabras al mundo mágico de Álvaro Cunqueiro)" e intituladas "Leyenda áurea", "Mar ao norde" e "La Edad de Oro".

Cochón, Luís, "*Muller pra lonxe*, de Uxío Novoneyra", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 89, tomo I, ano XXIII, "Publicacións", xaneiro-febreiro-marzo 2012, pp. 141-143.

Recensiona sucintamente a recompilación de poemas da autoría de Uxío Novoneyra, *Muller pra lonxe* (1986). Tras citar algúns dos versos que o compoñen, destaca a súa temática amorosa e analiza algunhas pasaxes.

Cochón, Luís, "As brasas de antigos incendios'. Unha carta única de Eduardo Blanco Amor a Álvaro Cunqueiro", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 91, tomo III, ano XXIII, "Acoutacións", xullo-agosto-setembro 2012, pp. 89-98.

Reprodúcese unha carta escrita por Eduardo Blanco Amor o 30 de xullo de 1949 e dirixida a Álvaro Cunqueiro, en resposta a unha carta anterior que este lle enviara a Blanco Amor. Na carta, que está escrita en castelán, Blanco Amor fala da soidade que une os dous autores e da súa amargura polo fracaso do amor e da amizade na súa vida. Amósase o seu agrado ante a decisión de Cunqueiro de deixar de enviar as súas composicións á colección "Benito Soto" e lóase a súa poesía. Finaliza a carta augurándolle ao seu amigo que pronto volverá estar coa súa muller.

Cochón, Luís, "Romanceiro e cancioneiro entre os versos de Novoneyra", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 61-81.

Tras unha cita tirada do derradeiro volume de Miguel Hernández, *Cancionero y romancero de ausencias*, realiza un percorrido pola obra poética de Uxío Novoneyra a partir da mención e reprodución de poemas como "Alalás" (1970) en *Ámeto mítico*, "Os Reis do Courel (versión canónica)", "Leenda de Reis, segundo a tradición do Courel", "Romance das cinco mozas" (1971e 1996), "Convosco falo con vos...", "Bailada",

“Noites de lúa e xeada” (Romances e Cántigas), “Teño unha noiva pastora”(1954), “Cantiga da dona delgada” (1992), “Cantigas” (1992), “Pastorela”, “A fuxida de Roldán”, *Romanceiro Courelao*, *Mildouscentos. Cantata en Compostela. Tápiz de varios trovadores*, ou a reprodución dun fragmento da *Antífona da cantiga* (1951), de Ramón Cabanillas e outro de Antonio Gamoneda tirado de *Un armario lleno de sombras* [sic] (2009). Conclúe cunha breve listaxe de referencias bibliográficas e unha reprodución facsimilar dos primeiros versos manuscritos do *Romanceiro Courelao*.

Collado Gómez, Juan Lorenzo, “Posiblemente foi por iso”, *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 43, decembro 2012, pp. 41-48.

Acóllese o relato gañador do IX Concurso de Contos Liceo de Noia intitulado“Posiblemente foi por iso”, de Juan Lorenzo Collado Gómez.

Cordal, Xabier, “*Os libros arden mal*”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 89, tomo I, ano XXIII, “Acoutacións”, xaneiro-febreiro-marzo 2012, pp. 65-67.

Trae á memoria a novela de Manuel Rivas *Os libros arden mal* (2006), que recensiona a partir do concepto de *omphalos* relacionado coa memoria histórica e a civilización. Salienta o argumento que dá vida á novela, xunto á presenza de saltos no tempo que axudan á comprensión da súa temática e remata cun agradecemento ao escritor por ter grafado dita narración.

Currás Nores, Lucía, “Lectura obrigada de Edith Wharton”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 104-105.

Comenta a edición facsimilar literaria de Edith Wharton *Back to Compostela* (2011), tirada do prelo pola Universidade de Santiago de Compostela grazas a Patricia Fra López e traducida ao castelán e ao galego. Tras uns apuntamentos biobibliográficos sobre a escritora, dos que cómpre salientar a edición en galego d’*A idade da inocencia* (*The Age of Innocence*, 1933) (2010), chama a atención sobre os dous escritos inéditos recollidos neste volume: “Spain Diary” e “Back to Compostela”, que describe a seguir. Remata cunha recomendación da súa lectura.

Curros Enríquez, Manuel, “Madrigal/Madrigal, A Rosalía/A Rosalía”, *El invisible anillo. Poesía, arte y literatura*, “Érase unha vez... Galicia”, n.º 16, 2012, pp. 18-19.

Reprodúcense dous poemas de Manuel Curros Enríquez en edición bilingüe galego-castelán intitulados “Madrigal/Madrigal” e “A Rosalía/A Rosalía”.

Dasilva, Xosé Manuel, “Cunqueiro en inglés”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 99-100.

Analiza a versión en lingua inglesa da novela de Álvaro Cunqueiro, *Folks from Here and There* (2011) [*Xente de aquí e de acolá* (1971)], da man de Kathleen March. Indica as traducións anteriores da novela, como *La otra gente* (1975) ao castelán; ao inglés, *People from Here and Beyond* (1989), de Sheila Ingrisano; ao francés, *Gens d'ici et de là* (1988), de Rosendo Ferrán e incluso unha re-tradución ao francés, *Galiciens, corbeaux et parapluies* (1992), de François Maspero, xunto á tradución alógrafa *Gente de aquí y de más allá* (1988), de Basilio Losada. Menciona asemade as traducións doutras novelas do escritor ao inglés, como *Merlín e familia*, grazas a Colin Smith e prosegue coa análise propiamente dita da versión de March, da que destaca a colaboración entre a Xunta de Galicia e a editorial Small Stations Press na colección Galician Classics na que se publicou esta versión.

Dasilva, Xosé Manuel, "Compromiso lingüístico e autotradución en Álvaro Cunqueiro", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "O espello das letras", abril, maio e xuño 2012, pp. 94-103.

Co gallo do centenario do pasamento de Álvaro Cunqueiro, revisa a traxectoria literaria deste persoeiro a xeito de homenaxe, a partir dos seus volumes *Escola de menciñeiros e fábula de varia xente* (1960), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e as súas correspondentes autotradución*s Tertulia de boticas prodigiosas y escuela de curanderos* (1976) e *La otra gente* (1975). Comeza, así pois, cos obstáculos cos que se atopou o escritor no réxime franquista para a publicación dos seus volumes, para continuar coa cuestión do seu compromiso coa lingua galega e o feito de traducirse a si mesmo. Outras autotradución*s* que sinala son *Cuando el viejo Simbad vuelva a las islas* (1963) e *Las historias gallegas de Don Álvaro Cunqueiro* (1981). Remata coas palabras de dous testemuños do persoeiro co obxectivo de deixar claro o profundo compromiso coa lingua galega que sempre tivo presente.

Dasilva, Xosé Manuel, "A censura na obra de Celso Emilio Ferreiro", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "Documentos", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 55-71.

Comenta en detalle a cuestión da censura franquista na obra de Celso Emilio Ferreiro, atendendo aos seguintes volumes cuxa saída do prelo fora obstaculizada: *Musa alemá* (1951) –escolma de poemas dentro da colección Benito Soto–, o ensaio *Curros Enríquez* (1954, 1973) –editado por Manuel Rodríguez Moret–, o volume de poesía en galego *O soño sulagado* (1955, 1975), *Longa noite de pedra* (1962, 1975) e *Larga noche de piedra* (1967, 1968, 1969, 1972), *Viaxe ao país dos ananos* e *Viaje al país de los enanos* (1968), *Terra de ningures* (1969), *A fronteira infinda* (1972), *Antipoemas* (1972) e *Onde o mundo se chama Celanova* e *Donde el mundo se llama Celanova* (1974).

Dasilva, Xosé Manuel, "Un relato inédito d'*A fronteira infinda*", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "Documentos", xullo, agosto e setembro 2012, p. 72.

Comenta o expediente de censura do volume *A fronteira infinda* de Celso Emilio Ferreiro. Destaca que a versión orixinal contaba con once contos, dos que a censura

eliminou tres na publicación de Edicións Castrelos en 1972 e na posterior reedición de 1978. Explica a seguir que deses relatos eliminados, o de "O alcalde" se recuperou nunha versión posterior editada por Akal en 1981, o de "O sono desancorado" en 2006 baixo o título "O soño desancorado", e "Non quero morrer" continúa inédito.

Dasilva, Xosé Manuel, "Carlos Casares traducido e autotraducido", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 88-90.

Anuncia a publicación da tradución ao castelán dos relatos de Carlos Casares, tras pasar dez anos dende o seu falecemento, no volume *Narrativa breve completa*, que inclúe os textos presentes en *Vento ferido* e *Os escuros soños de Clío*, así como outros dez contos. Destaca o prólogo de Juan Cruz e un apéndice que recolle a procedencia de todos os textos: algúns constitúen versións alógrafas, mais outros foron autotraducidos (do mesmo xeito ca outras obras) polo propio Carlos Casares.

Dasilva, Xosé Manuel, "Cunqueiro como tradutor da súa poesía", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 91-93.

Informa de que se publicou unha nova edición de *Elegías y canciones* (2011), coincidindo co centenario do autor, Álvaro Cunqueiro. Ofrece datos concernentes á historia da obra dende 1940 (primeira saída do prelo) e destaca a "galeguidade lingüística que subxace" e a necesidade de enxalzar a figura de Cunqueiro poeta. Sinala que César Cunqueiro comenta no limiar a necesidade dunha interpretación global da totalidade da produción literaria do escritor, e na introdución Luís Alonso Girgado céntrase en explicar a orixe galega de dez dos dezanove poemas, posteriormente autotraducidos sen seguir un procedemento homoxéneo e uniforme.

Davies, Catherine, "Rosalía de Castro e a antropóloga feminista inglesa Annette Meakin", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "Novas olladas sobre Rosalía de Castro", abril, maio e xuño 2012, pp. 16-23.

Dá conta das similitudes entre a figura rosaliana e a da antropóloga inglesa Annette Meakin. Pregunta en primeiro lugar que aspectos da poesía rosaliana atraen os estudosos non galegos, para despois indicar tres posíbeis respostas: a calidade da súa poesía, o nacionalismo cultural que se desprende da mesma e o feito de ser muller. Analiza a seguir os volumes de Meakin, *Woman in Transition* (1907), traducido ao galego como *A muller na transición*, e *Galicia. A Suíza de España* (1909), a partir do argumento, temática e descrición de cada capítulo. Subliña, doutra banda, o feito de Meakin ter tirado os seus datos do volume *Rosalía de Castro* (1906), de Javier Vales Faílde. Conclúe cunha referencia aos estudos de Aubrey Fitzgerald Bell, *Portuguese Literature* (1922), "Bécquer, Rubén Darío and Rosalía Castro" (1939), de Ivy McLelland, *The Literature of the Spanish People* (1951), de Gerald Brenan e *Manner and Mood in Rosalía de Castro: A Study in Themes and Style* (1968), de Kathleen Kulp.

Doespiritusanto Gallego, Marcos, "María Luz Morales. Unha profesional da escrita a prol da emancipación da muller", *Festa da palabra silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 28, "Actualidade", 2012, pp. 69-76.

Dá a coñecer o debate que se creou na primavera de 1927 nas páxinas do xornal *El Sol*, de Madrid, pola enquisa que lanzou a xornalista galega María Luz Morales sobre que libros debían ler as mulleres.

Domínguez, Cristina, "O audiovisual nas novas formas teatrais", *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 14, "Teoría", maio 2012, pp. 45-47.

Comenta a introdución de certas innovacións tecnolóxicas no eido teatral. Sinala as dificultades de vincular o cinema e o teatro, a chegada da televisión e a internet e o que iso supuxo para ás artes escénicas, o universo da *performance*. Destaca, por último, a Compañía Chévere coa súa triloxía *Citizen*.

Doval García, Luisa, "Requeixo, Armando, *Xosé Díaz Jácome. Poeta e xornalista,* Fundación Novacaixagalicia, Lugo, 2011, 133 págs.", *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 44, Vol. XXII, "Libros", 2012, p. 206.

Leva a cabo unha recensión sobre o estudo de Armando Requeixo, *Xosé Díaz Jácome. Poeta e xornalista* (2011). Salienta o dobre labor de xornalista e poeta do escritor, así como a estrutura cuadripartita do estudo. Subliña doutra banda a axilidade lectora que facilita tal división e o obxectivo do estudo de lembrar a completa dedicación do escritor á lingua e cultura galegas. Conclúe cunha cita tirada de Requeixo sobre a figura do poeta e a súa gran variedade de rexistros na súa escrita.

Estévez Iglesias, Adrián e Benedicto **Riobó Villanueva**, "Análise e evolución da Galipedia, a Wikipedia en lingua galega", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 15, "Varia", 2012, pp. 153-158.

Análise con pormenor sobre a Galipedia, nome co que se coñece a versión en lingua galega da Wikipedia, unha enciclopedia colaborativa aberta ás achegas de todas as persoas que desexen participar. Refírese á orixe desta iniciativa, nada o 8 de marzo de 2003, e a como poden participar as persoas interesadas, así como detalla os seus contidos, datos estatísticos referidos aos artigos e usuarios rexistrados e o traballo de carácter interno. Entre os seus artigos de calidade, cita os dedicados a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Ramón Piñeiro, ademais de apuntar que no referente á literatura galega, unha das prioridades iniciais foi facer artigos dos homenaxeados no Día das Letras Galegas. Tamén apunta que na actualidade existen non só artigos da maior parte das autoras e autores das nosas letras, senón tamén boa información sobre as correntes literarias, as editoriais e numerosas obras de narrativa, verso ou ensaio.

Fandiño, Xaime, "Isaac Díaz Pardo. A República era un proxecto para dignificar a vida e as relacións dos homes", *Tempos Novos*, n.º 177, "En foco", "Entrevista", "A última conversa", febreiro 2012, pp. 36-39.

Reprodúcese unha entrevista a Isaac Díaz Pardo, realizada en xaneiro de 2011, na que se fala das súas lembranzas da "casa da tumbona" e das reunións de artistas e intelectuais que alí tiñan lugar, das súas vivencias durante a guerra civil española, da Fábrica de Cerámicas do Castro e do Laboratorio de Formas.

Fernández Gil-Merino, Lucía, "D. Antonio Gil Merino", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "IV. Vida oficial da RAG", "Necrolóxicas", 2012, pp. 465-474.

Necrolóxica do pasamento de Antonio Gil Merino o 18 de outubro de 2009. Comeza cun percorrido biográfico pola súa nenez, xuventude, matrimonio e inicios da súa traxectoria laboral. Salienta a seguir a súa creación da Biblioteca Pública Provincial Unificada en 1944 e do Arquivo Histórico Provincial de Lugo en 1951, así como os premios dos que foi merecente, como por exemplo o de Laverde Ruiz en 1947 polo seu estudo *Portugal en la obra de Menéndez Pelayo*, ou o seu nomeamento como académico correspondente da Real Academia Galega en 1954 e numerario en 1975. Destaca asemade o discurso de ingreso que pronunciou nesta institución, intitulado *La obra del Dr. D. Juan Francisco de Castro en la cultura gallega del siglo XVIII*, a publicación de numerosos artigos de temática literaria variada, como o *Archivo Histórico del Reino de Galicia: Guía del Investigador* (1976), ou os estudos relacionados coas cidades de Lugo e A Coruña, entre outros.

Fernández Rei, Francisco, "Dez anos lembrando o amigo Xan González Millán… e o desastre do Prestige". *A Trabe de Ouro*. *Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 92, tomo IV, "Crónica", outubro-novembro-decembro 2012, pp. 621-626.

Lembra ao seu amigo e compañeiro Xan González Millán, facendo unha loanza das súas calidades, con especial énfase nas que atinxen a súa faceta laboral. Tamén, con grande emoción, rememora vivencias conxuntas. Por último, dá conta dun texto escrito para homenaxear a Xan días despois da súa morte, o cal foi publicado no xornal *Vieiros*. Nel, Fernández Rei diríxese ao seu amigo e nárralle diversas vivencias, varias delas tendo como fondo a traxedia do Prestige.

Fernández Santomé, Cristina, Mar **Fernández Vázquez** e Carmen **Ferreira Boo**, "Escrito por mulleres", *Festa da palabra silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 28, "Actualidade", 2012, pp. 84-86.

Dáse conta das achegas que realiza a muller "na conformación do polisistema literario galego". Ofrécense traballos nos que a muller é autora, coordinadora, compiladora e editora de obras de creación e así mesmo destácase o seu labor como tradutora e ilustradora. Indícase que este labor feminino se presenta estruturado nos seguintes apartados: "Narrativa", "Poesía", "Literatura dramática", "Día das Letras Galegas", "Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos", tendo en conta ademais as reedicións, facsímiles, textos recuperados e as obras traducidas e versionadas. Precísase que este traballo bebe do *Informe de Literatura 2011*, proxecto de investigación que se realiza no Centro Ramón Piñeiro, un repertorio bibliográfico descrito da produción galega. Explícase que o traballo comeza cuns cadros comparativos co ano 2010 e as

variacións observadas nese contexto, onde se constata a participación feminina. Saliéntanse nos diferentes xéneros, as voces máis recoñecidas pola recepción dende a crítica académica e xornalística.

Ferreiro, Celso Emilio, "Non quero morrer", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "Documentos", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 73-75.

Reproduce o relato "Non quero morrer" de Celso Emilio Ferreiro, que conta un episodio dos derradeiros momentos da vida dun dos soldados que van á guerra.

Ferreiro Loredo, Luís, "Celso Emilio Ferreiro. Unha vida de loita por Galicia", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 7-11.

Realiza un percorrido pola traxectoria vital e literaria de Celso Emilio Ferreiro co gallo do centésimo aniversario do seu nacemento e do quincuaxésimo aniversario da saída do prelo de *Longa noite de pedra* (1962). Comeza cunha referencia á Federación de Sociedades Galeguistas, da que Ferreiro formou parte dende ben novo, para despois aludir ás estadías do escritor en Asturias, Venezuela e Madrid. Destaca asemade a súa colaboración cos xornais *ABC* e *Arriba*, a súa militancia no PSOE e a creación da Fundación Celso Emilio Ferreiro en 1984 xunto ao feito de ser declarada Entidade de Interese Cultural por parte da Xunta de Galicia. Conclúe cunha referencia ao seu poemario *Viaxe ao país dos ananos* (1968).

Fiaño Sánchez, Manuel, "O noso don Rodolfo", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 33, "Creación", primavera 2012, p. 7.

Acóllese nesta sección fixa un relato de Manuel Fiaño Sánchez intitulado "O noso don Rodolfo".

Fiaño Sánchez, Manuel, "O meu é máis grande có teu", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 34, "Creación", outono 2012, p. 7.

Acóllese nesta sección fixa un relato de Manuel Fiaño Sánchez intitulado "O meu é máis grande có teu".

Folgar de la Calle, José Mª, "Teatro e cinema. Unha relación bidireccional. O reflexo galego", *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 14, "Teoría", maio 2012, pp. 4-10.

Leva a cabo un percorrido pola historia da cinematografía dende as súas orixes a finais do século XIX até os nosos días. Analiza os aspectos da escena e da pantalla e céntrase no galego a partir das salas, o teatro e as variedades, os escritores e escritoras, actores e actrices que o consideraron nas súas escritas e interpretacións, como Emilia Pardo Bazán, Waldo Álvarez Ínsua, Wenceslao Fernández Flores, Carolina Otero, "a Bella Otero", Luís Pardo Agudín. A seguir menciona o filme de *Miss Ledya* (1916), e conclúe cunha serie de notas e referencias bibliográficas.

Franco Grande, Xosé Luís, "Continúo sendo un convencido europeísta", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "Entrevista", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 62-75.

Conversa co xornalista e tradutor Ramón Lugrís. As cuestións xiran en torno ás súas estadías en Santiago, Barcelona e Londres; á súa amizade con Ramón Piñeiro e as súas actuacións políticas; ao seu marcado europeísmo; á súa redacción do ensaio *Vicente Risco na cultura galega* (1963); ao seu labor como tradutor na Secretaría Xeral das Nacións Unidas en Nova York; á súa faceta de xornalista e, finalmente, ao seu carácter nacionalista. Acompañan á conversa catro fotografías do entrevistado e dúas reproducións das cubertas de dous dos seus volumes.

Freixanes, Víctor F., "Emprendedores", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "Carta do editor", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 5-7.

Explica os obxectivos e a liña temática común nos artigos recollidos no número 193 da revista *Grial*, centrados nas traxectorias vitais de Valentín Paz-Andrade e Isaac Díaz Pardo co gallo da homenaxe ao primeiro no Día das Letras Galegas 2012 e, no caso do segundo, con motivo do seu pasamento. Tras apuntar algunhas definicións do que en xeral se entende polo concepto de "cultura" e os seus vínculos co concepto de "empresa", sinala a creación de Pescanova e de Sargadelos, no Laboratorio de Formas de Galicia, por parte dos dous escritores anteditos. Conclúe cunha referencia á colaboración de Luís Seoane no proxecto Sargadelos. Esta carta vén acompañada de tres fotografías, unha de Antonio Reimundo Ibáñez, primeiro marqués de Sargadelos, outra de Carlos Casares e Xaime Isla xunto ao equipo da editorial Galaxia a comezos de 1990 e outra dunha das figuras de cerámica de Sargadelos, un "capitán de pixotas".

Freixanes, Víctor F., "No bico un cantar", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "Carta do editor", abril, maio e xuño 2012, pp. 5-7.

Sinala o pasamento do cofundador da Editorial Galaxia e a revista *Grial*, Xaime Isla Couto. Comenta asemade a estreita colaboración que mantivo con Francisco Fernández del Riego na creación do suplemento literario *La Noche* (1949-1950).

Freixanes, Víctor F., "Memoria do compañeiro e amigo", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "Carta do editor", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 5-7.

Realízase unha lembranza de Carlos Casares e de Xoán González-Millán dende a perspectiva da amizade. Preséntanse os contidos da revista, entre os que salientan os artigos sobre Casares (relatorios do curso "Carlos Casares, escritor e intelectual do seu tempo"), así como sobre González-Millán, falecidos ambos en 2002. Compleméntase o texto con dúas fotografías, unha de Xoán González-Millán e Esperanza Caneda e outra de Víctor F. Freixanes e Carlos Casares, a sinatura deste último e mais unha imaxe de

Dobre retrato de Heinrich Bensch e o seu fillo Otto, de Ego Schiele, un dos pintores preferidos de Carlos Casares.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, "Lingua e estilo na obra de Uxío Novoneyra", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 83-114.

Estuda, a través de varios apartados, os aspectos lingüístico-estilísticos da poesía de Uxío Novoneyra. O primeiro deles xira ao redor dos conceptos de lingua-fala popular e lingua-patria que o poeta inseriu ao longo das súas composicións. Continúa co modelo lingüístico novoneyrano fronte ao normativo nun apartado que pon énfase na lealdade do poeta perante a lingua herdada da súa familia, isto é, o galego popular e do labrego. A seguir aparece un apartado no que se enumeran os trazos xerais patentes nesta lingua poética propia a diferentes niveis: o gráfico-fónico, o morfolóxico, o sintáctico e o léxico. Conclúe cunhas reflexións sobre a poética do courelao precedidas dun apartado no que recolle consideracións estilísticas varias.

García López, José Ángel, "Notas arredor de *A taberna do Galo* de Celso Emilio Ferreiro", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 15, 2012, pp. 57-66.

Sinala que, tras o seu regreso a España en 1973, Celso Emilio Ferreiro se instalaría en Madrid, onde traballaría como xornalista e se implicaría en labores de signo cultural e político. Así mesmo, apunta que continuou co desenvolvemento dos seus proxectos literarios, que habían de concretarse na aparición do libro *A taberna do Galo*, publicado por Castrelos e que tería continuidade no volume *Memorias de nunca*. Alude á súa estrutura e apunta que o seu contido é notabelmente híbrido, pois nel alterna biografía e autobiografía a carón de elementos froito do enxeño literario, retallos de ficción que o escritor se aplica a si mesmo e a outras figuras cuxa biografía incorpora neste volume. A seguir, aproxímase a algúns aspectos relativos ás instancias narrativas, intertextualidades e referentes tomados da realidade que se aprecian en *A taberna do Galo*. Remata cunha serie de conclusións e explicando que se trata dun texto retrospectivo en prosa que reflicte a personalidade de Celso Emilio e o desenvolvemento interior ordenado cronoloxicamente de Emiliño, sen excluír o recurso a fórmulas literarias ficticias ou semificticias para realizar unha crónica das súas experiencias e sentimentos.

García López, José Ángel, "Conexións entre as narrativas en linguas castelá e galega de Celso Emilio Ferreiro", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 37-45.

Analiza varias escritas prosísticas en lingua galega e castelá de Celso Emilio Ferreiro saídas do prelo antes do volume *A fronteira infinda* (1972), ao longo de tres breves seccións. Na primeira delas estuda as prosas recollidas en Pontevedra no período comprendido entre 1941 e 1949. Destaca as aparecidas nos xornais *Faro de Vigo*, *Heraldo de Galicia*, *A Nosa Terra*, *Adiante* e *Guieiro*, así como no semanario *Ciudad* (1945-1948), xunto ao poemario *Al aire de tu vuelo* (1941), os volumes *Mar* e *Guía Anuario Pontevedra-Marín*, as revistas *Finisterre. Revista de Galicia* (1943-1946) – dentro da que enumera diversos relatos e poemas de autoría ferreiriana- e *Sonata*

Gallega e o relato "Meigallo", merecente do premio das Festas da Peregrina en 1948. Nunha segunda sección dá conta das prosas grafadas en Vigo entre 1950 e 1961, como por exemplo as incluídas en *Faro de Vigo*, *Mensajes de poesía*, *Litoral*, *Alba* e os relatos aparecidos nesta última, "El espiritista" e "La huella"-referindo o argumento deste último-, os volumes d'*O soño sulagado* (1955), *Voz y voto* (1955) e *Longa noite de pedra* (1961). Na derradeira sección comenta as prosas compostas en Caracas e Galicia entre 1966 e 1979, como son os volumes *Viaxe ao País dos Ananos* (1968), *Cantigas de escarneo e maldecir* (1968), *Os fillos de Sísifo* (1971) e *A fronteira infinda* (1972). Pechan o artigo un "Cabo", no que sinala o obxectivo de sacar á luz os textos ferreirianos non tan coñecidos para fomentar iniciativas institucionais sobre a obra do autor, e unha listaxe de referencias bibliográficas das que cómpre salientar a presenza nela dos artigos "Bio-bibliografía de Celso Emilio Ferreiro Míguez" (1989) e "Narrativa de Celso Emilio" (1989), de Blanca-Ana Roig Rechou e Anxo Tarrío Varela respectivamente.

García Negro, María Pilar, "Novoneyra: nova xeira. A poesía como antídoto contra o ruído", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 115-131.

Tras sinalar unha serie de feitos sobre a poética de Uxío Novoneyra, comenta algúns aspectos da súa traxectoria literaria ao longo de diversos apartados. No primeiro deles analiza as orixes d'*Os Eidos* (1955), para pasar despois a estudar a súa semántica nun apartado no que salienta a intertextualidade dese poemario con outros poemas que Novoneyra escribira polas mesmas datas, "Ouh Galicia"(1956), ou "Chamamento ós galegos" (1956). A seguir aparece un comentario sobre un dos *leitmotivs* do poeta, a "música do silencio", para o que trae á memoria o poema "Silencio" (1880), de Rosalía de Castro, entre outros de Novoneyra pertencentes tamén a *Os Eidos* (1955). Continúa cunha análise do internacionalismo na poética do courelao e conclúe cunhas reflexións en torno ao carácter anti-derrotista da súa poesía.

García Tunes, Beatriz, "Ramón Piñeiro López", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "IV. Vida oficial da RAG", "Crónica da academia (2009)", 2012, pp. 425-432.

Realiza un percorrido pola traxectoria vital e literaria de Ramón Piñeiro por medio de breves seccións. Describe primeiramente algúns dos trazos da súa nenez e o seu descubrimento do galeguismo, para pasar despois a comentar a época da guerra, a súa participación na reconstrución clandestina do Partido Galeguista en 1943, o seu labor literario á fronte da editorial Galaxia, ou a creación en 1963 da revista *Grial* entre outros acontecementos. Remata cunha alusión ao seu labor político durante os derradeiros anos do franquismo.

García Vega, Lucía, "Rosalía de Castro, Manuel Murguía, su hija Aura y el contexto revolucionario de 1868", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 15, 2012, pp. 67-76.

Refire con detalle o que supuxo o ano 1868 no transcurso vital do matrimonio formado por Rosalía de Castro e Manuel Murguía. Sinala que se pode considerar un segmento

cronolóxico próspero, que lle tería achegado unha aparente estabilidade profesional ao historiador, así como lle tería permitido á escritora recompilar as recensións sobre os seus públicos e notorios méritos literarios. Tamén alude ao nacemento nese ano da segunda filla do matrimonio, Aura María Luz, e á súa auténtica e incerta voda. Por outra parte, refire diversas cuestións sobre textos en castelán de Rosalía de Castro.

González González, Manuel, "Uxío Novoneyra coa lingua do seu pobo", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "II. Alocucións académicas sobre Uxío Novoneyra no Día das Letras Galegas", 2012, pp. 301-305.

Reproduce o discurso dado na celebración do congreso sobre Uxío Novoneyra na Real Academia Galega en 2010. Menciona primeiramente algúns dos trazos que configuran a súa poética dentro dos campos da fonética, a morfoloxía e o léxico, para despois concluír cun comentario sobre a postura do poeta fronte á lingua normativizada.

González-Millán, Xoán, "Cartas a Carlos Casares", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "Documentos", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 57-65.

Preséntanse nove cartas e un fax que Xoán González-Millán enviou a Carlos Casares entre o dous de decembro de 1988 e o dous de novembro de 1997, a meirande parte remitidas dende Nova Iorque, cidade en que González-Millán desenvolvía a súa vida profesional. Trátanse varios temas, principalmente sobre a lingua galega, a situación de Galicia, proxectos literarios como o *Anuario de Estudios Literarios Galegos* e diversos asuntos culturais.

González Somovilla, Miguel, "Álvaro Cunqueiro: del cuco al twitter", *Galegos*, n.º 16, "Artigos", I trimestre 2012, pp. 134-136.

Reproduce o artigo merecente do premio "Pérez Lugín" de Xornalismo convocado pola Asociación de Prensa da Coruña. Xira en torno á figura de Álvaro Cunqueiro e destaca en primeiro lugar o seu labor de director do xornal *Faro de Vigo* dende 1965 a 1969, para despois continuar coas súas colaboracións na revista *Vallibria* (1930), o xornal *El Pueblo Gallego* e a súa antipatía perante o sensacionalismo informativo.

Hermo, Gonzalo, "Poesía e luhar. A propósito da publicación de *Cero*, de Oriana Méndez", *Dorna. Expresión Poética Galega*, n.º 35 (2011), "Caderno da crítica", febreiro 2012, pp. 116-118.

Leva a cabo unha recensión do libro saído do prelo en 2011 *Cero*, da autoría de Oriana Méndez, a partir de certos conceptos da filosofía de Slavoj Žižek, como os de veracidade e verdade. Salienta así a articulación da filosofía do pensador nestes versos e menciona outra obra anterior desta autora, *Derradeiras conversas co capitán Kraft* (2007). Destaca, doutra banda, a presenza na súa poesía dunha procura permanente do espazo que fai factíbel a comunicación humana, así como a dunha visión contraria ao revisionismo da posmodernidade.

Iglesia Alvariño, Aquilino, "Carta de Aquilino Iglesia Alvariño a Luís Manteiga", *A Trabe de ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.° 90, tomo II, "Textos", abril-maio-xuño 2012, pp. 293- 301.

Transcribe a carta que Aquilino Iglesia Alvariño lle envía a Luís Manteiga preto de 1933. Nunha nota previa, X. L. Axeitos agradece en primeiro lugar a doazón de diversa documentación á Real Academia Galega por parte de Dona Adelaida Lorenzo Sueiro e Don Emilio Cameo Chenlo e sinala que esa documentación forma parte na actualidade do Fondo Luís Manteiga. Achega por último uns datos sobre a situación profesional do emisor e o destinatario da carta, a cal reproduce adxuntando a versión facsimilar desta.

Iglesias Araúxo, Bieito, "Para tolleitos e viaxeiros cansos", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, nº 92, tomo IV, ano XXIII, "Acoutacións", outubro-novembro-decembro 2012, pp. 555-559.

Neste artigo estabelécese unha comparación entre a novela policial e a epopeia clásica. Como características comúns aos dous xéneros sinálanse, por unha banda, que os feitos narrados nas novelas de cabalería lles resultan tan insólitos aos lectores contemporáneos como lles parecerán aos lectores futuros os feitos narrados nas obras actuais e, pola outra, que en ambos os dous xéneros o protagonista se caracteriza pola soidade. Como principal diferenza destácase a importancia da cidade na novela policial e o positivismo como elemento característico na configuración deste xénero. Critícase o excesivo protagonismo do psicópata nas obras actuais e ofrécense tres posíbeis causas. Tamén se resalta como característica da novela policial popular a solución consolatoria. Finalmente, afírmase que na sociedade actual hai moita violencia e que o mercado audovisual a converte nunha mercadoría de circulación mundial.

Jurado Luque, Javier, "Miñatos de vran. Zarzuela galega de Fernández Vide sobre libreto de Otero Pedrayo?", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "Música e artes escénicas", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 143-150.

Trata de demostrar a participación de Ramón Otero Pedrayo na representación da zarzuela galega *Miñatos de vran*, musicada por Fernández Vide. Sinala a elaboración orixinal do texto por parte de Enrique Zas e a posterior reelaboración de Otero Pedrayo a partir da información achegada por Fernández Vide. Así, a partir de seccións dedicadas ao fío argumental do libreto e o seu significado social, ao libretista orixinal e á revisión do libreto, ao estudo das características do texto cunha énfase no uso idiomático e a lingua literaria, á representación de 1959 e a comparación entre ambas as dúas versións de 1927 e 1959, ofrece resposta á pregunta que propuña no título deste artigo.

Lama, María Xesús, "Un construtor de futuro", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 109-111.

Leva a cabo un comentario sobre o volume editado por Ramón Villares, *Emigrante dun país soñado. Luís Seoane entre Galicia e Arxentina. Actas do Congreso Internacional*

Luís Seoane. Galicia-Arxentina: unha dobre cidadanía (2011), tirado do prelo grazas ao Consello da Cultura Galega. Resume os seus contidos comezando pola presentación do editor e sinala a reprodución das dúas conferencias que abren e pechan o volume, "As arxentinas de Seoane", de Beatriz Sarlo e "As Galicias de Seoane, co exilio de fondo", de Villares. Indica a seguir a estrutura, de tipo binario, para continuar cunha referencia aos ensaios de Fernando J. Devoto, Luis Alberto Romero, Hernán M. Díaz, Xosé Manuel Núñez Seixas, Xusto Beramendi e Arturo Casas. Resume de xeito conciso as achegas de cada un deles e remata cunha mención positiva das diversas análises recollidas no volume no tocante á traxectoria artística de Luís Seoane, así como do elaborado anexo bibliográfico.

Ledo Andión, Margarita, "Uxío Novoneyra: Letras Galegas 2010", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "II. Alocucións académicas sobre Uxío Novoneyra no Día das Letras Galegas", 2012, pp. 293-295.

Reproduce unha comunicación do congreso de Uxío Novoneyra na Real Academia Galega en 2010. Trae á memoria as cuestións da identidade, a terra e a humanidade presentes na poética do courelao. Conclúe coa cita dalgúns versos tirados de *Letanía de Galicia* (1974).

Liñares Guiraut, X. Amancio, "E deixounos Avelino Pousa Antelo", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 179, "In memoriam", setembro-outubro 2012, pp. 75-80.

Enxalza a figura de Avelino Pousa Antelo, "Lucho do Peto", con motivo da súa defunción o 20 de agosto de 2012. Salienta a súa activa participación na creación da Fundación Castelao en 1984 e o seu labor presidencial dende 1993 até 2012; a súa pertenza ás fundacións Pedrón de Ouro, Alexandre Bóveda e Fernández Flórez e a súa traxectoria política no PGSD, o Partido Galeguista e as Mocidades Galeguistas. Doutra banda, sinala o volume que recolle as conversas mantidas entre Liñares Guiraut e mais el, *Memorias dun galego inconformista* (1991), así como o exacerbado galeguismo histórico do persoeiro.

López, Teresa, "Os camiños á Idade Media na poesía de Uxío Novoneyra", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 139-153.

Recolle a presenza do interese de Uxío Novoneyra pola literatura galego-portuguesa da Idade Media na totalidade da súa obra poética. Destaca primeiramente as figuras dos trobadores, como Airas Nunes ou Johan Airas e a importancia da súa lírica nos versos das composicións do courelao, para despois estabelecer unha serie de liñas en canto á súa materialización. Continúa cuns exemplos de diversos motivos (neo)trobadorescos e (neo)populares nalgúns dos poemas pertencentes a *Os Eidos* (1955) e *Os Eidos 2* (1974). Conclúe cun comentario detallado sobre a presenza de signos na poética novoneyriana que dan a entender unha relectura persoal do poeta de certas cantigas medievais, como por exemplo en "2 poemas referidos"ou "3 poemas referidos a cantigas de Xoan Airas no Cancioneiro da B. Vaticana, as dos números 547, 554 e 553", publicados no primeiro número de *Amastra-n-gallar* (2001).

López-Barxas, Francisco, "Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro", *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 13-15.

Reproduce a intervención na entrega do XXVII Premio Celanova, Casa dos Poetas, celebrada nesta localidade, co gallo do aniversario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro. Alude primeiramente á época galeguista do escritor en Madrid na década de 1970, para despois concluír cunha referencia ao artigo en torno ao pasamento do poeta que grafara nunha noite, "Larga noche de muerte", saído ao prelo na sección cultural da revista *Ozono*.

López-Casanova, Arcadio, "Negra sombra' de Rosalía de Castro: análisis e interpretación", *El invisible anillo. Poesía, arte y literatura*, "Érase unha vez... Galicia", n.º 16, 2012, pp. 31-41.

Logo de reproducir o poema "Cando penso que te fuches...", de Rosalía de Castro, en edición bilingüe galego-castelán, ofrécese unha proposta de análise e interpretación estruturada en varios apartados: "Texto y contexto", "Tema y estructura", "Función imaginativa", "Figuras gramaticales" e "Función rítmica". Finalmente, conclúese que, baixo unha aparente imaxe de simplicidade, a autora escribiu un dos seus poemas máis intensos e "modernos" en clave temática e de linguaxe e que esa intensidade vén dada, por unha banda, pola vivencia da revelación angustiosa da morte formulada dun xeito sutil e pola outra, pola capacidade de "alcanzar una realización verbal de insuperable tensión estilística, espeso tejido o sistema en el que todo encuentra sentido, valor, motivación" partindo de relacións próximas e unha serie de *topoi*.

López López, Lorena, "Intriga e viaxes para unha novela de tese", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 98-99.

Describe a novela de María Xosé Queizán, *Meu pai vaite matar* (2011). Trae á memoria dúas das súas novelas anteriores, *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000) e *Sentinela, alerta!* (2002), para despois comentar o fío argumental, do que salienta a omnisciencia do narrador, o xénero policial no que se insire e a presenza de saltos no tempo e de monólogos interiores. Continúa coa caracterización dos personaxes e sinala aquí a introdución de teorías que a autora leva a cabo a partir das accións de cada personaxe. Critica a inserción de ideas que angustian o lectorado e afirma que dan como resultado unha novela pesada que nada ten que ver coas anteriores escritas da autora.

López Sández, María, "Os efectos da aculturación en 'El Cadiceño', de Rosalía de Castro", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "Novas olladas sobre Rosalía de Castro", abril, maio e xuño 2012, pp. 24-33.

Estuda unha serie de efectos que teñen lugar no volume rosaliano *El Cadiceño* introducido por Baltasar Porcel, nas seccións dedicadas a *Follas Novas* e *El caballero de las botas azules*. Comeza por sinalar o tratamento da emigración galega dende un

punto de vista satírico e sarcástico, cunha énfase na función que desempeña o emigrante retornado. Continúa co tratamento da linguaxe e o efecto aculturativo que iso provoca e segue co tema da marxinalización do emigrante, para concluír cunha referencia á focalización do texto no fracaso do emigrante.

López Silva, Inma, "O teatro institucional galego: renovarse ou morrer", *Revista Galega de Teatro*, n.º 71, "Temas", verán 2012, pp. 21-28.

Comézase indicando que a creación do Centro Dramático Galego foi fundamental para a consolidación do teatro galego. A continuación, realízase un repaso polas circunstancias políticas e económicas que ocasionaron a crise da compañía pública. Reflexiónase sobre os retos futuros do Centro para recuperar a normalidade e asumir a súa modernización. Coméntase que está pendente a elaboración dun estatuto que lle permita unha xestión independente e un control total da toma de decisión en función do orzamento. Finalmente, saliéntase que é necesario un proxecto que aspire a ser máis ca un espazo de exhibición de espectáculos significativos no panorama cultural de Galicia.

López Silva, Inma, "CDG: crónica duna caída anunciada", *Tempos Novos*, n.º 179, "Entreculturas", "Crise no teatro", abril 2012, pp. 70-74.

Dá conta dunha etapa de crise no Centro Dramático Galego a partir da destitución da súa directora, Blanca Cendán. Indica a necesaria vinculación desta destitución co período de recortes orzamentarios sufrido polo Centro, así como a polémica xestión durante dous anos. Comenta despois as orixes do CDG, o precario e actual mantemento da súa estrutura e a opción que axudaría a salvar o centro: un orzamento factíbel que garanta a súa continuidade e o axude a medrar.

López Silva, Inmaculada, "Fernández Castro, Xosé Manuel (2011): *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*. Santiago de Compostela: Laiovento, 591 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 276-278.

Analiza con moito detalle a publicación do libro *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño* (2011), que ten como punto de partida a tese de doutoramento de Xosé Manuel Fernández Castro. Sinala que se trata dun repaso emocionado das expresións arredor da canonicidade do autor, sobre todo ás aparecidas na prensa, amosando así unha das ferramentas metodolóxicas fundamentais no proceso de investigación. Sinala que a primeira parte expón o punto de vista canonizador arredor das múltiples actividades do dramaturgo, incidindo na súa faceta escénica a través do relato pormenorizado da súa vida. A seguir, explica que o segundo espazo de contidos do libro ten que ver coa catalogación, clasificación e valoración crítica da obra dramática de Bolaño, para xa o terceiro ámbito conceptual estar constituído por un longo capítulo, no que se realiza unha análise textual-dramatolóxica pormenorizada de *Agasallo de sombras*, que Fernández considera máis representativa e contedora da complexidade literaria e teatral do autor.

López Silva, Xosé Antonio, "Reflexións persoais sobre Cunqueiro", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "O espello das letras", abril, maio e xuño 2012, pp. 81-82.

Analiza a biografía de Álvaro Cunqueiro a cargo de Xosé Landeira Yrago, *Sobre las fugas de Cunqueiro. Otra vida de Álvaro entre el periodismo y la literatura*, tirada do prelo en 2011 por Auga Editora. Tras apuntar as orixes deste volume nun manuscrito atopado e editado polo neto do escritor, Renato A. Landeira, destaca o estilo, as reflexións ás que dá orixe o texto e o ton cultural elevado da súa escrita.

López Suárez, María, "Colmo de lentes", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proPostas", "Poesía", inverno 2012, p. 8.

Sinala que é obvia a insistencia en Deleuze dende os textos inmediatos á última obra de Claudio Pato, *Como estás?* (2011), así como acontece en *Máquina de Guerra*, de Raida Rodríguez. Fai certos comentarios sobre o cerne da obra de Pato e considera que "talvez sexa a realización constante do *comunal* no que pagaría a pena indagar sen pausa á hora de participar" nela. Tamén salienta a importancia de ver de que maneira o libro concede unha apertura ás súas propias condicións de posibilidade, "onde se atopan as liñas de fuga deste texto e doutros formulados como focos de resistencia dende a poesía".

Lopo, Antón, "Uxío Novoneyra na distancia do lobo", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 155-159.

Realiza un breve percorrido pola traxectoria vital de Uxío Novoneyra entre 1952 e 1961. Destaca, así pois, a súa enfermidade e período de convalecencia; a publicación, pouco antes do seu pasamento, do epistolario entre Manuel María e mais el polo Centro Ramón Piñeiro baixo a dirección de Luís Cochón e Luís Alonso Girgado; os poemarios *Falorpiñas de neve* (2010), *Os Eidos* (1955) e a "Letanía dos tesos cumes", dedicada a Clara Otero e aparecida na revista *Cántico* en 1954. Conclúe cunha cita tirada de *Os* [sic]*soños teimosos* (1998), sobre a perfección da linguaxe.

Lorenzo, Ramón, "Arredor dos *Eidos* de Novoneyra", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 161-183.

Trae á memoria a súa amizade con Uxío Novoneyra dende as súas orixes, no Madrid de 1962. Explica primeiramente as dúbidas sobre a exactitude da data na que coñeceu o courelao baseándose nalgunhas cartas escritas polo poeta a amigos seus como Ramón Piñeiro. Despois, salienta a entrega dos Premios da Crítica de Vigo en 1979, na que a simpatía que lle ten ao poeta vese reforzada a causa do seu principio de liberdade idiolectal da lingua, oral e escrita. Continúa cunhas verbas sobre o proceso de redacción d'*Os Eidos* dende o inicio da súa andadura en 1952, así como dos cambios producidos entre o manuscrito orixinal e o texto impreso da primeira edición en 1955 e da segunda en 1981. Conclúe cun comentario en torno á ruptura da amizade entre o poeta e mais el por causa da lingua galega.

Lourenzo, Manuel, "Isaac Díaz Pardo. Unha bata gris para o teatro", *Revista Galega de Teatro*, n.º 70, "Espazos", primavera 2012, pp. 7-10.

Acóllese unha composición de Manuel Lourenzo na que o "eu" lírico se dirixe a Isaac Díaz Pardo facendo repaso de certos episodios da súa biografía como, por exemplo, a súa colaboración co teatro independente.

Lourido, Isaac, "Variacións sobre o lugar", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "O espello das letras", abril, maio e xuño 2012, pp. 79-80.

Comenta o volume de Xerardo Quintiá, *Fornelos & Fornelos. Primeira fundación* (2011), saído ao prelo en Espiral Maior e merecente do XI Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Destaca o feito deste volume constituír unha certa continuación doutros volumes anteriores como *Ailalelo de auga* (2001) e *Poesía en ruta* (2007), merecente este último do III Premio Fermín Bouza Brey. Menciona asemade a súa colectánea de relatos *Hotel Cidade Sur* (2012), para despois salientar a escritura e imaxinario topográficos do presente volume, amais da estratexia discursiva e metadiscursiva, a densidade da súa poética en liñas xerais, a metapoética e a crítica implícita nos seus versos. Conclúe cunha referencia aos quince apuntamentos que pechan o poemario.

Lourido, Isaac, "Coa boca rota", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proPostas", "Poesía", inverno 2012, p. 8.

Centra o seu comentario en *Crac* (2011), de Gonzalo Hermo, do que sinala que é un libro de discurso ousado que se constitúe a partir de determinados pulsos e se compromete na demarcación dun lugar enunciativo propio. Tamén apunta que o traballo de Hermo se remexe na constelación de poéticas que asumiu como tarefa central a escrita dende e sobre o espanto, a desposesión e a usura da Historia. Explica que no poemario hai un interese específico por nomear e resituar os lugares do conflito e por facer explícita a tensión entre linguaxe, representación e acción. Entre outras consideracións, sinala que o suxeito que se constitúe en *Crac* faino sobre a inestabilidade e a dor, ademais de crer que este poemario serve para pensar nas relacións entre o emerxente.

Luna, Luis, "Xavier Frías Conde na colección *O Roibén*. A relevante contribución poética dun dos fundadores do Grupo Bilbao", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 15, 2012, pp. 77-85.

Considera que Xavier Frías Conde é un dos escritores contemporáneos en lingua galega máis activos de fóra de Galicia. Explica que o seu labor como axitador cultural se iniciou nos anos 90, cando fundou con outros poetas o mítico Grupo Bilbao de escritores galegos de Madrid. Apunta que o seu labor dentro do Grupo se centrou en estabelecer ferramentas que puidesen difundir a creación que se facía en Madrid en galego, polo que foi un decidido impulsor e coordinador da colección "O Roibén" até a súa desaparición. Salienta que con esta colección ampliou o seu radio de acción, saltando dende o Grupo Bilbao até escritores moi novos. A seguir, analiza a súa escrita

en volumes como *Carreiros*, un libro conxunto con Adela Conde e Crisanto Veiguela e escrito no galego eonaviego; a escolma *Comercial*, que representa unha carta de natureza do Grupo Bilbao; *Azul e terra*, que recolle a súa poesía eonaviega reunida entre os anos 1997 e 1999; *Canto de Nedara*; e *Axarquia*, escrito en portugués. Sinala que, tras a publicación deste volume, a colección "O Roibén" diluíuse para entrar noutra etapa que deu lugar ao nacemento dunha nova colección, "Alcálima". Finaliza cunha serie de conclusións sobre o exposto anteriormente.

Luna Alonso, Ana e Iolanda **Galanes Santos**, "As traducións inéditas de Carlos Casares", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "Carlos Casares nun país de palabras", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 38-47.

Fai referencia a un texto incluído en "A ledicia de ler", unha sección semanal que Carlos Casares publicaba en *La Voz de Galicia*, titulado "Saír do aillamento" e que data de 1979. O autor constataba o descoñecemento da literatura galega no exterior e propoñía unha aproximación á lusofonía e traducións ao castelán para cambiar a situación. Sinala a súa preocupación pola tradución de clásicos ao galego, así como pola tradución da produción en galego a outras linguas. Tamén se indica que foi traducido a diversos idiomas e que se autotraduciu. Indica que algúns destes textos autotraducidos se incluíron en *Narrativa breve completa* (obra que contén os relatos de *Vento ferido*, *Os escuros soños de Clío*, e outros contos que apareceron en distintas publicacións periódicas), así como informa da existencia doutros inéditos que custodia a súa Fundación. Analízanse as autotraducións de Carlos Casares e destácanse obras que el traduciu ao galego, como *A illa do tesouro*, *Alicia no país das marabillas* e *O Principiño*.

Marante, Antía, "Doses de humanidade en 11 por 21", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 102-104.

Comenta os volumes de poesía de Estevo Creus e Wisława Szymborska, *Balea2* (2011) e *Versos Escollidos* (2011), respectivamente, tirados do prelo por Edicións Positivas. Comeza pola recompilación da poeta polonesa cunha referencia á edición bilingüe polonés-galego a cargo de Lucía Caeiro e ao Premio Nobel de Literatura que recibiu en 1996. Sinala o período de composición dos poemas recollidos no volume, dende 1957 até 2009, e pasa a describir o contido dos versos que o compoñen tras traer á memoria outros anteriores como *Por iso vivimos* (*Dlatego yjemi*, 1952) ou *Preguntas a min mesma* (*Pytania zadawane sobie*, 1954). Do volume de Creus subliña as orixes de seus versos e menciona outro poemario seu anterior, *Poemas da cidade oculta* (1996). Destaca a seguir o rexeitamento do autor dunha lingua poética culta e complexa en favor dunha máis accesíbel e semellante á oral, xunto ao contraste entre a linguaxe infantil e a científica presente nos seus poemas.

March, Kathleen, "¿Serían as súas verbas ou as súas vestimentas? Literatas de ambas orelas do Atlántico", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "Novas olladas sobre Rosalía de Castro", abril, maio e xuño 2012, pp. 34-41.

Analiza a vestimenta verbal e visual dalgunhas literatas e críticas dos séculos XVIII e XIX: Sarah Payson Willis, "Fanny Fern", autora da novela *Ruth Hall* (1854) e Maria Susanna Cummins, coa novela *The Lamplighter* (1854). Aborda tamén o fenómeno sociolingüístico das *blue stockings*, *bas-bleu* ou *medias azuis* e conclúe cun apuntamento entre a relación muller-literatura nos anteditos séculos.

Martínez, Iago, "Monteverde somos todas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proPostas", "Narrativa", inverno 2012, p. 10.

Apunta que Agustín Fernández Paz en *Non hai noite tan longa* (2011) desenmascara a fraude da transición e ofrece unha metáfora confortábel para a relativa frustración dos que se formaron, polo menos sentimentalmente, no penúltimo traballo político antifranquista. Considera que esta historia se inscribe na tradición de novelas da memoria que dialogan con esa historia "que só pode ser recuperada en forma espectral". Tamén apunta que esta novela constata o secuestro da intelixencia operado polo franquismo e destaca a violencia da parte final do réxime, en particular sobre as mulleres, ás que Fernández Paz dedica tempo, traballo e pericia narrativa. Considera que o labirinto do poder ten dous puntos de fuga: a peripecia do protagonista (reparación) e o futuro da súa sobriña Milena (a superación).

Martínez, Iago, "O inverno social da cultura", *Tempos Novos*, n.º 184, "Dossier TN. O gobernante chega espido", "A deconstrución", setembro 2012, pp. 38-40.

Critica o recorte de orzamentos no eido da cultura en Galicia, facendo mención da Lei do Libro e a Lectura, o impacto real do Ano do libro, o cesamento de Blanca Cendán como directora do Centro Dramático Galego, a cancelación da posta en escena da peza *As furias* a favor da montaxe *O profesional*, a falta dun plan organizativo fronte ao peche de compañías e a situación da Escola Superior de Arte Dramática.

Martínez González, Xurxo, "Un Aquilino inédito", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro-febreiro-marzo 2012, pp. 105-106.

Describe a recompilación de poemas de Aquilino Iglesia Alvariño, *Poemas castellanos* (2011), tirada do prelo por Ediciós A Pedrosa. Comeza coa mención dos tres libros recollidos no volume, "Poemas castellanos (1936-1937)", "Lejana voz (1947)" e "Otros poemas", para seguir cun comentario sobre a estrutura. Salienta, así pois, os datos autobiográficos que abren o volume e os documentos achegados no apéndice e continúa cunha análise das liñas temáticas que conforman os versos. Conclúe cunha referencia ao comentario de Roberto Varela sobre a vindeira publicación da obra completa en galego deste autor por parte da Xunta de Galicia.

Martínez González, Xurxo, "Juan Compañel Rivas (1829-1897). Alén do editor do Rexurdimento", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "150 anos de 'Cantares", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 106-117.

Estuda a edición de *Cantares Gallegos* (1863), elaborada por Juan Compañel Rivas, a partir dunha serie de breves seccións. Na primeira delas dá conta da familia do editor, dedicada á edición de volumes dende 1832. Continúa cunha segunda sección dedicada ao seu labor como impresor na capital compostelá e ao provincialismo imperante daquela. Da súa estancia en Madrid e o estabelecemento dunha imprenta propia dá conta na terceira sección, para despois continuar coa historia da súa imprenta viguesa e o seu labor editorial á fronte do xornal *Faro de Vigo* dende 1856 até 1873. Pecha o artigo unha sección dedicada á súa estadía final en Cuba, dende 1873 até 1897, ano no que finou.

Martínez Pereiro, Carlos Paulo, "A palabra deseñada e *feita a man*", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 185-200.

Critica a obra (cali)gráfica do poeta courelao a partir dos seus volumes *Os Eidos* (1955) e *Poemas caligráficos* (1979). Destaca como aspectos importantes da súa obra o concepto do autocoñecemento e a influencia da poesía oriental e o grafismo pollockiano, aducindo como exemplo o volume bilingüe *Camelio xaponés/Watsubaki* (1995) do poeta xunto a Ayako Sugitani. Menciona, doutra banda, os volumes *Muller pra lonxe* (1986) e *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1999), o poema "Bailas e faisme libre" (1965), dedicado a Antonio Gades, ou o poemario *Do Courel a Compostela (1956-86)* (1988). Salienta tamén o continuo xogo tipográfico presente na maioría das súas composicións poéticas e conclúe cunha referencia á poesía amorosa que constitúe o tema principal nunha gran parte dos seus poemas.

Mato Fondo, Miguel, "Blues dunha tarde de novembro", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 33, "Creación", primavera 2012, p. 5.

Acóllese nesta sección fixa unha composición de Miguel Mato Fondo intitulada "Blues dunha tarde de novembro".

Mato Mato, Xesús, "Fernández Abella, Xoán X., *Poemas de amor, loanza, condena e outros*, Ed. Follas Novas, Santiago de Compostela, 2011, 182 páx.", *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 44, Vol. XXII, "Libros", 2012, pp. 203-204.

Recensiona a antoloxía poética de Xoán Xosé Fernández Abella, *Poemas de amor, loanza, condena e outros* (2011). Destaca a liña temática do amor que predomina nos poemas, así como a complexa elaboración dos sonetos e o convite á reflexión persoal que os versos ofrecen ao lectorado.

Mejía Ruiz, Carmen, "Girgado, Luís Alonso; Cochón, Luís e Domínguez Mallo, Lorena (eds.) (2011): Álvaro Cunqueiro: *Remuíño de prosas. Cadernos Ramón Piñeiro (XX)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 115 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 273-274.

Refírese ao XX volume dos *Cadernos Ramón Piñeiro*, que está dedicado a Álvaro Cunqueiro baixo o título de *Remuíño de prosas* (2011) e recolle unha serie de textos

deste escritor "que presiden ou poñen cabo ou colofón a un feixe de obras, en verso ou prosa, de dispar cronoloxía e asunto, aínda que de inspiración e lingua galegas na súa práctica totalidade". Refírese a algúns dos textos seleccionados, entre os que destaca aquel no que Cunqueiro fala da súa poética, da poesía de Eduardo Moreiras, a pintura... Remata aludindo á importancia da lingua galega na obra do mindoniense, conformadora da súa identidade galega.

Méndez, Oriana, "Comunidades, burbullas, sistemas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proTagonista", inverno 2012, p. 15.

En relación a *Ninguén* (2011), de Fran Alonso, apunta que "este conxunto de fragmentos de historias, de historias de comunidades, de comunidades que son burbullas dentro da bóla global, podería comprenderse como unha novela interrompida e entretecida, ao mesmo tempo, polas constantes chamadas de atención da rede, os *hoax*". Tamén sinala que onde comeza e remata o xénero é outra das incógnitas que Alonso pon sobre as liñas deste libro, sendo o eixo que inquieta: a convivencia contemporánea, o xogo das aparencias, o cambio histórico nos estilos de vida. Explica que, entre o absurdo e o alegórico, describe o mundo urbano no que ten lugar a permanente ansiedade que parece acompañar os habitante de hoxe. Destaca que neste *Ninguén* bastante se trata de mirar e que cuestiona a nosa capacidade para soportar atmosferas en que nos relacionamos.

Méndez Ferrín, X. L., "Homenaxe a Xaime Isla Couto", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 91, tomo III, ano XXIII, "Crónica", xullo-agosto-setembro 2012, pp. 153-155.

Reprodúcese o discurso lido por Ferrín na homenaxe a Xaime Isla celebrada o 5 de xullo de 2012 na Biblioteca da Cidade da Cultura de Galicia. Logo dos agradecementos iniciais, exáltase a figura deste intelectual e sinálase que estivo inspirado polo seu irmán, o nacionalista Ramiro Isla. Recórdase ao homenaxeado dende a experiencia persoal do autor e faise fincapé no papel que desempeñou na Editorial Galaxia. Destácanse as súas facetas como pensador social, economista e galeguista e afírmase que viviu con intensidade a cultura humanística galega. Resáltase que foi un gran lector. Finalízase o discurso afirmando que Xaime Isla foi "unha persoa fundamental na reconstrución da nosa identidade e da nosa dignidade nos longos anos do réxime fascista".

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Conto/Cuento", *El invisible anillo. Poesía, arte y literatura*, "Érase unha vez... Galicia", n.º 16, 2012, p. 4.

Reprodúcese un poema de Xosé Luís Méndez Ferrín en edición bilingüe galego-castelán intitulado "Conto/Cuento".

Mera, Pilar, "Yáñez Jato, Rafael (2011): *Da Chá ao lonxe*. Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos (Colección Biblioteca Chairega nº 17), 61 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 292-293.

Comenta que en *Da Chá ao lonxe* (2011), Rafael Yáñez regresa a unha paisaxe sempre presente, a pesar da distancia, "ao sitio no que naceron as primeiras emocións, onde se desenvolveu a súa aprendizaxe da vida". Sinala que esta volta se fai con morriña, pero sen idealización, e explica que a impotencia que provocan os golpes inesperados e as realidades ás que non atopamos sentido conviven nesta obra coa conciencia de que hai un lugar onde un xa foi feliz. Por último, refírese á linguaxe e extensión duns textos de ritmo rápido e fluído, apoiado en sintagmas curtos, con frecuencia concibidos como unha sucesión de dualidades que axudan a reforzar a musicalidade.

Mira, Antonio, "Unha aproximación ao texto de *Castelao e a súa época*", *Dorna. Expresión Poética Galega*, n.º 35 (2011), "Caderno da crítica", febreiro 2012, pp. 103-115.

Analiza, ao longo de seis breves seccións, a peza *Castelao e a súa época*, de Ricard Salvat, á fronte do Círculo de Iniciação Teatral da Academia de Coimbra (CITAC). Na primeira sección salienta os nomes dos actores e actrices que conforman o elenco, para afondar despois, na segunda sección, na traxectoria vital e artística do CITAC. Destaca, así pois, a montaxe de *Brecht + Brecht* e o *Cantar de emigração*, que pasou a formar parte do repertorio da Balada de Coimbra. Na terceira sección fai referencia a certos aspectos dos textos base que deron orixe á montaxe e subliña as súas denominacións de "teatro épico" e "teatro documental", xunto aos nomes dos redactores e redactoras cuxas escritas deron lugar á peza antedita, entre os que destaca o de António Oliveira Salazar ou o de Gonçalves Cerejeira. A seguinte sección vén conformada polo estudo da estrutura do texto (un texto teatral convencional) e as súas liñas temáticas, que vai comentando segundo se presentan no volume: un monólogo sobre Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, o teatro coruñés, o drama da diáspora, o enxalzamento da figura castelaniana e as diferenzas estamentais. Destaca asemade a presenza na estrutura de certos fragmentos rescatados da montaxe anterior de Salvat, *Adrià Gual i la seva época* (1972). Na quinta sección trata a cuestión da censura sufrida pola peza a mans da figura do censor ou "lapis azul". O derradeiro apartado, a xeito de addenda, xira ao redor da lembranza de José Niza, compositor da música que acompañou á montaxe.

Monteagudo, Henrique, "Pasamento de Juanjo Moralejo", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "O rego da cultura", abril, maio e xuño 2012, p. 10.

Menciona o pasamento do estudoso Juanjo Moralejo e destaca as súas publicacións de maior relevancia como *Callaica Nomina* (2008), *A lingua galega hoxe* (1976), *A lingua galega e os seus problemas* (1978), *Guía para pilla-las troitas, miñas señoras* (1981), retitulada *As troitas, miñas señoras* en 2005, e as traducións "Arquíloco, escolma de fragmentos" (1975), *Dafnis e Cloe* (1994), a *Política* de Aristóteles (2002) e *Poesía neohelénica (1708-1977)* (2001).

Monteagudo, Henrique, "Kristina Berg", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O rego da cultura", xullo, agosto e setembro 2012, p. 10.

Anuncia o pasamento de Kristina Berg, "Kina", viúva de Carlos Casares e presidenta da Fundación Carlos Casares. Apunta unha serie de datos biobibliográficos entre os que destaca a saída ao prelo de dúas compilacións de relatos infantís, *Dona Galicia* (1979) e *Un neno viquingo* (1987).

Muñoz Carrobles, Diego, "Calvo, Tucho (2011): *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX*. A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 472 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 269-271.

Sinala que o xerme deste volume está nunha entrevista que Tucho Calvo lle fixo a Valentín Paz-Andrade no mes de setembro de 1982. Explica que o contido desa entrevista compón os vinte e seis capítulos do presente volume, orixinalmente publicado en 1998. A seguir, fai un repaso polas vinte e seis etapas do percorrido vital, humano e profesional de Paz-Andrade (1898-1987). Considera que nos atopamos ante unha figura chave para comprender as dinámicas específicas do galeguismo político e da intelectualidade galega do século XX. Tamén apunta que, grazas ao labor de compilación de Tucho Calvo, podemos acceder a esa "memoria" directamente.

Neira Pérez, Juan Félix, "Dous autógrafos inéditos de Eduardo Pondal: O banquete de Conxo", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "III. Traballos de investigación e estudo", 2012, pp. 389-403.

Estuda o evento do Banquete de Conxo celebrado no Bosque de Conxo en 1856 a través de varios apartados. Pon de manifesto a relevancia bioliteraria dalgunhas descubertas posteriores ao acontecemento, como o poema "Brindis", de Eduardo Pondal, tirado do prelo polo folletín *La Oliva* en 1856, o cal reproduce a seguir na súa totalidade, contrastándoo coas versións das edicións de Ricardo Carballo Calero e Ricón Virulegio. Aparecen despois as reproducións dos dous manuscritos de Pondal que orixinaron o presente estudo.

Neira Vilas, Xosé, "Palabras para Isaac Díaz Pardo", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O rego da cultura", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 12-13.

Reproduce as verbas coas que Xosé Neira Vilas homenaxeou a figura do seu amigo Isaac Díaz Pardo nas súas exequias no Cemiterio de Boisaca en Santiago de Compostela. Describe o día en que se coñeceron en 1955 en Buenos Aires, nunha exposición de Luís Seoane, para continuar cunha loanza polo seu labor de editor persoal en Ediciós do Castro, que pecha cun sentido agradecemento perante as cualidades persoais e humanas do seu amigo.

Nicolás, Ramón, "Celso Emilio Ferreiro 100 años después", *El invisible anillo. Poesía, arte y literatura*, "Érase unha vez... Galicia", n.º 16, 2012, pp. 51-61.

Con motivo do centenario de nacemento de Celso Emilio Ferreiro, realízase un repaso polos episodios máis destacados da súa biografía, ao tempo que se apuntan, de xeito sucinto, algunhas das características principais da súa produción literaria: a polifonía, a

diversidade, o polimorfismo, a intensidade, o sentido e o ritmo musicais, a incorporación de discursos coloquiais, a pluralidade de rexistros (intimista, reivindicativo, sarcástico e irónico) e o coidado formal.

Nogueira Pereira, María Xesús, "Uxío Novoneyra e a lingua literaria", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 201-213.

Analiza, ao longo de varios apartados, a linguaxe poética de Uxío Novoneyra en canto eixo temático dos seus versos. No primeiro, dedicado ao compromiso do poeta coa lingua, estabelece unha clasificación do concepto de lingua segundo o emprego que lle deu o autor; así, aparece a lingua como dereito, identidade, patria e mesmo como escritura, opcións estas que desenvolve individualmente. Aparece a seguir un apartado dedicado á lingua literaria, no que menciona os estudos máis recentes (Olga Novo, Carme Silva) sobre o substrato courelao na linguaxe novoneyriana e destaca o concepto de autopoética presente na súa obra, pondo como exemplo o texto do "Recital de Sada" (1989). Conclúe cunha referencia ao "Pregón de Fole" como texto precursor dalgúns dos argumentos empregados polo poeta para defender as linguas dialectais fronte á estándar.

Novoneyra Rei, Blanca Petra, "Ata cando iste tempo de elexía?", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 215-218.

Leva a cabo unha recensión do volume *Tempo de elexía* (1991), de Uxío Novoneyra. Tras unhas verbas introdutorias sobre as orixes escriturais do poeta, a partir da saída do prelo d'*Os Eidos* (1955), destaca a publicación das súas elexías na colección Merlín baixo o título antedito. Comenta o aspecto temático e conclúe cunha referencia á terceira edición deste volume, acompañada dun breve texto escrito pola filla do poeta, que dedica ao alumnado do IES Lucus Augusti onde estudara o seu pai cando novo.

Novoneyra Rei, Uxío, "*Lingoa sen maos*. O nacionalismo defensivo e crítico. A prosa pública de Uxío Novoneyra", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 219-231.

Realiza un percorrido pola traxectoria prosística de Uxío Novoneyra durante o seu labor como presidente da Asociación de Escritora e Escritores en Lingua Galega (AELG). Enumera primeiramente os volumes de *Celebración de Uxío Novoneyra I* (2010) e *II* (2011), editados polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; *Uxío Novoneyra. Home e terra* (2010), de Xosé Lois García; *Gran Lugo de nebra. Antoloxía de versos e prosas* (2010), introducido por María Pilar García Negro e *Dos soños teimosos* (2010), de Emilio Araúxo e o propio Uxío Novoneyra. Salienta a seguir algúns dos temas presentes neste conxunto de prosas, tales como a reflexión política e poética, a conciencia, a comunicación oral coma prioridade na súa escrita, a "deteila" ou teima repetida e a lingua galega como lingua patria xunto á súa normativización e fala. Reproduce despois unha parte do "Pregón de Fole" (1978), para destacar doutra banda certas cuestións presentes en Novoneyra sobre a cultura literaria, o nacionalismo defensivo, a liberación do home, a liberdade e o sentido da xustiza e, finalmente, o onirismo.

Ogando, Iolanda, "Identidades viaxeiras", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 102-103.

Comenta o volume *Viaxes e construción do pensamento. Viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936*, saído do prelo en 2011 da man da Universidade da Coruña en colaboración coa Fundación Vicente Risco e editado por Carme Fernández Pérez-Sanjulián. Indica o feito de ser froito do curso organizado en 2010 na universidade antedita e dirixido pola editora, para despois destacar a diversidade de fontes das achegas que o conforman.

Oliver, Ana L., "Cuando Compostela subió el telón...", *Galegos*, n.º 17, "Crónicas", II trimestre 2012, pp. 74-75.

Realiza un percorrido pola traxectoria artística de Alejandra Juno Rodríguez Villar. Salienta as súas pezas, *El retablo de las criadillas* e *Eurolé. Batallitas del viejo continente*, saídas ao prelo na Editorial Fundamentos en 2010 e a súa tese de doutoramento *Cuando Compostela subió el telón. Crónica sentimental de la década dorada del teatro santiagués* (2011).

Otero Varela, Inma, "Unha viaxe cara á cordura?", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 94-95.

Describe a novela *Extramunde* (2011), da autoría de Xavier Queipo e merecente do Premio Xerais de 2011. Tras mencionar outras novelas coas que partilla a mesma liña temática, *A choiva do mundo* (2007), de Pacho Blanco e *Periferia* (2010), de Yolanda Zúñiga, analiza o seu fío argumental ao tempo que destaca a heteroxeneidade presente na construción dos espazos e das identidades dos personaxes, a focalización subxectiva, o pulso narrativo e a multiplicidade de interpretacións.

Otero Varela, Inma, "A memoria que doe", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 96-98.

Recensiona a novela de Antón Riveiro Coello, *Laura no deserto* (2011). Parte do concepto de "gran novela" para introducir a súa escrita e indica a influencia nela de *2666* (2004), de Roberto Bolaño ou *Os libros arden mal* (2006), de Manuel Rivas. Describe a seguir a caracterización dos personaxes e a relación de todos eles coa arte, a fotografía ou a literatura. Salienta asemade as referencias metaliterarias presentes na acción, a estrutura e temática de corte metanarrativo, a homenaxe á lectura presente no fío argumental e, por último, a presenza de múltiples perspectivas e a calidade da prosa empregada.

Outeiriño, Manuel, "Notas sobre *Mar ao norde*", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 90, tomo II, ano XXIII, "Publicacións", abril-maio-xuño 2012, pp. 153-156.

Proporciona unha serie de apuntamentos sobre o poemario *Mar ao norde* (2011), da autoría de Álvaro Cunqueiro, saído ao prelo na Editorial Alento. Así, comenta os poemas "Porto" e "Mar outa" e indica o baseamento da perspectiva que adoptou para a realización destes apuntamentos no volume de Kandinsky, *Punto e liña sobre o plano* (1926).

Outeiriño, Manuel, "Bieito Iglesias Araúxo: *Contos da terra da tarde*. Editorial Galaxia, Vigo, 2011", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 91, tomo III, ano XXIII, "Publicacións", xullo-agosto-setembro 2012, pp. 137-142.

Destácanse como características desta colección de contos a sofisticación, a auto-reflexividade e a intertextualidade. Cualifícase a literatura de Bieito Iglesias de excepcional e afírmase que a súa obra constitúe en xénero novo, o chamado "realismo marrao". Saliéntase o escepticismo do autor e sinálase que está creando escola: a escola de Coles. Resáltase a polifonía e a riqueza de recursos lingüísticos empregados polo autor. Na segunda metade do artigo, coméntase cada un dos contos que compoñen a obra, centrándose no contido e na linguaxe.

Pardo, Mario Marcos, "Principia por S, seis letras con vergoña", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 34, "Creación", outono 2012, p. 4.

Acóllese nesta sección fixa unha composición de Mario Marcos Pardo intitulada "Principia por S, seis letras con vergoña".

Pascual, Roberto, "Vidal Bolaño: a auréola dun teatro emerxente", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 107-108.

Comenta a tese de doutoramento de Xosé Manuel Fernández Castro, *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño* (2011), saída do prelo en Edicións Laiovento. Tras salientar a liña de estudo da tese, indica algúns datos sobre a traxectoria vital do dramaturgo e os apartados de maior interese do volume, como o dedicado á relación entre o Centro Dramático Galego e mais el, no que destaca o seu labor de dirección da peza *Agasallo de sombras* (1984). Remata cunha loanza á metodoloxía empregada na redacción da tese, da que subliña a presenza da semiótica, da análise dramatolóxica e da historia teatral.

Pascual, Roberto, "VV. AA. (2010): *IV Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico*. Vigo: Xerais, 75 pp. VV. AA. (2011): *Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico*. Vigo: Xerais, 77 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 289-292.

Achega unha serie de comentarios sobre o Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico. Refire a historia deste xénero, que na Europa das vangardas foi empregado como medio para aproximarse ás masas. Sinala que a radio e compañía teatral públicas

dan no centro da diana en canto á busca de novos públicos, difusión da dramaturxia, chamada a novos dramaturgos, traballos e reflexións sobre a oralidade galega dende a creación artística e os produtos da ficción coma a posta en valor e apertura de novos campos creativos. A seguir, detense no comentario de *Indoor*, de Vanesa Sotelo (IV Premio do Xurado en 2010), *O vento da illa*, de Begoña García (IV Premio da Audiencia en 2010) e "Paraísos", de Xosé Manuel Pacho Blanco (V Premio da Audiencia e do Xurado en 2011).

Pascual, Roberto, "As artes escénicas hoxe en Galicia. Emerxencia", *Revista Galega de Teatro*, n.º 70, "Temas", primavera 2012, pp. 23-32.

Reflexiónase sobre o feito de que, dende a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia no ano 1981, as artes escénicas galegas veñen contribuíndo, co apoio de diversas entidades e organismos, a reforzar a diversidade cultural deste territorio, conectala coa modernidade e popularizala. Censúrase a pasividade actual da Consellería de Educación e Cultura e da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pois considérase que "o dano que se lle poder facer á cultura escénica, nun sistema minoritario e periférico onde tanto custou consolidar e onde moito se segue a traballar para prestixiar, é incalculable", e faise un repaso por certas prácticas nocivas para este sistema.

Patiño, Antón, "Escritura do corpo: os *poemas caligráficos*", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 233-249.

Comenta a faceta artística de Uxío Novoneyra a través do seu poemario *Poemas caligráficos* (1979). Tras indicar o labor do editor, Reimundo Patiño e do deseñador do volume, Xosé Manuel Pereiro, xunto á súa saída do prelo na colección Cadernos da Gadaña da editorial Brais Pinto, trata a cuestión da grafoloxía e da ergografía como parte da poética do courelao e menciona a este respecto as composicións de "Vietnam canto", "Letanía de Galicia", "Pranto polo Che", "Chove pra que eu soñe", "Esta auga da presa son eu ou é ela?", "Morrer é ficar morto", "Galicia será a miña xeneración quen te salve?", "Non podo non ser nin ser así", "Nunca eu fun como te amo", "Bailas e faisme libre", "Andas as rúas como si fora a praia", ou "Elexía perdida". Escribe a seguir sobre a cuestión dos grafismos courelaos, que compara con glosolalias visuais, para despois pasar a analizar o volume en si de *Poemas caligráficos* (1979). Del salienta a proximidade existente entre as composicións e o *haiku* nipón, así como o concepto de "texto-en-xesto". Despois, dá conta dos xermolos dos seus poemas manuscritos a partir dun estudo de Antón Lopo e tamén dos "poemas-lóstrego" e conclúe coas reproducións dos poemas "Do Courel a Compostela"e "Vietnam canto" e unha fotografía do propio Novoneyra creando unha das súas composicións gráficas.

Pato, Claudio, "Carta ao pintor Bruegel", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proLogo", inverno 2012, p. 23.

Acóllese unha breve bio-bibliografía de Claudio Pato (Ourense, 1962) e reprodúcese un relato da súa autoría intitulado "Carta ao pintor Bruegel".

Pazos, Xosé Manuel, "Vida, paixón e morte da E. D. G. (Moi ben contada e documentada)", *Revista Galega de Teatro*, n.º 71, "Libros", verán 2012, pp. 55-56.

Coméntase que a obra *A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral* (2007), de Caetano Biscaínho Fernandes, ofrece unha exhaustiva recompilación de documentos e testemuñas que achega o lectorado á historia da Escola e, ao mesmo tempo, á do teatro galego do último terzo do século XX. Saliéntase que a extensa bibliografía e un completo índice onomástico converten este volume nunha guía histórica imprescindíbel para quen desexe pescudar en profundidade sobre o teatro galego da época e mesmo o actual.

Pena Santiago, Manuela, "Meu pai vaite matar de María Xosé Queizán", *Festa da palabra silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 28, "Actualidade", 2012, pp. 94-96.

Salienta o carácter novidoso da obra literaria de María Xosé Queizán e comenta a novela *Meu pai vaite matar* (2011). Destaca os aspectos de falsa aparencia, a procura do equilibrio entre instrución e deleite, a mestura de actualidade e exotismo ou a presenza de motivos do campo do *thriller*. Afirma, ademais, que recolle as constantes da obra desta escritora: "o afán didáctico, o compromiso feminista, a denuncia, a irreverencia á hora de tratar temas espiñentos (...) e moitos dos piares do pensamento da autora".

Peñalta Catalán, Rocío, "Seoane, Luís (2010): *Poemas alumeados* (ed. Rosa Espiñeira Pan, limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín). A Coruña: Figurandorecuerdo(s)edicións, 81 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 286-287.

Cita os poemarios dos que se tomaron as composicións de *Poemas alumeados* (2010). Sinala que o volume se abre cun poema de Xosé Luís Méndez Ferrín, que fai as veces de presentación, así como cun retrato de Seoane, obsequio do ilustrador Hermenegildo Sábat. Sinala que os catorce poemas seleccionados se acompaña de cadansúa ilustración feita por artistas de moi diversa procedencia e estilo, así como que a obra se pecha cunha nota da editora, Rosa Espiñeira Pan, e a tradución ao castelán dos textos. Explica que o tema do desenterro, o exilio e o desarraigo que este supón é o fío condutor deste poemario, no que a linguaxe pictórica e a linguaxe poética estabelecen un constante diálogo.

Pérez Pereiro, Marta, "Co blog volvín experimentar o pracer da escrita", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proTagonista", inverno 2012, pp. 18-19.

Tras a publicación de *Alusión* (2011), resultado do blog que xa non é accesíbel no blogomillo, *Efémeras Lándoas*, Arturo Casas explica como naceu este blog, no que volveu experimentar esa sensación algo vergoñenta do pracer da escrita, de traballar a palabra, a linguaxe e as ideas. Apunta que o 90% dos sectores da blogosfera pertence a ese sector da escritura perfectamente trivial. Refírese á súa relación co *facebook* e *twitter*, así como fala das vantaxes do *blog* e puntualiza que durante os doce meses da

existencia do seu *blog*, este foi unha especie de enciclopedia para entender o país. Tamén se refire á relación de *Efémeras Lándoas* coa realidade e apunta que o poder quere facer un uso da creación artística en proveito propio. Considera que o máis rico que ten Galicia como nación é quizais o seu dinamismo cultural e opina que en relación a Galicia e a súa sociedade faltan novas linguaxes, que pasan pola política e a cultura.

Pernas Cora, Gustavo, "O espazo liberado (a fragmentación no cine e no teatro)", *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 14, "Teoría", maio 2012, pp. 55-58.

Comenta o fenómeno da fragmentación nos eidos teatral e cinematográfico a partir de cuestións como a montaxe, as posibilidades que ofrece a cámara, os xogos cos planos, os tipos de fundidos e o actor fronte ao protagonista.

Pialorsi, Massimilla, "Consello da Cultura Galega (ed.) (2011): *Álvaro Cunqueiro en Ortigueira* (presentación de Ramón Villares e introdución de Claudio Rodríguez Fer)", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 271-273.

Entre as actividades do Consello da Cultura Galega para o centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro, destaca a edición dunha recompilación de artigos, *Álvaro Cunqueiro en Ortigueira* (2011), dispoñíbel en versión electrónica na páxina *web* desa institución. Sinala que se trata dunha breve selección de ensaios periodísticos, aínda que resulta de grande interese. Apunta que se compón de dúas partes,"Artigos publicados en *Era Azul*" e "Artigos publicados en *La Voz de Ortigueira*", e que mentres a primeira testemuña o compromiso fascista de Cunqueiro, a segunda manifesta o seu distanciamento ideolóxico con respecto ao réxime cun estilo repleto de culturalismo e afastado da linguaxe propagandística e belicista. Tamén se refire ás achegas de Ramón Villares e Claudio Rodríguez Fer no volume, de quen puntualiza as súas contribucións.

Pino, Concha, "A culpa non atormenta os verdugos, sempre atormenta as vítimas", *Tempos Novos*, n.º 179, "En foco", "Entrevista", abril 2012, pp. 78-82.

Conversa co escritor Antón Riveiro Coello co gallo da saída ao prelo da súa novela *Laura no deserto* (2012), na Editorial Galaxia. Aborda cuestións como os campos de concentración, o labor de documentación presente nas páxinas da novela, a distancia entre realidade e ficción, o rol protagonista de Laura, a estrutura da novela, a presenza da intriga no fío argumental e a historia das familias burguesas catalás en Galicia.

Piñeiro, Antonio, "Celso Emilio Ferreiro e Curros Enríquez. Vidas paralelas?", *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 17-29.

Estabelece unha comparación entre as traxectorias vitais de Celso Emilio Ferreiro e Manuel Curros Enríquez. Tras unhas citas tiradas de Celso Emilio Ferreiro, Xesús Alonso Montero, Celso Emilio Ferreiro, Xosé Antonio Perozo e María Xosé Porteiro, sobre as xa existentes similitudes entre as vidas dos dous persoeiros, comeza a comparación a partir dunha serie de breves seccións. Na primeira, "Na mesma rúa", indica a coincidencia de ambos os dous ter nado na mesma rúa de Celanova. Na

segunda, “O ambiente vilego e o mosteiro”, sinala o medio social no que se desenvolveu a nenez destes escritores para continuar, en “A primeira saída de Celanova”, cunha descrición do abandono da casa familiar por parte de Curros Enríquez aos quince anos e de Ferreiro aos dezanove. En “Estudantes de dereito” subliña a decisión que tomaron de estudar dereito e de como remataron sendo xornalista e mestre respectivamente. En “Os dous casan fóra de Celanova” indica como Curros Enríquez casa con Modesta Vázquez en Madrid e Ferreiro con Moraima en Asturias. Na seguinte sección, “O xornalismo, unha forma de vida”, sinala a colaboración de Curros nos xornais *El Porvenir, El Imparcial e La Gaceta* e, no caso de Ferreiro, o seu labor de dirección á fronte do semanario *Adiante*, da revista *Guieiro* e a súa colaboración no xornal *El Faro de Vigo*. En “Funcionarios”, comenta o labor dos escritores como funcionarios no Ministerio de Facenda (Curros) e na Fiscalía de Tasas (Ferreiro). En “Os –lóxicos- problemas coa emigración”, dá conta dos obstáculos que acharon fóra de Galicia durante as súas diásporas en La Habana e Caracas, como as dificultades no seu labor en *La Tierra Gallega*, *El diario de la Marina* ou *Galicia en Caracas*. Nunha derradeira sección, “Outros paralelismos ‘menores”, indica a presenza de dialectalismos nas súas falas, os seus bilingüismos na escrita, as súas militancias políticas e os procesos xudiciais que se lles abriron por algúns dos seus escritos, como *Aires da miña terra* (1880) ou *Longa noite de pedra* (1962).

Pondal, Eduardo, “O dolmen de Dombate/El dolmen de Dombate”, *El invisible anillo. Poesía, arte y literatura*, “Érase unha vez... Galicia”, n.º 16, 2012, pp. 16-17.

Reprodúcese un poema de Eduardo Pondal en edición bilingüe galego-castelán intitulado “O dolmen de Dombate/El dolmen de Dombate”.

Ponte, Laura, “Roubándome o alento”, *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 14, “Teoría”, maio 2012, pp. 59-62.

Dá conta da súa traxectoria nos eidos cinematográfico e televisivo. Menciona, así pois, a súa participación na curta *Malos tratos*, dirixida por Roberto Vidal Bolaño en 1983, *Novo de Parmuide*, dirixida por Vidal Bolaño en 1987 e baseada nun texto de Álvaro Cunqueiro, as tres primeiras longametraxes galegas: *Sempre Xonxa*, *Urxa* e *Continental*, *Martes de Carnaval*, as series *Fíos*, *4º sen ascensor*, *Un mundo de historias*, *Maridos e mulleres*, *Valderrei*, *Os Atlánticos*, os filmes *Los girasoles ciegos*, *O bonito crime do carabineiro*, *Caracas, amor a muerte*, *Doentes*, *Sinbad*, *La novia de medianoche* e *Todo es silencio*.

Portela Yáñez, Charo, “Isaac Díaz Pardo, *in memoriam*”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, n.º 15, 2012, pp. 9-12.

Refire as orixes da súa amizade con Isaac Díaz Pardo en 1989 no Instituto Galego de Información (IGI), co gallo do seu pasamento. Trae á memoria todo o labor de Díaz Pardo á fronte do IGI e das fábricas de Sargadelos, como editor en Ediciós do Castro ou organizador de actos no Museo Carlos Maside e conclúe cun agradecemento por todas as ensinanzas recibidas.

Pozo Garza, Luz, "Homenaxe a Pimentel", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n. º 248, "Nordés", xaneiro 2012, p. 80.

Reprodúcense a portada do ensaio de Luz Pozo Garza, *A bordo dun barco sen luces. O mundo poético de Luís Pimentel* (2011) e un poema da autora que comeza "A impresión da lectura...".

Pozo Garza, Luz, "Isaac. Concerto de zanfona tenramente", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n. º 249, "Nordés", febreiro 2012, p. 80.

Reprodúcese un poema de Luz Pozo Garza intitulado "Isaac. Concerto de zanfona tenramente", dedicado "a Mimina con amor" e publicado orixinalmente en *La Voz de Galicia* en xaneiro de 2012.

Pozo Garza, Luz, "Concierto de Zanfona 2", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n. º 250, "Nordés", marzo 2012, p. 80.

Reprodúcese un poema de Luz Pozo Garza intitulado "Concierto de Zanfona 2".

Pozo Garza, Luz, "A Dorna. A Manuel Fraga in memoriam", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n. º 251, "Nordés", abril 2012, p. 80.

Reprodúcese un poema de Luz Pozo Garza intitulado "A Dorna" e dedicado a Manuel Fraga.

Pozo Garza, Luz, "Galicia Celta", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n. º 252, "Nordés", maio 2012, p. 80.

Reprodúcese un poema de Luz Pozo Garza intitulado "Galicia Celta".

Pozo Garza, Luz, "Galicia Celta", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n. º 254, "Nordés", xullo 2012, p. 80.

Reprodúcese un poema de Luz Pozo Garza intitulado "... sad rose of my days!".

Pozo Garza, Luz, "O escritor e profesor da USC Claudio Rodríguez Fer, nomeado doutor honoris causa pola Universidade de Alta Bretaña", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n. º 256, "Nordés", setembro 2012, p. 80.

Dáse noticia do nomeamento de Claudio Rodríguez Fer como doutor honoris causa pola Universidade da Alta Bretaña, realízase un breve repaso pola súa traxectoria como profesor e poeta e reprodúcense uns versos de Manuel Antonio: "E o faro extraviado/ daba o S.O.S./ no morse/ -clave Orión-/ d'as estrelas".

Pozo Garza, Luz, "Hai noites. Hai nomes e verbas", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n. º 257, "Nordés", outubro 2012, p. 80.

Reprodúcense dous poemas de Luz Pozo Garza intitulados "Hai noites" e "Hai nomes e verbas" e introducidos por dúas citas de poemas de Celso Emilio Ferreiro ("Collerei unha rúa de auga infinda/ feita de noite e de cristal", "Ben sei que un día dobrarei unha esquina/ e xa non voltarei atrás"). Ambas as dúas composicións contan con ilustracións de Felipe Senén.

Pozo Garza, Luz, "Pomerania meu amor. Heidi Kühn-Bode", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n. º 258, "Nordés", novembro 2012, p. 80.

Reprodúcese un fragmento da tradución ao galego da obra *Pomerania meu amor* (Espiral Maior, 2005), de Heidi Kühn-Bode.

Pozo Garza, Luz, "Pazo de Tor", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n. º 259, "Nordés", decembro 2012, p. 80.

Reprodúcese unha composición poética de Luz Pozo Garza intitulada "Pazo de Tor".

Queipo, Xavier, "O azar e a necesidade", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 89-90.

Comenta a peza da autoría de Jean-Philippe Toussaint, *A verdade sobre Marie* (2011), publicada pola Editorial Galaxia. Menciona en primeiro lugar un volume anterior do escritor, *Fuxir* (2007), ben recibido polo lectorado, para despois describir as escenas que dan forma á peza. Destaca a paisaxe cinematográfica en extremo, a calidade da prosa, o aspecto estilístico e a presenza do sentido do humor belga.

Queizán, María Xosé, "A boca da galerna, de X. Mª. Álvarez Cáccamo", *Festa da palabra silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 28, "Actualidade", 2012, pp. 90-91.

Salienta o carácter blasfémico do poemario de X. Mª. Álvarez Cáccamo *A boca da galerna* (2011), e comenta a graza da poesía deste autor. Recolle os nomes abominábeis cos que Álvarez Cáccamo designa o gran poder de Deus e alude á ira que se desprende dos seus versos.

Rabuñal, Henrique, "Da catacumba ao officiu. O teatro galego entre 1960 e 1980", *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 14, "Teoría", maio 2012, pp. 63-69.

Percorre o panorama teatral galego comprendido entre os anos de 1960 e 1980. Indica, ao longo de diversas seccións, as revistas dedicadas ao teatro en Galicia, as

representacións propiamente ditas e os directores máis relevantes como Rodolfo López Veiga, o teatro independente, o nacemento dos grupos de teatro, as MR e o Concurso Abrente para Textos Teatrais e os autores e actrices fundamentais para o desenvolvemento do teatro.

Rei, Maxi, "Outro conto do marqués de Figueroa", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 34, "Creación", outono 2012, p. 4.

Acóllese nesta sección fixa un relato de Maxi Rei intitulado "Outro conto do marqués de Figueroa".

Reixa, Antón, "Doentes. Galicia como fábula en Roberto Vidal Bolaño", *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 14, "Teoría", maio 2012, pp. 73-74.

Comenta a impresión recibida tras a lectura do guión parra o filme *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño. Analiza brevemente os personaxes principais e fío argumental e conclúe cunha referencia a adaptación que esta levando a cabo de *Limpeza de Sangue* de Rubén Ruibal.

Requeixo, Armando, "O primeiro Aquilino Iglesia Alvariño", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 91, tomo III, ano XXIII, "Acoutacións", xullo-agosto-setembro 2012, pp. 99-116.

Documéntanse os comezos de Aquilino Iglesia Alvariño como poeta en 1925. Estrutúrase o artigo en cinco partes. Na primeira, "Da Pedrosa a Mondoñedo", ofrécense datos sobre a infancia e a xuventude de Iglesia Alvariño. Na segunda, "Un rapaz chamado Quilino", achéganse textos que aluden á data na que este autor comezou a escribir e publicar e reprodúcense os catro primeiros poemas que publicou na prensa, entre maio e xullo de 1925, asinados cun pseudónimo. Séguelle a sección "Rastros poéticos", onde se achegan datos sobre a súa obra entre 1925 e 1929, anos nos que non se rexistran publicacións do autor na prensa. A penúltima parte, "Os anos señardosos", céntrase nos poemas escritos entre 1928 e 1929 e incluídos moitos deles posteriormente en *Señardá*. O artigo finaliza coa sección "Cabo", na que se conclúe que Aquilino Iglesia Alvariño comezou a escribir poesía dende moi novo e xa tiña experiencia cando publicou a súa primeira obra.

Reza, Xosé Benito, "Natureza e paisaxe do Courel", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 251-262.

Dá conta da presenza da natureza na traxectoria poética de Uxío Novoneyra. Tras unha introdución na que inclúe datos xeográficos e xeolóxicos da Serra do Courel, aparece unha breve sección intitulada "Flora", na que trata a cuestión do emprazamento preciso do Courel e as especies vexetais que o compoñen. A seguir, a sección de "Fauna" amosa un percorrido polas diversas clases de animais que viven no Courel. En "A xente", describe a situación pola que atravesan as súas aldeas e menciona a Rede Natura 2000,

que declarou o Courel como lugar de interese natural. Conclúe cun desexo persoal de permanencia da Serra courelá.

Ribao Pereira, Montserrat, "A biblioteca de Rosalía de Castro", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "Novas olladas sobre Rosalía de Castro", abril, maio e xuño 2012, pp. 42-47.

Analiza a novela *La hija del mar* (1859), de Rosalía de Castro a partir das cuestións da intertextualidade e a voz narradora. Rastrexa as orixes das citas no texto desta novela até as figuras de Walter Scott, Zorrilla, San Juan de la Cruz, C. F. Valverde, Goethe, Mme. Girardin (Delphine Gay), Lord Byron, Espronceda, Shakespeare, M. Susanna Cummins, George Sand, Victor Hugo e C. Patmore.

Riobó, Pedro Pablo, "VI Xornadas de Teatro Afeccionado FEGATEA", *Revista Galega de Teatro*, n.º 70, "Espazos", primavera 2012, pp. 11-16.

Comézase facendo referencia a que a situación que está a vivir a configuración do teatro afeccionado en España foi o tema central das VI Xornadas de Teatro Afeccionado FEGATEA, que tiveron lugar o 9 e 10 de decembro de 2011 na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela. Ponse de relevo a inoperancia da CETA (Confederación Española de Teatro Amateur) e indícase que a directiva da FEGATEA proxectou abrir novas vías de colaboración co resto do teatro amador español a través da organización dunhas xornadas nas que se convidou a participar a representantes de diversos colectivos, federacións e persoeiros de todo o estado. Infórmase do contido dos relatorios, dos que se destaca a intención de estudar como o teatro pode ser capaz de asentarse como realidade cultural e económica no século XXI.

Rivas Barrós, Manuel, "Uxío Novoneyra: o andar da eternidade", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "II. Alocucións académicas sobre Uxío Novoneyra no Día das Letras Galegas", 2012, pp. 289-291.

Trae á memoria a figura de Uxío Novoneyra e o que el entendía por poesía, a súa sensibilidade e a súa particular relación coa lingua galega.

Rivas González, Saúl, "*Ser diferente é ser existente*. A literatura electrónica en Galicia", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 46 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", 2012, pp. 227-246.

Comeza apuntando que a literatura busca novas formas e novos medios de difusión aproveitando as posibilidades que ofrece a chamada era dixital e que a rede presenta unhas condicións propias que posibilitan novas formas estéticas e tamén novos modelos de produción, difusión e recepción, o cal, ademais de modificar a industria do libro, pode alterar a forma na que os autores abordan a creación literaria. Ofrece unha visión sobre o estado da creación literaria en rede dentro do contexto galego, revisando algúns exemplos paradigmáticos, coa pretensión de achegar unha primeira radiografía do estado da creación dixital galega en rede, unha análise en primeira instancia da

situación, a problemática e as posibilidades de futuro. Presta especial atención ao fenómeno *blog*, por ser este o soporte máis accesíbel para o público e o creador non acostumado a manexar recursos dixitais máis complexos.

Rivero Grandoso, Javier, "De *Trece badaladas* a *Trece campanadas*, ou de como dun argumento xurdiron unha novela e unha película (I)", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 15, 2012, pp. 131-138.

Destaca que o proceso creativo que xerou a novela *Trece badaladas* (2002), de Suso de Toro, e o filme *Trece Campanadas*, de Xavier Villaverde se afasta do que adoita ser habitual. Explica que o seu xermolo está nuns guións para unha serie de televisión, dos que algunhas das súas escenas apareceron publicadas en 2009 no *Boletín Galego de Literatura*. Posteriormente, de Toro e Villaverde, xunto a outros guionistas, comezaron a escribir o guión do filme, aínda que a oposición de enfoques fixo que o autor compostelán continuase en solitario a escrita da súa novela. Tamén se refire ás converxencias e diverxencias entre novela e filme en relación á estrutura, narradores, personaxes...

Rivero Grandoso, Javier, "Vilavedra, Dolores (2010): *A narrativa galega na fin de século: unha ollada crítica dende 2010*. Vigo: Galaxia, 359 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 288-289.

Comenta que *A narrativa galega na fin de século: unha ollada crítica dende 2010* (2010), de Dolores Vilavedra, será un manual de referencia obrigada para os estudosos que investiguen sobre a narrativa galega contemporánea. Sinala que nel se manexa gran cantidade de datos sobre as editoras e que se estuda o éxito do rexurdimento do relato na literatura galega. Apunta que a autora estuda a chamada narrativa de xénero, aínda que, "para a nosa sorpresa", só incorpore baixo esta epígrafe a novela policial, a ficción científica e a novela erótica, e non a novela histórica e o fantástico. Destaca que outro dos puntos analizados é a converxencia entre literatura e xornalismo, así como que, antes da coda final, aborda a narrativa de autoría feminina. Finaliza dicindo que "O traballo de Vilavedra é, sen dúbida, valiosísimo pola cantidade de obras coas que traballa –un corpus exhaustivo-, a bibliografía que manexa e, sobre todo, a súa acertada capacidade de análise".

Rodríguez, Gabriela, "Teriantropía", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 33, "Creación", primavera 2012, p. 4.

Acóllese nesta sección fixa unha composición de Gabriela Rodríguez intitulada "Teriantropía".

Rodríguez, Gabriela, "Do comportamento das partículas (en función da presenza ou non de observador)", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 34, "Creación", outono 2012, p. 3.

Acóllese nesta sección fixa unha composición de Gabriela Rodríguez intitulada "Do comportamento das partículas (en función da presenza ou non de observador)".

Rodríguez, Ramón Nicolás, "Celso Emilio Ferreiro e o xornalismo", *FerrolAnálisis. Revista de pensamiento y cultura*, "Literatura", n.º 27, 2012, pp. 75-84.

Faise un percorrido polas pegadas de Celso Emilio Ferreiro en diversas iniciativas xornalísticas, seguindo un criterio de carácter cronolóxico, e analizando o seu contido ideolóxico. Os principais documentos analizados son columnas xornalísticas, textos poéticos e textos de prosa.

Rodríguez Fer, Claudio, "Poetas na fala do labirinto das linguas. Correspondencia entre Valente e Novoneyra", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 263-269.

Argumenta o intercambio epistolar entre Uxío Novoneyra e José Ángel Valente. Comeza co achegamento duns puntos en común entre os dous escritores, como a dimensión animista, a metereolóxica e a cósmica, a actitude de escoita e contemplación, o minimalismo formal e a memoria histórica da ditadura franquista. A seguir aparece unha sección intitulada "Acollidas e dedicatorias", na que estuda as similitudes entre as dedicatorias á familia nos seus volumes saídos do prelo por parte dos dous poetas. En "Traducións e supervisións" menciona as consultas entre os dous ao respecto de termos que precisaban ser traducidos a outras linguas como o francés, o español, o portugués ou o italiano. Na sección "Poetas da fala", destaca o volume *Sete cántigas de alén* (1981), de Valente, xunto ao artigo de Novoneyra publicado no *Boletín Galego de Literatura* en 1991, "A xeito de autopoética". Nunha derradeira sección, "O galego do alén", explica a escrita do courelao, "Posibles correuciós a Sete cántigas de alén" e a evolución de dito poemario até a súa tirada do prelo baixo o título de *Cántigas de alén* en 1981 por Ediciós do Castro. Conclúe coa mención da presentación da máis recente edición dese volume a cargo de Eduardo Chillida en 1998.

Rodríguez González, Olivia, "Novoneyra, recitador. Un exemplo de execución do verso libre", *Boletín da Real Academia Galega*, n.º 371, "I. Congreso Uxío Novoneyra", 2012, pp. 271-285.

Aborda o rol de recitador do poeta Uxío Novoneyra. A partir de tres perspectivas dos estudos literarios, abre un primeiro apartado centrado na cuestión retórica. Nel explica aspectos fundamentais da retórica como a modulación da voz ou o movemento do corpo, esenciais ambos os dous no acto recitativo, e critica a súa ausencia nos recitais do courelao. Nun segundo apartado dedicado á cuestión métrica, céntrase na execución do poema para aplicar as súas modalidades á recitación de Novoneyra. A seguir, o apartado "A literatura comparada" xustifica a súa presenza co fin de proporcionar unha explicación sobre a relación entre música e poesía neste poeta e precede, polo tanto, unha proposta de análise sobre a expresividade nos seus versos e unha análise dun exemplo de execución do poema "Vietnam canto", a partir da gravación en 1988 da súa recitación para o programa Noroeste. Terra e xente, da Radio Galega. Aduce, como

conclusión, que a execución levada a cabo polo poeta ten máis importancia que a disposición tipográfica dos versos de seus poemas.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, "Miradas sobre Noia (1994-2000). De Fernández del Riego a Fernández Naval", *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 43, decembro 2012, pp. 49-53.

Continúa cun percorrido polas traxectorias dos estudosos que consideraron Noia como tema principal nas súas escritas no período de 1994 até 2000. Menciona e describe, así pois, a Francisco Fernández del Riego, con *Galicia* (1994, 2001); José López Calo, con *Os músicos do pórtico de San Martiño de Noia* (1982, 1994); Ramón Yzquierdo Perrín, con *100 obras mestras da arte galega* (1996); o grupo de traballo A Fornela, con *Antas e pedrafitas de Galicia (Guía para a súa localización)* (1996); Jesús A. Sánchez García, con *La arquitectura teatral en Galicia* (1997); Carlos García Bayón, con *Piedras ilustres de la Barbanza, Muros y Xallas* (1997); José R. Soraluce Blond e Xosé Fernández Fernández, editores de *Arquitecturas da provincia da Coruña* (1998); Leandro Ponce Couce e Jesús A. Sánchez García, editores de *Galicia. Guía do patrimonio arquitectónico* (1999); Basilio Cegarra, con *Guía e rutas da arte. A Coruña* (1999); Antón Pombo, Xan Fernández Carrera e Xosé Manuel Yáñez, con *O camiño das peregrinacións á fin do mundo. A prolongación xacobea a Fisterra e Muxía* (2000); García Bayón, con *Nueva galería de piedras ilustres de la Barbanza, Muros y Noia* (2000) e Francisco Fernández Naval, con *Unha viaxe á procura do solpor. Do Tambre á fin da Terra* (2000).

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, "As letras de Porto do Son. Unha panorámica", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 8, 2012, pp. 79-89.

Estuda a presenza de Porto do Son na obra de diferentes estudosos dende o século XVIII ate os nosos días. Menciona, así pois, a Nicolás Antonio Araújo e Salgado, con *Apología de la medicina* (1716, 1961); Ramón Malvárez, con *Encuentro y coloquio que tuveron na pontella da chaínza, cercana á vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio e Pepe Alonso o día 13 de Noviembre de 1836* (1837); Román Martínez de Montaos, con *Tratado de la circulación artificial de la moneda por medio de un crédito público verdadero* (1820); Xenaro Mariñas González, cos contos "A moda" (1895), "En busca dos cartos" (1895), "Cousas do demo" (1891), "O vento" (1912) e "As fabas" (1912); Xosé Iglesias Roura, con *Muiñada* (1924); Antonio Rodríguez de Fraga, co artigo "De los celtas, no"; Adriano Martínez Morales, con *Divagaciones. Consejos, ideas y conocimientos útiles al campesino y para él escritos* (1930); Candido Roig Roura, co poema "No serán" (1918); Manuel Rodríguez Pazos, con *El episcopado gallego a la luz de los documentos romanos* (1946); Áurea Lorenzo Abeijón, con *Queixas* (1943); Xerardo Díaz Fernández, con *Contos* (1985, 2008); José Barreiro Barral, con *Historia de Porto Son y su distrito* (1989); José López Calo, con *Os músicos do Pórtico de San Martiño de Noia* (1994); Carlos García Bayón, con *Estampas del tiempo ido* (2001); Ramón Sampedro Cameán, con *Cando eu caia* (1998, traducido ao castelán en 2004); Francisco Calo Lourido, con *Castro de Baroña* (1986); Blanca-Ana Roig Rechou, con *A poesía infantil e xuvenil en Galicia* (2000); Pilar Sampedro Martínez e Blanca-Ana Roig Rechou, con *Antón Avilés de Taramancos* (2003); Joaquín Torres del Río, con *O desaparecido pazo de Orellán* (2000); Manuel Mariño del Río, con *O peto de cartón*

(2009); Manuel Olveira Paz, con *Memorias dun cazador cego* (1995); Carme Rodríguez Faxardo, con *Lembranzas de nena* (2004); Ventura Amar Sestayo, con *Eidos das xentes e do mar* (2006); José Rego Sampedro, con *Xuño. Entre a montaña e o mar* (2004); José Suárez Caamaño, con *Nebra* (2005); Miguel Anxo Santos Rego, con *Universidade e construcción da sociedade civil* (2007); Emilio García Portosín, con *Luces de soños* (2011); Aurora Marco López, con *Mulleres na guerrilla antifranquista galega* (2012) e Ángeles Malvárez, con *Arredor do berberecho* (2006).

Rodríguez Tembrás, Vanesa, "Queizán, María Xosé (2011): *Meu pai vaite matar*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 303", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 282-284.

Sinala que *Meu pai vaite matar* (2011) é unha novela que mantén a esencia da traxectoria literaria de María Xosé Queizán. Refire a súa trama e apunta que a violencia de xénero e a represión da muller sometida a unha dominación masculina son dous dos seus eixes. Insiste en que a crítica á tradición e á estrutura patriarcal é unha constante da historia, así como o anticlericalismo. Explica que o lesbianismo e a liberdade acadan un estado de perfección, case místico, que supón a salvación do desenlace e que tamén hai oco para outras teimas da obra de Queizán: a crítica á corrupción policial e social, a desmitificación da maternidade biolóxica a prol da maternidade social e a loanza do racionalismo. Por último, apunta que o seu discurso xira ao redor dun mesmo berro de liberdade.

Rozados, Lara, "Ao non volver atrás", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proPostas", "Teatro", inverno 2012, p. 9.

Considera que en *Chegamos despois a unha terra gris* (2011), Raúl Dans suma a traxectoria sobre as táboas á de guionista de series de televisión. Apunta que nela volve aos conflitos entre o ser humano e a terra, o rural e o urbano, para afondar no relacionado coa identidade. Refírese aos símbolos presentes neste drama familiar, no que tamén aflora a conflitividade dos roles femininos. Por último, sinala que se trata dun drama de personaxes antiheroicos que interactúan constrinxidos por diversas opresións, nun labirinto sen saída.

Rubio, Xan, "Celso Emilio Ferreiro letrista da Nova Canción Galega", *FerrolAnálisis. Revista de pensamiento y cultura*, "Literatura", n.º 27, 2012, pp. 85-89.

Faise un retrato persoal do autor no momento en que entra en contacto con Voces Ceives, na universidade, onde coñece a Vicente Araguas e Xerardo Moscoso. Coméntase que esta agrupación musicará algúns dos poemas de compromiso social do autor.

Sabbá Gimarães, Newton, "A arte do conto em Xosé Neira Vilas", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 89, tomo I, ano XXIII, "Acoutacións", xaneiro-febreiro-marzo 2012, pp. 105-124.

Trata o xénero contístico en Xosé Neira Vilas ao longo de cinco apartados. Comeza, tras unha cita tirada de J. B. Metzler en alemán, co apartado "Um gênero difícil e um autor", no que salienta a mestría do escritor na lingua literaria, así como a riqueza do seu léxico e a súa capacidade para contar historias, de entre as que cita *Memorias dun neno labrego* (1961), da que destaca o feito de ser a máis coñecida fóra de Galicia. Menciona a seguir a introdución de Paulo Rónai á antoloxía brasileira de contos, *Mar de Histórias* (1989) e os contos de Neira Vilas, *Xente no rodicio* (1965), *A muller de ferro* (1969) e *O home de pau* (1999), para continuar despois cunha breve análise sobre a extensión formal que deben ter os contos propiamente ditos. No segundo apartado, "Por um novo conceito de conto", comenta a curta extensión dos contos deste escritor e a subsecuente consecuencia de posíbeis confusións con crónicas breves de carácter poético. Trata asemade da temática dos seus contos, da que salienta a presenza de vocábulos referidos a estados meteorolóxicos e, máis en xeral, a forza que lle atribúe á significación da palabra, coma por exemplo en *Contos vellos para rapaces novos* (2001). En "O que é o conto para este autor?", comenta a adxectivación empregada nos seus contos, como no caso d'*A muller de ferro* (1969) ou "Home e gato". No seguinte apartado, "De onde vem a inspiração dos contos de Neira Vilas", profunda nas orixes que levaron ao escritor a grafar os seus contos e sinala os casos de *Xente no rodicio* (1965), "O papel" e "O berro" n'*A muller de ferro* (1969) e "Cadelandia" n'*O home de pau* (1999), dos que comenta as liñas temáticas. No último apartado, "Concluindo: há uma arte de contar em Xosé Neira Vilas?", alude ás orixes da espontaneidade do autor á hora de inventar as historias e menciona os *Cuentos de la selva y otros relatos* (2004), de Horacio Quiroga como unha das súas lecturas preferidas. Pechan este estudo un "Envoi" no que indica o carácter posmodernista de Neira Vilas e unha listaxe das referencias bibliográficas empregadas.

Salgado, Ana, "Fran Alonso 'Se a tecnoloxía substitúe o tacto pode resultar perigosísima", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proTagonista", inverno 2012, pp. 12-15.

Nesta longa entrevista Fran Alonso relaciona *Ninguén* (2011) con outros títulos da súa escrita, ademais de verter certos comentarios sobre eles. Explica que o epílogo de *Ninguén* é un aceno de complicidade co seu lectorado e apunta que os seus referentes nesta obra están "moito máis esvaídos, mastígoos con moita forza", ademais de facerse eco das débedas contraídas cos autores contemporáneos da narrativa francesa, a través dos cales percibiu o peso do ensaístico. Fala do menor nivel de asfixia da súa escrita máis recente e apunta que en *Ninguén* tratou de presentar o individuo nunha situación de normalidade condicionada polas novas tecnoloxías. Dá conta da súa relación coa tecnoloxía e das interferencias entre os seus dous oficios principais, o de editor e escritor. Considera que a literatura non pode quedar cunha voz que xa non é da sociedade á que se dirixe e confesa que cre máis nas verdades parciais. Explica que na escrita ten dous polos de acción, un que explora máis a realidade circundante (*Ninguén*, *Males de cabeza* e *Silencio*) e outro que explora a máis afastada (*O brillo dos elefantes*, *Cartas de amor* e *Territorio ocupado*). Expón os trazos da sociedade tradicional que se deben defender no presente e as características do seu proxecto literario, así como alude aos autores que sente máis próximos á hora de escribir e á súa relación coa década dos oitenta e noventa. Por último, opina sobre a normalización cultural.

Salgado, Fernando, "Díaz Pardo, o compoñedor dos ósos dislocados de Galicia", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "Paz-Andrade e Díaz Pardo, emprendedores", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 30-37.

Comenta, ao longo de seis breves apartados e un colofón, a traxectoria empresarial de Isaac Díaz Pardo. Principia cunha referencia ao proxecto de Sargadelos e ás dúas correntes que o acompañaran daquela, o capitalismo e o intento de recuperación da identidade galega, que describe en detalle. Continúa cun repaso polo seu labor literario na editorial Ruedo Ibérico e sinala a filosofía de Anatoli Lunatscharski, que adoptara no Instituto Superior de Arte e Técnica ruso. Prosegue cunha análise das orixes de Sargadelos e por último, no colofón, indica o final dese proxecto. O artigo inclúe catro fotografías relativas á cuestión de Sargadelos.

Sánchez, Mariela, "Escritores galegos na Sorbona", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 94-95.

Explícase que *Voces de Galicia. Manuel Rivas y Suso de Toro* (2012), unha obra coordinada por Sadi Lakhdari, tivo a súa orixe nun coloquio internacional celebrado na Sorbona en 2011. Indícase que se inicia con dous textos da autoría de cadanseu escritor, e seguen estudos literarios sobre a produción de Manuel Rivas e/ou Suso de Toro de Dolores Vilavedra, Javier Gómez-Montero, Natalie Noyaret, Catherine Puig, María García Liñeira, Isabel Castro Vázquez, Kirsty Hooper, Elina Liikanen, Christine Pérès, Jorge Vaz, Sadi Lakhdari, Benoît Mitaine e Antonio F. Pedrós-Gascón.

Santos Vicente, Luis Miguel dos, "Rodríguez Fer, Claudio (2011): *Amores e clamores (Poesía reunida)*. Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 326 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 284-285.

Apunta que en *Amores e desamores (Poesía reunida)* (2011) se reúne a produción poética publicada por Claudio Rodríguez Fer ao longo de máis de trinta anos e diseminada por unha ampla xeografía, salvo, por razóns técnicas, a poesía visual e o libro *Cinepoemas*. Explica que, sen renunciar a un característico ton vivido, apaixonado e reivindicativo, os poemas reunidos permiten congraciar a tradición céltica e galega coa influencia dalgúns dos poetas máis importantes da tradición amorosa en lingua castelá, así como referentes culturais que van dende a tradición clásica á *chanson* francesa. Tamén apunta que nestas composicións descubrimos unha poesía combativa na que se fai patente o compromiso duns ideais e unha tradición manifestados con rotundidade en moitos textos. Refírese á presenza da muller na súa poética e considera que *Amores e desamores* é un libro dun poeta viaxeiro, a quen a forte vinculación con Lugo e Galicia non limita o seu interese por coñecer outros lugares e facelos parte da súa escrita.

Seara, Teresa, "La lengua dorada (reescritura de los cuentos de hadas en la poesía gallega contemporánea)", *El invisible anillo. Poesía, arte y literatura*, "Érase unha vez... Galicia", n.º 16, 2012, pp. 70-79.

Logo de realizar un sucinto repaso polas orixes do conto tradicional, coméntase que a maioría foron utilizados polo poder patriarcal para transmitir á muller unha serie de valores coercitivos e tópicos. Saliéntase que autoras galegas como Marta Dacosta, Emma Pedreira, Yolanda Castaño, Olga Novo, Marilar Aleixandre, Emma Couceiro, Estíbaliz Espinosa, María Lado, Lupe Gómez, Anxos Romeo, Berta Dávila, Antía Otero, Dores Tembrás, Lorena Souto ou María Rosendo retoman os personaxes dos contos de fadas e dalgúns mitos clásicos para reescribir a súa historia dende unha óptica que atenda á problemática actual da muller. Explícase que este proceder forma parte do que Susana Reisz denomina estratexias de auto-representación que permiten abrir unha fenda do canon patriarcal e faise referencia a que Emma Pedreira dedica por enteiro o seu *Libro das mentiras* (2012) a restaurar as versións orixinais dos contos máis coñecidos, facendo dialogar aos seus protagonistas coa problemática feminina contemporánea e con outros personaxes da literatura universal. Menciónase tamén o *Catálogo de velenos* (1999), de Marilar Aleixandre, no que a autora dedica unha serie de texto a Brancaneves, actualizando o conflito baseado na obriga imposta sobre a muller de estar sempre bela e manterse moza. Achéganse outros exemplos de obras de Dores Tembrás e Yolanda Castaño para rematar reivindicando a necesidade de que as protagonistas dos contos adopten roles de mulleres independentes.

Seara, Teresa, "Cazando a vida", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 100-101.

Comenta a recompilación de poemas de Pilar Pallarés, *Leopardo son* (2011), editada por Espiral Maior na colección Poesía. Tras mencionar outro dos seus poemarios, *Livro das devoracións* (1996), destaca o prólogo de Eva Veiga e a homenaxe intrínseca do título a Ricardo Carballo Calero. Analiza a seguir o contido dos versos que compoñen o volume, citando algúns deles e apunta asemade a liña temática que os entrelaza.

Sokolova, María, "Alonso Pimentel, Emilio (2011), *Vigo a 80 revolucións por minuto*, Vigo: Xerais, 383 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 267-269.

Recensión da obra de Emilio Alonso Pimentel *Vigo a 80 revolucións por minuto* (2011) sobre a movida viguesa dos anos oitenta. Sinala que, ademais de falar da movida, trata temas afíns como a poesía, o teatro, a pintura, etc. Comenta que achega unha extensa e variada documentación gráfica e xornalística sobre estes asuntos, sobre todo no relativo á música.

Solleiro, Samuel, "A festa dos signos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proPostas", "Tradución", inverno 2012, p. 11.

Apunta que Orhan Pamuk escribiu *O libro negro* (2011) para explicar "ti mesmo' non existe(s)", así como non agocha as súas pretensións metaliterarias: "a novela é unha anécdota convencional á que se lle van aplicando, sen piedade, as cuestións semióticas máis caras á posmodernidade até que deixa de ser convencional cando unha das personaxes se transforma noutra mediante mecanismos que son sobre todo teóricos e só secundariamente narrativos". Sinala que as cuestións que trazan os eixos principais do

citado título son: "é posible ser un mesmo?" e "se todos os elementos do mundo real se interpretan como signos, é posíbel parar a cadea da significación nalgún momento? Tamén engade que o protagonista da novela encaixa na tipoloxía do paranoico e destaca que para alén da homenaxe ao xénero policial, a opacidade á que todo este exceso de significación conduce é a culpábel da cor negra do título. Considera que nel a metaliteratura pesa tanto que a narración en que se integra dá igual e que a razón para que non sexa un mal libro radica no contexto.

Solleiros, Xoaquín, "Conmemoración de Celso Emilio Ferreiro", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "O rego da cultura", abril, maio e xuño 2012, p. 8.

Indica a presentación do volume ferreiriano *Longa noite de pedra* (1962), traducido ao castelán por Ramón Nicolás en Agua Editora; as xornadas "Xigantes ou ananos? Celso Emilio Ferreiro e o debate sobre a emigración galega" celebradas no Consello da Cultura Galega, durante as que se presentou o volume de epístolas de Xosé Neira Vilas, Paz-Andrade e Celso Emilio Ferreiro; o desenvolvemento do seminario da UIMP "Celso Emilio Ferreiro: ética y poética" e a vindeira saída ao prelo de *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*, de Ramón Nicolás.

Soto, Juan, "Apropiación partidaria", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 249, "Opinión", "El arpista estrepitoso", febreiro 2012, p. 78.

Coméntase que Ánxel Fole era un escritor bilingüe que redactaba en galego os seus textos narrativos e en castelán os seus traballos periodísticos. Laméntase que na última edición do premio de narración curta que leva o seu nome, a área municipal de Cultura do Concello de Lugo eliminase das bases a posibilidade de presentar textos en castelán e non só en galego. Opínase tamén que Álvaro Cunqueiro foi traducido nun galego desacorde coa súa escrita.

Suárez, Rodri, "A resistencia como alimento", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proPostas", "Tradución", inverno 2012, p. 11.

Refire o periplo vital de Bobby Sands, guerrilleiro do IRA que faleceu en 1981 durante a folga de fame que mantiveron os presos republicanos en protesta pola perda de dereitos dentro da cadea. Apunta que Sands escribiu en papel hixiénico unha crónica feroz e profundamente literaria sobre o inhumano acoso e as salvaxes torturas que sufrían no presidio, que, con tradución e magnífico limiar de Patria A. Janeiro, publicou Estaleiro Editora co título de *Um dia na minha vida* (2011). Estima que Sands se presenta nesta obra como una persoa fondamente desmitificadora e que nela se narra con habilidade parte da súa historia, aínda que os logros literarios son maiores cando a súa mirada pousa sobre o inimigo. Tamén apunta que Sands demostrou o absurdo do elitismo e que, malia a súa escasa formación, regalou á longa historia da resistencia un dos seus textos máis lúcidos.

Sucasas, Ángel Luis, "Miguel Anxo Prado: ventanas al infinito", *FerrolAnálisis. Revista de pensamiento y cultura*, "Curso Gurméndez", n.º 27, 2012, pp. 336-341.

Analízase a última creación de Miguel Anxo Prado, *De Profundis*, en relación cos seus traballos anteriores: *Fragmentos de la enciclopedia délfica*; *Stratos*; *Trazo de Xiz*; ou, *Ardalén*.

Tobío, Constanza, "Isaac Díaz Pardo y el Seminario de Estudos Galegos", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 15, "Crónica", "Apéndices", 2012, pp. 178-180.

Considera a Isaac Díaz Pardo unha das pontes máis importantes entre os emigrantes e exiliados e aqueles que permaneceron en Galicia, ademais de ser o máis capaz de reconstruír moitos dos proxectos fanados pola guerra civil. Explica que coñece de primeira man, a través do que lle contaba o seu pai, Lois Tobío, e de moitos documentos conservados, o papel de Isaac na recuperación do Seminario de Estudos Galegos nun dobre obxectivo de reivindicación de Galicia e da modernidade. Dá conta das actividades que puxo en marcha para conseguir esta recuperación, incorporando apoios e tecendo complicidades, así como para alcanzar a reparación, incluíndo a patrimonial, do vello Seminario.

Torres Queiruga, Andrés, "Xaime Illa Couto. Santiago 1915-2012 Vigo", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 178, "In memoriam", maio-xuño 2012, pp. 78-79.

Comenta o pasamento de Xaime Illa Couto. Cita unhas verbas de Daniel López Muñoz publicadas na revista *Irimia* sobre o seu compromiso coa cultura e lingua galegas ao longo da súa vida e salienta finalmente a súa entrega persoal a Galicia en todos os aspectos.

Torres Queiruga, Andrés, "Os prólogos de Xaime Illa Couto", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 178, "In memoriam", maio-xuño 2012, pp. 80-83.

Enxalza a obra de Xaime Illa Couto tras o seu pasamento. Salienta a súa calidade de lector sensíbel e comprensivo, así como a multitude de ideas que conseguía expor nas súas escritas. Sinala por último a gran cantidade de prólogos que grafou ao longo da súa vida, en volumes de diversa temática.

Torres Regueiro, Xesús, "O 'Conto galego' de Rosalía. Unha edición ferrolá asinada pola autora en 1868", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "150 anos de 'Cantares", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 118-123.

Dá conta do rescate do manuscrito "Conto gallego por Rosalía Castro de Murguía" en 1923 por parte do xornalista Manuel de Castro y López. Comeza por sinalar a súa saída do prelo no *Almanaque Gallego* de 1923 e a súa posterior reimpresión en 1946 en *Cuadernos de Estudios Gallegos* de Bouza Brey e en 1970 en *Contos do pobo*, de Edicións Castrelos. Salienta despois as novidades sobre a edición deste relato dadas a coñecer por María do Carme Ríos Panisse en 1995 na revista *Grial*, así como os

comentarios ao respecto en 2002 por parte de Andrés Pociña e Aurora López. Conclúe cunha referencia á edición de Francisco Suárez García.

Torres Regueiro, Xesús, "No centenario de Celso Emilio Ferreiro (1912-1979). Tres poemas na revista do Centro Betanzos de Bos Aires", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 34, "Centenario", outono 2012, pp. 16-17.

Comenta e transcribe tres poemas aparecidos na revista *Betanzos*, do Centro Betanzos de Bos Aires: "Eiquí será", "Ti eres pedra" e "Carta a Fuco Buxán". Menciona asemade a súa anterior aparición na revista *Vieiros* en 1959.

V. A., "Celso Emilio Ferreiro aínda", *Galegos*, n.º 17, "Crónicas", II trimestre 2012, pp. 60-62.

Comenta a figura de Celso Emilio Ferreiro co gallo da saída do prelo da biografía *Onde o mundo chámase*[sic] *Celso Emilio Ferreiro* (2012), de Ramón Nicolás. Conclúe cunha mención de outros poemas de autoría ferreiriana como "María Soliña", "Monólogo do vello traballador", "Romance incompleto", e *Longa noite de pedra* (1962).

Valcárcel, Rosario, "Un grupo de teatro de profesores: O grupo Argallada", *Revista Galega de Teatro*, n.º 72, "Espazos", outono 2012, pp. 19-22.

Coméntase que o Grupo Argallada naceu no curso 2005-2006 no IES Valle Inclán de Pontevedra e que os seus compoñentes pertencen ao Claustro de profesores deste instituto e proceden de distintos departamentos. Indícase que todos os cursos representan unha obra no Teatro Principal de Pontevedra, hoxe en día integrada na Semana Teatral do Certame "Ben veñas maio". Realízase un repaso pola historia do grupo e mencionánse varias das súas montaxes (*Beltrana a birolla*, *Comedia bífida* e *Os pintores non teñen lembranzas*). Finalmente, sinálase que están a preparar un novo espectáculo para estrear en 2012.

Valverde, Alberte, "E quen vén sendo Hanna Schygulla?", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.° 195, "O espello das letras", xullo-agosto-setembro 2012, pp. 99-100.

Dá conta do volume de Manuel Xestoso e X. Cid Cabido, *Antón Reixa. Ghicho distinto* (2012), saído do prelo da man de Edicións Xerais de Galicia. Destaca desta entrevista a Antón Reixa a súa orde cronolóxica, que facilita e guía a lectura, a cantidade de información significativa que proporciona e a valoración en liñas xerais dos aspectos socioculturais e políticos.

Varela Puñal, Diana, "Non espacio. M20M22M0132012", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 33, "Creación", primavera 2012, p. 3.

Acóllese nesta sección fixa unha composición de Diana Varela Puñal intitulada "Non espacio. M20M22M0132012".

Vázquez-Monxardín Fdz, Afonso, "Aquela entrevista nun tempo de avolta esperanza", *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 36, maio 2012, pp. 31-35.

Transcrición da conversa con Celso Emilio Ferreiro no Hotel Padre Feijóo en Ourense en maio de 1979, co gallo da formación por aquel entón dunha Comisión Cidadá polas Letras Galegas. Sinala, antes de reproducir a transcrición, como esta entrevista, xunto a outras a varios persoeiros das letras galegas, axudou a impulsar o proxecto do Arquivo Sonoro de Galicia no Consello da Cultura Galega. A transcrición vén acompañada de catro ilustracións e unha fotografía do persoeiro.

Velo, Carlos, "Entroido enfeitizado", *Tempos Novos*, n.º 177, "Todo é peixe", "Creación literaria", febreiro 2012, pp. 8-13.

Reprodúcense trece textos narrativos de Pepe Velo intitulados "Entroido enfeitizado". Nunha nota á marxe indícase que recrea neles a simboloxía e a imaxinería antropolóxica e mítica do Entroido e que foron escritos no exilio mexicano, en 1942, e corrixidos lingüisticamente por Florencio Delgado Gurriarán. Finalmente, saliéntase que o orixinal está depositado na Fundación Penzol.

Veiga Rilo, Elena, "A vella Enola Gay volve ás illas", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 33, "Creación", primavera 2012, p. 6.

Acóllese nesta sección fixa un relato de Elena Veiga Rilo intitulado "A vella Enola Gay volve ás illas".

Veiga Rilo, Elena, "Os demónios de Alcácer Quibir", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 34, "Creación", outono 2012, p. 6.

Acóllese nesta sección fixa un relato de Elena Veiga Rilo intitulado "Os demónios de Alcácer Quibir".

Vidal Estévez, Engracia, "Poemas de amor: loanza, condena e outros", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 178, "Recensións", maio-xuño 2012, p. 115.

Recensiona a antoloxía de Xoán Xosé Fernández Abella, *Poemas de amor: loanza, condena e outros* (2011). Destaca o limiar de Xesús Alonso Montero tras unha breve epígrafe sobre os contidos deste volume. Sinala a temática dos poemas recompilados e conclúe coa reprodución dunha estrofa dun dos poemas de amor recollidos no volume.

Viejo, Breixo, "A arte de facer libros. Traxectoria editorial e galeguista de Luis Viñas Cortegoso", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 90, tomo II, ano XXIII, "Acoutacións", abril-maio-xuño 2012, pp. 121-137.

Informa en detalle sobre a traxectoria vital e profesional do editor teucro Luís Viñas Cortegoso a partir de diferentes seccións. Comeza cos anos de formación do editor en Pontevedra e Madrid e segue coa etapa da guerra e a posguerra que lle tocou sufrir. Destaca noutra sección a súa paixón pola lectura e a biblioteconomía mediante a súa creación do que sería a primeira libraría anticuaria de Galicia en 1950. Trata asemade o seu labor na adquisición e venda de auténticas xoias bibliográficas, a creación de Edicións Monterrey, o seu traballo na Editorial Galaxia e a súa vocación galeguista. Inclúe dúas táboas dos libros publicados e considerados para a publicación en Edicións Monterrey dende 1950 até 1958.

Vilavedra, Dolores, "Unha década lembrando a Carlos Casares", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O rego da cultura", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 8-9.

Conmemora o décimo cabodano de Carlos Casares, antigo director da revista *Grial* e da Editorial Galaxia. Salienta, en primeiro lugar, a preparación dun volume sobre o escritor por parte de Rafael Laso, para despois continuar cunha referencia á saída do prelo da versión dixital do corpus literario deste autor na sección "Á marxe" do xornal *La Voz de Galicia*, así como do Blog Casares, na páxina en liña da revista *Grial*. Indica asemade a serie de iniciativas promovidas pola editorial da antedita revista, pola Fundación Carlos Casares, presidida por Kristina Berg, e polo Consello da Cultura Galega. Remata cunha referencia ao curso estival sobre a súa produción literaria e xornalística organizado pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo e á preparación do número 196 da revista *Grial*, de carácter monográfico sobre o escritor. Acompañan esta escrita tres fotografías sobre Casares e catro reproducións de catro dos seus volumes.

Vilavedra, Dolores, "A esmorga en inglés", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O rego da cultura", xaneiro-febreiro-marzo 2012, p. 10.

Indica a saída do prelo da tradución ao inglés da novela *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor, das mans de Craig Patterson. Salienta a xeito de conclusión o feito de a tradución estar baseada na última versión da novela publicada pola Editorial Galaxia.

Vilavedra, Dolores, "Carlos Casares e Xoán González-Millán. Diálogo sen fronteiras", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "Documentos", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 55-56.

Destaca a relación de amizade entre Carlos Casares e Xoán González-Millán, que influíu no eido profesional, debido a que supuxo a colaboración para levar adiante diversos proxectos, como o *Anuario de Estudios Literarios Galegos*.

Villalaín, Damián, "Fragmentos para un achegamento a Carlos Casares", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "Carlos Casares nun país de palabras", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 48-53.

Ofrece datos sobre Carlos Casares que axudan a comprender as súas actitudes vital e literaria, así como a súa produción escrita.

Villalaín, Damián, "Unha lembranza de Xaime Illa", *Tempos Novos*, n.º 180, "Arredores", maio 2012, pp. 82-83.

Dunha banda, conta a reunión mantida con Mariano Rajoy, Xaime Illa, Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego co gallo da preparación do quincuaxésimo aniversario da Editorial Galaxia, e doutra, menciona o regreso de Manuel Guede á dirección do Centro Dramático Galego co obxectivo de poñer fin á crise desencadeada pola destitución da anterior directora, Blanca Cendán.

Villalaín, Damián, "Futuro e mentira", *Tempos Novos*, n.º 182, "Arredores", xullo 2012, pp. 70-71.

Dá conta da iniciativa de denuncia "Cultura contra a Mentira", orixinada na Rede de Teatros Alternativos. Explica o seu principal obxectivo e remata cun dobre apuntamento sobre a defunción de Alfonso Sucasas e a homenaxe do Día das Letras Galegas 2013 a Roberto Vidal Bolaño.

Villanueva Gesteira, María Dolores, "Casares e Galaxia, Casares en Galaxia", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 196, Tomo L, "Carlos Casares nun país de palabras", outubro, novembro e decembro 2012, pp. 28-37.

Sinala a relación de Carlos Casares co galeguismo e coa Editorial Galaxia, na que publicou a súa obra e da que foi editor e primeiro director xeral. Afirma que "para o escritor, a Editorial Galaxia convértese nun proxecto de vida".

Villanueva Gesteira, María Dolores, "Unha necesaria contribución á biografía de Luís Soto", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 89, tomo I, ano XXIII, "Publicacións", xaneiro-febreiro-marzo 2012, pp. 137-140.

Trae á memoria a biografía *Luís Soto. A xeira pola unidade galega* (2011), de Xurxo Martínez González. Comeza por salientar a axuda que este volume supuxo para o coñecemento deste persoeiro, para despois referir algúns acontecementos importantes da súa vida, como por exemplo a súa amizade con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ou o seu labor como director do *Boletín Galego de Información* en 1940 e no seo da UPG.

Villanueva Gesteira, María Dolores, "Unha luz que ilumina un país", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 91, tomo III, ano XXIII, "Acoutacións", xullo-agosto-setembro 2012, pp. 73-75.

Céntrase na figura de Francisco Férnandez del Riego, considerado pola autora "unha luz potente que atraeu moitas avelaíñas que se achegaron na busca de calor de país, de lingua, de intelixencia". Relátase a experiencia persoal da autora co intelectual, ao que

coñeceu nos seus últimos anos de vida, e dise que é "a derradeira avelaíña que se achegou a esa luz cegadora". Saliéntase o gusto de Fernández del Riego por rodearse dos máis novos e transmitirlles o seu coñecemento e destácase o seu afán por recoller todas as novas publicadas nos xornais sobre a cultura galega co fin de que as futuras xeracións de investigadores tivesen fácil acceso a eses materiais.

Villaverde, Mariví, "Un día chegou Isaac", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 15, "Crónica", "Apéndices", 2012, pp. 177-178.

Rememora a dura viaxe de Isaac Díaz Pardo cara á Coruña, despois do fusilamento do pai, para refuxiarse na casa de familiares menos significados politicamente. Tamén alude á súa intervención no Centro Galego de Bos Aires para dirixirse á Colectividade Galega coa finalidade de explicarlle o que tiña feito en Galicia coas porcelanas do Castro, así como para invitala a formar parte dos futuros socios da industria da porcelana que se ía crear na Madalena. Por último, fala do traballador que era Isaac e da comprensión e amparo que sempre lle deu a súa muller.

Xestoso, Manuel, "Esquecer o herdo do modernismo significa adoptar unha postura semellante á do revisionismo histórico'. Conversa con Tom McCarthy", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 194, Tomo L, "Entrevista", abril, maio e xuño 2012, pp. 48-55.

Entrevista ao escritor inglés Tom McCarthy co gallo da saída do prelo da súa terceira novela, *C* (2010), na Editorial Galaxia. Tras mencionar as súas novelas anteriores, *Remainder* (2005), *Men in Space* (2007) e o ensaio *Tintin and the Secret of Literature* (2007), aparece a cuestión da mestura da narrativa decimonónica coa modernista na súa novela. Despois, a conversa xira en torno ao esquecemento da narrativa do século XX, o concepto de humanismo sentimental, a morte e a tecnoloxía, o interese nos manifestos como forma artística, a repetición fronte á orixinalidade como tema do ensaio antedito e o fío condutor da súa recente novela.

Xestoso, Manuel e Inma **López Silva**, "O teatro amosa a súa desolación", *Tempos Novos*, n.º 186, "Entreculturas", "Crónica", novembro 2012, pp. 78-81.

Comenta a celebración das III Xornadas das Artes Escénicas en outubro de 2012, convocadas por Escena Galega. Tras mencionar os dous eixos nos que se dividiron as Xornadas, centrados nos temas das Artes Escénicas no Espazo Público e os criterios de programación na procura do público, dá conta das comunicacións que conformaron cada un deles, ao cargo de Manuel Xestoso, Xosé Manuel Pazos Varela, Pilar García Negro, María Xosé Porteiro e Miguel Martín.

V.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Abelenda, Ana, "A poesía, unha arma en defensa da muller", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 466, "50º aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 22.

Reflexiónase sobre a identidade feminina de varias creadoras de poesía na súa relación coa escrita. Apúntase que o feito de que a figura fundacional da literatura galega sexa unha muller, a poeta Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1887), fai reparar ás poetas nesta cuestión. Recóllense algunhas declaracións de distintas autoras como Yolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa e Olalla Cociña, quen coinciden na dimensión da poesía como resposta ou como procura de revelación. Destácase o xurdimento dalgunhas iniciativas que devolven a poesía á oralidade como o ciclo de recitais Picaversos ou os espectáculos de Lucía Aldao e María Lado, dos que tamén se sinala que inciden nunha mudanza arredor do que se considera xénero poético e o que non dentro do canon.

Aguinaga Alfonso, Magdalena, "Rosalía por Ernestina", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", n.º 741, 21 xaneiro 2012, p. 2.

Recupera un artigo da poeta da Generación del 27 española Ernestina de Champourcin (Vitoria, 1905-Madrid,1999) publicado no número XIV da revista mensual *Hora de España* de 1938 dedicado a Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1887). Nel, Ernestina de Champourcin realiza un repaso pola biografía da escritora galega e loa a súa obra. Declara que Rosalía de Castro é unha poeta universal.

Alonso Montero, Xesús, "Domínguez Alberte: poesía das raíces", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 454, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 11 febreiro 2012, p. 11.

Repárase na intensa actividade literaria desenvolvida por Xoán Carlos Domínguez Alberte. Así, coméntase que este organiza cada dous anos congresos sobre Manuel Luís Acuña, excelente poeta. Ademais, repásase a traxectoria literaria de Domínguez Alberte e noméanse obras como *Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética* (1999). Destácase, dentro da súa produción poética, o seu terceiro poemario, *Materia infinita* (2011). Afírmase que conta a historia cotiá da súa familia labrega. Saliéntase a modalidade lingüística do galego presente neste poema, a cal foi aprendida durante a nenez. Finalmente, dise que o libro fala das fillas, da súa muller, da lingua, da infancia… e reflexiona a partir de realidades moi próximas.

Ameixeiras, Diego, "Pantasmas no espello", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 458, "Letras en galego", 10 marzo 2012, p. 8.

Comenta que Xosé Manuel García López é un novelista que trata a literatura criminal como un espazo onde se experimenta con liberdade. Informa de que despois de dúas obras en castelán, García López publicou *Pegadas nun labirinto baleiro* (2011), novela

da que se sinala que move os marcos do relato negro para integralos na fantasía e nas alucinacións. Considera que nesta novela, segundo se avanza, hai que coller forzas para mergullarse no delirio do protagonista, xa que o que comeza sendo un relato policial acaba nunha descrición dun proceso polo que un individuo forxa unha realidade paralela para levar a cabo una fuga interior. Finalmente, anúnciase que o novelista publicará outra obra cun novo investigador e trama.

Ameixeiras, Diego, "Estampas da apocalipse", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 465, "Letras en galego", "1280 almas", 5 maio 2012, p. 9.

Destácase a editorial Urco, especializada en xéneros como o fantástico, a ciencia ficción, o gótico ou o terror, como unha das iniciativas editoriais que supoñen unha novidade positiva nos últimos anos. Sinálase a inauguración da colección co libro *O que Darwin non previu*, de Alba Payo, do que se di que trata unha historia atraente na que os habitantes dunha vila sofren unha enfermidade mortal que deixa poderes especiais nos sobreviventes, que está narrada con dinamismo e que achega unha cosmovisión sociolóxica sobre o tempo actual. Elabórase tamén un percorrido polas referencias literarias da autora, entre as que se destaca o cómic.

Ameixeiras, Diego, "Muros de silencio", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 469, "Letras en galego", "1280 almas", 2 xuño 2012, p. 9.

Fálase da autora Patricia A. Janeiro de quen se destaca a vontade infantil desta de converterse nun éxito de vendas a idade precoz e apúntase o título da súa primeira novela, *A caixa de mistos*, publicada en 2005, da que se di que é un texto de natureza xuvenil que constitúe a carta de presentación de Janeiro. Coméntase que a novela máis coñecida da autora é *A perspectiva desde a porta*, da que se sinala que elabora unha reflexión sobre algúns dos debates que rodean á esquerda soberanista. Dáse conta do labor de Janeiro como tradutora e anticípase o argumento dun proxecto inédito de corte futurista no que traballa a autora.

Araguas, Vicente, "Madrid na pel", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 727, "Páxina literaria", "Libros", p. 20/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 705, "Libros", p. 22/ *El Ideal Gallego,* "*La Galería*", n.º 705, "Páxina literaria", "Libros", p. 22, 2 xaneiro 2012.

Dá conta da publicación do libro *Tatuaxes* (2011), de Manuel Pereira Valcárcel e refírese a el como un "tratado cidadán, de paixóns e pudores, versión do Madrid de Pereira". Considérao o seu libro de poemas máis depurado. Salienta a súa vocación narrativa e a intimidade que transmite nas súas páxinas. Afirma que esta obra fala dun "Madrid tatuado na pel de Manuel Pereira Valcárcel".

Araguas, Vicente, "Don da dureza", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 756, "Páxina Literaria", "Libros", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 707, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*" n.º 707, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 15 xaneiro 2012.

Preséntase a última obra de Alberte Momán *Os quilómetros que percorremos dende aquela* (2011). Sinálase que este autor recibiu varios premios ao longo da súa traxectoria literaria. Sobre este libro saliéntase o seu carácter extremadamente erótico. Coméntase que despois de aventuras e desventuras de amor, hai un apartado, titulado "Su Liz-Hen", dedicado ao filme *In the mood for love*, de Wong Kar-Wai. Coméntase tamén que o volume se completa coa sección "Incansablemente sobre os pasos", onde o poeta reflexiona cunha linguaxe cotiá.

Araguas, Vicente, "Oregón está en Ourense", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*" n.º 725, "Páxina Literaria", "Libros", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 708, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 708, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 22 xaneiro 2012.

Fálase do libro de relatos do autor Diego Ameixeiras *Historias de Oregón* (2011), gañador do "Premio de Novelas por Entregas La Voz de Galicia". Coméntase que Ameixeiras é tamén guionista e que foi coguionista de *18 comidas*, de Jorge Coira, un dos mellores filmes de 2010. Dise que ten certo aire ás obras de Raymond Caver e a certos mestres do xénero negro, por tratar unha narrativa breve cos pés na terra. Sinálase que Oregón é Ourense cos seus barrios e a alta temperatura das Burgas. Saliéntase que o autor de Lausanne dá vida nesta obra a personaxes que encarnan maridos maltratadores, drogadictos e policías municipais.

Araguas, Vicente, "Vai de Fornelos", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 726, "Páxina literaria", "Libros", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 709, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 709, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 29 xaneiro 2012.

Coméntase que o libro *Fornelos & Fornelos* (2011), de Xerardo Quintiá, foi o gañador do XI Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Explícase que o título non se limita ao punto xeográfico onde se atopa, senón que tamén se desprega en paralelo con quen o invoca. Dise do autor que é terno e vigoroso, e que, por isto, na súa obra administra unha dose de dozura, aínda que cun toque de distanciamento, cunha gran riqueza léxica e no que se observa unha gran facilidade para ir do coñecemento á experiencia, pasando polo silencio.

Araguas, Vicente, "Andar ás crebas", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina Literaria", "Libros", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 710, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 710, "Libros", "Páxina literaria", p. 30, 5 febreiro 2012.

Infórmase de que *As crebas* (2011), o último volume poético en prosa de Miro Villar, conseguiu o Premio de Poesía Concello de Carral. Coméntase que este libro contén trinta e unha prosas ou glosas da vida mesma, do autor ou doutros, e que este verte moito da súa experiencia, tanto literaria como vital. Cualifícase o seu estilo como brillantísimo, cun ritmo livián, un estilo fluído e unha contención nos argumentos e nas palabras.

Araguas, Vicente, "Así é como se fai", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina Literaria", "Libros", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 711, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego,* "*La Galería*", n.º 711, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 12 febreiro 2012.

Fálase do poeta Xulio L. Valcárcel, poñéndoo de exemplo no ámbito literario. Coméntase que nos seus libros-glosa, aínda podendo facerse erudito, non abusa da erudición e, sen ser conflitivo, non cala cando ten que poñer as cousas no seu lugar. Infórmase de que despois de escribir *Poesía galega de Miguel González Garcés*, volve aparecer cun libro denominado *O escano baleiro. No Courel con Uxío Novoneyra* (2011). Por último, recoméndase a lectura das obras deste autor por ser un escritor fiel á lingua e á literatura.

Araguas, Vicente, "Esta cousa felina", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 713, "Libros"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 713, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 26 febreiro 2012.

Dá conta da publicación do libro de poemas *Leopardo son* (2011), da autoría de Pilar Pallarés. Sinala que o título da obra procede dun verso de Ricardo Carvalho Calero. Salienta a forza do instinto e o ton místico que inunda o poemario de Pallarés e menciona que vai introducido por un limiar de Eva Veiga.

Araguas, Vicente, "Vou vello", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina Literaria", "Libros", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 715, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 715, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 11 marzo 2012.

Comenta a publicación da obra de Calros Solla (Pontevedra, 1971), *Mazin GZ* (2011), Premio de Poesía Johan Carballeira. Sinala que o título fai alusión ao televisivo personaxe do mundo da banda deseñada, Mazinger Z. Salienta a retranca ácida de Solla e considera que os poemas presentan certo ton chocalleiro. Despois de confesar que non sentiu emoción nin provocación por ningún dos seus versos, contrasta este libro cos traballos de Rompente, Xela Arias ou Luisa Castro, que considera que andaban de verdade "a rachar moldes".

Araguas, Vicente, "Varias voltas de tornelo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina Literaria", "Libros", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 719, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego,* "*La Galería*", n.º 719, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 8 abril 2012.

Dá conta da publicación do volume *Contos da terra da tarde* (2011), da autoría de Bieito Iglesias, na Editorial Galaxia. Da escrita de Iglesias salienta o seu estilismo na escolla dos recursos idiomáticos. Considérao seguidor de William Faulkner e de Lino Novás Calvo. Destaca que a temática desta obra ten que ver cos aspectos severos da condición humana e sinala que acolle referencias cinematográficas e musicais.

Araguas, Vicente, "As voces do silencio", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 726, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 726, "Páxina literaria", p. 30, 27 maio 2012.

Infórmase do debut poético do fotógrafo Manuel Vilariño con *Ruínas ao espertar/Ruinas al despertar* (2011) e sinálase que non é habitual iniciarse na publicación a unha idade tan tardía. Estabelécese un paralelismo coa mostra fotográfica do autor, tamén fotógrafo, "Mar de fuera" e dise que o libro está cargado de tenrura, que é de temática elexíaca e que está escrito dende a dor, o amor e a distancia con estes. Apúntase que o libro ten gran calidade e recoméndase a lectura.

Araguas, Vicente, "O galernazo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina literaria", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 728, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 728, "Páxina literaria", p. 30, 10 xuño 2012.

Sinálase que Xosé María Álvarez Cáccamo é un poeta recoñecido no panorama galego e que este autor arrisca e aposta polo difícil na súa creación poética. Apúntase que a súa poesía no libro *A boca da galerna/La boca de la galerna* (2011) é próxima á épica, que o ritmo é impecábel así como a métrica, e que trata un asunto nada habitual empregando o poema longo, unitario e filosófico. Coméntase que no texto hai referencias bíblicas e explícanse as partes nas que se divide o libro, entre as que se destaca a terceira. Explícase tamén que o epílogo do libro é obra de Gonzalo Puente Ojea e que non achega nada a este.

Araguas, Vicente, "Contos de aldea", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina literaria", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 730, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 730, "Páxina literaria", p. 30, 24 xuño 2012.

Explícanse algunhas connotacións persoais que a palabra "aldea" posúe para o autor do artigo e coméntase que ese é o título da obra de Xavier Frías Conde, *A aldea* (2011), da que se di que fala dunha muller que marcha vivir á aldea da súa avoa, onde descubre unha serie de contos que conforman o libro, que combina o realismo da trama condutora coa máxica dos contos. Dise de Xavier Frías Conde que é un autor políglota e que posúe certa forza estilística e brillo conceptual.

Araguas, Vicente, "Sempre Pepe Velo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina literaria", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 737, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 737, "Páxina literaria", p. 30, 12 agosto 2012.

Recensiónase a obra *Pepe Velo* (2000), de Antonio Piñeiro, da que se di que trata con rigor e dedicación a figura de Pepe Velo, mestre nacido en Celanova e coautor da obra *Cartafol de poesía* con Celso Emilio Ferreiro. Apúntase que se trata dun libro de grande interese e pídese que, de estar descatalogado, sexa reeditado.

Araguas, Vicente, "Celso Emilio Ferreiro: unha homenaxe", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 746, 14 outubro 2012, p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º

746, 14 outubro 2012, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 746, 14 outubro 2012, p. 30.

Detense en diferentes aspectos de *Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no seu centenario (1912-2012)* como que está moi ben editada, que unha ducia de poetas loan ou glosan a Celso Emilio Ferreiro ou que está prologada por Alberte Suras, un dos poetas que participa no volume e que ademais o coordina "con teimosía dignísima dun home como Celso".

Araguas, Vicente, "Múdanse as vontades", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 757, "Máis libros", p. 34/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 757, "Máis libros", p. 34, 30 decembro 2012.

Destácase que *Seara* (2011) recolle a produción poética de Xosé Vázquez Pintor até o momento e elabórase un repaso polas distintas obras deste autor, entre as que se destaca un salto a partir do cuarto libro, *Ofidios de diario* (1984), momento no que se di que se traspasa a fronteira estética e conceptual acadada até entón. Sinálase que este autor non posúe o tratamento que merece nalgúns manuais nin o posto debido no panorama galego e dise que é un poeta que soubo desprenderse do ruído ambiental que rodeaba á poesía galega do seu tempo.

Arén, Román, "Memoria, identidade", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Barbantia*", n.º 72, "O andel", 24 febreiro 2012, p. 3.

Cualifícase a novela *Laura no deserto* (2011), de Antón Riveiro Coello, como magnífica e dise que está construída arredor de dous acontecementos históricos do século XX como son a guerra civil española e a segunda guerra mundial. Apúntase que se fai uso no libro de procedementos como a anagnórise e a introspección na personaxe de Laura. Explícase que se trata dunha grande homenaxe á localidade da Pobra do Caramiñal e que posúe unha forte personalidade.

Arén, Román, "Suxeito inestable", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Barbantia*", n.º 73, "O andel", 30 marzo 2012, p. 3.

Faise un percorrido pola traxectoria de Gonzalo Hermo e coméntase que este autor é filólogo e que foi gañador do Premio de Poesía Xuventude Crea con *Crac* (2011). Explícase que a súa poesía é crítica e que procura a reflexión metapoética. Dise que posúe un discurso compromentido, non inocente, en conflito co mundo e co propio suxeito, que renega da escrita afectada.

Baena, A., "Alfonso Hervello: la recuperación del Romancero gallego", *Atlántico Diario*, "Vigo", 10 febreiro 2012, p. 6.

Coméntase que Xosé Ramón Mariño Ferro e Carlos L. Bernárdez recuperaron o romanceiro popular seleccionado por Alfonso Hervella Courel no século XX. Explícase que este consiste nun centenar de textos recollidos da tradición popular en Viana do

Bolo. Ademais, infórmasenos de que Bernárdez e Mariño Ferro atoparon o manuscrito auténtico na biblioteca do Museo de Pontevedra, e considérase que está feito con bo criterio e exposto claramente.Tamén se di que nestes textos se diferencian seis grupos: os derivados dos ciclos casteláns, os novelescos e cabaleirescos, os exemplares das lendas relixiosas, os novelescos, os de amores, os infantís e os apólogos. Dende o punto de vista lingüístico, indícase que se observa a evolución do idioma no feito de que a maioría se recitan en castelán, habendo aínda así algúns compostos en galego.

Baltar García-Pañuela, Ernesto, "Castelao: diario de un viaje por Europa", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 507, "Reportaje", 26 febreiro 2012, pp. 2-5.

Dá conta da viaxe de formación artística por Europa que realizou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e que recolleu no seu *Diario 21*. Sinala que esta viaxe foi resultado dunha bolsa da Junta de Ampliación de Estudios e que o diario se conserva no Museo de Pontevedra. Critica o autor que dende o ano 1986 non se volvese reeditar e aconsella que así se faga. Menciona algunhas etapas da viaxe e acolle citas nas que Castelao relata as súas impresións e pensamentos.

Blanco Casás, Laura, "Establecendo o canon", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 398, 12 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 360, "Letras galegas", 21 xaneiro 2012, p. 7.

Indica que a traxectoria de Armando Requeixo precisaba dunha recompilación dos seus traballos en prensa e, tamén, lembra o premio literario Ánxel Fole que o crítico recibiu pola súa obra ensaística sobre Xosé Díaz Jácome. De seguido, sinala que *Criticalia* é unha voluminosa antoloxía das recensións críticas asinadas polo autor dende a década dos setenta até o ano 2010 e subliña as profundas reflexións que a súa produción desprende, así como a presenza de voces feministas entre as súas críticas de novidades literarias e recensións de libros de fondo. Finalmente, destaca a ampla panorámica da literatura galega e a mostra do persoal canon literario do autor que ofrece este volume.

Blanco Casás, Laura, "Chamada á reflexión", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 399, "Libros", 19 xaneiro 2012, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 361, "Letras galegas", 28 xaneiro 2012, p. 6.

Coméntase a publicación de *Libro de deshoras* (2011), de Xavier Lorenzo Tomé (1961), que se dera a coñecer coa novela *O paxaro que canta un nome*, gañadora do premio Blanco Amor. Neste caso, sinálase que o autor se decanta polo relato breve para chamar á reflexión íntima e persoal de cada individuo e indícase que actualmente esta brevidade é unha fórmula escollida por moitos literarios para comunicar. Explícase que Lorenzo alterna historias dun home preocupado polo seu corpo que reflexiona no ximnasio, con relatos sobre a palabra, a represión, etc. Saliéntase que o denominador común en todas as historias é o misterioso X. P., un escritor e mestre que dá coherencia aos relatos. Conclúese coa afirmación de que son uns relatos que embriagan o lector, á vez que agochan unha crítica á sociedade actual.

Blanco Casás, Laura, "Precisa e poética linguaxe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 401, "Libros", 2 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 11 febreiro 2012, p. 6.

Coméntase a reedición de *Cando o gato mira de esguello* (2011), de Xe Freyre (1962), tras ser publicada sen éxito no ano 1987, pois pasou totalmente desapercibida. Sinálase que se caracteriza pola súa ilexibilidade, o que resultaba imprescindíbel para o triunfo literario naquela época. Indica que emprega o tópico do manuscrito atopado, con fermosas descricións, onde se inventa unha apaixonante historia con distintas voces narrativas que pelexan por facerse oír.

Blanco Casás, Laura, "Gran collage", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 405, "Libros", 1 marzo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 368, "Letras galegas", 10 marzo 2012, p. 7.

Informa de que, tras a homenaxe a Lois Pereiro no Día das Letras Galegas, o pintor e escritor Antón Patiño vén de asinar unha especie de dicionario na editorial Espiral Maior, *Dicionario de sombras* (2011), completando deste modo as reflexións sobre o poeta que comezara a plasmar na súa obra anterior, *Radiografía do abismo* (2010). Sinala que neste experimento se recollen máis de trescentas entradas, xunto cunha reportaxe fotográfica sobre a vida de Lois Pereiro, cunha aparencia de "gran collage". Entre os temas tratados nomea a angustia, a droga, a enfermidade ou o amor. Conclúe que este libro resulta un achegamento orixinal ao mundo deste poeta do amor e da enfermidade.

Blanco Casás, Laura, "Unha obra indispensable", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 359, "Letras galegas", 17 marzo 2012, p. 6.

Comenta a obra *Cartas desde a Terra*, de Mark Twain, editada en galego pola editorial Barbantesa en 2011. Sinala que permanecera moitos anos sen ser publicada polo seu carácter irreverente contra o cristianismo. Dá conta do argumento, que ten a Satán como protagonista, e refire que o autor emprega unhas cartas que este escribe para expresar as súas crenzas de corte progresista. Conclúe que se trata dunha obra indispensábel para calquera amante da literatura.

Blanco Casás, Laura, "Crítica, humor, sorpresa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 411, "Libros", 19 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 21 abril 2012, p. 6.

Coméntase a saída do prelo do libro *A aldea* (2011), de Xavier Frías Conde, dentro da colección "Alcaián" da editorial Urco. Sinálase que é unha obra de temática fantástica, característica esencial da produción desta editorial. Repásase a traxectoria do autor e explícase que se dedica á docencia e que é prolífico e políglota no que se refire aos seus traballos literarios. Explícase que a obra é unha homenaxe á terra natal do autor, que se converte nun lugar máxico onde teñen lugar os contos que aparecen nela. Dise que a novela conta cun fío condutor constituído polo regreso de Maruxa, a protagonista, á

aldea natal da súa avoa, e apúntase que os relatos son críticos e humorísticos. Laméntase que o rural sexa un espazo abandonado.

Blanco Casás, Laura, "Tomar as rúas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 412, "Libros", 26 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras galegas", 28 abril 2012, p. 6.

Dá conta da publicación da poética *Parafusos* (2011), de Óscar Seoane Casqueiro, e afirma que este compostelán afincado en Madrid non deixará indiferente ao lectorado. Considérao un claro expoñente da renovación poética actual, principalmente polo que se refire á ruptura coa tradición no referente ás formas métricas. Nomea algúns dos temas que contempla, entre os que está a crise económica e o fracasado sistema capitalista. Salienta o seu carácter intimista e pesimista.

Blanco Casás, Laura, "Triste e poética", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 413, "Libros", 3 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 366, "Letras galegas", 5 maio 2012, p. 7.

Reflexiónase en clave metafórica sobre a condición circular da existencia humana, que se compara cunha espiral, para dar paso á análise de *Espirais* (2011), de J. Mosquera Saravia, da que se di que está editada polo selo Papilosante, de Edicións Morgante, e que constitúe a primeira novela do autor. Destácase que o motivo central do libro é o sufrimento do seu protagonista e que na obra se dilúen os límites entre a realidade e a ficción.

Blanco Casás, Laura, "Arte subversiva", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 420, "Libros", 21 xuño 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 373, "Letras galegas", 23 xuño 2012, p. 6.

Coméntase que Piero Manzoni presentou ao público no ano 1961 unha serie de latas que contiñan a súa materia fecal co título "Merda d'artista", proxecto do que se di que tivo unha forte repercusión. Explícase que esta é a referencia da que parte o autor Leonel Moura ao embarcarse en *30 gramos* (2010) nunha viaxe pola arte máis subversiva. Dise do texto que ten unha prosa extravagante que mestura xéneros.

Caeiro, Lucía, "Intelixencia e humor", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 454, "Opinión", 11 febreiro 2012, p. 12.

Refírese á obra de Wislawa Szymborska, poeta polaca, da que a autora do artigo é tradutora ao galego. Relata o proceso que a levou a que Edicións Positivas aceptase a publicación dunha antoloxía de Szymborska, *Versos escollidos*, publicada en 2011. Dise desta escritora polaca que se trata dunha muller modesta, mais cunha intelixencia abraiante e que a súa poesía presenta un estilo único capaz de emocionar os lectores, independentemente da súa idade. Lucía Caeiro amosa a súa tristeza pola morte de Wislawa Szymborska e afirma que sempre estarán presentes os seus fermosos versos.

Caneiro, Xosé Carlos, "Inicios 2012", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 450, "A outra mirada", "Club dandi", 14 xaneiro 2012, p. 9.

Recomenda algunhas novidades editoriais, entre as que están dúas novelas publicadas pola Editorial Galaxia, *Eu, Jean Gabin* (2011), de Goliarda Sapienza, traducida `por María Dolores Torres París, e *A desaparición de Esme Lennox* (2011), de Maggie O'Farrell, vertida ao galego por Manuel Xestoso. Tamén aconsella a lectura de *Fantasmas de luz* (2011), de Agustín Fernández Paz e *Teatro recuperado* (2011), de Leandro Carré.

Caneiro, Xosé Carlos, "Como Laura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 453, "A outra mirada", "Club dandi", 4 febreiro 2012, p. 11.

Despois de expoñer algunhas das súas teses sobre as grandes novelas, recomenda a lectura da obra *Laura no deserto* (2011), de Antón Riveiro Coello. Considéraa unha novela imprescindíbel e que acolle as características das novelas das que falaba ao inicio do artigo. Indica que se trata dunha narración polifónica, ambientada en moitos lugares.

Caneiro, Xosé Carlos, "Camiñamos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 457, "A outra mirada", "Club dandi", 3 marzo 2012, p. 11.

Analízanse tres obras narrativas galegas. Da primeira, *As fiandeiras* (2011), de Antonio Piñeiro, sinálase que se ambienta na Primeira República española e ten como argumento a rebelión dunhas fiandeiras contra a propia fábrica á que lle compran o fío. Cualifícase esta obra como breve e ben escrita. Outra das obras analizadas é *Microbios e outros paquidermos* (2011), de Fernando Díaz Castroverde, da que se salienta o seu ton irónico para rir e pasar un bo anaco lendo. O último libro que se menciona, *Contos da terra da tarde* (2011), de Bieito Iglesias, considérase como unha das obras fundamentais do autor. Tamén recibe unha mención a editorial Rinoceronte pola iniciativa de traducir prosas galegas ao castelán.

Castro Soliño, Dorinda, "Miscelánea de sentimentos", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 358, 7 xaneiro 2012, p. VI

Coméntase a obra *Semanas, meses* (2011), do matrimonio finlandés formado por Reko Lundán e Tina Lundán. Recolle o argumento do libro e sinálase que narra como a partir dunha enfermidade diagnosticada a Reko Lundán, un tumor cerebral, deciden elaborar un diario no que plasman a forma que teñen cada un de vivir a situación, por unha parte, o punto de vista da propia persoa que padece a enfermidade, e pola outra, as vivencias e o sufrimento da súa muller.

Castro Soliño, Dorinda, "Misterioso peregrino", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 404, "Libros", 23 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 3 marzo 2012, p. 6.

Sinala que a editorial Toxosoutos vén de publicar *As rutas de Compostela* (2011), unha tradución de Paulo Nogueira Santiago a partir da obra *Sur le routes de Compostelle après la Grande Guerre* (1925), asinado por Laurent d'Arce. Indica que este fixera unha viaxe a Santiago de Compostela como promesa por ter sobrevivido á I Gran Guerra e describe no seu libro os lugares que visita, ofrecendo unha auténtica guía de Santiago e da súa catedral.

Castro Soliño, Dorinda, "Metáfora vital", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 15 marzo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 360, "Letras galegas", 24 marzo 2012, p. 6.

Analízase a obra *Unha troita de pé* (2011), de Silvia Bardelás. Indícase que Xulio, o protagonista, mostra a súa vida a través dun monólogo que recolle algunhas reflexións persoais sobre a terríbel enfermidade que está a sufrir. Sinálase que non só viaxa nos recordos, senón tamén no espazo, pois se traslada a Suecia para recibir un novo tratamento, do cal o lectorado vai ignorar os resultados.

Castro Soliño, Dorinda, "Construír desde a creatividade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 414, "Libros", 10 maio 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 12 maio 2012, p. 6.

Sinálase a aparición *Antoloxía de referencia. Etapa de implantación* (Bubela, 2011), novo traballo da corrente do Sentimentalismo, do que se di que é un movemento de vangarda de grande actualidade. Explícase que se trata dunha antoloxía coordenada por Mariña Pérez Rei e Carlos Arias e apúntase que forman parte dela os autores Yolanda Castaño, Xulio Cid Neira, Olalla Cociña, Francisco Fernández Naval, Xabier López Marqués, Baldo Ramos e Eva Veiga. Coméntase que o libro está editado por Bubela e que ofrece información sobre os autores antologados, así como do movemento.

Castro Soliño, Dorinda "Vidas marcadas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 431, "Libros", 25 outubro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 383, "Letras galegas", 3 novembro 2012, p. 7.

Dá conta da saída do prelo desta novela, *Marcas de nacemento* (2012), traducida á lingua galega por David Gippini Fournier. Tras salientar o labor da editorial Rinoceronte ao traducir éxitos editoriais doutras literaturas ao galego, fala da liña argumental desta novela, que consiste no roubo de nenos e nenas arias co obxectivo de ser entregados a familias alemás durante o nazismo. Engade que son as voces de catro nenos as que relatan os episodios dos que "son vítimas da Historia con maiúsculas". Remata aludindo á reflexión que provoca a lectura desta obra sobre como as decisións tomadas polos que posúen o poder marcan as vidas de múltiples xeracións.

Caveiro, Laura. "Delicatessen", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 402, "Libros", 9 febreiro 2012, p. VI/ "Contención estilística", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 18 febreiro 2012, p. 6.

Presenta o libro de relatos de Anabel Alonso López (As Pontes de García Rodríguez, 1968), *Café só* (2011). Sinala que o fío de unión entre as historias é o protagonismo de mulleres de diferentes idades e procedencias, acompañadas nun segundo plano por homes. Engade que se tratan temas de amores, sufrimentos e mortes. Analiza as descricións dos personaxes e afirma que están dotadas dunha gran contención estilística. Salienta tamén a capacidade de observación de Anabel Alonso, próxima e cálida. Para rematar, alaga os finais de cada historia, os cales, ao seu parecer, aumentan a calidade da obra.

Caveiro, Laura, "Ausencias e presenzas", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 359, "Letras galegas", 17 marzo 2012, p. 7.

Coméntase a publicación de *Á beira de Beiras* (2011), que conta cun amplo abano de colaboradores que crean este libro colectivo. Sinálase que está organizado en tres grupos temáticos: o primeiro céntrase no ensaio *O atraso económico de Galicia* ao cumprirse corenta anos da primeira edición; no segundo alúdese a distintos aspectos biográficos de Xosé Manuel Beiras; e, por último, no terceiro, examínanse diferentes aspectos da sociedade galega. Saliéntase que o interese da obra se atopa no conxunto de reflexións que se recollen, xunto coa temática aberta sobre cuestións da Galicia actual.

Caveiro, Laura, "Luminosos haikus", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 432, "Libros", 1 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión,* "*Saberes*", nº 384, "Letras galegas", 10 novembro 2012, p. 7.

Coméntase a actualidade do *haiku*, ese "xénero zen" co que agora experimenta Maximino Cacheiro Varela en *Música irisada*, unha edición bilingüe. Sinálase a súa beleza e misterio e a relación entre as partes e o todo existente en cada unha das composicións. Coméntase o paratexto inicial, unha dedicatoria a "todos aqueles que senten o haiku coma un satori".

Cebreiro, María do, "Historia dunha dedicatoria", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 14 setembro 2012, p. 6.

Reflexiónase sobre a dedicatoria do libro *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1887), á escritora Fernán Caballero e coméntase que se descoñecen as razóns desta dedicatoria na que a autora di admirar e apreciar á escritora andaluza, cando existen algúns documentos na correspondencia rosaliana con Manuel Murguía nos que esta critica á primeira. Apúntanse varias razóns posíbeis para esta dedicatoria, como que se trate dun uso irónico.

Díaz, Noelia, "Memoria do continuador de Pondal", *La Opinión*, "Cultura", 21 xaneiro 2012, p. 54

Fálase da edición e presentación dun poemario inédito de Gonzalo López Abente (Muxía, 1878-1963): *Bretemada*. Sinálase que o escritor, ao que se lle dedicou o Día

das Letras Galegas en 1971, achega a súa literatura á de autores como Manuel Antonio, Ramón Cabanillas ou Eduardo Pondal. Destácase nesta obra o tema político, un forte "sentimento nacionalista en canto a patria galega", a "fala da Costa da Morte e o léxico do mar". Infórmase de que o manuscrito foi atopado nos arquivos da Real Academia Galega e que a Fundación que leva o seu nome foi quen quixo editar e publicar este poemario inédito para unha maior difusión do deste escritor e das súas obras.

Dopico, Montse, "Para alén de nós", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 424, "Reportaxe/Literatura", 6 setembro 2012, p. VII.

Coméntase a lóxica de que o pobo galego como pobo emigrante e mariñeiro teña a viaxe como un tema importante da súa literatura. Elabórase un percorrido pola obra de diferentes autores que o cultivaron, entre os que se citan a Álvaro Cunqueiro e Ramón Otero Pedrayo, como autores clásicos, e outros como Marilar Aleixandre, Francisco Fernández Naval, Antón Riveiro Coello e Anxo Angueira, entre os contemporáneos. Remata destacándose entre eles a Xavier Queipo, do que se recollen unhas declaracións nas que o autor afirma que todas as súas obras son literatura de viaxes.

Eiros Bouza, José Mª, "A mediciña popular na obra de Cunqueiro", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, 25 febreiro 2012, pp. 1-2.

Salienta a presenza da medicina popular na obra de Álvaro Cunqueiro e destaca a importancia que tivo para este escritor a doenza vista dende o punto de vista dos menciñeiros, compoñedores e demais personaxes do mundo popular galego.

Feixó, Xosé, "Un riguroso estudo", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 16 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras galegas", 25 febreiro 2012, p. 6.

Trátase brevemente o traballo de investigación realizado por Armando Requeixo baixo o título *X. Díaz Jácome. Poeta e xornalista* (2011), co que gañou o 24º Premio Literario Ánxel Fole. Cualifícase de serio, obxectivo e detallado. Do mesmo xeito, dáselle importancia ao feito de que se centra nas dúas liñas do escritor: xornalista e poeta, e sinálase que a súa faceta de xornalista resultou máis ignorada e oculta, pero non por iso é menos importante.

Feixó, Xosé, "A pedra da paciencia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 22 marzo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 361, "Letras galegas", 31 marzo 2012, p. 6.

Analízase brevemente a novela *Sangué Sabur* (2011), do escritor e cineasta afgán Atiq Rahimi, da que se di que foi gañadora do premio Gancourt no ano 2008. Sinálase que a obra está dedicada a Nadia Anjuman, poetisa afgá salvaxemente asasinada polo seu home. Indícase que o título fai referencia á pedra máxica á que se lle contan as inquedanzas e as tristezas que non se lle revelan a ninguén. Saliéntase a linguaxe directa

e crúa e coméntase que contempla os temas da opresión da muller, o fanatismo e a guerra.

Feixó, Xosé, "Prometendo medrar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 411, "Libros", 19 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 21 abril 2012, p. 6.

Dá conta da segunda reimpresión en poucos meses da novela *Sombras famentas e outros contos para ler de noite* (2011), de Jacobo Sánchez-Feijóo, na colección Alcaián de Urco Editora. Salienta a boa acollida que está a ter esta obra. Describe o contido da introdución, que contextualiza o volume dentro do xénero de terror e achega un breve resumo de cada un dos contos que acolle. Por último, destaca o elemento anovador das ilustracións que acompañan cada un dos nove relatos.

Franco, Camilo, "Un retrato ao vivo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 473, "Teatro con letras", 30 xuño 2012, p. 9.

Coméntase a pertinencia de ler a Roberto Vidal Bolaño afastándose das opinións dos estudosos e sinálanse algúns aspectos da súa biografía, información da que se di que será máis sinxela de achar pasado un ano. Apúntase que as obras *Integral* (2003), *Rastros* (1998) e *Animaliños* (2003) coinciden tematicamente na idea de retratar o reverso do mundo. Sinálase que se trata de relatos irónicos e pouco compracentes sobre a sociedade do seu tempo.

Franco, Camilo, "A nova Rosalía de sempre", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 499, "En portada", 29 decembro 2012, pp. 2-3.

Explícase que no ano 2013 terá lugar a celebración do aniversario da publicación da obra *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1887), e sinálase a necesidade de procurar un retrato novo desta autora. Apúntase que serán moitos os actos que se desenvolverán a este respecto e recóllense declaracións de diferentes estudosos como María do Cebreiro ou Anxo Angueira, quen coinciden en sinalar na necesidade de deitar outra ollada sobre a autora baseada nunha visión global da súa obra.

Freixanes, Víctor R., "El Pueblo Gallego: galeguismo e modernidade", *La Voz de Galicia*, "*Suplemento especial El Pueblo Gallego*", 25 xullo 2012, pp. 18-19.

Faise un repaso histórico do xornal *El Pueblo Gallego*, dende a súa aparición durante a Ditadura de Primo de Rivera até os primeiros anos da restauración democrática, no que se resaltan os valores galeguistas da publicación. Identifícanse catro etapas na evolución da publicación das que se afirma teren sido as máis relevantes a primeira e a segunda (até o estalido da Guerra civil).

Gestoso Álvarez, Maruxa, "Louvanza da terra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 28 xuño 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 374, "Letras galegas", 30 xuño 2012, p. 6.

Dise de *Máxico tear natural* (2011), de Xosé Manuel Lobato, que fai un repaso de vinte e tres lugares destacados do territorio galego empregando un ton poético na exposición. Faise a consideración da obra como unha loanza da terra galega.

González, Montse, "Versos corrente de lava", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 10 febreiro 2012, p. 10.

Informa da saída do prelo da obra *Cráter* (2011), da autoría de Olga Novo (1975), na editorial Toxosoutos. Sinala as confluencias que se atopan neste libro de poemas con respecto a outros publicados recentemente por Espiral Maior: *Acuática Alma* (2011), de Marta Dacosta, e *Leopardo son* (2011), de Pilar Pallarés. Destaca o alento libertario e optimista que inunda as súas páxinas e analiza esta obra en relación coas anteriormente citadas. Por outra banda, comenta tamén a publicación da obra *O mariñeiro con cabalos matutinos baixo o vestido* (2011), de Elías Knörr, pseudónimo de Elías Portela.

González, Montse, "Alén dos tópicos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", "50 anos de 'Longa noite de pedra", 12 xaneiro 2012, p. II/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 359, 14 xaneiro 2012, p. 7.

Analiza a obra de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979) e sinala que a súa obra *Longa noite de pedra* (1962) marcou o inicio da corrente socialrealista na literatura galega, e indica que despois de cincuenta anos, vai sendo hora de realizar unha revisión crítica que fuxa dos tópicos. Salienta a difusión que acadaron estes poemas grazas ás cancións de Voces Ceibes ou Fuxan os Ventos, que converteron a Celso Emilio en icona da poesía combativa antifranquista. Considera que talvez este feito conseguiu que se escurecesen outros aspectos tamén presentes na súa poesía, como o intimismo, a pegada neotrobadoresca ou a sátira. Recolle lecturas actuais da obra de Ferreiro por parte de Manuel Forcadela, Xosé Luís Méndez Ferrín, Gonzalo Navaza, Ramón Nicolás María do Cebreiro ou Xesús Alonso Montero.

González, Ramón, "Muller para lonxe' xunta a 'delicada' poesía de amor de Uxío Novoneyra", *El Progreso,* "Vivir", "Cultura", 11 xaneiro 2012, p. 46.

Descríbese brevemente a reedición do poemario de Uxío Novoneyra (Seoane do Courel, 1930-Santiago de Compostela, 1999), *Muller pra lonxe* (1987), e infórmase da súa exposición no salón de actos da Deputación de Lugo. Cítase que ao acto de presentación da obra asistiron varios familiares do poeta. Recóllese a opinión de Luis Cochón, autor do prólogo desta reedición, sobre o libro, que define como a adversidade dun destino inevitábel ao que se entregan os amantes. Pola súa parte, cítanse as declaracións de Claudio Rodríguez Fer, autor do epílogo, ao redor da existencia neste volume dunha compoñente cívica e existencial, ademais da temática amorosa. De Rodríguez Fer saliéntanse ademais os seus comentarios sobre o progreso do ton da obra, dende a

depresión ao vitalismo e dende o encollemento lírico á liberación, e sinálase que foi el o encargado de finalizar o acto dicindo que o amor afasta o poeta e a nós da dor.

Hidalgo, Manuel, "Inventor de prodigios", *El Mundo*, "EM2/Cultura", 4 maio 2012, p. 2.

Faise un repaso da figura literaria de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) e das súas obras. Menciónase a súa evolución dende un galeguismo previo á guerra civil até unha afiliación pública ao franquismo. Na valoración da súa obra sinálase a proximidade do seu universo literario aos autores latinoamericanos.

Iglesias Diéguez, Alfredo, "Na xeira Soto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 399, "Libros", 19 xaneiro 2012, p. 6/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 361, 28 xaneiro 2012, p. 6.

Coméntase a obra dedicada a Luís Soto (Podentes, A Bola, 1902-1982), autor do libro *Castelao, a UPG e outras memorias* (1983), escrita por Xurxo Martínez González baixo o título de *Luís Soto. A xeira pola unidade galega* (2011). Destácase a traxectoria vital de Soto: a súa militancia activa no sindicalismo docente de Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense, o seu compromiso coa II República, etc. Por todo isto, Alfredo Iglesias non entende por que este personaxe é tan esquecido e ás veces, incluso, descoñecido.

Iglesias Diéguez, Alfredo, "Cidadán de dous países", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 16 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 365, 25 febreiro 2012, p. 7.

Coméntase a publicación de *Emigrante dun país soñado…* (2011), editado por Ramón Villares e publicado polo Consello da Cultura Galega e que recolle as contribucións do congreso celebrado co gallo do centenario do nacemento de Luís Seoane (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979). Sinálase que o seu propósito é destacar a importancia da dobre cidadanía do autor en cuestión e afírmase que o feito de vivir a cabalo entre Galicia e Arxentina foi o que lle proporcionou a formación cultural e artística necesaria para conseguir a riqueza propia da súa produción literaria.

Ínsua, Emilio Xosé, "Os evanxeos da risa absoluta: unha peza teatral de Villar Ponte con claros ecos valleinclanianos", *Diario de Arousa*, "*Especial 1866-1936. Valle-Inclán ronsel de señardade*", 6 xaneiro 2012, pp. 30-31.

Analiza a peza teatral *Os Evanxeos da risa absoluta (Anunciación do Antiquixote). Folk-drama da sinxeleza campesina*, de Antón Villar Ponte (Viveiro, 1881-A Coruña, 1936), publicada pola editorial Nós o 25 de xullo de 1934. Comenta a súa estrutura, argumento e personaxes. Conclúe que Villar Ponte refundiu nesta obra ideas, parágrafos e fragmentos literais de conferencias, poemas, discursos e artigos que foran previamente elaborados por el e co modelo básico de referencia do teatro nacionalista irlandés contemporáneo co obxectivo de crear unha das obras de teatro galego por antonomasia.

Opina, ademais, que é innegábel o influxo dalgunhas creacións literarias de Ramón Mª del Valle-Inclán no deseño e no contido da peza e menciona alusións que o propio Villar Ponte realizou sobre a alma galega que habita moitas das traxedias de Valle-Inclán.

López Fernández, Xesús, "Muller pra lonxe", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", 23 xaneiro 2012, p. 12.

Fala da presentación dunha nova edición do libro de poemas *Muller pra lonxe* (1987), da autoría de Uxío Novoneyra (Seoane do Courel, 1930-Santiago de Compostela, 1999) e que vai acompañado por un prólogo de Luís Cochón e un epílogo de Claudio Rodríguez Fer. Sinala que recolle poemas de amor dedicados á súa muller, e escritos entre os anos 1955 e 1985. A continuación, céntrase na análise dun dos poemas que acolle o volume, "Poema dos Caneiros". Remata apuntando a conveniencia de ler este libro e sinalando que se trata de poesía existencialista.

López Fernández, Xesús, "Remuíño de prosas", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", 20 febreiro 2012, p. 16.

Coméntase o tomo número XX dos *Cadernos Ramón Piñeiro* (2011), editados pola Xunta de Galicia. Dise que o libro arranca cunha prosa patriótica en honor a Ramón Cabanillas, recolle o discurso de Álvaro Cunqueiro sobre os diversos países que aparecen nos seus relatos e inclúe tamén diversas obras deste autor mindoniense. Por último, López Fernández emprega este artigo para renderlle homenaxe a Cunqueiro e para darlle as grazas por todo o que fixo en vida por Galicia, a súa terra.

Lorenzo, Fran P., "Iria Morgade: 'Hai só un ano non había esta contestación ao sistema", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 11 setembro 2012, p. 49.

Dáse noticia da publicación de *Verbas no ar* (2011), de Iria Morgade, novela gañadora da VII edición Premio Biblos-Pazos de Galicia. Coméntase que esta novela ten un contido moi de actualidade no que dende a perspectiva de diversos protagonistas de distintas partes do mundo, dende África até os movementos sociais europeos, se fai unha crítica ao sistema e a todos os acontecementos de actualidade, como as revoltas sociais. Segundo comenta a propia autora, con esta estrutura pretende que sexa o lectorado o que una as diferentes partes da liña argumental. Saliéntase tamén que a linguaxe é directa e moi propia do noso tempo e que busca a reflexión.

Mandiá, Diana, "A idade adulta da fantasía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 10 febreiro 2012, p. 8.

Trata a recente aparición de proxectos editoriais galegos relacionados coa literatura fantástica, como a editora Urco ou Contos Estraños Editora. Comenta, así mesmo, algunhas das publicacións máis recentes deste xénero literario, que apareceron da man destes dous selos editoriais, como por exemplo *O mundo secreto de Basilius Hoffman. O ladrón de soños* (2010), de Fernando M. Cimadevila. Sinala que Urco posúe catro

coleccións, entre as que se atopa Alcaián, dedicada a autorías galegas noveis, como Alba Payo Froiz, autora de *O que Darwin non previu* (2010), ou Santiago Bergantinhos, autor de *Carmiña Burana* (2011). Sinala tamén que as restantes coleccións están dirixidas a traducións, e nelas saíron obras como: *Contos das illas extraordinarias do Atlántico* (2009), de T. W. Higginson; *O bosque de alén do mundo* (2009), de William Morris; *Conan: a filla do xigante de xeo* (2008), de Robert E. Howard; ou *A princesa e o trasno* (2009), de George Macdonald. Por último, recolle a opinión de Xesús Manuel Marcos (Seoane do Courel, 1967), autor de dúas novelas da saga *O brindo de ouro* (Edicións Xerais de Galicia, 2004/2009), quen considera que o público adulto é un lectorado importante de obras de fantasía.

Martínez, Iago, "Interrogar a Casares", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 21 setembro 2012, p. 5.

Recolle a información relacionada coa xestión do legado cultural de Carlos Casares, pendente de traslado á Cidade da Cultura. Nomeadamente, faise referencia ao proceso de dixitalización de parte da documentación cuxo resultado será de acceso público mentres que o resto será de acceso restrinxido a investigadores. Destácanse entre ese legado a presenza de varias versións de obras do autor ourensán e da relación epistolar con varios intelectuais amigos.

Martínez Bouzas, Francisco, "Cronista e artesán", *Faro de Vigo,* "*Faro de Cultura*", n.º 398, "Libros", 12 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 360, "Letras galegas", 21 xaneiro 2012, p. 7.

Describe a obra *Cita en Fisterra* (2011), de Luís Rei Núñez, que inclúe dentro da narrativa de viaxes. Analiza a estrutura e a voz narrativa e sinala que se trata dun percorrido en sete xornadas pola xeografía sentimental da Costa da Morte. Conclúe que non se trata propiamente dunha novela nin dunha guía de viaxes, senón máis ben dun texto misceláneo de crónicas viaxeiras vividas ou soñadas. Considera que se trata dunha obra menor dentro da produción literaria do autor, mais que se trata dun exemplo de literatura autorreferencial.

Martínez Bouzas, Francisco, "Friso expresionista", *Faro de Vigo,* "*Faro de Cultura*", n.º 400, "Libros", 26 xaneiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 362, "Letras galegas", 4 febreiro 2012, p. 6.

Coméntase a obra *Historias de Oregón* (2011), de Diego Ameixeiras, editada por Edicións Xerais. Sinálase que pertence ao xénero folletinesco e que está relacionada coa novela negra. Saliéntase que o eixo temático ten o propósito de relatar, valéndose da corrente expresionista, os habitantes de Oregón, trasunto literario da cidade de Ourense. O entrecruzamento de historias baseadas nas intemperies vitais dos personaxes e abordadas cun trazo realista dise que mostran os sombríos lindes dunha cidade cúmulo de clases adiñeiradas e o inframundo no que sobreviven seres rodeados dunha violencia brutal. Considérase que a novela posúe a competencia autorial desexada para relatar ficcións mesturadas coas vidas reais e deixa ocos para que o lector constrúa a súa propia

historia xunto coas secuencias de recheo debidas ás esixencias formais dunha novela por entregas.

Martínez Bouzas, Francisco, "Relatos-lóstrego", *Faro de Vigo,* "*Faro de Cultura*", n.º 402, "Libros", 9 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 18 febreiro 2012, p. 7.

Dá conta da publicación da obra *Microbios e outros paquidermos* (2011), de Fernando Díaz-Castroverde, coa que gañou o Premio de Narrativa Breve Repsol 2011. Describe o mundo imaxinado que forma parte das historias deste volume e sinala que a ironía, o humor negro, a burla íntima e o cinismo están presentes. Comenta que neste narrativa subxace a teoría da alusión de Ernest Hemingway. Indica que existe un nivel simbólico debaixo da linguaxe e que lle corresponde ao lectorado activo e á súa imaxinación a tarefa de descubrir a parte non visíbel das historias.

Martínez Bouzas, Francisco, "Sacudidos pola tempestade", *La Opinión*, "Saberes", n.º 359, 17 marzo 2012, p. 6.

Coméntase a edición en galego da obra de Georges Perec, *Ellis Island* (2011), unha reprodución do manuscrito do filme *Récits d´Ellis Island. Histoires d´errance et d´espoir* (1980), traducido por Eduardo Estévez para a editorial Franouren. Sinálase este libro de prosa poética,verso libre como a recuperación dos dezaseis millóns de historias individuais de nenos, mulleres e homes, os "apátridas sacudidos pola tempestade" e chegados de toda Europa como consecuencia da opresión política, relixiosa, a fame e a miseria, na busca dunha nova oportunidade neste illote da Porta de Ouro á América soñada. Dise que este lugar de ensoño se converteu nunha congregación de man de obra barata nun lugar de ausencia, de exilio e que na actualidade representa "o patrimonio de todos aqueles aos que a intolerancia ou a miseria expulsou e segue expulsando da terra na que naceron".

Martínez Torres, Dolores, "Protagonistas da exclusión", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 402, "Libros", 9 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 18 febreiro 2012, p. 6.

Coméntase a obra *Contos da terra da tarde* (2011), de Bieito Iglesias, que recolle vinte e catro relatos de diversos xéneros que conforman a súa "marca da casa": o humorismo, a sátira, o erotismo e a contradición. Considérase que os personaxes son parodias dos arquetipos clásicos galegos, que viaxan polo mundo e son protagonistas da exclusión, da violencia, do azar, da enfermidade ou ben da dor pola esperanza e o desespero que representar a ausencia, a agonía ou a alienación do mundo rural na cidade. Cualifícase o labor do autor de brillantez narrativa na súa expresión, transgresor das normas léxicas e recompilador de trazos dialectais, da influencia do castelán e do portugués, de anécdotas, experiencias, etc. e salienta a forza dos trazos narrativos propios do seu discurso.

Martínez Torres, Dolores, "Premio para os lectores", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 400, 26 xaneiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 362, "Letras galegas", 4 febreiro 2012, p. 6.

Coméntase a obra *As fiandeiras* (2011), de Antonio Piñeiro, Premio García Barros 2011. Saliéntase desta novela a voz narrativa dunha muller que regresa ao lugar da súa infancia, froito das súas lembranzas, o uso de asociacións singulares e descritivas enfiadas de poéticas licenzas da memoria, de diferentes tempos e discursos, das impresións, dos focos de atención e da intensidade duns detalles a través dos cales o autor nos atrapa co ritmo e coa forma das súas palabras. Dise que esta obra é un retrato sociopolítico, psicolóxico e sensorial da Estrada, da Galicia campesiña na etapa do sexenio revolucionario, decisiva na educación das mulleres, do progreso tecnolóxico e comercial e no que se retoma o mito da temeraria Aracné por medio da valentía dunhas fiandeiras ante as abusivas leis dunha empresa téxtil, La Minerva.

Martínez Torres, Dolores, "Con imparable verbo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 401, 2 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 11 febreiro 2012, p. 6.

Trata o argumento do libro *A cidade dos anxos* (2011), de Ricardo C. Mora e opina que "o personaxe resulta pouco estimulante, mais certo é que a obra reflicte con fidelidade o que propón: o texto dun narrador mociño e ofuscado que escribe unicamente para facer terapia".

Martínez Torres, Dolores, "Goliarda Sapienza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 404, 23 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 3 marzo 2012, p. 6.

Analiza a obra de Goliarda Sapienza (Catania, 1924-Gaeta, 1996), *Eu, Jean Gabin*, escrita en 1979 e traducida ao galego para a Editorial Galaxia en 2011 por Dolores Torres París. Indica que a autora foi educada na contracultura libertaria, fascinada pola figura romántica e libertaria de Jean Gabin. Refire que neste relato enfía reflexións, sucesos, observacións e diálogos a través dos que revisa a súa identidade, á vez que "fai palpitar a historia íntima e política da familia, o alento do lugar e da época".

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Explicacións do Himno (1)", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", n.º 765, "No fondo dos espellos", p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 376, "No fondo dos espellos", contracuberta, 14 xullo 2012.

Faise un comentario de carácter literario e lingüístico da letra do himno galego na que se sinalan aspectos relacionados coas eleccións léxicas, coas referencias culturais presentes no texto pondaliano e que explica estrofa a estrofa o sentido.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Explicacións do Himno (2 e fin)", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", n.º 766, "No fondo dos espellos", 21 xullo 2012, p. 4.

Explícanse algunhas características da letra do himno galego pormenorizadamente, estrofa por estrofa. Dise que se trata dun grande poema de carácter formalista baseado no emprego de recursos como a alusión e a perífrase. Apúntase tamén o carácter liberador e combativo.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Así naceu Nós", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 377, "No fondo dos espellos", 15 setembro 2012, contracuberta.

Sinálase a importancia da estrada entre Ourense e Pontevedra no desenvolvemento do proxecto cultural Nós, nomeadamente o nacemento de Antón Losada Diéguez nunha poboación próxima a esa estrada e as posibilidades comunicativas que ofreceu aos intelectuais residentes en ambos extremos da vía. Finalízase contrastando esa función da estrada antes do 36 coa inmediatamente posterior a esa data como lugar onde deixar os cadáveres.

Mera, Héitor, "Xeiras novas", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 358, "Letras galegas", 7 xaneiro 2012, p. 7.

Comenta a publicación no selo de Edicións Barbantesa de *O mariñeiro con cabalos matutinos baixo o vestido* (2011), unha tradución do islandés ao galego da obra de Elías Knörr, pseudónimo de Elías Portela. Menciona que Knörr foi considerado un dos tres poetas máis representativos de Islandia, xunto a Sjón e a Cari Tulinius. Sinala que conflúen a faceta de poeta e a de tradutor do autor deste volume. Destaca a conexión co creacionismo e coa obra de Manuel Antonio. Mera sitúa a Elías Portela como un dos poetas máis interesantes e potentes do panorama poético galego do momento.

Mera, Héitor, "Vieiros vitais", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 402, "Libros", 9 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 18 febreiro 2012, p. 6.

Refire a publicación do libro de poemas *Cráter* (2011), de Olga Novo e opina que toda a obra desta autora comparte o nexo común do traballo pensado e afinado. Considera que o seu traballo *A cousa vermella* (2004) foi un dos mellores poemarios da década pasada. Sinala que a poética de Novo emprega na súa xusta medida a palabra e achega o lectorado a unha maneira honesta e auténtica de vivir a poesía.

Mera, Héitor, "Poeta intimista", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 16 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras galegas", 25 febreiro 2012, p. 6.

Dá conta da tradución ao galego da obra de Wislawa Szymborska co título *Versos escollidos* (2011), realizada por Lucía Caeiro, e afirma que se trata dunha lectura recomendábel para achegarse, dende a ponte do galego, a outras latitudes poéticas. Sinala que estamos ante unha poeta intimista que sitúa o eu lírico como testemuña do mundo que observa o que o rodea "con estrañamento ás veces inxenuo".

Mera, Héitor, "Poesía do Alén", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 404, "Libros", 23 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 3 marzo 2012, p. 6.

Loa a elección da publicación da obra *Caderno do mendigo* (2011), de Luís Valle (1977), por parte de Edicións Barbantesa e recomenda a súa lectura. Salienta que a poesía de Valle "(re)inventa" a realidade na busca de sentido ante a sensación de ausencia ou de perda. Advirte de que se trata dun libro de poemas que precisa unha lectura "asisada, pausada e pousada".

Mera, Héitor, "Interesante camiño", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 359, "Letras galegas", 17 marzo 2012, p. 6.

A raíz da publicación da obra *Fornelos&Fornelos* (2011), de Xerardo Quintiá, realiza unha serie de asociacións interpoéticas de textos editados nos últimos tempos de poetas que naceron nos anos setenta. Afirma que ve puntos en común na poesía de Quintiá, Calros Solla e Olga Novo, na que " a reminiscencia ontolóxica entre o eu lírico e o eu rural se transforma nunha especie de paraíso perdido", se ben considera que cada quen ten un estilo propio e de gran calidade. Aconsella a súa lectura.

Mera, Héitor, "Simplemente correcto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 413, "Libros", 3 maio 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", nº 366, "Letras galegas", 5 maio 2012, p. 6.

Faise mención á aparición dunha colección de poesía en Espiral Maior destinada a edicións bilingües galego-castelán de poemarios galegos. Sinálase a presenza de campos sémicos concretos e definidos e faise unha valoración de *Ruínas ao espertar/Ruinas al despertar* (2011), de Manuel Vilariño, da que se considera o texto correcto pero que non entusiasma.

Mera, Héitor, "Para remexer conciencias", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 414, "Libros", 10 maio 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 12 maio 2012, p. 6.

Dise que n'*A boca da galerna/La boca de la galerna* (2011), Xosé María Álvarez Cáccamo pretende remexer conciencias ao tempo que sinalar o que non se debe permitir e como solucionalo. Considérase que a aparición deste libro enriquece a traxectoria literaria do autor e recoméndase a súa lectura.

Montaña, Estro, "A importancia dos bos costumes", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 398, "Libros", 12 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 360, "Letras galegas", 21 xaneiro 2012, p. 7.

Comenta a obra *Cartas persas* (2011), de Charles de Montesquieu (Château de la Brède, 1689-Paris, 1755), que foi publicada en lingua galega por Edicións Laoivento. Informa

de que este libro é un ensaio presentado baixo a forma dunha novela epistolar, o que lle permite ao autor facer unha crítica irónica da sociedade francesa do século XVIII a través da visión de dous estranxeiros persas. Engade que a obra apareceu en Amsterdam de forma anónima no ano 1721 e, despois dun enorme éxito, foi prohibida polo cardeal Dubois, ministro do rei Luís XV. Sinala que as ideas sobre a lei, a relixión e a política que aparecen nesta obra anticipan o famoso libro *De l`esprit des lois* (1748), onde se teoriza a división dos poderes executivo, lexislativo e xudicial. As *Cartas persas*, conclúe, son obra dun autor que axudou a trazar o camiño da modernización de Europa fronte a tradicións que quedaban obsoletas.

Montaña, Estro, "Segredos familiares", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 401, "Libros", 2 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 11 febreiro 2012, p. 6.

Anúnciase que a obra *A desaparición de Esme Lennox* (2011) foi galardoada co Premio de Novela Europea, organizado polo Casino de Santiago de Compostela. Infórmase de que a súa autora é a norirlandesa Maggie O'Farrel e que a tradución correu a cargo de Manuel Xestoso. Dise que esta é a cuarta novela publicada da súa autora e indícase que a súa última entrega era, até o momento, *The Hand That First Held Mine* (2010). Infórmase de que o libro trata dunha historia de segredos familiares e denuncia o castigo que podía sufrir antigamente unha adolescente ao expresarse con franqueza ante unha sociedade convencional. Cualifícase a obra como unha historia inquietante que lle fai lembrar ao autor casos semellantes do seu entorno.

Montaña, Estro, "Camiño de tebras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 402, "Libros", 9 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 18 febreiro 2012, p. 6.

Analízase *Apuntamentos de Jakob Littner desde un burato no chan* (2011), de Wolfgang Koeppen (Pomerania, 1906-Múnich, 1996), traducida á lingua galega por Eva Almazán e publicada pola editorial Rinoceronte. Sinálase que esta obra relata a viaxe dun filatélico muniqués por numerosos lugares de Alemaña e Polonia, vítima do odio dos nazis por ser xudeu. Indícase que o filatélico Littener narra a súa historia cando aínda en Alemaña poucos se atrevían a falar do inferno padecido. Considérase que esta historia real está narrada nun estilo áxil, seco, moi preciso e de grande eficacia e que a brevidade da expresión e a frase curta se adaptan ao rápido e incerto curso dos acontecementos. Dise que é un documento revelador dos desastres que provocou a barbarie nazi, pero tamén das estrañas complicidades que xorden entre vítima e verdugo en situacións límite.

Montaña, Estro, "Ton bretemoso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 16 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras galegas", 25 febreiro 2012, p. 6.

Sinala que *A habitación secreta* (2011), de Jorge Emilio Bóveda, é unha novela curta na que se conta a historia de tres fracasados: Antón Castro, que sente unha estraña fascinación polo seu amigo Xulio Hernández, quen agocha un segredo; Andrea, filla de

Xulio, quen altera o corazón de Castro. A relación entre os tres queda cortada pola marcha de Antón dende unha pequena cidade galega a Sevilla, e adquire unha nova dimensión co seu retorno oito anos despois. Opina que o mellor da narración é o ton bretemoso e sombrío e que pola contra lastran o relato a voz do narrador, as digresións innecesarias e a pouca naturalidade. Afirma que é unha novela reflexiva que melloraría cun estilo máis sinxelo e directo, e cunha lingua máis precisa.

Montaña, Estro, "De paraísos e nostalxias", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 419, "Libros", 14 xuño 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 372, "Letras galegas", 16 xuño 2012, p. 6.

Apúntase que *Viaje a Lugo, páginas sobre la ciudad* (2011) é unha recompilación realizada por Mª Xosé Nogueira de textos de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) sobre Lugo aparecidos en xornais e guías turísticas. Valórase positivamente o coidado da edición e remátase sinalando que estes textos presentan calidades propias da produción escrita de Cunqueiro.

Montaña, Estro, "Amor ao exceso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 433, "Libros", 8 novembro 2012, p.VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 385, "Letras galegas", 17 novembro 2012, p. 7.

Dáse conta da tradución ao galego da novela de Honoré de Balzac (Tours, 1799-París, 1850) *O curmán Pons* a cargo de Ana María Galego Gen, quen xa traducira unha obra emparentada con esta: *A curmá Pons*. Comenta a principal similitude e diferenza entre o personaxe do curmán e a da curmá Pons e indica que no transcurso do relato o autor aborda múltiples historias alleas á temática central.

Montaña, Estro, "Pulp Conan", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 436, "Libros", 29 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 388, "Letras galegas", 8 decembro 2012, p. 6.

Sinálase que *Conan I* (2011), de R. E. Howard, supón a primeira entrega da historia do personaxe de Conan. Indícase que a editora publica un ensaio e cinco relatos do autor prescindindo de outros textos debidos a autorías distintas.

Monteagudo, Henrique, "O vaivén das xeracións", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Notas a rodapé", 15 xuño 2012, p. 7.

Indícase que cada xeración literaria elabora a súa versión do pasado e que entre as xeracións Nós e Galaxia apenas se produce unha ruptura, mentres que hai unha fenda entre a xeración Galaxia e a dos sesenta. Afírmase que a xeración Galaxia se compón de membros nados dende principios de século até 1915, entre os que se nomean a Fermín Penzol, Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell. Sinálase que a xeración dos sesenta componse de autores nados entre 1930 e 1945 e mencionánse varios membros: Xesús Alonso Montero, Manuel María, Xosé Manuel Beiras, Xosé Luís Méndez Ferrín e Carlos Casares, entre outros.

Nicolás, Ramón, "Unha tulla de versos", *La Voz de Galicia* , "*Culturas*", n.º 449, "Letras en galego", 7 xaneiro 2012, p. 9.

Presenta a obra de Xosé Vázquez Pintor *Seara, obra poética* (2011), que compila toda a súa produción poética, escrita durante corenta anos. Sinala que se trata dun autor polifacético que tamén contribúe ás letras escribindo narrativa e ensaio. Indica que neste volume acolle ademais dous novos poemarios: *Anuncian aves* e *Os versos do zapateiro*. Salienta que a súa obra mestura talento e intuición poética e o lectorado pode observar como foron evolucionando os seus versos.

Nicolás, Ramón, "Polo camiño das lecturas", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 450, "Letras en galego", 14 xaneiro 2012, p. 8.

Analízase o novo ensaio do psiquiatra pontevedrés Santiago Lamas (Pontevedra, 1944), *Fíos e lecturas* (2011), repasando primeiro a súa anterior obra. Fálase de *Galicia borrosa* (2004), na que comenta orixinalmente a identidade galega; de *Ferrín e outras historias* (2007), na que trata o suicidio en xeral e mais na obra do actual presidente da Real Academia Galega, a figura de Hugo Pratt e a personaxe do Corto Maltés; e dunha colección de notas sobre as personalidades múltiples, os asasinos en serie e o licántropo Romasanta. *Fíos e lecturas* preséntase como unha colección de diversos ensaios de distinta extensión onde o elemental é o diálogo no que o autor analiza diferentes "lecturas" e algunhas características da cultura audiovisual e popular e aborda temas como a morte, a soidade, a violencia ou anécdotas que poden semellar anódinas malia nunca o seren. Destácase a ironía que emprega o autor e a chamada á reflexión que provoca.

Nicolás, Ramón, "Seis libros fundamentais", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 452, "En Portada", 28 xaneiro 2012, p. 3.

Realiza unha selección de obras de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao que considera fundamentais dentro da literatura galega. Caracterízanse por abranguer diferentes xéneros literarios (contos, novela, teatro, ensaio) e contar con edicións recentes dentro do selo de Galaxia: *Un ollo de vidro. Retrincos* (1922-1934; 2004); *Cousas* (1926, 1929; 2005); *Os dous de sempre* (1934; 2004); *Sempre en Galiza* (1944; 2004); *Os vellos non deben de namorarse* (1953; 2004); e *Obras Castelao. Tomo 6. Epistolario* (2000).

Nicolás, Ramón, "Dúas novas voces narrativas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 452, "Letras en galego", 28 xaneiro 2012, p. 9.

Comenta a aparición de dúas novas voces narrativas dentro do panorama da literatura galega: a de Fernando Díaz-Castroverde, que publica *Microbios e outros paquidermos* (2011), e a de Anabel Alonso López, que se estrea co libro de relatos *Café só* (2011). Sobre o primeiro, sinala que o autor procede do ámbito da poesía, onde xa publicara obra, e informa de que con este novo volume narrativo, que acolle centro vinte

microrrelatos, obtivo o premio de Narrativa Breve Repsol. Da segunda, salienta o interese do seu conxunto de relatos, que contan as historias protagonizadas por un grupo de mulleres e augúralle un futuro prometedor á súa autora.

Nicolás, Ramón, "Última anada de traducións", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 453, "Letras en galego", 4 febreiro 2012, p. 9.

Infórmase da aparición a finais de 2011 dunha nova editorial, Hugin e Munin, especializada na oferta de traducións ao galego de literatura inglesa, francesa, e en menor medida, nórdica e de literaturas minorizadas. Sinálase que persegue acadar suficientes subscritores como para poder publicar oito libros anuais. Indícase que a súa andaina comezou con *Servizo de Correos* (2011), de Charles Bukowski (Andernach, 1920-Los Ángeles, 1994), e *O forasteiro misterioso* (2011), de Mark Twain (Florida, 1835-Connecticut, 1910), ambas as dúas traducidas por Alejandro Tobar. Tamén se fai mención a *Cartas desde a terra* (2011), de Mark Twain, traducida por Carlos Acevedo e editada por outra casa, Faktoría K, para rematar con *O prezo da fama* (2011), de Slawomir Mrozek, traducida por Paula Cancelas e editada por Rinoceronte. Ademais, analízase moi brevemente cada unha das catro obras e as súas respectivas traducións ao galego.

Nicolás, Ramón, "Espazos poéticos e críticos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 454, "Letras en galego", 11 febreiro 2012, p. 9.

Fálase da obra *Preludios para Miguel Anxo Fernán Vello* (2011), ensaio de autoría colectiva sobre a poesía deste autor, que coincide co vixésimo aniversario da editorial Espiral Maior, dirixida polo devandito poeta. Infórmase de que se trata dunha colección de once textos críticos iniciados por Xavier Rodríguez Baixeras e coordinado polo profesor da Universidade da Coruña Luciano Rodríguez, no que tamén participan, entre outros, Xulio L. Valcárcel, Teresa Seara ou Xosé María Álvarez Cáccamo, que contribúen con este traballo a dar a coñecer con veracidade toda a obra do xa citado editor e poeta.

Nicolás, Ramón, "Fisterra, metonimia de Galicia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 456, "Letras en galego", 25 febreiro 2012, p. 8.

Exponse unha crítica do libro de Luís Rei, *Cita en Fisterra* (2011), compendio de ficción, xornalismo e memorialismo, cuxa estrutura se compara coa de *De catro a catro*, de Manuel Antonio, na que se identifica unha dupla viaxe: a transitada polo exterior das terras marítimas e a que resulta dunha busca máis persoal. Indícase que se trata dun libro de viaxes ao redor dun espazo xeográfico moi concreto, a Costa da Morte. Sinálase que neste libro se atopan pegadas de diferentes modelos, como a reportaxe xornalística ou a ficción composta de relatos. Considérase que esta narración dunha viaxe en sete xornadas por ese territorio costeiro podería entenderse como a continuación de *Imán Fisterra*, obra que Luís Rei escribiu hai vinte anos.

Nicolás, Ramón, "Pulcra ourivería", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 457, "Letras en

galego", 3 marzo 2012, p. 9.

Comeza salientando o labor de Antonio Piñeiro como editor artesanal responsábel do selo Bourel, para destacar a súa vida dedicada aos libros, como editor e como autor. Informa de que gañou o premio de novela García Barros coa obra *As fiandeiras* (2011) e pasa a comentar a estrutura e a trama desta obra. Remata coa esperanza de que Piñeiro continúe avanzando con propostas tan intensas, coidadas e de inspiración artesanal como a que presenta neste volume.

Nicolás, Ramón, "Memorable novela", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 458, "Letras en galego", 10 marzo 2012, p. 8.

Analízase *Laura no deserto* (2011)*,* a derradeira novela de Antón Riveiro Coello, de quen se sinala que é autor de obras con estilos, fontes, temas e recursos narrativos tan diferentes como, entre outras, *As rulas de Bakunin* e *Os ollos de K.* Coméntase que en *Laura no deserto,* cualificada como "novela xa fundamental na súa traxectoria", se atopan unha pluralidade de paisaxes e espazos xeográficos, que van dende a Pobra do Caramiñal até a Europa da Segunda Guerra Mundial ou Nova York, á que se suman diversas historias e voces narradoras, como son a dun intelectual compostelán, un fotógrafo retirado en Brooklyn ou unha muller ancorada no pasado. Ademais, engádese que a novela afonda en temas humanos como o amor, a culpabilidade, a liberdade, a identidade ou a memoria, temas xa tratados na súa anterior obra pero que nesta, adquiren un brillo diferente.

Ocampo, Carlos, "Outro ano cunqueirán", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 1012, "Literatura", 18 xaneiro 2012, p. 6.

Inicia comentando que aínda que o centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) se cumpriu en 2011, ao nacer o escritor mindoniense a finais de decembro, xustifícase que se prolongue no comezo do ano 2012 o ano cunqueirán. A seguir, realiza un repaso pola traxectoria literaria do autor e salienta a fantasía e a introdución do máxico e do marabilloso na realidade cotiá como elementos caracterizadores da súa literatura e remata cunha cita extraída do discurso de ingreso de Cunqueiro na Real Academia Galega.

Ocampo, Carlos, "Un aniversario popular", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la escuela*", n.º 1033, "Literatura", 26 setembro 2012, p. 6.

Faise un repaso pola figura literaria de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979), no que se sitúa un chanzo detrás de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1887) e Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908). Realízase unha valoración da súa obra na que se afirma que a forza estilística reside no emprego dunha linguaxe clara, sinálase a súa adscrición á xeración do 36 e a súa condición de representante da tendencia do realismo social.

Pena, Xosé Ramón, "Territorio Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 424, "Libros", 13 setembro 2012, p. VII. [Álvaro Cunqueiro,]

Sinálase que *Remuíño de prosas* (2011) é un volume recompilatorio a cargo de Luís Cochón e Luís Alonso Girgado no que se recolle un conxunto de textos dedicados a escritores amigos de Álvaro Cunqueiro. Recoméndase a lectura da edición e afírmase que satisfará aos lectores do autor mindoniense.

Picallo, Héitor, "O doce labor de Fernández Abella: Poemas de amor, loanza, condena e outros", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Cultura galega", 27 maio 2012, p. 28.

Iníciase o texto cunha gabanza do produto cultural galego. Faise unha valoración positiva dos *Poemas de amor, loanza, condena e outros* (2011), de Xoán Xosé Fernández Abella, considerando que se axusta con precisión ao carácter da sociedade galega e que reflicte o afecto do autor a Galicia. Afirmase que é un libro patriótico sinalando a presenza recorrente da palabra Galiza.

Ponte, Pilar, "Terror gozoso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 15 de marzo 2012, p. VI/ "O mellor Lovecraft", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 360, "Letras galegas", 24 marzo 2012, p. 6.

Presenta o último volume publicado por Urco editora, *Nas montañas da loucura* (2011), de H. P. Lovecraft (Providence, 1890-1937), dentro da súa colección de clásicos de terror "Urco Gótica" e sinala que esta xa suma trece volumes. Comenta que esta obra foi traducida por Tomás González e afirma que se inclúe dentro do xénero da ficción científica. Analiza o argumento da historia: unha expedición á Antártida onde os protagonistas descobren fósiles de seres a medio camiño entre plantas e animais. Cando deciden reunirse, perden contacto e sucede algo terríbel. Por último, engade que a versión cinematográfica será estreada por Guillermo del Toro.

Ponte, Pilar, "Preñada de poemas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº. 417, "Libros", 31 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 370, "Letras galegas", 2 xuño 2012, p. 7.

Destácase de *Cambio de estrela* (2011), de Iria Anido e Xan Eguía, a importancia do elemento visual e incídese no diálogo estabelecido entre texto poético e imaxe. Sinálanse como valores da obra a carencia de artificios e a sinceridade ao non disimular as súas inseguridades creativas.

Ponte, Pilar, "Xustiza poética", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 418, "Libros", 7 xuño 2012, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", nº 371, "Letras galegas", 9 xuño 2012, p. 6.

Sinálase que *Preludios para Miguel Anxo Fernán-Vello* (2011) é unha edición a cargo de Luciano Rodríguez que fai un percorrido ensaístico pola obra de Fernán Vello. Felicítase á editorial Laiovento pola homenaxe, recíbese con entusiasmo a publicación e faise a consideración deste autor como guieiro da poesía das últimas décadas.

Raña, Román, "Destilar voracidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 398, "Libros", 12 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 360, "Letras galegas", 21 xaneiro 2012, p. 7.

Comenta a obra *Tatuaxes* (2011), de C. Fernández Liza, sobre o que sinala que se trata dun poemario que fala da falta de sentido de vivir nunha metrópole como Madrid e o ritmo frenético que iso impón na existencia das persoas. Salienta que o autor se interroga a si mesmo por esta cuestión e remata contestándose na peza "Sentido", na que conclúe que o amor é fundamental e é quen pode manter o interior alleo ao exterior.

Raña, Román, "Suscitar o entusiasmo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 399, "Libros", 19 xaneiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 361, "Letras galegas", 28 xaneiro 2012, p. 6.

Refire que Alfredo Ferreiro reúne a súa produción poética en *Versos fatídicos (1994-2010)*, publicado en 2011. Salienta a diversidade temática do volume, dende a crítica da sección "Textos bélicos", ás inquietudes vitais do autor en "A cidade esgrinaldada". Distingue influencias de André Bretón, Federico García Lorca, Octavio Paz ou Paul Éluard, pero indica que sempre mantén o seu estilo persoal.

Raña, Román, "Exaltación do mar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 400, "Libros", 26 xaneiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 362, "Letras galegas", 4 febreiro 2012, p. 6.

Informa da publicación de Francisco Álvarez Koki e a Deputación de Pontevedra, *Maruxía* (2010), que xa fora editado polo Concello de Tomiño. Indica que Eliseo Alonso, no prefacio, resume a liña que seguen os poemas da obra. Sinala que a temática da obra se corresponde coa exaltación da vida no mar, coas súas vantaxes e inconvenientes.

Raña, Román, "Fermoso presente", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 16 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras galegas", 25 febreiro 2012, p. 6.

Comenta que Cesar Morán nos presenta en *Haberá primavera* (2011) unha antoloxía de trece poemas de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981), acompañados dun comentario literario sobre cada un dos textos. Informa de que engade as cancións propiamente ditas nun CD e que inclúe tamén un segundo CD cunha conversación co autor. Sinala que a melancolía e a saudade están presentes nas cancións e subliña a súa calidade.

Raña, Román, "Inconformismo e sarcasmo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 405, "Libros", 1 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 368, "Letras galegas", 10 marzo 2012, p. 7.

Comenta a obra de Calros Solla *MazinGz* (2011), gañadora do premio Concello de Bueu. Sinala que se trata dun volume de poesía narrativa no que combina sarcasmo, ironía e inconformismo. Subliña que resulta unha obra orixinal na que se deforma a realidade, mesturando o robot coas emocións humanas. Recomenda ao lectorado lector que esqueza calquera prexuízo para poder gozar da composición.

Raña, Román, "Ironía e indignación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 412, "Libros", 26 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras galegas", 28 abril 2012, p. 7.

Indícase que nas páxinas do poemario *A mala vida* (2011), de Begoña Paz, abunda a "ironía e indignación", inscribíndose nunha clara liña feminista de crítica do patriarcado. Debúxanse as súas temáticas principais: a dor, o goce do corpo ou as imperfeccións do ser humano, entre outras.

Raña, Román, "Unha regalía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 419, "Libros", 14 xuño2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 372, "Letras galegas", 16 xuño 2012, p. 6.

Explícase que esta obra semella unha simple antoloxía de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1887), pero que é "un breve e magnífico estudo" da obra rosaliana (biografía, clasificación temática dos poemas...). Saliéntanse as ilustracións de Jacobo Muñiz, que converten o volume en toda unha "regalía".

Raña, Román, "De maneira exemplar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 424, "Libros", 13 setembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 378, "Letras galegas", 22 setembro 2012, p. 7.

Coméntase esta "emocionante" antoloxía, *Gran Lugo de nebra* (2010), que inclúe textos poéticos e narrativos de Uxío Novoneyra (Seoane do Courel, 1930-Santiago de Compostela, 1999), publicados entre os anos 1955-1999. Infórmase de que conta cun estudo de Pilar García Negro e de que se inclúen deseños do poeta do Courel, así como óleos de Xesús Blas Lourés.

Raña, Román, "Claridade dos astros efémeros", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 439, 20 decembro, cuberta.

Faise unha valoración positiva do poeta Eusebio Lorenzo Baleirón (Dodro, 1962-1986), sinalando a súa erudición e o seu compromiso absoluto coa poesía. Repásanse as obras *O corpo e as sombras* (1985), da que se di que é a máis perfecta e que as sombras representan o mundo da cultura e o corpo a natureza, e *A morte presentida* (1988), da que se afirma que nela o autor se atopa na dualidade entre a seguridade da morte e o desexo de transcendencia a través da literatura. Finalízase realizando unha reclamación do Días das Letras para conmemorar a súa obra.

Reigosa, Carlos G., "Leiras Pulpeiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 486, "A outra mirada", "Vagalume", 6 outubro 2012, p. 11.

Relata como uns veciños da parroquia rural de Castro de Lindín (Mondoñedo) o levan ver a casa natal de Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854-1912) e como, de volta na súa casa, observa que na wikipedia se sinala que naceu na rúa da Ronda do núcleo urbano de Mondoñedo. Péchase cunha reivindicación do autor e da súa obra poética, da que se afirma estar pouco divulgada.

Requeixo, Armando, "Temperado cristal", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 358, "Letras galegas", 7 xaneiro 2012, p. 6.

Comenta a obra de Xosé María Vila Ribadomar *Fotogramática* (2011). Sinala que continúa coa súa liña neosurreal con metáforas e léxico substancioso e indica que predomina a poesía en prosa, na que o se trata o tema do amor omnipresente e o erotismo. Refire que nos derradeiros poemas cambia ao sexteto e a temática é psicosocial, sobre o mundo caótico no que vivimos. Informa tamén de que Saúl Otero é o responsábel das ilustracións.

Requeixo, Armando, "Miguel Anxo Fernán na espiral inmóbil do tempo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 755, "Página Literaria", "Letras atlánticas", p. 29/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 706, "Letras atlánticas", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 706, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 33, 8 xaneiro 2012.

Informa da publicación por parte de Edicións Laiovento dun volume colectivo de homenaxe a Miguel Anxo Fernán Vello que afonda nos textos líricos do autor: *Preludios para Miguel Anxo Fernán Vello* (2011). Sinala que este traballo está coordinado por Luciano Rodríguez e que cada un dos once estudosos que o conforman centra a súa atención nun libro concreto do escritor chairego, excepto o asinado por Xavier R. Baixeras, que analiza a panorámica xeral da súa produción. Indica que Fidel Vidal se ocupa de *Do desexo en corpo e sombra*; Xulio L. Valcárcel de *Seivas de Amor e Tránsito*; Teresa Seara de *Memorial da Brancura*; Eva Veiga de *O Livro das paisaxes vivas*; Luís G. Soto de *Entre água e fogo (Cantos da terra posuída)*; Manuel Forcadela de *Poemas da lenta nudez*; Xavier Seoane de *As certezas do clima*; Luciano Rodríguez de *Territorio da desaparición* ; Arcadio López-Casanova de *Capital do corpo*; e Xosé María Álvarez Cáccamo de *Diccionario do estremecemento*. Tamén menciona o prólogo de Xano Trevinca e a cuberta deseñada por Isabel Pintado.

Requeixo, Armando, "Ecoares de Celso Emilio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 398, "50 anos de 'Longa noite de pedra", 12 xaneiro 2012, cuberta/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 359, "50 anos de 'Longa noite de pedra", 14 xaneiro 2012, p. 6.

Co motivo do cincuenta aniversario da publicación da obra *Longa noite de pedra* (1962), de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979), reflexiona sobre o seu éxito e a forte popularización dos seus poemas. Atribúeo á súa difusión musical grazas ás versións que realizaron os cantautores da Nova Canción galega. Tamén incide na

actualidade do volume, pois afirma que "nunca antes nos últimos trinta anos viviu Galicia unha situación socioinstitucional de tan rabudo autodesprezo, de tan obsceno desmantelamento das estruturas socioidentitarias".

Requeixo, Armando, "Os extramundes narrativos de Xavier Queipo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 707, "Letras atlánticas", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 707, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 33, 15 xaneiro 2012.

Sinala que Xavier Queipo se constata como un dos máis sólidos valores da narrativa galega coa súa última novela, *Extramunde* (2011), gañadora do Premio Xerais. Afirma que este autor nos mergulla no avolto mundo da relixión e a superstición en tempos de Felipe II, nun relato de aventuras de navegación mariña, e na historia dun náufrago nunha illa habitada por caníbales que fan gala dun extraordinario manexo do idioma cheo de sorpresas para o lector.

Requeixo, Armando, "O mundo Ristretto de Anabel Alonso", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 725, "Páxina Literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 25/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 708, "Letras atlánticas", "Libros", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 708, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 33, 22 xaneiro 2012.

Comenta a publicación de *Café só* (2011), de Anabel Alonso e salienta que constitúe unha achega de interese ao momento narrativo galego actual. Sinala que se trata da primeira obra editada da autora e que se trata dun libro de relatos. Incide na estrutura e na temática da obra e destaca os finais sorprendentes que acolle. Enumera as quince historias incluídas no volume e ofrece algunhas palabras sobre cada unha delas. Conclúe afirmando que "as historias deste libro poden ser un espello no que nos mirar, a exquisita carta dun salón de café que rexenta unha dona dos aromas á que haberá que seguirlle o rastro recendente".

Requeixo, Armando, "Esconxurador urro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 399, "Libros", 19 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 361, "Letras galegas", 28 xaneiro 2012, p. 7.

Comeza sinalando que a traxectoria de Calros Solla "debuxa unha liña ascendente que, duns anos para acó, inflexiona ata alturas máis que notables". Ofrece como exemplos desta afirmación as súas obras *MazinGz* (2011) e *Holocausto Zacoe* (2011). Concretamente pasa a comentar este último libro, do que sinala que denuncia "a actual doma e castración da nación zacoe". Salienta a súa mestría satírica e o seu humor irreverente. Por último, anima a lelo para non ser cómplice da pasividade que nos inmobiliza ao contemplar a morte da nosa nación zacoe".

Requeixo, Armando, "Os relatos-lóstrego de F. Díaz Castroverde", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina Literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 25/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 710, "Letras atlánticas", "Libros", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La*

Galería", n.º 710, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 33, 5 febreiro 2012.

Comeza lembrando un poemario de Fernando Díaz-Castroverde, *Camiño de píntegas* (1998), co que o autor gañara o Premio de Poesía do Concello de Carral, para a continuación comentar a publicación de *Microbios e outros paquidermos* (2011), que lle valeu a Díaz-Castroverde o Premio de Narrativa Breve Repsol. Sinala que a obra se insire dentro do subxénero dos relatos-lóstrego, tradición cultivada por Ánxel Fole. Destaca a temática variada que acollen os contos e subliña a existencia de relatos de natureza (meta)literaria que parten dunha cita ou dun libro para dar pé a unha nova historia que dialoga con esas referencias. Conclúe que con este volume Díaz-Castroverde inicia unha andaina de narrador "que promete moito".

Requeixo, Armando, "A poética vesubia de Olga Novo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina Literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 25/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 711, "Letras atlánticas", "Libros", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 711, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 33, 12 febreiro 2012.

Comenta a lectura da obra *Cráter* (2011), de Olga Novo e opina que se trata dun dos mellores libros dos últimos anos. Menciona a súa traxectoria literaria para avalar que Novo é unha poeta sobranceira da súa xeración. A continuación, pasa a analizar a estrutura do poemario, a súa temática e a súa escrita.

Requeixo, Armando, "Os relatos crepusculares de Bieito Iglesias", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 712, "Letras atlánticas"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 707, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", 19 febreiro 2012, p. 32.

Co motivo da publicación de *Contos da terra da tarde* (2011), comenta que a prosa do autor, Bieito Iglesias, é un "verdadeiro exercicio de ourivería" e que moi poucos escriben hoxe galego coma el. Sinala que nas máis de trescentas páxinas deste volume concorren, entre outros asuntos e cos trazos caracterizadores da escrita de Iglesias, o mundo da emigración, os abusos dos tempos franquistas e o agrotremendismo irracional dos paisanos, e conclúe salientando que esta obra brillante que confirma o talento do autor.

Requeixo, Armando, "Gradicela de vidas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 16 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras galegas", 25 febreiro 2012, p. 6.

Sinala que Antón Riveiro Coello alcanza a súa plena madurez creativa coa novela *Laura no deserto* (2011). Considera que a obra é un exercicio admirábel de orquestración sinfónica, tanto polo número de voces que nela se descobren como pola profusión de personaxes e escenarios, integrando tramas diferenciadas e estilísticas e subxéneros narrativos, sen renunciar á tensión lectora. Descobre no libro moitos trazos da narrativa de Coello, que integran a galaxia literaria que fai brillar o autor.

Requeixo, Armando, "Novoneyra do Courel", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 405, "Libros", 1 marzo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 368, "Letras galegas", 10 marzo 2012, p. 7.

Sinala que o autor Xulio L. Valcárcel ofrece na monografía *O escano baleiro* (2011) un completo retrato do universo creativo de Uxío Novoneyra (Seoane do Courel, 1930-Santiago de Compostela, 1999), cunha ollada poliédrica que ten como resultado un volume vizoso, no que aprender mil e un pormenores sobre a escrita do poeta do Courel e as xentes e lugares que a nutriron, as súas fortes convicciónns sobre a cuestión lingüística e a versatilidade da súa produción. Considera que se trata dun ensaio excelente que só outro grande poeta é quen de lograr.

Requeixo, Armando, "Na pupila do kraken", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 359, "Letras galegas", 17 marzo 2012, p. 6.

Comenta a última obra de Pilar Pallarés, *Leopardo son* (2011). Sinala que posúe unha estrutura tripartita, dividida nas seccións "Femme Lazare", "Crisálidas" e "Leopardos", nas que se vai "tracexando unha viaxe de resurrección, cénit amoroso e desenlace disolutivo", creando un universo de resistencia no verso, unha harmonía existencial, tras o témero descenso aos infernos.

Requeixo, Armando, "Seara de versos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura"*, n.º 403, "Libros", 22 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 361, "Letras galegas", 31 marzo 2012, p. 7.

Comenta a obra *Seara* (2011), volume compilatorio da obra lírica de Xosé Vázquez Pintor, a quen considera unha voz clave no concerto poético das últimas décadas. Sinala que engade como novidade a inserción de dous poemarios inéditos do autor: *Anuncian aves*, catálogo no que Vázquez Pintor vela as creacións pictóricas e escultóricas dunha trintena de artistas galegos, e *Os versos do zapateiro*, colectánea de poemas elexíacos.

Requeixo, Armando, "Poética aloia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura"*, n.º 403, "Libros", 5 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 362, "Letras galegas", 6 abril 2012, p. 6.

Elabora un texto de carácter poético recreando a escrita de *Acuática alma* (2011), de Marta Dacosta. Requeixo considera a esta escritora unha "aprendiz de Lope" que, "burla burlando, enfía o texto".

Requeixo, Armando, "O Cunqueiro xornalista, por Landeira Yrago", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina Literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 27/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 719, "Letras atlánticas", "Libros", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 719, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 33, 8 abril 2012.

Despois dunha presentación do labor de Xosé Landeira Yrago (Santiago de Compostela,

1922-1995) como redactor xefe de *La Noche*, escolmador da primeira lírica galega en *Antoloxía de poesía galega. Dos devanceiros ao dezaoito*, directivo fundacional do Patronato Rosalía de Castro, codirector da revista *Grial* etc., sinala que compartiu "xeiras xornalísticas" con Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981). De aí, informa, saíu o material para a monografía que Landeira escribiu sobre o escritor mindoniense, *Sobre las fugas de Álvaro Cunqueiro. Otra vida de Álvaro entre el periodismo y la literatura*, no ano 1991, en que a Real Academia Galega lle dedicaba a Cunqueiro o Día das Letras Galegas. Apunta que a obra permanecera inédita até o ano 2011 e, a continuación, analízaa e recomenda a súa lectura.

Requeixo, Armando, "Escolma sentimentalista", *El Ideal gallego*, "*La Galería*", n.º 727, "Letras atlánticas", p. 33/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 727, "Letras atlánticas, p. 32, 3 xuño 2012.

Sinálase que o Sentimentalismo posúe un volume de producións teorizadoras e divulgativas do movemento entre os que menciona *Antoloxía de referencia. Etapa de implantación* (2011), a cargo de Manuel Celso Matalobos e Olga Patiño. Indícase que supón unha segunda entrega da serie de antoloxías do movemento. Sinálase a disparidade de estéticas e temáticas aínda que con cabida dentro do Sentimentalismo, indicando que esa multiplicidade fai do volume unha publicación atractiva e loando a calidade da escolma levada a cabo por Carlos Arias e Mariña Pérez Rei.

Requeixo, Armando, "Agroterror galego", *El Ideal gallego*, "*La Galería*", n.º 728, "Letras atlánticas", p. 33/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 727, "Letras atlánticas, p. 32, 10 xuño 2012.

Faise unha valoración positiva do esforzo anovador do selo Urco Editora e, nomeadamente, pola publicación da revista *Contos estraños*, da que se afirma é herdeira dos fanzines estadounidenses. Sinálase que a segunda entrega está dedicada a H. P. Lovecraft (Providence, 1890-1937) e faise un repaso das producións inseridas no volume indicando o predominio do relato e destacándose "Expediente Sentulio", narración na que se percibe a pegada dos grandes autores do xénero invasor. Remátase o texto gabando as ilustracións do número.

Requeixo, Armando, "Os primos pobres", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 744, "Letras Atlánticas", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 744, "Letras Atlánticas", p. 33, 30 setembro 2012.

Fai unha achega á biografía de Honoré de Balzac (Tours, 1799-París, 1850) e cita algúns dos seus títulos xa traducidos ao galego, *Le père Goriot*, *Eugène Grandet* e *La cousin Bette*, esta última traducida, como *O curmán Pons*, por Ana María Galego Gen. Reflexiona sobre o paralelismo que existe entre a temática da novela *O curmán Pons* e o momento actual no que se refire ao desprezo e ao abuso exercido pola xente máis podente sobre aqueles con menos recursos. Considera que esta versión está suxeita a melloras, porén, tamén expresa que a tradutora engade un limiar interesante e "recolle o esencial do relato orixinal".

Requeixo, Armando, "Versos iluminados", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 749, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 749, p. 33, 4 novembro 2012.

Coméntanse as traducións de pequenos poemas de Arthur Rimbaud ao galego. Infórmase de que Xoán Abeleira decidiu prestar atención a eses versos nesta edición biblingüe galego-francesa, *Iluminacións*, onde se traducen "monumentos da literatura de todos os tempos". Faise unha loanza da obra, que tan só nunhas semanas xa vai pola segunda edición, e da súa tradución.

Requeixo, Armando, "Amou a Verdade e practicou o Ben", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 437, "Literatura", 6 decembro, p. II.

Repásase a figura literaria de Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854-1912), do que se destacan como valores máis destacados da persoa a xenerosidade, a fortaleza nas convicciónns e o compromiso coas causas sociais. Resáltanse o anticlericalismo, o republicanismo e a vocación universalista como trazos distintivos do seu pensamento. Sinálanse a pouca consideración que tivo pola obra literaria propia e a súa colaboración. Remátase facendo indicando a existencia de varios actos de homenaxe realizados ao longo do ano con motivo do centenario do seu pasamento, entre os cales se mencionan a elaboración dun roteiro literario no concello de Mondoñedo ou o ciclo cultural de teatro popular.

Rivas, Manuel, "Mil Cunqueiros más", *El País*, "*Babelia*", n.º 1.050, "Libros", "Reportaje", 7 xaneiro 2012, pp. 12-13.

Co motivo do centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) e o trixésimo aniversario da súa morte, realízase un percorrido pola traxectoria literaria deste autor no que vai mencionando, ademais da súa produción, diversos galardóns que foi recibindo. Comenta algunhas das edicións das obras do escritor mindoniense e informa da existencia dunha "Entrevista de Reyes" de 1981 que aparece no libro musical *Haberá primavera* (2011).

Rodríguez, Adrián, "V. Pintor", *Diario de Pontevedra*, "Perdiendo el norte", 30 abril 2012, contracuberta.

Comeza afirmando que Xosé Vázquez Pintor (1946) é, xunto a Luís Rei Núñez, o "maior dos nosos escritores". A continuación, sinala que acaba de ler dúas das súas obras: *A memoria do boi* (2001) e *Mar de bronce* (2003) e céntrase en comentar esta última. Sinala que Vázquez Pintor "escribe libros como monumentos".

Rodríguez, Manolo, "Un galeguista de ultramar", *La Opinión*, "Galicia", 22 xullo 2012, p. 24.

Infórmase do labor de dixitalización da obra de Silvio Santiago a cargo do Consello da Cultura Galega e faise un repaso da biografía deste intelectual, incidindo na represión

sufrida durante os anos da guerra, nomeadamente o seu paso polo cárcere d'A Coruña. Relátase tamén como conseguiu emigrar a Venezuela, tras pasar por Portugal, e repásase o seu labor cultural alí desenvolvido, promovendo publicacións como *Hora Gallega* e a revista *Galicia*.

Romero, Marga, "Dentro da balea", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 398, "Libros", 12 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 360, "Letras galegas", 21 xaneiro 2012, p. 7.

Menciona algúns poemarios de Estevo Creus (1971) e informa da publicación da obra *Balea2* (2011). Céntrase nesta última obra e salienta a presenza nela da "maxia da ludolingüística, tamén ácida para a crítica".

Romero, Marga, "Con intriga policial", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 401, "Libros", 2 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 11 febreiro 2012, p. 7.

Despois dunha sucinta presentación da escritora María Xosé Queizán (1939), na que lle atribúe ser unha renovadora da novela, mestra do relato, comprometida dramaturga e esnaquizadora do discurso patriarcal, dá conta da publicación da súa obra *Meu pai vaite matar* (2011). Explica que conxuga aspectos da novela policial e da crónica de viaxes, cun discurso contra o patriarcado, a violencia machista, as violacións na infancia e a defensa da ciencia e da razón.

Romero, Marga, "Poemas e fusións", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 405, "Libros", 1 marzo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 368, "Letras galegas", 10 marzo 2012, p. 7.

Comenta a publicación da obra de María do Carme Kruckenberg *Jazz espido. Un e Dous* (2011), que dá continuación á obra *Jazz Espido* (1999), da mesma autora. Sinala que acolle un limiar de Mercedes Queixas e que, aos dezasete "poemas-fusións acompañados de espidos femininos da autoría de Eva Lloréns" que reunía *Jazz Espido*, engade outros dezasete poemas nos que fusiona a súa voz coa de Nina Simone, Aretha Franklin ou Cassandra Wilson, ademais duns espidos masculinos da autoría de Puri de Palacio. Considérao un dos mellores libros de María do Carme Kruckenberg.

Rozas, Ramón, "O 'espírito Sawyer' de Luís Rei", *Diario de Pontevedra,* "*Revista*", n.º 602, "mpm", "Lecturas", 22 xaneiro 2012, p. 12/ *El Progreso,* "Vivir", "Cultura", "Libros", 18 febreiro 2012, p. 60.

Comenta a obra de Luís Rei *Cita en Fisterra* (2011) e salienta a influencia nel da literatura de aventuras e de viaxes. Sinala que amosa un espazo, o da Costa da Morte, cheo de historia e de memoria. Cualifica o discurso de Rei de vivencial e xornalístico e informa de que o volume se estrutura en sete xornadas. Considera que este libro é unha especie de manifesto sobre a defensa do territorio.

Rozas, Ramón, "Fogar, dulce fogar, ás veces", *El Progreso,* "Vivir", "Libros", 17 marzo 2012, p. 68.

Analiza a obra *Non hai noite tan longa* (2011), de Agustín Fernández Paz. Informa de que se trata da primeira novela deste autor destinada a lectorado adulto. Expón o seu argumento e reflexiona sobre a pegada do franquismo en moitas familias galegas, tema fundamental da obra. Salienta a sinceridade literaria do autor e loa a maneira de escribir de Fernández Paz, con vocación de relato clásico, en vez de empregar artificios premeditados para inscribir a súa novela dentro dalgunha corrente experimental.

Salgado, Daniel, "Unha épica en construción", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 8 xuño 2012, pp. 5-6.

Indícase no texto a irregular presenza do motivo da emigración na literatura galega e recóllense afirmacións dalgúns escritores que tocaron o tema como, por exemplo, Xavier Alcalá, quen afirma non entender como se renuncia á épica do tema, ou Víctor Freixanes, quen considera que a emigración substitúe a épica militar, pois o pobo galego sempre perdeu as batallas. A seguir, faise unha lectura do tratamento da emigración en obras de Alcalá e Xosé Neira Vilas, comparando o distinto enfoque no tratamento do tema cubano. Tamén se fai referencia a obras de Víctor Freixanes, Bieito Iglesias ou Eva Moreda que introduciron o tema da emigración.

Salgado, X., "Cartafol de Néboas', libro de poemas de Xosé Manuel Lema", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 marzo 2012, p. 30.

Comenta o libro de poemas *Cartafol de néboas* (2011), de Xosé Manuel Lema Mouzo. Repasa brevemente o labor profesional do autor como locutor de radio e, a continuación, céntrase nesta obra, da que sinala que contén composicións compostas entre 2008 e 2010. Sobre este volume, explica que se aproxima a unha biografía de Lema e salienta, ademais, a influencia de Federico García Lorca e de Manuel Antonio nos seus versos.

Sande, Miguel, "Reivindícase un poeta", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 460, "Letras en galego", 24 marzo 2012, p. 10.

Informa da publicación da obra *Despois de ti, a chuvia* (2011), de Xosé Carlos Caneiro, e salienta a vinculación en esencia entre os poemas deste libro e os artigos da columna deste autor no xornal *La Voz de Galicia*. Indica que o volume está acompañado dun CD que acolle os poemas musicados por Emilio Rúa.

Sande, Miguel, "Marta Dacosta, compromiso desde a madurez", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 467, "Letras en galego", 19 maio 2012, p. 10.

Faise a consideración de reivindicar para o panorama actual da poesía unha creación comprometida, como a que acredita *Acuática alma* (2011), de Marta Dacosta. Sinálase

que o compromiso da autora pasa, en primeiro lugar, por ela mesma e cualifícase ese compromiso como un compromiso dende a madurez, dende a medida e a naturalidade.

Sande, Miguel, "Tres poetas auténticas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 470, "Letras en galego", 9 xuño 2012, p. 10.

Faise referencia a publicación dos libros *Cráter* (2011), de Olga Nova, *Pornografía*, de Lupe Gómez e *Amantes* (2011), de María Lado. Indícase do primeiro a obtención do Premio da Crítica 2011 e que consta de catro apartados; ademais o autor manifesta a súa preferencia polo terceiro. Do segundo menciónase que vai pola terceira edición e gábase a valentía da súa poesía. Da terceira obra sinálase a ausencia de pudor no texto e que obtivo quinto premio de poesía erótica Illas Sisargas.

Sande, Miguel, "Mensaxes no iPhone para Carapuchiña", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 476, "Letras en galego", 21 xullo 2012, p. 10.

Infórmase da publicación de *A mala vida* (2011), de Begoña Paz e do *Libro das mentiras* (2012), de Emma Pedreira. Coméntase que o primeiro é un poemario especial pola súa sinxeleza e naturalidade, explicando que poderían ser "versos con mensaxe para iPhone ou para a Rede" e que o segundo é un poemario que leva o cotián ao mundo fantástico dos personaxes dos contos infantís.

Seoane, Lucía, "Universo futuro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 429, "Libros", 11 outubro 2012, p.VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 380, "Letras galegas", 13 outubro 2012, p. 6.

Refírese primeiramente á personalidade complexa do autor d'*O xogo de Ender* (2010), Orson Scott Card, e ás súas relevantes achegas ao terreo literario da ficción científica. Indícase que foi traducida por Rodrigo Vizcaíno e coméntase brevemente o argumento, que trata sobre a posíbel invasión do noso planeta por un grupo de alieníxenas. Tamén se apunta que o autor se caracteriza por "non aborrecer nunca" cos seus relatos.

Ventura, Joaquim, "Para alén dos límites", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 398, "50 anos de 'Longa noite de pedra", 12 xaneiro 2012, p. III.

Parte do feito de nacer en Celanova os dous poetas civís galegos por excelencia, Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979) e Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908), para a continuación reflexionar sobre o momento social que viviu o primeiro durante o franquismo e o papel da poesía social como "depositaria das arelas cidadás". Por outro lado, incide nas implicacións de ser un poeta comprometido co pobo e coa lingua e os problemas que por parte da autoridade se puxeron para celebrar unha homenaxe a Celso Emilio Ferreiro despois da súa morte.

Vieites, MF, "Na procura dun drama novo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Teatro", 16 febreiro 2012, p. VIII.

A partir da publicación de tres pezas dramáticas de Leandro Carré Alvarellos (A Coruña, 1888-1976), *O pago* (1920), *O engano* (1919) e *Un caso compricado* (1922), editadas pola Universidade da Coruña, reflexiona sobre o tránsito no primeiro terzo do século XX do teatro ruralista do Movemento Dramático Rexional ao teatro nacional galego de vangarda do Movemento Dramátoco Nacional, ao que estaba máis próximo este dramaturgo. Sinala que nestas tres pezas se poden observar as características deste novo teatro galego, que quería dar outra imaxe da terra afastada do folclorismo. Por último, refire o labor cultural de Carré ao abeiro da Cova Céltica da Coruña.

Vieites, MF, "Memorias do teatro galego", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Teatro", 15 marzo 2012, p. VIII.

Co motivo da publicación por parte da editorial Toxosoutos dun volume que recolle as últimas achegas realizadas por Xosé Agrelo Hermo (Barro, 1937-Santiago de Compostela, 2006), *O triángulo escaleno* (2011), realiza un repaso polo labor sociocultural deste polifacético home. Salienta o seu labor ao fronte de diversos grupos teatrais e menciona o estudo introdutorio a esta obra que realizan Euloxio R. Ruibal e Xerardo Agrafoxo.

Vieites, MF, "No bicentenario d'A casamenteira", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 435, "Teatro", 22 novembro 2012, p. VIII.

Afírmase que hai tres obras fundamentais na evolución do teatro galego: o *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (ca. 1671), de Gabriel Feixoó de Araúxo; *A fonte do xuramento* ((1882), de Francisco María de la Iglesia e *A casamenteira* (1849), de Antonio Benito Fandiño. Faise referencia a que esta última, aínda que escrita en 1812, a súa publicación produciuse en 1849. Sinálase que como asunto da peza os casamentos amañados e que é un tema presente no teatro ilustrado castelá. Acompáñase dun breve texto, "Un heterodoxo", no que se fai unha reivindicación da heterodoxia de Fandiño.

Vilavedra, Dolores, "Castelao e Céltiga", *La Voz de Galicia*, "*A Voz de Barbantia*", n.º 72, "As letras da arte crítica", 24 febreiro 2012, p. 4.

Tras unha contextualización que repasa a historia editorial da colección de novelas ilustradas da editorial Céltiga, faise unha análise das ilustracións de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao no segundo volume da colección, *Os catro cisnes brancos. Lenda celta*, de Louey Chisholm, resaltando a delicadeza compositiva na portada, que recorda os carteis de Mucha, e o predominio da liña xunto co decorativismo de inspiración modernista. Apúntase a posibilidade de que a vestimenta da muller garde relación co mundo celta.

Vilavedra, Dolores, "Un ollo de vidro', de Castelao", *La Voz de Galicia*, "*A Voz de Barbantia*", n.º 75, "As letras da arte crítica", 25 maio 2012, p. 4.

Noméanse as trece obras publicadas pola editorial Céltiga nos anos 20 indicando o nome dos autores e os seus ilustradores. A seguir, compáranse as ilustracións de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao para acompañar o seu *Ollo de vidro* (1922) coas da súa anterior colaboración coa editora sinalando o decorativismo e estilización dominantes nestas que dan paso a un estilo máis expresivo, apuntándose ao Expresionismo como referente máis evidente, e sinálase o esquematismo predominante nas composicións. Tamén se apunta a posibilidade de comparación da caveira debuxada por Castelao coa do pintor belga James Ensor.

V.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Adrio, Gonzalo, "Al amigo Díaz Pardo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 7 xaneiro 2012, p. 51.

Despídese do seu amigo Isaac Díaz Pardo tras a súa morte e recorda os feitos que os unían, os momentos que pasaron xuntos, a axuda que lle prestou Díaz Pardo á hora de publicar os seus libros e salienta todas as virtudes que o caracterizaban.

Agís Villaverde, Marcelino, "Un adeus para don Xaime", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Opinión", 27 abril 2012, p. 13.

Co gallo do falecemento de Xaime Isla Couto reflexiónase sobre a súa figura. Así, detállase que sempre estivo detrás da meirande parte das iniciativas da xeración Galaxia e menciónanse algúns dos premios que recibiu, como o Trasalba, o doutoramento Honoris Causa pola Universidade de Vigo ou a súa toma de posesión como membro da Real Academia Galega.

Agís Villaverde, Marcelino, "Lembrando a Rosalía de Castro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Al sur", 9 abril 2012, p. 2.

Lembra que no ano 2012, ademais de cumprirse os 175 anos do nacemento de Rosalía de Castro, tamén se conmemoran os oitenta anos da celebración en San Domingos de Bonaval da Misa de Rosalía.

Agís Villaverde, Marcelino, "Un adeus para don Xaime", *El Correo Gallego*, "Opinión", "In memóriam", 26 abril 2012, p. 2.

Láiase do falecemento de Xaime Isla Couto, dado que deixa un inmenso baleiro como grande home que foi. Subliña que do seu espírito xurdiu unha empresa cultural, política e económica chamada Galaxia e remata recalcando que foi un home de ben.

Agís Villaverde, Marcelino, "Estrelas de azucre", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Al sur", 7 maio 2012, p. 2.

Co gallo da presentación do último poemario de Rosalía Morlán no salón de actos do Centro Galego Arte Contemporánea o recensionista indica que o segredo deste libro de poemas, publicado en Edicións Fervenza, está na sinxeleza e na musicalidade dos seus versos.

Agís Villaverde, Marcelino, "Unha tarde en Raxó", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Al sur", 9 xullo 2012, p. 2.

Comenta que nunha homenaxe póstuma a Xaime Isla Couto que tivo lugar en Raxó se falou da súa bondade, da súa xenerosidade, das súas fondas crenzas relixiosas e mais da súa fe inquebrantábel en Galicia e as súas posibilidades de desenvolvemento como un país europeo moderno.

Agís Villaverde, Marcelino, "Todos con Rosalía", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Al sur", 23 xullo 2012, p. 2.

Refírese aos actos vencellados á misa en lembranza de Rosalía de Castro, dando conta dalgunhas novidades con respecto a outros anos. Indícase que a que lle resulta "máis rechamante" é a estrea da peza musical *Pregaria,* composta por José Baldomir e coa letra de Ramón Cabanillas.

Aleixandre, M., "Isaac e as causas perdidas", *El País*, "*Galicia*", 13 xaneiro 2012, p. 11.

Louva o labor levado a cabo por Isaac Díaz Pardo e considera a figura deste persoeiro unha ponte entre os soños non realizados e o futuro.

Alonso Montero, Xesús, "Os ollos de Díaz Pardo", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Na morte de Isaac Díaz Pardo", 6 xaneiro 2012, p. 21.

A partir da noticia do falecemento do artista galego Isaac Díaz Pardo, lembra a natureza polifacética do finado e salienta a inmensa perda que sofre a sociedade galega coa súa morte.

Alonso Montero, Xesús, "Poeta e profeta na súa Tebra", *La Voz de Galicia*,"*Culturas*", n.º 449, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 7 xaneiro 2012, p. 11.

Aplaude a iniciativa dalgúns concellos de recoñecer aos poetas nacidos no seu seo, como no caso de Víctor Campio Pereira e de Xosé Luís Franco Grande. Apunta que Franco Grande achegou varias palabras da súa "matria" a libros como *Diccionario de don Eladio Rodríguez* ou *Diccionario galego-castelán (1968)*.

Alonso Montero, Xesús, "Díaz Pardo, o subversivo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 450, "*A outra mirada*", "Beatus qui legit", 14 xaneiro 2012, p. 9.

Céntrase na faceta de rebelde antifranquista do recentemente finado Isaac Díaz Pardo e sinala que moitas veces foi ocultada por el mesmo para poder manter as súas actividades subversivas, como o financiamento de *Ruedo Ibérico*, e a recadación de material para *Galicia hoy*, onde tamén publicou Celso Emilio Ferreiro.

Alonso Montero, Xesús, "Ramón Souto: música e pedagoxía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 451, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 21 xaneiro 2012, p. 11.

Fala de Ramón Souto como unha das persoas que leva á adolescencia un xeito de ver a música unida á literatura, en contraposición cos antigos mestres que toman a música como un ente á parte.

Alonso Montero, Xesús, "Celso Emilio Ferreiro, pandeireiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 469, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 2 xuño 2012, p. 11.

Lémbrase de como coñeceu a Celso Emilio Ferreiro en 1959 nunha taberna da cidade de Vigo mentres o escritor celanovés estaba a tocar "un pandeiro pouco ortodoxo (unha banqueta)" e a seguir céntrase en explicar o éxito, case mítico, da obra *Longa noite de pedra*, que cualifica como "obra de arte verbal".

Alonso Montero, Xesús, "Desagravio ao poeta Xosé Conde", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 471, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 16 xuño 2012, p. 11.

Comenta a vida e a obra do poeta Xosé Conde, nacido en Barbantes, Ourense, en 1918 e que de novo emigrou a Bos Aires. Entre as súas obras fala de *Ausencias, soños e rebeldía. Poesía en galego (1952-1990)*, que contén versos éditos e inéditos e que presenta un limiar a cargo de Víctor Campio Pereira.

Alonso Montero, Xesús, "Bicentenario do poeta Añón", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 479, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 11 agosto 2012, p. 11.

Lémbrase a figura de Francisco Añón con motivo do bicentenario do nacemento, manifestando que foi Manuel Curros Enríquez quen lle tributou a máis "alta homenaxe". Indícase ademais que esta é unha boa ocasión para completar a súa biografía e reler os seus poemas.

Alonso Montero, Xesús, "As cavilacións lingüísticas de M.G.B.", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 485, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 22 setembro 2012, p. 11.

Refírese ao opúsculo *Consideracións sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega* (1912), de Manuel García Blanco, do que di que debería ser reeditado e comentado por un filólogo "consciente do acontecido e do non acontecido". Ademais indícase que foi o profesor Benigno Fernández Salgado o único lingüista que se achegou "con erudición e criterio" á obra.

Alonso Montero, Xesús, "Eduardo Blanco Amor e Celso Emilio.", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 492, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 10 novembro 2012, p. 11.

Fala da data de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro antes de marchar para Caracas en 1966 destacando, entre outras cuestións, a ausencia do grupo de Galaxia e a presenza de Eduardo Blanco-Amor. Informa que este último asistiu logo do xantar ás intervencións dos profesores de literatura Xesús Alonso Montero e Xosé L. Méndez Ferrín, e que puxo o peche ao acto cun discurso "breve e medido e barroco a un tempo", no que afirmou que o escritor que non se compromete co pobo é un traidor.

Alonso Montero, Xesús, "Alofonía de Matilde Lloria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 496, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 8 decembro 2012, p. 11.

Fala de Matilde Lloria, unha poeta alófona nada en Albacete, co gallo da homenaxe que se lle tributará en Redondela. Ademais de facer un percorrido biobibliográfico da escritora, sinala que en galego escribiu un par de poemarios: *Caixiña de música* (1971), cun prólogo de Otero Pedrayo, e *Dou fe* (1994), ademais do ensaio *Curros, home libre.*

Alonso Montero, Xesús, "Amancio Prada e García Lorca", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 497, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 15 decembro 2012, p. 11.

Refírese á homenaxe que se fixo a Isaac Díaz Pardo no Ateneo de Madrid e repárase fundamentalmente na música de Amancio Prada, quen estaba tamén alí presente e cantou dous poemas musicados por el, un de Celso Emilio Ferreiro e outro de Federico G. Lorca. Dise que finalizado o acto cantou "para uns cantos amigos" a composición "Salutación elegíaca a Rosalía de Castro", tamén do escritor granadino. Para rematar, coméntase que Prada foi quen de pór voz e música a moitos poemas de diversos autores e autoras.

Alonso Montero, Xesús, "Rosalía nun centón poético", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 498, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 22 decembro 2012, p. 9.

Refírese á *Antología Cátedra de poesía de las letras hispánicas,* baixo a responsabilidade de José Francisco Ruiz Casanova. Infórmase que nela están recollidos dous poemas de *Cantares Gallegos* e seis de *En las orillas del Sar.* Coméntase que a ausencia de poemas do libro *Follas Novas* se debe a que este poemario non está publicado na colección Letras Hispánicas do seu catálogo editorial. Ademais, dise que este mesmo criterio se usou para antologar a outros autores de renome, como Antonio Machado ou Luis Pimentel.

Alonso Montero, Xesús, "...Unha cesta de pombas e mazás", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 499, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 29 decembro 2012, p. 12.

Informa da homenaxe que se lle renderá a Isaac Díaz Pardo en Boisaca, da que di que non estará exenta de "peculiaridades. Ademais di que Xosé Ramón Fandiño, un colaborador do homenaxeado, recitará un poema de Lorenzo Varela do seu libro publicado no exilio *Lonxe* (1954), quen foi ademais un grande amigo de Díaz Pardo.

Alvarellos, Quique, "Onde comeza o mundo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Crónicas invisibles", 9 outubro 2012, p. 40.

Fai referencia a Lugo, lugar onde naceu e que visitou con motivo das festas de San Froilán. Apunta algúns sentimentos que ten coa cidade como é o "amarre" á súa paisaxe, que fai do lugar un espazo mítico. Sinala que é posíbel que Lugo o teña "demasiado idealizado" por estar a vivir fóra. Comenta que Paco Martín está igualmente namorado desta cidade á que o mesmo Uxío Novoneyra dedicou varios poemas, entre eles, "Gran Lugo de nebra".

Álvarez Pousa, Luís, "Subversivo Isaac"; *Diario de Arousa*, p. 42/ *Diario de Ferrol*, p. 20/ *El Ideal Gallego*, p. 22, "Opinión", "O galo no tellado", 8 xaneiro 2012.

Comenta que todas as actividades de Isaac Díaz Pardo estaban encamiñadas a "restaurar a memoria": o Laboratorio de Formas, a fábrica de Sargadelos, a editorial Ediciós do Castro, a súa faceta artística, a súa actividade política…

Ameixeiras, Diego, "Cadáveres baixo a chuvia"; *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 454, "Letras en galego", "1280 almas", 11 febreiro 2012, p. 9.

Fala da influencia da novela *The Cool World* (1959), de Warren Miller, no detective Santos R., personaxe de *Un epitafio axeitado* (2010), de Francisco Varela. Destaca o éxito desta obra por tratar o tema da burbulla inmobiliaria e pola proximidade do personaxe cos lectores.

Andión Marán, Xulio, "Galego cristián, cristián galego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 26 abril 2012, p. 43.

Realízase unha loanza á figura de Xaime Isla Couto, que é cualificado como un incansábel traballador a prol do ser humano, co fin de mellorar a sociedade, Galicia e a Igrexa, "na que se sentía plenamente integrado".

Araguas, Vicente "Inmenso"; *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 7 xaneiro 2012; p. 22/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", "Miudiño", 8 xaneiro 2012; p. 23.

Fálase de Isaac Díaz Pardo tras a súa morte, elóxiase o seu traballo no mundo cultural galego e faise crítica das penurias que o rodearon nalgún momento da súa vida.

Araguas, Vicente, "Franco Grande", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 11 xaneiro 2012, p. 22/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", "Miudiño", 12 xaneiro 2012, p. 25.

Salienta o labor de Xosé Luís Franco Grande a favor da cultura galega coa tradución de *Venceremos Nós* e a escrita de *Os anos escuros* e *Poemas entre o si e o non.* Tamén destaca a súa produción de artigos "combativos e polemistas". Convida o lectorado ao acto no que se nomeará a Franco Grande fillo predilecto de Tomiño.

Araguas, Vicente, "Tardará moito tempo en nacer", *El Correo Gallego*, "Agora xa foi", 15 xaneiro 2012, p. 47.

Expresa o seu pensamento de que non volverá haber outra persoa como Isaac Díaz Pardo, quen investiu as súas ganancias económicas en Galicia. Sinala que realizou unha acción de mecenas que resultou desgrazada, pois aqueles nos que investiu traizoárono, coa complicidade pasiva do resto do país.

Araguas, Vicente, "Sempre Celso Emilio", *El Correo Gallego*, "Agora xa foi", 4 marzo 2012, p. 41.

Loa a figura de Celso Emilio Ferreiro e deféndeo daqueles que o critican por facer "exaltación patriótica" na guerra. Comenta que os versos do poeta de Celanova serviron de base para moitas cancións do grupo "Voces Ceibes".

Araguas, Vicente, "Ferreiro", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 19 xullo 2012, p. 19.

Comenta que está de poñente en Celanova no congreso que organiza a Universidade Internacional Menéndez Pelayo sobre Celso Emilio Ferreiro e nomea ademais a outro poeta celanovés: Curros Enríquez, para salientar a condición de celanovés e a "vida dura" de ambos. Agarda que agora de morto, Celso Emilio continúe gañando batallas.

Araguas, Vicente, "Isto xa é un clásico", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Agora xa foi", 22 xullo 2012, p. 58.

Refírese á negación, unha vez máis, por parte da Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras Galegas a Ricardo Carvalho Calero. Compara esta cuestión metaforicamente co tratamento dado aos leprosos e apunta que este feito se debe á opción lingüística (reintegracionista) que o ferrolán escolleu nos últimos anos para súa actividade intelectual.

Araguas, Vicente, "Celso Emilio non cesa", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Agora xa foi", 29 xullo 2012, p. 46.

Apunta que vén de recibir o único número do que fora órgano das Mocidades Galeguistas de Celanova (edición facsimilar) con motivo do peche das "Xornadas" dedicadas a Celso Emilio Ferreiro pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Este apuntamento, di, só é para explicar que o centenario do poeta "segue a gañar batallas despois de morto". Louva así o seu labor como escritor, afirmando que é xa "un clásico".

Araguas, Vicente, "Caro Xesús Alonso", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Agora xa foi", 18 novembro 2012, p. 42.

A modo de carta dirixida a Xesús Alonso Montero, quen segue "flaxelando aos mercaderes que seguen no templo a tocarnos a gaita", fai memoria para lembrar algúns feitos e lugares comúns do pasado e refire o feito de que o concello de Ribadavia o faga fillo adoptivo, apuntando o orgullo que sente por esta distinción ao seu admirado profesor.

Araguas, Vicente, "Raimon: o berro sosegado", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Agora xa foi", 25 novembro, p. 41.

Comeza sinalando porque chegou "tarde aos discos de Raimon". Repara que por volta do ano 1967 había un cancioneiro del con textos en galego de Salvador García Bodaño e Carlos Casares e que foi Raimon quen apadrinou os "primeiros pasos de Voces Ceibes". Finalmente, celebra os seus cincuenta anos en activo.

Baltar, Ramón, "Soñador e industrioso", *El Correo Gallego*, "Opinión", 8 de xaneiro de 2012, p.2.

Define a Isaac Díaz Pardo como un grande home e dedica o presente artigo a eloxiar os seus méritos. Explica que se trataba dunha persoa emprendedora e de éxito nas súas expectativas. Afirma que poucas veces realizou aparicións públicas, pero nas que si se produciron foi estampa do cabaleiro republicano.

Barreiro, José Manuel, "Unha gran perda", *El Progreso*, "Opinión", 15 de xaneiro de 2012, p. 28.

Ofrece unhas palabras en lembranza de Isaac Díaz Pardo e salienta a súa faceta emprendedora, para rematar coa sentenza clara de que se trata dun galego universal.

Bello Costa, Xaime, "Díaz Pardo", *Diario de Ferrol*, "Opinión", Cabo Prior", 4 de xaneiro de 2012, p. 22.

Expresa a súa tristura pola deformación da tríade de patricios galegos, causada pola morte dun dos seus membros e a enfermidade recente dun segundo compoñente, Isaac Díaz Pardo, a quen dedica, en esencia, o presente artigo.

Bello Costa, Xaime, "Leiras Pulpeiro", *Diario de Ferrol*, "Opinión", Cabo Prior", 25 xaneiro 2012, p. 23.

Recóllese a iniciativa da Academia Galega da Língua Portuguesa de publicar este ano a obra de Manuel Leiras Pulpeiro, coincidindo coa conmemoración do centenario do seu pasamento. Ofrécense certos datos biográficos del, cualifícase a súa poesía de combativa e sinálase que incluso foi musicada nos setenta polo grupo Fuxan os ventos.

Bello Costa, Xaime, "Día de Rosalía", *Diario de Ferrol*, "Opinión", Cabo Prior", 22 febreiro 2012, p. 22.

Co gallo do aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, repasa a forma de escribir desta autora e afirma que foi manipulada, que a intentaron calar aqueles que nese momento ocupaban o poder e que se encargaban de manter a orde moral e ideolóxica. Recomenda dous libros para quen lle interese afondar na vida e na obra da escritora.

Bello Costa, Xaime, "Poesía e Floresta", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 21 marzo 2012, p. 22.

Informa de que estamos no Día Mundial da Poesía e no Día Forestal Mundial e sinala que tanto a poesía como o medio ambiente están nunha situación pésima. Crítica a falta de poesía na vida e nomea algún dos autores que tanto a defenderon e representaron. Maniféstase a prol dun cambio nestes ámbitos para poder manter a identidade.

Bello Costa, Xaime, "Terra brava", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 9 maio 2012, p. 22.

Detalla un percorrido que vén de realizar pola provincia de Lugo e que comezou polas terras do Incio. Realiza alusións a Marica Campo, a Ánxel Fole e o seu libro *Terra Brava* e mais a Lois Pereiro.

Bello Costa, Xaime, "Máis unha vez", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 27 xuño 2012, p. 22.

Laméntase de que novamente a Real Academia Galega non lle dedique un Días das Letras Galegas ao ferrolán Ricardo Carvalho Calero, de quen realiza unha loanza onde subliña que foi peza clave na investigación lingüística e literaria en galego.

Bello Costa, Xaime, "Recitandocelsoemilio", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 12 decembro 2012, p. 23.

Súmase á "gran festa colectiva", organizada polos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística que renden homenaxe ao poeta Celso Emilio Ferreiro, recitando á mesma hora "Deitado frente ao mar", poema que axudou ao pobo "a saír do soño asolagado e da longa noite de pedra", o día 12 do 12 do 2012.

Berg Casares, Kristina, "Unha visión cercana", *ABC*, "*Artes&Letras*", n.º 38, 25 febreiro 2012, p. 3.

Lembra a figura do seu home, o escritor Carlos Casares, a quen define como un "vitalista", que gozaba de "todas as cousas do mundo". Apunta que se coñeceron por

“casualidade”, mentres ela facía unha viaxe a Galicia. Indica que grazas a el coñeceu a persoas “entrañables” do ámbito cultural galego, como Ramón Piñeiro, Gonzalo Torrente Ballester e Ánxel Fole, entre outros.

Blanco Valdés, Juan L., “Isaac: a miña íntima homenaxe”, *El Correo Gallego*,“Opinión”, 7 xaneiro 2012, p. 2.

Presenta a Isaac como un home modesto, pero intelixente, creativo, cunha gran capacidade de innovación e calidade de emprendemento. Rende unha pequena homenaxe a Díaz Pardo e sinala que se trata dunha persoa con moitos amigos e cunha gran valía humana.

Blas, Ceferino de, “Que Ferreiro no solape a Paz Andrade y viceversa”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 16 xaneiro 2012, p. 25.

Opina que o feito de dedicar o Día das Letras Galegas 2012 a Valentín Paz Andrade non debe desmerecer o centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro, e viceversa. Resalta a personalidade e a obra destes dous grandes homes da cultura galega e indica que ambos os dous colaboraron no *Faro de Vigo*.

Blas, Ceferino de, “La asturianidad de dos gallegos ilustres”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 4 outubro 2012, p. 27.

Refírese á conmemoración dos centenarios do nacemento de Álvaro Cunqueiro (en 2011), Celso Emilio Ferreiro (en 2012) e Francisco Fernández del Riego (en 2013) mais, centrándose nestes dous últimos, indícase que pasan inadvertidos para Asturias, a comunidade veciña, malia a relación que estes dous intelectuais teñen co Principado. Dise que os vínculos son fundamentalmente familiares e que os poemas de Celso Emilio “suenan”, pero que del Riego “es un completo desconocido”. Considérase que esta situación é debido posibelmente ao “umbilicalismo autonómico” que non ten pretensións de expandir ao exterior a celebración de dúas das figuras máis importantes da cultura galega.

Blas, Ceferino de, “¿De qué sirven los centenarios?”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 17 decembro 2012, p. 14.

Opina que en Galicia se puxo de moda celebrar os centenarios de escritores de renome e considera que estas conmemoracións deben ser para recordar ao personaxe e para rescatar e “dejar algo permanente para ejemplo y conocimiento de las futuras generaciones”. Ao respecto do aniversario de Celso Emilio Ferreiro, considera que o balance do centenario parece “satisfactorio”. Como colofón do mesmo, apunta ao documento autográfo de 1939 dos presos do Convento de Celanova, dedicado á irmá do poeta celanovés, que prepara a Fundación Celso Emilio Ferreiro.

Borrazás, Xurxo, "Unha cuestión persoal", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Unha vida na memoria e na vangarda", 13 xaneiro 2012, p. 10.

Expresa a súa opinión sobre a vida e a morte de Isaac Díaz Pardo e as mostras públicas de dor e admiración ante a súa morte. Salienta a súa idea de país no proxecto industrial de Sargadelos e sinala que foi el o que escarvou as fosas do fascismo antes ca ninguén.

Bouza Álvarez, José Luis, "Díaz Pardo y Franco-Grande", *El Correo Gallego*, "Opinión", 10 xaneiro 2012, p. 3.

Refire que tanto Isaac Díaz Pardo como Xosé Luis Franco-Grande son noticia: o primeiro debido á súa morte e o segundo pola homenaxe que lle dedican na súa terra natal, Tomiño. Recolle algunhas das súas referencias biográficas e dedícalles unhas palabras de loanza a cada un.

Bouza Álvarez, José Luis, "Xesús Alonso Montero", *El Correo Gallego,* "Opinión", "El análisis", 20 decembro 2012, p. 3.

Homenaxéase a figura de Xesús Alonso Montero, con motivo do nomeamento de fillo adoptivo por parte do Concello de Ribadavia. Resáltase, entre outras calidades, a súa dedicación a prol da "cooperación de castellano y gallegoparlantes", dende a súa condición de "galleguista moderado, no doctrinario y realista".

Bouza-Brey Villar, Gonzalo, "Isaac sempre no corazón", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Opinión", 7 xaneiro 2012, p. 21

Co motivo da morte de Isaac Díaz Pardo, fala del con agarimo e con orgullo. Considérao un mestre no que sempre destacou o seu amor por Galicia. Salienta o seu labor en Edicións do Castro, Sargadelos ou o Laboratorio de Formas.

Bragado, Manuel, "Ano Ferreiro", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 2 xaneiro 2012, p. 29.

Dedica este artigo a Celso Emilio Ferreiro, debido á celebración do centenario do seu nacemento, o 4 de xaneiro de 1912 en Celanova, e do cincuentenario da publicación da primeira edición do seu poemario *Longa noite de pedra*.

Bragado, Manuel, "Apretas tensas", *La Opinión*, "Cultura", "Campo de Granada", 6 xaneiro 2012, p. 52.

Palabras de lembranza para Isaac Díaz Pardo despois da súa morte, nas que menciona algúns datos biográficos e salienta o labor que levou a cabo en Sargadelos e en relación coa recuperación da memoria histórica. Nese sentido, salienta o arquivo que legou á Cidade da Cultura.

Bragado, Manuel, "Moaña na memoria", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 23 xaneiro 2012, p. 14.

Coméntase que a Agrupación Cultural Nós, de Moaña, ten publicados dous volumes sobre esta localidade de máis de 200 páxinas e 500 fotografías cada un. Infórmase de que estes volumes forman parte dunha triloxía coa que se pretende ofrecer un relato visual das mudanzas de Moaña ao longo do século XX.

Bragado, Manuel, "Don Germán, editor e mecenas da lectura", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 13 febreiro 2012, p. 13.

Dedica unhas palabras de homenaxe a don Germán Sánchez Ruipérez, que acaba de falecer. Destaca o seu amor polos libros e o seu labor como cofundador de Edicións Xerais de Galicia.

Bragado, Manuel, "Dez anos sen Casares", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 12 marzo 2012, p. 13.

Cando se cumpren dez anos do pasamento de Carlos Casares, lembra a este escritor galego e destaca o seu labor como editor ao fronte da Editorial Galaxia. Tamén aconsella ir preparando a súa candidatura para o Día das Letras Galegas.

Bragado, Manuel, "Vigo, cidade de novela", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 19 marzo 2012, p. 12.

Recolle a presenza de Vigo na literatura galega dende o século XIII e repasa algunhas das obras e das autorías que escolleron esta cidade como espazo literario.

Bragado, Manuel, "Sentada lectora", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 18 abril 2012, p. 27.

Comenta que Asociación Espazo Lectura de Gondomar realizou unha "Sentada Lectora" na Alameda de Gondomar na que se realizaron diversas actividades, como a lectura dun manifesto a prol da lectura a cargo de Paula Carballeira e de Araceli Gonda. Tamén reflexiona sobre a importancia do fomento da lectura e destaca que vivimos nunha sociedade "saturada de textualidade".

Bragado, Manuel, "Grande Agustín", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 2 xullo 2012, p. 15.

Refírese á homenaxe ao escritor Agustín Fernández Paz no auditorio do centro social Novacaixagalicia de Vigo, á que asistiron centos de persoas. Salienta o seu compromiso coa lingua e coa escola galega dende hai máis de trinta anos, detalla algúns dos seus éxitos literarios e indica que neste acto se leron textos emblemáticos seus.

Bragado, Manuel, "Mestre don Avelino", *Faro de Vigo,* "Sociedad", 21 agosto 2012, p. 30.

Loa en lembranza de Avelino Pousa Antelo, con motivo do seu falecemento. Di que o seu pasamento supón que "politicamente se apagou o derradeiro facho da xeración do Partido Galeguista". En relación á súa actividade profesional, considera que traballou coas armas da "confianza cega nas posibilidades dunha educación pública e da acción política" e sempre por medio da palabra.

Bragado, Manuel, "Profesor Alonso Montero", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 19 novembro 2012, p. 15.

Fala do profesor Xesús Alonso Montero, co gallo de ser nomeado fillo adoptivo de Ribadavia. Apunta que non poderiamos entender a historia de Galicia nos últimos sesenta anos sen a súa investigación e achega bibliográfica no ámbito das humanidades. Ademais resalta o seu compromiso coa causa da igualdade e a xustiza. Recoñece a admiración polo seu traballo rigoroso "até a extenuación", pola dimensión como "brillantísimo" orador", así tamén pola súa conversa "amenísima e documentada".

Braxe, Lino, "Isaac", *La Opinión*, "Opinión", 23 xaneiro 2012, p. 12.

Agradécelle a Isaac Díaz Pardo o apoio que lle deu nas súas primeiras publicacións, conferencias e recitais de poesía. Despídese del despois da súa morte con palabras poéticas onde resalta o seu amor por Galicia.

Braxe, Lino, "O fútbol é cultura, o Dépor é arte", *La Opinión*, "Opinión", 4 xuño 2012, p. 12.

Co gallo do ascenso do Deportivo da Coruña á primeira división do fútbol español, Lino Braxe indica que a el, xunto con outros escritores como Manuel Rivas, Xulio Valcárcel, Gabriel García Márquez, Albert Camus, Miguel Delibes ou Javier Marías, entre outros, lle encanta o fútbol.

Campo, Marica, "Isaac Díaz Pardo na miña memoria", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 27/ *El Progreso*, "Opinión", "A tecelá en outono", p. 25, 13 xaneiro 2012.

En conmemoración da súa recente morte, relata algunhas das experiencias que viviu xunto a Isaac Díaz Pardo, como a última vez que o viu, nunha homenaxe que a Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz lle rendeu ao nomealo Chairego de Honra en 2009.

Campo, Marica, "Así as ideas loucas que eu teño", *Diario de Pontevedra*, Opinión&Análisis, "A tecelá en outono"/ *El Progreso*, "Opinión", "A tecelá en outono", 13 xaneiro 2012, p. 27.

Conmemora os 175 anos do nacemento de Rosalía de Castro cunha reflexión sobre a súa importancia tanto a nivel literario, como a nivel social. Sinala que a súa obra serviu para dignificar a comunidade galega, salienta a variedade de significados posíbeis dos seus versos e, para finalizar, destaca a importancia de ler en galego.

Campo, Marica, "Rosalía estaba alí", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis"/ *El Progreso*, "Opinión", "A tecelá de outono", 20 xullo 2012, p. 25.

Comeza facendo mención a obra de Teresa Pàmies, *Rosalía no hi era* (1982), na que apuntaba o "maltrato da lingua e a falta de atención e coidado" coa obra de Rosalía de Castro. Campo di que se vivise hoxe atoparía "ducias" de traballos fundamentais para coñecer á escritora. Destaca o acto que tivo lugar na casa natal de Rosalía o 15 de xullo. Opina que estes eventos se deberían retransmitir por televisión para chegar ao maior número de xente posíbel.

Campo, Marica, "76 anos despois", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 27/ *El Progreso*, "Opinión", p. 21, "A tecelá de outono", 17 agosto 2012.

Refírese aos dous únicos libros que na súa vida a fixeron chorar: *A miña planta de laranxa lima,* de José Mauro de Vasconcelos, e *Paixón e morte de Alexandre Bóveda,* de Xerardo Álvarez Gallego. Céntrase, posteriormente, na figura do intelectual pontevedrés, do que se cumpren setenta e seis do seu asesinato. Ademais de dar memoria aos feitos, dise que estes teñen que servir "de acicate para non dar un paso atrás na loita por dereitos e liberdades".

Campo, Marica, "Cando xa todo é memoria", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 31/ *El Progreso*, "Opinión", p. 21, "A tecelá en outono", 24 agosto 2012.

Lembra ao intelectual Avelino Pousa Antelo, quen di que lle "deixou as pegadas do seu entusiasmo e alegría vitais", ademais do seu amor á terra e a súa "intelixente visión do mundo". Remonta aos seus días de infancia, onde tivo lugar o primeiro contacto co intelectual, a través de seu pai. Di que foi sobre todo polas actividades da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega que o viu e conversou con el "moitas veces". Entre todos os recordos que ten del, queda co día da manifestación a prol da lingua galega.

Campo, Marica, "Libros que son xoias", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 53/ *El Progreso*, "Opinión", p. 27, "A tecelá en outono", 7 setembro 2012.

Comeza referíndose aos "libros de artista", libros realizados por artistas visuais, en "simbiose coa literatura", para comentar a súa admiración polo traballo dun taller en

Lugo que ademais de restaurar vellos exemplares ou encadernar teses, crean "libros de gran beleza", da man e da imaxinación de Fonso Castro. Apunta que entre as súas últimas creación está o libro que inicia a colección "In memoriam": o poema "Mais o que ben quixo un día", de *Cantares Gallegos,* serigrafiado nun pergamiño "enrolado nun carrete de cerámica" e metido nun estoxo de madeira. Considera que esta obra pretende conmemorar o primeiro cabodano do falecemento do irmán de Fonso, e que terá continuación en anos vindeiros.

Campos, Luisa, "El Día de Galicia", *La Región*, "*Gentemayor*", n.º 189, "Opinión", 1 xullo 2012, p. 2.

Comenta que as orixes do Día de Galicia se remontan a 1919, co nacemento das Irmandades da Fala, e a seguir indica que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao lle dedicou a esta efeméride o seu derradeiro discurso en público, que tivo lugar no Centro Galego de Bos Aires en 1948.

Caneiro, Xosé Carlos, "Clásicos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 480, "A outra Mirada", "Club Dandi", 18 agosto 2012, p. 11.

Recomenda, para tempos de estío, *Cabalos de ouros,* de Víctor Freixanes (lido na versión española, traducida por José Antonio López Silva); *As galeras de Normandía,* de Ramón Loureiro; *Xa vai o griffón no vento,* de Alfredo Conde; *O señorito da Reboraina,* de Ramón Otero Pedrayo, e *O cervo na torre,* de Darío Xohán Cabana.

Caneiro, Xosé Carlos, "Clásicos, 2", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 482, "A outra Mirada", "Club Dandi", 1 setembro 2012, p. 11.

Comeza reflexionando sobre a censura no eido da literatura para opinar que é no ensino onde a "grande literatura" debería estar presente e como se deberían facer as escollas dos textos literarios nas aulas. Comenta ademais que os clásicos que el recomendaba noutro artigo son obrigatorios nas escolas, pero que se deben ler outros clásicos. Nomea, a este respecto, autores da literatura galega dende os tempos do Rexurdimento até a actualidade, entre os que salienta a Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Ramón Otero Pedrayo, Luz Pozo Garza, Rafael Dieste, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Carlos Casares.

Canosa, María, "O coleccionista de soños", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 10 xaneiro 2012, p. 16.

Agradece a Isaac Díaz Pardo, tras a súa morte, as súas achegas á cultura galega. Recoñece a súa actitude desinteresada e comprometida co ben de Galicia.

Carreño, Antonio, "Moldeado en bronce: Castelao", *La Región*, "Opinión", 7 marzo 2012, p. 27.

Trata sobre a escultura en bronce feita a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, situada ao borde da rúa Colón de Ourense, e compáraa coa que difundiu a fábrica de Sargadelos, que considera máis fina e elegante.

Casal, Benxamín, "Benquerido Xaime Isla", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 57/ *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 41/ *La Opinión*, "Cultura", p. 46, 26 abril 2012.

Co motivo do óbito de Xaime Isla Couto descríbese que se prodigou máis na expresión oral que na escrita e repásase a súa traxectoria vital, da que se subliña que foi a peza clave do galeguismo da posguerra.

Casal, César, "Times Square y Carlos Casares", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Corazonadas", 5 xaneiro 2012, p. 19.

Lémbrase un dos artigos publicados por Carlos Casares en *La Voz de Galicia* e lóuvase a sinxeleza das súas columnas publicadas neste xornal.

Casal, César, "Una cita con Carlos Casares", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 8 marzo 2012, p. 19

Informa da entrega dun libro-homenaxe a Carlos Casares que se ofrecerá co xornal *La Voz de Galicia* co motivo do décimo aniversario da morte do escritor e describe o contido da obra.

Casalderrey, Fina, "Avelino Pousa Antelo: Horto e xardín", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 24/ *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", p. 41/ *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Liña aberta", p. 14, 21 agosto 2012.

Acóllese unha carta dirixida a Avelino Pousa Antelo, amosando admiración e afecto ante a súa morte. Ademais, retrotráese aos tempos nos que se coñecen a autora e o falecido, hai máis de corenta anos e repárase nas súas lecciónns "de coherencia, de vida e de beleza (individual e colectivamente falando)".

Casares, Christian, "Quería ir con bastón", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 marzo 2012, p. 38.

Reflexiona sobre o uso do caxato e a presión da importancia da imaxe, que nos condiciona e ás veces nos impide materializar os nosos desexos.

Castiñeira, Francisco X., "Grazas por todo, Don Isaac", *Diario de Arousa*, "Opinión", "Tirando Bandeiras", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Tirando Bandeiras", p. 21/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", "Tirando Bandeiras", p. 24, 14 xaneiro 2012.

Noméase a Isaac Díaz Pardo como o último representante dunha xeración de galeguistas que se perdeu coa súa morte, cuxa maior preocupación era Galicia. Saliéntase o labor de Díaz Pardo a prol de Galicia nas súas creacións e indícase que sufriu críticas pola súa implicación en demandas e manifestos en defensa do país galego.

Castiñeira, Francisco X., "Parabéns para X. L. Regueira", *Diario de Arousa*, "Opinión", "Tirando bandeiras", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Tirando bandeiras", p. 18/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", "Tirando bandeiras", p. 24, 29 maio 2012.

Destácase a traxectoria do filólogo Xosé Luís Regueira co gallo do seu ingreso na Real Academia Galega. Coméntanse os seus traballos na fonética e na fonoloxía da lingua galega, recálcase a importancia do seu *Dicionario de pronuncia* e dánselle os parabéns polo seu traballo a prol da lingua galega e polo seu ingreso na RAG.

Castro, Luisa, "Dous homes", *El Progreso*, "Opinión", "Falar de máis", 22 xaneiro 2012, p. 27.

Cualifica a Isaac Díaz Pardo como un home simpático e agradábel que apoiaba a todas as persoas que empezaban a súa andaina na escrita e no xornalismo. como lle aconteceu a Luisa Castro, que cando empezaba a escribir no *ABC* tivo a sorte de o coñecer, e a animou a seguir escribindo.

Cebreiro, María do, "Literatura e política", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Centro e periferia", 24 febreiro 2012, p. 10.

Reflexiona sobre a relación entre a literatura e a política a partir dunha declaración de Alberto Lema no xornal *Praza Pública* e sinala a necesidade de rescatar a Celso Emilio Ferreiro.

Cebreiro, María do, "Dickens ou Dostoevski?", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Centro e periferia", 27 abril 2012, p. 7.

Repasa as diferentes traducións ao galego das obras dos clásicos Charles Dickens e mais Fidior Dostoevski. Do primeiro indica que se publicou *Un conto de Nadal* en Edicións Xerais de Galicia e mais en Kalandraka Editora e *Oliver Twist* na Editorial Galaxia, que tamén editou a obra *Crime e castigo*, de Fidior Dostoevski.

Cendán Fraga, Antonio, "A humanidade de Díaz Pardo", *El Correo Gallego*, 9 xaneiro 2012, p. 3.

Lémbrase a Isaac Díaz Pardo, falecido recentemente. Dise que se pode ver un recoñecemento unánime á súa traxectoria, ao seu eterno amor a Galicia, pero tamén ao ser humano considerado en si mesmo. Conta que don Isaac foi distinto, un gran ser humano, independentemente da posición que ocupara e de que lado viñera o vento.

Cendán Fraga, Antonio, "Sentir a terra", *El Correo Gallego,* "Opinión", "Dende a frouseira", 23 xullo 2012, p. 3.

Achega unha opinión para se defender dunhas acusacións, entre as que estaba, "non sentir a Galicia". A este respecto, afirma que a terra é algo "que se leva dentro", e recorda o tempo no que foi estudar Xornalismo a Madrid (onde estaba acompañado por textos de Pepe Chao, Álvaro Cunqueiro, Manuel Curros Enríquez e Manuel Rivas). Logo refire algunhas diferenzas léxicas entre a lingua dos galegos de diferentes lugares e remata afirmando que a terra "é posible mellorala arrimando todos o lombo".

Cepadas, Andrés, "A la muerte de Isaac", *La Opinión*, "Cultura", 7 xaneiro 2012, p. 45.

Hónrase e recórdase o autor Isaac Díaz Pardo, recentemente falecido. Dise del que é "un gallego normal y normalizado" e que "se ha muerto uno de los padres de la patria". A seguir lémbrase a envergadura e profundidade do traballo que Isaac Díaz Pardo realizou por Galicia, caracterizado por unha grande intelixencia e entrega.

Cochón, Luís, "Retrato de si propio", *El Correo Gallego*, "Opinión", "In memoriam", 6 xaneiro 2012, p. 2.

Co gallo da morte de Isaac Díaz Pardo, realiza un retrato deste home e salienta os proxectos cos que tratou de pór a andar a Galicia. Tamén menciona certos datos biográficos.

Cochón, Luís, "Que quedará do cómico?", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 22 xuño 2012, p. 49.

Sostén que despois de máis de trinta anos de traballo no teatro galego, Roberto Vidal Bolaño é un excelente candidato para o Día das Letras Galegas de 2013. O articulista defíneo como "animal escénico" e mais como un disciplinado director de teatro. Recalca que presenta méritos sobrados para ser homenaxeado.

Conde, Alfredo, "O señor de Sargadelos", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 6 xaneiro 2012, p. 4.

Co motivo da morte de Isaac Díaz Pardo, afirma que sempre lle dedicou louvanzas en vida e que pretende facer o mesmo despois de morto. Reflexiona sobre os últimos tempos de Díaz Pardo e os problemas que tivo dentro da súa empresa Sargadelos.

Conde, Alfredo, "Agustín Sixto Seco", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 1 marzo 2012, p. 4.

Conmemora a figura de Agustín Sixto Seco. Impulsado polo suplemento escrito polo poeta Luis G.Tosar no seu xornal, rememora e alaga os labores feitos polo doutor Sixto para a Fundación Rosalía. Cita, entre eles, a defensa do galeguismo, a demanda de axudas, o desinterese persoal e a entrega total ás causas nas que cría.

Conde, Alfredo, "Grandes poetas", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 2 xuño 2012, p. 4.

Artigo que xira arredor de tres poetas galegos. Céntrase na figura de Manuel Álvarez Torneiro, que cualifica como un túzaro pero gran poeta, da poetisa Luz Pozo Garza, co gallo da lectura dun espléndido ensaio sobre a súa figura, e mais do poeta Luís Pimentel.

Conde, Alfredo, "Antoloxía de luxo", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 3 xuño 2012, p. 4.

Co motivo da presentación da *Guía viva de ortodoxos y heterodoxos en la poesía contemporánea gallega* tamén se lembra da antoloxía de Ediciones Akal, *Os novísimos da poesía galega*, e a seguir realiza unha comparativa entre ambas as publicacións.

Conde, Alfredo, "Día das Letras para don Ricardo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 27 xullo 2012, p. 4.

Non se explica como non lle concederon este ano aínda o día das letras Galegas a Ricardo Carvalho Calero, afirmando que se lle "atraganta" o seu esquecemento. Opina ademais que o feito de non darlle homenaxe neste día é un disparate "equivalente a algunhas das dedicacións dos últimos anos". Sobre os académicos di que "no privilexio non vai implícito o acerto", afirmando desta maneira o seu equívoco. Para rematar, di que non lle farán caso pero que, ao parecer, resúltalle indiferente.

Conde, Alfredo, "Cuatro amigos en Portugal", *El Correo Gallego,* "Opinión", "Os outros días", 13 outubro 2012, p. 4.

Fai memoria dunha viaxe que fixo a Portugal en outubro de 1985 xunto con tres amigos: o poeta Ramiro Fonte, o "gran polígrafo" da literatura galega Carlos Casares e outro poeta, Luis G. Tosar. Sinala as palabras que Miguel Torga recolleu da visita ao país veciño destes catro amigos (publicado no *Diario XIV).* Afirma que o recordo permanece "vivo y siempre regresa".

Conde, Alfredo, "Collelas ó voo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 27 outubro 2012, p. 4.

Entre outras cuestións, conta que está rematando de ler a novela *Sombras no laberinto* (1999)*,* de Francisco X. Fernández Naval, da que afirma que lle custa "traballo repousar

a súa lectura". Afirma que novelas así non saen "tódolos anos", senón "de cando en vez e hai que collelas ó voo".

Cora, José de, "Don Manuel y don Isaac", *El Progreso*, "Opinión", "El punto je", 17 xaneiro 2012, p. 31

Dá a súa opinión persoal sobre as figuras de Manuel Fraga Iribarne e Isaac Díaz Pardo con motivo do seu recente falecemento. Cualifícaos como homes traballadores que deixaron a súa pegada en Galicia e gaba a calidade da conversa de ambos os dous.

Dacosta, Henrique, "A rosa máis fermosa*", Diario de Ferrol,* "Ferrol", "La Ventana", 29 febreiro 2012, p. 12

Homenaxea a figura de Rosalía de Castro, tanto a súa obra como a súa persoa, revalorizándoa. O autor cualifícaa como "a escritora máis representativa" e fai unha análise da evolución dende *Cantares gallegos* (poemas costumistas, denuncia da inxustiza social…) até *Follas novas,* cun estilo máis filosófico e menos folclórico.

Dacosta, Henrique, "Daquelas esforzadas mulleres", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La Ventana", 12 setembro 2012, p. 16.

Recorda o oficio escravista das leiteiras de Covas (Ferrol), facendo unha analoxía cos pobos africanos que continúan un sistema de transporte similar (mulido na cabeza). Esta analoxía sérvelle para se referir ao contido dun artigo, da autoría de Catherine Davies, intitulado "Rosalía de Castro e a antropóloga feminista inglesa Annette Meakin". Nel incídese, ademais de eloxiar á muller galega, na idea da capacidade mental e física dos homes e as mulleres.

Dacosta, Henrique, "Sorprendente Rosalía", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La Ventana", 5 decembro 2012, p. 12.

Afirma que a personalidade de Rosalía de Castro aínda hoxe "non deixa de sorprendernos". A seguir, debulla o seu papel na literatura galega contemporánea e detense na importancia dos prólogos dos seus respectivos poemarios, *Cantares Gallegos* (1863) e *Follas Novas* (1880). Fala asemade do "Conto gallego", que foi unha "presunta" obra póstuma publicada en 1923 na revista *Grial*, asinada coas iniciais R. C. Informa, neste senso, que vén de aparecer agora outro exemplar (publicado en 1868 no xornal *El Eco Ferrolano)* na biblioteca particular de Pérez Parallé, asinado co nome completo. Resúltalle "sorprendente" que escribise este relato inaugurando así "na práctica a prosa contemporánea galega", e denunciando a situación de subordinación da muller fronte ao home.

Diana, "Ata sempre don Isaac", *El Correo Gallego,* "Opinión", "Ágora", 6 xaneiro 2012, p. 2

A autora réndelle homenaxe á figura de Isaac Díaz Pardo e informa do sentimento de unión entre "o señor de Sargadelos" e Galicia. Dá conta da causa da morte (fallo nos pulmóns). Cualifícao como un dos "bos e xenerosos" e exalta a súa persoa pola traxectoria en vida. Ao final, inclúe un desexo de paz para "don Isaac".

Díaz, José María, "Cunqueiro en 'Catolicismo", *El Correo Gallego*, "Tribuna libre", 25 marzo 2012, p. 22.

Coméntase a publicación do libro de José Antonio López Silva *De Santos y* milagros, unha recompilación de 138 artigos de Álvaro Cunqueiro publicados en diferentes xornais. Díaz lembra que os artigos de Cunqueiro publicados en *Catolicismo* xa os dera el a coñecer nas II Xornadas de Literatura de Mondoñedo en 1989.

Díaz, Yolanda, "Partisano Isaac", *Diario de Ferrol,* "Opinión", "O debate", 7 xaneiro 2012, p. 22.

Afirma que coa morte de Isaac Díaz Pardo desaparece unha "xeración de xigantes" que loitaron contra a ditadura. Fai referencia á súa orixinalidade e creatividade expresadas a través das súas empresas: Sargadelos e Edicións do Castro.

Dobarro, Xosé María, "Isaac, un meu afillado", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 6 xaneiro 2012, p. 13.

Sinala o autor que actuou como padriño de Isaac Díaz Pardo no acto da súa recepción como Doutor Honoris Causa pola Universidade de Coruña. Comenta tamén o desacerto das medidas adoptadas polos accionistas das empresas do grupo Sargadelos.

Dobarro, Xosé María, "Avelino", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Estrebillando", 24 agosto 2012, p. 18.

Faise eco da noticia da morte de Avelino Pousa Antelo e apunta dúas frontes nas que coincidiron habitualmente: a Fundación Castelao e a Fundación do Patronato do Pedrón de Ouro. Logo refírese ao nome co que el era coñecido (Lucho do Peto) e opínase que o concello de Teo organizou un "atinado e sentido" acto de despedida.

Enríquez, Rosa, "Díaz Pardo", *La Región*, "Opinión", 12 xaneiro 2012, p. 21.

Coméntase o gran baleiro que deixa a morte de Isaac Díaz Pardo e afírmase que ningún título pode igualar o apoio incondicional da colectividade. Saliéntase o seu afán por difundir a arte e a literatura galegas.

Enríquez, Rosa, "Cardume", *La Región*, "Opinión", 2 febreiro 2012, p. 24.

Coméntase que a obra *Cardume* (2007), de Rexina Vega, foi traducida ao castelán, e anúnciase a súa segunda novela, *Dark Butterfly*. Realízase unha crítica positiva do labor literario desta escritora.

Enríquez, Rosa, "Matices literarios", *La Región*, "Opinión", 16 febreiro 2012, p. 24.

Coméntanse as declaracións de Rexina Vega sobre a mentalidade posfranquista dos axentes que controlan o gusto literario en Galicia e que incomodaron ao mundo editorial galego.

Enríquez, Rosa, "Exceso verbal", *La Región*, "Opinión", 23 febreiro 2012, p. 25.

Despois de expresar a súa fonda admiración por Xosé Luís Méndez Ferrín, critica o fragmento dun texto seu no que, segundo a autora, descoida a maneira de tratar un asunto relacionado coa violencia contra as mulleres.

Enríquez, Rosa, "Poesía", *La Región*, "Opinión", 22 marzo 2012, p. 23.

Reflexiona sobre a importancia da poesía e cita algúns nomes de poetas e versos que expresan o valor deste xénero literario que, segundo a autora, invade as artes e a política.

Enríquez, Rosa, "O caso de Oriana Méndez", *La Región*, "Opinión", 14 xuño 2012, p. 26.

Comenta a polémica sobre a presenza de Oriana Méndez e mais de Alberte Lema como bolseiros da Real Academia Galega, debido aos vencellos familiares da primeira co presidente desa institución. Considera que é duro soportar críticas deste calibre a subliña que se ela estivese nesa situación "buscaría o pan noutro lado".

Enríquez, Rosa, "Memoria arbitraria", *La Región*, "Opinión", 28 xuño 2012, p. 26.

Subliña o desleixo que existe cara a comarca de Valdeorras e comenta que esta comarca ourensá parece que está a vivir "un longo e abafante letargo". Fronte a esta situación salienta a defensa que se fai dende Valdeorras para que se lle dedique a Florencio Delgado Gurriarán un Día das Letras Galegas.

Enríquez, Rosa, "Avelino Pousa Antelo", *La Región*, "Opinión", 23 agosto 2012, p. 21.

Refírese á perda de Avelino Pousa Antelo, quen soñou "un país e quixo habitalo de persoas diferentes". Sobre esta idea, considérase que soñou "un país que non existe" e reflexiónase sobre o feito de reivindicar a diferenza de Galicia con respecto ao Estado Español. Dise que a Galiza que defendía Pousa Antelo "foise un pouco con el" e

insístese en que debemos ser capaces de perseverar "na resistencia activa" e enchela de futuro.

Enríquez, Rosa, "Forked tongues for you", *La Región,* "Opinión", 13 decembro 2012, p. 23.

Faise eco da publicación da antoloxía *Forked tongues* (*Linguas galladas*, en termos de Armando Requeixo), da que comenta o seu contido brevemente. Felicítase á coordinadora do volume, Manuela Palacios, quen xa se fixera cargo doutro volume bilingüe, *To the Wind Our Sails,* no que se daba a coñecer a outras poetas galegas traducidas ao inglés. Considérase este un labor "necesario" para estabelecer un "diálogo literario real" entre poetas doutras linguas e outros países, co fin de que se saiba "fóra o que non sempre se sabe recoñecer dentro".

Escrigas, Guillermo, "Horizonte azul cobalto", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 450, 14 xaneiro 2012, pp. 2-3.

Despedida a Isaac Díaz Pardo tras a morte deste na que recorda anécdotas que viviron xuntos e salienta a importancia que este home tivo na súa vida.

Estévez, Xerardo, "Isaacgalicia", *El País*, "*Galicia*", 6 xaneiro 2012, p. 2.

Comenta a estreita relación que Isaac Díaz Pardo tiña con Galicia, enxalza a súa obra e o labor que levou a cabo como "editor comprometido con tal de que se hablase de Galicia con amor, divulgador entre los jóvenes, nexo entre generaciones".

Fernán Vello, "Isaac no centro de nós", *El Correo Gallego*, "Primer plano", "Galicia despide a Díaz Pardo", 6 xaneiro 2012, p. 7.

Co motivo do recente pasamento de Isaac Díaz Pardo, reflexiona sobre a morte e ofrece unhas pinceladas sobre o intelectual galego.

Fernández, Carlos, "Díaz Pardo y la Voz*", La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 450, "En portada", 14 xaneiro 2012, p. 5.

Repasa algunhas das colaboracións de Isaac Díaz Pardo en *La Voz de Galicia* co motivo do seu falecemento o 5 de xaneiro de 2012. Refire que seguiu participando e colaborando no xornal até case cumprir os noventa anos e nunca cobrou nin un céntimo por facelo.

Fernández, Miguel Anxo, "Falando de cine con Isaac", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 450, "En portada", "Opinión", 14 xaneiro 2012, p. 5.

Relátase a entrevista que lle realizou a Isaac Díaz Pardo, na que se fala da historia do cine galego, dende a Xeración Nós e o cine de Isaac Fraga, os "Espectáculos Fraga" ou a existencia dun taller de escenografía onde se facían carteis.

Fernández Albor, Gerardo, "Días de luto y esperanza", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Comentarios y recuerdos", 15 xaneiro 2012, p. 3.

Fálase das protestas pola situación económica e social coa que se inicia o ano e refírese a recente morte de Isaac Díaz Pardo e á súa importante implicación con Galicia, xa que, segundo o autor, el representaba "os bos e xenerosos" que sempre deu a terra galega.

Fernández Albor, Gerardo, "Un día muy triste", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 21 agosto 2012, p. 41.

Informa do falecemento de Avelino Pousa Antelo e lembra o día no que se fundou a Fundación Castelao en 1985, do que o finado foi presidente. Entre outras cuestións, di que o intelectual era un "de esos caballeros al estilo de Otero Pedrayo" e que como bo liberal tratou sempre de unir e traballar todos polo país galego.

Fernández Areal, Manuel, "Bo e xeneroso", *El Correo Gallego*, "De aquí y de allá", 30 abril 2012, p. 2.

Afirma que Xaime Isla Couto é un home bo e xeneroso e indica que até hoxe en día é o único doutor *honoris causa* en Comunicación da Universidade de Vigo. Tamén se detén na súa multidisciplinariedade e en que era un excelente comunicador.

Fernández Díaz, José Luis, "Sempre Ourense", *La Región*, "Opinión", 1 xullo 2012, p. 27.

Refírese á guía titulada *Orense*, escrita por Ramón Otero Pedrayo en 1966 con ilustración de Xaime Quesada, e a seguir indica que a mellor guía escrita sobre a cidade de Ourense é a escrita "polo meu amigo Chisco".

Fernández Díaz, José Luis, "Marcos Valcárcel na lembranza", *La Región,* "Opinión", 11 decembro 2012, p. 22.

Lembra a Marcos Valcárcel no segundo ano do seu pasamento e comenta que encontrou a "única dedicatoria" que ten del nun folleto da sección de literatura do Liceo de Ourense que leva por título: "Ourense: o divino roteiro" (publicado tamén en *Galiza Hoxe*). Comenta que na súa memoria tamén repasou algunhas fotos inéditas da súa "colección de galegos ilustres", aludindo a que "moitos" marcharon tamén con el. Para rematar, apunta que seguen pendentes de reeditar parte dos seus libros esgotados, entre os que salienta a súa tese sobre a prensa en Ourense.

Fernández Naval, Francisco X., "Isaac Díaz Pardo: as formas da memoria", *Diario de Ferrol*, "Nordesía", "Enfiando", n.º 709, 29 xaneiro 2012, p. 29.

Comenta os distintos momentos nos que coincidiu con Isaac Díaz Pardo e descríbeo como un home emprendedor que "foi quen de expresar algunhas das formas que adopta o vínculo entre memoria e futuro, eixo que conforma o ser dunha comunidade".

Figueroa, Adela, "Querido Isaac…", *Diario de Pontevedra,*"Vivir aquí", "Tribuna aberta", 8 xaneiro 2012, p. 61.

Emotiva despedida a Isaac Díaz Pardo, recordando os seus logros e fazañas en prol do galego e de Galicia. Resalta a súa amizade con persoeiros da grandeza de Luís Seoane, Isidro Parga Pondal e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Figueroa Panisse, Adela, "A xeración perdida: reflexións na morte de Xaime Isla Couto", *El Progreso*, "Necroloxía", 4 maio 2012, p. 78.

Subliña a importancia da xeración de Xaime Isla Couto e indica que eran a 'crème de la Crème' da sociedade daquela altura e que acadaron proxección internacional con empresas como Pescanova, Zeltia ou Galaxia. Considera a Valentín Paz Andrade como un dos máis activos e completos intelectuais desta xeración.

Fortes, Belén, "Sempre haberá poesía", *La Voz de Galicia,*"Culturas", n.º 459, "En portada", "Opinión", 17 marzo 2012, p. 3.

Fala da poesía e das diferentes maneiras de concibila. Sinala que a maioría das persoas pensan que este xénero literario pouco ten que facer na sociedade materialista, onde se confunde arte e entretemento e indica que o número de lectores de poesía en España non superou os tres mil.

Fraga, Xesús, "Patrimonio e sustento comúns", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Luz de cruce", 17 abril 2012, p. 38.

Informa de que co gallo do recorte do 62% do orzamento do goberno do Estado español á Real Academia Galega, está en perigo a funcionalidade da institución que traballa co patrimonio común de todos os galegos, a nosa lingua.

Fraga, Xesús, "Unha xeración irrepetible", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 abril 2012, p. 38.

Destaca que a xeración de Xaime Isla Couto non se volverá repetir, dado que posuían unha visión integral da política e da economía, e que coa súa tarefa titánica se alicerzaron os novos piares da lingua e da cultura galega.

Franco, Camilo, "O supervivente que nunca quixo ser novelista", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 xuño 2012, p. 37.

Comenta que a obra de Roberto Vidal Bolaño mete medo e subliña que foi actor, director, dramaturgo, iluminador e figurinista. Tamén sinala que foi un "bo rebelde", así como un experto en batallas perdidas e en liortas gañadas.

Franco, Camilo, "A última fronteira", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 setembro 2012, p. 33.

Refírese aos efectos da desaparición dos festivais de teatros que segundo di "teñen asumido unha dobre función normalizadora". Opínase que cando se perde un festival pérdese unha oportunidade de traballo para as compañías e a posibilidade de ver, que é "como a posibilidade de alimentarse, de aprender ou de viaxar".

Franco, Fernando, "¡Vaya jueves, Celso Emilio!", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 6 xuño 2012, p. 12.

Refírese á homenaxe a Celso Emilio Ferreiro que terá lugar no Teatro Caixanova de Vigo o 7 de xullo de 2012 nun acto que contará coa presenza, entre outras persoas, de Yolanda Castaño, Rexina Vega ou Alonso Montero.

Franco, Fernando, "Redimir a Galicia en sueños", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 21 agosto 2012, p. 30.

Alude ás palabras que lle escribiu a filla de Avelino Pousa Antelo, Nora, uns meses antes do falecemento do seu pai, a propósito dunha reportaxe que lle estaban facendo para a sección "Memorias"deste xornal. Comenta que xa daquela a voz do intelectual estaba case apagada, e que aínda dera o visto bo dende a cama ao texto antes de ser publicado. Di que foi "quizás" a última semblanza xornalística da súa vida.

Franco Grande, X. L., "Con Xaime Isla Couto no camiño", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 26 abril 2012, p. 42.

Considera que Xaime Isla Couto contribuíu de xeito decisivo a pór luz na Galicia da ditadura e que xunto con Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego fixeron posíbel a creación de Galaxia. Tamén salienta a mente creadora de Xaime Isla Couto.

Franco Grande, X. L., "Xesús Alonso Montero", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Soleira", 19 novembro 2012, p. 13.

Apunta que coñeceu a Alonso Montero en 1954. Lembra a súa chegada por aquel entón a Santiago, logo de ter gañado "con singular brillantez" a cátedra de Literatura na Escola Normal. Ademais di que a obra do profesor, espallada en diversos ámbitos do saber (literatura, filoloxía, sociolingüística,...), non fixo máis que medrar. Sinala que é

un dos “grandes polígrafos da nosa cultura” e felicítao por ser nomeado fillo adoptivo do concello de Ribadavia.

Freixanes, Víctor F., “Adeus a Isaac”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 8 xaneiro 2012, p. 17.

Comenta a herdanza política e cultural que nos deixa a xeración á que pertencía Isaac Díaz Pardo e os logros acadados por el en vida, entre eles a creación do Laboratorio de Formas de Galicia no ano 1963.

Freixanes, Víctor F., “Unha vida entregada aos libros”, *La Voz de Galicia,* “Cultura”, “Unha vida entregada aos libros”, 13 febreiro 2012, p. 27.

Despois de referirse á súa experiencia traballando para Isaac Díaz Pardo e o seu labor como parte da fundación que leva o seu nome, detense en lembrar e louvar o labor deste intelectual a prol dos libros e da lectura.

Freixanes, Víctor F., “Adiós ríos, adiós fontes…”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 26 febreiro 2012, p. 19.

Co gallo do 175 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, destaca o papel das mulleres en Galicia, especialmente no relativo á literatura, onde comenta o exemplo de Exeria, no século IV e de Castro no XIX. Remata augurando unha volta á poesía social, debido á emigración actual provocada pola crise económica.

Freixanes, Víctor F., “Xaime Isla Couto”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 29 abril 2012, p. 19.

Repasa a traxectoria vital de Xaime Isla Couto deténdose na súa participación en diversas actividades como na Fundación Penzol, nas primeiras producións musicais contemporáneas en galego ou nas colecciónns de socioloxía e economía. Remata manifestando que foi un grande animador de proxectos a prol da cultura galega.

Freixanes, Víctor F., “Era un tempo de entusiasmo”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 20 maio 2012, p. 19.

Co gallo da entrega do Pedrón de Ouro ao movemento Nova Escola Galega repasa os principais feitos deste movemento e asemade comenta que a xeración dos anos setenta do século pasado foi partícipe de feitos como o movemento agrario, a presenza da lingua galega na radio Popular de Vigo, o teatro en Ribadavia ou o primeiro cinema en Ourense.

Freixanes, Víctor F., “Voces de alén mar”, *La Voz de Galicia,* “Opinión”, “Vento nas velas”, 26 agosto 2012, p. 15.

Comeza manifestando que a Galicia exterior existe, que "non é unha ensoñación dos clásicos". A continuación, informa da visita dun grupo de trinta rapaces e rapazas, da nova promoción de fin de curso do colexio Apóstol Santiago de Buenos Aires, para coñecer Galicia, a "terra dos seus devanceiros". Ademais, refire tamén a outras entidades alén-mar que celebran actividades vencelladas co país, como a asociación México-Galicia, que honra a Demetrio Bilbatúa, en Bueu. Considera que esta "Galicia exterior" deberíase ver como un investimento, e non como un gasto.

Fruíme, "Pousa: bo e xeneroso", *El Progreso*, "Opinión", "Lóstregos", 21 agosto 2012, p. 18.

Fala do que representa Avelino Pousa Antelo na historia do país e di que a súa importancia radicaba no que simbolizaba como "enlace" co galeguismo político histórico e na súa coherencia persoal de compromiso. Ademais apunta que o finado mantiña unha vinculación "muy directa y entrañable" con la provincia de Lugo, dende que a súa actividade na Granxa Barreiros en Sarria.

García-Bodaño, Salvador, "Lembrando a Díaz Pardo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 8 xaneiro 2012, p. 3.

Lembra a figura de Isaac Díaz Pardo co motivo do seu pasamento e salienta os proxectos renovadores nos que participou: o Laboratorio de Formas de Galicia, o Seminario de Estudos Cerámicos, o Museo Carlos Maside ou o Instituto Galego de Información. Destaca a importancia do seu legado á Cidade da Cultura de Galicia.

García-Bodaño, Salvador, "Celso Emilio no Ateneo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 22 xaneiro 2012, p. 3.

Coméntase o inicio do curso en honor a Celso Emilio Ferreiro realizado polo Ateneo de Santiago de Compostela, a partir da iniciativa da Xunta de Galicia de dedicar o ano 2012 a este autor, co motivo de cumprirse 100 anos do seu nacemento.

García-Bodaño, Salvador, "Nova afronta á RAG e a Galicia", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 22 abril 2012, p. 3.

Refírese a que o goberno de Mariano Rajoy vén de considerar a Real Academia Galega como de terceira categoría ao rebaixarlle o seu orzamento nun 62%.

García-Bodaño, Salvador, "A RAG co poeta Celso Emilio", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 10 xuño 2012, p. 3.

Explica que a Real Academia Galega celebrou un plenario extraordinario na vila ourensá de Celanova co motivo do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro e, a seguir, detalla que o celanovés foi poeta que tivo unha meirande difusión social na

nosa modernidade.

García Iglesias, José Manuel, "Isaac", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidad", 12 xaneiro 2012, p. 2.

Opínase sobre a figura de Isaac Díaz Pardo, atendendo tanto á súa faceta persoal como ao seu labor cultural.

García Iglesias, José Manuel, "Ochenta años después", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidad", 10 maio 2012, p. 2.

Alude a que no día de hoxe se celebra o oitenta aniversario da Misa de Rosalía de Castro cun acto que contará coa presenza do profesor Baliñas Fernández e mais de Agustín Sixto Seco e que está organizado polo Foro Galicia Milenio, que actualmente dirixe Marcelino Agís.

García López, Xoán A., "Defendendo a nosa lingua", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La Ventana", 11 decembro 2012, p. 14.

Achega unhas palabras en defensa da lingua de Galicia. Láiase de que algúns galegos só falen galego "cando lles pagan por iso ou por intereses políticos"; el tenllo que agradecer á súa avoa materna. Entre outras cuestións, comenta que estivo presente na entrega do Premio Blanco Amor, XXX Edición, onde o alcalde de Fene puxo "de manifesto o compromiso do seu concello co conxunto da industria cultural e, sobre todo, o compromiso coa nosa lingua e cultura".

García Negro, María Pilar, "Censuras en vida, censuras póstumas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 marzo 2012, p. 12.

A raíz dun artigo da profesora da Universidade de Bangor, Helena Miguélez Carballeira, "O outro tabú sobre Carvalho Calero", María Pilar García Negro rebate os seus postulados con argumentos que defenden a importancia deste intelectual e denuncian o silenciamento ao que foi condenado pola oficialidade.

García Negro, Pilar, "Sobre debates e silencios", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Análise", 27 abril 2012, p. 6.

Refírese ao debate coa profesora Helena Miguélez Carballeira nas páxinas de *El País* sobre o machismo e o sexismo na literatura galega, centrándose na figura de Ricardo Carvalho Calero, e tamén reproduce afirmacións machistas de Marina Mayoral e mais de Xesús Alonso Montero. Asemade detense no silencio de Henrique Monteagudo sobre a figura da propia autora deste artigo no artigo "Sexismo, gramática e discurso", do que se indica que promete máis do que dá.

Giráldez, José Miguel, "En la muerte de un hombre", *El Correo Gallego*, "Radio&TV", "Los reyes del mando", 7 xaneiro 2012, p. 55.

Co motivo da morte de Isaac Díaz Pardo, sinala que a súa figura é imprescindíbel para entender a memoria dun país e lembra o seu sentido do humor.

Gómez López, J., "Significado de "Longa noite de pedra", *La Región*, "Opinión", 4 xullo 2012, p. 24.

Co motivo do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro, realiza unha valoración crítica da súa obra, especialmente do libro *Longa noite de pedra*, e salienta que se trata dun referente da lírica social máis comprometida.

Gómez López, José, "Celso Emilio Ferreiro: Legado poético-social", *La Región,* "Opinión", 15 xaneiro 2012, p. 25.

Fai referencia ao centenario de Celso Emilio Ferreiro e ao cincuenta aniversario da publicación de *Longa noite de pedra* (1962). Realiza un percorrido pola súa obra e destaca que na voz de Ferreiro hai ecos de Manuel Curros Enríquez e de Rosalía de Castro.

González, Manuel, "Estamos a tempo de corrixir", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 abril 2012, p. 47.

Salienta que despois duns anos nos que a Real Academia Galega traballou a prol da lingua galega, agora terá que parar dado que os orzamentos estatais reducen nun 62% a asignación económica a esta institución con respecto ao ano 2011.

González, Montse, "A pexa do sexismo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 25 maio 2012, pp. 5-6.

Refírese á controversia nas páxinas de *El País* arredor do sexismo na literatura galega entre Pilar García Negro e Helena Miguélez centrada na figura de Ricardo Carvalho Calero. Fálase da invisibilización das mulleres dentro da literatura galega, nomeadamente na época das Irmandades da Fala e da Xeración Nós, onde só Ramón Otero Pedrayo lles deu "certo protagonismo ás mulleres".

González Martínez, Xosé, "Franco Grande, fillo predilecto de Tomiño", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 4 xaneiro 2012/ *El Progreso*, "Opinión", 10 xaneiro 2012, p. 24.

Coméntase o nomeamento do escritor Xosé L. Franco Grande como Fillo Predilecto polo Concello de Tomiño e destácase o seu papel no galeguismo cultural da posguerra. Indícase que formou parte da Editorial Galaxia e doutras institucións culturais, como a Real Academia Galega, e fálase dalgunhas das súas obras e premios que recibiu.

González Martínez, Xosé, "Arturo Noguerol", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 29 xaneiro 2012, p. 29.

Enxalza a figura de Arturo Noguerol a través dun percorrido pola súa vida e informa do acto de homenaxe que se lle renderá en Ourense. Tamén dá conta da presentación do libro *Ética e estética de Arturo Noguerol*, da autoría de Fernando Román, o seu biógrafo.

González Martínez, Xosé, "Alonso Montero, fillo adoptivo do concello de Ribadavia", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 14 novembro 2012, p. 18/ *El Progreso*, "Opinión", 15 novembro 2012, p. 22/ *La Región*, "Opinión", 15 novembro 2012, p. 23.

Informa do acto institucional polo cal Xesús Alonso Montero será nomeado Fillo Adoptivo do Concello de Ribadavia. Lembra a súa presenza nas mobilizacións que houbo no val de Castrelo do Miño na década dos anos sesenta, onde ademais se realizara un banquete de despedida a Celso Emilio Ferreiro. Recorda tamén outros momentos nos que ambos coincidiron: a primeira vez, na Asociación Cultural de Vigo en 1967, e a segunda vez, no curso de lingua galega para funcionarios organizado por el mesmo e pechado cunha conferencia polo profesor Alonso Montero.

González Tosar, Luís, "Con Isaac nos Pagos da Magdalena", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 6 xaneiro 2012, p. 21.

A raíz dunha visita a Isaac Díaz Pardo en 2007 para lle comunicar a concesión do Premio Voz de liberdade do Pen, ex aequo con Francisco Fernández del Riego, comenta algúns feitos da vida deste intelectual e afonda na complexidade do seu carácter.

González Tosar, Luís, "Carta a Marcos Valcárcel", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 449, "Letras en galego", 7 xaneiro 2012, p. 9.

Diríxese unha misiva imaxinaria a Marcos Valcárcel na que se lembra o encontro de ambos con Celso Emilio Ferreiro e a emoción polo encontro co poeta.

González Tosar, Luís, "Das que nomean o mundo", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 450, "Letras en galego", "Retrato en sepia", 14 xaneiro 2012, p. 8.

Realiza cun estilo literario un retrato da poeta Chus Pato no que salienta a súa alma de loitadora insurrecta e menciona os títulos dalgunhas das súas obras.

González Tosar, Luís, "1837", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 febreiro 2012, p. 46

Co gallo do centenario do nacemento de Rosalía de Castro saliéntase a súa poesía dun xeito tamén poético. Así, preséntase a unha criada, María Francisca Martínez, que

percorre as rúas de Santiago coa acabada de nacer no colo nese venres 24 de febreiro de 1837 e menciónanse os acontecementos históricos máis importantes daquel tempo.

González Tosar, Luis, "O que se foi perdendo", *La Voz de Galicia*, "Culturas", "A outra mirada", "Retrato en sepia", n.º 461, 31 marzo 2012, p. 11.

Fala de Ramón Lorenzo Vázquez, ao cal coñeceu cando este era decano da Facultade de Filoloxía nos anos setenta. Recorda que falaba sempre galego e que aceptou ser o patrocinador do segundo número da revista *Dorna*, o que propiciou o nacemento dunha amizade de González Tosar con Lorenzo.

González Tosar, Luís, "O sorriso do galeguismo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 470, "Retrato en sepia", 9 xuño 2012, p. 9.

Lémbrase de cando coñeceu a Marino Dónega na casa de Ramón Piñeiro e a seguir repasa a súa vida e obra comentando que era o "sorriso do galeguismo".

González Tosar, Luís, "Seguiremos falando, Kristina, seguiremos", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Retrato en sepia", 5 xullo 2012, p. 17.

Lémbrase da súa relación de amizade con Kristina Berg nos anos oitenta do século pasado e cualifícaa de activa e discreta.

González Tosar, Luís, "Imaus na Insua", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 477, "Letras en galego", "Retrato en sepia", 28 xullo 2012, p. 7.

Recóllense unhas palabras dirixidas á Celso Emilio Ferreiro, nas que lle lembra algúns dos seus encontros memorábeis (Santiago de Compostela, Madrid,...). Confésase, ademais, que foi na Insua onde tivo o primeiro contacto coa súa poesía, concretamente coa obra *Longa noite de pedra.*

González Tosar, Luís, "Honrar, honra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 479, "Letras en galego", "Retrato en sepia", 11 agosto 2012, p. 9.

Lembra cando, aínda sendo estudante, coñeceu ao profesor Ramón Lorenzo Vázquez a mediados da década dos anos oitenta. Nese primeiro encontro pareceulle un "tipo serio e de poucas falas". Indica que volveron tratar nos anos 80, a propósito da publicación do primeiro número da revista *Dorna,* baixo o visto bo do catedrático, daquela xefe do departamento de Filoloxía Galega. Noméao como o "autor do mellor poemario da xeración Brais Pinto" e apunta, finalmente, que a última vez que coincidiron foi na homenaxe a Xesús Alonso Montero.

González Tosar, Luís, "Árbore san de doce sombra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 481, "Letras en galego", "Retrato en sepia", 25 agosto 2012, p. 9.

Lembra a figura de Avelino Pousa Antelo, especialmente a "emoción de recibilo" no aeroporto da Habana en 1996 e apunta que xa o coñecera nos 70, conversando o día da entrega do Premio de etnografía do Pedrón de Ouro. Afirma que desaparece con el unha xeración que mantivo "a idea de Galicia como vincallo aglutinador, como forza esperanzada".

González Tosar, Luís, "Cultivo unha rosa branca...", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 489, "Letras en galego", "Retrato en sepia", 20 outubro 2012, p. 8.

Faise eco do falecemento de Blanca Jiménez Alonso, lembrando que a coñeceu na casa de Ramón Piñeiro nos últimos anos da década dos setenta. Entre outras cuestións, saliéntanse dela os seus comentarios "intelixentes, moi atinados", tanto sobre política como sobre o mundo cultural galego. Lémbrase ademais que á morte do seu marido, Fermín Penzol, púxose á fronte da Fundación que levaba o nome deste. Finalmente dise que ela formaba parte dunha caste de xente que loitaron "pola recuperación dos sinais de identidade de Galicia".

González Tosar, Luís, "Adianto, case anónimo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 497, "Letras en galego", "Retrato en sepia", 15 decembro 2012, p. 10.

Afirma que polo *blog* de Miro Villar, *As crebas,* soubo que Eduardo Blanco Amor lle dedicou en 1982 un poema a Antón Zapata García, co título de "Toda humilde beleza", e que fora publicado na revista *Céltiga.* Di que seguindo o mesmo fío deu con Ramiro Isla Couto, de quen realiza un percorrido bibliográfico polos momentos máis destacábeis da súa vida.

G. Tosar, Luís, "As sandalias de Galeno", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 468, "Letras en galego", "Retrato en sepia", 26 maio 2012, p. 10.

Detalla que felizmente deu co paradoiro do doutor Fiz Fernández, natural de Cervantes, en Lugo, na súa consulta de Bos Aires, repasa a súa vida e indica que colaborou con *A Nosa Terra* e mais que estivo presente no Consello de Galiza no exilio.

G. Trigo, Xosé Manuel, "Señoras académicas", *El Correo Gallego*, "Á beira do Sar", 6 xullo 2012, p. 41.

Celebra a entrada de tres mulleres na Real Academia Galega, mais láiase de que desta vez só entren filólogas e ningunha poetisa, o que considera que podería provocar un desequilibrio estrutural.

Gutiérrez, Eduardo, "En lembranza de Díaz Pardo", *El Progreso*, "Opinión", "De capo", 11 xaneiro 2012, p. 25.

Fala da súa relación con Isaac Díaz Pardo e comenta que chegaron a desenvolver proxectos en común, como a representación de *Os vellos non deben de namorarse*, de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Salienta o espírito emprendedor de Díaz Pardo, a súa participación na reedición de libros e a súa colaboración co asociacionismo cultural.

Gutiérrez, Eduardo, "Carballo Calero na lembranza", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis"/ *El Progreso*, "Opinión", "Da capo", 18 abril 2012, p. 25.

Alude á última conferencia de Ricardo Carvalho Calero en Lugo, que tivo lugar no mes de agosto de 1989 co título "A poesía galega e o cometa Halley", para despois defender a súa candidatura para o Día das Letras Galegas de 2013.

Gutiérrez, Eduardo, "Luz na longa noite", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Da capo", 16 maio 2012, p. 25/ *El Progreso*, "Opinión", "Da capo", 16 maio 2012, p. 25.

Co motivo da visita á exposición "Un canto e unha luz na noite" explica que nela se atopa numeroso material sobre o asociacionismo en Galicia entre 1961 e 1975, como por exemplo un texto programático que Ramón Piñeiro publicou en 1963 en *La Noche*.

Gutiérrez, Eduardo, "Frouma xacobea", *El Progreso*, "Opinión", "Da capo", 25 xullo 2012, p. 27.

Refírese inicialmente a unha noticia na que se dicía que modificaran as rotas do camiño de Santiago entre Fisterra e Muxía, para derivalas por unha zona onde hai máis bares. Así, coméntase o que el chama os "tempos da moderna héxira xacobea". Dise que na mesma noticia falábase da construción da ponte en Vaosilveiro, que o fixo lembrar unha das primeiras novelas que leu en galego, editada por *Nós* en 1929 e escrita por Gonzalo López Abente, do que salienta a súa prosa "chea de sinxeleza e enxebremente empregada".

Gutiérrez, Eduardo, "En lembranza de Branca Penzol", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 27/ *El Progreso*, "Opinión", p. 37, "Da capo", 10 outubro 2012.

Fala da noticia do falecemento de Branca Penzol que o fixo "abrollar as lembranzas de tempos idos". Nomea estoutro tempo como o de apertura ao coñecemento de biografías e inquedanzas de figuras "fundamentais hoxe na historia do país", concretamente, Ramón Piñeiro e Fermín Penzol. A seguir, recorda a esta muller en diferentes espazos (Castropol, Santiago, Ribadeo).

Henríquez Salido, María do Carmo, "Isaac, ontem, hoje e sempre na Galiza", *Faro de Vigo, "*Sociedad", 8 xaneiro 2012, p. 37.

Coméntase que o peor que lle pode suceder a un pobo, concretamente a Galicia, é que se esqueza ou manipule a súa memoria histórica e que non se recoñeza o gran labor que

moitas persoas ilustres fixeron polo pobo e pola cultura galega. Anímase a homenaxear a Isaac Díaz Pardo e ao resto de personaxes que contribuíron a dignificar Galicia.

Hernández Borrego, César, "Homenaje a Vicente Risco", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 20 maio 2012, p. 31.

Sostén que Vicente Risco é unha das meirandes figuras da literatura galega e subliña a súa faceta como ensaísta, político, crítico e novelista nunha obra na que mestura idealismo e humor.

Iglesias, Bieito, "Dedalus en Compostela", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Pan e coitelo", 2 agosto 2012, p. 43.

Comenta como decorreu o ciclo "O ceo das letras", ao redor da figura de James Joyce. Neste senso, apunta que estivo presente o irlandés na Cidade da Cultura "en figura de 'señá' ou aprecido", e estabelece algúns vínculos entre Vicente Risco e James Joyce, máis tamén relacionado con algúns dos protagonistas das súas novelas, como Stephen Dedalus, alter-ego.

Iglesias, Bieito, "En nós", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Pan e coitelo", 23 agosto 2012, p. 42.

Comeza falando dos habitantes dun país a raíz dunha noticia vencellada coa CIA. Sinala que os axentes de intelixencia dos Estados Unidos posibelmente ignorarían quen foi Avelino Pousa Antelo. Indica, a este respecto, que con motivo da súa morte, o presidente Núñez Feijóo publicou unha nota de pésame cun "erro gramatical", que revela a súa "suposta e hipócrita galeguidade". Lembra ao intelectual finado e apunta, entre outras cuestións, que a súa canción favorita era *Begin the begine,* título que "nos obriga a empezar de novo", sen o benquerido Pousa Antelo.

Iglesias, Manuel Herminio, "Galegos salientables", *La Región*, "Opinión", 21 novembro 2012, p. 24.

Opina que este país nunca será recoñecido como patria ou nación se a potencia cultural non é coñecida nin valorada polos seus habitantes. Con todo, sinala que este labor de valoración e elevación da cultura "ao rango da normalidade" lévano facendo moitos homes e mulleres dende hai moito tempo. Deste xeito, fala de Alonso Montero, con motivo de ser nomeado fillo adoptivo polo concello de Ribadavia. Di, entre outras cuestións, que é un "persoeiro salientable moi importante dentro do mundo".

Jaureguizar, "Borrazás apagou a luz", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Libros", 29 decembro 2012, p. 60.

Lembra unha pregunta que lle fixo o mesmo autor a Xurxo Borrazás sobre cando ía publicar o seu próximo libro e este respondeulle: "Quiteime". Opina que a literatura

galega está converténdose "nun exército de desertores" e dá conta do xeito de despedida dalgúns escritores, como Alfredo Conde, Suso de Toro e Xosé Carlos Caneiro. Considera que os escritores e escritoras de literatura en galego padecen un "andacio de indiferencia de lectores". Finalmente, di que lle manca a marcha de Borrazás, mais que fica agradecido pola despedida "sen cartas abertas nin manifestos agrios nin boureos resentidos".

Labarta, Uxío, "Creador de Galicias, inventor de galegos", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Codex floriae", 12 xaneiro 2012, p. 17.

Menciona ideas e iniciativas de Isaac Díaz Pardo para construír e transformar Galicia e salienta que foi no seu obradoiro de Sargadelos onde realmente innovou, investigou e se formou.

Larrauri, Pedro, "Manuel Murguía y la instrumentación de Rosalía", *Atlántico Diario*, "Opinión", 26 febreiro 2012, p. 20.

Reflexiona sobre a sacralización de Rosalía de Castro como símbolo do pobo galego e ironiza sobre o feito de que falaba, escribía e lía en español.

Lezcano, Arturo, "Celso Emilio", *La Opinión*, "Opinión", "Soliloquios", 3 outubro 2012, p. 24.

Explica que algúns investigadores andan a procurar claves para entender mellor a vida e a obra Celso Emilio Ferreiro e apunta que isto debe servir para o "recoñecemento multixeracional dos bos entre todos nós". Relata que xa coñecía ao poeta dende neno. Salienta ademais os traballos de Ferreiro en certas actividades culturais e apunta que a última vez que se viron foi en Ferrol para facerlle unha entrevista para *Ferrol Diario.*

Liñares, Amancio, "Avelino Pousa Antelo. In Gallaeciae memoriam", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 agosto 2012, p. 31.

Indica que co falecemento de Avelino Pousa Antelo se perde un home que mantiña a memoria fértil do galeguismo histórico. Comenta os tres conceptos que conforman o eixo da súa vida: pedagoxía, agrarismo e galeguismo, máis que tamén se poden adobiar con "outras ideas-forza", como cooperativismo, humanismo, irmandade,... Entre outras cuestións, subliña que del aprendeuse que "temos futuro, temos mañá", en palabras do grupo Fuxan os Ventos.

Lizancos, Plácido, "Hoxe día da Patria Galega", *La Opinión*, "Opinión", 25 xullo 2012, p. 24.

Comeza o artigo reproducindo algúns fragmentos breves do que chama "biblia do galeguismo", que é *Sempre en Galiza,* de Alfonso Daniel Castelao. Recupera algúns episodios biográficos do intelectual e reflexiona sobre o idioma galego. Di que hai

tempo que está a esmorecer e que está entre as 6000 linguas que van camiño de desaparición nos próximos vinte anos. Ademais de dar a súa opinión sobre a actitude que hai que tomar ante o que son as linguas maternas, remata felicitando a Radio Oleiros que produce en galego as vinte e catro horas "seguramente con sacrificio crematístico", ao non ter subvencións nin publicidade.

Lombardero, Javier, "Galicia en estado puro", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Tirar do pau", 22 agosto 2012, p. 13.

Apunta que o falecemento de Avelino Pousa Antelo encheu de tristeza o corazón dos sarriaos, que puideron telo de mestre no seu tempo por ditas terras. Di que "vai no seu tempo", motivo que tras o seu "díficil periplo vital" é tamén unha alegría no día que se desvela o gran achado arqueolóxico na Cova Eirós das supostas primeiras pinturas paleolíticas de Galicia.

López Sierra, Carlos, "Lembrando a Isaac Díaz Pardo", *El Progreso*, "Sarria", 3 febreiro 2012, p. 15.

Ante a morte de Isaac Díaz Pardo, expresa que a asociación cultural Val de Láncara quere renderlle homenaxe de gratitude e admiración polo seu labor ao servizo de Galicia e a súa colaboración con esta entidade. Lembra que lle outorgaron o primeiro Premio Ramón Piñeiro López, Facer País, que convoca dita asociación, no ano 2001.

López-Silva, Inma, "Isaac", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 8 xaneiro 2012, p. 17.

Expresa palabras de homenaxe e de agradecemento a Isaac Díaz Pardo pola súa grandiosidade e humildade, co motivo do seu pasamento.

López-Silva, Inma, "Volver a Rosalía de Castro", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 2 marzo 2012, p. 17.

Imaxina como sería a vida de Rosalía de Castro se non morrese, cando se cumpren 175 anos do seu nacemento. Critica que non recibise ningunha grande homenaxe institucional nesta data e opina que sería interesante volver dedicarlle o Día das Letras Galegas.

López Silva, Inma, "¿Epílogo ou prólogo do CDG?", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 26 abril 2012, p. 16.

Ilustra que sentiu alivio ao ver que a Xunta encargaba a Manuel Guede a dirección do Centro Dramático Galego dado que el forma parte da "xente do teatro" e indícalle que debe devolverlle ao CDG o seu carácter institucional.

López Silva, Inma, "O 's' de Carlos e Sabela", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 19 xuño 2012, p. 19.

Alude a que Sabela, unha nena de dous anos, imaxina en galego a literatura escrita por Carlos Casares ao ver as cubertas dos libros e asegura que recoñece a letra 's' aínda sen saber ler.

López Silva, Inma, "Cabaleiro Vidal Bolaño", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 24 xuño 2012, p. 14.

Subliña que Roberto Vidal Bolaño representa o mellor teatro galego xamais escrito e recalca que se cumpriu xustiza ao lle dedicar o Día das Letras Galegas de 2013 a este "escritor noso e universal".

López Silva, Inma, "¿Reconversión das artes escénicas?", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 2 agosto 2012, p. 16.

Comeza indicando que os que están no poder teñen unha oportunidade para "demostrar intelixencia" especialmente no que se refire ao sector da cultura en Galicia. Di tamén que a xente que se dedica ao teatro non ten relación directa coa idiotez e apunta que por iso "de vez en cando protestan" ao falarlles de reconversión do sector. Neste senso, considera que hai alternativas que non custan cartos e apunta que o teatro e os espazos intelectuais, para os que nos gobernan, están entre "as cousas superfluas". Finalmente, defende que o poder para reconverter o teatro "non só é matalo, senón salvalo".

López Silva, Inma, "O mestre don Xesús", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 24 novembro 2012, p. 18.

Afirma que sempre estará en débeda con Xesús Alonso Montero e que con el aprendeu que ser intelectual e ser de esquerdas "son sinónimos", e que implica tamén saber comprometerse coa xustiza social. Comenta ademais que sempre tratará de lembrar as lecciónns súas que ían máis alá dos coñecementos, porque el ensinou "a corrixir esa tendencia covarde dos que mandan".

López-Silva, Xosé Antonio, "Catolicismo e Cunqueiro", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Tribuna libre", 1 abril 2012, p. 22.

Deféndese con datos e argumentos das críticas que Xosé María Díaz lle realizou a este autor nun medio xornalístico por un estudo sobre as publicacións de Álvaro Cunqueiro na revista *Catolicismo*.

Lorenzo Suárez, Anxo M., "Un construtor do ben común", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Na morte de Isaac Díaz Pardo", 6 xaneiro 2012, p. 21.

Sinala que recibiu a nova do pasamento de Isaac Díaz Pardo nas horas previas á súa toma de posesión como Secretario Xeral de Cultura e, a continuación, exalta a súa figura pola contribución que fixo á cultura galega e móstralle o seu agradecemento por este motivo.

Loureiro, Ramón, "A Dios, por Luz", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 494, "Velut umbra", 24 novembro 2012, p. 5.

Di que no último libro de Manuel Rivas, *As voces baixas,* hai un fragmento que o fai emocionar: aquel no que se lembran os anos do instituto. Nel recorda que Rivas falaba dunha profesora que se conmovía ao falarlles ao alumnado dos cantos homéricos. Logo de indicar que esta mestra era a recoñecida poeta, Luz Pozo Garza, loa a súa persoa, afirmando que a Deus, hai que darlle sempre as grazas pola escritora.

Loureiro, Ramón, "Trasalba", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 496, "Velut umbra", 8 decembro 2012, p. 9.

Comeza referíndose ás visitas que José María López Ramón lle facía nos últimos días de vida ao escritor Ramón Otero Pedrayo, quen pedía que o tránsito por este mundo acabase o antes posíbel. Aproveita a ocasión para comentar que a Basilio Losada veñen de concederlle o premio Otero Pedrayo, en recoñecemento a unha vida enteira, e lembra unha anécdota que lles ocorreu a ambos en Birmingham.

Lourenzo, Manuel, "Presenza de Vidal Bolaño", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 22 xuño 2012, p. 7.

Detalla que hoxe se decide o persoeiro ao que en 2013 se lle dedicará o Día das Letras Galegas e aposta polo dramaturgo Roberto Vidal Bolaño. A seguir realiza un repaso pola súa obra e explica que esta efeméride terá como principais beneficiarios a súa obra e "a nós, a tropa do País".

Luaces, Antón, "Isaac de soños cheos", *La Opinión*, "Cultura", 9 xaneiro 2012, p. 42.

Ante a morte de Isaac Díaz Pardo, destaca, con palabras de encomio, a súa agudeza mental e o lugar de honra que ocupará na memoria de Galicia.

Martín, Paco, "Libros e gatos", *El Progreso*, "Opinión", "Auga lizgaira", 21 maio 2012, p. 21.

Indica que a Feira do Libro de Lugo coincidiu coa celebración do Día das Letras Galegas e informa de que Antonio Reigosa moveu no seu pregón a literatura "polos vieiros da actualidade social e política".

Martín, Paco, "O mestre dos que labraron a terra", *El Progreso*, "Vivir", 21 agosto 2012, p. 42.

Considera que Avelino Pousa Antelo pertence á "caste admirable" dos mestres de escola que levaron á vista a "conciencia cumprida do transcendente da súa misión" e di que o mestre soubo vivir anos coa "testa ergueita" de dignidade e o espírito valente. Remata dicindo que non podemos choralo "máis que desde o fondo luminoso das lembranzas".

Martínez Cobas, Xabier, "Mestre de mestres", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 26 abril 2012, p. 42.

Detalla que o intelectual Xaime Isla Couto foi un intelectual con sólida formación humanística que estivo comprometido coa realidade do seu tempo e mais co cristianismo.

Martínez Delgado, Ana Belén, "Home pequeno, fol de veleno", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 450, "En portada", 14 xaneiro 2012, pp. 2-3.

Fala da súa experiencia de traballo na Galería Sargadelos do Castro para eloxiar a personalidade, o trato e a filosofía de Isaac Díaz Pardo e da súa empresa.

Mato, M., "Méndez Ferrín: 'Tíñalle moito aprecio; foi a persoa máis xenerosa que coñecín", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 26 abril 2012, pp. 42-43.

Recóllense as reaccións de Víctor Freixanes, Benxamín Casal, Manuel Bragado, Alfonso Paz Andrade, Salvador G. Bolaño, Ramón Villares e mais de Bieito Ledo perante o óbito de Xaime Isla Couto.

Meilán Gil, José Luis, "Humanidad de Isaac", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 12 xaneiro 2012, p. 17.

Fala do seu libro en homenaxe a Isaac Díaz Pardo, *Humanidad de Isaac* e reivindica o mecenado editorial que o escritor lle proporcionou no libro *Galicia, siempre* e, finalmente, recórdao co seu peculiar humor e como "corazón aberto a toda palabra amiga".

Mejuto,Vítor, "Utopía", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 450, "En portada", "El tomavistas", 14 xaneiro 2012, pp. 4-5.

Valora a vida profesional e persoal de Isaac Díaz Pardo. Salienta que o intelectual perseguiu sen éxito unha utopía baseada na realimentación da cultura grazas aos beneficios obtidos dos seus proxectos empresariais.

Méndez Ferrín, X. L., "Noites en branco como sabas húmidas", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", n.º 739, "No fondo dos espellos", 7 xaneiro 2012, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 359, "No fondo dos espellos", 14 xaneiro 2012, contracuberta.

Lémbrase como Reimundo Patiño lle facía chegar exemplares de *Loia* e de como descubriu a Lois Pereiro a través das revistas *La Naval* e *Luzes*. Coméntase o feito de que un autor "lido e admirado, se cadra por poucos pro doctos" pasase a ser notorio por aclamación popular.

Méndez Fonte, Rosa, "Cabaleiro de Galicia", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "Testemuños", 6 xaneiro 2012, p. 13.

Fálase da vida de Isaac Díaz Pardo, persoa importante en Galicia polos numerosos premios obtidos grazas á súa escritura. Tamén se resalta a súa boa fe, o seu saber estar coa xente. Todo o artigo está escrito a modo de carta, sabendo que nunca se obterá unha resposta, posto que, como se di nas primeiras liñas, Isaac Díaz Pardo faleceu.

Mera, Manuel, "Alexandre Bóveda, ourensán exemplar", *La Región*, "Opinión", 14 agosto 2012, p. 24.

Refírese aos acontecementos do fusilamento de Alexandre Bóveda Iglesias, comentando que a data do seu falecemento, conmemora o Día da Galiza Martir. Fai repaso da súa vida e comenta que o seu papel na organización do Partido Galeguista, unido á súa actitude exemplar, fixo del unha "figura sobranceira".

Miguélez Carballeira, Helena, "O outro tabú sobre Carvalho Calero", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 marzo 2012, p. 11.

Explícase, a través de longos e fundamentados argumentos, o porqué da figura de Ricardo Carvalho Calero como tabú. Sinálase que acotío, cando se menciona o seu nome en actos académicos ou semellantes, non se dan explicacións disto e ofrece os seus argumentos.

Miguélez Carballeira, Helena, "A crítica 'carvalhocaleriana", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 30 marzo 2012, p. 10.

Continúa o debate sobre a figura de Ricardo Carvalho Calero que se produciu neste medio xornalístico entre a autora deste artigo e María Pilar García Negro, onde discuten principalmente o tratamento das mulleres, especialmente das escritoras, por parte do estudoso e escritor.

Miragaya, Carlos, "A derradeira ponte", *Diario de Arousa*, "Opinión", "A fondo perdido", 6 xaneiro 2012, p. 35/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", "A fondo perdido", 6 xaneiro 2012, p. 24.

A partir da morte de Isaac Díaz Pardo, reflexiona sobre a palabra "pasamento" e a transcendencia da morte.

Molina, César Antonio, "Prestigio de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 6 xaneiro 2012, p. 21.

Coméntase o gran labor cultural de Isaac Díaz Pardo, tanto dentro como fóra do territorio galego, así como o seu traballo para encher Galicia de prestixio a nivel mundial e ofrecer ao exterior o grande acervo cultural que esta terra presenta, incluso nos momentos históricos máis difíciles.

Neira Vilas, Xosé,"Issac", *El Correo Gallego*, "Opinión", 8 xaneiro 2012, p. 2.

Dedica unhas palabras sobre Isaac Díaz Pardo debido ao seu falecemento. Recorda os seus encontros e di que era un gran mestre, compañeiro e amigo. Tamén sinala que era loitador, sabio, un exemplo de amor a Galicia e un defensor da xustiza, que deixou pegada tanto no corazón como na memoria da xente.

Neira Vilas, Xosé, "Viaxe á Pobra de Trives", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 15 xaneiro 2012, p. 2.

Relata a súa viaxe a Trives para participar nun acto de conmemoración do 50 aniversario de *Memorias de un neno labrego*. Describe o evento e agradece á organización a súa realización.

Neira Vilas, Xosé, "Poderoso cabaleiro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 29 xaneiro 2012, p. 2.

Menciona unha peza teatral de Isaac Díaz Pardo que trata o tema do poder do diñeiro e lembra que el mesmo abordou este asunto na súa obra *A Muller de ferro* (1969) e explica algunhas das metáforas que empregou na súa escrita.

Neira Vilas, Xosé, "De Cienfuegos a Granada", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 26 febreiro 2012, p. 2.

Fala da súa tradución ao castelán dos seis poemas galegos de Federico García Lorca e comenta a posibilidade da colaboración de Eduardo Blanco Amor na súa elaboración.

Neira Vilas, Xosé, "Vilanova en Buenos Aires", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 4 marzo 2012, p. 2.

Asegura que coñeceu a Alberto Vilanova no Centro Ourensán de Bos Aires e a seguir realiza unha aproximación á súa vida subliñando que era republicano e mais que retornou frustrado despois da emigración ao seu Ourense natal.

Neira Vilas, Xosé, "Poeta, editor, xornalista", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 22 abril 2012, p. 2.

Refírese a Miguel Anxo Fernán-Vello como un grande escritor e subliña a súa faceta como editor, nomeadamente coa editorial Espiral Maior, da que recalca que leva "vinte fecundos anos" de vida.

Neira Vilas, Xosé, "A Escola de Canteiros", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 27 maio 2012, p. 2.

Informa de que a estatua da figura de Balbino, que se inaugurou en Lalín, saíu da Escola de Canteiros de Pontevedra, en Poio, e comenta a importancia desta escola.

Neira Vilas, Xosé, "Castelao, político", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 1 xullo 2012, p. 2.

Considera a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao como un home de conduta rectilínea que desexaba o mellor para o seu país, que rexeitaba toda inxustiza e toda opresión, nacional, política e social e xulga que foi "un político honrado".

Neira Vilas, Xosé, "O teatro como medioeducativo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 5 agosto 2012, p. 2.

Comeza apuntando que dende a Real Academia Galega acordaron dedicarlle o Día das Letras Galegas 2013 a Roberto Vidal Bolaño. A continuación, sinala algúns movementos teatrais de Cuba, México ou Bos Aires, e opina que as ideas e a obra do dramaturgo debe servir para "intensificar a actividade teatral". Considera que ao teatro, especialmente ao afeccionado, hai que axudalo porque é unha "necesidade". Para rematar, lembra o grupo que xunto con outros mozos e mozas da súa comarca botou a andar en 1945, representando pezas en lingua galega.

Neira Vilas, Xosé, "Avelino", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 2 setembro 2012, p. 2.

Considera que Avelino Pousa Antelo tivo unha "longa e frutífera" existencia. Aproveita a noticia do seu falecemento para retrotraerse ao tempo no que se coñeceron e lémbrao vencellado ao movemento agrarista. Opina que os seus traballos sobre cooperativismo no campo galego e as escolas rurais foron importantes. Concretamente, indica que o libro colectivo *A Galicia rural na encrucillada,* no que aparecía un texto "moi esclarecedor" de Pousa Antelo. Finalmente, apunta que representaba a xeración "que se nos foi con el", e defíneo como un home de pensamento e de acción.

Neira Vilas, Xosé, "Un músico esquecido", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 16 setembro 2012, p. 2.

Considera que se fai xustiza ao lembrar a figura de Xesús Bal y Gay, a vinte anos da súa morte. Repasa as actividades profesionais máis destacadas da súa vida, como é a recollida de materiais para a publicación do seu cancioneiro galego ou a música que creou para os poemas de Amado Carballo.

Neira Vilas, Xosé, "Contrabando de libros", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 30 setembro 2012, p. 2.

Refírese ao contrabando de libros e de prensa, concretamente no tempo do franquismo en España. Lémbrase que Basilio Losada lle contou como transladaba a Barcelona obras publicadas en Francia. Apúntase que el mesmo enviou a Galicia exemplares de revistas en galego editadas en América ou do *Sempre en Galiza,* de Castelao, entre outros exemplares. Indícase que co envío de obras de autores clásicos de marxismo, unha vez que chegaban a Galicia, os mozos reuníanse nun monte para a súa distribución.

Neira Vilas, Xosé, "Koki, académico", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 7 outubro 2012, p. 2.

Infórmase da carta que en 1990 recibiu de Francisco Álvarez, coñecido como *Koki,* emigrante da Guarda afincada en Nova York en 1984. Faise un bosquexo biográfico del e infórmase que vén de ser elixido membro da Academia Norteamericana da Lingua Española. Apúntase que é o embaixador "da nosa provincia e de Galicia toda", polo que a literatura galega ten "nel un eficaz representante na cosmópole norteña".

Neira Vilas, Xosé, "Encontro literario", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 14 outubro 2012, p. 2.

Conta a visita que realizou á residencia de anciáns de Vila de Cruces no que se deu lectura, a razón de un capítulo por día, da súa novela *Memorias dun neno labrego.* Indica que foi para conversar sobre o contido do libro, sobre os costumes que eles viviron na súa infancia e adolescencia, mais que lle resultou "curioso" atopar xente que foran emigrantes retornados coma el. Refire ademais, a propósito das lecturas colectivas, aos "lectores de tabaquería" aínda vixentes en Cuba. Remata dicindo que esta visita foi un "estimulante encontro".

Neira Vilas, Xosé, "Paco Lareo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 21 outubro 2012, p. 2.

Faise eco da morte do seu amigo Paco Lareo, considerando que o país perdeu un "artista e un eficaz dinamizador cultural". Ofrécense algúns apuntamentos biográficos do finado, destacando a cita anual dos encontros literarios e/ou artísticos organizados en Piloño (Vila de Cruces), onde ademais se homenaxeaba a unha personalidade galega cada mes de xullo. Dise que ante todo "era un home de ben".

Neira Vilas, Xosé, "Xusto recoñecemento", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 11 novembro 2012, p. 2.

Considera que o nomeamento de fillo adoptivo do concello de Ribadavia ao seu amigo Alonso Montero é un "xusto recoñecemento". Di que a súa amizade ten xa máis de cincuenta anos e que teñen en común "moitas coincidencias ideolóxicas, culturais e literarias". Sinala que non foi até 1972 cando se coñeceron persoalmente e que foi a partir da súa instalación definitiva en Galicia, xunto con Anisia e en 1992, cando tomaron máis contacto.

Neira Vilas, Xosé, "Centenario da boda de Castelao", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 18 novembro 2012, p. 2.

Informa que na Estrada teñen un roteiro ao redor da figura de Castelao e dá a coñecer algúns lugares polos que o escritor ten pasado para ir ao encontro coa daquela moza, Virxinia Pereira. Sobre a muller do intelectual apunta que en Buenos Aires foron moitas as visitas nas que tivo ocasión de conversar con ela, quen conservaba "certo aire de discreto señorío". Recorda ademais á voda de ambos e sinala que se celebra agora o seu centenario "daquel perpetuo amor".

Neira Vilas, Xosé, "O Centro Galego de Buenos Aires", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 25 novembro 2012, p. 2.

Repasa algúns datos sobre o Centro Galego de Bos Aires, fundado o 2 de maio de 1907. Destaca algunhas cuestións, como a publicación da revista mensual que tivo entre os seus directores a Blanco Amor ou Luís Seoane, o grande número de volumes da súa biblioteca ou o lugar onde xermolou a idea das Mocedades Galeguistas. Neste senso, fai eco da noticia pola que se informa que a entidade está agora en quebra, sendo intervida polo Goberno. Define a información como unha "mala noticia" pero di que é benvida "se eso conduce a mellorar a atención sanitaria dos emigrantes".

Neira Vilas, Xosé, "Por que e para quen escribimos", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 2 decembro 2012, p. 2.

Comeza apuntando que el escribe porque escribe en galego, e a seguir, reflexiona sobre a escrita, nomeando a outros escritores, como Eduardo Galeano, Onetti ou Otero Pedrayo. Sobre este último lembra que en Bos Aires lle falaba dos silencios de Rafael Dieste e de Manuel Antonio. Finalmente di, seguindo as palabras de Onetti, que é mellor estar calado se non temos nada mellor que o silencio, e "non só cando escribimos".

Neira Vilas, Xosé, "Cleudene sempre", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Arco iris", 16 decembro 2012, p. 2.

Sinala que recibiu a edición brasileira do libro *Rachel de Queiroz e Xosé Neira Vilas. Vidas feitas de terras e palabras,* de Cleudene de Oliveira Aragão, autora que vén de recibir con este libro o Premio Osmundo Montes na categoría de ensaio. Realiza unha presentación da escritora e afirma que malia ter lido outras obras sobre o tema, "ningunha me engaiolara tanto como este". A modo de agradecemento, felicítaa tamén polo premio deste ensaio de literatura comparada.

Nicolás, Ramón, "A voz indignada e clarividente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 xaneiro 2012, p. 43.

Rememora e enxalza a figura de Celso Emilio Ferreiro e comenta os seus desencontros coa colectividade galega emigrada. Sinala que abordou este asunto en *Viaxe ao país dos ananos.* Tamén menciona a indignación que manifestan os poemas de *Longa noite de pedra*.

Nogueira, María Xesús, "Dous gravados", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Un falar", p. 23/ *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", p. 19, 7 xaneiro 2012.

Expresa un gran respecto e admiración por Isaac Díaz Pardo a nivel persoal e académico. Destaca a súa modestia e realiza un repaso polos tempos que lle tocou vivir.

Nogueira, María Xesús, "Guantána-no", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Un falar"/ *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 14 xaneiro 2012, p. 23.

Menciona que recibiu unha chapa co lema "Guantána-no", editada pola asociación "Corporación Semiótica Galega", impulsada por Lois Magariños, que trata de impulsar a poesía visual en Galicia.

Nogueira, María Xesús, "A vinganza dunha man mortal", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Un falar", p. 23/ *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", p. 29, 4 febreiro 2012.

Comenta que a concesión do premio Nobel de literatura á polaca Wislawa Szymbroska deu a coñecer esta escritora e a súa obra ao resto do mundo. Salienta que Edicións Positivas incorporou ao seu catálogo *Versos escollidos*, desta autora, para contribuír á biblioteca universal de letras vertidas ao galego.

Nogueira, María Xesús, "Rosalía hoxe", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Un falar", p. 29/ *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", p. 23, 25 febreiro 2012.

Coméntase a presenza de Rosalía de Castro nas redes sociais no aniversario do seu nacemento e explícase a súa actualidade polo forte valor identitario que posúen algúns dos seus textos e mais a universalidade da súa temática, que repara en preocupacións individuais e sociais.

Nogueira, María Xesús, "Luísa Villalta", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Un falar", p. 25/ *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", p. 29, 10 marzo 2012.

Rememora o oitavo aniversario da morte de Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004), acusa as institucións de desmemoria e repasa a produción literaria desta escritora coruñesa, centrándose principalmente no libro de poemas *Papagaio* (2006).

Nogueira, María Xesús, "Cunqueiro e os seus tópicos", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Un falar", p. 25/ *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", p. 29, 24 marzo 2012.

Informa da publicación da antoloxía *De santos e milagros*, que compila máis dun cento de artigos de temática haxiográfica e mais sete contos inéditos da autoría de Álvaro Cunqueiro e salienta que o autor mindoniense amosa a parte máis agradábel da vida en todos os ámbitos.

Nogueira, María Xesús, "O Domingo das Mozas", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 6 outubro 2012, p. 31.

Lembra que Cunqueiro consideraba o Domingo das Mozas a festa máis fermosa do outono galego, afirmando que ao escritor mindoniense lle gustaba imaxinar ao trobador Fernando Esquío viaxar de Santiago a Lugo para participar nesta festa. Aproveita a ocasión para lembrar o volume que publicou baixo o título *Viaje a Lugo. Páginas sobre la ciudad.,* sobre textos de Cunqueiro ao redor da cidade romana. Salienta del a curiosidade de conter o discurso de apertura do Bimilenario pronunciado polo escritor en outono de 1975.

Nogueira, María Xesús, "Varados no mar escuro", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 23/ *El Progreso*, "Opinión", p. 35, "Un falar", 17 novembro 2012.

Escolle un verso emprestado da autoría de Ana Romaní, que leu unha xornalista do Diario Cultural da Radio Galega en relación ao suceso do Prestige. Lembra a solidariedade que o mundo cultural galego mostrou ante a traxedia, que deu como froito tres volumes aparecidos en 2003. Di que estes e outros poemas soltos publicados con posterioridade "ben poderían formar parte dun ciclo do Prestige" ou dun discurso social en denuncia dos atentados ecolóxicos que segue sufrindo o país. Considera que actualmente non foron moitas as lembranzas da traxedia e que isto posibelmente se deba a que falta "perspectiva temporal, documentación e liberdade" para dar unha versión de conxunto rigorosa.

Nogueira, María Xesús, "O humanista do Ribeiro", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Un falar", p. 27/ *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", p.33, 24 novembro 2012.

Faise eco da homenaxe a Xesús Alonso Montero pola que o Concello de Ribadavia noméao Fillo Adoptivo. Repara en que "mal sabería" procurar unha fórmula de tratamento que o acompañe, entre as que está a de "escritor", "lector", "investigador", "orador" ou "profesor". Dise que malia estes perfís, ningún lle fai xustiza porque é unha figura poliédrica. Aclárase que non foi alumna nin discípula del no ámbito da investigación e que estas circunstancias proporciónanlle "obxectividade", destacando ademais o compromiso cuns principios éticos, coa lingua e a cultura galegas, así como a súa curiosidade infinda.

Nogueira, María Xesús, "Recantos e recontos", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 29 decembro 2012, p. 31.

Repara en que nestas épocas do ano xa é un "clásico" facer recontos ee balances. Entre outras cuestións, indica que este ano tivo o pracer de participar no programa conducido por Ana Romaní, *O Diario Cultural,* da Radio Galega, no que xunto con outras persoas de diferentes arte, realiza un comentario crítico semanalmente. Reflexiona sobre as tendencias do rumbo que está a coller a cultura neste contexto económico adversos, considerando que aínda que algúns modelos de cultura non son novos, semellan buscar maior proximidade ao público e, sobre todo, "maior sustentabilidade".

Noguerol, Xaime, "Dolores viejos", *La Región*, "Ourense", "El ángulo inverso", 16 setembro 2012, p. 9.

Conta unha anécdota que xurdiu nunha libraría estando na compañía dun amigo seu: entraron dúas persoas pedindo un libro de Rosalía e cando o libreiro lles trouxo *Follas Novas,* o seu amigo proferiu unhas palabras nas que desaconsellaba a lectura da obra rosaliá. Noguerol di que amosou o seu desacordo, argumentando o contrario do seu amigo. Remata apuntando que a discusión no lugar foise rematando ao entrar máis persoas á tenda.

Noguerol, Xaime, "Cuernos de vaca", *La Región*, "Ourense", "El ángulo inverso", 30 setembro 2012, p. 14.

Refírese a unha tertulia na que estivo presente e onde se falou de Celso Emilio Ferreiro. Comenta, entre outras cuestións, que alí estaba presente o escultor Acisclo Manzano e o poeta Víctor Campio. Apúntase que só estivo co poeta unha vez, en Madrid e na década dos setenta. Detense contando outras anécdotas que lle sucederon a Celso Emilio con algunha xente.

Nogueira, Martiño, "Avelino", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Na súa memoria", p. 41/ "Avelino (A Baña 1914-Teo 2012)", *El País*, "*Galicia*", p. 5, 21 agosto 2012.

Texto do alcalde de Teo á memoria de Avelino Pousa Antelo, que comeza recordando que foi o ano 2007 cando o concello decidiu nomealo Fillo Adoptivo. Descríbese as súas calidades e virtudes e salienta que puxeron o nome do concello ao seu carón

“entrando na historia dos que apostan por riba de todo por acompañarse da boa xente”, destacando tamén o seu ideal irmandiño de fraternidade e de compromiso co país.

Ocampo, Gonzalo, “Recuerdo de Carlos Casares”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “El retrovisor”, 13 marzo 2012, p. 17.

Lembra que Carlos Casares foi o encargado de abrir no ano 1985 as “Jornadas Gallegas de Seguridad Vial” e de explicar os modos de comportamento das persoas e o xogo de accións e reaccións fronte ao automóbil.

Otero, David, “No oito de setembro día de Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 6 setembro 2012, p. 29.

Dá conta dos actos que se levarán a cabo para lle render homenaxe ao poeta Manuel María en Outeiro de Rei e nos arredores. Di que estarán presentes como mostra de fidelidade plena ao noso referente de ben e homía, de nación”, xentes como Marica Campo, Pilar García Negro, Tareixa Campo, Mini e Mero, Paco Martín, entre outros. Finalmente, considera que esta celebración se suma aos “moitos que debemos celebrar para facermos pobo e patria”.

Otero, David, “Un Ciclo de Valor (A Estrada-Forcarei-Cerdedo) (I)”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 11 outubro 2012, p. 26.

Comeza apuntando que este ano, coincidindo co centenario do nacemento de Antonio R. Fraíz, a Fundación do Pedrón de Ouro xunto co concello de Cerdedo, celebrarán a 38º edición do Certame Nacional de Narracións Curtas “Modesto R. Figueiredo”. Aproveita a ocasión para facer un resumo da historia deste certame, deténdose na súa primeira celebración en 1976.

Pavón, Lalo, “Galicia como norte”, *Atlántico Diario*, “Galicia”, “O afiador”, p. 29/ *La Región*, “Galicia”, “O afiador”, p. 28, 6 xaneiro 2012.

Fálase do finado Isaac Díaz Pardo e destácase o seu carácter polifacético a prol da causa galega.

Pavón, Lalo, “Celso Emilio Ferreiro”, *La Región*, “Buenos días”, “O afiador”, 10 xuño 2012, p. 15.

Explica que Celanova acolleu, co gallo do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro, unha sesión extraordinaria da Real Academia Galega. Asegura que a figura deste poeta celanovés está moito máis agrandada hoxe en día que cando morreu e considera que, ao igual que Manuel Curros Enríquez, foi un poeta eminentemente popular.

Paz, Tereixa, “Avelino Pousa Antelo, lección de vida”, *La Región*, “Opinión”, 22 agosto 2012, p. 25.

Di que tivo a honra de coñecer en persoa a Avelino Pousa Antelo cando fixera os noventa anos de idade. Salienta algunhas das súas calidades, como a conxugación da “educación, formación e agro como instrumento para o avance social e económico de Galiza”. Loa o seu empeño por manter vivo o legado do nacionalismo galego histórico, especialmente o corpo teórico político e ideolóxico elaborado por Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, apuntando que el non o entendeu “nunca confinado en museos ou en andeis de bibliotecas”.

Pena, Xosé Ramón, “Isaac, Xeración”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 39/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 53, “De Bolina”, 6 xaneiro 2012.

A partir da nova da morte de Isaac Díaz Pardo, sinala que este intelectual pertence á estirpe ou á xeración de personalidades tan importantes para o país galego como Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Manuel Murguía, Adolfo Daniel Rodríguez Castelao ou Celso Emilio Ferreiro.

Pena, Xosé Ramón, “Tempo de Alonso Montero”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 19 novembro 2012, p. 28.

A propósito do acto institucional polo cal que se nomea Fillo Adoptivo do Concello de Ribadavia a Xesús Alonso Montero, ofrece a súa visión dunha “das personalidades máis relevantes” da literatura galega “da segunda metade do século XX e do novo milenio”. Comenta que malia non ter sido alumno seu, tivo a fortuna de asistir por aquel entón a unha conferencia súa. Explica que é un home que “viviu moitas polémicas”, que entende lóxicas por soster “opinións contundentes”. Finalmente, acaba contando unha anécdota que ocorreu cando el defendeu a tese (sobre Manuel Antonio), estando no tribunal o propio Alonso Montero, que nunca se “declarara un entusiasta” pola obra do rianxeiro.

Penas, Ánxeles, “A conciencia de Galicia”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Crítica de arte”, 14 xaneiro 2012, p. 25.

Co motivo do seu pasamento, loa a figura de Isaac Díaz Pardo, a quen considera un mestre.

Pereiro, Xosé Manuel, “O noso Steve Jobs”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “Si home si”, 7 xaneiro 2012, p. 36.

Salienta a personalidade vangardista e exitosa de Isaac Díaz Pardo e compara os logros da súa cerámica de Sargadelos, símbolo de modernidade dos anos setenta e oitenta, cos do fundador de Apple.

Pérez-Lema, Xoán Antón, "O erro de Luis De Guindos", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis"/ *El Progreso*, "Opinión", "Cadernos da viaxe", 14 xaneiro 2012, p. 23.

Coméntase a "incultura" dalgúns políticos, que intentan promulgar leis que son anticonstitucionais, como no caso de Luís de Guindos, e, por último, saliéntase o labor de Isaac Díaz Pardo.

Picallo, Héitor, "Amar o galego é amar a humanidade", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", 17 xuño 2012, p. 31.

Comenta que a historia de Galicia e da súa literatura, ten pasado por bos e maos momentos, mais que lle resulta frustrante ver como hoxe en día están a desaparecer os principais suplementos xornalísticos en lingua galega e denuncia o peche de cabeceiras como *A Nosa Terra* ou *Galicia Hoxe*. A pesar disto asegura que a literatura galega conta con poesía de moi alto nivel, así como excelentes ensaios, novelas ou editoriais que "transcenden os lindes xeográficos do noso país".

Piñeiro, Antonio, "Mentiras e verdades sobre Celso Emilio Ferreiro", *La Región*, "Opinión", "Ourensalia", 10 marzo 2012, p. 24.

Coméntase un erro cometido nun debate na mesa de cultura do Congreso dos Deputados pola deputada ourensá, Laura Seara. Esta afirmou que Celso Emilio Ferreiro militou no Partido Galeguista e no Partido Socialista en Pontevedra, cando, segundo o autor, non existe documentación de tal acontecemento.

Piñeiro, Antonio, "A mellor homenaxe: a verdade", *La Región*, "Opinión", "Ourensalia", 13 marzo 2012, p. 23

Coméntase que despois de escribir o artigo "Mentiras e verdades sobre Celso Emilio Ferreiro", o fillo deste envioulle un carné no que se observa que Celso Emilio só estivo afiliado o Partido Socialista Obrero Español tres meses da súa vida e nunca foi candidato.

Piñeiro, Antonio, "Celso Emilio, a UPG e outras militancias", *La Región*, "Opinión", "Ourensalia", 15 marzo 2012, p. 26

Repasa a traxectoria política de Celso Emilio Ferreiro, dende a súa militancia nas Mocedades Galeguistas, na Unión do Pobo Galego ou no PSG de Xosé Manuel Beiras, até a súa afiliación ao Partido Socialista Obrero Español.

Piñeiro, Antonio, "Picasso e Celso Emilio", *La Región*, "Opinión", "Ourensalia", 24 maio 2012, p. 26.

Indica que ten no seu poder unha primeira edición de *Longa noite de pedra*, que saíu do prelo o 15 de outubro de 1962, mais láiase de que non sexa un dos setenta e cinco primeiros libros desta tiraxe, que contan con pinturas de Miró e de Picasso.

Piñeiro, Antonio, "Unha peza literaria", *La Región*, "Opinión", "Ourensalia", 9 xuño 2012, p. 28.

Informa de que a partir do 9 de xuño de 2012 o número 25 da rúa Curros Enríquez da vila de Celanova contará cunha placa na que se indica que alí naceu Celso Emilio Ferreiro.

Piñeiro, Antonio, "50 anos da longa noite", *La Región*, "Opinión", "Ourensalia", 16 outubro 2012, p. 22.

Lembra o cincuenta aniversario da publicación de *Longa noite de pedra,* de Celso Emilio Ferreiro, reparando nalgún do seu contido, como a frase "lapidaria de cabeceira" da autoría de Salvatore Quasimodo ou o propio título "un verdadeiro símbolo". Opina que o autor estaría hoxe emocionado "ó ver cómo ducias e ducios de nenos e nenas de Galicia" andan á procura dos seus poemas "fitando cara os escaparates dos comercios de Celanova".

Pousa, Luís, "O xigante máis pequeno", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 xaneiro 2012, p. 46.

Realiza un retrato de Isaac Díaz Pardo, de quen menciona que se autodefinía como conservador libertario. Salienta a importancia da colección "Documentos para a historia contemporánea de Galicia", que creou no selo Ediciós do Castro e recolle as palabras de Valentín Paz Andrade: "Nunca coñecín a un xigante tan pequeño".

Pousa, Luís, "A caligrafía dos soños", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 febreiro 2012, p. 44.

Co gallo do aniversario dos 175 anos do nacemento de Rosalía de Castro, lembra que se esta escritora continúa a ser lida é porque escribía coa tinta do seu propio sangue, como fan, segundo o autor, as escritoras e os escritores universais.

Pousa, Luís, "Paradoxos no país das palabras", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 abril 2012, p. 43.

Explica que a pesar de ser Galicia un país de palabras a institución que custodia a lingua galega, a Real Academia Galega, contará cun 61,9% menos na asignación nos orzamentos que o Estado español lle concede para 2012.

Pousa, Luís, "Ao cabo, a xustiza poética", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Farrapos de gaita", 29 abril 2012, p. 44.

Gábase de que o Goberno central rectifique e lle asigne á Real Academia Galega trescentos mil euros máis na partida que lle corresponde a esta institución nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Pozo Garza, Luz, "Mariano Tudela: unha vida de literatura", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Tribuna", 11 xuño 2012, p. 18.

Comenta a obra literaria e xornalística de Mariano Tudela, de quen destaca que colaborou na creación en Madrid da Asociación Cultural Iberoamericana, mediante a que se abriu unha importante xanela para Galicia.

Pozo Garza, Luz, "A Manuel Neira, poeta", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Liña aberta", 17 agosto 2012, p. 13.

Diríxese a Manuel Neira, dicíndolle que non pode estar triste e animándoo a seguir a liberdade do subconsciente. Reproduce uns versos seus do seu primeiro poemario e remata dicindo que el soña como poeta.

Recuero Astray, Manuel, "Isaac Díaz Pardo", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Universitas", 12 febreiro 2012, p. 17.

Tras a morte do artista galego Isaac Díaz Pardo, Manuel Recuero Astray escribe un artigo na súa honra, no que explica como coñeceu ao pintor nun acto celebrado en Ferrol e algúns dos posteriores encontros que mantiveron.

Rego Nieto, Manuel, "Eduardo Blanco Amor", *La Región,* "Opinión", 4 xaneiro 2012, p. 26.

Relata algunhas anécdotas da vida de Eduardo Blanco Amor en Ourense despois do seu regreso de Arxentina e salienta que o escritor non se sentía suficientemente recoñecido.

Rego Nieto, Manuel, "Don Xesús Ferro Couselo", *La Región,* "Opinión", 10 xaneiro 2012, p. 23.

Fálase de don Xesús Ferro Couselo, do que se di que era un mestre sabio e cun gran corazón. Sinálase que foi un dos cofundadores da iniciativa "Posío, Arte e Letras", colaborador na revista *Galaxia* e dirixiu o Museo Arqueolóxico. Por último, infórmase de que morreu no ano 1975 e que se escribiron varias biografías sobre el.

Reigosa, Carlos G., "Autocrítica", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 449, "A outra mirada", "Vagalume", 7 xaneiro 2012, p. 11.

Promóvese a autocrítica na cultura galega para que esta cultura medre. Coméntase que o feito e defender un texto unicamente por estar escrito en galego é un comportamento erróneo que precisa de autocrítica para converter o idioma galego nun instrumento de estímulo creativo e demostrar, deste xeito, o talento requirido.

Reigosa, Carlos G., "Díaz Pardo", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 451, "A outra mirada", "Vagalume", 21 xaneiro 2012, p. 11.

Considera que coa morte de Isaac Díaz Pardo Galicia perdeu o máis firme defensor da memoria histórica.

Reigosa, Carlos G., "Pousa Antelo", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 454, "A outra mirada", "Vagalume", 11 febreiro 2012, p. 11.

Fala da vida e do posicionamento político de Avelino Pousa Antelo, a quen coñeceu ao redor do ano 1980 en Santiago de Compostela.

Reigosa, Carlos G., "Leopoldo Nóvoa", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 460, "A outra mirada", "Vagalume", 24 marzo 2012, p. 11.

Salienta as virtudes do pintor Leopoldo Nóvoa e sinala que foi un galego exiliado en Arxentina, xunto a Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane, Lorenzo Varela e moitos outros.

Reigosa, Carlos G., "A prosa de C. Emilio", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 477, "Letras en galego", "Vagalume", 28 xullo 2012, p. 11.

Comenta que lle resultou "boa a idea" de Barreiro Rivas e Paz Galego de dedicarlle un curso da Universidad Internacional Menéndez Pelayo a Celso Emilio Ferreiro. Dá conta das persoas que alí se deron cita e comenta que houbo algunhas conclusións compartidas relevantes, como a de recompilar a obra periodística do celanovés. A este respecto, salienta o libro *Semblanzas, crónicas e artigos* (2004) de Ramón Nicolás, do que di que é un "bo exemplo" do dito anteriormente. Para finalizar, comenta as palabras (que tamén reproduce) que Camilo José Cela escribiu sobre o significado da obra do poeta á súa morte.

Reiriz, Rubén, "Rosalía", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Tribuna libre", 23 novembro 2012, p. 41.

Refírese ao acto que tivo lugar no Ateneo, no que estivo presente Salvador García Bodaño, e que versou sobre a obra de Rosalía de Castro. Sinálase que foi Helena Villar Janeiro quen debullou a biografía da poeta. Coméntase a obra rosaliá esquematicamente e lémbranse algunhas pasaxes da súa vida, afirmando finalmente que o principal artífice da "mitificación" rosaliá foi o seu marido, Manuel Murguía.

Ríos, Xulio, "Franco Grande", *La Voz de Galicia,* "Opinión", "Tribuna", 10 xaneiro 2012, p. 17.

Co motivo da concesión a Xosé Luís Franco Grande do título de fillo predilecto do Concello de Tomiño, o autor alégrase de que se recoñeza o seu labor e a súa figura.

Rivas, Manuel, "Quen saíu cazar a lingua galega?", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Episodios galegos", 20 abril 2012, p. 12.

Refírese á publicación da obra completa de Manuel Antonio dentro dunha nova colección titulada "Clásicos da Academia" e, asemade, comenta que a Real Academia Galega contará nos seus orzamentos para 2012 cun 22% menos da contía que lle achegaba o Ministerio de Educación e Cultura.

Rodríguez, Carlos Luis, "Isaac o la grandeza de la sencillez", *El Correo Gallego*, "Opinión", "A bordo", 8 xaneiro 2012, p. 2.

Defínese a Isaac Díaz Pardo como unha persoa que non foi compañeiro de viaxe de ninguén, mais que viaxou con todos. Sinálase que non existe un termo que designe a quen, como el, traballou coa alma.

Rodríguez Fer, Claudio, "Annick, sempre en Santiago", *El Correo Gallego*, "Tribuna libre", 22 xuño 2012, p. 26.

Detense na obra de Annick Boilève-Guerlet e lémbrase da súa chegada a Santiago de Compostela e mais da tradución que fixo do galego ao francés, xunto con María Lopo, das súas obras poéticas *Viaxes a ti e Brigitte Rimabaud*.

Romero, José, "In memórian", *Diario de Arousa*, "Opinión", "El Aleph", 9 xaneiro 2012, p. 10/ *El Ideal Gallego*, "Opinión", "El Aleph", 10 xaneiro 2012, p. 25.

Descríbese a Isaac Díaz Pardo como un home que será recordado por ser un cidadán exemplar e irrepetíbel, defensor da patria galega.

Rivas Delgado, Antonio, "Versos de morriña", *La Región*, "Opinión", "Recuncho hebdomadairo", 9 xaneiro 2012, p. 18.

Con palabras poéticas menciona voces como as de Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro ou Valle-Inclán.

Rivera de la Cruz, Marta, "Díaz Pardo", *Diario de Pontevedra,* "Opinión&Análisis", "Billete de vuelta", 8 xaneiro 2012, p. 28.

Enxalza a figura de Isaac Díaz Pardo e afirma que sufriu un golpe insuperábel cando o afastaron do seu labor na fábrica de Sargadelos.

Rozas, Ramón, "Soños feitos libros", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 11 outubro 2012, p. 26.

Fala da última aposta da editorial Kalandraka que vén de ser recoñecida co Premio Nacional ao mellor Labor Editorial. Considera os traballos desta editorial "un luxo" de libros "entendidos como fonte de inspiración" para os máis pequenos, mais tamén "como evidencia do valor da cultura", entre outras cuestións.

Ruibal, Rubén, "Roberto (Vidal Bolaño): parabéns", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 xuño 2012, p. 43.

Dálle os parabéns á Real Academia Galega por escoller a Roberto Vidal Bolaño para a celebración do Día das Letras Galegas de 2013 e tamén felicita ao teatro galego por este evento, xa que deste xeito "por fin veremos (re)edicións de textos de teatro que non gañaron un premio hai un par de días".

Salgado, Fernando, "Nunca logrei falar a soas con Isaac", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Desde o cairón", 7 xaneiro 2012, p. 19.

Destaca o labor de Isaac Díaz Pardo pola recuperación da patria galega como empresario, editor, ceramista e deseñador tras a guerra civil.

Santalha, Víctor, "Carvalho", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Lembranza", 25 marzo 2012, p. 09.

Homenaxe a Ricardo Carvalho Calero como teórico do reintegracionismo, cultivador de todos os xéneros literarios, estudoso da historia galega e defensor da dignidade de Galicia como pobo. Reivindica que se lle conceda o Día das Letras Galegas e se recoñeza o valor das súas ideas e da súa persoa.

Seijas, Otilia, "Un inesquecible pai da cultura galega", *El Correo Gallego*, "Opinión", "El último eslabón", 10 xaneiro 2012, p. 4.

Fala de Isaac Díaz Pardo e menciona o limiar que este lle fixo para un dos seus libros. Opina que foi o seu benfeitor, de mente aperturista e espírito indulxente, o que o fai aínda máis grande.

Senén, Felipe, "Cultura en tempo de crise", *La Opinión*, "Opinión", "O labirinto do alquimista", 15 xaneiro 2012, p. 29.

Fai fincapé na existencia dun tempo de crise, no que cómpre redefinir a cultura, volver á súa orixe. Considérase a cultura como un recurso valioso para o tempo de crise.

Senén, Felipe, "A herdanza que deixa Díaz Pardo", *La Opinión*, "Opinión", "O labirinto do alquimista", 11 marzo 2012, p. 29.

Opina sobre a herdanza que deixou Isaac Díaz Pardo. Salienta a súa obra artística e industrial, como a fábrica de cerámica do Castro e a creación do Laboratorio de Formas, entre outras.

Senén, Felipe, "O libro de Santiago", *La Opinión*, "Opinión", "O labirinto do alquimista", 22 xullo 2012, p. 26.

Comézase apuntando que "non faltaron os que escribiron" sobre Compostela dende que é coñecida polo sartego do apóstolo, de maneira que se aproveita para recomendar o *Libro de Santiago,* da autoría de Xosé Fernando Filgueira Valverde e ilustrado por Xosé Sesto. Céntrase no seu autor, do que di que comparte "o saber daqueles sabios de antes, que veñen da sementeira de humanismo de Castelao". Aprovéitase que é véspera do Día da Patria Galega para centrarse nese libro, que describe como "unha porta santa que abre os enigmas da cidade" na que se entrecruzan os camiños. Debúllanse pormenorizadamente algunhas pasaxes do volume.

Senén, Felipe, "O cemiterio do Santo Amaro na Coruña", *La Opinión*, "Opinión", "O labirinto do alquimista", 28 outubro 2012, p. 34.

Refírese inicialmente á lenda do Santo Amaro para bosquexar a historia do actual camposanto coruñés, dende o ambiente romántico histórico e historicista do século XIX até o presente. Ofrécense nomes dos arquitectos encargados do proxecto inicial e outros que despois intervirán nas súas ampliacións. Ademais dáse conta dun amplo número de monumentais panteóns que se poden atopar no cemiterio e do "rico repertorio" de persoeiros históricos que están enterrados aí, como é o caso de Manuel Murguía, Andrés Martínez Salazar, os irmáns Villar Ponte, Francisca Herrera, Manuel Lugrís Freire e Eduardo Pondal, entre moitos outros.

Soto, Juan, "Monolingüe, 'Manu Militari", *ABC*, "*Galicia*", "Opinión", "El garabato del torreón", 8 xaneiro 2012, p. 56.

Fai fincapé no feito de ser Ánxel Fole un escritor bilingüe, que empregou o galego para a súa obra narrativa e o castelán para os seus traballos xornalísticos. Menciónase a instauración polo Concello de Lugo do premio de narración curta que leva o seu nome, como homenaxe e recordo.

Sueiro, Marcos, "Último galleguista histórico", *El Mundo*, "Obituarios", 23 agosto 2012, p. 16.

Faise eco da morte de Avelino Pousa Antelo, afirmando que "supone la pérdida del último eslabón de los llamados galleguistas históricos". Entre outras cousas, destácase que esixiu sempre maior protección para lingua galega, sostendo que identidade como pobo camiña indisociabelmente unida ao idioma. Considérase que o galeguismo de Pousa como forma política "no estaba planteada contra nadie" e que tiña como obxectivo a dignidade e prosperidade de Galicia, ademais de que sempre creu na educación "como motor necesario" para o desenvolvemento do país.

Toro, Suso de, "Isaac, ese adolescente huído", *El País,* "*Galicia*", "Adiós a un símbolo de la cultura democrática", 6 xaneiro 2012, p. 4.

Coméntanse moitos dos logros e proxectos protagonizados por Isaac Díaz Pardo, como o de Sargadelos, onde o artista foi máis que protagonista, e tamén conta pasaxes da súa vida de cativo, sempre perseguido por defender unha ideoloxía de esquerdas. Destácase a énfase do autor pola mellora de Galicia, así como o seu amor pola terra.

Toro, Suso de, "Aquilino non era guai", *El País,* "*Galicia*", "Luces", 24 febreiro 2012, p. 10.

Comenta, con certa retranca, a gramática e a literatura galega. Refírese a Aquilino Iglesias Alvariño e destaca os seus logros, normalmente escurecidos por estar solapado por escritores como Álvaro Cunqueiro ou Celso Emilio Ferreiro, que teñen un "pasado máis xugoso".

Toro, Suso de, "Aquilinaria carballesa", *El País,* "*Galicia*", "Luces", 2 marzo 2012, p. 9.

Comenta, a partir da figura de Ricardo Carvalho Calero, dúas posturas enfrontadas que se adoptan á hora de abrir un debate sobre a literatura galega: o isolacionismo e o reintegracionismo. Por último, lóase a historia da literatura de Carvalho Calero.

Toro, Suso de, "Son dez anos, custa lembrar", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 marzo 2012, p. 10.

Lembra o décimo aniversario do pasamento de Carlos Casares e salienta a súa fidelidade á lingua galega. Considera a este escritor unha persoa intelixente que desexaba para a súa terra sensatez e liberdade, unha gran figura da literatura galega e da historia do galeguismo.

Toro, Suso de, "Un quilo e cen gramos de escritor", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "A ver", 25 maio 2012, p. 6.

Detalla que está a ler as *Cartas* de Saúl Bellow, das que salienta que representan a radiografía dun escritor e mais unha novela da súa vida.

Toro, Suso de, "Literatura de aldea e 'best sellers'?", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 1 xuño 2012, p. 6.

Indica que *Memorias dun neno labrego* ten unha lectura sociolóxica, refírese a *As rapazas de Xan*, de Manuel Iglesias Turnes e, asemade, gaba o volume *Os fillos do mar*, de Pedro Feijóo Barreiro.

Toro, Suso de, "Cómicos espidos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 7 setembro 2012, p. 6.

Refírese á Axencia Galega das Industrias Culturais, quen contratou uns espectáculos á compañía Teatro do Noroeste, de Eduardo Alonso e Luma Gómez, e que logo de feitos non se lles pagou. Dise que eles tiveron que se desfacer das súas roupas "espíndose en público" para "espir á Xunta que aborrece a cultura, as artes e os artistas". Considérase que a imaxe destes artistas foi valente, representando unha obra teatral que conta "o que lles está a acontecer a eles".

Toro, Suso de, "O herexe", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "A ver", 14 setembro 2012, p. 6.

Considérase a *Historia da literatura galega contemporánea* (1963) de Ricardo Carballo Calero (xunto coa *Historia de la literatura gallega,* de Varela Jácome), como obras que "aínda hoxe" son a base da que partir calquera estudo desa materia. Céntrase en Carballo Calero, manifestando que a súa novela *Scorpio* debe ser considerada tamén un referente e contrapunto estético ao romance de *A esmorga,* de Eduardo Blanco Amor. Logo, indícase que a interpretación da lingua que fixo o intelectual séguese vendo como unha herexía na institución actual e considera que isto "non vai cambiar" porque os seus rivais ou inimigos seguen "vivos e actuantes". Considérase que malia "esa incómoda ferida", a novela, escrita na normativa ortográfica portuguesa, é un dos mellores romances escritos en galego.

Valcárcel, Xulio, "Bernardino Graña, fervor e vitalismo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 26 agosto 2012, p. 8.

Retrátase a Bernardino Graña para informar dunha próxima homenaxe. Destácanse as súas calidades persoais e intelectuais. No que respecta aos seus versos, dise que sobresae "el ritmo, la eufonía y la musicalidad", e que se trata de poemas para recitar en voz alta "contra la faseldad, la hipocresía, la mentira", pero tamén "para celebrar la esperanza". Considérase que o cangués ten escrito as páxinas "máis brillantes" da poesía contemporánea. Ademais, recréase a súa imaxe nos veráns de mediados dos anos oitenta.

Vázquez Gil, Lalo, "Sobre Celso Emilio Ferreiro", *Atlántico Diario*, "Opinión", 29 xuño 2012, p. 23.

Lémbrase de canto coñeceu a Celso Emilio Ferreiro en Pontevedra cando o celanovés dirixía a revista *Sonata* e asemade felicita aos organizadores dunha xuntanza en lembranza de Celso Emilio Ferreiro.

Vázquez Gil, Lalo, "Máis poetas femininas", *La Región*, "Atlántico", "Opinión", 24 febreiro 2012, p. 26.

Partindo dunha reunión literaria na que participa o autor, reflexiona sobre algunhas poetas galegas e o feito de que calaron ou escribiron para gardar durante a época franquista. Tamén indica que algunha, como Mercedes Viso Troncoso, cantou ao Xeneralísimo e cita un poema desta escritora dedicado a Vigo.

Vázquez Gil, Lalo, "El SEREN redondelano", *Atlántico Diario*, "Opinión", 16 setembro 2012, p. 18.

Comeza reflexionando sobre a capacidade colectiva dos galegos e, a seguir, refírese a que xa ten nas súas mans o novo boletín SEREN (revista oficial do Seminario de Estudios Redondelanos) que dende a ano 2003 se edita baixo a presidencia de José A. Orge Quinteiro. Aproveita a ocasión para felicitar aos seus colaboradores, entre os que cita a Xaime Illa Couto, Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego.

Vázquez Gil, Lalo, "Alonso Montero, fillo adoptivo de Ribadavia", *Atlántico Diario*, "Opinión", 20 novembro 2012, p. 20.

Fai unha crónica biográfica da vida de Alonso Montero, destacando a publicación dos seus libros e artigos en prensa, ademais dos seus versos. Sinala que sempre admirou ao profesor, e máis dende que lle fixo unha dedicatoria no libro *Vigo e palabra.* Considérao un dos galegos "máis importantes en aportacións culturais, educadoras e patrióticas" e engade que un dos libros "máis belos e interesantes para o mundo galego" é *Os cen mellores poemas de lingua galega.*

Vázquez-Monxardín, Afonso, "Unha estreliña na cabeza", *Atlántico Diario*, "Galicia", "Adiós a un histórico galleguista", p. 30/ *La Región*, "Galicia", "Adiós a un histórico galleguista", p. 29, 6 xaneiro 2012.

Fala da perda dunha importante figura na cultura de Galicia, a de Isaac Díaz Pardo. Comenta que o seu pai, antes de morrer, lle dedicou un poema que lle fixo comprender que debía seguir coa tarefa desbordante a favor da Terra. Ante todo destaca o seu labor galeguista, pero tamén a súa faceta humana.

Vázquez-Monxardín, Afonso, "Celso Emilio e Venezuela", *La Región*, "Opinión", 13 marzo 2012, p. 22.

Opina que o Día das Letras Galegas podería chamarse Día da Cultura, para poder dedicarllo a persoas non unicamente relacionadas coa literatura. Comenta que no ano

2012 se dedica o Día das Letras Galegas a Valentín Paz Andrade e tamén se celebra o centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro.

Vázquez-Monxardín, Afonso, "O Santo Graal e a caricatura de Risco", *La Región*, "Opinión", 12 maio 2012, p. 25.

Achega información sobre un manuscrito de Vicente Risco, que o Centro Ramón Piñeiro publicou en edición facsímile, e mais dunha caricatura de Xaquín Lorenzo que o pai do articulista doou á Fundación Vicente Risco.

Vázquez-Monxardín, Afonso, "Símbolos da Terra", *La Región*, "Opinión", 3 xullo 2012, p. 20.

Refírese á Lei de símbolos de Galicia de 1984 e a seguir achégase aos setenta e dous versos do himno galego, que cualifica de longo de máis, e afirma que só se deberían cantar trinta e dous versos e rematar na cuarta estrofa co verso "nazón de Breogán".

Vázquez-Monxardín, Afonso, "Xesús Alonso Montero", *La Región*, "Opinión", 17 novembro 2012, p. 20.

Parabeniza a Xesús Alonso Montero polo nomeamento como Fillo Adoptivo do Concello de Ribadavia. Realiza un percorrido polos datos biográficos máis significativos da súa vida, salientando ademais os seus ideais políticos. Opina que o homenaxeado milita "na percepción, na análise, na reflexión e no combate pola transformación da realidade". E finalmente, destaca a súa actividade intelectual en diferentes eidos culturais.

Veiga Copo, Abel, "Adiós a Díaz Pardo", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 19/ *El Progreso*, "Opinión", p. 21, 6 xaneiro 2012.

Describe a vida de Isaac Díaz Pardo até os seus últimos días. Comenta o seu compromiso coa cultura galega e afirma que Galicia está de loito ante a súa morte.

Veiga Copo, Abel, "Pousa Antelo, la voz del compromiso", *El Progreso*, "Opinión", 21 agosto 2012, p. 18.

Apunta que coa morte de Avelino Pousa Antelo se pecha unha das páxinas da historia de Galicia, do galeguismo e da cultura galega. Comenta o seu compromiso, convición e inconformismo coa realidade. Ademais de repasar a súa vida e as súas principais calidades humanas, considera que "hoy no valoramos su verdadera dimensión".

Vence, Anxel, "Cuando el tamaño no importa", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Crónicas galantes", 26 novembro 2012, p. 14.

Refírese ás palabras do escritor Luis Antonio de Villena sobre Rosalía de Castro, quen manifestou que non foi unha boa poeta, xustificando a afirmación polo tamaño dos seus versos. Sinala o articulista que "tiene su mérito rebajar el tamaño –o el peso– literario de una autora" canónica como ela. Coméntanse cales poden ser as razóns polas que as palabras de Villena non teñan suscitado polémica no país.

Vences, Sergio, "A Xesús Alonso Montero, y en loor de las bellas letras", *La Opinión*, "Opinión", 13 agosto 2012, p. 13.

Súmase á homenaxe concedida a Xesús Alonso Montero, pola cal o nomearon Fillo Adoptivo do Concello de Ribadavia. Dáse conta dalgúns dos actos que tiveron lugar ese día e fai un percorrido pola biografía do profesor. Detense especialmente no seu libro *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega* (1968), afirmando que "hay libros que te encandilan, aunque no conozcas, personalmente, a sus autores". Sinálase que cando voltou a España, tras dezaseis anos na Alemaña, puido coñecer persoalmente a Alonso Montero, quen tivo ademais "el humor y la paciencia" de presentarlle dous libros seus: o poemario *De la memoria al ensueño* e a novela *Nas profundas augas do esquecemento.*

Ventura, Joaquim, "Derradeiro imprescindible, no pensamento de Díaz Pardo", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 399, 19 xaneiro 2012.

Fala do traballo de Isaac Díaz Pardo como exemplo de galeguidade e reafirmación galega que deu a coñecer Galicia internacionalmente.

Vidal López, Pilar, "A festa maior de Galicia, a festa de todos os galegos", *La Opinión*, "Opinión", 26 xullo 2012, p. 15.

Recorda a fidelidade á lingua e á terra galega de Ramón Otero Pedrayo, considerando ao ourensán a figura "más representativa en el campo de la cultura gallega". Ademais de repasar os seus ideais, lembra que entre as súas obras publicadas a que máis estimaba era a novela *Arredor de si.* Defíneo co nome "consubstancialidad" porque "ser gallego de alma es mucho máis que serlo de convicción y aún de corazón". Reivindica tamén que o de Trasalba non poder ser "un ídolo de capilla, ni el santón de unas cuantas 'ideas".

Vidal Villaverde, Manuel, "Negra Sombra", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Mar de fóra", 4 xaneiro 2012, p.24.

Na entrada do ano 2012 evoca con nostalxia, a partir dos versos do poema "Negra sombra", de Rosalía de Castro, momentos e personaxes do pasado, algúns relacionados coa literatura e coa cultura galega.

Vidal Villaverde, Manuel, "Na morte de Isaac Díaz Pardo", *Atlántico Diario,* "Galicia", 6 xaneiro 2012, p. 31

Comenta a morte do galeguista Isaac Díaz Pardo e afirma que coa súa morte morreu tamén unha parte del. Dedícalle uns versos do poeta Miguel Hernández traducidos ao galego: "É tan grande a miña dor sen instrumento que por me doer doime ata o alento".

Vidal Villaverde, Manuel, "Xaime: 'Historia natural do galeguismo", *Atlántico Diario*, "Opinión", 26 abril 2012, p. 10.

Lémbrase da desaparecida cafetería Alameda que frecuentaba con Xaime Isla Couto e outros numerosos persoeiros que se citan neste artigo, e remata dándolle un adeus a Xaime Isla Couto.

Vidal Villaverde, Manuel, "Tristeiramente skäl, Khristina, adeus", *Atlántico Diario*, "Opinión", 6 xullo 2012, p. 26.

Amosa a súa tristura coa morte de Khristina Berg, indica que publicou en galego *Dona Galiza* e mais *Un neno viquingo*, e lémbrase dos bos momentos que pasou na súa compaña e na de Carlos Casares.

Vidal Villaverde, Manuel, "Avelino Pousa Antelo", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Mar de fóra", 24 agosto 2012, p. 24.

Acóllense unhas verbas de Avelino Pousa Antelo, que se corresponden coa parte dunha conversa de xuño de 2009. Aproveita así para se referir criticamente á despedida do intelectual en Teo. Sinálase que nunca chegou a República que el quería e que continúa a España que el rexeitou "malia que desacouge a moitos patriotas de aquí e aló". Despídese do seu amigo, nomeándoo como "o vento da nación incesante".

Vieites, M. F., "O teatro galego é de dereitas?", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", "Teatro", n.º 437, 6 decembro 2012, p. VIII.

Indica que Afonso Becerra promoveu un debate na Rede ao redor da cuestión de como construír un teatro nacional asentado nun sistema escénico "sólido e sustentable". Comeza referíndose ao discursos políticos de esquerdas e de dereitas que ofrecen planos de conduta diferentes. Ademais, sinala a tensión entre creadores e receptores e engade afirmacións como que neste país "nada se fixo en defensa do teatro como un ben cultural" e aínda segue ancorado "nas estruturas ideolóxicas do rexionalismo e no nacionalismo cultural". Nun aparte, intitulado "O paradoxo de Barthes", reflexiona brevemente ao redor dun traballo do intelectual onde analizaba porque deixara de ir ao teatro.

Villar, Manuel, "La Casa de Rosalía", *El Correo Gallego*, "Tribuna libre", 10 xuño 2012, p. 29.

Detállase como a casa Museo de Rosalía foi adquirida en 1946 por José Mosquera

Pérez, alcumado o Vello dos Contos, e por José Villar Granjel para posteriormente, en 1947, ser doada ao Padroado da Fundación Rasalía de Castro.

Villar Janeiro, Helena, "Compostela rosaliana", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 24 febreiro 2012, p. 3.

Presenta unha serie de actos que tiveron lugar en Santiago de Compostela en homenaxe a Rosalía de Castro, co motivo do 175 aniversario do seu nacemento nesta cidade. Salienta a relación desta escritora coa cidade compostelá.

Villar Janeiro, Helena, "Mil festas para a lingua", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 16 marzo 2012, p. 3.

A partir da nova edición da campaña "Mil festas máis para a lingua galega", recolle a importancia que o escritor Álvaro Cunqueiro lle daba ao idioma galego e salienta o feito de que fose soporte dunha gran lírica durante a Idade Media.

Villar Janeiro, Helena, "Rosalía no mundo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 4 maio 2012, p. 3.

Sinala que despois de 132 anos da súa publicación o poemario *Follas Novas* segue a ter unha mensaxe actual e que nel a súa autora desenvolve unha postura vital completa. Finalmente alude a unha tradución deste volume ao lituano a cargo de Ruta Mickeviciene.

Villar Janeiro, Helena, "No nomeamento dun fillo predilecto", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 9 novembro 2012, p. 3.

Dá os parabéns a Xesús Alonso Montero por ser nomeado Fillo Adoptivo do Concello de Ribadavia, manifestando que son moitos os seus méritos. Refire o seu labor de docente, indicando que das súas aulas saíron moitos intelectuais e que "o seu maxisterio fixo época" no instituto Lucus Augusti. Explica que o coñeceu persoalmente en 1972, cando lle deu a ensinar o seu primeiro libro de poemas, *Alalás,* e que a "fe na súa autoridade" a animou a traballa para merecer o nome de escritora. Ademais, destaca o seu labor no Centro de Estudos Rosalianos, feito con traballo "leal e comprometido co modelo de fundación".

V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Abelenda, Ana, "Ao Courel hai que ir espido, cos sentidos abertos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 febreiro 2012, p. 37.

Entrevista a Xulio L. Valcárcel na que se fala da súa obra *O Escano baleiro* (2011) e comenta que o Courel descrito por el é moi diferente ao dos poemarios de Uxío Novoneyra.

Abelenda, Ana, "A arte de nomear o mundo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 459, "En portada", 17 marzo 2012, pp. 2-3.

As escritoras Luz Pozo e Estíbaliz Espinosa reflexionan, con motivo do Día Mundial da Poesía, sobre a consideración da poesía como un xénero para minorías e a maneira de percibir o mundo por parte dos poetas, entre outros temas.

Alonso, Carmen, "Deberíamos aspirar como sociedade a que o xénero non fose tan importante", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 756, "Entrevista", p. 21/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 707, p. 29/ *El Ideal Gallego,* "*La Galería*", "Entrevista", n.º 707, p. 29, 15 xaneiro 2012.

Entrevista á escritora e docente Teresa Moure logo de recibir por segunda vez o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio polo seu traballo *Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificación* (2011), onde explica o tratamento da teoría do *queer* na linguaxe e aplica este concepto á literatura galega.

Alonso, Carmen, "Espiral Maior sempre estivo aberta ás novas voces poéticas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", "Entrevista", n.º 713, 26 febreiro 2012, p. 29.

Conversa con Miguel Anxo Fernán Vello na que reflexiona sobre a súa experiencia como editor de Edicións Espiral Maior dende 1992 e fala da poesía como un xénero periférico no espazo editorial e no espazo de lectura.

Alonso, Charo, "Seguimos a ocupar un lugar destacado no furgón de cola dos índices de lectura", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 4 setembro 2012, p. 9.

Entrevista a Xan Arias-Andreu, director e editor da Editorial Trifolium, con motivo do seu 10º aniversario, na que destaca a consolidación do seu catálogo con moi boa coliida entre o lector e a profesionalidade dos colaboradores. Comenta a intención inicial da editorial, o labor diario, os cambios que se realizaron coa ampliación de coleccións, a coidada selección de autores como punto forte, o descenso da venda de libros por mor da crise e os novos proxectos.

Baena, Ana, "Con Rosalía sentín a poesía e gañei as 10.000 pesetas do premio co que merquei a guitarra", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 27 xaneiro 2012, p. 6.

Co motivo da presentación do último traballo de Amancio Prada, o cantautor concede unha entrevista onde fala do seu vencello con Galicia e con autores como Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro.

Beares, Octavio, "Queremos que nuestros alumnos publiquen", *Faro de Vigo*, "Visado", n.º 519, "Cómics", 4 maio 2012, p. 6.

Acóllese unha entrevista a Kiko da Silva, fundador de O garaxe hermético, a primeira escola profesional de cómic en Galicia. Fálase das orixes da idea, da organización do centro e do profesorado.

Blanco, Ramón, "O importante era escribir, vivir en consecuencia co escrito, ser sincero", *La Voz de Galicia*, "*A Voz de Barbantia*", n.º 74, "Convidado", 27 abril 2012, cuberta.

Entrevista ao editor e poeta Manuel L. Rodrigues na que realiza un retrato seu de poeta adolescente, describe as iniciativas das que foi fundador, como o Grupo Avilés, a Tertulia Adamajuana e o Colectivo Sacou, comenta o poemario *Antítese nativa*, galardoado co Premio Suso Vaamonde, as críticas recibidas que salientan a súa poesía como romántica e espacial e a súa implicación no proxecto Acha Escrava.

Bugallal, Isabel, "Rosalía no es una gran poeta, es una poeta mediana", *Faro de Vigo*/ *La Opinión*, 23 novembro 2012, contracuberta.

O poeta, novelista e ensaísta Luis Antonio de Villena, entre outras cuestións, considera que Rosalía de Castro é unha poeta mediana non equiparábel a John Keats, Friedrich Hölderling ou Friedrich Schelling, e pola contra, apunta como xenios das letras galegas a Ramón María del Valle-Inclán e a Álvaro Cunqueiro.

Caño, X. M. del, "Estarei morto cando a historia me recoñeza", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Adiós al último intelectual galleguista del siglo XX", pp. 38-39/ *La Opinión*, "Cultura", "Adeus ao último intelectual galeguista do século XX", pp. 61-62, 8 xaneiro 2012.

Reprodúcense extractos da conversa entre Xosé Manuel del Caño e Isaac Díaz Pardo que saíu do prelo na Editorial Linteo. Nela fálase, entre outros asuntos, do seu compromiso coa terra, das lembranzas da figura do seu pai, da súa relación con Luís Seoane, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro e da situación actual da literatura galega.

Carballa, Xan, "Ás veces a literatura trata de curar feridas aínda abertas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 17 xaneiro 2012, p. 11.

Co motivo da publicación da súa última obra, *Laura no deserto* (2011), Antón Riveiro fala da motivación que lle levou a escribir unha obra onde se revisan os conceptos de minoría histórica e identidade, da relación entre literatura e historia e da influencia do cinema na súa obra.

Casal, J., "Frank voltará a Sanxenxo nunha trama con especuladores e políticos dubidosos", *Diario de Pontevedra*, "Sanxenxo", "O Salnés", 6 maio 2012, p. 20.

Entrevista a Miguel Anxo Fernández Fernández que presenta no club de lectura "Engánchate" a súa obra *Lume de cobiza* (2011). Nela adianta que o seu personaxe máis coñecido, Frank Soutelo, retornará nun futuro a Sanxenxo.

Chao, Alba, "O escritor precisa ler moito para así evitar vararse e seguir avanzando", *La Región*, "Ourense", "Personaxe do día", 12 maio 2012, p. 11.

Co motivo da presentación do seu último poemario, *Desobediencia* (2011), repróducese unha conversa con Rosa Enríquez na que fala da súa concepción da poesía e do equilibrio entre ética e estética no proceso creativo desta obra.

Cora, Diego de, "O noso peor inimigo hoxe é a vulgaridade no ámbito político", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", 15 xaneiro 2012, p. 61/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 14 xaneiro 2012, p. 49.

Entrevista a Xosé Luís Franco Grande logo de ser nomeado fillo predilecto de Tomiño. Explica a presenza de Tebra e Tomiño na súa obra, aínda que non sexa con referencias explícitas, e fala da hetereoxeneidade da súa traxectoria e do seu desexo de dedicarse en maior medida á poesía.

Faginas, Sandra, "Me quedé prendada de Manolo Rivas. Ha sido todo un lujo de rodaje", *La Voz de Galicia*, 8 novembro 2012, contracuberta.

Con motivo da rodaxe do filme *Todo es silencio*, baseado na obra de Manuel Rivas, a actriz viguesa Celia Freijeiro comenta as súas impresións sobre o texto e a implicación de Rivas na rodaxe.

Faginas, Sandra, "¡Hai quen ten unha opinión de min sen lerme!", *La Voz de Galicia*, "*Extra Voz*", n.º 98, "En portada", "En primera línea", 25 novembro 2012, pp. 2-3.

Tras comentar os últimos proxectos de Yolanda Castaño, a poeta fala, entre outras cuestións, da súa condición de muller, da súa personalidade, do proceso creativo nos seus poemarios e dos seus primeiros atoutiños na literatura.

Fraga, X., "O interese pola cultura galega segue en continuo ascenso", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Medio século de Letras Galegas", 17 maio 2012, p. 43.

Entrevista a Craig Patterson, presidente da Asociación Internacional de Estudos Galegos, por mor da próxima celebración do décimo congreso de dita organización en Cardiff, na que explica o ascenso no número de estudos galegos e se fala das actividades e do traballo da Asociación.

Fraga, Xesús, "Aquí mandan os de sempre, como din os perdedores de 'Fábula", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 xaneiro 2012, p. 27.

Conversa con Xavier Alcalá con motivo do trixésimo aniversario da saída do prelo de *Fábula* (1980), na que se fala dos seus cambios como escritor, dos temas tratados nesta obra, da súa tradución ao castelán e da percepción fóra de Galicia da literatura deste territorio.

Fraga, Xesús, "López Abente, como Manuel Antonio, era un poeta do mar", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 xaneiro 2012, p. 46.

Entrevista a Mario Villar, encargado de facer a introdución, o estudo e as notas da última obra publicada de Gonzalo López Abente, *Bretemada* (2011), onde explica que engade esta nova obra respecto da antoloxía por el escolmada no 1995, fala da presenza dos mitos e da variedade dialectal da Costa da Morte e da necesidade de seguir pescudando na vida e na obra deste autor.

Fraga, Xesús, "Non abonda dicir o pasado, hai que tentar comprendelo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 de abril 2012, p. 27.

Antón Riveiro explica nesta entrevista os elementos principais que configuran a súa última novela, *Laura no deserto* (2011), e comenta como fiou diferentes historias que teñen lugar en diversos lugares, mais co exilio como elemento común.

Fraga, Xesús, "A verdade fala calquera lingua, galego ou inglés", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 marzo 2012, p. 36.

Entrevista ao presidente da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Craig Patterson, trala presentación da súa tradución ao inglés d'*A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor, na que explica as peculiaridades da súa versión e menciona o seu traballo de tradución de *Sempre en Galiza* (1944), de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Fraga, Xesús, "Aínda hai moito por escribir", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 494, "En portada", 24 novembro 2012, p. 2.

Entrevista ao director da Fundación Casares, Gustavo A. Garrido, na que comenta o proceso de renovación de lectores das obras de Carlos Casares, salientando que en

primaria se traballa cos libros de Toribio e Lolo e que se descoñece o Casares tradutor e editor. Tamén fala da tradución ao castelán por parte de Libros del Silencio e do labor da Fundación.

Franco, Camilo, "Non fomos mellores nin peores, vivimos o que nos tocou", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 454, "En portada", 11 febreiro 2012, pp. 2-3.

Entrevista a Avelino Pousa Antelo onde expón as súas reflexións sobre as dificultades históricas da súa xeración, sobre a realidade que lle toca vivir as xeracións actuais, das cousas máis urxentes que precisa Galicia e sobre a súa produción literaria.

Franco, Camilo, "En España ignoran o que hai noutras linguas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 xullo 2012, p. 40.

O escritor Víctor Freixanes, con motivo da publicación en castelán de *Cabalo de Ouros*, mostra o seu contento pola boa acollida da súa novela e comenta a invisibilidade que sofren os autores galegos cando son traducidos ao castelán e as dificultades da translación da novela.

Franco, Camilo, "A Casares pásalle o que lle pasou no seu día a Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 setembro 2012, p. 34.

Con motivo do curso da Universidade Internacional Menéndez Pelayo sobre Carlos Casares, o crítico literario Ángel Basanta comenta que o conxunto da obra de Casares é "exemplo perfecto de tradición e modernidade" e que conecta cos lectores máis novos. Nun aparte titulado "Investigación sobre a obra infantil e as traducións" indícase que Montse Pena falará sobre a relación do escritor co mundo da infancia e Iolanda Galanes e Ana Luna Alonso, sobre o labor como tradutor e como axente da literatura galega.

Franco, Camilo, "Debería percibirse a súa personalidade calidoscópica", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 499, 29 decembro 2012, p. 3.

A escritora María do Cebreiro reivindica o carácter calidoscópico da personalidade de Rosalía de Castro e a interpretación literaria en clave política pois no seu discurso hai relato nacionalista, feminista e marxista.

Franco, Camilo, "É a nosa historia contemporánea", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 499, 29 decembro 2012, p. 3.

O escritor Anxo Angueira fala do significado e do caracter diverso da conmeración dos 150 anos da publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, e dos obxectivos da Fundación Rosalía de Castro.

Franco, L., "Os autores implícanse máis coa figura feminina", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 14 xuño 2012, p. L2.

Acóllese aquí unha entrevista a Montse Penas Presas, con motivo da súa charla "As rapazas que cambiaron o rumbo: unha aproximación ás protagonistas femininas na literatura infantil e xuvenil galega".

Franco Bouza, Lorena, "Mi primera novela es un pequeño homenaje al gallego", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 4 xullo 2012, p. 2.

Conversa con Constantino Cuesta co gallo da presentación de *Herdeiros da miseria* (2012) no centro cultural Casas Novas de Sigüeiro na que fala do seu argumento, do seu estilo barojiano e dos motivos que o levaron a escribila.

Ferreiro, Luis P., "Eso de que unha imagen vale más que mil palabras es una tontería", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 18 xaneiro 2012, p. 24.

Conversa con José Luís Cuerda na que se fala, entre outros asuntos, da adaptación cinematográfica da obra *Todo é silencio* (2010), de Manuel Rivas.

García, Rodri, "Ningún dos versos é igual. Como o mar, van e veñen", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 febreiro 2012, p. 46.

Entrevista a María Canosa na presentación da tradución ao castelán do seu poemario *Ronca o mar* (2011) na que explica que se trata da súa primeira obra de lírica publicada e que aborda en todo os seus versos o tema do mar.

Gay, Gonzalo, "Non entendo a quen di que ama o seu país, amar só se pode amar ás mulleres", *La Región*, "Ourense", "Entrevista", 26 agosto 2012, p. 6.

Con motivo da entrega do galardón Arraiano de Honra da Raia Seca 2012 da Asociación Arraianos ao catedrático de Literatura Galega Xesús Alonso Montero, comenta os diferentes recoñecementos, entre eles o fillo adoptivo de Ribadavia e Arraiano de Honra, fala das súas inclinacións políticas e éticas, das críticas recibidas por *Informe dramático sobre a lingua galega* (1979) e da súa defensa da lingua galega

Gómez, Joel, "Galeuzca aínda poderá ser o proxecto que quería Castelao", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 25 xullo 2012, p. L6.

O historiador Xosé Estévez da Universidade de Deusto que participou no segundo congreso de historiadores Galeuzca fala das relacións históricas de Galicia, País Vasco e Cataluña, dos diferentes proxectos estabelecidos nos que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao foi o grande abandeirado e nomea os autores galegos que, dende a Idade Media, se ocuparon do Camiño de Santiago, como Rosalía de Castro, Ramón Otero

Pedrayo, José Ángel Valente, Luís Seoane, Emilio Pita, Manuel María ou Airas Nunes e Paio Gomes Charinho.

Jabois, M., "Puiden ser mil cousas distintas", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "Protagonista en 2002", 11 marzo 2012, p. 26.

Reproduce a última entrevista concedida por Carlos Casares, na que reflexiona sobre os condicionantes que o levaron a ser escritor e lembra o primeiro momento no que sentiu que quería escribir.

Jaureguizar, "Custoume sangue,suor e bágoas traducir 'A esmorga", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 21 abril 2012, p. 60/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 20 abril 2012, p. 63.

Craig Patterson fala nesta entrevista da súa tradución ao inglés da obra de Eduardo Blanco Amor, *A esmorga* (1959), e conta, entre outras cousas, as súas dificultades á hora de verter ao inglés esta obra, do éxito de vendas e dos destinatarios potenciais.

J. G., "Gracias a Rosalía, la poesía popular gallega es conocida ahora por todo el mundo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 outubro 2012, p. 39.

Catherine Davies, profesora da Universidade de Nottingham e autora de *Rosalía de Castro e o seu tempo*, fala da publicación desta obra que recolle a súa tese en inglés do ano 1984, comenta a investigación que está a facer da novela *Flavio* e valora *Cantares gallegos*.

Lamas, Jorge, "Carlos atendía máis á cultura galega que ao seu labor literario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 marzo 2012, p. 45.

A viúva de Carlos Casares, Kristina Berg, fala do compromiso do escritor con *La Voz de Galicia* e cos seus escritos diarios, da súa faceta como narrador e do seu papel na Galicia do cambio de século.

López, Ana, "Co galego non admito medias tintas. E iso non é ir en contra de ninguén", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 1 abril 2012, p. 67/ "Co galego non admito medias tintas. Defendereino onde sexa", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 1 abril 2012, p. 58.

Trátase dunha entrevista a Paco Martín, escritor homenaxeado no Salón Galego do Libro Infantil e Xuvenil. Fálase principalmente da súa traxectoria, por que comezou a escribir e que futuro lle ve á lingua galega.

López, Belén, "Nunca me rendín", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 1 maio 2012, p. 74.

Entrevista a Xosé Vázquez Pintor na que fala do seu último poemario, *Seara* (2011), e comenta, entre outras cousas, a necesidade de reivindicar a poesía como o xénero literario por excelencia ou da situación da lingua galega.

López, Uxía, "Gustaríame que houbese unha candidatura de consenso", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 abril 2012, p. 45.

Ana Blanco, presidenta en funcións da Fundación Rosalía de Castro, fala nesta entrevista da problemática situación que está a vivir a institución e das datas para convocar as eleccións para elixir o próximo presidente.

López, Uxía, "Aspiro a que a casa de Rosalía sexa un referente da cultura galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 xuño 2012, p. 47.

Entrevista ao novo presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, na que explica que procurará fondos a través do mecenado e fala dos seus próximos proxectos da institución.

Lorenzo, Fran P., "Daquela non me decatei do que supuña pór en escena a Castelao", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 20 maio 2012, pp. 48-49.

Ezequiel Méndez lembra nesta entrevista a súa participación no ano 1961 na representación de *Os vellos non deben namorarse*, de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao; ademais da súa colaboración con Ditea, a fundación do grupo de teatro Tespis e o labor do xornal *La Noche*.

Loureiro, Ramón, "A literatura non ten por que gustarlle a todo o mundo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 marzo 2012, p. 46.

Entrevista inédita do escritor Carlos Casares no décimo aniversario da súa morte. Nela reflexiona sobre o momento en que xurdiu o seu interese pola literatura, sobre a necesidade dunha crítica literaria de calidade ou sobre o Premio Nobel.

Maira, Ángeles F., "Métome en moitas cousas... Porque me atopo con elas", *El Progreso*, "*Revista*", "Entrevista", 23 xuño 2012, pp. 6-7.

Entrevista ao escritor Manuel Rivas onde fala da posibilidade de que volva a suceder no panorama literario galego un fenómeno editorial como *O lapis do carpinteiro* (1998), do seu activismo cultural e da súa traxectoria xornalística e literaria.

Malvido, Gemma, "Las cartas de Rosalía a Murguía desvelan tensión", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 9 outubro 2012, p. 12.

Francisco Saavedra, promotor do espectáculo musical e poético *Penso que por min chamedes*, fala do nacemento deste proxecto no que destaca a figura da poeta Estíbaliz Espinosa que narra os poemas e se bota man de tres cartas de Rosalía de Castro a Manuel Murguía que ofrecen unha ollada á vida íntima da poeta.

Mauleón, Amaia, "Conozco el placer de leer gracias a los cuentos de Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "TV/ Espectáculos", 18 xaneiro 2012, p. 63.

Amancio Prada explica nesta entrevista a selección que compón o repertorio do seu recital onde se inclúen poetas de diversas épocas e estilos, entre os que se atopan Álvaro Cunqueiro e Rosalía de Castro.

Mauleón, Amaia, "Me presento al cargo por puro patriotismo cultural", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 30 maio 2012, p. 39.

Anxo Angueira explica os motivos que lle levaron a presentarse como candidato á presidencia da Fundación Rosalía de Castro e comenta que, a pesar da complicada situación, considera que hai que loitar para que a institución non desapareza pois "Rosalía es emblema nacional".

M. F. A., "O capital cultural e socioidentitario da nosa literatura está a ser obviado e desprezado", *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 706, 8 xaneiro 2012, p. 29.

Entrevista a Armando Requeixo na que se fala de *Criticalia* (2012), do estado actual da literatura galega e das súas preferencias literarias, entre outros asuntos.

M. F. A., "Somos un país de escritoras e escritores equiparables aos mellores de outras latitudes", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 8 xaneiro 2012, p. 57.

Reprodúcese unha conversa con Armando Requeixo na que se fala de *Criticalia* (2012), dos premios recibidos polo autor e da situación actual da literatura galega.

Mirás, Nacho, "O derradeiro dos históricos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 481, "Homenaxe", 25 agosto 2012, p. 12.

Recupérase, con motivo do falecemento de Avelino Pousa Antelo, unha entrevista realizada en 2007 na que fala de cuestións persoais, do último galardón que lle deu a Agrupación O Facho e fai unha radiografía de Galicia.

Mirás, Nacho, "Propoño un debate arredor do mundo da edición", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 27 novembro 2012, p. L2.

Tras comentar que Pere Tobaruela pon en marcha no seu blog unha novela por entregas co título *Sempre perden os mesmos*, o escritor fala da idea de ofrecer unha novela de

balde, da curiosidade que xerou na rede, da posibilidade de autoeditarse e das críticas que se verten no seu *blog*.

Mosquera, Javier, "En Galaxia somos moito máis que unha editorial", *Faro de Vigo*, "Vigo", 15 febreiro 2012, p. 8.

Entrevista a Benxamín Casal Vila, actual presidente da Editorial Galaxia, onde fala da editora como proxecto político-cultural, dos seus principais éxitos, da súa posición no mercado dixital e de como superan os problemas actuais do sector.

Mosquera, Javier, "No seu conxunto, a biblioteca Penzol é un tesouro", *Faro de Vigo*, "Vigo", 16 febreiro 2012, p. 10.

Alfonso Zulueta de Haz, actual presidente da Fundación Penzol, fala da situación da Biblioteca Penzol, da actualización dos seus fondos e da dixitalización do seu material.

Muleiro, Paloma, "Se está recortando en cultura sin ningún tipo de justificación", *Faro de Vigo*, "TVE/Espectáculos", 13 xullo 2012, p. 67.

Entrevista a Tono Casais, elixido presidente dos actores e actrices de Galicia, na que fala da súa nova etapa, da situación actual da profesión de actor en Galicia e das actividades que se van a realizar en 2013 ao redor da figura de Roberto Vidal Bolaño, precursor do teatro profesional, para relanzar a súa figura.

Ocampo, E., "El fantástico texto consagra a Otero como gran poeta gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Relevante descubrimiento en la Fundación Penzol", 10 xuño 2012, p. 43.

O investigador Manuel Santiago Fernández fala da poesía inédita atopada de Ramón Otero Pedrayo e o proceso de como se chegou até ela, ao tempo que se valora a relevancia do achado.

Ocampo, Elena, "Con veinte hombres como él, Galicia se salvaría", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Reacciones", p.36/ *La Opinión*, "Cultura", p. 45, "Adiós al último intelectual galleguista del siglo XX", 7 xaneiro 2012.

Entrevista a Basilio Losada, quen fala do recén falecido Isaac Díaz Pardo, do que enxalza o seu compromiso por traballar para o país.

Olariaga, Maxi, "Cita baixo a luz de Avilés de Taramancos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 453, "Conversas", 4 febreiro 2012, pp. 6-7.

Conversa con Ana e Rodrigo Romaní, ambos os dous galardoados nos Premios da Crítica de Galicia; a primeira polo poemario, *Estremas* (2010), e o seu irmán polo

traballo *Son de seu*. Tratan do papel da arte na actualidade, da concepción de Galicia como nación e da presenza do mar nas súas respectivas obras, entre outros asuntos.

Olariaga, Maxi, "Costa e Veiga: simbiose galega", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 465, "A conversa", 5 maio 2012, p. 12.

A poeta Eva Veiga e o pintor Alfonso Costa disertan sobre a creación e o seu espertar ao mundo da arte, a situación da lingua galega, como afecta a crise á cultura e sobre as relacións entre o mundo da literatura e da arte.

Olarte, Miguel, "Yo me veo a mí mismo como un templagaitas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 53/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Adeus a un símbolo do galeguismo", p. 49, 6 xaneiro 2012.

Isaac Díaz Pardo explica nesta entrevista realizada en 2003 a súa vida en Arxentina, os soños frustrados por mor da guerra civil española, como lle gustaría ser lembrado despois de morrer ou como xurdiu a idea de Sargadelos.

Palmou, Ángel, "Eduardo Pondal é o máximo embaixador de Ponteceso", *La Voz de Galicia*, 9 febreiro 2012, contracuberta.

Explica José Luis Fondo Aguiar, presidente da Fundación Eduardo Pondal, os motivos que levaron á dobre celebración do aniversario e o cumprimento dos trinta anos da aprobación dos símbolos de Galicia. Fai tamén balance da traxectoria da institución e fala da presenza de Eduardo Pondal en Ponteceso e das repercusións da crise nas súas labores.

Pereiro, Xosé Manuel, "Hai dous xeitos de ignorancia, a cultura do autoconsumo e o cosmopaletismo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 marzo 2012, pp. 8-9.

Conversa con Johm Rutherford e Manuel Rivas logo de ser investidos doutores *honoris causa* pola Universidade da Coruña, onde falan sobre as fronteiras da lingua, a tradución na literatura, a formación universitaria e a uniformización cultural, entre outros asuntos.

Piñeiro, Carolina A., "O galego estándar non vale para facer literatura, serve para facer escritura", *La Región*, "Ourense", "A entrevista", 1 maio 2012, p. 10.

Entrevista a Luís González Tosar que presenta en Bos Aires a tradución ao castelán do seu poemario *Estúrdiga materia* (2008). Explica a súa elección do galego máis enxebre e comenta a dificultade que isto supón na súa tradución.

Pousa, Luís, "Cunqueiro no se entiende sin el periodismo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 xaneiro 2012, p. 45.

Entrevista a Miguel González Somovilla con motivo da concesión do premio Pérez Lugín polo seu artigo xornalístico "Álvaro Cunqueiro: del cuco al twitter". Fala do seu convencemento de que o periodismo é un xénero literario e reflexiona sobre o estilo de Cunqueiro na escrita dos seus artigos, explicando que non escribía literatura de "evasión".

Pousa, Luís, "Rosalía nin foi santiña nin atea", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 agosto 2012, p. 27.

Nesta entrevista, o teólogo e académico Andrés Torres Queiruga, entre outras cuestións, fala do seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, no que comentou que Rosalía era unha mística e inconformista que non atopou nin na igrexa nin na teoloxía as respostas axeitadas.

Rodríguez, Salvador, "A xente moza vai descubrir que a poesía do meu pai está moi vixente", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 398, "50 anos de 'Longa noite de pedra", 12 xaneiro 2012, p. IV.

Luís Ferreiro Loredo fala da ruptura do seu pai, Celso Emilio Ferreiro, co Grupo Galaxia, da súa decepción cando foi para Venezuela, da súa evolución política, e da vixencia da súa súa poesía na actualidade.

Riveiro, Víctor Manuel, "El caso del 'Códice' está más cerca de ser un esperpento que de otra cosa", *El Progreso*, "*deVerano*", "Entrevista", 23 xullo 2012, p. 22.

O novelista e editor Víctor Freixanes recapacita sobre as actividades que se poden realizar no verán, entre elas a escritura ao aire libre, da semellanza da súa novela *Cabalo de Ouros* coa realidade da emigración actual e das vantaxes do *e-book* e recomenda a lectura de Ramón Otero Pedrayo.

Rodríguez, Xosé Manoel, "Son nacionalista do Ribeiro", *La Voz de Galicia*, "24 novembro 2012, contracuberta.

Con motivo de ser nomeado fillo adoptivo de Ribadavia, o escritor e académico Xesús Alonso Montero, valora este recoñecemento, fala da súa relación con esta comarca, da figura do gaiteiro de Ventosela, da homenaxe realizada a Celso Emilio Ferreiro e do contido do folleto que vai ler no acto onde citará a Bernardino Graña, Alberto Vilanova, Manuel Gómez del Valle e Eduardo Blanco-Amor, entre outros.

Salgado, Daniel, "Se introduces contradicións na comunidade, es mal recibido", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 marzo 2012, pp. 9-10.

Entrevista a Bieito Iglesias con motivo da saída do prelo de *Contos da terra da tarde* (2011), na que explica como se sente logo de ser definido como o mellor escritor vivo

en galego polo columnista de *El Mundo* Raúl del Pozo e fala da presenza da cultura popular, da música ou do cinema, na súa obra.

Sotelino, B. R., "Alégrame ter sido un elemento de concordia e non de discordia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 xaneiro 2012, p. 45.

Xosé Luís Franco Grande fala dos seus sentimentos logo de ser noemado fillo predilecto de Tomiño, da súa dedicación á produción literaria na actualidade e das súas impresións sobre o panorama literario actual.

Varela, Lourdes, "O gran legado histórico da movida de Vigo foi Siniestro Total", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º403, "Entrevista", 16 febreiro 2012, p. V.

O crítico musical Emilio Alonso concede esta entrevista trala publicación do seu libro *Vigo a 80 revolucións por minuto* (2011) e explica que este consta de artigos, informacións e críticas publicadas naqueles anos para que o lectorado se forme unha impresión do sucedido.

Varela, Lourdes, "Todas as literaturas teñen un déficit de presente", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 405, "Entrevista", 1 marzo 2012, p. V.

O escritor Antón Riveiro Coello fala da súa última obra *Laura no deserto* (2011) e dá conta do proceso creativo, ao tempo que reflexiona sobre a definición de novela, a relación entre as novas tecnoloxías e a literatura e sobre o momento actual da lingua e a literatura galegas.

Varela, María, "Lucía Aldao", *Diario de Pontevedra*, "Revista", "Entrevista", 13 maio 2012, p. 11.

Entrevista á poeta Lucía Aldao na que fala sobre a súa concepción da poesía, os recitais protagonizados xunto a María Lado, as súas fontes de inspiración ou a súa pertenza ao colectivo Poestas da Hostia.

Vidal, Nicolás, "Creo que o personaxe de Balbino é máis importante que Neira Vilas", *Diario de Ferrol,* "Ferrol", 18 abril 2012, p. 15.

Entrevista ao escritor Xosé Neira Vilas na que se comenta a súa nova obra, *Cen anos do himno de Galicia,* e a reedición de *Memorias dun neno labrego,* que ao ser traducida ao xaponés proximamente estará publicado en dezasete linguas.

Vila, Sara, "Domingo Villar. 'Os bilingües pitamos con dúas paletas, eu non renuncio a ningunha", *Diario de Pontevedra*, "Revista", n.º 634, "Entrevista", 2 setembro 2012, p. 4.

Entrevista a Domingo Villar na libraría Cronopios de Pontevedra na que comenta que a novela policial é un "instrumento fabuloso para facer un retrato social". A seguir, fala do seu próximo libro, *Cruces de pedra*, unha nova entrega das aventuras de Leo Caldas. Anuncia que seguramente aparecerá nas librarías arredor do Nadal; salienta a relación do título coa obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao; fala do tempo que tardou en preparalo, así como dalgúns dos seus trazos argumentais. Villar tamén aborda a súa relación coa lingua galega e co castelán á hora de escribir e a presenza de Galicia e da súa cultura na súa produción, especialmente nas entregas de Leo Caldas. Para rematar, fala de *Ollos de auga* e de *A praia dos afogados*.

Zavala, Marcos, "A lingua galega está moi viva, tanto de palabra coma literariamente", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 29 agosto 2012, p. 8.

Entrevista, con motivo da homenaxe da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, ao escritor Bernardino Graña, na que fala da sorpresa que lle supuxo, da importancia do mar na súa poesía, do uso da lingua galega e do seu novo proxecto, a novela *A lenda da fuga a Exipto*, continuación de *Protoevanxeo do neto de Herodes*.

V.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. A., "Arranca la Feria del libro de Lugo, que cumple 30 años", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Letras", 15 maio 2012, p. 43.

Dáse conta do inicio da Feira do Libro en Lugo, que cumple tres décadas de vida, pola que pasarán escritores coma Xerardo Quintiá ou Pedro Feijóo.

A. B., "Vigo chora a perda dun home xeneroso", *Atlántico Diario*, "Galicia", "Adeus a un histórico galeguista", 6 xaneiro 2012, p. 31.

Con motivo do seu pasamento, realízase un breve repaso pola biografía de Isaac Díaz Pardo da man de persoeiros como Víctor Freixanes, Manuel Bragado ou Alfonso Zulueta de Haz.

A. B., "Dúas irmás, tralo encontro poético entre amigos", *Atlántico Diario*, "Vigo", 16 xaneiro 2012, p. 6.

Infórmase do encontro poético organizado por Penúltimo acto (Rosanegra e Cruz Martínez) que tivo lugar no escenario Negra Sombra do café Uff de Vigo. Coméntase que o único requisito para participar é que os versos que se reciten estean escritos en galego.

Abelairas, Bea, "Una hermana de Ramiro Fonte se opone a un acto en homenaje al escritor eumés", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 outubro 2012, p. 37.

Coméntase que María Jesús Fonte, irmá de Ramiro Fonte, se puxo en contacto cos organizadores para manifestar a súa desautorización a un acto de homenaxe consistente nunha lectura de poemas e na colocación dunha placa no edificio que fora escola do poeta. Cítase que a causa de tal rexeitamento é que os organizadores non contaron coa súa opinión.

Abellás, N., "On a bender': el Blanco Amor más internacional", *La Región*, "Ciudadanos", 16 de abril 2012, p. 7.

Alúdese ao traballo de tradución ao inglés de *A esmorga,* feito polo profesor Craig Patterson da Universidade galesa de Cardiff.

Abellás, Nuria, "El instituto de A Carballeira ya se llama Marcos Valcárcel", *La Región*, "Ourense", 19 maio 2012, p. 4.

Dáse conta do acto no que se deu a coñecer a nova denominación do IES A Carballeira, que a partir de agora se chamará IES A Carballeira Marcos Valcárcel, en lembranza deste persoeiro.

Abet, Patricia, "De Hemingway a Saint-Exupéry", *ABC*, "*Artes&Letras*", n.º 38, 25 febreiro 2012, pp. 6-7.

Faise un repaso a faceta tradutora de Carlos Casares das que se destacan as de *O principiño* ou *O vello e o mar* e afírmase que a evolución da súa obra literaria estaba marcada pola complicidade cos rapaces establecida a través dos seus textos. Sinálase tamén que o autor repartía o tempo entre a produción novelística e literatura para os novos lectores, as que se sumaría nos últimos anos o labor coma biógrafo.

Abilleira, Marina, "La isla de descanso de don Xaime", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 29 abril 2012, p. 12.

Infórmase do falecemento de Xaime Isla Couto e fálase de Poio, onde se casou, viviu e se implicou culturalmente.

AD, "Kristina Berg, viúva de Carlos Casares, falece aos 64 anos", *La Región*, "Sociedad", 4 xullo 2012, p. 52.

Faise eco do falecemento de Kristina Berg Casares, muller de cultura e creadora sueca, viúva do escritor Carlos Casares, e coméntanse os convenios da administración galega coa Fundación Carlos Casares, que ela presidía.

A. F., "Tucho Calvo presenta en Tui su libro sobre Paz-Andrade", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Baixo Miño", 26 abril 2012, p. 20.

Fálase da presentación do libro *Valentín Paz-Andrade, á memoria do século XX* (2011), de Tucho Calvo, na Biblioteca Municipal de Tui.

AGN, "Un ano sen Isaac Díaz Pardo; medio século con Edicións do Castro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 6 decembro 2012, p. 61.

Indícase que no ano 2013 se cumpren 50 anos da editorial Edicións do Castro e que, adiantándose a esa data, o Centro de Estudos Galegos da Universidad Complutense de Madrid rendeu homenaxe a Isaac Díaz Castro. Sinálase que no acto participaron tres persoas vencelladas persoalmente co autor (María Victoria Villaverde, Inés Canosa e Constanza Tobío) e que foron lidos textos de Díaz Pardo en voz dos alumnos e profesores de galego da universidade.

Agrelo Arxóns, Lois Denís, "Have a cigar", *La Voz de Galicia*, "*A Voz de Barbantia*", n.º 73, "En obras", 30 marzo 2012, p. 03.

Acóllese nesta sección un relato de Lois Denís Agrelo Arxóns intitulado "Have a cigar".

Aguinaga Alfonso, Magdalena, "La última corrección de Carlos Casares", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", 3 de marzo 2012, p. 2.

Infórmase da inclusión dun conto de Carlos Casares traducido por Luz Pozo Garza na nova edición de *Cuentos gallegos*, que resultou ser o "broche de ouro" desta edición.

Agulla, A., "O BNG honra cunha charla e un recital poético e musical a Rosalía de Castro", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 25 de marzo, p. 17.

Menciónase o acto organizado polo BNG en homenaxe a Rosalía de Castro, en Marín, que consta dunha charla e dun recital poético e musical.

Agulla, Álvaro, "A miña idea non é denunciar os feitos, é facer reflexionar ao lector", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 192, "O Morrazo", "Cangas", 10 marzo 2012, p. 6.

Acóllese unha breve entrevista a Xosé Daniel Costas Currás con motivo da presentación da súa obra, *Infancia de vacas mortas*, por diversos lugares do Morrazo.

Agulla, Álvaro, "Andrea Nunes, Josefa Area e Ronsel, 'Linguas de Ouro' de Queremos Galego", *Diario de Pontevedra*, "Diario do Morrazo", n.º 206, "O Morrazo", "Marín", 23 xuño 2012, p. 4.

Exponse que o colectivo de defensa e promoción lingüística Queremos Galego entrega o premio Linguas de Ouro ao colectivo Ronsel e a dúas poetas, unha nova, Andrea Nunes, e unha consagrada, Josefa Area; pola contra, concede o Lingua de Trapo a Anxo Lorenzo Suárez, pola súa actuación á fronte da Secretaría de Política Lingüística.

A. L., " Xosé Neira Vilas pregonará la Feira do Viño, que se hará del 9 al 11 de marzo", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 25 xaneiro 2012, p. 18.

Coméntase que Xosé Neira Vilas será o encargado de realizar o pregón da XXX Feira do Viño de Chantada.

A. L., "A Academia nomea membro de honra a Carlos Zubillaga", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 abril 2012, p. 45.

Coméntase que a Real Academia Galega nomeou membro de honra a Carlos Zubillaga nun acto presidido por Xosé Luís Méndez Ferrín, no que tamén acompañaron ao homenaxeado Ramón Villares e Darío Xohán Cabana.

A.L., "Uns 15 poetas reuniranse en torno aos versos e ao viño", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 6 novembro 2012, p. 16.

Repásanse as actividades da terceira edición do encontro Poesía e Viño, nomeadamente a ofrenda floral no panteón do pintor Fernando Zapata, a inauguración da exposición do artista venezolano Alexis Martínez e un recital protagonizado por poetas da Ribeira Sacra.

Albarenga, C., "Haikus' para Rosalía en el 175 aniversario de su nacimiento", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Louriña", 25 de febreiro 2012, p. 3.

Dáse conta do certame poético "Coñece a Rosalía de Castro no ano do 175 do aniversario do seu nacemento", acompañado do concurso "Haikus para Rosalía", que organiza a biblioteca porriñesa.

Alonso, Sara, "Mar de palabras para Franco Grande", *El País*, "*Galicia*", 15 xaneiro 2012, p. 6.

Infórmase do acto no que o escritor Xosé Luís Franco Grande foi nomeado Fillo Predilecto de Tomiño.

Alonso Montero, Xesús, "Castelao e Olegaria Dieste", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 452, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 28 xaneiro 2012, p. 11.

Faise referencia á relación entre a familia Dieste e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, profundando na existente entre este e Olegaria, irmá de Rafael Dieste.

Alonso Montero, Xesús, "Castelao e Ricard Salvat en Portugal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 455, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 18 febreiro 2012, p. 11.

Fálase da relación literaria ou plástica de Ricard Salvat con Luís Seoane, Manuel Lourenzo, Eduardo Blanco Amor e Isaac Díaz Pardo. Coméntase, ademais, que creou o espectáculo "Castelao e a súa época".

Alonso Montero, X., "Teresa Pàmies e Rosalía de Castro", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 460, "A outra mirada", "Beatus Qui Legit", 24 de marzo 2012, p. 11.

Dáse conta do falecemento da escritora Teresa Pàmies, fortemente vinculada á literatura rosaliana.

Alonso Montero, Xesús, "Réquiem por un gran filólogo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 470, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 9 xuño 2012, p. 11.

Realízase unha semblanza do profesor Juan José Moralejo Álvarez, catedrático de Filoloxía Grega na Universidade de Santiago, articulista, tradutor e escritor, con interese na situación lingüística galega, as linguas paleohispánicas e a onomástica, especialmente a hidronimia, autor do traballo *Mundo clásico en Curros Enríquez*.

Alonso Montero, Xesús, "Simposio co profesor Dobarro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 473, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 30 xuño 2012, p. 11.

Coméntase a xubilación do profesor Xosé María Dobarro Paz, catedrático de Literatura Galega na Universidade da Coruña, especialista en materias do XIX e XX como censura e literatura na época franquista, que traballa aínda na edición de dúas antoloxías de poesía galega prohibidas noutrora. Cítase tamén a xubilación de Jacobo Muñiz, ou os temas de conversa de Luciano Rodríguez.

Alonso Montero, Xesús, "Celso Emilio Ferreiro: coplas políticas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 474, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 7 xullo 2012, p. 11.

Exponse a existencia, dentro da poesía política e do subxénero das coplas escritas na liña do cancioneiro popular, de catro cántigas de Celso Emilio Ferreiro publicadas en 1962 en Italia, no volume colectivo *Canti della nuova resistenza spagnola*, volume antifranquista, que o propio poeta cantou para un fonógrafo.

Álvarez, Mario, "Comeza o programa de actividades do centenario de Celso Emilio Ferreiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 4 xaneiro 2012, p. 39.

Preséntase o programa de actividades organizado pola Xunta de Galicia para conmemorar o centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro. Coméntase que, en colaboración con outras entidades, divulgará textos do autor e que haberá unha exposición itinerante sobre a súa figura e dous concertos homenaxe.

Álvarez, Mario, "O legado de Celso Emilio Ferreiro percorre Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 de marzo 2012, p. 41.

Infórmase da exposición, con carácter itinerante, que reflicte aspectos da vida e obra de Celso Emilio Ferreiro con motivo do centenario do seu nacemento.

Álvarez, Mario, "Diálogo entre a literatura galega e a universal en 'Galicia, ceo das letras", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 29 de marzo 2012, p. 34.

Indícase que terá lugar a segunda edición do ciclo literario "Galicia, ceo das letras" organizado pola Consellería de Cultura e Educación, no que se pretende estabelecer un diálogo entre a literatura galega e a universal.

Álvarez, Mario, "Feijóo ve en Celso Emilio o poeta preto da inmortalidade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 xuño 2012, p. 52.

Recóllese a participación do presidente da Xunta nos actos conmemorativos do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro en Celanova, vila natal do poeta, en sesión extraordinaria pública da Real Academia Galega. Indícase que incidiu na capacidade de cronista insuperábel e na condición de poeta inmortal.

Ameixeiras, Diego, "O descanso da manda", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 474, "Letras en galego", "1280 almas", 7 xullo 2012, p. 9.

Revísase a produción narrativa de Xerardo Vidal (Friol, 1979), autor d'*A balada do nudista caviloso* (Sotelo Blanco, 2002), volume de doce relatos sarcásticos, de ton nihilista e desencantado. Líganse aspectos do seu traballo autorial con Richard Brautigan, Jean Patrick Manchette, Anxo Rei Ballesteros, Eduardo Blanco-Amor ou Xosé Miranda.

Ameixeiras, Xosé, "A luz dos fillos de Breogán", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 493, 17 novembro 2012, p. 2.

Faise unha reivindicación da figura de Eduardo Pondal máis alá da súa condición de autor do himno galego. Afírmase que é o autor do Rexurdimento que ten máis obra publicada. Faise referencia ao traballo de reivindicación do autor levado a cabo polo profesor Manuel Ferreiro Fernández, destacándose as súas edicións da obra do poeta eumés, en especial de *Os Eoas*, da que se sinala a importancia que tivo na dignificación da lingua galega.

Andaluz, Cándida, "A poesía de Celso Emilio Ferreiro dialoga nas rúas de Celanova", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 xaneiro 2012, p. 38.

Preséntase o proxecto "Cen anos, cen comercios, cen poemas", organizado pola Fundación Curros Enríquez e o Concello de Celanova, con motivo da celebración do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro.

Andaluz, Cándida, "Xinzo pide o Día das Letras do para Carlos Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 febreiro 2012, p. 46.

Mencionánse as diversas actividades organizadas polo Concello de Xinzo de Limia para conmemorar o décimo aniversario da morte de Carlos Casares. Coméntase que con elas se pretende apoiar a declaración por parte da Xunta do 2013 como Ano Carlos Casares e a dedicatoria do Día das Letras Galegas.

Angueira, M. "De Catoira a Frederikssund con el teatro como bandera", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", 7 decembro 2012, p. 14.

Sinálase que os actores do grupo de Úrsula Teatro irán en marzo á localidade danesa de Frederikssund para representar unha peza inspirada na tradición vikinga. Recóllense afirmacións da directora da escola de teatro, Fátima Rey, na que fai referencia ao incremento do interese polo teatro en Catoria desde a súa creación en 2010.

Á. P., "Vilaboa Comunicación medita sobre o centenario de Celso Emilio Ferreiro", *Diario de Pontevedra*, "Comarca", 15 de marzo 2012, p. 14.

Fálase da posta en marcha do ciclo Vilaboa Comunicación, iniciado coa sesión de X. M. Álvarez Cáccamo na que retratou a imaxe e a voz de Celso Emilio Ferreiro.

Apicius, Caius, "El día que se fueron Camba y Cunqueiro empezó su leyenda", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 28 de febreiro 2012, p. 43.

Relaciónase aos dous escritores Julio Camba e Álvaro Cunqueiro por coincidiren na mesma data, o 28 de febreiro, o día da súa morte.

Arias, Cristina, "Un libro recogerá toda la obra del poeta santaballés Cayetano Arias", *El Progreso*, "A Chaira", 8 decembro 2012, p. 18.

Dáse noticia da presentación dun libro recompilatorio da obra do poeta Cayetano Arias levada a cabo por un sobriño neto e unha sobriña bisneta do autor. Infórmase que o material recollido no volume inclúe textos publicados e inéditos e está composto ademais por unha biografía do escritor, unha análise da obra e conta cun prólogo de Xoán Ramón Cuba e Mercedes Salvador Casteñer. No remate da noticia cítanse palabras do recompiladores nas que reivindican a figura de Cayetano Arias.

Arias, Martín, "Isaac Díaz Pardo se restablece de una neumonía sufrida", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 3 xaneiro 2012, p.41.

Dáse conta do estado de saúde de Isaac Díaz Pardo e coméntase que está centrado na catalogación da súa obra, que decidiu ceder á Cidade da Cultura.

Arias, Martín, "Álvaro Cunqueiro protagoniza el LXXI premio Pérez Lugín", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 26 xaneiro 2012, p.50.

Coméntase que Miguel González Somavilla, Premio Pérez Lugín 2012, rexeita no seu traballo que Álvaro Cunqueiro fora xornalista por necesidade e dá conta do seu labor en diversos diarios.

Armada, Alfonso, "Primeiro pastor da lingua galega", *ABC*, "Galicia", "Gallegos de perfil", 24 xuño 2012, p. 74.

Realízase unha semblanza de Xosé Luis Méndez Ferrín (Ourense, 1938), unha das figuras indiscutíbeis das letras galegas modernas, cunha nítida actividade cultural e política: fundador de Brais Pinto, da Unión do Povo Galego e presidente da Real Academia Galega.

Arnáiz, Ángel, "A xunta recordará a 'este xigante da cultura' cunha homenaxe institucional", *El Correo Gallego"*, 6 xaneiro 2012, p.8.

Dáse conta das verbas coas que diversos persoeiros lembran a figura de Isaaca Díaz Pardo, logo do seu pasamento.

A. S., "Castelao, en la memoria 126 años después", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Actos culturales en el municipio de Rianxo", 29 xaneiro 2012, p. 20.

Faise referencia ás actividades programadas en Rianxo con motivo do cento vinte e seis aniversario do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, entre as que se inclúen ofrendas florais e conferencias.

A. S., "Anxo Angueira: 'Hai que escribir moito coa cabeza antes de facer unha novela", *Diario de Arousa*, "Ulla- Umia", 17 de marzo 2012, p. 22.

Retrátase a visita do escritor Anxo Angueira ao Clube de Lectura do IES de Valga, onde explicou o proceso literario da súa obra gañadora do Premio Xerais no 1999, *Pensa nao*.

Baena, Ana, "Landeira, íntimo de Cunqueiro, desvela el hacer diario del escritor", *Atlántico Diario*, "Vigo", 16 febreiro 2012, p.12.

Anúnciase a publicación da obra *Sobre las fugas de Cunqueiro. Otra vida de Álvaro entre el periodismo y la literatura* (2011), de Xosé Landeira Yrago, que recolle as influencias das lecturas de Álvaro Cunqueiro no seu quefacer periodístico.

Baena, Ana, "A outra faciana do escritor Carlos Casares, ao descuberto", *Atlántico Diario*, "Vigo", 28 de marzo 2012, p. 9.

Fálase da participación de 200 alumnos do IES Carlos Casares nos faladoiros sobre a figura do mesmo Carlos Casares, tendo en conta os seus distintos caracteres.

Baena, Ana, "Teatro, música y humor se quedan sin festival en la ciudad", *Atlántico Diario*, "Vigo", 6 de abril 2012, p. 12.

Infórmase da falta de interese do Concello vigués á hora de levar a cabo distintos programas, que xa tiveron outras edicións, para difundir o teatro.

Baena, Ana, "Os seus amigos lembran a pegada de 'Illa' Couto", *Atlántico Diario*, "Vigo", 26 abril 2012, p. 11.

Dáse conta do falecemento de Xaime Isla Couto e do lugar e hora do seu enterro e posterior funeral. Inclúense declaracións das persoas que estiveran máis preto del, entre os que se atopan Xosé Luís Méndez Ferrín e Antón Pulido.

Baena, Ana, "Galicia deu o derradeiro adeus a Xaime Isla Couto", *Atlántico Diario*, "Vigo", 27 abril 2012, p. 13.

Faise referencia ao funeral de Xaime Isla Couto e infórmase das personalidades que asistiron.

Baena, Ana, "Derradeiro adeus ao intelectual Xaime Isla Couto", *La Región*, "Sociedad", 27 abril 2012, p. 68.

Infórmase de que numerosos representantes da cultura, a empresa e a política galegas asistiron ao funeral de Xaime Isla Couto.

Baena, Ana, "Celso Emilio reinvéntase na voz das novas xeracións", *Atlántico Diario*, "Vigo", 27 xuño 2012, p. 9.

Detállanse as asistencias e intervencións no acto dedicado a Celso Emilio Ferreiro do Centro Cultural Novacaixagalicia de Vigo. Dise que foi presentado pola poeta Yolanda Castaño e que se sucederon no escenario Rexina Vega, Inma López Silva, Fernando Franco, Manoel Soto e Xesús Alonso Montero. Dende o ámbito musical, indícase que, homenaxeando ao poeta, actuaron El Puto Coke, Ataque Escampe, Davide, Luis Emilio Batallán, etc.

Baena, A., "Son un escritor en galego e as miñas traduccións son versións", *Atlántico Diario*, "Vigo", 28 xuño 2012, p. 11.

Fálase da presentación de *Caballo de oro* en Madrid, tradución ao castelán da última novela de Víctor Freixanes, Premio da Crítica e da Federación de Libreiros. Coméntase o seu proceso de tradución e as súas características, temática, etc.

Baena, A., "A novela de Queizán é moi avanzada no seu tempo", *Atlántico Diario*, "Vigo", 28 xuño 2012, p. 13.

Coméntase a participación de Eli Pérez, coordinadora de Nós Mesmas, nas tertulias do Centro de Recursos e Documentación Feminista na Biblioteca Central de Vigo, onde analizou a novela *A semellanza* (1988), de María Xosé Queizán.

Baena, "Doce poetas máis un ilustrador lembran a Celso Emilio Ferreiro", *Atlántico*

Diario, "Vigo", 24 novembro 2012, p. 13.

Dáse conta dunha nova homenaxe a Celso Emilio, *Cartafol de soños*, no cincuenta aniversario da publicación de *Longa noite de pedra*, na que participan doce poetas.

Bareño, G. e C. **Franco**, "O Congreso ratificou a dotación de 682.000 euros para a Academia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 maio 2012, p. 42.

Alúdese aos problemas que houbo pola dotación que o Estado quería destinar á Real Academia Galega, de como isto se solucionou e do satisfeito e agradecido que se amosou Xosé Luís Méndez Ferrín pola resolución final.

Barge Bustabad, Amalia, "O escondite", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 25 agosto 2012, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Amalia Barge Bustabad (44 anos), intitulado "O escondite".

Barro, Pepe, "Misión e produción", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Unha vida na memoria e na vangarda", 13 xaneiro 2012, p.11.

Indícase que Isaac Díaz Pardo descobre na súa estadía americana os modelos teóricos do deseño europeo, da man de Luís Seoane e que ambos os dous expoñen no *Manifesto* (1970) do Laboratorio de Formas a necesidade de ollar as formas esquecidas de Galicia e atopar o seu propio modo de expresión. Indícase, ademais, que Díaz Pardo acode ao plano do castro de Samoedo realizado por Florentino López Cuevillas n'*A Edade do Ferro na Galiza* para deseñar o logotipo do Laboratorio de Formas, Ediciós do Castro e o Museo Carlos Maside.

Beares, Octavio, "Amancio, a solas con Vigo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Crítica musical", 29 xaneiro 2012, p. 53.

Coméntase que o cantautor Amancio Prada interpretou letras de Rosalía de Castro nun concerto no Teatro do Centro Cultural Novacaixagalicia de Vigo.

Beceiro, M., "Chévere agarda crear 'unha cultura viva e participativa' como residente en Teo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Área metropolitana", 29 xaneiro 2012, p. L10.

Realízase un sucinto repaso pola historia da compañía Chévere e indícase que a partir de marzo o concello de Teo será un dos tres únicos municipios de Galicia con compañía teatral residente.

Beceiro, M., "Pensar en muerte, metamorfosis y otros fríos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 3 febreiro 2012, contracuberta.

Entre outros asuntos, infórmase da presentación da obra *Café só* (2011), de Anabel Alonso, na libraría Couceiro de Santiago de Compostela.

Beceiro, Manuel, "O espíritu da Nasa, camiño a Teo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 28 xaneiro 2012, p. L8.

Coméntase que Chévere converterase en marzo en compañía residente no Centro Sociocultural da Ramallosa, noconcello de Teo.

Becerra, Marta, "Con pelos en la lengua", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 23 de febrero 2012, p. 11.

Dáse conta da emisión de poemas e pezas biográficas de Celso Emilio Ferreiro por Radio Lugo.

Becerra, Marta, "El Leiras Pulpeiro honra a su poeta", *El Progreso*, "Lugo", 10 novembro 2012, p. 13.

Infórmase de que o instituto lugués, para conmemorar o centenario do nacemento do autor que dá nome ao centro, acolleu unha charla a cargo de Xesús Alonso Montero e un recital de poemas de Leiras Pulpeiro protagonizado polo alumnado de 1º e 2º de ESO. Tamén se sinala que o centro organiza un certame de marcapáxinas con poemas de Leiras Pulpeiro.

Becerra, Marta, "Manos Unidas se mueve por África", *El Progreso*, "Lugo", 4 decembro 2012, p. 8.

Indícase que o grupo de Teatro Chévere tratará de dinamizar o comercio lugués a través do proxecto "Esca-Párate" coa realización de micropezas teatrais nos escaparates. Sinálase que a presentación da iniciativa ante os medios de comunicación foi realizada polas institucións implicadas e representantes do grupo teatral.

Bernárdez, Carlos L., "Bestiario, fóra a alma", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 414, "Arte/exposicións", 10 maio 2012, p. IV/ *La Opinión*, "Saberes", n.º 367, "Diálogos de Luís Seoane", 12 maio 2012, contracuberta.

Faise eco da nova mostra da Fundación Luís Seoane, "Bestiario, fóra a alma", na que se revisa a temática da da "recreación e reelaboración dos bestiarios". Detállanse os dous bestiarios que realizou o artista, expostos de maneira conxunta por primeira vez.

Besteiro, Nuno, "Unha mostra lembra o día no que Castelao revivíu na Quintana", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 de abril 2012, p., 42.

Revívese a primeira representación na Quintana de *Os vellos non deben namorarse*, cunha exposición na Biblioteca Ánxel Casal.

B. L., "Creo que vai sendo hora de rematar", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "Protagonista en 2002", 5 xullo 2012, p. 24.

Explícase que no curso de verán "Valle-Inclán dende Galicia", celebrado no Museo de Pontevedra, o galeguista histórico e ex presidente da Real Academia Galega anunciou a súa conferencia como a última da súa vida na que repasou a galeguidade na obra de Valle-Inclán.

Blanco Rivas, M. "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 399, "Libros", 19 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 361, 28 xaneiro 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Destas que nos ocupan, *Meu pai vaite matar* (2011), de María Xosé Queizán; *Microbios e outros paquidermos* (2011), de Fernando Díaz-Castroverde e *Versos escollidos* (2011), de Wislawa Szymborska, saliéntanse os argumentos e as liñas temáticas fundamentais.

Blanco Rivas, M. "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 400, "Libros", 26 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 362, 4 febreiro 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Destas que nos ocupan, *A desaparición de Esme Lennox* (2011), de Maggie O'Farrell e *Contos da terra da tarde* (2011), de Bieito Iglesias, saliéntase o argumento e as liñas temáticas fundamentais, respectivamente. Tamén se describe *Quen lle ten medo a Morgana?* (2011), de Pasqual Alapont.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 401, "Libros", 2 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 363, 11 febreiro 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Destas que nos ocupan, *Laura no deserto* (2011), de Antón Riveiro Coello e *Eu, Jean Gabin* (2011), de Goliarda Sapienza saliéntanse os argumentos. Tamén se describen *O caderno laranxa de Morgana* (2011), de Pasqual Alapont e *Contatrás II-I* (2012), de Paula Carballeira.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 402, "Libros", 9 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 364, 18 febreiro 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa, *Despois de ti, a chuvia* (2011), de Xosé Carlos Caneiro, saliéntase que se trata de poemas cheos de emoción. Tamén se describe *Mil cousas poden pasar. Libro II* (2011), de Jacobo Fernández Serrano.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 16 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 365, 25 febreiro 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Destas que nos ocupan, *As fiandeiras* (2011), de Antonio Piñeiro; *Sobre las fugas de Cunqueiro* (2011), de Xosé Landeira Yrago e *Historias de Oregón* (2011), de Diego Ameixeiras saliéntanse os argumentos.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 404, "Libros", 23 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 367, 3 marzo 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa, *Brasil no centro* (2011), de Xavier Rodríguez Baixeras, saliéntase o argumento. Tamén se describen *A morte do rei artur* (2011) e *Relatos de terror* (2012), de H. P. Lovecraft.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 405, "Libros", 1 marzo 2012, p. VII.

Nesta sección fixa descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa, *A beira de Beiras* (2011), de V. Arias, M. Caamaño e V. Freixanes, saliéntase que tratan cuestións capitais para a comprensión da Galicia actual. Tamén se describe *Vento galerno* (2012), de Antonio Yáñez Casal.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 5 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 362, 6 abril 2012, p. 7.

Nesta sección fixa descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa, *Haberá primavera* (2011), de César Morán, saliéntase que pon música aos poemas de Álvaro Cunqueiro. Tamén se describen *Os fillos do mar* (2012), de Pedro Feijoo; o número cento setenta e oito da revista *Tempos Novos* (2012) e *Da máquina* (2012), de Alberto Lema.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 410, "Libros", 12 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 363, 14 abril 2012, p. 7.

Nesta sección fixa descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa, o número cento noventa e dous da revista *Grial* (2011), saliéntase que está dedicado á figura de Álvaro Cunqueiro. Tamén se describen *Os megatoxos e o aprendiz de druída* (2012), de Anxo Fariña; *Morgana en Esmelle* (2012), de Begoña Caamaño e *Catro amigos pillabáns* (2012), de Ramón Caride.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 358, 11 febreiro 2012, p. 7.

Nesta sección fixa descríbense semanalmente varias obras. Destas que nos ocupan (*Cita en Fisterra* (2011), de Luis Rei Núñez e *Pressing Catch* (2010), de Paula Carballeira) saliéntanse o argumento e as liñas temáticas fundamentais, respectivamente. Tamén se describen *Fantasmas de luz* (2011), de Agustín Fernández Paz e *O Camiño de Santiago do A ao Z* (2010), de Ana María Fernández, Xoán Babarro e Luisa Vera.

Bonaval, Lope de, "Couceiro Freijomil", *El Correo Gallego*, "*2 domingo*", 1 xullo 2012, p. 6.

Realízase unha semblanza biográfica, permeada por algunha anécdota significativa, do escritor, xornalista, investigador e mestre Couceiro Freijomil (Pontedeume, 1888-1955). Saliéntase como membro da Real Academia Galega, o Seminario de Estudos Galegos e explícanse os seus ámbitos de traballo.

Botrán, Cristina, "Vagalumes y la sociedad civil estradense recuerdan la figura de Ken Keirades", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 de abril 2012, p. 36.

Rememórase a figura de Ken Keirades, 40 anos despois da súa morte, cunha homenaxe na que colaborou parte da sociedade civil estradense.

Bottinelli, Agustín, "Villares analiza en Buenos Aires la relación entre Seoane, Galicia y Argentina", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 de marzo 2012, p. 41.

Dáse conta da presentación do libro *Luís Seoane, entre Galicia y la Argentina*, (2011), unha compilación das conferencias do congreso dedicado a Luís Seoane.

Bueno, Pablo, "Os premios Lingua de Ouro e de Trapo entréganse hoxe no Xan Xían", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 6 xullo 2012, p. 15.

Anúnciase a entrega por parte da Asociación Queremos Galego de Marín dos premios Lingua de Ouro, ao colectivo Ronsel e ás poetas Andrea Núñez Briones e Josefa Area Moreira; e Lingua de Trapo, ao secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo Suárez.

Bugallal, Isabel, "A RAG adicará o Día das Letras 2013 ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño", *La Opinión*, "Cultura", 23 xuño 2012, p. 54.

Anúnciase a escolla de Roberto Vidal Bolaño como homenaxeado do Día das Letras Galegas de 2013 en pleno por parte da Real Academia Galega. Realízase unha concisa revisión da súa obra e actividade cultural, considerándoo figura imprescindíbel para comprender o teatro galego, e revísanse as outras candidaturas propostas.

Burgoa, Juan J., "O bicentenario de Domingo Díaz de Robles", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 5 xullo 2012, p. 14.

Realízase unha afervoada defensa e revisión da figura de Domingo Díaz de Robles, militar liberal, xornalista e escritor bilingüe ferrolán que pertenceu á Xeración do 46, precursora do Rexurdimento. Revísase a súa actividade vital e a publicación de poemas en galego pola súa parte, en 1858 e 1865, ambientados en Ferrol, os seus temas e costumes.

Burón, Viviana, "Los entresijos del teatro, en Oleiros", *La Opinión*, "Oleiros", 6 novembro, p. 13.

Indícase que o grupo de Teatro Chévere organiza no teatro As Torres de Santa Cruz un obradoiro para vinte e cinco persoas e que a finalidade é amosar o proceso de traballo para preparar a representación do sábado da obra *Citizen*. Sinálase que a peza fai unha reflexión sobre o éxito da multinacional Inditex.

C. A., "Mouriño Cuba presenta el 15 un libro de poesía dedicado a su Lousada natal", *El Progreso*, "A Chaira", 13 decembro 2012, p. 13.

Dáse conta da presentación deste poemario na Escola do Pazo en Lousada, lugar onde naceu o seu autor.

Cambeiro, Xosé M., "Eu vivín tres Santiagos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 16 de abril 2012, contracuberta.

Faise un percorrido pola vida compostelá do escritor Bieito Iglesias Araúxo.

Canedo, Cibrán, "De poesía y prosa", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 345, "Cara y cruz", 12 outubro 2012, contracuberta.

Gábase a unión das perspectivas físicas e literarias na loita pola reivindicación do Monte Pindo.

Carrera, Rosé, "O pracer de ler con rosas e un café", *Atlántico Diario*, "Día Internacional do Libro", "Novidades", "A produción editorial medra en Galicia", 23 abril 2012, p. 11.

Infórmase de que no Día Internacional do Libro, as librarías de Vigo ofrecerán a quen merque unha obra unha rosa e un café, actividade que se vén consolidando dende hai uns anos. Coméntanse tamén algúns títulos que despuntan, como é o caso de *Non hai noite tan longa* (2011), de Agustín Fernández Paz.

Carrera, Rosé, "A cidade acollerá o acto central do Ano de Celso Emilio Ferreiro", *Atlántico Diario*, "Vigo", 8 xuño 2012, p. 9.

Anúnciase a celebración do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro o 14 de xuño no Teatro do Centro Cultural Novacaixagalicia, que contará con voces novas da literatura galega, como Iolanda Zúñiga ou Rexina Vega; catedráticos como Xesús Alonso Montero e artistas como Ataque Escampe ou El Puto Coke, que volverán musicar algún dos temas da Nova Canción Galega, apoiados na poesía crítica e combativa do celanovés.

Castelo Martínez, Antía, "Unha cidade con teatro", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 26 agosto 2012, p. 38.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Antía Castelo Martínez (17 anos), intitulado "Unha cidade con teatro".

Castro, Antón, "Fernán- Vello, el bardo incesante", *El País*, "*Galicia*", 25 de marzo 2012, p. 8.

Menciónase a figura do escritor e contador de historias, entre outras moitas facetas, Miguel Ánxo Fernán- Vello.

Castro, Luisa, "Xulia Alonso", *El Progreso*, "Opinión", 1 de abril 2012, p. 31.

Fálase da publicación do libro *Futuro imperfecto* de Xulia Alonso (2010), que trata da problemática que levan consigo as drogas.

Castro, Víctor, "Homenaje póstumo a Díaz Pardo en Sigüeiro-Oroso", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 11 xaneiro 2012, p. 20.

Faise referencia á homenaxe rendida a Isaac Díaz Pardo no concello de Oroso.

Castro, Víctor, "Castelao, homenajeado por Encontros coa arte", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Sada", "Atalaya Mariñana", 6 xuño 2012, p. 20.

Explícase que un total de 31 artistas se desprazaron a Rianxo en homenaxe a Alfonso Rodríguez Castelao, como participantes nos "Encontros coa arte" organizados en

colaboración entre os concellos de Brión e Rianxo, tendo por comisario ao pintor Xosé Vázquez Castro.

C. B., "Recepción institucional a la nueva directiva de A Matanza", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 6 xuño 2012, p. 38.

Alúdese á benvida dada á nova directiva da Fundación Rosalía de Castro, co recén escollido presidente, Anxo Angueira, á cabeza, quen expuxo o seu programa.

C. D., "Recorridos literarios por las rúas y plazas", *El Correo Gallego*, "*Santiago*", 11 novembro 2012, p. 32.

Sinálase que Santiago acolleu o primeiro dos paseos literarios organizado pola AELG e o Concello, que o guía foi Euloxio R. Ruibal, quen levou aos participantes dende Bonaval ata o Toural, percorrendo as principais rúas do casco histórico e visitando lugares e edificios vencellados a figuras destacadas da historia de Galicia e da literatura contemporánea. A seguir, infórmase de que o seguinte roteiro será realizado por Marilar Aleixandre.

Celeiro, María, "Doce anos tras os versos de Fiz", *El Progreso*, "Sarria", 10 xullo 2012, p. 13.

Coméntase a duodécima viaxe literaria a Lóuzara (Samos), con 65 asistentes, organizada pola asociación cultural Ergueitos na lembranza da figura de Fiz Vergara Vilariño. Detállase a ruta e os poemas que a acompañan, así como algúns dos participantes: Marica Campo, Xerardo Quintiá, Violeta Bernardo e Xosé Manuel Beiras.

Cenamor, X., "La Feira do Libro se llena de historia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 2 maio 2012, contracuberta.

Dáse conta da mesa redonda que tivo lugar na Feira do Libro de Santiago de Compostela sobre a novela histórica. Infórmase de que participaron Marcos Calveiro, Pere Tobaruela e Fran Zabaleta.

Cenamor, X., "Reencuentro de quintos en Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 11 novembro 2012, contracuberta.

Faise mención ao paseo literario pola cidade organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Linga Galega e que tivo como guía ao dramaturgo Euloxio R. Ruibal.

C. F., "Un canto e unha luz na noite estuda o asociacionismo cultural na ditadura", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 abril 2012, p. 47.

Infórmase da exposición "Un canto e unha luz na noite", unha homenaxe ás asociacións culturais da ditadura que se poderá ver, nun principio, no Museo do Pobo Galego, aínda que logo se convertirá nunha exposición itinerante.

C. G., "Acto con Cleudene de Oliveira e Neira Vilas en Melide", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 xaneiro 2012, p. 32.

Infórmase do acto "Neira Vilas e Rachel de Queiroz: dúas figuras universais" no que se falará de relación entre os dous escritores e estará o propio Xosé Neira Vilas.

Chao, Alba, "Noguerol na lembranza", *La Región*, "Ciudad", "Crónica", 1 febreiro 2012, p. 12.

Dáse noticia da homenaxe ao galeguista e intelectual ourensán Arturo Noguerol Buján celebrada en Ourense.

Conde, María, "Arranca en Pontevedra o Culturgal "máis expansivo"", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 decembro 2012, p. 43.

Recóllense afirmacións do presidente do Culturgal, Xulio Amigo, nas que se sinala que non van esconder as fallas para amosaren que os recortes teñen consecuencias. Afírmase que as carencias derivadas diso será suplido con creatividade e esforzo. Indícase que setenta e unha entidades estarán representadas e haberá máis de 1.000 profesionais de Galicia, do resto de España, de Arxentina, Portugal e outros países lusófonos.

Conde Corbal, Moncho, "Lecturas", *La Región*, "Ourense", "Percepciones", 17 xaneiro 2012, p. 18.

Anúnciase a saída do prelo da obra *Unha troita de pé* (2011), de Silvia Bardelás.

Constenla, Tereixa, "Del malditismo a la bendición", *El País*, "Cultura", "Vida&Artes", 23 xuño 2012, p. 41.

Realízase unha revisión pola vida e obra de Lois Pereiro como icono da contracultura no sistema literario galego, permeada dalgunhas citas, ao tempo que se comenta o seu remonte editorial.

C. P. R., "César Morán lleva hoy a As Pontes los poemas de Cunqueiro con 'Haberá primavera", *El Progreso*, "A Chaira", 3 febreiro 2012, p. 17.

Menciónanse diversos actos de homenaxe a Álvaro Cunqueiro nas Pontes, entre os que se atopan a presentación da obra *Haberá primavera* (2011), de César Morán, e o recital de versos do autor a cargo do grupo poético Alalá.

C. P. R., "El Concello de Xermade organiza el día 24 un tributo a Rosalía de Castro", *El Progreso*, "A Chaira", 19 febreiro 2012, p. 17.

Infórmase que a biblioteca municipal do concello de Xermade organizará unha homenaxe a Rosalía de Castro con motivo do cento setenta e cinco aniversario do seu nacemento.

C. P. R., "Os camiños centran unha escolma de poesía chairega", *El Progreso*, "A chaira", 11 maio 2012, p. 21.

Dáse conta da presentación d'*Os camiños da chaira na poesía* (2012), antoloxía de textos poéticos, en Vilalba.

C. R., "Os contos, protagonistas dos Encontros Literarios", *La Región*, "*Universitas*", 2 febreiro 2012, p. 7.

Indícase que a celebración da edición número vinte e dous dos Encontros Literarios do Liceo de Ourense. Coméntase que contará coa participación, entre outros, de Camiño Noia, que falará sobre as narracións breves de Carlos Casares.

Cuíñas, T., "Xardín Desordenado pone música a versos gallegos", *El País*, "*Galicia*", 23 de marzo 2012, p. 6.

Faise eco da produción do disco Xardín Desordenado que homenaxea a moitos escritores galegos poñéndolle música aos seus versos.

Cuíñas, Teresa, "Prolingua homenajea a Agustín Fernández Paz", *El País*, "*Galicia*", 30 xuño 2012, p. 6.

Refírese a celebración dun acto de homenaxe ao escritor Agustín Fernández Paz en Vigo, organizado polo colectivo Prolingua, salientando a súa actividade como escritor, docente e investigador. Indícase que o conduce Rosa Aneiros e intervirán persoaeiros como Paco Martín, Xabier P. Docampo, Xavier Senín ou Manuel Bragado.

C. V., "El Liceo Casino dedica la XIX Mesa das Verbas al poeta Bonifacio Suárez", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 12 outubro 2012, p. 9.

Infórmase da celebración ás 21 horas da XIX edición da Mesa das Verbas na que se homenaxerará ao poeta Bonifacio Suárez e se dará a coñecer o libro de poemas de Jesús Recio.

Darriba, Manuel, "Una editorial de aldea y global", *El País*, "*Galicia*", 27 xuño 2012, p. 8.

Explícanse as orixes e funcionamento de Ouvirmos, unha editora independente e pequena a cargo do xestor Xosé Manuel Aldea, cuxa sé está nun núcleo rural sarriano. Dise que cunha década de historia e setenta referencias ás costas, a restauración de certas gravacións galegas históricas levou ao selo a ser o primeiro en vender música galega nas tendas dixitais.

Díaz, Héctor, "La RAG recibirá este año más de 682.000 euros del Estado", *Atlántico Diario*, "Galicia", 10 maio 2012, p. 27.

Infórmase que a Real Academia Galega recibirá este ano máis de 682.000 euros do Estado. Afírmase que esta institución valora positivamente a modificación do presuposto inicial.

Díaz, N., "Xerais supera los diez millones de ejemplares vendidos desde su fundación en 1979", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 41/ "Xerais supera os dez millóns de exemplares vendidos dende a súa fundación en 1979", *La Opinión*, "Cultura", p. 55, 4 febrero 2012.

Coméntase o éxito de vendas de Edicións Xerais de Galicia e menciónanse algúns dos títulos que espertaron máis interese no lectorado: *Non hai noite tan longa* (2011), de Agustín Fernández Paz; *O máis estraño* (2011), de Manuel Rivas e *Poesía completa* (2011), de Lois Pereiro.

Díaz, Noelia, "Adeus ao 'músculo' da cultura galega, *La Opinión*, "Cultura", "Adiós al último intelectual galleguista del siglo XX", 6 xaneiro 2012, p. 48.

Alúdese á visita á capela ardente de Isaac Díaz Pardo de académicos, políticos e persoeiros da cultura galega.

Díaz, Noelia, "Xosé Ramón Barreiro convida a imitar ao 'profeta' Isaac Díaz Pardo", *La Opinión*, "Cultura", 3 febreiro 2012, p. 54.

Dáse conta da valoración da figura de Isaac Díaz Pardo realizada por Xosé Ramón Barreiro.

Díaz-Fierros Viqueira, Francisco, "Díaz Pardo, o 'Leonardo' galego, e a promoción da tecnociencia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 xaneiro 2012, p. 42.

Cualifícase a Isaac Díaz Pardo como o último renacentista galego e saliéntase, entre outras actividades, a reinstauración do Seminario de Estudos Galegos.

Doespiritusanto, Marcos, "Memoria da saudosa desterrada", *El País*, "*Galicia*", 22 xuño 2012, p. 5.

Realízase un percorrido biográfico pola figura de María Luz Morales, nacida na Coruña pero asentada desde a nenez en Barcelona. Dise que é autora dunha novela, que exerceu públicamente defensa da causa galeguista e que tivo contacto coas xentes do Grupo Nós e do Seminario de Estudos Galegos.

Dopico Vale, Julia Mª, "La trova de Celso Emilio", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "Crónica cultural", 22 xaneiro 2012, p. 10.

Faise un repaso polos grupos musicais que lle puxeron voz aos poemas de Celso Emilio Ferreiro.

D. R., "El homenaje a Díaz Pardo se celebrará el viernes día 20 en la Casa de la Cultura", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Sada", 14 xaneiro 2012, p. 21.

Infórmase de que a homenaxe a Isaac Díaz Pardo terá lugar o día vinte de xaneiro na Casa da Cultura de Sada.

D. R., "El homenaje a Isaac Díaz Pardo cierra su cartel con dos actuaciones más", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Sada", 18 xaneiro 2012, p. 19.

Coméntase que o Concello de Sada pechou o cartel de participantes na homenaxe que está organizando para render tributo á figura de Isaac Díaz Pardo.

D. R., "Emotivo adiós del pueblo de Sada a su Hijo Adoptivo", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Homenaje Isaac Díaz Pardo", 21 xaneiro 2012, p. 23.

Dáse noticia da homenaxe rendida a Isaac Díaz Pardo na Casa da Cultura de Sada.

D. R., "La exposición sobre *Memorias dun neno labrego* llega al IES Díaz Pardo", *El Ideal Gallego*, "Sada", 27 novembro 2012, p. 21.

Infórmase da inauguración da exposición "Querido Balbino" no IES Isaac Díaz Pardo á que asistiron Xosé Neira Vilas e o alcalde de Sada. Indícase o alumnado do centro realizou unha lectura de pasaxes da obra. Sinálase tamén que a exposición, composta por varias vitrinas, xira ao redor de dous eixes principais e reflicten as diferentes etapas na biografía do autor de *Memorias dun neno labrego*.

D. S., "Entre a escrita e 'polis", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 24 de febreiro 2012, p. 9.

Indícase a estreita relación que vincula aos escritores galegos coa política, dende Castelao ou Pedrayo até X. M. Beiras.

ECG, "Lembranza desde os campus galegos", *El Correo Gallego*, "Loito no mundo da cultura galega", 6 xaneiro 2012, p. 8.

Infórmase de que os reitores das tres universidades galegas expresaron o seu pesar polo falecemento de Isaac Díaz Pardo.

ECG, "Centos de persoeiros despiden a Isaac", *El Correo Gallego*, "Loito no mundo da cultura galega", 7 xaneiro 2012, p. 8.

Menciónanse algúns dos persoeiros que acudiron a darlle o último adeus a Isaac Díaz Pardo, como Avelino Pousa Antelo, Víctor Freixanes, Francisco Pillado, Henrique Alvarellos, Xosé Luís Méndez Ferrín e Xesús Alonso Montero, entre outros.

ECG, "Homenaje a Cunqueiro en el instituto Rosalía", *El Correo Gallego*, "Santiago", 28 de febreiro 2012, p. 23.

Alúdese á homenaxe a Cunqueiro que terá lugar no Instituto Rosalía de Castro.

ECG, "Presentación del nuevo libro de Tomás A. Pereiras", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 de marzo 2012, p. 32.

Faise eco da publicación do novo libro de Tomás Antón Pereiras *Nin barulleiro nin ás caladas, indo tras o ensebrismo.*

ECG, "Recuperan 22 escritos curtos de Cunqueiro que estaban dispersos", *El Correo Gallego*, "Tendencias, 31 de marzo 2012, p. 50.

Dáse conta da homenaxe á figura de Á. Cunqueiro con motivo do centenario do seu nacemento.

ECG, "Ochenta años de la misa de Rosalía de Castro", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Fonseca", 10 maio 2012, p. 22.

Infórmase da homenaxe a Xosé Mosquera e Manuel Beiras no pazo de Fonseca, iniciadores da Misa de Rosalía de Castro, que cumple o seu oitenta aniversario.

ECG, "Acordo entre a Fundación Curros Enríquez e o CCG", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Dixitalización", 25 maio 2012, p. 49.

Anúnciase a dixitalización, mediante un convenio co Consello da Cultura Galega, dos actos da Fundación Curros Enríquez, que se porán a disposición de investigadores externos e dos interesados.

ECG, "Outlet do Libro en Área Central con cuatro editores", *El Correo Gallego*, "Santiago", 9 novembro 2012, p. 27.

Faise mención a que o Outlet do Libro en Área Central, aberto ata o día seguinte, ofrece centos de exemplares de centos de títulos entre dous e tres euros das catro editoras representadas: Sotelo Blanco, Edicións Positivas, Urco Editora e Alvarellos Editora. Sinálase tamén que se ofrecen títulos dificilmente localizables.

ECG, "Lorca, protagonista no Gaiás do 'Ceo das letras", *El Correo Gallego*, "Tendencias/Esquelas", 18 novembro 2012, p. 43.

Infórmase das actividades celebradas o día anterior na Cidade da Cultura que tiveron como protagonista a figura de Federico García Lorca, entre as cales se sinalan o relatorio a cargo de Luis García Montero, o concerto de Ugia Pedreira, Marcos Teira, Narf e Pepe Sendón no que se interpretaron os *Seis poemas galegos* de Lorca e un obradoiro para os nenos e nenas a cargo de Marta Ríos.

ECG, "Charla de Helena Villar Janeiro en el Ateneo de Santiago", *El Correo Gallego*, "Santiago", 20 novembro 2012, p. 27.

Indícase que Helena Villar Janeiro, expresidenta da Fundación Rosalía de Castro, deu unha conferencia sobre Rosalía 175 anos despois no Centro Cultural de NCG no marco do ciclo Persoeiros de Compostela.

ECG, "Quico Cadaval en 'Contos e lendas' del pub Atlántico", *El Correo Gallego*, "Santiago", 11 decembro 2012, p. 27.

Menciónase que Quico Cadaval realizará, dentro do ciclo "Contos e Lendas", no pub Atlántico unha dobre sesión, ás 20:00 e ás 22:30.

ECG, "Contos para quentar o Nadal' en el Atlántico", *El Correo Gallego*, "Santiago", 18 decembro 2012, p. 27.

Apúntase que a actriz uruguaia Soledad Fenolla participará ás 21:30 no ciclo "Contos e Lendas" do pub Atlántico co espectáculo "Contos para quentar o Nadal".

Elvira, Sol, "Música y poesía recorren con Canta Compaña la ruta rosaliana", *El Correo Gallego*, "Terras de Santiago*",* 20 outubro 2012, p. 7.

Infórmase da unión de poesía e música coral a cargo de Canta Compaña, en colaboración coa Fundación Rosalía de Castro, nos actos que terán lugar na igrexa de Batavales, na colexiata de Iria Flavia e na Casa da Matanza de Padrón.

E. P., “Campaña sobre Celso Emilio Ferreiro nas 28 rúas que levan o seu nome”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 abril 2012, p. 49.

Dáse conta dunha iniciativa que forma parte dos actos conmemorativos do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro: “Vivo na rúa Celso Emilio Ferreiro”, que leva consigo a distribución dun folleto informativo sobre o poeta nas vinte e oito rúas que levan o seu nome.

E. P., “El CDG se incorpora al proyecto internacional de teatro P-Stage”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/Esquelas”, 2 decembro 2012, p. 43.

Infórmase da incorporación do Centro Dramático Galego ao proxecto P-Stage e sinálase que no proxecto interveñen diferentes institucións de países de fala portuguesa e que o acordo prevé a realización de obradoiros de interpretación en Angola, Guiné Bissau e San Tomé e Príncipe así como a estrea dunha coprodución con actores deses países.

Érbedo, Xulio, “Malvivir ben”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Los relatos de los lectores”, 10 agosto 2012, p. 35.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xulio Érbedo (63 anos), intitulado “Malvivir ben”.

Estévez, J. L., “Lobalú pone música de bossanova a Rosalía”, *El País*, “*Galicia*”, 7 xaneiro 2012, p. 5.

Coméntase que o dúo compostelano Lobalú inclúe no seu disco dous temas baseados en poemas de Rosalía de Castro.

Estévez, José Luis, “Feijóo: ‘No importa solo lo que Isaac hizo, también el tiempo en el que actuó”, *El País*, “*Galicia*”, 9 febreiro 2012, p. 6.

Faise referencia ao acto de homenaxe a Isaac Díaz Pardo que tivo lugar na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Estévez, José Luis, “La caída de la otra Cidade da Cultura”, *El País*, “*Galicia*”, 13 febreiro 2012, p. 5.

Indícase que entre a lista de inmóbeis dedicados á cultura que pecharon as portas nos últimos meses atópase a Sala Nasa de Santiago de Compostela, o que provocou que a compañía Chévere se instalara en Teo.

Estévez- Saá, José Manuel, "Rivas e Rutherford reciben hoxe os Honoris Causa pola UDC", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 de marzo 2012, p. 41.

Infórmase do nomeamento de doutores Honoris Causa pola UDC a John Rutherford e a Manuel Rivas.

Fandiño, Xosé Ramón, "Una torre de ética; defensor de causas justas", *La Opinión*, "Cultura", "Adiós al último intelectual galleguista del siglo XX", 6 xaneiro 2012, p. 52.

Fálase das lembranzas de Xosé Ramón Fandiño da súa experiencia con Isaac Díaz Pardo no Instituto Galego de Información.

Fandiño Veiga, Xosé Ramón, "Díaz Pardo e o paraíso co que agasallou ao pobo galego", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Adeus a un símbolo do galeguismo", "A análise", 6 xaneiro 2012, p. 47.

Realízase un repaso pola biografía de Isaac Díaz Pardo con motivo do seu pasamento.

Felipe, Cristina L., "Aquí non hai quen aguante a risa", *El Progreso*, "*A Mariña*", 10 decembro 2012, p. 9.

Alúdese á existencia do grupo de teatro da asociación Irmáns Vilar Ponte de Bravos e de que a metade dos 14 membros forman parte da mesma familia. Faise mención ás actividades que desenvolven, entre outras anécdotas.

Fermoso, Susana, "A historia do consistorio e Castelao, na 'Miscelánea", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 425, 26 diciembre 2012, p. 6.

Da a coñecer a presentación do número décimoquinto da revista, *A Estrada, miscelánea histórica e cultura*, correspondente ao ano 2012. Explica que o mesmo incluirá vinte e tres traballos e contará coas efemérides do centenario da construción da casa consistorial de A Estrada, e a celebración do matrimonio entre Virxinia Pereira e Alfonso Rodríguez Castelao. Comenta tamén que o número poderá ser consultado a través da web e do buscador "Google Books".

Fernández, Laura, "Allariz une a escritores e lectores na Festa do Libro", *La Región*, "Provincia", 13 outubro 2012, p. 16.

Dáse conta das actividades que se desenvolverán na Praza de Abastos de Allariz no marco da segunda edición da Festa do Libro, organizada polo concello, as fundacións Vicente Risco e Anselmo Lorenzo e a libraría Aira das Letras.

Fernández, Laura, "La Fundación Vicente Risco digitalizará sus 60.000 fondos", *La Región*, "Allariz", 30 outubro 2012, p. 17.

Infórmase de que a Fundación Vicente Risco levará a cabo un proceso de dixitalización do legado documental do autor e do seu fillo Antón Risco para poñelo a disposición da poboación galega.

Fernández, Laura, "A hora de Celso Emilio Ferreiro", *La Región*, "Ourense", 13 decembro 2012, p. 12.

Anúnciase a celebración en máis de 200 centros de Galicia dun recitado simultáneo, ás 12 do mañá do 12 de decembro de 2012, de versos de Celso Emilio Ferreiro.

Fernández, Laura, "La Casa dos Poetas ampliará sus fondos sobre Celso Emilio", *La Región*, "Provincia", "Celanova", 24 decembro 2012, p. 11.

Coméntase que a Casa dos Poetas de Celanova verá ampliada a súa colección con poemas musicados, imaxes inéditas e gravacións sonoras de Celso Emilio Ferreiro que ocuparán unha nova sala de exposición.

Fermosende, Xulia, "A RAG dedicará en 2013 o Día das Letras a Vidal Bolaño", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 xuño 2012, p. 50.

Alúdese á escolla de Roberto Vidal Bolaño como homenaxeado na celebración do Día das Letras Galegas 2013, recollendo comentarios de distintos membros da Academia sobre a súa figura e salientando o nomeamento dun académico de honra e un grupo de correspondentes.

Fernández, F. e I. **Ameixeiras**, "A cultura celebra a súa propia resistencia", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 17 maio 2012, pp. 12-13.

Fálase da resistencia da cultura galega no ano en que se lle dedicou o Día das Letras Galegas a Lois Pereiro. Coméntase que "faltan cartos, pero sobrevive a vontade de crear". Diferentes persoeiros relacionados coa cultura galega, como Fran Alonso, Moisés Barcia, María Reimóndez, Paula Carballeira, Pilar Pallarés, Xavier Queipo e Miro Villar, segundo os seus pareceres, os principais acontecementos culturais do ano.

Fernández, J., "Albor, presidente de honor del Aero Club", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 13 decembro 2012, contracuberta.

Dáse conta da conferencia impartida por Neira Vilas no Politécnico sobre a súa experiencia como emigrante e escritor, ao que seguiu unha sinatura de libros.

Férnandez, L., "Patrón de 78 años y Cunqueiro centenario", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 1 febreiro 2012, contracuberta.

Faise referencia á inauguración no Instituto Rosalía de Santiago de Compostela da mostra dedicada a Álvaro Cunqueiro.

Fernández, L., "Risco y la Orden del Grial", *La Región*, "Allariz", "Crónica", 10 maio 2012. p. 21.

Infórmase da doazón á Fundación Vicente Risco de Allariz do manuscrito orixinal do autor *Doutrina e ritual da moi nobre Orde Galega do Santo Grial*, que inclúe debuxos e deseños especiais, doazón que se completou cunha caricatura de Risco feita por Xaquín Lorenzo, "Xocas".

Férnandez, Laura, "Los versos dedicados a Celso Emilio Ferreiro abren un año dedicado a ensalzar su figura", *La Región*, "Provincia", "Celanova", 5 xaneiro 2012, p. 15.

Refírese ao acto inaugural do "I Centenario de Celso Emilio Ferreiro", que tivo lugar na salón de plenos do concello de Celanova e que consistiu nun recital poético.

Fernández, Laura, "Artistas galegos poñen voz aos poemas de Celso Emilio", *La Región*, "Celanova", 14 de abril 2012, p. 20.

Indícase que na gala de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro que tivo lugar no auditorio celanovés, varios artistas galegos musicalizaron a obra do poeta.

Fernández, Laura, "Intelectuais e políticos alaban a obra poética de Celso Emilio", *Atlántico Diario*, "Sociedad", p. 59/ *La Región*, "Celanova", p. 20, 10 xuño 2012.

Descríbese a xornada de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro que tivo lugar na vila natal do autor, en sesión extraordinaria e pública da Real Academia Galega. Revísanse parte das consideracións verquidas sobre a súa figura e obra e os actos do día, coma o descubrimento dunha placa na vivenda familiar.

Fernández, Laura, "Allariz une a escritores e lectores na Festa do Libro", *La Región*, "Provincia", 13 outubro 2012, p. 16.

Dáse conta das actividades que se desenvolverán na Praza de Abastos de Allariz no marco da segunda edición da Festa do Libro, organizada polo concello, as fundacións Vicente Risco e Anselmo Lorenzo e a libraría Aira das Letras, nomeadamente lecturas literarias a cargo dos escritores Miguel Anxo Fernández e Adelaida Vidal e o espectáculo "Nadanamanga".

Fernández, Xurxo, "Isaac", *El Correo Gallego*, "Crisol", 9 xaneiro 2012, p. 64.

Dáse conta do pasamento de Isaac Díaz Pardo ao tempo que se repasan as verbas de diferentes persoeiros sobre o seu labor.

Fernández, Xurxo, "Núcleos, cultura, células, historia y este país", *El Correo Gallego*, "*2domingo*", 20 maio 2012, p. 5.

Infórmase da finalización da exposición "Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)", centrada nas asociacións políticas e culturais galegas da ditadura.

Ferreira, Antón, "Manuel Forcadela y Marta Dacosta en el recital de los Xogos Florais", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Redondela/ Baixo Miño", 24 xuño 2012, p. 16.

Anúnciase a conmemoración do CXXI aniversario da celebración dos Xogos Florais de Galicia en Tui, o primeiro acto celebrado íntegramente en lingua galega, en 1891. Indícase que contará coa presenza de Manuel Forcadela e Marta Dacosta, que recitarán.

Ferreiro, Luis P., "El festival de las palabras", *La Opinión*, "A Coruña", 21 de marzo 2012, p. 10.

Faise mención do inicio do ciclo literario Coruña Mayúscula coa intención de que haxa futuras edicións con carácter anual.

Ferreiro, Luis P., "A Universidade doutora con honras a Manuel Rivas e John Rutherford", *La Opinión*, "A Coruña", 24 de marzo 2012, p. 13.

Fálase do acto que tivo lugar con motivo da concesión dos títulos de doutores Honoris Causa a Manuel Rivas e John Rutherford.

Ferreiro, Luis P., "Manifestación por las letras", *La Opinión*, "A Coruña", 19 abril 2012, p. 12.

Infórmase de diversos actos relacionados co do Día do Libro na Coruña e da volta ao Ágora do ciclo "Poetas di(n)versos", no que participarán, en sucesivas sesións, Lino Braxe, Césareo Sánchez e Francisco X. Fernández Naval.

F. G., "Gato propone dedicarle una calle de la villa al galleguista Díaz Pardo", *El Progreso*, "Comarcas", 19 xaneiro 2012, p. 12.

Recóllese a proposta do alcalde de Monterroso, Antonio Gato Soengas, de dedicarlle unha rúa a Isaac Díaz Pardo.

F. G., “El IES Camiño, de Palas, homenajeó a Celso Emilio Ferreiro”, *El Progreso*, “Comarcas”, 13 decembro 2012, p. 24.

Infórmase da participación na homenaxe simultánea de 200 centros educativos e culturais de Galicia a Celso Emilio Ferreiro por parte do alumnado e profesorado do instituto de Palas de Rei.

Flowers, Margarito, “Las fugas de Cunqueiro”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 9 febreiro 2012, p. 64.

Faise referencia á saída do prelo da obra *Sobre las fugas de Cunqueiro. Otra vida de Álvaro entre el periodismo y la literatura* (2011), de Xosé Landeira Yrago, e infórmase da súa presentación na Libraría Couceiro de Santiago de Compostela.

Flowers, Margarito, “Encuentro literario en Puerto Rico con el escritor Xavier Alcalá”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 26 xuño 2012, p. 56.

Anúnciase o encontro literario do escritor Xavier Alcalá cun grupo de lectoras e lectores na Casa de España en Puerto Rico, e cítanse algunhas das súas obras, así como quen presenta o acto.

Formoso, Susana, “Cen anos de Castelao e Virxinia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 352, 19 outubro 2012, pp. 6-7.

Dáse conta da relación que mantiña Castelao coa Estrada. Indícase que a Asociación Cultural Vagalumes, con motivo do centenario do matrimonio do autor, celebrará unha serie de actos entre os que se cita a realización do percorrido do Roteiro Amoroso.

Fraga, Xesús, “Son un conservador libertario e descrido”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Adeus a un galeguista histórico”, “Perfil. Isaac Díaz Pardo (1920-2012)”, 6 xaneiro 2012, p. 47.

Realízase un autorretrato de Isaac Díaz Pardo partindo das opinións verquidas en diferentes entrevistas concedidas ao longo dos anos ao xornal *La Voz de Galicia*.

Fraga, Xesús, “Universo Casares”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 457, “En portada”, 3 marzo de 2012, pp. 2-3.

Infórmase da publicación do libro *Carlos Casares en La Voz de Galicia*, no que se recolle unha escolma dalgúns dos seus mellores textos xornalísticos.

Fraga, Xesús, “Entendo a vida como narración”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 de marzo 2012, p. 38.

Entrevístase ao escritor Carlos Casares, que confesa que é quen de converter o seu día a día en literatura.

Fraga, Xesús, "Rivas: 'A literatura é un fío de leite para a lingua galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 de marzo 2012, p. 41.

Infórmase de que os escritores Manuel Rivas e John Rutherford foron nomeados doutores Honoris Causa pola Universidade da Coruña.

Fraga, Xesús, "Nuevas pistas para interpretar el universo literario de Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 abril 2012, p. 44.

Indícase que Xosé Antonio López Silva é o responsábel do descubrimento de sete relatos que Álvaro Cunqueiro escribira para a revista *Catolicismo*, que pasaran inadvertidos.

Fraga, Xesús, "Exploradores foráneos da lingua", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50.º Aniversario do Día das Letras Galegas", 12 maio 2012, p. 25.

Acóllense casos de autores alófonos, que decidiron elixir unha lingua distinta á súa materna, neste caso o galego, para escribir: dende Afonso X, pasando por Ursula Heinze ou a mesma Marilar Aleixandre e o británico John Rutherford, que escribiu *As frechas de ouro* sobre o Camiño de Santiago. Coméntase que un dos casos máis celebrados é o de Federico García Lorca e os seus *Seis poemas galegos*.

Fraga, Xesús, "O teatro galego collerá aire co Día das Letras de Vidal Bolaño", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 xuño 2012, p. 43.

Analízase a resposta e a previsíbel influencia que a escolla de Roberto Vidal Bolaño como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2013 pode ter para o sector do teatro galego en tempos especialmente complicados. Recóllense comentarios de Antonio Durán *Morris* e Manuel Guede.

Fraga, Xesús, "Unha muller de acción, primeira lectora, confidente e prolongación do espírito do autor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 xullo 2012, p. 38.

Revísase, con motivo do seu falecemento a figura de Kristina Berg como primeira lectora, crítica e asesora do seu home, Carlos Casares, sempre implicada nas actividades da Fundación que leva o seu nome.

Fraga, Xesús, "Un volumen reúne por primera vez los cuentos de Carlos Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 outubro 2012, p. 42.

Infórmase da aparición dun volume recompilatorio dos contos de Carlos Casares traducidos ao castelán na editorial Libros del Silencio, que permite observar a evolución literaria e a variedade de estilos do autor.

Fraga, Xesús, "Casares, en la distancia corta", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 494, 24 novembro 2012, p.2.

Coméntase a publicación *Narrativa breve completa* de Carlos Casares, que recolle en tradución ao castelán a produción contística do autor. Cítanse as verbas do editor nas que reivindica a obra de Casares e tamén se recollen opinións de Marilar Aleixandre e Luis G. Tosar, entre outros.

Fraga, Xesús, "Retrato de escritor", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 494, "En portada", 24 novembro 2012, p. 3.

Faise eco da publicación *Narrativa breve completa* de Carlos Casares. Sinálanse como aspectos positivos da edición o feito de recoller toda a produción breve do autor nun só volume e o de ofrecer unha visión panorámica da súa obra.

Fraguela Vale, Susana, "Xan o solitario", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 11 agosto 2012, p. 36.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Susana Fraguela Vale, intitulado "Xan o solitario".

Franco, C., "Poemas e cancións celebrarán en Celanova o centenario de Celso Emilio Ferreiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 de abril 2012, p. 37.

Menciónase a homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, que terá lugar en Celanova, coa intención de conmemorar o seu centenario.

Franco, Camilo, "Celso Emilio Ferreiro, cen anos de resistencia poética activa", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 xaneiro 2012, p. 43.

Lémbrase o centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro e menciónase que o Parlamento galego declarou o 2012 como ano dedicado a conmemorar a súa figura.

Franco, Camilo, "Moitos labores, só unha meta", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Adeus a un galeguista histórico", "Perfil. Isaac Díaz Pardo (1920-2012)", 6 xaneiro 2012, p. 47.

Realízase un sucinto repaso polos labores e institucións ligadas ao nome de Isaac Díaz Pardo con motivo do seu pasamento. Menciónase a creación de Ediciós do Castro.

Franco, Camilo, "Adeus ao patrón de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 xaneiro 2012, p. 42.

Faise referencia á cerimonia de enterro de Isaac Díaz Pardo e as verbas de Xosé Neira Vilas e Xesús Alonso Montero sobre a relevancia de Díaz Pardo para a cultura galega.

Franco, Camilo, "A empresa de Galicia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 450, "En portada", 14 xaneiro 2012, p. 3.

Dáse conta do momento no que Isaac Díaz Pardo cambia a súa carreira artística pola actividade empresarial e crea Ediciós do Castro e o Laboratorio de Formas. Deste último sinálase que o seu núcleo estaba formado polo propio Díaz Pardo, Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela ou Eduardo Blanco Amor, entre outros.

Franco, Camilo, "A memoria como obxectivo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 9 febreiro 2012, p. L5.

Fálase da participación de Ramón Villares na homenaxe rendida a Isaac Díaz Pardo na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Franco, Camilo, "Chévere cambia de sistema operativo tras cumprir 25 anos", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 10 febreiro 2012, pp. 6.

Realízase un repaso pola traxectoria do grupo Chévere e infórmase de que fixaron a súa residencia en Teo logo do peche da Sala Nasa.

Franco, Camilo, "O centenario de Celso Emilio reclama a súa condición de poeta popular", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 febreiro 2012, p. 46.

Infórmase de que un conxunto de institucións culturais galegas presentaron as liñas xerais das conmemoracións do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro.

Franco, Camilo, "Rosalía, máis viva que nunca", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 de febreiro 2012, p. 46.

Fálase da homenaxe a Rosalía de Castro polo 175 aniversario do seu nacemento, que terá lugar na capital galega.

Franco, Camilo, "O legado de Casares: ponte entre a cultura galega e a universal", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 de marzo 2012, p. 39.

Infórmase da publicación dos mellores artigos de Casares recollidos no volume *Á marxe*.

Franco, Camilo, "Historias que se adaptan ao tempo das redes sociais", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", 6 de abril 2012, p. 2.

Faise referencia aos contadores galegos que, malia as circunstancias sociais, vense na obriga de adaptar o seu traballo a novas estratexias narrativas en función das variadas influencias que reciben.

Franco, Camilo, "O Goberno central recorta nun 62% a súa asignación á Academia Galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 de abril 2012, p. 43.

Anúnciase que a Real Academia Galega sufrirá unha rebaixa orzamentaria do 62% en relación co pasado ano, converténdose nun dos maiores recortes realizado polo Goberno centras aplicado a este tipo de institucións.

Franco, Camilo, "Os recortes deixan á Academia Galega nunha "grave" situación", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 de abril 2012, p. 31.

Apúntase a situación en que quedará a Real Academia Galega tras ser aplicado o recorte do 62% dos seus orzamentos, motivo polo cal fican paralizadas as actividades e investigacións que se estaban levando a cabo.

Franco, Camilo, "Parlamentarios e Xunta negocian co Goberno os fondos da Academia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 abril 2012, p. 38.

Dáse conta das negociacións dos parlamentarios galegos co Goberno central, co fin de que a Real Academia Galega "teña unha asignación económica equiparable ás das outras academias".

Franco, Camilo, "O Goberno descarta incrementar a partida da RAG antes das emendas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 abril 2012, p. 47.

Infórmase da negativa do Ministerio de Educación a ampliar a asignación económica da Real Academia Galega.

Franco, Camilo, "Os recortes forzan á Academia a manexar un presuposto deficitario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 abril 2012, p. 39.

Refírese ás explicacións que deu Xosé Luís Méndez Ferrín ao remate da reunión sobre os problemas económicos da Real Academia Galega.

Franco, Camilo, "Manuel Guede recupera as liñas do vello CDG na súa nova etapa", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 abril 2012, p. 40.

Infórmase de que Manuel Guede volve dirixir o Centro Dramático Galego, querendo recuperar as liñas de programación do período no que dirixira anteriormente este centro (1991-2005). Saliéntase que o máis importante para el é "a recuperación do teatro galego, o diálogo co grande repertorio universal e a posta en valor do teatro contemporáneo".

Franco, Camilo, "O libro, transformación e resistencia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 463, "En portada", 21 abril 2012, pp. 2-3.

Dáse conta do cambio que está sufrindo a industria editorial e achéganse opinións que proveñen de perspectivas diferentes, a dunha escritora (Rexina Vega), a dun editor (Xosé Ballesteros, director de Kalandraka Editora) e a dun libreiro (Xesús Couceiro).

Franco, Camilo, "Falece Xaime Isla Couto, o último dos fundadores da editorial Galaxia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 abril 2012, p. 38.

Alúdese ao falecemento de Xaime Isla Couto, despois de achegar datos autobiográficos e de e de comentar o impacto da guerra na súa vida e proxectos.

Franco, Camilo, "A RAG agradece a 'rectificación' do Goberno central nos presupostos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 abril 2012, p. 44.

Infórmase do agradecido que se atopa o presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, pola emenda do Partido Popular que supuxo que o Goberno central ampliase os presupostos destinados á institución.

Franco, Camilo, "Galicia é a autonomía que menos cartos destina á academia da lingua", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 maio 2012, p. 49.

Coméntase que a Real Academia Galega é a que menos diñeiro percibe por parte do seu goberno autonómico. Compáranse os presupostos desta institución cos do Institut d'Estudis catalans, cos da Academia Valenciana e cos da Real Academia Vasca.

Franco, Camilo, "Anxo Lorenzo asegura que a Fundación Cela quedará en Padrón", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 xuño 2012, p. 40.

Refírese, entre outros asuntos, a que Anxo Lorenzo, o secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia, afirmou que se manterán os orzamentos para a Fundación Rosalía de Castro e para a Real Academia Galega.

Franco, Camilo, "A narrativa curta domina o outono literario en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 setembro 2012, p. 27.

Coméntase que múltiples obras galardoadas nos principais premios literarios galegos serán publicadas: *Hora Zulú*, de Santiago Lopo, gañadora do García Barros; *Tonas de laranxa*, de María e Manuel Lourenzo, gañadora do Xerais; *Palabras de auga*, de Marcos Calveiro, gañadora do Merlín; e *A punta de pistola*, de Fran Alonso, gañadora do premio da Novela por entregas de *La Voz de Galicia*. E infórmase de que Roberto Vidal Bolaño será un dos protagonistas literarios do inverno e de que, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, publicaranse as obras completas do autor acompañadas por unha biografía escrita polo seu fillo, Roi Vidal Ponte, e textos inéditos.

Franco, Camilo, "Un congreso analizará a influencia de Rosalía de Castro no século XXI", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 novembro 2012, p. 33.

Infórmase da celebración do congreso *Rosalía no século XXI. Unha nova ollada*. Sinálase que o evento reunirá a especialistas para ofrecer novas liñas de lectura da obra da autora.

Franco, Camilo, "O microteatro afiánzase como oferta teatral alternativa en Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 novembro 2012, p. 30.

Dáse conta da existencia de tres espazos escénicos en Santiago (A regadeira de Adela), Cangas (O Manancial) e A Coruña (La Tuerka 27) con oferta estable de pezas de microteatro. Recóllense afirmacións das persoas encargadas das salas sobre o impacto e a boa acollida do xénero por parte dos espectadores.

Franco, Camilo, "O Culturgal sumará as voces de mil profesionais", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 novembro 2012, p. 46.

Faise un repaso do programa da Feira do Culturgal, sinalando que hai 200 activades previstas entre as que se atopan algunhas adicadas a Roberto Vidal Bolaño con motivo do Día das Letras Galegas de 2013. Entre as novidades sinálase a presenza dun stand do público para que os asistentes falen de como e por que consomen cultura galega.

Franco, Camilo, "TVG estrea o documental sobre Celso Emilio Ferreiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 decembro 2012, p. 54.

Menciónase a estrea documental *100% CEF* que conta coa participación de Luís Tosar interpretando a Celso Emilio Ferreiro e coa intervención de diferentes persoeiros, entre os cales se atopan Xesús Alonso Montero, Ramón Nicolás e Méndez Ferrín.

Franco, Camilo, "Máis de 30.000 alumnos recitan a Celso Emilio en toda Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 decembro 2012, p. 41.

Infórmase da homenaxe organizada nos centros educativos de Galicia consistente no recitado simultáneo de textos de Celso Emilio ás 12:12. Sinálanse tamén iniciativas particulares dalgúns centros.

Franco, Camilo, "O Consello da Cultura contará cun 5% menos de orzamento", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 decembro 2012, p. 34.

Coméntase a redución dun 5% nos orzamentos do Consello da Cultura Galega. Asemade, sinálase que na mesma sesión plenaria onde se aprobaron as contas da institución informouse do programa de actividades para o ano 2013, entre as que destacan o congreso sobre Rosalía e as actividades relacionadas co Día das Letras Galegas.

Franco, C., **García**, R., "Reivindican a vixencia da poesía e da actitude de Rosalía", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 de febreiro 2012, p. 44.

Homenaxéase, con motivo do 175 aniversario do seu nacemento, a escritora Rosalía de Castro con recitais dos seus poemas.

Franco, Camilo e Rodri **García**, "PP e oposición votarán por separado a emenda da RAG", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 maio 2012, p. 39.

Dáse conta das emendas dos diversos partidos políticos destinadas a modificar a asignación económica que o Goberno central destinará á Real Academia Galega.

Franco, Camilo e Luís **Pousa**, "O Goberno elevará ata 680.000 euros a asignación da Academia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 abril 2012, p. 46.

Alúdese ao aumento dos presupostos económicos para a Real Academia Galega e da satisfacción da Xunta, que agradece os cambios.

Franco, F., "Tenía la humildad de los sabios', razona la viuda de Paz Andrade", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Reacciones", p. 39/ *La Opinión*, "Cultura", p. 53, "Adiós al último intelectual galleguista del siglo XX", 6 xaneiro 2012.

Infórmase de que numerosas autoridades desprazáronse até o tanatorio coruñés de Servisa para despedir a Isaac Díaz Pardo e recóllense as primeiras reaccións de persoeiros como Ramón Villares, Juan Casares Long ou a viúva de Valentín Paz Andrade.

Franco, F., "Ferreiro: 'A súa obra, sen parangón, sufriu unha persecución implacable", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Club Faro de Vigo", 24 xaneiro 2012, p. 38.

Dáse conta do coloquio enmarcado no Club Faro de Vigo sobre a vida e a obra de Celso Emilio Ferreiro e no que partiparon os seus fillos, o seu biógrafo, Ramón Nicolás, e Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia.

Franco, Fernando, "Le debo la vida a Guisande, el médico que embalsamó a Castelao", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 505, "Memorias <1>", 22 xaneiro 2012, pp. 14-15.

Recolle as memorias de María Victoria Villaverde, escritora, tradutora, xornalista, actriz e voz do exilio galego. Sinala que a súa vida está plasmada no libro *Dos vidas y un exilio* (2011). Dá conta dos primeiros anos da súa vida e destaca a experiencia do exilio, as figuras do pai, político na II República, e do marido, Ramón de Valenzuela, e a relación que mantivo con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Eduardo Blanco-Amor ou Rafael Dieste, entre outros.

Franco, Fernando, "Hay cicatrices marcadas en la piel de la memoria que no borra el tiempo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Memorias <y 2>", 23 xaneiro 2012, p. 17.

Nesta segunda parte, fala en primeira persoa do seu regreso do exilio en Bos Aires no ano 1966 e salienta a súa participación no clube "Amigos de la Unesco", onde se relacionou con importantes figuras galegas, o que a axudou a soportar a difícil volta do exilio e a distancia de Galicia, pois se instalou en Madrid.

Franco, Fernando, "Tuve que emigrar para saber qué eran la luz eléctrica y el asfalto", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 506, 5 febreiro 2012, pp. 14-15.

Reprodúcese unha entrevista con Xosé Neira Vilas na que se fai un repaso aos momentos máis destacados da súa biografía. Afírmase que tivo que emigrar para descubrir Galicia e menciónanse varias figuras da intelectualidade destacadas na súa vida, como por exemplo Luís Seoane, Lorenzo Varela e Blanco Amor. Relátase a seguir a súa relación con Anisia Miranda e a actividade compartida no eido da cultura galega.

Franco, Fernando, "Dos libros en cabeza", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 7 febreiro 2012, p. 9.

Pon de manifesto a boa noticia de que dous libros sobre o Vigo dos anos oitenta (*80 revoluciones por minuto*, de Emilio Alonso, e *Vigo: a explosión dos 80*, de Víctor de las Heras) leven varias semanas nos primeiros postos de vendas na librería a Casa do Libro de dita cidade.

Franco, Fernando, "Me pasé la guerra civil conduciendo un camión que recogía cadáveres", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 520, "Memorias", "Avelino Pousa Antelo: último superviviente de las Mocedades Galeguistas", 13 maio 2012, pp. 14-15/ "Memoria del viejo galleguismo", *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 580, "Un patriota histórico", 20 maio 2012, pp. 8-9.

Con motivo do noventa e oito aniversario de Avelino Pousa Antelo, fálase das paixóns do autor, a ensinanza, o galeguismo e a defensa da lingua galega e o mundo agrario. Transcríbense palabras deste persoeiro sobre a súa infancia, sobre as súas inquedanzas galeguistas, sobre a dura posguerra e sobre refundación do Partido Galeguista, entre outras cousas.

Franco, Fernando, "Mi padre llamó enanos a una casta de explotadores, no a los emigrantes", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 526, "Memorias <1>", 24 xuño 2012, p. 12-13.

A modo de memoria enfiada, recóllese o testemuño de Luis Ferreiro, o fillo primeiro de Celso Emilio Ferreiro. Realízase unha revisión biográfica, salientando lugares, viaxes, actividades e compañas, desde o compromiso político á crítica a unha clase de emigrantes que circunscribe ao "país dos ananos", empregando constantemente o discurso directo do fillo. Lémbranse os recordos de Pontevedra Vigo e Venezuela.

Franco, Fernando, "Desde Curros Enríquez no hubo entierro de tal magnitud como el de Celso Emilio", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Memorias <y 2>", 25 xuño 2012, p. 16.

Recóllense os testemuños de Luis Ferreiro, o fillo primeiro de Celso Emilio Ferreiro, introducindo directamente as súas consideracións. Trátase da continuación de "Memorias <1>", centrada na volta a España do poeta e o seu activismo até a morte.

Franco, Fernando, "Celso Emilio, aielelo aielalo", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 26 xuño 2012, p. 9.

Anúnciase a homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no teatro Novacaixa de Vigo, no que actuarán Rexina Vega, Inma López Silva ou Manoel Soto, e El Puto Coke, Ataque Escampe, Davide ou Luis Emilio Batallán proporcionando a música, algo co que tamén se estreará Xesús Alonso Montero.

Franco, Fernando, "Celso Emilio por rap y blues", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 28 xuño 2012, p. 10.

Coméntase o acto de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no teatro Novacaixa de Vigo, celebrando a súa diversidade e sinxeleza, e a filtración dos seus versos no código do rap, o blues, o violín etc., conducido o acto por Yolanda Castaño.

Franco, Fernando, "Paseo por la Feria del Libro", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 6 xullo 2012, p. 15.

Alúdese á presentación de libros por parte de Fina Casalderrey e Fran Alonso na Feira do Libro de Vigo, na Alameda.

Franjo, Fernando, "¿Leer en la Navidad de la crisis?", *El Correo Gallego*, "Santiago", 23 decembro 2012, p. 26.

Dáse conta das expectativas das librerías de Santiago de Compostela para o Nadal e faise referencia as preferencias dos lectores, entre as que se destacan, en libro galego, as obras de Manuel Rivas, Miguel Anxo Prado, Pérez Touriño ou a nova edición de *Memorias dun neno labrego*.

Freire, Carlos, "Arpa de dúas cordas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 404, 23 de febreiro 2012, cuberta.

Recórdase a vida e a obra rosalianas a través do seu legado no 175 aniversario do seu nacemento.

Freire, Carlos, "Aos pés das letas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, 22 de marzo 2012, cuberta.

Fálase do proxecto Roteiros Culturais, que o Consello da Cultura Galega puxo en marcha hai uns anos, e que tratan da vida e obra de certos escritores relacionándoos co patrimonio artístico.

Freire, Carlos, "A palabra preside a mesa. Literatura e gastronomía", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 403, 28 xuño 2012, p. IV.

Centrándose no xénero eterno da gastronomía dentro da literatura, saliéntanse unha serie de volumes editoriais, que van desde *A cociña de larpeiros* (Galaxia, 2009) até *Cociñando ao pé da letra* (Galaxia, 2001), volume de Yolanda Castaño e Andrea Costas no que poetas e escritores confesan as súas receitas. Cítase tamén a Álvaro Cunqueiro e outros textos clásicos.

Fuentes Moledo, Juan Carlos, "O artista", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 1 agosto 2012, p. 37.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Juan Carlos Fuentes Moledo, intitulado "O artista".

García, J. "Achegas a Castelao pechan o ciclo Ceo das Letras no Gaiás", *El Correo Gallego*, "Tendencias*"*, 16 decembro 2012, p.44.

Infórmase da celebración da última actividade do ciclo *Galicia, Ceo das Letras*, adicada á figura de Castelao, na que interviron Alfonso Paz-Andrade, Miguel Anxo Seixas e Xurxo Souto. Asemade indícase que se fixo unha representación a partir de fragmentos de *Cousas da vida* a cargo de Títeres Cachirulo.

García, J., "O sector galego da edición perdeu en cinco anos o 25% dos empregos", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio.*"*, 18 decembro 2012, p.39.

Faise un resumo dos datos aportados polo informe sobre o comercio interior do libro en Galicia, entre os que se destacan a perda entre 2007 e 2011 do 25% dos empregos no sector da edición e dun 73% nos colaboradores externos. A seguir, faise referencia ao libro galego indicando que resistiu mellor aos efectos da crise.

García, Javier, "Otero Pedrayo foi o protagonista onte do Ceo das Letras", *El Correo Gallego*, "Tendencias*"*, 21 outubro 2012, p. 44.

Infórmase da celebración da xornada adicada a Otero Pedrayo no ciclo *Galicia, Ceo das Letras*, e das actividades desenvolvidas: conferencias de Ramón Villares e Víctor Freixanes, posta en escena da obra *Fidalgo* a cargo de Casa Hamlet, entrre outras.

García, Javier, "O relevo de Rosalía de Castro prosista, a debate en Santiago", *El Correo Gallego*, "Tendencias*"*, 23 outubro 2012, p. 42.

Coméntase a celebración do I Simposio Internacional sobre a obra de Rosalía de Castro, que procurará chamar a atención sobre os aspectos menos coñecidos da autora, nomeadamente a difusión e avance no coñecemento da súa faceta prosística.

García, Luís, "O Ceo das Letras analizou a figura de Celso E. Ferreiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 15 de abril 2012, p. 52.

Anúnciase o ciclo literario da Cidade da Cultura Galega do que Celso Emilio Ferreiro foi protagonista.

García, R., "La potencia de la pintura de Díaz Pardo, al descubierto", La Voz de Galicia, "Cultura", 24 de febreiro 2012, p. 47.

Refírese á apertura da exposición da obra plástica do artista Isaac Díaz Pardo na Coruña.

García, Francisco, "A Federación de Teatro Afeccionado recoñece o traballo de Buxiganga", *El Progreso,* "Comarcas", 10 decembro 2012, p. 17.

Infórmase da entrega do II premio da Federación de Teatro Afeccionado á animación teatral ao proxecto Buxiganga desenvolvido pola Deputación de Lugo e explícase que se entrega pola súa repercusión no eido da cultura teatral na provincia.

García, Rodri, "El intelectual Isaac Díaz Pardo fallece en A Coruña a los 91 años", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 xaneiro 2012, p. 46.

Recóllese o falecemento do intelectual Isaac Díaz Pardo e destácase o humor e a ironía que mantivo até o último momento. Sinálase que, a petición doutros importantes persoeiros galegos, finalmente será soterrado no cemiterio compostelán de Bosaica tras unha homenaxa pública no Museo do Pobo Galego.

García, Rodri, "Son un conservador libertario", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 450, "En portada", 14 xaneiro 2012, p. 5.

Fálase da relación de Isaac Díaz Pardo con outros galeguistas como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Xosé Neira Vilas e Ramón Piñeiro.

García, Rodri, "Cuerda: 'Odio a Kubrick, me parece mala persona", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 xaneiro 2012, p. 44.

Coméntase que José Luís Cuerda e Manuel Rivas falaron no salón de actos da UNED na Coruña sobre o filme "Todo é silencio", baseado na novela homónima deste último.

García, Rodri, "Presentan 'Bretemada' como un 'enorme poema épico de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 xaneiro 2012, p. 46.

Infórmase da presentación do poemario *Bretemada* (2011), de Gonzalo López Abente, no salón de actos da Real Academia Galega.

García, Rodri, "Los dos bestiarios hechos por Luis Seoane, reunidos por primera vez", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 maio 2012, p. 40.

Alúdese á exposición "Bestiario, fóra a alma", de Luís Seoane, na fundación que leva o seu nome, que reúne os dous bestiarios do autor por primeira vez.

García, Rodri "AELG, a alma do imaxinario de Galicia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 495, 1 decembro 2012, p. 10.

Coméntase a presentación das propostas da AELG para a defensa activa do sistema literario galego, entre as que se sinalan, entre outras, a demanda de reposición da consellería de cultura ou a difusión do labor literario e editorial galego en feiras internacionais.

García López, Xoán A., "Homenaxe a Pérez Parallé no Centro Galego de Barcelona", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La Ventana", 26 xuño 2012, p. 14.

Anúnciase a homenaxe a Xosé María Pérez Parallé no Centro Galego de Barcelona, que contará coa presenza dun exalumno do poeta, Xesús Fraga Castro; un amigo, médico, pintor e escritor, Manuel Rodríguez Troncoso e o cantautor Alfredo González, que musicará algún dos poemas do de Sandulfe. Péchase cun poema.

García Márquez, Marta, "Marcha o último dos bos e xenerosos", *Diario de Arousa*, "Galicia", "Cultura. O adeus a Díaz Pardo", p. 36/ *Diario de Ferrol*, "Galicia", "Cultura. O adeus a Díaz Pardo", p. 22/ *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura. O adeus a Díaz Pardo", p. 06, 6 xaneiro 2012.

Dáse conta do falecemento de Isaac Díaz Pardo e infórmase que a capela ardente estará instalada no Museo do Pobo Galego.

García Márquez, Marta, "Personalidades da política da cultura lamentan a perda dunha figura clave", *Diario de Ferrol*, "Galicia", p. 23/ *El Ideal Gallego*, "A Coruña", p. 07, 6 xaneiro 2012.

Fálase das múltiples homenaxes á figura de Isaac Díaz Pardo con motivo do seu pasamento e realízase un repaso polos todos os galardóns dos que foi merecente ao longo da súa traxectoria.

García Márquez, Marta, "Máis dun terzo dos coruñeses xa son socios da rede de Bibliotecas Municipais", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 19 abril 2012, p. 15.

Infórmase sobre a recente apertura de Ágora e sobre a celebración do Día do Libro, dentro da que se salienta o proxecto Poetas Di(n) versos.

Garrido, Gustavo Adolfo, "Dez anos sen Carlos Casares", *ABC*, "*Artes & Letras*", n.º 38, 25 febreiro 2012, p. 7.

Faise eco do pasamento do autor ourensán e sinálase a sensación de orfandade que embargou a persoeiros de todos os ámbitos sociais e culturais, indicando que dela derivou a vontade de crear a Fundación Carlos Casares.

Gil, M., "La Xunta pone en valor la figura del poeta Añón con un congreso en el Gaiás", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 xullo 2012, p. 35.

Anúnciase a próxima realización dun congreso sobre o bicentenario do poeta Francisco Añón no Gaiás, acompañado da edición dun libro sobre a figura do poeta.

Gil, M., "EL IES Campo San Alberto, anfitrión de un proyecto de literatura europea", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 356, 23 outubro 2012, p. 5.

Faise referencia ás actividades desenvolvidas no marco dun proxecto educativo sobre literatura europea por 21 profesores de varios países, entre as que se sinalan a realización de roteiros literarios en Noia e bisbarra e a lectura de textos de, entre outros, Avilés de Taramancos, María Mariño, Rosalía, Castelao, Manuel Antonio e Dieste.

Gimeno, Maite, "Emotiva despedida en Vigo a Isla Couto: un gallego 'excepcional", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 abril 2012, p. 49.

Dáse conta do enterro e posterior funeral de Xaime Isla Couto, ademais de nomear as autoridades que asistiron ao mesmo e de salientar certos trazos da súa personalidade.

Gimeno, Maite, "Kristina Berg, viuda de Casares, fallece en Vigo a los 64 años", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 xullo 2012, p. 42.

Infórmase do falecemento de Kristina Berg, viúva do escritor Carlos Casares, especializada en patronaxe de embarcacións clásicas, escritora e presidenta do padroado da Fundación que leva o nome do seu marido, logo da morte del.

Giráldez, José Miguel, "Manuel Rivas e John Rutherford os gardiáns do tesouro das palabras da tribo", *El Correo Gallego*, "2Domingo", 25 de marzo 2012, pp. 2-3.

Faise eco do título de doutores Honoris Causa outorgado aos escritores Manuel Rivas e John Rutherford.

Giráldez, José Miguel, "Lorna Shaughnessy: 'la poesía de Rivas fue una revelación", *El Correo Gallego*, "*2Domingo*"8 de abril 2012, p. 4.

Fálase da poeta Lorna Shaughenessy e da súa inquedanza pola obra de Manuel Rivas, feito que a levou a traducir ao inglés o seu poemario *A desaparición da neve*.

Gómez, Chus, "Paseando polas follas vellas da literatura", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 313, "Vivir en Caldas", 16 maio 2012, p. 5.

Infórmase dunha exposición, organizada pola Asociación Cultural O Fervedoiro, de xoias das letras galegas datadas entre 1876 e 1936, entre as que se atopan dicionarios antigos, primeiras edicións de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e até unha obra de María Xosé Queizán que fora censurada durante o franquismo.

Gómez, J., "El hijo de Cunqueiro pide que Galicia asuma también su obra en castellano", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 1 de marzo 2012, p. L5.

Alúdese á petición de César Cunqueiro para que a obra en castelán do seu pai, Álvaro Cunqueiro, teña a mesma transcendencia que a obra galega.

Gómez, Joel, "La crítica revaloriza la obra narrativa de Rosalía", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 outubro 2012, p. 55.

Refírese a noticia da celebración dun simposio internacional sobre a obra narrativa de Rosalía de Castro, organizado polo Grupo de Investigación Rosalía de Castro da USC.

Gómez, Joel, "La crítica internacional renueva su interés por la obra de Rosalía", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 outubro 2012, p. 39.

Coméntase a celebración dun simposio sobre a padronesa organizado polo Grupo de Investigación Rosalía de Castro da USC. Recóllense afirmacións de Darío Villanueva, quen reclama un estudo máis integrador da autora sen condicionantes nin de xénero nin de lingua.

Gómez, Joel, "El Lorca gallego cumple 80 años de promoción de Compostela", *La Voz de Galicia*, "*Ciudades*", 23 decembro 2012, p. 6.

Faise un repaso da historia compositiva e editorial dos *Seis poemas galegos* de Lorca, en especial da dobre publicación do poema "Madrigal, a la ciudad de Santiago" nas revistas *Yunque* de Lugo e *Resol* de Santiago.

Gómez, Marta, "As catro mil caras de Castelao", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 452, "En portada", 28 xaneiro 2012, pp. 2-3.

Infórmase da decisión da Xunta de Galicia de declarar a obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao como Ben de Interese Cultural e realízase un repaso pola súa produción.

González, Eva, "Franco Grande, en defensa da lingua galega: 'Sin palabra, non hai mundo" *Faro de Vigo*, "Sociedad", 15 xaneiro 2012, p. 42.

Dá conta do nomeamento do escritor Xosé Luís Franco Grande como fillo predilecto de Tomiño.

González, Eva, "Tui mantiene vivo el recuerdo de los Xogos Florais de Galicia con un recital poético y música", *Faro de Vigo*, "Área Metropolitana", "Baixo Miño", 24 xuño 2012, p. 19.

Anúnciase a celebración con motivo do 121 aniversario dos primeiros Xogos Florais de Galicia en Tui, o primeiro acto en galego, no que Manuel Murguía pronunciou un discurso. Exponse parte da historia e anúnciase a presenza de Manuel Forcadela e Marta Dacosta como poetas.

González, Eva, "La conmemoración de los Xogos Florais de Galicia defiende y reivindica en Tui la lengua gallega", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 25 xuño 2012, p. 15.

Coméntase a conmemoración dos Xogos Florais de Galicia en Tui, considerados un fito histórico no emprego público e defensa do idioma. Indícase que Marta Dacosta fixo súas as palabras de Manuel Murguía en 1891 e Manuel Forcadela tematizou a súa relación coa vila.

González, Montse, "A loita renovada", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, 28 xuño 2012, p. VII.

Revísase a historia e dirección do feminismo galego moderno, apoiándose na xornada "Que hai de novo nos feminismos" da Universidade de Vigo, no seminario "Xénero e documentación II: A recuperación da memoria do movemento feminista" do Consello da Cultura Galega (CCG) e en volumes coma o de Mónica Bar: *Feministas galegas. Claves dunha revolución en marcha*.

González, Ramón, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 3 xaneiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, dáse conta da presentación d'*O xograr da gravidade. A escrita lírica de Isidro Novo* (2012), de José Luís Calvo Vidal na galería Sargadelos de Lugo.

González, Ramón, "Díaz Pardo, o home que soñou Galicia, despídese aos 91 anos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", pp. 48-49/ *El Progreso*, "Vivir", pp. 44-45, "Adeus a un símbolo do galeguismo", 6 xaneiro 2012.

Infórmase de que a capela ardente de Isaac Díaz Pardo será instalada no Museo do Pobo Galego e que será soterrado en Boisaca.

González, Ramón, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 10 xaneiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á sesión de lectura e coloquio sobre a novela *Lume de cobiza* (2011), de Miguel Anxo Fernández, que terá lugar na biblioteca municipal de Gondomar.

González, Ramón, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 25 xaneiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da presentación na Libraría Couceiro de Santiago de Compostela da obra *Luís Soto. A xeira pola unidade galega* (2011), de Xurxo Martínez González.

González, Ramón, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 26 xaneiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia á presentación na Libraría Lila de Lilith de Santiago de Compostela do poemario *Amantes* (2011), de María Lado.

González, Ramón, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 27 xaneiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da entrega, na galería Sargadelos de Lugo, dos premios de cultura tradicional María Castaña a Marica Campo e ao grupo teatral Achádego, entre outros.

González, Ramón, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 2 febreiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia ao club de lectura da asociación Francisco Lanza de Ribadeo e indícase que falará sobre o libro *A lei das ánimas* (2010), de Carlos García Reigosa.

González, Ramón, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 7 febreiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da lectura de *Confusión e morte de María a Balteira* (1996), de Marica Campo, e do posterior coloquio coa autora na biblioteca municipal de Gondomar.

González, Ramón, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 14 febreiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á nova sesión do ciclo Picaversos, que reunirá no Modus Vivendi de Santiago de Compostela a Manuel Outeiriño e Estíbaliz Espinosa, entre outros.

González, Ramón, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 15 febreiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase do acto de homenaxe a Isaac Díaz Pardo que terá lugar no Museo do Pobo Galego. Indícase que contará coas intervencións de Rosa Aneiros, Inma López Silva, Charo Portela, Luz Pozo Garza e Luís Soto.

González, Ramón, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 24 febreiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, dáse conta da celebración dun acto no IES Lucus Augusti de Lugo dentro das celebracións do día de Rosalía de Castro.

González, Ramón, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 28 febreiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á homenaxe a Álvaro Cunqueiro organizada polo concello de Mondoñedo. Indícase que se realizará unha ofrenda floral na súa tumba, que Armando Requeixo pronunciará unha conferencia na Casa do Concello e que se lerán fragmentos de *Xente de aquí e de acolá* (1971).

González, Ramón, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 29 febreiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da presentación na galería Sargadelos de Lugo da obra *Emigrante dun país soñado. Luís Seoane entre Galicia e Arxentina* (2011), editado por Ramón Villares.

González, Ramón, "Emigrante dun país soñado' expón unha visión transoceánica de Seoane", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 1 de marzo 2012, p. 56.

Menciónase a publicación do libro *Emigrante dun país soñado, Luís Seoane entre Galicia e Arxentina*, no que se recollen as actas dun congreso sobre o intelectual galego.

González Martínez, Xosé, "O Asociacionismo cultural en Galicia", *Diario de Pontevedra*, "*Opinión & Análisis*", 16 outubro 2012, p. 24.

Fálase da exposición "Un canto e unha luz" sobre o labor do asociacionismo cultural entre 1961 e 1975, destacando as asociacións de carácter galeguista entre as que destaca O Galo en Santiago, O Facho na Coruña, Auriense en Ourense, Amigos da Cultura en Pontevedra e Asociación Cultural de Vigo.

González Tosar, Luís, "Avda. Rivadavia 3760, Buenos Aires", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 457, 3 de marzo 2012, p. 9.

Dánse unhas pequenas pinceladas biográficas de Manuel Puente González e a súa ligazón coa causa galeguista.

G. P., "Un libro recuerda el paso por Mondariz de Luis Soto, compañero de Castelao", *Faro de Vigo*, "Condado–Paradanta", "Área metropolitana", 7 febreiro 2012, p. 18.

Coméntase a presentación en Mondariz dun libro de Xurxo Martínez sobre a figura de Luis Soto (1902-1982), profesor de ideoloxía de esquerdas que exerceu en Mondariz antes de exiliarse.

Gradín, Tere, "Vidas de novela", *La Opinión*, "*El Domingo*", "Escriben y trabajan", 8 xaneiro 2012, pp. 8-9.

Realízase un repaso polos outros oficios de escritores galegos como An Alfaya, Marcos Calveiro, Xavier Queipo, Paula Carballeira ou Héctor Carré.

Iglesias, Ana, "La Feria do Libro se despide hoy con un balance muy positivo", *El Correo Gallego*, "Santiago", 6 maio 2012, p. 29.

Infórmase do remate da Feria do Libro de Santiago, que contou con presentacións de obras como o libro de relatos *A aldea* (2011), de Xavier Frías, e o álbum ilustrado *O Principio* (2012), de Paula Carballeira.

Iglesias, Ana, "Los libros abandonan la Alameda tras clausurarse 'la mejor edición", *El Correo Gallego*, "Santiago", 7 maio 2012, p. 15.

Dáse conta do remate da Feira do Libro de Compostela e infórmase que contou con moita afluencia de visitantes e máis ventas.

Iglesias, Ana, "Jack Mircala celebra los más de 50.000 visitas a su muestra", *El Correo Gallego*, "Santiago", 5 xuño 2012, p. 34.

Refírese a celebración no Pazo de Xelmírez dunha xornada de portas abertas á mostra "Compostela Iconográfica", protagonizada polo ilustrador madrileño Jack Mircala, con motivo do éxito da exposición da súa colección composta por 24 santos e 2 ánimas.

Iglesias, Jesús, "Os mortos revelan a historia de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 11 novembro 2012, p. 4.

Anúnciase a visita guiada ao cemiterio de San Amaro para poñer en valor o patrimonio funerario da cidade facendo altos nas tumbas de persoeiros como, por exemplo, os irmáns Quiroga ou Eduardo Vicenti.

Iglesias, Óscar, "El 'Ano Celso Emilio' comienza con poesía en los escaparates", *El País*, "*Galicia*", 4 xaneiro 2012, p. 6.

Coméntase a primeira das actividades programadas con motivo do centenario de nacemento de Celso Emilio Ferreiro. Dise que consistirá na exhibición de mostras da súa obra nos escaparates dun cento de establecementos de Celanova.

Iglesias, Óscar, "Duelo en el país que queda", *El País*, "*Galicia*", "Adiós a un símbolo de la cultura democrática", 6 xaneiro 2012, pp. 2-3.

Realízase un repaso pola biografía de Isaac Díaz Pardo da man, entre outros, de Manuel Rivas e Xosé Luís Méndez Ferrín.

Iglesias, Óscar, "La despedida a Díaz Pardo reúne al Gobierno y a la cultura", *El País*, "*Galicia*", 7 xaneiro 2012, pp.1-2.

Fálase do acto cívico de despedida a Isaac Díaz Pardo e indícase que contou coas intervencións, entre outros, de Xavier Queipo, Teresa Moure, Marilar Aleixandre ou Xesús Alonso Montero.

Iglesias, Óscar, "Es un milagro que sigamos vivos", *El País*, "*Galicia*", 22 febreiro 2012, p. 5.

Anúnciase que o Centro Dramático Galego sacará unha nova produción a pesar do seu escaso presuposto.

Iglesias, Óscar, "A nación literaria e a literatura en clave nacional", *El País*, "*Galicia*", 24 febreiro 2012, p. 8.

Faise fincapé no estreito vínculo que uniu a literatura galega co nacionalismo, feito que protagonizan escritores como Murguía ou Ferrín, entre moitos outros.

Iglesias, Óscar, "Aníbal Malvar: 'Los poetas tienen derecho a morir asesinados", *El País*, "*Galicia*", 20 xuño 2012, p. I.

Revísase a temática *noir* e delicada, preocupada polas relación de poder, do escritor e xornalista santiagués Aníbal Malvar, autor de *Soño dun violinista* (1990) e de *La balada de los miserables*, a súa primeira novela en castelán.

Iglesias, Óscar, "Vuelta y media al teatro de aquí", *El País*, "*Galicia*", 26 xuño 2012, p. I.

Recóllese, con certo ton de sorpresa, a noticia de que Roberto Vidal Bolaño será o autor homenaxeado nas Letras Galegas de 2013. Con este motivo, coméntase a crítica situación do teatro na actualidade, interpretando a noticia como unha inxección de vitalidade á escena galega, e faise un breve repaso da súa obra.

Jabois, Manuel, "En la cuesta interminable", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Pontevedra 501", 8 xaneiro 2012, contracuberta.

Entre outros asuntos, faise referencia ao pasamento de Isaac Díaz Pardo.

Jabois, Manuel, "Así me devolvéis ciento por uno", Fotografía: Rafa, *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 9 xaneiro 2012, p. 4.

Fálase do acto de entrega en 1992 do Premio Ciudad de Pontevedra ao poeta Manuel Cuña Novás (1924-1992) e realízase un sucinto repaso da súa biografía.

Jabois, Manuel, "Un hombre entrañable, de gran calidad humana y sensibilidad artística", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 9 xaneiro 2012, p. 4.

Faise referencia á concesión en 1992 do Premio Ciudad de Pontevedra ao poeta Manuel Cuña Novás (1924-1992).

Jabois, Manuel, "Frei Martín Sarmiento: 'Eu nacín só e vivín sempre só", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", "Pontevedra en la Historia. Una década del Ano Sarmiento", 22 abril 2012, pp. 10-11.

Fálase, apoiándose en ocasión en palabras de Xosé Filgueira Valverde e Pilar Allegue, de Frei Martín Sarmiento, dez anos despois de que se lle dedicara o Día das Letras Galegas. Coméntanse actos celebrados polo Concello de Pontevedra naquel Ano Sarmiento.

Jabois, Manuel, "Amor por Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 22 abril, p. 11.

Destácase que a cidade de Pontevedra sempre foi moi importante para Frei Marín Sarmiento e viceversa. Infórmase da existencia do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, creado como unha continuación do Seminario de Estudos Galegos.

Jabois, Manuel, "Vietnam, Vietnam", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 22 abril 2012, contracuberta.

Fálase de *Muller para lonxe* (2011), de Uxío Novoneyra, no que debuxa Carlos Pardo e firman Luís Cochón e Claudio Rodríguez Fer. Coméntase, ademais desta obra, a relación íntima que o autor do artigo ten con Novoneyra fillo.

Jabois, Manuel, "Manuel Cuña Novas no podrá irse nunca", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", "Pontevedra en la Historia. Aniversario de la muerte de Cuña", 20 maio 2012, pp. 10-11.

Refírese ao poeta, periodista e senador Manuel Cuña Novás, no vinte aniversario da súa morte. Lémbranse etapas da súa vida e afirmacións que se fixeron sobre a súa biografía e bibliografía.

Jaureguizar, “A fascinación pola contundencia e a voz de Isidro Novo dá pé a un estudo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 4 xaneiro 2012, p. 45.

Infórmase da presentación en Lugo d’*O xograr da gravidade. A escrita lírica de Isidro Novo* (2012) e indícase que o acto contou coa participación do autor, José Luis Calvo Vidal, e de Isidro Novo.

Jaureguizar, “Xelado con bólas de dúas cores”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 50/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 46, “Adeus a un símbolo do galeguismo. O perfil”, “Galicia como esfera”, 6 xaneiro 2012.

Realízase un repaso pola biografía de Isaac Díaz Pardo con motivo do seu pasamento.

Jaureguizar, “Isaac cumpriu o seu soño aquí”, *El Progreso*, “Cultura”, 21 de marzo 2012, p. 55.

Fálase do recoñecemento de Díaz Pardo como fillo adoptivo de Lugo, por ser a provincia na que se materializou Sargadelos.

Jaureguizar, “A directora da Fundación Rosalía doída polo reproches de Conde”, *El Progreso*, “Cultura”, 4 de abril 2012, p. 52.

Menciónase o silencio da directiva da Fundación Rosalía, Elena Villar Janeiro, ante os reproches de Alfredo Conde.

Jaureguizar, “A Deputación achega 12.000 euros á RAG, que perdeu o 62% do orzamento”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 19 abril 2012, p. 56.

Infórmase de que a Deputación de Lugo, co fin de contribuír ao financiamento da Real Academia Galega, fai unha achega de 12.000 euros.

Jaureguizar, “Soño pop de Blanco Amor”, *El Progreso*, “Vivir”, “Libros”, 21 abril 2012, p. 64.

Fálase d’*A esmorga* (1959) e da súa recente tradución ao inglés: *On a bender*, de Craig Patterson.

Jaureguizar, “Reigosa chama a procurar nos libros ‘as verdades para comprender a crise”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 16 maio 2012, p. 49.

Anúnciase que o pregón da trixésima Feira do Libro de Lugo correu a cargo de Antonio Reigosa.

Jaureguizar, “A pintura que interroga”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 24 maio 2012, p. 51.

Dáse conta dunha exposición de trinta e catro obras de Isaac Díaz Pardo, que inaugura Novacaixagalicia en Lugo.

Jaureguízar, “1Q84”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “De Re Varia”, 11 xuño 2012, p. 13/ “Lecturas de dous veráns”, *El Progreso*, “Vivir”, “Libros”, 9 xuño 2012, p. 58

Cun certo ton irónico, coméntase que o *Ulises* de James Joyce e, especialmente, *1Q84* de Murakami é a lectura persoal do verán para o autor do artigo, pero tamén para o verán do ano próximo, e talvez do seguinte, debido á lonxitude “innecesaria” e repetitiva do volume, obra dun autor que se considera ver “correr tras o Nobel” con ansiedade.

J. G., “A mostra sobre o asociacionismo cultural interesa en varias cidades”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 4 maio 2012, contracuberta.

Infórmase da exposición “Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975). Un canto e unha luz na noite”, coordinada por Ricardo Gurriarán, que permanecerá no Museo do Pobo Galego antes de visitar outras cidades como Vigo ou A Coruña.

J. G., “Na homenaxe a Ernesto Guerra da Cal haberá unha estrea europea”, La Voz de Galicia, “La Voz de Santiago”, 5 maio 2012, contracuberta.

Realízase unha entrevista a Isabel Rei na que informa das actividades organizadas polo conservatorio Profesional de Música de Santiago, entre as que sinala unha homenaxe a Ernesto Guerra da Cal consistente non concerto a partir de poemas do escritor e dun dos poemas galegos de Lorca, que este adicou ao homenaxeado.

J. G., “La Feira do Libro tuvo más público y ventas este año”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 7 maio 2012, p. L3.

Dáse conta do remate da Feira do Libro de Santiago, con máis público e ventas que o ano anterior. Destácase a presentación d’*A aldea* (2011), de Xavier Frías Conde, entre outras obras.

Jiménez, Irene, “Autoridades e amigos apoian a familia no tanatorio”, *El Correo Gallego*, “Primer plano”, 6 xaneiro 2012, p. 7.

Faise referencia ás múltiples mostras de afecto que recibiu a familia de Isaac Díaz Pardo logo do seu falecemento.

J. M., "La obra poética de López Abente verá la luz al completo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Muxía", 18 febreiro 2012, p. 33.

Infórmase do acordo asinado pola Fundación Gonzalo López Abente e Edicións Espiral Maior para publicar a obra completa deste autor e indícase que o volume sairá do prelo en 2013.

J. M., "Recital poético con María Lado y Suso Bahamonde", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 352, 19 outubro 2012, p. 7.

Refírese a celebración na taberna O Rodelo de Cee dun recital poético-musical, titulado *Espectáculos a Media Xornada*.

J. M., "Lira homenajea hoy a los voluntarios del 'Prestige' con un 'xantar solidario", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 402, 8 decembro 2012, p. 6.

Dáse conta das actividades organizadas no marco das xornadas *10 Anos de Loita por un Mar de Vida*, entre as que se sinalan unha sesión de contacontos a cargo de Os Quinquilláns e un festival musical.

J. M., "Homenaje a Celso Emilio con poemas", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 407, 13 decembro 2012, p. 6.

Coméntase a participación de máis de 30 persoas nun acto de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, en Cee, organizado pola Biblioteca Francisco Mayán.

J. M. R., "Méndez Ferrín dirige hoy un taller literario en el fin del Outono Pondaliano", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 363, 30 outubro 2012, p. 7.

Saliéntase, dentro deste ciclo, a celebración deste obradoiro de literatura dirixido a estudantes de 4º de ESO, ao que seguirá unha conferencia do mesmo escritor titulada *De Pondal a Novoneyra*. Infórmase tamén de que os actos rematarán cun recital en honor a Celso Emilio Ferreiro.

J. M. R., "Recitando a Celso Emilio', mañana en la capital ceense", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 405, 11 decembro 2012, p. 7.

Infórmase de que o concello de Cee se suma ao recital simultáneo do poema "Deitado frente ao mar" de Celso Emilio Ferreiro.

J. M. Ramos, "El Aula Pondaliana lleva 'Maruxiña' hoy a la escuela", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 349, 16 outubro 2012, p. 7.

Coméntanse as actividades enmarcadas no Outono Pondaliano, entre as que se sinala a asistencia do alumnado do terceiro ciclo de Primaria ao concerto de gaiteiros do Centro Coreográfico titulado 'Maruxiña'.

J. M. R., "La 'Bretemada' de Abente, en la Real Academia Galega", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 xaneiro 2012, p. 35.

Fálase da presentación do poemario inédito *Bretemada* (2012), de Gonzalo López Abrente, na sé da Real Academia Galega.

J. R., "Ben-Cho-Shey relata o verán de terror de 1936 no seu inédito 'Diario de Lugo", *El Progreso*, "Comarcas", 14 decembro 2012, p. 16.

Dáse conta da próxima publicación dun diario inédito de Ben-Cho-Shey, escrito en Lugo durante o ano 1936. Cítanse extractos do documento e indícase que a edición coincidirá cunha exposición organizada pola área de Cultura da Deputación de Lugo.

K. A., "Leiras Pulpeiro es un modelo a seguir por su humanismo", *El Progreso*, "Lugo", 7 novembro 2012, p. 10.

Acóllese unha breve entrevista a Íñigo Barreiro García, director do Instituto Leiras Pulpeiro, quen explica a finalidade reivindicativa e difusora da figura do escritor lugués e fala das actividades organizadas polo centro.

Lamas, Jorge, "A Fundación Penzol recibe en doazón os fondos arquivísticos de Xosé María Álvarez Blazquez", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 febreiro 2012, p. 45.

Infórmase da doazón de cento once carpetas de fondos arquivísticos de Xosé María Álvarez Blázquez á Fundación Penzol.

Lamas, Jorge, "La Feira do Libro de Vigo presentará 17 nuevos títulos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 xuño 2012, p. 42.

Coméntase a programación da 38ª edición da Feira do Libro de Vigo, con lectura do pregón por Xosé Neira Vilas, trinta escritores, actividades lúdicas e dezasete novidades editoriais, entre elas, as de Begoña Caamaño, Alfonso Armada ou Agustín Fernández Paz.

Lamas, Jorge, "Vigo reconstrúe as diferentes facianas de Agustín Fernández Paz", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 xullo 2012, p. 52.

Exponse a festiva participación na homenaxe a Agustín Fernández Paz que a plataforma cidadá ProLingua ofreceu en Vigo, conducida pola escritora Rosa Aneiros e con intervencións de Manuel Bragado, Xosé Lastra, parte do alumnado ou a cantante Uxía.

Lamas, J., **Rodríguez** X. M., "A cultura galega lembra a Carlos Casares no seu décimo cabodano", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 de marzo 2012, p. 46.

Infórmase do acto celebrado na honra do autor Carlos Casares no seu décimo cabodano.

Larriba, Elena, "Otero Lastres y Carlos G. Reigosa, premios Camba y Fernández del Riego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 xuño 2012, p. 37.

Anúnciase a José Manuel Otero Lastres e Carlos González Reigosa como os galardoados cos premios de xornalismo Julio Camba -para artigos en castelán- e Fernández del Riego -para artigos en galego-, outorgados por Novacaixagalicia. O de Otero Lastres foi "La sensación de ser como los demás" e o de Carlos G. Reigosa, "Paraíso case baleiro".

Leyenda, Alberto, "Galicia escrita en francés", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 3 febreiro 2012, p. 9.

Faise referencia ao estudo *Le Galice racontée par des Français*, publicado en Internet polo filólogo Henrique Harguindey e no que se analizan as alusións a este territorio na literatura francesa.

L. F., "La obra de Celso Emilio Ferreiro se acerca al ciudadano en el día de su centenario", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 5 xaneiro 2012, p. 34.

Indícase que o Secretario Xeral de Política Lingüística inaugurou o proxecto "Cen poemas en Celanova" e dise que se trata da primeira das iniciativas que se desenvolverán para celebrar o centenario do nacemento do autor.

Limia de Gardón, Xabier, "Diálogo con las Burgas", *La Región*, "Ourense", "Arte et alia", 23 xaneiro 2012, p. 8.

Coméntase que as Burgas de Ourense son as protagonistas de versos de Ramón Otero Pedrayo e Víctor Campio, así como de certas pasaxes d'*A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor.

Limia de Gardón, Xabier, "Botar a andar", *La Región*, "Ourense", "Arte et alia", 6 febreiro 2012, p. 8.

Relata unha anécdota sobre a placa que o escultor José Molares realizou en lembranza de Arturo Noguerol e descríbea brevemente.

Limia De Gardón, Xabier, "Casares, na taberna do alambrista", *La Región*, "Ourense", 12 de marzo 2012, p. 7.

Recórdase a figura de Carlos Casares coa obra de Lombera na praza de San José en Pontevedra.

Limia De Gardón, Xabier. "Egon Schiele en la privamera ourensana", *La Región*, "Ourense", 26 de marzo 2012, p. 6.

Relaciónase a obra de José Manuel Pérez Álvarez, *Tela de araña*, con *O sol de verán* de Carlos Casares.

Liñares Suárez, Xosé Manuel, "A vixía das nubes", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 23 agosto 2012, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xosé Manuel Liñares Suárez (60 anos), intitulado "A vixía das nubes".

López, A., "Satisfacción entre os libreiros e as editoriais galegas", *Diario de Pontevedra*, "*Vivir aquí*", 3 decembro 2012, p. 59.

Recóllense afirmacións de libreiros e editores participantes no Culturgal nas que fan balance positivo no tocante a visitantes e vendas realizadas.

López, Ana, "Castelao foi pontevedrés durante os mellores e máis felices anos da súa vida", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 6 xuño 2012, p. 61.

Refírese a visita de Xosé Luís Méndez Ferrín, presidente da Real Academia Galega (RAG) ao Sexto Edificio do Museo, onde se exponen catro obras de Castelao ofrecidas pola RAG á institución, con comentarios sobre a ligazón do persoeiro a Pontevedra.

López, Ana, "Os telóns que Castelao fixera para a Coral Polifónica únense á polémica do Museo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 14 xuño 2012, p. 69.

Expóñense as tensións coa xestión dos últimos meses do Museo de Pontevedra, como a xestión de fondos da hemeroteca e biblioteca, a expulsión da Coral Polifónica e a situación dos telóns que Castelao fixera para as actuacións desta coral.

López, Belén, "Dez retos culturais para Pontevedra en 2012", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 2 xaneiro de 2012, p. 61.

Advirte da situación que a arte está a vivir en Pontevedra. Destaca o papel "condicionante do sector político e económico" sobre o "ámbito cultural e artístico". Cita diferentes actos que se irán desenvolver na cidade.

López, Belén, "A pegada que deixa en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 6 xaneiro 2012, p. 51

Comézase resaltando a boa relación que Isaac Díaz Pardo gardaba coa cidade de Pontevedra. Recóllense palabras de Xela Area (coa que coincidiu na fábrica de Sargadelos), Xosé Luis Bóveda ou Alberto Pena realzando a súa figura.

López, Belén, "Dueto poético galaico- xaponés", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 8 de febreiro 2012, p. 57.

Fálase da presentación do volume *Babelia en galego* que inclúe o traballo de Yolanda Castaño e doutros seis poetas, de distintas nacionalidades, na súa versión orixinal e tamén traducidos ao galego.

López, Belén, "Fallece Germán Sánchez Ruipérez", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", 13 febreiro 2012, p. 53.

Comeza contando a vida do finado Germán Sánchez Ruipérez, especialmente dos cargos que ocupou á fronte de numerosas institucións ligadas coa cultura e a arte. Refírese aos actos de homenaxe que terán lugar na memoria do editor e explica a súa ligazón con Galicia como froito do seu casamento cunha galega.

López, Belén, "Últimos retoques para Castelao", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 13 abril 2012, contracuberta.

Recórdase a figura e a obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao a través da obra de Carlos Valle no Sexto Edificio no Museo de Pontevedra.

López, Belén, "Castelao como nunca se tiña visto", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 13 abril 2012, p. 66.

Infórmase da existencia da sala Castelao do Novo Edificio do Museo de Pontevedra.

López, Belén, "Na derradeira hora do último de Galaxia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 26 abril 2012, pp. 58-59.

Dáse conta do falecemento de Xaime Isla Couto e coméntanse comunicados de entidades que manifestan o seu pesar. Ademais, fálase da homenaxe que lle rende a

Xunta, e das cualidades que salienta Víctor Freixanes do intelectual, visionario e conversador.

López, Belén, "Falece a escritora Kristina Berg, viúva de Carlos Casares", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 4 xullo 2012, p. 52.

Anúnciase o falecemento de Kristina Berg, viúva de Carlos Casares, escritora, noutrora traballadora de Galaxia e presidenta da fundación co nome do seu esposo, onde desenvolveu un intenso labor de de difusión da obra del.

López, Belén, "Relatos', de Mario Iglesias, gaña o Primavera do Cine", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 5 xuño 2012, p. 62.

Infórmase de que Fina Casalderrey e Eloy Varela foron galardoadaos no festival vigués Primavera do Cine pola peza *Dúas letras*.

López, Belén, "Tesoira ao Culturgal", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 6 xuño 2012, p. 61.

Apúntase que a Feira das Industrias Culturais de Galicia, que volverá celebrarse en Pontevedra, ve minguada a axuda da Agadic nun 25% e a de Política Lingüística nun 30%. Recóllense algunhas opinións e propostas do presidente de Culturgal, o director da feira, etc.

López, Belén, "Menú degustación cultural galego", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 64/ *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", p. 57, 7 novembro 2012

Saliéntanse algunhas das actividades preparadas para o Culturgal. Sinálase tamén que o programa manterá a mesma distribución que o ano precedente e que se repetirá a experiencia de levar a Feira a outros espazos da cidade.

López, Belén e José **Oliva**, "Apuntes literarios para 2012", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 4 xaneiro 2012, p. 51.

Repaso da actividade literaria no que se mencionan as obras *Cita en Fisterra*, de Luis Rei, a esperada novela de Manel Loureiro para a segunda metade do ano, a reedición de Valentín Paz Andrade, así como da actualidade sobre Domingo Villar e Manuel Rivas. Por último, faise mención a Neira Vilas e á súa obra *Esperando ó leiteiro*.

López, Ruth, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 5 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da participación de Anxo Angueira nos encontros poéticos "Poetas di(n)versos", que se celebran no Ágora da Coruña.

López, Uxía, "Malestar en Padrón porque el homenaje a Rosalía se celebrará en Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Comarcas", 14 febreiro 2012, p. L8.

Comenta as discrepancias e tensións entre a Fundación Rosalía de Castro e as institucións públicas que lle achegan fondos polo traslado da homenaxe a Rosalía de Castro a Santiago de Compostela, en vez de realizarse en Padrón. Informa do temor ante a posibilidade de dimisión de Helena Villar Janeiro como presidenta da fundación.

López, Uxía, "Villar justifica el sueldo de la gerente de la Fundación Rosalía", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Comarcas", 19 febreiro 2012, p. L11.

Sinala que a presidenta da Fundación Rosalía, Helena Villar, se viu "obrigada" a saír en defensa da entidade. Mantén a idea de que as institucións públicas son patronos da fundación, pero non rectores. Defende a celebración da homenaxe a Rosalía en Santiago xa que é tamén unha vila moi ligada á escritora.

López, Uxía, "Villar deja la Fundación Rosalía con un duro ataque a sus críticos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 de abril 2012, p. 40.

Infórmase da dimisión de Elena Villar e de Alfredo Conde dos seus cargos na Fundación Rosalía.

López, Uxía, "Tiempo de transición en A Matanza", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 de abril 2012, p. 41.

Indícase que a Fundación Rosalía, tras pasar por este tempo de transición, terá novo presidente dentro de dous meses.

López, Uxía, "El escritor Anxo Angueira, único candidato a la presidencia de la Fundación Rosalía", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 maio 2012, p. 36.

Dáse conta que o profesor da Universidade de Vigo e escritor Anxo Angueira é o único candidato á presidencia da Fundación Rosalía, despois de dimitir Helena Villar por divisións no patronato.

López, Uxía, "Angueira aposta por reactivar os Estudos Rosalianos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 xuño 2012, p. 40.

Anúnciase o novo presidente da Fundación Rosalía, Anxo Angueira, quen saíu elixido nun pleno extraordinario no que comentou as liñas xerais do que será o seu programa de goberno para os próximos anos.

López, Uxía, "La Casa-Museo de Rosalía de Castro se pone al día", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 13 decembro 2012, p. L8.

Infórmase das obras de mellora que se van realizar na Casa-Museo de Rosalía de Castro, nomeadamente a eliminación de humidades no andar inferior e a instalación dun novo sistema eléctrico e de iluminación así como de seguridade e contraincendios.

López, Uxía, **Franco**, Camilo, "Helena Villar confirma su dimisión como presidenta de la Fundación Rosalía", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 de abril 2012, p. 31.

Fálase da dimisión de Helena Villar Janeiro como presidenta da Fundación Rosalía.

Lorenzo, Fran P., "Ramón Nicolás bota luz sobre a biografía de Celso Emilio", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 18 xaneiro 2012, p. 45.

Analiza a obra de Ramón Nicolás, que trata sobre a biografía de Celso Emilio Ferreiro. Sinala que a obra recolle moitos momentos trascendentais para o escritor e "episodios descoñecidos e inéditos da súa vida".

Lorenzo, Fran P., "Preséntase en Santiago 'Bretemada', o poemario inédito de López Abente", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 de febreiro 2012, p. 42.

Infórmase da publicación do poemario *Bretemada* do muxián López Abente ao coidado do filólogo e poeta Miro Vilar.

Lorenzo, Fran P., "Catro espazos de Santiago fiaron o tributo colectivo á poeta do pobo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 23 de febreiro 2012, pp. 48-49.

Fálase do tributo colectivo á poeta Rosalía de Castro debido ao 175 aniversario do seu nacemento, e que tivo lugar en catro espazos de Santiago.

Lorenzo, Fran P. , "Toda Galicia lembra hoxe o aniversario de Rosalía", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 24 de febreiro 2012, p.40 .

Infórmase da celebración dos premios do PEN con motivo do aniversario do nacemento da escritora Rosalía de Castro, da man da AELG.

Lorenzo, Fran P., "Díaz Pardo recibe o tributo oficial a unha vida tecida 'ao fío da memoria", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 9 febreiro 2012, p. 47.

Comenta unha homenaxe a Isaac Díaz Pardo na que se salientou a figura do autor tanto pola grandeza da súa obra como pola grandeza da súa personalidade.

Lorenzo, Fran P., "Un inédito de Xosé Landeira retrara as fugas de Cunqueiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias/Esquelas", 10 febreiro 2012, p. 50.

Fálase da saída do prelo da obra *Sobre las fugas de Cunqueiro. Otra vida de Álvaro entre el periodismo y la literatura* (2011), de Xosé Landeira Yrago.

Lorenzo, Fran P., "Espinosa, Outeiriño e Cortés, no Picaversos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Sede de poesía", 14 febreiro 2012, p. 41.

Preséntase o recital poético que terá lugar no pub Modus Vivendi de Santiago de Compostela, dentro do ciclo Picaversos. Coméntase que participarán Estíbaliz Espinosa, Manuel Outeiriño e Manolo Cortés.

Lorenzo, Fran P., "A memoria era para Isaac un deber, un acto de xustiza", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 16 febreiro 2012, p. 41.

Faise referencia á homenaxe que se lle rendiu no Museo do Pobo Galego a Isaac Díaz Pardo. Coméntase que contou coa participación, entre outros, de Mini e Mero, Xosé Ramón Fandiño, Charo Portela, Rosa Aneiros e Luz Pozo Garza.

Lorenzo, Fran P., "Unha completa web sobre o escritor", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 6 de marzo 2012, p. 42.

Infórmase da activación da web do poeta Celso Emilio Ferreiro no centenario do autor.

Lorenzo, Fran P., "Karlotti, Najla Shami e Yolanda Castaño hoxe no Picaversos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 13 de marzo 2012, p. 42.

Fálase da presenza dos poetas Karlotti e Yolanda Castaño, así como da cantante Najla Shami, no ciclo de recitais do Modus.

Lorenzo, Fran P, "Helena Villar prepara a súa saída da Fundación Rosalía de Castro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 de abril 2012, p. 48.

Infórmase da dimisión de Helena Villar ao frente da presidencia da Fundación Rosalía de Castro.

Lorenzo, Fran P., "A Liga Estudantil Galega homenaxea a Celso Emilio Ferreiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 11 de abril 2012, p. 49.

Infórmase das xornadas na homenaxe ao celanovés Celso Emilio Ferreiro levadas a cabo pola Liga Estudantil Galega.

Lorenzo, Fran P., "Villar cesa na Fundación Rosalía e denuncia deslealdades no padroado", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 13 de abril 2012, p.39.

Indícase que Elena Villar xa abandonou o seu posto como presidenta da Fundación Rosalía e que nun prazo máximo de dous meses a Fundación xa contará cunha nova presidenta.

Lorenzo, Fran P., "A Fundación Rosalía ten un mes para recibir as candidaturas á presidencia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 de abril 2012, p. 49.

Infórmase de que o prazo máximo para recibir as candidaturas á presidencia da Fundación Rosalía será dun mes.

Lorenzo, Fran P., "A Xunta bota man de Guede para guiar a etapa máis austera do CDG", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 20 abril 2012, p. 41.

Infórmase de que Manuel Guede, quen dirixira o Centro Dramático Galego entre 1991 e 2005, volverá presidir este centro despois do cesamento de Blanca Cendán, na súa etapa de "maior austeridade e menor investimento". Coméntanse as liñas principais do seu programa.

Lorenzo, Fran P., "Os galegos temos o noso Westminster de Bonaval", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 11 maio 2012, p. 49.

Infórmase da homenaxe en Fonseca a Manuel Beiras e Xosé Mosquera, que impulsaron a Misa de Rosalía en San Domingos de Bonaval, cada vinte e cinco de xullo.

Lorenzo, Fran P., "Angueira pon o consenso e o diálogo no centro do seu programa para a presidencia da Fundación Rosalía", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 maio 2012, p. 41.

Fálase do programa que Anxo Angueira seguirá cando asuma a presidencia da Fundación Rosalía, no que "o consenso e o diálogo" serán parte fundamental, ademais do achegamento á sociedade.

Lorenzo, Fran P., "Angueira asumirá o temón dunha Fundación Rosalía 'máis lixeira e operativa", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 xuño 2012, p. 41.

Saliéntase a unanimidade do apoio dos padroeiros da Fundación Rosalía a Anxo Angueira, elixido presidente da mesma. Coméntase a súa alegría, o seu respecto e amor cara a figura de Rosalía de Castro e noméanse as persoas que o acompañarán nesta nova andaina.

Lorenzo, Fran P., "Os papeis de Silvio Santiago redimensionan a súa figura", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 xuño 2012, p. 58.

Confírmase a sinatura, por parte da filla e os netos do escritor, activista cultural, político e empresario ourensán Silvio Santiago (1903-1974), dun acordo co Consello da Cultura Galega para dixitalizar o fondo documental do seu arquivo persoal. Coméntase tamén a intervención de Afonso Vázquez-Monxardín, secretario do Arquivo Sonoro de Galicia.

Lorenzo, Fran P. "Un tributo ao Bolaño amigo, cidadán e comprometido", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 20 outubro 2012, p. 42.

Infórmase da realización dunha homenaxe a Roberto Vidal Bolaño, que terá lugar no Salón Teatro, no que terán lugar actividades teatrais das que se encargarán Chévere, Laura Ponte, Rubén Ruibal, X. Carlos Mexuto e Pako d'Pink & Perello.

Lorenzo, Fran P. "Un congreso do CCG revitalizará e porá ao día os estudos sobre Rosalía", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio.", 21 novembro 2012, p. 39.

Infórmase do acto de presentación dun congreso sobre Rosalía de Castro, da estrutura presencial e virtual do encontro, das datas de celebración durante o primeiro semestre de 2013 e dos contidos das cinco sesións.

Lorenzo, Fran P. "Eduardo Blanco Amor non ten quen lle escriba no seu 33 aniversario", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 decembro 2012, p. 51.

Refírese que o presidente do PEN Galicia, Luis G. Tosar, con motivo da chegada da homenaxe anual que se fai a Eduardo Blanco Amor, sinala a necesidade de reivindicar a figura don escritor, ao non haber herdeiros que o representen.

Lorenzo, Fran P. "Celso Emilio faise novo hoxe nas voces da rapazada galega", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 12 decembro 2012, p. 42.

Infórmase das actividades que se van celebrar con motivo do centenario de Celso Emilio Ferreiro durante o día: o recital simultáneo ás 12:12 do poema "Deitado fronte ao mar" no que participarán 30.000 alumnos e a estrea do documental *100% CEF* na TVG.

Loureiro, R., "Pernas reivindica a Cunqueiro como precursor del bum latinaomericano", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 novembro 2012, p. 42.

Dáse conta da celebración dunha conferencia de Ramón Pernas sobre a figura de Álvaro Cunqueiro na Casa de América de Madrid e destácase que se reivindicou ao escritor galego como precursor do bum latinoamericano.

L. P., "A figura de Luís Soto foi clave no nacionalismo marxista", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 26 xaneiro 2012, contracuberta.

Infórmase da presentación da obra *Luís Soto. A xeira pola unidade galega* (2011), de Xurxo Martínez, na libraría Couceiro de Santiago de Compostela.

L. P., "Amantes' é un poemario de once historias eróticas, de amor", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 29 xaneiro 2012, contracuberta.

Dáse conta da presentación da obra *Amantes* (2011) de María Lado, na libraría Lila de Lilith de Santiago de Compostela.

Lucas, Antonio, "Cunqueiro revive desde el fondo de los milagros", *El Mundo*, "Cultura", "EM2", 22 de marzo 2012, p. 51.

Fálase da presentación de Álvaro Cunqueiro *De Santos y milagros*, volume que recolle os seus artigos sobre santos e outras maxias.

Malvido, Gemma, "Díaz Pardo, en óleos e bosquexos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 24 de febrero 2012, p. 42.

Menciónase a exposición das 35 pinturas de Díaz Pardo na sede de Novacaixagalicia en A Coruña.

Mandiá, Diana," Alonso Montero: 'Despedimos al patrón, quedamos solo los marineros", *El País*, "*Galicia*", 7 xaneiro 2012, p. 2.

Coméntanse as verbas de Xesús Alonso Montero con motivo do pasamento de Isaac Díaz Pardo, destacando o labor deste ao fronte de Sargadelos. Dáse conta tamén dos diversos persoeiros que o despediron no cemiterio de Boisaca.

Mandiá, Diana, "Y la cultura gallega resucitó", *El País*, "*Galicia*", 20 abril 2012, p. 16.

Fálase das asociacións que xurdiron na posguerra e da exposición "Un canto e unha luz na noite", sobre a reivindicación da cultura galega por parte destes grupos, activismo que naceu nas cidades pero que se extendeu por todo o territorio (Ribadeo, Pobra do Caramiñal, Viveiro...).

Manteiga, M., "Xosé Manuel Lema gana el premio de poesía Anduriña y estrena blog", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 xuño 2012, p. 30.

Infórmase de que o xornalista e poeta camariñán Xosé Manuel Lema gañou o XII certame de poesía Anduriña Voandeira da Irmandade de Centros Galegos de Euskadi por *O salaio dos náufragos*. Abre tamén un blog dedicado á intrahistoria da Costa da Morte, Xallas e A Barcala.

Manteiga, M., "*Libro CD de Cebeiro y Noia sobre sones de Teo*", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 325, 22 setembro 2012, p. 6.

Dáse conta da presentación de *Homenaxe Vámola Alboreando: músicas de Teo*, publicado no ano, 2012, recompilación feita por José María Cebeiro Fernández e Xosé Francisco Noia Souto, na asociación cultural A Regionalista de Teo. Trátase dunha homenaxe á cultura popular propia deste concello, presentada en formato libro-CD.

Manteiga, Marcos, "Poesía e teatro para recordar a García Barros en A Estrada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 de abril 2012, p. 39.

Rememórase ao literato Manuel García Barros, Ken Keirades, en A Estrada, con motivo do 40 aniversario da súa morte.

Martín, Toni, "Rafael Dieste centró la inauguración del ciclo sobre Os Renovadores", *El Correo Gallego*, "Santiago", 7 novembro 2012, p. 26.

Infórmase da celebración na Facultade Xeografía e Historia da sesión inaugural do ciclo de conferencias que analizarán o contexto histórico e cultural do grupo Os Renovadores.

Martínez, Alberto, "Rivas: 'Sei que foron as palabras as que me trouxeron aquí", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 24 marzo 2012, p. 42.

Infórmase do título de doutores *honoris causa* da UDC recibidos por Manuel Rivas e John Rutherford.

Martínez, Alberto, "A Feira do Libro de Coruña repunta con máis editoriais", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 2 agosto 2012, p. 42.

Fálase da inauguración da 41ª edición da Feira do Libro da Coruña e indícase que Antonio Piñeiro asinou exemplares da súa narración *As fiandeiras* (2011).

Martínez, Cecilia, "A literatura galega polo mundo, dende O Morrazo", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/ Cangas/ Bueu/ Moaña", 14 maio 2011, p. 4.

Destaca que catro autores do Morrazo (Salvador Castro, Henrique Harguindey, Xosé Martínez e Ramón Rocamonde), editan o volume *Urbi et orbi. Dende o galego para o mundo* (2011) con traducións de obras de autores galegos a corenta e dúas linguas.

Martínez, Cecilia, "Os poetas do Morrazo reuniranse mañá nun recital musical en Bueu", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 202, 26 maio 2012, p. 5.

Dáse conta dun recital musical de poetas e músicos do Morrazo no Centro Social do Mar de Bueu, organizado pola asociación Ricardo Gómez Buceta, no que participan, entre outros, Xosé Manuel Millán, Xosé María A. Cáccamo, Daniel Costas e Lucía Novas.

Martínez , Iago, "25 obras en gallego, traducidas al inglés en los últimos cinco años", *El País*, "*Galicia*", 3 xaneiro 2012, p. 5.

Analízanse as cifras de traducións de obras galegas ao inglés e desta lingua para o galego e realízase unha comparación entre ambas as literaturas.

Martínez, Iago, "Forma o barbarie", *El País*, "*Galicia*", "Adiós a un símbolo de la cultura democrática", 6 xaneiro 2012, p. 4.

Entre outros asuntos, coméntase que a Biblioteca de Galicia conservará durante sesenta anos o fondo bibliográfico e documental de Isaac Díaz Pardo.

Martínez, Iago, "Cultura reduce su presencia en ferias del libro internacionales", *El País*, "*Galicia*", 11 xaneiro 2012, p. 6.

Comenta a redución de orzamento para o financiamento do sector editorial galego nas ferias internacionais: un 75% menos do que achegou a Consellería de Cultura no ano 2011. Indica que sacaron a concurso para licitación as feiras de Boloña (Italia), Bos Aires (Arxentina) e Guadalaxara (México), e ficaron fóra as de Frankfurt (Alemaña) e Barcelona (España).

Martínez, Iago, "Útiles para un mapa colectivo", *El País*, "*Galicia*", 30 xaneiro 2012, p. 5.

Coméntase a publicación en papel da *Revista de poesía*, impulsada polo Grupo Alea de Análise poética (GAAP) da Universidade de Santiago. Sinálase que encabezan a publicación os artigos "Erotismo e poesía", de Claudio Rodríguez Fer, e "Da topoloxía do corpo á utopía da escrita", unha aproximación de Mirta Suquet ao segundo libro de poemas de Lois Pereiro.

Martínez, Iago, "Salven su legado, el resto es cinismo", *El País*, "*Galicia*", 9 febreiro 2012, p. 6.

Fai referencia á petición de que, ademais das homenaxes a Isaac Díaz Pardo, se declaren Ben de Interese Cultural os recintos de Sargadelos e O Castro de Samoedo, incluíndo as coleccións e bibliotecas que albergan.

Martínez, Iago, "Manuel Guede retorna á dirección do Centro Dramático", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 20 abril 2012, p. 7.

Infórmase de que Manuel Guede volve dirixir o Centro Dramático Galego e da sorpresa que isto provoca para os actores e escritores de teatro.

Martínez, Iago, "A maleta das ideas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 maio 2012, p. 5.

Fálase da literatura de viaxes e da importancia desta para a xeración Nós. Coméntase a visión política da viaxe e faise un percorrido literario deste xénero por toda a literatura galega, dende Frei Martín Sarmiento até Lois Pereiro.

Martínez, Koro, "Descansa xa na súa terra un dos homes imprescindibles do s. XX", *El Correo Gallego*, "Loito no mundo da cultura galega", 7 xaneiro 2012, p. 6.

Coméntase o acto civil celebrado no cemiterio de Boisaca trala morte de Isaac Díaz Pardo e menciona, entre louvanzas a este intelectual, as persoas que interviron nesta homenaxe.

Martínez, Luis, "Todo es silencio es una película grande", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", , p. 69/ "Cuerda considera que 'Todo es silencio' es una película grande", *El Progreso*, "Vivir", p. 67, 9 novembro 2012

Acóllense declaracións do director José Luis Cuerda sobre a súa última película e sobre Manuel Rivas. Tamén se recollen palabras de Manuel Rivas nas que gaba o labor do director, nomeadamente polo xeito en que filma o mar na película.

Martínez, Nuria, "Queremos que Pontevedra se converta na cidade da poesía", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 14 abril 2012, p. 59.

Fálase da segunda edición do festival de poesía Pontepoética que terá lugar no Teatro Principal de Pontevedra coa vontade de que Pontevedra se converta na cidade da poesía.

Martínez, Nuria, "En Pontevedra a cultura non entende de mentiras", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 14 decembro 2012, p. 66.

Infórmase da presentación da "Plataforma Cultura contra a Mentira" e reprodúcense as verbas dos promotores da iniciativa, nomeadamente Mónica Caamaño e Salvador del Río. Indícase que a finalidade do proxecto é destapar as troulas contadas a diario dende os poderes públicos, non só as relacionadas co teatro.

Martínez González, Xurxo, "Un mecenas para os *Cantares*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 433, 8 novembro 2012, cuberta.

Faise un repaso á biografía de José Ramón Fernández Domínguez, incidindo no seu papel de promotor da cultura galega en calidade de editor. Indícase que foi o mecenas de *Cantares Gallegos*, xulgando esta edición como arriscada polo feito de ser un libro escrito por unha muller e en galego.

Maseda Rodríguez, Javier, "Malas témporas", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 14 agosto 2012, p. 30.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Javier Maseda Rodríguez (44 anos), intitulado "Malas témporas".

Mato, M., "El Congreso inicia el martes el debate para aumentar el presupuesto de la RAG", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 46/ *La Opinión*, "Cultura", p. 61, 6 maio 2012.

Infórmase do inicio do debate para aumentar os presupostos da Real Academia Galega, e das tres emendas posíbeis, a do PP, a do PSOE e a do BNG.

Mato, M., "Carlos Blanco conducirá la gala en honor a la figura personal de Roberto Vidal Bola", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 43/ "Carlos Blanco conducirá la gala en honor a la figura personal de Roberto Vidal Bolaño", *La Opinión*, "Cultura", p. 54. 20 outubro 2012,

Infórmase da homenaxe a Roberto Vidal Bolaño por parte dos seus compañeiros de profesión, entre os que se destacan a Chévere, Rubén Ruibal e Laura Ponte ,que terá lugar o 27 de outubro no Salón Teatro de Santiago. Finalmente, faise mención a edición en seis volumes da obra completa do autor por parte da editorial Positivas e da realización dunha biografía a cargo de Roi Vidal.

Mato, Mar, "Suspenso en ciencia ficción", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 24 xaneiro 2012, p. 41/ *La Opinión*, "Cultura", 29 xaneiro 2012, p. 62.

Faise referencia ao escaso cultivo do subxénero da ficción científica en galego e menciónanse títulos como *O que Darwin non previu* (2010), de Alba Payo; *Soños eléctricos* (1992) e *Perigo vexetal* (1995), de Ramón Caride; e *2044* (2011), de Eduardo Santiago.

Mato, Mar, "A tesoirada de Cultura deixa á Academia Galega cuns 300 000 euros de déficit", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 41/ "O recorte de Cultura deixará cuns 300.000 euros de déficit a Academia", *La Opinión*, "Cultura", p. 55, 17 de abril 2012.

Infórmase da "tesoirada" levada a cabo polo Ministerio de Cultura coa cal a Real Academia Galega ve o seu orzamento reducido nun 62 % e fica nunha precaria situación que se reflectirá na celebración do Día das Letras Galegas.

Mato, Mar, "El sector reclama al nuevo director que no deje morir al Centro Dramático Galego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 47/ "El sector pide al nuevo director que no deje morir al Centro Dramático Galego", *La* Opinión, "Cultura", p. 62, 21 abril 2012.

Dáse conta de diversas opinións, suxerencias e peticións procedentes do sector teatral sobre o novo director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede, entre as que se atopan as de Xulio Lago, Antón Lamapereira e Salvador del Río.

Mato, Mar, "La poeta Kruckenberg recupera su salud cantando a las heroínas del jazz", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 22 abril 2012, p. 47.

Anúnciase a publicación de *Jazz espido. Un e dous*, de María do Carme Kruckenberg, unha homenaxe persoal ás mulleres do jazz negro.

Mato, Mar, "El PP aprobará en solitario su propuesta de aumento del presupuesto de la RAG", *Faro de Vigo*, "Sociedad" , p. 38/ *La Opinión*, "Cultura", p. 47, 8 maio 2012.

Infórmase de que o PP rexeitará as emendas de PSOE e BNG para a financiación da Real Academia Galega e aprobará a súa.

Mato, Mar, "O Goberno rectifica e aumenta a dotación á RAG que salva a súa actividade este ano", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "A Academia recibe xustiza", p. 41/ "O Goberno central rectifica e aumenta a financiación da Real Academia Galega", *La Opinión*, "Cultura", p. 54, 10 maio 2012.

Indícase que o Goberno acorda aumentar o orzamento para a Real Academia Galega até os 682.000 euros e de que o presidente desta agradece a xestión do presidente da Xunta de Galicia.

Mato, Mar, "Colecta teatral con rumbo a Colombia", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", 30 maio 2012, p. 63.

Infórmase de que a compañía Inversa Teatro, que acaba de triunfar no Brasil, ten que recorrer ao *crowfunding* para recadar fondos para estrear en Colombia.

Mato, Mar, "Poetas, artistas y músicos rinden homenaje a Celso Emilio Ferreiro", *La Opinión*, "Cultura", 8 xuño 2012, p. 54.

Coméntanse os actos de homenaxe no centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro, tanto a celebración dun pleno extraordinario da Real Academia Galega como

un concerto en Vigo, presentado pola poeta Yolanda Castaño, coas intervencións de Iolanda Zúñiga, Rexina Vega, Inma López Silva e actuacións musicais de Ataque Escampe e outros.

Mato, Mar, "La Rosalía desconocida sale a debate", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 21 outubro 2012, p. 45.

Infórmase da celebración dun simposio sobre a figura de Rosalía de Castro enfocado nos aspectos menos coñecidos da escritora, nomeadamente a obra prosística. Faise referencia aos traballos presentados polos participantes no acto.

Mato, Mar, "Curtopía presenta en Vigo a Luis Tosar dando vida a Celso Emilio en un filme", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", 26 outubro 2012, p. 67.

Coméntase programa da Romería Audiovisual Curtopía de Valadares, salientando que se presentará o trailer do documental *100% CEF*, dirixido por Aser Álvarez e protagonizado por Luís Tosar.

Mato, Mar, "El poeta Eusebio Lorenzo aguarda su Día das Letras", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 18 novembro 2012, p. 55.

Dáse conta da reivindicación feita polos organizadores da homenaxe ao poeta, con motivo do 50 aniversario do seu nacemento, de que se adique o Día das Letras Galegas a Eusebio Lorenzo Baleirón. Recóllense afirmacións dos responsables, entre os que se atopa o crítico Román Raña.

Mato, Mar, "El poeta Eusebio Lorenzo aguarda su Día das Letras", *La Opinión A Coruña*, "*Cultura*", 18 novembro 2012, p. 55.

Alúdese á reivindicación feita polos organizadores da homenaxe ao poeta, con motivo do 50 aniversario do seu nacemento. Sinálase que se pretende que se adique o Día das Letras Galegas a Eusebio Lorenzo Baleirón.

Mato, Mar, "La venta de libros ahonda su crisis en Galicia", *Faro de Vigo*, "*Sociedad*", 18 decembro 2012, p. 39.

Infórmase do balanzo de resultados do sistema editorial galego feito público pola Dirección Xeral de Cultura e a Asociación de Editores de Galicia. Resáltase a baixada de facturación entre 2009 e 2011 nun 19% e unha redución de postos de traballo dun 25% entre 2007 e 2011.

Mato, Mar e Amalia **Mauleón**, "Agravio a la Academia Galega", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "La RAG, al borde del colapso financiero", 18 abril 2012, pp. 40-41.

Coméntase que o Goberno central decidiu baixar a sua aportación á Real Academia Galega un 62%, moito máis que ás academias catalana e vasca. Dánse a coñecer diferentes opinións de persoas relacionadas co mundo da cultura, entre as que se atopan Manuel Rivas, Rosa Aneiros, Víctor Freixanes, Xosé Vázquez Pintor ou Miguel Anxo Prado.

Mauleón, A., "Faro se vuelca en el homenaje a Paz Andrade", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 13 maio 2012, p. 53.

Explica que sairá á venta *Paz Andrade y Faro de Vigo. Galicia ante todo*, escrita por Ceferino Blas, e comenta que recolle a traxectoria do homenaxeado dende a súa primeira intervención na II Asamblea das Irmandades da Fala no 1919 até 1987.

Mauleón, A., "La Alameda se abre a la fiesta de las letras", *Faro de Vigo*, "Vigo", 29 xuño 2012, p. 6.

Fálase da inauguración da 38 Feira do Libro de Vigo na Praza de Compostela, que contará cun pregón de Xosé Neira Vilas, coa presenza de trinta autores e autoras e coa presentación de dezasete novidades editoriais, cando outros atractivos paralelos.

Mauleón, Amalia, "Agustín Fernández Paz recibe el aplauso de su profesión", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 1 xullo 2012, p. 47.

Refírese á homenaxe celebrada pola plataforma cidadá ProLingua en Vigo ao escritor Agustín Fernández Paz, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. O acto contou coa asistencia de trescentas persoas, foi presentado por Rosa Aneiros e interviñeron Paco Martín, Xavier Senín, Manuel Bragado, Xavier Docampo, entre outros.

Mauleón, Amaia, "Treinta y cinco años de estímulo a la creación gallega", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 9 novembro 2012, p. 45 / "35 años de estímulo a la creación", *La Opinión*, "Cultura", 11 novembro 2012, p. 62.

Repasa a historia dos premios da Crítica co gallo da celebración da súa 35 edición e comenta que esta 35 edición terá lugar en Vigo e que nela se apresentará a obra *35 anos da cultura galega*.

Mauleón, A., "Doce editores gallegos participan en la Feria del Libro de Guadalajara", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 45/ *La Opinión*, "Cultura", 24 novembro 2012, p. 55.

Faise mención á participación de doce editoras galegas na Feria do Libro de Guadalajara, na que dende 2008 están presentes a Asociación Galega de Editores e a Consellería de Cultura. A seguir, recóllese información sobre a celebración da VII Encontro de Escritores novos na Biblioteca da Cidade da Cultura, organizado pola AELG.

M. B., "Picaversos' rompe todas as expectativas de asistencia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 10 xaneiro 2012, contracuberta.

Faise referencia ao éxito de convocatoria do ciclo Picaversos, organizado por Olalla Cociña e Branca Novoneyra no pub Modus Vivendi de Santiago de Compostela.

M. B., "Vivimos nun ximnasio, illados nun mundo narcisista", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 10 febreiro 2012, contracuberta.

Infórmase da presentación da obra *Libro de deshoras* (2011), de Xavier Lorenzo, na biblioteca pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela.

M. B., "A auga e o mar están sempre presentes nos meus libros", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 16 febreiro 2012, contracuberta.

Coméntase a presentación, na libraría Couceiro de Santiago de Compostela, da obra *Acuática alma* (2011), de Marta Dacosta.

M. B., "Eu quero sacar seres relucentes que non teñen que ver conmigo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 7 de marzo 2012, contracuberta.

Anúnciase a publicación da nova novela de María Xosé Queizán, *Meu pai vaite matar*.

M. C., "Defensa da lingua e da cultura", *Atlántico Diario*, "*Letras galegas*", "Real Academia Galega", "Historia da institución", p. 33/ *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", "Real Academia Galega", p. 3, 17 maio 2012.

Dáse conta da constitución da Real Academia Galega en 1096 e das diferentes etapas, salientando a súa idade de ouro, que ten lugar cando a preside Manuel Murguía, e o estado de semiclandestinidade no que ten que entrar coa Guerra Civil.

M. CH., "El mensaje de Feijóo del 31 en la casa de Rosalía", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 30 decembro 2012, p.9.

Infórmase de que Núñez Feijoo vén de gravar a mensaxe de Fin de Ano na casa-museo de Rosalía de Castro con motivo do 150º aniversario da publicación de *Cantares Gallegos* e recóllese información sobre o seu contido, nomeadamente a chamada á unidade dos galegos para superar a crise.

Melchor, Xurxo, "Hojas de libro para la Alameda", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 29 abril 2012, p. L6.

Dáse conta da inauguración da trixésimo primeira edición da Feira do Libro de Santiago de Compostela, na que participou como pregoeiro Víctor Freixanes e pola que pasarán, entre outros, Xosé Neira Vilas, Marcos Calveiro, Pere Tobaruela e Anxo Angueira.

Melchor, Xurxo, "Un paseo entre libros y joyas editoriales", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 13 maio 2012, p. L4.

Resúmese o primeiro día da Festa do Libro Antigo e de Ocasión de Santiago de Compostela. Dáse conta das xoias literarias desta edición, entre outras, a *Historia de Galicia* de Manuel Murguía, de 1901.

Menayo, Nagore, "El rector agradece el compromiso de Rivas y Rutherford con la cultura gallega", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 24 de marzo 2012, p. 11.

Menciónase o título outorgado pola UDC como doutores *honoris causa* a M. Rivas e a J. Rutherford.

Menayo, Nagore, "Regueira subraya el papel de la palabra hablada en su ingreso como académico", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 3 xuño 2012, p. 13.

Infórmase da incorporación de Xosé Luís Regueira Fernández á Real Academia Galega como membro numerario. Detállase o seu discurso de ingreso, así coma a réplica da Academia.

Méndez Ferrín, X. L., "Catolicismo e armas de Galicia", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", n.º 761, "No fondo dos espellos", p. 4./ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 372, contracuberta, 16 xuño 2012.

Realízase unha revisión histórica dos diferentes escudos de Galicia, asentada no magma cultural e relixioso galego, detallando anécdotas históricas. Detense o autor no carácter confesional católico do escudo oficial de Galicia, propoñendo lecturas simbólicas, e no escudo republicano de Galicia, creado por Castelao en 1937. Cítanse lecturas aproveitábeis, desde Farruco Sesto Novás a volumes sobre símbolos.

Méndez Ferrín, X. L., "Sucinta historia do Himno que temos", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", n.º 763, "No fondo dos espellos", p. 4./ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 374, contracuberta, 30 xuño 2012.

Revísase a historia do himno galego, desde o himno Brañas/Taibo ao himno de Pondal/Veiga, a súa preferencia e a xénese do segundo, recordando primeiras interpretacións, concursos, tensión coa ditadura, etc. Repara na figura de Victoriano Taibo.

Méndez Ferrín, X. L., "Con Paz Andrade", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", n.º 787, 15 decembro 2012, p. 4.

Fai unha reivindicación da figura de Valentín Paz Andrade a partir da súa biografía política na que se destacan unha serie de intervencións en prol do galeguismo durante toda a súa vida.

M. G., "Mucho público en el acto poético de la Fundación Rosalía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Noia", 6 maio 2012, p. 35.

Coméntase o abundante público que asistiu ao acto poético que conmemorou o cento setenta e cinco aniversario do nacemento de Rosalía de Castro.

M.G., "Homenaje a los actores de *Os vellos non deben…*", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 de abril 2012, p. 22.

Recórdase a primeira produción da obra de Castelao *Os vellos non deben namorarse* en Galicia, cunha exposición na biblioteca da capital galega Ánxel Casal.

M. G., "Noia rinde honra a Ferreiro a través dun seminario", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Noia", 24 maio 2012, p. 36.

Infórmase dun curso sobre Celso Emilio Ferreiro que terá lugar en Noia e que abrirá un dos fillos do poeta.

M. G., "Proyectan 4 días 'Todo es silencio'", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 399, 5 decembro 2012, p. 7.

Apúntase que a Concellería de Cultura de Muros programa para catro días a proxección da película da obra de Manuel Rivas no auditorio do centro cultural.

M. G. M., "La magia de ver lo invisible", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 18 xaneiro 2012, p. 17.

Dáse conta do encontro entre José Luis Cuerda e Manuel Rivas, no que falaron sobre o seu proxecto cinematográfico.

M.G.M., "La Fundación Paideia muestra las ideas de Díaz Pardo en la cinta 'Isaac", *El Idel Gallego*, "A Coruña", 23 de febreiro 2012, p. 12.

Fálase da figura de Isaac Díaz Pardo a partir do documental que o retrata, "Isaac", que foi obra da Fundación Paideia.

M. G. M., "O Goberno rectifica e aumenta a partida para a Academia ata os 682.000 euros", *Diario de Arousa*, p. 34/ *Diario de Ferrol*, p. 32, "Sociedad", 10 maio 2012.

Dáse conta da rectificación do Goberno central sobre os presupostos da Real Academia Galega, que finalmente recibirá o mesmo que as academias vasca e catalana e infórmase do convenio asinado coa TVG para dar visibilidade á institución.

M. G. M., "Noventa poetas sitúan a Galicia en el mapa del género lírico", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 24 maio 2012, p. 17.

Infórmase da presentación dunha antoloxía de Antonio Nieto que reúne composicións de autores galegos como Yolanda Castaño, Miguel Anxo Fernán Vello, Luz Pozo ou Xulio López Valcárcel, entre outros.

M. G. M., "A casa de Rosalía non se reformará ata que se volte á normalidade económica", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 30 outubro 2012, p. 13.

Faise un repaso das sucesivas posposicións da reforma da casa de Rosalía na rúa Príncipe da Coruña. A seguir sinálase que o periodo de cesión do edificio á Real Academia Galega é de 25 anos.

M. G. M., "Los coruñeses reivindicarán el sábado la figura de Lugrís con una marcha de paraguas 'atlánticos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 20 decembro 2012, p.13

Coméntanse as actividades programadas polos colectivos O Mural e In Nave Civitas prepararon para reivindicar a figura de Lugrís Freire, nomeadamente unha manifestación á que os participantes deberán ir con paraugas e que pasará por lugares destacados na vida do pintor, como, por exemplo, o bar Borrazás.

M. G. M., "Galicia despide ao intelectual Díaz Pardo, o último dos bos e xenerosos", *El Ideal Gallego,* "Anuario", 31 decembro 2012, p.10.

Faise repaso dos acontecementos posteriores á morte de Isaac Díaz Pardo, en especial sinálanse as reaccións de diversos persoeiros da cultura galega como, por exemplo, Neira Vilas ou Ramón Villares.

Mirás, N., "López Silva reclama la edición de las obras 'verdadeiramente completas' de Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 maio 2012, p. 38.

Infórmase de que Xosé Antonio López Silva di que unha das grandes labores filolóxicas que quedan por facer é a edición das obras verdadeiramente completas de Álvaro Cunqueiro.

Mirás, Nacho, "Ánxel Casal vestiu as súas edicións cunha gran dignidade", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 18 decembro 2012, p. L2.

Faise referencia á conferencia impartida por Xosé Luís Axeitos no ciclo *Os luns do Ateneo* sobre a faceta editora de Ánxel Casal. Recóllense as verbas do conferenciante.

M. J. R., "Medulio prepara a obra 'Cabaret Ferreiro' en homenaxe a Celso Emilio, *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 20 novembro 2012, p.16.

Entre outras cousas anticípase a montaxe da peza "Cabaret Ferreiro", a partir de poemas de Celso Emilio.

M. J. R., "Fuco Buxán e o Ateneo renden homenaxe a Celso Emilio e a unha obra 'plenamente vixente", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 21 novembro 2012, p.18.

Infórmase da unión da Asociación Fuco Buxán e do Ateneo para a realización dunha actividade de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro. Indícanse o lugar e o tema das intervencións de Enrique Barrera e José Luis Forneiro.

M. L., "El Partido Galeguista Demócrata pide una calle para Isaac Díaz Pardo", *El Progreso*, "Lugo", 14 xaneiro 2012, p. 4.

Dáse conta da petición do Partido Galeguista Demócrata ao pleno da corporación de Lugo para que se lle designe unha rúa a Isaac Díaz Pardo.

M. L., "Un ano para coñecer a Ben-Cho-Shey", *El Progreso*, "Lugo", 29 xuño 2012, p. 9.

Con motivo do Ano Ben-Cho-Shey, e a celebración dun ciclo no Museo de Lugo para divulgar a súa actividade, perfílase a biografía e figura de Xosé Ramón e Fernández-Oxea, pedagogo, inspector de ensino, narrador, lingüista, xornalista e membro do Partido Galeguista.

MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 5 xuño 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase do club de lectura sobre *Todo é silencio* (2010), de Manuel Rivas, que terá lugar na Libraría Trama de Lugo.

MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 8 xuño 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da homenaxe a Valentín Arias López promovida pola Asociación de Tradutores Galegos e que terá lugar no Edificio Administrativo da Xunta en Vigo.

MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 9 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á conferencia sobre Manuel Leiras Pulpeiro que impartirá Xesús Alonso Montero no IES Leiras Pulpeiro de Lugo.

M. M., "Méndez Ferrín reclama una enmienda contra los presupuestos para la defensa del gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 abril 2012, p. 38.

Infórmase da reclamación de Xosé Luís Méndez Ferrín dunha emenda para variar os presupostos para a Real Academia Galega, que considera insuficientes. Dáse conta da aportación da Deputación de Lugo, de 12.000 euros.

M. M., "Méndez Ferrín: 'La Xunta debería tomar más en serio a la Real Academia Galega", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 41/ "Ferrín afirma que la Xunta debería 'tomar más en serio a la Academia", *La Opinión*, "Cultura", p. 53, 9 maio 2012.

Coméntanse que o presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, pensa que a Xunta debería tomar máis en serio a institución que el preside. Infórmase da reunión que mantivo co Fiscal Superior de Xustiza de Galicia, quen propón que se normalice un vocabulario xurídico en galego.

M. M., "Morre o último dunha xeración", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Falecemento de Xaime Isla Couto", 26 abril 2012, p. 10.

Alúdese ao falecemento de Xaime Isla Couto aos noventa e sete anos de idade e coméntase a súa traxectoria e a perda que supón para Galicia.

M. M., "Celso Emilio Ferreiro recibe en un concierto en Vigo el homenaje de músicos y poetas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 8 xuño 2012, p. 53.

Anúncianse os actos de homenaxe no centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro, tanto a celebración dun pleno extraordinario da RAG como un concerto en Vigo, presentado pola poeta Yolanda Castaño, coas intervencións de Iolanda Zúñiga, Rexina Vega, Inma López Silva e actuacións musicais de Ataque Escampe e outros.

M. M., "Kristina Berg, viúva de Carlos Casares, falece aos 64 anos", *Atlántico*, "Vigo", 4 xullo 2012, p. 13.

Dáse conta do falecemento de Kristina Berg, viúva de Carlos Casares, ela mesma autora e presidenta da Fundación que leva o nome do seu marido. Recórdase unha das súas últimas aparicións públicas na cidade de Vigo, nun faladoiro sobre o seu home.

M. M., "Mero presentó su libro en A Estrada", *El Correo Gallego,* "*Terras de Santiago*", 8 decembro 2012, p.6.

Infórmase do acto de presentación do libro *No papel que mudo escoita* de Baldomero Iglesias *Mero* na sala de exposicións de NCG d'A Estrada, indicando que durante o acto o autor cantou xunto ao seu compañeiro *Mini*.

M. M., "Poesía para el instituto de Negreira", *El Correo Gallego,* "*Terras de Santiago*", n.º 407, 13 decembro 2012, p.5.

Indícase que todo o alumnado de 1º ESO do IES de Negreira recitou poemas de Celso Emilio Ferreiro a ritmo de rap e de que o acto foi organizado pola Coordinadora de Equipos de Dinamización Lingüística.

M. M. e **A. M.**, "Escritores ven una 'ofensa' a una institución con un trabajo 'digno", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "La RAG, al borde del colapso financiero", 18 abril 2012, p. 41.

Apórtanse opinións de Miguelanxo Prado, Rosa Aneiros e Xosé Vázquez Pintor sobre a diferencia de trato do Ministerio de Cultura ás academias galega, vasca e catalana, que consideran ofensiva.

M. M. e **A. M.**, "Agravio a la Academia Galega", *La Opinión*, "Cultura", "La RAG, al borde del colapso financiero", 18 abril 2012, pp. 53-53.

Coméntase que o Goberno central baixou a sua aportación á Real Academia Galega un 62%, moito máis que ás academias catalana e vasca. Dánse a coñecer diferentes opinións de persoas relacionadas co mundo da cultura, entre as que se atopan Manuel Rivas, Rosa Aneiros, Víctor Freixanes, Xosé Vázquez Pintor ou Miguel Anxo Prado.

M. M., "Kristina Berg, viúva de Carlos Casares, falece aos 64 anos", *Atlántico Diario*, "Vigo", 4 xullo 2012, p. 13.

Anúnciase o falecemento de Kristina Berg, viúva de Carlos Casares, ela mesma autora e presidenta da Fundación que leva o nome do seu marido. Recórdase unha das súas últimas aparicións públicas na cidade de Vigo, nun faladoiro sobre o seu home.

Moledo, Alexandra, "Los libros salen a la calle", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 21 abril 2012, p. 13.

Dáse conta da inauguración da Feira do Libro da Coruña e dos diversos actos que acollerá, entre os que destacan unha manifestación a favor da lectura e o ciclo lírico "Poetas di(n) versos".

Moledo, Alexandra, "La literatura toma Carballo durante cuatro jornadas con Praza dos Libros", *La Opinión*, "Carballo", "Costa da Morte", 22 agosto 2012, p. 16.

Infórmase do programa da Praza dos Libros de Carballo, na que terán lugar, entre outras actividades, as presentacións da recompilación de varios autores *Follas de carballo* e de *Vinte en escena*, de Rosalía Fernández Rial.

Moledo, Alexandra, "Silencios que lo dicen todo en la nueva película de José Luis Cuerda", *Faro de Vigo*, "Tv/espectáculos", p.67/ *La Opinión*, "A Coruña", p.10, 9 novembro 2012.

Anúnciase preestrea do filme de José Luis Cuerda *Todo es silencio* en Palexco, recollendo afirmacións do director sobre a súa creación. Tamén recóllense algunhas verbas de Manuel Rivas en calidade de guionista nas que apunta que a obra é máis que un filme sobre narcotraficantes.

Moledo, Alexandra, "A Coruña, lugar de reunión de literatos", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 28 novembro 2012, p.14.

Coméntase a celebración da actividade formativa dirixida a docentes *Encuentros con escritores. La creación literaria y sus autores*, indicando que se desenvolverá na UNED d'A Coruña ata o mes de abril. Sinálase que participarán 14 escritores galegos, españois e hispanoamericanos entre os que se destacan a Diego Ameixeiras ou María Reimóndez.

Montero, Tamara, "El profesor de los 700 alumnos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 1 febreiro 2012, p. L2.

Infórmase da exposición sobre o traballo bibliográfico de Herminio Barreiro e dise que se pode visitar na Facultade de Ciencias da Educación do Campus Vida de Santiago de Compostela.

Montero, Tamara, "La USC entrega su insignia de oro a García-Bodaño", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 19 decembro 2012, p.L3.

Anúnciase o acto de entrega da insignia de ouro da Universidade de Santiago a Salvador García Bodaño no salón de Graos da San Xerome. Infórmase do labor de recuperación do Ateneo de Santiago que preside o galardoado e recóllense afirmacións da súa intervención de agradecemento nas que repasa a súa etapa estudantil na universidade.

Mosquera, Javier, "Alfonso Zulueta, presidente de la Penzol, y Benxamín Casal, de Editorial Galaxia", *Faro de Vigo*, "Vigo", 14 febreiro 2012, p. 12.

Dáse conta dos cambios nas directivas da Fundación Penzol e da Editorial Galaxia e indícase que Alfonso Zulueta e Benxamín Casal substituirán a Blanca Jiménez Alonso e a Xaime Isla Couto, respectivamente.

Mosquera, Javier, "Fallece Xaime Isla Couto, uno de los últimos representantes del galleguismo del siglo XX", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 41/ *La Opinión*, "Cultura", p. 46, "Un intelectual comprometido con Galicia", 26 abril 2012.

Refírese ao falecemento de Xaime Isla Couto e repásase a súa biografía, destacando a súa condición de académico da lingua e Doctor Honoris Causa pola Universidade de Vigo, ademais de cofundador da editorial Galaxia.

Mosteiro, Alejandro, "Crebinsky, Zënzar y los franceses La Phaze, en el cartel musical de Festigal", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 4 xullo 2012, p. L7.

Revísase a programación do Festigal 2012, no Campus Sur de Santiago, anunciando as actuacións musicais e tamén, na Galería Central, unha Feira do Libro con diferentes editoras, que acollerá a presentación dos últimos traballos de Camilo Nogueira e Teresa Moure.

Mosteiro, Marga, "Grândola, Vila Morena' resonó en Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 11 maio 2012, contracuberta.

Infórmase do oitenta aniversario da Misa de Rosalía de Castro, organizada por Xosé Mosquera e Manuel Beira García.

M. S., "Una imagen para la posteridad", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 17 outubro 2012, contracuberta.

Menciónase o encontro entre a neta de Ramón Cabanillas e o gaiteiro Óscar Ibáñez, autor do disco "Alén do mar" onde se recollen versións musicadas de poemas do poeta. Coméntase como foi o proceso de creación do disco e, a seguir, fálase do seu contido.

M. T., "Doce poemas para dar a conocer a Celso E. Ferreiro", *El Correo Gallego,* "*Terras de Santiago*", n.º 420, 27 decembro 2012, p.7.

Faise referencia á actividade, organizada conxuntamente por Queremos Galego Deza e as concellarías de Cultura, Educación e Participación cidadá do concello de Silleda, *12 poemas e 12 lugares para o Nadal do 2012*, indicando a finalidade divulgativa da obra do poeta ourensán.

M. V., "Un año para recordar a Celso Emilio Ferreiro", *La Región*, "*Fitur 2012*", "Celanova-A Limia", "Cultura y fiestas", 18 xaneiro 2012, p.27.

Coméntanse as diversas iniciativas que se levarán a cabo co gallo do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro.

M.V., "Cuatro reconocidas novelistas protagonizarán 'Encontros con escritoras", *Faro de Vigo*, "Vigo", 1 de marzo 2012, p. 12.

Infórmase dos "Encontros con escritoras" con motivo do Día Internacional da Muller, no que participarán varias escritoras cuxas obras tratan o tema da muller.

M. V., "Música, cine y talleres para niños", *La Región,* "*Extra Navidad en la provincia*", "Navidad en Celanova", 22 decembro 2012, p.24.

Descríbese o programa de actividades organizado polo Concello de Celanova durante o Nadal, nomeadamente o Festival de Panxoliñas, a Ludoteca de Nadal na Casa dos Poetas, a celebración de contacontos na biblioteca da Amic ou a proxección da curtametraxe *100% CEF*.

MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 8 outubro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase de que Xosé Ramón Barreiro Fernández impartirá unha conferencia sobre Manuel Murguía no Ateneo de Santiago de Compostela, dentro do ciclo "Os luns do Ateneo". Indícase que levará por título "Murguía: o compromiso con Galicia". Asimesmo, faise referencia á participación de María do Cebreiro no ciclo Poetas Di(n)versos.

MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 22 outubro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, faise referencia á celebración do primeiro simposio internacional sobre a obra de Rosalía de Castro, "A weapon in the mud", no Centro de Estudos Avanzados de Santiago de Compostela.

MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 19 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, anúnciase a conferencia sobre Rosalía de Castro que impartirá Helena Villar Janeiro no Ateneo de Santiago de Compostela, dentro do ciclo "Os luns do Ateneo" e que levará por título "Rosalía: 175 anos despois".

MVI, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 2 decembro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da presenza no Culturgal de Manuel Rivas, Xavier Alcalá, Teresa Moure e María Reimóndez.

Naveira Pedreira, Xaime, “Silencio”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Los relatos de los lectores”, 24 agosto 2012, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xaime Naveira Pedreira, intitulado “Silencio”.

Neira Vilas, “Fue un gran impulsor de progreso y cultura”, *La Opinión*, “Cultura”, “Adiós al último intelectual galleguista del siglo XX”, 6 xaneiro 2012, p. 52.

Fálase das lembranzas de Xosé Neira Vilas da súa experiencia con Isaac Díaz Pardo no en Ediciós do Castro e coméntase que este último editou a cuberta de *Memorias dun neno labrego* (2011).

Nicolás, Ramón, “Memoria da pintura galega”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 468, “Letras en galego”, 26 maio 2012, p. 10.

Coméntase a publicación do ensaio de Carlos L. Bernárdez *Do idilio á diáspora. Modernidade e compromiso na pintura galega de Castelao a Seoane*, de orientación didáctica e divulgativa.

Nicolás, Ramón, “O agasallo dos presos”, *La Voz de Galicia,* “*Culturas*”, n.º 493, 17 novembro 2012, p.8.

Recensiónase a publicación do libro *L.F.*, edición facsímile que ten como protagonista a Leopolda Ferreiro. Infórmase do contexto histórico no a que irmá de Celso Emilio Ferreiro e outras mulleres axudaron aos presos encarcerados durante 1939 no actual mosteiro de San Salvadaor de Celanova e resúmese o contido de varias pasaxes da obra.

N. M., “Escribir é denunciar, soñar e intentar transformar o mundo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 28 decembro 2012, p. L2.

Sostén que neste libro se recollen as colaboración de Amancio Liñares Giraut na edición de Santiago de *La Voz de Galicia* entre os anos 2001 e 2012.

N. V., “Ernesto Guerra da Cal, os cen anos dun intelectual ferrolán nun exilio permanente”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 3 xaneiro 2012, p. 125

Coméntase que o único acto que celebrou o centenario de Ernesto Guerra da Cal foi unha conferencia na Escola de Idiomas de Ferrol.

N. V., "Coa morte de Isaac Díaz Pardo vaise un símbolo do galeguismo histórico", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 6 xaneiro 2012, p. 12.

Infórmase do falecemento de Isaac Díaz Pardo e realízase un sucinto repaso pola súa biografía.

N. V., "Os actos do ano Celso Emilio Ferreiro tamén terán presenza en Ferrol", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 15 xaneiro 2012, p. 13.

Apúntase que o concello de Ferrol ten previsto organizar exposicións, charlas e recitais con motivo do ano Celso Emilio Ferreiro.

N. V., "Neira Vilas: 'A cultura e os libros nos salvarán deste naufraxio no que estamos instalados", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 20 abril 2012, p. 15.

Dáse conta do inicio da Feira do Libro de Ferrol cun pregón de Xosé Neira Vilas, quen considera que a cultura e a lectura poden ser "unha salvación ante a crise, neste naufraxio no que estamos instalados".

Ocampo, Carlos, "Dez anos sen Casares", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 1020, "Literatura", 21 marzo 2012, p. 6.

Realízase un sucinto repaso pola produción narrativa de Carlos Casares con motivo do décimo aniversario do seu pasamento.

Ocampo, E., "Castelao, un bien intocable", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 33/ *La Opinión*, "Cultura", p. 47, 11 xaneiro 2012.

Infórmase de que a obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao foi declarada Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia.

Ocampo, E., "Música, en Vigo y Celanova; poesía 'casa a casa' y web centran los homenajes a Celso Emilio", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 febreiro 2012, p. 47.

Descríbese a presentación dos actos programados pola Xunta de Galicia no marco da celebración do centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro.

Ocampo, E., "Follas novas que nunca envejecen", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 25 de febrero 2012, p. 40.

Rememórase a figura de Rosalía de Castro no 175 aniversario do seu nacemento, en distintas bibliotecas e librerías de Galicia.

Ocampo, E., "Ferrín reclama a Rajoy que revise el recorte de fondos del Estado para la RAG en 2013", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 30 outubro 2012, p.41.

Infórmase da carta enviada polo presidente da Real Academia Galega ao presidente do Goberno na que reclama un trato non discriminatorio á institución. Indícase que Méndez Ferrín sinala que a Academia sofre un recorte nos seus orzamentos superior a outras institucións.

Ocampo, E., "La TVG estrena un documental de Celso Emilio Ferreiros que protagoniza Luis Tosar", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", p.67/ *La Opinión*, "Cultura", p.42, 3 decembro 2012.

Dáse conta da estrea do documental *100% CEF*, dirixido por Aser Álvarez. Infórmase da participación do actor Luis Tosar e de que a finalidade da obra é reconstruír a biografía do autor a partir de entrevistas a diferentes persoeiros da cultura galega, entre os que se sinalan aos fillos do poeta, Xesús Alonso Montero, Ramón Nicolas ou Méndez Ferrín.

Ocampo, Elena, "Investigadores hallan parte de una novela y un poema inéditos de Otero Pedrayo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 42./ "Descubiertos un largo poema y parte de una novela inédita de Otero Pedrayo", *La Opinión*, "Cultura", p. 67, 10 xuño 2012.

Coméntase o achado de varios documentos literarios inéditos no legado testamentario de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976), recollidos na Fundación Penzol, na Casa da Cultura Galega de Vigo. Un equipo investigador dirixido por Manuel Forcadela atopou varios capítulos da inédita *Novela de Pedro Madruga* e 1400 versos das "Xeórxicas do pan".

Ocampo, Elena, "El mundo del arte llora a Isaac Díaz Pardo", *Faro de Vigo*, "*Estela*", "Sociedad", 30 decembro 2012, p.25.

Faise un repaso á traxectoria de Isaac Díaz Pardo destacando os recoñecementos recibidos en vida. A seguir, recórdase a morte doutros intelectuais galeguistas como Xaime Isla Couto e a pintora Ana Legido.

Ó. I., "El teatro postula a Vidal Bolaño para las Letras 2013", *El País*, "*Galicia*", 29 maio 2012, p. 5.

Infórmase de que todas as persoas relacionadas co mundo do teatro postulan a Roberto Vidal Bolaño para o Día das Letras Galegas 2013. Coméntase que, aínda que isto non sexa así, Edicións Positivas editará as obras completas do autor o vindeiro ano.

O. L., "Uxía realiza un álbum con letras do finado poeta lucense Manuel María", *La Opinión*, "Cultura", 16 novembro 2012, p.55.

Refírese á publicación pola Fundación Manuel María do disco de Uxía *Andando a terra. Uxía canta a Manuel María*. Sinálanse anteriores traballos nos que a cantante musicara a outros poetas, faise referencia ao acompañamento a cargo do músico brasileiro Sérgio Tannus e ao feito de que varios poemas xa foran musicados con anterioridade por outros artistas.

Otero, María, "Teatro en pequeño formato para Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 10 novembro 2012, contracuberta.

Alúdese á incorporación dun novo espazo cultural destinado ao teatro, A regadeira de Adela, indicando que a iniciativa foi impulsada por Antón Coucheiro, Olaya Tesouro e Alfonso Medina e que se representarán pezas de microteatro.

Otero Pedrayo, Ramón, "Domingo de outono", *La Región*, "Hemeroteca", 2 outubro 2012, p. 22.

Reprodúcese unha composición poética de Ramón Otero Pedrayo intitulada "Domingo de outono" e indícase que vira a luz por vez primeira no xornal *La Región*, en 1962.

Otero Ricart, J. A., "Dos candidatas optan a la vacante de la RAG", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 543, 14 outubro 2012, p.13/ *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 603, 21 outubro 2012, p.12.

Infórmase das candidaturas a ocupar a praza deixada pola morte de Xaime Isla Couto: Fina Casalderrey e Chus Pato. Indícase que dos 34 académicos 4 son mulleres. Recóllense afirmacións de Margarita Ledo e de Fina Casalderrey e Chus Pato sobre a presenza das mulleres dentro da institución.

Outeiro, X., "Un ano para Celso Emilio Ferreiro", *El Progreso*, "Vivir", 22 marzo 2012, p. 57.

Recórdase ao poeta celanovés Celso Emilio Ferreiro cun programa formado por distintas actividades, que se levarán a cabo por toda a comunidade, debido ao centenario do seu nacemento e ao 50 aniversario de *Longa noite de pedra*.

Pato, Alfonso, "Kazajistán se rinde al teatro gallego", *El País*, "*Galicia*", 9 xuño 2012, p. 8.

Cóntase a vibrante historia e proxectos de Álvaro Guevara, director de Teatro do Andamio, que acaba de descubrir unha importante oportunidade de mercado en Kazajistán, a onde chegou logo de representacións como *A lingua das bolboretas* ou *La casa de Bernarda Alba*.

Pavón, Lalo, "Auria Nós' quere facer da rúa da Paz 'a burga do espíritu", *La Región*, "Ourense", 9 febreiro 2012, p. 10.

Faise referencia ao proxecto "Auria Nós" que tenta poñer en valor o capital literario e cultural da cidade de Ourense. Infórmase que botou a andar en 2008 coa compra da casa natal de Vicente Risco.

Pazos, Á., "El BNG solicitará que el paseo de la Alameda se llame Rosalía de Castro", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "O Marín", 6 marzo 2012, p. 16.

Fálase do programa de actividades posto en marcha polo BNG da localidade de Marín, coa finalidade de conmemorar o 175 aniversario da poeta Rosalía de Castro.

Paz Otero, Héctor, "Eloxio do filicidio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 435, 22 novembro 2012, cuberta.

Faise unha comparación entre o traballo de transposición cinematográfica dos textos de Manuel Rivas nos filmes *A lingua das bolboretas* e *Todo é silencio* de J. L. Cuerda.

P.C.R., "Diego Pérez mezcla la historia y leyenda de Ortigueira en "Séptima andaina", *Diario de Ferrol*, 11 xullo 2012, p. 11.

Dise que a obra *Séptima andaina*, de Diego Pérez Dopico, se presentou no marco do curso de verán da Universidade Internacional Menéndez Pelayo celebrado en Ortigueira. Dise que recolle aspectos da historia e lendas desta vila, das que se ofrece algún exemplo, e coméntase que se acompaña das ilustracións do autor e que xa está á venda nas librarías.

P. D., "Fixemos un pandeiro con Celso Emilio Ferreiro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 11 decembro 2012, contracuberta.

Realízase unha entrevista ao director do documental *100% CEF* Aser Álvarez na que afirma estar satisfeito do traballo e de que lle tería gustado ao poeta. Tamén afirma que tentou facer un retrato o máis amplo posible de Celso Emilio.

Peinó, José V., "Un emblema do humor no teatro", *El Progreso*, 15 outubro 2012, contracuberta.

Faise un retrato do actor humorístico Poto, do que se sinala que é membro da formación teatral Axoúxeres de Vilaronte e do que se gaba a súa capacidade para facer rir.

Peña, Isidoro, "Bieito Iglesias", *El Correo Gallego*, "Ars longa, vita brevis", 2 xaneiro 2012, p. 52.

Fálase da publicación pola Editorial Galaxia do volume *Contos da terra da tarde* (2011), de Bieito Iglesias.

Pereiro, X. M., "Un dramaturgo rebelde para el Día das Letras de 2013", *El País*, "*Galicia*", 23 xuño 2012, pp. 5-6.

Anúnciase a escolla de Roberto Vidal Bolaño para o Día das Letras 2013, escollido polo plenario da Real Academia Galega. Alén da súa condición de dramaturgo rebelde, sublíñanse algunhas das palabras que Margarita Ledo ou Xosé Luis Méndez Ferrín lle dedicaron.

Pereiro, Xosé Manuel, "Adiós a Díaz Pardo, guardián de la memoria democrática de Galicia", *El País*, "*Galicia*", 6 xaneiro 2012, pp. 1-3.

Faise un repaso polos fitos máis destacados da biografía de Isaac Díaz Pardo con motivo do seu pasamento.

Pereiro, Xosé Manuel, "Novagaliciabanco exhibe en A Coruña sus fondos de Isaac Díaz Pardo", *El País*, "*Galicia*", 24 febrero 2012, p. 6.

Infórmase de exposición da colección máis importante do artista Isaac Díaz Pardo en A Coruña e levada a cabo por Novagaliciabanco.

Pereiro, Xosé Manuel, "O último galeguista histórico", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 marzo 2012, p. 8.

Recórdase ao escritor Carlos Casares caracterizado por outros escritores como o último galeguista histórico debido á súa faceta na cultura galega.

Pereiro, Xosé Manuel, "Xaime Isla Couto, impulsor del galleguismo cultural", *El País*, "Obituarios", 26 abril 2012, p. 44.

Dáse conta do falecemento de Xaime Isla Couto aos noventa e sete anos e saliéntanse datos importantes da súa biografía, como a fundación da Editorial Galaxia ou a axuda que prestou para crear empresas culturais de diversa índole.

Pérez, J. Antonio, "La Irmandade dos Fillos de Padrón pide que la Fundación Rosalía vuelva a sus orígenes", *El Corrego Gallego*, "Tendencias", 16 abril 2012. p. 51.

Fálase da vontade a Irmandade dos Fillos de Padrón de que, tras as últimas dimisións de varios membros, a Fundación Rosalía volva ás raíces padronensas así como que volva a integrarse nas súas vidas como ao seu comezo.

Pérez Quintana, María Teresa, "Lembranzas", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 30 agosto 2012, p. 31.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por María Teresa Pérez Quintana (63 anos), intitulado "Lembranzas".

Picallo, Héitor, "Nas 98 primaveras de Avelino Pousa Antelo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 654, 3 xuño 2012, p. 32.

Infórmase da xuntanza celebrada para festexar o noventa e oito aniversario de Avelino Pousa Antelo, ao que asistiron, entre outras persoas, Xosé Vázquez Pintor, Marica Campo, Antía Cal, Xosé Luís Rivas Cruz e Baldomero Iglesias.

Pillado, Sabela, "Cuerda, Galicia y el narcotráfico", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 novembro 2012, p.44.

Recensiónase o filme *Todo é silencio* de José Luis Cuerda. Resúmese o contido da película, sinalando a importancia que ten o mar na obra e faise unha breve valoración do filme.

Pinacho, Antonio, "Escenario de un taller de poesía internacional", *Faro de Vigo*, "Redondela", 30 outubro 2012, p.18.

Infórmase da celebración na illa de San Simón do obradoiro de tradución poética "Con barqueiras e remador", organizado por Yolanda Castaño e no que participan poetas en lingua rusa, finesa, islandesa, eslovena e catalá.

Pinal, Sabela, "La Fundación Antón Losada convierte el pazo en un museo", *La Región*, "Carballiño", 8 xuño 2012, p. 18.

Coméntase a decisión do padroado da Fundación Antón Losada Diéguez para abrir o pazo de Moldes como un museo, aproveitando que a fundación foi declarada de "interese cultural" pola Xunta, co compromiso de colaboración conseguinte.

Pinal, Sabela, "Alonso Montero, o primeiro fillo predilecto de Ribadavia", *La Región*, "Ribeiro", 21 xuño 2012, p. 19.

Alúdese á petición presentada por diferentes axentes do ámbito cultural para nomear fillo predilecto do municipio de Ribadavia a Xesús Alonso Montero, escritor, investigador e membro da Real Academia Galega. Detállanse as adhesións e a ligazón do autor ao lugar.

Pinal, Sabela, "Xesús Alonso Montero: "O escritor non comprometido co pobo é traidor", *La Región*, "Provincia/Ribeiro", 25 novembro 2012 p.17.

Infórmase do acto de homenaxe a Xesús Alonso Montero con motivo do seu nomeamento como Fillo Adoptivo de Ribadavia. Indícase que os persoeiros asistentes gabaron a traxectoria do homenaxeado. Faise referencia as diferentes autoridades presentes no evento, nomeadamente o secretario de política lingüística, Anxo Lorenzo, e o secretario da Real Academia Galega, Xosé Luís Axeitos.

Piñeiro, Carolina A., "Os masóns, con todo detalle", *La Región*, "Ourense", "Reportaxe", 21 febreiro 2012, p. 8.

Menciónanse os nomes de masóns célebres como Eduardo Blanco Amor e Manuel Curros Enríquez.

Piñeiro, Carolina A., "Así se constrúen as historias", *La Región*, "Ourense", "Crónica", 10 maio 2012, p. 8.

Fálase do obradoiro de escrita creativa organizado pola librería La Región de Ourense e impartido polo escritor Francisco Castro.

Piñeiro, Xosé M., "Premios para María do Ceo", *La Región*, "Ourense", "Neurovisión", 9 maio 2012, p. 8.

Dáse conta da asistencia á Feira Internacional do Libro de Bos Aires de María do Ceo, acompañada do escritor Luís González Tosar, quen presentou o seu poemario traducido ao castelán *Áspera materia*.

Piñón, Elena, "Homenaxe a un galego irrepetible", *El Correo Gallego*, "Primer plano", 7 xaneiro 2012, p. 7.

Infórmase da multitudinaria despedida á Isaac Díaz Pardo na capela ardente instalada no Museo do Pobo Galego. Faise referencia á doazón dos seus fondos bibliográficos á Cidade da Cultura.

Plaza, V., "70 entidades exponen en diciembre todos sus productos en Culturgal", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 7 novembro 2012, p.40.

Anúnciase o acto de presentación do programa do Culturgal, así como de que participarán más de 70 entidades e máis de 300 profesionais e haberá máis de 140 actividades dirixidas a todos os públicos.

Plaza, Vicente, "Morre Isla Couto, un dos pais de Editorial Galaxia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 26 abril 2012, p. 48.

Dáse conta do falecemento de Xaime Isla Couto e das reaccións dos representantes do Consello da Cultura Galega.

Plaza, Vicente, "O Womex de Santiago onte e Rivas hoxe as estrelas do Culturgal", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio.", 2 decembro 2012 p.39.

Infórmase das actividades desenvolvidas o día anterior e as que se desenvolven ese mesmo día no Culturgal. Entre as persoas que interveñen ese día cítanse a Manuel Rivas, María Solar, María Reimóndez ou Teresa Moure entre outras.

Plaza, Vicente, "Guadalajara cierra su feria con 12 firmas gallegas allí presentes", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 3 decembro 2012, p.42.

Faise eco da presenza de editoras galegas na Feria del Libro de Guadalajara, nomeadamente Linteo, OQO, Biblos Clube de Lectores, Xerais e Galaxia e sinálase que esa presenza se enmarca dentro das actividades da Secretaría Xeral de Cultura para a proxección exterior do sector editorial galego.

Pontevedra, Silvia R., "Ilustre busca panteón", *El País*, "*Galicia*", 6 febreiro 2012, p. 5.

Fálase da proposta de lei impulsada polo Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega e as fundacións Rosalía de Castro, Castelao e Alfredo Brañas para regular a xestión e ampliar o mausoleo anexo ao Museo do Pobo Galego.

Pousa, Luís, "Vidal Bolaño protagonizará o Día das Letras Galegas do 2013", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 xuño 2012, p. 37.

Anúnciase o éxito da candidatura de Roberto Vidal Bolaño como homenaxeado das Letras Galegas 2013, aprobado polo plenario da RAG. Saliéntase a súa centralidade para comprender o teatro galego, revísanse outras das propostas existentes e cítanse os académicos numerarios e de honra (Arcadio López Casanova) que se incorporan.

Pousa, Luis, "Luís Iglesia e Xabier Deive loitan en 'Gaivotas subterráneas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 novembro 2012, p.41.

Infórmase da preparación da obra *Gaivotas subterráneas*, referindo o autor, Alfonso Vallejo, o director, Artur Trillo, e os actores que a representarán, Luís Iglesias e Xabier Deive. Indícase que a produción é asumida por Voz Audiovisual, Talía e RTA. Recóllense valoracións da obra por parte dos actores, nas que sinalan a calidade da peza e gabanzas recíprocas da súa capacidade de representación.

Pousa, Luis e María **Conde**, "Sánchez Ruipérez , fundador de Xerais, fallece a los 85 años", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 febreiro 2012, p. 27.

Anúnciase o falecemento de Germán Sánchez Ruipérez e menciónase que foi un dos fundadores de Edicións Xerais de Galicia en 1979.

Pozo Garza, Luz, "Isaac. Concerto de zanfona tenramente", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 450, "En portada", 14 xaneiro 2012, p. 3.

Inclúese unha composición poética de Luz Pozo Garza intitulada "Isaac. Concerto de zanfona tenramente", precedida da dedicatoria "A Mimina con amor".

Pozo Garza, Luz, "A Manuel Fraga, 'in memoriam", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 452, "A outra mirada", 28 xaneiro 2012, p. 11.

Acóllese un poema de Luz Pozo Garza que comeza "Do van enriba ti eras rocha pura (...)" e que está dedicado a Manuel Fraga.

Prada, José Domingo de, "Manuel Leiras Pulpeiro no centenario do seu pasamento", *El Progreso*, "Lugo", 8 novembro 2012, p.8.

Faise un repaso á figura do escritor lucense, en especial ao seu labor literario e cultural. Incídese no feito da existencia na capital da provincia dun instituto que leva o seu nome e indícase que o escritor pode ser un personaxe no que se ver reflectidos os estudantes do centro.

P. R. C., "La casa de Carvalho Calero cumple un año en manos del Concello sin uso ni planos previstos", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 10 abril 2012, p. 4.

Infórmase da mala actuación do Concello ferrolano tras pasar un ano da compra da casa de Carvalho Calero e non haber ningún plan nin uso da mesma, xa que tampouco foi rehabilitada.

Prego, Carlos, "Universidad y Real Academia Galega se alían para fortalecer su fondo documental", *Faro de Vigo*, "Vigo", 9 xuño 2012, p. 7.

Indícase que a Universidade de Vigo e a Real Academia Galega asinaron dous convenios para colaboracións futuras, que posibilitarán o intercambio de publicacións e a asistencia científica e técnica, en favor de 25.000 universitarios. Detállase a ceremonia, que contou cunha actuación do grupo Xardín Desordenado.

Prieto Rodríguez, Lidia, "Era unha canción", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 24 agosto 2012, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Lidia Prieto Rodríguez (22 anos), intitulado "Era unha canción".

Quinteiro Blanco, Irene, "Só nenos", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 7 agosto 2012, p. 37.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Irene Quinteiro Blanco (25 anos), intitulado "Só nenos".

Quiroga, Lucía M., "Abre en Madrid la primera librería especializada en literatura gallega", *El País*, "*Galicia*", 23 xaneiro 2012, p. 5.

Coméntase a apertura da primeira libraría de Madrid especializada en literatura galega.

Ramis, I., "Celso Emilio Ferreiro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 27 de marzo 2012, contracuberta.

Fálase da exposición sobre Celso Emilio Ferreiro que se poderá ver en distintas localidades galegas.

Ramos, J. M., "El centro cultural recoge la muestra 'Rosalía Ilustrada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 de marzo 2012, p. 32.

Fálase da mostra didáctica Rosalía Ilustrada composta por 25 poemas con cadansúas ilustracións.

RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 15 marzo 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da celebración na sala de exposicións da Deputación de Lugo, con motivo do Día Internacional da Muller, dun recital poético, a cargo de Susana Sánchez Aríns.

Regueira, S. "O escaparate da creación", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 1 decembro 2012, p.41.

Faise eco da celebración do Culturgal no Pazo da Cultura de Pontevedra, sinalando que interveñen 71 colectivos e que hai máis dun millar de profesionais acreditados. A seguir refírense as principais novidades con respecto á edición pasada, nomeadamente a presenza dun Stand do Público ou o Espazo Autobombo.

Requeixo, Armando, "Clásico Moderno", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, 15 marzo 2012, cuberta.

Rememórase a figura do escritor Carlos Casares pasados 10 anos da súa morte nos que se ten lembrado a súa obra.

Rey, Jacobo, "A Fundación Rosalía elixirá presidente en dous meses trala saída de Helena Villar", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 13 abril 2012, p. 57.

Infórmase dos motivos que levaron a Elena Villar Janeiro a renunciar do seu cargo na Fundación Rosalía, entidade que será dirixida provisionalmente por Ana María Blanco.

Rey, Jacobo, "Helena Villar renuncia á presidencia da Fundación Rosalía", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 13 abril 2012, p. 69.

Indícase a renuncia de Elena Villar á presidencia da Fundación Rosalía de Castro polas súas diferenzas con outros membros da entidade, como Alfredo Conde.

Río, Manolo do, "O sol daquel verán", *ABC,* "*Artes & Letras*", "10 anos sen Carlos Casares", n.º 38, 25 febreiro 2012, p.3.

Partindo da coincidencia do autor do artigo con Carlos Casares nunha actividade organizada por "Sacou", faise resumo da biografía do escritor ourensán, destacando o seu contacto nos anos mozos con diferentes persoeiros (nomeadamente, Vicente Risco e Ramón Piñeiro), sinalando a súa relación con Kristina Berg e referindo algúns dos premios máis importantes obtidos como o Premio O Facho con *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* ou o premio Galaxia.

Risco, Vicente, "Testamento do Santo Entroido", *La Región*, "Hemeroteca", 8 febreiro 2012, p. 21.

Acóllese unha composición poética de Vicente Risco intitulada "Testamento do Santo Entroido", da que se di a pé de páxina que foi escrita no Entroido de 1962.

Rivas, Manuel, "O segredo de Isaac", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Unha vida na memoria e na vangarda", 13 xaneiro 2012, pp. 8-9.

Con motivo do recente pasamento de Isaac Díaz Pardo, realízase un repaso polos feitos máis destacados da súa biografía.

Rivera, Javier, "O Ano Ben-Cho-Shey reflicte a etapa deste histórico galeguista en Lugo", *El Progreso*, "Lugo", 28 xuño 2012, pp. 16-17.

Avísase da inauguración do ano cultural dedicado á figura de Xosé Ramón e Fernández-Oxea mediante o acto "Os anos lugueses de Ben-Cho-Shey". Refírense a continuación as súas ocupacións vitais, desde a militancia, presidindo o Partido Galeguista, á creación e investigación, preocupado pola arqueoloxía, etnografía, arte, lingüística, etc.

R. L., "Isaac Díaz Pardo se recupera en el San Rafael de una neumonía", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 3 xaneiro 2012, p. 17.

Coméntase que Isaac Díaz Pardo continúa recuperándose dunha neumonía no hospital San Rafael da Coruña e menciónase a catalogación de toda a súa obra para a Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

R. L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 20 marzo 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da entrega, de xeito póstumo, da medalla de ouro de Lugo a Isaac Díaz Pardo.

R. L., "Un recital poético e musical en Lugo lembra a Celso Emilio e a Curros", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 30 xuño 2012, p. 63.

Infórmase da celebración dun recital poético e musical en Lugo, "Onde o mundo se chama Celanova. De Curros a Celso Emilio", ideado con motivo da conmemoración do centenario do nacemento deste último, coa participación de Cítola e Ofelia Nieto.

Rodríguez, Ana, "El Centro de Documentación Feminista promueve encuentos con escritoras y coloquios literarios", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 Costados", 28 de febrero 2012, p. 8.

Fálase do ciclo de encontros promovido polo centro de documentación feminista consistentes en conferencias- coloquio coas catro escritoras convidadas, coa intención de fomentar o feminismo.

Rodríguez, Pacho, "Rescatan siete relatos olvidados de Álvaro Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 marzo 2012, p. 38.

Infórmase da recuperación de sete relatos esquecidos de Álvaro Cunqueiro que, trala súas publicación nos anos 40 na revista "Catolicismo", non volveran saír á luz.

Rodríguez, Pastor, "Poeta e Narrador", *La Voz de Galicia*, "A Voz de Barbantia", n.º 73, 30 marzo 2012, p.2.

Faise referencia aos libros do escritor Antonio Piñeiro, nomeadamente *As fiandeiras*, e un repaso a todos os premios conseguidos como, por exemplo, o García Barros.

Rodríguez, V., "La cultura rinde homenaje al poeta Celso Emilio Ferreiro en su centenario", *La Opinión*, "Cultura", 10 xuño 2012, p. 71.

Descríbese o acontecido na homenaxe polo centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro en Celanova. Descubriuse unha placa na súa casa natal e o pleno extraordinario da Real Academia Galega retomou a figura do poeta.

Rodríguez, Víctor, "La cultura gallega destaca la obra de Celso Emilio en su centenario", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 10 xuño 2012, p. 43.

Coméntase o pleno extraordinario celebrado pola Real Academia Española na vila natal de Celso Emilio Ferreiro, con motivo do centenario do seu nacemento. Cítanse algúns dos asistentes e actividades, coma o descubrimento dunha placa na que foi a súa casa.

Rodicio Vila, Ana, "Fentos e formigas", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 13 agosto 2012, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Ana Rodicio Vila (26 anos), intitulado "Fentos e formigas".

Rodríguez, Francisco, "175 anos con Rosalía", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "La ventana", 9 xaneiro 2012, p. 06.

Lémbrase que no ano 2012 cúmprense cento setenta e cinco anos do nacemento de Rosalía de Castro.

Romero, Javier, "Una tesis reivindica la vigencia de la obra de Avilés de Taramancos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 marzo 2012, p. 38.

Infórmase da publicación dunha tese doutoral do profesor Martín Veiga que rememora a obra de Avilés de Taramancos.

Romero, Santiago, "El intelectual y empresario que repensó Galicia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Adiós al último intelectual galleguista el siglo XX", 6 xaneiro 2012, p. 35/·*La Opinión*, "Cultura", "Adiós al último intelectual galleguista el siglo XX", 6 xaneiro 2012, p. 49.

Realízase un repaso pola biografía de Isaac Díaz Pardo con motivo do seu recente pasamento.

Romero, Santiago, "De sucesor de Castelao a martillo de Garzón", *Faro de Vigo*/ *La Opinión*, 24 xaneiro 2012, contracuberta.

Fálase de Gonzalo Rodríguez Mourullo como o gran renovador das letras galegas nos anos cincuenta e menciónase unha das súas obras, *Memoria de Tains* (1956).

Rozas, Ramón, "Forxa de escritores", *Diario de Pontevedra*, "Revista!", "Reportaxe" 18 marzo 2012, pp. 12-13.

Dáse conta das modificacións da biblioteca do Instituto Gonzalo Torrente Ballester que se converteu no berce de novos escritores que dan o salto ao mundo literario coa axuda de moitos dos docentes do centro.

Saco Coya, Manuel, "O que a tía Amable non coñecía...", *La Región*, "Sociedad", "Relato de verán", 9 agosto 2012, p. 59.

Acóllese un relato breve de Manuel Saco Coya intitulado "O que a tía Amable non coñecía...".

Salgado, D., "Los promotores de la antigua Sala Nasa trasladan a Teo su compañía de teatro", *El País*, "*Galicia*", 28 xaneiro 2012, p.4.

Infórmase do traslado da compañía de teatro Chévere ao municipio de Teo, logo de tres anos como residentes na Sala Nasa de Santiago de Compostela porque, segundo o seu director, Xesús Ron, non recibiron apoio do Concello para continuar na capital.

Salgado, D., "Exportación de man de obra para a literatura", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 8 xuño 2012, p. 6.

Revísanse algúns dos casos de autoras e autores que emigraron e triunfaron nos sistemas literarios dos países de acollida. Nomeadamente, trátanse os casos de Nélida Piñón (Río

de Janeiro, 1937), María Rosa Lojo (Buenos Aires, 1954), Farruco Sesto Novas (Vigo 1943) ou Elías Portela (Cangas do Morrazo, 1981).

Salgado, Daniel, "Ao pé de Díaz Pardo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Unha vida na memoria e na vangarda", 13 xaneiro 2012, p. 12.

Realízase un repaso polos diferentes proxectos levados a cabo por Isaac Díaz Pardo e recóllense as verbas de louvanza dalgúns dos seus colaboradores, como é o caso de Xosé Ramón Fandiño.

Salgado, Daniel, "Narrar a asemblea", *El País*, "Galicia", 24 de febreiro 2012, p. 9.

Menciónase a obra de Méndez Ferrín e como nesta o escritor soubo plasmar o nacionalismo dende diversas ópticas literarias.

Salgado, Daniel, "Abeleira traduce al gallego la poesía visionaria de Rimbaud", *El País*, "*Galicia*", 3 agosto 2012, p. 5.

Dáse conta da publicación da versión galega do poemario de Rimbaud, *Iluminacións*, e da súa presentación na Feira do Libro da Coruña.

Salgado, Daniel, "Xelís de Toro interroga los límites del libro en su nueva obra", *El País*, "Galicia", 18 setembro 2012, p. 6.

Coméntase a nova obra de Xelís de Toro, *O libro das pontes invisibles* (2012), na que colaboran catorce artistas gráficos e na que se exploran os límites da obra literaria.

Salgado, Fernando, "El pailebote blanco del poeta", *La Voz de Galicia*, "Mercados", n.º 770, 21 outubro 2012, p.24.

Faise repaso da vida, dende o día da súa botadura en 1918, do barco Constantino Candeira, relacionado no eido da literatura coa figura do poeta rianxeiro Manuel Antonio, e do seu armador, Constante Candeira. Destácanse algúns momentos significativos protagonizados polo barco, nomeadamente unha galerna sofrida na desembocadura do Miño en 1924.

Sánchez Pombo, Ernesto, "Os premios da Crítica cumpren 35 anos de vitalidade cultural", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 492, "Aniversario", 10 novembro 2012, p. 12.

Comenta que se celebrará en Vigo a entrega dos premios da Crítica e que contará coa apresentación dun libro conmemorativo dos 35 anos destes premios.

Sangiao, "La IV Festa da Poesía será el 5", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 392, 28 de novembro 2012, p.7.

Infórmase da presentación do programa da IV Festa da Poesía do concello da Estrada e da data e lugar de celebración.

Santos, A. de, "Reparación do agravio", *La Opinión*, "Cultura", 30 abril 2012, p. 43.

Indícase que o PP emenda os presupostos para dedicar 682.000 euros á Real Academia Galega, equiparándoa así ás súas homólogas vasca e catalá.

Santos, A. de, "Fernández Paz, Feijóo y Piñeiro, los más vendidos en la Feria del Libro de Vigo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 7 xullo 2012, p. 42.

Sinálanse os títulos máis vendidos na Feira do Libro de Vigo: *Os fillos do mar*, de Pedro Feijóo; *As fiandeiras*, de Antonio Piñeiro; *Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño, *Para unha crítica do españolismo*, de Camilo Nogueira e varios libros de Agustín Fernández Paz.

Santos, Ágatha de, "El legado de un escritor sabio", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 febreiro 2012, p. 41.

Faise referencia á decisión da familia de Xosé María Álvarez Blázquez de doar diversos documentos do escritor á Fundación Penzol.

Santos, Ágatha de, "Un tú a tú con el padre de Orestes", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 17 febreiro 2012, p. 46.

Fálase da saída do prelo da obra *Sobre las fugas de Cunqueiro. Otra vida de Álvaro entre el periodismo y la literatura* (2011), de Xosé Landeira Yrago.

Santos, Ágatha de, "Emotivo derradeiro adeus en Vigo ao 'gran creador de ideas' Xaime Isla Couto", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 27 abril 2012, p. 42.

Dáse conta do enterro e posterior funeral de Xaime Isla Couto e dos numerosos persoeiros da cultura e da política que asistiron ao mesmo, entre outros, Alfonso Zulueta de Haz, Xosé Luís Méndez Ferrín e Benxamín Casal.

Santos, Ágatha de, "Ferrín: 'Trátase de equiparar, ou é que o galego é inferior ás outras linguas?", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 29 abril 2012, p. 51.

Infórmase da satisfacción da Real Academia Galega e do seu presidente, que considera que a emenda do presuposto asignado á institución supón que se trate igual a todas as academias.

Santos, Ágatha de, "Un profesor gallego profundiza en el mito de la sirena de Arousa como lucha de sexos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 13 xuño 2012, p. 40.

Explícanse as ideas defendidas por Xulio Pardo de Neyra (Lugo, 1968), profesor titular da Universidade de A Coruña, que dedicou a súa terceira tese a "De Melusinas, Ondinas y Mariñas. La imagen de la mujer acuática en las literaturas europeas. Nuevos enfoques de la educación literaria a través de la metodología de la literatura comparada".

Santos, Ágatha de, "Roberto Vidal Bolaño, a alma do teatro galego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 24 xuño 2012, p. 55/ *La Opinión*, "Cultura", 25 xuño 2012, p. 42.

Coméntase a escolla de Roberto Vidal Bolaño como homenaxeado das Letras Galegas 2013, salientando o seu traballo en escena, a súa escrita e a súa atención crítica e constante. Recóllense comentarios de Margarita Ledo, Manuel Bragado, Rubén Ruibal, Antonio Durán "Morris", Manuel Vieites e Gustavo Pernas.

Santos, Ágatha de, "Artistas y escritores ponen voz al poeta de la poesía social", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 25 xuño 2012, p. 17.

Anúnciase a homenaxe do primeiro centenario do nacemento de Celso Emlio Ferreiro en Vigo, que se organizará cunha parte literaria, na que interveñen Rexina Vega, Inma López Silva, Manuel Soto e Fernando Franco, e unha parte musical, con El Puto Coke, Ataque Escampe, Patricia Moon e Frans Banfield, Davide, Xesús Alonso Montero e Luis Emilio Batallán.

S. C., "Poesía con Claudio Rodríguez en el pub Modus", *El Correo Gallego*, "Santiago", 6 novembro 2012 p.21.

Infórmase da presenza no Picaversos de Amor de Claudio Rodríguez Fer, Renata Otero e Pablo Fidalgo. Indícase que o acto terá lugar ás 21 horas no pub Modus Vivendi e que nel leranse poemas dos autores mencionados e doutros escritores escollidos por estes.

S.C., "Nueva tertulia literaria en el restaurante del Araguaney", *El Correo Gallego*, "Santiago", 9 decembro 2012, p.24.

Anúnciase a celebración dunha tertulia literaria na que participarán Alfredo Conde, Miguel Anxo Fernán Vello, Chema Paz Gago, Darío Villanueva, Luís González Tosar e Camilo Franco.

S. E., "O percorrido amoroso de Castelao 100 anos despois", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 354, 21 outubro 2012, p.6.

Refírense os actos da conmemoración por parte da Asociación Vagalume do centenario do casamento de Castelao con Virxinia Pereira, sinaladamente a visita ao cemiterio, a realización do Roteiro Amoroso Castelao e a presentación do cómic *Titoán*, sobre a vida de Castelao.

Senín, Xavier, "Calefacción na casa", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 2 xaneiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado "Calefacción na casa".

Senín, Xavier, "Marina e Lucas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 4 xaneiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado "Marina e Lucas".

Senín, Xavier, "Quinielas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 9 xaneiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado "Quinielas".

Senín, Xavier, "Noite de Reis", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 16 xaneiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado "Noite de Reis".

Senín, Xavier, "A mata do porco", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 18 xaneiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado "A mata do porco".

Senín, Xavier, "Última vontade", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 23 xaneiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado "Última vontade".

Senín, Xavier, "Ratos na casa", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 25 xaneiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado "Ratos na casa".

Senín, Xavier, "Goma de mascar", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 30 xaneiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Goma de mascar”.

Senín, Xavier, “Axudante de carniceiro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 1 febreiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Axudante de carniceiro”.

Senín, Xavier, “Baile de entroido”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 6 febreiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Baile de entroido”.

Senín, Xavier, “Caza do raposo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 8 febreiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Caza do raposo”.

Senín, Xavier, “Produto financeiro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 13 febreiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Produto financeiro”.

Senín, Xavier, “A bebida”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 15 febreiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “A bebida”.

Senín, Xavier, “Mércores de cinza”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 20 febreiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Mércores de cinza”.

Senín, Xavier, “Santa misión”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 22 febreiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Santa misión”.

Senín, Xavier, “Dúas hernias”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 27 febreiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Dúas hernias”.

Senín, Xavier, “A camioneta”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 29 febreiro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “A camioneta”.

Senín, Xavier, “Cea escasa”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 5 marzo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Cea escasa”.

Senín, Xavier, “Familia de estranxeiros”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 7 marzo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Familia de estranxeiros”.

Senín, Xavier, “Sala de espera”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 12 marzo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Sala de espera”.

Senín, Xavier, “Chocolate con churros”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 14 marzo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Chocolate con churros”.

Senín, Xavier, “Peaxes de autoestrada”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 19 marzo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Peaxes de autoestrada”.

Senín, Xavier, “Ritmo de traballo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 21 marzo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Ritmo de traballo”.

Senín, Xavier, “Festa do patrón”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 26 marzo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Festa do patrón”.

Senín, Xavier, “Recuperación milagreira”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 28 marzo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Recuperación milagreira”.

Senín, Xavier, “Vida na aldea”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 2 abril 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Vida na aldea”.

Senín, Xavier, “Plantar un limoeiro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 4 abril 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Plantar un limoeiro”.

Senín, Xavier, “A médica nova”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 9 abril 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “A médica nova”.

Senín, Xavier, “Un bo agasallo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 11 abril 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Un bo agasallo”.

Senín, Xavier, “Un saco de patacas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 17 abril 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Un saco de patacas”.

Senín, Xavier, “Rezo do rosario”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 18 abril 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Rezo do rosario”.

Senín, Xavier, “Ir rabena”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 23 abril 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Ir rabena”.

Senín, Xavier, “Adoutrinamento”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 25 abril 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Adoutrinamento”.

Senín, Xavier, “Festa do san Xorxe”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 30 abril 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Festa do san Xorxe”.

Senín, Xavier, “Hortas urbanas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 2 maio 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Hortas urbanas”.

Senín, Xavier, “O mantel portugués”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 7 maio 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “O mantel portugués”.

Senín, Xavier, “Volva mañá”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 9 maio 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Volva mañá”.

Senín, Xavier, “Cousas da informática”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 14 maio 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Cousas da informática”.

Senín, Xavier, “Vivir do troco”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 16 maio 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Vivir do troco”.

Senín, Xavier, “Espárragos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 21 maio 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Espárragos”.

Senín, Xavier, “Os dous avós”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 23 maio 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Os dous avós”.

Senín, Xavier, “Limón do país”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 28 maio 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Limón do país”.

Senín, Xavier, “Biblioteca familiar”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 30 maio 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Biblioteca familiar”.

Senín, Xavier, “A confesión”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 4 xuño 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “A confesión”.

Senín, Xavier, “O bosque de teixos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 6 xuño 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “O bosque de teixos”.

Senín, Xavier, “Millo trillado”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 11 xuño 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Millo trillado”.

Senín, Xavier, “Amantes dos libros”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 13 xuño 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Amantes dos libros”.

Senín, Xavier, “Un cuñado”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 18 xuño 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Un cuñado”.

Senín, Xavier, “Un cuñado”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 18 xuño 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Un cuñado”.

Senín, Xavier, “A nena aprende”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 20 xuño 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “A nena aprende”.

Senín, Xavier, “Diabetes”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 25 xuño 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Diabetes”.

Senín, Xavier, “Ensalada de verduras”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 27 xuño 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Ensalada de verduras”.

Senín, Xavier, “Escrúpulos de conciencia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 2 xullo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Escrúpulos de conciencia”.

Senín, Xavier, “Amarrar os morros”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 4 xullo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Amarrar os morros”.

Senín, Xavier, “O deportista”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 11 xullo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “O deportista”.

Senín, Xavier, “Bebidas enerxéticas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 11 xullo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Bebidas enerxéticas”.

Senín, Xavier, “Visita ao cemiterio”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 16 xullo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Visita ao cemiterio”.

Senín, Xavier, “A veciña amable”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 18 xullo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “A veciña amable”.

Senín, Xavier, “Gatos e canarios”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 23 xullo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Gatos e canarios”.

Senín, Xavier, “Limoeiro sen limóns”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 25 xullo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Limoeiro sen limóns”.

Senín, Xavier, “Obrigas lingüísticas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 30 xullo 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Obrigas lingüísticas”.

Senín, Xavier, “Viños que falan galego”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 1 agosto 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Viños que falan galego”.

Senín, Xavier, “Ano de castañas?”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 6 agosto 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Ano de castañas?”.

Senín, Xavier, “As pouvanas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 8 agosto 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “As pouvanas”.

Senín, Xavier, “A miña poubea”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 13 agosto 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “A miña poubea”.

Senín, Xavier, “O home da neta”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 15 agosto 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “O home da neta”.

Senín, Xavier, “Comparacións odiosas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 20 agosto 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Comparacións odiosas”.

Senín, Xavier, “Os ferrados”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 22 agosto 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Os ferrados”.

Senín, Xavier, “Ecce homo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 27 agosto 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Ecce homo”.

Senín, Xavier, “Coller bicharía”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 29 agosto 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Coller bicharía”.

Senín, Xavier, “Os veraneantes”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 3 setembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Os veraneantes”.

Senín, Xavier, “Agardando pola irmá”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 5 setembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Agardando pola irmá”.

Senín, Xavier, “As obras”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 10 setembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “As obras”.

Senín, Xavier, “O conxelador”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 12 setembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “O conxelador”.

Senín, Xavier, “As catro letras”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 17 setembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “As catro letras”.

Senín, Xavier, “Tarde de fútbol”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 19 setembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Tarde de fútbol”.

Senín, Xavier, “Visita ao especialista”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 24 setembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Visita ao especialista”.

Senín, Xavier, “O bautizo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 26 setembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “O bautizo”.

Senín, Xavier, “Mexillóns e pementos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 3 outubro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Mexillóns e pementos”.

Senín, Xavier, “Salve Regina”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 8 outubro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Salve Regina”.

Senín, Xavier, “Enxergando a facenda”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 10outubro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Enxergando a facenda”.

Senín, Xavier, “A partida”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 15 outubro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “A partida”.

Senín, Xavier, “Velorio”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 17 outubro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Velorio”.

Senín, Xavier, “Gañaron as pesquisas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 22 outubro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Gañaron as pesquisas”.

Senín, Xavier, “Tarde de circo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 24 outubro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Tarde de circo”.

Senín, Xavier, “Noces e castañas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 29 outubro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Noces e castañas”.

Senín, Xavier, “O campaneiro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 31 outubro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “O campaneiro”.

Senín, Xavier, “Día de todos os santos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 5 novembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Día de todos os santos”.

Senín, Xavier, “Viaxe en tren”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 7 novembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Viaxe en tren”.

Senín, Xavier, “Apañando castañas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 14 novembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Apañando castañas”.

Senín, Xavier, “Informacións”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 19 novembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Informacións”.

Senín, Xavier, “A constitución ideal”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 21 novembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “A constitución ideal”.

Senín, Xavier, “A finca da praia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 26 novembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “A finca da praia”.

Senín, Xavier, “Receitas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 28 novembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Receitas”.

Senín, Xavier, “O nacemento”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 3 decembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “O nacemento”.

Senín, Xavier, “Boa morte”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 5 decembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Boa morte”.

Senín, Xavier, “Pinzas de caranguexo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 10 decembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Pinzas de caranguexo”.

Senín, Xavier, “Pan prestado”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 12 decembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Pan prestado”.

Senín, Xavier, “Agasallos de reis”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 17 decembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Agasallos de reis”.

Senín, Xavier, “Espumoso da festa”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 19 decembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Espumoso da festa”.

Senín, Xavier, “O aguinaldo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 24 decembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “O aguinaldo”.

Senín, Xavier, “Brazo de xitano”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 26 decembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Brazo de xitano”.

Senín, Xavier, “Festa de fin de ano”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Devagar”, 31 decembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín intitulado “Festa de fin de ano”.

Sequeiro, Natalia, “Galicia despide a Díaz Pardo”, *El Correo Gallego*, “Loito no mundo da cultura galega”, 6 xaneiro 2012, p. 6.

Infórmase do falecemento de Isaac Díaz Pardo e da homenaxe cívica que se lle renderá no Museo do Pobo Galego.

S. J., “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 9 febreiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase presentación na Libraría Couceiro de Santiago de Compostela do libro *Sobre las fugas de Cunqueiro. Otra vida de Álvaro entre el periodismo y la literatura* (2011), de Xosé Landeira Yrago.

Sertal, Carolina, “Te cambio mi libro”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo/Marín”, 27 novembro 2012, p.15.

Infórmase dos actos organizados polo BNG de Marín, en colaboración coas ANPAS e outros colectivos locais, relacionados coa dinamización da lectura, nomeadamente o intercambio de libros, a participación de escritores como Elena Gallego Abad ou Teresa Moure nunha charla ou a celebración dun concurso de relatos para rapaces entre 6 e 12 anos.

Sertal, Carolina, "Fina Casalderrey, madrina de los libros del CEIP O Carballal", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/Marín", 19 decembro 2012, p.15.

Anúnciase a inauguración da nova biblioteca do CEIP O Carballal. Indícanse as diferentes melloras realizadas no espazo, sinalando que a intervención se enmarca no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e coméntanse as actividades programadas para a celebrar a reapertura, nomeadamente a presenza da escritora Fina Casalderrey.

Sigüenza, Carmen, "De santos y milagros' saca a la luz al mago que escondía Cunqueiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", p. 47/ "De santos y milagros' saca a la luz al Cunqueiro más espiritual y poético", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", p. 55/ **Sigüenza**, Carmen/ **A. S.**, "De Santos y milagros' saca a la luz al mago que escondía Álvaro Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 38/ **Sigüenza**, Carmen, "De santos y milagros' saca a la luz al mago que escondía Álvaro Cunqueiro", *La Opinión*, "Cultura", p. 46, 22 marzo 2012

Infórmase do achado do profesor Xosé Antonio López Silva de 7 contos inéditos do escritor Álvaro Cunqueiro e que por fin saen á luz na antoloxía *Santos y milagros*.

Soage, Cristóbal, "Hallado un libro inédito sobre la figura de Cunqueiro", *El País*, "*Galicia*", 11 febreiro 2012, p. 6.

Faise referencia á saída do prelo da obra *Sobre las fugas de Cunqueiro. Otra vida de Álvaro entre el periodismo y la literatura* (2011), de Xosé Landeira Yrago, sobre a figura do escritor mindoniense, a súa relación coa profesión periodística e a súa necesidade de empregar a realidade máis inmediata como materia de ficción.

Sotelino, B. R., "Falece Kristina Berg, presidenta da Fundación Carlos Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 xullo 2012, p. 38.

Danse algunhas claves vitais de Kristina Berg con motivo do seu falecemento. A viúva do escritor Carlos Casares, tamén escritora, noutrora actriz e navegante, levaba unha década á fronte da entidade que xestionaba o legado e a memoria do seu home.

Soto Loureiro, Fernando, "Grisálida", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 13 agosto 2012, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Fernando Soto Loureiro (39 anos), intitulado "Grisálidas".

Souto, S., "La poesía de Antón Avilés protagoniza el viernes en Noia los 'Cafés Literarios", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 marzo 2012, p. 38.

Menciónase a homenaxe que terá lugar en Noia na honra do poeta Antón Avilés de Taramancos.

Souto, S., "La banda le rendirá homenaje a Añón y a Blanco Dosil", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", nº 363, 30 outubro 2012, p.7.

Refírese que a banda municipal de Lousame ofrecerá un concerto en Outes ás 19 horas na casa da cultura para homenaxear ao compositor Manuel Blanco Dosil e ao poeta Francisco Añón.

Souto, Suso, "Charla de Miguel Anxo Seixas sobre Castelao en Rianxo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 xaneiro 2012, p. 32.

Infórmase da conferencia "Castelao á luz de Paz Andrade", a cargo de Miguel Anxo Seixas.

Souto, Suso, "Ramón Blanco gana el Slam de Ribeira", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", 9 novembro 2012, p.7.

Faise mención á participación de 10 persoas en Ribeira nunha fase da competición poética Slam Arousa e que o gañador foi Ramón Blanco, quen deberá participar na fase final do certame.

Souto Alonso, Uxía, "O cigarro do talento", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 24 agosto 2012, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Uxía Souto Alonso, intitulado "O cigarro do talento".

S. R., "Una Rosalía inédita", *El País*, "*Galicia*", 29 febreiro 2012, cuberta.

Menciónase o achado de Ramón Torrado, unha fotografía de Rosalía de Castro que se tivera confundido coa súa filla Gala.

S. R., "¿Rosalía o Gala?", *El País*, "*Galicia*", 1 de marzo 2012, p. 6.

Infórmase da fotografía de Rosalía de Castro publicada por El País e que membros da RAG coinciden en sinalar que non se trata dela senón da súa filla Gala.

Tébar, Roma, "Homenaxe de Búrbida ao mestre Luís Soto", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Condado/Louriña", 7 febreiro 2012, p. 18.

Infórmase da presentación da obra *Luís Soto. A xeira pola unidade galega* (2011), de Xurxo Martínez, no Centro Social de Mondariz.

Tenreiro, Lucía, "Isaac y la 'Tía Carmen", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Betanzos", "Díaz Pardo. El lado 'betanceiro' del artista", 9 febreiro 2012, p. 23.

Infórmase da decisión do pleno da corporación do concello de Betanzos de dedicarlle unha rúa a Isaac Díaz Pardo e coméntase os vencellos familiares que o unían á cidade.

Tenreiro, Lucía, "Betanzos pedirá a la RAG que le dedique el Días das Letras 2013 a Vales Villamarín", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Betanzos", 29 febreiro 2012, p. 23.

Fálase da vontade do Concello de Betanzos de dedicarlle o Día das Letras 2013 a Francisco Vales Vilamarín, proposta que xa lle transmitiron á Real Academia Galega.

Timoneda, Mariano, "Cultura achegará o legado do poeta Celso Emilio Ferreiro á cidadanía", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 3 de marzo 2012, p. 50.

Rememórase ao poeta Celso Emilio Ferreiro cun programa de actividades dirixidas dende a Consellería de Cultura, con motivo do centenario do seu nacemento.

Torres, Mónica, "Tomiño rende homenaxe a Franco Grande 'un galego universal", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 xaneiro 2012, p. 45.

Faise referencia ap acto de homenaxe no que se lle outorgou o título de fillo predilecto de Tomiño, a súa cidade natal, ao escritor Xosé Luís Franco Grande.

Tosar, Luís G., "De viaxe con Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 marzo 2012, p. 45.

Recórdanse as vivencias de Luís G. Tosar co escritor Carlos Casares.

Trillo, J., "Muxía rinde homenaxe mañá a López Abente", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Recoñecemento", 16 maio 2012, p. 31.

Infórmase da homenaxe que o concello de Muxía renderá ao seu poeta Gonzalo López Abente.

Trillo, J., "García aboga en Cee por unha lingua homoxénea ao longo de toda Galicia", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 maio 2012, p. 36.

Dáse conta da participación de Luís Ferreiro, Ramón Nicolás, Baldo Ramos, Armando Requeixo e Xesús Alonso Montero no curso sobre Celso Emilio Ferreiro que se está a celebrar en Noia.

Trillo, J., "Presentación da Fundación López Abrente na USC", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 de febreiro 2012, p. 32.

Refírese a presentación da obra inédita *Brétema* de López Abrente na USC.

Trillo, Jesús, "Ponteceso lembrou onte o nacemento de Pondal", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 febreiro 2012, p. 35.

Anúncianse os actos programados en Ponteceso con motivo do cento setenta e sete aniversario de nacemento de Eduardo Pondal.

Trillo, Jesús, "Muxía inaugurou no día de onte o seu Roteiro Abentiano pola vila", *El Correo Gallego*, 18 maio 2012, p. 10.

Infórmase da inauguración do Roteiro Abentiano pola vila de Muxía, un dos actos da homenaxe a Gonzalo López Abente.

Trillo, Jesús, "Chamamento para xuntar toda a poesía sobre o Pindo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 345, 12 outubro 2012, p.6.

Faise eco da publicación de *Antoloxía poética do Monte Pindo*, proxecto cultural coordinado por Francisco Fernández Naval e Miro Villar que se enmarca nas accións desenvolvidas pola Asociación Monte Pindo que teñen como fin a posta en valor do macizo carnotán.

T. S., "Tomás Pereiras presentou onte o seu cuarto libro diante de 200 persoas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 marzo 2012, p. 34.

Infórmase da publicación do cuarto libro do escritor Tomás A. Pereiras titulado *Nin barulleiro nin ás caladas, indo tras o enxebrismo* (2011).

U. L., "La Fundación Rosalía afrontará hoy las renuncias de Helena Villar y Alfredo Conde", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 de abril 2012, p. 37.

Fálase da dimisión de Elena Villar e Alfredo Conde nos seus postos na Fundación Rosalía de Castro.

Ulloa, Fina, "A Academia Galega reivindica a figura poliédrica de Celso Emilio", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 xuño 2012, p. 46.

Coméntase que a sesión extraordinaria e pública da Real Academia Galega en Celanova serviu de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, con motivo do centenario do seu nacemento. Interviñeron Margarita Ledo, Darío Xohán Cabana, Francisco Fernández Rei, Salvador García-Bodaño e Xosé Luís Méndez Ferrín. Amancio Prada cantou algúns dos seus poemas.

Uriza, A., "A figura de Casares une Xinzo e Nigrán nun mesmo tributo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 de marzo 2012, p. 50.

Fálase do décimo aniversario da morte do escritor Carlos Casares, que foi homenaxeada nos concellos de Xinzo e Nigrán.

Uriza, André, "Un programa baseado na difusión social da poesía activa o Ano Celso Emilio", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 18 febreiro 2012, p. 48.

Dáse conta dalgúns dos actos programados ao longo do Ano Celso Emilio Ferreiro e indícase que están organizados pola Real Academia Galega, o concello de Celanova, o Consello da Cultura Galega, a Fundación Celso Emilio Ferreiro, o Pen Clube de Galicia e a Xunta de Galicia.

Varela, Lourdes, "Os escritores que encaixan ben una crítica negativa son unha excepción", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 399, "Entrevista", 19 xaneiro 2012, p. V.

Armando Requeixo fala dos motivos que o levaron a escolmar nun único volume, *Criticalia* (2012), o seu traballo como crítico literario no *Faro de Vigo* e explica que era unha forma de ofrecer un canon da literatura galega dos últimos lustros.

Vázquez, Sara, "A vixencia de Rosalía, 175 anos despois", *La Opinión*, "A Coruña", 25 de febrero 2012, p. 11.

Conmemórase o 175 aniversario da poeta Rosalía de Castro cun acto levado a cabo pola AELG en A Coruña.

Vázquez Fraga, Miriam, "Novas voces da música galega versionan a obra de Celso Emilio no seu centenario", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Galicia", "Fin de semana", 22 xuño 2012, p. 5.

Anúnciase que Vigo acolle un acto de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro conducido por Yolanda Castaño no que, alén dunha parte máis literaria -cun recital e as intervencións de Rexina Vega, Inma López Silva ou Xesús Alonso Montero-, acollerá unha parte de musicado e versionado de Celso Emilio por parte de Davide, Luis Emilio Batallán, Ataque Escampe ou El Puto Coke.

Vázquez-Monxardín, A., "A memoria de Silvio Santiago", *La Región*, "Ourense", 8 xullo 2012, p. 8.

Coméntase a presentación, no Consello da Cultura Galega, dunha mostra dos traballos de dixitalización dos fondos documentais do arquivo do escritor Silvio Santiago (1903-1974). Escritor, axente cultural e impulsor de sociedades de emigración, celébrase o convenio da familia co Consello da Cultura Galega, por medio de Afonso Vázquez-Monxardín.

Vázquez Pintor, Xosé, "Dous poemas para Alfonso Sucasas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "In memoriam", 28 xuño 2012, p. 41.

Reprodúcense dous poemas de Xosé Vázquez Pintor de dicados a Alfonso Sucasas e que se inician cos seguintes versos: "Quen vai no tren do inverno, (...)" e "Son as luces de navallas ou resurrección (...)". Nunha nota a pé de páxina indícase que ambos os dous pertencen ao volume *Anuncian aves*, dentro da súa obra poética completa (1971-2011): *Seara*.

Veiga, Marta, "Galaxia quere abrir este ano una sucursal en Bos Aires", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 15 febreiro 2012, p. 48.

Coméntase que Benxamín Casal foi nomeado presidente da Editorial Galaxia, ao tempo que se fai referencia á apertura dunha sucursal da editora en Bos Aires.

Veiga, Marta, "Rosalía defende o dereito da muller á emancipación e ao pracer sexual", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 24 de marzo 2012, p. 63.

Recréase a figura Rosalía de Castro como a primeira muller que se achega ao xénero da novela sen empregar pseudónimo, nun acto co coincide co Día Internacional da Muller.

Veiga, Marta, "O círculo de Lugo recupera a Celso Emilio Ferreiro a catro voces", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 10 novembro 2012, p.64.

Infórmase dos actos realizados o día anterior na cidade con motivo do centenario de Celso Emilio Ferreiro, destacándose o espectáculo "O meu primeiro Celso Emilio" no que interviron, entre outros, Mini e Mero e Xiana Lastra, que musicaron poemas do escritor celanovés.

Veiga, Marta, "Deus salve a Rosalía... e a todos os demais", *El Progreso*, "Cultura", 31 decembro 2012, p.24-25.

Reflexiónase sobre o panorama da actividade cultural no seguinte ano. Faise referencia á figura de Rosalía de Castro como elemento central da cultura institucional e apúntase

a un novo acontecemento en torno á escritora, o congreso "Rosalía no século XXI", organizado polo Consello da Cultura Galega.

Vicente, R. R., "Xosé C. Gómez Alfaro, candidato a Hijo Predilecto de A Guarda", *Faro de Vigo*, "*Baixo Miño/Louriña*", "Especial", 26 maio 2012, p. 6.

Infórmase de que o poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro é firme candidato a ser Fillo Predilecto da Guarda.

Vidal, Nicolás, "Sentida homenaxe de Ferrol Vello a Bernardo García Cendán", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 1 xullo 2012, p. 13.

Descríbese o acto civil e relixioso en recordo do intelectual e crego Bernardo García Cendán (Vilalba 1941-2012), sinalando a súa actividade social e a súa escrita, publicando varios libros e escribindo en revistas como *Encrucillada, Irimia, Tempos Novos*, etc.

Vidal, Nicolás, "O Centro Galego de Barcelona reivindica a figura de Pérez Parallé", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 7 xuño 2012, p. 11.

Organízase un acto de conmemoración do 25 cabodano do escritor ferrolán Xosé María Pérez Parallé desde o Centro Galego de Barcelona con charla, coloquio, actuación musical e chamamento público en prol da dedicatoria do Día das Letras Galegas a el.

Vila Falcón, Manuel, "De testo a traste", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 12 agosto 2012, p. 40.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Manuel Vila Falcón (34 anos), intitulado "De testo a traste".

Vilas, Santiago, "Cunqueiro y sus circunstancias", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 26 de febreiro 2012, pp. 50-51.

Relátanse os recordos de Santiago Vilas co escritor Álvaro Cunqueiro, entre outros.

Vilavedra, Dolores, "Darlle volta á identidade", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Rolda das letras", 3 febreiro 2012, p. 10.

Faise referencia a diversas obras que saíron do prelo no ano 2011: *Valentín Paz Andrade. A memoria do século XX* (2011), de Tucho Calvo; *Vigo a 80 revolucións por minuto* (2011), de Emilio Alonso; *A desaparición de Esme Lennox* (2011), de Maggie O'Farrell; *Laura no deserto* (2011), de Antón Riveiro; *Contos da terra da tarde* (2011),

de Bieito Iglesias; *Leopardo son* (2011), de Pilar Pallarés; *MazinGZ* (2011), de Calros Solla e *Fornelos&Fornelos* (2011), de Xerardo Quintiá.

Vilavedra, Dolores, "Cara un novo Ano Rosalía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Día das Letras", "Rolda das letras", 17 maio 2012, p. 9.

Tras falar de cómo a crise está a afectar ao panorama cultural galego, menciónase varios títulos saídos do prelo en 2011: *Versos escollidos*, de Wislawa Szymborska; *1Q84*, de Haruki Murakami; *Non hai noite tan longa*, de *Agustín Fernández Paz; Laura no deserto, de Antón Riveiro Coello; A* gaivota e O tío Vania, de Antón Chékhov e *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*, de Xosé Manuel Fernández Castro e *Ruínas ao despertar*, de Manuel Vilariño.

Villar, C., "Se apaga 'la luz de la libertad", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Luto en Galicia", p. 34/ "Apágase 'a luz da liberdade", *La Opinión*, "Cultura", p. 47, "Adiós al último intelectual galleguista del siglo XX", 6 xaneiro 2012.

Infórmase do falecemento de Isaac Díaz Pardo e realízase un breve repaso pola súa biografía.

Villar, C., "Los 'fracasos' de Isaac", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Su pensamiento", p. 37/ *La Opinión*, "Cultura", p. 51, "Adiós al último intelectual galleguista del siglo XX", 6 xaneiro 2012.

Realízase un repaso polas opinións e reflexións de Isaac Díaz Pardo en diversas reportaxes e entrevistas a *Faro de Vigo* e nas que se falaba, entre outros temas, do galeguismo, do labor de Ediciós do Castro ou da súa relación con Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Lorenzo Varela ou Luís Seoane.

Villar, Carmen, "Galicia despide a un hombre 'imprescindible", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Luto en Galicia", p. 34/ *La Opinión*, "Cultura", p. 42, "Adiós al último intelectual galleguista del siglo XX", 7 xaneiro 2012.

Indícase que multitude de representantes da política, da cultura, amigos e familiares reuníronse en Santiago para homenaxear e despedir a Isaac Díaz Pardo.

Villar, Carmen, "Dos amigos para un gallego 'universal", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Luto en Galicia", p. 35/ *La Opinión*, "Cultura", p. 43, "Adiós al último intelectual galleguista del siglo XX", 7 xaneiro 2012.

Faise referencia ás verbas de Xesús Alonso Montero e de Xosé Neira Vilas na cerimonia civil de despedida á Isaac Díaz Pardo.

Villar, Carmen, "La familia de Díaz Pardo cree 'ineludible' intentar 'mantener unida' su obra", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Homenaje institucional de la Xunta al intelectual galleguista", p. 38/ *La Opinión*, "Cultura", p. 46, 9 febreiro 2012.

Coméntase a homenaxe organizada pola Xunta de Galicia a Isaac Díaz Pardo na Cidade da Cultura. Indícase que a Consellería de Cultura confirma a súa pretensión de declarar bens de interese cultural os complexos de Samoedo e Sargadelos.

Villar, Carmen, "Díaz Pardo, 'conselleiro de Cultura", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 38/ *La Opinión*, "Cultura", p. 46, 16 febreiro 2012.

Dáse conta da homenaxe rendida a Isaac Díaz Pardo no Museo do Pobo Galego e indícase que participaron Charo Portela, Rosa Aneiros, Inma López Silva e Luz Pozo Garza.

Villar, Carmen, "Manuel Guede vuelve a dirigir el Centro Dramático Galego siete años después", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", 20 abril 2012, p. 67.

Anúnciase o regreso de Manuel Guede á dirección do Centro Dramático Galego, e dáse conta das liñas do que será o seu programa.

Villar, Carmen, "El Parlamento rechaza que la Xunta eleve la financiación de la Academia", *La Opinión*, "Cultura", 26 maio 2012, p. 54.

Dáse conta de que o Parlamento Galego, concretamente o Grupo Popular, rexeitou que a Xunta incrementase os fondos destinados á Real Academia Galega.

Villaverde, Yanire D., "Mondoñedo homenajea a Leiras Pulpeiro con unas jornadas el fin de semana", *El Progreso*, "Comarcas", 6 xullo 2012, p. 12.

Anúnciase a celebración das V Xornadas do Peregrino en homenaxe ao escritor Manuel Leiras Pulpeiro, cumpríndose un século da súa morte. Constan dunha visita guiada ao centro cultural Alcántara, homenaxes, mesas redondas e unha ruta turística-cultural e etnográfica da man de Ramón Reimunde, Xé Freire e Antón Meilán.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 23 xaneiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á mesa redonda "Vigo e Celso Emilio Ferreiro: homenaxe no centenario" que terá lugar no Auditorio Municipal do Areal de Vigo.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 23 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da conferencia impartida por Francisco Rodríguez na Deputación de Lugo e que leva por título "Rosalía de Castro: a creación da identidade".

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 25 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da sesión de contacontos "Conta...o de sempre", de Quico Cadaval, que terá lugar no club Clavicémbalo de Lugo.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 27 marzo 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia á mostra multimedia sobre a vida e a obra de Celso Emilio Ferreiro, instalada na Biblioteca Ánxel Casal de Santiago de Compostela.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 12 abril 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da presentación na Casa da Cultura de Monforte de Lemos da obra *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria* (2011), de Francisco Rodríguez. Tamén se fai referencia á presentación do volume *Amores e clamores. Poesía reunida* (2011), de Claudio Rodríguez Fer, na sede da Fundación Granell, en Santiago de Compostela.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 19 abril 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia á presentación da tradución ao inglés da obra *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 25 abril 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da celebración, na sede da Real Academia Galega, da derradeira mesa redonda sobre música e literatura do V Encontro Cidade da Coruña. Indícase que contará coa participación de Mercedes Queixas Zas.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 3 maio 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase do recital "Amores e clamores con Isaac Díaz Pardo", a cargo de Claudio Rodríguez Fer, que terá lugar na galería Sargadelos de Lugo.

Coméntase tamén que o club de lectura Francisco Lanza de Ribadeo abordará a obra *Escola de menciñeiros*.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 14 maio 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia a unha nova sesión doc ciclo Poetas Di(n)versos que terá lugar no auditorioi do Ágora da Coruña e contará coa participación de Cesáreo Sánchez.

Viñas, María L. "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 15 maio 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da inauguración da Feira do Libro de Lugo e indícase que o encargado de ler o pregón será Antonio Reigosa.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 21 maio 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase de que a nova sesión do ciclo de recitais poéticos Poetas Di(n)versos terá lugar no auditorio do Ágora da Coruña e contará coa participación de Cesáreo Sánchez.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 23 maio2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da presentación de *Oblivionalia* (2012), de Fátima Rodríguez Cassagne, na Libraría Trama de Lugo.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 7 xuño 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase de que na Casa das Letras de Ribadeo vai ter lugar unha reunión para comentar a obra *Fundación Libélula* (2011), de Yasmina Shawki.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 5 novembro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, faise referencia á presenza de Xabier Cordal no ciclo Poetas Di(n)versos do Centro Ágora da Coruña.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 20 novembro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase de que o historiador Enrique Barrera Beitia e o profesor José Luis Forneiro Pérez falarán na galería Sargadelos de Ferrol sobre a vida, o contexto social e a obra de Celso Emilio Ferreiro.

Viñas, María L., "Lembrando a un gran descreído", *El Progreso*, "Cultura", 26 decembro 2012, p.8.

Faise repaso da biografía de Isaac Díaz Pardo destacando unha serie de fitos como a súa participación activa na campaña polo Estatuto de Autonomía en 1936 ou o seu labor como empresario no proxecto de Sargadelos.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 27 decembro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da celebración da Noite Poética da Pipa, na Casa da Cultura de Becerreá, e coméntase que contará coa participación do escritor Xesús Bermúdez Tellado.

X. A. R., "Adeus ao 'tecedor de soños", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 9 febreiro 2012, p.55.

Infórmase do acto de homenaxe a Isaac Díaz Pardo que tivo lugar na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

X. A. R., "De paseo pola Compostela negra", *El Progreso*, "Galicia", 25 outubro 2012, p.28.

Infórmase da presentación, por parte da Consellería de Cultura e Educación e coincidindo co Día da Biblioteca, do roteiro virtual a través da apliación Google Maps promovido desde a Biblioteca Ánxel Casal no que se relacionan diferentes puntos da cidade con novelas de xénero negro que teñen como ambientación Santiago de Compostela.

X. F., "Publican en inglés o libro de Manuel Rivas 'A desaparición da neve*", La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 marzo 2012, p. 39.

Fálase da publicación do libro *The Disappearance of Snow*, a tradución ao inglés da obra de Manuel Rivas *A desaparición da neve*.

X. M. R., "Ribadavia homenaxeu ao 'militante da palabra' Xesús Alonso Montero", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 novembro, 2012, p.43.

Infórmase do acto de concesión do título de Fillo Predilecto de Ribadavia a Xesús Alonso Montero e sinálanse fragmentos da intervención do académico nas que comenta a relación mantida na súa vida coa bisbarra do Ribeiro, así como a participación no acto do alcalde do concello e figuras vencelladas ao escritor tales como Xesús Rábade ou Inma López Silva.

X. R., "Conxo reivindica su historia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 29 xaneiro 2012, p. L2.

Dáse conta da proposta dos veciños de Conxo, en Santiago de Compostela, para que a ruta rosaliana discurra polo barrio natal da autora.

Yáñez, Beni, "Nace 'Tatana Teatro', una de las primeras compañías profesionales de la comarca", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "O Salnés/Vilanova", 26 xullo 2012, p. 13.

Infórmase do nacemento de Tatana Teatro e indícase que se trata dunha das primeiras compañías de teatro profesionais que operan dende O Salnés e que a súa directora é Fátima Rey.

Zavala, Marcos, "A Coruña, página a página", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 9 xullo 2012, p. 7.

Revísanse algún exemplos de producción literaria que recollen historia, anécdotas, memorias ou cartografías da cidade coruñesa, con títulos de Miguel González Garcés, Inma López Silva, Emilia Pardo Bazán ou José Cornide.

VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS

VII. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

VII.1. NARRATIVA

VII.1.1. NARRADORES GALEGOS

Abad Varela, José Antonio, *As catro estacións*, ilust. Emilio Urberuaga, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Música Clásica, [lectorado autónomo], 2012, [46] pp. Inclúe CD. (ISBN: 978-84-8464-786-7).

Relato de José Antonio Abad Varela (A Coruña, 1940) no que se describen os diferentes cambios estacionais: o traxe de flores da primavera; a sufocante calor do verán; a follaxe das árbores que estas lle regalan ao vento no outono e a chuvia de *confeti* branco do inverno. A fauna e a flora, a presenza humana e o ciclo da natureza que marcan a obra van acompañados da interpretación da peza "As catro estacións", de Antonio Vivaldi, por parte da violinista Sarah Chang. A partitura musical e o texto acompáñanse das imaxes figurativas do ilustrador Emilio Urberuaga (Madrid, 1954). Nelas descríbense uns ambientes cambiantes e as peripecias do esquío protagonista. Cada comezo de apartado ten unha cuberta decorada con elementos propios da Primavera, o Verán, o Outono e o Inverno que van trocando as cores en función da estación. A técnica empregada é a acuarela.

Recensións:

- Olalla Sánchez, "Un relato para ler e escoitar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 461, "Vacaciones de libro", "Letras infantil", 31 marzo 2012, p. 4.

Preséntase o libro-disco *As catro estacións. Vivaldi,* da editorial Kalandraka. Coméntase que a carón da música de Vivaldi, figuran os textos de José Antonio Abad, ilustrados por Emilio Urberuaga. Saliéntase a "gran elegancia formal do relato" e o inicio dunha colección de música clásica para os máis pequenos.

- María Navarro, "Imaxes tenras", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 414, "Libros", p.VII/ "Experiencia única", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 12 maio 2012, p. 7.

Coméntase que se trata dunha obra publicada pola editorial Kalandraka na que as ilustracións de Emilio Urberuaga e o texto de José Antonio Abad compoñen unha historia que, ao modo dun paseo, acompaña a música de Vivaldi. Dise que se presenta "o ciclo da natureza como un fermoso lenzo onde adiviñamos a vida en todo o seu esplendor".

Referencias varias:

- José Antonio Abad Varela, "As catro estacións", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 6 abril 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *As catro estacións*, escrita por José Antonio Abad Varela e ilustrada por Emilio Urberuaga.

Agra, Agustín, *Trampa de luz*, deseño da cuberta Miguel A. Vigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 139, [mocidade], maio 2012, 71 pp. (ISBN: 978-84-9914-374-3).

Novela de Agustín Agra (Noia, 1966), dedicada "Para Antón", que se divide en doce capítulos nos cales se narran as vivencias de Irene, unha moza afeccionada a fotografar seres vivos. A curiosidade da rapaza lévaa a mergullarse nos estantes da biblioteca paterna, onde, ao agacho, le varias obras ás que seu pai non lle deixa acceder. Nelas descobre a existencia duns seres primixenios que queren facerse co control terrestre. O temor de Irene aumenta cando, durante varios días, acontecementos anómalos coexisten na súa vila. A diario, observa un estraño mozo vendendo campás nas proximidade da súa casa, o cal sempre desaparece en estrañas circunstancias. Amais, moitos animais da zona falecen como consecuencia da presenza do raposo. Irene considera que non é produto da casualidade e relaciona estes sucesos coa terríbel información que descubriu nos libros do seu pai. Por mor dos feitos, a rapaza decide facer as súas pescudas, que a levarán a resolver o misterio. Na cuberta unha fotomontaxe inquietante convida a ler o libro para desvelar o misterio que se intúe. Nela aparece, a contraluz e en primeiro plano, unha man tocando unha campá que captura, coma se de avelaíñas se tratase, as pequenas figuriñas das persoas.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, "De medos e fantasmas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 422, "Libros", 5 xullo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 375, "Letras galegas", 7 xullo 2012, p. 7.

Fala do argumento da última novela de Agustín Agra, *Trampa de luz*, da que di que se achega ás historias de H. P. Lovecraft a través do medo e fantasía. Considera que esta novela sobre a indagación do misterio é "amena para o lector xuvenil".

- R. N., "Homenaxe a Lovecraft", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 473, "Letras en galego", 30 xullo 2012, p. 8.

Considera que a novela *Trampa de luz*, de Agustín Agra, encerra "moitas razóns" para se converter nun volume de éxito, incluso para o lectorado adulto. Entende a obra como unha homenaxe a H. P. Lovecraft coa que o escritor consegue "actualizar" a atmosfera que rodea os relatos do autor norteamericano. Di que incorpora "chiscadelas" próximas ao eido da bioloxía ou da propia literatura e remata afirmando que atopa moitas claves comúns coa escrita de Agustín Fernández Paz.

- Pedro García Vidal, "Agustín Agra. Trampa de luz. Editorial Xerais/ 13x21 cm./ 72 páx.", *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 43, "Os nosos libros", decembro 2012, p. 76.

Recensión desta obra de Agustín Agra na que sinala as súas principais características.

Aleixandre, Marilar, *A vaca caníbal*, ilust. Enjamio, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 183, a partir de 12 anos, outubro 2012, 109 pp. (ISBN: 978-84-9865-460-8).

Narración de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) protagonizada pola vaca Brensa que conta en primeira persoa o decorrer da vida na aldea, o seu proceso de aprendizaxe dende que é unha xovenca, a relación cos rapaces da familia, as trasnadas que fai para conseguir os bocados máis suculentos e os consellos que súa nai lle dá para que se guíe na vida. Todos estes aspectos e vivencias configuran unhas memorias da infancia e a xuventude do animal totémico de Galicia, a través das que se deixan sentir outras cuestións como as reivindicacións de carácter ecoloxista e as ligadas aos roles de xénero, ao denunciar o abandono das aldeas, a falta de oportunidades, a especulación e a busca de maiores beneficios, así como as imposicións da sociedade tradicional e de marcado carácter patriarcal. Un retrato social no que se plasman algúns dos cambios que experimentou nos últimos anos o mundo rural e as graves consecuencias do paso a unha agricultura intensiva, na que o emprego de pensos de orixe animal desembocou no chamado "mal das vacas tolas" ou enfermidade da encefalopatía esponxiforme. Ademais do relato central en primeira persoa, tamén se desenvolven historias paralelas que enriquecen a trama e lle dan unha maior dimensión argumental, como son os breves apéndices a cada capítulo que levan por título "Vacas exemplares" e nos que se recrean explicacións literaturizadas de ditos e frases feitas, referencias literarias e xogos de humor, que convidan a novas lecturas, tanto polas intertextualidades con obras doutros sistemas literarios, como é o caso de *Memorias dunha vaca*, de Bernardo Atxaga, coma polo diálogo coa cultura popular galega. As ilustracións figurativas de Enjamio (La Habana, 1962) recrean escenas do narrado. O protagonismo da vaca Brensa fai que as imaxes estean deseñadas dende o seu punto de vista. Trátase de debuxos con planos de cor laranxa e algún toque de negro. Na cuberta, a ilustración a toda cor recrea a mensaxe do título xa que a vaca protagonista, cunha expresión espantada, está a piques de comer un filete.

Alfaya, An, *O aroma do liquidámbar*, ilust. Marina Seoane, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 221, [de 9 anos en diante], outubro 2012, 155 pp. (ISBN: 978-84-9914-436-8).

Relato de An Alfaya (Vigo, 1964) que ten como protagonista a Miro, un neno de nove anos ao que os maiores lle agochan un importante segredo: o feito de que súa nai, Susana, estea no cárcere. Será o tío Fermín quen, despois dun enfrontamento do protagonista cun compañeiro de clase e en contra da vontade da avoa Manuela, tome a decisión de lle contar ao sobriño as razóns polas que Susana está presa e nas que as drogas, as malas compañías, a pouca formación e a crise teñen moito que ver. O coñecemento da verdade provocará no rapaz un cambio de actitude e comportamento, mais co apoio de familiares e amigos volverá novamente ao seu. Neste transo, ademais da axuda do tío Fermín, será fundamental a proporcionada por Daniel, un neno natural de Guatemala que, logo de residir en diferentes lugares de España, chegou a Galicia cos seus pais, Humberto e Adelaida. Esta encherá de recendos (a canela, a loureiro, a lavanda etc.) a casa e os negocios da familia de Miro e contaralle a ambos os rapaces cousas do seu país e da súa estancia en España, mentres que Humberto alegrará coa súa harmónica e bo humor a ebanistería do tío Fermín. Pola súa banda, Daniel será un apoio para Miro, pois, unha vez que Adelaida teña que deixar unha tempada a familia para

atender en Guatemala a súa nai enferma, ambos compartirán os seus padecementos pola ausencia das respectivas proxenitoras. Ilustrado por Marina Seoane (Madrid, 1957) o volume presenta na cuberta a imaxe dun liquidámbar, mentres que no interior as ilustracións figurativas amosan os rostros serios dos protagonistas do relato acordes cos momentos máis tensos da narración.

Recensións:

- Celestino Amarante, "Un arrecendo moi especial", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 5 decembro 2012, p. 42.

Despois de ofrecer o argumento d'*O aroma do liquidámbar*, sinala os trazos da produción da autora presentes nesta obra e dá conta dos temas tratados (a crise económica, a aceptación doutras culturas, o bullying etc.). Cualifica o relato de "lectura interesante", mais afirma que se lle pode "obxectar a linguaxe e o comportamento, nalgún momento da narración, demasiado maduros para un rapaz de nove anos".

- Paula Fernández, "Crueza e afecto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 438, "Libros", 13 decembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 390, 22 decembro 2012, p. 6.

Despois de lembrar o argumento d'*O aroma do liquidámbar* e de comentar que a ilustradora transmite fielmente nas imaxes as situacións de desasosegos narradas, afirma que "a naturalidade e o afecto familiar" son claves para superar as situacións máis crueis da vida. Finalmente, considera que a autora presenta de maneira interesante a evolución dos protagonistas e da súa situación familiar e que para iso válese de "recursos narrativos que gradualmente dinamizan a acción, doses de humor e certo halo feiticeiro e cativador que evoca a maxia hispanoamericana".

Alonso, Fran, *A punta de pistola*, XII Premio de Novela por Entregas La Voz de Galicia, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 149, [mocidade], 2012, 141 pp. (ISBN: 978-84-9914-451-1). ■

Novela de Fran Alonso (Vigo, 1963) que viu a luz no xornal *La Voz de Galicia* en agosto de 2012, antes da súa publicación por Edicións Xerais de Galicia. Nela relátanse dúas historias que conflúen ao final da obra. A primeira das historias comeza cun ritmo trepidante e cunha acción desordenada, intuitiva e decidida, característica dos actuais filmes de acción, policiacos e de suspense. Nela un narrador en terceira persoa conta como os pais dos xemelgos Pixie e Dixie (a parella formada por O Varas, Alfredo Baz López, e mais Rica, Berta Fernández Silva) raptan os seus propios fillos dun Centro de Acollida, no que estaban porque eles os tiñan practicamente abandonados, e inician unha fuxida sen rumbo na que discuten sobre onde agocharse e a quen pedir axuda, sen atender os fillos e amosando deste xeito a veracidade do "Informe psicosocial" no que se afirma que se trata dunha familia desestruturada, "cun estilo de vida caótico e azaroso e cunha constatada e grave falta de madurez persoal". Na outra historia o autor retoma a profesión dos personaxes do seu debut literario, *Tráiler* (Xerais, 1991, Premio Blanco Amor), pois a protagonista, Camila, é unha camioneira, ademais de blogueira, economista e lectora da poeta Lupe Gómez, que relata a súa vida, na que está moi presente a primeira muller camioneira do Estado español, Celia Rivas. A relevancia

desta moza vai en aumento a medida que avanza a trama até se converter no personaxe que dá sentido á obra. Ambas as historias converxen cando o camión de Camila se ve involucrado na detención da parella de delincuentes nunha peaxe da autoestrada á Coruña.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "A segunda vida", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 491, "Letras en galego", 3 novembro 2012, p. 8.

Fala das "dúas vidas" de *A punta de pistola*, de Fran Alonso: a primeira, na edición en papel e na páxina web do xornal *La Voz de Galicia*; a segunda, na edición independente publicada por Edicións Xerais de Galicia. Comenta que o feito de que se encadre nunha colección xuvenil "talvez poida desorientar na medida en que esta peza narrativa semelle unha obra para adultos", pois para el éo, malia que tamén "encerra algúns trazos de novela de fronteira". A seguir, dá conta das características da obra, algunhas delas provocadas polas características do premio da que foi merecedora. Salienta o crítico o ritmo da narración e fala da presenza de temas como "a desestruturación familiar, a experiencia da soidade no mundo contemporáneo, o mundo das novas tecnoloxías ou a marxinalidade social". Finalmente dá conta do argumento e alude ao diálogo desta obra con outras anteriores do autor.

- Laura Blanco Casás, "Con ritmo enérxico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 435, "Libros", 22 novembro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 387, "Letras galegas", 1 decembro 2012, p. 7.

Comézase destacando o tema desta novela na que se trata a historia de dous personaxes marxinais que levan ao lectorado agardado a reflexionar sobre a desestruturación familiar. Indícase a estrutura do libro e faise un pequeno resumo do argumento. Remátase sinalando que o ritmo engancha o lector e destacando como cuestión principal a reflexión sobre a marxinalidade e a desestruturación familiar dunha historia baseada en feitos reais.

Referencias varias:

- Fran Alonso, "A punta de pistola", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Novela por entregas. A punta de pistola", "Capítulo 1", 1 agosto 2012, p. 37.

Reprodúcese o primeiro capítulo da "Novela por entregas" *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha breve nota biobibliográfica do autor e unha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, "Celia, a camioneira", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Novela por entregas. A punta de pistola", "Capítulo 2", 2 agosto 2012, p. 38.

Reprodúcese un resumo do capítulo un da novela e o segundo capítulo da "Novela por entregas" *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “A discusión”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 3”, 3 agosto 2012, p. 44.

Reprodúcese un resumo dos capítulos xa publicados e o terceiro capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Vidas paralelas”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 4”, 4 agosto 2012, p. 44.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o cuarto capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Centro comercial”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 5”, 5 agosto 2012, p. 42.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o quinto capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Chamada urxente”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 6”, 6 agosto 2012, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o sexto capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Lencería”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 7”, 7 agosto 2012, p. 37.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o sétimo capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Ao volante”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 8”, 8 agosto 2012, p. 35.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o oitavo capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Lambonadas”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 9”, 9 agosto 2012, p. 35.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o noveno capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Anotación no blog”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 10”, 10 agosto 2012, p. 35.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Desaparecido”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 11”, 11 agosto 2012, p. 36.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o undécimo capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Preocupada”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 12”, 12 agosto 2012, p. 40.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo segundo capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “O móbil”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 13”, 13 agosto 2012, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo terceiro capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Á guerra”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 14”, 14 agosto 2012, p. 30.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo cuarto capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Informe psicosocial”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 15”, 15 agosto 2012, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo quinto capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Incidente”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 16”, 16 agosto 2012, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo sexto capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Anotación no blog”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 17”, 17 agosto 2012, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo sétimo capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Fóra de cobertura”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 18”, 18 agosto 2012, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo oitavo capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Sen gasolina”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 19”, 19 agosto 2012, p. 39.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo noveno capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Visita inesperada”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 20”, 20 agosto 2012, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Informe de capacidades educativas”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 21”, 21 agosto 2012, p. 30.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo primeiro capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Felicidade”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 22”, 22 agosto 2012, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo segundo capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Anotación no blog”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 23”, 23 agosto 2012, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo terceiro capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Un control”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 24”, 24 agosto 2012, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo cuarto capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Informe de feitos e antecedentes”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 25”, 25 agosto 2012, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo quinto capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Un mal día”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 26”, 26 agosto 2012, p. 38.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo sexto capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “A fume de carozo”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 27”, 27 agosto 2012, p. 26.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo sétimo capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Algo inesperado”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 28”, 28 agosto 2012, p. 37.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo oitavo capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Acelerón”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 29”, 29 agosto 2012, p. 31.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo noveno capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “A por eles”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 30”, 30 agosto 2012, p. 31.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o trixésimo capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Fran Alonso, “Sen saída”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Novela por entregas. A punta de pistola”, “Capítulo 31”, 31 agosto 2012, p. 31.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o trixésimo primeiro capítulo da “Novela por entregas” *A punta de pistola*, de Fran Alonso, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Xesús Fraga, “A literatura está en nós: todos temos unha historia que contar”, *La Voz de Galicia*, 12 novembro 2012, contracuberta.

Entrevista a Fran Alonso por mor da publicación en Edicións Xerais de Galicia de *A punta de pistola*, Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia*. Nela Alonso comenta como viviu a experiencia de ver publicada día a día no xornal a súa historia, fala da orixe da obra a partir dunha noticia e vincula esta novela coa súa produción anterior. Tamén comenta as características das dúas historias que conforman esta novela, entre as que destaca o ritmo frenético e a introdución das novas tecnoloxías, e sinala algúns trazos definitorios das personaxes femininas da obra. Finalmente, fala das ilustracións de Abraldes e considera “fantástico” o feito de que a súa obra compartise espazo cos relatos que enviaron os lectores.

Ameixeiro, Daniel, *A Torre das Lavercas*, ilust. Irene Fra Gálvez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 219, de 11 anos en diante, marzo 2012, 197 pp. (ISBN: 978-84-9914-343-9).

Novela de Daniel Ameixeiro (O Grove, 1962) dedicada “Á memoria dos meus avós Daniel e Concepción” e narrada en primeira persoa pola súa protagonista, Andrea, unha rapaza de trece anos que se acaba de mudar de casa por segunda vez. Estrutúrase en trinta e tres breves capítulos nos que a rapaza vai relatando os acontecementos que lle suceden na súa nova vida, na que estará acompañada por un amigo moi especial, un vello espello, que fala con ela, atopado na casa na que pasou a súa infancia e que seu chama “A Torre das Lavercas”. Coa axuda do espello e da súa mellor amiga, Helena, Andrea irá descubrindo unha serie de sucesos acontecidos na Torre das Lavercas cando ela era pequena que explican a mala relación dos seus pais, até chegar a coñecer o gran segredo: seu pai fóralle infiel a súa nai coa que resultou ser a directora do seu novo colexio. Paralelamente a isto, Andrea vai narrando unha serie de experiencias propias da vida dunha rapaza da súa idade, como a chegada ao novo colexio, no que se verá involucrada nun incidente relacionado co roubo de exames, ou a adaptación a un novo grupo de amigas, formado por Francesca, Carla e Iria, que se fan chamar as “Princesas”. Será moi importante a súa relación con Francesca, unha rapaza cun comportamento estraño atribuído á falta de atención por parte dos pais, algo que a protagonista irá descubrindo pouco e pouco. Finalmente Andrea e Helena manteñen unha conversa na que esta última, logo de que Andrea devolva o espello á súa antiga casa, lle di que está orgullosa dela porque madurara moito neste tempo e, a pesar dos problemas dos pais, descubrira que era ela a responsábel da súa propia vida e do seu futuro. O libro acompáñase das ilustracións de Irene Fra (Mataró, Barcelona, 1971) que avivan a imaxinación do lectorado ao complementar o texto con representacións inquietantes que suscitan preguntas e animan a ler o libro para desvelalas (escaleiras que non se ve para onde van, figuras estáticas que non se relacionan entre elas, imaxes cortadas ou bosques ameazadores). A técnica empregada é o lapis, aplicado con trazos enérxicos e pintura

para os planos de cor. As composicións son moi variadas e están centradas nas figuras, polo que achegan poucos datos da contorna.

Recensións:

- Olalla Sánchez, "Historia real e fantástica", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 473, "Letras infantil", "Libros de verano", 30 xuño 2012, p. 6.

Refírese á novela *A Torre das Lavercas*, de Daniel Ameixeiro. Ademais de dar conta brevemente do argumento, sinala que se trata dunha historia de "tintes fantásticos", máis realistas, que contén certa "dose de misterio" que permite ao lectorado manter viva a curiosidade e pensar "nos problemas da vida".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 414, "Libros", 10 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 367, 12 maio 2012, p. 7.

Entre outras obras, descríbese o argumento de *A Torre das Lavercas* de Daniel Ameixeiro.

Arranz, Clara e Matilde María **Varela Ben**, *Hércules e a máquina do tempo*, ilust. Kika Hernández, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. As amizades de Hércules, [lectorado autónomo], 2012, 30 pp. (ISBN: 978-84-92715-53-4).

Relato de Clara Arranz e Matilde María Varela Ben co que se inicia a colección "As amizades de Hércules". Arranca cun bosquexo do protagonista, Hércules, que, aburrido da vida tranquila no Olimpo, pide axuda a Cronos, coñecido polo seu enxeño e a súa habilidade para controlar o tempo, quen constrúe unha máquina que lle permite a Hércules viaxar a través da historia. Así, mentres o heroe agarda a que Cronos remate a máquina, sucédense sete capítulos breves nos que se relatan as súas orixes e algunhas das lendas míticas por el vividas a partires das tarefas que lle encomenda o seu curmán Euristeo, unha reescrita dende o humor e a referencia ao cotián, adaptada ao público infantil, dos "Doce traballos de Heracles" que se recollen en distintas fontes da mitoloxía grega.

Referencias varias:

- Rodri García, "Hércules entra en la literatura infantil y juvenil 'de calidad", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 novembro 2012, p. 47.

Dáse conta da posta en marcha de dúas novas coleccións de Literatura Infantil e Xuvenil da man de Hércules de Ediciones. Recóllense as palabras de Laura Rodríguez Herrera, responsable da editorial, e de Blanca Roig, coordinadora das coleccións, na presentación destas. Dise que unha delas estará integrada por "biografías noveladas de personajes de prestigio" (anúnciase que xa está á venda o número 1, *Hércules e a máquina do tempo*),

mentres que a outra estará formada por adaptacións de obras clásicas e denominarase "Los imperdibles de Hércules". Finalízase sinalando que as coleccións estarán á venda tanto en galego coma en castelán.

Bermejo Barrera, José Carlos, *Contos para nenos un pouquiño modernos*, ilust. Santi Jiménez, A Coruña: Enxebrebooks, a partir de 8 anos, decembro 2012, 102 pp. (ISBN: 978-84-15782-20-9).

Volume de contos de José Carlos Bermejo Barrera (Santiago de Compostela, 1952) nos que se mesturan elementos da historia de Galicia, das tradicións e costumes con outros da actualidade. Cada conto vai acompañado dun enigma no inicio, ao que se lle dá resposta no final. Os textos levan por título: "Xulia, Ximena e os osos", no que se narra como dúas nenas espelidas logran mudar os hábitos alimentarios da sociedade na que viven durante a antigüidade, ao facerlles ver aos adultos que non poden seguir abandonando os anciáns no monte como cebos para cazar osos; "Nintengraal e o reino salvado", no que dúas mozas rebeldes loitan pola liberdade, axudadas polo dragón Ataúlfo; "Ximena de Montealto, trobadora de Galicia", no que se narran as peripecias durante a Idade Media de Ximena de Montealto mentres loita contra os mouros; "O Retróncobo", no que as Doncelas Penas loitan no século XVI contra a fame do pobo coidando do monte e da fauna; e "Xulia e as hamburguesas caníbales", no que se narra a loita de Xulia, acompañada do seu can Bach, contra o reino das hamburguesas caníbales. As ilustracións figurativas de Santi Jiménez (Santiago de Compostela, 1979), algunhas naturalistas e outras fantásticas, ocupan unha páxina enteira representando escenas importantes dos relatos.

Recensións:

- Darío Casal, "Dragones adictos al biodiésel y viajes frikis en los 'Contos para nenos un pouquiño modernos", *El Correo Gallego*, "Santiago", 28 decembro 2012, p. 27.

Comenta a saída a lume desta "delicia cargada de humor e de contrastes históricos", da autoría do catedrático de Historia Antiga José Carlos Bermejo Barrera. Sinálase que a obra sorprenderá "por la modernidad de una Galicia medieva, con fiestas rachadas, doncellas y trovadores, hamburguesas con sofocos, jipis y frikis". Destaca a introdución, "de una forma original", de "numerosos elementos de corte educativo y formativo" arredor de temas como a alimentación, o coidado ás persoas maiores e os costumes ancestrais de Galicia. Para rematar dise que a obra foi editada por Enxebrebooks, ofrécense os nomes dos seus correctores e anúnciase a próxima presentación do libro e a posibilidade de ser comprado nas librarías.

Blanco, Concha, *Catuxa quere saber*, ilust. Dani Padrón, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é Vivir, a partir de 5 anos, 2012, [32] pp. (ISBN: 978-84-403-1216-7).

Conto para os primeiros lectores de Concha Blanco (Lires, Cee, A Coruña, 1950), cuxa protagonista é Catuxa, unha nena moi curiosa que pregunta sobre as máis diversas cuestións do mundo que a rodea. Preséntase a súa contorna, os seus gustos e os xogos cos animais que hai na casa, así como a estreita relación que mantén co avó, co que ri

moito cos contos rimados que el lle conta, cargados de humor e asociacións absurdas. Tamén se fala da súa relación con Cibrán, un neno que pensa que Catuxa usa lentes porque está enferma, pero ao que finalmente convence que son só para aprender a mirar. O texto aparece integrado nas ilustracións, a toda páxina, de Dani Padrón (Ourense, 1983), que amplían o contido da narración con detalles e elementos aos que non se alude no texto. Na cuberta aparece a nena protagonista no centro da imaxe cuns lentes enormes que, como se verá nas páxinas interiores, teñen grande importancia no relato. Nas composicións represéntanse puntos de vista extremos (moi achegados, dende enriba, dende abaixo etc.) que forman parte das imaxes nas que aparecen os lentes e as diferentes visións que facilitan.

Blanco, Concha, *Misterio resolto*, ilust. Andrés Meixide, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é Vivir, [lectorado mozo], 2012, 115 pp. (ISBN: 978-84-403-1153-5).

Relato de Concha Blanco (Lires-Cee, 1950), dividido en seis capítulos numerados con romanos, no que se narran as vivencias cotiás do mozo protagonista, Suso, un rapaz de doce anos que descobre a existencia dun irmán xemelgo, que se namora por primeira vez dunha compañeira de pupitre e que, por veces, perde a noción da realidade. Estes sucesos tan raros asústano, mais o misterio será resolto ao final da narración. Na cuberta aparece un mozo nunha biblioteca escura na que un libro é a única fonte de alimentación. No interior, as ilustracións figurativas de Andrés Meixide representan escenas relevantes para o relato por medio de cores cálidas e figuras que lembran o cómic (tintas planas, liña negra de contorno e composicións de corte cinematográfico).

Bouzas, Pemón, *A Estrela de Oriente. Unha historia dos Reis Magos*, ilust. Marcos Calo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], xullo 2012, 63 pp. (ISBN: 978-84-9914-432-0).

Pemón Bouzas (Palmeira, Ribeira, 1957) asina esta historia dos Reis Magos que é conducida por Aziz, un home que non aparenta máis de trinta anos e que viviu en primeira persoa os acontecementos a narrar, aínda que pareza estraño, mais el cumpre un ano cada noventa e nove. Relata como, despois de o seu pobo ser brutalmente atacado, foi rescatado pola rica caravana de Apelio, xefe das tribos das altas montañas de Oriente, que estaba á procura da chegada dun ser moi especial tal e como anunciaba unha antiga historia. Únense á súa misión, alentados tamén por antigas profecías, Amerio, príncipe das tribos do sur, e Malgalath, druída das nacións celtas do norte. Todos xuntos, en compaña do pequeno Aziz, camiñan cara a Belén guiados pola Estrela de Oriente. Malia seren varios os obstáculos a sortear, os atinados consellos dun vello permítenlles alcanzar o seu propósito de adorar o Nexo Xesús, a quen honran coa entrega dos seus bens máis prezados: incenso, mirra e o cáliz de ouro. Os tres Reis Magos de Oriente volven aos seus fogares, mentres Aziz se encarga de amañar todo para o seu regreso. Desde ese ano, o un da era cristiá, todos os meses de decembro as súas maxestades prepáranse para unha nova viaxe, polo que o primeiro que fan é liberar a luz da urna que se converte na Estrela de Oriente que brilla en todos os puntos do mundo. A historia acompáñase das ilustracións de Marcos Calo. A sobrecuberta presenta unha imaxe dos tres Reis Magos descubrindo a estrela e a cuberta presenta o mesmo debuxo nun recadro pequeno. No interior, as ilustracións, a toda cor, coidadas e

realistas, achegan información adicional sobre as arquitecturas, as roupas, as paisaxes etc. onde ocorren os feitos.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Narrativa estereoscópica", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 387, "Letras galegas", 1 decembro 2012, p. 7/ *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 435, "Libros", 22 decembro 2012, p. VII.

Comenta que o depurado estilo d'*A estrela de Oriente*, do xornalista Pemón Bouzas, logra un equilibrio tal que permite unha lectura estereoscópica, é dicir, accesíbel a lectores de todas as idades. Dise que se trata da historia dos Reis Magos relatada dun xeito distinto, na que están presentes os valores da solidariedade, a apertura ao próximo e a mestura de civilizacións. Recoméndase que nas próximas datas do Nadal o lectorado se contaxie pola maxia desta estrela oriental.

Referencias varias:

- R. L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 21 novembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á presentación desta obra na Libraría Couceiro de Santiago de Compostela.

- Xurxo Fernández, "Crisol. Andrés", *El Correo Gallego*, 26 novembro 2012, p. 56.

Entre outras novas, lembra a presentación, na libraría Couceiro de Santiago de Compostela, deste relato de Pemón Bouzas.

- N.M., "A historia dos Reis Magos é unha historia de solidariedade", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 16 decembro 2012, p. 17.

Dise que a historia dos Reis Magos naceu para Pemón Bouzas no momento en que a súa filla comezou a crer na ilusión como elemento cultural, social e conciliador. Coméntase que Bouzas pretende amosar unha historia de solidariedade, de tres razas distintas, onde non importa a cor da pel senón o traballo en conxunto, partindo da lenda dos Reis Magos e do Monte Pindo.

- Xurxo Fernández, "Crisol Pemón", *El Correo Gallego*, 17 decembro 2012, p. 56.

Despois de facer un repaso á traxectoria de Pemón Bouzas, detense n'*A estrela de Oriente*.

- Armando Requeixo, "A Epifanía literaria de Pemón Bouzas", *Diario de Arousa*, "O salnés Siradella", "Letras Atlánticas", p. 26/ *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 756, "Letras Atlánticas", p. 32/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", n.º 756, p. 31, 23 decembro 2012.

Cualifica de "excelente exemplo" *A estrela de Oriente* de Pemón Bouzas. Sinala que revisita un ha historia ben coñecida e destaca que "foi escrito con deliberada ambivalencia". Recoméndase a súa lectura para este Nadal e fálase da proposta ilustrativa de Marcos Calo.

Calveiro, Marcos, *Palabras de auga*, XXVII Premio Merlín de Literatura Infantil 2012, ilust. Ramón Trigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 223, de 11 anos en diante, outubro 2012, 147 pp. (ISBN: 978-84-9914-441-2). ■

Novela de formación, e sobre a cultura suahili, do escritor e avogado Marcos Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968), nacida a raíz da lectura dunha nova xornalística de finais de maio do ano 2010 sobre a única forma de sobrevivir atopada polas nais "termitires" do Chad: roubar o alimento ás formigas raíñas. Está protagonizada por Amadou, un neno pertencente ao clan dos Wakati, da tribo dos Kimba, que emigrou dende o país Lomba, outrora unha terra próspera mais agora en desgraza a causa da seca e da guerra. Insírense costumes e trazos característicos desta tribo ademais de recrear unha atmosfera suahili dende o comezo da novela, numerando na súa lingua os capítulos e propondo unha estrutura diferenciada segundo se trate de capítulos impares, nos que o protagonista procura entender a razón de agardar sete días para saber se a súa emigración rematou, e capítulos pares, nos que se explica o porqué da dura vida actual do clan e o dunha ausencia que late en toda a trama, a do irmán de Amadou, que fora preso dos que explotan as minas de coltán e que decide converterse nun neno soldado e non regresar co pai, cando este tenta rescatalo.

Recensións:

- Mar Fernández Vázquez, "O premio Merlín deste ano foi para Marcos Calveiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 11 decembro 2012, p. 42.

Comeza indicando que a visión dos cidadáns occidentais sobre África está en moitas ocasións condicionada por tópicos e que a información sobre a dura realidade dos pobos africanos é reducida. A seguir, valora a aposta de Marcos Calveiro en *Palabras de auga* por "darlle universalidade e verosimilitude a unha historia, baseada nunha nova xornalística de finais de maio do ano 2010". Apunta trazos do argumento da obra e destaca o uso do suahili para intitular os capítulos, así como a súa estrutura. Refire as semellanzas entre *Palabras de auga* e outras novelas do autor e cualifica a Calveiro de "figura destacada na actual novela xuvenil galega, pese a iniciar a súa traxectoria literaria hai só seis anos". Remata salientando a "rigorosa busca de información" que fai o autor previa á escrita e os trazos que a caracterizan a súa produción a nivel temático e formal.

- María Navarro, "Con amable contundencia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 437, "Libros", 6 decembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "Saberes", n.º 389, "Letras Galegas, 15 decembro 2012, p. VI.

Primeiramente resume a historia do clan dos wakati, tribo nómade africana, e a súa loita do día a día polo sustento. Comenta que a obra de Calveiro reflicte un lugar onde vivir e

desenvolverse cos fundamentos da vida natural, o respecto polos maiores e o valor do esforzo. Fala dos personaxes principais e como o seu desenvolvemento presenta unha reflexión sobre as perspectivas de futuro da tribo sen caer en desvelar cal será a súa historia. Para rematar, fai unha análise do estilo do autor facendo fincapé en que a lectura do relato invita os rapaces a analizar, valorar e comparar o que teñen nas súas vidas, máis alá das "fronteiras do noso cómodo mundo".

- Olalla Sánchez, "Unha viaxe iniciática", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº. 498, "Libros Juvenil", 22 decembro 2012, pp. 4-5.

Dise que é un relato "emocionante e cativador" que se ambienta en África e no que se dá conta da viaxe iniciática dun rapaz suahili. Coméntase que é un texto de alta calidade literaria no que se amosan as difíciles condicións de vida do pobo do protagonista e cualifícase o texto de "sólido e ben estruturado".

- Armando Requeixo, "Baixo o lume do ceo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés/Siradella*", "Letras Atlánticas", p. 38/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 757, "Letras Atlánticas", p. 36/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 757, "Letras Atlánticas", p. 32, 30 decembro 2012.

Lembra, en primeiro lugar, que Marcos Calveiro gañou o Premio Merlín con *Palabras de auga*, así como que o escritor ten unha breve pero intensa carreira literaria pois xa ten recibido galardóns como o Ala Delta, o Lazarillo ou o Raíña Lupa malia só haber un lustro que comezou a publicar. A seguir, detense no argumento da novela da que afirma que é unha historia "ben tramada", "verdadeiro canto á loita pola vida" á vez que "complexa alegoría sobre a iniquidade e a xenerosidade". Lembra que se achega á vida dun clan africano, o dos Wataki, ao tempo que presenta "o espertar ao mundo dun rapazolo" no que a amizade, as relacións familiares e a xerarquía grupal xogan a súa baza. No que á maneira de narrar se refire comenta que *Palabras de auga* "está narrado cunha ollada cinematográfica evidente".

Referencias varias:

- Rosé Carrera, "Palabras de auga' achega aos nenos outra realidade que non existe nos videoxogos", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 16 xuño 2012, p. 11.

Conversa con Marcos Calveiro, gañador do Premio Merlín da Literatura Infantil 2012 pola obra *Palabras de auga*. Sobre o feito de que nas súas obras os escenarios sexan de distintas partes do mundo, sinala que "as historias xorden e alí vou". En relación a este libro, comenta que esta historia naceu dunha nova aparecida nun xornal en relación á "fame terrible que afectou ao Sahel". Ademais, indica que é a novela na que menos se documentou e agarda que o lectorado novo entenda esta historia, considerando que a meirande parte dos nenos do mundo "viven nunha situación de conflito".

- Marta Balo, "A pesar do mito, os rapaces son grandes lectores", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 636, 16 setembro 2012, p. 4.

Entrevista a Marcos Calveiro na que fai un repaso á súa traxectoria, comenta as súas lecturas infantís e fala do seu proceso de creación, entre outros asuntos.

- Mar Mato, “No me gusta la literatura que recrea un mundo feliz”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 outubro 2012, p. 46.

Con motivo da presentación de *Palabras de auga* na Casa do Libro de Vigo, dá conta do argumento da obra gañadora do Premio Xerais. Coméntase tamén que no acto estarán presentes, ademais do autor, Agustín Fernández Paz, Ramón Trigo e Manuel Bragado. Remata con algunhas apreciacións do autor sobre a obra e as ilustracións de Ramón Trigo.

- Ana Baena, “Marcos Calveiro: ‘Fago literatura, non libros de formación”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 27 outubro 2012, p. 8.

Dáse conta da presentación de *Palabras de auga*, de Marcos Calveiro, na que actuou como “mestre de cerimonias” Agustín Fernández Paz. Recóllense as palabras de Calveiro no acto no que comentou a pertinencia de achegarlle ao lectorado máis novo “situacións dramáticas” para que vexan outras realidades e na que lembrou a nova do xornal que lle serviu de inspiración para crear a novela. Dise que Calveiro, “pese o seu compromiso social”, “rexeita calquera finalidade de concienciación”. Remátase a noticia falando sobre o final aberto da obra.

Calvo, Tucho, *Formigas*, ilust. Juan Carlos Abraldes, Cesuras: Biblos Clube de Lectores, [lectorado mozo], 2012, 96 pp. (ISBN: 978-84-15086-20-8).

Relato de suspense e misterio de Tucho Calvo (La Guaira, Venezuela, 1954) no que, tras unha cita de *Historia de cronopios y de famas*, de Julio Cortázar, se conta, desde a perspectiva do xornalista protagonista, como do xornal o envían a unha remota e pequena aldea a investigar as circunstancias dun parricidio que semella nun principio o desenlace dun episodio de violencia doméstica. Mentres que está a preguntar aos veciños sobre a familia do parricidio, atópase con Lola, unha reporteira e rival informativa. Co decorrer da trama, a parella de xornalistas axudaranse nas súas pescudas, comezarán unha relación amorosa e acabarán por descubrir o terríbel misterio da invasión de milleiros de formigas que atacan e desfan todo por onde pasan. O protagonista urde un plan axudado polos veciños, que se esconden nas súas casas da silenciosa ameaza das formigas, e co apoio dun deles, alcumado o Rato, prenderá lume nos diferentes formigueiros espallados no monte e nunha mina abandonada. A narración acompáñase de ilustracións figurativas realistas en branco e negro de Juan Carlos Abraldes (Barcelona, 1971) que reproducen diferentes escenas do narrado.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “Por fortuna, Tucho Calvo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 473, “Letras en galego”, 30 xuño 2012, p. 9.

Loa a obra de Tucho Calvo e considera que é un autor que fai que a literatura galega brille en diferentes ámbitos. A continuación, refírese á súa última publicación, *Formigas*, na que, segundo Loureiro, o autor retorna ao rexistro do terror, sobre o que xa traballara na obra *Telúrico* publicada hai quince anos. Coméntase que en *Formigas* a vida, o soño e a memoria entran en contacto continuamente.

- Dorinda Castro Soliño, “Ficción e terror”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 427, 4 outubro 2012, p. VII.

Infórmase do punto de partida desta obra que se cualifica de novela de terror nun ambiente fantasmagórico que combina doses de amor, medo e intriga. Sinálanse como temas que se abordan o abandono, o illamento, a incredulidade e a desconfianza. Resáltase o uso dunha linguaxe concisa e traballada para relatar unha historia desacougante que retrata os medos e perigos que habitan na condición humana. Finalmente, faise referencia, cualificándoo de magnífico, ao traballo de ilustración de Juan Carlos Abraldes.

Referencias varias:

- I. R., “Estou máis cómodo co medo que co terror”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 26 novembro 2010, p. L16.

Faise eco da presentación na libraría Couceiro Santiago de Compostela de *Formigas*, de Tucho Calvo.

Calvo, Tucho, *Paxaro de mar e vento*, ilust. Xosé Cobas, Cesuras: Biblos Clube de Lectores, [lectorado autónomo], 2012, 44 pp. (ISBN: 978-84-15086-25-3).

Tucho Calvo (La Guaira, Venezuela, 1954) dedica este relato “á imaxinación transformadora das nenas e nenos”. Nel nárrase a historia dun paxaro diferente que, non nace dun ovo, senón dun “envurullo de pequenos restos de herbas, xuncos, canas, amallós e tanzas de diferentes grosores e cores”. O nacemento e metamorfose dese novo paxaro débese á intervención dunha nena, Mar, que repara nel mentres pasea con súa nai recollendo cunchas e crebas deixadas pola marea. A nena e a nai consideran “o envurullo” un ovo e van ideando nomes para o paxaro, nomes que desaparecen ao non repetilos nin escribilos até que deciden chamarlle “astrófuga mariña”. O novo paxaro, tras as sucesivas transformacións, sae do seu ovo-niño ao mundo exterior conservando trazos tirados dos elementos que posibilitaron o seu nacemento: as habilidades de nadar e voar, que comproba ao ver formarse novos envurullos sobre a area da praia. A historia remata cun final aberto que abre a porta á imaxinación da nenez para que mude a realidade segundo a coñece, o que permitiría cumprir o soño ansiado polo autor no colofón: “que a incivilización deixe de emporcar o mundo no futuro”. As ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa, 1953) son de estilo figurativo. Trátase de imaxes, con trazos esfumados de pintura e xogos cromáticos moi sutís, que mesturan paisaxes reais con escenas froito da fantasía dos autores. Predominan as composicións horizontais para representar a praia e o mar e as formas curvas para as escenas do niño do paxaro. As cores están pouco saturadas: grises, azuis, brancos rotos e amarelos claros.

Canosa, María, *Xiana, a nena pirata*, ilust. Noemí López, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é Vivir, a partir de 5 anos, 2012, [33] pp. (ISBN: 978-84-403-1188-7).

Conto de María Canosa (Cee, 1978) no que un narrador omnisciente desenvolve as aventuras de Xiana, unha nena que exerce de capitá nun barco pirata chamado

Vagalume. A historia principia coa descrición física da protagonista, unha rapaza loura e con lentes á que, como pirata viquinga que é, lle gusta buscar tesouros, especialmente estrelas de cores. Ante os poucos tesouros atopados nos últimos tempos, Xiana e a tripulación do Vagalume (Carlos, Marcos, Helena, Roi, Martina e o vixía do barco, o papagaio Rodolfo, que non sabe falar e a quen Xiana atopou nunha illa deserta) acceden a ser axudados pola balea Petronila que os conduce a un gran tesouro de estrelas de cores, cabaliños con luz e caramuxas cantareiras que gardarán no acuario do barco. Trátase dun álbum de tapas brandas ilustrado por Noemí López (Xixón, 1974) no que a protagonista, subida ao pau maior do barco e avistando o horizonte, xa é presentada na cuberta do volume. No interior, as imaxes, que completan os textos describindo o que pasa nas peculiares aventuras desta nena pirata, ocupan as páxinas dobres con composicións que deixan espazos baleiros para a disposición dos textos. As cores que predominan son as verdes e as gamas de ocres e tostados.

Recensións:

- María Navarro, "Espírito de aventura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 419, "Libros", 14 xuño 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 372, "Letras galegas", 16 xuño 2012, p. 7.

Dáse conta do argumento de *Xiana, a nena pirata*, de María Canosa. Resáltase a reinterpretación do mundo dos piratas que fai a autora e a proposta ilustrativa de Noemí López.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, "La literatura tomó la alameda ceense con la Feira do Libro'12", *El Correo Gallego*, "Galicia verano", 13 agosto 2012, p. 20.

Entre as actividades organizadas durante a Feira do Libro de Cee dise que haberá presentacións de libros e sinatura de exemplares de *Xiana, a nena pirata*, de María Canosa.

Carballeira, Paula, *O principio*, ilust. Sojna Danowski, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado autónomo], 2012, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-779-9).

Álbum de Paula Carballeira (Fene, A Coruña, 1972) no que se reflicten a tenrura, a imaxinación e a fortaleza fronte ao horror, a precariedade e o drama humano. A autora traza un relato de tinturas poéticas sobre os efectos crueis e devastadores da guerra, ao tempo que homenaxea ao libro como ferramenta pacífica, ás bibliotecas como depositarias dunha sabedoría que destrúe a violencia e á palabra como o mellor alimento da alma. Malia todo, esta obra consegue transmitir unha mensaxe de esperanza: a vida continúa e os nenos, aínda inmersos nun conflito bélico, non poden deixar de vivila. Apela, ademais, á valorización dos verdadeiros ideais de vida, ligados aos afectos e á unión familiar, último reduto de estabilidade. A obra, ilustrada por Sonja Danowski, atrae o lectorado dende a imaxe da cuberta e contracuberta. A pelota de cores sobre unha poza sucia, os zapatos dunha nena que queda fóra da imaxe e as pombas e paxaros

remiten a unha historia triste cun puntiño de esperanza. No interior, o uso das cores ten unha intencionalidade que vai máis aló da estética, xa que as imaxes, dun realismo case fotográfico, están tinguidas de tristura grazas a tonalidades moi suaves, case acromáticas. Ademais rexistran os detalles máis sombríos dunha contorna asolada pola guerra.

Recensións:

- Olalla Sánchez, "Mensaxe de esperanza", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 473, "Letras infantil", "Libros de verano", 30 xuño 2012, p. 6.

Sinala que no último álbum de Paula Carballeira, *O principio*, é tan importante "ler coma mirar". Indica que reflicte as adversidades, os medos e a dureza da guerra, ao tempo que se amosa como a vida continúa. Salienta tamén as "fermosas e hiperrealistas" ilustracións de Sonja Danowski e considera que esta obra introduce o lectorado "de forma tenra no drama humano", para que sirva como ferramenta pacífica.

- María Navarro, "Contra a indiferenza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 423, "Libros", 12 xullo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 376, "Letras galegas", 14 xullo 2012, p. 6.

Fala da historia d'*O principio*, de Paula Carballeira, do que se sinala que supera as adversidades dunha guerra con tenrura, imaxinación e esperanza. Considera que o máis salientábel é a mensaxe poética de alento e confianza que combate a desolación e a indiferenza "sen dramatismos e con altas doses de sensibilidade".

- Ana Margarida Ramos, "Unha nova ollada á guerra, un tema pouco representado", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 17 xullo 2012, p. 41.

Destácase que *O principio* é un volume ben conseguido pola forma orixinal e sutil de tematizar as consecuencias destrutivas da guerra. Comenta a relevancia do papel das ilustracións e analiza estas. Finalmente, sublíñase que esta obra é un himno á coraxe e á esperanza e unha lección de vida sobre a resistencia e a capacidade de sufrimento humano e que apela á valorización dos verdadeiros ideais de vida, ligados aos afectos e á unión familiar como último reduto de estabilidade.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, "La Feria do Libro se despide hoy con un balance muy positivo", *El Correo Gallego*, "Santiago", 6 maio 2012, p. 29.

Infórmase do remate da Feria do Libro de Santiago, que contou con presentacións de obras como o álbum ilustrado *O Principio*, de Paula Carballeira.

- M. G. M., "La Feira do Libro presentará treinta novedades en sus diez días de vida", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 26 xullo 2012, p. 15.

Detállanse as actividades a celebrar durante a Feira do Libro, entre as que se destaca a presentación desta obra.

- M. G. M., "Editores e autores confirman que hoxe en día non existe a literatura infantil", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 3 agosto 2012, p. 15.

Sinálase a participación na Feira do Libro da Coruña de Paula Carballeira para ter un encontro cos rapaces e asinar exemplares desta obra.

- Paula Carballeira, "O principio", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 13 outubro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O principio*, escrita por Paula Carballeira e ilustrada por Sonjia Danowski.

Carou Figueira, Natalia, *O alento nas costas*, ilust. Carlos Silvar, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 23, a partir de 12 anos, abril 2012, 333 pp. (ISBN: 978-84-9995-039-6).

Novela xuvenil de Natalia Carou Figueira (Boiro, 1974), dedicada ao seu avó paterno Manuel que lle "legou unha pequena parte da súa inmensa paixón literaria" e de quen se reproducen unha cita e uns versos. Dividida en vinte e cinco capítulos, a historia comeza cun soño dunha xornalista, Mireia, que ten lugar na súa aldea natal, concretamente na Idade Media, e no que aparece un nobre chamado Xoel. A partir dese momento Mireia decide regresar á aldea de Abuín para facer unha reportaxe para a revista esotérica na que traballa en Madrid. A moza reencóntrase cun pasado que deixou atrás hai dez anos por un problema de drogas e ten que volver a afianzar os perdidos lazos familiares e redirixir as relacións cos antigos coñecidos. A voz narrativa en primeira persoa da xornalista, que dá conta da súas vivencias, intercálase cun narrador en terceira persoa que relata a historia de Xoel. Ambos mundos (o pasado da época medieval e o presente) quedan conectados a través dos soños dos dous protagonistas que se verán envoltos na lenda relacionada co mosteiro de Armenteira. Na historia están presentes o misterio, o poder da maxia, os feitizos e as meigarías, así como a droga, a culpa, a perda etc. O volume está ilustrado por Carlos Silvar. Na cuberta, o texto sobresae por riba da imaxe que, realizada con pintura acrílica, representa, con cores frías e tenues, un home vello no momento do sacrifico dun año e, a modo de transparencia, o perfil dun lobo inspirando ao espírito do home (destácanse os trazos da pelaxe e os cabelos do personaxe). No interior, as ilustracións en branco e negro están realizadas a través da técnica do debuxo (cun trazo en tinta china e en acuarela) e ocupan toda a folla. As imaxes inclínanse cara unha estética medieval do mundo dos soños paralelo á historia real da protagonista e nelas, por medio dun plano xeral dos personaxes, manifféstanse diferentes emocións: furia, ledicia, amor etc.

Referencias varias:

- M. Conde, "Lecturas para todos los gustos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 458, "Letras infantil", 10 marzo 2012, p. 3.

Dáse conta da presentación no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra da obra *O alento nas costas*, de Natalia Carou Figueira. Tamén se mencionan *O botín da miseria* (2011), de Lino Braxe; *O soldadiño de chumbo* (2010); *2044* (2011), de Eduardo Santiago; *Mans* (2011), de Xavier P. Docampo e Daniel Puente Bello; e *Jack e a morte*, de Tim Bowley.

- Ramón Arén, "Aventuras medievais", *La Voz de Galicia*, "*A voz de Barbantia*", nº 75, 25 maio 2012, p. 03.

Gábase "o galego ricaz e expresivo" que "non impide a lectura fluída da obra". Dise que combina o presente co pasado do século XIV e dáse conta do argumento. Lémbrase que a lenda da aldea rianxeira Abuín xa fora tratada por Castelao e lóase o "xogo imaxinativo" da autora, que "sae ben parada", se ben se lle pon como pexa a existencia dalgún anacronismo.

- Marcos Zavala, "Mil y un libros para combatir el calor", *La Opinión*, "A Coruña", 9 agosto 2012, p. 8.

Coméntase o que se poden atopar os asistentes á cuadraxésimo primeira edición da Feira do Libro da Coruña. Entre as recomendacións dalgúns dos libreiros participantes destácanse obras en galego como a adaptación do conto de Hoffman *O crebanoces*; *Trazo de xiz*, de Miguelanxo Prado, ou *Alento nas costas*, de Natalia Carou.

Carreiro, Abraham e Maties **Segura**, *Xoeliki. As aventuras dun ciberpirata. O grande apagamento*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, [mocidade], 2012, 203 pp. (ISBN: 978-84-7824-623-6).

Segunda entrega da serie, de Abraham Carreiro (Vigo, 1981) e Maties Segura (Valencia, 1981), que se iniciou co título *Xoeliki. As aventuras dun ciberpirata* (2011). Ao longo dos dezanove capítulos nos que está estruturada, Xoeliki terá que enfrontarse ao "grande apagamento", unha nova etapa na que todo está a escuras: a internet está case apagada, as rúas están sen luz e a xente está dominada polas novas tecnoloxías. O grande inimigo de Xoeliki, Mr. Virus, tentará levar ao seu máximo esplendor o grande apagamento con diversas estratexias, como a vacina co microchip antidepresión ou a súa vinculación coa PPI (Policía da Propiedade Intelectual), mais, para acabar con esta etapa, o mozo protagonista terá que se enfrontar a unha serie de aventuras, axudado sempre polos seus amigos da Escola Pirata, grazas ás cales mesmo descubrirá quen era realmente seu pai. Para completar a historia e entendela mellor, ao longo dos capítulos van aparecendo unha serie de enlaces web para que o lectorado interactúe a través de xogos, adiviñas, escoitas, etc. Ao final do libro recóllense as direccións web destes enlaces e tamén un glosario con algúns termos relacionados coas novas tecnoloxías. Na cuberta, xunto ao título con letras cibernéticas, represéntanse os rapaces protagonistas ameazados por un gran rostro amarelo. No interior, as imaxes, que ocupan a páxina enteira, recrean escenas importantes do relato (moitas destas escenas son de misterio o que se traduce cuns ambientes nos que a iluminación crea imaxes contrastadas).

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas. O reloxo de Carlos*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Ediciones Bolanda, [lectorado autónomo], 2012, [30] pp. (ISBN: 978-84-616-1423-3).

A aventura que ideou Pepe Carreiro (Vigo, 1954) nesta ocasión para os irmáns Bolechas xira ao redor dun reloxo novo que lle regalaron a Carlos no supermercado. Todos queren o reloxo, pero quen o consegue é Tatá, que o bota no váter para comprobar se realmente é somerxíbel. Para poder extraelo dese lugar tan noxento cada un dos irmáns vai achegando algunha solución até que Carlos o consegue cunha cana de pescar. Finalmente, confírmase que o reloxo se pode somerxer. As ilustracións figurativas, realizadas con tintas planas e con formas remarcadas por unha liña grosa, representan os irmáns protagonistas debuxados con formas redondeadas e con cores fortes sen pretensión volumétrica.

Carreiro Fernández, Abraham; J. Carlos **Martínez Muñoz** e Xosé **Carreiro Monteiro**, *Pequena historia da feira de San Froilán*, Lugo: Concello de Lugo, 2012, 31 pp. (DL: VG 233-2012). ◆

Conto ilustrado de Abraham Carreiro Fernández (Vigo, 1981), J. Carlos Martínez Muñoz e Xosé Carreiro Monteiro (Vigo, 1954) no que, de modo moi didáctico e con gran carga de humor, se lle achega ao lectorado máis novo a historia da Feira de San Froilán. Comézase por unha breve aproximación á vida do santo que lle dá nome e que é patrón da cidade de Lugo, na que se salienta a súa ousadía e afán de cristianización entre os mouros. Despois explícase que a primeira feira se celebrou en 1754 e saliéntanse os avatares históricos que fixeron que esta festividade se convertese en referencia para toda Galicia, ao saber adaptarse aos cambios dos tempos e da sociedade.

Carreiro&Carreiro, *Míster Gordon. Un bulldog comellón* (ISBN: 978-84-8289-436-2)/ *Pintas. Unha dálmata fachendosa* (ISBN: 978-84-8289-437-9)/ *Lume. Un can de palleiro moi traballador* (ISBN: 978-84-8289-438-6)/ *Holmes. Un sabuxo acatarrado* (ISBN: 978-84-8289-439-3), Ponte Caldelas, Pontevedra: Edicións do Cumio, col. Cousas de cans, n.os 1/2/3/4, [lectorado autónomo], 2012, 23 pp.

Serie na que Carreiro&Carreiro, nome literario de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) e Abraham Carreiro (Vigo, 1981), por medio dun narrador en terceira persoa e, nalgúns casos, da voz dos personaxes, lle achegan ao lectorado agardado diferentes razas de cans e as súas características. Así, en *Míster Gordon. Un bulldog comellón* cóntase a historia deste bulldog que esperta da súa sesta con tanta fame que come a súa merenda, o bocadillo de xamón da súa dona, o biberón do pequeno da casa, as albóndegas do micho e mesmo, aínda despois de que a súa dona lle berre, a merenda do hámster, pois é moi comellón. En *Pintas. Unha dálmata fachendosa* nárrase como a dálmata protagonista decide borrar as manchas negras da súa pel porque cre que afean. Para isto, Pintas reboza o corpo en fariña de xeito que, sen manchas, se ve máis guapa. Por medo a que o seu dono lle rife, pois gastou toda a fariña, Pintas sae fóra e a choiva fai que as manchas negras novamente aparezan, aínda que á cadela protagonista xa non lle importa pois ben mirado parece que os dálmatas levan "un pixama de lunares". En *Lume. Un can de palleiro moi traballador* coñécese como Lume coida da casa onde vive xunto a seus donos: vixía se o raposo comeu algunha galiña; se as vacas e as ovellas están todas

e ben; faille bromas ao burro, aínda que a este non lle gustan e dálle un couce; vai comer á maseira dos porcos, que o botan fóra do seu cortello; come a comida da súa pota e, a continuación, dorme a sesta no palleiro, que non lle dá sombra coma sempre porque unha vaca está comendo a palla. Finalmente, en *Holmes. Un sabuxo acatarrado* o lectorado agardado coñece a este sabuxo que, en varias ocasións, lle leva á súa dona as pantuflas equivocadas. Esta dáse conta de que está acatarrado cando o ve esbirrar e chama á veterinaria, quen lle aconsella permanecer na cama ao quente. Todos os volumes da colección péchanse cuns breves apuntamentos que resumen as características de cada raza, así como de catro imaxes do can protagonista baixo as cales se lembra algunha das súas características. As ilustracións figurativas que acompañan os textos están realizadas con tintas planas e presentan as siluetas remarcadas por una liña grosa. As imaxes concentran o deseño nas características propias do animal.

Recensións:

- Paula Fernández, "Cans de noso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", "Libros", 21 xuño 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 373, "Letras galegas", 23 xuño 2012, p. 6.

Preséntase a obra *Lume, un can de palleiro moi traballador*, de Carreiro&Carreiro integrada na colección "Cousas de cans". Dise que con esta obra se pretende reivindicar unha raza autóctona e tamén dar a coñecer aos nenos e nenas a vida nas casas labregas, unha forma de vida que está a desaparecer.

Casalderrey, Fina e Francisco **Castro**, *O neno can*, ilust. Patricia Castelao, Vigo: Editorial Galaxia, [lectorado autónomo], 2012, 61 pp. (ISBN: 978-84-9865-431-8).

Volume de relatos de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) e Francisco Castro (Vigo, 1966) que se abre cun paratexto en forma de dedicatoria: "A todos os nenos e nenas de calquera recuncho do mundo. E a ti, claro...". A continuación, indícase que os textos que abren cada conto son adaptacións de artigos da Convención dos Dereitos da Infancia. Construído como unha antoloxía de cinco relatos curtos, estes percorren diferentes latitudes, estabelecendo unha xeografía humana da dor e do sufrimento infantís e contando historias de fame, abandono e violencia. Os protagonistas das historias (Aakesh, Nadim, Altair, Leila e Carlos) dotan de rostro ás vítimas inocentes da fame, das catástrofes naturais, do traballo infantil, da explotación sexual e das máis variadas formas de discriminación. Aínda así, van xurdindo pequenos sinais de esperanza, como o presentado baixo a forma dun can cunha mancha negra ao redor do ollo esquerdo, compañía inseparábel de todos os protagonistas e eixo cohesivo da colectánea, bautizado respectivamente como Choiva, Xeo, Néboa, Area e Vento nas historias. As ilustracións de Patricia Castelao (A Estrada, 1974) presentan formas de forte carácter volumétrico, realzado pola suavidade das sombras propias e un colorido igualmente moi matizado para dar corporeidade ás figuras, que lembran un tanto aos debuxos de anime. O grado relativamente alto de iconicidade, porén, únese aos trazos acentuados das facianas (sobre todo os ollos) e aos fondos abstractos para non recargar en exceso a impresión de conxunto. Tamén resalta o contraste, claramente deliberado, coas páxinas que separan cada sección do conto, onde só aparece un fondo vermello vivo coas pegadas verticais dun can. Esta disparidade rompe a unidade das imaxes, pero recalca o carácter do protagonista segundo indica o propio título. O efecto máis

sofisticado achégao o recurso de destacar a unhas figuras como protagonistas entre un grupo mediante o procedemento de plasmar ás secundarias con un tratamento monocromo en *beige*. O número de ilustracións é reducido e, aínda que adoitan dispoñer dunha páxina enteira, ás veces só ocupan unha pequena parte da mesma, dando en consecuencia claro protagonismo ao texto.

Recensións:

- Nacho Mirás, "Se hai un dereito sagrado, o da infancia tería que ser o primeiro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 18 maio 2012, p. L4.

Coméntase a presentación d'*O neno can*, obra de Fina Casalderrey e Francisco Castro, publicada por Galaxia a favor de Unicef, na Biblioteca Pública Ánxel Casal en Santiago de Compostela. Descríbese o libro, onde cada un dos dereitos do neno aparece reflectido en cadanseu relato coa súa correspondente ilustración. Indícase que a obra se abre cun artigo da Convención dos Dereitos do Neno promovida por Unicef relativo á saúde.

- Olalla Sánchez, "A infancia máis crúa e oculta", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 473, "Letras infantil", "Libros de verano", 30 xuño 2012, p. 6.

Destaca o formato "non habitual" do conto publicado por Galaxia, *O neno can*, de Fina Casalderrey e Francisco Castro. Indica que cun ton "lixeiro", aborda realidades de gran crueza, malia as historias estaren cheas de vida, humanidade e esperanza.

- María Navarro, "Sobre a esperanza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 424, 13 setembro 2012, p. VII.

Sinálase que as cinco historiasteñen como nexos de unión o feito de os protagonistas seren, nas súas curtas vidas, vítimas do arrebato e a violencia de quen se cre superior, así como a presenza recorrente dun can, cunha mancha negra ao redor dun ollo, que introduce no drama de cada neno esa pinga de humanidade que lle falta aos antagonistas dos relatos. Coméntase que os temas abordados nas narracións son tirados da Convención dos Dereitos da Infancia para confrontarse coa sociedade real onde se quere/non quere vivir.

- Ana Margarida Ramos, "Os retratos da infancia magoada no 'O neno can", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 19 setembro 2012, p. 42.

Destácase que Fina Casalderrey e Francisco Castro chaman a atención nesta obra cara á dureza das condicións de vida experimentadas por moitos nenos e nenas no mundo enteiro. Coméntase que se presenta como unha antoloxía de cinco relatos curtos e que toma como referencia a declaración universal dos dereitos da infancia, seleccionando algúns dos seus artigos máis sobresaíntes que se inclúen como separadores duns contos que percorren diferentes latitudes, estabelecendo unha xeografía humana da dor e do sufrimento infantís. Saliéntase que a aparente obxectividade coa que se presentan as situacións vividas contrasta coa dureza das condicións de vida da nenez e que a sobriedade do rexistro non inhibe unha particular sensibilidade en relación ao universo infantil. Faise referencia a un dos pequenos sinais de esperanza que se presenta en

forma dun can que acompaña a todos os protagonistas e, finalmente, ponse de relevo a coherencia deste volume que resulta da escrita de dous autores distintos.

- Vicente Araguas, "Son cativos, pero non parvos", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p. 22/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 743, p. 34/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 743, "Más libros", p. 30, 23 setembro 2012.

Sinálase que existe unha Literatura Infantil e Xuvenil que non respecta o seu lectorado. Desta tendencia exclúe este libro, do que se gaba, ademais da iniciativa dos autores de colaboraren con Unicef, a aposta por reflexionar sen moralizar sobre a situación da infancia e a forma de argumentar nos relatos baseados nos "Dereitos dos Nenos" sen que iso supoña un lastre á axilidade narrativa dos relatos escritos a catro mans.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia este conxunto de contos asinados conxuntamente por Fina Casalderrey e Francisco Castro.

- Nuria Martínez, "O neno can' é o noso fillo", *Diario de Pontevedra,* 1 xuño 2012, contracuberta.

Preséntase esta obra de Fina Casalderrey e Francisco Castro e ilustrada por Patricia Castelao. Saliéntase a importancia de reivindicar os dereitos da nenez e infórmase de que os beneficios desta publicación están destinados a Unicef.

- Xosé Carlos Caneiro, "Cultura necesaria", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 472, "A outra mirada", "Club Dandi", 23 xuño 2012, p. 11.

Comenta impresións sobre varias obras recentemente publicadas: *O neno can*, de Fina Casalderrey e Francisco Castro; *A narrativa mariña,* de Gonzalo López Abente, editada por Xesús Sambade, e *Bretemada*, igualmente asinada por López Abente, en edición do ano 2011 de Miro Villar.

- Xosé M. Piñeiro, "O neno can", *Atlántico Diario*, "Opinión", p. 22/ *La Región*, "Opinión", p. 31, 29 xuño 2012.

Salienta a "verdade, sensibilidade e sabedoría" presente na obra *O neno can*, de Fina Casalderrey e Francisco Castro.

- Fina Casalderrey e Francisco Castro, "O neno can", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 7 xullo 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O neno can*, escrita por Fina Casalderrey e Francisco Castro e ilustrada por Patricia Castelao.

Cimadevila Botana, Fernando M., *O mundo secreto de Basilius Hoffman. Un faro na escuridade*, ilust. Ivan Valladares González, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaián, [lectorado mozo], 2012, 362 pp. (ISBN: 978-84-15699-17-0).

Segunda entrega da novela protagonizada polo profesor de Basilius Hoffman na que ao longo de doce capítulos titulados "Luces e sombras", "A baliza e o xuramento", "A promesa e o reloxo", "Sementes e traidores", "Espellos fronte a espellos", "Doce e amargo", "Amizade e traizón", "Silenzos e palabras", "A carta e a cadea", "Ceo e inferno", "Coraxe e covardía", "Futuro e pasado", "Vida e morte" e "Verdade e mentira" se explica a relación de Hoffam cun estraño visitante que chega á súa casa, así como a descuberta de misterios e novos lugares vinculados co lendario Diario do Cartógrafo. A narración acompáñase das ilustracións de Ivan Valladares, todas elas en branco e negro, que inciden na temática misteriosa e arcana da novela.

Costas, Ledicia, *O corazón de Xúpiter*, deseño da cuberta Miguel A. Vigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 143, [mocidade], setembro 2012, 216 pp. (ISBN: 978-84-9914-433-7).

A voz dun narrador omnisciente en terceira persoa desanobela esta historia de Ledicia Costas (Vigo, 1979) na que emerxen temas de interese e elementos propios da cultura xuvenil. No primeiro capítulo a súa protagonista, unha adolescente chamada Isla, vai de camiño a unha vella cervexaría en compaña da súa amiga Mar para coñecer a Xúpiter, un rapaz co que mantén unha relación virtual dende hai un tempo. Por medio do *flash-back* nos restantes dezanove capítulos, sempre encabezados por citas textuais, relátanse as vivencias de Isla dende que se instalara cos seus país na Rexión. Alí fixérase amiga de Mar, quen a protexe dos ataques e sátiras de Marcos Carballo e dos seus colegas, á vez que comeza a escribirse polo *messenger* con Xúpiter, co que comparte a súa afección polo universo. O reiterado intercambio de mensaxes arrastran a Isla a namorarse de Xúpiter, o que mortifica a Anxo, un compañeiro do instituto que devece pola rapaza amante do firmamento. Coa chegada da madrugada de San Xoán, a voz narrativa retorna ao presente para desvelar os terríbeis sucesos que lle agardaban a Isla. No epílogo, Mar procura arredarse da cruenta realidade a través da imaxinación. Ela e Anxo falan do duro golpe que acaban de recibir. É esta unha novela na que sobresaen as referencias ao espazo, incluso aquelas de carácter lendario, así como as dramáticas experiencias familiares dos personaxes adolescentes (drogas, prostitución, separación dos pais....) e o emprego das novas tecnoloxías no texto narrativo. Non obstante, a forza principal da súa trama radica no amor. Miguel A. Vigo, autor da imaxe da cuberta, aproveita o nome de Xúpiter, de tanta transcendencia na obra, para situar a ilustración nun contorno sideral onde a silueta da rapaza protagonista se esfuma. A composición, co planeta que domina a figura feminina, ten unha forte carga simbólica.

Recensións:

- Rocío Moar Quintela, "Sutís pegadas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº. 433, "Libros", 8 novembro 2012, p. VI.

Convida a descubrir a novela *O corazón de Xúpiter*, de Ledicia Costas, narradora e poeta, entre outras facetas sinaladas, premiada por varios dos seus traballos. Da obra

destaca tanto a súa trama principal, o amor entre dous rapaces que se coñecen na rede, como a capacidade da autora de manter o interese do lectorado até o desenlace con lendas e temas da actualidade como a soidade e as drogas.

Referencias varias:

- Fernando Franco, "O corazón de Júpiter", *Faro de Vigo*, "Vigo", 16 novembro 2012, p. 11.

Entre outras novas, dáse conta da presentación na Casa do Libro da novela O corazón de Xúpiter, de Ledicia Costas, con quen Fernando Franco lembra ter compartido unha viaxe pola ría en compañía tamén de Agustín Fernández Paz e María Xosé Queizán.

Cubeiro, Suso e Ana **Prado**, *A costureira das ánimas*, ilust. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de encontro, [lectorado mozo], 2012, 45 pp. (ISBN: 978-84-403-1217-4).

Narración de Suso Cubeiro e Ana Prado, estruturada en seis capítulos ("O velorio", "Coser e cantar", "O defunto", "Lerias", "Soíña", "En compaña, non santa") e un "Epílogo", na que a narradora protagonista lle conta a unha compañeira, Ermindiña, ao regreso dun velorio, o que lle aconteceu cando era moza, arredor dos vinte anos, e se dedicaba a coser polas portas. A partir do seu relato sábese que conseguiu gañar moito diñeiro e montar unha funeraria grazas ao morto que lle mandaron empanicar e a outros mortos aos que lles coseu a roupa antes de embarcar no barco que os levaría para o alén e cos que estabelecía moita conversa. A narración textual acompáñase das ilustracións figurativas de Suso Cubeiro, imaxes, xeralmente en branco e negro, de gran realismo e feitas co lapis, que achegan información visual das persoas e dos lugares onde se centran as escenas da narración (lareiras, velorios, enterros etc).

Díaz Núñez, Celia, *Rugando*, IX Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez, ilust. Pilar Marcó, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, [lectorado mozo], 2012, 132 pp. (ISBN: 978-84-92554-60-7) ■

Novela de aventuras, de Celia Díaz Núñez (O Páramo, 1961) e ilustracións de Pilar Marcó (Farmington, Connecticut, EUA, 1985), que comeza cunha cita dun poema de Eduardo Moreiras. Dividida en dúas partes e un epílogo, na primeira delas coñécese como, no marco da rodaxe dun filme documental arredor do pasado ferreiro de Rugando, tres rapaces (Olalla, Alba e André) vense envoltos nunha misteriosa historia. Explorando os arredores da casa rural na que se aloxan dan por casualidade cun antigo laboratorio agochado e cheo de aparellos de alquimia. Unha das mozas, Olalla, atopa un caderno de pel que esperta aínda máis a súa curiosidade, achado a partir do cal se verá envolta nunha particular historia na que conflúe o seu interese polas anotacións antigas e as estrañas visións que sofre cun monxe que a axexa nas noites de lareira. A segunda parte de novela correspóndese cun *flashback* que contribúe a resolver a intriga anterior. Ambientada no século XIX, presenta a historia de frei Bernardo, quen se trasladou dende Samos a Rugando para se facer cargo do lugar e da súa forxa. Aquí descubrirá non só o valor da familia que o acolle, senón tamén os segredos da alquimia, na que instruirá á súa afillada Aurora. O epílogo resolve a trama, dado que grazas a el o

lectorado agardado sabe como, andando o tempo, Olalla volve a Rugando, onde se dá conta de que Sara, a pousadeira, non é outra senón Aurora, depositaria da eterna xuventude e a quen lle corresponde conservar o caderno máxico.

Recensións:

- Cristina Fdez. Santomé, "De alquimias e ferreiros", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 17 outubro 2012, p. 42.

Coméntase que Celia Díaz Núñez vén de presentar esta súa última obra, merecedora do IX Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez e que presenta como ilustracións unha serie de láminas de Pilar Marcó (galardoada na categoría de ilustración) nas que se combina a pintura co estampado e coa colaxe. Sinálanse as reminiscencias das sagas xuvenís de Enid Blyton e dáse conta do argumento. Finalmente, destácase que, a través dunha serie de sutís referencias metaliterarias, a autora evoca os contos de Ánxel Fole ao tempo que rende homenaxe ao legado natural e cultural das terras do Sil.

Fernández, Ana María e Xoán **Babarro**, *Chrystyan Magic. Na senda da serpe alada*, ilust. Marta Rivera Ferner, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é Vivir, a partir de 10 anos, 2012, 105 pp. (ISBN: 978-84-403-1182-5).

Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) e Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947) presentan unha nova entrega das aventuras de Chrystyan Magic. Nesta ocasión, o aprendiz de bruxo ten que facer uso das ensinanzas do vello Bosco nun castro que está situado nunha reserva vexetal, no que el e os seus amigos son brutalmente atacados. Todo parece indicar que os debuxos de Levis, un neno que acaba de chegar a Faronovo e non se entende con Chrystyan, agoiran acontecementos funestos, pois o marcapáxinas do manga transfórmase nun samurai de carne e óso que está a piques de secuestralo; a nube de ollos en fite espiáo na mesma casa e, para concluír, uns estraños meteoritos veñen de manifestarse implacábeis. Coa axuda duns seres marabillosos, Mouramá e Fadalís, Chrystyan vai tentar encontrar a senda da serpe alada antes de que o venza o perverso Malalín, quen desexa acumular toda a maxia coñecida e ten ao seu servizo a Levis. Finalmente, tanto Chrystyan coma Levis acaban no cárcere deste ser escuro, de onde logran saír grazas á habelencia e coñecementos do aprendiz de bruxo, que axuda a quen, até o momento, lle provocara constantes fastidios e quen se converterá nun dos seus amigos inseparábeis. O relato textual acompáñase das ilustracións de Marta Rivera Ferner.

Fernández Paz, Agustín, *As fronteiras do medo*, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, n.º 71, [lectorado mozo], marzo 2012, 181 pp. (ISBN: 978-84-96352-77-3).

Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947) asenta no terror e no medo os relatos d'*As fronteiras do medo*, que é toda unha homenaxe a un dos máis recoñecidos cronistas do puro horror, H.P. Lovecraft, ao cumprirse o setenta e cinco aniversario do seu pasamento. Trátase dunha colectánea de seis relatos, que parten de escenarios realistas e os seus protagonistas parecen xente do común, aínda que dende o inicio irrompen feitos

misteriosos, forzas divinas, enerxías diabólicas... que levan os protagonistas a entrar en contacto con outras desacougantes dimensións. Nos tres primeiros, "A Porta do Alén", "A voz do sangue" e "Os Fillos de Hamlet", as voces que guían os relatos son as duns actantes que, en aras dos espíritos e deidades que veneran e representan, cometen os crimes máis atroces. Nos tres restantes, "O pozo", "O enigma do menhir" e "A mirada de K", son as voces das vítimas as que revelan as súas traumáticas experiencias, despois de seren atacadas e mesmo dominadas por elementos e seres irracionais. Todas estas ficcións son elaboradas a partir de prolixas ambientacións e a recorrencia ao patrimonio cultural galego e doutros ámbitos xeográficos. Así, alúdese a diversos monumentos megalíticos autóctonos e a outros como o crómlech de Stonehenge e ás *lamias* galegas, que corresponden ás *korrigans* irlandesas ou ás *lamignak* de Euskadi, ademais das celebracións tan atávicas como o Samaín ou a Noite de Walpurxis. Estas e outras moitas referencias, xunto ás pictóricas e librescas, que conducen a R. Margritte, C. G. Jung, a S. Freud, a F. Kafka… e sobre todo a Lovecraft, están moi en sintonía co narrado no presente compendio narrativo de terror. A imaxe da cuberta, unha fotografía de Hemera/Thinkstock, presenta un fragmento dun rostro estraño que transmite anguria o que, unido ao título, avanza historias de ansiedade e pesadelo. No interior, agás uns esquemas de axuda, non hai ilustracións.

Recensións:

- María Navarro, "Sabendo abraiar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 418, "Libros", 7 xuño 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 371, "Letras galegas", 9 xuño 2012, p. 7.

Dáse conta da publicación da última obra de Agustín Fernández Paz, *As fronteiras do medo*, coincidindo co setenta e cinco aniversario do pasamento de Lovecraft. Explícase que contén seis historias de medo e terror con diferentes argumentos, que non deixan indiferente o lectorado, que goza nesa atmosfera de suspense tan do gusto do autor, enriquecida con referencias de todo tipo.

- Ramón Nicolás,"Alén do medo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 470, "Letras en galego", 9 xuño 2012, p. 9.

Fálase da obra *As fronteiras do medo,* de Agustín Fernádez Paz. Indícase que non é a primeira incursión do autor nestes escuros mundos, algo que xa fixera, por exemplo, en *Aire negro*. Saliéntanse as súas habilidades no eido do relato curto e as dificultades e características inherentes ás obras de misterio e terror, entre outras moitas, a "dosificación argumental".

- Eulalia Agrelo, "Contra as leis da lóxica", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 26 xuño 2012, p. 43.

Sinala que, ao se cumprir o setenta e cinco aniversario do pasamento de H. P. Lovecraft, Agustín Fernández Paz lle rende tributo con *As fronteiras do medo*. Apunta que os seus relatos parten de escenarios realistas e que os seus protagonistas parecen xente do común, aínda que dende as primeiras liñas se deixa ver a intervención de feitos misteriosos, forzas divinas... Refírese ás diferentes voces narrativas e salienta que todas estas ficcións sobresaen polo prolixo deseño na ambientación e a hábil dosificación dos

sucesos, ademais de aludir ás terroríficas sensacións que provocan. Considera que tamén son ponte para o coñecemento do patrimonio cultural galego e doutras latitudes.

- Armando Requeixo, "A escrita preternatural de Agustín Fernández Paz", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 742, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 742, "Letras atlánticas", p. 33, 16 setembro 2012.

Cualifica *As fronteiras do medo* de "notable" volume no que Agustín Fernández Paz reúne media ducia de narracións, onde o medo, a angustia e o sinistro conflúen nas súas historias. Sinala que nelas asimila e procesa materiais tanto da tradición literaria escrita coma oral ben coñecidos da cultura occidental. Salienta a pegada de Lovecraft, así como a presenza de motivos e temas ben comúns á tradición literaria do xénero. Cita parte dos motivos cos que Fernández Paz logra compor "intensas" atmosferas, coas que consegue desacougar e transmitir o horror máis absoluto. Por último cita outros títulos que se inscriben nesta liña.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, "H. P. Lovecraft fascina también desde el más allá", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 461, "Aniversario", 31 marzo 2012, p.5.

Informa que, con motivo do setenta e cinco aniversario da morte de Lovecraft, a editorial Xerais reeditou unha antoloxía da súa obra titulada *Relatos de terror*, prologada por Agustín Fernández Paz, quen publica *As fronteiras do medo*, seis relatos de terror inspirados na obra do escritor estadounidense. Coméntanse detidamente estas dúas obras.

- Camilo Franco, "Os terrores cambian, pero meter medo nunca se vai acabar", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 30 maio 2012, p. 39.

Entrevista a Agustín Fernández Paz, con motivo da publicación da súa última obra, na que o autor recoñece a importancia e a influencia da obra de Lovecraft.

- E. C. G., "Fernández Paz, 'debedor' de Poe e Lovecraft no seu regreso ao terror", *El Correo Gallego,* "Tendencias", 30 maio 2012, p. 43.

Saliéntase a importancia que ten Lovecraft como inspirador desta obra, composta por seis relatos de terror e misterio.

- Dolores Vilavedra, "Retorno a Britania e nazis a Vigo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 29 xuño 2012, p. 5.

Faise un repaso por numerosas obras publicadas recentemente en Galicia entre as que comenta esta "maxistral colección de relatos".

- Jaureguizar, "Unha visita a casa Lovecraft", *El Progreso,* "Vivir", "Libros", 30 xuño 2012, p. 60/ *Diario de Pontevedra,* "Opinión&Análisis", "De re varia", 1 xullo 2012, p. 35.

Fai mención ao último traballo de Agustín Fernández Paz, *As fronteiras do medo*. Indica que moitos dos lugares que se citan nela que seguen a "ruta de Lovecraft" e aparecen no volume "transnomeados", mais que non custa identificalos.

Fernández Rojas, Antonio, *Paolo e o misterio da Cerdeira*, ilust. Xoana Almar e Miguel Peralta, Vigo: Trinqueta Verde, [lectorado autónomo], decembro 2012, [40] pp. (ISBN: 978-84-938252-6-3).

Álbum narrativo de Antonio Fernández Rojas, caracterizado pola influencia da tranmisión oral e polo protagonismo animal. Nel relátase a aventura que emprende Paolo, "o primeiro tritón superdetective", para tentar descubrir a causa de que a Cerdeira non sexa quen de narrar un conto aos animais da Lagoa do Rei, como acontecía antes todas as noites, e só poida pronunciar palabras incomprensíbeis para eles. Nos seus contos Cerdeira transmitíalle ao tritón Paolo, á perca Carmelo, ao moucho Paulino, á toupa Aurelio e ao coello Tardón historias como a "do elefante que se balanceaba sobre a tea dunha araña" e tamén a importancia de "coidar e levarse ben cos irmáns e amigos". O relato péchase cun final feliz no que Cerdeira bautiza os animais que a axudaron como "o equipo gardián da Cerdeira". As ilustracións, de Xoana Almar, nome profesional de Xoana Álvarez, e Miguel Peralta, de cores cálidas e formas curvas, complementan os textos e facilitan a lectura. Trátase de deseños centrados nos animais protagonistas que adoptan actitudes antropomórficas.

Ferreira, Víctor, *O polbo de Mugardos*, ilust. Xoti de Luís, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores, [lectorado autónomo], 2012, [34] pp. (ISBN: 978-84-15086-22-2).

Álbum narrativo, de marcado carácter didáctico, da autoría de Víctor Ferreira. Dedicado "Aos meus polbiños Alba e Noa", presenta a historia do polbo de Mugardos chamado Caramés, do que se afirma que foi amigo de Xulio Verne e inspirou a este as súas obras *20.000 leguas baixo dos mares* e *A invasión do mar*. Dise que o retratou o explorador e investigador mariño Jacques-Ives Cousteau dende o seu buque Calypso e que mesmo Neptuno o escolleu de asesor ao consideralo "o intelectual dos mares". A súa sabedoría amósaa, por exemplo, na escola *Haliphron do Atlántico*, onde ensina aos polbiños a fuxir das redes de arrastre, dos depredadores e a se defender fronte os seus inimigos: o mero, a morena e o congro. Coñecido polas súas habelencias para fuxir das celadas, que motivaron que lle chamaran "o grande escapista, o Gran Houdini, o mago Antón das costas de Galicia", acordou co seu amigo Luís *O mares* ofrecer na anual Festa do Polbo tamén sardiñas e raxo para protexer a especie. A historia remata coa "Receita de polbo á mugardesa da avoa Mariña" e compleméntase cunha "Guía de lectura" realizada pola licenciada en Filoloxía Galega Verónica Ruíz Garrido onde responde a diferentes preguntas resaltando o didactismo do contido narrado. As ilustracións deste álbum son obra de Xoti de Luís. Na cuberta e contracuberta amósase unha imaxe panorámica de Mugardos, mentres que no interior, as composicións, realizadas con acuarela en tonalidades suaves para os fondos, completan os textos achegando información visual sobre os lugares, a paisaxe e os animais protagonistas. O polbo protagonista debúxase con trazos enérxicos de carbón.

Ferrer, Ánxeles, *Un fogar para Estrela*, ilust. da autora, A Coruña: Everest Galicia, col. Rañaceos, a partir de 8 anos, 2012, 46 pp. (ISBN: 978-84-403-1204-4).

Conto ilustrado de Ánxeles Ferrer (O Barco de Valdeorras, Ourense, 1957) que relata a historia dunha parella de cegoñas, Catarina e Rufo, que, tras a viaxe migratoria, fan o seu niño no campanario dunha igrexa coa intención de formar unha familia. Os homes da vila destrúen o seu fogar e matan a parella, aínda que Catarina é quen de poñer un ovo antes de morrer. Unha rapaza chamada Fada atópao, lévao para a súa casa e cóidao até que nace unha cegoña que bautiza co nome de Estrela. Ambas as dúas viven felices até que un día de outono Estrela aprende a voar e os homes da vila, que non queren as cegoñas, aparecen na casa da Fada e feren o animal. A rapaza cura as feridas da cegoña e, para que estea a salvo dos perigos, obrígaa a marchar cara ao sur cunha manda de cegoñas. O relato textual acompáñase das ilustracións figurativas, realizadas con pintura e de cores cálidas (ocres, laranxas, vermellos, marróns etc.) da propia autora. A imaxe da cuberta avanza que as cegoñas van ser as protagonistas do conto.

Recensións:

- María Otero, "Poesía visual de cegoñas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 479, "Letras en galego", 11 agosto 2012, p. 8.

Ademais de resumir a trama da narración destácase o diálogo entre imaxe e palabra que realiza a autora no libro. Cualifica este de pura artesanía e di que a temática ten intención ecolóxica. Dáse tamén noticia do *booktrailer* levado a cabo por Criatura Amorfa Producións con música de David Prada.

Fraga, Beatriz, *O Rei Portador e outras historias*, ilust. da autora, Santiago de Compostela: Euseino? Editores, col. Rúa do Lagarto, n.º 1, [lectorado mozo], 17 decembro 2012, 68 pp. (ISBN: 978-84-616-1835-4).

Volume que acolle cinco contos de Beatriz Fraga (Carballo, 1967) nos que a autor ofrece a súa particular ollada de recoñecidas historias mitolóxicas. Ábrese cunha cita do *Timeo* de Platón, á que lle seguen as cinco narracións. Na primeira delas, "O Rei Portador", cóntase a historia do rei de Mauritania, chamado Atlas, quen descubriu a esfericidade da Terra e que, cando chegaron os gregos, foi expulsado ao extremo occidental do mundo, máis alá das columnas de Heracles. Como consecuencia perdeu o seu magnífico xardín e os seus froitos, entre os que se atopaba unha maceira que daba as mazás douradas da inmortalidade, custodiadas polas Hespérides, e que se converteu na cordilleira do Atlas. En "A torre que quixo acadar o ceo" relata a historia coñecida da construción da Torre de Babel que co paso do tempo xerou envexas entre os seus moradores até quedar abandonada no deserto. Os homes que marcharon crearon diferenzas lingüísticas entre eles e volveron á vida primixenia, mentres que os más fieis habitantes, os "homes azuis", quedaron a vivir no deserto. No relato "A egua preñada" cóntase como Odiseo conseguiu entrar en Troia e vencer os troianos construíndo unha egua de madeira na que se escondeu cos seus soldados e que os troianos consideraron un agasallo para os deuses. "O xigante" é a historia da construción do coloso de Rodas en honor ao deus Helios para celebrar a vitoria sobre Demetrio e do seu derrubamento a causa dun sismo. Por último en "Berenice" cóntase a historia de amor da raíña libia

Berenice de Cirene quen sacrificou a súa longa melena dourada para que o seu marido Ptolomeo III volvese san e salvo da guerra como desapareceu a melena do templo de Afrodita e se converteu no conxunto de estrelas de nome Coma Berenice. Cada relato acompáñase de varias ilustracións da autora a cor que salientan os motivos principais de cada relato.

Frías Conde, Xavier, *O caso máis estraño do detective Marschen*, ilust. Enrique Carballeira, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, a partir dos 12 anos, 2012, 180 pp. (ISBN: 978-84-9865-464-6).

Conxunto de microrrelatos de Xavier Frías Conde (Béjar, Salamanca, 1965) no que se abordan temáticas variadas mais que teñen como nexo común un desenlace inesperado no devir da trama e o protagonismo de obxectos personificados.Trátase de "Os autos tamén pensa", "Bruxaría", "O caso máis estraño do detective Marschen", "No medio do deserto australiano", "Á caza do androide", "Mamá sempre ten razón", "Operación limpeza imposíbel", "O misterio do bandullo crecente", "O estraño caso de P.H. Libus", e "O misterio do marionetista". Neles aparecen intertextualidades con obras da literatura universal e están presentes a crítica social, a retranca, o misterio, trazos da novela policial e maioritariamente a fantasía xerada a partir da realidade. As ilustracións, de estilo caricaturesco, de Enrique Carballeira, están próximas aos debuxos de cómic. Trátase de composicións que se centran en detalles ou escenas significativas da narración.

Gallego Abad, Elena, *Dragal III. A fraternidade do dragón*, deseño da cuberta Miguel A. Vigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 142, [mocidade], xullo 2012, 305 pp. (ISBN: 978-84-9914-270-8).

Terceira entrega da serie de Elena Gallego Abad (Teruel, 1969) na que continúa a recreación de mundos mitolóxicos e lendarios a través das vivencias de Hadrián, o herdeiro do dragón. A aventura iníciase despois do incendio da igrexa de San Pedro, que provoca un gran desconcerto e impide o acceso ás catacumbas, onde se atopa o templo secreto do dragón. Este feito provoca que unha serie de personaxes vaian xurdindo ao redor das pescudas sobre a existencia de dragalianos e a misión á que están chamados: reunir a fraternidade e restaurar o tempo do dragón para loitar contra os inimigos da memoria e da cultura. A medida que avanza a trama vaise descubrindo quen son os integrantes desta irmandade, que ten que reunir os sete membros que a integran e na que Hadrián é o Gran Mestre. As pescudas do policía Cortiñas van botando luz sobre os herdeiros dos integrantes orixinais, entre os que está Mónica, o párroco don Xurxo, o propio Cortiñas, a nai de Hadrián e Iria Fariñas, directora do museo, marcados todos eles cun "ouroboros" na pel do antebrazo, aos que se lles une Brais, un curioso e intrépido mozo que sen saber porqué colecciona todo tipo de monstros e seres estraños. Deste modo, a identidade agochada durante séculos sitúa a todos eles no lugar elixido pola profecía, a media noite da primeira lúa chea do equinoccio de primavera, na que se evita que Hadrián morra, vítima dunha mutación nas conexións neuronais que o converten en dragón. A ilustración da cuberta, obra de Miguel Abad, presenta unha imaxe inquietante. Trátase dunha fotografía, enfocada dende moi preto, do ollo dun réptil no que se reflicten unhas figuras misteriosas e que, xunto coa referencia ao dragón

do título, fai que o lectorado se sinta vixiado. A tipografía gótica empregada para o título achégao a unha época de arcanos.

Recensións:

- Isabel Mociño, "A saga do dragón 'Dragal' e os inimigos da memoria", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 6 novembro 2012, p. 42.

Comeza lembrando os títulos que integran a triloxía de Helena Gallego para, a seguir, sinalar que son obras dirixidas ao lectorado mozo, pero tamén de interese para os adultos, nas que se recorre á recreación de mundos mitolóxicos e lendarios, cunha forte pegada de elementos identitarios. Lembra que con anterioridade autores como Suso de Toro, Xosé Luís Méndez Ferrín, Carlos G. Reigosa ou Darío Xohán Cabana tamén se situaron nesta liña temática e formal. Salienta que en *Dragal* se poden observar trazos da novela de aventuras, das policiais, das de detectives e de iniciación, ademais de múltiples referencias que enlazan coa tradición culta e popular. Confía en que a serie teña continuidade polo final aberto desta entrega e recomenda a lectura dunha obra na que se recrea a eterna loita do ben contra o mal, os medos e inseguridades propios da adolescencia, a dualidade do ser humano e a descuberta da identidade.

Referencias varias:

- Paloma Muleiro, "Dragal' es perfectamente adaptable al cine", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 5 xullo 2012, p. 47.

Entrevista a Elena Gallego Abad na que se fala da súa obra *Dragal III. A fraternidade do dragón*. Di que non esperaba tanta acollida por parte do público e fala sobre o labor de documentación previo á escrita dos volumes.

- Á. Pazos, "Elena Gallego presenta su trilogía 'Dragal' en la sala Amalia Dominguez de Bueu", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", 18 novembro 2012, p. 17.

Informa da presentación na sala Amalia Domínguez de Bueu da triloxía *Dragal*, de Elena Gallego Abad. Di que o acto contou coa presenza de numeroso público, así como cun dragón de gran tamaño realizado polo club Golfiño. Comenta que ademais do "tráiler" do libro os asistentes gozaron da conversa mantida entre a autora e Fernando Miranda.

Galego Gen, Ana María, *Bandeiras negras*, V Premio Meiga Moira 2012 de Literatura Infantil e Xuvenil, ilust. Cristal Reza, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 25, [lectorado mozo], novembro 2012, 100 pp. (ISBN: 978-84-9995-047-1). ■

Novela de aventuras, de tipo clásico, de Ana María Galego Gen (Ferrol, 1970), gañadora do V Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil, na que ao longo de catro capítulos se narra a vida de Providence dende que é unha nena escrava de nove anos en Barbados até a súa chegada a Fisterra, xa muller, onde se reúne co seu home, Long John Silver. Estas vivencias céntranse nos anos de navegación en barcos piratas,

como o de Barbanegra, Stunt ou England, que lle permiten viaxar por todo o mundo e a través das que se aproxima ao lectorado actual unha relectura da novela de Robert Louis Stevenson, *A Illa do Tesouro*, feita dende unha perspectiva eminentemente feminina, ao focalizarse pola narradora-protagonista e reflectir a súa percepción do mundo e da sociedade na que lle tocou vivir. Providence demostra co paso do tempo a afouteza para superar as dificultades que a vida lle presenta, en especial a súa pertenza a unha raza e condición social que a converten nun ser sen dereitos, supeditada aos colonos brancos, e da que foxe a través da adopción dunha identidade masculina, ao se converter no grumete Chris no barco do capitán Bonnet. Unha identidade falsa que lle dá a oportunidade de coñecer o mundo con seguridade e vivir unha vida fóra do alcance de calquera muller de entón, integrándose nun universo dominado pola loita e as traizóns, pero no que tamén abrolla o amor, a esperanza e a liberdade. As ilustracións de Cristal Reza (Celanova, 1984) ocupan a páxina enteira. O encadre é uniformemente próximo, cortando as figuras, como si o lector compartira o mesmo espazo con elas e se involucrara así na historia que protagonizan. Emprégase exclusivamente a cor gris, degradada con sutileza para plasmar as formas, establecer os planos e salientar os volumes cun resultado demasiado discreto e delicado para o gusto infantil. Polo contrario, as figuras amosan unha caracterización moi acusada, fortemente lineal, con trazos, xestos e actitudes psicoloxicamente ben logrados.

Gómez, Kike, *De profesión inventor*, ilust. Irene Sanjuán, A Coruña: Editorial Bululú, [lectorado autónomo], novembro 2012, [34] pp. (ISBN: 978-84-616-1542-1).

Kiko Gomez presenta por medio dun narrador en terceira persoa a Martiño, un neno ao que todos chamaban o Lumbreras porque se denominaba a si mesmo "o inventor", malia as súas ideas convertérense en "trebellos absurdos e inservibles", caso da culler coitelo, do reloxo de vinte e catro horas e media, etc. Grazas ao narrador o lectorado agardado coñece as razóns polas que Martiño decide "crear o seu propio amigo" e como este, un raposo ao que el educa, conseguirá devolverlle o creto entre a comunidade na que habita.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, "O mundo dixital revolucionou o labor editorial, democratizouno", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 30 outubro 2012, p. 11.

Entrevista a Pablo Zaera, editor ferrolán asentado na Coruña, propietario da libraría Cascanueces e que vén de introducirse no mundo da edición. Nela dánse conta dos diferentes proxectos do selo Zaera Silvar e do creado máis recentemente, Bululú, para libros de infantil. Neste último anúnciase a publicación, tanto en galego coma en castelán, de *De profesión inventor* e de *As viaxes de Gulliver*. Finalmente Pablo Zaera fala da crise nas editoriais e dos proxectos futuros no que a internet ten protagonismo.

- X. F., "Nace a editorial Bululú, especializada na publicación de álbums ilustrados", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 novembro 2012, p. 29.

Anúnciase a presentación dun novo proxecto editorial, Bululú, no que se publicarán álbums ilustrados. Dise que xurdiu a raíz da aparición na editora Zaera Silvar d'*O*

Crebanoces, de David Pintor e María Canosa. Infórmase que non só publicará álbums de carácter infantil e que, malia o dito, a ilustración será o "elemento común". Dáse conta das publicacións que está previsto que, en breve, saian a lume: *De profesión inventor* e *As estrambóticas viaxes de Gulliver*, das que se ofrece algún trazo argumental e das que se di que sairán tanto en galego como en castelán. Finalmente recóllense as palabras do editor respecto ao seu obxectivo neste novo selo editorial, malia non contar con apoios institucionais.

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 1 decembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á presentación desta obra en Lugo, concretamente en El Faro de los Tres Mundos.

González Costa, Teresa, *Eu, pel*, deseño da cuberta Miguel A. Vigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 144, [mocidade], setembro 2012, 272 pp. (ISBN: 978-84-9914-434-4).

Tras unha dedicatoria "Para a creadora e o creador de perspectivas máxicas e, con eles, para o pintor-paxaro cuxo voo tantas veces contemplamos", Teresa González Costa (O Grove, 1975) presenta unha novela con trazos da utopía científica, do gótico e da fantasía. Iníciase cunhas escenas caracterizadas polo misterio e a atmosfera tétrica, que crean suspense ao lector, nas que se narra o nacemento dun ser estraño e especial no castelo da familia Semper-Vanien en Illa Meridiana e se contan os estraños experimentos que alí realiza o dono, Guido Semper. A seguir, mediante o *flash forward*, hai un cambio de escenario para presentar novos personaxes, o pintor Leopoldo Galeán, a rapaza Niki e Tomás, o mozo da que Niki se namora. O Ser Innominable, que naceu sen pel debido ao abuso de súa nai coa inxestión de pílulas e que esconde o seu rostro tras unha máscara, instaura en Illa Meridiana un goberno marcado polo dominio e a uniformidade na súa obsesión por sentirse amado e respectado, impoñendo unha sociedade caracterizada pola submisión total e a eliminación de calquera pensamento de rebelión así como na que os seus habitantes son bañados nun líquido ectosensitivo, que lles achega unha sensación de serenidade, benestar e felicidade en comuñón co considerado Benfeitor (o Innominable). Malia ese adoutrinamento, na cidade xorden voces disonantes e insurxentes que se opoñen ao estado ditatorial que, baixo unha fachada de benevolencia, busca o control absoluto da poboación. Na obsesión do Innominable por conseguir unha pel serán fundamentais os dotes especiais de Niki sobre as gamas cromáticas, quen se verá obrigada a crear unha tintura da cor da pel inalterábel á acción da luz, resistente ás inclemencias atmosféricas e con capacidade de autoprotección. A cuberta deste libro sitúa o lectorado fronte a unha novela de misterio. Na fotomontaxe, obra de Miguel A. Vigo, a imaxe, na que se observa un grupo de persoas baixo unha rede de fíos así como, por enriba de todo, no ceo, un ollo vixiante dominando a escena, anticipa un relato dunha comunidade subxugada por un ser omnímodo e omnipresente. Sobre esta composición, de cores escuras e frías, destaca unha man, pintada en cores alegres (verde, amarelo, violeta, vermello etc.), que representa a persoa que vai facer fronte a ese ser.

Recensións:

- Carmen Ferreira Boo, “Teresa González achégase ao lectorado xuvenil con ‘Eu, pel”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 19 decembro 2012, p. 42.

Indica os galardóns recibidos pola filóloga Teresa González Costa e salienta que esta novela é a súa primeira obra dirixida ao lectorado xuvenil, na que se mesturan “trazos da utopía científica, do gótico e da fantasía”. Comenta o argumento e lembra obras pioneiras da novela gótica. A seguir, apunta que a obra “é un bo exemplo de distopía” que lembra novelas, como *Un mundo feliz* (1932), de Aldous Huxley, e *1984* (1949), de George Orwell, e filmes, como *La naranja mecánica* (1971), de Stanley Kubrick, e *La isla* (2005), de Michael Bay. Finalmente salienta trazos temáticos, como o amor adolescente entre a moza Niki e Tomás, o aprendiz de pintor, e motivos dos contos marabillosos, como a orfandade e o príncipe rexeitado.

- Rocío Moar Quintela, “Máxico e antiutópico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 434, “Libros”, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 386, “Letras galegas”, 24 novembro 2012, p. 7.

Despois de salientar algunhas das facetas polas que Teresa González Costa é recoñecida, detense nesta primeira novela xuvenil da autora do Grove da que se ofrece o argumento. Destácase a presenza de numerosos elementos pictóricos, símbolos e rituais, así como as “ben medidas” doses de teatralidade. Conclúese destacando que a obra “fálanos das consecuencias de soidade e do rancor e tamén da necesidade de contacto e aceptación”.

- Olalla Sánchez, “Poder decidir por un mesmo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 498, “Libros Juvenil”, 22 decembro 2012, p. 5.

Dise que a autora se suma á “tendencia de ambientar historias en sociedades distópicas nas que se elimina a elección persoal” e coméntase que na obra, que “convida a reflexionar sobre as consecuencias de non ser aceptado”, se atopan características dos xéneros fantástico e gótico.

Referencias varias:

- T. M. , “Teresa González presenta hoy su libro ‘Eu, pel”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 4 decembro 2012, p. 14.

Anúnciase a presentación de *Eu, pel* na Galería Besada nun acto organizado por Edicións Xerais de Galicia. Dise que autora estará acompañada por Tito Díaz e Manuel Bragado. Finalmente, coméntase que a Galería Besada segue sendo un local de referencia para todo tipo de actos culturais.

González Fernández de Tejada, Manuel, *Plof. Historia dun globo*, ilust. Xoana Álvarez Martín, Santiago de Compostela: Contos Estraños Editora, [lectorado autónomo], 2012, 58 pp. (ISBN: 978-84-939712-5-0).

Álbum de Manuel González Fernández de Tejada que se abre con dous paratextos, en forma de dedicatorias, responsabilidade do autor e da ilustradora. Unha terceira persoa narrativa, con constantes apelacións ao lectorado, conta a historia de Plof, un globo de goma, grande e dunha cor verde moi brillante, que vive nunha escola onde os nenos aprenden todo xogando. Farto de que o apalpen e lle dean golpes, ansía poder voar e fuxir pola xanela. Aínda que Lúa e Bea tentan axudalo, será finalmente Xoana, unha nena medio meiga, quen lle permita facer realidade o seu desexo non sen antes advertirlle das consecuencias que terá o feito de ser picado cunha espiña dunha rosa. Grazas á Xoana Plof poderá coñecer cousas que non sabía que existían, tales como as nubes, as tormentas e o mar, lugar este último no que se desfai por completo. A narración textual deste álbum acompáñase das ilustracións de Xoana Álvarez Martín.

Referencias varias:

- Manuel González Fernández de Tejada, "Plof. Historia dun globo", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 26 maio 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento de *Plof. Historia dun globo*, obra escrita por Manuel González Fernández de Tejada e ilustrada por Xoana Álvarez Martín.

Guerra, Mar, *Señor Meco*, ilust. Evaristo Pereira, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 220, de 11 anos en diante, outubro 2012, 160 pp. (ISBN: 978-84-9914-404-7).

Nova proposta narrativa de Mar Guerra (Madrid, 1963), dedicada "A Javier, que chegou de segundo pero sempre soubo ser único" e estruturada en catro bloques encabezados polo nome dos seus protagonistas: "Manu", "Xan", "Mkono" e "Lorie". A longo deles entretécese a historia de Manu, un rapaz un tanto enredante e nugallán que seus pais sempre están a comparar co seu irmán xemelgo, que naceu sete minutos antes ca el e se caracteriza pola súa extrema responsabilidade e a súa querenza pola lectura, de aí que a nai adoite referirse a Manu a partir do alcume "Ao-revés-ca Xan". A amizade que Manu, tamén chamado Manuel ou Nano, estabelece con Mkono, un rapaz africano dedicado á venda ambulante, fai que gurgulle ese sufrimento interior que o magoa, pois séntese menosprezado polos seus con respecto ao seu irmán. A actitude desleixada e mesmo agre que este mantén con Manu e só unha aparencia, xa que, no fondo Xan tenlle estima a seu irmán e mantén en segredo a súa relación con Mkono para non estragarlle a Nano a ilusión de crer que só é amigo de seu. As vivencias de Manu e Xan, que lle asignarán a Mkono o nome do señor Meko e Mykono, respectivamente, alternan coas deste congolés, gran contador e lector de historias, que os converte nos seus confidentes e os fai coñecedores dos seus recordos da infancia, das vellas anécdotas familiares, da súa lingua suahili... A historia alcanza o seu cume cando a nai de Manu rexeita a súa proposta de adoptar a Mkono como fillo e foxe da casa para refuxiarse no piso que este compartía con outros inmigrantes, entre os que destaca Lorie, quen lle axudara na súa crúa peripecia de abandonar África e buscar un futuro máis esperanzador en Europa. A chegada dunha carta pecha esta novela na que Mar Guerra volve perforar na psicoloxía infantil e asentar parte do seu discurso narrativo no xogo coa linguaxe, á vez que lle dá voz á dura experiencia dos inmigrantes a través do señor Meco, que será o punto de confluencia e de entendemento de dous rapaces occidentais. As ilustracións

figurativas de Evaristo Pereira (Vigo, 1959) presentan, cun estilo caricaturesco, os protagonistas en contornos cotiáns, expresando diferentes emocións e marcando a diferenza de etnias ás que pertencen. A imaxe da cuberta presenta a dous rapaces contentos, un branco e outro negro. No interior as imaxes con cores suaves e planas correspóndense con escenas importantes do relato.

Lamela, Susana, *Andeis baleiros*, ilust. María Lires, Vigo: Edicións Tambre, col. Ala Delta, serie vermella, n.º 20, a partir dos 5 anos, 2012, [42] pp. (ISBN: 978-84-15165-69-9).

Tras unha dedicatoria ao seu ratiño Roi, Susana Lamela (Ponteareas, 1975) presenta unha historia que transcorre na vila de Lemoito, no val de Lepouco, preto de Leracotío, Lerasveces e lonxe de Lerentrenós. Todos os días as palabras saen das casas e desta vez tócalle a quenda ás palabras de Ani, o libro de contos tradicionais dos cinco continentes que Mar, unha rapaza que vive en Lerentrenós cos seus avós sacou da biblioteca. Cando Ani chega á casa de Mar queda triste de non ver libro ningún nela. A rapaza decide levar a Ani ao faiado, onde agás un libro xa velliño que hai nun recuncho, todos os andeis están baleiros. Ramsés, que é como se chama o vello libro, cóntalle a Ani que antes os andeis estaban a rebentar con libros que a avoa lía durante horas até que quedou cega. Apesarados, os libros tiveron que marchar a outros fogares, quedando só Ramsés e un rato que comezou a rillar nel para aprender a falar cos humano pero que axiña marchou porque non conseguiu o seu obxectivo. Pasado un tempo, Mar leva a Ani novamente á biblioteca, onde a bibliotecaria a coloca de volta no seu andel. As ilustracións coloristas e alegres de María Lires (A Coruña, 1973) recrean escenas nas que os libros protagonistas entran en acción e se dispoñen a viaxar.

Laso Lorenzo, Rafael, *Cartas ao director*, Vigo: Editorial Tambre, col. Catavento, n.º 31, [lectorado mozo], 2012, 130 pp. (ISBN: 978-84-15165-72-9).

Novela de misterio, terror e fantasía de Rafael Laso Lorenzo (Xinzo de Limia, Ourense, 1965). Está dedicada a Loli e a Rodrigo e estrutúrase en trinta e un capítulos. No primeiro, explícanse as razóns polas que o narrador decidiu escribir unha historia cada día na sección "Cartas ao director" dun xornal para, nos capítulos restantes, reproducir as cartas enviadas. Así coñécese como Pancho, antes de morrer, lle pide un favor ao protagonista, unha petición que tamén lle fai a Ánima da Sombra: ten que atopar o lugar no que ela debe descansar e loitar contra o Mal (en caso contrario, a súa vida finalizará, do mesmo xeito que lle acontece a Pancho, ao non conseguir cumprir co que se lle solicitou). O protagonista reúne unha serie de pistas e percorre varios lugares da xeografía galega para conseguir os seus obxectivos: a propia salvación e a da Ánima da Sombra, así como a derrota do demo. Dado que o tempo está limitado, a rapidez é imprescindíbel para obter o éxito. A ilustración da cuberta, unha fotografía de Thinkstock na que aparecen unhas lápidas de pedra nunha noite escura, avanza unha novela de misterios e espíritos.

Recensións:

- R. N., “Badaladas e espectros”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 473, “Letras en galego”, “Libros de verán”, “Longa noite de medo”, 30 xullo 2012, p. 8.

Comenta que *Cartas ao director*, de Rafael Laso Lorenzo, se vencella á temática de terror e salienta a presentación dos evidentes “signos do mal” que constrúen un “torbellino” ao que se pretende pór solución. Ao articulista resúltalle interesante tamén o achegamento ás tradicións lendarias e antropolóxicas presentes na obra, como é o percorrido polas igrexas galegas trasladadas.

Referencias varias:

- Carolina A. Piñeiro, “Casares é insustituíble, non só como escritor”, *La Región*, “Ciudadanos”, 10 maio 2012, p. 13.

Rafael Laso Lorenzo presenta a súa última novela, *Cartas ao director*, e explica que cambia de rexistro para inserirse na novela de terror, ao tempo que adianta aspectos da homenaxe a Carlos Casares que se está a preparar.

- Ana Baena, “Vencer ao demo con ‘Cartas ao director’, o novo de Rafa Laso”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 28 novembro 2012, p. 8.

En primeiro lugar recóllense as palabras de Rafael Laso nas que dá conta da orixe desta novela clásica de terror que vén de publicar. Dise que saíu a lume nunha colección xuvenil da editorial Tambre e coméntase, moi brevemente, a súa estrutura. Tamén se recollen as declaracións do escritor arredor das historias de medo e da materia susceptíbel de ser obxecto literario “na época das videoconsolas e das redes sociais”.

López-Barxas, Paco, *Os tesouros da illa de Granellandia*, ilust. Eugenio Granell e Fausto Isorna, Santiago de Compostela: El Patito Editorial/Consorcio de Santiago, [lectorado autónomo], 2012, [48] pp. (ISBN: 978-84-939434-8-6[I1]). ■

Conto asinado por Paco López-Barxas, nome literario de Francisco López Rodríguez (Ponte Barxas, Ourense, 1952) que aparece ilustrado con pinturas de Eugenio F. Granell (A Coruña, 1912-Madrid, 2001) e debuxos adicionais de Fausto Isorna (Catoira, 1961), editado co gallo de se cumprir o centenario do nacemento do artista. O texto baséase na vida de Granell e na súa relación coa creación artística dende a infancia e vai percorrendo os espazos fundamentais para o pintor (Santiago de Compostela, Francia, América). Tamén trata de explicar a orixe surrealista da simboloxía que aparece nas súas pinturas. O volume leva como engadido unha páxina que recolle a biografía do poeta e cinco máis coa reprodución dos cadros que serven de apoio ao texto.

Referencias varias:

- A.I.S., “Paco López-Barxas presenta su libro ‘Os tesouros da Illa de Granellandia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 12 decembro 2012, p. 27.

Anúnciase a presentación desta obra na Fundación Eugenio Granell, dise o motivo da súa publicación e os seus responsábeis e sinálanse algúns dos persoeiros que participarán nela.

- Ana Iglesias, "López-Barxas enseña en un cuento infantil los tesoros de Granell", *El Correo Gallego*, "Santiago", 13 decembro 2012, p. 30.

Informa da presentación na Fundación Eugenio Granell deste conto asinado por Paco López-Barxas. Dise que esta publicación se suma aos actos conmemorativos do centenario do nacemento do autor e dáse conta do seu contido. Recóllense algunhas palabras dos participantes na presentación.

- N.M., "Eugenio Granell foi o surrealista en estado puro", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 27 decembro 2012, p. L2.

Recóllense as palabras do autor a respecto das razóns que o levaron a escribir esta obra dun artista co que mantivo unha grande amizade e destácase que "nunca se relacionara a súa figura cos máis pequenos".

López López, Xabier, *Cando Artur non era rei*, deseño da cuberta Fausto Isorna, limiar do autor, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], novembro 2012, 103 pp. (ISBN: 978-84-9865-467-7).

Novela de Xabier López López (Bergondo, 1974) que se abre cun limiar do propio autor no que reflexiona sobre a importancia da literatura artúrica, que funciona como referente na obra, á vez que cita outras fontes máis antigas da literatura universal, como o *Libro de Calila e Dimna* e o *Pancha-tantra*. Chama tamén a atención sobre a mestizaxe da historia narrada, na que aparecen elementos de diferentes culturas (celta, persa, hindú, árabe, grecolatina) e a súa concepción da novela como unha reescrita actual do ciclo artúrico. A seguir recréanse as aventuras de tipo cabaleiresco ambientadas na xuventude do rei Artur, dende que se atopa no bosque sagrado de Tinteol con catro compañeiros: o cabaleiro bretón Lanzarote, o labrego Trim e o fillo do mercador Zeuxis, cos que percorre lugares e coñece a xentes de todas as condicións. Disfrazado de mendigo, Artur ten que superar as probas que Merlín Silvestre lle impón durante a súa aprendizaxe, experiencias de maduración que comparte cos outros mozos nunha viaxe física e emocional na que se deixan sentir os presaxios de futuro e as palabras sabias de Merlín. Péchase a novela cun "Glosario (non só) artúrico" no que se ofrece información relevante sobre personaxes e lugares, axudando ao lectorado na comprensión da historia. Na esquina superior, o deseño de Fausto Isorna sitúa unha imaxe dun gravado clásico. A imaxe dun cabaleiro medieval con capa e espada contextualiza o contido do libro na época medieval. No interior non hai imaxes.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "A narrativa curta domina o outono literario en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 setembro 2012, p. 27.

Dáse conta das novidades narrativas do outono, entre as que se atopa *Cando Artur non*

era rei, de Xabier López.

- Olalla Sánchez, "Unha historia de lenda", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 498, "Letras juvenil", 22 decembro 2012, p. 5.

Entre outras novas literarias, informa que Xabier López López deu a lume unha nova novela xuvenil "de estilo coidado" e que trata unha temática xa coñecida, as aventuras do rei Artur, "dende unha orixinal perspectiva". Afirma que é unha "viaxe iniciática chea de probas e fazañas na que non faltan amizades históricas e amores".

Lorenzo Corcoba, Mariné, *Un soño na bandexa*, ilust. Ana Francisco e Jorge Vázquez, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [lectorado autónomo], 2012, [24] pp. (ISBN: 978-84-9865-427-1).

Tras apuntar as orixes deste volume no seo da Fundación Merela de Vigo para as persoas con trastornos do espectro de autismo e as súas familias, recóllese a historia, realizada por Mariné Lorenzo Corcoba, na que, acompañada de pictogramas de doada lectura, o lectorado agardado coñece a unha rapaza que lle pide unha cunca de chocolate quente con anís, un soño que perdeu, uns Reis Magos e un Apalpador, un grande sorriso, un queixo con mel, unha folla de papel, unha aperta amiga, un día de frío para compartir e un bico a un camareiro. Cando pide a conta este dille que está convidada a todo. A narración textual acompáñase das ilustracións a dobre páxina, de cores alegres e trazos suaves, de Ana Francisco e Jorge Vázquez, nas que se repiten as circunstancias que vai marcando o texto. O deseño das figuras fai especial fincapé na expresividade dos rostros que reflicten emocións moi diversas.

Maceda Abeleira, Beatriz, *Man, o alemán de Camelle*, ilust. Laura Veleiro Suárez, A Coruña: Edicións Galebook, [lectorado autónomo], 2012, [42] pp. (ISBN: 978-84-940735-0-2).

Conto de Beatriz Maceda Abeleira (A Coruña, 1963) no que, a modo de biografía, se achega á figura de Manfred Gnädinger, coñecido como Man, o home de orixe alemán que chegou a Camelle nos anos sesenta e que decidiu quedar até o final da súa vida en 2002. Considera a este home un heroe pola súa defensa da natureza e explica como foi a súa vida dende que chegou a Galicia como turista, onde decidiu instalarse e darlle un xiro á súa vida, adaptándose ao medio, renunciando a todo o que non lle ofrecía a natureza e construíndo unha casa á beira do mar, que converteu en museo co traballo das súas propias mans. Explica que Man loitou ao longo da súa vida polo respecto á natureza e contra todos os ataques ao medio, como a construción dun dique de abrigo, até que se produciu a catástrofe do Prestige, momento no que Man chora sen consolo ante a chegada do chapapote e se pecha na súa casa, onde o atopan morto aos poucos días. As ilustracións de Laura Veleiro Suárez (Xixón, 1970) transmiten plenamente as propiedades da acuarela, a base de grandes manchas líquidas, tons sutís e efectos vaporosos sobre as que se superpón o complemento lineal do debuxo delicado que acentúa as formas evitando que queden nun segundo plano. O tratamento de cada escena destaca o contexto específico da contorna mariñeira antes que a figura do protagonista, salvo no caso da súa face, plasmada en primeiro plano, para transmitir a idea dunha personalidade fundida cun espazo determinado.

Maceiras, Andrea, *O segredo do lagarto arnal*, ilust. Noemí López Vázquez, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 26, [lectorado mozo], novembro 2012, 126 pp. (ISBN: 978-84-9995-048-8).

Novela de Andrea Maceiras (A Coruña, 1987) que se abre cun paratexto en forma de dedicatoria da autora ("Para meus pais e avós, que saben de árbores e de refráns, de tempo e de segredos"). Está protagonizada e narrada en primeira persoa por un rapaz chamado David (ou Arnal, como lle chama o seu curmán Marcos) que vai rematar os seus estudos primarios. Ao longo de doce capítulos e un epílogo dáse conta dos múltiples problemas que roldan pola súa cabeza: o divorcio dos seus pais, a inquedanza por empezar no instituto e unha recente obsesión polos lagartos. Este último problema será o que lle faga querer volver á aldea dos seus avós, Santo Antón de Piñeiro, e querer saber máis sobre a desaparición do seu curmán Marcos. As lustracións de Noemí López Vázquez (Lugo,1974) fan uso de grises moi matizados, con varios grados entre claridade e escuridade, por exemplo, á hora de conseguir efectos de profundidade espacial nos fondos. As figuras, en cambio, presentan trazos expresivos e sumarios, con fisonomías moi acentuadas, o que permite identificar sen dificultades a cada un dos personaxes. O elemento plástico dominante é a liña de contorno, que recorta cada figura cun grafismo nítido e concluínte, separándoa do fondo, que ás veces se disolve nunha sucesión de matices de gris. O punto de vista máis habitual é o superior, facendo que o espectador domine cada escena como si a estivera sobrevoando, pero reduce a súa implicación psicolóxica na mesma.

Recensións:

- Olalla Sánchez, "Contra os tabús xuvenís", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 498, "Libros Juvenil", 22 decembro 2012, pp. 4-5.

Ofrécese un breve resumo do argumento d'*O segredo do lagarto Arnal*, escrito por Andrea Maceiras e ilustrado por Noemí López. Cualifícase como unha novela áxil e entretida na que se "esconde unha realidade pouco tratada na literatura infantil": o paso á adolescencia e ao espertar á vida e as "crúas burlas xuvenís" que en ocasións afectan a rapaces, como o protagonista, introvertidos. Dise que a obra pon en valor "a tolerancia, a liberdade de opcións e defensa da identidade".

Martínez, Ana M.ª e Jesús **Toba**, *O corvo Roque*, A Coruña: Deputación da Coruña, 2012, [lectorado autónomo], 43 pp. (ISBN: 978-84-9812-172-8). ◆

Conto, da autoría de Ana Mª Martínez e Jesús Toba, que se abre cunha serie de agradecementos a diferentes persoas e institucións, unha cita tirada de Santiago "de Ubalia", un veciño de Muxía, a dedicatoria a Roque e a Daniel e a reprodución dun poema de Rosalía Fernández Rial sobre o crecemento persoal. A seguir, relátase a historia, ocorrida na vila de Muxía, de Roque, un corvo que nace un bo día no cume dunha cheminea nunha fábrica da Coruña e, a medida que vai crecendo, ten o desexo de voar até as estrelas. O seu destino muda sen remisión cando Toñico, un dos traballadores da fábrica, gabea até o seu niño e leva a Roque á súa aldea natal de Muxía, onde o instala coas galiñas que se mofan del por ser diferente a elas. Cansado disto,

decide mudar de actitude e convértese no xefe do galiñeiro. Pouco e pouco vaise amigando coas xentes da vila e afecciónase a coleccionar obxectos brillantes que vai agochando no faiado da casa de Toñico. O seu desexo de voar até o ceo faise realidade no momento en que Roque marcha, disque tras dunha corviña ben feita, e espalla a súa colección de obxectos. Pecha o volume un poema de Ana Mª Martínez, "Canto de berce para un corviño", de tres estrofas e rima asonante. As ilustracións, realizadas en tons pasteis as máis das veces, axudan a facilitar a lectura do texto.

Méndez, Roi, *Contos para ir durmir*, ilust. Joaquín París, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore, n.º 179, a partir dos 8 anos, febreiro 2012, 53 pp. (ISBN: 978-84-9865-414-1).

Compilación de contos de Roi Méndez (Vigo, 1968), dedicada aos seus fillos Eliana e Xosé e á súa compañeira Isabel, que introduce o lectorado agardado nun universo de fantasía que predispón á nenez a soñar con total liberdade. Está formado polos seguintes relatos: "Historia de A-na-ki-ño e o bonsai", no que o fillo duns emperadores xaponeses se fusiona co bonsai de acivro chinés que seus pais lle regalaron e que o rapaz coidaba con tanto amor; "Kelo. Andanzas dunha tartaruga", no que se conta a historia de Kelo, unha tartaruga de Florida que un bo día aparece na lagoa de Marcosende en Vigo; "Lúa. A historia dunha gatiña siamesa recollida nunha papeleira", narración na que os xemelgos Arón e Xiana atopan unha gatiña siamesa que deciden adoptar pero que ten tantos gatiños que seus pais deciden levalos á protectora de animais para que lles procuren unha familia de adopción; "Artai e o ourizo cacho", relato no que nunha ruta de sendeirismo Artai e seu pai Fidel atopan un ourizo cacho; "Historia do golfiño Plas-Plas", na que se conta como un bo día aparece un golfiño na antiga praia de San Sebastián que deciden bautizar co nome de Plas-Plas; "Trasnolandia", lenda protagonizada por uns trasnos que gastan bromas a fillos e fillas e a pais e nais cando esperan polo autobús do colexio cada mañá; "O reino de Orth", relato que trata sobre un reino invisíbel que só existe nas mentes dos máis cativos; "Xurxo e o afiador. De como viaxou no tempo", historia que refire a aventura de Xurxo cando coñece un afiador que lle ofrece viaxar no tempo; "A ra Bautista", narración que describe un fragmento da vida da ra Bautista e seus amigos e amigas no remanso do río onde vive; e "Unha viaxe no tempo", relato que fala da viaxe da imaxinación de Gael cando está onda súa nai no Museo do Mar en Vigo. Os textos acompáñanse das ilustracións figurativas de Joaquín París (Ourense), debuxos de tinta negra recheos por planos de cores azuis.

Recensións:

- María Navarro, "Para felices soños", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 417, "Libros", 31 maio 2012, p. 7/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 370, "Letras galegas", 2 xuño 2012, p. 7.

Preséntase a obra *Contos para ir durmir*, de Roi Méndez. Explícase que o autor crea un universo moi especial, a medio camiño entre a marabilla e a fantasía. Coméntase que se trata dunha serie de relatos curtos con múltiples argumentos e con ilustracións de Joaquín París, que axudan aos cativos a conciliar o sono.

Referencias varias:

- A. Baena, “Durmir aos meus fillos fixome escribir contos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 25 abril 2012, p. 9.

Entrevista a Roi Méndez, con motivo da publicación da súa última obra. Nela explica, entre outras cousas, cal foi a orixe desta serie de relatos.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 413, “Libros”, 3 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 366, “Letras galegas”, 5 maio 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que se trata dun monllo de historias ao xeito das fábulas. Tamén se describen *Galicia como tarea*, de Valentín Paz Andrade, e *Os xogos olímpicos de Ningures*, de Pinto&Chinto.

Mouriño, Miguel Anxo, *As noces do Arco da Vella*, ilust. Minia Regos, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, [lectorado autónomo], xuño 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-9865-277-2).

Conto infantil de Miguel Anxo Mouriño (Cambados, 1943) protagonizado por un neno chamado Paulo que é moi especial, xa que ten a alma de cores. Por medio dun narrador omnisciente, e partes de diálogo, relátase a aventura que Paulo vive un día que ía paseando co seu avó e atopa unha noz do Arco da Vella. Cando está saboreando o caramelo que a casca de aquel froito gardaba séntese atraído polo fume coloreado do Arco da Vella e dun pincho mergúllase nel. A paisaxe multicor que lle agarda dentro do arco é extraordinaria. Logo de moito andar chega a unha casa abraiante na que é recibido por unha vella moi guapa. Ela dille a Paulo que a morea de noces que hai nunha rede pendurada do teito do comedor están listas para ser transformadas e que espera que el a poida axudar nese proceso. Tras ser agasallado cunha cunca de leite con mel do Arco da Vella e un baño con auga, tamén do arco feiticeiro, Paulo sopra cara as noces e estas, de súpeto, cambian de aspecto. A vella agradécelle que fixera a transformación dos froitos, posto que agora xa pode agasallar os nenos con eles para que así teñan soños colorados. Ao aparecer de volta onde o seu avó, Paulo, cheo de alegría, cóntalle que estivo axudando a construír soños. As ilustracións, de tipo figurativo, son obra de Minia Regos (Pontevedra, 1983). O estilo infantil empregado serve para crear unhas imaxes alegres e coloristas. A técnica é a acuarela e as formas están rodeadas dunha liña fina. As composicións son a dobre páxina e os textos aparecen sobre espazos baleiros de formas.

Recensións:

- María Navarro, “Cores da alma”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 424, 27 setembro 2012, p. VII.

Resúmese o argumento do libro e sinálanse como aspectos positivos o uso da fantasía por parte do autor e a construción da relación entre o avó e o protagonista, así como a presenza dos elementos da natureza que contribúen a crear unha historia que ten como fin cultivar no espírito dos primeiros lectores o positivismo.

Pereledi, *Letras de xeo*, ilust. Andrés Meixide, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é Vivir, a partir de 10 anos, 2012, 115 pp. (ISBN: 978-84-403-1215-0).

Relato longo de Pereledi, nome literario de Pere Tobaruela (Barcelona, 1966) e Ledicia Costas (Vigo, 1979), no que se narran as aventuras emprendidas por Lois, o fillo do conserxe do CEIP do Piñeiro, e unha compañeira do centro escolar para descubrir o sentido oculto dunhas letras de xeo atopadas por Lois unha noite de treboada. Nas súas investigacións axúdaos unha policía atípica: a señora Matilde, quen vai gañando protagonismo na trama segundo avanzan os quince capítulos e é clave no desenlace. Na historia tamén ocupan un lugar destacado o espertar do primeiro amor entre os rapaces protagonistas e o xogo de crear palabras coas letras de xeo co que se implica ao lectorado que terá que descubrir o anagrama oculto na mensaxe conformada con todas as letras de xeo. Na cuberta pódese observar unha chuvia de letras en formato 3D e os protagonistas da historia nun fondo plano de cor branco. No interior, as ilustracións de Andrés Meixide (Vigo, 1970) presentan, á maneira da banda deseñada, os diferentes personaxes, moi expresivos e destacando neles diferentes trazos emocionais. Os espazos ilustrados, aínda que sinxelos, son moi descritivos. Nos debuxos a rotulador e acuarela destaca un cromatismo baseado nunha gama de grises con pequenos trazos de cor.

Pinto&Chinto, *Os xogos olímpicos de Ningures*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, a partir dos 10 anos, 2012, 74 pp. (ISBN: 978-84-9865-416-5).

Volume que acolle cincuenta microrrelatos de Pinto&Chinto, dúo creativo conformado por David Pintor (A Coruña, 1975) e Carlos López (Boimorto, 1967), caracterizados pola retranca e o simbolismo. Neles, a xeito de anécdotas, dáse conta, como se destaca no prólogo e no epílogo, das estrambóticas e divertidas fazañas levadas a cabo por uns estrafalarios atletas durante as olimpíadas de Ningures. O ludismo percorre toda a narración, estando presente tanto nas modalidades deportivas existentes coma na singularidade e nomes dos atletas "ningurenses", que fan uso da forza física e de comportamentos ocorrentes e inesperados, á marxe das normas que rexen as olimpíadas, coa única intención de pasar a liña de meta, aínda que sexa na derradeira posición. Os personaxes defínense polo goce que experimentan ao competir, sen obsesionarse coa vitoria, e pola súa actitude participativa ao solicitar a inclusión de novos deportes e a valoración do esforzo e da superación. As ilustracións figurativas dos autores están centradas nas peculiaridades de cada atleta e complementan a información ofrecida no texto salpicando a lectura coa situación cómica dalgún deportista. Correspóndense con formas rodeadas por unha expresiva liña de tinta negra, aínda que tamén aparecen tintas planas a cor en gamas de laranxa.

Recensións:

- Paula Fernández, "Orixinalidade, humor", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 414, "Libros", 10 maio 2012, p. VII/ "Obxectivo asumible", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 12 maio 2012, p. 7.

Preséntase a obra *Os xogos olímpicos de Ningures*, de Pinto & Chinto. Dise que se trata dunha obra en clave de humor composta a partir de pequenos textos, a semellanza da súa anterior obra, *Minimaladas*, na que personaxes inusuais e simpáticos compiten por facerse coas medallas.

- Roberto L. Blanco Valdés, "Xogos olímpicos sensacionais", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 467, "Letras en galego", 19 maio 2012, p. 10.

Fálase dalgúns dos protagonistas dos relatos curtos que compoñen esta obra humorística. Saliéntase o dúo (Pinto & Chinto) que forman Carlos López e David Pintor á hora de compoñer esta historia, que se une a outras xa publicadas polo autores, como *Minimaladas*, *Novas minimaladas* e *Circo Rigatoni.*

- Mar Fernández Vázquez, "Competición retranqueira", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 7 xuño 2012, p. 50.

Comeza apuntando os trazos definitorios das obras creadas por Pinto&Chinto, antes de valorar o emprego que fan da retranca e do simbolismo n'*Os xogos olímpicos de Ningures*. Destaca a idea clave da obra, indicando que funciona para previr o lectorado ante "unha proposta ocorrente e cómica que dista do balance que se acostuma facer dos xogos olímpicos". Refire que as modalidades deportivas non son o importante senón a singularidade dos atletas ningurenses, dos que apunta algúns dos seus sorprendentes nomes, a forza física da que fan uso e os seus "comportamentos inesperados e ocorrentes, afastados das normas olímpicas", caso do seu interese por cruzar a liña de meta, aínda que sexa na derradeira posición; unha actitude que os fai merecedores dalgunhas medallas de ouro, feito que explica por mor da xustiza poética e do azar. Define os personaxes como "seres inocentes que gozan do pracer de competir", de aí que actúen sen unha obsesión pola vitoria, que soliciten inserir novas modalidades deportivas e que aposten pola cultura do esforzo e da superación propia. Remata afirmando que *Os xogos olímpicos de Ningures* sería mellor apreciada por un lectorado de menor idade, por mor da musicalidade da súa linguaxe, "as rimas internas, a reiteración de verbas, as frases curtas e o humor retranqueiro".

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia esta obra de Pinto&Chinto.

- X. Sanmartín C., "Pinto & Chinto estrenan libro con parodia de las olimpiadas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 marzo 2012, p. 44.

Explícase a estrutura desta obra e preséntanse algúns dos seus protagonistas. Infórmase tamén doutras actividades e obras dos autores.

- Xesús Fraga, "Pinto & Chinto fabulan a cara máis humorística do deporte", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 2 abril 2012, p. 27.

Fálase da última obra de Pinto&Chinto e intégranse algúns comentarios dos autores sobre ela, como, por exemplo, a relación que garda coas tiras cómicas do xornal.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 413, "Libros", 3 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 366, 5 maio 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase o argumento. Tamén se describen *Galicia como tarea*, de Valentín Paz Andrade, e *Contos para ir durmir*, de Roi Méndez.

Rivera Ferner, Marta, *Mozart e a frauta máxica*, ilust. da autora, [A Coruña]: GaliNova Editorial, col. Sol Musical, [lectorado autónomo], 2012, [46] pp. (ISBN: 978-84-9737-203-9).

Nova entrega da colección "Sol Musical" na que o protagonista é o pequeno Mozart, músico do que se van ofrecendo algúns datos biográficos así como da súa ópera *A frauta máxica*, cuxos personaxes acompañaron ao pequeno protagonista, como amigos imaxinarios, até a súa composición. O relato de Marta Rivera Ferner acompáñase das ilustracións, de cores rechamantes, da propia autora nas que emprega a fotomontaxe e o lapis para crear texturas e estampados moi robustos.

Rivera Ferner, Marta, *O violín máxico de Vivaldi*, ilust. da autora, [A Coruña]: GaliNova Editorial, col. Sol Musical, [lectorado autónomo], 2012, [46] pp. (ISBN: 978-84-9737-204-6).

Marta Rivera Ferner (A Pampa, Arxentina) aborda mediante o texto e as ilustracións un relato ficcionalizado arredor da vida de Antonio Vivaldi, salientando o seu talento para tocar o violín xa de pequeno e centrándose nunha anécdota que aconteceu cando lle caeu un dos seus violíns á canle de Venecia que inundou a cidade coa súa música para que chegase a todo tipo de xente estación tras estación. O volume complétase cunha selección de música recomendada para escoitar con este conto e cunha breve biografía de Vivaldi. A cuberta presenta unha imaxe de Venecia de noite, creando o contraste co título en branco e as notas musicais, protagonistas na narración textual. No interior, as ilustracións da propia autora vanse combinando coa narración textual e recrean a paisaxe e as canles da cidade de Venecia cunha estética desenvolta mediante a técnica da fotomontaxe combinada con lapis de cores alegres, saturadas e contrastadas.

Roxo, Clara do, *A princesiña que conducía unha locomotora*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore, n.º 178, a partir dos 8 anos, febreiro 2012, 34 pp. (ISBN: 978-84-9865-415-8).

Relato de Clara do Roxo no que se narra a historia da princesa Marusela, filla do rei Frachipando, o Noventa e nove, e destinada a gobernar o país. Despois da morte do seu pai e da rexencia da súa nai vese obrigada a asumir o seu cargo, profesión que aborrece. Marusela pasou a infancia xogando cos trens do seu pai, de aí que abandone o cargo e vaia na procura do seu desexo: conducir unha locomotora. Desta maneira, a raíña

acadará a felicidade deixando no seu lugar ao seu fillo Frachipandiño. O relato acompáñase das ilustracións de Manuel que refiren escenas importantes do relato.

Recensións:

- Paula Fernández, "Rompendo tópicos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 418, "Libros", 7 xuño 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 371, "Letras galegas", 9 xuño 2012, p. 7.

Preséntase a última obra de Clara do Roxo, *A princesiña que conducía unha locomotora.* Coméntase a defensa que se fai nesta obra da liberdade individual e do dereito a elixir, desmarcándose dos tópicos tradicionais das historias de princesas, normalmente femininas e resignadas. Indícase que esta princesiña é valente e non acepta un destino predeterminado.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 412, "Libros", 26 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 365, 28 abril 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase o argumento. Tamén se describen *A voda dos ratos*, de Margarita del Mazo, e *Carta urxente para Máximo Toxo*, de Diego Rey.

- Ana Baena, "Fartei da princesa ñoña, que só quere casar", *Atlántico,* "Vigo", 15 maio 2012, p. 13.

Recóllense algunhas declaracións de Clara do Roxo, con motivo da publicación da súa obra, entre elas a razón para escribir unha historia de princesas fóra do común.

Sendino, Juan, *Os Mequiños e a lenda do meco*, ilust. Pepe Carreiro, O Grove: Todogrove Edicións, [lectorado autónomo], 2012. (ISBN: 978-84-940825-0-4). Versión infantil da lenda do Meco, ilustrada por Pepe Carreiro, na que Juan Sendino crea uns personaxes infantís que, moi interesados en dita lenda, deciden ir á casa do avó, Siño Xan, para que os poña ao tanto do acontecido co Meco. Tras a rica merenda que lles prepara a avoa, os Mequiños escoitan con moita atención cada palabra do avó, quen lles promete ao día seguinte levalos a visitar a Siradella e así situar os feitos relatados.

Referencias varias:

T.M., "El Concello acoge el viernes la presentación de "Os Mequiños e a lenda do meco", *Diario de Arousa*, "O Grove", 12 decembro 2012, p. 15.

Anuncia a presentación, no salón de actos do concello do Grove, desta obra de Juan Sendino. Informa de quen estará presente no acto e resume brevemente o argumento.

Solar, María, *As meigas de Lupa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 140, [lectorado mozo], maio 2012, 108 pp. (ISBN: 978-84-9914-375-0).

María Solar (Santiago de Compostela, 1970) inicia esta novela de aventuras e misterio cunhas liñas que versan sobre os segredos. Un narrador omnisciente conta os acontecementos que viven os curmáns María, Martiño e Pablo cando se reúnen durante as vacacións para pasar unha semana na casa da súa avoa e descobren que se vai celebrar un congreso de meigas. Eses acontecementos teñen a súa orixe no século I, despois de que unhas persoas chegadas de Palestina lle solicitasen á Raíña Lupa, dona dun castelo no interior do Pico Sagro, un terreo para enterrar o corpo do apóstolo Santiago. Os tres rapaces coñecen un segredo que se gardou dende aquel entón e, ao mesmo tempo, contribúen na loita contra un perigo que o ameaza. Estrutúrase en oito capítulos: o primeiro, o terceiro, o quinto, o sétimo e o oitavo transcorren no século XXI, mentres que o segundo, o cuarto e o sexto supoñen unha retrospección ao século I. Péchase o libro cun agradecemento á historiadora Ana María Suárez e ao historiador e arqueólogo Xurxo Ayán pola axuda ofrecida. A cuberta ten unha fotografía de Daniel Puente Bello que amosa unha paisaxe escarpada na que se ve unha chave sobreimpresionada. No interior non hai ilustracións.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, "Mitos e lendas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 28 xuño 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 374, "Letras galegas", 30 xuño 2012, p. 6.

Presenta a ópera prima de María Solar, *As meigas de Lupa*, logo de opinar que non hai mellor ingrediente para unha novela que mitos e lendas procedentes da tradición oral. Ademais de dar conta do argumento da novela, cre que se trata dunha historia "espectacular" para que os máis pequenos se entreteñan e coñezan o pasado histórico de Galicia.

- Armando Requeixo, "Con lupa", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 739, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 739, "Páxina literaria", p. 33, 26 agosto 2012.

Destácase que a narración coa que a autora se introduce no eido da escrita xuvenil presenta o recorrente elemento na súa obra da axeitada combinación entre didactismo e imaxinación. Coméntase que a historia baséase nas lendas da raíña Lupa e do desembarco dos restos do apóstolo para construír unha aventura ambientada na actualidade que se articula sobre o motivo da loita entre o Ben e o Mal. Sinálanse como técnicas narrativas o ritmo cinematográfico da narración e a alternancia temporal e explícase, a partir da condición do público ao que vai destinado, a relaxación no rigor das descricións e caracterización histórica, así como algunhas fías soltas relacionadas co cambio no nome de personaxes e na construción da temporalidade.

Referencias:

- C. Franco, "Na nosa tradición temos personaxes moito máis fascinantes que Harry Potter", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 xuño 2012, p. 36.

Acóllese unha entrevista a María Solar, autora d'*As meigas de Lupa.* Saliéntase a posibilidade de recuperar as historias tradicionais galegas como fonte ou inspiración para outras novas.

Solar, María, *A verdadeira historia da mosca da tele*, ilust. Ana Francisco e Jorge Vázquez, Vigo: Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 181, a partir dos 10 anos, 2012, 102 pp. (ISBN: 978-84-9865-458-5).

Nova entrega narrativa de María Solar (Santiago de Compostela, 1970), quen centrou a súa actividade profesional no eido do xornalismo e ten unha longa traxectoria na radio e televisión. A voz narradora desta historia é a dunha mosca cuxo traballo consiste en amolar a xente que traballa na televisión até converterse na verdadeira estrela. A peripecia da súa historia comeza cando queda atrapada baixo o chapeu de palla dun home calvo co que fai unha viaxe até Cuba. Despois de coñecer outros insectos extraviados no avión, pasa uns días na illa do Caribe, onde se relaciona con outros animais, saborea as comidas máis sorprendentes e chega a ser unha verdadeira estrela da televisión cubana. Co "calvo das moscas" vai tamén aos Estados Unidos e chega a saír nas mellores secuencias das películas. Despois de recibir unha tremenda labazada dun actor secundario, proponlle á mosca *Drosophila*, moi habilidosa na procura de información, fundar a ONG AMORA, que responde ás iniciais de Axuda a MOscas RAptadas. A través desta organización prestan socorro ás moscas perdidas, para máis tarde ampliar o seu campo de traballo con AMOBERA, Axuda a Moscas e outros BEchos Raptados. A narración textual acompáñase das ilustracións de Ana Francisco e Jorge Vázquez nas que en moitas ocasións se busca a comicidade.

Referencias varias:

- Tamara Montero, "Non son partidaria de ter aos nenos nunha burbulla", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", 2 novembro 2012, p. L2.

Entrevista a María Solar por mor da presentación na libraría Couceiro de Santiago de Compostela d'*A verdadeira historia da mosca da tele*. Nela explica como xurdiu a historia; porque se especializou na escrita de Literatura Infantil e Xuvenil; dá conta das diferenzas entre escribir para nenos e para adultos; opina que a literatura pode ensinar sen que o lectorado o detecte e, finalmente, fala de *Vou ter un irmán*, finalista do premio Frei Martín Sarmiento.

- Olalla Sánchez, "Sorriso de principio a fin", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 498, "Libros infantil", 22 decembro 2012, p. 3.

Entre outras novas literarias, dá conta da publicación para lectores de 6 a 10 anos desta obra de María Solar. Resume brevemente o argumento e afirma que é un libro dos máis recomendábeis para o Nadal. Cualifícao de "orixinal, áxil, ameno, de ton lúdico e de moi doada lectura".

Suárez, Chelo, *A neve e o lume*, ilust. Carlos Silvar, pról. Marica Campo, Santiago de Compostela: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 24, [lectorado mozo], novembro 2012, 125 pp. (ISBN: 978-84-9995-045-7).

Novela gótica de Chelo Suárez (A Coruña, 1945) que se abre con varios paratextos: un prólogo de Marica Campo, unha dedicatoria ("A Sabela, Doldán Saínz. Namorada, coma min, do misterio, da beleza e das palabras") e unha cita de Alejandra Pizarnik. Os vinte e catro capítulos que a conforman están repartidos en cinco apartados: Libro Primeiro "Negraneve", Libro Segundo "Flor de Lume", Libro Terceiro "De Lumeiradas e Conxuros", "Tempo de Estacións" e "Epílogo". A protagonista da historia é Negraneve, unha rapaza nada na Gran Mansión, na que están atrapados seus pais, O Leñador e A Cociñeira, debido a unha maldición na que se invocou ao Mal, representando pola Xente de Arriba. Conforme Negraneve se vai facendo maior, vai aumentando a súa curiosidade por coñecer á Xente de Arriba e todos os segredos da casa, malia os intentos da nai por agochala e que pase desapercibida. Orixínase unha mestura de sentimentos por amosar a súa verdadeira beleza, os seus propios medos e o seu obxectivo de liberar os seus pais da carga que arrastran. As ilustracións de Carlos Silvar (Ferrol,1954) compenétrase perfectamente coa tónica do relato, oscilante entre a realidade e a fantasmagoría, baixo unha opresiva atmosfera de incerteza.

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, "Non quero publicar por publicar, senón ser atemporal na escrita", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 476, "A escritora do mes", 21 xullo 2012, p. 12.

A escritora fala do seu gusto pola literatura erótica, non pola pornográfica, e pola reflexión e pola brevidade na escrita. Tamén opina que os premios son unha importante vía para que un escritor sexa coñecido e fala de como chegou ela a escribir. Finalmente recoñece que non deixou a poesía pero que con esta "non gañei nada". Afirma que non quere publicar por publicar e que quere "ser atemporal na escrita".

Uhía, Manuel, *O monstro das profundidades*, ilust. do autor, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é Vivir, a partir de 8 anos, 2012, [43] pp. (ISBN: 978-84-403-1186-3).

Relato de Manuel Uhía (Portonovo, 1944), dedicado "A meu neto Kai" e "Aos mariñeiros de Portonovo, a vila onde nacín, e a todos os que pasan a vida sufrindo as inclemencias do mar", no que un narrador en terceira persoa e a voz dos personaxes sitúan a acción nunha pequena vila da costa galega "nun tempo no que os teus avós eran moi cativos ou aínda non naceran". O protagonista é Manuel, un rapaz orfo que quere ser mariñeiro como fora seu pai e que se agocha no barco que vai pescar ao lugar no que seu pai desapareceu. Alí será testemuña do ataque dun monstro, que non será outro que unha lura xigante que mesmo atraerá a atención da prensa. Péchase o volume co apartado "Terminoloxía mariñeira" na que se aclaran conceptos do mar. As ilustracións do autor e presentan un colorido discreto no que predominan as tonalidades azuis.

Urcaray, Alberto, *A fuga do señor Bach*, ilust. do autor, [A Coruña]: GaliNova Editorial, col. Sol Musical, [lectorado autónomo], 2012, [46] pp. (ISBN: 978-84-9737-201-5).

Nova entrega da colección "Sol musical" que permite achegar aos máis novos a vida e obra de famosos músicos. Nesta ocasión, o personaxe coñecido é Bach, quen non dorme nada ben porque ten a cabeza repleta de músicas que debe escribir para seren interpretadas e lograr así o seu descanso. Despois de escribir unha fuga cae durmido e un rato aproveita para roubarlla. O animaliño tócaa no seu órgano e marabíllao até o punto de que o converte no seu axudante. Os dous xuntos presentan a nova fuga e son aclamados no salón do palacio. Péchase este volume coa recomendación da audición dunhas obras do autor, así como cunha "Pequena biografía para papás" cos datos máis relevantes de Johann Sebastian Bach (Eisenach, 1685 – Leipzig, 1750). Alberto Urcaray (Arxentina) é o responsábel desta biografía literaria que el mesmo ilustrou.

Urcaray, Alberto, *Está anoxado, señor Beethoven?*, ilust. do autor, [A Coruña]: GaliNova Editorial, col. Sol Musical, [lectorado autónomo], 2012, [40] pp. (ISBN: 978-84-9737-202-2).

Álbum narrativo en formato vertical do escritor e ilustrador Alberto Urcaray (Bos Aires, Arxentina) no que o moucho Gris lle resume a Vermello e Azul a biografía de Ludwig van Beethoven (Bonn, Alemaña, 1770-Viena, Austria, 1827) para lles explicar así a razón do seu anoxo, ocasionado pola súa xordeira. Os tres animais amigos idean cómo devolverlle a felicidade ao compositor e músico alemán, axudados polo inventor Johan. O relato complétase, como outras obras da colección "Sol Musical", con dous apéndices referidos ao músico homenaxeado: unha listaxe de oito das máis recoñecidas pezas de Beethoven, recomendando a súa audición como complemento ao labor ilustrativo de Alberto Urcaray, e unha "pequena biografía para papás" de Beethoven. As ilustracións do propio autor son coloristas e achegan información sobre os contornos nos que viviu Beethoven: a Viena imperial cos pazos e estancias de luxo, roupas da época, perrucas etc.

Varela, Eva, *O coelliño aventureiro*, ilust. Ana Santiso, Santiago de Compostela: Edicións Sotelo Blanco, col. Bolboreta, n.º 12, [lectorado autónomo], 2012, 27 pp. (ISBN: 978-84-7824-617-5).

Eva Varela é a autora deste conto ilustrado dedicado "Para Nerea e Sarai, as miñas fillas, e para todos os nenos e nenas do Concello do Pino, que os vosos sorrisos sempre teñan o brillo do luceiro". Nel un narrador en terceira persoa dá conta do interese que esperta no aventureiro coelliño Nicolás unha luz que, de noite, ve na cima do monte. Para cumprir o seu desexo de collela encóntrase con diferentes elementos da natureza (o vello carballo, o toxo, a troita máis lista, o moucho e o raposo), algúns dos cales lle provocan certo medo, que lle van indicando por onde ten que seguir para chegar a ela. Cando finalmente o coello protagonista chega á cima do monte xa está a saír o Sol e non ve a luz que tanto chamou a súa atención. Nicolás regresa á casa, onde súa nai o recibe cun forte abrazo e lle di que se a deixase falar e non fose tan impaciente lle tería dito que esa luz que el buscaba é a estreliña do luceiro. Na cuberta represéntase abrazo do coello e da súa nai cando regresa á casa. No interior, o texto con letra manuscrita

acompáñase das ilustracións figurativas de Ana Santiso que, en cores escuras e saturadas, amosan importantes escenas do relato.

Varela Ben, Matilde María, *Hércules visita a Álvaro Cunqueiro*, ilust. Minia Martínez Seijas, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. As amizades de Hércules, [lectorado autónomo], 2012, 30 pp. (ISBN: 978-84-92715-54-1).

Segunda entrega da colección "As amizades de Hércules", con texto de Matilde María Varela Ben e ilustracións de Minia Martínez Seijas, na que este personaxe da mitoloxía grega é o elo condutor do achegamento a persoeiros da cultura galega, neste caso o escritor Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981), ao que se aproxima a través dunha viaxe no tempo que o leva até o Mondoñedo natal do autor que pensaba que "o home precisa, en primeiro lugar, coma quen bebe auga, beber soños". A partir do encontro na praza da catedral, Hércules e Álvaro Cunqueiro manteñen unha longa conversa mentres pasean pola vila e van repasando as lembranzas vitais do escritor mindoniense, con especial relevancia a cuestións como os espazos da infancia, a súa familia e a influencia que exerceu no seu mundo imaxinario, as anécdotas que viviu e despois ficcionalizou, as súas lecturas de infancia, nas que figuran autores como Dickens ou Xulio Verne, até os galardóns que lle foron outorgados, como o Pedrón de Ouro. Finalmente ambos protagonistas viaxan a outros lugares importantes na biografía de Cunqueiro, como o Lugo da adolescencia, o Santiago da mocidade, durante a época universitaria, e Vigo, onde desenvolveu a súa carreira xornalística. Péchase a obra cuns versos do autor, algúns deles manuscritos.

VV. AA., *O libro dos Reis Magos*, ilust. Marina Seoane, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral de Política Lingüística, [lectorado autónomo], 2012, 55 pp. (DL: C-2425-2012). ◆

Un prólogo institucional abre este volume que recompila contos de Nadal e cartas aos Reis Magos e que tamén se pode consultar na rede en http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/libro_Reis.pde. Os textos narrativos que acolle son os seguintes:

- Yolanda Castaño, "Carta dos Reis Magos", p. 5.

Carta que os Reis Magos escriben aos nenos e nenas dunha poboación calquera pedíndolles que sexan bos en todo momento.

- Rosario Golmar, "Cando o aire recende a caramelos", p. 9.

Carta dos Reis Magos aos máis cativos avisándolles da súa chegada.

- Celia Parra Díaz, "Cabalgando sobre o arco da vella", p. 11.

Epístola dos Reis Magos que advirten aos máis pequechos da súa chegada dende o afastado Oriente.

- Beatriz García Turnes, “Os mellores agasallos”, p. 15.

Epístola dos Reis Magos aos máis pequenos na que lles din que os mellores agasallos non son algo material senón inmaterial como a lingua galega.

- Oriana Méndez, “Sodes as estrelas”, p. 17.

Mensaxe dos Reis Magos avisando da súa chegada e mencionando topónimos da terra galega.

- María Solar, “Un idioma metido nun saco”, p. 19.

Carta dos Reis Magos na que contan como un dos seus camelos colleu impo durante a viaxe.

- Lupe Gómez, “Se os paxaros falasen”, p. 21.

Carta dos Reis Magos na que explican as razóns polas que fan agasallos aos nenos e nenas do mundo enteiro.

- Ledicia Costas, “A vosa luz”, p. 23.

Mensaxe dos Reis Magos de Oriente que anuncia a chegada aos fogares dos máis pequenos.

- Helena Villar Janeiro, “Noite de Reis”, p. 25.

Mensaxe de agradecemento dos Reis Magos pola recepción tan cálida dos nenos e nenas perante a súa chegada.

-Elena Gallego Abad, “Discurso dos Reis Magos”, p.27.

Reprodución do discurso dos Reis Magos á súa chegada a unha localidade calquera.

- Antía Otero, “Reis magos”, p. 31.

Carta dos Reis Magos na que expresan a súa ledicia por estaren a piques de chegar aos fogares de moitos nenos e nenas.

- Eva Lozano, “O noso segredo”, p. 33.

Mensaxe dun dos tres Reis Magos na que revela un segredo.

- María Canosa, “Caderno máxico”, p. 35.

Historia de Alba, unha rapaza que escribe nun anaquiño de papel o que lle pide aos Reis Magos.

-Inma López Silva, “Carta dos Reis Magos”, p. 37.

Carta dos Reis Magos aos nenos e nenas para que nunca deixen de empregar a lingua galega.

- Fina Casalderrey, “Unha petición especial”, p. 39.

Mensaxe dos Reis Magos a xeito de resposta dunha carta que unha nena lles enviara o ano anterior.

- Dores Tembrás, “Fóra o frío e dentro a luz”, p. 41.

Historia dunha carta especial dirixida aos Reis Magos.

- Mercedes Queixas Zas, “O soño de Icía”, p. 43.

Carta que Icía escribe aos Reis Magos pedíndolle un regalo moi especial.

- Clara do Roxo, “As palabras perdidas”, p. 45.

Carta dos Reis Magos sobre un rapaz chamado Xan.

- Concha Blanco, “Discurso dos Reis Magos”, p. 47.

Mensaxe dos Reis Magos no que agradecen a aprendizaxe de novas palabras galegas durante a súa viaxe.

- Anxos Sumai, “A bisavoa Wáskuol”, p. 49.

Reproduce a carta de Viviana aos Reis Magos.

- Paula Carballeira, “...e un ovo de dragón”, p. 51.

Historia sobre unha carta moi especial que lles foi enviada aos Reis Magos.

- Rosa Aneiros, “E non era sen tempo!”, p. 53.

Reproduce unha carta escrita aos Reis Magos na que unha rapaza lles agradece o ter vido á súa casa.

- Teresa González Costa, “Onde empezan as viaxes”, p. 55.

Diálogo entre a Muller Primavera e Mimito, no que xogan ás adiviñas.

Cada relato vai acompañado dunha ilustración de Marina Seoane de trazos arredondados e cores vivas (especial presenza tena a cor violeta).

Este volume tamén está descrito nos apartados VII.2.1. e VII.3.1. Literatura Infantil e Xuvenil deste *Informe*.

Referencias varias:

- C. G., “O ‘Libro de Reis’, unha aposta polos máis pequenos”, *El Correo Gallego*, 26 decembro 2012, p. 7.

Informa que os distintos concellos de Terras que forman parte da Rede de Dinaminación Lingüística poñen a disposición este libro. Dá conta do número de participantes e do lugar no que se pode consultar.

Yáñez Casal, Antonio, *A complicada vida de Bieito Viqueira*, ilust. Fernando Llorente, Vigo: Tambre Edicións, col. Ala Delta, serie verde, n.º 29, a partir dos 10 anos, 2012, 131 pp. (ISBN: 978-84-15165-71-2).

Novela de Antonio Yáñez Casal (Ferrol, 1959) relatada por un narrador en primeira persoa, Bieito Viqueira, que se namora de Marta Dobarro a quen desexa conquistar e atraer a súa atención. A pesar dos seus intentos, todos os plans acaban en fracaso e rexeitamento. Así, entre estes atópase, por exemplo, a construción, axudado polo seu amigo Tono, dun foguete que debería dar lugar a unha chuvia de flores pero que choca coa fachada da casa da rapaza causando importantes estragos. Por motivos familiares de tipo laboral, Bieito ten que mudarse a outra vila. Alí fará novos amigos e tratará de esquecer a Marta. Sen embargo, un día atópaa no novo colexio lendo o taboleiro. Saúdanse e Viqueira comproba que a actitude da rapaza cambiou e é moito máis agradábel con el. Semella que comeza unha nova vida. Na cuberta, a ilustración é a cor e representa ao protagonista rodeado de diferentes obxectos. No interior, as imaxes figurativas en branco e negro de Fernando Llorente representan escenas importantes do relato e describen os escenarios onde ocorren os feitos. Trátase de imaxes nas que os protagonistas están deseñados con trazos caricaturescos.

Yáñez Casal, Antonio, *Vento galerno*, finalista Premio Fundación NovaCaixaGalicia-Claudio San Martín de Literatura Xuvenil 2011, deseño da cuberta Antonio Seijas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 138, [mocidade], febreiro 2012, 166 pp. (ISBN: 978-84-9914-335-4).

Novela de Antonio Yañez Casal (Ferrol, 1959) que comeza cun paratexto en forma de dedicatoria (“Para Antón, porque sempre chegue a porto perigoso”). Estruturada en trinta e catro capítulos, narra como o vento e a corrente levan cara a dentro do mar a chalana na que Miro, o protagonista, quedou durmido. Cando esperta, o mozo comprende a súa situación de náufrago desorientado e, mentres agarda ser rescatado, nota o estómago máis e máis encollido pola fame. Tras dous días e dúas noites loitando contra a sede, cando está a preparar a súa cana para unha nova lanzada, algo lle chama a atención no horizonte: avistara terra. A chegada á illa despois de manterse á deriva no mar parécelle a Miro a salvación definitiva ao que el considerara nun primeiro momento un pequeno contratempo. Non sabe a onde acaba de chegar, mais logo se decata de que os habitantes e os seus costumes pouco teñen que ver co mundo “civilizado”: unha sorte de lóxica manexa os movementos da poboación, un certo sentido común guia os pasos dos que alí viven e unha sensación de benestar preside as vidas daquela xente. Dáse conta de que o sistema que rexe o funcionamento dos insulares é, ademais de beneficioso, coherente, harmónico, equilibrado e democrático no sentido máis amplo da palabra. Despois da experiencia vivida, Miro espera a confirmación de que un futuro

mellor, que combine o respecto polo individualismo e o ben colectivo, sexa posíbel. Péchase o volume cunha breve nota biobibliográfica do autor. A imaxe da cuberta é unha montaxe fotográfica de Antonio Seijas que remite ao eixo da narración: un mozo nunha gamela perdido no mar baixo un ceo escuro fronte unha illa misteriosa.

Recensións:

- María Navarro, "Ben individual, ben colectivo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 411, "Libros", 19 abril 2012, p. VII/ *La Opinión,* "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 21 abril 2012, p. 7.

Coméntase a obra *Vento galerno*, de Antonio Yánez Casal. Preséntase o seu argumento, que se resume no que segue: o seu protagonista Miro, tras naufragar, coñece un mundo diferente do mundo civilizado que dá para moito reflexionar unha vez volve á realidade. Indícase que se trata dunha viaxe física, mais tamén emocional. Suxírese finalmente a posibilidade da existencia dunha segunda entrega.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 405, "Libros", 1 marzo 2012, p. VII.

Nesta sección fixa descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase o argumento. Tamén se describe *Á beira de Beiras* (2011), de V. Arias, M. Caamaño e V. Freixanes.

- N. V., "A literatura para todas as idades centra a segunda xornada da Feira do Libro", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 21 abril 2012, p. 11.

Dáse conta da presentación de *Vento galerno*, de Antonio Yáñez; *Luces, bicos e cores* (2011), de Concha Blanco, e *Vaia tropa* (2011), de Antón Cortizas, na Feira do Libro de Ferrol. Infórmase tamén dos diversas actividades da mesma.

VII.1.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Casalderrey, Fina, *O misterio do Faro Vello*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 43, a partir de 10 anos, maio 2012, 131 pp. (ISBN: 978-84-9914-369-9).

Reedición do relato *1 pulga, 5 amigos e 1 tándem* (Concello de Pontevedra, 2009) de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) xa descrito no *Informe de Literatura* 2009. En relación coa primeira edición salienta o cambio de título, o do responsábel da edición e a reescritura realizada no estilo con pequenos cambios na narración e nos diálogos. Esta segunda edición tamén engade notas biobibliográficas sobre a autora e o ilustrador baixo o epígrafe "Escribiron e ilustraron". Mantéñense a trama e as ilustracións de Manuel Uhía (Portonovo, 1944), imaxes realistas, feitas con acuarela e de cores moi suaves, que contextualizan as principais accións do relato. Na cuberta aparece unha imaxe dos nenos protagonistas, representados no interior de maneira estilizada e aspecto amábel, e o obxecto da súa atención: o faro.

Recensións:

- María Navarro, "Insuflando ánimo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 420, "Libros", 21 xuño 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 373, "Letras galegas", 23 xuño 2012, p. 6.

Preséntase o argumento d'*O misterio do faro vello*, unha das últimas obras de Fina Casalderrey, e saliéntase a capacidade de superar as dificultades como ensinanza a extraer desta historia.

- Carmen Ferreira Boo, "O misterio do Faro Vello", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 30 agosto 2012, p. 42.

Coméntanse os elementos que caracterizan esta nova achega narrativa de Fina Casalderrey. Indícase que reescribe sutilmente, cun cambio de título, a historia de *1 pulga, 5 amigos e 1 tándem* (Concello de Pontevedra, 2009), e que tampouco renuncia á "finalidade educativa da literatura", pois achégase a diferentes valores e contidos transversais, como a educación viaria e a discapacidade visual. A seguir, apúntase que se trata dun relato de misterio na que o ben trunfa sobre o mal, cóntase o argumento e saliéntase que é un "ameno, tenro e entretido relato cunha linguaxe sinxela e coidada" cun "bo traballo ilustrativo" en acuarela de Manuel Uhía.

Referencias varias:

- Fina Casalderrey, "O misterio do Faro Vello", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 15 setembro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O misterio do Faro Vello*, escrita por Fina Casalderrey e ilustrada por Manuel Uhía.

Docampo, Xabier P., *A nena de auga e o príncipe de lume*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, de 7 anos en diante, abril 2012, 67 pp. (ISBN: 978-84-9914-344-6).

Conxunto de relatos publicado por Xabier P. Docampo (Rábade, 1946) por vez primeira en 1989 e que se abre con cadansúa dedicatoria do autor e do ilustrador. No relato de apertura, que dá título á obra, "A nena de auga e o príncipe de lume", preséntase a historia de amor entre unha nena de auga e un príncipe de lume, unión de opostos que se xustifica polo poder do mundo literario e pola forza dun sentimento. Seguindo este mesmo procedemento estrutural, a unión de contrarios, nos contos seguintes retrátanse outros sentimentos humanos. Así, en "Mando a distancia", co poder dun control remoto, un fillo consegue converter o mal humor da súa nai en felicidade; en "Mouriño", o poder da natureza transforma un verme feo en fada; en "O cabalo de cartón", o forte desexo do protagonista fai que consiga ter un cabalo; en "O boneco con cara de neno negro", un boneco transformase en neno. Como novidade, nesta nova edición, Docampo incorpora dous contos máis, "Medio conto + medio conto = un conto" e "Quen espertou o Marco?", e ofrece un novo final para cada historia. Cómpre destacar que o novo final de cada conto leva a outra lectura, deixando a escolla do lectorado dous finais opostos. Nesta edición a parte visual do libro tamén foi alterada de maneira que presenta novas ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953).

Recensións:

- Vanessa Regina Ferreira da Silva, "No espazo do marabilloso", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 10 xullo 2012, p. 43.

Comézase indicando que Edicións Xerais de Galicia reedita outra obra de Xabier P. Docampo que, nesta ocasión, estrea grandes modificacións tanto na parte textual coma na ilustrativa. Coméntase que o volume saíu do prelo por primeira vez en 1989 e comenta o seu contido. Faise referencia aos relatos que xa aparecían na primeira edición e saliéntase a incorporación de dous máis dos que se ofrecen as súas características. Finalmente comenta os cambios na ilustración.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 416, "Libros", 14 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 369, 26 maio 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que acolle dous contos inéditos e presenta finais adicionais en cada un deles, ademais de novas ilustracións. Tamén se describen *As rapazas de Xan* (2012), de Manuel Iglesias Turnes e *Orlando pendurado*, de Goretti Fariña.

- CLIJ, "A nena de auga e o príncipe de lume", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 249, "Libros", setembro-outubro 2012, p. 71.

Breve comentario da obra de Xabier P. Docampo *A nena de auga e o príncipe de lume*. Sinálase que se trata de sete relatos breves enxeñosos e provocadores con protagonistas

e situacións insólitas cos que conseguen sorprender ao lectorado. Recoméndase esta edición, revisada polo autor, na que tamén aparecen novas ilustracións de Xosé Cobas.

Docampo, Xabier P., *O país adormentado*, deseño da cuberta Miguel A. Vigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 141, [mocidade], xullo 2012, 139 pp. (ISBN: 978-84-9914-104-6).

Novela de Xabier P. Docampo (Rábade, 1946) publicada por vez primeira en 1992, na serie marrón da colección "Merlín" (para un lectorado de máis de trece anos), baixo o título *O país durminte* e con ilustracións, de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953), que buscaban crear empatía directa cun lectorado máis novo. Publicada agora co título *O país adormentado* e dividida internamente en capítulos, nela nárrase a historia do pobo de Glearim que presenta unha particularidade especial: todos os habitantes dese país son eternos. Porén, esa eternidade ten un prezo: os moradores están condenados a un constante estado de somnolencia, sempre adormentados e baixo o rexio dominio do soberano Ambulasac. A ruptura desa condición escrava atópase nas mans da heroína e narradora da historia, Aurora, que cando acade a súa madureza, poderá liberar o seu pobo da pasividade, tal como a alerta o seu futuro marido. A trama central da narración céntrase na dupla viaxe da protagonista: a viaxe exterior e espacial, que marca a loita pola liberación do seu pobo, e a viaxe interna e de maduración, que simboliza o paso da adolescencia á idade adulta. A cuberta, deseñada por Miguel A. Vigo baseándose nunha fotografía de Daniel Puente Bello, amosa unha paisaxe nevada que transmite tal serenidade que semella unha imaxe conxelada no tempo, durmida, o que anticipa o contido da novela.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Escorrentar as pantasmas dormentes", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 479, "Letras en galego", 11 agosto 2012, p. 9.

Sinálase que a novela supón unha reescrita d'*O país durminte*. Ademais do emprego de elementos narrativos de raíz oral característico de Xabier P. Docampo, saliéntase que, aínda que destinada a un público xuvenil pola condición de novela de aventuras de corte fantástico, non é este o seu único destinatario posíbel en tanto que a trama narrativa ofrece múltiples lecturas: dende a existencial, que consideraría o durmir como un non-vivir que anula a propia vontade, até a lectura alegórica, na que a busca por parte duns poucos membros da comunidade do Sebuchalar supón a loita por manter viva a memoria colectiva como medio para a recuperación da propia identidade nacional.

- Vanessa Regina Ferreira, "O prezo dunha eternidade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 1 novembro 2012, p. 42.

Comézase indicando que Edicións Xerais de Galicia vén de reeditar esta obra con motivo do vixésimo aniversario da súa saída do prelo e dáse conta das modificacións que presenta respecto á primeira edición. Reflexiónase sobre o feito de que este traspaso de colección reflicta un dos debates presentes na actualidade no ámbito da Literatura Xuvenil como é a tentativa de traspasar as fronteiras entre a literatura para mozos e

adultos. Coméntase que a súa primeira edición na colección "Merlín" trazaba unha identificación directa e explícita co lectorado agardado por medio de diversos elementos paratextuais e que a inserción en "Fóra de xogo" rompe cos paradigmas compositivos da anterior, apostando por unha ruptura de fronteiras entre os lectores. Faise referencia ao cambio de título, que se considera máis axeitado ao enredo da obra, resúmese o argumento e, finalmente, conclúese que o autor retoma o "Mito da caverna", de Platón, para facer reflexionar o lectorado sobre o feito de que é mellor morrer ca non vivir.

Fariña, Anxo, *Os megatoxos e o aprendiz de druída*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, serie Os Megatoxos, n.º 1, [lectorado mozo], febreiro 2012, 144 pp. (ISBN: 978-84-9914-357-6).

Reedición, con cambio de editorial, da primeira entrega desta serie creada por Anxo Fariña (Vigo, 1977), publicada por A Nosa Terra no ano 2007 e xa descrita no *Informe de Literatura 2007*. Cómpre salientar que neste caso, ademais da saída do prelo nunha editorial distinta, introdúcese un paratexto en forma de dedicatoria ("Para Lucía, por tantas e tan poucas cousas. E para eses amigos e familia que sempre estiveron aí. Abrazos, Anxo") e péchase o volume cunha breve nota biobibliográfica do autor. Na cuberta preséntanse o grupo de mozos protagonistas. No interior, as ilustracións do autor complementan a narración textual e mesmo axudan a comprendelo mellor. Son debuxos con tintas planas ou texturas xeradas por ordenador e figuras definidas por unha liña fina.

Recensións:

- Paula Fernández, "Ficción científica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 417, "Libros", 31 maio 2012, p. VII/ *La Opinión,* "*Saberes*", n.º 370, "Letras galegas", 2 xuño 2012, p. 7.

Preséntase o argumento d'*Os megatoxos e o aprendiz de druída*, de Anxo Fariña, a primeira das aventuras da saga, agora revisada e mellorada polo autor. Trátase dunha historia na que os feitos que poderían atribuírse á maxia se explican a través da ciencia.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 410, "Libros", 12 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 363, 14 abril 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase o argumento. Tamén se describen *Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño; o número cento noventa e dous da revista *Grial* (2011), e *Catro amigos pillabáns*, de Ramón Caride.

Fariña, Anxo, *Os megatoxos e a espada esmeralda*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, serie Os Megatoxos, n.º 2, [lectorado mozo], xullo 2012, 183 pp. (ISBN: 978-84-9914-271-5).

Reedición, con cambio de editorial, da segunda entrega desta serie creada por Anxo Fariña (Vigo, 1977), publicada pola Nosa Terra no ano 2008 e xa descrita no *Informe de Literatura* correspondente. Cómpre salientar que neste caso, ademais da saída do prelo nunha editorial distinta, introdúcese un paratexto en forma de dedicatoria ("... e se non fose suficiente esta realidade, crearei un mundo para ti e para min") e péchase o volume cunha breve nota biobibliográfica do autor. Na cuberta preséntanse o grupo de mozos protagonistas. No interior, as ilustracións figurativas do autor, próximas ao cómic, complementan a narración textual e mesmo axudan a comprendelo mellor.

Recensións:

- Paula Fernández, "Ambientación medieval", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 435, "Libros", 22 novembro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 387, "Letras galegas", 1 decembro 2012, p. 7.

Achégase á nova entrega dos Megatoxos, *Os Megatoxos e a espada esmeralda*, de Anxo Fariña. Despois de lembrar que o autor xa ten ofrecido para o público infantil abondosos títulos, entre os que se atopa o merecente do Premio Merlín, *A chave da Atlántida*, comenta que a nova entrega dos Megatoxos, ao estar ambientada na época medieval, presenta espazos ou obxectos moi marcados na literatura. Destaca o emprego de personaxes preadolescentes "que achegan verosimilitude ao relato" e o feito de que en cada capítulo se vaian ofrecendo novos trazos que permiten coñecelos mellor. Remátase sinalando algunha das aventuras que teñen lugar en *Os Megatoxos e a espada esmeralda*.

Fernández Paz, Agustín, *Malos tempos para os fantasmas*, ilust. Patricia Castelao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 222, de 9 anos en diante, outubro 2012, 167 pp. (ISBN: 978-84-9914-437-5).

Do proceso de reescrita ao que Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) está a someter as súas primeiras narracións xorde *Malos tempos para os fantasmas*, que parte de *Avenida do Parque, 17*, obra publicada en 1996 na colección "O barco de vapor" de Ediciones SM e descrita no *Informe de Literatura* correspondente. A través desta reedición, que agora se orienta a un lector de menor idade, o autor vilalbés retoca sobre todo a escrita e estilo desta historia, traducida ao castelán, árabe e catalán, así como modifica algunha das súas compoñentes e a súa estrutura, pois pasa de once a trece capítulos. O relato de *Malos tempos para os fantasmas* iníciase cando Marta, unha rapaza de once anos, e a súa familia se instalan nunha antiga casa indiana sobre a que existen historias un tanto estrañas e desacougantes que adquiren tinturas reais a partir da entrada en escena de Fan, un ser invisíbel condenado a habitar na vivenda até o seu derrubamento e co que Marta se comunica por medio dun ordenador. A irrupción dese fantasma introduce o elemento misterioso nesta novela, á vez que se converte nun magnífico confidente e aliado para que a protagonista poida afrontar con maior seguridade o paso cara á adolescencia e mesmo certas problemáticas que, baixo un veo humorístico, albergan unha denuncia contra a falta de ética profesional exemplificada polo mestre don Rodrigo e a presentadora Maika Louro. Por outra parte, o cambio de editorial supuxo que a proposta ilustrativa de Xan López Domínguez, ampliada na edición de 2000, fose

substituída pola de Patricia Castelao (Lugo, 1974), quen optou por seguir con fidelidade o texto.

Recensións:

- Eulalia Agrelo Costas, "Novo exercicio de reescrita", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 1 decembro 2012, p. 49.

Sinala que Agustín Fernández Paz representa un proceso autorial único no actual panorama da literatura galega ao someter á relectura e reescrita os seus textos literarios. A seguir, centra o seu comentario en *Malos tempos para os fantasmas* e explica a súa orixe en *Avenida do parque, 17*, obra publicada en 1996 por Edicións SM na "Serie vermella" (a partir dos 12 anos) da colección "O barco de vapor" e reorientada, no ano 2000, a un lectorado de menor idade na "Serie laranxa" (a partir dos 9 anos) nunha edición revisada. Refírese aos cambios e mudanzas que se rexistran nesta edición anovada de 2012 e achega o argumento da súa ficción. Tamén apunta os elementos que conectan esta obra co conxunto da produción literaria de Fernández Paz, que é cualificada de "arquitexto".

- María Navarro, "Vida cotiá e fantasía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 439, "Libros", 20 decembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 391, "Letras galegas", 29 decembro 2012, p. 6.

Sinala que *Malos tempos para os fantasmas* presenta unha versión anovada doutro texto publicado hai uns anos. Comenta que conserva a mesma frescura e introduce con acerto aspectos da actualidade. Refire o argumento e apunta que a vida cotiá, mesturada co substancioso recurso da fantasía, ofrece a posibilidade de introducir pensamentos e reflexións que non han deixar indiferentes o lector.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "A narrativa curta domina o outono literario en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 setembro 2012, p. 27.

Dáse conta das novidades narrativas do outono, entre as que se atopa *Malos tempos para os fantasmas*, de Agustín Fernández Paz.

Fernández Paz, Agustín, *Zeralda e o dragón*, ilust. Fran Jaraba, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, n.º 185, a partir de 8 anos, novembro 2012, 45 pp. (ISBN: 978-84-9865-465-3).

Reescrita d'*O tesouro do dragón Smaug*, relato publicado por Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) en 1992 na colección "A chalupa" da editorial Galaxia e que xa se traduciu ao aranés, catalán, castelán e éuscaro. Nela o autor omite, incorpora e mesmo modifica certas compoñentes da súa diéxese primixenia, así como revisa a súa escrita e estilo, aínda que mantén a esencia da historia. Ao longo de seis capítulos, desanobélase un conto marabilloso con protagonismo feminino, pois a fermosa e valente princesa

Zeralda, farta da dor e espanto provocados polo dragón Moghur, chamado Smaug na súa primeira versión, decide viaxar ao país de Tarmenia para acabar co temíbel monstro. Tal e como constaba no *Gran Libro dos Sucesos Extraordinarios*, Moghur morrería cando alguén lle arrebatase a xoia máis prezada do seu tesouro, o marabilloso e único Anel de luz. Unha vez que Zeralda se fixo co seu máis prezado tesouro, o enfurecido dragón procurou a axuda do bruxo Ogomei, que o transformou e lle aconsellou moita astucia para lograr o seu acometido. A súa nova aparencia era a dun aposto mozo que se facía pasar por Xabrín, un príncipe que procedía dun reino afastado e ía polo mundo en busca de aventuras. O seu próximo destino estaba no reino de Zeralda, polo que esta, sucumbida ante os encantos do mozo, convidouno a viaxar no seu barco. Cando pensaba que ía declarárselle, Xabrín recuperou a súa figura de dragón e Zeralda mandou tirar o tesouro ao mar, onde acabou o terrorífico e maligno animal. Na cuberta ofrécese unha imaxe a toda cor na que aparece o dragón protagonista do relato. No interior, as ilustracións figurativas de Fran Jaraba (Pontevedra, 1957) reflicten escenas importantes da narración nos debuxos feitos con tintas de cor marrón.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "A narrativa curta domina o outono literario en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 setembro 2012, p. 27.

Dáse conta das novidades narrativas do outono, entre as que se atopa *Zeralda e o dragón*, de Agustín Fernández Paz.

Ripalda, Xosé Lois, *A carón da roda. Vida dun afiador*, deseño da cuberta do autor, limiar do autor, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa., n.º 51, [lectorado autónomo], 2012, 107 pp. (ISBN: 978-84-7680-691-3).

Relato longo de Xosé Lois Ripalda (Erbedeiro, Lugo, 1940) que viu a luz no ano 2002 en eDixital. Nesta edición actualízase á normativa do galego, nunha revisión lingüística de Anxo X. Rajó, e conta cunha ilustración na cuberta realizada por Mª José Ripalda Bello. Unha cita tirada de "Pregaria do afiador", de Faustino Rey Romero, antecede á dedicatoria do autor: "A todos os afiadores que coa súa roda chegaron ufanos ata os máis afastados recantos do mundo". Como refire o propio Ripalda no "Limiar", nárranse "historias que teñen como protagonista a Ramuín, un afiador que coa súa roda vai devalando por moitos lugares. No continuo andar atoparase con xente do máis reloucante e situacións inesperadas das que sairá co seu inxenio e agudeza retranqueira". Este relato, concibido como "homenaxe a figuras tan salientables como é a dos afiadores que, dentro dos oficios ambulantes, foi o que chegou a ter máis sona", estrutúrase en trece capítulos introducidos por versos que algúns autores galegos lle dedicaron á figura do afiador, caso de Ramón Cabanillas, Manuel Luís Acuña, Xosé María Álvarez Blázquez, Antonio Tovar Bobillo e Ben-Cho-Shey. O relato complétase cun "vocabulario" no que se insiren as palabras en barallete destacadas en negriña ao longo do texto e a palabra galega correspondente. Só presenta ilustración na cuberta na que apareceun debuxo de Mª José Ripalda.

Referencias varias:

- Carolina A. Piñeiro, “A solidaridad do afiador bótase en falta na sociedade actual”, *La Región*, “Ourense”, “Personaxe do día”, 26 xullo 2012, p. 4.

Entrevista a Xosé Lois Ripalda con motivo da publicación desta obra. Trátanse asuntos como a elección do personaxe, a localización en Nogueira de Ramuín e a intención da obra.

- Ana Baena, “A lingua chega a ser unha obsesión para min, sinto un compromiso como escritor galego”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 10 setembro 2012, p. 8.

Conversa con Xosé Lois Ripalda na que se fala do protagonista desta obra, un afiador, e do seu compromiso coa lingua galega.

- Xosé Feixó, “Para meditarmos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 433, 8 novembro 2012, p. VI.

Comézase comentando a predilección de Xosé Lois Ripalda pola etnografía e polos oficios tradicionais, nomeadamente o de afiador. En relación con este último dise que se vén de publicar a reedición d’*A carón da roda*, relato que leva a Xosé Feixó a comentar “as sensacións e cavilacións ás que a súa lectura me introduciu”.

Toro, Suso de, *Morgún (Lobo Máxico)*, ilust. cuberta Juan Carlos Abraldes, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 70, [mocidade], outubro 2012, 148 pp. (ISBN: 978-84-9914-372-9).

Nova edición, adaptada á normativa do galego vixente a partir do ano 2003, da novela de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) xa descrita con anterioridade no *Informe de Literatura* correspondente. A cuberta presenta unha ilustración de Juan Carlos Abraldes que amosa o heroe protagonista, na compaña do seu lobo amigo, en actitude vingativa e sobre unha pedra gravada con símbolos celtas. As referencias visuais están en concordancia coa temática da novela, anticipando unha historia de aventuras situada nunha época mítica, o que se desprende das vestimentas e da contorna.

VII.1.3. ADAPTACIÓNS

Carballo Soliño, Xesús (adapt.), *Xan o das fabas máxicas*, ilust. Ana Santiso, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia Audiocontos, [lectorado autónomo], 2012, [38] pp. Inclúe CD-ROM. (ISBN: 978-84-9865-261-1).

Conto tradicional, adaptado por Xesús Carballo Soliño, no que un narrador en terceira persoa describe a historia de Xan, un rapaz orfo de clase baixa que vive coa súa nai e unha vaca chamada Garrida. Por mor de problemas económicos, a nai decide vender a vaca e encoméndalle esta tarefa a Xan. De camiño ao mercado o rapaz atópase cunha velliña que lle ofrece unha presada de fabas a cambio da vaca. Xan négase ao principio, pero a vella convénceo dicíndolle que as fabas son máxicas. Xa na casa a nai tira coas fabas ao chan, lugar no que, ao día seguinte, nacen unha plantas que chegan ao ceo e polas que o neno gabea até chegar a unha gran casa na que vive unha muller cun ogro que devora nenos. Alí, e dende o seu escondedoiro, o rapaz ve como o ogro consegue que unha galiña poña un ovo de ouro. Cando o ogro adormece, Xan aproveita para escapar con el, pero decide volver á casa do ogro para roubarlle a galiña. Este descóbreo e sae correndo tras del, mais a planta non pode co peso e o ogro cae dende moi alto, morre e desaparece deixando no seu lugar unha lagoa. Desta maneira, Xan e súa nai conseguen vivir felices e o mozo mesmo casa cunha moza da súa parroquia. A cuberta mostra a Xan descansando nunha das follas da planta sobre un fondo azul. No interior, as ilustracións figurativas de Ana Santiso (Touro, 1981), nas que predominan os tons escuros, vermellos e azuis, amosan gran detalle nos personaxes. Trátase de imaxes que representan escenas importantes do conto. O libro acompáñase dun CD, conformado por tres seccións intituladas "Quero escoitar un conto", "Xan o das fabas máxicas" e "Oín un conto". A letra e a música veñen da man de Francisco Martínez Barreiro, quen tamén é un dos narradores, xunto a Teresa Santamaría.

Recensións:

- Paula Fernández, "Universal historia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 436, "Libros", 29 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 388, "Letras galegas", 8 decembro 2012, p. 6.

Despois de nomear outros títulos xa publicados na colección audiocontos da editorial Galaxia, detense en *Xan o das fabas máxicas* que, igual que os restantes títulos da colección, se acompaña dun cd para "gozar ademais co feito de escoitar o relato". Sinálase que o argumento desta historia é coñecido para a maior parte do lectorado adulto aínda que non para o lectorado máis novo. Coméntase que o adaptador da historia é Xesús Carballo Soliño, quen lle engade "retallos da Galicia tradicional, dos seus personaxes míticos e da casa labrega" dando como resultado un texto "adaptado acertadamente á etnoloxía galega", feito que tamén se ve reflectido nas ilustracións de Ana Santiso. Remátase cualificando a obra de "lectura agradable, altamente recomendable".

Fedro, Gayo Julio, *O león e o pastor*, ilust. Minia Martínez Seijas, adapt. Carmen Ferreira Boo, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Os imperdibles de Hércules, [lectorado autónomo], 2012, [22] pp. (ISBN: 978-84-92715-56-5).

Adaptación da lenda de Gayo Julio Fedro (Macedonia, ca. 15 a. C.-ca. 55 d. C.) na que se narra a historia de agradecemento dun león que, paseando pola sabana, crava unha espiña nun pé que non consegue quitar e que lle retira un pastor que está coidando o seu rabaño. Anos despois, o pastor vese acusado inxustamente dun crime e castigado a se enfrontar aos leóns do circo. Cando está na area observa como entre os leóns que tiñan que atacalo hai un que o defende e non permite que lle pase nada, saudándoo cunha pata, xesto polo que recoñece que é o león ao que el axudou un día. Os xuíces, interpretando isto como un designio dos deuses deciden liberar ao pastor, que regresa co león á sabana.

Referencias varias:

- M. G. M., "Hércules de Ediciones salta al público infantil con dos series protagonizadas por su héroe", *El Ideal Gallego*, 30 novembro 2012, p. 14.

Fálase da introdución de Hércules de Ediciones no "libro de librería" coa aparición da colección "Las amistades de Hércules" e de "Los imperdibles de Hércules". Anuncia o contido das dúas primeiras entregas de "Las amistades de Hércules" para, a seguir, deterse nas adaptacións e traducións que se incluirán na segunda das coleccións, caso de *¡Llama tres veces!*, de Marion St. John Webb, ou de *El león y el pastor*. Coméntanse os obxectivos da editorial así como as razóns da presentación dos volumes en tres cores (azul, vermello e amarelo) que orientan de cara a dificultade que os volumes poden presentar para o lectorado. Tamén se sinala que as obras sairán á venda en galego e castelán e que a editorial seguirá publicando outros proxectos nos que estaba inserida mais dándolle un ritmo máis áxil xa que, en palabras de Laura Rodríguez, responsábel da editorial, os rapaces e rapazas "no pueden esperar mucho para irse de aventuras con Hércules".

Gracián, Ánxela (adapt.), *O gato con botas*, ilust. Xan López Domínguez, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia Audiocontos, [lectorado autónomo], 2012, [38] pp. Inclúe CD-ROM. (ISBN: 978-84-9865-439-4).

Ánxela Gracián (San Paio de Arcos, Castroverde, 1968) adapta ao galego para un lectorado autónomo este conto clásico de Charles Perrault no que un muiñeiro deixa en testamento un muíño, un burro e un gato a cadanseu fillo. O máis novo chora por ter recibido o gato, pero este pídelle un par de botas e unha fardela e promételle que o vai axudar. O animal caza un coello e ofrécello ao rei da aldea en nome de seu amo, o Marqués de Carabás, nome que lle inventa. Fai o mesmo cun par de perdices e convence aos campesiños e campesiñas para que lle digan ao rei que todas as terras son do Marqués. Finalmente, o gato consegue derrotar un ogro e quedar co seu castelo para seu amo, quen, convertido xa no favorito do rei, casa coa súa filla e viven felices por sempre. A adaptación vai máis aló do eido literario e chega incluso ao cultural, ao incluír o viño do Ribeiro nas páxinas da historia. A narración textual acompáñase do labor ilustrativo de Xan López Domínguez (Lugo, 1957) quen xa na cuberta presenta o

gato protagonista visto dende arriba. No interior as imaxes ocupan a páxina contraria a aquela ocupada polo texto que se ve enriquecido por elas. O volume acompáñase dun CD ROM, con letra e música de Francisco Martínez Barreiro, que se estrutura en tres apartados,"Quero escoitar un conto", "O gato con botas" e "Oín un conto".

Recensións:

- Paula Fernández, "Retorno dun clásico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 428, "Libros", 4 outubro 2012, p. VII.

Sinálase que a historia reescrita por Ánxela Gracián apenas se afasta da versión orixinal en canto ao contido da narración. Resáltase a presenza do narrador para introducir a voz dos personaxes, que é cualificada de máis oportuna. Coméntase que a estrutura tripartita e o desenvolvemento lineal evitan no lectorado a sensación de estrañamento e que, con respecto ao orixinal, se manteñen sen recreación esaxerada as actuacións sexistas e o materialismo excesivo e mesmo se prima o ton humorístico sobre o resto de connotacións. Indícase que este aspecto, xunto coa afectividade que promove o gato, fan do texto unha lectura axeitada para o público infantil e que as ilustracións de Xan López Domínguez contribúen a salientar o humor como fío condutor da lectura.

Martínez, Pilar (adapt.), *A galiña roxa*, ilust. Marco Somá, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno, [lectorado autónomo], decembro 2012, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-809-3).

Adaptación de Pilar Martínez (Burgos, 1959), a partir dun conto popular de posíbel orixe rusa, no que os protagonistas son a galiña roxa e os seus pitiños, un can lacazán, un gato durmiñón e un pato moi barulleiro. Por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes preséntase como a galiña ten a idea de sementar uns grans de trigo para o que lle pide axuda aos seus compañeiros da granxa. O can lacazán, o gato durmiñón e o pato barulleiro néganse a axudala a sementar, así como a segar o trigo, a levalo ao muíño para moelo e facer o pan. Cando o pan está preparado e pregunta quen lle vai axudar a comelo, todos se mostran ansiosos a axudala, mais a protagonista nega a axuda pois tamén eles antes lla negaron a ela, de xeito que ela soa e os seus fillos comen o pan. O texto acompáñase das ilustracións figurativas de Marco Somá (Italia, 1983).

Senín, Xavier (adapt.), *O labrador, a raposa e o lobo*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia Audiocontos, [lectorado autónomo], 2012, [30] pp. Inclúe CD-ROM. (ISBN: 978-84-9865-262-8).

Conto adaptado por Xavier Senín no que o labrego protagonista consegue enganar ao lobo e á raposa. O home enfádase co seu boi, que non quere labrar a terra, cando aparece o lobo e acordan que este comerá o boi cando remate de labrar a veiga. Mentres espera, chega a raposa que, xunto co labrador e baixo a promesa dunha galiña, engana o lobo facéndose pasar por un cazador. Valéndose desta trampa o campesiño mata o lobo. A seguir, mándalle á muller meter nun saco o prometido á raposa, pero no canto dunha galiña meten dous cans de xeito que cando a raposa abre o saco ten que escapar correndo dos animais que a perseguen. As ilustracións figurativas de Manuel Uhía

(Portonovo, Pontevedra, 1944) achéganlle ao lectorado detalles sobre o protagonista e os escenarios que incrementan a información do texto: o carro, as ferramentas, os animais da granxa etc. Trátase de debuxos, de formas curvas e sinxelas, en tonalidades suaves e luminosas, que ocupan as dúas páxinas.

Recensións:

- María Navarro, "Harmonioso ton", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 431, 29 outubro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 383, "Letras galegas", 3 novembro 2012, p. 7.

Dáse conta desta adaptación realizada por Xavier Senín e ilustrada por Manuel Uhía, incluída na colección "Árbore". Dise que Teresa Santamaría e Francisco Martínez Barreiro son os responsábeis de darlle voz aos personaxes e da interpretación acústica (desta última comentan as principais características). No que aos personaxes se refire sinálase que se atopan "ao mesmo nivel existencial" de aí que "cada individuo procura para si unha mellora de vida e non dubida en tirar do enxeño para superar o rival". Finalmente destácase que á marabilla do narrado se lle une "a emoción dos acontecementos e unha forma de contar amena e divertida" na que non están ausentes os xogos de palabras e as rimas sinxelas.

Senín, Xavier (adapt.), *Bela e Besta*, ilust. Marina Seoane, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia Audiocontos, [lectorado autónomo], 2012, [38] pp. Inclúe CD-ROM. (ISBN: 978-84-9865-440-0).

Conto clásico de Charles Perrault, adaptado por Xavier Senín, no que se relatan as orixes e a historia de Bela, a filla dun mercador arruinado ao que non lle queda outra opción que trasladarse coas súas tres fillas a unha casoupa no campo. Mentres Bela acepta as novas circunstancias e axuda nos quefaceres cotiás, as irmás maiores só reparan en engalanarse para poderen casar. Á volta dunha viaxe de negocios, o pai, perdido, encontra un pazo cunha mesa servida e lugar onde acollerse, que atribúe á bondade dunha fada sen imaxinar que á mañá seguinte coñecerá a unha Besta horríbel que só perdoará o seu atrevemento se unha das súas fillas morre en lugar del. O mercador, doído, colle nun cofre cantas pezas de ouro pode e regresa á casa. De volta, Bela ofrécese a volver no seu lugar ao pazo, argüíndo que prefire ser devorada por un monstro a sufrir a mágoa de perdelo. A vida de Bela no pazo é cómoda e luxosa e, aínda que ve diariamente a Besta, que non deixa de repetirlle se casará con el, a moza nunca o acepta aínda sendo consciente do seu bo corazón. Nunha ocasión, nun espello máxico que lle serve de conexión co mundo exterior, Bela verá a seu pai moi doente e solicitará permiso a Besta para visitalo, cousa que el concederá a condición de que volva, simplemente con pousar un anel na mesa de noite. Por máis feliz que Bela sexa no seu fogar, ao décimo día ve en soños o monstro a piques de morrer, polo que decide acudir canto antes. Ao atopar a Besta sen coñecemento no xardín, consegue decatarse de que lle quere, de que a virtude vai máis alá da fermosura, e promételle casar con el, momento no que Besta se converte nun fermoso príncipe, cos fastos de casamento conseguintes. Polo que ao estilo respecta, a narración faise áxil coa constante introdución de diálogo, e alén da atmosfera de castelos, pazos, festas e casamentos, certa pátina de antigüidade clásica consegue transmitirse co emprego dun "vós" e a

segunda persoa de plural entre os personaxes. Na cuberta represéntase a figura da besta protagonista, mentres que no interior, as ilustracións figurativas de Marina Seoane (Madrid, 1957) complementan os textos. Trátase de imaxes, xeradas coa axuda do ordenador, nas que predominan as formas curvas e que transmiten unha sensación amábel e dinámica. Como é habitual na colección no que esta adaptación se inclúe o volume acompáñase dun CD-ROM no que se pode escoitar o conto.

VII.1.4. TRADUCIÓNS, VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Alapont, Pasqual, *Morgana a dos ollos verdes* (*Morgana la dels ulls verds*, 2012), ilust. Montse Español Rodié, trad. Pablo Sánchez Mato, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros. O club da ciencia, serie Morgana, n.º 9, recomendado para terceiro ciclo de Primaria, xaneiro 2012, 156 pp. (ISBN: 978-84-9914-330-9).

Novela realista de Pasqual Alapont (Catarroja, 1963), que conforma a novena entrega da serie protagonizada por Morgana, unha rapaza de sexto curso de Primaria e á que lle gusta sobre todo o baloncesto. Escrito a modo de diario, ademais de contar todas as peripecias do seu día a día, fai que o lectorado repase certas cuestións de Lingua, Matemáticas, Coñecemento do medio e Inglés. Tamén relata a vida das persoas que a rodean, como é o caso de Uxía, unha amiga que acode a moitas actividades motivada polos seus pais; Silvia, que o está pasando mal polo divorcio dos seus e outros moitos personaxes dos que se describen brevemente as súas problemáticas. Morgana está namorada dun rapaz, Berenguel, que, despois de varios encontros e desencontros, remata dedicándolle unha poesía de Bécquer. Ao mesmo tempo vai describindo á súa familia: o irmán e a súa moza gótica e a avoa e a súa habilidade para gañar pelexas con refráns, entre outras historias. Finalmente, relátase como Morgana consegue que a Selección Autonómica de Baloncesto a escolla para formar parte do equipo, ao tempo que Berengel lle declara o seu amor. Na cuberta preséntase á protagonista xogando cos seus amigos nun debuxo a cor, realizado por ordenador pero co contorno feito á man. No interior, as ilustracións, en branco e negro, de Montse Español Rodié (Lleida, 1967) reflicten escenas importantes da narración e contextualizan as aventuras na época actual.

Recensións:

- María Navarro, "Amena e desenfadada", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 410, "Libros", 12 abril 2012, p. VII/ "Auténtica aventura", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 14 abril 2012, p. 7.

Fálase do argumento e da utilidade didáctica que ten esta obra protagonizada por Morgana á hora de refrescar os coñecementos de matemáticas, lingua ou coñecemento do medio, entre outros, adquiridos durante o curso académico. Coméntase igualmente a inclusión de elementos atractivos para o lectorado agardado, como, por exemplo, as novas tecnoloxías.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 15 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 360, 24 marzo 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntanse o argumento. Tamén se describe *Dark butterfly*, de Rexina Vega.

Andersen, H. C., *O soldadiño de chumbo*, ilust. Gianni de Conno, versión de Gabriel Casas, trad. Isabel Soto, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Pillota, nº 5, [lectorado autónomo], 2012, 43 pp. (ISBN: 978-84-682-1190-9).

Versión do conto marabilloso de Hans Christian Andersen (Odense, Dinamarca, 1805-Copenhague, Dinmarca, 1875) na que o protagonismo recae nun dos vinte e cinco soldados de chumbo existentes nunha caixa coa que agasallaron a un neno polo seu aniversario. A este soldadiño fáltalle unha perna e namórase dunha bailarina que, coma el, é quen de se soster enriba dunha soa perna. Seguramente por mor da envexa dun diaño de xoguete, que lle ordenara a media noite que esquecera a bailarina, o soldadiño cae á rúa á mañá seguinte dende unha xanela, iniciando así unha aventura que o leva a nadar sobre un barquiño de papel, feito por dous nenos, até chegar ao mar, onde é devorado por un gran peixe. Grazas á captura do peixe, consegue salvarse e regresar á casa do neno xunto á bailarina e, de novo, seguramente a envexa do citado diaño explica que o soldadiño caia á cheminea e comece a arder, mirando á bailarina, que por mor dunha corrente de aire, arde canda el, quedando só á mañá seguinte, como restos deles, un anaco de papel e un corazón de chumbo. O texto acompáñase das ilustracións de Gianni de Conno.

Angelidou, Maria, *Mitos gregos*, ilust. Svetlin, adapt. Miguel Tristán, trad. Isabel Soto, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Cucaina, n.º 5, [lectorado autónomo], 2012, 97 pp. (ISBN: 978-84-682-1049-0).

A partir da obra de Maria Angelidou na que se recollen vinte e un mitos clásicos gregos, Miguel Tristán adapta, amplía e refunde catorce destes mitos, que son os que conforman a obra. Están dirixidos ao lectorado autónomo e ao ámbito educativo, de aí que se acompañen os textos dunha manchea de actividades didácticas para favorecer a comprensión e expresión oral e escrita, responsabilidade de Santiago Muras. Deste modo preséntase unha selección dalgúns dos mitos clásicos máis recorrentes na literatura universal para que o lectorado novo vaia coñecendo referentes culturais ineludíbeis, como é o caso de Prometeo, o ladrón do lume e amigo dos homes; a chegada do mal ao mundo na caixa de Pandora; a historia de amor imposíbel de Apolo e Dafne; a loita de Hércules contra a hidra de Lerna; o engano que levou ao rapto de Europa; a construción do labirinto de Creta por Teseo; as consecuencias do voo de Ícaro; a habelencia de Edipo para resolver o enigma da Esfinxe; a maldición do rei Midas ou o engano de Ulises para conquistar Troia, entre outros. As ilustracións figurativas de Svetlin (Rouse, Bulgaria, 1971), inspiradas nas pinturas da Grecia clásica, son imaxes fantásticas que recrean os mitos e xogan coas liñas curvas nunhas composicións centradas nas figuras de deuses, heroes e criaturas máxicas. Grazas a estas ilustracións achégase ao lectorado información sobre as roupas, os peiteados, os enseres, os deseños e as arquitecturas da cultura grega.

Arnal Gil, Txabi e Manu, *O crebacabezas*, ilust. Roger Olmos, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. Q, a partir de sete anos, xuño 2012, [46] pp. (ISBN: 978-84-9871-387-9).

Conto infantil de Txabi e Manu Arnal Gil que se abre cos seguintes paratextos en forma de dedicatorias dos autores e do ilustrador: “Para Resu, miña nai, porque nunca é tarde”,

“Para Beñat, para quen, se non?” e “Para Marc, grazas por todos estes anos de amizade”. Narrado dende unha terceira persoa omnisciente, conta a historia dun home que vive nunha alta torre que domina os catro puntos cardinais, dende onde vixía todo. No piso máis alto hai un crebacabezas que recrea cada recuncho da vila. Pero este home xoga coa vida do pobo cambiando pezas de sitio e manexando os designios dos seus habitantes ao seu antollo e todos teñen medo del. Un bo día aquel crebacabezas que manexa muda o seu destino. As pezas deste xogo (os integrantes do pobo) empezan a ter vida propia e a ser autónomos e, tomando forma de cabra, fanlle fronte ao seu verdugo, conseguindo que o tirano sinta o mesmo desasosego ca eles. A base do seu triunfo é a súa unión, nunha alegación a favor da rebelión ante a inxustiza e a tiranía. O ritmo é áxil até o final, acompasándose coa intriga, que non se detén até a última páxina. Neste álbum de inspiración surrealista as imaxes de Roger Olmos seguen o mesmo esquema onírico ca os textos. A lectura visual xa comeza nas composicións seleccionadas para a cuberta, contracuberta, gardas, portada e páxina de créditos. As inquietantes arquitecturas que aparecen nas composicións están conectadas coas obras de artistas surrealistas coma as de Giorgio de Chirico, Eugenio Salvador Dalí ou Ives Tanguy. As cores empregadas para pintar son pouco saturadas predominando grises, ocres, verdes e granates.

Recensións:

- María Navarro, “Alén dos estereotipos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 438, “Libros”, 13 decembro 2012, p. VI. / *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 390, 22 decembro 2012, p. 6.

Destaca que *O crebacabezas*, dos irmáns Txabi e Manu Arnal Gil, foxe “de convencionalismos e estereotipos” ao apuntar “directamente á parte escura do ser humano”. Sinala que a obra constitúe unha “defensa da identidade” e “unha invitación á mobilización” contra os que exercen o poder, dado que este non é eterno. Finalmente salienta a proposta plástica acorde á “esencia do texto”.

Belmontes, Juan Alfonso, *A vaca Condesa*, ilust. Evelyn Daviddi, trad. do castelán Laura Rubio, Pontevedra: OQO Editora, col. O, a partir de 3 anos, abril 2012, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-379-4).

Conto infantil de Juan Alfonso Belmontes, ilustrado por Evelyn Daviddi, que trata a problemática dos celos. O narrador en terceira persoa converte á vaca Condesa na protagonista da historia. Fala da vida desta vaca que deixou de bruar, de menear o rabo, de dar leite, de correr, de turrar e de botar bostas grandes. Reúnense os seus amigos para ver o que fan e danse conta de que o que lle pasa é que está triste e celosa porque os viaxeiros do tren que pasa por alí diante xa non a miran. Ao cuco ocórreselle que, entre todos, poden poñela guapa de novo e así os pasaxeiros do tren volveranse para mirala. Aquilo é a solución aos seus problemas.

Recensións:

- María Navarro, "Termar do ecosistema", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 422, "Libros", 5 xullo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 375, "Letras galegas", 7 xullo 2012, p. 7.

Dá conta do argumento do álbum *A vaca condesa*, de J. A. Belmontes, sinalando que revisa os elementos que compoñen "a globalización" dunha serie de feitos e que o problema que se presenta incide directamente "no desenvolvemento harmónico do individuo". Para pór o peche, fala das humanizadas imaxes que realizou a ilustradora Evelyn Daviddi cun ton irónico e divertido, das que cre que teñen como finalidade a canalización natural dos sentimentos do animal.

Bowley, Tim (adapt.), *Jack e a morte*, ilust. Natalie Pudalov, trad. Charo Pita, Pontevedra: OQO Editora, col. Q, de 8 a 12 anos, xaneiro 2012, [30] pp. (ISBN: 978-84-9871-367-1).

Versión de Tim Bowley (Londres, 1945), do conto tradicional británico "A morte atrapada nunha noz", no que un narrador en terceira persoa relata o encontro do protagonista, Jack, coa morte. Ao intuír que vai buscar a súa nai, que está doente, planea desfacerse dela. Consegue atrapala nun bote pero as consecuencias son desastrosas pois ningún ser vivo pode morrer e a ledicia pola repentina recuperación da nai convértese nun caos. Vai facer uns recados e, ao chegar á tenda, o carniceiro cóntalle que non é capaz de matar o porco. O rapaz tampouco é capaz de coller verduras na horta. Chega á conclusión, coa axuda da nai, de que a morte é algo natural e que ao encerrala o que está facendo é romper o equilibrio natural do sistema. Decide liberala e cando volve á casa, encontra á nai morta, pero cun sorriso na cara. Na cuberta deste álbum aparece o protagonista baixo unha bandada de corvos, imaxe que se completa coa contracuberta. No interior, as ilustracións figurativas de Natalie Pudalov, de estilo surrealista e cores escuras e frías, presentan numerosos detalles nos que deterse ao ler o libro e que permiten facer varias lecturas. Trátase de imaxes en cuxos deseños hai moito xogo de metáforas para acompañar os textos e ilustrar este conto que trata o tema da morte.

Recensións:

- Paula Fernández, "Coñecer a morte", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 411, "Libros", 19 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 21 abril 2012, p. 7.

Dise que este *Jack e a morte* é unha nova versión dun conto tradicional británico, cun fondo metafísico e didáctico. Coméntase que presenta a morte como algo inevitábel que forma parte da mesma vida, que a morte se converte en personaxe do relato e que Jack, o protagonista, ten que aceptar que á súa nai lle chegou a hora de morrer. Finalmente, fala do poder das ilustracións.

Referencias varias:

- Tim Bowley, "Jack e a morte", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 3 marzo 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Jack e a morte*, escrita por Tim Bowley a partir dun conto tradicional británico e ilustrada por Natalie Pudalov.

- M. Conde, "Lecturas para todos los gustos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 458, "Letras infantil", 10 marzo 2012, p. 3.

Dáse conta da presentación no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra da obra *Jack e a morte*, de Tim Bowley. Tamén se mencionan *O botín da misteria* (2011), de Lino Braxe; *O soldadiño de chumbo* (2010); *2044* (2011), de Eduardo Santiago; *Mans* (2011), de Xavier P. Docampo e Daniel Puente Bello, e *O alento nas costas*, de Natalia Carou Figueira.

Bowley, Tim, *Non hai escapatoria e outros contos marabillosos* (*The Master, the Servant and the Death and other tales*, 2009), ilust. Óscar Villán, trad. Carlos Acevedo, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Sete leguas, [lectorado autónomo], xuño 2012, 78 pp. (ISBN: 978-84-8464-792-8).

Conxunto de dez contos de diferentes culturas, tomados da transmisión oral, que o contacontos Tim Bowley (Londres, 1945) reescribe, mantendo a moralidade implícita, as fórmulas finais e iniciais estereotipadas e os personaxes, nos que se trata a poderosa forza do amor, a inevitábel chegada da morte, o destino, a avaricia desmedida, a nobreza da verdade, o poder da natureza; e valores como a humildade, a sagacidade, a tenacidade, a honestidade, o esforzo e o ecoloxismo. O primeiro relato "A muller espírito" amosa a forza do amor máis alá da morte ao narrar a viaxe dun home ao País dos Mortos por seguir o espírito da súa muller, que só pode ver durante a noite. En "A herdanza" o fillo dun labrego avaro descobre a satisfacción do traballo ben feito durante a busca dun tesouro que lle deixara seu pai ao morrer. "O papagaio hiraman" reflicte os celos das esposas dun rei contra un papagaio que sabe falar e o saca con enxeño da pobreza. En "Non hai escapatoria" relátase a aparición da Morte a un servo. "Pel de foca" é a historia dun home que descobre sete mulleres con peles de foca, casa cunha delas e ten un fillo que aprende as súas cancións e contos. En "A morte do corcovado" cóntanse os avatares do cadáver dun corcovado até que o xuíz descobre a verdade do acontecido grazas ás múltiples confesións dos culpábeis para salvarse. "A tsarina" é a historia de amor do mozo Iván quen ten que pasar unha serie de probas para poder estar coa súa amada a tsarina. En "Conn-Eda", o rapaz de nome homónimo ao do título ten que pasar unha serie de probas para gañar á súa madrasta. "O lindworm" é a historia dun rei e unha raíña que grazas á maxia teñen un neno e tamén unha serpe que reclama ser a primoxénita e que, despois de desfacer o meigallo, se transforma nun home de pelo negro. Por último, en "O rei pastor", trátase o tema do destino coa historia dun pobre pastor que se converte en rei ao ser elixido polo falcón do monarca que o manda soltar tras tres días sen comer. Na cuberta, a imaxe que se amosa avanza uns relatos fantásticos. No interior, as ilustracións figurativas de Oscar Villán (Ourense, 1972) salientan a fantasía dos relatos e recrean visualmente un aspecto clave da narración, como os personaxes e feitos prodixiosos.

Recensións:

- Olalla Sánchez, “Uns relatos para fabular”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 473, “Letras infantil”, “Libros del verano”, 30 xuño 2012, p. 6.

Refírese ao volume *Non hai escapatoria e outros contos marabillosos*, de Tim Bowley, do que indica que retén a atención do lectorado grazas á agudeza narrativa, ademais da orixinalidade dos relatos e os “acenos intelixentes”.

- María Navarro, “Creacións populares”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 428, “Libros”, 4 outubro 2012, p. VII.

Sinálase a condición popular dos contos escritos por Tim Bowley e ilustrados por Óscar Villán. Indícase que, protagonizados por criaturas máxicas, seres solitarios e membros da realeza, todos os relatos comparten o carácter sobrenatural da narración. Coméntase que a imaxinación asume a función de construír situacións en que os valores positivos (humildade, fidelidade, paciencia) trunfan sobre os negativos (ansia de poder, mentira, egoísmo).

- Carmen Ferreira Boo, “Novas receitas intemporais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 novembro 2012, p. 42.

Salienta este volume de contos do narrador británico Tim Bowley, traducido por Carlos Acevedo, no que “reescribe de maneira instrumental contos da transmisión oral, adaptándoos ao lector infantil e xuvenil”. Comenta a paixón de Bowley pola narración oral, participando en contacontos bilingües, e publicando *O Rei Oso Branco e outros contos marabillosos* (Kalandraka, 2010), e o álbum *Jack e a morte* (OQO, 2012). Indica que *Non hai escapatoria e outros contos marabillosos* recolle dez contos de diferentes culturas “mantendo a súa esencia orixinal e certa moralidade implícita”, maioritariamente contos marabillosos nos que trata eternas cuestións existenciais e valores positivos. Tamén salienta a galería de personaxes, tanto humanos coma animais personificados, os obxectos máxicos, as fórmulas finais e iniciais estereotipadas, o simbolismo dos números tres e sete, a metamorfose provocada polos meigallos, a resolución de enigmas etc. Por último analiza o traballo do ilustrador Oscar Villán, salientando a perfección no acabado e a extraordinaria expresividade dos personaxes.

Referencias varias:

- M. G. M., “La Feira do Libro presentará treinta novedades en sus diez días de vida”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña” 26 xullo 2012, p. 15.

Detállanse as actividades a celebrar durante a Feira do Libro, entre as que se destaca a presentación desta obra.

Browne, Anthony, *Que tal estás?* (*How do You Feel*, Brun Limited, 2011), ilust. do autor, trad. Silvia Pérez Tato, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], setembro 2012, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-723-2).

Álbum de Anthony Browne (Sheffield, Inglaterra, 1946) ao redor da expresión dos sentimentos e sensacións que experimenta a infancia. O escaso texto apóiase en grandes

ilustracións do propio autor, que presentan ao protagonista, un moniño humanizado, dirixíndose ao lectorado para expresarlle o que sente en diferentes momentos, á vez que o convida a que avance no autocoñecemento e que se pregunte a si mesmo "Que tal estás?". Nas frases curtas que aparecen na parte inferior das páxinas xógase tamén coa tipografía para resaltar as palabras referidas aos sentimentos e que se corresponden coa expresividade recollida nas imaxes, dende o aburrimento, a soidade, a alegría, a tristeza, a curiosidade ou a sorpresa, pasando pola confianza ou a vergoña, a preocupación ou a fame, até rematar co cansazo e o sono. Na última páxina do álbum reprodúcense en pequeno tamaño todas as imaxes que configuran a proposta ilustrativa desta obra. O ilustrador xoga coas cores, cos tamaños, coa disposición do protagonista, coas luces e os fondos para transmitir ideas moi sinxelas aos nenos. O mono protagonista preséntase vestido coma un neno que reflicte expresións moi humanizadas: bocexa cando está aburrido, sorrí cando está ledo, relámbese de gusto satisfeito, engurra os ollos enfadado etc. Son imaxes de cores alegres e saturadas.

Referencias varias:

- Anthony Browne, "Que tal estás?", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 15 decembro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Que tal estás?*, escrita e ilustrada por Anthony Browne.

Campanari, José, *O mundo nos ollos* (ISBN: 978-84-9871-401-2)/ *É o meu aniversario* (ISBN: 978-84-9871-403-6)/ *Que mal cheira!* (ISBN: 978-84-9871-399-2)/ *Chega un avión* (ISBN: 978-84-9871-397-8)/ *Canto ruído!* (ISBN: 978-84-9871-395-4), ilust. Simona Mulazzani, trad. do castelán Laura Rubio, Pontevedra: OQO Editora, col. nanOQOs, a partir de 2 anos, setembro 2012, [22] pp.

Conxunto de cinco contos de páxinas duras nos que José Campanari presenta un bebé e a súa contorna familiar. N'*O mundo nos ollos* o protagonista conta como, a partir do momento en que se levanta, vai asomándose ao mundo cos seus ollos, que son coma dúas ventás, e como os membros da súa familia (o pai, a nai, o avó, a avoa e tío Lalo) van indicándolle o nome das cousas até que chega á noite e dorme soñando con todo o que viu de día. En *É o meu aniversario* o lectorado agardado é testemuña de como transcorre o día do primeiro aniversario do protagonista dende que súa nai o ergue até que xoga cos agasallos que lle fan os membros da súa familia. En *Que mal cheira!* o bebé protagonista marcha de xunta as flores da avoa, de xunta a colonia do avó e da comida que fai seu pai porque todo lle cheira mal até que súa nai lle cambia o cueiro e todo volve a cheirar ben. Finalmente, en *Canto ruído* o pequeno neno oe diferentes sons (os ronquidos da nai, o bater de ovos da avoa, o ruído da vasoira coa que varre o pai e o martelo do avó) antes de quedar durmido. Os contos, que aparecen recollidos nunha caixa de cartón duro, están ilustrados por Simona Melazzani, cuxos debuxos figurativos, de formas redondeadas e cores alegres, matizadas, aplicadas con pinceladas suaves, reflicten situacións cotiás nunha contorna familiar.

Carle, Eric, *O artista que pintou un cabalo azul* (*The Artist who Painted a Blue Horse*, 2010), ilust. do autor, trad. Chema Heras, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], 2012, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-781-2).

Álbum infantil de Eric Carle (Siracusa, Nova York, Estados Unidos, 1929) que se presenta coma unha homenaxe a Franz Marc (e a todos os pintores do século XX que liberaron as cores da subordinación ás formas). Inspirado na súa *opera prima*, *Cavalo azul I* (1911), o volume presenta unha galería de animais coloridos que convidan ao xogo intertextual. Marcada pola simplicidade e contención verbal, a narración en primeira persoa iníciase cunha breve presentación da figura eloxiada "Son un artista e pinto...". A partir de aí, seguindo unha estratexia acumulativa e o recurso da conxunción copulativa "e", tipicamente connotada co discurso infantil, preséntanse varios animais divertidos "pintados con cores 'erradas". Todo o libro está insistindo na idea de que se poden pintar os animais da cor que se queira: elefantes laranxas ou coellos rosas. Na última páxina hai una imaxe do cadro que serve de pretexto para este álbum. A técnica empregada é a característica deste autor: formas construídas a partir de recortes de papeis pintados con distintas cores e distintas texturas visuais. As cores, que son as protagonistas da obra, están moi saturadas. O deseño dos animais é sinxelo, ocupan toda a composición sobre un fondo branco con algunha referencia espacial como uns trazos verdes para a herba do chan ou un ceo azul con estrelas.

Recensións:

- Carina Rodrigues, "Álbum e Arte danse as mans", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 1 maio 2012, p. 42.

Comézase indicando que o álbum xorde como unha das formas máis relevantes en canto á aproximación a diversos movementos ou tendencias estéticas e artísticas, estimulando o diálogo intertextual/interartístico. A continuación, coméntase que a publicación por Kalandraka d'*O artista que pintou un cabalo azul* constitúe unha homenaxe ao seu autor, Eric Carle, e incluiríase na tipoloxía do "álbum catálogo". Saliéntase que, nun rexistro asentado no recorte/colaxe de anacos de papel matizado, as ilustracións revelan unha representación pouco convencional do trazo, das formas e das cores. Así mesmo, indícase que a narración en primeira persoa, marcada pola simplicidade e a contención verbal, iníciase cunha breve presentación da figura eloxiada para, a continuación, presentar a varios animais seguindo unha estratexia acumulativa. Finalmente, destácase que nun facer marcadamente lúdico, esta obra revela tamén un certo sentido autobiográfico, permitindo a apoloxía dun estilo distinto e subliñando a lexitimidade do acto creador.

- Paula Fernández, "Calidade plástica", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º. 419, "Libros", 14 xuño 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 372, "Letras galegas", 16 xuño 2012, p. 7.

Coméntase esta obra de Eric Carle polo miúdo, explicando brevemente os motivos do autor para escribila. Infórmase de que é unha homenaxe ao expresionista Franz Marc. Fálase igualmente da importancia do concepto *liberdade* e saliéntase a calidade plástica das súas páxinas, analizándose con detalle as ilustracións.

Referencias varias:

- Eric Carle, "O artista que pintou un cabalo azul", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 31 marzo 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O artista que pintou un cabalo azul*, escrita e ilustrada por Eric Carle.

Castelli, Jeanette, *Os gatos na lúa/The cats on the moon*, ilust. Andrea Santana, trad. Manuel Ramos, Ourense: Ediciones Linteo, col. Linteo Infantil e Xuvenil, [lectorado autónomo], 2012, 51 pp. (ISBN: 978-84-96067-78-3).

Esta historia bilingüe galego-inglés é a primeira contribución ao ámbito da literatura infantil de Jeanette Castelli. Tres gatos de cores distintas (branco, negro e gris) desexan ir á Lúa, polo que se dispoñen a construír un foguete. Fronte ao que cabería agardar, os seus sempiternos inimigos, os cans, ofrécenlles a súa axuda para compartir con eles esta misión espacial. Dispoñen todo para a viaxe, despegan e chegan á Lúa, mais alí todo está moi escuro e pasan frío e fame. Regresan e todos xuntos celebran o reencontro mentres miran a Lúa. As ilustracións de Andrea Santana aparecen a dobre páxina mentres o texto se reduce a mínimas expresións que se superpoñen sobre o debuxo e que guían a historia a xeito de cómic (empréganse mesmo "bocadillos" para indicar os pensamentos). O estilo intenta achegarse á arte infantil, sobre todo no tratamento das figuras, mentres o resto dos elementos e os fondos presentan un grado de elaboración máis sofisticado e detalles relativamente precisos. Este infantilismo a medias tampouco acaba de callar en imaxes convincentes. O colorido, con contrastes de grande intensidade, chega a ser en ocasións algo agre.

Chessa, Francesca, *Non quero ser un polbo!*, ilust. da autora, trad. do castelán Laura Rubio, Pontevedra: OQO Editora, col. O, de 3 a 7 anos, xullo 2012, [26] pp. (ISBN: 978-84-9871-391-6).

Álbum narrativo da escritora e ilustradora Francesca Chessa protagonizado por un polbo que non quere selo, xa que o que desexa é formar parte, como o resto de peixes, do circo do fondo do mar. Un día logra, ante a presenza dunha quenlla, vencer os seus medos e aceptarse a si mesmo, logrando así ademais resultarlle útil aos restantes habitantes mariños, que fuxiran do temido tiburón. Dende ese momento convértese no mago Polbini. As ilustracións, da propia autora, son imaxes divertidas de animais mariños nun ambiente festivo no que se mesturan elementos reais con outros impropios do mar, tales como un monociclo ou unhas pesas. O deseño dos protagonistas, que teñen unhas expresións humanizadas, segue un estilo infantil. A técnica empregada é a pintura e aplica cores suaves e alegres.

Darabuc, *A partes iguais*, ilust. Lina Žutauté, trad. do castelán Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. O, de 3 a 7 anos, xullo 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-389-3).

Álbum no que Darabuc, nome literario de Gonzalo García Rodríguez (1972), adapta un conto tradicional español. Dedicado "A todos cantos manteñen viva a chama da

narración oral", narra a historia dunha moza sen traballo que marcha en busca de fortuna e que atopa no seu camiño catro seres con poderes extraordinarios: o fortachón Brazodegorila; Orellademorcego, que oe moi ben; Fociñodetouro, que sopra moi forte, e Ollodeaguia, que ten boa vista. Xuntos chegan até a capital do país onde vive o inxusto, cruel e mentireiro rei e superan a proba que lles impón para poder conseguir o tesouro, grazas á forza de Brazodegorila. Coa habelencia de Orellademorcego, Fociñodetouro e Ollodeaguia sálvanse do exército que os persegue por orde real e liberan o pobo da tiranía. Despois regresan á casa e reparten o tesouro en seis partes iguais, a última para os pobres. Na cuberta a parecen os cinco protagonistas coas características que os definen (ollos grandes para realzar a vista, enormes orellas, brazos fortes). No interior, as ilustracións coloristas de Lina Žutauté están realizadas con pintura. Son imaxes que mesturan figuración e fantasía nun conto no que as ilustracións e os textos se complementan mutuamente.

Recensións:

- María Navarro, "Compartir e repartir", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 433, "Libros", 8 novembro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 385, 17 novembro 2012, p. 7.

Comeza destacando que os personaxes desta adaptación de Darabuc saben moito de "compartir e repartir". Salienta que malia cada un posuír unha calidade extraordinaria que os distingue dos demais, valoran que as achegas individuais "serán válidas para o colectivo e redundarán no beneficio individual" de aí que todos acaden a fortuna non sen antes superar duras probas. Logo de dar conta doutras características dos personaxes afirma que "a fortuna sorrí non só a aqueles que a perseguen, senón tamén a aqueles que a merecen".

Díaz Garrido, María Julia e David Daniel **Álvarez Hernández**, *Bandada* (*Bandada*, 2012), V Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, ilust. dos autores, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], novembro 2012, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-805-5). ■

Álbum de gran formato e orientación vertical realizado en coautoría polos ilustradores mexicanos María Julia Díaz Garrido (México D.F., 1986) e David Daniel Álvarez Hernández (México D.F., 1984). Cun texto narrativo mínimo preséntase unha metáfora crítica protagonizada por aves personificadas que fala da ambición humana ao longo da historia e da evolución e o progreso que, ás veces, deron lugar a morte, destrución e tristeza. As ilustracións dos autores con lapis de grafito, en branco e negro, conseguen unhas imaxes moi precisas cun gran dominio do claroescuro que serven de apoio para comprender a historia textual. Os personaxes están descritos con moita detención nos detalles, amosando unha sociedade de aves con comportamentos humanos.

Referencias varias:

- Kalandraka, "Entrega del Premio Internacional de Álbums Ilustrados", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 novembro 2012, p. 26.

Anuncia a próxima entrega do V Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados no Pazo de Raxoi de Santiago de Compostela. Lembra o título e os nomes dos gañadores.

- A. De Santos, "Los mexicanos David Álvarez y Julia Díaz reciben el Premio Compostela por 'Bandada", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 8 novembro 2012, p. 44.

Informa da entrega do Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados. Di o nome dos gañadores e da obra premiada e comenta que, segundo os autores, a historia se desenvolveu a partir dunhas imaxes de aves de David Álvarez.

- Iñaki Ramis, "Talento propio y de importación", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "Patio de vecinos", 8 novembro 2012.

Entre outras novas, informa do taller que impartiron no IES de Sar os gañadores do Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados.

Dickens, Charles, *Conto de Nadal*, ilust. Christian Birmingham, adapt., notas e actividades Pablo Antón Pascual, trad. Isabel Soto, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Cucaina, n.º 4, [lectorado mozo], 2012, 111 pp. (ISBN: 978-84-682-1071-1).

Adaptación de Pablo Albo (Alacante, 1971) do coñecido relato de Charles Dickens (Portsmouth, Inglaterra, 1812 – Gads Hill Place, Inglaterra, 1870). Ábrese cun breve prefacio, que resume a intención da obra, ao que lle seguen cinco capítulos titulados nos que se conta o que lle aconteceu o día de Noiteboa ao avaro señor Ebenezer Scrooge. Coñécese como este recibe na súa casa a visita da pantasma do seu socio Jacob Marley que o avisa sobre a aparición dos espíritos do Nadal Pasado, do Nadal Presente e do Nadal Futuro. Con eles fará unha viaxe temporal na que verá o que lle agarda se continúa co seu egoísmo. Esa viaxe sérvelle para recapacitar sobre a súa actitude ante a vida, cambiala e valorar o espírito solidario e caritativo do Nadal. Acompáñase o texto dunha serie de actividades didácticas, dunha pequena biografía do escritor inglés e das coidadas ilustracións figurativas de Christian Birmingham que mergullan o lectorado no século XIX e que enriquecen o texto con composicións realistas tanto nas escenas da vida cotiá como nas máis fantásticas.

Recensións:

- Paula Fernández, "Anovando Dickens", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 439, "Libros", 20 decembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 391, "Letras galegas", 29 decembro 2012, p. 6.

Lémbrase que *Conto de Nadal*, de Charles Dickens, é un clásico da literatura universal adaptado e traducido a unha chea de linguas e mesmo levado ao cinema. A seguir, céntrase na tradución deste conto realizada por Vicens-Vives, "moi axeitada para o primeiro ciclo de educación secundaria". Dise que esta tradución recolle o fundamental do argumento da novela curta de Dickens. Remátase afirmando que se trata dunha nova

lectura dun autor clásico ao que lle preocupan problemas non tan alleos, como se puidera pensar, á sociedade actual, pois, se cadra, "o mundo non cambiou tanto".

Dickens, Charles, *Grandes esperanzas*, adapt. José María Pérez Zúñiga, ilust. Iassen Ghiuselev, trad. Isabel Soto, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Cucaina, n.º 9 [lectorado mozo], 2012, 224 pp. (ISBN: 978-84-682-1275-3).

Adaptación da novela de Charles Dickens (Portsmouth, 1812-Gads Hill Place, 1870) na que se elabora un relato en vinte e nove capítulos titulados coas partes máis significativas desta novela de formación que afonda na fin da inocencia e as ilusións perdidas e na que o autor inglés se amosa crítico coa figura do cabaleiro da Inglaterra do século XIX e centra o interese no poder dos cartos e a cobiza. A trama céntrase na evolución de Philip Pirrip, Pip, o narrador e protagonista, un neno orfo que vive coa súa irmá e o seu cuñado nos brañais de Inglaterra. Unha tarde de decembro, Pip atopa no cemiterio un preso escapado ao que axuda, aínda que pouco despois é detido nunha batida. Pasado un ano, Pip recibe a sorprendente noticia de que a señorita Havisham, unha excéntrica muller que vive recluída na decadente mansión Satis, desexa contratalo para se converter no compañeiro de xogos da súa filla adoptiva, a fría, soberbia e fermosa Estella. Malia o desprezo co que o trata a rapaza, Pip queda encandeado por ela e proponse chegar a ser un cabaleiro digno do seu amor. Cando ao cabo de catro anos un misterioso benfeitor pon á súa disposición unha cuantiosa fortuna, Pip cre que os seus soños por fin se farán realidade e poderá fuxir dunha vida que aborrece por considerala vulgar e vergonzosa. Deixa a súa vila e arrédase do cariño do seu cuñado Joe, da súa amiga Biddy e da súa irmá e instálase en Londres, onde non tarda en afacerse aos praceres da capital na compaña de Herbert Pocket, o sobriño da señorita Havisham, que se converterá no seu mellor amigo. Con vinte e tres anos, entregado a unha vida insubstancial e cun fondo amor por Estella que non é correspondido, Pip recibe a visita de Abel Magwitch, o preso ao que axudara sendo un cativo, que altera de vez as súas expectativas e ao que, tras moitas dúbidas, acorda volver axudar argallando un plan para sacalo do país e salvalo do cárcere. As súas esperanzas frústranse unha vez máis e só acadan a posibilidade de realizarse once anos máis tarde, cun novo encontro cunha Estella derrotada pola vida. A adaptación da novela mantén o suspense ao final dos capítulos característico do orixinal, publicado por entregas entre decembro de 1860 e agosto de 1861, así como a súa estrutura, a descrición dos ambientes desde a perspectiva do narrador e o seu carácter realista e crítico coa sociedade da época na que transcorre. Outrosí acolle motivos da literatura gótica e fantástica para recrear un ambiente macabro (fundamental no deseño da señorita Havisham, encerrada nunha casa que evoca os relatos de terror e manipula a vontade de todos os que a rodean por mor da obsesión de vinganza que a domina des que sufriu un desengano amoroso na mocidade), que combina con escenas humorísticas e caricaturescas. A edición conta cun apéndice de actividades sobre o texto realizadas por Emilio Sales e con ilustracións do búlgaro Iassen Ghiuselev (1964).

Dickens, Charles, *Noiteboa de pantasmas*, ilust. Patrick Benson, adapt. José María Pérez Zúñiga, trad. Isabel Soto, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Pillota, nº 7, [lectorado autónomo], 2012, 78 pp. (ISBN: 978-84-682-1157-2).

Adaptación de José María Pérez Zúñiga de *Conto de Nadal*, de Charles Dickens (Portsmouth, Inglaterra, 1812 – Gads Hill Place, Inglaterra, 1870), que se estrutura en sete capítulos titulados nos que se conta como o día de Noiteboa o avaro señor Ebenezer Scrooge recibe na súa casa a visita da pantasma do seu socio Jacob Marley, que o avisa sobre a aparición dos espíritos do Nadal Pasado, do Nadal Presente e do Nadal Futuro. Os tres espíritos lévano ao pasado, presente e futuro para que vexa a celebración do Nadal ao longo da súa vida e o que lle agarda se continúa co seu egoísmo e avaricia. Nesa viaxe recapacita e acorda cambiar a súa actitude ante a vida, converténdose nun home solidario e caritativo. Acompáñase dunha serie de actividades didácticas e de ilustracións figurativas de Patrick Benson.

Duffy, Carol Ann, *A ladroa de bágoas*, ilust. Nicoletta Ceccoli, trad. Isabel Soto, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Pillota, n.º 2, [lectorado autónomo], 2012, [34] pp. (ISBN: 978-84-682-1033-9).

Relato da poeta e dramaturga británica Carol Ann Duffy (Glasgow, 1955) no que se narra o percorrido que a ladroa de bágoas fai cada noite para recoller as lágrimas que os nenos e nenas derraman co obxectivo de gardalas no seu saco impermeábel de cor prateada e despois depositalas na lúa. Explícase que é un ser invisíbel, ao que só se pode descubrir reflectida nos charcos da auga e que vai visitando a diferentes cativos que choran, como o que se está a bañar e non quere lavar a cabeza; a nena que chora porque quere chocolate; o que non pode sacar o dedo da frauta ou ás xemelgas que rifan por un oso de peluche. Porén, despois de ter o saco cheo atopa a unha nena que chora en silencio ao pé dun farol. No momento no que lle está a roubar unha bágoa é descuberta a súa imaxe no charco de auga e comeza a falar con ela. É así como o lectorado descobre que a nena está moi triste porque perdeu o seu can e que a ladroa de bágoas aprecia, por enriba de todas as lágrimas, as que son froito da tristura máis auténtica, pois son estas as que lle dan un brillo máis especial á lúa. O texto, de marcado carácter poético, acompáñase das ilustracións realistas, de Nicolleta Ceccoli (San Marino, 1973), de tonalidades frías, acordes cos ambientes nocturnos recreados.

Recensións:

- María Navarro, "Delicadeza e maxia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 435, "Libros", 22 novembro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 387, 1 decembro 2012, p. 7.

Coméntase a recente irrupción no panorama literario galego da editorial Vicens-Vives con traducións de textos "clásicos que recrean obras da literatura universal". Dise que Vicens-Vives fixo a entrada con coidados textos e as exquisitas ilustracións dos libros que conforman as colecciónS "Pillota" e "Cucaña". A seguir, detense n'*A ladroa de bágoas*, de Carol Ann Duffy, ilustrado por Nicoleta Ceccoli, obra inglesa da que salienta a "delicadeza das imaxes", o mundo máxico "entre o onírico e o real" que presenta, a fantasía e a imaxinación. Finalmente sinálase que a asociación, aparentemente oposta, entre os personaxes e as súas actuacións, dan lugar a unha "sensación de benestar".

Evans, April T., *No colo de mamá/In mama's arms*, ilust. Michelle López, trad. Manuel Ramos, Ourense: Ediciones Linteo, col. Linteo Infantil e Xuvenil, [lectorado autónomo], 2012, 31 pp. (ISBN: 978-84-96067-79-0).

Dedicado "Para Chad e Chase", April T. Evans (Hayward, California, 1975) recorre a un narrador en primeira persoa para presentar a relación dun bebé coa súa familia. O protagonista séntese "abrigado e ben quentiño" no colo da súa nai; "saudable e forte" no colo do pai; "ledo e contento" coa súa avoa e "seguro e confiado" co seu avó". En definitiva, "afortunado e satisfeito" coa súa familia". Trátase dun conto biligüe (galego-inglés), ilustrado por Michelle López, quen emprega como técnica pictórica a acuarela. O texto está disposto de maneira en que o galego está nas páxinas da esquerda e o inglés nas páxinas da dereita, colocado no fondo de cores planas da imaxe. A cuberta presenta a imaxe do neno coa súa nai creando o encadre do título e xogando cunha estampa floral de fondo.

Falcón Maldonado, Cristina, *Letras nos cordóns* (*Letras en los cordones*, 2012), ilust. Marina Marcolin, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Maremar, [lectorado autónomo], 2012, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-787-4).

Conto de Cristina Falcón Maldonado (Trujillo, Venezuela, 1963) que se abre con dúas dedicatorias: unha da autora e outra da ilustradora. A narradora, da que se descoñece o nome, é unha nena que ten seis irmáns e que fala da súa irmá maior, Flor, unha moza moi valente e amante da escola e dos libros. Sábese como Flor leva ás súas irmás á escola e como os domingos reciben a visita de súa nai que lles pide que se porten ben coa avoa e que aproveiten o que aprendan no colexio, ademais de rogarlle expresamente a Flor que coide de todos e sobre todo da avoa, que vai envellecendo. A narradora, a quen non lle gusta ir á escola, non entende como Flor, que xa sabe ler e ama as letras, quere ser mestra, tal como lle confesa a súa nai, e cre que este desexo de súa irmá llo meteron as letras na cabeza. Na cuberta xógase co título ao dispor letras debuxadas colgadas nun cordón que sostén unha nena. No interior, as ilustracións, de estilo figurativo, son da autoría de Marina Marcolin. Trátase de imaxes que mesturan escenas realistas e cotiáns con simpáticos debuxos de nenos e letras. Sobre uns fondos de cor *beig* a ilustradora dispón debuxos a lapis, acuarelas e papeis de cadernos escolares e escrituras infantís. Os ambientes que se recrean nas composicións son de carácter íntimo, familiar e acompañan aos textos confluíndo nun resultado moi logrado.

Recensións:

- Paula Fernández, "Agasallo para os sentidos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 424, "Libros", 13 setembro 2012, p. VII.]

Tras un breve resumo da trama onde se destaca a predominancia de personaxes femininas que loitan por un futuro mellor para a familia, resáltase a calidade das ilustracións hiperrealistas de Marina Marcolin.

Referencias varias:

- Cristina Falcón Maldonado, “Letras nos cordóns”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 1 setembro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Letras nos cordóns*, escrita por Cristina Falcón Maldonado e ilustrada por Marina Malcolin.

Flora, James, *Un canguro polo Nadal* (*Kangaroo for Christmas*, Harcourt, Brace & World, Inc., 1962), ilust. do autor, trad. Rafa Salgueiro, Madrid: Lata de Sal Editorial, col. Vintage, [lectorado autónomo], 2012, [36] pp. (ISBN: 978-84-940584-1-7).

Conto de James Flora (Bellefontaine, Ohio, 1914-Rowayton, Connecticut, 1998), ilustrado polo propio autor e traducido á lingua galega para conmemorar o cincuenta aniversario da súa publicación en inglés. Nel nárranse as peripecias dunha nena chamada Catarina despois de recibir como agasallo de Nadal do tío Dingo un canguro, ao que bautiza co nome Adelaida. Dado que o animal vai dando choutos dun sitio a outro e provocando unha gran desfeita, Catarina decide ir montada nel até a casa da súa avoa, pero os ruídos da cidade asustan a canguro, que comeza a saltar por riba da xente, dos coches, entra na casa de veciños, na tenda de xoguetes e na panadería até subir polos cables da luz coma un paxaro. Finalmente Catarina e Adelaida chegan á casa da avoa, onde a canguro queda pegada á capota do coche por mor do caramelo que estaba arrefriando na porta e que ela pisou. É así como avoa e neta deciden regresar á casa de Catarina coa canguro, aínda que resulta complicado polos choutos que dá ao se asustar co tráfico.

Referencias varias:

- James Flora, “Un canguro polo Nadal”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 22 decembro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Un canguro polo Nadal*, escrita e ilustrada por James Flora.

Foreman, Michael, *Amigos* (*Friends*, Andersen Press Ltd., 2012), trad. Rafa Salgueiro, Madrid: Lata de Sal Editorial, col. Gatos, [lectorado autónomo], 2012, [34] pp. (ISBN: 978-84-940584-4-8).

Álbum de Michael Foreman (Pakefield - Reino Unido, 1938), “Dedicado á memoria do noso marabilloso gato Tex e ao peixe de cores da miña sogra”, no que un narrador en primeira persoa, o gato protagonista, conta o afortunado que se sente pola autonomía que ten para desprazarse, á vez que se magoa de Burbulla, un peixe atrapado no seu acuario. Lembra como un día encheu un caldeiro con auga e levou a Burbulla ao lago do parque, ao río e ao mar, onde o animou a lanzarse para que vivise en liberdade. O peixe renunciou a esta opción, porque sabe que alí non atopará un amigo coma o gato. A partir dese momento andan sempre os dous xuntos.

Hoffman, Mary, *Un tirón no rabo. Contos de animais de todo o mundo*, ilust. Jan Ormerod, trad. Isabel Soto, notas e actividades Ramón Masnou, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Cucaina, n.º 6, [lectorado mozo], 2012, 105 pp. (ISBN: 978-84-682-1268-5).

Volume no que se reúnen once contos, a xeito de fábulas, procedentes de diferentes lugares do mundo, responsabilidade de Mary Hoffman (Inglaterra, 1945) e ilustrados por Jan Ormerod (Bunbury, Australia, 1946-Cambridge, Inglaterra, 2013). Baixo o título xenérico d'*Un tirón no rabo* nárranse as peripecias de diferentes animais que poñen de relevo a importancia da honestidade, a intelixencia e a habelencia para superar calquera atranco na vida e que se exemplifican a través da relación que se estabelece entre o caimán e o chacal, o leopardo e o carneiro, a gata e os ratos, o lobo e as ovellas, o raposo e o indio, o coello e o papagaio, o raposo e o caranguexo, o sapoconcho e o elefante e o pelicano e o peixe. A través das vivencias destes protagonistas reflíctense valores culturais e ensinanzas transmitidas en contos tradicionais da India, Namibia, Tíbet, Cabo Verde, os indios ieroqueses, Venezuela, China, Turquía, Nixeria e Malaisia, nunha aproximación a culturas distantes, que ficcionalizan valores universais.

Irish, William, *Aprendiz de detective. Un roubo moi custoso,* ilust. Rubén Pellejero, trad. Clara Arranz, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Cucaina, nº 7, [lectorado mozo], 2012, 127 pp. (ISBN: 978-84-316-2941-0).

Volume que inclúe dous relatos policiais dun dos mestres indiscutíbeis da novela de suspense, William Iris (1903-1968). No primeiro deles, titulado "Aprendiz de detective", un narrador en primeira persoa, Tommy Lee, un mozo de doce anos que quere ser policía como o seu pai, relata como cando tiña nove anos unha compañeira súa, Millie Adams, desapareceu e nunca máis volveu á escola despois de terlle dito que un home a agasallara con caramelos e que lle ía dar todos os que ela quixera pois tiña unha casa ateigada deles. Pasado un tempo, Tommy volve vivir unha situación semellante, pois agora é Jeanie Myers quen lle comenta que vai ter todos os caramelos que ela queira. Tommy, a partir doutras situacións, asocia un caso co outro e vai na procura de Jeanie, quen foi secuestrada polo mesmo lunático. Despois de seguir varias pistas, logra chegar onda a rapaza e xuntos enfróntanse e escapan do agresor. A chegada do pai de Tommy e dos demais policías salvan os rapaces. No segundo relato, "Un roubo moi custoso", unha vella moi rica, a señorita Garrity, fai testamento no que explica que quere que a enterren con todos as súas xoias e dá as pautas de como facelo. A noticia sae no xornal e dous ladróns, Cara de Anxo e Chik, lena, argallan suplantar a defunta no panteón familiar e roubar as xoias. O plan sáelles mal, de maneira que un deles é enterrado vivo e o outro, despois de pasar toda a noite sen poder saír do panteón, e apresado pola policía, a quen lle suplica que o saquen de alí. Os textos acompáñanse das ilustracións de Rubén Pellejero e, como é habitual na colección que os acolle, dunha serie de actividades para traballar con eles de Josep Santamaría e Pedro Alonso.

Isern, Susanna, *Oso atrapabolboretas*, ilust.Marjorie Pourchet, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O, a partir de 3 anos, abril 2012, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-377-0).

Álbum infantil de Susanna Isern, sobre a amizade e o compañeirismo, que se abre coa dedicatoria: "Para Marc, Yuna e Adriel, que atrapan bonitas historias co seu ganapán". Nel un narrador en terceira persoa conta a historia dun oso que vive no bosque e que se dedica a coleccionar cousas que atopa entre as árbores, unha delas un ganapán. Oso non coñece a súa utilidade, pero un día emprégao para sacar da auga a unha bolboreta que estaba afogando e que posteriormente seca no seu fociño até que pode voar. Gústalle iso de rescatar bolboretas,e comeza a facelo continuamente até que, nunha ocasión, unha bolboreta enorme que está a secar, Blanca, non escapa, senón que queda engaiolada fronte os ollos negros de Oso e fanse moi amigos. Pero chega o día en que é Oso, que non sabe nadar, o que cae á auga e é rescatado por todas as bolboretas ás que el axudara e que o poñen a secar nunha montaña. Dende aquel momento, anda sempre con elas. Ilustrado por Marjorie Pourchet a imaxe de cuberta e contracuberta amosa o oso protagonista na paisaxe onde se desenvolve a historia. No interior as composicións, a dobre páxina, nas que a autor empregou a colaxe ou a pintura, presentan unha narrativa propia a maiores da dos textos, pois, por exemplo, as cores das árbores e das follas cambian coas estacións estabelecendo deste xeito unha liña temporal.

Jandl, Ernst, *Cada vez máis alto* (*Immer höber*, Tulipan Verlag GmbH, 2011), ilust. Norman Junge, trad. Silvia Pérez Tato, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, agosto 2012, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-793-5).

Conto de Ernst Jandl (Viena, 1925-2000), que asenta nunha estrutura acumulativa, no que se narra como un home sobe a un sofá, a unha mesa, á casa, a unha montaña, á lúa e, finalmente, todos estes elementos están sobre a noite. A través de frases curtas, colocadas nas páxinas pares, vaise engadindo cada novo elemento para achegarlle ao lectorado máis novo conceptos básicos da súa contorna, incidindo na aprendizaxe de conceptos referidos ao espazo. O texto compleméntase coas ilustracións figurativas do debuxante alemán Norman Junge (Kiel, 1938), galardoado co Premio Especial de Ilustración 2012 por toda a súa obra. Os deseños aparecen ocupando as páxinas impares e recrean fielmente o texto, situando no espazo os elementos que se van integrando na narración. A lectura visual pode ser independente da textual.

López de Munáin, Iratxe, *Rapuncel*, ilust. da autora, trad. do castelán Laura Rubio, Pontevedra: OQO Editora, col. O, a partir de 3 anos, febreiro 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-369-5).

Álbum infantil da autoría de Iratxe López de Munáin (1985) que adapta o conto homónimo dos irmáns Grimm e que se inicia cunha dedicatoria ("Para Adrián, porque non existe torre capaz de cortarlle as alas. E para Miguel, por ensinarme que ningún soño é imposible de cumprir. I.M.L."). Conta a historia dunha parella que ve cumprido o desexo de ser pais, pero que son condenados por unha meiga a entregarlle o bebé en canto naza por o home collerlle uns rapuncios do seu xardín. Cando a meniña, Rapuncel, cumpre doce anos, a meiga péchaa nunha torre, onde vive até que un príncipe se fixa nela e a axuda a escapar do seu cativerio. As ilustracións figurativas, de cores cálidas, da propia autora sitúan a historia clásica nunha época actual de maneira que mesmo a representación dos protagonistas escapan da estética propia dos contos de fadas.

Recensións:

- Olalla Sánchez, "Revisión de un conto universal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 461, "Vacaciones de libro", "Letras infantil", 31 marzo 2012, p. 4.

Coméntase esta revisión dun conto clásico dos irmáns Grimm. Explícase que a obra presenta uns personaxes moi afastados dos estereotipos dos contos de fadas. Sinálase que neste conto atemporal se atopan valores como a honestidade e a paciencia.

- Paula Fernández, "Protagonistas atemporais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 412, "Libros", 26 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras galegas", 28 abril 2012, p. 7.

Dise que, malia tratarse dunha revisión do conto clásico dos irmáns Grimm, a adaptación realizada por Iratxe López de Munáin mantén o argumento da historia sen cambios e tan só aparecen "matizados suavemente" certos aspectos, así como os personaxes. Explícase brevemente quen é Rapuncel e o argumento da historia, así como os trazos principais das ilustracións.

- Carmen Ferreira Boo, "Rapuncel', un canto á liberdade, en OQO Editora", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 7 agosto 2012, p. 42.

Primeiramente apúntase que é un recurso habitual na literatura galega o aproveitamento dos contos da transmisión oral para a elaboración de adaptacións e versións en formato álbum con "suxestivas narrativas visuais". A continuación achégase á adaptación do conto recollido polos irmáns Grimm feita por Iratxe López de Munáin. Dise que é unha "reescritura instrumental" que conserva fielmente o argumento e que se actualiza coa súa proposta ilustrativa. Dáse conta das modificacións respecto ao conto clásico e indícase que mantén o simbolismo e a importancia argumental dos rapuncios cos que "se reivindica a conexión feminina coa natureza". Finalmente coméntanse as ilustracións.

Pérez Arteaga, Miguel A., *A árbore tan pouco árbore*, ilust. do autor, trad. Tino López, Pontevedra: OQO Editora, col. O, de 5 a 7 anos, xaneiro 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-365-7).

Álbum de Miguel Pérez Arteaga baseado nun conto tradicional africano no que se explica porque os lobos só saen de noite e escapan dos caribús. Cóntase a historia dun lobo que atopa na selva unha árbore nun outeiro que fala. O lobo explícalle a un alce esta peculiaridade e este achégase curioso á árbore, perde o sentido e cómeo o lobo. Despois dálle a nova a un caribú, mais, aínda que se achega a ver esa árbore diferente, o lobo non o consegue comer e avergoñado escapa. Con restos de caixas, anacos de madeira, arames e cartóns, o autor constrúe as figuras que poboan este álbum ilustrado. Os valores sostíbeis que están na base destas imaxes entroncan tamén con correntes artísticas como a Arte Povera ou os Obxectos encontrados dos surrealistas. A simplicidade das ilustracións non lles resta beleza a pesar da sobriedade das cores e os espazos baleiros.

Recensións:

- María Navarro, "O ciclo natural da vida", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 22 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 361, "Letras galegas", 31 marzo 2012, p. 7.

Coméntase que esta obra reflicte o ciclo natural da vida a través de "paraxes naturais, paisaxes con abundante vexetación, desprazamentos continuos e golpes inesperados" e que tenta producir algún tipo de reacción no lectorado agardado. Finalmente, destácase que se empregan decorados novos que convidan aos máis novos a imaxinar figuras e escenas que teñen como base materiais de refugallo.

Referencias varias:

-Miguel A. Pérez, "A árbore tan pouco árbore", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 18 febreiro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A árbore tan pouco árbore*, escrita e ilustrada por Miguel A. Pérez Arteaga a partir dun conto tradicional africano.

Pinkney, Jerry, *Fábulas de Esopo* (*Aesop´s Fables*), ilust. do autor, trad. Isabel Soto, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Cucaina, n.º 3, [lectorado autónomo], 2012, 113 pp. (ISBN: 978-84-682-1133-6).

Jerry Pinkey (Germantown, Philadelphia, 1939) baseouse nas fábulas do grego Esopo para escribir os sesenta contos breves que se recollen no presente volume. Neles interveñen homes e animais coa capacidade de falar e pensar que son os protagonistas duns sucesos nos que sobresae o enxeño e trunfan os que se guían pola bondade e sensatez, concluíndo sempre cunha aprendizaxe que se recolle a modo de sentenza. Entre os textos fabulísticos atópanse os de "O pastor e o lobo", "A cigarra e as formigas", "A lebre e o sapoconcho", "O corvo e a xerra", "O home e o león"... Un conxunto de historias contadas dende hai máis de dous mil cincocentos anos e que tiveron múltiples versións, nas que os máis novos poden profundar un pouco máis a través da proposta de actividades de comprensión, creación e reflexión que se inclúe nas páxinas finais. As ilustracións figurativas do autor achegan detalles sobre os animais e a súa contorna. Trátase de composicións, feitas con pinceladas de acuarelas de cores cálidas, que seguen diferentes esquemas: dobre páxina, pequenos recadros, viñetas, debuxos illados etc.

Puybaret, Éric, *Cobrelúas* (*Cache-Lune*, Hachette Livre/Gautier Languereau, 2002), ilust. do autor, trad. Isabel Soto, actividades Agustín Sánchez Aguilar, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Pillota, n.º 8, [lectorado autónomo], 2012, 44 pp. (ISBN: 978-84-682-1191-6).

Conto do escritor e ilustrador francés Éric Puybaret (Allier, 1976) no que se narra como o pequeno Nino ten que contar coa axuda de todos os seus veciños para chegar á Lúa,

onde substituirá ao vello Celestino. Nino vén de ser nomeado Cobrelúas, unha profesión moi antiga e que consiste en tapar cada noite un anaco da lúa para que dende a Terra se vexa diferente. A alegría do seu nomeamento tórnase preocupación ao decatarse que perdeu polo camiño a pastilla máxica que lle deran os mestres da Escola das Estrelas e que sería o modo de chegar á Lúa. Ante a súa desolación os veciños van argallando modos de axudalo, dende avións de papel que fai Brais, o repartidor da prensa, pasando por un papaventos xigante de Matilde, a vendedora da tenda de xoguetes, ou os resortes que lle pon nos pés Roxerio, o reloxeiro, pero que non dan resultado. Finalmente Nino pode chegar á Lúa a tempo cando, aconsellados por unha nena pequena, deciden facer unha escaleira humana, demostrando o importante que é a amizade para superar calquera atranco.

Lhomme, Sandrine, *O emocionante día de Piti o caracol* (*La folle journée de Piti l'escargot*, Editions Auzou, 2008), A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2012, [28] pp. (ISBN: 978-84-9995-038-9).

Sandrine Lhomme ofrece neste álbum de formato cadrado e pastas duras as emocionantes aventuras vividas por Piti, un fermoso caracol que vive nos verdes prados da montaña e é recoñecido polas súas excelencias como taxista. Despois de Xoaniña anunciar a saída do sol, Piti vai a rolos até unha horta chea de verduras, onde come a fartar. Ao pretender coller o fermoso pétalo dunha rosa case cae ao chan, mais sálvao a bolboreta Dorotea. Apetécelle seguir voando e un vento forte arrástrao, atopando nova axuda nun nenúfar e no peixe Mero. Pasa a tarde coa súa amiga Formiga até que chega a noite e regresa ao seu prado. Trátase dunha historia na que se salienta o valor da amizade e que se acompaña de ilustracións, de colorido intenso e variado, con fortes contrastes e efectos metalizados, nas que o emprego da colaxe predomina.

London, Jack, *A chamada da natureza* (*The Call of the Wild*, 1903), ilust. Victor G. Ambrus, trad. Sara Gutiérrez, introd. José Luis Bartolomé e Gabriel Casas, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Aula das Letras, nº 3, [lectorado mozo], 2012, 183 pp. (ISBN: 978-84-682-1070-4).

Esta novela clásica de Jack London (San Francisco, 1876-Hawai, 1916) está precedida dunha ampla "Introdución" na que se realiza un perfil biobibliográfico deste escritor e xornalista, de infancia difícil, espírito aventureiro, carácter depresivo, dedicado a múltiples oficios e afectado por diferentes vicios, a quen lle chegou o seu primeiro éxito literario en 1900 co volume de contos *O fillo do lobo*, para pouco despois, en 1903, compor a obra que o catapultou á fama e o chegaría a converter no primeiro novelista millonario da historia norteamericana, *A chamada da natureza*. A seguir, profúndase nas súas contradicións ideolóxicas, na súa participación na febre do ouro do Klondike en 1897, tan decisiva para a súa obra literaria, e na figura de Buck, cuxa historia do triunfo da súa bravura e individualismo podería ser un calco da apaixonante biografía do autor, así como na pobre caracterización dos personaxes humanos. *A chamada da natureza* está estruturada en sete capítulos titulados nos que un narrador omnisciente recolle a evolución da vida de Buck, un enorme can que, despois de catro apracíbeis anos na granxa do Xuíz Miller, é levado por un deses buscadores de ouro até Alasca. A adaptación á nova vida é un proceso lento e complexo, xa que son moitos os perigos: temperaturas extremas, traballo duro, competencia brutal doutros cans, violencia por

parte dos amos etc. Buck supera todas estas dificultades afacéndose a loitar día a día pola supervivencia e conseguindo dominar todos os compañeiros de zorra, sendo obxecto de admiración por servir fielmente ao seu amo Jonh Thornton. Sente, ademais, un forte impulso que o atrae ao mundo salvaxe, ao mundo do lobo, e remata exercendo a mesma crueldade e irracionalidade que sentira en carne propia cando chegara a aquelas terras poboadas de buscadores de ouro. Péchase o volume cun apéndice cartográfico sobre o territorio do Yukon e cunhas propostas de traballo que abordan o libro dende diferentes ángulos: literatura, lingua e estilo, ética e o contexto xeográfico e social.

Long, Melinda, *Os meus amigos os piratas*, ilust. David Shannon, trad. Isabel Soto, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Pillota, n.º 3, [lectorado autónomo], 2012, [34] pp. (ISBN: 978-84-682-1061-2).

Relato de Melinda Long no que un narrador en primeira persoa, Breixo Xaviña, conta como se viu somerxido nunha aventura pirata. Estando coa súa familia nunha praia de Camariñas o rapaz viu chegar un barco pirata. O capitán Barbatrenzada e a súa tripulación, ao ver o castelo de area e o foso que Breixo tiña feito, animárono a ir canda eles para enterrar o seu gran tesouro. O rapaz aceptou encantado, de maneira que puido ver o seu modo de vida de preto e mesmo lles ensinou a xogar o fútbol. A vida dos piratas era do gusto de Breixo (comían o que querían e da maneira que lles apetecía, non lavaban os dentes etc.) até que á hora de ir para a cama botou en falta que alguén o tapase, lle lese un conto e mesmo lle dese o bico de boas noites. A chegada dunha tormenta, na que ninguén ten tempo para dicirlle a Breixo "Non teñas medo, a tormenta pasará axiña", fai que o rapaz decida que non quere ser pirata. Porén, axuda aos piratas indicándolle un lugar perfecto (o xardín da súa casa) para agochar o seu tesouro. O texto acompáñase das ilustracións, de cores alegres e moi contrastadas, de David Shannon. Trátase de imaxes que teñen moitos detalles da contorna dos piratas, das vestimentas, dos aparellos do barco, dos camarotes, ... e que transitan da realidade á fantasía dunha forma natural, coma se os soños do protagonista ocorreran de verdade. Como é habitual na colección "Pillota" ao final aparecen unhas actividades, da autoría de Miguel Tristán, coas que traballar sobre a narración.

Lovecraft, H. P., *Relatos de terror*, ilust. da cuberta Javi Montes, trad. Anxo Romero Louro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabaril, n.º 11, [mocidade], xaneiro 2012, 200 pp. (ISBN: 978-84-9914-334-7).

Reedición na renovada colección Xabaril deste conxunto de relatos que fora publicado por vez primeira en galego no ano 1999 na colección "Xabarín" co número 57 e que aparece descrito no *Informe de literatura 1999*. Malia o cambio de colección e de número, mantense a disposición dos relatos e elimínase o prólogo de Agustín Fernández Paz no que trazaba a traxectoria vital e literaria de H. P. Lovecraft á vez que confesaba a súa admiración por este renovador da literatura de terror. A ilustración da cuberta, obra de Javi Montes, avanza uns relatos cheos de monstros e criaturas tenebrosas que saen da imaxinación do escritor. Cores sobrias e escuras dende as que asexan os ollos brillantes do monstro. No interior non hai imaxes.

Recensións:

- Carmen Ferreira Boo, “O terror ao inexplicable”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 17 abril 2012, p. 43.

Indícase que Edicións Xerais de Galicia reeditou na renovada colección “Xabaril” este conxunto de relatos de Howard Phillips Lovecraft que prescinde do “iluminativo e necesario prólogo” de Agustín Fernández Paz para a primeira edición do ano 1999. A seguir, coméntase que o volume recolle oito relatos do “mestre do denominado ‘terror cósmico materialista” e destácase o relato “Herbert West, reanimador” que foi fonte de inspiración de varios filmes, e os dous relatos de xuventude, “A besta da cova” e “O alquimista”, uns “exercicios literarios que imitan o conto gótico”. Por último, saliéntanse os principais trazos narrativos, como son a narración en primeira persoa, as explicacións pseudocientíficas dos sucesos estraños que acontecen e que espertan os terrores ancestrais, o protagonismo masculino, a recorrencia ao tópico do manuscrito achado, o emprego de toponimia e onomástica exóticas, maldicións milenarias e criaturas fantásticas.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 404, “Libros”, 23 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Letras galegas”, n.º 367, 3 marzo 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que se trata dunha literatura de terror “cósmico”. Tamén se describen *A morte do rei artur* (2011) e *Brasil no centro* (2011), de Xavier Rodríguez Baixeras.

- Jaureguizar, “O regresista Lovecraf”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Libros”, 24 marzo 2012, p. 60/ “Lovecraf”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, 26 marzo 2012, p. 11.

Sinala que Lovecraft foi un emigrante que deixou a súa vila natal en Providence na procura de novas experiencias en Nova York. Indica que a súa lectura foi requisito indispensábel dos rituais da modernidade nas vilas galegas nos anos oitenta, o que contrasta coa tendencia a combater o progreso que se manifesta na obra do autor.

Lupton, Hugh, *A voz dos soños e outros contos prodixiosos*, ilust. Niamh Sharkey, trad. Isabel Soto, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Cucaina, n.º 1, [lectorado autónomo], 2012, 61 pp. (ISBN: 978-84-682-1062-9).

Conxunto de sete intrigantes relatos de Hugh Lupton nos que nada é o que parece. Trátase de relatos que están protagonizados por persoas intuitivas e espelidas que actúan con enxeño e sabedoría ou por animais asombrosos ou inxenuos que teñen disparatas ocorrencias ou viven insólitas peripecias. Son eles o conto de Inglaterra “A voz dos soños”; o conto de Haití “A macaco e Papá Deus”; o relato de África Occidental “O cego e o cazado”; o conto dos indios cri “A nena e a raposa”; o conto ruso “Peixes no bosque”; o francés, “A ratiña branca”, e o irlandés, “O soño do pegureiro”. O texto acompáñase das ilustracións, de cores suaves e cálidas, de Niamh Sharkey. Trátase de figuras nas que se recoñecen as diferentes razas dos protagonistas e as paisaxes malia o

emprego dun estilo sintético por parte da autora. Ao final, o volume acolle un conxunto de actividades para traballar o "Argumento", o "Comentario" e a "Expresión" de cada un dos relatos.

Mallorquí, César, *A Fraternidade de Eihwaz* (*La Fraternidad de Eihwaz*, 1998), deseño da cuberta César Farrés, trad. Ricardo Fernández Sabín, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, n.º 14, [lectorado mozo], marzo 2012, 330 pp. (ISBN: 978-84-8349-279-6).

Novela de misterio, de César Mallorquí (Barcelona, 1953), que se abre cuns agradecementos, unha dedicatoria ("Este libro é para Óscar, o meu xigante grande") e unha breve nota sobre o autor. Nela un narrador en terceira persoa conta como Óscar, o protagonista, chega despois de seis anos a Orballo de San Buenaventura, o pobo da Costa da Morte no que nacera seu pai, para pasar unhas tranquilas vacacións de verán. Un estraño incidente, aparentemente fortuíto (a morte por afogamento do doutor en Historia da Arte e Arqueoloxía, Moisés Abravanel, un estranxeiro que non levaba demasiado tempo habitando en Orballo e do que dicían que se dedicaba a visitar a illa maldita de Xas na procura de algo que todos descoñecían), provoca a chegada á vila de Dante Oberon, quen di ser un sobriño do doutor falecido e que contrata a Óscar e aos seus amigos Cris e Abril para que o axudasen a poñer orde na cada de Moisés a ver se desta maneira descobren as causas da súa verdadeira morte. Dende o primeiro momento, a espelida Abril desconfía do suposto sobriño de Abravanel, descubrindo que non é tal, senón que se trata dun historiador da Universidade de Nevada que anda na procura d'*A madonna do cisne*, un cadro de Leonardo da Vinci co que Moisés estaba obsesionado e que debía estar nas bodegas dun submarino nazi afundido preto da illa de Xas. De súpeto, e case sen querer, Óscar e os seus amigos estarán involucrados nunha complicada aventura na que tamén intervirán unha patrulla da lexión Romana ao mando de Marco Plauto e unha organización de neonazis que pretende volver a implantar o *Reich* alemán. Intriga, misterio, terror e altas doses de aventura son os ingredientes que compoñen esta novela. O deseño gráfico da cuberta é de César Farrés e correspóndese cunha imaxe de Stonehenge na que se alude a druídas celtas e misterios atávicos.

Mazo, Margarita del, *A voda dos ratos*, ilust. Lisa Kaser, trad. do castelán Laura Rubio, Pontevedra: OQO editora, col. O, a partir de 3 anos, marzo 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-373-2).

Conto de Margarita del Mazo (Malpica del Tajo, Toledo, 1960), que se abre cunha dedicatoria "Á miña grande amiga, Paula Carbonell, con quen descubro e ante quen me descubro cada día", no que se narra en terceira persoa unha historia sobre os prexuízos e o respecto. Nela a filla do emperador dos ratos da Cochinchina quere casar cun rato negro, feo e fraco. O seu pai non está disposto a iso e non vai deterse até que ela case co máis forte do planeta que, segundo el, é o Sol. Decide visitalo, pero o Sol está namorado da Lúa e, ademais, non se considera o máis forte do planeta. O emperador busca entón o nubeiro, pois, segundo di o Sol, é o máis robusto. Desta maneira, o rato visita a este a outros elementos (o vento, a montaña, a árbore...), pero todos están namorados e escúsanse mandando ao emperador a por outro pretendente para a súa filla. Mentres, a parella segue véndose ás agachadas. Todo o muda o día en que o ratiño feo se enfronta ao elefante. A partires deste momento xa non teñen que esconderse. As ilustracións

realistas de Lisa Kaser mostran, por medio da acuarela e o recorte de figuras debuxadas, os animais protagonistas con actitudes antropomórficas e os ambientes cun aspecto atemporal e fantástico. Trátase de imaxes, con cores matizadas nas que predominan os verdes e os marróns, que acompañan os textos complementándoos.

Recensións:

- Paula Fernández, "Ameno e dinámico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 416, "Libros", 24 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 369, "Letras galegas", 26 maio 2012, p. 7.

Preséntase esta obra e infórmase de que é unha revisión dun conto antigo moi coñecido e do que se teñen feitos varias versións. Coméntase brevemente, ademais do seu argumento, o resultado obtido, "divertido, ameno e dinámico" para finalmente achegar algunhas consideracións sobre as ilustracións de Lisa Kaiser e sobre o lectorado ao que a obra vai dirixida.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 412, "Libros", 26 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 365, 28 abril 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase o argumento. Tamén se describen *Carta urxente para Máximo Toxo*, de Diego Rey, e *A princesiña que conducía unha locomotora*, de Clara do Roxo.

Mazo, Margarita del, *Carabuñas*, ilust. Charlotte Pardi, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO editora, col. O, a partir de 3 anos, outubro 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-419-7).

Álbum narrativo de Margarita del Mazo (Malpica del Tajo-Toledo, 1960) no que se reiteran fórmulas e ambientes característicos da tradición oral. Dedicado "Á miña tía Nena por contarme a mellor historia de medo que se lle pode contar a unha cativa de cinco anos, e á miña irmá Orlinda que daquela compartía cama comigo, aínda que xa non se lembre", ten como protagonista o bruxo Carabuñas, que vive no bosque e vai á aldea as noites de luar para cazar nenos para a súa despensa até que unha desas noites entra na casa de Branca e cambia a súa vida. Carabuñas vai disposto a comer a rapaza, mais esta esperta e, ao observar o seu nariz, dentes, ollos e cabelo, dille que non é Carabuñas senón o Bruxo Caramuxo. Ante a convicción de Branca, o bruxo regresa ao seu fogar e busca nun baúl un espello para saber se a nena ten razón. A historia remata cando Branca o axuda a arranxar as súas uñas e péchase cun consello final rimado que lembra as ensinanzas contidas nas fábulas da tradición oral: "Non esquezas mirarte, de cando en vez, nun espello". Na cuberta preséntase o monstro Carabuñas cun aspecto simpático, a pesar de ser verde, feo, con ollos saltóns, verruga no nariz e dentes podres. Tamén a Branca, a nena protagonista. No interior, as ilustracións figurativas de Charlotte Pardi, aínda que centradas nos protagonistas (aparecen, por exemplo, primeiros planos das súas caras) tamén representan a contorna do bruxo como caótico,

porcallán e chafalleiro e o cuarto da nena limpo e claro. Trátase de composicións a dobre páxina e moi variadas que complementan o texto.

McKee, David, *Elmer*, ilust. do autor, trad. Isabel Soto, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Pillota, n.º 4, [lectorado autónomo], 2012, [30] pp. (ISBN: 978-84-682-1091-9).

Reedición deste conto de David McKee (Inglaterra, 1935) que versa sobre o respecto á diferenza e que apareceu por vez primeira en lingua galega no ano 1997 noutra editorial, concretamente en Edicións Xerais de Galicia, na colección "Pequeno Merlín" (xa foi descrito no *Informe de Literatura* correspondente. As ilustracións do autor presentan na cuberta un elefante camuflado sobre un fondo de cores. As páxinas nas que aparece Elmer están tinguidas das cores alegres do protagonista e contrastan coas composicións dos outros elefantes nas que predominan as grises. As imaxes acompañan aos textos e levan parte do peso da narración.

Menéndez-Ponte, María, *O aniversario de Pupi* (ISBN: 978-84-9854-331-5)/ *Pupi e o Monstro da Vergonza* (ISBN: 978-84-9854-332-2), ilust. Javier Andrada, trad. do castelán Rinoceronte Servizos Editoriais, Vigo: SM-Xerme Edicións, col. O barco de vapor, serie Pupi, n.os 5 e 6, Primeiros lectores, 2012, 60/ 59 pp.

Novas entregas da serie, escrita por María Menéndez-Ponte, que ten como protagonista a Pupi, o extraterrestre procedente do planeta Azulón. N'*O aniversario de Pupi* este ten que resolver unha preocupación: por que todos os nenos celebran o aniversario menos el? Pupi buscará a maneira de cumprir anos, o que finalmente consegue grazas á axuda dos anciáns da residencia que visita con Conchi e que mesmo lle fan unha festa á que van Coque e os seus outros amigos. En *Pupi e o Monstro da Vergonza*, o pequeno do planeta Azulón acudirá con Rossi á festa de disfraces de Virxinia, pois Rossi sente o peso da vergonza como un monstro. Grazas a axuda do extraterrestre Rossi poderá desfacerse del. As ilustracións figurativas de Javier Andrada, próximas á estética convencional do cómic, están presentes en cada páxina e mesmo, ás veces, ocúpana por completo. Teñen tal protagonismo que até o texto chega a cumprir un papel complementario para a atención do lectorado.

Referencias varias:

- María Menéndez-Ponte, "Pupi e o Monstro da Vergonza", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 30 xuño 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Pupi e o Monstro da Vergonza* escrita por María Menéndez-Ponte e ilustrada por Javier Andrada.

Metaxas, Eric, *É hora de durmires, meu amor* (*It's time to sleep, my love*, 2008), ilust. Nancy Tillman, trad. Millán Picouto, Ourense: Ediciones Linteo, col. Linteo Infantil e Xuvenil, [lectorado autónomo], 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-96067-73-8).

Conto de Eric Metaxas (Nova Iorque, 1963) e ilustrado por Nancy Tillman no que a partir de frases curtas e cunha cadencia sonora moi particular se propicia un ritmo lento e tranquilizador para acompañar o adormecemento dos máis pequenos. Para iso emprégase de modo recorrente a frase que lle dá título ao libro e achéganse imaxes protagonizadas por animais en contornos nocturnos, nos que se insiren tamén figuras humanas en actitude de repouso. Conta con dúas dedicatorias: unha do autor ("Para eles, aos que queremos") e outra da ilustradora ("Para mamá, que compartiu regazo e amor polos libros comigo antes que empezase a andar. E para o meu marabilloso esposo, Rick, que sempre me anima").

Miler, Zdeněc, Kateřina **Miler** e Hana **Doskočilová**, *A toupiña e a primavera* (*Krtek a jaro*, 2006) (ISBN: 978-84-936842-4-2)/ *A toupiña e o verán* (*Krtek a léto*) (ISBN: 978-84-936842-6-6)/ *A toupiña e o outono* (*Krtek a podzim*) (ISBN: 978-84-936842-9-7)/ *A toupiña e o inverno* (*Krtek a zima*) (ISBN: 978-84-939350-0-9)/ *A semana da toupiña* (*Krtkův týden*, 2012) (ISBN: 978-84-939350-1-6), trad. Jana Vavřinova, revisado por Laura Sáez e Mónica Pazos, Vigo: Patasdepeixe editora, [lectorado autónomo], 2012, [12] pp.

Álbums editados en forma de acordeón da autoría de Zdeněc e Kateřina Miler e Hana Doskočilová que teñen como protagonista unha toupiña e que van dando conta das cousas que fai nas diferentes estacións ou ao longo da semana. Así, despois de pasar o inverno na súa casa, na primavera sae a fóra onde encontra un ferreiriño que caeu do seu niño e ao que coida de diferentes perigos. No verán, en compañía do pequeno paxaro, encerra unhas eirugas que lle comen as flores do xardín que ela coida, mais, cando as vai soltar, estas xa se converteron nunhas fermosas bolboretas. No outono, a toupa e o ferreiriño fan marmelada e doces coas ameixas que conseguen e mesmo unha festa cos seus amigos, que acoden á casa da toupa polo cheiro dos doces. No inverno os dous animais protagonistas xogan na neve despois de axudarlle a un nube a que poida descargar as folerpas. Durante a semana a toupiña realiza moitas actividades: fai deporte, traballa na horta e arranxa os problemas producidos nos seus cultivos polo mal tempo. As historias están moi apoiadas nas ilustracións figurativas, de cores alegres, de Hana Doskočilová.

Referencias varias:

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 23 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase de que Patasdepeixe presentará a obra *A toupiña e a primavera*, de Zdeněc Miler, Kateřina Miler e Hana Doskočilová, na Biblioteca Provincial de Lugo.

Mircala, Jack, *Baixada a Esquela* (*Descenso a Esquela*, El Patito Editorial, 2012), trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, col. O Baúl das Sombras de Jack Mircala, vol. 2, [lectorado mozo], novembro 2012, 60 pp. (ISBN: 978-84-939434-7-9).

Tras *Lóbrego romance, pálida pantasma*, o escritor e ilustrador Jack Mircala, nome literario de Fernando Gómez (Madrid, 1968), presenta a súa segunda entrega nesta colección. Trátase dun conto gótico cuxo protagonista é Dante, un mozo escritor que morre antes de rematar unha das súas obras, na que relata as aventuras do intrépido Lewix Lancaster. Será Corintia, a súa mellor amiga, a que atope o manuscrito e, guiada polas indicacións que contén, descenda ao tenebroso mundo de Esquela para rescatar o espírito de Dante, darlle cabo á historia inacabada e liberalo de algo máis terríbel ca a morte: o esquecemento. As ilustracións van dando conta das principais escenas do relato e están elaboradas coa técnica persoal de Mircala, baseada nas escenografías que constrúe con cartolinas que despois son fotografadas.

Referencias varias:

- I. Ramis, "La inquietante obra de un artesano del cúter, la cartulina y los lápices de colores", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 4 novembro 2012, contracuberta.

Infórmase de que, con motivo da publicación de *Baixada a Esquela*, de Jack Mircala, o ilustrador participou en distintas actividades en Compostela, amosando o seu particular universo de ilustracións de aire gótico con continuas referencias a Poe.

Montero, Beatriz, *A escaleira*, ilust. Raúl Nieto Guridi, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O, a partir de 3 anos, maio 2012, [26] pp. (ISBN: 978-84-9871-383-1).

Conto de Beatriz Montero, dedicado "Para os dous calvos da familia: o meu sobriño Mauro que xa anda a agatuñar pola escaleira, e Enrique, que agarda por el arriba para comelo con patacas. B. M.", que trata dun carteiro, un zapateiro, un xardineiro e un panadeiro que levan unha carta, uns zapatos, unhas flores e o pan a un piso no que despois de chamar á porta ninguén lles abre. Finalmente chega unha nena que come o pan, colle as flores, calza os zapatos, recolle a carta e chama á porta. Consegue así espertar o avó e que este lle abra. As ilustracións deste álbum, da autoría de Raúl Nieto Guridi, constitúen o soporte fundamental da narración, que pode seguirse sen necesidade dos textos, e presenta cores contrastadas e formas planas, sen volume. Trátase de imaxes sinxelas, case esquemáticas, que xiran ao redor da escaleira, que se presenta dende diferentes ángulos.

Recensións:

- Olalla Sánchez, "Un xogo rimado que sobe e baixa", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 473, "Letras infantil", "Libros del verano", 30 xuño 2012, p. 6.

Salienta que o relato de Beatriz Montero, *A escaleira*, é unha narración sinxela e de ton lúdico. Sinala ademais que o conto é "reiterativo" de modo que o lectorado pode interpretar a historia a partir das ilustracións de Raúl Nieto. Considera que a trama a resolve a protagonista "con graza e velocidade".

Montero, Beatriz, *O señor Ramón e a señora Ramona*, ilust. Leire Salaberria, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O, a partir de 3 anos, xuño 2012, [26] pp. (ISBN: 978-84-9871-385-5).

Álbum de Beatriz Montero e Leire Salaberria que se abre con dúas dedicatorias: unha da autora ("Para miña irmá Alma e os seus pequenos animaliños; e para Enrique, o murmurador de contos. B. M.") e outra da ilustradora ("Para Nere, que desde o principio creu nos meus debuxos; e para Jurri, que é un raio de sol. L. S."). Nel relátase a historia do señor Ramón e a señora Ramona que espertan despois de escoitar un ruído que provén da cociña. Os dous levántanse para descubrir quen é o responsábel e de camiño á cociña polo corredor falan da posibilidade de que se trate dun gato, dun crocodilo, dunha serpe e dun elefante. Cando chegan á cociña non ven nada e descobren que se trata dun ratiño que está debaixo da mesa roendo no queixo. As ilustracións de Leire Salaberria son sobrias, sintéticas, recortadas e planas;describen a situación e completan visualmente o que contan os protagonistas, mesturando escenas reais con imaxinarias. Trátase de composicións a dobre páxina nas que a ilustradora emprega unha técnica mixta: formas recortadas e debuxadas sobre fondos pintados.

Recensións:

- María Navarro, "Xogando a ser pequenos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 436, "Libros", 29 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 388, "Letras galegas", 8 decembro 2012, p. VI.

Comézase afirmando que o medo ao descoñecido pode chegar a paralizar os movementos das persoas, tal como lle ocorre aos protagonistas deste álbum de Beatriz Montero. Dise que despois de vencer o medo inicial, Ramón e Ramona logran, xuntos, superar o temor que os tiña atemorizados. Destácase que o que lles acontece é algo que poden experimentar os máis novos ao tempo que os pode axudar a "medrar ao terse que enfrontar a situacións complicadas que requiren a miúdo rápidas actuacións". Finalmente destácase que os protagonistas sexan dúas persoas maiores, a presenza de "adiviñas moi substanciosas" e o papel relevante da imaxinación "encargada non só de estimular o pensamento, senón tamén de esperta o xuízo crítico".

Moore, Inga, *Sisto Seis Ceas* (*Sid Dinner Six*), ilust. da autora, trad. Isabel Soto, actividades Miguel Tristán, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Pillota, n.º 1, [lectorado autónomo], 2012, 39 pp. (ISBN: 978-84-682-1034-6).

Conto, escrito e ilustrado por Inga Moore (Inglaterra, 1945), protagonizado por un gato, Sisto, que andaba á procura de cea por diferentes casas da rúa dos Gazafellos onde vivía no número un. Nárrase como escapaba cada noite da súa casa para ir cear diferentes manxares a cinco casas diferentes, facendo crer en cada vivenda que os seus habitantes eran os seus donos. Así tiña que acordarse do nome que lle puxeran en cada casa, de comportarse de seis maneiras diferentes... até que un día enfermou e foi ao veterinario. Este deuse conta da astucia do gato que, para volver cear novamente seis veces, tivo que mudarse para a rúa dos Biosbardos. As andanzas do gato case se poden seguir só polas imaxes, sen axuda do texto. Trátase de debuxos, a lapis de cores, moi realistas, que

achegan información moi completa sobre os lugares e personaxes do conto (hai detalles do xardín, dos cuartos, das persoas e dos obxectos que se relacionan co gato protagonista). A confluencia de imaxe e texto está moi ben imbricada, como corresponde a unha obra na que ilustrador e autor coinciden. O volume complétase cunhas actividades didácticas, relacionadas co contido do conto, deseñadas por Miguel Tristán para traballar a comprensión, o comentario, creación e a expresión.

Nöstlinger, Christine, *Gretchen, miña nena* (*Gretchen mein Mädchen*, Verlag Friedrich Oetinger Gmbh, 1988), trad. Isabel Soto, Madrid: Oxford University Press, col. A árbore da lectura, serie xuvenil, n.º 19, [+14 anos], xuño 2012, 310 pp. (ISBN: 978-84-673-7342-4).

Novela xuvenil de Christine Nöstlinger (Viena, 1936) que conforma a terceira entrega da triloxía formada ademais de por este título polas obras *Unha familia normal* (2010) e *Gretchen preocúpase* (2011). Nela cóntase que a familia protagonista, os Sackmeier, despois dun período de convivencia difícil e da separación temporal dos pais, volve estar unida. A filla, Gretchen, ten agora dezasete anos e un complicado problema amoroso que debe resolver. A moza vese obrigada a decidir entre o amor de dous rapaces. Porén ela non quere renunciar nin a Florian, o rapaz máis guapo da clase, nin a Hinzel, un rapaz axuizado, tranquilo e cun traballo prometedor como deseñador de complementos. Ela considérase capaz de manter unha relación franca con ambos, aínda que os mozos non parecen estar de acordo nisto xa que os dous son bastante celosos. Gretchen atopa a maneira de compracer aos dous, pero, ao final, os acontecementos precipítanse e vese obrigada a elixir e tomar unha decisión firme. Entre os temas tratados atópanse a tolerancia, a solidariedade e o respecto cara os demais; a aceptación da estrutura familiar na que se vive e a contribución a mellorar a convivencia. Tamén as relacións entre adolescentes, nas que conflúen sentimentos de amor, lealdade, compromiso e xenerosidade. Finalmente, a liberdade como un ben persoal e lexítimo que exercer e respectar.

Obiols, Miquel, *Ai, Filomena, Filomena e outros contos*, ilust. Miguel Calatayud, trad. Francisco Cidrás, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Sete Leguas, [lectorado autónomo], 2012, 93 pp. (ISBN: 978-84-8464-777-5). ■

Volume de contos, de Miquel Obiols (Roda de Ter, Osona, 1945), caracterizados polo humor, o *nonsense* e trazos de absurdo que contribúen a unha atmosfera marcadamente lúdica, apoiada en múltiples xogos lingüísticos e visuais. O libro ábrese co conto que lle dá título, “Ai, Filomena, Filomena”, no que se narra como unha nena comeza a mudar o significado das palabras porque está cansa da linguaxe dos adultos e desta forma crea situacións de desconcerto tanto na escola coma na casa. A súa iniciativa prende entre os compañeiros e todos deciden adoptar a nova forma de falar, propiciando unha lectura progresiva de cambio de significados, que leva o lectorado a ter que interpretar parte do texto a partir das novas claves inventadas por Filomena. Xunto a este conto tamén se inclúen “O caramelo de amorodo”, no que un grupo de nenos se ve sorprendido por ducias de caramelos que bailan e os convidan a lambelos; “A terra está na lúa”, un chamamento contra a guerra e a favor do ecoloxismo no que se describen as consecuencias de que a Terra deixe de xirar; “O conto que estira e encolle”, relato surrealista no que se convida ao lectorado a crear a súa propia historia a partir da vida

dos habitantes de Amarelo, a súa relación cos cans de pestanas postizas, a excursión á conxeladora colectiva ou a caza de pingas de chuvia nas montañas; "Miranío e Miranía", unha chamada contra a contaminación acústica e a falta de calidade de vida nas grandes urbes, no que un grupo de nenos deciden alcatranar a cidade e sepultar todos os coches debaixo de novas rúas; "Quen quere cambiar de cabeza?", xogo de fantasía no que os protagonistas nenos se fan amigos dun xigante; "A mesa dos Encantos", que recrea a vida e relacións dunha mesa até que chega á casa de Xosé e Xela e, por último, "Cola de cabalo", no que se dá conta da visita ao circo de dous amigos, onde asisten sorprendidos á actuación dun cabalo que é capaz de crear caligramas nos que describe as características e formas das letras. Este volume de relatos presenta na cuberta á protagonista do conto que lle dá título. No interior, Miguel Calatayud optou por unhas composicións (moitas delas de páxina enteira) de gran riqueza visual, dinámicas, moi estruturadas e con puntos de vista moi diferentes. Trátase de imaxes que acenan ao cubismo pola fragmentación dos planos, a disposición das figuras e o emprego de gamas de cor.

Referencias varias:

- Miquel Obiols, "Ai, Filomena, Filomena!", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 27 outubro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Ai, Filomena, Filomena e outros contos*, escrita por Miquel Obiols e ilustrada por Miguel Calatayud.

Pavón, Mar, *Seis barbudos*, ilust. Vitali Konstantinov, trad. do castelán Laura Rubio, Pontevedra: OQO editora, col. O, a partir de tres anos, outubro 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-421-0).

Conto de Mar Pavón (Manresa,1968) que ten como protagonistas a seis homes barbudos que van facendo compras por un pobo. A xente asústase moito ao velos por mor do seu aspecto intimidatorio e sinistro, mais conforme avanza a historia o lectorado vaise dando conta de que non son malvados, senón que están a comprar cousas para a festa de aniversario dun rapaz chamado Nino. As ilustracións de Vitali Konstantinov (Bessarabia,URSS,1963) van evolucionando segundo avanza a historia. Ao comezo presentan cores escuras que van dando paso a outras máis claras para terminar por ilustracións totalmente coloridas.

Piumini, Roberto, *O peto máxico*, ilust. Anna Laura Cantone, trad. Isabel Soto, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Pillota, n.º 6, [lectorado autónomo], 2012, 86 pp. (ISBN: 978-84-682-1092-6).

Contos de Roberto Piumini (Edolo – Italia, 1947) entre cuxos protagonistas se atopan dous pés mal amigados, o San Francisco amigo dos animais, o xeneroso pirata Bucaneirón e un inventor, un tanto tolo, de nome Icariño. Trátase dun conxunto de historias que fan viaxar os lectores por paisaxes africanas, asiáticas, americanas..., nas que os seus protagonistas viven unha serie de situacións e peripecias, por veces, un tanto divertidas, das que sempre se desprenden aprendizaxes valiosas para a vida. Así,

translocen as consecuencias positivas dos que axudan e se mostran respectuosos ao carón daquelas máis negativas dos que actúan animados pola envexa, a avaricia, o despotismo. Entre estas historias tamén destacan aquelas que beben das fontes máis clásicas e aqueloutras que fornecen explicacións ao redor da orixe das cebras, o nome dos días da semana... Anna Laura Cantone (Alexandría, 1977) é a responsábel das imaxes, de cores alegres e estilo esquemático, feitas cunha liña áxil que achega frescura ás composicións. Nos deseños inclúense letras e palabras que conforman unhas representacións simpáticas. Como é habitual nos volumes desta colección, os relatos compleméntanse cunha serie de actividades que abordan a comprensión, ademais de cuestións relativas ao comentario e á creación.

Poe, Edgar Allan, *O escaravello de ouro. Os crimes da rúa Morgue* (*The Gold Bug*, 1843; *The Murders in the Rue Morgue*, 1841), ilust. Tino Gatagán, trad. Eva Almazán, introd. e notas Javier Fornieles, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Aula das letras, n.º 1, [lectorado mozo], 2012, 110 pp. (ISBN: 978-84-682-1047-6).

Ábrese este volume cun apartado de "Introdución e notas", de Javier Fornieles, no que ofrece un percorrido pola biobibliografía de Edgar Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849). Repásanse certos episodios da súa truculenta experiencia vital, detállase a súa formación, alúdese ao seu labor profesional e refírense as claves das súa escrita. A seguir, reprodúcese o texto "O escaravello de ouro", relato no que un narrador en primeira persoa dá testemuña da descuberta dun tesouro a través da intelixencia excepcional de William Legrand, quen conta coa axuda do seu gracioso criado negro, Júpiter. No segundo dos relatos, "Os crimes da rúa Morgue", volve ser un narrador en primeira persoa o que revela as pescudas feitas polo extravagante Auguste Dupin, home de grande intelixencia e capacidade de observación asombrosa, para descubrir quen foi o autor do asasinato brutal de dúas mulleres nun apartamento de París. Péchase o volume cunhas "Actividades" a partir das cales se traballan os relatos a nivel literario e lingüístico, así como se amplían os coñecementos sobre o autor e os elementos constitutivos dos dous relatos. Na cuberta dúas figuras iluminadas pola luz dun farol que proxecta sombras sobre as pedras irregulares do chan percorren unha rúa estreita pola noite. A imaxe destes dous homes de clase social alta trasladan ao lectorado a finais do século XIX. No interior, as ilustracións de Tino Gatagán, feitas con pintura, describen momentos cruciais dos relatos a través de trazos expresivos ou manchas soltas que configuran formas abertas, inconclusas, inquietantes e suxestivas e que axudan ao lectorado a mergullarse nos escenarios nos que se desenvolve a acción, así como a achegarse a uns protagonistas misteriosos ás veces, inquietantes outras.

Recensións:

- Xosé Ramón Pena, "Indispensábel Edgar Allan Poe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 435, "Libros", 22 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 387, 1 decembro 2012, p. 6.

Despois de nomear diferentes autores de relato detectivesco e de sinalar a débeda "impagábel" que se ten con Edgar Allan Poe, detense n'*O escaravello de ouro*, obra na que sinala como claves a linguaxe sinxela, o intelectualismo e o horror, así como a capacidade decorativa. Tamén se destaca a presenza do humor e a intriga a partir dun

crebacabezas de pistas. A seguir, indícase que *Os crimes da rúa Morgue* é un relato policíaco no que o autor "xoga con mestría insuperábel sobre o xeito de que a mellor maneira de agachar un documento consiste, xustamente, en situalo no lugar máis evidente". Finalmente, cualifícanse de axeitadas a introdución e as notas de Javier Forniels, así como a tradución de Eva Almazán.

Poniatowska, Elena, *Lilus Kikus* ([Los Presentes], 1954; *Lilus Kikus*, C.V. de México, Ediciones Era, 1985), ilust. Santy Gutiérrez, trad. Teresa Moure, Iñás-Oleiros: Editorial Trifolium, col. Lunalimón, xuño 2012, 55 pp: (ISBN: 978-84-940297-3-8).

Relato longo de Elena Poniatowska (París, 1932), dividido en doce capítulos e protagonizado por unha nena con comportamentos e xogos distintos á nenez da súa idade: gústalle xogar na rúa e non no seu cuarto; "cre nas bruxas e cose nas bragas un monllo de herbas finas, romeu e herbiñas miúdas"; conseguiu os propios xoguetes, animais e froitas, no rancho de seu tío, e non ten bonecas por mor de que "é fraca e dá alancadas ao camiñar porque as súas pernas, longas e moi separadas unha da outra son saltonas, agarrótanse e despois esmendréllanse". A súa nai tenta que sexa unha intelectual levándoa á ópera, aínda que ela non saiba aprezala, e tamppuco entende as reivindicacións sociais das manifestacións que se producen en México. Só na praia consegue verse bonita mentres inventa historias e se divirte coas "cunchas, estrelas de mar, auga e area..." e, cando non ten nada que facer, aínda que a seu pai non lle guste, "non fai nada" e foxe así da angustiosa vida "chea de actos e decisións" que constrúe o pai programando cada día cunha rigorosa orde. Entre as inquedanzas de Lilus Kikus está saber "por que as pedras quere estar soas"; cómo entrar no ceo; entender o significado das procesións da Virxe; cómo nacen os nenos polo embigo e outras cousas que entenden os maiores; por qué se asusta e se enferma cando sabe algo inesperado; o motivo de que o seu veciño do catro estude sen parar e non saia da casa e mesmo as razóns de que a enviasen a un convento, onde comprendeu a importancia de "acreditar nos signos" para darse a Deus na súa totalidade.

Recensións:

- Armando Requeixo, "O mundo de Lilus Kikus", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 734, p. 32/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", "Letras atlánticas", "Libros", p. 33, 22 xullo 2012.

Tras un repaso á traxectoria da autora, sinálase a estrutura do libro. Nomea algún dos temas que a obra presenta (a defensa da imaxinación e a capacidade de ilusionarse coas pequenas cousas, a soidade e o illamento social, a defensa do amor e a comprensión do outro etc.) e considera que é unha novela de protagonismo infantil pero non para nenos ou que pode ser incluída dentro da Literatura Infantil no mesmo sentido que o son *As viaxes de Gulliver*, *Moby Dick* ou *O principiño*, novela coa que considera que comparte unha similar atmosfera de aprendizaxe e a presentación dunha reflexión profunda a partir da proverbial imaxe dos nenos e das nenas. Remátase coa análise do labor de tradución a cargo de Teresa Moure e das ilustracións de Santi Gutiérrez.

- Laura Blanco Casás, “Máxica narrativa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 431, “Libros”, 25 outubro 2012, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 382, 27 outubro 2012, p. 6.

Comézase comentando a posibilidade de que a mexicana Elena Poniatowska reciba en datas próximas o premio Nobel de Literatura pois é, “ano tras ano, firme candidata ao premio e o seu recoñecemento internacional é notable”. Logo de lembrar qua editorial Trifolium xa publicara con anterioridade algún libro desta autora, dise que recentemente vén de dar a lume *Lilus Kikus* coa que se inaugura a colección “Lunalimón”. Resúmese o argumento da obra que etiqueta de “claro exemplo de crossover”. Finalmente, sinálase que o texto se acompaña das ilustracións de Santi Gutiérrez.

Pratt, Hugo, *Corto Maltés. Patio oculto chamado Arcano* (*Corto Maltese. Corte sconta detta Arcana*, Cong, S.A., 1996), deseño da cuberta Fausto Isorna, trad. Álvaro Otero e Ánxela Gracián, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [lectorado mozo], abril 2012, 187 pp. (ISBN: 978-84-9865-426-4). ■

Novela de aventuras de Hugo Pratt (Rímini, 1927-1995) na que se recrea o roubo do ouro imperial por parte do almirante Kolčak encargado de transportalo nun tren cara á fronteira mongol. Corto Maltés, membro da asociación secreta das “Lámpadas Vermellas” vai intentar recuperalo. A súa viaxe non será fácil, xa que ao longo da obra aparecen diferentes bandas e persoeiros, como Kuang, que están interesados en facerse co tesouro e en facer desaparecer a Corto. Porén, consegue entrar no tren e alí verase envolto nunha emboscada preparada por Semënov. Aproveitando a confusión dos bombardeos, o protagonista e o seu aliado Rasputín intentan desenganchar o vagón que contén o tesouro, pero Shanghai Lil, unha moza das “Lámpadas Vermellas”, faise con el. Este rico vagón acabará sufrindo un accidente e afundindo no Lago das Tres Fronteiras. Rasputín, Corto e Shanghai Lil son feitos prisioneiros da “División da Cabalaría Asiática”, pero Urgern, o seu máximo dirixente, deixaraos libres. A continuación, veranse envoltos nunha nova liorta nun tren, froito da que Corto queda gravemente ferido. A novela conclúe cun “Epílogo (con testemuños)” no que diferentes personaxes relatan as nefastas consecuencias deste último enfrontamento armado, así como un encontro entre Shanghai Lil e o protagonista no que se descobre que foi ela a que conseguiu recuperar finalmente o tesouro e que o diñeiro será destinado á construción dunha central hidroeléctrica. O epílogo está seguido por unha “Apostila” na que o protagonista relata a fin de Urgern. Na ilustración da cuberta, obra de Fausto Isorna, represéntanse os útiles dos artistas chineses para pintar con tintas: pinceis, recipientes e barras de cores con letras douradas impresas. Trátase dunha imaxe que se vinculada co contido da narración.

Ramírez Lozano, José Antonio, *A cociña de Toto Murube* (*La cocina de Toto Murube*, 2012), ilust.Pablo Otero, trad. Carlos Acevedo, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas, [lectorado autónomo], maio 2012, 55 pp. (ISBN: 978-84-8464-788-1).

Relato de José Antonio Ramírez Lozano no que, ao longo de trece capítulos (“A letra con polo entra”, “Escritor de receitas”, “Lapis e papel”, “Impor fritido”, “Piquero”, “Bigote ao gusto”, “Toto Murube, restaurante creativo”, “Menús especiais”, “Toto contra a fame”, “Comida rápida”, “A fotocomida”, “Don Pablo” e “Receita en verso

para facer receitas") e por medio de diferentes voces narrativas, se vai dando conta da vida dun mendigo, Toto Murube, que sen formación de ningunha clase chega a montar un restaurante moi especial no que hai que comer as imaxinativas receitas que el escribe nun papel. Na cuberta aparece o debuxo do protagonista que xunta imaxes con letras no deseño. . No interior as ilustracións de Pablo Otero, de cores contrastadas, reflicten escenas significativas do narrado no texto. A relación entre imaxes e textos é de tipo conceptual, mesturando figuras e letras.

Recensións:

- Paula Fernández, "Gozo para os sentidos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 437, "Libros", 8 decembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 389, "Letras galegas", 15 decembro 2012, p. VI.

Afirma que *A cociña de Toto Murube* é "un delirio para os olfacto e para o gusto", pois "as ilustracións de Pablo Otero e a elegante presentación editorial son un agasallo para a vista e para o lector". Salienta que a viaxe do protagonista desta "novela de aprendizaxe" é redonda e que nela "destacan as divertidas e imaxinativas receitas". Remata cualificando a obra de "ameno pasatempo", de "fermoso xogo que reivindica valores fundamentais" e de "berro en defensa da cultura".

Referencias varias:

- José A. Ramírez Lozano, "A cociña de Toto Murube", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 8 setembro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A cociña de Toto Murube*, escrita por José Antonio Ramírez Lozano e ilustrada por Pablo Otero.

Raymond-García, Régine, *Árbores no camiño*, ilust. Vanina Starkoff, trad. do francés Pilar Ferriz e Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O, a partir de 3 anos, marzo 2012, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-375-6).

Álbum de Régine Raymond-García e Vanina Starkoff no que un narrador en terceira persoa conta como Karim, que se atopa no mercado coa súa nai, Khadija, se perde ao perseguir un rabaño de cabras. Karim ten sede, fame e medo, pero decide seguir camiñando. O protagonista atópase coa árbore vermella da palabra, onde os sabios se reúnen para tomar decisións importantes, e esta dille que continúe até o baobab. O mesmo lle transmiten a palmeira, á que sobe e dende a que ve babuínos e monos negros, pero non a súa nai, e a mangueira, coa que se atopa pouco despois. Por fin chega ao baobab, quen o convida a sentar á súa sombra e esperar a que chegue a súa nai, que o andará buscando. Desta maneira, a árbore vermella déralle forza, a palmeira de beber, a mangueira de comer, o baobab, larpeiradas e, ao fin, atópase coa súa nai. Karim está tan contento que promete que de maior será o gardián das árbores. As ilustracións figurativas, de cores alegres e cálidas, son obra de Vania Starkoff e sitúana a historia, que transcorre en espazos abertos, nun país de África coas súas paisaxes, as súas árbores características, a súa fauna propia e as vestimentas das persoas.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 411, "Libros", 19 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 364, 21 abril, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase o argumento. Tamén se describen *Biografía de Valentín Paz-Andrade* (2012), de Xan Carballa e *A pomba dona Paz* (2012), de Ramón Caride.

Rosell, Joel Franz, *Gatiño e a neve* (*Gatito y la nieve*, Kalandraka Editora, 2012), ilust. Constanze V. Kitzing, trad. Xosé Ballesteros Rei, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], novembro 2012, [30] pp.(ISBN: 978-84-8464-807-9).

Álbum narrativo de Joel Franz Rosell (Cruces, Cuba, 1954) e Constanze V. Kitzing (Göttingen, Alemaña, 1980) no que se conta a amizade entre unha coelliña branca e un gatiño negro que só pensan en xogar. Un día de inverno deciden xogar ás agachadas fóra, na neve, pero debido á cor de Gatiño Coella atopa a este enseguida. Ao ir xogar no soto acontece o mesmo, pero nesta ocasión é Coella quen non consegue esconderse mentres que Gatiño se volve case invisíbel. Ao final Coella mánchase de carbón e Gatiño vólvese máis branco coas folerpas de neve e xa poden xogar ás agachadas. Na cuberta preséntanse os dous personaxes protagonistas cunha actitude alegre ao tempo que se salienta a compoñente visual das folerpas de neve, motivo recorrente ao longo da narrativa visual. No interior, as ilustracións figurativas de Constanze V. Kitzing amosan escenas do narrado e os protagonistas en actitude de xogar. Nelas ofrécense moitos detalles e faise uso de cores vivas e alegres que contrastan coas cores frías das escenas que acontecen no exterior.

Referencias varias:

- Joel Franz Rosell, "Gatiño e a neve", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 17 novembro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Gatiño e a neve*, escrita por Joel Franz Rosell e ilustrada por Constanze V. Kitzing.

Rosell, Joel Franz, *Gatiño e o balón* (*Gatito y el balón*, 2012), ilust. Constanze V. Kitzing, trad. do castelán Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], maio 2012, [30] pp.(ISBN: 978-84-8464-790-4).

Joel Franz Rosell (Cruces, Cuba, 1954) é o autor do texto deste álbum ilustrado. Nel nárrase como ao volver da escola Gatiño atopa un balón diante da súa casa e decide quedar con el e comezar a xogar. Súa nai explícalle que antes de gozar del debe asegurarse de se "estaba realmente abandonado", de maneira que Gatiño vaille preguntando a cada un dos seus veciños se o balón é del. Cada vez que Gatiño peta na porta dunha nova veciña ou veciño, reitérase a escena: quen está tras da porta loa o vistoso que é o balón e pide xogar con el de maneira que acompaña a Gatiño na busca

do seu propietario. Cando Gatiño, Parrula, Esquío e Coello se dispoñen a xogar co balón, pois na porta de Ourizo non contesta ninguén, aparece este que se alegra de que alguén encontrase o seu balón. Aínda que a reacción inicial de Gatiño é de incomodo e tristura, esta axiña desaparece pois inmediatamente Ourizo propón que xoguen todos xuntos. As ilustracións figurativas de Constanze V. Kitzing (Göttingen, 1980) representan os escenarios que percorre o protagonista na busca do dono do balón. O estilo empregado é estilizado e as formas teñen os elementos necesarios para identificar os animais que adoptan actitudes de persoas.

Recensións:

- Paula Fernández, "Moderna fábula", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 427, "Libros", 27 setembro 2012, p. VII.

Coméntase que a obra, construída a modo de fábula, busca promover a reflexión no lectorado sobre a propiedade, a amizade e o egoísmo. Indícase que se vale da repetición e da dicotomía xenerosidade-egoísmo para estruturar unha narración cuxa ensinanza é destacar a importancia do grupo sobre o individuo. Sinálase que as ilustracións de Constanze V. Kitzing reflicten con fidelidade o narrado por Joel Franz Rosell.

Referencias varias:

- Joel Franz Rosell, "Gatiño e o balón", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 28 xullo 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Gatiño e o balón*, escrita por Joel Franz Rosell e ilustrada por Constanze V. Kitzing.

Rosell, Joel Franz, *O paraugas amarelo* (*El paraguas amarillo*, 2012), ilust. Giulia Frances, trad. do castelán Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado autónomo], xaneiro 2012, [32] pp.(ISBN: 978-84-8464-778-2).

Historia de Joel Franz Rosell (Cruces, Cuba, 1954) que xira arredor do tratamento do diferente ou da diferenza. Nun tempo e nunha fábrica de paraugas na que só trunfan as cores escuras, a trasnada dun operario consegue un paraugas amarelo que un dos xefes decide meter canda a outra mercancía nunha convencional funda negra. O rechamante paraugas non se vende, así que vai parar ao escaparate dos artigos de saldo e dos devoltos, devecendo por saír á chuvia. A única persoa que o reclama é un home feo que o traslada debaixo do impermeábel e só o desprega no centro de traballo, un espazo recuberto por "un xigantesco paraugas de lona" onde el é o protagonista de cabriolas, malabarismos que emocionan ao público. O texto acompáñase dos debuxos a lapis de Giulia Frances que presentan un cromatismo tenue, escuro e pouco contrastado, en oposición á cor amarela do obxecto protagonista da historia, o paraugas que xa aparece representado na cuberta.

Recensións:

- María Navarro, “Pingas de esperanza”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 403, “Libros”, 15 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 360, “Letras galegas”, 24 marzo 2012, p. 7.

Dáse conta do argumento da obra e saliéntase que o autor “tenta levar alí onde todo é gris un raio de sol”. Finalmente coméntase que as ilustracións de Giulia Frances recollen as reaccións dos diversos personaxes, dende a sorpresa, á perplexidade, a tristeza e o humor e a fantasía, e que tentan defender a liberdade e a creatividade fronte ás convencións sociais e á rutina.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012”, *La Opinión*, “Cultura”, 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia esta obra.

Sánchez Ibarzábal, Paloma, *A miña primeira viaxe*, ilust. Massimiliano di Lauro, trad. do castelán Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. Q, a partir de 8 anos, febreiro 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-371-8).

Álbum narrativo, de Paloma Sánchez Ibarzábal, narrado en primeira persoa polo bebé protagonista, quen vai contando a viaxe que fai no interior da barriga da nai (á que compara cunha nave espacial) até o momento de nacer. Neste periplo vai na procura da súa identidade. Fala das sensacións, alegrías ou tristezas que percibe dentro da “cápsula” na que se atopa e dos medos e inquedanzas sobre o que lle sucederá unha vez saia ao exterior do útero materno, no cal se sente protexido ao escoitar o “tum-tum dos motores”, interpretado como o latexo do corazón da nai. Maximino di Lauro crea para este historia, botando man dunha técnica moi pictórica, con texturas ásperas e expresivas sobre as que dispón anacos de gravados, papeis e debuxos a lapis, unhas ilustracións nas que recae o peso da narración. As imaxes concíbense como unha viaxe poética e vaporosa con referencias ao mundo acuático coma unha metáfora do hábitat do bebé. Nelas reflíctese a transformación que vai experimentando o neno, ás veces dun xeito dinámico coma se dunhas viñetas se tratara.

Recensións:

- María Navarro “Escolla sutil”, *Faro de Vigo,* “*Faro da Cultura*”, n.º. 413, “Libros”, 3 maio 2012, p. VII/ “Experiencia única”, *La Opinión,* “*Saberes*”, n.º 366, “Letras galegas”, 5 maio 2012, p. 7.

Coméntanse a calidade ilustrativa deste álbum, así como o seu argumento, que se basea na primeira viaxe dun“do ventre materno á terra”. Infórmase de que se centra nas dúbidas do protagonista desta viaxe que recrea un universo onírico.

Sánchez Ibarzábal, Paloma, *Se eu fose un gato*, ilust. Anna Llenas, trad. do castelán Laura Rubio, Pontevedra: OQO Editora, col. O, de 3 a 7 anos, maio 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-381-7).

Paloma Sánchez dedica este álbum "Para os meus fillos, Raúl e Carlos, con todo o meu amor. P.S.I.". Nel preséntanse as diferenzas que poden existir entre a vida dun neno ou nena e a dun gato, pois o protagonista amosa os seus gustos coma se fose este animal, facendo fincapé en valores como o da amizade. As ilustracións, de Anna Llenas, quen escribe a dedicatoria "Se eu fose un gato, querería ser Chispu ou Kira. A.Ll.", están realizadas coa técnica da colaxe (a autora empregan diferentes texturas e materiais como cartón, lá, papel e pinturas) e céntranse nos protagonistas.

Recensións:

- Paula Fernández, "Ameno e atractivo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 431, "Libros", 25 outubro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 383, "Libros", 3 novembro 2012, p. 7.

En primeiro lugar dáse conta do argumento para afirmar que quen o lea, de seguro, reflexionará sobre a importancia das pequenas cousas. A seguir, dise que é un texto de estrutura repetitiva que ofrece "unha lectura musical e sonora" ao tempo "que fai fincapé na amizade, no seu valor e na necesidade de coidar os amigos". Para rematar, coméntanse as ilustracións de Anne Llenas.

Schubiger, Jürg, *A historia de Guillerme Tell* (*Die Geschichte von Wilhem Tell*, N agel & Kimche im Carl Hanser Verlag München, 2003), ilust. Pablo Auladell, trad. Roxelio Xabier García Romero, Madrid: Oxford University Press, col. A árbore da lectura, serie infantil, n.º 14, [+ 8 anos], 2012, 178 pp. (ISBN: 978-84-673-6065-3).

Novela de formación, do escritor e psicoterapeuta Jürg Schubiger (Zúric, 1936), dedicada a seu pai. A trama bebe da lenda do heroe Guillerme Tell, oriundo de Altdorf, a cidade onde viven os avós paternos do protagonista, un neno que sofre a separación de seus pais e que comparte pouco tempo co pai. Coa intención de que o rapaz aprenda da vida e comportamento do heroe a enfrontar o futuro, o avó cóntalle o relato de Guillerme Tell, mais complementa a lenda con vivencias e sentimentos doutros personaxes da contorna máis próxima. Co seu relato o avó salienta trazos identitarios da xente desa lugar ao tempo que lle explica ao neto aspectos históricos, culturais e xeográficos da Idade Media que descoñecía, caso da orixe da celebración da Festa Nacional suíza, para que así comprenda a valentía e proezas de Guillerme Tell. Se ben o protagonismo recae no heroe de Uri, a historia enfócase dende o seu fillo Walter e o avó aparece como un home preocupado polo seu xardín, do que se abastecen para o xantar diario, mentres a avoa traballa fóra da casa, tenta saber do seu fillo e da súa moza nova a través do neto e, sobre todo, procura que o neno deixe de padecer medo nocturno; unha anguria que o propio neno dubida se se debe á morriña da súa casa ou a un *Toggeli* que o asusta polas noites e do que se tenta protexer abrindo a súa navalla da cruz suíza para que lle funcione como conxuro. A narración textual acompáñase das ilustracións de Pablo Auladell (Alacant, 1972).

Steinbeck, John, *A perla* (*The Pearl*, 1945), deseño da cuberta Fausto Isorna, trad. Benigno Fernández Salgado, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [lectorado mozo], febreiro 2012, 96 pp. (ISBN: 978-84-9865-417-2).

John Steinbeck (California, 1902-Nova York, 1968) é o autor desta obra canónica da literatura norteamericana posta en galego por primeira vez no ano 1990 (Galaxia, col. "Árbore") para a mocidade. "Na cidade cóntase a historia da gran perla,..." son as verbas que introducen o lectorado na vida de Kino e a súa familia, unha existencia marcada pola procura, achado e perda da grande oportunidade para abandonar os pobres e míseros lindes da cidade: unha perla. Kino e Juana viven loitando por amencer unha mañá máis e proporcionar unha vida digna ao seu pequeno Coyotito nunha cidade na que as diferenzas entre ricos e pobres rexen a estrutura social. Cada día Kino sae a traballar coa esperanza de atopar unha xoia nos fondos mariños que saque á súa familia do conglomerado de casopas no que habita até que, un día, o milagre sucede: cae nas súas mans a grande e fermosa perla. Dende ese momento a alfaia dominará a tranquila vida da familia, tornándose unha continua loita contra os instintos máis malvados dunha cidade agora dominada pola envexa e a avaricia. Ao longo de seis capítulos, un narrador omnisciente transporta o lectorado a través dun mundo de inxustizas no que o enfrontamento entre a orde implantada polos ricos e a humildade da pobreza desenlaza nun tráxico final onde o equilibrio se restablece cando Kino devolve ao seu lugar de orixe a perla, obxecto da súa desgraza. O deseño da cuberta, obra de Fausto Isorna, amosa a cuncha dunha ostra e está claramente relacionada co tema do libro.

Recensións:

- Pilar Bendoiro Mariño; "Un clásico contemporáneo da man da Editorial Galaxia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 10 maio 2012, p. 42.

Comeza ofrecendo un resumo do argumento da obra. Sinala que se trata "dun relato que afonda na natureza humana e nos efectos desastrosos de tentar escapar do sistema establecido" e comenta brevemente as características da prosa empregada. Finalmente fala da tradución ao galego desta e doutras obras do autor e sinala que bota en falta o transvase de títulos como *The grapes of wrath* ou *East of Eden*.

Stevenson, Robert Louis, *A illa do tesouro* (*Treasure Island*), ilust. da cuberta Javi Montes, trad. Xavier Alcalá, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabaril, n.º 10, [mocidade], xaneiro 2012, 305 pp. (ISBN: 978-84-9914-333-0).

Reedición na renovada colección "Xabaril" desta novela de aventuras de Robert Louis Stevenson (Edimburgo, 1850-Samoa, 1894), descrita no *Informe de Literatura 2003*, dado que nese ano saíu a lume como o número 4 da colección "O Xabarín de Ouro" de Edicións Xerais de Galicia. Nesta ocasión, a tradución realizada por Xavier Alcalá acompáñase das ilustracións de Javi Montes, quen, na cuberta presenta os protagonistas da novela: o mozo Jim e o pirata John Silver co papagaio ao ombreiro, nunha imaxe que está contextualizada na contorna da illa tropical onde se desenvolve a meirande parte da historia. No interior non hai imaxes.

Recensións:

- Pilar Bendoiro Mariño, "A reedición dos clásicos, de seguro unha boa aposta", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 25 setembro 2012, p. 43.

Despois de lembrar o lugar privilexiado que ocupan os autores clásicos nas bibliotecas, de explicar as razóns dese sitio e de nomear a Stevenson como un deses escritores, Pilar Bendoiro detense na produción deste último que está traducida ao galego e, máis concretamente, n'*A illa do tesouro*. Desta obra lembra o argumento e ofrece algunhas das razóns polas que é unha novela de relevancia indiscutíbel.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 359, 17 marzo 2012, p. 7.

Nesta sección fixa descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que simbolizou para varias xeracións as ansias de "escapismo". Tamén se describen *De Xente Nova a Brais Pinto*, de Xosé Fernández Ferreiro; *Diario de inverno*, de Paul Auster e *Hotel Cidade Sur*, de Xerardo Quintiá.

Tillman, Nancy, *O espírito do Nadal* (*The Spirit of Christmas*, 2010), ilust. da autora, trad. Millán Picouto, Ourense: Ediciones Linteo, col. Linteo Infantil e Xuvenil, [lectorado autónomo], 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-96067-72-1).

Por medio dun narrador en primeira persoa Nancy Tillman dá conta da chegada do espírito do Nadal. Aínda que con el veñen campás e axóuxeres, bandas de música, lambetadas, árbores, Santa Claus etc. bótase en falta algo que non se sabe o que é. Ao final da narración saberase que o que falta es ti. Trátase dun álbum ilustrado pola propia autora no que as ilustracións complementan a información do relato textual.

Tillman, Nancy, *Onde ti esteas* (*Wherever you are my love will find you*, 2010), trad. Millán Picouto, Ourense: Ediciones Linteo, col. Linteo Infantil e Xuvenil, [lectorado autónomo], 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-96067-71-4).

Ábrese este canto ao amor de Nancy Tillman cun fragmento textual que substancia todo o seu cerne: "Quíxente máis a ti / do que saberás nunca, / por iso o meu amor / te seguirá onde vaias". Dende o inmenso amor que unha nai prodiga polo seu fillo, nas seguintes páxinas deste volume móstranse as habilidades do amor para rubir e nadar, así como se salienta o seu carácter imperecedoiro e a súa grandeza para sempre poder acompañar a persoa querida. A propia autora emprega, nas ilustracións de cores alegres e saturadas, a fotomontaxe coa que crea unha aparencia de ambientación fantástica. En todas as imaxes, que representan sempre ao neno protagonista na natureza xogando cos seus amigos os animais, símbolo de protección, aparecen fulgores de luces transmitindo os soños dos nenos.

Turín, Adela, *Artur e Clementina* (*Arturo e Clementina*, 1976), ilust. Nella Bosnia, trad. Eva Almazán, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Adela Turín, [lectorado autónomo], 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-8464-785-0).

Adela Turín (Italia, 1939) é a responsábel do texto deste álbum que conta como dúas tartarugas deciden casar na mesma tarde en que se coñecen. Os dous protagonistas humanizados asumen papeis distintos: Clementina é un espírito aberto, sensíbel e soñador; pola contra, Artur revélase contrario a todo o que fuxa da rutina, da disciplina, do rigor, o que acaba por limitar a súa compañeira. Os desexos de Clementina (tocar frauta, pintar ou visitar Venecia) son vistos por Artur como absurdos ou parvos e, así, a medida que o tempo pasa e que a acción avanza, o lectorado asiste á "anulación" daquilo que singulariza a Clementina, que comeza a se sentir ridícula e tentar escapar da hexemonía do home. Ao final Clementina segue o seu impulso aventureiro e libre e acaba por deixar atrás unha vida que nunca podería ser a súa. Artur, pola contra, continúa aínda hoxe "estupefacto e indignado", dicíndolle aos amigos "Era unha ingrata de campionato, aquela Clementina. Non lle faltaba nada: vinte e cinco andares tiña a súa casa, chea de tesouros!".

Recensións:

- Sara Reis da Silva; "Unha fermosa historia para eloxiar a diferenza", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 24 xullo 2012, p. 42.

Comézase indicando que se trata dun álbum orixinalmente editado en 1976 que recrea un tópico atemporal a partir dunha construción literaria próxima á fábula. Saliéntase que o punto de partida da historia permite cuestionar asuntos como a educación en igualdade, a liberdade, o respecto pola diferenza e a individualidade ou a valorización da música e a pintura como manifestacións artísticas. Dáse conta da visión antagónica do mundo, da vida e do Outro que presentan os humanizados protagonistas e coméntase que a compoñente pictórica do volume reflicte a dualidade dos personaxes e dos seus retratos, ademais dos principais momentos diexéticos e das peripecias que os apoian. Finalmente, faise referencia á nota positiva e optimista que deixa o final do conto, considerada como unha valiosa achega á educación para a cidadanía.

- Paula Fernández, "Vixente, necesaria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 433, "Libros", 8 novembro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 385, "Letras galegas", 17 novembro 2012, p. 7.

Comeza afirmando que *Artur e Clementina*, de Adela Turín, malia ser escrita hai trinta anos segue sendo "unha obra vixente e necesaria". Dá conta do argumento no que as dúas tartarugas representan estereotipos facilmente identificábeis cun home e unha muller recentemente casados. Sinala que valéndose dunha estrutura repetitiva se reflicte o desprezo ao que é sometida a muller, que non se subxuga e que ten que escoller "un camiño duro, pero que permite saír da opresión e, finalmente, acadar ser feliz". Finaliza afirmando que este relato, xunto coas ilustracións de Nelia Bosnia, constitúen "un exercicio para poder traballar en prol da igualdade e da liberdade".

Referencias varias:

- Adela Turín, "Artur e Clementina", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 14 xullo 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Artur e Clementina*, escrita por Adela Turín e ilustrada por Nella Bosnia.

- Marta García Márquez, "Un paseo de domingo entre as letras", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 2 agosto 2012, p. 17.

Sinálase que esta obra de Adela Turín aborda o tema do feminismo.

Turín, Adela, *Rosa Caramelo* (*Rosaconfetto*, 1976), ilust. Nella Bosnia, trad. G. Tolentino, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], setembro 2012, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-799-7).

Relato de Adela Turín (Italia, 1939) sobre a igualdade de xénero. Ambiéntase en tempos pasados cando unha manda de femias elefantas tiña a peculiaridade de posuír "ollos grandes e brillantes e a pel suave e de cor rosa caramelo". Animadas polos seus pais, alimentábanse dende o seu primeiro día de vida só das anemones e peonias que existían no lugar valado no que medraban coa esperanza de atopar marido no futuro, se ben observaban con envexa como os elefantes grises xogaban e gozaban de vivir en liberdade. A trama céntrase en Margarida, unha elefanta que por máis anemones e peonias que coma non consegue ser de rosa para tristura de seus pais. Un día decide saír do xardín valado e vivir libremente, como os elefantes grises, iniciativa que imitan as outras elefantas, o que provoca que "dende entón é moi difícil distinguir os elefantes das elefantas". Na cuberta apréciase xa o contraste entre os elefantes grises e os rosas, tema central da narración textual. No interior, as ilustracións de Nella Bosnia para este álbum representan de maneira realista os animais protagonistas e son suficientes para seguir a narración desta manda de elefantes.

Referencias varias:

- Adela Turín, "Rosa Caramelo", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 8 decembro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Rosa Caramelo*, escrita por Adela Turín e ilustrada por Nella Bosnia.

Verne, Jules, *Miguel Strogoff*, ilust. Calros Silvar, trad. Ánxela Gracián, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado mozo], setembro 2012, 380 pp. (ISBN: 978-84-9995-052-5).
■

Novela de aventuras, de Jules Verne (Nantes, Francia, 1828-Amiens, 1905), estruturada en dúas partes de dezasete e catorce capítulos respectivamente. Está protagonizada polo

carteiro do tsar, Miguel Strogoff, oficial de correos do exército imperial ruso que terá que percorrer, de incógnito e cun permiso especial, 5.500 quilómetros para entregar unha carta na que o tsar advirte ao gran duque de Irkutsk, o seu irmán, de que tome as medidas precisas para evitar que o traidor Iván Ogareff, comandante das tropas tártaras, tome o poder en Rusia. Durante esa misión, Nadia Fedor, filla do conde Krasov, namórase de Strogoff, quen terá que superar diferentes probas, aventuras, torturas, o secuestro de súa nai, a perda da visión e mesmo o enfrontamento nun duelo co comandante Ogareff no que resultará vencedor. Finalmente Strogoff consegue realizar a misión que tiña encomendada, casa con Nadia e marchan cara a Europa.

Wilde, Oscar, *O Xigante egoísta e outros contos*, ilust. P. J. Lynch, trad. Alejandro Tobar, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Cucaina, n.º 2, [lectorado autónomo], 2012, 102 pp. (ISBN: 978-84-682-1104-6).

Volume que acolle cinco dos contos máis coñecidos de Óscar Wilde, nome literario de Óscar Fingal O'Flahertie Wills Wilde (Dublín, Irlanda, 1854-París, 1900). Son eles: "O Xigante egoísta", no que o protagonista coñece a felicidade na compañía de varios nenos; "O Príncipe Feliz", no que o membro da realeza que lle dá título ao conto renuncia a órganos vitais para axudar os demais; "O amigo fiel", conto, dentro doutro, ao xeito de parábola sobre a amizade verdadeira fronte a un egoísmo hipócrita; "O ilustre foguete", que trata a necesidade de recoñecemento ante os demais, e "O reiseñor e a rosa", relato no que un estudante vive o seu primeiro amor sen ser correspondido e sen apreciar a axuda dos demais para tentar conquistalo. Todas as historias caracterízanse por presentar unha crítica a actitudes motivadas polo egoísmo, a hipocrisía e a carencia de respecto pola diferenza, así como pola aposta por valores como o amor, entendido cun sentido amplo. Tamén por pecharse, a excepción de dous relatos ("O amigo fiel" e "O reiseñor e a rosa", onde non se castiga o mal proceder) cun final esperanzado ao se aplicar a xustiza cristiá. Os contos compleméntanse cunhas actividades finais referidas ao argumento, comentario e expresión de cada conto, realizadas por Gabriel Casas, quen asina tamén as notas ao pé nas que se aclaran termos de relevancia en cada historia. As ilustracións de Patrick James Lynch (Belfast, Irlanda, 1962) refiren escenas destacadas de cada conto e sitúan o lectorado no século XIX. Ademais ofrecen información que completa o narrado nos textos.

Zamaring, Cherie, *Conto de Nadal* (*The Christmas Story*, Igloo Books Ltd., 2012), ilust. da autora, trad. Aitor Rivas Rodríguez, Madrid: Editorial Tambre, [lectorado autónomo], 2012, [30] pp. (ISBN: 978-84-15165-75-0).

Cherie Zamazing é a autora deste álbum no que un narrador en terceira persoa relata como un pombiño é testemuña da visita do arcanxo Gabriel a María na que este lle comunica que vai ser a nai do fillo de Deus. O pequeno animal verá como Xosé e María viaxan a Belén e sente pena por eles polo cansazo que supón a viaxe. É testemuña do anuncio do anxo aos pastores do próximo nacemento de Xesús, así como da viaxe dos reis a Belén cargados de agasallos para o neno. Finalmente, saberá "que Xesús ía traer un tempo de paz e esperanza". Na cuberta, represéntanse o portal de Belén con todos os personaxes protagonistas. No interior, as ilustracións figurativas da autora, cun estilo infantil, representan as diferentes escenas da historia bíblica e achegan información sobre as roupas, as edificacións e as paisaxes de Oriente.

Zorn, Steven, *Relatos de monstros*, ilust. John Bradley, adapt., notas e actividades Pablo Antón Pascual, trad. Xavier Senín, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Cucaina, n.º 8, [lectorado autónomo], 2012, 103 pp. (ISBN: 978-84-682-1266-1).

Selección e adaptación de seis relatos de monstros realizada por Steven Zorn. Despois dunha breve presentación do adaptador, reprodúcense: "Os ollos do dragón", de Kenneth Morris (Gales, 1879-1937), que xira ao redor dun mestre pintor, Chang Seng-yu, que por orde do emperador Lieu Tien-Ming pinta, no salón do templo e para ter protección e prosperidade, un dragón sen ollos, ao que o seu aprendiz, que non comprende esta decisión, lle pinta os ollos de maneira que o animal sae voando; "O lobishome", de Eugene Field (Saint Louis, Missouri, 1850-Chicago, Illinois, 1895), que relata a tráxica historia do conde Harold, namorado da dama Iselda, que debido á maldición do seu avó Siegfried se converte en home lobo e unha noite é asasinado pola súa namorada; "O enterrador e os trasgos", de Charles Dickens (Portsmouth, 1812-Gads Hill Place, 1870), que conta a historia dun enterrador rosmón e malencarado que en Noitevella, cavando nunha tumba, é asaltado por un grupo de trasgos que lle ensinan a respectar ás xentes e a ser afábel; "O mestre de xadrez", de Ambrose Bierce (Meigs, Ohio, Estados Unidos, 1842–Chihuahua, 1913), que xira arredor dun inventor de máquinas que xoga ao xadrez cun dos robots que inventara e finalmente ataca e mata o seu creador; "Frankenstein", de Mary Shelley (Londres, 1797-1851), no que o médico protagonista lle dá vida, a partir de órganos e partes de corpos de persoas mortas, a un ser que, despois de darse conta de que a xente o rexeita pola súa fealdade, mata ao irmán do médico e obriga a este a que cree unha muller coma el; e, finalmente, "Beowulf e Grendel", de autoría anónima, no que o monstro Grendel se alimenta durante anos dos guerreiros de Rothgar, rei dos dinamarqueses, que pide axuda ao príncipe viquingo Beowulf para matar o monstro.

VII.2. POESÍA

VII.2.1. POETAS GALEGOS

Alonso Diz, Miguel Ángel, *O cullarapo Croque*, ilust. Luz Beloso, Vigo: A porta verde do sétimo andar, col. Q de Vian Cadernos, [lectorado autónomo], [70] pp. (ISBN: 978-84-15164-70-8).

Tras a "Soleira" de Xosé Neira Vilas, na que se presenta ao autor do poemario, Miguel Anxo Alonso Diz, e despois dos agradecementos e dedicatorias de Alonso Diz e da ilustradora Luz Beloso, dáse paso ás oito composicións, de variada temática, que teñen como guía poético ao cullarapo Croque, quen vai comentando aspectos dos animais e plantas do lugar no que vive; cuestiónase que é o tempo; fala de barcos viaxeiros, de cancións e poemas que súa nai lle recita ás noites, etc. Péchase o volume co desexo do cullarapo aos lectores e lectoras das boas noites. O poemairo acompáñase das ilustraciónsde Luz Beloso. Na cuberta, amósase o cullarapo protagonistas cun aspecto simpático, os ollos moi abertos e un sorriso na boca. No interior, as ilustracións, que invitan a ler os poemas, representan as ideas que tratan as poesías con personaxes alegres, amábeis que están deseñados con formas suaves e cores atraentes. Son imaxes que invitan a ler os poemas.

Referencias varias:

- Laura Fernández, "Allariz une a escritores e lectores na Festa do Libro", *La Región*, "*Allariz*", 13 outubro 2012, p. 16.

Dáse conta das actividades que se desenvolverán na Festa do Libro de Allariz, entre as que se atopa a presentación desta obra.

Canosa, María, *Acuario*, ilust. Dani Padrón, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos soños, [lectorado autónomo], xuño 2012, [36] pp. (ISBN: 978-84-92644-44-5).

Poemario de María Canosa (Cee, A Coruña, 1978) no que se canta aos peixes e moluscos máis habituais na dieta alimentaria de Galicia, aproximando estes animais ao lectorado máis novo dende unha dupla dimensión: a das características físicas e os comportamentos de cada un dos animais tratados e a súa rendibilidade culinaria. Deste modo a través dunha poesía áxil, con rima asonante e versos curtos, preséntanse de modo lúdico e moi visual a solla, o polbo, a troita, a robaliza, a sardiña, a lura etc., e vanse estabelecendo comparacións entre eles, de modo que se facilita o seu recoñecemento e tamén se pon en valor a súa versatilidade na cociña. Emprega para esta aproximación un grupo de nenos e nenas protagonistas que visitan o acuario para observar a cada un dos animais, que aparecen representados nas ilustracións figurativas de Dani Padrón (Ourense, 1983), convivindo co texto e recreando os protagonistas en diferentes situacións. Nas páxinas pares, sobre un fondo de cor que varía, van dispostas as poesías e un pequeno cartel co nome dos animais; nas páxinas impares complétase visualmente o que di o poema cunha imaxe divertida. A cuberta, contracuberta e gardas teñen debuxos alusivos ao mar e aos peixes.

Referencias varias:

- R. S., "Carballo presenta el libro infantil de poemas *Acuario*", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Carballo", 26 agosto 2012, p. 36.

Sinálase a presentación na Feira do Libro de Carballo desta obra, da que se destaca que está escrita por María Canosa e ilustrada por Dani Padrón e que contén pequenas rimas. Sinálase que os máis novos poderán coñecer a través del os nomes galegos dos peixes.

Castaño, Yolanda, *Verdedades*, Mención de Honra no VI Premio Arume de Poesía para nenas e nenos, ilust. Xosé Tomás, Cesuras: Biblos Clube de Lectores, [lectorado autónomo], 2012, [36] pp. (ISBN: 978-84-15086-31-4).

Tras as dedicatorias da autora ("Á Señora Pereira, a bióloga que teño por nai, e ao Señor Castaño, o meu sobriño que marchou vivir ao campo") e do ilustrador ("A Tomás e Manuel, que non deixan que a sarracenia pase fame"), Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) ofrece, sen fío condutor, un conxunto de cincuenta e tres cuartetas octosilábicas de rima frecuentemente asonante, que conforman un catálogo de elementos da natureza poetizados en relación aos usos e costumes tradicionalmente asociados a eles. Así homenaxea ao lonxevo carballo, provoca o riso cos efectos non sempre desexados do allo, advirte do perigo de procurar amoras entre as silveiras, sorprende coa rara forma das anemones, revaloriza a beleza do desacreditado cardo ou anuncia remedios e consellos do saber popular sobre a ruda, a árnica, a macela, a salvia etc, nunha invitación a coñecer máis sobre a flora autóctona a través da combinación de humor, emoción e ritmo. As ilustracións a toda páxina de Xosé Tomás (Betanzos, 1971) percorren a gama cromática presente na natureza nun continuo de poesía e paisaxe. As imaxes completan o poema achegando, ademais, algunha representación dos personaxes, anunciados, mais non descritos na parte textual, da familia que convive e interactúa cos elementos naturais protagonistas.

Referencias varias:

- Nacho Mirás, "A aldea sempre foi unha fonte de aprendizaxe e de lecer", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 13 decembro 2012, p. L2.

Recóllense comentarios de Yolanda Castaño sobre *Verdedades*. Sinálase que na obra hai "un tratar de recuperar o vínculo co mundo vexetal, sobre todo esa sabedoría popular vinculada ás árbores, ás plantas, ás flores, da que foron depositarios máis os nosos avós e avoas, e que agora cómpre recuperar para os máis pequenos". Tamén se apunta que, nesta nova colaboración con Xosé Tomas, o ilustrador lle deu máis "profundidade" aos textos, pois "achegou máis planos e tamén o elemento humano, unha nena que pasa o verán na casa dos avós". Por outra banda, anótase que os textos tiveron a súa orixe na estadía da que gozou Yolanda Castaño nas aforas verdes de Múnic. Finalmente lémbrase que a obra recibiu unha mención de honra no Premio Arume de poesía para nenos.

Costas, Ledicia, *Xardín de inverno*, ilust. DNL, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, [lectorado mozo], 2012, [60] pp. (ISBN: 978-84-403-1189-4).

Poemario de Ledicia Costas (Vigo, 1979) que se estrutura en catro partes tituladas e que se caracteriza por unha poesía de marcado carácter íntimo, no que o eu poético realiza unha viaxe cara á introspección a través das lembranzas, as evocacións e o recurso a múltiples elementos simbólicos, así como as referencias a seres queridos (avoa, pai, nai) e a unha conxunción do eu co medio natural, sobre o que se proxectan as inquietudes e desacougos provocados pola morte, as perdas afectivas e os seus baleiros. Salientan ao longo de todo o poemario as referencias á figura da avoa, a súa perda e a idea inicial dun destino marcado polo fatalismo, do que se loita por liberarse a través do "xardín de inverno", lonxe do que seguir a vida e o soño de felicidade. A medida que se avanza, a voz poética toma consciencia da fin das cousas, da imposibilidade de recuperar o tempo e os seres queridos, arrastrándose cara ao baleiro, que na súa relación co medio, fundamentalmente urbano, devala entre a deshumanización e a toma de posición ao saberse herdeira dunha estirpe de mulleres e dunha cultura, a que a levará até a esperanza que dá a posibilidade de compartir o seu xardín de inverno. O marcado carácter simbólico desta poesía de verso libre vese acentuado polas fotografías a toda páxina de DNL (Daniel Puente Bello), nas que se recrean ambientes fríos e húmidos, acordes coas sensacións que se expresan nos poemas.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Unha voz propia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 429, "Libros", 11 outubro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 380, "Letras galegas", 13 outubro 2012, p. 6.

Comenta este primeiro poemario de Ledicia Costas. Sinala que foi concibido como un diario da dor provocada pola morte, no que o eu lírico conduce o lectorado da man a diferentes espazos nunha tentativa de fuxir do inverno permanente. Sinala que, partindo de temas e *topoi* clásicos e doutros máis contemporáneos, a autora consegue amosar unha poderosa voz de seu, "que modela símbolos e imaxes poderosas". Tamén se refire ás fotografías de DNIL que funcionan "como un altofalante de emocións".

Referencias varias:

- T. Trillo, "O meu libro conta a historia do paso do tempo, a morte e da perda", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 19 xullo 2012, contracuberta.

Entrevista a Ledicia Costas con motivo da presentación na libraría Lila de Lilith, en Santiago de Compostela, da súa obra *Xardín de inverno*. A escritora sinala que o libro contén ilustracións de Daniel Pontevello e que o tema do libro é o paso do tempo e a morte da avoa.

Fontes, Carlos, *Versos en flor*, ilust. Leandro Lamas, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [lectorado autónomo], 2012, [20] pp. (ISBN: 978-84-9865-382-3).

Carlos Fontes (Vilaboa, 1968) presenta neste volume nove composicións poéticas de temática variada mais nas que a música e a crítica social teñen potagonismo. Así, a primeira elas titúlase "Son alfabeto" e consta dun verso para cada letra do abecedario, dende "Alegre" até "Zapatear". "A regueifa" está formada por dez estrofas, cada unha das cales se corresponde coa intervención dun dos dous regueifeiros protagonistas, nas que se falan dos instrumentos musicais africanos e galegos. "Canta dor!" é un poema de oito estrofas de catro, cinco e sete versos que xira sobre a suposta dor que padece un neno nun día no que non quere ir á escola. "E por que?" correspóndese cunha composición de marcado carácter crítico na que o eu lírico se cuestiona no verso final a razón pola que moitos nenos pasan fame. O amor paterno filial é o tema sobre o que xira "O abrazo de papá", composicións de rima asonante, que consta de catro estrofas de seis, catro e tres versos respectivamente, na que o léxico relacionado co campo semántico dos transportes ocupa un lugar central. "Ven á terra" constitúe un canto ao rural e á vida dos campesiños que sachan a terra na que plantan as verduras que despois se han mercar nos mercados, mentres que en "Oficio e beneficio", o eu lírico repasa os oficios dalgúns membros da súa familia, en particular, os que tivo o bisavó, que en moitos casos foron desaparecendo. "Auga máxica" presenta, en grafía azul, a maxia inherente da auga en canto á súa presenza sólida, líquida e gasosa e en canto á súa capacidade de dar vida. A composición que pecha o volume titúlase "Sentidos" e trata, tal e como o título deixa intuír, os cinco sentidos do ser humano ao longo de cinco estrofas de tres e cinco versos de rima asonante. As ilustracións figurativas de Leandro Lamas son imaxes coloristas e alegres cunha variada gama de cores vivas que completan e explican o contido dos poemas.

Recensións:

- Olalla Sánchez, "Para gozar coas palabras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 473, "Letras infantil", "Libros del verano", 30 xuño 2012, p. 6.

Refírese ao poemario infantil *Versos en flor*, de Carlos Fontes e Leandro Lamas. Di que este novo proxecto dos dous artistas que xuntan texto e ilustracións volve "provocar un continuo sorriso", a través das "enxeñosas chiscadelas", que ademais reivindican os elementos propios da terra.

- Paula Fernández, "Unha festa da poesía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 423, "Libros", 12 xullo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 376, "Letras galegas", 14 xullo 2012, p. 6.

Refírese a *Versos en flor*, o segundo poemario infantil de Carlos Fontes, como "unha festa de poesía". Del destaca ademais a sonoridade rítmica e as rimas apropiadas para poñer en valor a linguaxe. Aplaude ademais as ilustracións de Leandro Lamas que consegue unha aparencia plástica "moi expresiva, colorida e informal". Ademais de comentar a estrutura formal do poemario, indica que o ton solemne dos versos se neutraliza con algúns retallos humorísticos.

García, Xosé Lois, *Animalario*, ilust. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, a partir de 6 anos, 2012, [50] pp. (ISBN: 978-84-403-1190-0).

Poemario de Xosé Lois García, dedicado anos nenos e nenas que "sofren na África e, aínda así, coidan e aman a natureza" e que o escritor compuxo durante a súa estadía en Recife, Bos Aires e São Paulo entre o 10 e 25 de febreiro de 2011, segundo se informa no colofón. Trátase de composicións, na súa maioría de rima consonante, que se centran nas características físicas e na forma de vida de arredor de cincuenta animais cada un dos cales aparece nomeado no último verso da composición (algúns exemplos son o sapo, o pavo real, o león, o burro, a galiña, o camelo ou o elefante). As ilustracións, da autoría de Suso Cubeiro, fan uso da técnica de edición dixital e serven para identificar a cada un dos animais protagonistas das composicións.

López Valcárcel, Xulio, *O pitiño revolucionario*, ilust. Ángela Gavilán, [A Coruña]: Edicións Galebook, [lectorado autónomo], 2012, [46] pp. (ISBN: 978-84-938735-4-7).

Conto rimado de Xulio L. Valcárcel (Romeán, Lugo) no que, recorrendo ao longo da composición, moi especialmente, ás onomatopeas e á aliteración, se presenta a historia dun pitiño que afirma "Eu quero ser poeta, non funcionario" e, a diferenza de seus irmáns, pía o que lle peta, un "pío revolucionario". O protagonista decide abandonar o niño, momento a partir do que, malia os perigos, fai o que quere e mesmo forma un dúo musical cun pato amigo. O texto acompáñase das ilustracións de Ángela Gavilán, quen optou pola mestura de pintura, rotuladores, obxectos variados, fotografías e anacos de papel. Están inspiradas nos debuxos infantís, presentan cores alegres e variadas e reflicten o que se relata no texto. Ao final do volume inclúese unha breve nota bio-bibliográfica do autor e da ilustradora.

Referencias varias:

-Noelia Díaz "O mundo camiña cara ao dixital, é importante que Galicia aposte por el", *La Opinión,* "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 25 xuño 2012, p. 6.

Acóllese unha entrevista a Xulio López Valcárcel, autor de *O pitiño revolucionario*, que se publica en formato dixital e analóxico. Fálase tanto da historia que relata o libro como da novidade que supón a edición electrónica.

- Marta García Márquez, "López Valcárcel escribe para os nenos a historia sonora dun pitiño revolucionario", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 21 outubro 2012, p. 13.

Resáltase que a obra é a primeira achega do autor dirixida a público infantil e que ten como finalidade entreter e achegalos á tradición musical galega.

Mamá Cabra, *Bicos de música*, ilust. Kristina Sabaite, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia. Sonárbore, [lectorado autónomo], setembro 2012, [30] pp. Inclúe CD e DVD. (ISBN: 978-84-9865-457-8).

Volume composto por dez poemas musicados creados ou adaptados na súa maioría por integrantes do grupo musical infantil Mamá Cabra e pensados para "rir e gozar moitas horas". Os poemas aos que se engade música son, por unha banda, adaptacións de

composicións da tradición oral de varios países, caso de "A miña tía", a partir dunha canción infantil; "Alí Babá", baseada nun tema tradicional de Arabia Saudí; "Nós imos cruzar!", creada dende unha canción de Susa Herrera, e "No baile", unha adaptación popular. Por outra banda, o resto de poemas contan sobre todo con letra e música de Gloria M. Roel, como acontece na "Presentación", "No meu xardín" e o que dá título ao libro, "Bicos de música", se ben tamén asina con Gloria Sánchez a composición "A primavera" e crea a música para a letra de "Na praia dos afogados", de Helena Villar Janeiro. Compleméntase o libro co poema "O tomate", con letra e música de Tomi López Serrano. Este volume acompáñase das ilustracións de Kristina Sabaite que están centradas en figuras significativas das composicións.

Recensións:

- Olalla Sánchez, "Un agasallo musical", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 498, "Libros infantil", 22 decembro 2012, pp. 2-3.

Refírese á última publicación do grupo Mamá Cabra, *Bicos de música*, no que se recollen dez temas de creación propia ou adaptacións de cancións populares, que falan da natureza, estacións, educación viaria, alimentación saudábel... Tamén sinala que as cancións están cheas de humor, fina ironía, frescura e até unha certa dose de retranca, sen esquecer a importancia do ritmo e da rima.

Morlán Viéites, Rosalía, *Estrelas de azucre*, ilust. Ramiro Cimadevila, pról. Olimpio Arca Caldas, A Estrada: Edicións Fervenza, col. O cartafol de Vilancosta, [lectorado autónomo], abril 2012, 60 pp. (ISBN: 978-84-939167-2-5).

Poemario de Rosalía Morlán Viéites (Trazo, A Coruña, 1959) que se abre cun prólogo de Olimpio Arca Caldas no que comenta as fontes das que bebe a poesía da autora de *Estrelas de azucre* e no que afirma que esta obra "ha ser un valioso agasallo para as nenas e nenos das nosas escolas e familias onde tamén len e gozan os avós". A seguir, acóllense as composicións "Unha aldea especial", "O señor pote", "Rebumbio no galiñeiro", "Arrecende a ela", "Ollos da noite", "Encontrei un soño", "O arco da vella", "O home do saco", "A malla", "Se puidese", "Ainhoa", "O can de palleiro", "Un bico ao vento", "Ninguén me escoita", "Contando estrelas", "Fátima", "O arrolo das ondas", "Un asubío", "Collín carabeis", "Lúa de cara ancha", "Os ollos dos poetas", "Cabaliño xigante", "Bolboretas", "A casa do vento", "Enfádase a Lúa", "A galiña choca", "A vaca Roberta", "Baile de peixes", "Arroró meu neniño", "A nana da catedral", "Unha e dúas tres", "O meu papaventos", "Namorouse a anduriña", "Baile de cunchas", "Gústame comer", "Desexos", "Dous vermes e un caracol", "Escapou o sono", "Fuxiu o medo", "Xoaniña" e, dedicado a Irina, "Por ti". Trátase de composicións, en xeral, de extensión breve que homenaxean a aldea natal da autora (caso, por exemplo, de "Unha aldea especial" ou "Arrecende a ela"), xiran arredor de elementos propios do mundo rural ou da natureza ("Rebumbio no galiñeiro", "O arco da vella" e "O can de palleiro", entre outros) e mesmo tratan sobre xogos ou personaxe próximos ao imaxinario infantil (caso de "O meu papaventos" ou "O home do saco"). Na cuberta aparecen de forma explícita as estrelas que iluminan a cidade. No interior, as ilustracións de Ramiro Cimadevila representa ao tema central de cada poema. Son debuxos a lapis de composicións imaxinativas nas que se mesturan as formas realistas e as abstractas.

Neira López, Xoán, *Un niño no xardín*, ilust. Ánxeles Ferrer, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 44, de 8 anos en diante, maio 2012, 70 pp. (ISBN: 978-84-9914-366-8).

Neste poemario, dedicado "Para a miña neta Antía, bolboreta no xardín", Xoán Neira López (Meilán, Lugo, 1953) describe os distintos elementos da natureza que a voz poética pode apreciar no seu xardín. No último dos poemas, esta exclama a súa vontade de ser xardineiro "da nosa Galicia" e poder así cultivar un gran xardín de poetas. As ilustracións, de cores cálidas, de Ánxeles Ferrer (Valdeorras, 1957), están realizadas coa témpera aplicada con pequenas pinceladas e reflicten escenas concretas dos textos poéticos.

Recensións:

- Paula Fernández, "Cultivando os versos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 422, "Libros", 5 xullo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 375, "Letras galegas", 7 xullo 2012, p. 7.

Comenta *Un niño no xardín*, o último traballo de Xoán Neira, reparando na recreación do xardín ideal tan "cheo de esencia de Galicia", onde a imaxe poética sementa a ilusión. Así considera que este lugar idealizado se afasta do exotismo, ao aludir con respecto, cariño e coñecemento á terra. Para rematar, repara nas ilustracións do volume, da autoría de Ánxeles Ferrer.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Xoán Neira convértese nun 'xardiñeiro de versos' para nenos no novo libro", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 30 xuño 2012, p. 63.

Faise eco da presentación en Lugo do novo libro de Xoán Neira intitulado *Un niño no xardín*.

- Xoán Neira, "Un niño no xardín", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 21 xullo 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Un niño no xardín*, escrita por Xoán Neira e ilustrada por Ánxeles Ferrer.

Tembrás, Dores, *O peizoque Roque*, ilust. Xosé Tomás, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia, [lectorado autónomo], 2012, [38] pp. (ISBN: 978-84-9865-438-7).

Tras a dedicatoria "De Romeu, que llo aprenderá a Duarte. E para Ledicia, Nerea, Mateo e Lino", Dores Tembrás ofrece neste pequeno álbum ilustrado a historia do peizoque Roque que non dorme nin come mentres que a súa nai, a mamá peizoque, non lle conte un conto de longas palabras. Como Roque non consegue isto de súa nai decide ir na procura de quen llo conte. Nesta travesía atópase con moitos animais que, con moito gusto, lle van regalando palabras e máis palabras. As ilustracións, con cores

variadas e escuras, de Xosé Tomás, están compostas sobre unha base de textos e xornais e representan os animais con formas sinxelas e esquemáticas.

Referencias varias:

- M. G. M., "La Feira do Libro presentará treinta novedades en sus diez días de vida", *El Ideal Gallego*, "A Coruña" 26 xullo 2012, p. 15.

Detállanse as actividades a celebrar durante a Feira do Libro, entre as que se destaca a presentación desta obra.

Villar, Miro, *Rebelión na charca*, ilust. Ana Santiso, Santiago de Compostela: Edicións Sotelo Blanco, col. Bolboreta, n.º 13, [lectorado autónomo], 2012, 23 pp. (ISBN: 978-84-7824-618-2).

Conto rimado, en formato álbum, de Miro Villar, nome literario de Arximiro Villar González (Cee, 1965), cun carácter primordialmente realista, se ben tamén presenta trazos fantásticos. Un narrador omnisciente dá conta do xogo de dados dun grupo de seis ras, sapos e píntegas, marcado por actitudes nacidas da cobiza que orixinan a ruptura da harmonía da charca a raíz de que os dous sapos que acadaran menos puntuación na primeira volta, Cunqueiro e Curriqueiro, deciden agochar o dado para que así finalice o xogo. O seu engano descóbrese grazas a un rato e son desterrados polos seus compañeiros de xogo a vivir fóra da charca mentres eles seguen a enredar felices. Esta conto rimado en quintetos hendecasílabos caracterízase polo emprego dun léxico cheo de sonoridade, cadencia e reiteración de estruturas oracionais; un uso ideolóxico da conduta de animais propios da transmisión oral; a verosimilitude da trama, que agocha unha ensinanza e rende homenaxe aos autores cos que dialoga intertextualmente. O texto acompáñase das ilustracións de Ana Santiso.

Recensións:

- Mar Fernández Vázquez, "Avaricia nun xogo de dados", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 21 novembro 2012, p. 42.

Comeza valorando o carácter polifacético de Miro Villar e destacando que se valeu de concorrer a premios literarios para lograr "ver publicadas e valoradas varias das súas obras" algunha das cales nomea. Refire que en 2011 se publicou, baixo o título *A cobiza do verme Noel*, de forma exenta o conto "Noel, o verme rico da verea", que vira a luz orixinariamente no volume colectivo *Contos de vermes, libros, princesas e parrulos* (2006). Analiza con detalle *Rebelión na charca* e incide en que presenta como ensinanza que as actitudes nacidas da cobiza tamén orixinan a ruptura da harmonía. Remata salientando as características da poética de Miro Villar.

Villar, Rafa, *Patente de corso (pequeno dicionario pirata)*, VI Premio Arume de Poesía para Nenos, ilust. Gemma Capdevila, introd. Xosé Neira Vilas, Ferrol: Edicións

Embora, col. Fardel dos soños, [lectorado autónomo], xuño 2012, [34] pp. (ISBN: 978-84-92644-45-2). ■

Como evidencia o seu título, *Patente de corso* é un *Pequeno dicionario pirata* no que Rafa Villar (Cee, 1968) segue a orde alfabética para poetizar moitos dos elementos que integran o universo da piratería. A través de estrofas curtas e versos de ritmo áxil, polas páxinas deste volume sucan poemas que se centran na abordaxe, no botín, no parche, no ron, na sextante... e que mesmo recuperan o pirata galego Benito Soto. Os piratas da presente travesía transgriden os canons tradicionais e caracterízanse pola súa bondade e inxenuidade, pois até se esquecen de cargar os canons e nas súas batallas non causan baixas. Este monllo de poemas, non exentos de humor, foi galardoado na sexta edición do Premio Arume de poesía para nenos da Fundación Xosé Neira Vilas, o que vén a xustificar que sexa este autor o responsable de asinar unha páxina introdutoria, na que se refire a esta poesía "que entretén e informa" e bosquexa a traxectoria vital e poética de Rafa Villar. O volume está ilustrado por Gemma Capdevila cuns debuxos nos que emprega a pintura, recortes de papeis, anacos de gravados, mapas e debuxos a tinta. Trátase de ilustracións, concibidas cunha boa dose de humor, que presentan os piratas e a súa contorna dende un punto de vista diferente.

VV. AA., *O libro dos Reis Magos*, ilust. Marina Seoane, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral de Política Lingüística, [lectorado autónomo], 2012, 55 pp. (DL: C-2425-2012). ◆

Un prólogo institucional de Xesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, abre este volume recompilatorio de contos de Nadal e cartas aos Reis Magos que acolle os seguintes textos poéticos:

- Andrea Porto, "Papaventos no padal", p. 7.

Poema de seis estrofas a xeito de adiviña.

- Rosalía Morlán, "Cofres cheos de palabras", pp. 12-13.

Carta en formato poético dos Reis Magos aos nenos e nenas do mundo na que comentan o mellor regalo que lles poden facer: a linguaxe.

Tamén está descrito nos apartados VII.1.1. e VII.3.1. Literatura Infantil e Xuvenil deste *Informe*.

VII.2.2. REEDICIÓNS E TEXTOS RECUPERADOS

Carballeira, Paula, *Contatrás II-I*, ilust. X. Carlos Hidalgo, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, 2012, 87 pp. (ISBN: 978-84-921162-9-4).

Poemario de Paula Carballeira (Fene, 1972), descrito no *Informe de Literatura 2006* no que a fantasía e as referencias infantís constitúen o eixo central arredor do que xiran a maior parte das composicións, empezando pola primeira, unha conta atrás con elementos irreais. Os barcos, os trens, os avións e a nave espacial deixan voar o pensamento, ao tempo que se recollen en versos unha serie de temores habituais nos máis cativos e con vises cómicas, como o terror a comer fabas. Explótase ademais a vertente humorística de certos personaxes da literatura universal, como *Alicia no país das marabillas*, que se recrea nun dos poemas, no que o coello que a acompaña búscaa porque os esperan para cear. Os animais falan, as bruxas son un elemento frecuente a os mundos descoñecidos achéganse ao lector a través de referencias exóticas, como a de África. Paulo, Félix ou Belén son algúns dos nenos protagonistas dos poemas, nomes recoñecíbeis cos que esta obra se fai moito máis próxima. As ilustracións figurativas de X. Carlos Hidalgo están feitas con tinta negra e acompañan os poemas en todas as páxinas pares. As imaxes, algunhas de estilo surrealista, son moi expresivas e peculiares e reflicten algunha característica dos versos. Na cuberta, de cartón reciclado e formato alongado, aparece un pequeno debuxo dos do interior.

Recensións:

- Román Raña, "Diáfana calidez", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 15 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 360, "Letras galegas", 24 marzo 2012, p. 7.

Presenta o poemario de Paula Carballeira (Maniños, Fene, 1972) *Contatrás II-I*, ilustrado por X. Carlos Hidalgo. Sinala a presenza da humanidade na obra e salienta a súa variedade temática, que acolle asuntos como o amor filial, a loa doutras razas, a solidariedade, o insomnio ou poemas zoolóxicos.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 401, "Libros", 2 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 363, 11 febreiro 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que, aínda que aparentemente infantil, está dirixido a nenos e adultos. Tamén se describen *Laura no deserto* (2011), de Antón Riveiro Coello; *O caderno laranxa de Morgana* (2011), de Pasqual Alapont, e *Eu, Jean Gabin* (2011), de Goliarda Sapienza.

Castro, Rosalía de, *Rosalía de Castro. Poesía completa ilustrada. Volumen III. Follas Novas*, ilust. Álvaro de la Vega, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado mozo], febreiro 2012, 211 pp. (ISBN: 978-84-939434-2-4).

Reedición deste poemario da autora clásica da literatura galega Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885). Correspóndese co terceiro volume da *Poesía completa ilustrada* e sae ao prelo o vinte e catro de febreiro, coincidindo co día do seu nacemento e en conmemoración do seu cento setenta e cinco aniversario. Divídese en cinco seccións intituladas: "Vaguedás", "¡Do íntimo!", "Varia", "Da terra" e "As viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos" nas que o eu poético afonda na traxedia da emigración e na protesta das mulleres contra a opresión e procura o enxalzamento da beleza da paisaxe galega. Estes cinco apartados aparecen precedidos por varios elementos paratextuais: unha nota da autora dirixida a Sociedade de Beneficiencia dos Naturales de Galicia na Habana, un "Prólogo. Á primeira edición", a cargo de Emilio Castelar no que enxalza o sentimento de pertenza e apego á terra dos galegos, a través das verbas cheas de melancolía da autora; e un escrito de Rosalía intitulado "Dúas palabras da autora", onde sinala as vicisitudes persoais e circunstancias externas que rodearon á edición primixenia da obra e dá claves para entender a súa obra. As ilustracións de Álvaro de la Vega (Paradela, Lugo, 1954) tenden á abstracción e nelas semella que o autor tenta emular a tónica melancólica das composicións con imaxes que suxiran unha atmosfera opresiva e abafadora.

VII.2.3. TRADUCIÓNS

Čarek, Jan, *O trenciño rebuldeiro* (*O veselé mašince*, 1961), ilust. Zdeněc Miler, trad. Jana Vavřinova e David López, revisado por Mónica Pazos, Laura Sáez e Manuel Ledo, Vigo: Patasdepeixe editora, [lectorado autónomo], agosto 2012, [12] pp. (ISBN: 978-84-939350-2-3)

Álbum de cartoné, con follas duras, cantos redondeados e formato apaisado no que se insire o texto rimado do poeta, ensaísta e crítico literario checo Jan Čarek (1898-1966). O texto asenta en estruturas de pareados, colocados na parte inferior ou superior de todas as páxinas, a través dos que se lle achega ao lectorado unha rápida e áxil viaxe en tren por diferentes lugares, nos que se compara este medio de transporte con outros elementos do universo e da natureza. O ritmo acompasado coa velocidade do tren leva até a chegada da noite e a parada de descanso, que na última páxina dá paso a unha nova xornada de viaxe coa saída do sol. Acompáñase das ilustracións a toda páxina con cores saturadas e alegres e formas planas de Zdeněk Miller (1921-2011) que presenta a locomotora protagonista na cuberta e un tren simpático con cara animada na parte dianteira.

Ferrada, María José, *O baile diminuto* (*El baile diminuto*, Kalandraka Editora, 2011), ilust. Sole Poirot, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], novembro 2012, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-782-9).

Álbum de tapas duras no que María José Ferrada (Chile, 1977), tras as dedicatorias iniciais, ofrece vinte e unha composicións poéticas de diferente extensión nas que describe diferentes insectos. A primeira composición é un poema presentación no que se pregunta de onde sairon os insectos, despois sucédense dezaoito poemas sobre o grilo, a araña, a avespa, a abella, o térmite, o alacrán, a pulga, o insecto pau, a couza, a xoaniña, a formiga, o vagalume, o cempés, o verme, a mosca, o caracol, o cabaliño do demo e a bolboreta. Péchase o álbum poético cun poema que compendia todos os insectos cantados e un poema "Postdata" sobre como e onde atopar eses animais diminutos. As ilustracións de Sole Poirot (Chile, 1976), nas que combina pinceladas, trazos de lapis e carbonciño, recortes de papeis e fotografías, completan os poemas visualmente. Son unhas imaxes moi particulares, estrambóticas e divertidas, nas que se xunta a descrición da morfoloxía dos insectos coa superposición de fotografías de xente para deseñar as cabezas.

Referencias varias:

- Juan José Lage Fernández e Olalla Sánchez, "Libros singulares para agasallar en Nadal", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la escuela*", n.º 1045, "Literatura infantil y juvenil", 19 decembro 2012, p. 6.

Entre os volumes que describe con brevidade están *O baile diminuto*, de María José Ferrada; *O meu primeiro Celso Emilo*, de Xiana e Xosé Lastra; e *As estrambóticas viaxes de Gulliver*, de Pinto&Chinto.

Rubio, Antonio, *Almanaque musical* (*Almanaque musical*, 2012), ilust. David Pintor, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], 2012, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-776-8).

Poemario de Antonio Rubio (El Puente del Arzobispo, Toledo, 1963) que se abre cun paratexto en forma de dedicatoria ("Para Álvaro Muñoz, cantautor. O seu mestre 'pitero', Pablo. E as súas musas, Gema e Luna. Antonio Rubio"). Reúne doce composicións, unha por cada mes do ano, nas que o fío condutor é a música clásica. Complétase cunha relación escrita de pezas de Antonio Vivaldi, Johann Sebastian Bach, Wolfang Amadeus Mozart, Ludwig van Beethoven, Felix Mendelsshon, Johannes Brahms, Piotr Ilich Chaicovski, Jean Sibelius, Serguéi Prokofiev, Alban Berg, Béla Bartok, Luigi Boccherini, Joseph Haydn e Antonín Dvorak. David Pintor é o responsábel das ilustracións deste *Almanaque musical* que xa na cuberta presenta os divertidos músicos protagonistas. No interior, as imaxes e os textos están en completa sintonía. O estilo esquemático de Pintor facilita composicións dinámicas e agrupacións insólitas dos animais ou estilizados músicos. Estes son representados con longas pernas, baixiños ou cabezóns e interpretando os seus instrumentos con dinamismo.

Recensións:

- Marta Otero, "Unha canción para cada mes", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 456, "Letras en galego", 25 febreiro 2012, p. 9.

Comenta que Antonio Rubio e Luis Pintor se unen para ofrecerlle ao lectorado agardado unha proposta multisensorial que nace da simbiose entre un mestre-poeta e un ilustrador e na que se fusionan a palabra, a imaxe e o son en forma de elementos musicais que realizan obrigada referencia aos clásicos como Vivaldi ou Chaikovsky. Informa de que a tradución ao galego correu a cargo de Xosé Ballesteros, quen fai efectiva a oportunidade de poder gozar nesta lingua dunha especie de almanaque que bautizará os nosos días con nomes como "A melodía de magosto lento" ou "A sinfonía de corda afroitada".

- Paula Fernández, "Sereno e relaxante", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 5 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 362, "Letras galegas", 6 abril 2012, p. 7.

Preséntase este poemario de Antonio Rubio, ilustrado por David Pintor. Coméntase que se compón de doce composicións, unha para cada mes do ano, nas que imaxe e relato se complementan co ritmo da música clásica. Sinálanse algúns dos recursos literarios empregados por Rubio e saliéntase as ilustracións de Pintor nas que amosa "a relación patente e irrompible entre a música e a literatura".

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Manuel Rivas y Domingo Villar, estrellas gallegas en las lecturas para 2012", *La Opinión*, "Cultura", 2 xaneiro 2012, p. 41.

Entre as múltiples novidades en lingua galega para 2012 anuncia esta obra.

VII.2.4. ANTOLOXÍAS

Baluja, Elsa (ed. e selección), *Miña casiña, meu lar. Antoloxía poética galega*, ilust. Jacobo Muñiz, Vigo: Tambre Edicións, 2012, 135 pp. (ISBN: 978-84-15165-73-6).

Acompañado sempre do rótulo "Antoloxía poética galega", o título *Miña casiña, meu lar* acolle unha proposta antologal que parte dos dous libros máis recoñecidos de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885): *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*. O volume ábrese cun texto introdutorio de Elsa Baluja, "Rosalía de Castro. Vida e obra", que é quen de recoller, con sinxeleza e poucas palabras, dentro dun esquema biográfico da autora, algunhas notas sociohistóricas e unha interpretación das principais liñas temáticas e estéticas da poesía rosaliana. Tras este didáctico paratexto, o libro divídese en sete apartados, precedidos de cadansúa concisa introdución. No inicio da epígrafe "O intimismo" explícase que é este o espazo do "íntimo", no que cun estilo sinxelo, directo e popular Rosalía dá entrada a temas como a soidade, a dor, a melancolía, a orfandade ou o peso do tempo; sen esquecer símbolos como a sombra, o cravo ou a estrela. Recóllense, a continuación, oito mostras do intimismo en Rosalía, que nunca deixan atrás os seus poemas máis celebrado ("Cando penso que te fuches..." ou "Unha vez tiven un cravo..."). "A interiorización da paisaxe" ábrese explicando a relación poética co entorno, e afondando na figura prototípica do poeta romántico en conexión co medio, á que seguen seis poemas. "A emigración" permite lembrar a situación de sangrado de poboación do século XIX galego e salientar as liñas básicas de tratamento por parte de Rosalía, dende a saudade á épica ou a denuncia, acollendo cinco poemas ("Adiós ríos, adiós fontes..." ou "Airiños, airiños aires..." entre eles). "O popular" lembra o tratamento poético atento á herdanza folclórica e ao sentir común que Rosalía acada, e peneira seis poemas. "De amor e desamor" preséntase coa densidade e complicación observábel nos versos da poeta: dende o ton melancólico ao engano, ao desengano, ás promesas, ao amor esquivo etc., acollendo outros cinco poemas. A última epígrafe –xa que a sétima é considerada un epílogo e condénsase nun único poema– é a destinada a "A voz feminina", isto é, a identificación con distintas voces de muller, convertidas en heroínas anónimas que pode rastrexarse en Rosalía, con tenrura e proximidade, escollendo oito poemas. Elsa Baluja opta por un "Epílogo: a creación literaria" para pechar a antoloxía, isto é: problematiza, dende a sinxeleza experiencial e as chiscadelas de ollo ao lectorado, acompañada do poema número 40, "¡Silencio!", o metaliterario e o creativamente consciente en Rosalía de Castro. Cómpre salientar que, en xeral, todas as introducións aos apartados diferenciadas tematicamente veñen marcadas polo achegamento cómplice á lectora ou lector, a sinxeleza e a concepción romántica e lírica do poeta, sempre ligada á subxectividade e á presenza do sublime. Ao longo do volume, opta a antóloga polo emprego de notas a pé que solucionan posíbeis dúbidas lingüísticas (léxico, contraccións ou formas dialectais) ou que expanden e puntualizan algunha referencia dos textos (algunha alusión shakespeariana, algunha alusión xeográfica concreta). Logo do índice, o volume péchase cun paratexto último de tipo práctico, que deixa ver a procedencia dos poemas antologados, orixinalmente inseridos ora en *Cantares Gallegos* ora en *Follas Novas*. As ilustracións figurativas de Jacobo Muñiz López (Ferrol, 1973) presentan imaxes que acompañan os poemas e que representan delicadas figuras de mulleres e paxaros. As cores son cálidas, predominando os verdes, tostados e vermellos. Nas composicións xoga con distintos encadres, primeiros planos de follas ou paxaros,

vistas dende lonxe, disposicións que abarcan dúas páxinas e figuras cortadas. Emprega unha técnica mixta, as formas están recortadas en tecidos de diferentes texturas e cores.

Referencias varias:

- M. Oliva, "Rosalía de Castro deulle prestixio a un idioma que se percibía como mero dialecto", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 26 decembro 2012, p. 8.

Nesta entrevista Elsa Baluja explica como xorde a antoloxía *Miña casiña, meu lar*, que está dirixida a un lectorado xuvenil e que, segundo comenta, está organizada a partir dos temas fundamentais da obra en galego de Rosalía de Castro e ten o engadido de ter unhas ilustracións "moi bonitas" de Jacobo Muñiz. Explica as directrices seguidas na selección e apunta que nela se recollen os poemas que considera fundamentais para dar unha idea esencial da poesía rosaliana en galego. Anota que o que tivo en conta foi una selección temática e formal que fose cómoda, sinxela e comprensíbel, ademais de referirse ao significado que ten *Cantares galegos* para a literatura galega a cal é a contribución máis importante de Rosalía.

Castro, Rosalía de, *Antoloxía para a infancia. 175 aniversario do seu nacemento*, Padrón: Fundación Rosalía de Castro/Xunta de Galicia, col. Tres pitas brancas, [lectorado autónomo], febreiro 2012, 47 pp. (D.L.: C 356-2012). ◆

Tras unha breve introdución de Helena Villar Janeiro que dá conta das orixes desta antoloxía -a conmemoración do 175 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro- e as dos poemas que a compoñen: *Cantares Gallegos* (1863), *Follas Novas* (1880) e *En las orillas del Sar* (1884), comeza a antoloxía propiamente dita. As primeiras composicións pertencen a *Cantares Gallegos* (1863): "Has de cantar", "Nasín cando as prantas nasen", "Campanas de Bastabales", "Adiós ríos; adiós fontes" e "Eu ben vin estar o moucho" cuxa idea é o desenvolvemento das cantigas populares galegas. A seguir aparecen poemas de *Follas Novas* (1880): "¡Follas novas!, risa dáme", "¿Que pasa ao redor de min?", "Mais ve que o meu corazón", "De balde", "Cando penso que te fuches", "Decides que o matrimonio", "¡Pra a Habana!" (seccións I e V) e "Foi a Páscoa enxoita", cunha poética de sentimentos e saudade. Os últimos poemas corresponden a *En las orillas del Sar* (1884): "Una luciérnaga entre el musgo brilla", "Los robles" (seccións I e IV), "Dicen que no hablan las plantas, ni las fuentes ni los pájaros" e "Las campanas" (pp. 39-47), de ton certamente tráxico. A grafía vén en cursiva, cos títulos dos poemas, de o teren, en maiúscula. As ilustracións transmiten arrecendo deliberadamente lírico, en consonancia co tema. As figuras repiten as súas actitudes para dar continuidade ao ton amábel e *naif* do conxunto. O seu tratamento adopta unha tónica decorativista, onde a liña funciona en varias ocasións como arabesco e dominan os detalles curvos, que se vincula coa caligrafía dos propios poemas. En canto ás cores, plásmanse con delicadeza en gamas cor pastel, evitando os contrastes intensos e mostrando especial predilección polos rosas e azuis. O banco emprégase case sempre como color de fondo, dando unidade ás escenas e relacionándoas co texto paralelo. En liñas xerais, conséguese sintetizar os poemas coas imaxes.

Lastra Pernas, Xiana e Xosé **Lastra Muruais** (selección), *O meu primeiro Celso Emilio*, ilust. María Manuela, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín. O meu primeiro, [lectorado autónomo], 2012, 69 pp. Inclúe CD. (ISBN: 978-84-9914-403-0).

Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro por mor do cen aniversario do seu nacemento. Ábrese co apartado "Así viviu" no que se fai un repaso á biografía do autor dende o momento do seu nacemento en Celanova o 4 de xaneiro de 2012 até a súa morte o 30 de agosto de 1979, repaso biográfico que se acompaña de fotos varias e dunha cronoloxía do autor. A seguir, o apartado "Así escribiu" dá conta e explica os tres "aspectos" que se poden destacar na poesía deste poeta: o social, o íntimo e o satírico e enumera os títulos que ten publicado para, en "Así sentiu", reproducir diferentes poemas da súa produción, varios deles musicados. Finalmente, en "Así o cantamos" ofrécense diferentes datos relacionados cos poemas musicados.Na cuberta aparece a imaxe do escritor invitando ao lectorado a achegarse á súa vida. No interior, aparecen fotografías persoais e cubertas dos seus libros. Os poemas están acompañados de ilustracións de María Manuela Díaz, cuxa imaxes mesturan figuras de personaxes con planos de cores e pinceladas de acuarelas.

Referencias varias:

- C. G., "Presentan en Teo *O meu primeiro Celso Emilio*", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Cultura", 27 xullo 2012, p. 32.

Sinálase a presentación desta obra en Teo, no centro Sociocultural da Ramallosa, e dáse conta da intervención de Xosé Lastra, Manuel Bragado e Carme Hermida, acompañados dunha actuación musical.

- Marcos Zavala, "Una feria con carácter gallego", *La Opinión*, "A Coruña", 27 xullo 2012, p. 9.

Infórmase da celebración da feira do libro da Coruña, da que se di que ten un patrón que continúa con respecto a outros anos e que contará coa presenza de figuras ilustres da literatura como Manuel Rivas, Xosé Neira Vilas ou Agustín Fernández Paz. Faise referencia, entre os actos previstos, á presentación desta obra.

- R. A. Sebio, "Teo presenta un libro lleno de poesía social, 'O meu primeiro Celso Emilio", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Teo", 29 xullo 2012, p. 31.

Sinálase a presentación deste libro no centro Sociocultural da Ramallosa de Teo e destácase que contén unha pequena biografía do autor e un disco con oito poemas cantados.

- Marcos Zavala, "Mil y un libros para combatir el calor", *La Opinión*, "A Coruña", 9 agosto 2012, p. 8.

Coméntase o que se poden atopar os asistentes á cuadraxésimo primeira edición da Feira do Libro da Coruña. Destácase a presenza de escritores galegos coma Manuel

Rivas, Agustín Fernández Paz ou Xosé Neira Vilas, así como a presentación de obras como *Esperando o leiteiro*, deste último escritor, ou de *O meu primeiro Celso Emilio*, dos irmáns Xiana e Xosé Lastra.

- Nicolás Vidal, "O meu primeiro Celso Emilio" sintetiza a obra do poeta con textos e música", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 13 novembro 2012, p. 13.

Faise eco da presentación d'*O meu primeiro Celso Emilio*, de Xosé Lastra e a súa filla Xiana. Detállanse os seus contidos e recóllense as palabras de Xosé Lastra, quen apunta que este proxecto se creou "para celebrar o centenario do poeta e tratar de achegar a todos os públicos o carácter da súa obra, que vai do civil ao social e intimista". Tamén se apunta que o próximo ano sairá un volume semellante con obras e temas de Rosalía de Castro.

- Xaime Bello, "Centenario de Celso Emilio", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 21 novembro 2012, p. 23.

Dá conta da celebración dun concerto no Teatro Jofre para presentar *O meu primeiro Celso Emilio*, no que destaca a emotividade e o bo facer artístico dos músicos responsábeis.

- Juan José Lage Fernández e Olalla Sánchez, "Libros singulares para agasallar en Nadal", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la escuela*", n.º 1045, "Literatura infantil y juvenil", 19 decembro 2012, p. 6.

Entre os volumes aos que se achega con brevidade están *O meu primeiro Celso Emilo*, de Xiana e Xosé Lastra; *O carballo*, de Carlos Silvar, e *As estrambóticas viaxes de Gulliver*, de Pinto & Chinto.

Navaza, Gonzalo (selección e introds.), *Dun tempo e dunha terra. Antoloxía poética de Celso Emilio Ferreiro*, ilust. David Pintor, Vigo: Tambre Edicións, [lectorado mozo], 2012, 119 pp. (ISBN: 978-84-15165-74-3).

Dun tempo e dunha terra é o título co que Gonzalo Navaza presenta esta antoloxía da poética de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912–Vigo, 1979) destinada a un lectorado xuvenil. O antólogo abre esta selección cunha "Introdución xeral", na que se refire á popularidade alcanzada pola poesía de Celso Emilio ao se converter en consigna das mobilizacións sociais opositoras ao réxime franquista, así como alude ás cuestións máis relevantes do seu periplo vital, político e creativo para favorecer a comprensión dos poemas seleccionados. O *corpus* poético estrutúrase en sete apartados, que Navaza abre cunhas consideracións relativas á posición asumida polo poeta, aos sentimentos evocados, ás fórmulas expresivas empregadas... nos poemas que inclúen. Os apartados son: "O descontento co presente", "O tempo, a nostalxia do paraíso, o desacougo", "O compromiso cos que sofren a historia", "O amor", "A esperanza", "A terra" e "A sátira, o escarnio". Os seus case medio cento de poemas abordan o descontento coa súa época, que simboliza a través da denuncia do acto atroz e absurdo que constitúen as guerras, polo que, asoballado pola súa realidade histórica, idealiza a infancia e a mocidade sentíndoas como un tempo edénico e feliz, á vez que sente como propios os padecementos dos outros. Xunto co sentimento amoroso e a esperanza nun futuro máis

próspero, a terra é outro dos elementos positivos da súa poética, que se opoñen ás acedas sátiras anónimas e asinadas con pseudónimos, coas que arremete contra certas cuestións sociais. As ilustracións figurativas son obra de David Pintor. Trátase de imaxes grotescas ou descritivas que afondan na denuncia ou na crónica dos feitos nos que a poesía se detén.

Recensións:

- M. Otero, "Celso Emilio ilustrado", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 479, "Letras en galego", 11 agosto 2012, p. 8.

Coméntase que esta obra non ten que ver co universo infantil e que recolle unha selección de poemas elaborada por Gonzalo Navaza na que se destaca a poesía social de Celso Emilio. Sinálase que este autor pon a súa voz ao servizo do compromiso social e da denuncia da inxustiza.

- Eulalia Agrelo Costas, "Voz poética do compromiso", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 24 outubro 2012, p. 41.

Comeza aludindo ás diferentes escolmas que se teñen feito da poesía de Celso Emilio Ferreiro para os máis novos. A seguir, céntrase en *Dun tempo e dunha terra*, que Gonzalo Navaza abre cunha introdución e no que distribúe en sete apartados os seus case medio cento de poemas. Dise que neles se aborda o descontento coa súa época, que simboliza a través da denuncia da guerra, polo que, asoballado pola súa realidade histórica, idealiza a infancia e a mocidade sentíndoos como un tempo feliz, á vez que sente como propios os padecementos dos outros. Por outra parte, incide nos elementos positivos da poética de Celso Emilio: o amor, a esperanza no futuro, a terra...

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Xosé Neira Vilas da el pistoletazo de salida a una feria del libro con aroma 'Ferreiriano", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 30 xuño 2012, p. 40.

Entre outras noticias, fálase da presentación en Vigo da antoloxía poética de Celso Emilio Ferreiro, *Dun tempo e dunha terra*, unha selección feita por Gonzalo Navaza.

VV. AA., *María Fumaça*, ilust. P. Pastor, Vigo: Editorial Galaxia, col. árbore/galaxia. sonárbore, [lectorado autónomo], 2012, [30] pp. Inclúe CD e DVD. (ISBN: 978-84-9865-449-3).

Libro-disco, con CD e DVD, no que un conxunto de artistas lles poñen letra e música a vinte e catro composicións de autor e mesmo provenientes da tradición do Brasil, Sahara, Galicia..., que foron recoñecidas co Premio da Web Fervenzas Literarias ao Mellor Libro Infantil 2012. Así, diferentes modalidades lingüísticas déixanse escoitar na alegre e colorida locomotora de vapor María Fumaça, que está disposta a percorrer diferentes paisaxes cos seus vagóns animados por unha festa repleta da sonoridade e afecto que desprenden unhas cancións que seguen os ritmos da muiñeira, rumba, samba,

rock... Nelas encóntranse personaxes do imaxinario infantil e o xogo. O humor e *non sense* sustentan un universo musical tamén animado polas ilustracións de P. Pastor conseguidas con fotografías de obxectos moi insólitos para facer un tren no cal viaxar neste percorrido musical. Nas imaxes moi coloristas e alegres as vías do tren son o fío condutor das composicións deste álbum.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, "Gústame tocar, pero nunca lle collín o punto ao escenario", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 431, "Entrevista", 25 outubro 2012, p. V.

Nesta entrevista o músico Magín Blanco comenta que en *María Fumaça* el é "un mais" e que se trata dun proxecto da familia Senlle. Apunta que lle resulta máis doado facer algo para nenos que para adultos e refírese ao disco-libro que editou con OQO, *A nena e o grilo*, así como á súa segunda parte, que inclúe trece contos con cadansúa canción e unha serie de propostas para que os nenos interactúen e personalicen o seu libro.

- VV. AA., "María Fumaça", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 1 decembro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra colectiva *María Fumaça*, ilustrada por P. Pastor.

- O. L., "Uxía e Tannus exercen de produtores musicais da obra 'María Fumaça", *La Opinión*, "Cultura", 14 decembro 2012, p. 54.

Detalla os elementos que constitúen o proxecto "María Fumaça" que, como indican os responsábeis da editorial, gravita "arredor da festa e da felicidade, pero tamén arredor de Rui, un cativo que a pesar das súas dificultades pode gozar da música, cantar e bailar". Apúntanse tamén o nome das persoas que participan nesta proposta multimedia infantil.

- Belén López, "Pontevedra recibe ao tren festeiro María Fumaça", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", 19 decembro 2012, p. 58.

Faise eco do espectáculo de Uxía, "María Fumaça", que se inclúe na programación de Nadal do Concello de Pontevedra. Recóllense os comentarios do responsábel editorial de Galaxia, Francisco Catro, quen apunta que o espectáculo, inspirado nunha idea da cantante e que recompila toda a música e os videoclips que o conforman, "está sendo un dos éxitos editoriais do ano". Explícase que a súa orixe se sitúa hai seis anos, cando Uxía comezou a darlle voltas á idea de facerlle un agasallo ao seu sobriño e afillado, Rui, un cativo con discapacidade. Dise que o resultado foi un libro-disco con ilustracións de Pablo Pastor, que se completa cos videoclips do redondelán Cuchi Carreira. Tamén se apunta que este proxecto pedagóxico de vinte e catro temas saltou ao escenario cunha serie de funcións, nas que participan boa parte dos artistas que colaboraron na iniciativa, ademais de Rui e os pais.

- A. I. S, "Propuesta escénico musical para toda la familia", *El Correo Gallego*, "Santiago", 27 decembro 2012, p. 29.

Anuncia o espectáculo musical "María Fumaça. Cantar e bailar para ser máis feliz". Sinala que se trata dunha proposta escénico-musical para todos os públicos que nace do libro-disco-dvd homónimo editado por Galaxia, no que participan recoñecidos nomes da música e do teatro galegos.

- Camilo Franco, "Desexos para unha felicidade asequible", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Vai por aí", 27 decembro 2012, p. L7.

En relación ao musical "María Fumaça" apunta que entre os moitos desexos que estes días se escoitan na rúa nunca oe o que parece deducirse deste espectáculo: "que vostede o cante ben, que teña un bo baile, que os asubíos sexan propicios".

VII.3. TEATRO

VII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Corral Soilán, Cristina, *Os poemas do río*, ilust. Aurora Cascudo Román, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é Vivir-Teatro, a partir de 5 anos, 2012, [33] pp. (ISBN: 978-84-403-1187-0).

Tras as dedicatorias da autora Cristina Corral Soilán (Lugo, 1976) e da ilustradora Aurora Cascudo Román a seres benqueridos, ábrese este volume que recolle unha peza protagonizada por dous adultos, a mestra e o mestre don Saturnino, e cinco rapaces e rapazas: Manuel, Rosalía, Maruxiña, Xabier e Laura. Divídese en cinco actos compostos por cuartetos e cuartetas de rima asonante e a súa trama xira ao redor da ensinanza da poesía. No primeiro acto a mestra comeza a clase indicando o que os seus alumnos e alumnas deben aprender ese día no colexio. No segundo, para explicar o tema, a mestra refírelles a historia do mestre poeta don Saturnino, na que insire os conceptos de metáfora e simbolismo. No acto terceiro chega xa a hora da práctica e a mestra le algúns dos seus versos para dar exemplo e animalos a que lean os seus. No acto cuarto o alumnado séntese xa preparado para recitar os seus poemas. Comeza Manuel, cunha composición sobre os ríos e as troitas que viven neles. Segue Rosalía por orde da mestra quen, por medio dun personaxe animal -unha lebre- recita versos de Rosalía de Castro. Chega a quenda de Maruxiña, cuxo poema fala de ratos e unha lebre que agora recita versos de Francisca Herrera. Xabier, por último, a través dun grupiño de ras e de don Heliodoro, o sapo, continúa o relato comezado polos seus compañeiros e compañeiras de clase. A mestra felicítaos polo seu esforzo e lelles un texto de Pura Vázquez, para despois pedirlle a Laura que lea os seus versos, que poñen fin á historia de toda a clase. No acto quinto a mestra solicítalles que lean ao unísono, gábaos e lelles outro texto, esta vez de Filomena Dato, e despois, un grupo de alumnos le a María Mariño. A peza remata cun intercambio de papeis entre os dous grupos de alumnos e alumnas e cunha petición da mestra ao lectorado para que o recite agora. O labor ilustrativo de Cascudo Román salienta no seu colorido de tons vermellos, verdes e marróns e nos trazos lixeiros e arredondados dos personaxes.

Recensións:

- Paula Fernández, "Obxectivo asumible", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 413, "Libros", 3 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 366, "Letras galegas", 5 maio 2012, p. 7.

Coméntase que esta peza teatral tenta reivindicar o feito poético a través do xénero dramático. Saliéntase que os personaxes e a sinxeleza dos espazos facilitan a posta en escena. Indícase que a igualdade é o tema principal, o que se observa na escolla das autoras dos versos que se escoitan nos dous escenarios da peza, a aula e un bosque. Finalmente, ponse de relevo que a peza cumpre dous obxectivos do currículo escolar: a animación á lectura e o respecto á presenza da muller en todos os ámbitos da vida.

Referencias varias:

- Marcos Zavala, “Una feria con carácter gallego”, *La Opinión*, “A Coruña”, 27 xullo 2012, p. 9.

Infórmase da celebración da feira do libro da Coruña, da que se di que ten un patrón continuador con respecto a outros anos e que contará coa presenza de figuras ilustres da literatura como Manuel Rivas, Xosé Neira Vilas ou Agustín Fernández Paz. Faise referencia, entre os actos previstos, á presentación desta obra.

Fernández Fernández, Cipriano, *A nena levantadora de pedras sagradas. Seis pezas de teatro para nenos*, ilust. David Ferrando Giraut, prólogo de Segundo Durán, Santiago de Compostela: tresCtres Editores, col. Rubín, [lectorado autónomo], 2012, 189 pp. (ISBN: 978-84-92727-24-7).

Volume que reúne seis pezas de teatro para nenos de Cipriano Fernández Fernández (Ribeira, A Coruña, 1952). Ábrese cun paratexto en forma de dedicatoria persoal e á que lle seguen uns agradecementos. Segundo Durán asina un breve prólogo que repara nos valores que ensinan cada unha das pezas que teñen como obxectivo a recuperación da inocencia, “o maior tesouro que posuímos e que en ocasións descoidamos”. Son as seguintes: “A nena levantadora de pedras” (2001), unha historia en contra do machismo e a favor do xogo limpo, que ten como protagonista unha nena no marco dunha competición de levantamento de pedras entre tribos de orixe celta; “O espantallo que non quixo ser espantallo” (2011), é un acto en catro escenas nas que o animal Rodolfo chega a se converter en director dunha banda musical; “Un remedio infalible” (1996), en contra do uso do alcohol a menores, está protagonizada polo secretario de Vila Bebedoira que dará coa solución acertada para eliminar a súa fama de bebedor; “O xardín da avoa Margarida” (2004), escrita a favor do respecto entre as persoas e en contra da envexa; e “As cagadas dos cans” (2009) trata o civismo da xente perante os animais. Por último, “Un erro imperdoable” (2002) é unha peza de Nadal escrita nun acto que vai dirixida a favor da conservación da inocencia, ambientada nunha aldea na que por primeira vez Papá Noel vai deixar xoguetes. Algunhas destas historias foron representadas na Mostra do Teatro Infantil de Ribeira entre o ano 2008 e o 2010. As ilustracións son obra de David Ferrando Giraut. Cada peza ten algúns debuxos dos diferentes personaxes. A técnica empregada é o debuxo a través de diferentes trazos e tramas e o estilo é esquemático.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, “Docere et delectare”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 427, “Libros”, 27 setembro 2012, p. VI.

Destácase que o labor docente de Cipriano Fernández Fernández está relacionado coa súa capacidade de escribir para os máis novos. Sinálase que as temáticas diversas da obra inciden todas en fomentar a convivencia e o respecto entre todos os membros da sociedade, no tratamento de valores como o xogo limpo, a identidade, a prevención do alcoholismo e o civismo. Deste xeito, dise que á obra pode aplicárselle a expresión latina *docere et delectare*.

- Román Raña, “Docere et delectare”, La Opinión, “Saberes”, n.º 379, “Letras galegas”, 6 outubro 2012, p. 7.

Saliéntase que as pezas teatrais de Cipriano Fernández Fernández conectan á perfección cos máis novos e que todas inciden en cuestións que fomentan a convivencia e o respecto entre os membros da sociedade. Dáse conta dos temas principais das pezas, entre os que destacan a crítica ao racismo, o problema da identidade, a prevención do alcoholismo, o maltrato animal e o civismo.

Referencias varias:

- Tania Trillo, “Un verano para niños y veteranos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 27 xullo 2012, contracuberta.

Refírese á presentación desta obra na libraría Couceiro de Santiago de Compostela.

Rey, Diego, *Carta urxente para Máximo Toxo*, ilust. Rubén Prieto, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 181, a partir de 8 anos, marzo 2012, 93 pp. (ISBN: 978-84-9865-424-0).

Comedia en tres actos de Diego Rey (Moaña, 1982) que trata da vida dun escritor moi talentoso chamado Máximo Toxo, con moitos problemas á hora de relacionasrse, e de Belinda, unha muller que traballa como carteira, leda e de gran vitalidade. A trama iníciase co intento de Belinda por entregarlle unha carta a Máximo que, afanado por presentarse ao concurso de escritura “O mellor escritor de todos os tempos”, fai todo o posible por disuadila e acaba collendo os dedos nunha porta, polo que se ve obrigado a pedirlle axuda. No segundo acto Belinda diríxese á casa de Máximo porque esqueceu entregarlle a carta despois de vendarlle as mans. Malia os seus esforzos por mostrar que é capaz de valerse por si só, Belinda inténtao axudar e ábrelle a carta, na que o banco lle anuncia que lle van quitar a casa. A única opción que lle queda é gañar o concurso escribindo un libro, polo que Belinda lle bota unha man a cambio de ser súa “amiga temporal”. Pouco a pouco, Máximo dálle forma á novela coas interpretacións da carteira, quen incluso lle cambiará o final. No terceiro acto Belinda achégase á súa casa para coñecer o nome do gañador e Máximo descobre que ela transformou o final da súa novela, de modo que a persegue para logo xogar á pillota. Máximo non resulta gañador e bota a Belinda da casa, quen lle traerá unha carta cos beneficios resultantes da venda da súa obra, para rematar converténdose no seu amigo. No colofón indícase que a peza se estreou en 2010 na Casa da Cultura de Milladoiro a cargo da compañía teatral Talía Teatro, nomeando os membros que a conforman. As ilustracións figurativas de Rubén Prieto son sinxelas pero moi directas, en tinta azul, negra e gris. Amosan algunha imaxe de situacións puntuais polas que atravesan os protagonistas que aparecen claramente caracterizados: a figura de Máximo con trazos fríos e agresivos, mentres Belinda con trazos máis arredondados e suaves. As figuras sintéticas están sobre un fondo branco coma se dun escenario baleiro se tratara.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 412, “Libros”, 26 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Letras galegas”, n.º 365, 28 abril 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase o argumento. Tamén se describen *A voda dos ratos* (2012), de Margarita del Mazo e *A princesiña que conducía unha locomotora* (2012), de Clara do Roxo.

VV. AA., *O libro dos Reis Magos*, ilust. Marina Seoane, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral de Política Lingüística, [lectorado autónomo], 2012, 55 pp. (DL: C-2425-2012). ◆

Neste volume recompilatorio de contos de Nadal e cartas aos Reis Magos, acóllese a seguinte peza dramática de Ana María Fernández, “Tres paxes e tres reis suman seis” (pp. 28-29), na que, nun só acto, tres paxes con cadanseus reis dialogan entre eles.

Tamén está descrito nos apartados VII.1.1. Narrativa e VII.2.1. Poesía deste *Informe*.

VII.3.2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Priestley, J. B., *A visita do inspector*, introd. John Atkins e Gabriel Casas, ilust. Svetlin, trad. Lourdes E. Salgado, A Coruña: Editorial Vicens Vives, col. Aula das Letras, n.º 2, [lectorado mozo], 2012, 114 pp. (ISBN: 978-84-682-1048-3).

Nas páxinas iniciais ofrécense vinte e sete páxinas dunha introdución de John Atkins, quen ofrece un achegamento á figura de John Boynton Priestley (Bradford, 1894-Stratford-on-Avon, 1984), á súa obra e ideoloxía e ao seu papel no teatro da súa época. A seguir recóllese a peza, dividida en tres actos e cuxa acción se sitúa en 1912 –un momento previo ao estalido da Primeira Guerra Mundial que o autor consideraba importante por marcar o comezo da decadencia da civilización europea e que enmarca o tema da responsabilidade do ser humano na sociedade. Un inspector de policía preséntase no domicilio da familia Birling mentres esta celebra, nun ambiente alegre e distendido, o compromiso matrimonial de Sheila Birling con Gerald Croft, para indagar na implicación dos comensais no suicidio da moza Eva Smith. Cos sucesivos interrogatorios, o inspector Goole vai poñendo de manifesto a responsabilidade de cadaquén no acontecido e logra que os personaxes se enfronten á verdade e que mesmo algúns se cuestionen a súa escala de valores, pois tanto o señor e a señora Birling como Sheila abusaron do seu poder, e Gerald e Eric utilizaron a moza de maneira egoísta. O resultado é que todos marcaron o seu final e contribuíron á súa morte. Construída de acordo co esquema clásico de presentación, nó e desenlace, a peza vai acrecentando aos poucos a tensión ao poñer ao descuberto os intereses, os falsos valores e a hipocrisía da clase burguesa e incide na mensaxe de que todos formamos parte do mesmo tecido social e temos que aceptar a responsabilidade das nosas accións. Ao tempo, recorre a unha estrutura circular e ao recurso do suspense até as páxinas finais. A edición conta cun apéndice de actividades sobre o texto realizadas por Gabriel Casas e con ilustracións de Svetlin (Rouse, Bulgaria, 1971).

VII.3.3. POSTAS EN ESCENA

VII.3.3.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

Bande, XVIIº Encontros de Teatro Escolar e Amateur de

Encontros organizados polo Concello de Bande, o IES Aquis Querquernis e o CEIP Xaquín Lourenzo, no que colaboran os centros de ensino da localidade. Na edición de 2012 participaron doce colexios de Ourense e provincia que representaron o mesmo número de obras dende o día catorce até o dezaoito de maio.

Ben veñas Maio 2012

Mostra teatral ofrecida polos alumnos dos Institutos de Ensino Secundario de Pontevedra na que se presentan pezas dos grupo de teatro dos centros de ensino da cidade. A edición de 2012 tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra dende o vinte e tres até o vinte e cinco de maio. Participaron o grupo Argallada, formado por profesores e exprofesores do IES Valle Inclán, con *Idade de Ouro*; o grupo de teatro Skene deste mesmo instituto, con *Sorpresa*; o grupo de teatro do IES A Xunqueira 1, con *Conversa entre mulleres* e o grupo de teatro do IES Luís Seoane, con *Comedia bífida*.

Brión, XVº Festival de Títeres de

Na edición de 2012 celebrouse os días 2, 3 e 4 de xaneiro no Centro Social Polivalente de Brión. Contou coa participación das compañías Títeres Cachirulo, con *A historia do Apalpador* e A Xanela do Maxín, con *A Pequena Lúa*. Representou tamén unha peza a compañía El Abrojito.

Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Ciclo de teatro realizado no Auditorio da Xuventude de Cambados. Na edición de 2012, celebrada entre o trece de xaneiro e o tres de febreiro, representáronse as obras *Pío*, de Caramuxo Teatro; *Os limóns de dona Alicia*, de Galitoon e *Cama e conto*, de Títeres Babaluva.

Referencias varias:

- R. L., "Títeres, Seoane y la fluorescencia, ingredientes de la temporada de teatro", *Diario de Arousa*, "Cambados", 12 xaneiro 2012, p. 12.

Coméntase a representación en Cambados de varios espectáculos dentro do Ciclo de Teatro Infantil, entre os que se atopan *Cama e conto*, de Títeres Babaluva; *Pío*, de Caramuxo Teatro e *Os limóns de dona Alicia*, de Galitoon.

Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Certame de teatro afeccionado organizado polo colexio Calvo Sotelo da Coruña. Na edición de 2012, que tivo lugar dende o 13 de abril até o 16 de xuño, representáronse as pezas *Nadarín*, dos alumnos do CEIP Sanjurjo de Carricarte; *Historia do amigo panchito*, do colexio Compañía de María-Raiola Escola; *Historia dunha sobreira*, da Escola de Teatro José Mª Pérez Parallé; *Cardito caracol*, dos alumnos do CEIP Jorge Juan de Xuvia; *Cadeiras*, dos alumnos do IES Imaxe e Son; *Aventuras mil* e *2033*, dos alumnos do CEIP Rías Altas; *Express*, da Aula Municipal de Teatro de Sada; *Historias de Catarina*, dos alumnos do CEIP Eusebio da Guarda; *Alicia* e *Bala perdida*, dos alumnos do CEIP Curros Enríquez-Grupo Currantes; *O misterio das amendoeiras*, dos alumnos do IES Breamo-Arjé Teatro; *Algún teatro de máscaras*, de Estudio Casahamlet; *A lenda de Xoán Bonome*, dos alumnos do IES Monte das Moas; *Romeíño e Xulietiña*, dos alumnos do CEIP Andaina-Grupo Os peques tamén bailan 1; *Grease, baby*, dos alumnos do CEIP Andaina-Grupo Os peques tamén bailan 2; *Un espectáculo axeitado*, dos alumnos do CEIP Andaina-Grupo Don Luis; *Macbeth*, dos alumnos do IES Monelos; *Eloísa está debaixo dun almendro*, dos alumnos do CEIP Andaina-Grupo Voudeville; *Unha cea perigosa*, dos alumnos do CEIP Andaina-Grupo Heroes; *O anel máxico*, dos alumnos do Intituto Masculino; *A verdadeira historia de Mary Poppins* e *Unha de romanos*, de Vagalume Animación; *Das palabras e dos soños somos donos*, dos alumnos do CEIP Labarta Pose; *Histeria da Humanidade*, dos alumnos do IES Maximino Romero de Lema; *A illa do sete e medo*, dos alumnos do CEIP Ponte dos Brozos; *Alí vai-vai e os corenta lambóns* e *O romance de Micomicón de Adelhala*, dos alumnos do CEIP Novo de Arteixo; *¡Oh, a guerra!*, dos alumnos do CEIP Tarrío de Culleredo; *Comedia bífida*, da Asociación Melandrainas-Grupo Pasapadentro; *Aulularia*, do IES Zabaleta-Grupo Lusco e Fusco e *Non bebas auga*, de Casahamlet. Así mesmo, participaron con pezas dirixidas a un público adultos as compañías Ut Tópico Teatro, con *Baile de sombras*; Oquetiqueiras, con *Campanas de Bastavales*; Teatro Artesán, con *Catro corazóns con freo e marcha atrás*; Quemaisten Teatro, con *Cinema*; Ateaco Teatro, con *Farsa das zocas*; Tolemia Teatro, con *Teatro: obras completas*; Diagonal Teatro, con *Tres ratos cegos*; Vagalume Animación, con *Vagalum City*; Axóuxere Teatro, con *Historia do zoo* e *A rúa do inferno*; Asociación Cultural Triatreros Teatro, con *Aquí non pagha ninguén*; o Grupo Runxe Runxe-Servicios Sociales de Arteixo, con *O merliño branco*; Portasabertas Teatro, con *Comisaría 24 horas*; Non si? Teatro, con *Transilvania*; Teatro Carauta, con *Volare*; o Grupo de Teatro de Finisterrae, con *Aniversario de Chejov*; Tremoia Teatro, con *Hildegart* e o Grupo de Teatro Mico, con *As cuñadas*. Tamén representaron as súas obras os alumnos do IES Urbano Lugrís, o grupo Caruncho Teatro, Valverde Teatro-A.C. Garola, a Asociación Cultural Tanxedoira, os alumnos do colexio Hijas de Jesús, a Asociación Cultural El Hórreo-Amas de casa, os alumnos do CPI Panxón Teatro, a Escuela de Teatro del Andamio, o Fogar de Santa Margarida, a Escuela Artestudio de Teatro, os alumnos do Colexio Franciscanos, a Casa de Castilla la Mancha–Grupo Los Cigarrales, o Grupo Ébano-Centro Liceo La Paz, os alumnos do CEIP Rosalía de Castro, os alumnos do colexio Ramón de la Sagra, o Grupo A Fiestra Teatro, os alumnos do colexio San José de Cluny, os alumnos do colexio Wenceslao Fernández Flórez, os alumnos do IES

Rafael Dieste, o Centro de Maiores Obra Social Novacaixagalicia, o IES Elviña-Grupo Parrocha, Teatro do Ar, o colexio María Barbeito, o colexio Raquel Camacho, a Asociación Melandrainas-Grupo ES3HA2, os alumnos do IES Zabaleta, o colexio Prácticas, o Grupo de Teatro de Aspronaga, o colexio Salesiano Don Bosco, o Centro Xuvenil Magone e o Grupo de Teatro do Muíño.

Referencias varias:

- Luis P. Ferreiro, "Pasión por los escenarios", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 12 abril 2012, p. 12.

Dáse conta da XV edición do Certame de Teatro Escolar e Afeccionado Candilejas Don Bosco. Coméntase o número de participantes e as restricións de presuposto desta edición fronte ao de anos anteriores.

- Noelia Díaz, "El futuro del teatro coruñés", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 22 maio 2012, p. 10.

Fálase do Certame Candilejas don Bosco, organizado polo colexio Calvo Sotelo. Coméntanse as súas características e a súa importancia para os colexios participantes.

Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, que é o encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos que cobren esta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno. No ano 2012 participaron Baobab Teatro, con *Fíos*; Caramuxo Teatro, con *Mensaxe sen botella*; Artestudio, con *Valados*; Talía Teatro, con *Carta urxente para Máximo Toxo* e Teatro dos Ghazafelhos, con *Nana para un soldado*. Tamén representaron pezas as compañías Toc de retruc, Yllana, Pata Teatro e Spasmo Teatro.

Referencias varias:

- Belén López, "Nove domingos de carácter principal en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 12 xaneiro 2012, p. 61.

Saliéntase que o ciclo Domingos do Principal amplía a aposta polas compañías galegas e que na edición de 2012 participarán Baobab Teatro, Caramuxo Teatro, Artestudio, Talía Teatro e Teatro dos Ghazafelhos, ademais doutras compañías foráneas.

- Ana López, "Estes domingos son para a familia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 23 xaneiro 2012, contracuberta.

Coméntase que a obra *Fíos*, de Baobab Teatro, foi a encargada de inaugurar o ciclo Domingos do Principal.

- Belén López, “Volve ser domingo para Xurxo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 12 febreiro 2012, p. 69.

Infórmase da representación, dentro do ciclo Domingos do Principal, da peza *Valados*, de Artestudio.

En Familia

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar que organiza o concello de Carballo dentro do programa Venres Culturais. A edición de 2012 tivo lugar entre os días 22 de xaneiro e 25 de marzo. Representáronse as pezas *Pío*, de Caramuxo Teatro; *Nana para un soldado*, de Teatro dos Ghazafelhos e *Fíos*, de Baobab Teatro.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Caramuxo iza hoy el telón del ciclo teatral En Familia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 xaneiro 2012, p. 35.

Preséntase o ciclo de teatro En Familia, dentro do programa Venres Culturais do concello de Carballo. Infórmase de que a primeira obra representada será *Pío*, de Caramuxo Teatro e que a seguinte será *Nana para un soldado*, de Teatro dos Ghazafelhos.

Escena en Familia

Ciclo de teatro de longa duración protagonizado por teatro de títeres e de actor que se celebra na sala compostelá Arteria Noroeste, organizado pola SGAE-Fundación Autor Santiago. Na edición de 2012 participaron as compañías Galitoon, con *Rosalía, a pulga que escribía*; Encena Producións Artísticas, con *Un día de formiga*; Teatro do Noroeste con *Piratas*; Títeres Cascanueces con *As aventuras de Tolín, o fillo do panadeiro*; Títeres Cachirulo con *A historia do apalpador* e *O Apalpador contra o ladrón de xoguetes* e Diafora Teatro con *O facedor de desexos*, entre outras.

Referencias varias:

- ECG, “Teatro y cortos para la familia en ARTeria Noroeste”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 abril 2012, p. 29.

Infórmase das actividades que organiza a Sala ARTeria Noroeste no marco do ciclo Escena en Familia.

- A. I. S., “Piratas’ de Teatro do Noroeste en la Fundación Autor”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Arteria Noroeste”, 10 novembro 2012, p. 29.

Refire que, dentro do ciclo Escena en Familia, a compañía Teatro do Noroeste escenificará a comedia *Piratas*, da autoría de Eduardo Alonso, hoxe e mañá. Detalla o horario das funcións teatrais e o custo da entrada.

- A. I. S., "Cachirulo y O Apalpador en la SGAE", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Títeres", 22 decembro 2012, p. 26.

Informa que o ciclo Escena en Familia coa se pechará na sé da SGAE / Fundación Autor lenbrando unha figura do Nadal, O Apalpador, a través da representación de *A Historia do Apalpador* hoxe e mañá, e de *O Apalpador contra o ladrón de xoguetes* os días 29 e 30.

- ECG, "Títeres para dar a conocer la figura del 'apalpador", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Cachirulo", 28 decembro 2012, p. 29.

Informa que Títeres Cachirulo pechará o ciclo Escena en Familia coa lembranza da figura do Apalpador na peza *O Apalpador contra o ladrón de xoguetes* na sé da Fundación Autor. Remata indicando o prezo das entradas

Festival de Clown de Lugo

Festival internacional de clown realizado en Lugo e organizado por Culturactiva e a Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua. Tivo lugar os días 2 e 3 de outubro de 2012 e contou coa participación das compañías galegas Os Sete Magníficos+1, coas pezas *Policías Tolos* e *Dous Paiasos en Máis Apuros* e Peter Punk, con *A chungatrona* e *Peter Punk*. Tamén estiveron presentes as compañías foráneas Teatro do Anónimo, de Brasil, e Kanbahiota, de Madrid.

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 2 outubro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase de que o Festival de Clown de Lugo encherá as rúas da cidade con espectáculos de teatro, circo e malabares.

- Marta Becerra, "Artesanfroilán se apunta a la fiesta", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 3 outubro 2012, pp. 12-13.

Sinálase que nas festas do San Froilán foi programado un festival de Clown no que Os Sete Magníficos + 1 e Peter Punk, xunto con Kanbahiota e Teatro do Anónimo (dende Madrid e Brasil) actuaron nas diferentes prazas do recinto histórico lucense con espectáculos vangardistas na liña do novo circo que tiveron un grande éxito entre o público.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 3 outubro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia ao espectáculos de circo, teatro e malabares que percorrerán as rúas de Lugo dentro de Festival de Clown da cidade.

- Ángeles F. Maira, "A complexa arte de facer rir", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Tempo de festa", 6 outubro 2012, pp. 1-2.

Dáse conta da celebración en Lugo do Festival de Clown nos días previos ao inicio das festas patronais do San Froilán.

Galicreques, XVIIº Festival Internacional de Títeres

Este festival vense organizando dende o ano 1996 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde, baixo a dirección de Xurxo Rey. Dende o ano 1998 comezou a levar representacións a outras cidades galegas como Lugo, Betanzos e Pontevedra. Actualmente, o festival ten lugar en Lugo, Compostela e mais os concellos pertencentes ao Consorcio das Mariñas. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, dende a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), agora sustituído pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais, e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). O nome de "Galicreques" adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar nas diferentes salas; e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. Na edición de 2012, que tivo lugar entre o 29 de setembro e o 7 de outubro, participaron as compañías galegas Títeres Cachirulo, con *Do, re, mi, Mozart xoga aquí* e *As aventuras de Pinoccio*; Títeres Cascanueces, con *A rúa das pantasmas* e A Xanela do Maxín, con *Contos dende a xanela*. Tamén estiveron presentes as compañías nacionais e internacionais Pizzicatto Teatro, Teatro di Commedia, Teatro Arbolé, Banda Espuma, Hilando Títeres, Xarop Teatre, Panta Rhei, Teatro La Estrella, Yheppa, El Retrete de Dorian Grey, Lafontana-Formas Animadas e The Bag Lady Theater.

Recensións:

- Camilo Franco, "Con distancia do convencional", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Teatro", 5 outubro 2012, p. 8.

Ábrese a nova salientando o mes de outubro como época do ano clave para as artes escénicas en Galicia por mor da celebración de tres grandes festivais, os cales se van comentado. O primeiro é o Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), que se define como "independente das institucións". Nel dise que participan Voadora, con *Tokio 3*; Il Maquinario, con *O home almofada*; Demolicións Ferreira, con *Edisón ou as dúas mil demostracións de como non facer unha lámpada eléctrica*; Ibuprofeno Teatro, con *A filla de Woody Allen*, e Inversa Teatro, con *Kamouraska*. O segundo festival ven comentado nun aparte e trátase de Galicreques, do que se anuncia o seu vindeiro peche coas funcións *Pinocho*, *A bela durminte*, *Alicia no país das marabillas* e *Teatriño Máxico*. O terceiro festival é o Festival de Carballo, do cal se anuncia a apertura e dise que participará Talía Teatro, con *O método Gronhölm*, peza sobre "as ambicións laborais e o capitalismo salvaxe". Finalmente, noutra sección da nova, coméntase o

argumento da peza *O profesional*, de Dusan Kovacevic, posta en escena coa que o CDG abre a súa nova tempada. Dise asemade que o cartel vai encabezado por Ernesto Chao e Miguel Pernas.

Referencias varias:

- Xosé Vidal, "Latinoamérica máis preto de nós", *Revista Galega de Teatro*, n.º 71, "Espazos", verán 2012, pp. 11-13.

Faise referencia á presenza na 15ª edición do Festival Internacional de Títeres Galicreques, celebrada en outubro de 2011, de producións de compañías de Arxentina, Chile, México, Perú, Costa Rica, Colombia, Brasil, Uruguai. Menciónase tamén a participación de compañías españolas, portuguesas e galegas para, a continuación, realizar unha breve análise e reflexión sobre os espectáculos latinoamericanos e as súas temáticas, as políticas de produción destes países e as condicións de traballo de grupos e compañías.

- ECG, "Teatro y títeres para niños en la ARTeria Noroeste", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Galicreques", 26 setembro 2012, p. 27.

Sinálase o inicio do festival Galicreques como parte da nova tempada na sala Arteria Noroeste. Destácase a apertura deste ciclo coa peza *Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí*, da que se di que está recomendada para nenos dende os tres anos.

- A. I., "Espectáculos, exposiciones, mesas redondas y talleres en 'Galicreques", *El Correo Gallego*, "Santiago", 27 de setembro 2012, p. 28.

Coméntase o próximo arranque do XVIIº Festival Internacional de Títeres Galicreques, en Santiago de Compostela. Sinálase a participación de compañías de distintas partes do mundo.

- A. I. S., "Cachirulo abre hoy en Festival Galicreques", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Marionetas", 29 setembro 2012, p. 32.

Coméntase a inauguración do XVIIº Festival Internacional de Títeres Galicreques pola compañía Títeres Cachirulo co espectáculo *Do re, mi, Mozart xoga aquí*, na sede da SGAE. Sinálase que o festival inclúe outras actividades como obradoiros e mesas redondas.

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 29 setembro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, faise referencia á inauguración na SGAE do XVIIº Festival Internacional de Títeres Galicreques.

- ECG, "Do, re, mi Mozart xoga aquí', en Galicreques", *El Correo Gallego*, "Santiago", 30 setembro, p. 28.

Resúmese o argumento do espectáculo *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, que forma parte da programación do XVIIº Festival Internacional de Títeres Galicreques. Sinálase que o festival se prolongará durante toda a semana con distintas representacións destinadas a un público infantil.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 30 setembro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena na SGAE de Santiago de Compostela da obra *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, a cargo de Títeres Cachirulo, dentro do XVIIº Festival Internacional de Títeres Galicreques.

- D. R., "La programación cultural de otoño se inaugura hoy en la Casa da Cultura", *El Ideal Gallego*, "Sada", 5 outubro, p. 20.

Coméntase a participación de Xarop Teatre e Banda Espuma no XVIIº Festival Internacional de Títeres Galicreques.

Lugo, Mostra de Teatro Grecolatino

Festival organizado pola asociación Prósopon, a sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos e o Concello de Lugo. Ten como obxectivo achegar o teatro grecolatino aos mozos de Educación Secundaria e Bacharelato. Esta edición de 2012 celebrouse do 12 ao 14 de marzo no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo e nela participaron as seguintes compañías: a Compañía de Teatro e Danza El Ruiseñor, coas obras *Las Troyanas* de Eurípides e *Tesmoforias* de Aristófanes; o Grupo Noite Bohemia coa *Electra* de Sófocles e a *Aulularia* de Plauto e o Grupo Parrocha coa *Medea* de Eurípides e *Miles Gloriosus* de Plauto.

María José Jove, VIIIº Festival de Títeres

Festival organizado pola Fundación María José Jove e o Concello da Coruña a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE). É unha continuación do Festival de Teatro e Cine infantil iniciado no ano 2003. Nesta edición de 2012 participaron as compañías La Carrera, Higiénico Papel Teatro e Compañía de Jusi Lillo; ademais das galegas Danthea Teatro, con *Polichinela, titor de Pierrot*; Tanxarina Títeres, con *Contaloucos*; Viravolta Títeres, con *Varietés* e *O poliño feo* e Títeres Trompicallo, con *Osiño*.

Referencias varias:

- M. G. M., "Diez compañías llenarán de títeres la ciudad en el festival María José Jove", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 1 decembro 2012, p. 14.

Informa que a Concelleira de Cultura presentou a programación do festival de títeres María José Jove que se celebrará entre os días 26 e 30 de decembro. Apunta que cada día haberá unha primeira función ás 17h na sé da entidade organizadora en A Grela e

unha segunda función no Fórum ás 19h. Refire que xa están á venda as entradas para as dez montaxes, sete delas escenificadas por compañías galegas. Dá conta de que como novidade desta edición estará aberta a exposición "Un mundo de títeres" no Fórum, composta por pezas do Museo Galego da Marioneta e dunha das compañías participantes, Viravolta Títeres. Remata precisando que a cidade coruñesa se converterá a finais de decembro en "la capital gallega de los títeres" grazas a compañías como Danthea, La Carreta, Tanxarina ou Higiénico Papel Teatro.

- Alexandra Moledo, "Marionetas para felicitar las fiestas", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 1 decembro 2012, p. 12.

Informa que a nenez poderá desfrutar durante as vacacións de Nadal da VIII edición do Festival de Títeres organizado anualmente pola Fundación María José Jove e o concello da Coruña. Indica as datas de celebración, o número de espectáculos e as dúas sés onde se realizará. Explica que o festival se iniciará coa representación de *Polichinela, Titor de Pierrot*, a cargo de Danthea Teatro, na que abordarán o desinterese de Pierrot polos libros e a escola até a chegada de Polichinela como profesor. Apunta que ao día seguinte Tanxarina Teatro porá en escena clásicos infantís na peza *Contaloucos*; que o venres Viravolta Títeres renderá unha homenaxe aos artistas de rúa en *Varietés*; e que o sábado, de novo Viravolta Títeres, actuará cunha versión inédita de *O poliño feo*. Dá conta ademais de que, na xornada de clausura desta VIII edición, os membros de Títeres Trompicallo farán un repaso polas estacións do ano e os animais do bosque a través da peza *Osiño*. Destaca que, como complemento deste festival, se poderá visitar "un mundo de títeres", unha exposición de pezas cedidas pola compañía Viravolta Títeres e o Museo Galego de Marionetas. Especifica que se exporán diversos xeitos de manipular as diferentes tipoloxías de títeres así como técnicas empregadas en funcións ambulantes e mesmo pezas históricas. Finaliza precisando onde se pode mercar as entradas e o seu prezo.

Monforte, XXIº Certame Municipal de Teatro para Centros de Ensino de

Certame de teatro organizado polo departamento de Cultura do Concello de Monforte. Na edición de 2012, celebrada entre os días 24 de abril e 10 de maio, participaron os alumnos do CEIP A Gándara, coa peza *Os wachi wachi buscan fogar*; os do centro Ferroviario, con *O mandamais, máis, máis... e as súas máquinas pitipitroncas*; os da Fundación Educativa Torre de Lemos, con *A pousadeira*; os do IES A Pinguela, con *Os crímenes de Lord Artur*; os do CEIP Monforte, con *Un tolo e máxico camiño*; os da asociación Prodeme, con *Ao final da corda* e ANPA A Lagoa do CEIP Monforte, con *O caracoliño fachendoso*. Representaron tamén unha peza os alumnos do CEE Infanta Elena.

MOTECES, XIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario

Organizada por primeira vez no ano 2002 pola área de Educación, Universidade e Xuventude do Concello de Ourense en colaboración co Instituto Blanco Amor, naceu coa vontade de estabelecer un espazo na cidade para o teatro que nace nos centro de ensino, ao tempo que dar proxección e incentivar o labor desenvolvido por estes escolares. Na edición de 2012 celebrouse en sesións matinais no salón de actos da

Escola Municipal de Artes Escénicas ao longo da primeira quincena do mes de maio e nela participaron grupos de sete centros de ensinanza da cidade: Baralláns, Grupo de Teatro do IES E. Blanco Amor, coa peza *A mesa e a bancada*; o Grupo de Teatro do IES As Lagoas, con *O viaxeiro*; o Grupo de Teatro do IES Otero Pedrayo, con *O carteiro do rei*; os alumnos do CPR Santa Teresa de Jesús, con *Pelosverdes*; os alumnos do CPR Santo Ángel, con *Aqueles anos...* e os alumnos do IES Universidade Laboral, con *É que ninguén foi nunca novo?*. Tamén representaron unha peza os alumnos do IES A Carballeira.

MOTESMO, XVIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Conta co patrocinio da Deputación de Pontevedra, dos Concellos de Marín, Bueu, Cangas e Moaña, así como de Caixanova. Colaboran tamén a APA do Colexio de San Narciso de Marín, Kalandraka Editora, Editorial Anaya, Edicións Xerais de Galicia e o Centro de Recursos de Bueu. Nela participan grupos de teatro de colexios e centros de bacharelato desta comarca e ao seu redor organízanse outro tipo de actividades como conferencias e actuacións teatrais fóra de concurso. A edición de 2012 contou coa participación de Teatro da Réplika, do IES de Rodeira, coa peza *Nacer, nacendo, nazismo*; Comediantes anónimos, do IES Johan Carballeira, con *O rei nu*; o obradoiro de teatro María Soliño co *Romance de Micomicón e Adhelala*; o grupo de teatro do colexio Eduardo Pondal, con *As alegres casadas*; Teatro que ri, do IES As Barxas, con *A decisión* e o grupo Teatro Trókele do IES Illa de Tambo con *O Merlo branco*.

MOTI, IXª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Organizada polo concello, o Teatro Principal e a Universidade de Vigo (campus de Ourense), esta mostra naceu no ano 2004 co obxectivo de converterse nunha oferta cultural máis da cidade de Ourense para o público infantil nas datas de Nadal. Dirixida por Fernando Dacosta ten como escenarios o Teatro Principal, o Auditorio e a Universidade de Ourense. Parte da recadación destínase a UNICEF. A edición de 2012, celebrada entre o 25 e o 30 de decembro, contou coa participación das compañías El Espejo Negro (Andalucía), Titiriguiri Teatro (Madrid) e Teatro del Cuervo (Asturias); ademais das galegas Trécola Teatro, coa peza *A invasión dos lapaclatus*; Eme2, con *Kafka e a boneca viaxeira*; Geppetto, Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense, con *Pés de cristal*; Katarsis, con *Grande máis grande*; a Compañía Pista Catro Productora de Soños, con *Ringorrango*; Caramuxo Teatro, con *¡Ñam!* e Elefante Elegante, con *Nuncabunga*.

Referencias varias:

- C. R., "O teatro pisa con forza nas aulas universitarias", *Atlántico Diario*, p. 39/ *La Región*, p. 7, "*Universitas*", 18 outubro 2012.

Saliéntase a importancia do teatro no campus de Ourense, para o que se alude á MITEU e á MOTI, con respecto ás que se mencionan algunhas das persoas involucradas na súa organización, así como as datas de celebración.

Nadal, Mostra de Teatro Infantil de

Mostra de teatro infantil organizada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Centro Dramático Galego que se celebra no Salón Teatro de Santiago de Compostela. A edición de 2012, celebrada entre os días dezasete e trinta de decembro, contou coa participación da plataforma de novo circo CAIR, co espectáculo musical María Fumaça e con dúas montaxes de Tanxarina Títeres, *Titiricircus* e *Trogloditas*.

Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Organizada por primeira vez en 1998, quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón durante o mes de novembro, á vez que recuperar a vella mostra infantil "Xeración Nós", que celebraban dende 1984 os sete concellos da Mancomunidade. Durante os anos 2001 e 2002 sumouse ao Concello de Narón o Padroado de Cultura do Concello de Ferrol e contou coa colaboración do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), agora sustituído pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), e da Deputación da Coruña. A edición de 2012 contou coa representación de *Memorias dun neno labrego* de Cándido Pazó.

Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, conta co patrocinio do Concello de Redondela, a Consellería de Cultura, a Deputación Provincial e a obra social de "La Caixa", ademais dun grupo de cen pequenos empresarios. Dirixido por Miguel Borines co apoio dos compoñentes do colectivo Xente Titiriteira, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e mostrar as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A edición de 2012 tivo lugar dende o catorce até o vinte de maio e contou coa participación das compañías Tanxarina Títeres, coas pezas *Trogloditas* e *Titiricircus*; Títeres Seisdedos, con *O galo Quirico e os seus amigos*; Baobab Teatro, con *Fíos*; Títeres Cascanueces, con *A rúa das pantasmas*; Teatro de Ningures, con *Os cómicos dell'auto* e Titerefícciós, con *O progreso imparable da estupidez*. Tamén representaron pezas as compañías foráneas Onírica mecánica (Murcia), Teatro de Formas Animadas&Estaleiro (Portugal), El Retablo Teatro de Títeres (Madrid), Bambalina Teatre Practicable (Valencia), Sofie Krog Teater (Dinamarca), Los Claveles (Murcia), Rod Burnett (Reino Unido), Birloque (Cantabria), Itinerània (Cataluña) e Teatro Estatal de Marionetas de Varna (Bulgaria).

Referencias varias:

- Antonio Pinacho, "El Festival de Títeres lleva a Redondela espectáculos de quince compañías", *Faro de Vigo,* "Redondela", "Área metropolitana", 8 abril 2012, p. 18.

Infórmase da XIII edición do Festival Internacional de Títeres "Memorial Juanjo Amoedo" de Redondela. Sinálanse as compañías participantes e as diferentes ofertas da programación, tanto na rúa como nas salas.

- MF Vieites, "Maios e marionetas en Redondela", *Faro de Vigo,* "Faro da Cultura", núm. 413, "Teatro", 3 maio 2012, p. 8.

Fálase do teatro de marionetas citando os lugares nos que a tradición segue presente con forza e falando dalgúns autores teatrais españois que acudiron a el como Valle Inclán e Lope de Vega. Coméntase a situación actual do teatro de marionetas en España, con motivo do Festival de Teatro de Redondela.

- Antonio Pinacho "Las marionetas conquistan las calles", *Faro de Vigo*, "Redondela", "Área metropolitana", 18 maio 2012, p. 15.

Coméntanse as actividades que tiveron lugar nas rúas de Redondela dentro do Festival de Teatro que organiza o Concello e con motivo das Letras Galegas Cítanse as compañías que actuaron esa tarde, Seisdedos, Cascanueces e Teatro de Ningures.

- Ana Rodríguez, "Los títeres empapan Redondela de espectáculo", *Faro de Vigo*, "Especial", "13º Festival Internacional de Títeres de Redondela", 19 maio 2012, p. 12.

Dáse conta das actividades que terán lugar nos dous últimos días do Festival Internacional de Títeres de Redondela. Cítanse as obras, as compañías e o horario das principais exhibicións.

- Antonio Pinacho, "Redondela se mueve con hilos", *Faro de Vigo,* "Redondela", "Área metropolitana", 20 maio 2012, p. 15.

Faise un balance do Festival Internacional de Títeres de Redondela no día da súa clausura. Acóllense comentarios dos espectadores e das compañías que participan no festival.

Riveira, XVª Mostra de Teatro Infantil de

Mostra de teatro organizada pola Concellaría de Cultura, en colaboración coa Asociación Cultural Alfaia. Nela colaboran alumnos e ANPAs de diversos colexios de Galicia, ademais do Grupo Municipal Infantil de Teatro de Riveira. Na edición de 2012, celebrada entre o 11 e o 15 de xuño, participaron a ANPA do CEIP de Palmeira, con *A consulta da doutora cataplasma*; o grupo de teatro do colexio Bayón, con *O dinosaurio Belisario*; o grupo de teatro do colexio Galaxia, con *O heroe tolo*; a ANPA do colexio Bayón, con *O samhaín*; o Grupo de Teatro Infantil Liceo Pueblense, con *Contos revoltos*; a ANPA do colexio Galaxia, con *A raíña lambona*; o obradoiro de teatro do CEIP O Grupo, con *II Feira das ideas e dos inventos* e o Grupo Municipal Infantil de Teatro de Riveira, con *Vaia maraña*. Tamén representou unha obra o colexio A Milagrosa.

Referencias varias:

- S. S., “XV Mostra de Teatro con 145 actores”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 8 xuño 2012, p. 32.

Anúnciase a XV Mostra de Teatro Infantil que se organiza en Ribeira, na que participarán nove compañías escolares.

Sábados en familia

Ciclo de teatro infantil organizado pola Sala Gurugú da Coruña. Na edición de 2012 participaron as compañías Caramuxo Teatro, coa peza *Zapatos*; Títeres Cascanueces, con *A rúa das pantasmas*; Danthea Teatro, con *Carapuchiña vermella ou o conto do lobo*, *Polichinela, titor de Pierrot* e *O espello de Francisquiña*; Pablísimo, con *Os contos de Pablísimo*; Títeres Falcatrúa, con *O espírito do bosque*; Pinga Teatro, con *O bufón do reino*; Casahamlet, con *Ratiña linda*; Títeres Tres Globos, con *Pedro e o lobo, singular versión* e *O parrulo feo*; Títeres Cachirulo, con *As aventuras de Pinoccio*; Elefante Elegante, con *O aviador*; Caramuxo Teatro, con *¡Ñam!* e Miro Magariños, con *O vendedor de paxaros*.

Teatrapa, Vº Festival de Teatro Escolar

Organizado polas compañías Metátese Teatro e Alentía Teatro, na edición de 2012 coincidiu coa finalización do Curso da Escola de Teatro Municipal de Laxe. Os espectáculos tiveron lugar durante o vinte e seis e o vinte e sete de maio e as pezas representadas foron a *Rúa dos soños*, do Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei e a Aula de Teatro do C.P.I. de Vedra, *Fantasías*, dos diferentes grupos da Escola de Teatro de Laxe e *Paraíso Laranxa*, do grupo de adultos da Escola de Teatro Municipal de Laxe.

Teatro&Danza

Ciclo organizado polo Concello de Santiago de Compostela para todo o cuadrimestre, se setembro a decembro. Consta, nesta edición de 2012, dun total de 37 funcións que se poderán ver no Teatro Principal e na Zona C. As compañías participantes de ámbito nacional son Teatro Meridional con *Calisto* e Animalario con *El Montaplatos*, entre outras. Dentro da programación de teatro galego destaca a nova produción de Mofa e Befa, *Románticos*; tamén *A función do tequila*, de Teatro do Morcego; *Miniaturas*, de Teatro Ensalle e *Rosa de dous aromas*, de Teatro Proscrito, entre outras. Existe unha pequena sección dentro deste ciclo denominada Infantil&Familiar, na que Babaluva presenta *Cama e conto*; Elefante Elegante *Nuncabunga*; Pistacatro *Ringo Rango* e Berrobambán *A folla máis alta*, con texto de Paula Carballeira.

Referencias varias:

- ECG, “Espectáculo para toda a familia en la sala Zona C”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 novembro 2012, p. 28.

Dá conta que, dentro do ciclo infantil Teatro&Danza, se escenificará *Cama e conto* a cargo de Babaluva. Refire o argumento da peza e o prezo da entrada.

- A. I. S., "Berrobambán y Martín Varela en el Principal", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Ocio", 22 decembro 2012, p. 26.

Indica que, dentro do ciclo Infantil&Familiar que ten lugar no Teatro Principal, Berrobambán escenificará esa tarde a peza *A folla máis alta* (2012), versión dramática do poemario *Contatrás* de Paula Carballeira.

Teatro con G

Programa organizado pola Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística de Ferrol, celebrado no centro cultural Torrente Ballester e no Teatro Jofre. No ano 2012 celebrouse os días quince e vinte e dous de maio, cinco de xuño, vinte e oito de setembro, trinta de outubro e seis de novembro, e contou coas representacions da compañía Berrobambán con *A folla máis alta*; Obras públicas con *O fútbol é así*; o grupo Mala Pécora con *A parábola da ría*; o grupo de teatro do CPI de Atios con *O planeta Faigón* e *Produccións Roberta* e o grupo de Teatro Tixuca do IES Carvalho Calero con *Cosendo sombras*.

Teatro en Familia de Betanzos, IV Ciclo de

Organizado polo Concello de Betanzos coa colaboración da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña, de Gadis e de Agadic. Celébrase na Aula de Cultura do Liceo, sendo unha cita ineludíbel do Programa de Festexos de Nadal do ano 2012, desenvolvéndose entre o 15 e o 29 de decembro. Contou coa participación de Baobab Teatro con *"Babs"*; Elefante Elegante con *Nuncabunga* e Teatro do Andamio con *A verdadeira historia da cigarra e a formiga*.

Referencias varias:

- Lucía Tenreiro, "Babs' inaugura el IV Ciclo de Teatro en Familia del Liceo", *El Ideal Gallego*, "Betanzos", 15 decembro 2012, p. 20.

Lembra que este ciclo naceu no ano 2009 e que dende entón se mantén "como una de las citas inexcusables del Programa de Festexos de Nadal". Indica que nesta cuarta edición se representarán tres pezas de corenta e cinco minutos de duración e de custo gratuíto para a nenez. Refire que o ciclo o inaugurará esa mesma tarde Baobab Teatro con *Babs*, dirixida á nenez a partir dun ano de idade; que continuará o día 22 coa representación de *Nuncabunga*, a cargo de Elefante Elegante; e que se pechará o día 29 con Teatro del Andamio escenificando *A Verdadeira Historia da Cigarra e da Formiga*.

Titereneno

Organizado pola Concellaría de Cultura do concello de Redondela. Celebrouse no Auditorio Multiusos da Xunqueira entre os días 21 de xaneiro e 4 de febreiro de 2012. Contou coa participación de Títeres Tres Globos, coa peza *O sapo encantado*; Viravolta Títeres, con *Cando chove e raia o sol* e Teatro del Andamio, con *A verdadeira historia da cigarra e a formiga*.

Titirideza

Festival de títeres organizado por Viravolta Títeres celebrado no auditorio Municipal da capital do Deza, Lalín, e nas rúas e prazas desta cidade, que conta ademais cunha edición específica celebrada durante os carnavais, o Titerentroido. Na edición de2012, celebrada entre os días trinta de agosto e dous de setembro, participaron as compañías galegas Fantoches Baj, con *Fábula Galénica*; Polichinela e o empresario cos seus espectáculos de rúa; ademáis das foráneas Antzezkizuna, con *El ladrón de cuentos*, Ymedioteatro con *Siete*, Okarino Trapisonda con *Pinocho corazón de madera* e Movimiento Incriativo con *A visita do rinoceronte*. O programa desta cita complétase coa proxección do documental *Morreu o demo e acabouse a peseta*, sobre a figura de Barriga Verde, de Tintimán Audiovisual.

Referencias varias:

- G. P., "La capital de las marionetas", *La Voz de Galicia*, "*Especial Festas das Dores de Lalín*", 22 setembro 2012, p. 8.

Coméntase a celebración de dous certames de marionetas organizados por Viravolta como son Titirientroindo e Titirideza, no mes de febreiro e no verán, respectivamente, con espectáculos gratuítos ou a prezos moi accesíbeis.

Ti-ti-Ritando de Emoción, Vª Mostra Teatral

Mostra teatral organizada pola Concellería de Cultura de Riveira, en colaboración co departamento municipal de Educación, dedicada ás marionetas con motivo do seu protagonismo na programación do Xuño da Cultura e as Artes deste concello. Esta mostra consta de tres funcións representadas ao longo das fins de semana do mes de xuño do 2012. As compañías participantes foron Trécola Teatro coa peza *A traxicomedia de Calisto e Celestino*; Chimchiribote con *Píccole Theatre Vagamundi* e Títeres Cascanueces con *As aventuras de Tolín, o fillo do Cascanueces*.

Todo Público, Ciclo

Ciclo de teatro organizado polo colectivo 'Todo Público' no que se representan unha serie de obras coa finalidade de achegar as artes escénicas aos máis pequenos. Cada edición deste ciclo dá comezo a finais de ano para extenderse até ben entrado o ano seguinte, co que a edición de 2012 comezou o dez de agosto e continuou até o trinta de abril de 2013. Ao longo do ano 2012 contouse coas representacións das compañías galegas Elefante Elegante con *Nuncabunga*; Teatro del Andamio con *Area e auga*;

Caramuxo Teatro con *Ñam!* e Katarsis Educación-Teatro con *¡Grande, máis grande!*; e as foráneas Teatre Drak con *Cuentos africanos*; Marie de Jongh con *Querida hija*; Arena en los bolsillos con *Afuera es un lugar*; Teatro Paraíso con *Vuela si puedes* e Omar Álvarez Títeres con *El niño de la arena*.

Vilagarcía dá risa

Ciclo de teatro familiar organizado pola promotora Cultura Activa en colaboración coa Concellería de Cultura de Vilagarcía de Arousa. A edición de 2012 tivo lugar os días 4, 9, 11, 18 e 25 de novembro no Auditorio Municipal da localidade. Representáronse as pezas *Dous Pallasos en Máis Apuros*, a cargo dos Sete Magnífcos + 1; *Peter Punk*, de Peter Punk; *A illa do tesouro*, de Titiritempo Títeres e *Chosco voando!*, de Circo Chosco.

Referencias varias:

- F. F., "Titiritempo puso el toque más irónico a una nueva sesión de 'Vilagarcía da risa", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 19 novembro 2012, p. 4.

Informa das actividades culturais desenvolvidas en Vilagarcía de Arousa durante a fin de semana pasada. Indica que, dentro do ciclo "Vilagarcía da risa", a compañía Titiritempo levou á escena *A illa do tesouro*, unha peza caracterizada polo humor, a aventura e as batallas navais, e que tamén participou a "esperpéntica" figura Peter Punk.

- O. B., "Chosco voando!' arranca las risas del público infantil", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 26 novembro 2012, p. 4.

Dá conta de que finalizou, no auditorio municipal de Vilagarcía de Arousa, o ciclo "Vilagarcía da risa" co espectáculo *Chosco voando!*, de Circo Chosco, no que Óscar Páez e Ariñe Azkue mesturaron comedia e circo de acrobacias e malabares. Refire que dentro deste ciclo arousán se representaron tamén *Dous pallasos en máis apuros*, a cargo de Os sete magníficos + 1, e *A illa do tesouro*, por parte da compañía Titiritempo.

Xosé Agrelo, VI Mostra de Teatro

Mostra de teatro escolar organizada polo Concello de Muros. A edición de 2012 tivo lugar dende o 13 de abril até o 17 de maio e nela representáronse as pezas *Memorias dun neno labrego*, a cargo de Abrapalabra Creacións Escénicas; *Comedia famosa do cabaleiro de Olmedo*, da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela; *Cama e conto*, de Títeres Babaluva; *Sexo, por que non?*, de EME2; *Rúa de soños*, a cargo de Aula de Teatro CEIP de Vedra; *A casa dos líos*, de A Mámoa Teatro; *Estación de autobuses*, de Obradoiro de Teatro Agra de Filgueira; *A casa encantada*, do Obradoiro de Teatro de Muros; *O porvír está nos óvos*, a cargo do Grupo Municipal de Teatro de Ames; *A farsa das zocas*, a cargo de O Xeito Teatro; *Valados*, de Artestudio Teatro; *A pulga e o piollo*, do Obradoiro de Teatro da EEI. de Muros e Obradoiro de Teatro Ramón de Artaza; *Restaurante Farruco*, do 3º ciclo CEIP de Louro; *O Pepe*, a cargo do Centro de Valadares; *A aprendiz de bruxa*, a cargo do Obradoiro de Teatro

Ramón de Artaza; *Paroladas ao teléfono*, do Obradoiro de Teatro Ricardo Tobío de Esteiro, *Am@te*, de 1º ciclo ESO e *Allan*, do Obradoiro de Teatro de Muros.

Referencias varias:

- M. G., "Muros inicia la VI Mostra de teatro Xosé Agrelo", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 14 abril 2012, p. 33.

Fálase da VI Mostra de teatro escolar Xosé Agrelo, que organiza o Concello de Muros. Coméntanse algunhas das compañías e das obras que van formar parte do evento.

VII.3.3.2 ESTREAS

VII.3.3.2.1 GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

Grupo de Teatro **Airiños**: *A bicicleta de Ana María*

Referencias varias:

- M. G., "Teatro en Ponteceso y magia en el Liceo de Noia", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 419, "Noia-Cee", 26 decembro 2012, p. 6.

Informa de que a compañía teatral Airiños escenificará *A bicicleta de Ana María* o domingo no Liceo de Noia.

Teatro del **Andamio**: *A verdadeira historia da cigarra e a formiga*, texto e dirección Álvaro Guevara

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Teatro infantil en la Casa de Cultura de Sada, a las seis", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 11 maio 2012, p. 20.

Anúnciase unha función de teatro infantil a cargo da compañía de Teatro do Andamio, coa peza *A verdadeira historia da cigarra e da formiga*.

Ver Titereneno

Animar-T: *A historia de Martín*

Artello Teatro alla scala 1:5: *Unha de amor*, adaptación de *O gato gaiado e a andoriña seña*, de Jorge Amado, dirección Manuel Pombal

Referencias varias:

- Mario Álvarez, "Galicia, ceo das letras' conmemora o centenario do escritor Jorge Amado", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 13 maio 2012, p. 48.

Coméntanse as actividades que a Consellería organiza para a segunda edición deste ciclo, 'Galicia, ceo das letras', en conmemoración do centenario do escritor Jorge Amado. Entre elas, unha representación de Artello Teatro da adaptación da súa obra *O gato gaiado e a andoriña seña*, intitulada *Unha de amor*.

Asacocirco: *O ladrón de paxaros*, texto Paco López-Barxas, dirección Miriam Crespo Gómez e João Alvim Vilela

Referencias varias:

- X. C. V., "El Auditorio albergará hasta fin de año siete espectáculos para público infantil", *El Progreso*, "Lugo", 26 outubro 2012, p. 10.

Informa que terán lugar sete representacións teatrais infantís no lucense auditorio Gustavo Freire antes de rematar o ano 2012, o seu horario e contía. Recolle as palabras de Antón Bao, o concelleiro de Cultura, explicando que a programación infantil consistirá tanto en representacións de teatro, música, circo e maxia como en obradoiros antes dos espectáculos. Indica que a primeira actuación correrá a cargo de Circo Chosco o día 31 de outubro, que o 11 de novembro Caramuxo Teatro escenificará teatro para bebés, e que o 2 de decembro asacocirco representará *O ladrón de paxaros*.

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 2 decembro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena da peza *O ladrón de paxaros*, de Asaocirco, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

- Marta Becerra, "La Navidad no despega", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", "Espectáculo para los más pequeños en el Auditorio", 3 decembro 2012, p. 4.

Refire que o día anterior a compañía Asacocirco representou o espectáculo *O ladrón de paxaros* no auditorio lucense, onde así mesmo terán lugar escenificacións os domingos pola tarde.

Teatro do **Astracán**: *Ladrón e familia*, texto de Darío Fo, adaptación de Avelino González

Referencias varias:

- Chus Gómez, "Primavera de libros e forcadas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 308, 11 abril 2012, contracuberta.

Fálase das actividades que organizou o Concello de Cuntis para os meses de abril e maio, entre as que se salientan as representacións das seguintes obras de teatro: *O gordo e o calvo van ao médico*, *Ladrón e familia*, *Gofken e o libro máxico*, *A ruleta rusa* e *Entre nós, mulleres*. Xunto a estas representacións, figuraron outras actividades: concursos literarios, contacontos, maratón de lectura, charlas…

- Yoana Salgado, "A Guarda disfruta de días de fiesta llenos de ilusión, música, teatro y deportes", *Faro de Vigo*, "*Especial*", "Baixo Miño", "Louriñá", 28 decembro 2012, p. 2.

Precisa que o concello de A Guarda preparou actividades variadas para o Nadal, entre as que apunta a representación teatral de *Ladrón e familia*, unha adaptación da peza do Premio Nobel Darío Fo realizada por Avelino González, levada á escena por Teatro do Astracán, que dirixe Evaristo Calvo. Indica que se trata do primeiro espectáculo deste grupo teatral, do que detalla os seus integrantes.

Títeres **Babaluva**: *Títeres coa man*

Bagunça Teatro: *Que máis dá!*

Bandullo Azul: *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, dirección de Evaristo Calvo

Referencias varias:

- S. N., "Espectáculos de música y teatro", *La Región*, "*Extra. Navidad en la provincia*", "Navidad en Barbadás", "Programa", 22 decembro 2012, p. 2.

Dá conta do programa infantil de Nadal no ourensán concello de Barbadás, entre a que salienta a representación teatral de *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, por parte do Grupo Bandullo Azul, na Casa da Cultura o 28 de decembro.

Baobab Teatro (1): *Babs*, texto Andrea Bayer, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Baobab Teatro (2): *Contos de azar*, texto Andrea Bayer

Referencias varias:

- Olalla González, "Una mano inocente que escoge cuentos escondidos en cajas", *El Progreso*, "*De verano*", "Te cuento mis planes", 2 agosto 2012, p. 32.

Sinálase a clausura das xornadas "Mércores Miúdos" en Lugo a cargo de Baobab Teatro co seu espectáculo *Contos de azar*. Destácase a participación e o interese do público infantil e a grata valoración recibida polo público adulto.

Berrobambán: *A folla máis alta*, adaptación do poemario *Contatrás* de Paula Carballeira, dirección Paula Carballeira

Referencias varias:

- Ana Baena, “Infancia y madurez, en lo último de Berrobambán”, *Atlántico Diario,* “Vigo”, 7 xaneiro 2012, p. 13.

Coméntase que a nova obra de Berrobambán, *A folla máis alta*, segue a liña habitual da compañía, caracterizada polo emprego dunha estética contemporánea e innovadora.

- F. D., “Cine infantil, teatro e deporte”, *La Región*, “*Extra Navidad en Valdeorras*”, “Navidad en O Barco”, “Programa”, 20 decembro 2012, p. 2.

Entre outras actividades, saliéntase a posta en escena desta obra.

- A. I. S., “Berrobambán y Martín Varela en el Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Ocio”, 22 decembro 2012, p. 26.

Indica que Berrobambán escenificará esa tarde a peza *A folla máis alta*, baseada no poemario Contatrás de Paula Carballeira, no ciclo Infantil&Familiar que ten lugar no Teatro Principal.

- R. L., “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 23 decembro 2012, p. 82.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Auditorio Municipal da Coruña, da peza *A folla máis alta*, a cargo de Berrobambán.

Títeres **Cachirulo** (1): *A historia do Apalpador*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Brión, XVº Festival de Títeres de

Referencias varias:

- A. I. S., “Cachirulo y O Apalpador en la SGAE”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Títeres”, 22 decembro 2012, p. 26.

Informa que Títeres Cachirulo pechará o ciclo Escena en Familia coa representación de *A Historia do Apalpador* hoxe e mañá na sé da SGAE / Fundación Autor.

Títeres **Cachirulo** (2): *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Galicreques, XVIIº Festival Internacional de Títeres

Títeres **Cachirulo** (3): *O Apalpador contra o ladrón de xoguetes*, texto e dirección Jorge Rey

Referencias varias:

- A. I. S., “Cachirulo y O Apalpador en la SGAE”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Títeres”, 22 decembro 2012, p. 26.

Informa que Títeres Cachirulo pechará o ciclo Escena en Familia coa representación de *O Apalpador contra o ladrón de xoguetes* os días 29 e 30 na sé da SGAE / Fundación Autor.

- ECG, “Títeres para dar a conocer la figura del ‘apalpador”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Cachirulo”, 28 decembro 2012, p. 29.

Informa que Títeres Cachirulo pechará o ciclo Escena en Familia coa lembranza da figura do Apalpador na peza *O Apalpador contra o ladrón de xoguetes* na sé da Fundación Autor. Remata indicando o prezo das entradas.

- ECG, “Marionetas en la Fundación Autor con ‘O Apalpador”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Infantil”, 30 decembro 2012, p. 27.

Informa que Títeres Cachirulo representará, na sé da SGAE, Fundación Autor, a peza *O Apalpador contra o ladrón de xoguetes*, dirixida á nenez de máis de tres anos. Remata apuntando o tema da peza.

Caramuxo Teatro: *¡Ñam!*, dramaturxia e dirección Laura Sarasola e Juan Rodríguez

Ver MOTI, IXª Mostra de Teatro Infantil de Ourense
Ver Sábados en familia

Referencias varias:

- M. G. M., “Caramuxo Teatro activará todos los sentidos en el Ágora con la obra ‘¡Ñam!”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 22 setembro 2012, p. 15.

Sinálase a estrea da peza *¡Ñam!*, de Caramuxo Teatro, da que se di que está dirixida a familias con nenos de un a catro anos.

- C. A., “Caramuxo Teatro estrena ‘¡Ñam!’, su nuevo espectáculo para bebés”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 22 setembro 2012, p. 11.

Destácase a estrea da peza teatral *¡Ñam!*, de Caramuxo Teatro, da que se di que é para todos os públicos e que pretende afondar no mundo dos alimentos desde unha perspectiva multisensorial.

- RCG, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 11 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *¡Ñam!*, de Caramuxo Teatro, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

- MLV, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 28 decembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *¡Ñam!*, de Caramuxo Teatro, no Teatro Principal de Ourense.

Casahamlet: *As formigas*, texto Jacobo Fernández Serrano, dirección Manuel Lourenzo

Referencias varias:

- Marta García Márquez, “Una vuelta de tuerca a la cultura”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 22 xaneiro 2012, p. 13.

Infórmase da posta en escena da peza *As formigas*, de Casahamlet, no local de La Tuerka 27, na Coruña.

Títeres **Cascanueces**: *A rúa das pantasmas*, texto Javier Villafañe, dirección Lázaro Duyos

Ver Galicreques, XVIIº Festival Internacional de Títeres
Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de
Ver Sábados en familia

Circo Chosco: *Chosco voando!*

Ver Vilagarcía dá risa

Duendesico Animación: *A profesora Tomasa e a alimentación Sana-Xá*

EL Producións Artísticas: *Cincenta, a gata borrallenta*, texto e dirección Eisenhower Moreno

Referencias varias:

- S. E., “Cincenta, a gata borralleira’ chega o sábado a Silleda”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 11 abril 2012, p. 39.

Anúnciase a representación da obra de teatro *Cincenta, a gata borralleira*, no centro cultural Vista Alegre da Bandeira, na Casa da Cultura de Silleda.

Elefante Elegante (1): *Nuncabunga*, texto e dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro

Ver MOTI, IXª Mostra de Teatro Infantil de Ourense
Ver Teatro en Familia de Betanzos, IV Ciclo de
Ver Todo Público, Ciclo

Referencias varias:

- Mario Álvarez, "A Rede Galega de Teatros promove 324 espectáculos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 agosto 2012, p. 50.

Sinálase que a Rede Galega de Teatros promove un total de trescentos vinte e catro espectáculos para o segundo semestre de 2012, entre os que se atopa *Nuncabunga*, de Elefante Elegante.

- Camilo Franco, "Sen illas desertas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Vai por aí", "Teatro", 13 decembro 2012, p. L5.

Breve reflexión sobre a peza infantil *Nuncabunga*, que representará Elefante Elegante o sábado no compostelán Teatro Principal. Destaca a actitude silenciosa, expresiva e de celos dos personaxes respecto ao territorio e apunta que "os nenos nunca se senten mal cando os pais van con eles e aprenden algo".

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 16 decembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Nuncabunga*, de Elefante Elegante, no Auditorio de Ribadeo.

Elefante Elegante (2): *O aviador*, texto Gonçalo Guerreiro e María Torres

Ver Sábados en familia

Eme2 Producións: *Kafka e a boneca viaxeira*, texto Jordi Serra i Fabra, dirección Cristina Domínguez

Ver MOTI, IXª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Referencias varias:

- Xoán Carlos Riobó, "FETEN 2012", *Revista Galega de Teatro*, n.º 71, "Festivais", verán 2012, pp. 29-33.

Entre outros asuntos, saliéntase que o espectáculo coproducido polas compañías Eme2, Albena Teatre e Tanttaka Teatroa, *Kafka e a boneca viaxeira*, foi merecente do Premio ao mellor espaxo escénico e iluminación na Feira Europea de Artes Escénicas para Nenas e Nenos, celebrada en Xixón entre febreiro e marzo de 2012.

Encena Producións Artísticas: *Un día de formiga*, texto Eisenhower Moreno

Ver Escena en familia

Fantoches Baj: *As pombas do carboeiro*, texto e dirección Inacio Vilariño

Referencias varias:

- M. R., "El IES Basanta Silva abre hoy su semana cultural con una sesión de cuentacuentos", *El Progreso*, "A Chaira", 17 decembro 2012, p. 8.

Saliéntase a representación de *As pombas do carboeiro*, a cargo de Fantoches Baj.

Teatro **Garabullo**: *O gorrión Valentino*

Referencias varias:

- ECG, "Teatro Garabullo representa 'O gorrión Valentino", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Manos Unidas", 21 decembro 2012, p. 28.

Informa que esa tarde Teatro Garabullo representará *O gorrión Valentino* na biblioteca Ánxel Casal. Precisa que esta función, organizada pola ONG Manos Unidas e dirixida á nenez de tres a doce anos, se basea no conto homónimo que contén valores como o respeto e coidado do medio natural.

- A. I. S., "Teatro en la biblioteca Ánxel Casal", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Manos Unidas", 22 decembro 2012, p. 26.

Apunta que Teatro Garabullo representou *O gorrión Valentino* onte, na biblioteca pública Ánxel Casal. Refire que nesta escenificación, organizada pola ONG Manos Unidas, se abordaron valores "como el respeto y el cuidado del medioambiente, además de la necesidad de ser solidarios".

Geppetto, Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense: *Pés de cristal*, texto Elena Seijo

Ver MOTI, IXª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Teatro dos **Ghazafelhos** (1): *Bon appétit*, adaptación do libro de recetas *A cociña galega* de Álvaro Cunqueiro, dirección Pepablo Patinho

Referencias varias:

- Mario Álvarez, "A Rede Galega de Teatros promove 324 espectáculos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 agosto 2012, p. 50.

Sinálase que a Rede Galega de Teatros promove un total de trescentos vinte e catro espectáculos para o segundo semestre de 2012, entre os que se atopa *Bon appétit*, de Teatro dos Ghazafelhos.

- M. G. "Teatro, talleres navideños y deportes para estos días", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 419, "Noia / Porto do Son", 26 decembro 2012, p. 5.

Dá conta das actividades de contacontos e teatro de Noia e Porto do Son, entre as que salienta a representación da peza *Bon appétit* por parte de Ghazafellos no noiés IES Campo de San Alberto no día de hoxe e de mañá.

Teatro dos **Ghazafelhos** (2): *Contos de lobos*, texto e dirección Pepablo Patinho

Teatro dos **Ghazafelhos** (3): *Contos mariñeiros*

Teatro dos **Ghazafelhos** (4): *Nana para un soldado*, texto e dirección Pepablo Patinho

Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra
Ver En Familia

Referencias varias:

- María Varela, "Arrolando o Salón do Libro", *Diario de Pontevedra*, 26 marzo 2012, contracuberta.

Infórmase da posta en escena da peza *Nana para un soldado*, de Teatro dos Ghazafelhos, dentro das actividades programadas para o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

Golfiños: *Té, chocolate, café*

Referencias varias:

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 11 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Té, chocolate, café*, de Golfiños, no Cine Alovi das Pontes.

Compañía Maxia e Teatro a **Illa dos nenos**: *A maxia dos soños*

Referencias varias:

- Á. P., "O Multiusos de Arcade acollerá mañá unha obra teatral", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Comarca", 1 xuño 2012, p. 14.

Anúnciase o espectáculo de teatro infantil "A maxia dos sonos", da Compañía Maxia e Teatro a Illa dos Nenos, que tivo lugar no Centro Multiusos de Soutomaior.

Katarsis: *O neno de area*

Monicreques de **Kukas**: *O Kikirixote*

Referencias varias:

- Mar Mato, "Kukas celebra sus 33 años estrenando en Vigo su peculiar visión de 'El Quijote", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 7 novembro 2012, p. 43.

Explica que a compañía de títeres máis antiga de Galicia, Monicreques de Kukas, revisitou a obra clásica *El Quijote* e readaptouna para un público familiar con bonecos de fíos de setenta e cinco centímetros e un metro de altura. Detalla que a figura de Don Quijote se reencarna nun galo; Sancho Panzo, no porquiño Chancho; e Dulcinea, nunha pita. Indica que a xira galega desta compañía se iniciará o sábado no auditorio do concello de Vigo, o prezo das entradas e onde se poden mercar. Recolle palabras de Marcelino de Santiago durante a presentación de onte da peza no concello de Vigo, coas que matizou que nesta peza contan, dunha forma moderna, as aventuras de don Quixote nunha granxa, a xeito de "metáfora da sociedade actual con guiños ós problemas de agora", caso da "prima de riesgo y los desarreglos de la ranja", que o galo coñece lendo a prensa diaria. Faise eco así mesmo de que Marcelino de Santiago falou da asfixia que sofren as compañías teatrais, mesmo as subvencionadas polas Xunta de Galicia en 2012, que non recibirán a axuda até o ano 2013, o que as obriga a retrasar a distribución das súas pezas.

Migallas Teatro: *Contacontos*, texto e dirección María Campos e Carlos Yus

Teatro do **Miolo** (1): *A fábrica de xoguetes*

Teatro do **Miolo** (2): *A cova do rei Cintolo*, adaptación dunha lenda popular

Referencias varias:

- C. A., “Los alumnos de la escuela municipal de teatro de Castro de Rei presentan sus obras el 15 y el 16”, *El Progreso*, “A Chaira”, 10 xuño 2012, p. 18.

Fálase das primeiras representacións da escola municipal de teatro de Castro de Rei. Cítanse as obras e o horario das representacións.

Teatro do **Miolo** (3): *As catro estacións*

Ver Vila de Sarria, IIª Semana de Teatro Popular

Teatro do **Miolo** (4): *Conto de Nadal*, texto Charles Dickens

Teatro do **Miolo** (5), *O Apalpador, unha visita inesperada*

Referencias varias:

- M. B., “Papa Noel, os Reis e... o Apalpador”, *Diario de Pontevedra*, “*miniDiario*”, n.º 360, “Reportaxe”, 2012, pp. 2, 6.

Breve reflexión sobre as inquedanzas de Sabela e o seu irmán Roi antes de acudir o venres á representación de *O Apalpador, unha visita inesperada*, a cargo de Teatro do Miolo, na biblioteca pública de Pontevedra. Dá conta do que os espectadores descubriron durante a posta en escena sobre a figura do Apalpador e os agasallos que este fai á nenez; información que se resume na breve nota que a complementa, “unha figura lendaria” (p. 2).

Teatro do **Miolo** (6): *Orgull de Estambul*

Referencias varias:

- C. A., “Los alumnos de la escuela municipal de teatro de Castro de Rei presentan sus obras el 15 y el 16”, *El Progreso*, “A Chaira”, 10 xuño 2012, p. 18.

Fálase das primeiras representacións da escola municipal de teatro de Castro de Rei. Cítanse as obras e o horario das representacións.

Teatro do **Miolo** (7): *Orgullo, o espírito dos bosques*

Referencias varias:

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 23 abril 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Orgullo, o espírito dos bosque*s, de Teatro do Miolo, na Deputación de Lugo, dentro dos actos programados con motivo da Semana do Libro.

Miro Magariños (1): *O vendedor de paxaros*

Ver Sábados en familia

Miro Magariños (2): *Os merlos*

Referencias varias:

- C. G., “Un campamento infantil retoma las actividades navideñas”, *Diario de Pontevedra*, “Caldas. Deza. Tabeirós”, “Cuntis”, 26 decembro 2012, p. 11.

Informa das actividades que se celebrarán durante o Nadal nun campamento infantil organizado polo concello de Cuntis e dirixido á nenez entre catro e doce anos de idade. Salienta entre esas actividades a representación de títeres *Merlos*, que Miro Magariños ofrecerá o día 2 de xaneiro pola tarde.

Pablísimo: *Os contos de Pablísimo*

Ver Sábados en familia

Peter Punk: *Peter Punk e o neno imperdible*, director Walter Velázquez

Ver MITEU, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Referencias varias:

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 9 setembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Auditorio Gustavo Freire de Lugo da obra *Peter Punk e o neno imperdible*, de Peter Punk.

- Jesús Trillo, “Música, teatro, magia, contacontos y obradoiros en la Navidad de Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 414, 20 decembro 2012, p. 7.

Comenta a programación cultural de Nadal do concello de Cee, da que salienta as representacións de *Peter Punk e o neno imperdible*, de Novo Circo; e *Polichinela Titor*, de Danthea Teatro.

Sarabela Teatro: *A voar!*, adaptación da novela *Mi padre es un hombre pájaro* de David Almond, dirección Fina Calleja

Referencias varias:

- Ana Tombo, "A Voar', nueva propuesta de la compañía Sarabela", *La Región*, 31 agosto 2012, p. 9.

Infórmase da presentación desta nova posta en escena de Sarabela Teatro no Pazo Provincial de Ourense, que se estreará proximamente no Auditorio de Carballiño e no Teatro Principal de Ourense.

Títeres **Seisdedos**: *O cego dos monifates*, dirección Anxo García

Ver Ribadavia, XXVIIIª Mostra Internacional de Teatro de

Teatro da **Semente**: *Viaxe a Dadá*

Recensións:

- Toni Silva, "Cando os cativos non pestanexan", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Crítica", 23 de outubro 2012, p. 41.

Sinálase que o público infantil e xuvenil é o máis complexo tanto desde o punto de vista da literatura escrita como da representada xa que se estes non disfrutan cun produto non finxen. Destácase que *A viaxe de Dadá*, representada por Teatro da semente, é unha peza que acada grande éxito entre nenos e adultos e dise que isto resulta especialmente meritorio ao se tratar dun público infantil de cero a tres anos. Coméntase que as actrices Raquel Queizás e Chus Álvarez representan os momentos máis fermosos da vida dun neno cunha posta en escea adaptada aos recortes e imaxinativa en recursos escénicos.

Os **Sete Magníficos + 1** (1): *Dous Paiasos en Máis Apuros*, texto e dirección Carlo Colombaioni e Iván Prado

Ver Festival de Clown de Lugo
Ver Vilagarcía dá risa

Referencias varias:

- Julia Muñiz, "O clown na rúa non ten un discurso propio, dáo o público", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Francisco Rei Clown", 28 agosto 2012, p. 22.

Entrevista a Francisco Rei, un dos integrantes da compañía de clown Os sete magníficos máis un, que representará en Santiago de Compostela *Dous pallasos en apuros* o día de hoxe e *Dous pallasos en máis apuros* o xoves. Recóllense as súas palabras en relación a como se formou o grupo cómico, as tres claves empregadas para lograr a risa do público (sinceridade, humildade e cousas sinxelas) e a tipoloxía do público ao que se dirixen. Así mesmo explica que as dúas pezas que escenificarán se diferencian en que *Dous pallasos en apuros* é unha obra na que o director do grupo recuperou farsas da familia Colombaioni, adaptándoas ao contexto actual mentres que *Dous pallasos en máis apuros* é unha creación orixinal do grupo que conta cunha actuación moi distinta.

- S. N., "Espectáculos de música y teatro", *La Región*, "*Extra. Navidad en la provincia*", "Navidad en Barbadás", "Programa", 22 decembro 2012, p. 2.

Dá conta do programa infantil de Nadal no ourensán concello de Barbadás, entre a que salienta a representación teatral de *Dous pallasos en máis apuros*, por parte de Os sete magníficos máis un, na Casa da Cultura o 3 de xaneiro.

Os **Sete Magníficos+1** (2): *O gordo e o calvo van ao médico*, dirección Iván Prado

Referencias varias:

- Chus Gómez, "Primavera de libros e forcadas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 308, 11 abril 2012, contracuberta.

Fálase das actividades que organizou o Concello de Cuntis para os meses de abril e maio, entre as que se salientan as representacións das seguintes obras de teatro: *O gordo e o calvo van ao médico*, *Ladrón e familia*, *Gofken e o libro máxico*, *A ruleta rusa* e *Entre nós, mulleres*. Xunto a estas representacións, figuraron outras actividades: concursos literarios, contacontos, maratón de lectura, charlas…

Os **Sete Magníficos+1** (3): *Policías Tolos*

Ver Festival de Clown de Lugo

Talía Teatro: *Pequena*, texto e dirección Paula Carballeira

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 25 abril 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena no Pazo de San Marcos de Lugo da peza *Pequena*, de Talía Teatro, dentro dos actos programados con motivo da Semana do Libro.

- M. G., "Teatro en Ponteceso y magia en el Liceo de Noia", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 419, "Noia-Cee", 26 decembro 2012, p. 6.

Informa que a actriz Marta Ríos escenificará *Pequena* o venres en Ponteceso. Explica que esta peza foi escrita e dirixida por Paula Carballeira.

Tarabelos : *Amoriños contei*

Referencias varias:

- A. Agulla, "Reflexiones sobre el amor a través de los cuentos", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 233, "O Morrazo", "Marín", 29 decembro 2012, p. 4.

Dá conta do programa gratuíto de actividades infantís de Nadal da Igrexa Evanxélica e a Asociación Cultural Kalos, entre as que salienta a representación de títeres *Amoriños contei*, por parte de Esteban Acuña, que move á reflexión da nenez "sobre el amor a las cosas, en la familia, a los bienes y el que siente Dios hacia sus hijos".

Teatro Crea: *O Principiño*

Ti e máis eu Teatro (1): *A bruxa do Magosto*

Ti e máis eu Teatro (2): *Conta o que queiras cos micros de madeira*

Tinga: *Unha rosa no xardín*

Titerefícciós: *O progreso imparable da estupidez*

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Trécola Teatro (1): *A invasión dos lapaclatus*, dirección Ledicia Álvarez, "Lele"

Ver MOTI, IXª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Trécola Teatro (2): *A vaca Palmira*

Referencias varias:

- ECG, "Teatro para los peques en Oroso", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 18 maio 2012, p. 28.

Con motivo do Días das Letras Galegas, o Concello de Oroso organiza unha representación de títeres chamada "A vaca Palmira", da compañía Teatro de Marionetas Trécola, no centro cultural de Sigüeiro.

Compañía do **Trinke Trinke** (1): *Contos de ratiños*

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 36 abril 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da representación de *Contos de ratiños*, da Compañía do Trinke Trinke, na Biblioteca de Frigsa, en Lugo.

Compañía do **Trinke Trinke** (2): *Unha de ratos de biblioteca*

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 36 abril 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena na biblioteca de Ribadeo da peza *Unha de ratos de biblioteca*, a cargo da Compañía do Trinke Trinke.

Compañía do **Trinke Trinke** (3): *Un par de ratos*

Referencias varias:

- J. M. R., "Corales, teatro, cine, malabares y obradoiros en Costa da Morte", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 423, 30 decembro 2012, p. 5.

Dá conta das actividades lúdicas e culturais que terán lugar na Costa da Morte antes do remate do ano 2012. Entre outras representacións teatrais, refire a da peza *Un par de ratos*, a cargo da compañía Trinke Trinke, no salón de actos da casa consistorial de Carnota.

Títeres **Trompicallo**: *Osiño*, dirección Kevin Stewart

Ver María José Jove, VIIIº Festival de Títeres

A **Tropa de Trapo**: *Antía, Wamba e o regato pequeno*, texto e dirección Brais Gutiérrez e Marta Ortiz

Referencias varias:

- A. A., "Chega a Cesures o conto que xera solidariedade", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 330, "Espectáculo", 27 setembro 2012, p. 6.

Sinálase a próxima representación do espectáculo *Antía, Wamba e o regato pequeno* no centro social de Pontecesures, a cargo da compañía A Tropa de Trapo.

- Ana López, "Cine, un concurso y teatro por el Día del Niño", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 6 novembro 2012, p. 75.

Refire que a concelleira de Benestar e o responsable da Fundación para a infancia Meniños presentaron o programa de actividades variadas do concello de Pontevedra para conmemorar o Día Internacional do Neno e que se centrará no Dereito á Educación. Salienta que A Tropa de Trapo escenificará a peza de contos e música *Antía, Wamba e o regato pequeno*, no pontevedrés Teatro Principal.

- M. Rodríguez, "Las nuevas tecnologías ayudan a los celíacos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Día do Neno", 25 novembro 2012, contracuberta.

Refire, entre outras noticias breves, que para conmemorar o Día Internacional do Neno sa compañía A Tropa de Trapo representou *Antía, Wamba e o regato pequeno* o día anterior no compostelán Palacio de Congresos e Exposicións.

Viravolta Títeres (1): *A caixa de música*, texto Viravolta Títeres, dirección Anxo García

Viravolta Títeres (2): *Barriga Verde*, texto tradicional e Viravolta Títeres, dirección Anxo García

Viravolta Títeres (3): *O Arxina e o Felo*, texto Francisco Rozados, "Rochi", dirección Anxo García

Viravolta Títeres (4): *O galo quirico e os seus amigos*, texto Bernardino Graña, literatura tradicional e Seisdedos, dirección Anxo García

Referencias varias:

- Ana Abelenda, “Os títeres centran a escena”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1027, “Cultura”, 16 maio 2012, p. 8.

Fálase da representación, no Centro Sociocultural Novacaixagalicia de Lugo, da obra *O galo Quirico e os seus amigos*, de Viravolta Títeres, que forma parte das actividades que organiza Novacaixagalicia con motivo do Día das Letras Galegas.

Viravolta Títeres (5): *O poliño feo*, versión de Viravolta Títeres do conto tradicional, dirección Anxo García

Ver María José Jove, VIIIº Festival de Títeres

Referencias varias:

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 26 maio 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *O poliño feo*, de Viravolta Títeres, na Fundación Novacaixagalicia de Lugo.

- Marta Becerra, “Teatro de títeres para toda la familia en Novacaixagalicia”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 27 maio 2012, p. 10.

Fálase da representación no centro sociocultural Novacaixagalicia da obra de teatro de títeres o *O poliño feo*, unha nova versión do conto tradicional a cargo do grupo Viravolta.

Viravolta Títeres (5): *Varietés*

Ver María José Jove, VIIIº Festival de Títeres

VII.3.3.2.2 GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS E AGRUPACIÓNS VARIAS

ACSUR Galicia: *A viaxe de Ana*

Alumnos do CEIP **A Gándara**: *Os wachi wachi buscan fogar*, dirección Eva F. Ferreira

Ver Monforte, XXIº Certame Municipal de Teatro para Centros de Ensino

ANPA **A Lagoa** do CEIP Monforte: *O caracoliño fachendoso*, dirección Paqui Abeledo

Ver Monforte, XXIº Certame Municipal de Teatro para Centros de Ensino

Alentía Teatro: *O bosque da poesía*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

A Moura de Chaín: *A vida da tía Lambida*

Alumnos do CEIP **Andaina-Grupo Don Luis**: *Un espectáculo axeitado*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Alumnos do CEIP **Andaina-Grupo Heroes**: *Unha cea perigosa*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Alumnos do CEIP **Andaina-Grupo Os peques tamén bailan 1**: *Romeíño e Xulietiña*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Alumnos do CEIP **Andaina-Grupo Os peques tamén bailan 2**: *Grease, baby*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Alumnos do CEIP **Andaina-Grupo Voudeville**: *Eloísa está debaixo dun almendro*, texto Enrique Jardiel Poncela

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Andaravía Teatro: *Pasarrúas: chou crítico*

Ver Teatrofilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Grupo de Teatro do IES **Antón Fraguas**: *Cantiga de rúa*

Referencias varias:

- C. D., "El Principal acogerá la XVII edición del Teatro Intercentros", *El Correo Gallego*, "Santiago", 19 maio 2012, p. 26.

Anúnciase a representación *Cantiga de rúa*, polos alumnos do IES Antón Fraguas, e dise que foi a peza gañadora na categoría de Educación Secundaria da XVII edición do certame de Teatro Intercentros. A seguir, dáse conta da peza gañadora na categoría de Educación Primaria: *Acabouse o conte de fadas*, polo grupo Máscaras de Teatro, do Colexio San Xurxo.

- Iñaqui Ramis, "Lo del IES Antonio Fraguas es puro teatro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 22 maio 2012, contracuberta.

Anúncianse varios dos premiados no Certame de Teatro Intercentros de Santiago de Compostela: *Cantiga de rúa*, polo IES Antonio Fraguas, unha obra inspirada no conto *Os músicos de Bremen*, e *Presas*, por Tantometén. Dise que acadaron o primeiro e segundo premio respectivamente.

- ECG, "El Códice Calixtino en obra de teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 xuño 2012, p. 31.

Dise que os alumnos do IES Antón Fraguas de Santiago de Compostela levaron a escena *Cantiga da rúa*, unha representación sobre a devolución do Códice Calixtino.

Ánxel Casal, Aula Municipal de Teatro de Arzúa: *Unha de contos*

Argallada, do profesorado do IES Valle Inclán: *Idade de ouro*

IES **As Barxas**: *A decisión*, dirección Vanesa Sotelo

Ver MOTESMO, XVIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Grupo de Teatro do IES **As Lagoas**: *O viaxeiro*, dirección Ledicia Álvarez

Ver MOTECES, XIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario

Alumnos do CPI de **Atios** (1): *O boneco de neve*

Alumnos do CPI de **Atios** (2): *O Nadal de Papá Noel*

Alumnos do CPI de **Atios** (3): *O planeta Faigón*

Alumnos do CPI de **Atios** (4): *Os desexos do Nadal*

Alumnos do CPI de **Atios** (5): *Producións Roberta*

Baralláns, Grupo de Teatro do IES E. Blanco Amor: *A mesa e a bancada*, adaptación dos textos de Manuel Daniel Varela Buxán e Alejandro Casona, dirección Miguel Fernández Alonso

Ver MOTECES, XIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario

ANPA do colexio **Bayón**: *O samhaín*, texto e dirección Domingo Armental

Ver Riveira, XVª Mostra de Teatro Infantil de

Grupo de Teatro **Baduis**: *Facer o sueco*

Referencias varias:

- J. M. R., "Corales, teatro, cine, malabares y obradoiros en Costa da Morte", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 423, 30 decembro 2012, p. 5.

Dá conta das actividades lúdicas e culturais que terán lugar na Costa da Morte antes do remate do ano 2012. Entre outras representacións teatrais, refire ás seis da tarde a da peza *Facer o sueco*, a cargo do grupo teatral Baduis, no auditorio de Baio (Zas).

Grupo de teatro do colexio **Bayón**: *O dinosaurio Belisario*, dirección Domingo Armental

Ver Riveira, XVª Mostra de Teatro Infantil de

Alumnos do IES **Breamo-Arjé Teatro**: *O misterio das amendoeiras*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Caixadesastre Teatro: *Aqueles anos*, dirección Andrés Rodríguez Yáñez

Escola de Teatro Municipal do **Carballiño**: *Uxío e Uxía: unha historia de amor imposible*

Comediantes anónimos, do IES Johan Carballeira: *O rei nu*

Ver MOTESMO; XVIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Grupo de Teatro da A. C. **Cotomanguelo** (1): *A clase de ceboliño*

Ver Teatrofilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Grupo de Teatro da A. C. **Cotomanguelo** (2): *A consulta do doutor Xabi*

Ver Teatrofilia, VIIIª Mostra de Teatro Amador

Agrupación Teatral **Criaturas**: *Un xenro para o señor alcalde*, texto Ángeles Vadillo, dirección Juan Mosquera

Referencias varias:

- C. G., "Teatro rianxeiro e solidario en Valga", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 335, "Vivir en Caldas", 17 outubro 2012, p. 5.

Coméntase a posta en escena en Valga da obra *Un xenro para o señor alcalde*, a cargo da Agrupación Teatral Criaturas, co obxectivo de recadar fondos para un fin solidario.

Culleredo, Grupo de Teatro Interxeneracional de: *Nos tempos do Rei Pupú*

Grupo de Teatro Infantil da Escola Artística de **Cuntis**: *O marabilloso circo artístico*

Alumnos do CEIP **Curros Enríquez-Grupo Currantes** (1): *Alicia*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Alumnos do CEIP **Curros Enríquez-Grupo Currantes** (2): *Bala perdida*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Grupo de teatro do colexio **Eduardo Pondal**: *As alegres casadas*, dirección Guiomar López e Ángel Currás

Estudio Casahamlet (1): *Algún teatro de máscaras*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Estudio Casahamlet (2): *Non bebas auga*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Alumnos do CEIP **Eusebio da Guarda**: *Historias de Catarina*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Expres, Teatro, *Superapalpadorciño, o actor de Airiños que foi ao Courel e volveu con mel*

Referencias varias:

- S. S., "Una obra infantil itinerante visitará las parroquias", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 418, 24 decembro 2012, p. 5.

Dá conta da representación da peza *Superapalpadorciño, o actor de Airiños que foi ao Courel e volveu con mel* por parte da compañía Teatro Expres en varias localidades rianxeiras: o mércores, no auditorio de Rianxo; o xoves, no centr cultural de Taragoña, no de Araño e no de Asados; e o venres, no de Leiro e na unitaria de Vacariza.

Alumnos do centro **Ferroviario**: *Os mandamais, máis, máis... e as súas máquinas pitipitroncas*

Ver Monforte, XXIº Certame Municipal de Teatro para Centros de Ensino

Fontevella, Grupo de Teatro: *Prohibido casar*

ANPA do colexio **Galaxia**: *A raíña lambona*, texto e dirección Cipriano Fernández Fernández

Ver Riveira, XVª Mostra de Teatro Infantil de

Grupo de teatro do colexio **Galaxia**: *O heroe tolo*, texto e dirección Cipriano Fernández Fernández

Ver Riveira, XVª Mostra de Teatro Infantil de

Escola de Teatro de A **Guarda**-Infantil: *Quen?*

Escola de Teatro de A **Guarda**-Adultos: *Rosiña solteira*

Grupo de Teatro do **HULA**: *O anel máxico*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Teatro para animar a los niños en el Hula", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 4 xaneiro 2012, p. 6.

Dá conta da representación no Hospital Lucus Augusti de Lugo da peza *O anel máxico*, do grupo de teatro do HULA.

Alumnos do CEIP **Illas Cíes** de Vigo: *Os corazóns verdes*

Alumnos do IES **Imaxe e Son**: *Cadeiras*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Alumnos do **Instituto Masculino**: *O anel máxico*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

ANPA do colexio **Insua Bermúdez** de Vilalba: *Amigos para sempre*

Referencias varias:

- M. R., "El grupo de teatro del Anpa del Insua Bermúdez actúa hoy en el Centro Cultural", *El Progreso*, "A Chaira", 4 xaneiro 2012, p. 14.

Anúnciase a representación por parte do grupo de teatro da ANPA do colexio Insua Bermúdez de Vilalba da obra *Amigos para sempre* e indícase que terá lugar no Centro Cultural e Recreativo da localidade.

Alumnos do CEIP **Jorge Juan** de Xuvia: *Cardito caracol*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Escola de Teatro **José Mª Pérez Parallé**: *Historia dunha sobreira*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Alumnos do CEIP **Labarta Pose**: *Das palabras e dos soños donos somos*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Grupo de Teatro Infantil **Liceo Pueblense**: *Contos revoltos*, texto e dirección Segundo Durán, "Chiki"

Ver Riveira, XVª Mostra de Teatro Infantil de

Obradoiro **María Soliño**: *Romance de Micomicón e Adhelala*

Ver MOTESMO, XVIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Grupo **Máscaras de Teatro** do Colexio San Xurxo: *Acabouse o conto de fadas*

Referencias varias:

- C. D., "El Principal acogerá la XVII edición del Teatro Intercentros", *El Correo Gallego*, "Santiago", 19 maio 2012, p. 26.

Anúnciase a representación *Cantiga de rúa*, polos alumnos do IES Antón Fraguas, e dise que foi a peza gañadora na categoría de Educación Secundaria da XVII edición do certame de Teatro Intercentros. A seguir, dáse conta da peza gañadora na categoría de Educación Primaria: *Acabouse o conte de fadas*, polo grupo Máscaras de Teatro, do Colexio San Xurxo.

Alumnos do IES **Maximino Romero de Lema**: *Histeria da Humanidade*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Asociación **Melandrainas-Grupo Pasapadentro**: *Comedia bífida*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Metátese Teatro (1): *Bolboretas*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012
Ver Palas de Rei, XIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Metátese Teatro (2): *A espada máxica*

Referencias varias:

- P. G. CH. , "Metátese Teatro escenificó en un orfanato de Perú su espectáculo 'A espada máxica'", *El Progreso*, "A Ulloa", 10 abril 2012, p. 19.

Fálase da iniciativa do grupo Metátese Teatro, que visitou un orfanato en Cuzco (Perú), onde representou este seu último espectáculo. Indícase o argumento da historia.

Teatro **Monart**: *Kasi circo*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Alumnos do IES **Monelos**: *Macbeth*, texto William Shakespeare

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Alumnos do CEIP **Monforte**: *Un tolo e máxico camiño*, dirección Paqui Abeledo

Ver Monforte, XXIº Certame Municipal de Teatro para Centros de Ensino

Alumnos do IES **Monte das Moas**: *A lenda de Xoán Bonome*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Escola Municipal de Teatro Infantil de **Muxía**: *Romeo e Xulieta*, versión adaptada da obra de Shakespeare, dirección de Artur Trillo

Referencias varias:

- J. M. R., “La escuela infantil de teatro estrena el sábado la obra ‘Romeo e Xulieta”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 19 xuño 2012, p. 31.

Anúnciase a representación *Romeo e Xulieta*, pola Escola Infantil de Teatro de Muxía, e dise que foi Artur Trillo que adaptou os texto para os pequenos actores.

NNC Teatro: *Pim, pam, clown*, texto Tomás Afán, dirección Beatriz Méndez e Roi Méndez

Referencias varias:

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 28 maio 2012, p. 70

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Pim, pam, clown*, de NNC Teatro, no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- R. L., “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 6 decembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á representación de *Pim, pam, clown*, de NNC Teatro, no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

Alumnos do CEIP **Novo** de Arteixo (1): *Alí vai-vai e os corenta lambóns*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Alumnos do CEIP **Novo** de Arteixo (2): *O romance de Micomicón e Adelhala*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Obradoiro de Teatro do CEIP **O Grupo**: *II Feira das ideas e dos inventos*, texto e dirección Daniel Gómez Ramil

Ver Riveira, XVª Mostra de Teatro Infantil de

Os Abrentiños do Foxo (1): *Mans libres*

Os Abrentiños do Foxo (2): *Os zapatos da nena*

Grupo de Teatro do IES **Otero Pedrayo**: *O carteiro do rei*, dirección Pablo Silva

Ver MOTECES, XIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario

ANPA do CEIP de **Palmeira**: *A consulta da doutora cataplasma*, texto e dirección Segundo Durán, "Chiki"

Ver Riveira, XVª Mostra de Teatro Infantil de

Alumnos do IES A **Pinguela**: *Os crímenes de Lord Artur*, adaptación da obra de Oscar Wilde, dirección Paqui Abeledo

Ver Monforte, XXIº Certame Municipal de Teatro para Centros de Ensino

Alumnos do CEIP **Ponte dos Brozos**: *A illa do sete e medo*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Grupo de Teatro **Portasabertas**: *Comisaría 24 horas*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Asociación **Prodeme**: *Ao final da corda*

Ver Monforte, XXIº Certame Municipal de Teatro para Centros de Ensino

Teatro da **Réplika**, do IES de Rodeira: *Nacer, nacendo, nazismo*, texto Juan Molina Fernández, dirección Xoán Carlos Riobó

Ver MOTESMO, XVIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Alumnos do CEIP **Rías Altas** (1): *Aventuras mil*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Alumnos do CEIP **Rías Altas** (2): *2033*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Grupo Municipal Infantil de Teatro de **Riveira**: *Vaia maraña*, adaptación de *Princesas y fantasmas*, de Carmen Vázquez Vigo, e dirección Segundo Durán "Chiki"

Ver Riveira, XVª Mostra de Teatro Infantil de

Asociación A **Ruada**: *A farsa das zocas*

Referencias varias:

- F. D., "Teatro infantil, cabalgatas e hinchables no pavillón", *La Región*, "*Extra. Navidad en Valdeorras*", "Navidad en A Rúa", "Programa", 20 decembro 2012, p. 15.

Detalla o programa de actividades infantís que se organizan en A Rúa, entre as que se indican a representación teatral de *A farsa das zocas*, a cargo de Teatro A Ruada o día 29 no Centro Cultural Avenida.

Aula Municipal de Teatro de **Sada**: *Express*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Alumnos do CEIP **Sanjurjo de Carricarte**: *Nadarín*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Nenos de **San Miguel de Sarandón**: *Un heroe na fraga*

Alumnos do CPR **Santa Teresa de Jesús**: *Pelosverdes*, dirección Pablo Silva

Ver MOTECES, XIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario

Alumnos do CPR **Santo Ángel**: *Aqueles anos...*, dirección Andrés Rodríguez Yáñez

Ver MOTECES, XIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario

Skene, do profesorado do IES Valle Inclán: *Sorpresa!*, dirección Manuel Solla

Escola Infantil de **Solbeira**: *A formiguiña quere ir a Belén*

Referencias varias:

- S. N., "Teatro y villancicos en Solbeira", *La Región*, "*Extra. Navidad en la provincia*", "Navidad en Paderne de Allariz", "Concello y escuela infantil", 22 decembro 2012, p. 19.

Informa das actividades infantís organizadas polo concello de Paderne de Allariz entre o 26 de decembro e o 2 de xaneiro. Ademais precisa, no á parte "Escuela", que no festival de Nadal, o alumnado da Escola infantil de Solbeira representou *A formiguiña quere ir a Belén* o día anterior, no local da asociación de veciños de Paderne.

Tantometén, grupo de teatro do IES Antón Fraguas: *Presas*: dirección de Gustavo G. Dieste

Referencias varias::

- Iñaqui Ramis, "Lo del IES Antonio Fraguas es puro teatro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 22 maio 2012, contracuberta.

Anúncianse varios dos premiados no Certame de Teatro Intercentros de Santiago de Compostela: *Cantiga de rúa*, polo IES Antonio Fraguas, unha obra inspirada no conto *Os músicos de Bremen*, e *Presas*, por Tatometén. Dise que acadaron o primeiro e segundo premio respectivamente.

Alumnos do CEIP **Tarrío** de Culleredo: *¡Oh, a guerra!*

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Tira e Afloxa: *Onde vai o cabalo de Santiago*

Fundación Educativa **Torre de Lemos**: *A pousadeira*, texto Carlo Goldoni, dirección Remedios Sánchez Estévez e Ana María Rodríguez Vázquez

Ver Monforte, XXIº Certame Municipal de Teatro para Centros de Ensino

Teatro **Trókele**, do IES Illa de Tambo: *O merlo branco*, texto Cándido Pazó, dirección Rosa Figueroa

Ver MOTESMO, XVIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Alumnos do IES **Universidade Laboral**: *É que ninguén foi nunca novo?*, dirección Matilde Vázquez

Ver MOTECES, XIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario

Vagalume Animación, grupo infantil (1): *A verdadeira historia de Mary Poppins*, adaptación de Javier Fraga, dirección de Mónica Liñares García

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Vagalume Animación, grupo cadete (2): *Unha de romanos*, dirección de Javier Fraga Pose e Mónica Liñares García

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Vagalume Animación, grupo adulto: (3) *Vagalum City*

Escola de Teatro de **Valga**: *A procura dos sentidos*

Aula de Teatro do CPI de **Vedra**: *Rúa dos soños*

Referencias varias:

- C. G., "El Aula de teatro del CPI de Vedra estrenó obra en Ourense", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 febreiro 2012, p. 32.

Dise que a Aula de Teatro do CPI de Vedra levou a escena a obra *Rúa dos soños* coa colaboración dos grupos de Palas de Rei e de Laxe no Teatro principal de Ourense.

Vilalba, Escola Municipal de Teatro: *O enfermo imaxinario*

Grupo de Teatro da Asociación Cultural **Vintureira**: *Ensalada de mosquito*

Alumnos da Escola Infantil **Xoaniña** de Salceda de Caselas: *Aghárrame esas piratas*

Referencias varias:

- C. Albarenga, "La solidaridas vecinal supera las previsiones del gobierno local", *Faro de Vigo*, "*Especial*", "Baixo Miño", "Louriñá", 29 decembro 2012, p. 5.

Detalla as iniciativas desenvolvidas dentro do programa solidario de alimentos do concello de Salceda, entre as que destaca a representación de *Aghárrame esas Piratas*, por parte do grupo de teatro da Escola infantil Xoniña, o día 15 no auditorio municipal. Precisa que a entrada consistiu na entrega dun alimento de Nadal non perecedoiro.

Escola de Teatro **Xosé María Pérez Parallé** (1): *As bruxas das penas de Montille*

Escola de Teatro **Xosé María Pérez Parallé** (2): *A lente marabillosa*

IES **Zabaleta-Grupo Lusco e Fusco**: *Aulularia*, texto Plauto

Ver Candilejas Don Bosco, XVº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

VII.3.3.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

VII.3.3.3.1 GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

Achádego Teatro (1): *As alegres comadres*

Achádego Teatro (2): *O tren dos tres merliños*

Teatro del **Andamio** (1): *Area e auga*, dirección Álvaro Guevara

Teatro del **Andamio** (2): *A verdadeira historia dos tres porquiños e o lobo feroz*, dirección Pablo Nojes

A nena e o grilo: *A nena e o grilo*

Artestudio (1): *Contos no ar*, texto e dirección Ramiro Neira.

Artestudio (2): *Valados*, dirección Xurxo Cortázar, texto Agustín Fernández Paz

Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Referencias varias:

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 25 febreiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Valados*, de Artestudio, no Teatro Pastor Díaz de Viveiro.

- D. R., "La Casa da Cultura apuesta por el teatro en su programa de primavera", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", 14 marzo 2012, p. 21.

Infórmase da representación na Casa da Cultura de Sada da peza *Valados*, a cargo de Artestudio.

Atrezzo Teatro: *Soños de igualdade*

Títeres **Babaluva** (1): *Cama e conto*

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Referencias varias:

- M. C., "Teatro y mucho más en el Auditorio Municipal de Ourense", *La Región*, *Press Club*, 27 xaneiro 2012, cuberta

Dáse conta daqueles espectáculos de índole cultural aos que subscritores do diario *La Región* conseguiron acceso gratuíto. Entre as representacións teatrais menciónanse *E. R. (algún día traballaremos xuntas)*, por Teatro do Atlántico, e *Cama e conto*, por Babaluva, esta última destinada ao público infantil.

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 21 outubro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da representación no Auditorio Hernán Naval de Ribadeo da peza *Cama e conto*, de Títeres Babaluva.

- ECG, "Espectáculo para toda a familia en la sala Zona C", *El Correo Gallego*, "Santiago", 10 novembro 2012, p. 28.

Dá conta da representación de *Cama e conto* a cargo de Babaluva, dentro do ciclo infantil Teatro&Danza. Precisa o argumento da peza e o prezo da entrada.

Títeres **Babaluva** (2): *Lume*, Texto Alberto Varela Ferreiro, dirección Mariza Basso

Títeres **Babaluva** (3): *Marusía*, dirección Tatán

Baobab Teatro (1): *Contos para un caldiño*, texto Andrea Bayer, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Baobab Teatro (2): *Fíos*

Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra
Ver En Familia
Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Referencias varias:

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 12 febreiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da representación de *Fíos*, a cargo de Baobab Teatro, no Teatro del Andamio da Coruña.

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 4 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Fíos*, de Baobab Teatro, no Cine Alovi das Pontes.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 26 abril 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da representación na Deputación de Lugo de *Fíos*, de Baobab Teatro, dentro dos actos da Semana do Libro.

Barafunda Animación (1): *As aventuras de Lila e Lolo*

Barafunda Cascanueces (2): *Maxia branca*

Berrobambán Teatro: *Bicharada*, texto Cris F. e Chiqui Pereira, dirección Evaristo Calvo

Referencias varias:

- J. Rodríguez, "Cultura por y para escolares", *La Voz de Galicia,* "La Voz de Santiago", "Patio de vecinos", 8 maio 2012, contracuberta.

Infórmase da representación de *Bicharada*, do grupo Berrobambán, no Auditorio Novacaixagalicia de Santiago.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 17 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Bicharada*, de Berrobambán Teatro, no Teatro Pastor Díaz de Viveiro.

- Sangiao, "Jornada de teatro por la conmemoración del Día do Neno", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 385, 21 novembro 2012, p. 7.

Informa que, para conmemorar o Día do Neno, o día anterior pola mañá, tivo lugar a representación da peza *Bicharada* no Teatro principal de A Estrada, á que acudiu alumnado de cinco e seis anos.

Títeres **Buratini**: *Marie e as estrelas*

Títeres **Cachirulo** (1): *A guerra das Galicsias*

Títeres **Cachirulo** (2): *Alicia no País das Marabillas*, texto Lewis Carroll

Títeres **Cachirulo** (3): *As aventuras de Pinoccio*, texto Carlo Collodi

Ver Galicreques, XVIIº Festival Internacional de Títeres
Ver Sábados en familia

Teatro de **Cadaquén**: *Jas*

Caramuxo Teatro (1): *Mensaxe sen botella*, dirección Olga Margallo

Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Referencias varias:

- Marta García Márquez, "Caramuxo Teatro estrearase na feira Fetén coa obra 'Mensaxe sen botella", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 12 xaneiro 2012, p. 12.

Infórmase da participación de Caramuxo Teatro na feira de teatro infantil de Xixón coa peza *Mensaxe sen botella*.

- Viviana Burón, "Caramuxo Teatro busca sitio en Europa", *La Opinión*, "A Coruña", 16 xaneiro 2012, p. 29.

Coméntase que a compañía coruñesa Caramuxo Teatro foi seleccionada para representar a Galicia en Fetén 2012, coa obra *Mensaxe sen botella*.

Caramuxo Teatro (2): *Glub, glub*, texto e dirección Juan Rodríguez.

Caramuxo Teatro (3): *Historia dunha semente*, texto e dirección Juan Rodríguez

Ver Ribadavia, XXVIIIª Mostra Internacional de Teatro de

Referencias varias:

- M. G. M., "De los Rosales a la estepa rusa", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 2 xaneiro 2012, p. 07.

Dise que Teatro do Andamio viaxará a Rusia para levar a escena a peza *A lingua das bolboretas*, unha historia en torno á Guerra Civil baseada no texto de Manuel Rivas. A seguir, coméntase a xira da compañía por Galicia unha vez de regreso e dise que representarán tamén *En construcción* en diversos auditorios. Para rematar, trátase a programación cultural de Los Rosales, na que se mencionan as representacións *Un corazón perfecto*, por Teterella Teatro, e *Historia dunha semente*, por Caramuxo, destinada ao público infantil.

- R. L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 21 xullo 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da representación na Praza do Toural de Santiago de Compostela da peza *Historia dunha semente*, a cargo de Caramuxo Teatro.

Caramuxo Teatro (4): *Pío*, dirección Juan Rodríguez e Laura Sarasola

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de
Ver En Familia

Referencias varias:

- Antón Ferreira, "Ocho espectáculos en seis meses para el Teatro de Tui", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Baixo Miño", 27 xaneiro 2012, p. 18.

Anúnciase a programación cultural do concello de Tui para o primeiro semestre do ano, que inclúe as representacións teatrais *Citizen 1*, de Chévere Teatro; *Tango*, de Sarabela Teatro; *Pío*, de Caramuxo Teatro, e *Tres no bambán*, de Espello Cóncavo, estas dúas últimas destinadas ao público infantil. A seguir, saliéntase tamén a celebración da IV Semana do Teatro Afeccionado de Tui.

- E. G., "Tui mantiene el nivel de su programa cultural en el primer semestre pese al menor presupuesto", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 27 xaneiro 2012, p. 16.

Coméntase a programación prevista para o primeiro semestre do ano no concello de Tui, con respecto ao que se salienta a súa calidade independentemente da crise económica. Dise que se levarán a escena as seguintes representacións: *Citizen 1 (maioría silenciosa)*, por Chévere Teatro; *Tango*, por Sarabela Teatro; *Pío*, por Caramuxo Teatro, e *Tres no bambán*, por Espello Cóncavo. Anúnciase asemade a IV Semana do Teatro Afeccionado de Tui.

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 28 xaneiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Pío*, de Caramuxo Teatro, no Teatro Pastor Díaz de Viveiro.

Caramuxo Teatro (5): *Zapatos*, texto Juan Rodríguez Santiago, dirección Montse Piñón e Pepablo Patinho

Ver Sábados en familia

Casahamlet: *Ratiña linda*, texto Manuel Lourenzo a partir de *Rata linda de Compostela*, de Bernardino Graña

Ver Sábados en familia

Títeres **Cascanueces** (1): *As aventuras de Tolín, o fillo do panadeiro*

Títeres **Cascanueces** (2): *O gran Ketumba Ketamba*

Títeres **Cascanueces** (3): *Un conto de sempre*

Centro Dramático Galego/O **Retrete de Dorian Gray**: *Rúa Aire*, coprodución, texto O retrete de Dorian Gray, dirección Jordi Farrés.

Clan de Bichos: *2015 Tempo Vital*

Danthea Teatro (1): *As aventuras de Polichinela e a galiña negra*

Danthea Teatro (2): *Carapuchiña Vermella ou o conto do lobo*, dirección Carlos Clemente Martínez Gallego e Anxo Rodríguez

Ver Sábados en familia

Danthea Teatro (3): *O espello de Francisquiña*, dirección Carlos Clemente Martínez Gallego

Ver Sábados en familia

Danthea Teatro (4): *Polichinela, titor de Pierrot*

Ver María José Jove, VIIIº Festival de Títeres
Ver Sábados en familia

Referencias varias:

- Jesús Trillo, “Música, teatro, magia, contacontos y obradoiros en la Navidad de Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 414, 20 decembro 2012, p. 7.

Comenta a programación cultural de Nadal do concello de Cee, da que salienta as representacións de *Polichinela Titor*, de Danthea Teatro; e *Peter Punk e o neno imperdible*, de Novo Circo.

- F.D., “Teatro infantil, cabalgatas e hinchables no pavillón”, *La Región*, “*Extra. Navidad en Valdeorras*”, “Navidad en A Rúa”, “Programa”, 20 decembro 2012, p. 15.

Detalla o programa de actividades infantís que se organizan en A Rúa, entre as que se indican a representación teatral da peza de monicreques *Polichinela, titor de Pierrot*, no Centro Cultural Avenida.

Diáfora Teatro: *O Facedor de Desexos*, versión de Alfredo Padilla e Sandra Iglesias do texto “El soplador de estrellas” de Ricardo Talento, dirección Jorge Rey

Duendesico Animación (1): *Elba, Marcos e os xoguetes encantados*

Referencias varias:

- M. T., “Teatro y coloquio sobre el maltrato a a mujer, hoy en Frades y Ordes”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 385, 21 novembro 2012, p. 6.

Refire que para conmemorar o Día contra a violencia de xénero a compañía Duendesico representará no CPI Pontecarreira de Frades a peza de títeres *Elba, Marcos e os xoguetes encantados*, dirixida á nenez entre catro e doce anos de idade.

Duendesico Animación (2): *Tolo conto de Nadal*

Referencias varias:

- J. M. R., “Corales, teatro, cine, malabares y obradoiros en Costa da Morte”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 423, 30 decembro 2012, p. 5.

Dá conta das actividades lúdicas e culturais que terán lugar na Costa da Morte antes do remate do ano 2012. Entre outras representacións teatrais, refire a da peza de títeres *Tolo conto de Nadal*, a cargo de Duendesico, no centro cultural de Baíñas (Vimianzo).

Duendesico Animación (3): *Tomasa, que che pasa?*

Elefante Elegante (1): *O forno*

Elefante Elegante (2): *Tristán, cara de Can*, texto François Kah, Gonçalo Guerreiro, Helene Gilbert e María Torres; dirección Gonçalo Guerreiro.

Espello Cóncavo: *Tres no bambán*, texto de Luigi Lunari, dirección de Arturo López

Referencias varias:

- Antón Ferreira, "Ocho espectáculos en seis meses para el Teatro de Tui", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana/Baixo Miño", 27 xaneiro 2012, p. 18.

Anúnciase a programación cultural do concello de Tui para o primeiro semestre do ano, que inclúe as representacións teatrais *Citizen 1*, de Chévere Teatro; *Tango*, de Sarabela Teatro; *Pío*, de Caramuxo Teatro, e *Tres no bambán*, de Espello Cóncavo, estas dúas últimas destinadas ao público infantil. A seguir, saliéntase tamén a celebración da IV Semana do Teatro Afeccionado de Tui.

- E. G., "Tui mantiene el nivel de su programa cultural en el primer semestre pese al menor presupuesto", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 27 xaneiro 2012, p. 16.

Coméntase a programación prevista para o primeiro semestre do ano no concello de Tui, con respecto ao que se salienta a súa calidade independentemente da crise económica. Dise que se levarán a escena as seguintes representacións: *Citizen 1 (maioría silenciosa)*, por Chévere Teatro; *Tango*, por Sarabela Teatro; *Pío*, por Caramuxo Teatro, e *Tres no bambán*, por Espello Cóncavo. Anúnciase asemade a IV Semana do Teatro Afeccionado de Tui.

Expresión Producións: *Uxío no país de patadecabra*, dirección Marina López e Manuel Solla

Títeres **Falcatrúa**: *O espírito do bosque*, texto e dirección Esteban Losada

Ver Sábados en familia

Referencias varias:

- C. B., "Títeres e teatro en galego en Padrón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Sar", 13 xullo 2012, p. 31.

Infórmase que a compañía Títeres Falcatrúa levará á escena en Padrón a peza *O espírito do bosque*.

Fantoches Baj (1): *Contos do demo*

Fantoches Baj (2): *Fábula galénica*

Galitoon (1): *Golulá*, texto e dirección Andrea Bayer.

Galitoon (2): *Os limóns de dona Alicia*

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Referencias varias:

- M. S., " La obra 'Os limóns' recuerda a Luis Seoane en Ames", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 febreiro 2012, p. 31.

Infórmase da representación na Casa da Cultura do Milladoiro (Ames) da peza *Os limóns de dona Alicia*, por parte da compañía Galitoon.

Galitoon (3): *Rosalía, a pulga que escribía*, texto Andrea Bayer, dirección Santiago Alonso, Andrea Bayer e Luis Miguel Rodríguez

Ver Escena en familia

Geppetto, Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense: *O manuscrito*, texto e dirección Elena Seijo

Ver MITEU, XVIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Referencias varias:

- X. C. V., "El Auditorio tendrá 14 días de actividad en abril, con teatro, danza o música", *El Progreso*, "Lugo", 28 marzo 2012, p. 10.

Destácase a programación cultural que terá lugar no mes de abril no auditorio municipal de Lugo. No referente ao teatro dise que participarán Santiago Cortegoso, con *A filla de Woody Allen*; Volta e Dálle, con *Menciñeiros*, e a Aula de Teatro Universitario de Ourense, Geppetto, con *O manuscrito*.

Teatro dos **Ghazafelhos** (1): *Contos para escagarriñarse*

Teatro dos **Ghazafellos** (2): *Frankenstein*

Teatro dos **Ghazafelhos** (3): *Non é país para cabaleiros*

Teatro dos **Ghazafelhos** (4): *O país dos mandóns*, texto Paloma Rodríguez e Cristina Justo

Katarsis: *Grande, máis grande*

Ver MOTI, IXª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

A **Loca Motora** (1): *Carlota e Marieta dan a volta ao planeta*

A **Loca Motora** (2): *Carlota e Marieta van en avioneta*

A **Loca Motora** (3): *O tenderete da cachifallada*

Cía. **Malabaranda**: *Residuo*

Manicómicos: *Aparente-Mente*

Referencias varias:

- S. S., "Manicómicos trae a Serra de Outes el espectáculo teatral 'Aparente-Mente", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 366, "Cultura", 2 novembro 2012, p. 6.

Dá conta da representación de *Aparente-Mente* ao día seguinte na casa de cultura de Outes. Indica que esta peza é resultado do traballo desenvolvido o curso pasado polo grupo de creación escénica que leva a cabo o programa de formación teatral da asociación coruñesa Manicómicos. Remata precisando que a peza se dirixe a maiores de catorce anos e o tempo que durará a posta en escena.

Teatro do **Mar** (1): *Xoana sen medo*

Teatro do **Mar** (2): *Unha axencia de viaxes un tanto espacial*

Matapiollos: *A rebelión dos monicreques*

MatresKa Teatro: *O guiso*, dirección Mónica Sueiro

Migallas Teatro (1): *¡Canta connosco!*, guión e dirección de María Campos e Carlos Yus.

Migallas Teatro (2): *Un avó especial*

Referencias varias:

- Suso Souto, "Agadea acerca os rapaces ó Alzheimer a través do teatro", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 358, "Ribeira", 25 outubro 2012, p. 6.

Informa da representación d'*Un avó especial* por parte da compañía Migallas Teatro, grazas á organización Agadea (Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer) e o concello de Ribeira. Explica que a escenificación se celebrará esa mañá no auditorio municipal de Ribeira coa intención de facer comprender esa enfermidade dende un enfoque positivo, incidindo nos momentos de ledicia compartidos entre eses enfermos e a nenez.

Teatro do **Miolo**: *Animaliños*

Referencias varias:

- Yoana Salgado, "A Guarda disfruta de días de fiesta llenos de ilusión, música, teatro y deportes", *Faro de Vigo*, "*Especial*", "Baixo Miño", "Louriñá", 28 decembro 2012, p. 2.

Precisa que o concello de A Guarda preparou actividades variadas para o Nadal, entre as que informa, no complemento da noticia "Programa festivo", da representación teatral de *Animaliños*, a cargo de Teatro do Miolo o día 3 de xaneiro no Centro Cultural. Indica que este peza está protagonizada por Esquío, Volvoreta, Parrulo e Serpe, que acoden ao casting que convocou o lobo Baldomero para decidir quen actúa no festival do bosque.

Monicreques de Kukas: *Andainas dun monicreque*, texto Marcelino de Santiago "Kukas", dirección Isabel Rey Pousada

Teatro do **Morcego**: *O gato manchado e a andoriña siña*, texto Jorge Amado, dirección José Luís Prieto

Referencias varias:

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 25 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da representación da peza *O gato manchado e a andoriña siña*, de Teatro do Morcego, no Auditorio Hernán Naval de Ribadeo.

- Víctor Castro, “Teatro do Morcego actuará esta tarde en Sada”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 27 abril 2012, p. 20.

Fálase da representación, por parte da compañía Teatro do Morcego, da obra de Jorge Amado *O gato manchado e a andoriña siñá*, no auditorio da Casa da Cultura de Sada.

- RCG, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 25 novembro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, faise referencia á representación da obra *O gato manchado e a andoriña siña*, de Teatro do Morcego, no Auditorio de Ourense.

- MVI, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 8 decembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena da obra *O gato manchado e a andoriña siña*, de Teatro do Morcego, no Teatro Pastor Díaz de Viveiro.

- F. D., “Cine infantil, teatro e deporte”, *La Región*, “*Extra Navidad en Valdeorras*”, “Navidad en O Barco”, “Programa”, 20 decembro 2012, p. 2.

Entre outras actividades, saliéntase a posta en escena desta obra.

Teatro de **Ningures**: *Cómicos dell’auto*

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Teatro do **Noroeste**: *Piratas*, texto e dirección Eduardo Alonso

Ver Escena en Familia

Referencias varias:

- A. I. S., “Piratas’ de Teatro do Noroeste en la Fundación Autor”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Arteria Noroeste”, 10 novembro 2012, p. 29.

Refire que a compañía Teatro do Noroeste escenificará a comedia *Piratas*, da autoría de Eduardo Alonso, hoxe e mañá, dentro do ciclo Escena en Familia. Precisa o horario das funcións teatrais e o custo da entrada.

Pablísimo: *Contos con ovos*

Palimoco Teatro: *Queres que cho conte?*

Os **Palimoquiños**: *Os miserables*

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Referencias varias:

- Ángeles F. Maira, "Unha arte que se fai máis visible", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Tempo de lecer", 28 xaneiro 2012, pp. 1-2.

Menciónase a posta en escena da peza *Os miserables*, a cargo d'Os palimoquiños, no Círculo das Artes de Lugo.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 16 xuño 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da representación na casa da cultura de Quiroga da peza *Os miserables*, a cargo da compañía Os Palimoquiños.

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 11 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Os miserables*, dos Palimoquiños, no Teatro Hernán Naval de Ribadeo, dentro do programa Buxiganga.

Panamesiana Teatro: *Oh, que bonito é Panamá!*, texto Janosch, dirección Petra Hofmann

Pés Ceibes: *Pin Pam*

Peter Punk (1): *A chungatrona*

Ver Festival de Clown de Lugo

Referencias varias:

- Olalla González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 29 agosto 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena na Praza da Quintana de Santiago de Compostela do espectáculo *A chungatrona*, de Peter Punk.

Peter Punk (2): *Peter Punk*

Ver Festival de Clown de Lugo
Ver Vilagarcía dá risa

Pinga Teatro (1): *Contos que van e veñen*

Pinga Teatro (2): *O bufón do reino*, texto e dirección Miguel Condal

Ver Sábados en familia

Recensións:

- Manuel Beceiro, "Divertido espectáculo de The Pinga en el que un rey pierde voz y alegría hasta que aparece una bufona", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por Aí", 27 xaneiro 2012, p. L8.

Dise que no marco da programación "Escena en familia" se levará a cabo a representación *O bufón do reino*, por The Pinga Teatro, e achégase o argumento, un rei que queda mudo até que aparece na súa vida unha bufona.

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 17 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *O bufón do reino*, de Pinga Teatro, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

Pinga Teatro (3): *O recuncho dos contos*

Pinga Teatro (4): *Unha rosa no xardín*

Compañía **Pista Catro** Productora de Soños: *Ringorrango*

Ver MOTI, IXª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Referencias varias:

- R. L., “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 11 xullo 2012, p. 54.

Entre outras actividades, infórmase da representación nos xardíns da Deputación de Lugo da peza *Ringorrango*, de Compañía Pista Catro Productora de Soños, no marco dos Mércores Miúdos.

Os **Quinquilláns** (1): *Arrieir@s*, texto Lucho Penabade, dirección Teresa Rodríguez e Lucho Penabade

Ver Ribadavia, XXVIIIª Mostra Internacional de Teatro de

Os **Quinquilláns** (2): *A maxia e a menciña popular*

Os **Quinquilláns** (3): *Merlín*, texto Lucho Penabade, dirección Tero Rodríguez e Lucho Penabade

Referencias varias:

- C. A., “Quinquilláns Teatro presenta la obra Merlín el domingo en el Carmen Estévez”, *El Progreso*, “*A Chaira*”, 19 setembro 2012, p. 19.

Sinálase a próxima representación da obra *Merlín*, do grupo Os Quinquilláns no Auditorio Carmen Estévez de Vilalba, así como a información sobre o prezo das entradas e o lugar onde mercalas.

- J. M. R., “Os Quinquilláns Teatro presentan en la villa ceense su obra ‘Merlín”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 339, “Cee”, 6 outubro 2012, p. 6.

Sinálase a próxima representación da obra *Merlín*, do grupo Os Quinquilláns, no salón de actos do Concello de Cee.

- S. Souto, “Semana de cine, pinturas y teatro en el auditorio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 356, “Rianxo”, 23 outubro 2012, p. 6.

Sinálase a próxima representación da obra Mer*l*ín, do grupo Os Quinquilláns, no Auditorio Municipal de Rianxo como parte da programación cultural do concello.

Os **Quinquilláns** (4): *No fondo do mar*, texto e dirección Lucho Penabade

Redrum Teatro: *Moito conto*, dirección Álex Sampayo e texto Álex Sampayo, Guillermo Carbajo e Tamara Canosa

Sarabela Teatro: *Konrad ou o neno que saíu dunha lata de conservas*, texto Christine Nöstlinger, dirección Ánxeles Cuña

Referencias varias:

- Ramón González, "Ángel Corella e Sarabela Teatro, apostas para dinamizar o Gustavo Freire", *EL Progreso*, "Vivir", "Cultura", 13 xaneiro 2012, p. 50.

Tras comentar as actividades que se desenvolverán no Auditorio Gustavo Freire de Lugo de cara a dinamizar o espazo, dise que Sarabela contribuirá a tal efecto coa posta en escena de *Tango* e *Konrad*, esta última para os máis pequenos. Achégase brevemente o argumento, pois dise da primeira que é unha sátira sobre a crise económica e da segunda unha obra para toda a familia que trata certos aspectos sobre a educación.

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 22 xaneiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Konrad ou o neno que saíu dunha lata de conservas*, de Sarabela Teatro, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

Títeres **Seisdedos**: *O galo Quirico e os seus amigos*, dirección Anxo García

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Os **Sete Magníficos + 1**: *Dous paiasos en apuros*

Referencias varias:

- Olalla González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 28 agosto 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á posta en escena na Praza da Quintana de Santiago de Compostela da obra *Dous paiasos en apuros*, a cargo da compañía Os Sete Magníficos+1.

Talía Teatro: *Carta urxente para Máximo Toxo*, texto e dirección Diego Rey

Referencias varias:

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 3 marzo 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da peza *Carta urxente para Máximo Toxo*, de Talía Teatro, no Teatro Pastor Díaz de Viveiro.

Tanxarina Títeres (1): *Contaloucos*

Ver María José Jove, VIIIº Festival de Títeres

Tanxarina Títeres (2): *Os Narigudos*, texto Terry Jones, dirección Cándido Pazó

Ver Cangas, XXIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Referencias varias:

- AGN, "A Cidade da Cutura ponlles música, teatro e obradoiros ás fins de semana do mes de marzo", *El Progreso*, "Galicia", 7 marzo 2012, p. 29.

Dáse conta da representación da peza *Os narigudos*, de Tanxarina Títeres, na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Tanxarina Títeres (3): *Titiricircus*, texto e dirección Tanxarina

Ver Cangas, XXIXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo
Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Tanxarina Títeres (4): *Trogloditas*, dirección Evaristo Calvo

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Referencias varias:

- Luis P. Ferreiro, "Una nueva sede para la programación", *La Opinión*, "A Coruña", 2 febreiro 2012, p. 11.

Coméntase que o Fórum Metropolitano da Coruña acollerá a representación da peza *Trogloditas*, de Tanxarina Títeres.

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 12 febreiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena de *Trogloditas*, de Tanxarina Títeres, no Auditorio de Ribadeo.

- Gemma Malvido, "Comedia, títeres, monólogos, jazz y danza reinauguran el teatro Colón", *La Opinión*, "A Coruña", 30 maio 2012, p. 8.

Anúnciase o calendario para as novas actuacións no Teatro Colón despois do cambio de xestores. Entre as obras previstas atópanse: *El tipo de la tumba de al lado*, *Trogloditas*, *O día no que empecei a odiar os iogures* e *Teño días*.

- Noelia Díaz, "Os trogloditas toman a cidade", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 16 xuño 2012, p. 10.

Fálase da obra "Trogloditas", de Tanxerina Teatro. Coméntase en que consiste a historia e os escenarios en que se representou.

- B. L. F., "Tanxarina llena la Praza de Galicia de trogloditas", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 22 agosto 2012, p. 8.

Coméntase a representación da Praza de Galicia de Vilagarcía de Arousa do espectáculo *Trogloditas*, de Tanxarina Títeres.

- Camilo Franco, "Que xente simpática", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Vai por aí", "Teatro", 27 decembro 2012, p. 27.

Breve reflexión sobre a trama que aborda a peza *Trogloditas*, da compañía Tanxarina Títeres, da que precisa que está ambientada "cando as vivendas non tiñan licenza de ocupación e para saír da casa non había que abrir portas" e cando a vida era máis sinxela. Puntualiza que os personaxes discuten e tratan situacións da sociedade actual.

Tarabelos (1): *Canción de Nadal*, texto Charles Dickens

Tarabelos (2): *Sabela e o paxaro máxico*, texto Esteban Acuña

Tarabelos (3): *O primeiro día do Nadal*, texto Charles Dickens

Teatro en Punto: *Merenda de libros*

Teatrovador (1): *Bom & Villa*

Teatrovador (2): *A lenda do flautista máxico*

Titiritempo Títeres: *A illa do tesouro*

Ver Vilagarcía dá risa

Títeres **Tres Globos** (1): *A Caraporquiña Vermella*

Títeres **Tres Globos** (2): *O parrulo feo*

Ver Sábados en familia

Títeres **Tres Globos** (3): *O sapo encantado*, adaptación de Xan Pérez

Ver Titereneno

Títeres **Tres Globos** (4): *Pedro e o Lobo, singular versión*, texto e dirección Xan Pérez

Ver Sábados en familia

Títeres **Trompicallo**: *O día que chegou unha nube e choveu*, texto Marian González e Luís González, dirección Luís González.

Referencias varias:

- C. G., "Obra teatral no Museo de Galicia sobre o valor da auga", *El Correo Gallego*, "Santiago", 29 abril 2012, p. 24.

Fálase do espectáculo teatral *O día que chegou unha nube e choveu*, que tivo lugar no museo da Cidade da Cultura con motivo da celebración do Día da Terra.

A **Tropa de Trapo** (1): *A viaxe das palabras*

A **Tropa de Trapo** (2): *Contos coas mans abertas*

Viravolta Títeres (1): *Cando chove e raia o sol*

Ver Titereneno

Viravolta Títeres (2): *O paxaro de lume*

A **Xanela do Maxín** (1): *A Caixa de Nuk*

A **Xanela do Maxín** (2): *A Pequena Lúa*, texto Celtia Figueiras de Luis Vallecillo, dirección Luis Vallecillo

Ver Brión, XVº Festival de Títeres de

Referencias varias:

- ECG, “Marionetas para toda la familia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “SGAE”, 17 novembro 2012, p. 40.

Indica que A Xanela do Maxín representou *A Pequena Lúa* o día anterior na sala Fundación Autor. Explica que esta peza transmite tenrura, respeto e solidariedade.

A **Xanela do Maxín** (3): *Contos dende a xanela*

Ver Galicreques, XVIIº Festival Internacional de Títeres

A **Xanela do Maxín** (4): *O rei destronado*

VII.3.3.3.2 GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS E AGRUPACIÓNS VARIAS

Alumnos da **Escola Superior de Arte Dramático**: *Lela anda en bicicleta*, texto Carlos Casares, dirección Ricardo Solveira.

Hipócrita Teatro: *Unha historia con pau*, dirección Carlos Rebolo

Ver Buxiganga, Circuítos 2012

Referencias varias:

- Arsenio Coto, "La segunda huelga del año", *El Progreso*, 12 novembro 2012, p. 5.

Entre outras cousas, saliéntase a posta en escena desta obra de Hipócrita Teatro.

- MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 18 novembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á representación da peza *Unha historia con pau*, a cargo de Hipócrita Teatro, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

- MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 16 decembro 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da posta en escena da obra*Unha historia con pau*, de Hipócrita Teatro, no Centro social de Fingoi (Lugo).

VII.4. CÓMIC

VII.4.1. GALEGOS

Cráneo, Manel, *A Torre dos Mouros*, A Coruña: Demo Editorial, col. Eumedievo, n.º 2, [lectorado mozo], novembro 2012, 14 pp. (ISBN: 978-84-940349-3-0). ■

Este volume de banda deseñada de Manel Cráneo (A Coruña, 1973) edítase co obxectivo de divulgar os achados e as hipóteses da intervención arqueolóxica realizada na Torre dos Mouros, promovida polo Concello de Carnota coa participación da Universidade de Santiago e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Na historia ofrécese unha interpretación de como era a vida nesa fortaleza no século X, cando se considera que se construíu esa torre de defensa, a través de personaxes carnotáns ficticios que viven en tempos escuros e difíciles e sobre os que pende a ameaza duns destrutivos dragóns.

Referencias varias:

- Diego Ameixeiras, "Planetas que aínda resisten", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 492, "1280 almas", 10 novembro 2012, p. 8.

Repaso pola traxectoria do debuxante Manel Cráneo que atende tamén á súa faceta de editor en Demo Editorial dende 2008. Salienta a presenza na súa obra de contidos *underground* e alude aos seus traballos no eido da música que, segundo sinala, estarán presentes na próxima publicación: *A torre dos mouros.*

- M. Carmen Suárez, "A Torre dos Mouros en cómic", *La Opinión*, "La gran Coruña", 11 novembro 2012, p. 15.

Cualifica *A torre dos mouros* de Manel Cráneo como un proxecto sen precedentes en Galicia ao se basear nunha historia de ficción que presenta unha hipótese histórica e arqueolóxica sobre o posible uso da fortaleza que lle serve de título. Indícase que o debuxante recrea os personaxes da Carnota do século X e a súa vida cotiá e que o proxecto conta coa colaboración da Consellería de Educación e Cultura.

Cráneo, Manel, *Cousas de mortos*, A Coruña: Demo Editorial, col. ÄinöS, n.º 2, [mocidade], 2012, 63 pp. (ISBN: 978-84-940349-0-9).

Recompilación de catorce historias curtas de Manel Cráneo (A Coruña, 1973) dadas a coñecer en revistas e fanzines, que comparten o feito de xiraren ao redor da morte e cuxos protagonistas son esqueletos que reproducen os comportamentos dos vivos. As historias abórdanse en clave de humor negro e retranca, en ton dramático ou filosófico e retoman asuntos do pasado, como a emigración en "O morto de malos aires", e tamén da actualidade, como acontece en "Antístenes morto" ou "O home que salvou o mundo", arredor da crise social.

Referencias varias:

- ECG, “Manel Craneo lanza ‘Cousas de mortos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Cómic”, 15 agosto 2012, p. 42.

Sinálase o lanzamento da recompilación de historias curtas do debuxante Manel Cráneo, *Cousas de mortos*, editado por Demo Editorial.

- Rubén Santamarta, “A risa da caveira”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 498, 22 decembro 2012, p. 7.

Breve nota na que se incide no carácter polifacético de Manel Cráneo e se dá a coñecer a súa nova publicación, *Cousas de mortos*, recompilación de traballos dispersos arredor da morte.

Fernández Serrano, Jacobo, *Marcopola a illa remeira. 1. As orixes de Marcopola*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín cómics, n.º 1, [lectorado autónomo], outubro 2012, 54 pp. (ISBN: 978-84-9914-442-9).

Jacobo Fernández Serrano (Vigo, 1971) inaugura con este título unha colección de cómics para lectorado autónomo que se desenvolve na pequena illa de Marcopola, que se sente moi soa e aburrida por estar no medio do océano. Todo muda o día que atopa un remo grazas ao cal se converte nunha illa viaxeira disposta a percorrer o mundo. Na súa primeira travesía coñece o aviador Libro, ten que se enfrontar á terríbel serpe Demoneta e devólvelle o remo ao xigante Serafín.

Referencias varias:

- Jacobo Fernández Serrano, “Marcopola”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 10 novembro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Marcopola a illa remeira 1. As orixes de Marcopola*, escrita e ilustrada por Jacobo Fernández Serrano.

- Olalla Sánchez, “Iniciación ao cómic infantil”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 498, 22 decembro 2012, p. 3.

Breve nota na que se informa da aparición de *Marcopola. A illa remeira*, de Jacobo Fernández Serrano, que se presenta como a primeira entrega dunha serie que serve de iniciación ao cómic para os máis pequenos. Destaca o dinamismo e a fluidez das imaxes e a expresividade dos personaxes.

Inacio (guión) e Iván **Suárez** (debuxos), *Castelao. O pobre tolo*, A Coruña: Demo Editorial/Kómic Librería, col. Castelao, n.º 1, [mocidade], maio 2012, 60 pp. (ISBN: 978-84-936993-9-0).

Co guión de Inacio (Lalín, 1974) e mais os debuxos de Iván Suárez (Santiago de Compostela, 1973), abórdase en *O pobre tolo* a primeira entrega autoconclusiva da colección dedicada á ofrecer unha versión en cómic da biografía de Afonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950). Cun título tirado dun libro do escritor portugués Teixeira de Pascoaes, a historia céntrase na etapa de desterro que Castelao, funcionario do Servizo Nacional de Estatística, pasou en Badaxoz entre 1934 e 1935 polo castigo represivo que recibiron os funcionarios por parte do presidente do goberno español Alejandro Lerroux tras ser proclamado o estado catalán dentro da República Federal. Castelao sofre a morriña pola súa terra nunha cidade fría e húmida e vese incapaz de traballar, pero en soños recupera lembranzas que utilizara nos seus relatos e coñece a pobreza das xentes de Estremadura. A trama conclúe coa comunicación da fin do desterro en agosto de 1935, mentres Castelao está de vacacións en Pontevedra e mais con referencias ao golpe de estado do xeneral Franco en 1936, ao fusilamento de Alexandre Bóveda e ás dilixencias de apropiación dos bens e pertenzas do rianxeiro en febreiro de 1937.

Referencias varias:

- Alberto Leyenda, "Un cuarto de siglo vendiendo historietas", *El País*, "*Galicia*", 17 abril 2012, p. 6.

Fálase dos acontecementos que organiza a libraría Komik, en Santiago de Compostela, con motivo do seu 25 aniversario. Entre eles, saliéntase a publicación deste cómic de Inacio Vilariño e Iván Suárez, que forma parte dunha biografía sobre Castelao.

- Pachu M. Torres, "La celebración será presentada por Rubín y Cráneo", *ABC*, "*Artes & letras*", n.º 40, "Cómic", 28 abril 2012, pp. 4-5.

Acóllese unha entrevista a Xosé Barreiro, propietario, xunto á súa esposa Ana Manteca, da libraría Komik, en Santiago de Compostela. Dáse conta das actividades que se organizan con motivo do 25 aniversario da tenda e das publicacións que editan, entre elas esta obra.

- I. Ramis, "Aniversario de Komic", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 4 maio 2012, contracuberta.

Fálase da presentación desta obra na libraría Komik, en Santiago de Compostela. Anúnciase a inauguración da exposición das páxinas orixinais da obra.

- M. Mato, "Castelao revive su vida en cómic", *Faro de Vigo,* "Sociedad", 11 maio 2012, p. 47/ "Castelao revive en cómic", *La Opinión*, "Cultura", 13 maio 2012, p. 70.

Sinálase que esta obra forma parte dunha serie de oito libros e explícase que relata parte da vida de Castelao.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 6 xuño 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na FNAC da Coruña.

Inacio e Iván **Suárez**, *Titoán*, VII Premio de Banda Deseñada Castelao, A Coruña: Demo Editorial, col. Castelao, n.º 2, [mocidade], agosto 2012, 63 pp. (ISBN: 978-84-940349-1-6). ■

Co guión de Inacio (Lalín, 1974) e mais os debuxos de Iván Suárez (Santiago de Compostela, 1973), abórdase en *Titoán* a segunda entrega desta serie dedicada a recrear a biografía de Afonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950). A historia arranca a finais de outubro de 1918, coa reincorporación de Castelao ao seu posto na Oficina Nacional de Estatística en Pontevedra, tras botar un mes en Rianxo para colaborar na curación da veciñanza por mor da epidemia de gripe. Nunha viaxe de Pontevedra a Praceres, Castelao lembra anécdotas relacionadas coa súa temperá afección pola caricatura, entre elas, a que articula toda a trama, a centrada no cabezudo que fixo para as festas da súa vila tomando como modelo un home cun nariz cheo de espullas, o Titoán, que se enfadou moito polas burlas que suscitou o boneco en Rianxo a causa do seu gran parecido. Mais este anoxo pasou xa ao ano seguinte, en 1908, cando Castelao bateu co Titoán nas festas da Guadalupe e recoñeceu no cabezudo o seu irmanciño, e, de feito, fixo nacer unha grande amizade e respecto. A historia retoma tamén outros personaxes e aspectos da época e da vida do rianxeiro, como o escaso gusto que Castelao sentía pola medicina e a súa inclinación pola arte, a súa colaboración en *El Barbero Municipal*, o eco das súas primeiras exposicións en Madrid, o seu matrimonio con Virxinia ou a súa operación de desprendemento de retina.

Referencias varias:

- Óscar Iglesias, "Se o cómic falara", *El País*, "*Galicia*", 17 febreiro 2012, p. 8.

Coméntase a xénese deste cómic e indícase que se insire dentro dun proxecto que abrangue a vida enteira de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

- N.M., "De Castelao apaixóname a súa vida atribulada e exposta", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 17 novembro 2012, contracuberta.

Breve nota na que Inacio Vilariño, coautor do álbum *Titoán* canda Iván Suárez, indica que a proposta se constrúe sobre o relato "Peito de lobo" de Castelao, unha figura que o seduce pola súa vida chea de paixón, forza e múltiples acontecementos.

López, Álvaro (guión) e Luís **Sendón** (debuxos), *Sálpock. O val dos cegos*, finalista VII Premio de Banda Deseñada Castelao 2011, A Coruña: Demo Editorial, col. HäinöS, n.º 1, [mocidade], abril 2012, 56 pp. (ISBN: 978-84-936993-7-6).

Primeira entrega dunha saga futurista con guión de Álvaro López (A Coruña, 1977) e debuxos de Luis Sendón (A Coruña, 1981), dedicada "A quen me inspira, me axuda e me le. Bicos", "A María, porque o teu sorriso é o que me dá forza para coller o lapis todos os días". A historia desenvólvese no ano 4682 no planeta Zakfart onde aterra o protagonista, Sálpock, caído das estrelas. Alí medra sometido e escravizado ao poder de Kavros, entre a desesperanza e o medo da xente, controlada por un colar que estoupa

cando algún deles trata de escapar. Pasados uns anos, Sálpock é escollido para formar parte do sanguinario espectáculo dos loitadores do pozo, que pelexan na area para divertir o resto dos mineiros. Mais un día decide escapar e tras moitos perigos e logo de coñecer outra maneira de vivir lonxe da escravitude e tamén o amor, logra liberar a xente da mina do val dos cegos.

Referencias varias:

- RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 27 maio 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra en Expocoruña.

Marcos, Ramón (guión e debuxos) e Jorge **Castelli** (cor), *Operación mascota*, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado autónomo], 2012, 64 pp. (ISBN: 978-84-941109-5-5).

Segunda entrega da serie "Silvana, a filla do explorador", creada polo debuxante Ramón Marcos (Lugo, 1962). A protagonista, unha rapaza intrépida e bulideira viaxa nesta ocasión co seu pai, o famoso explorador Jorge Baena, e mais coa súa amiga Miranda á selva de Santaflorida, un pequeno país situado entre Brasil e a Arxentina. O que en principio se presenta como unha expedición rutineira e aburrida, axiña se converterá nunha trepidante pescuda na que interveñen traficantes de animais e un director de cinema cunha estraña afección, e que conclúe coa descuberta dunha nova especie de réptil chamada a revolucionar o mundo científico.

Seijas, Antonio (guión e debuxos), *Cartas de inverno*, limiares do autor e de Agustín Fernández Paz, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Novela gráfica, [lectorado mozo], outubro 2012, 98 pp. (ISBN: 978-84-9914-443-6).

Versión en banda deseñada da novela homónima de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947). A edición ábrese cunha carta de Antonio Seijas (Ares, 1976) ao lectorado, na que explica como se produciu o seu primeiro contacto coa novela, tras recibir a encarga de realizar a cuberta para a nova edición de 2007. Indica que quedou seducido por unha historia de ambiente tan lovecraftiano e cunha localización tan próxima ao seu lugar de nacemento e que a partir de entón comezou a barallar a idea de adaptala á banda deseñada. A seguir, inclúese un texto de Fernández Paz, "Unha nova mirada", no que declara a súa afección polos cómics, como coñeceu a Antonio Seijas en 2007 no xurado do Premio Castelao de Banda Deseñada, e como recibiu a idea da adaptación da súa novela con ilusión. O traballo de Seijas caracterízase pola súa fidelidade ao texto orixinal. Así, mantén a estrutura epistolar da novela, os personaxes e gran parte dos seus diálogos, e transforma en imaxes os ambientes e localizacións deste relato de misterio, utilizando decontino elipses narrativas e xogando coa montaxe das viñetas. A trama céntrase no que lle acontece ao escritor Xavier Louzao cando regresa dunha viaxe e atopa as cartas que o seu amigo Adrián lle escribiu durante a súa ausencia. Nelas, vaille relatando os enigmas nos que se ve envolto dende que mercou unha casa en Doroña, Vilarmaior. Intrigado pola sorte de Adrián, Xavier acode á casa e unha vez alí queda

atrapado el tamén nunha espiral de misterios. Nas imaxes predominan as cores escuras. Os fondos son negros e as viñetas teñen gran liberdade de deseño: hainas grandes, superpostas, moi pequenas, páxinas enteiras, letras que se tornan imaxes, etc. Son debuxos con personaxes misteriosos e escenas lúgubres para ilustrar unha historia estraña. A técnica empregada para facer os debuxos é a pintura pero algunhas viñetas presentan só debuxos a liña.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Unha acertada proposta", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura*", n.º 438, "Libros", 13 decembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 390, 22 decembro 2012, p. 6.

Indica que a adaptación ao cómic da novela *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz, realizada por Antonio Seijas, engade novas significacións ao texto sen o desposuír do seu alento orixinal. Recoñece que potenciou as "tinturas lovercraftiás" e que recorreu a unha paleta de cores baseada nos azuis, negros e grises para incidir no terror e a tensión. Valora así mesmo o acerto da secuenciación narrativa.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "A narrativa curta domina o outono literario en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 setembro 2012, p. 27.

Dáse conta das novidades narrativas do outono, entre as que se atopa *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz.

- Ana Baena, "O best seller galego 'Cartas de inverno' chega á viñeta", *Atlántico Diario*, "Vigo", 2 novembro 2012, p. 11.

Coméntase o grande éxito da novela de Fernández Paz *Cartas de inverno*, que se cualifica de "supervendas da literatura galega de terror que vai pola edición número 29 e supera os 84.000 exemplares vendidos", con motivo da súa versión en banda deseñada realizada polo debuxante Antonio Seijas. Este manifesta que se sentiu cativado pola novela dende que a leu e que quixo ser fiel ao orixinal apostando por unha estética gótica e escura para reflectir a soidade e o medo.

- M. J. Rico, "Antonio Seijas publica unha versión gráfica da novela "Cartas de inverno", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 27 novembro 2012, p. 14.

Recóllense as declaracións do debuxante aresán Antonio Seijas tras presentar a súa adaptación ao cómic de *Cartas de inverno*, a novela de Fernández Paz. Nelas sinala o seu desexo de facer unha versión fiel ao orixinal e as dificultades para trasladar a imaxes a trama da novela. Apunta tamén que para debuxar a casa se inspirou nun edificio de indianos de San Martiño do Porto en Cabanas.

- Mar Mato, "La exitosa novela gallega "Cartas de inverno" ve la luz en un cómic de Seijas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 decembro 2012, p. 37.

Recóllese a nova de que *Cartas de inverno*, de Fernández Paz renace en viñetas pola adaptación á banda deseñada que realizou Antonio Seijas. Apúntase que a novela conta con 29 edicións dende 1995, ademais de estar traducida a diferentes linguas e reprodúcense algunhas palabras de Seijas nas que destaca que dende que leu a historia pensou en adaptala e que o proceso resultou complexo pola estrutura epistolar do texto.

- Lourdes Varela, "A ambición de escribir a mellor novela sempre está aí", *Faro de Cultura*, n.º 437, "Entrevista", 6 decembro 2012, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 389, 15 decembro 2012, p. 7.

Entrevista a Agustín Fernández Paz na que, entre outros asuntos, comenta que acolleu con agrado a proposta de Antonio Seijas para adaptar *Cartas de inverno* e cita as novelas súas que elixiría para converter en película. Cre que a ambición de escribir a novela da nosa vida sempre está aí e agradece a distinción que lle vén de conceder a Universidade de Vigo.

VII.4.2. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

Bendis, Brian Michael (guionista) e Ángel **Medina** (debuxos), *Sam e Twitch. O inicio do caso Udaku* (ISBN:978-84-939962-0-8)/ *Sam e Twitch. O final do caso Udaku* (*Sam & Twitch*, Image Comics, 1992) (ISBN: 978-84-939962-1-5), Perillo-Oleiros (A Coruña): Cerditos de Guinea Cómics, [mocidade e adultos], 2012, 100 pp.

Volumes que compilan a serie cuxos protagonistas son Sam e Twitch, dous detectives creados por Todd McFarlane (Calgary, Alberta, Canadá, 1961) e nacidos na revista *Spawn* de Image Comics en xuño de 1992. En 1999 os personaxes contaron cunha serie de seu que correría a cargo do guionista Brian Michael Bendis (Cleveland, Ohio, 1967), especialista en historias de crime, e do debuxante Ángel Medina (1964). Os protagonistas, Sam Burke e Twitch Williams, son dous atípicos axentes de policía cunha firme ética que un día teñen que marchar do corpo por mor das circunstancias e acordan montar a súa propia axencia de detectives, aínda que pasado un tempo volven ser readmitidos tras ser chamados polo seu antigo tenente. O seu primeiro caso consiste en resolver a enigmática aparición duns cadáveres que presentan a particularidade de ter os catro polgares rabenados co mesmo ADN, pertencente á familia Sangiacomo, algo que descobre a doutora forense K. C. MacCrory. Malia a colaboración da investigadora especial de asuntos internos Bárbara Rodríguez, o caso non está claro e non dan descuberto os culpables. As mortes continúan cun misterioso asasino que actúa en plena noite, un home de traxe e chapeu branco. Os axentes tratan de poñer de relevo o que acontece e o significado dunha palabra que causa pavor entre as persoas que interrogan: *Udaku*. O primeiro álbum recolle os catro primeiros números da serie e o segundo as entregas restantes.

Deitch, Kim, *Na procura de Ed o riseiro* (*The Search for Smilin' Ed!*, Fantagraphics Bookas, Seattle, 2010), trad. Rafael Salgueiro, limiar Bill Kartalopoulos, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Novela gráfica para adultos, n.º 4, [mocidade e adultos], 2012, 164 pp. (ISBN: 978-84-92866-36-6).

Primeira tradución a unha lingua allea ao inglés desta obra de Kim Deitch (Los Angeles, 1944), pioneiro da banda deseñada de estilo *underground*, que desenvolve unha historia centrada na pescuda que emprende o propio autor arredor dos segredos ocultos do popular presentador dun programa de televisión para nenos dos anos cincuenta desaparecido en misteriosas cirscunstancias e do seu malévolo e talvez demoníaco camarada. No decorrer da trama, ambientada nun complexo universo de personaxes grotescos, interveñen uns extraterrestres, o veterano Doc Ledicker, o detective psíquico Miles Microft e o mesmo Abraham Lincoln, así como o recorrente protagonista doutras historias do autor: o gato Waldo. O gran peso da cultura popular americana do século XX e o seu retrato realista, a mestura de realidade e ficción, a linguaxe coloquial, o humor subversivo e surrealista, a crítica social e o particular grafismo de Deitch no que atangue á rotulación e á tipografía son os trazos fundamentais desta obra. A edición inclúe unha introdución de Bill Kartalopoulos, quen realiza un repaso á traxectoria de Deitch, salientando a importancia da súa contribución ao mundo da novela gráfica.

Recensións:

- Estro Montaña, “Distinta, complementaria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 428, “Libros”, 4 outubro 2012, p. VI.

Coméntase a publicación desta novela gráfica de Kim Deitch, no selo Rinoceronte Editora, sobre a que se explica que é unha obra concibida para editarse por fascículos na que aparece o personaxe do gato Waldo, que interactúa cun presentador de televisión. Apúntase que unha das historias está centrada nos medios de comunicación e destácanse as complexas e detalladas viñetas e a súa relación co cine. Defínese a obra como unha viaxe pola cultura do seu país que pode contarse entre as páxinas importantes da novela gráfica dos Estados Unidos.

Eisner, Will, *Contrato con Deus* (*A Contract With God*, W. W. Norton & Company, Inc., Nova York, 2006), trad. Rafael Salgueiro, limiares do autor, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Novela Gráfica, n.º 3, 2012, [mocidade e adultos], 201 pp. (ISBN: 978-84-92866-35-9). ■

Contrato con Deus considérase o título que deu comezo á denominada *novela gráfica*, ademais dunha obra imprescindible de Will Eisner (Brooklyn, Nova York, 1917-Lauderdale Lakes, Florida, 2005), quen utiliza a súa experiencia vital para abordar o estilo de vida do Bronx, un barrio situado na periferia de Nova York, despois da crise económica que supuxo o crac de 1929. A historia componse con catro historias diferentes que comparten o trazo común de estar ambientadas na avenida Dropsie do Bronx neoiorquino para reflectir o que o decorrer cotián dos personaxes ten de dramático, tráxico ou insólito. O interese reside en amosar a vida dun conxunto de seres perdedores con ansias de prosperidade que no entanto se ven abocados á frustración dos seus soños e ilusións, a viviren en ambientes deprimentes dominados polos prexuízos sociais, as miserias humanas, a violencia, o alcohol e o sexo, temas que atopan reflexo no ton escuro e pesimista das historias e que atopan correspondencia no predominio dos grises e na particular distribución das viñetas na páxina –de gran modernidade no tempo no que a obra se deu a coñecer–, que se divide en dúas ou tres partes ou ben dedica a plana completa a un só debuxo. A primeira historia, de igual título que o volume, céntrase na ilusión dun inmigrante xudeu ruso que abandona o seu país para alcanzar o soño americano. O seu bo comportamento rompe cando se produce un acontecemento que considera inxusto e acaba co contrato que estableceu con Deus. Na segunda, “O cantante de rúa”, un cantante que adoita encher de música a rúa chama a atención artística, e sobre todo sexual, dunha antiga diva. A terceira historia, “O Súper”, desenvolve a vida do administrador dun predio situado nos arrabaldes, frustrado sexualmente e que é utilizado de maneira cruel por unha sedutora rapaza. Pecha o libro “Cookalein”, que se afasta do escenario neoiorquino para nos situar nunha casa de descanso no rural ao longo dunha estadía no verán, onde ten lugar un xogo sexual que supón a perda da inocencia e a entrada no mundo das ambicións profesionais. Os debuxos de estilo clásico a tinta negra son imaxes moi detalladas que proporcionan información visual sobre Nova York e a época da depresión dos anos trinta. Presentan escenas de ambientes sórdidos e as figuras dos protagonistas amosan o seu estado derrotado, a miseria que envolve os lugares, os edificios humildes, etc.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Dobremente vítimas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n. º 430, “Libros”, 18 outubro 2012, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 381, “Letras galegas”, 20 outubro 2012, p. 6.

Sinálase a aparición desta novela gráfica de Will Eisner na colección deste xénero de Rinoceronte Editora. Coméntase que o volume contén catro historias ligadas ambientadas no Nova York inmediatamente posterior ao crac do 1929, coas que o autor fai unha crítica do capitalismo e a inxustiza que supón para os individuos.

Prado, Miguelanxo, *Ardalén* (*Ardalén*, 2012), versión galega Miguelanxo Prado, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado mozo], novembro 2012, 256 pp. (ISBN: 978-84-939434-5-5).

Tras a páxina de créditos na que se inclúe a dedicatoria de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) a Uxía por ser a testemuña da súa vida; outra páxina na que o autor ofrece unha recompilación de citas de Adolfo Bioy Casares, Ernesto Sábato, *Blade Runner*, Ian McEwan, Roberto Bolaño, Woody Allen, Andrea Camilleri, Paul Simon, Chefa e Belén –unha amiga e a súa cuñada-, Wong Kar Wai e Lawrence Block, John Banville e Michael Connelly, todas elas arredor da lembranza e da importancia dos recordos; e mais outra coa definición de ‘ardalén’, vento ávrego que dá título ao volume, comeza esta historia sobre a importancia da memoria na existencia humana. Catro páxinas nas que se aborda poeticamente o paso do tempo e a soidade dun home perdido entre as súas lembranzas dan paso aos nove capítulos que conforman o relato. Sabela, unha muller da corentena que está a pasar un duro momento persoal logo de se divorciar, chega a unha aldea na procura de datos sobre o seu avó, Francisco Lamas, que emigrou a Cuba a comezos do século XX e do que nunca máis se soubo. Tan só Fidel, o náufrago, un vello que vive illado no lugar, semella poder ofrecerlle algunha información, mais a súa memoria mestura os recordos, sen ser quen de distinguir os que son de seu dos que non o son ou formar parte da súa imaxinación e dos seus soños. Artellada a través de fragmentos descontinuos e continuos *flashbacks*, o lectorado asiste ás escenas delirantes, próximas ao realismo máxico –como as baleas que voan polos campos ou a presenza da fada Xana que o acompaña sempre-, que poboan a mente de Fidel e coñece datos sobre o seu pasado –a súa grande amizade con Ramón, os seus naufraxios no mar ou o seu amor pola cubana Rosalía. No entanto, Tomás, o cacique botaporela da aldea, comeza a sementar receos entre o seu grupo de amigos arredor das verdadeiras intencións de Sabela que, ao seu ver, terían que ver con algún asunto económico, e entremétese na historia até o punto de se enfrontar con Fidel e perder a vida. A historia complétase con páxinas que recuperan hipertextos tales como a páxina dun atlas cunha imaxe de Madagascar, documentos como un billete á Habana, unha letra de cambio ou diversas cartas e papeis oficiais, fotografías e mesmo materiais insertos, como tres reportaxes científicas e unha entrevista sobre a memoria e o paso do tempo e a súa relación coas experiencias e coñecementos do ser humano. A edición inclúe nas páxinas finais unhas notas de Miguelanxo Prado sobre as orixes deste traballo, aclaracións sobre os aspectos reais e ficticios e os agradecementos.

Recensións:

- Rubén Santamarta, “Sobre el vaho de los recuerdos”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 492, 10 novembro 2012, p. 3.

Comenta que Miguelanxo Prado recorre á memoria e aos recordos para asentar a súa última proposta, *Ardalén*, “a obra más extensa, tal vez más compleja y mejor ejecutada de su carrera”. Indica que a obra supuxo catro anos de traballo e que se publica ao mesmo tempo en galego e castelán; repara na estrutura que enmarca a historia de investigación persoal da protagonista, Sabela, e salienta que a trama se move con soltura entre a realidade e a ficción, con bos diálogos e unha sucesión de personaxes secundarios ben caracterizados. Apunta así mesmo o parentesco con *Trazo de tiza*, pois o lector ten nas súas mans como pechar a historia.

Referencias varias:

- Mar Mato, “La viñeta gallega inunda el mercado”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 46/ “La viñeta gallega, al ataque”, *La Opinión*, “Cultura”, p. 70, 7 outubro 2012.

Coméntase que o cómic galego continúa a exportar historias ao resto do Estado e ao mundo e indícase que *Ardalén*, de Miguelanxo Prado, xa ten data de publicación e que será presentada na Coruña.

- Miguelanxo Prado, “Ardalén, vento de lembranzas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 492, 10 novembro 2012, p. 3.

Texto de Miguelanxo Prado no que explica como viviu o proceso de construír a súa novela gráfica *Ardalén*, incidindo en que o seu interese pasaba pola plasmación dun paradoxo arredor do que lembramos e o que esquecemos.

- Alexandra Moledo, “Dominados pola memoria”, *La Opinión*, “A Coruña”, 22 novembro 2012, p. 14.

Anúnciase a presentación na Fnac da Coruña de *Ardalén* de Miguelanxo Prado, reparando en que se trata dunha creación arredor da memoria e as relacións humanas, unha reinterpretación da realidade que ten como pano de fondo a realidade colectiva da emigración a Cuba a comezos do século XX. Inclúense tamén unhas breves achegas ao argumento da historia.

-Álvaro Estévez, “A memoria fía o novo álbum de Miguelanxo Prado, ‘Ardalén’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 decembro 2012, p. 40.

Sinala que as lembranzas ás que se aferran as persoas conforman todas as páxinas de *Ardalén* de Miguelanxo Prado, ao tempo que se anuncia a presentación do traballo na libraría Couceiro de Compostela. Indícanse tamén algúns datos biográficos do debuxante.

- Fran P. Lorenzo, “Miguelanxo Prado: “O paradoxo, como materia prima de traballo, encántame”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 decembro 2012, p. 43.

Nota sobre a presentación de *Ardalén* na libraría Couceiro de Compostela, na que se recollen algunhas das ideas expostas por Miguelanxo Prado en referencia á presenza do realismo máxico na súa obra e ao protagonismo absoluto da memoria.

Prado, Miguelanxo, *Trazo de xiz* (*Trazo de tiza*, Norma Editorial S.A., 1993, 2003), versión galega Miguelanxo Prado, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado mozo], 2012, 104 pp. (ISBN: 978-84-9394341-7).

Edición en lingua galega da obra máis coñecida e premiada (premio Alph Art en Angoulème 1994, Mellor Obra Saló del Cómic de Barcelona 1994) de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958), a primeira historia longa da súa carreira. A edición do álbum en castelán data de 1993 e en 2003 o autor ampliou a historia. A versión galega toma esta última como base e reproduce un capítulo extra intitulado "Homenaxe a Hugo Pratt", con tres páxinas nas que se amosa como o Corto Maltés visitou a illa creada por Prado, ademais de material adicional composto por distintos deseños utilizados na elaboración do álbum. *Trazo de xiz* estrutúrase en sete capítulos nos que se narra como, despois dunha tormenta de verán, un viaxeiro novo chega co seu barco a unha pequena illa do Atlántico que non aparece nos mapas e na que non hai nada máis que unha pousada que rexentan unha muller e o seu fillo, un faro que non funciona e un embarcadoiro cun muro cheo de mensaxes escritas por outros viaxeiros que pasaron por alí. O mozo atopa unha muller que tamén está de paso na illa, esperando que chegue alguén e pola que comezará a sentir unha atracción que estará arrodeada de equívocos. A metáfora da illa e o seu significado asociado co illamento contribúen no ambiente irreal e mesmo claustrofóbico da historia, aberta á interpretación do lectorado.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, "Prado publica a primeira versión en galego de 'Trazo de xiz", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 abril 2012, p. 36.

Dáse conta da publicación desta obra en galego, coincidindo coa súa quinta reedición en castelán. Coméntanse as novidades desta edición e inclúense algúns comentarios sobre o que a obra significou na carreira do seu autor.

- M.G.M., "Publícase a primeira edición en galego do álbum 'Trazo de xiz", *El Ideal Gallego*, "A Coruña, 26 abril 2012, p. 12.

Infórmase dos premios acadados por esta obra, así como do feito de que se trata da súa primeira edición en galego.

- Belén López, "Non son referente de nada, só son exemplo de que se pode conseguir", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 14 xullo 2012, p. 61.

Entrevista a Miguelanxo Prado na que se fala da súa obra *Trazo de xiz*, dos seus próximos proxectos, da escola de banda deseñada O Garaxe Hermético e dos novos autores galegos.

- Marcos Zavala, “Mil y un libros para combatir el calor”, *La Opinión*, “A Coruña”, 9 agosto 2012, p. 8.

Coméntase o que se poden atopar os asistentes á cuadraxésimo primeira edición da Feira do Libro da Coruña. Entre as recomendacións dalgúns dos libreiros participantes destácanse obras en galego como a adaptación do conto de Hoffmann, *O crebanoces*; *Trazo de xiz*, de Miguelanxo Prado, ou *Alento nas costas*, de Natalia Carón. Finalmente anúnciase a próxima edición da Feira do Libro Antigo e de Ocasión.

- Xabier Sanmartín C., “Cómic, hojas que no caen en otoño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 4 outubro 2012, p. 40.

Coméntase a publicación desta obra de Miguelanxo Prado por El Patito Editorial, obra de Miguelanxo Prado, do que se di que é un dos tótems europeos do sector e de que declarou lamentar o retraso desta publicación en Galicia.

Roca, Paco (guión e debuxos), *Engurras* (*Rides*, Guy Delcourt Productions, 2007), Premio Nacional de Cómic 2008, trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado mozo], xaneiro 2012, 110 pp. (ISBN: 978-84-939434-0-0).

Edición en galego do cómic que Paco Roca (Valencia, 1969) produciu para Francia e que posteriormente foi adaptado ao cinema de animación por Perro Verde Films. Nel desenvólvese unha historia centrada na dexeneración senil e na enfermidade do alzhéimer que o autor dedica a seus pais, ao tempo que presenta esta historia como unha recompilación de relatos reais arredor da vellez. Emilio, un antigo executivo da banca, é internado nunha residencia de anciáns polo seu fillo ante a imposibilidade de atendelo na casa e o avance da súa enfermidade. No seu novo domicilio, Emilio debe afacerse ás novas rutinas e Miguel, o seu compañeiro de cuarto ofrécese para guialo e, ao mesmo tempo, como fai cos demais, para tirar beneficio económico dos seus despistes. Xuntos percorren as diferentes estancias da residencia e, pouco a pouco, Emilio vai coñecendo os outros anciáns, mais a súa enfermidade non se detén: lembra seguido a súa infancia, esquece onde está, non retén o que acaba de ler, séntese descolocado. O médico confírmalle o diagnóstico que el xa intuíra, pero apupado por Miguel decide loitar contra a decadencia e evitar ser trasladado ao piso superior, onde residen todos os que xa non poden valerse. Canda Antonia, escapan nun coche para vivir a súa liberdade, sen obrigas e sen medicación, pero a enfermidade imponse e a aventura remata co brazo roto de Antonia e o castigo de Miguel, que acaba converténdose no coidador de Emilio. O deterioro exprésase a nivel gráfico nas páxinas finais, nas que as letras e as viñetas van desaparecendo até volverse completamente brancas.

Recensións:

- Carmen Franco Vázquez, “Enrugas’, a tenra historia de amizade entre anciáns”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 9 outubro 2012, p. 43.

Comézase indicando que esta historia narra a amizade entre dous anciáns, Emilio, que acaba de chegar á residencia, e Miguel, un veterano que lle axuda a integrarse, dándolle a súa particular visión sobre as regras, as rutinas, os residentes e os espazos do seu novo

domicilio. Destácase que, na cuberta, a imaxe avanza información sobre o tema de fondo, xa que da cabeza dun dos tres anciáns de aspecto amábel e riseiros escápanse e voan unhas fotografías antigas de cor sepia que simbolizan as lembranzas que se esvaécense da memoria de Emilio, co que se aborda unha das consecuencias da enfermidade do alzhéimer que padece o protagonista. Saliéntase asemade que se trata dunha edición moi coidada que presta especial atención aos paratextos e que a autenticidade deste cómic de estilo clásico que relata o día a día nun xeriátrico non está exenta de tenrura e humanidade. Finalmente, coméntase que, conforme transcorre a narración, o deterioro do protagonista é cada vez máis evidente e o autor bota man dun recurso esencialmente visual que reflicte a perda de memoria de Emilio e que os trazos vanse atenuando até que as facción rematan por desaparecer na última viñeta, cando Emilio non recoñece a Miguel.

Referencias varias:

- Carmen Villar, "Las 'arrugas' son las protagonistas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 xaneiro 2012, p. 47.

Informa da presentación en Santiago de Compostela da edición en galego deste cómic de Paco Roca.

- Fran P. Lorenzo, "A tenra emoción do cómic de Paco Roca faise cine", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 20 xaneiro 2012, p. 40.

Dáse conta da publicación por parte de El Patito Editorial de *Engurras*, a tradución ao galego do cómic de Paco Roca.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 5 abril 2012, p. 62.

Entre outras actividades, faise referencia á presentación desta obra na Casa das Letras de Ribadeo. Coméntase que tamén se falará sobre ela no club de lectura.

VII.5. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

VII.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Calvo, José Luís, *Barriga Verde, Manuel María e o San Froilán*, ilust. cuberta Fernando Quesada, Lugo: Concello de Lugo, col. San Froilán dos devanceiros, n.º 9, outubro 2012, 91 pp. (ISBN: 978-84-92895-11-3). ◆

Tras a dedicatoria "Á miña filla Sara e a outros futuros lectores e espectadores de farsas para monicreques: Julia, Laura, Carlos, Area, Daniel, Darío, Mario e Leonor", sucédese unha presentación institucional e unha cita d'*As aventuras de Pinocho*, de Carlo Collodi, ademais de catro apartados nos que José Luís Calvo (Oviedo, 1963) analiza a figura de Barriga Verde. En "Adro" (pp. 15-19) xustifica a importancia do estudo da figura de José Silvent, xa que popularizou o teatro de monicreques en lingua galega durante a época da ditadura; agradece a axuda recibida e reproduce o poema "Viñemos á festa e feira maior", de *A fraga amurallada*, de Darío Xohán Cabana. En "O teatro de monicreques" (pp. 23-31) define este tipo de teatro, realiza unha breve aproximación histórica dende as súas orixes até a actualidade e transcribe o poema "Solpores da miña vila", tirado de *Poesía enteira*, de Luís Pimentel. En "Eu son Barriga Verde!" (pp. 35-52) achégase á biografía de José Silvent; describe a barraca "Teatro y Melodías de España", as actividades artísticas que se realizaban nela, as técnicas escénicas empregadas e as pezas máis representadas e de maior aceptación polo público; analízase a importancia e trascendencia de Barriga Verde na historia polo seu labor a prol da cultura, a lingua galega e o teatro en Galicia; e reprodúcese o poema "Cantiga do San Froilán", de Manuel María. En "Manuel María e Barriga Verde" (pp. 55-78) preséntase unha cronobiobibliografía de Manuel María; defínese a súa concepción teatral como teatro popular de dimensión nacional "que recollese as identidades e as esencias teatrais da nación", optando polo divertimento ou pola crítica social e cultural, cunha clara aposta pola normalización lingüística; agrúpase o seu corpus teatral, segundo a temática, en cinco eixes: dramas, farsas cómicas (onde inclúe as pezas infantís *Barriga Verde*, *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* e *Auto do Maio esmaiolado*), autos, farsa político-social e traxedia; e coméntase a xestación, a finalidade, o argumento e a estrutura da obra teatral *Barriga Verde*, de Manuel María. Péchase o volume cun "Apéndice" que reproduce un artigo de Manuel María, publicado o 9 de outubro de 1955 no xornal *El Progreso*, no que se lamenta pola ausencia nas Festas do San Froilán da barraca de Barriga Verde; e unha "Bibliografía".

Referencias varias:

- Sabela Corbelle, "El teatro de Barriga Verde centra el último número de San Froilán dos Devanceiros", *El Progreso*, "Lugo", "Fiestas Patronales. Programa", 9 outubro 2012, p. 9.

Coméntase a publicación deste volume monográfico da autoría de José Luis Calvo sobre o teatro de monicreques de Barriga Verde, editado polo Concello de Lugo dentro da colección "San Froilán dos Devanceiros".

Portela Yáñez, Charo, *Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía*, ilust. Jaime Asensi, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 218, xaneiro 2012, de 11 anos en diante, 96 pp. (ISBN: 978-84-9914-331-6).

Volume de Charo Portela Yáñez (Pontevedra, 1963) que acolle unha biografía, unha cronoloxía e unha antoloxía de Valentín Paz Andrade (Lérez, Pontevedra, 23 abril 1898-Vigo, 19 maio 1987), con motivo do Día das Letras Galegas 2012. Iníciase cunha biografía, dividida en dezaseis apartados: "Con Pontevedra ao fondo", "Os anos de Compostela", "Galicia. Diario de Vigo", "Vigo e o mar", "A guerra e os desterros", "Na década dos corenta", "A experiencia americana", "O mar que nos leva", "O porvir dos galegos", "Volta inesperada a Pontevedra", "De Caracas a Río", "As horas de transición", "Loito nas letras", "Castelao na memoria", "A hora dos recoñecementos" e "Nos derradeiros tempos", nos que se desenvolven os primeiros anos da súa infancia en Pontevedra, os anos de estudante en Santiago, o seu activismo político, as súas actividades xornalísticas e empresariais e as achegas literarias e ensaísticas deste galeguista no seu labor como avogado, empresario, especialista en temas pesqueiros, político, poeta e xornalista. Acompáñase de materiais documentais e gráficos como caricaturas, fotografías persoais, debuxos, cubertas de obras e fragmentos de poemas, discursos e cartas. Despois ofrécese unha cronoloxía na que se recollen os acontecementos máis destacados da súa vida. Complétase cunha antoloxía na que se escollen seis composicións poéticas: "O que todo galego choraría", que fala do amor a Galicia, e "Cando ti volvas…", que chora a morte do seu amigo Castelao, pertencentes a *Pranto matricial* (1955); "Boas-vindas, Mariñeiros", tirado de *Sementeira do vento* (1968), no que canta a paisaxe e á xente galega, ademais de aparecer os temas do exilio e do amor ausente; "Catorce versos ao liño", de *Cen chaves de sombra* (1979) e "A outra Trasalva" e "Agora...", dedicados ao escritor ourensán, de *Cartafol de Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo* (1986). Tamén se reproducen un texto ensaístico, "O tesouro esquecido", tirado do ensaio bio-literario *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* (1978) no que reflexiona sobre a expansión ultramarina do galego e explica as claves para entender o autor nado en Minas Gerais; e o texto xornalístico "Sentimento e ideal" (*A Fouce*, Bos Aires, 1 abril 1931) no que fala de converter o sentimento de amor por Galicia en ideal e acción dinámica que atope na loita autonomista o seu canal de actuación. Cada poema acompáñase dunha ilustración de Jaime Asensi (Vilagarcía de Arousa, 1957) e a cuberta amosa unha ilustración coa imaxe do escritor nun barco. Na primeira parte do libro hai reprodución das cubertas dos seus libros e fotografías persoais. Na parte final, na compaña da antoloxía da súa obra, hai debuxos a cor que ilustran os aspectos máis salientábeis dos poemas.

Tamén está descrito no apartado IV.3. Día das Letras Galegas deste *Informe*.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Todo un home", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina Literaria", "Libros", p. 23/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 723, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 723, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 6 maio 2012.

Comeza destacando a importancia de relatar nun libro a vida dun galeguista como Valentín Paz Andrade, ao que se lle dedica o Días das Letras Galegas neste ano, e que viviu o seu galeguismo en tempo de guerra, lembrando algúns dos episodios que lle tocou vivir ao autor como o desterro, o cárcere ou atentados. En relación aos volumes que recollen a súa traxectoria vital, detense, principalmente, nesta obra de Charo Portela. Comenta que se dirixe ao lectorado máis novo, o que se aprecia nas inclusión de ilustracións a cargo de Jaime Asensi, na distribución do conxunto en cadros e minidoses e na antoloxía final.

- Carmen Ferreira Boo, "Valentín Paz Andrade e o labor a prol do galeguismo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 17 maio 2012, p. 43.

Coméntase que se trata dunha obra "interesante e imprescindible" para dar a coñecer ao lectorado mozo o polifacético Valentín Paz Andrade, con motivo do Día das Letras Galegas 2012. Indícase que presenta unha "interesante biografía, unha ampla cronoloxía e unha pequena antoloxía" que permiten "construír unha ollada multidisciplinar" deste galeguista comprometido co seu labor como avogado, empresario, especialista en temas pesqueiros, político, poeta e xornalista. Saliéntase o interese dos materiais documentais e gráficos que presenta e a antoloxía que acolle seis composicións poéticas, un texto ensaístico, tirado do ensaio bio-literario *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* (1978); e un texto xornalístico publicado en *A Fouce* (Bos Aires, 1 abril 1931).

- María Navarro, "Un labor exemplar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 416, "Libros", 24 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 369, "Letras galegas", 26 maio 2012, p. 7.

Apunta que neste volume se realiza un percorrido polos momentos máis significativos de Valentín Paz Andrade, que conta con oito mostras dos seus textos máis representativos e mais que contén imaxes de Jaime Asensi.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 22 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 361, 31 marzo 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntase que trata de forma amena e detallada a vida de Valentín Paz Andrade. Tamén se describen *As tortillas do Xeneral* (2012), de Xosé Lois Ripalda; *2044* (2011), de Eduardo Santiago e *Tras da Corda* (2012), de Carlos G. Reigosa.

- A. García, "Paz Andrade foi o protagonista do Día do Libro Infantil", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 3 abril 2012, p. 42.

Fala desta obra e explica que achega unha completa cronoloxía e unha antoloxía de poemas e artigos ilustrados por Jaime Asensi.

- Ramón Nicolás, "O país como tarefa literaria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 466, "50ª aniversario do Días das Letras Galegas", 12 abril 2012, pp. 12-13.

Menciónanse varios dos volumes que viron a luz en 2012 con motivo do Día das Letras Galegas, entre os que se atopa *Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía*, de Charo Portela Yáñez.

- Camilo Franco, "O aniversario de Paz Andrade marca a actividade do Día do Libro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 abril 2012, p. 28.

Dá conta das diferentes publicacións que sairán do prelo co motivo do Día do Libro e que afondarán na figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas. Entre eles destaca esta que agora nos ocupa.

- C. M., "Reedicións e publicacións novas sobre o homenaxeado", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2012, p. 15.

Destaca as últimas publicacións e reedicións de e sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, Valentín Paz-Andrade: *Valentín Paz-Andrade. Biografía e antoloxía*, de Charo Portela Yáñez; *Galicia como tarea*, de Valentín Paz Andrade e *Biografía de Valentín Paz-Andrade* e *Valentín Paz Andrade. Antoloxía*, de Xan Carballa.

Roig Rechou, Blanca-Ana, Isabel **Soto López** e Marta **Neira Rodríguez**, *A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)*, ilust. cuberta e interiores Pablo Vidal, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2012, 359 pp. (ISBN: 978-84-9914-429-0).

Volume no que se reúnen os traballos dos investigadores en Literatura Infantil e Xuvenil integrantes da Rede Temática LIJMI ("Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano") ao redor da produción narrativa dirixida á mocidade. Segue a estrutura de entregas anteriores, ao contar cunha presentación, na que se adiantan os contidos da obra, dous estudos xerais sobre as características da narrativa xuvenil, unha selección para a educación literaria de corenta e cinco fichas bibliográficas nas que se recollen títulos de narrativa xuvenil publicados no período estudado en lingua castelá, galega, catalá, vasca, portuguesa e inglesa; e vinte e dous comentarios críticos para a formación lectora sobre outras tantas obras da selección para a educación literaria, nos que se lle achegan ao mediador orientacións á hora de se enfrontar á lectura e ao traballo coa narrativa xuvenil, dos que quince son de obras do ámbito ibérico, seis do iberoamericano e un doutras linguas, neste caso do inglés. Entre os comentarios críticos sobre obras de narrativa xuvenil son de interese para este *Informe* os que seguen:

- María del Carmen Ferreira Boo, "Actualización dun mito nunha temática tabú: *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre", pp. 97-111.

Comeza referíndose brevemente á traxectoria literaria de Marilar Aleixandre e aos trazos da súa poética narrativa xuvenil. Despois resume o argumento de *A cabeza de Medusa* (Xerais, 2007) e analiza os temas que trata, como a violación, o mito de Medusa e o amor adolescente, que serven para amosar o proceso de madureza,

evolución psicolóxica e superación que teñen que vivir as protagonistas e para reivindicar "valores como a dignidade humana, o respecto, a xustiza, a igualdade de xénero e a amizade". Tamén estuda os trazos físicos e psicolóxicos dos principais personaxes femininos, as referencias intertextuais literarias, musicais e fílmicas, que crean verosimilitude e provocan no lectorado agardado unha conexión empática e de identificación coa obra, e a importancia dos paratextos empregados (imaxes, citas, dedicatorias...) que "amplían os puntos de vista sobre a violación e colaboran a enriquecer a enciclopedia lectora". Conclúe comentando que esta obra "permite realizar múltiples reflexións a nivel persoal ou grupal sobre as consecuencias sociais e persoais da violación [...] á vez que valoriza o respecto pola dignidade humana, a xustiza e a amizade, sen esquecer a temática do amor" coa eiva da mala corrección lingüística.

- Mar Fernández Vázquez, "Luces e sombras en Vincent (Van Gogh): *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro", pp. 131-144.

Comeza facendo un breve percorrido por toda a produción de Marcos Calveiro, referindo as claves da construción da súa poética, antes de centrarse na análise d' *O pintor do sombreiro de malvas*, novela pola que mereceu, entre outros galardóns, o Premio Lazarillo 2009. Estrutura a análise en varios apartados nos que se detén na localización espazo-temporal, na figura do protagonista e as súas semellanzas co pintor Vincent van Gogh e na variedade de temas abordados na narración. Conclúe destacando "a documentada investigación previa" levada a cabo por Marcos Calveiro sobre aspectos menos descoñecidos" do artista holandés e afirmando que, se ben este autor galego se iniciou na escrita hai só seis anos, pode afirmarse que se trata de "un narrador de referencia da LIX galega", grazas a unha serie de trazos literarios, entre os que salienta a verosimilitude e que a lectura da súa obra lle permita ao lectorado coñecer "datos históricos, culturais e artísticos que axudan na súa propia etapa de formación persoal e intelectual".

- Eulalia Agrelo Costas, "Un berro silencioso contra a barbarie: *Corredores de sombra*, de Agustín Fernández Paz", pp. 155-168.

Despois de aludir á produción literaria xuvenil de Agustín Fernández Paz, coméntase a súa novela *Corredores de sombra*, coa que pechou a "triloxía da memoria", centrada nas dramáticas consecuencias da guerra civil e na recuperación da memoria das súas vítimas. Así, refírese ao seu título, estrutura, modalización narrativa e personaxes, entre os que destaca a Clara, unha muller nobre e valente, que decide revelar o misterio que rodea a aparición dun enigmático esqueleto, á vez que descobre o verdadeiro pasado da súa familia, vive con intensidade o primeiro amor e abandona a etapa da infancia. Remátase dicindo que esta novela é resultado da amálgama de recursos tirados da novela de misterio e intriga, da novela de aprendizaxe e da novela de memoria, converténdose pola solvencia e axilidade da súa escrita, a tensión da súa trama e os sentimentos e reflexións que dela desprenden, nun eficaz antídoto contra a desmemoria e nunha magnífica ponte cara a outras moitas lecturas recomendables.

Recensións:

- Alexia Dotras Bravo, "Roig Rechou, B.A., I. Soto López y M. Neira Rodríguez (2012). *A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)*, Vigo: Edicións Xerais. 368 pp.

ISBN: 9788499144290", *AILIJ. Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 10, "Libros reseñados", 2012, pp. 273-274.

Coméntase a publicación *A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)*, considerada unha peza máis da biblioteca que se está conformando da man dos membros de LIJMI no ámbito da investigación en Literatura Infantil e Xuvenil. Sinala que a obra ofrece estudos adecuados ás necesidades dos mediadores para lograr a fidelización do lectorado na difícil etapa de transición entre a infancia e a mocidade. Explícase a estrutura do volume, salientando as principais ideas que se desenvolven nos estudos teóricos de María Madalena Marcos, Carlos Teixeira da Silva e Gemma Lluch. Tamén se sinala que a selección para a educación literaria está amparada en obras de gran calidade de todos os ámbitos lingüísticos representados e que os comentarios para a formación lectora se amparan en diferentes liñas teóricas, aplicadas con rigor ás análises dos textos, ofrecendo datos fundamentais para orientar o docente no seu labor profesional.

- Liliana Dorado, "Novo monográfico de LIJMI", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 12 setembro 2012, p. 43.

Coméntase que a Rede Temática As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano ven de presentar un monográfico dedicado ao estudo da narrativa xuvenil a través dun corpus de obras publicadas entre os anos 2000 e 2011. Infórmase de que os artigos abranguen achegas teóricas, estudos críticos e comentarios para a formación lectora, así como unha bibliografía de obras consideradas de valor literario. Considérase que o conxunto traza unha panorámica completa do estudo actual desta narrativa. A continuación analízase o contido dos cinco capítulos que conforman o volume para rematar afirmando que se trata dunha valiosa achega a un campo no que non abunda a ollada crítica.

- Pilar Ponte, "Delimitando vértices", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 428, 4 outubro 2012, p. VII.

Destácase que o libro é produto do traballo da Red Temática de Investigación "Las literaturas Infantiles y Juveniles en el marco Ibérico e Iberoamericano" e que está coordinado polas especialistas Blanca-Ana Roig, Isabel Soto e Marta Neira. Destácanse os artigos de María Madalena Marcos Carlos Teixeira da Silva e de Gemma Lluch, en especial este último, do que se di que fai unha síntese das claves das obras xuvenís de éxito. Explícase que a segunda parte do volume é de carácter práctico e que inclúe unha selección de obras comentadas para a educación literarias e vinte e dúas achegas críticas a autores de relevancia. Reivindícase que este tipo de obras teñan maior difusión que a dos ámbitos especializados universitarios xa que se consideran de interese para o traballo do profesorado doutros ámbitos.

- Montse Dopico, "Libros de fronteira", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 429, "Reportaxe", 11 outubro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 381, "Letras galegas", 20 outubro 2012, p. 7.

Faise referencia ás palabras de Gemma Lluch, quen destaca que unha das tendencias da Literatura Infantil e Xuvenil son os libros *crossover*, que fai perder sentido á diferenciación entre narrativa xuvenil e Literatura para adultos. Inclúense declaracións

de Agustín Fernández Paz e Marilar Aleixandre que se amosan de acordo en que existen libros que poden ser do interese ao mesmo tempo do público xuvenil e do adulto. Fernández Paz destaca a existencia dunha revalorización da Literatura Infantil e Xuvenil por parte dos editores, da crítica e da sociedade mentres que Marilar Aleixandre sinala como unha característica galega a carencia de censura por corrección política. Engádense tamén unha achega de Blanca-Ana Roig quen sinala como un problema a falta de planificación do ensino nesta área, que provoca a incursión da mercadotecnia.

VII.5.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Reis da Silva, Sara e Beatriz Mª **Rodríguez Rodríguez** (eds.), *Literatura Infantil y Juvenil e identidades. Literatura para a infância e juventude e identidades*, Vigo-Braga: ANILIJ. Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil/ELOS. Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil/CIEC Centro de Investigação em Estudos da Criança (Instituto de Educação-Universidade do Minho), col. Estudos, n.º 03, 2012, 97 pp. Inclúe CD. (ISBN: 978-972-8952-23-5). ◆

Nesta nova entrega da serie "Estudos" de libros CD recóllense traballos sobre Literatura Infantil e Xuvenil que abordan diversas temáticas e perspectivas e parten das reflexións feitas no V Congreso Internacional da Asociación ANILIJ celebrado na Universidade de León en novembro de 2007 baixo o título de "Entidades". Trátase de corenta e cinco estudos pertencentes a ámbitos lingüísticos do marco ibérico, iberoamericano, inglés, francés e alemán e que se poden adscribir ao campo da literatura, tradución e didáctica, e dos que son de interese para este *Informe* os seguintes:

- Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González e Blanca-Ana Roig Rechou, "Manuel María y la construcción de la identidad a partir de su obra infantil y juvenil", pp. 13-28.

Abórdase a obra póetica e narrativa dun dos autores referenciais da Literatura Infantil e Xuvenil galega, Manuel María. Iníciase cun percorrido pola súa produción poética que se corresponde coas súas primeiras publicacións: *Os soños na gaiola: versos pra nenos* (1968) e *As rúas do vento ceibe (versos pra nenos)* (1979), publicadas no momento que se comeza a conformar o sistema literario infantil e xuvenil galego. A continuación, céntrase na produción narrativa do autor de Outeiro de Rei, polo que se repara en obras como *A tribo ten catro ríos* (1991), *Cando o mar foi polo río* (1992), *Viaxes e vagancias de M. P.* (1994) e *O bigote de Mimí* (2003), que saíron á luz cando o sistema xa está consolidado e o lectorado en lingua galega conta cun repertorio moito máis amplo. A partir da constatación de como o autor contribuíu á elaboración dun discurso de construción dunha identidade nacional, realízase unha comparación entre as súas primeiras obras poéticas e as narracións máis actuais.

- Mónica Domínguez Pérez, "A Galea: la traducción gallega de versiones catalanas de cuentos populares de diversos orígenes", pp. 113-127.

Explica que despois do fracaso comercial das primeiras traducións de literatura infantil ao galego, a editorial Galaxia publicou case sempre obras autóctonas, até que en 1979 se decidiu a traducir os contos populares que La Galera publicaba en catalán e castelán. Apunta que a orixe dos contos se puntualizaba nos textos cataláns e que se adoitaba ocultar nas traducións galegas. Comenta que as estratexias de tradución se basearon na domesticación das referencias culturais e incluso dos modelos repertoriais, polo que se efectuou unha apropiación dos contos poñéndoos en relación coa tradición popular galega e coa breve tradición de literatura infantil, onde os contos populares ou de características similares ocupaban unha posición destacada. Tamén sinala que as ilustracións non se modificaron, o que provocou que se seguiran a transmitir referencias

culturais catalás. Considera que o resultado foi unha colección moi difundida e apreciada polos profesionais da literatura infantil durante os anos 80 e incluso 90. Conclúe dicindo que co tempo esta colección se viu desprazada, mentres que en castelán e catalán mantiveron a súa vixencia, aínda que con modificacións significativas.

- Carmen Franco Vázquez e Marta Neira Rodríguez, "Creación de narraciones visuales a partir de cuentos infantiles", pp. 191-204.

Preséntase unha experiencia didáctica realizada co alumnado de Educación Infantil da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, cunha dobre finalidade: por un lado, preténdese aproximar o alumnado ás posibilidades que os libros ofrecen á hora de construír a identidade do futuro adulto e sentar as bases da formación lectora e, por outro, inicialos na educación visual a través das imaxes. A actividade consiste nas seguintes fases: A) Comentarios extra e intratextuais sobre as obras canonizadas de autores clásicos da Literatura Infantil galega e universal elixidas por parte do alumnado. B) Selección, polo alumnado, daqueles personaxes ou elementos máis significativos dos contos. Elaboración dos mesmos con materiais reciclados na liña das esculturas de artistas como Joan Miró, Eugenio Fernández Granell e Jean Tinguely. C) Realización das ilustracións do conto literario a partir de fotografías dos protagonistas sobre un escenario. D) Creación dunha nova narración visual que completa o texto literario elixido a partir da sucesión das distintas imaxes.

- Blanca-Ana Roig Rechou e José María Mesías Lema, "Literatura y Arte: la animación con plastilina como estrategia de ilustración", pp. 423-432.

Acollen unha experiencia didáctica sobre a procura de estratexias contemporáneas de animación á lectura, dende a análise visual e textual. Crean un taller de ilustración baseado na animación con plastilina, para potenciar situacións creativas e que motiven aproximarse á Literatura Infantil e Xuvenil. Estruturan o proceso de aprendizaxe en tres fases: a primeira consistiu na análise visual e literaria dos mediadores do álbum *Manu* (2001), de Irene Pérez Pintos; a segunda, na lectura desa obra co alumnado de 5º curso de Educación Primaria; e a terceira, onde o alumnado, axudado polo mediador, desenvolveu un taller ilustrativo a partir de plastilina animada grazas á fotografía dixital.

- Xulio Pardo de Neyra, "Literatura e identidad. Sobre iberismo, transfronterismo y multiculturalidad en la génesis de la literatura infantil gallega", pp. 441-460.

Estudo no que se analiza a espiñenta cuestión da identidade en clave literaria. Aproveitando a xénese da literatura infantil galega e analizando as súas primeiras mostras literarias que comezan a emerxer á calor de empresas como o vangardismo artístico, a xestación do nacionalismo e a consecuente concienciación por parte da "intelligentsia" galega de inicios do século XX, efectúase unha meditada aproximación ao feito literario infantil dende un enfoque didáctico e sociolóxico, non esquecendo a dimensión filolóxica que debe primar neste tipo de análises. Grazas ao compromiso dos "pais" da literatura infantil galega, comprobarase como esta literatura vén a confirmar unha Época Nós repleta e vibrante da que nunca se tratou de excluír, senón todo o contrario, a nenez da Galicia novecentista.

Roig Rechou, Blanca-Ana, Veljka **Ruzicka Kenfel** e Ana Margarida **Ramos** (eds.), *La Guerra Civil española en la narrativa infantil y juvenil (1936-2008)*, ilust. da capa Mª Jesús Agra Pardiñas, Porto/Santiago de Compostela: Tropelías&Companhia/Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, col. "Percursos da Literatura Infantojuvenil", n.º 8, decembro 2012, 278 pp. (ISBN: 978-989-8582-12-6). ■

Monográfico de autoría colectiva sobre a representación da Guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil publicada nas linguas de España e noutras europeas (alemán, croata, francés, inglés, neerlandés e portugués) entre os anos 1936 e 2008. Iníciase cunha breve "Introducción" (pp. 11-14) na que se incide na participación europea nese conflito bélico e a falta de tratamento deste temática, que se converteu en tabú até a entrada en vigor da Lei da Memoria Histórica (2007). Este volume, un dos resultados do proxecto de investigación "A Guerra civil na narrativa infantil e xuvenil (1975-2008)", divídese en dous amplos capítulos: "1936-1975. Contexto socioeducativo y cultural. El inicio de la temática" (pp. 15-62), que se subdivide no período bélico, no de propaganda e comezo da censura, e no da fin do réxime franquista; e "1975-2008. Contexto sociopolítico y cultural. Creciente visibilidad de la temática" (pp. 63-238), que se artella en catro subapartados nos que se salienta a restauración da democracia, a eclosión da temática na década dos anos oitenta, a conformación dunha nova sociedade, e a normalización e novas achegas narrativas no século XXI. No terceiro capítulo acóllese a recepción do citado proxecto de investigación e un estudo comparado da produción narrativa descrita brevemente nos capítulos precedentes, atendendo ao número de obras, á autoría masculina ou feminina e ao variado tratamento do tema, seguindo as tipoloxías e tópicos narrativos e temáticos manexados xa nos comentarios das narracións, así como a tipoloxía proposta por Maryse Bertrand de Muñoz no ano 1982. Reivindícase ademais a necesidade da tradución dalgunhas obras ás linguas de España, das que se seleccionaron varias que se analizan polo miúdo noutra monografía resultante dese proxecto de investigación: *The Representations of the Spanish Civil War in the European Children's Narrative (1975-2008)*, cuxas editoras son as profesoras Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel. A monografía péchase coa Bibliografía pasiva (pp. 257-263), recolléndose a activa nas notas a rodapé incorporadas a carón dos títulos das narracións, e compleméntase cun índice dos autores das obras descritas (pp. 265-266) e outro dos redactores (pp. 267-278), no que se precisan as iniciais coas que asinan os descritores das narracións e se inclúen os respectivos breves currículos. As tres profesoras, editoras da monografía, e Mar Fernández Vázquez, que estivera contratada no proxecto de investigación, non só redactaron comentarios das narracións, senón que se encargaron de realizar as descricións dos contextos sociopolíticos e culturais cos que se inician os dous primeiros capítulos así como o estudo comparado da produción e as indicacións sobre a recepción do proxecto.

VII.5.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Agrelo, Eulalia, "Roig Rechou, Blanca-Ana; Soto López, Isabel e Neira Rodríguez, Marta (coords.) (2010): *Reescrituras do conto popular (2000-2009)*. Vigo: Xerais, 241 páxinas", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 15, 2012, pp. 285-286.

Refírese á publicación do monográfico *Reescrituras do conto popular (2000-2009)* (2010), que recolle traballos de diferentes integrantes da Rede temática de investigación "As Literaturas Infantís e Xuvenís no Marco Ibérico e Iberoamericano" (LIXMI). Sinala que se trata dun relevante volume no que, dende presupostos metodolóxicos e teóricos actuais, se afonda na reformulación do conto popular, á vez que evidencia as conexións entre literaturas próximas e aqueloutras máis afastadas. Esmiúza o artigo introdutorio de Caterina Valriu, "Reescriptures de les rondalles en el s. XXI (2000-2009), así como o intitulado "O conto de transmisión oral na LIX galega", de Blanca-Ana Roig e Carmen Ferreira. Cita outros dos seus apartados e conclúe salientando que neste volume se manifesta o enriquecedor diálogo entre os contos tradicionais e actuais e a vitalidade da literatura de transmisión oral en plena era tecnolóxica.

Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 34, "Publicacións", outono 2012, p. 33.

Dá conta da saída ao prelo do volume *O pitiño revolucionario*, de Xulio López Varcálcel do que refire o fío argumental e destaca o labor ilustrativo de Ángela Gavilán.

Bernárdez Vilar, Xoán, "Stat sua cuique dies; breve et irreparabile tempus", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 176, "Crónicas", "Rolda da cultura", xaneiro-febreiro 2012, pp. 92-100.

Informa de diversas novidades no seo da cultura galega. Dentro do campo de banda deseñada, destaca a creación da Asociación de Editores de Cómic de España, da que salienta, entre as editoriais que a conforman, as galegas BD Banda, El Patito e Retranca Editora. Menciona tamén os premios outorgados a varias escritoras e escritores galegos como Paula Carballeira Cabana, que recibiu o VI Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil por *Refugallo*.

Bernárdez Vilar, Xoán, "Sobre celtas e castrexos", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 177, "Crónicas", "Rolda da cultura", marzo-abril 2012, pp. 96-104.

Dá conta de diversos acontecementos na cultura galega. Dentro do campo de banda deseñada salienta a selección dos volumes de literatura infantil *A viaxe de Olaf* (2011), de Martín León-Barreto e *Zimbo* (2011), de Arturo Abad, editados por Kalandraka e OQO respectivamente, na listaxe White Ravens 2012 e a súa exposición na Feira Infantil de Bolonia.

Bernárdez Vilar, Xoán, "Galicia como labor", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 178, "Crónicas", "Rolda da Cultura", maio-xuño 2012, pp. 92-101.

Dá conta dunha serie de novidades no seo da cultura galega ao longo de varios apartados. Entre elas, menciona a inauguración da primeira Escola de Banda Deseñada en Galicia, "O garaxe hermético", baixo a dirección de Kiko da Silva en colaboración con Norberto e Jacobo Fernández Serrano, Fernando Iglesias e Miguel Porto.

Blanco Rosas, Xesús, "Viñetas a contratempo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proPostas", inverno 2011, p. 7.

Achégase a *Persépole* (2011), de Marjane Satrapi e *Entender o cómic* (2011), de Scott McCloud, que son os títulos de luxo cos que se inaugura a colección "Novela Gráfica" de Rinoceronte Editora. Describe esta colección e apunta que Marjane Satrapi, partindo do relato autobiográfico, ofrece na súa obra unha visión inédita da realidade social e política de Irán, ademais de ser unha defensa feminista. Por outra parte, sinala que a obra de Scott MacClaud debe valorarse como a banda deseñada entretida e amena que é, así como un manual didáctico en que por primeira vez son os propios cómics os que falan de si mesmos. Tamén anuncia e comenta as próximas entregas previstas na colección que seguen a afondar na vertente comprometida e eloxia esta iniciativa de lanzar unha colección regular de BD en galego coa mirada posta no ámbito internacional.

Bragado, Manuel, "A feira dos lectores", *Tempos Novos*, n.º 176, "Entreculturas", "FIL de Guadalaxara 2011", xaneiro 2012, pp. 82-86.

Infórmase de que nove editoriais e tres autores (Marcos Calveiro, Rosa Aneiros e Agustín Fernández Paz) participaron na 25ª Feira Internacional de Guadalaxara (México). Saliéntase como o momento máis emocionante para a delegación galega o acto de entrega a Fernández Paz do Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil.

CLIJ, "Canción de Navidad", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 245, "Libros. Novedades", "de 12 a 14 años", xaneiro-febreiro 2012, p. 47.

Coméntase a "espléndida" versión de *Canción de Navidad* (2011), do escritor Charles Dickens, editada por Kalandraka Editora con ilustracións de Roberto Innocenti. Indícase o argumento desta novela canónica, ambientada no Londres da época victoriana, que enxalza o espírito de Nadal á vez que se critica a cobiza, representada no avaro señor Ebenezer Scrooge. Coméntase que foi publicada orixinalmente en 1843 e adaptada ao teatro, cine e televisión e que esta versión se adianta á celebración do bicentenario do autor que se celebra no ano 2012.

CLIJ, "Lista de Honor de CLIJ 2011. Los 100 mejores libros del año", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 247, "Lista de Honor", maio-xuño 2012, pp. 6-10.

Preséntase a Lista de Honor de CLIJ elaborada a partir de máis de 200 títulos que foron recensionados na revista durante o ano 2011. Entre os galegos destácanse nas franxas de idade que marcan os seguintes: "De 6 a 8 años", *Mamá Cabra. Xa me tardan estes magos* (2011), de Antón Cortizas, Antonio García Teijeiro, Gloria Sánchez e G. Mosquera Roel; "De 8 a 10 años", *A abella abesullona* (2009), de M. Janeiro, e *Contos para nenos que dormen deseguida* (2010), de Pinto&Chinto; "De 12 a 14 años", *Lóbrego Romance. Pálido Fantasma* (2010) con texto e ilustracións de Jack Mircala, e *A filla do ladrón de bicicletas* (2010), de Teresa González Costa; e "Más de 14 años", *O lobishome de Candeán* (2009), de Paula Carballeira.

CLIJ, "Los Premios de 2011-2012 (I)", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 247, "Informe", maio-xuño 2012, pp. [11]-40.

Neste "Informe", despois de facer unha listaxe dos premios e dos galardoados nos diferentes xéneros no ano que se describe, pásanse a facer uns breves comentarios sobre o creador galardoado, cítanse os outros galardóns alcanzados e achégase unha biobibliografía seleccionada e un descritor da obra premiada. Dise que os autores galegos que mereceron algún galardón este ano foron: Marcos Calveiro, Premio CCEI de Creación 2011, con *O pintor do sombreiro de malvas* (2009), novela da que se indica que merecera o Premio Lazarillo 2009; e Héctor Carré, Premio Fundación Caixa Galicia 2011, con *Febre*, que tamén mereceu en 2011 o Premio Fervenzas Literarias ao mellor libro xuvenil. Así mesmo indícase que o Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados 2011 recaeu en *A viaxe de Olaf* (2011), de Marín León Barreto.

CLIJ, "*Os oficios de Chuquelo*. Pinto&Chinto", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 247, "Libros", "Novedades", "De 0 a 5 años", maio-xuño 2012, p. 64.

Despois de describirse a historia que se conta, indícase que se trata dun "original argumento" que se acompaña das "estupendas ilustraciones" de David Pintor. Destácase que este conto resulta "ideal para leer en voz alta a los prelectores" e de fácil lectura para os que comezan a ler sós xa que atopan "un buen apoyo en las explícitas y alegres ilustraciones".

CLIJ, "Premio audiovisual para 'Los cuentos del Camino', de OQO", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 247, "Agenda", maio-xuño 2012, p. 78.

Refire que as series de animación "Os contos do camiño" e "Caracois" de OQO Filmes, a sección audiovisual de OQO Editora, que emite a canle autonómica galega TVG2 dende maio de 2011, foron recoñecidas por unanimidade polo xurado dos Premios Ánxel Casal da Edición de Galicia que concede a Asociación Galega de Editores (AGE) co Premio Rosalía de Castro como a mellor iniciativa editorial do ano 2011. Indica que este galardón recae en proxectos innovadores que impulsan o ámbito editorial nos distintos xéneros e que se deu a coñecer durante a VII Noite da Edición 2011. Precisa

que “Os contos do camiño” tamén se emite no Canal Encuentro de Arxentina e na televisión pública finesa YLE. Explica que ambas as dúas series adaptan os contos da editorial galega por medio da técnica de animación *stop-motion* e que son unha mostra máis das actividades levadas a cabo por OQO Editora: “buenas historias que merecen ser contadas, sea en libros o en films”. Remata apuntando que a calidade desta achega se viu recoñecida con distintos galardóns, caso do Premio Especial do Xurado no Festival Brasil Stop Motion 2011 que recaeu en seis curtas de “Os contos do camiño”.

CLIJ, “Informe. Los premios de 2011-2012 (y II)”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 248, xullo-agosto, pp. 7-28.

Entre os diferentes premios que se citan relacionados coa Literatura Infantil e Xuvenil, está o Premio Iberoamericano SM de LIJ. Achéganse os datos principais deste premio e faise unha pequena biobibliografía do autor galego que recibiu este premio, Agustín Fernández Paz, de quen tamén se fai unha selección da súa obra e dos premios que ten recibido. Faise o mesmo con Anxo Fariña, gañador do Premio Merlín por *A chave da Atlántida* (2011).

Crespo Amado, Rosario, “As orixes do cómic galego”, *Galegos*, n.º 16, “Encarte”, I trimestre 2011, pp. 113-128.

Analiza en profundidade os xermolos do cómic grafado e ilustrado en galego ao longo de varios apartados. Salienta, así pois, a mostra “Orixes do cómic en Galicia”, celebrada na Cidade da Cultura de Galicia; as primeiras revistas galegas ilustradas -*Semanario instructivo* (1838), *El recreo compostelano* (1842-1843), *El Domingo* (1880-1881), *El Día de Fiesta* (1881-1882), *El Ciclón* (1885), *O Galiciano* (1888) ou *Café con gotas* (1886-1892)-; o nacemento das primeiras historietas -“De regreso de la Feria de San Martín” (1885), “Discurso d’autualidade d’un calvo moi patilludo a quén chama a vecindade don Sexismundo...o peludo” (1888)-; e o das primeiras historietas de aventuras –“Apuntes d’o meu Viax’o Olimpo en presenza d’o movemento continuo” (1889)-; as revistas ilustradas -*Extracto de Literatura* (1893) ou *Caras y Caretas* (1898-1939)-; ilustradores de prestixio que colaboraron nelas –Federico Ribas Montenegro, Máximo Ramos López, José María Cao Luaces ou Juan Carlos Alonso Pita-; o faladoiro “Tertulia de Humoristas” con sede en Madrid; a organización dos “Salones de Humoristas” a partir de 1914 por parte de José Francés tamén en Madrid; a creación da “Unión de Dibujantes” en 1920; as viñetas infantís aparecidas no xornal *El Pueblo Gallego* (1924-1979); o labor ilustrativo de Carlos Maside, Castelao, Saúl Borobio, Manuel Torres Martínez, Álvaro Cebreiro ou Antonio Mingote e as revistas *Céltiga* (1924-1932) e *Vida gallega* (1909-1938). Ao longo desta analise pódense observar unha serie de reprodución de viñetas e tiras cómicas mencionadas na mesma.

DoCampo, Xavier P., “Críctor e Olaf”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 19, “proPostas”, “LiX”, inverno 2012, p. 5.

Despois de referir o argumento de *Críctor* (2011), de Tomi Ungerer, sinala que esta obra sobre a amizade está chea de humor, tanto no seu “ben medido” texto coma no “debuxo pleno de detalles graciosos”. Apunta que Ungerer foi Premio Andersen de

Ilustración en 1998 e que na súa cidade natal, Estrasburgo, se creou na súa honra o Museo Tomi Ungerer en 2007. A continuación, refírese a outra das novidades de Kalandraka Editora, *A viaxe de Olaf* (2011), do uruguaio Martín León Barreto, que mereceu o cuarto Premio Compostela de Álbum Ilustrado. Salienta que se trata dunha historia desas que fascinan "pola súa sinxeleza argumental e pola súa brillantez narrativa", así como pola "riqueza cromática" e a "liberdade formal".

Etxaniz, Xabier, "Cuando llueve", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 245, "Libros. Novedades", "de 6 a 8 años", xaneiro-febreiro 2012, p. 44.

Destaca que o álbum *Cuando llueve* (2011), da ilustradora vasca Leire Salaberria, alcanzou o premio Etxepare 2010. Indica que se trata dunha historia con grande carga lírica na que a realidade e a fantasía transmiten calidez e tenrura. Comenta que a chuvia, un elemento natural que os maiores relacionan coa tristeza, nesta historia significa diversión e alegría.

Fernández, Mª Jesús, "Mans. Xabier P. Docampo", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 246, "Libros", "de 0 a 5 años", marzo-abril 2012, p. 58.

Saliéntase que *Mans* (2011), de Xabier P. Docampo, é un bo exemplo da natureza híbrida do álbum ao integrar dous códigos diferentes (o lingüístico e o visual) por medio do uso de fotografías, realizadas por DNL, un recurso pouco empregado na ilustración infantil. Coméntase que o texto e a ilustración compoñen un "bello poema visual" protagonizado por un universo suxestivo de mans, que pertencen a persoas de diferente idade, sexo e raza, en distintas actitudes, cheas de expresividade e que amosan sensacións e sentimentos do máis variado. Apúntase que se dirixe a lectores a partir de 5 anos pero que tamén o poden gozar persoas de todas as idades.

Fernández, Mª Jesús, "Robinson contado polas alimarias. Marilar Aleixandre", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 246, "Libros. Novedades", "de 10 a 12 años", marzo-abril 2012, p. 61.

Indícase que *Robinson contado polas alimarias* (2011), de Marilar Aleixandre, se sitúa na liña crítica da historia de Robinson Crusoe, que presenta a cultura occidental como superior ética e historicamente, valorizando o traballo e o autocontrol da natureza. Apúntase que a través do punto de vista narrativo "orixinal" dos animais da illa se conta a chegada do náufrago e as súas distintas opinións sobre el, co dilema de axudalo ou non, e a chegada do mozo indíxena Taiguara e as relacións que establecen os dous homes. Coméntase que no medio da historia se intercalan contos inspirados nas lendas guaranís que se poñen na boca do animal máis sabio, o sapo femia Cururú. Saliéntase o final do libro que sorprende polo epílogo aberto á posibilidade de que os lectores escollan outros finais e alternativas á historia de Robinson. Tamén se indica que as ilustracións de Federico Delicado teñen un estilo diferenciado para a historia de Robinson e os contos que relata Cururú.

Fernández, Mª Jesús, "Fantasmas de luz. Agustín Fernández Paz", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 246, "Libros. Novedades", "Más de 14 años", marzo-abril 2012, p. 63.

Apunta a temática de *Fantasmas de luz* (2011), de Agustín Fernández Paz, que trata da perda do traballo e as súas consecuencias, ademais de que retoma constantes da súa poética. Resume o argumento da novela e salienta os trazos recorrentes como son a presenza do cine, con citas e homenaxes explícitas, o tratamento da identidade individual e colectiva, da invisibilidade social e da importancia da superación individual das adversidades. Finalmente comenta que ao final se insiren seis breves textos baixo o título "Tomas extra" que complementan a personalidade de Damián, o protagonista, e breves recensións das películas nomeadas que supoñen "un interesante recorrido por la historia del cine". Tamén salienta as ilustracións de Miguelanxo Prado que enriquecen a coidada edición desta obra.

Fernández, Mª Jesús, "Galicia: Medio pan y un libro", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 249, "Panorama", setembro-outubro 2012, pp. 46-56.

Repaso anual á produción máis salientábel que viu a luz en Galicia durante o ano 2012, na que se dá conta brevemente da liña argumental das obras sinaladas e organizadas segundo as bandas de idade ás que van dirixidas. Comeza cunhas palabras de Federico García Lorca, que lle dan título ao artigo, e coas que se refire á situación de crise que afecta a bibliotecas escolares, en perigo polo aumento das horas lectivas do profesorado, ou a falta de recursos e de persoal. A seguir comeza o repaso á literatura xuvenil, na que destaca as obras de Agustín Fernández Paz, *As fronteiras do medo*, na que observa a influencia de Lovecraft, a presenza de personaxes míticos ou o vampirismo; e *Fantasmas de luz*, na que a actualidade da temática e as referencias ao mundo do cine son dous eixes fundamentais. Cita a Agustín Agra por *Trampa de luz*, que acolle o terrorífico no medio da cotidianeidade; Marcos Calveiro por *Centauros do Norte*, Premio Raíña Lupa da Deputación da Coruña, que se sitúa na revolución mexicana e do que destaca a habelencia narrativa e o recurso a personaxes reais; de Antonio Yáñez sinala *Vento galerno*, finalista do Premio Fundación NovaCaixaGalicia 2011 que presenta unha sociedade utópica, imaxinativa e coherente; de Héctor Carré sinala *Febre*, que recrea un contexto histórico; de X. H. Rivadulla Corcón salienta en *O noso amor será eterno* o tratamento da morte e o misterio; de Eduardo Santiago en *2044* sobrancea o emprego das novas tecnoloxías e a capacidade analítica e dedutiva da trama; e de Elena Gallego sinala que na terceira entrega de *Dragal* semella deixar un final aberto para continuar novas aventuras. Noutra orde de publicacións destaca a orixinalidade de *Dúas letras*, de Fina Casalderrey; a achega ás tradicións, lendas e costumes de *Trece noites, trece lúas*, de Antonio Reigosa; o intimismo, o estilo próximo ao surrealismo do poemario de Ledicia Costas *Xardín de inverno*; as versións en forma de rap de *Rapoemas*, de Aid; e entre as traducións *O espírito do cabaleiro*, de Cornelia Funke. Para o lectorado de 12 a 14 anos sinala títulos como *Robinson contado polas alimarias*, de Marilar Aleixandre, pola orixinalidade no punto de vista do narrador; *A caza do ghazafello*, na que se actualizan seres míticos galegos; *As meigas de Lupa*, de María Solar, que recrea a tradición xacobea; *A chave da Atlántida*, de Anxo Fariña, no que se reflexiona sobre a condición humana; *Mil cousas poden pasar*, de Jacobo Fernández Serrano, que sorprende pola creatividade, o humor negro e os toques de surrealismo; *A torre das lavercas*, de Daniel Ameixeiro, que desenvolve un xogo psicolóxico no que se

vai poñendo en orde as lembranzas dunha adolescente; ou *O neno can*, de Fina Casalderrey e Francisco Castro, ademais das reedicións d'*O país adormentado*, de Xabier P. Docampo; e *O deus desaparecido*, de Pepe Carballude e Andrés García Vilariño. Para o lectorado de 8 a 11 anos salienta que houbo unha grande heteroxeneidade de propostas, con libros de poesía e tamén de teatro. Entre as obras cita *Corazón de pedra*, de Agustín Fernández Paz, na que trata o poder dos soños e do amor; *O misterio do faro vello*, de Fina Casalderrey, no que narra as aventuras dunha panda que descobre a orixe dunhas misteriosas bolas de luz; *Desaparición*, de Pere Tobaruela e Ledicia Costas (Pereledi), unha historia detectivesca que parodia os tópicos do xénero; así como *Catro amigos pillabáns*, de Ramón Caride, e *O monstro dos soños*, de Alberto Urcaray. Salienta a peza teatral *Carta urxente para Máximo Toxo*, de Diego Rey; e os poemarios *Un niño no xardín*, de Ánxeles Ferrer, e *Animalario*, de Xosé Lois García; *Vaia tropa!*, de Antón Cortizas; e o álbum-disco *Xa me tardan estes Magos*, con poemas de Antón Cortizas, Antonio García Teijeiro e Gloria Sánchez musicados por Mamá Cabra. Entre os álbums detense en *O principio*, de Paula Carballeira e a reedición d'*A nena de auga e o príncipe de lume*, de Xabier P. Docampo; e entre as traducións recomenda *Contos por teléfono*, de Giani Rodari. No repaso polas propostas para prelectores considera que é a mellor franxa de idade representada por canto ao número de publicacións e as editoras máis prolíficas foron Kalandraka, OQO e Faktoría K de Libros, que publicaron obras como *As catro estacións*, un álbum-disco que achega á natureza a través da música de Vivaldi; o texto rimado *O señor Nicanor*, de Ana Fernández Abascal e Flavio Morais; *Artur*, de Oli e Marc Taeger; *Vou ter un irmán*, de María Solar; *Area fai seis*, de Araceli Gonda e María Roel Toledo; e *O temible lampönak* e *O agradecido zigüt*, de Manuel Cráneo. Entre as traducións cita *Artur e Clementina*, de Adela Turín e Nella Bosnia; *Críctor*, de Tomi Ungerer, e O *artista que pintou un cabalo azul*, de Franz Marc. Tamén salienta *Oso atrapabolboretas*, de Susanna Isern e Marjorie Pourchet, ilustradora responsábel tamén de *Árbores no camiño*, con texto de Régine Raymond-Garcia; e *A vella na botella*, de Roberto Mezquita e Alejandro Galindo. Para lectores de máis idade sinala tamén os álbums *O ano que os pitos perderon a cabeza*, de Pablo Albo e Mikel Mardones; e *Jack e a morte*, de Tim Bowley. Detense a seguir no gañador e finalista do IV Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados, que mereceron *A viaxe de Olaf*, de Martín León Barreto; e *Que che gustaría ser?*, de Arianna Papini. Pecha este apartado deténdose en *Letras nos cordóns*, de Cristina Falcón Maldonado; e *O paraugas amarelo*, de Joel Franz Rosell e Giulia Frances. Conclúe reivindicando a necesidade de que todo o mundo teña acceso á lectura, conte con mediadores ben formados e con medios como bibliotecas públicas que favorezan o acceso aos libros, aspectos que se están a ver cuestionados pola crise económica que padece a sociedade actual.

Fernández, Victoria, "Hartos de la crisis, atentos a la revolución digital", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 249, "Panorama", setembro-outubro 2012, pp. 6-13.

Repaso anual á produción de Literatura Infantil e Xuvenil no que se comeza sinalando a fortaleza do sector malia a crise económica que padece a sociedade, observando que se está a producir o inicio da revolución dixital na oferta editorial para os máis novos. Entre as obras publicadas nas literaturas do Estado español cita as que foron premiadas en Galicia como *A chave da Atlántida*, de Anxo Fariña; *Fantasmas de luz*, de Agustín Fernández Paz; e *Febre*, de Héctor Carré. Remata lembrando a autores que foron

traducidos e que desapareceron durante este ano, como foi o caso de Maurice Sendak, Ray Bradbury, o debuxante de banda deseñada Moebius e o mecenas Germán Sánchez Ruipérez, ademais de citar os aniversarios da revista *CLIJ* e de *Peonza*, para rematar avanzando a celebración do II Congreso Iberoamericano de Lengua y Literatura Infantil y Juvenil (CILELIJ).

Fernández Mosquera, Ana, "Ramos, A. M. e I. Mociño González (eds.), L. Lorenzo, B. A. Roig Rechou y V. Ruzicka Kenfel (coords.) (2011). *Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil/Crítica e Investigaçao em Literatura Infantil e Juvenil*, ANILIJ-ELOS/Centro de Investigação em Estudos da Criança (Instituto de Educação-Universidade do Minho). Col. Estudos 01. 480 pp. ISBN: 978-972-8952-17-4", *AILIJ. Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 10, "Libros reseñados", 2012, pp. 255-257.

Despois de explicar que esta monografía nace coa vontade de cubrir unha área deficitaria nesta parcela do saber e responde a unha reclamación feita dende diferentes foros polos especialistas, céntrase no contido do volume, que ofrece unha aproximación á situación actual da investigación en Literatura Infantil e Xuvenil no ámbito ibérico, plasmada en traballos nos que se describen as liñas de investigación, proxectos que están en marcha, teses de doutoramento e Traballos de Investigación Titorizados (TITs) que se defenderon recentemente ou que están en proceso de elaboración. Saliéntase a aproximación global ao estado da investigación e destácase que a obra permite coñecer a situación actual da investigación e as múltiples perspectivas dende as que se aborda, ademais de ofrecer unha bibliografía de interese para calquera persoa interesada nesta literatura. Da súa organización dise que favorece o achegamento pola estruturación en grandes apartados, que explica brevemente. En "Estudios" dise que incorpora os traballos de Gloria Bazzocchi (Universidade de Boloña) sobre o proceso de tradución das obras infantís; Barbara Pregelj (Universidade de Primorska e Universidade de Nova Gorica), que trata a imaxe da Literatura Infantil e Xuvenil española na cultura eslovaca; e Maria Madalena M. C. T. da Silva (Universidade dos Açores) cun panorama da investigación no contexto portugués. Do segundo explica que se centra na investigación desenvolvida no CESC (Centro de Estudos da Criança - Universidade do Minho), con especial atención ao proxecto "Ambiente e ecoliteracia na novíssima literatura para a infancia"; no CIFPEC (Centro de Investigação em Formação de Profissionais de Educação da Criança), tamén da Universidade do Minho; e no labor de NELA (Núcleo de Estudos Literários e Artísticos), centro da Escola Superior de Educação do Porto. Dá conta dos grupos de investigación que aparecen no apartado seguinte e dos dez proxectos de investigación que se explican, para rematar referíndose ás teses e traballos de investigación que se presentaron. Por todo isto, conclúe que se trata dunha interesante e reveladora obra por canto visualiza de modo organizado e resumido as múltiples áreas de investigación dende as que se traballa na Literatura Infantil e Xuvenil de diferentes ámbitos lingüísticos.

Fernández Vázquez, Mar, "Fernando A., A. Mesquita, A. Balça y S. Reis da Silva (coord.). (2011) *Globalização na Literatura Infantil. Vozes, Rostos e Images*. Lulu Enterprises, Raleigh, N.C., Estados Unidos de América. 446 pp. ISBN: 978-1-4710-1319-5", *AILIJ. Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 10, "Libros reseñados", 2012, pp. 241-245.

Comeza destacando a necesidade existente no século XXI de "sentirnos parte de la *aldea global*", marco dende o que se enfocan as dúas ducias de traballos inseridos na monografía *Globalização na Literatura Infantil. Vozes, Rostos e Imagens* (2011). Refire os campos de estudo e as áreas lingüísticas dos autores, apunta a "adecuada estructuración en dos partes" e a variedade dos estudos das dúas partes do monográfico. Precisa as liñas xerais, comezando polas investigacións dos coordinadoradores e organizando a súa crítica das restantes en función á semellanza de temas abordados e de sistemas literarios analizados. Detense nos dous únicos traballos sobre a Literatura Infantil e Xuvenil galega, "A Representação do Sistema Educativo e dos Professores numa selecção de Obras Narrativas que tratam a Guerra Civil Espanhola", de Blanca-Ana Roig Rechou, e "Xaquín Marín e a Reivindicação da Identidade Galega a partir da Banda Deseñada", de Isabel Mociño, por seren "dos reflexiones sobre aspectos poco tratados" nese sistema literario. Valora positivamente os traballos recollidos na segunda parte do monográfico, nos que propoñen "estrategias y enfoques didácticos e pedagógicos que sus autores han manejado en las aulas y en otros espacios de formación", que tamén organiza segundo as temáticas tratadas e poñéndoos en relación con traballos da primeira parte sobre o mesmo tema. Remata afirmando que esta monografía é de "gran utilidad para investigadores y mediadores ya que combina presupuestos teóricos y prácticas educativas que constatan la importancia de la Literatura Infantil y Juvenil para conseguir integrar, desde la infancia, a la ciudadanía de cada sociedad dentro de un marco común globalizado".

Fernández Vázquez, Mar, "Ramos, Ana Margarida, *Literatura para a Infância e Ilustração*", *AILIJ Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 10, "Libros reseñados", 2012, pp. 251-253.

Comeza indicando algunhas das publicacións da profesora e investigadora Ana Margarida Ramos, antes de se centrar na monografía *Literatura para a Infância e Ilustração*. *Leituras em diálogo* (2010), composta por "cinco estudios sobre aspectos que son objeto de debate en los actuales estudios sobre la Ilustración y la Literatura Infantil y Juvenil". Resalta que a autora reescribe e reformula tres traballos anteriores, que viran a luz en publicacións periódicas entre os anos 2007 e 2009, e que engade dous inéditos, resultado das súas investigacións e do seu labor docente. Refire que analiza distintos álbums narrativos ilustrados para poder amosar a "estrecha imbricación entre texto e imagen", como se observa na lectura dos cinco traballos de Ana Margarida Ramos, dos que apunta criticamente as súas principais achegas, sobre todo en relación a que a lectura de álbums contribúe a desenvolver "competencias lingüísticas del lectorado en los niveles fonológico, léxico, sintáctico, semántico y pragmático y, con posterioridad, un diálogo intertextual con el texto, que provoca una lectura crítica e inquisitiva del lectorado frente al texto leído". Remata sintetizando que a monografía *Literatura para a Infância e Ilustração*. *Leituras em diálogo* (2010) "es un excelente compendio de inquisitivos trabajos de investigación, realizados por Ana Margarida Ramos para dar a conocer la variedad y riqueza de la Literatura Infantil y Juvenil portuguesa y contribuir a un necesario estudio demorado y profundo sobre las características específicas del álbum", e recomendando ler e reler un traballo seu posterior: "Apontamentos para uma poética do álbum contemporâneo", o estudio introdutorio da monografía colectiva *O álbum na literatura infantil e xuvenil (2000-2010)*, de Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez

(coords., 2011), xa que nel Ana Margarida Ramos "no sólo ofrece antecedentes y características propias del álbum y sintetiza su evolución y tendencias en el contexto galaico-portugués, sino que además plantea una razonada propuesta tipológica, marcando las características y peculiaridades del álbum".

Ferreira Boo, María del Carmen, "La reescritura de brujas y princesas en la Literatura Infantil y Juvenil gallega del siglo XXI", *AILIJ. Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 10, 2012, pp. 47-56.

Tras comentar a importancia do proceso de reescrita na Literatura Infantil e Xuvenil, analízanse os diferentes procedementos empregados na reescritura dos arquetipos de bruxas e princesas, procedentes dos contos da transmisión oral, realizados en obras narrativas de Literatura Infantil e Xuvenil galega publicadas dende o ano 2000 en adiante. Constátase as constantes e variantes destes personaxes, ben pola conservación das súas características ou ben polo emprego da parodia, subversión, caricaturización ou inversión de roles, adaptándose á sociedade actual e reivindicando o papel activo das mulleres así como a igualdade de sexos. Coméntanse os cambios en canto ás características físicas e psíquicas, á súa función na trama, o simbolismo e as referencias intertextuais, tanto a nivel textual coma paratextual. En canto ao personaxe da bruxa, saliéntase o seu emprego en situacións humorísticas conseguidas a partir da modernización, a desmitificación e a ruptura de estereotipos, en obras dirixidas sobre todo a un lector autónomo (de 6 a 11 anos). Exemplifícase tres tipos de bruxa (estandarizada, desmitificada e humanizada) coa análise do álbum *A bruxa regañadentes* (OQO, 2005), de Tina Meroto; o relato *Unha bruxa ben rara* (Ediciones SM, 2006), de Carlos Mosteiro (Santo André de Xeve, Pontevedra, 1955) e a novela *Feitizo* (Edicións Xerais de Galicia, 2001), de José Miranda (Lugo, 1955), respectivamente. En canto ao arquetipo de princesa, tamén se constata a súa desmitificación e modernización seguindo ideas feministas aínda que, en menor medida se mantén a imaxe estereotipada que se exemplifica co comentario do álbum ilustrado *A Princesa do Caurel* (OQO, 2006), realizado por Patacrúa, pseudónimo de Marisa Núñez (Sarria, Lugo, 1961); do conto *Vanesa non quere ser princesa* (Sotelo Blanco Edicións, 2004), de Xosé A. Perozo (Llerena, Extremadura, 1951) e do álbum narrativo *Titiritesa* (OQO, 2007), de Xerardo Quintiá (Friol, Lugo, 1970).

García Vidal, Pedro, "Agustín Agra. *Trampa de luz*", *Alameda, Revista da Sociedade Liceo de Noia*, n.º 43, "Os nosos libros", decembro 2012, p. 76.

Breve descrición da novela de terror e fantasía de Agustín Agra, *Trampa de luz*, saída oa prelo en Editorial Xerais en 2012. Refire o seu fío argumental e trae á memoria a súa anterior novela, *O tesouro da lagoa de Reid'Is*, merecente do Premio Merlín en 2006.

Gracián, Ánxela, "Planos do invisible", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proPostas", "LiX", inverno 2012, p. 6.

Sinala que todos lembramos o encanto dos vellos cines e que *Fantasmas de luz* (2011), de Agustín Fernández Paz, fala do esboroamento destes edificios singulares e de como foron devorados polas dinámicas de mercado. Esmiúza o argumento desta novela, que

está en constante diálogo coa película *Cinema Paradiso*, de Giussepe Tornatore, e que introduce referencias a cincuenta e dúas películas máis. Comenta que mentres se camiña polas súas páxinas, na compaña dunha "prosa refinada e coidadísima", séntese a proximidade das figuras de celuloide porque as historias do cine adquiren categoría real tornándose en interlocutores que serven para explicar as emocións e experiencias dos protagonistas. Tamén apunta que é unha novela comprometida que aborda o tema da marxinación, polo que denuncia as dinámicas agresivas do sistema capitalista. Por último, refírese ás "tomas extra finais" que amplían aspectos da historia e á súa coidada edición.

Lado, María, "Lírica e violencia", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proPostas", "BD", inverno 2012, p. 7.

Sinala que *A man do diaño* (2011) é o primeiro álbum de Brais Rodríguez, polo que recibiu o Premio Castelao de Banda Deseñada na edición de 2010. Apunta que esta obra convida o lectorado a reflexionar sobre o absurdo dos conflitos bélicos, afondando nas transformacións que sofren en situación de violencia extrema as relacións humanas. Refire o argumento e explica que a narración, sustentada nas elipses e no peso do silencio, está marcada por un ritmo pausado que flúe delicadamente, arrastrando o lectorado ao ambiente lírico que domina en toda a obra e que o debuxo acentúa aínda máis. Tamén engade que a selección dos personaxes protagonistas é un grande acerto, ademais de seren profundos e estaren cheos de matices.

Monteagudo, Henrique, "Kristina Berg", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O rego da cultura", xullo, agosto e setembro 2012, p. 10.

Lembra o recente falecemento de Kristina Berg, *Kina*, a viúva de Carlos Casares e presidenta da fundación que leva o seu nome. Fai un breve repaso dos momentos importantes da súa vida, como o seu primeiro encontro co que sería o seu futuro marido e comenta igualmente a capacidade de adaptación de Berg a esta terra, onde se movía "como peixe na agua". Dá conta de que os que a coñeceron nunca a poderán esquecer.

Moreda Rodríguez, Ana Belén, "Roig Rechou, B-A, I. Soto López y M. Neira Rodríguez (coords.) (2011). *O álbum na Literatura Infantil e Xuvenil (2000-2010)*, ilust. C. Franco, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/LIJMI/NovaCaixaGalicia. 443 pp. ISBN: 978-84-9914-295-1", *AILIJ. Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 10, "Libros reseñados", 2012, pp. 269-272.

Comentario desta obra que se considera unha referencia inexcusábel para achegarse ao álbum infantil e responsabilidade dos membros da Rede Temática de Investigación LIJMI, dos que se repasan os traballos anteriores. Descríbese a estrutura da obra, conformada por dous artigos teóricos que profundan nas peculiaridades desta modalidade literaria, unha selección de doce álbums clásicos, unha selección de obras publicadas no período estudado, trinta comentarios para a formación lectora e unha selección bibliográfica sobre o álbum. Do artigo teórico "Apuntamentos para unha poética do álbum contemporáneo", de Ana Margarida Ramos destaca a reflexión e evolución histórica até a actualidade, ademais de chamar a atención sobre a especial

relevancia que adquire a produción do ámbito galego, principalmente a dos anos noventa, destacando o labor da editorial Kalandraka como a grande aposta que se estendeu a outros ámbitos lingüísticos da Península Ibérica e que se reflectiu no recoñecemento a través de galardóns como o Premio Nacional de Ilustración. Do artigo "Estratexias de produción artística na construción dos álbums. Ilustración e correntes artísticas do s. XX", de María Jesús Agra Pardiñas e Carmen Franco Vázquez dise que salientan a educación da mirada e do gusto estético da nenez a través da ilustración, o percorrido histórico e o acerto das autoras ao afirmar que o código empregado no álbum facilita na nenez múltiples lecturas posteriores e mesmo simultáneas que axudan a construír historias paralelas ao fío narrativo principal e contribúen ao desenvolvemento da capacidade imaxinativa dos máis novos. De "Unha selección de álbums inesquecíbeis", de María del Carmen Ferreira Boo, explícase que se ofrece a ficha bibliográfica de cada obra seleccionada, os premios, as traducións e un breve descritor. De "Unha selección para a educación literaria", explícase que son sesenta e catro álbums publicados entre 2000 e 2010 no marco ibérico e iberoamericano, mentres que nos "Comentarios para a formación lectora" se amosa unha clara vontade de axudar ao mediador no seu labor educativo no ámbito literario e artístico e tamén de servir de orientación para a elección dos títulos máis adecuados ás necesidades de cada momento. Por último, salienta a vontade de convivencia e respecto lingüístico que amosa a obra, o valor didáctico e divulgativo, así como a súa funcionalidade para asentar as bases do traballo de mediación lectora e de creación/asentamento do hábito lector dos máis novos.

Nandín Vila, Teresa, "Ramos, R. y A. Fernández Mosquera (eds.), L. Lorenzo García, B. A. Roig Rechou y V. Ruzicka Kenfel (coords.) (2012). *Literatura infantil y juvenil y diversidad cultural/Literatura para a Infância e Juventude e Diversidade Cultural*. ANILIJ-ELOS/Centro de Investigação em Estudos da Criança (Instituto de Educação-Universidade do Minho). Col. Estudos 02. ISBN: 978-972-8952-21-1", *AILIJ. Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 10, "Libros reseñados", 2012, pp. 259-260.

Dáse conta dos traballos que conforman esta monografía que é o resultado das reflexións levadas a cabo na 19th Biennal Congress da International Research Society for Children's Literature (IRSCL), celebrada en 2009 na Universidade Johann Wolfgan Goethe (Frankfurt-Alemaña), e en reunións posteriores realizadas por diferentes grupos de investigación. Explícase que reúne trinta e cinco estudos de diversas temáticas, entre os que se destacan as reflexións ao redor da relación da Literatura Infantil e Xuvenil coa multiculturalidade, a tradución, a migración, a emigración, os pobos indíxenas, a mitoloxía, o xénero, as identidade, os valores, autores clásicos ou a educación literaria. Sinálase tamén que os investigadores participantes pertencen a numerosos países e reflexionan sobre cuestións tan diversas como o sistema literario infantil e xuvenil galego, os álbums, as cancións relixiosas, as editoriais, as adaptacións, as prácticas de lectura escolar etc. Remata afirmando que con obras coma esta se está afianzando unha liña de investigación moi valiosa, útil e necesaria para todos os interesados na LIX.

Neira Cruz, Xosé Antón, "Ilustramundo: unha ollada á diversidade cultural a través da ilustración", *Tempos Novos*, n.º 178, "Todo é peixe", marzo 2012, pp. 8-11.

Dá conta da mostra "ilustraMundos", organizada en Santiago de Compostela, co obxectivo de dotar o fondo do Museo Internacional da Ilustración, do que salienta o feito de ser o primeiro museo deste tipo en toda Europa. Menciona asemade a celebración do congreso internacional "Ilustrando a Diversidade", inaugurado por Juan Casares Long, reitor da Universidade de Santiago de Compostela. Salienta a seguir a conferencia de Anxo Lorenzo, titulada "Ilustración e cultura galega". Achega finalmente algúns datos sobre cada un dos artistas que participou na Mostra.

Pena Presas, Montse, "As imaxes femininas na narrativa infantil e xuvenil galega: dos roles tradicionais á novela feminista (1975-1985)", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 15, 2012, pp. 107-117.

Considera que a década que se abala entre 1975 e 1985 resulta fundamental para a consolidación da Literatura Infantil e Xuvenil galega, ademais de albiscárense neste período as primeiras liñas programáticas dos escritores do momento e as imaxes en que pretendían que as nenas e nenos galegos se identificasen. Explica que o obxectivo deste traballo é analizar as imaxes de mulleres que se proxectan dende os textos publicados nesa década en lingua galega, que non sexan adaptacións de contos populares, de autoría recoñecida e sen un obxectivo didáctico prioritario. Sinala que só un 26,53% das narracións infantís e xuvenís galegas teñen como protagonistas mulleres. Tras o seu estudo, conclúe que a presenza de personaxes tradicionais dende o punto de vista de xénero é evidente, aínda que tamén se observa, conforme a innovación temática aumenta, o aumento da variedade de modelos de mulleres existentes. Puntualiza que estes se diversifican até a aparición das dúas primeiras imaxes femininas rompedoras: Tálata e Lazo, que xorden nas primeiras narracións feministas da Literatura Infantil e Xuvenil galega (*Pericles e a balea*, de Xohana Torres e *O segredo da pedra figueira*, de María Xosé Queizán). Por outra parte, destaca que foron sobre todo as autoras as que tiveron a afouteza de comezar a recuperar a perdida figura da nena e da muller e as que crearon un contexto propicio para que se producise o definitivo paso á subcultura literaria feminista.

Pena Presas, Montse, "Alento de clásico", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proPostas", "LiX", inverno 2012, p. 6.

Despois de referir a fórmula literaria que pode seducir os adolescentes, sinala que *Febre* (2011), de Héctor Carré, é unha boa exemplificación. Considera que esta novela, Premio de Literatura Xuvenil Fundación Novacaixa Galicia-Claudio Sanmartín, desprende o alento dos grandes textos clásicos para mozas e mozos. Apunta que se sitúa no tempo en que moitos se enriqueceron co volframio, ademais de incidir en que o elemento que singulariza esta historia é a forza que desprende o personaxe de Carmucha e a problemática de roles de xénero que presenta. Sinala que a figura protagónica está moi ben construída e resulta necesaria, aínda que o autor se enfronta moitas veces coa verosimilitude e non sempre sae vitorioso. Salienta a pericia narrativa de Carré e explica que o autor sorprende ambientando a historia nun tempo moi socorrido sen caer no tópico e ao dotar a narración dun ritmo "suxestivo, especial".

Ríos Santomé, Soledad, "Roig Rechou, B.A. (coord.) (2011). *A crítica e a Literatura Infantil e Xuvenil*. A Coruña: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)/Comisión Executiva da Sección da Crítica da AELG. ISSN 1989-7340", *AILIJ. Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 10, "Libros reseñados", 2012, pp. 275-277.

Comentario sobre esta monografía no que se explica a súa xénese e os apartados que a constitúen, dende a reflexión da coordinadora, "Dúas periferias: Literatura Infantil e Xuvenil e Crítica Literaria. Unha reivindicación cara á saída delas", pasando polos traballos sobre a crítica no ámbito galego "Crítica literaria académica sobre LIX en Galicia", de Isabel Mociño, e "A crítica de libro infantil-xuvenil na prensa. Problemática en letra propia", de Xosé Manuel Eyré, nos que se explica que son dúas panorámicas sobre a evolución destes dous tipos de crítica en Galicia, nas que se analizan as características que presentaron ao longo do tempo e os logros acadados, principalmente na académica, mentres se reclama unha maior consideración para a xornalística e se denuncia a desaparición paulatina de medios, que a condenan á precariedade. Tamén se detén nas reflexións dos investigadores representantes de diferentes ámbitos lingüísticos do marco ibérico, que se pechan co artigo de Mar Fernández Vázquez no que analiza a presenza e ausencia da crítica literaria sobre a Literatura Infantil e Xuvenil a través do proxecto Informe de Literatura 2009 que ofrece datos contrastivos entre a literatura dirixida aos novos e a dirixida ao público adulto. Explícase que na obra se recollen unha ducia de traballos de carácter reivindicativo e de denuncia das debilidades que é preciso resolver canto antes, nas que se incide en diferentes aspectos da crítica, como a súa relación coa poesía e o teatro ou coa tradución e o papel da muller. Remata sinalando que o volume se pecha cunha bibliografía sobre a Literatura Infantil e Xuvenil galega no século XXI (2000-2010) na que se recollen as obras máis representativas das diferentes liñas tratadas ao longo do monográfico, que ofrece un amplo abano de perspectivas e miradas sobre a crítica, que será moi útil para investigadores, estudosos, formadores e mediadores.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "Educación literaria. Literatura Infantil y Juvenil. Una propuesta multicultural", *Revista Educação&Realidade*, Porto Alegre, Universidade Federal do Rio Grande do Sul (Faculdade de Educação), volume 35, n.º 3, set./dez. 2012, pp. 362-370.

Fala da importancia de que o mediador se forme coñecendo as Historias da Literatura Infantil e Xuvenil de cada país, así como as obras canonizadas da Literatura universal, estudos sectoriais e repertoriais para poder realizar canons axeitados para a animación lectora. Comenta dúas obras da Literatura Infantil e Xuvenil galega dirixidas á educación multicultural: *Cara a un lugar sen nome* (1998), de Antonio García Teijeiro, e a colección "As aventuras de Nunavut", de Xoán Abeleira, que, como afirma a autora, constitúe a "primera y única serie literaria que se aproxima a otra cultura en el sistema literario infantil y juvenil gallego" (p. 366) e se compón das seguintes obras: *O nacemento de Nunavut* (2003), *Un día de caza* (2003), *O caribú namorado* (2004) e *Sedna, a deusa do mar* (2005).

Sabbá Gimarães, Newton, "A arte do conto em Xosé Neira Vilas", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 89, tomo I, ano XXIII, "Acoutacións", xaneiro-febreiro-marzo 2012, pp. 105-124.

Trata o xénero contístico en Xosé Neira Vilas ao longo de cinco apartados. Comeza, tras unha cita tirada de J. B. Metzler en alemán, co apartado "Um gênero difícil e um autor", no que salienta a mestría do escritor na lingua literaria, así como a riqueza do seu léxico e a súa capacidade para contar historias, de entre as que cita *Memorias dun neno labrego* (1961), da que destaca o feito de ser a máis coñecida fóra de Galicia. Menciona a seguir a introdución de Paulo Rónai á antoloxía brasileira de contos, *Mar de Histórias* (1989) e os contos de Neira Vilas, *Xente no rodicio* (1965), *A muller de ferro* (1969) e *O home de pau* (1999), para continuar despois cunha breve análise sobre a extensión formal que deben ter os contos propiamente ditos. No segundo apartado, "Por um novo conceito de conto", comenta a curta extensión dos contos deste escritor e a subsecuente consecuencia de posíbeis confusións con crónicas breves de carácter poético. Aproxímase á temática dos seus contos, da que salienta a presenza de vocábulos referidos a estados meteorolóxicos e, máis en xeral, a forza que lle atribúe á significación da palabra, coma por exemplo en *Contos vellos para rapaces novos* (2001). En "O que é o conto para este autor?", comenta a adxectivación empregada nos seus contos, como no caso d'*A muller de ferro* (1969) ou "Home e gato". No seguinte apartado, "De onde vem a inspiração dos contos de Neira Vilas", profunda nas orixes que levaron ao escritor a escribir os seus contos e sinala os casos de *Xente no rodicio* (1965), "O papel" e "O berro" en *A muller de ferro* (1969) e "Cadelandia" en *O home de pau* (1999), dos que comenta as liñas temáticas. No último apartado, "Concluindo: há uma arte de contar em Xosé Neira Vilas?", alude ás orixes da espontaneidade do autor á hora de inventar as historias e menciona os *Cuentos de la selva y otros relatos* (2004), de Horacio Quiroga como unha das súas lecturas preferidas. Pechan este estudo un "Envoi" no que indica o carácter posmodernista de Neira Vilas e unha listaxe das referencias bibliográficas empregadas.

Sampedro, Pilar, "Febre e quimeras", *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 43, "Libros", decembro 2012, pp. 74-75.

Refírese á novela de Héctor Carré, *Febre* (2012), merecente do Premio Fundación Novacaixagalicia Claudio San Martín de Literatura Xuvenil 2011. Destaca as imaxes da cuberta e describe o fío argumental, os personaxes principais e a lírica da linguaxe empregada.

Soto, Isabel, "Froitos máxicos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proPostas", "LiX", inverno 2012, p. 5.

Comeza referíndose á obra de Pinto&Chinto para logo centrarse na súa última publicación, *A maceira que daba calquera cousas menos mazás* (2011), que incide na diferenza e no estrañamento que produce o non andar ao rego. Detense no seu argumento e sinala que a nivel gráfico presenta quince ilustracións a dobre páxina, brillantes na utilización da luz e da cor, que concentran case o verdadeiro relato, ao que as palabras se supeditan engadindo matices. Explica que se trata dunha proposta sinxela con distintos niveis de lectura, pero sempre dende unha clave optimista.

VII.5.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Agrelo Costas, Eulalia, "Novelas da vida cotiá. Relacións interxeracionais", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 18 xaneiro 2012, p. 46.

Indícase que na narrativa xuvenil anterior á década dos noventa se abordaron as relacións entre xeracións, retratando a convivencia entre os máis vellos e os máis novos, que se converten ás veces en depositarios e transmisores da tradición cultural do seu pobo. Sinálase que nos noventa a irrupción de novos asuntos orixinou que as relacións interxeracionais pasasen a un segundo plano e fosen só evocadas ou circunstanciais. Menciónase a colectánea de relatos *Sempre quenta o sol*, de Antonio García Teijeiro, da que se sinala que nalgún deles se recolle a complicidade entre un neto e o seu avó ou a rebeldía dunha nena que non acepta a morte da súa avoa.

Agrelo Costas, Eulalia, "Fantasmas de luz', unha nova homenaxe ao cinema", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 24 xaneiro 2012, p. 42.

Comenta que *Fantasmas de luz* (2011) é unha suxestiva narración que dialoga en múltiples aspectos coa produción literaria de Agustín Fernández Paz. Achega o seu resumo argumental e expón que con esta historia se denuncia a invisibilidade que padecen aqueles que deixan de exercer unha función ou son excluídos na sociedade. Explica que esa historia se apoia en fragmentos textuais de cincuenta e dúas películas, así como se complementa cunhas "Tomas extra", que son relatos amplificadores sobre certas cuestións da narración central. Por último, anota que nesta novela conflúen a fantasía, a intriga e a crítica social e que nela se lles atribúe unha gran relevancia aos soños e ao poder do pobo, quedando amortecida a acritude co pouso de esperanza que irradia o cinema.

Agrelo Costas, Eulalia, "Fascinación polos dragóns", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 13 marzo 2012, p. 43.

Recolle con detalle o argumento de *Corazón de pedra*, que protagoniza Brenda, unha rapaza intrépida, esperta, sensible e cunha gran paixón polos dragóns. Considera que as excelencias deste relato revélanse na correcta factura da súa escrita e na capacidade da historia para medrar co decorrer dos seus capítulos, así como por darlles paso a temáticas vinculadas cos roles asignados aos diferentes sexos, as relacións familiares e o respecto cara ao diferente. Conclúe destacando desta historia, que potencia a fantasía e a imaxinación, as magníficas ilustracións de Federico Delicado.

Agrelo Costas, Eulalia, "Literatura xuvenil. Novelas que recrean lendas, mitos e elementos identitarios", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 20 marzo 2012, p. 43.

Coméntase que nesta década se observa unha gran preocupación por continuar recuperando e recreando o pasado lendario e mítico galego. Saliéntanse tres obras de Manuel María: *A tribo ten catro ríos* (1992), *Cando o mar vai polo río* (1992) e *Viaxes e vagancias de M.P.* (1994), das que se sinala que constitúen unha triloxía que ofrece unha mitoloxía do cotiá ao que o autor imprime un carácter universal. Menciónanse tamén *Brandón, fillo de Ferreol* (1993), de Palmira Boullosa, da que se indica que é continuadora da liña iniciada con *A princesa Lúa e o enigma de Kián* (1988), na que se mesturan lendas clásicas galegas e celtas con elementos dos contos marabillosos; e *O castrón de ouro* (1994), de Darío Xohán Cabana, da que se destaca que recrea un pasado mítico e que se sitúa na liña aberta por Xosé Luís Méndez Ferrín en *Arnoia, Arnoia* coa liberdade como elemento nuclear da trama.

Agrelo Costas, Eulalia, "Literatura dramática. Mundos máxicos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 23 maio 2012, p. 43.

Coméntase que a corrente temática denominada "mundos máxicos" se inaugurou na Literatura Infantil e Xuvenil galega con *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), de Carlos Casares. Trázanse as liñas fundamentais da antedita corrente e indícase que, na década dos noventa, foi practicada por autores como Manuel Lourenzo, quen na colectánea *Forno de Teatro Fantástico* (1991) incluíu as pezas "Patricio e a fada", "O almacén dos artistas", "O soño das cidades", "O bosque máxico de Xabarín" e "A sensación de Camelot". Indícase que nelas se unen nostalxia, humor e fantasía para crear "mundos máxicos", ao tempo que se retoma o tratamento da tradición artúrica e o xogo do "teatro dentro do teatro".

Agrelo Costas, Eulalia, "Contexto 2000. Editoras foráneas e premios", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 12 setembro 2012, p. 43.

Saliéntase que a vitalidade do mercado editorial en lingua galega nos primeiros anos do século XXI animou a selos foráneos xa instalados en Galicia a seguir ampliando o catálogo de publicacións. Indícase que tamén irromperon novas empresas editoras, como o caso de Planeta&Oxford, creadora das colecciónns Camaleón e Nautilus; Sieteleguas Ediciones, Macmillan Infantil e Xuvenil e Edilupa Ediciones. Asemade, coméntase que creacións da Literatura Infantil e Xuvenil galega foron recoñecidas por premios convocados xa en épocas anteriores por entidades non galegas, como o Premio Lazarillo, o Premio Abril de Narrativa para Mozos e o Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil. Finalmente, faise referencia á institución doutros galardóns que tamén prestixiaron esta produción literaria, como o Premio Nacional del Cómic e o Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil y Juvenil.

Agrelo Costas, Eulalia, "Galicia, terra de poetas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 2 outubro 2012, p. 42.

Despois de se referir á aparición das primeiras antoloxías nas décadas dos 80 e 90, céntrase en *Os nosos versos*, que Antonio García Teijeiro publicou en 1997 na colección "Sopa de libros" de Anaya e que foi reeditada en 2000, ademais de coñecer unha nova saída do prelo en 2003 por parte de Edicións Xerais de Galicia, quen puxo en circulación unha segunda edición. Apúntase que nela se escolman corenta textos de feitura dispar, pero capaces de ofrecer unha mostra ben articulada e representativa da poesía galega. Cita os autores antologados e especifica que, a partir de formas populares, cultas e de cuño propio, estes textos portan os sentimentos, soños, reivindicacións... duns poetas que recorren a suxestivas imaxes e sinxela linguaxe. Anota a ausencia de Manuel Antonio e alude ás ilustracións de Fino Lorenzo.

Agrelo Costas, Eulalia, "Contos e relatos de misterio e investigación", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 5 decembro 2012, p. 42.

Saliéntase que nos primeiros anos do século XXI continuaron a publicarse relatos infantís de misterio e intriga nos que os protagonistas afrontan situacións arriscadas para resolver o conflito, á vez que contribúen á súa formación persoal. Menciónanse títulos como *Un misterio na mochila de Alba* (2005-2011), *O misterio da Casa do Pombal* (2009) e *Pesadelo no tren Chocolate* (2009), de Fina Casalderrey e *O misterio do príncipe pastor* (2007), de Xoán Babarro, dos que se destacan as principais liñas temáticas e argumentais.

Agrelo Costas, Eulalia, "Literatura Xuvenil. Reescrituras da narrativa de transmisión oral", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 19 decembro 2012, p. 42.

Infórmase de que na primeira década do século XXI se publicaron poucas obras xuvenís nas que se empregaron elementos da transmisión oral. Menciónanse, no uso referencial ou instrumental, *Lendas de onte, soños de mañá* (2001), de Francisco Fernández Naval e *Arrepíos e outros medos* (2004), de Xosé Miranda e Antonio Reigosa. En canto ao uso lúdico, faise referencia á novela *Unha bruxa ben rara* (2007), de Carlos Mosteiro; ao tempo que se comenta que empregan o uso humanizador *Feitizo* (2001), de Xosé Miranda e *Resalgario* (2001), de Antonio Reigosa. Finalmente, cítanse como exemplos de uso ideolóxico as obras *O Brindo de ouro I* (2004) e *O Brindo de ouro II* (2009), de Xesús Manuel Marcos.

Álvarez, Mónica, "Literatura Xuvenil. Novelas e relatos de misterio e terror", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 7 marzo 2012, p. 43.

Indícase que as novelas e relatos de misterio e terror xuvenís se iniciaron nesta década, seguindo a liña de E. A. Poe, Mary Shelley ou R. L. Stevenson, e que neles se atopan seres fantásticos. Destácanse as obras *Avenida do Parque, 17* (1996), de Agustín Fernández Paz e *O conto dos sete medos* (1992, Premio Barco de Vapor 1991), de Antón Cortizas, das que se mencionan as principais liñas argumentais. Tamén se fai referencia a outros títulos como *Cando petan na porta pola noite* (1994, Premio

Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1995), de Xabier P. Docampo e *A noite das cabras no aire* (1999, Premio Merlín 1999), de Bieito Iglesias, das que se expón un breve resumo argumental.

Álvarez Pérez, Mónica, "Literatura Xuvenil. Novelas policiais, detectivescas ou negras", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 3 xaneiro 2012, p. 40.

Sinálase que as narracións deste tipo de relatos seguiron a estela de obras de autores clásicos como Erich Kästner e de series como as de Enid Blyton e os patróns estabelecidos polas "novelas de pandas", ao recaer o protagonismo nun grupo de nenos, aínda que hai exemplos nos que o protagonista é un detective ou un investigador. A seguir destácanse as principias liñas temáticas d'*O caso das chaves desaparecidas* (1993), de Antón Cortizas Amado e *Biff, Bang, Pow!* (1997), de Xabier López López.

Álvarez Pérez, Mónica, "Queres que conte un conto", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 31 xaneiro 2012, p. 42.

Recensiónase a obra *Contos por teléfono*, de Gianni Rodari, reeditada en 2011 por Kalandraka Editora. Cóntase que, como no orixinal, se manteñen os setenta relatos breves con tinturas surrealistas, incluídos xa na edición que en 1986 publicou a Editorial Juventud. Coméntase tamén que nestes relatos se abordan diferentes temáticas e historias enfiadas a través da figura do Sr. Bianchi, representante de comercio, quen, motivado pola súa filla, decide chamala cada noite para contarlle un conto dende os diferentes lugares aos que se despraza por motivos de traballo.

Álvarez Pérez, Mónica, "Literatura dramática e recreación da transmisión oral e da tradición literaria", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 10 maio 2012, p. 42.

Indícase que na década dos noventa se continuou coa reescritura de narracións da transmisión oral con pretensións da súa representación. A seguir destácanse as principais liñas temáticas de *Viva Peter Pan* (1995), de Xesús Pisón, e *A historia xamais contada de Brancaneves e o rei Artur* (1996), de Constantino Rábade Castiñeira.

Álvarez Pérez, Mónica, "Contexto 2000. LIX galega e institucións", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 30 agosto 2012, p. 42.

Coméntase que a Literatura Infantil e Xuvenil galega continúa a súa traxectoria cara á configuración dun sistema literario propio nunha nova etapa caracterizada pola consolidación e a innovación. Indícase que a posta en marcha da Lei do Libro e do Plan de Lectura reflicten a preocupación polo asentamento do hábito lector e que aumenta a incorporación desta literatura no ámbito universitario a través de novos programas de doutoramento. Dáse conta da creación no ano 2004 da Rede Temática de Investigación

"Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano", formada por docentes e investigadores de varias universidades de España, Portugal, Brasil e Hispanoamérica. Finalmente, saliéntase que estas novas iniciativas axudan a incrementar a publicación de anuarios, monografías, volumes colectivos, actas de congresos e estudos que realizan análises sistemáticas sobre este sistema literario.

Álvarez Pérez, Mónica, "Contos e relatos infantís. Madureza, diferenza, liberdade e solidariedade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 24 outubro 2012, p. 41.

Saliéntase que na primeira década do século XXI seguen a publicarse contos e relatos infantís que abordan a diferenza, a liberdade e a solidariedade e que se observa un incremento no número de obras que tratan a interculturalidade e o respecto ás diferentes culturas. Coméntase que as tendencias realista e fantástico-realista continúan a ser as máis escollidas para abordar as temáticas citadas. Menciónanse como exemplos as obras *Un tren cargado de misterios* (2001), de Agustín Fernández Paz e *Con ollos na Lúa* (2010), de Antonio García Teijeiro, das que se ofrecen os argumentos.

Araguas, Vicente, "Libro de transparencias", *Diario de Arousa*, " *O Salnés Siradella*", "Páxina literaria", "Libros", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 714, "Libros", p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 714, "Páxina literaria", "Libros", p. 30, 4 marzo 2012.

Coméntase que Miguelanxo Prado ilustra *Fantasmas de luz* (2011), de Agustín Fernández Paz, unha obra "escrita por un cinéfilo". Analízase a figura do protagonista, Damián, outro amante do cinema, e dáse conta do argumento. Finalmente, saliéntase a influencia da película de James Whale, *O home invisible*, e da novela homónima de H. G. Wells.

Bendoiro Mariño, Pilar, "Literatura xuvenil. Novelas e relatos da vida cotiá. Drogadicción, delincuencia...", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 31 xaneiro 2012, p. 42.

Coméntase que na década dos 90 moitos autores trataron as reaccións e problemas persoais e familiares da xuventude e mocidade en relación a temas como as drogas ou a delincuencia e as súas consecuencias. Saliéntanse, entre as obras para un lectorado a partir dos once anos, a novela *Brumoso* (Xerais, 1998), de Xavier López Rodríguez e o conxunto de relatos *O brillo dos elefantes* (Xerais, 1999), de Fran Alonso; e, para un lectorado de máis de quince anos, as novelas *O abrente é un desatino* (Sotelo Blanco Edicións, 1995), de Xerardo Méndez; *Sobrevives* (Xerais, 1996), de Fina Casalderrey; *Días de desterro* (Xerais, 1996), de Xavier López Rodríguez; e *O prognóstico da lúa* (Alfaguara/Obradoiro, 1997), de Marga do Val.

Bendoiro Mariño, Pilar, "Longa vida ao avaro Scrooge!", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 28 marzo 2012, p. 51.

Comeza afirmando que Charles Dickens é un dos autores con menor presenza na Literatura Infantil e Xuvenil galega, do que so se traduciron a esta lingua dúas obras, *Oliver Twist* e *Canto de Nadal*. A continuación comenta que, con motivo do douscentos aniversario do nacemento do escritor inglés, Kalandraka Editora sacou do prelo en 2011 unha nova edición de *Canto de Nadal*, traducida por Carlos Acevedo e con imaxes de Roberto Innocenti. Destaca a sobriedade nas solucións estéticas deste álbum que se achega á fórmula tradicional na que a palabra triúnfa por enriba da imaxe. Indica que predominan os tons fríos nas ilustracións, mesturando estratexicamente pinceladas cálidas, en concordancia coa tenrura da alegoría dickensiana. Pon de relevo a omnipresenza da miseria material e espiritual, o que se reflicte nunha proposta ilustradora que caracteriza como realista. Indica que se respecta a estrutura orixinal do texto, dividida en cinco estrofas e dá conta de xeito sucinto do contido de cada unha delas. Finalmente, conclúe que o positivismo e a confianza de Dickens na condición humana permite que Scrooge se redima a tempo, amosando unha explosión de ledicia que considera que será compartida polo lectorado da obra.

Bendoiro Mariño, Pilar, "A poesía na década dos noventa", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 6 abril 2012, p. 49.

Indícase que o xénero poético non foi un dos máis seguidos na década dos noventa e que nas obras publicadas se reproduciron os esquemas compositivos e os patróns rítmicos do Cancioneiro Infantil pola súa sinxeleza e idoneidade á hora de achegar a lírica á nenez. Coméntase que as temáticas reflectiron os intereses e a contorna social dos máis novos e que se abandonou case por completo o didactismo moralizante en favor da reivindicación da imaxinación e do ludismo. Saliéntase que a poesía de autor, dirixida a un lectorado autónomo e mozo, seguiu practicando novas formas estróficas, maior complexidade nos recursos estilísticos e unha máis ampla temática. Finalmente, ponse de relevo que comezaron a introducirse fórmulas interxenéricas que combinaban os textos poéticos con outros narrados ou dramatizados.

Bendoiro Mariño, Pilar, "Tradución. Recreación da transmisión oral", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 3 xullo 2012, p. 43.

Coméntase que a transmisión de composicións da tradición oral se achega ao sistema literario infantil e xuvenil galego a través da reescritura por parte de autores galegos e non galegos ou por medio de versión ao galego de obras realizadas por autores clásicos da reescritura destas composicións. En canto á primeira canle, indícase que os transvases aparecen en colecciónns xa iniciadas anteriormente, como "Narrativa pra nenos", de Ediciós do Castro, onde viron a luz *A primeira aventura* (1991) e *A cama, a bolboreta e o paxariño* (1998), de Anisia Miranda e *Contos da cidade de cristal* (1992) e *Contos de tempos vellos* (1995), de Isabel Llor Cendán. Menciónase tamén "A Chalupa", de Galaxia e La Galera, con títulos como *Irmá* (1990), de Mariasun Landa ou *Orellas de coello* (1991), de Ricardo Alcántara Sgarb. Faise referencia tamén a mostras de autores como os irmáns Grimm, con *Os contos de Grimm. Escolma II* (1991) ou Charles Perrault, con *Cincenta* (1994).

Bendoiro Mariño, Pilar, "Contos e relatos infantís", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 9 outubro 2012, p. 43.

Saliéntase que nos primeiros anos do século XXI se retoman tendencias, correntes e temáticas practicadas anteriormente na Literatura Infantil, realizadas por autores que continúan a publicar para este lectorado. Coméntase que cómpre ter en conta a innovación que vén da man das novas voces, dos procedentes da literatura institucionalizada ou de adultos e da Literatura Infantil e Xuvenil. Faise referencia ao tratamento de temas de actualidade social e a outros que nunca foran abordados e que se poden considerar tabús. Finalmente, destácase que o material procedente da transmisión oral segue a ter gran presenza e reescríbese tendo en conta diversos usos.

Castro Soliño, Dorinda, "Conta a tiranía", *Faro de Vigo* , "*Faro da Cultura*", n.º 400, "Libros", 26 xaneiro 2012, p. 6/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 362, "Letras galegas", 4 febreiro 2012, p.6.

Sinálase que *Curros Enríquez e os gansos* (2011), de Bernardino Graña, é un traballo pequeno e simbólico contra a tiranía e a domesticación. Saliéntase o emprego dunha linguaxe rica e tenra e dáse conta do argumento.

ELOS, "Selección ELOS para Nadal", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 29 decembro 2012, p. 41.

Recoméndase a lectura de dez obras galegas e tres traducidas publicadas en 2012 e que foron obxecto de comentario nesta sección. Con respecto ás escritas por autores galegos, menciónanse *Os xogos olímpicos de Ningures*, de Pinto&Chinto; *As fronteiras do medo*, de Agustín Fernández Paz; *O principio*, de Paula Carballeira; *O neno* can, de Fina Casalderrey e Francisco Castro; *Rugando*, de Celia Díaz Núñez; *Dragal III. A fraternidade do dragón*, de Elena Gallego Abad; *Rebelión na charca*, de Miro Villar; *O aroma do liquidámbar*, de An Alfaya; *Eu, pel*, de Teresa González. En canto ás obras traducidas, indícase que foron obxecto de análise *Rapuncel*, de Iratxe López de Munain; *Engurras*, de Paco Roca e *Non hai escapatoria e outros contos marabillosos*, de Tim Bowley. De todas elas ofrécense as principais liñas temáticas.

Fdez. Santomé, Cristina, "Apolo, unha deidade á fuga", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 3 xaneiro 2012, p. 40.

Coméntase que, valéndose dos seus coñecementos da tradición clásica, Pepe Carballude e Andrés García Vilariño presentan *O deus desaparecido* (2011. Premio Barco de Vapor 1990), unha historia policial e de humor, reedición da orixinalmente publicada por Edicións SM no ano 1991 e que recupera Everest Galicia. Saliéntase que a presentación do volume (e o tipo de ilustracións con trazos rectos, angulosos, xaponizantes) tende a elevar a franxa de idade á que este vai dirixido e que se perde en parte a comicidade e a tenrura da primeira edición, potenciando o carácter policial da historia. Indícase que os debuxos de Beatriz García Trillo están a medio camiño entre o realismo e a caricatura abstracta e que a imaxe da cuberta é unha revisión da obra de Velázquez "A Fragua de

Vulcano" na que se inspira a trama, algo que na anterior edición era menos visible. Dáse conta do argumento do relato, do que se destaca que se trata dunha intriga ben disparatada cun final aberto. Ponse de relevo que esta historia constitúe un bo exemplo do papel desempeñado polo intertexto na LIX, xa que as referencias pictóricas súmanse a outras máis sutís como a recuperación da estrutura formal das obras de Agatha Christie, Arthur Conan Doyle, etc. ou de motivos da cultura pop (véxase a personaxe de Bruce Mann, que fai pensar en Bruce Springsteen). Indícase que, paralelamente, *Un deus desaparecido* presenta un trasfondo crítico que fala do compromiso sociopolítico dos autores e, así, a corrupción, o clientelismo e o consumismo exacerbado son algúns dos temas que se len entre liñas. Finalmente, coméntase que esta reedición permite comparar, dende unha perspectiva próxima á estética da recepción, como un texto evoluciona no transcurso dos anos, adaptándose non só a aspectos conxunturais como os cambios de moeda, senón tamén lingüísticos como as variacións sufridas pola normativa do galego.

Fdez. Santomé, Cristina, "Críctor', cidadán exemplar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 22 febreiro 2012, p. 43.

Coméntase que a editorial Kalandraka achega ao sistema literario galego unha das figuras de referencia da Literatura Infantil e Xuvenil, Tomi Ungerer, a través da tradución de *Críctor* (2011), da man de Silvia Pérez Tato. Indícase que non perde frescura e orixinalidade en relación coa primeira edición de 1963 e que é portadora da orixinalidade e sentido do humor característicos do autor. Menciónase que Tomi Ungerer foi merecedor xa dende moi pronto de diversos galardóns e ofrécese un resumo do argumento. Saliéntase que a defensa da anciá por parte de Críctor, a serpe humanizada polo seu agarimo, lle outorga á súa carta de cidadanía unha nova dimensión, a de heroe admirado. Ponse de relevo tamén que as ilustracións conservan un detallismo tenro máis próximo ás calidades das imaxes anteriores á estética actual máis minimalista e que isto vai asociado a unha certa contención na aplicación da cor. Faise referencia a que os trazos verde e salmón destacan sobre fondos en ton claro, subliñando o simbolismo de ambas as dúas cores que representan a serpe e a dona protagonistas da historia. Ademais indícase que a sinxeleza dos debuxos contribúe a focalizar a atención do lectorado na mensaxe que se pretende transmitir. Finalmente, obsérvase que é unha obra cun fondo contido pedagóxico, agochado tras a recreación, chea de surrealismo e ironía, do exotismo africano e o refinamento da alta sociedade francesa de comezos do século XX.

Fdez. Santomé, Cristina, "Ás voltas coa identidade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 20 marzo 2012, p. 43.

Indícase que *Que che gustaría ser?* (2011), de Arianna Papini, é unha obra concibida para estimular a curiosidade e a fantasía dos máis novos. Coméntase que foi merecedora dunha mención especial do xurado do IVº Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado 2011 e que este recoñecemento lle serve de carta de presentación no mercado da Literatura Infantil e Xuvenil galega. Saliéntase que as ilustracións orixinais acompañan ao texto versionado por Xosé Ballesteros e que a conxunción de imaxe e palabra é especialmente harmónica e equilibrada. Saliéntase que o argumento é sinxelo,

que trata da cuestión da identidade, intimamente ligada á descuberta do eu na infancia e que, así, unha cadea de personaxes soñan con parecerse uns aos outros, dando lugar a un xogo de naturezas híbridas. Ponse de relevo que a través desta historia se exalta a diversidade e que, ao contrario que as metamorfoses clásicas, a noción de mutación reviste un carácter positivo e lúdico. Dáse conta da estrutura circular do álbum que crea un ritmo recursivo e que constitúe un aceno ao modelo tradicional da Literatura Infantil e Xuvenil fundado na repetición como mecanismo pedagóxico. Finalmente, saliéntase que os tons claros e suaves das imaxes dirixen a atención do lectorado infantil cara á gabanza do poder da imaxinación.

Fdez. Santomé, Cristina, "Facendo balance xeral da literatura infantil e xuvenil", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 20 xuño 2012, p. 51.

Infórmase da publicación do *Anuario Iberoamericano sobre el Libro Infantil y Juvenil 2012*, unha obra colectiva na que participan arredor dunha ducia de profesionais e estudosos da Literatura Infantil e Xuvenil no marco iberoamericano. Indícase que ten como obxectivo ofrecer unha ollada global do estado actual do sector e que o seu mérito reside na diversidade dos parámetros observados. Coméntase que Antonio Orlando Rodríguez, escritor e experto en Literatura Infantil e Xuvenil, abre o volume cunha reflexión sobre os valores, desafíos e acertos do xénero na área iberoamericana. No tocante aos contidos tratados, saliéntase a contribución de Isabel Soto e Xavier Senín sobre a realidade da Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia. Faise referencia a que, baixo o título de "Surcando mares procelosos", ofrecen unha evocación do palmarés dos principais premios convocados no ano 2011, unha listaxe de novidades e propostas editoriais, acompañada de comentarios técnicos e críticos e unha análise da situación e do contexto da edición galega no eido do álbum (ao que se lle presta unha especial atención), a poesía, o teatro e a banda deseñada. Finalmente, conclúese que ambos os dous, ao igual que o resto de colaboradores, insisten na calidade dos títulos e presentan un panorama certamente positivo.

Fernández, Paula, "Máxico Nadal", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 358, "Letras galegas", 7 xaneiro 2012, p. 7.

Saliéntase que *Trece noites, trece lúas. Libro das marabillas do Nadal* (2011), de Antonio Reigosa, é un libro sobre a orixe das tradicións e a súa vixencia. Coméntase que os contidos da obra amosan unha tradición rica, descoñecida e atractiva. Finalmente, ponse de relevo que combina á perfección o traballo artístico co documental.

Fernández, Paula, "Novela experimental", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 399, "Libros", 19 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 361, "Letras galegas", 28 xaneiro 2012, p. 7.

Coméntase que *Mil cousas poden pasar. Libro II* (2011), de Jacobo Fernández Serrano, é a segunda parte da obra gañadora do Premio Merlín de Literatura Infantil no ano 2009. Defínese como unha novela experimental infantil na que se recrea un mundo de fantasía

perfectamente pensado e articulado. Saliéntase a presenza do humor e dun ritmo frenético.

Fernández, Paula, "Fermosa historia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 400, "Libros", 28 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 362, "Letras galegas", 4 febreiro 2012, p. 7.

Saliéntase que *Pupi e as pantasmas* (2011), de María Menéndez-Ponte, é unha historia fermosa e divertida, actual e moderna, de contido didáctico, inspirada nun conto popular. Finalmente, coméntase que se trata dun relato caracterizado polo emprego dun humor orientado a un público de seis ou sete anos.

Fernández, Paula, "Xogo poético", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 401, "Libros", 2 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 11 febreiro 2012, p. 7.

Saliéntase que *Vaia tropa!* (2011), de Antón Cortizas, xoga co sen sentido en pequenos poemas pensados para que os máis novos interactúen. Coméntase a súa musicalidade e indícase que están inspirados nos limericks irlandeses. Faise referencia a que os prólogos en verso que preceden a cada composición presentan as peculiaridades dos protagonistas da obra. Finalmente, ponse de relevo que, aínda que o humor é fundamental, non se desbota a temática social.

Fernández, Paula, "Aparente sinxeleza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 402, "Libros", 9 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 18 febreiro 2012, p. 7.

Comézase indicando que *A viaxe de Olaf* (2011), de Martín León Barrieto, resultou gañador do IX Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado. Coméntase a harmoniosa conxunción entre texto e ilustracións grazas ao xogo de tamaños, ao dinamismo das formas abstractas e a unha variedade cromática que resulta acolledora. Indícase que se trata dunha historia circular, inspirada na tradición oral e protagonizada por personaxes de reminiscencias mitolóxicas. Finalmente, indícase que o texto posúe unha estrutura acumulativa de ton inocente e xenerosidade implícita.

Fernández, Paula, "Problemas e sentimentos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 16 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras galegas", 25 febreiro 2012, p. 7.

Coméntase que Pasqual Alapont sérvese en *Quen lle ten medo a Morgana?* (2011) do mesmo estilo empregado para *O caderno laranxa de Morgana* (2011). Indícase que Morgana, a autora do diario, é a narradora-protagonista, o que se reflicte na linguaxe empregada e no tratamento de certos temas. Finalmente, saliéntase que se trata dunha historia de contido didáctico e divertida a un tempo.

Fernández, Paula, "Unha boa ferramenta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 404, "Libros", 23 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 3 marzo 2012, p. 7.

Sinálase que *A tartaruga de Martiño* (2011), de María Canosa, é un bo exemplo de conto infantil didáctico-afectivo e ofrécese o argumento. Destácase a escrita breve, sinxela e emotiva, complementada polas ilustracións de María Lires, de estilo figurativo.

Fernández, Paula, "Sobre soños e medos" *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 405, "Libros", 1 marzo de 2012, p. VII.

Indícase que *Pulgastel* (2011), de Eduardo Baamonde, é un conto sobre os soños e os medos na infancia e sobre o valor das cousas pequenas. Coméntase que o protagonista se vaise describindo en secuencias moi reveladoras da súa psicoloxía. Saliéntase que o perigoso episodio que vive Pulgastel se torna menos traumático ao agromar a maxia a partir do real, aínda que o ton melancólico do final lle amosa ao lectorado que o medo é difícil de esquecer.

Fernández, Paula, "Divertidas caricaturas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, 15 marzo 2012, p.VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 360, "Letras galegas", 24 marzo 2012, p. 7.

Indícase que *Ulises* (2011), de Ana Pontón e Lino Braxe, é unha adaptación humorística para o teatro escolar d'*A Odisea*, de Homero. Fálase da estrutura da obra e coméntase que se manteñen a esencia do poema orixinal, o seu tema e o seu argumento, aínda que se tenta ofrecer unha imaxe dos personaxes distinta á das figuras gregas, aproximándoas ao lectorado a través dunha linguaxe ocorrente e vulgar e de pensamentos e comportamentos anacrónicos.

Fernández Santomé, Cristina, "Crítica literaria en galego, ferramenta de visualización", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 25 abril 2012, p. 43.

Coméntase que o Consello da Cultura Galega acolleu o vinte e dous de outubro de 2010 a celebración das II Xornadas da Crítica Galega, organizada ao redor da Literatura Infantil e Xuvenil e do aparato crítico-literario que acolle. Indícase que as análises e comentarios foron acompañados doutros estudos sobre o estado da crítica da Literatura Infantil e Xuvenil nas linguas castelá, catalá, vasca e portuguesa, aportando unha perspectiva multicultural e comparativa da cuestión. Saliéntase que, no que respecta á galega, se denunciou a súa situación periférica e se comentou a escasa presenza nos estudos universitarios, ao tempo que se distinguiu entre a crítica académica e a xornalística, considerada non profesional. Faise referencia a que se puxo de relevo o agromar do aparato crítico nos últimos vinte anos e mencionánse *A memoria das guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega* (2004), grupos de investigación como LITER21, proxectos de investigación como os *Informes de Literatura* ou a Rede Temática de investigación "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e

Iberoamericano". Finalmente, infórmase de que as achegas destas Xornadas se publicaron nun monográfico que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega editou no número quince da colección "Escrita Contemporánea".

Fernández Vázquez, Mar, "Literatura Xuvenil. Novelas da vida cotiá. A familia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 24 xaneiro 2012, p. 42.

Refire que unhas novelas expoñen as consecuencias na familia ao se formar segundas parellas, como acontece en *¡Prohibido casar, papá!* (1996), de Fina Casalderrey, mentres que noutras se plasma a estreita relación entre avós e netos, caso de *O Avó de Pipa* (1991), de Helena Villar Janeiro, e *O Cabalo de cartón* (1992), de Antonio García Teijeiro. Indica ademais que outros aspectos relacionados co núcleo familiar se abordan en *Noitebra* (1999), de Xabier Rodríguez López; A *Canción do rei* (1991), de Villar Janeiro; e *O paporrubio que se foi* (1991), de Yuca.

Fernández Vázquez, Mar, "Literatura Xuvenil. Narrativa de fronteira", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 28 marzo 2012, p. 51.

Céntrase en precisar novelas que poden ser do gusto do lectorado mozo e do adulto entre as que salienta *Big-Bang* (1996), de Xoán Bernárdez Vilar, da que apunta as súas liñas narrativas. Sinálase que na década dos anos noventa se reeditaron en colecciónns xuvenís obras que viran a luz anos atrás en colecciónns para o público adulto, caso de *Un ano e un día* (Ediciós do Castro, 1980; 1990, Xerais, col. "Xabarín") e *Fumes de papel* (1988; 1992, Galaxia, col. "árbore"; 2004, Galaxia, col. "Costa Oeste"), de Xabier Alcalá. Precísase que, pola contra, novelas publicadas orixinariamente en colecciónns infantís se reeditaron para o público adulto, como aconteceu con *Nova crónica das Indias* (1989, col. "Nabarquela"; 1998, Ir Indo, col. "Narrativa"; 2003, Xerais, col. "Narrativa"), de Antón Avilés de Taramancos.

Fernández Vázquez, Mar, "A unión de pantasmas e nenos resolve os enigmas do pasado", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 6 abril 2012, p. 49.

Comeza apuntando que Cornelia Funke leva anos revisitando as novelas fantástica e gótica con grande éxito de público e vendas, polo que a cualificaron a "Rowling alemá" e mesmo foi destacada en 2005 pola revista *Times* coma "unha das cen persoas máis influíntes do planeta". Refire que Ediciónns Xerais de Galicia apostou por verter ao galego tres narracións de Funke: *Reckless. Corazón de pedra* (2010), *A princesa Sabela* (2011) e *O espírito do cabaleiro* (2011), traducidas todas elas por María Xesús Bello Rivas, obra esta última sobre a que fai unha recensión crítica indicando que nela volve á novela gótica como fixera anos atrás na triloxía *Mundo de Tinta*, pola que é recoñecida mundialmente e que aínda non se pode ler en galego; apuntando os trazos constantes na narrativa de Funke; e salientando as claves temáticas e as intertextualidades, incidindo en que "retorna á Idade Media e rescata personaxes históricos pero innova ao aplicarlles

a xustiza poética" e en que "reescribe desde os usos instrumental e lúdico motivos como o castelo, xoga coa tensión narrativa e co suspense e mestura realidade e irrealidade".

Fernández Vázquez, Mar, "Literatura dramática. Crítica social", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 29 maio 2012, p. 43.

Coméntanse pezas de crítica social que ademais presentan unha carga didáctica, lograda por medio da intensificación dun recurso empregado na década precedente: a cuarta parede. Precisa que mentres nunhas pezas a crítica recae nos comportamentos persoais, como acontece en *Todo é horrible, moi horrible e eu tamén* (1996), de Roberto Salgueiro, e *Touporroutou da Lúa e do Sol* (1996), de Roberto Vidal Bolaño, noutras reivindícase a diferenza, unha corrente que iniciara Carlos Casares nos relatos de *A galiña azul* (1968) e continuara na peza *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), caso d'*O coleccionista de sombras* (Primeiro Premio no Iº Concurso de Teatro Infantil Xeración Nós 1987, 1990), de Antón Cortizas, e a peza que máis destaca: *O merlo branco* (Primeiro premio da Mostra de Teatro Infantil "Xeración Nós" 1989, 1991), de Cándido Pazó.

Fernández Vázquez, Mar, "A narrativa na primeira década do século XXI", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 18 setembro 2012, p. 42.

Apúntase o aumento na produción narrativa, o que permitiu sustentar o mercado editorial aínda que os libros se sitúen no derradeiro lugar nas "preferencias de consumo cultural". Indícase que as editoriais levaron a cabo mudanzas nas súas colecciónns para lograr máis lectores e así mesmo se abriron a temas transversais no ensino Secundario e no Bacharelato. Refírese que os autores seguen a beber na transmisión oral e precísanse as correntes formais e temáticas que se iniciaran no século XX e que seguen a cultivar. Estabelece as diferenzas existentes entre os subsistemas infantil e xuvenil respecto á temática e á tipoloxía de novelas, á localización da trama e aos motivos literarios.

Fernández Vázquez, Mar, "Contos e relatos infantís: igualdade de xénero", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 13 novembro 2012, p. 42.

Indícase que nos dez primeiros anos do século XXI "minguou o convencionalismo de atribuír roles distintos a mulleres e homes". Refírese que isto se pode constatar ao ler narracións inseridas na colección "Contos da Igualdade", dirixida aos primeiros lectores e que se inaugura con *Un día de treboada* (2006), de María de Mata, e *Titiritesa* (2007), unha reescritura ideolóxica do material da transmisión oral de Xerardo Quintiá; e tamén dous contos do ano 2007 de Fina Casalderrey para o lectorado autónomo: *Ola, estúpido monstro peludo!* e *Xela volveuse vampira!!*.

Ferreira, Vanessa, "Lírica. Cancioneiro infantil e reescritura", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 11 abril 2012, p. 50.

Indícase que na década dos noventa se continúa a recuperar e recrear o Cancioneiro Infantil e outras formas rimadas en obras dirixidas á nenez ou aos mediadores. Entre as dirixidas a estes últimos, menciónanse *Dedín. Dedín. Dedín pequenequín (folklore infantil)* (1990), *Voa xoaniña voa. Ditos, recitados e xogos infantís* (1993), *Tan, tarantán, tarantán, tarantiña. Recitativos e outras lerias de tradición oral* (1994), de Manuel Rico Verea; *Titiridalle* (1995) e *Vente rindo, ven cantando: cancioneiro escolar galego* (1996), de Manuel Rico Verea e Carmen López Taboada. Entre os dirixidos aos máis novos, saliéntanse *Trabalinguas para xogar: textos populares* (1991) e *Adiviñas para xogar* (1992), de Xulio Cobas Brenlla; *303 Adiviñas* (1994), de Gloria Sánchez e *Adiviñas de papel: Xogar para adiviñar* (1999), de Sabela Álvarez Núñez.

Ferreira Boo, Carmen, "Literatura xuvenil. Novelas históricas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 1 marzo 2012, p. 42.

Indícase que na década dos noventa se publicaron novelas que aproveitan a ficción como fío condutor para presentar diferentes acontecementos históricos e que as poucas obras deste tipo se centran na Guerra Civil e nas súas consecuencias, temática pouco tratada na Literatura Infantil e Xuvenil. Cítanse como exemplos *Tristes armas* (1994), de Marina Mayoral e *Tempo rachado* (1999), de Margot Chamorro. Da primeira destácase que realiza un retrato realista da fragmentación familiar na Guerra Civil española, dende a óptica dos vencidos. Da segunda coméntase que a narración se complementa con fotografías daquela época sacadas do *Álbum* do *Arquivo Pachego*.

Ferreira Boo, Carmen, "Teatro na década dos 90", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 1 maio 2012, p. 42.

Comézase indicando que a produción de literatura dramática seguiu aumentando axudada por premios e concursos, tanto iniciados en décadas anteriores coma de nova creación. Saliéntase que tamén se viu favorecida pola publicación das primeiras edicións crítico-divulgativas e por se ter iniciado a colección "Teatro nas aulas" (1995-1996), da Asociación Socio-pedagóxica Galega. Coméntase que esta produción se incluíu en diversas correntes temáticas e formais ("recreación dos contos de transmisión oral e da tradición literaria", "recuperación e recreación de símbolos, ambientes populares e literarios galegos", "mundos máxicos e crítica social). Ponse de relevo que contou co apoio dende 1991 do Instituto Galego de Artes Escénicas e a continuación de mostras como a Xeración Nós e a MIT de Ribadavia.

Ferreira Boo, Carmen, "O libro infantil e xuvenil desde a diversidade cultural", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 29 maio 2012, p. 43.

Comenta que no IV Congreso Ibérico "Leo diferente: El libro infantil y juvenil desde la diversidad cultural", celebrado en San Sebastián do 2 ao 5 de xullo de 2008 pola OEPLI e a Asociación Galtzagorri, os diferentes axentes profesionais intercambiaron ideas ao redor da pluralidade, convivencia e respecto polo outro e o seu reflexo na Literatura Infantil e Xuvenil na nova realidade multicultural, caracterizada polas hibridacións culturais e as identidades transnacionais. Indícase que con atraso no ano 2011 se publicou o volume de actas homónimo no que se recollen dez interesantes achegas críticas e teóricas, botando man das teorías postcoloniais, das estratexias tradutolóxicas, e da crítica literaria. Indica que tamén acolle exemplos prácticos de dinamización da lectura, así como un CD coas vinte e oito comunicacións presentadas, entre elas as achegas galegas, "Espantallo amigo", de Mónica Domínguez que analiza o proceso tradutolóxico e de domesticación ao catalán e castelán nos anos 70 desta obra de Xosé Neira Vilas; "La interculturalidad en la LIJ gallega", de Esther de León Viloria e Mar Fernández, que comentan unha selección de obras narrativas para a Educación Intercultural; e "Cómo mirar al otro en la narrativa infantil y juvenil gallega. Siglo XXI", de Blanca-Ana Roig e Marta Neira, na que estudan a "primeira serie literaria galega que se achega a outra cultura", a colección "As aventuras de Nunavut", de Xoán Abeleira.

Ferreira Boo, Carmen, "Tradución", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 24 xullo 2012, p. 42.

Coméntase que, ao igual que na década dos oitenta, a presenza de autores clásicos contemporáneos a través da tradución é mostra da progresiva consolidación do sistema literario. Indícase que estas obras proceden principalmente doutras linguas de España. Menciónase que moitas delas pertencen a autores xa consolidados e ofrécense como exemplos *O fillo do xardineiro* (1990), de Juan Farias; *O príncipe da brétema* (1995), de Carlos Ruiz Zafón e *O gardián da lúa* (1994), de Jordi Sierra i Fabra. Ponse de relevo que tamén se ofrecen obras de autores cunha traxectoria que comeza a ser visíbel neste momento, como *Catro ou tres mazás verdes* (1990), de Carmen Vázquez-Vigo e *O diccionario de Carola* (1996), de Carmen González Ojea. Finalmente, faise referencia á presenza de autores de sistemas literarios máis afastados, como Mira Lobe e a súa obra *A avoíña da maceira* (1990).

Ferreira Boo, Carmen, "Crítica e investigación. A LIX protagonista narrativa", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 16 agosto 2012, p. 39/ "Crítica e investigación. A LIX protagonista", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 22 agosto 2012, p. 43.

Coméntase que na década dos noventa se seguiron a publicar revistas galegas especializadas en Literatura Infantil e Xuvenil, como *Papeles de literatura infantil* (1986-1994) e *Fadamorgana* (1999), que acolleron estudos, comentarios, entrevistas, artigos de opinión e notas informativas. Indícase que a Literatura Infantil e Xuvenil galega tamén figurou en revistas doutros ámbitos lingüísticos, como *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*. Asemade, menciónase que a investigación e a crítica académica reflectiu as súas achegas en traballos resultantes de congresos e seminarios e, sobre todo, na primeira tese de doutoramento, *A Literatura Infantil en Galego.*

Perspectiva diacrónica, defendida en 1994 por Blanca-Ana Roig Rechou, quen incorporou estes estudos aos programas de doutoramento na Facultade de Filoloxía e dirixiu o primeiro grupo de investigación especializado nesta institución. Dáse conta da saída do prelo doutras monografías específicas, como *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega* (1991), de Xulio Cobas Brenlla e *A literatura infantil e xuvenil en galego* (1999), de Agustín Fernández Paz.

Ferreira Boo, Carmen, "Literatura infantil. Reescrituras I", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela+. 2000", 25 setembro 2012, p. 43.

Saliéntase que no século XXI xurdiron todo tipo de reescrituras instrumentais, lúdicas, ideolóxicas e humanizadoras que seguiron as pautas narratolóxicas dos contos da transmisión oral. Coméntase que a reescritura instrumental foi a máis frecuentada mediante versións literarias, adaptacións dos contos propios ou doutras culturas e novos contos de autor. Destácanse títulos como *Máis contos de animais I* (2002), *Máis contos de animais II* (2002), de Xosé Miranda e Antonio Reigosa; *A Princesa do Caurel* (2006), de Patacrúa; *O misterio do príncipe pastor* (2007), de Xoán Babarro. Finalmente, indícase que a través da reescritura lúdica se crearon situacións humorísticas e se parodiou a literatura de transmisión oral por medio da descontextualización, da desmitificación e da ruptura de estereotipos, como foi o caso de Gloria Sánchez en *Matapitos.com* (2000) e de Xosé Antonio Perozo en *Vanesa non quere ser princesa* (2004).

Ferreira Boo, Carmen, "Literatura infantil. Reescrituras II", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela+. 2000", 2 outubro 2012, p. 42.

Coméntase que no século XXI as reescrituras humanizadoras e ideolóxicas dirixidas á infancia foron pouco cultivadas. Entre as primeiras menciónase *No corazón do bosque* (2001), de Agustín Fernández Paz. Con respecto ás segundas, indícase que a súa finalidade é preservar ou defender o medio ambiente, a ecoloxía, a muller, a identidade nacional e os valores democráticos de pluralidade e tolerancia, e faise referencia a títulos como *Titiritesa* (2007), de Xerardo Quintiá; *O sorriso de Claudia* (2007, 2009), de X. H. Rivadulla Corcón e *Nera, a ferreira* (2009), de Imelda Barrio Santamaría.

Ferreira Boo, Carmen, "Contos e relatos: vivencias infantís", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela+. 2000", 6 novembro 2012, p. 42.

Saliéntase que a comezos do século XXI seguen a publicarse numerosos relatos centrados nas experiencias da infancia e que neles é frecuente a amálgama entre realidade e fantasía á hora de abordar o comportamento e psicoloxía dos máis novos, sen perder a perspectiva das súas relacións familiares e da súa pertenza a unha colectividade. Sinálase que as historias adoitan definirse por unha aparente sinxeleza, aínda que se pode apreciar un laborioso exercicio literario que non renuncia á transmisión de valores. Menciónanse obras como *Raquel ten medo* (2004) e *¡Upa!*, de

Agustín Fernández Paz; *Gordiño recheo* (2007) e *Ola, estúpido mostro peludo!* (2007), de Fina Casalderrey; *Down* (2007), de An Alfaya e *O fillo do rei desaparecido* (2005), de Xoán Babarro e Ana María Fernández.

Ferreira Boo, Carmen, "Recomendacións: Monografías", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela+. 2000", 29 decembro 2012, p. 41.

Menciónanse as monografías centradas no estudo da Literatura Infantil e Xuvenil e que foron obxecto de comentario nesta páxina: *Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil* (2011) e *Literatura Infantil y Juvenil y Diversidad Cultural* (2012), editadas conxuntamente por ANILIJ e CIEC; *Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía* (2012), de Charo Portela Yáñez; *El libro infantil y juvenil desde la diversidad cultural* (2011), actas do IV Congreso Ibérico da OEPLI; *Entretextos* (2012), de Sara Reis e *Dun tempo e dunha terra. Antoloxía poética de Celso Emilio Ferreiro* (2012), de Gonzalo Navaza. Faise referencia tamén ao volume *A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)* (2012), coordinado por Blanca-Ana Roig, Isabel Soto e Marta Neira e realizado por membros e colaboradores da Rede LIJMI.

Ferreira da Silva, Vanessa, "En busca de visibilidade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 11 xaneiro 2012, p. 42.

Comézase reflexionando sobre a posición da Literatura Infantil e Xuvenil no ámbito académico para, a continuación, mencionar a publicación do primeiro volume da colección "Estudos" da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ) e o Centro de Investigação em Estudos da Criança (Universidade do Minho), *Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil/Crítica e Investigação em Literatura Infantil e Juvenil* (2011), editado por Ana Margarida Ramos e Isabel Mociño González, baixo a coordinación de Lourdes Lorenzo, Blanca-Ana Roig e Veljka Ruzicka. Sinálase que a súa finalidade é buscar novos camiños para a ampliación da visibilidade da Literatura Infantil e Xuvenil. Indícase que se trata dunha edición bilingüe, en lingua castelá e portuguesa, onde se presenta o estado da cuestión das actuais investigacións desenvolvidas sobre a Literatura Infantil e Xuvenil, sobre todo, no ámbito ibérico e iberoamericano. Faise referencia ao formato e ao contido das cinco seccións que configuran esta monografía e conclúese co desexo de que outras iniciativas semellantes axuden a erradicar a marxinación destes estudos dentro do ámbito académico.

Ferreira da Silva, Vanessa Regina, "Literatura xuvenil. Novelas de crítica social", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 9 febreiro 2012, p. 50.

Sinálase que neste tipo de novelas son sobre todo os protagonistas xuvenís os que máis loitan pola xustiza como elemento fundamental para a felicidade. Cítanse como exemplos as principais liñas temáticas das obras *As vacacións máxicas de John Liberty*

(1995), de Xoán Babarro e Ana María Fernández; *Tanis I O Mocos* (1998), de Manuel Lourenzo González e *Noitebra* (1999), de Xabier López Rodríguez.

Ferreira da Silva, Vanessa, "Tradución. Contexto", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 26 xuño 2012, p. 43.

Coméntase que na década dos noventa a tradución se viu favorecida por iniciativas como o aumento de subvencións a editores e tradutores. Indícase que neste momento eran as editoras as que levaban a cabo unha certa planificación deste labor, conscientes das necesidades lectoras que suplir de cara ao asentamento dun sistema literario en conformación e á normalización lingüística. Saliéntase que se continuou coa coedición de obras contemporáneas e se traduciu a clásicos universais, obras procedentes da transmisión oral, textos pedagóxicos e outras modalidades literarias como a banda deseñada. Destácase tamén a presenza da Literatura Infantil e Xuvenil en revistas especializadas como *Viceversa* (1995).

Ferreira da Silva, Vanessa, "Narrativa xuvenil", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 11 decembro 2012, p. 42.

Saliéntase que o aumento cuantitativo do número de títulos publicados de narrativa xuvenil, a calidade das obras, a renovación dos elementos paratextuais das colecciónsn e os galardóns recibidos en Galicia e fóra dela amosan o seu fortalecemento. Menciónanse autores xa consolidados que seguen a publicar obras con temas e trazos novos como Paco Martín, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, An Alfaya, Pepe Carballude, Ramón Caride e Santiago Jaureguizar. Faise referencia tamén á incorporación de novas voces como Marcos Calveiro, Francisco Castro e Xesús Manuel Marcos e a obras como *Tonecho de Rebordechao* (2005), de Breogán Riveiro; *Ás de bolboretas* (2009), de Rosa Aneiros e *Menú de enganos* (2010), de Manuel Núñez Singala. Finalmente, coméntase que, sen abandonar o público adolescente, aposta pola mocidade con obras de fronteira entre esta literatura e a institucionalizada ou de adultos.

Gentili, Geovana, "Literatura xuvenil. Novelas de iniciación", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 11 xaneiro 2012, p. 42.

Coméntase que esta modalidade literaria se caracteriza polo proceso de madureza que o personaxe principal sofre ao longo das súas vivencias. Indícase que o protagonista conta polo xeral coa axuda de obxectos máxicos para a restauración da orde e a solución do conflito. Cítanse como exemplos as principais liñas temáticas das obras *A Percura* (1990), de Paula Carballeira Cabana; *A cidade maldita* (1991) e *Gundar e os cabalo de oito patas* (1991), de Xelucho Abella Chouciño e *O país durminte* (1992), de Xabier P. Docampo.

Gentili, Geovana, “Cando chove’, proposta literaria en formato álbum”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 marzo 2012, p. 42.

Comézase sinalando que Kalandraka Editora, consciente da importancia de achegar expresións culturais e espazos lingüísticos doutros países ao contorno galego, incorpora, baixo o selo editorial “Faktoría K de libros”, por medio da tradución de G. Tolentino, a obra *Euria ari duenean* (*Cando chove*, 2011), de Leire Salaberria (Andoain, 1983), ganadora da “V Beca Etxepare” polo “mellor proxecto para a creación dun álbum infantil en éuscaro”. Saliéntase que se trata dunha obra cunha temática e unha linguaxe sinxela, enriquecidas e potenciadas coas ilustracións que crean un xogo cromático, dinámico e complementario entre a linguaxe verbal e a non-verbal. Indícase que a historia se inicia coa expresión “Cando chove…”, impresa no centro da páxina en branco e cunha nube vertendo a choiva sobre a escrita e que, partindo do particular e, pouco a pouco, ampliando a perspectiva para o xeral, a narradora estabelece un contraste entre o positivo e o negativo que, textualmente, se organiza en dous bloques, respectivamente. Conclúese afirmando que aínda que para os máis novos sobresaia o aspecto lúdico da obra, para o lectorado adulto salienta a reflexión e o convite de tomar a vida de forma máis agradable, alegre e coa habilidade de enxergar o positivo no canto de ver sobresaír o negativo.

Gentili, Geovana, “Literatura xuvenil. Novelas relacionadas co respecto ao medio natural”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 90”, 13 marzo 2012, p. 43.

Coméntase que nesta década algunhas obras continuaron coa temática da ecoloxía, propoñendo reflexións sobre o impacto da acción do home na natureza. Indícase que no se 1990 publicaron *As flores radiactivas*, de Agustín Fernández Paz, galardoada co Premio Merlín en 1989, e *O rescate do peneireiro*, de Marilar Aleixandre. Saliéntase o argumento de ambas as dúas e que convidan ao lectorado a entrar nun universo ficcional cargado de desafíos, viaxes e misterios.

Gentili, Geovana, “Literatura dramática e recuperación e recreación de símbolos, ambientes populares e literarios galegos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 90”, 17 maio 2012, p. 43.

Saliéntase que o retorno aos elementos da tradición popular e literaria é un procedemento moi común na historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega. Destácase, dentro da literatura dramática da década dos noventa, a obra *Brinquemos ó teatro* (1990), de Euloxio Ruibal. Coméntase que presenta gran variedade na forma, no contido e no público ao que se destina e que está formada por vinte e cinco pezas independentes entre as que se estabelece un diálogo intertextual.

Gentili, Geovana, “LIJ e diversidade cultural”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 xullo 2012, p. 43.

Comézase reflexionando sobre a práctica ausencia dunha crítica especializada en Literatura Infantil e Xuvenil, aínda que numerosas voces se teñen unido para afirmar a literariedade desas creacións. Indícase que, sumándose a ese grupo, os investigadores vinculados á Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ) e á súa sección ELOS (Asociación Galego-portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil) e o Centro de Investigação em Estudos da Criança, do Instituto de Educação da Universidade do Minho, dan a lume un novo volume da colección "Estudos" en formato libro-CD, coordenado por Lourdes Lorenzo García, Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel agrega traballos baixo o título *Literatura Infantil y Juvenil y Diversidad Cultural*. Coméntase que investigadores de diversas institucións universitarias expoñen as súas opinións sobre a temática ao longo de trinta e cinco traballos ao redor da Literatura Infantil e Xuvenil, que tiveron as súas orixes nas comunicacións en lingua castelá presentadas no 19thn Biennal Congress da International Research Society for Children's Literature (IRSCL), realizado na Universidade Johann Wolfgang Goethe, en Frankfurt (Alemaña), no mes de agosto de 2009. Finalmente, saliéntase que dezaseis traballos proveñen de universidades galegas, o que se pon de relevo como mostra do esforzo deses profesores e investigadores para dar maior visibilidade á Literatura Infantil e Xuvenil.

Gentili dos Santos, Geovana, "Contexto 2000. editoras galegas e premios", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 4 setembro 2012, p. 43.

Saliéntase que gran parte das editoras galegas continuaron as súas actividades dirixidas ao lectorado infantil e xuvenil iniciadas antes do comezo do século XXI. Coméntase que Kalandraka Editora deu orixe en 2005 á filial Factoría K de Libros e a OQO Editora e que a Editorial Galaxia continuou apostando pola coedición agora con Editores Asociados e Ediciones Salamandra. Indícase que varios selos editoriais se interesaron por vez primeira pola Literatura Infantil e Xuvenil galega, como Espiral Maior, Edicións Embora, Toxosoutos e Tambre. Ponse de manifesto a forte preocupación por seguir incrementando as súas colecções, apostando pola renovación dalgunha delas e pola inclusión de novos soportes, sobre todo o libro álbum. Finalmente, dáse conta da creación de novos premios promovidos por algunhas editoras, como o Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, o Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados e o Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Meiga Moira.

González, Montse, "Mundos de ficción", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 422, "Reportaxe/Literatura", 5 xullo 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 375, "Letras galegas", 7 xullo 2012, contracuberta.

Reflexiónase sobre o pulo da literatura fantástica no ámbito editorial galego, referíndose a proxectos concretos como Urco Editora, especializada en áreas de fantasía, ciencia ficción e terror, consolidada cunha segunda editora, Contos Estraños. Sinálase que neste seo se publicaron obras como *O mundo secreto de Basilius Hoffman* (2010), de Fernando Cimadevila, ou a triloxía *Dragal*, de Elena Gallego Abad, vistas como "alternativas aos best-sellers mundiais". Fai mención ademais ao debate sobre a presenza do fantástico na literatura galega, moi presente xa dende o discurso mítico da

Xeración Nós. Nun á parte, intitulado "Editoras independentes" incídese na achega dalgunhas editoras á normalización do xénero fantástico.

Lage Fernández, Juan José, "Narracións na costa da Morte", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 1020, "Literatura Infantil y Juvenil" 21 marzo 2012, p. 8.

Dáse conta de dous títulos de novelas para mozos que toman como centro a Costa da Morte: *O futuro roubado* (1999), de Ramón Caride e *A vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán* (2004), de Marilar Aleixandre. Con respecto á primeira, saliéntase que se trata dunha narración a medio camiño entre a ficción científica, a novela ecolóxica e a detectivesca e que tenta sensibilizar dun xeito sinxelo sobre a corrupción, a especulación desmedida e o caciquismo, ao tempo que se fala da liberdade de prensa. Con respecto á segunda, coméntase que se desenvolve entre o onírico e a lenda, que xoga coa linguaxe e na que se insiren alusións ao folclore, ao tempo que se critica a cobiza e se fala da protección do medio ambiente.

León Viloria, Esther de, "Chega a segunda parte de 'Mil cousas poden pasar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 9 febreiro 2012, p. 50.

Comézase indicando que dous anos despois de recibir o Premio Merlín de Literatura Infantil, Jacobo Fernández Serrano publica na colección Merlín a segunda parte daquela novela baixo o título de *Mil cousas poden pasar. Libro II* (2011). Saliéntase que se trata dunha obra que mestura teatro, narrativa e cómic, incorporados en varios capítulos. Con respecto á pegada da literatura dramática, coméntase a introdución do soliloquio e dos diálogos sen intervención do narrador, un recurso que se considera que axiliza a acción e outorga maior protagonismo aos personaxes. No caso da narrativa, obsérvase unha influencia importante da literatura de transmisión oral, á vez que se atopan abondosos retrousos e frases feitas a través do gato Kandás, que despediu o Libro I e anunciou este, e tamén mencións aos "libros de lendas", evocacións ao mito de Narciso e unha referencia implícita a "Brancaneves". Saliéntase a predominancia, fronte á primeira entrega, de escenarios terrestres e dáse conta dalgún dos principais episodios narrados. Finalmente, destácase que se trata dunha apaixonada homenaxe á fantasía como poder creador que serve como envoltorio dunha mensaxe reivindicativa dunha sociedade igualitaria onde cada suxeito poida realizarse como persoa.

Mandiá, Diana, "A idade adulta da fantasía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 10 febreiro 2012, p. 8.

Trata a recente aparición de proxectos editoriais galegos relacionados coa literatura fantástica, como a editora Urco ou Contos Estraños Editora. Comenta, así mesmo, algunhas das publicacións máis recentes deste xénero literario e sinala que a liña infantil de Contos Estraños Editora, Contos Estraños para nenos friquis, foi inaugurada pola obra *O Apalpador vs. Papá Noel* (2011), un relato de Fernando M. Cimadevila, ilustrado por José Ángel Ares. Por último, recolle a opinión de Xesús Manuel Marcos, autor de dúas novelas da saga *O brindo de ouro* (Edicións Xerais de Galicia,

2004/2009), quen considera que o público adulto tamén é un lectorado importante de obras de fantasía.

Mociño, Isabel, "A revisitación dun clásico", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 11 abril 2012, p. 50.

Comentario sobre a novela de aventuras de Marilar Aleixandre, *Robinson contado polas alimarias* (2011), no que se comeza lembrando as poucas obras de aventuras exóticas que se teñen publicado na literatura xuvenil galega. Tamén se recorda que esta autora xa publicara unha novela de aventuras de tipo clásico, *A expedición do Pacífico* (1994), e que agora retoma esta modalidade cunha obra de excelente fasquía literaria, na que se ofrece unha relectura actualizada do clásico universal de Daniel Defoe, *Robinson Crusoe* (1719). Sinala que é unha novela coral, na que se narran dende diferentes perspectivas as vivencias do náufrago protagonista, e que salienta polo cuestionamento da visión imperialista e do colonialismo cultural eurocéntrico no que se produciu esta obra canonizada da literatura universal. Destaca da proposta de Marilar Aleixandre o xogo crítico, irónico e sobre todo humorístico, así como a parodia dos usos e costumes da sociedade occidental que perden sentido no contexto no que se desenvolve a obra. Por último, destaca a calidade literaria desta obra, que retoma unha das liñas da poética da autora, a defensa do medio natural, así como a perda da tradición.

Mociño, Isabel, "Antoloxías poéticas. Clásicos da LIX", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 25 abril 2012, p. 43.

Coméntase que na década dos noventa se publicou só unha antoloxía dirixida ao lectorado máis novo e na que se ofrecía unha selección poética de autores de diferentes épocas, *Os nosos versos. Antoloxía* (1997), organizada por Antonio García Teijeiro. Saliéntase que abranguía un amplo marco temporal e que tiña entre os seus obxectivos a defensa do idioma galego. Indícase que esta colectánea se presentaba nun atractivo volume, no que as composicións compartían espazo coas ilustracións de Fino Lorenzo, con propostas arriscadas, coloristas e dinámicas, contribuíndo a un conxunto ben artellado.

Mociño, Isabel, "Aventuras dos Megatoxos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 22 agosto 2012, p. 43.

Dáse conta dunha nova entrega da serie "Os Megatoxos", de Xabier Fariña, *Os Megatoxos e a cara oculta de Lúa* (2011). Refírese ao cambio de catálogo pola desaparición da editora A Nosa Terra e a continuidade da serie da man de Edicións Xerais de Galicia, para a seguir explicar que cada unha das entregas presenta unha grande unidade paratextual, o que contribúe á fidelización do lectorado. Tamén se salienta que o fío condutor da serie son as peripecias dun grupo de adolescentes dun instituto que loitan contra unha mutación, provocada polo Toxo, e que lles transmitiu superpoderes pero tamén unha grande inestabilidade xenética. Lémbrase que ao longo das diferentes entregas se percorren momentos e lugares diferentes da historia, que neste caso sitúa os protagonistas na Venecia do século XVIII, cun ritmo trepidante, unha forte

pegada do cinema de superheroes americano e das series televisivas, para ofrecer un retrato grupal de maduración e aprendizaxe.

Mociño González, Isabel, "Exogamia 0.3', reflexión e debate sobre o presente", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 18 xaneiro 2012, p. 46.

Céntrase no volume de relatos de Ramón Caride *Exogamia 0.3* (2011), dos que destaca a visión crítica, a ollada escrutadora sobre a actualidade e a denuncia de cuestións como a explotación infantil, o consumismo, as catástrofes nucleares e tecnoclimáticas, os efectos de substancias químicas e contaminantes e os usos impropios dos avances xenéticos, nuns textos nos que conflúe o literario coa crónica de actualidade. Lembra que os títulos dos relatos son: "Reciclado", "Natural", "Mnemotécnica", "Heteroxénico", "Observador" e "Aleatorio" e que enlazan na liña temática con obras de autores clásicos da ficción científica como Aldous Huxley, James Graham Ballard e Philip K. Dick, cos que Caride estabelece un rico diálogo intertextual. Salienta a concisión da prosa, o xogo de distanciamento temporal, a crítica aos intereses económicos dos oligopolios e a connivencia da acomodaticia sociedade occidental. Por último, destaca a sensibilidade do autor e a súa busca dun lector reflexivo, ademais de criticar as grallas que presenta o volume, reclamando un maior coidado na corrección formal de textos que están chamados a asentar a formación lectora dos mozos.

Mociño González, Isabel, "A revista 'Malasartes' salva a crise cun número duplo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 16 febreiro 2012, p. 43.

Anúnciase a publicación do último número duplo da revista galego-portuguesa *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, da que se explica que recorreu á fórmula dun único número anual como medio de aforro. Explícase que os responsábeis fan un chamamento no "Editorial" para unha maior divulgación da revista, que leve a un aumento de subscritores e asegure a súa continuidade, ademais de agradecer a implicación dalgunhas institucións que apoian a publicación. Sinálase que neste número se amplían as seccións e os eixos temáticos e que a publicación se abre a outras literaturas do marco ibérico, ao dar cabida a traballos en lingua castelá, acentuando así o seu carácter plurilingüístico e multicultural. Salienta a inclusión da revista en novas bases de datos, que corroboran o seu rigor científico, e repasa os contidos, nos que se inclúen achegas a autores galegos como Carlos Casares, ademais de recensións críticas de obras de creación, de monografías e de revistas publicadas nos dous últimos anos.

Mociño González, Isabel, "Literatura Xuvenil. Novelas de carácter memorialístico (crónicas, biografías, memoria ...)", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 22 febreiro 2012, p. 43.

Coméntase que a fórmula empregada nos anos sesenta por Xosé Neira Vilas en *Memorias dun neno labrego* (1961) para rexistrar episodios históricos ou biografías de personaxes e crónicas dun tempo concreto continúa na década dos noventa en títulos

como *A encrucillada da torre* (1994), de Xosé Ramón González Álvarez e *A serra máxica* (1998), de Xavier Lorenzo. Da primeira destácase que describe a vida familiar e os usos e costumes dunha aldea galega durante a posguerra, a través das lembranzas dun narrador adulto. Con respecto á segunda, reprodúcense relatos contados por un avó nun Nadal de posguerra, con temáticas que xiran ao redor das vidas de diferentes personaxes nos conflitos bélicos.

Mociño González, Isabel, "2044', suxestivo título da esperanza para o futuro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 23 maio 2012, p. 43.

Dáse conta da publicación da novela *2044* (2011), de Eduardo Santiago, da que se salienta a recreación dunha sociedade futurista, nun retrato colectivo e social que se focaliza a través dun restrinxido grupo de adolescentes, na súa maioría mozas espelidas e intelixentes. Tamén se destaca o misterio, os xogos matemáticos e entre a realidade e un universo virtual que semella comprometer a vida dos rapaces. Chámase a atención sobre a visión positiva que se ofrece da xuventude e da sociedade, na que semella non existir ningún conflito, ademais da perspectiva eminentemente feminista. Da sociedade sinala que se presenta idealizada, acomodada e en certo modo inocua, aínda que o autor semella relegala a un mero pano de fondo, no que o importante son as peripecias do grupo e a busca de respostas ás incógnitas iniciais.

Mociño González, Isabel, "Tradución e coedicións", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 17 xullo 2012, p. 41.

Coméntase que a publicación de obras de Literatura Infantil e Xuvenil mediante coedición seguiu a ser recorrente nesta década e que un gran número das transvasadas proveñen das linguas do marco ibérico, fundamentalmente catalán e castelán. Indícase que continúa a acción de Sálvora (Galicia) e Prólogo (Barcelona), con volumes de carácter didáctico, e da colección "A Chalupa", de Galaxia en coedición col Elkar e La Galera. Saliéntase que apareceron novas colaboracións editoriais como Edebé-Rodeira. Finalmente, faise referencia á publicación de títulos como *Unha toupa nun mar de herba*, de Joan de Deu Prats i Pijoan; *O camiño da fraga* (1999), de Carmen Gómez Ojea e *A miña veciña éche unha bruxa*, de Paloma Bordóns.

Mociño Gonzáleez, Isabel, "Contos e relatos infantís: mitos e identidade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 1 novembro 2012, p. 42.

Saliéntase que durante a primeira década do século XXI os contos infantís que trataron cuestións de carácter identitario recorreron ás raíces mitolóxicas para explicar a orixe de símbolos, lugares e referentes culturais e ponse de exemplo o álbum ilustrado *Hércules e Xerión* (2005), de Manuel Almofrei e Luís Sendón Cedrón. Coméntase que tamén se publicaron, para o lectorado próximo á preadolescencia, obras nas que destacan as numerosas referencias lendarias e personaxes do imaxinario colectivo. Sinálase que contribuíron á configuración dunha reescrita dos mitos fundadores para tratar cuestións de actualidade e menciónanse títulos como *A Vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán*

(2003), de Marilar Aleixandre e *A serea da Illa Negra* (2003), de Agustín Fernández Paz, dos que se trazan as liñas temáticas fundamentais.

Mociño González, Isabel, "Contos e relatos: multiculturalismo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 1 decembro 2012, p. 49.

Saliéntase que foron moitas as obras infantís que durante a primeira década do século XXI abordaron a temática do diálogo e a convivencia intercultural. Destácanse títulos como *Eu voguei por Mar de Chocolate* (2003), *Sempre Hausa* (2004), *Chalchihuites* (2004), de Xoán Babarro; e *A lagoa das nenas mudas* (2007), de Fina Casalderrey, dos que se ofrecen as liñas temáticas fundamentais. Menciónanse tamén a obra *Kofu: o neno de chocolate* (2004), de Lupe Loriga e Ana García.

Navarro, María, "Paciencia e imaxinación", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 358, "Letras galegas", 7 xaneiro 2012, p. 7.

Indícase que *Pupi e a aventura dos vaqueiros* (2011), de María Menéndez-Ponte, é un exemplo do comportamento egoísta dos nenos que teñen de todo, pero que carecen "da compoñente humana como fonte de gozo". Saliéntase tamén que as ilustración de Javier Andrada achegan unha lectura desenfadada da historia e que acompañan ao texto "sinxelo e coidado".

Navarro, María, "Apoloxía da chuvia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", "Libros", 19 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 361, "Letras galegas", 28 xaneiro 2012, p. 7.

Indícase que a protagonista de *Cando chove* (2011), de Leire Salaberria, fai unha apoloxía da chuvia tomando como base a realidade, apelando á imaxinación do lectorado para estabelecer conexións que o fagan máis feliz. Coméntase que esta obra foi merecedora do V Premio Etxepare de 2011 de Álbum Infantil en éuscaro e saliéntase que o texto crea, coa axuda das ilustracións, unha atmosfera de tenra ledicia.

Navarro, María "Sabor tradicional", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 400, "Libros", 26 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 362, "Letras galegas", 4 febreiro 2012, p. 7.

Saliéntase que o contexto de *Marisela e o roxo* (2011), de Geovanys F. García, xoga coas coordenadas da actualidade, fai metaliteratura e actualiza tópicos para desbaratalos con humor. Dáse conta do argumento e indícase que André Letria é o autor dunhas ilustracións de ton caricaturesco, sen perder, ao igual ca o texto, o ton reivindicativo.

Navarro, María, "En liña ascendente", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 401, "Libros", 2 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 11 febreiro 2012, p. 7.

Coméntase que *Carolina a fantástica* (2011), Maruxa Olavide ten como protagonista unha nena de grande imaxinación e bondade que expresa o seu amor pola natureza. Saliéntase que se ofrecen os elementos fundamentais do conto clásico e que, a pesar de que os acontecementos resultan previsíbeis, se mantén o decorrer dos acontecementos en liña ascendente, culminando coa resolución do conflito de xeito doado incluso para os antagonistas. Finalmente, sinálase que as ilustracións de Marta Rivera Ferner enriquecen o texto e se caracterizan polo trazo minucioso e as formas delicadas.

Navarro, María, "Buscando respostas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 402, "Libros", 9 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 18 febreiro 2012, p.7.

Coméntase que *O caderno laranxa de Morgana* (2011), de Pasqual Alapont, reflicte os gustos e afeccións, a relación coa familia e as reflexións propias da protagonista, Morgana, unha nena de sexto curso de Primaria. Indícase que este título se suma a outros da mesma colección e que teñen como obxectivo a divulgación científica dun xeito divertido.

Navarro, María, "Convivir cunha serpe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 16 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 365, "Letras galegas", 25 febreiro 2012, p. 7.

Saliéntase que *Críctor* (2011), de Tomi Ungerer, é un relato sinxelo e tenro, con trazos surrealistas e humorísticos. Indícase que se amosa a actualidade duns costumes que combinan o refinamento da Francia do século XIX co exotismo africano. Finalmente, coméntase que a ollada humanizada e doce que se fai do réptil desbarata a imaxe preconcibida que posúen os nenos deste animal.

Navarro, María, "Parodiando o cotián", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 404, "Libros", 23 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 3 marzo 2012, p. 7.

Coméntase que *O Deus desaparecido* (2011), de Pepe Carballude e Andrés García Vilariño, está escrito nun ton desenfadado e ten como pano de fondo o cadro de Diego de Velázquez, *A fragua de Vulcano*. Dáse conta do argumento e saliéntase que se parodian escenas cotiás por medio da actualización da obra a través dos seus personaxes, quedando en entredito comportamentos e actuacións que parecen normais por estar repetidos, pero que, logo de analizados, semellan ridículos ou surrealistas.

Navarro, María, "Historia circular", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 405, "Libros", 1 marzo 2012, p. VII.

Dáse conta do argumento de *Troco* (2011), de Roberto Castro e sinálase que se trata dunha historia circular que tenta ensinarlles aos máis novos que o que cada un posúe é un tesouro moi valioso. Coméntase que o relato ten como punto de partida o intre no

que o asento da ovella rompe e que, a continuación, diferentes personaxes, prototipos de determinados valores, ao igual que ocorre no conto clásico tradicional, tentan satisfacer os gusto e necesidades da ovella. Finalmente, indícase que Margherita Micheli ofrece unha divertida proposta plástica que complementa a narración.

Navarro, María, "Zumegando esperanza "*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 359, "Letras galegas", 17 marzo 2012, p. 7.

Coméntase que *A maceira que daba calquera cousa menos mazás* (2011), de Pinto&Chinto, é un relato cheo de esperanza e optimismo. Saliéntase que tenta que o lectorado perciba a humildade como un valor importante e a dignidade como a calidade moral que permite afrontar o futuro con decoro. Indícase que as ilustracións de David Pintor poñen en situación de forma concisa, clara e directa e convidan á reflexión.

Navarro, María, "Capacidade de ficcionar", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 412, "Libros", 26 abril 2012, p. VII.

Coméntase a obra *O desenvolvemento histórico de Vigo e a súa comarca,* de José Cid Doiro, que se presenta en formato de banda deseñada. Explícase en que consiste e cales son os puntos fortes deste texto ilustrado.

Neira, Marta, "Contos e relatos infantís e medio ambiente", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 17 outubro 2012, p. 42.

Saliéntase que foron varios os autores que continuaron ofrecéndolles aos máis novos contos e relatos nos que se informa de cómo é o hábitat da flora e fauna galegas, ademais dunha explicación doutros fenómenos da natureza. Menciónanse as series "Os Bolechas queren saber" e "Os Bolechas descobren a natureza", de Pepe Carreiro, e *Dona Pinga e don Carballo fan amizade*, de Xosé Antonio Perozo. Faise referencia tamén a outras obras de contido máis literario, como *A praia da esperanza* (2003) e *Os gardiáns do bosque* (2006), de Agustín Fernández Paz, e *Un cabalo de Lume* (2007), de Fina Casalderrey.

Neira Rodríguez, Marta, "Literatura Xuvenil. Interculturalidade e multiculturalismo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 16 febreiro 2012, p. 43.

Coméntase que nesta década se publicaron relatos e novelas que representan o contacto entre culturas, recrean situacións de convivencia harmónica ou de conflitos entre estas e reflicten respecto ou non ás súas diferenzas. Ofrécense como exemplos as principais liñas temáticas das obras *As vacacións máxicas de John Liberty* (1995) e *Contos do reino de Mamoranguá* (1999), de Xoán Babarro e Ana María Fernández e *O centro do labirinto* (1997), de Agustín Fernández Paz. Indícase que noutras obras simplemente se representan culturas alleas á sociedade galega para proporcionarlle ao lectorado unha información útil de cara a unha posíbel convivencia, como é o caso de *O brillo dos elefantes* (1999), de Fran Alonso.

Neira Rodríguez, Marta, "Actualización de temáticas e formas na poesía infantil", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 17 abril 2012, p. 43.

Coméntase que nesta década continúan a se publicar textos poéticos na liña máis tradicional, aínda que tamén se produciron propostas innovadoras da man de autores como Antonio García Teijeiro, con títulos que se encadran en "Poesía é xogo", "Poesía é música", "Poesía é conto" e "Poesía é maxia". Dentro desta última destácase *Na fogueira dos versos* (1996), obra na que se estabelece un diálogo intertextual con recoñecidos autores da literatura galega. Cítanse outros autores como Ana María Fernández, con *Pola rúa dos versos* (1990); Gloria Sánchez, con *Fafarraios* (1991); Bernardino Graña, con *O oso mimoso* (1992); María Victoria Moreno, con *¿Un cachiño de bica?* (1994) e Xoán Babarro, con *Dez eran dez* (1996), máis inclinados á correntes "Poesía e xogo" e "Poesía e conto".

Neira Rodríguez, Marta, "Tradución e clásicos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 10 xullo 2012, p. 43.

Saliéntase que a aposta editorial pola tradución foi fundamental na década dos anos noventa para achegar autores clásicos da literatura universal á Literatura Infantil e Xuvenil galega e así aumentar as correntes formais e temáticas e conseguir un lectorado competente. Porén, indícase que esta acción non foi suficiente debido a que non se seguiu unha política editorial organizada. Menciónanse algúns dos títulos transvasados, entre os que se inclúen, para o lectorado mozo, *O derradeiro dos Mohicanos* (1993), de J. F. Cooper; *O marabilloso mago de Oz* (1994), de F. L. Baum; *Cairo branco* (1997), de J. London; *Relatos de terror* (1999), de H. P. Lovecraft ou *Drácula* (1999), de Bram Stoker. En canto ás obras destinadas aos máis pequenos, faise referencia a *O libro da selva* (1996), de Rudyard Kipling; *O gato con botas* (1999), de Charles Perrault; *Os catro amigos* (1999), dos irmáns Grimm e *Os negocios do señor Gato: Contos e rimas felinas* (1999), de Gianni Rodari. Finalmente, indícase que tamén se adaptaron obras canónicas traducidas en décadas anteriores como *As aventuras d Pinocchio* (1993) ou *Alicia no País das Marabillas* (1995), de Lewis Carroll.

Neira Rodríguez, Marta, "Contos e relatos de pandas infantís", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 2000", 21 novembro 2012, p. 42.

Saliéntase que nos primeiros anos do século XXI se viu incrementado o número de contos e relatos de pandas infantís debido as series de Pepe Carreiro protagonizadas polos irmáns Bolechas. Coméntase que se iniciaron no ano 2000 en Edicións A Nosa Terra e que, en ocasións, teñen un carácter máis didáctico ca literario. Menciónanse títulos como *Os Bolechas queren saber...* (2002), *Os Bolechas van de viaxe* (2003) e *Os Bolechas descobren a natureza* (2004). Finalmente, faise referencia a outros títulos protagonizados polos detectives Brais, Uxía e o seu can, de María Reimóndez, publicados en 2006.

Nicolás, Ramón, "Un 'timeline' do noso tempo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 451, "Letras en galego", 21 xaneiro 2012, p. 9.

Coméntase que *Fantasmas de luz* (2011), de Agustín Fernández Paz, é unha homenaxe ao universo cinematográfico e que este é un asunto moi presente na tradición literaria galega. Sinálase que resulta novidoso que o cine e as referencias cinematográficas expliquen a vida de Damián, o protagonista, e resáltase que se abeire ao xénero do fantástico na reflexión sobre a relación actual coa súa esposa e no retrato das consecuencias da exclusión social, influenciado pola obra de H. G. Wells. Reflexiónase sobre o feito de que a novela esperta a conciencia cívica e suxire diversos niveis de lectura. Finalmente, considérase un acerto a inclusión dun conxunto de relatos que achegan novos perfís sobre certos personaxes da obra ou afondan nalgún asunto só levemente aludido.

Ramos, Ana Margarida, "Sendak, escritor dos medos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 4 setembro 2012, p. 43.

Comézase sinalando que Maurice Sendak (1928-2012) defendía que a literatura infantil non debía ser dulcificada senón que tiña que poñer en evidencia problemas e dilemas reais e que os ricos universos narrativos sendakianos se prestan a lecturas plurais. Coméntase que a súa triloxía do soño percorre universos sombríos e viaxa polo medo, a dor, os afectos e a alegría dos reencontros, dando conta da variedade de estados de espírito e das fantasías que, de forma transversal, caracterizan a humanidade. Indícase que o volume inaugural da triloxía, *Onde viven os Monstros* (1963), é a súa obra máis coñecida, universalmente traducida e adaptada ao cinema, e que a súa intemporalidade reside na forma de irromper o marabilloso no cotián e de recrear o imaxinario infantil dende a visión da nenez. Dáse conta do contido dos outros dous libros, dos que se indica que non son coñecidos en moitos países por falta de tradución, ao tempo que se fai referencia tamén ao seu último álbum publicado, *Bumble-Ardy* (2011). Finalmente, conclúese que todas estas obras merecen unha lectura atenta, facendo xustiza a un autor que afirmaba non escribir para a infancia senón simplemente escribir.

Raña, Román, "Fermosas impresións", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 402, "Libros", 9 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 18 febreiro 2012, p. 6.

Coméntase a obra *Do revés. Poemas para nenos* (2011), de Santiago Freire, que ofrece tanto "alegres brincadeiras rimáticas" coma "amábeis expansións lúdicas". Destácase a convivencia de reflexións sobre os feitos cotiáns da vida dun neno con metáforas divertidas. Finalmente, menciónase a inclusión de sonetos de versificación imperfecta, aínda que se salienta que non mingua o pracer da súa lectura.

Raña, Román, "Da subversión do verso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 432, "Libros", 1 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", 10 novembro 2012, p. 7.

Centra a súa atención no volume *Certame de poesía Xela Arias* (EIES A Sangriña, 2012), un certame que impulsa o IES A Sangriña da Guarda. Fai unha pequena lembranza persoal de Xela Arias e logo comenta que lle entusiasma comprobar que os rapaces de doce a vinte anos mostran nel un marabilloso dominio poético. Apunta que todos "van tecendo as palabras para compor un lirismo tan puro como estarrecedor", así como considera que nos textos "hai xogo e paixón, ironía e lamento, erudición e sarcasmo, modernismo seráfico".

Requeixo, Armando, "Na lúa de Nadal", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 727, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 23/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 705, "Letras atlánticas", "Libros", p. 24/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 705, "Letras atlánticas", "Libros", p. 25, 2 xaneiro 2012.

Coméntase que *Trece noites, trece lúas. Libro das marabillas do Nadal* (2011), de Antonio Reigosa, está exquisitamente editado por Edicións Xerais de Galicia en formato álbum, con ilustracións coloristas de Noemí López. Saliéntase que o estilo de escrita fai que sexa accesíbel para calquera lectorado e que se trata dunha completa monografía de tema natalicio.

Requeixo, Armando, "A literatura luminosa de Fernández Paz", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 713, "Letras atlánticas"/ *El Ideal Gallego*, "La Galería", "Páxina literaria", n.º 713, "Letras atlánticas", 26 febreiro 2012, p. 32.

Saliéntase que *Fantasmas de luz* (2011), de Agustín Fernández Paz, é unha obra "de alento fantástico e trasfondo simbólico". Dáse conta do argumento de xeito sucinto e indícase que a trama se articula en forma de parábola na que son decisivos o amor e a solidariedade social. Coméntase que se trata tamén dunha homenaxe ao cinema e que retoma claves de obras anteriores como *O meu nome é Skywalker* (2003), onde se plasma a invisibilidade social dos desfavorecidos. Finalmente, destácase que está narrada con "impecable resolución e efectividade na intriga" e que explora os sentimentos, ao tempo que reinventa un futuro esperanzador.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "Para saber máis sobre LIX da man de Tropelías&Compañía", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 16 agosto 2012, p. 39.

Comézase indicando que a profesora da Universidade do Minho, Sara Reis da Silva, ofrece en *Entre textos. Perspectivas sobre a Literatura para a Infancia e a Juventude* unha recompilación de traballos publicados con anterioridade, agora reescritos e/ou ampliados, aos que lles suma novas entregas. Coméntase que neles a autora dá mostra da súa atenta mirada sobre obras pensadas para un potencial receptor novo e ofrece revisións panorámicas sobre etapas da Literatura Infantil e Xuvenil portuguesa e sobre novas modalidades literarias. Infórmase de que se trata de vinte e tres artigos que se poden organizar en catro bloques, conformados por traballos panorámicos e teóricos, comentarios críticos sobre obras de autores portugueses clásicos e novos e, finalmente, achegas a clásicos do álbum infantil que contan con tradución ao portugués. Conclúese afirmando que se trata dunha obra imprescindíbel para o coñecemento da Literatura

Infantil e Xuvenil portuguesa e para saber máis sobre as características específicas dun sistema literario esquecido no ámbito académico.

Soto, Isabel, "A aventura da natureza no descoñecido mundo de Arb", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "ELOS de lectura", 7 marzo 2012, p. 43.

Céntrase no comentario da nova achega de Manuel Lourenzo González, *Mundo Arb*, que mereceu o Premio O Barco de Vapor 2011. Sinala que nesta novela se recoñece unha constante na súa produción, a defensa da natureza, aínda que sobre todo é un relato de viaxes e, coma tal, afonda na aventura externa e interna que arrodea sempre tal subxénero. Refírese aos seus diferentes elementos narrativos, á vez que desenfía a súa trama argumental, apuntando que nela se incide no compañeirismo para sortear perigos, na necesaria convivencia pacífica, nos mecanismos da supervivencia, no cuestionamento dos roles femininos e masculinos, e todo isto na compaña de profusas descricións de paisaxes sempre cambiantes e cargadas de exotismo e de sociedades con distinto grao de desenvolvemento. Conclúe destacando que se trata dunha novela rica e entretida cuxa mensaxe incide na nosa destrución sistemática do mundo natural, en toda a vida que ignoramos en vez de respectar.

Soto, Isabel, "Banda deseñada", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 20 xuño 2012, p. 51.

Saliéntase que en 1994 nace a serie xuvenil máis delongada no tempo, "Un misterio para Simón", que arrinca con *A irmandade dos lectores tristes*, con debuxos de Fausto e guión de Aníbal Malvar e Rober G. Méndez, e xorde como apoio ás actividades da Biblioteca Nova 33 de Caixa Galicia. Coméntase que a este álbum lle seguiron *Flores desde Hiroshima* (1995), *No nome da amada morta* (1996) e *A maldición dos Velasco* (1999). Faise referencia á creación do Salón do Cómic de Cangas (1997) e de Viñetas desde o Atlántico (1998), da man de Miguelanxo Prado, fundador tamén da revista *Elipse* (1998), da que só se publicou un número.

Soto López, Isabel, "Banda deseñada", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 7 xuño 2012, p. 50.

Coméntase que na década dos noventa xorden iniciativas que demostran o interese que comeza a espertar a banda deseñada. Indícase que, dentro da temática histórica, Vía Láctea puxo en marcha en 1992 unha colección sobre a historia de Galicia, na que só se editou un álbum con dúas historias: *O casco máxico de Lug* e *O máxico arrecendo*, de Francisco Bueno, Ángel Manuel e José Ramón Benavente. Saliéntase que na *História da língua em banda desenhada* (1992) e na *História da Galiza em banda desenhada* (1995), de Leandro Lamas tamén se recolle a reivindicación da identidade en clave histórica. Destácanse outras obras máis decantadas cara o humor gráfico:a serie "O labirinto de pedra" (1995-2000), de Carlos Portela e Fernando Iglesias; *Xo* (1993-2000) e *Sapoconcho* (1994-2000), todas elas publicadas na revista *Compostelán*. Finalmente, póñense de relevo títulos de monográficos como *A Banda do 17* (1990), o catálogo

Debuxantes en banda (1990), a unidade didáctica *Facermos cómics* (1991) ou o especial *O cómic en Galicia* (1993).

Soto López, Isabel, "Tradución e banda deseñada", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Para coñecela +. 90", 7 agosto 2012, p. 42.

Coméntase que na década dos noventa Edicións Xerais, en coedición con Anaya e Barcanova, asume a publicación de series como as da aventureira *Franka*, de Henk Kuijpers; diversos álbums do detective *Jerôme K Jerôme Bloch*, de Alain Dodier, Serge le Tendre e Makyo e varias entregas d'*As aventuras de Gill e Georges*, de Marc Wasterlain; ademais da serie *Grandes aventuras*, unha selección de grandes obras coordinada por Xesús Franco González. Indícase que tamén continúan a publicarse as aventuras de Astérix, baixo o selo de Galaxia en colaboración con Grijalbo, e a editorial barcelonesa Casals pon en circulación as aventuras de Bieito Fendeferro, de Peyo. Finalmente, saliéntase que a banda deseñada camiña cara á consolidación que vivirá nos anos seguintes.

VII.5.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Bello Costa, Xaime, "Neira Vilas", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 18 abril 2012, p. 22.

Con motivo da celebración dos cincuenta anos da saída do prelo de *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas, coméntase que se trata dun dos libros máis lidos e traducidos da literatura galega e saliéntanse as ilustracións de Xaquín Marín para a reedición que preparara a Editorial Galaxia en 2011.

Casal, César, "O Principiño' y 'El Principito", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Corazonadas", 17 maio 2012, p. 21.

Coméntase a tradución ao galego de *El Principito* que fixo Carlos Casares no ano 1972 a raíz da aparición de dúas páxinas manuscritas desta obra de Antoine de Saint-Exupéry.

Jaureguizar, "Xamón cocido na neveira", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 8 setembro 2012, p. 64.

Sinálase que tivo lugar o curso de formación anual organizado por Blanca Ana Roig sobre Literatura Infantil e Xuvenil e comenta que este foi organizado por mulleres e que o público maioritario era tamén feminino. Comenta que no marco do curso xurdiu a cuestión do papel da muller como protagonista das obras de Literatura Infantil e Xuvenil e explica que na obra propia os protagonistas son masculinos respondendo a un sentido práctico da súa condición de varón. Expón que os homes e as mulleres teñen xeitos diferentes de pensar, e que o xeito das últimas é máis complexo.

Villar Janeiro, Helena, "Laranxas literarias", *El Correo Gallego*, "Opinión", 23 marzo 2012, p. 3.

Coméntase que as laranxas máis literarias son as da peza dramática infantil de Carlos Casares *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973). Saliéntase que foi unha obra moi lida e que con ela aprenderon a facer teatro moitos nenos e nenas.

VII.5.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Alonso, Carmen, "En realidade, dábanos vertixe a idea de publicar noutras linguas", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*" , p. 23/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 747, p. 29/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 747, p. 29, "La entrevista", 21 outubro 2012.

Conversa con Xosé Ballesteros, director de Kalandraka Editora, con motivo da concesión do Premio Nacional a la Mejor Labor Editorial. Comenta o que supón este galardón e fala do proceso de construción deste proxecto editorial, a imaxe dos autores galegos no exterior e o bo momento da poesía infantil. Apúntase que a editorial Kalandraka xorde nos anos noventa coa intención de editar libros en galego ben ilustrados e que contasen boas historias para o público infantil.

Alonso, Carmen, "A literatura infantil e xuvenil segue a ser unha gran descoñecida", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", p.23/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 750, p. 29/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 750, p. 29, "La entrevista", 11 novembro 2012.

Conversa con Fina Casalderrey na que fala dos seus inicios como escritora de pezas de teatro para o seu alumnado e que na actualidade lle gustaría escribir unha historia nunca inventada e que conmovese a todos os lectores. Da situación da literatura para os máis novos considera que avanzou pero aínda precisa situarse en igualdade de condicións coa literatura de adultos, pois é unha gran descoñecida e pon como exemplo a falta de recoñecemento en Premios como os da Crítica para esta creación. Da súa obra sinala que foi evolucionando co tempo e que lle gusta a fantasía que mantén un pé na realidade, pois dálle a oportunidade de tratar temas duros, como por exemplo a violencia de xénero. Remata cualificando a situación actual da Literatura Infantil e Xuvenil galega como un fervedoiro, no que é preciso agardar que pasen os anos para ver qué permanece.

Blanco Alcaide, F., "Na cultura queda moito por facer, comezando por valorar o que temos", *La Voz de Galicia*, "*A Voz de Barbantia*", 25 maio 2012, p. 107.

Conversa co ilustrador Rodrigo Chao Blanco na que se comeza caracterizando as súas ilustracións como orixinais e de gran poder de suxestión, ademais de ser unha persoa afable que fala con paixón do seu traballo. Reflexiona sobre a relación do texto e a imaxe, considera que os nenos e nenas debuxan para organizar e estruturar o seu propio mundo, un medio de expresión que se vai substituíndo na idade adulta. Sinala que na infancia se ten un pensamento máxico e a capacidade de imaxinar unha realidade diferente á lóxica. Tamén considera que a clave da ilustración está na combinación entre as dúas linguaxes, como ocorre no seu primeiro traballo, *Adiós ríos, adiós fontes* (2005), de Rosalía de Castro, no que crea unha historia na que funde poesía e narración gráfica. Conclúe referíndose aos traballos nos que está implicado.

Conde, M. "A nosa frase forza é 'libros para soñar", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 outubro 2012, p. 33.

Coméntase que a editorial Kalandraka xurdiu en 1998 e editou máis de catrocentos títulos nos seus anos de historia. Xosé Ballesteros sinala que a intención do proxecto, no seu inicio, foi a de crear unha editora viábel en Galicia e en galego, e que o seu obxectivo é manter a coherencia do seu catálogo e continuar a actividade de promoción da lectura. Declara tamén que a crise económica afecta de maneira determinante ao sector.

Fraga, Xesús, "Co meu 'Heroe' xogueino todo a unha única carta", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 decembro 2012, p. 45.

Conversa co ilustrador David Rubín na que dá conta dos seus últimos traballos que viron a luz en francés e en castelán, ademais de falar das dificultades do sector.

López, Ana, "Aínda que hai supersticións en todas partes, aquí temos marcadas a lume moitas cousas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 20 marzo 2012, p. 77.

Conversa con Anxos Riveiro, concelleira de cultura de Pontevedra, na que se fala do Salón do Libro Infantil e Xuvenil e da programación da edición de 2012.

López, Belén, "Mentres haxa lectores, só podo ser optimista", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 16 outubro 2012, pp. 74-75.

Apúntase que a editorial Kalandraka recibiu o Premio a la Mejor Labor Editorial e o seu director, Xosé Ballesteros, manifesta a sorpresa e a ledicia coa que asumiron a noticia. Fala dos obxectivos da editora, de como afecta a crise ao sector, da súa relación con OQO Editora e dos criterios de selección das obras que publican, entre outros asuntos. Finalmente, repasa algúns dos títulos máis relevantes que viron a luz neste selo.

López, Belén, "O superpoder máis importante dun heroe hoxe é a dignidade", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 29 novembro 2012, p. 61.

Anúnciase o remate da obra de David Rubín na que revisa o mito de Heracles, publicado en castelán. Tamén se dá conta da súa visita a Pontevedra para falar de "Viñetas sen medo", conferencia na que reflexiona sobre a situación dos ilustradores en Galicia e as dificultades para vivir profesionalmente desta actividade. Adianta que está a traballar nun novo proxecto, do que non dá detalles, e considera a aposta de ilustradores como Kiko da Silva ao montar unha escola de cómic como unha heroicidade, ante a que amosa o convencemento de que vai funcionar.

López, Rafa, "El cómic gallego está rompiendo fronteras", *Faro de Vigo*, "*Visado*", n.º 507, "Cómics", 10 febreiro 2012, p. 7/ *La Opinión*, "Cultura", 19 febreiro 2012, p. 70.

Reprodúcese un conversa con David Rubín na que fala da súa experiencia no Festival Internacional do Cómic de Angulema. Reflexiona tamén sobre a situación do cómic galego e sobre a falta de apoio institucional ao sector.

M. M., “La sociedad de hoy tiene una deuda con las mujeres”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 xaneiro 2012, p. 41/ *La Opinión*, “Cultura”, 29 xaneiro 2012, p. 62.

Reprodúcese unha entrevista a Eduardo Santiago na que se analizan diversos aspectos da súa obra *2044* (2011), como a súa visión da tecnoloxía, o sistema de ensino que propón, o modo de socializar os personaxes ou o feito de que as mentes máis destacadas da obra sexan mulleres.

Maira, Ángeles F., “A miña viaxe soñada sería á Illa do tesouro, Macondo…”, *El Progreso*, “*Xente de aquí*”, “Moi persoal”, 22 xullo 2012, p. 16.

Cuestionario de corte persoal no que Paco Martín declara as súas preferencias sobre algunhas cuestións como que a súa profesión de mestre foi decisiva na súa escrita, que un dos seus libros de cabeceira é o *Lazarillo de Tormes* ou que a súa viaxe soñada sería a espazos literarios como a illa do tesouro ou Macondo.

R. G., “Tratamos de formar lectores”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, “Rostros de la ciudad”, 6 marzo 2012, p. 10.

Entrevista a María Castro, encargada da libraría Libros para soñar, que forma parte dun proxecto de Kalandraka Editora e está especializada en Literatura Infantil. Comenta a importancia de aconsellar e orientar aos nenos para que descubran o gusto pola lectura. Salienta o uso das redes sociais e da internet como mecanismo para achegarse aos rapaces, así como a realización de actividades tanto para adultos coma para nenos, co fin de formar lectores.

R. S., “Mostrar tu trabajo en el sitio que vives es especial”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 478, “En portada”, 4 agosto 2012, p. 3.

Sinálanse algunhas obras do debuxante José Domingo como é o caso de *Cuimhne* ou *Aventuras de un oficinista japonés*. O autor declara sentirse ilusionado pola súa participación no Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico, que tivo moi claro o xeito de preparar a exposición da súa obra e os materiais que incluiría nela e o escaparate que supuxo o salón para a súa obra *Aventuras de un oficinista japonés*.

Ramos, José Manuel, “Teño publicados uns corenta libros e dous máis están no prelo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 349, 16 outubro 2012, contracuberta.

Coméntase que Concha Blanco é unha das autoras máis prolíficas da Literatura Infantil e Xuvenil galega. A autora apunta os títulos das súas próximas publicacións e comenta que nelas trata a temática da emigración e o exilio forzoso. Explica que o xurdimento da súa produción está relacionado co seu traballo docente e que cultiva varios xéneros sempre en lingua galega. Sinala que se sente afortunada por ter recibido algúns premios literarios e ser finalista noutros.

Sertal, Carolina, "As grandes mentes son capaces de actuar por riba do xénero", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 23 novembro 2012, p. 16.

Conversa con Fina Casalderrey sobre o emprego da súa obra *Xela volveuse vampira!!* (2007) polo Centro de Información á Muller do Concello de Marín para un obradoiro de lectura con motivo da celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller. A autora considera moi acertada calquera iniciativa que propicie a lectura e felicita aos organizadores, aos que cre que a obra lles pareceu acertada por tratar o tema con realismo pero sen ofender a ninguén, por iso considera tremendo que sigan existindo problemas como a violencia de xénero, que só desaparecerá nunha sociedade máis igualitaria. Nun recadro á parte a autora reflexiona sobre a necesidade de que a literatura se faga eco dos cambios sociais e que a muller tome a palabra para dar a coñecer outras maneiras de ler o mundo.

Suárez, R., " No hay novelas de ciencia ficción con ideas, ahora se llevan los futuros apocalípticos", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 25 febreiro 2012, p. 11.

Conversa co escritor vigués Eduardo Santiago, na que se trata a súa novela *2044* (2011), ademais de referirse aos seus autores favoritos de ficción científica, á evolución deste xénero e aos seus próximos proxectos.

Varela, Lourdes, "Facemos libros para ler, pero tamén para ver, tocar e apreciar o recendo da tinta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 430, "Entrevista", 18 outubro 2012, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 382, "Entrevista", 27 outubro 2012, p. 7.

Xosé Ballesteros sinala que o Premio Nacional a la Mejor Labor Editorial é o maior recoñecemento para calquera editorial e comenta que Kalandraka naceu co obxectivo de ofertar calidade no álbum ilustrado infantil en galego e que despois chegou a súa expansión a outras linguas. Explica tamén que a expansión internacional foi unha decisión meditada e que a empresa ten filiais en distintos países do mundo. Apunta que realizan libros en soporte papel respondendo á demanda do seu lectorado e que os seus criterios de edición se resumen na calidade estética e textual. Sinala tamén que manteñen unha relación de diálogo intenso cos seus autores e que se caracterizan polo coidado da ilustración, unha cuestión que vencella tamén aos libros destinados ao público adulto. Comenta finalmente que o proxecto de edición fica tamén vinculado ao da promoción e animación á lectura.

Vidal, Nicolás, "O mundo dixital revolucionou o labor editorial, democratizouno", *Diario de Ferrol*, 30 outubro 2012, p. 11.

Entrevista a Pablo Zaera, responsable da editorial Zaera Silvar, por mor da publicación de *Ferrolanos en la Argentina*. Dá conta de como empezou na edición, primeiramente cunha libraría e inseríndose pouco e pouco no mundo editorial. Dise que, recentemente, vén de crear o selo infantil Bululú. Tamén fala da crise no mundo editorial, comentando

que, nunha editorial pequena como a del, non se nota tanto xa que “recibimos traballos que antes da crise non podíamos nin soñar con publicalos”.

VII.5.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. B., "Xosé Tomás estréase na novela gráfica para adultos", *Atlántico Diario*, "Vigo", 15 marzo 2012, p. 12.

Infórmase da presentación en Vigo da obra *Nómades* (2011), de Xosé Tomás, que inaugura a serie "Novela gráfica" da Editorial Galaxia.

A. M., "El proyecto del picosatélite de la Unversidad y Cáritas, Vigueses del Año", *Atlántico Diario*, "Vigo", 31 decembro 2012, p. 10.

Entre os nominados como valedores de 2012 por parte da redacción de *Atlántico Diario*, está Agustín Fernández Paz, de quen se ofrece unha breve referencia.

A. S., "Los cuentos populares toman la palabra en el museo Verbum de Vigo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 26 maio 2012, p. 41.

Fálase da décima edición da Mostra de Oralidade Galego-Portuguesa que organizou a Asociación "Ponte… Nas Ondas", no Museo Verbum de Vigo. Noméanse os narradores que participan na iniciativa.

A. S., "Celso Emilio también se oyó en el instituto Félix Muriel", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 14 decembro 2012, p. 21.

Faise eco da homenaxe do centenario de Celso Emilio Ferreiro da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística na que se leu o poema "Deitado frente ao mar".

Abelenda, Ana, "Libros para comezar o ano", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 1011, "Literatura Infantil y Juvenil", 11 xaneiro 2012, p. 8.

Faise referencia ás numerosas actividades de animación á lectura postas en marcha pola Biblioteca da Fundación Novacaixagalicia de Santiago de Compostela, entre as que se atopa a Hora do Conto.

Abelenda, Ana, "De Díaz Pardo a Salvador Dalí", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 1017, "Cultura", 29 febreiro 2012, p. 8.

Coméntase que a Fundación Novacaixagalicia mantén aberta na súa sede da Coruña unha mostra para escolares con varias obras de Isaac Díaz Pardo.

Abelenda, Ana, "Díaz Pardo, arte para todos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 1029, "Arte", 30 maio 2012, p. 8.

Fálase de varios obradoiros organizados arredor da figura de Isaac Díaz Pardo: en Lugo, "O pintor viaxeiro", "Isaac. As cores de Galicia", "Díaz Pardo. O pintor e o seu universo", e na Coruña "Vieira da Silva & Arpad Szenes. Traxectorias paralelas", organizados polo centro sociocultural Novacaixagalicia.

AGN, "Sogama leva o espectáculo Brincabolechas de Nadal por oito vilas para aprender a tratar o lixo", *El Progreso*, "Galicia", 26 decembro 2012, p. 17.

Explícase o espectáculo itinerante Brincabolechas de Nadal co que a nenez aprenderá a xestionar o lixo mentres se divirte con cancións, acrobacias, maxia e pallasos. Dáse conta do prezo das entradas e das localidades que percorrerá.

Agulla, A., "El escritor e ilustrador Abraham Carreiro visitó el Mestre Landín", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 12 marzo 2012, p. 7.

Dáse conta da visita do escritor e ilustrador Abraham Carreiro ao instituto de Educación Secundaria Mestre Landín de Marín.

Agulla, A., "Os contacontos enchen de maxia as aulas dos colexios marinenses en vísperas do Día do Libro", *Diario de Pontevedra,* "Marín", "O Morrazo", 19 abril 2012, p. 16.

Fálase das actividades que organiza o Concello de Marín con motivo do Día do Libro. Nelas inclúese un contacontos para os nenos de educación infantil, unha visita guiada á Biblioteca Vidal Pazos e unha exhibición de maxia.

Albisu, Javier, "El tebeo gallego desembarca en la feria de Angulema con Miguelanxo Prado", *La Opinión*, "Cultura", 27 xaneiro 2012, p. 54.

Infórmase da presenza do debuxante Miguelanxo Prado no Festival Internacional do Cómic de Angulema.

Alonso, Fran, "A araña e máis eu", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 12 maio 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A araña e máis eu* (2011), escrita por Fran Alonso e ilustrada por Manuel G. Vicente.

Álvarez, Mario, "A produción editorial de 2012 para nenos e xoves, nun volume", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 marzo 2012, p. 43.

Faise referencia á presentación en Pontevedra do catálogo *Galician Books for Children and Young Adults 2012*, editado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coa coordinación editorial da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil e no que se inclúe a produción editorial galega para os máis novos publicada en 2011.

Álvarez, Mario, "As orixes da banda deseñada galega, nunha exposición", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 marzo 2012, p. 41.

Informa sobre a exposición "Orixes do cómic en Galicia", organizada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no Arquivo de Galicia da Cidade da Cultura. Engade que se pretenden achegar ao público obras orixinais e inéditas de creadores galegos de finais do século XIX a comezos do XX.

Álvarez, Mario, "Cultura convida os máis pequenos ao Día do Libro Infantil", *El Correo Gallego,* "*Tendencias*", 1 abril 2012, p. 48.

Coméntanse as actividades que terán lugar con motivo do Día Internacional do Libro Infantil. Estas actividades inclúen obradoiros, contacontos, mostras de libros, *bookcrossing* e a lectura do libro *Había unha vez un conto que contaba o mundo enteiro,* de Francisco Hinojosa, entre outras moitas.

Álvarez, Marta, "A banda deseñada galega: un retrato marcado polo compromiso social", *Faro de Vigo*, "*Especial. Día de Galicia*", 25 xullo 2012, p. 13.

Realízase un breve percorrido pola historia da banda deseñada en galego dende o que se consideran as súas orixes en 1971 da man de Xaquín Marín e Raimundo Patiño até a actualidade, mencionando nomes como Miguelanxo Prado, Pepe Carreiro ou Fausto Isorna.

Álvarez, Marta, "Unha arte que se consolida día a día entre os lectores", *Faro de Vigo*, "*Especial. Día de Galicia*", 25 xullo 2012, pp. 14-15.

Coméntase que a banda deseñada galega vive o seu mellor momento cos intentos de irrupción de editoriais especializadas e a creación de escolas específicas, que se sinalan como causas da multiplicación da produción. Sinálase que o oficio está vinculado á precariedade e que resulta difícil sobrevivir del, xa que o libro castelán predomina sobre o galego. Destácase que o problema principal non é o público e os artistas senón o mercado editorial estancado.

Babarro, Xoán, "A princesa de Taramundi", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 28 abril 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A princesa de Taramundi* (2010), escrita por Xoán Babarro e ilustrada por Špela Trobec.

Baena, Ana, "Eduardo Santiago, un visionario da ciencia ficción en galego", *Atlántico Diario,* "Vigo", 25 xaneiro 2012, p. 11.

Dáse conta da publicación de *2044* (2011), de Eduardo Santiago, da que se sinala que pretende encher o baleiro de obras de ficción científica na literatura galega.

Baena, Ana, "Fernández Paz: 'Teño entre mans unha novela dende hai tempo", *Atlántico Diario*, "Vigo", 16 outubro 2012, p. 12.

Infórmase do nomeamento de Agustín Fernández Paz como socio de honra da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil. Coméntase a data e o lugar da cerimonia de entrega e inclúense declaracións de Francisco Castro, presidente da asociación, quen destaca que nel participarán escolares.

Beares, Octavio, "El cómic, noveno arte y atlántico", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", 13 agosto 2012, p. 61.

Fálase de Viñetas desde o Atlántico, festival do que se di é un dos eventos máis importantes do cómic. Coméntanse distintas actividades que tiveron lugar na mostra como a exposición dos orixinais de obras ou a celebración de charlas e coloquios.

Becerra, Marta, "Dos años sumados al siglo", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 3 febreiro 2012, p. 11.

Infórmase do éxito de convocatoria do espectáculo de contacontos organizado pola asociación Medrando en Lugo no centro social María Balteira. Coméntase que se intitulou "A ratiña fachendosa" e que estivo a cargo de Laura Lence.

Becerra, Marta, "Tres días para hacerse artesanos", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 3 abril 2012, p. 6.

Dáse conta das actividades que organiza a Biblioteca Provincial Nodal, con motivo do Día Internacional do Libro Infantil.

Becerra, Marta, "Mucho cuento para los locos bajitos", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 23 abril 2012, p. 4.

Fálase dos actos que organiza a Deputación de Lugo con motivo da semana do libro e da lectura. Saliéntanse as actividades para os máis novos, que inclúen teatro, contacontos e exposicións.

Becerra, Marta, "Pinchacarneiro pica alto", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 25 outubro 2012, p. 13.

Infórmase dos contacontos "Que será, será?" a cargo de Cucarandainas coa técnica do kamishibai, que permite ver os contos ao tempo que se escoitan, e de "Contos de galos e galiñas", de Fátima Fernández.

Becerra, Marta, "Os Bolechas enseñan a los niños a reciclar", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 27 decembro 2012, p. 8.

Coméntase o espectáculo circense "Brincabolechas de Nadal" no auditorio Gustavo Freire de Lugo, patrocinado por Sogama e dirixido por Pepe Yáñez e Víctor Mosqueira, que ensina aos máis pequenos a xestionar a reciclaxe.

Blanco, Patricia, "Dende o berce... en lingua galega", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 492, "A iniciativa", 10 novembro 2012, p. 9.

Coméntase a iniciativa "Os Axouxeres" da Secretaría Xeral de Política Lingüística para fomentar a lingua galega a través de xogos, música e experiencias sensoriais ademais de incrementar a oferta dos recursos informáticos e audiovisuais nesta lingua. Noméanse os distintos concellos que visitará e a maneira de reservar entrada e descargar os diferentes contidos.

Blanco Rivas, M. "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 400, "Libros", 26 xaneiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 362, 4 febreiro 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. De *Quen lle ten medo a Morgana?* (2011), de Pasqual Alapont, saliéntase o argumento. Tamén se describen *A desaparición de Esme Lennox* (2011), de Maggie O'Farrell e *Contos da terra da tarde* (2011), de Bieito Iglesias.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 401, "Libros", 2 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 363, 11 febreiro 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa, *O caderno laranxa de Morgana* (2011), de Pasqual Alapont, saliéntase o argumento. Tamén se describen *Laura no deserto* (2011), de Antón Riveiro Coello; *Contatrás II-I* (2012), de Paula Carballeira e *Eu, Jean Gabin* (2011), de Goliarda Sapienza.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 402, "Libros", 9 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 364, 18 febreiro 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. De *Mil cousas poden pasar. Libro II* (2011), de Jacobo Fernández Serrano, saliéntase o argumento. Tamén se describe *Despois de ti, a chuvia* (2011), de Xosé Carlos Caneiro.

Blanco Rivas, M. "Andel de novidades", *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 358, 11 febreiro 2012, p. 7.

Nesta sección fixa descríbense semanalmente varias obras. De *Fantasmas de luz* (2011), de Agustín Fernández Paz e *O Camiño de Santiago do A ao Z* (2010), de Ana María Fernández, Xoán Babarro e Luisa Vera, saliéntanse os argumentos. Tamén se describen *Cita en Fisterra* (2011), de Luis Rei Núñez e *Pressing Catch* (2010), de Paula Carballeira.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 22 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 361, 31 marzo 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. De *2044* (2011), de Eduardo Santiago, saliéntase o argumento. Tamén se describen *As tortillas do Xeneral* (2012), de Xosé Lois Ripalda; *Tras da Corda* (2012), de Carlos G. Reigosa e *Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía* (2012), de Charo Portela Yáñez.

Botrán, C., "Unha mostra do IES Nº 1 de Ordes afonda na vida e obra de Isaac Díaz Pardo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Ordes", 12 maio 2012, p. 37.

Dáse conta da homenaxe póstuma que rendiu o IES Nº 1 de Ordes a Isaac Díaz Pardo. Infórmase da exposición sobre a súa vida e obra, que leva por título "Isaac Díaz Pardo: luz e compromiso".

Botrán, Cristina, "O Mome recupera a figura de Balbino en dúas exposicións", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 4 maio 2012, p. 33.

Fálase das exposicións que organiza o Museo da Madeira e do Moble da Estrada pola celebración dos cincuenta anos de *Memorias dun neno labrego.* As exposicións son "Balbino volve á escola" e "Querido Balbino, 1961-2011. Cincuenta anos de *Memorias dun neno labrego*". Explícase de que tratan as exposicións.

C. B., "Balbino volve á escola', mañana en el Mome", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 2 maio 2012, p. 31.

Anúnciase a inauguración da mostra itinerante "Balbino volve á escola" no Museo do Moble e da Madeira da Estrada, enmarcada na celebración do cincuenta aniversario da publicación de *Memorias dun neno labrego.*

C. B., "El IES nº 1 de Ordes homenajea hoy a Isaac Díaz Pardo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 maio 2012, p. 30.

Infórmase da inauguración no IES n.º 1 de Ordes dunha exposición-homenaxe sobre Isaac Díaz Pardo, "Isaac Díaz Pardo: luz e compromiso", e das conferencias e actuacións que a complementan.

C. G., "Marisa Irimia relatará 'Kontos de akí e de akolá' en Pontecesures", *Diario de Pontevedra,* "Caldas/Deza/Tabeirós", "Pontecesures", 10 abril 2012, p. 15.

Con motivo do programa "Abril, mes dos libros" e enmarcado no programa "Letras Vivas Animación", anúnciase a actividade de animación á lectura "Kontos de akí e akolá", con Marisa Irimia, na Biblioteca Pública Municipal de Pontecesures.

C. G., "Kontos de akí e akolá' en Pontecesures", *Diario de Pontevedra*, n.º 309, "Diario de Caldas", "Pontecesures", 18 abril 2012, contracuberta.

Coméntase a actividade de animación á lectura "Kontos de akí e akolá" que organizou a Biblioteca Pública Municipal de Pontecesures como parte do programa "Abril, mes dos libros". Cítase o "Contacontos pola convivencia e a igualdade" destinado ao alumnado de primaria. Fálase brevemente de quen é Marisa Irimia.

C. G., "Títeres, cuentos y poemas pop", *Diario de Pontevedra,* "*Diario de Caldas*", nº 310, "Vivir en Caldas", 25 abril 2012, p. 5.

Fálase das actividades que se organizan na comarca de Caldas con motivo do Día do libro. Entre elas, contacontos infantís como Trinke Trinke ou Fátima Fernández, a emisión na radio do programa "A biblioteca nas ondas" ou representacións de marionetas.

C.G., "Charo Pita impartirá un contacontos en Caldas", *Diario de Pontevedra,* "Pontevedra/Caldas", 26 maio 2012, p. 20.

Anúnciase que a Biblioteca Municipal de Caldas de Reis e o programa Letras Vivas organizaron unha actividade de contacontos chamada "Contos cativos", a cargo de Charo Pita.

C. G., "Rap e multilingüismo na homenaxe do IES de Valga a Celso Emilio Ferreiro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 12 decembro 2012, p. 3.

Faise eco das actividades do IES de Valga para conmemorar o centenario de Celso Emilio Ferreiro, ideado pola Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística. Entre elas, leuse o poema "Deitado frente ao mar" en varias linguas, interpretouse a versión rapeada do poema e presentouse o documental da TVG sobre a vida e obra de Celso Emilio

C. J., “El cineasta Héctor Carré, protagonista de ‘Engánchate”, *Diario de Pontevedra*, “Sanxenxo”, “O Salnés”, 13 marzo 2012, p. 18.

Infórmase da participación de Héctor Carré no Club de Lectura Engánchate, no que se falou da súa obra *Febre* (2011).

Caneiro, Xosé Carlos, “David e compañía”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 498, “A outra mirada”, “Club dandi”, 22 decembro 2012, p. 9.

Salienta ao debuxante David Rubín que acaba de sacar do prelo o segundo volume da novela gráfica *El Héroe*. Tamén alaba a creatividade de Siro, Xaquín Marín, Pinto&Chinto, Abraldes, Xosé Tomás, Kiko da Silva, Meixide e Alberto Vázquez.

Carreiro, Pepe, “Os galego-romanos”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 23 xuño 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Os galego-romanos* (1994), escrita e ilustrada por Pepe Carreiro, co asesoramento histórico de Felipe Arias.

Castro, Víctor, “Xosé Neira Vilas celebra las bodas de oro de “Memorias”, *El Ideal Gallego,* “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 13 abril 2012, p. 20.

Fálase dos actos conmemorativos do cincuenta aniversario da publicación de *Memorias dun neno labrego*, que tiveron lugar na casa de cultura de Ordes.

Castro Iglesias, Icía, “Os sentimentos”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Los relatos de los lectores”, 16 agosto 2012, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Icía Castro Iglesias (13 anos), intitulado “Os sentimentos”.

Cenamor, X., “Dominó para expertos en Compostela”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 6 decembro 2012, contracuberta.

Entre outras cuestións, coméntase a visita do escritor Francisco Castro ao colexio Manuel Peleteiro para falar de *Chamádeme Simbad*.

Conde, M., “Abriu moito aos rapaces as portas da cultura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 marzo 2012, p. 31.

Coméntase que o grupo de contacontos Pavís Pavós participará no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra con dous espectáculos: *O parrulo feo* e *A bela adormecida*.

Conde, M., "Lecturas para todos los gustos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 458, "Letras infantil", 10 marzo 2012, p. 3.

Dáse conta da presentación no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra das obras *O soldadiño de chumbo* (2010) e *2044* (2011), de Eduardo Santiago. Tamén se mencionan *O botín da misteria* (2011), de Lino Braxe; *Mans* (2011), de Xavier P. Docampo e Daniel Puente Bello; *O alento nas costas* (2012), de Natalia Carou Figueira e *Jack e a morte* (2012), de Tim Bowley.

Conde, María, "Galicia exhibe su talento en el Festival de Cómic de Angulema", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 xaneiro 2012, p. 45.

Infórmase da presenza de oito autores galegos no Festival do Cómic de Angulema, entre os que se atopan Kiko da Silva, David Rubín e José Domingo.

Conde, María, "Suerte que hay Salón", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 457, "Infantil", 3 marzo 2012, p. 8.

Faise mención da inauguración do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e saliéntase que estará dedicado ás supersticións e que homenaxeará a Paco Martín.

Conde, María, "El Salón se quita las meigas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 458, "Letras Infantil", 10 marzo 2012, pp. 2-3.

Fálase da celebración do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e coméntase que ao longo do mes de marzo acollerá múltiples actividades para o fomento da lectura entre os máis novos.

Conde, María, "El cómic gallego crea escuela", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 21 abril 2012, p. 47.

Infórmase da existencia de "O garaxe hermético", a primeira escola profesional de cómic de Galicia, fundada por Kiko da Silva. Preséntanse os seus profesores e anúnciase o inicio do curso profesional, así como as actividades que acompañarán e precederán a inauguración da escola.

Conde, María e Luís **Pousa**, "Kalandraka obtén o Premio Nacional ao Mellor Labor Editorial", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 outubro 2012, p. 33.

Coméntase a distinción de Kalandraka Editora co Premio Nacional ao Mellor Labor Editorial 2012 do Ministerio de Educación e Cultura. Sinálase que a razón da concesión do premio foi o compromiso da editora coa Literatura Infantil e o coidado dos textos xunto coa calidade da ilustración.

Corbelle, Sabela, "Entre la diversión y la queja ciudadana", *El Progreso*, "Lugo", "Fiestas patronales", "En la calle", 10 outubro 2012, p. 8.

Apúntase a participación da contacontos María Inés Cuadrado nos Xardíns da Deputación Provincial de Lugo dentro do programa O San Froilán Miúdo.

Cuíña, S., "Los peques disfrutan con el ratón Stilton en Hipercor", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 xaneiro 2012, p. 26.

Coméntase, entre outros asuntos, que o colexio La Salle de Santiago de Compostela acolleu o concerto de Mamá Cabra, no que se presentou o seu traballo *Xa me tardan estes magos* (2011).

Díaz, Noelia, "Cultura invita a 'troulear' en un mes de agosto cargado de eventos", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 18 xullo 2012, pp. 8-9.

Destácase o arranque da Feira do Libro da Coruña e o festival Viñetas desde o Atlántico do que se di que recibirá a visita de debuxantes como R. M. Guéra e Frank Quitely.

Díaz, Noelia, "Pistoletazo de salida a las fiestas", *La Opinión*, "A Coruña", 1 agosto 2012, p. 13.

Apúntase a inauguración de Viñetas desde o Atlántico e a data na que comeza, así como o inicio da Feira do Libro.

Díaz, Noelia, "A Coruña se convierte en tebeo", *La Opinión*, "A Coruña", "Fiestas María Pita 12", 7 agosto 2012, pp. 8-9.

Destácase que o festival Viñetas desde o Atlántico é un impulso para os creadores galegos e que xera afección arredor deste xénero. Fálase da mostra "Panorama da BD galega" da que comenta a súa situación.

Díaz, Noelia, "Los maestros del cómic, al alcance de todos", *La Opinión*, "A Coruña", 7 agosto 2012, p. 9.

Fálase do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico e coméntanse algunhas actividades como os encontros cos autores Bartolomé Seguí, Rubén Pellejero, R. M. Guéra e Frank Quielty, a inclusión de charlas e coloquios no programa, así como a sinatura de libros.

Díaz, Noelia, “Hay que leer más libros que cómics para crear historietas”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Fiestas María Pita 12”, 8 agosto 2012, p. 10.

Reprodúcese unha conversa co debuxante R. M. Guéra con motivo da súa participación no Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico.

Díaz, Noelia, “A los autores nos encanta venir a Viñetas porque nos cuidan mucho”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 9 agosto 2012, p. 10.

Entrevista co ilustrador catalán José Homs con motivo da súa presenza no Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico.

Díaz, Noelia, “Viñetas conjuga veteranía y savia nueva”, *La Opinión*, “A Coruña”, 10 agosto 2012, p. 10.

Destácanse as actividades acontecidas na sesión do día anterior no Salón do Cómic da Coruña Viñetas desde o Atlántico, entre as que se sinala a intervención do debuxante Rubén Pellejero e José Domingo.

Díaz, Noelia, “El renovador de Superman”, *La Opinión*, “A Coruña”, 11 agosto 2012, p. 9.

Destácase que a presenza de Fran Quitely é un dos pratos fortes de Viñetas desde o Atlántico e anúnciase que será este quen pronuncie a última conferencia do evento.

Díaz, Noelia, “Quince años de cómic en A Coruña”, *La Opinión*, “A Coruña”, 18 agosto 2012, p. 10.

Sinálase o cumprimento dos primeiros quince anos do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico, do que se di que foi promovido por Miguel Anxo Prado e faise un percorrido polos autores que estiveron presentes nas súas diferentes edicións.

E. C. G., “Ilustraciones para fomentar el amor por la lectura”, *El Correo Gallego,* “Santiago”, 22 maio 2012, p. 23.

Anúnciase a exposición de ilustracións, libros e obxectos para fomentar o amor pola lectura, no marco da campaña “Unha viaxe de ida e volta”.

ELOS, “John Ronald Reul Tolkien”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 3 xaneiro 2012, p. 40.

Indícase que o tres de xaneiro naceu este escritor e filólogo inglés de orixe surafricano que impulsou a fantasía moderna. Apúntase que con *The Hobbit* (1937) iniciou a

creación “dunha corrente literaria inspirada na saga artúrica e na épica medieval anglosaxona á que incorporou elementos e criaturas fantásticas” que continuou na triloxía *The Lord of the Rings* (1954-1955). Coméntase que estas obras foron traducidas ao galego por Moisés Rodríguez Barcia e publicadas por Edicións Xerais de Galicia na colección “Fóra de Xogo” cos títulos *O hobbit* (2000) e *O señor dos aneis* (2002).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 11 xaneiro 2012, p. 42.

Lémbrase que o dez de xaneiro de 1929 nacía no suplemento *Le Petit Vingtième* do xornal belga *Le Vingtième Siècle* a primeira edición de *As aventuras de Tintín*, de Hergé e que as súas historias foron incorporadas ao sistema literario infantil e xuvenil galego nos anos oitenta da man da editorial Juventud.

ELOS, “Suso de Toro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 11 xaneiro 2012, p. 42.

Coméntase que o dez de xaneiro de 1956 naceu Suso de Toro, un autor que, aínda que se centra fundamentalmente na literatura institucionalizada ou de adultos, tamén escribiu algunhas obras para o lectorado máis novo. Indícase que se inaugurou con *A sombra cazadora* (1994), a que seguiron *Conta saldada* (2002), *Servicio de urxencias* (2002) e *Morgún* (2003).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 18 xaneiro 2012, p. 46.

Lémbrase a saída do prelo do número duplo de *Malasartes*. Sinálase que por vez primeira se abeira a novos ámbitos literarios para reforzar a súa vertente multicultural e plurilingüística e que entre os seus contidos destaca o estudo sobre a presenza dos contos de transmisión oral na Literatura Infantil e Xuvenil galega e a análise dunha das súas obras fundacionais, *A galiña azul*, de Carlos Casares, ademais das referencias ás novidades editoriais.

ELOS, “Rudyard Kipling”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 18 xaneiro 2012, p. 46.

Coméntase que o dezaoito de xaneiro de 1936 faleceu en Londres Rudyard Kipling. Sinálase que foi un autor prolífico, que só aceptou ser galardoado co Premio Nobel de Literatura (1907). Destácase a súa produción para os máis novos, con títulos traducidos ao galego como *O libro da selva* (1996) e *Así foi* (1992).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 24 xaneiro 2012, p. 42.

Lémbrase que é o aniversario de E. T. Amadeus Hoffmann e sinálase que é un autor clásico universal, vinculado ao romanticismo. Coméntase que a súa produción presenta trazos grotescos, sobrenaturais e do realismo psicolóxico e que influíu en autores como E. A. Poe e Th. Gautier. Destácase que Xabier R. Baixeiras e Carmen Torres París traduciron ao galego os *Contos de Hoffmann* (Xerais, 2000).

ELOS, "Isaac Díaz Pardo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 24 xaneiro 2012, p. 42.

Coméntase que o cinco de xaneiro faleceu Isaac Díaz Pardo. Sinálase que foi unha das figuras relevantes da cultura galega e que as súas contribucións (como a fundación de Ediciós do Castro, a recuperación do Seminario de Estudos Galegos ou a súa produción ensaística e xornalística) fixeron del un grande humanista. Destácase a súa faceta como ilustrador de Literatura Infantil e Xuvenil e menciónanse as súas achegas para *Memorias dun neno labrego* (1968), de Xosé Neira Vilas e *Non debían de medrar* (1974), de Manuel Lueiro Rey. Conclúese que ofreceu unha dimensión plástica complementaria á dos cronistas do pobo galego.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego,* "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 31 xaneiro 2012, p. 42.

Infórmase de que o día once de xaneiro se inaugurou na Biblioteca Virtual Cervantes o portal dedicado ao escritor Agustín Fernández Paz no que se ofrece unha cronobiobibliografía do autor, os premios e recoñecementos merecidos, textos inéditos, entrevistas, comentarios e traballos sobre a súa obra, ademais dun álbum fotográfico.

ELOS, "Alfonso Daniel Rodríguez Castelao", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 31 xaneiro 2012, p. 42.

Saliéntase a figura de Castelao, con motivo do seu recente aniversario, e apúntanse as súas achegas á Literatura Infantil e Xuvenil con obras plásticas e literarias, como *Cousas* (1926-1929), onde se inclúen *Cousas dos nenos*, e as ilustracións que realizou para *As roladas* (1922) e *Os catro cisnes blancos*, primeira tradución ao galego.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 9 febreiro 2012, p. 50.

Lémbrase o aniversario do nacemento de Jules Verne e sinálase a súa influencia na Literatura Infantil e Xuvenil como un dos representantes da ficción científica. Coméntase que en galego pode lerse *Viaxe ao centro da terra* (Edicións Xerais de Galicia, 1985-2008), *Da terra á lúa* (Edicións do Cumio, 1988) e *A volta ao mundo en oitenta días* (Edicións Xerais de Galicia, 1983-2008).

ELOS, "Charles Dickens", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 9 febreiro 2012, p. 50.

Saliéntase a figura de Charles Dickens, co gallo do seu aniversario. Sinálase que é recoñecido como un dos representantes do realismo crítico e costumista e que se pode ler en galego *Un conto de Nadal* (1985), *Oliver Twist ou o progreso dun neno de hospicio* (2006) e *Canto de Nadal* (2011). Coméntase que hai obras deste autor que se inseriron na Literatura Infantil e Xuvenil polas súas características temáticas e formais e por retratar a vida da nenez e mocidade a partir de elementos psicolóxicos moi recoñecíbeis por este lectorado. Laméntase que aínda non se traducisen ao galego obras como *David Copperfield* (1850).

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 16 febreiro 2012, p. 43.

Lémbrase o aniversario do nacemento de Julio Cortázar e aprovéitase a efeméride para destacar que se pode ler en galego o *Discurso do oso* (Kalandraka, 2008), do que se sinala que se trata dun pequeno relato no que o protagonista descobre a estraña vida dos humanos e que conta con ilustracións de Emilio Urberuaga.

ELOS, "Gloria Sánchez", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 16 febreiro 2012, p. 43.

Saliéntase a figura de Gloria Sánchez con motivo do seu aniversario de nacemento. Indícase que a súa primeira obra dentro da Literatura Infantil e Xuvenil galega foi *A pequena aventura de Oscariño* (1984) e que a esta seguiron outras de narrativa, poesía e teatro. Destácanse aquelas que mereceron premios como o Merlín (*Fafarraios*, 1991), o Edebé de Literatura Infantil 1994 (*Doutor Rus*, 1995) e o Lazarillo 2001 (*Chinto e Ton*, 2001). Menciónase tamén a peza dramática, escrita en coautoría con Miguel Vázquez Freire, *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos* (1999), coa que gañaron o Concurso de Obras Teatrais Inéditas Camiño de Santiago.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 22 febreiro 2012, p. 43.

Lémbrase que o prazo de presentación de orixinais para participar no V Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados remata o dous de marzo. Indícase que está organizado polo Concello de Santiago e Kalandraka Editora e dotado con 9.000 euros. Coméntase ademais que se dirixe a autores e ilustradores de calquera nacionalidade que presenten obras orixinais e inéditas en calquera das linguas oficiais da Península ibérica e que as bases poden consultarse en www.kalandraka.com.

ELOS, "Paco Martín", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 22 febreiro 2012, p. 43.

Ponse de relevo a figura de Paco Martín co gallo do seu aniversario de nacemento. Indícase que este mestre publicou excelentes e innovadores contos e relatos para o público máis novo. Entre eles saliéntase *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), coa que

gañou o 1º Premio do Concurso de Literatura Infantil O Barco de Vapor en 1984, o Premio Losada Diéguez en 1985 e o Premio Nacional de Literatura Infantil en 1986. Coméntase que nesta obra creou un personaxe inesquecíbel no sistema literario galego que xa se presentara no suplemento infantil *Axóuxere* (1974-1975). Finalmente saliéntase que iniciou unha liña de fantasía cun marcado ton crítico cos estamentos sociais e os comportamentos individuais e que ampliou as aventuras deste profesor chairego en *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008).

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 1 marzo 2012, p. 42.

Lémbrase que está aberta até o 30 de marzo a preinscrición do IXº Curso de Formación Continua "As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora. Narrativas xuvenís no século XXI (2000-2010). Tendencias e correntes", organizado pola Universidade de Santiago de Compostela e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e dirixido a estudantes e mediadores.

ELOS, "Germán Sánchez Ruipérez", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 1 marzo 2012, p. 42.

Saliéntase a figura de Germán Sánchez Ruipérez (Peñaranda de Bracamonde, 1926-República Dominicana, 2012) polo seu apoio á Literatura Infantil e Xuvenil. Destácase que foi cofundador de Edicións Xerais de Galicia e que dende o Grupo Anaya e a Fundación que leva o seu nome priorízase a promoción do libro infantil e o recoñecemento dos seus autores. Coméntase ademais que unha das sedes da súa Fundación, o Centro Internacional del Libro Infantil y Juvenil de Salamanca, acolle actividades de fomento, formación, documentación e investigación da lectura para os máis novos e que conta actualmente cunha plataforma en liña que compila estes recursos.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 7 marzo 2012, p. 43.

Lémbrase que o día trinta e un de marzo remata o prazo de entrega de orixinais para o Concurso de Teatro Infantil 2012, convocado pola Asociación Cultural O Facho. Engádese que para participar é preciso enviar obras inéditas sen representar, en calquera tipo de soporte, en lingua galega e cun máximo de oitenta páxinas. Indícase que se poden consultar as bases no blogue da asociación.

ELOS, "Astrid Anna Emilia Ericson", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 7 marzo 2012, p. 43.

Saliéntase a figura desta escritora sueca, máis coñecida como Astrid Lindgren, con motivo da homenaxe da que será obxecto na Feira Internacional do Libro Infantil de Boloña polo décimo aniversario do seu pasamento e da creación do premio The Astrid Lindgren Memorial Award. Coméntase que tamén se pretende homenaxeala no Día

Internacional da Muller Traballadora (8 marzo) por defender a liberdade na escrita dende a perspectiva infantil e indícase que é recoñecida na Literatura Infantil e Xuvenil pola creación do personaxe de Pippi Långstrum. Coméntase finalmente que se pode ler en galego *Os irmáns Corazón de León* (2003).

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 13 marzo 2012, p. 43.

Lémbrase que dende o día catro até o trinta e un de marzo ten lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra o XIII Salón do Libro Infantil e Xuvenil. Saliéntase que xira ao redor da temática das supersticións e que se homenaxeará o escritor Paco Martín.

ELOS, "Fervenzas literarias", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 13 marzo 2012, p. 43.

Coméntase que esta páxina en liña dá conta dende 2007 da literatura galega en Internet por medio duns galardóns simbólicos, "O mellor do 2011". Indícase que son resultado das votacións do lectorado da web e que en 2011 se galardoou a Agustín Fernández Paz como "Autor/a do 2011"; Xosé Tomás, como "Ilustrador/a do 2011" e obras como *O meu gato é un poeta*, de Fran Alonso, "Mellor libro de...Infantil"; *Febre*, de Héctor Carré, "Mellor libro de...Xuvenil"; a tradución de Carlos Acevedo de *Contos por teléfono*, de Gianni Rodari, "Mellor libro de...LIX traducida"; Noemí López, por *Trece noites, trece lúas*, "Mellor portada de...Literatura Infantil e Xuvenil"; a Libraría Couceiro, "Mellor Libraría do 2011" e Culturgal, "Mellor iniciativa literaria" e "O mellor acontecido no 2011".

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 20 marzo 2012, p. 43.

Lémbrase que o vinte de marzo a Asociación Internacional do Teatro para a Infancia e a Xuventude (Assitej) celebra o Día Mundial do Teatro para a Infancia e a Xuventude. Reivindícanse as calidades pedagóxicas deste tipo de teatro e solicítase unha maior implicación de escritores e mediadores coa literatura dramática.

ELOS, "Celso Emilio Ferreiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 20 marzo 2012, p. 43.

Saliéntase a figura de Celso Emilio Ferreiro con motivo do centenario do seu nacemento. Indícase que moitas das súas composicións poéticas foron recollidas en escolmas para os máis novos, como *Celso E. Ferreiro para nenos* (1988), *Celso Emilio Ferreiro para os nenos* (1989) e *Escolma poética* (2008). Coméntase que tamén acolleron poemas seus as antoloxías *Os nosos versos* (1997), *Antoloxía da Poesía Galega para nenos* (2000), *O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega* (2002) e *Poetízate* (2006).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 28 marzo 2012, p. 51.

Lémbrase que até o once de abril está aberto o prazo de presentación de textos orixinais para a vixésimo sétima edición do Premio Merlín de Literatura Infantil. Coméntase que este galardón creado por Xerais en 1986 está dotado con 10.000 euros e que leva impulsando a Literatura Infantil e Xuvenil galega e reactivando a traxectoria dos premiados. Finalmente indícase o enlace da páxina en liña onde se poden consultar as bases.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 6 abril 2012, p. 49.

Lémbrase que está a disposición dos interesados un PDF na páxina en liña da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, na súa sección de Crítica, que recolle os traballos da IIª Xornada da Crítica Galega, celebrada o 22 de outubro de 2010 e que se centraba na crítica académica e xornalística da Literatura Infantil e Xuvenil.

ELOS, “Hans Christian Andersen”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 6 abril 2012, p. 49.

Saliéntase a figura de Hans Christian Andersen con motivo do seu aniversario de nacemento, que coincide coa data do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Coméntase que a obra deste autor deu lugar á convocatoria do premio que leva o seu nome e que visualiza a Literatura Infantil e Xuvenil cada dous anos, recoñecendo o labor dun autor e dun ilustrador. Indícase que se traduciron ao galego *O traxe novo do emperador* (1979), *A princesa e o chícharo* (2003), a recompilación *Dez contos de Andersen* (2005) e *O soldadiño de chumbo* (2010).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 11 abril 2012, p. 50.

Lémbrase que na 49ª Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña se presentou a selección The White Ravens 2012, da Biblioteca Internacional da Xuventude de Munich, unha listaxe na que se incluíron os álbums *Zimbo*, de Arturo Abad e *A viaxe de Olaf*, de Martín León Barreto.

ELOS, “Premio Andersen 2012”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 11 abril 2012, p. 50.

Saliéntase a importancia deste galardón, considerado o “Pequeno Nobel”, que convoca cada dous anos o IBBY para premiar un escritor e un ilustrador. Indícase que se anunciou na Feira do Libro de Boloña que os gañadores foron a escritora María Teresa Andruetto e o ilustrador Peter Sís. Coméntase que en galego cóntase coa novela da primeira, *Stefano*.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 17 abril 2012, p. 43.

Lémbrase que está aberto até o dezasete de maio o prazo de recepción de textos orixinais en galego para a V Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil que convoca Baía Edicións bianualmente. Indícase que as obras gañadoras e as finalistas se publicarán na colección “Meiga Moira” desta editorial.

ELOS, “Manuel Lourenzo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 17 abril 2012, p. 43.

Saliéntase a figura de Manuel Lourenzo con motivo do seu aniversario. Coméntase que foi creador do Grupo Teatral O Facho, o cal levou á escena obras de literatura dramática infantil e xuvenil. Indícase que para este público se iniciou coa obra *Viaxe ao país de ningures* (1977). Finalmente, ponse de relevo que se trata dun dramaturgo de ampla traxectoria no sistema literario infantil e xuvenil, con obras galardoadas e guións para o espectáculo destinados á formación escolar e como material de apoio.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 25 abril 2012, p. 43.

Lémbrase que está aberto o prazo para o envío de propostas de comunicacións para as Segundas Jornadas Internacionales de Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil, organizadas pola Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil e ELOS. Indícase que se celebrarán na Facultade de Filoloxía e Tradución da universidade de Vigo os días dez e once de maio e que a temática será o tratamento da familia na literatura para os máis novos.

ELOS, “William Shakespeare”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 25 abril 2012, p. 43.

Saliéntase a figura de William Shakespeare con motivo do seu aniversario de nacemento e morte. Indícase que se transvasaron ao galego tres adaptacións para o lectorado infantil e xuvenil, *O rei Lear según a obra de William Shakespeare* (1983), *Macbeth* (1985) e *A traxedia de Romeo e Julieta* (1985). Coméntase que estas propostas contribúen á creación da biblioteca persoal dos máis novos e garanten a súa educación literaria.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 1 maio 2012, p. 42.

Lémbrase que o trinta de abril de 1864 naceu en Santiago de Compostela Amador Montenegro Saavedra, considerado o primeiro autor da Literatura Infantil e Xuvenil por responder á tradición fabulística con *Fábulas galaico-castellanas* (1897), coa intención de demostrar que este tipo de literatura se podía ler tamén en galego. Tamén se salienta

que incluíu nas revistas publicadas a finais do século XIX contos costumistas e realistas destinados aos máis novos.

ELOS, "V Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 1 maio 2012, p. 42.

Saliéntase que o traballo galardoado co V Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado foi o álbum *Parvada*, dos ilustradores mexicanos David Daniel Hernández e Julia Díaz Garrido. Coméntase que nel se propón unha reflexión sobre unha sociedade na procura do coñecemento e do progreso, pero construída sobre unha gran contradición. Infórmase de que se publicará en galego, castelán, catalán, éuscaro e portugués.

ELOS, "David Pintor", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 10 maio 2012, p. 42.

Saliéntase a figura de David Pintor polo seu aniversario de nacemento e polo recente segundo premio de ilustración do Festival Internacional de Literatura Infantil de Sharjah, nos Emiratos Árabes. Coméntase que xunto co guionista Carlos López, baixo o pseudónimo de Pinto&Chinto, crearon o personaxe de banda deseña Tito Longueirón. Indícase que colabora con diversas editoriais e que tamén realiza ilustracións para revistas. Menciónase tamén que foi merecedor de galardóns como o "Curuxa do humor" 2007, o Premio Frei Martín Sarmiento, o Hermes de humor gráfico de Barakaldo 2008 e o Pura e Dora Vázquez de ilustración 2009.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 17 maio 2012, p. 43.

Lémbrase que se celebra até o trinta e un de maio a XIIª Campaña de Animación á Lectura "Unha Viaxe de Ida e Volta", organizada polo Departamento de Educación do Concello de Santiago e a editorial Kalandraka. Infórmase das diferentes actividades que acolle.

ELOS, "Charles Perrault", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 17 maio 2012, p. 43.

Saliéntase a figura de Charles Perrault polo aniversario do seu pasamento. Coméntase que con *Histoires ou contes du temps passé-Contes de ma mére l'oye* (1697) comezou a Literatura Infantil e Xuvenil e dáse conta dalgún dos contos populares que se incluían e dos personaxes recreados neste universo ficcional. Finalmente, saliéntase que a súa obra segue presente nas obras literarias, no cinema e no teatro.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 23 maio 2012, p. 43.

Lémbrase que está aberto o prazo de matrícula para o IX Curso de Formación Continua "As Literaturas Infantís e Xuvenís Ibéricas. Narrativas xuvenís no século XXI (2000-2010)", organizado pola Universidade de Santiago de Compostela e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, e infórmase das data de celebración da parte virtual e da presencial.

ELOS, "Arnold Lobel", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 23 maio 2012, p. 43.

Saliéntase a figura de Arnold Lobel polo seu aniversario de nacemento. Coméntase que, logo de ilustrar obras de diferentes autores, iniciou en 1962 a publicación das súas propias historias, destacando as protagonizadas por Sapo e Sepo. Indícase que foi merecedor de galardóns como o Caldecott Honour Book, o Christopher Award, o Caldecott Award e o Newbery Honour Book. Finalmente, menciónase que se poden ler en galego catro obras súas: *Contos de ratiños* (1999), *Sopa de rato* (2004), *O porquiño* (2009) e *Tío Elefante* (2011).

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 29 maio 2012, p. 43.

Lémbrase a homenaxe que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega lle renderá a Xavier Rodríguez Baixeras en Ribadeo, o día dous de xuño de 2012. Coméntase que este escritor traduciu ao galego autores clásicos contemporáneos da Literatura Infantil e Xuvenil como Pere Calders, Dino Buzzati, Mª Àngels Anglada e H. C. Andersen.

ELOS, "Maurice Sendak", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 29 maio 2012, p. 43.

Saliéntase a figura de Maurice Sendak polo seu recente pasamento. Coméntase que é un dos autores clásicos da Literatura Infantil e Xuvenil. Reprodúcese un poema en homenaxe a Sendak escrito por Pedro Messeder, escritor portugués, pertencente como investigador a ELOS.

ELOS, "Juan Ramón Jiménez", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 7 xuño 2012, p. 50.

Saliéntase a figura de Juan Ramón Jiménez con motivo do aniversario do seu falecemento. Indícase que, aínda que a súa obra *Platero y yo* (1907) non foi concibida para o lectorado infantil, pasou a engrosar a Literatura Infantil e Xuvenil, converténdose nunha das máis lidas, reeditadas e traducidas. Sinálase que foi traducida ao galego por Ediciós do Castro en 1990 e reivindícase a necesidade dunha nova edición nunha colección máis adecuada ao seu potencial lectorado.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 20 xuño 2012, p. 51.

Lémbrase que Úrsula Heinze de Lorenzo estivo de aniversario estes días. Destácase a súa produción de Literatura Infantil e Xuvenil e menciónanse dúas obras, *O buzón dos nenos* (1985) e *A casa abandonada* (1987). Laméntase o afastamento nestes últimos anos do sistema que axudou a conformar.

ELOS, “James Matthew Barrie”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 20 xuño 2012, p. 51.

Saliéntase a figura de James Matthew Barrie polo aniversario do seu pasamento. Destácanse obras súas como *O pequeno paxaro branco* (1901), na que aparece por vez primeira Peter Pan. Indícase que a popularidade deste personaxe deu lugar a unha peza teatral (*Wendy*, 1904) e a unha novela (*Peter Pan e Wendy*, 1911). Coméntase que esta última foi traducida a moitas linguas, entre elas o galego, e que foi obxecto de adaptacións cinematográficas e musicais.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 26 xuño 2012, p. 43.

Lémbrase que o escritor Eric Carle estivo de aniversario o vinte e cinco de xuño. Indícase que na Literatura Infantil e Xuvenil galega se pode ler *Unha eiruga moi larpeira* (2005), *A xoaniña rosmona* (2005), *Papá, por favor, achégame a lúa* (2006), *Queres xogar comigo?* (2007) e *O artista que pintou un cabalo azul* (2012).

ELOS, “XXVII Premio Merlín de Literatura Infantil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 26 xuño 2012, p. 43.

Saliéntase a figura de Marcos Calveiro por ser galardoado co Premio Merlín de Literatura Infantil pola súa obra *Palabras de auga*. Coméntase o argumento e saliéntase que o xurado valorou a súa solidez, estrutura, lirismo, calidade literaria e diálogo intercultural.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 3 xullo 2012, p. 43.

Lémbrase que o 7 de xullo de 1881 se iniciaron na publicación infantil italiana, *Giornale per i bambini*, as aventuras de Pinocchio, de Carlo Collodi. Coméntase que a primeira tradución ao galego foi obra de Antón Santamarina, que deu a lume *As aventuras de Pinocho*.

ELOS, “Xosé María Álvarez Cáccamo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 3 xullo 2012, p. 43.

Saliéntase a figura de Xosé María Álvarez Cáccamo con motivo do seu aniversario de nacemento. Coméntase que, despois dunha consolidada traxectoria poética na literatura institucionalizada ou de adultos, achegouse á Literatura Infantil e Xuvenil e menciónanse algunhas das súas obras.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 10 xullo 2012, p. 43.

Lémbrase o aniversario de Alexander Afanásiev (Vorónezh, 1826-Moscova, 1871), escritor e folclorista ruso, e recoméndase a relectura de *Contos populares rusos* (Ir Indo Edicións, 2000), unha selección de seis contos marabillosos para o lectorado autónomo.

ELOS, "Irmáns Grimm", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 10 xullo 2012, p. 43.

Saliéntase a figura dos irmáns Grimm con motivo do bicentenario da publicación do seu primeiro volume de contos populares e de fadas recollidos a comezos do século XIX. Coméntase a próxima celebración do Simposio Internacional "The Grimm Brothers Today: Kinder-und-Hausmärchen and Its Legacy. 200 Years After", organizado polo Instituto de Estudos de Literatura Tradicional da Facultade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa, e o congreso "Fairy tales, Myths and Modernity-200 years of Brother Grimm's Children's and Household tales".

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 17 xullo 2012, p. 41.

Lémbrase o aniversario de nacemento de Luisa Ducla Soares, xornalista, escritora, e tradutora e socia fundadora do Instituto de Apoio à Criança. Coméntase que é autora de obras poéticas, narrativas e recollidas de textos da transmisión oral e laméntase que só se conte en galego coa tradución *A nau Mentireta* (1991).

ELOS, "Miguelanxo Prado", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 17 xullo 2012, p. 41.

Saliéntase a figura de Miguelanxo Prado con motivo do seu aniversario de nacemento. Coméntase que comezou a súa traxectoria creativa no fanzine *Xofre* (1979) e que dirixe dende o ano 1998 o Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico da Coruña. Dáse conta dalgún dos premios recibidos e indícase que ten realizado moitas achegas ilustrativas á Literatura Infantil e Xuvenil, entre as que se destacan as destinadas a *Perigo vexetal* (1995), de Ramón Caride e *As flores radiactivas* (1990), de Agustín Fernández Paz.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 24 xullo 2012, p. 42.

Lémbrase a figura de María Gripe con motivo do seu aniversario de nacemento. Indícase que foi galardoada co Premio Hans Christian Andersen en 1974 e que se poden ler en galego *A filla do espantallo* (1990), *Os fillos do vidreiro* (1990) e *Hugo* (1992).

ELOS, "Pura Vázquez Iglesias", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 24 xullo 2012, p. 42.

Saliéntase a figura de Pura Vázquez Iglesias con motivo do sexto aniversario do seu falecemento. Dáse conta de xeito sucinto da súa traxectoria e destácase, no eido da Literatura Infantil e Xuvenil obras súas como *Columpio de luna y sol* (1952), *Rondas de Norte a Sur* (1968), *Oriolos neneiros* (1975) e *Viaxe ó país dos contos e da poesía* (1985), os dous últimos en coautoría coa súa irmá Dora Vázquez.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 7 agosto 2012, p. 42.

Lémbrase que entre os días vinte e vinte e tres de novembro terá lugar en Cádiz o XIII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura e anímase a participar aos interesados.

ELOS, "El Patito Editorial: exposición de Jack Mircala", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 7 agosto 2012, p. 42.

Saliéntase a organización por parte de El Patito Editorial da exposición "Compostela iconográfica", do artista madrileño Jack Mircala, emprazada no Pazo Xelmírez de Santiago. Indícase que achega un percorrido por esta cidade a través de figuras de santos e símbolos. Finalmente, coméntase que El Patito Editorial publicou a única obra de Mircala transvasada ao galego, *Lóbrego Romance. Pálida Pantasma. As Lendas Espectrais de Malvadia* (2010).

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 16 agosto 2012, p. 39.

Lémbrase a René Goscinny con motivo do seu aniversario de nacemento. Saliéntase que foi creador, xunto a Albert Uderzo, da serie iniciada con *Astérix le Gaulois* e indícase que en lingua galega realizouse o transvasamento dos primeiros oito volumes desta serie entre 1976 e 1978, grazas ao labor de Eduardo Blanco-Amor.

ELOS, "Pepe Carballude", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 16 agosto 2012, p. 39.

Saliéntase a figura de Pepe Carballude con motivo do seu aniversario de nacemento. Indícase que ten contribuído significativamente ao asentamento da Literatura Infantil e Xuvenil galega e que comezou a escribir para os máis novos con *A fraga misteriosa*

(1992). Finalmente, coméntanse as liñas temáticas fundamentais da súa produción literaria.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 22 agosto 2012, p. 43.

Lémbrase o aniversario de nacemento de Carlos Casares, do que se sinala que é un dos autores clásicos da Literatura Infantil e Xuvenil galega. Faise referencia a algunha das homenaxes proxectadas por cumprirse en 2012 unha década do seu pasamento.

ELOS, "Emilio Salgari", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 22 agosto 2012, p. 43.

Saliéntase a figura de Emilio Salgari con motivo do cento cincuenta aniversario do seu nacemento. Con respecto á súa produción literaria, destácanse os ciclos "Os piratas de Malasia" e "Os corsarios do Caribe". Laméntase que en galego só se poida ler a novela *O corsario negro* (1989).

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 30 agosto 2012, p. 42.

Lémbrase que do catro ao sete de setembro terá lugar a parte presencial do IX Curso de Formación Continua "As Literaturas Infantís e Xuvenís Ibéricas", dedicado ao tema "Narrativas xuvenís no século XXI (2000-2010). Tendencias e correntes", organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, a Consellería de Cultura e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

ELOS, "33º Congreso Internacional do IBBY", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 30 agosto 2012, p. 42.

Coméntase a celebración en Londres do 33º Congreso Internacional do IBBY ao redor do tema "Cruzando fronteiras: Traducións e Migracións". Repásase de xeito sucinto a historia deste colectivo sen ánimo de lucro, facendo referencia a que Galicia está representada por Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil).

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 4 setembro 2012, p. 43.

Lémbrase que os días cinco e seis de setembro terá lugar no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades un Seminario/Workshop organizado por LITER21 e a rede LIJMI no que se debaterá sobre a Literatura Infantil e Xuvenil e a función dos premios literarios, no marco do proxecto de investigación "A Guerra Civil española na narrativa infantil e xuvenil (1975-2008)".

ELOS, “Escola de banda deseñada ‘O Garaxe Hermético”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 4 setembro 2012, p. 43.

Saliéntase que O Garaxe Hermético é a primeira Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración de Galicia e que foi fundada por Kiko Dasilva neste 2012. Dáse conta dos seus obxectivos e convídase a visitar a súa páxina en liña.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 12 setembro 2012, p. 43.

Lémbrase a figura do autor e ilustrador Anthony Browne con motivo do seu aniversario de nacemento. Indícase que se poden ler en galego os seus álbums *O libro dos porcos* (2006), *Sacapenas* (2006) e *No bosque* (2008), publicados por Kalandraka Editora.

ELOS, “Roal Dahl”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 12 setembro 2012, p. 43.

Saliéntase a figura de Roal Dahl con motivo do seu aniversario de nacemento. Dáse conta dos trazos fundamentais da súa escrita e menciónase que foron traducidas ao galegos obras súas como *As bruxas* (1989), *Charlie e a fábrica de chocolate* (1989, 2005), *Charlie e o grande ascensor de cristal* (1989, 2005), *Danny, o campeón do mundo* (1989, 2003), *Iago e o pexego xigante* (1990), *Matilda* (1990), *O dedo máxico* (1996) e *A marabillosa medicina de George* (2204), ademais dos seus relatos con trazos autobiográficos *Boy (Relatos de infancia)* (1989) e *Voando só* (1990).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 19 setembro 2012, p. 42.

Lémbrase a figura de Italo Calvino con motivo do aniversario do seu pasamento. Indícase que en galego, dirixidas ao lectorado xuvenil, poden lerse a triloxía “Os nosos devanceiros” e *Marcolvaldo ou As estacións na cidade*, transvasadas entre os anos 1987 e 1988.

ELOS, “James Fenimore Cooper”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 19 setembro 2012, p. 42.

Saliéntase a figura de James Fenimore Cooper por celebrárense os cento oitenta e seis anos da publicación da súa novela máis coñecida, *The Last of the Mohicans* (1826), traducida ao galego como *O último dos mohicanos* (1993). Dáse conta das súas liñas temáticas fundamentais.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 25 setembro 2012, p. 43.

Lémbrase o aniversario do nacemento de Bernardino Graña e coméntase que, ademais de dirixirse ao lectorado adulto, é autor na Literatura Infantil e Xuvenil galega dunha ampla nómina de obras narrativas, poéticas e dramáticas, entre as que se destacan *O gaiteiro e o Rato Pérez* (1994).

ELOS, "Helena Villar Janeiro", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 25 setembro 2012, p. 43.

Saliéntase a figura de Helena Villar Janeiro con motivo do seu aniversario de nacemento. Indícase que comezou a escribir para os máis novos na década dos oitenta e menciónanse títulos como *O día que choveu de noite* (1985), *Viaxe á illa redonda* (1987), *Ero e o capitán Creonte* (1989), *O souto do anano* (2007) e *Un rato na casa* (2008), das que se comentan as principais liñas temáticas.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 2 outubro 2012, p. 42.

Lémbrase a celebración en Santiago de Compostela da XVII edición do Festival Internacional de Títeres Galicreques e indícase que leva ás salas teatrais e á rúa representacións teatrais, exposicións e mesas redondas.

ELOS, "Ramón Caride Ogando", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 2 outubro 2012, p. 42.

Saliéntase a figura de Ramón Caride Ogando con motivo do seu aniversario de nacemento. Faise referencia á súa produción de ficción científica e indícase que a súa obra *Perigo vexetal* (1995) iniciou a única serie literaria de ficción científica na década dos noventa e foi moi ben acollida polo lectorado.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 9 outubro 2012, p. 43.

Lémbrase o aniversario de Xaquín Marín e faise referencia a obras súas como o cómic *Gaspariño* (1978), *Dragón Rock* (1999), *Malfeito, bufón* (2003) ou *Tartaruga* (2007).

ELOS, "Tanxarina Títeres e Kalandraka Editora", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 9 outubro 2012, p. 43.

Coméntase que Tanxarina Títeres e Kalandraka Editora veñen de publicar o álbum *Titiricircus* e infórmase de que se trata dunha homenaxe ao labor dun grupo de actores que fundaron Tanxarina en 1983. Finalmente, faise referencia á presentación desta obra en Redondela coa proxección do documental "25 anos do Titiricircus".

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 17 outubro 2012, p. 42.

Lémbrase que o trinta de outubro remata o prazo para a presentación de orixinais á VII Edición do Premio Estornela de Teatro para Nenos, convocado bianualmente pola Fundación Xosé Neira Vilas, e dáse conta de maneira sucinta das bases.

ELOS, “Antón Cortizas Amado”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 17 outubro 2012, p. 42.

Saliéntase a figura de Antón Cortizas con motivo do seu aniversario de nacemento. Coméntase que as súas obras para o lectorado infantil e xuvenil foron recoñecidas con diversos premios como o Barco de Vapor ou o Premio Merlín. Menciónanse títulos como *O coleccionista de sombras* (1990), *O conto dos sete medos* (1992), *Os grilos das Illas Lobeiras* (1996) e *A Merla de trapo* (2001), ademais de comentárense as súas principais liñas temáticas.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 24 outubro 2012, p. 41.

Lémbrase que entre os días quince e dezasete de novembro se celebran en Vigo as “I Jornadas Internacionales de Literatura Infantil y Juvenil, Promoción de la lectura y Prácticas Educativas”, organizadas polo CEU, o grupo de investigación Liter21 e a Rede Temática de Investigación LIJMI. Remítese a unha páxina en liña para obter máis información.

ELOS, “Gianni Rodari”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 24 outubro 2012, p. 41.

Saliéntase a figura de Gianni Rodari con motivo do seu aniversario de nacemento. Coméntanse as liñas temáticas fundamentais da súa produción e indícanse os títulos dalgunhas obras súas traducidas ao galego: *Contos ó teléfono* (1986), *Contos á máquina* (1995) e *Contos por teléfono* (2011).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 1 novembro 2012, p. 42.

Lémbrase o aniversario do pasamento de Uxío Novoneyra e coméntase que se abeirou ao lectorado infantil coas obras *O cubil do xabarín* (1991), *Gorgorín e Cabezón* (1992) e *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* (1998).

ELOS, “Premio Meiga Moira”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 1 novembro 2012, p. 42.

Infórmase das bases da convocatoria do quinto Premio Meiga Moira e dáse conta dalgunha das obras gañadoras en edicións anteriores: *O lume dos soños* (2004), de Cibrán Ulloa; *Lóbez* (2006), de Antonio Yáñez Casal; *Os globos de andar* (2008), de Xavier López Rodríguez e *Violeta tamurana* (2010), de Andrea Maceiras; ademais da premiada na quinta edición, *Bandeiras negras*, de Ana María Gallego Gen.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 6 novembro 2012, p. 42.

Lémbrase o centenario do falecemento de Bram Stoker. Coméntase que é autor de *Drácula* (1897) e que a literatura galega conta dende 1999 coa tradución da man de Edicións Xerais de Galicia, na súa colección "Xabarín", realizada por Xela Arias.

ELOS, "Manuel António Pina", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 6 novembro 2012, p. 42.

Saliéntase a figura do escritor portugués Manuel António Pina con motivo do seu recente pasamento. Coméntase que recibiu importantes galardóns e que se pode ler en galego dende 1991 a súa obra *Xiganos e Anantes*, na colección "Merlín" de Edicións Xerais de Galicia.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 13 novembro 2012, p. 42.

Lémbrase o aniversario de nacemento de Michael Ende e coméntase que se poden ler en galego a meirande parte da súa obra. Ofrécense como exemplos as seguintes: *Tranquila Tragaleguas* (1990), *O ponche dos desexos* (1990), *O longo camiño a Santa Cruz* (1995), *Momo* (2002) e *A sopeira e o cazo* (2007).

ELOS, "Kalandraka. Premio Nacional a la Mejor Labor Editorial Cultural", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 13 novembro 2012, p. 42.

Coméntase que a editorial Kalandraka foi merecedora do Premio Nacional a la Mejor Labor Editorial Cultural 2012, que recoñece o importante labor de creación cultural dos editores como mediadores entre os creadores dos textos e o lectorado. Finalmente, lóase o seu compromiso coa Literatura Infantil e Xuvenil.

ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 21 novembro 2012, p. 42.

Lémbrase a celebración do Día Internacional da Infancia e dáse conta da orixe desta efeméride.

ELOS, “X Premio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 21 novembro 2012, p. 42.

Coméntase que Ángela Fernández Rey resultou galardoada co X Premio de Ilustración e Narración Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez polo seu relato *Por que está triste Miañas?*. Infórmase que será publicada despois de que se resolva o premio da modalidade de ilustración e dáse conta de maneira sucinta das bases.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 1 decembro 2012, p. 49.

Lémbrase que os días seis e sete de decembro se celebrarán na Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto os XVIII Encontros Luso-Galaico-Franceses, que tratarán a Literatura Infantil e Xuvenil e a Educación Literaria. Infórmase de que están organizados polo grupo de investigación LITER21, a Rede Temática de Investigación LIJMI, ELOS, a revista *Malasartes* e NELA.

ELOS, “Tomi Ungerer”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 1 decembro 2012, p. 49.

Saliéntase a figura de Tomi Ungerer con motivo do seu aniversario de nacemento. Dáse conta de xeito sucinto das principais características da súa produción literaria e menciónanse os dous únicos volumes traducidos ao galego, *Ningún bico para mamá* (2007) e *Os tres bandidos* (2001).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 5 decembro 2012, p. 42.

Lémbrase o aniversario de nacemento de Anke de Vries, escritora holandesa de Literatura Infantil e Xuvenil. Indícase que ten traducidas ao galego as seguintes obras: *Belledonne, habitación 16* (1990), *O pasado quedou atrás* (1990) e *Cómplice* (1991).

ELOS, “Agustín Fernández Paz”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 5 decembro 2012, p. 42.

Saliéntase a figura de Agustín Fernández Paz por ter merecido dous recoñecementos: o Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo e o XXV Premio da Crítica de Galicia na modalidade de Creación literaria pola súa obra *Fantasmas de luz* (2011).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 11 decembro 2012, p. 42.

Lémbrase que a Consellería de Cultura e a Cidade da Cultura pechan o quince de decembro o ciclo “Galicia, Ceo das letras” cunha sesión dedicada a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, na que Títeres Cachirulo ofrecerá o espectáculo *Cousas da vida*.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 19 decembro 2012, p. 42.

Lémbrase o nacemento en 1895 do editor galego Ánxel Casal. Coméntase que fundou en 1927 a Editorial Nós, na que viron a luz dúas obras inaugurais da Literatura Infantil e Xuvenil en galego: *Margarida a do sorriso d’aurora* (1927), de Evaristo Correa Calderón e *Conto de guerra* (1928), de Camilo Díaz Baliño.

ELOS, “Premio Lazarillo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 19 decembro 2012, p. 42.

Saliéntase a figura do pintor e escultor Ramón Trigo por ser merecedor do Premio Lazarillo de Álbum Ilustrado por *Leviatán*. Faise referencia ás súas composicións para obras de An Alfaya, Marcos Calveiro, Gonzalo Navaza e Oli e indícase que é autor dos álbums infantís *As luces que se acenden e se apagan* (2005) e *Eu vivía na fin do mundo* (1997) e da novela gráfica *O burato do inferno* (2010).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 29 decembro 2012, p. 41.

Indícase que se ofrece nesta páxina semanal, a xeito de balance, unha selección de protagonistas galardoados deste anos e de monografías e de obras actuais galegas e traducidas, publicadas en 2012 e que foron obxecto de comentario.

ELOS, “Galardoados en 2012”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 29 decembro 2012, p. 41.

Cítanse os autores e obras destacados nesta páxina semanal en 2012 por mereceren premios convocados en Galicia e fóra dela durante ese mesmo ano: “Os mellores libros de 2011” da web Fervenzas Literarias, os VII Premios da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, María Tersa Andruetto e Peter Sis (Premio Andersen de Narración e Ilustración); David Daniel Hernández e Julia Díaz Garrido, *Bandada* (V Premio Compostela de Álbum Ilustrado); Marcos Calveiro, *Palabras de auga* (XXVII Premio Merlín); Ana María Gallego Gen, *Bandeiras negras* (V Premio Meiga Moira); Kalandraka (Premio Nacional á Mellor Labor Editorial Cultural); Ángela Fernández Rey, *Por que está triste Miañas?* (X Premio de Narración Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez); Agustín Fernández Paz, *Fantasmas de luz* (XXXV Premio da Crítica de Galicia); Ramón Trigo (Premio Lazarillo de Ilustración) e Raúl Dans (X Premio Barriga Verde).

Espel, F. “Os Bolechas’ saltan de los libros a las tardes del Xabarín a partir del lunes”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, p. 59/ *La Opinión*, “Televisión”, p. 51, 20 setembro 2012.

Coméntase o salto ás pantallas da Televisión de Galicia da serie de libros "Os bolechas", de Pepe Carreiro, que arrancará coa emisión de oito capítulos breves na programación da tarde do Xabarín Club destinada aos máis novos.

Estévez, José Luis, "Miguelanxo Prado, narrador visual de historias", *El País*, "*Babelia*", n.º 1078, 21 xullo 2012, p. 3.

Elabórase un repaso por algunhas das actividades relevantes da traxectoria de Miguelanxo Prado, tales como a dirección do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico. Dáse conta dalgúns do hábitos de traballo deste debuxante como o seu lugar de traballo, situado preto dun bosque.

Fernández, M., "Los cuentos que llegaron del país del hielo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 25 febreiro 2012, contracuberta.

Fala do programa de educación musical para nenos e nenas "Os contos do país do xeo" na Rede de Escolas Infantís Municipais. Informa do concerto inaugural e sinala que dito programa desenvolverá un concerto didáctico en cada centro educativo participante, que será impartido polo cuarteto da Escola Municipal de Música e pola narradora, cantante e actriz Mónica de Nut.

Fernández, M., "La moda femenina no entiende de crisis", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 2 marzo 2012, contracuberta.

Coméntase a celebración do primeiro dos talleres do programa "Contos comprendidos". Infórmase de que tivo lugar no Museo do Pobo Galego e de que esta experiencia está dirixida polo narrador oral Celso Fernández Sanmartín.

Fernández Paz, Agustín, "Un conto de Nadal", *La Voz de Galicia*, 23 decembro 2012, contracuberta.

Reprodúcese un relato de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) intitulado "Un conto de Nadal".

Flowers, Margarito, "Lecturas infantiles de gran nivel", *El Correo Gallego*, "Gente", 3 xaneiro 2012, p. 56.

Coméntase que a serie de contos infantís "Rodribico" foi galardoada en 2011 como mellor colección ilustrada pola Asociación Galega de Editores. Dáse conta do argumento e recoméndase a súa lectura.

Flowers, Margarito, "Curso de narrativa juvenil", *El Correo Gallego*, "Gente", 4 setembro 2012, p. 56.

Infórmase da celebración do curso de formación continua "Narrativas xuvenís no século XXI (2000-2010) Tendencias e correntes". Destácase que na inauguración intervirá a directora do curso e o director da Biblioteca Infantil e Xuvenil Novacaixagalicia, onde se celebra.

Fortes, Antón, "Caderno de animalista", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 19 maio 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Caderno de animalista* (2008), escrita por Antón Fortes e ilustrada por Maurizio A. C. Quarello.

Fortes, Antón, "Fume", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 16 xuño 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Fume* (2008), escrita por Antón Fortes e ilustrada por Joanna Concejo.

Fortes, Antón, "Trenzando contrarios", *El Progreso*, 18 xuño 2012, contracuberta.

Fálase brevemente de Marisa Núñez, mestra, escritora e editora. Cítase a súa obra, *Camille, c'est moi!*, e faise referencia ao seu traballo como editora en OQO.

Fraga, Xesús, "Os lectores mozos sustentan o peso da edición galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 decembro 2012, p. 40.

Faise eco das conclusións e porcentaxes de edición do informe *Comercio interior do libro en Galicia* da Consellería de Cultura e a Asociación Galega de Editores. Saliéntase a importancia e incremento da Literatura Infantil e Xuvenil e do libro de texto.

Franco, C., "As bibliotecas de Galicia celebran o Día do Libro Infantil", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 abril 2012, p. 27.

Coméntanse as actividades que teñen lugar nas diferentes bibliotecas da comunidade con motivo da celebración do Día do Libro Infantil. Saliéntase que o Salón do Libro de Pontevedra tivo máis de 20.000 participantes.

Franco, Camilo, "A orixe do cómic en Galicia remóntase a finais do século XIX", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 marzo 2012, p. 47.

Dáse conta da inauguración en Santiago de Compostela da mostra "Orixes do cómic en Galicia" na que se realiza un percorrido pola historia do xénero na literatura galega.

Franco, Camilo, "Da Silva, Domingo, Prado y Rubín, en el Salón del Cómic de Barcelona", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 maio 2012, p. 40.

Dáse conta da trixésima edición do Salón do Cómic de Barcelona. Cítanse os autores e as obras galegas que estarán presentes nel.

Franco, Camilo, "Os Bolechas de Pepe Carreiro pásanse ao circo en Nadal", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "Agenda", "Infantil", "Circo", 28 decembro 2012, p. 7.

Descríbese o espectáculo itinerante dos Brincabolechas, patrocinado por Sogama, producido por Edicións Bolanda coa produción artística de Pistacatro e dirixido por Pepa Yáñez e Víctor Mosqueira. Indícanse as datas e lugares polos que pasará a xira Circo de Nadal.

Franco Bouza, Lorena, "Una original manera de redescubrir santos", *La Voz de Galicia,* "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 5 xuño 2012, contracuberta.

Fálase da mostra "Compostela iconográfica", organizada no Pazo de Xelmírez. Sinálase que, en colaboración con El Patito Editorial, se recollen ilustracións do tesouro artístico iconográfico agochado nas paredes de pedra de Santiago da man de Jack Mircala.

Frieiro, F., "Presentan a Enormic Banda, unha aposta forte polo cómic en galego", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", 8 xuño 2012, p. 7.

Dáse conta da presentación de Enormic Banda, publicación de banda deseñada en galego na que participan alumnos e profesores de diversos institutos da comarca do Salnés e arredores, amais dalgunha personaxe destacada no mundo da arte en cada número.

García, J., "As bibliotecas nodais de Galicia fan do Nadal un espazo de lectura", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 26 decembro 2012, p. 40.

Dáse conta da programación de animación deseñada pola Consellería de Educación e Cultura para as bibliotecas, centrada en contacontos, obradoiros manuais e música. Entre as diferentes actividades, salientan os obradoiros de ilustración de contos, de monicreques e de banda deseñada; e os contacontos da man de Iago López, da compañía Trinke-Trinke.

García Márquez, Marta, "Los autores invitados de Viñetas contarán su experiencia a los dibujantes gallegos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 4 agosto 2012, p. 17.

Sinálase que o Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico completará a súa programación coa celebración de encontros entre profesionais do xénero que impartirán unha serie de *masterclass* como principal novidade desta edición. Destácanse algúns dos espazos nos que terá lugar esta mostra.

García Márquez, Marta, "José Domingo reconoce la influencia de Viñetas en su trayectoria como dibujante", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 10 agosto 2012, p. 11.

Recóllense declaracións do debuxante José Domingo no Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico. O debuxante recoñece o influxo que tivo nel o salón e comenta algunhas cuestións sobre o proceso de creación e publicación da obra. Tamén se inclúen declaracións de Rubén Pellejero quen destaca que en España se fai un cómic máis progresista que en Francia.

García Márquez, Marta, "El dibujante escocés Frank Quitely se alía con Superman por su toque paternal", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 11 agosto 2012, p. 13.

Recóllense declaracións de Frank Quitely sobre algunhas das súas obras, nas que repasa a súa relación cos distintos editores e o seu proceso de creación, do que di que parte sempre dun esquema previo sobre a obra.

García Márquez, Marta, "Ilustradores coruñeses mostrarán sus trabajos en una Pecha Kucha en la cervecería Penique", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 24 agosto 2012, p. 15.

Infórmase da celebración dunha sesión co título "IlustraNoite" na cervexería Penique da Coruña na que varios ilustradores amosarán os seus traballos. Sinálase a participación do debuxante José Domingo, Marina Seoane, Guitián ou o colectivo Miñoco. Explícase que a sesión é un xeito de achegar o xeito de traballo deste sector ao público participante.

García, R. / C. **Franco**, "Los pequeños lectores fueron las estrellas en las bibliotecas gallegas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Día internacional del Libro Infantil", 3 abril 2012, p. 38.

Coméntanse as actividades desenvolvidas polas bibliotecas galegas con motivo do Día internacional do Libro Infantil. Destácanse as actividades de *bookcrossing* e a creación dun *art-book.*

Gil Rey, Ana María, "Xoana", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 29 agosto 2012, p. 31.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Ana María Gil Rey (14 anos), intitulado "Xoana".

Giráldez, Diego, "El garaje que Moebius no conoció", *El País*, "*Galicia*", 25 xuño 2012, p. 5.

Fálase de O Garaxe Hermético, a primeira escola profesional de cómic e ilustración de Galicia, iniciativa persoal de Kiko da Silva. Explícase a orixe do nome e algunhas das características do centro (elección do profesorado, plan de estudos etc.).

Gómez, Chus, "Un otoño entre libros y calabazas", *Diario de Pontevedra*, "Caldas", "Deza. Tabeirós", 21 outubro 2012, p. 21.

Sinálanse algunhas actividades que terán lugar na biblioteca municipal de Valga para o público infantil como a chamada "A hora do conto" ou "Cóntame un conto de medo", así como diferentes clubs de lectura.

González, Lucía, "Los cómics colorean A Coruña", *La Opinión*, "A Coruña", "Salón del cómic desde o Atlántico, 11 outubro 2012, p. 8.

Dáse conta da iniciativa "Rúa de BD", da que se di que consiste na creación dun espazo onde se instalarán casetas nas que participarán distintos creadores de cómic como parte das actividades do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico.

González, Montse, "Los pioneros del cómic empezaron en el siglo XXI", *El País*. "*Galicia*", 2 maio 2012, p. 5.

Infórmase da exposición *Orixes do cómic en Galicia* na Cidade da Cultura e coméntanse algunhas obras importantes para a evolución deste xénero no século XX.

González, Olalla, "La gran aventura de verse las caras con Los Biosbardos", *El Progreso*, "*De Verano*", "Una de gente menuda",19 xullo 2012, p. 5.

Dáse conta da celebración dunha sesión do ciclo "Mércores Miúdos", coa participación do grupo "Os tres contantes e sonantes", quen desenvolveron o espectáculo "A fraga dos Biosbardos".

González, Ramón, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 7 xaneiro 2012, p. 54.

Entre outras actividades, faise referencia ás sesións de contacontos organizadas por Palimoco Teatro no Centro sociocultural de San Pedro, en Viveiro.

González, Ramón, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 2 febreiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase de que Laura Lence protagonizará unha sesión de contacontos no centro social María Balteira de Lugo e indícase que esta levará por título "A ratiña presumida".

González, Ramón, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 9 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, faise referencia á sesión de contacontos organizada por Empresa Rodríguez López y Otros no centro convivencial Maruja Mallo de Lugo e que leva por título “O país dos mandóns”.

González Otero, David, “O blues do faro”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, “Relatos de verán”, “Los relatos de los lectores”, 28 agosto 2012, p. 37.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por David González Otero (13 anos), intitulado “O blues do faro”.

Guerra, Mar, “Xenaro e a hucha do indiano”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 29 setembro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Xenaro e a hucha do indiano* (2011), escrita por Mar Guerra e ilustrada por Fernando Llorente.

Guisande, Manuel, “Rodribico aprende a voar”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 21 xaneiro 2012, p. 3.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento da obra *Rodribico aprende a voar* (2010), escrita por Manuel Guisande e ilustrada por Xosé Tomás.

Gutiérrez, José Manuel, “El salón del cómic conserva su presupuesto y se extiende al Ágora”, *La Opinión*, “A Coruña”, 6 abril 2012, p. 7.

Infórmase de que a edición XV de Viñetas desde o Atlántico seguirá sen alteracións importantes.O seu director, Miguelanxo Prado, explica que se manterá o orzamento e que algúns actos se trasladarán ao centro sociocultural Ágora e a outros espazos espallados pola cidade da Coruña.

I. R., “Los niños crearán hoy una historia en la Feira do Libro de Área Central”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 31 marzo 2012, p. L8.

Fálase da sétima Feira do libro Infantil e Xuvenil Galego. Saliéntanse, entre as actividades realizadas, unha sesión de contacontos e os talleres de ilustración e debuxo.

Iglesias, Ana, “Muestras bibliográficas y cuentos para amar las letras”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 marzo 2012, p. 26.

Dáse conta da celebración na Biblioteca Novacaixagalicia de Santiago de Compostela de catro exposicións bibliográficas e una actividade de animación para nenos, que pretende achegar a estes figuras como Charles Dickens, Celso Emilio Ferreiro e Manuel Curros Enríquez.

Iglesias, Ana, "Animación a la lectura para bebés en Sargadelos", *El Correo Gallego,* "Santiago", 12 maio 2012, p. 32.

Anúncianse unhas sesións de contacontos baixo o lema "Do berce á lúa", que organizan Kalandraka e o Concello de Santiago na Galería Sargadelos.

Iglesias, Ana, "Música y cuentos en familia para fomentar la lectura entre los peques", *El Correo Gallego*, "Santiago", 27 maio 2012, p. 28.

Fálase do peche da XII Campaña Municipal de Animación á Lectura, realizada en Santiago de Compostela. Cítanse algúns dos participantes na edición, entre os que se atopan Paula Carballeira e Olalla González. Saliéntase o obxectivo de achegar a lectura aos máis novos.

Iglesias, Jesús, "O Cartafol do Lérez' introducirá a 500 alumnos en la escritura creativa", *Diario de Pontevedra,* "Pontevedra", "Ciudad", 19 abril 2012, p. 11.

Infórmase dos obxectivos do programa municipal "O Cartafol do Lérez", que pretende desenvolver o gusto pola lectura dos máis novos e inicialos na escrita creativa.

J. G., "O teatro para enredar de Carlos Labraña", *Diario de Ferrol*, 2 marzo 2012, concuberta.

Infórmase da saída do prelo da última obra de Carlos Labraña, *Teatro de xoguete* (2011).

J. M., "La ceense Concha Blanco publica un poemario infantil", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 marzo 2012, p. 32.

Faise referencia á presentación en Cee de *Luces, bicos e cores* (2011), de Concha Blanco.

J. M. R., "Reunión literaria de los escolares con tres escritores", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 25 abril 2012, p. 31.

Infórmase dunha actividade organizada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Cee con motivo do Mes do Libro. Trátase dun encontro entre escritores do concello con alumnos dos colexios da vila.

J. R., "Lestedo acoge hoy un magosto y un cuentacuentos", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 395, 1 decembro 2012, p. 7.

Infórmase do contacontos "Contos na lareira, o galego fala", de Celso Fernández Sanmartín na Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio en Boqueixón.

Jaureguizar, "Fernández Paz, socio de honra da Asociación Galego do Libro Xuvenil", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 19 outubro 2012, p. 63.

Coméntase o nomeamento do escritor Agustín Fernández Paz como socio de honra de Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). Dáse conta da celebración dunha homenaxe motivada por este nomeamento no que participaron escolares vigueses.

Kulot, Daniela, "Unha casa a medida", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 20 outubro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Unha casa a medida* (2007), escrita e ilustrada por Daniela Kulot.

L. A. R., "Historia y literatura a pie de calle", *El Progreso*, "Lemos", 21 abril 2012, p. 19.

Infórmase dunha iniciativa do Concello de Monforte para achegar o pasado da localidade aos estudantes de primaria e secundaria. Todos asistirán a rutas pola cidade, os de secundaria facendo unha énfase especial na literatura, para falar de Manuel María, Lois Pereiro ou Antón Lopo.

Lage Fernández, Juan José, "Ilustrados comprometidos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", nº 1.031, "Literatura Infantil y Juvenil", 13 xuño 2012, p. 8.

Preséntanse varios álbums ilustrados cun contido comprometido: *Negros e brancos*, de David McKee; *El enemigo,* de Davide Cali e *Cuervo*, de Leo Timmers.

Larriba, Elena, "El Salón do Libro Infantil homenajea a Paco Martín", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Fin de semana", "Libros", 1 abril 2012, p. 45.

Fálase da homenaxe a Paco Martín, autor de *Das cousas de Ramón Lamote*, durante a clausura en Pontevedra do Salón do Libro Infantil e Xuvenil do ano 2012. Cítanse outros persoeiros que participaron na homenaxe, entre eles Bernardino Graña, Xosé Neira Vilas, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz e Xabier Docampo.

Leiro, Xaime, "Se non hai risco non hai innovación e na innovación está realmente o negocio", *El Correo Gallego*, "Galicia", "Emprendedores en tiempos de crisis" 15 xaneiro 2012, p. 14.

Dáse conta da creación da primeira escola de banda deseñada de Galicia da man do creador e editor Kiko da Silva.

Leiro, Xaime, "La superstición, eje del trece salón del libro de Pontevedra", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 17 febreiro 2012, p. 41.

Infórmase da presentación en Pontevedra do Salón do Libro Infantil e Xuvenil e sinálase que terá como tema central a superstición.

León Barreto, Martín, "A viaxe de Olaf", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 14 xaneiro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A viaxe de Olaf* (2011), escrita e ilustrada por Martín León Barreto.

López, A., "Mucho cuento en el programa semanal del Salón do Libro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 6 marzo 2012, p. 77.

Infórmase de que a segunda xornada do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra estivo protagonizada, entre outras actividades, por unha sesión de contacontos.

López, Ana, "El mundo de Dickens sobrevive 200 años después", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 7 febreiro 2012, pp. 74-75.

Coméntase que, no bicentenario do nacemento de Charles Dickens, as súas obras teñen máis aceptación entre o público adulto que o xuvenil en Pontevedra. Indícase asemade que as editoriais conmemoran a efeméride con edicións especiais e ponse como exemplo a realizada por Kalandraka e que leva por título *Canto de Nadal* (2011).

López, Ana, "Meigas fóra, comeza o 12+1 Salón do Libro de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cita coa lectura 2012", 5 marzo 2012, pp. 52-53.

Faise referencia á inauguración no Pazo da Cultura de Pontevedra da edición 12+1 do Salón do Libro Infantil e Xuvenil.

López, Ana, "Un programa con teatro, contacontos e presentacións literarias", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 5 marzo 2012, p. 53.

Infórmase das sesións de contacontos e das representacións teatrais de compañías foráneas dentro do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

López, Ana, "Habelas, hainas!", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 5 marzo 2012, contracuberta.

Coméntase que a ambientación do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra está centrada no seu fío condutor, as supersticións, e dáse conta dalgunha das actividades programadas, como contacontos, exposicións e obradoiros.

López, Ana, "A Santa Compaña paséase polo Salón do Libro máis supersticioso xamais visto", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cita coa lectura 2012", 10 marzo 2012, p. 66.

Coméntase que a Escola de Canteiros de Poio participa no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra cunha instalación baseada nas lendas tradicionais galegas e composta por esculturas en granito, carballos e candeas das ánimas.

López, Ana, "O 13 xa non é o da mala sorte", *Diario de Pontevedra*, 20 marzo 2012, contracuberta.

Dáse conta do éxito de público do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e menciónase algunha das actividades que tiveron lugar, entre as que se atopan espectáculos de contacontos ou a presentación da novela *2044* (2011), de Eduardo Santiago.

López, Ana, "O Salón do Libro pecha a súa edición 12+1 cunha emotiva homenaxe a Paco Martín", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 1 abril 2012, p. 66.

Infórmase da 12+1 edición do Salón do Libro de Pontevedra e da emotiva homenaxe a Paco Martín. Recóllense comentarios do homenaxeado e doutros compañeiros de profesión.

López, Ana, "Unha emotiva homenaxe a Paco Martín pecha o Salón Galego do Libro Infantil", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 1 abril 2012, p. 58.

Faise eco da homenaxe a Paco Martín que clausura o Salón Galego do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, xunto co espectáculo "Nubes", de Aracaladanza. Recóllense comentarios do homenaxeado, Paco Martín, e doutros participantes.

López, Ana, "A cidade dende os ollos dos Bolechas", *Diario de Pontevedra,* 12 maio 2012, contracuberta.

Fálase da ruta pola zona vella da cidade de Pontevedra que organiza a escola infantil A Parda, baseado no libro *Excursión pola zona vella de Pontevedra*, de Pepe Carreiro, creador dos Bolechas.

López, Ana, "O vindeiro Salón do Libro celebrarase 'A toda máquina", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 5 outubro 2012, p. 70.

Anúnciase que o Salón do Libro de Pontevedra levará como título na súa edición XIV "A toda máquina" e dáse conta do acto de presentación desta feira no que tivo lugar a explicación de varias actividades que se incluirán nela.

López, Belén, "Pontevedra ampara o Salón do libro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 17 febreiro 2012, p. 74.

Coméntase que o compromiso de asociacións culturais e colectivos locais asegura a celebración de moitas das actividades programadas para o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

López, Belén, "A Xunta publica un catálogo con 118 títulos da Gálix", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 14 marzo 2012, p. 59.

Infórmase da presentación na Biblioteca Pública de Pontevedra do catálogo *Galicia Books for Children and Young Adults*, que recolle información de todas as obras de Literatura Infantil e Xuvenil publicadas en Galicia ao longo do ano 2011.

López, Belén, "Moito cambiou o conto!", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "Salón do Libro Infantil e Xuvenil", 16 marzo 2012, p. 69.

Dáse conta dalgunha das actividades programadas para a edición de 2012 do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, entre as que se atopan contacontos e sesións de música clásica, de banda e jazz.

López, Belén, "Arredor da orixe do cómic en Galicia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 17 marzo 2012, p. 59.

Infórmase de que a Cidade da Cultura acolle unha mostra que repasa a historia da banda deseñada en Galicia, con traballos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Carlos Maside, Eduardo Blanco Amor, Ramón Cabanillas e Manuel Torres.

López, Belén, "O trazo galego do Salón do Cómic", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 4 maio 2012, p. 66/ "O trazo galego: Santy Gutiérrez, David Rubín, Kiko da Silva...", *El Progreso*, 5 maio 2012, p. 51.

Fálase da representación de autores e editoriais galegos no Salón Internacional do Cómic de Barcelona. Cítanse os finalistas aos premios do devandito salón e os autores galegos consagrados que van participar no evento. Coméntase a falta dun posto propio dos proxectos BD Banda e a revista *Retranca*, dos que se responsabiliza Kiko da Silva, que vén de abrir a primeira escola de cómic de Galicia, O Garaxe Hermético.

López, Belén, "Pavís Pavós bótalle algo de conto", *Diario de Pontevedra,* "Vivir aquí", "Cultura", 7 xuño 2012, p. 61.

Infórmase do ciclo de contacontos "Sete falares", coordinado polo grupo pontevedrés Pavís Pavós. Cítanse os narradores invitados e as súas iniciativas máis destacadas. Coméntanse os lugares onde se realizaron as actividades do ciclo.

López, Belén, "O cómic entra por primeira vez no Museo de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 25 outubro 2012, p. 52.

Indícase que o Museo Provincial de Pontevedra organizou unhas xornadas de banda deseñada "O cómic no museo. Primeiros encontros coas banda deseñada", na que participarán Kiko da Silva, director da revista *Retranca*, David Rubín e Pepo Pérez.

López, Chechu, "El Quijote, Harry Potter y… Balbino", *Diario de Arousa,* "O Barbanza", 13 xuño 2012, p. 20.

Fálase da exposición "Querido Balbino", na que se conmemora o medio século de publicación de *Memorias dun neno labrego,* de Xosé Neira Vilas. Coméntanse outras actividades que Neira Vilas realizou con motivo da conmemoración da súa obra.

López Gómez, Diego, "O meu avó é un bromista", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 2 agosto 2012, p. 38.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Diego López Gómez (11 anos), intitulado "O meu avó é un bromista".

López Penide, "La superstición marca una nueva edición del Salón do Libro Infantil", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 marzo 2012, p. 31.

Coméntase a inauguración en Pontevedra da edición número trece do Salón do Libro Infantil e indícase que terá como eixe central as supersticións.

Lorenzo, Fran P., "A ilustración é para os nenos a entrada na arte", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 22 febreiro 2012, p. 42.

Faise referencia á mesa redonda coa que se clausurou a segunda xornada do congreso Ilustrando a Diversidade, celebrado na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago. Coméntase que participaron os ilustradores Mónica Weiss, Carme Solé e David Pintor.

M.A.C., "La compañía A Tropa de Trapo actúa hoy en el IES de Poio", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 30 marzo 2012, p. 11.

Dáse conta das actividades que realizou a compañía A Tropa de Trapo no IES de Poio, impulsadas pola Concellería de Xuventude.

M. A. C., "El club de lectura de Poio inicia una nueva edición en la Escola do Campo", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 11 outubro 2012, p. 11.

Coméntase unha nova edición do club de lectura do Concello de Poio do que se explica o seu funcionamento e o seu horario. Dáse conta doutras actividades relacionadas coa Biblioteca Municipal deste concello como o contacontos "Corre, corre, cabaciña".

M. B.,"Mi libro deja ver como un nuevo concepto de familia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 6 xaneiro 2012, contracuberta.

Dáse noticia da presentación da obra *Esta é a miña familia* (2009), de Cristina González, na libraría santiaguesa Lila de Lilith.

M. C., "Un catálogo reúne los 118 títulos infantiles publicados en Galicia en el 2011", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 marzo 2012, p. 38.

Coméntase a presentación do catálogo *Galician Books for Children and Young Adults 2012* e indícase que será o escaparate do sector na Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonia.

M. F., "Os Bolechas trasládanse á televisión para fomentar o galego nos cativos", *El Progreso*, "Galicia", 20 setembro 2012, p. 24.

Sinálase a emisión próxima na Televisión de Galicia dun programa baseado na serie de libros infantís "Os bolechas", da que se di que serve de aposta da Concellería de Cultura e Educación para apoiar a transmisión da lingua galega entre os máis novos.

M. G. M., "Había unha vez un conto universal", *El Ideal Gallego,* "A Coruña", 3 abril 2012, p. 12.

Fálase das actividades desenvolvidas polas bibliotecas municipais da cidade da Coruña con motivo do Día Internacional do Libro Infantil.

M. G. M., "El festival Viñetas desde o Atlántico saldrá reforzado de su 15 aniversario", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 12 xullo 2012, p. 15.

Coméntase a presentación do decimoquinto festival Viñetas desde o Atlántico que se celebra na Coruña. Destácase a idea de completalo con actividades dirixidas por Manel Cráneo e ademais dáse información sobre outras exposicións e visitas de artistas que terán lugar ao longo do festival.

M. G. M., "O salón do cómic esténdese a outros espazos para tocar novos públicos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 7 agosto 2012, p. 15.

Explícase que a XV edición do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico, no Kiosko Alfonso, estenderá os seus espazos habituais co uso doutros recintos da cidade como o espazo Ágora e a biblioteca Fórum.

M. J. R., "Cerditos de Guinea Cómics, de fanzine a proxecto editorial consolidado", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 15 xaneiro 2012, p. 14.

Dáse conta dos inicios do proxecto editorial Cerditos de Guinea e dos seus proxectos na actualidade.

M. M., "Las bibliotecas de Galicia se unen en el Día del Libro Infantil", *Faro de Vigo,* "Sociedad", 3 abril 2012, p. 37.

Sinálanse as actividades desenvolvidas nas bibliotecas galegas con motivo do Día do Libro Infantil. Saliéntase o *bookcrossing,* os contacontos e as lecturas públicas. Coméntase que Kalandraka vén de celebrar o seu décimo aniversario.

M. N., "O ensino vigués lembra a Carlos Casares no décimo cabodano", *Atlántico Diario*, "Vigo", 27 marzo 2012, p. 10.

Infórmase de que a facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo e o Instituto Carlos Casares organizaron diversas actividades en lembranza do décimo aniversario do pasamento do escritor.

M. N., "Os Bolechas divertiron e concienciaron aos nenos", *Atlántico Diario*, "Vigo", 29 decembro 2012, p. 11.

Coméntase o espectáculo de música, acrobacias e ecoloxía dos Brincabolechas no Centro Cultural Novacaixafalicia en Pontevedra, patrocinado por Sogama, producido por Edicións Bolanda coa produción artística de Pistacatro e dirixido por Pepa Yáñez e Víctor Mosqueira, que ensina aos máis pequenos a xestionar o lixo con cancións e humor.

M. R., "El IES Basanta Silva abre hoy su semana cultural con una sesión de cuentacuentos", *El Progreso*, "A Chaira", 17 decembro 2012, p. 8.

Saliéntase a actuación dos contacontos Cándido Pazó co espectáculo "Contos vellos para rapaces novos", de Tim Bowley, e Charo Pita.

M. S., "Hoy habrá 'Contos con ritmo' en la biblioteca de Ordes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Lectura", 24 febreiro 2012, p. 29.

Faise referencia á nova sesión de "Tardes de contos e lendas" na biblioteca de Ordes e indícase que se trata dunha iniciativa que pretende fomentar o hábito de lectura entre os máis novos.

M. S., "Carné de socios para 30 niños de los coles unitarios de Ordes", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 25 maio 2012, p. 39.

Coméntase que a Biblioteca Municipal de Ordes agasallou os novos socios das escolas unitarias de Beán, Merelle, Montas e Buscás coa representación do conto "A maleta de Lila", pola Compañía Sorrisos.

M. T., "Ordes acollerá mañá as Tardes de contos e lendas", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 358, 25 outubro 2012, p. 6.

Anúnciase a actividade lúdico e didáctica "Tardes de contos e lendas" na biblioteca de Ordes para nenos de tres a oito anos. Tamén se salienta o relato *A viaxe do gato Lambiscas*, do grupo Duendecico.

M. T., "Tardes de contos e lendas en Ordes", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 370, 6 novembro 2012, p. 4.

Infórmase da tempada "Tardes de contos e lendas" da biblioteca de Ordes para nenos de tres a oito anos.

M. T., "Os mozos do IES de Oroso terán un curso de Títerehop", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 380, 16 novembro 2012, p. 11.

Infórmase que o Concello de Oroso e a Secretaría Xeral de Política Lingüística organizaron un obradoiro de monicreques e hip-hop a cargo de García MC e Viravolta Títeres.

M. T., "Quince artistas contra a violencia sexista en O Pino", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 407, 13 decembro 2012, p. 7.

Dáse conta da exposición de banda deseñada "Cartas de Amor" no centro sociocultural Luís Seoane en Arca.

Macías, Álvaro, "O Circo de Nadal dos Bolechas ilusiona os nenos de Santiago", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 29 decembro 2012, p. 37.

Coméntase que o espectáculo musical "Brincabolechas. Circo de Nadal" se pode ver no Centro Cultural Novacaixagalicia de Santiago. Indícase que está producido por Edicións Bolanda, coa colaboración da Xunta de Galicia e da TVG, coa produción artística de Pistacatro e dirixido por Pepa Yáñez e Víctor Mosqueira. Tamén se apuntan as datas e lugares polos que pasará a xira.

Mandiá, Diana, "Dibujos contra la marginación", *El País*, "*Galicia*", 21 febreiro 2012, p. 8.

Dáse conta da celebración en Santiago de Compostela do Congreso Internacional Ilustrando a Diversidade e indícase que reunirá a debuxantes, escritores, educadores e editores de diversos países.

Martínez, Alberto, "Viñetas desde o Atlántico cierra su cadena con las 'master class", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio", 4 agosto 2012, p. 48.

Destácase a inclusión dunha serie de *master class* como parte das actividades do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico e recóllense declaracións de Miguel Anxo Prado quen destaca a súa satisfacción polo número de edicións acadadas e a implantación do salón na cidade.

Martínez, Cecilia, "As nosas nubes saben chover", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", 28 abril 2012, p. 6.

Dáse conta da homenaxe que profesores e alumnos do IES As Barxas de Moaña renderon a Bernardino Graña. Infórmase de que a nova biblioteca do centro levará o seu nome.

Martínez, Cecilia, "Cangas celebrará su XV Salón do Cómic del 23 al 29 con charlas y talleres", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín. Bueu. Cangas", 20 xullo 2012, p. 14.

Dáse conta da presentación por parte da concellería de Cultura e Xuventude de Cangas do Salón do Cómic deste concello, do que se detallan algunhas actividades.

Martínez, Cecilia, "Un Salón con personalidad", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 211, 28 xullo 2012, contracuberta.

Coméntase a celebración de charlas e obradoiros de debuxo para os máis novos no marco do Salón do Cómic que tivo lugar en Cangas. Destácase deste o ambiente familiar e de proximidade e a participación dos debuxantes galegos Alex Cal e Emma Ríos, dos que se elaborou unha exposición cos seus traballos.

Martínez, Iago, "Familias sin cuento", *El País*, "*Galicia*", 12 maio 2012, p. 6.

Reflexiónase sobre algunhas das cuestións que xurdiron no marco das xornadas "A familia na literatura infantil e xuvenil", organizadas en Vigo, entre as que se destacan as achegas da profesora Ana Margarida Ramos, de quen se recolle a afirmación de que a Literatura Infantil e Xuvenil acolleu dende os anos oitenta o retrato da familia homoparental. Formúlanse algunhas cuestións como a caducidade dos contos de fadas ou a conveniencia dos modelos que exportan e sinálase o desenvolvemento de intervencións sobre escritoras como Marilar Aleixandre.

Martínez, M., "Os Bolechas toman a Galega", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 setembro 2012, contracuberta.

Coméntase a próxima emisión dunha serie de capítulos inspirados nos libros "Os bolechas", de Pepe Carreiro, dos que se di que estarán centrados en historias cotiáns dos seus personaxes principais. Dáse conta do acto de presentación deste programa televisivo.

Martínez, Nuria, "Queremos formar aos guionistas e debuxantes que leredes no futuro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", 31 marzo 2012, p. 68.

Fálase da escola profesional de banda deseñada e ilustración de Galicia O Garaxe Hermético, fundada por Kiko da Silva. Cítase o profesorado que vai formar parte do centro e algunhas actividades que vai desenvolver.

Martínez García, Sara, "Tempos extraños", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 19 agosto 2012, p. 39.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Sara Martínez García (15 anos), intitulado "Tempos estraños".

Martínez Vila, Paula, "Isto é mentira", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 3 agosto 2012, p. 44.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Paula Martínez Vila (10 anos), intitulado "Isto é mentira".

Mato, Mar, "Suspenso en ciencia ficción", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 24 xaneiro 2012, p. 41/ *La Opinión*, "Cultura", 29 xaneiro 2012, p. 62.

Faise referencia ao escaso cultivo do subxénero da ficción científica en galego e menciónanse títulos como *2044* (2011), de Eduardo Santiago; *Perigo vexetal* (1995) e *Soños eléctricos* (1992), de Ramón Caride; e *O que Darwin non previu* (2010), de Alba Payo.

Mato, Mar, "Barcelona decide en horas si el mejor cómic del año es gallego", *Faro de Vigo,* "Sociedad", 3 maio 2012, p. 40.

Dáse conta dos autores galegos que presentaron obra en Ficomic, o Salón do Cómic de Barcelona: David Rubín, José Domingo, Mariano Casas, Martín Romero e Jacobo Fernández.

Mato, Mar, "La historieta gallega compite en el Salón del Cómic de Barcelona", *La Opinión*, "Cultura", 4 maio 2012, p. 53.

Fálase dos participantes galegos que compiten polo título de mellor cómic do ano no Salón do Cómic de Barcelona. Cítanse os outros autores galegos que van presentar obras no devandito salón.

Mato, Mar, "La obra del gallego José Domingo, mejor cómic del año en España", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 5 maio 2012, p. 41.

Recóllese a información sobre o éxito da obra *Aventuras de un oficinista japonés*, do ferrolano José Domingo no Salón do Cómic de Barcelona.

Mato, Mar, "De 'calamidad' a referente mundial", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Premio Nacional a la Mejor Labor Editorial Cultural 2012", pp. 20-21/ "De 'calamidad' a éxito mundial", *La Opinión*, "Cultura", p. 50, 15 outubro 2012.

Detállanse algúns acontecementos que deron orixe á editorial Kalandraka no 1998. Sinálanse algúns deles como o Premio Nacional de Ilustración no 1999 e no 2001 por obras como *O coelliño branco*. Apúntase tamén o inicio desta casa editorial como causa da detección dos seus promotores da carencia de publicacións para o lectorado infantil con coidado ilustrativo, textual e editorial.

Mauleón, A., "Kalandraka y Oqo, elegidas en el catáologo White Ravens", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 13 de marzo 2012, p. 42.

Coméntase que as obras *A viaxe de Olaf* (Kalandraka, 2011) e *Zimbo* (OQO, 2011) foron seleccionadas para formar parte do catálogo White Ravens 2012, que reúne os mellores libros infantís do mundo.

Mauleón, A., "Doce editores gallegos participan en la Feria del Libro de Guadalajara", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 45/ *La Opinión*, "Cultura", p. 55, 24 novembro 2012.

Faise mención á participación de doce editoras galegas na Feria do Libro de Guadalajara, ademais da presenza dende 2008 da Asociación Galega de Editores e a Consellería de Cultura. Infórmase de que varios autores galegos participaron nesta Feria, entre eles Fina Casalderrey e Marcos Calveiro.

Mauleón, Amaia, "La primera escuela de cómic de Galicia abre sus puertas en Pontevedra", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 46/ "La primera escuela de cómic gallega abre sus puertas en Pontevedra", *La Opinión*, "Cultura", p. 63, 21 abril 2012.

Infórmase da apertura de O Garaxe Hermético, a primeira escola profesional de banda deseñada e ilustración de Galicia, impulsada por Kiko da Silva. Coméntanse as actividades organizadas para dar a coñecer a escola.

Mauleón, Amaia, "Moda gallega para vestir de cuento", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 17 novembro 2012, p. 40.

Comenta que Casa K lanza unha colección de roupa para nenos cos personaxes de *O coelliño branco* e *A cebra Camila* da editorial Kalandraka, ideada pola contacontos Olalla González, respectando o deseño editorial e as liñas cromáticas.

Meana Castro, Sarela, "O Deus das estacións", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 9 agosto 2012, p. 35.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Sarela Meana Castro (11 anos), intitulado "O Deus das estacións".

Méndez, Roberto G., "La necesidad de historias está inscrita en el ADN de la humanidad", *El Correo Gallego*, "Esta boca es mía", 6 xaneiro 2012, p. 64.

Coméntanse as verbas de Agustín Fernández Paz na presentación de *Fantasmas de luz* (2011) e dáse conta de xeito sucinto do argumento.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "O ouro do Capitán Nemo", *Faro de Vigo,* "*El sábado*", nº 752, "No fondo dos espellos", p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", nº 363, "No fondo dos espellos", contracuberta, 14 abril 2012.

Fálase da obra *Vinte mil leguas baixo dos mares,* de Xulio Verne, traducida ao galego en 2003 por Mercedes Pacheco Vázquez e Llerena Perozo Porteiro. Inclúese unha cita do capítulo VI do segundo tomo da obra.

Moledo, A., "Hércules de Ediciones da el salto a la literatura infantil y juvenil", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 29 novembro 2012, p. 12.

Saliéntase a iniciativa de Hércules de Ediciones de dedicarse á Literatura Infantil e Xuvenil por medio das colecciónns "Las amistades de Hércules", que acolle biografías ficcionais de personaxes recoñecidos, e "Los imperdibles de Hércules", que recupera clásicos deste sistema literario.

Molezún, Fernando, "El cómic une a Castelao y Tezuka", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 30 abril 2012, p. 32.

Fálase da obra *In Memoriam*, de Kike Benlloch e Alfonso V. Rey, editada por Juan Carlos Sanmiguel. Dáse conta do argumento desta homenaxe ao cómic, dos protagonistas e da súa estrutura.

Molezún, F. e R. **García**, "El Salón Viñetas augura 'una larga vida para el cómic gallego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 agosto 2012, p. 33.

Coméntase a inauguración do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico na cidade da Coruña. Destácanse as diferentes actividades que inclúe como os obradoiros para os máis novos.

Montero, Tamara, "Los jóvenes también devoran novela negra", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 1 marzo 2012, contracuberta.

Coméntase a visita dos autores da novela *Mortos de Ningures* (2011), Pere Tobaruela e Ledicia Costas, aos alumnos do colexio Peleteiro de Santiago de Compostela.

Muñiz, J., "Aos nenos interésanlles as mesmas cousas que hai cen anos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 6 setembro 2012, contracuberta.

Sinálase a participación do escritor Francisco Castro nun curso de Literatura Infantil e Xuvenil que tivo lugar na Universidade de Santiago de Compostela. Apúntase que o autor sinalou que a escrita xuvenil e infantil ten unhas normas específicas en canto ás estruturas escollidas, pero que as temáticas non son diferentes e que o interese está baseado en que estas obras sexan boa literatura, así como a necesidade do fomento da visualización da lectura, das bibliotecas escolares e dos prezos razoables destes produtos.

MVI, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 22 decembro 2012, p. 94.

Entre outras actividades, infórmase da sesión de contacontos que terá lugar no Museo Provincial de Lugo e que levará por título "O Apalpador solidario (e outros seres máxicos)".

N. D., "Un abanderado del tebeo español", *La Opinión*, "A Coruña", "Fiestas María Pita 12", 8 agosto 2012, p. 10.

Coméntase a apertura do ciclo de conferencias vinculado ao Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico, inaugurado coa intervención de Bartolomé Seguí.

N. D., "Michael Kompa: 'Batman' tiene el mejor reparto de malos de la historia", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 9 agosto 2012, p. 10.

Coméntase a participación de Michael Kompa nunha visita guiada pola exposición dedicada a Batman no Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico.

N. V., "A literatura para todas as idades centra a segunda xornada da Feira do Libro", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 21 abril 2012, p. 11.

Faise eco da presentación de *Vento galerno* (2012), de Antonio Yáñez; *Luces, bicos e cores* (2011), de Concha Blanco, e *Vaia tropa* (2011), de Antón Cortizas na Feira do Libro de Ferrol. Infórmase tamén doutras actividades que acollerá.

Nicolás, Ramón, "O futuro que peta na porta", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 461, "Letras en galego", 31 marzo 2012, p. 9.

Preséntase a novela *2044*, de Eduardo Santiago. Bosquéxase o seu argumento e sinálanse os puntos fortes da historia e os aspectos que máis poden interesar aos lectores mozos.

Ó. I., "A banda deseñada de Vicente Risco", *El País*, "*Galicia*", 17 febreiro 2012, p. 8.

Faise referencia a diversos proxectos editoriais que tentaron publicar banda deseñada sobre a Historia de Galicia, como o impulsado pola editorial Vía Láctea, Difusora de Letras ou o convenio entre Xuventude e a Fundación Vicente Risco para adaptar a obra literaria do autor ourensán.

Obelleiro, Paola, "15 años de Viñetas desde o Atlántico", *El País*, "*Galicia*", 7 agosto 2012, p. 5.

Dáse conta do cumprimento da edición número quince do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico e elabórase un percorrido pola evolución desta actividade, da que se destaca que se adaptou aos recortes orzamentarios sufridos na última convocatoria.

Ocampo, Carlos, "Narrar igual a Dickens", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 1015, "Literatura", 8 febreiro 2012, p. 6.

Realízase un repaso pola biografía de Charles Dickens, ao tempo que se comenta que son poucas as obras traducidas ao galego. Menciónase como exemplo *Canto de Nadal* (2011).

Ocampo, E., "Seis editoriales y editores gallegos proyectan el libro infantil en Bolonia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 marzo 2012, p. 36.

Coméntase que Kalandraka Editora e OQO Editora acudiron á Feira de Libros para Nenos de Bolonia con stands propios. Indícase que, entre outras actividades, terá lugar a presentación do catálogo *Galician Books for Children and Young Adults 2012*.

Otero, Marta, "Viñetas contra la crisis", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 478, "En portada", 4 agosto 2012, p. 2.

Coméntase a celebración do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico e a aposta pola visualización do cómic na edición número quince, da que se di que supera os problemas orzamentarios derivados da crise económica mantendo unha enorme calidade nas súas propostas.

Otten, Manuela, "Teño ganas de...", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 2 xuño 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Teño ganas de...* (2007), escrita por e ilustrada por Manuela Otten.

P. C. R., "A biblioteca escolar do CEIP Isaac Peral leva desde onte o nome do escritor Antón Cortizas", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 24 outubro 2012, p. 11.

Faise eco do acto no que o CEIP Isaac Peral de Ferrol bautizou a súa biblioteca escolar co nome do escritor ferrolán Antón Cortizas e se representaron en forma de poesía, teatro ou música algunha das súas obras.

Papini, Arianna, "Que che gustaría ser?", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 4 febreiro 2012, p. 3.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento da obra *Que che gustaría ser?* (2011), escrita e ilustrada por Arianna Papini.

Paz, Moncho, "Coherencia e compromiso", *ABC*, "Galicia", "Gallegos de perfil", 15 xullo 2012, p. 60.

Realiza un percorrido biobliográfico de Agustín Fernández Paz, do que di que a palabra que define a súa traxectoria é "coherencia". Ademais refírese á óptica que ten o autor de como debería ser a Literatura Infantil e Xuvenil, que non é outra que "entreter" e "ensinar".

Pazos, Á., "Kiko da Silva presenta en el CEP Sequelo su escuela de banda diseñada", *Diario de Pontevedra,* "Marín/O Morrazo", 15 xuño 2012, p. 16.

Fálase da presentación que fixo Kiko da Silva da súa escola de banda deseñada e ilustración O Garaxe Hermético aos alumnos do CEP Sequelo.

Penelas, S., "El escritor Agustín Fernández Paz, nuevo honoris causa", *Faro de Vigo*, "Vigo", 13 novembro 2012, p. 5.

Anuncia que o escritor Agustín Fernández Paz será investido *honoris causa* da Universidade de Vigo, a proposta do departamento de Filoloxía Galega e Latina. Apunta que o vicerreitor, Xosé Henrique Costas, defendeu a "inmensa" traxectoria de Fernández Paz na creación literaria e como "uno de los grandes divulgadores de Galicia".

Pérez Barreras, Erik, "Aínda quedan mouros", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Relatos de verán", "Los relatos de los lectores", 20 agosto 2012, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Erik Pérez Barreras (11 anos), intitulado "Aínda quedan mouros".

Plaza, V., "Prado: 'Cada vez hay más formación en el arte del cómic", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 12 agosto 2012, p. 45.

Apúntase a clausura do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico, do que se di que acadou un grande éxito de público. Recóllense declaracións de Miguel Anxo Prado quen destaca que este público está cada vez máis formado na materia.

Plaza, Vicente, "FalaRedes' e 'Os Axóuxeres' enchen de actividades varios concellos de Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 3 novembro 2012, p. 38.

Descríbense FalaRedes e Os Axóuxeres, programas de dinamización da lingua galega da Consellería de Cultura, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Tamén se salienta o espectáculo de contacontos e ilustración sobre area "O Señor das dunas".

Plaza, Vicente, "Novembro de cómic e astronomía na rede de bilbiotecas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 4 novembro 2012, p. 39.

Coméntase o programa de actividades para as bibliotecas nodais da Consellería de Cultura: obradoiros de banda deseñada, de creación dun libro, de contos e tamén contacontos para animación á lectura.

Ponte, Pilar, "Traballando o enxeño", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 414, "Libros", 10 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 12 maio 2012, p. 7.

Preséntase a obra *Sherezade*, de Carlos Medrano, un libro de adiviñas na liña da súa obra anterior, *Esfinxe.* Coméntase o aspecto lúdico-educativo no que adoita traballar o autor.

Prego, Carlos, "La historia 'ilustrada' de Vigo relatada por el mar", *Faro de Vigo*, "Vigo", 2 marzo 2012, p. 11.

Infórmase da saída do prelo do cómic *O desenvolvemento histórico de Vigo e a súa comarca* (2011), de José Cid Doiro, "Cidoiro".

Prévert, Jacques, "Para facer o retrato dun paxaro", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 24 marzo 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Para facer o retrato dun paxaro* (2011), escrita por Jacques Prévert e ilustrada por Mordicai Gerstein.

Prieto, S., "Contamos cuentos de formas distintas, ayudados por los niños", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 27 xullo 2012, contracuberta.

Dáse conta da celebración do espectáculo "Contos para un caldiño", a cargo de Andrea Bayer, da que se recollen algunhas declaracións, nas que alude á participación do público infantil no espectáculo.

R. G., "Viñetas exhibe la última cosecha del cómic gallego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 agosto 2012, p. 38.

Apúntase que Miguelanxo Prado, director do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico, apuntou que a edición número quince deste salón do cómic amosa a madurez da escena galega de banda deseñada.

R. L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 20 marzo 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase de dous actos programados no marco do Salón do Libro Infantil e Xuvenil: a actividade "O debuxante de soños contra a mala sorte. Polo Correo do Vento" e a presentación de *2044* (2011), de Eduardo Santiago.

R. L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 1 agosto 2012, p. 70.

Entre outras actividades, anúnciase a sesión de contacontos a cargo de Baobab Teatro. Infórmase de que leva por título "Contos de azar" e que terá lugar dentro das xornadas dos Mércores Miúdos.

R. L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 7 agosto 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da celebración na Coruña dunha nova edición do festival Viñetas desde O Atlántico.

R. S., "La Universidad concede el honoris causa a Fernández Paz", *Atlántico Diario*, "Vigo", 13 novembro 2012, p. 8.

Informa que a Universidade de Vigo investirá como doutor *honoris causa* ao escritor Agustín Fernández Paz. Sinala que esta proposta partiu do departamento de Filoloxía Galega e Latina da citada Universidade e recolle as palabras do vicerreitor Enrique Costas, que a xustifica: "É o máis vizoso escritor galego en literatura infanto-xuvenil, con medio centro de obras, algunhas das cales foron traducidas xa a unha ducia de linguas, foron premiadas nacional e internacionalmente e situaron este escritor entre os dez mellores autores mundiais de literatura infanto-xuvenil do século XX".

Ramos, J. M., "Trinke Trinke animó a los pequeños zaenses a sumergirse en la lectura", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 xaneiro 2012, p. 32.

Dáse noticia de que a compañía de teatro infantil Trinke Trinke visitou a biblioteca de Zas para participar nunha sesión de animación á lectura.

Ramos, J. M., "Marilar Aleixandre y Estevo Creus en la Feira do Libro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Cee", 14 agosto 2012, p. 31.

Coméntase a presenza dos escritores Marilar Aleixandre e Estevo Creus na Feira do Libro de Santiago de Compostela cunha actividade de contacontos e un recital respectivamente. Detállanse o horario e o lugar no que terán lugar estas actividades.

Ramos, J. M., "Neira Vilas presidió en A Laracha la inauguración de Querido Balbino", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 329, 26 setembro 2012, p. 4.

Faise eco da participación do escritor Xosé Neira Vilas na inauguración da exposición "Querido Balbino" na biblioteca de Laracha.

Ramos, J. M., "Taller de poesía en la Fundación Eduardo Pondal", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 356, "Ponteceso", 23 outubro 2012, p. 6.

Refírese á celebración dun obradoiro de poesía dirixido por Xosé Luís Axeitos e destinado ao alumnado do derradeiro curso de bacharelato. Apúntase que serán presentados, asemade, dous libros dixitais e un documental.

Ramos Castelo, Ismael, "O neto", *La Voz de Galicia*, "*A Voz de Barbantia*", n.º 72, "En obras", 24 febreiro 2012, p. 03.

Acóllese nesta sección un relato de Ismael Ramos Castelo (Mazaricos, 1994) intitulado "O neto".

Ramos Castelo, Ismael, "A muller nos paquetes de fariña", *La Voz de Galicia*, "*A Voz de Barbantia*", n.º 74, "En obras", 27 abril 2012, p. 03.

Acóllese nesta sección un relato de Ismael Ramos Castelo (Mazaricos, 1994) intitulado "A muller nos paquetes de fariña".

Raña, Román, "Letras do porvir", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 411, "Libros", 19 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 364, "Letras galegas", 21 abril 2012, p. 6.

Cítanse os gañadores do Premio Minerva do ano 2011: Ismael Ramos Castelao, con *Circo de tres pistas* en poesía e *Crónica dos días que te fuches* en narrativa. Os outros premiados foron: Helena Salgueiro Golán, Lara Porto Mato, Óscar Rivero Salgado, Elena López González, Alba Souto Rodríguez, Antía Monteagudo Alonso e Brais Lamela Gómez.

RCG, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Ocio", 8 novembro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á sesión de animación á lectura na Biblioteca de Frigsa a cargo de Iago López. Coméntase que levará por título "A princesa Sabela".

Rey, Manuel, "Viñetas Desde O Atlántico. Quince pinceladas de éxito", *La Voz de Galicia*, "*Especial Fiestas de María Pita*", "Cómic", 31 xullo 2012, p. 05.

Coméntase a consolidación do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico na súa edición número quince e detállanse algunhas novidades desta edición como a inclusión de clases maxistrais impartidas por algúns dos debuxantes recoñecidos que participan.

Ríos, Paula, "Os Bolechas dan el salto de los libros infantiles a la televisión", *El País*, "*Galicia*", 20 setembro 2012, p. 6.

Dáse conta do acto de presentación do programa de televisión baseado nos personaxes da serie de libros infantís "Os bolechas", de Pepe Carreiro. Explícase que a serie formará parte da programación da tarde dentro do Xabarín Club, e que inicialmente constará de oito capítulos con tres emisións diarias de luns a xoves.

Roca, María, "Paco Martín falará en Bretoña da súa obra este sábado", *El Progreso*, "A Chaira", 26 decembro 2012, p. 12.

Infórmase da charla que dará Paco Martín con motivo do aniversario do clube de lectura da parroquia de Bretoña.

Rodríguez, M., "A 'Lus do candil' alumea un oco valeiro para saíres da crise coa mellor compañía", *El Ideal Gallego*, "Arteixo", 1 novembro 2012, p. 18.

Infórmase da apertura da libraría Lus do candil en Arteixo na que a infancia gozará dun contacontos e tamén haberá un ciclo poético. Entre os libros dos seus andeis, noméase *A vaca que puxo un ovo* (2010).

S. C., "Cuentacuentos en la biblioteca Ánxel Casal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 febreiro 2012, p. 22.

Informa de que a biblioteca Ánxel Casal celebra o último sábado de cada mes unha actividade de contacontos en lingua de signos co obxectivo de achegar esta lingua á poboación en xeral e salienta que é unha actividade organizada pola Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia.

S. E., "Ordes súmase á homenaxe á obra do escritor Neira Vilas", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 13 abril 2012, p. 29.

Coméntase que o Concello de Ordes organizou unha charla con Xosé Neira Vilas con motivo do cincuenta aniversario da publicación de *Memorias dun neno labrego.*

S. E., "Neira Vilas visita mañana el IES Pintor Colmeiro", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 22 maio 2012, p. 31.

Fálase dos actos que organiza o IES Pintor Colmeiro con motivo da visita de Xosé Neira Vilas ao centro, entre eles a presentación do libro de Xoán Carlos García Porral *De Balbino a hoxe. Cambios e transformacións na aldea galega.*

S. E., "A Estrada acolle hoxe o espectáculo de narración oral O señor das dunas", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 345, 12 outubro 2012, p. 6.

Coméntase a celebración no concello da Estrada do espectáculo "O señor das dunas", do que se di que está patrocinado por Política Lingüística e que percorrerá diferentes concellos galegos. Engádese que está destinado a todos os públicos e que está composto de cinco contos populares coa realización de ilustracións. Detállanse as datas dos próximos espectáculos.

S. N., "Talleres, juegos y cuentacuentos con 'A runrún, xogos e enredos", *La Región*, "*Extra. Navidad en la provincia*", "Navidad en Amoeiro y Coles", "Programas", 22 decembro 2012, p. 21.

Infórmase da programación de Nadal do concello de Coles, entre as que salienta os contacontos, obradoiros e xogos a cargo da compañía de animación "'A runrún, xogos e enredos".

S. N., "Narración y animación con arena", *La Región*, "*Extra. Navidad en la provincia*", "Navidad en Cartelle", "Programa", 22 decembro 2012, p. 23.

Apúntase a programación de Nadal do concello de Coles, entre as que salienta o espectáculo "O Señor das dunas", mestura de narración oral e animación con area.

S. S., "Ribeira acoge espectáculos de payasos y talleres de arte", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 415, 26 decembro 2012, p. 5.

Faise eco da programación cultural de Nadal do concello de Ribeira, da que salienta os espectáculos infantís "Amediometrados-Alehop", "Nos xardíns do sultán" e "Os pallasos de Nadal".

Salaberria, Leire, "Cando chove", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 10 marzo 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Cando chove* (2011), escrita e ilustrada por Leire Salaberria.

Salgado, Daniel, "La vuelta a Galicia de Balbino", *El País*, "Galicia", 8 maio 2012, p. 8.

Fálase da exposición que se organiza no Museo do moble da Estrada con cartas, ilustracións e debuxos infantís que nenos de diferentes escolas escribiron para Balbino ou Neira Vilas despois de ler *Memorias dun neno labrego*.

Sampedro Davila, Yael, "Un raio de esperanza", *La Voz de Galicia*, "*A Voz de Barbantia*", n.º 71, "En obras", 27 xaneiro 2012, p. 03.

Acóllese nesta sección un relato de Yael Sampedro Davila (13 anos) intitulado "Un raio de esperanza".

Sampedro Davila, Yael, "Despois da tormenta non sempre chega a calma", *La Voz de Galicia*, "*A Voz de Barbantia*", n.º 75, "En obras", 27 xaneiro 2012, p. 03.

Inclúese nesta sección un relato de Yael Sampedro Davila (13 anos) intitulado "Despois da tormenta sempre chega a calma".

Sánchez, Olalla, "Un conto con varias versións", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 498, "Libros infantil", 22 decembro 2012, p. 3.

Breve nota na que se anuncia a reedición de *Ovos duros*, que recibiu unha mención nos premios The White Ravens e que presenta unha orixinal historia do Magreb, que se constrúe a partir de xogos de preguntas e respostas. Salienta tamén o trazo delicado das ilustracións.

Sanmartín C., X., "La revolución ilustrada o cómo llegar a lectores de la franja infantil y juvenil", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 7 marzo 2012, p. 40.

Realízase un repaso pola produción literaria para os máis novos de Fausto Isorna, Anxo Fariña e Marc Taeger. Ao mesmo tempo, dáse conta da celebración en Pontevedra do Salón do Libro Infantil e Xuvenil.

Sanmartín C., X., "Personajes favoritos de quienes hoy son autores", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 7 marzo 2012, p. 40.

Recóllense os escritores favoritos de varios autores, entre os que se atopan Anxo Fariña e Fausto Isorna.

Sanmartín C., Xabier, "Kalandraka gana el Premio Nacional a la Mejor Labor Editorial", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 10 outubro 2012, p. 41.

Sinálase que a editorial Kalandraka recibiu o Premio Nacional a la Mejor Labor Editorial. Apúntase que este recoñecemento foi recibido con sorpresa, ledicia e orgullo pola editora.

Santamarta, Rubén, "Grandeza creativa del cómic gallego contemporáneo", L*a Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 451, "Cómic", 21 xaneiro 2012, p. 6.

Realízase un repaso pola traxectoria creativa de Martín Romero, Lola Lorente e José Domingo. Indícase que os tres comezaron publicando en *Retranca* e *Barsowia*, entre outras.

Santamaría, Rubén, "Tres lustros de pedagogía y bocadillos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 478, "En portada", 4 agosto 2012, p. 3.

Coméntase que o Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico reúne anualmente a importantes figuras do cómic mundial e dise que esta actividade resulta clave para a creación de banda deseñada galega.

Santos, Ágatha de, "El libro infantil y juvenil gallego mantiene el tipo ante la crisis", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 17 marzo 2012, p. 42.

Faise referencia á resistencia da Literatura Infantil e Xuvenil galega fronte á crise e ao seu prestixio fóra de Galicia, poñendo como exemplos a inclusión de varias obras en diversas listaxes e os numerosos recoñecementos internacionais.

Santos, Ágatha de, "La literatura infantil y juvenil gallega esquiva la crisis y gana prestigio", *La Opinión*, "Cultura", 17 marzo 2012, p. 54.

Saliéntase que a Literatura Infantil e Xuvenil é a que mellor se está comportando na cortorna de crise. Infórmase de que, no caso galego, esta gaña prestixio fóra das fronteiras da comunidade e menciónase a inclusión de varios títulos na listaxe The White Ravens 2012 e na Listaxe de Honra de 2012 do IBBY.

Santos, Ágatha de, "Cómo cambia el cuento", *Faro de Vigo,* "Sociedad", 1 abril 2012, pp. 46-47/ *La Opinión,* "Cultura", 8 abril 2012, pp. 62-63.

Dáse conta da diferente forma de contar as historias para os nenos na actualidade, fronte aos contos de sempre. Recóllense comentarios de distintos escritores sobre os contos para nenos e a lectura. Cítanse algunhas obras para nenos nesta liña de fondo contido comprometido, entre outras moitas *Lúa do Senegal*, de Agustín Fernández Paz ou *Illa Soidade*, de An Alfaya.

Santos, Ágatha de, "Kalandraka obtiene el Premio Nacional a la Mejor Labor Editorial en 2012", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 10 outubro 2012, p. 39.

Coméntase que a editorial Kalandraka obtivo o Premio Nacional a la Mejor Labor Editorial e detállase que a razón do premio foi o compromiso desta casa editorial coa Literatura Infantil e co coidado das edicións para este público.

Santos, Ágatha de, "Agustín Fernández Paz: "El mejor premio para un escritor es tener lectores", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 outubro 2012, p. 46.

Sinálase o nomeamento do escritor Agustín Fernández Paz como socio de honra da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, Gálix, e dáse conta do acto de entrega, do que se di que serviu para anunciar a candidatura da obra deste autor *O único que queda é o amor* (2007) para o Premio Astrid Lindgren.

Seoane, Lucía, "Optimismo xeracional", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 414, "Libros", 10 maio 2012, p. VI/ Requeixo, Armando, *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 12 maio 2012, p. 6.

Coméntase a obra *2044,* de Eduardo Santiago, facendo un breve esbozo do argumento desta obra de ciencia ficción. Sinálanse as temáticas principais, a saber, a amizade e a esperanza, entre outras.

Souto, S., "El auditorio acoge el espectáculo 'O señor das dunas", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 399, 5 decembro 2012, p. 6.

Anúnciase o espectáculo "O señor das dunas", do narrador Mani Braga e o artista plástico Dani Bousolla.

Souto, Suso, "Charla de Miguel Anxo Seixas sobre Castelao en Rianxo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 xaneiro 2012, p. 32.

Infórmase dunha sesión de contacontos sobre a figura e a obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao no auditorio de Rianxo.

Souto, Suso, "Hoxe haberá un taller para nenos na biblioteca", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 19 maio 2012, p. 36.

Fálase das actividades que se organizan en Ribeira como parte do ciclo "Sábados de Libro na Biblioteca de Ribeira". Inclúese un obradoiro literario, cine, películas infantís e contacontos.

Souto, Suso, "Neira Vilas: "Balbino vai polo mundo coa mensaxe en galego", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 13 xuño 2012, p. 30.

Fálase do cincuenta aniversario da publicación de *Memorias dun neno labrego,* de Xosé Neira Vilas. Cítanse as exposicións e as conferencias que teñen lugar en distintos colexios sobre esta obra.

Souto, Suso, "A casa de cultura albergará un ciclo de contacontos todos os mércores", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 343, "Boiro", 10 outubro 2012, p. 6.

Coméntase a celebración en Boiro das sesións "Contos a moreas", así como a data e o lugar nas que terán lugar.

Souto, Suso, "O espectáculo 'O señor das dunas' abarrotou o auditorio", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 405, 11 decembro 2012, p. 7.

Infórmase do espectáculo "O señor das dunas", do narrador Mani Braga e o artista plástico Dani Bousolla.

T. M., "La Red de Bibliotecas prepara varias actividades para celebrar el Día del Libro Infantil y Juvenil", *Diario de Arousa*, "O Grove", 27 marzo 2012, p. 16.

Coméntase que a Rede de Bibliotecas do concello do Grove ten preparada unha ampla programación para celebrar o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, entre as que se inclúen exposicións bibliográficas, sesións de contacontos e talleres de animación á lectura.

T. M., "La Red de Bibliotecas termina hoy los actos del Día del Libro Infantil y Juvenil", *Diario de Arousa,* "Sanxenxo", 4 abril 2012, p. 17.

Fálase das actividades desenvolvidas pola Rede de Bibliotecas do Grove, con motivo da celebración do Día do Libro Infantil e Xuvenil. Saliéntase a boa acollida dos usuarios e as actividades organizadas polos concellos e bibliotecas.

T. M., "Titerehop' llega hoy al IES As Bizocas para poner a prueba la creatividad de los alumnos", *Diario de Arousa*, "O Grove", 20 decembro 2012, p. 16.

Infórmase sobre o obradoiro de hip-hop e monicreques para mozos de trece a dezasete anos no IES As Bizocas dentro da programación de Nadal do concello do Grove. Tamén se salienta a representación *Un Nadal cheo de contos*, da compañía Tarabelos.

Torrent, Dani, "O meu avó Carmelo", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 28 xaneiro 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O meu avó Carmelo* (2011), escrita por e ilustrada por Dani Torrent.

Trillo, J., "Baio acoge la exposición del VII Premio Castelao", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 1 xuño 2012, p. 37.

Anúnciase a exposición do VII Premio de Banda Deseñada Castelao no centro sociocultural de Baio.

Trillo, Jesús, "Música, teatro, magia, contacontos y obradoiros en la Navidad de Cee", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 414, 20 decembro 2012, p. 7.

Comenta a programación cultural de Nadal do concello de Cee na que haberá música, teatro, maxia, contacontos e obradoiros. Entre as actividades, salienta as representacións teatrais, a cargo de Novo Circo e Danthea Teatro, e o contacontos "Contos da Vía Láctea", a cargo de Ni Fú Ni Fá Animación.

Tusquets, Esther, "A coelliña Marcela", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 9 xuño 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A coelliña Marcela* (2011), escrita por Esther Tusquets e ilustrada por María Hergueta.

Ungerer, Tomi, "Críctor", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 11 febreiro 2012, p. 3.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento da obra *Críctor* (2011), escrita e ilustrada por Tomi Ungerer.

Uriza, André, "A USC debate sobre a ilustración como canle de diversidade", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 21 febreiro 2012, p. 42.

Faise referencia ao congreso "Ilustrando a diversidade" que se está a celebrar en Santiago de Compostela e indícase que conta coa participación de expertos procedentes de varios países.

Varela, María, "Bolecheando en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 12 marzo 2012, contracuberta.

Dáse conta do percorrido polas rúas de Pontevedra realizado polos irmáns Bolechas e indícase que esta actividade está enmarcada dentro da programación do Salón do Libro Infantil e Xuvenil.

Varela, María, "Sopa de letras para quentar o inverno", *Diario de Pontevedra*, "*MiniDiario*", n.º 312, "Reportaxe", 15 xaneiro 2012, pp. 2-3.

Infórmase das novidades editoriais de Baía Edicións, OQO Editora, Kalandraka Editora, Edicións Xerais de Galicia e Editorial Galaxia: a serie de contos de Rodribrico, o cempés Perico, a coella Marcela, a pequena Morgana e o raposo Colabranca.

Varela, Suso, "O espectáculo 'Brincabolechas de Nadal' chega a oito localidades", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 26 decembro 2012, p. 41.

Coméntase o espectáculo "Brincabolechas de Nadal". Apúntase que ten como temática a reciclaxe do lixo, argumento do libro *Os Bolechas queren saber... que se fai co lixo que chega ao Complexo Medioambiental de Sogama*, para dar a coñecer aos máis novos o labor desta empresa. Tamén se apunta o enfoque didáctico dos libros de Pepe Carreiro e finalmente noméanse as datas e lugares nos que se poderá gozar deste espectáculo.

Veiga, Marta, "Isaac foi un descreído optimista", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Adeus a un símbolo do galeguismo", p. 52/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Adeus a un símbolo do galeguismo", p.48, 6 xaneiro 2012.

Con motivo do seu falecemento, coméntase que Isaac Díaz Pardo foi o autor das ilustracións para a edición galega de *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas, publicada por Ediciós do Castro.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 23 marzo 2012, p. 86.

Entre outras actividades, infórmase da actividade para nenos programada pola biblioteca de Xermade e que leva por título "Menú de contos de Charo Pita".

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 2 abril 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia á liberación de libros por parte de GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) e OEPLI (Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil) na biblioteca municipal de Lugo, con motivo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 14 abril 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase do espectáculo de contacontos "Pastoreando alegrías", de Títeres Cachirulo, que terá lugar na biblioteca de Chantada.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 19 abril 2012, p. 70.

Entre outras actividades, faise referencia ao espectáculo de contacontos a cargo de Charo Pita que terá lugar na biblioteca da Milagrosa, en Lugo. Indícase tamén que Mario Tomás narrará "A princesa do sal e outros contos de sempre" na biblioteca de Foz.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 14 maio 2012, p. 78.

Entre outras actividades, faise referencia ao taller que o debuxante e ilustrador Kiko da Silva impartirá no Museo Provincial de Lugo.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 24 maio 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da celebración na biblioteca municipal de Lugo do espectáculo de animación á lectura "O coleccionista de palabras", a cargo da compañía Cucarandaina.

X. M. R., "As Xornadas de Banda Deseñada abren cunha mostra sobre a novela negra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 outubro 2012, p. 34.

Coméntase a apertura en Ourense das XXIV Xornadas de Banda Deseñada, das que se di que son organizadas por primeira vez pola Fundación Benito Losada, e que abriron coa inauguración de dúas exposicións como son a "Mostra de Novela Gráfica Galega 201" e a mostra do "Certame de Cómic Injuve 2011".

Yoo, Taeeun, "O peixe vermello", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 21 abril 2012, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O peixe vermello* (2011), escrita por e ilustrada por Taeeun Yoo.

Yus, Carlos, "Un avó especial", *El Progreso*, "*Pícaros*", "O conto", 14 abril 2012, p. 3.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento da obra *Un avó especial* (2011), escrita por Carlos Yus e ilustrada por María Campos.

VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

VIII.1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Chouciño, Ana e María Xesús **Nogueira** (eds.), *Palabra viva. Galicia e Hispanoamérica*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intecambio Científico, col. Biblioteca de la Cátedra de Cultura Cubana "Alejo Carpentier" de la USC, n.º 10, 2012, 324 pp. (ISBN: 978-84-9887-867-7). ◆

Ábrese esta monografía, que contou con financiamento da Deputación Provincial de Lugo, cun paratexto en forma de dedicatoria: "In memoriam Benito Varela Jácome (1919-2010)", ao que lle segue unha "Presentación" en castelán, traducida ao galego baixo o título de "Limiar", onde se expón que o sentido da obra é dar a coñecer a importancia da oralidade no ámbito hispanoamericano e no galaico. O volume conta con dez artigos que estudan a oralidade dende o ámbito galego e dende o hispanoamericano. Dentro do apartado "III. Galicia" acóllense as seguintes achegas de interese para este *Informe*:

- Arturo Casas Vales (A Coruña, 1958), "A oralidade nos estudos literarios. Para unha cartografía teórico-crítica", pp. 31-70.

Expón os principais núcleos de debate aos que diferentes autores prestaron atención nos seus estudos sobre oralidade ao longo da historia, dá conta dalgunhas das discusións e aplicacións que se postularon no eido intelectual e metodolóxico e destaca a atención serodia dos estudos literarios á oralidade.

- Ana Acuña (Marín, 1971), "Técnicas de recollida e fixación", pp. 71-96.

Recomenda achegarse á práctica verbal dende unha perspectiva interdisciplinar e proporciona unha relación de autores que formularon propostas sobre a recollida e a transcrición das prácticas textuais, como X. Soto, M. Roux, H. Sánchez, A. Santamarina e F. Fernández Rei, entre outros.

- María Xesús Nogueira Pereira (A Estrada, 1968), "O contar claro, seguido e ben. Estratexias de oralidade na obra de Cunqueiro", pp. 97-146.

Recoñece a existencia de diferentes actitudes e técnicas da oralidade que se empregan para construír un discurso de aparencia espontánea e para explotar as posibilidades expresivas dos personaxes. Comenta que Álvaro Cunqueiro emprega na súa obra diferentes estratexias que teñen como resultado un narrador cuxo obxectivo é unha aceptación máis positiva. Segundo a autora, é posíbel que todo este traballo esconda o esforzo que un narrador fai por lexitimar a súa obra fronte a unha estética allea.

- Anxo Fernández Ocampo (París, 1968), "Miro de Xanuco e a escritura fotográfica rural dos anos 1950", pp. 147-174.

Céntrase en analizar esta vertente creativa, baseada no audiovisual.

- Antonio Reigosa (Mondoñedo, 1958), "A literatura oral en internet: Galicia encantada", pp. 175-196.

Facilita unha definición de "literatura oral" e algunhas connotacións negativas que se lle atribúen. A continuación, recolle as diferentes denominacións que pode recibir e a pertinencia do seu emprego segundo o contexto. Denuncia o seu esquecemento e rexeitamento na actualidade e recoñece a importancia de internet para esta literatura, ao mesmo tempo que achega unha serie de referencias sobre páxinas web que están traballando ao redor da oralidade na actualidade.

Para pechar a obra, o apartado "V. Epílogo" acolle o seguinte traballo:

- Celso Fernández Sanmartín, "Contos faltar non faltan", pp. 313-318.

Fala da pluralidade existente no tocante aos contos orais.

Péchase cun apartado no que se fai un breve repaso ao currículo dos colaboradores.

Referencias varias:

- M. L., "A tradición oral en Galicia e Hispanoamérica centra un volume artellado en Humanidades", *El Progreso*, "Lugo/Campus", 19 decembro 2012, p. 14.

Infórmase de que esta obra dá a coñecer "a produción literaria de culturas como a ioruba, a cuna ou a quechua" e, por outra banda, a importancia da palabra oral na recuperación do galego, á que recorreron grandes autores como Rosalía de Castro ou Álvaro Cunqueiro.

Díaz Carro, Pablo e Olga **Kirk Martínez**, *Cancioneiro de Cabana de Bergantiños*, pról. Felipe Senén López Gómez, introd. dos autores, Cabana de Bergantiños: Concello de Cabana de Begantiños, 2012, 146 pp. (ISBN: 978-84-922882-1-2). ◆

Cancioneiro editado por Pablo Díaz Carro (A Coruña, 1972) e Olga Kirk Martínez (A Coruña, 1973) que recolle as manifestacións líricas que forman parte da tradición oral do concello de Cabana de Bergantiños. Tras unha dedicatoria ás persoas que conservaron vivo o legado oral deste concello, aparecen dous prólogos institucionais de Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, e José Muíño Domínguez, Alcalde de Cabana de Bergantiños, que dan paso ao limiar de Felipe-Senén López Gómez intitulado "Entre cantares do 'Confín dos verdes castros", no que destaca o labor de investigación dos autores do volume a finais do século XX e a riqueza musical do concello de Cabana de Bergantiños. A seguir, nunha introdución dos autores, saliéntase o feito de os cantares estaren transcritos segundo os interpretaron os/as informantes, xunto á decisión de incluír no volume os cantos de cego, regueifas, cantos de Nadal e

bailes soltos. Destacan, doutra banda, a diversidade dos espazos de gravación, a escaseza de materiais técnicos e a obtención dun gran número de materiais etnográficos. Aparece a seguir unha listaxe cos nomes e procedencias dos/das informantes, así como a data na que recolleron os cantares. Despois reprodúcense os cantares, estruturados en once seccións segundo os lugares de recuperación dos cantares, divididas á súa vez polos tipos de estrofa (coplas, regueifas, cantos de Nadal, parrafeos e cantos de cego). Cada sección sepárase por unha páxina con decoracións en tons marróns. O volume ilústrase con numerosas fotografías, en cor e en branco e negro, dos informantes cantando e bailando. Péchase cun índice cos títulos dos cantares.

Referencias varias:

- J. M. R., "Dos creadores e investigadores recopilaron la tradición oral de Cabana en un 'Cancioneiro", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 357, 24 outubro 2012, p. 7.

Infórmase da presentación desta obra que recupera coplas, cantos e regueifas, recompilados por Olga Kirk e Pablo Díaz na década dos noventa, que dan a coñecer desta maneira o patrimonio cultural de Galicia.

- J. M. R., "El 'Cancioneiro de Bergantiños' inició su recorrido por las parroquias", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 363, 30 outubro 2012, p. 7.

Dáse conta da primeira das presentacións desta obra na parroquia de Borneiro, amenizada por veciños que cantaron coplas e romances.

- M. Carmen Suárez, "Cabana ya tiene su Cancionero", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 24 outubro 2012, p. 18.

Faise eco da presentación desta obra no concello de Bergantiños e saliéntase o arduo traballo dos investigadores para levala a cabo. Coméntase que se presentará nos centros escolares da zona para que as novas xeracións non esquezan a rica tradición oral galega.

Noia, Camiño (ed.), *Imaxes de muller. Representación da feminidade en mitos, contos e lendas*, Vigo: Universidade de Vigo, 2012, 329 pp. (ISBN: 978-84-8158-581-0). ◆

Recompilación de ensaios sobre a figura da muller editada por Camiño Noia, quen no limiar explica as orixes dos ensaios recollidos neste volume no VI Encontro do "Groupe de Recherche européen sur Narrative orale (GRENO/ERGON)", celebrado en 2011 en Pontevedra e Santiago de Compostela, e a estruturación en catro apartados, segundo o subxénero narrativo tratado. A seguir aparecen os agradecementos á Fundación Mondariz-Balneario, Xosé Otero, Universidade de Vigo e á Fundación Casares e no primeiro apartado, "Mitos e lendas da feminidade", inclúense os seguintes ensaios de interese para este *Informe*:

- Emmanouela Katrinaki, "Les femmes, les fées et leurs enfants. Aspects de la maternité dans les légendes et les croyances grecques", pp. 21-30.

Grafado en lingua francesa, comenta os varios aspectos da maternidade en lendas de orixe grega en comparación coas orixinarias da Europa occidental e analiza as figuras das fadas e os seus fillos e fillas.

- Camiño Noia e Gonzalo Navaza, "Lendas en pedra da maternidade", pp. 41-56.

Estudan en lingua galega a disciplina da litolatría a partir de figuras como as do outeiro do Filladuiro e a moura de Pena Furada.

- José Ramón Mariño Ferro, "*Mouras* y melusinas", pp. 57-72.

Grafado en lingua castelá, profunda na estreita relación entre as lendas galegas de mouras e as europeas das Melusinas e personaxes semellantes.

- Jesús Suárez López, "La mujer salvaje que voltea sus pechos sobre los hombros: una leyenda asturiana y sus paralelos universales", pp. 83- 98.

Estuda en lingua castelá a lenda asturiana da muller salvaxe, a partir dos textos orixinados da batalla de "la Matancia".

- Antonio Reigosa, "A filla que aleita o pai ou a Caridade Romana. Fortuna deste conto na tradición oral e iconográfica de Galicia", pp. 99-118.

Grafado en lingua galega, analiza a historia de Cimón e Pero ou "A filla piadosa".

No segundo apartado, "A representación da muller entre a lenda e o conto", atopamos os seguintes traballos de interese para este *Informe*:

- Paulo Correia, "Las mujeres y la metamorfosis animal en las leyendas portuguesas de brujas", pp. 141-147.

Trata, en lingua castelá, das metamorfoses femininas nas lendas de bruxas de Portugal a partir das diferentes versións destas lendas.

- Rafael Beltrán, "La niña que le vio los dientes al lobo: cuentos y leyendas entre *Caperucita Roja* (ATU 333) y *La asadura del muerto* (ATU 366)", PP. 185-205.

Analiza en lingua castelá a figura da nena nos contos de *Caperucita Roja* e *La asadura del muerto* a partir dun comentario dos mesmos en canto ao argumento.

- Josep A. Grimalt, "La guerra de sexos en la narrativa oral", pp. 207-219.

Ao través da lingua castelá, profunda na confrontación entre o varón e a muller nos contos de tradición oral.

- Josiane Bru e Carme Oriol, "Pour une typologie des figures féminines des récits oraux traditionnels", pp. 239-261.

Realiza, en lingua francesa, unha tipoloxía da muller en relatos propios da tradición oral.

Pecha o volume un índice cos datos biobibliográficos dos autores e autoras dos traballos recompilados no volume.

Novo, Isidro e Antonio **Reigosa** (coords.), *Actas das V Xornadas de Literatura de Tradición Oral. Os mouros e as mouras: máxicos enigmáticos da mitoloxía popular*, limiares Cesáreo Sánchez Iglesias e Antonio Reigosa e Isidro Novo, Vigo: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, "Escrita contemporánea, T", decembro 2012, 127 pp. (DL: VG- 1293-2005). Contén DVD. ◆

Volume T da revista *Escrita Contemporánea* que recolle as conferencias e mesas redondas das V^{as} Xornadas de Literatura de Tradición Oral, organizadas pola AELG e apoiadas pola Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, celebradas en Lugo en outubro de 2012 sobre a temática dos personaxes míticos dos mouros e as mouras. Despois das presentacións institucionais de Mario Outeiro Iglesias, Deputado delegado da Área de Cultura e Turismo da Deputación Provincial de Lugo, e de Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, os coordinadores destas xornadas inciden na importancia de profundizar no coñecemento destes seres míticos e de coñecer a súa pegada en topónimos e lendas, presentan aos investigadores participantes e realizan os oportunos agradecementos. A seguir reprodúcense os seguintes traballos de interese para este *Informe*:

- Rafael Quintía Pereira, "Mouros e mouras. Na procura de nós mesmos", pp. 13-40.

Nesta conferencia o antropólogo Rafael Quintía Pereira (Vigo, 1971) primeiramente presenta a definición e características xerais do mito como narración simbólica que alude á orixe dunha colectividade, para despois centrarse na análise do mito dos mouros como alicerce fundamental da identidade galega. Explica a orixe destes seres míticos, apuntando que a primeira referencia se atopa no século XV en *Recuento de las Casas Antiguas del Reino de Galicia*, de Vasco de Aponte, aínda que o autor retrotráese ata o século XII e o *Codex Calixtinus*. Despois explica as características dos mouros en canto á súa orixe, o hábitat, o seu comportamento e a súa función á hora de construír a identidade galega e a paisaxe natural e cultural e de transmitir a ideoloxía e valores propios. A seguir, caracteriza físicamente as mouras e describe e analiza o significado dos seus obxectos (roca, fuso, tesoiras, peite, xoias e tesouros) e os seus atributos simbólicos (a sexualidade, a conversión en serpe, construtora de megálitos). Tamén estuda o seu hábitat, o binomio moura-pedra e moura-augas, as relacións simbólicas das mouras coa fertilidade, coa morte, co tránsito ao alén e co carácter liminal da noite de San Xoán. Repara nos temas das tríades e mouras trinitarias, na aparencia das mouras como moza casamenteira, Raíña ou Señora e Vella. Como exemplo de mitopraxe, explica a reutilización do mito da moura e a súa cristianización nas lendas sobre a Virxe, en canto a topografías e atributos compartidos. Finalmente condensa as hipóteses interpretativas deste mito en dúas propostas fundamentais: a óptica historicista e a antropoloxía do xénero ou feminista; e ofrece unhas conclusións xerais sobre os mitos de mouros e mouras.

- Alexandre Parafita, “Mouros históricos e mouros míticos: dualidades e complementaridades”, pp. 41-50.

Conferencia de Alexandre Parafita (Sabrosa, Alto Douro, 1956) na que ofrece datos cronolóxicos dos mouros históricos, a súa presenza na Península Ibérica e a súa relación cos mouros míticos. En relación con estes últimos, repara na dualidade étnico-relixiosa entre mouros e cristiáns, nas actividades e cualidades dos mouros, na naturaleza dos seus tesouros e encantos e no significado da toponimia e outras etioloxías relacionadas coa figura dos mouros que aparecen nas narracións sobre estes seres míticos. Conclúe que, á través da análise das narracións destes mitos, se pode observar unha preocupación político-relixiosa por demonizar os mouros debido á dicotomía cristianismo/islamismo.

- Antonio Reigosa, “Imaxinarios compartidos, historias separadas”, pp.51-60.

Mesa redonda moderada por Antonio Reigosa na que os investigadores Rafael Quintiá e Alexandre Parafita intercambiaron opinións cos asistentes en relación á xeografía mítica dos mouros que se constatan en Costa Rica ou no Brasil; á relación simbólica entre mouros e mouras; á posibilidade de cristianización da figura do mouro en relación coa crsitianización da moura na figura da Virxe; á orixe paneuropea deste mito e ás súas variantes xeográficas; e á relación das mouras coa xiana ou xana pola lei das transposicións, entre outras cuestións menores.

- Mar Llinares García, “Mouras e mulleres. As imaxes femininas na mitoloxía popular galega”, pp. 61-75.

A doutora en Xeografía e Historia Mar Llinares (O Pindo, 1961) primeiramente achégase ao concepto de “mito” e á súa interpretación ao longo da historia do pensamento para despois enfocarse na mitoloxía popular galega, concretamente na mitoloxía das mouras galegas. Así analiza as características físicas e comportamentais que definen as mulleres encantadas, exemplificando a análise con cantigas e contos, e que a investigadora interpreta como figura para expresar as claves sobre o que deben e non deben ser as mulleres para a cultura popular galega. Profunda na relacións das mouras con leite-serpe-maternidade-sexualidade, coas augas (relación muller-pesca-sexualidade) e cos elementos comestibles (queixo, pan e flores).

- Isidro Novo, “Mito e realidade: sexo e poder na cultura popular (mesa redonda)”, pp. 89-99.

Mesa redonda moderada por Isidro Novo na que Mar Llinares, Rafael Quintiá, Alexandre Parafita e Jesús Suárez intercambiaron argumentos cos asistentes en relación ás mudanzas e asunción de novas funcións dos mitos segundo á sociedade á que se dirixan, ás diferenzas entre a idea da moura asturiana e a galega, aos elementos universais femininos, aos tipos de lendas, á relación e interferencias da literatura popular coa literatura culta e á sobredimensión da mitoloxía grega, entre outras cuestións.

Por último, acóllese un apartado final intitulado “Seminario de conclusións” (pp. 101-112) no que se fai un resumo conclusivo das intervencións e se transcriben intervencións de asistentes nas que se tratou dos perigos de atopar o tesouro dos

mouros, do proceso de cristianización das mouras, dos obxectos con significado simbólico, dos mouros como construtores, da función didáctica dos mitos e doutras cuestións menores; e reprodúcese un relato elaborado por Elvira Fente titulado "Os penedos xigantes e as mouras da Ribeira Sacra". Péchase o volume cunhas notas biobibliográficas sobre a relatora e os relatores e os coordinadores das xornadas.

Solla, Calros , *O código da vincha*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, col. Cerdedo in the Voyager, n.º 11, 2012, 324 pp. (ISBN: 978-84-16166-35-1).

Orixinal volume de Calros Solla (Pontevedra, 1971) perfectamente presentado polo título e subtítulo escollidos, que condensan os contidos e os trazos de presentación do libro. "O código da vincha", paródico e anovador, que recolle unha das señas culinarias de identidade do lugar que centra os textos, vén sucedido polo subtítulo "Retrincos da intrahistoria de Cerdedo". Os paratextos pertencen a coplas, refráns ou dicires populares, así como a Frei Martiño Sarmiento. Nunha soa páxina de introdución sen título, Calros Solla explica a calidade de "testamento literario dun Cerdedo cuántico" que a obra ten, alén de dar algunhas claves sobre as peculiaridades da edición e expresar que tal "mensaxe identitaria" se sitúa como undécima nunha restra de libros da mesma colección. O "Preámbulo xeonomástico" constitúeno os topónimos de cada unha das freguesías e lugares de Cerdedo cun mínimo desenvolvemento etimolóxico. A partir de aí, a epígrafe dos "Retrincos", medula espiñal do traballo, ocúpanse da historia recente e os cambios sociohistóricos vividos polo rural galego: a construción comunitaria dunha estrada, a chegada das primeiras televisións, a cadencia dos días da escola ou o "alborexar da telefonía en Terra de Montes"… Recóllese o patrimonio do sobrenatural e fantástico: desde a Compaña, até a "defunta señora Carme", "a morte pelada" ou "a morte presentida", incluso "avistamento ovni no Alto do Seixo"; e patrimonio material ("A pena mamadeira"). En múltiplas ocasións, as historias refiren anecdotarios da aldea ("Un exorcismo na freguesía de Cerdedo"), pequenos contos ("Conto do cura e o esmolante", "Conto do xastre lambón"), explican a orixe dalgunha expresión do lugar (como "cousas do cura de Castro", para censurar os ditos ou feitos de alguén, por necios) e até chistes actuais, moi naturais, como "Conto do presidente da Xunta". Hai tamén espazo para a reflexión sobre o feito literario, como en "A Terra de Montes, bálsamo poético en Amado Carballo" , ou sobre os feitos máis culturais e cotiás, como a receita da bica (ou bolo) e a da vincha, unha lambonada tradicional de Cerdedo, propia do Entroido. Igualmente, condénsanse aquí algúns textos que o autor dispersara en publicacións periódicas ("*Revista das Letras*" en *Galicia Hoxe*, *Faro de Vigo* etc), no seu blog ("O embigo do becho") ou textos festivos e explicativos, como o "Pregón da IX Festa da Vincha de Cerdedo (ano 2009)". Os retrincos están adobiados de innúmeras referencias literarias (galegas e non só) e salferidos de anacos de letras de Los Planetas, Siniestro Total etc. Boa parte dos "Retrincos" levan a indicación: "Recollido na aldea de", "Gravado na aldea de", "Recollido na freguesía de", "Lido no papelorio antigo", e conviven, directamente, con algunha nota biográfica, como a de Xosé Cortizo, de quen se recollen coplas. Polo que á parte documental ou ao apoio gráfico respecta, introdúcense algunhas fotografias (do muíño das Raposeiras, do petróglifo do Outeiro do Mestre, dun modelo de magnetofón da época etc).

Recensións:

- Maruxa Gestoso Álvarez, “Retallos de cultura popular”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 412, “Libros”, 26 abril 2012, p. VI/ “Retrinco de cultura popular”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 365, “Letras galegas”, 28 abril 2012, p. 6.

Fálase desta obra de Carlos Solla na que se recollen lembranzas dos habitantes da parroquia de Cercedo, como a chegada da televisión, cantos e coplas etc. Indícase que o autor contextualiza e valora as historias a través dos seus comentarios, ás veces dun xeito irreverente e non exento dun ton crítico que se considera intelixente e acertado.

VV. AA., *PNO! Na Ponte. Unha historia de Ponte...nas ondas!*, Vigo: Asociación Ponte...nas ondas!, 2012, 171 pp. Inclúe CD e DVD. (ISBN: 978-84-6158-277-8). ◆

Recompilación de ensaios cuxos temas principais xiran en torno ao patrimonio cultural da Asociación Ponte...nas ondas! Un apuntamento a xeito de introdución por parte da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! titulado “Como uma onda no mar” salienta o eido da educación coma punto de partida dos traballos recollidos no volume. Inclúense as seguintes achegas de interese para este *Informe*:

- Santiago Veloso, Xerardo Feijoo e Lourdes Carita, “Ponte...nas ondas!”, pp. 16-43.

Fala das orixes da Asociación en canto ao seu desenvolvemento durante os dez primeiros anos, a proclamación da candidatura ao Patrimonio Inmaterial da UNESCO, as actividades promovidas como apoio a dita candidatura, os recoñecementos dos que foi merecente, as Xornadas de Radio Interescolar Ponte...nas ondas!, as de Xogos Tradicionais Galego-Portugueses, a Jornada Mundial de Radios Educativas, a presentación da Candidatura de Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués en 2008 e os novos proxectos como CampUSCulturae ou Grundtuvig: Grand Treasures.

- Antonio Reigosa, “O ‘Certame de Recolla da Tradición Oral e do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués”, pp. 96-105.

Comenta o desenvolvemento dun congreso internacional celebrado en 2010 baixo o lema “Pontes de Cultura, pontes de futuro”.

- Álvaro Campelo e Xosé M. González Reboredo, “Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués. Un éxito traizoado”, pp. 106-123.

Analiza o proceso da candidatura ao Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués por parte da Asociación e as estratexias das que fixeron uso para acadala.

- Santiago Veloso, “Meniños cantores”, pp. 124-127.

Describe brevemente o proxecto homónimo co obxectivo de lograr a candidatura ao Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués.

- Uxía Senlle, “A música de Ponte...nas ondas!”, pp. 130-133.

Apunta un dos proxectos musicais da Asociación.

- Dori Castro, “Pintando nas ondas”, pp. 134-137.

Explica as orixes do proxecto homónimo no ano 2000 a partir da introdución de novas tecnoloxías na Asociación.

- Santiago Veloso, “Cores do Atlántico”, pp. 138-141.

Recensiona o volume homónimo do que salienta a colaboración de Ria Lemaire e Socorro Lira.

- Andrés Meixide, “A imaxe de PNO”, pp. 144-147.

Apunta a experiencia persoal da súa colaboración na Asociación.

Despois destes artigos aparecen os contidos do CD e DVD que inclúe este volume nun apartado intitulado “PNO! Na Ponte”, coa reprodución das letras de cada canción.
Ao longo do volume podemos observar viñetas cómicas sobre a importancia dos medios de comunicación. Pecha o volume un apartado que contén a transcrición do Congreso Internacional “Pontes de Cultura, pontes de futuro” celebrado na Asociación.

VIII.2. REEDICIÓNS E TEXTOS RECUPERADOS

Risco, Vicente, *Etnografía: cultura espiritual*, pról. Gosia Trebacz, A Coruña: Ediciones Boreal, xaneiro 2012, 547 pp. (ISBN: 978-84-86410-70-4).

Edición numerada en arábigo e limitada a douscentos vinte e dous exemplares de tirada mundial desta monografía de Vicente Risco (Ourense, 1884), publicada por primeira vez en 1962 na *Historia de Galicia*, coordinada por Ramón Otero Pedrayo. Ábrese coa composición poética "O Arco da Vella" (pp. 6-7), poesía galardoada coa pluma de ouro e prata no certame literario celebrado en Vigo, en xuño de 1881. A continuación, inclúese un apartado intitulado "Experiencia previa" (pp. 9-19) onde, tras definir o estudo da cultura popular e o que se entende pola mesma, pasa a explicar aqueles factores determinantes que constitúen a cultura popular galega: primeiramente afonda na situación xeográfica e na circunstancia xeopsíquica da Terra Galega; de seguido, afonda nos factores étnicos, nas manifestacións psíquicas, a estrutura económico-social, e o influxo histórico que definen e inflúen na xente de Galicia; e por último, fala do proxecto etnográfico plasmado no volume. A continuación, en oito capítulos analízanse os aspectos mitolóxicos da cultura popular galega, explicando o rol de ditos mitos e a forma de representación das crenzas relixiosas do pobo galego; as supersticións máis común da cultura galega; a vida do home da aldea nas catro franxas de idade (neno, mozo, home e vello); as tradicións e crenzas vinculadas ás diferentes festividades populares; as artes plásticas, a música e danza, como representacións da cultura popular. Respecto da literatura, afonda na literatura popular galega, que divide en épica, lírica e literatura dramática; e explica que a épica comprende toda a épica fragmentaria e toda a literatura oral de carácter narrativo ou didáctico, que divide en lendas e contos, diferenciándoos porque as primeiras versan sobre un feito que aconteceu de certo, mentres, que os segundos son puras creacións literarias. Clasifica as lendas en etiolóxicas, haxiográficas e históricas e os contos segundo a intención (marabillosos, exemplares, humorísticos, eróticos e mnemotécnicos) ou o tema tratado (contos de bruxas, do demo, do trasno e doutros seres mortos, ánimas etc). Na épica de carácter didáctico destaca as sentencias ou proverbios. Pola súa banda, na lírica distingue: cantigas correspondentes as festas do ano, de carácter relixioso ou profano, cantigas de romaxe cantadas no camino das romarías e cantigas de divertimento, segundo sexan ou non para acompañar o baile. Finalmente, amosa exemplos de representacións populares dramáticas como as comedias ou entremeses do entroido, as loitas de mouros e cristiáns etc.

Referencias varias:

- Jacinto Ruíz, "O cofre que garda o tesouro de Risco", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 479, "Letras en galego", 11 agosto 2012, p. 8.

Dáse conta da presentación desta obra na Feira do Libro da Coruña e saliéntase o formato de luxo desta coidada edición de tirada única e limitada. Destácase o seu contido que "segue con rigor o facsímile orixinal". Dise que se recompila ampla información sobre restos de cultos pagáns, de seres míticos, de obxectos venerados, de sacrificios antigos, de relixión, de supersticións, de arquitectura, de festas e tamén de

literatura, entre outros temas. Afírmase que este “é o tesouro de Risco”.

VIII.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Lisón Tolosana, Carmelo, *Teoría etnográfica de Galicia. Antropología cultural de Galicia IX*, Madrid: Ediciones Akal, 2012, 228 pp. (ISBN: 978-84-460-3510-7).

Monografía de Carmelo Lisón Tolosana (Zaragoza, 1929), que se corresponde co volume número nove dunha serie, na que se analizan e interpretan a sociedade e a cultura da Galicia rural. Divídese en dúas partes: unha primeira intitulada "Presentación" (pp. 13-112) que repara en cuestións como qué é a ciencia? e como se debe afondar no feito científico, explica como a ciencia aborda o estudo do "ser" e a complexidade do mesmo e profundiza no estudio etnográfico e na multiplicidade de procedementos a seguir, incidindo en tres perspectivas ou dimensións: a antropoloxía social, a antropoloxía cultural e a antropoloxía xeral. Na segunda parte que leva por título "Escenificación" (pp. 115-228), detense no mundo "máxico" da cultura galega, analizando celebracións populares como o entroido ou retomando seres míticos da tradición galega como A Santa Compaña. Para isto ofrece un estudo sobre o "ritual" e sobre o "mito" dentro da cultura, escenificados a través das diferentes tradicións galegas.

Recensións:

- Montse Dopico, "Galegos, seres simbólicos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 430, "Reportaxe", 18 outubro 2012, p. IV.

Explícase que Lisón Tolosana quedou cativado pola cultura popular galega, o que o levou a percorrer durante dous anos o mundo rural. Indícase que o resultado das súas investigacións foi considerado o comezo da antropoloxía académica galega (aínda que xa existiran algúns precursores como Vicente Risco, Fermín Bouza Brey...). Infórmase de que Lisón Tolosana estivo máis de catro décadas interpretando a información que recollera para plasmala nesta obra, que se adica en boa parte a esculcar o significado das crenzas. Apúntase tamén que a súa achega foi fundamental para a antropoloxía galega e que a súa influencia nos autores posteriores foi notable.

Mosquera Paans, Miguel, *Galicia, leyendas desde el confín del mundo*, ed. Francisco Villegas, Ponte Caldelas: Edicións do Cumio, novembro 2012, 198 pp. (ISBN: 978-84-8289-459-1).

Recompilación de lendas populares de Miguel Mosquera Paans que se abre cun prólogo do autor no que se comenta o gran patrimonio popular oral de Galicia e se insiste na intemporalidade deste tipo de fábulas, ademais de agradecer a colaboracións das xentes e dos concellos. Reúne en castelán unha gran cantidade de lendas de diversa tipoloxía: de animais fantásticos (como a andoriña), de ánimas (as ánimas de Boborás), de árbores (o carballo do Carballiño), de batallas (como a batalla de San Facundo), de castros (o castro de Pedrouzos), de covas (a cova da serpe de Punxín), de curas, abades e frades (o bispo exiliado), de demos e diaños (a igrexa do diaño), de edificacións (a casa da viúva),

de fontes (coma o Bañiño de Arcos), de igrexas e mosteiros (entre outras, as clarisas de Allariz), relacionadas coa Virxe (coma a Virxe de Covas), de lagos (os lobos de Ribadamontaña), de magos e meigas (as bruxas da Torre de Hércules), de mans (como a man negra de Cerceda), de muíños (o muíño do Formigueiro), de mouros (a moura de Parada de Amoeiro) e de pedras (como a Pena dos Namorados ou a cama de San Xoán). Tamén recolle lendas de personaxes (como o xigante do Campo da Moura ou a condesa de Verín), de pozos (o pozo do castelo de Formigueiro), de pontes (a ponte de Ponteboa), de ríos (Santa María de Montederramo e o río Mao), de santos (o milagre de San Lourenzo de Sabucedo), de serpes (as serpes de Santo Hadrián), de tesouros (o tesouro do pazo de Almuzara), de torres e castelos (coma o castelo de Santo Hadrián de Ortigueira), de vigas e portas (as tres vigas de San Amaro) e, por último, lendas fundacionais, coma a do nacemento da ría de Foz ou das minas de carbón das Pontes. Pecha a obra un apartado no que se nomean as fontes empregadas.

VIII.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Ermida, Germán, "Acuña, mestre republicano e poeta", *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, n.º 7, 2012, pp. 69-81.

Analízanse os procesos de difusión da figura do Apalpador no contexto urbano galego, apousentándose como unha figura do Nadal propia de Galicia. Reflexiónase sobre as mudanzas que se están a producir neste proceso, tanto no personaxe e nos valores asociados a el coma nos xeitos en que estes se transmiten, atendendo de maneira especial ao contexto asociativo no que se promoveu tal recreación. Finalmente, considérase que este proceso de revitalización pode ser de interese para outros proxectos de recuperación, posta en valor e difusión da cultural tradicional galega.

Hermida Gulías, Carme, "Coplas populares para un casamento", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 90, "Acoutacións", abril-maio-xuño 2012, pp. 83-99.

Presenta a análise sobre unha escolma de cantigas recollidas das compilacións de D. Blanco, R. Cabanillas, J. Lois Casal, J. Pérez Ballesteros, M. Quintáns Suárez e J. A. Saco Arce. Reproduce a escolma a partir dunha tipoloxía segundo as súas temáticas: o amor como abstracción, a manifestación da atracción amorosa, a declaración do amor, o amor correspondido e a convivencia.

Paredes Cayo, Rita, "Divulgación do patrimonio inmaterial", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 108-109.

Recensiona o volume de Vítor Vaqueiro, *Mitoloxía de Galiza. Lendas, tradicións, maxias, santos e milagres* (2011), saído do prelo da man da Editorial Galaxia. Despois de traer á memoria outro volume seu anterior, *Guía da Galiza máxica* (1998), que resume no tocante á súa temática e estrutura, céntrase no volume antedito e salienta o seu carácter de dicionario cun amplo repertorio bibliográfico. Analiza asemade as diferentes figuras descritas e destaca dúas fontes citadas: o labor de investigación no seo de asociacións culturais e as conversas cos informantes. Conclúe cunha loanza ao obxectivo do volume de fomentar o patrimonio inmaterial galego.

Couñago, Xosé, "Monte Penide. Arqueoloxía e lendas deste espazo natural de Redondela", *Seminario de Estudios Redondeláns (SEREN)*, n.º 6, 2009-2010-2011-2012, pp. 11-38.

Estuda os aspectos arqueolóxicos e lendarios que rodean o Monte Penide no concello de Redondela, a partir dunha serie de pequenas seccións. Así, trata cuestións como o contexto xeográfico e bibliográfico, a existencia hoxe en día de xacigos e mámoas ou o descoñecemento deste concello da riqueza histórica que posúe. Leva a cabo, a seguir, un percorrido polas diferentes etapas prehistóricas deste Monte, como os túmulos

funerarios do Neolítico, entre eles a “Mámoa do Rei” ou a Idade do Bronce coa mámoa “Chan da Cruz” e seus petróglifos. Presta tamén atención aos gravados rupestres da Porteliña, Poza da Lagoa, Coto do Corno e a súa vinculación con lendas de procesión de ánimas; aos hábitats prehistóricos da Poza da Lagoa e Coto Fenteira e ao castro de Negros e súa lenda mítica da Moura-Serpe que o protexe, coa que pecha o estudo.

VIII.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Gestoso Álvarez, Maruxa, "Lendas de noso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 401, "Libros", 2 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 11 febreiro 2012, p. 6.

Preséntase o libro de Miguel Mosquera Paans, *Lendas de Ourense* (2011), no que o autor recompila a totalidade das lendas espalladas ao longo da provincia de Ourense. Indícase que as lendas aparecen libres de explicacións e interpretacións antropolóxicas.

Gestoso Álvarez, Maruxa, "De cantos e de contos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 404, "Libros", 23 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 3 marzo 2012, p. 6.

Fálase da edición por parte dos profesores X. R. Mariño Ferro e Carlos L. Bernárdez da obra de Alfonso Hervella Courel *Romances populares gallegos recogidos de la tradición oral* (2011), unha obra do ano 1909 inédita até o momento na que se recollen "tal e como os recitaban os labregos" máis de cento trinta romances da literatura popular. Dáse conta da estrutura interna e do contido e saliéntase que as composicións retratan unha cosmovisión e unha maneira de situarse no mundo que conforman os alicerces da sociedade galega.

Méndez Ferrín, X. L., "De mitoloxía contemporánea", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 741, "No fondo dos espellos", 21 xaneiro 2012, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 361, "No fondo dos espellos", 28 xaneiro 2012, contracuberta.

Explícase brevemente como se transforman as lendas urbanas dende rumores até sistemas míticos e menciónase a obra intitulada *Lendas urbanas: mitos e ritos dos tempos modernos* (2011), que se corresponde coas actas das IV Xornadas de Literatura e Tradición Oral, organizadas pola sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Montaña, Estro, "Dialogando cos devanceiros", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 358, "Letras galegas", 7 xaneiro 2012, p. 6.

Realízase un repaso polo contido do *Dicionario de etnografía e antropoloxía* (2011), de X. R. Mariño Ferro e X. M. González Reboredo, no cal "os autores ofrecen unha visión dinámica da realidade e poñen en relación as vellas tradicións coa actualidade", explicando a cultura popular dende finais do século XIX até mediados do XX.

VIII.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Mendez Ferrín, Xose Luís, "Segundas sombras e novos mitos", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 360, "No fondo dos espellos", 21 xaneiro 2012, contracuberta.

Coméntase a relectura das Actas das IV Xornadas de Literatura e Tradición Oral, editadas pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, e dise que estas versaron sobre "Lendas urbanas: mitos e ritos dos tempos modernos".

VIII.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. A., "O Apalpador será protagonista en museos de Lugo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 19 decembro 2012, p. 41.

Infórmase de que esta figura tradicional do Apalpador será o protagonista dos catro museos da rede provincial da Deputación de Lugo, nos que terán lugar actividades para adultos e pequenos.

Á. P., "Ponte Caldelas reivindica la oralidad en la Biblioteca", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Comarca", 9 novembro 2012, p. 13.

Dáse conta da celebración, en Ponte Caldelas, da Semana Internacional da Tradición Oral. Infórmase de que os veciños puideron disfrutar dunha sesión sobre contos e tradicións, algo que reflicte a querencia deles pola tradición oral.

Creo, Carmiña, "Cantámosche os Reis' recupera a tradición oral galega", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 419, 26 decembro 2012, p. 7.

Coméntase que Pablo Díaz e Olga Kirk, artistas investigadores da tradición oral galega, ofreceron sesións baseadas nos antigos cantos dentro do programa "Cantámosche os reis".

Dopico, Montse, "Os "mouros" e nós", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 434, "Reportaxe", 15 novembro 2012, p VII.

Infórmase das V Xornadas de Literatura de Tradición Oral, celebradas en Lugo pola AELG e a AS-PG, que se centran nos "mouros" e "mouras". Incídese na microtoponimia galega, que garda pegadas desta crenza nos mouros e noutros seres míticos. Saliéntase a diferencia existente entre "mouro" e o seu feminino.

Fernández, Carlos, "Cuando los mitos cobran vida", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 636, 16 setembro 2012, pp. 6-7.

Dáse conta de certos mitos que cobran vida segundo testemuñas que confesan aparicións impactantes, principalmente na década dos anos 50 do pasado século. Detállanse estas aparicións: o Urco, a Santa Compaña o lobishome ou islas míticas como San Brandán.

Fernández, Juanjo, "Homenaxe aos informantes", *El Progreso*, "*De Verano*", "Tribuna aberta", 26 agosto 2012, p. 38.

Fálase dos informantes, persoas que achegan datos de calquera tipo sobre a cultura tradicional, de valor incalculábel para a sociedade. Infórmase sobre a Festa da Pandeira, a última cita da montaña de Lugo na que se reivindica ese poder da cultura oral.

Ferreira, A., "Encuentro de patrimonio oral", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana/Baixo Miño", 20 novembro 2012, p. 18.

Alúdese ao encontro que tivo lugar no Centro Cultural de A Guarda, ao que asistiron algo máis dun cento de persoas. Coméntase que Tino Baz foi o encargado de poñer voz e son ao acto.

Franco Bouza, Lorena, "Recordando a los que hicieron patria fuera", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 25 outubro 2012, contracuberta.

Coméntanse, entre outras cousas, as actividades organizadas pola biblioteca Ánxel Casal para concienciar á poboación do labor tan importante que realizan os centros de transmisión e conservación do patrimonio cultural. Infórmase de que, nunha delas, Xosé Manuel Varela falou da regueifa, esa tradición "tan galega".

García, Joaquín, "Política Lingüística revitaliza os Cantos de nadal galegos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 decembro 2012, p. 43.

Infórmase do obradoiro "Cantámosche os reis", a segunda iniciativa de *Nadal en Rede*, que se vai estrear en Mesía e Ribadavia, da man da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Coméntase o calendario completo desta actividade e dáse conta das postais electrónicas en galego que a consellería pon a disposición de toda a cidadanía.

González, Montse, "Chusqueiro e artimañeiro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 405, "Etnografía/Sociedade", 1 marzo 2012, p. II.

Dáse conta de varios calendarios agrícolas aínda en activo, como *O Mintireiro Verdadeiro*, *O Gaiteiro de Lugo* e o *Almanaque agrícola ZZ.* Explícanse as súas características segundo o estudo que fixo deles Luís Alonso Girgado dende o Centro Ramón Piñeiro.

González, Olalla, "Xosé Miranda explica que os relatos eróticos actuais teñen a súa orixe milleiros de anos atrás", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 22 setembro 2012, p. 70.

Explícase o principal contido do faladoiro "Contos colorados. O erotismo na cultura popular", no que Xosé Miranda falou de relatos eróticos que sempre son os mesmos e se foron adaptando a todos os tempos e criticou que sexan desprezados por prexuízos.

I. L. M., "El año de Casto Sampedro", *Faro de Vigo*, "Redondela", 3 xaneiro 2012, p. 11.

Apúntase que, con motivo do setenta e cinco aniversario do pasamento de Casto Sampedro, o Concello de Redondela decidiu organizar varios actos na súa honra ao longo deste ano, entre eles a reedición de partituras recompiladas por el e unha serie de conferencias sobre as súas obras.

Jaureguizar, "O papel dos mouros será analizado en Lugo por antropólogos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 5 outubro 2012, p. 64.

Dáse conta das Xornadas de Literatura de Tradición Oral, que se celebrarán en Lugo no Pazo de San Marcos, organizadas por Antonio Reigosa e Isidro Novo. Infórmase de que se centrarán na figura dos "mouros".

Méndez Ferrín, X. L., "Segundas sombras e novos mitos", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 740, "No fondo dos espellos", 14 xaneiro 2012, p. 4.

Con motivo da celebración das IV^as^ Xornadas de Literatura e Tradición Oral que versaron sobre lendas urbanas, preséntase a primeira lenda urbana que o autor recoñeceu como tal.

Méndez Ferrín, X. L., "Adeus á neomitoloxía", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 747, "No fondo dos espellos", 3 marzo 2012, p. 4/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 368, "No fondo dos espellos", 10 marzo 2012, contracuberta.

Seguindo co tema das lendas contemporáneas tratado en artigos precedentes, cuestiónase a orixe dalgunha destas, como a do Samaín e a do Apalpador.

Méndez Ferrín, X. L., "Mentalidade Armesto", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 358, "No fondo dos espellos", 7 xaneiro 2012, contracuberta.

Bosquéxase unha árbore xenealóxica arredor da figura de Víctor Said Armesto coa finalidade de ilustrar a importancia que a mentalidade librepensadora tivo na "configuración da idea contemporánea de Galicia".

Mosteiro, Santy, "Quentando as gorxas para o día 4", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí!", 27 decembro 2012, contracuberta.

Infórmase de que un ano máis o grupo Os Chichisos levarán os "Cantos de Reis", esas antigas pezas da literatura popular que se cantaban nas casas (panxoliñas ou nadais, xaneiras, manueis ou aninovos e cantares de rei ou aguinaldos), polas rúas de Pontevedra.

Pérez, Cristina, "Santaballa fía a súa memoria", *El Progreso*, "A Chaira", 9 decembro 2012, p. 15.

Dáse conta da Polafía celebrada na escola habanera de Santaballa, na que se escoitaron lembranzas, contos e lendas da parroquia.

Pinal, Sabela, "'Cantigas de avoa' para niños", *La Región*, "Carballiño", 16 novembro 2012, p. 15.

Alúdese á publicación da obra *Cántame e cóntame avoa*, resultado do traballo dos alumnos do colexio de Cea. Dise que se trata dunha recompilación de cantigas e refráns tradicionais.

Ramos, J. M., "Ponteceso recupera en un blog la tradición oral", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 343, 10 outubro 2012, p. 5.

Coméntase o blogue que o Concello de Ponteceso creou para recuperar a tradición oral. Explícase que nel se reúnen grabacións de contos, lendas, adiviñas e historias persoais, ademais de entrevistas e pezas.

S. J., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 17 maio 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase do relatorio de Antonio Reigosa sobre os seres mitolóxicos de Galicia que terá lugar na Casa da Cultura de Alfoz.

S. J., "Quintiá di que o mouro galego non é sempre árabe coma o luso", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 20 outubro 2012, p. 72.

Indícase que o antropólogo Rafael Quintiá, xunto co portugués Alexandre Parafita, participaron nas Xornadas de Literatura de Tradición Oral celebradas en Lugo nunha conversa sobre a figura dos "mouros", diferentes en Galicia e Portugal.

Viñas, María L., "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 25 xuño 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da presentación en Lugo da Escola de Narración Oral. Coméntase que o acto contou coa participación de Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, e de Antonio Reigosa, coordinador da sección de Literatura Oral desta entidade.

IX. REVISTAS

Neste apartado acollemos as revistas con ISSN e as edicións facsimilares, das demais só se describen os traballos relacionados coa literatura galega no apartado "Publicacións en revistas" deste *Informe*.

ADRA. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego
(ISSN: 1886-2292) (DL: C-2367-2005).

Revista editada polo Museo do Pobo Galego que naceu co obxectivo de ser un vieiro de comunicación entre as persoas asociadas, unha canle de expresión na consolidación do Museo do Pobo Galego, ademais de fomentar o intercambio con outros organismos e institucións museísticas dentro e fóra da xeografía galega. Saíu do prelo no mes de novembro do 2005 co número 0. Dende o inicio o consello de edición estivo formado por Fátima Braña Rey, Rosa Mª Méndez García, Xaquín Penas Patiño e Manuel Vilar Álvarez, e no ano 2008 pasou a estar composto por Fátima Braña Rey, Rosa Mª Méndez García, José Mª Laredo Codornié, Nolo Suárez e Manuel Vilar Álvarez. Estrutúrase en artigos dedicados a diferentes temas. No ano 2012 publicouse o número 7.

AGÁLIA. Revista de ciências sociais e humanidades
(ISSN: 1130-3557) (DL: C-250-1985).

Revista de estudos socio-culturais que foi fundada no ano 1985 e está vencellada á asociación AGAL. Nos seus primeiros dez anos, *Agália* estivo dirixida pola presidencia de AGAL, con Joám J. Costa Casas como coordinador. O consello de redacción estaba integrado por oito persoas, equipo que foi medrando até chegar aos trece compoñentes cos que conta na actualidade. Nunha segunda etapa, que comprendeu dende o número 41 (primavera de 1995) até o número 61 (primavera de 2000) tivo a Mª do Carmo Henríquez Salido como directora. Dende o número 62 (verán de 2000) até o número 91-92 o seu director foi Carlos Quiroga. Nesta etapa, a partir do número dobre 63-64 (correspondente ao segundo semestre do ano 2000) *Agália* presentou un novo deseño na capa, optou pola periodicidade semestral e engadiu o subtítulo: "Revista de ciências sociais e humanidades". No enderezo electrónico pódense localizar os índices dos diferentes números desta revista dende o número 56 (inverno de 1998) até a actualidade. É posíbel, asemade, consultar en liña algúns destes traballos. Esta revista contén as seguintes seccións: "Estudos", "Relato/Poesia", "Entrevista", "Notas", "Recensons" e "Percurso". No ano 2012 publicáronse os números 103 e 104, relativos ao 1º e 2º semestres do ano 2011.

AILIJ (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil)
(ISSN: 1578-6072) (D.L:VG-978-2001).

Anuario editado pola Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ), cuxa sede se atopa na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, publicado por dita universidade e dirixido até o ano 2011 por Celia Vázquez García. Asemade conta coa axuda da Dirección Xeral de Investigación,

desenvolvemento e innovación da Xunta de Galicia. Trátase dunha publicación científica, dirixida a un público nacional e internacional especializado, que acepta colaboracións de investigadores procedentes de calquera institución ou país, sempre que se trate de traballos de investigación orixinais (non publicados con anterioridade) e que o contido do artigo ou da recensión estea relacionado coa investigación que se vén realizando no campo da literatura para a nenez e a mocidade con carácter nacional ou internacional. O seu primeiro número, o número 0, saíu a lume o ano 2001 e dende o ano 2003 no que se publicou o número 1 ten periodicidade anual. As editoras foron Veljka Ruzicka Kenfel, Celia Vázquez García e Lourdes Lorenzo García. O comité de redacción estivo integrado até o número 9 por Margarita Carretero (Universidade de Granada), Pedro Cerrillo (Universidade de Castilla-La Mancha), Teresa Colomer (Universidade Autónoma de Barcelona), Marisa Fernández López (Universidade de León), Cristina García de Toro (Universidade de Castellón), Esther Laso y León (Universidade de Alcalá de Henares), Manuel López Gaseni (Universidade do País Vasco), Lourdes Lorenzo García (Universidade de Vigo), Antonio Moreno Verdulla (Universidade de Cádiz), Mª José Olaziregi (Universidade do País Vasco), Isabel Pascua (Universidade das Palmas de Gran Canaria), Blanca-Ana Roig Rechou (Universidade de Santiago de Compostela), Veljka Ruzicka Kenfel (Universidade de Vigo), Victoria Sotomayor (Universidade Autónoma de Madrid), Mª del Carmen Valero Garcés (Universidade de Alcalá de Henares), Celia Vázquez García (Universidade de Vigo) e Manuel Vieites (Universidade de Vigo). Esta publicación, que se estrutura en "Artículos" e "Reseñas/Reviews", publicou no ano 2011 o número 9, que se anovou cun cambio na presentación da revista, un novo consello de dirección, composto por Blanca-Ana Roig Rechou, Veljka Ruzicka Kenfel e Lourdes Lorenzo García e un novo consello de redacción formado por Eulalia Agrelo Costa, Mª Jesús Barsanti Vigo, Margarita Carretero González, Mª José Corvo Sánchez, Xabier Etxaniz Erle, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo, Cristina García del Toro, Esther Laso y León, Ana María Margallo González, Isabel Mociño González, Sara Reis da Silva, Carina Rodrigues, Beatriz Rodríguez Rodríguez e Mª del Carmen Valero Garcés. No ano 2012 saíu do prelo o número 10, no que Isabel Mociño González cede o seu posto no consello de redacción a Manuel Vieites García. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

ANIMA+L. Revista cultural para todas as especies
(ISSN: 1137-599X) (DL: C-541-96).

Publicación creada en febreiro de 1991, editada por Edicións Positivas, presentándose cunha periodicidade variábel. Comezou a súa andaina tendo a Xelís de Toro como director e coordinador, até que no ano 2007, Francisco Macías asumiu a súa dirección.

ANUARIO BRIGANTINO
(ISSN:1130-7625) (DL: C-1613/2000// C-680/96).

Publicación de carácter anual editada polo Concello de Betanzos e copatrocinada pola Deputación da Coruña, o Banco Etcheverría, a Fundación Caixa Galicia e a Fundación Manuel Villuendas Pena. Fundada por Francisco Vales Villamarín, tivo dúas etapas: a primeira delas, baixo a dirección do seu fundador, abrangue o período que vai de 1949, ao aparecer o *Anuario Brigantino de 1948*, até 1951. A segunda etapa comezou en 1981

e chega até o momento actual de maneira continua baixo a dirección de Alfredo Erias Martínez, que ocupou o cargo tras a morte do fundador. O subdirector é Xosé María Veiga Ferreira e o secretario Xulio Cuns Lousa. A publicación estrutúrase nas seccións fixas de "Historia", "Arte, literatura, antropoloxía", "Entidades culturais e deportivas" e "Acontecementos do ano". En 2012 saíu o número 35.

ANUARIO GRIAL DE ESTUDOS LITERARIOS GALEGOS
(ISBN: 84-8288-598-7) (ISSN: 1133-4533) (DL: VG-173-2003//VG-1263-2006).

Publicación literaria de periodicidade anual que deu á luz a Editorial Galaxia no ano 2003 co patrocinio da Fundación Caixa Galicia. Xurdiu da fusión do *Anuario de Estudos Literarios Galegos* e a revista *Grial*. O *Anuario de Estudos Literarios Galegos* e fora fundada a iniciativa de Xoán González-Millán, que exerceu como director até o seu pasamento no ano 2003. O consello de redacción estivo integrado por Diana Conchado, Xosé M. Dobarro, Ramiro Fonte, Helena González, Kathleen March, Camino Noia, Xosé R. Pena, Claudio Rodríguez Fer, Joaquim Ventura e Damián Villalaín. A revista tiña, asemade, un consello asesor composto por Xesús Alonso Montero, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Claude H. Poullain, John Rutherford, Giuseppe Tavani e Pilar Vázquez Cuesta. Na súa nova etapa, que veu acompañada dun cambio de nome e de deseño, a directora foi Dolores Vilavedra. A partir do *Anuario 2005* aprecíouse un cambio no D.L. e a asignación do ISSN, que se consignan na entrada. O consello de redacción estaba formado por Xosé M. Dobarro, Manuel Forcadela, Helena González, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Camino Noia. Compoñían o consello asesor Xesús Alonso Montero, Arturo Casas Vales, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Derek W. Flitter, Javier Gómez-Montero, Kathleen Marck, Stephen Parkinson, John Rutherford, Giuseppe Tavani e Pilar Vázquez Cuesta. O deseño correu a cargo de Fausto C. Isorna. Fusionáronse as antigas seccións "Estudios" e "Comunicacións", conservándose "Panorámicas" e "Libros" e desapareceu "Compendio bibliográfico". A partir do *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007* (2008) deixouse de publicar.

ARRAIANOS
(ISSN: 1698-9953) (DL: OU-2/05 // C 4290-2007).

Revista de ámbito limiá, de periodicidade anual, vinculada á Asociación Arraianos, fundada no ano 2004 por Aser Álvarez, que exerceu de coordinador. Tomando como inspiración a obra homónima de Xosé Luís Méndez Ferrín, a publicación pretende dar a coñecer os fenómenos culturais da Baixa Limia. Pódense consultar en formato pdf os cinco números anteriores (http://www.arraianos.com). Co número VII, correspondente ao mes de xaneiro de 2008, iniciouse unha nova etapa con máis colorido, baixo a dirección de Aser Álvarez e a coordinación de Lois Codias, cun consello de redacción composto por Alberto Augusto Miranda, Américo Rodrigues, Armando Requeixo, Baldo Ramos, Felipe Castro, José Domíngues, Henrique Alvarellos, Ramón Nicolás, Xoán Carlos Domínguez, Xosé Paulino Estévez e Xulio Medela. A revista consta das seguintes seccións: "Limiar", "Entrevista", "Entre arraianos", "Arredor da lareira", "Pensamento", "Creación" e "Andel de libros". A partir do número VII houbo un cambio de depósito legal que se consigna na entrada, debido a que pasou a ser editada por Alvarellos Editora. No ano 2012 publicouse un número monográfico dedicado a

Celso Emilio Ferreiro, en conmemoración do centenario do seu nacemento, co título *Celso Emilio fai 100 anos*. O volume inclúe varios poemas inéditos deste autor.

Recensións:

- María González Salpurido, "Celso Emilio fai 100 anos", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 89, tomo I, ano XXIII, "Publicacións", xaneiro-febreiro-marzo 2012, pp. 131-135.

Comenta a edición homenaxe da revista *Arraianos* a Celso Emilio Ferreiro co gallo do seu centésimo aniversario. Leva a cabo un percorrido polas diferentes seccións da revista e destaca o volume *Onde o mundo se chama Celanova* (1975). A seguir, trata en tres breves apartados algúns dos seus poemarios como *O soño sulagado* (1955) e *Longa noite de pedra* (1967), dos que salienta os poemas "O medo" e "Falareivos de min". Menciona asemade *Viaxe ao país dos ananos* (1968) e conclúe cunha referencia ao monográfico de Ferreiro que conforma o número da revista antedita.

- E. Ocampo, "Un monográfico por el centenario de Celso Emilio Ferreiro revela varios poemas inéditos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 8 xaneiro 2012, p. 37.

Infórmase da saída do prelo deste monográfico, no que se sinala que colaboran Isaac Díaz Pardo, Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Méndez Ferrín e Ramón Nicolás, entre outros. Coméntase que o volume inclúe varios poemas inéditos de Celso Emilio Ferreiro.

- Óscar Iglesias, "La asociación Arraianos abre el homenaje civil a Celso Emilio Ferreiro", *El País*, "*Galicia*", 8 xaneiro 2012, p. 6.

Preséntase o monográfico *Celso Emilio fai 100 anos*, da Asociación Cultural Arraianos. Coméntase que inclúe artigos de Miro Villar, Baldo Ramos, Armando Requeixo, Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Méndez Ferrín e Isaac Díaz Pardo, entre outros.

- Camilo Franco, "Arraianos felicita a Celso Emilio", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 460, "Letras en galego", 24 marzo 2012, p. 10.

Considera a poesía de Celso Emilio como "máis lúcida, máis decisiva, máis importante" no contexto socioeconómico actual. Destaca o labor de Arraianos na aproximación á biografía e á obra do autor con motivo do centenario do seu nacemento e, a continuación, enumera as distintas manifestacións que se poden atopar na obra. Sinala que o volume outorga unha visión completa da figura do autor a través de ensaios, entrevistas e mesmo da reprodución de textos inéditos do homenaxeado.

- Xosé Feixó, "Sinxela homenaxe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 5 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 362, "Letras galegas", 6 abril 2012, p. 6.

Comeza dando conta da declaración do 2012 como o ano de Celso Emilio Ferreiro e informa da publicación deste monográfico sobre o poeta con motivo do centenario do seu nacemento. Tamén apunta a colaboración de numeros autores nesta primeira homenaxe rendida ao autor, entre os que se destaca a figura de Ramón Nicolás, próximo

a publicar unha biografía sobre o celanovés. A continuación, subliña a presenza de materiais inéditos e dun CD dos Sputniks neste volume que califica de "humilde e sinxelo" e ao mesmo tempo "ás veces incómodo". Con todo, cre que esta obra axudará a consolidar e a aproximar a figura do poeta ás novas xeracións.

Referencias varias:

- Ana Baena, "Celso Emilio, aínda de actualidade no seu centenario", *Atlántico Diario*, "Vigo", 14 xaneiro 2012, p. 11.

Fálase do monográfico de Arraianos *Celso Emilio fai 100 anos*, que inclúe abondoso material inédito do poeta xunto con lembranzas, recoñecementos e outros artigos dedicados a Celso Emilio e á súa vida.

- María Rodríguez, "Politólogo y periodista", *La Región*, "*Vida*", n.º 2015, "En confianza", 29 xaneiro 2012, pp. 2-3.

Fálase dun número monográfico da revista Arraianos dedicado ao poeta celanovés Celso Emilio Ferreiro con motivo do primeiro centenario do seu nacemento.

ATENEA
(ISSN: 1575-9679) (DL: C-1937/99).

Revista trimestral, fundada no ano 1879 e publicada polo Ateneo Ferrolán, que conta co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. A revista non ten unha estrutura estábel pero entre as súas seccións saliéntanse pola súa frecuente aparición: "Editorial", "Servizos", "Falamos de..", "Programación", "Artigos", "Breves", "Muller" e "O Parnaso", sección que acolle creacións poéticas. No ano 2012 publicáronse os números 43 e 44, que se poden consultar na rede.

AURIA. Revista mensual de Caixanova
(ISSN: 1138-0837) (DL: OU-46-97).

Publicación mensual, distribuída gratuitamente co xornal *La Región* o derradeiro domingo de cada mes, xurdida en marzo de 1997 ao saír do prelo o seu número 0 co título de *Auria (Revista mensual de Caixa Ourense)* e que rematou a súa singradura, sen previo aviso, en novembro de 2011 co n.º 175. A súa denominación sufriu modificacións até ter o nome de *Auria*. Así, dende agosto de 1999 (n.º 28), ao comezar o proceso de fusión das Caixas do sur de Galicia, quedou como *Auria (Revista mensual de Caixavigo e Ourense)* até xullo de 2000 (n.º 39) cando ficou co título de *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, mais dende setembro de 2008 (n.º 137) presenta o seu actual título *Auria*. Estivo sempre editada por La Región en colaboración con Caixanova e mais coa Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia até febreiro de 2008 (n.º 130), pero dende marzo de 2008 (n.º 131) até o agosto de 2008 (n.º 136) seguiu só coa colaboración de Caixanova e dende setembro de 2008 (n.º 137) só participaba na súa edición La Región. A colaboración institucional retomouse en febreiro de 2009 (n.º 142) coa Deputación de Ourense, acrecentada en maio de 2009 (n.º 145) co Concello de Ourense e mais en agosto de 2009 (n.º 148) con Caixanova, se ben

dende decembro de 2010 (n.º 164) e até de abril 2011 (n.º 168) baixo o nome de NovaCaixaGalicia, cando volveu desaparecer esta colaboración. Esta revista ourensá tivo a Alfonso Sánchez Izquierdo como director dende a súa fundación até agosto de 2008 (n.º 136) cando pasou a ser Xosé Pastoriza Martínez; a José Luis Outeiriño Rodríguez como editor dende a súa fundación; a Antonio Piñeiro Feijoo como director de cada edición dende agosto de 2000 e conta cun amplo abano de colaboradores dos máis diversos campos. Ao longo de 2011 publicáronse os derradeiros once números desta revista, concretamente dende o número 165 ao 175. Cada un dos seus números conta cunha "Agenda" que dá conta dos principais fitos e actividades culturais (teatro, conferencias, exposicións, música etc.) que terán lugar durante o mes seguinte en toda a provincia de Ourense e dende setembro de 2004 (n.º 89) cada número comeza cun texto en español titulado "Firma invitada". Despois disto aparecen artigos, con abondoso apoio fotográfico, que tocan variados temas de lecer, especialmente referidos ao turismo, natureza, música, tradicións, cine, fotografía, cultura etc. Até setembro de 2008 (n.º 137) pechábase cun apartado que falaba especificamente das noticias económicas e institucionais de Caixanova. Dende maio de 2007 (n.º 121) conta cunha renovada maquetación e deseño e con presenza de textos en lingua galega case nula, tendencia que comezou a cambiar en 2009. Cómpre sinalar que dende febreiro de 2010 (n.º 154) conta na portada cun logotipo conmemorativo do centenario do xornal ourensán *La Región* e mais que todos os números publicados en 2011 contan coa sección "Poemas de Auria", que recolle textos literarios en galego e en español centrados en Ourense.

BARBANTIA. Anuario de Estudos do Barbanza
(ISSN: 1889-0946) (DL: C-2792-05).

Publicación anual inaugurada no ano 2005, editada pola Asociación Cultural Barbantia e coordinada por Antón Riveiro Coello en compaña, sucesivamente, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, Lola Arxóns e Manuel Cartea. No número 4 do ano 2008 pasou a estar coordinada en solitario por Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. No número 5 os encargados da coordinación foron Manuel Cartea, Mª Xesús Armada, Antón Riveiro Coello e Alberto Piñeiro. Até o n.º 5 constaba dun "Limiar" de X. Ricardo Losada; varios artigos referidos á comarca do Barbanza sobre arte, xeografía, patrimonio, etnografía ou literatura; a sección "Aires de fóra", dedicada a acoller textos traducidos de autores estranxeiros; "Cuarto acto", que informa das actividades realizadas pola asociación e que no número 5 denominouse "O alustro dun lustro", e "Publicacións no Barbanza". No ano 2012 publicouse o número 8, no que figuran na coordinación Manuel Cartea e Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. Este número estrutúrase nas seccións "Limiar", "Aires de fóra" e "Barbantia, ano VII". A sección "Publicacións no Barbanza" (pp. 183-250), a cargo de Román Arén e Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, acolle un repertorio bibliográfico sobre libros, folletos, separatas, revistas, artigos e reedicións de autores do Barbanza dende outubro de 2011 até outubro de 2012, dividido en: "Poesía", "Narrativa", "Teatro", "Ensaio", "Literatura. Ensaios, artigos, recensións e notas", "Historia", "Xeografía", "Medio ambiente", "Biografía", "Bibliografía", "Etnografía e antropoloxía", "Enasio relixioso. Teoloxía". "Arte e música", "Revistas e xornais", "Tradución", "Entrevistas", "Lingua", "Viaxes", "Deportes", "Economía", "Artigos de opinión", "Noticias culturais" e "Varia". Na sección "Aires de fóra" reprodúcese a tradución de varios poemas de Pierre Jean Jouve, realizada por Emea Cartea, xunto cos orixinais en francés e un "Limiar" a cargo de Román Arén, ademais dunhas "Notas do tradutor" e unha "Nota biobibliográfica"; tamén se recolle a tradución

ao galego de Joseph's Trouble about Mary, do York Circle, realizada por Cristina Mourón Figueroa, acompañada do orixinal en inglés. Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

BARSOWIA
(ISSN 1887-6226)

Fanzine editado polo colectivo de autores galegos de banda deseñada Polaqia, fundado en 2001 e integrado por David Rubín, Kike Benlloch, Sergio e Hugo Covelo, Emma Ríos, Álvaro López, Luís Sendón, Jose Domingo, Bernal, Brais Rodríguez, Roque Romero e Diego Blanco. A publicación ten no seu haber o Premio do Público ao Mellor Fanzine de España en 2005, o Premio do Salón Internacional do Cómic de Barcelona como Mellor Fanzine de España en 2006, o Premio do Salón de Barcelona 2007 e o Premio Ourense 2007. José Domingo é o presidente do colectivo dende 2008. En 2011 publicouse o número 16 (agosto), titulado "O derradeiro asalto do campión!", co que o colectivo Polaqia puxo fin á edición da revista. Trátase dun número con dúas cubertas despregábeis realizadas por José Domingo e Luis Sendón, que contén colaboracións destes dous autores e mais de Diego Blanco, Alberto Guitián, David Rubín, Brais Rodríguez, Álvaro López, Jesse Jacob, Ana Santiso, Hugo Covelo, Ana Galvaña, Sergio Covelo, Miguel Porto, Kike Benlloch, Xurxo Penalta, Roque Romero, Alexis Ziritt, Manel Cráneo, Emma Ríos, Hwei Lin Lim, Óscar Iglesias e Bernal Prieto. Entre os autores invitados a colaborar neste número de despedida figuran o madrileño Ken Niimura, os portugueses Paulo e Susa Monteiro, os franceses Louis Bertrand Devaud e Adrien Bouss, o norteamericano Michael Bonfiglio, ademais de Miguel B. Núñez, Dylan Horrocks, Alberto Vázquez, Luís Bustos, Esteban Hernández, Jano, Pedro Villarejo e Fidel Martínez.

BD BANDA
Vg- 325/07

Revista de cómic que naceu en 2001 por iniciativa do debuxante Kiko da Silva e de Cano, responsábel da libraría Paz de Pontevedra, coa intención de crear un medio de expresión para que os creadores e creadoras galegos de cómic puidesen publicar os seus traballos. Tivo dúas épocas. A primeira abrangueu de 2001 a 2006 e seis números: n.º 1 (maio 2001), n.º 2 (decembro 2001), n.º 3 (maio 2002), n.º 4 (abril 2003), n.º 5 (maio 2004) e n.º 6 (maio 2005). A segunda época, coa intención de transformar o fanzine nunha publicación profesional, comezou no ano 2007 coa edición do número 1 (abril, 2007) e continuou co 2 (abril, 2008), 3 (agosto, 2008) e 4 (abril, 2010). O cambio fundamental consistiu na existencia de equipos creativos fixos que fan series continuadas e na edición en castelán e galego. Entre os autores de fóra de Galicia cóntanse Albert Monteys, Javier Olivares, Raúl Ariño, Mel, Bartolomé Seguí, Felipe Hernández Cava, Anna Raven e Jorge García. A publicación complétase con entrevistas (asinadas por Germám Ermida) e textos teóricos de Álvaro Pons. En decembro de 2011 o colectivo anunciou o abandono da edición da súa revista, de tal xeito que o número 4 de 2010 é o último.

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA

(ISBN: 84-87987-21-4) (ISSN: 1576-8767) (DL: C-743-2000).

Vinte anos despois de que se publicara o número 360 do *Boletín da Real Academia Gallega*, órgano oficial e científico desta Institución dende o 20 de setembro de 1906 a decembro de 1980, no ano 2000 renovouse a súa publicación co título *Boletín da Real Academia Galega*, e seguiu a numeración iniciada no ano 1906. Estivo coordinado por Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Salvador García-Bodaño Zunzunegui e coeditado pola Real Academia Galega, a Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones. No número 367, do ano 2006, apareceron como coordinadores Xesús Alonso Montero, Xosé Luis Axeitos Agrelo e Xosé R. Barreiro Fernández e apreciouse a desaparición do ISBN e a modificación do ISSN, feitos que se consignan na entrada. No ano 2012 saíu do prelo o número 371, correspondente ao ano 2010, que recolle os relatorios pronunciados no congreso dedicado á figura de Uxío Novoneyra, celebrado en febreiro de 2011. Os artigos relacionados coa literatura galega aparecen descritos no apartado correspondente deste *Informe*.

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA
(ISSN: 0214-9117) (DL: C-641-1989).

Revista de periodicidade semestral dirixida por Anxo Tarrío Varela dende a súa aparición en 1989. Trátase dunha publicación da Universidade de Santiago de Compostela subvencionada pola Xunta de Galicia e na que colaboraron diversas institucións e na que a partir do ano 1998 colaboran Ámbito Cultural/El Corte Inglés, que a subvenciona. Acolle artigos de crítica e historiografía sobre calquera literatura do mundo e tamén traballos de investigación en Teoría da Literatura, Crítica Literaria, Poética, Retórica, Hermenéutica, Semiótica etc., é dicir, todo un amplo campo de coñecemento de tan longa tradición como o desenvolvido ao redor do feito literario nun senso amplo. Consta dun consello científico no que figuran catedráticos de universidades de todo o mundo; dunha secretaría da que formaron parte sucesivamente Xosé Luís Sánchez Ferraces, Miguel-Anxo Seixas Seoane, Blanca-Ana Roig Rechou, Armando Requeixo, Xabier Campos Villar, Isabel Soto López, Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González e, na actualidade, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez; dun consello de redacción, que estivo constituído sucesivamente por Carmen Blanco García, Antón Capelán Rei, Modesto Hermida García, Xesús Rábade Paredes, María do Carme Ríos Panisse, Blanca-Ana Roig Rechou, Mercedes Brea López, Manuel Henrique Vázquez Buxán, Antón Capelán, Xosé Luís Sánchez Ferraces, María Fe González Fernández, María Xosé López Pérez, Monserrat López Fariña, Miguel Louzao Otero, Xabier Campos Villar. Na actualidade, está composto por Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González, María Xesús Nogueira, Ana Margarida Ramos, Sara Reis da Silva e Ernesto González Seoane e Lourdes Salgado Viñal. Conta cun deseño inicial de Pedro de Llano, actualizado por Alejandro Vidal, e as seguintes seccións: "Estudos", "Notas", "Documentos", "Encontros", "Libros" e "Creación", que nalgúns números, sobre todo nos monográficos, poden reducirse. Ao longo de 2012 editáronse dous números. O 45, correspondente ao 1º semestre de 2011, e o 46, correspondente ao 2º semestre de 2011, que se dedida ao tema "Textos a escape. A literatura e a cultura na era dixital", coordinado por María Teresa Vilariño Picos. Nel reúnense estudos resultado do traballo conxunto dos membros do proxecto Le.es a carón dalgunhas colaboracións externas, que pretenden ser unha achega á literatura e á cultura contemporáneas. O número acolle tamén na sección "Encontros", unha entrevista con

Eduardo Kac realizada por Andrea Álvarez Pino e o apartado "Libros". As ilustracións que acompañan o volume foron realizadas por Héctor Barros (Monforte de Lemos, 1980), María Gilino (Vigo, 1978), Alberto Guitián (Lugo, 1974), Sole Rei (O Grove, 1983) e Emma Ríos (Vilagarcía de Arousa, 1976). Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

CASAHAMLET. Revista de teatro
(ISSN: 1888-2056) (DL: C-1152-1999).

Revista anual de teatro, dirixida por Francisco Pillado Mayor. Botou a andar en 1999 co apoio da Deputación Provincial da Coruña. No seu consello de redacción figuran Santiago Fernández, Manuel Lourenzo e Xesús Pisón e, como novo membro dende o ano 2003, Isaac Ferreira, que pasou a ser director no número 10. Até o número 9 estruturábase en catro seccións: "Editorial", "Colaboracións", "Creación" e "Documentación" e o resto eran variábeis, artellándose monograficamente ao redor dunha sección de teoría, seguida da presentación de textos dramáticos. No ano 2007, na súa estruturación cambiouse o apartado "Colaboracións" por "Teoría". No ano 2012 publicouse o número 14 titulado "Teatro e audiovisual", que na sección "Creación" acolleu as seguintes pezas dramáticas: "As ratazanas sonham com a Irlanda", de Marcos Abalde Covelo, acompañada dunha ilustración de Jacobo Fernández Serrano; "Fondos propios. Bosquexo dunha peza con ecos beckettianos", de Santiago Cortegoso, cunha ilustración de María Alcañiz; "Ondada", de Raúl Dans, con ilustración de Fidel Vidal; "Sen título. Instalación audiovisual para dúas actrices sobre fondo branco", de Eva F. Ferreira, con ilustración de Miguelanxo Varela; "Un sudario para Ulises (Mnesterophonia)", de Xosé Manuel García García, con ilustración de María Alcañiz; "Breve adaptación teatral do filme Bunker Palace Hotel de Enki Bilal", de Teresa González Costa, con ilustración de Xosé Díaz; "Unha frauta, un can (evocación de Edipo Re, de Pasolini)", de Manuel Lourenzo, con ilustración de Marta Paz; "Obituario", de Jacobo Paz, con ilustración de María Martín Carmona; "Se Martín Machado coñecese a Norman Bates", de Olivia Pena, con ilustración de Ana Pillado Vega; "Johnny Guitar cabalga de novo", de Gustavo Pernas Cora, con ilustración de María Martín Carmona; "Galería", de Rubén Ruibal, con ilustración de Aurichu Pereira; e "O experimento", de Roi Vidal, con ilustración de Paula Alvite. Tamén na sección "Documentación" ofrece "Cronoloxía (orientativa) do Teatro galego (1960-1980)" (pp. 145-147), de Enrique Rabuñal, na que se recolle información por anos sobre espectáculos, publicacións, grupos e certames. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***CÁTEDRA*:** Revista eumesa de estudios
(ISSN: 1133-9608) (DL: C-1702/93)

Revista anual editada polo Concello de Pontedeume que recolle artigos de investigación dedicados á antropoloxía, o pensamento, a arte e a historia da bisbarra do Eume. Publica, ademais, os traballos galardoados co Premio de Investigación Etnográfica Concello de Pontedeume, dende que foi creado no 1998. Botou a andar en 1994 e conta co apoio, a través de subvencións, da Fundación Caixa Galicia e a Deputación Provincial da Coruña. No seu consello de redacción figuran Alexandre Caínzos Corbeira, Carlos de Castro Álvarez, Andrés López Calvo e Sindo Vilariño Gómez.

Acolle dúas seccións fixas: "Premio de Investigación Concello de Pontedeume" e "Escolma da nosa historia" (esta última dende o ano 2000). No ano 2012 publicouse o número 19 e pasou a formar parte do consello de redacción Rocío Pena Pena.

Contemporary Galician Poets

Trátase do suplemento especial dedicado aos poetas galegos contemporáneos, publicado xunto co volume 100, número 4 (inverno 2010) da revista británica *Poetry Review*, editado e traducido por Jonathan Dunne e apoiado pola Secretaría de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Conta cunha breve introdución do antólogo e tradutor Jonathan Dunne e a seguir unha escolma de poemas da autoría de Xosé María Álvarez Cáccamo, Manuel Álvarez Torneiro, Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Miguel Anxo Fernán Vello, Luís González Tosar, Bernardino Graña, Xulio L. Valcárcel, X. L. Méndez Ferrín, Olga Novo, Pilar Pallarés, Chus Pato, Alfonso Pexegueiro, Luz Pozo Garza, Manuel Rivas, Xavier Rodríguez Baixeras, Claudio Rodríguez Fer, Xavier Seoane e Xohana Torres.

DORNA. Expresión Poética Galega
(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Publicación xeralmente de periodicidade anual que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís González Tosar "Che", Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Miro Villar, Mª Xesús Nogueira e, dende o ano 2001, Inmaculada López Silva, no lugar de Iris Cochón, compoñían o comité de redacción, mentres que Ramón Lourenzo ocupaba o posto de director. Dende o número 31, o comité de redacción está constituído por David Pérez González, Lorena López López, Mario Regueira e Xosé Manuel Salgado, actuando como secretario Miro Villar. Tamén se incorporou un comité asesor constituído polo reitor da USC, a Secretaría Xeral de Política Lingüística de Galicia, o decano da Facultade de Filoloxía Galega, o director do Departamento de Filoloxía Galega e o escritor Luís González Tosar. Asemade, a revista pasou a ser coeditada pola USC e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Estrutura os seus contidos en tres grandes apartados: "Creación", "Voces de fóra" e "Caderno da Crítica". En 2012 saíu do prelo o número 35, que acolle na sección de "Creación" os textos poéticos "pichqa ela" e "pusaq eu", de Alicia Fernández; "A fuxida" e "Illa L", de Amauta Castro; "Cavamos...", de Anxo Angueira; "Dentro, onde respira a materia", de Baldo Ramos; "Cristais" e "O fío", de Branca Novoneyra; "Umbra" e "Esa situación agónica exprésase na tensión entre os vencellos filiativos...", de Carlos Lema; "Iconografías – retratos masculinos", de Carlos Negro; "Belén: roibén, a cor das nubes..." e "Levo o sol dentro da pel, insolación...", de David Pobra; "Vivimos no ciclo das alofonías" e "Os días de Beluso", de Eduard del Castillo; "/ira len ta/" e "/preguntas para un abismo/", de Estíbaliz Espinosa; "Poemas de contrabando 2", de Francisco Castro; "Cando outonan os ríos", de Helena Villar Janeiro; "october's requiem", de Ismael Ramos; "A pantalla emite eventos en faso directo..." e "Atopará Martin Sheen á Maga?", de Jacobo Llamas; "Ansiaba arrincar cada dente...", "descubrimos que un

horizonte é triste...” e “Na boca, plumas”, de Jesús Castro Yáñez; “Xénese...”, “No deserto...”, “Danzo na duna...”, “No xardín...”, “Ninguén le as liñas...”, “Eras o rei ante o cervo...” e “Tecemos xuntos...”, de Luís Valle; “Winstag Hugh”, de Manuel Darriba; “Unha resposta”, de María do Cebreiro; “Son un reloxo que parou á hora do crime...”, de Moncho Iglesias; “club for loosers”, de Olalla Cociña; “Tres dozuras ao misterio”, de Olga Novo; “Bonecas de cartón-pedra (Meniñas de folla de lata)”, de Olga Patiño Nogueira; “impresións de Arles”, de Raida Rodríguez Mosquera.; “Inicio...”, de Ramón Blanco; “Un poema de amor Aquí?”, de Rosa Enríquez; “ain’t nothing like the real thing”, de Samuel Solleiro; “06:00 A.M. Exterior. Motel” e “Fin”, de Suso Bahamonde; “Biografía(s)”, de Xesús Rábade Paredes; “Os aneis”, de Xoán Abeleira; os textos narrativos “O xigante”, de Beatriz Fraga; “A idade do insomnio”, de Iria Ameixeiras; e os textos dramáticos “O produto interior pobre”, de Clara Gayo; e “Cans e cadelas do século XIX”, de Roi Vidal Ponte. Na sección “Voces de fóra” preséntase unha escolma bilingüe gaélico-galego de poemas de Ailbhe Ní Ghearbhuigh realizada por Isaac Xubín, xunto cunha breve nota biobibliográfica do autor. Os poemas que se ofrecen son: “Áiféilín/ Remorsos”, “Filleadh ar an gCathair/ Volvendo á Cidade”, “Bealtaine/Maio”, “Laethanta Lagmhisnigh/Días de escravitude” e “Geimhriú/Invernía”. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***ENCRUCILLADA*. Revista galega de pensamento cristián**
(ISSN: 1131-6519) (DL: C-80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. Actúan como vicepresidente Pedro Fernández Castelao, como secretaria Engracia Vidal Estévez e como tesoureiro Xosé Manuel Pensado. Consta das seguintes seccións fixas: “Guieiro”, “Estudos”, “Achegas”, “Crónicas”, “Recensións”, “Libros chegados á redacción” e “Ilustracións”, porén, outras, como “Rostros”, “In memoriam”, “Experiencias”, “Documentos” ou “Editorial” (que desapareceu a partir do número 132, pero reapareceu no 156), son de aparición ocasional, porque son substituídas por monográficos de congresos ou romaxes, cartas ou entrevistas. No ano 2012 apareceron os números 176 (xaneiro-febreiro), o número 177 (marzo-abril), o 178 (maio-xuño), o 179 (setembro-outubro) e o número 180 (novembro-decembro). Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

ESCRITA CONTEMPORÁNEA
(ISSN: 1889-9579) (DL: VG-1293-2005).

Revista da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) que naceu no ano 2005 coa intención de ser instrumento de normalización cultural e literaria para que tamén os escritores e escritoras participen na construción dunha literatura nacional. A súa coordinación e estrutura é diferente en cada número, pois xeralmente ten carácter monográfico. No ano 2012 editouse o número 18 T. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

FADAMORGANA
(ISSN: 1575-9520) (DL: C-670-1999).

Naceu no ano 1999 co obxectivo de encher certos baleiros de información entre os encargados de achegar a rapazada á lectura e ao libro; en canto á crítica, estudo e reflexión sobre os camiños que se van trazando nese eido; e para estar cabo das restantes producións literarias. Está dirixida por Xosé A. Neira Cruz e conta cun consello de redacción formado por Marilar Aleixandre, Xabier Cid, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Manuel Figueiras, Ánxela Gracián, Mayte Leis, Xosé A. Neira Cruz, Cristina Novoa, Antonio Reigosa, Magdalena de Rojas, Pilar Sampedro, Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire, así como cunha coordinadora de redacción que é Montse Pena. Consta das seguintes seccións: "Fadario", "A ilustradora", "Des-pezas", "Novidades" "Adiantos" e "Diario de morgana". Deixouse de publicar no ano 2007.

FERROLANÁLISIS. Revista de pensamiento y cultura
(ISSN: 1576-4540) (DL: C-1106-1990// C-1873-03).

Revista que botou a andar en setembro de 1990. Recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Navantia, Unión Fenosa, Xunta de Galicia, Cámara de Ferrol, Puertos de Ferrol y San Cibrao, Asociación Clúster del Naval Gallego e Deputación Provincial da Coruña. Está editada polo Clube de Prensa da cidade ferrolá. Na presentación desta iniciativa editorial afirmábase que os temas tratados se ían centrar na comarca de Ferrol e que a súa periodicidade había de ser trimestral, mais este obxectivo truncouse de seguido debido á falta de apoio financeiro. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. A partir das entregas 4 e 5, de 1993, aparecen as primeiras referencias á literatura galega. A revista pasou a ser de periodicidade anual. O seu director foi Germán Castro Tomé dende os inicios até o ano 2000, cando pasou a ocupar a Presidencia de Honra, deixando a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto. O consello de redacción estivo composto por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Enrique Sanfiz Raposo, María Ares Sanmartín, Esperanza Piñeiro de San Miguel, Fernando Bores Gamundi e Xosé María Dobarro Paz. No ano 2006 quedou a dirección en mans de María Ares Sanmartín e o consello de redacción pasou a estar composto por Fernando Bores Gamundi, Xosé María Dobarro Paz, Hermenegildo Franco y Suanzes, Luis Mera Naveiras, Esperanza Piñeiro de San Miguel e Xosé Antonio Ponte Far. No ano 2009 a dirección pasou a Xosé Antonio Ponte Far e María Ares Sanmartín volveu ao consello de redacción. A revista conta coas seguintes seccións: "Ferrolterra", "Separata Especial", "Galicia", "Internacional", "Creación" e "Portafolio". No ano 2007 aumentaron con "Cartulario" e "Documentación", e "Separata especial" pasou a denominarse "Estudio Monográfico". No ano 2012 publicouse o número 27.

FESTA DA PALABRA SILENCIADA. Publicación Galega Feminista
(ISSN:1139-4854) (DL:VG-241-1983).

Revista feminista de pensamento e creación editada por FIGA (Feministas Independentes Galegas), subvencionada pola Concellería de Igualdade e Xuventude do Concello de Vigo, que empezou a súa andaina en 1983. Dirixida por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión, contou até o número 23 (2007) cun consello de redacción integrado por Mónica Bar Cendón e Marga R. Marcuño, ademais

da directora. A revista ten unha nómina de colaboradores habituais entre os que se contan Xesús Alonso Montero, María Xesús Nogueira, Camiño Noia, Teresa Seara, Miro Villar, Euloxio R. Ruibal ou María do Carme Kruckenberg. A historia da publicación coñeceu tres etapas. Dende 1983 até 1995 a súa periodicidade foi variábel. De 1995 a 1999 tirou un volume anual até chegar ao número 15. No ano 2000 non se publicou ningún exemplar. No ano 2001 (número 16) a revista reapareceu e seguiuse editando anualmente até a actualidade. Nesta terceira etapa, os apartados habituais "Monográfico", "Temas Varios", "Crítica" e "Creación" foron substituídos por dúas únicas seccións, "Monográfico" e "Actualidade". No ano 2012 publicouse o número 28

Referencias varias:

- Fernando Franco, "A Festa da Palabra Silenciada", *Faro de Vigo*, "Vigo", 20 outubro 2012, p. 13.

Dá a coñecer a presentación do número 28 da revista feminista *A Festa da Palabra Silenciada* e explica que o tema central versa sobre a feminista e socialista, Clara Zetkin. Comenta tamén que o acto será precedido por unha lectura dialogada entre María Xosé Queizán e Mónica Bar sobre a sedución sexual masculina en Rosalía de Castro.

GALEGOS
(ISSN: 1889-2590) (DL: VG 549-2008).

Publicación trimestral de gran formato aparecida no ano 2008. Está dirixida por Alejandro Diéguez e conta cun amplo número de colaboradores. O seu contido divídese nas seguintes seccións: "Entrevistas", "Crónicas", "Noticias", "Artigos", "Humor", un "Caderno" monográfico dedicado a diferentes intelectuais do eido da pintura, literatura, arquitectura etc. e "Encarte", onde se acollen obras ou fragmentos de textos de creación, sobre todo de ensaio. A partir do número 4 (IV trimestre 2008) contou con ISSN. No ano 2012 publicáronse os números 16 e 17. Os artigos referidos á literatura e cultura galegas aparecen descritos nas seccións correspondentes deste *Informe*.

GALICIEN MAGAZIN
(ISSN: 1433-2647).

Revista editada pola Sociedade Galego-Alemana (SGA) e o Galicien-Zentrum da Universidade de Tréveris. Dirixida polo profesor Dieter Kremer, publicou o seu primeiro número en abril do ano 1996. Distribúese gratuitamente entre todos os membros da SGA. En Galicia atópase á venda nas librarías Cartabón e A Caixa de Pandora de Vigo, Couceiro de Santiago e Torga de Ourense. O seu contido divídese nas seguintes seccións principais: "Editorial", "Beiträge", "Übersetzung", "Aus den Lektoraten" e "Varia", nas que se inclúen informacións relacionadas sobre todo coa literatura e lingua galegas e coas actividades do Galicien-Zentrum de Trier. No ano 2012 non saíu do prelo ningún número.

GALIMATÍAS
(DL: C-925-2009).

Editada e distribuída pola editorial El Patito, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, dentro da campaña de dinamización lingüística BOCABERTA. Trátase dunha revista xuvenil de historieta, que se chega ao mercado cunha periodicidade quincenal a través de *El Correo Gallego*, como suplemento gratuíto. Está dirixida por Gemma Sesar e Fausto Isorna. O primeiro número saíu do prelo o 3 de abril de 2009. Conta, ademais, cunha páxina en liña, que se actualiza a semana que a revista non sae á rúa, onde hai espazos para ler as entrevistas cos autores da serie, a aprendizaxe de técnicas para debuxar cómic, un encontro dixital cos debuxantes, o concurso "Remata ti a historia..." e música para descargar.

***GRIAL.* Revista Galega de Cultura**
(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Apareceu por primeira vez en 1951, pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, e dende entón non se deixou de publicar. Na primeira etapa publicáronse cen números subtitulados *Revista Galega de Cultura.* A partir do número cen, asumiu a súa dirección Carlos Casares e pasou a denominarse simplemente *Grial*. Nesta segunda etapa continuou a periodicidade trimestral. No ano 2003, co número 157, iniciouse a terceira etapa desta revista que recuperou o subtítulo da primeira etapa, *Revista Galega de Cultura*, dirixida agora por Víctor F. Freixanes e codirixida por Henrique Monteagudo, debido á morte prematura de Carlos Casares. Esta nova etapa conlevou un cambio que afectou ao deseño en xeral, dende o formato á inclusión da cor nas súas páxinas interiores, pero tamén aos contidos, que se repartiron en seccións como "Carta do editor", "O rego da cultura", "Entrevista" ou "Conversa con", "Documentos", "Creación", "Crónica", "O espello das letras", "Cine, teatro e artes escénicas", "Ciencia e tecnoloxía" ou "Comunicación e novas tecnoloxías", "Arquitectura e artes plásticas". Ademais de acoller artigos relacionados coas disciplinas humanísticas, a revista deu cabida a achegas procedentes do mundo das artes, das novas tecnoloxías, da creación plástica e dos xéneros xornalísticos. Cómpre sinalar, así mesmo, que cada número acolle un tema monográfico concreto, que se especifica xa dende a portada. No ano 2012 saíron á rúa os números: 193 (xaneiro, febreiro, marzo), 194 (abril, maio, xuño), 195 (xullo, agosto, setembro) e 196 (outubro, novembro, decembro). O número 193, intitulado "Valentín Paz-Andrade Isaac Díaz Pardo, emprendedores", recolle na sección "Creación" unha bio-bibliografía de Xurxo Martínez González xunto con catro composicións poéticas baixo o título "Nocturno de Mondoñedo" (pp. 87-89) e unha bio-bibliografía de Begoña Caamaño xunto co seu relato "Pel azul e vermella" (pp. 91-93). No número 194, intitulado "Novas olladas sobre Rosalía de Castro", reprodúcense na sección de "Creación" unha serie de sete composicións de Xosé María Álvarez Cáccamo ("goberna a congusión nos dominios horizontais da lama...", "a min correspóndeme habitar na parte alta encapsulado vello en...", "ti pronunciabas o exceso da miña estirpe...", "na mesa todos saben que estás ausente atado con aramio...", "o derradeiro barco está dobrando o cabo do horizonte...", "cama da miña nai no fondo mudo..." e "capturando no interior dos lindes da distancia febril..." (pp. 65-67)), acompañada dunha bio-bibliografía do autor e o texto narrativo "Strider" (pp. 69-71), de Mario Regueira, xunto coa súa bio-bibliografía. O número 195, intitulado

“Metropolitanizar. Habitar entre cidades. Diálogos 02”, recolle na sección “Creación” unha bio-bibliografía de Rebeca Baceiredo xunto cun texto poético intitulado “Nos desertos hai tribos” (pp. 77-79) e un conxunto de textos aforísticos de Carlos Lema, baixo o título de “Nocturnario”, acompañados dunha breve nota bibliográfica do autor. O número 196, intitulado “Carlos Casares nun país de palabras”, acolle na sección de “Creación” unha bio-bibliografía de Luís L. Alonso xunto cos poemas “Enxáugasnos o pé...”, “Wall St.”, “Xusto aparello”, “Troco I”, “Pedernal”, “Derrota” e “Amplo osario” e un relato de Manuel Pereira Valcárcel intitulado “Trinta e un de decembro”, acompañado dunha bio-bibliografía do autor. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións:

- Lucía Seoane, “Príncipe D. Álvaro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 403, “Libros”, 15 marzo 2012, p. VI.

Repasa o número 192 da revista *Grial* (2011), que dedica un conxunto de aproximacións á figura de Álvaro Cunqueiro baixo o título “Príncipe das Letras. Cen anos con Álvaro Cunqueiro”, co motivo do centenario deste autor. Menciona tamén as outras seccións que ocupan as páxinas desta publicación periódica.

-Lucía Seoane, “Sempre Grial”, *Faro de Vigo,* “*Faro da Cultura*”*,* n.º 428, “Libros”, 4 outubro 2012, p. VII.

Co motivo da saída ao prelo do número 194 de *Grial*, explica que esta revista, dirixida actualmente por Víctor Freixanes e Henrique Monteagudo, centra as súas páxinas na figura da escritora Rosalía de Castro, debido á celebración do 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*. De seguido dá a coñecer o sumario.

Referencias varias:

- J. L., “Grial’ pecha cun monográfico o ano do centenario de Álvaro Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 xaneiro 2012, pp. 43.

Fálase do número da revista *Grial* subtitulado “Príncipe das letras. Cen anos con Álvaro Cunqueiro”, que pecha as homenaxes do centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro.

- M. M., “Una investigación de María Liñeira liga el incesto del Hamlet de Cunqueiro a la endogamia gallega”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 26 xaneiro 2012, p. 45.

Coméntanse varios artigos que aparecen no número da revista *Grial* subtitulado “Príncipe das Letras. Cen anos con Álvaro Cunqueiro”, en especial a obra de María Liñeira sobre *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*.

***LVCENSIA*. Miscelánea de cultura e investigación**
(ISSN: 01130-6831) (DL: LU 885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Actualmente forman o consello de redacción, ademais do director citado, Manuel Castro Gay, Nicandro Ares Vázquez, Mª Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez, Daniel García García, David Gil Mato, David Varela Vázquez e Argimiro López Rivas, que actúa de secretario. A revista consta de catro seccións intituladas "Estudios", "Comentarios", "Texto" e "Libros", onde se recollen traballos dedicados a diversas materias como historia, toponimia ou antropoloxía, en xeral relacionados coa historia de Lugo. En "Libros" ofrécense comentarios centrados nas novidades editoriais. No ano 2012 saíron os números 44 e 45. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 21 maio 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da presentación na Fundación Novacaixagalicia de Lugo dun novo número desta revista.

MADRYGAL. Revista de Estudios Gallegos
(ISSN:1138-9664) (ISSN electrónico: 1988-3258) (DL: M 15892-1987).

Publicación realizada no Centro de Estudios Gallegos da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid, subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que comezou a súa andaina en 1998 cunha periodicidade anual. Actualmente o seu equipo directivo está formado polo finado Alonso Zamora Vicente como director honorífico, Carmen Mejía Ruiz (anteriormente subdirectora) como directora, e Asunción Canal Covelo e Javier Rivero Grandoso como secretarios, ademais dun amplo consello de redacción conformado por persoas relacionadas coa propia Universidade Complutense e de diversas procedencias: Ana Acuña Trabazo, Alejandro Alonso, Diana Bianchi, Denis Canellas de Castro Duarte, Xavier Frías Conde, Miguel Louzao, Mª Victoria Navas Sánchez-Élez, Mª Carmen Parafita, Roberto Pascual, Olivia Rodríguez, Claudio Rodríguez Fer e Rosario Suárez Albán. Contén as seccións "Artigos", "Varia", "Crónica", "Creación", "Tradución", "Entrevista" e "Recensións". No ano 2012 saíu do prelo o número 15 que na sección de "Creación" acolle en "Lírica" os textos poéticos "A música", de Sebastián Alía Moral; "Adeus", "A canle da fonte quedóu seca", "Con gosto a 15-M" e "Non teño por que dar explicacións", de Gonzalo Bouza-Brey Villar; "De seis a sete acoitelo a alba..." e "Mazás do xardín de Tolstoi", de Yolanda Castaño; "An Gorta Mór", de Francesc Coimbra; "1. Preámbulo", "Porque primeiro había un corpo e unha selva unidos por un ollo...", "Porque xa no signo...", "porque a boca constrúe o tempo...", "Estas malditas palabras...", "Porque a semente...", "Por iso advírtote...", "porque ningúen mediu nunca...", "Esta tristeza que en min ancora..." e "Porque...", de Estevo Creus; "*Beyond the lochs of the blood of children of men*...", de Rho Dourado; "Delirio fundacional", de Paulo Martínez Lema; "Illas Cíes", "A terra", "O home (2)", "Ría do Miño" e "O barco", de Javier del Prado Biezma; "Todo o corpo no sul", "Outros idiomas me

falaron", "Sabedoría da ignorancia", "Mestre Mateus descobre o Aleph", "A.", "Un libro aberto" e "Divina Commedia", de Román Raña; e "Argazos" e "Pensamentos", de Jesús Mª Varela Ogando; en "Narrativa" os textos narrativos "Amazónico mergullo", de Xavier Alcalá; "Toma de declaración dun caso curioso", de María Alonso Alonso; "Pluriemprego", de Diego Ameixeiras; "A voz de Queipo", de Vicente Araguas; "Tomango folgos (Microstorias)", de Frantz Ferentz; "Pequean introdución de costumes", de Xavier Queipo; "Axiña, é para onte", de Vanesa Rodríguez Tembrás; e en "Teatro" a peza dramática "Círculo vicioso", de Gustavo Pernas Cora. Na sección de "Tradución" recolle en catalán e en galego os poemas "Mercé/Mercé", "Cançó per una bona mort/Canción para unha boa morte", "No voldria res més ara/Non quixera máis agora", "Vigila el mar/Vixía o mar", "Alenar/Respirar", "La dansa de la primavera/A danza da primavera", "El meu poeta/O meu poeta", "Les veus de Raixa/As voces de Raixa" e "Lluna de pau/Lúa de paz", de María del Mar Bonet, traducidos por María Asunción Canal Covelo e Juan Miguel Ribera Llopis; e en éuscaro e galego as composicións "1977ko urriko gau bat/Unha noite de outubro de 1977", "Terra nova/Terra nova", "Kaleko zakurra/Can sen dono", "Belarra/Herba", "Auto-zentsura/Autocensura", "Labadora/Lavadora" e "Hondeamakinak/Escavadoras", de Leire Bilbao, traducidos por Karlos Cid Abasolo e Ricardo Pichel Gotérrez. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións:

-Lucía Seoane, "Con *Madrygal*", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 435, "Libros", 22 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 387, "Letras Galegas", 1 decembro 2012, p. 6.

Explica que o número 15 da revista *Madrygal. Revista de Estudos Galegos*, conta con artigos de Manuel Fernández Luccioni, Montse Pena Presas ou Álvaro Xosé López Mira. Destaca tamén a presenza, no apartado de creación, de autores como Yolanda Castaño, Román Raña, Xavier Alcalá, Vicente Araguas, Xavier Queipo ou Gustavo Pernas Cora.

MALASARTES. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude
(ISSN: 0874-7296) (DL: 144641/99).

Revista de investigación en literatura infantil coa que se pretende, segundo o seu "Editorial", "levar aos mediadores da leitura (educadores, professores e pais, bibliotecários e investigadores, entre outros) estudos críticos abalizados sobre literatura para a infância e juventude". Dende o número 15 (II serie. Decembro 2007) a revista, de periodicidade semestral, foi publicada por Porto Editora, baixo a dirección de José António Gómes, a subdirección de Blanca-Ana Roig Rechou, a dirección artística de António Modesto e a coordinación xeral de María Elisa Sousa. Amparada por un comité científico formado por investigadores e investigadoras de Galicia e Portugal, conta cunha comisión de redacción/colaboración permanente composta por Ana Vasconcelos, Ana Isabel Pinto, Ana Luísa Ferreri, Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González, Leonor Riscado, Maria do Sameiro Pedro, Marta Neira Rodríguez, Miguel Ramalhete Gomes e Sara Reis da Silva. Contou coa subvención de Caixanova até o ano 2011.

Consta das seguintes seccións fixas: “Actual”, “Estudos”, “Referências”, “Perfil”, “Práticas”, “Reler”, “Recensões e notas críticas”, “Estudos e revistas-recensões e notas críticas” e “Normas editoriais”. No ano 2012 non se publicou ningún número.

***O OLLO PÚBLICO*. Revista das artes**
(ISSN: 1887-7028) (DL: VG-1036-2001).

Revista nacida a finais do ano 2000 da man de ADESGA (Asociación de Deseñadores Galegos), publicada por Edicións Ollo Público que, como se sinala no seu editorial inaugural, leva o título dunha película de cine negro que trataba sobre o xornalismo. Encárganse da redacción e da maquetación Leticia Iglesias Pérez e Fernando Vilaboa Martínez; Elena Mariño tamén colaborou neste labor nos dous primeiros números. No primeiro número, publicado en outubro de 2000, indicábase no editorial que esta é unha revista de cultura na que se quere atender a todas aquelas persoas que non teñen outras vías de difusión e que están a traballar en cousas interesantes en todos os campos da cultura. Adiantaban que ademais de facerse eco destas iniciativas tamén querían ser un órgano de denuncia porque entendían que as cousas podían ser doutro xeito. Conta coas seccións fixas: “Editorial”, “Literatura”, “Cine”, “Pintura”, “Fotografía”, “Música”, “Cousas da vida” e “Fagamos unha escapada”, incrementadas a partir do segundo número coas de “Teatro”, “Cómic”, “Pensamento”, “Axenda”, “Crítica” e “Vieiros vellos e novos”. No ano 2006, dirixíaa e coordinábaa Fernando Vilaboa Martínez, contando coa revisión de textos a cargo de Moncho Seixo. Dende o número 22 renovouse con Paz Orois Fernández como redactora que, xunto a Moncho Seixo, alternáronse na revisión de textos e a partir do número 29 apreciouse un cambio de nome na editora que pasou a chamarse Edicións Cabaliño do Demo. No ano 2010 publicouse o último número desta publicación periódica, o número 33 (decembro 10/marzo 11).

***RAIGAME*. Revista de arte, cultura e tradicións populares**
(ISSN: 1136-3207) (DL: OU-75/95).

Revista cultural editada pola Deputación de Ourense. A súa periodicidade é semestral. Foi fundada en decembro de 1995. Até o número 18 (novembro de 2003) coeditábana a Escola Provincial de Danzas e o Colectivo Castro Floxo. A partir do número 19 (maio 2004), entrou tamén na coordinación o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”. Os directores son Mariló e Xulio Fernández Senra e o secretario Francisco Javier Álvarez Campos. A revista contén seccións de literatura, arquitectura popular, heráldica e tecnoloxía tradicional, entre outras. No ano 2012 publicáronse os números 36 (maio 2012) e 35 (novembro 2011). Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Xosé Neira Vilas, “Raigame”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Arco Iris”, 5 febreiro 2012, p. 2.

Preséntase a revista *Raigame* e fálase do seu número dedicado a *Memorias dun neno*

labrego, de Xosé Neira Vilas.

RETRANCA
(ISSN: 1888-1971) (DL: Vg 1017-2007).

Revista que edita Retranca Editorial dende novembro de 2007 e acolle historietas curtas e humorísticas relacionadas coa actualidade galega. O seu director **é** Kiko da Silva e conta cunha ampla nómina de colaboradores: Guitián, Mel, Leandro, Pinto & Chinto, Xaquín Marín, Luís Davila, Fernando Iglesias (Kohell), Colectivo Pestinho + 1, J. L. Rubiño, Andrés Meixide, Malagón, Rei Zentolo, Juan Silva, Branda, Miguelanxo Prado, Xosé Lois, Alberto Montt, Bernal, Óscar Villán, Jerónimo Piñeiro, Miguel Fernández, Manuel Lourenzo González, Xosé Manuel Fernández, Carlos López, An, Manuel Jabois e o propio Kiko da Silva. A publicación recibiu o premio do público á mellor revista de 2007 no Salón Internacional do Cómic de Barcelona (2008). A partir do número 22 a revista anunciou o cambio da súa periodicidade e pasou de ser mensual a bimestral, aínda que as dificultades económicas alteraron de novo a súa aparición nos quioscos. Ao longo de 2011 publicáronse os números 30 (febreiro-marzo), dedicado á inauguración da Cidade da Cultura; o 31, baixo o tema "Eleccións Municipais 2011", unha guía para participar nas eleccións; o 32, titulado "Verán indignado 2011", tema elixido tras unha votación aberta aos lectores en Facebook; e o 33 (novembro-decembro), arredor dos recortes económicos emprendidos polo goberno do PP no Estado español. A piques de entrar en imprenta o n.º 34, a distribuidora da revista declarouse en concurso de acredores, polo que a continuidade da publicación está en risco.

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS
(ISSN: 1576-6128) (DL: C-1412-2000).

Revista editada pola Fundación Rosalía de Castro a través do Centro de Estudos Rosalianos. Presenta unha periodicidade irregular, pois nace no ano 2000, o segundo número publícase en 2002, o terceiro en 2008 e o cuarto en 2011. Esta publicación pretende "ofrecer o catálogo completo de libros e traballos de tema rosaliano obrantes na institución", así como memorias de licenciatura e teses de doutoramento. O seu director é Xesús Alonso Montero. No ano 2012 non saíu do prelo ningún número.

REVISTA DE NEDA. Anuario Cultural do Concello de Neda
(ISSN: 1139-1154) (DL: C-837/98).

Revista de periodicidade anual, editada polo Concello de Neda e dirixida por Manuel Pérez Grueiro, que pretende dar a coñecer a historia, a etnografía e a cultura deste concello. Conta cun grupo numeroso e heteroxéneo de colaboradores, denominado Colectivo Libunca, ademais doutras firmas individuais entre as que se atopan Manuel Pérez Grueiro, Xosé Neira Vilas, Vicente Araguas ou Fernando Dopico Blanco, entre outros. Consta das seguintes seccións: "Homenaxes e lembranzas", "Ciencia e técnica" e "Humanidades". No ano 2012 publicouse o número 14, relativo ao ano 2011.

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN
(ISSN: 1132-8932) (DL: C-22/1986).

Revista de periodicidade irregular, de carácter educativo e interdisciplinar, que comezou a súa andaina no ano 1986 e que interrompeu a súa edición no ano 2002. É unha publicación da Nova Escola Galega, dirixida por Manuel Bragado Rodríguez, na súa primeira xeira, e editada por Edicións Xerais de Galicia. Na segunda xeira, que comezou no ano 2006, está dirixida por Suso Rodríguez e conta cun consello de redacción composto por Antón Costa Rico, Carmen Díaz Simón, Manuel González Seoane, Xulio Pérez Pérez, Ana Mª Pose Blanco, Xosé Ramos Rodríguez, Miguel Vázquez Freire, Francisco Veiga García e Mª Helena Zapico Barbeito. Cunha periodicidade de tres números anuais publícase coa intención de constituír un material de axuda para os profesionais da educación e ser expoñente das súas necesidades e problemas, ademais de promover a actividade docente. Nela participan profesores das tres universidades galegas de Ciencias da Educación, xunto cun amplo grupo de profesionais do ensino. A revista conta con numerosas seccións, entre as que salientan: "O tema", parte monográfica que trata unha temática diferente en cada número, "Entrevista", "Novas tecnoloxías", "A escola rural", "Experiencias", "Recursos do contorno", "Pais e nais", "Xoguetainas e brinquetainas", "Estudos e informes", "Panoraula" e "Recensións" ou "Reseñas". No ano 2012 publicáronse os números 52, 53 e 54.

Referencias varias:

- S. Formoso, "Presentan en Melide el último número de la Revista Galega de Educación", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Divulgación", 10 xaneiro 2012, p. 30.

Infórmase da presentación no edificio multiusos do concello de Melide do último número desta revista.

- E. C. G., "A 'Revista Galega de Educación' chega ao nº50", *El Correo Gallego*, "Galicia", "Renovación pedagóxica", 19 xaneiro 2012, p. 13.

Fálase do número cincuenta da *Revista Galega de Educación* que, entre outros contidos, fai unha escolma de artigos publicados ao longo dos seus vinte e cinco anos de vida.

- José L. Estévez, "La 'Revista Galega de Educación' celebra sus 25 años de existencia", *El País*, "*Galicia*", 19 xaneiro 2012, p. 5.

Fálase do número cincuenta da *Revista Galega de Educación* e das esperanzas do director da revista de que continúe a ser un medio de comunicación para os mestres para dar a coñecer as iniciativas innovadoras que se desenvolven na comunidade.

- Marta Becerra, "Viaje al interior de un motor", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 1 marzo 2012, p. 13.

Dáse conta da presentación dos números cincuenta e cincuenta e un desta revista na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA
(ISSN: 1576-2661) (DL: C-584-2000).

Publicación de periodicidade anual que iniciou a súa andaina no ano 2000. O seu director é Xosé Ramón Freixeiro Mato, o subdirector Manuel Ferreiro e o secretario Xosé Manuel Sánchez Rei. O consello de redacción está formado por Manuel Fernández Ferreiro, María Pilar García Negro, Xoán Carlos Lagares, María Aldina Marques, Elisardo López Varela, Xoán López Viñas, Anxo M. Lorenzo Suárez, Goretti Sanmartín Rei, Xavier Varela Barreiro e Roger Wright. Como membros do comité científico aparecen Evanildo Bechara, Ataliba T. de Castilho, José Luiz Fiorin, Rafael Lluis Ninyoles, Andrés Pociña, Álvaro Porto Dapena, José Luís Rodríguez, Sebastià Serrano, Telmo Verdelho e Mário Augusto do Quinteiro Vilela. No ano 2008 Elisardo López Varela xa non figuraba no consello de redacción ao igual que Roger Wright, que pasou a formar parte do comité científico. No ao 2012, pasaron a formar parte do consello de redacción Iolanda Galanes, Pär Larson e Ana Maria Martins e do comité científico Manuel Ferreiro e Juan Carlos Moreno Cabrera. A revista divídese nos apartados "Artigos" e "Recensións". No apartado final aparecen as normas para a presentación de traballos e apúntase que se consagra "á publicación de traballos de investigación que desenvolveren algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués, como tamén á promoción e coñecemento da lingua no seo da sociedade. Do mesmo xeito, recensións de obras que trataren algún tema relacionado coa lingüística en xeral, ou coa galega e portuguesa en particular, serán obxecto de consideración para seren publicadas". No ano 2008 publicouse o número 9, que contiña unha nova sección intitulada "Notas". No ano 2012 saíu do prelo o número 13, que contou tamén cunha sección de "Contidos dos números anteriores da Revista Galega de Filoloxía".

REVISTA GALEGA DE TEATRO
(ISSN: 113-956 X//1888-2412) (DL: Vg-21-1994).

Revista de información teatral fundada en 1985 e editada pola Asociación Cultural "Entre Bambalinas", que recibiu a Medalla ADE no ano 2006. É membro fundador da Rede de Publicacións do Instituto Internacional do Teatro do Mediterráneo e recibe o apoio da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e de AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais). A súa periodicidade, inicialmente semestral, na actualidade é trimestral. No número 22 iniciou unha segunda época, dirixida por Antón Lamapereira, cun consello de redacción formado por Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites e Lourdes Vega e actuando como secretarios Che Mariño; dende o número 28 Mª José Vilas Rodas, relevada por Vanesa M. Sotelo a partir do número 55. Dende o número 54 aprecíouse un cambio de ISSN que se consigna na entrada e constan como membros do consello de redacción Afonso Becerra de Becerreá, Casilda García, Antón Lamapereira, Inma López Silva, María Lourdes Vega Alonso, Manuel F. Vieites, Pedro P. Riobó, Ricardo Solveira, Vanesa Sotelo, Xosé M. Pazos, Roberto Pascual, Gonzalo Rodríguez e, a partir do número 57, tamén Che Mariño. Ademais de reportaxes de actualidade sobre actividades teatrais, presentaba as seguintes seccións: "Editorial", "Opinións desde a butaca", "IGAEM", "Libros", "Revistas", "Axenda", "En cartel" e "Ficheiro". No número 54 aprecíouse un

cambio nas seccións, que pasaron a ser: “Cómic”, “Editorial”, “Espazos”, “Festivais”, “Entrevistas”, “Críticas”, “Libros”, “Revistas”, “Ficheiro”, “Axenda”, “Temas”, “En danza”, “Documentos” e “Espectáculos”, sen unha estrutura estábel e variando a súa aparición. Todos os números inclúen un caderno numerado, co título de “Textos teatrais”, no que a revista dá a coñecer distintas pezas teatrais, con frecuencia traducións ao galego. No ano 2012 apareceron os números 70, 71 e 72. Na sección “Textos teatrais”, no número 70, aparece a tradución ao galego, a cargo de Afonso Becerra, dunha peza de Joan Giralt Bailach intitulada “Fóra feira”; no número 71, a tradución ao galego, tamén a cargo de Afonso Becerra d’“O principio de Arquímedes”, de Josep Maria Miró i Coromina; no número 72, a peza dramática “Ritos de sangue”, de María Xosé Queizán. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Seminario de Estudios Redondeláns
(DL:PO-362-03) (ISSN:1698-8051).

Boletín cultural de ámbito local vinculado á asociación SEREN (Seminario de Estudios Redondeláns) e subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En 2012 saíu do prelo o número 12. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- I. L. M., “Redondela, ‘vila precursora”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, 7 xullo 2012, p. 14.

Preséntase o sexto boletín do *Seminario de Estudios Redondeláns* e cítanse algúns dos artigos que acolle.

***SERENDIPIA*. V.O. Comunicación&cultura**
(ISSN: 1887-3138) (DL: C 3262-2006).

Revista bilingüe (galego-castelán) de periodicidade bimestral editada por Dardo ds dende o ano 2006, empresa editorial dedicada tamén ao deseño gráfico e á creación de páxinas web. O seu nome obedece a un neoloxismo que sinala unha alianza coa sorte e certo senso de sorpresa que “intenta reflectirse na orixinalidade dos artigos propostos e nunha imaxe coidada”. Pretende ser un instrumento independente dos poderes político e económico e plural ao servizo dos intelectuais. Os artigos están escritos en galego ou castelán indistintamente e abranguen temas de arquitectura, arte contemporánea, tendencias, literatura, cine, música, artes escénicas e outras manifestacións como a economía e a política. O primeiro número tiña como director a Xoán Barro e de subdirectores a Pablo G. Quintas e Luis Vázquez-Pena e un consello asesor, formado por David Barro, Patricia Dopico, Conchi Mayo, Basilio Pampín, Carlos Teijo e Daniel Salgado. Nos números 2 e 3 a dirección correu a cargo de Pablo G. Quintas e Luis Vázquez-Pena e a revista contou cun consello asesor formado por David Barro, Xoán Barro, Patricia Dopico, Conchi Mayo, Basilio Pampín e Carlos Teijo. A partir do número 5 apareceu como redactor xefe Rubén Blanco Hervés e non hai consello asesor.

Non está estruturada en seccións fixas, senón que se suceden os artigos, entrevistas e reportaxes sobre arte, literatura, cine e música. No número 6 (decembro de 2007 a febreiro de 2008) comezou unha nova etapa, cambiando a súa periodicidade, "cun novo formato, con máis do dobre de páxinas e cun verdadeiro sentido temático que fará que cada número teña un coordinador editorial dependendo do tema a tratar". No ano 2012 non saíu do prelo ningún número.

SUROESTE. Revista de Literaturas Ibéricas
(ISBN: 978-84-9852-287-7).

Revista estremeña de periodicidade anual dirixida por Antonio Sáez Delgado. Naceu como punto de encontro entre as diferentes literaturas peninsulares, con especial atención ao diálogo entre Portugal e España. Outorga un papel fundamental á creación literaria. O consello de redacción está formado por Antonio Franco Domínguez, Luis Manuel Gaspar, Gabriel Magalhães e Javier Rodríguez Marcos e o consello asesor por Miguel Á. Lama, Álvaro Valverde, Eloísa Álvarez, Fernando Pinto do Amaral, Juan Manuel Bonet, Perfecto Cuadrado, António Cándido Franco, Martín López-Vega, João de Melo y Eduardo Pitta. Parte da publicación *Espacio/Espaço Escrito*, editada polo Departamento de Publicacións da Deputación Provincial de Badaxoz e a Editora Rexional de Estremadura, organismos encargados así mesmo desta nova publicación que saíu do prelo por vez primeira en xaneiro de 2011. Está estruturada en catro seccións fixas: "Poesía", "Narrativa", "Ensayo" e "Escaparate de libros". No ano 2012 publicouse o segundo número.

TABOADA, A. Revista das asociacións culturais A Cabana e O Meigallo
(ISSN: 1577-9483) (DL: PO-109/00).

Revista cultural vinculada ás asociacións A Cabana de Moraña e O Meigallo de Cuntis. A súa periodicidade comezou sendo semestral e actualmente é anual. Foi fundada en decembro de 1999. Integran o consello de redacción Xosé Casal Porto, Alfredo García Giménez, Avelino Garrido Monteagudo e Marcos Suárez Redondo. No ano 2012 non saíu do prelo ningún número.

***TEMPOS NOVOS*. Revista mensual de información para o debate**
(ISSN: 1137-6945) (DL: C-588/97).

Revista fundada en abril de 1997 e editada polo Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A. con periodicidade mensual. No primeiro editorial consignábanse os seguintes obxectivos: a creación dun medio de comunicación alternativo e de calidade que permitise artellar un movemento orixinal de desafío á mundialización tecnolóxica e á defensa e reforzo dunha identidade colectiva galega. O director da revista é Luís Álvarez Pousa. Conta cun comité de redacción e con colaboradores habituais, entre os que se contan José Manuel Lens (Arte), Xurxo González (Cinema), Armando Requeixo e Teresa Seara (Libros), Alexandre Cancelo (Música) e Inma López Silva (Teatro), así como cunha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. A revista consta das seccións estábeis "Opinión", "Cataventos", "A Contratempo", "Horizontes" e "Voces e culturas". En cada número de

decembro faise un balance crítico do ano nas áreas de política, sociedade, economía e cultura. No ano 2007 a revista cambiou de formato e ampliou as seccións: "Obertura", "Días Soltos", "Todo é peixe", "Editoriais", "En Foco", "Carta de axuste", "Entrevista", "As claves", "Tres en raia", "¡Guau Guau!", "Debate", "Entreculturas", "Crítica", "Redes cívicas", "Espiral innovadora" e "Sen corsé". Engadiu ademais a sección "Dossier TN". *Tempos Novos* vén acompañada dende o inverno 2006/07 do suplemento *Protexta*, de periodicidade cuadrimestral, que tamén se distribúe cos xornais *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiños*. O seu director é Luis Álvarez Pousa e a presidenta Ana Fernández Puentes. Os nomes das distintas seccións, maioritariamente estábeis, son: "proVisión" (dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), "proTagonista" (entrevistas), "proPostas" (recomendación de obras), "proLogo" (centrada nun autor), "proNtuario" (os libros dos lectores), "proNome" (entrevistas), "proPulsión" (produción literaria dun país), "proXectil" (achegas literarias de internet) e "proCura" (novidades editoriais). No ano 2012 a revista sacou do prelo doce números, do 176 ao 187. Neste mesmo ano o suplemento *Protexta*, coordinado por Ana Salgado, publicou o números 19. Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Libros", 5 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 362, 6 abril 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntanse algúns dos asuntos recollidos ao longo das súas páxinas. Tamén se seleccionan *Os fillos do mar* (2012), de Pedro Feijóo; *Da máquina* (2012), de Alberto Lema e *Haberá primavera* (2011), de César Morán.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 414, "Libros", 10 maio 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 367, 12 maio 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa saliéntanse algúns dos contidos principais. Tamén se seleccionan *Iria* (2012), de Anxo Angueira; *Ecos da néboa* (2012), de Ricardo Martínez-Conde e *A Torre das Lavercas* (2012), de Daniel Ameixeiro.

TINTIMAM
(DL: VG 362-1984, VG 81-2011).

Revista que comezou a saír en Vigo en 1984 como *Tintimán* e que acadaría, na súa primeira andaina, os cinco números. Cun formato de luxo a tamaño A3 e cunha sobrecuberta de plástico, consolidouse como a publicación de referencia da chamada "movida" viguesa. Incluía seccións de moda, deseño, música, pintura, arquitectura e creación en xeral, ademais dunhas páxinas dedicadas á banda deseñada. Nesta última, chamada "Tintimán Cómic", colaboraron autores como Manuel Fragoso, Coruñago,

Manuel Vigo ou García Varela, entre outros. No ano 2010 comeza unha nova andaina con cambio de nome, *Tintimam*, e con Xabier Moreda como director. Inclúe textos en galego, castelán e inglés.

TRABE DE OURO, A. Publicación Galega de Pensamento Crítico
(ISSN: 1130-2674) (DL: C-351-1994).

Revista de pensamento crítico, editada por Sotelo Blanco Edicións, de periodicidade trimestral. Foi fundada en 1990. O seu director é Xosé Luís Méndez Ferrín. Conta cun consello de redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andión, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Cid Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez. A partir do número 62 xa non figuraron no consello Xosé Cid Cabido, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela e Antón Reixa. Exercen como secretarios Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. A revista estrutúrase en cinco apartados: "Cuestións", "Acoutacións", "Textos", "Publicacións" e "Crónica". En 2012 viron a luz os seguintes números trimestrais: o 89 (xaneiro-febreiro-marzo), o 90 (abril-maio-xuño), o 91 (xullo-agosto-setembro) e o 92 (outubro-novembro-decembro). O número 89, na sección de "Textos", acolle catro composicións de Valentín Paz-Andrade pertencentes ao seu poemario inédito *Canto en catro ao conde de Andrade*. O número 90 presenta na mesma sección a reprodución dunha carta de Aquilino Iglesia Alvariño a Luís Manteiga. O número 91 acolle nesa sección dezasete poemas de Pearse Hutchinson, traducidos por Manuel Outeiriño e intitulados "Falso arrepentimento", "Intuición", "Perdón", "De nós", "Noticia", "D. H. Lawrence", "A santificación do traballo", "Diminución", "Silencio de morte", "Non sería magnífico", "In articulo mortis", "Alan", "Máirtin escachapedras", "A cas da liberdade", "Senhor Mascarenhas", "Ensinar matemáticas" e "Partidarios da liberdade posible". O número 92 presenta nesta sección un texto inédito, en galego, de José Ángel Valente. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións:

- Xosé Ramón Pena, "Emerxencias d'*A trabe*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 401, "Libros", 2 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 11 febreiro 2012, p. 6.

Presenta o número oitenta e sete da publicación *A trabe de ouro* (2011), da que destaca o seu carácter crítico coa sociedade. A continuación enumera diferentes estudos e artigos que acolle, entre os que están "Risco, vencido e inadaptado", de Manuel Outeiriño, ou "A emergência da lírica galego-portuguesa e os primeiros trovadores", de Jose Antonio Souto Cabo. Indica tamén que a revista contén as seccións "Acoutacións", "Textos", "Publicacións" e "Crónica".

- Lucía Seoane, "Pensamento crítico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 405, "Libros", 1 marzo 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 360, "Letras galegas", 24 marzo 2012, p. 6.

Dá conta da saída do prelo do número oitenta e oito, último do ano 2011, da revista *A trabe de ouro*. Describe brevemente cada un dos traballos que o compoñen e mostra a súa satisfacción ao darlle a benvida a cada un dos números que van saíndo desta publicación periódica.

- Xosé Feixó, "Pensamento crítico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 418, "Libros", 7 xuño 2012, p. 7/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 371, "Letras galegas", 9 xuño 2012, p. 7.

Coméntase que o primeiro número de 2012 desta revista achega interesantes lecturas e destácanse tres artigos, entre os que se inclúe o de Newton Sabbá intitulado "A arte do conto en Xosé Neira Vilas".

UNIÓN LIBRE. Cadernos de vida e culturas
(ISSN: 1137-1250) (DL: C-1668-1996).

Revista cultural publicada por Ediciós do Castro, de periodicidade anual. Fundada en 1996, e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, o seu propósito é dar cabida a diversas manifestacións creativas, preferentemente literarias, dende unha perspectiva "radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria". O comité de redacción está integrado por Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno (San Petesburgo), Diana Conchado (Nova York), María Lopo (Bretaña), Carme Junyet (Barcelona), Lily Litvak (Texas), Katheleen N. March (Maine) e Olga Novo (Santiago de Compostela). No ano 2012 saíu do prelo o número 17, co subtítulo *Retrospectiva Sara Lamas*. Este número acolle un poema de Claudio Rodríguez Fer intitulado"Macorina".

VICEVERSA. Revista Galega de Tradución
(ISSN: 1135-8920) (DL: VG 371-1995).

Publicación anual promovida pola Asociación de Tradutores Galegos (ATG), o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia, aínda que nos dous primeiros números tamén consta na produción Edicións Xerais de Galicia. A revista creouse en 1995 como resposta ás preocupacións dos membros da ATG, de profesorado e estudantado universitario de lingua e literatura galegas, os cales desexaban potenciar as traducións ao galego das obras máis importantes da cultura a nivel mundial. Entre os obxectivos primordiais da publicación están o de proporcionar un soporte adecuado de difusión aos traballos que xurdisen do alumnado da titulación de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo, dar a coñecer os estudos que sobre esta cuestión se publican en distintos países e, por último, informar sobre a situación actual da tradución en Galicia. Nos tres primeiros números a dirección correu a cargo de Mª Camiño Noia e dende o número 3 até o 6 actuou como secretario Xosé M.ª González Clemente. Dende o número 7-8 o secretario é Alberto Álvarez Lugrís e o consello de redacción está formado por Valentín Arias López, Teresa Caneda Cabrera, Leandro García Bugarín, Gonzalo Constenla Bergueiro, Anxo Fernández Ocampo, Xosé Mª Gómez Clemente, Ana Luna Alonso, Camiño Noia Campos e Antón Palacios Sánchez. Conta coas sección: "Teoría e historia da tradución", "Instrumenta",

“Traducións xustificadas”, “Críticas e recensións” e “Informacións”. No 2012 non saíu do prelo ningún número.

XARMENTA. Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta
(ISSN: 2171-1941/ DL: LE-1813-06).

Publicación da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta, coordinada por Ricardo López Temez, Manuel Mañá González e mais Rafael Adán Rodríguez, que sacou do prelo o seu primeiro número o 13 de decembro de 2006. Publícase na vila berciana de Ponferrada e dende esa data publicáronse catro números máis: o n.º 2 (14 de decembro de 2007), o n.º 3 (10 decembro 2008) , o n.º 4 (12 marzo 2010) e mais o n.º 5 (8 outubro 2011). Conta co apoio de diversas institucións e empresas do Bierzo e mais de Galicia. O número que saíu do prelo en 2011 (n.º 5) é un monográfico dedicado ao escritor berciano en lingua galega Antonio Fernández Morales (Astorga, 1817-Cacabelos, 1896) que inclúe a reprodución dos relatorios presentados na 6.ª Escola Permanente Fermín Penzol en homenaxe a este escritor berciano e asemade conta con artigos relacionados coa Asociación Berciana da Lingua Xarmenta (fundada en marzo de 2005 en Ponferrada co fin de defender e promover a lingua galega do Bierzo) e coa presenza da lingua galega no Bierzo. No ano 2012 non saíu no prelo ningún número.

XISTRAL. Revista Lucense de Creación Poética
(ISSN: 1576-9488) (DL: LU-344-00//LU 145-2008).

Revista de poesía editada pola Concellería de Cultura e Turismo do Concello de Lugo, con periodicidade anual. Foi fundada no ano 1998. O coordinador é Camilo Gómez Torres. O seu primeiro consello de redacción estaba integrado por Luz Pozo Garza, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo, Manuel María e Ignacio Rodríguez. No ano 2008 publicouse o número 11 (primavera 2008), no que se aprecia un cambio no D. L. que se consigna na entrada. Actualmente o seu consello de redacción está integrado por Luz Pozo, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo e Antón Bao Abelleira. No ano 2012 editouse o número 15, que na sección de “Creación” contou coas seguintes achegas poéticas: “Querida Min...”, de Natalia Alonso Ramos (Foz, 1983); “Eu”, de Inma Alonso Rodríguez (Lugo, 1996); “Sal” e “Xofre”, de Carlos Arias (Lugo, 1959); “Meu Galván novo coma o lume”, de Lupe Bao (Lugo, 1978); “Meu pobo: Lugo, á beira do miño” e “Os reloxos aniñan o tempo...”, de Xosé Blázquez (Lugo, 1959); “Sei que por dentro levo un espía, traidor de si mesmo...”, de Luís Miguel Bugallo (Santiago de Compostela, 1962); “Olladas”, “Ánima” e “Distancia”, de Joaquín Carballido Parra (Ponferrada, 1962); “Muralla, ser vivo”, de Marina Cillero (Madrid, 1940); “A guerrilleira” e “Nacer”, de Cristina Corral Soilán (Lugo, 1976); “Sentir” e “Noctámbulo”, de Jesús Corredoira (Portomarín, 1993); “...a historia” e “1ª imaxe”, de Soraya Cortiñas Ansoar (Chantada, 1985); “Enfeitizando con verbas vacías...”, de Alicia Chao Penela (Torallo, Becerreá, 1975); “Quen tivera amor, amigo, para llo dar a un paxariño!”, de José Estévez López (Pradeda, Guntín, 1954); “Cando te fuches”, de Mª Sara Fernández (Burela, 1964); “Estruturas recíprocas” e “Cumpreparto”, de Susana Ferreiro Mediante (Lugo, 1976); “Alborada na chaira” e “Bela”, de Adela Figueroa (Lugo, 1948); “A caravana”, “Barrios”, “Hotel Stela” e “Os ollos”, de Antón Fortes (Sarria, 1957); “Pechando as lembranzas”, de Ana Mar Fraga (Cospeito, 1961); “Tedempo en súas traxedias”, de Xosé Lois García (Lugo, 1945); “Orión”, “Isto non

pode ser o mar" e "Non (nos) sei", de Naír García Abelleira (Castro de Ribeiras de Lea, 1989); "Ás veces" e "Viaxo a ti", de Teresa Gómez Senra (Lugo, 1966); "Realidade asulagada", de Eva González Álvarez (Navia de Suarna, 1994); "Tango emigrante", de Ramón González González (Lugo, 1976); "Declárome, unha vez máis, insubmiso a este drama voluntario...", de Baldomero Iglesias (Mero) (Vilalba, 1951); "Fisterra" e "Pedra, dorna, canastro, bico", de Emilio Xosé Ínsua (Viveiro, 1967); "As nosas rubias", "Melancolía" e "O drama da rega", de Ángel Lamas Muinelo (Bazar, 1943); "Wily, o tren que te leva" e "Follas vermellas", de Lomarti (Lugo, 1957); "No Courel" e "Saír do medo", de Miguel Anxo Macía (Lugo, 1955); "Alborada mariña", de Manuel Celso Matalobos (Lugo, 1959); "Amores prohibidos" e "Muralla", de Enrique Mora Morandeira (Friol, 1942); "Fragmentos e variacións sobre fondo gris" e "Cidade de noite", de Manuel Xosé Neira (Meilán, Lugo, 1964); "A clase obreira", de Xoán Neira (Meilán, Lugo, 1953); "Ave manía carísima sen miolo concibida" e "O conto da xustiza", de Isidro Novo (Lugo, 1951); "Futuro imperfecto", de Toño Núñez (Navia de Suarna, 1959); "Na singradura dos desexos", de Xosé Otero Canto (Castro de Rei, 1951); "O pradairo da soidade", de Jesús Alfonso Parada Jato (O Courel, 1967); "Bo viaxe, meu pai", "Sextina á resistencia" e "Á miña nai", de Vicente Piñeiro (Lugo, 1954); "A viaxe", de Xerardo Quintiá (Friol, 1970); "Non houbo...", de Andrei Quintiá Pastrana (Lugo, 1993); "Nai de sombra", de Xesús Rábade Paredes (Seixas, Cospeito, 1949); "Pasos na neve", de Francisco Javier Reija Melchor (Lugo, 1973); "Estraña froita", de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956); "Á miña familia", de Margarita Rodríguez Otero (Monforte, 1934); "Tarde", de Ramón Rodríguez Porto (Chantada, 1963); "Ponte Mourulle", de Daniel Salgado (Monterroso, 1981); "Son virxes segrares do tempo..." e "Adeus", de Jacobo Sánchez Quintela; "A senda do tempo", de Saturnino Valladares (Lugo, 1978); "Non espacio", de Diana Vázquez Puñal (Corme, 1981); "A miña estadía en Yaoundé-Camerún", de Lois Vázquez Fernández (Chavaga, Monforte, 1938); "Vilamor" e "Inverno", de Antonio Vázquez Tierra (Monforte, 1960); "Unha aposta polas arelas de vivir", de Elvira Veloso (Monforte, 1942); e "Lembranza do pracer", de Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940).

X. PREMIOS

X.1. NARRATIVA

Premio de Narración Curta **Álvaro Paradela**

A Sociedade Artística Ferrolana convoca dende 1993 este premio coa finalidade de render homenaxe ao escritor, columnista e poeta Álvaro Paradela. Para participar, hai que enviar textos inéditos de temática libre, en lingua castelá ou galega, cunha extensión máxima de tres folios ao apartado de correos 339 (15480, Ferrol) ou ao correo electrónico info@sociedadeferrolana.es. O premio é simbólico, sen dotación económica, e consiste nunha placa conmemorativa e uun artigo sobre o gañador na revista *Poesía Galicia*. No ano 2012 abriuse a convocatoria da XVI edición.

Concurso de Microrrelatos de **Amnistía Internacional Galicia**

Amnistía Internacional Galicia convoca por primeira vez no ano 2012 este certame para promover a reflexión sobre a defensa dos Dereitos Humanos. Esta organización propón unha imaxe que serve de base temática para elaborar os textos, que deben ser orixinais, en galego ou en castelán e dunha extensión máxima de duascentas palabras sen incluír o título. As persoas interesadas en participar poderán facelo cun único microrrelato, enviándoo a Amnistía Internacional Galicia por medio do formulario *web* habilitado para tal fin en http://www.es.amnesty.org/es/grupos-locales/galicia. O xurado é seleccionado polo Comité de Amnistía Internacional Galicia. Tamén haberá un premio ao relato máis popular elixido polos seguidores do faceboof de Amnistía Galicia. O galardón consiste nun lote de libros, que se entregarán nun acto público. O prazo de presentación de orixinais nesta convocatoria tivo lugar entre o 10 e o 29 de novembro e o acto de entrega dos premios realizouse o 10 de decembro no Centro Cultural Novacaixagalicia.

Certame Literario de Relato de Aventuras **Antón Avilés de Taramancos**

O Concello de Noia e a revista *Casa da Gramática* do IES Virxe do Mar, coa colaboración da Deputación da Coruña, convocan este certam, ao que poden concorrer escritores de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Comezou a súa andaina cunha dotación económica de mil oitocentos euros; porén a partir da segunda edición o galardón pasou a ser de tres mil euros e unha escultura conmemorativa realizada polo artista local Alfonso Costa e a publicación da obra gañadora por parte do Concello de Noia. Nesta Os orixinais, cunha extensión entre setenta mil e cen mil caracteres, por cuadriplicado, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados, sen firma e cun lema baixo plica, debían remitirse até o 23 de marzo ao Concello de Noia (Rosalía de Castro, n.º 2, 15200, Noia-A Coruña). Nesta edición, a undécima, presentáronse dezaoito relatos e o xurado, constituído por Xavier Castro, en calidade de secretario con voz e sen voto, o escritor Antonio Piñeiro, gañador do certame na edición

anterior, o poeta e artista plástico Baldo Ramos e o crítico literario Ramón Nicolás, decidiu por unanimidade conceder o galardón a Xosé Alfredo Naz Fernández (Vigo, 1972) polo relato *O sorriso de Hitler* (Editorial Toxosoutos, 2012).

Referencias varias:

- M. Gil, "El vigués Alfredo Naz ganó el premio Avilés de Taramancos de relatos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 abril 2012, p. 30.

Noméase a obra gañadora do XI Certame Literario de Relatos de Aventuras Avilés de Taramancos: *O sorriso de Hitler*, de Xosé Alfredo Naz Fernández.

Certame de Narración Curta **Ánxel Fole**

Organizado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997, dedicado a Ánxel Fole, consta de dous primeiros premios de 900 euros e dous segundos de 450 euros, que a partir da convocatoria de 2008 ascenderon a 1.000 euros e 500 euros en cada premio e modalidade: lingua galega ou castelá. Dende o ano 2011 só se convoca a modalidade de textos escritos en galego e outórganse tres premios de 1.500, 1.000 e 500 euros. Poden concorrer cantas persoas o desexen, cun máximo de dúas obras orixinais e inéditas de tema libre. A extensión non pode superar os 36.000 caracteres, espazos incluidos, mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara. Os traballos deben presentarse por triplicado ou ben en soporte dixital (CD/DVD ou lapis de memoria) en copia única no Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (Concello de Lugo, Praza Maior, 1) en sobre pechado, baixo un pseudónimo ou lema na parte exterior. Na edición XV, correspondente ao ano 2012, o prazo de presentación pechouse o día 31 de decembro de 2012 e a Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo nomeou o seguinte xurado: Lupe Bao Reixa, Cristina Corral Soilán e Xerardo Quintiá Pérez. Na XIV convocatoria, relativa ao ano 2011, presentáronse cincuenta e nove obras en galego e o xurado, composto por Marica Campo, Antonio Reigosa e Xoán R. Cuba, decidiu galardoar co primeiro premio de 1.500 euros a Luz Darriba, por *Monstros*; co segundo premio de 1.000 euros a Mercedes Leobalde García, por *Fáltasme*; e co terceiro premio de 500 euros a Ana María Galego, por *Neiges d'antan*.

Premio Literario **Arcebispo Juan de San Clemente**

Baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o IES Rosalía de Castro crea no ano 1995 este premio literario, cunha dotación de tres mil euros para cada unha das modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. O galardón, co que se busca fomentar a lectura entre o alumnado, comporta, ademais, unha estatuíña conmemorativa e un diploma. O xurado confórmase por estudantes de bacharelato do instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e de catro institutos máis de Galicia, elixidos ao chou. O 22 de marzo, no Salón de Actos do Instituto Rosalía de Castro, tivo lugar a entrega dos galardóns da XVII edición, correspondente ao ano 2011. Na XVIII (2012) os institutos escollidos para o xurado foron o Chano Piñeiro, de Forcarei (Pontevedra); o Leiras Pulpeiro, de Lugo; o Agra do

Orzán, da Coruña; e o Julio Prieto Nespereira, de Ourense. As obras finalistas nas diferentes modalidades foron: en lingua galega, *A veiga é como un tempo distinto*, de Eva Moreda; *O bebedor de rakia*, de Manuel Marcos; e *Extramunde*, de Xavier Queipo; en lingua castelá, *Caligrafía de los sueños*, de Juan Marsé; *El ruido de las cosas al caer*, de Juan Gabriel Vázquez; e *Deseos*, de Marina Mayoral; e en lingua estranxeira *Siete años*, de Peter Stamm; *El mapa y el territorio*, de Michel Houellebecq; e *Purga*, de Sofi Oksanen. O 12 de xuño déronse a coñecer as obras galardoadas: en lingua galega, a novela *Extramunde* (2011), de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957); en lingua castelá, *Deseos* (2011), de Marina Mayoral (Mondoñedo, Lugo, 1942) e en lingua estranxeira *Siete años* (2011), de Peter Stamm (Weinfelden, Suiza, 1963).

Referencias varias:

- Ana Iglesias, "Fiesta literaria con Tóibín, Xulia Alonso y Mendoza en el Rosalía", *El Correo Gallego*, "Santiago", 23 marzo 2012, p. 20.

Fálase do acto de entrega do Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente nunha velada celebrada no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela.

- Isidoro Peña, "Los premios", *El Correo Gallego*, "Crisol", 26 marzo 2012, p. 64.

Cítanse diversas obras premiadas no Premio Arcebispo Juan de San Clemente: *Brooklin*, de Colm Tóibín, *Futuro imperfecto*, de Xulia Alonso e *Riña de gatos*, de Eduardo Mendoza.

- Ana Calvo, "Queipo, Mayoral y Stamm son los autores favoritos en los institutos", *El Correo Gallego*, "Santiago", 13 xuño 2012, p. 23.

Sinálase que teñen xa participado máis de 500 alumnos nas dezaoito edicións do Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente. Indícase que a selección previa das obras se somete a xuízo a través dun comité de lectura no que ademais de alumnado tamén participa o profesorado. Danse os nomes das novelas gañadoras nesta edición: *Siete años*, de Peter Stamm; *Deseos*, de Marina Mayoral; e *Extramunde*, de Xavier Queipo.

- D. Salgado, "Xavier Queipo, Mayoral y Stamm, premios San Clemente", *El País*, "*Galicia*", 13 xuño 2012, p. 6.

Noméanse os gañadores das tres narracións publicadas en 2011 e distinguidas este ano co Premio San Clemente. O premiado no apartado de libros en galego, Xavier Queipo, considera especialmente interesante que sexan estudantes quen outorguen o galardón. Ofrécense os nomes dos finalistas nesta categoría e recóllense apreciacións de Marina Mayoral, quen gañou coa súa novela en castelán, *Deseos*. Indícase que en lingua estranxeira o vencedor foi de Peter Stamm con *Siete años*.

- Joel Gómez, "Xavier Queipo, Marina Mayoral y Peter Stamm ganan el San Clemente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 xuño 2012, p. 37.

Infórmase de que trinta estudantes de institutos galegos elixiron as obras premiadas no certame literario Arcebispo Juan de San Clemente: en lingua galega *Extramunde*, de

Xavier Queipo; en castelán *Deseos*, de Marina Mayoral; e en lingua estranxeira Peter Stamm, por *Siete años*.

Premio **Biblos-Pazos** de Galicia

Premio creado pola editora Biblos no ano 2005, aberto á participación de menores de 25 anos que presenten unha memoria de entre 30 e 40 folios das súas respectivas novelas á editora Biblos (Quintá, n.º 8-Mandaio, 15391, Cesuras-A Coruña) (www.biblosclube.com), na que se inclúan unha exposición das características da súa futura obra, así como un capítulo ou fragmento para valorar o seu estilo. As persoas finalistas seleccionadas teñen que presentar nun segundo prazo un borrador das súas novelas. Esta editora designa todos os anos un titor que axuda ao gañador a completar e perfilar a obra durante unha estadía no mes de outubro na Casa Grande do Bachao. Cada un dos finalistas ten dereito a unha fin de semana para dúas persoas nalgún dos estabelecementos da rede de Pazos de Galicia. O galardón comporta, ademais da estadía na Casa Grande do Bachao, un ordenador portátil, a escultura creada para o premio, deseñada polo artista lugués Luís Loureira, a publicación da súa obra na colección "Mandaio" e a tradución ao castelán desta. Nas edicións anteriores resultaron galardoados: en 2005, Iria López por *Meniña de cristal* (2005); en 2006, Alberto Ramos por *Dor pantasma* (2006); en 2007, Patricia Casas por *Vidas entrelazadas*, publicada como *Teselas de cidade* (2008); en 2008, Berta Dávila por *Bailarei sobre a túa tumba* (2008); en 2009, Pablo García por *Relato dun estalido sordo* (2010); en 2010, Elena Veiga por Morto en fucsia (2011); e en 2011, Iria Morgade Valcárcel por *Verbas no ar* (2011). No ano 2012 (8ª edición), o xurado, composto por Tucho Calvo, Iria Morgade (como gañadora da edición anterior) e María Xosé Queizán, quen actuaba ademais como titora, decidiu declarar deserto o premio. O veredicto deuse a coñecer durante unha cea o 20 de xullo na Casa Grande do Bachao.

Referencias varias:

- ECG, "Declarada onte deserta a oitava edición do Premio Biblos-Pazos de Galicia", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 21 xullo 2012, p. 43.

Comunícase que se declarou deserto o galardón correspondente coa oitava edición do Premio Biblos-Pazos de Galicia, e recolle as verbas da gañadora do ano anterior, Iria Morgade, quen lamenta a baixa participación no certame.

Premio **Blanco Amor de Novela Longa**

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que participaban con trescentos euros cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso, até chegar á actual contía de doce mil vinte euros. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra gañadora. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografados por unha cara e a dobre espazo (tamaño de fonte 12). Poden participar nel todos os autores, de calquera

nacionalidade, que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega, segundo a normativa oficial vixente. Os interesados deben enviar cinco copias das súas obras por correo, sen remite e baixo lema ao Excmo. Concello organizador, facendo constar no exterior "Para o Premio Blanco Amor". Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicarase o nome e enderezo do autor ou autora e, de ser posíbel, o seu teléfono e enderezo electrónico. O xurado do premio está composto por cinco membros, que deberán ser escritores ou críticos literarios da literatura galega. Os galardóns en edicións anteriores foron para Daniel Cortezón en 1981 por *A vila sulagada* (1981); Víctor Fernández Freixanes en 1982 por *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982); Xosé Manuel Martínez Oca en 1983 por *Beiramar* (1983); Alfredo Conde en 1984 por *Xa vai o griffon no vento* (1984); Xoán Manuel Casado en 1985 por *O inverno do lobo* (1985); Lois Diéguez en 1986 por *A canción do vagamundo* (1987); Isaac Otero en 1987 por *O sorriso de Gardel* (1987); Miguel Suárez Abel en 1988 por *Turbo* (1988); Román Raña en 1989 por *O crime da rúa da Moeda Vella* (1989); Valentín Carrera en 1990 por *RíoSil* (1990); Fran Alonso en 1991 por *Tráiler* (1991); Ramón Caride Ogando en 1992 por *Soños eléctricos* (1992); Úrsula Heinze en 1993 por *Culpable de asasinato* (1993); Xosé Cid Cabido en 1994 por *Panificadora* (1994); (no ano 1995 non se convocou); Xavier Lorenzo Tomé en 1996 por *O paxaro que canta un nome* (1996); Suso de Toro en 1997 por *Calzados Lola* (1997); Xavier Alcalá en 1998 por *Alén da desventura* (1998); Xosé Cid Cabido en 1999 por *Grupo abeliano* (1999); Xosé Carlos Caneiro en 2000 por *Ébora* (2000); Xosé Antonio Perozo en 2001 por *Martázul* (2001); Xosé Monteagudo en 2002 por *As voces da noticia* (2002); Séchu Sende en 2003 por *Orixe* (2004); Dolores Ruiz Gestoso en 2004 por *Dentro da illa* (2005); Francisco Castro en 2005 por *Spam* (2006); Xesús Rábade Paredes en 2006 por *Mentres a herba medra* (2007); Inma López Silva en 2007 por *Memorias de cidades sen luz* (2008); (no ano 2008 non se convocou); Luís Rei Núñez en 2009 por *Monte Louro* (2009); Iván García Campos en 2010 por *O imposible de desatar* (2010) e Manuel Lourenzo González en 2011 por *ATL* (2012). Na edición de 2012, a organización correu a cargo do concello de Fene e o xurado do XXX Premio Blanco Amor de novela, composto por Rocío Bértoa, concelleira de Cultura de Fene, Xosé María Dobarro Paz, catedrático de Lingua e Literatura Galega na UDC, e os escritores Miro Villar, Marga do Val e Manuel Lourenzo González, decidiu conceder o galardón ao doutor en Dereito e profesor de económicas da USC Ignacio Vidal Portabales, autor de *Dióxenes en Dolorida*, que competiu con cincuenta e catro orixinais. A entrega do galardón tivo lugar o 1 de decembro na asociación Agarimo de Sillobre (Fene), en presenza das autoridades institucionais que o patrocinan como a Deputación Provincial da Coruña e representantes de municipios colaboradores da comarca, amenizado polo grupo de jazz Cool Hamsters.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, "Vidal Portabales, Premio de Novela Longa Blanco Amor", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 1 decembro 2012, p. 51.

Comenta que o escritor Vidal Potabales foi o gañador da trixésima edición do Premio de Novela Longa Blanco Amor, coa novela titulada *Dióxenes en Dolorida*, a súa primeira obra escita en galego. Destaca as consideracións do xurado sobre a novela, que destaca polo emprego de diferentes voces narrativas e o uso do humor.

- Nicolás Vidal, “Ignacio Vidal Portabales gaña o Blanco Amor coa súa primeira novela”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 1 decembro 2012, p. 16.

Dáse a coñecer a Ignacio Vidal Portabales como o gañador do XXX Premio de Novela Longa Blanco Amor, coa obra *Dióxenes en Dolorida.* Comenta a traxectoria do autor e indica que esta é a súa primeira novela longa, na que recupera as súas inquedanzas literarias da mocidade.

- M. A., “Éxito na entrega do Blanco Amor para Vidal Portabales”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 decembro 2012, p. 43.

Explica que coincidindo co aniversario do pasamento do escritor ourensán, a SCRD Agarimo de Sillobre, acolleu a entrega do XXX Premio de Novela Longa Blanco Amor e comenta que o gañador foi o profesor universitario Ignacio Vidal Portabales, coa novela *Dióxenes en Dolorida.*

Concurso de Narración Curta **Boca de la ría**

A Sociedad Artística Ferrolana (SAF) convoca dende o ano 2006 este concurso para premiar narracións curtas, escritas en galego ou en castelán, relacionadas co mar. Para participar débense enviar orixinais mecanografados dun máximo de tres folios, acompañados dunha fotocopia do DNI do autor ou da autora, ao apartado de correos 339 de Ferrol. No ano 2012, abriuse a convocatoria da sexta edición.

Premio Literario **Camilo José Cela de Narrativa**

O Concello de Padrón convoca este certame dende o ano 1989 para homenaxear a “figura humana e literaria do egrexio escritor”. Premia relatos de tema libre, escritos en castelán ou en galego, inéditos e orixinais, cunha extensión de doce a vinte e cinco folios, mecanografados a dobre espazo en formato *word* e tipo de letra Arial tamaño doce. Hai que envialos por quintuplicado, con lema e plica, ao Rexistro do Concello de Padrón (Rúa Longa, n.º 27, 15900, Padrón-A Coruña). O premio está dotado de mil cincocentos euros e unha estatuíña do escritor Camilo José Cela. A data límite de entrega para esta convocatoria era o 15 de xullo.

Premio de Microrrelato **Carlos Casares**

Convocado polo Liceo de Ourense, leva o nome dun dos seus socios máis ilustres, Carlos Casares, e céntrase na modalidade de microrrelato. Contaba con dúas categorías, unha para maiores e outra para menores de vinte e cinco anos, cunha dotación económica de seiscentos euros para cada unha delas, que na convocatoria do ano 2007 aumentou a mil cincocentos euros para o primeiro premio. Nesta XI edición de 2012 centrouse por primeira vez nunha temática concreta: “a gastronomía” e contou co patrocinio do Grupo Cuevas. Podía concorrer calquera persoa con tres traballos inéditos da súa autoría como máximo, redactados en galego ou castelán vinculados ao ámbito da gastronomía, a cociña, ou calquera das súas manifestacións, a alimentación en xeral ou a referencias culinarias. Quedaban excluídos os recetarios ou guías. Os orixinais non

podían superar unha extensión máxima de mil cincocentos caracteres, debendo ser presentados por quintuplicado, antes do 11 de maio, na Secretaría do Liceo de Ourense (Rúa Valentín Lamas Carbajal, n.º 5, 32005. Ourense). Cada orixinal tiña que ir baixo lema e acompañado dun sobre pechado co nome completo, enderezo, teléfono do autor e o título definitivo da obra. O xurado estivo integrado por don José Carlos Martínez-Pedrayo como Presidente do Liceo de Ourense; dona Maite González en representación do Grupo Cuevas; e os membros da Sección de Literatura dona Teresa Devesa Graña, dona Loly Conde Fernández, dona Rosa Estevez Redonet, don Segismundo Bobillo Morgadee e don Javier Casares Mouriño, como bogáis; e actuou como secretario Juan Fonseca Moretón. De entre as obras presentadas, o galardón recaeu en *La cena de despedida*, da asturiana Yose Álvarez-Mesa. A entrega dos premios tivo lugar nun Acto Literario que se celebrou o 25 de maio, enmarcado nas Festas do Liceo.

Referencias varias:

- Alba Chao, "Para escribir hay que mezclar técnica y talento", *La Región*, "Ciudadanos", 27 maio 2012, p. 14.

Entrevista á gañadora da 11.ª edición do Premio de Microrrelato Carlos Casares: a poetisa Yose Álvarez Mesa.

Premio de Novela Europea **Casino de Santiago**

O Casino de Santiago e o IES Rosalía de Castro, coa axuda de El Corte Inglés, convocan este premio, dotado con tres mil euros, dende 2003, co obxectivo de fomentar a lectura entre a poboación compostelá. Unha comisión seleccionadora elixe un grupo de novelas publicadas nalgún país da Unión Europea e ábrese un prazo de votación para que o lectorado emita o seu voto, ben no Casino de Santiago, onde se ofrecen en préstamo as novelas finalistas, ben no Centro Comercial Compostela de El Corte Inglés. Un trinta por cento da resolución do xurado é o resultado da votación de residentes ou persoas que traballan na cidade de Santiago, que tamén levan un premio. A porcentaxe restante cóbrese cos socios do Casino (un vinte por cento) e as votacións de dez representantes de varias institucións da cidade (un cincuenta por cento). Nas edicións anteriores resultaron galardoadas *Expiación*, de Ian Mc Ewan, en 2003; *A Menulara*, de Simonetta Agnelo, en 2004; *Xuntos e mais nada*, de Ana Gavalda, en 2005; *Nunca me abandones*, de Kazuo Ishiguro, en 2006; *Sobre a beleza*, de Zadie Smith, en 2007; *A rolda nocturna*, de Sarah Waters, en 2008; *Caos Calmo*, de Sandro Varonesi, en 2009; *La extraña desaparición de Esme Lennox*, de Maggie O'Farrell, en 2010; e *La cena*, de Herman Koch, en 2011. Na décima edición de 2012 os finalistas foron *De vidas ajenas*, de Emmanuel Carrere; *Con el agua al cuello*, de Petros Márkaris; *La acabadora*, de Michela Murguía; *Los enamoramientos*, de Javier Marías; e *Laura no deserto*, de Antón Riveiro.

Referencias varias:

- ECG, "Presentación del Premio de Novela Europea del Casino", *El Correo Gallego*, "Santiago", 7 novembro 2012, p. 28.

Explica que o Centro Comercial Compostela acollerá a presentación das obras finalistas do X Premio de Novel Europea del Casino de Santiago.

- A. Iglesias, "Finalistas del Premio de Novela Europea de Casino", *El Correo Gallego*, "Santiago", 10 novembro 2012, p. 21.

Da a coñecer os títulos das novelas finalistas do Premio de Novela Europea do Casino de Santiago: *De vidas ajenas*, de Emmanuel Carrere; *Con el agua al cuello*, de Petros Márkaris; *La acabadora*, de Michela Murguía; *Los enamoramientos*, de Javier Marías; e *Laura no deserto*, de Antón Riveiro.

- ECG, "El escritor Herman Koch recoge mañana el Premio Novela Europea del Casino", *El Correo Gallego*, "Santiago", 13 novembro 2012, p. 22.

Dá conta da entrega a Herman Koch do Premio de Novela Europea Casino de Santiago na súa IX edición pola obra *La cena*, da que sinala que vén de ser traducida ao galego pola Editorial Galaxia.

- Ana Iglesias, "Fiesta literaria en el Casino con el premiado Herman Koch como protagonista", *El Correo Gallego*, "Santiago", 15 novembro 2012, p. 27.

Informa de que o escritor holandés Herman Koch recolleu o Premio de Novela Europea Casino de Santiago pola súa novela *La cena*. Comenta que esta obra xira en torno á clase social acomodada dos Países Baixos, que acadou o Premio do Público no seu país e foi declarada Libro do Ano 2009.

- Margarito Flowers, "Koch y 'La Cena', el Premio del Casino", *El Correo Gallego*, "Gente", 5 decembro 2012, p. 56.

Entrevista co escritor Herman Koch, gañador do Premio de Novela Europea Casino de Santiago coa novela *La cena*. Explica o autor a temática principal da súa novela e analiza algunha das problemáticas da xuventude actual e a súa relación coa violencia.

Concurso Internacional de Novela Curta **Cidade Centenaria de Ribeira**

Organizado pola área de Cultura do Concello de Ribeira cos obxectivos de potenciar, apoiar e difundir a literatura en lingua galega e conmemorar a concesión de título de cidade. É un certame literario en lingua galega de ámbito internacional e de carácter bienal, no que pode participar calquera persoa, maior de idade e de calquera nacionalidade, sempre que presente un traballo escrito en galego segundo a normativa ortográfica e morfolóxica aprobada pora Real Academia Galega en 2003, orixinal e inédito, de temática libre, cunha extensión mínima de oitenta mil caracteres e máxima de cento corenta mil. O premio conleva unha contía de tres mil euros, un diploma e a publicación da obra por Edicións Xerais de Galicia. Os traballos, mecanografados e nun CD cunha copia dixital do texto, débense entregar por quintuplicado, baixo lema e mediante o sistema de plica, na Área de Cultura do Concello de Ribeira (Praza do Concello s/n, 15960, Ribeira-A Coruña). Na primeira edición de 2007 gañou a novela *As mellores intencións* (2008), da coruñesa Begoña Paz; na segunda edición de 2009,

Vertixes, do carballés José Ignacio Silva Regueira; e en 2011, terceira edición, Edicións Xerais de Galicia tamén formou parte da organización e o xurado resolveu conceder o galardón a María Goretti Fariña Caamaño (San Xoán de Baión, Vilanova de Arousa, 1965) pola novela *Orlando Pendurado* (Xerais, 2012). No ano 2012 convocouse a IV edición, cuxo prazo de entrega de orixinais remata o 23 de marzo de 2013. O concurso resolverase no mes de maio dese ano. A publicación e a presentación da obra gañadora terá lugar entre marzo e maio de 2014 e, no mesmo acto, anunciarase a convocatoria da V edición do certame.

Referencias varias:

- S. S., "El premio de relato corto está dotado con tres mil euros", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 346, 13 outubro 2012, p. 6.

Dá a coñecer a convocatoria do IV Premio de Novela Curta Cidade Centenaria de Ribeira e explica, brevemente, as súas bases.

Concurso de relatos **Ciencia que conta**

Organízao o profesorado do Departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo para concienciar sobre a importancia da ciencia no desenvolvemento económico e o benestar social. Está aberto ao alumnado de educación primaria e secundaria e ao público en xeral. En 2012 convocouse a quinta edición.

Certame de Relato Curto de Nadal do **Concello de Cambre**

O departamento de Cultura do Concello de Cambre convoca por primeira vez en 2012 este certame, que concede ao seu gañador un premio de 300 euros. Os relatos, sobre o Nadal, en castelán ou galego, deben ser orixinais e inéditos, e non premiados en calquera outro certame. Valórase especialmente a exaltación dos valores tradicionais do Nadal. A extensión non pode ser superior a oito páxinas, tamaño DIN-A4, nin inferior a catro e admítese tan só un relato por autor, mecanografado a dobre espazo, letra de corpo 12 tipo Estafes New Roman, en formato DIN A4, por unha soa cara e debidamente grampado. O relato debe presentarse, por triplicado, nun sobre no que se especifique o título da obra e pseudónimo do autor dirixido ao Concello de Cambre. Área de Cultura e Turismo, Urbanización A Barcala, c/ Río Barcés 8, 15660 Cambre. Nesta primeira edición, o prazo de presentación de traballos foi dende o 22 de outubro até o 21 de decembro. O fallo do xurado darase a coñecer o 4 de xaneiro de 2013, a través dos medios dixitais do Concello de Cambre.

Premio de Narración Curta do **Concello de Curtis HAPPY CURTIS**

O Concello de Curtis convoca este certame para textos inéditos en lingua galega, non premiados en ningún outro certame, cuxa extensión comprenda entre os tres mil e cinco mil caracteres (espazos incluídos), que deben enviarse á dirección de correo electrónico happycurtis@concellodecurtis.org. Estabelécense dúas categorías: A (dos doce aos

dezaoito anos) e B (dos dezanove anos en diante), con dous premios dotados con douscentos euros e cen euros, para a categoría A, e trescentos cincuenta euros e cento cincuenta euros, para a B. No ano 2012 convocouse a IX edición do concurso e fixéronse públicos os galardóns da VIII edición do ano 2011: na categoría A, o primeiro premio foi para Ana Uhía Pérez, de Portonovo e o segundo premio estivo compartido entre Marta Pita Vidal, de Teo, e Sara Martínez García, de Sanxenxo; na categoría B, o primeiro premio foi para Daniel Landesa, de Vigo, e o segundo premio para Ana María Galego, de Ferrol. A velada da entrega dos galardóns estivo conducida por Lucía Aldao.

Premio de Narración Curta **Concello de Marín**

A Concellería de Cultura do Concello de Marín convoca este premio cunha dotación de mil euros para conmemorar o Día das Letras Galegas. Na edición deste ano, a décimo segunda, o galardón foi para Joanna Vilas Martínez por "O regalo de Iván".

Referencias varias:

- Álvaro Agulla, "De verdade que son a gañadora? Faime moitísima ilusión", *Diario de Pontevedra*, "Marín", "O Morrazo", 13 maio 2012, p. 18.

Trátase dunha pequena entrevista á gañadora do Premio de Narración Curta "Concello de Marín", Joanna Vilas Martínez, co relato "O regalo de Iván". Inclúese un breve argumento da historia.

Certame de Relato Curto do **Concello de Quiroga**

A oficina de xuventude do Concello de Quiroga organiza este certame, no que poden participar todas as persoas que o desexen con relatos curtos de tema libre escritos en castelán ou en galego, cunha extensión máxima de vinte folios e mínima de dous, mecanografados ou a ordenador por unha soa cara, por duplicado e sen sinatura. Os datos da autoría, dirección e teléfono deben presentarse dentro dun sobre pechado en cuxo exterior figure o título do relato e a categoría na que participa, xuvenil ou para persoas adultas (a partir de dezaoito anos). Os traballos pódense enviar por correo ou entregarse persoalmente na Casa de Cultura de Quiroga ou na Oficina de Información Xuvenil. Prémianse os tres mellores relatos de cada categoría e o galardón consiste nunha placa conmemorativa e nunha obra de relatos. Nesta oitava edición, o prazo de presentación rematou o 30 de novembro.

Referencias varias:

- B. L., "A Deputación crea un concurso de conto infantil centrado no Museo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", 1 novembro 2012, p. 53.

Informa de que a Deputación de Pontevedra vén de crear o premio literario Contando Historias, que presenta dúas categorías (unha infantil e outra de adultos), e que ten como temática principal algunha peza da colección ou personaxe do Museo de Pontevedra.

Certame de Relatos **Contos na Lareira da Asociación cultural O Arrieiro de Moraña**

Concurso organizado pola Asociación Cultural O Arrieiro de Moraña que pretende premiar a tradición oral dos contos. Estabelécense tres categorías: A, até dezaseis anos; B, para mozos de nove a quince anos e C, para maiores desta idade. A temática é libre e o texto debe estar elaborado integramente en galego. Deben ser textos orixinais dun mínimo de dous folios manuscritos ou mecanografados, en forma de pequena historia ou conto, que poidan ser relatados do xeito en que o facían os antergos nas noites invernais a carón da lareira. Preséntanse baixo pseudónimo cos datos persoais nun sobre pechado no Concello de Moraña ou na Casa da Cultura ADR Castelao (Rúa, 3, 36660 Moraña). Concédense dous premios en cada categoría: un lote de libros e un diploma honorífico acreditativo. O xurado valora o contido literario e a presentación e inclusión de ilustracións. A resolución dáse a coñecer nun acto o Día das Letras galegas. O prazo de presentación dos orixinais nesta sexta edición rematou o 9 de maio de 2012 e a decisión do xurado emitiuse nun acto o 17 de maio na Casa da Cultura de Moraña.

Referencias varias:

- C. G., "A asociación O Arrieiro convoca a novena edición de 'Contos na lareira", *Diario de Pontevedra*, "Caldas", "Deza. Tabeirós", 22 abril 2012, p. 24.

Anúnciase a novena edición de Contos na lareira, da Asociación Cultural O Arrieiro de Moraña e preséntanse as bases do certame.

- C. G., "Literatura, gastronomía e deporte nas Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 314, "Vivir en Caldas", 23 maio 2012, p. 6.

Fálase da entrega dos premios do Certame de Relatos Contos na Lareira da Asociación cultural O Arrieiro de Moraña. Noméanse os premiados e as súas obras.

Concurso de Relatos Curtos **contra a Violencia de Xénero**

A Universidade de Santiago de Compostela, a través da Oficina de Igualdade de Xénero, crea en 2012 este certame con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Nesta primeira edición presentáronse cento cinco relatos e o xurado, composto por Teresa Moure Pereiro, Manuel Núñez Singala e Manuela Palacios González decidiu outorgar o primeiro premio a Ismael Ramos Castelo por "A muller do escritor" e accésits a Adriana Grela del Río por "Presentimento", a Ignacio Nicolás Fernández por "O príncipe herdeiro e o medio dragón" e a Julia Ammerman Yebra por "Trocando a realidade". O acto de entrega dos premios e diplomas acreditativos celebrouse o 11 de decembro na Sala de Profesorado da Facultade de Xeografía e Historia.

Referencias varias:

- Isabel Miguel, "Relatos contra la violencia de género", *La Voz de Galicia, "La Voz de Santiago"*, "Patio de vecinos", 12 decembro 2012, p. X.

Dá a coñecer ao gañador do certame, Ismael Ramos Castelo, co relato "A Muller do escritor", e presenta o xurado do certame. Tamén informa dos nomes dos gañadores dos accésit.

Certame de narrativa **Gonzalo Torrente Ballester**

Certame instituído pola Deputación Provincial da Coruña no ano 1989 como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester e coa intención de contribuír ao reforzamento da calidade creativa dos escritores. Está dotado dende a décimo cuarta convocatoria con 25.000 euros e a publicación da obra. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán, de tema e extensión libres, en forma de novelas, relatos e conxunto de relatos. As obras deben presentarse preferentemente en formato dixital en Word ou OpenOffice. No caso de optar pola presentación en papel, os orixinais deben enviarse por duplicado, numerados e en tamaño DIN-A4, escritos por unha cara a dobre espazo e acompañados de plica, na que conste o nome, apelidos e nacionalidade do autor. Os orixinais envíanse á Deputación Provincial (Avda. Alférez Provisional, n.º 2, 15006, A Coruña). En edicións anteriores recibiron os galardóns as seguintes obras en lingua galega: *A cidade dos Césares* (1993), de Victor F. Freixanes, en 1992; *¿Que me queres, amor?* (1996), de Manuel Rivas, en 1995; *Un xogo de apócrifos* (1998), de Xosé Carlos Caneiro Pérez, en 1996; *A memoria do boi* (2001), de Xosé Vázquez Pintor, en 2000; *As humanas proporcións* (2004), de Xesús Constela Doce, en 2003; *A choiva do mundo* (2008), de Xosé Manuel Pacho Blanco, en 2007; e *A vida do outro* (2009), de Carlos González Reigosa, en 2008. Na XXIV edición, correspondente ao ano 2012, os orixinais debían presentarse antes do 2 de xullo. Recibíronse corenta e oito obras e o 15 de novembro o xurado, composto por Ángel Basanta, Amalia Iglesias, José Antonio Ponte Far, José María Pozuelo, Rosario Canal, José María Guelbenzu e a gañadora da última edición, Esther Vendan, fixo pública a súa decisión de outorgar o galardón a Ernesto Pérez Zúñiga por *El tercer sonido*.

Referencias varias:

- Alberto Martínez, "Noche de gala de la cultura en el Pazo de Mariñán", *El Correo Gallego*, "Tendencias/Breves", 27 xaneiro 2012, p. 44.

Noméanse os premios ofrecidos na Gala da Cultura da Deputación da Coruña, entre os que se atopan o Certame de narrativa Gonzalo Torrente Ballester e o Premio de Teatro Rafael Dieste.

- Irene Jiménez, "Mariñán se viste de fiesta para celebrar la gran Gala de la Cultura", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 febreiro 2012, p. 41.

Fálase da entrega no Pazo de Mariñán dos premios culturais da Deputación da Coruña, entre os que se atopa o Certame de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester.

- Luis P. Ferreiro, “La Diputación premia la cultura”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 14 febreiro 2012, p. 11.

Infórmase da entrega no pazo de Mariñán dos premios culturais que convoca a Deputación da Coruña, entre os que se atopa o Certame de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester.

- R. L., “ La creatividad se pone pajarita”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 14 febreiro 2012, p. 5.

Faise referencia á gala de entrega dos premios culturais que convoca a Deputación da Coruña, entre os que se menciona a concesión do galardón do Certame de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester.

- Mario Álvarez, “El escritor Ernesto Pérez Zúñiga gana el Torrente Ballester”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 novembro 2012, p. 37.

Explica que o gañador do XXIV Premio Torrente Ballester foi Ernesto Pérez Zúñiga coa obra *El Tercer sonido* e comenta que a novela narra a historia dun espadachín aventureiro que finalmente se converte en violinista.

- R. García, “Pérez Zúñiga gana el Torrente Ballester con una novela sobre el espadachín y músico Tartini”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 novembro 2012, p. 41.

Comenta que o gañador da XXIV Premio Torrente Ballester foi Ernesto Pérez Zúñiga con *El Tercer sonido* e explica que foi elixida entre as trescentas corenta e oito obras que se presentaron ao certame.

- Marta García Márquez, “Me convertí en el protagonista del libro’, afirma el ganador del Torrente Ballester”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 16 novembro 2012, p. 14.

Explica que Ernesto Pérez Zúñiga foi o gañador da XXIV Premio Torrente Ballester coa súa obra *El Tercer sonido.* Comenta que o autor concibiu a obra a raíz de escoitar a sonata “El trino del diablo” de Giussepe Tartini.

- Alexandre Moledo, “Tenemos buenos autores, pero editoriales en crisis porque se lee poco”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 16 novembro 2012, p. 12.

Coméntase que Ernesto Pérez Zúñiga foi o gañador da XXIV Premio Torrente Ballester coa obra *El Tercer sonido* entre máis de trescentos corenta exemplares e entrevista ao autor, quen explica que intenta facer unha reconstrución da vida de Tartini.

- Carol Roca, “La Diputación de A Coruña consolida su decidida apuesta por la cultura”, El Correo Gallego, “Tendencias”, 21 decembro 2012, p. 41.

Entre diferentes noticias, céntrase na entrega do XXIV Premio Torrente Ballester e explica que lle foi outorgado a Ernesto Pérez Zúñiga por *El Tercer sonido.* Tamén conta que a Deputación está a traballar na XXV edición do premio.

Concurso de relatos **Inspiraciencia**

O Consello Superior de Investigacións Científicas convoca dende 2010 este concurso que relaciona a ciencia e a literatura dunha forma lúdica e participativa. Pode participar calquera persoa que presente un relato orixinal en calquera das dúas modalidades do concurso (relatos curtos, cunha extensión mínima de 800 palabras e máxima de 1.500; microrrelatos, cunha extensión máxima de 500 palabras) que estivera inspirado nunha temática científica en calquera xénero literario (narración, poesía, teatro). Os orixinais, escritos en catalán, español ou galego, deben ser inéditos e non premiados en ningunha outra convocatoria, certame ou premio literario, nin ser publicados en ningún outro medio ou blog persoal. Estabelécense dúas categorías: público adulto (a partir de 18 anos) e xuvenil (de 12 a 17 anos). Os participantes deben rexistrarse nunha das dúas categorías e enviar como máximo un relato para cada modalidade competitiva. Os orixinais deben publicarse no sitio web do concurso. Previamente hai que rexistrarse a través dun formulario dispoñíbel no mesmo sitio web. Pódese acceder co nome de usuario e un contrasinal e o pseudónimo é o nome co que se asinan os relatos. Estabelécense un premio institucional e un premio do público para cada modalidade e categoría. Os galardóns consisten en dispositivos electrónicos, libros de divulgación, cursos de escritura e obradoiros semellantes. A organización do concurso resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria se considera que os orixinais presentados non alcanzan a calidade mínima necesaria. Para o premio institucional desígnase un xurado formado por figuras recoñecidas dentro do mundo da cultura en sentido amplo (ciencia, literatura, arte, divulgación) que valora as contribucións e propón os gañadores. Existe un equipo de moderación que se encarga de facer a preselección dos relatos que pasan ao xurado. Téñense en conta a adecuación á temática, a calidade literaria, a orixinalidade do enfoque, ademais da creatividade e a imaxinación. O premio do público decídese a través dunha votación en liña dos participantes previamente rexistrados e prémianse os relatos máis votados de cada categoría e modalidade, con independencia da lingua na que se escribiron. Nesta edición, o prazo de presentación pechouse o 15 de marzo de 2012.

Concurso de contos **Liceo de Noia**

Certame convocado pola Sociedade do Liceo de Noia dende 2004 co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. O tema da narración é libre e pode concorrer calquera persoa, con independencia da súa nacionalidade. Os traballos, inéditos, redactados en galego, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de seis, deben presentarse por cuadriplicado, mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo. Nos orixinais teñen que figurar o título da obra e un lema, que debe aparecer tamén no exterior dun sobre sen remite, no que se introducen o nome, enderezo e teléfono do autor. Os orixinais envíanse á Sociedade do Liceo de Noia. O xurado está formado por tres personalidades da literatura galega e un membro da directiva da Sociedade do Liceo, que actuará como secretario, sen voz nin voto, e dá a coñecer o seu fallo o día 17 de maio. O premio está dotado con mil euros e a obra gañadora publícase na revista *Alameda* do Liceo. Dende a súa creación recibiron o galardón: en 2004, Beatriz Dacosta, por "Goodbye, my friend"; en 2005, Enma Pedreira, por "Cabare vermello feridor"; en 2006, Xosé Francisco Pais López, por "Borisov 61", e Ricardo Losada, por "Rianxo é meu"; en 2007, Cristina Ferreiro Leal, por "Arredor de Marta"; en 2008, Mª Cristina Pavón Mauriz, por "A braga fantástica", e Xosé Francisco Pais López, por

“Coctel La Chapelle”; en 2009, Luis Miguel Martínez Agulleiro, por “Cada vez que atravesas a porta...”; en 2010, Agustín Agra, por “Círculo Lítico”; e en 2011, María Xesús Blanco, por “Naia” e Carlos Mosteiro Fraga, por “Vladimir”. Na edición de 2012, a novena, o prazo de presentación de orixinais rematou o 1 de abril.

Certame de Microrrelatos **Lonxa Literaria**

Organizado polo colectivo moañés Lonxa Literaria, conta coa subvención da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Moaña. Os microrrelatos presentados teñen que estar escritos en galego segundo a normativa oficial, cunha extensión máxima de quince liñas a dobre espazo. En cada convocatoria os relatos deben introducir unha palabra obrigada. Hai que remitir tres copias á Lonxa Literaria (Centro Cultural Daniel Castelao, rúa Quintela, s/n, 36950, Moaña-Pontevedra). Convócase unha única categoría dotada co premio dun lote de conservas da ría e pódense conceder até dous accésits. Na X edición de 2012 o prazo de presentación dos microrrelatos rematou o 30 de novembro e a palabra obrigatoria foi “chalana”.

Premio de Novela **Manuel García Barros** (Ken Keirades)

Convocado dende 1989 polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación de Pontevedra e a editorial Galaxia, a contía económica deste galardón é de 9.000 euros e, dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola Editorial Galaxia. Os orixinais e inéditos en galego normativo teñan que ser enviados por sextuplicado á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución, n.º 1, 36680, A Estrada-Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do Estado, en formato físico e dixital. O xurado está composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e o acto de entrega do galardón conta con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da Editorial Galaxia. Dende a súa creación recibiron o galardón: en 1989, Manuel Forcadela por *Paisaxe con muller e barco* (1990); en 1990, Xosé Miranda por *Historia dun paraugas azul* (1991); en 1992, Manuel Riveiro Loureiro por *Corpo canso* (1993); en 1993, Xosé Ballesteros por *Talego* (1993); en 1994, Aníbal Malvar por *A man dereita* (1994); en 1995, Manuel Lourenzo González por *Arqueofaxia* (1995) e concedeuse un accésit a Xavier Alcalá por *Memorias do Algarve*; en 1996, *ex aequo* Alfonso Álvarez Cáccamo, por *O espírito de Broustenac* (1996), e Xavier Queipo por *O paso do Noroeste* (1996); en 1997, María Gándara por *Magog* (1997), e un accésit Antón Riveiro Coello por *A historia de Chicho Antela* (1997); en 1998, quedou deserto e concedéronse dous accésits a Anxo Franco Bañobre por *Unha esquina no fondo da memoria*, e a Juan Ignacio Pérez Méndez por *A xustiza pola man*; en 1999, Xosé Carlos Caneiro por *Talvez melancolía* (1999); en 2000, Antón Riveiro Coello por *As rulas de Bakunin* (2000); en 2001, Bieito Iglesias por *A historia escríbese de noite* (2001); en 2002, Miguel Anxo Fernández por *Un nicho para Marilyn* (2002); en 2003, Xabier López López por *A vida que nos mata* (2003); en 2004, Xerardo Agrafoxo por *Unha viaxe no Ford T* (2004); en 2005, Santiago Jaureguizar por *Cabaret Voltaire* (2005); en 2006, Manuel Veiga por *Lois e Helena buscándose un día de tormenta* (2006); en 2007, Francisco Castro por *As palabras da néboa* (2007); en 2008, Xesús Constela por

Shakespeare destilado (2008); en 2009, Xosé Monteagudo por *Un tipo listo* (2010); en 2010, Antón Lopo por *Obediencia* (2010); e en 2011, Manuel Antonio Piñeiro Fernández por *As fiandeiras* (2011). Na XXIV edición de 2012, o prazo de presentación das obras rematou o 30 de abril e presentáronse vinte e sete textos. O xurado, formado por Inmaculada Otero Varela, Carlos Lema Malvar, Xosé Manuel Eyré, Luis Alonso Girgado e Carlos Loureiro, concedeu o galardón a Santiago Lopo (Vigo, 1974) por *Hora zulú*. O acto de entrega tivo lugar o 14 de decembro no Teatro Principal da Estrada.

Referencias varias:

- C. B., "Presentadas 26 obras al certamen M. García Barros", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "A Estrada", 4 maio 2012, p. 33.

Fálase do peche de entrega de orixinais a dous concursos: a vixésimo cuarta edición do certame literario Manuel García Barros e o Premio de Poesía Avelina Valladares.

- M. G., "Santiago Lopo gana el premio García Barros con una novela de intriga", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 xullo 2012, p. 35.

Informa de que a novela de intriga *Hora zulú*, de Santiago Lopo resultou gañadora da 24ª edición do Premio Manuel García Barros. Sinala que o xurado destaca os valores presentes nesta historia. Comenta tamén que o gañador xa publicara con anterioridade *Game Over* (Premio Novela por Entregas de La Voz de Galicia, en 2006) e *Peaxes*.

- Raquel Torres, "O Pontevedrés Santiago Lopo gaña o XXIV García Barros de Novela", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Vivir Aquí", 20 xullo 2012, p. 61.

Comenta que Santiago González Lopo resultou gañador da vixésimo cuarta edición do Premio Manuel García Barros coa novela *Hora zulú*. Destaca tamén as opinións do xurado, quen a considera unha historia de actualidade científica con gran variedade de recursos literarios (informes, cartas e poesía).

- Raquel Torres, "Publicar a obra era o obxectivo porque hoxe en día en Galicia resulta moi difícil", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Vivir Aquí", 20 xullo 2012, p. 61.

Entrevista con Santiago Lopo, gañador da vixésimo cuarta edición do Premio Manuel García Barros coa novela *Hora zulú*. Sinálase a relevancia do premio literario para optar á publicación dunha obra, o emprego da intriga nas súas novelas, ou a mestura de rexistros na obra galardoada.

- A. Baena, "Un dos meus obxectivos no concurso era publicar", *Atlántico*, "Vigo", 21 xullo 2012, p. 10.

Entrevista ao galardoado co Premio Manuel García Barros onde se indica que a novela xira en torno ao descubrimento da identidade dun home descoñecido que apareceu á beira dun cantil. Salienta o elemento psiquiátrico na obra como unha metáfora da sociedade actual.

- J. R., "O Teatro Principal acolle a entrega do premio Manuel García Barros", *El Correo Gallego,* "*Terras de Santiago*", n.º 407, 13 decembro 2012, p. 6.

Anuncia a entrega do Premio Manuel García Barros ao gañador Santiago Lopo pola súa novela *Hora zulú*, no Teatro Principal da Estrada.

- S. Formoso, "Santiago Lopo recibe o premio García Barros por 'Hora zulú", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 409, 15 decembro 2012, p. X.
Dá conta da entrega do Premio Manuel García Barros ao gañador Santiago Lopo pola súa novela *Hora zulú* e explica que o galardoado escolleu un fragmento da obra *As aventuras de Alberte Quiñoy*, de Manuel García Barros, como fío condutor do seu discurso. Coméntase tamén a alta calidade das vinte e seis obras presentadas ao certame.

Certame Literario **Manuel Lueiro Rey** de Novela Curta

Convocado polo Concello do Grove dende o ano 1992, en colaboración con Sotelo Blanco Edicións, para honrar a figura do galeguista que lle dá nome e promover a literatura galega e os seus autores. Nun principio era un certame literario que prevía dúas modalidades: narración curta (para maiores de 18 anos) e narración xuvenil, mais na V convocatoria o certame pasou a ser monolingüe en galego e reduciuse a unha única modalidade, sen requisitos de idade. Na VII edición mudou a súa especialización substituíndo a de narración curta pola de novela curta. Os traballos deben remitirse á Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey (Rúa Monte da Vila, 11, 36980 O Grove-Pontevedra) por quintuplicado en papel e unha copia en soporte dixital e precedidos polo título e un lema. Hay que entregalos nun sobre pechado no que figure por fóra o título e o lema e dentro os datos do autor. Deben ser orixinais e inéditos e aterse á normativa vixente, ademais de ter unha extensión mínima de cincuenta folios e máxima de cen. O galardón consiste en 3.000 euros e a publicación por parte da editora Sotelo Blanco da obra gañadora. O xurado dáse a coñecer antes da concesión do premio e está formado por cinco membros relacionados co mundo da literatura, un deles o gañador da edición anterior do premio, dous nomeados polo comité organizador e outros dous representantes de Sotelo Blanco Edicións. Nas edicións anteriores foron merecedores deste galardón: en 1992, Manoel Riveiro Loureiro por *O encerro*; en 1993, Mariano J. M. Cabrero Figueiro por *Historia de Zeltia*; en 1994, Xoán Xosé Piñeiro Cochón por *Reciclador*; en 1996, Rosa Aneiros con *Xogo de espellos*; en 1997, Francisco Castro con *Play-back* (2000); en 1998, Inmaculada López Silva por *Canción de amor india*; en 1999, José Luis Álvarez Pérez por *De maxia e de obras*; en 2000, Manuel Darriba con *Velada do billarista* (2000); en 2001, Santiago Jaureguizar con *Breve crónica universal da clase obreira* (2001); en 2002, Xabier López López con *O mono no espello* (2002); en 2003, Pilar Buela con *Ácaros verdes* (2005); en 2004, Teresa Moure con *A xeira das árbores* (2007); en 2005, Manuel Riveiro Loureiro con *Xullo-Agosto* (2006); en 2006, Mariña Pérez Rey con *Canícula* (2007); en 2007, Ramón Caride Ogando con *O frío azul* (2008); en 2008 An Alfaya con *Areaquente* (2009); en 2010 Chelo Suárez Muíños por *As horas rotas* (2010); e en 2011, Mario Regueira por *Outono aquí* (2012). Na XIX edición, o prazo de presentación das obras rematou o 15 de agosto e o xurado estivo presidido polo escritor e profesor Manuel Quintáns e formado polos críticos literarios Armando Requeixo e Francisco Martínez Bouzas, a autora Ánxela Gracián, en representación da editorial Sotelo Blanco, e o escritor Mario Regueira, gañador da edición anterior, que o 24 de novembro concederon o galardón ao xornalista e narrador

ourensán Juan Tallón (Vilardevós, 1975) pola súa novela *Fin de poema*, de entre os vinte e cinco orixinais presentados.

Referencias varias:

- A. B., "Una lectura de textos precederá la entrega del Lueiro Rey este sábado", *Diario de Arousa*, "O Grove", 25 xaneiro 2012, p. 15.

Anúnciase unha lectura de pasaxes do libro *Manso* (1967), de Manuel Lueiro Rey, antes da entrega do premio do certame que leva o seu nome.

- A. B., "É encomiable que O Grove faga esta inversión en cultura", *Diario de Arousa*, "O Grove", 25 xaneiro 2012, p. 15.

Preséntase unha breve biografía de Mario Regueira, gañador do Certame Literario Manuel Lueiro Rey de Novela Curta na edición de 2011.

- T. M., "Presentan veinticinco obras para optar al Premio Manuel Lueiro Rey", *Diario de Arousa*, "O Grove", 28 agosto 2012, p. 14.

Informa de que este ano se presentaron un total de vinte e cinco obras ao Premio de novela curta Manuel Lueiro Rey. Comenta que ditos exemplares serán remitidos ao xurado e os dereitos de edición serán asumidos pola editorial Sotelo Blanco.

- A. B., "El ourensano Juan Tallón gana el Lueiro Rey con su obra 'Fin de poema", *Diario de Arousa*, "O Grove", 25 novembro 2012, p. 15.

Comenta que o gañador da IX edición do Premio de Novela Curta Lueiro Rey foi Juan Tallón co seu traballo titulado *Fin de Poema*. Sinala, ademais, que o xurado considera esta obra unha metaficción da vida de catro poetas onde o suicidio é o nexo en común.

Certame de Narracións Breves **Manuel Murguía**

O Concello de Arteixo convoca este premio dende 1991 para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar a Manuel Murguía. Poden concorrer todas as persoas que o desexen cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega, cunha extensión entre quince e trinta folios mecanografados a dobre espazo por unha soa cara. Os traballos, orixinais e inéditos, deben entregarse por cuadriplicado, xunto cunha copia nun CD en formato PDF, ao Concello convocante (Praza do Alcalde R. Dopico, n.º 1, 15142, Arteixo-A Coruña), nun sobre onde figure só o título da obra e un lema. Así mesmo, nun sobre pechado debe constar o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo de quen se presente. En anteriores edicións concedéronse os seguintes galardóns: *ex aequo* para Xesús Manuel Marcos con "Fuxidos" en 1992 e para Joel Gómez con "Para un clima supremo"; *ex aequo* para Xavier Alcalá con "Relación de feitos de sangue" e José Antonio Lozano con "Retrato antigo: pinturas e superficies" en 1993; Xesús Manuel Marcos con "A cela de arame" en 1994; Isidro Novo con "Cabalos do demo" en 1995; Antón Riveiro Coello con "O nome do espello" en 1996; Marilar Aleixandre con "Desaforados muños" en 1997; *ex aequo* para Alfonso Álvarez

Cáccamo con “Cannis fugit” e Xosé Luís Álvarez con “Amencer” en 1998; *ex aequo* para Manoel Riveiro Loureiro con “O río da tristura” e David Pérez Iglesias con “Sámago fascismo” en 1999; *ex aequo* para Xosé Luís Vázquez Somoza, por “A fervenza” e Xosé Carlos Caneiro por “As flores en Irlanda” en 2000; *ex aequo* para Rosa Aneiros con “Mares de Xabre” e Xosé Luís Martínez Pereiro por “Palamades e a Bestia Ladradora” en 2001; *ex aequo* para Emma Pedreira por “A flor perfeita” e Daniel Asorey por “Soñar pedras con fútbol” en 2002; *ex aequo* para Bieito Iglesias con “Comentario ó Apocalipse” e para Paula Sano Vicente por “As idades dela” en 2003; *ex aequo* para Xosé Luís Álvarez, con “Detrás dos meus ollos” e Xaime Domínguez Tojo por “A casa dos alicerces mariños” en 2004; Inma López Silva con “Aqueles que retratan o vento” en 2005; Xesús Manuel Marcos con “A caída da folla” en 2006; Miriam Rodríguez Debasa con “Mentras espero” en 2007; Alva Martínez Teixeiro por “Un domingo amarelo para dentro” en 2008; Samuel Solleiro con “Caída de Abraham Rosenblath” en 2009; Andrés Pociña Pérez con “As dúas vellas do Iguasú” en 2010; e, en 2011, co motivo do XX aniversario, outorgáronse tres galardóns: o primeiro premio ao relato “A muller que deu a volta arredor de si mesma”, de Clara Isabel Rodríguez Giráldez; o segundo premio a “Unha viaxe de inverno”, de Xaime Domínguez Toxo; e o terceiro premio a “Eu xogo a que se crean que lles creo”, de Antom Labranha. No ano 2012, na XXI edición, estabeleceuse un premio de 3.703,70 euros. Debían presentarse os orixinais antes do 1 de marzo e concorreron sesenta e dous relatos. O 12 de maio deuse a coñecer o ditame do xurado, composto por Antía Otero (representante da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega), François Davo e Clara Isabel Rodríguez, gañadora da edición anterior, que decidiu por unanimidade conceder o galardón a Roberto A. Rodrigues por “O home que falaba na lingua do océano”. A entrega dos galardóns tivo lugar ese día no Centro Cívico Cultural de Arteixo. Neste ano tamén se convocou a XXII edición.

Certame de **Minicontos de Outono**

Convocado dende o ano 2010 polo Centro Pen de Galicia e o xornal gratuíto *LV* do Grupo El Progreso, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, co obxectivo de impulsar a presenza da lingua e a literatura galegas nos medios e achegar a obra dos autores que escriben en galego, conta cunha contía de 600 euros para o primeiro premio, 300 para o segundo e 100 para o terceiro. Ademais, as tres pezas premiadas son publicadas nas edicións, tanto impresa como dixital, do xornal gratuíto *LV. De Luns a Venres*. Poden presentarse tres traballos inéditos por autor, escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente, e de libre temática, cunha extensión máxima de 1.200 caracteres (sen contar os espazos no enderezo electrónico minicontosoutono@pen-galicia.org ou en LV (Rúa Salvadas, n.º 27, 15705, Santiago de Compostela). Na edición de 2010 a gañadora do primeiro premio foi Silvia Álvarez. No ano 2012 anunciáronse os gañadores da segunda edición do certame (2011): o primeiro premio correspondeulle a Lionel Rexes, con “Luzada”; o segundo a Concha Parga, con “Fulgores feridos”; e o terceiro a Xosé Sixto, con “A estrela que veu”. Nesta segunda edición, o xurado cualificador, que se reuniu o 25 de xaneiro en Santiago, estivo composto polo presidente do Centro PEN Galicia, Luís González Tosar; o director de LV, Alfonso Riveiro (con voz pero sen voto); o xornalista e escritor Diego de Cora; o director do Centro PEN, Xabier Castro, e o xornalista Juan Méndez. Competiron máis de 200 orixinais chegados de toda Galicia e España e mais de países como Arxentina,

Colombia, Venezuela, Alemaña ou Reino Unido.Convocouse tamén neste ano a terceira edición.

Referencias varias:

- LV/AGN, "Lionel Rexes gaña o Minicontos de Outono, que promove o LV", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 27 xaneiro 2012, p. 62.

Noméanse os vencedores do certame Minicontos de Outono: Lionel Rexes, con "Luzada"; Concha Parga, con "Fulgores feridos" e Xosé Sixto, con "A estrela que veu".

- AGN, "Rexes, Concha Parga e José Sixto, premiados nos Minicontos de Outono", *El Progreso*, "Vivir", "Comunicación", 17 marzo 2012, p. 73.

Coméntase a entrega de premios do certame Minicontos de Outono e noméanse os premiados: Lionel Rexes, con "Luzada"; Concha Parga, con "Fulgores feridos" e Xosé Sixto, con "A estrela que veu".

- Juan Méndez, "Rexes recolle o seu primeiro do 'Minicontos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", 17 marzo de 2012, p. 62.

Cítanse os premiados no certame Minicontos de Outono: Lionel Rexes, con "Luzada"; Concha Parga, con "Fulgores feridos" e Xosé Sixto, con "A estrela que veu".

Certame Nacional Galego de Narracións Breves **Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro**

Convocado dende o ano 1974 pola Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro, é o decano dos premios literarios galegos para promover a literatura narrativa en lingua galega e render homenaxe a Xaquín Lorenzo "Xocas". Podían participar persoas de calquera nacionalidade cunha ou máis obras escritas en galego e inéditas, que nunca se presentaran a ningún certame literario. Os orixinais debían presentarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara e debían contar cunha extensión mínima de cinco folios e máxima de trinta. Os traballos debían enviarse antes do 15 de novembro sen remite ou outra forma de identificación e baixo o sistema de plica á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 627, 15780, Santiago de Compostela) ou ao Concello de Vilagarcía de Arousa (Concellería de Cultura-Auditorio, Avda. da Mariña, n.º 27, 36600, Vilagarcía de Arousa-Pontevedra). O tema foi libre, pero tívose en conta o tratamento e as técnicas narrativas empregadas, así como a pureza lingüística e a altura literaria. O primeiro premio e os accésits son publicados por Ediciós do Castro. A dotación económica para o primeiro premio foi de 1.000 euros e 400 euros para cada accésit. O xurado estivo formado por catro especialistas en crítica literaria designados pola Fundación co asesoramento e a colaboración da Asociación de Escritores e o Concello de Ourense, reservando a Fundación os postos de presidente, secretario e moderador (estes dous últimos con voz pero sen voto). Este certame conta co apoio dun concello diferente cada ano, correspondéndolle nesta edición ao Concello de Arzúa. En anteriores edicións resultaron galardoados co primeiro premio: en 1975, Xoán Ignacio Taibo, por *A*

enquisa; en 1976, Xavier Alcalá, por *A fundición*; en 1977, João Guisán Seixas, por *Número de patente*; en 1978, *ex aequo* Xosé Manuel Martínez Oca, por *A negra*, e Víctor Fernández Freixanes, por *A caza das cascudas*; en 1979, Xoán Ignacio Taibo, por *Pacífico sul*; en 1980, Lourenzo Álvarez Ruíz, por *RATP*; en 1981, *ex aequo* Tucho Calvo, por *A gran novela*, e Xosé Manuel Martínez Oca, por *Noite de luar*; en 1982, Miguel Suárez Abel, por *O quiquiriquí*; en 1983, Antón Castro, por *Vida infame de Tristán Fortesende*; en 1984 *ex aequo* Amancio Liñares Giraut por *Nun cuarto para agardar*, e Román Raña, por *O último hexagrama*; en 1985, Miro Villar, por *Augas de silencio*; en 1986, Antón Rodríguez Castro, por *O xardín despois da chuvia*; en 1987, Miro Villar, por *Verbas cruzadas con Amaranta*; en 1988, *ex aequo* Bieito Iglesias, por *Luanda*, e Xosé Miranda, por *Na terra sombría*; en 1989, *ex aequo* Manuel Riveiro Loureiro, por *Vindo de volta*, e Xan Frenla, por *Conto do diluvio*; en 1990, Xoán Piñeiro Cochón, por *A liga dos Lambetas*; en 1991, Helena Villar Janeiro, por *O cadro*; en 1992, Isidro Novo, por *A pin up de Beautiful Street*; en 1993, Xosé Luís Santos Cabanas, por *Ahoulouuuu...!*; en 1994, Manuel Riveiro Loureiro, por *O coxo da Gamboa*; en 1995, Antón Riveiro Coello, por *Bruca Manigua*; en 1996, Xosé Antón Moreno, por *As xeiras de don Xoán*; en 1997, Antón Riveiro Coello, por *Sete traxes*; en 1998, *ex aequo* Rosa Aneiros, por *A eidosa que izaron as bandeiras*, e Luís González Tosar, por *Catro dedos por debaixo do embigo*; en 1999, Xosé Luís Álvarez Pérez, por *Marisol de outono*; en 2000, Beatriz Dacosta, por *Na sombra da lúa*; en 2001, Álvaro Lago, por *O crime de Pombal*; en 2002, Emma Pedreira, por *Os doces devorados*; en 2003, Xosé L. Vázquez Pérez, por *De noite non reces aos ídolos*; en 2004, Agustín Agra, por *Os límites do inimaxinable*; en 2005, Francisco Castro, por *Ningún fascista morreu inxustamente*; en 2006, María Esther Fernández Carrodeguas, por *Subir o telón*; en 2007, Rubén Ceide Martínez, por *A caixa da costureira*; en 2008, Iván García Campos, por *Unha casa chea de xanelas*; en 2009, Juan Tallón, por *Era el*; en 2010, Xosé Alfredo Naz, por *O Mal*; e en 2011, Xosé Amancio Liñares Giraut, por *Corografía Obama*. Nesta XXXVIII convocatoria, do ano 2012, o certame dedicouse a honrar a figura do cronista da Terra de Montes, Antonio Rodríguez Fraiz, co motivo do centenario do nacemento do historiador e contou coa colaboración do Concello de Cerdedo. Presentáronse corenta e seis orixinais e o xurado, formado por Xosé Ramón Fandiño Veiga (presidente do Pedrón de Ouro), David Otero (secretario da fundación); a profesora e literata Aurora Marco; a profesora Isabel Sánchez; o docente, escritor e poeta Ramón Raña e o mestre cerdedense Agustín Troitiño, decidiu conceder o galardón ao redactor do *Faro de Vigo*, Miguel Anxo Martínez, coa obra *As casas baratas*, e conceder dous accésit, un a María Alonso Alonso pola obra *María a Lobiqueira*, e outro a Alberto Gómez Aneiros por *Contos dun representante artístico* O acto de entrega tivo lugar o 30 de decembro en Cerdedo.

Referencias varias:

- Raquel Torres, "Presentados 46 orixinais ó premio Modesto Figueirido", *Diario de Pontevedra,* "Deza", "Tabeirós", 2 decembro 2012, p. 23.

Indica que o Certame Nacional Galego de Narracións Breves Modesto R. Figueiredo, conmemora este ano ao cronista Antonio Rodríguez Fraiz no seu centenario, informa de que se presentaron ao concurso corenta e seis orixinais, dá a coñecer o xurado do certame e explica como será o acto público no que se anunciará o gañador.

- Silvia Allende, “El periodista de FARO Migel Anxo Martínez gana el Premio Modesto R. Figueiredo de narración breve”, *Faro de Vigo*, “Deza”, “Tabeirós”, 23 decembro 2012, p. 39.

Anuncia que o gañador da XXXVIII edición do Premio Modesto R. Figueiredo foi o redactor do *Faro de Vigo*, Miguel Anxo Martínez, coa obra *As casas baratas*, e que se concederon dous accésit, un a María Alonso Alonso pola obra *María a Lobiqueira*, e outro a Alberto Gómez Aneiros por *Contos dun representante artístico*.

Premio de Microrrelatos **Mulleres Progresistas**

A Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo crea este premio en 2012. Esta asociación convocaba anteriormente un premio de novela, que dende 2006 pasara a ser substituído pola modalidade de relatos. No ano 2011 chegouse a publicar unha obra que reunía os contos galardoados, editada por Baía Edicións co título *Obras breves de imaxinación [Premios de Relatos “Mulleres Progresistas” 2007-2011]*. Neste premio poden participar todas as mulleres que o desexen, de calquera nacionalidade ou cultura e maiores de 16 anos. Cada participante pode presentar un máximo de tres microrrelatos, en galego normativo, cuxo tema será o empoderamento das mulleres, entendido consonte á estratexia definida na IV Conferencia Mundial das Mulleres de Beijing nos seus tres niveis de transformación: o individual, posibilitador de cambios orientados á consecución dun maior autorrespecto e confianza, así como de poder de negociación dos propios intereses; o colectivo, posibilitador dos cambios encamiñados á promoción de vínculos, apoios e recoñecemento mutuo para a defensa dos intereses comúns e, por último, a transformación social que proporciona cambios dirixidos a visibilizar e valorar ás mulleres na sociedade e a eliminar as discriminacións de xénero existentes. Enlazando o carácter reivindicativo coa vertente literaria, o microrrelato ten que ter unha natureza narrativa e non de mera proclama. Son valorados aspectos como a calidade literaria e a orixinalidade das obras, así como de adecuación ao tema central do concurso. Os microrrelatos deben levar título e ter un máximo de cen palabras (excluído o propio título). As obras, orixinais e inéditas, non difundidas por ningún tipo de medio, nin en papel, nin electrónico, non deben atentar contra os dereitos á intimidade, ao honor e á propia imaxe de terceiros/as ou ter connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias. As autoras responden ante a organización da autoría e orixinalidade do microrrelato. Segundo o número e calidade dos orixinais recibidos desígnanse entre cinco e dez finalistas, entre as que se elixen os premios do certame: 1º Premio: 300 euros, figura e diploma. 2º Premio: 200 euros e diploma. 3º Premio: 100 euros. Os traballos preséntanse no formulario que consta na *web* da asociación, apuntando tamén o nome, apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono de contacto. No caso de participantes menores de idade, teñen que estar asistidas por quen ostente a súa tutela legal, quen debe encher os apartados correspondentes do formulario de envío dando o seu consentimento. O fallo do xurado publícase o 8 de marzo do ano seguinte, Día Internacional dos Dereitos das Mulleres, podendo quedar desertos calquera ou todos os premios se as obras presentadas non reúnen unha calidade mínima. O xurado está formado por mulleres do mundo do asociacionismo feminino, as Letras e a Cultura, sendo inapelábel a súa decisión. Dentro do xurado está unha representante de Mulleres Progresistas. Os microrrelatos premiados e finalistas, así como aqueles que o xurado estima dignos de difusión, son colgados na web da Asociación Mulleres Progresistas, polo que as autoras ceden gratuitamente os

seus dereitos editoriais sobre os estes á entidade organizadora. Nesta primeira convocatoria o prazo de admisión para a recepción de traballos pechouse ás 23:59 horas do 31 de decembro de 2012.

Premio **Nacional de Narrativa**

Ver apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Literatura Erótica **Narrativas Quentes**

Convocado por Edicións Positivas dende 2002, é de carácter bienal. Pode concorrer calquera obra narrativa inédita, sexa novela ou relato, escrita en galego, cunha extensión mínima de sesenta folios e máxima de douscentos cincuenta, mecanografados a dobre espazo. Os traballos presentáronse por triplicado con pseudónimo ou lema e cun sobre cos datos persoais en Edicións Positivas (Rúa Xeneral Pardiñas, n.º 15-17, local 10, 15701, Santiago de Compostela). O premio consistiu na publicación da obra en Edicións Positivas. O galardón en edicións anteriores foi para Manuel Lourenzo González por *Infidelicidades* en 2002; Alberte Momán por *O Lobo da xente* en 2004; Chelo Suárez por *Os Milagres de Cristamar* en 2008; e Eva Moreda por *Organoloxías* en 2010. No ano 2012 convocouse a VIª edición e podían presentarse orixinais até o 30 de marzo. O 10 de abril o xurado decidiu declarar deserto o premio por non considerar suficiente a calidade dos dezasete traballos recibidos.

Premio de **Novela por entregas**

La Voz de Galicia e Canal Voz, co patrocinio do Ámbito Cultural de El Corte Inglés, convocan este premio dende 2001. Nel poden participar todas as persoas que presenten unha novela inédita, en galego, dividida necesariamente en trinta e un capítulos da mesma extensión (tres mil cincocentos caracteres, con espazos incluídos), e que non opten a outros concursos. As obras teñen que presentarse en catro copias impresas a dobre espazo por unha soa cara, ademais dunha copia en formato PDF gravada nun CD dirixidas ao Premio de Novela por entregas de *La Voz de Galicia*. Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85 no Polígono Industrial de Sabón (15142, Arteixo-A Coruña) polo sistema de plica pechada. Estabelécese un único premio dotado con 6.000 euros e a publicación da novela na sección de "Páxinas Literarias" de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto e simultaneamente na súa páxina web (www.lavozdegalicia.es). Ademais, existe a posibilidade de edición da obra gañadora en formato libro, dentro do ano, e nas condicións habituais de devengo de dereitos de autor. Trátase dun galardón paralelo ao de narrativa curta "Relatos de verán", que comezou no ano 2000. Na primeira edición, o xornal convocante publicou, por fascículos e fóra de concurso, a novela *O xabaril branco* (2000), de Tucho Calvo; a partir de entón, as obras sométense a concurso. En anteriores edicións resultaron gañadores Marilar Aleixandre, en 2001, por *Unha presa de terra* (2001); Miguel Suárez Abel, en 2002, por *O repenique de Beatriz Goldar* (2003); Xosé Antonio Perozo, en 2003, por *Caderno de Riparia* (2004); Ángel de la Cruz, en 2004, por *O descenso do derradeiro ocaso* (2005); Carlos Freire Cordeiro, en 2005, por *Acio sanguento* (2005); Santiago Lopo, en 2006, por *Game over* (2007); Concha Blanco, en 2007, por *Habitación 202* (2008); Emilio Alonso, en 2008,

por *Mercurio* (2009); Alberto Ramos, en 2009, por *Con acuse de recibo* (2010); An Alfaya, en 2010, por *Vía secundaria* (2011); Diego Ameixeiras, en 2011, por *Historias de Oregón* (2011). Na duodécima edición do ano 2012, o prazo de presentación de orixinais estivo aberto até o 15 de xuño e o galardón foi para a novela *A punta de pistola* (2012), de Fran Alonso (Vigo, 1963). O acto de entrega tivo lugar o 18 de xullo no transcurso da tradicional cea literaria no coruñés Museo Santiago Rey Fernández-Latorre. O xurado estivo formado por Ramón Nicolás, Xosé Carlos Caneiro, Camilo Franco, Xesús Fraga, Ramón Loureiro, Héctor Porto e Luís Pousa.

Referencias varias:

- Luís Pousa, "La Voz convoca a 12.ª edición do Premio de Novela por Entregas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 maio 2012, p. 42.

Preséntanse as bases do Premio de Novela por Entregas e infórmase tamén do prazo de entrega para a presentación de Relatos de Verán. Cítanse algúns dos vencedores das edicións anteriores.

- Camilo Franco, "A realidade é inverosímil", *La Voz de Galicia*, 20 xullo 2012, p. contracuberta.

Entrevista con Fran Alonso gañador do Premio Novela por Entregas de *La Voz de Galicia*, coa obra *A punta de pistola*. O autor explica que a novela parte dun feito real que sucedeu no ano 2006. Comenta ademais as dificultades que lle supuxo dotar de verosimilitude o texto e adaptarse as esixencias de extensión do certame.

- Ramón Nicolás, "A segunda vida", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 491, "Letras en galego", 3 novembro 2012, p. 8.

Fala das "dúas vidas" de *A punta de pistola*, de Fran Alonso: a primeira, na edición en papel e na páxina web do xornal *La Voz de Galicia*; a segunda, na edición independente publicada por Edicións Xerais de Galicia. Dá conta das características da obra, algunhas delas provocadas polas características do premio "Novela por entregas" da que foi merecedora. Salienta o crítico o ritmo da narración e fala da presenza de temas como "a desestruturación familiar, a experiencia da soidade no mundo contemporáneo, o mundo das novas tecnoloxías ou a marxinalidade social". Finalmente dá conta do argumento e alude ao diálogo desta obra con outras anteriores do autor.

- Xesús Fraga, "A literatura está en nós: todos temos unha historia que contar", *La Voz de Galicia*, 12 novembro 2012, contracuberta.

Entrevista a Fran Alonso por mor da publicación en Edicións Xerais de Galicia de *A punta de pistola*, Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia*. Comenta como viviu a experiencia de ver publicada día a día no xornal a súa historia, fala da orixe da obra a partir dunha noticia e vincula esta novela coa súa produción anterior. Tamén comenta as características das dúas historias que conforman esta novela, fala das ilustracións de Abraldes e considera "fantástico" o feito de que a súa obra compartise espazo cos relatos que enviaron os lectores.

Premio **Relato Curto da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago**

Certame convocado pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela sobre tema libre e escrito en galego ou castelán, ao que poden concorrer todos os membros desta asociación. O relato debía ter un máximo de sete folios, presentarse por triplicado, mecanografado a dobre espazo en DIN-A4 e a unha cara, con tipo 12 de Times New Roman. Os traballos, con pseudónimo, acompañados dun sobre pechado, en cuxo exterior figura o pseudónimo e no interior unha folla co nome e apelidos, enderezo, número de teléfono e dirección de correo electrónico do autor, enviánse por correo certificado á sede da Asociación de Antigos Alumnos: Casa da Concha, rúa da Conga, n.º 1, 15704, Santiago de Compostela. A Asociación resérvase a facultade de editar as narracións, que quedarán en poder da institución convocante, sen que os autores teñan dereito a compensación económica ningunha. O xurado está composto por persoas entendidas na materia e pode declarar deserto o premio, sendo a súa decisión inapelábel a todos os efectos. O galardón é unha figura da colección Alba da Groria de Castelao, realizada por Sargadelos, e un premio en metálico de 300 euros. No ano 2012 o xurado da VII edición formado polo presidente, Ángel Álvarez Prechous, a vicepresidenta, Blanca A. Roig Rechou, a secretaria, Isabel Vilariño Vilariño, e as vogais, Mª del Mar Fernández Vázquez e Patricia Castelo Fernánez, reuniuse o mércores 14 de novembro e decidiu por unanimidade conceder o premio deste ano ao texto titulado "Viaje a la nada", presentado baixo o pseudónimo de Filipo de Pincia, do socio Félix Noriega Peiro.

Concurso Literario de **Relato curto da Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago** (AGACS)

Organizado pola
Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (AGACS) e o Grupo Correo, está dirixido a escritores de calquera nacionalidade con obras inéditas e non premiadas, escritas en calquera lingua sobre un tema relacionado co Camiño de Santiago, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de cinco. Os traballos deben entregarse baixo lema xunto cun sobre cos datos persoais na Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (Rúa Costa Nova de Abaixo, n.º 17, 15705, Santiago de Compostela). Estabelécense tres premios, de 300, 200 e 100 euros, concedidos por un xurado composto por persoeiros de recoñecida solvencia no mundo da crítica literaria. Na XII edición, correspondente ao ano 2012, o prazo de entrega dos orixinais rematou o 31 de decembro.

Concurso **Relatos de Verán. La Voz de Galicia**

No ano 2000, por vez primeira, *La Voz de Galicia* convidou aos escritores afeccionados a que enviasen os seus relatos para seren publicados durante todos os días do mes de agosto na sección "Páxinas literarias". Estas páxinas incluíron fóra de concurso unha sección dedicada a escritores coñecidos, para daren cabida tamén á publicación por capítulos da obra que resultara gañadora do premio "Novela por entregas". Dende ese ano, *La Voz de Galicia* e Canal Voz convocan este concurso dirixido a persoas de todas

as idades con textos inéditos, de tema libre, escritos en galego ou castelán, que deben ser enviados xunto a unha pequena biografía con fotografía tamaño carné e os datos persoais, a *La Voz de Galicia* (Avda. da Prensa, n.º 84-85, Polígono de Sabón, 15142, Arteixo-A Coruña) ou ao correo electrónico relatos@lavoz.es. Os orixinais non poden exceder as vinte e cinco liñas mecanografadas de corpo once (uns 2.100 caracteres). Un xurado encárgase de seleccionar os relatos para ser publicados ao longo do mes de agosto no xornal e na súa páxina en liña. O lectorado de *La Voz de Galicia* é o encargado de elixir cada semana o mellor conto dos autores e autoras noveis que se publicaron durante ese período emitindo o seu voto por medio duns cupóns diarios que aparecen no xornal. Polo feito de participar na votación, entran nun sorteo semanal dunha selección de libros da editorial Biblos Clube de Lectores. Existen dúas modalidades: menores de 15 anos e maiores de 15 anos. Os premios na convocatoria de 2012 consistiron nun iPad 2 con *wifi* para a modalidade de menores de 15 anos e nunha tarxeta agasallo Kaleidoscopio Plata de 500 puntos e máis de 7000 actividades de ocio para combinar na modalidade de maiores de 15 anos. Oos galardons foron para Laura Fernández Fernández, deseñadora gráfica de 26 anos, polo relato "Silencio roto" e, na categoría infantil, Xosé Xavier Coira González, de nove anos, por "La varita mágica".

Referencias varias:

- I. Salazar, "Los lectores eligen a los ganadores de los Relatos de Verán", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Fin de semana", 29 setembro 2012, p. 40.

Dá a coñecer os gañadores do certame de Relatos de Verán de *La Voz de Galicia* e comenta que a historia da gañadora Laura Fernández Fernández aborda a problemática dunha muller que tras anos comunicándose pola rede, descobre que non sabe falar.

Premio Narrativa Breve **Repsol YPF**

Premio convocado dende o ano 2006 polo complexo Repsol-YPF e dende 2010 pola Fundación Repsol, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co fin de contribuír ao desenvolvemento da literatura galega. Conta co apoio da Real Academia Galega, a Asociación Galega de Editores e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e coa colaboración da Editorial Galaxia. Até o momento estivo dotado cun premio de 6.000 euros, aínda que na terceira edición a contía aumentou até os 9.000 euros, e os dereitos de explotación da primeira edición en galego cun máximo de 1.500 exemplares do libro publicado pola Editorial Galaxia. Poden concorrer todos os autores e todas as autoras que o desexen, agás a persoa gañadora da edición anterior. Os traballos, orixinais e inéditos, escritos en lingua galega seguindo a normativa vixente, cunha extensión entre cincuenta e cento vinte folios deben presentarse encadernados en seis copias, mecanografados a dobre espazo, nas que figure o título da obra e o lema xunto a un sobre pechado no que se inclúan os datos persoais do autor ou autora e dirixirse ao Complexo Industrial Repsol YPF (Apartado 700, 15080, A Coruña). O xurado está conformado por un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura; outro da Fundación Repsol, un da Real Academia Galega, outro da Asociación de escritores en Lingua Galega e un da Editorial Galaxia. En edicións anteriores o galardón recaeu en *Se algún día esta muller morta*, do xornalista Miguel Sande, en 2006; *Así nacen as baleas*, de

Anxos Sumai, en 2007; *A verdade como mal menor*, de Xosé Luís Martínez Pereiro, en 2008; *Os Fíos*, de Xurxo Sierra Veloso, en 2010; e *Microbios e outros paquidermos*, Fernando Díaz-Castroverde Gómez, en 2011. No ano 2012 tivo lugar a sexta edición e o prazo de presentación de obras abrangueu até o 20 de xullo. O xurado decidiu galardoar a María López Sández (Lugo, 1973), pola súa obra *A forma das nubes*. O acto de entrega do galardón tivo lugar na sede da Fundación Paideia Galiza na Coruña.

Referencias varias:

- Martín Arias, "María López, premio Repsol con 'A forma das nubes", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 setembro 2012, p. 40.

Anuncia que a gañadora do VI Premio Narrativa Breve Repsol en Lingua Galega, foi María López coa súa obra *A forma das nubes*. Destaca que a gañadora recibiu tamén con anterioridade o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2007 coa obra *Paisaxe e nación: a creación discursiva do territorio*.

- M. G. M., "María López Sández consegue o sexto Premio de Narrativa Breve Repsol", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 14 setembro 2012, p. 17.

Comenta que nesta edición se presentaron ao concurso corenta e unha obras, das que se seleccionaron primeiramente quince finalistas, das que resultou a gañadora: María López, con *A forma das nubes.*

- Dolores Vázquez, "López Sández obtiene el Narrativa Breve de Repsol por «A forma das nubes»", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 setembro 2012, p. 38.

Explica que a gañadora desta edición do Premio Narrativa Breve de Repsol foi María López, con *A forma das nubes.* Comenta tamén que é a primeira obra narrativa da autora, quen xa gañara o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio en 2007 coa obra *Paisaxe e nación: a creación discursiva do territorio.*

- Marta Becerra, "Avalancha de reconocimientos", *El Progreso*, "Lugo", 30 novembro 2012, p. 3.

Entre outras noticias, comenta que a gañadora do VI Premio Narrativa Breve de Repsol foi a lucense María López, coa obra *A forma das nubes.*

-ECG, "Fundación Repsol entrega o VI Premio de Narrativa Breve Repsol a María López Sández", *El Correo Gallego*, "Tendencias/ Esquelas", 30 decembro 2012, p. 43.

Comenta a entrega do VI Premio Narrativa Breve de Repsol a escritora María López Sández coa obra *A forma das nubes* e explica que o acto tivo lugar na Fundación Paideia da Coruña. Dá a coñecer os membros do xurado e explica que o premio se convoca en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Editorial Galaxia.

- M.G.M, "A Fundación Repsol entrega o premio de narrativa breve á escritora María López", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 30 novembro 2012, p. 13.

Anuncia a concesión do VI Premio Narrativa Breve de Repsol á escritora María López Sández coa obra *A forma das nubes*. Sinala que se presentaron corenta e unha obras ao certame e que o premio é convocado coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Editorial Galaxia, a Real Academia Galega e a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Premio **Vicente Risco de Creación Literaria**, anteriormente coñecido como Premio Risco de Literatura Fantástica

En 1999 o Concello de Ourense, a Fundación Vicente Risco e a Editorial Sotelo Blanco convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco, para premiar a mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. Dende o ano 2006, este galardón pasou a denominarse Premio Vicente Risco de Creación Literaria e a el poden presentarse todo tipo de obras de carácter literario. A súa dotación é de 6.000 euros e a publicación do texto. A extensión dos traballos, inéditos e redactados na normativa vixente, pode variar entre os 150 folios e os 300. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, en soporte papel (tamaño DIN-A4), mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo, baixo lema, e adxuntar nun sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ao premio, así como o título definitivo da súa obra. Os traballos envíanse ao Rexistro Municipal do Concello de Ourense. O xurado componse de cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo Concello para presidilo. En anteriores edicións foron premiadas *A rosa de Borges* (2000), de Xosé Carlos Caneiro, no ano 2000; *O caderno* (2001), de Xabier López López, en 2001; *A embaixada do vinagre* (2002), de Xosé Luís Martínez Pereiro, en 2002; *O sangue dos camiños* (2003), de Ramón Caride Ogando, en 2003; *Un escuro rumor tralo silencio* (2005), de Isidro Novo, en 2005; *Os mércores de Fra* (2006), de Xurxo Sierra Veloso, en 2006; *Para dicir abril* (2008), de Xosé Vázquez Pintor, en 2007; *A do vinte e un* (2010), de Hixinio Puentes Novo, en 2009; *Deus xogando aos dados*, de Fernando Méndez, en 2010; e *Olladas* (2012), de Adelaida Vidal Vizcaya, en 2011. No ano 2012, XIII edición, o prazo de entrega de orixinais rematou o 1 de outubro e o xurado composto por Adelaida Vidal, Ánxela Gracián, Serafín Alonso e Soedade do Muíño, concedeu o galardón o 26 de novembro á novela *Todos os días*, de Alberto Manuel Ramos Ríos (Santiago de Compostela, 1986).

Referencias varias:

- X. M. R., "Alberto Ramos gaña o Premio Risco de Literatura con «Todos os días»", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 novembro 2012, p. 39.

Informa de que se lle concedeu o Premio Risco de Literatura a Alberto Ramos pola súa obra *Todos os días* e salienta que o xurado quen gabou o feito de que a novela retratase a crise social e económica.

- S. Carballo, "Dáme un pánico atroz presentarme diante dun editor dunha novela", *La Región*, "Ourense", "Personaxe do día", 23 novembro 2012, p. 8.

Entrevista ao gañador do Premio Risco de Literatura coa novela *Todos os días* na que explica os motivos que o levaron a presentarse ao premio, sinala que a obra conta a historia dun xornalista en paro e fala da situación actual dos medios de comunicación.

- Fran P. Lorenzo, "Alberto Ramos retrata a caída das certezas en 'Todos os días", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 28 novembro 2012, p. 43.

Comenta que a novela de Alberto Ramos gañadora do Premio Vicente Risco de Literatura afonda na "caída das certezas", centrándose no tema do desemprego. A continuación fala das temáticas centrais das obras anteriores do autor: *Dor pantasma* e *Con acuse de recibo*.

Premio **Rosalía de Castro do Pen Clube**

Convocado por primeira vez en 1996 polo Pen Clube galego, nacido en 1988 a iniciativa de Carlos Casares. De edición bienal, patrocinado pola Consellería de Cultura e coa colaboración da Universidade de Santiago, entrégase a un escritor representante das outras catro linguas das literaturas peninsulares, para "desde Galicia estabelecer lazos coas nosas literaturas veciñas". O galardón consiste nunha placa de esmalte cun texto da autora galega. En anteriores ocasións, foron galardoados José Saramago, Gonzalo Torrente Ballester, Joan Perucho, Bernardo Atxaga, Manuel Vázquez Montalbán, Juan Mari Lekuona, Miquel de Palol, António Lobo Antunes, José Ángel Valente, Sophia de Mello, Pere Gimferrer, Anjel Lertxundi, Ernesto Sábato, Nélida Piñón, Ricard Salvat, Felipe Juaristi, Francisco Brines, Rubem Fonseca, Carmen Riera, Ramón Saizarbitoria, Isabel Allende, Agustina Bessa Luís, Josep Palu i Fabre, Arantxa Urretabizkaia, Álvaro Mutis, Joan Margarit, Mía Couto e Jon Kortazar, Antonio Gamoneda, Ledo Ivo, Francesc Parcesisas e Itxaro Borda. O xurado da novena edición, en 2012, resolveu conceder este galardón a María Esther Vázquez, a José Viale Moutinho, a Enric Casasses e a Miren Agur Meabe. O acto de entrega dos galardóns tivo lugar no Salón Nobre do Pazo de Fonseca, en Santiago de Compostela, o 28 de setembro de 2012, durante unha velada literaria presidida por Jesús Vázquez Abad (Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria), Juan Casares Long (Reitor da Universidade de Santiago de Compostela) e Luís González Tosar (Presidente do PEN-Galicia).

Referencias varias:

- Lorena Franco, "Cuidar las lenguas vernáculas tiene premio", *La Voz de Galicia,* "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 29 setembro 2012, p. X.

Dá conta da entrega dos Premios Rosalía e informa dos gañadores: María Esther Vázquez, o poeta portugés José Viale, o dramaturgo catalán Enric Cassases e a vasca Miren Agur Meabe.

- Fran P. Lorenzo, "A escrita reivindica o símbolo de Rosalía nos premios do PEN*", El Correo Gallego*, "Tendencias", 28 setembro 2012, p. 42.

Refírese á entrega dos Premios Rosalía e explica que recoñecen autoras e autores dos catro sistemas literarios do Estado español. Tras recoller o discurso do presidente da Real Academia, X. L. Méndez Ferrín, reproduce as palabras da gañadora en lingua galega María Esther Vázquez, quen destacou a singularidade de Rosalía de Castro.

Concurso de Relato Breve en Lingua Galega **"Typewriter. A historia escrita a máquina"**

Organizado pola Cidade da Cultura, como actividade paralela á exposición do mesmo nome, poden participar todas aquelas persoas de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega. Estabelécense tres categorías de participación: infantil, até doce anos; xuvenil, de trece a dezasete e adulto, a partir de dezaoito anos. As obras, escritas en lingua galega, non deben exceder as mil palabras en total (dúas páxinas) e teñen que tratar sobre a historia dalgunha das máquinas da Colección Sirvente, expostas na Cidade da Cultura. O concurso está dotado cos seguintes galardóns: ordenador infantil (categoría infantil) e iPad (categorías xuvenil e adulto) no primeiro premio, e un lote de produtos da Cidade da Cultura para as tres categorías no segundo premio. Os traballos téñense que presentar co nome do autor, idade, dirección e correo electrónico e enviarse por correo electrónico a online@cidadedacultura.org até o 8 de xaneiro, coincidindo coa data de finalizacion da exposición "Typewriter. A historia escrita a máquina". No caso da categoría infantil, os participantes deben engadir curso e centro educativo ao que pertencen. O día 6 de febreiro, na Cidade da Cultura, o xurado, integrado por María Solar Núñez, Estevo Creus Andrade e Carlos Arias Iglesias, concedeu os galardóns na categoría infantil a "Memorias dunha máquina de escribir", de Mariña Pena Blanco, e o segundo premio "A princesa da lúa", de María Villamor López; en xuvenil a "Arma dos pacíficos", de Leticia Vázquez Bengochea, e o segundo a "Unha tumba de metal", de Sara Azidane Chenlo; e en adulto a "Con vistas ao Atlántico", de María Tallón Queija, e o segundo a "Tipistas, artefactos", de Steven Pensado.

Referencias varias:

- M. Fernández, "Santiago da lecciones de cultura clásica", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 16 febreiro 2012, contracuberta.

Noméanse os vencedores do Concurso de Relato Breve en Lingua Galega "Typewriter. A historia escrita a máquina".

- AGN, "A Cidade da Cutura ponlles música, teatro e obradoiros ás fins de semana do mes de marzo", *El Progreso*, "Galicia", 7 marzo 2012, p. 29.

Infórmase de que tivo lugar no mes de febreiro a entrega na Cidade de Cultura de Santiago de Compostela dos galardóns do concurso de relatos "Typewriter. A historia escrita a máquina".

Certame Literario de Relatos Curtos **Os Viadutos**

Organizado pola Concellaría de Xuventuve do Concello de Redondela, o certame está dirixido a persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos que presenten orixinais, inéditos escritos en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de dez folios e máxima de quince. Os orixinais preséntanse no rexistro de entrada do Concello ou por correo certificado á Concellería de Xuventude (Rúa Reveriano Soutullo, n,º 1, 36800, Redondela). No interior deben incluírse catro copias sen asinar e encabezadas polo título do relato e pseudónimo, e nun sobre pechado, os datos do autor e unha fotocopia do DNI. Estabelécese un primeiro premio de 1.200 euros e un segundo de 600. Na XIII edición de 2012, o prazo de recepción de orixinais rematou o 8 de abril e xurado, formado polas escritoras Inma López Silva, Rexina Vega e Luís Manuel García Mañá, acordaron conceder o primeiro premio ao relato titulado "A preocupación dos pés quentes", de Javier González Saavedra, así como outorgar un segundo premio ao relato "Érase unha vez un francés, un italiano, un viaduto e a vila", de Pablo Mosquera Pereira.

Premio **Xerais de Novela**

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984, os orixinais, por sextuplicado e mecanografados a dobre espazo, teñen que se presentar nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (Rúa Dr. Marañón, n.º 12, 36211, Vigo), baixo lema e plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudosos da literatura, pero a partir de 1988, coa introdución do lema "A forza dos lectores", fíxose unha selección de cinco membros entre lectores en xeral, que xunto a un secretario con voz e sen voto, que representa á editorial compoñen o xurado. Poden concorrer persoas de calquera nacionalidade que presenten os textos inéditos e orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia resérvase os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos están libres do pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, dotado con 15.000 euros, ten que comprometerse a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibindo cincuenta exemplares da obra publicada. En edicións anteriores os galardóns foron para as seguintes obras: *Crime en Compostela* (1984), de Carlos González Reigosa, en 1984; *As horas de cartón* (1985), de Lois Xosé Pereira, en 1985; *No ano do cometa* (1987), de Xoán Bernárdez Vilar, en 1986; *Para despois do adeus* (1987), de Xosé Ramón Pena, en 1987; *O bosque das antas* (1988), de Francisco X. Fernández Naval, en 1988; *Galván en Saor* (1989), de Darío Xohán Cabana, en 1989; *As baleas de Eduardo Reinoso* (1990), de Alfonso A. Cáccamo, en 1990; *Agosto do 36* (1991), de Xosé Fernández Ferreiro, en 1991; *O infortunio da soidade* (1992), de Xosé Carlos Caneiro Pérez, en 1992; *O cervo na torre* (1994), de Darío Xohán Cabana, en 1994; *Unha noite con Carla* (1995), de Aníbal Calvo Malvar, en 1995; *A velocidade do frío* (1996), de Manuel García Seixas, en 1996; *Manancial* (1997), de Xavier Manteiga, en 1997; *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda Ruíz, en 1998; *Pensa nao* (1999), de Anxo Angueira Viturro, en 1999; *Expediente Artieda* (2000), de Luís Rei Núñez, en 2000; *Teoría do caos* (2011), de Marilar Aleixandre, en 2001; *Concubinas* (2002), de Inma López Silva, en 2002; *Casa Skylab* (2003), de Santiago Jaureguizar, en 2003; *O exiliado e a primavera* (2004), de Manuel Veiga, en 2004; *Herba moura* (2005), de Teresa Moure, en 2005; *Tres segundos de memoria* (2006), de Diego Ameixeiras, en 2006; *Cardume* (2007), de Rexina Rodríguez Vega, en 2007; *O xardín das pedras flotantes* (2008), de Manuel Lourenzo González, en 2008; *Sol de Inverno*

(2009), de Rosa Aneiros, en 2009; *Periferia* (2010), de Iolanda Zúñiga, en 2010; *Extramunde* (2011), de Xavier Queipo, en 2011. O ano 2012 tivo lugar a XXIX edición e o prazo de presentación rematou o 10 de abril. O ditame e a entrega do galardón desenvolvéronse o 9 de xuño na illa de San Simón na Festa Xerais e as finalistas, de entre as trinta e dúas obras presentadas, coñecéronse o 1 de xuño no Castelo de Soutomaior. Foron as presentadas baixo os lemas "Faneca brava", "Ketos" e "Pouso da Arcai". O xurado, composto polo avogado Xaime da Pena Ceide, o xornalista Ernesto Sánchez Pombo, a xornalista María Xosé Porteiro, a profesora Begoña Rodríguez Outeiro, o profesor Xoán Cruz e Fran Alonso, como secretario con voz e sen voto, decidiu galardoar a María Lorenzo Miguéns (Tarrío, Dodro, 1986) e a Manuel Lorenzo Baleirón (Tarrío, Dodro, 1957), pai e filla, pola súa novela *Tonas de laranxa* (2012).

Referencias varias:

- AD, "Los Xerais premian la obra de María y Manuel Lorenzo", *La Región*, "Sociedad", 10 xuño 2012, p. 67.

Fálase do Premio Xerais de Novela 2012, que foi outorgado a María Lorenzo Miguéns e a Manuel Lorenzo Baleirón por *Tonas de laranxa*. Tamén se cita o Premio Merlín de Literatura Infantil, que foi para Marcos Calveiro por *Palabras de auga*.

- Ágatha de Santos, "Una novela escrita a cuatro manos por María y Manuel Lorenzo, premio Xerais 2012", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 10 xuño 2012, p. 44.

Noméanse os gañadores do Premio Xerais de Novela 2012: María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón por *Tonas de laranxa*. Fálase tamén do Premio Merlín de Literatura Infantil, *Palabras de auga*, que foi para Marcos Calveiro.

- Alaitz Monteagudo, "Lorenzo Miguéns e Lorenzo Baleirón, premio Xerais 2012", *El Correo Gallego*, "Tendencias/Esquelas", 10 xuño 2012, p. 50.

Cítanse os gañadores do Premio Xerais 2012: María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón por *Tonas de laranxa*, e tamén do premio Merlín de Literatura Infantil: Marcos Calveiro por *Palabras de auga*.

- Teresa Cuíñas, "Realismo mágico y crónica africana se llevan los premios Xerais", *El País*, "*Galicia*", 10 xuño 2012, p. 6.

Preséntanse os vencedores do Premio Xerais de Narrativa 2012: María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón por *Tonas de laranxa*. Explícanse as circunstancias da dobre autoría da obra, o argumento e as influencias máis importantes nela.

- Ágatha de Santos, "Los sueños hacen mucha falta en estos tiempos de banqueros y contables", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 24/ *La Opinión*, "Cultura", 11 xuño 2012, p. 43, 11 xuño 2012.

Preséntase unha pequena entrevista a Manuel Lorenzo Baleirón, gañador xunto á súa filla do Premio Xerais de Novela 2012 coa obra *Tonas de laranxa*.

X.2. POESÍA

Concurso de poesía **Anomar**

A Asociaicón Recreativa e Cultural Os Tilos, de Teo, convoca este galardón coa intencionalidade de unir a experiencia, o coñecemento e a importante transmisión cultural das persoas maiores coa ilusión e a creatividade dos máis mozos. O nome do concurso fai alusión a unha persoa que simboliza a experiencia, a forza e a ilusión por aprender, de superarse día a día, a señora Ramona, a persoa maior da asociación. Anomar é Ramona ao revés, a cal representa a todas as persoas maiores que, coma ela, están convencidas de que na vida se aprende cada día e que a creación literaria é unha forma máis de expresividade e coñecemento. O concurso está dividido en tres categorías segundo a idade: a 1ª, de nove a catorce anos; a 2ª, de quince a dezaoito; e a 3ª para maiores de dezaoito. A temática dos poemas é libre e deben ocupar entre vinte e cen versos en galego. Pódense enviar por correo postal nun sobre grande sen remite, co nome da categoría á que se presenta, onde se introduce o poema sen o nome do autor ou da autora e un sobre pequeno onde conste o título do poema, nome da persoa, enderezo e número de teléfono ao enderezo da asocición (rúa Ameneiro, n.º 8, baixos parroquiais, 15894, Os Tilos, Teo). Tamén se poden entregar por correo electrónico enviando o poema en arquivo adxunto sen o nome da persoa a arcostilos@arcostilos.org. No email deberán constar o título do poema, o nome da persoa, o enderezo e o teléfono e no asunto escribirase Concurso de poesía Anomar. O xurado está composto por tres persoas do mundo da literatura, que seleccionaran una obra para cada categoría e entregarñan os galardóns, un lote de libros. No ano 2012 o prazo de entrega das composicións rematou o 11 de decembro e o acto de entrega dos premios tivo lugar o 21 dese mes.

Referencias varias:

- M. M. G., "Os Tilos convoca su galardón de poesía Anomar", *El Correo Gallego,* "*Terras de Santiago*", n.º 381, 17 novembro 2012, p. 11.

Anuncia que a Asociación Recreativa e Cultural dos Tilos prepara a súa novena edición do concurso de poesía Anomar, e explica que consta de tres categorías.

Certame de Poesía **Antón Zapata García**

A Concellaría de Cultura e Benestar do Concello de Laxe convoca este certame na honra do poeta laxense. Poden particiar todas as persoas que o desexen, de calquera procedencia, con composicións en galego ou en castelán. A extensión e temática dos traballos é libre, pero deben estar inéditos. Os poetas poden inscribirse en tres categorías segundo a súa idade: infantil, até 11 anos; xuvenil, dos 12 aos 25 anos; e adultos, a partir dos 25 anos. Todas as obras deben enviarse baixo un pseudónimo ás oficinas da Concellaría de Cultura do Concello de Laxe, preferentemente por correo postal, ao enderezo: Avda. Cesáreo Pondal, nº 26, 15117 Laxe. No sobre debe figurar tan só o pseudónimo e a categoría na que se inscribe. Nun sobre lacrado no interior deben figurar os datos persoais do autor: nome e apelidos, data de nacemento, enderezo e

teléfono de contacto. No ano 2012 tivo lugar a VI edición do concurso e o prazo para presentar orixinais estivo aberto até o 20 de agosto. O fallo do xurado deuse a coñecer o 25 de agosto, coincidindo co Solpor Poético.

Referencias varias:

- J. M. R., "Sexto certamen de poesía Antón Zapata García", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 agosto 2012, p. 31.

Lembra que remata o prazo de entrega dos orixinais ao VI Certame de Poesía Antón Zapata García e dá a coñecer a páxina en liña onde se poden consultar as bases do certame.

Premio de Poesía **Avelina Valladares**

Convocado anualmente polo Concello da Estrada, xunto coa Asociación de Amas de Casa e Consumidores, para contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo dos poetas, descubrir novos valores, preservar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poeta estradense Avelina Valladares, precursora, xunto ao seu irmán Marcial Valladares, do cultivo literario da lingua galega no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, son dirixidos, baixo lema, por cuadriplicado, con liberdade de tema e forma, cun mínimo de trescentos versos e un máximo de oitocentos, ao Concello da Estrada (Praza da Constitución, s/n, 36680, A Estrada-Pontevedra) xunto cun sobre pechado co nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio aumentou en 2008 a súa contía a 2.000 euros. Este premio foi acadado en edicións anteriores por poetas como María Lado, Berta Dávila, María Canosa, Olalla Cociña ou Xosé Luna Sanmartín, entre outros. Na décimo sexta edición do ano 2012, o prazo para remitir orixinais rematou o 4 de maio e o xurado, formado por Antía Otero, Andrea Porto, Xosé Luna e Dolores Araújo, que actuou como secretaria, seleccionou por unanimidade, como gañadora da XVI edición do premio, a obra *Intermitencia da cidade* (2012), presentada baixo o lema *Estadio*, que unha vez aberta a plica resultou ser da autoría de Helena Salgueiro Golán.

Referencias varias:

- C. B., "Presentadas 26 obras al certamen M. García Barros", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "A Estrada", 4 maio 2012, p. 33.

Fálase do peche de entrega de orixinais a dous concursos: o Premio de Poesía Avelina Valladares e a vixésimo cuarta edición do certame literario Manuel García Barros.

- R. Torres, "Helena Salgueiro gana el 'Avelina Valladares' de poesía", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 19 xullo 2012, p. 54.

Comenta que Helena Salgueiro gañou a XVI edición do Premio de Poesía Avelina Valladares co poemario que levaba por lema "Estadío" de entre os vinte e seis orixinais presentados. Destaca que o xurado subliñou que era un volume confeccionado a base de

imaxes propias.

Premio de Poesía **Cidade de Ourense**

Premio convocado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense dende 1980 no que poden participar persoas de calquera nacionalidade, sempre que os traballos, orixinais e inéditos, se presenten en galego ou en portugués, e teñan un mínimo de seiscentos versos. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo por unha soa cara en exemplar sextuplicado, grampados, cosidos ou encadernados, baixo lema. Ademais, débese incluír un sobre pechado e lacrado no que figuren o nome, apelidos, número de DNI e enderezo do autor, e entregarse no Rexistro do Concello de Ourense directamente ou por correo certificado, facendo constar no sobre que se trata dunha obra dirixida ao certame. Os concursantes de orixe portuguesa poden entregar as súas obras na Cámara Municipal de Vila Real nos mesmos prazos que indica a convocatoria. O concurso está dotado dun único galardón de 6.000 euros, unha placa de prata e a publicación da obra. No ano 2012, na XXVIII edición, o xurado, composto por Francisco X. Fernández Naval, Xavier Rodríguez Barrio, galardoado na edición anterior, Teresa Devesa, Fernando Blanco e Isabel Pérez, concelleira de Cultura, que actuou como presidenta, concedeu o premio a Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, Lugo, 1958) polo seu traballo *Habitación do asombro*.

Referencias varias:

- Carolina A. Piñeiro, "Síntome moi apegado a Ourense porque a coñecín de man de Carlos Casares", *La Región*, "Ciudad", "Personaxe do día", 17 xuño 2012, p. 14.

Entrevista a Miguel Anxo Fernán Vello, co gallo da concesión do premio de poesía Cidade de Ourense polo seu poemario *Habitación do asombro*, na que destaca que o título indica cal é o sentido do libro e opina que a linguaxe poética require moita esixencia.

Concurso de Poesía **Concello de Carral**

Concurso de poesía organizado polo Concello de Carral dende 1997 ao que poden concorrer autores e autoras maiores de idade, con traballos orixinais e inéditos, cunha extensión mínima de cincocentos versos, escritos en galego e baixo un lema, dotado cun único galardón de 1.200 euros, que na edición do ano 2008 ascendeu a 2.000 euros, e a posibilidade de publicación da obra gañadora na colección de poesía da editora Espiral Maior. Os traballos entréganse por triplicado, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e coas páxinas numeradas. Cada copia dos traballos preséntase na Biblioteca Pública Municipal de Carral (Casa da Cultura, Rúa de Paleo, n.º 17, 15175, Carral-A Coruña) cunha portada na que figuren o título da obra e o lema ou alcume do autor, coincidindo no exterior co sobre pechado que debe acompañar á obra, e que conterá no interior o nome e apelidos do autor, DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve curriculum. En anteriores edicións foron premiados: en 1997, Fernando Díaz-Castroverde por *Camiño de píntegas*; en 1998, Rafael Lema por *Atlántica*; en 1999, Rafa Villar por *Días de*

Sherezade; en 2000, Lucía Novas por *Epiderme de estío*; en 2001, Baldo Ramos por *A árbore da cegueira*; en 2002, Eduardo Estévez por *Derrotas*; en 2004, Xurxo Alonso por *Breviario de Aldemunde*; en 2005, Marcos S. Calveiro por *Cartas do terceiro día*; en 2006, Isidro Novo por *Esteiro de noites falecidas*; en 2007, Xosé Luís Mosquera Camba por *Nadja c'est moi*; en 2008, Paulino Peña Álvarez por *Gramática da afirmación*; en 2009, Eli Ríos por *Nós escoitando o badalo de marienplatz*; en 2010, Miro Villar por *As crebas*; e en 2011, Emma Pedreira por *Libro das mentiras*. Na XV edición de 2012, o prazo para remitir orixinais rematou o 31 de marzo e o xurado, formado por Emma Pedreira, Antía Otero e Luciano Rodríguez, acordou elixir como gañador o poemario titulado *Teatro*, de Roi Vidal Ponte (Compostela, 1982). O acto de entrega do premio tivo lugar o 25 de maio na Casa da Cultura de Carral. O mesmo acto serviu para a presentación do poemario que gañou na pasada edición, *Libro das mentiras* de Emma Pedreira.

Certame de Poesía do **Concello de Mugardos**

A Concellería de Cultura do Concello de Mugardos convoca este certame de poesía en galego con motivo do Día da Poesía (21 de marzo). Conta coas modalidades de maiores de 18 anos e menores de idade. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega, cunha extensión máxima dun folio de DIN A4 por unha cara e o corpo de letra 14 a dobre espazo. Diríxense a esta concellaría do Concello de Mugardos (Avda. de Galicia, n.º 45, 15620, Mugardos-A Coruña) durante o mes de febreiro. O galardón consiste nun vale para mercar libros por valor de 50 euros para os menores de idade e de 100 euros para os maiores de idade. No ano 2012 convocouse a súa V edición e o xurado, composto pola concelleira Mónica Fernández, a bibliotecaria María de la Concepción Díaz, o escritor Eduardo Estévez e a escritora Aurora Varela decidiu conceder o premio da categoría de menores de 18 anos a Darío Miranda Pastoriza por "Fálame", e o da categoría de maiores de idade a Marisol Gándara Sánchez por "Cousas de nenos: por dentro". O veredicto do xurado deuse a coñecer o 21 de marzo e o acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 24 dese mes no salón de plenos do Concello de Mugardos.

Certame Literario do Excelentísimo **Concello de Vilalba**

Co fin de estimular e potenciar a creación poética galega, o Concello de Vilalba convoca este certame no que se conceden dous premios dotados con 3.000 euros e 1.000 euros, xunto cunha flor natural e un diploma. Poden concorrer todos os autores de calquera nacionalidade e condición que presenten orixinais e inéditos, de extensión mínima de cincocentos versos e tema libre, escritos en galego. Os orixinais preséntanse por quintuplicado mecanografados a dobre espazo e envíanse, xunto cun sobre cos datos persoais do autor e unha breve biografía, ao Concello de Vilalba (Praza da Constitución n.º 1, 27800, Vilalba). Na XXXVIII edición de 2012 o prazo de inscrición rematou o 20 de xullo e o acto de entrega tivo lugar no auditorio Carmen Estévez o 30 de agosto. O xurado, composto por José María García-Leira Boado, concelleiro de cultura e presidente; Darío Villanueva Prieto, membro da Real Academia Española; José Carlos Rodríguez Andina, Xefe do Servizo Provincial de Cultura da Xunta de Galicia; Fidel Fernán Vello, director do grupo Radio Principal; e Xulio Xiz Ramil, xornalista e

secretario, concedeu os galardóns a Xoán Xosé Piñeiro Cochón polo libro de poemas *Quenda da catividade* e a Xosé Otero Canto polo volume poético *Nenias chairegas*.

Referencias varias:

- Víctor Manuel Rivero, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 30 agosto 2012, p. 78.

Entre outras actividades, dáse conta da clausura do XXXVIII Certame Literario do Excelentísimo Concello de Vilalba. Infórmase de que o acto terá lugar na Casa da Cultura da localidade, con José María García Leira como mantedor.

- M. R., "El plazo para presentar obras al 38º Certame Literario Vilalbés se cierra el día 20", *El Progreso*, "A Chaira", 14 xullo 2012, p. 20.

Dá a coñecer as bases da triséximo oitava edición do certame literario vilalbés.

- Cristina Pérez, "O Certame Literario premia obras sobre amor e morte", *El Progreso*, "A Chaira", 25 agosto 2012, p. 13.

Anuncia os gañadores da triséximo oitava edición do certame literario vilalbés: Xoán Piñeiro Cochón, co poemario *Quenda da catividade*, que versa sobre o amor; e Xosé Otero Canto, co volume *Nenias Chairegas*, onde reflexiona sobre a morte, a raíz dunha enfermidade.

- A. R., "La cita con la literatura, un acto ineludible en el inicio de las fiestas", *El Progreso*, "Especial", "Festas de San Ramón e de Santa María", 30 agosto 2012, p. 36. Comenta que entre as actividades culturais programadas para celebrar as Festas de San Ramón e Santa María, terá lugar a entrega de Premios do Certame Literario da Terra Chá e lembra a composición do xurado e as bases da convocatoria.

- Ignacio R. Díaz, "Entre damas, música y letras", *El Progreso*, "A Chaira", 31 agosto 2012, p. 12.

Fala das diferentes actividades culturais programadas para celebrar as Festas de San Ramón e Santa María, e destaca a entrega dos Premios do Certame Literario da Terra Chá. Comenta que os gañadores foron: Xoán Piñeiro Cochón, co poemario *Quenda da catividade*; e, Xosé Otero Canto, con *Nenias Chairgas*.

Certame **Cores con palabras**

Convócase este certame poético-pictórico por iniciativa do Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños coa colaboración da Xunta de Galicia. Poden concorrer todas aquelas persoas maiores de 55 anos que presenten obras pictóricas ou poéticas orixinais. Cada participante pode presentar un máximo de dúas obras por categoría, inéditas e de temática libre. Os poemas, en lingua galega, con tema, rima e métrica libres, deben ter unha extensión máxima de 30 versos. Xunto coas obras, achegarase o boletín de inscrición debidamente cuberto, cos datos identificativos do autor, título da obra etc. así

como unha fotocopia do carné de identidade do autor. As obras poden entregarse ben mediante mensaxeiro, ben persoalmente en horario de 9:00 a 14:00 horas no: Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños (Avenida de Vigo, 25, baixo, 36680, A Estrada, Pontevedra). Entre todas as obras presentadas, lévase a cabo unha selección en cada categoría das cincuenta obras de maior calidade, técnica e orixinalidade, que pasan á fase final do certame e formarán parte, ademais, do libro *Cores con palabras*, que se publicará con motivo dunha exposición final nunha sala reservada para o efecto. A composición do xurado dáse a coñecer o día da entrega de premios e está composto por destacados persoeiros do mundo da plástica e da poética galega, así como por membros da organización. Estabelécense tres premios por categoría (1.º, 2.º e 3.º), que serán entregados o día da inauguración da exposición e que consistirán nunha placa conmemorativa e diploma acreditativo, así como unha reprodución do *Códice Calixtino*. Na edición de 2012 o prazo de presentación de orixinais tivo lugar do 18 ao 24 de outubro e na modalidade de poesía os galardóns foron para Gaez Touceda, pola obra "Dáme esta chave"; Damián Vicente Tarrío, autor de "Se os soños se fixesen realidade"; e Pedro Rey, por "O sol sairá".

Referencias varias:

- Sangiao, "Entregan os premios do certame 'Cores con palabras", *El Correo Gallego,* "*Terras de Santiago*", n.º 406, 12 decembro 2012, p. 6.

Comenta que tivo lugar a entrega dos premios do certame Cores con plabras na sala da Fundación Novacaixagalicia da Estrada.

Premio de Poesía Romántica **Cristina Amenedo**

Premio internacional de poesía creado pola Sociedad Artística Ferrolana no ano 2012 co obxectivo de lembrar a profesora e escritora cabanesa Cristina Amenedo (Cabanas, 1925-A Coruña, 2011), persoa moi vinculada coa estidade cultural ferrolá. Poden presentarse poemas de temática romántica entre os trinta e os setenta versos, en galego e castelán remitidos por correo a "Concurso Cristina Amenedo", Apartado de Correos 339, 15480, Ferrol. Os premios consisten nunha placa de prata ao mellor poema ou conxunto de poemas, tanto en idioma galego como en castelán. A entidade resérvase a publicación dos traballos gañadores dentro da súa revista literaria *Poesía Galicia*. Na edición de 2012 o prazo de entrega de orixinais rematou o 31 de decembro e o xurado, formado polo presidente da SAF, Ricardo Díaz-Casteleiro; Carlos Barcón; Francisco Vila; José Ramón Vázquez Martínez; Rosa Mª Martín Vaquero; Juana Corsina; e Carlos Cristóbal como secretario decidiu outorgar o galardón na modalidade de lingua galega a Conchi Sedano González, natural de Peñalver (Guadalajara), con residencia en Vigo, polo seu poema "Na revolta do carreiro".

Premio de Poesía **Díaz Jácome para Novos Creadores**. Concello de Mondoñedo

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, co afán de estimular a creación poética entre os mozos. Pon optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que

presenten poemas orixinais e inéditos non premiados, escritos en galego, de tema e metro libre e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais deben enviarse en DIN-A4 mecanografados a dobre espazo cun lema e plica en sobre pechado, onde conste o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos realízase no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, n.º 1, 27740, Mondoñedo-Lugo). Conta cos seguintes galardóns: un primeiro premio de 1.500 euros, un segundo de 600 euros e un terceiro de 300 euros, ademais dunha placa e diploma para todas as persoas galardoadas. Na XIII edición de 2012 o prazo de admisión rematou o 2 de xullo e resultou gañador do primeiro premio Anxo Mena con "Comezando a loita"; o segundo para Jesús Castro con "Paisaxe con afogado"; e o terceiro premio para María Helena López con "Poñentes", que recibiron os galardóns o 22 de decembro.

Referencias varias:

- I. García, "O certame Díaz Jácome reivindica a xustiza social dende a creación poética", *El Progreso*, "A Mariña", 23 decembro 2012, p. 18.

Anuncia que o gañador da décimo terceira edición do certame poético Díaz Jácome foi Anxo Mena co seu poemario *Comezando a loita*. Tamén dá a coñecer os nomes do segundo gañador, Jesús Castro, e da terceira, María Elena López.

- M. C., "Anxo Mena recibió en Mondoñedo el premio de poesía Díaz Jácome", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 decembro 2012, p. 53.

Dá a coñecer os gañadores da décimo terceira edición do certame poético Díaz Jácome: o primeiro premio foi para Anxo Mena co poemario *Comezando a loita*; o segundo para Jesús Castro con *Paisaxe con afogado*; e o terceiro premio para María Helena López con *Poñentes*.

- Fran Moar, "O futuro laboral vai ser negro, tanto se me dedico ás ciencias como se escollo as letras", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", 27 decembro 2012, p. 17.

Entrevista ao gañador do certame poético Díaz Jácome, Anxo Mena na que conta como se sente tras recibir o galardón.

Premio de Poesía **Eusebio Lorenzo Baleirón**

Convocado anualmente polo Concello de Dodro dende 1988 para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, e honrar a memoria do poeta que lle dá nome ao certame. Conta coa colaboración da Deputación da Coruña. Poden concorrer todas as persoas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, sexan orixinais e de temática libre e teñan un mínimo de cincocentos versos e un máximo de oitocentos. Así mesmo, as obras deben ir cun lema no exterior da plica, onde se inclúen os datos persoais do autor. Remítense catro exemplares ao Concello de Dodro (Rúa Tallós, n.º 32, 15981, Dodro-A Coruña). Estabelécese un único e indivisíbel premio de 2.300 euros e a publicación da obra pola editorial Sotelo Blanco, sendo publicada anteriormente na colección de poesía

“Eusebio Lorenzo Baleirón” de Ediciós do Castro. O Concello de Dodro resérvase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasa a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, debe facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado é designado polo Concello de Dodro entre personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria. En anteriores convocatorias os galardóns foron para Xosé Manuel López Ardeiro en 1988 por *O matiz esmeralda na sombra*; Gonzalo Navaza en 1989 por *Fábrica íntima*; Xavier Rodríguez Barrio en 1990 por *Alba no muro*; Helena Villar Janeiro en1991 por *Nas hedras da clepsidra*; Palmira González Boullosa en 1992 por *Asoladamente, o teu nome*; Xabier Cordal en 1993 por *Fruto do teixo*; Xosé Manuel Millán Otero en 1994 por *As palabras no espello*; Xosé Miranda en 1995 por *Amantes e viaxeiros*; Isidro Novo en 1996 por *Dende unha nada núa*; Emma Couceiro en 1997 por *As entrañas horas*; Estevo Creus en 1998 por *Teoría do lugar*; Emma Pedreira en 1999 por *Grimorio*; Carlos Penela en 2000 por *Acaso o inverno*; Xosé Lois Rúa en 2001 por *O tránsito da auga*; Eduardo Estévez en 2002 por *Caderno apócrifo da pequena defunta*; María Comesaña Besteiros en 2003 por *Zoonose*; Lupe Gómez en 2004 por *Azul estranxeira*; Mariña Pérez Rei en 2005 por *Fanerógama*; Rafa Villar en 2006 por *Escoración dos días*; Nieves Soutelo en 2007 por *Código poético*; Xabier Xil Xardón en 2008 por *Cando menos, a derrota*; Xosé Daniel Costas Currás en 2009 por *Conservas*; Luís Valle Regueiro en 2010 por *Palabras, palabras e palabras*; e Isaac Fernández Fernández en 2011 por *Con gume de folla húmida*. No ano 2012 conmemoráronse os vinte e cinco anos de historia do premio cunha exposición e coa publicación do libro *XXV Aniversario do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, 1988*-2012. Nesta XXV edición presentáronse trinta e oito obras e o xurado, composto por María Xesús Nogueira, Inma López Silva, Pura Prado e Bieito Iglesias, baixo a coordinación de Xabier Castro decidiu conceder o galardón a Serxio Iglesias (Bos Aires, 1966) por *Viaxe ao interior da fenda*.A gala de entrega tivo lugar o 15 de decembro en Dodro.

Referencias varias:

- Xoán Bernárdez Vilar, “Galicia como labor”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 178, “Crónicas”, “Rolda da Cultura”, maio-xuño 2012, pp. 92-101.

Dá conta dunha serie de novidades no seo da cultura galega, entre as que menciona a concesión do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón a Isaac Xubín por *Con gume de folla húmida* (2012).

- C. B., “Presentan el logo de los 25 años del Eusebio Lorenzo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Dodro”, 1 xullo 2012, p. 32.

Infórmase que o concello está traballando na publicación dun libro que se presentará a finais de ano e que recolle unha antoloxía de composicións de Eusebio Lorenzo Baleirón e poemas ilustrados dos premiados neste certame ao longo destes anos.

- U. L., “Dodro celebra o 25 aniversario do premio de poesía Lorenzo Baleirón”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 1 xullo 2012, p. L10.

Refírese ao vixésimo quinto aniversario do premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón e indícase que para darlle maior difusión o Concello encargou un logo conmemorativo.

- Mª Xesús Nogueira, "Eusebio Lornzo Baleirón", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 29/ El Progreso, "Opinión", p. 31, 15 decembro 2012.

Comenta que o gañador da última convocatoria do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, foi Serxio Iglesias e informa dos actos culturais que terán lugar durante a celebración da entrega do premio. Ademais, lembra brevemente a traxectoria poética de Lorenzo Baleirón.

- S. E., "Dodro vístese de gala hoxe para o acto de entrega do XXV galardón de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón", *El Correo Gallego,* "*Terras de Santiago*", n.º 409, 15 decembro 2012, p. 6.

Anuncia a entrega do XXV galardón de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón a Serxio Iglesias; dá conta das diferentes actividades culturais que terán lugar durante o acto, entre as que destaca a presentación do libro que conmemora os vinte e cinco anos de existencia do premio.

- Sol Elvira, "Serxio Iglesias recolle o Baleirón baixo o 'lamento' da fenda lírica", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 410, 16 decembro 2012, p. contracuberta.

Describe o acto de entrega do premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón ao gañador Serxio Iglesias ecomenta que tivo lugar a presentación do libro *XXV Aniversario do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón 1988-2012*.

- N. M., "Serxio Iglesias, un escritor sen présa, recibiu o Eusebio Lorenzo Baleirón", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 16 decembro 2012, p. L11.

Comenta que Serxio Iglesias foi o gañador do premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, co su poemario *Viaxe ao interior da fenda*. Destaca as palabras do autor ao recibir o premio: "a literatura nunca debe ir acompañada de presa", respecto ao tempo que decorre entre unha publicación e a seguinte.

Premio de Poesía **Feliciano Rolán**

Certame convocado pola Agrupación Cultural Guardesa e patrocinado polo Concello da Guarda, ao que poden presentarse poetas de calquera nacionalidade, con poemas orixinais e inéditos de temática e forma libre, escritos en galego ou castelán. Cada concursante pode enviar un máximo de dous poemas por quintuplicado ao Apartado de Correos 69, 36780, A Guarda-Pontevedra. Estabelécense tres premios dotados con 360, 120 e 60 euros respectivamente e unha placa conmemorativa, ademais da concesión dun accésit. Na XXVI edición de 2012, o xurado, composto por Ricardo Rodríguez Vicente, correspondente do *Faro de Vigo* e do xornal dixital *Infogauda*; Chuny Vázquez, poetisa e pintora; María Fernanda de Santiago Moure, Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa e Marisol Diz Amil, Licenciada en Xeografía e Historia e bibliotecaria na Biblioteca Pública Municipal da Guarda, acordou premiar os seguintes autores: co 1º premio, Javier Rodriguez González, de Ourense, polo poema "Esgrevia Lira"; co 2º, Rocío Leira Castro, de Cee (A Coruña), por "No ventre do silencio"; e co 3º, Carmeliña

García, de Vigo, por "Notas dunha ausencia". A entrega dos galardóns tivo lugar o 8 de agosto no Centro Cultural da Guarda

Festa do Aquelarre Poético

A Comisión promotora das Fogueiras de San Xoán da Coruña convoca este certame, no que pode participar calquera persoa non premiada en edicións anteriores con até tres composicións poéticas orixinais e inéditas, en castelán ou galego, sobre a noite de San Xoán e a súa aparición no folclore. Cada poema, cun mínimo de cen versos, debe presentarse mecanografado nun sobre baixo lema e nun sobre á parte a plica cos datos persoais do autor, ou a través do correo electrónico info@hoguerassanjuan.com. Concédense dous galardóns: un primeiro premio consistente nunha flor natural e 1.000 euros e un segundo premio, dunha flor natural e 500 euros en efectivo, que se entregaron no mes de maio a Blas Aranda Gómez por "Vuelan y vuelan los sueños" e a Juan Lorenzo Collado Gómez por "Meigas".

Premio de Poesía **Fiz Vergara Vilariño**

Este certame naceu no ano 2000 para homenaxear o poeta de Lóuzara, Fiz Vergara Vilariño, co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía. Está organizado pola Agrupación Cultural Ergueitos e o Concello de Sarria. Até 2007, este premio estaba dotado con 3.000 euros, que se aumentaron na edición 2008 até 6.000 euros, a publicación da obra en Espiral Maior e unha obra plástica inédita de Marta Prieto. Os traballos, orixinais, inéditos, en galego, cunha extensión mínima de catrocentos versos, deben dirixirse, por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, en sobre pechado e baixo pseudónimo ao Concello de Sarria (Rúa Maior, 14, 27600 Sarria). En anteriores edicións recibiron o galardón: Marica Campo en 2001 por *Pedinche luz prestada*; Xesús Pereiras en 2002 por *Cantos da seiva*; Estevo Creus en 2003 por *Decrúa*; Miguel Mato Fondo en 2004 por *O whiskey na barrica*; Emma Pedreira en 2005 por *Cantos de orfas*; Martín Veiga en 2006 por *Fundaxes*; Xosé Antonio Neira Cruz en 2007 por *É oco habitado*; Olalla Cociña en 2008 por *Libro de Alicia* e Baldo Ramos en 2009 por *Palabras para un baleiro*; Francisco X. Fernández Naval en 2010 por *Bater de sombras*; e Xerardo Quintiá en 2011 por *Fornelos&Fornelos*. Na XII edición, o prazo de presentación rematou o 31 de xaneiro de 2012 e a decisión do xurado deuse a coñecer o 14 de abril. Presentáronse máis de noventa obras e o xurado, formado por Antía Otero, Estevo Creus e Francisco Fernández Naval, poetas, e por Xermán Arias, concelleiro de Cultura de Sarria e María Casar, presidenta da Asociación Ergueitos, estas dúas últimas persoas con voz pero sen voto, acordou outorgar por unanimidade o galardón a Cristina Ferreiro (Lugo, 1983) pola súa obra *Abecedario póstumo*. O acto de entrega tivo lugar o 7 de xullo na Casa da Cultura de Sarria.

Referencias varias:

- L. P., "Presentados 87 trabajos al premio poético Fiz Vergara", *El Progreso*, "Sarria", 8 febreiro 2012, p. 14.

Fálase do Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Cítanse os anteriores galardoados e anúnciase que o fallo do xurado se dará a coñecer no mes de abril.

- L. P., "La lucense Cristina Ferreiro gana el Fiz Vergara con 'Abecedario póstumo", *El Progreso*, "Sarria", 15 abril 2012, p. 18.

Fálase da obra premiada no duodécimo Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño: *Abecedario póstumo*, de Cristina Ferreiro. Figura o xurado e algúns comentarios sobre a obra, ademais dun breve apuntamento biográfico da autora.

- L. P., "Sempre foi moi difícil publicar, non hai moito cambio pola crise", *El Progreso*, "Sarria", 29 abril 2012, p. 20.

Entrevista a Cristina Ferreiro, gañadora do Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño pola súa obra *Abecedario póstumo*.

- A. C. V., "Otero-Yglesias diseña una obra para el premio de poesía Fiz Vergara", *El Progreso*, "Sarria", 4 xullo 2012, p. 14.

Sinálase que Jesús Otero-Yglesias creou a peza "Zumbido e canto" para o premio Fiz Vergara Vilariño, que este ano se lle concedeu a Cristina Ferreiro polo seu poemario *Abecedario póstumo*.

- A. C. V., "Cristina Ferreiro liga su nombre a la 'gran familia' del premio Fiz Vergara", *El Progreso*, "Sarria", 8 xullo 2012, p. 17.

Coméntase a entrega do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño a Cristina Ferreiro polo seu poemario *Abecedario póstumo*, e que se realizou na casa da cultura de Sarria.

- A. C. V., "El premio Fiz Vergara resiste frente a la crisis y mantiene la dotación de 6000 euros", *El Progreso*, "Sarria", 3 outubro 2012, p. 22.

Anuncia a presntación da décimo terceira edición do Premio de Poesía Fiz Vergara e dá a coñecer as bases e o xurado. Lembra que na edición pasada o galardón recaeu en Cristina Ferreiro coa súa obra *Abecedario Póstumo*. Finalmente, comenta que o certame foi constituído para homenaxear ao falecido Fiz Vergara.

Premio de Poesía **Manuel Leiras Pulpeiro**

O Concello de Mondoñedo, co patrocinio da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de honrar a memoria do escritor mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro e, asemade, colaborar na promoción da escrita poética en lingua galega e na divulgación das súas autoras e autores, crea este certame en 2012. Poderá concorrer ó premio calquera persoa física que presente a súa obra en lingua galega, conforme ás normas ortográficas vixentes e sancionadas pola Real Academia Galega. Os poemas, orixinais e inéditos, de tema libre, tanto en soporte impreso como dixital, non poderán ter sido premiados noutros concursos en data anterior ao fallo do xurado e teñen que ter unha extensión máxima de 150 versos. Deben presentarse catro copias en tamaño DIN A4 impresas a dobre espazo. Os orixinais non poden ir asinados nin levar inscrición

ningunha que poida suxerir o nome do autor ou autora, sendo presentados cun lema e título. En sobre á parte e cerrado constará o lema e o título no exterior e, no interior, o nome e apelidos do autor ou autora, domicilio, teléfono e fotocopia do DNI polas dúas caras ou, de ser menor, fotocopia do libro de familia na folla correspondente á persoa que se presenta a concurso. O xurado está composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario e mais un representante do Concello con voz e sen voto que actuará como secretario. A decisión do xurado dáse a coñecer nos distintos medios de comunicación e é comunicada aos autores seleccionados mediante correo certificado. A entrega do premio ten lugar nun acto público organizado polo Concello de Mondoñedo no outono. Este concurso consta de tres premios: o primeiro, 1.500 euros, placa e diploma; o segundo, 600 euros, placa e diploma; e o terceiro premio: 300 euros, placa e diploma. No caso de que as obras presentadas non acaden o nivel esixíbel, poden declararse desertos. Os orixinais que obteñen premio pasan a integrar o fondo do patrimonio da Biblioteca Pública Municipal Pena Trapero de Mondoñedo, podendo ser editados por esta ou polo Concello de Mondoñedo. Neste sentido, o autor ou autora renuncia a favor do Concello de Mondoñedo, para a primeira edición da obra, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor. Nesta primeira edición de 2012, o prazo de recepción de orixinais rematou o 2 de xullo e o xurado emitíu o seu fallo no mes de setembro.

Premio de Poesía **Manuel Lueiro Rey**

O Concello de Fornelos de Montes e a asociación veciñal O Cruceiro da Laxe convocan a I edición deste premio, que pretende honrar a memoria do poeta, oriundo deste concello, e contribuír á promoción da poesía galega. Poden concorrer todas persoas que o desexen con poemas orixinais e inéditos escritos en lingua galega segundo a normativa vixente, de tema e forma libres e cunha extensión mínima de cincocentos versos e máxima de oitocentos. Débense enviar catro exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao enderezo: Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey. Concello de Fornelos de Montes. Praza da Igrexa, 1, 36847, Fornelos de Montes–Pontevedra. As persoas concursantes teñen que presentar un título e un lema, que tamén ten que figurar no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI, o teléfono e enderezo, así como un breve currículo literario no caso de que teña obra publicada. A dotación do premio, único e indivisíbel, é de 2500 euros. O xurado pode declarar deserto o premio ou designar un ou máis accésits sen dotación económica, que se recomendan á editora para a súa posíbel publicación. A obra galardoada publícase dentro da colección "Manuel Lueiro Rey", da Editorial Sotelo Blanco. O Concello de Fornelos de Montes resérvase o dereito de publicación, sen limitación de número de exemplares nin de edicións, da obra gañadora, reservándose tamén os dereitos de edición desta en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. O prazo de presentación de orixinais nesta edición rematou o 31 de decembro de 2012. Formaron parte do xurado Luis Cochón, Mercedes Queixas Zas e Armando Requeixo. Carmen Carreiro Monteiro actuou como secretaria con voz, pero sen voto.

Certame de Poesía Erótica **Illas Sisargas**

Convocado pola Asociación Caldeirón e o Concello de Malpica. Ademais da dotación económica de 500 euros, que na actualidade ascende a 1.000 euros, o premio inclúe a

edición da obra gañadora na colección "Caldeirón" e a entrega de 30 exemplares ao gañador. Poden optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade, excepto os que xa foran premiados en anteriores edicións, que presenten obras inéditas de temática erótica e non premiadas con anterioridade, escritas en galego. As obras, dunha extensión inferior a seiscentos versos, deben presentarse por triplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A4, por unha soa cara e grampados, baixo título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor. Os participantes teñen que enviar os seus traballos ao Concello de Malpica (Avenida Emilio González López, 15113, Malpica-A Coruña). En edicións anteriores obtiveron o galardón: o poemario *Arredor do teu corpo*, do vigués Antonio García Teixeiro; Alberte Momán con *Baile Átha Cliath*; Emma Pedreira con *Xoguetes póstumos*; Eduardo Estévez e Eli Ríos con *Rúa da cancela*; María Lado por *Amantes*; e en 2011, Elvira Riveiro Tobío, por *Carnia haikai*. Na VII edición de 2012, o prazo de admisión de orixinais pechouse o 24 de outubro e o xurado, composto por Elvira Riveiro Tobío, gañadora da VI edición do certame, Antón Lois Noceda Carballo, animador sociocultural do Concello de Malpica, e Paco Souto Barreiro, secretario da A. C. Caldeirón, deu a coñecer nos distintos medios de comunicación, no marco da *Cea das Letras*, a súa decisión de conceder o galardón ao poemario *Chamádeme Eva*, de Mercedes Leobalde García (A Coruña, 1967).

Premio de Poesía **Johán Carballeira**

Organizado polo Concello de Bueu dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johán Carballeira, dende inicios de 2000 simultanéase este premio co homónimo de xornalismo. Poden concorrer a este certame todos os autores que presenten textos inéditos, en lingua galega e cunha extensión superior aos catrocentos versos. O premio ten unha dotación única de 1.500 euros e a publicación da obra polo Concello de Bueu. Deben remitirse tres copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espazo e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, ao Concello de Bueu (Rúa Eduardo Vicenti, n.º 8, 36930, Bueu-Pontevedra) coa indicación "Premio de Poesía Johán Carballeira". O Concello de Bueu reserva durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado. En anteriores edicións foron premiados: Xosé Carlos Caneiro en 1996 por *A valga do triste amor* (1997); Yolanda Castaño en 1997 por *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998); Emma Pedreira en 1998 por *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999); Adolfo Caamaño en 1999 por *Poemario irlandés* (2000); Emma Pedreira en 2000 por *Velenarias* (2001); Xurxo Alonso en 2001 por *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002); Carlos Negro *ex aequo* en 2002 por *Héleris* (2003) e Alexandre Nerium por *Vogar de couse* (2003); Lupe Gómez en 2003 por *O útero dos cabalos* (2005); Diego Cousillas en 2005 por *Faltas de ortografía* (2008); Francisco Souto en 2006 por *As horas de María* (2006); Carlos Lema en 2007 por *O xeito de Freud* (2008); Mario Regueira en 2008 por *Blues da Crecente* (2009); Lucía Novas Garrido en 2010 por *Neve* (2010); e Calros Solla en 2011 por *MazinGZ* (2011). Na XV edición correspondente ao ano 2012, os orixinais debían entregarse antes do 31 de decembro de 2011 e o acto de entrega tivo lugar o 26 de maio de 2012 no salón de plenos do Concello de Bueu. O xurado, constituído por Carlos Solla, Alfonso Láuzara e Héitor Mera, e no que actuou como secretario o técnico Xabier Framil Barreiro, escolleu por unanimidade como gañador o libro presentado por Berta Dávila Fernández (Santiago de Compostela, 1987), co título provisional de *Raíz na fenda*.

Referencias varias:

- Cecilia Martínez, "Bueu convoca los premios de Posía y Xornalismo Johán Carballeira", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo, "Bueu, Cangas, Moaña", 25 novembro 2012, p. 17.

Dá a coñecer as bases dos Premios de Poesía e Xornalismo Johán Carballeira, na décimo sexta edición do primeiro e a décima edición do segundo.

Premio de Poesía **María Mariño**

Organizado pola Asociación Teenses pola Igualdade de Teo dende o ano 2007, está dirixido a todas as persoas maiores de idade que participan cun só poema. A súa convocatoria é bienal. Os poemas que se presenten teñen que ser orixinais, inéditos, de tema e forma libres, e escritos en lingua galega, cun máximo de cen versos. O galardón conta con dous premios, un de 500 euros e outro de 300 euros. Os poemas débense presentar baixo lema por quintuplicado, cun sobre cos datos persoais do autor, á Asociación Teenses Pola Igualdade (Escola de Vilanova, 1º andar, Recesende, 15895, Teo-A Coruña). En edicións anteriores resultaron galardoados: en 2007, "Elexía dos aléns", de Adolfo Caamaño Vázquez; e en 2009, "De novo a náusea", de Celia Parra Díaz. No ano 2011 entregouse o galardón da III edición. O xurado, formado por Lino Braxe, Xavier Crespán, Helena de Carlos, María Teresa Filloy Chao e María Xosé Rodríguez Galdo, decidiu conceder o galardón do primeiro premio á ceense María Lado e o segundo premio ao moañés Xosé Daniel Costa Currás. En 2012 anunciáronse as bases da IV edición.

Premio de Poesía **Miguel González Garcés**

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña, cunha convocatoria bienal dende o ano 2000, as bases recollen que os traballos, orixinais e inéditos, deben estar escritos en galego e a súa extensión non ser inferior aos trescentos versos. Requírese que a presentación sexa feita, preferentemente, en formato dixital, en *Word* ou *OpenOffice* por medio dun CD que inclúa na carátula a inscrición: Premio de poesía "Miguel González Garcés", título da obra e lema ou pseudónimo. No caso de optar pola presentación en papel, as obras teñen que entregarse por duplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A 4, e impresos polas dúas caras, ademais de estar numerados, grampados ou encadernados. Hay que presentar as obras baixo o sistema de plica, por quintuplicado, mecanografadas a dobre espazo. Envíanse á Deputación Provincial da Coruña (Rúa Alférez Provisional, 2, 15006, A Coruña). O premio está dotado de 6.500 euros e a publicación da obra por parte da Deputación, quen se reserva, durante un prazo de dezaoito meses, os dereitos de editala, e entrega ao gañador trinta exemplares. Os poemarios galardoados nas edicións anteriores foron: *Visitantes* (2002), de Xavier R. Baixeras en 1991; *Prometo a flor de loto* (1992), de Luz Pozo Garza en 1992; *Memoria de agosto* (1993), de Xulio L. Valcárcel en 1993; *Un áspero tempo de caliza* (1994), de Paulino Vázquez Vázquez en 1994; *Pel de ameixa* (1996), de Marta Dacosta Alonso en 1995; *Areados* (1997), de Estevo Creus Andrade en 1996; *Mínima moralidade* (1998),

de Ramiro Fonte en 1997; *Luz de facer memoria* (1999), de Manuel Álvarez Torneiro en 1998; *Vocabulario das orixes* (2000), de Xosé Mª Álvarez Cáccamo en 1999; *Campo segado* (2001), de Manuel Álvarez Torneiro en 2000; *Eloxio da desorde* (2002), de Román Raña Lama en 2002; *Capital do corpo* (2004), de Miguel Anxo Fernán Vello en 2004; *O pozo da ferida* (2006), de Medos Romero en 2006; *Cabalos do alén* (2009), de Xavier Lama López en 2008; e *Os indios deixaron os verdes prados* (2011), de Manuel Darriba en 2010. Na XVI convocatoria, correspondente ao ano 2012, o prazo de recepción de orixinais rematou o 16 de abril, presentáronse 47 álbumes de poemas e o xurado estivo formado por Xavier Rodríguez Baixeras, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé Miranda e Miguel Anxo Darriba, quen decidiron outorgar o galardón a Ramón Neto (Illa de Arousa, 1975), pola obra *As lavandas adáptanse a todo erro de navegación*. Ledicia Costas (Vigo, 1979) quedou finalista coa obra *Satén*.

Referencias varias:

- Noelia Díaz, "Intento que la morriña no condiciones mis pomas", *La Opinión*, "A Coruña", 19 xullo 2012, p. 12.

Entrevista a Ramón Neto, gañador do Premio Miguel González Garcés na que comenta como se sentiu ao recibir o galardón e sinala que o poemario está ambientado en Brujas.

Certame de Poesía **Mulleres do noso tempo**

A Delegación de Benestar e Igualdade, en colaboración co Centro de Información á Muller do Concello de Cee, convoca este certame co gallo da celebración do Día Internacional da Muller, para fomentar a igualdade entre homes e mulleres, a orixinalidade e a transversalidade na transmisión de valores de convivencia. Poden participar todas as persoas, maiores de idade, cun tema que reflicta a situación actual das mulleres e cun máximo de tres poemas inéditos escritos en galego, cun mínimo de vinte versos e un máximo de cen. Deben remitirse nun sobre á rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270, Cee. Estabelécense tres premios de 295 euros, 200 euros e100 euros. No ano 2012 o primeiro premio foi para "As mulleres de hoxe en día", de Silvia Castro García; o segundo, para "Erguereime", de Dario Miranda Pastoriza; e o terceiro, para "Se os seus ollos…" de Carme Ayala Lago.

Referencias varias:

- J. M. R., "Quinto concurso poético 'Mulleres do noso tempo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Cee", 14 febreiro 2012, p. 31.

Anúnciase o V Certame de Poesía Mulleres do noso tempo, o prazo de entrega das obras e a contía dos premios.

- J. M. R., "Silvia Castro gana el quinto concurso poético Mulleres do Noso Tempo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Cee", 23 marzo 2012, p. 30.

Anúncianse os gañadores do Certame de Poesía Mulleres do noso tempo: primeiro premio para Silvia Castro García con "As mulleres de hoxe en día", segundo para Darío Miranda Pastoriza con "Erguereime", e terceiro para Carmen Ayala Lago con "Se os seus ollos".

Premio **Nacional de Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Poesía **Novacaixagalicia**

Naceu, froito dun convenio entre a entidade bancaria Novacaixagalicia e o PEN Clube de Galicia, no ano 2002 co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego. No ano 2010, debido á fusión de Caixanova e Caixa Galicia, pasou a denominarse Novacaixagalicia. Poden concorrer todos os poetas que o desexen, presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente e non menor a seiscentos versos. O premio é indivisíbel e está dotado con 12.000 euros e a publicación da obra gañadora na colección "Arte de Trobar", editada polo PEN Clube de Galicia. Os traballos presentados teñen que ser inéditos, cunha extensión mínima de seiscentos versos e enviarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo lema e plica ao Departamento de Obras Sociais de Caixanova (Centro Social Caixanova, Avda. Policarpo Sanz, 24-26, 36201 Vigo). En anteriores edicións resultaron galardoados: en 2002 Xavier Seoane, por *Dársenas do ocaso*; en 2003 María do Cebreiro, por *Non queres que o poema te coñeza*; en 2004 Román Raña, por *As metamorfoses do túnel*; en 2005 Arcadio López-Casanova, por *Herdo do canto*; en 2006 Marilar Aleixandre, por *Mudanzas*; en 2007 Carlos Penela por *Sombras, rosas, sombras*; en 2008 Luís Valle por *A caída*; en 2009 Xabier Rodríguez Baixeras por *Deserto diamantino*; en 2010 Emma Pedreira Lombardía por *Antítese da ruina*; e en 2011 Xosé Daniel Costa Currás por *Monicreques*. O 5 de novembro de 2012 tivo lugar o acto de entrega do galardón da X edición dos premios a Xosé Daniel Costa Currás por *Monicreques*.

Referencias varias:

- Xoán Bernárdez Vilar, "Stat sua cuique dies; breve et irreparabile tempus", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 176, "Crónicas", "Rolda da cultura", xaneiro-febreiro 2012, pp. 92-100.

Menciónase, entre outros asuntos, a concesión do Premio de Poesía Novacaixagalicia a Xosé Daniel Costas por *Monicreques*.

- Mar Mato, "Soy un exhibicionista poético, quiero que me lean y escuchen", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 6 novembro 2012, p. 40.

Entrevista a Xosé Daniel Costas, gañador do Premio de Poesía Novacaixagalicia, na que comenta que ademais da poesía sente moito gusto polo teatro e fala da súa satisfacción ao ver a publicación do libro *Monicreques*.

- Ana Baena, “As musas non son as únicas que poden inspirar posía”, *Atlántico*, “Área Metropolitana”, “Morrazo”, “Entrevista”, 9 novembro 2012, p. 16.

Entrevista a Xosé Daniel Costas, gañador do Premio de Poesía Novacaixagalicia coa súa obra *Monicreques*. Afirma que o poemario segue unha estrutura similar ao teatro e que presenta influencias cinematográficas.

Premio de Poesía **O poeta azul. Xosé María Pérez Parallé**

Convocado pola Sociedade Artística Ferrolana (SAF) e patrocinado polo Real Coro Toxos e Froles, o premio consiste nunha placa e a publicación do poema gañador na revista *Poesía Galicia* da SAF. Pódese enviar un poema por autor, orixinal ou inédito, escrito en galego e con tema libre. O poema escrito a máquina ten que remitirse ao apartado de Correos 339, 15480, Ferrol, cos datos do autor antes do 31 de decembro. No ano 2012 o galardón foi para Juan Jesús Beiro Caamaño, con domilicio en Arrecife-Las Palmas, polo seu poema, titulado “Os nosos poetas mortos”.

Premio de Poesía **Victoriano Taibo**

Convocado por primeira vez no ano 2008 pola Entidade Local de Morgadáns de Gondomar e o Instituto de Estudios Miñoranos (IEM), diríxese a calquera persoa cun poemario inédito de tema libre, escrito en galego e cunha extensión mínima de trescentos versos. Os traballos deben enviarse por cuadruplicado á Aula de Cultura Ponte das Rosas (Avenida da Feira, n.º 10, baixo, apartado de correos 30, 36380, Gondomar). O premio consiste nunha dotación de 3.000 euros, unha escultura conmemorativa, realizada polo artista miñorán Fino Lorenzo, e a edición da obra nunha colección de poesía do IEM, “Victoriano Taibo”. Nas edicións anteriores resultaron galardoados: en 2008, Carlos Negro, con *Cultivos transxénicos*; en 2009, *ex aequo* para Mª Carmen Caramés, con *Cuarto Minguante*, e Elvira Riveiro e Silvia Penas con *Biografía da Multitude*; en 2010, Mª Goretti Fariña Caamaño con *Devastacións dispoñibles*; e en 2011 Carlos Solla con *Holocausto Zacoe*. O prazo de admisión da V edición, correspondente ao ano 2012, rematou o 31 de xullo e o xurado acordou outorgar o galardón a *Distancias e Simetrías*, do que é autora Mª Concepción Álvarez Lebredo (Vigo, 1970).

Xogos Florais María Pita

Premios organizados dende 1992 pola Orde de Cabaleiros de María Pita, co obxectivo de lembrar os Xogos Florais de Galicia, celebrados na Coruña no ano 1861. Cada convocatoria está dedicada a unha personalidade histórica coruñesa (dende María Pita a Concepción Arenal, pasando por Manuel Murguía ou Cornide). Poden presentarse, cun máximo de dous poemas de até cen versos en galego e castelán, todas as persoas que o desexen, excepto as gañadoras do ano anterior. As composicións deben estar impresas en A4 a dobre espazo e por unha soa cara e remitirse orixinal e copia, co seu lema, á Orde de Cabaleiros de María Pita (Rúa San Andrés, 121 – 8º 15003 A Coruña), xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Conta con dúas categorías: sénior (maiores de 18 anos) cun premio composto de Tizona de Ouro, Flor Natural e 1.000 euros; e xuvenil

(menores de 18 anos) cun premio de Tizona de Ouro, Flor Natural e 500 euros. Na XXI edición do ano 2012, a figura homenaxeada foi Baltasar Pardal Vidal e o xurado decidiu conceder o galardón na categoría sénior a Francisco Basilio Hermo Mosqueira, por "El Venerable señor de Atocha", e na categoría xuvenil a Sheila Buyo Collazo, por "Poema a Don Baltasar".

Certame de Poesía **Xosé María López "Ardeiro"**

Convocado polo Concello de Negreira en homenaxe ao poeta Xosé Manuel López "Ardeiro", poden concorrer todas as persoas que o desexen cunha única obra, escrita en lingua galega. Os traballos deben ser orixinais, inéditos, non ter sido premiados con anterioridade en calquera outro concurso ou certame, e ter unha extensión entre 350 e 700 versos, escritos con tipografía de imprenta (tipo Arial 12 ou similar), a dobre espazo, con absoluta liberdade en canto a estrofas, medida e rima. Preséntanse por triplicado, sen firma, constatando neles soamente o título e o lema. Nun sobre pechado deben figurar o lema xunto co nome, dous apelidos, fotocopia do DNI e teléfono, e no exterior o lema e o nome do certame ao que se presenta. Así mesmo, debe acompañarse dunha declaración xurada de cumprir o requisito de tratarse dun texto inédito e non premiado noutros concursos, certames ou premios, que debe ir introducida no sobre cos datos persoais. As obras entréganse na Delegación de Cultura e Deportes Casa de Cultura - 1ª Planta 15830 Negreira (A Coruña). O premio consiste na publicación do poemario gañador por parte da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral do Libro, e a entrega ao autor de 150 exemplares. O xurado está formado por tres membros de prestixio no campo da literatura, e como secretario, con voz pero sen voto, o representante do Concello que designe o alcalde. Na edición de 2012 o prazo de entrega de orixinais tivo lugar entre o 17 de maio e o 31 de outubro. A entrega de premios foi o 21 de decembro de 2012, no quinto aniversario do falecemento de Xosé M. López Ardeiro e resultou gañador Rafael Lema (Ponte do Porto, Camariñas, 1967), coa obra *Alturas do monte Pindo*.

Referencias varias:

- E. F., "Negreira lanza un premio de poesía en homenaxe a Ardeiro", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 4 marzo 2012, p. L11.

Preséntanse as bases do premio de poesía convocado polo Concello de Negreira en homenaxe ao poeta barcalés Xosé Manuel López Ardeiro.

- M. Manteiga, "Acaba el plazo del I Premio de Poesía Ardeiro este mes", *El Correo Gallego,* "*Terras de Santiago*", n.º 347, 14 outubro 2012, p. 5.

Anuncia o prazo de presentación dos orixinais, para as persoas interesadas en participar no certame de poesía en honor ao falecido Xosé Manuel López Ardeiro.

- O. D. B., "Más plazo para optar al premio de poesía Ardeiro", *El Correo Gallego,* "*Terras de Santiago*", n.º 377, 13 novembro 2012, p. 7.

Comenta que se ampliou o prazo de entrega de orixinais ao Certame de Poesía Ardeiro,

por presentarse poucos participantes e lembra as bases da convocatoria.

- J. M. Ramos, "Rafael Lema ganó el primer premio Ardeiro de poesía", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 419, 26 decembro 2012, p. 6.

Informa de que o gañador do I Certame de Poesía Xosé Manuel López Ardeiro foi Rafael Lema co poemario *Alturas do Monte Pindo* e comenta que o pemario versa sobre a ascensión ao "mítico Olimpo celta de Carnota".

Certame Nacional de Poesía **Xosé María Pérez Parallé**

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial-Unidade de Fene, coa colaboración do Concello de Fene, a Editorial Espiral Maior e a Deputación da Coruña, dende o ano 1987 para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, está dirixido a novas voces que non publicaran ningún libro individual. Neste certame galardóanse poemas (catro como máximo) inéditos, escritos en galego, cunha extensión mínima de trescentos versos. Os orixinais teñen que se enviar por triplicado e cun pseudónimo ou lema á sede do Círculo (Rúa Porto do Río, n.º 21, San Paio-Fene, A Coruña) e deben entregarse mecanografados por unha soa cara e baixo o sistema de plica. O galardón consiste na publicación da obra pola Editorial Espiral Maior cunha tiraxe de seiscentos exemplares, 500 euros e unha peza de cerámica deseñada por Francisco Pérez Porto, fillo de Xose María Pérez Parallé. Na XXV edición, correspondente ao ano 2012, o prazo de admisión rematou o 29 de setembro e o xurado concedeu o galardón a Marisol Gándara polo seu poemario *Testamento poético*. A entrega tivo lugar o 17 de novembro no Círculo Industrial e Mercantil de Fene.

Referencias varias:

- M. J. R., "Marisol Gándara gaña o XXV Premio Nacional de Poesía Pérez Parallé", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 10 novembro 2012, p. 14.

Comenta que a gañadora do XXV Premio Nacional de Poesía Pérez Parallé foi Marisol Gándara co seu poemario *Testamento poético*, que será editado por Espiral Maior.

X.3. TEATRO

Premio **Abrente para Textos Teatrais**

Coa intención de incentivar a creatividade no ámbito teatral e en lembranza dos "Concursos de textos teatrais" da Asociación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a través da Mostra Internacional de Teatro, convocan este premio dende o ano 2006. Poden optar a el todos os autores de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas e non premiadas, escritas en lingua galega segundo a normativa oficial. Estabelécese un premio único e indivisíbel, dotado con 3.000 euros, unha estatuíña de Manuel Rodríguez Alonso e a entrega de vinte e cinco exemplares, reservando o Concello, durante un prazo de doce meses, os dereitos de editala e de representala. As obras, de tema e extensión libres, preséntanse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, numerados, grampados ou encadernados baixo un título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor, dirixidas ao Concello de Ribadavia (Praza Maior, s/n, 32400, Ribadavia-Ourense). Na sétima edición do ano 2012, o xurado decidiu declarar deserto este premio.

Referencias varias:

- O. I. Santiago, "Esto no despejará sin tormenta", *El País,* "*Galicia*", 21 xullo 2012, p. 5.

Entrevista a Francisco Pillado, Premio Abrente da MIT 2012, na que fala da publicación do seu próximo libro. Explica que a obra ten como fondo o tema da banca e que interveñen diferentes dramaturgos como Ánxeles Cuña, Santiago Cortegoso, ou Gustavo Pernas.

- X. M. R., "O xurado declara deserto o Premio Abrente de textos teatrais", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 xullo 2012, p. 23.

Comenta que foi declarado deserto o Premio Abrente de Textos teatrais e explica que o xurado salientou a variedade dos textos presentados, destacando aqueles que se presentaron baixo o lema Bielmeier, MAD e Flanagam.

Premio **Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais**

Premio instituído no ano 1988 polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e actualmente organizado por AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, para promover o ámbito da literatura teatral galega contemporánea e incentivar a creatividade na dramaturxia. Convócase xunto co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil (ver o apartado X. 7. deste *Informe*) e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. As persoas interesadas deben remitir ou entregar nas oficinas de AGADIC (Rúa da Vesada s/n, San Lázaro, 15703, Santiago de Compostela) os seus textos inéditos, escritos en galego conforme a normativa vixente, non representados nin

premiados noutros concursos, de temática libre e sen límite de extensión, quedando excluídas as obras de teatro breve e os textos para teatro de monicreques. Tampouco se teñen en conta os orixinais de autores premiados nas dúas convocatorias inmediatamente anteriores. Os textos deben ser presentados por sextuplicado en DIN A-4, mecanografados a dobre espazo co título e lema do premio na portada, xunto cun sobre pechado cos datos persoais do autor. O premio está dotado de 6.000 euros e a obra premiada pode ser publicada nas colecciónes de AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e no coidado da lingua. Nas edicións anteriores foron galardoados: en 1988 *O arce do xardín* (1989), de Roberto Salgueiro; en 1989 *Azos de esguello* (1990), de Euloxio R. Ruibal; en 1990 *Os rebertes* (1993), de Agustín Magán; en 1991 *Saxo Tenor* (1993), de Roberto Vidal Bolaño; en 1992 *Copenhague* (1993), de Andrés A. Vila e Xosé Cid Cabido; en 1993 *O prazo* (1994), de Manoel Riveiro; en 1994 *Lugar* (1995), de Raúl Dans; en 2000 *Eliana en ardentía ou Bernardo destemplado* (2001), de Roberto Salgueiro; en 2001 *Agnus patris* (2002), de Afonso Becerra de Becerreá; en 2002 *Molière final* (2003), de Roberto Salgueiro; en 2003 *Hai que confiar na esperanza* (2004), de Siro López; en 2004 *Os homes só contan até tres* (2006), de Antón Lopo; en 2005 *Limpeza de sangue* (2006), de Rubén Ruibal; en 2006 *Ocaso Otero* (2007), de Manuel Guede; en 2007 *Historia da chuvia que cae todos os días* (2008), de Roberto Salgueiro; en 2008 *Sempre quixen bailar un tango* (2009), de Teresa González Costa; en 2009 *Flores de Dunsinane* (2010), de Manuel Lourenzo; en 2010 *Chegamos despois a unha terra gris* (2011), de Raúl Dans Mayor; e en 2011 *A cegueira*, de Marcos Abalde Covelo. Nesta XXI edición de 2012 o período de admisión rematou o 11 de xuño. O xurado, presidido por Manuel F. Vieites, deu a coñecer o 26 de novembro a concesión do galardón a Gustavo Pernas Cora (Viveiro, 1959) pola obra *Isobaras*, de entre as vinte e seis obras presentadas.

Referencias varias:

- Xoán Bernárdez Vilar, "Stat sua cuique dies; breve et irreparabile tempus", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 176, "Crónicas", "Rolda da cultura", xaneiro-febreiro 2012, pp. 92-100.

Menciónase, entre outros asuntos, a concesión do Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais a Marcos Abalde por *A cegueira*.

- Camilo Franco, " Gustavo Pernas gaña o Álvaro Cunqueiro pola obra «Isobaras»", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 novembro 2012, p. 3.

Dá a coñecer o gañador do Premio Álvaro Cunqueiro, Gustavo Pernas, coa obra *Isobaras* e entrevista ao autor.

- Marcos López, "Gustavo Pernas gaña o Cunqueiro e Raúl Dans O Barriga Verde", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 27 novembro 2012, p. 40.

Comunica que o gañador do Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais foi Gustavo Pernas coa obra *Isobaras* e explica que o premio supón a posibilidade de publicar a obra nas colecciónes de literatura dramática da Agadic.

- Mar Mato, “Gustavo Pernas gana el Álvaro Cunqueiro de teatro con su radiografía de la sociedad actual”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 38/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 47, 27 novembro 2012.

Comenta que Gustavo Pernas gañou o Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais coa obra *Isobaras*, que caracteriza como unha “radiografía” da sociedade actual. Explica tamén que o galardoado xa recibira outros premios, como o Premio Compostela, o María Casares, O Rafael Dieste e o Max.

Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques**

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o Manuel María de Literatura Dramática Infantil, este é o primeiro en España creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Divídese en dous apartados, dotados con 3.000 euros cada un: textos dirixidos ao público infantil, e textos escritos para o público adulto, que na convocatoria de 2009 ascendeu a 6.000 euros en cada modalidade. As obras poden ter tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. A obra premiada pode ser publicada nas colecciónns da AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, mecanografados a dobre espazo baixo lema e un sobre pechado cos datos persoais do autor a AGADIC (Rúa da Vesada, s/n, San Lázaro, 15703, Santiago de Compostela). Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e na calidade da lingua. En anteriores edicións resultaron galardoadas na modalidade infantil as seguintes pezas dramáticas: en 2003 *Cucho, Coco e o dilema do 6*, de Tino Antelo; *Cataventos e Cía. Ou a verdadeira historia de Amanda, a princesa, e Leonardo, o poeta*, de Celia Díaz Núñez; en 2006 *O afundimento do Titanic*, de Breogán Riveiro; en 2008 *O punto da escarola*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2009 *Bon appétit*, de Begoña García Ferreira. E na categoría de adultos: en 2003 *O Soñador. Pezas de títeres para adultos*, de Gabriel Castilla Raspa; en 2005 *Misterio en Guernica*, de Xosé Manuel Fernández Castro; e en 2009 *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño Sanmartín; en 2010 *Pedra sobre pedra*, de Xosé Antonio Neira Cruz; e en 2011 o premio quedou deserto. Na X edición de 2012 o período de admisión rematou o 11 de xuño, presentáronse catorce obras e o xurado, presidido por Manuel F. Vieites, acordou outorgar o galardón na modalidade de público infantil a Raúl Dans (A Coruña, 1964) por *Un mosquito de nome Henri* e declarar deserto o premio na modalidade de público adulto.

Referencias varias:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 10 maio 2012, p. 42.

Lémbrase que a Axencia Galega das Industrias Culturais convoca os premios Manuel María de Literatura Dramática Infantil e o Barriga Verde de textos para teatro de monicreques e que o prazo de entrega se pecha o once de xuño. Infórmase de que se poden consultar as bases na páxina en liña http://www.agadic.info/premios.

- ELOS, "X Premio Internacional", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 11 decembro 2012, p. 42.

Saliéntase a figura de Raúl Dans por ser merecedor do X "Premio Internacional de Teatro para Títeres Barriga Verde de Textos de Monicreques" pola súa peza "Un mosquito de nome Henri". Laméntase que o VII Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil quedara deserto.

Premio **Diario Cultural de Teatro Radiofónico**

Convócano a Radio Galega e o Centro Dramático Galego, co patrocinio da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), coa intención de fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e recuperar o xénero de teatro radiofónico mediante o incentivo á creación de guións radiofónicos dramáticos. Conta con dous galardóns, o Premio do Xurado, cunha dotación de 3.000 euros, e o Premio da Audiencia, de idéntica contía. As obras seleccionadas polo xurado emítense na Radio Galega e edítase un libro-CD cos textos finalistas. Poden participar todos os escritores e as escritoras que o desexen sempre e cando non manteñan unha relación laboral coa Compañía de Radio/Televisión de Galicia e calquera das Sociedades que comprende (Televisión de Galicia e Radio Galega). Os traballos presentados deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non poden ser adaptacións. Deben estar libres de todo compromiso anterior con emisoras de radio, televisións, editoriais ou entidades semellantes. Os traballos, co formato de guión radiofónico dramático, non poden exceder os dez minutos de duración en antena. As obras teñen que presentar un reparto de cinco personaxes como máximo. Os autores poden utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos consideren necesarios para que o texto sexa realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos, etc. O director das dramatizacións radiofónicas pode facer as adaptacións necesarias para a súa realización e emisión. Non se admiten máis de dous guións por autor e de cada obra preséntanse o orixinal e cinco copias. Os autores concursan polo sistema de plica e os traballos fanse chegar por correo ao seguinte enderezo: Radio Galega, Diario Cultural "Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico", San Marcos, 15820, Santiago de Compostela. Consérvanse durante un mes a partir da data na que se fai pública a resolución do xurado e logo destrúense os que non foran solicitados polos seus autores. Os argumentos das obras son de temática libre. O xurado estivo integrado por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito da escena galega e un representante do Diario Cultural da Radio Galega, que valoraron especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ao medio radiofónico. Os autores comprométense a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas, de seren estas seleccionadas, así como a súa edición en libro-CD. Para tal fin os autores premiados e finalistas entenden cedidos a favor da Radio Galega os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto. Os autores que o desexen poden enviar co texto as gravacións das dramatizacións en soporte CD, que non son tidas en conta na valoración dos textos

teatrais, pero si serán emitidas, de seren finalistas os textos, pola Radio Galega para a votación da audiencia, en lugar da dramatización realizada polo equipo artístico coordinado polo Centro Dramático Galego. En anteriores edicións os galardóns foron para *O Bambán*, de David Rodríguez en 2007; *O mal da vaca*, de Begoña García Ferreira en 2008; *Peter Buckley*, de Rubén Ruibal e César Candelas en 2009; *O vento da Illa*, de Begoña García Ferreira en 2010; e *Paraísos*, de Xosé Manuel Pacho Blanco en 2011. Na sexta edición do ano 2012, o prazo de recepción de orixinais rematou o 15 de xaneiro de 2012, recibíronse 51 traballos e o xurado, formado por Evaristo Calvo, actor e director de teatro; Xosé Manuel Pacho Blanco, escritor e gañador da V edición deste premio; Camilo Franco, xornalista e crítico de teatro; Roberto Taboada, director artístico do Festival Alt de Vigo; Gloria Ferreiro, xefa de programas da Radio Galega; e Ana Romaní e Anxo Quintela, directora e redactor do *Diario Cultural* da Radio Galega, reuniuse o 19 de abril de 2012 e acordou concederlle o premio do xurado á obra intitulada *Poema sinestésico para tres voces e un can*, de Eva F. Ferreira, mentres que o premio da audiencia recaeu nos autores Marián Bañobre e mais Santiago Cortegoso con *Intercom-Baby*. Quedaron como finalistas *Quendas*, de Zé Paredes e *Ironías*, de Carlos Losada Galiñáns. A entrega de premios tivo lugar o 15 de maio no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Referencias varias:

- M. B., "Recordo ir no coche de meu pai escoitando teatro radiofónico", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 24 febreiro 2012, contracuberta.

Coméntase que Evaristo Calvo dirixirá as dramatizacións das obras que resulten finalistas do sexto Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico.

- Vicente Plaza, "A gala do premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, mañá", *El Correo Gallego*, "Medios", 14 maio 2012, p. 53.

Fálase das obras premiadas no VI Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico: *Poema sinestésico para tres voces e un can*, de Eva F. Ferreira, que obtivo o premio do xurado, *e Intercom-baby*, de Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, que recibiu o galardón da audiencia.

Premio de teatro A **Guerra da Independencia en Valga**

Convócao o Concello de Valga dende o ano 2009 para obras inéditas en galego nas que o autor presenta un texto que será representado ao aire libre por actores e actrices afeccionados. O tema debe gardar relación coa Guerra da Independencia e centrarse no episodio da revolta popular dos veciños de Casal do Eirigo contra as tropas francesas. O escenario de representación é o recinto da Capela da Saúde. Os orixinais deben presentarse mecanografados, por quintuplicado, sen asinar, co título da obra e o pseudónimo do autor, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo, xunto a un sobre cos datos persoais e enviarse ao Concello de Valga (Avda. Coruña, 14, 36645 Valga-Pontevedra). Estabelécese un único premio de 600 euros que implica a obriga de colaborar coa dirección da obra para a súa posta en escena. Ademais da calidade das obras, valórase a viabilidade da súa posta en escena.

Na cuarta edición do ano 2012 o prazo para presentar orixinais remata o 19 de xaneiro de 2013.

Referencias varias:

- Chus Gómez, "Que se preparen os franceses", *Diario de Pontevedra,* "*Diario de Caldas*", n.º 336, 24 outubro 2012, p. X.

Dáse a coñecer a convocatoria do premio de teatro "Guerra da independencia en Valga, as súas bases, a data de entrega dos orixinais e a composición do xurado.

Premios **María Casares**

De carácter anual, foron creados en 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) para serviren de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega. O nome dos premios foi decidido por considerar que o prestixio desta actriz galega, ademais de merecer unha homenaxe, podería servir de promoción para o teatro galego. A organización corre a cargo da Asociación de Actores e Actrices, coa que colabora o Concello da Coruña (cidade na que se realiza a gala de entrega dos premios, por ser María Casares filla predilecta desta cidade). Optan a estes galardóns todas as producións feitas en lingua galega estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á concesión dos premios, así como todos os profesionais que participaron nas montaxes comprendidas nese período de tempo. Os premios concédense nos seguintes apartados: Maquillaxe, Vestiario, Iluminación, Música orixinal, Adaptación /Tradución, Texto orixinal, Escenografía, Actor secundario, Actriz secundaria, Actor protagonista, Actriz protagonista, Dirección, Espectáculo e Premio de Honra Marisa Soto, á traxectoria persoal ou labor de promoción do teatro. Consisten nunha xerra coa efixie da actriz María Casares e decídense nun proceso que se desenvolve durante o primeiro trimestre do ano. Nesta XVI edición de 2012 a resolución dos premios coñeceuse o día 3 de abril, nunha gala celebrada no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Os galardóns foron para *Citizen total*, do grupo Chévere, que obtivo os galardóns de Mellor espectáculo, Mellor dirección para Xesús Ron, Mellor Actriz Protagonista para Patricia de Lorenzo, Mellor Actriz Secundaria para Mónica García e o de Mellor Música Orixinal para Xacobe Martínez Antelo; *Oeste solitario*, de Producciónns Teatrais Excéntricas, levou o premio ao Mellor Actor Protagonista, que foi para Evaristo Calvo, Mellor Adaptación-Tradución e Mellor Iluminación; *Tango*, de Sarabela Teatro, conseguiu o galardón a Mellor Actor Secundario para Vicente de Souza; *Piratas*, de Teatro do Noroeste, gañou o premio á Mellor Escenografía para Marcelino de Santiago; *Pelos na lingua*, de Talía Teatro levou o premio ao Mellor Texto Orixinal, creado por Avelino González, Artur Trillo, María Ordóñez e Sechu Sende; e *A Ópera dos Tres Reás*, do Centro Dramático Galego recibiu os galardóns á Mellor Maquillaxe para Trini Fernández Silva e ao Mellor Vestiario para Carlos Alonso. O Premio de Honra Marisa Soto 2012 foi para os representantes da Sala Nasa, por "ser unha sala alternativa independente de referencia en Galicia e no Estado español".

Referencias varias:

- E. P., “O xoves haberá finalistas para os María Casares”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Teatro”, 28 febreiro 2012, p. 41.

Anúnciase a data en que se darán a coñecer os finalistas das distintas categorías dos Premios María Casares.

- Camilo Franco, “’Citizen’ e o CDG son os favoritos nos premios María Casares de teatro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 marzo 2012, p. 47.

Cítanse as obras que acumulan máis nominacións para os Premios María Casares, así como os nominados a mellor actriz e a mellor actor.

- Mario Álvarez, “Citizen’ e ‘A ópera dos tres reás’, as favoritas aos María Casares”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 marzo 2012, p. 48.

Refírense, por número de nominacións, as obras finalistas nos XVI Premios María Casares: *A ópera dos tres reás*, do Centro Dramático Galego; *Citizen Total*, de Chévere; *Oeste solitario*, de Producións Teatrais Excéntricas; *E.R. Algún día traballaremos xuntas*, de Teatro Altántico; *O florido pensil*, de Eme2; *Tango*, de Sarabela Teatro; *Piratas*, de Teatro do Noroeste; *Pelos na lingua*, de Talía teatro; *American café*, de Teatro do Morcego; *Soños*, de Bichakadela, e *0,7% Molotov*, de Teatro de Ningures.

- M. G. M., “A ópera dos tres reás’ e ‘Citizen Total’ optan a oito María Casares”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 2 marzo 2012, p. 14.

Noméanse as obras finalistas para os Premios María Casares: *A ópera dos tres reás*, do Centro Dramático Galego; *Citizen Total*, de Chévere Teatro; *Oeste solitario*, de Producións Teatrais Excéntricas; *E. R. Algún día traballaremos xuntas*, de Teatro Altántico; *O florido Pensil*, de Eme2; *Tango*, de Sarabela Teatro; *Piratas*, de Teatro do Noroeste; *Pelos na lingua*, de Talía teatro; *American café*, de Teatro do Morcego; *Soños*, de Bichakadela, e *0,7% Molotov*, de Teatro de Ningures.

- Matilde, “Una de reconocimiento”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Escaparate”, 9 marzo 2012, p. 15.

Anúnciase que entre os nominados a mellor actor dos Premios María Casares está Antonio Durán “Morris” pola súa interpretación en *O florido Pensil*.

- ECG., “A Sala Nasa, premio de honra Marisa Soto da Asociación de Actores e Actrices”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 marzo 2012, p. 43.

Anúnciase que a Sala Nasa vai recibir o premio de honra Marisa Soto pola súa contribución á profesionalización do teatro. Explícanse os motivos do premio e as impresións dos receptores.

- M. G. M., “A gala dos María Casares levará o enxeño por escenarios ruinosos no teatro Rosalía”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 24 marzo 2012, p. 14.

Coméntase como vai ser a gala dos Premios María Casares, quen vai participar, quen a vai dirixir e cando se vai retransmitir. Aparecen referencias aos nominados.

- Noelia Díaz, "Un teatro en ruínas ambientará os XVI Premios María Casares", *La Opinión*, "Cultura", 24 marzo 2012, p. 54.

Fálase da estética e do enfoque co que se vai celebrar a gala dos Premios María Casares. Cítanse os organizadores e colaboradores da cerimonia.

- N. Díaz, "Ferrín reivindicará nos María Casares a importancia do teatro para o galego", *La Opinión*, "Cultura", 31 marzo 2012, p. 63.

Fálase das manifestacións e actividades reivindicativas que se celebraron no Día internacional do teatro e que van ter eco na cerimonia de entrega dos Premios María Casares, como a lectura do Manifesto Galego por parte de Xosé Luís Méndez Ferrín.

- C. Franco, "Citizen Total' e 'A ópera dos tres reás', favoritas aos galardóns de teatro María Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 abril 2012, p. 39.

Cítanse os nominados aos Premios María Casares. Fálase do clima reivindicativo que vai acompañar a entrega dos premios.

- María L. Viñas, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 3 abril 2012, p. 62.

Entre outras actividades, dáse conta da celebración no Teatro Rosalía da Coruña da cerimonia de entrega dos Premios María Casares.

- Ángela Fernández, "Citizen Total' triunfa, con cinco galardóns, nos María Casares máis reivindicativos", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", p. 63/ "O teatro galego declárase en ruínas nos María Casares", *La Opinión*, "A Coruña", pp. 10-11, 4 abril 2012.

Cítanse os vencedores nos Premios María Casares: *Citizen Total*, do Grupo Chévere, con cinco galardóns; *Oeste solitario*, de Producións Teatrais Excéntricas, tres premios; *Ópera dos tres reás*, do Centro Dramático Galego, dous premios. Fálase tamén da compañía Obras Públicas, que levou a cabo a gala e reivindícase a necesidade de apoio estatal ao teatro.

- Camilo Franco, "Seis María Casares fan de 'Citizen Total' a mellor obra da temporada", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 abril 2012, p. 35.

Fálase do premio de honra que recibiu a Sala Nasa durante a entrega dos premios de teatro María Casares. Preséntanse os vencedores dos premios e aparecen algúns comentarios dos participantes, como de Xosé Luíz Méndez Ferrín (presidente da Real Academia Galega), Xesús Ron (representante da Sala Nasa) e Evaristo Calvo (membro da Asociación de Actores), entre outros.

- Marta García Márquez, "Os María Casares distinguen ao Grupo Chévere con cinco premios e un de honra", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 4 abril 2012, p. 17.

Faise referencia ás reivindicacións do mundo do teatro na gala de entrega dos Premios María Casares e destácase a peza *Citizen Total*, de Chévere, como a gran triunfadora desta edición.

- Paola Obelleiro, "El teatro entrega sus premios y clama contra su estado 'ruinoso", *El País*, "*Galicia*", 4 abril 2012, p. 6.

Fálase da necesidade de que os poderes públicos protexan e promovan o teatro. Cítase o premio de honra Marisa Soto á Sala Nasa e o éxito da obra *Citizen Total*, do Grupo Chévere, compañía residente da desaparecida Sala Nasa.

- Ruth López, "Citizen total', de Chévere, eríxese en gañador dos María Casares de teatro", *El Progreso*, , "Vivir", "Cultura" 4 abril 2012, p. 53.

Noméanse os gañadores dos Premios María Casares: *Citizen total* recibiu o premio de mellor música orixinal, mellor actriz principal e secundaria, mellor dirección e mellor espectáculo; *Oeste solitario*, mellor iluminación, mellor actor protagonista e adaptación e tradución de texto teatral; *Ópera dos tres reás*, premio de mellor maquillaxe e vestiario; *Piratas*, premio de escenografía; *Tango*, mellor actor secundario; *Pelos na lingua*, mellor texto orixinal en galego; premio de honra Marisa Soto para a Sala Nasa.

- Camilo Franco, "Mellor a sátira que a leria", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Fin de semana. Teatro", "Análise. Os Premios María Casares", 5 abril 2012, p. 33.

Fálase dalgunhas das obras galardoadas nos Premios María Casares: *Citizen Total*, *Oeste solitario* e *A ópera dos tres reás*. Menciónanse tamén as reivindicacións que acompañaron o acto.

- Óscar Iglesias, "El teatro avisa: 'No valemos para otra cosa que para estar aquí", *El País*, "*Galicia*", 5 abril 2012, p. 6.

Noméase *Citizen Total* como unha das obras máis premiadas dos Premios María Casares. Recóllense tamén as críticas e reivindicacións que se dirixen ás autoridades do ámbito cultural por parte dos traballadores do ámbito teatral.

Premio de Interpretación Teatral **Maruxa Villanueva**

O Concello de Padrón convoca dende o ano 2001 este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. Poden concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Conta cunha contía de 1.200 euros, diploma acreditativo e estatuíña de bronce do busto de Maruxa Villanueva. No ano 2012 o xurado do certame decidiu outorgar o galardón referente ao ano 2011 a Patricia de Lorenzo, tanto pola súa traxectoria como pola súa interpretación no espectáculo *Citizen*.

Referencias varias:

- M. Manteiga, "Patricia de Lorenzo gana el premio padronés de teatro Maruxa Villanueva", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 1 marzo 2012, p. 32.

Coméntase que Patricia de Lorenzo, actriz do grupo Chévere, recibiu o premio de interpretación teatral María Villanueva 2011.

- Sol Elvira, "Patricia Lorenzo recolle hoxe o premio Maruxa Villanueva", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 367, 3 novembro 2012, p. 10.

Explica que Patricia Lorenzo recollerá o Premio Maruxa Villanueva co que se lle recoñece a súa interpretación no espectáculo *Citizen* da Compañía Chévere e a súa traxectoria interpretativa. Finalmente, explica a constitución do xurado e a organización do premio.

- Sol Elvira, " Padrón rinde homenaxe ao mundo teatral galego", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 368, 4 novembro 2012, p. 6.

Comenta a entrega do Premio Maruxa Villanueva a Patricia Lorenzo. Salienta a posta en escena da galardoada na obra *Citizen* e explica que o xurado destacou o seu "activismo teatral". Por outra banda, comenta que Patricia Lorenzo convidou aos asistentes a presenciar a súa interpretación en *Citizen* inmediatamente despois do acto de entrega.

Premios **MAX de las Artes Escénicas**

En 1998 naceron os premios Max das Artes Escénicas, organizados pola Fundación Autor da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), co propósito de estimular e premiar o talento de artistas e profesionais das artes escénicas. A este premio concorren todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concédense en vinte e tres apartados distintos, como autoría, tradución, adaptación, composición, escenografía, iluminación etc., elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral, nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escrita en castelán, pero máis tarde tivéronse tamén en conta as outras linguas do estado. Nesta XV edición de 2012, contaron co patrocinio do Concello de Madrid. Na categoría de Mellor Autor Teatral en Galego resultaron finalistas Avelino González, Artur Trillo e María Ordóñez, por *Pelos na lingua*, de Talía Teatro; Roberto Salgueiro, por *Memoria de Helena e María*, de Teatro do Atlántico; así como Santiago Cortegoso, por *0,7% Molotov*, de Ningures Producciones. O galardón foi para Avelino González, Artur Trillo e María Ordóñez, por *Pelos na lingua*, de Talía Teatro. O premio Max de Honor 2012 foi para a actriz Julia Gutiérrez Caba. O acto de entrega celebrouse o 30 de abril no Teatro Circo Price de Madrid.

Referencias varias:

- Mar Mato, "Cortegoso, Trillo y Salgueiro optan al Max a mejor autor teatral en gallego", *Faro de Vigo*, "Esquelas/Cierre", 16 febrero 2012, p. 59.

Coméntase que optan ao premio MAX a mellor autor teatral en galego as obras *0,7% Molotov*, *Pelos na lingua* e *Memoria de Helena e María*. Figuran os argumentos das obras e algúns comentarios dos autores sobre a importancia do galardón.

- Mario Álvarez, "Cinco directores compiten con tres obras por el Premio Max en gallego", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 16 febreiro 2012, p. 39.

Cítanse as obras nominadas nas diferentes categorías dos Premios MAX de las Artes Escénicas. Cítanse os actores nominados.

- Fran P. Lorenzo, "Oeste Solitario' optará a un Premio Max ao mellor Espectáculo Revelación", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 22 febreiro 2012, p. 42.

Fálase da obra *Oeste solitario*, nominada ao premio MAX ao espectáculo revelación. Indícase o autor, o argumento e o equipo artístico da obra.

- Amaia Mauleón, "Para salir adelante hay que plantear obras de calidad pero de montaje sencillo", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", p. 55/ "Hay que hacer obras de calidad pero de montaje sencillo", *La Opinión*, "Cultura", p. 38, 2 maio 2012.

Reprodúcese unha entrevista a Avelino González, galardoado do Premio MAX ao mellor autor teatral en galego por *Pelos na lingua*. Indícase a intención da obra e o formato en que se deseñou.

- Xoán Bernárdez Vilar, "Galicia como labor", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 178, "Crónicas", "Rolda da Cultura", maio-xuño 2012, pp. 92-101.

Dá conta dunha serie de novidades no seo da cultura galega, entre as que destaca que Talía Teatro acadou un dos Premios MAX de las Artes Escénicas por *Pelos na lingua* e indica que Teatro do Atlántico e Teatro de Ningures foron finalistas.

Premio **Nacional de Teatro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Teatro **Rafael Dieste**

Este premio, creado no ano 1988 pola Deputación Provincial da Coruña para incentivar a creatividade no ámbito do teatro, por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social, e en lembranza do autor rianxeiro que lle dá nome, ten dende 1999 unha periodicidade bienal. Dende o ano 2001, poden optar todos os autores de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega. Concédese un premio único e indivisíbel dotado con 6.500 euros. A Deputación publica a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezaoito meses os dereitos de editala e de representala, e entrega ao gañador trinta exemplares. Ademais, poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e a

representación da obra premiada. Os traballos, de tema e extensión libres, deben presentarse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados, baixo un título e un lema, constando na plica o título e o lema no seu exterior e no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Os participantes teñen a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dá lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actúa en pleno, en sesión a ser posíbel única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. As deliberacións son secretas. Sendo un dos obxectivos deste concurso a posta en escena da obra premiada, estímanse positivamente os factores que inciden na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas etc. O xurado non pode declarar deserto o galardón e a súa proposta é obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, órgano competente para resolver o premio. Os textos envíanse á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional, s/n, 15006 A Coruña, indicando no sobre "Premio de Teatro Rafael Dieste". En anteriores edicións resultaron premiadas as seguintes obras dramáticas: *Ei, Feldmühle*, de Xesús Pisón en 1991; *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño en 1992; *Matalobos*, de Raúl Dans en 1993; *Velenos*, de Xesús Pisón en 1994; *O serodio remordemento do amor*, de Xavier Lama en 1995; *Magnetismo*, de Manuel Lourenzo en 1996; *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño en 1997; *Ninguén chorou por nós*, de Miguel Sande en 1998; *Últimas faíscas de setembro*, de Manuel Lorenzo Pérez en 1999; *Footing*, de Gustavo Pernas Cora en 2001; *A ciencia dos anxos*, de Inma Antonio en 2003; *Final de película*, de Gustavo Pernas en 2005; *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure en 2007; e *0,7% Molotov*, de Santiago Cortegoso en 2009; e *A función do tequila*, de Manuel Guede Oliva en 2011. No ano 2012 non lle correspondeu convocatoria.

Referencias varias:

- Alberto Martínez, "Noche de gala de la cultura en el Pazo de Mariñán", *El Correo Gallego*, "Tendencias/Breves", 27 xaneiro 2012, p. 44.

Noméanse os premios ofrecidos na Gala da Cultura da Deputación da Coruña, entre os que se atopan o Certame de narrativa Gonzalo Torrente Ballester e o Premio de Teatro Rafael Dieste.

- Irene Jiménez, "Mariñán se viste de fiesta para celebrar la gran Gala de la Cultura", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 febreiro 2012, p. 41.

Fálase da entrega no Pazo de Mariñán dos premios culturais da Deputación da Coruña, entre os que se atopa o Premio de Teatro Rafael Dieste do que foi merecedor Manuel Guede pola obra *A función do tequila*.

- Luis P. Ferreiro, "La Diputación premia la cultura", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 14 febreiro 2012, p. 11.

Infórmase da entrega no pazo de Mariñán dos premios culturais que convoca a Deputación da Coruña, entre os que se atopa o Premio de Teatro Rafael Dieste.

Coméntase que foi merecedor do galardón Manuel Guede, pola obra *A función do tequila*.

- R. L., " La creatividad se pone pajarita", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 14 febreiro 2012, p. 5.

Faise referencia á gala de entrega dos premios culturais que convoca a Deputación da Coruña, entre os que se menciona a concesión do Premio Rafael Dieste a Manuel Guede pola obra *A función do tequila*.

Premio de Teatro **Romaría Vikinga**

Organízano o Concello de Catoira e a Universidade de Santiago de Compostela como medio de sensibilización das culturas vikinga e galega e co desexo de contribuír á creación teatral. As obras presentadas deben ser inéditas, escritas en galego e cun tema relacionado coas incursións vikingas e a defensa contra elas, lendas, costumes, personaxes e símbolos, valores e sensibilidades propios do tema en Galicia. O autor debe ter en conta que se trata dunha representación popular na que participan actores e actrices afeccionados en gran número, nacidos ou residentes en Catoira. A dirección da obra corre a cargo do autor. A presentación ao concurso esixe a presentación de dous sobres (A e B) adxuntos e pechados que conteñen: o sobre A, orixinais, mecanografados e por quintuplicado sen asinar, co título da obra e o pseudónimo da persoa que presenta o texto e que permite a súa posterior identificación, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo; o sobre B, o nome, teléfono e enderezo, xunto coa fotocopia do DNI, indicando por fóra o título da obra e o pseudónimo. Os residentes do concello deben escribir "Catoira" no exterior deste. Os dous sobres deben ir pechados para enviar ao enderezo: Concello de Catoira (Rúa do Concello, 6, 36612, Catoira, Pontevedra). Estabelécese un único premio de 4.808 euros, que na convocatoria do ano 2009 ascendeu a 5.000 euros, coa obriga de dirixir ensaios, ambientación, escenografía, atrezzo e os seis días de escenificación nas Torres de Oeste. Se o autor/a propón a outra persoa para a dirección será baixo a súa responsabilidade artística e económica. Ademais da calidade das obras valórase a visibilidade da súa posta en escena, así como a innovación no libreto e que os autores non representasen as obras en anos anteriores. A organización e composición do xurado corresponde á Universidade de Santiago de Compostela e ao Concello de Catoira e formaron parte del dous representantes do Concello de Catoira, tres persoeiros do mundo do teatro, un representante da USC e un da Consellería de Cultura e Turismo. O xurado pode declarar deserto o premio se non reúne as condicións artísticas e de calidade. O autor da obra premiada cede en exclusiva ao Concello os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación da obra, en todo o territorio da Unión Europea, para a súa explotación e execución teatral, edición e produción. Dado que a convocatoria é bienal, unha das obras é elixida para a representación do ano seguinte ao da convocatoria. Teñen preferencia as persoas residentes en Catoira. No ano 2012 escolleuse a obra *A saga de Iacobsland*, de Marcos Abalde Covelo, para ser representada no ano 2013 e declarouse deserto o premio para a representación do ano 2014.

Referencias varias:

- B., Yáñez, “Concello y USC convocan el Premio Bienal de Teatro Romería Vikinga”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, “Catoira”, 14 maio 2012, p. 7.

Anúnciase o Premio de Teatro Romería Vikinga. Indícanse as bases do concurso (tema, contía e prazo) e as datas da representación.

Premio Mome de Teatro **Varela Buxán**

Creado en 2011 polo Museo do Moble e da Madeira da Estrada (MOME) cos obxectivos de pór en valor o MOME como centro neurálxico para o coñecemento e promoción da madeira e como referente na vida cultural galega, perseverar no cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e principal patrimonio cultural e contribuír á difusión do teatro galego e colaborar na divulgación da vida e obra do dramaturgo estradense Daniel Varela Buxán. Poden concorrer todas as persoas, de calquera nacionalidade, con textos inéditos en lingua galega que teñan como eixe temático o mundo da árbore, a madeira e/ou do móbel. Os orixinais deben presentarse baixo lema por triplicado, xunto cunha copia do texto en CD en formato PDF e un sobre cos datos persoais na Fundación Cultural da Estrada (Avda. Benito Vigo, 104, 36680, A Estrada), indicando no sobre Premio MOME de Teatro “Varela Buxán”. A dotación económica é de 1.000 euros para un único premio, diploma acreditativo e unha escultura en madeira deseñada polo artista estradense Manuel Fragoso. Na segunda edición de 2012 o xurado concedeu o galardón a Xosé Lois García, pola obra *A cerna*.

Referencias varias:

- C. B., “O chantadino Xosé Lois García gaña o Varela Buxán de teatro do Mome”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 9 xuño 2012, p. 40.

Anúnciase o gañador do segundo Premio Mome de teatro Varela Buxán: Xosé Lois García, coa obra *A cerna*.

- J. Rodríguez, “Xosé Lois García recibe o premio MOME Varela Buxán”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 25 xuño 2012, p. 19.

Refírese á entrega do II Premio MOME de Teatro Varela Buxán que recaeu no escritor Xosé Lois García pola súa obra *A cerna*. Recóllense as palabras de Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, quen presidiu o acto de entrega.

X.4. INVESTIGACIÓN

Premio Literario **Ánxel Fole**

Premio convocado pola Fundación Novacaixagalicia e o xornal *El Progreso* dende 1986 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade lucense da cultura galega. Os orixinais teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, á sede da Fundación Caixa Galicia en Lugo (Praza Maior, 16, 27001, Lugo) ou ao xornal *El Progreso* (Rúa Ribadeo, 5, 27002, Lugo). O premio está dotado con 6.000 euros, ademais da publicación da obra. A primeira edición deste premio estivo dedicada ao propio Ánxel Fole, e a gañadora foi Tareixa Castro Rodríguez, con *O trasmundo de Ánxel Fole.* As seguintes edicións centráronse na vida e na obra de intelectuais como Celestino Fernández de la Vega, Álvaro Cunqueiro, Ramón Piñeiro, Ricardo Carballo Calero, Antonio Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Díaz Castro, José Antonio Trapero Pardo, Correa Calderón, Uxío Novoneyra, Manuel María, Juan Rof Carballo ou Purificación de Cora y Más-Villafuerte. Gañaron o premio estudosos e estudosas como Aurora Marco, que traballou sobre Ricardo Carballo Calero; Xosé Ramón Freixeiro Mato, que analizou as emocións de Antonio Noriega Varela; Román Raña, que falou do período formativo de Aquilino Iglesia Alvariño; ou Lois Celeiro, que traballou a poética de Fiz Vergara Vilariño. Tras vinte e cinco edicións de traxectoria do premio, Novacaixagalicia e *El Progreso* decidiron darlle unha nova dimensión ao galardón, ademais de revisar os seus obxectivos, polo que acordaron o adiamento temporal dunha próxima convocatoria.

Referencias varias:

- Xulio Valcárcel, "Xosé Díaz Jácome", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 725, p. 20/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 708, p. 28/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 708, p. 28, "Páxina literaria", 22 xaneiro 2012.

Preséntase a obra que recibiu o premio Ánxel Fole 2010: un estudo sobre o poeta e xornalista mindoniense Xosé Díaz Jácome, do profesor Armando Requeixo. Figuran algúns comentarios sobre a traxectoria profesional de Díaz Jácome e cítanse algunhas obras deste.

- R. L., "Isabel Gómez Rivas gaña o XXV Ánxel Fole por un traballo sobr Almoína", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", p. 76/ *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", p. 49, 13 novembro 2012.

Sinala que o XXV Premio Ánxel Fole de Ensaio destinouse á conmemoración de Xosé Almoina Mateos, ao cumprirse cincuenta anos do seu pasamento. Informa de que a gañadora desa convocatoria foi a lucense Isabel Gómez Rivas polo seu traballo *Almoina*.

Premio de Investigación **Concello de Pontedeume**

Dirixido a traballos inéditos escritos en galego que traten sobre aspectos etnográficos de Pontedeume ou da súa comarca. conta cun único galardón dotado con 1.100 euros, ademais da súa publicación na revista de investigación local *Cátedra. Revista eumesa de estudios*. A extensión dos traballos debe ser dun mínimo de 50 folios e dun máximo de 100, incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros elementos que o ilustren. Hai que entregar catro copias, mecanografadas a dobre espazo, no Rexistro Xeral da Secretaría da Casa do Concello de Pontedeume (Rúa Real, 17-15600 Pontedeume, A Coruña) baixo lema e acompañadas dun sobre cos datos persoais do autor. Na XV edición de 2012 o prazo de presentación rematou o 22 de xuño. O xurado, formado por Xosé Manuel González Reboredo, doutor en Filosofía e Letras pola rama de Historia e coordinador do Instituto de Estudos das Identidades non Museo do Pobo Galego; o historiador José Alfeirán Rodríguez; e o filólogo e tradutor José María Fonte Sardiña, baixo a presidencia da concelleira de cultura eumesa, Ascensión de Vicente Olarte, e actuando como secretario o bibliotecario municipal, Alexandre Caínzos, concedeu por unanimidade o 28 de setembro o galardón a Manuel Bouza Faraldo polo traballo *Pontedeume, onde o mar era vida. Primeira metade do século XX*.

Referencias varias:

- M. J. R., "Un traballo sobr o peirao eumés gaña o XV Premio de Investigación", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 29 setembro 2012, p. 13.

Comenta que Manuel Bouza Faraldo foi o gañador do XV Premio de Investigación Etnográfica "Concello de Pontedeume", cun texto no que recupera a historia da fábrica Pysbe de Pontedeume onde traballou o pai do gañador.

Premio **Condado de Pallares**

A asociación Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares convoca dende o ano 2007 este certame, que está patrocinado pola Deputación Provincial de Lugo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a fundación Caixa Galicia e os concellos de Guntín e Taboada. Recibe traballos, cunha extensión mínima de cen páxinas, escritos en galego sobre lingüística, historia, arte, arqueoloxía, etnografía e folclore do antigo Condado de Pallares. O galardón consite en 3.000 euros, ademais da publicación polo Departamento de Cultura da Deputación Provincial de Lugo. En edicións anteriores foron galardoados Almudena Figueiras; Juan Manuel Sobrado Vázquez; Xosé Luís Vázquez Somoza e José Luis Díaz Castroverde Lodeiro. Na súa sexta edición de 2012 o prazo de entrega de orixinais rematou o 3 de novembro e o xurado premiou *A presenza do mestre Mateo no sur da provincia de Lugo. O taller de Portomarín nos concellos de Taboada, Chantada e Carballedo*, de Begoña González Aguiar.

Referencias varias:

- Vanesa Bran Bran, "Abierto el plazo para presentar al Condado de Pallares", *El Progreso*, "Comarcas", 5 xullo 2012, p. 14.

Dáse noticia da abertura do prazo de presentación dos traballos para concorrer ao Premio de Investigación Condado de Pallares. Faise un resumo das súas bases e indícase que na presentación do certame estiveron representantes de todas as entidades que colaboran no evento.

Premio de Investigación **Fermín Bouza Brey**

O Concello de Ponteareas convoca este premio para lembrar o nacemento nesta vila do ilustre poeta e polígrafo, co fin de honrar a súa memoria e o seu traballo de investigación sobre a cultura de Galicia, así como para promover a investigación científica sobre Ponteareas e a comarca do Condado. Poden presentarse memorias de proxectos de investigación científica inéditas en lingua galega sobre historia, arte, arqueoloxía, etnografía, literatura ou ciencias sociais, que necesariamente deben ter como referente o municipio de Ponteareas e complementariamente a comarca do Condado. Deben entregarse por quintuplicado cunha plica onde figuren os datos persoais do autor no Museo Municipal de Ponteareas (Rúa A Perillana, 9-11- 36860 Ponteareas). Conta cun galardón de 3.000 euros. No ano 2012 entregouse o premio correspondente á V edición, convocada en 2011, a Sofía Rodríguez, pola obra *A vida e as xentes do Concello de Ponteareas a través de El Tea*.

Referencias varias:

- R. T., "Sofía Rodríguez ganó el premio Bouza Brey", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Condado/Louriña", 22 xaneiro 2012, p. 19.

Anúnciase a vencedora do Premio de Investigación Fermín Bouza Brey: Sofía Rodríguez, coa obra *A vida e as xentes do Concello de Ponteareas a través de El Tea*.

- Xoán Bernárdez Vilar, "Stat sua cuique dies; breve et irreparabile tempus", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 176, "Crónicas", "Rolda da cultura", xaneiro-febreiro 2012, pp. 92-100.

Menciónase, entre outros asuntos, a concesión do V Premio de Investigación Fermín Bouza Brey a Sofía Rodríguez por *El Tea (1908-1936)*.

Premio **Manuel Murguía de Ensaio**

Convocado dende 1998 pola Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra "dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador", está dotado cun premio de 6.500 euros e a publicación da obra gañadora. Poden concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos a calquera aspecto da Comunidade Autónoma de Galicia non premiados nas tres edicións anteriores. Os textos, de extensión libre, deben enviarse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara, en tamaño DIN-A4, numerados, grampados ou encadernados, baixo un título e un lema no seu exterior e contendo no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Hai que dirixilos á sede da Deputación da Coruña

(Avda. Alférez Provisional s/n, 15006 A Coruña). En edicións anteriores recibiron o galardón *La insurrección de Ferrol de 1872*, de Alfonso Gomis Rodríguez en 1998; *El patrimonio histórico y la representación de la memoria*, de Marcelino Abuín Duro en 1999; *Raza e alteridade: A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*, de Fernando Pereira González en 2000; *As cartas do destino*, de Raúl Soutelo Vázquez e Xosé Manoel Núñez Seixas en 2002; *A raíña Lupa. As orixes pagás de Santiago*, de Antonio Balboa Sagado en 2004; *Medios de comunicación comarcal en Negreira, A Baña e Brión no século XX*, de X. Amancio Liñares Giraut e Omayra Lista Liñares en 2006; *Una familia gallega y un océano de por medio. Vínculo y experiencia a través de la memoria fotográfica y epistolar*, de María Liliana da Orden en 2008; e *E fixose nación. A idea de nación española: liberais versus absolutistas na prensa galega da Guerra da Independencia*, de Sabela Taboada en 2010. Nos anos 2011 e 2012 non houbo convocatoria.

Premio **Nacional de Ensaio**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Ensaio **Ramón Piñeiro**

A Editorial Galaxia convocou por primeira vez este premio no ano 2000 con motivo do seu cincuentenario e do décimo cabodano de Ramón Piñeiro. En edicións posteriores sumouse á convocatoria o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades coa colaboración do grupo Gas Natural. Con el preténdese contribuír á difusión do ensaio breve en lingua galega, xénero que Ramón Piñeiro cultivou con asiduidade e ao que fixo importantes contribucións. Nel pode participar calquera persoa interesada, a excepción do persoal pertencente ao Centro Ramón Piñeiro, con traballos orixinais e inéditos, en lingua galega, axustados á normativa oficial do idioma, que versen sobre o ámbito xeral do pensamento humanístico (lingua, literatura, antropoloxía, filosofía, historia). O tema dos ensaios é libre e os traballos deben evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estritamente académico. Os traballos, asinados cun lema ou pseudónimo, cunha extensión entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espazos, deben ser presentados por quintuplicado, en formato DIN-A4, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara, e dirixirse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (Avenida de Madrid, 44, 36204, Vigo). Estabelécese un único premio, consistente en 6.000 euros, outorgado ao ensaio que posúa maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios. Este galardón é único e indivisíbel e o xurado, formado por personalidades de relevo da vida cultural galega, pode declaralo deserto, así como tamén pode recomendar a publicación de traballos presentados ao certame que sexan de interese e non resultasen premiados. A contía do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección "Ensaio". En edicións anteriores recibiron o galardón *A submisión das masas. Do poder do progreso ó progreso do poder*, de Basilio Lourenço Fondevilla en 2001; *Tempo e venganza*, de Anxo A. Rei Ballesteros en 2002; *A terra quere pobo*, de Xosé Luís Barreiro Rivas en 2003; *Outro idioma é posible*, de Teresa Moure en 2004; *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, de Rebeca Baceiredo en 2005; *Psicopatoloxía do retorno*, de Ramón Area Carracedo e Alexandre García-Caballero en 2006; *Paisaxe e nación (A*

creación discursiva do territorio), de María López Sández en 2007; *Un longo e tortuoso camiño: adaptación, crise e cambio no Bloque Nacionalista Galego (1982-2008)*, de Xosé Ramón Quintana Garrido en 2008; *Retrato da xeración de 1950. Microhistoria do cambio social na Galicia contemporánea*, de Manuel Pérez Rúa en 2009; *A arte do imposible*, de Ramón Máiz Suárez en 2010; e *Queer.emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*, de Teresa Moure en 2011. Na XII edición do ano 2012 presentáronse sete obras e o xurado, formado por Carlos Lema, Luís Alonso Girgado, Miguel Barros Puente, Encarna Otero Cepeda e Carme Vidal Lage, decidiu outorgar o galardón a Xaime Subiela polo seu ensaio *Para que nos serve Galiza?*

Referencias varias:

- Xoán Bernárdez Vilar, "Stat sua cuique dies; breve et irreparabile tempus", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 176, "Crónicas", "Rolda da cultura", xaneiro-febreiro 2012, pp. 92-100.

Menciónase, entre outros asuntos, a concesión do XI Premio de Ensaio Ramón Piñeiro a Teresa Moure Pereiro por *Queer.emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*.

- M. Toledo, "A identidade galega ten que estar democratizada e valer para todos", *El Correo Gallego,* "*Terras de Santiago*", n.º 416, 22 decembro 2012, p. 7.

Comenta o contido do ensaio gañador do Premio Ramón Piñeiro titulado *Para que nos serve Galiza?*, de Xaime Subiela e explica que o autor ofrece unha perspectiva constructivista do galeguismo actual e da identidade galega.

- Juana Rodríguez, "O amiense Xaime Subiela gaña o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio", *El Correo Gallego,* "*Terras de Santiago*", n.º 416, 22 decembro 2012, p. 7.

Anuncia que o gañador do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio foi Xaime Subiela coa súa obra *Para que nos serve Galiza?* e explica que o xurado decidiu outorgarlle o premio a Subiela pola modernidade da análise sobre a situación actual galega.

- Lidia Rey Romero, "Unha cuestión aberta, premio Ramón Piñeiro", *ABC*, "Galicia", 23 decembro 2012, p. 78.

Sinala que Xaime Subiela foi o gañador do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio, elixido entre os sete participantes ao certame, co seu ensaio titulado *Para que nos serve Galiza?*

- Lidia Rey Romero, "Dá bastante imprensión que che dean este premio", *ABC*, "Galicia", 23 decembro 2012, p. 78.

Entrevista a Xaime Subiela, gañador do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio coa obra *Para que nos serve Galiza?*, na que o autor conta o que sentiu ao ser nomeado gañador do certame, e espera que a publicación suscite un debate público sobre as cuestións abordadas no seu traballo.

Premio **Valle-Inclán**

Organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa e cunha dotación de 24.000 euros. Foi constituído no ano 2004 co obxectivo de difundir e promover a obra do creador do "esperpento" e para profundar, a través de estudos rigorosos e de prestixio académico, en distintos traballos da súa biografía e do seu traballo literario. Puideron concorrer traballos orixinais e inéditos, escritos en calquera das linguas oficiais de Galicia, dos que se debían presentar cinco exemplares mecanografados a dobre espazo, que se presentaron baixo lema ou pseudónimo, caso no que se achegou a correspondente identificación do autor nun sobre á parte. A presentación das solicitudes por parte dos candidatos fíxose no rexistro xeral desta Deputación a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Nas edicións anteriores recaeu en Xaquín Núñez Sabarís, por *Valle-Inclán en el fin de siglo. Estudio crítico de* "*Femeninas*" en 2005; Euloxio Ruibal, polo estudo *Valle-Inclán e o teatro galego* en 2006; *ex aequo* para Anxo Abuín González, por *La palabra en los ojos o el alfabeto en movimiento: una aproximación a la dramaturgia de Valle-Inclán desde la estética del silencio*, e Elianne Lavaud-Fage, por *Valle-Inclán ¿un sistema literario?* en 2007; *Todo Valle-Inclán en Roma*, do Grupo de Investigación Cátedra Valle-Inclán da USC en 2008; e *ex aequo* para *Ramón del Valle-Inclán:* Luces de bohemia*, una revolución dramática con una carta autógrafa inédita de C. Rivas Cherif*, de Jean Marie Lavaud; e *Josefina Blanco y Ramón del Valle-Inclán: pedestal de los sueños*, de Antonio Deaño Gamallo e Jesús Rubio Jiménez en 2009. Na VIIª edición do ano 2011 este premio anovouse convocando con carácter bienal dúas modalidades, teatro e ensaio, alternativamente. Nesta edición convocouse a modalidade de teatro, na que se podían premiar compañías de teatro, directores, productores, guións adaptados, mellor interpretación masculina e feminina e outros aspectos relacionados coa representación teatral. O prazo de presentación da documentación necesaria (datos persoais, historial, dossier da obra, ficha de reparto, materiais gráficos, etc) rematou o 31 de xullo. O xurado estivo composto por Xosé María García Palmeiro do Consello da Cultura Galega; Alfonso Zulueta da Fundación Penzol; Francisco López Rodríguez, director xeral do libro; Blanca Brage Cendán da Consellería de Cultura; Consuelo Pampillón de Fegatea e José Antonio Ponte Far da Fundación Valle-Inclán. Decidiu conceder o galardón *ex aequo* ás compañías Escola de Teatro Valle-Innova, de Vilanova de Arousa, a Atalaya Teatro e a Teatro del Temple. No ano 2012 non houbo convocatoria.

Premio **Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais**

Convocado dende 1994 polos concellos de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco, está dotado con 6.000 euros e a publicación da obra por Sotelo Blanco Edicións. Poden concorrer obras orixinais e inéditas, escritas en galego normativo, sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura, etc). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta e máxima de trescentos folios a dobre espazo, teñen que ser presentados, por quintuplicado, na Fundación Sotelo Blanco (San Marcos, 77, 15820 Santiago de Compostela) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor. O xurado está composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura, actuando un deles de secretario. Nas edicións anteriores premiouse a Santiago González

Avión en 1999 por *Abrente incerto*; a Rosa Brañas en 2001 por *Deuses, heroes e lugares sagrados*; a Anxo Fernández Ocampo en 2002 por *A esperanza Bretona*; a Elixio Villaverde en 2003 por *Galegos en México (1878-1936)*; a Julia Varela en 2004 por *A Ulfe, socioloxía dunha comunidade rural galega*; a María Montserrat Varela Vázquez en 2005 por *Trazos da escolma da cultura do pobo galego*; a Santiago Prado Conde en 2007 por Poboacións *non pertinentes nas institucións educativas*. *O alumnado con procedencia rural na terra de Melide*, publicado co título *Novas minorías nas institucións educativas*; a Xosé Lois Ladra Fernández en 2008 por *A pesca fluvial tradicional en Galicia. Caneiros, pescos e pesqueiras*; a María Pilar García Negro en 2010 por *O clamor da rebeldía. O nacemento do ensaio na literatura galega contemporánea, simultánea ao nacemento da conciencia do xénero rosaliano*; e a Carlos Callón Torres en 2011 polo seu ensaio *Amigos e sodomitas. A configuración da homosexualidade na Idade Media*. Na XVII edición de 2012, os orixinais debían entregarse antes do 31 de decembro e o xurado, integrado polos membros da Fundación Vicente Risco, Xosé María Eguileta Franco e Luís Martínez-Risco Daviña, o representante do Concello de Castro Caldelas Fernando Acuña Castroviejo, a representante do Concello de Allariz Teresa Devesa Graña e Francisco Fernández Rei, representante da Fundación Sotelo Blanco, decidiu conceder por unanimidade o galardón a Xosé Manuel González Reboredo (Lugo, 1946) pola obra *Os santos titulares de parroquia en Galiza. Pasado, presente e perspectivas de futuro* (2012), presentado baixo o lema "Cando os homes non poden, que axuden os santos".

X.5. MIXTOS (VARIAS MODALIDADES)

Premio **Antón Losada Diéguez**

A Fundación Antón Losada Diéguez Creado organiza dende o ano 1986 este certame, en colaboración cos concellos do Carballiño e Boborás e coa Deputación Provincial de Ourense. O seu obxectivo é o de premiar as dúas mellores obras publicadas en galego entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior nos campos da investigación e da creación literaria. Ten unha dotación económica de 6.000 euros para cada un dos gañadores, ademais dun diploma e dunha escultura conmemorativa. En edicións anteriores os galardóns concedéronse, na modalidade de "Creación literaria", a Ramiro Fonte por *Designium* en 1985; Luís González Tosar en 1986 por *A caneiro cheo*; Carlos Casares en 1987 por *Os mortos de aquel verán*; Xosé Ramón Pena en 1988 por *Para despois do adeus*; Marina Mayoral en 1989 por *Chamábase Luís*; Antón Tovar en 1990 por *Berros en voz baixa*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1991 por *Arraianos*; Anxo Rei Ballesteros en 1993 por *Loaira*; Úrsula Heinze en 1994 por *Culpable de asasinato*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1995 por *Estirpe*; Marina Mayoral en 1996 por *Querida amiga*; Chus Pato en 1997 por *Nínive*; Olga Novo en 1998 por *Nós nus*; Fran Alonso en 1999 por *Territorio ocupado*; Xosé Fernández Ferreiro en 2000 por *O atentado*; Xurxo Borrazás en 2001 por *Na maleta*; Xavier Rodríguez Baixeras en 2002 por *Eclipse*; Xabier Quiroga en 2003 por *Atuado na Braña*; Ramiro Fonte en 2004 por *Os meus ollos*; Rosa Aneiros en 2005 por *Veu visitarme o mar*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 2006 por *Contra Maquieiro*; Manuel Rivas en 2007 por *Os libros arden mal*; Miguel Anxo Murado en 2008 por *O soño da febre*; Chus Pato en 2009 por *Hordas de escritura*; Domingo Villar en 2010 por *A praia dos afogados*; e Xulia Alonso en 2011 por *Futuro imperfecto*. Na modalidade de "Investigación", en edicións anteriores concedéronse os galardóns a Claudio Rodríguez Fer en 1990 por *Poesía galega*; Francisco Fernández Rei en 1991 por *Dialectoloxía da lingua galega*; Lourenzo Fernández Prieto en 1993 por *Labregos con ciencia*; Xosé María Lema Suárez en 1994 por *A Arte Relixiosa na Terra de Soneira*; Claudio Rodríguez Fer en 1995 por *A literatura galega durante a guerra civil*; Andrés Torres Queiruga en 1997 por *Recupera-la creación. Por unha relixión humanizadora*; Henrique Monteagudo en 2000 por *Historia Social da Lingua Galega*; José Carlos Bermejo en 2001 por *Pensa-la historia*, Narciso de Gabriel en 2002 por *Escolantes e escolas de ferrado*; Domingo Docampo en 2003 por *Tecnoloxías da información e as comunicacións: unha visión desde Galicia*; Manuel Caamaño en 2004 por *As construcións da arquitectura popular, patrimonio etnográfico de Galicia*; Antón Costa en 2005 por *Historia da educación e da cultura de Galicia*; Manuel Ferreiro en 2006 pola edición d'*Os Eoas* de Eduardo Pondal; Gonzalo Navaza en 2007 por *Fitotoponimia galega*; Xusto Beramendi en 2008 por *De provincia a nación: Historia do galeguismo político*; Camilo Nogueira en 2009 por *Europa, o continente pensado*; Pablo Carpintero Arias por *Os instrumentos musicais na tradición galega* en 2010; e Francisco Calo Lourido por *Os celtas. Unha revisión dende Galicia* en 2011. Nesta XXVII edición de 2012, o xurado estivo presidido polo alcalde de Boborás, e composto por representantes da Real Academia Galega, do Consello da Cultura, das tres universidades, da Deputación Provincial de Ourense, do Museo do Pobo e do Concello do Carballiño. Na modalidade de creación literaria o galardón foi para Agustín Fernández Paz por *Non hai noite tan longa* e na modalidade de investigación levou o galardón Xesús Alonso Montero por *Aníbal Otero:*

Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo. O acto de entrega dos premios tivo lugar o 9 de xuño no Pazo de Moldes de Boborás.

Referencias varias:

- J. M. G., "Fernández paz e Alonso Montero gañan o 27.º Antón Losada Diéguez", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 abril 2012, p. 45.

Faise referencia aos gañadores da vixésimo sétima edición do Premio Antón Losada Diéguez: Agustín Fernández Paz por *Non hai noite tan longa* e Xesús Alonso Montero por *Aníbal Otero: Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo*.

- X. A. R., "Alonso Montero e Fernández Paz, gañadores do 'Losada Diéguez", *La Región*, "Carballiño", 22 abril 2012, p. 23.

Anúncianse os gañadores do Premio Antón Losada Diéguez: Agustín Fernández Paz por *Non hai noite tan longa* e Xesús Alonso Montero por *Aníbal Otero: Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo*.

- Cándida Andaluz, "Homenaje a Fernández Paz y Alonso Montero en el pazo de Moldes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 xuño 2012, p. 47.

Anúncianse os gañadores do Premio Antón Losada Diéguez: Agustín Fernández Paz por *Non hai noite tan longa* e Xesús Alonso Montero por *Aníbal Otero: Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo*. Coméntanse aspectos da obra de Alonso Montero.

- Sabela Pinal, "Os premios Losada Diéguez destacan a vixencia do autor", *Atlántico Diario*, "Sociedad", p. 60/ *La Región*, "Carballiño", p. 17, 10 xuño 2012.

Fálase dos gañadores do Premio Antón Losada Diéguez: Agustín Fernández Paz por *Non hai noite tan longa* e Xesús Alonso Montero por *Aníbal Otero: Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo*.

Certame Literario da Asociación Cultural **A Pipa de Becerreá**

A Asociación Xuvenil Cultural A Pipa de Becerreá, coa colaboración das delegacións provinciais de Cultura e Vicepresidencia, a Deputación Provincial e o Concello de Becerreá, convoca este certame, que conta coas modalidades de poesía e relato, cun máximo de cincuenta versos na primeira e de cinco folios na segunda, conforme as bases. Cada participante pode presentar un ou máis traballos escritos en lingua galega, que deben ser enviados á sede da entidade organizadora (Rúa Ancares, número 57, 27640 Becerreá-Lugo). O certame estabelece tres categorías en función da idade: infantil, dos oito aos catorce anos; xuvenil, de catorce a dezaoito; e de adultos, a partir dos dezaoito anos. Para cada categoría estabelécense tres premios e os accésits que o xurado considere oportunos. O premio consiste nunha estatua de Sargadelos, un lote de libros e un título acreditativo. O xurado está composto pola xunta directiva da entidade convocante. Nesta XXI edición de 2012, recibíronse traballos procedentes de Cervantes,

Lugo, Becerreá, Ribadeo, As Nogais, A Coruña, Betanzos, Santiago de Compostela, Ourense, Madrid e Tapia de Casariego (Asturias). O xurado, formado por Alfonso Becerra Arrojo, Marta Rodríguez López e Rafael Ramos Fernández, decidiu outorgar os seguintes galardóns: na categoría infantil, na modalidade de relato, os premiados foron Martín Núñez Vázquez, Celia Pardo Calderón e Gael María Núñez Vázquez; e na de poesía, Sabela Díaz Carracedo, Iván Pérez Digón e Iria Correal Pérez. Na categoría xuvenil, na modalidade de relato, resultaron gañadores Adrián Rodríguez Pardo e Crístofer Gutiérrez Amigo e o terceiro premio quedou deserto; na modalidade de poesía, tamén quedaron desertos os galardóns. Na categoría Revista A Pipa, para adultos, recibiron o premio de relato Beatriz López Dorado, Xulio Romero Suárez e Farruco Graña; o xurado declarou desertos os premios de poesía, mais concedeu dous accésits a Ana García Diéguez e a Alba Domínguez Blanco. A gala de entrega tivo lugar o 27 de decembro na Casa da Cultura de Becerrea, seguida da XXI Noite Poética, centrada na obra *Viaxe sen cancelas*, de Xesús Bermúdez Tellado, quen participou na entrega dos galardóns.

Referencias varias:

- P. Cheda, "Pipa entregará esta tarde en Becerreá sus premios de relato y poesía", *El Progreso*, "Comarcas", 27 decembro 2012, p. 13.

Anuncia a entrega dos premios da Asociación Cultural A Pipa e dá a coñecer o nome dos gañadores. Sinala que trala gala de entrega de premios terá lugar a XXI Noite Póetica, centrada na obra *Viaxe sen candelas*, de Xesús Bermúdez Tellado.

Premio da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega organiza este premio, que recoñece os mellores libros publicados o ano anterior. Non ten dotación económica e entrégase un galardón simbólico consistente nunha pluma estilográfica. Os escritores socios son os que elixen a obra literaria premiada. No ano 2006 creouse o I Premio Internacional AELG, baixo o lema "Escritor Galego Universal". Na edición de 2007 aumentaron as categorías, e pasáronse a premiar obras de Literatura Infantil e Xuvenil, teatro, narrativa, poesía, tradución e ensaio, co obxectivo de ofrecer unha visión máis ampla do panorama literario galego. No ano 2009 contou coa novidade do galardón da categoría de "Blog literario". Na edición de 2012, concedéronse os seguintes premios: na categoría de Literatura Infantil e Xuvenil, a Agustín Fernández Paz por *Fantasmas de luz*; en narrativa, a Antón Riveiro Coello por *Laura no deserto*; en poesía, a Pilar Pallarés por *Leopardo son*; pola súa traxectoria xornalística, a Bieito Iglesias; en teatro, a Raúl Dans por *Chegamos despois a unha terra gris*; en ensaio, a Mercedes Queixas Zas por *Vivir, unha aventura irrepetíbel. Biografía de María do Carme Kruckenberg*; en tradución, a Ramón Gutiérrez Izquierdo por *Sonetos de Shakespeare*; e en blog literario a Miro Villar por "As crebas". Finalmente, o premio da categoría Institucións recaeu na Fundación Penzol e o Escritor Galego Universal foi para José Luis Sampedro. O acto de entrega tivo lugar o 5 de maio en Santiago de Compostela durante a Cea das Letras.

Referencias varias:

- Ricardo Pichel Gotérrez, "José Luis Sampedro ou da salvífica recreación na literatura", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Tradución", vol. 15, 2012, pp. 253-255.

Achega ao periplo vital e creativo do humanista, escritor, docente e economista de orixe catalá, José Luis Sampedro. Sinala que foi nomeado Escritor Galego Universal pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e recolle unha tradución ao galego de tres textos seus inéditos até o momento.

- Xoán Bernárdez Vilar, "Stat sua cuique dies; breve et irreparabile tempus", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 176, "Crónicas", "Rolda da cultura", xaneiro-febreiro 2012, pp. 92-100.

Informa de diversas novidades no seo da cultura galega, entre as que destaca a elección de José Luís Sampedro como "Escritor Galego Universal".

- E. P., "A AELG, cos servizos de normalización lingüística", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 5 febreiro 2012, p. 50.

Coméntase que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega premiará o labor dos servizos de normalización lingüística e nomeará a José Luís Sampedro como Escritor Galego Universal.

- E. P., "A AELG galardona a Bieito Iglesias, Riveiro Coello e Pilar Pallarés", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 7 maio 2012, p. 50.

Noméanse as obras e os autores premiados na Cea das Letras da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

- Xoán Bernárdez Vilar, "Galicia como labor", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 178, "Crónicas", "Rolda da Cultura", maio-xuño 2012, pp. 92-101.

Dá conta dunha serie de novidades no seo da cultura galega, entre as que destaca a entrega dos premios da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Certame Literario **Concello de Ames de Narrativa e Poesía**

O Concello de Ames convoca este certame literario de narrativa e poesía para textos inéditos de tema libre escritos en galego, con tres categorías en cada modalidade: primeira categoría para nenos e nenas até 13 anos, segunda categoría dirixida a rapaces de 14 a 18 anos e a terceira para persoas de máis de 18 anos. Hai tres premios en metálico en cada categoría: 120 euros, 90 euros e 60 euros na primeira categoría; 150 euros, 120 euros e 90 euros na segunda; e 210 euros, 150 euros e 120 euros na terceira. Ademais, o Concello de Ames publica os traballos premiados nunha antoloxía creada para tal efecto. Todas as persoas que desexen participar no certame deben enviar catro exemplares do seu texto, en folios mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo

ao Concello de Ames. Servizo de Normalización Lingüística (Avda. de Azcárraga, n.º 5, Bertamiráns, 15220 Ames, A Coruña) acompañados dun sobre cos datos persoais. A extensión mínima é de dúas páxinas en narrativa e de vinte versos en poesía, mentres que a máxima é de seis páxinas en narrativa e de cincuenta versos en poesía. O tema é libre e só se pode presentar un traballo por persoa en cada unha das modalidades. O acto de entrega ten lugar o Día das Letras Galegas. No ano 2012, IX edición, o prazo de entrega de orixinais rematou o 12 de abril de 2012 e o 14 de maio o xurado decidiu outorgar os seguintes galardóns: na modalidade de narrativa, a Carmela Vieites Figueiras con "O jazz dos soños", Fiz Pazos González con "O trasno da carballeira" e Mario Goberna Rial con "A fabulosa aventura de Tito", na primeira categoría; a Xaime Santiago Subiela, con "Un entre un millón", Sara Azidane Chenlo con "Onde está Wally?" e Aroa Otero Miguéns con "Orfo", na segunda categoría; e a María do Carme Martínez Baleirón con "O alcalde e a morte", Ismael Ramos Castelo con "Miranda e os peixes" e Alberto Sierra Hevia con "A morte de Luís Silva", na terceira categoría; na modalidade de poesía, a Claudia Quintáns Vinke con "Gustaríame", Xián Pazos González con "O lume en Galiza" e Lara Castro Taboada con "Divertirse", na primeira categoría; a Marcela Porto Mato con "No intre agre do café", Afonso Francisco Traficante Fernández con "Vestixio" e Helena Salgueiro Golán con "Autodestruímos", na segunda; e a Carlos Callón Torres con "Epitalamio das cebolas", Xulio Cid Neira con "sen título" e Rocío Leira Castro con "En vida, morta", na terceira. A entrega de premios tivo lugar o Día das Letras Galegas na Casa da Cultura de Milladoiro.

Referencias varias:

- M. M., "Premio literario en galego para Ames", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Cultura", 4 marzo 2012, p. 30.

Anúnciase o Certame Literario Concello de Ames de Narrativa e Poesía.

- J. M. Ramo e C. Botrán, "Los estudiantes de Vimianzo aprenden el arte de la regueifa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 maio 2012, p. 31.

Infórmase, entre outros asuntos, dos gañadores do Certame Literario Concello de Ames de Narrativa e Poesía.

Certame Literario de poesía e narración breve **Concello de Cambre**

A Concellería de Cultura e Turismo de Cambre, as Asociacións de Nais e Pais, os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística e os Departamentos de Lingua Galega e Literatura dos dous institutos cambreses convocan este certame co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre a mocidade. Conta con tres categorías: A, de 12 a 14 anos; B, de 15 a 18 anos e C, de 19 a 26 anos; e dúas modalidades: poesía e narración breve, dotadas con dous galardóns cunha contía de 230,00 € e 170,00 €; 290,00 € e 200,00 € e 400,00 € e 230,00 € en cada categoría. Cada participante pode presentar unha proposta a calquera das dúas modalidades. Na modalidade de poesía debe presentar tres poemas como mínimo, de tema e forma libres. Na modalidade de narración breve a extensión máxima é de cinco DIN-A4 e o tema libre. Os traballos, escritos en lingua galega, deben ser orixinais, inéditos e non

premiados, e teñen que estar escritos con ordenador, en papel de tamaño DIN-A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12, por unha soa cara; paxinados e sen asinar. Entrégase o orixinal e catro copias nun sobre no que figure: Certame literario, o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración ou poesía). Cada traballo presentado debe ir acompañado dun sobre pechado no que, por fóra, figuren os mesmos datos, e no interior, unha fotocopia do DNI, e a ficha de inscrición cuberta e asinada, que contén ademais os datos de teléfono, correo electrónico e nome do centro no que estudia ou traballa. Os traballos poden entregarse persoalmente nas administracións dos Institutos ou ben seren enviados por correo ordinario a: Rúa Río Barcés, 8 - 15660 Cambre. A organización do certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría. Nesta XIX edición de 2012 o prazo de entrega de orixinais rematou o 5 de maio e o acto de entrega dos premios celebrouse o 1 de xuño no Instituto de Educación Secundaria
Afonso X "O Sabio". O xurado estivo composto polos seguintes membros: D.ª Teresa Núñez, profesora de Lingua galega e literatura do IES Afonso X "O Sabio"; D.ª Pilar Tobar Conde, profesora de Lingua galega e literatura do IES David Buján; D.ª María do Mar Hermida Pico, profesora de Lingua galega e literatura do IES David Buján; D. Antón Otero Chas, profesor de Ciencias Sociais do IES Afonso X "O Sabio"; D. François Davo, profesor de Francés do IES Afonso X "O Sabio"; e Dna. Mª Pilar Paz Delgado, dinamizadora cultural do Concello de Cambre, que actuou como secretaria do xurado. Concedéronse os seguintes galardóns: na modalidade de poesía, na categoría A, o 1º premio foi para Sara Mesías de Concepción por "Novamente"; o 2º premio foi para Lucía Mesías de Concepción por "Se eu fose buguina de mar"; na categoría B, o 1º premio foi para Mª Luisa Iglesias Taboada por "Dirán que nunca estivemos aquí"; o 2º premio foi para Diego Pazos Castro por "Anatomía dun namorado: sete poemas mais un epitafio"; na modalidade de narrativa, na categoría A, o 1º premio foi para Martín Patiño Vázquez por "Un futuro indesexable"; o 2º premio foi para Lorena Barrera López por "Fume de Locomotora"; na categoría B, o 1º premio foi para Diego Pazos Castro por un relato sen título; o 2º premio foi para Sara Vilarelle Paz tamén por unha obra sen título; e concedeuse un accésit a Aloxi Centeno Escala por "On/off".

Certame Literario Feminista do **Condado**

Convocado pola Assembleia de Mulheres do Condado, poden participar todas as mulleres que o desexen sen límite de idade. A temática é libre, se ben relacionada directa ou indirectamente coa situación de opresión, dominación e explotación que padecen as mulleres no actual sistema patriarcal. Os traballos presentados, exclusivamente en lingua galega, deben ser inéditos. O certame está aberto a calquera xénero literario. Os textos de narrativa, teatro e ensaio deben ter unha extensión mínima de 20.000 caracteres e os de poesía, un mínimo de seis poemas. O xurado está formado por tres mulleres representativas da comarca. O premio está dotado con 300 euros, e o xurado pode declaralo deserto ou dividir a cantidade citada en accésits na súa totalidade ou en parte. O prazo de presentación de traballos finaliza o 30 de setembro e deben entregarse por triplicado nun sobre en cuxo exterior conste o título e un pseudónimo da autora e, en sobre diferente, identificado co título do traballo e o seu pseudónimo, deben aparecer os datos persoais (nome e apelidos, DNI, enderezo e teléfono de contacto). Os sobres teñen que enviarse por correo certificado dirixidos a Ilduara Medranho-AMC, Rúa Ciclista Emilio Rodrigues, n.º 6, 2.º C, C.P. 36860, Ponteareas. O traballo ou

traballos premiados son propiedade da Asemblea de Mulleres do Condado. Porén a autora ou autoras manteñen os seus dereitos sobre segundas ou posteriores edicións, de ser publicada a obra premiada. Na IX edición, correspondente a 2012, o xurado, formado por María Xesús Suárez Núñez (profesora de secundaria no IES Val do Tea de Ponteareas) e Ana Mariño Álvarez (profesora do CEPI Infante Felipe de Salvaterra), acordou conceder o premio a Patricia Fontenla pola obra *Kalevorroka ou antilibro*. O acto de entrega do galardón tivo lugar o 2 de decembro de 2012.

Premio de **Creación Literaria e Ensaio** da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña

Organizado pola Facultade de Filoloxía, e coa colaboración da libraría Xiada, está dirixido ao alumnado da Universidade da Coruña. Conta con catro modalidades: poesía, narrativa, teatro e ensaio, en lingua galega e castelá. Na modalidade de poesía prémiase un poema ou un breve grupo de poemas con unidade temática; en narrativa e ensaio, un traballo dun máximo de quince folios, mecanografados a dobre espazo; e en teatro, un traballo dun máximo de trinta folios, mecanografado a dobre espazo. O xurado está integrado por profesorado da Facultade de Filoloxía e personalidades de recoñecido prestixio cultural. Os textos deben entregarse baixo plica na Secretaría do Decanato ou por correo postal. Deben ir nun sobre en cuxo exterior conste a modalidade á que se presenta e o nome do premio. Hai que entregar tamén unha copia en soporte electrónico. Os premios poden declararse desertos. Pode outorgarse un accésit en cada modalidade. Os premios consisten na publicación, en libro conxunto, dos traballos gañadores e dos accésits concedidos en cada modalidade e ademais un vale canxeábel por libros, cortesía da libraría Xiada. No ano 2012 tivo lugar a XIX edición e o prazo de presentación de orixinais rematou o 16 de abril.

Premios da **Crítica de Galicia**

Estes premios foron creados polo Círculo Ourensán-Vigués no ano 1978 e continuados polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Instituíronse co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merecen os labores individuais ou colectivos que cristalizan en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade (calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) son da competencia exclusiva de cada xurado, tendo en conta o interese concreto para a cultura galega. A periodicidade dos premios é anual e atinxe a produción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade concédese un premio indivisíbel que pode quedar deserto. As producións candidatas aos galardóns teñen que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica Galicia antes do 1 de marzo. O xurado, que pode incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades, componse de sete membros para cada unha das modalidades, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designa un presidente que ten a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxilia o presidente e demais membros do xurado, redacta e le a acta na entrega dos premios. Os membros de cada xurado son persoas de recoñecida competencia no campo da modalidade do premio, e non deben ter relacións

de autoría ou dirección cos traballos concorrentes. Todos os xurados son nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros teñen que ter coñecemento de todas e cada unha das achegas que se cualifican e correspóndelles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se vaia producindo. As decisións finais son inapelábeis e tómanse nunha sesión de traballo que se celebra o mesmo día da entrega do premio e permanecen secretas mentres os secretarios non dan lectura pública ás correspondentes actas. Até a convocatoria de 2011 os Premios da "Crítica Galicia" abranguían as seguintes modalidades: I) Creación literaria; II) Ensaio e pensamento; III) Investigación; IV) Música; V) Artes escénicas e Audiovisuais e VI) Iniciativas culturais. Na convocatoria de 2011 fixáronse as seguintes modalidades: I) Creación Literaria, para premiar obras de narrativa, poesía, ensaio, textos dramáticos, guións, xornalismo de opinión, incluíndo a creación literaria infantil e xuvenil, editadas en lingua galega no ano anterior; II) Investigación, para galardoar obras que sexan resultado dunha investigación contrastada e rigorosa e que conten con recoñecemento por parte de especialistas no ámbito da súa disciplina, con repercusión dentro e fóra de Galicia durante o ano anterior, así como con algunha manifestación en lingua galega; III) Música, para aqueles traballos de composición, interpretación ou compilación musical editados en formato de partituras, discos ou comunicados publicamente en Internet no ano anterior; composicións e obras musicais estreadas nese periodo; labores interpretativos nos que concorran características que lles confiran unha recoñecida proxección ao longo do mesmo período; todas aquelas iniciativas que ao longo do ano contribuísen de xeito relevante á promoción da música na sociedade galega; e todos aqueles músicos que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro e fóra de Galicia un fito destacado durante o período; IV) Iniciativas Culturais, para aqueles feitos ou labores emprendidos por persoas, asociacións, entidades ou todo tipo de institucións que destacasen na defensa, pulo ou espallamento da cultura galega no ano anterior; V) Artes Plásticas e Visuais, para todos aqueles traballos de pintura, escultura, fotografía, vídeocreación artística, arquitectura e deseño que fosen realizados, presentados en exposicións ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual no ano anterior; ou todos aqueles artistas plásticos, arquitectos e deseñadores que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro e fóra Galicia un fito destacado durante ese período; e VI) Artes Escénicas e Audiovisuais, para aqueles traballos de teatro, danza, maxia, circo, cine, vídeo e televisión, estreados ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual no ano anterior e todos aqueles artistas do eido das artes escénicas e audiovisuais que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro e fóra de Galicia un fito destacado nese período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia nomea, ademais, dende 1993, "Galego Egrexio" a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se considere merecente dela. O galardón consiste nunha estatuíña, deseñada por Isaac Díaz Pardo, que representa a Martín Codax. Dende a súa primeira edición, na modalidade de "Creación literaria", foron galardoados Alfonso Pexegueiro en 1978 por *Mar e naufraxio*; Álvaro Cunqueiro en 1979 por *Os outros feirantes*; Carlos Casares en 1980 por *Os escuros soños de Clío*; Antón Tovar en 1981 por *Calados esconxuros*; Alfredo Conde en 1982 por *Breixo*; Víctor Fernández Freixanes en 1983 por *O triángulo inscrito na circunferencia*; Arcadio López-Casanova en 1984; Ramiro Fonte en 1985 por *Designium*; Manuel Vilanova en 1986 por *A lenda das árbores de prata*; Suso de Toro en 1987 por *Polaroid*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1988 por *Bretaña Esmeraldina*; Víctor Fernández Freixanes en 1989 por *O enxoval da noiva*; Antón Risco en 1990 por *As metamorfoses de Proteo*; Fiz Vergara Vilariño en 1991 por *Nos eidos da*

bremanza; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1992 por *Arraianos*; Antón Avilés de Taramancos en 1993 por *Obra viva*; Manuel Rivas en 1994 por *En salvaxe compaña*; Marilar Aleixandre en 1995 por *A expedición do Pacífico*; Xavier Rodríguez Baixeras en 1996 por *Nadador*; Pilar Pallarés en 1997 por *Livro das devoracións*; Xosé María Álvarez Cáccamo en 1998; Carlos Casares en 1999; Bieito Iglesias en 2000 por *O mellor francés de Barcelona*; Xosé Manuel Villanueva en 2001 por *Adeus India, adeus*; Manuel María en 2002 por *Obra completa*; Carlos Casares en 2003 por *O sol do verán*; Anxos Sumai en 2004 por *Anxos de garda*; Luísa Villalta en 2005 por *En concreto*; Xavier Alcalá en 2006 por *Nas catacumbas*; Manuel Rivas en 2007 por *Os libros arden mal*; Miguel Anxo Murado en 2008 por *O soño da febre*; Luís González Tosar en 2009 por *Estúrdiga materia*; Suso de Toro en 2010 por *Sete palabras*; e Ana Romaní en 2011 por *Estremas*. A XXXV edición, correspondente ao ano 2012, tivo como lema "Galicia como tarefa" e os galardóns foron, na modalidade de Creación literaria, para *Fantasmas de luz*, de Agustín Fernández Paz; en Investigación, para Patricia Fra López pola edición de *Regreso a Compostela*, de Edith Wharton; en Música, para a Asociación Galega de Compositores; en Iniciativas Culturais, para a Asociación O Sorriso de Daniel; en Artes escénicas e Audiovisuais, para Xosé Manuel Olveira, "Pico"; e en Artes plásticas e Visuais, para Carmen Nogueira. O xurado da modalidade de Creación literaria estivo composto por Ana Romaní Blanco, Luciano Rodríguez Gómez; Olivia Rodríguez, Fina Casalderrey Fraga; Isabel Mociño González, Xavier Lama e Blanca Roig Rechou, que actuou como secretaria. O fallo do xurado fíxose público o 17 de novembro no Hotel Os Escudos de Vigo. Para conmemorar os trinta e cinco anos destes premios, editouse o libro *35 anos de Cultura Galega*, coordinado por Ernesto Sánchez Pombo.

Referencias varias:

- Mar Mato, "La Fundación Premios da Crítica convoca nuevos galardones y afianza su salvación", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 43/ "Premios da Crítica deja atrás sus conflictos y convoca nuevos galardones", *La Opinión*, "Cultura", p. 54, 19 maio 2012.

Fálase da renovación no seo da Fundación Premios da Crítica e anúnciase a convocatoria dos premios desta edición.

- Mariano Timoneda, "A Fundación Premios da Crítica Galicia imprime un forte impulso o seu labor", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 19 maio 2012, p. 50.

Anúncianse as actividades, premios e novidades que a Fundación Premios da Crítica Galicia vai desenvolver nesta trixésimoquinta edición dos seus premios.

- Xavier Senín, "35 anos dos premios", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 12 novembro 2012, p. 4.

Acóllese un breve relato de Xavier Senín, intitulado "35 anos dos premios".

- A. de Santos, "La Fundación Premios da Crítica aplaza al 17 de noviembre la entrega de sus galardones", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 outubro 2012, p. 46.

Comunica que a triséximo quinta dición dos Premios da Crítica terá lugar este ano o día 17 de novembro e comenta que durante a gala de entrega dos galardóns presentarase o libro *35 anos de cultura galega*.

- José Manuel García Iglesias, "Premios da Crítica 2012", *El Correo Gallego*, "Opinión", 8 novembro 2012, p. 2.

Anuncia que a gala de entrega dos premios convocados pola Fundación Premios da Crítica terá lugar finalmente o 17 de novembro e sinala que a existencia destes premios é sinal da vitalidade da cultura galega en tempos de crise.

- Xosé Luís Méndez Ferrín, "Un indicador fundamental da saúde", *Faro de Vigo*, "Sociedade", 9 novembro 2012, p. 45/ *La Opinión*, "Cultura", 11 novembro 2012, p. 62.

Comenta que os Premios da Crítica naceron coa necesidade de encher un baleiro de premios exclusivamente en lingua galega e declara o seu desexo de que nun futuro exista un premio equiparábele aos existentes noutras comunidades, por exemplo un Premio Rosalía de Castro, cunha categoría superior.

- Manuel Bragado, "Un éxito colectivo", *Faro de Vigo*, "Opinión", 12 novembro 2012, p. 14.

Co motivo do 35 aniversario da creación dos Premios da Crítica, lémbrase a composición do xurado do primeiro certame celebrado e recorda que a obra gañadora daquela edición foi *Mar e naufraxio*, de Alfonso Pexegueiro.

- Alfredo Conde, "Longa vida ós Premios da Crítica", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 16 novembro 2012, p. 37.

Loa a persitencia dos Premios da Crítica no panorama social e político actual e expresa que son un claro exemplo de como "aquilo que nace da vontade común [e] forma parte da dignididade colectiva" mantense co tempo. Fai alusión aos trinta anos de celebracións dos premios e destaca a súa pluridisciplinariedade.

- Fernando Franco, "Mar Vigo", *Faro de Vigo*, "Vigo", 18 novembro 2012, p. 8.

Comenta que foron entregados os Premios da Crítica treinta e cinco anos despois da súa constitución e lembra aos presentes naquela primeira cea.

- Maite Gimeno, "Fernández Paz, Patricia Fra, 'Pico' e Carme Nogueira, Premios da Crítica", *El Correo Gallego*, "Tendencias, Ciencia, Cultura, Ocio", 18 novembro 2012, p. 39.

Informa da entrega dos Premios da Crítica na súa edición triséximo quinta. A continuación dá a coñecer os premiados desta convocatoria, entre outros: Agustín Fernández Paz, con *Fantasmas de luz*; a edición de *Regreso a Compostela* de Edith Wharton, preparada por Patricia Fra; e Xosé Manuel Olveira.

- M. M., “Agustín Fernández Paz, Olveira ‘Pico’ y Carmen Nogueira, Premios da Crítica”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 40/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 54, 18 novembro 2012.

Comenta que foron entregados os Premios da Crítica na súa XXXV e dá a coñecer os nomes dos galardoados, á vez que destaca algunhas das características das súas obras.

- B. R. Sotelino, “Os renovados Premios da Crítica festexan 35 anos de cultura plural”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 novembro 2012, p. 4.
Comenta que tivo lugar a XXXV Edición dos Premios da Crítica de Galicia e lembra que son máis de trescentos os persoeiros galardoados nestes premios dende a súa orixe en 1978.

- Ana Baena, “O día despois dos Premios da Crítica”, *Atlántico*, “Vigo”, 19 novembro 2012, p. 8.

Recolle as palabras dos gañadores dos Premios da Crítica tras recibir o galardón.

- Julio Alonso, “Los premios Nobel gallegos”, *Atlántico*, “Opinión”, 22 novembro 2012, p. 23.

Comenta que neste ano se cumpren trinta e cinco anos da creación dos Premios da Crítica. Explica que xurdiron coa tentativa de promover o recoñecemento colectivo dos artistas baixo diferentes categorías.

- Juan L. Blanco Valdés, “Edith & Patricia: Back to Compostela”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 decembro 2012, p. 41.

Reprodución dun artigo do *blog* Fragmentos da Galaxia, onde o autor comenta a edición do libro de investigación *Regreso a Compostela*, de Patricia Fra, recoñecido co Premio da Crítica 2012 á mellor investigación publicada en Galicia en 2011.

- Tamara Montero, “Edith Wharton buscou en Santiago espiritualidade”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 24 novembro 2012, p. L2.

Entrevista a Patricia Fra, galardoada co Premio da Crítica Galicia polo seu estudo *Regreso a Compostela*, sobre un manuscrito atopado na Universidade de Yale que ía ser o xerme dun libro titulado *Viaxe en coche por España*.

Premios da **Crítica Española**

Creados no ano 1956, dende 1978 concedéronse aos mellores libros de narrativa e poesía publicados en España ao longo do ano anterior, en calquera das catro linguas do Estado. A modalidade de literatura galega creouse no ano 1976. O xurado está formado normalmente por vinte e dous membros da Asociación Española de Críticos Literarios. É un galardón sen dotación económica. En anteriores edicións os premios foron para: na modalidade de narrativa, en 1976 para Carlos Casares por *Xoquetes para un tempo prohibido*; en 1978 para Xoán Ignacio Taibo, por *Homes de ningures*, en 1979 para Álvaro Cunqueiro, por *Os outros feirantes*, en 1980 para Xavier Alcalá, por *Fábula*; en

1981 para Alfredo Conde, por *Breixo*, en 1982 para Víctor Fernández Freixanes, por *O triángulo inscrito na circunferencia*; en 1983 para Camilo Gonsar, por *Desfeita*, en 1984 para Alfredo Conde, por *Xa vai o grifón no vento*; en 1985 para Lois Xosé Pereira, por *As horas de cartón*; en 1986 para Antón Risco, por *Memoria dun emigrante*, en 1987 para Ricardo Carballo Calero, por *Scorpio*; en 1988 para Víctor Fernández Freixanes, por *O enxoval da noiva*; en 1989 para Manuel Rivas, por *Un millón de vacas*; en 1990 para Xavier Queipo, por *Ártico*; en 1991 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *Arraianos*; en 1992 para Salvador García Bodaño, por *Os misterios de monsieur d'Allier*; en 1993 para Suso de Toro, por *Tic-tac*; en 1994 para Xurxo Borrazás, por *Criminal*; en 1995 para Xesús Manuel Valcárcel, por *O capitán Lobo Negro*; en 1996 para Carlos Casares, por *Deus sentado nun sillón azul*; en 1997 para Xosé Carlos Caneiro, por *Un xogo de apócrifos*; en 1998 para Manuel Rivas, por *O lapis do carpinteiro*; en 1999 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *No ventre do silencio*; en 2000 para Suso de Toro, por *Non volvas*; en 2001 para Xosé Vázquez Pintor, por *A memoria do boi*; en 2002 para Carlos Casares, por *O sol do verán*; en 2003 para Xabier López López, por *A vida que nos mata*; en 2004 para Xesús Constela, por *As humanas proporcións*; en 2005 para Teresa Moure, por *Herba moura*; en 2006 para Manuel Rivas, por *Os libros arden mal*; en 2007 para Luís Rei Núñez, por *O señor Lugrís e a negra sombra*; en 2008 para Marcos S. Calveiro, por *Festina lent*e; Xabier Quiroga en 2009 por *O cabo do mundo*; e Víctor Freixanes en 2010 por *Cabalo de Ouros*. E na modalidade de poesía: en 1976 para Celso Emilio Ferreiro, por *Onde o mundo se chama Celanova*; en 1978 para Salvador García-Bodaño, por *Tempo de Compostela*; en 1979 para Eduardo Moreiras, por *O libro dos mortos*; en 1980 para Xohana Torres, por *Estacións ao mar*; en 1981 para Claudio Rodríguez Fer, por *Tigres de tenrura*; en 1982 para Xoán Manuel Casado, por *O libro de Caldelas*; en 1983 para Vítor Vaqueiro, por *A fraga prateada*; en 1984 para Miguel Anxo Fernán-Vello, por *Seivas de amor e tránsito*; en 1985 para Antón Avilés de Taramancos, por *Cantos caucanos*; en 1986 para Xosé María Álvarez Cáccamo, por *Os documentos da sombra*; en 1987 para Xavier Rodríguez Baixeras, por *A gándara da noite*; en 1988 para Ramiro Fonte, por *Pasa un segredo*; en 1989 para Luís González Tosar, por *Remol das travesías*; en 1990 para Fermín Bouza Álvarez, por *Labirinto de inverno*; en 1991 para Gonzalo Navaza, por *Fábrica íntima*, en 1992 para Xavier Rodríguez Barrio, por *Antiga claridade*; en 1993 para Xulio López Valcárcel, por *Memoria de agosto*; en 1994 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *Estirpe*; en 1995 para Ramiro Fonte, por *Luz de mediodía*, en 1996 para Pilar Pallarés, por *Livro das devoracións*; en 1997 para Xavier Rodríguez Baixeras, por *Beira norte*; en 1998 para Yolanda Castaño, por *Vivimos no ciclo das erofanías*; en 1999 para Manuel Álvarez Torneiro, por *Luz de facer memoria*; en 2000 para Gonzalo Navaza, por *Libra*; en 2001 para Manuel Forcadela, por *Refutación da musa*, en 2002 para Xavier Seoane, por *Dársenas do ocaso*; en 2003 para Xulio López Valcárcel, por *Casa última*; en 2004 para Miguel Anxo Fernán-Vello, por *Territorio da desaparición*; en 2005 para Román Raña, por *As metamorfoses do túnel*; en 2006 para Manuel Vilanova, por *A Esmeralda Branca*; en 2007 para Helena de Carlos, por *Vigo*; en 2008 para Chus Pato, por *Hordas de escritura*; en 2009 para Luz Pozo Garza por *Deter o día cunha flor*; e en 2010 para Marga do Val por *A cidade sen roupa ao sol*. No ano 2012 otorgouse o Premio Nacional de Crítica 2011 na modalidade de literatura galega a Antón Riveiro (Xinzo de Limia, 1964) por *Laura no deserto* en narrativa e a Olga Novo (Vilarmao, A Pobra do Brollón, 1975) por *Cráter*, en poesía.

Referencias varias:

- X. Fraga, “Riveiro Coello, Olga Novo, Martínez de Pisón y Tomás Segovia, Premios de la Crítica”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 abril 2012, p. 45.

Cítanse as obras galardoadas nos Premios da Crítica Española, entre as que se atopan *Laura no deserto* (2011), de Antón Riveiro Coello e *Cráter* (2011), de Olga Novo.

Premios da **Cultura Galega**, anteriormente Premios Nacionais da Cultura Galega

Entregados por primeira vez, co nome de Premios Nacionais da Cultura Galega, en xuño de 2008 pola Consellería de Cultura e Deporte no Pazo de Congresos, a dotación dos galardóns era de 15.000 euros en cada categoría, de carácter indivisíbel. O xurado, único para todas as categorías, conta con representantes de todos os sectores da cultura galega e está composto de quince membros, diferentes en cada edición. O premio, na súa primeira edición, contou con dez categorías: Literatura, Arquitectura e espazos públicos, Artes visuais, Artes escénicas, Música, Cine e audiovisual, Pensamento e cultura científica, Iniciativas culturais, Cultura tradicional e de base e Patrimonio Cultural. No ano 2010, 2ª edición, reformuláronse, pasando a denominarse Premios da Cultura Galega. Reducíronse a sete as categorías (Letras, Artes Plásticas, Artes Escénicas, Patrimonio Cultural, Promoción da Cultura Exterior, Música e Creación Audiovisual) e cambiou a dotación económica por unha escultura conmemorativa e un diploma acreditativo. No ano 2012, 4ª edición, o xurado estivo presidido polo conselleiro de Cultura e Educación en funcións, Xesús Vázquez, e formado polo secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; o presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín; o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Casares Long; Francisco Díaz Fierros, en representación do Consello da Cultura Galega; Xosé Henrique Coas González e Goretti Sanmartín Rei, en representación das universidades de Vigo e da Coruña, respectivamente; e Ramón Yzquierdo Perrín, en representación da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. Completaron o xurado catro persoas de prestixio no ámbito cultural como son o escritor Luís González Tosar, o artista plástico Antón Pulido, a cineasta e produtora Fernanda del Nido e o editor e escritor Henrique Alvarellos. O 19 de novembro, decidiu entregar os galardóns desta edición a Salvador García Bodaño, na categoría de Premio da Cultura Galega das Letras; a Manuel Quintana Martelo, no apartado das Artes Plásticas; ao grupo de teatro Airiños, na categoría de Artes Escénicas; á Fundación Eduardo Pondal, na categoría de iniciativas en prol do Patrimonio Cultural; á Asociación Internacional de Estudos Galegos, no apartado da Promoción Cultural de Galicia; a Manuel Rodeiro, na categoría de Música; e a Miguel Anxo Fernández, na categoría de Creación Audiovisual. O acto de entrega tivo lugar o 15 de decembro na Biblioteca da Cidade da Cultura.

Referencias varias:

- Óscar Otero, “García Bodaño, Quintana Martelo e Airiños, Premios da Cultura 2012”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 novembro 2012, p. 42.

Dá a coñecer os gañadores dos Premios da Cultura Galega 2012 nas diferentes categorías.

- Nicolás Vidal, “O compositor ferrolán Manuel Rodeiro, obtén o Premio da Cultura Galega 2012”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 21 novembro 2012, p. 14.

Informa da concesión a Manuel Rodeiro do Premio da Cultura Galega na categoría de Música, “polo seu labor de referencia na creación sonora contemporánea”.

- E. C. G., “Salvador García-Bodaño recibirá este martes a insignia de ouro da USC”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 decembro 2012, p. 41.

Comenta que ademais da insignia de ouro da USC, Salvador García-Bodaño recibirá o Premio da Cultura Galega 2012 no apartado Cultura Galega das Letras.

Premios da **Edición**

Convocados por primeira vez no ano 2005 pola Asociación Galega de Editores (AGE) e patrocinados polo Centro Español de Dereitos Reprográficos (Cedro), preténdese recoñecer con eles a excelencia no ámbito editorial. Os galardóns teñen seis categorías: Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Autor ou Autora do Ano; Premio Ánxel Casal ao Libro de ficción; Premio Ánxel Casal ao Libro de poesía ou teatro; Premio Ánxel Casal ao Libro de non ficción; Premio Lois Tobío ao Libro Traducido, Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado; Premio Xosé Neira Vilas ao Mellor Libro Infantil e Xuvenil; Premio Xosefa Iglesias Vilarelle ao Mellor Libro Educativo; Premio Rosalía de Castro á iniciativa editorial; e o Premio Francisco Fernández del Riego á difusión do ámbito editorial e cultural. No ano 2012 concéderonse os VII Premios da Edición 2011: Xavier Queipo recibiu o Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Autor do ano 2011 pola súa traxectoria; o libreiro Xesús Couceiro, o Premio Francisco Fernández del Riego; *Non hai noite tan longa*, de Agustín Fernández Paz, o Premio Ánxel Casal ao Libro de ficción 2011; o libro colectivo *Obra Gráfica de Conde Corbal*, o Premio Ánxel Casal ao Libro de non ficción 2011; *Poesía Completa de Lois Pereiro* editada por Edicións Xerais de Galicia, o Premio Ánxel Casal ao Libro de poesía e teatro 2011; *Xa me tardan eses magos*, de Mamá Cabra, o Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil; e *Shakespeare*, traducido por Ramón G. Izquierdo, o Premio Lois Tobío ao Libro Traducido; a editorial Kalandraka por *Contos por teléfono*, de Pablo Otero, o Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado; *As mulleres en Galicia no século XX*, de Jesús de Juana, o Premio Xosefa Vilarelle ao Libro educativo de 2011; e OQO Editora por *Contos do camiño* e *Caracois*, unha transformación de álbums ilustrados en series de animación audiovisual, o Premio Rosalía de Castro á Mellor Iniciativa Editorial. O xurado estivo formado polo crítico Xosé Manuel Eyré, a libreira Isabel Ares, a xornalista Montse Dopico, o editor Juan Blanco Valdés e a bibliotecaria Mary Luz Corral. Os galardóns entregáronse na gala da Noite da Edición celebrada o 9 de marzo no hotel Quinta da Auga, en Santiago de Compostela.

Referencias varias:

- J. M. R., “Bretemada’ es finalista del Premio Ánxel Casal”, *El Correo Gallego*, “área de Compostela”, “Camariñas”, 16 febreiro 2012, p. 31.

Anúnciase a selección como finalista dos Premios da Edición do poemario *Bretemada* (2011), de Gonzálo López Abente.

- Camilo Franco, "Tres obras de Xerais foron premiadas na Noite da Edición", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 marzo 2012, p. 47.

Infórmase da gala de entrega dos Premios da Edición, celebrada en Santiago de Compostela.

- Fernando Soto, "Galardón cultural para Xesús Couceiro y su histórica librería", *El Correo Gallego*, "Santiago", 10 marzo 2012, p. 29.

Fálase das obras premiadas e homenaxeadas con mencións especiais nos Premios da Edición.

- M. M., "La mirada crítica a la sociedad de Fernández Paz le vale el Premio Ánxel Casal al libro de ficción del año", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 44/ "Fernández Paz logra el Ánxel Casal al libro de ficción del año", *La Opinión*, "Cultura", p. 55, 10 marzo 2012.

Cítanse os premiados nas distintas categorías dos Premios da Edición: *Non hai noite tan longa*, de Agustín Fernández Paz; *Obra gráfica de Conde Corbal*; *Poesía completa de Lois Pereiro*; *Xa me tardan eses magos*, de Mamá Cabra; *Contos por teléfono*, de Pablo Otero; *Shakespeare*, de Ramón G. Izquierdo; *As mulleres en Galicia no século XX*, de Jesús de Juana; *Os contos do camiño* e *Caracois*, e dous premios homenaxe a Xesús Couceiro e a Xavier Queipo.

- Paco Martín, "Agustín Fernández Paz, a quien todo el mundo quiere", *El País*, "*Galicia*", "Gallegos en la escalera", 11 marzo 2012, p. 8.

Fálase da figura de Agustín Fernández Paz e do seu traballo como profesor, ensaísta, conferenciante, investigador e narrador, con motivo do seu último galardón conquerido nos Premios da Edición.

- Víctor F. Freixanes, "A festa dos editores", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 11 marzo 2012, p. 20.

Fálase da situación da industria editorial en Galicia en comparación coa industria do cine con motivo da entrega dos Premios da Edición, dos que se cita o premio especial que recibiu Xesús Couceiro a toda unha vida dedicada ao oficio.

- ELOS, "Asociación Galega de Editores", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", "Protagonistas eLIXidos", 28 marzo 2012, p. 51.

Coméntase que a Asociación Galega de Editores entregou os seus premios o pasado nove de marzo e que, no que respecta á Literatura Infantil e Xuvenil, mereceu unha mención especial do Premio Ánxel Casal ao Libro de Ficción *Centauros do norte* (2011), de Marcos Calveiro; o Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado recaeu en *Contos por teléfono* (2011), de Gianni Rodari, ilustrado por Pablo Otero e recibiu unha mención especial *Canto de Nadal* (2011), de Charles Dickens; o Premio Rosalía de Castro á

Mellor Iniciativa Cultural outorgóuselle a OQO polos proxectos *Contos do camiño* e *Caracois* e, finalmente, o Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil 2011 mereceuno *Xa me tardan estes magos* (2011), de Mamá Cabra.

- Xoán Bernárdez Vilar, "Sobre celtas e castrexos", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 177, "Crónicas", "Rolda da cultura", marzo-abril 2012, pp. 96-104.

Dá conta de diversos acontecementos na cultura galega, entre eles a entrega do Premio Ánxel Casal a Agustín Fernández Paz.

Premio literario **Fernando Arenas Quintela** de narrativa e ensaio

A libraría coruñesa Arenas convoca este premio co fin de favorecer a creatividade da mocidade e promover un mellor ambiente cultural. Pode concorrer calquera persoa cun traballo libre e inédito referido á cidade da Coruña, a Galicia ou a España, en lingua galega ou castelá, cunha extensión entre 150 e 350 páxinas. Debe presentarse por triplicado na propia libraría (Cantón Pequeno, 25) baixo lema e cun sobre cos datos persoais do autor. O premio consiste na publicación da obra gañadora e 1.500 euros. No ano 2012, duodécima edición, o xurado, presidido por José Manuel Liaño Flores, deu a coñecer a súa decisión, o 20 de abril, de entregar o galardón a Manuel Gantes García pola obra *Acorazado Jaime I: o Potemkin español*.

Premios **Irmandade do Libro**

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. Na edición do ano 2007 engadiuse un premio para o mellor libro en galego e na edición do ano 2009 creouse unha nova modalidade, Fomento da Lectura. As propostas de participación poden ser presentadas na Federación de Libreiros de Galicia (R/ República del Salvador, 28 entrechán B. 15701 Santiago de Compostela). O galardón, para cada unha das sete modalidades, consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e as categorías de Centros de Ensino e Fomento da Lectura, únicas con dotacións económicas, contan con 2.000 euros para a adquisición de libros en calquera das librarías integradas na Agrupación de Libreiros á que pertenza a localidade do colexio gañador. O xurado está integrado por tres membros da Federación de Libreiros, un representante da Consellería de Eduación, un bibliotecario, un profesor de Lingua e Literatura galegas e un escritor. Na XXI edición de 2012, a data límite para a presentación de candidaturas finalizou o 23 de marzo e outorgáronse os seguintes galardóns: na modalidade de institución, a Real Academia Galega; polo fomento da lectura a Biblioteca Central Rialeda do Concello de Oleiros; a obra *Mitoloxía de Galiza*, de Vitor Vaqueiro, na modalidade editorial do ano 2011; o CEIP de Riomaior (Pontevedra), centro de ensino do ano; *Non hai noite tan longa*, de Agustín Fernández Paz, Libro do Ano 2011; Libraría Cartabón de Vigo foi recoñecida na modalidade das librarías; no apartado de autor, o recoñecido foi Gonzalo Navaza. O acto de entrega tivo lugar o 21 de abril no Auditorio Municipal de Lalín.

Premio aos **Libros Mellor Editados** do Ministerio de Cultura do Estado español

Convocado polo Ministerio de Cultura dende o ano 2005, este premio recoñece os libros mellor editados ao longo do ano anterior. Estes galardóns, sen dotación económica, consisten na exposición das obras gañadoras nas principais feiras internacionais do libro. Clasifícanse en cinco grupos temáticos: arte, libros de bibliofilia, facsímiles, infantís e xuvenís e obras xerais e de divulgación. O Premio ás Mellores Ilustracións Infantís e Xuvenís en edicións anteriores recaeron nos seguintes ilustradores galegos: Óscar Villán con *O coelliño branco* en 1999; Federico Fernández con *¿Onde perdeu Lúa a risa?* en 2002; e Pablo Amargo con *O monstro da chuvia* en 2004. *Pancho*, de Antonio Santos, foi segundo premio en 2003; *Pucho, o habitador dos tellados*, terceiro premio na categoría de Libro Infantil en 2006; en 2010 o segundo e terceiro galardóns foron para *Cantas pingas na cidade!*, escrito e ilustrado por Eva Montanari, e *Os mil brancos dos esquimós*, de Isabel Minhós Martins; e en 2011 o terceiro premio na categoría de "Libros Infantiles y Juveniles" foi para *Diógenes*, de Pablo Albo, editado por Kalandraka. Na edición de 2012, o primeiro premio na categoría de obras facsímiles foi para *Cantigas de Santa María de Alfonso X el Sabio*, editada por Testimonio Compañía Editorial, coeditado con Patrimonio Nacional; e no apartado dedicado ao Libro Infantil e Xuvenil, o primeiro premio foi para a obra *Kipling ilustrado*, de Rudyard Kipling, con ilustracións de Ajubel, Pablo Amargo, Isidro Ferrer, Pep Monserrat, Pablo Auladell, Paco Giménez y Arnal Ballester,editado por Kalandraka Editora.

Certame Literario **Manuel Oreste Rodríguez López**

Convocado polo Concello de Paradela para honrar a figura de Manuel Oreste Rodríguez López, poden presentarse ao certame obras orixinais, inéditas e non premiadas, en galego ou en castelán. Consta de dúas modalidades, unha de narrativa e outra de poesía, cunha extensión máxima de vinte folios na modalidade de narrativa e de cen versos en poesía. As obras deben enviarse mecanografadas (ou a ordenador) a dobre espazo, por sextuplicado, sen firma e con lema, ao Concello de Paradela (Rúa Cabaleiros de Santiago, n.º 15, 27611 ou a concello.paradela@eidolocal.es). Está dotado con 600 euros para cada unha das modalidades. No ano 2012, 17ª edición, o xurado estivo formado por D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela como Presidente; D. José Carlos Rodríguez Andina (Xefe de Servizo da Área de Cultura da Xunta de Galicia); D. Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); e D. Xavier Rodríguez Barrio (poeta) como vogais; e D. José López González, Secretario do Concello de Paradela, que deu fe do acto. Presentáronse catrocentas vinte obras á modalidade de poesía e cincocentas trinta e oito á de narrativa. Os galardóns foron para Don José Antonio Repeto González de Jerez de la Frontera (Cádiz) na categoría de poesía pola súa obra *Siete sonetos para el mar*, presentada baixo o lema "Epicteto"; e para Don Erick Hernández Morá, de nacionalidade cubana e residente en Miami (Estados Unidos de América) na categoría de narrativa coa obra *Por la residencia aguantamos*. Concedéronse ademais, na modalidade de poesía dous accésit: á obra co lema e título *Esperto caraveis mollados*, de Don Xosé Otero Canto, de Lugo; e á obra presentada baixo o lema "Nerbo", titulada *Manuel*, de Don Marcial González Vigo, de Lugo. As mencións de Honra recaeron, na obra titulada *Federico*, cuxa autora é Dona Margarita

Souvirón López, de Málaga, e a obra baixo o lema "Calíope", titulada *Polifonía literaria en si maior*, pertencente a Dona Yoli López, de Ourense e residente en Madrid. O xurado acordou outorgar tamén dous accésits no apartado de narrativa: á obra presentada baixo o lema "O Canteiro" e co título *A moeda de pedra*, de Don Pepe Pol de Montefurado, Quiroga; e á obra presentada baixo o lema "Penélope", títulada *Ulises volta das illas*, de Don Xaime Domínguez Toxo, de Pontevedra. As dúas mencións de Honra recaeron na obra baixo o lema e título *La isla de San Simón*, cuxa autora é Dona Sofía Rodríguez Suárez, de Fornelos da Ribeira, Salvaterra de Miño (Pontevedra) e a obra baixo o lema "Adamar" e titulada *A novena onda*, pertencente a Don Marcos Dios Almeida, de Vilaboa (Pontevedra). Neste ano tamén se convocou a XVIII edición, cuxo prazo de entrega de orixinais rematou o 30 de novembro.

Referencias varias:

- L. P., "Un cubano y un jerezano ganan los premios Manuel Oreste", *El Progreso*, "Sarria", 28 abril 2012, p. 20.

Anúncianse os gañadores da décimo sétima edición do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López: *Siete sonetos para el mar*, de José Antonio Repeto e *Por la residencia aguantamos*, de Erick Hernández. Noméanse tamén os accésits e as mencións de honra.

- L. P., "Paradela vive su fiesta de la cultura con la entrega de los Manuel Oreste", *El Progreso*, "Sarria", 22 decembro 2012, p. 19.

Refírese á entrega dos premios Manuel Oreste Rodríguez López a José Antonio Repeto González, na categoría de poesía, e a Erick Hernández Mora, na categoría de narrativa e informa da presentación dunha páxina *web* sobre Manuel Oreste e dun libro que recolle as dez obras premiadas no certame.

Certame Literario **Mariano**

A Asociación Cultural "Santuario Virxe da Armada", dentro do seu obxectivo de traballar pola promoción, coidado e desenvolvemento do Santuario da parroquia de San Salvador de Rabal (Concello de Celanova), convoca este certame. Poden presentarse traballos en prosa, cunha extensión mínima de cinco folios, ou en verso, cunha extensión mínima de corenta versos, en castelán ou galego, sobre un tema mariano en xeral ou sobre a virxe. Conta con tres galardóns de 600, 300 e 150 euros e o prazo para a presentación dos traballos, que deben enviarse ao reitor do Santuario da Armada de Rabal dentro dun sobre baixo lema e pseudónimo, finaliza o 31 de maio. O ditame do xurado dáse a coñecer o 15 de agosto e a entrega dos premios ten lugar na semana do novenario (antes do 9 de setembro).

Premios **Nacionais de Literatura**

Creados en 1984 polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para premiar as mellores obras publicadas ao longo do ano anterior, nas modalidades de Narrativa,

Poesía, Ensaio, Literatura Dramática e Literatura Infantil e Xuvenil, en calquera das linguas do Estado. Están dotados con 20.000 euros. En edicións anteriores recibiron o Premio Nacional na modalidade de Narrativa: en 1986 Alfredo Conde por *Xa vai o griffón no vento*; en 1996 Manuel Rivas por *¿Qué me queres, amor?*; en 2003 Suso de Toro por *Trece badaladas*; na modalidade de ensaio en 2008 Xusto Beramendi González por *De provincia a nación. Historia do nacionalismo galego*; na modalidade de Literatura dramática en 2007 Rubén Ruibal por *Limpeza de sangue*; e na modalidade de Literatura Infantil e Xuvenil: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín en 1986; *Cando petan na porta pola noite*, de Xabier P. Docampo en 1995; *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey en 1996; e *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz en 2008. Na edición de 2012 ningunha obra da literatura galega recibiu o galardón.

Premio de Tradución **Plácido Castro**

A Fundación Plácido Castro convoca este certame para reivindicar a figura, a obra e o pensamento de Plácido Ramón Castro del Río (1902-1967), especialmente no campo da tradución, do pensamento e xornalismo. Está destinado a promover entre todos os tradutores de Galicia versións en lingua galega das grandes obras da literatura universal e diríxese a todas as persoas que publicasen na Biblioteca Virtual algunha tradución ao galego da literatura universal. Está dotado con 3.000 euros, unha peza escultórica de Xaquín Chaves e un diploma. O xurado do premio componse de cinco membros pertencentes ou designados por cada unha das seguintes institucións: Asociación de Tradutores Galegos (ATG), Fundación Plácido Castro, Real Academia Galega, Departamento de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo e Xunta de Galicia. Nesta XI edición de 2012, o xurado reuniuse o 23 de novembro e decidiu conceder o galardón *ex aequo* a Lourenzo Maroño e Elena Sherevera pola *Antoloxía da poesía rusa: de Pushkin a Evtushenko* e a Camiño Noia pola súa tradución de *O gran Meaulnes*. O acto de entrega tivo lugar o 1 de decembro no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Certame literario **Ramón Martínez López**

O Concello de Boiro e a Biblioteca Pública Municipal co obxecto de fomentar a creación literaria entre o alumnado do Concello convocan este certame nas modalidades de conto, relato e poesía para salientar a figura deste fillo predilecto boirense. Diríxese ao alumnado dos centros de ensino primario e secundario do Concello de Boiro e aos nacidos ou residentes en Boiro. As obras deben ser inéditas, escritas en lingua galega, e de tema libre. Cada participante pode presentar un único traballo. Estabelécense seis categorías na modalidade de narrativa: A (3º e 4º de primaria) cunha extensión máxima de 2 folios, B (5º e 6º de primaria) cun máximo de 4 folios; C (1º e 2º de ESO), cun máximo de 8 folios; D (3º e 4º de ESO), cun máximo de 12 folios; E (bacharelato e formación profesional) cun máximo de 20 folios e F (poboación en xeral), cun máximo de 20 folios. En posía existía unha categoría única (calquera persoa maior de 13 anos), cunha extensión máxima de setenta versos, mais no ano 2010 ampliouse a tres: primeira, para alumnos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto de ESO, cun máximo de setenta versos; segunda, para bacharelato e formación profesional, cun máximo de noventa versos e terceira, para poboación en xeral, cun máximo de cento dez versos. Os

primeiros clasificados das categorías A, B e C de narrativa reciben un vale de 80 euros, os segundos clasificados, un vale de 50 euros, e os terceiros clasificados un vale de 30 euros, para mercar en calquera comercio de Boiro; na Categoría D e E a contía ascende a 120 euros para o primeiro premio e 80 euros para o segundo; e na Categoría F hai un 1º premio de 145 euros. Na modalidade de poesía o galardón é de 80 euros para cada unha das categorías. O xurado pode declarar deserto algún premio ou concedelos *ex aequo*. Os traballos deben presentarse na Biblioteca Pública Municipal de Boiro (1ª planta da Casa da Cultura "Ramón Martínez López"). Na quinta edición de 2012, o prazo de entrega de orixinais rematou o 4 de maio. Chegaron a presentarse 133 traballos e o xurado, integrado por Esther Carrodeguas, Xesús Laíño, Natalia Carou e María del Sol Beiroa, decidiu outorgar os seguintes galardóns: na categoría A, Alejandra Melón (primeiro premio); Desirée Ribadulla (segundo); e Sergio Rial (terceiro); na categoría B, Marta Segade (primeiro premio); Andrea Outeiral (segundo); e Lorena Lamas (terceiro); houbo un accésit para Helena Silva; na categoría C, Paula Vidal (primeiro premio), Julia Martínez (segundo); e Alejandro Davila (terceiro), na categoría D, Irene Muñiz (primeiro premio) e Mateo Núñez (segundo); houbo un accésit para Lois Vázquez; na categoría F, Estevo Silva e José Manuel Vázquez. En poesía, na categoría G, Javier Outeiral, na categoría H, Pedro Campos; e na categoría I, Silvia García e Juan Antonio Fuentes. Entregaron os premios o alcalde, Juan José Dieste; as edís Helena Teixeira e María José Lorenzo, así como o concelleiro Antonio Moledo e o bibliotecario Anxo Campos.

Referencias varias:

- S. Souto, "V Certamen literario Ramón Martínez", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Boiro", 15 marzo 2012, p. 32.

Anúnciase a convocatoria do V Certame literario Ramón Martínez López.

Premio **Ricardo Carvalho Calero** de Investigación Lingüística e Creación Literaria

Premio bienal en lingua galega organizado polo Concello de Ferrol coa colaboración da Asociación Cultural Medulio en memoria deste profesor licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Admite liberdade en canto á escolla da normativa ortográfica empregada. Conta coas modalidades de investigación lingüística e creación literaria. Na modalidade de ensaio os traballos presentados deben ter unha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos cincuenta. Ao premio de creación literaria poden concorrer narracións curtas ou conxunto de contos cunha extensión mínima de cincuenta folios. Deben presentarse en documento informático acompañado de cinco copias impresas. Noutro sobre teñen que constatarse os datos persoais e un breve currículo da persoa autora da obra. Cada un dos premios consiste en 3.700 euros e a publicación na editorial Laiovento. No ano 2012 celebrouse a XIX edición e o prazo para remitir os traballos foi do 16 de abril ao 16 de xuño. Presentáronse un total de nove, seis na modalidade de ensaio e tres na de creación literaria. O xurado, presidido polo concelleiro de Cultura de Ferrol, Manuel-Reyes García Hurtado, e composto pola profesora da Universidade da Coruña Carme Fernández-Pérez Sanjulián; o enxeñeiro, economista e escritor Camilo Nogueira Román; a documentalista, escritora e tradutora María Ángeles García Sumay; a

xornalista Montserrat Dopico González; e o gañador da anterior edición, Manuel Castelao, decidiu por unanimidade conceder o premio na modalidade de ensaio a Luís García Soto (A Coruña, 1956) pola obra *O labirinto da saudade*. Así mesmo, acordou outorgar un accésit a Xosé Díaz Díaz por *Dos arquivos xeométricos de Rafael Dieste. A xeometría como experiencia da realidade*. A modalidade de creación literaria quedou deserta.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, "Luís García Soto gaña o XIX Premio Carvalho Calero cun ensaio sobre a saudade", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 6 outubro 2012, p. 13.

Informa de que o gañador do XIX Premio Carvalho Calero na modalidade de ensaio foi o filósofo Luís García Soto co texto titulado *O labirinto da saudade,* e sinala que por primeira vez se outorgou un accésit: a Xosé Díaz Díaz co seu traballo *Dos arquivos xeométricos de Rafael Dieste*.

Premios de **Relato, Poesía e Tradución da Universidade de Vigo**

A Universidade de Vigo, a través da Área de Normalización Lingüística, convoca estes premios co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Consta de tres modalidades: poesía, relato curto e tradución literaria. Poden participar todos os membros da Universidade de Vigo, agás para a modalidade de tradución literaria, reservada para o profesorado que imparte docencia na titulación de Tradución e Interpretación. Os orixinais, ineditos e non premiados noutro certame, deben estar escritos en lingua galega e axustarse á normativa que recolle os cambios aprobados pola Real Academia Galega en xullo 2003. Estabelécese un premio de 700 euros e dous accésits de 250 euros para cada unha das modalidades. Todos eles poden ser declarados desertos a xuízo do xurado. Na modalidade de poesía o tema é libre, cun mínimo de cen versos e máximo de cento cincuenta. Na modalidade de relato curto o mínimo é de oito folios e o máximo de doce. Na modalidade de tradución literaria, o texto fonte debe ser un texto literario en calquera idioma, cun mínimo de oito páxinas e un máximo de vinte, e é necesaria a entrega dunha copia deste, indicando claramente o seu autor, a lingua de publicación e a editorial. Os traballos deben dirixirse, por quintuplicado e mecanografados a dobre espazo, cun lema elixido polo autor e os seus datos persoais, á Área de Normalización Lingüística e poden entregarse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo. O xurado, presidido polo reitor ou persoa en quen delegue, está integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos de creación poética e narrativa, da crítica literaria e mais da tradución. No ano 2012, XV edición, outorgáronse os seguintes galardóns: en poesía: o 1.º premio foi para Marisol Gándara Sánchez, polo poemario *A cor dura da pel* e houbo dous accésits para Xabier Xil Xardón, polos poemarios *Volvería ao frío* e *Vou falar da ruína*; así mesmo decidiuse recomendar a publicación de poemas de Aitor Toro Martínez e de Alba Domínguez Blanco; en relato curto, o 1.º premio foi para Xandra Táboas Martínez, polo relato *Navy Bar*; o 1.º accésit levouno Pedro Xoaquín Peón Estévez, polo relato *Desculpe señor Darwin*; e o 2.º accésit foi para María Lago González, polo relato *Tetraloxía do inexplicable, parte dúas: Booth Museum*. En Tradución literaria o 1.º premio quedou deserto; o 1.º accésit foi para Guillermo Rosales González, pola tradución dun texto de

Mark Gatiss; e o 2.º accésit foi para Martina Corral Aller, pola tradución dun texto de Chimo. O acto de entrega dos galardóns celebrouse o 16 de maio.

Referencias varias:

- R. Suárez, "Cando tes unha idea creo que queda mellor reflectida nun poema", *Atlántico Diario*, p. 33/ *La Región*, p. 5, "*Universitas*", "Entrevista", 24 maio 2012.

Entrevista realizada a Marisol Gándara, premio de poesía dos Premios de Relato, Poesía e Tradución da Universidade de Vigo pola obra *A cor dura da pel*. Cítanse os vencedores e accésits nas outras categorías.

Certame literario **Rosa de Cen Follas** do Colexio Oficial de Psicoloxía

Creado en 2008 polo Colexio Oficial de Psicoloxía, en homenaxe a Rosalía de Castro, conta con dúas modalidades, prosa e verso, cun galardón de 250 euros para o mellor traballo de cada xénero en lingua galega, de temática libre, con dúas páxinas como extensión máxima. Deben enviarse catro exemplares á sede da institución (rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago). Na quinta convocatoria, correspondente ao ano 2012, o prazo de presentación de orixinais rematou o 17 de maio e o 11 de decembro foron entregados os premios na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. As galardoadas desta edición foron: Rocío Leira Castro, na modalidade de narrativa, coa obra titulada "Recunchos incólumes", e Alba Cid Fernández, coa obra "A raíz dos manglares", na modalidade de poesía.

Referencias varias:

- Isabel Miguel, "Relatos contra la violencia de género", *La Voz de Galicia,* "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 12 decembro 2012, p. X.

Dá a coñecer o veredicto do xurado do certame Rosa de Cen Follas que organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía.

- J. V. Lado, "A inactividade mátame", *La Voz de Galicia*, "1 Hora ... Con la multiganadora de concursos literarios", 18 decembro 2012, p. contracuberta.

Fala da profesora Rocío Leira, quen recibiu o Premio do Colexio de Psicólogos co seu relato breve *Recunchos Incólumes*. Explica a autora que ten gañados máis dun cento de premios literarios pero que aínda así toma a súa faceta de escritora como un entretemento.

Certame Literario **Terras de Chamoso**

Premio convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo, para premiar todos os autores que expresen no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua galega co obxectivo de

incentivar a imaxinación e a creación de textos en galego nos concellos que formaban o antigo "comitatus Flammusus", é dicir, O Corgo, Castroverde, parte de Láncara e Baralla e un anaco de Becerreá e Lugo. A única norma é que a obra se redacte en lingua galega e presenta dúas modalidades, poesía e narrativa, e tres categorías: infantil (dos 10 aos 14 anos), xuvenil (dos 14 aos 18 anos) e adultos (maiores de 18 anos). Na modalidade de poesía a extensión é de trinta a sesenta versos mentres que en relato curto é de tres a seis folios escritos a dobre espazo, excepto a categoría infantil que non ten límite de espazo inferior, pero si superior. Cada participante pode presentar varios traballos, non premiados noutros certames literarios, mecanografados, achegando nun sobre pechado a información persoal na Asociación Cultural Arumes do Corgo (Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo-Lugo). Concédense dous premios en cada modalidade, que consisten nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma. O xurado está composto por membros da Xunta Directiva da Asociación, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras. Na sexta edición de 2012, o prazo de entrega de traballos rematou o 15 de novembro e o xurado, composto por D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano, D. Xosé Manuel Castro Castedo, D. Xan Ramiro Cuba Rodriguez, Dna. Mª do Pilar Campo Dominguez e Dna. Mª Esperanza Fernández Camiña, decidiu outorgar os seguintes galardóns: na categoría infantil, na modalidade de poesía, o 1º premio foi para Lara Domínguez Chantres, de Baleira, pola obra "As nubes máxicas"; o 2º premio foi para Carla Castedo Pereira, de Francelos- Barredo (Castroverde), pola obra "O outono"; na modalidade de relato, o 1º premio, foi para Alicia García Cabaleiro, de Laxes (O Corgo), pola obra "Linda: A tola feliz"; o 2º premio, foi para Catarina Castro Sas, de Lugo, pola obra "A viaxe de Monshair"; na categoría xuvenil, na modalidade de poesía, o 1º premio quedou deserto; o 2º premio foi para Cristina Pernas Pereiro, de Paradela (O Corgo), pola obra "A mentira do amor sen verdade"; na modalidade de relato, o 1º premio foi para Lucia González Campos, de Montecubeiro (Castroverde) pola obra "A voz da vinganza"; o 2º premio foi para Patricia Fulias Guzmán, de San Paio Castroverde, pola obra "Contando estrelas entre catro paredes"; na categoría de adultos, na modalidade de poesía, o 1º premio foi para Javier Rodríguez González, de Ourense, pola obra "Homenaxe"; o 2º premio foi para Eva de la Torre Conde, de Lugo, pola obra "Nadas de nobre estirpe"; na modalidade de relato; o 1º premio foi para Marcelino Sisto Deibe, de Ferrol, pola obra " Mariñeira" , e o 2º premio foi paraTito Pérez Pérez, da Coruña, pola obra "O Conto do esquío e da martaraña". O acto de entrega tivo lugar o 22 de decembro no centro sociocultural do Corgo.

Premios **Xuventude Crea**, anteriormente coñecidos como GZCrea

Convoca este certame galego a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia e está dirixido a creadores novos, cunha idade comprendida entre os dezaseis e os trinta anos. Vén substituír ao anteriormente coñecido como GZCrea. Inclúe as modalidades de teatro, artes plásticas, moda, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis, deseño de xoias e monólogos. Nas modalidades de Relato, Poesía e Banda deseñada, os textos deben ser orixinais, inéditos e en galego, de temática libre, e deben ser presentados en formato papel e en CD. Para cada modalidade estabelécense tres premios: 3.000 euros para o primeiro, 1.500 para o segundo e 1.000 para o terceiro, podendo outorgarse mencións de honra sen dotación económica. Para calquera información adicional, pode consultarse a páxina web da Consellería de Traballo e

Benestar e de Xuventude. No ano 2012 os galardós na modalidade Banda deseñada foron: 1º premio quedou deserto por unanimidade do xurado; o 2º premio foi para Miguel Cuba Taboada, coa obra "Ráfaga"; o 3º premio foi para Laura Velasco Vázquez, coa obra "A cita"; e houbo mencións de honra para Alba Mª. González López, coa obra "En busca da arte perdida" e para Miguel Golmayo Labrador, coa obra "O legado do lume". Na modalidade de Poesía: o 1º premio (compartido) foi para Cristina Ferreiro Real, coa obra "Epidemia" e para Natalia Umpiérrez Suárez, coa obra "Artibiótico"; o 2º premio (compartido) foi para Belén Gavín Bermúdez, coa obra "Porcelana" e para Rafael Lobelle González, coa obra "Retrincos fotoxénicos"; e o 3º premio (compartido), foi para Alba Cid Fernández, coa obra "Epistolario sitiado. Correspondencia abisal en escenarios diversos", e Míriam Ferradáns Ferradás, coa obra "Novecomaoito"; e houbo mencións de honra para Daniel Emilio Villaverde Framil, coa obra "Suicidio correctivo", e para Elías Antón Marcos, coa obra "AEC". Os premiados en Relato breve foron: 1º premio, Inés Mª. Rodríguez Naz, coa obra "Mitos en ámbar"; 2º premio (compartido), Roi Vidal Ponte, coa obra "Un coitelo manchado de graxa", e Mª. Luisa Iglesias Taboada, coa obra "Un cuarto impropio. Metamorfose"; 3º premio (compartido), Rubén Vidal López, coa obra "Quen matou a Otto Hoch?", e Mª. Elena López González, coa obra "A corda de area"; e houbo mencións de honra para Tito Pérez Pérz, coa obra "Alén da elipse", e Sheila Aldariz Ferreiro, coa obra "Pompas fúnebres Ernesto". Os premiados en Teatro foron: 1º premio, Asociación Cultural Turbina, coa obra "Baile de sombras"; 2º premio, Mequetrefes Teatro, coa obra "De cando meus pais me plantaron nunha maceta"; e 3º premio, Mue Teatro, coa obra "Ningures".

Referencias varias:

- N. P., "La escena baionesa está en racha", *Faro de Vigo*, "Área Metropolitana", "Val Miñor", 3 outubro de 2012, p. 15.

Comenta que con seis anos de historia, o grupo Non si? Teatro, proclamouse como finalista por terceira vez no Certame Galego de Creadores Novos "Xuventude Crea". Explica que representará fronte ao xurado a súa última obra *Transilvania*.

- Lorena Franco Bouza, "La juventud gallega muestra su talento", *La Voz de Galicia,* "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 1 novembro 2012, p. contracuberta.

Comenta que terá lugar a exposición que acolle as obras finalistas na modalidade de artes plásticas do certame Xuventude Crea.

- S. Souto, "La compañía teatral UT-Tópico de A Pobra gana su primer galardón, de tres mil euros", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santia*go", n.º 368, 4 novembro 2012, p. 7.

Explica que a compañía teatral UT-Tópico da Pobra gañou o seu primeiro galardón no certame Xuventude Crea, con *Baile de Sombras*. Comenta que dita obra foi seleccionada o ano pasado para un festival en Berlín en representación do teatro contemporáneo español.

- Vicente Plaza, "O certame de creatividade Xuventude Crea 2012 prmia a 53 mozos

galegos", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 22 novembro 2012, p. 41.

Anuncia que no marco do Certame Xuventude Crea foron premiados 53 mozos e mozas dos 300 que se presentaron en 10 especialidades distintas. Dá a coñecer a relación de premiados nas categorías de artes plásticas, banda deseñada, carteis, deseño de xoias, graffiti, música, poesía, relato breve, teatro, e video creación.

- Vicente Plaza, "Especial Xuventude Crea, en Correo TV", *El Correo Gallego*, "Medios", 23 novembro 2012, p. 53.

Entre a programación ofrecida por Correo TV, explica que se retransmitirá a gala de entrega dos Premios Xuventude Crea con entrevistas aos premiados.

- A. C. V., "Elena López, premiada por un relato breve con trama en el monasterio de Samos", *El Progreso*, "Sarria", 27 novembro 2012, p. 14.

Comenta que María Elena López González acadou un galardón máis ao recibir o premio Xuventude Crea pola súa obra *A corda de area*. Sinala que se trata dun relato policiaco sobre a recuperación do Códice Calixtino. A continuación comenta as bases do certame.

-Cecilia Martínez, "Estrofas que curan", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo","Bueu", "Moaña", 27 novembro 2012, p. 16.

Comenta que Miriam Ferradáns foi a gañadora do Premio Xuventude Crea na categoría de Poesía e indica que xa foi galardoada con anterioridade noutros certames literarios, como o Certame de Litratura Xuvenil Blanco Amor.

X.6. PREMIOS A UNHA VIDA

Premios **Barbantia da Cultura**

Os Premios
Barbantia da Cultura creáronse no ano 2007 pola Asociación Cultural Barbantia co propósito de recoñecer de xeito público a traxectoria cultural de persoeiros tanto galegos como da comarca da Barbanza. Os galardóns dividíronse en tres grupos, un premio Barbantia da Cultura, outro á traxectoria cultural no Barbanza e un último á iniciativa cultural. Mentres que os dous primeiros están destinados a particulares, o terceiro diríxese a institucións. O galardón consiste nunha escultura de bronce feita polo artista e membro de Barbantia, Manuel Teira, que reproduce un sireno, símbolo do colectivo cultural, e inspirado no gravado do artista Fran Blanco Alcaide. Nesta sexta edición de 2012, o premio Traxectoria Cultural no Barbanza foi para Xoán Mariño Reino, presidente da asociación cultural Terra de Outes; o premio Iniciativa Cultural no Barbanza destinouse á Sociedade Liceo de Noia polas súas numerosas iniciativas a prol da cultura; e o premio Barbantia da Cultura Galega foi para Xosé Ramón Barreiro, catedrático e historiador natural de Ribeira, académico que chegou a presidir a Real Academia Galega.

Premio **Bos e Xenerosos**

Creado en 2004 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), quere homenaxear persoas ou institucións que traballasen a prol da lingua, literatura ou cultura galega. En anteriores edicións este recoñecemento foi para Avelino Pousa Antelo (2004), o Museo do Pobo Galego (2005), a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas! (2006), o Laboratorio de Formas de Galiza e Isaac Díaz Pardo (2007), a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (2008), Mariví Villaverde (2009), os Concellos organizadores do Premio Blanco Amor (2010) e Francisco Fernández del Riego (2011). Na novena edición de 2012 homenaxeouse ao historiador Francisco Carballo.

Referencias varias:

- Cesáreo Sánchez Iglesias, “Premio a Francisco Carballo”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 177, “Estudos”, marzo-abril 2012, pp. 80-87.

Reproduce o saúdo do presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez Iglesias, ao historiador Francisco Carballo Carballo e a resposta deste na homenaxe que lle organizou a asociación antedita.

- Xoán Bernárdez Vilar, “Sobre celtas e castrexos”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 177, “Crónicas”, “Rolda da cultura”, marzo-abril 2012, pp. 96-104.

Dá conta de diversos acontecementos na cultura galega, entre eles a homenaxe no Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela a Francisco Carballo Carballo co gallo da súa obtención do premio da IX Edición de "Bos e Xenerosos".

Premio Celanova. **Casa dos Poetas**

Creouno en 1985 o Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten dotación económica e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproduce por unha face a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco "C" concéntricas, que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio "Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso". Cabe destacar que o nome de Castor se refire a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un extracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e asina no libro de honra do premio. O xurado está composto exclusivamente pola Xunta directiva do Padroado Curros Enríquez, presidido polo alcalde, e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo ao escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. Todos os galardoados co premio convértense en Patróns de Honra, con dereito a asistir ás reunións da Fundación, con voz pero sen voto. Nesta edición de 2012 a Fundación Curros Enríquez decidiu conceder o XXVIII galardón ao actor Luis Tosar 4 de setembro.

Referencias varias:

- Laura Fernández, "Luis Tosar recibe el premio 'Celanova, Casa dos Poetas", *La Región*, "Celanova", 23 xuño 2012, p. 18.

Dáse noticia da reunión que tivo lugar na Casa dos Poetas de Celanova para fallar o premio XXVIII co mesmo nome, e que este ano recaeu no actor Luis Tosar, de quen destacan a súa "implicación y fidelidad" con Galicia e a cultura galega.

- Mario Álvarez, "Tosar é xa o primeiro actor co Celanova, casa dos poetas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 3 setembro 2012, p. 43.

Coméntase que na XXVIII edición do Premio Celanova, Casa dos poetas, outorgóuselle o galardón a Luis Tosar, o primeiro actor en recibilo. Anúncianse tamén as actividades programadas para este ano no centenario de Curros Enríquez.

- Laura Fernández, "El lucense Luis Tosar reclama la 'dignidade' de los artistas", *La Región*, "Provincia", "Celanova", 3 setembro 2012, p. 10.

Sinala que se lle entregou a Luis Tosar o "Premio Celanova, Casa dos Poetas" e explica que emocionado reivindicou a necesidade de compromiso por parte das autoridades coa cultura galega.

- Rubén Novoa, “Tosar pide en Celanova que non se “maltrate” aos actores”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 setembro 2012, p. 25.

Informa de que Luis Tosar recibiu o “Premio Celanova, Casa dos Poetas” e comenta que reivindicou a necesidade de que se recoñeza e valore o traballo dos artistas.

- Víctor Rodríguez, “Tosar clama contra el maltrato a la cultura”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 3 setembro 2012, p. 16.

Comenta que o actor Luis Tosar recibiu o “Premio Celanova, Casa dos Poetas” e subliña as palabras do actor ao recibir o premio sobre a necesidade de valorar o traballo dos artistas..

Chairego de Honra

Galardón concedido pola Fundación Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos, de Guitiriz, co obxectivo de recoñecer a traxectoria cultural e social de persoas relacionadas coa comarca da Terra Cha que non naceran nela. En anos anteriores premiouse a Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, Marica Campo, Avelino Pousa Antelo, Bernardino Graña, Paco Martín, Fiz Vergara Vilariño e Antía Cal. Na edición de 2012 obtivo esta distinción o sacerdote Uxío García Amor. Co motivo da entrega do galardón realizóuselle unha homenaxe o 17 de novembro na Casa da Cultura de Vilalba.

Premio O **Facho de Ouro**

Convocado pola Asociación Cultural O Facho para galardoar a traxectoria vital de persoeiros galegos comprometidos coa lingua e a cultura galegas. No ano 2012 concedéusell ao teólogo e dinamizador cultural Francisco Carballo Carballo polo seu labor a prol da cultura galega dende os anos 70. A entrega do galardón tivo lugar durante o transcurso dunha cea o último sábado do mes de xaneiro de 2012.

Referencias varias:

- Xoán Bernárdez Vilar, “Stat sua cuique dies; breve et irreparabile tempus”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 176, “Crónicas”, “Rolda da cultura”, xaneiro-febreiro 2012, pp. 92-100.

Menciónase, entre outros asuntos, a concesión do Premio O Facho de Ouro a Francisco Carballo Carballo, quen o recibiu de mans da Agrupación Cultural O Facho.

- N. Díaz, “O teólogo e historiador Francisco Carballo recibe O Facho de Ouro”, *La Opinión*, “Cultura”, 29 xaneiro 2012, p. 62.

Cítanse algúns comentarios de Francisco Carballo, homenaxeado co Facho de Ouro en recoñecemento á súa longa carreira.

Premio **Laxeiro**

Convocado dende o ano 2004 pola Fundación Laxeiro co propósito de recoñecer o labor en prol da cultura galega de diferentes persoeiros ou institucións, en anteriores edicións galardoou ao intelectual Francisco Fernández del Riego (2004), Julio Fernández Gayoso (2005), Xaime Isla Couto (2006), Isaac Díaz Pardo (2007), ao poeta Carlos Oroza (2008); ao pintor Antón Lamazares (2009), a Xosé Neira Vilas (2010) e a María do Carme Kruckenberg (2011). No ano 2012, na novena edición, o Padroado da Fundación concedeulle o galardón a Luis Caruncho pola súa traxectoria no mundo da arte e a cultura.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Luis Caruncho recibe el premio Laxeiro por toda una vida dedicada al arte", *La Opinión*, "Cultura", 24 febreiro 2012, p. 53.

Fálase de Luis Caruncho, homenaxeado co Premio Laxeiro 2012 en recoñecemento á súa traxectoria no mundo da arte e a cultura. Inclúese un apuntamento biográfico sobre o artista.

Homenaxe **Letra E**. Escritor na súa terra

Creado en 1995 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema "O escritor na súa terra". Non ten dotación económica e consiste na plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a entidade convocante realízanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardoado. Ao mesmo tempo, entrégaselle unha escultura feita por Acisclo Manzano coa letra "E", de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. Na XVIII edición de 2012 concedéuselle o galardón a Xavier Rodríguez Baixeras.

Referencias varias:

- Diego de Cora, "O bonito da homenaxe que me vai render a AELG é que os compañeiros estarán comigo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 2 xuño 2012, p. 67/ *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 1 xuño 2012, p. 61.

Entrevista a Xavier Rodríguez Baixeras, galardoado coa Letra E. Escritor na súa terra, da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

- María Cuadrado, "Rodríguez Baixeras recibiu unha homenaxe da AELG en Ribadeo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 xuño 2012, p. 41.

Infórmase de que Xavier Rodríguez Baixeras recibiu da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a homenaxe Letra E. Escritor na súa terra. Dáse conta de que o pobo de Ribadeo acompañou ao escritor neste acto.

- Eduardo Gutiérrez, "Homenaxe a Xavier R. Baixeras", *El Progreso*, "Opinión", "Da capo", 6 xuño 2012, p. 33.

Fálase de Xavier Rodríguez Baixeras, homenaxeado coa Letra E. O escritor na súa terra, da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Cítanse algunhas das súas obras e as características dos seus poemas.

Medallas de Ouro de Galicia e **Medallas Castelao**

A Xunta de Galicia concede as Medallas de Galicia para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguen polo seu mérito ao servizo da comunidade galega en calquera aspecto social, cultural e económico. Consisten nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Dende o ano 2006, a entrega de medallas ten un único protagonista. Así mesmo, concede as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta de actividade humana. Na edición de 2012 concedéronse as Medallas de Ouro de Galicia ao grupo de música Milladoiro, á Real Academia de Medicia e Ciruxía de Galicia, e aos policías coñecidos comos "Os tres héroes do Orzán".As Medallas Castelao foron outorgadas a Manuela López Besteiro, Román García Varela, Federico Martinón Sánchez, Arsenio Iglesias e Míchel Salgado. O acto de entrega das Medallas Castelao tivo lugar no mes de xuño na igrexa de San Domingos de Bonaval; e o das Medallas de Ouro o 25 de xullo na Cidade da Cultura.

Referencias varias:

- AGN, "Arsenio y Michel Salgado, entre los cinco premiados en las Medallas Castelao 2012", *Diario de Pontevedra*, p. 30/ "Los lucenses Román García y Manuela López Besteiro, Medallas Castelao 2012", *El Progreso*, p. 27, "Galicia", 8 xuño 2012.

Fálase dos cinco premiados que recibiron as Medallas Castelao en 2012: Manuela López Besteiro, Román García Varela, Federico Martinón Sánchez, Arsenio Iglesias e Míchel Salgado.

- D. Domínguez, "Arsenio Iglesias y Míchel Salgado reciben la Medalla Castelao por su trayectoria", *La Opinión*, "Galicia", 8 xuño 2012, p. 23.

Infórmase de que Arsenio Iglesias e Míchel Salgado foron merecentes das Medallas Castelao 2012.

- Sabela Arias, "A orla dos Castelao suma cinco nomes", *El Correo Gallego*, "Galicia", 8 xuño 2012, p. 10.

Fálase da entrega das Medallas Castelao aos cinco premiados: Manuela López Besteiro, Román García Varela, Federico Martinón Sánchez, Arsenio Iglesias e Míchel Salgado. Cítanse algúns dos premiados de edicións anteriores.

- Antonino García, "Acabaré en el Celta, no sé si como futbolista, entrenador o presidente, pero ahí estaré", *Faro de Vigo*, "Vigo", 10 xuño 2012, p. 7.

Trátase dunha entrevista a Míchel Salgado por recibir unha Medalla Castelao.

- Olaia Ucha, "Algunos padres aún piensan que la obesidad no es una enfermedad", *El Progreso*, "Galicia", 24 xuño 2012, p. 27.

Entrevista ao pediatra Federico Martinón, cuxa traxectoria será recoñecida coa Medalla Castelao.

- ECG, "Feijóo preside hoxe a entrega das Medallas Castelao 2012", *El Correo Gallego*, "Galicia", "Recoñecemento", 28 xuño 2012, p. 14.

Informa do acto de entrega e dos recoñecidos coas Medallas Castelao.

- Carmen Villar, "Héroes que convierten 'ideas en hechos", *Faro de Vigo*, "Galicia", 29 xuño 2012, p. 28.

Faise eco das declaracións do Presidente da Xunta de Galicia no acto de entrega das Medallas Castelao.

- Daniel Salgado, "Entre el 'drama' de Castelao y el fútbol", *El País*, "*Galicia*", 29 xuño 2012, p. 4.

Nomea aos premiados coas Medallas Castelao e comenta brevemente o discurso de cada un deles.

- M. CH., "Feijoo apela al galleguismo plural al entregar las medallas Castelao", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 29 xuño 2012, p. 15.

Faise eco da vixésimo oitava edición da entrega das Medallas Castelao que tivo lugar en San Domingos de Bonaval (Santiago de Compostela). Sinálase que os premiados foron a conselleira Manuela López Besteiro, o maxistrado Román García, o doutor Federico Martinón, o futbolista Míchel Salgado e o ex-adestrador do Deportivo, Arsenio Iglesias.

- Montse Castro, "Feijóo hace valer la unidad por encima de los símbolos", *El Correo Gallego*, "Galicia", 29 xuño 2012, p. 12.

Cómentase o acto de entrega das Medallas Castelao que tivo lugar na igrexa de San Domingos de Bonaval.

- Olaia Ucha, "Feijóo alaba por estar 'en e con Galicia' a los premiados con las Medallas Castelao", *Diario de Pontevedra*, "Galicia", 29 xuño 2012, p. 32.

Infórmase da entrega das Medallas Castelao en San Domingos de Bonaval.

- Marcelino Agís Villaverde, “Medallas Castelao”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 2 xullo 2012, p. 2.

Refírese ás Medallas Castelao, facendo un respaso pola biografía da única muller galardoada, Manuela López Besteiro.

- Diana Mandía, “A industria do folk volveu á transición”, *El País*, “*Día de Galicia*”, “Extra”, 26 xullo 2012, p. 8.

Entrevista ao grupo musical Milladoiro tras recibir a Medalla de Ouro de Galicia como recoñecemento á súa traxectoria dentro da música tradicional galega.

- Alberto Martínez, “La Medalla de Galicia a título póstumo, a los tres ‘Héroes del Orzán”, *El Correo Gallego*, “Primer Plano”, 25 xullo 2013, p. 7.

Informa da concesión da Medalla de Galicia aos tres policías galegos que perderon a vida tratando de rescatar ao estudante de erasmus Tomas Velicky e comenta que tamén foron galardoados o grupo musical Milladoiro e a Real Academia de Medicina e ciruxía de Galicia.

- D. Martínez, “Santiago se convierte en más capital que nunca”, *La Voz de Galicia*, “*Suplemento especial de La Voz de Galicia El Pueblo Gallego*”, 25 xullo 2012, p. 2.

Trata da entrega das Medallas de Galicia ao grupo musical Milladoiro, á Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia, e, a título póstumo, aos tres policías bautizados comos “Os tres Héroes del Orzán”.

- M. V., “Recoñecemento aos méritos por Galicia”, *La Región*, “*Día de Galicia*”, “Medallas de Ouro”, 25 xullo 2012, p. 10.

Comenta que as Medallas de Ouro de Galicia será outorgadas este ano ao grupo musical Milladoiro, á Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia, e a título póstumo, aos tres polícias do Corpo Nacional de Policía falecidos o 27 de xaneiro tratando de rescatar ao estudante eslovaco Tomas Velicky, na praia do Orzán.

- Mónica Nogueira, “Feijóo reivindica la autonomía como una parte de la solución a la crisis”, *El Correo Gallego*, 26 xullo 2012, p. 8.

Recóllense as palabras do Presidente da Xunta durante o acto de entrega das Medallas de ouro de Galicia coas que realiza unha mención especial aos policías falecidos no rescate do estudante Tomás Velecky o pasado 27 de xaneiro nas praias do Orzán. Finalmente, comenta que o grupo de música folk Milladoiro e a Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia, foron tamén galardoados.

- Nonito Pereira, “Milladoiro, medalla de oro”, *Diario de Arousa*, “Música”, p. 28/ *Diario de Ferrol,* “*Nordesía*”, n.º 735, p. 43/ *El Ideal Gallego,* “*G!*”, n.º 735, “Música”, p. 43, 29 xullo 2012.

Co motivo da concesión da Medalla de Ouro de Galicia ao grupo Milladoiro, lémbrase a

súa traxectoria musical dende a formación no ano 1979 e a saída do su primeiro disco titulado *A Galicia de Maeloc* (1979).

- X. A. Taboada, "Medalla al autogobierno", *Faro de Vigo*, "Galicia", "Día de Galicia", 26 xullo 2012, p. 24.

Entre outros asuntos, anuncia que os galardoados coas Medallas de Ouro foron o grupo de música Milladoiro, a Real Academia de Medicia e Ciruxía de Galicia, e os policías coñecidos comos "Os tres héroes do Orzán".

- J. R., "Feijóo reivindica el autogobierno por ser 'parte da solución' frente a la crisis", *El Progreso*, "Galicia", "Día de Galicia", 26 xullo 2012, p. 13.

Comenta a ceremonia de entrega das Medallas de Ouro de Galicia e explica como se homenaxeou aos tres policías falecidos o 27 de xaneiro cando trataban de rescatar o estudante Tomas Velecky. Finalmente, comenta que tamén foron galardoados o grupo musical Milladoiro e a Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia.

Premio **Otero Pedrayo**

Convócano cada ano, dende o 1976, as deputacións provinciais para perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras, premiar un labor que constitúa unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións. Poden optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a Consellería correspondente, e polo propio xurado. A presentación da candidatura ten que enviarse ao presidente da deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, e deben achegarse os seguintes documentos: descrición biográfica breve da persoa que aspira ao premio e documentos e antecedentes, que se consideren de interese para o coñecemento da dimensión literaria ou científica da persoa que se propón. Deben entregarse cinco exemplares, mecanografados a dobre espazo, do traballo co que se opta ao premio, no caso de que a proposta estea baseada nunha obra ou produción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexen e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Está dotado con 30.050,61 euros e conta cun xurado constituído polo presidentes da Xunta de Galicia e os das catro deputacións provinciais e polos representantes da Universidade de Vigo, da Coruña e de Santiago de Compostela, xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos. Nas edicións anteriores resultaron galardoados os seguintes grupos, entidades, institucións e personalidades: Carlos Casares Mouriño (1977); a sección de arqueoloxía do Instituto Padre Sarmiento (1979); Eligio Rivas Quintas (1980); a Fundación Otero Pedrayo (1981); Joaquín Lorenzo Fernández e José Fariña Jamardo (1982); o grupo Marcelo Macías (1983), Antonio Fidalgo Santamariña (1984); José López Calo (1985); Xosé Filgueira Valverde (1986); Emilio Duro peña e Darío Xohán Cabana (1988); o Instituto da Lingua Galega (1989); Isaac Díaz Pardo (1990); Xosé Trapero Pardo (1991); Antonio Fraguas (1992); o Museo de Pontevedra (1993); a Asociación de Amigos del Museo Arqueológico Castelo de San Antón (1994);

Francisco Fernández del Riego (1995); Julio Francisco Ogando Vázquez (1996); a Comunidad del Monasterio de Oseira (1997); o Museo do Pobo Galego (1998); Manuel María Fernández Teixeiro e Uxío Novoneyra (1999); Miguel Anxo Araújo Iglesias (2000); Fundación Pedro barrié de la Maza (2001); o Centro Gallego de Buenos Aires (2002); o Centro Galego de Montevideo (2003); a Irmandade Galega de Venezuela (2004); A Real Sociedade Benéfico Española-Hospital Espanhol de Brasil (2005); a Real Academia Galega e o Laboratorio de Formas (2006); Darío Xohán Cabana (2007); Marcos Valcárcel López (2008); Manuel Fraga Iribarne (2009); e a escola e compañía de teatro Casahamlet, dirixida por Manuel Lourenzo e Santiago Fernández (2010). No ano 2011 non se convocou. Na edición de 2012 o xurado decidiu conceder este galardón a Basilio Losada Castro (Láncara, 1929). O acto de entrega tivo lugar o 28 de decembro no Museo Provincial de Lugo.

Referencias varias:

- Perfecto Conde, "Basilio Losada, o home das 19 patrias. 'Para min unha patria é calquera lugar a onde chego e a xente é cortés e amable, e non hai conflitos estúpidos", *Galegos*, n.º 17, "Entrevista", II trimestre 2012, pp. 5-23.

Conversa con Basilio Losada pouco antes de recibir o Premio Otero Pedrayo na súa trixésimo quinta edición. A conversa xirou en torno ás súas estadías en Láncara, León, Madrid e Barcelona, os traballos que desempeñou tras rematar a carreira, o seu gusto pola literatura de Jorge Amado e a tradución que levou a cabo de *Os velhos marinheiros* (1978), o Premio Nacional de Tradución do que foi merecente por *O cerco de Lisboa* (1990), as principais calidades dun bo tradutor, a tradición da oralidade en Galicia, a súa etapa como docente na Universidade de Barcelona, a súa amizade con Ramón Piñeiro, o feito de Manuel Vázquez Montalbán ter sido alumno seu, o catalanismo, a súa novela *La Peregrina* (2003) e a tradución que dela levou a cabo Giuseppe Tavani.

- Laura López, "Vivín sempre no exilio soñando unha Galicia ideal", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 novembro 2012, p. 39.

Entrevista a Basilio Losada, Premio Otero Pedrayo 2012. Nela conta que o premio supón o recoñecemento a unha vida traballando en defensa da lingua galega.

- Luis G. Tosar, "O sobriño da costureira", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 novembro 2012, p. 39.

Conta algúns aspectos da traxectoria de Basilio Losada dende a súa chegada a Barcelona cando tiña nove anos até que chegou a ser Catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa na Universidade de Barcelona.

- Salvador García- Bodaño, "Basilio Losada galardoado", *El Correo Gallego*, "Opinión", 2 decembro 2012, p. 3.

Identifica a convocatoria dos Premios da Cultura Galega 2012, os Premios da Crítica ou a concesión do Premio Otero Pedrayo coa resistencia da loita a prol da lingua e da cultura galega. Anuncia que o premiado deste último galardón foi Basilio Losada.

- MLV, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 28 decembro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da entrega do premio Otero Pedrayo a Basilio Losada Castro. Coméntase que a cerimonia tivo lugar no Museo Provincial de Lugo.

- Jaureguizar, “Basilio Losada: ‘De neno soñaba con ser adulto e poder falar en galego’”, *El Progreso*, “Cultura-Vivir”, 29 decembro 2012, p. 59.

Comenta que o galardoado co Premio Otero Pedrayo foi Basilio Losada e reproduce as circunstancias vitais do premiado que contou durante a recollida do premio. Destaca a súa loita a prol da lingua e cultura galegas e loa o seu traballo como tradutor.

- Laura López, “Basilio Losada defendeu o galego ao recibir o premio Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 decembro 2012, p. 35.

Destaca as verbas do galardoado co Premio Otero Pedrayo 2012, subliñando a súa defensa do galego e da riqueza da lingua, e lembrando a súa infancia.

Pedrón de Ouro e **Pedrón de Honra**

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro dende 1964, nun acto que se celebra o domingo seguinte ao Día das Letras Galegas. Concédense dous premios: o “Pedrón de Ouro”, que trata de destacar aquela personalidade ou entidade viva residente en Galicia que sobresae na defensa da cultura galega, e o “Pedrón de Honra”, que distingue aquelas persoas vivas ou entidades, galegas ou non galegas, que engrandecen a nación e cultura galegas. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. En edicións anteriores, recibiron o Pedrón de Ouro Isidro Parga Pondal, Xohana Torres, Xosé Filgueira Valverde, Isaac Díaz Pardo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Antón Fraguas, Xosé Manuel Beiras, Francisco Xavier Río Barja, Xusto G. Beramendi, Camilo Nogueira e Lidia Senra. No ano 2012, 49ª edición, o “Pedrón de Ouro” recaeu no colectivo de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e o “Pedrón de Honra” no pintor Henrique Ortiz Alonso. O acto de entrega tivo lugar o 20 de maio na Casa Museo de Rosalía en Padrón.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, “Nova Escola Galega recibe el Pedrón de Ouro por su defensa de la educación pública”, *El País*, “*Galicia*”, 19 maio 2012, p. 6.

Fálase do colectivo Nova Escola Galega con motivo da entrega do Pedrón de Ouro pola súa defensa da educación pública. Cítase tamén a entrega do Pedrón de Honra ao artista Henrique Ortiz.

- Xaime Leiro, “Nova Escola Galega pide una enseñanza pública ‘como motor da nación soñada”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio”, 21 maio 2012, p. 34.

Infórmase da entrega do Pedrón de Ouro a Nova Escola Galega e do Pedrón de Honra ao artista Henrique Ortiz, centrándose no traballo realizado por Nova Escola Galega na defensa dunha ensinanza pública, de calidade e en galego.

Premio **Pen Clube Voz de Liberdade**

O Pen Clube concede este premio, de convocatoria bianual, a unha personalidade da literatura galega que destaque na defensa dos dereitos de expresión e opinión recollidos na Carta Fundacional do International P. E. N. O galardón, sen dotación económica, consiste nunha peza artística única e irrepetíbel dun artista galego. Na última edición, a quinta, correspondente ao ano 2011, o galardón foi para Mª Xosé Queizán. En 2012 non houbo convocatoria.

Premio **Ramón Cabanillas** da Asociación de Libreiros de Pontevedra

Convoca este premio a Asociación de Libreiros de Pontevedra, en colaboración coa Asociación Unha Grande Chea e o Concello de Cambados. En edicións anteriores recibiron os galardóns os escritores Mª Victoria Moreno, Adela Leiro, Ramón Caride, Xosé Vázquez Pintor, Fina Casalderrey, Francisco Fernández Rei e Emilio Ínsua. Na novena edición do ano 2012 recibiu o galardón Maribel Iglesias.

Referencias varias:

- L. R., "Iglesias recibirá o XI Premio Ramón Cabanillas nun evento especial", *Diario de Arousa*, "Cambados", 12 maio 2012, p. 11.

Fálase da IX edición do Premio Ramón Cabanillas da Asociación de Libreiros de Pontevedra. A galardoada deste ano é Maribel Iglesias, da cal se citan varias obras.

- L. R., "Cabanillas era grandioso. Non foi tan internacional só por escribir en galego", *Diario de Arousa*, "Cambados", 16 maio 2012, p. 11.

Trátase dunha entrevista a Maribel Iglesias, galardoada co Premio Ramón Cabanillas da Asociación de Libreiros de Pontevedra. Cítanse as súas obras: *Ramón Cabanillas Enríquez, biografía en imaxes* e *Cambados, cen anos de historia*.

Premio **Ramón Piñeiro. Facer País**

Premio convocado pola Asociación Cultural Val de Láncara, en colaboración con outros colectivos, co que se pretende enxalzar a vida e obra de persoas e institucións que no día a día loitaron por facer país. Non posúe dotación económica. O primeiro persoeiro que recibiu este premio foi o empresario e artista Isaac Díaz Pardo e nas seguintes edicións recaeu no actor Luis Tosar, no grupo de música folk Milladoiro, no político Xosé Manuel Beiras, no escritor Xosé Neira Vilas, no semanario *A Nosa Terra*, en Avelino Pousa Antelo, na escritora Luz Pozo Garza, na Real Academia Galega e nos músicos

Xosé Luís Rivas Cruz e Baldomero Iglesias Dobarrio, coñecidos como Mini e Mero. No ano 2012, na XI edición, o xurado concedeu o galardón a Agustín Fernández Paz.

Referencias varias:

- L. P., "La asociación Val de Láncara convoca el undécimo premio Ramón Piñeiro", *El Progreso*, "Sarria", 29 xuño 2012, p. 27.

Explícase que a asociación cultural Val de Láncara vén de convocar o undécimo premio Ramón Piñeiro. Facer País. Ademais de comentarse as bases, indícase que son máis de vinte colectivos os que participan no certame.

- J. Trueba, "Agustín Fernández Paz galardoado co premio Ramón Piñeiro Facer País", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 15 setembro 2012, p. 47.

Anuncia que Agustín Fernández Paz foi galardoado co XI Premio "Facer País" Ramón Piñeiro, instituído en 2002 para recoñecer o labor dunha persoa ou dunha entidade galega a prol do desenvolvemento de Galicia. Anotan as razóns polas que Fernández Paz foi considerado "un dos bos e xenerosos", así como se citan as asociacións que colaboraron nesta edición.

- M. F., "Agustín Fernández Paz gaña o XI Premio Ramón Piñeiro", *El Progreso*, "Sarria", 15 setembro 2012, p. 21.

Sinala que a Asociación Cultural Val de Láncara lle concedeu a Agustín Fernández Paz o XI Premio Ramón Piñeiro "Facer País" polo seu "labor constante e calado en ensinar a 'facer país' ás xeracións que recibirán en herdo unha Galicia anovada". Explica que o escritor vilalbés foi elixido entre unha listaxe de corenta e cinco candidaturas por ser un dos autores galegos "cunha das obras narrativas máis produtivas" e catalogado como "un dos mellores escritores da literatura infantil e xuvenil", así como pola súa "actitude decidida na defensa dos valores propios da nosa comunidade, aínda que iso supoña a renuncia a satisfaccións de carácter persoal". Comenta en que consiste o premio e apunta que o acto de resolución tamén serviu para facerlles unha homenaxe póstuma a Isaac Díaz Pardo e Avelino Pousa Antelo.

- L. P., "Fernández Paz recogerá el sábado en Láncara el premio Facer País", *El Progreso*, "Sarria", 25 outubro 2012, p. 18.

Recóllese con detalle o programa de actividades que se desenvolverá en Láncara co motivo da entrega do Premio Ramón Piñeiro "Facer País", e noméanse as razóns polas que Agustín Ferández Paz é a figura recoñecida.

- Vázquez Rivas/ ACV, "Agustín Fernández Paz, recoñecido en Láncara por 'facer país", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", 28 outubro 2012, p. 85/ *El Progreso*, "Sarria", 28 outubro 2012, p. 17.

Faise eco da recollida en Carracedo (Láncara) do undécimo Premio Ramón Piñeiro "Facer País", por Agustín Fernández Paz.

Premio **Roberto Vidal Bolaño das Redes Escarlatas**

Creado polo colectivo Redes Escarlata en 2004, este premio está destinado ao recoñecemento público daquelas persoas ou entidades comprometidas coa lingua e a cultura galega e coa emancipación de Galicia. O premio, que non ten dotación económica, consiste nun cadro do artista ourensán Xosé Luís de Dios. No ano 2012, o xurado acordou entregar o IX Premio Roberto Vidal Bolaño ao Grupo Chévere nun acto celebrado no Auditorio da Ramallosa (Teo) o 20 de outubro.

Referencias varias:

- Redes Escarlata, "Acta do Premio Vidal Bolaño", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 90, tomo II, ano XXIII, "Crónica", abril-maio-xuño 2012, p. 157.

Acta na que se recolle a decisión do xurado do Premio Vidal Bolaño de conceder o galardón o grupo de teatro Chévere.

- Antón Dobao, "A Roberto Vidal Bolaño nada do humano lle foi alleo", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 91, tomo III, ano XXIII, "Crónica", xullo-agosto-setembro 2012, pp. 157-160.

Reprodúcese o texto lido no acto de entrega do Premio Vidal Bolaño 2012 das Redes Escarlata á Compañía de Teatro Chévere, celebrado o 20 de outubro do 2012 no auditorio do Centro Sociocultural da Ramallosa. O texto comeza coa lamentación pola morte de Vidal Bolaño e unha breve exposición sobre as orixes do premio. Destácase a solidaridade e o compromiso deste autor e afírmase que o teatro galego non tería sido o mesmo sen a súa figura. Reflexiónase tamén sobre o capitalismo nas artes e sobre a idea do teatro como arte capaz de transformar unha época. Na parte final do texto faise alusión ao feito de que a RAG decidira dedicarlle o Día das Letras Galegas do 2013 a este autor.

Premios **San Martiño de Normalización Lingüística da Estrada**

Premios que concede anualmente o Padroado da Asociación Cultural O Brado da Estrada a distintas persoas e entidades que co seu labor contribúen á normalización e á promoción do galego. O galardón consiste nunha estatuíña realizada polo escultor estradense Manuel Villaverde. No ano 2012 tivo lugar a XXII edición e o xurado, composto polo presidente da agrupación, polo concelleiro de Cultura estradense, Juan Constenla; Manuel Sanmartín; Alfonso Vázquez; FélizRodríguez; Henrique Vázquez; Lourdes Dono; Iván Sanmartín; Carlos Andújar; Olaia Barreiro e Xurxo Andión, decidiu outorgar os galardóns a Ramón Campos Suárez, na categoría de difusión da lingua na comarca de Tabeirós-Terra de Montes; ao grupo musical Treixadura, na sección de normalización no ámbito galego; e a Francisco Novoa Rodríguez, pola normalización durante toda unha vida. O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 15 de novembro no Teatro Principal da Estrada.

Referencias varias:

- S. F., "Ramón Campos, Treixadura e Francisco Novoa, galardoados cos XXII Prmios San Martiño", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 359, 26 outubro 2012, p. 5.

Comenta que o Padroado da Asociación Cultural O Brado da Estrada, deu a coñecer os premiados na XXII edición dos Premios San Martiño de Normalización Lingüística. Informa da composición do xurado e do nome dos premiados.

- S. F., "Entrega dos Premios San Martiño no Teatro Principal", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", 15 novembro 2012, p. 7.

Anuncia a entrega dos Premios San Martiño de Normalización Lingüística organizados polo Padroado da Asociación Cultural O Brado da Estrada. A continuación dá a coñecer o nome dos galardoados nas diferentes seccións e destaca os méritos dos premiados.

Premio **Trasalba**

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo que se outorga todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Reitor, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. É un galardón de carácter honorífico, que recompensa o labor cultural e galeguista de distintos persoeiros vivos e que se entrega na casa-museo do escritor en Trasalba (Amoeiro-Ourense). O galardón consistía nunha placa, nun libro dos amigos conmemorativo do acto e nun debuxo dedicado de Isaac Díaz Pardo. Nesta convocatoria, na ausencia do falecido Isaac Díaz Pardo, o agasallo consistiu nunha figura de bronce de Ramón Otero Pedrayo realizada polo escultor Manuel Buciños. No ano 2012 tivo lugar a XXX edición e o galardón foi entregado na Casa Grande de Cimadevila (Amoeiro) a Antía Cal pola súa vida dedicada á cultura galega. Xesús Alonso Montero foi o encargado da *laudatio* da homenaxeada e Víctor Freixanes o mestre de ceremonias.

Referencias varias:

- ECG, "Antía Cal obtén o premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 3 maio 2012, p. 43.

Fálase de Antía Cal Vázquez, galardoada co Premio Trasalba que entrega a Fundación Otero Pedrayo. Cítase o seu libro de memorias *Este camiño que fixemos xuntos* e ofrécense algúns apuntamentos biográficos.

- X. M. C., "La fundación Otero Pedrayo otorga a Antía Cal el Premio Trasalba", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 3 maio 2012, p. 40.

Fálase de Antía Cal Vázquez, galardoada co Premio Trasalba que entrega a Fundación Otero Pedrayo. Cítase o seu libro de memorias *Este camiño que fixemos xuntos*. Ofrécense algúns apuntamentos biográficos.

- Xosé Manoel Rodríguez, “La pedagoga Antía Cal se lleva el Premio Trasalba”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 maio 2012, p. 46.

Fálase dos motivos polos que se outorgou o Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo a Antía Cal Vázquez, profesora e pedagoga.

- N. Abellás, “Otero Pedrayo era sabio, cercano y nada pedante”, *La Región*, “Ourense”, “Personaje del día”, 4 maio 2012, p. 6.

Entrevista a Antía Cal Vázquez, homenaxeada co Premio Trasalba 2012 da Fundación Otero Pedrayo, na que fala do que significa este galardón a nivel persoal, dos seus contactos co galeguismo e das súas lembranzas da emigración, entre outros asuntos.

- María Xosé Porteiro, “Antía Cal, y punto”, *El País*, “*Galicia*”, “Gallegos en la escalera. Retratos de Xurxo Lobato”, 27 maio 2012, p. 8.

Breve percorrido polos principais aspectos da biografía de Antía Cal Vázquez, realizada con motivo da entrega do Premio Trasalba 2012. Cítanse outros premios e honras que recibiu.

- Xoán Bernárdez Vilar, “Galicia como labor”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 178, “Crónicas”, “Rolda da Cultura”, maio-xuño 2012, pp. 92-101.

Dá conta dunha serie de novidades no seo da cultura galega, entre as que menciona a concesión Premio Trasalba 2012 a Antía Cal Vázquez pola súa dedicación á cultura galega.

- Cándida Andaluz, “Antía Cal: ‘Non se pode consentir que haxa analfabetos no rural”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xuño 2012, p. 27.

Sinálase que foi un emotivo discurso “cheo de bágoas” o que declamou Antía Cal ao recoller en Amoedo o Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo quen, entre outras cuestións, sinalou que este premio está dedicado “á muller e á mestra que fun”. Indícase que foi Xesús Alonso Montero o encargado da *laudatio* da homenaxeada e Víctor Freixanes o mestre de cerimonias.

- C. G., “A pedagoga Antía Cal recibiu o Premio Trasalba”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 xuño 2012, p. 35.

Infórmase que o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad, asistiu á entrega do XXX Premio Trasalba 2012, que este ano recaeu en Antía Cal.

- L. R, “La profesora y pedagoga Antía Cal Vázquez recibe el Premio Trasalba 2012”, *Atlántico Diario*, “Galicia”, 25 xuño 2012, p. 16.

Dáse noticia da entrega do Premio Trasalba a Antía Cal Vázquez que tivo lugar na Casa Grande de Cimadevila. Recóllense algunhas declaracións do seu discurso no que, entre

outras cuestións, asegurou que debemos "coidar a educación como instrumento de mellora do país".

- S. de la Fuente, "Antía Cal reprende al titular de Educación por suprimir unidades en el medio rural", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 25 xuño 2012, p. 17.

Faise eco da entrega do Premio Trasalba á pedagoga Antía Cal polo seu labor docente e o seu proxecto educativo "Rosalía de Castro" de Vigo desde 1961.

- Xesús Alonso Montero, "Antía Cal e o Holocausto", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 472, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 29 xuño 2012, p. 11.

Refírese á vida de Antía Cal, co gallo da homenaxe que se lle vai render a casa museo Otero Pedrayo, premiándoa co galardón Trasalba. Conta un episodio moi significativo da biografía da pegagoga xa relatado no seu libro de memorias da autora, *Este camiño que fixemos xuntos* (2006).

- A. L., "Antía Cal. Ilusión e esperanza en tempos difíciles", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O rego da cultura", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 8-9.

Dá conta da entrega do Premio Trasalba, convocado pola Fundación Otero Pedrayo, á profesora Antía Cal. Repasa a traxectoria profesional da mestra, subliña a *laudatio* do profesor Alonso Montero e menciona a escultura de Manuel Buciños que acompañou o premio.

X.7. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Premio **Ala Delta de Literatura Infantil**

O Grupo Editorial Luis Vives (Edelvives), consciente da importancia da calidade nas obras literarias destinadas ás nenas e aos nenos, convoca o Premio Ala Delta de Literatura Infantil, coa finalidade de promover a creación literaria para este lectorado e espertar o gusto pola lectura, estimular a súa fantasía e ofrecer unha visión ampla e coherente da realidade. Estabelécese un premio único, dotado con 12.100 euros e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección "Ala Delta". A extensión das obras, mecanografadas a dobre espazo, é dun mínimo de cincuenta folios e un máximo de cento vinte. Os orixinais deben ser inéditos e estar escritos en castelán ou en calquera lingua do Estado. O tema dos orixinais é libre, igual que o xénero literario, e enviánse baixo plica dous exemplares cos datos da autoría a Edelvives "Premio Ala Delta" (Xaudaró, 25, 28034 Madrid). O xurado, nomeado por Edelvives, está formado por especialistas en literatura e educación. En anteriores edicións obtivo este galardón en galego *O carteiro de Bagdad*, de Marcos S. Calveiro, en 2007. En xaneiro do ano 2012 fíxose público o veredicto do xurado da XXIII edición, que foi para o escritor David Fernández Sifres (León, 1976), pola obra *Un intruso en mi cuaderno*. Neste ano abriuse a convocatoria da XXIV e o prazo de presentación de orixinais rematou o 4 de novembro de 2012.

Premio **Alandar de Narrativa Juvenil**

Convocado por primeira vez no ano 2001 polo Grupo Editorial Luis Vives, este premio pretende animar a crear bos textos literarios para mozos e mozas a partir de doce anos, dirixidos a consolidar o gusto pola lectura, a ampliar a visión do mundo, a estar en contacto coa realidade e ofrecer claves para interpretala. Consta dun premio único, dotado con 12.100 euros e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección "Alandar". Pódense presentar novelas de tema libre, inéditas e escritas en castelán ou en calquera lingua do Estado, cunha extensión máxima de cento cicuenta folios e mínima de cento vinte, mecanografados a dobre espazo. Deben enviarse baixo plica dous exemplares cos datos da autoría a Edelvives "Premio Alandar" (Xaudaró, 25, 28034 Madrid). O xurado, nomeado por Edelvives, está formado por especialistas en literatura e educación. No ano 2012 tivo lugar a XII edición e no mes de xaneiro fíxose pública a resolución do xurado, que decidiu outorgar o galardón a Francisco Díaz Valladares (Villamanrique, Sevilla, 1950) pola obra *Antares*. Neste ano abriuse a convocatoria da XIII edición, cun prazo de presentación de orixinais até o 4 de novembro de 2012.

Premio **Arume de Poesía para Nenos**

Convocado por vez primeira en 2001 pola Fundación Xosé Neira Vilas, é o único premio específico de poesía para nenos e con el téntase estimular a creación poética e achegar o mundo da lírica aos máis pequenos. Compleméntase co Premio Estornela de Teatro, que foi convocado por vez primeira no ano 2002, alternándose ambas as modalidades en anos sucesivos. Ao Premio Arume poden concorrer persoas de calquera

nacionalidade que envíen un poemario inédito dun mínimo de trescentos cincuenta versos, escritos en galego, acompañado de dúas copias, á Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 36587 Pontevedra). As obras deben levar un título que tamén ten que constar nun sobre pechado e separado onde figuren os datos do autor. O premio consta dunha dotación de 1.000 euros e a publicación da obra en Ediciós Embora. En anteriores edicións, resultaron gañadores: en 2001 Xosé Mª Álvarez Cáccamo con *Lúa de pan*, en 2003 Helena Villar Janeiro con *Na praia dos lagartos*, en 2005 Marica Campo con *Abracadabras*; en 2007 Concha Blanco con *Cantos da rula*; en 2009 Xoán Babarro con *A princesa de Taramundi*; e en 2011 Rafa Vilar con *Patente de corso (pequeno dicionario pirata)*. Ao ano 2012 non lle correspondeu convocatoria.

Referencias varias:

- Xoán Bernárdez Vilar, "Galicia como labor", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 178, "Crónicas", "Rolda da Cultura", maio-xuño 2012, pp. 92-101.

Dá conta dunha serie de novidades no seo da cultura galega, entre as que menciona a concesión do Premio Arume de Poesía a Rafael Villar por *Patente de Corso*. *Pequeno dicionario pirata* (2012).

Concurso do Libro Infantil O **Barco de Vapor**

Convocado pola Fundación SM dende o ano 1978 xunto ao Premio Gran Angular, a convocatoria en lingua galega comezou en 1984 para promover "a creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno". Poden presentarse novelas orixinais, inéditas, escritas en galego, de autores vivos, cunha extensión mínima de cincuenta páxinas, mecanografadas a dobre espazo, que non fosen premiadas noutro concurso. Deben enviarse por triplicado xunto cunha versión en soporte informático (disquette ou CD), a Ediciones SM (Impresores, 2, Urbanización Prado del Espino, 28660 Boadilla del Monte, Madrid), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor. O xurado é nomeado pola Fundación Santa María e está constituído por especialistas en literatura, pedagoxía e educación e un representante da entidade patrocinadora. Contaba cunha dotación económica de 6.000 euros e a publicación da obra en SM Xerme até o ano 2007, no que aumentou a contía do galardón a 10.000 euros para potenciar a creación de Literatura Infantil e Xuvenil en galego. En 2010 a contía volveu reducirse a 6.000 euros. Nas edicións anteriores resultaron galardoadas as seguintes obras: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín (1984); *Primeiro libro con Malola*, de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández (1985); *Aventuras de Sol*, de Alberto Avendaño (1986); *O globo máxico*, de Andrés García Vilariño (1987); *Memorias dun río*, de Antón Cortizas Amado (1988); *Barrigaverde e o dragón Achís*, de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández (1989); *O deus desaparecido*, de Pepe Carballude (1990); *O conto dos sete medos*, de Antón Cortizas (1991); *Os naúfragos de Malakadula*, de Alberto Avendaño (1992); *O castrón de ouro*, de Darío Xohán Cabana (1993); *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey (1994); *Os gritos das Illas Lobeiras*, de Antón Cortizas (1995); *A pirata Penamoura*, de

Daniel Buján (1996); *Valdemuller*, de Xosé A. Neira Cruz (1997); *A lenda do capitán Miñoca*, de Dolores Ruiz (1998); *Os ollos do tangaleirón*, de Xosé A. Neira Cruz (1999); *Alén das estrelamares*, de Xoán Xosé Lago Pereira (2000); *De como o santo dos croques se fai peregrino*, de Pepe Carballude (2002), *O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz (2003); *Unha bruxa ben rara*, de Carlos Mosteiro (2006); *O canto dos peixes*, de Marcos S. Calveiro (2008); e *Mundo Arb*, Manuel Lourenzo González (2011). No ano 2011 tivo lugar a XXVI edición e a partir de aquí pasou a ser de convocatoria bienal. Nese ano convocouse a XXVII edición de 2013. No ano 2012 non lle correspondeu convocatoria.

Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde**

Ver apartado X.3. deste *Informe*.

Concurso **BD Vigo**

A Biblioteca Pública Central de Vigo convoca este premio de banda deseñada dende o ano 2010. Conta coas seguintes categorías: Infantil (nenos até 11 anos), Júnior (mozos entre 12 e 17 anos); Sénior (mozos entre 18 e 30 anos). poden presentarse obras orixinais non premiadas, de tema, estilo e tratamento libres, en galego, cunha extensión mínima de dúas páxinas e máxima de catro, a cor ou branco e negro, con técnica libre e de autoría individual ou dun equipo debuxante/guionista/colorista. Os traballos deben presentarse en sobre pechado baixo lema e con outro sobre cos datos persoais na Biblioteca Pública Central de Vigo (Joaquín Yáñez, 6, Vigo). Concédense dous premios por categoría e consisten nun lote de produtos relacionados co mundo da banda deseñada e un diploma acreditativo. As obras premiadas formarán parte dunha exposición na biblioteca. Ademais o xurado pode realizar Mencións Especiais. Na convocatoria de 2012 o prazo de presentación de traballos rematou o 20 de maio.

Certame **Benito Losada de Banda Deseñada**

Este certame nace no ano 2012 no marco das XXIV Xornadas de Banda Deseñada de Ourense como unha maneira de honrar e agradecer o importante labor do ideador e mantedor destas xornadas durante 22 anos. A esta primeira convocatoria concorreron 15 autoras e autores con 20 traballos analisados e avaliados por un xuri composto por David Rubín, Óscar Iglesias e Simón Blanco, e por Xavier Paz como secretario sen voto, en nome do Proxecto Fundación Benito Losada. O 1º premio recaeu en Cristian Caruncho polo dominio da narrativa gráfica, polo ritmo de lectura, dinamismo e fluidez no deseño e entintado, por un uso altamente narrativo de elementos como as tramas mecánicas e as onomatopeas e por unha boa historia con frescura, aventura e consciencia ecolóxica e social. O 2º premio foi para Giovanna Lopalco por tres historias curtas que manifestan un notábel uso dos recursos do cómic, talento para a creación de atmosferas e polo grao de experimentación e dominio do deseño e da narrativa empregados. O 3º premio recaeu en Xulia Vicente por unha historia de sobresaliente factura gráfica e narrativa e por un intelixente e traballado uso da cor. O xuri fixo mención especial ao traballo de Luís Yang, polo dinamismo, forza gráfica e enerxía que mostra a sua banda deseñada.

Premio de Banda Deseñada **Castelao**

Certame convocado pola Deputación da Coruña, dende o ano 2005, co obxectivo de incentivar a lingua galega e que vén completar a serie de premios tanto literarios coma artísticos, organizados pola citada entidade. O premio está vinculado ao certame do cómic que se celebra todos os veráns, no que se dá a coñecer o ditame do xurado. Poden participar persoas maiores de idade, con narracións en banda deseñada inéditas e escritas en galego, cun máximo de dous autores por obra. A dotación é de 6.500 euros ademais da publicación do libro con textos en galego. As bases do concurso poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia. A temática das obras é libre cunha extensión entre corenta e oito e sesenta e catro páxinas. Deben presentarse por duplicado en exemplares separados, numerados, grampados ou encadernados á Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional, 2, 15006, A Coruña). Nas anteriores edicións foron galardoados David Rubín Miguélez con *Onde ninguén pode chegar* (2005); Antonio Seijas Cruz con *Un home feliz* (2006); Jacobo Fernández Serrano con *Aventuras de Cacahuequi* (2007); Mariano Casas Gil con *Mensaxes* (2008); Daniel Montero Coira con *Sen mirar atrá*s (2009); Brais Rodríguez Verde con *A man do diaño* (2010); e Iván Suárez e Ignacio Vilariño con *Titoán* (2011). Na oitava edición, correspondente ao ano 2012, o xurado decidiu outorgar o galardón a Francisco Bueno Capeáns por *Catálogo de beleza gratuíta* e nomear finalista a Rafael Saldaña López por *O misterio do Pico Sacro*.

Referencias varias:

- Irene Jiménez, "Mariñán se viste de fiesta para celebrar la gran Gala de la Cultura", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 14 febreiro 2012, p. 41.

Fálase da entrega no Pazo de Mariñán dos premios culturais da Deputación da Coruña, entre os que se atopa o Premio de Banda Deseñada Castelao, do que foron merecedores Ignacio Vilariño e Iván Suárez pola obra *Titoán*.

- Luis P. Ferreiro, "La Diputación premia la cultura", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 14 febreiro 2012, p. 11.

Infórmase da entrega no Pazo de Mariñán dos premios culturais que convoca a Deputación da Coruña, entre eles, o Premio de Banda Deseñada Castelao.

- R. L., " La creatividad se pone pajarita", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 14 febreiro 2012, p. 5.

Faise referencia á gala de entrega dos premios culturais que convoca a Deputación da Coruña, entre os que se menciona a concesión do Premio de Banda Deseñada Castelao a Ignacio Vilariño e Iván Suárez pola obra *Titoán*.

Premio Internacional **Compostela para Álbums Ilustrados**

Convocado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela e a editorial Kalandraka dende o ano 2007, encádrase dentro da Campaña de Animación á Lectura, co obxectivo de estimular os creadores de calquera nacionalidade. Nas bases do premio defínese álbum ilustrado como un "libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal xeito que ambos se complementen". O premio estaba dotado de 12.000 euros, mais na convocatoria do ano 2012 pasou a ser de 9.000 euros en concepto de adianto dos dereitos autoriais. Poden presentarse orixinais inéditos, con lema ou pseudónimo, realizados polo creador ou creadores do texto e da ilustración, en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica, con exclusión dos empregados de Kalandraka e en calquera tamaño, técnica e formato. A súa extensión non pode superar as corenta páxinas interiores e deben presentarse cinco copias do texto, escrito en calquera das linguas oficiais do Estado español, tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha das ilustracións, así como unha maqueta co deseño. Deben enviarse en sobre pechado ao Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende, 4, 15705, Santiago de Compostela). O xurado está formado por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e ilustración infantil. A obra premiada edítase en todas as linguas oficiais pola Editorial Kalandraka. En anteriores edicións resultaron galardoados *Cerca*, de Natalia Colombo en 2008; *Una gran soño*, de Felipe Ugalde en 2009; *La familia C*, con texto de Pep Bruno e ilustracións de Mariona Cabassa en 2010; e *El camino de Olaj*, de Martín León-Barreto Johnson en 2011. No ano 2012 tivo lugar a V edición do certame e o prazo de presentación de candidaturas rematou o 2 de marzo. Presentáronse 256 traballos procedentes de dezanove países e o xurado, formado polo concelleiro de Educación do Concello de Santiago, Ángel Currás Fernández; a editora e investigadora Felicidad Orquín; o ilustrador Xan López Domínguez; a editora Manuela Rodríguez en representación de Kalandraka; o xefe do Departamento de Educación de Santiago, Xosé Manuel Rodríguez-Abella, e a técnica do Departamento Beatriz Varela, como secretaria técnica, decidiu por unanimidade conceder o galardón aos mexicanos David Daniel Álvarez Hernández e Julia Díaz Garrido pola obra *Bandada*, presentada baixo o lema *Parvada*. O fallo do xurado deuse a coñecer no mes de abril, no marco do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil e das actividades da XII Campaña de Animación á Lectura do Concello de Santiago e o acto de entrega do premio tivo lugar o 7 de novembro no Pazo de Raxoi.

Referencias varias:

- M. M., "El premio Internacional de Álbums Ilustrados recae en "Parvada", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 14 abril 2012, p. L8.

Fálase do Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, convocado pola editorial Kalandraka e o Concello de Santiago de Compostela. Cítase a obra premiada: *Parvada*, de David Daniel Álvarez Hernández e Julio Díaz Garrido.

- A. I., "Entrega del premio de Álbumes Ilustrados", *El Correo Gallego*, "Santiago", 7 novembro 2012, p. 30.

Dáse conta da entrega no Pazo de Raxoi do V Premio Internacional Compostela de Álbumes Ilustrados a *Parvada*, de David Daniel Álvarez Hernández e Julia Díaz Garrido, no marco da XII Campaña de Animación á Lectura. Da obra, o xurado

salientou o virtuosismo, a calidade das ilustracións e a forza expresiva do branco e negro.

Concurso de conto infantil ilustrado **Contando historias**

Creado no ano 2012 polo Museo de Pontevedra para achegar o museo á poboación da provincia, consta de dúas categorías: creadores infantís, na que poden participar todos os ciclos de primaria dos colexios da provincia, e creadores adultos. Os participantes deben tecer, en lingua galega, unha historia novelada e ilustrada que terá como protagonista unha peza, unha colección, un personaxe ou un dos edificios do Museo. Na categoría infantil, enténdese como participante unha clase completa e hai tres subcategorías: primeiro ciclo de primaria, segundo ciclo de primaria e terceiro ciclo de primaria. Cada colexio pode participar cun máximo de dous contos por subcategoría. Cada participante/clase pode presentar un único conto ilustrado, orixinal, inédito, redactado en lingua galega e anónimo. A súa extensión non pode superar os 10 folios, con formato A4 ou A3, escrito e/ou ilustrado por unha soa cara. O texto e as ilustracións deben ser complementarios, e as ilustracións realizarse coa técnica pictórica que os debuxantes estimen oportuno. Os colexios interesados deben remitir 5 copias, en soporte papel, de cada conto, nas que unicamente consten o título da obra, o pseudónimo da clase participante e a categoría á que se presenta, xunto coa correspondente instancia, que pode descargarse tanto da páxina web da Deputación como da do Museo de Pontevedra. Nas correspondentes instancias deben constar: os datos do centro (denominación, enderezo e teléfono), o título da obra, o pseudónimo da clase, a categoría á que optan, o nome do profesor responsábel da clase e o nome completo dos alumnos participantes. En cada conto unicamente deben aparecer o título, o pseudónimo da clase participante e a categoría á que se presenta. A selección e a proposta de concesión dos premios encoméndaselle a un xurado integrado polo titular da Deputación ou deputado en quen delegue, que actúa como presidente; tres vogais: expertos na materia; e o titular da Corporación ou funcionario en quen delegue, que actúa como secretario. Valórase de maneira conxunta a calidade literaria e plástica dos contos. O premio para calquera das categorías do concurso pode ser declarado deserto se o xurado así o estima. Os premios da modalidade infantil consisten na publicación conxunta dos tres contos gañadores, un de cada categoría, que serán distribuídos pola Deputación, e un obsequio para cada estudante premiado. O colexio dos gañadores recibirá un premio por importe de 500 euros, que deberá ser investido no material escolar que o centro considere oportuno. Os colexios xustificarán, con facturas, as compras realizadas con esta cantidade nun prazo máximo de seis meses inmediatamente posterior á recepción do premio. A categoría de participación para persoas adultas está dirixida a maiores de 16 anos e poden concorrer de maneira individual ou en parella (o autor das ilustracións máis o autor do texto). Neste último caso, ambos os dous contan como unha unidade de participación. Cada participante pode presentar un único conto infantil, orixinal e inédito, redactado en lingua galega e anónimo. A súa extensión non pode superar os 20 folios escritos e/ou ilustrados por unha soa cara, e o seu formato é libre. O texto e as ilustracións son complementarios, e as ilustracións poden realizarse coa técnica pictórica que os debuxantes estimen oportuno. Os participantes deben remitir 5 copias, en soporte papel, de cada conto, nas que unicamente conste o título da obra e o pseudónimo. Cada conto ten que remitirse coa correspondente instancia, que pode descargarse tanto da páxina web da Deputación como da do Museo de Pontevedra. Na instancia deben constar os datos do autor ou autores, o título da obra e o pseudónimo

co que participan. Os premios para a categoría adulta consisten nun 1º premio, dotado con 1.000,00 € e un 2º premio, dotado con 600,00 €. Ambos os contos publicaraos e distribuiraos a Deputación, e os autores premiados recibirán 10 copias do seu conto publicado. As instancias para tomar parte no concurso en calquera das categorías hai que dirixilas ao presidente da Deputación de Pontevedra e preséntanse no rexistro xeral desta institución, na sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado) ou na sede de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres), nos rexistros da Administración Xeral do Estado, da Comunidade Autónoma así como nos demais establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O prazo de presentación das obras rematou o 30 de novembro de 2012.

Referencias varias:

- B. L., "A Deputación crea un concurso de conto infantil centrado no Museo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", 1 novembro 2012, p. 53.

Informa de que a Deputación de Pontevedra vén de crear o premio literario "Contando historias", que conta con dúas categorías (unha infantil e outra de adultos), e cuxa temática principal é algunha peza da colección ou personaxe do Museo de Pontevedra.

Premio **Edebé** de Literatura Infantil e Xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas novas e diferentes, sorprendentes e imaxinativas, en castelán ou en calquera das linguas do Estado. Foron dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas ao lectorado de entre sete e doce anos, dotada con 25.000 euros; e a xuvenil, para obras dirixidas ao lectorado de máis de 12 anos, dotada con 30.000 euros. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a duascentas para a xuvenil. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo e enviarse por triplicado, baixo plica, á Editorial Edebé (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado está formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición dáse a coñecer no momento da realización do ditame do premio, fixado para finais de xaneiro. Nas edicións anteriores recibiron este galardón as seguintes obras en lingua galega: *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez en 1995; *O estanque dos parrulos pobres*, de Fina Casalderrey en 1996, e *A escola de piratas*, de Agustín Fernández Paz en 2005 na modalidade infantil; e *Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz en 1994 na modalidade xuvenil. Na XXI edición, correspondente ao ano 2012, presentáronse catrocentos cincuenta orixinais, catorce deles en lingua galega, e o galardón na modalidade de literatura infantil foi para David Cirici (Barcelona, 1954), coa novela escrita orixinalmente en catalán *Molsa (Musgo)*, e na modalidade de literatura xuvenil para Pilar Molina (Madrid, 1943), con *Tesa*.

Premio Internacional de Álbum Ilustrado **Edelvives**

Creado no ano 2012 pola editorial Edelvives, poden optar a este premio todos os escritores e ilustradores de calquera nacionalidade que presenten proxectos de álbumes ilustrados en lingua castelá, inglesa, francesa ou en calquera das linguas do Estado español. Os participantes deben ser maiores de idade e poden enviar un máximo de dous proxectos, orixinais, inéditos, e que non fosen presentados a outro concurso. O premio, dotado con 12.000 euros, concédese ao mellor proxecto editorial de álbum ilustrado presentado, non a unha obra fechada. Valóranse aspectos como mellor proposta ou idea orixinal de proxecto, mellor texto adaptado, mellor ilustración, mellor proposta de escenarios, mellor *storyboard* e mellor proposta de gardas. O formato é libre, pero non pode ser inferior a 21 x 18,5 cm nin superior a 30 x 39 cm. A extensión debe ser de 32 páxinas (gardas incluídas). O texto debe ser unha reescritura ou reinterpretación dun conto clásico, lenda, ou pode estar baseado nun mito ou personaxe coñecido. A extensión non pode ser superior a 6.000 matrices. Os concursantes deben entregar un documento onde describan en que consiste o proxecto, ademais do texto da obra, o *storyboard*, dous orixinais de ilustración completamente acabados que mostren o protagonista en diferentes escenarios, e unha proposta de gardas. Todos os datos persoais envíanse baixo plica, que debe conter o nome, a dirección, o número de teléfono e a dirección de correo electrónico do autor ou autores e unha breve nota biográfica dos participantes. Ademais, hai que remitir mostras de dúas ilustracións orixinais a cor (ou un Cd coas ilustracións orixinais presentadas en alta definición se a ilustración se realizou con ordenador), unha proposta de gardas e tres copias en papel coa seguinte información: descrición do proxecto, orixinal do texto, *storyboard* e copias a cor de cada unha das ilustracións orixinais presentadas a: Edelvives (Premio Álbum Ilustrado) Xaudaró, 25 - 28034 Madrid. A concesión do premio leva incluída a edición do proxecto por parte de Edelvives e a súa posterior publicación nun prazo máximo de oito meses a partir do fallo. O xurado é nomeado por Edelvives e está formado por especialistas de diferentes ámbitos da cultura e da creación artística. O prazo de entrega de proxectos rematou o trece de xaneiro. O xurado, integrado por Rébecca Dautremer, Inmaculada Corcho, Ana Juan, Teresa Durán, Belén Martul, Fernando Agresta e Violante Krahe decidiu outorgar o galardón á obra titulada *El hombre que quiso conocer a la luna*, de Elena Muñoz Sacristán. Así mesmo, decidiu conceder dúas Mencións especiais ás obras *La pastora y el sapo*, con texto de Txabi Arnal Gil e ilustración de Julio Antonio Blasco López e *La verdadera historia de Caperucita Roja*, de Mar Ferrero Barrio.

Referencias varias:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 3 xaneiro 2012, p. 40.

Lémbrase que o trece de xaneiro remata o prazo de entrega de orixinais sobre a reescritura ou reinterpretación dun conto clásico do I Premio Internacional de Álbum Ilustrado Edelvives, dotado con 12.000 euros.

Premio de Teatro para Nenos **Estornela**

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio, que

alterna anualmente co Premio Arume de Poesía para Nenos. Poden concorrer todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal pode conter unha ou varias pezas teatrais. Os orixinais deben enviarse, acompañados de dúas copias, á sede da Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, 36587 Vila de Cruces, Pontevedra). A Fundación escolle un xurado de recoñecido prestixio e o galardón consiste na publicación do traballo premiado e nunha dotación económica de 600 euros, que antes da edición de 2012 era de 1.000 euros. En edicións anteriores os galardóns foron para *Música na noite*, de Manuel Lourenzo en 2000; *Os mundiños*, de Heidi Kühn-Bode en 2002; *O ensaio*, de Xosé Agrelo, *O porco que perdera a cabeza*, de Ana María Galego Gen e *Xoguetes*, de Fran Peleteiro en 2004; *O filibusteiro do mar da Marola*, de Antonio Cordero Álvarez en 2006; *Larpancia saborosa do lobo e a raposa*, de Bernardino Graña en 2008; e *Teatro de Xoguete*, de Carlos Labraña en 2010. No ano 2012 tivo lugar a sétima edición do certame e o xurado, composto por Xosé Neira Vilas, Juan Andrés Fernández Castro e Luis Reimóndez, decidiu conceder o galardón a Diana Varela Puñal pola súa obra *Arlequino Viceversa*, de entre as quince obras presentadas.

Premio **Frei Martín Sarmiento**

Convocado dende o ano 2005 pola Federación Española de Relixiosos de Ensinanza-Centros Católicos en Galicia (FERE-CECA Galicia) recoñece, a partir do lectorado de primaria e ESO, as mellores obras da Literatura Infantil e Xuvenil. Estabelece catro categorías: 1º e 2º de Educación Primaria; 3º, 4º e 5º de Primaria; 6º de Primaria, 1º e 2º de ESO; e 3º e 4º de ESO e 1º de Bacharelato. A dinámica de selección das obras que entran a concurso ten tres fases: unha primeira escolla por parte das editoras; unha segunda selección por parte dun grupo formado por profesores e alumnos que determina os tres finalistas; e, por último, a votación do alumnado nunha escala de cero a dez. Na oitava edición correspondente ao ano 2012, os galardoados nas diferentes categorías foron: na primeira categoría (1º e 2º de primaria), *As espiñas do porco espiño*, de Abraham Barreiro; na segunda categoría (3º e 4º de primaria), *Xoa*, de Antonio Yáñez Casal; na terceira categoría (5º e 6º Primaria), *A filla do ladrón de bicicletas*, de Teresa González Costa; na cuarta categoría, 1º e 2º de ESO escolleron *Dragal*, de Elena Gallego; e 3º e 4º de ESO e Bacharelato, *Menú de enganos*, de Manuel Núñez Singala. Os gañadores fixéronse públicos na Festa da lingua celebrada o 24 de abril no Pazo da Cultura de Pontevedra.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, "O segredo da literatura fantástica é que teña un pouso de cultura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 413, "Entrevista", 3 maio 2012, p. V.

Entrevista a Elena Gallego Abad, escritora e xornalista, galardoada co Premio Frei Martín Sarmiento pola primeira entrega da súa triloxía *Dragal*.

- ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 7 xuño 2012, p. 50.

Lémbrase que na Festa da Lingua se entregaron os galardóns dos VIII Premios Frei Martín Sarmiento ás obras *As espiñas do porco espiño*, de Abraham Barreiro; *Xoa*, de Antonio Yáñez Casal; *A filla do ladrón de bicicletas*, de Teresa González Costa; *Dragal*, de Elena Gallego e *Menú de enganos*, de Manuel Núñez Singala.

Premio **Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín de Literatura Xuvenil**, anteriormente coñecido como Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil

Convocado por Edicións Xerais de Galicia e a Fundación Novacaixagalicia dende o ano 2006, está dotado con 10.000 euros coa finalidade de promover a produción literaria en lingua galega. Poden presentarse, baixo lema, orixinais escritos en lingua galega por sextuplicado, conforme á normativa vixente. Os orixinais envíanse até primeiros de abril aos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S.A. (Doutor Marañón, 12, 36211 Vigo). O xurado, que se dá a coñecer no mes de maio, componse de lectores mozos e de recoñecidos profesionais da cultura. Edicións Xerais resérvase os dereitos de edición da obra gañadora. O premio resólvese no transcurso da Cea Xerais xunto cos premios Merlín e Xerais de Novela (vid. apartado X.1. deste *Informe*). Nas edicións anteriores concedéronse os galardóns ás obras *A cova das vacas mortas*, de Jaureguizar (2006); *Illa Soidade*, de An Alfaya (2007); *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre (2008), e *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros (2009). No ano 2011 tivo lugar a última convocatoria celebrada até o momento e o premio cambiou o seu nome a Premio Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín de Literatura Xuvenil; concorreron vinte e tres obras e o xurado escolleu como finalistas as obras presentadas baixo os lemas "Ánxela", "Gabirro" e "Pelouro". O xurado desta V edición do premio, formado por Isabel Bilbao Freire, representante da Fundación, as profesoras Susana Piñeiro Paz e María Dolores Tobío Iglesias, as estudantes Sabela Vilar Estévez e Andrea Ramos Queixas e Xosé Manuel Moo Pedrosa, actuando como secretario con voz e sen voto, acordou outorgar o galardón á obra titulada *Febre*, do escritor e director de cine coruñés, Héctor Carré Menéndez. No ano 2012 non houbo convocatoria.

Ver tamén o apartado X.1. deste *Informe*.

Premio **Iberoamericano SM** de Literatura Infantil y Juvenil

Convocado por Ediciones SM coa colaboración da Feira Internacional do Libro de Guadalaxara en México, en cuxo marco se entrega o premio. Poden candidatarse os autores vivos que conten cunha valiosa obra de creación para o público infantil e xuvenil publicada e escrita en calquera das lenguas que se falen en Iberoamérica. As candidaturas poden ser presentadas até o 31 de maio por calquera institución cultural ou educativa, editorial, asociación ou grupo de persoas relacionadas coa literatura infantil e xuvenil, enviando seis copias impresas da seguinte documentación: carta de que explique os méritos do autor, o seu curriculum vitae, os datos da entidade que presenta a candidatura e un portafolio que xustifique a traxectoria do autor postulado, xunto con seis exemplares de tres títulos publicados, representativos da súa su obra. Conta cunha dotación económica de 30.000 euros. Entre os gañadores do certame están o galego Juan Farias, galardoado na primeira convocatoria, e Agustín Fernández Paz, que levou o galardón no ano 2011. Na oitava convocatoria, correspondente ao ano 2012, o premio foi para a escritora brasileira Ana María Machado

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Lazarillo**

Este galardón, o máis antigo na Literatura Infantil e Xuvenil española, foi convocado polo INLE (Instituto Nacional do Libro Español) no ano 1958 co fin de estimular a literatura para a infancia e xuventude a través da produción de bos libros infantís e xuvenís. Dende o ano 1986 convócao a Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI), anualmente, co patrocinio do Ministerio de Educación e Cultura. Nun principio, tiña tres modalidades: Creación Literaria, Ilustración e Labor Editorial. Esta última, de carácter honorífico, quedou deserta a partir de 1971 e deixouse de convocar en 1975. O premio sufriu sucesivas modificacións, entre elas o incremento das dotacións económicas e a posibilidade de presentar orixinais en calquera das linguas oficiais do Estado. Na convocatoria de creación literaria, dende 1997, contempláronse dúas categorías que van alternando cada ano, unha infantil (obras destinadas a un lectorado menor de 12 anos) e outra xuvenil (obras destinadas a un lectorado maior de 12 anos). Existen dúas modalidades: creación literaria e álbum ilustrado. Os textos que optan ao premio (que poden comprender unha ou varias obras) teñen que ter un mínimo de oitenta páxinas (dous mil cen caracteres cada unha), no caso de narrativa e teatro, e un mínimo de cento cincuenta versos para obras de poesía. O xurado está presidido por quen ocupe a Presidencia da Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil; serán vogais un representante da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), do Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, del Consell Catalá del Llibre Infantil i Juvenil (CliiCAT) e de Galtzagorri Ekartea, como seccións de OEPLI, e actuará como secretaria, con voz pero sen voto, a persoa que ocupe a Secretaría Técnica de OEPLI. As persoas que concursen deben remitir á Secretaría da OEPLI (Santiago Rusiñol, 8, 28040 Madrid) catro exemplares de cada unha das obras coas que desexen concorrer. Os orixinais deben presentarse baixo lema, xunto cun sobre pechado co lema identificador e o título antes do 30 de maio. En anteriores edicións recibiron o galardón as seguintes obras en galego: en 1990 *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz; en 1999 *A banda sen futuro*, de Marilar Aleixandre; en 2001 *Amar e outros verbos*, de Ana María Fernández Martínez; en 2005 *A sombra descalza*, de An Alfaya; en 2004 *A noite da raíña Berenguela*, de Xosé Antonio Neira Cruz; e en 2009 *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos S. Calveiro. Na edición de 2012, convocouse a modalidade infantil. A contía do premio foi de 7000 euros para cada unha das modalidades: creación literaria e álbum ilustrado. O xurado concedeu o premio da modalidade de creación literaria a *Prohibido leer a Lewis Carroll*, de Diego Arboleda (Estocolmo, 1976), e da de álbum ilustrado a *Leviatán*, de Ramón Trigo (Vigo, 1965). A entrega dos premios tivo lugar o día 15 de decembro no marco do XXXVI Salón del Libro Infantil y Juvenil de Madrid.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Meiga Moira**

Convocado por primeira vez no ano 2004 por Baía Edicións. Está dotado cun único premio de 2.500 euros e a publicación da obra na colección "Meiga Moira" de Baía Edicións. A súa convocatoria é bienal. Está dirixido a obras inéditas de creación literaria, en galego, sen límite de páxinas, dirixidas a nenas e nenos de 8 a 16 anos. Da obra inédita e non premiada deben enviarse cinco copias baixo lema nun sobre pechado cos datos persoais do autor antes do 17 de maio a Baía Edicións (Polígono Pocomaco, 2ª avda., parcela G-18, nave Posterior, 15190 A Coruña). O xurado está composto por

cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da editorial, que actúa como secretaria. En edicións anteriores recibiron o galardón *O lume dos soños*, de Cibrán Ulloa (2004); *Lóbez*, de Antonio Yáñez Casal (2006); *Globos de andar*, de Xavier López Rodríguez (2008); e *Violeta Tamurana*, de Andrea Maceiras (2010). No ano 2012, o xurado, formado polas escritoras Marica Campo e Andrea Maceiras, gañadora na edición anterior do certame, a profesora de ensino medio na Coruña Dores Fernández López, o ensaísta e profesor da Universidade da Coruña Carlos Paulo Martínez Pereiro, que actuou de Presidente, e a directora editorial de Baía Edicións, María Belén López Vázquez, como secretaria, reunido o venres día 21 de setembro, resolveu conceder por unanimidade o 5º Premio Meiga Moira de Literatura Infantil-Xuvenil á obra presentada baixo o lema "Mago Chalupa", que resultou corresponder á presentada pola escritora ferrolá Ana María Gallego Gen, que leva como título *Bandeiras negras* e proposta para o tramo de idade de 12 a 16 anos.

Premio **Nacional de Cómic**

Galardón outorgado polo Ministerio de Cultura de España dentro dos Premios Nacionais, creado en 2007 a fin de recoñecer o mellor cómic publicado en España en calquera das linguas cooficiais, ao longo do ano anterior á entrega do premio. Está dotado cunha contía de 20.000 euros. No ano 2009 o premio para a mellor obra foi para o álbum *As serpes cegas* (2008), editado polo colectivo galego BD Banda, con guión do madrileño Felipe Hernández Cava e con debuxos do mallorquín Bartolomé Segui. No ano 2011 o galardón foi para Santiago Valenzuela por *Plaza Elíptica*. No ano 2012, o galardón concedéuselle a *Dublinés*, de Alfonso Zapico, publicado por Astiberri Ediciones.

Premio **Nacional de Literatura Infantil**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio **Manuel María** de Literatura Dramática Infantil

Convócao o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (ver o apartado X.3 do *Informe*). Poden optar textos teatrais inéditos en galego dirixidos especificamente ao público infantil, quedando excluídas as obras de teatro breve e os textos para teatro de monicreques. A contía era de 4.000 euros, e na convocatoria do ano 2009 ascendeu a 6.000 euros. As obras deben ser de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. A obra premiada pode ser publicada nas colecções de AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, mecanografados a dobre espazo baixo lema e un sobre pechado cos datos persoais do autor a AGADIC (Rúa da Vesada s/n, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela). Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literarias e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e

na calidade da lingua. Nas edicións anteriores concedeuse o galardón en 2006 a *Boas noites*, de Paula Carballeira; en 2007 a *Game over*, de Carlos Losada; en 2008 a *Pingueiras e tarteiras*, de Teresa González Costa; en 2009 a *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2010 a *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, de Francisco Xavier Lama López; e en 2011 a *O refugallo*, de Paula Carballeira. Nesta VII edición de 2012 o período de admisión rematou o 11 de xuño e o xurado, presidido por Manuel F. Vieites, decidiu o 26 de novembro declarar deserto este galardón, ao que se presentaran trece orixinais.

Referencias varias:

- ELOS, "Para lembrar", *El Correo Gallego*, "Tendencias", "Literatura Infantil e Xuvenil", 10 maio 2012, p. 42.

Lémbrase que a Axencia Galega das Industrias Culturais convoca os premios Manuel María de Literatura Dramática Infantil e o Barriga Verde de textos para teatro de monicreques e que o prazo de entrega se pecha o once de xuño. Infórmase de que se poden consultar as bases na páxina en liña http://www.agadic.info/premios

- Xoán Bernárdez Vilar, "Stat sua cuique dies; breve et irreparabile tempus", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 176, "Crónicas", "Rolda da cultura", xaneiro-febreiro 2012, pp. 92-100.

Menciónase, entre outros asuntos, a concesión do VI Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil a Paula Carballeira por *Refugallo.*

Premio **Merlín de Literatura Infantil**

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Dotado con 10.000 euros, poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal hai que presentar seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas, nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (rúa Dr. Marañón 12, 36211, Vigo). Co orixinal, presentado baixo lema, debe acompañarse, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre: para o Premio Merlín de Literatura Infantil. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia pero, dende 1988, é constituído por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, pode publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos están libres de pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibe gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. En edicións anteriores o galardón foi para: *A casa abandonada* (1987), de Úrsula Heinze, en 1986; *A princesa Lúa e o enigma de Kian* (1988), de Palmira González Boullosa, en1987; *Ó*

outro lado do sumidoiro (1989), de Xosé A. Neira Cruz, en 1988; *As flores radiactivas* (1990), de Agustín Fernández Paz, en 1989; *Fafarraios* (1991), de Gloria Sánchez García, en 1990; *Dúas bágoas por Máquina* (1992), de Fina Casalderrey Fraga, en 1991; *Os Mornias* (2005), de Dolores González Lorenzo, en 1992; *O gaiteiro e o Rato Pérez* (1994), de Bernardino Graña, en 1993; *A expedición do Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre, en 1994; *Perigo vexetal* (1995), de Ramón Caride Ogando, en 1995; *Na fogueira dos versos* (1996), de Antonio García Teijeiro, en 1996; *¡Sireno, Sireno!* (1997), de An Alfaya, en 1997; *A noite das cabras do aire* (1999), de Bieito Iglesias, en 1999, *As cousas claras* (2000), de Xosé A. Neira Cruz, en 2000; *A merla de trapo* (2003), de Antón Cortizas Amado, en 2001; *Pel de lobo* (2002), de Xosé Miranda Ruíz, en 2002; *Irmán do vento* (2003), de Manuel Lourenzo González, en 2003; *O Brindo de Ouro* (2004), de Xesús Manuel Marcos López, en 2004; *Unha branca de cobre para Martiño* (2005), de Ramón Carredano Cobas, en 2005; *O tesouro da lagoa de Reid'Is* (2006), de Agustín Agra Barreiro, en 2006; *Minimaladas* (2007), de Carlos López Gómez, en 2007; *Xenaro e o misterio da mochila verde* (2009), de Mar Guerra Cid, en 2008; *Mil cousas poden pasar. Libro I* (2010), de Jacobo Fernández Serrano, en 2009; *A filla do ladrón de bicicletas* (2011), de Teresa González Costa, en 2010; e *A chave da Atlántida* (2012), de Anxo Fariña, en 2011. No ano 2012 o prazo de presentación rematou o 10 de abril, concorreron corenta e unha obras e o 1 de xuño no Castelo de Soutomaior escolléronse como finalistas as presentadas baixo os lemas "Chaeira", "Iris Hull" e "Palabras de auga". O xurado da XXVII edición do premio, formado pola escritora e secretaria da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX) Ledicia Costas, o escritor, ilustrador e gañador do Premio Merlín 2011Anxo Fariña, a profesora Cristina Fernández Ameal, o escritor e mestre Silvestre Gómez Xurxo, a profesora Ánxeles Saco López e Helena Pérez Fernández, en representación de Xerais, actuando como secretaria, con voz e sen voto, o día 9 de xuño na illa de San Simón na Festa Xerais, acordou outorgar o galardón á obra titulada *Palabras de auga* (2012), de Marcos Calveiro (Vilagarcía, 1968).

Ver tamén apartado X.1. deste *Informe.*

Referencias varias:

- AD, "Los Xerais premian la obra de María y Manuel Lorenzo", *La Región*, "Sociedad", 10 xuño 2012, p. 67.

Fálase do Premio Merlín de Literatura Infantil, que foi para Marcos Calveiro por *Palabras de auga*. Tamén se cita o Premio Xerais de Novela 2012, que foi outorgado a María Lorenzo Miguéns e a Manuel Lorenzo Baleirón por *Tonas de laranxa*.

- Ágatha de Santos, "Una novela escrita a cuatro manos por María y Manuel Lorenzo, premio Xerais 2012", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 10 xuño 2012, p. 44.

Noméanse os gañadores do Premio Xerais de Novela 2012: María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón por *Tonas de laranxa*. Fálase tamén do Premio Merlín de Literatura Infantil, *Palabras de auga*, que foi para Marcos Calveiro.

- Alaitz Monteagudo, "Lorenzo Miguéns e Lorenzo Baleirón, premio Xerais 2012", *El Correo Gallego*, "Tendencias/Esquelas", 10 xuño 2012, p. 50.

Cítanse o gañador do do premio Merlín de Literatura Infantil: Marcos Calveiro por *Palabras de auga*; e do Premio Xerais 2012: María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón por *Tonas de laranxa*.

- T. C., "Una llamada de atención", *El País*, "*Galicia*", 10 xuño 2012, p. 6.

Explícase a orixe e o argumento de *Palabras de auga*, de Marcos Calveiro, que recibiu o Premio Merlín de Literatura Infantil en 2012.

- Ágatha de Santos, "La literatura tiene que abrir los ojos y las orejas al lector", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 24/ *La Opinión*, "Cultura", p. 43, 11 xuño 2012.

Entrevista a Marcos Calveiro, Premio Merlín de Literatura Infantil pola súa obra *Palabras de auga*. Fálase do argumento e orixe da obra e cítanse outros premios do autor.

- Rosé Carrera, "Palabras de auga' achega aos nenos outra realidade que non existe nos videoxogos", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 16 xuño 2012, p. 11.

Conversa con Marcos Calveiro, gañador do Premio Merlín da Literatura Infantil 2012 pola obra *Palabras de auga*, sobre a historia da novela, que naceu dunha nova aparecida nun xornal en relación á "fame terrible que afectou ao Sahel".

- Armando Requeixo, "Baixo o lume do ceo", *Diario de Arousa*, "*O Salnés/Siradella*", "Letras Atlánticas", p. 38/*Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 757, "Letras Atlánticas", p. 36/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 757, "Letras Atlánticas", p. 32, 30 decembro 2012.

Despois de sinalar que Marcos Calveiro gañou o Premio Merlín con *Palabras de auga*, realiza una traxectoria polos galardóns recibidos por este escritor e presenta o argumento da novela.

Premio **Ourense de Banda Deseñada**

Convocado pola Casa da Xuventude de Ourense xunto coa Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, premia as Mellores Iniciativas na Banda Deseñada Galega, que pode recaer tanto en persoeiros como en institucións. O certame ten lugar dentro da celebración das Xornadas de Banda Deseñada convocadas por esta institución. O galardón consiste nunha estatuíña deseñada e realizada expresamente para a ocasión polo artista plástico Manolo Figueiras. O premio decídese segundo as propostas que os afeccionados de toda Galicia poden enviar á Casa da Xuventude (Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004 Ourense). Nesta vixésim terceira edición de 2012 o galardón foi para a escola profesional dirixida por Kiko da Silva, O Garaxe Hermético. A entrega do premio tivo lugar o 30 de novemro na libraría Vento do Sul-Livraria Torga, de Ourense.

Premio de Ilustración e Narración Infantil e Xuvenil **Pura e Dora Vázquez**

Convocado pola Deputación de Ourense dende o ano 2003 e dotado con 3.000 euros para cada modalidade, ilustración e narración, e a publicación do libro. Na modalidade de narración os textos en lingua galega, orixinais e inéditos deben presentarse en seis copias no rexistro da Deputación de Ourense (Rúa Progreso, 32, 32.003, Ourense) antes do día 12 de setembro. Na modalidade de ilustración diríxese a ilustradores de calquera nacionalidade que presenten as súas ilustracións inéditas e orixinais, non menos de dez, tomando como base o texto premiado, no Rexistro Xeral antes do 20 de decembro. En anteriores edicións recibiron o galardón: *Adeliña*, de Celia Díaz no ano 2003, ilustrado por Luís Sendón; *Alende*, de Antón Cabaleiro en 2004, ilustrado por Jacobo Muñíz; *Por que Baldomero Quintáns*, de Raquel Laso Lorenzo en 2005, ilustrado por María Puertas; *A historia máis incrible que nunca liches*, de Breogán Riveiro en 2006, ilustrado por Alberto Vázquez; *O nariz de Fiz*, de Miro Villar en 2007, ilustrado por Lola Lorente; *Encontros ás agachadas*, de Concha Blanco en 2008, ilustrado por David Pintor; *Palabra era un universo paralelo*, de Xoán Babarro en 2009, ilustrado por Nuria Díaz; *O papaventos de Laura*, de María Canosa en 2010, ilustrado por Daniel Iglesias Padrón; e *Rugando*, de Celia Díaz Núñez en 2011. No ano 2012 deuse a coñecer a gañadora na modalidade de ilustración da IX edición do ano 2011, que foi Pilar Marcó. O xurado da décima edición de 2012 outorgou o galardón a Ángela Fernández, pola obra *Por qué está triste o miañas?*.

Referencias varias:

- Carolina A. Piñeiro, "Os concursos axudan a conseguir proxectos a nivel profesional", *La Región*, 25 xaneiro 2012, p. 13.

Entrevista a Pilar Marcó, gañadora da modalidade de ilustración do Premio de Ilustración e Narración Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez.

- X. M. R., "Ángela Fernández gaña o premio Pura e Dora Vázquez de literatura xuvenil", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 outubro 2012, p. 39.

Comenta que Ángela Fernández gañou o Premio Pura e Dora Vázquez de Literatura Xuvenil coa súa obra *Por qué está triste o miañas?*, na modalidade de narrativa e sinala que a obra destaca valores humanos a través de personaxes animais.

- Sheila Carballo, "Non é fácil escribir para os nenos, son moi críticos", *La Región*, "Ciudad", 12 outubro 2012, p. 10.

Entrevista á gañadora do Premio Pura e Dora Vázquez de Literatura Xuvenil, Ángela Fernández, coa obra *Por qué está triste o miañas?*. Nela conta que recibir o premio a axuda a seguir adiante coa escrita e que foron os seus familiares os que a impulsaron a presentarse ao concurso.

Premio **Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil**

Convocado dende 1998 pola Deputación da Coruña cunha dotación de 6.500 euros, ademais da edición da obra gañadora a través do Servizo Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Dende o ano 2000, a súa convocatoria pasou a ser bienal. Segundo as

bases, ao premio poden presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estrutura literaria de conto ou narración breve, orientadas ao mundo infantil ou xuvenil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión é libre e pódense incluír ilustracións que fagan alusión ao argumento. Os orixinais deben presentarse por duplicado, en tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados e grampados ou encadernados, baixo título e un lema, provistos de plica en que se faga constar o título e o lema no seu exterior e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega de orixinais debe facerse na Deputación Provincial da Coruña (Avenida Alférez Provisional, 2, 15006 A Coruña), indicando no sobre "Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa". En edicións anteriores foron galardoadas *Cos pés no aire*, de Agustín Fernández Paz en 1998; *Velaí vai o verme*, de Mario Pereira Fernández en 1999; *Resalgario en Trasgalicia*, de Antonio Reigosa Carreiras en 2000; *O armiño dorme*, de Xosé A. Neira Cruz en 2002; *Tonecho de Rebordechao*, de Breogán Riveiro Vázquez en 2004; *Viaxe a Libunca*, de Antonio Yáñez Casal en 2006; *A peripecia de Roi*, de Carlos López Gómez en 2008; e *Centauros do norte*, de Marcos Calveiro en 2010. Dende entón non houbo unha nova convocatoria.

Concurso **Teatro Infantil O Facho**

No ano 2008 a Asociación Cultural O Facho recuperou este concurso no que poden participar obras inéditas en lingua galega non representadas, nin premiadas noutros certames cun máximo de oitenta folios, presentadas por quintuplicado a dobre espazo, baixo lema, e acompañadas dun sobre cos datos persoais do autor. Estabelécese un galardón único de 500 euros, a edición da obra e un mínimo do 40% da edición. Os orixinais deben enviarse por correo á sede da Asociación Cultural O Facho (R/ Federico Tapia n.º 12-1º, 15005, A Coruña) ou á Caixa de Correos n.º 46, Oficina Principal da Coruña, até o 31 de marzo. O xurado, composto polo director teatral Xosé Manuel Rabón, a actriz Susana Longueira e o director de Edicións Laiovento, Francisco Pillado Maior, acordou, por unaminidade, conceder o premio da edición de 2012 á obra presentada baixo o lema *Fora Gaiolas*. Aberta a plica correspondente, resultou gañadora Dna. Carmen Blanco Sanjurjo coa obra intitulada *A Fuga*.

The White Ravens Galegos

A Internationale Jugendbibliothek de Munich publica anualmente unha selección das mellores obras de Literatura Infantil e Xuvenil. En 2006 foi escollido *A cousa que máis doe do mundo*, de Paco Liván e Roger Olmos; en 2007 *A princesa do Caurel*, de Patacrúa e Javier Solchaga; en 2008 *Ovos duros*, de Marisa Núñez e ilustrado por Teresa Lima; *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros e *O último canto*, de Pablo Albo e Miguel Ángel Díez, en 2010; e *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro e *Contos para nenos que dormen deseguida*, de Pinto&Chinto, en 2011. Na edición deste ano 2012, dúas obras galegas conseguiron entrar nesta listaxe internacional, composta por 250 títulos publicados en todo o mundo durante o 2011: *A viaxe de Olaf*, de Martín León Barreto, editado por Kalandraka, e *Zimbo*, de Arturo Abad e Joanna Concejo, editado por OQO.

X.8. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS

Acóllense neste apartado todos aqueles certames, premios escolares de creación literaria que tiveron recepción na prensa diaria ou nas revistas e que se dirixen a escolares de distintos niveis de ensino, aínda que tamén se abran a outros participantes. Tamén aqueles que nos foron achegados polas entidades convocantes enviando as súas bases. En xeral, aínda que pode haber algunha excepción, debido á traxectoria do premio, alfabetízanse polo nome do concurso e indícase a entidade convocante.

Concurso Literario **Achegamento ao Libro**

Coa finalidade de animar os escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciábel de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal Don Francisco Mayán e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee, coa colaboración de Caixanova, convocan este concurso. Nel pode participar todo o alumnado de calquera dos centros educativos da bisbarra. Os traballos, en galego, deben ser orixinais e inéditos e ter unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema debe estar relacionado co achegamento ao libro, buscando sempre fomentar o hábito de lectura da poboación. Entréganse, sen asinar, cos datos do autor nun sobre á parte, na Biblioteca Pública Municipal. Existen cinco premios de diferente contía para os distintos ciclos de primaria e secundaria, que se entregan en vales para material didáctico e libros, unha parte dos cales é doada pola entidade Caixanova. O xurado en facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio. No ano 2012 tivo lugar a XXI edición e bateuse a marca de traballos presentados: 436. A obra gañadora do 1º Ciclo de Primaria foi: “O País de Non Letras” de Julia García Traba, do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee. Recibiron accésits as obras: “Os contos de Iria” de Xiana Lago Andrade, do CEIP A Igrexa-Brens; “Aventuras en follas de cores” de Julio Regueiro Montero, do Colexio Manuela Rial Mouzo de Cee; “O libro lingoreteiro” de Paula Santos Lemus, do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee; “Unha letra traviesa” de Ainhoa Trillo Atán, do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee; “O reino fantástico” de Uxía Piñeiro Lago, do CEIP do Pindo; “O libro misterioso” de Yassin David Bensghir Ronquete, do CEIP do Pindo; “O bosque encantado” de Aalyah Louro Rodríguez, do CEIP do Pindo. A obra gañadora do 2º Ciclo de Primaria foi: “Don Z e Don , (coma)” de Clara de Ramón Ayala, do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee. Recibiron accésits as obras: “Xan e os libros” de Iria Varela García, do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee; “O diccionario” de Inés Vázquez Santos, do Colexio “Eugenio López” de Cee; “O libro de nunca acabar” de Gisela Suárez Vázquez, do Colexio “Eugenio López” de Cee; “Loli e a landra” de Paula Ézara Trillo, do Colexio “Eugenio López” de Cee; “A viaxe, o conto que nuca existiu” de Carmen Romero Sendón, do Colexio “Eugenio López” de Cee. A obra gañadora do 3º Ciclo de Primaria foi: “Un mundo de aventuras” de Estela Areas Pérez, do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee. Recibiron accésits as obras: “Un gran descubrimento” de Carmen Ramón Fernández do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee; “O tempo depende de min” de María Agulleiro Casais, do Colexio “Eugenio López” de Cee; “A excursión do libro”, de Álvaro Valiña López”, do Colexio “Eugenio López” de Cee; “Un libro falador” de Iria Trillo Charlín, do CEIP de Dumbría; e “A cidade dos libros” de Mirian Castro González, do CEIP do Pindo. A obra gañadora do 1º Ciclo da ESO foi: “Perdida no tempo” de Teresa Lago Caamaño, do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee.

Recibiron accésits as obras: “A min cheirame a recordos…” de Diana Haz Iglesias, do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee; “A maxia dos libros” de Fátima López López, do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee; “Unha historia de piratas” de José Manuel Bermúdez Piñeiro, do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee. A obra gañadora do 2º Ciclo da ESO foi: “Un mundo agochado nunha folla en branco” de Ainhoa Conde Castro, do IES Agra de Raíces de Cee. Recibiron accésits as obras: “Viaxe ó centro dos libros” de Laura Beiro Ézara, do IES Agra de Raíces de Cee; “Unha vida nun libro” de Paula Castiñeira Iglesias, do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee; e “Cachos de anacos de trozos de pedazos” de Paula Vázquez Castiñeira, do Colexio “Manuela Rial Mouzo” de Cee.

Certame Literario **Alberto Romasanta**

Certame convocado polos IES Campo de San Alberto e o IES do Mar, de Noia. Pode participar o alumnado matriculado en calquera dos dous centros. Consta de dúas modalidades, relato e de poesía, e de tres niveis: nivel 1, 1º ciclo da ESO; nivel 2, 2º ciclo da ESO; e nivel 3, Bacharelato e Ciclos Formativos. Os traballos teñen que ser orixinais, escritos en galego, de tema e extensión libres. Deben presentarse o orixinal e tres copias dentro dun sobre pechado no que tan só se escribe o lema ou pseudónimo, o nivel de participación e a modalidade (relato ou poesía). Dentro del debe ir outro sobre no que se inclúan os datos do autor: pseudónimo, nome, apelidos, curso e centro. Os traballos (orixinal e copias) preséntanse na Secretaría de calquera dos centros. Establécense os seguintes premios: un primeiro premio (60 euros) e un segundo premio (30 euros) para cada nivel e modalidade. O xurado, que pode deixar deserto algún dos premios, é nomeado polos Equipos de Dinamización da Lingua Galega e o seu fallo será inapelábel. No ano 2012 tivo lugar a XVIII edición do certame e o prazo de entrega de orixinais rematou o día 11 de maio. A entrega de premios realizouse o 21 de maio nun acto celebrado no IES Campo de San Alberto.

Referencias varias:

- Manuel Gil, “Los institutos de Noia entregan sus premios literarios”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 maio 2012, p. 30.

Fálase do XVIII Certame Literario Alberto Romasanta de relato e poesía en galego que organizan os institutos de Noia. Cítanse os vencedores nas distintas categorías.

Certame relato curto **Antonio Fernández Pérez**

Convocado, dende o ano 2009, polo Concello de Verín, está dirixido a fomentar a creatividade literaria dos estudantes de terceiro ciclo de Primaria e da ESO dos centros de ensino desa comarca. O relato ten que ser orixinal, inédito, con temática e o estilo totalmente libre, escrito en galego, en texto mecanizado ou en letra manuscrita lexíbel, cunha extensión que non supere dous folios e asinado cun lema. Os traballos preseleccionados reciben como premio un lote de libros e estabelécense tres premios de 90 euros, 60 euros e 30 euros por cada un dos catro niveis nos que se pode concursar. O ditame dos galardóns tivo lugar na Casa da Cultura de Verín con motivo do Día das

Letras Galegas. No ano 2012 resultaron galardoados: no ciclo de primaria, "A lenda das montañas", de Iria Vázquez Arcos, CEIP Amaro Refojo (1º premio); "Días de neve", de David Losada Palanca, CEIP de Oímbra (2º premio); e "O encerado e os peixiños de cores", de Fernando Rodríguez Jiménez, CEIP Amaro Refojo (3º premio); en 1º ciclo de ESO: "A certeza dun soño", de Marta Cid Nieto, IES Xesús Taboada Chivite (1º premio); "Da Orde dos Cabaleiros Sagrados", de Manuel Paz Vaz, Colexio Apostólico Mercedario (2º premio); e "Realidade", de Sandra Maia Alonso, Colexio María Inmaculada (3º premio); no 2º ciclo de ESO: "Tráfico de emocións", de Lucía Díaz Nicolino, IES Xesús Taboada Chivite (1º premio), "Mereceu a pena esperar", de Andrea Domínguez Arias, Colexio María Inmaculada (2º premio); e "Quizais", de Esther Vaz Diéguez, Colexio María Inmaculada (3º premio). Os galardóns entregáronse no acto do Día das Letras Galegas na Casa da Cultura de Verín.

Premios **Buero de Teatro Joven**

Denominado até 2007 Premio Candilejas, que organizaban o Ministerio de Cultura, o Ministerio de Educación e Ciencia e a Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña, para promover o gusto e a afección polo teatro e estimular a creatividade artística da mocidade. Naceron en honor do insigne académico español Antonio Buero Vallejo, considerado un dos dramaturgos máis importantes da segunda metade do século XX. Contan con dúas categorías, a fase autonómica e a fase nacional, e diríxese a mozos entre 14 e 21 anos de centros escolares ou non escolares como asociacións ou centros culturais. Na fase autónomica existen as seguintes categorías: Centro Escolar, Finalista Autonómico, Centros Culturais e Mencións Especiais. Os premios consisten para o grupo teatral gañador da categoría de Centro Escolar e o grupo teatral pertencente a Centros Culturais, nun lote de material para a actividade teatral, unha copia da gravación da súa montaxe teatral e un lote de material didáctico sobre teatro; para o Finalista Autonómico, nun galardón acreditativo e un lote de material didáctico sobre teatro; e as Mencións Especiais, nun diploma acreditativo. Pola súa banda, na fase nacional, estabelécense premios para os catro grupos finalistas: primeiro, segundo e terceiro clasificado na categoría de Centros Escolares e gañador na categoría de Centros Culturais. O galardón consiste nunha invitación pola organización, con todos os gastos pagos, para representar as súas obras no Teatro Nacional de Madrid no transcurso dunha gala na que se coñecen os gañadores e se entregan os galardóns. Ademais, son invitados todos os compoñentes de cada grupo a asistir, con todos os gastos pagos, a unha das feiras ou festivais nacionais durante cinco días, mentres os gañadores das Mencións Especiais reciben un galardón acreditativo. No ano 2012, novena edición, o prazo de inscrición rematou o 23 de abril e en Galicia recibiron o galardón da fase autonómica os grupos Noite Bohemia do instituto Ramón Menéndez Pidal, na categoría de teatro escolar, polo espectáculo *El perro del hortelano*, e El Ruiseñor, de Culleredo, na categoría de teatro non escolar, coa obra *Mucho ruído y pocas nueces*.

Referencias varias:

- Noelia Díaz, "Premio al talento coruñés", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 24 maio 2012, p. 12.

Fálase da compañía Noite Bohemia, ligada ao Instituto Ramón Menéndez Pidal, que gañou por segunda vez consecutiva o Premio Buero de Teatro Escolar en Galicia pola súa obra *El perro del hortelano*.

Concurso de Contos de Nenos para Nenos **Carlos Casares**. Asociación Cultural O Facho

No ano 2008 a Asociación Cultural O Facho convocou este certame en homenaxe ao primeiro gañador do Certame de Literatura Infantil no ano 1968 coa obra *A galiña azul.* Está dirixido a rapaces e rapazas que presenten os seus relatos orixinais e inéditos en lingua galega. Os orixinais cos datos persoais do autor deben enviarse por duplicado por correo á sede da Asociación Cultural O Facho (R/ Frederico Tápia n.º 12-1º, 15005, A Coruña) ou entregarse no seu centro escolar. Consta de dúas categorías: A, para nenos e nenas de 9 a 12 anos, cun máximo de cinco folios e dous premios; e B, para rapaces e rapazas de 13 a 16 anos, cun máximo de dez folios e dous premios. Os galardóns contan cunha dotación de 400 euros na categoría A e no segundo premio da categoría B e 500 euros o primeiro premio da categoría B. No ano 2012, o xurado, formado polos escritores Xabier P. Docampo, Breogán Riveiro Vázquez, Xosé Manuel Martínez Oca, e Soledade González Maside (sen voto), decidiu outorgar os seguintes galardóns: na categoría A, o primeiro premio foi para "Carta a Pilar", de Andrés Vázquez García, do CEIP Eloísa Rivadulla, Chantada (Lugo); e o segundo premio para "A néboa", de David Carpacho Pérez, do IES Manuel Murguía, Arteixo (A Coruña); na categoria B, o primeiro premio foi para "Unha historia do máis normal?", de María Álvarez Vázquez, do CPI Terras de Maside, Maside (Ourense); e o segundo premio foi para "Murmurio a media noite", de André Graña Casal, do Colexio Alborada, Vigo (Pontevedra).

Concurso de relatos **Como te imaxinas na USC?**

Co obxectivo de coñecer a visión do estudantado sobre os diferentes apectos da vida universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela convoca este certame dirixido a estudantes de 4º de ESO, ciclos formativos e Bacharelato. Deben presentarse un máximo de tres relatos, cunha extensión máxima de tres folios, por cada centro de ensino, que se remiten ao Pavillón estudantil (Campus Sur, 15782, Santiago) ou ao correo electrónico aponte@usc.es, acompañados dun folio cos datos persoais do autor. Os galardóns consisten nun primeiro premio (un ordenador persoal portátil) e unha mención (un teléfono móbil). No ano 2012 o prazo de presentación de traballos foi do 10 de xaneiro ao 30 de abril e a gañadora do primeiro premio foi Ana María Fandiño Argibay, co relato "Formiga". O segundo premio foi concedido a Sebastián Blanco Portals.

Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Certame de relato curto en galego que convoca a Concellería de Cultura do Concello de Mugardos, conta coas modalidades de maiores de 18 anos e menores de idade. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega, cunha extensión máxima de dez folios, e poden presentarse até un máximo de tres traballos por participante, que deben enviarse á Concellaría de Política Lingüística do Concello de

Mugardos (Avda. de Galicia, 45, 15620, Mugardos). O galardón consiste nun cheque por valor de 300 euros para os menores de idade e 400 euros para os maiores de idade. No ano 2012 tivo lugar a décima edición.

Concurso de Microrrelatos do **Concello de Silleda**

A Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Silleda convoca por primeira vez no ano 2012 este certame, no marco do plan de Dinamización Lingüística do Concello, que recibiu unha subvención do goberno autonómico para levar a cabo numerosas actividades que contemplan actuacións en varios eidos e entre diferentes franxas de idade. As obras presentadas deben estar integramente feitas en lingua galega, e poden concursar todas as persoas que teñan entre 12 e 20 anos e estean censadas en Silleda. Os microrrelatos non poden superar os 300 caracteres de extensión e a temática é libre. Deben presentarse no Concello, ou ben en rexistro ou ben a través do correo postal, impresos en A4 e firmados cun pseudónimo, acompañados dun sobre pechado onde por fóra estea escrito o pseudónimo e no interior unha tarxeta cos datos persoais. O galardón consiste nun e-book para o particpante valorado en 100 euros e nun lote de libros en galego para o centro educativo ao que pertenza, valorado en 50 euros. Nesta primeira edición do ano 2012, o prazo para presentar os traballos comezou o dia 14 de maio e rematou o 30 de xuño. Concurriron 11 traballos e o xurado, formado por xornalistas e pola alcaldesa, concedeu o premio a Julián Gómez Villamayor, de 13 anos e veciño de Silleda, polo microrrelato "Ráfaga". O acto de entrega tivo lugar a primeira semana de agosto.

Referencias varias:

- R. R. Dapena, "O microcurto 'Falemos' e o relato 'Ráfaga' gañan o concurso de Silleda", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 xullo 2012, p. 33.

Dá a coñecer os gañadores dos certames Concurso de Microcurtas e Concurso de Microrrelatos, do que resultou gañador o relato "Ráfaga".

Concurso de conto infantil ilustrado **Contando historias**

Ver apartado X.7. deste *Informe*.

Certame de **Contos da Lareira**. Asociación Cultural O Arrieiro de Moraña

Concurso organizado pola Asociación Cultural O Arrieiro de Moraña, que pretende premiar a tradición oral dos contos. Estabelécense dúas categorías: A, até quince anos, e B, para maiores desa idade. A temática é libre e o texto, integramente en galego, debe ter unha extensión mínima dun folio.debe presentarse baixo pseudónimo no Concello de Moraña ou na Casa da Cultura ADR Castelao (Rúa, 3, 36660 Moraña). Os datos persoais deben ir nun sobre pechado. Hai tres primeiros premios en cada categoría, consistentes en lotes literarios e nun diploma honorífico acreditativo. O xurado valora o contido literario, pero tamén a presentación e inclusión de ilustracións. Nesta novena

edición de 2012 os galardóns foron entregados durante a festa que a asociación celebra o Día das Letras Galegas na Casa da Cultura A. D. R. Castelao de Moraña.

Concurso Escolar **Emilia Estévez Villaverde**

Organizado polo Museo de Pontevedra dende 1987 e dirixido ao alumnado do ensino primario da Comunidade Autónoma galega e das escolas da emigración. Debe entregarse na Secretaría do Museo (Rúa Pasantería 2-12, 36002, Pontevedra) unha composición poética cun máximo de dous folios ou un conto cun máximo de seis folios, preferentemente escritos en lingua galega. O galardón consiste nun diploma e unha viaxe cultural á Casa-Museo Rosalía de Castro de Padrón e a Santiago de Compostela.

Certame Literario **Esther Dourado**

Premio convocado por primeira vez no ano 2012 polo centro de ensino CEP Pilar Maestú Sierra para rendir homenaxe a unha profesora que dedicou máis de vinte anos a formar estudantes de distintas xeracións. Está dirixido a alumnado de Primaria e ESO do Concello da Pobra. Os premios consisten en vales de compra nas librarías e tendas de deportes da localidade.

Referencias varias:

- S. S., "Concurso literario en el CEP Pilar Maestú", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "A Pobra", 29 maio 2012, p. 31.

Fálase da grande participación de alumnos de CEP Pilar Maestú no Certame Literario Esther Dourado.

- T. M., "El CEP Pilar Maestú entregó los premios del 'I Certame Literario Esther Dourado", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "A Pobra", 29 maio 2012, p. 22.

Faise referencia á entrega de premios do I Certame Literario Esther Dourado.

Concurso de debuxo e relato da **Filloa**

Organizado pola comisión organizadora da MOEXMU (Mostra Exposición de Muimenta), poden participar os estudantes de Educación Primaria e Secundaria de calquera centro público ou privado dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, A Pastoriza, Rábade e Vilalba. Estabelécense tres categorías: até os sete anos, de oito a once e de doce a dezaoito e hai tres premios por categoría (gañador, finalista e semifinalista). O formato debe ser de dous folios como mínimo e cinco como máximo, manuscritos ou mecanografados, por unha soa cara. Os traballos deben entregarse sen asinar indicando no encabezamento o título e/ou lema adoptado polo autor, xunto dun sobre cos datos persoais do autor, na Mostra Exposición de Muimenta-MOEXMU (Asociación de Empresarios de Muimenta, Recinto Feiral "Manuel Vila López", s/n, Muimenta, 27377, Cospeito). O xurado estará formado polo

presidente e un membro da comisión organizadora da MOEXMU, o alcalde do Concello de Cospeito ou un representante deste, un membro da xunta directiva da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta; un representante da Universidade de Santiago de Compostela, un empregado da entidade financieira patrocinadora do concurso e dúas persoas independentes das anteditas organizacións. En 2012 tivo lugar a XIII edición e os premios foron entregados o 1 de maio de durante a celebración da XXI Festa da Filloa.

Certame **Francisco Añón de Poesía**. Concello de Outes

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste Concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. No ano 2008 estabelecéronse cinco categorías: A) para nenos de seis a sete anos cun premio dun vale de 90,15 euros en libros e publicación da obra; B) para os de oito a nove anos cun premio dun vale de 120 euros en libros e publicación do poema; C)
para os nenos de 10 a 11 anos cun premio dun vale de 150 euros en libros e publicación do poema; D) para os mozos de doce a catorce anos cun premio dun vale de 180 euros en libros e publicación do poemario; E) para mozos de quince a dezasete anos cun vale de 230 euros e publicación da obra; e F) para os maiores de dezaoito anos cun cheque por valor de 1.000 euros e publicación da obra. En todas as categorías contémplase a posibilidade de conceder un accésit. Nas modalidades E e F os textos deben ter unha extensión mínima de cento cincuenta versos. Os orixinais deben presentarse en sobre pechado no que conste o título da obra, a categoría e o lema ou pseudónimo do autor e, dentro, outro sobre, cos datos persoais e fotocopia do DNI ou CIF. Os traballos entréganse na Casa da Cultura (Avda. de San Campio, s/n, 15230 Outes). Na décimo sexta edición de 2012, o prazo de entrega de orixinais rematou o 9 de abril e o xurado estivo composto pola escritora Ánxela Gracián; o crítico literario Xosé Manuel Eyré; o profesor de ensino medio de literatura e lingua galega Xosé Manuel Figueiras; a escritora Paula Carballeira; o Concelleiro de cultura do Concello de Outes Manuel García Fiúza; e, como secretario, con voz e sen voto, Santiago Nieto Romarís.

Referencias varias:

- Xulio Valcárcel, "Infortunado Francisco Añón", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", n.º 756, p. 20/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 707, p. 28/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 707, p. 28, "Páxina literaria", 15 xaneiro 2012.

Aparece un breve apunte biográfico de Francisco Añón e coméntase o abandono da súa obra por parte das autoridades e do público. Faise referencia á convocatoria do Certame Francisco Añón de Poesía por parte do Concello de Outes.

Certame literario **IES Ferrol Vello**

Co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre os mozos, os Departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés e Francés do IES Ferrol Vello, convocan esta certame dirixido aos alumnos do IES Ferrol Vello e alumnos de 3º

ciclo de Primaria dos centros adscritos CEIP Cruceiro de Canido e San Rosendo. Estabelecéronse tres categorías: A (5º e 6º de Primaria), B (1º e 2º de ESO) e C (3ºe 4º de ESO) e dúas modalidades (Poesía e Relato Curto). Na modalidade de poesía debían presentarse dous poemas como mínimo, con tema e forma libres, e na modalidade de relato curto, a extensión máxima foi de tres folios impresos ou cinco manuscritos. Os traballos debían estar escritos en lingua castelá, galega, inglesa ou francesa, ser orixinais e inéditos e entregarse baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Concédense dous galardóns en cada categoría que consisten nun cheque regalo por valor de 60 euros en material deportivo/roupa e un libro, o primeio premio, e un cheque regalo por valor de 30 euros en material deportivo/roupa e un libro, o segundo premio; e os galardóns dos accésits son un cheque regalo por valor de 20 euros en material deportivo/roupa e un libro. No ano 2012 tivo lugar a quinta edición.

Referencias varias:

- P. C. R., "El IES Ferrol Vello celebra sus 25 años de vida", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", 17 xaneiro 2012, p. 11.

Fálase do IES Ferrol Vello, que con motivo do seu vinte e cinco aniversario organiza unha serie de actos, entre eles a entrega dos premios do V Certame Literario Ferrol Vello. Inclúense as bases do certame.

Premio de Narrativa do **IES Gregorio Fernández de Sarria**

Certame que, dende 2003, convoca o IES Gregorio Fernández de Sarria, coa colaboración dos concellos da comarca (Sarria, O Páramo, Paradela, Láncara, Samos e Triacastela), a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Obra Social de Caixa Galicia e área de Cultura da Deputación de Lugo. Está dirixido a todos os seus centros educativos de primaria, ESO, Bacharelato e ciclos formativos e ao colexio Paul Eluard da Bretaña francesa para fomentar a afección á escritura e á lectura entre os escolares. As obras deben ser inéditas e escritas en lingua galega (preferentemente) ou castelá, agás os alumnos franceses, que poden presentar os seus traballos na lingua francesa ou bretoa. A extensión máxima dos traballos é de oito folios para Bacharelato e Ciclos Formativos, seis para 2º da ESO, cinco folios para 1º ciclo da ESO, tres folios para 3º ciclo de primaria e dous folios para 2º ciclo de primaria. A temática debe centrarse nos valores culturais da comarca e os traballos téñense que enviar por triplicado ao IES Gregorio Fernández (Rúa Castelao, Sarria). Estabelécense os seguintes premios, en metálico: na categoría BACH e Ciclos formativos un premio de 300 euros; nas categorías de segundo ciclo da ESO e primerio ciclo da ESO, un 1º premio de 300 euros e un 2º premio de 150 euros; e en 3º ciclo de primaria un 1º premio de 300 euros, un 2º premio de 150 euros e un 3º premio de 100 euros; en segundo ciclo de primaria un premio único de 120 euros, e para os traballos do Instituto Collége Paul Eluard un premio único de 120 euros. Os traballos gañadores son publicados en formato libro, nunha edición na que colabora a Obra Social de Caixa Galicia. No ano 2012 tivo lugar a IX edición do certame e o Concello do Incio actuou de anfitrión. O prazo de presenación de orixinais rematou o 31 de marzo. O fallo do xurado fíxose público no mes de maio e no mes de xuño tivo lugar a entrega de premios.

Referencias varias:

- A. C. V., "Trece escolares, premiados con el Gregorio Fernández", *El Progreso*, "Sarria", 29 maio 2012, p. 15.

Noméanse os alumnos premiados no Premio de Narrativa do IES Gregorio Fernández de Sarria.

-A.C.V./ Vázquez Rivas, "Láncara acoge los actos del décimo premio Gregorio Fernández", *El Progreso*, "Sarria", 9 novembro 2012, p. 17.

Presenta este premio literario e indica que este ano, debido ao amplo número de participantes, incluirá un segundo premio específico para a categoría de Bacharelato e ciclos formativos. Por último dá a coñecer as bases do concursos.

- A. C. V., "O Incio exerce de anfitrión na entrega dos premios IES Gregorio Fernández", El Progreso de Lugo, "Sarria", 2 xuño 2012, p. 17.

Fálase da entrega dos galardóns do Premio de Narrativa do IES Gregorio Fernández e noméanse os alumnos premiados.

Concurso de teatro e ilustración sobre medo **IES Leliadoura**

A biblioteca e os departamentos de lingua galega, española, inglesa e francesa e de plástica do IES Leliadoura de Ribeira convocan por primeira vez no ano 2012 este concurso sobre o medo, dirixido a toda a comunidade escolar do centro e nas modalidades de texto teatral e de ilustración. Os premios son sorpresa e o fallo deuse a coñecer o 9 de novembro de 2012.

Referencias varias:

- Suso Souto, "Concurso de teatro e ilustraciones en el IES Leliadoura dedicado al miedo", *El Correo Gallego*, "*Terras de Santiago*", n.º 366, 2 novembro 2012, p. 7.

Comenta que os departamentos de Linguas e Plástica convocan este ano un premio dirixido a toda a comunidade escolar do centro nas súas modalidades de texto teatral e de ilustración. Explica ademais que o tema central será o medo e que os participantes poderán entregar máis dun orixinal.

Certame literario **IES Sanxenxo**

Co obxectivo de fomentar a creatividade literaria e animar a ler e a escribir, o IES de Sanxenxo, a través da Biblioteca do centro e en colaboración cos Departamentos de Galego, Castelán, Plástica e Normalización Lingüística convoca este certame. O traballo pode estar escrito en lingua galega ou castelá e en prosa ou verso, cunha extensión dun folio a dobre cara. Existen catro categorías: A (3º ciclo de Primaria), B (1º ciclo de

ESO); C (2º ciclo de ESO) e D (Bacharelato) e dous premios de 100 e 50 euros en cada categoría, mediante vales canxeábeis nas librarías. No ano 2012 tivo lugar a oitava edición deste certame.

Referencias varias:

- Javi Casal, "Cantera literaria de calidad", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí!", 22 xuño 2012, contracuberta.

Dáse noticia do acto de entrega de galardóns do VIII Certame literario IES Sanxenxo, que contou coa presenza do escritor Suso de Toro e do polifacético Leo Arremecághona. Ofrécense ademais os nomes dos premiados.

Certame Artístico-literario **Intercentros**. Concello de Ames

Convocado polo Concello de Ames e dirixido ao alumnado do segundo e terceiro ciclo de educación primaria dos colexios do ámbito municipal, este certame pretende valorizar e fomentar o uso da lingua galega. Poden presentarse individualmente ou por equipos. Os galardóns consisten en cen euros para os primeiros premios, oitenta euros para os segundos e cincuenta euros para cada un dos terceiros gañadores das dúas categorías. No ano 2012 tivo lugar a cuarta edición do certame.

Premios **Letras Galegas** e **Nadal**

Son moitos os concellos, colexios (APAS), asociacións, centros culturais e comerciais etc., que, por medio das súas bibliotecas, concellarías de cultura, aulas de normalización, gabinetes e ámbitos culturais convocaron premios para animar a xente nova e adulta a participar con motivo do Nadal e do Día das Letras Galegas, ben con relatos, microrrelatos, redaccións, poesías ou debuxos, como é o caso dos concellos da Pontenova, Baiona, Begonte, Carnota, Marín, Melide, Monforte, Ordes, Oroso, Outeiro de Rei, Sarria, Sober, Soutomaior, Vedra, Vilalba e Xermade; de asociacións como as ANPAS de Catoira, Valga e Pontecesures, a ANPA do colexio Apóstol Santiago, a Coordinadora Comarcal Terras do Umia (integrada polos equipos de dinamización dos centros educativos de Barro, Caldas, Curtis, Moraña e Portas), a Asociación Cultural Andarela de Sanxenxo, a Asociación Falcatrueiros, o Liceo Casino de Tui, a Obra Social de Novacaixagalicia e a Biblioteca Provincial de Lugo; e centros de ensino como o colexio Compañía de María e o CEIP A Carballeira (Lourizán).

Referencias varias:

- Ramón González, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 25 xaneiro 2012, p. 62.

Entre outras actividades, dáse conta da entrega de premios do certame de poesía infantil Nadal 2011 na Biblioteca Provincial de Lugo.

- Marta Becerra, “Jugando con la poesía”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 16 febreiro 2012, p. 11.

Cítanse os nomes dos gañadores do certame de poesía que organiza a Biblioteca Nodal de Lugo con motivo do Nadal.

- J. Durán, “A poesía sae do seu agocho”, *El Progreso*, 17 febreiro 2012, contracuberta.

Fálase dos nenos premiados no certame de poesía convocado pola Biblioteca Nodal de Lugo.

- Á. P., “Marín convoca dous concursos de contos co gallo do Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 19 abril 2012, p. 17.

Preséntanse as bases de dous concursos organizados con motivo do Días das Letras Galegas: o XII Premio de Narración Curta Concello de Marín Día das Letras Galegas e o concurso de Narración Curta para escolares.

- C. P. R., “El Concello de Vilalba convoca el Certame Literario das Letras Galegas”, *El Progreso*, “A Chaira”, “Vilalba”, 19 abril 2012, p. 24.

Preséntanse as bases dunha serie de premios que organiza o Concello de Vilalba, que están inseridos no Certame Literario das Letras Galegas: Premio Manuel Mato Vizoso de Prosa, Premio Xosé María Chao Ledo de Poesía, Premio Xosé Lois García Mato, Premio Carmiña Prieto Rouco, Premio García Hermida e Premio Valentín Paz Andrade.

- C. P. R. , “La biblioteca de Xermade celebra las Letras Galegas con un concurso, juegos y cuentos”, *El Progreso*, “A Chaira”, 7 maio 2012, p. 11.

Fala das tres actividades que se levarán a cabo en Xermade para celebrar o Día das Letras Galegas: o “Gran Xogo das Letras Galegas”; os “Contos para bebés” de Pavís Pavós e a convocatoria do Certame de Narración e Debuxo Infantil Legras Galegas 2012.

- A. I. S., “Entrega de los premios de la APA de Peleteiro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 12 maio 2012, p. 29.

Noméanse os alumnos premiados no XXXIII Certame Literario das Letras Galegas da Asociación de Pais de Alumnos do Colexio Manuel Peleteiro.

- Lara Eiré, “Peleteiro celebra el Día das Letras con un concurso literario”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 maio 2012, p. 27.

Fálase do certame literario que organiza o colexio Peleteiro con motivo das Letras Galegas. Figura a traxectoria do certame e os nomes dos premiados na presente edición.

- X. Cenamor, “Peleteiro premia sus mejores letras gallegas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 15 maio 2012, contracuberta.

Noméanse os alumnos premiados no certame literario das Letras Galegas que organiza o colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela.

- José Matamoros, "Artes escolares con la palabra y la plástica", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 16 maio 2012, contracuberta.

Cítanse os alumnos que conseguiron os seis primeiros premios no certame das Letras Galegas que organiza o colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela.

- M. R., "Los premiados en el certamen literario vilalbés reciben mañana sus galardones", *El Progreso*, "A Chaira", 16 maio 2012, p. 15.

Noméanse as obras e os autores premiados no certame literario infantil e xuvenil que convoca o Concello de Vilalba con motivo do Día das Letras Galegas.

- Suso Souto, "O Certame Literario de Ribeira contou con 190 participantes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 maio 2012, p. 31.

Fálase da entrega de premios do certame literario que organiza o Concello de Ribeira con motivo do Día das Letras Galegas dentro do Maio Cultura. Figuran os nomes dos alumnos premiados.

- C. P. R., "Premiados diez trabajos en el certamen de las Letras Galegas de Xermade", *El Progreso*, "A Chaira", 19 maio 2012, p. 14.

Noméanse os gañadores nas versións de narración e debuxo no Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2012, que organiza a biblioteca pública municipal do Concello de Xermade.

- P. R., "El concurso de cuentos en gallego del Concello de Rábade ya tiene ganadores", *El Progreso*, "Comarcas", 22 maio 2012, p. 12.

Anúncianse os nomes dos premiados no concurso de contos que convocou o Concello de Rábade con motivo do Día das Letras Galegas.

- Isabel Miguel, "La reliquia de San Juan Bosco, en Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 23 maio 2012, contracuberta.

Coméntase a entrega de premios do certame literario do Día das Letras Galegas que organiza o colexio Compañía de María de Santiago de Compostela.

- M. G., "Torres entrega los premios literarios entre los escolares", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Porto do Son", 25 maio 2012, p. 39.

Cítanse os alumnos premiados nos premios literarios que organiza a Concellería de Cultura de Porto do Son polo Día das Letras Galegas.

- L. T., "El Área de Cultura entrega los premios a los ganadores de los dos Concursos das Letras Galegas", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", 26 maio 2012, p. 21.

Fálase da entrega de premios do II Certame de Creación Literaria Concello de Betanzos e do III Concurso de Carteis das Letras Galegas de Betanzos. Figuran os nomes dos premiados.

- C. G., "Entrega de premios del V Certame de poesía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Ordes", 27 maio 2012, p. 34.

Figuran os nomes dos vencedores dos premios do V Certame de Poesía que organiza o Concello de Ordes con motivo do Día das Letras Galegas.

- C. P. R., "La biblioteca de Xermade convoca el certamen de poesía infantil Nadal 2012", *El Progreso*, "A Chaira", 10 novembro 2012, p. 15.

Dá a coñecer as bases do Certame de Poesía Infantil Nadal 2012, convocado pola biblioteca municipal de Xermade. Comenta que os orixinais teñen que estar escritos en galego, cunha extensión máxima dunha folla e cunha temática referida ao Nadal.

- M. R., "La biblioteca de Vilalba convoca el certamen navideño de poesía infantil", *El Progreso*, "A Chaira", 21 novembro 2012, p. 16.

Informa sobre as bases do Certame de Poesía Infantil Nadal 2012, convocado pola biblioteca municipal de Vilalba. Comenta que os orixinais teñen que estar escritos en galego, cunha extensión máxima dunha folla e cunha temática referida ao nadal. Haberá tres categorías ao premio.

- C. P. R., "A biblioteca de Xermade convoca un concurso de poesía infantil sobre o nadal", *El Progreso*, "A Chaira", 29 novembro 2012, p. 16.

Dá a coñecer as bases do Certame de Poesía Infantil Nadal 2012, convocado pola biblioteca municipal de Xermade, para os menores de 16 anos.

- Francisco García, "Teatro, música y viticultura, en los programas navideños de las villas de A Ulloa", *El Progreso*, "Comarcas", 6 decembro 2012, p. 16.

Informa do programa de actividades culturais da campaña de Nadal das vilas da Ulloa, e entre elas, fala do certame convocado polo Concello de Monterroso de poesía infantil e xuvenil sobre o Nadal. Expón as bases da convocatoria.

- J. M. R., "Cuentos y postales creados por niños", *El Correo Gallego,* "*Terras de Santiago"*, n.º 403, 9 decembro 2012, p. 7.

Comenta que os nenos dos colexios da Laracha, Paiosaco e Caión, e os colexios das unitarias de Soandres e Montemaior, xa están a traballar nos textos e postais para participar no certame anual convocado polo Concello da Laracha.

- S. N., "Concursos de relatos y tarjetas", *La Región, "Extra. Navidad en la provincia*", "Navidad en Pereiro de Aguiar", "Certamen Terras de Aguiar", 22 decembro 2012, p. 7.

Dá a coñecer as bases do certame artístico "Terras do Aguíar", na súa décimo cuarta edición. Comenta que este ano os traballos xirarán en torno á seguinte temática: Que é o

Nadal para ti?”.

Certame literario **Luísa Villalta**

Convocado polo IES Isaac Díaz Pardo de Sada co obxectivo de homenaxear a poeta coruñesa e dirixido ao alumnado de Secundaria, conta con dúas categorías: poesía e relato curto e tres premios en cada categoría.

Premio de poesía infantil e xuvenil **Manuel Masdías**

Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana (SAF) e patrocinado por TV Ferrol Canal31 en lembranza deste mestre. Podían presentarse poetas novos até dezaoito anos con poemas orixinais e inéditos en galego ou castelán. Debían remitirse os traballos á SAF (apartado 339, 15480 Ferrol) antes do 31 de decembro. O galardón consiste nunha placa de prata. No ano 2012 convocouse a V edición e o premio quedou deserto, por decisión do xurado.

Certame Literario **Minerva. Colexio Peleteiro de Santiago**

Certame convocado polo Colexio Manuel Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas, Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel pode participar o alumnado de segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, que curse os seus estudos en centros de Galicia e non teña cumpridos os vinte anos o 31 de decembro do ano en curso. Os traballos deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poden concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espazo). Envíanse cinco exemplares, con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuren os datos do autor, e deben vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno ou alumna do centro. No exterior do sobre deben figurar o pseudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse ao Certame Literario Minerva (Colexio M. Peleteiro, San Pedro de Mezonzo, 27, 15701 Santiago de Compostela). Concédense tres galardóns en cada unha das dúas modalidades, de 750, 450 e 300 euros, respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado, que está constituído por escritores e profesorado de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia, dá a coñecer o seu ditame nos medios de comunicación e a entrega de premios celébrase no decorrer dun acto literario organizado no centro educativo. Durante o acto, os galardoados deben ler a súa obra total ou parcialmente. Nesta XL edición do ano 2012 presentáronse cento cincuenta e cinco traballos (cento doce en narración e corenta e tres en poesía). O xurado, na modalidade de narrativa, estivo presidido por Manuel Quintáns e composto por Armando Requeixo Cuba, Raquel Blanco Prol, Rosa Aneiros e Milagros Celeiro Arias. Nesta modalidade o gañador foi Ismael Ramos Castelo, do IES Virxe do Mar de Noia, con “Beirarrúa sueca”; o segundo premio foi para Mª Elena López González, do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria, por “Oribio”; o terceiro para Laura Cordeiro Sobrin, do IES do Castro de Vigo, por “Viaxes imaxinarias”; e recibiron

accésits Mª Elena López González, do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria, con "Os centauros de Whitman"; e Elena Vázquez Sarandeses, do IES Sánchez Cantón de Pontevedra, con "Aurora Borealis". Na modalidade de poesía o xurado estivo presidido por Luis Alonso Girgado e composto por Manuela Palacios González, Carlos Negro Romero, Emilio Xosé Insua e Manuel Fonte López. Resultaron galardoados co primeiro premio Ismael Ramos Castelo, do IES Virxe do Mar de Noia, con "Elexía para un rapaz loiro"; co segundo premio Alba Souto Rodríguez, do IES Virxe do Mar de Noia, por "Lucy in the Sky with Diamonds"; e co terceiro Mª Luisa Iglesias Taboada, do Colexio Santa María do Mar da Coruña, por "Paraugas"; e recibiron accésits José A. Parada Barcia, do Colexio Obradoiro da Coruña, por "Eterna monotonía"; Marcela Porto Mato, do Colexio M. Peleteiro de Santiago de Compostela, por "No intre agre do café"; e Helena Salgueiro Golán, do IES Antonio Fraguas de Santiago de Compostela, con "Para isto serven os contos". O acto de entrega dos galardóns celebrouse o 26 de abril no colexio Peleteiro.

Referencias varias:

- C. D., "Los Premios Minerva cumplen cuarenta años", *El Correo Gallego*, "Santiago", 19 xaneiro 2012, p. 21.

Preséntanse as bases e infórmase so prazo de presentación de obras para o Certame Literario Minerva que convoca o colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela.

- Ana Iglesias, "Ismael Ramos Castelo se alza con el Minerva en Poesía y Narración", *El Correo Gallego*, "Santiago", 14 abril 2012, p. 28.

Fálase da XL edición do Certame Literario Minerva. Noméanse os gañadores das diferentes categorías e os accésits.

- Ana Iglesias, "Fiesta de las letras en Peleteiro con la entrega de los Minerva", *El Correo Gallego*, "Santiago", 27 abril 2012, p. 30.

Fálase da entrega dos galardón do Certame Literario Minerva. Noméanse os gañadores nas distintas categorías, con especial énfase en Ismael Ramos, que se alzou cos primeiros premios nas modalidades de Narración e Poesía.

Premios **Muralla de Lugo de Debuxo e Redacción Infantís**

Co motivo do aniversario da concesión do título de Patrimonio da Humanidade a favor do monumento, a Xunta de Galicia, o Excmo. Concello de Lugo, a Vicepresidencia Primeira da Excma. Deputación Provincial de Lugo, a Universidade de Santiago de Compostela, Telelugo e *El Progreso*, convocan estes premios dirixidos a nenas e nenos até doce anos de idade. A temática debe referirse á Muralla romana de Lugo, a paz, a solidariedade e o respecto ao medio ambiente ou todos aqueles valores que contribúan manifestamente á concordia, á convivencia e o entendemento entre os pobos do mundo, sendo referencia obrigatoria a Muralla Romana de Lugo. O autor pode presentar un máximo de 2 traballos por e debe remitilos nun sobre cos seus datos persoais incluído o

teléfono de contacto ao diario *El Progreso* (Rúa Puro Cora 3, 27002 Lugo). No ano 2012 tivo ligar a XII edición e o prazo de presentación finalizou o 31 de marzo.

Referencias varias:

- Sabela Corbelle, "Letras y cuadros que hacen historia", *El Progreso*, "Lugo", "XII Premios Muralla de Lugo", 4 maio 2012, p. 10.

Fálase da XII edición dos Premios Muralla de Lugo. Valórase especialmente a participación dos mozos. Noméanse os gañadores.

- Paula,Vilariño, "El esfuerzo y el talento llevan hasta París a Bruno Somoza y Ruth Carrera", *El Progreso*, "Lugo", "XII Premios Muralla de Lugo", 5 maio 2012, p. 7.

Fálase dos dous mozos premiados nos XII Premios Muralla de Lugo: Bruno Somoza López en debuxo e Ruth Carrera López en redacción.

- M. M. L., "El colegio Doroteas, galardonado en los premios Muralla de Lugo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 2 xuño 2012, p. 69.

Fálase dos Premios Muralla de Lugo, resaltando a participación de colexios das catro provincias de Galicia neste, como por exemplo o colexio Doroteas de Pontevedra.

- M. M. L., "García Montenegro destaca los "valores" que contienen los trabajos de los premios Muralla", *El Progreso*, "Lugo", 2 xuño 2012, pp. 10-11.

Fálase dos galardoados cos Premios Muralla de Lugo: Ruth Carrera López e Bruno Somoza López. Explícase en que consisten as obras premiadas. Noméanse tamén os finalistas no concurso.

Premio Literario Escolar **Novacaixagalicia**

Convocado por primeira vez no ano 2008 coa intención de promocionar a creación literaria no ámbito escolar, poden presentarse alumnos dos niveis de ESO e Bacharelato, dos centros de Galicia e a partir do ano 2009 alumnos de terceiro ciclo de Primaria. Tras unha primeira selección no centro, poden enviarse un máximo de doce traballos en total, tres por cada nivel: 3º ciclo de Primaria, 1º ciclo de ESO, 2º ciclo de ESO e Bacharelato. Os traballos deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega ou castelá, de xénero poético ou narrativo. En poesía deben presentarse tres poemas de tema e forma libres, no caso de narración o texto ten que ter unha extensión máxima de cinco folios mecanografados a dobre espazo e de tema libre. Os exemplares preséntanse por quintuplicado con título e o pseudónimo ou lema; e nun sobre pechado os datos persoais do autor, así como o nome do profesor que avalaba a presentación do orixinal. Os exemplares deben remitirse ao Centro Social Caixanova (Policarpo Sanz, 24-26, 36202 Vigo). Entrégase un premio por cada nivel e consiste nun equipo informático completo (ordenador portátil e impresora) para os estudantes e un ordenador portátil para os mestres. No ano 2012 tivo lugar a quinta edición deste certame.

Referencias varias:

- A. Iglesias, “Fallado el Premio Literario Escolar NCG”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Letras”, 11 maio 2012, p. 27.

Noméanse os gañadores das diferentes categorías do V Premio Literario Escolar Novacaixagalicia.

- A. Iglesias, “Premios literarios en el Centro Novacaixagalicia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Letras”, 2 xuño 2012, p. 27.

Faise referencia aos gañadores do V Premio Literario Escolar Novacaixagalicia. Inclúese a conformación do xurado.

Concurso de relato curto **Novos Talentos de Coca-Cola**

Organízao a Fundación Coca-Cola para fomentar a escritura creativa entre os escolares de 2º ESO e conta co apoio institucional da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Consta de dúas modalidades: relato curto e vídeo-relato e dunha convocatoria a nivel estatal en castelán e diferentes edicións do concurso a nivel autonómico, apostando polas distintas linguas oficiais (galego, eúscaro e catalán). A edición en galego ten varias fases: unha fase escolar, na que o docente seleccionou os alumnos que representan o centro escolar na fase provincial, celebrada no mes de abril nas principais cidades galegas, na que se escollen seis participantes, que reciben un obsequio e un lote de artigos marca Coca-Cola; posteriormente na fase autonómica participan o relato gañador de cada sector provincial que recibe unha viaxe de carácter cultural e de ocio, e na fase nacional participan os dezasete finalistas e un xurado estatal selecciona os seis mellores relatos, dos que sae o relato gañador. Os participantes teñen que escribir un relato curto en menos de dúas horas a partir de seis palabras qu deben incluír no traballo, dunha extensión máxima de dúas follas. No ano 2012 tivo lugar a IV edición-

Referencias varias:

- Sabela Corbelle, “Un certamen literario convoca a 40 chicos con vocación literaria”, *El Progreso*, “Lugo”, 17 marzo 2012, p. 10.

Fálase da IV edición do Concurso de relato curto Novos Talentos de Coca-Cola en lingua galega. Indícase a data da edición en castelán do certame.

- Sandra Cuiña, “Begano busca nuevos talentos de la escritura en el Xelmírez I”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 marzo 2012, p. 21.

Fálase do IV Concurso de relato curto Novos Talentos de Coca-Cola. Indícase en que consiste a proba. Aparecen comentarios dos participantes.

- Marta Becerra, “La literatura mueve a los jóvenes”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 24 marzo 2012, p. 13.

Fálase do Concurso de relato curto Novos Talentos de Coca-Cola e indícase en que consiste a proba e os premios para os finalistas.

- R. L., "Coca Cola destapa la chispa creativa de cientos de jóvenes escritores coruñeses", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 24 marzo 2012, p. 17.

Fálase da IV edición do Concurso de relato curto Novos Talentos de Coca-Cola na comarca coruñesa. Indícase en que consiste a proba, o número de participantes e os premios.

- X. Cenamor, "Eduardo Mendoza y Rosa Novell, con el Rosalía", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 24 marzo 2012, contracuberta.

Coméntase que vai abrise en sete cidades galegas a convocatoria para a edición de 2012 do Concurso de relato curto Novos Talentos de Coca-Cola Jóvenes Talentos.

- ECG, "Entrega de premios de relato corto Novos Talentos de Coca-Cola en el Auditorio", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Creación", 25 maio 2012, p. 30.

Noméanse os mozos premiados na cuarta edición do Concurso de relato curto Novos Talentos de Coca-Cola.

- Ana Iglesias, "Tarde de alegría para los ganadores del concurso de relatos de Coca-Cola", *El Correo Gallego*, "Santiago", 26 maio 2012, p. 29.

Fálase do concurso Novos Talentos de relato curto Novos Talentos de Coca-Cola e noméanse os vencedores desta edición.

- J. Matamoros, "Audie Morris postea en Compostela", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 26 maio 2012, contracuberta.

Anúnciase a gañadora autonómica do Concurso de relato curto Novos Talentos de Coca-Cola: Carmen Novo González. Cítase o vencedor en Santiago de Compostela: Mateo Bello Villarino.

Certame Literario **O Noso Lar**

A Fundación O Noso Lar creou no ano 2012 este certame literario, que consta de tres categorías: nenos de até 14 anos, mozos de 15 a 18 e de 19 a 25 anos. Nesta primeira edición, concedéronse os seguintes premios: na modalidade de nenos de até 14 anos, resultou gañadora por maioría a obra "Soños dunha vida non vivida", de Javier Díaz Rodríguez; o segundo premio foi para "Sempre xuntos", de Laura López Esteban; na segunda categoría, o xurado elixiu por unanimidade "O noso recuncho", de Diego Fernández Diéguez; o segundo premio foi para "Eloxio á lareira", de Alejandro Asorey Novoa.

Referencias varias:

- L. P., “El certamen literario de O Noso Lar recibe 50 trabajos”, *El Progreso*, “Sarria”, 4 maio 2012, p. 18.

Fálase do concurso literario infantil que organiza a fundación O Noso Lar de Samos. Anúnciase a data da cerimonia de entrega de premios.

- L. P., “Cinco jóvenes ganan el concurso literario de la fundación O Noso Lar”, *El Progreso*, “Sarria”, 28 maio 2012, p. 9.

Fálase do acto de entrega dos premios do certame literario infantil e xuvenil convocado pola fundación O Noso Lar. Anúncianse os vencedores e accésits das distintas categorías.

Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

Ver o apartado X.5. do *Informe*.

Certame de recolla da tradición oral galego-portuguesa **Ponte nas ondas!**

Organizado pola Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte... nas ondas!” e a Cátedra de Eurorrexión da Universidade de Vigo, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Direcção Regional de Educação do Norte (DERN), co obxectivo de que os centros escolares continúen co labor de conservación do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, contribuíndo á promoción e transmisión das expresións desta tradición. Existen catro categorías de premios: ensino primario, secundario, Bacharelato e ciclos formativos e no ano 2009 engadiuse a categoría de ensino universitario. Cada un deles recibe un primeiro premio de 750 euros e un segundo de 300. Os traballos poden ser de calquera das expresións da tradición oral, tanto en prosa como en verso, e deben remitirse á Asociación ponte nas ondas! (Rúa Rosalía de Castro, 67, 36450, Salvaterra do Miño). No ano 2012 tivo lugar a VI edición do certame.

Concurso **Reboraina**

Patrocinado por Novagalicia Banco, o Concello de Redondela (Gabinete de Normalización Lingüística), Exclusivas Ucha, a Xoiería Groba e a Editorial Anaya, está organizado polo CEIP Santo Paio de Abaixo de Reboreda. Premia relatos escritos en lingua galega cunha extensión mínima de dous medios folios por unha soa cara para a categoría A (alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria) e de catro medios folios por unha soa cara para a catetegoría B (ESO). Os textos deben presentarse baixo pseudónimo na Secretaría. Os relatos premiados son publicados na revista escolar *Bolboreta*. Os galardóns consisten na categoría A nun cheque por valor de 150 euros e lote de libros, e na B en 200, 150 e 100 euros. En 2012 tivo lugar a 14ª edición do concurso.

Concurso de **Relato Curto Concello do Grove**

I edición deste concurso de relatos curtos organizado polo Concello do Grove co obxectivo de fomentar a escrita creativa e o gusto pola lectura entre o alumnado dos centros de secundaria e bacharelato da localidade. Existe dúas modalidades: unha para bacharelato e outra para o segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria. Nesta primeira edición, a gañadora foi Beatriz Escribano de la Torre, do IES As Bizocas, polo relato "Primeiro día de traballo". Presentáranse corenta estudantes. O premio consistiu nun cheque de cen euros para gastar no comercio local e un lote de libros, ademais da publicación do relato na revista local *Sustansia* do mes de abril, coincidindo coa celebración do Día do Libro e do Día do Libro Infantil. O premio entregouse o 2 de abril, data da conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Ademais, o xurado destacou os relatos das alumnas do IES As Bizocas Carmen Domínguez Prol, "Relato dun recordo", e Marta Díaz, "O galo iniciou o canto", que recibiron cincuenta euros en cheques regalo e viron os seus traballos publicados na revista Sustansia. O premio na categoría de bacharelato ficou deserto ao non presentarse ningún relato.

Referencias varias:

- T. M., "Beatriz Escribano recibe el premio del "I Concurso de Relatos Curtos", *Diario de Arousa*, "O Grove", 3 abril 2012, p. 15.

Fálase da entrega dos premios do Concurso de Relato Curto Concello do Grove. Fálase tanto das actividades realizadas, como das obras premiadas.

Concurso Radiofónico de **Teatro Lido de Ames**

Convocado polo Concello de Ames pretende dinamizar o uso do galego entre a mocidade e fomentar o gusto polo teatro. Dirixido a grupos de 2-6 alumnos de 2º Ciclo da ESO e Bacharelato, os textos teñen que estar escritos en lingua galega e tratar a situación social do galego. A duración das pezas ten que oscilar entre os cinco e os dez minutos. Os grupos teñen que inscribirse no IES de Ames e as montaxes das pezas realízanse na Radio Municipal de Ames. A emisión das pezas ten lugar en Radio Ames. Existen dous premios: o do público, cunha contía de 300 euros; e o do xurado, cunha dotación de 300 euros. Na II edición do ano 2012, o grupo As Laretas, recibiu o premio do público pola obra *Nova de última hora*, mentres que o grupo Linguas Desatadas, que elaborou a peza *O xuízo de Lina e Lana*, obtivo o premio do xurado.

Certame **Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil**

Organizado pola Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, conta coas seguintes modalidades de participación: a) debuxos e pinturas, b) contos e c) poesías. Os contos e poesías deben ter unha extensión máxima de dous folios. Conta con dous grupos de premios, ca mesma calidade e cantidade: un para os traballos procedentes da Terra Chá, e outro para os traballos dos outros Colexios, Escolas e Institutos Galegos. Estabelécense tres premios (50 euros para o primeiro, 40 para o segundo e 30 euros para o terceiro, investidos en libros, discos...) para cada nivel e especialidade: Educación Infantil, tres ciclos de Educación Primaria e dous Ciclos de Educación Secundaria e

Bacharelato. Os traballos deben mandarse antes do 31 de maio nun sobre pechado cun lema e outro sobre cos datos persoais do autor a Asociación Cultural Xermolos (Apartado 4, 27300 Guitiriz, Lugo). Os premios fanse públicos a comezos do mes de xuño. No ano 2012 tivo lugar a XXXIII edición.

Referencias varias:

- M. R., "El Certame Terra Chá de dibujo y literatura de Pardiñas recibió 527 trabajos", *El Progreso*, "A Chaira", 23 xuño 2012, p. 12.

Fala da trixésimo terceira edición do Certame Terra Chá de literatura e debuxo. Dá os nomes dos vencedores en cada unha das categorías, apuntando que houbo oitenta e sete premiados, dos que trinta e oito son alumnos de colexios da comarca chairega.

- Cristina Pérez, "Pardiñas reunirá a Kepa Junquera con Quempallou", *El Progreso*, "A Chaira", 24 xuño 2012, p. 21.

Entre outras cuestións, infórmase da entrega de premios do XXXIII Certame Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil.

Concurso de microrrelatos e micropoemas **Terras do Umia**

Dirixido a todos os centros educativos que integran a Coordinadora Comarcal Terras do Umia, formada polos concellos de Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Moraña e Portas. Os textos deben estar escritos en galego, de temática libre, pero conter obrigatoriamente a palabra lume. Conta con dúas modalidades: microrrelato, cun máximo de 100 palabras, e micropoema, de dous a catro versos. Os traballos deben presentarse no blog terrasdoumia.wordpress.com até o 21 de decembro. Conta coas seguintes categorías: A (infantil), B1 (1º ciclo de Primaria), B2 (2º ciclo de Primaria), B3 (3º ciclo de Primaria), C (Secundaria), D (Bacharelato) e E (profesorado, pais e persoal non docente). O xurado, composto polos coordinadores dos Equipos de Dinamización da Lingua dos centros participantes e unha persoa de recoñecido prestixio no mundo literario, concede un premio comarcal por categoría. No ano 2012 entregáronse os galardóns do IV Certame do ano 2011 e convocouse a V edición.

Certame de Contos e Relatos Curtos **Trapero Pardo**. Concello de Lugo

Dende o ano 1995 o Concello de Lugo convoca para todos os alumnos e alumnas de entre doce e dezaoito anos de calquera centro público ou privado este certame de contos e relatos curtos que conta con dúas categorías: unha para rapaces entre doce e catorce anos e outra para mozos entre quince e dezaoito anos. Os contos deben ser de temática libre, escritos en lingua galega e cunha extensión máxima de dez páxinas e remitidos á Concellería de Educación (Centro Social Uxío Novoneyra 3º andar. Rúa Quiroga Ballesteros, n.º 1–27001 Lugo). Estabelécense tres premios en cada categoría. No ano 2012 tivo lugar a décimo oitava convocatoria deste certame.

Concurso de Contos **Vila de Pontedeume**

Convocado polo Concello de Pontedeume e dirixido ao alumnado de segundo ciclo de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de grado medio e superior que non superen os vinte anos, que presenten un relato en galego, inédito, cunha extensión entre seis e dez folios mecanografados a dobre espazo, no rexistro do Concello (Rúa Real, n.º 13) para potenciar o uso do galego e o interese pola literatura. O galardón consiste nun premio de 732 euros e a posibilidade de outorgar un accésit. Cada cinco anos edítase un libro cos textos premiados e os finalistas. No ano 2012 convocouse a vixésimo segunda edición.

Concurso Literario **Xaime Isla Couto**

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Poio coa colaboración das Sociedades Culturais Deportivas de Raxó e Samieira, o Ateneo Corredoira de Combarro, a Asociación Boureante da Seara e a Asociación Vides Novas de San Salvador. Pode participar todo o alumnado dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e dezaoito anos e, a partir do ano 2006, tamén calquera persoa de entre dezaoito e vinte e cinco anos, cun só traballo individual e inédito, escrito en lingua galega para cada modalidade. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía de temática libre, cunha extensión máxima de tres folios para o relato curto ou conto e un folio para poesía. Os traballos deben presentarse nas oficinas municipais, nos centros educativos de Poio e nos locais das asociacións colaboradoras nun sobre pechado xunto cos datos persoais do autor. Conta con cinco categorías: categoría A (de 6 a 8 anos); categoría B (de 9 a 11), categoría C (de 12 a 13), categoría D (de 14 a 15), categoría E (16 a 18) e F (de 18 a 25 anos). Os galardóns nas categorías A, B, C e D consisten nun agasallo, nun diploma e un vale de 70 euros para a compra de material escolar; na categoría E nun diploma e un vale de 90 euros para a compra de material escolar; e na categoría F nun diploma e 300 euros, en cada modalidade. O xurado está presidido por Xaime Isla e composto por unha representación do Consello Municipal de Cultura. No ano 202 tivo lugar a XX edición.

Referencias varias:

- M. A. C., “Poio convoca o XX Concurso Literario Xaime Isla e mantén o importe dos premios: 1.340 euros”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 26 febreiro 2012, p. 14.

Preséntanse as bases do XX Concurso Literario Xaime Isla Couto, que organiza o Consello Municipal de Cultura de Poio.

- J. C., “Continúa abierto el plazo para optar a los premios del “Xaime Illa Couto”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 15 marzo 2012, p. 13.

Lémbrase que segue aberto o prazo de entrega de traballos para o Concurso Literario Xaime Isla Couto. Inclúense as bases do certame.

- M. A. C., “Elegidos los ganadores del XX Concurso Literario Xaime Illa Couto”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 9 maio 2012, p. 12.

Anúncianse os vencedores nas distintas categorías do Concurso Literario Xaime Isla Couto.

Certame de poesía **Xela Arias**

Organizado polo Instituto da Sangriña da Guarda en homenaxe á escritora Xela Arias, dirixido ao alumnado de Ensino Secundario, Bacharelato e Ciclos formativos con dúas modalidades: A (de 12 a 15 anos) e B (de 16 a 20 anos). Poden presentarse até o 27 de maio catro poemas inéditos, de tema e forma libres e escritos en galego baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor no IES A Sangriña (Avda. de Portugal, 21, 36780 A Guarda). Concédense dous premios en cada modalidade de 150 e 100 euros (modalidade A) e 200 e 150 euros (modalidade B). No ano 2012 tivo lugar a sexta edición do certame.

Certame de poesía **Xosé A. Barral**

Organizado pola Biblioteca e o departamento de música do IES As Bizocas do Grove, coa colaboración da concellería de Cultura do Grove, está dirixido ao alumnado de ESO e Bacharelato. Estabelécense dúas categorías: ESO e Bacharelato, cunha dotación de 125 euros e diploma. Os textos teñen que ser orixinais, inéditos, escritos en galego cunha extensión mínima de vinte versos e máxima de vinte e cinco. Teñen que enviarse seis copias de cada poema baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor á Biblioteca do IES As Bizocas (36988 San Vicente, O Grove). Os poemas gañadores son musicados e estreados no Festival Música nas túas Palabras, que ten lugar no mes de xuño, acto no que se entregan os premios. No ano 2012 tivo lugar a sexta edición.

Certame de Poesía **Xosé Carlos Caneiro Pérez**

Convocado polo Concello de Verín, está dirixido a fomentar a creatividade literaria dos estudantes de terceiro ciclo de Primaria, e da ESO dos centros de ensino desa comarca. O poema ten que ser orixinal, inédito, con temática e o estilo totalmente libre, escrito en galego, en texto mecanizado ou en letra manuscrita lexíbel, cunha extensión que non supere os vinte e catro versos e asinado cun lema. Os traballos preseleccionados reciben como premio un lote de libros e existen tres premios de 90 euros, 60 euros e 30 euros por cada un dos niveis nos que se pode concursar. O ditame dos galardóns tivo lugar na Casa da Cultura de Verín con motivo do Día das Letras Galegas. No ano 2012 resultaron galardoados: en Primaria, "O mundo", de Lucía Rodríguez González, Colexio María Inmaculada (1º premio); "Esperanza dun mundo mellor", de Ana Manso Fernández, CEIP Amaro Refojo (2º premio); e "O mar", de Laura Guerra Santamarina, CEIP de Castrelo do Val (3º premio); en 1º ciclo de ESO, "Eu?", de Mercedes Castro Cid, IES Xesús Taboada Chivite (1º premio), "A morriña que levo dentro", Natalia Salgueiro López, Colexio María Inmaculada (2º premio); e Futuro incerto, Alberto Costela Vázquez, Colexio Apostólico Mercedario (3º premio); en 2º ciclo da ESO, "Tres", de Marcos Sobrino García, Colexio Apostólico Mercedario (1º premio), "Pendurada nun alto mástil", de Pablo Queija López, IES Castro de Baronceli (2º

premio); e “Baleiro”, de Ana María Añel Prieto, IES Xesús Taboada Chivite (3º premio). Os galardóns entregáronse no acto do Día das Letras Galegas na Casa da Cultura de Verín.

XI. LITERATURA MEDIEVAL

XI.1.MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS.

Frateschi, Yara; Isabel **Morán** e J. Antonio **Souto Cabo**, *O amor que eu levei de Santiago. Roteiro da lírica medieval galego-portuguesa*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Esmorga, 2012, 101 pp. (ISBN: 978-84-15400-30-1).

Selección de textos da lírica galego-portuguesa nos que a cidade de Compostela e a súa contorna son protagonistas. A selección articúlase en dúas partes. Na primeira recóllense as composicións nas que as localizacións de Compostela, Teo e Brión aparecen nomeadas explicitamente nos textos. Recóllense textos de Airas Fernández Carpancho, Airas Nunez, Bernal de Bonaval, Fernando Esquio, Joan Airas de Santiago, Joán Vasquez de Talaveira, Pai Gómez Charinho, Pero Amigo de Sevilha, Pero da Ponte, Pero Garcia de Ambroa e Sancho Sánchez. Na segunda recóllense os textos dos trobadores estiveron relacionados coa entorna xeográfica, ideolóxica ou familiar do centro de saber, cultura e poder que foi a cidade entre os séculos XII e XIV, aparecendo incluso en documentarios históricos ou biográficos. Neste grupo selecciónanse composicións de: Afonso Eanes do Coton, Juião Bolseiro, Osório Eanes, Pai da Cana, Pero Meogo e Rui Fernández de Santiago. Baixo estas condicións recóllense dezanove composicións de dezasete trobadores da escola galego-portuguesa e explícase a vinculación de cada un delas coa cidade. Cada un dos textos presentados é parafraseado ao galego moderno e comentado. Vaise construíndo así un roteiro polas rúas da cidade ilustrado polos textos que dos propios trobadores e por unha serie de fotografías actuais da cidade. Salientase a importancia política, cultural, artística, intelectual e relixiosa de Santiago de Compostela como referente central da Europa. Inclúese unha breve bibliografía sobre o tema e unha introdución.

Recensións:

- Joel Gómez, "Santiago foi centro internacional das letras galegas medievais", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 17 maio 2012, p. L6.

Dáse conta da publicación de *O amor que eu levei de Santiago. Roteiro da lírica medieval galego-portuguesa* da Editorial Toxosoutos. Destácase a importancia do traballo dende o punto divulgativo e académico e ofrécese unha breve nota sobre as últimas investigacións dos seus tres autores, dous deles docentes e USC e outra medievalista do Brasil. Sinálanse algunhas das composicións recollidas, coma a de Joan Vasques de Talavera, xa que a referencia á compostelá Rúa da Moeda Vella (lugar de residencia da soldadeira María Leve, de quen se fai escarnio na composición) contida na súa cantiga é a única referencia a unha rúa en toda a literatura europea medieval.

- Diana Mandiá, "Los que trovaron en Compostela", *El País*, "*Galicia*", 30 maio 2012, p. 8.

Infórmase da publicación do volume da Editorial Toxosoutos *O amor que eu levei de Santiago. Roteiro da lírica medieval galego-portuguesa*. Destácase a autoría de dous

profesores da USC vinculados ao departamento de Filoloxía Galega (Souto Cabo) e Filoloxía Portuguesa (Morán Cabanas) e as novidosas achegas que fan ao estudo da lírica medieval relacionada coa cidade de Santiago de Compostela. Coméntase que as citas á cidade aparecen vinculadas ao xénero da romaría e teñen neses casos un compoñente relixioso. Desglósase tamén a nómina de autores que estiveron vivindo na cidade ou tiveron relación con ela e que aparecen nomeados en documentos legais e cronísticos rastrexados por Souto Cabo no arquivo da catedral compostelá.

- Armando Requeixo, "Amores de antano e de sempre", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 451, "Libros", 14 xuño 2012, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 372, "Letras galegas", 16 xuño 2012, p. 7.

Fálase da presentación do libro *O amor que eu levei de Santiago. Roteiro da lírica medieval galego-portuguesa* da Editorial Toxosoutos considerándoo unha guía literaria de Santiago e arredores e destácase o rigor na edición dos textos escollidos e a utilidade das fichas biográficas e explicativas que os acompañan.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, "Un roteiro percorre os espazos da lírica medieval en Santiago", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 30 maio 2012, p. 43.

Fálase do roteiro que se levou a cabo o día 29 de maio de 2012 partindo dende a Praza de Cervantes compostelá para visitar os lugares nomeados no volume *O amor que eu levei de Santiago. Roteiro da lírica medieval galego-portuguesa* da Editorial Toxosoutos. Dáse conta da importancia xeopolítica e cultural da cidade de Santiago nos séculos XII a XIV, razón pola que aparece retratada na lírica galego-portuguesa, ben nomeadamente ben facendo referencias explícitas ao seu rueiro.

González González, Déborah (ed.), *O cancioneiro de Fernan Fernandez Cogominho*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 69, 2012, 272 pp. (ISBN: 978-84-9887-931-5).

Edición crítica, elaborada segundo os parámetros da crítica textual moderna, do corpus completo do trobador de orixe portuguesa *Fernan Fernandez Cogominho*, cuxa actividade poética foi desenvolvida arredor do terceiro cuarto do século XIII (p. 9). Xunto á edición das 11 cantigas do corpus do trobador (6 *cantigas de amor*, 4 *cantigas de amigo* e 1 *escarnio de amor*), a autora realiza un exhaustivo estudo biográfico no que dá conta do problema de homonimia que presenta a documentación escrita –pai e fillo se chamaban *Fernan Fernandez Cogominho*— da que se deriva a cuestión de cal dos dous ser o autor destas composicións. A autora conclúe, a este respecto, que en "base aos datos biográficos que se conservan, ás circunstancias contextuais e ao importante testemuño das cantigas *[V]eeronm'ora preguntar* e *O arraiz de Roi Garcia*" a autoría parece corresponder ao pai, *dilectus et fidelis vasallus* de Afonso III (p. 44).
Precede aos criterios de edición empregados na fixación dos textos e á edición crítica, un capítulo adicado á tradición manuscrita das 11 cantigas do autor, conservadas na súa totalidade en *B* (nos respectivos sectores de amor e de amigo) e, de modo parcial, en *V*,

que, debido á acefalia que presenta o códice, só recolle as 4 *cantigas de amigo.*
Cada texto crítico vén acompañado do correspondente *apparatus criticus* dividido en dúas franxas de variantes (significativas e gráficas), de información sobre os repertorios e edicións previas deste *corpus* lírico, dunha paráfrase ao galego actual, de información relativa ás rúbricas, marcas e apostilas, dunha sinopse métrico-rímica, de extensas notas aos versos de tipo lingüístico, ecdótico e literario e dun comentario retórico-literario final. Pechan o estudo do cancioneiro deste autor dous capítulos finais que recollen, respectivamente, o glosario e o rimario comentado dos textos.

Lorenzo Gradín, Pilar e Simone **Marcenaro** (eds.), *El texto medieval. De la edición a la interpretación*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, Verba. Anexo 68, 2012, 382 pp. (ISBN: 978-84-9887-917-9).

Monografía que recolle traballos individuais sobre distintos aspectos da edición e interpretación de textos vencellados coa literatura románica medieval e que pon de manifesto a necesidade de ter unha visión comparada e interdisciplinar á hora de afrontar cada unha das etapas do proceso ecdótico e exexético.

- Pilar Lorenzo Gradín, "El encuentro de caminos: edición e interpretación", pp. 9-19.

Revisión crítica da cantiga de *escarnio e maldizer Don Estevan, en grand[e] entençon* (*MedDB* 148,7) e da cantiga de amor *Sempr' ando coidando en meu coraçon* (*MedDB* 148,22) do trobador Roi Queimado ("ca. 1210-1260" [p.9]). A autora amplía neste traballo as xustificacións fornecidas para os distintos *loci critici* das devanditas composicións presentes na súa edición do cancioneiro deste trobador (P. Lorenzo Gradín e S. Marcenaro (eds.): *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado*. Alessandria: Edizioni dell'Orso, 2010); para isto, asenta as súa revisión na interdisciplinariedade que ofrecen os estudos circunstritos ao ámbito da filoloxía románica e, poñendo en consideración distintos aspectos paleográficos, filolóxicos, lingüísticos e literarios, analiza a fondo as interpretacións destes textos recollidas, entre outras, nas edicións canónicas de C. Michaëlis de Vasconcelos (1904[1990]; II: 351-352) e M. Rodrigues Lapa (1970: pp. 612-613), para xustificar a súa edición.

- Manuel Ferreiro, "Do manuscrito á edición: consideracións sobre a segmentación textual na poesía profana galego-portuguesa", pp. 135-158.

Analiza un dos problemas máis comúns á hora de editar textos medievais, neste caso trobadorescos galego-portugueses, a segmentación de unidades léxicas e gramaticais que, nos manuscritos da lírica galego-portuguesa (e na escrita medieval en xeral), se caracteriza "pola xeneralizada presenza de cadeas gráficas, moi afastadas dos modernos parámetros ortográfico-segmentativos, que consolidaron o paso dunha escrita "continua" a unha escrita "discreta"" (p. 135). A segmentación, segundo indica o autor, está condicionada, dentro do propio proceso de edición, por factores lingüísticos, semánticos e métricos, mais, naquelas pasaxes que presentan problemas de ambigüidade, a práctica da segmentación desas unidades lingüísticas adquire "un marcado carácter subxectivo" (p. 136). Tomando como *corpus* de estudo a "vulgata" da lírica profana galego-portuguesa (M. Brea (coord.): *Lírica Profana Galego*-Porguesa, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2 vols., 1996), o autor fai unha primeira

aproximación a este aspecto fundamental do proceso ecdótico e procura dar solución a certos problemas de segmentación presentes nas edicións que recollen os devanditos volumes, partindo "dun principio esencial de respecto ás lecturas do manuscrito do Cancioneiro da Ajuda e mais dos apógrafos italianos" (p.136). Conclúe o autor que os exemplos analizados indican que é preciso, xunto á análise microtextual, "a necesidade dunha profunda revisión global do corpus trobadoresco profano galego-portugués no ámbito da segmentación textual" (p. 155).

- Mariña Arbor Aldea, "*Mais* bisílabo? Notas á marxe do *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 159-194.

Analiza as ocorrencias da forma *mais* no *Cancioneiro da Ajuda*, para comprobar que na maior parte dos casos, desde o punto de vista métrico, é unha forma monosilábica. Para isto analiza cada unha das formas, partindo da hipótese "de que a lírica profana galego-portuguesa e, de modo particular, o rexistro cortés, se cinguía ao principio da isometría" (p. 159). Analiza pormenorizadamente aqueles casos (10 ocorrencias en 8 cantigas) en que existe a posibilidade de a forma ser considerada bisílaba. Conclúe a autora, despois da análise, que a forma *mais* é monosilábica á hora de escandir os versos, xa que, naqueles casos onde a dúbida puidera persistir, son os principios básicos da crítica textual ou os fenómenos derivados da variación lingüística os que permiten "matizar a cuestión" (p. 190).

- Déborah González González, "As *tensos* de Vasco Gil. Edición e estudo de *V*1020 e *B*1512", pp. 195-209.

Propón unha edición crítica interpretativa e anotada das dúas únicas *tensos* que son atribuídas nos apógrafos italianos da lírica profana galego-portuguesa ao trobador Vasco Gil, que conta cun corpus lírico de 17 composicións (trece *cantigas de amor* – conservadas en *A* e *B*–, dúas *cantigas de amigo* –recollidas en *B* e *V*– e as dúas *tensos* iniciadas en ambos os dous casos polo trobador: *Rei don Afonso, se Deus vos pardon* – recollida só en *B* (*B*1512)– e *Pero Martiiz, ora por caridade* –enviada só a través de *V* (*V*1020)–).

- Simone Marcenaro, "La *rainha franca*, Jeanne de Ponthieu e il "ciclo delle tre dame" di Pero Garcia Burgalés", pp. 211-224.

Analiza as distintas interpretacións realizadas pola crítica sobre "a rainha Franca" que aparece no verso de refrán da cantiga de amor *Ai, Deus, que grave coita de sofrer* (*MedDB* 125,1) de Pero Garcia Burgalês, meténdoa en relación, así mesmo, co ciclo das amas da LPGP e coa posibilidade de o devandito autor e Johan Soarez Coelho –autores que manteñen diálogo intertextual– teren frecuentado a corte do rei Fernando III nun momento previo á coroación do infante Alfonso, como rei.

- Miguel A. Pousada Cruz, "A tradición manuscrita das cantigas de Sancho Sanchez, clérigo", pp. 225-247.

Análise da tradición manuscrita das seis composicións atribuídas en *B* e *V* ao *clérigo* Sancho Sanchez (5 *cantigas de amigo* e 1 *cantiga de amor*), recollidas na "*Liedersammlung*, *sollinge* ou *compilação* de clérigos" da *zona complementar* da "sección de amigo" dos apógrafos italianos (p. 228). O investigador galego analiza, por

tanto, a colocación dos textos en ambos os dous apógrafos así como na *Tavola Colocciana*, que presenta discordancias cos datos que ofrece *B.* Conclúe o autor que, a falta de datos históricos máis fiábeis, os datos extraídos da análise da tradición manuscrita das cantigas deste *clérigo* poden axudar a circunscribir os datos biográficos do autor á área compostelana, tal e como defenden as últimas pescudas sobre a *compilação de clérigos* que realizou o profesor Souto Cabo no ano 2011.

Rey Somoza, Antonio, *A nobreza medieval na lírica galego-portuguesa*, XI Premio Historia Medieval de Galicia e Portugal 2011, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Trivium, n.º 44, 2012, 467 pp. (ISBN: 978-84-15400-33-2).

Publicación que recolle a tese de licenciatura para a obtención do grao de doutor do autor e que foi merecedora do XI Premio Historia Medieval de Galiza e Portugal. O estudo analiza e interpreta o pasado literario galego-portugués dende unha perspectiva sociolóxica, política e económica. Céntrase a análise no grupo social dominante, a nobreza, e conclúese que nos textos da lírica galego-portuguesa pódese ver unha apoloxía do réxime cristián-feudal, ben describindo positivamente os principios da ideoloxía feudal (a teoría do amor cortés entre eles, a través dos xéneros de amor e amigo coma fío condutor), ben reconducindo os elementos perturbadores da orde ideal da sociedade feudal á norma, sexa a través da sátira do xénero de escarnio ou do exemplum das *Cantigas de Santa María*. Polo tanto, as cantigas galego-portuguesas revelan ao lector unha norma social implícita baseada na ética feudal e cuxos referentes están na realidade extratextual. Que sexan nobres os que escriben as cantigas na meirande parte dos casos fomenta esta interpretación. O traballo articúlase en tres partes nas que se analizan sucesivamente os tres tipos de nobreza que aparecen ou interveñen nos textos: a monarquía e o papado, a alta nobreza e a baixa nobreza. Inclúense tamén unha introdución, un capítulo de conclusións e dous apéndices máis unha exhaustiva bibliografía.

Recensións:

- Afredo Iglesias Diéguez, "Tempo de 'homes bos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 417, "Libros", 31 maio 2012, p. 7/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 370, "Letras galegas", 2 xuño 2012, p. 7.

Dáse conta da publicación do estudo *A nobreza medieval na lírica galego-portuguesa* de Antonio Rey Somoza. Incídese especialmente na nomenclatura utilizada para definir á nobreza como o grupo dos "ben nacidos", dos "homes bos", que os colocaba por riba do resto dos estamentos sociais nas sociedades feudais, e na función apoloxética desa diferenza social que a literatura cortesá facía.

XI. 2. REEDICIÓNS E TEXTOS RECUPERADOS

Lopez Pereira, X. Eduardo (ed.), *Códice Calixtino. Guía Medieval do peregrino*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Trivium, n.º 45, 2012, 155 pp. (ISBN: 978-84-15400-38-7). Reedición ampliada da tradución ao galego dende o orixinal latino do Libro V do *Liber Sancti Iacobus* ou *Códice Calixtino*, feita polo catedrádico de Latín da Universidade da Coruña Xosé Eduardo López Pereira, libro que se coñece como *Liber Peregrinationis* ou *Guía do Peregrino*. Inclúese o texto galego (Parte II A), o texto orixinal latino (Parte II B) e, novidades desta edición, numerosas notas ao rodapé explicativas ao texto en galego e un novo estudo introdutorio (Parte I) que coloca a obra no seu contexto material (como parte do *Codex Calixtinus*), no seu contexto literario (dentro corrente da literatura xacobea europea) e no seu contexto xenérico (as guías de camiñantes e peregrinos a Compostela), aclarando, así mesmo, as cuestións materiais e textuais do libro e sobre a súa autoría. Inclúese tamén unha nota onde se dá conta das edicións e bibliografía sobre a materia actualizada á data de publicación do volume.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Agroterror galego", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 725, "Letras atlánticas", "Libros", p. 34/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 729, "Páxina literaria", "Letras atlánticas", "Libros", p. 33, 17 xuño 2012.

Fálase da reedición revisada do Libro V do *Códice Calixtino* por Eduardo López Pereira na colección Trivium do selo Toxosoutos. Cóntase que se ofrece o texto traducido ao galego e o texto latino fixado por Pereira, amais dunha introdución na que se presentan as principais cuestións históricas, documentais e sociolóxicas que rodean a obra. Ofrécese o libro como elemento indispensable para coñecer todo o relacionado co Camiño Francés, dende os lugares por onde pasa e como o peregrino debe de manexarse por eles ata a descrición da cidade de Compostela e do seu templo. Faise referencia tamén ao *Códice Calixtino* orixinal, que por aquelas datas atopábase en paradoiro descoñecido logo de ter sido roubado do arquivo catedralicio.

- Lucía Seoane, "Peregrinos a Compostela", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 370, "Literatura", 2 xuño 2012, p. 6.

Coméntase a publicación da edición e tradución ao galego do Libro V do *Códice Calixtino* coñecido coma a *Guía do peregrino* de X. Eduardo López Pereira. Descríbese a conformación do libro, que conta cunha introdución rigorosa mais escrita con amenidade, a tradución ao galego e o texto latino. Dáse conta da importancia da obra coma auténtico libro de viaxes aproveitable incluso para o peregrino moderno. Coméntase que a obra está de actualidade por mor da desaparición do *Códice* orixinal da catedral compostelá.

Referencias varias:

- Mar Mato, “Un libro descubre las anécdotas que rodean la historia del ‘Códice Calixtino”, *La Opinión*, “Cultura”, p. 54/*Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 40, 13 xuño 2012.

Incídese no anecdotario que arrodea ao Libro V do *Códice Calixtino* e que recolle o profesor Xosé Eduardo López Pereira na introdución do seu libro *Guía do peregrino Medieval*. Dise que este anecdotario, relacionado coas tentativas de subtraccións do Códice da catedral compostelá e algunhas das súas desaparicións, serve para comparar coa situación do momento co códice roubado.

- Víctor F. Freixanes, “Un ano sen Calixtino”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 1 xullo 2012, p. 27.

Úsase a nova da publicación da tradución de López Ferreira do libro V do *Códice Calixtino* na editorial Toxosoutos para recordar o cabodano da desaparición do Códice da catedral compostelá e outros atentados aos que se enfrontou o libro ao longo da historia. Fálase do intento de subtracción por parte de Ambrosio de Morales (enviado por Felipe II), que o houbo de levar para a biblioteca do Escorial senón fose porque o Pai Mariana denunciou as inexactitudes e falacias que contiña. Indícase que por esa razón, o Libro V foi arrincado do Calixtino e quedou desaparecido por séculos, até que López Ferreiro deu con el. Dise que houbo intento de levar o códice e incluso o corpo do Apóstolo para Madrid, propugnado polo inquisidor Quijano de Mercado, para conservar as reliquias entorno á Coroa. Conclúese que debe de reactivarse a investigación da busca do Códice porque é un dos símbolos da identidade colectiva do país.

XI.3. ACTAS

Martínez Pérez, Antonia - Ana Luisa **Baquero Escudero** (eds.), *Estudios de literatura medieval. 25 años de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, Murcia: Universidad de Murcia. Servicio de Publicaciones, 2012, 968 pp. (ISBN: 978-84-15463-31-3)

Actas que recollen as distintas contribucións de diferentes autores presentadas ao XIV Congreso Internacional da Asociación Hispánica de Literatura Medieval, celebrado entre os días 6 e 10 de setembro de 2011, na cidade de Murcia. O volume conmemora os 25 anos da AHLM.

- Mariña Arbor Aldea, "*A* fronte a *BV*: *res metrica* e *varia lectio* (II)", pp. 157-170.

Continuación dunha contribución anterior na que a investigadora galega parte da *collatio* dos tres grandes manuscritos que conteñen a lírica profana galego-portuguesa (*A*, *B* e *V*) para analizar os problemas da medida versal nas composicións alí recollidas. A finalidade non é outra que a extracción de pautas para conseguir emendar aqueles versos metricamente irregulares.

- Carlos Callón, "A enunciación homosexual na lírica galego-portuguesa medieval", pp. 255-261.

Traballo que se engloba no ámbito dos *queer studies* e que analiza a cantiga *Aquestas coitas que de sofrer hei* de Rodrigu' Eanes de Vasconcelos (*MedDB* 140,1), interpretando que a composición relata unha relación amorosa entre dous homes. O autor recolle as distintas interpretacións que a crítica especializada deu para esta composición, por exemplo, as palabras do profesor Tavani (*A poesía lírica galego-portuguesa*) que xa aludían a esta posibilidade. Alén disto, o autor dá conta doutras cantigas que tratan a temática homosexual, mais dentro do xénero satírico. Como conclusión final, o investigador galego invita a reflexionar sobre esta posibilidade interpretativa que racha coa visión tradicional dos estudos trobadoresco galego-portugueses.

- Esther Corral Díaz, "En torno al debate *–Pedr'Amigo, quer'ora ua ren*" de P. Amigo de Sevilha e J. Baveca (64,22), pp. 305-314.

Analiza este *partimen* de Pedr'Amigo de Sevilha e Johan Baveca facendo fincapé na súa estrutura formal e conceptual. O estudo ten presente, ademais, o contexto histórico de creación, a corte de Alfonso X.

- Alfonso D'Agostino, "A vueltas con el deán de Cádiz", pp. 315-325.

Análise da cantiga de escarño e maldizer *Ao daian de Cález eu achei* (*MedDB* 18,4) do rei Alfonso X na que se revisan as distintas interpretacións críticas do texto e se analiza a imaxe paródica do libro máxico que deixan entrever os versos da composición.

- Simone Marcenaro, "La tradición manuscrita de las cantigas de amor de Pero Garcia

Burgalês", pp. 625-635.

Revisión detallada da tradición manuscrita das cantigas de Pero Garcia Burgalês, a través da análise dos testemuños que as recollen (*A*, *B*, *V*). O autor analiza a vinculación entre os erros do propio proceso de copia que presentan os textos e o *stemma codicum* da LPGP. Un apéndice final recolle a edición crítica propia dos textos *Que muitos que mi andan preguntando* (*MedDB* 125,43) e *Moir'eu e prazme, si Deus me perdon* (*MedDB* 125,25).

- José António Souto Cabo, "*In capella domini regis, in Ulixbona* e outras nótulas trovadorescas", pp. 879-888.

Traballo que recolle novos datos biográficos sobre os clérigos Paio da Cana, Sancho Sanchez, situando estes autores do *liedersammlung de clérigos* dentro do ambiente compostelano. Un último apartado analiza un documento elaborado na corte de Afonso III de Portugal en que aparecen mencionados os trobadores Fernan Fernandez Cogominho, Johan Lopez de Ulhoa, Johan Perez d'Aboim, Johan Soarez Coelho e Pero d'Ornelas. Un apéndice final recolle a edición do autor sobre os textos documentais analizados.

- Joaquim Ventura Ruiz, "Trovadores, segreles y juglares: la profesionalización del espectáculo", pp. 937-946.

Analiza as figuras do trobador, xograr e segrel. Un apartado final centra a atención na LPGP e na visión de grupo de cada un destas figuras literarias.

Fernández Rodríguez, Natalia e María **Fernández Ferreiro** (eds.), *Literatura medieval y renacentista en España : líneas y pautas*, Salamanca: SEMyR, 2012, 1011 pp. (ISBN: 978-84-937765-4-1).

Volume que recolle diversos relatorios e ponencias dictados durante o *III Congreso Internacional de la Sociedad de Estudios Medievales y Renancentistas. Líneas y pautas en el estudio de la literatura medieval y renacentista*, celebrado en Uviéu, entre os días 27 e 30 de setembre de 2010.

- Mariña Arbor Aldea,"A fronte a BV: Res Métrica e Varia Lectio (I)", pp. 363-376.

Artigo no que a doutora parte do confronto dos tres grandes manuscritos que conteñen a lírica profana galego-portuguesa (A, B e V) para analizar metricamente as composicións alí recollidas. O piar que parece sustentar a versificación trobadoresca é a isometría, principio que estrutura e caracteriza a cantiga de amor. A finalidade é abordar con maior garantía a fase da *constitutio textus* e lograr emendar aqueles versos que suscitan a controversia.

- Ricardo Pichel Gotérrez, "Aproximación a un testimonio indirecto (BMP MS. 558) de la sección troyana de la General Estoria", pp. 823-831.

Estúdase a interpolación presente na *Historia Troyana*, da que o autor analiza minuciosamente a primeira sección. Así, chega á conclusión de que existe un proxecto

editorial do ciclo troiano amplificado con respecto ao imperante na época afonsí e pretende contribuír a dilucidar o complexo panorama da *compilatio* e *ordinatio* de, polo menos, unha parte significativa da sección pagá da *General Historia*.

- Manuel Ferreiro, "Erros dos copistas, lapsos dos editores (o pronome *che* e a cantiga *B* 1584/ *V* 116 de Afonso Eanes do Coton)", pp. 545-561.

Comenta que o proceso de edición da cantiga (*B* 1584/ *V* 116) de Afonso Eanes do Coton revela un erro común en BV: a confusión <ch>/ <m>, de vital importancia para o estudo da forma pronominal che/chi, desaparecida hoxe no portugués moderno, pero plenamente activa na lingua galega actual. A análise deste erro confirma a serodia documentación medieval do pronome *che* en función de dativo de solidariedade, que, a teor dos datos coñecidos, se reduce a un único exemplo no século XV.

XI.4. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Marcenaro, Simone, *Osoiro Anes. Cantigas*, Roma: Carocci editore, 2012, 154 pp. (ISBN 978-88-430-6717-6)

Edición crítica en lingua italiana das cantigas atribuídas a este trobador pertencente á primeira xeración de autores da LPGP. O corpus lírico está formado por oito cantigas de amor. Unha introdución recolle os estudos relativos ás coordinadas biográficas, á tradición manuscrita, ao contexto histórico-poético, aos temas, estilo e lingua, á métrica e aos criterios de edición adoptados. Os textos críticos, acompañados de paráfrase ao italiano, complétanse con notas aos textos, rimario e glosario.

Marcenaro, Simone (ed.), *Pero Garcia Burgalês. Canzoniere. Poesie d'amore, d'amico e di scherno*, Alessandria: Edizione dell'Orso, 2012, 469 pp. (ISBN: 9788862743716).

Edición completa do corpus lírico deste trobador da escola lírica galego-portuguesa, que se corresponde co número 3 da colección *Medioevo Ispanico*, dirixida pola Prof.ª Pilar Lorenzo Gradín. O editor na introdución inicial dá conta dos datos biográficos revisados, da tradición manuscrita das cantigas do cancioneiro de Pero Garcia Burgalês e dos criterios de edición adoptados durante o proceso ecdótico. Parte dos principios estabelecidos pola crítica textual moderna para dar unha nova proposta de edición crítica dos 53 textos que configuran o corpus deste coñecido autor (36 *cantigas de amor*, 2 *cantigas de amigo*, 13 *cantigas de escarnio e maldizer* e 2 *tensos*). Os textos críticos veñen acompañados por información sobre a localización das pezas nos testemuños, as edicións, repertorios e antoloxías previas, por un aparato crítico que organiza as variantes textuais en dúas franxas para facilitar a lectura (significativas e gráficas), por unha paráfrase ao italiano actual, por información sobre rúbricas, notas marxinais e métrica. Cada texto vén comentado e contén notas aos versos de diversa índole –ecdóticas, lingüísticas, etc.–. Un rimario das cantigas e un glosario selectivo do corpus lírico do autor pechan esta monografía escrita en lingua italiana.

Souto Cabo, José António, *Os cavaleiros que fizeram as Cantigas. Aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*, Niterói (Brasil): Editora da Universidade Federal Fluminense, col. Estante medieval (EdUFF), n.º 8 , 2012, 350 pp. (ISBN: 9788522808403)

Estudo que aporta novas informacións sobre a época de orixes da lírica galego-portuguesa e os seus protagonistas: os trobadores que escribiron as primeiras composicións. Temporalmente, o estudo abarca dende o momento no que xurdiron as primeiras manifestacións do trobadorismo no noroeste da Península (c. 1170) ata o ano de 1230, cando os reinos da Galiza e de León, á morte de Afonso IX, pasan a ser gobernados polo rei de Castela, Fernando III. O grupo de trobadores analizados integra um número elevado de personalidades de biografía incerta ou imprecisa, algúns incluso no relativo ao seu nome. Ofrécese unha nova identidade para algún deses trobadores

como: Airas Moniz de Asma, Airas Oares (ata o de agora coñecido como Airas Soares), Diogo Moniz, Fernando Pais de Tamalhancos, Fernando Rodrigues de Calheiros, Garcia Mendes de Eixo, João Soares Somesso, João Vélaz, D. Juião (ata o de agora coñecido como D. Juano), Osório Eanes ou Rui Gomes o Freire. Propóñense tamén novas conclusións sobre as relacións sociais e de parentesco entre os propios trobadores e de filiación dos mesmos a distintas casas nobres. Destas propostas extráese unha teoría sobre a posible introdución e difusión en Galiza da tradición trobadoresca. O traballo articúlase en nove capítulos precedidos dunha introdución cada un deles dedicado a un dos trobadores analizados e ao seu entorno e aparicións documentais: João Vélaz (I), João Soares de Paiva (II), Osório Eanes (III), os trobadores "galaico-minhotos" Pedro Pais Bazaco, Fernando Pais de Tamalhancos, Airas Moniz de Asma, Diogo Moniz e João Soares Somesso (IV), os trobadores portugueses Rodrigo Dias dos Cameros, Garcia Mendes de Eixo e Pedro Rodrigues da Palmeira (V), D. Juião (VI), os vinculados á corte de Rodrigo Gomes de Trava e Urgell (VII), Raimbaut de Vaqueiras e outros trobadores occitanos (VIII), e outros con eles relacionados e de existencia e produción descoñecida (IX). Este corpo central do traballo é seguido por dous apéndices: xenealóxico e documental. No primeiro preséntase unha reconstitución daquelas familias mais directamente implicadas na materia de estudo. No segundo apéndice inclúese un conxunto de corenta escrituras notariais e a reprodución (parcial) do poema "Cabra juglar" do que foi autor Geraldo de Cabrera. Péchase o volume cunha exhaustiva bibliografía.

Snow, Joseph, *The poetry of Alfonso X. An annotated critical bibliography (1278-2010)*, Woodbridge: Tamesis, 2012, 448 pp. (ISBN 9781855662391).

Compendio sobre a bibliografía relativa ao corpus poético de Afonso X, tanto a que fai referencia ás 45 composicións profanas como ás 420 Cantigas de Santa María. O traballo, reedición dunha obra xa publicada en 1977, inclúe todo o relativo a manuscritos, poemas e ás 1600 miniaturas e música das Cantigas. Están recolleitas un total de 1987 citas bibliográficas, datadas entre 1278 e 2010. O traballo inclúe unha introdución e dous apéndices: un cos poemas profanos e outro cos estudos críticos que afectan a cada unha das cantigas. Así mesmo, conta tamén con dous índices: un de autores –situado no final– e un índice xeral para aqueles estudos que poñen en relación a produción do Rei Sabio con outros autores ou temas.

Recensións:

- Joaquim Ventura, "Rei trobador, Rei sabio", *El Faro de Vigo*, n.º 428"Faro da Cultura", n.º 428, 4 outubro 2012, cuberta.

Analiza as partes da obra do profesor emérito da Universidade de Michigan, editada por Boydell Brewer Ltd., casa especializada na edición de compendios bibliográficos, gabando a súa calidade e exhaustividade, e facendo fincapé na necesidade de obras destas características, xa que moitos destes datos non se atopan empregando ferramentas informáticas.

XI.5. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Brea, Mercedes, "Alteraciones del esquema rimático en cantigas de mestría", *Revista do Centro de Estudos Portugueses*, vol. 32, n. 47, xaneiro-xuño 2012 (ISSN: 1676-515X), pp. 15-38.

Traballo froito do proxecto de investigación *El debate metaliterario en la lírica románica medieval* que nace tras rastrexar na base de datos *MedDB* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades a presenza dun grupo de cantigas que contiñan alteración na norma de correspondencia métrica, rimática e melódica entre todas as súas estrofas. Así, a profesora analiza as *cantigas de mestría* e explica os cambios que se producen na disposición das rimas, facendo fincapé en que eses cambios son máis un produto de innovación do trobador que un erro propiamente.

Buíde del Real, Francisco, "O Códice Calixtino, *Liber Sancti Iacobi*, tradición e patrimonio de compostelans e peregrinos do mundo", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 176, "Estudos", xaneiro-febreiro 2012, pp. 26-41.

Describe a importancia do *Códice Calixtino,* como expoñente e símbolo da Compostela peregrina. Despois dunha introdución xeral en que se analiza o valor do *Códice* e do *Liber Sancti Iacobi*, o autor describe o contido da colectánea. Dúas páxinas finais reflicten sobre a importancia de tan magna obra medieval.

Cohen, Rip, "Two corrections to the Texto f the Cantigas d'Amigo", *eHumanista*, vol. 22, 2012, pp. 1-22.

Como lemos o que non está? Pregunta que fai referencia ás partes de texto que non aparecen copiadas nos manuscritos, como é o caso dos refráns, que –tras aparecer nunha primeira ocasión e asumindo que é igual en todas as estrofas– só se copia o primeiro verso. Seguindo esa premisa, pretende realizar dúas correccións ou emendas a varios textos de amigo. O primeiro: unha composición de Johan Zorro, o segundo: unha cantiga d'amigo de Johan Pérez d' Aboin.

Correia, Ângela, "Ser letrado e trovador", *eHumanista*, vol. 22, 2012, pp. 27-48.

Comeza analizando a polémica do ciclo das amas que inaugura Joam Soares Coelho, introducindo unha palabra allea ao xénero e á lingua da cantiga de amor (*ama*), atraendo así a censura doutros trobadores. A análise deste grupo de cantigas leva á investigadora a pensar que nelas o que se mostra é un debate sobre a arte de trobar propiamente e, a partir de aí, estuda os termos como *leterado* ou *departir* para ver a quen fan referencia nas cantigas. Así, chega á conclusión de que os estatus *leterado* e trobador son ambos compatibles e aplicables a Joam Soares Coelho, xa que ser nobre e ter instrución non sería común, pero non tampouco sería visto como unha imposibilidade.

Corral Díaz, Esther, "La tradición del *partimen* gallego-portugués", *Revista de Literatura Medieval*, vol. 24, 2012, pp. 41-62.

Analízase o *partimen* como tipoloxía xenérica da lírica galego-portugesa, aínda que se considerara un xénero estranxeiro e non tivera moito éxito (de feito, só se conservan dous). Estúdanse os antecedentes medievais que deron lugar á aparición deste xénero dialogado, o nacemento do xénero nas líricas occitana e francesa e as relacións entre os trobadores desas áreas e os trobadores peninsulares. Tamén se analizan as concomitancias entre *partimen* e *cansó*, xa que ambas tipoloxías reflexionan sobre a materia amorosa. Analízanse os dous textos conservados (a composición dialogada entre Pero Amigo de Sevilha e García Martins e a que manteñen Johan Baveca e Pero Amigo de Sevilha) en perspectiva xenérica.

Disalvo, Santiago, "Los VII goyos de la Virgen en las Cantigas de Santa María y la tradición de los gaudia en la poesía medieval latina y vernácula", *Revista do Centro de Estudos Portugueses*, vol. 32, n. 47, xaneiro-xuño 2012, pp. 39-66.

Analiza –partindo dos sete gozos presentes nas Cantigas de Santa María– a tradición dos *gaudia* concorrentes na poesía latina e vernácula inglesa, francesa, catalá e castelá. Finalmente estudará tamén as narracións de milagres marianos nas que os protagonistas cantan gozos á Virxe, tanto nas colecções dos milagres latinos como nas dos *Miracles de Nostre Dame* de Gautier de Coinci, nas propias *Cantigas de Santa María* de Afonso X e nos *Milagros de Nuestra Señora* de Gonzalo de Berceo.

Fernández Guiadanes, Antonio, "Da articulación textual nos testemuños da lírica profana galego-portuguesa", *Revista de Cancioneros Impresos y Manuscritos*, n.º 1 2012, pp. 105-160.

A intención deste traballo é saber como se delimita cada cantiga dentro da tradición manuscrita e analizar a *ordenatio* textual nos relatores que nos legou a lírica profana galego-portuguesa. Para isto, analízase o conxunto en dúas perspectivas: un plano xeral, que trata aspectos relacionados co cancioneiro, folla, ou mesmo antígrafo, e un plano particular, que descende ao nivel das peculiaridades da copia dos propios amanuenses que interviñeron no proceso. A orde dos contedores que conservan a tradición lírica resultará fundamental para ser quen de remontarnos ao antecedente.

González Martínez, Déborah, "Arquitectura de la tenso gallego-portuguesa. Textos en desequilibrio", *Estudios Románicos*, vol. 21, 2012, pp. 65-78.

Analízanse os testemuños conservados de *tensó* na lírica galego-portuguesa. Comparando os textos coa información que achega a fragmentaria poética de *B*, tamén chamada *Arte de trovar*, conclúese que a maioría das composición pertencentes a este xénero dialogado están incompletas, xa que se incumpre unha das normas que postula a poética: que as quendas entre os trobadores debían de ser equivalentes.

González Martínez, Déborah, "Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa, ed. Marina Arbor Aldea e Antonio F. Guiadanes, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela- Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2010, 410 p. (Verba, Anuario Galego de Filoloxía. Anexo 67)", *Revista de Cancioneros impresos y Manuscritos*, n. 1, 2012, pp. 161-168.

Recensiona o volume que recolle vinte das vintedúas contribucións presentadas no congreso *Ogni edizione critica altro non è che un'ipotesi di lavoro… Edición crítica e lírica medieval galego-portuguesa*, celebrado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, os días 24, 25 e 26 de marzo de 2009. Así, catro artigos – non restrinxibles a área galego-portuguesa– tratan diferentes aspectos da edición, catorce dedícanse á lírica profana e dous son edicións de Cantigas de Santa María, un deles é unha achega procedente dun musicólogo.

González Martínez, Déborah, "Fernan Fernandez Cogominho na cantiga B1560", *Revista de Literatura Medieval*, vol. 24, 2012, pp. 63-80.

Analízase a cantiga satírica "O arraiz de Roí Garcia" (B1560) de Afonso Mendez de Besteiros no seu contexto histórico e sociolóxico. Rastréxanse os topónimos e antropónimos que aparecen na cantiga e que remiten á corte portuguesa de Afonso III, feito que permite vincular ao trobador a esa corte, onde servía como vasalo o protagonista da cantiga, o trobador Fernan Fernandez Cogominho.

González Martínez, Déborah, "*In Marsupiis Peregrinorum. Circulación de textos e imágenes alrededor del Camino de Santiago en la Edad Media*, al cuidado de Esther Corral Díaz, Firenze, Sismel – Edizioni del Galluzzo per la Fondazione Ezio Franceschini, 2010, 549 pp.", *Revista de Literatura Medieval*, vol. 24, 2012, pp. 311-343.

Recensiónase o volume da editorial Sismel no que se recollen as trinta e dúas contribucións asinadas por especialistas de prestixio internacional no campo da cultura, literatura e lingua medieval así como os traballos de novos investigadores. O traballo busca compartir o resultado das pescudas e investigacións efectuadas sobre o Camiño de Santiago na Idade Media, entendido coma unha vía de circulación e transferencia de contidos culturais e intelectuais. Conclúese que o volume representa unha contribución significativa aos estudos xacobeos en xeral e aos estudos sobre a literatura xacobea nas súas múltiples manifestacións en particular.

González Martínez, Déborah "As tensos de Paai Soarez de Taveiros. Edición e estudo de B142 e B1441", *Verba*, vol. 39, 2012, pp. 245-272.

O estudo sobre as dúas tensos conservadas de Paai Soarez de Taveiros ábrese encadrando o xénero ao que pertencen e facendo unha breve historia do mesmo na lírica románica. A continuación, pásase a localizar as dúas composicións dialogadas no cancioneiro que as transmite, *B* neste caso, e dentro da produción dos seus autores. Nos dous casos, as cantigas aparecen coa produción dos trobadores que manteñen diálogo con Paai Soarez, Pero Velho de Taveiros e Martin Soarez, xa que son eles os que inician

o debate. Pásase a ofrecer o texto crítico de cada unha das dúas cantigas, *Vi eu donas encelado* e *Paai Soarez*, *venho-vos rogar*, complementado co correpondente aparato crítico. Finalízase o traballo analizando estructural e retoricamente os textos, indicindo nos temas que cada un deles tratan.

González Martínez, Déborah, "*Aproximacións ao estudo do Vocabulario trobadoresco*, edición ao coidado de Mercedes Brea e Santiago López Martínez-Morás. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2010, 252 pp.", *Verba*, vol. 39, 2012, pp. 335-366.

Recensiónase o libro *Aproximacións ao estudo do Vocabulario trobadoresco* (2010, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades), editado por Mercedes Brea e Santiago López Martínez-Morás. Destácase o carácter pan-románico do obxecto de estudo, o vocabulario trobadoresco, e as súas implicacións para a edición dos textos galego-portugueses, traballo ao que se dedica o proxecto do CIRP *Arquivo Galicia Medieval*. Glósanse o conxunto das dezaseis contribucións que acolle o volume. Os artigos serven para facer un repaso do traballo feito no campo do léxico da lírica desde o século pasado ata a actualidade, pero tamén amosa que é indispensable avanzar empregando novas ferramentas, servirse da cooperación internacional entre especialistas das diferentes áreas e empregar linguas diversas. Así mesmo, a obra representa unha actualización da cuestión, cunha reflexión sobre os problemas presentes e futuros para o estudo do léxico. Recóllese o anuncio de novas liñas de investigación e novos proxectos que, sen dúbida, transformarán os estudos de lírica románica, en particular, e os estudos de léxico románico medieval, en xeral. Da lectura do volume conclúese a necesidade de continuar na investigación en cada unha das escolas líricas, pero necesariamente abríndose ás restantes tradicións lingüístico-líricas e mesmo a outro tipo de discurso románico medieval.

H. M., "Unha peza singular", *Grial*. *Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O rego da cultura", xullo, agosto e setembro 2012, p. 10.

Dá conta da aparición, no Museo de Pontevedra, dun bifolio dun códice que debía conter un fragmento dunha tradución ao galego das *Sete Partidas* de Alfonso X. Comenta que o fragmento de pergamiño foi usado para forrar un volume de actas do concello a finais do século XVI. A arquiveira María Jesús Fortes Alén, recuperadora do texto, fixou a data non moi lonxe de 1265. Salienta, ademais, o valor que posúe a colección documental que custodia o devandito museo e, tamén, o feito de que se empregase, no século XIII, o idioma galego no ámbito xurídico, tal e como demostra este achádego.

Marcerano, Simone, "'Coblas esparsas' nella tradizione lírica galego-portuguesa?", *Medioevo Romanzo*, 36.2, xullo-decembro, 2012, pp. 406-424.

Reflexiónase sobre a presenza de "cobras esparsas" (composicións dunha soa estrofa de significado unitario e autocompletivas) na tradición métrica da lírica galego-portuguesa. Este xénero, relativamente abundante nas tradicións occitana, catalá e italiana, ten unha presenza dubidosa nos cancioneiros galego-porugueses, xa que en moitos casos os

textos uniestróficos son en realidade cantigas fragmentarias. Analízanse as corenta composicións que poderían ser consideradas cobras esparsas e coméntanse os seus problemas de transmisión textual, colocación no manuscrito e cronoloxía. Conclúese que só dous dos textos poderían ser considerados cobras esparsas. Inclúese en apéndice a edición crítica das cantigas conservadas de Afonso Mendez de Besteiros.

Parkinson, Stephen, "Cut and shut: The hybridity of Cantiga 173", *eHumanista*, vol. 22, 2012, pp. 49-64.

A cantiga 173 conta a historia dun home que padece de cálculos renais e fai unha peregrinaxe ao santuario de Salas. A peculiaridade desta composición reside nunha lagoa textual entre a terceira e a cuarta estrofa. O autor fai unha análise deste texto anómalo, partindo dunha edición crítica na que detalla a métrica e as variantes, estudando tamén a transmisión textual da mesma. Así, chega á conclusión de que estamos ante unha composición que une varias partes discontinuas procedentes de dúas composicións anteriores. De aí o emprego do termo anglosaxón propio dos procesos penais *cut and shut (cortar e pechar)* –mencionado xa no título– que evidencia que, neste caso, vaise máis aló da creación individual, facendo reconsiderar o concepto de autoría establecido.

Pena, Xosé Ramón, "A occidentalización do cantar trobadoresco (I parte)", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 91, tomo III, ano XXIII, "Cuestións", xullo-agosto-setembro 2012, pp. 35-53.

Recolle a primeira parte desta pescuda realizada polo autor e dáse conta das coordenadas históricas en que se produce e desenvolve a lírica trobadoresca escrita en romance ibérico occidental. Tamén analiza con detemento a formación da sociedade feudal na *Gallaecia* do *Regnum Christianorum*, a denominada *Era compostelá* co nacemento de Portugal e o Reino de Galiza-León e a inclusión do Reino de Galiza na Coroa de Castela. Unhas conclusións finais pechan o traballo.

Pericoli, Lisa, "*Aproximacións ao estudo do Vocabulario trobadoresco*, edición ao coidado de Mercedes Brea e Santiago López Martínez-Morás. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2010", *Revista de Literatura Medieval*, vol. 24, 2012, pp. 331-347.

Recensiónase o volume *Aproximacións ao estudo do Vocabulario trobadoresco*, editado por Mercedes Brea e Santiago López Martínez-Morás en 2010. O volume recolle os dezaseis traballos presentados no Coloquio sobre Vocabulario Trobadoresco organizado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades o 20 e 21 de outubro de 2008 en Santiago de Compostela. O obxectivo do coloquio e do volume foi facer explícita a necesidade de un vocabulario común a toda a lírica trobadoresca románica, con independencia da lingua usada polos autores, xa que se pode detectar unha continuidade léxica entre o espazo provenzal, o galego-portugués e italiano que se manifesta nos textos. Os artigos presentados no volume dan conta da necesidade dun estudo amplo e comparado para poder analizar con efectividade a continuidade léxica e terminolóxica no ámbito románico.

Pichel Gotérrez, Ricardo, "A fortuna de Historia Troiana petrista (BMP ms. 558). Notas sobre a súa xénese, procedencia e vicisitudes", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 15, 2012, pp. 119-130.

Explica que a Biblioteca Menéndez Pelayo de Santander custodia unha particular *Historia Troiana* da segunda metade do século XIV, denominada tradicionalmente "bilingüe" por combinar, aínda que modo independente, o castelán e o galego no seu estado de redacción final. Sinala que se trata dun manuscrito guía ou borrador preliminar orixinariamente redactado en castelán cara a finais da década dos 60, encargado por Pedro I "o Cruel" destinado a conformarse como un gran compendio de materia clásica e cabaleiresca, aínda que resultou ser unha empresa frustrada pola guerra civil que enfrontou os petristas e os leais ao bastardo Henrique de Trastámara. A seguir, alude á súa deterioración e posterior proceso de restauración e completado baixo o mecenado de Nuno Freire de Andrade.

Portas Ferro, Xesús, "Cando se perdeu", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 176, "Estudos", xaneiro-febreiro 2012, pp. 42-56.

Estuda as orixes da presenza da lingua galega na literatura medieval ao longo de sete apartados. No primeiro, "Posición do tema", introduce o tema fundamental do artigo a partir dun resumo do plano artístico e cultural do século XII en Galicia, no que destaca a publicación do *Liber Sancti Iacobi*, do *Tombo A* e da *Historia Compostellana*, así como a tradución ao galego da *Crónica troiana* e da *General Estoria*. No segundo apartado, "O milagre da literatura medieval en galego", comenta precisamente a aparición da lingua galega na literatura medieval a partir de figuras como o xograr Palla ou o trobador García Méndez d'Eixo, entre outras. En "Un pouco máis sobre os feitos mal explicados", numera cinco aspectos sobre os erros cometidos na explicación das orixes da presenza do galego na lírica medieval, mentres que en "Unha nova explicación das orixes" comenta a teoría de Giuseppe Tavani ao respecto desas orixes. No quinto apartado, "O galego, lingua dos reis", afirma que unha das razóns que propiciaron a presenza do galego na lírica medieval radica no emprego que dela fixeron os reis na corte. En "No principio foi Compostela", dá resposta á cuestión da localización exacta das orixes do galego na cultura medieval, sinalando como responsábel á escola catedralicia compostelá. No derradeiro apartado, "Pois logo, como se perdeu?", alude ao estudo de Carlos Barros sobre a nobreza medieval galega e á tese de Fernando López Alsina co obxectivo de concluír que a presenza do galego na cultura medieval foi posíbel grazas aos azos da nobreza galega. Pecha o artigo unha listaxe coa bibliografía empregada.

Souto Cabo, José Antonio, "Fernando Pais de Tamalhancos; trovador e cavaleiro", *Revista de Literatura Medieval*, vol. 24, 2012, pp. 231-268.

Analízase a vida e obra de Fernando Pais de Tamalhancos, un dos trovadores galego-portugueses da época de orixes. A documentación atopada sobre el permite definir con precisión a liñaxe á que pertenceu e as conexións sociais que estableceu ao longo da súa vida. As súas orixes familiares están no suroeste galego, zona na que a súa familia

viñera acaparando grandes cotas de poder político e posesións patrimoniais grazas á súa participación na administración e na expansión territorial cara o sur dos reinos centro-occidentais da península. Esas mesmas fontes documentais revelan os seus lazos coa familia Traba, familia que tivo unha importancia determinante na difusión do trobadorismo galego-portugués. Inclúense as edicións dos documentos que conteñen referencias ao trobador e das composicións do trobador, amais de varios cadros xenealóxicos.

Souto Cabo, José António, "*En Santiago, seend' albergado en mia pousada*. Nótulas trovadorescas compostelanas", *Verba*, vol. 39, 2012, 273-298.

Ofrece datos que permiten identificar ou definir cunha maior precisión os perfís biográficos de varios poetas da lírica galego-portuguesa. Analizáronse os fondos documentais inéditos do Arquivo da Catedral de Santiago, particularmente tres cartularios: o Tombo C, o Libro primeiro de tenencias e o Libro segundo de constitucións. Neles atopáronse informacións de natureza diversa referentes a Afonso Eanes do Cotom, Bernardo de Bonaval, Juião Bolseiro, Martim Moxa, Nuno Fernandes Torneol, Paio de Cana, Paio Gomes Charinho, Pedro Meogo e outras figuras menores, todos eles trobadores da primeira xeración. Todas estas figuras puideron ligarse ao ámbito compostelán, nomeadamente ao mundo clerical da Sé, e é posible establecer relacións entre eles. Inclúese un "Apéndice documental" coa edición, total ou parcial, dos diplomas estudados.

XI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Mauleón, Amaia, "Cuando la sodomía fue pecado", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 29 xuño 2012, p. 38.

Infórmase da presentación, en Vigo, do libro *Amigos e sodomitas*. *A configuración da homosexualidade na Idade Media* do investigador Carlos Callón, monografía galardoada co XVI Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais.

Vieites, M. F, "A arca de Noé. Vedraños dramas medievais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 399, "Teatro", 19 xaneiro 2012, p. VIII.

Despois dunha introdución en que aclara o valor e os vestixios das manifestacións teatrais medievais, dá conta da edición bilingüe realizada por Isabel Moskowich, Begoña Crespo e Cristina Moutón Figueroa, coa axuda da Universidade da Coruña, das pezas *A arca de Noé*, do Ciclo de Newcastle-upon-Tyne, e *A caída dos Anxos*, do Ciclo de York.

XI.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Baena, A., "Ata o século XI a homosexualidade era venial para igrexa", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Entrevista", 27 xuño 2012, p. 9.

Entrevista a Carlos Callón por mor da presentación do seu libro *Amigos e sodomitas*. *A configuración da homosexualidade na Idade Media* (2011). Reflexiona sobre o seu interese por este tema e fala da concepción da homosexualidade na Idade Media.

García, Rodri, "O que me gusta é ser carpinteiro, fixen moitos mobles para a casa", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º455, "O escritor do mes", 14 febreiro 2012, p. 10.

Reprodúcese unha conversa con Darío Xohán Cabana na que fala, entre outros asuntos, da súa obra *Os trobadores de Occitania* (2011).

Varela, Lourdes, "Os nosos discos teñen como obxectivo prioritario a divulgación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 403, "Entrevista", 28 xuño 2012, p. V.

Entrevista realizada a Xoán Piñón, membro fundador do grupo de música galega e medieval *DOA*, galardoado co Premio Opinión ao Mellor Disco de Música Galega polo seu disco *A fronda dos cervos*, publicado no ano 2011, e que musicou diferentes composicións da literatura trobadoresca galega e peninsular.

XI.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 404, "Libros", 23 febreiro 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", n.º 367, 3 marzo 2012, p. 7.

Nestas seccións fixas descríbense semanalmente varias obras. Desta que nos ocupa, *A morte do rei Artur* (2011), saliéntase que constitúe a derradeira das narracións que forman a triloxía do *Lancelot en prose*. Tamén se describen *Relatos de terror* (2012) de H. P. Lovecraft e *Brasil no centro* (2011), de Xavier Rodríguez Baixeras.

Gil, M., "El escritor Antonio Rey recibió el premio de Historia Medieval de Galicia y Portugal", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 abril 2012, p. 34.

Dá conta da entrega do *XI Premio de Historia Medieval de Galicia e Portugal*, que recibiu o investigador Antonio Rey Somoza pola súa monografía *A nobleza na lírica galego-portuguesa* na igrexa de Santa María A Nova.

Mariño, A., "Carlos Núñez reinterpreta a Martin Códax y ejerce de Vigués", *Atlántico Diario*, "Vigo", 27 decembro 2012, p. 7.

Recolle a nova do concerto do gaiteiro Carlos Núñez en Beiramar, que interpretará por primeira vez algunhas das cantigas de Martin Codax. Alén disto fala da súa xira e da súa cidade, Vigo.

Regueira, S., "El Museo de Pontevedra halla un pergamiño de las Partidas de Alfonso X El Sabio en gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 31 agosto 2012, p. 34.

Dá conta da localización dun pergamiño medieval nos fondos do arquivo do Museo de Pontevedra. Trátase dun bifolio que contén parte da tradución ao galego das Partidas de Alfonso –concretamente a V partida–. Este documento, datado no século XIII, está escrito en letra gótica e para el empregáronse tres cores de tinta: o marrón para o groso do texto, o vermello para os encabezamentos e o azul para algunha inicial. O seu mal estado obrigou a acometer varios traballos de restauración.

XII. APÉNDICE

Entradas non recollidas en informes anteriores.

XII.1. NARRATIVA

XII.1.1. NARRADORES GALEGOS

Acosta Díaz, María, *O enigma dos nove sepulcros*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaián, 2011, 442pp. (ISBN: 978-84-939554-5-8).

Novela de aventuras de María Acosta (A Coruña, 1959) que narra as peripecias do seu protagonista, un mozo "sen nome", xunto co seu amigo Brains, na procura da solución do Enigma dos Nove Sepulcros polas terras dun lugar máxico chamado Gapsiq. A historia dá comezo na Cidade Vella de A Coruña, onde dito mozo atopa un sumidoiro aberto nunha das rúas e impulsado pola curiosidade, decide descender a pescudar. Así, a través dunha porta pintada na parede, accederá a un novo mundo fantástico onde comezará unha viaxe iniciática polas terras de Gapsiq. O percorrido comeza cun rito de iniciación que o levará a atoparse con seres propios da mitoloxía e lendas populares. Mais para resolver o enigma que os envolve en tal aventura, terán que superar unha sucesión de probas: adiviñas, xogos, poesía, etcétera. Finalmente o libro inclúe ilustracións dos diferentes tramos visitados polo protagonistas.

Recensións:

- Xosé Feixó, "Viaxe iniciática", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 435, "Libros", 22 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 387, "Letras galegas", 1 decembro 2012, p. 6.

Infórmase de que a colección "Alcaián", de Urco Editora, consta de diversos títulos pertencentes á literatura da ciencia ficción, fantástica e gótica, nos que se suma a obra que nos ocupa. Coméntase brevemente o argumento: o protagonista, a través dun sumidoiro e "ao xeito dunha moderna Alicia", accede a un novo mundo. Saliéntase a inclusión de fotografías realizadas pola autora e a calidade e expresividade destas.

Alborés, Marga, *Lóxica borrosa*, Santiago de Compostela: Edicións do Trece, col. O lapis do taberneiro, n.º 5, setembro 2010, 125 pp. (ISBN: 978-84-938120-3-4).

Este libro de Marga Alborés insírese na colección "O lapis do taberneiro", de formato minúsculo, destinada a unha lectura "tabernaria" e rápida, de acompañamento. Consta dun paratexto inicial no que dedica a historia aos seus irmáns, cos que aprendeu a vivir. A trama iníciase nun bar, á entrada do cal se van presentando os personaxes a medida que se meten na conversa sobre a posíbel rodaxe dun filme, pero un filme total, unha película "resolve-todo". Mentres valoran como queren mostrar a realidade, ou deliran sobre a posibilidade de introducir na historia a un superheroe de esquerdas –o capitán

Plusvalía–, comentan a historia dun home ao que parece aparecérselle a Virxe diante dun convento. A partir deste momento, a historia toma un cariz máis policial.
O relato desenvólvese na cidade de Santiago, en lugares facilmente identificábeis e estrutúrase en trece capítulos marcados polo humor e a frescura dos diálogos, que aparecen sen marcas, con voces ben diferenciadas. Esta oralidade vese reforzada pola viveza lingüística, optando por presentar a gheada e o seseo. Ao mesmo tempo, o lectorado atento percibirá chiscadelas de ollo á tradición literaria galego-portuguesa.

Comesaña Abalde, Celso, *Camiño de volta*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, novembro 2011, 190 pp. (ISBN: 978-84-15166-33-7).

Novela de Celso Comesaña Abalde (Coruxo, Vigo, 1965) á que antecede un texto sen asinar do autor no que manifesta que a obra quere ser un canto "á vida e ao amor", e que se asenta sobre "a loita pola auténtica xustiza, a solidaridade e a rebeldía contra todo tipo de opresión". Deste xeito, a obra baséase nestas premisas sociais e políticas que queren actuar como ferramenta de transformación. Logo dos paratextos en forma de dedicatorias persoais vén a historia, contada ao longo de vinte e seis capítulos intitulados. Sebio Sueiro é o personaxe que fai de nexo de unión dun relato que xira en torno a un conflito familiar. Comeza cando o protagonista encontra na vila natal, logo de moitos anos, a un amor de antano, Helena, quen, marcada polo seu paso polo cárcere, quere retomar a relación. A tortura e o asasinato, o xogo de identidades, o segredo ou a manipulación teñen cabida nesta novela para dar solución a unha cuestión que vai máis alá da contorna familiar por estar afectado polo contexto social e político dunha época. No que atinxe ao estilo, o argumento non sempre é lineal e aínda que está narrado en terceira persoa, incorpora certos *flash-backs* para dar a coñecer na voz dos protagonistas (en primeira persoa) a súa propia historia.

Lobato, Xosé Manuel, *Máxico tear natural*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Libros do Sarela, 2010, 113 pp. (ISBN: 978-84-89323-66-7)

Novela de Xosé Manuel Lobato (Lestedo, Boqueixón, 1958) que recolle a viaxe feita polo autor por diferentes paraxes galegos. Así, ao longo de vinte e tres etapas, transmítese ao lector a experiencia persoal do autor e a súa relación íntima coa paisaxe que o rodea. Atopamos textos que afondan na experimentación emocional ao visitar lugares como as fragas do Eume, Fisterra, Montefurado, Pambre, Cortegada, San Simón, a Raia ourensá e ou o Pico Sacro. Cada un dos textos parte da observación directa do narrador de ditas paisaxes e comparte cos lectores non só a descrición máis obxetiva deses lugares visitados senón as sensibilidades e emocións que lle inspiran. Cada etapa é un texto, e cada texto responde á visita dun novo lugar.

Meixide, Carlos, *Primavera*, Santiago de Compostela: Edicións do Trece, col. O Lapis do Taberneiro, n.º 4, maio 2010, 101 pp. (ISBN: 978-84-937207-9-7).

Novela de Carlos Meixide (Vilagarcía de Arousa, 1977) que conta, ao longo de trece capítulos, a historia dun grupo de asiduos ao bar O´Trece na cidade de Santiago de Compostela.Trátase dun grupo de clientes especiais denominados "terraceiros",

atendidos a súa vez por un tipo especial de hosteleiro denominado, "taberneiro". Os "terraceiros", xente cotián que pasa as tardes nas terrazas das tabernas vendo pasar o día e disfrutando da compaña, contrapóñense aos "clientes", que tan só paran durante un tempo limitado nos bares, a falar de temas "aburridos" como son o traballo, as súas doenzas, ou os seus problemas. Tamén se diferencian dous tipos de hosteleiros, os "taberneiros", que disfrutan da compaña dos que alí concorren; e "os camareiros" que pasan as tardes a correr dunha mesa a outra sen reparar en quen habita nese lugar. Deste xeito, presenta un retrato da sociedade actual a través das conversas e os roles asumidos polas diferentes persoas que se poden atopar nas terrazas dos bares de Santiago de Compostela.

Montaña, Estro, *O tesouro de Catoira*, Catoira: Concello de Catoira, 2011, 93 pp. (DL: C 995-2011). ◆

A novela de Estro Montaña, nome literario de Xosé Montaña Louzao (Betanzos, 1956), ábrese cun paratexto de Alberto García, alcalde de Catoira, no que se especifica que esta novela é un texto para engrandecemento do patrimonio e valores dos catoirenses, e que a súa edición coincide coa doutra publicación, a fotográfica *Memoria de Catoira 1900-1975*. A novela está dedicada "á xente de Catoira" e, conseguintemente, colócase como cita inicial unha estrofa dunha cántiga popular, que fai referencia ao espazo fronteirizo entre mentira e verdade: "Eu ben vin estar o moucho/enriba do paspallás.../así como foi mentira/tamén pudo ser verdá (Cántiga popular)". A obra principia cunha declaración do "editor" ficcional que, recorrendo á estratexia do "manuscrito atopado" recoñece ter conseguido as follas que seguen na papeleira do ordenador de Eric, o Dinamarqués, mentres ambos escribían unha afamada *Guía Secreta das Torres de Catoira* na cidade compostelá. A historia trábase e constrúese ante os ollos dos lectores por medio das cartas e correos electrónicos que Eric, licenciado en Arqueoloxía Clásica, cunha tese de doutoramento sobre as fontes árabes que relatan as invasións viquingas na Península Ibérica, escribe á súa nai, a especialista Karen Jacobsen, e á que foi e é a súa moza, Catharina Svensson, da cidade dinamarquesa de Frederikssund. As bases do argumento da novela proporciónaas o feito de atopar Eric, nun anticuario da parisina Place Vendôme, un manuscrito árabe cuxa última páxina contén o nome de Catoira en caracteres rúnicos, un debuxo das Torres do Oeste e un mapa escrito con tinta simpática. Todos os acontecementos dos que temos noticia inscríbense entre un primeiro correo do día 15 de marzo e outro do 20 de maio, ambos dirixidos a Catharina, como os máis deles. Eric desprázase a Catoira, hospedándose nunha coidada casa de turismo rural, a casa da señora Áurea. O comentido de Eric é conseguir os permisos, controlar a zona (con excursións nocturnas e diurnas) e conseguir facer as escavacións pertinentes no lugar que o manuscrito marca para dar co tesouro. Mentres isto acontece, Eric detalla o día a día, as ocupacións e perfís de quen se hospeda en casa Áurea, o doutras persoas da aldea coma o cura, a súa charla no colexio caracterizado como viquingo, o carácter e maneiras de Berta, profesora, ou da propia Áurea... que se entrelazan, en moitos casos, con pequenos apuntamentos sobre o castelo, petróglifos próximos, etc., e cunha das ameazas inminentes para a vila: a construción dun hotel colgante con porto deportivo e campo de golf. A aldea posiciónase, descúbrense tramas de narcotráfico e reina a axitación; pola súa banda, Eric escava na igrexa do Apóstolo, atopa o cofre ferruxinoso cheo de xoias e agóchao preto da costa, noutra aldea. O estilo das cartas é directo, confesional, en absoluto alleo ao coidado léxico ou á expresión lírica en certas

descricións. Esta historia é tamén unha historia de enfriamento dunha relación e de descubertas identitarias.

Morgade, Iria, *Verbas no ar*, VII Premio Biblos-Pazos de Galicia, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, 2011, 176 pp. (ISBN: 978-84-15086-17-8).

Novela de Iria Morgade (Poio, Pontevedra, 1988) que se abre cunha dedicatoria á súa nai e unha ilustración de Adrián Morgade. Séguelle unha fotografía xunto cunha pequena biografía da escritora; ademais engádense dous poemas: un de Celso Emilio Ferreiro e outro de Bob Dylan. A historia consta de nove capítulos, todos eles con título, e un epílogo. Malia non ofrecer datas concretas, trátase dunha novela ambientada nas revoltas do mundo actual, inspiradas a raíz do 15M, no que se enfrontan dúas formas de existir no mundo e que invita a facer un cambio de orde social: os protagonistas, que desexan e loitan por outro mundo posíbel dende diferentes partes do mundo e dende a súa propia óptica persoal dominada pola angustia, o escepticismo ou a entrega ao combate (a xornalista Vera, o intelectual Andrade, Xián, o informático Okenna, a inmigrante Adahoa, Dorianne,...) e as forzas do poder postas ao límites por aqueles. Sucédense as reflexións sobre diferentes accións que envolven a realidade, retratando a problemática das inxustizas, do individualismo fronte á loita común etc., mais tamén se fala da utopía, do anceio de saír dun mundo dominado pola fraude socioeconómica a nivel global. Caracterízase polo uso recorrente de frases curtas, moitas das veces entrecortadas, próximas á prosa poética, vencellada ademais á fragmentariedade e ao influxo das novas tecnoloxías. Combínase o uso do narrador en terceira persoa coas estruturas dialogadas e. Pecha a novela un apartado de agradecementos.

Piñeiro González, Vicente, *A cova do adeus. Libro primeiro das crónicas do país mítico no que sempre chove*, Premio Pedrón de Ouro 2005, Vilalba: Instituto de Estudos Chairegos, col. Biblioteca Chairega, n.º 19, novembro 2011, 202 pp. (ISBN: 978-84-936797-8-1). ■

Novela fantástica de Vicente Piñeiro González (Lugo, 1954) dedicada "Aos meus fillos e ás miñas netas que se desesperan para que escriba como Tolkien" e na que, tras o "Índice", atopamos un "Cántico das mouras". A obra está estruturada en quince partes: "A destrucción de Bría, da cidade á cova", "O longo camiño á illa de Ons", "O camiño seco", "Morgadán", "A batalla das árbores", "Ás portas do camiño seco", "O camiño escuro", "O dragón", "Os bruxos cazadores de almas", "O xigante que non tiña o seu corazón no seu corpo", "Os camiños do mar", "Na illa de Ons", "O mito das tres fillas do mar", "O teatro da guerra" e "Tuba o inmortal". A través dun narrador omnisciente en terceira persoa cóntase a historia do rei Cintoulo e a súa filla, a princesa Xila. Todo comeza cando o rei Tuba de Oretón quere tratar a súa voda con esta princesa, ben sexa polas boas ou ben polas malas, e o rei Cintoulo non acepta, xa que el quere que a súa filla case namorada. Tuba de Oretón, quen realmente quere conseguir o talismán que está no poder do rei Cintoulo, leva a cabo as súas ameazas: destrúe a cidade de Bría, o que obriga aos seus habitantes a refuxiarse na cova, e secuestra a princesa Xila. Xan Soldado é enviado na procura de reforzos e vivirá numerosas aventuras no longo camiño que o separa do seu destino, a illa de Ons. Acompañado de Pliscidéns, o cabalo pantasma do rei Cintoulo, Xan Soldado terá que enfrontarse a numerosas criaturas malvadas pero tamén atopará compañeiros para a súa viaxe como o mouro Zas, o

dragón Ibn Batán... Finalmente, a paz torna ao país mítico no que sempre chove. Non obstante, cando o conde Hollvrudet, un dos pretendentes da princesa Xila, volte a Bría, logo de deixar moribundo a Tuba de Oretón, atopará á princesa casada co seu criado por efecto dunha herba máxica e á cidade de Bría e aos seus habitantes baixo o poder dun encantamento. O libro péchase cun "Apéndice" no que se atopa unha descrición, en orde alfabética, dos "personaxes, lugares, criaturas, cousas..." que se nomean ao longo do relato.

Sánchez-Feijóo, Jacobo, *Sombras famentas e outros contos para ler de noite*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaián, outubro 2011, 194 pp. (ISBN:978-84-937572-9-8).

Jacobo Sánchez-Feijóo (A Coruña, 1973) reúne nesta obra unha serie de contos de medo cos que pretende, segundo relata na introdución coa que el mesmo abre o libro, abordar o tema do terror como unha emoción que fica adherida á alma. Sinala que a súa escrita presenta alusións culturais ao xénero, dende a literatura e o cinema ao folclore popular sobre o terror. A continuación ofrece un resumo de cada un dos contos e anima a gozalos coa máxima imaxinación. A obra está estruturada en dúas partes: "Sombras famentas" e "Contos para ler de noite". A primeira é un relato dividido en sete capítulos máis un "Corolario" no que J., un avogado que se transforma en gótico polas noites para saír de xolda, comeza a investigar, axudado por unha amiga arquitecta e un amigo vixiante de seguridade, a uns seres aparentemente humanos que pola noite absorben enerxía das persoas para poder sobrevivir. Trátase dos "Discretos", os vampiros do século XXI. A segunda sección está formada polos seguintes contos: "S(ave) O(ur) S(ouls)", no que unha persoa relata os pesadelos que ten pola noite, cando uns espectros e monstros ameazantes rodean o seu leito; "Paixón", apaixonada historia de amor de dúas personaxes co mesmo nome, Lu, que se encontran pola noite; "A mira", conto no que o protagonista decide indagar sobre o fenómeno da desaparición de obxectos cando se deixan esquecidos nun lugar; "Os inimigos do Kaiser", contextualizado na primeira Guerra Mundial, onde se recrean as desgrazas humanas que producen as guerras; "Condenado", que conta a vivencia desacougante dun doente psiquiátrico que pensa que esta morto; "O funcionamento das cousas", que recolle as teorías dun cirurxián do século XIX; "Volvín", onde se narra como o protagonista experimenta a presenza dun ente de luz que lle trae a mensaxe de que a relación coa súa ex-moza se arranxará e co tempo descobre que ese ser luminoso era el mesmo despois de morto para axudalo a superar a dor da separación; e "O anxo exterminador", onde se lembra a masacre de Hiroshima a causa da bomba nuclear, amosando a crueza do ser humano.

Tischler Barán, Nicanor, *Ensaio sobre a novela como poética escura*, Lugo: A Gracia – Veniaisedicións, 2010, 173 pp. (ISBN: 978-84-613-8901-8).

Novela de Nicanor Tischler Barán (Hanau, 1970) que dá conta das confesións de Salvador Ceide, protagonista da obra. Este comeza narrando o acontecido na empresa na que traballa xunto cos seus compañeiros Serxio, Elvi, Elías, Nuria, Mara e Álvaro, pero todo muda cando un día rutineiro certos acontecementos fan que ninguén fique indiferente. Por mor dun problema eléctrico, Serxio, o rapaz do almacén, atópase en problemas, e, despois de escoitar uns arrepiantes berros, os seus compañeiros deciden procurar axuda. O medo, a incerteza e o descoñecemento provocan que todos eles se

mergullen nunha historia que causará danos irreparábeis. A seguir, Salvador Ceide decide refuxiarse na súa vila natal ao abeiro do cura da parroquia, don Nicasio. Entre eles xorde unha fonda confianza, a cal provoca que sexan cómplices dos seus secretos máis ocultos, condicionados por terríbeis descubertas. Nesta obra, Tischler Barán amósanos as compoñentes da novela negra, onde a tensión, o misterio e a catarse son protagonistas das vivencias de Salvador Ceide, que desembocarán nun inesperado desenlace.

VV. AA., *Premio 2010 de relato*, *poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Alternativas, decembro 2010, 152 pp. (ISBN: 978-84-9914-166-4). ■

Volume que contén os traballos galardoados nos Premios 2010 de relato breve, poesía e tradución literaria da Universidade de Vigo, ao que poden presentarse todos os membros da comunidade universitaria. Ábrese cun breve limiar no que se informa dos gañadores das respectivas convocatorias e se fai un repaso pola historia do premio, que vai xa pola decimocuarta edición. Incídese en que no futuro se atoparán publicacións destes autores premiados en librerías, debido a que a calidade literaria dos textos é moi alta. A continuación recóllense as obras gañadoras. Na modalidade de relato curto o premiado foi *A rúa do home abatido*, de Ledicia Costas Álvarez e o áccesit *Nínfulas*, de Alberto Comesaña Campos, unha historia duns mendigos e outra sobre a creación de palabras respectivamente. Na de poesía son tres os textos premiados: o gañador foi *Marés de xiz*, de Xosé Daniel Costas Currás e os áccesits, o primeiro para Raquel Vázquez Vázquez por *A dama que fala* e o segundo para Paulo Lourido Fernández por *mmHg*. Mentres que *Marés de xiz* se instala en terras do Morrazo e explora e reflexiona sobre o mundo mariñeiro, *A dama que fala* é relevante pola súa experimentación coa linguaxe e *mmHg* polo tratamento do paso do tempo. No tocante ás traduccións, o premio foi para Carmen Barros Rodríguez por traducir a Hillary H. Carter (*O Código 11:11*) e o áccesit para Mª Isabel Arjones Porto por traducir a Guy de Maupassant (*A adormentadora*). Inclúese tamén para pechar a obra o primeiro premio do ano 2000: *O espello*, traducido por Tina Parcero dun texto de Mercè Rodoreda.

Tamén está descrito no apartado XII.2.1. Apéndice deste *Informe*.

XII.1.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

Castro, Ignacio, *Roxe de Sebes*, A Coruña: Fundación Luís Seoane, 2011, 119 pp. (ISBN: 978-84-615-1747-3).

Reedición do ensaio filosófico de Ignacio Castro Rei (1952), editado en 2001 por Noitarenga, xa descrito no *Informe de literatura 2001*, sobre a experiencia vivida en Roxe de Sebes (Soldón da Seara, Quiroga) entre novembro de 1983 e decembro de 1989, por temporadas. Ábrese co "Limiar" onde o propio autor reflexiona sobre a súa experiencia en Sebes, como unha sorte de exilio capital para romper cun mundo e volver comezar outra etapa. Apuntaba que ese mirar atrás está feito "sen sentimentalismo e sen ira". A seguir, engádense os catro apartados do volume: o diario autobiográfico/soliloquio, "Caderno de intres"; as cartas dirixidas á familia (máis tamén hai algunhas dirixida a Domingo García Sabell) "Cartas dende a cabana" (non se achega respostas, de as houber) e os dous últimos capítulos, "Mil días" e "Clima e acción", que son dous ensaios breves que versan sobre as mesmas cuestións do propio retiro voluntario, vencelladas ao pensamento no silencio e na soidade, á loucura e á normalidade, pero tamén ao misterio da identidade natal e ás necesidades de recoñecemento propio. A narración de Ignacio Castro abrangue un estilo que une a memoria autobiográfica coa epístola, o aforismo e a prosa poética.

Recensións:

- Héctor J. Porto, "O mundo contemporáneo como xoguete", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 464, "Letras en galego", 28 de abril 2012, p. 10.

Explica a importancia que tivo para Ignacio Castro (Santiago de Compostela, 1952) a escritura de *Roxe de Sebes* (2011) durante un retiro de mil días nas montañas do Courel. Recolle a vivencia do autor, quen afirma que esa experincia lle serviu para ordenar as súas ideas e decatarse de que o mundo contemporáneo é coma "un xoguete".

Cunqueiro, Álvaro, *Escola de menciñeiros*, pról. Domingo García-Sabell, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Álvaro Cunqueiro, n.º 10, xullo 2011, 144 pp. (ISBN: 978-84-9865-380-9).

Conxunto de relatos breves de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) publicados por vez primeira en 1960 e reeditado por primeira vez nesta colección. Inclúe un extenso prólogo de Domingo García-Sabell dedicado á memoria de Emilio Mosteiro intitulado "A grande regueifa dos curandeiros" no que, alén de facer unha reflexión sobre os doentes, as doenzas e as funcións dos curadores, repara no espírito creador de Cunqueiro, para quen o "mundo seguro" está na fantasía e a "vida cotiá" no incerto, atendendo fundamentalmente ao compromiso desa unión (a realidade a fantasía). Distribúese o volume en tres apartados: a primeira parte, "Escola de menciñeiros", está dedicada a Vicente Risco e recolle dez relatos: "Perrón de Braña", "Borrallo da Lagoa", "Xil da Ribeira", "Lamas Vello", "O coxo de Entrebo", "Pardo das Pontes", "Silva da Posta", "O señor Cordal", "Cabo de Lonxe", "O Licho de Vilamor". Destaca neles a estrutura clásica de presentación-nó-desenlace, así como o

retrato dos personaxes a través do recurso á enumeración na súa caracterización física, psíquica e/ou moral, sen lindes claramente diferenciados entre o que é real ou é fantástico, e que teñen fundamentalmente ao humor como eixo temático. A segunda, "Novidades do mundo e fauna máxica", presenta un catálogo de textos nos que está a "zooloxía fantástica" ("o demo oveiro", "Gatipedro", "O tordavisco",...) xunto aqueloutros animais (o lobo, a galiña, o cuco,...) distinguidos, entre outras cuestións, polos seus trazos humanos. A última parte intitúlase "Fábula de varia xente". Contén cinco contos ("Vilarego de Rubal", "Melle de Loboso", "Matías Vello", "Lomas de Pontigo" e "Loureiro de Pacios"), cunha liña ficcional moi similar aos recollidos no primeiro apartado e que recollen impresións do mundo das xentes das vilas galegas (Mondoñedo, Riotorto e arredores).

Valladares, Marcial, *Majina ou a filla espúrea*, introd., notas e vocabulario Xosé A. Fernández Salgado Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2011, 144 pp. (ISBN: 978-84-7824-615-1).

Reedición da considerada "primeira novela galega", a novela romántica de Marcial Valladares Núñez (Vilancosta, A Estrada, Pontevedra, 1821-1903) con introdución, edicións, notas e vocabulario a cargo de Xosé A. Fernández Salgado. Con extremo coidado e consideración, o editor dispón seis epígrafes con anterioridade ao texto. Logo dunha sucinta introdución, destina a primeira a "Notas biográficas sobre Marcial Valladares". Na segunda, "Valladares, narrador", preséntao como o narrador máis importante do Rexurdimento galego –cuxas ocupacións van alén de *Majina*: *Cantigueiro popular*, contos, etc– e presta atención a cuestións sociolingüísticas, como a incorporación do galego á narrativa e as propias dificultades dun código en construción. A terceira, "*Majina*, a primeira novela galega moderna", é a epígrafe máis rica deste o punto de vista teórico-literario, posto que centra o debate en esclarecer canto hai de "novela de folletín", canto de "folclórico" ou "costumista", que acontece co recurso ao "final sorprendente", etc. Sitúase tamén 1880 como *annus mirabilis* da literatura galega e contextualízase a súa aparición e visibilidade. Ademais, xustificando o mantemento da etiqueta no título desta parte, préstase atención ao xogo de linguas na novela. Como nun gradual movemento de enfoque, a epígrafe que segue detense nas edicións anteriores: "As outras edicións de *Majina*" van desde a orixinal, en *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1880) e as de Galaxia (1970) ou Vía Láctea (1987), baseadas nela; até a edición de Xerais ou a AS-PG, xa nos anos noventa. Só unha vez valorados os procederes destas se pasa á quinta epígrafe, "A nosa edición", onde se xustifican os criterios ortográficos e a presentación escollida, ademais de facer patentes as diferenzas entre o manuscrito e a edición de *La Ilustración Gallega y Asturiana*, tanto as introducidas por Valladares como polos editores. Antes do texto da novela, preséntase a bibliografía dividida segundo intereses (edicións, a propia obra, etc.). O volume péchase cun vocabulario.

Recensións:

- Armando Requeixo, "A Majina non espuria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 404, "Libros", 23 febreiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 367, "Letras galegas", 3 marzo 2012, p. 6.

Dá conta da publicación en 2011 por parte da editorial Sotelo Blanco, dentro da súa colección "Clásicos Galegos", da obra *Majina, ou a filla espúrea*, de Marcial Valladares. Informa de que se trata dunha edición crítica e ben documentada a cargo do profesor Xosé Antonio Fernández Salgado. Considera que esta edición é unha obra de referencia que conta cun valioso estudo introdutorio no que se sintetizan os aspectos definitorios da narración.

XII.1.3. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS

Lovecraft, Howard Phillips, *A sombra sobre Innsmouth. O que asexa na escuridade* (*The Shadow over Innsmouth. The haunter of the dark*), introd. e trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Gótica. Biblioteca Lovecraft, n.º 4, 2011, 182 pp. (ISBN: 978-84-939554-9-6). ■

Volume que acolle dúas novelas de H. P. Lovecraft (Providence, 1890-1937). A primeira delas, *A sombra sobre Innsmouth*, preséntase dividida en cinco capítulos. Tomás González Ahola comenta na introdución que se trata dunha das obras máis emblemáticas deste autor, aínda que paradoxicamente houbese moitos problemas coa súa publicación. Explica que estamos ante unha "historia trepidante e inspiradora", que ten como tema principal a "dexeneración social, moral e mesmo xenética dunha comunidade humana illada". A historia narrada n'*A sombra sobre Innsmouth* comeza no inverno de 1927 cunha serie de investigacións secretas propiciadas polo gobernador de Massachusetts arredor de certos sucesos ocorridos no antigo porto pesqueiro de Innsmouth, cidade moribunda e desértica que ninguén visita. O narrador-protagonista, cheo de curiosidade, decide ir a aquela vila maldita de extrema desolación que a xente nin tan sequera menciona. Todo era naquel lugar furtividade e secretismo, até o día en que o protagonista se atopa con Zadoc Allen, un vello que conta historias incríbeis da vella Inssmouth, e decide interrogalo. Describe sombríos cultos a deidades submariñas e fala de aberrantes criaturas. Anoitece e o protagonista vese obrigado a pernoctar no Gilman House, único hotel da vila, ao que lle aconsellaran non ir baixo ningún concepto. Finalmente, e despois de superar moitos atrancos, é quen de escapar. A continuación inclúese o relato *O que asexa na escuridade*, no que Lovecraft volve empregar un narrador en primeira persoa. Conta a historia de alguén que investiga sobre o que lle aconteceu á vítima dun accidente, Robert Blake, un "escritor e pintor dedicado en corpo e alma ao campo do mito, do soño, do terror e da superstición". O relato sitúase en Federal Hill, Providence, e a maior parte transcorre nunha igrexa en estado ruinoso. Alí houbera unha "seita maligna antano" que o leva á mesma morte. As causas non están claras, dise que foi unha "morte por descarga eléctrica ou ben de ataque nervioso inducido por unha descarga eléctrica". Esta tradución recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Creación e Difusión da Cultura, na convocatoria para o ano 2010.

Recensións:

- Lucía Seoane, "Asexando Lovecraft", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 432, "Libros", 1 novembro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 384, "Letras galegas", 10 novembro 2012, p. 7.

Coméntase a publicación en galego dos relatos *A sombra de Innsmouth* e *O que asexa na escuridade* pertencentes á cuarta entrega da "Biblioteca Lovecraft" da editorial Urco. Saliéntase que o nó da primeira narración versa sobre a creación dunha nova raza de seres híbridos e inmortais. Infórmase que no segundo relato o protagonista é un profesor universitario, chamado Albert N. Wilmarth, e de que parte da acción toma como escenario os outeiros de Vermont. Remátase mencionando que as traducións foron realizadas por Tomás González Ahola e que estes relatos conforman "un novo exemplo

da mellor literatura de suspenso e de terror".

Pardo Bazán, Emilia, *A Tribuna* (*La Tribuna*), trad. David G. Couso, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Trasmontes, 2011, 243 pp. (ISBN: 978-84-15400-01-1).

Novela de corte naturalista de Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851-Madrid, 1921) que realiza unha incursión no mundo da muller traballadora e na que se expón de maneira explícita a pobreza e a miseria que padecen as clases populares. Destácase no "Adro" que precede a obra a importancia literaria da autora, amais de comentar sucintamente as 38 seccións deste retrato de Marineda (A Coruña) e das súas xentes. Tamén se salienta a condición naturalista da novela, que describe os aspectos máis negativos da sociedade e das persoas e se comenta que a Tribuna vai ser a responsable de guiar ao seu pobo instruíndo ás súas compañeiras da Fábrica de Tabacos ("tirias e troianas" segundo fosen partidarias ou non da República). Escrita dende o punto de vista dun narrador omnisciente en terceira persoa, *A tribuna* ten lugar na España da revolución do 68, cando os republicanos querían facerse co poder, nun ambiente cargado de tensións políticas e sociais. A historia nárrase en 38 capítulos precedidos dun "Prólogo" asinado pola autora no ano 1882 na Granxa de Meirás, no que se dirixe ao "lector indulxente", deixando claros os seus propósitos nesta obra, entre os que sobresae o máis importante: a verosimilitude, Amparo é unha moza de clase baixa que vai traballar á Fábrica de Tabacos onde traballara súa nai, agora encamada. Alí é onde empeza a coller fama e a extenderse o rumor de que é partidaria da República, de ahí o sobrenome da Tribuna. Alí tamén é onde se enamora de Baltasar, un dos militares que entra a traballar, pero é un amor que pouco lle dura porque a abandona para irse con outra. O que el non sabe é que nacerá un pequeno do seu sangue cando por fin chegue a República Española, que Amparo e tantos outros desexaban. As temáticas máis desenvolvidas ao longo desta novela son as miserias do pobo español, o amor e a diferencia de clases. O léxico é culto e a autora emprégao para recrearse en minuciosas descricións cheas de oracións subordinadas encadenadas que fan que o estilo da obra sexa de moi alta calidade literaria.

Twain, Mark, *O forasteiro misterioso* (*The mysterious stranger*), trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Huguin e Munin, col. XX, n.º 2, 2011, 148 pp. (ISBN: 978-84-939647-1-9).

Novela breve publicada de forma póstuma que supón unha amarga reflexión en torno á natureza do ser humano. Mark Twain (Samuel Langhorne Clemens, Missouri, 1835-Connecticut 1910) narra esta historia dende unha primeira persoa narrativa, a do mozo protagonista Theodor Fischer. Sitúase no inverno de 1590 en Eseldorf, unha aldea de Austria e desenvólvese ao longo de once capítulos. Este rapaz coñece todo tipo de atrocidades cometidas polo home ao longo dos séculos da man dun visitante que chega libre de prexuízos e que observa as contradicións da sociedade e que se presenta como Satán. Atrae a atención de todos os habitantes do lugar, que observan abraiados o que é capaz de facer coa súa capacidade de influír naquilo no que se propoña. Preséntase como un anxo sobriño de Satanás e o que provoca co seu estraño comportamento é que un grupo de rapaces, encabezados por Fischer, reflexionen sobre o que lle acontece á raza humana. Supón unha análise filosófica da hipocrisía que impera no mundo e unha

severa crítica das sociedades de todos os tempos. Twain emprega un estilo humorístico e provocador que se acompasa co ritmo lento da obra, de marcado ton reflexivo.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Mordaz aventura psíquica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 419, "Libros", 14 xuño 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 371, "Letras galegas", 16 xuño 2012, p. 7.

Comenta que o lectorado se atopa perante unha recompilación de varios textos escritos por Mark Twain cunha profusión de imaxinación e onde o autor se mofa dos ritos relixiosos e da crueldade social botando man do humor agre e corrosivo.

Verne, Jules, *O castelo dos Cárpatos* (*Le Château des Carpathes*), trad. do francés Ana Iglesias Otero, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Ciencia Ficción, 2010, 174 pp. (ISBN: 978-84-938121-5-7). ■

Novela fantástica de Jules Verne (Nantes, 1828-1905) dividida en dezaoito capítulos. Ten lugar en Transilvania, onde existe un castelo medieval abandonado que é propiedade dos baróns de Gortz, nobres da rexión dende tempos inmemoriais. Rodolphe é o seu último representante, un excéntrico e maniático apaixonado da música clásica e gran admirador da Stilla, unha cantante de ópera á que segue a todas partes. Gasta a súa fortuna en percorrer os principais centros líricos de Europa, tan só para escoitala. A través do emprego da terceira persoa narrativa cóntase como o pastor Frik observa por un telescopio que sae fume do castelo dos baróns de Gortz e como planea cos habitantes de Werst entrar ao castelo, no que se supón que non hai ninguén dende fai anos, para descubrir o que pasa. O xuíz Koltz, viúvo; a súa filla Miriota, moza de Nicolas Deck; o mestre Hermond e o médico Patak comentan como facelo, pero escoitan voces que ameazan con que se se achegan ao castelo, ocorreranlles continuas desgrazas. Ademais alí teñen lugar efectos fantasmagóricos que amedrentan a toda a poboación, sobre todo dende a aparición na vila do conde Frantz de Télek, que comparte a afición de Gortz pola ópera e pola famosa cantante Stilla. Pretendía casar con ela, pero Rodolphe non atura que ela se despedise dos escenarios e provócalle a morte na súa última representación. O conde de Télek, coñecedor de que no castelo hai alguén, decide entrar aínda que teña que pagar as consecuencias. Esta tradución recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Creación e Difusión da Cultura, na convocatoria para o ano 2010.

Recensións:

- Pilar Ponte, "Vencer a morte", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 410, "Libros", 12 abril 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 14 abril 2012, p. 6.

Explica que Jules Verne abandona n'*O castelo dos Cárpatos* a súa temática científica para ofrecer unha mestura do xénero fantástico e romántico "ao xeito das historias de vampiros".

XII.1.4. ANTOLOXÍAS

Pérez Buján, Javier (ed.), *Laxeiro. Os escritos de Don Ramiro/Laxeiro. Los escritos de Don Ramiro*, trad. ao castelán Anxos Sumai, A Coruña: Fundación Laxeiro, marzo 2011, 217+220 pp. (ISBN: 978-84-935616-4-2). ◆

Volume compilatorio en dupla versión (parte galega e castelá no mesmo libro), editado pola Fundación Laxeiro co patrocinio da Deputación de Pontevedra, que recolle boa parte da produción escrita, cento dezaseis textos, dos que oitenta e tres son inéditos, de Laxeiro (Donramiro, Lalín, 1908-Vigo, 1996), asinados por Don Ramiro, o heterónimo utilizado polo pintor cando escribía e nome tamén da aldea do concello de Lalín onde naceu. Ábrese cunha "Presentación" de Xesús López Carreira, que mostra a sorpresa ante o outro cariz do pintor, o poético e reflexivo que acompaña ao gran fabulador nas conversas. Ao mesmo tempo, explicítase que logo da publicación do Catálogo Universal de Laxeiro por parte da Fundación, os textos presentes dan un paso máis e permiten comprender os mecanismos de creación do pintor, axudando á contextualización da súa produción. O seguinte texto liminar, "Sempre sorprendente Laxeiro" é da autoría de Carlos García-Suárez Otero (Secretario Xeral da Fundación Laxeiro), que entende o volume como unha recompilación da súa "filosofía de vida", como a mostra da diferenza entre o xenio e artesán, aquel que é capaz de alimentarse das crenzas e supersticións que o rodean e da mirada familiar, sen deixar de enlazar coas tendencias internacionais da arte. A narración histórica en primeira persoa é de moito valor, vindo de man de quen mantivo activa correspondencia con intelectuais e artistas do momento. Antes de atoparmos os textos poéticos, ensaios, lembranzas e relatos, a epígrafe "De José Otero a Don Ramiro" de Javier Pérez Buján, explica a labor da edición de escritos de persoas falecidas non só como recomposición, interpretación e reconstrución, senón como unha verdadeira arqueoloxía do seu pensamento. Cómpre lidar con fontes orixinais dispersas, sen datar, incompletas, de irregular caligrafía... mais tamén coa fragmentación e espontaneidade propia dos escritos persoais, que reclama un traballo de estruturación temática e depuración. O "Apuntamento biográfico" esclarece aspectos como a explicación e orixe de Don Ramiro, heterónimo que toma da parroquia onde naceu, e revisa a construción doutras personaxes autorreferenciais, igual que Urbano Lugrís fixera con Ulises Fingal. A estes catro textos introdutorios segue a depuración de catro mil textos soltos en cincuenta e oito manuscritos. Organízanse segundo o "xénero" e a temática do modo seguinte: "Textos poéticos", 19, de pulsión lírica, limpa e até certo punto panteísta; "Reflexións", 10, nas que pode rastrexarse o seu proxecto renovador e a súa conciencia independente; "Diarios", 23; "Soños", 5, mostra da súa fascinación polo mundo onírico; "Relatos e lembranzas", 21, sobre a súa parroquia, anécdotas vitais desde o realismo sórdido á fabulación e incluso unha "Carta ao director de *Faro de Vigo*"; "Pequena peza teatral", titulada "Xogo tráxico"; "Retratos", 13, onde acolle sentidas semblanzas dun variado abano de artistas, desde Virxilio ou Carlos Maside até Blanco Amor ou Carlos Oroza; "Presentacións e pregóns", 10, onde se engloban textos inaugurais para exposicións súas en Barcelona ou Lalín, nos que aproveita para reclamar menos formulismos e unha lectura sen aditivos ou explicacións, pero tamén textos máis festivos, coma o pregón para a VIII Feira do Cocido ou o pregón das festas do Entroido da Coruña e finalmente, "Textos sobre arte", 14 mostras directas do seu pensamento con respecto ao "sistema", e ao funcionamento de críticos, a administración, a pintura galega, etc. Nas "Conclusións" recupera a palabra Javier Pérez Buján, expresando que o volume dilata o estereotipo de pintor bohemio e algo canalla

que o propio artista propiciara, permitíndonos acceder ás súas reflexións e tamén ás súas circunstancias sociohistóricas.

Tamén está descrito nos apartados XII.2.4. e XII.3.1. Apéndice deste *Informe*.

XII.2. POESÍA

XII.2.1. POETAS GALEGOS

Alonso, Fran, *Transición*, limiar María Lado, Ourense: Franouren Ediciones, col. Poesía Maldoror, n.º 3, decembro 2011, 103 pp. (ISBN: 978 84-939582-0-6). Inclúe CD.

"Transitar", de María Lado, serve de limiar a este volume e nel, a poeta –que tamén recita co autor no CD que se inclúe– reclama para o poemario unha lectura en voz alta, unha expresión próxima ao berro que combine coa voz valente e propia de quen ten unha férrea vontade de escribir, e que combine tamén cun libro que ela observa como traballo de "patchwork". A continuación, en "Transición a golpes", é o propio autor, Fran Alonso (Vigo, 1963), o que explica o carácter recompilatorio do libro: acolle poemas ditados polas circunstancias e intervencións concretas en recitais ou actos de homenaxe, poemas de sedimentación, poemas ensaio ou poemas creados a partir das fotografias de Anxo Cabada e Renato Roque. É neste texto inicial onde se problematiza e se recoñece o envés da literatura "de compromiso" e "por compromiso", ligada moitas veces ao perfil público da escritura e desconcertante, que irrompe no medio dos proxectos persoais de escrita. O libro tamén recolle un poemario editado nas portuguesas Edições Etérogémeas en 2004, *Balada solitaria*. Ao mesmo tempo, preludiando o xogo cos diferentes significados de "transición" que aparecerán ligados nalgunhas notas a rodapé dos propios poemas, o poemario ábrese coa definición do *Gran Dicionario Xerais da Lingua* e do *Dicionario de Sinónimos e Antónimos*. Entre os poemas do primeiro bloque, chamado "A golpes (de retina)", atopamos mostras como "A volta dos Nove", cun diálogo entre a avoa e o neno; "Abismo Vigo", "Baiona" ou "O Pindo", que atenden a máis xeografías que as da cidade ou "Rap sucio de chapapote", un tecido de refráns, preguntas e imaxes entre o cotiá e o terríbel, que non esquecen o punto descarnado, urbano e sucio existente no seu primeiro e célebre poemario de 1992, *Persianas, pedramol e outros nervios*. Nesta primeira parte do libro están tamén os poemas acompañados de fotografías, coma o poema sobre os avós: "Porque entre os pregues". No segundo bloque, "Palabricidio", óptase polo xogo de palabras ("Na sala mala da fala"); pola experimentación crítica con diferentes discursos da contemporaneidade, como o publicitario ("1ª Semana do Amor Excepcional"); apóstase polo poema en prosa (do que é un bo exemplo "Onde vivo") ou aténdese ao exercicio metapoético, como en "Divina poesía". Os poemas acompáñanse sempre, constituíndo unha sutil guía de lectura, da anotación referida á súa "categoría", isto é, á acepción exacta de "transición" coa que poderían relacionarse. Pola súa banda, *Balada solitaria* (2004), que pecha o volume, resulta confesional, oral, breve, marcado pola individualización e a exasperación ante a cotidianidade moderna.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Palabras: clorofila da vida", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 455, "Letras en galego", 18 febreiro 2012, p. 9.

Coméntase que o selo ourensán Franouren publica *Transición*, o novo poemario de Fran Alonso. Saliéntase o propósito reivindicativo, experimental e mesmo lúdico da súa

poesía. Dáse conta das diversas interpretacións posíbeis deste poemario. Explícase que o limiar, escrito por María Lado, incorpora fotografías.

- Vicente Araguas, "Anécdotas e categorías", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina literaria", p. 30/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 718, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 718, "Páxina literaria", "Libros", 1 abril 2012, p. 30.

Infórmase da publicación do novo libro de Fran Alonso, *Transición*. Saliéntase a forza poética da súa poesía, así como a súa versatilidade. Indícase que a obra vén acompañada dun CD no que Fran Alonso recita os seus versos, en colaboración con María Lado, a autora do prólogo.

- Armando Requeixo, "Transicionando", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 410, "Libros", 12 abril 2012, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 363, "Letras galegas", 14 abril 2012, p. 7.

Dáse conta da publicación do poemario *Transición*, de Fran Alonso, no selo ourensán Franouren. Fálase da súa estrutura, dividida en tres seccións principais. Indícase que a obra está ilustrada con fotografías varias e que María Lado é a encargada do seu prólogo. Infórmase de que *Transición* vén acompañado dun CD no que recitan os seus versos Lado e o mesmo Fran Alonso.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *A boca da galerna/La boca de la galerna*, Culleredo: Edicións Espiral Maior, col. Spiralia *Poesía*, n.º 1, novembro 2011, 80 pp. (ISBN: 978-84-92646-63-0).

Longo poema narrativo en edición bilingüe de Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), intitulado "Da boca do deus da batalla espantosa do séptimo día", no que, ademais de optar polo verso libre, se poden distinguir vinte e unha partes, destacadas polo comezo das primeiras palabras dos primeiros versos en maiúscula. Os fíos temáticos da composición son os principios de obediencia e sumisión e os principios da resistencia e a rebelión. Partindo dunha concepción ateísta do ser humano, ambos universos opostos amósanse en constante tensión. Xa que logo, a voz poética ten o papel de desenmascarar argumentos "contra os cánticos bébedos dos templos" e "contra o dogma da Boca da Mentira", cunha linguaxe fundamentada nesa simboloxía de dominación. Contén un epílogo, en castelán, titulado "La religión y el punto de vista materialista", de Gonzalo Puente Ojea, que considera esta obra de Álvarez Cáccamo "un poema político e teolóxico escrito con el desgarro y el patetismo" que esixe o empeño de "arrancar para siempre a las criaturas de las garras de Dios". Sinala que este peche esta presente como "comentario didáctico" ao tema principal que é a relixión, que lle permite achegar unha serie de apuntamentos ao redor da bioloxía e a natureza, en termos filosóficos. A tradución ao castelán do poema é do autor e preséntanse de maneira conxunta á marxe dereita, reservando a esquerda para a versión orixinal.

Bar Cendón, Mónica, *Amor sacrílego*, [s/l]: Bubook Publishing S. L., 2010, 31 pp. (ISBN: 978-84-9916461-8).

Poemario no que Mónica Bar Cendón (Vigo, 1962), que asina na portada interior como "Mónica Barcén", trata principalmente a temática do amor con diferentes enfoques e a percepción introspectiva da sexualidade dende o punto de vista da irreverencia e o politicamente incorrecto, nun conxunto de poemas que basculan dende unha voz poética en primeira persoa até o uso da terceira persoa nunha procura do narrativo. A pegada da relixión, o tabú e a dualidade entre a paixón e o prohibido son tamén temas deste volume.

Canosa, María, *Ronca o Mar*, XV Premio Avelina Valladares, A Estrada: Edicións Fervenza, 2011, 57 pp. (ISBN: 978-84-939166-9-5).

Poemario de María Canosa (Cee, 1978) no que se conduce ao lector a través do ciclo das mareas facendo unha analoxía coa evolución dunha historia amorosa desde as primeiras manifestacións do amor até o desamor ou a fin do vencello entre o suxeito lírico e o ser amado. A relación do suxeito co mar e cos diferentes tipos de estados que dentro del se producen (a calma, a violencia, a forza e o aloumiño) serven de transfondo, así, para evocar outro tipo de sentimentos profundos e abstractos. Predomina, así, o campo semántico alusivo á temática marítima, tanto no que se refire ao ritmo da marea como aos efectos que produce no ser humano o contexto do mar e da praia. Disposto como un longo poema, sen existencia de cortes aparentes entre os textos nin división en partes, os versos, de medida irregular, teñen cabida na páxina de xeito pouco convencional, establecendo xogos visuais que remiten ás ondas e ao seu xogo na praia, con existencia mesmo de versos que ocupan sós unha páxina enteira. A estrutura do libro, que foi merecente do XV Premio Avelina Valladares de poesía, como se indicanos paratextos, é, pois, unitaria, con forma de elexía ou de canto no que a temática tratada vai evoluíndo de comezo a final sen necesidade de indicacións externas ao poema.

Creus, Estevo, *balea2*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, 2011, 85 pp. (ISBN: 978-84-921162-6-3).

Concíbese como poemario que nace a partir dun magma determinado: os escritos e debuxos de baleas que Celso Fernández Sanmartín lle envía a Estevo Creus (Cee, 1971), xuntando a nenas e nenos desde cinco anos e vellas e vellos até cen anos nunha residencia de anciáns durante unha semana. Explicítase esta información no paratexto inicial "nin pé de nota", onde tamén se expón o espectro de recepción esperado, "un libro que fora para todos: poemas de adultos para nenos e poemas de nenos para adultos", e reitéranse as grazas ao grupo. A partir de aquí, *balea2* ábrese en dúas partes. A primeira, "bale/a2", é a máis extensa, e combina poemas curtos, de verso libre, sempre titulados, con diferentes debuxos de baleas, en branco e negro, das cativas e cativos citados. O ton é pretendidamente sinxelo, revelador, por veces inxenuo e infantil, cunha pulsión doce e explicativa ("porque ser balea/ non che é nada doado/ imaxinade/ tanto e tanto corpo/ tantos quilómetros/ tantos mares", p. 12) que se enfronta á lucidez e ironía de moitos títulos, que forman series por veces (metántona1, metántona2, "a palabra enlázaro/ éanda", "contrarreforma", "egosistema1"). Coherentemente, existe unha aposta pola oralidade (mostrada nalgunha ocasión como diálogo, como puro discurso directo) e polos recursos máis simples e potentes, como a reiteración ou a epanadiplose. Parte desa inxenuidade suave, da aura surrealista das

imaxes, do gusto polo detalle simple, da adxectivación clara sobre os sentimentos, recorda á poética do autor en *Teoría do lugar* ou *Areados* ("levaba unha balea/ amarrada a un cordeliño fino/ e como o neexcurno estaba triste", p. 17), así como o emprego de recursos tipográficos (distinto tamaño de fonte, espazos, deconstrución das palabras, emprego de símbolos de puntuación exentos, etc) que tamén continúa presente na proposta de Estevo Creus. Non só nos títulos, tamén nos poemas encontramos constantes xogos de palabras (tendo presente a homofonía), acompañados de aparentes paradoxos e formulacións reversíbeis. "O baleiro social", segunda parte do poemario marcada por un lixeiro aumento da prosa e da extensión dos poemas, non contén imaxes, pero establece lazos coa parte primeira por medio dalgúns títulos, polo mantemento do ton, dos recursos e pola recorrencia a certas imaxes (a infancia, as baleas). Ao longo do volume percuten tamén con certa insistencia e naturalidade temas sociohistóricos, como o "bilingüismo semiarmónico", unha "princesa leonor"… ou referentes da cultura de masas, como Batman. De modo irreverente e irónico, o poemario péchase cunha páxina na que un título expresa "nin falta de epílogo/ á falta de hepílogo", antes do índice.

Recensións:

- Antía Marante, "Doses de humanidade en 11 por 21", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 193, Tomo L, "O espello das letras", xaneiro, febreiro e marzo 2012, pp. 102-104.

Comenta novidades da colecciόm Di-versos de Edicións Positivas, entre as que destaca *balea2*, de Estevo Creus, un poemario que xorde da súa colaboración nunhas xornadas de convivencia entre nenos e vellos promovidas por Celso Fernández Sanmartín, que tiveron lugar nunha residencia de anciáns do Deza. Nel, o autor rexeita a linguaxe convencional, en favor dunha escrita que se achega á fala e que vai acompañada de debuxos infantís. Sinala que este poemario é un dos froitos dunha "cadea artística que culminará coa posta en escena de *Baleadas*, espectáculo 3D de danza, pintura e poesía" a cargo da compañía TrasPediante. Informa de que estes volumes, de tan só 11 por 21 centímetros, conteñen unha alta dose de humanidade.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, "La literatura tomó la alameda ceense con la Feira do Libro'12", *El Correo Gallego*, "Galicia verano", 13 agosto 2012, p. 20.

Sinálanse as actividades organizadas durante a Feira do Libro de Cee, na que participan seis librarías e editoras. Entre elas, destácase a presentación deste poemario.

Dacosta, Marta, *Acuática alma*, Culleredo: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 245, novembro 2011, 92 pp. (ISBN: 978-84-92646-65-4).

Poemario de Marta Dacosta (Vigo, 1966) composto de cincuenta e catro poemas. Ábrese o primeiro ("Medran as membranas interdixitais") co nacemento dun ser na auga que, ao mesmo tempo, é construción e destrución. O eu poético fabrica varios núcleos temáticos en relación á problemática da violencia de xénero, á recuperación da memoria

como pobo, á urxencia do cotiá e á posición colectiva ante as inxustizas. E malia estar impregnado de certo pesimismo, non deixa de reflexionar sobre o conflito cos sentimentos, co devir dos tempos. Ademais, faise unha revisión en clave feminista de certas personaxes literarias, como Antígona e Ofelia, e incorpora outras propias como Adartia, que vén sendo a composición que pecha o volume baixo o título de "Non es Nausícaa". Todo o poemario concíbese cunha linguaxe moi vencellada aos termos acuáticos. Por outro lado, alén das catro "autopoéticas" que están presentes no libro, é posíbel distinguir a presenza duns versos que destacan por conter todas as palabras en maiúsculas e que, acompañadas de puntos suspensivos ao inicio e ao final dos fragmentos, permiten entrever a base esquemática de construción do libro.

Fernández Rial, Rosalía, *Átonos: poemario sensorial*, Carballo: Agrupación Cultural Lumieira, abril 2011, 69 pp. (ISBN: 978-84-614-9502-3). ◆

Poemario de Rosalía Fernández Rial (Carballo, Muxía, 1988) formado por vinte e catro composicións ás que acompaña cadansúa ilustración. Ábrese o volume con dúas citas, unha de William Blake e outra de Uxío Novoneyra, e inclúese unha sorte de limiar breve no que indica que dubida de todo, incluso da súa existencia, de maneira que intenta "agarrar(se)" para non desaparecer, a pesares de que a realidade se lle evapora nas mans e sempre queda "espida". Esta argumentación aprovéitaa para explicar o momento no que só quedan os sentidos ("a certeza do engano sensorial") e pretende inventar así "unha nova forma" de captar emocións. Pódense distinguir seis apartados compostos por cada un dos sentidos e acompañados de cadansúa ilustración: "Vista" ("Vexo", "Véxome", "Véxoo", "Véxonos"), "Gusto" ("Gusto", "Gústoo", "Gústome", "Gústonos"), "Tacto" ("Toco", "Tócoo", "Tócome", "Tóconos"), "Olfato" ("Ulo", "Úloo", "Úlome", "Úlonos"), "Oído" ("Oio", "Óioo", "Óiome", "Óionos"), "Sentir" ("Sinto", "Síntoo", "Síntome", "Síntonos"). Concéntrase na experiencia do corpo a través da "infinitude do sentir" porque o feito de ver, gustar, tocar, ulir e oír é o modo no que o eu poético creba "o límite do ritmo constante", de maneira que as imaxes sensoriais entran polos sentidos, aludindo ás máis das veces a aspectos negativos vencellados coa nostalxia, coa ausencia ou a inquedanza. En relación aos títulos dos poemas, cómpre destacar que o único que os fai diferentes é a presenza dos pronomes persoais átonos ("o", "me", "nos") e que van subliñados e en negriña como marcaxe para quen vai dirixida a acción do suxeito. As ilustracións son da autoría de Mon Lendoiro, Viki Rivadulla, Emi de las Heras, María José Costa Valiño "Chiña", Fátima Fortea e Susana Llorente. Cada unha das seccións, así como cada un dos poemas, van acompañadas dunha composición. Todas son en branco e negro e levan o nome do seu autor

Iglesias Dobarrio, Baldomero, *No papel que mudo escoita*, ilust. Sabela Arias, limiares Alfonso García Sanmartín e Mini, introd. do autor, Guitiriz: Fundación Manuel María da Terra Chá, col. Foulas do Rañego, n.º 8, 2011, 350 pp. (ISBN: 978-84-932199-5-6). ◆

Libro de poemas de Baldomero Iglesias Dobarrio, "Mero" (Vilalba, 1951) que comprende máis de trescentas cincuenta composicións, algunhas tituladas ou con dedicatoria, outras non. Tras unha dedicatoria a seu pai, uns versos sobre o soñar no camiño que é a vida, e un relato metapoético intitulado "Co corazón na boca", aparecen

dous limiares de Alfonso García Sanmartín e Mini que poñen de manifesto a complexidade de crear poesía e a necesidade desa creación. Unha nota do autor presenta o volume agradecendo a escolma dos seus poemas levada a cabo polos dous amigos que asinan os senllos limiares. As ideas centrais da selección veñen conformadas polas xentes e os sentimentos que as enchen de vida, o traballo esgotador, as lembranzas, a paisaxe da terra e mesmo a imaxinación dun futuro esperanzador por medio dunha combinación entre música e poesía. Algunhas destas composicións mostran versos en negriña e unha delas vén grafada en tinta branca sobre fondo negro. Cómpre salientar o labor ilustrativo de Sabela Arias con debuxos que mesturan o branco e o negro nuns trazos rectos as máis das veces que reflicten os contidos de certos poemas.

Recensións:

- Xesús Mato, "Iglesias Dobarrio, Baldomero (Mero), No papel que mudo escoita. Ed. Fundación Irmandade Manuel María da Terra Chá (Foulas do Rañego), 2012, 350 páxinas", *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 45, Vol. XXII, "Libros", 2012, pp. 407-408.

Tras mencionar dous poemarios previos, *Na lonxitude do tempo* (2006) e *Recendos de luz e sombra* (2006), enumera os temas que tratan os versos deste poemario e indica os prologuistas do volume, Afonso G. Sanmartín e Mini.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, "A 'Longa noite...' de Ferreiro suma unha nova edición bilingüe", *El Correo Gallego*, "Tendencias. Sociedad. Ciencia. Cultura. Ocio", 12 febreiro 2012, p. 48.

Dáse conta da nova publicación de Auga Editora, unha edición bilingüe do poemario de Celso Emilio *Longa noite de pedra*, no cincuentenario da publicación deste clásico.

- Fran P. Lorenzo, "A poesía de Celso Emilio Ferreiro falará inglés e francés no centenario do autor", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 6 marzo 2012, p. 42.

Entre outras cousas, infórmase da presentación no Centro Galego de Arte Contemporánea da edición bilingüe en galego e castelán de *Longa noite de pedra*. Asemade dáse conta idunha biografía que pronto tirará do prelo Edicións Xerais de Galicia, asinada por Ramón Nicolás.

- Camilo Franco, "Longa noite de pedra' inicia as edicións bilingües de Celso Emilio", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 marzo 2012, p. 38.

Infórmase da publicación, no cincuentenario da obra e no centenario do nacemento do autor, desta edición bilingüe ilustrada, introducida e traducida polo crítico Ramón Nicolás.

- A. Baena, "Longa Noite de Pedra chega ao castelán con 'plena validez", *Atlántico Diario*, "Vigo", 17 marzo 2012, p. 11.

Neste Ano de Celso Emilio, infórmase da publicación da edición bilingüe do gran poemario do autor e do traballo inxente de Ramón Nicolás, que se atopa preparando unha biografía do poeta.

- N. Mirás, "Mini e mais eu tirámonos a moitas piscinas xuntos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 1 xuño 2012, p. L2.

Dáse conta da presentación, na Librería Pedreira, do poemario *No papel que mudo escoita* (2011), de Mero Iglesias, ao que acompañarán Miro Casabella e Mini Rivas, con música.

Knörr, Elías, *O mariñeiro con cabalos matutinos baixo o vestido*, Pontevedra: Edicións Barbantesa, n.º 13, setembro 2011, 90 pp. (ISBN: 978-84-938859-3-9).

Poemario de Elías Knörr, alter ego de Elías Portela (Cangas do Morrazo, 1981), escrito orixinariamente en islandés. Logo dunha dedicatoria persoal inclúense os setenta poemas, todos eles sen titular, onde se establece o xogo coas palabras que teñen a finalidade de experimentar na escrita coa búsqueda de imaxes a través dos dobres sentidos, mais tamén con certa ironía e proposta lúdica. Os límites dos poemas poñénse nos diferentes horizontes que constrúe a voz poética ("O horizonte é un palangre", "O horizonte é unha cordela"), nun ámbito moi vencellado ao mar (praias, barcos, o océano, a marea...) porque as composicións son capturadas "nas redes igual cá pesca". Concíbese a ambigüidade no xénero da voz poética, caracterizada pola constante presenza feminina de sereas, amas de casa, baleas, etc. Hai ademais outros eixos temáticos, como poden ser aqueles referidos á nación (nomeada como a "Dama da Montaña") e á súa personificación. O autor incorpora ás veces notas a pé de páxina e algunhas das composicións destacan pola súa brevidade, fragmentariedade e irregularidade no que respecta á extensión dos versos. Ao final, inclúese o "Epílogo ou Longa viaxe para cambiar de vestido", asinado por Elías Portela "autor e/ou tradutor de Elías Knörr", que se entende como unha autoavaliación do seu poemario, ofrecendo claves ao lectorado para a lectura do mesmo. Ademais de indicar certas particularidades da tradución, refírese ao contexto islandés no que el como autor se comeza a facer un oco, así tamén ás interpretacións que se fixo da súa obra nese país. Apunta ademais cales foron as súas intencións ao escribir o libro, destacando a "máis directa" que era a exposición de certos aspectos estilísticos que parten das vangardas (principalmente, o ultraísmo e o creacionismo), alén da súa alegoría manoelantoniana. Entre outras motivacións, sinala que estivo tamén o cuestionamento de certos temas e clixés sexuais e "a situación catastrófica política de medio ambiente do goberno islandés e a especulación urbana".

Referencias varias:

- M. Beceiro, "Elías Portela inspírase nos 'kenning' islandeses na súa nova poesía", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 xaneiro 2012, p. 38.

Infórmase da presentación en Santiago de Compostela desta obra e dise que o seu autor, Elías Knörr, está considerado como un dos tres poetas máis representativos da actual lírica islandesa.

- Manuel Beceiro, “Foi ao escribir en islandés que me saiu esta ironía ou retranca”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 14 xaneiro 2012, p. L2.

Entrevista a Elías Portela na que fala da súa necesidade de escribir en islandés, da innovación da imaxe lírica presente no poemario *O mariñeiro con cabalos matutinos baixo o vestido* e dos trazos fundamentais da súa produción poética.

- RCG, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 17 xaneiro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra cun recital do autor na Libraría Trama de Lugo.

- Marta Veiga, “A retranca veu en islandés”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 24 xaneiro do 2012, p. 76/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 18 xaneiro 2012, p. 48.

Faise referencia á saída do prelo da obra *O mariñeiro con cabalos matutinos baixo o vestido*, de Elías Knörr, e fálase da súa experiencia vital en Islandia.

- José Antonio Guerrero, “El gran poeta de Islandia es de Cangas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 setembro 2012, p. 38.

Detalla a historia do poeta Elías Portela, coñecido en Islandia como Elías Knörr, e que vén de publicar en galego un poemario publicado orixinariamente en islandés baixo o título *Sjóarinn međ morgunhestana undirn kjólnum*.

- María L. Viñas, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Ocio”, 23 outubro 2012, p. 70.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na Biblioteca Ánxel Casal de Santiago de Compostela.

Kruckenberg, María do Carme, *O enigma do segredo*, Cangas do Morrazo: Edicións Barbantesa, n.º 11, agosto 2011, 105 pp. (ISBN: 978-84-938859-2-2).

Poemario de María do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926) que se abre cunha dedicatoria, “A Cristina. Coma sempre”, e que consta de corenta e oito composicións intituladas, sen rima e cunha métrica variábel. Os poemas tratan do amor e do tempo, pero tamén do desacougo e da morte. Ademais, a Guerra Civil xoga un papel destacado na obra, xa que a escritora busca homenaxear e lembrar os mortos e as vítimas da contenda e da posguerra. As composicións, escritas entre 2007 e 2009, achegan unha poesía clara, sen artificios e cargada de sensibilidades. Tras unhas liñas nas que se dá conta de forma breve da vida da autora e que se acompaña dunha fotografía da mesma, atópase o posfacio no que se expón que este poemario é de feitura anterior a *A voz da auga*, publicado con anterioridade. Segundo o texto editorial: “A voz lírica de Kruckenberg achégase ao pasado con sabedoría e coñecemento, pero afronta o futuro coa emoción do descoñecido, sempre co amor –o enigma- como postura existencial”.

Momán, Alberte, *Os quilómetros que percorremos dende aquela*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Letra inversa, n.º 21, 2011, 162 pp. (ISBN: 978-84-92792-99-3).

Poemario de Alberte Momán (Ferrol, 1976) que se estrutura en tres apartados a través dos cales se abordan tres historias que afondan nas relacións interpersoais. O primeiro das intitúlase "Do metro á escuridade" e está dividido á súa vez en seis partes. Inclúe setenta e nove composicións que, dende a soidade, a dor e o silencio, afondan na relación afectiva entre un home e unha muller salientando o desencontro e a distancia emocional entre ambos. A segunda sección, intitulada "Su Liz-Hen", inclúe dezaoito composicións estruturadas en dúas partes, dedicadas todas eles a unha muller chamada Su Liz-Hen, que describe como fermosa, intelixente e traballadora, salientando a súa entrega, abnegación e os seus soños. O terceiro e último dos apartados, "Incansablemente sobre os pasos", inclúe nove composicións nas que, dende o cotián, descríbense os espazos silenciosos, solitarios e de paixón ocultos nas relacións. O conxunto caracterízase polo emprego de versos curtos e a extensión breve dos poemas.

Muras, Xan G., *Xunguidos á terra*, Vedra (A Coruña): Tribaldes Edicións (Litonor), marzo 2011, 39 pp. (ISBN: 978-84-938917-0-1).

O poemario ábrese cun prólogo no que se explica que prefiriu concederse importancia e concreción ao texto, condensándoo en catro poemas e un poema do que xurdiu a idea da combinación destas fotografias e versos. Preséntase nesta introdución a Vicente de Ferramulín (O Courel) e a quen escribe e se encarga das fotos, que ocupan a práctica totalidade do volume, Xan G. Muras (Tribaldes, Teo). Aprovéitanse estas liñas introdutorias para reivindicar a relación do ser humano coa terra, coa aldea, nun momento de "devalo da tribo", e anúnciase o volume como unha proposta de ilustración das "sazóns", dos "cuartos" do reloxo anual no medio galego. O texto –isto é, os poemas–, de Vicente Reboleiro, gardan total coherencia coas imaxes de fentos, dentes de león, castiñeiros, ourizos ou espiñas, sen esquecer planos máis amplos e paisaxísticos. Desde un verso inicial como "Do couso dos lobos", percíbese o pouso de Uxío Novoneyra no trazado poético de Vicente Reboleiro. É a súa unha dicción sinxela, con marcas dialectais, atención ás enumeracións e ás exclamacións, centrada na imaxe ("Festa é a luz do sol na mañá,/ derretendo o orballo dos campos") e na pincelada costumista ("fermentará o viño nas adegas") que permite identificar as especificidades e o devalar das catro estacións, presentadas como unha roda eterna. O volume consegue ser unha viaxe imaxinística punteada por pequenos textos.

Novo, Olga, *Cráter*, limiar Carmen Blanco, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2011, 193 pp. (ISBN: 978-84-15400-04-2).

Poemario de Olga Novo (Vilarmao, Pobra do Brollón, Lugo, 1975) que se abre cun limiar poético, intitulado "Vaso" e asinado por Carmen Blanco. A continuación segue "Pequeno pensamento cráter", un apuntamento da autora no que se informa da natureza do libro que "contén unha serie de emanacións vitais que, coma no caso dos síntomas volcánicos, constitúen formacións de cinsa, pedra, lava e rocha metamórfica", e que dedica a Luz Pozo Garza. Logo dunha cita de Emily Dickinson, aparecen os catro eixos

nos que se estrutura a obra: “Cinsa”, “Pedras”, “Lava” e “Rocha metamórfica”. O primeiro, “Cinsa”, está composto por vinte e sete poemas, escritos entre o ano 2004 e o 2010 e “poetiza o abandono do mundo rural galego e o seu resistente corazón residual”. Tan só unha composición, “Canto coral do menhir roto (Fragmentos)”, dedicada a Urlo Ruz e á que precede unha cita de Gilles Servat, conforma “Pedras”. Esta parte foi escrita en Roazhon, Bretaña, en abril do ano 2005. O terceiro eixo, “Lava”, está constituído por sete poemas agrupados nun todo denominado “Poemas da Campania Libera”. Pecha o volume “Rocha metamórfica” que contén un só poema, “A idea da beleza”, no cal se “quere petrificar salvaxemente a linguaxe de Eros, na celebración carnal antiplatónica”. A extensión das múltiples composicións que atopamos nesta peza lírica é variada e todas elas constan do seu correspondente título.

Recensións:

- Miguel Sande, “Tres poetas auténticas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 470, “Letras en galego”, 9 xuño 2012, p. 10.

Faise referencia a publicación dos libros *Cráter* (Toxosoutos, 2011), de Olga Nova, *Pornografía* de Lupe Gómez e *Amantes* (Caldeirón, 2011), de María Lado. Indícase do primeiro a obtención do Premio da Crítica 2011 e que consta de catro apartados; ademais o autor manifesta a súa preferencia polo terceiro. Do segundo menciónase que vai pola terceira edición e gábase a valentía da súa poesía. Da terceira obra sinálase a ausencia de pudor no texto e que obtivo quinto premio de poesía erótica Illas Sisargas.

Referencias varias:

- Ramón González, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 28 xaneiro 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra na Casa da Cultura da Pobra do Brollón.

- RCG, “La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre”, *El Progreso*, “Vivir”, “Ocio”, 15 marzo 2012, p. 78.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra en Santiago de Compostela, na Fundación Granell.

- Dolores Vilavedra, “Cara un novo Ano Rosalía”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, “Día das Letras”, “Rolda das letras”, 17 maio 2012, p. 9.

Tras falar de cómo a crise está a afectar ao panorama cultural galego, menciónase a saída do prelo deste poemario.

Pereiras Gómez, Tomás Antón, *Nas verbas enxebres, á retesía encerellado*, Vigo: Editorial Galaxia, decembro 2010, 138 pp. (ISBN: 978-84-9865-342-7).

Poemario de Tomás Antón Pereiras Gómez que inclúe vinte e sete composicións caracterizadas por un lirismo manifesto na extensión longa dos seus poemas e na elección de versos longos para expresar as súas reflexións sobre experiencias vitais. Evoca momentos da Vedra natal do autor lembrando as paisaxes e costumes da súa terra. Inclúe finalmente un "Glosario" onde Pereiras dá a coñecer os dicionarios consultados na realización das súas composicións e onde se inclúen as palabras ou expresións empregadas nos poemas.

Rodríguez Yáñez, Yago, *Déixame ancorar...*, limiar Carlos Gegúndez, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Letra Inversa, n.º 23, 2011, 81 pp. (ISBN: 978-84-15400-12-7).

Libro de poemas de Yago Rodríguez Yáñez (Lugo, 1980) introducido por un limiar de Carlos Gergúndez López no que salienta a súa amizade co poeta, ao tempo que comenta un dos temas principais da obra, a memoria, e sinala a influencia de escritores como John Keats na súa escrita. De feito, son múltiples as citas que preceden as composicións de Rodríguez Yáñez, algunhas do mencionado John Keats e outras de Samuel Taylor Coleridge, Manuel María, Miguel Hernández, Uxío Novoneyra, Celso Emilio Ferreiro, Fiz Vergara Vilariño, Bernardino Graña, Vicente Aleixandre, Salvador García-Bodaño, Darío Xohan Cabana e Louis Aragon. O conxunto de poemas estrutúrase en catro partes: "Coñecemento", "Bicos de ausencia e despedida", "Singradura de sombras e aloumiños" e "Espazos de beleza e morte". Cada sección contén varios poemas, algúns con título e outros que citamos co primeiro verso. No apartado "Coñecemento" atopamos as seguintes composicións: "O amencer", "Debaixo das mareas…", "Sabía de Ti…", "Espazo de Beleza", "Coñecía os teus eizos…", "Aparición" e "Hoxe pousóuseme unha bolboreta…"; en "Bicos de ausencia e despedida": "Se non chegase a albiscar…", "Na estación", "Entrarei no valado do teu corpo…", "Pregúntolle ó vento…", "Eu non son máis que un home enzoufado…", "Ancorado no baleiro…" e "Beirearán a cor de outono"; en "Singradura de sombras e aloumiños": "Coma dúbida inerte…", "Sinto do escarapote as espiñas…", "A partida", "Se morrese a memoria…", "Neste mar non preciso buxolas…", "Na travesía", "Non hai tritura no aceno…" e "Regreso"; e en "Espazos de beleza e morte": "Quero abrir da túa leira a cancela…", "Fermosa", "Ámote sen tristura…", "Chego a ti para ficar…", "Mírote sen ruído…", "Esvarará o tempo como anguía…", "Querereite coa pel engurrada…", "Non importa que o cansazo…", "Por máis que resisto…", "O encontro" e "Non existe máis amencer". A temática da obra xira ao redor do amor, do erotismo, da beleza da amada, da despedida e a memoria, da soidade e da ausencia, da natureza... O autor emprega imaxes do mar e do campo para simbolizar a súa paixón amorosa. Introduce numerosos elementos da paisaxe galega e do seu modo de vida tradicional: a colleita, a leira, os navíos, o carballo, o orballo… ben como escenario das súas vivencias amorosas ou ben como metáforas que representan diferentes momentos da relación coa amada.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, "Contundencia e intensidade", *Faro de Vigo*, "Faro da Cultura", n.º 403, "Libros", 22 marzo 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 361, "Letras galegas", 31 marzo 2012, p. 6.

Destácanse os premios acadados por Yago Rodríguez Yáñez no eido da poesía e a publicación da súa última obra, *Déixame ancorar...* Coméntase o limiar de Carlos Gegúndez, no que se explican as liñas temáticas do poemario e se sinalan os referentes principais do autor.

Valle, Luís, *Caderno do mendigo*, Cangas do Morrazo: Edicións Barbantesa, novembro 2011, 84 pp. (ISBN: 978-84-938859-5-3).

Encóntrase, neste terceiro poemario en galego de Luís Valle (Lugo, 1977), unha recorrencia á esencialidade, á abstracción ou ao baleiro. As imaxes sucédense sen un enfiado potente, esvaendo máis e máis o referente, e algo semellante acontece cos campos léxicos. O verso é breve, moi raramente excede as tres ou catro palabras, en concordancia coa desposesión observábel trala lectura. Conséguese, así, delimitar vagamente escenarios (unha cidade en chamas, os contornos que o sol marca), ler forzando os títulos a actuaren como verdadeiros faros (tal e como acontece con "Redeira da dor", por exemplo) ou percibir certas sensacións, ausencias, etc. Nos versos, o cansazo e o silencio multiplícanse, o tempo enléase e desenléase, o emprego depurado e absoluto do substantivo nalgúns poemas lembra o desexo de limpeza, pero tamén a indeterminación e vaguidade (derivada da falta de descrición minuciosa ou adxectival) xa propia do hermetismo italiano. Algúns poemas presentan ancoraxe xeográfica –coma os soportais da Praza Cervantes– e outros, a modo de homenaxe, descobren un abano de autores do seu interese, desde Joseph Brodsky a Margaret Atwood ou o poeta turco Orhan Veli. Esta poética compleméntase visualmente apostando pola sinuosidade, polos constantes encabalgamentos e a brevidade versal que crean torrentes, escorando á dereita parte dos versos e acentuando certos ritmos e pausas de lectura.

Recensións:

- Miguel Sande, "Mendigo da palabra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 473, "Letras en galego", "Poesía desde a marxe", 30 xuño 2012, p. 9.

Céntrase no *Caderno do mendigo*, poemario de Luís Valle, salientando as incríbeis imaxes que se suceden nel e recomendando a súa lectura.

VV. AA., *Premio 2010 de relato*, *poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Alternativas, decembro 2010, 152 pp. (ISBN: 978-84-9914-166-4). ■

Volume que contén os traballos galardoados nos Premios 2010 de relato breve, poesía e tradución literaria da Universidade de Vigo, ao que poden presentarse todos os membros da comunidade universitaria. Ábrese cun breve limiar no que se informa dos gañadores das respectivas convocatorias e se fai un repaso pola historia do premio, que vai xa pola decimocuarta edición. Incídese en que no futuro se atoparán publicacións destes autores premiados en librerías, debido a que a calidade literaria dos textos é moi alta. A continuación recóllense as obras gañadoras. Na modalidade de relato curto o premiado foi *A rúa do home abatido*, de Ledicia Costas Álvarez e o áccesit *Nínfulas*, de Alberto Comesaña Campos, unha historia duns mendigos e outra sobre a creación de

palabras respectivamente. Na de poesía son tres os textos premiados: o gañador foi *Marés de xiz*, de Xosé Daniel Costas Currás e os áccesits, o primeiro para Raquel Vázquez Vázquez por *A dama que fala* e o segundo para Paulo Lourido Fernández por *mmHg*. Mentres que *Marés de xiz* se instala en terras do Morrazo e explora e reflexiona sobre o mundo mariñeiro, *A dama que fala* é relevante pola súa experimentación coa linguaxe e *mmHg* polo tratamento do paso do tempo. No tocante ás traduccións, o premio foi para Carmen Barros Rodríguez por traducir a Hillary H. Carter (*O Código 11:11*) e o áccesit para Mª Isabel Arjones Porto por traducir a Guy de Maupassant (*A adormentadora*). Inclúese tamén para pechar a obra o primeiro premio do ano 2000: *O espello*, traducido por Tina Parcero dun texto de Mercè Rodoreda.

Tamén está descrito no apartado XII.1.1. Apéndice deste *Informe*.

XII.2.2. TRADUCIÓNS, VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Ferreiro, Celso Emilio, *Longa noite de pedra. Larga noche de piedra*, ed. bilingüe galego-castelán, introd. e trad. Ramón Nicolás, Santiago de Compostela: Auga Editora, col. Célebres, decembro 2011, 197 pp. (ISBN: 978-84-939328-0-0).

Poemario de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979) que se presenta en edición bilingüe da man de Ramón Nicolás, autor da "Introdución" (pp. 7-17) onde ofrece unha breve biobibliografía do autor, afondando en aspectos como a súa infancia nun entorno republicano e galeguista, a súa experiencia na fronte militar durante a guerra civil española, a súa formación como mestre e avogado na posguerra, as súas vivencias en Caracas e o seu posterior regreso a Madrid e a Galicia; así como nos aspectos máis salientábeis da súa produción literaria. De seguido dá comezo o poemario en si (pp. 18-169) que contén as sesenta e unha composicións do orixinal nas súas versións en galego e castelán. A presente edición mantén as características léxicas, sintácticas e morfolóxicas da sexta edición do poemario editado por Edicións Castrelos en Vigo no ano 1975. A obra mestura un ton intimista e irónico nos seus versos, onde afonda na análise e crítica social da realidade galega, afondando en temas como o relato da opresión fascista, a emigración ou a loita política. Finalmente, remata cunha "Cronografía" (pp. 171-191) que percorre a traxectoria vital e profesional do autor e engade fotografías dos momentos máis significativos da súa vida, as cubertas da súa obra máis relevante e imaxes de material diverso.

Recensións:

- Xosé Manuel Dasilva, "*Larga noche de piedra*, unha vez máis", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 195, Tomo L, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2012, pp. 96-97.

Indícase primeiramente a existencia de traducións anteriores ao castelán por parte de Basilio Losada ou Moisés Barcia e Penélope Pedreira, para continuar co anuncio de vindeiras traducións ao inglés e francés e sinalar algunhas das características das diferentes versións das traducións.

Shakespeare, William, *Sonetos*, trad. e notas Ramón Gutiérrez Izquierdo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Clásicos, xuño 2011, 784 pp. (ISBN: 978-84-9914-248-7). ■

Compilación de sonetos de William Shakespeare (Stratford upon Avon, 1564-Warwickshire, 1616). Acolle cento cincuenta e catro sonetos de amplas posibilidades hermenéuticas, como se explica no prólogo de Ramón Gutiérrez Izquierdo que antecede á obra. Dáse conta aquí da indefinición e da ambigüedade da voz lírica e dos destinatarios, así como do nulo valor autobiográfico dos poemas. Tamén se fan observacións referentes á tradución, no tocante ao metro idóneo para verter os sonetos a romance, o alexandrino. Saliéntase que os poemas son reflexións sobre as diversas formas do amor, a amizade, o paso do tempo, a riqueza e a pobreza, a fermosura, a memoria ou a morte. No prólogo estabelécese unha división do volume en catro partes

principais (sonetos 1-17, 18-126, 127-152, 153-154). A primeira vai dirixida integramente a un mozo ao que invita ao matrimonio. A segunda conforma un grupo máis heteroxéneo, de temática moi variada e cunha marcada ambigüidade sobre o sexo do destinatario. Os sonetos da terceira van dirixidos a Dark Lady e os dous últimos son un corolario á paixón pola dama escura. Todas as composicións seguen o modelo do soneto inglés: catorce versos de pentámetros iámbicos distribuidos en tres cuartetos e un pareado final. Por último, ofrécense notas e comentarios detallados dos mesmos, verso por verso. Existe un apartado de edicións consultadas e un índice de primeiros versos, ademais de información do autor e do índice final. Esta obra recibiu unha subvención da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral de Promoción e Difusión de Cultura e Turismo, na convocatoria de axudas para a tradución de 2010.

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, "Cara un novo Ano Rosalía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Día das Letras", "Rolda das letras", 17 maio 2012, p. 9.

Tras falar de cómo a crise está a afectar ao panorama cultural galego, menciónase a saída do prelo deste poemario.

XII.2.3. ANTOLOXÍAS

Núñez, Fátima N., *Vestida de domingo*, ed. bilingüe galego-castelán, Pontevedra: El Taller del Poeta, col. Alcálima, 2011, 69 pp. (ISBN: 978-84-15144-20-5).

Antoloxía poética de Fátima N. Núñez en galego e castelán na que se recollen varios poemas que compoñen as súas anteriores publicacións. Trátase de poemas cheos de erotismo, nos que tamén predominan outras temáticas como o son o consumismo, o feminismo, con múltiples alusións á natureza, donde se atopan certos personaxes que se consolidan como pezas chave da lectura: as gaivotas, os anxos...

Pérez Buján, Javier (ed.), *Laxeiro. Os escritos de Don Ramiro/Laxeiro. Los escritos de Don Ramiro*, trad. ao castelán Anxos Sumai, A Coruña: Fundación Laxeiro, marzo 2011, 217+220 pp. (ISBN: 978-84-935616-4-2). ◆

Volume compilatorio en dupla versión (parte galega e castelá no mesmo libro), editado pola Fundación Laxeiro co patrocinio da Deputación de Pontevedra, que recolle boa parte da produción escrita, cento dezaseis textos, dos que oitenta e tres son inéditos, de Laxeiro (Donramiro, Lalín, 1908-Vigo, 1996), asinados por Don Ramiro, o heterónimo utilizado polo pintor cando escribía e nome tamén da aldea do concello de Lalín onde naceu. Ábrese cunha "Presentación" de Xesús López Carreira, que mostra a sorpresa ante o outro cariz do pintor, o poético e reflexivo que acompaña ao gran fabulador nas conversas. Ao mesmo tempo, explicítase que logo da publicación do Catálogo Universal de Laxeiro por parte da Fundación, os textos presentes dan un paso máis e permiten comprender os mecanismos de creación do pintor e axudan a contextualizar a súa produción. O seguinte texto liminar, "Sempre sorprendente Laxeiro" é da autoría de Carlos García-Suárez Otero (Secretario Xeral da Fundación Laxeiro), que entende o volume como unha recompilación da súa "filosofía de vida", como a mostra da diferenza entre o xenio e artesán, aquel que é capaz de alimentarse das crenzas e supersticións que o rodean e da mirada familiar, sen deixar de enlazar coas tendencias internacionais da arte. A narración histórica en primeira persoa é de moito valor, vindo de man de quen mantivo activa correspondencia con intelectuais e artistas do momento. Antes de atoparmos os textos poéticos, ensaios, lembranzas e relatos, a epígrafe "De José Otero a Don Ramiro" de Javier Pérez Buján, explica a labor da edición de escritos de persoas falecidas non só como recomposición, interpretación e reconstrución, senón como unha verdadeira arqueoloxía do seu pensamento. Cómpre lidar con fontes orixinais dispersas, sen datar, incompletas, de irregular caligrafía... mais tamén coa fragmentación e espontaneidade propia dos escritos persoais, que reclama un traballo de estruturación temática e depuración. O "Apuntamento biográfico" esclarece aspectos como a explicación e orixe de Don Ramiro, heterónimo que toma da parroquia onde naceu, e revisa a construción doutras personaxes autorreferenciais, igual que Urbano Lugrís fixera con Ulises Fingal. A estes catro textos introdutorios segue a depuración de catro mil textos soltos en cincuenta e oito manuscritos. Organízanse segundo o "xénero" e a temática do modo seguinte: "Textos poéticos", 19, de pulsión lírica, limpa e até certo punto panteísta; "Reflexións", 10, nas que pode rastrexarse o seu proxecto renovador e a súa conciencia independente; "Diarios", 23; "Soños", 5, mostra da súa fascinación polo mundo onírico; "Relatos e lembranzas", 21, sobre a súa parroquia, anécdotas vitais desde o realismo sórdido á fabulación e incluso unha "Carta ao director de *Faro de*

Vigo"; "Pequena peza teatral", titulada "Xogo tráxico"; "Retratos", 13, onde acolle sentidas semblanzas dun variado abano de artistas, desde Virxilio ou Carlos Maside até Blanco Amor ou Carlos Oroza; "Presentacións e pregóns", 10, onde se engloban textos inaugurais para exposicións súas en Barcelona ou Lalín, nos que aproveita para reclamar menos formulismos e unha lectura sen aditivos ou explicacións, pero tamén textos máis festivos, coma o pregón para a VIII Feira do Cocido ou o pregón das festas do Entroido da Coruña e finalmente, "Textos sobre arte", 14 mostras directas do seu pensamento con respecto ao "sistema", e ao funcionamento de críticos, a administración, a pintura galega, etc. Nas "Conclusións" recupera a palabra Javier Pérez Buján, expresando que o volume dilata o estereotipo de pintor bohemio e algo canalla que o propio artista propiciara, permitíndonos acceder ás súas reflexións e tamén ás súas circunstancias sociohistóricas.

Tamén está descrito no apartado XII.1.4. Apéndice deste *Informe*.

VV. AA., *A cidade na poesía galega do século XXI*, ed. Gonzalo Vázquez, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Esmorga, Escolmas, 2011, 224 pp. (ISBN:978-84-15400-10-3).

Trátase dunha antoloxía poética realizada por Gonzalo Vázquez (Vilaboa, 1983), que comeza cunha dedicatoria "A todas as cidades do mundo que non son merecentes de ser chamadas así". Ábrese cunha breve "Introdución" onde explica a tradición poética do tema da cidade, apuntando que no caso galego foi "moi marxinal" até a segunda metade do século XX. Observa, en relación ás liñas temáticas, a presenza da cidade como "destrutora do ser, como mecanismo alienante" e como "hábitat de construción do ser civilizado", mais tamén relaciónaa cun discurso do desarraigamento. Para rematar, apunta que a poética da cidade do século XXI non comeza exactamente en 2001, senón que se trata dunha "continuidade". A escolma de composicións fórmana cento dez poemas en galego de setenta e sete autores e autoras contemporáneos. Preséntanse por orde alfabético (Abeleira, Xoán; Aleixandre, Marilar; Álvarez-Koki, Francisco; Ángueira, Anxo; Baña, Alicia; Álvarez Cáccamo, Xosé María; Caride Ogando, Ramón; Cascudo Rodríguez, Xosé Antón; Castaño, Yolanda; Corbal, Xabier; Cortegoso, Francisco; Dacosta, Marta; Dávila, Berta; Diéguez, Lois; Domínguez Alberte, Xoán Carlos; Enríquez, Rosa; Espinosa, Estíbaliz; Estévez, Eduardo; Fernández Naval, Francisco X.; Forcadela, Manuel; Fortes Torres, Antom; Fraga, Modesto; Frías Conde, Xavier; González Tosar, Luís; Iglesias, Mero; Lado, María; Lama, Xavier; Láuzara, Alfonso; Laxe Martiñan, Xosé Antón; Lema, Alberto; Lema, Rafael; López Valcarcel, Xulio; Martínez Delgado, Verónica; Martínez Conde, Ricardo; Méndez Fonte, Rosa; Momán, Alberte; Negro, Carlos; Novo, Isidro; Nunes Brións, Andrea; Patiño Nogueira, Olga; Paz, Xabier; Pedreira, Ugia; Penas, Ánxeles; Pereira Valcárcel, Manuel; Queipo, Xavier; Rábade Paredes, Xesús; Rábade Villar, María do Cebreiro; Ramos, Baldo; Regueira, Mario; Rodríguez Fer, Claudio; Rodríguez Rodríguez, Alfonso; Sande, Miguel; Santos Cabanas, Xosé Luís; Seoane, Xavier; Souto Barreiro, Francisco; Vázquez Pintor, Xosé; Vila-Coia, Xabier; Villar Janeiro, Helena; Villar, Miro; Xil Xardón, Xabier; Xubín, Isaac) e ofrécense deles outros datos, como o de nacemento e os títulos das súas obras poéticas. Malia que algunhas das cidades son referidas sen ofrecer o nome, pódense intuír; con todo, hainas que semellan ser imaxinarias polas voces poéticas. Aquelas composicións nas que as cidades son facilmente recoñecíbeis, nomean moitas cidades galegas (Compostela, Vigo, Coruña, Ferrol, Lugo,...), mais tamén

españolas (Madrid, Salamanca, ...) e estranxeiras (Berlín, Lisboa, Nova Iorque, Amsterdam...). Cómpre destacar que algunhas destas composicións son inéditas.

Recensións:

- Miguel Sande, "A cidade na poesía galega deste século", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n. 456, "Letras en galego", 25 febreiro 2012, p. 9.

Sinálase que a poesía permanece viva e é necesaria, aínda que hai que adaptala aos tempos que corren. Coméntase que esta proposta é moi interesante, ao escoller poemas sobre a cidade de máis de sesenta autores galegos, algúns inéditos e outros publicados en anteriores obras.

- Vicente Araguas, "Cidadáns poetas", *Diario de Arousa*, "*O Salnés Siradella*", "Páxina literaria", p. 24/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 716, p. 30/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 716, "Páxina literaria", p. 30, "Libros", 18 marzo 2012,

Dáse conta da publicación desta escolma na que participan tres xeracións de poetas. Critícase a escolleita dos autores e a breve introdución de Gonzalo Vázquez, tildándoa de "pedante". Apláudese a aparición de certos poetas, entre outros, Claudio Rodríguez Fer ou Xavier Frías.

XII.3. TEATRO

XII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Pernas Cora, Gustavo, *Tres logomonos. Colgados. Pisados. Snakizados*, pról. Miguel Anxo Fernán Vello, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, n.º 290, 2011, 157 pp. (ISBN: 978-84-8487-217-4).

Triloxía teatral de Gustavo Pernas Cora (Viveiro, 1959) que recolle, baixo o título *Tres logomonos*, tres pezas dramáticas, os monólogos *Colgados*, *Pisados* e *Snakizados*. Tras a dedicatoria, "A Tomás Fábregas porque outros mundos son posibles", aparece un prólogo de Miguel Anxo Fernán Vello titulado "*Logomonos* de Gustavo Pernas Cora", no que se fai un repaso da definición de monólogo, un eloxio ao autor teatral e, finalmente, un breve estudo das pezas que compoñen o libro, en conxunto e por separado. O prologuista sinala que "a palabra directa, a intervención fragmentada e a ironía provocadora, seguindo o uso dunha linguaxe cargada de significacións intertextuais e polisémicas que nos sitúa ás veces no territorio do grotesco" son as principais características do teatro realista e social de Gustavo Pernas. A continuación atópase un "Manifesto logomónico", onde o escritor reivindica para o teatro o xénero do monólogo dende unha nova perspectiva. Explica que "os logomonos son monólogos ao revés", indica o seu interés por xogar coa palabra e lanza unha crítica a Galicia e a sociedade galega. Antes de comezar coa primeira peza, presenta unha declaración de intencións,"Colgados, Pisados, Snakizados", na cal explica as súas tres obras. O primeiro texto "logomónico", *Colgados*, subtitulado *A incrible historia de Homesoga, o colgado de Celeiro*, ten como protagonista a Homesoga, un colgado profesional que ao relatar a súa vida trata aspectos tan polémicos como a contaminación ambiental, a igrexa, as hipotecas... *Pisados*, subtitulado *Botamán de Melide, o home que falaba cos zapatos*, versa sobre a habilidade dun técnico Municipal do Servizo de Xardinería, Botamán, para entender o idioma dos zapatos e as historias que estes lle contan. Pernas Cora segue reflexionando sobre a crise e toca temas como a lingua e a política. Por medio dunha notal final das dúas primeiras pezas dramáticas, ponse en coñecemento do lectorado que *Colgados* e *Pisados* foron estreadas no ano 2009 e 2010, respectivamente, e ambas obras foron producidas por Ancora Produccións e interpretadas polo propio autor, baixo a dirección de Ánxela G. Abalo. A derradeira obra, *Snakizados* e subtitulada *A delirante invención de Nonhé*, é a máis experimental, o que se apreza fundamentalmente na linguaxe empregada, xa que as onomatopeas e as palabras inventadas son numerosas. A acción ten lugar o día despois da hecatombe e a personaxe é Nonhé, unha criatura monstruosa formada por anacos de mortos e materia inerte que se expresa segundo a fala dos diversos seres que a compoñen e que loitan entre si por nacer ou non nacer. O autor outorga un papel importante á linguaxe oral, que se fai evidente na representación escrita das palabras. A metáfora e a metonimia presentes nas personaxes e o diálogo co público son simbólicos e, incluso, ideolóxicos. As didascalias son abundantes e completas e ofrecen apuntamentos relacionados coa escenografía, paralingüística, cinésica e proxémica.

Recensións:

- MV García, “Vibrante eloxio do actor comprometido”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 420, “Teatro”, 21 xuño 2012, p. VIII.

Preséntase este volume que recolle textos de Gustavo Pernas (Viveiro, 1959), “metáforas destes tempos aciagos e convulsos”. Indícase que no prólogo do editor Miguel Anxo Fernán Vello se salienta a esencia dos textos que “conforman un conxunto marcado pola denuncia da opresión, pola crítica da ignominia, e pola esperanza”. Despois descríbese a estrutura da obra que conta cun breve “Manifesto Logomónico” no que o autor reivindica a palabra que permite construír a experiencia e se destaca a “fonda visión crítica” dos tres textos dramáticos nos que se articulan discursos emancipadores e humanizadores e se ofrece unha visión sarcástica do mundo teatral e das súas problemáticas, defendendo o actor, a interpretación e a lingua galega. Nun á parte titulado “Polifonías” preséntanse os protagonistas das tres pezas dramáticas e saliéntase a “dimensión universal da traxedia” que padecen.

XII.4. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

XII.4.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Acuña, Ana, *Exposición Pintos. Ano Xoán M. Pintos 2011. Pontevedra*, Pontevedra: Concello de Pontevedra. Concellaría de Normalización Lingüística, 2011, [14] pp. (DL: PO 199-2011).

Catálogo da exposición sobre Xoán Manuel Pintos que tivo lugar na Sala de Exposicións do Café Moderno de Pontevedra entre o sete de abril e o sete de maio de 2011 con motivo do centenario do nacemento do autor. Ábrese cunha breve introdución, intitulada "Xoán Manuel Pintos (1811-1876)", na que se tratan de xeito sucinto as principais liñas temáticas da súa produción. Séguelle unha cronobiobibliografía na que se encadra a súa vida e obra nos acontecementos sociopolíticos máis relevantes da época.

Baceiredo, Rebeca, *(Repeat to fade)*, Santiago de Compostela: Estaleiro Editora, xullo 2011, 59 pp. (ISBN: 978-84-615-0221-9).

Ensaio filosófico de Rebeca Baceiredo (Ourense, 1979) que se abre con tres citas da autoría de Bohumil Hrabal, Baruch Spinoza e Clarice Lispector, respectivamente. Constrúese como un relato ao xeito dun sistema en proceso de coñecemento, que pretende a fuxida do individualismo, a construción do ser social como ferramenta de contrapoder para existir nesa repetición de actos incontrolábeis. Supón ademais unha achega á poesía, pois en palabras da autora "para filosofar é boa a poesía", xa que "a poesía molla os dedos, a filosofía queima a vista" ou "a filosofía percorre estradas asfaltadas por outros e a poesía crea rutas de sendeirismo". Os apartados e subapartados estrúturanse segundo os símbolos da árbore da vida e o alfabeto hebreo, á maneira dos modelos rizomáticos. A vontade deste pensamento fai posíbel a desaparición da angustia, a deconstrución dos signos da Nada; así tamén é posíbel "Medrar a identidade para afondar porque canto máis crece unha árbore cara ao ceo, máis afonda as súas raíces na terra".

Recensións:

- Cristina García Parga e Xiana Arias Rego, "Dos dedos e a vista", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 19, "proPostas", "Narrativa", inverno 2012, p. 10.

Sinala que en *(repeat to fade)* (2011) non se atopa a estrutura ontolóxica que se manexa decote nin a súa correspondencia coa información dos sentidos. Apunta que a escrita desleixada aparece como pedra de toque da reflexión e que nesta obra a ruta que se propón é un labirinto. Entre outras consideracións, indica que comparte con propostas recentes como *Cero* (2011), de Oriana Méndez, a forza de ser quen de propoñer imaxes novas, de facer que teña un sentido máis alá do biográfico falar de "escritoras novas".

Tamén explica para que escribe Baceiredo todos estes versos "que non se cortan, pero que se afían no pensamento".

- Héitor Mera, "Ordenado caos", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 399, "Libros", 19 xaneiro 2012, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 361, "Letras galegas", 28 xaneiro 2012, p. 6.

Fálase do libro de Rebeca Baceiredo, *(repeat to fade)*, da Editorial Estaleiro, publicado na Coruña en 2011. Destácase entre outros traballos da autora o ensaio *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*. De *(repeat to fade)* coméntase que achega novos soportes ao construto filosófico do país. Dise que Baceiredo aborda diferentes inquedanzas que van dende o ontolóxico ao metafísico. Indícase que as reflexións que suscita semellan un monólogo interior dunha persoa extraordinariamente culta, cun caos perfectamente ordenado na necesidade individual de expresar cada cousa en cada momento co sentido illado. Saliéntase a necesidade dunha lectura moi activa. Indícase que non é una obra accesíbel para todos, pois representa un desafío.

Beotas, Enrique, *Galicia, sexta provincia*, Madrid: Quindice Editores, 2011, 396 pp. (ISBN: 978-84-87835-57-5).

Volume recompilatorio bilingüe que recolle trinta e catro entrevistas elaboradas polo xornalista Enrique Beotas (Ávila, 1955), para a sección "A modiño" do xornal *El Correo Gallego*. Trátase da sétima parte publicada e aparecen no libro conversas con persoeiros relevantes en diferentes ámbitos: a política, a empresa, o xornalismo, a universidade, o deporte ou a literatura, como Darío Villanueva, Bieito Rubido, Manuel Martín Ferrand ou José María Fernández Sousa, que son entrevistados sobre distintos aspectos vencellados ás súas traxectorias, á actualidade ou a cuestións de índole persoal.

Bergantiños Miragaya, Xosé, *Lerias*, pról. Miguel Fernández y Fernández, Ferrol: Editorial Pluma Estudio Gráfico, 2010, 294 pp. (ISBN: 978-84-614-1414-7).

Artigos de diversa fasquía de Xosé Bergantiños Miragaya (Guitiriz), algúns dos cales xa foron publicados en medios xornalísticos como *La Voz de Galicia* ou *Diario de Ferrol,* entre os anos 2005 e 2010. Volume dedicado á nai, Aurelia Miragaya Roca, contén un prólogo de Miguel Fernández y Fernández, quen ademais é o autor das ilustracións que aparecen ao longo do libro. Neste limiar, en castelán, refírese á forma de narrar de Bergantiños á maneira da narración breve e próxima aos microrrelatos, e afirmando, entre outras cuestións que "Galicia adquiere universalidad gracias a escritores" como el, de quen sinala que ten un "estilo peculiar". Os cento setenta e catro artigos versan as máis das veces sobre temas de actualidade no momento de seren escritos, ao redor de temas sociais e/ou políticos, mais tamén próximos a temáticas afíns á prensa do corazón. Algúns están a medio camiño entre a crónica xornalística, a historia e conto. En relación á literatura e á cultura galega, algunhas veces incorpora citas literarias (Eduardo Pondal, Celso Emilio Ferreiro,...) ou glosas populares. No "Introito" fai unha presentación de si mesmo e do propio volume no que di que pretende pór "unha chisca de humor" e arrincar "un sorriso". Remata reproducindo unhas palabras do *Alba de gloria,* de Castelao. Pecháse cun epílogo no que engade algúns agradecementos e remata cuns famosos versos de Rosalía. No seu último artigo, "Escribir e falar Galego",

xustifica por qué este libro está escrito neste idioma e apunta, entre outras razóns, que o galego parécelle máis axeitado que o castelán "para o humorismo".

Castro Otero, Salvador, Henrique **Harguindey Banet**, Xosé **Martínez García** e Ramón **Racamonde Gómez**, *Urbi et orbi. Dende o galego para o mundo*, Pontevedra: Idea Gráfica Profesional, 2011, 117 pp. (ISBN: 978-84-615-0297-4).

Monografía que reproduce a presentación da exposición "Urbi et orbi. Dende o galego para o mundo", realizada por un grupo de profesores baixo a protección do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do I.E.S. María Soliño e que foi inaugurada o Día das Letras Galegas de 2009 en Cangas para "mostrar como os escritores e escritoras galegos interesan noutras partes do mundo e como textos en galego son traducidos ás máis variadas linguas". En primeiro lugar, amósase publicamente o agradecemento do equipo que confeccionou o libro a todas as persoas e entidades que coa súa colaboración o fixeron posíbel e preséntase unha listaxe entre a que se atopan autores como Agustín Fernández Paz, bibliotecas como a Biblioteca Penzol, editoriais como Edicións Laiovento, fundacións como a Fundación Carlos Casares, revistas como *Revista OC*...; ademais de "todos os tradutores e tradutoras e editoriais que publicaron as obras orixinais e traducidas". No "Limiar", a cargo dos autores do volume, deféndese a literatura galega en contraposición á manifestación do pouco aprezo e coñecemento que desta se ten en Galicia. A continuación, preséntanse os antedecedentes do libro, é dicir, toda a información relativa á exposición formada por paneis informativos, entrevistas, xogos interactivos e edicións dos libros galegos noutras linguas; así como a explicación detallada da iniciativa de elaborar o libro e os pasos seguidos para conseguir esa meta e, por último, un percorrido ao longo do recoñecemento internacional da literatura galega. O corpo do volume, "Traducións", consiste na reprodución dun fragmento da obra orixinal e traducida dalgúns autores galegos. Debido á pretensión de amosar o maior número de idiomas aos que os textos galegos foron verquidos, reprodúcese só un por lingua, a excepción do alemán, francés, inglés, italiano, macedonio e ruso. Igualmente, cada autor preséntase traducido a unha única lingua, agás os textos de Mendiño, Manuel Curros Enríquez e Manuel Rivas. As mostras escollidas representan as distintas épocas, xéneros e autores da literatura galega, sen esquecer a literatura infantil e xuvenil, da que se ofrecen como exemplo dous textos de Marisa Núñez. A modo de colofón, atópase a transcripción da entrevista realizada a Xosé Luís Méndez Ferrín, acompañada de notas explicativas para guiar ao lectorao. En "Reflexión sobre a tradución", o actual presidente da Real Academia Galega dá a súa opinión sobre aspectos como a importancia que "ten para o sistema literario galego a tradución dende outras linguas ao noso idioma e dende este ás demais" oua ganancia ou pérdida de nivel das obras orixinais con respecto ás traducións.

Tamén está descrito no apartado XII.5.3.1. Apéndice deste *Informe*.

Mera, Héitor, *Bernardino, mariñeiro do verbo*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, 2011, 263 pp. (ISBN: 978-84-15166-22-1)

Estudo da vida e obra de Bernardino Graña asinado por Héitor Mera Herbello e presidido na súa cuberta por unha ilustración de Camilo Camaño Gestido. Ábrese cun paratexto en forma de cita: "Á miña nai, Alicia Herbello Martínez, co amor e a lembranza dun fillo agradecido". O limiar que segue céntrase na importancia do autor e

en como foi recibido pola crítica especializada, amais de aportar os títulos da obra completa de Bernardino. Catro son os apartados principais en que se divide este estudo: a primeira reservada á vida do autor e as demais, tres, a cada xénero literario canónico e neste orde: poesía, narrativa e ensaio. En "Vida de Bernardino Graña" (pp. 13-48) Mera Herbello estabelece varios subapartados nos que fala dos seus primeiros anos e a "singradura dende Cangas a Rivadavia", para volver posteriormente a Cangas e despois facer unha cala na súa etapa universitaria, no Brais Pinto e nas súas viaxes pola causa galeguista. "A poesía" (pp. 49-176) componse dunha introdución xeracional que se centra na promoción dos cincuenta, para de seguido situar ao autor dentro da súa xeración e deterse na súa obra poética, facendo unha análise pormenorizada da práctica totalidade dos seus poemarios, a saber, *Poema do home que quixo vivir*, *Profecía do mar*, *Non vexo Vigo nin Cangas*, *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen*, *Sima-cima do voar do tolo*, *Himno verde*, *Luz de novembro* e *Sen sombra e sen amor*. En "A narrativa" (pp. 177-216) Mera Herbello fai un repaso dos clásicos de posguerra aos autores da Nova Narrativa Galega para deterse en *Fins do mundo* e *Protoevanxeo do neto de Herodes*, adicando un pequeno subapartado que pecha esta parte á literatura infantil e xuvenil. "O teatro" (pp. 217-256), despois de breves consideracións, analízase mediante as pezas *Vinte mil pesos crime*, *Os burros que comen ouro (nunca cabalos serán)* e *Sinfarainín contra don Perfeuto*. Pecha a obra un "Pano" no que o autor fai un balance da excelencia literaria de Bernardino Graña, confiando en que futuras contribucións e interpretacións da magna obra do cangués acheguen máis datos sobre ela. Esta obra, amais de incluir caricaturas, recortes de prensa, fotografías e reproducións de manuscritos do autor, recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, na convocatoria para o ano 2010.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Anovando Bernardino", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 438, "Libros", 13 decembro 2012, p. VI.

Afirma que *Bernardino, mariñeiro do verbo* é unha completa análise da escrita e da peripecia autorial de Bernardino Graña. Indica que conta cunha exhaustiva descrición bibliográfica e coa reprodución de diversos materiais fotográficos e mais epistolares de "grande interese" e finalmente cualifica a esta obra como "unha investigación de mérito que sitúa a Graña no lugar que merece".

Perez Prieto, Victorino (ed.), *Moncho Valcarce. Un símbolo para Galiza. Diarios inéditos e outros textos*, A Coruña: Editorial Trifolium, col. Contextos, abril 2010, 288 pp. (ISBN: 978-84-937591-4-8).

Esta monografía, que conta cunha dedicatoria "In memorian Manuel Espiña Gamallo dende a súa fe viviu e morreu por e para Galiza", comeza cunha "Introdución" (pp. 9-15), de Gumersindo Campaña Ferro que dá conta da evolución da figura de Moncho Valcarce (1935-1993). Fala do seu compromiso político, mais tamén do seu carácter místico, e de cómo a "Irmandade Moncho Valcarce" traballou para perpetuar a súa memoria e para divulgar o seu pensamento. A introdución explica como se deron a

coñecer os diarios de Valcarce (grazas á familia e os amigos). O volume estrutúrase nos seguintes apartados:

- "Biografía e cronoloxía", de Victorino Pérez Prieto (pp. 15-56).

Consta das seguintes epígrafes: "A familia. Infancia e mocidade. Os primeiros estudios"; "Os estudios eclesiásticos: entre Roma e Santiago"; "Cura de Sésamo e Sueiro"; "Militancia política e detencións"; "Actividade política como concelleiro en Culleredo e outras accións"; "Ano sabático en Salamanca"; "Último destino: Equipo pastoral de As Pontes"; "Enfermidade e morte"; e, finalmente, "Cronoloxía".

- "Claves políticas, relixiosas e teolóxicas de Moncho Valcarce" (pp. 57-126).

Consta de dúas subpartes. A primeira "Claves políticas e relixiosas", comprende dúas achegas: "Claves políticas", que asina Ramón Muñiz-Xácome Santos (pp. 57-72) quen afirma que a principal preocupación de Valcarce eran "os problemas sociais dos cidadáns, consecuencia dos abusos institucionais dun réxime dictatorial ou dos asoballamentos caciquís ou dos poderosos" e "Claves relixiosas e teolóxicas", de Victorino Pérez Prieto (pp. 73-92) que se basea en textos de Valcarce, principalmente diarios, e noutros de amigos seus. A segunda subparte "Testemuños" (pp. 93-124) divídesese, a súa vez, en "Dos anos en Sésamo e Sueiro", que contén unha escolma das opinións dos fregueses sobre Valcarce e un resumo da actividade da Comuna de Sésamo; "Dos anos en As Pontes. Herminia Estoa e Compañía de María" onde se fai un repaso da actividade de Moncho Valcarce no Instituto, na Asociación Ecoloxista Niño do Azor, na radio local e nas parroquias, así como do seu perfil humano; e "Memoria no Pobo, a Irmandade Moncho Valcarce, poemas e artigos de prensa sobre Moncho". Inclúese un arquivo de imaxes que conta con corenta e unha fotografías, tanto de Moncho Valcarce en diferentes idades e facetas da súa vida, como de documentos salientables da súa biografía e de homenaxes póstumas.

- "Páxinas inéditas dos seus diarios e outros textos" (pp. 127-279).

Contén os *Diarios de mocidade* (1961-1968), o *Diario de Poio*, con dúas cartas á familia (outubro de 1974), o *Diario dun retiro en Poio* (maio de 1980) e o *Diario de Exercicios Espirituais en Pontedeume* (febreiro de 1983); ademais tamén inclúe cartas de Moncho e para Moncho e homilías e oracións e textos para a liturxia e a catequese. Para terminar con esta terceira parte, temos un artigo que Valcarce publicou na revista *Irimia* (276, 1987), "O compromiso polos pobres. Reflexións sobre a Teoloxía da Liberación", e o traballo que presentou como memoria final do seu curso de reciclaxe na Universidade Pontificia de Salamanca, *O compromiso político dun presbítero nunha realidade concreta: Galicia* (1988). Péchase cunha "Bibliografía" (pp. 283-285) que inclúe "libros e artigos publicados *de* e *sobre* Moncho Varcarce". Nun primeiro punto aparecen os libros, artigos e entrevistas de Moncho Varcarce; no segundo, cítanse as monografías, capítulos de libros, entradas de enciclopedias e artigos sobre el.

Referencias varias:

- Manuel Beceiro, "Por primeira vez sabemos algo da vida de Moncho Valcarce", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 19 xaneiro 2012, p. L2.

Reprodúcese unha conversa con Victorino Pérez Prieto por mor da presentación de *Moncho Valcarce, un símbolo para Galiza* na libraría Couceiro de Santiago de Compostela. Nela fálase do proceso de recompilación de doucmentos e do que supuxo a figura deste persoeiro para Galicia.

Pousa Antelo, Avelino, *Cousas de animais e algo máis*, Teo: Concello de Teo, 2010, 36 pp. (D.L: C-3683-2010).◆

Monografía que recupera artigos publicados por Avelino Pousa Antelo na sección "Fisterra" que tivo nos anos 60 no *Faro de Vigo*, que se abre cun "Limiar" institucional, asinado polo alcalde de Teo, Mariño Noriega Sánchez. Trátase de cinco historias, de animais, para mirar con ollos da nenez: "Galiñas e pitos", "Burros", "Lebres", "Parasitismo" e "O poste reverdecido". Todos eles achegan un punto de vista ao redor do mundo animal e da natureza que rodea ás persoas, ben sexa a través da descrición de animais, ben sexa a través da similitude dos seres animais e os humanos etc. En calquera caso, en todos eles hai unha clara intención didáctica, vencellada a ideais de respecto, igualdade e irmandade con respecto ao noso status e paso polo mundo. Descritos cunha linguaxe sinxela e apelando as máis das veces ao lectorado, salienta a aparición de refráns, ditos e cantares populares, que pretenden achegar ao lectorado a tradición galega. Nalgúns casos descríbese a vida de certos animais (o burro, a galiña,...) aludindo cunha linguaxe sinxela aos seus costumes. Cada un deles vai acompañado polas ilustracións de Óscar Villán, feitas de barro e témperas, que anteceden ao texto e se sitúan sempre ao comezo. Finalmente, pecha o volume o retrato biobibliográfico de Ramón Villares Paz, baixo o título "Avelino Pousa Antelo, fillo adoptivo de Teo", texto que se abre cunha fotografía do mestre. É un extracto da gabanza que o proprio Villares realizou para o acto de nomeamento de Pousa Antelo como fillo adoptivo de Teo (o 24 de novembro de 2007) no Pazo de Adrán de Calo.

Román Alonso, Jesús Fernando, *Ética e estética de Arturo Noguerol Buján*, Ourense. Auria Editorial, 2011, 343 pp. (ISBN: 978-84-615-6172-8).

Monografía de Jesús Fernando Román Alonso na que se reconstrúe ao longo de sete capítulos a traxectoria vital, profesional e cultural de Arturo Noguerol Buján, inserindo abundantes fontes documentais que van dende material da época (artigos, cubertas de libros...) até documentos persoais (correspondencia familiar, partidas de nacemento...). Destácase a súa participación en diferentes proxectos culturais relevantes no panorama literario e artístico galego e, así, faise referencia á constitución en 1917 da "Irmandade Rexionalista de Ourense", xunto con Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas; á creación no bienio 1917-1918, xunto con Vicente Risco, da revista *La Centuria* e en 1920 da revista *Nós*. Coméntase tamén a publicación en *La Región* de *Parolas sobre a propiedá* e de artigos en revistas como *A Nosa Terra* e *La Billarda*; aínda que se destaca que a meirande parte da súa produción viu a luz en *Nós*. Abórdanse diferentes facetas deste persoeiro tales como a de escritor, activista cultural, orador e galeguista e apórtanse semblanzas que outros autores fixeron del. Ao mesmo tempo, revísase a súa produción literaria, tanto os escritos inéditos en castelán coma os redactados en galego. Finalmente, adxúntase un "Anexo Documental" (pp. 323-334) que inclúe informes educativos, cualificacións, certificados de matrimonio etcétera.

Recensións:

- X. L. Méndez Ferrín, "O gentelman nacionalista", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 772, "No fondo dos espellos", 1 setembro 2012, p. 4 / *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 385, "No fondo dos espellos", 17 novembro 2012, contracuberta.

Co gallo da publicación desta obra Xosé Luís Méndez Ferrín reflexiona sobre a importancia de Arturo Noguerol Buxán. Cualifícao como home práctico e de números e subliña que grazas a el foi posíbel o comezo da revista *Nós* en 1920.

Referencias varias:

- Moncho Conde Corbal, "Del sufrir", *La Región*, "Ourense", "Percepciones", 27 xaneiro 2012, p. 10.

Faise referencia á presentación no Centro Cultural do Simeón de Ourense deste ensaio de Jesús Fernando Román Alonso.

- T. G., "Ética e estética de Arturo Noguerol Buján", *Faro de Vigo*, "*El sábado*", n.º 743, 4 febreiro 2012, p. 3.

Faise eco da publicación do traballo de investigación *Ética e estética de Arturo Noguerol Buján*, de Jesús-Fernando Román Alonso. Saliéntase que Arturo Noguerol Buján formou parte do chamado "cenáculo de Ourense".

VV. AA., *Uxío Novoneyra, nos eidos da verdade*, Santiago de Compostela: Ediciones Bolanda, 2011, 336 pp. (ISBN: 978-84-614-9999-1). ■

Volume colectivo, subvencionado pola Deputación de Lugo, no que se pretende achegarse á vida e obra de Uxío Novoneyra, poeta homenaxeado no Día das Letras Galegas, dende unha perspectiva xornalística. Tras un prólogo institucional do vicepresidente da Deputación de Lugo, Antón Bao Abelleira, e unha serie de agradecementos, inclúense uns breves perfís dos autores do libro, cuxos traballos son precedidos por unha presentación, "Un home bo", de Luís Celeiro Álvarez, na que se sinala que este volume pretende achegar ao lectorado unha "fotografía literaria da figura humana e poética" de Novoneyra a modo de "crónica xornalística existencial". Ademais, fai mención ao mérito de ser homenaxeado co día das letras galegas do ano 2010. A seguir, atópase unha introdución que realiza unha reflexión a partir dalgunhas declaracións verquidas en entrevistas ao redor da figura do poeta courelao feitas a membros da súa familia, e tamén a destacados intelectuais e estudosos literarios, como Claudio Rodríguez Fer, Carme Blanco, Anxo Tarrío e Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros. O traballo central do volume concéntrase nos seis capítulos que constrúen, a modo de crónica xornalística, a vida do poeta courelao, trazado a partir das ideas e impresións das xentes que o coñeceron, tanto no aspecto persoal (familia, amigos), como no social e artístico. Asiste o lectorado ás sucesivas etapas da vida de Novoneyra: "O Courel, berce do poeta da terra" (pp. 30-56), de María Soliña Barreiro González (Sarria, 1982); "Do compromiso co galego á publicación de *Os Eidos*" (pp. 58-88), de

Ana Mª López Cepeda (Madrid, 1982); “A vida madrileña: Brais Pinto e o Café Gijón” (pp. 90-119), de Antonio López García (Vilalba, 1982); “Retorno ás orixes: a Casa da Fonte, patria da poesía cívica novoneyriá” (pp. 120-169), de Juan Méndez Rodríguez (Lugo, 1984); “Do Courel a Compostela (1983-1999)” (pp. 170-198), de Mónica Pérez Paradela (O Corgo, 1984); “O labor de Novoneyra recoñecido no mundo e con epicentro no Courel” (pp. 200-243), de Susana Pombo López (Triacastela, 1983), no que se dá conta dos actos celebrados na súa homenaxe que se sucederon ao longo do ano 2010 que, segundo o seu fillo, pretende ser tamén unha “reinvidicación da lingua galega e dunha identidade propia”. Destacan en todos eles as constantes alusións a outros traballos nos que se tratou a obra e vida de Novoneyra (recollida en obras, entrevistas, artigos xornalísticos, revistas literarias...). Incorpórase ademais un “Álbum fotográfico”, que contén poemas de Novoneyra e fotografías da autoría de Julio Álvarez Fariñas. Pecha a obra a bibliografía e un índice onomástico.

XII.4.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES

Pérez Rodríguez, Luís, *O Pórtico poético dos seis poemas galegos de Federico García Lorca*, pról. Carlos Martínez-Barbeito, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Autores&textos, 2012, 406 pp. (ISBN: 978-84-92923-26-7). Inclúe 2 CDs.
◆

Reedición desta obra xa descrita no *Informe 1995*, adaptada á normativa actual do galego, con algunhas correccións e engadidos. Ábrese nesta ocasión cunha "Presentación" a cargo de Ramón Villares na que se salienta que esta nova edición tenta ser a definitiva para a fixación da peripecia de Federico García Lorca e a súa relación con Galicia. Inclúese tamén un "Prólogo", asinado por Carlos Martínez-Barbeito, no que se dá conta, de xeito sucinto, do proceso de xestación do volume. Asimesmo, no apartado "VIII. Antoloxía de textos de Blanco-Amor sobre García Lorca e outros documentos gráficos" inclúense novas achegas: a intitulada "Crónica de la Alhambra" que recolle un poema homónimo de Blanco-Amor escrito en castelán e pertencente á súa obra *En soledad amena* (1941) e "Exequias de Federico García Lorca", que ofrece unha composición do autor ourensán, tamén en castelán, creada para o recital poético de Mony Hermelo, en *Homenaje de escritores y artistas a García Lorca* (1937). Inclúense ademais, neste mesmo apartado, outros dous textos que non estaban presentes na primeira edición: "El tema del amor en Federico García Lorca", unha charla radiofónica nunha emisora oficial de Caracas, nos anos cincuenta e "A los 25 anos de la muerte de Federico", que achega novas apreciacións sobre a vida e a obra do autor granadino. Acompañan ao volume dous CDs coa música dos *Seis poemas galegos* de Isidro B. Maiztegui Pereiro e a reprodución da conferencia de Blanco-Amor "Los poemas gallegos de F. García Lorca", pronunciada con Centro Gallego de Bos Aires o trinta de xullo de 1959.

Referencias varias:

- MLV, "La Brújula. Agenda de ocio, cultura y tiempo libre", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 5 xuño 2012, p. 62.

Entre outras actividades, infórmase da presentación desta obra en Santiago de Compostela, no Consello da Cultura Galega.

- Mario Álvarez, "Ve a luz 'O pórtico poético dos seis poemas galegos' de Lorca", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 6 xuño 2012, p. 49.

Infórmase da presentación deste estudo crítico por parte do Consello da Cultura Galega.

- Camilo Franco, "Os seis poemas infinitos de García Lorca", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 xuño 2012, p. 39.

Coméntase que se vén de presentar a cuarta edición do volume sobre o libro de Federico García Lorca, que se amplía con dúas pezas sonoras, e saliéntase a peza imprescindíbel que supón *Seis poemas galegos* para a literatura e a cultura galegas, así como a petición de Luís Pérez Rodríguez de que se lle dedique o Día das Letras Galegas a este volume.

XII.4.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Arias-Andreu Rodríguez, Xan, *Viaxeiros por Galicia*, introd. do autor, trad. Enrique Sánchez Rodríguez, Oleiros: Editorial Trifolium, col. Fume de Leña, 2011, 286 pp. (ISBN: 978-84-938669-5-2).

Obra ensaística que recompila artigos publicados semanalmente no suplemento "Galicia" de *La Voz de Galicia*. Na introdución, Xan Arias-Andreu Rodríguez (Madrid, 1955) explica que esta obra está composta por artigos que escribira para a sección "Viaxeiros" entre novembro de 1993 e marzo de 1996. Ao mesmo tempo comenta que un gran número de ilustres viaxeiros foron deixando constancia escrita das súas experiencias e impresións sobre Galicia, dende a Idade Media até o século actual. Saliéntase que foron moitos os que elixiron visitar esta terra, algúns simples peregrinos, outros poetas e xograres, máis tarde viaxeiros en misións diplomáticas e políticas ou por motivos científicos ou de instrución e, por último, os actuais turistas, que dende o romanticismo iniciaron outra maneira de viaxar. De todos eles e de todas as épocas hai representantes nesta obra. Algúns deles son Ambrosio de Morales, Claude de Bronserval, Francisco de Paula Mellado, Aubrey Fitzgerald Bell, Edward Clarke, Doménico Laffi, Richard Ford, Pérez Nieva, John Adams e Mário de Oliveira. A última parte da obra, antes da bibliografía e do índice, está dedicada a diversas reflexións sobre Galicia, como poden ser "Opinións diverxentes verbo da muller galega", "O granito, gloria e maldición de Galicia" ou "Limpa e perdurábel choiva compostelá".

Blas, Ceferino de, *Cunqueiro y Faro de Vigo. El pacto inextinguible*, proemio do autor, Vigo: Faro de Vigo, 2011, 216 pp. (ISBN: 978-84-938283-3-2). ■

Libro homenaxe a Álvaro Cunqueiro no seu centenario. Ceferino de Blas (Cancienes, Asturias, 1943) pretende reivindicar a íntima relación que mantivo o escritor mindoniense co xornal *Faro de Vigo*. Preséntase nesta obra a figura de Cunqueiro tal e como a recollen as páxinas do diario que dirixiu, onde publicou a súa columna "El envés". Isto explícase nun proemio no que tamén se comentan algúns dos miles de artigos coa súa sinatura, poemas e tamén un bo número de escritos cos pseudónimos de Álvaro Labrada, Patricio Mor, Manuel María Seoane e outros, ademais dunha pequena biografía. O volume preséntase dividido en tres partes principais. Na primeira, "El rescate", coméntase principalmente a volta do autor mindoniense á escrita periodística, despois de estar privado do carné profesional de prensa, e a súa incorporación á plantilla de *Faro de Vigo*, ademais de acontecementos controvertidos do seu pasado. A segunda parte intitúlase "El Vigo del Faro", e nela De Blas detalla o compromiso de por vida de Cunqueiro con este periódico e dos seus traballos e polémicas na redacción do diario, até que chegou a ser director. Por último, en "Las mil primaveras", analízase a última fase da vida do homenaxeado, dende que se uniu por completo a *Faro* até o seu falecemento. Finalmente, estabelécese unha cronoloxía da vida e obra de Cunqueiro, e un "Directorio del Faro de Vigo de Cunqueiro", no que apuntan comentarios José María Álvarez Blazquez, José María Castroviejo, Celso Emilio Ferreiro, Valentín Paz Andrade e Gonzalo Torrente Ballester. Esta obra está patrocinada pola Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra.

Monterroso, Xosé María, *Santo Amaro dos mortos*, A Coruña: Concello da Coruña. Concellaría de Cultura, 2011, 22 pp. (ISBN: 978-84-95600-95-0). ◆

Pequena guía do cemiterio de Santo Amaro da Coruña, inaugurado no ano 1813. Xosé María Monterroso (A Coruña, 1944) comeza indicando que, cando se fai efectiva nesta cidade a prohibición por lei dos enterramentos nas igrexas e na súa contorna, no 1812, comeza a construírse este camposanto segundo o proxecto de Domínguez Romay. Explica que a cidade vai medrando paulatinamente até converterse na maior de Galicia, disputando a súa condición de grande urbe galega con Vigo. Comenta que, debido ao seu carácter oceánico, a súa poboación é variopinta e multipensante, caracterizada pola intelectualidade librepensadora e que por iso se considera que o camposanto histórico da cidade, emprazado fronte ao mar, é un dos máis importantes de Galicia pola cantidade de persoeiros que acubilla. Mediante números nun plano, sinálanse os enterramentos aos que se fai referencia, entre outros, os de Pedro Barrié de la Maza, Leandro Carré Alvarellos, Manuel Casás Fernández, Manuel Curros Enríquez, Wenceslao Fernández Flórez, Miguel González Garcés, Manuel Lugrís Freire, Manuel Martínez Murguía, Eduardo Pondal Abente, Luís Seoane López e Antón e Ramón Vilar Ponte. O percorrido remata nun Monumento aos Mártires da Liberdade e nunha columna tronzada en lembranza da folga xeral de 1901, a primeira grande folga xeral da historia do movemento obreiro galego, que provocou un paro absoluto en todos os sectores.

XII.4.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Acuña, Ana, "Luís Alonso Girgado, Alexandra Cillero Prieto e Élida Abal Santorum (coords.), Cadernos Ramón Piñeiro (XIV). A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Libros/Books", 2011, pp. 309-311.

Coméntase o número XIV dos *Cadernos de Ramón Piñeiro*, dedicado a Uxío Novoneyra e indícase que o seu contido se estrutura en oito capítulos: crono-bio-bibliografía, poemas soltos en publicacións periódicas e libros colectivos, 50 inéditos en prosa, 5 inéditos en verso, 9 cartas, 19 mecanoscritos e caligrafías poéticas, 5 autopoéticas dispersas e un apéndice con documentación académica procedente do instituto. Ana Acuña detense nos contidos de cada un destes apartados e conclúe que se trata dunha contribución imprescindíbel para coñecer a obra do autor homenaxeado no Día das Letras 2010.

Almeida, Ana Bela, "As *vacas* e os *elefantes* na obra poética de Lupe Gómez", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", 2011, pp. 147-157.

Reflexión sobre o proceso de transfiguración que se opera na presenza do animal ao longo da obra poética de Lupe Gómez (Fisteus, 1972) e na súa importancia para a construción dunha autobiografía poética que, seguindo o pensamento de Haraway (1991), caracteriza como próxima ao *ciborgue*, situándose, coma este, no punto en que se viola a fronteira entre o humano e o animal. Indica que tamén a obra de Lupe Gómez, como construción autobiográfica, procura ocupar este non-lugar entre o humano e o animal. Partindo da leitura de Derrida (2008) e da indagación sobre a posibilidade dun punto de vista do animal sobre o *home-muller*, analiza a obra poética de Lupe Gómez centrándose na construción dese espazo no que se esvaece a diferenza entre o humano e o animal e no cal se prefigura a creación doutra humanidade no "punto de vista do outro absoluto" (Derrida, 2008).

Álvarez Lugrís, Alberto, "Mary O'Donnell e Manuela Palacios (eds.), To The Winds Our Sails. Irish Writers Translate Galician Poetry", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Libros/Books", 2011, pp. 339-344.

Comenta a antoloxía trilingüe inglés-irlandés-galego da poesía feminina galega dos últimos trinta anos titulada *To The Winds Our Sails. Irish Writers Translate Galician Poetry* (2010) e preparada por Mary O'Donnell e Manuela Palacios. Tras percorrer as principais ideas que aparecen recollidas na introdución do volume redactado por O'Donnell, tales como os aspectos que identifican Galicia e Irlanda en xeral e as poetas —autoras galegas e irlandesas tradutoras— implicadas na antoloxía en particular, a reivindicación dun cosmopolitismo baseado no intercambio e no diálogo mutuo, detense no comentario previo de Manuela Palacios, quen fai unha clarificadora achega ás poetas galegas antologadas (Luz Pozo Garza, María do Carme Kruckenberg, Xohana Torres, Marilar Aleixandre, Luz Pichel, Chus Pato, Ana Romaní, María do Cebreiro, María Lado, Xiana Arias) situándoas para os lectores irlandeses no contexto da literatura

galega e agrupándoas en tres xeracións. Valora especialmente que case todas as tradutoras dos textos das poetas galegas son poetas tamén, "o que sen dúbida contribuirá a unha mellor recepción da obra nun país como Irlanda no que a poesía ten unha grande estimación entre os lectores". Sinala algunhas decisións paratradutivas das editoras destinadas a favorecer a recepción deste volume entre o público irlandés e a presentarlle a poesía galega —e a Galicia por extensión, entre elas, o subtítulo do libro (*Irish Writers Translate Galician Poetry*), no que o protagonismo recae sobre as escritoras-tradutoras irlandesas máis que na literatura galega ou nas autoras antologadas; e o índice, bilingüe e en páxinas enfrontadas.

Bermúdez, Teresa, "John Thompson, As novelas da memoria. Trauma e representación da historia na Galiza contemporánea", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Libros/Books", 2011, pp. 356-360.

Indica que John Thompson artella en *As novelas da memoria* (2009) unha proposta de rememoración sobre as novelas centradas na Segunda República, a guerra civil e a ditadura franquista desde unha perspectiva interdisciplinaria e exterior a Galicia por vir da Universidade do Estado de Montana. Valora a novidade e a oportunidade do seu traballo por coincidir coa recuperación da memoria histórica, así como o interesante agrupamento temático do corpus analizado. Percorre os dez capítulos nos que se estrutura a obra e considera que o traballo abre novas liñas de exploración do texto literario.

Casas, Arturo, "Presentación: Novos suxeitos e nova discursividade na poesía galega actual", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "A poesía galega actual: suxeitos, discursos, referentes en perspectiva comparada", 2011, pp. 15-18.

As reflexións de Arturo Casas, coordinador da parte deste monográfico da revista dedicada á poesia galega actual, achegan importantes ideas sobre as contribucións que se recollen nas páxinas que seguen. Apunta que a parte que el se encargou de coordinar presenta unha consideración global sobre as tendencias da poesía galega dos últimos vinte anos a partir dunha serie de liñas de forza e sinala a consolidación de rótulos como "poesía non lírica", "polipoesía" e "expoesía" na investigación actual sobre o fenómeno poético.

Cochón Otero, Iris, "Realidade® intempestiva: agregar a favoritos. Xéneros discursivos e efectos de realidade na última poesía peninsular", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "A poesía galega actual: suxeitos, discursos, referentes en perspectiva comparada", 2011, pp. 19-46.

A partir da consideración de que a actualización da poesía para enfrontar os retos derivados da posmodernidade conduciu nalgúns discursos emerxentes (en especial de resistencia) a unha evidente procura de impureza e realismo no que atinxe ás fórmulas xenolóxicas empregadas, o traballo escolma e analiza distintos modos de integración na última poesía peninsular de xéneros discursivos cotiáns, masivos e institucionais e realiza un balance dos resultados textuais e comunitarios así logrados.

Fariña Busto, María Jesús, "Belén Martín Lucas (ed.). 2010. *Violencias (in)visibles. Intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal*", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Libros/Books", 2011, pp. 330-334.

Cualifica *Violencias (in)visibles. Intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal* (2010), de Belén Martín Lucas de enormemente oportuno e pertinente por atender o fenómeno da violencia contra as mulleres. Indica que os universos contemplados no libro son diversos malia estaren interconectados polo fío común de facerlle fronte á violencia patriarcal e repara na estrutura do volume, dividido en dez capítulos que atenden a teoría, a literatura, a publicidade, o cinema, a arte, o vídeo-musical, o cómic, os medios de comunicación e a política. Destaca que non se evitase o termo *feminista* e que se reflexione sobre o concepto *representación*, "modos de facer aparecer o mundo, ademais de producir e reproducir mundos; expresan e configuran imaxinarios, contribuíndo a reforzar estereotipos e roles sociais e culturais, pero, en tanto que construcións, dispoñen, igualmente, de capacidade para cuestionalos ou quebralos". Conclúe que o libro está feito con rigor, axilidade e vitalidade.

Filgueiras Fachal, Paulo, "De nómades e sedentarios. Desexo e identidade na poesía de Antón Lopo", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", 2011, pp. 175-195.

Tras afirmar que a reflexión sobre as identidades ten un papel central na obra de Antón Lopo (Monforte, 1961), neste artigo realízase unha lectura da súa produción poética dende un posicionamento *queer*, observando en que medida a obra de Lopo contribúe a repensar as identidades "monolíticas" de gai e lésbica e cuestiona o concepto tradicional de identidade sexual mediante a deconstrución das categorías e oposicións binarias que sosteñen esta definición, é dicir, en que medida e a través de que mecanismos a identidade deixa de concibirse e representarse como estábel (sedentaria) e comeza a recoñecerse como nómade.

Lama, María Xesús, "Presentación: Entre o individual e o colectivo, identidades continxentes", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", 2011, pp. 93-96.

Texto que encabeza a xeito de presentación os traballos da segunda parte do monográfico desta revista, reunidos baixo o epígrafe "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas". Lama indica que todos os estudos afondan nos trazos que interactúan coa configuración e a experiencia das identidades nacionais en conflito, e que os artigos que reflexionan dende un enfoque específico sobre cuestión derivadas da relación entre nación e xénero forman parte do traballo que se desenvolveu arredor do proxecto de investigación dirixido pola Dra. Manuela Palacios entre 2005 e 2008. Percorre brevemente as principais liñas que se abordan en cada unha das contribucións.

López Sández, María, "A representación dos espazos rurais e urbanos na poesía galega actual: imaxinario territorial, localización e globalización", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "A poesía galega actual: suxeitos, discursos, referentes en perspectiva comparada", 2011, pp. 47-64.

Partindo do xiro espazocéntrico que se produciu nas últimas décadas na cultura occidental, que levou a unha proliferación do pensamento arredor do espazo enriquecido polos fenómenos contemporáneos da globalización e as estratexias correlativas de localización, e tendo en conta as reflexións sobre a evolución das cidades postindustriais, os modos de habitación dos espazos, o desenvolvemento da ecocrítica e o ecofeminismo, as achegas interdisciplinares que xunguen conceptos como a xestión do territorio, o turismo e os modos de representación, faise fincapé no interese que reside na análise das plasmacións literarias e poéticas do territorio en relación coas estratexias de resistencia e a xestión da identidade. Consonte este marco global, ofrécese un percorrido pola poesía galega actual co obxectivo de detectar as transformacións operadas nas estratexias tradicionais de uso do territorio como condición simbólica da identidade e analizar e interpretar a ampliación de realemas e espazos, os xogos deconstrutivos e a inserción de espazos alleos á poesía tradicional que modifican radicalmente o tratamento do espazo no discurso poético.

Lourenço, António Apolinário, "Alfredo Guisando, entre o cosmopolitismo do *Orpheu* e a *Xente d'a aldea*", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", 2011, pp. 159-173.

Análise da figura de Alfredo Guisado (Lisboa, 1891-1975), fillo de galegos emigrados en Lisboa, un dos máis íntimos amigos e colaboradores de Fernando Pessoa, un dos fundadores da revista *Orpheu*, o primeiro órgano da vangarda portuguesa e un dos primeiros (e durante algún tempo o único) en coñecer o segredo da heteronimia pessoana. Apúntase que os poemas e libros que publicou nos anos nos que estivo ligado ao Modernismo portugués cóntanse entre os máis representativos das variadas orientacións do movemento órfico: o Paulismo, o Interseccionismo, o Sensacionismo. Recóllense as palabras que Fernando Pessoa escribiu nunha carta a Côrtes-Rodrigues en marzo de 1915: "O Guisado tem feito ultimamente extraordinárias e inesperadas coisas, versos ofuscantemente belos", e incídese en que Guisado mantivo sempre unha forte vinculación coa Galicia rural, onde pasaba sempre as súas vacacións de verán e publicou en galego *Xente d'a aldea* (1921), versos ben diferentes dos que escribía na sua cidade natal porque aposta polo popular, cantando o día a día das xentes da aldea galega (a lareira, os traballos rurais, o enterro, a procesión). Saliéntase que o rexistro esteticista dos versos de Lisboa é substituído polo ton coloquial característico da poesía do *Rexurdimento* galego; o desdén altivo do poeta órfico dá lugar ao compromiso político coa causa galeguista, anunciando a aparición do intelectual e do xornalista que faría historia na oposición ao réxime de Salazar.

Luna Alonso, Ana, "Jonathan Dunne (ed.), Anthology of Galician Literature. Antoloxía da literatura galega (1196-1981)", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Libros/Books", 2011, pp. 317-330.

Aborda os criterios, prioridades e obxectivos da *Anthology of Galician Literature. Antoloxía da literatura galega (1196-1981)* (2010), preparada por editor e tradutor Jonathan Dunne, indicando que recolle 55 modelos literarios pertencentes a 46 autoras e autores galegos (seis anónimos), escolmados dende 1997 por 55 especialistas. Apunta que a escolma vai precedida dun limiar bilingüe (galego-inglés) no cal o editor indica cales son os obxectivos e destinatarios da obra e no que se ofrecen apuntamentos da historia de Galicia. Concibe a antoloxía como "unha carta de presentación da potente bagaxe literaria galega" e salienta que a maioría dos textos pertencen ao século XX: 31 exactamente, fronte aos 24 procedentes da época medieval, séculos XVI-XVIII e Rexurdimento, ao tempo que se abrangue a literatura de tradición oral, textos ensaísticos, poesía, ficción e teatro. Dá conta de todos os autores e textos presentes na escolma e salienta que a panorámica chega até 1981 coa aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como que os textos están ordenados por xénero e de xeito cronolóxico, por épocas, tendo en conta a data da primeira edición do libro do cal se extraen. Comenta que, ao seu ver, "existe certa descompensación na representatividade dos textos, se temos en consideración que nove deles proceden da época medieval, oito dos séculos intermedios, sete do Rexurdimento e trinta e un do século XX (trece de antes da guerra e dezaoito da posguerra). E outro tanto se pode comentar respecto da representación xenérica, dado que o teatro e o ensaio histórico ocupan un espazo menor, respecto da poesía ou a narrativa". En canto ao traballo de tradución, indica que só cinco das traducións foron publicadas con anterioridade noutro lugar, de feito que a maioría dos textos traducidos son inéditos e da autoría de Jonathan Dunne, co que colaboraron dezanove tradutores e tradutoras nativos anglófonos, ademais da tradución do Limiar do poeta e filólogo noiés Martín Veiga. A este respecto, bota en falta máis notas a pé que ofrezan claves sobre elementos socioculturais e políticos, que permitan interpretar mellor os textos. Completa o seu comentario enumerando as contribucións en inglés dedicadas á literatura galega e repara na gran repercursión desta publicación nos medios, mais apunta que "debemos estar atentos ao éxito acadado máis alá das nosas fronteiras" para que non perda a súa función.

Marcondes e Ferreira de Toledo, Marleine Paula, "Porque os corpos se entendem/ mas as almas não': Lupe Gómez e Olga Savary", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", 2011, pp. 207-223.

Compárase *Pornografia* (1995), da poeta galega Lupe Gómez (Fisteus, 1972), e *Magma* (1982)**,** da brasileira Olga Savary (Belém, 1933), co obxectivo de mostrar como a primeira quere ser substantivamente pornógrafa e a última, erógrafa: Lupe Gómez, nunha catarse ao seu xeito, exponse, *cousifícase*, véndese, machúcase, mentres que Olga Savary é toda sensualidade, gozo, éxtase. Indícase que a ambas as dúas pódeselles e non se lles pode aplicar o dístico do poeta brasileiro Manuel Bandeira (Recife, 1886-Río de Xaneiro, 1968): "Porque os corpos se entendem / mas as almas não". Aplícase a Savary porque é unha poeta apenas contemplativa, mais non se lle aplica porque nos seus versos non é o corpo o que goza, senón a persoa enteira. Aplícase a Gómez debido á carnalidade dos seus versos, pero non lle acae porque neles non hai entendemento entre os amantes senón mutua agresión. Apúntase que Olga Savary transita do *éros* ao *pórnos*, mais non consegue separarse da envoltura pasional e fai que o *pórnos* acabe ao servizo do *éros*; mentres que en Lupe Gómez se producen irrupcións do *éros* no medio

do *pórnos*, configurando un conflito interior, unha profunda dor. O balance final mostra a vitoria do *éros*, que, para Platón é a forza propulsora que conduce o home ao seu anhelo máis profundo: o Ben, o Xusto, o Belo. Conclúese destacando que Lupe Gómez e Olga Savary, como todos os poetas, por medio do *eros*, contemplan a "beleza en si" e inclúena transfigurada nos seus versos.

Mariño Davila, Esperanza, "Anxo Tarrío Varela (ed.), Uxío Novoneyra: Día das Letras Galegas 2010", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Libros/Books", 2011, pp. 350-356.

Indica que o volume *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas 2010*, editado polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago en honra do poeta do Courel, reproduce de xeito facsimilar, por primeira vez, o manuscrito autógrafo de *Os eidos*. Apunta que do primitivo caderno, datado no bienio 1952-1954, precedido por unha carta a Ramón Piñeiro e rematado por un glosario salientan os títulos que preceden os poemas e, en especial, os das "partes", posteriormente eliminados: *Os tesos cumes, Terras de Moreda e Parada, Os boscos, O mofo, Os camiños, As fontes, A agoa, O aire, A serán, A primaveira, O vrao, O outono, O inverno, O lume, As nebras, A choiva, Vida de pastor, Os lobos, Os paxaros, Da seran i-a noite, Ondas de saudade.* Destaca aspectos como a omnipresenza da "Terra" e do tempo, a través dun espazo e época predeterminados tinguidos dun profundo lirismo, nos que se anuncian o devalar das estacións, os fenómenos meteorolóxicos, a flora e fauna características e mesmo un sentimento anímico de dor e desacougo, de soidade extrema, que non cesa de se ponderar. Repara tamén na presenza no volume dunha introdución de Anxo Tarrío e de cinco artigos eruditos asinados por Xesús Alonso Montero, José Luís Forneiro, María Xesús Nogueira Pereira, Blanca-Ana Roig Rechou e Carme Silva Domínguez, salientando as principais ideas que expoñen.

Negreiros de Figueiredo, Carmen Lucia, "Olhos dentro de espelhos. Rosalía de Castro e Cecília Meireles: um diálogo", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", 2011, pp. 225-239.

Analiza as afinidades e diferenzas entre voces líricas –galega e brasileira– a partir da inclusión da paisaxe nas obras. Auga, estrelas, nubes, vento, árbores, ceo e mar son os elementos naturais que adquiren, tanto como a linguaxe, un caráter volátil e fluído para expresar con solidez, trazos de identidade cultural, o cariz tráxico da condición humana, o sentido do misterio e da relixiosidade, a serenidade, a angustia ou a dor de vivir. Ponse de relevo como a paisaxe en Rosalía de Castro (1837-1885) e Cecília Meireles (1901-1964) parece tornarse recurso estético de apropiación do mundo para expresar a intimidade e, asemade, describe a alma e a cultura daqueles para os que as poetas falan. Conclúese que un proceso semellante aos ollos que, dentro duns espellos, lle permiten tamén aos lectores, brasileiros e galegos, unha fonda identificación.

Nogueira, María Xesús e María Xesús **Lama**, "Con Xosé Luís Méndez Ferrín en Vigo", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Encontros/Rendezvous", 2011, pp. 291-307.

Entrevista na que Xosé Luís Méndez Ferrín expresa o seu parecer sobre a función que a poesia desempeña hoxe en día na sociedade, percorre a súa traxectoria, comenta os seus gustos como lector e a súa visión do panorama da creación actual. Afirma que a poesía está presente en toda a cultura desde que o ser humano é ser humano e que é fundamentalmente linguaxe cunhas condicións específicas. Apunta que nos anos cincuenta, cando empezou a escribir, a filosofia está presente en obras como *Voce na néboa*, mentres que *Antoloxía popular* responde a un momento de combate e propaganda. Considera que a ruptura que supuxo *Con pólvora e magnólias* debeuse a unha necesidade existente naquela altura de mostrar o "anticompromiso, un esteticismo ás veces provocativo". Con respecto á poesía que se escribe na actualidade, observa poderosas individualidades que supoñen unha riqueza de formas e tradicións.

Nogueira Pereira, María Xesús, "Identidade, nación e compromiso na poesía galega do novo século escrita por mulleres", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", 2011, pp. 107-120.

Analiza o tratamento do tema da identidade, a nación e o compromiso na poesía galega de autoría feminina escrita durante o que vai de novo milenio. Logo de facer algunhas consideracións necesarias sobre a encrucillada de estudos na que debe ser situada a análise da cuestión, estabelece unha diferenza entre a produción das escritoras que iniciaron a súa actividade nos noventa e aquelas que o fixeron con posterioridade. O estudo identifica algunhas actitudes que se manifestan de maneira significativa neste período, como son a sensibilidade ecolóxica, a deslocalización dos conflitos e a denuncia mediante a parodia.

Pena Presas, Montserrat, "Os grupos poéticos galegos tras Letras da Cal: entre a resistencias e a anovación", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "A poesía galega actual: suxeitos, discursos, referentes en perspectiva comparada", 2011, pp. 65-77.

Pon de relevo que, tras o fenómeno Letras de Cal, de importantes repercusións simbólicas, no sistema literario galego parece existir unha tendencia a invisibilizar e a cinguir baixo idénticas etiquetas os grupos poéticos posteriores. Mais esta aparente homoxeneidade, xurdida como consecuencia do relevo que algún destes colectivos acadou en movementos políticos e sociais –é este o caso das Redes Escarlata–, funciona unicamente na tona da dinámica literaria. Por unha banda, porque se detecta a existencia de dous tipos de grupos poéticos, os que se chamarán "grupos formalmente constituídos" e os que se denominarán "redes de afinidade entre creadores". Por outra, porque ao analizar a incidencia no campo dos primeiros (nos que se centra o estudo), compróbase como, abalando entre as arestas da resistencia e a anovación, cadaquén procura unha intervención de seu no sistema. Non obstante, a hetereoxeneidade na conformación dos diferentes colectivos, as diferentes poéticas dos seus membros e a súa acción no ámbito local-comarcal semellan ser os trazos compartidos dun subcampo que, á vez que se mantén nun segundo plano, se atopa en constante transformación.

Rábade Villar, María do Cebreiro, "Xuízas e testemuñas. O papel da creación literaria nos procesos de construción da identidade", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", 2011, pp. 135-145.

Proponse explorar as repercusións da aliaxe entre a actividade crítica e literaria na recente produción poética das mulleres en Galicia. Para iso, pártese da hipótese de que en sociedades como a galega a construción das identidades nacional e de xénero precisou a conivencia das dúas dimensións, moi a miúdo anoadas nas mesmas axentes. Dende Rosalía de Castro (1837-1885) até Chus Pato (Ourense, 1955) é posíbel verificar múltiples graos de participación das escritoras na esfera crítica e mediática. A manifestación desta dobre condición de "testemuñas e xuízas" na produción escrita das poetas implica a miúdo a emerxencia na súa obra de dispositivos textuais de resistencia ou oposición aos lugares críticos nos que foron situadas. Decote ignorada ou minimizada na interpretación da súa poesía, esta aliaxe entre crítica e creación ten consecuencias poéticas e políticas que, en opinión de Rábade Villar, cómpre explorar máis polo miúdo.

Requeixo, Armando, "Arturo Casas (ed.), Uxío Novoneyra. Antoloxía poética", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Libros/Books", 2011, pp. 312-316.

Tras apuntar que a efeméride anual do Día das Letras Galegas desata unha gran vertixe editorial e non sempre se trata de libros "aos que se volve para a relectura". Indica que non é o caso da *Antoloxía poética* de Uxío Novoneyra preparada por Arturo Casas para a colección "Letras Galegas" da Editorial Galaxia en 2010. Valora o extenso estudo introdutorio que precede a selección de textos por achegar unha análise (con)textual da súa escrita dende unha perspectiva ecléctica e diferentes ferramentas filolóxicas. Salienta asuntos abordados por Casas como a vindicación dunha exploración integral da estética de Novoneyra e a dificultade de elaborar as obras críticas do poeta por mor da gran cantidade de reescrituras. Por último, manifesta que a adscrición por parte da editorial á colección "Letras Galegas" non semella acaído por carecer dunha orientación pedagóxica definidora do resto de entregas da serie.

Salgado, Lourdes E., "Mª Xesús Nogueira Pereira e Anxo Tarrío Varela (eds.), Lois Pereiro. Día das Letras Galegas 2011", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Libros/Books", 2011, pp. 334-339.

Comentario centrado no volume *Lois Pereiro. Día das Letras Galegas 2011*, editado para homenaxear a figura de Lois Pereiro no Día das Letras Galegas de 2011. Indica que ofrece seis ensaios sobre a traxectoria vital e literaria deste poeta, "que achegan de xeito didáctico e nidio o que representou a grandes trazos a obra poética de Luís Ángel Sánchez Pereiro, nome real de Lois Pereiro, así como a polémica espertada ao redor da súa enfermidade e posterior pasamento". Percorre os contidos dos diferentes traballos e conclúe que todas estas contribucións permítenlle ao lectorado afondar na historia dun persoeiro da literatura galega polémico pola súa enfermidade e o seu carácter rebelde, que acadou elevar o nivel da poesía galega malia a morea de obstáculos que tivo que afrontar durante a súa curta vida.

Silva Fernández, Vanessa, "Nova arte na vella terra: poetas contemporáneas en Galicia e Irlanda", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", 2011, pp. 241-254.

Tomando como exemplo a obra de dúas autoras tan recoñecidas como Eavan Boland (Dublín, 1944) e Chus Pato (Ourense, 1955), esta análise dá conta das semellanzas e conexións entre os procesos de renovación poética e de reapropiación da voz feminina na literatura galega e a irlandesa, estabelecendo as confluencias temáticas e formais que se dan entre eles. Pon de relevo o papel que desempeñaron as mulleres na historia da literatura, relacionado tradicionalmente coa súa identificación como obxecto do poema, como a súa musa ou protagonista, unha tendencia que muda nas últimas décadas do século XX, cando a identidade feminina se converte en suxeito do poema e se "apropia" do discurso da feminidade.

Sobrino Freire, Iria, "Como desfacer as cousas coas palabras: alianzas entre a poesía e o manifesto no campo cultural galego actual", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "A poesía galega actual: suxeitos, discursos, referentes en perspectiva comparada", 2011, pp. 79-89.

Explora algúns dos modos de intervención no campo cultural galego contemporáneo, afondando en particular nas relacións estabelecidas entre poesía e manifesto. Estas relacións materialízanse en fenómenos de imbricación e fenómenos de contigüidade. De entre toda a casuística exposta, atende especialmente aos casos nos que a función manifesto comparece no poema, en obras de autores como Chus Pato (Ourense, 1955), Alberto Lema (Bamiro, 1975) ou Daniel Salgado (Monterroso, 1981), e nas alianzas entre manifestos e poesía que vén potenciando a actividade de diversos movementos cívicos nos últimos anos.

Valverde Otero, Alberto, "A paratradución do proletariado na poesía galega dos setenta", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", 2011, pp. 255-278.

Partindo das bases metodolóxicas desenvolvidas arredor do ámbito da paratradución e mais doutras teorías como o marxismo (dende Gramsci até F. Jameson) e socioloxía literaria, este traballo céntrase na ideoloxía como elemento paratradutivo para analizar a presenza da noción de proletariado na poesía galega de finais do franquismo. A partir dunha escolma de textos aproxímase ao devir político e social da Galicia situada na mal denominada Transición, propoñendo unha nova achega para cartografar a historia do campo literario galego de finais dos anos setenta, isto é, entre as últimas representacións da vangarda e a aparición do posmodernismo.

Veiga, Martín, "Avilés de Taramancos e a tradución poética", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", 2011, pp. 279-290.

Saliéntase que, malia ser ben coñecida a dedicación de Antón Avilés de Taramancos (Taramancos, 1935-Noia, 1992) á tradución poética, a relación entre os textos que traduciu e súa propia obra non recibiu atención crítica abonda. Emporiso, libros como *Crónica* de Saint-John Perse e mais *O cemiterio mariño* de Paul Valéry, ambos os dous traducidos do francés ao galego por Avilés, arrequecen de maneira diversa o abano interpretativo dalgúns dos seus textos. O mesmo ocorre coa súa versión dun fragmento da rapsodia XXI da *Odisea*, episodio que acada un valor simbólico importante no conxunto da súa obra. Logo de elucidar o xeito en que a obra de Avilés de Taramancos se sitúa fronte a esas relacións intertextuais, o artigo céntrase na xénese do poema "Os elementos do desastre ou o canto do vello capitán Pablo de Rokha morto no exilio", publicado en *Dorna* en 1983, un canto épico que actúa como homenaxe ao escritor chileno mencionado no título e que se caracteriza por unha singularidade: non se trata dunha composición enteiramente orixinal de Avilés senón o resultado dunha derivación creativa da súa tarefa tradutora.

XII.5. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

XII.5.1. NARRATIVA

XII.5.1.1. NARRADORES GALEGOS

Braxe, Lino, *O botín da miseria*, ilust. María Braxe, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler e Vivir, [lectorado autónomo: a partir de dez anos], 2011, 48 pp. (ISBN: 978-84-4031122-1)

Novela curta de Lino Braxe (Mugardos, 1962) cuxa temática central afonda na educación en valores. Así, o autor propón diferentes retratos da realidade social actual, Presentando personaxes anónimos e describindo brevemente a súa experiencia vital. A través deles, ofrece as dúas caras dunha mesma moeda (opresor-oprimido, riqueza-pobreza, etc.), contrapoñendo as súas realidades. Con estes relatos o autor indaga na panorámica da nosa realidade e a doutros países onde a escravitude infantil está á orde do día. Os temas abordados nos relatos son os valores, o medio social e o medio cultural. Trátase do primeiro número dunha serie literaria en colaboración con Tierra de hombres para concienciar sobre os problemas relacionados coa infancia máis desfavorecida..

Referencias varias:

- M. Conde, "Lecturas para todos los gustos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 458, "Letras infantil", 10 marzo 2012, p. 3.

Dáse conta da presentación no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra da obra *O botín da misteria* (2011), de Lino Braxe. Tamén se mencionan *O soldadiño de chumbo* (2010); *2044* (2011), de Eduardo Santiago; *Mans* (2011), de Xavier P. Docampo e Daniel Puente Bello; *O alento nas costas* (2012), de Natalia Carou Figueira e *Jack e a morte* (2012), de Tim Bowley.

Carreiro, Pepe, *Excursión pola zona vella de Pontevedra*, Pontevedra: Concellería de Normalización Lingüística, col. A Lingua Latexa, [lectorado autónomo], 2010, [44] pp. (DL: PO 671-2010). ◆

Este pequeno folleto ábrese cunhas palabras de Miguel Anxo Fernández Lores, que explica a necesidade de achegar ás cativas e cativos a historia e o patrimonio do seu espazo urbano. Ese é o desexo do Concello de Pontevedra ao acoller este proxecto ligado tamén á normalización lingüística que, neste caso, se concreta da man dos Bolechas, de Pepe Carreiro (Vigo, 1954), paseando pola cidade do Lérez e explicando segredos e datos ao seu paso. Son vinteún os lugares, edificios ou monumentos escollidos. Comezando na célebre praza da Peregrina e empregando un ton de descubrimento, directo, en segunda persoa do plural, explícanse detalles que transcenden en moitas ocasións a simple descrición do lugar, sinalando intelixibelmente datos sociohistóricos, persoeiros (Ramón María del Valle Inclán, Alexandre Bóveda) ou

introducindo conceptos (a explicación de "trobador", "coroza", "miliario" ou os "maios", por exemplo). En moitas ocasións, esclarécese o nome dun lugar (como na praza da Ferraría, a praza da Estrela…) e aprovéitanse diversos aspectos para introducir puntualizacións sobre outras épocas históricas, introducir explicacións sobre estilos artísticos ou asentar, de modo cohesivo e próximo, un coñecemento básico sobre certas festas (coma os maios, a festa do Demo…), costumes ou símbolos de identidade galegos. O libriño remata cun "Plano do percorrido" moi esquemático.

Cortizas, Antón, *Rosalía e os equinodermos*, ilust. Marta Álvarez Miguéns, Vigo: Edelvives-Tambre, col. Ala Delta, serie azul, n.º 25, a partir dos 8 anos, 2010, 88 pp. (ISBN: 978-84-92404-80-3).

Relato longo de carácter fantástico-realista de Antón Cortizas (Ferrol, 1954), dedicado "A quen sabedes soñar" e "Ás miñas tres estrelamares". A historia estrutúrase nunha ducia de capítulos, intitulados coma o inicio do texto de cada un deles, nos que un autor omnisciente se dirixe en numerosas ocasións a unha segunda persoa, que pode corresponderse co lectorado do relato. A acción arrinca o día no que a protagonista, unha nena chamada Rosalía, cumpre nove anos, e céntrase nos coñecementos e historias marabillosas que desfruta grazas ao lapis verde coa que a agasallan seus pais. Narra como Rosalía agarda expectante recibir un lapis fantástico, semellante ao que seu pai lle mercara polo seu sexto aniversario. Por iso, tras abrir varias caixas concéntricas, cheas de pistas sobre o agasallo, atopa o lapis verde, ante a ollada inqueda dos seus familiares, e queda estrañada xa que o lapis escribe o que Rosalía pensa e non verbas novas que ela descoñece, como facía o seu lapis fantástico. A súa tristura desaparece cando, ao amencer do seguinte día, o normal lapis verde comeza a lle falar tras tirarlle "o carapuchete de latón" (p. 47) e a escribir a palabra "equinodermo", unha das tres palabras raras que escribira o seu lapis fantástico e "a que se lle quedara máis teimosamente pegada na memoria, aínda que non sabía o que quería dicir" (pp. 47-48). Dende ese momento, ese lapis especial, que lle fala baixiño, cóntalle historias sobre a orixe dos equinodermos e a agarimosa axuda de diferentes fenómenos atmosféricos a un cometa, deixando un final aberto para lle relatar novas historias, referidas ao infinito e ao porqué de todas as cousas que Rosalía descoñece, de tal xeito que a nena comprende feliz que "tiña entre as súas mans algo que sería un gran compañeiro na súa vida" (p. 87).

Docampo, Xabier, *Mans*, ilust. Daniel Puente Bello (DNL), A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, serie laranxa, a partir de 5 anos, 2011, [46] pp. (ISBN: 978-84-403-1183-2).

Volume de Xabier Docampo (Rábade, 1946) que se inicia cuns agradecementos a diversas entidades, como o Fogar Infantil de Ferrol e a Asociación Down Coruña, entre outras. A narración está feita a través de imaxes das diferentes mans, que teñen a particularidade de que todas son distintas en tanto á cor, á forma, ao tamaño, á funcionalidade etc. Os textos narrrativos que acompañan ás fotografías son moi breves e pretenden a sensibilización para unha educación no desenvolvemento de valores dos máis pequenos, tales como a solidariedade, a xustiza ou a amizade, o que lle permite, á vez, a aprendizaxe para a distinción de aqueles aspectos positivos e negativos que rodean os principios da humanidade. A través desta parte do corpo humano téntase

amosar unha visión do mundo, entanto hai mans que ofrecen e non, que se abren ou se pechan, que piden ou que reciben: mans grandes ou pequenas, novas ou vellas, que bailan, que camiñan ou voan, mans que disparan, mans que choran, mans que fan amigos, que axudan ou que nos guían, ... Cada páxina contén unha fotografía dunha man e todas as ilustracións son a cor. Ao final, inclúense as corenta e tres formas de mans apresentadas no volume.

Referencias varias:

- M. Conde, "Lecturas para todos los gustos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 458, "Letras infantil", 10 marzo 2012, p. 3.

Dáse conta da presentación no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra da obra *Mans* (2011), de Xavier P. Docampo e Daniel Puente Bello. Tamén se mencionan *O botín da misteria* (2011), de Lino Braxe; *O soldadiño de chumbo* (2010); *2044* (2011), de Eduardo Santiago; *O alento nas costas* (2012), de Natalia Carou Figueira e *Jack e a morte* (2012), de Tim Bowley.

- M. G. M., "La Feira do Libro presentará treinta novedades en sus diez días de vida", *El Ideal Gallego*, "A Coruña" 26 xullo 2012, p. 15.

Detállanse as actividades a celebrar durante a Feira do Libro, entre as que se destaca a presentación desta obra.

- Charo Alonso, "A crise afecta á industria non á creatividade dos autores", *La Opinión*, "A Coruña", 4 agosto 2012, p. 11.

Reprodúcese unha entrevista a Xabier P. Docampo, con motivo da presentación de *Mans* na Feira do libro, na que fala da súa temática, da narrativa expresiva creada polo fotógrafo DNL, da ONG Terra de Homes que levará os dereitos de autor e da situación da literatura galega na actualidade.

Villar Janeiro, Helena, *O caderno de Edua*, ilust. Carmen Queralt, Cangas do Morrazo: Xestión Literaria Galega, [lectorado autónomo], 2010, 79 pp. (ISBN: 978-84-937816-4-4).

Por medio dun narrador omnisciente e cinco breves capítulos, Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940), co apoio das ilustracións de Carmen Queralt -ilustracións paratextuais que iluminan escenas-, relata a felicidade de Edua, unha nena que cumpre 10 anos e o que acontece ese día do aniversario por vivir no Cebreiro, nunha contorna que a nena ama e que se describe minuciosamente a partir de tres características fundamentais: ser paso obrigado de peregrinos no Camiño xacobeo, é dicir, cara á Santiago de Compostela, ter unha padroa singular e unha manchea de lendas que crearon o imaxinario dos veciños e que o avó se encarga de lle contar á nena. Unha nevarada impide que Edua reciba o ordenador desexado, co que a familia a ía agasallar nese día, e a cambio reciba un caderno que tivo que elixir do baúl ansiado que o seu avó tiña no faiado. Nese caderno Edua verteu todas as lendas, contos e poesías que o avó lle fora relatando. Chegou o ordenador na primavera pero Edua será recoñecida por

amigos, familia e profesorado do seu centro por un caderno que mereceu o premio que no Día das Letras galegas a casa de Rosalía de Castro concede a escolares. Grazas a este premio Edua e a familia viaxan a Santiago e Padrón e recordan características das cidades e de intelectuais relevantes, como é o caso de Rosalía de Castro. Un relato cargado de elementos identitarios, de desexos de profesión (escritora, periodista, ilustradora), de relacións familiares, amizade e respecto, promovidos todos pola familia e o centro de ensino.

XII.5.1.2. TRADUCIÓNS, VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Alcántara, Ricardo, *Quen é Tento?* (ISBN: 978-84-92404-83-4)/*Tento busca o seu osiño* (ISBN: 978-84-92404-84-1)/*Os disfraces de Tento* (ISBN: 978-84-92404-85-8)/*Tento e a cor do mar* (ISBN: 978-84-92404-86-5), ilust. Gusti, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edelvives-Tambre, col. O canciño Tento, n.os 1/2/3/4[prelectorado], 2010, 14 pp.

Relatos de Ricardo Alcántara (Montevideo, 1946) que forman parte da colección "O canciño Tento". O primeiro deles, *Quén é tento*, céntrase en describir o físico do protagonista e algunhas das súas accións máis comúns, como erguer a pata para facer pis, amosar os dentes cando se enfada ou botar a lingua cando está canso. O número dous da colección é *Tento busca o seu osiño*. Aquí nárrase o momento en que, de noite, Tento marcha para cama e busca ao seu osiño de peluche, co que dorme e ao que non atopa, que remata por aparecer dentro da cama. Tento cre que o boneco tiña sono e dormen xuntos e abrazados, como cada noite. N'*Os disfraces de Tento* dáse conta dunha das paixóns do canciño: disfrazarse de indio, de pallaso, de superheroe ou de pirata, con todo o que atopa pola súa casa. O seu disfraz preferido é o de pantasma, oculto baixo unha saba. En *Tento e a cor do mar* o canciño protagonista, que xa non se lembra da cor do mar, sobe até a fiestra máis alta da súa casa para comprobalo e non esquecerse máis.

Dijk, Lutz van, *Romeo e Jabulile. Unha historia de amor sudafricana* (*Romeo und Jabulile*, Peter Hammer Verlag GmbH, 2010), trad. Roxelio Xabier García Romero, Madrid: Oxford University Press, col. A árbore da lectura, serie xuvenil, n.º 17, [+14 anos], outubro 2011, 132 pp. (ISBN: 978-84-673-6073-8).

Novela de temática africana que se esctructura en oito capítulos titulados. Tras unha cita que acolle as palabras do reverendo Desmond M. Tutu sobre a violencia do apartheid, Lutz van Dijk (Berlín, 1955) relata a historia de amor imposible de dous mozos adolescentes, Romeo e Jabulile, por cuestións xenófobas. Romeo é un rapaz que emigrou a Sudáfrica para traballar, fuxindo da miseria de Cimbaue. Alí namora da rapaza Jabulile que xoga nun equipo de futbol, o Vuka Intombi. Pero o seu romance é descuberto polo irmá de Jabulile, Lonwabo, que provocará, na procura de Romeo para darlle unha paliza, unha ola de violencia no township (área urbana marxinal) e unha vaga de ataques contra a poboación estranxeira en todo o país sudafricano. Jabulile, coa axuda do pastor e entrenador Khanya, consegue avisar a Romeo para que escape pero pérdeo no medio do barullo, recibe unha pedrada e perde o coñecemento. Cando esperta, vai na súa procura, acompañada do pastor Khanya, ao campo de refuxiados de Soetwater, onde atopa a nai e a tía de Romeo que lle comentan que un home que proviña doutro campo de refuxiados coñecera un rapaz de nome Romeo. Complétase cun glosario sobre os termos empregados e "agradecementos", ademais dun mapa de África.

Irving, Washington, *Rip Van Winkle*, ilust. Vault, trad. David González Couso, limiar Milagros Torrado Cespón, ed. bilingüe inglés-galego, Noia: Editorial Toxosoutos, 2011, 145 pp. (ISBN: 978-84-15400-00-4). ■

Relato curto de Washington Irving (Nova York, 1783-Wetschester, 1859) que vén precedido dun limiar de Milagros Torrado Cespón. Nel explica que o autor era un apaixoado das viaxes. Viviu en varios países, entre outros en España e Inglaterra, neste último pasou unha longa tempada e escribiu *Rip Van Winkle*. Comenta que este volume intégrase en *The sketch book*, un dos primeiros libros do Romanticismo estadounidense, que tamén contén "A lenda de Sleepy Hollow". A continuación fai referencia ao relato e indícase que se podería considerar unha plaxio se se compara cun conto da tradición oral alemá, pero que o mesmo autor xustifícase aludindo á metaliteratura. Finalmente, salienta o éxito notábel da obra, que chegou a converterse nunha entrada do *Oxford English Dictionary*. O relato tén como protagonista a Rip Van Winkle, un home da vila de Kaatskill que odia traballar e evita os seus deberes de pai de familia. Un día, mentres se dirixe a cazar polos montes co seu can, Lobo, fai unha parada nun prado para descansar. Un ancián vestido de danés que aparece portando un barril chámao e ofrécelle probar da bebida que contén, con sabor a xenebra. Queda durmido e, cando esperta, comeza a cavilar no conto que inventará para que a súa muller o crea. Pero cando volve á vila nada segue igual. Alí xa non está nin a mesma xente, nin as mesmas casas, nin a taberna que frecuentaba. El mesmo ten un aspecto desmellorado e diferente e atópase só no mundo. Pregúntalle a unha muller como se chama e esta cóntalle que seu pai era Rip Van Winkle, que desaparecera hai vinte anos nas montañas e que a súa nai morrera facía pouco tempo. El descúbrese ante ela e dáse conta do que pasou: non durmira unha noite, senón vinte anos. Pasara de ser un súbdito de Xurxo III nunha colonia británica a un libre cidadán dos Estados Unidos. Irving explica, finalmente, que os montes de Kaatskill sempre foran refuxio de estraños seres, e nunha breve nota aclara que o relato é certo, a pesar de ser tamén unha lenda da tradición alemana. No "*post scriptum*" que engade o autor, fala dos espíritus que deambulan por aqueles montes. Esta obra recibiu unha subvención da Consellería de Cultura e Turismo a través da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura na convocatoria de axudas á tradución para o ano 2010.

Nöstlinger, Christine, *Gretchen preocúpase* (*Gretchen hat hänschen-kummer*, Verlag Friedrich Oetinger Gmbh, 1983), trad. Roxelio Xabier García Romero, Madrid: Oxford University Press, col. A árbore da lectura, serie xuvenil, n.º 16, [+14 anos], outubro 2011, 232 pp. (ISBN: 978-84-673-6069-1).

Segunda entrega da triloxía de Christine Nöstlinger (Viena, 1936) na que a protagonista Margerethe Maria Sackmeier, apodada Gretchen, relata a súa vida cotiá tras a separación de seus pais, mudándose a vivir coa súa nai e a súa irmá Mädi a casa dunha amiga e o seu fillo Pepi. A nai decide retomar os seus estudos e isto provoca que Gretchen teña que axudar na casa cos dous nenos pequenos ao tempo que asiste ao instituto no que lle suceden diferentes anécdotas e terá que definir a súa relación de amizade e amor con Hinzel, un rapaz xuicioso e tranquilo, e Florian, o rapaz máis guapo da clase. Gretchen preocúpase polo comportamento de seu irmán Hänschen, que vive co seu pai e non acepta a separación, comeza a espialo e descobre que xunto con Michi Freudenthaler crean unha orde de cabaleiría, "A cruz negra da vinganza", para acabar coa inmoralidade e a indecencia no mundo, vixian a diferentes persoas infieis e atácanas, deixando mensaxes morais e éticos sobre como se deben comportar. Finalmente os pais deciden volver vivir xuntos polo ben do seu fillo Hänschen e comezan de novo a súa convivencia. Trátanse temas como a aceptación da estrutura familiar, a tolerancia, as relacións adolescentes e os sentimentos de amor e lealdade.

XII.5.2. TEATRO

XII.5.2.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Labraña, Carlos, *Teatro de xoguete*, VI Premio Estornela de Teatro para nenos 2010, Ferrol: Edicións Embora, col. de teatro infantil Tren das cores, [lectorado autónomo], decembro 2011, 79 pp. (ISBN: 978-84-92644-37-7) ■

Volume que acolle tres pezas dramáticas de Carlos Labraña (Cedeira, 1969), todas elas estruturadas nun lance único. Na primeira, *Á procura das andavías xigantes*, cóntase a historia de amizade entre o neno Miguel e un útil para espantar paxaros que, na procura da fraga das andavías xigantes, falan cun Sinal, un Aspeiro, unha Torre e cunhas Eólicas. A segunda peza, *Os xoguetes esquecidos*, está protagonizada por uns trebellos que saen dunha caixa de cartón e descobren que están nun museo de xoguetes vellos porque os nenos xa non queren xogar máis con eles. A última das pezas leva como título *Voa, voa, Papaventos!* e nela cóntanse as aventuras dun papaventos soltado por un neno e unha nena, que viaxa polas nubes, coñece a unha aguia, fala cun satélite, viaxa até a lúa para gozar das vistas marabillosas da terra, crúzase cuns asteroides e vai xunto ás estrelas para unha vez de volta á casa, encontrarse novamente cos pequenos e quedar con eles para sempre. Amósase certa brevidade nos diálogos dos personaxes e concédeselle importancia á sinxeleza das cousas pequenas e dos xoguetes de sempre que fan voar a imaxinación dos pequenos a través da fantasía, de modo que non é casual que os obxectos falen e adquiran vida de seu, posto que a finalidade das pezas é a de ser instrumentos de aprendizaxe para o lectorado infantil, mediante a plasmación de auténticos valores humanos.

XII.5.2.2. REEDICIÓNS

Sánchez, Gloria, *Teatro feroz*, ilust. Xan López Domínguez, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galicia, n.º 171, serie azul, a partir de 10 anos, 2010, 96 pp. (ISBN: 978-84-9865-273-4).

Nova edición na renovada colección "árbore/galaxia" das pezas teatrais "A ratiña feroz", "Zongalo Quirico" e "Unha farsa bufa" publicadas por Gloria Sánchez García (Vilagarcía, 1958) co título *Teatro feroz* por vez primeira en 1999 e descritas no *Informe de Literatura* correspondente. Acompáñase das ilustracións figurativas, en cores azuis, de Xan López Domínguez (Lugo, 1957).

XII.5.3. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

XII.5.3.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Castro Otero, Salvador, Henrique **Harguindey Banet**, Xosé **Martínez García** e Ramón **Racamonde Gómez**, *Urbi et orbi. Dende o galego para o mundo*, Pontevedra: Idea Gráfica Profesional, 2011, 117 pp. (ISBN: 978-84-615-0297-4).

Monografía que reproduce a presentación da exposición "Urbi et orbi. Dende o galego para o mundo", realizada por un grupo de profesores baixo a protección do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do I.E.S. María Soliño e que foi inaugurada o Día das Letras Galegas de 2009 en Cangas para "mostrar como os escritores e escritoras galegos interesan noutras partes do mundo e como textos en galego son traducidos ás máis variadas linguas". En primeiro lugar, amósase publicamente o agradecemento do equipo que confeccionou o libro a todas as persoas e entidades que coa súa colaboración o fixeron posíbel e preséntase unha listaxe entre a que se atopan autores como Agustín Fernández Paz, bibliotecas como a Biblioteca Penzol, editoriais como Edicións Laiovento, fundacións como a Fundación Carlos Casares, revistas como *Revista OC*...; ademais de "todos os tradutores e tradutoras e editoriais que publicaron as obras orixinais e traducidas". No "Limiar", a cargo dos autores do volume, deféndese a literatura galega en contraposición á manifestación do pouco aprezo e coñecemento que desta se ten en Galicia. A continuación, preséntanse os antedecedentes do libro, é dicir, toda a información relativa á exposición formada por paneis informativos, entrevistas, xogos interactivos e edicións dos libros galegos noutras linguas; así como a explicación detallada da iniciativa de elaborar o libro e os pasos seguidos para conseguir esa meta e, por último, un percorrido ao longo do recoñecemento internacional da literatura galega. O corpo do volume, "Traducións", consiste na reprodución dun fragmento da obra orixinal e traducida dalgúns autores galegos. Debido á pretensión de amosar o maior número de idiomas aos que os textos galegos foron verquidos, reprodúcese só un por lingua, a excepción do alemán, francés, inglés, italiano, macedonio e ruso. Igualmente, cada autor preséntase traducido a unha única lingua, agás os textos de Mendiño, Manuel Curros Enríquez e Manuel Rivas. As mostras escollidas representan as distintas épocas, xéneros e autores da literatura galega, sen esquecer a literatura infantil e xuvenil, da que se ofrecen como exemplo dous textos de Marisa Núñez. A modo de colofón, atópase a transcripción da entrevista realizada a Xosé Luís Méndez Ferrín, acompañada de notas explicativas para guiar ao lectorado. En "Reflexión sobre a tradución" o actual presidente da Real Academia Galega dá a súa opinión sobre aspectos como a importancia que "ten para o sistema literario galego a tradución dende outras linguas ao noso idioma e dende este ás demais", a ganancia ou pérdida de nivel das obras orixinais con respecto ás traducións...

Tamén está descrita no apartado XII.4.1 Apéndice deste *Informe*.

XII.5.3.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Moreda Rodríguez, Ana Belén, "Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.), A poesía infantil no século XXI (2000-2008)", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Libros/Books", 2011, pp. 345-349.

Cualifica de acerto que a Rede Temática "As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano" (LIXMI), "atenta ás feblezas e baleiros da investigación en Literatura Infantil e Xuvenil", teña elixido a poesía para o monográfico *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)* (2009), coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez. Salienta a perspectiva integradora da obra, que acolle panorámicas da produción poética que viu a luz na primeira década do século, asinadas por expertos de diferentes ámbitos lingüísticos, e numerosos comentarios para a formación lectora de obras seleccionadas e representativas desta produción. Percorre os diferentes apartados do traballo, deténdose no estudo teórico de Pedro C. Cerrillo (Universidad de Castilla-La Mancha) "Sobre poesía infantil y juvenil", do que comenta que, baseándose na teoría historicista, desenvolve o concepto de poesía lírica e se centra na importancia destes textos no ámbito escolar, incidindo no valor da poesía para fomentar o espírito crítico e educar na sensibilidade, amparado nunha boa selección de textos susceptíbeis de seren lidos por un público infantil pero tamén por un destinatario universal. A seguir, vai apuntando algunhas das ideas que se expoñen nas panorámicas de Jesús Díaz Armas (Universidad de La Laguna), "La poesía en el siglo XXI en el ámbito castellano"; de Caterina Valriu (Universitat de les Illes Balears), "La poesia infantil en el segle XXI (2000-2008) en llengua catalana"; Blanca-Ana Roig-Rechou, Eulalia Agrelo Costas e Marta Neira Rodríguez (Univesidade de Santiago de Compostela), "A poesía infantil no século XXI en Galicia"; José António Gomes (ESE-Instituto Politécnico do Porto), Ana Margarida Ramos (Universidade de Aveiro) e Sara Reis da Silva (Universidade do Minho), "Tendências da nova poesia portuguesa para a infância (2000-2008)"; e Manu López Gaseni e Xabier Etxaniz (Universidade do País Vasco), "Euskal haur poesia XXI. Mendean/A poesía infantil vasca no século XXI". Repara tamén na presenza de análises sobre a poesía alemá, realizado por Veljka Ruzicka Kenfel (Universidade de Vigo); a poesía brasileira, que analizan Vera Teixeira de Aguiar (PUCRS) e João Luís Ceccantini (UNESP-FCL Assis); e a poesía inglesa, que asina Celia Vázquez García (Universidade de Vigo). Cualifica de complemento das achegas anteriores o estudo "La ilustración en la poesía infantil gallega del siglo XXI (2000-2008)", de Mª Jesús Agra Pardiñas, Carmen Franco Vázquez e José Mª Mesías Lema (Universidade de Santiago de Compostela), no que deseñan as principais tendencias da ilustración inserida nos poemarios publicados en Galicia durante o período estudado e reflexionan sobre as potencialidades dos talleres de ilustración e poesía para sensibilizar o lectorado infantil e xuvenil. Conclúe destacando que o volumen pon "nas mans dos mediadores un valioso e útil material que contribúe a encher un baleiro no estudo da poesía infantil, a cal conta cunha importante tradición literaria e un número considerábel de autores e autoras xa moi recoñecidos".

XII.6. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

XII.6.1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Agís Villaverde, Marcelino (coord.), *Sanxenxo na historia. Volume I: arte, cultura e tradicións populares*, Santiago de Compostela: Editorial Danú, col. Seminario de Estudos Locais de Sanxenxo (Foro Galicia Milenio), 2011, 178 pp.(ISBN: 978-84-927-64-81-5). ■

Volume coordinado polo presidente do Foro Galicia Milenio, Marcelino Agís Villaverde (Raxó, Pontevedra, 1963), que reúne os relatorios presentados na primeira edición das xornadas Sanxenxo na Historia, celebradas nesta vila entre o 18 e o 20 de agosto de 2010. Ábrese cunha introdución do propio Agís Villaverde na que aborda o nacemento do Seminario de Estudos Locais de Sanxenxo dentro do Foro Galicia Milenio e a iniciativa de organizar as xornadas anteriormente referidas. Entre os traballos presentados, son de interese para este *Informe* os seguintes:

- Marcelino Agís Villaverde, "Santa Mariña da Granxa: memoria para unha recuperación soñada (pp. 60-75).

Trata das diferentes tradicións sobre a Santa Mariña co obxectivo de intentar reconstruír a súa historia.

- Xosé Ramón Mariño Ferro, "Leyendas de A Lanzada" (pp. 146-150).

Diserta sobre as lendas que rodean a tradición dos baños na praia da Lanzada.

Esta obra recibiu unha axuda á edición da Deputación de Pontevedra.

Asociación Raiceiros (ed.), *Cántigas da Ulla*, Vedra: Asociación Raiceiros, xaneiro 2010, [119] pp. (DL: C 1817-2010). ◆

A Asociación Raiceiros edita co apoio da Deputación da Coruña este volume de cantigas populares recollidas na zona do Ulla en colaboración coa Escola de Arte ECO. Trátase dunha selección de cincuenta cantigas do Proxecto Cántigas da Ulla, unha ampla recollida de coplas da tradición oral do Val da Ulla levada a cabo por esta asociación, que se complementan con cincuenta ilustracións realizadas desinteresadamente polo alumnado da Escola de Arte ECO de Santiago de Compostela. A obra ábrese cunha cita de *Os Eidos*, de Uxío Novoneyra: "Fiandeiriña que fías nas noites do longo inverno as liñas máis delgadiñas que o fío do pensamento" e cun limiar de Manuel Vilas sobre a tradición popular e a súa presenza nas obras de Rosalía de Castro, Daniel Rodríguez Castelao, Marcial Valladares ou Uxío Novoneyra. Conta este apartado introdutorio con citas da autora e dos autores anteriores. A seguir, hai unha presentación da obra a cargo da asociación, onde se explica a orixe do traballo. As composicións son sempre de catro versos de arte menor, nas que polos menos rima o segundo co cuarto verso. A temática é popular. Cada copla vai acompañada dunha

ilustración. Ao final do volume atópase un apartado de agradecementos e os nomes das persoas que narraron as súas cantigas e o das que as ilustraron. Esta obra recibiu o apoio da Deputación da Coruña.

Referencias varias:

- C. G., "Raiceiros presentará otro libro sobre coplas del Ulla", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 setembro 2012, p. 31.

Coméntase que a Asociación Raiceiros apresentará o 6 de setembro de 2012 na casa rectoral de Ponte Ulla de Vedra esta obra xunto a *Cántigas da Ulla*.

- Susana Formoso, "Cincuenta coplas ilustradas muestran la tradición del Ulla", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 setembro 2012, p. 30.

Destaca que a Asociación Cultural Raiceiros vén de estrear unha exposición na casa rectoral de Gundián nun acto no tamén se apresentou esta obra que recompila 700 creacións da Ulla.

Mosquera Paans, Miguel, *Lendas de Ourense*, A Coruña: Edicións do Cumio, 2011, 450 pp. (ISBN: 978-84-8289-432-4).

Este notábel volume de Miguel Mosquera Paans (Holanda) explícase atendendo á súa vertente como etnógrafo, estudoso da tradición e da cultura ourensá, e cultivador da "ourensanía". Logo do detallado índice, o volume ábrese cun prólogo breve, escrito polo propio autor. Nel sublíñanse as seguintes ideas: o carácter definitivo e científico da escolma, con duascentas oitenta lendas de case todos os concellos ourensáns; o ser este o terceiro tomo dunha serie súa dedicada en exclusiva ás lendas de Ourense; o laborioso aspecto do traballo de campo ou a mesma organización do corpus final, que se preferiu en epígrafes sen explicacións introdutorias. As epígrafes finalmente operativas son trinta e catro, realizando unha división temática por categorías de seres fantásticos ("Lendas de animais fantásticos", "Lendas de ánimas", "Lendas de diaños e demos"...), lugares ("Lendas de castros", "Lendas de cidades", "Lendas de covas", "Lendas de edificios e edificacións"...), "personaxes" e tipos sociais ("Lendas de curas, abades e frades"...), elementos do imaxinario fantástico (coma os tesouros), ou categorías especializadas, como a de "Lendas do fin do mundo" ou a de "Lendas fundacionais", encargadas de explicar a orixe da cidade de Anfiloquia, da igrexa de Santa María Nai, do mosteiro de Celanova, do canón do Sil, das Burgas, do Couto Mixto, etc. Certos lugares con conxuntos arquitectónicos de interese e unha lenda potente, recuncan en varias epígrafes, como acontece coa aldea de Santa Mariña de Augasantas, ou coa limiá Antioquía, asolagada pola lagoa de Antela. Boa parte das narracións introdúcense con "Dicían", "Conta a lenda", "Conta a tradición", "Contan as voces máis antigas", que afastan e obxectivizan os contidos; outra boa parte, coa exacta localización xeográfica, e algunhas, cunha introdución explicativa, histórico-cultural (recollendo herdanzas medievais, cultos estendidos no territorio galego, volvendo ao *Ciprianiño*, poñendo de relevo os procesos de evolucións das lendas ou situando a lenda na súa familia ou ciclo natural). A prosa é sinxela, fluída, disposta en parágrafos curtos, atenta á máxima precisión posíbel. Por veces, a pegada do autor faise visíbel, recuperando aspectos

autobiográficos coma o da iluminación pública do Carballiño da súa infancia; tamén a pegada literaria, ambientando ou introducindo consideracións ("A noite foi sempre un espazo temido e fértil para a lenda", p. 26) e recollendo con mimo as cantigas que profiren as mouras, ou os decires recollidos. Cada lenda vai seguida dun número entre corchetes, e esta información é recuperábel nunha das últimas epígrafes, "Fontes, notas e referencias", que remiten á procedencia escrita das lendas, de existir, ou ás "campañas" de campo, da que se gardan carpetas con cadernos e fitas magnetofónicas. O que se nos mostra das fontes orais é o nome da persoa informante e o ano da campaña. A última epígrafe recolle a bibliografía. Trátase, en suma, dun volume traballado, útil e ben disposto para a busca ou desfrutábel como lectura enfiada, debido á coherente e compacta disposición, que recolle anos de información escolmada, desde xuño de 1993 até o momento de publicación.

Villamor Gay, Bruno, *Cántigas e Frores, 60 anos de tradición: 1948-2008*, Lugo: [s. n.], 2011, 266 pp. (D.L.: LU-63-2011).

Recompilación de Bruno Villamor Gay (Lugo, 1978), director artístico da asociación cultural Cántigas e Frores, dedicado aos seus avós e aos seus pais. Ábrese con dúas "Presentacións": unha, a cargo de Eduardo Risco Bóveda, presidente de "Cantigas e Frores", quen ofrece un repaso pola súa tradición musical e as actividades da organización, vencelladas ademais ao asociacionismo e ao estudo, divulgación e formación da cultura tradicional galega que ten como finalidade "dinamizar a vida cultural lucense". A outra presentación, de Xulio Méndez Menéndez de Llano, quen destaca algunhas das actividades do Coro que se veñen realizando dende 1983, ademais de engadir unha serie de agradecementos. Séguenlle unhas "Notas do autor", que se refiren ao primeiro contacto co coro en 1999, ao esforzo e ao traballo das xeracións que loitaron pola dignificación e conservación da cultura, especialmente do baile e da danza, e tamén faise unha pequena lembranza da traxectoria da asociación. O repaso da historia e as liñas de traballo de "Cántigas e Frores" detállanse nos seguintes apartados: "Introdución" (os inicios en 1948), "Fundación e primeiros anos", "Comeza unha nova etapa" (refundación no ano 1971), "Actos do 60 aniversario", "Cursos de Cultura Tradicional Galega" (desenvolvidos anualmente dende 1983), "Anagrama" (o emblema tamén sofreu modificacións ao longo dos tempos), e "Gravacións e Publicacións" (organizado en arquivo audiovisual, fotográfico e o repertorio de partituras). Nas últimas epígrafes ("Arquivo", "Retrospectiva", "Actuacións destacadas" e "Cántigas 2008"), ademais de engadir varios documentos fotográficos, coméntanse algúns dos próximos obxectivos como é a escola de zanfonas ou a ampliación dos arquivos videográficos e bibliográficos. No peche, hai uns agradecementos nos que se inclúe unha listaxe dos membros da xunta directiva no ano 2008.

XII.6.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Rodríguez Almodóvar, Antonio (coord.), *La memoria de los cuentos. Los últimos narradores orales*, limiar Antonio Rodríguez Almodóvar, Madrid: Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 2010, 257 pp. (ISBN: 978-84-92827-56-5). Inclúe DVD.

Antoloxía de contos tradicionais coordinada por Antonio Rodríguez Almodóvar (Alcalá de Guadaíra, 1941) e acompañada dun DVD documental con entrevistas e relatos dos seus narradores.O autor, a modo de limiar, destaca, entre outros asuntos, que para a súa realización tivo que buscar aos que poden ser a última xeración de narradores de contos populares non contaminados por influencias cultas e a importancia que isto ten. Comeza aquí a primeira parte da obra, "La memoria de los cuentos", na que se reproducen os contos dos autores que interveñen no documental, acompañados dunha pequena biografía. Entre eles atópase o lucense Ángel Rivas Veiga, "En las polavilas", que contribúe ao volume con tres breves relatos: "A gaita máxica", unha historia sobre o que aconteceu a un rapaz que facía bailar ás ovellas que coidaba, cunha gaita máxica que ninguén podía escoitar parado; "Juan Soldado", un home que se fai pasar por cura e "O Castelo de Irás e Non Volverás", onde un príncipe ten que casar cunha das tres irmás que traballaban ao servizo do rei. O léxico empregado por Rivas Veiga é popular e coloquial, con variedades dialectais propias da oralidade e da súa terra. A segunda parte da obra, "Narración, memoria y continuidad", contén unha entrevista a Joaquín Díaz, seguida da bibliografía e de datos dobre a tipoloxía dos contos.

XII.6.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Forneiro, José Luís, "O romanceiro tradicional na Lusofonia e na Galiza", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 45 (2º semestre 2011), "Estudos/Studies", "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", 2011, pp. 197-206.

Dáse conta da historia, a vitalidade e as características do romanceiro tradicional galego e do daqueles territorios onde se fala a lingua portuguesa. Preténdese demostrar así cales son os elementos que comparten e cales son as diferenzas entre os romances galegos e os dos países da denominada Lusofonía.

XII.7. REVISTAS

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA
(ISSN: 0214-9117) (DL: C-641-1989).

Revista de periodicidade semestral dirixida por Anxo Tarrío Varela dende a súa aparición en 1989. Trátase dunha publicación da Universidade de Santiago de Compostela subvencionada pola Xunta de Galicia e na que colaboraron diversas institucións até que a partir do ano 1998 colaboran Ámbito Cultural/El Corte Inglés, que a subvenciona. Acolle artigos de crítica e historiografía sobre calquera literatura do mundo e tamén traballos de investigación en Teoría da Literatura, Crítica Literaria, Poética, Retórica, Hermenéutica, Semiótica, etc., é dicir, todo un amplo campo de coñecemento de tan longa tradición como o desenvolvido ao redor do feito literario nun senso amplo. Consta dun consello científico no que figuran catedráticos de universidades de todo o mundo; dunha secretaría da que formaron parte sucesivamente Xosé Luís Sánchez Ferraces, Miguel-Anxo Seixas Seoane, Blanca-Ana Roig Rechou, Armando Requeixo, Xabier Campos Villar, Isabel Soto López, Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González e, na actualidade, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez; dun consello de redacción, que estivo constituído sucesivamente por Carmen Blanco García, Antón Capelán Rei, Modesto Hermida García, Xesús Rábade Paredes, María do Carme Ríos Panisse, Blanca-Ana Roig Rechou, Mercedes Brea López, Manuel Henrique Vázquez Buxán, Antón Capelán, Xosé Luís Sánchez Ferraces, María Fe González Fernández, María Xosé López Pérez, Monserrat López Fariña, Miguel Louzao Otero, Xabier Campos Villar. Na actualidade, está composto por Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González, María Xesús Nogueira, Ana Margarida Ramos, Sara Reis da Silva e Ernesto González Seoane e Lourdes Salgado Viñal. Conta cun deseño inicial de Pedro de Llano, actualizado por Alejandro Vidal, e as seguintes seccións: "Estudos", "Notas", "Documentos", "Encontros", "Libros" e "Creación", que nalgúns números, sobre todo nos monográficos, poden reducirse. No ano 2011 publicáronse os números 44 (2º semestre 2010) e 45 (1º semestre 2011), monográfico titulado "Poesía galega. Perspectivas críticas e comparadas", coordinado por María Xesús Lama e María Xesús Nogueira. Este último acolle na sección de "Creación" sete composicións poéticas de Emma Pedreira (A Coruña, 1978) intituladas "Intramuros", "Tres poemas irlandeses", "Materia prima", "San Juan de Dios", "sede/fame", "Poética dos sen ruído" e "Juárez". As ilustracións desta entrega corresponden a Antonio Murado (Lugo, 1964). Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

XII. 8. LITERATURA MEDIEVAL

XII.8.1. ACTAS

Ferreiro, Manuel, "Sobre a suposta crase de *que* na poesía trobadoresca galego-portuguesa", *XIII Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Valladolid, 15-19 de Septiembre de 2009),* Valladolid: Asociación Hispánica de Literatura Medieval, 2010, pp. 487-495.

Analízase a presenza do encontro *que + vogal (tónica ou átona)* e a súa resolución. O estudoso portugués Celso Ferreira de Cunha propuña resolver ese encontros vocálicos como regra xeral en hiato e esa decisión foi debatida por outro críticos. O artigo detense en analizar todos os posibles casos de sinalefa da lírica galego-portuguesa para demostrar a pertinencia ou non da resolución de Cunha. A investigación conclúe que os casos que se solucionan en hiatos son malas lecturas do manuscrito e é posible editar o verso sen recorrer á sinalefa.